Presentación

Un ano máis, e van xa quince, achegamos aos interesados en coñecer cómo se desenvolveu a Literatura galega, non só en Galicia senón tamén fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao ano 2009, o primeiro observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación senón tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala.
Este *Informe* pode consultarse en CD-ROM e na páxina en liña do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (http://www.cirp.es) no apartado "Recursos", en formato PDF, ou ben directamente no buscador Google: "Informes de Literatura", onde ademais se poden consultar todos os Informes dende o ano 1995.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron en CD-ROM e en soporte impreso durante o ano 2009 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais, etc.

Ofrecemos un comentario descritivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2009 (e tan só deses) coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes descritores tratamos tan só de informar o lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que cada vez máis son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente conceden algunha atención á Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC*, *Diario de León*, *Bierzo*, *El Mundo* e *El País*, aínda que agora tamén dende a edición galega. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre "Recensións" e "Referencias varias", por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, feito que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *ADE (Revista de la Asociación de Directores de Escena de España)*, *Alcanate. Revista de Estudios Alfonsíes*, *Anales de Historia del Arte*, *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, *Compostellanum. Estudios Jacobeos*, *Cuadernos de Estudios*

Gallegos, *Estudios Románicos*, *Garoza*, *Ínsula*, *Leer*, *Lenguaje y sociedad. Revista de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura*, *Límite*, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, *Miscelánea medieval murciana*, *Un mundo, muchas miradas. Mundu bat, begiroda anitz*, *La Parola del Testo*, *Primer Acto*, *Troianalexandrina. Anuario sobre Literatura Medieval de Materia Clásica*, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* e *Xénero Humano. Caderno de igualdade*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar o lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e outros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado IX Revistas, no que se fai unha biografía da publicación, non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, dado que se describen no apartado anterior, só biografamos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos en Publicacións en Revistas (Apartado V. 4.). Os *Anuarios* que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (Apartado V.1). Tamén neste apartado acollemos as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Tamén cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Ramón Piñeiro. Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2009 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao reconto estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada "Cómic" polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ▪), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ◆), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega. Tamén se ofrecen Estatísticas para dar a coñecer o número de obras que se publican en cada xénero, tanto galegas como

traducidas, subvencionadas, publicadas por institucións e comerciais, cantas son debidas a homes a cantas a mulleres, dentro das que se poden identificar, a dedicación á produción e por parte de editoras e das publicacións periódicas, os premios e panorama xeral da creación para que se poida facer análises comparativos por anualidades.

Neste *Informe* seguimos a matizar os marbetes de apartados, así engadimos en cada un, os denominados "Apéndices", de habelos. Estes cambios responden a suxestións dos usuarios en prol dunha mellora do Proxecto. Tamén, debido á implantación das novas tecnoloxías, sobre todo ao uso da internet, decidimos non describir os folletos editoriais dado que se poden consultar nas páxinas en liña das editoras, información que consideramos suficiente. Pola mesma razón non damos noticia das páxinas en liña, dada a proliferación de buscadores potentes, portais e blogs englobadores.

Finalmente, queremos manifestar, como sempre, o noso agradecemento a Mercedes Brea pola axuda e a información que nos prestou sobre Literatura medieval e a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dun grupo importante de entradas, e que constan no apartado de créditos en "Colaboradores", ou ben participaron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración.

Blanca-Ana Roig Rechou

Informe de Literatura
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A literatura galega no ano 2009 e a súa recepción

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou
Axudante de coordinación: Celia Vázquez García
Bolseiras do proxecto: Mar Fernández Vázquez
Esther de León Viloria

Redactores

Rafael Adán Rodríguez
Eulalia Agrelo Costas
María Jesús Barsanti Vigo
Pilar Bendoiro Mariño
Laura Blanco Casás
María José Canedo Souto (L. Medieval)
Jorge Cea Viña
Alexandra Cillero Prieto
Deborah Castro Mariño
Mar Fernández Vázquez
Mª del Carmen Ferreira Boo
Carmen Franco Vázquez (Ilustración)
Olalla García Martínez (L. Medieval)
David González Couso (L. Medieval)
Lúa Iglesias Cordón
Esther de León Viloria
Isabel Mociño González
Ana Belén Moreda Rodríguez
Marta Neira Rodríguez
Almudena Pérez de Oliveira
Diana Puñal Rioboo
Beatriz Rodríguez Rodríguez
Lourdes Erea Salgado Viñal
María Vanesa Solís Cortizas
Mª Isabel Soto López
Eva Tizón Zas

Colaboradores

María Jesús Agra Pardiñas (Ilustración)
Mónica Álvarez Pérez
Paloma Cabello Pérez (Ilustración)
Xulio Carballo Dopico
Alba Cid Fernández
Cristina Collazo Gómez
Alexia Dotras Bravo
Mª Aránzazu Fernández Crespo
Bárbara Ferreiro Barreiro
Almudena Gómez Seoane
Xosé María Mesías Lema (Ilustración)

Laura Lesta García
Cristina Negreira Barcia
Beatriz Nieto González
Esperanza Otero Pérez
Trinidad Sánchez Outón

Edita:
XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRÍO VARELA

ISBN: 978-84-453-4946-5

Dep. Legal: OU 45-2003

Informe de Literatura

2009

I. NARRATIVA

I.1. NARRADORES GALEGOS

Agra, Agustín, *O recendo das mimosas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 276, xullo 2009, 203 pp. (ISBN: 978-84-9782-927-4).

Volume composto por doce relatos de Agustín Agra Barreiro (Noia, 1967). No primeiro deles, titulado "A tarasca", descríbese o problema dos maltratos dentro dun ambiente mitolóxico protagonizado pola mutación dunha tarasca. Entre as liñas temáticas dos relatos pódense salientar dúas: a sátira social, "Xogando aos faraóns" e "O chintófano", e mais o recordo da memoria republicana, "Na Caeira. Eu matei a B." e "O Souto dos Gatos". Así en "Xogando aos faraóns" denúnciase a especulación do urbanismo, o paro e incluso se critica a actitude dalgúns mariñeiros e mariscadoras no caso do Prestige, mentres que "O chintófano", escrito a xeito de noticias dun xornal, céntrase nas supersticións, nos ritos, na Igrexa, na Universidade e máis na prensa, todo isto arredor da aparición dunha lámpada marabillosa. "Na Caeira. Eu matei a B." descríbense dende o punto de vista do asasino as derradeiras horas con vida de Alexandre Bóveda mentres que en "O Souto dos Gatos" vemos tres testemuñas femininos, de nai, filla e neta, sobre un feito doloroso ocorrido durante a represión da guerra civil. Outros relatos son: "Wünderbar", onde se observa a vida cotiá dende a terraza dunha cafetería; "O recendo das mimosas", con reflexións sobre o gusto polas bicicletas; "O anel de Coleridge", con elementos fantásticos e "O eixido dos lagartos", onde Luigi revive a súa infancia. A obra péchase con tres relatos: "Os límites do inimaxinábel", "Senecio. Os cárceres das cores", ambos os dous centrados no mundo pictórico, e máis con "Teseo no labirinto", con elementos da mitoloxía clásica. Dous destes relatos xa foran galardoados: "Os límites do inimaxinábel", co Premio Pedrón de Ouro 2004, e "Na Caeira. Eu matei a B.", co 1.º accésit do Pedrón de Ouro 2005.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Unha escolma desigual", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 303, "Libros", 8 outubro 2009, p. VI.

Comenta que este conxunto de relatos presenta unha temática moi variada de desigual calidade. De entre a heteroxeneidade temática deste volume destácanse os relatos con elementos fantásticos, con incursións antropomórficas no mundo dos gatos e lagartos, ou os de índole máis social e comprometida.

- X. M. Eyré, "Agustín Agra e o labirinto da lectura comprometida", *A Nosa Terra*, n.º 1.376, "Cultura", 8-14 outubro 2009, p. 28.

Despois de facer unha breve achega á produción literaria de Agustín Agra indica que estamos perante o primeiro achegamento decidido deste autor á literatura para adultos. Destaca que Agra rexeita de xeito convencido que "o lector proxecte unha lectura cómoda" e fai unha breve descrición dos doce relatos d'*O recendo das mimosas*. Finalmente, e referíndose ao plano formal deste volume, critica o pouco control do

ritmo expositivo por parte do seu autor.

- Vicente Araguas, "Este cheiriño que anova", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 561/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 597, 29 novembro 2009, p. 4.

Subliña que neste libro de relatos as cousas non son o que parecen o que por veces provoca desacougo ou desasosego. Tamén indica que o seu autor presenta unha "prosa grave e alcendida" que incita á reflexión no lector e que opta por provocar novos sabores cunha orixinal escrita.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Infantil/Xuvenil", 17 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comenta, a modo de recomendación, unha serie de novidades literarias, como *O recendo das mimosas*, de Agustín Agra.

- Xerardo Agrafoxo, "Os nosos libros", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 35, novembro 2009, p. 84.

Breve referencia a este libro onde se indica que estamos perante unha ducia de relatos de temática diversa e que na súa maior parte son abertos e de interpretación persoal do lector.

- Xosé Carlos Caneiro, "Mimosas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 340, "Letra en galego", "Club dandi", 21 novembro 2009, p. 15.

Ademais de destacar unha obra teatral de Xosé Teixeiro, titulada *Doutor, por favor, mátame con xeito*, recoméndase o libro de relatos de Agustín Agra, titulado *O recendo das mimosas*, definido como "puro goce estético".

Alborés, Mingolo, *Os trece xogos*, Editorial Danu, col. O lapis do taberneiro, 2009, 96 pp. Editado en formato microlibro en PDF. (ISBN: 978-84-92764-01-3).

Nesta novela realista de Mingolo Alborés a través de trece capítulos que levan o nome dalgún xogo de cartas ou de azar (tute, escoba, brisca, tute cabrón, chinchón, póker, dados, mus, dominó, lotería, ruleta rusa, billar e solitario), cóntase a historia de Anselmo, un home como outro calquera que un día decide pedir o despido e ir gastar ao bingo todos os seus cartos. Cando só lle quedan dous billetes de vinte euros e dous billetes de cinco colle o seu coche e viaxa até un pobo costeiro ao que había moito tempo que non fora. Alí entra nun bar e descobre a bonoloto e decide xogar o diñeiro que lle queda. Durante varios días espera no bar e mira o xornal para ver se acadou o premio. Mentres está no bar lendo o xornal observa cómo xogan diferentes personaxes do pobo (o cura, o veterinario, rapaces…) ao billar, ao dominó e a moitos outros xogos de cartas. O final da historia é aberto e non se sabe o que acontece con Anselmo. Ao longo dos trece capítulos tamén se conta outra historia paralela, na cal un home chamado tamén Anselmo espera a chegada de Rosana, cómplice xunto a el dun roubo e asasinato.

Alonso, Emilio, *Mercurio*, Premio Novela por Entregas de la Voz de Galicia 2008, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 279, xullo 2009, 104 pp. (ISBN: 978-84-9782-926-7).

Novela policial ou *thriller* satírico de Emilio Alonso Pimentel (Madrid, 1958) que contén trinta e un capítulos enumerados e titulados e que transcorre na cidade de Lugo, durante un tempo indeterminado pero que supostamente abrangue uns días. Lugo non é só o lugar onde transcorre a acción senón que o comportamento dos seus habitantes é un personaxe máis da novela e, aínda que se trata da cidade actual, na ficción ten as características da cidade dos anos sesenta e setenta. Moitos dos personaxes que aparecen na narración son reais, aínda que algúns teñen os nomes disfrazados. A novela comeza cunha dedicatoria ao médico, xa falecido, Xosé Ramón Puentes Chao, que é un dos protagonistas do relato. O narrador-protagonista en primeira persoa é un criminólogo, do que non se di en toda a novela o seu nome, e que se fixo famoso porque descubriu un home morto e conxelado no parque de Rosalía de Castro. O protagonista sempre regresa a Lugo porque ten unha relación amorosa con Lola, casada con Pancho Figueiredo e nai da súa afillada. O día da primeira comuñón da nena, Pancho morre e o seu pai, un falanxista que é capaz de manexar a cidade dende a súa casa, contrata os seus servizos para descubrir quen asasinou o seu fillo. A autopsia ditamina unha alta porcentaxe de mercurio no sangue do defunto e, aínda que ao principio pensou que fora unha sobredose, xa que tomaba un líquido gris que contiña aceite de oliva e mercurio para tratar a sífilis que padecía, descubriu que o envelenara a súa muller. Como el consideraba que Lola era a súa patria, era incapaz de traizoala, polo que tamén descubriu que Pancho estaba metido nun negocio que consistía en fabricar bombas para a mafia rusa e dixo que a causa da morte de Pancho fora un "accidente laboral". Todo narrado con moitas doses de ironía e retranca.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Mercurial", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 551, 20 setembro 2009, p. 14.

Coméntase que a novela *Mercurio*, de Emilio Alonso, gañadora do concurso de Novela por Entregas promovido por *La Voz de Galicia*, ten algunhas virtudes como un estilo funcional, capítulos breves e personaxes estereotipados; pero tamén algúns defectos como que cae no *private joke* e incorre nos sobreentendidos e a "ferranchina" do xénero negro. Opínase que, polo tanto, se obtén un cóctel que non chega a entusiasmar pero que serve para pasar o tempo. Sinálase que esta historia medio policíaca transcorre en Lugo, cidade condicionada pola muralla e cunha vida provinciana. Pénsase que o título xoga un papel importante no desenlace pero considérase o argumento febel. Explícase que nel Lola e o protagonista teñen unha aventura e o home dela é vítima dun asasinato despois da comuñón da filla. Finalmente dise que a forza do escritor está no apunte costumista, no retrato de Lugo, dos seus usos e abusos.

- Armando Requeixo, "Azougues literarios", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 302, "Libros", 1 outubro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 252, "Letras galegas", 3 outubro 2009, p. 7.

Sinálase que a novela *Mercurio*, do xornalista e guionista Emilio Alonso, é unha narración dedicada ao médico Xosé Ramón Puentes Chao, que é un dos protagonistas deste *thriller* de ambientación luguesa cheo de misterio, reflectido nun asasinato inesperado, e no que se descobren os soños, teimas e temores das xentes de Lugo. Destácase o ritmo áxil da novela, que é un manifesto sobre a liberdade individual e a esencialidade do amor. Coméntase que hai mestura de personaxes reais e de ficción, captación de espazos e condutas da cidade amurallada e que o protagonista se afasta dos tópicos do xénero. Opínase que, aínda que hai despistes intratextuais ou algún corte na progresión, a novela está ben construída e amosa un gran dominio das técnicas cinematográficas.

- X. M. Eyré, "Vida e corrupción", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Cultura", "Crítica", "Narrativa" , 22-28 outubro 2009, p. 28.

Propón a lectura de dúas achegas literarias distinguidas con galardóns: *Sempre quixen bailar un tango*, de Teresa González, XVII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2008; e *Mercurio*, de Emilio Alonso, Premio Novela por Entregas de La Voz de Galicia 2008. Sobre a novela de Alonso afirma que constrúe unha atmosfera axeitada para o argumento desenvolto, ao mesmo tempo que caracteriza con acerto os personaxes. Lamenta que a extensión de trinta e un capítulos imposta polas bases do galardón limitara as posibilidades desta obra narrativa e conclúe que tanto nesta novela coma na destacada obra dramática a sombra da corrupción impide o medrar de manifestacións humanas positivas.

- Ramón Nicolás, "Un 'thriller' satírico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 340, "Letras en galego", 21 novembro 2009, p. 11.

Opínase que *Mercurio* é un *thriller* satírico ou irónico, aínda que o protagonista sexa criminólogo e non policía, e que o conflito se resolve dun modo efectivo, debido a que as opinións do protagonista innomeado ispen a cidade de Lugo. Sinálase que esta adquire a categoría de personaxe, non só de espazo no que se desenvolve a acción, polo que ás veces o foco de interese se centra nela e non no conflito detectivesco. Coméntase que o protagonista recoñece que a súa patria é Lola e que nunca a traizoa e descríbelles aos lectores as singularidades da cidade e das súas xentes, mediante unha visión crítica contra os prexuízos e convencións vixentes, que poden espallarse a outras sociedades, tempos e lugares. Destácase que algúns nomes de persoas, xornais ou institucións están desfigurados ou disfrazados e que outros aparecen identificados claramente.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Mercurio: un thriler en Lugo", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 465, "Musas", 12 xullo 2009, p. 37.

Conversa con Emilio Alonso Pimentel na que se fai un breve retrato autobiográfico: naceu en Madrid pero pasou a súa infancia e adolescencia en Lugo, foi a Santiago estudar Medicina pero ao terceiro ano cambiou a Xeografía e Historia, onde estivo dous anos, despois foi redactor da *Gran Enciclopedia Gallega* e traballou en radio e televisión. Comenta que publicou en 2003 *¡Po! Diario de un viaje a Palestina* e que exerceu de "negro" en tres ensaios histórico-políticos. Conta que *Mercurio* é un *thriller*

ambientado no Lugo da actualidade pero no que se mantén o ambiente moral, social e cultural da súa xuventude; que hai un detective famoso, amante da muller do morto e un vello falanxista, pai do defunto, que controla a cidade sen moverse da casa, todo escrito con humor e retranca. Di sentirse cómodo coa ironía pero que ten esbozado un libro de relatos "escuros" e que intentou escribir para nenos, pero que nese ámbito anda perdido. Conta que acaba de rematar unha colección de oito monólogos escritos con ironía sobre cousas que o teñen confuso e anda cunha especie de continuación de *Mercurio*. Lembra que o primeiro que escribiu e non publicou foi un relato para un concurso do Instituto e tampouco publicou os contos que presentou, e cos que gañou un accésit, ao certame que organizaba a Asociación Cultural "O Facho".

- Jorge Lamas, "Cando escribín a novela quedáronme cousas por dicir", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 11 setembro 2009, p. 50.

Entrevista a Emilio Alonso Pimentel co gallo da publicación da súa novela *Mercurio*, gañadora do Concurso de Relatos de Verán de *La Voz de Galicia*. Comenta que non houbo cambios na edición en libro, que só redondeou algunhas frases polo que consta de vinte ou trinta liñas máis e seis versos do *Cantar dos Cantares* e do *Apocalipse*. Di que a novela está chea de lembranzas pero que non é unha débeda co pasado; que, aínda que se desenvolve no Lugo actual, mantén o ambiente social retrógrado e fascista dos anos sesenta e setenta, polo que a considera unha mestura de xénero policíaco e costumista e que parte da historia é autobiográfica, como a historia de amor do protagonista e Lola e algunhas anécdotas. Sinala que o título da novela era *Mercurio (un thriller satírico)* porque o protagonista mira as cousas con ironía, xa que ten unha dobre moral. Destaca que non trasladou técnicas audiovisuais á novela pero que se podería facer unha película co libro, pois, aínda que os personaxes falan pouco xa que o protagonista cavila constantemente, os trinta e un capítulos son como secuencias. Di que cando escribiu a novela quedáronlle cousas por contar, polo que decidiu facer nun futuro unha novela situada no San Froilán do 2005, pero non ten prazo para rematala porque el escribe por pracer.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. VII.

Nesta sección fixa do suplemento deste xornal no que se acollen novidades, faise un descritor de curta extensión de *Mercurio*, de Emilio Alonso Pimentel.

- Xosé Carlos Caneiro, "Soles", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 366, "Club dandi", 24 outubro 2009, p. 12.

Coméntase que o *thriller Mercurio* está cheo de ironía e sarcasmo e non ten nada que ver cos relatos convencionais do xénero. Destácase que foi o gañador do Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* e que ás veces parece absurdo.

Alfaya, An, *Areaquente*, Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2009, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2009, 187 pp. (ISBN: 978-84-7824-579-6).

Con esta novela curta An Alfaya (Vigo, 1964) conseguiu o Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2009, organizado polo Concello do Grove. A acción de *Areaquente* xira ao redor da aventura sabática que Cristovo do Val decide levar a cabo despois de que a súa muller Inés o deixase por Verónica. Así Cristovo do Val chega a unha aldea inhóspita, chamada Areaquente, que se estaba a converter nun deserto, pois levaba cincuenta anos sen chover, até que no mes no que transcorre a historia comezou a caer a prezada auga. Aquí Cristovo do Val atópase cun lugar arcaico poboado de xentes vellas e decide comezar a tirar fotos das súas paisaxes sen estabelecer relacións emocionais cos seus habitantes. Pero pouco a pouco descobre as relacións amorosas existentes entre os habitantes de Areaquente: os irmáns Bernarda e Aurelio, o marido de Bernarda, chamado Primitivo, a taberneira Ximena e mais o moinante Elixo. Relátase todo en dezaseis capítulos, con numeración romana. Nos capítulos impares relátase a aventura sabática de Cristovo do Val en Areaquente, e nos pares descríbense as orixes das relacións entre os habitantes de Areaquente mentres que no derradeiro se mesturan ambas as tramas.

Recensións:

- X. M. Eyré, "Un lugar nalgures", *A Nosa Terra*, n.º 1.384, "Cultura", "Crítica", 3-11 decembro 2009, p. 28.

Indica que esta novela pon aos seus personaxes diante dunha situación extrema para así estudar as súas reaccións. Comenta que xoga cun reducido número de personaxes e realiza un paralelismo desta novela coa obra *Riofero* (2008), de Xelís de Toro. Tamén destaca que estamos perante unha proposta narrativa suxestiva que se pode ler en clave metaliteraria.

- Ramón Nicolás, "Paisaxes ermas, vidas ermas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 343, "Letras en galego", 12 decembro 2009, p. 6.

Explica que a autora desta novela consegue con acerto achegarse ao realismo máxico e mais que converte en palpábel o peso das derrotas, das dores e das cicatrices. Fala do espazo mítico de Areaquente e opina que o personaxe Cristovo do Val foxe cara adiante logo dunha ruptura sentimental.

- Pilar Ponte, "Rico e apaixoante", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. V.

Afirma que *Areaquente* explora a condición humana e a liberdade individual e destaca a importancia do mundo visual como eixe vertebrador deste libro. Comenta as similitudes desta novela con *O estranxeiro*, de Albert Camus, e mais con *La casa de Bernarda Alba*, de Federico García Lorca, e asegura que se configura como un texto de apaixonante lectura.

Referencias varias:

- T. M, "La Casa de la Cultura acoge la presentación de 'AreaQuente", obra ganadora de Lueiro Rei", *Diario de Arousa*, "O Grove", 12 novembro, 2009, p. 16.

Anúnciase a presentación do libro *Areaquente* da gañadora da última edición do Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta, An Alfaya. Afírmase que o libro narra o proceso de busca dos seus protagonistas que se encontran nun profundo desacougo.

- T. M, "An Alfaya: Inspireime nunha fotografía que fixo unha amiga para escribir a novela", *Diario de Arousa*, "O Grove", 13 novembro 2009, p. 19.

Entrevista coa escritora An Alfaya tras resultar gañadora do Premio Manuel Lueiro Rey coa novela *Areaquente* na que se conta como xurdiu a inspiración da obra.

Ameixeiras, Diego, *Dime algo sucio*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 282, 2009, 223 pp. (ISBN: 978-84-9914-060-5).

Diego Ameixeiras (Lausanne, Suiza, 1976) crea unha historia coral onde os personaxes da novela intentan sobrevivir na cidade de Oregón, un lugar imaxinario pero que probabelmente o lector relacione coa cidade de Ourense. A novela consta de cen capítulos de extensión moi breve, dunha páxina ou dúas. Os protagonistas van aparecendo en cada capítulo e de forma casual algúns deles acaban atopándose e influíndo na vida dos outros. Pola historia desfila un home negro, inmigrante, que intenta sobrevivir vendendo discos e películas e que vive angustiado e botando de menos á familia que deixou en África. Ánxela é unha moza duns trinta anos que procura sobrevivir no mundo despois de que o seu noivo, Xaime, a deixara. O alcohol e a loucura fanlle compañía. Laura é unha moza que practica tres horas á semana de kung-fu e que mantén unha relación con Nelson, un rapaz que é grafiteiro. Os dous ámanse, mais acaban buscando a complicidade con outras persoas. Un taxista anónimo recorre a cidade no seu taxi e refúxiase na bebida e no sexo para darlle sentido á súa existencia. Eduardo é un home duns corenta anos que traballa nunha tenda de artigos varios e que vive con Miriam. A súa relación non funciona e el busca compañía nos chats da Internet. Alí coñece a unha rapaza de quince anos, Cady, da cal se namora. Cady nun primeiro momento actúa como se fora un xogo, pero pouco a pouco tamén se vai namorando de Eduardo. Un home anónimo, cunha cicatriz grande na cara, aparece tamén na historia e sabemos que se dedica a vixiar á xente e a facer traballos sucios. Todos estes personaxes parecen insatisfeitos e mestúranse nunha cidade onde a violencia convive con eles sen que se decaten. Detrás das súas vidas atópase a soidade, o desexo, o sexo, o amor, a enfermidade… e estes temas barállanse de maneira aleatoria para ofrecer unha visión da cidade de Oregón.

Recensións:

- A. M. Pedrosa, "Bajos Instintos", "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 12, decembro 2009, p. 9.

Coméntase o argumento, a temática e achéganse datos dalgúns dos personaxes da novela, sen destripar a historia. Indícase que Diego Ameixeiras é "diligente y directo" cando escrebe e opínase que o seu estilo recorda a intencionalidade da escrita automática vangardista polo seu fluir libre de ideas.

- X. M. Eyré, "A vida é un cruce de camiños", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", 24-30 decembro 2009, p. 34.

Achega a esta novela realista próxima ao xénero negro, definindo a narrativa de Diego Ameixeiras como "cinema de mente", que consiste en narrar a historia como se o lector estivese a ver un filme. Asemade, opina que *Dime algo sucio* é a mellor das novelas de Ameixeiras, na que se poden atopar algúns momentos estilisticamente salientábeis e deficienzas como que non sempre se poden identificar as personaxes. Destaca as secuencias breves que dan dinamismo e explica que é unha historia que require un alto grao de atención por parte do lectorado.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, subliña a importancia daquelas obras que se achegan ao lectorado en formato de libro electrónico, caso de *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras, e *A noite do moucho*, de Anxo Rei Ballesteros.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 311, "Libros", 3 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, caso de *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras, entre outras.

- Óscar Iglesias, "Ser áxil e directo escribindo é unha obriga, non unha cualidade", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Coazul", 11 decembro 2009, p. 9.

Conversa co escritor Diego Ameixeiras, na que explica que na súa cuarta novela, *Dime algo sucio*, adopta un ton serio dada a temática abordada, baseada na violencia sexual, no suicidio e no asasinato, e que con ela procura a aproximación á mente deformada dun criminal. Abre una reflexión sobre a axilidade do autor no tratamento de temáticas que obrigan á seriedade, frialdade e frontalidade da voz narrativa, en oposición á parodia e ao humor aos que ten habituado o seu lectorado, centrándose, entre outros aspectos, na caracterización de determinados personaxes.

- Roberto G. Méndez, "Una novela debe abrir con un machetazo y terminar con otro", *El Correo Gallego*, "Esta boca es mía", 18 decembro 2009, contracuberta.

Coméntase que Diego Ameixeiras publicou a súa cuarta novela, titulada *Dime algo sucio* e, a raíz dunhas declaracións do escritor nas que afirmaba que unha novela debe abrir dunha maneira impactante e rematar do mesmo xeito, faise unha disertación sobre esta maneira de estruturar os contidos, propia tamén do xornalismo.

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Informa da publicación de varias obras, caso de *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras, e afirma respecto a esta novela que é unha mostra máis da versatilidade do escritor.

Comenta que a trama resulta menos efectista que en obras precedentes, pero que mantén a intriga ao redor do tema do amor adolescente.

- César Lorenzo Gil, "Ourense está detida no tempo pero en Oregón hai rabia, desexo e rostros desencaixados", *A Nosa Terra*, n.º 1.388, "Cultura", 31 decembro 2009-14 xaneiro 2010, p. 27.

Conversa co escritor Diego Ameixeiras, na que opina sobre a súa cuarta novela, *Dime algo sucio*. O escritor explica que nesta ocasión adopta unha voz distanciada dos acontecementos, abandonando o humor e procurando manter o suspense e captar o interese do lector. Tamén comenta que o escenario desta novela, aínda que lle chame Oregón, segue a ser Ourense. Salienta a igual versatibilidade do escritor na escolla e representación dos personaxes, así como nas extratexias que adopta para achegarlas ao lector, destacando, por outra banda, a inmutabilidade do escenario, reiteradamente situado en Oregón, unha cidade de "rabia, desexo e rostros desencaixados". Doutra banda, relaciona a ficción literaria coa televisiva, analizando o seu estado actual e as posíbeis achegas no futuro panorama galego.

Amoedo López, Gonzalo, *O autobús sempre para en Teis*, limiar de Xaquín Monteagudo Romero, A Coruña: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, col. Relatos da paisaxe, 31 pp. (DL: C 4088-2009). ■

Relato breve, subvencionado pola Xunta de Galicia e escrito por Gonzalo Amoedo López (Redondela, 1959) para a colección "Relatos da paisaxe" a cal, en palabras de Xaquín Monteagudo Romero, presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística que asina o limiar, pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Travibus Noroeste, unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos e tradicións da cultura galega e a divulgar e fomentar o uso do galego. Neste caso, a través dun narrador en terceira persoa, sitúase a historia entre Redondela e Vigo, xa que se describen pormenorizadamente os lugares a través dos cales vai pasando o autobús que une as dúas vilas. O relato céntrase especialmente nun dos pasaxeiros, un mozo de dezaseis anos que ese día está de aniversario e que se sente triste porque a moza que lle gusta non lle fai caso. Tras unha detallada descrición, a técnica narrativa máis empregada no relato, desenvólvese a escena final na cal a moza na que se fixara o rapaz e que acompaña a un tío seu que é cego, esvara ao baixar, é axudada por este e ela, agradecida, dille o seu nome e cando e como sobe ao autobús todos os días. A tristura do día e o gris que acompaña o ambiente transfórmanse en esperanza polo reencontro. Acompáñase o relato de fotografías representativas da paisaxe descrita. Unha linguaxe sinxela en ton coloquial fai que a lectura sexa fácil e de ritmo áxil.

Aneiros, Rosa, *Sol de Inverno*, Premio Xerais de Novela 2009, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 275, setembro 2009, 510 pp. (ISBN: 978-84-9914-032-2).

Longa novela de pretendido carácter histórico coa que Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, 1976) gañou o Premio Xerais de Novela 2009. A través da historia de Inverno, a súa protagonista, faise un percorrido polas tráxicas circunstancias vitais que

padeceron os milleiros de exiliados galegos e non galegos tras a guerra civil española. Baixo a voz dun narrador en segunda persoa, a da súa protagonista, os lectores coñecen as diferentes etapas do exilio polas que ela e a súa familia van pasando tras verse obrigados a fuxir da súa aldea natal pola condición do seu pai, alcalde da aldea e médico de ideoloxía republicana. A historia arranca coa lembranza da tráxica morte de Fiz, amigo especial da infancia de Inverno, xusto un mes antes do estoupido da guerra civil. A novela céntrase sobre todo nas diferentes etapas polas que Inverno, xunto á súa familia e ao amigo da mesma, Rafael, van pasando a través de lugares representativos do exilio español como Barcelona, Francia ou Cuba. Esta longa fuxida serve para ilustrar as duras condicións de vida dos milleiros de exiliados galegos en campos de refuxiados franceses, nos tráxicos bombardeos sufridos en Barcelona no 1938 ou no importante labor en prol do galeguismo dos exiliados en Arxentina e Cuba. Mestúranse feitos de clara referencia histórica cos propiamente novelísticos, así como tamén personaxes ficticios con personaxes históricos como Daniel Rodríguez Castelao ou o Che Guevara. Estrutúrase en oito capítulos de variábel extensión que se corresponden cos diferentes espazos xeográficos nos que van vivindo os personaxes. Pódese observar a estrutura circular da obra, xa que o espazo de partida e de final é o mesmo, a aldea natal de Inverno, Antes, e a partir de aí Barcelona, París, Cuba, Bos Aires e de novo París e Antes. Abrangue un longo espazo temporal, dende os meses previos ao estoupido da guerra civil en 1936 até o ano 1968 no que se produce a morte do pai en París e Inverno decide volver a Antes, unha vez que constata que a enfermidade mental dexenerativa que está sufrindo pode facerlle perder todas as súas lembranzas. Escrita cun certo coloquialismo, a obra non presenta unha linguaxe requintada que dificulte a súa comprensión, mais si se aprecia unha abondosa adxectivación ou estruturas adxectivas que, xunto ás frecuentes digresións, ralentizan o ritmo da mesma. Xunto á protagonista conviven unha serie de personaxes que van conformando tamén a súa vida e deixando unha ou outra pegada. A influencia máis forte é a do pai, Alfredo, e a da bisavoa que coñece cando chega a Cuba, Luzdivina, e a estes personaxes únense Rafael, o mozo amigo da familia que foxe con eles da aldea, a nai, a irmá ou a rapaza Silvia e a súa avoa Mercedes, que viven con eles na estadía en Barcelona e sofren as consecuencias dos bombardeos. Destaca tamén a presenza constante de Fiz, o amigo morto na infancia que nunca deixará de existir no seu pensamento así como a de Laura, tamén amiga da aldea e á que lle escribirá continuas cartas dende os lugares polos que vai pasando.

Recensións:

- Oriana Méndez, "A magnitude do inverno", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proTagonista", outono 2009, p. 14.

Sinala que *Sol de Inverno* é unha loita incondicional pola continuidade e que, con esta bandeira, Rosa Aneiros ergue un edificio sólido que resiste sucesivas guerras ou éxodos e que, finalmente, está construído para a defensa da liberdade. Refírese á presenza dun narrador en segunda persoa e do misterio latente, así como dunha vontade sentimentalista agochada no que aparentemente só é a solución do enigma da persoa narradora. Considera que os feitos se suceden entre o tratamento histórico, o romanticismo e a epopea e analiza os personaxes máis representativos da novela. Por último, considera que ao elaborarse un relato impresionista con pretensión de exactitude na transmisión dos feitos, se anula unha posibilidade interesante: "que os recordos non

suman, técense; que a rede conserva dentro de si diferentes tamaños e isto provoca que se confundan as dimensións dos acontecementos".

- Sonia Díaz, "Os corpos abertos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proTagonista", outono 2009, p. 13.

Refírese á traxectoria de Rosa Aneiros, que ten unha carreira atravesada pola dualidade xornalista-escritora e adobiada polo favor do público e máis dos xurados, que lle teñen outorgado até dez premios na última década. Sinala que *Sol de Inverno* conta todas as historias do século XX, agás a de Inverno, que se fala a si mesma para non perderse e se abraza "ás palabras para fuxir da desmemoria". Tamén comenta que Inverno, como Rosa Aneiros, é un "corpo aberto", un ser cunha sensibilidade e unha forza excepcionais para escoitar as historias que nos rodean.

- Ramón Nicolás, "Memoria, lirismo e emoción", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 333, "Letras en galego", 3 outubro 2009, p. 11.

Fálase da obra coa que Rosa Aneiros foi galardoada co Premio Xerais de novela do ano 2009, *Sol de Inverno*, a cal é cualificada, xa no comezo do artigo, como obra de "amplo alento, esplendidamente elaborada e que se defende por si mesma". Dise que alén de ser unha novela de personaxe tamén hai un protagonismo coral e a mestura da emoción cun coidado escenario histórico e espacial recoñecíbel e máis ou menos próximo. Descríbese o argumento que, segundo se di, se desenvolve en máis de cincuenta fragmentos narrativos que constrúen a historia a partir do lugar de Antes, no que a protagonista Inverno vive de nena e ao que sempre volve nas súas lembranzas tras fuxir da Guerra Civil cara a outros lugares como Barcelona, París ou México. Destácanse na obra dous momentos: a estadía de Inverno e a súa familia na Barcelona resistente da Guerra Civil, onde a protagonista alcanza a súa madureza, e as odiseas familiares e persoais vividas en Cuba e a Habana. Por último sublíñase o exquisito coidado depositado no ritmo e na expresión.

- Dolores Vilavedra, "Na procura da identidade", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 outubro 2009, p. 10.

Faise unha análise da obra de Rosa Aneiros, *Sol de Inverno*, que identifica coas obras de Inma López Silva, *Memoria das cidades sen luz* (2008), e Luís Rei Núñez, *Monte Louro*, por ser as tres "novelas nómades, protagonizadas por seres condenados dende o berce á procura de si mesmos". Dise que a novela desenvolve o percorrido vital de Inverno, dende a súa aldea natal, Antes, até Cuba, pasando pola Barcelona da guerra e os campos de concentración franceses. Destácase a perfecta circularidade estrutural que amosa un logrado labor compositivo. Despois indícase que a autora aduba o seu relato coas pinceladas xustas de fantasía para evitar un etiquetado como novela histórica e engádese que na novela tamén se atopan outros trazos como saga familiar, memoria da guerra e do exilio, mestura de personaxes históricos e ficticios. Por último faise referencia a algúns intres de desigual intensidade dentro da obra pero que non teñen importancia para o desenvolvemento da mesma.

- X. M. Eyré, "De como se conforma unha personalidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Cultura", 5-11 novembro 2009, p. 28.

Coméntase esta obra de Rosa Aneiros e dise que nela o obxectivo son os acontecementos que deciden o rumbo dunha vida. Dise tamén que na obra se esculca no interior dun personaxe ao longo dun amplo espazo de tempo e que se observan algúns referentes como o Ramón Otero Pedrayo de *Arredor de si* (1930). Indícase que a protagonista, Inverno, é o fío condutor e a receptora dos acontecementos que vive como a guerra civil, o refuxio en Francia e en Cuba ou o regreso ás raíces. Destácase como un dos mellores momentos da novela a estadía en Cuba, que axuda a entender mellor a emigración cubana dos galegos tras a Guerra Civil. Por último indícase que, tras as páxinas nas que o personaxe de Luzdivina fai as súas revelacións, a novela perde forza e intensidade, porén o lector mantén a sensación de que está lendo unha desas historias que deixan pegada.

- Armando Requeixo, "O morno sol invernal", *Faro de Vigo*, "*Faro da cultura*", n.º 307, "Libros", 5 novembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 258, "Letras galegas", 14 novembro 2009, p. 6.

Faise unha crítica desta novela de Rosa Aneiros a partir dunha serie de interrogantes que o autor do artigo se foi facendo mentres realizaba a lectura da mesma. Entre outras cousas, obsérvase unha serie de incongruencias que segundo el non lle permitiron gozar da lectura da novela, como o feito de que o pai da protagonista entrase na universidade aos quince anos, que a súa irmá Rebeca teña diferentes idades en distintos lugares da novela ou que se transmita toda a historia de Cuba, dende o século XVI ao XX, durante máis de cincuenta páxinas.

- Xosé Carlos Caneiro, "Continuar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 338, "Letras en galego", 7 novembro 2009, p. 12.

Primeiramente lémbrase a importancia da escrita feminina na literatura galega contemporánea e dise que dentro dela destaca con forza o nome de Rosa Aneiros. Deseguido coméntase a súa obra gañadora do Premio Xerais de Novela 2009, *Sol de Inverno*, na cal se di que aparece a característica voz lírica e tenra da autora mais tamén o alento épico. Dise que a lectura da obra resulta grata e que se trata dunha obra de solidariedade, igualdade e utopías. Destácase o traballo de Rosa Aneiros da que se di que debe continuar traballando xa que se colocou na xerarquía literaria galega por posuír recursos e talento, sensibilidade e un editor intelixente.

- P. Abet, "O bico dunha cereixa", *ABC*, "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 12, decembro 2009, p. 8.

Fálase da obra gañadora do Premio Xerais de Novela 2009, *Sol de Inverno*, de Rosa Aneiros, centrándose na figura da voz narrativa, a protagonista Inverno, a cal vai tecendo a historia a través da súa memoria. Sinálase que é unha obra densa de máis de cincocentas páxinas na cal a protagonista reconstrúe as súas vivencias dende a etapa da vellez, dende a súa marcha da aldea de Antes, até o seu regreso a ela máis de corenta anos despois, pasando polos longos días de exilio tras a guerra civil, vividos coa súa familia en diversos lugares como Barcelona, Francia e A Habana. Dise que ese exilio é o fío condutor da obra e que a autora non pretende facer unha novela histórica, senón lembrar a dura realidade de posguerra enfiando as pequenas historias que a van conformando.

Referencias varias:

- Ana Salgado, "Poñerlle nomes, rostros, unha historia, fai o horror tanxible", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proTagonista", outono 2009, pp. 12-15.

Con motivo de facer unha achega dende a ficción e outra dende a historia en relación a *Sol de Inverno*, Ana Salgado mantén unha conversa con Rosa Aneiros e Eliseo Fernández, historiador do anarquismo ou do exilio, por medio da cal detalles miúdos da novela se xuntan co discurso de ambos nunha reflexión sobre os modos de representar a fractura que vén do 36 e a súa pegada no noso tempo e lugar. Rosa Aneiros apunta que *Sol de Inverno* é unha novela de personaxe, aínda que coa memoria da protagonista van todas as memorias que a acompañan. Sinala tamén a escritora de Valdoviño que esta novela foi construída pouco a pouco e que lle apetecía meter aquilo que acontece no mundo e nos inflúe. Refírese á construción dos personaxes e manifesta que no pai de Inverno, Alfredo, está resumida toda a novela, ademais de aclarar que quixo poñer contradicións na protagonista, porque nos relatos das exiliadas non están moito, e de aludir aos diálogos daquela coa morte. Considera que se trataba tamén de pelexar por darlles heroicidade a todos os anónimos e afirma que o feito de seguir a Silvia Mistral ten que ver con que nela se resume case a totalidade do que está nas memorias das demais. Comenta que lle fascina o afán testemuñal cando os protagonistas escriben e explica como se representa o trauma na novela, alén de tratárense cuestións relacionadas co exilio, as foxas, os fusilamentos e o medo. Anota que lle gusta que o lector constrúa a súa propia historia e fala do proceso de elaboración do texto, así como da escasa presenza da guerra e dos fascistas na historia.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 302, "Libros", 1 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa deste suplemento na que se salientan, da produción literaria galega máis recente, obras coma *Sol de inverno*, de Rosa Aneiros.

- Margarito Flowers, "Rosa Aneiros, un año", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 7 outubro 2009, contracuberta.

Dáse noticia de que a xornalista e escritora Rosa Aneiros gañou o premio Xerais de Novela coa súa obra *Sol de Inverno* e o premio de Literatura Xuvenil da Fundación Caixa Galicia con *Ás de bolboreta*. Sinálase que *Sol de Inverno* non é unha novela histórica, senón a historia de Inverno que procura recuperar o paraíso perdido da súa infancia no territorio de Antes.

- S. J., "Unha loaira entre as bombas", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 24 outubro 2009, p. 67.

Recóllense as palabras de Rosa Aneiros sobre a súa novela *Sol de Inverno*, coa que mereceu o primeiro galardón do Premio Xerais 2009. Dise que non é unha novela histórica senón unha obra onde o personaxe principal intenta recuperar o paraíso perdido da infancia. Dise tamén que a protagonista vai pasando polo exilio dende a aldea de Antes até París, Barcelona e A Habana. Destácase que Cuba é un escenario de gran peso na obra xa que segundo di a autora "sempre quixo ambientar unha historia na Habana" inspirada polas anécdotas que lle contaba sobre Cuba o seu padriño. Salienta

que a parte da novela onde o espazo é Antes tamén é importante malia que durante a redacción da obra acudiu a Barcelona, a unha mostra sobre os bombardeos que a cidade sufriu durante a Guerra Civil, e iso animouna a incluír esa parte da historia. Por último dise que, segundo a autora, non se trata dunha novela de tese, "porque nunca pensa en tratar un tema ou outro senón que estes veñen dados polos personaxes".

- maré, "Nunca serei a que fun", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 outubro 2009, p. 33.

Dáse conta da presentación da obra de Rosa Aneiros, *Sol de Inverno*, na súa cidade natal, Ferrol, e dise que a escritora estaba algo inqueda pola responsabilidade que supón presentar unha obra que foi galardoada cun premio como o Xerais debido ás moitas expectativas que crea. Sinálase que Aneiros rexeita cualificar a obra como novela histórica xa que pretendeu facer unha obra onde o importante é a historia da personaxe, neste caso Inverno. Logo coméntanse algúns episodios da obra que parten das lembranzas da protagonista, unha muller, filla dun republicano que ten que fuxir da súa aldea natal e vivir o exilio, "físico e o persoal", en diferentes lugares como París ou Barcelona. Tamén se indica que na novela se cruzan revolucións como a castrista e a II República española e que o pai da protagonista é quen mellor define a súa intencionalidade. Por último a escritora afirma que o seu estilo evolucionou e que medrou como escritora.

- Natalia Álvarez, "En 'Sol de inverno' influíu o valor testemuñal que os exiliados lle deron ás súas memorias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Entrevista", 5 novembro 2009, p. IV.

Longa entrevista na que a escritora Rosa Aneiros fala das súas obras *Ás de bolboretas* e *Sol de Inverno.* Dise que malia seren obras diferentes teñen en común o tema do desarraigo, xa que para ela é moi importante lembrar que o pobo galego tivo que marchar durante moito tempo. Coméntase que *Sol de inverno* está dedicada a Silvia Mistral e que se serviu do seu *Éxodo*. *Diario dunha refuxiada* para falar sobre as memorias do exilio, xa que lle influíu o valor testemuñal que os exiliados deron ás súas memorias. Tamén se fala sobre o gran traballo documental que fai a autora e o importante que é para ela que a memoria permaneza viva xeración tras xeración. Indícase que ademais hai un canto á República, ao galeguismo, ás mulleres e aos xornalistas.

- C. P., "Houbo moitos exilios, e esta novela é literatura por riba da historia", *La Voz de Santiago*, "A pie de calle", 13 novembro 2009, p. L16.

Indícase que a escritora Rosa Aneiros presenta a súa obra *Sol de Inverno* na librería Couceiro e recóllense algunhas das súas palabras durante esa presentación. Coméntase que a memoria do exilio está presente na obra a partir da traxectoria do personaxe do que parte. Tamén se di que a novela é literatura por riba da historia porque "cada persoa é o que lle toca vivir" e que os nomes simbólicos que emprega se deben a que quere que sempre quede algo da man dos lectores e da súa imaxinación.

- Manuel Portas, "Sol de inverno', de Rosa Aneiros", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 novembro 2009, p. 60.

Recoméndase a lectura da novela de Rosa Aneiros, *Sol de Inverno*, e danse algunhas pinceladas do seu argumento. Destácase o acerto da escritora coa técnica narrativa e dise que é unha novela comprometida coa memoria, cun tratamento nada superficial do drama do exilio, chea de simboloxía e lirismo.

- Xan Carballa, "Á literatura só lle pido o pracer de escribir as historias que me fascinan", *A Nosa Terra*, n.º 1.384, "Cultura", 3-11 decembro 2009, p. 27.

Tras lembrar que Rosa Aneiros gañou nunha mesma tarde dous premios literarios (o Premio Xerais de Novela con *Sol de Inverno* e o Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil con *Ás de bolboretas*), faise unha entrevista á escritora na cal se fala primeiramente deste feito. Logo coméntase a distinción entre literatura xuvenil e a de adultos. Con respecto a *Sol de Inverno*, que alcanzou o Premio Xerais, indica que o asunto central que ensambla a novela é destacar a necesidade do ser humano de ser alguén no contexto no que vive, o cal plasmou no personaxe de Alfredo, e alude tamén á presenza da realidade do exilio no texto e á inspiración que lle deu seu padriño para ambientar boa parte da obra na Habana. Por último, a escritora explica o que supón para ela o feito de escribir e a necesidade que sente de facelo para ter a oportunidade de vivir outras vidas e ollar o mundo dende múltiples perspectivas.

Blanco, Concha, *Coa carauta posta*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2009, maio 2009, 143 pp. (ISBN: 978-84-96673-96-0).

Novela psicolóxica de Concha Blanco (Cee, 1950) que xira ao redor dun triángulo amoroso. Nela a protagonista, Nuria, unha muller que rolda a trintena, conta en primeira persoa o cambio brusco que dá a súa vida a raíz do accidente de tráfico que sofre un compañeiro de traballo, Mauro, co que ela tiña moi boa relación. Este feito dramático acentúa o distanciamento entre Nuria e o seu marido, Anxo, até que a protagonista acaba por descubrir que o seu marido provocara o accidente de Mauro para logo propinarlle unha malleira por ciumes e porque sufría de esquizofrenia, enfermidade da que Nuria non tiña coñecemento. Finalmente, Anxo morre no cárcere e despois dun ano Nuria e Mauro comezan unha relación sentimental, punto no que remata a novela. A historia encádrase na actualidade e transcorre entre Cee e A Coruña. Recórrese en algún momento ás analepses para recordar feitos pasados, empregándose para enfiar a historia os diálogos e prescindindo de longas descricións, o que lle confire ritmo á historia que a pesar de manter un certo suspense é en moitos casos previsibel.

Referencias varias:

- Víctor Cacho, "La Feira do Libro de Santa Comba cierra hoy el capítulo de su brillante primera edición", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 28 xuño 2009, p. L14.

Entre as actividades desenvolvidas na Feira, dá conta da firma de exemplares da novela para público adulto *Coa carauta posta*, por parte da autora Concha Blanco.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 299, "Infantil/Xuvenil", 10 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describe brevemente unha selección de novidades

literarias, caso de *Coa carauta posta*, de Concha Blanco.

- C. P., "Con esta novela descubrinme como creadora de personaxes", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 29 outubro 2009, p. L16.

Precísase que Concha Blanco vén de presentar a súa quinta novela, *Coa carauta posta*, na Libraría Couceiro. Sinálase que esta é "unha novela de personaxes", cargada de contradicciónS, na que os tintes realistas se mesturan coa ficción e a vontade do personaxe Anxo coa súa perversidade.

Caamaño, Adolfo, *Cris canalla*. *O instinto da liberdade*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. DeRelatia, 2009, 122 páx. (ISBN: 978-84-8341-316-6).

Adolfo Caamaño (Barro, 1959) publica esta novela que ten como protagonistas a Cris Canalla e Manumá. A historia comeza cun capítulo onde o narrador, un arqueólogo que supervisa unhas obras de reforma nun pazo, explica como atopou nun nicho agochado dous diarios e un feixe de cartas de dous soldados, Cristian Poncet e Manuel María Naia e Expósito, alcumados Cris Canalla e Manumá. Coa axuda do seu amigo, o historiador Xabeiro, decide transcribir os textos atopados, que contan a historia de Manumá e Cris Canalla, os cales foron soldados no primeiro terzo do século XIX. A través da transcrición do diario de Cristian o narrador informa de que Cris Canalla é un mozo de orixe francesa que pertence ao exército de Napoleón que invade Galicia en 1809. El apuntárase ao exército napoleónico atraído polos ideais da Revolución Francesa, pero en plena batalla de Ponte Sampaio decide desertar por non estar de acordo coa crueldade imposta polos mandos contra o pobo galego. Por outro lado, Manumá conta no seu diario como foi obrigado a loitar contra os franceses por medio dunha leva que se fixo en Portugal. Nesta guerra na que aparecen como inimigos acaban coñecéndose os dous protagonistas da historia e o destino lévaos como soldados do exército colonial español a América para loitar contra as sublevacións dos crioulos. Alí en Venezuela as súas vidas cambiarán de repente e descubrirán os ideais da liberdade e igualdade que defende Simón Bolívar. Os dous desertarán do exército e apoiarán os rebeldes americanos.

Recensións:

- Cuca M. Gómez, "El día de las presentaciones", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 15 abril 2009, p. 78.

Comenta que tiveron lugar en Pontevedra varias presentacións de obras importantes e, entre elas, destaca a última novela, *Cris Canalla*, do escritor Adolfo Caamaño. Indica que na presentación acompañaron ao autor o director de A Nosa Terra, quen publicou a obra, e Miguel Anxo Fernández. Por último, comenta que no acto Adolfo Caamaño tamén recolleu o premio Johán Carballeira de poesía.

- Xurxo González, "Santiago Mariño puido ser o Libertador en vez de Bolívar", *A Nosa Terra*, n.º 1.358, "Cultura", 7-13 maio 2009, p. 31.

Realízase unha entrevista a Adolfo Caamaño quen fala sobre a súa última novela, *Cris Canalla*, ambientada na cidade de Pontevedra. Caamaño explica cómo lle xurdiu a idea

de combinar os dous temas principais da obra: a guerra da independencia española e a americana e indica a qué tipo de público está dirixida a novela. A seguir, fai referencia a certos galegos importantes que aparecen na obra e, por último, comenta as influencias do xénero da novela histórica.

- Xosé Monteagudo, "Irredutible paixón pola liberdade", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 118-119.

Repasa a produción literaria de Adolfo Caamaño e céntrase na súa obra de raigame histórica, *Cris Canalla*. Sinala que está estruturada na forma dun dobre diario que os seus protagonistas escriben nunha época aventureira das súas vidas, que coincide cun tempo histórico axitado, a España e a América dos primeiros anos do século XIX. Debulla o seu argumento e apunta que nesta novela Adolfo Caamaño lle dá voz aos silenciados pola Historia, aos que apostaron polas ideas ilustradas de progreso e que foron borrados polo absolutismo triunfante. Salienta que no seu estilo se nota a formación poética do autor, con expresións líricas espalladas ao longo dunha prosa axustada ao carácter de cada un dos seus dous narradores. Por último, apunta que *Cris Canalla* se configura, antes ca nada, coma o relato do espertar da conciencia social e política na vida dos personaxes.

Caamaño, Begoña, *Circe ou o pracer do azul*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 278, novembro 2009, 308 pp. (ISBN: 978-84-9865-232-1).

Novela de Begoña Caamaño (Vigo, 1964) que se abre cunha serie de dedicatorias persoais e dúas citas, de Kenzaburo Oé e Xohana Torres, respectivamente. Estrúturase en trinta e dous capítulos, xunto cunha "Nota final". Trátase da revisión do texto homérico, *A Odisea*, na que as mulleres son as protagonistas absolutas. A historia comeza coa chegada duns mariñeiros a Ítaca que traen un paxaro portador dunha mensaxe para a raíña Penélope. Ela será quen lle retire á ave a falsa plumaxe na que está a carta remitida pola deusa Circe, quen lle dará novas sobre o heroe Ulises (de quen hai once anos nada sabe). A feiticeira cóntalle que vive un romance co seu marido en Eea, o lugar que a fríxida deusa converte nun asilo e un espazo de liberdade para as mulleres. Esta misiva terá certas consecuencias para ambas partes. Así, o desequilibrio causado pola chegada inminente de Ulises a Ítaca, por unha banda, e a triste partida dende Eea, pola outra, levará á soberana de Ítaca e á maga a comezar unha relación epistolar, amistosa e respectuosa, baixo o sistema das falsas plumas da ave, na que se farán diversas confesións íntimas, aludindo a fondos sentimentos, ansias, esperanzas ou desacougos sobre o incerto futuro. A frecuencia das epístolas non presenta correlación coa estrutura da novela en capítulos, de maneira que non todos teñen misivas das mulleres. A voz narrativa preséntase en terceira persoa, a través dunha acción que, malia ser xeralmente lineal, presenta tamén saltos retrospectivos a modo de *flash-back* (como ocorre no capítulo IV, no que se fai referencia á chegada a Eea do artífice da caída de Troia, xunto co resto da expedición). Alén das dúas protagonistas principais (que dan a coñecer outras vidas de mulleres con tradición mitolóxica. como son as Amazonas, Helena, Clitemnestra, Ifixenia ou Medea) destaca a presenza mítica doutros personaxes narrados por Homero, como Anticlea, Laertes ou Telémaco.

Referencias varias:

- C. P., "Hai moitos mitos vivos, porque segue habendo moitas penélopes", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 19 novembro 2009, p. L16.

Infórmase da presentación na libraría Couceiro de *Circe ou o pracer do azul*, de Begoña Caamaño, en compañía do editor, Víctor F. Freixanes. A autora responde a porque recorre aos mitos. Opina tamén que o resto foi xogar coas "mesmas bases" da historia narrada por Homero e afirma que a historia sería outra se non fose feita dende a óptica do masculino.

- maré, "Isto é un 'vicio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libros", 19 novembro 2009, p. 35.

Recolle as declaracións da xornalista Begoña Caamaño que debuta coa novela *Circe ou o pracer do azul*. Coméntase que foi unha novela escrita en catro meses e "nun arrebato literario". Entre outras cousas, a autora di que non sabe se se fai máis ficción na literatura ou no xornalismo. Recoñece que lle colleu "gusto a escribir ficción" e afirma que ten "algunhas cousas a medio terminar". Xustifica as razóns polas que volveu a súa mirada aos clásicos. Nun á parte, apúntase que o obxectivo de Caamaño non foi actualizar un mito (o relato de Homero), senón "parar a pensar no que el non contou", e que esa perspectiva literaria obedece á perspectiva que "ilumina a súa vida: o feminismo".

- Rosa Enríquez, "Penélope", *La Región*, "Opinión", 26 novembro 2009, p. 22.

Recorda o primeiro coñecemento que tivo sobre o mito de Penélope e achega unha serie de reflexións a modo de preguntas para apuntar que esta vez "deberon ser escoitadas", pois a resposta chegou da man da novela *Circe ou o pracer do azul*, de Begoña Caamaño, a través da relación epistolar entre Circe e Penélope, mulleres que andan á procura "do ben común". Apunta, para rematar, a "saborosa mensaxe" da novela.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 311, "Libros", 3 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, entre elas *Circe ou o pracer do azul*, de Begoña Caamaño.

- Natalia Álvarez, "Quíxenlle dar voz ás personaxes que están mudas en Homero", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Entrevista", 10 decembro 2009, pp. IV-V.

Entrevista a Begoña Caamaño, autora de *Circe ou o pracer do azul*, a súa primeira novela. Sinala que ademais de darlle voz aos personaxes femininos de Homero tamén intentou desestruturar os mitos. Sobre a relación epistolar entre Circe e Penélope apunta que non quería modificar "en demasía" os feitos relatados por Homero na *Odisea* e considera que Circe cambia menos que Penélope, pois ela é unha "muller cunha visión antipatriarcal". Por outro lado, fala do concepto de "sororidade", ao redor da irmandade de mulleres creada na illa de Eeas. Ademais, comenta que quixo xogar coas diferentes formas de entender o amor e as relacións humanas. Para finalizar, di que escribiu a novela en catro meses, estando de baixa psicolóxica por depresión. Manifesta que lle

gusta moito a cuestión de escribir e que para unha xornalista a primeira liberación do acto de escribir é o espazo.

- Ana Baena, "Quero darlle unha volta aos personaxes femininos de Homero", *Atlántico Diario*, "Vigo", 15 decembro 2009, p. 9.

Breve conversa coa xornalista do Diario Cultural de Radio Galega, Begoña Caamaño, que presenta a súa primeira novela, *Circe ou o pracer do azul*. Declara como xorde a idea de tomar a testemuña clásica de Homero. Manifesta que sempre lle gustou a mitoloxía pero que este libro "trata de mulleres que existen hoxe en día". Apunta ademais que todas as mulleres teñen unha "Penélope dentro" e que por iso encarou este personaxe ao de Circe, porque é a "máis interesante e contraria á esposa".

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Infórmase da publicación de varias obras, entre as que se atopa *Circe ou o pracer do azul*, de Begoña Caamaño, considerada unha novela escrita "nunha prosa exquisita" que traslada o protagonismo de Ulises concedido pola mitoloxía a Penélope e Circe.

Cabana, Anxo, *Terragrafías*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2009, 71 pp. (ISBN: 978-84-692-0934-9). ◆

Terragrafías é a viaxe fotográfico-literaria que fai Anxo Cabada (A Estrada) polos textos e poemas que teñen como protagonista principal a terra. O libro comeza cun prólogo institucional no que presenta e explica o contido da publicación. A continuación, aparece un breve texto de Anxo Cabada onde xustifica a publicación das fotografías e dos textos, os cales aparecen no libro como homenaxe ao mundo da terra. A seguir atópanse vinte e un textos que teñen como protagonista o universo do agro e da terra. Os autores dos textos son Pepe do Campo ("Espertábame todos os días"), Luís Uriarte ("Falan por nós") e Rosana Prieto ("A terra é unha lembranza"). Cada texto vai acompañado dunha fotografía na que aparecen retratadas paisaxes e, sobre todo, persoas que traballan no agro: agricultores ecoloxistas, gandeiros, queixeiros, adegueiros, granxeiros, horticultores, pementeiros, etc.

Recensións:

- Estro Montaña, "Intimo deleite", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 239, "Letras galegas", 2 xuño 2009, p. 6.

Comenta que as fotografías, en branco e negro, mostran a Galicia lonxe dos tópicos e transmiten "unha mensaxe de paz, de sacrificio, de inquedanza". Dise que a vida e o gozo son protagonistas desta obra na que Cabada rende homenaxe ás súas raíces do interior e salienta a forza da súa lírica na reinterpretación do mundo dos traballadores da terra.

Cacheiro, Maximino, *Historias da pintura*. *Odas aos pintores galegos*, limiar de Ánxeles Penas, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2009, 151 pp. (ISBN 978-84-9667-381-6).

Volume no que se recollen os escritos que lle suxiren ao autor os cadros creados por importantes pintores universais e galegos. O libro divídese en dúas partes, como ben indica o propio título da obra: "Historias da pintura" e "Odas aos pintores galegos". Na primeira, o prólogo corre da man de Ánxeles Penas, quen asegura que a obra consegue levar da man ao lector até o mesmo corazón da angustia do creador ou da necesidade humana de expresión que fai que a arte sexa algo inescusábel, algo sen o cal o mundo sería un deserto. A partires deste momento, móstranse os vinte e nove contos inspirados en mestres da pintura universal dende Giotto (coa súa pintura de *O Santo Estevo*) até Touluse Lautrec (con *Aristide Bruant*) pasando por Leonardo da Vinci (con *A Gioconda*) ou Monet (con *Os Nenúfares*). Dalgúns destes artistas móstranse os seus retratos. A segunda parte inclúe unha serie de poemas. Todas estas composicións van acompañadas por retratos dos pintores e ilustracións de Antolín Cacheiro.

Referencias varias:

- Ana Saá, "Un libro recoge poemas a figuras de la pintura gallega, desde Villamil a Díaz Pardo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 26 marzo 2009, p. 10.

Fala da presentación no Centro Sociocultural Caixa Galicia de Vigo do libro escrito por Maximino Cacheiro e ilustrado por Antolín Cacheiro, *Historias da pintura*. *Odas aos pintores galegos*, no que o escritor quixo reflectir na poesía a lírica da pintura. Así, comenta que na primeira parte os contos do escritor están inspirados en "grandes" mestres da pintura, dende Giotto a Toulouse Lautrec, nunha análise técnica e temática das súas obras. A seguir, a segunda recolle dende Villamil até Isaac Díaz Pardo, e nela Cacheiro reuniu cronoloxicamente a sesenta e cinco pintores como Laxeiro ou Luís Seoane, entre outros.

Calvo, J. Luís e Yago **Rodríguez Yáñez**, *A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán)*, Lugo: Concello de Lugo, col. San Froilán dos devanceiros, n.º 6, outubro 2009, 214 pp. (ISBN: 978-84-936826-5-1). ◆

Compilación de textos a cargo de J. Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez, froito "da paixón que senten os que escriben polo espírito festeiro, histórico e sacro" da Festa de San Froilán e do labor de busca hemerográfica, lectura e investigación dos responsábeis desta publicación. Tras unha presentación institucional, seguida duns versos de Fernand d'Esquio, atópase o limiar dos autores, no que, ademais das razóns xa expostas para xustificar a publicación deste volume, explican que os textos aquí recollidos, procedentes de xornais, revistas e libros, son de tres tipos: páxinas en prosa, propias no esencial dun autor (capítulo dun libro, breve ensaio ou artigo), páxinas en verso e contos, anécdotas ou lembranzas. Todos eles teñen en común o tratamento de varios aspectos do San Froilán, centrándose en moitos dos casos en evocacións das festas vividas na infancia. Tras o limiar aparece un poema de Luís Pimentel intitulado "Solpores da miña vila", para despois dar comezo ao bloque "Os escritores falan do San Froilán", que contén as seguintes achegas en prosa: "Lembranza do San Froilán" e

"Lugar no que a tradición di que naceu San Froilán", de Adolfo de Abel Vilela (pp. 19-22); "San Froilán, 25 anos de historia e etnografía", de Felipe Arias Vilas (pp. 23-25); "Apunte histórico-sentimental do San Froilán", de Fernando Arribas (p. 26); "Do lobo á cebra" e "Os sesenta", de Carmen Blanco (pp. 29-31); "Nostalxia do San Froilán" e "Mil novecentos sesenta", de Darío Xohán Cabana (pp. 34-37); "Pelúdez e mais eu", de José de Cora (p. 44); "As festas non son para a boneca Neda", de María Cuadrado (p. 47); "Carta sobre Fernando Esquío", "Diálogos en San Froilán" e "Domingos das mozas", de Álvaro Cunqueiro (pp. 48-55); "Pimpampún", de Marino Dónega (pp. 59-60); "O San Froilán na memoria", de Francisco Fernández del Riego (pp. 61-62); "San Froilán: unha festa especial", de Adela Figueroa Panisse (p. 63); "Cartafolio de Lugo" (p. 72) e "Unha longa lembranza" (pp. 76-81), de Ánxel Fole; "Unha de romanos", de María Fontelas (p. 82); "Bispo e patrono", de Frei Xosé Gómez (p. 84); "Narrativa de lareira", de Xosé María Gómez Vilabella (pp. 85-86); "Lugo, sabor a amorodo", de Marta González Louzao (pp. 87-88); "No San Froilán do meu recordo", "Lembranza de cores e arrecendos" e "Mero" de Baldomero Iglesias do Barrio (pp. 91-96); "Un paraugas negro", de Santiago Jaureguizar (p. 97); "O meu San Froilán" e "Pregón para abrir as festas do San Froilán de Lugo do ano 1996", de Manuel María (pp. 109-114); "A San Froilán", "Domingo das mozas", "Onomástica", "Pulperías", "Ollos", "San Froilán e a demografía", "De elucubración e teorías" e "De festas e xustificación dun determinado caso de bigamia", de Paco Martín (pp. 115-126); "Homo hominis lupus" e "Soñar cun mundo mellor", de Xosé Miranda (pp. 127-133); "As festas da infancia", de Xoán Neira (pp. 135-136); "Da polbofaxia froilaneira", "San Froilán" e "De serodias festas nosas", de Isidro Novo (pp. 137-139); "Lugo: espazo aberto", de Olga Patiño (p. 149); "Lugo", de André Mabille de Poncheville (pp. 150-154); "A vella caixa de música", de Cristina R. Picado (pp. 155-157); "Da novela *Mentres a herba medra*", de Xesús Rábade Paredes (p. 158); "Encontros virtuais no San Froilán", de Pedro Rielo (p. 159); "Da festa á poesía", de Claudio Rodríguez Fer (pp. 163-165); "A triste peregrinaxe dun paraguas", de Suso Varela (pp. 180-181); "O santo de Froilán", de Helena Villar Janeiro (p. 195); "O rito do polbo", de Ramón Villares (pp. 196-198) e "Un organizador xeitoso", de Xulio Xiz (pp. 199-200). O libro remata co apartado "Razón de textos", que contén as fontes bibliográficas e hemerográficas manexadas. Como colofón aparece o seguinte texto: "Este libro que leva un título prestado por Don Álvaro Cunqueiro rematouse de imprentar nas vésperas do San Froilán do ano 2009".

Campos Romay, Antonio, *A ollada melancólica*, prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, n.º 47, decembro 2009, 199 pp. (ISBN: 978-84-92646-31-9).

Volume composto por vinte e un relatos que trasladan ao lector aos anos da Segunda República e á etapa da ditadura franquista. Relátanse vivencias de xente humilde, prostitutas, xente que habita as tabernas, que na súa maioría sobreviven nunha contorna urbana, que exemplifican a decadencia e a infelicidade. O autor achega reflexións e críticas implícitas aos curas, á igrexa e ao réxime fascista. Antonio Campos Romay (Poio, Pontevedra, 1946) non renuncia nin ás notas humorísticas nin ás frases poéticas, destacándo tamén o emprego do narrador omnisciente e o gusto do autor polas pausadas descricións. Miguel Anxo Fernán Vello, autor do prólogo, atopa unha "ollada tinxida de verdade e melancolía" que reflicte unha realidade concreta e define a súa linguaxe como precisa, directa, por veces non exenta de veas poéticas, tenrura e en ocasións cunha tonalidade sensual.

Caneiro, Xosé Carlos, *Blue Moon*, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, n.º 31, 2009, 148 pp. (ISBN: 978-84-936607-6-5).

Blue Moon é a última novela publicada por Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963). Nos seus trinta e sete capítulos cóntase a historia de dúas parellas singulares: Bruno T. e Rosa e máis Clara e Luís. Tamén aparece a modo de relato secundario a historia do fillo de Bruno T. e Rosa, Ernesto T. Bruno, que é un home que se gaña a vida tocando a trompeta nunha orquestra, pero o que el desexa é ser un escultor do aire. Pensa que é un ser transparente e quere atopar unha muller que entenda que el é transparente. Rosa é a súa muller, unha xuíza respectada que no pasado xulgou a Bruno por un suposto asasinato. Ela salvouno do cárcere e dende aquela el estalle moi agradecido. Clara é unha muller de negocios moi famosa no mundo das finanzas; está casada con Luís, que é un psiquiatra de fama que pretende ser unha eminencia no seu campo. As parellas acaban coñecéndose cando Bruno acode, por mediación da súa muller, á consulta de Luís para curar a súa enfermidade da transparencia. Un día durante unha sesión, Bruno observa un retrato de Clara e namórase perdidamente dela. Luís descobre isto e proponlle á súa muller que se vexa con Bruno, porque desta maneira poderá descubrir a enfermidade que el ten. Cando o logre poderá poñerlle o seu nome a esa enfermidade: o síndrome de Luís Portugal. Clara e Bruno comezan a verse, pero non teñen ningún contacto físico. Para Bruno é un amor platónico e ela séguelle a corrente para axudar ao seu home. Cando chega o mes de agosto e as parellas se van de vacacións manteñen o contacto por correo electrónico, pero é nese momento cando Clara se dá conta de que se está a namorar de verdade de Bruno. Entón deciden verse, pero nun ataque de pánico Bruno case afoga a Clara. A partir deste intre, os acontecementos cambian e tras unha serie de situacións pouco habituais, as dúas parellas volven ás súas vidas cotiás, pero a relación de Bruno e Clara continúa coa aprobación e consentimento de Rosa.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Patria da tristeza e da felicidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 315, "Letras en galego", 30 maio 2009, p. 11.

Fai referencia a esta novela de Xosé Carlos Caneiro e destácanse os personaxes principais que conforman a obra. Considera esta novela dentro da temática do amor e desamor e na que se funden o rexistro lírico co narrativo. Tamén salienta o seu ton evocativo e a mestura de diferentes textos (cartas, poemas, fragmentos de diarios, reflexións, etc.). A seguir, cita algúns dos temas que trata a historia.

Referencias varias:

- Concha Pino, "A estación dos libros, na Alameda", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Al día", 2 maio 2009, p. 2.

Dá conta da inauguración da Feira do Libro en Compostela e, en columna á parte, comenta que o escritor Xosé Carlos Caneiro presentou a súa última novela *Blue Moon*, editada por Biblos. Indica que na presentación recitou algúns poemas e refire o

argumento da obra. Tamén salienta que esta é a novela máis curta do escritor aínda que segue sendo fiel ao seu estilo.

- J. R., "Xosé Carlos Caneiro presentó su última novela, 'Blue Moon', en compañía del vino Quinta do Buble", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 maio 2009, p. 50.

Comenta que o escritor Xosé Carlos Caneiro presentou no restaurante Zapatillas de Ourense a súa última novela, *Blue Moon*. Indica que a obra consta de trinta e sete capítulos cun fío condutor. Así mesmo, achega os comentarios do autor e do editor, Tucho Calvo.

- Luis P. Ferreiro, "O mal tempo encheu de público o inicio da Feira do Libro da Coruña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 agosto 2009, p. 30.

Nova que recolle as actividades realizadas na sesión inaugural da Feira do Libro da Coruña, na que se destaca o pregón lido por Miguel Anxo Fernán-Vello, unha loanza aos libros que non deixaron de lado a preocupación polo futuro da lingua galega e á realización por parte de Xosé Carlos Caneiro dun recital narrativo musical ao redor da súa novela *Blue Moon*. Dedícanse breves notas aos que serán tamén protagonistas desta edición da feira: Carlos G. Reigosa, Xavier Alcalá, Espido Freire e Luís Rei.

Casal Quintáns, Santiago, *Cartas a Elisa*, Noia: Editorial Toxosoutos, outubro 2009, 161 pp. (ISBN: 978-84-92792-19-1).

Novela de Santiago Casal Quintáns (Santiago de Compostela, 1958) protagonizada por Xavier Arias, quen fai un percorrido en primeira persoa pola súa vida, polas súas decisións máis ou menos acertadas, e sobre todo, polas súas covardías e debilidades á hora de tomar importantes decisións co gallo dunha cita coa súa primeira moza, Elisa, tras vinte e cinco anos de non se veren. Mentres Xavier camiña ao encontro dela, realízase un flash-back para describir as diferentes etapas da súa vida dende o accidente que sufriu na cara cando ía atoparse con Elisa, e que trocou a súa vida toda; de aí, todo son sucesións de estadías en varias cidades galegas, que coinciden con relacións con diferentes mulleres, e continuas fuxidas ante compromisos serios. De volta ao presente, e co desexo de retomar a súa vida dende o principio, con Elisa, decatarase de que o seu destino se debe cumprir indefectibelmente.

Casas Rigall, Xoán, *As sombras de Perseo*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, xullo 2009, 154 pp. (ISBN: 978-84-92792-07-8).

Xoán Casas Rigall (Monforte de Lemos, 1963) reúne neste volume seis relatos ambientados na Compostela do último cuarto do século XIX, retratando o seu ambiente social, político e cultural. Todos eles teñen en común a presenza do intelixente e erudito profesor Mazaira, entregado á descuberta de diferentes misterios relacionados con libros e heroes da mitoloxía clásica, dos que é un perfecto coñecedor. O enxeño de Mazaira, que adoita compartir o seu saber co seu amigo Dopindo, choca sempre coa falta de miras do decano Arazandi, coas intrigas dos cregos e da universidade e máis coa ambición do inspector Llamazares. En "As sombras de Perseo", co que Casas Rigall alcanzou o XVI Premio de Narrativa Camilo José Cela en 2005, o profesor Mazaira

resolve, na primavera de 1875, a desaparición duns folios duns incunábeis das *Metamorfoses* de Ovidio, propiedade da Universidade, e descobre os culpábeis, un grupo que pretende actualizar as fazañas do heroe clásico Perseo. O segundo relato, "O enigma de Hibernia e o gramático nigromante", publicouse previamente no volume *Ireland in the Coming Time. New Insights on Irish Literature* (2006), coordinado por Susana Domínguez, Margarita Estévez Saá e Anne MacCarthy. Ambientado no outono de 1876, nesta ocasión Mazaira, na compaña de Dopindo e dun misterioso personaxe chamado Martiño Adánez, entrégase á busca dun manuscrito agochado no que supostamente se revela o paradoiro dun tesouro procedente de Irlanda. En "A espada do tolo", Mazaira é requirido no inverno de 1875 polo inspector Llamazares para investigar a morte do Padre Luaces, arquiveiro da Catedral, e máis de Xosé Expósito, outro crego que traballaba no pazo arcebispal. Ambos os dous aparecen a carón de senllas páxinas arrincadas dos *Emblemata*, de Andrea Alciato. "O cabaleiro da serpe de bronce" lévanos ao verán de 1869. Mazaira vese arrastrado por Dopindo a un concerto que se celebra no Casino de Compostela no transcurso do cal descobre a mensaxe dunha loxia masónica transmitida en clave polo guitarrista Moisés Novo. "A marca do lobishome", ambientado no inverno de 1879, baséase nas lendas populares relacionadas co lobo da xente. Mazaira desmonta as supersticións, malia a insistencia de Dopindo, partidario da súa veracidade, e consegue salvar a vida e a reputación do fabricante de papel Lopo Santiso. Pecha o volume o relato titulado "O tesouro dos antípodas". Na primavera de 1880, Mazaira recibe a encarga de taxar os fondos da biblioteca que reuniu un emigrante no seu pazo. Alí descubrirá as intencións de don Francisco de Andrade, o prometido da herdeira do pazo, e atopará o tesouro agochado no labirinto do xardín por don Xosé. Os relatos van acompañados de ilustracións que reproducen as cubertas dos volumes relacionados coas tramas e con algunhas fotografías que dan conta dalgún aspecto ou personaxe recreado nas narracións.

Recensións:

- Helena de Carlos, "Reler solpor romántico", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 6.

En relación con *As sombras de Perseo*, de Xoán Casas Rigall, apunta que a orixe deste conxunto de narracións está na historia que abre o volume, un "magnífico" relato que parece ter xerado os restantes e que marca o ton do conxunto ao presentar os dous protagonistas, o profesor e ocasional detective Mazaira e a Compostela decimonónica, punto xeográfico que é substituído polo de Monforte no último relato. Na análise deste libro, que é "un canto a un mundo que estamos a perder", detense con detalle en Mazaira. Apunta que o que fai este personaxe é desenvolver os seus coñecementos de letras e de libros para dar explicación aos misterios presentados, o que determina a traza máis clara do romanticismo de Mazaira e do mesmo autor dos relatos. Así mesmo, manifesta que ese romanticismo "quere prender o máis valioso dunha época en que certos sentimentos importaban e salvalos da aniquilación á que xa practicamente sucumbimos".

- Ramón Nicolás, "Entre a historia e a ficción", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, "Letras en galego", 5 decembro 2009, p. 11.

O recensionista apunta que as claves do conxunto de relatos que Xoán Casas presenta en *As sombras de Perseo* son a mitoloxía clásica, a erudición e a bibliofilia, dentro dun esquema común de esculca detectivesca que elixe como escenario a Compostela do século XIX e do que dá conta o personaxe do profesor Mazaira, un "novo Sherlock Holmes, que conta co inevitábel Watson representado na figura de Dopindo, que rememora talvez o Dupin de Poe". Sitúa o volume no *bibliomystery* da tradición saxona, con referentes como Edgard Allan Poe, Conan Doyle e Chesterton, e valora a aparición dun novo autor dentro do sistema literario galego, aínda que recoñece a presenza dalgúns diálogos inverosímiles e dunha excesiva tendencia ao enciclopedismo.

Referencias varias:

- José Manuel Estévez Saá, "Mazaira, un Sherlock Holmes con novos saberes", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 decembro 2009, p. 63.

Dá conta da edición en Toxosoutos d'*As sombras de Perseo*, de Xoán Casas Rigall, do que salienta que se compón de seis relatos que mesturan o *bibliomistery*, o xénero detectivesco, a mitoloxía e o ambiente universitario de Compostela no século XIX. Destaca tamén o protagonismo do profesor Mazaira e máis do seu axudante Dopindo, recoñecendo o seu parentesco con Sherlock Holmes e Watson, mais apuntando que Mazairas resolve os misterios nos que se ve envolto grazas aos seus saberes humanísticos e á súa erudición.

Castro Álvarez, Carlos de, *Historia dunha investigación e de máis de dous asesinatos*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Narrativa Histórica, n.º 6, 2009, 199 pp. (ISBN: 978-84-96673-99-1).

Nesta novela de carácter histórico, escrita por Carlos de Castro Álvarez (Castil de Vela, 1960), cóntase o proceso de elaboración da tese de doutoramento dun mozo licenciado en Historia que decide homenaxear a seu pai, catedrático de paleografía da USC, con esta decisión. O propio mozo, na introdución da obra, aclara en primeira persoa que a súa tese versará sobre o réxime foral dos arciprestados de Pruzos e Bezoucos, por influencia do profesor do Departamento de Historia Medieval que o guía. Tamén indica nesta introdución que, malia que non chega a rematala, sérvelle para iniciar unha investigación na aldea natal do pai que lle cambiará a vida. Deste xeito a obra divídese en dous planos: por unha banda narra as circunstancias vitais do protagonista durante o seu período de investigación e por outra banda os feitos históricos que a investigación vai desvelando. Reconstrúese a historia do mosteiro de Santa María del Espinar, desaparecido a fins do século XV, de don Diego del Espinar, asasinado nas inmediacións de San Martín de Tiobre e de don Bernrdino de Carrión, enterrado no mosteiro de Santa Catalina de Monfaro. Hai, polo tanto dous planos temporais que se superpoñen: o tempo histórico dos feitos investigados, que se corresponde coa transición entre a Idade Media e o Renacemento, e o tempo que se corresponde co período vital que reflicte os cambios persoais e sociais que a investigación e o paso do tempo provocan no protagonista. En canto á estrutura, reprodúcese o esquema dun estudo histórico, de xeito que, tras a introdución, aparece un apartado titulado "As fontes", no cal se fai unha análise das fontes que o mozo emprega na súa investigación. Logo seguen dúas partes divididas en nove e doce capítulos respectivamente, que van narrando os feitos históricos, como a morte de don Diego e de don Bernardino, e por

último, unha parte titulada "Conclusión" na cal o investigador expón a súa interpretación sobre como puideron producirse realmente as mortes. Finalmente, un índice onomástico completa a obra que, a través dun narrador que alterna entre a primeira e a terceira persoa, achega múltiples datos historiográficos que serven de base para coñecer as circunstancias socioculturais durante un período concreto da vida na Idade Media.

Cid Cabido, Xosé, *Unha historia que non vou contar*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 283, 2009, 289 pp., (ISBN: 978-84-9914-061-2).

Novela de Xosé Cid Cabido (Xunqueira de Ambía, Ourense, 1959) na que se mestura ficción e realidade. Ambientada no Vigo dos anos 70, o protagonista é un escritor que vive, durante un tempo, no apartamento que o seu mecenas ten no Gran Hotel de Vigo, lugar no que tentará escribir a súa primeira obra. Para iso, partirá dun suceso real acontecido en Vigo en 1974: a morte dun coñecido empresario da industria conserveira viguesa, Alfarem Baquet. Nárrase o percorrido que segue o protagonista para aclarar o acontecido, unha historia que recuperará do pasado a través dos artigos publicados en xornais da época e de conversas con xornalistas, das que chega a reproducir algunhas reais. Dividida en trinta e oito capítulos, nesta novela en primeira persoa o lector descóbrese visitando lugares coñecidos da cidade (bares, librarías, redaccións de xornais…) e, como se indica no propio libro, o autor consegue enfrontar ao lector a contradicións da sociedade dos últimos estertores do franquismo. Escrita nun galego sinxelo, en *Unha historia que non vou contar* convive a intriga co humor e nela atópanse importantes referencias cinematográficas, como a *Touro salvaxe*, de Martin Scorsese, ao tempo que se citan cantantes, como Tina Turner, e se fan referencias literarias, como a *Conversación en la catedral*, de Mario Vargas Llosa.

Recensións:

- M. V., "Crimen nas conservas", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", "Leer no nadal", 24-30 decembro 2009, pp. 22-23.

Coméntase o xiro temático do autor, que desta volta se aproxima ao xénero negro, contando a historia dun crime cometido no 1975 e relacionado co caso Reace. O autor móvese, segundo se comenta, nun estilo entre o xornalístico e o do investigador privado. Conclúese afirmando que o libro era merecedor dun maior esforzo narrativo, mais con todo, considérase que é un dos libros máis interesantes da tempada.

Referencias varias:

- Ó. Iglesias, "O real interesa máis cós labirintos imaxinarios", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 outubro 2009, p. 9.

Fálase do novo libro de Xosé Cid Cabido, *Unha historia que non vou contar*, que versa sobre un suceso acontecido en Vigo "entre 1973 e 1974"e que inclúe entrevistas reais, reconstrución histórica e un narrador. Considérase unha *faction literature* coa que Cid Cabido procura a máxima inmersión na realidade, afastándose da linguaxe literaria clásica e do plan argumental onde todo encaixa. De aí que insista na idea de fuxir da

literatura como algo creado á marxe da realidade. Apúntase, ademais, que este volume é coherente coa liña doutra obra súa que leva por título *Blúmsdei* (2006).

Cuíñas, Exidio, *Salgadoiro de queixo e mozzarella*, limiar Fernando Pazos García, O Grove: Todogrove Edicións, decembro 2009, 189 pp. (ISBN: 978-84-613-7112-9).

Primeira novela de Exidio Cuíñas (Cambados, 1966) que se describe no limiar de Fernando Pazos García como unha crítica e irónica reflexión da sociedade actual, marcada por un imperante e excesivo materialismo que moitas veces non permite gozar dos pequenos praceres da vida. Pazos García considera que este texto narrativo, escrito en primeira persoa, ten un carácter especialmente sarcástico non exento de certos toques de realismo máxico. Así opina que non é convencional, senón que reflicte unha visión do mundo moi particular. Conclúe que a narración fluída e a recreación minuciosa dos espazos e dos ambientes converten esta obra nunha novela moi orixinal. Tamén salienta unha mestura peculiar entre as novas tendencias da narrativa estranxeira e a tradición cultural galega. Estutúrase en catro apartados ou "anacos": primeiro, segundo, terceiro e final, que suman un total de vinte e seis capítulos indicados en números romanos. A historia vira en torno ao protagonista, Juan, un home en paro, e á súa muller, Deisi, que soporta de forma estoica a situación. Como punto de partida cóntase que Juan se embarca nunha viaxe persoal sen retorno, xa que, aínda que se trata dunha persoa normal, non atopa o seu lugar no mundo, o que lle crea unha infinidade de dificultades para desenvolver satisfactoriamente o transcorrer da súa vida e conseguir argumentos sólidos para cambiala. A narración, ambientada fundamentalmente en Cambados a principios da pasada década dos noventa, transcorre tamén por outras paraxes como a costa francesa, Bos Aires ou Santiago de Compostela, onde o personaxe principal, sumido no desconcerto, vese superado polos acontecementos, o que lle levará a tomar unha decisión drástica e á súa total transfiguración. Primeiro terá que enfrontarse consigo mesmo e despois coa súa contorna máis próxima.

Darriba, Manuel, *Branco*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 276, outubro 2009, 96 pp. (ISBN: 978-84-9865-211-6).

Novela protagonizada por dous homes pertencentes ás forzas de represión dun estado policial na que se expón a teoría de que os represores tamén poden chegar a ser vítimas do sistema. A obra, narrada en primeira persoa por un integrante dunha brigada militar que anos atrás interrogou con brutalidade a unha muller, é un cúmulo de sensacións que sitúan nun privilexiado lugar a tensión entre individuo e sistema. En forma de diario, o narrador deixa paso aos seus recordos e conta o reencontro co seu excompañeiro, ao que vixía e persegue de maneira obsesiva. Manuel Darriba (Sarria, 1973) non se preocupa por definir claramente o cronotopo da novela. Esta falta de indicacións espacio-temporais responde ao seu labor, que é analizar elementos xerais como a represión e a vinganza, non situacións históricas concretas para as que xa existen outro tipo de formatos diferentes á novela. A escrita do autor é simple e transparente, aínda que en ocasións brutal e cruel, cun vocabulario un tanto duro. A mínima expresión caracteriza tamén o seu estilo, sempre poético, a pesar de que ás veces os acontecementos desagradábeis que se narran non deixen entrever a beleza das súas palabras.

Recensións:

- X. Carlos Hidalgo, "Realismo sitiado", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 5.

Ademais de facerse eco das liñas argumentais de *Branco*, apunta que nesta novela Manuel Darriba quere afastarse do que el denomina "documentalismo" para volver centrase nos tres mecanismos que atravesan toda a súa obra: o azar, o poder e a identidade. Considera que en *Branco* se acaba de depurar un estilo que debe render contas ao ámbito anglosaxón e ao centroeuropeo, dando como resultado "unha narración seca e directa pero viva, capaz de caracterizar fondamente as súas personaxes con poucos elementos camuflados na propia acción e que non renuncia a certo sentido do humor arraián coa ironía". Recorre ao "Decálogo de escritor para min mesmo", publicado por Darriba no blog da Editorial Galaxia, para explicar a súa técnica de escritura, para por último afirmar que na citada novela debuxa "unha tanxente nese límite que pincha silenciosamente no real".

- Armado Requeixo, "Lóstregos escuros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 311, "Libros", 3 decembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 262, "Letras galegas", 12 decembro 2009, p. 7.

Coméntase o argumento de *Branco*, novela que supón unha exploración da razón da sin razón e da violencia irracional, unha indagación de como o sistema e os resortes do poder condicionan e determinan o comportamento dos individuos. Destácase o minimalismo, a economía de medios con cinco personaxes, dous escenarios e case unha única voz narrativa, a "contención expresiva que aforra en adxetivos", e unha linguaxe directa que lle imprime rapidez á acción, que contrasta coa complexidade emocional. Defínese esta obra como un "filme de palabras", cheo de suxestións visuais, emparellado coa narrativa anglosaxona e opínase que coa indefinición espazo-temporal o autor está a procurar a universalización da obra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Darriba di en 'Branco' que os represores son víctimas", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 4 novembro 2009, p. 73.

Coméntase que a novela *Branco* alberga a historia sobre a relación de dous homes arredor dunha muller nun tempo de falta de liberdade e ofrécense unhas notas sobre esta obra narrativa, así como consideracións estabelecidas polo propio autor que xustifica a competencia entre os dous protagonistas masculinos co desexo por unha muller detida por un réxime ditatorial. Tamén afirma que non pretende en ningún intre realizar novelas documentais polo que se limita a ofrecer coordenadas sobre os lugares e tempos nos que transcorre a acción. Manifesta o escritor sarriá a súa preferencia por un estilo minimalista e un número limitado de personaxes para analizar así as súas emocións con máis detalles, aínda que teña gran peso a colectividade.

- Lupe Gómez, "O experimento turbio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 decembro 2009, p. 36.

Conversa co escritor e xornalista Manuel Darriba, na que rememora a súa infancia, a etapa de estudiante e fala do seu traballo como xornalista. Tamén comenta a súa novela *Branco*, escrita cun estilo minimalista, que o autor considera froito do influxo da literatura norteamericana e o seu próximo proxecto, un libro para nenos que se vai titular *Brais e os demais*, no que Darriba tratou de xogar coa ironía e a tenrura, poñendo en cuestión o universo dos adultos. Asemade, o autor opina sobre algunhas das cuestións plantexadas no seu "Decálogo de escritor e para min mesmo", como o feito de ser un escritor obsesivo que correxe e reescribe. Por último Darriba defínese a si mesmo como escritor experimental e confesa que cos autores cos que conecta máis estreitamente son Truman Capote e Philip Larkin.

Eiré, Afonso, *Os bicos de Tina*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Central Literaria, 2009, 152 pp. (ISBN: 978-84-8341-315-9).

Novela que narra o reencontro de Tina, muller de cincuenta anos, separada e nai de dous fillos, con Daniel, cinco anos máis novo ca ela, trinta anos despois de que ela emigrase a Barcelona e renegase da súa orixe a cambio dunha nova vida nunha posición desafogada. Empregando unha estrutura circular, Afonso Eiré (Chantada, 1955) fai unha viaxe a través do tempo en once capítulos numerados do cero ao dez que comeza e remata co reencontro dos protagonistas nun tempo presente e volta ao pasado para narrar o primeiro amor dos personaxes e o espertar á sexualidade. Dende os primeiros aloumiños até a narración do primeiro encontro sexual de Tina e Daniel, de catorce e nove anos, o ritmo da obra vai aumentando de maneira áxil por medio dunha linguaxe sinxela e directa pero chea de sensacións e sentimento. Ambientada na Galicia rural dos anos sesenta, a obra ofrece de maneira paralela o punto de vista dos dous protagonistas comezando coa mirada en primeira persoa de Tina seguida do correspondente capítulo "bis", o relato dos mesmos feitos baixo a perspectiva de Daniel. *Os bicos de Tina* é o retrato dunha época pero tamén a reivindicación da volta ás nosas orixes.

Recensións:

- X. M. Eyré, "Aquela primeira vez, novela politicamente pouco correcta", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "Crítica", 2-8 abril 2009, p. 32/*Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 18, "Libros", 10 abril 2009, p. 4.

Comeza citando obras de Afonso Eiré e pasa a falar da súa última novela, *Os bicos de Tina*, da que indica que tamén continúa coa temática de volver ao pasado, á infancia, marcada polas vivencias persoais. Afirma que esta é unha novela pouco correcta politicamente falando. A seguir, comenta o aspecto formal da mesma, indica que está escrita nun discurso xornalístico de sintaxe sinxela e de doada lectura. Tamén destaca a abundancia de léxico especializado e segue a falar dos personaxes, Tina e Daniel. Por último, considera que a obra é unha homenaxe a un tempo pasado e tamén unha reivindicación a que os rapaces novos poidan cometer os seus propios erros.

- R. Loureiro, "Os bicos de Tina", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 308, "Letras en galego", "Narrativa", 4 abril 2009, p. 10.

Destaca a última novela de Afonso Eiré, *Os bicos de Tina*, e refire que a obra fala de "cómo a vida esperta en forma de desexo". Comenta que as historias particulares de cada un tamén forman parte da historia da humanidade e, finalmente, loa esta nova novela de Eiré.

- Román Raña, "Relato iniciático", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Libros", 30 abril 2009, p. V.

Comeza destacando que o novo libro de Afonso Eiré, *Os bicos de Tina*, é unha novela e propón argumentos que explican a súa afirmación. A continuación achega datos sobre a traxectoria literaria de Eiré e salienta que en todas as súas obras, sempre sitúa o seu discurso narrativo no mundo agrario galego. A seguir, explica que se trata dunha historia de amor, concretamente do primeiro amor entre dous adolescentes, e por que detrás aparece a situación social da Galicia da posguerra. Por último, destaca o contraste entre a inocencia da infancia e a madurez que se vai adquirindo na adolescencia.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Libro homenaje al profesor Manuel Quintáns", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 12 marzo 2009, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que o escritor Afonso Eiré acaba de publicar a obra *Os bicos de Tina*, que trata o tema dos primeiros amores e do espertar á sexualidade. Tamén salienta a cuberta do libro.

- Mar Mato, "O fracaso nas relacións vén da falta de liberdade para medrar na infancia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 marzo 2009, p. 37/*La Opinión*, "Cultura", 23 marzo 2009, p. 42.

Nesta entrevista a Afonso Eiré céntrase na súa última obra, *Os bicos de Tina*, unha historia de amor entre dous adolescentes situada no rural galego. Eiré afirma que os protagonistas non teñen ningunha relación con el e explica de onde naceu a idea desta novela de amor. A seguir, comenta que hoxe en día os nenos non teñen liberdade para medrar e tamén opina sobre a situación da literatura galega na actualidade, así como do futuro que nos espera.

- Navia Franco, "Os bicos e algo máis", *El Ideal Gallego*, 15 abril 2009, p. 26/ "Os bicos…", *Diario de Pontevedra*, 15 abril 2009, contracuberta/"Os bicos e algo máis", *La Opinión*, 16 abril 2009, p. 5/"Os bicos e algo máis", *Diario de Ferrol*, 15 abril 2009, p. 25.

Con motivo de criticar o léxico dos dicionarios galegos, Navia Franco cita a obra de Afonso Eiré, *Os bicos de Tina*, como un exemplo de linguaxe literaria e de vocabulario que non atopamos nos dicionarios de referencia. Tamén achega algúns fragmentos da novela.

- V. Oliveira, "Descubrimentos de pel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 abril 2009, p. 35.

Comenta a obra de Afonso Eiré, *Os bicos de Tina*, e asegura que se trata dun "cántico á liberdade dos nenos". Dá conta do tema da novela e indica que presenta unha estrutura

circular, ademais salienta a perspectiva de contar a historia baixo o punto de vista feminino. Por último, fai referencia á linguaxe directa e ao léxico sinxelo e rico da narración.

- César Lourenzo Gil, "Aprendemos a ser libres cando nenos", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "Cultura", 30 abril-6 maio 2009, p. 39.

Fai referencia á figura do escritor lucense Alfonso Eiré, referíndose á súa obra *Os bicos de Tina*. Explícase a novela como unha achega á infancia e á importancia de reservar un apartado á independencia infantil, tan necesaria para o desenvolvemento da persoa. Sinálase o tópico do amor como un dos referentes máis claros no desenvolvemento do neno, retratado no libro como unha historia de amor entre dous pícaros que se aman e que se bican. Isto serve para criticar a nosa sociedade, na que os máis cativos non son xa libres para dar mostras de afecto.

- Teresa Cuíñas, "O consumismo manda para crear necesidades", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 maio 2009, p. 10.

Esta entrevista realizada a Afonso Eiré ten como centro esta última novela do autor, *Os bicos de Tina*, baseada no amor da mocidade. Comeza falando sobre a relación de escritor e xornalista e cómo entende o concepto de ser galego. Comenta tamén outros aspectos políticos. Por último volve ao tema literario, afirmando que a novela se centra na infancia e critica que os nenos de hoxe en día están demasiado controlados, non teñen liberdade para medrar.

- Lidia M. Gallas Otero, "Este libro non é políticamente correcto, é un alegato a prol da liberdade dos nenos", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", 14 xuño 2009, p. 34.

Comenta que o escritor Afonso Eiré estará en Cambados para presentar a súa última novela, *Os bicos de Tina*. A continuación, achega unha entrevista na que o escritor refire que a obra é unha novela de amor a favor da liberdade dos nenos, ambientada na Galicia rural. De seguido, explica cales foron os principais cambios da narrativa galega nos últimos anos e fala da súa situación como escritor e xornalista, de como combina as dúas actividades. Finalmente, comenta a situación actual da literatura e a lingua galegas.

Enríquez, Rosa, *Unicrom*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2009, 231 pp. (ISBN: 978-84-7824-585-7).

Novela de ficción científica de Rosa Enríquez (A Rúa de Valdeorras, 1969) na que se recrea un complexo mundo paralelo á Terra que loita pola súa supervivencia. Ábrese cunha nota prefacial asinada por Samoa de Lulia, na que adianta algúns trazos sobre a historia que se conta, creando inquietude e interese, seguida de dous mapas de situación, que axudan ao lectorado a comprender a situación dese universo que se recrea. A novela estrutúrase arredor dun prólogo, cinco partes e un epílogo, ao longo dos que a través de diferentes narradores se conta a vida de Asor dende o seu nacemento na Montaña Rosa ou cúpula dos non natos, en OboloB. A medida que se vai descubrindo a si mesma e o mundo que a rodea, tamén se vai desvelando o seu destino dentro da raza dos asoritas, á que pertence, na que será deliberante e a súa misión consistirá en estender a mensaxe de

paz da súa raza por todos os universos posíbeis. Os coñecementos que vai adquirindo na navescola prepárana para enfrontarse a un futuro transcendente, pero non para o sufrimento que lle causa o seu namoramento dun compañeiro, Aser de Trans, que en realidade é un espía da raza dos repugnantes que queren facerse cos coñecementos dos asoritas, entre os que existen aparellos moi sofisticados e poderosos, como os pizarradores, os teletransportadores ou os borolocos, artefactos que lles confiren un gran poder da mente. A perda dun destes aparellos nunha turbulencia, concretamente do pizarrador de Asor, que é unha especie de diario íntimo electrónico, fai posíbel que se teña coñecemento da súa existencia, pois cae nos arredores da aldea da narradora, Irimadeona, quen a través deste diario vai coñecendo a loita polo poder que se está desatando entre as diferentes razas que viven no mundo paralelo de Asor, os asoritas, as sereas, os xigantes, os anfibios e os repugnantes. Ponse de relevo a correlación de forzas e as alianzas que axudarán a derrotar aos malignos repugnantes e que levará de novo a harmonía a este universo. Deste modo, desenvólvese alegoricamente un mundo en tensión que ben podería ser a Terra, pero que se sitúa como paralelo a esta, evidenciándose na existencia de dúas protagonistas, unha asorita (Asor) e unha terrícola (Irimadeona) que son exactamente iguais e que teñen a oportunidade de entrar en contacto a causa da caída do pizarrador de Asor na Terra, o que provoca unhas nefastas consecuencias, aínda que parecen xustificarse pola oportunidade que lle ofrece a cada unha de coñecerse mutuamente.

Referencias varias:

- Juan Tallón, "Sinto que 'Unicrom' buscoume a min", *La Región*, "Ourense", 29 decembro 2009, p. 11.

Entrevista a Rosa Enríquez arredor da súa novela *Unicrom*, na que comeza explicando que o paso da escrita poética á narrativa se deu de forma natural e que trata temas semellantes, como a identidade. Explica que a novela se fraguou na rede e que nela se dan tres niveis textuais: a historia que se desenvolve, o pensamento que subxace do gnosticismo, o transcendentalismo e unitarismo e a estética da narración, de marcado ton lírico. Ademais de dar conta brevemente do fío argumental, tamén admite que na obra se deixa sentir unha certa nostalxia do mundo da inocencia e a necesidade de crear neoloxismos para a recreación do mundo futuro. Remata referíndose á importancia da poesía na súa escrita narrativa e ás lecturas previas á redacción da obra, especialmente o pensamento hindú, a narrativa hispanoamericana e os clásicos da ficción científica.

Fernández Mallo, Marcelino, *Klásicos*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Morgante, n.º 5, 2009, 193 pp. (ISBN: 978-84-936460-5-9).

Novela con características de thriller psicolóxico de Marcelino Fernández Mallo (A Coruña, 1961) na que a materia literaria segue dous camiños distintos, aínda que fortemente imbricados. Por unha banda, o escritor escolle unha historia de intriga e de suspense. Por outra, lanza unha crítica ás clases sociais dirixentes e ás súas xeracións vindeiras. O personaxe principal desta trama é Horacio, un mozo acomodado que leva un ritmo de vida exento de obrigas e preocupacións. Unha dinámica vital que tamén comparten os seus amigos Emilio, Lourenzo, Alexandre e Xerome, o coñecido grupo do Helax (acrónimo creado polas iniciais dos nomes de cada compoñente). As actitudes e os comportamentos destes "Klásicos" reflicten a uns homes de negocios

despreocupados totalmente dos seus cargos profesionais, pondo en perigo todo o traballo e esforzo que os seus proxenitores lograron no seu día. O cariz do relato cambia dende o momento no que Horacio comete un homicidio involuntario ao intentar bicar á súa asistenta Manuela, unha muller fisicamente semellante a Marilyn, pola que se sente moi atraído. A partir de aquí, o mozo de ben terá que enfrontarse á realidade, unha sensación que nunca antes experimentara: intentará pasar por alto o accidente e continuar, na medida do posíbel, coa súa vida. Tras superar os varios obstáculos que se lle presentan neste percorrido, Horacio verase desvinculado de todo o asunto e cumprirá a promesa de matrimonio que lle ofreceu a Nuria Pardo, a filla dun rico industrial.

Fernández Naval, Francisco X., *Para seguir bailando*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 270, 2009, 147 pp. (ISBN: 978-84-9782-957-1).

Conxunto de dez relatos de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956) marcados pola figura da muller, as vivencias da infancia, a violencia, o medio rural ou a corrupción. Así, "Noite de pallabarro" é unha historia da memoria, da infancia de Guadaño, Carlos e Rafa, que se entretece no contexto do río e as anguías, a serpe que lles fai fronte e, ante todo, o misterio dunha casa abandonada, na que penetran para descubrir que non o estaba. No seu faiado atopan cuberta de pó branco unha estraña forma que resulta ser a forma de Bernardo, irmán dun "paseado" en 1938, que volve á casa da cuñada para sobrevivir no territorio das pombas, o faiado. Cando morre, palidecendo por ausencia de luz e gravando nas trabes a palabra liberdade, a súa cuñada, antes de marchar, deixa preparada unha almofía de auga e de cal para o seu corpo. "Noite de cloroformo", relato narrado dende a primeira persoa, é a historia dun grupo de cinco amigos que forman tamén equipo de traballo na a materia do catedrático de ética. Achéganse retallos de argumentacións filosóficas, intentos de ouijas, lembranzas do bar Volter e unha semblanza de Valentín Vaz Rodríguez, un dos amigos. Asiduo ao local da parroquia, á música barroca e relixiosa... todo se vai enturbiando de misterio ao seu redor até descubrir, por unha noticia do xornal, que estaba acusado de corrupción de menores, a quen supostamente durmía con cloroformo cando os trasladaba de volta da catequese nun coche branco de dúas portas. "Contemporáneos I" presenta a figura de Raúl, un apicultor que vive con Enedina, a súa irmá. É esta unha historia da vellez aceptada, dos silencios compartidos e as presenzas dos que se foron, parentes ou incluso descoñecidos, que Enedina ve reflectidos nas trabes cando non dorme. Un día, logo de chapodar as cepas, Raúl atopa deitada a Enedina, que decidiu non comer máis e cóllea da man, xa vestido co que ela dixera. Un relato de confianza até na escolla do momento final. "A vida secreta de L." técese con distintas voces. É, ante todo, unha historia das relacións persoais, da violencia e a constancia que abafa, da decisión ante os procesos do propio corpo feminino. Ela é unha nai de tres fillos maltratada polo marido que está a reconstruír a súa vida. Aínda así, varias voces masculinas contrapóñense, xa que ambas desexan á protagonista dende perspectivas diferentes, xa sexa tendo unha historia non completa ou sufrindo o deslumbramento do avogado que leva o seu caso. "O escriba e o comandante" comeza por mostrarse como xogo metaliterario para transcender á historia dun comando, a historia dunha loita clandestina que un escritor, protagonista e narrador, novelara. Tras anos de cárcere, o Comandante do grupo decide entrevistarse co autor, desenfiando aqueles tempos nos que actuaran coa meta de "salvar ao país", os días de cadea, mais tamén a propia novela que os glosa, reclamándolle que eles non tiveran voz. É, en definitiva, o relato dunha conversa franca, logo da que o escritor decide non reencontrar máis o Comandante, por ser consciente de que iso o obrigaría a reescribir a

novela, a mudar a voz, a quitar das sombras a verdadeira historia. “Ovos de serpe” é o que parecen os expedientes que o protagonista non consegue facer cadrar: no branco cáscara das follas, trazos escuros como serpes recentes. Chamado para substituír o cargo dun anterior responsábel, constantes trazos fanlle cuestionar a transparencia do traballo e a honestidade da organización. As empresas beneficiadas crúzanse coa perturbadora presenza de Vitoria, e a súa perspicacia lévao a un final sen retorno, un accidente de automóbil, comparado co eclosionar dos ovos de serpe. “A noite de Ith” debúxase a xeito de reflexións persoais sobre dúas presenzas que se volven ausencias: María, que é quen escribe o relato que se fai guieiro no título, e Lestón, vello fareiro. Coa Torre de Hércules como escenario e mecanismos que crean misterio, debúxase a posibilidade dunha fuxida que imite á do fillo de Breogán, embarcado cara á sombra dunha terra ao norte, tal vez Irlanda. “Contemporáneos II” é a historia de Rosario, a nova enfermeira dunha aldea, e do seu xeito de cuestionarse ante o mundo en termos de utilidade. Igual que as vacacións solidarias en Níxer a impactaran, tamén o fará visitar a Amancio, doente de parálise, que é quen de sorrir, no medio da horta, mentres xoga ou soña conducir o esquelete inmóbil dun coche. “Margot, a noite e un adeus” é unha historia contada dende o exterior do ambiente do café bonaerense Margot. A historia de dúas parellas emigradas que se encontran e deciden cear xuntas, antes de que unha delas volva ao outro lado do océano, Cristina e Señoráns. Xosé, o home da outra parella, convértese en espectador dun encontro desacougante no salón de dentro. Tan desacougante pola final discusión como pola fermosura da rapaza, que será atopada morta de mañá, preto do río.
“Para seguir bailando” concíbese de xeito confesional, case íntimo, como unha carta a Julio Cortázar inscrita na memoria dun voo nocturno a Bos Aires, e tamén no suposto traballo dun libro con amigos galegos de Bos Aires e París. A figura de Aurora reinvéntase, mostrándoa como tradutora, amiga, lectora, admiradora, cómplice... ao igual que se reinventan os condutores de taxi, que escriben sobre Cortázar e os levan a unha presentación sobre o mesmo autor. Unha epístola dirixida a unha segunda persoa que cifra toda a carta e calquera libro de camiño a París, Saignon, Bos Aires... como oportunidade de “seguir bailando”.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Para bailar a vida”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 10, “proPostas”, primavera 2009, p. 7.

Apunta que as dez historias reunidas en *Para seguir bailando* son diversas, aínda que coinciden en dous trazos: unha forte presenza do autobiográfco e unha conexión directa con outras pezas narrativas de Francisco X. Fernández Naval. Achega unha serie de comentarios sobre estas historias e considera que “Ovos de serpe” é o mellor dos contos. Finaliza indicando que este volume é un compendio das obsesións que alimentan o monstro voraz da escrita navaliana (a infancia e adolescencia como tempos de lembranza elexíaca, a desolación polos eidos baleiros, o noxo ante as inxustizas, etc.).

- Xosé M. Eyré, “ Pedazos de vida”, *A Nosa Terra*, n.º 1.354, “Crítica”, 9-15 abril 2009, p. 26.

Fai referencia ao último libro de Francisco X. Fernández Naval, *Para seguir bailando*, que consta de dez relatos cunha estrutura autónoma e pechada pero, que ao mesmo tempo, forman parte dunha macroestrutura con sentido propio. Comenta que a finalidade que persegue o autor é retratar a sociedade e, a continuación, describe brevemente cada un dos dez relatos: "Noite de pallabarro", "Noite de clorofromo", "Contemporáneos I", "A vida secreta de L", "O escriba e o capitán", "Ovos de serpe", "A noite de Ith", "Contemporáneos II", "Margot e a noite" e "Para seguir bailando". Finalmente destaca a variedade como característica do libro e observa certa deficiencia na calidade da redacción; tamén cita as dúas posíbeis lecturas que ten a obra.

- Leo F. Campos, "Un acontecer vital con ton autobiográfico", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 21, "Libros", 2 maio 2009, p. 5.

Destaca que o escritor Francisco X. Fernández non é moi atendido pola crítica e afirma que é un dos primeiros narradores en centrarse no tema da guerra civil. A continuación, pasa a falar do seu último libro, *Para seguir bailando*, composto por dez relatos dos que salienta a "redondez e simetría" coa que están dispostos. Tamén refire a estrutura da obra e destaca a súa temática. Por último, recomenda a súa lectura.

- Ramón Nicolás, "O tanxible, o azaroso, o fantástico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 317, "Letras en galego", 13 xuño 2009, p. 11.

Cita algúns dos temas que aparecen no libro de relatos de Francisco X. Fernández Naval, *Para seguir bailando*, e comenta ese contido destacando a redacción e máis a experimentación da obra, así como o rexistro lingüístico.

- Xosé Carlos Caneiro, "Realidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 331, "Letras en galego", "Club dandi", 19 setembro 2009, p. 15.

Despois de loar o xénero do conto na literatura galega, onde salientaron escritores como Rafael Dieste, Ánxel Fole ou Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros, salienta o libro de relatos de Francisco X. Fernández Naval, *Para seguir bailando* no que se cumpren os requisitos deste xénero: a economía da linguaxe, a construción narrativa, a tensión, a intriga e a brevidade. Acaba por destacar o relato titulado "Contemporáneos I".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Literatura e compromiso", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 448, "Musas", 15 marzo 2009, p. 44/"O escritor comprométese co seu tempo", *La Región*, "Personaje del día", 16 marzo 2009, p. 7.

Esta entrevista a Francisco Fernández Naval comeza cuns datos autobiográficos do autor para logo pasar a falar da novela *Para seguir bailando*. O entrevistado comenta que son dez relatos de temas constantes na súa escrita e, de seguido, refire a súa relación coa poesía. Tamén indica que o libro que lle falta por escribir é a historia da súa relación co cine dende neno.

- V. Oliveira, "Para seguir bailando", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 marzo 2009, p. 37.

Fai referencia ao último libro de Fernández Naval publicado por Xerais, *Para seguir bailando*. Comenta que son dez relatos sobre a violencia exercida contra as mulleres, o despoboamento rural e a corrupción política. Indica que o volume non é autobiográfico mais mostra trazos dun tempo vivido, ademais presenta novas fórmulas narrativas e mostra influencias de Rafael Dieste ou Julio Cortázar. A continuación, comenta a temática dalgúns dos contos: "Noite de pallabarro", "Contemporáneos I", "A vida secreta de L.", "Noite de cloroformo" e "Ovos de serpe".

- Camilo Franco, "O escritor non pode evitar ser un cronista do seu tempo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 17 abril 2009, p. 51.

Dialoga con Francisco X. Fernández Naval sobre o seu libro *Para seguir bailando*. Refire que a historia da obra mostra unha realidade "desacougante" e amosa unha reivindicación implícita sobre a dureza dalgunhas circunstancias vitais. Tamén fala de que hai relacións entre esta obra e outras anteriores e indica que a intención do libro é inculcar no lector que a pesar de todo hai que seguir "bailando".

- Jose Gómez, "A emotividade non está na historia, senón na humanidade de quen a vive", *Diario de Ferrol*, "CGS", 21 abril 2009, p. 10.

Francisco X. Fernández Naval comenta nesta entrevista a súa última obra, *Para seguir bailando*, publicada por Xerais. Explica cómo foi a xestación do libro e fala dos lugares onde se ambientan os relatos, tamén refire que as historias que narra están moi conectadas coa realidade e teñen a capacidade de conmover e emocionar ao lector.

- Xurxo Fernández, "A la sombra huidiza del Día Piñeiro", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 18 maio 2009, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, informa que na librería Couceiro, Francisco X. Fernández Naval vai presentar o seu último libro de relatos, *Para seguir bailando*, editado por Xerais. Así mesmo, dá conta dalgunhas influenzas doutros autores que observa na obra.

- Xosé Carlos Caneiro, "Realidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 331, "Letras en galego", "Club dandi", 19 setembro 2009, p. 15.

Entre as súas recomendacións de lectura inclúe *Para seguir bailando*, de Francisco X. Fernández Naval, poemario do que opina que é unha mostra precisa da construcción narrativa, pois amosa atención ao substantivo, economía na linguaxe e un tratamento esmerado, condensado e tenso do argumento.

- Antonio García Teixeiro, "Lecturas", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "*Bulebule*", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 26.

Recomenda a lectura de, entre outras, *Para seguir bailando*, de Francisco X. Fernández Naval, e destaca a presenza de todo tipo de volumes de LIX editados de xeito exquisito.

Fernández Ferreiro, Xosé, *Tempo de centeo,* Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 274, 2009, 229 pp. (ISBN: 978-84-9914-004-9).

Nesta nova novela de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, Ourense, 1931) retómase unha temática usual neste autor: as dramáticas circunstancias da posguerra española en Galicia. Neste caso, a través dun narrador en terceira persoa que coñece perfectamente o pensamento do protagonista, ofrécese a historia dun mozo ourensán que se ve na obriga de emigrar da aldea na que vive (Espartedo) até a cidade das Burgas (Ourense) para conseguir sobrevivir na época da posguerra, concretamente nas décadas dos anos corenta e cincuenta. Antonio marcha de Espartedo coa súa nai Olivia fuxindo non só da fame senón tamén da agresividade, machismo e alcoholismo dun pai que bate neles seguido. En Ourense realizará diferentes traballos que lle axudan a sobrevivir e a crear amizades como a de Manolo, Pacholas e César, os seus compañeiros de traballo e cómplices das súas vivencias. Os seus pais dedicábanse á venda ambulante de quincalla por todas as feiras e mercados da contorna e deciden trasladarse a Neda, preto de Ferrol, para probar alí sorte. Levarán con eles o rapaz un tempo despois e alí comezan as malleiras do pai tras a inxesta de alcohol, tanto no fillo como na muller. De volta na aldea natal e tras deixar o fillo os estudos por obriga paterna, a decisión de separarse e marchar para Ourense supón unha nova vida para Olivia e Antonio, que deberán adaptarse á vida da cidade e traballar sen descanso. Dende este momento os dous espazos, urbano e rural, marcan unha das oposicións sobre as que se estrutura a historia sendo descritos sucintamente polo autor. Así, as rúas, barrios, pontes, prazas e ríos da cidade de Ourense van deseñando o ambiente que conforma a vida urbana cotiá na que as diferentes clases sociais da época aparecen reflectidas. Fronte a isto os labores cotiáns da aldea, as súas romarías, a chegada do cine a fins dos anos corenta, os traballos da avoa Mercedes en Espartedo para conseguir que os seus fillos e netos tivesen polo menos unha cea con patacas cocidas molladas en caldo nos tempos da fame durante a guerra deseñan un retrato veraz e realista daqueles anos. Outra oposición ben marcada é a que se reflicte no conflito lingüístico entre galego e castelán, xa que o mozo Antonio tentará falar en castelán na cidade para sentirse realmente integrado. A carón destas dúas oposicións obsérvanse outros eixes temáticos que se manteñen constantes ao longo da novela: unha homenaxe expresa á literatura galega con referencias ao poeta Antón Tovar ou o propio Florentino Cuevillas convertido nun dos persoeiros que axudarán a Antonio nalgún momento da obra; a actividade do contrabando e o estraperlo simbolizadas pola figura do tío Aquilino que vive en Vigo e mesmo a fuxida da nai a Barcelona; a descuberta do amor representado polo sentimento constante ao longo dunha década cara a Carmiña, que finalmente opta por casar con outro pola boa posición social e económica que lle ofrece; a descuberta do sexo tanto por parte de Antonio como dos demais mozos amigos seus que o descobren xunto a el e por último a presenza constante do cine como o elemento que lle serve de evasión ao protagonista para soñar e vivir aventuras. O realismo, as minuciosas descricións de espazos e ambientes, a prosa sinxela e de ritmo áxil e a mestura entre o pasado (na aldea) e o presente (na cidade) a través dos vinte e oito capítulos que conforman a novela, son os trazos máis característicos da mesma xa que se ofrece deste xeito unha panorámica extensa e clarificadora da vida na posguerra ao longo de dúas décadas.

Recensións:

- X. M. Eyré, "Posguerra ourensá", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "Crítica", 11-17 xuño 2009, p. 32.

Comeza destacando dous eixes fundamentais da nova obra de Xosé Fernández Ferreiro, *Tempo de centeo*, pois a historia trata sobre o tempo da posguerra franquista na terra de Nogueira de Ramuín. Afirma que é unha novela realista na que o verdadeiro protagonista é Ourense. A seguir, afirma que esta novela lembra, entre outras que se citan, *A esmorga* ou *Xente ao lonxe*. Por último, destaca o valor etnográfico e sociolóxico da obra e cita o que menos lle gustou: os diálogos, xa que os considera pouco naturais e forzados, é dicir, demasiado literarios.

- Francisco Martínez Bouzas, "Desnortados", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Libros", 25 xuño 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 241, "Libros", 4 xullo 2009, p. 7.

Primeiramente lémbrase a traxectoria literaria do escritor Xosé Fernández Ferreiro e a súa pertenza ao grupo Brais Pinto como membro fundador para, deseguido, analizar a súa última obra, *Tempo de centeo*, a cal se inclúe na súa narrativa de ton memorialístico. Dise que a historia se desenvolve nos anos corenta e cincuenta do século XX, cando o personaxe principal, un mozo aldeán, chega coa súa nai á capital ourensá a finais da década dos anos corenta e resúltalle moi difícil adaptarse á nova vida na cidade pola súa timidez e pesimismo. Tamén se indica que, para o mozo, a aldea segue sendo o paradigma da felicidade sen que o autor da novela caia nos tópicos da idealización, xa que a fame e a hostilidade están presentes nela. O ton da novela, segundo se indica, é pesimista mais destácase que a súa estrutura é sinxela e lineal, cun estilo natural, sen demasiados adobíos, como é propio do autor.

- Xavier Castro Rodríguez, "Tempo de guerra, centeo e descubertas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 20 xuño 2009, p. 2.

Lémbrase primeiro que o tema da guerra civil aparece tratado na literatura galega, directa ou indirectamente, e tamén na obra de Xosé Fernández Ferreiro, o autor de quen se fala no artigo co gallo da publicación da súa novela *Tempo de centeo*. Dise que nesta obra se reflicten as tráxicas consecuencias que derivan do conflito bélico nomeado, situando a historia na cidade de Ourense durante a posguerra a través das vidas dun mozo que provén da aldea e da súa nai. Entre outras cousas, destácase que se reflicte a oposición campo/cidade e mesmo o conflito lingüístico galego/castelán, a homenaxe á literatura galega coa presenza de personaxes como Florentino Cuevillas ou Antón Tovar, o contrabando e estraperlo e a descuberta do amor e o sexo.

- Ramón Nicolás, "Memoria de posguerra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 25 xullo 2009, p. 10.

Tras unha gabanza do autor da novela que aquí se comenta, *Tempo de centeo*, destácase a mestría do autor á hora de recrear con veracidade, minuciosidade e fidelidade a posguerra española e en concreto a galega, debúllase o argumento da novela e os personaxes que a protagonizan. Dise que a meta do seu protagonista, un mozo aldeán, é conseguir desenvolverse na cidade, Ourense, tras chegar a ela para traballar mentres se pon de manifesto o desapego e desprezo con que a cidade olla o mundo rural. Tamén se indica que a este fío argumental se une o espertar á mocidade, enleado en amores platónicos que atormentan o mozo e que só se sente liberado a través doutro dos seus soños: o cine. Sinálase que o autor non obvia as continuas referencias a elementos caracterizadores da posguerra que alicerzan a historia: o estraperlo, a cartilla de

racionamento ou os mestres republicanos represaliados. Por último advírtese de certa literaturización excesiva en certos diálogos e un certo esvaecemento argumental en pasaxes de asunto familiar, mais sublíñase "o arrecendo xornalístico" característico da narrativa do autor, que se observa en descricións minuciosas de lugares, documentos e costumes.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Aldea e cidade sempre serán dous termos antagónicos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 maio 2009, p. 51.

Entrevista a Xosé Fernández Ferreiro sobre a súa última novela, *Tempo de centeo*, na que despois de acomentar que está ambientada en Ourense e na época posterior á guerra civil, o autor da obra considera que esa época histórica está pouco tratada na literatura galega e afirma que o protagonista podería ser el xa que viviu ese momento. Comenta que na obra se produce a emigración da aldea á cidade e do complexo que el mesmo padeceu co idioma. Tamén fala da influencia do cinema e dos tempos de fame que pasaron.

- L R, "El último libro de Xosé Fernández ahonda en el ambiente clerical de la ciudad en la posguerra", *La Región*, "Ourense", 2 xuño 2009, p. 9.

Fai referencia á novela que acaba de publicar Xosé Fernández Ferreiro, *Tempo de centeo*, editada por Xerais e centrada nos anos corenta e cincuenta da posguerra, na que un rapaz emigra da aldea á cidade. Coméntase o difíciles que foron aqueles anos e fálase dos referentes literarios do autor.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Infantil/Xuvenil", 4 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describe brevemente unha selección de novidades literarias, entre elas *Tempo de centeo*, de Xosé Fernández Ferreiro.

- Xosé Carlos Caneiro, "A mesma columna", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 320, "Letras en galego", 4 xullo 2009, p. 12.

Tras describir a escrita de Domingo Villar, detense no volume *Do sentimento á conciencia de Galicia* e na última novela de Fernández Ferreiro, *Tempo de centeo*. Dela afirma que ten un carácter existencialista e combativo amosado a través dun protagonista colectivo.

- D. Salgado, "El PEN Clube homenajeará al novelista Xosé Fernández Ferreiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 novembro 2009, p. 6.

Coméntase que o PEN Clube de Galicia homenaxea ao escritor Xosé Fernández Ferreiro tras a publicación da súa última obra, *Tempo de centeo*, na que, segundo se di, se afonda nunha Guerra Civil á que xa se achegara en obras anteriores. Sinálase como foi a súa traxectoria literaria e as diferentes temáticas que foi tratando e logo dise que a homenaxe ten lugar no parador de Santo Estevo de Ribas de Sil. Lémbrase que pertenceu ao grupo Brais Pinto e que falarán sobre el Xosé Luís Méndez Ferrín e os

poetas Víctor Campío Pereira e Manuel Álvarez Torneiro.

- M. Rodríguez, "As novelas non acaban nunca, sempre queda un fío para tirar", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 novembro 2009, p. 50.

Nesta entrevista que se lle fai ao autor Xosé Fernández Ferreiro co gallo da homenaxe que recibe na súa terra, no parador de Santo Estevo de Ribas de Sil, dise que estará acompañado de varios escritores como Inma López Silva e Gonzalo Navaza. Nela, primeiramente lémbrase brevemente a súa traxectoria profesional a partir do feito de ser o autor que publica a primeira novela de vaqueiros en galego. Despois fálase da triloxía sobre a Guerra Civil da que forma parte a súa última obra, *Tempo de centeo*, e da que se di que se centra na posguerra, mentres que as anteriores, *Agosto do 36* (1991) e *Os últimos fuxidos* (2004), se centraban en feitos como os paseos e os fuxidos. Por último, fálase do grupo Brais Pinto do que formou parte e da xerga dos afiadores da súa terra, o barallete.

- Paula Obelleiro, "Os políticos danme noxo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 novembro 2009, p. 9.

Entrevístase a Xosé Fernández Ferreiro para reflexionar, entre outras cousas, sobre o seu traballo como narrador, o xornalismo, as diferentes temáticas das súas novelas (sobre todo as centradas na guerra civil e na posguerra), a posibilidade de vivir da literatura en galego ou a situación da lingua galega na actualidade. Tamén se fai unha breve referencia á súa novela *Tempo de centeo*, da que se di que ten moito de autobiográfico.

Ferro Ruibal, Xesús, *Non hai resposta mellor có amor*, limiar de Xaquín Monteagudo Romero, A Coruña: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, col. Relatos da paisaxe, 33 pp. (DL: C 4086-2009). ■

Relato breve de Xesús Ferro Ruibal (Rebón-Moraña, 1944) para a colección "Relatos da paisaxe", subvencionada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia co propósito de poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Travibus Noroeste, unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos e tradicións da cultura galega e a divulgar e fomentar o uso do galego. Neste caso, a través dun narrador protagonista en primeira persoa, sitúase a historia en Silván, na ría de Arousa, e cóntase a aparición na vila dunha moza algo extravagante, vestida ao xeito tradicional do século XVII, que parece desorientada e que é acollida pola familia do narrador-protagonista, tamén mozo. Segundo a propia moza conta, naceu en 1690, e por cousa dun milagre da Virxe pasa trescentos anos no Paraíso antes de regresar á vila, que agora está completamente descoñecida para ela. O mozo vai axudala a certificar a súa historia, levándoa até a cidade de Pontevedra e o Arquivo Histórico Provincial consultando con persoeiros como o xefe de policía Luís García Mañá, de xeito que persoas reais se converten en personaxes de ficción neste relato. Acompáñase a historia de fotografías representativas da Ría de Vigo e da cidade de Pontevedra na que se desenvolven os feitos. A linguaxe empregada é sinxela, en ton coloquial e con abundantes diálogos, o cal se traduce nunha lectura de ritmo áxil e sen complicacións léxico-semánticas para o lectorado.

González Outes, Manuel Jacobo, *Diario dunha noiteboa*, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Narrativa, n.º 24, 2009, 180 pp. (ISBN: 978-84-92630-06-6).

Manuel Jacobo González Outes (Carnota, 1969) relata nesta súa primeira novela a historia do asasinato dunha moza estudante en Santiago de Compostela chamada Susana Figueiras. É o propio autor confeso do crime e protagonista desta novela, Gabriel Fontán, quen en primeira persoa relata a xeito de diario os feitos que ocorreron naquela Noiteboa na que aconteceu a morte. Gabriel Fontán, recluído nun sanatorio psiquiátrico no que expía a súa pena por asasinato, volve a vista atrás para recordar a súa amizade con Xaime Luxán (ex noivo de Susana), a súa relación amorosa con Inés (tamén sospeitosa de ser a asasina de Susana), e a súa vida na Compostela universitaria. A cidade cobra un protagonismo especial a medida que Gabriel rememora paso a paso todo o que aconteceu naquel día. O final da novela é aberto e o lector queda con moitas dúbidas acerca da autoría do crime.

Referencias varias:

- C. P., "Escribín sobre Santiago porque quedei prendido da capital cando a coñecín", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 12 xullo 2009, p. L12.

Conversa na que Jacobo González comenta que o lector estará perante a súa primeira novela e máis que a súa trama está ambientada no mundo universitario compostelán.

González Pérez, Clodio, *De camiño...*, limiar de Xaquín Monteagudo Romero, A Coruña: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, col. Relatos da paisaxe, 29 pp. (DL: C 4084-2009). ■

Relato breve, subvencionado pola Xunta de Galicia e escrito por Clodio González Pérez (Cenlle, 1947) para a colección "Relatos da paisaxe" a cal, en palabras de Xaquín Monteagudo Romero, presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística que asina o Limiar, pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Travibus Noroeste, unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos e tradicións da cultura galega e a divulgar e fomentar o uso do galego. Neste caso un narrador en terceira persoa conta a viaxe que Heitor realiza en autobús dende Vigo a Tui un día calquera dun mes de xullo. Por medio do audioguía do respaldo do asento de diante e da compañía doutros viaxeiros que sentan ao seu carón vai coñecendo pormenorizadamente a xeografía que vai percorrendo. Dous dos pasaxeiros que soben ao autobús falan dunha xiria para el descoñecida e a muller que senta ao seu carón acláralle que é a fala dos cabaqueiros ou telleiros, propios da zona do Rosal. Xa á súa chegada a Tui, descríbese esta cidade e a zona vella onde se atopa a catedral até que ten que coller o autobús que o leva de novo a Vigo, onde o agardan uns amigos antes de que el regrese ao seu lugar de orixe. Finalmente o mozo pensa en cal será o destino do ano vindeiro e se o fará só ou acompañado. Acompáñase o relato de fotografías representativas da paisaxe que se vai describindo. Unha linguaxe sinxela e en ton coloquial fai que a lectura sexa fácil e de ritmo áxil.

Janeiro, Patricia A., *A perspectiva desde a porta*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, 2009, 221 pp. (ISBN: 978-84-87783-90-6).

Patricia A. Janeiro (Santiago de Compostela, 1978) elabora unha narración sobre a vida de Nadia, que se ve interrompida por un salto ao pasado no que se fala do encontro dos seus avós, tíos e pais. Nesta historia, enfiada por un narrador omnisciente, o amor e a política mestúranse cun ton reivindicativo. Ábrese coa dedicatoria "a Suso e Duarte, aos que ningunha prisión conseguiu borrar o sorriso" e logo aparece a obra dividida en tres apartados, "I. Venezia", "II. Galiza" e "III. A prisión", e un "Epílogo, Braulio en liberdade", para pechar cunhas verbas da propia autora e cun índice. Ao inicio de cada epígrafe recóllense fragmentos de diversos autores, como Antero de Quental, Hugo Pratt, Senza Sicura, Daniel Salgado e un relato de tradición popular. No primeiro, "Venezia", preséntase a Nadia, a avogada que será o fío condutor da obra, xa sexa pola súa liñaxe familiar como pola súa profesión. A protagonista, que está a vivir temporalmente en Venecia co seu fillo Xiao e o seu marido Ton, realiza continuas comparacións entre a cidade italiana e Santiago de Compostela, a cidade da que vén fuxindo por defender un preso político. Pero o afastamento á cidade veneciana non consegue que se desvincule co caso de David, que así se chama o preso, e iso repercute na súa relación de parella. Polo malestar co seu home, Nadia refúxiase nun italiano chamado Davide, que se converterá no seu amante segredo, até que o día que teñan que regresar para a casa, Nadia vai despedirse e o seu home e o seu fillo ven como se bica con Davide. No segundo apartado, "Galiza", dáse un salto no tempo e no espazo, pois a narración sitúase en Galicia, sobre todo en Santiago de Compostela, e nos anos oitenta. Nesta ocasión abórdase a historia de amor de Malvina e Braulio, os pais de Nadia, dos seus tíos, Suso e Marita, e dos seus avós, Mariví e Antoniox. Logo das presentacións dos personaxes para que o lectorado vexa a relación coa primeira parte do libro, atópanse largas digresións explicativas nas que, como sucedía no caso anterior, se tentan relacionar todas as partes do libro para darlle un significado ao mesmo. No terceiro apartado mestúranse as historias do presente de Nadia e do pasado da súa nai, Malvina; o fío de enlace será o encarceramento de David, que á nai da avogada lle recordará o pai da súa filla, Braulio, que morreu a mans dos gardas na prisión na que fóra metido nunha redada. Para finalizar aparece o "Epílogo. Braulio en liberdade", no que se narra o último día que pasaron xuntos Malvina e Braulio.

Recensións:

- Oriana Méndez Fuentes, "Política na pel", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 6.

Dise que esta segunda novela de Patricia Janeiro, *A perspectiva dende a porta*, se centra nun feito político e na vida dun grupo de universitarios da Compostela dos anos setenta e da actualidade, problematizando o independentismo dende unha perspectiva psicolóxica, intimista e curiosa, que favorece a normalización dun pensamento criminalizado. Ademais de aludir á posición de cada personaxe, saliéntase que a historia non está contada dende os propios personaxes, senón "dende a porta", unha distancia que favorece a idealización da causa revolucionaria, como poñen de manifesto as

consideracións esencialistas e as descricións previsíbeis. Remata dicindo que é unha novela ousada, intelixente, minuciosa e conmovedora.

- Xosé M. Eyré, "De loita ilegal e sentimentos", *A Nosa Terra*, n.º 1.361, "Crítica", 28 maio-3 xuño 2009, p. 32.

Comenta que a relación do nacionalismo independentista e as letras galegas é practicamente nula, xa que hai moi poucos autores que falen del nas súas páxinas, aínda que Patricia A. Janeiro acaba de publicar unha obra centrada nesta temática, *A perspectiva desde a porta*. Refire que a novela se centra na "Operación Castiñeira" e salienta que nela tamén teñen moita importancia os sentimentos dos protagonistas, a súa humanización fronte á deshumanización da sociedade. Por último, lamenta que a autora non decida continuar esta obra co formato de saga literaria.

- Pilar Ponte, "Lectura múltiple. A loita armada como tese", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Libros", 25 xuño 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 241, "Letras galegas", 4 xullo 2009, p. 7.

Fálase xa dende o comezo da problemática de por que non foi publicada esta novela pola Editorial Xerais, aínda que quedara como finalista do Premio Xerais de Novela de 2007, senón pola Editorial Positivas. Sinálase que no texto se plasma a realidade dende o punto de vista dos activistas independentistas e os protagonistas divídense en bos e malos. Dise que unha perspectiva de lectura moi rica dende o punto de vista literario sería a de "unha historia de saga familiar".

Referencias varias:

- C. P., "A novela fala da soidade, pero nun contexto real e ambientada en Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 28 abril 2009, p. L16.

Informa que Patricia A. Janeiro vai presentar na librería Pedreira a súa segunda novela, *A perspectiva desde a porta*. Comenta que a novela mostra un contexto histórico real mais non se trata dunha obra reivindicativa senón que trata un tema de actualidade e próximo, co cal espera captar aos lectores.

- M. Dopico, "As continuidades ignoradas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 maio 2009, p. 34.

Achega o inicio da novela de Patricia A. Janeiro, *A perspectiva desde a porta*, e dá conta do seu argumento. Así mesmo, refire que a novela foi finalista do premio Xerais e, en palabras da autora, conta o feito que lle deu pé a escribir a novela. En columna á parte, trata a figura do narrador da historia.

- Jaureguizar, "Por que as novelas galegas rematan no 76?", *El Progreso*, "Cultura/Vivir", "Ollo mol", 20 xuño 2009, p. 67.

Comenta que Edicións Positivas publicou dúas novelas que parece que non se atreveu a publicar Xerais: *Os milagres de Cristamar* (2008), de Chelo Suárez e *A perspectiva desde a Porta*, de Patricia Janeiro, ambas finalistas do Premio Xerais. Conta que na primeira está patente o tema do sexo e a segunda arranca no ano 1976 e fala sobre o

terrorismo independentista. Para rematar di que o escritor Mario Regueira sinalou que a narrativa galega actual ten como teito temporal o ano 76, xa que o que aconteceu a partir deste ano aparece en contadas novelas.

- M. Blanco, "Unha fuxida cara a ningures", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 617, 25 xullo 2009, p. 2.

Precísase o contido da obra, *A perspectiva dende a porta*, de Patricia A. Janeiro que se centra na "fuxida" de Nadia, unha avogada, a Venecia para esquecer a vida que levaba en Santiago, pero os quilómetros non conseguen afastala dos seus problemas. Sinálanse tamén outras publicación levadas a cabo por Patricia Janeiro, tales como *Cruceiros raconti della Galicia magica* e colaboracións en revistas como *Ariel* ou *Arraianos*.

- Patricia Janeiro, "A cámara dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 25 setembro 2009, p. 11.

Reprodúcese un texto narrativo intitulado "A cámara dixital", de Patricia Janeiro, e anúnciase ao remate a súa novela *A perspectiva dende a porta*.

- Xurxo Fernández, "Dan Brown", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 28 decembro 2009, contracuberta.

Breve comentario desta obra, que Xurxo Fernández define como "absolutamente magistral". Afirma que é una historia profundamente dramática e realista, na que se atopa o máis siniestro de Víctor Hugo, matizado polo amor.

Jar Couselo, Gonzalo, *De cómo cheguei á fin do mundo*, limiar de Xaquín Monteagudo Romero, A Coruña: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, col. Relatos da paisaxe, 31 pp. (DL: C 4085-2009). ■

Relato breve escrito por Gonzalo Jar Couselo (Lérez-Pontevedra, 1949-2009), para a colección "Relatos da paisaxe" a cal, en palabras de Xaquín Monteagudo Romero, presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística que asina o Limiar, pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Travibus Noroeste, unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos e tradicións da cultura galega e a divulgar e fomentar o uso do galego. Neste breve relato, un narrador en primeira persoa lembra a súa primeira viaxe, aos dez anos, pola parte dereita da Ría de Pontevedra até chegar á Illa da Toxa e conta como volve realizala na actualidade comentando os cambios producidos na paisaxe e as sensacións que o estado actual da mesma lle suxire. Así, vanse describindo diferentes lugares como a praia de Campelo, Combarro, a praia da Lanzada ou a Illa da Toxa. Céntrase sobre todo nas praias e miradoiros facendo unha sutil crítica á política urbanística ao longo dos anos que foi estragando eses lugares. Detense especialmente na contorna da praia da Lanzada e nas distintas tradicións populares que a ela se asocian. Acompáñase o relato de fotografías representativas da paisaxe descrita. Unha linguaxe sinxela, en ton coloquial, fai que a lectura sexa fácil e de ritmo áxil.

Jiménez Casas, Cipriano Luís, *Seixido e outras paranzas*, Pontevedra: Comunidade de Montes Seixido/Concello da Lama, 2009, 91 pp., (ISBN: 978-84-92764-02-0).

Conxunto de relatos curtos de Cipriano Luís Jímenez (1941) nos que a través dos perfís de diferentes personaxes, o autor achega o sentir e o día a día das xentes de Seixido. Cada un dos relatos vén intitulado polo nome dun dos personaxes ao que se lle dedica o fragmento que a continuación se escribe. Así, o libro divídese en cinco partes intituladas: "Seixido" (pp. 11-43), "Pontevedra (Tempos de bacharelato, 1951-1957)" (pp. 45-63), "Santiago de Compostela e Suíza (Formación Universitaria e especialización no estranxeiro)" (pp. 64-65), "Galicia" (pp. 70-80), e "América" (pp. 81-91). Con excepción da primeira das partes, as outras catro están constituídas non só por relatos curtos, senón tamén por artigos publicados polo autor no *Diario de Pontevedra* e máis no *Faro de Vigo*. Os relatos que configuran a obra van acompañados por unha banda de fotografías, tanto do pobo de Seixido coma das súas xentes (caracterizadas na obra); e por outra banda, de debuxos que ilustran os relatos, asinados polos pintores Virxilio, Lodeiro e Donatienne.

Recensións:

- Fidel Vidal Pérez, "Agasallo tenro", "*Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 308, "Libros", 12 novembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 259, "Letras galegas", 21 novembro 2009, p. 7.

Coméntase primeiro a traxectoria vital e profesional de Cipriano Luís Jiménez Casas, para seguir a facer o mesmo coa súa obra. Remarca a sonoridade da obra, dos nomes de lugares, ademais do sentimento de pertenza á terra, e declara que aldea e veciño deben estar agradecidos un ao outro. Salienta as ilustracións de Virxilio, Lodeiro e Donatienne e as fotografías, sobre todo as dos pais do autor. Remata afirmando que se trata "de ser dun lugar, dun tempo e dunha terra, de recuperar en cada intre a nosa esencia, o primeiro rumbo, para non desorientarnos nin perdernos".

Lamela García, Luís, *Escapado*. *Do monte Pindo ao exilio pasando pola illa de San Simón*, Vigo: Editorial Xerais de Galicia, col. Crónica, xuño 2009, 262 pp. (ISBN: 978-84-9914-019-3).

Luís Lamela García (Corcubión, 1945) publica o seu primeiro libro en galego e continúa coa temática dos anteriormente publicados en castelán, é dicir, a investigación sobre a represión franquista durante a posguerra e a ditadura. Nos trinta e dous capítulos que compoñen o libro, o narrador conta a historia dos homes que fuxiron ao espazo mítico do monte Pindo en 1936 para non loitar no bando nacional do xeneral Franco. Como consecuencia deste feito, decenas de fuxidos, a maior parte deles moi novos, foron perseguidos até rematar atopando a morte, outros a guerra e a maioría o cárcere. Outra parte destes homes acabou morrendo nos campos de concentración nazis e un número moi pequeno conseguiu alcanzar o exilio. Un destes mozos que logrou sobrevivir foi Teófilo Caamaño Formoso, alcumado O Cantolo, quen é o protagonista do libro. O Cantolo regresa á Coste da Morte, ao monte do Pindo, con oitenta e tres anos e logo de sesenta anos de exilio nos Estados Unidos. Luís Lamela presenta ao Cantolo como un home que regresa para encontrarse coa súa memoria, co seu pasado e a partir de aquí

relata a súa inicial fuxida, a detención posterior e a tortura que sufriu na localidade de Corcubión. Despois trasladárono ao castelo de San Felipe en Ferrol e alí coñeceu a súa sentenza: doce anos e un día de reclusión temporal. De aí mudárono para o lazareto da illa de San Simón, daquela convertido en penal. Milagrosamente consegue sobrevivir a un fusilamento e regresa ao monte Pindo. Alí contacta con outros fuxidos e planean marchar de España nun barco e, ao final, lógrano. O exilio espera ao Cantolo, primeiro Francia e logo os Estados Unidos. Luís Lamela mestura neste libro algúns datos históricos coa súa inventiva e desta maneira conta a historia de Teófilo Caamaño, o Cantolas, un dos fuxidos ao monte Pindo tras a sublevación franquista do ano 1936.

Recensións:

- Miro Villar, "Luís Lamela García. *Escapado. Do monte Pindo ao exilio pasando pola illa de San Simón*", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 79, tomo III, ano XX, "Publicacións", xullo-agosto-setembro 2009, pp. 133-136.

Partindo da inclusión no ensaio *As novelas da memoria* (2009), de John Thompson, da relación de novelas galegas que tratan a guerra civil, achégase a *Escapado. Do monte do Pindo ao exilio pasando pola Illa de San Simón*, de Luís Lamela García. Explica que o autor xa tratara este tema en crónicas como *Pepe Miñones: un crimen en la leyenda* (1991) e *Crónica de una represión en la "Costa da Morte"*, títulos que aparecen referenciados na novela que vén de publicar. Reflexiona sobre a inclusión da obra na colección "Crónica" e non na de "Narrativa", o que amosa as dificultades para situala dentro de conceptos como "novela histórica" ou "historia novelada". Céntrase no estilo e contido da obra, da que salienta que a emoción reside no propio desenvolvemento da acción e no coñecemento dos personaxes que a poboan. Reproduce a frase que serve de inicio e final, enmarcando a acción dos capítulos que acollen a fuxida de Teófilo. Salienta que os primeiros capítulos son os máis áxiles e que ao longo do texto se plasma o gusto polos detalles, como a microtoponimia de fontes, pozos e regatos e das espenucas nas que se agochan os fuxidos. Destaca tamén a violencia e brutalidade que describe cun estilo que "enerva os sentidos", unha calidade literaria que lle lembra a obras de autores como Mario Benedetti. Describe o desenvolvemento da historia, dende a fuxida, a chegada a Plymouth, a repatriación, a loita no bando dos republicanos e o exilio definitivo, chamando a atención sobre a galería de personaxes ben caracterizados, nunha historia que só se achega ao presente a través dos pensamentos do octoxenario que reflexiona sobre todo o ocorrido. Considera que as múltiples historias contribúen a enriquecer o relato "e serven como lección de historia, para defender a memoria como dignidade persoal e colectiva" pero son tamén como posíbel xerme de novas historias que quedan por contar, pois sinala que Luís Lamela ten a documentación e a habelencia narrativa precisas para facelo.

- Carlos Etcheverría, "Escapado", *Xornal de Galicia*, "Opinión", 9 outubro 2009, p. 13.

Comenta que vai ter lugar na libraría Sargadelos da Coruña a presentación da novela de Luís Lamela, *Escapado*, publicada por Xerais. Loa o labor de investigación deste escritor quen afondou na historia do franquismo e comenta o contido da novela que se centra na biografía dun personaxe, Cantolo, e vai describindo a situación histórica dos que non quixeron someterse ao réxime e viviron no monte. Tamén destaca a emotividade do libro e a complicidade do lector nos sentimentos que describe.

- Xosé Carlos Caneiro, "Tinta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, "Letras en galego", 5 decembro 2009, p. 12.

Sinala que chegou a unha conclusión dolorosa para a literatura galega e para a arte, contemplando *A caixa*, do portugués Manoel Oliveira. Afirma que todas as artes se retroalimentan. Pensa en Lobo Antunes. Refirese tamén á literatura infantil como o mercado máis valioso en Galicia e comenta que a poesía é hermética para o público lector. Recoñece que ao carecer dun cinema, a literatura enfraquece. Tras esta reflexión, comenta unha novela que fala da guerra civil e das súas consecuencias: *Escapado*, de Luís Lamela García. Destaca o maniqueismo do relato, como a maioría que se escriben ao redor deste asunto, chea de dor e que causa convulsión nas entrañas do lector. Considera que máis parece unha memoria que unha novela e afirma que *O museo da inocencia*, de Orham Pamuk, está escrita con tinta de corazón da mesma maneira que este texto de Lamela.

- X. M Eyré, "Para non esquecer", *A Nosa Terra*, n.º 1.385, "Cultura", 11-16 decembro 2009, p. 22.

Afirma que *Escapado* é un produto ensaístico que cumpre mellor co aspecto cronístico ca co literario. Apunta que o motivo central desta novela é o de afortalar dende a ficción o que a Historia transmite cunha verosemellanza moi elevada. Tamén indica que esta novela-crónica conta cunha personaxe central, O Cantolo, pero que presenta un marcado carácter coral.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 302, "Libros", 1 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salientan da produción literaria galega máis recente obras coma *Escapado. Do monte Pindo ao exilio pasando pola illa de San Simón*, de Luís Lamela García.

- Marino Pérez, "El escritor Luis Lamela presta una voz a los 'escapados' al monte en la Guerra Civil", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 10 outubro 2009, p. 15.

Dá conta do acto de presentación, na galería Sargadelos da Coruña, do libro de Luís Lamela, *Escapado*. Comenta o contido da novela e salienta que Lamela é un investigador experto no campo da memoria histórica. En columna á parte, fai referencia a outras obras ensaísticas de Lamela sobre o mesmo tema.

- Tucho Calvo, "Suxeríronme pasar á narrativa para chegar a máis xente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 12 outubro 2009, p. 31.

Con motivo da presentación da nova novela *Escapado* realízase unha entrevista a Luis Lamela, quen fala sobre esta primeira experiencia no xénero narrativo. A seguir, achega a súa opinión sobre a retirada de elementos franquistas das rúas e asegura que agora xa se pode falar do tema con maior liberdade. Por último, fai referencia á historiografía franquista e ás informacións falsas que aínda viven sobre esa época.

- Dolores Vilavedra, “Entrando na era dixital”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, faise referencia a *Escapado*, de Luís Lamela, que se considera unha obra ensaística por estar incluída na colección “Crónica” de Xerais, pero descríbese como un percorrido entre a realidade e a ficción a través dun discurso moi dinámico.

- Manuel Vidal Villaverde, “A memoria histórica”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 486, “Musas”, 20 decembro 2009, p. 48.

Conversa na que Luís García Lamela realiza un repaso pola súa biografía e onde asemade comenta que o estudo do terror fascista (represión económica, laboral e psicolóxica) está practicamente inédito. Tamén sinala que *Escapado* é unha novela histórica, que é á vez conto e profunda verdade e máis que relata a historia do esquecemento e da memoria dos “escapados” da guerra civil.

Laso Lorenzo, Rafael, *O trasmundo de Antioquía*, ed. a cargo de Francisco Villegas, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, col. Narrativa, n.º 23, maio 2009, 213 pp (ISBN: 978-84-8289-320-4).

Novela de Rafael Laso Lorenzo (Xinzo de Limia, 1965) que se abre cunha serie de citas da autoría de Manuel Vicent, André Gide, Denis Diderot e Víctor F. Freixanes, ás que lle segue unha dedicatoria persoal. Ficciónase, en trinta e sete capítulos, sobre a lenda dunha posíbel cidade baixo a lagoa da Antela, situada nos arredores da Limia (Ourense). A historia cóntaa un home a partir dunha carta recibida como herdanza do avó paterno (datada en 1974), xunto con outras casualidades, como o descubrimento dun mapa antigo do século XVIII, feito polo xeógrafo Tomás López de Vargas Machuca, ou a inclusión doutros datos descritivos. A carta acompáñana unhas cuartillas nas que lle relata cómo encontrou a entrada á cidade mergullada e cales foron os sucesos que aí viviu. Reprodúcense así as palabras do avó (en primeira persoa e combinado co estilo directo), que só serán interrompidas polos comentarios e lembranzas da nenez que lle veñen á memoria do neto-narrador, a raíz desta nova. Dentro da cidade, coñecerá en primeiro lugar a Sancho Díaz, o gardián da Porta do Trasmundo, e posteriormente, ao Guiador (o xeógrafo antedito). Ambos pasarán por diferentes lugares até dar coa saída (a Sala da Grande Bóveda, a chaira de Beón, pasando polo Labirinto de Antíloco á Fraga das Ánimas, as Covas do Ermitán, ...) e entrementres, aparecerán personaxes lendarios como os cínifes voadores, a Estadea do Lethes, os cabaleiros do Santo Graal e outros como o Mestre Tangedor, os cabaleiros do Xurado da Certeza ou o xuíz Daegos. Con este legado testemuñal, o neto será quen de descubrir os significados que se acochan baixo a existencia deste enlagado trasmundo. Ao remate, inclúese un apartado de bibliografía e outras fontes consultadas.

Recensións:

- Xosé M. Eyré, “Visitar Antioquía”, *A Nosa Terra*, n.º 1.365, “Crítica”, 25 xuño-1 xullo 2009, p. 32.

Loa o novo traballo editado pola Editorial Cumio, *O trasmundo de Antioquía*, do escritor Rafael Laso Lorenzo. Explica que a novela é unha visita guiada a Antioquía e unha continua espera do "Desexado" que non é outro que Artur, que representa os ideais de xustiza. Tamén afirma que a obra mostra unha lectura en clave metafórica, imprescindíbel a ter en conta para comprender mellor a novela e, a continuación, fala dos personaxes aos que define como baleiros e sen complexidade. Remata afirmando que se trata dunha novela descritiva cun estilo elocuente.

- Dorinda Castro Soliño, "Finis Terrae", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 229, "Libros", 10 setembro 2009, p. V.

Comeza referindo a historia da conquista da Gallaecia polas tropas de Décimo Xunio Bruto atravesando o río Limia, a da cidade de Antiquía e a da lagoa de Antela desecada polos exércitos do rei Artur da Bretaña. Despois salienta a profesión e escrita de Rafael Laso Lorenzo, autor nado na comarca limiá, antes de centrarse na novela *O trasmundo de Antioquía*. Indica que grazas a tres casualidades da vida o narrador en primeira persoa decide averiguar ese "trasmundo". Apunta que na novela se mesturan a carta do avó coas "reflexións" e "observacións" que o narrador garda da súa propia infancia. Comenta que nesta novela de aventuras existe a presenza da lenda artúrica, da historia e da mitoloxía e de personaxes e feitos tanto reais coma fantásticos. Remata apuntando que se aprecian "pequenos erros" e algún "castelanismo".

Referencias varias:

- A. Baena, "Rafael Laso: 'Escribí sobre la Lagoa Antela porque soy de allí", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 xuño 2009, p. 16.

Comenta que Rafael Laso acaba de publicar a súa terceira novela, *O trasmundo de Antioquía*, baseada na lenda da cidade somerxida da Lagoa Antela. Explica Laso que na obra se mesturan personaxes mitolóxicos e históricos e afirma que un dos seus piares é Álvaro Cunqueiro, tamén está presente a súa transmisión oral familiar, concretamente as historias do seu avó. Por último, refire a relación do seu traballo de enxeñeiro coa práctica literaria.

- C. P., "Á imaxinación xunteille as historias e lendas que recibín dos meus avós", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 18 outubro 2009, p. L16.

Conversa con Rafael Laso na presentación da súa novela na que este apunta que se trata da "historia que sempre quixen escribir" porque é a lenda de Antioquía que lle transmitiron os seus avós e que el imaxinaba "de pequeno". Recoñece que *O trasmundo de Antioquía* se sitúa entre "o xénero histórico e o fantástico" mais que principalmente quixo "salientar a importancia da tradición oral" na cultura galega porque esta recolle "historias que nunca morren". Remata apuntando que na actualidade "os contos son o relevo" das historias que contaban anos atrás os avós.

Lema, Alberto, *Sidecar*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Illa nova, n.º 11, abril 2009, 165 pp. (ISBN: 978-84-9865-175-1).

Libro de dous relatos eróticos de Alberto Lema (Bamiro, Vimianzo, 1975) intitulados "A fame fatal" e "A Síndrome de Rubens", que abre cunha cita en inglés de Morrissey. As personaxes femininas son, na súa maioría, voluminosas e moi atractivas. "A fame fatal" desenvólvese fundamentalmente en Santiago de Compostela durante un período curto duns meses. O narrador é omnisciente e a súa voz aparece constantemente, intercalada nos diálogos dos personaxes. Este relato conta con frases ou palabras doutras linguas, sobre todo do inglés e do latín, e frecuentes referencias a outras artes como a música, o cine, a filosofía, a literatura, a pintura, etc. A narración consta dunha especie de escenas separadas por espazos en branco e nela cóntase que César e Mario, un vendedor de chourizos, se atopan frecuentemente nun bar con Ada, que sempre está soa, polo que César lla presenta ao seu amigo e comezan unha relación sentimental. Nas súas primeiras relacións sexuais Mario sofre exaculación precoz polo que recorre á súa ex-amante Charo para saber o que lle pasa e comproba que só lle pasa con Ada. Pouco despois ela faille asinar un contrato no que se comprometen a contarse as súas respectivas infidelidades e Mario confésalle o seu *affaire* con Charo. Un día, un ex-amante de Ada avisa a Mario de que ela nunca será súa, este pensa que está obsesionado coa súa moza pero, pouco despois, ela confésalle que ten unha aventura coa súa amiga Lucía. Mario non entende que Ada sexa bisexual, debido á súa educación, e enfádase polo que sae cun amigo separado, emborráchase e o narrador insinúa que montan unha orxía con dúas rapazas. Ao final volve á aldea, á casa dos pais, para comunicarlles que marcha a Canarias. "A síndrome de Rubens" divídese en cinco minicapítulos numerados e intitulados ("Miseria da psicoloxía", "Lourdes", "Laura", "A dona dos números" e "Sara") e un epílogo. Neste relato o narrador en primeira persoa é o protagonista, Chano, un estudante de Psicoloxía que nos conta como sucederon as súas primeiras relacións sexuais e como esas mulleres lle foron ensinando a arte de amar. Conta que perdeu a virxinidade con Laura, unha compañeira do instituto tamén virxe pero que xa fixera unha felación, e que comezou a saír con ela. No verán suspendeu as matemáticas e a súa profesora ofreceuse para darlle clases e un día acabaron deitándose xuntos; el aínda estaba saíndo con Laura, a cal tamén lle foi infiel cun monitor no campamento no que estaba aquel verán. Despois tivo un encontro sexual con Lourdes, a nai dun amigo seu. Finalmente, relata a súa relación con Sara, unha compañeira de residencia universitaria, e coa que descubriu que el tiña a Síndrome de Rubens, xa que é inmune á presión da cultura que ten como canon de beleza as delgadas, e gústanlle as gordas como mostra de rebeldía ou excentricidade. O libro remata cun epílogo que di que non vai relatar o encontro sexual con Sara e que considerou unha obriga a defensa das mulleres gordas, debido á súa inclinación por elas.

Recensións:

- Xiana Arias Rego, "Nunca fomos o que eramos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 5.

De *Sidecar* de Alberto Lema explícase que contén dúas novelas curtas ou relatos longos que continúan a traxectoria do autor iniciada coa novela *Unha puta percorre Europa* (2008), e o poemario *Plan de fuga* (2008). Sobre o contido de *Sidecar* dise que no primeiro, titulado "A fame fatal", se afonda nas dificultades dunha relación aberta de parella e os medos que xorden na autoeducación sentimental, e que o seu estilo se asenta en diálogos rápidos, conversas virtuais e correos electrónicos. Tamén se salienta que os personaxes que aparecen neste relato teñen concomitancias cos da primeira novela,

Unha puta percorre Europa, o que transmite a sensación de "novos fragmentos dun crime pechado". Do tempo sinala que se determina polos diálogos e as conversas na rede e nos chats, unha linguaxe que contribúe a acentuar unha actitude revolucionaria e non só unha retórica discursiva. En canto ao segundo, "A síndrome de Rubens", sinálase que é unha descuberta da intimidade co relato das experiencias sexuais dos protagonistas no que se denomina "porno existencial". Sitúa esta proposta na liña de *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras, e *L'affiche rouge* (2007), de Mario Regueira, en especial polas coordenadas nas que se sitúan as personaxes, enriquecido na obra de Lema pola presenza do escuro ou do tangaraño.

- Dolores Martínez Torres, "Cordial ironía", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 239, "Letras galegas", 20 xuño 2009, p. 6.

Refire que a última obra de Alberto Lema, *Sidecar*, está formada por dúas novelas breves que afondan na física e metafísica do sexo. Comenta que a primeira, "A fame fatal", inclúe personaxes doutras obras anteriores de Lema, e na segunda, "A síndrome de Rubens", presenta a un protagonista que intenta explicarse por qué lle gustan as mulleres gordas. A seguir, indica que os relatos van acompañados de diálogos e reflexións internas dos protagonistas, que a prosa é simple e hai trazos de ironía.

- Sandra Faginas, "O erotismo feito humor para espertar ao verán", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 324, "Letras en galego", "Libros para o verán", 1 agosto 2009, p. 10.

Coméntase que Alberto Lema, autor da novela *Unha puta percorre Europa* (2008), publica *Sidecar*, un libro composto de dous relatos irónicos titulados "A fame fatal" e "A Síndrome Rubens", cheos de humor e erotismo. Dise que no libro aparecen "voluptuosas mulleres que arrastran ao protagonista aos enredos propios de quen se inicia na arte de amar", o cal ten as características propias dos da xeración da transición. Sinálase que o protagonista cae rendido ante os encantos da profesora severa, da nai do colega, da amiga especial, etc., que lle van ensinando, polo que se ve no libro, a súa evolución como amante.

Referencias varias:

- Alberto Lema, "A cidade de Cristal", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 11, "Inédito", 21 febreiro 2009, p. 7.

Inclúese unha breve biobibliografía de Alberto Lema anunciando a publicación da novela *Sidecar* e reprodúcense varias composicións poéticas de breve extensión baixo o título "A cidade de Cristal".

- Lupe Gómez, "Creo nunha escrita pobre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 marzo 2009, p. 35.

Realiza unha entrevista a Alberto Lema, quen acaba de publicar a novela *Sidecar*, en galego e castelán, formada por dúas novelas tituladas *A fame fatal* e *Síndrome Rubens*. Fala sobre a súa infancia e tamén sobre cómo é a vida en Compostela, ademais comenta o seu estilo narrativo e asegura que esta última obra non ten nada que ver coa anterior. A seguir, opina sobre o concepto do feminismo e as feministas e comenta as dúas

novelas que conforman o seu libro *Sidecar*. Por último, fai referencia ás necesidades económicas que sufriu e ao concepto do amor.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Infantil/Xuvenil", 7 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión desta obra de Alberto Lema, *Sidecar*, xunto aos doutras obras de recente publicación.

- C. P., "A miña novela non é pornográfica, pero ten momentos que o son", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 7 maio 2009, p. L16.

Dá conta da presentación por parte de Galaxia do novo libro de Alberto Lema, *Sidecar*, composto por dúas novelas curtas tituladas *A fame fatal* e *A síndrome de Rubens*. En palabras do autor, indica que esta non é unha novela do xénero pornográfico senón realista, ambientada en Compostela e A Coruña. Tamén afirma que a boa acollida por parte do público pode ser debida ao "morbo" que mostra a obra.

- Iago Martínez, "Narrativa subtitulada", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 22, "En portada", 9 maio 2009, pp. 2-3.

Refírese a *Sidecar* e *A praia dos afogados*, de Alberto Lema e Domingo Villar respectivamente, sinalando a excepcionalidade de que as dúas obras saian simultaneamente en galego e en castelán. Asemade, recóllense os motivos destas duplas edicións editoriais e as diferenzas entre os dous sistemas literarios aos que se enfrontan.

- V. Oliveira, "Á altura dos desafíos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Cara ao 17 maio", 14 maio 2009, p. 28.

Achéganse as opinións de distintos escritores galegos sobre a situación da literatura galega e, entre eles, aparece Alberto Lema, autor da novela *Sidecar*, quen afirma que é moi difícil publicar narrativa no panorama galego e que a poesía galega é superior á novela en calidade. Alberto Lema considera que habería que cuestionarse por qué ocorre isto.

- Xosé Carlos Caneiro, "Tempus fugit", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 318, "Club dandi", 20 xuño 2009, p. 10.

Cualifica esta obra de Alberto Lema, *Sidecar*, autor tamén d'*Unha puta percorre Europa* (2008), como unha nova perpetración pseudoliteraria que pretende imitar a Agustín Fernández Mallo.

Llorca, Jorge, *O'Salto do Can*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 272, 2009, 173 pp. (ISBN: 978-84-9914-001-8).

N'*O'Salto do can*, Jorge Llorca (Ferrol, 1952) ofrece ao lectorado unha visión do descorrer da vida no seu Ferrol natal nos anos da ditadura franquista. E para iso válese de dez historias: "O Salto do Can", "Bibián o perruqueiro", "Mercería Dorita", "O segredo de Lady Godiva", "Consultorio sentimental", "Dous de copas", "Luz de Faro",

"Unha presa de serraduras", "Un par de paxaros" e "Fotografía artística", nas que os seus protagonistas (un cego, un perruqueiro, a dona dunha merecería…) teñen en común unha vida frustrada que relatan na taberna que dá nome ao volume e da que son clientes habituais. Nestes relatos o diálogo é a ferramenta vital pero que non chega a eliminar a presenza dun narrador omnisciente. A excepción ten lugar na última historia na que se atopa un narrador en primeira persoa. En todos os relatos a linguaxe utilizada é sinxela. A fotografía da cuberta é de Andrés Etxeita. Nela aparecen tres cuncas coas que Ponciano, o dono da taberna, construía unhas pirámides que "daba gusto velas".

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Memorias dunha taberna", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 314, "Letras en galego", 23 maio 2009, p. 11.

Fai referencia á obra de Jorge Llorca, *O'salto do can*, na que o autor mostra os anos setenta ferroláns a través dos personaxes que van pasando por unha taberna. Salienta os casos reais e verosímiles, a maioría cheos de traxedia e soidade, e asegura que o mellor do libro atópase na conclusión, exposta no capítulo "Fotografía artística". Por último, fala sobre o estilo e a construción do discurso.

- Vicente Araguas, "Can sen dono", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 535, 31 maio 2009, p. 20.

Comeza loando o traballo de Jorge Llorca como escritor coa súa primeira obra, *O'Salto do can*. Indica que é un conxunto de relatos ferroláns unidos a partir dun lugar común, a taberna, e salienta certas características da obra como, por exemplo, a sutileza. A seguir, indica que o relato que máis lle gustou foi "Dous de copas" aínda que tamén destaca o relato que lle dá nome ao libro, "O segredo de Lady Godiva", e o relato de terror "Unha presa de serraduras".

- Dolores Martínez Torres, "Fórmula eficaz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 297, "Libros", 2 xullo 2009, p. VI.

Salienta da novela *O'salto do Can* que nela Jorge Llorca reúne dez historias nas que se mesturan realidades vividas e imaxinadas tanto polo autor como polos protagonistas que se deixan caer na taberna que da nome á obra. Considera que xuntas compoñen unha visión da vida ferrolá nos anos do franquismo e que estes contos responden a unha "fórmula narrativa eficaz baseada nos diálogos" dos personaxes. Ademais, sinala que, exceptuando o derradeiro conto no que o hai un narrador en primeira persoa, o resto dos contos narránse dende unha omnisciencia. Así considera que o narrador consegue penetrar nas percepcións e sentimentos dos personaxes. Conclúe que todos estes protagonistas gardan "arelas incumpridas e máis un detalle único que os afasta da normalidade".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "O lóbrego habitado na substancia", *Atlántico Diario*, "*A Revista*", n.º 455, "Musas", 3 maio 2009, p. 43.

Entrevista a Jorge Llorca que comeza achegando algúns datos autobiográficos e fala sobre a arte da pintura e a literatura. A seguir, describe a súa primeira novela que acaba de publicar, *O Salto do Can*, e comenta a situación actual da literatura galega. Por último, afirma que escribirá máis novelas.

- María Jesús Rico, "Todos temos soños, pero hai circunstancias en que son máis difíciles", *Diario de Ferrol*, "CGS", 27 maio 2009, p. 10.

Con motivo da presentación da primeira novela de Jorge Llorca, *O Salto do Can*, realízalle unha entrevista ao escritor, quen comenta que a idea de escribir sobre os anos sesenta xa a tiña dende hai tempo. Fala sobre esa época que el viviu e afirma que as frustracións que amosan os personaxes están baseadas en casos reais. Por último, refire que a narración está feita cun punto de fantasía e de humor.

- M. Dopico, "A arela de ser un mesmo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 maio 2009, p. 34.

Comeza describindo a algúns dos personaxes que aparecen na novela de Jorge Llorca, *O'Salto do Can*, que presenta na Galería Sargadelos de Ferrol. Comenta que a novela describe as vidas de personaxes dos anos sesenta con experiencias frustradas e indica que tras un capítulo introdutorio a novela se estrutura en relatos. Así mesmo, salienta que a pesar das historias crúas dos personaxes, estes non perderon a capacidade de soñar e, xunto á violencia e a tristeza, aparecen trazos de humor e fantasía.

- M. J. R., "Jorge Llorca achégase coa novela 'O'Salto do Can' á posguerra urbana", *Diario de Ferrol*, "Literatura", 29 maio 2009, p. 11.

Dá conta da presentación da novela de Jorge Llorca, *O'Salto do Can*. Refire que no acto, ademais do escritor, estivo presente Xabier Docampo e Manuel Bragado e achega as opinións de cada un sobre a obra de Llorca.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 294, "Libros", 11 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle catro descritores de curta extensión entre os que se atopa o d'*O'Salto do Can*, de Jorge Lorca.

- Xavier Castro Rodríguez, "Un espazo tabernario para vidas e espíritos", *Galicia Hoxe,* "Galicia", "Couso e arca", 25 xullo 2009, p. 2.

Comenta sobre *O'Salto do Can*, a primeira novela de Jorge Llorca publicada pola Editorial Xerais, que está formada por un conxunto de narracións entretecidas sobre denominadores comúns e que presenta o percorrido espiritual e vital dos que pasan por unha tasca ferrolá no tempo final da ditadura.

- Juan Antonio Pinto Antón, "Non vou ler 'Los hombres que no amaban a las mujeres", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/*El Progreso*, "Opinión", 24 setembro 2009, p. 31.

Asegura que non ten intención de ler *Los hombres que no amaban a las mujeres*, de Stieg Larsson, porque "por que vou ler o que len todos?". Aposta, así, polos libros que

non son *best seller* e que non destacan os donos do márketing nin as poderosas editoriais. Entre estes cita *O salto do can*, de Jorge Llorca, e que cualifica de "divertidísimo".

- Jorge Llorca, "Voces no armario", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 6 novembro 2009, p. 12.

Tras reproducir o texto intitulado "Voces no armario", de Jorge Llorca, lémbrase a súa última novela, *O salto do can*.

Llovo Otero, Alejandro, *Noite de Entroido*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, outubro 2009, 91 pp. (ISBN: 978-84-92792-18-4).

Alejandro Llovo Otero (Riveira, 1967) recolle en dez capítulos os relatos, narrados en primeira persoa, de varios amigos nunha noite de entroido. Xeralmente ao final de cada capítulo introdúcese a historia que o personaxe relatará no capítulo seguinte. O rexistro é neutro e algo máis coloquial nos diálogos. No primeiro capítulo Farruco, de trece anos, recorda como foi á casa do seu tío por orde da nai e alí sentouse cos amigos do tío a comer e contar historias de entroido. O señor Roque contou unha historia de espíritos e pantasmas que lle pasara no verán. No capítulo segundo Roque relata que encontrou a Santa Compaña. Non lle quería contar nada á muller, Maruxa, aínda que finalmente o fixo. O seu pai dixéralle que nunca pisase a herba que non estaba cortada. Ese era o motivo polo que queda atrapado na súa propia finca. Con moita intelixencia conseguiu librarse do castigo eterno da Santa Compaña. No terceiro capítulo Emilio conta como nun bar entrou un descoñecido, unha pantasma. Finalmente descubriu que era Carmelo disfrazado. O capítulo cuarto recolle a historia contada por Manolo, quen recibiu a visita dunha pantasma, Brais. Tivo que pagar por el unha débeda a Antón, algo que non fixo mentres estaba vivo, e tiña que lograr que Antón o crera. No capítulo quinto refírese a historia de Xulián, un pescador que non consigue pescar dende que ve unha figura feminina. A meiga díxolle que lle tiña que dar un fillo para que puidese volver a pescar. Convenceu a muller e esta quedou preñada. Logo decidiu facer unha trampa: invitou a meiga a cear e deulle moita sal logrando desfacer o meigallo. O relato do capítulo sexto describe a historia que conta Ramiro. Un home lle pidiu arrendar a súa dorna. Despois de varios días aceptou levar ao home a unha illa deserta onde liberou coellos e galiñas. Ramiro, intrigado, tendeulle unha trampa e descubriu na illa que era un home-lobo, polo que debía escapar. Finalmente recordou historias de cómo liberar o home e o conseguiu. A continuación Marcial contou outra historia. Laván pediulle a Marcial que o levase a Noia para facer testamento. O día que ían ir morreu e logo apareceu a súa pantasma e pediu que o levase a Noia para que os seus fillos non tivesen problemas co testamento. Como non o logrou aparecía todas as noites. A medida que o corpo podrecía aparecían máis e máis bichos na habitación de Marcial. O capítulo sétimo recolle como Xurxo, Emilio e Lois falan de mozas. Xa que Lois só pensaba en Concha, decidiron amolalo e prepararon un susto no cemiterio, aínda que o propio Xurxo tamén se asustou. O capítulo oitavo comeza con Emilio agochado no cemiterio. Sentiu que un defunto o agarraba e non podía moverse. Ao día seguinte descobreu que era unha silveira. Lois agradeceu que o librasen de Concha e contou a súa historia. O capítulo noveno é a historia da pantasma condutora. Lois viña de Santiago e perdera o coche de liña. Chovía moito e parou un coche pero o condutor era unha pantasma. Cando viu unha luz escapou do coche. Chegou a un bar onde entrou unha figura negra que se parecía á morte e que

en castelán preguntou quen se subiu ao seu coche namentres o empuxaba. Tivo que invitalo a comer. A seguir empezou outra historia que continúa no capítulo décimo. O último personaxe non sabe que contar, pois non tivo historias de pantasmas. Finalmente relatou cómo ía na bicicleta pensando que as pantasmas non existían, pero que lle pareceu ver varias e falou con elas para ver se marchaban. Coa confusión perdeu o control da bicicleta, pero deuse conta de que non era unha pantasma, era a garabata. Este último narrador é Farruco quen falaba coa nai e lle dicía que quería que lle quedase cicatriz, xa que esta era a súa primeira aventura de noite de entroido.

Lobato, Xosé Manuel, *Retorno a Natura*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, abril 2009, 136 pp. (ISBN: 978-84-89323-30-8).

Xosé Manuel Lobato Martínez (Lestedo, Boqueixón, 1958) ofrece unha mirada crítica cara á acción do home relacionada coa destrución da paisaxe galega. Xosé Manuel Lobato percorre, apoiándose nas ilustracións de Afonso Martínez (Cartaxena, 1976), varias zonas de Galicia que sufriron unha importante deterioración ecolóxica. Lobato compila aquí trinta e seis textos de denuncia nunha prosa poética. Trátase dun feixe de artigos xornalísticos que o autor publicou semanalmente no suplemento dominical "*Lecer*" do xornal *Galicia Hoxe*, como din no "introito" do seu libro. Todos eles defenden a "realidade natural e patrimonial histórica de Galicia que non debe desaparecer", tal e como o propio Lobato sinala no "introito". A ollada crítica do autor analiza propostas medioambientais que puideron nacer de bos propósitos mais que se converteron en funestos desequilibrios da natureza. Hai textos neste *Retorno a Natura* que presentan problemas medioambientais recentes. Así xa no primeiro deles ("Aos pés do castro") apela á mitoloxía e á tradición para teimar en salvar este enclave. Nesta mesma liña están tamén "Corrubedo inmenso nun pesadelo", "Nada" (tamén sobre Corrubedo), "Profanación sen control" (sobre Quilmas en Carnota e Porto do Son), "Sabedoría dun hórreo en Merexo", no que a "cabeseira" se converte en vixía da agresión contra a costa ou "Un espírito nas tebras", no que o cabo Vilán, na Costa da Morte, foi perturbado polos muíños das eólicas. Tamén "Visións de don Quixote" no que as citas da monumental obra de Cervantes serven para tentar abrir os ollos sobre a presenza dos novos muíños de vento en lugares pouco axeitados, que teñen a súa concreción na advertencia contra a alteración do Rinlo en "Perpetuidade estelar". Para defender este legado dos devanceiros cómpre persoas como Don Roque ("Cátedra de mestre") a transmitir leccións de amor e cariño á natureza; como Pedro, ese funcionario que un día descobre a Natura e cambia a súa concepción do mundo ("Brincando coa tolerancia"); como Man, o alemán de Camelle, a construír arte nos petóns de Aveirada, Filisiano, Currovella ou Penadaija, (aínda que pode que outros pensen que a súa obra é un atentado contra a naturaza) e que morreu afogado; como Victorino, o de máis idade da aldea, a lembrar a morte do carballo centenario ("Era de proveito") como símbolo do despoboamento ao que está condenado o medio rural. E que se amplifica na memoria dos desastres marítimos da que dan fe "Os paseados": Ostedijk, Erkowitz, Dortmound, Urquiola, Andros Patria, Casón, Mar Exeo ou o Prestige. A desfeita do Prestige nárrase no texto "o tapiz da discordia". Non se contén Lobato nas súas críticas cando describe a "cegueira do olor", unha doenza que está a trastornar o olfato da clase política galega ("Arrecendo da terra"). Malia a seriedade dos temas tratados, en Lobato hai vestixios da ironía que acada o seu cumio no texto de etnografía sobre a noite do San Xoán, "As bruxas vingadoras", ou sobre o entroido ou carnaval perfectamente descrito en "Sentenza da cinza". Outros textos profundan na dimensión mítica, como "Vereas de

grandeza", que enxalzan os sete camiños que levan a Compostela e as "Nobres pedras e vigorosas follas" do Padrón de Macías o Namorado e de Rosalía, ou "As bágoas da vella sobreira", "Conflito histórico" e "Tambores do medievo", todos eles excelentes reflexións sobre a contorna do Pico Sacro e a súa lenda; ou o castiñeiro de Outeiro en "Boimorto, o lar existe"; ou saúdan a apertura dun Museo do Mar ao tempo que describen a vila que o veu nacer, en "Rianxo no Mar". Hainos que defenden a vida desta terra como "O Sar reverberano" e "O misterio do Refuxio" nas fermosas maquías de Xan Castro no río Tambre ou "O exemplo do Vilabade", onde a man dun home sensíbel permitiu a recuperación dun pequeno muíño para lle dar nova vida ás augas cristalinas. Esa intervención humana que pode crear marabillas arquitectónicas como o faro de César Portela en "Punta Nariga". Outros alertan da desfeita das canteiras que ameaza "O Courel, no fío da inquedanza", un parque natural que tamén se reivindica en "Ese valado especial" e "Branco Courel". Ou acoden á memoria de nós como en "Marabilla aniquilada" para lembrar a desaparición dun río ou reivindican o ben público perante as expropiacións como en "Zoar na illa de Cortegada". Dous contos, "Sinfonía ao Luar" e "O caxato de Xan da Portela" completan esta obra de Lobato que convida á reflexión sobre a necesidade da protección do medio ambiente.

Recensións:

- Miro Villar, "Retellar sempre no teito das palabras", *Grial*. *Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 109-110.

Sinala que *Retorno a Natura*, de Xosé Manuel Lobato, compila trinta e seis pequenos textos que quedaron inéditos e non foran publicados polo autor semanalmente no suplemento "*Lecer*" de *Galicia Hoxe*. Deste modo, informa que ven a luz por primeira vez, agás algún que xa fora publicado en obras colectivas. Indica que Lobato escolle unha ollada crítica, de "inmenso amor a unha natureza", para analizar as propostas medioambientais. A medida que indica os títulos dalgúns destes textos, sinala os puntos e temas centrais: a defensa de espazos de grande valor de modelos que non respectan o medioambiente, a transmisión de leccións de amor á natureza ou a dimensión mítica que leva a reflexionar sobre certos lugares naturais de Galicia. Alén da "seriedade" destes temas, dise que hai neles "vestixios de ironía".

Referencias varias:

- C. P., "A natureza non é nosa, é unha herdanza que temos que coidar e transmitir", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 1 maio 2009, p. L16.

Comenta que Alvarellos Editora vai presentar na Feira do Libro de Santiago o último título de Xosé Manuel Lobato, *Retorno a Natura*. Indica que a obra consta de trinta e seis relatos que reflexionan sobre a actuación da sociedade cara á natureza. Refire que algúns dos textos son de denuncia e outros loan paisaxes. Lobato defende as asociacións ecoloxistas e asegura que a natureza non pertence ao home senón que é unha herdanza que hai que coidar.

Lopo, Santiago, *Peaxes*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 271,

febreiro 2009, 94 pp. (ISBN: 978-84-9782-958-8).

Esta obra de Santiago Lopo (Vigo, 1974) é un relato a xeito de caderno de campo no que o seu protagonista, un caixeiro de peaxe dunha autoestrada galega, anota o que lle sucede diariamente no seu posto de traballo durante dúas semanas. O caixeiro imaxina a vida de seis condutores, que son chamados polo nome do seu coche: Gran Cherokee, Matiz home e Matiz muller, Golfiña, Clio e máis Ibiza, os cales teñen unha vida imaxinada na cabeza do caixeiro. Un día Ibiza pica unha roda e o caixeiro axúdao e como agradecemento Ibiza dálle unhas entradas para un concerto no bar Rookies no que toca coa súa banda Remolca Madriña. O caixeiro reparte entradas para o concerto a Clio, Golfiña e Matriz e así logra xuntalas e coñecer a verdadeira vida de cada unha delas. No bar Rookies descobre que Gran Cherokee non é un narcotraficante como pensaba senón un veterinario e nun dos bailes Golfiña, que resulta ser unha estudante de universidade, dálle un bico pero remata a noite na cama de Clio, unha profesora de galego, pola que sempre se sentiu atraído. Esta novela breve, que non conta con índice, péchase coa relación de todas as cancións citadas e os seus intérpretes-compositores por orde de aparición e que son as que o caixeiro escoita cada vez que lle pagan os condutores.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Anónimos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Libros", 30 abril 2009, p. V.

Comeza ofrecendo algúns datos sobre a traxectoria literaria de Santiago Lopo e pasa a falar da súa última novela, *Peaxes*. Comenta que se trata dunha novela breve, de ritmo áxil e con moita acción, na que as historias parten dun personaxe que é cobrador de peaxe e a partir del desfilan o resto de personaxes, é dicir, a obra é un puzzle de personaxes enlazados a partir do personaxe cobrador. A seguir, destaca a capacidade de sorpresa que mostra a novela así como os diálogos breves e intensos entre o cobrador e os que pasan pola peaxe, nun tempo máximo de tres semanas.

- Ramón Nicolás, "Novelas con banda sonora", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 311, "Letras en galego", 9 maio 2009, p. 13.

Comenta a última novela de Santiago Lopo, *Peaxes*, que como as obras anteriores, presenta o gusto pola brevidade e o esencialismo propio do autor, así como unha historia orixinal: un cobrador de peaxe relata as vidas dos condutores que van pasando pola autoestrada. Destaca a estrutura da obra e tamén salienta os trazos de humor e ironía no deseño dalgúns personaxes.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "O universo ao ritmo da música", *Atlántico Diario*, "*La Revista*" , n.º 446, "Musas", 1 marzo 2009, p. 50.

Dáse conta das reflexións do profesor Santiago López Lopo logo de facer un breve percorrido pola súa traxectoria vital e profesional. Sinálase a publicación da súa segunda novela, *Peaxes*, na que se conta a historia dun caixeiro de peaxes que ve como

lle pasa a vida en forma de coches. Apúntase tamén a relación profesional deste intelectual coa poesía, confesando que aínda non escribiu poemas pero que estes si que están presentes na súa produción literaria. Finalmente, fálase dese libro que aínda non materializou pero que lle encantaría crear, unha novela longa que enganche e atrape o lector.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 284, "Infantil/Xuvenil", 26 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se dedica unhas liñas a describir *Peaxes*, de Santiago Lopo, e outras obras.

- A. S., "Santiago Lopo presenta o seu último libro 'Pasaxes", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 abril 2009, p. 40.

Dá conta da presenza do escritor Santiago Lopo na librería viguesa Librouro para presentar o seu último libro, *Peaxes*. Comenta que é unha novela de acción, con ritmo áxil e final apoteósico.

- A. Saá, "Unha novela é completa cando me entretén, me fai aprender algo e me fai pensar", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 maio 2009, p. 45/"Unha novela é completa cando me entretén e me fai pensar", *La Opinión*, "Cultura", 4 maio 2009, p. 50.

Realiza unha entrevista a Santiago Lopo quen fala sobre a súa última novela, *Peaxes*. Comenta cómo lle naceu a idea de facer protagonista da historia a un cobrador da peaxe de autoestrada e indica que este personaxe tamén reflexiona sobre as vidas dos que vai coñecendo e de cómo é a Galicia actual. Lopo asegura que é unha novela con moito ritmo e cun final apoteósico. Por último, refire que ten influencias do cinema e a banda deseñada e comenta que para que unha novela funcione ten que entreter ao lector.

Lourenzo, Manuel, *O hóspede escandinavo*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, n.º 45, decembro 2009, 62 pp. (ISBN: 978-84-92646-07-4).

Relato sobre a figura de Álvaro Cunqueiro que Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) nos presenta baixo o formato dunha aventura que transcorre entre Elsinor e Mondoñedo. A través do "éter do espello" o personaxe principal, Horacio, transfórmase nun ser atemporal que se despraza dende os tempos do príncipe dinamarqués até os do escritor galego para describir ao lectorado as estrañas circunstancias que rodearon á posta en escena da súa peza *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, en 1958. Ao longo da escrita aparecen personaxes como Ofelia, Dieter, Polonio ou Laertes, mesturados con outros como César ou Carmiña, co obxectivo de ir conducindo os lectores e lectoras nun mundo no que nada parece ser o que realmente é. Narrado en primeira persoa, diversos acontecementos como a intoxicación na taberna, o enterro de Ofelia, o ensaio da peza e a súa representación van cobrando azos no seo da historia, diluíndose no tempo ante a ollada do lectorado. A linguaxe que Lourenzo emprega é raiana no lirismo, ateigada de adxectivación e, por veces, máis cotiá coa intención de separar os microcosmos individuais dos personaxes.

Mariño del Río, Manuel, *O peto de cartón*. *Conversas literarias cun vello mestre*. Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2009, 91 pp. (ISBN: 978-84-96673-92-2).

Manuel Mariño del Río (Porto do Son, 1955) conta neste libro a relación entre un mozo de catorce anos chamado Xacobe e un vello mestre xubilado, Don Anselmo. Consta o relato de vinte e dous capítulos de extensión moi variada. A historia comeza cando o profesor de lingua e literatura galega lle encarga a Xacobe un traballo sobre a historia da literatura galega. A nai de Xacobe, Sabela, recoméndalle que visite o antigo mestre do pobo, Don Anselmo, xa que el lle pode axudar con ese traballo. O neno decide ir visitar o mestre e a partir deste momento comeza unha relación de amizade entre os dous. Don Anselmo cóntalle polo miúdo a historia da literatura galega, dende os seus inicios coa lírica galego-portuguesa, pasando polos Séculos Escuros até a actualidade. Ao mesmo tempo o narrador vai contando a historia da familia de Xacobe. Un dos capítulos máis extensos conta o naufraxio do avó do neno, Andrés "O lombiño", no que case perde a vida. Tamén se conta o naufraxio do pai de Xacobe, o cal apenas tivo consecuencias negativas. O relato avanza coas conversas literarias do vello mestre co neno e ao final da historia o profesor de lingua e literatura galega felicita a Xacobe por realizar un traballo tan completo.

Martínez Oca, Xosé Manuel, *O vicio Nefando*, A Coruña: Baía Edicions, col. Baía Narrativa, n.º 25, 2009, 318 pp. (ISBN: 978-84-92630-07-03).

Cosme Damián Ferro Barreiro é o protagonista desta novela de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942). No libro cóntase a historia dun aspirante a escritor que se sente frustrado pola vida que leva e polas poucas oportunidades que o mundo editorial lles dá aos escritores noveis. Comeza a historia cando Cosme decide presentarse ás oposicións de secundaria pola especialidade de lingua e literatura castelá. A primeira vez que se presenta fracasa estrepitosamente, pero por consello dun amigo continúa preparando a oposición e decide apuntarse a unha academia. No segundo intento consegue aprobar, pero sen praza e daquela séntese perdido e busca outras posíbeis solucións para poder independizarse dos seus pais. Nun primeiro momento intenta traballar no ensino privado, pero non o consegue. Logo decide dar clases particulares e despois dalgún tempo, atopa varios alumnos aos que lles ensina inglés. Como ve que este traballo non ten futuro, decide escribir unha novela e probar sorte presentándoa en varias editoriais, as cales non lle fan caso. Desesperado, decide escribir artigos xornalísticos, pero de novo atopa o rexeitamento dos editores dos xornais. Ao final manda a súa novela a un concurso literario, e para a súa sorpresa, logra o premio. A partir deste intre a súa situación cambia, pero vai descubrindo moitos atrancos para poder publicar o que quere. A editorial que lle propón publicar a novela gañadora do premio, pretende modificar o título e algúns capítulos. Ao final, Cosme decide facerlles caso e observa como a penas se venden exemplares. A historia avanza coa desesperación do protagonista ao darse conta do mercantilismo das editoras e a cobiza dos considerados faros e guías da cultura. O protagonista acaba converténdose nun escritor fracasado e abnegado.

Recensións:

- Armando Requeixo, "O vicio da escrita", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Libros", 17 setembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 251, "Letras galegas", 26 setembro 2009, p. 7.

Destaca o labor literario de Xosé Manuel Martínez Oca, quen nunca repite temas nas súas novelas e que acaba de publicar *O vicio nefando*, que versa sobre o oficio literario e as súas miserias. Comenta que o protagonista da novela decide ser escritor, e así vai destapando os aspectos menos nobres da profesión. Indica que para crear este argumento o autor se serviu do humor e o sarcasmo paródico e hilarante e asegura que por debaixo desta historia a obra recolle unha crítica á sociedade actual.

Martínez Oubiña, Miguel Anxo, *Depósito de cadáveres*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, outubro 2009, 131 pp. (ISBN: 978-84-92792-09-2).

Conxunto de once relatos de Miguel Anxo Martínez Oubiña (Ousensa, Vilanova de Arousa, 1976) con diferentes tramas: un encontro casual dun home e unha muller, unha muller curiosa que rouba cartas, un escritor que tenta coñecer a unha "admiradora secreta", un home ao que lle gusta pasear ao anoitecer polo lugar onde vive, un mozo que se dirixe a un concerto heavy, etc. A morte é un elemento habitual na maioría dos relatos, presentada de forma casual ou atraída polo misterio ou a perturbación manifesta nos seus personaxes, caracterizados por certa inestabilidade emocional, xunto con outros elementos como o desamor, a soedade, a loucura e a incomprensión. As accións dos relatos sucédense con violencia, pero tamén con humor, ironía ou tenrura, a través das que superan as situacións da vida. Nunha linguaxe directa e actual a voz narrativa aparece en terceira persoa, combinada ás veces cos pensamentos dos personaxes ("O agardador") ou relatados polo propio protagonista ("Os intérpretes do mal"). Destaca, polo xeral, a imprecisión temporal sobre uns espazos facilmente recoñecíbeis como son Santiago de Compostela, Ribadavia, Vilanova de Arousa ou Madrid. Porén, noutros relatos non se sabe o lugar onde acontecen os feitos. Os relatos, de extensión irregular, íntitúlanse: "Carne fresca", "O pecado capital", "Anoitece en Ribadavia", "Remites", "A cita", "O agardador", "Nacho", "Bar Pinocho", "Os intérpretes do mal", "Os homes-gato" e "A poza encantada".

Martínez Oubiña, Miguel Anxo, *En precario*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2009, 129 pp. (ISBN: 978-84-96673-89-2).

Miguel Anxo Martínez Oubiña (Vilanova de Arousa, 1976) relata neste libro a precariedade laboral e as penurias que sofren unha parella de noivos na cidade de Vigo. O relato está dividido en seis días a modo de capítulos. O libro arrinca un luns cando un vendedor de comercio, Xosé Manuel Pazos, percorre as rúas da cidade olívica á procura de clientes, enfrontándose cun taberneiro fanático do Real Madrid ou co director dunha xestoría estafado polo seu propio xefe. Ao mesmo tempo tamén presenta a moza deste comercial, Marta, a cal traballa nun supermercado de caixeira e repoñedora. A rapaza traballa máis horas das contratadas e ten unha encargada que a asoballa e un xefe que é un ditador. A historia de Marta e Xosé Manuel vai avanzando. El continúa co seu traballo de vendedor comercial de agasallos de empresa para o Nadal e descobre que non ten moito éxito. Ademais o seu xefe non lle paga a tempo. Por riba, ten un pequeno accidente co coche e non ten diñeiro para poder arranxalo. Ante tal situación

económica, coa axuda do seu amigo arxentino Oswaldo, acode como mozo de compañía a unha cita cunha muller rica. Mentres Marta ten que preparar a iluminación e os adornos de Nadal no supermercado no que traballa ante a inminente visita do alcalde de Vigo. Ao final da historia, Xosé Manuel perde o seu traballo e Marta descobre que está embarazada. A situación económica segue empeorando e deciden ir traballar a Canarias.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Xiringas da explotación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 agosto 2009, p. 30.

Refire que o xornalista Miguel Anxo Martínez Oubiña acaba de publicar a súa primeira novela, *En precario*, editada por Toxosoutos. Comenta que o escritor pretende denunciar en clave de humor a situación de precariedade laboral que se vive na sociedade galega e indica que a novela se estrutura en seis capítulos que se corresponden con seis días da semana nos que circulan variados personaxes. Por último, o autor dá conta das dificultades que pasou para poder publicar a obra.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 304, "Infantil/Xuvenil", 15 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comenta a modo de recomendación *En precario*, de Miguel Anxo Martínez Oubiña, entre outras novidades literarias.

Mella, Carlos, *Memorias dun ninguén*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 275, 2009, 170 pp. (ISBN: 978-84-9865-209-3).

Biografía novelada de Carlos Mella (O Foxo, A Estrada, 1930) na cal o autor vai intercalando pequenas pinceladas sobre a súa vida coas reflexións culturais, literarias, sociais e políticas que eses acontecementos lle van provocando. Obsérvase en cada unha desas reflexións unha crítica, moitas veces irónica, sobre relixión, política e sociedade. Estrutúrase en vinte e oito capítulos con numeración romana nos que a voz narradora en primeira persoa vai debullando a súa vida dende a infancia até o momento actual, a súa etapa como xubilado. Pártese da súa infancia na aldea, entre xogos infantís e a etapa escolar no colexio dos xesuítas, e lémbrase a inxenuidade coa que vivía a chegada do franquismo. Deseguido céntrase na etapa universitaria en Deusto, onde comeza a carreira de Dereito e Económicas, e serve esta parte para lembrar tamén a figura dos pais e o que para el supuxeron, así como para intercalar aquí diversas reflexións sobre a cultura, a política, a lingua e a identidade de Galicia. A súa volta a Galicia e a entrada na Universidade de Santiago no ano 1948 fanlle ver, segundo na novela se expón, que daquela non existía unha conciencia galega no ambiente universitario, o cal ficaba marcado polo intolerancia, o despotismo, a tristura social e o poder eclesiástico que impuñan as súas crenzas tentando cortar calquera axexo de pensamento libre. Despois fala sobre a época en Madrid na cal oposita e consegue a súa praza así como a súa dedicación ao fútbol. Lembra logo con moito agarimo a súa estadía en Xenebra e París e o momento en que coñece a súa muller, o seu casamento ou a súa educación sexual. Engádense neste momento as reflexións e críticas ás represalias do franquismo, o paso da ditadura á transición ou a reposición da monarquía sen que os cidadáns puidesen

decidir se a preferían á República. A continuación explícase a súa volta a Galicia e o profundo desasosego que isto lle produce ao atopar unha terra totalmente diferente á que el deixara. Nas páxinas finais lembra a súa incursión na política galega cando chega a ser vicepresidente da Xunta de Galicia ao carón de Xerardo Fernández Albor e a súa integración nas listaxes do BNG (Bloque Nacionalista Galego) para o Parlamento Europeo, feito que lle serve para reflexionar amplamente sobre a situación actual de Galicia. Tras isto achégase ao final da obra centrándose na súa actual etapa vital como xubilado que lle permite gozar de moitos intres para a reflexión en compañía dos seus e vivir sen maiores preocupacións. Finalmente, o último capítulo constitúe unha reflexión sobre a chegada da vellez e a vivencia da mesma así como a tristura previa que isto provocou nel até a aceptación definitiva. A linguaxe fluída e o ton coloquial, unido a unha sintaxe sinxela e un léxico coidado pero informal dotan a obra dun ritmo áxil que permite gozar coa súa lectura e ao tempo o seu contido permite un achegamento ao coñecemento da evolución histórica de Galicia ao longo de case todo o século XX.

Recensións:

- X. M. Eyré, "Autobiografía novelada de Carlos Mella", *A Nosa Terra*, n.º 1.375, "Cultura", "Crítica", 1-7 outubro 2009, p. 28.

Analízase a obra de Carlos Mella, *Memorias dun ninguén*, da que primeiramente se di que fica a medio camiño entre a autobiografía novelada e a ficción (auto)biográfica. Malia que o protagonista é o propio Carlos Mella dise que se consegue manter a ficción polo distanciamento dende o que está escrita, o cal favorece a análise, interpretación e explicación dos acontecementos relatados. Sinálase que o tempo que se abrangue na obra son os dous derradeiros terzos do século XX até a actualidade. Indícase que o propio autor pretende transmitir nestas páxinas unha escolma de feitos que son lembrados na súa memoria polo ambiente no que se desenvolveron, dentro do ámbito político e social que el mesmo viviu. Dánse como trazos formais unha prosa clara e directa e ao tempo dotada dunha fina ironía, unhas descricións de calidade, evocadoras e sintéticas e por último unha boa administración do ritmo. Destácase tamén que se fai nela unha análise das medidas que o goberno da Xunta, o PP de Alberte Núñez Feijoo, está tentando tomar coa cultura e a lingua galegas.

- Vicente Araguas, "Un home dun milleiro de pezas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 557/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 593, "Páxina literaria", 1 novembro 2009, p. 4.

Descríbese o contido da obra *Memorias dun ninguén*, de Carlos Mella, da cal se di primeiramente que o título da mesma non é do gusto do autor do artigo por non parecerlle axeitado. Tras isto descríbese o argumento desta novela autobiográfica da que se destacan as descricións e as "axeitadas reflexións". Indícase que se mestura a realidade cunha mínima ficción que se observa na aparición dalgún personaxe como o Requeixo. Tamén se di que está presente o costumismo dunha época como o franquismo e que se inclúen anacos de poemas que achegan un certo lirismo.

- Xosé Carlos Caneiro, "Soles", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 366, 24 outubro 2009, p. 12.

Fálase sobre a obra *Memorias dun ninguén*, de Carlos Mella, que se cualifica como un "libro de memorias noveladas", no cal se parte da visión inxenua da infancia durante os tempos de guerra e da posguerra. Entre os trazos que se observan na obra destácase a soidade, a autoafirmación do galeguismo, a meditación, a sinxeleza estilística e o fondo compromiso.

- Dolores Martínez Torres, "Autobiografía novelada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 306, "Libros", 29 outubro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 257, 7 novembro 2009, p. 6.

Analízase a obra de Carlos Mella, *Memorias dun ninguén*, que se cualifica como unha "autobiografía novelada" na que a través da súa memoria vai enfiando as historias que conformaron a súa vida, con especial fincapé na etapa de guerra e preguerra. Dise que os personaxes van aparecendo e desaparecendo e as súas peripecias persoais importan segundo o ambiente no que se insiren. Sinálase que as vivencias do narrador serven para, de xeito ameno, describir e reflexionar sobre o momento político e social que lle tocou vivir: recordos da infancia, a guerra civil e a posguerra, a adolescencia no internado dos xesuítas, o ano en Deusto, a vida en París, a transición tras a morte de Franco, a entrada na política autonómica até chegar ao presente que analiza cunha ollada moito máis crítica por, segundo se di, non "recoñecerse nos espellos". Finalmente coméntase que todo está narrado baixo unha ollada persoal e interesante cun punto de ironía que marca o distanciamento pretendido.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Memorias dun ninguén", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno Aberto", 17 agosto 2009, p. 3.

Lémbrase a importancia de escritores como Carlos Mella na literatura galega tras o seu paso pola política e lémbranse as obras que forman parte da súa traxectoria literaria até chegar á última publicada que é *Memorias dun ninguén*, que permite, segundo se expón, aproximarse á historia vital e experiencias do autor. Dise tamén que a obra posúe un ton reflexivo e un discurso literario que a converten nun "elegante tratado sobre a arte de vivir".

- M. Dopico, "Son uns mentireiros", *Galicia Hoxe*,"MARÉ", 19 agosto 2009, p. 29.

Fálase sobre a obra *Memorias dun ninguén*, do escritor e político Carlos Mella, da que se di que é unha biografía na cal se fai unha crítica á clase dirixente galega á que el pertenceu. Dise que no relato están presentes a vellez, a morte, o desacougo ante a crueldade do mundo xunto a certo escepticismo e desencanto sen que se converta nun libro pesimista. Tamén se indica que a ironía e o humor axudan a desdramatizalo todo sen maquillar realidades. Sinálase que o propio autor destaca no libro "o silencio" como expresión imposta tras a guerra civil, a "bestialidade" da represión, o "despotismo caciquil", a intolerancia e o fanatismo das décadas dos corenta e cincuenta en Santiago e Madrid contrapoñéndoo coa liberdade de París. Outros temas presentes, segundo se comenta, son os anos de estudante en Deusto, unha visión desmitificadora da transición e a concepción de Galicia como "unha nación de seu".

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión de *Memorias dun ninguén*, de Carlos Mella, entre outros.

- Anxo Tarrío Varela, "Un ninguén con memoria", *Galicia Hoxe*, "A Contra", 11 novembro 2009, contracuberta.

Coméntase que, dende a etapa actual de senectude, Carlos Mella escribe o seu último libro, que leva por título *Memorias dun ninguén*, no cal el mesmo vai artellando os relatos autobiográficos encadeados polo fío da memoria que compoñen a súa vida. Fálase da súa infancia no rural, pasando pola etapa de estudante en Deusto e Madrid, a presidencia da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) e a súa faceta como político na Vicepresidencia de Asuntos Económicos da Xunta de Galicia.

- C. P., "Escribín coa óptica do observador amable que conta o que ve na rúa", *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, "A Pie de Calle", 16 decembro 2009, p. L16.

Faise unha pequena entrevista a Carlos Mella, tras a publicación da súa obra *Memorias dun ninguén*, da que se di que é un percorrido vital polos acontecementos da historia galega dende os anos trinta até a actualidade. Pregúntaselle sobre a obxectividade da obra, sobre a súa vivencia do franquismo ou sobre o posíbel didactismo da mesma.

- Alberto Ramos, "O castelán en perigo? Iso é cousa de desgraciados", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 20 decembro 2009, p. 41.

Coméntase que Carlos Mella presenta o seu libro autobiográfico *Memorias dun ninguén*, en Santiago e lémbrase primeiro a súa faceta como político no goberno de Gerardo Fernández Albor e como presidente da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega). Logo faise unha entrevista ao autor na cal el mesmo aclara que só escolleu os momentos que considera máis relevantes da súa carreira profesional e vital e que a súa faceta política é á que menos importancia lle dá. Por último tamén fai o autor unha crítica á actual política lingüística da Xunta de Galicia.

Monteagudo, Xosé, *Un tipo listo*, XXI Premio García Barros 2009, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 279, novembro 2009, 352 pp. (ISBN: 978-84-9865-222-2).

Novela de Xosé Monteagudo (Moraña, 1965) que se desenvolve a través dun narrador protagonista en primeira persoa. Este personaxe, fillo do director dunha sucursal bancaria, Manolo Cortizo, atopa o cadáver do seu pai no sofá da casa onde este vive só, xa que mantén moi pouca relación cos dous fillos que ten. No comezo da investigación policial descóbrese que o morto cometera un gran desfalco e os dous fillos convértense nos principais sospeitosos. A relación entre os dous irmáns tampouco é moi fluída pero deberán afrontar o problema xuntos. Xa nas exequias do pai morto mantén o narrador-protagonista algunhas conversas con amigos daquel que lle van descubrindo diversas manobras para ir ascendendo socialmente e laboralmente sen ter en conta as consecuencias. No medio do proceso xudicial no que se ve implicado o protagonista ten lugar tamén a súa separación matrimonial e demóstrase a profunda distancia que existe

entre el e o seu irmán. Finalmente, entre as moitas descubertas que van xurdindo da vida paralela de Manolo, o seu fillo descobre mesmo a existencia dun irmán que el descoñecía. O espazo temporal que abrangue a obra son os tres anos que transcorren entre que se produce a morte de Manolo e a resolución xudicial final que afecta aos dous fillos do morto. O máis destacado é a estrutura do libro xa que esta se presenta en tres apartados denominados "libros" que levan por título: "Debe", "Haber" e "Saldo" emulando a linguaxe administrativa relacionada co mundo da contabilidade que protagoniza a historia. Cada un deses tres "libros" contén varios capítulos, dez no primeiro caso, oito no segundo e catro no terceiro e á súa vez levan por títulos palabras relacionadas coa contabilidade e a administración de empresas: "Crédito", "Marxe de beneficio", "Investimento", "Plusvalía" ou "Fideicomiso". Por último, en canto á estrutura hai un apartado denominado "Agradecementos" no que o autor se refire e agradece a axuda de todas as persoas que o acompañaron no desenvolvemento da escrita da novela. A linguaxe empregada adáptase á norma estándar sen presentar ningún tipo de desvío, nun ton coloquial en un vocabulario que non presenta dificultades para o lectorado.

Recensións:

- X. M. Eyré, "Manolo comete un desfalco", *A Nosa Terra*, n.º 1.388, "Cultura", "Crítica", 31 decembro-14 xaneiro 2009, p. 28.

Analízase a obra que gañou o Premio García Barros de Narrativa 2009, da que se destaca primeiramente o seu título, "unha frase feita moi popular", *Un tipo listo*. Dise que, a través dun dos seus fillos, se coñece a vida de Manolo, un home que partindo da miseria consegue unha boa posición social mais comete un gran desfalco. Considérase que aparentemente resulta unha novela sinxela, pero realmente é bastante complexa. Destácase a eficacia da técnica narrativa xa que consegue que a narración envolva o lector de xeito que o narrador vai achegando información de xeito dosificado e con discreción, é dicir, con naturalidade, sen pretender impresionar coa linguaxe. Sinálase que hai un estudado uso do resumo e do estilo indirecto que dotan de axilidade narrativa ao texto. Ao tempo danse continuas propostas para a reflexión como, por exemplo, as relacións interxeneracionais, as herdanzas, a fidelidade e a solidariedade. Tamén se destaca a destreza na construción dos personaxes.

Referencias varias:

- Belén López, "Tipos listos coñecemos todos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 17 decembro 2009, p. 68.

Entrevístase ao gañador do Premio García Barros de Novela, Xosé Monteagudo, coa novela *Un tipo listo*, da cal se di primeiramente que é unha das revelacións literarias da última década en Galicia. Primeiro o autor fala sobre o feito de ter recibido xa dous dos premios literarios máis significativos da literatura galega, o actual e anteriormente o Blanco Amor. Logo explica en que historia real ocorrida nos anos noventa se baseou o autor para escribir a novela e reflexiona sobre o poder do diñeiro e sobre os escenarios nos que se desenvolve a historia.

- Manuel Vidal Villaverde, "Vida e literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 487, "Musas", 27 decembro 2009, p. 48.

Primeiramente pídeselle ao escritor Xosé Monteagudo que faga unha pequena biografía súa incluíndo vida e obra e logo fálase sobre a importancia que ten para el escribir novelas, sobre o estado actual da literatura galega e sobre os gustos literarios do autor dende a súa faceta de lector e aclara que esta última obra, *Un tipo listo,* é unha novela de suspense que se desenvolve en Vigo e describe unha trama financeira tecida arredor dun desfalco bancario de grandes proporcións.

- Manuel Vidal Villaverde, "Vida e literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 487, "Musas", 27 decembro 2009, p. 48.

Trátase dunha longa conversa con Xosé Monteagudo, autor que vén de gañar o Premio García Barros de narrativa coa súa novela *Un tipo listo.* Primeiro faise un percorrido pola biografía do escritor e logo coméntase amplamente con el a situación sociolingüística da Galicia actual a partir da intención da Xunta de Galicia de introducir un novo decreto que regula o uso do galego e do castelán no ensino non universitario. Tamén se fala sobre a situación actual da literatura galega, sobre a novela *Un tipo listo*, sobre os gustos literarios do autor e por último sobre a súa visión da vida.

Montero Núñez, María José, *Rabuñando no recordo*, Ponferrada: edición da autora/Peñalba Impresión, xullo 2009, 142 pp (ISBN: 978-84-613-3352-3).

Conxunto de vinte e tres relatos breves de María José Montero Núñez (O Castro-Silleda, 1957), quen reside no Bierzo dende 1976. Todos eles teñen unha nota común: o achegamento á psicoloxía humana. Conta cun prólogo de Manuel Silva García, intitulado "Leccións para vivir e convivir", onde se resalta a intelixencia coa que se trata a memoria neste libro e onde se achega á faceta máis persoal da autora. Dende diferentes perspectivas narrativas como a primeira persoa en "O brazo de xitano" ou "A lata de sardiñas"; a terceira persoa omnisciente en "O estudo sociolóxico" ou "Manuel da Caseira", ou mesmo o diálogo teatral en "Noites de fiandón", trasládase na maioría dos casos ao mundo rural da infancia, onde se reviven as lembranzas e se resucitan persoas que por un ou outro motivo foron especiais: "Manuel da Caseira" ou "O tío avó Manuel". O abano de temas que se tratan é moi amplo: o amor é o tema de relatos como "O derradeiro adeus" e de "Resucitado"; a memoria infantil é o tópico de "A lata de sardiñas" e de "O brazo de xitano"; o valor de superación é o eixe temático de "A nosa heroína"; a violencia aparece de maneira cruel en "Raquel"; e a cultura propia aldeá xorde en "O fillo do crego" ou en "O estudo sociolóxico"; e a amizade é o tema principal de "Por campar, rabiar". Nos vinte e tres relatos de *Rabuñando no recordo* teñen cabida personaxes entrañábeis como Xan, O Pobre, ou Anita, ambos os dous tolos e desamparados; Carmiña do Couto, unha muller de cincuenta anos que o día antes da súa voda deixa que a súa amiga limpe o seu corpo dos restos do pasado e a transforme nunha fermosa noiva; ou Celiña, unha moza que vive na aldea coa súa familia e ten que tecer a súa visión renovada da vida coas tradicións máis profundas.

Referencias varias:

- Ana F. Barredo, "La poetisa María José Montero presenta su último libro", *Diario de León*, "El Bierzo", 30 agosto 2009, p. 18.

Dáse conta da presentación de *Rabuñando no recordo* na localidade berciana de Villadepalos e destácase que a súa autora, María José Montero, centra os relatos deste libro no papel da memoria e mais nos ditos e historias das aldeas.

- Xornal, "María José Montero vén de publicar a súa primeira obra narrativa, *Rabuñando no recordo*", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 15 setembro 2009.

Indícase que a poeta M.ª José Montero vén de debutar no mundo da narración en galego con este volume do que se sinala que representa unha fonda inmersión nos costumes e na linguaxe culta e popular da xente do centro de Galicia. Finalmente faise un repaso pola produción poética desta autora.

Moreda, Eva, *O país das bestas*, Biblos Clube de Lectura, col. Mandaio, n.º 33, 2009, 174 pp. (ISBN: 978-84-936607-9-6).

Novela de Eva Moreda (A Veiga, Asturias, 1981) na que un narrador en terceira persoa omnisciente, aínda que ás veces parece que lle cede a voz ao protagonista, conta dúas historias paralelas que se van alternando e que teñen en común o espazo en que se desenvolven: O Monte das Bestas e as parroquias de Pedrasantas e Ermo, algúns personaxes e o feito de que as bestas actúan como humanos e os humanos como bestas. A primeira historia, aínda que non se especifica exactamente, pódese situar temporalmente na época da guerra civil e o protagonista é Daniel, un rapaz fuxido da xustiza que vive un ano no Monte das Bestas coa única compaña dun garañón e a súa grea e de súa irmá Madanela, que lle leva comida de vez en cando. Así pasa os días até que chega o día da rapa no que sente un tiro, pensa que están matando ás súas únicas amigas nese tempo: as bestas e sae do seu refuxio. Fóra estano esperando o Miñaxoia, o Rengo e Andrés e mátano queimándoo cos ferros de marcar os cabalos; estes tres nunca máis foron ao monte. A segunda historia sitúase máis de trinta anos despois no mesmo lugar e a protagonista é Sofía, unha xeóloga que vai facer unha tese sobre O Monte das Bestas e que se hospeda na casa dunha velliña chamada Madanela. Segundo chega, xa se decata da rivalidade entre os comuneiros de Pedrasantas e os besteiros de Ermo e ten unha relación cun dos besteiros, Andrés. Pouco despois comezan a suceder cousas moi raras: matan catro bestas a tiros no monte, envelenan o río onde beben e o Rengo aparece morto no monte; polo que decide investigar e descubrir o que pasa, bótase ao monte e ve como as bestas atacan a Andrés e uns días despois a ela. Despois morre o pai de Andrés e ela comeza a descubrir a historia de Daniel, o irmán de Madanela, até que finalmente morre Andrés e ela segue ao Miñaxoia monte arriba, o cal vese cercado polas bestas e a pistola que leva dispáraselle na cara e morre. Remata o traballo e marcha do lugar coa sensación de que todo o mundo soubo o que pasara no Monte das Bestas durante a súa estancia menos ela.

Recensións:

- X. L. Méndez Ferrín, "O País das Bestas", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 612, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 239, "No fondo dos espellos", 20 xuño 2009, contracuberta.

Comenta a obra de Eva Moreda, *O País das Bestas*, destacando que foi esta autora a primeira en tratar o tema de forma literaria. A seguir, fala sobre a polémica entre os defensores dos cabalos ceibes nos montes galegos e os agricultores. Despois comenta que a novela de Moreda está situada nos montes e aldeas próximos a Vigo e narra o argumento da historia. Así mesmo, destaca o misterio que discorre polas páxinas e tamén as características da lealdade ou a violencia e salienta o monte como un dos espazos fundamentais.

Referencias varias:

- M. G. Balseiro, "Non quería facer a novela por excelencia da rapa das bestas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 xuño 2009, p. 57.

Informa da presentación do novo libro de Eva Moreda, *O país das bestas*, e achega unha breve entrevista á autora quen comenta cómo lle xurdiu a idea de crear unha obra desta temática que se encadra en dous tempos e en dúas historias paralelas. Tamén explica Moreda que está a rematar tres obras narrativas e unha máis de poesía. Finalmente, achéganse datos sobre a súa traxectoria literaria.

- Marta Otero, "O cabalo, irmán mediano", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 317, "Etnografía", 13 xuño 2009, p. 9.

Fai referencia á novela de Eva Moreda, *O país das bestas*, publicada por Biblos e centrada na temática da rapa das bestas. Explica que a novela consta de dúas historias paralelas, os protagonistas Sofía e Daniel, unidos polo mundo dos cabalos do que describe algúns costumes.

Otero, David, *Nun bambán de non virar baldo*, A Coruña: tresCtres Edicións, col. Céltigos. Narración, n.º 7, 2009, 134 pp. (ISBN: 978-84-92727-09-4).

Conxunto de sete narracións escritas por David Otero Fernández (Santiago de Compostela, 1946) acompañadas por ilustracións de Cristina Durán Arufe e precedidas dun poema intitulado "Para ler e poñernos antes (do 1) e para todos… na memoria", onde explica o fío argumental que une o libro: "tratamos de dar no corazón". As narracións, con extensión variábel, combinan o texto narrativo, en prosa, en primeira ou terceira persoa con longas acotacións de texto dramático, aínda que non sempre se corresponda cun diálogo real. Tamén intercala poemas, tanto no inicio coma no medio das historias, e mesmo se inclúen dúas ilustracións e un pasatempo. É coma unha miscelánea de variadas posibilidades da arte, que lle dan homoxeneidade ao libro todo. A primeira historia, "A señora Maripepa", fala dos *paseos* durante o comezo da guerra civil, narrada en primeira persoa pola nai dos irmáns Ventín Rivas. Na última das historias, "De véspera para sempre", retómase este tema dos asasinados da guerra civil, o que dá significado ao "bambán" do título. A segunda historia, "Uns toques", métese na mente dun condutor da televisión mentres realiza unha viaxe, real e imaxinada, xunto a un xornalista; a palabra pensada e a oral confúndense en diálogos probábeis e imposíbeis. En "Dous no mapa" o escritor vai na procura dos seus lectores e atopa dous narradores, Lino e Avelino, e comeza a historia que el irá apuntando; inclúe dúas ilustracións a pluma en branco e negro. "Querendo a 4 planos sen (con) palabras"

intitúlase así porque está dividida en catro planos e conta a historia de Ataúlfo, "funcionario público e ladrón de bocatas"; inclúe a sorpresa dun debuxo agochado na liña de puntos numerados. En "Moncho" cóntase a historia do rapaz dos panos de papel do semáforo. Péchase o volume coa historia intitulada "Por mirar 'vientos" e refírese a Fidel do Castro, indiano que retornou pobre, e á bicicleta de "piñón fixo".

Parcero Pérez, Serafín, *Ollos de cinsa*, IV Premio do Certame de Relatos de Muller "Matilde Bares", prólogo de Salvador Castro Otero, Pontevedra: Concello de Bueu. Concellería da Igualdade, marzo 2009, 105 pp. (DL: PO 387-2009). ◆

Despois dunha introdución institucional e dun prólogo de Salvador Castro Otero no que fai un repaso ás características narrativas do autor, comeza o relato *Ollos de cinsa*, de Serafín Percero Pérez (Moaña, 1955). A obra ambiéntase nunha pequena vila que se ve invadida polos traballadores dunha autoestrada. Un narrador en terceira persoa é o encargado de falar dos distintos personaxes, entre os que salientan as figuras de Sabela, Manuel e Brais, os protagonistas dun triángulo amoroso. Sabela e Manuel coñécense nun baile, ela vive na vila cos seus pais e Manuel é un camioneiro andaluz que traballa na autoestrada. Comezan unha apaixonada relación que rematará cun embarazo non desexado, sobre todo para Manuel, que xa está casado e cuxa muller se atopa en Andalucía. Por ese motivo, Sabela terá que abortar a mans da curandeira e parteira da vila, Ofelia. Pola súa banda, Brais é un antigo mozo de Sabela ao cal coñecera nos seus anos de colexio. A relación rematou xa hai anos, aínda que o mozo nunca deixou de amar a Sabela. Por mor diso, a relación que esta mantén co traballador andaluz éncheo de ciumes, o que unido a unha personalidade inestábel fundada na súa infancia, fai que mate a Manuel. Os malos tratos físicos e psicolóxicos cara á muller é o tema central desta novela que se acompaña coas fotos feitas pola filla do autor, María Leonor Parcero López.

Pet Posse, Xosé Antonio, *O náufrago*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2009, 256 pp. (ISBN: 978-84-7824-584-0).

Xosé Antonio Pet Posse (Tella, Ponteceso, A Coruña, 1941) relata neste libro a historia de John Mac Barbour, un mozo escocés, tripulante de barco City of Agra que sufriu un naufraxio nos baixos de Canesudo (Arou, Camelle) o día 3 de febreiro de 1897. A partir deste acontecemento histórico, o narrador conta en vinte e dous capítulos as aventuras de John Mac Barbour. A historia comeza na madrugada do 3 de febreiro de 1897 cando despois de naufragar John Mac Barbour logra chegar á praia e atopa preto dela unha casa onde unha muller o acolle e lle dá roupa seca e un caldo quente. Os primeiros días logo do naufraxio John Mac Barbour pásaos na taberna do Birollo, alí dorme e mantén relacións sexuais coa taberneira Lucinda, a cal quedará embarazada del, a pesar de estar casada con Rosendo. Pouco a pouco comeza a coñecer aos veciños da zona, entre eles unha fermosa moza que responde ao nome de Suevia. No naufraxio, o protagonista conseguirá recuperar un cofre con trescentas moedas de ouro, o cal agochou nunha carballa. Para ir sobrevivindo decide vender cinco moedas a un notario veciño de Corcubión. Un mes máis tarde do naufraxio, apareceron polo pobo de Camelle dous estranxeiros estraños. Estes homes viñan dende Glasgow co obxectivo de inspeccionar o fondo da mar na procura do cofre de moedas de ouro que era posesión dun xudeu que vivía en Escocia. A partir deste momento, John Mac Barbour intenta por todos os

medios vender as moedas e volve a contactar co notario de Corcubión, Alfredo Fernández de Gamboa, o cal ten unha filla, Clarisa, que se namora perdidamente do náufrago escocés e coa que acaba mantendo relacións sexuais. Vai pasando o tempo e John Mac Barbour soluciona os problemas cos dous estranxeiros e acaba xuntándose co seu amor verdadeiro, Suevia. Deciden comprar un barco de pesca e marchar xunto co fillo de John e Lucinda, a cal morrera no parto. Uns anos despois regresan e cando se atopa con Clarisa descobre que ela tamén ten un fillo del. Cando pasan seis anos, Clarisa morre e John Barbour e Suevia acaban acollendo ao seu fillo.

Quiroga, Xabier, *O Cabo do Mundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 281, outubro 2009, 327 pp. (ISBN: 978-84-9914-058-2).

Novela de carácter histórico de Xabier Quiroga (Saviñao, 1961), na que dende o presente se afonda no escuro pasado que rodeou a Guerra Civil. O protagonista é Carlos, un profesor de secundaria, corentón que descobre que padece unha enfermidade incurábel e que decide investigar porqué no funeral de seu pai, uns anos atrás, un dos asistentes lle chamou ao finado asasino. O berro deste descoñecido esgaza o silencio e marca a vida de Carlos, quen despois de indagar entre os máis achegados busca respostas en documentación escrita, en bibliotecas e mesmo entre persoas descoñecidas, coas que vai estabelecendo relacións de amizade, algunha delas testemuña dos feitos que están na orixe do segredo que se garda no Cabo do Mundo. Esta viaxe ás fontes do pasado sitúa a Carlos ante a súa propia historia familiar, especialmente a figura de seu pai, un descoñecido para el co que sempre mantivo unha gran distancia; e súa nai, unha muller pechada entre os seus libros, esixente, preocupada pola aprendizaxe do fillo, ao que mesmo tenta facer renunciar á súa infancia e madurar prematuramente. A insistencia de Carlos por conseguir que súa nai colabore con el, que lle explique as circunstancias que rodearon a súa infancia, a súa orfandade e a relación co seu pai, provoca o enfado desta, recriminándolle ao fillo a súa actitude e aconsellándolle que se esqueza de todo se quere ser feliz. As conversas con veciños e coñecidos do home que insultou a seu pai morto ofrécelle un retrato poliédrico da sociedade galega do interior, que se vai complementando con outros microcosmos, como o do instituto no que dá clases nocturnas a un grupo de adultos ou as visitas á cidade, onde acode a bibliotecas e ao centro de maiores, no que está internado Evariso Moreiras, un vello cacique do que sospeita que é responsábel de moitas das represalias que se levaron a cabo. Ao longo da novela insírense moitas referencias bibliográficas e manéxase material histórico, especialmente no referido ás patrullas do amencer, nas que descobre que participou o propio Moreiras, pero tamén seu pai e Ramón, único sobrevivente de todos eles, que acabará por desvelarlle a verdade do ocorrido no ano 1936 no Cabo do Mundo, non sen antes tentar suicidarse na súa presenza. A loita de Carlos desenvólvese consigo mesmo e coa sociedade, na que se sente un cego que, só a través da enfermidade que padece, puido mirarse a si mesmo con outros ollos e tamén ao pasado que lle ocultaron, pois as xeracións máis vellas non lle transmitiron ás máis novas os feitos relevantes da contenda bélica que marcou as súas vidas, senón o silencio e o descoñecemento.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Terror no Cabo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. V.

Debúllase o argumento desta novela, na que dende o punto de vista ficcional se abordan feitos documentados da represión falanxista do ano 1936 de "xeito maniqueo". Destácase a acción dosificada, o estilo de prosa elaborado e mais o emprego dun galego oral, "por veces moi basto e expresivo".

- X. C, "Regreso ao pasado", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", 24-30 decembro 2009, p. 23.

Coméntase o argumento desta novela baseado na investigación dun fillo que descubre que o seu pai foi un "paseador" das longas noites de represión. No tocante a aspectos técnicos, destácase a maña do autor para manexar os tempos narrativos e a riqueza da linguaxe.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "A literatura: pedagoxía identitaria", *La Revista*, n.º 473, "Musas", 6 setembro 2009, p. 48.

Faise mención do dobre significado do título de obra de Xabier Quiroga, *Cabo do mundo*, no que se mestura un lugar real, situado na Ribeira Sacra, e un espazo interior, concretamente a viaxe interior do personaxe principal da obra.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Libros", 10 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras como esta novela de Xabier Quiroga, *O Cabo do Mundo*, entre outras.

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Infórmase da publicación de varias obras, caso d'*O Cabo do Mundo*, de Xabier Quiroga, unha novela na que se destaca a creación de espazos literarios "inquietantes e poderosos".non obstante, considérase que a trama carece de verosimilitude nalgúns aspectos e que a resolución semella arbitraria.

- Montse Dopico, "A procura da identidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 decembro 2009, p. 32.

Conversa co escritor Xabier Quiroga, centrada na súa última novela *O cabo do mundo*. O autor comenta que nela se atopan trazos común a outras das súas obras narrativas como son a procura da identidade, dun mesmo e a denuncia dunha represión. Conta que está ambientada na época da dictadura franquista e inspirada en feitos e personaxes reais. No tocante a técnica narrativa, sinala que recorreu a unha primeira persoa moi real, procurando manter o ritmo e a intriga e que recuperou léxico da súa zona, aínda que adaptándose á normativa.

Rei Ballesteros, Anxo A., *A noite do moucho*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria Biblioteca Rei Ballesteros, n.º 1, outubro 2009, 115 pp. (ISBN: 978-84-9865-240-6).

Novela póstuma de Anxo Rei Ballesteros (Boqueixón, 1952–A Coruña, 2008) que se abre cunha "Nota dos editores" na que se alude ao "manuscrito completo", así como a algunhas das correccións que sobre el levou a cabo o seu autor. Indícase ademais como foi a intervención dos editores sobre a obra e considérase, entre outras cousas, que é un texto "non definitivo". A novela inicíase cunha cita de E. M. Cioran e estrutúrase en dúas partes. A primeira, "Portal", desenvolve practicamente a totalidade do argumento e consta de dezaoito capítulos distribuídos á súa vez en tres apartados. Neles, un narrador omnisciente en primeira persoa presenta a historia de Aurelio, un rapaz de dezanove anos e afiliado á C.N.T., que se ve obrigado a fuxir coa proclama militar de 1936. Malia non haber apenas alusión aos interlocutores, sábese que a historia é contada oralmente a uns mozos, Telmo e Fernandiña. O relato avanza coa incorporación doutros personaxes como Mingos (quen lle informa a Aurelio que debe fuxir), Tonecho (o "Moucho", marido da irmá do protagonista), Daniela (a moza), Santiago (pai de Daniela; boticario e cacique da aldea) e o coxo Emilio, entre outros. Eles aparecen nos pensamentos e recordos de Aurelio unidos ao acontecer dos feitos, e sobre todo, á incerteza de saber quen foi o delator. Na segunda e última parte, "Addenda", o lector coñece a identidade do narrador ao tempo que se sabe do destino do mozo. O presaxio dun tempo certo e confuso simbolízao a ave nocturna, á que se refire o título, e que ademais está presente na novela a través dos versos populares "Eu ben vin estar o moucho/ darriba do paspallase./...".

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Máscaras identitarias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 313, "Libros", 17 decembro 2009, p. VI*/La Opinión*, "*Saberes*", n.º 264, "Letras galegas", 26 decembro 2009, p. 6.

Refírese á novela *A noite do moucho*, de Anxo Rei Ballesteros, de quen sinala que "retornaba aos mundos da ficción escrita case sempre por unha necesidade catárquica". Apunta que se empezou a xestar un ano antes do seu falecemento e que sae a luz sen "o definitivo proceso de corrección". Cualifícaa como texto recuperador da memoria histórica e alude ao argumento no que un vello "que se confunde co protagonista" relata a súa experiencia vital. Considera que dende o punto de vista formal é unha novela incabada, pero que tematicamente está completa e pechada. Destaca que o galego desta historia é unha "lingua vizosa".

Referencias varias:

- V. Oliveira, "O pensamento periférico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 novembro 2009, p. 33.

Comenta o inicio das xornadas da asociación Barbantia dedicadas á memoria do escritor Anxo Rei Ballesteros. Recolle así a participación de Carlos Fernández, quen presentou a súa conferencia "O home que disparaba contra os reloxios", baseándose fundamentalmente nun dos temas máis tratados polo escritor, o tempo. Por outra banda, recolle tamén a presentación por parte do filósofo, do seu ensaio *Urda e Mundo*, escrito

en colaboración con Anxo Rei, no que se aborda o "urdimbre afectivo". Finalmente, anúnciase a próxima presentación dunha obra inédita de Anxo Rei, *A noite do moucho*.

- maré, "De profesión, escritor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 novembro 2009, p. 33.

Infórmase de que Galaxia acaba de editar a novela póstuma de Anxo Rei Ballesteros, *A noite do moucho*, e que algúns dos textos inéditos ou que deixou escritos en publicacións acaban de saír a luz en *Entre os anxos e os mortos*, no último número da revista *Grial*, dedicado case exclusivamente ao autor con motivo do primeiro cabodano do falecemento, coordinado por Dolores Vilavedra e Carlos Fernández. Coméntase que a presentación terá lugar en Compostela e destácase o material que inclúe o monográfico. Recóllense as declaracións de Vilavedra, quen considera que *Dos anxos e dos mortos* é "un ramo que se lle pon a unha etapa da experimentación da nova narrativa galega", pero que "non inventou nada" e que "máis que carácter auroral, a súa obra é filla dun tempo determinado". Nun á parte, infórmase tamén dos actos en homenaxe a Ballesteros, que lle rende a Asociación Barbantia da Pobra do Caramiñal.

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, subliña a importancia daquelas obras que se achegan ao lectorado en formato de libro electrónico, caso d'*A noite do moucho*, de Anxo Rei Ballesteros, e *Dime algo sucio*, de Diego Ameixeiras.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 311, "Libros", 3 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, entre elas *A noite do moucho*, de Anxo A. Rei Ballesteros.

- Camilo Nogueira, "A noite do moucho", *Xornal de Galicia*, "Na mesa de noite con..", 12 decembro 2009, p. 37.

Indícase que Camilo Nogueira recomenda esta obra póstuma. Precísase o argumento da novela e recóllense as palabras de Nogueira nas que refire que aínda está comezando a lela pero valora o autor "que quizais non tivo unha gran difusión nin tampouco foi suficientemente destacado". Remata apuntando a recomendación doutra obra, *De verbo a verbo, documentos en galego antes de 1260*.

Rei Núñez, Luís, *Monte Louro*, Premio Blanco Amor 2009, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 280, 2009, 683 pp. (ISBN: 978-84-9782-557-3).

Abórdase nesta extensa novela de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) dividida en catro partes a peripecia vital dun personaxe que ao longo da súa vida asume tres identidades distintas por mor dos acontecementos que lle tocan vivir, reconstruídas por todos aqueles que o trataron. O paraíso da infancia nun lugar illado, o Salto, aos pés do Monte Louro nas terras de Muros, é o espazo no que nace e se desenvolve Delio Landeira Roura na compaña do avó e mais da nai, abandonada ao pouco de casar por un home polo que sentirá unha mestura de adoración e incomprensión polo abandono. A través

de continuas analepses motivadas polas investigacións da esposa arxentina do protagonista, recréanse os tempos da República, a chegada da guerra civil e a posterior posguerra no rural galego. Fuxindo da súa incorporación a filas, a mocidade das descubertas de Delio ten como escenario Barcelona, onde tras roubar unha cédula de identidade se converte en Artemio Losada Crespo, atopa traballo como mozo de recados en Radio Nacional de España e vive unha intensa historia de amor cunha muller casada, Mariona, todo o cal permite afondar no ambiente barcelonés dos anos corenta. Para liberar a Mariona das gadoupas da infelicidade e dos malos tratos constantes de seu home, Artemio asume a culpa nun crime que o condena a fuxir de España. Finalmente, a madureza virá marcada por un novo espazo, Bos Aires, e unha nova identidade, a de Iago Formoso. A experiencia da emigración centra esta parte do relato, que comeza coas dificultades e a obsesión de prosperar e culmina co triunfo social e económico e cun grande amor perseguido durante anos. Mais cando a realización dos soños semella pintar ese universo cos tons da felicidade, o referente xeográfico elixido como título do relato chama polo personaxe e o pasado volve canda el. A morte da nai motiva a viaxe ao paraíso da infancia e unha vez alí rexorde con forza o sentimento de culpa por tela abandonado á súa sorte, igual que fixo o pai descoñecido, unha culpa agochada durante anos. Renacen tamén as vivencias de cando neno, marcadas pola diferenza de clases, os rumores malintencionados e as aldraxes, todo o cal aboia nos desexos de vinganza e no desequilibrio mental de Delio-Artemio-Iago, na súa entrada nun labirinto de emocións e intereses do que só sairá grazas á intervención dunha filla descoñecida, Olga, que conseguirá restabelecer o equilibrio e abrir un novo camiño cara ao futuro.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Tras a cor do silencio", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 4.

Comeza salientando na obra de Luís Rei Núñez o tratamento recorrente das relacións humanas, as paixóns e os sentimentos que inspiran no lector, para a seguir centrarse en *Monte Louro*, novela gañadora do Premio de Novela Longa Blanco Amor, da que se sobrancea a empatía e identificación que o autor consegue entre o lector e o narrado. Sinala concomitancias desta novela con outras entregas anteriores do autor, como a fe cega na loita por un mundo mellor d'*Expediente Artieda* (2000), a aventura e a capacidade de inventar d'*A estrela dos polisóns* (2003), o poder omnímodo de *Toda a vida* e a melancolía e a esperanza d'*O señor Lugrís e a negra sombra* (2007). Considera que é tamén unha novela *pin up*, dado o seu amplo espectro de influencias e lecturas, que mesmo podería ter sido concibida como catro novelas independentes, pero que se soldaron a través do protagonista. Dos personaxes salienta a plasticidade, finura, verosimilitude e realismo, que fai extensíbel aos espazos e feitos do pasado, aínda que considera que un dos aspectos máis sobresaíntes é a coidadísima prosa, que sitúa ao autor na liña dos grandes novelistas realistas, como Benito Pérez Galdós ou Dickens. Conclúe que a gran calidade da obra a fará perdurar no tempo.

- Ramón Nicolás, "Espirais de almas derrotadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 318, "Letras en galego", 20 xuño 2009, p. 11.

Comenta a novela gañadora do Premio Blanco Amor 2009, *Monte Louro*, do escritor Luís Rei Núñez. Explica que a obra se divide en catro partes e nela teñen grande

importancia tres lugares referenciais: Muros, Barcelona e Bos Aires. Narra o contido da obra e describe a temática que trata, así como, salienta a riqueza lingüística, o ritmo traballado e certo ton lírico.

- X. M. Eyré, "Da miseria á opulencia", *A Nosa Terra*, n.º 1.366, "Cultura", 3-9 setembro 2009, p. 28.

Sinala que en *Monte Louro*, de Luis Rei Núñez conflúen tres historias diferentes con senllas localizacións espaciais e temporais: a de Delio en Muros na posguerra, a de Artemio en Barcelona nun tempo aínda gris e a de Iago en Bos Aires xa marcada pola opulencia, unidas por unha cuarta parte que contén un final feliz. Para Eyré o desafío do protagonista é mellorar socialmente ao tempo que procura o amor. Sinala que tan só na cuarta parte, que transcorre nun manicomio, o narrador abandona a súa posición clásica, "á vella moda", e deixa a porta aberta á actividade do lector, así que, de feito, non se trata dun produto logrado "en canto ao cosido das diferentes partes e o narrador peca en exceso de circunloquios". Apunta tamén que a novela tamén fica "coxa" no que atinxe ao tema da emigración, pois o protagonista non mantén relacións con outros galegos, e o galeguismo non se tivo en conta no deseño da historia nin na concepción dos personaxes. Conclúe sinalando que "vistos friamente", "personaxes e historia (...) deixan que desexar e inclusive poden incomodar".

- Laura Caveiro, "Obsesións e fuxidas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. V.

Refírese ás diversas identidades que ostenta o personaxe de *Monte Louro*, de Luis Rei Núñez, nas diferentes localizacións xeográficas: Delio Landeira en Muros, Artemio Losada en Barcelona e Iago Formoso en Bos Aires. Detense nas distintas partes da novela, que debullan o percorrido vital do protagonista dende a súa infancia na aldea natal á beira de Monte Louro canda súa nai Xaviera até a súa madureza, e salienta o deseño dos numerosos personaxes secundarios, retratados coa técnica da descrición fotográfica. Apunta tamén a súa feitura de novela río e de novela ponte entre Galicia e Arxentina, así como a presenza do amor, o rexurdir do pasado na etapa de consecución dos soños e a concepción da paisaxe da infancia como una paraíso perdido.

- Gabriel Pérez Durán, "*Rashomon* dunha personaxe", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 104-105.

Céntrase na novela de Luís Rei Núñez, *Monte Louro* (2009), que foi o último Premio Blanco Amor de novela e que se basea na "tensión fuxidía da construción social". Sinala que esta peza narrativa, que anzola na tradición realista, presenta "un suxeito nomádico, un *quiet man* en movemento que transmuta en tres identidades" e apunta que nese intento de reter a complexidade humana de Delio-Artemio-Iago é onde está a ambición desta peza. Considera que estamos ante unha novela de alento totalizador e que dende as súas primeiras páxinas sobrancea "un traballo de ourivería estilística e léxica nada común". A seguir, indica que a nivel xeral se amosa unha lucidez por manter a intriga na complexa formulación narrativa, aínda que tamén se lamenta que renxa nalgunhas engrenaxes, especialmente, na relación entre as tres primeiras partes e a derradeira. Así mesmo, pensa que no vivel actancial, hai cousas ben solucionadas e outras que deslocen un pouco. Por último, cuestiónase se estamos ante unha novela de

emigración, unha liña temática que deu varios títulos nos últimos tempos na narrativa galega.

Referencias varias:

- E. P., "Luis Rei presenta en Pontevedra 'Monte Louro", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 xuño 2009, p. 68.

Informa sobre a presentación da última novela de Luís Rei Núñez, *Monte Louro*, gañadora do Premio Blanco Amor 2009. Indica que o acto terá lugar no Auditorio Caixa Galicia de Pontevedra e estarán presentes, ademais do autor, Armando Requeixo e Manuel Bragado.

- Manuel Jabois, "Tiña como ambición encher un oco na literatura galega", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 18 xuño 2009, p. 67.

Con motivo da presentación da novela de Luís Rei, *Monte Louro*, achégase unha entrevista realizada ao autor quen fala sobre o libro e comenta que a obra recolle a súa infancia e mostra a un personaxe preocupado polas decisións que ten que tomar inspirado nunha persoa real. Afirma que cando empezou a redactar a novela xa tiña a decisión de facela longa e considera que o seu estilo é claro e ordenado. En columna á parte, valora a situación da literatura galega e o traballo de política lingüística.

- Belén López, "Esta novela será unha das grandes do noso tempo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 19 xuño 2009, p. 70.

Dá conta da presentación do libro de Luís Rei, *Monte Louro*, no Café Moderno de Pontevedra. Achega os comentarios e as loanzas dos asistentes ao acto: Manuel Bragado, Xaime Toxo e Armando Requeixo.

- Manuel Vidal Villaverde, "Literatura: mensaxe e denuncia", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 463, "Musas", 28 xuño 2009, p. 58.

Entrevístase ao escritor Luis Rei Núñez, quen apunta o argumento da súa novela *Monte Louro*. Comenta que ten un cento de poemas inéditos, que polo momento non ten pensado publicar e opina que el, como escritor, non pode xulgar se a literatura galega vive un momento de esplendor, pero pensa que cómpre redobrar os esforzos para alcanzar máis e mellores obras.

- Víctor Paz Morandeira, "Síntome un observador preocupado ante a situación da cultura e da lingua na TVG", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 xuño 2009, p. 36.

Con motivo da publicación de *Monte Louro*, Luís Rei Núñez declara nesta entrevista que a novela xurdiu do desexo de indagar na existencia e de contar a vida rural dos anos da posguerra a partir da inspiración dunha infancia semellante que el viviu. Con respecto ao seu labor como ensaísta fala da súa contribución biográfica centrada en Rafael Dieste e da confluencia de biografía e ficción que subxace na súa anterior novela, *O señor Lugrís e a negra sombra*. Acabado de destituír do seu posto como xefe de Cultura da TVG, Luís Rei sinala a súa preocupación polo mantemento no futuro de espazos culturais na grella, como *Libro aberto*, entre outros, ao seu ver, fundamentais

nunha televisión pública, e manifesta que as primeiras medidas ao redor da cuestión lingüística son tamén preocupantes.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 297, "Infantil/Xuvenil", 2 xullo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de novidades literarias, caso de *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez.

- Rosa Aneiros, "Louro", *A Nosa Terra*, n.º 1.366, "Galiza", 2-4 xullo 2009, p. 10.

Tras reproducir un fragmento de *Monte Louro*, de Luis Rei Núñez, Rosa Aneiros sinala que a novela "atravesa o mundo e a vida de Muros a Bos Aires" para ofrecer "unha singradura emocional intensa nesa ponte indestrutíbel que une Galicia e América por tantos éxodos e exilios".

- Luis P. Ferreiro, "O mal tempo encheu de público o inicio da Feira do Libro da Coruña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 agosto 2009, p. 30.

Nova que recolle as actividades realizadas na sesión inaugural da Feira do Libro da Coruña, na que se destaca o pregón lido por Miguel Anxo Fernán-Vello, unha loanza aos libros que non deixou de lado a preocupación polo futuro da lingua galega; a firma de exemplares de Monte Louro, de Luís Rei. Dedícanse breves notas aos que serán tamén protagonistas desta edición da feira: Carlos G. Reigosa, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Alcalá ou Espido Freire.

- Xosé Carlos Caneiro, "Marabilla", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.327, "Letras en galego", 22 agosto 2009, p. 7.

Cualifica *Monte Louro*, de Luis Rei Núñez de "novela ambiciosa, contundente e escrita con respecto ás regras da literatura e non ás regras da actualidade" que pasan, na súa opinión, pola diversión, a intriga, a trama policíaca e o misterio facilón. Pola contra, continúa, *Monte Louro*, non participa da literatura anestesiante, senón que contén nostalxia, peripecias dabondo e trazos de estilo salientábeis que a converten na mellor novela do autor. Conclúe citando monografías das que tamén gozou.

Reigosa, Carlos G., *A vida do outro*, XX Premio de Narrativa Torrente Ballester 2008, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 269, maio 2009, 263 pp. (ISBN: 978-84-9914-002-5).

Carlos G. Reigosa (Pastoriza, 1948) presenta nesta historia as memorias de Miguel Cano Goiriz, un xornalista de 56 anos cunha longa e exitosa traxectoria profesional que tras sufrir un infarto dá renda solta ás obsesións que sempre o acompañaron, levar a vida doutro que non era el, e debulla a súa historia persoal en relación coa do tempo que lle tocou vivir. Neste percorrido vital o narrador protagonista conta como abandonou a súa Galicia natal para se trasladar a Madrid, onde se converteu nun destacado xornalista e no director dun importante periódico. Pasa revista a todos os feitos culturais, sociais e políticos que marcaron a súa vida, as súas lecturas, os seus gustos musicais e tamén a súa vida íntima, as relacións sentimentais e sexuais que mantivo. Deste xeito nestas

páxinas recóllese un amplo conxunto de nomes e acontecementos que marcaron a segunda metade do século XX: The Beatles, Jack Kerouac, Bob Dylan, Joan Baez, John Lennon, Jimi Hendrix, Jacques Brel, Walt Whitman, Marx, as revoltas de maio do 68, o concerto de Woodstock, o final do franquismo, os gobernos de Felipe González, a chegada ao poder de Aznar, os atentados do 11 de setembro de 2001 ou os do 11 de marzo de 2004 en Madrid, entre outros moitos. Consonte pasa o tempo, Miguel Cano verá nacer nel o desencanto e o escepticismo até tomar a difícil decisión de abandonar a dirección do xornal e dedicarse a vivir a súa propia vida e non a dese outro que sempre se sentiu. Tras dunha viaxe por diferentes lugares, acaba regresando ao espazo familiar da súa infancia, Tras da Corda, onde descobre como foi a morte de seu avó durante a guerra civil, unha historia que seu pai nunca lle contou, e finalmente decide quedar alí e dedicar o resto do seu tempo a vivir, sentindo que a vida do outro xa rematou.

Recensións:

- Marcos Pérez Pena, "A xeración da renuncia", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 6.

Cualificado como "libro de memorias da súa xeración", considérase *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa, un empeño do autor en ir máis alá da acumulación de eventos que definen a historia do grupo e amosar a forma na que o tempo os foi modulando. Explícase que non se trata o conflito social, aínda que si hai autocrítica pero como xustificación, dado que o protagonista non sae do seu interior e non contextualiza as súas dúbidas dentro do grupo. Saliéntase que a novela evidencia a fenda entre esta xeración e as seguintes, así como a reivindicación da necesidade dunha nova historia da transición, dado que até o de agora se omitiu parte da información. Destácase do autor a súa capacidade narrativa, a facilidade para enganchar ao lector, evitar os lugares comúns, aínda que lle parecen unha eiva as abafantes referencias literarias e cinematográficas, nunha proposta que algúns leran con nostalxia.

- Xosé Carlos Caneiro, "Aquilino, o grande", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 325, "Letras en galego", "Club dandi", 8 agosto 2009, p. 7.

Afirma sobre *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa, que reflicte todas as cualidades deste escritor para a narración, que tamén demostra no xornalismo, caso da capacidade de observación . Tamén se refire a *A choiva do mundo* (2008), de Xosé M. Pacho Blanco, e mais a *Ramón Piñeiro ou a reivención da cultura galega*

- X. M. Eyré, "Godot arredor de si", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Cultura", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 32.

Tras facer alusión ao galardón obtido (Premio Torrente Ballester) por esta novela, destaca que aborda un tema atraente e real. Eyré sinala que un dos retos do autor era novelar a personalidade "dos outros" que acosan o protagonista, o xornalista Miguel Cano, para o cal o converte "nunha especie de Casanova" que fai devalar a obra cara ás memorias "dun pichabrava fillo de galegos". Apunta que o discurso se fai máis consistente cando entra en escena Telma, a segunda esposa do personaxe, e mais o drama interior fronte aos acontecementos exteriores. Na súa opinión, o resultado tira do lector pola adecuada combinación dos rexistros expositivo e intelectivo, do coloquial co

culto e o estándar. Salienta tamén a importancia que alcanzan as referencias musicais e cinematográficas, a carón de filósofos, economistas, políticos e literatos, entre eles Ionesco e a súa obra *Á espera de Godot*.

- Francisco Martínez Bouzas, "Os engados da outredade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Libros", 17 setembro 2009, p. V/ Marga Romero, "Os engados da outredade", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 250, "Letras galegas", 19 setembro 2009, p. 6.

Cualifícase *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa como a achega narrativa máis importante do autor dende *Crime en Compostela* (1984). Saliéntase que Reigosa se centra na evolución dun único personaxe, Miguel Cano Goiriz, que repasa e recrea os acontecementos máis relevantes que lle tocou vivir dende os anos sesenta até a actualidade, pasando do optimismo e da inxenuidade a unha crise de identidade que conduce ao desencanto e ao escepticismo. Sinálase que se trata dunha obra que comparte trazos da novela psicolóxica polo acertado deseño do personaxe co retrato de toda unha xeración marcada polos seus ídolos, de gran presenza no relato. Finalízase destacando que se trata dunha "peza narrativa importante que engada ao lector dende a primeira páxina".

- Ramón Nicolás, "O eu, con periodismo ao fondo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 331, "Letras en galego", 19 setembro 2009, p. 11.

Valora *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa como unha excelente novela polo emprego dunha única voz narrativa que prende no lector, pola súa coidada estrutura e pola mestura de historia novelada e crónica, cunhas tonalidades próximas ao existencialismo e ao escepticismo. Considera que a novela amosa o talento do autor como narrador, así como a súa habelencia para combinar o histórico co vivencial de carácter íntimo e sentimental. Valora tamén a presenza de referentes literarios e musicais que axudan a entender o espírito dun tempo, e tamén a acertada análise do devalar do xornalismo dende finais dos anos sesenta até a actualidade.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "A ficción é moitas veces a mellor maneira de contar a realidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 317, "Entrevista", 13 xuño 2009, p. 16.

Comenta que a editorial Xerais acaba de sacar do prelo un novo libro de Carlos González Reigosa, *A vida do outro*, gañadora do premio Torrente Ballester. A seguir, fala sobre a relación do escritor con Torrente Ballester e achega unha entrevista realizada a Reigosa. O escritor comenta o seu concepto de identidade de cada persoa e afirma que a novela mostra certas experiencias persoais aínda que non é autobiográfica. A seguir, fala sobre o papel do xornalismo e os xornalistas e, finalmente, indica algunhas características de Torrente Ballester e de Cunqueiro.

- M. G. M., "Sae ao mercado o último premio Torrente Ballester, 'A vida do outro', de Carlos G. Reigosa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 25 xuño 2009, p. 17.

Comenta que a Deputación da Coruña acaba de publicar a obra de Carlos G. Reigosa, *A vida do outro*, editada por Xerais e gañadora do Premio Torrente Ballester. Dá conta do

argumento da novela e salienta a importancia da obra no panorama literario. Tamén indica que o texto se editou en galego e castelán simultaneamente.

- M. Dopico, "Un espello no que atopar o rostro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 xuño 2009, p. 35.

Con motivo da edición da obra gañadora do Premio Torrente Ballester 2008, *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa, o articulista destaca que na novela se aborda a evolución do personaxe, Miguel Cano Goriz, ao longo de medio século da historia política, social e cultural española con múltiples referencias aos acontecementos e personaxes relevantes neses tempos. Apunta tamén que o personaxe evoluciona dende a anguria e o desacougo do seu vivir persoal e como xornalista até a reconciliación coa liñaxe de seu, de xeito que a novela é un dos alicerces da novela.

- P. B., "A Deputación da Coruña publica 'A vida do outro' de Carlos G. Reigosa", *El Correo Gallego*, "Cultura", 25 xuño 2009, p. 60.

Dáse conta da presentación por parte da Deputación da Coruña da obra gañadora do Premio Torrente Ballester, *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa. Segundo as declaracións de Manuel Bragado trátase dunha das obras máis importantes do autor e supón a súa conformación como mestre da novela contemporánea. Para o presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda, Reigosa é un galego que nos representa onde vai. Finalmente, sinálase que o autor do texto declarou que non se trata dunha obra autobiográfica, malia que o seu protagonista é xornalista coma el, e que o seu desexo foi retratar a evolución dun estado de ánimo nuns anos concretos da nosa historia.

- Ana Lorenzo, "Carlos G. Reigosa presenta a novela 'A vida do outro', ganadora del vigésimo Premio Torrente Ballester", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 xuño 2009, p. 51.

Recóllese un extracto das intervencións dos encargados de presentar a obra gañadora por unanimidade do xurado da vixésima edición do Premio Torrente Ballester, *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa. O autor aclarou que non se trata dunha obra autobiográfica, máis alá de que o seu protagonista é xornalista coma el, e que o seu desexo foi retratar a evolución dun estado de ánimo dunha xeración nuns anos concretos da nosa historia. Manuel Bragado, segundo se recolle, lembrou outra novela de Reigosa, *Crime en Compostela*, e definiuno como un dos representantes da narrativa galega actual. Finalmente, o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, gabou a traxectoria do autor e e referiuse á importancia do Premio Torrente Ballester nos ámbitos autonómico e estatal.

- Xosé M. Rivas Troitiño, "A vida do xornalista", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porta de palla", 10 xullo 2009, p. 5.

Cualifica de acertada a visión que ofrece Carlos G. Reigosa, na súa novela *A vida do outro*, da vida do xornalista como a de alguén que vive a vida doutro. Na súa opinión trátase dun xogo baseado na mestura do biográfico co acontecido dende os últimos anos do franquismo até a chegada ao goberno de Zapatero, co cal o libro se converte "nunha memoria da xente que anda polos sesenta" que permite poñerlle a etiqueta de xeracional.

- C. F., “A vida do outro’, unha novela da xeración da transición”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xullo 2009, p. 46.

Nota que dá conta da presentación en Santiago da novela *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa, galardoada co Premio Torrente Ballester. Recóllense as palabras do escritor, sinalando que desexaba escribir unha novela verosímil sobre os anos da Transición, de aí que incluíse personaxes coñecidos con nomes e apelidos. Apúntase tamén que Manuel Bragado presentou a Reigosa lembrando que alcanzou o primeiro premio de novela convocado por Xerais con *Crime en Compostela*, un libro que gañou lectores en galego e cuxo éxito podería acompañar tamén ao presente volume. Pola súa parte, destácase que os outros protagonistas do acto, Fermín Bouza e Xosé Luís Barreiro Rivas, coincidiron ao sinalar que se trata da “novela da xeración da transición” que recolle as sensacións das persoas que viviron esa época.

- Iago Martínez, “Reigosa novela o relato “aínda por construír” da Transición”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 22 xullo 2009, p. 41.

Ademais de achegar unhas notas biográficas de Carlos G. Reigosa nas que se salienta a súa vinculación ao xornalismo e se cita o seu best-seller *Crime en Compostela*, dáse conta da presentación da novela *A vida do outro* nun restaurante compostelán na que o autor estivo acompañado por Fermín Bouza e Xosé Luís Barreiro Rivas. Indícase que cunha distancia cínica Reigosa ofrece na obra un percorrido amábel pola Transición española a través das vivencias dun xornalista “que se parece e non se parece ao autor”.

- Luis P. Ferreiro, “O mal tempo encheu de público o inicio da Feira do Libro da Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 agosto 2009, p. 30.

Nova que recolle as actividades realizadas na sesión inaugural da Feira do Libro da Coruña, na que se destaca o pregón lido por Miguel Anxo Fernán-Vello, unha loanza aos libros que non deixou de lado a preocupación polo futuro da lingua galega e a firma de exemplares d’*A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa. Dedícanse breves notas aos que serán tamén protagonistas desta edición da feira: Xosé Carlos Caneiro, Xavier Alcalá, Espido Freire e Luís Rei.

- Pedro Rielo, “As tribulacións de Reigosa”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “Tempus fugit”, 18 setembro 2009, p. 4.

Sinala os paralelismos existentes entre *A vida do outro* e *Oxford Amén* (2006), de Carlos G. Reigosa, pois comparte heroes tirados dos filmes de Sam Peckinpah ou a presenza de Dylan como guía dunha xeración. Apunta tamén o lugar relevante que ocupan na novela os anos da Transición, a procura da liberdade e o protagonismo progresivo do desencanto. Salienta que a novela se le con interese e que se atopa a medio camiño entre as memorias de ficción e o ensaio.

- Olaia Ucha, “Reigosa conta ‘como nos afectou a Transición os que nos tocou vivila”, *El Progreso*, “Vivir”, 22 xullo 2009, p. 65.

Saliéntase a procedencia luguesa de Carlos G. Reigosa con motivo da presentación da súa última novela, *A vida do outro*, en Compostela. Destácase que no acto o autor

comentou que o seu desexo foi contar os efectos da Transición na súa xeración, mentres que Manuel Bragado, responsábel de Xerais, presentou a Reigosa e a súa ampla traxectoria literaria. Conclúese a nova cun breve resumo argumental da novela e cuns apuntamentos que recollen a opinión de Barreiro Rivas, tamén presente no acto, quen destacou que a narración da súa vida gardaría moita semellanza con esta novela, ao se tratar dunha biografía colectiva.

- C. Villar, "Carlos G. Reigosa novela a transición na súa obra 'A vida do outro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 22 xullo 2009, p. 42.

Breve nota que dá conta da presentación en Santiago da novela *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa. Recóllense algúns fragmentos das palabras pronunciadas polo autor no acto nas que destacou a súa intención de novelar a Transición e como afectou a aqueles que a viviron, coma el, dende o xornalismo.

Reigosa, Carlos G., *Xentiario*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 277, novembro 2009, 125 pp. (ISBN: 978-84-9865-204-8).

Volume de trece relatos no que Carlos G. Reigosa (A Pastoriza, 1948) comeza cunhas citas de Oscar Wilde e de Ludwig Fauerbach e segue cun limiar de autoría propia no que explica por que elixiu este título para esta colección de relatos de extensión variábel e que abarcan temáticas ben diferenciadas como a orixe da actual sociedade occidental até a resolución dun caso de asasinato por un axuste de contas relacionado co narcotráfico nunha vila galega. Nestes relatos reúnense tanto personaxes inventados por el, caso do detective Nirvardo Castro, como personaxes literarios de todos os tempos caso de Don Quixote ou Vladimiro e Estragón d'*Esperando a Godot*, ambientándose tamén en lugares imaxinarios como Vilavedra do Mar e lugares reais como Santiago de Compostela e A Coruña.

Reimóndez, María, *Pirata*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 273, maio 2009, 339 pp. (ISBN: 978-84-9782-554-2).

Novela de aventuras ambientada no marco do século XVIII na que María Reimóndez (Lugo, 1975) opta polo protagonismo feminino. Cóntase a historia de Mary Read, unha muller que dende pequena se ve na obriga de facerse pasar por home para sobrevivir, tendo que exercer como criado, como soldado na Guerra de Flandes e tendo que enrolarse na mariña mercante até que se namora de Anne Bonney e remata sendo pirata e amosa a súa verdadeira identidade de muller. Ademais de tratar de buscar a identidade, o amor homosexual, tamén loitan pola igualdade, xa que se trata de mulleres que se desenvolven nun mundo de homes, e pola liberdade, exemplificada no relato que Madame Ébano fai da súa vida, outra das personaxes secundarias da historia, no que recorda o seu pasado como escrava. Altérnase o narrador omnisciente co narrador protagonista e destácase o emprego do diálogo, sendo tamén recorrentes as analepses.

Recensións:

- X. M. Eyré, "As piratas tribadista", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "Cultura", 17-23 setembro 2009, p. 28.

Saliéntase a inversión dos roles de xénero realizada por María Reimóndez na súa novela *Piratas*, protagonizada por Mark/Mary Read e Bonny/Anne Bonney, dúas corsarias lesbianas que se sitúan entre a lenda e a historia no contexto do século XVIII. Coméntase que máis alá da recreación histórica e dos elementos propios do xénero de aventuras, Reimóndez leva a cabo unha verdadeira disección sentimental sen caer no sentimentalismo. Ao mesmo tempo, afírmase que segue tratando a cuestión das mulleres en contra da moral imperante. Critícase a nivel estilístico a sinxeleza e carácter plano da súa sintaxe.

- Montse Pena Presas, "Baixo o disfrace do xénero", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 17.

Achega o argumento de *Pirata*, de María Reimóndez, da que sinala, entre outras cuestións, que é unha reflexión sobre o xénero como *performance*. Sinala que un dos grandes acertos da autora é o recurso ao *cross-dressing* (transformismo) da protagonista, tan practicado polas mulleres para acceder a áreas tradicionalmente vedadas para elas e tan presentes nos textos literarios para promover unha visión máis aberta e fluída dos xéneros. Apunta que a través da evolución da protagonista a autora brinda a posibilidade de explorar as fronteiras do "eu" como construto, mostrando que as potencialidades xenéricas están en transformación constante. Tamén sinala que o argumento apaixonante desta obra, que mestura historia, ficción e ideoloxía con habilidade, en partes desiguais, se combina con personaxes igualmente vibrantes. Conclúe apuntando que se algo ten a novela en exceso é discursividade.

- Dolores Martínez Torres, "Intimismo e Aventura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. VI.

Explícase respecto á novela de María Reimóndez que reinterpreta os feitos e personaxes da historia de piratas escrita por Charles Johnson sobre a biografía de Calico Jack e das mulleres que integraban a súa tripulación: Anne Bonny e Mary Read. Da primeira afirma que se comporta como un home nun mundo masculino, mentres que a segunda responde fisicamente ao estereotipo feminino, pero o seu comportamento non se corresponde co agardado nunha muller. Conclúese que a voz narrativa desta obra amosa a vontade de visibilizar outras realidades.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pirata Cabanillas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", "A outra mirada", "Club dandi", 3 outubro 2009, p. 15.

Recoñécese admirador das historias de piratas e afírmase que con esa expectativa se achegou á obra de María Reimóndez.non obstante, atopouse cunha novela que, lonxe da clásica novela de aventuras, considérase de pensamento pola súa reflexión acerca da liberdade e da filosofía vital. Saliéntase a prosa desta obra, cualificada de intensa e orixinal.

- Dolores Vilavedra, "Na procura da identidade", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 outubro 2009, p. 10.

Afóndase nesta obra de María Reimóndez, salientando que a autora se serve das figuras históricas de Mary Rea de Anne Bonney para construír unha historia onde a protagonista agocha a súa verdadeira identidade baixo roupaxes masculinas durante moito tempo, até que vence a forza dos sentimentos e dos desexos. Dise que Reimóndez crea unha novela na que completa libremente as lagoas que deixa a bibliografía sobre o asunto desas dúas mulleres piratas, introducindo outras cuestións que arrequentan o argumento para darlle fondura e amplitude. Dise tamén que Mary Read afirma a súa identidade cando, tras casar cun home e non recoñecerse no rol de esposa convencional, fai unha forte amizade coa afouta Anne. Tamén se indica que na novela se fala da necesidade de ir deixando testemuñas e elos cos que anoar unha xenealoxía posíbel de mulleres. Destácase o feito de que ás veces o exceso de tese estrague as posibilidades da historia, xa que segundo se comenta hai varios momentos nos que a tese abafa o potencial épico do argumento e encorseta personaxes. Por último, faise un pequeno percorrido por outras novelas galegas que cuestionan a identidade como algo determinado polos corpos.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Paixón e razón na literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 462, "Musas", 21 xuño 2009, p. 44.

Recóllense as verbas da escritora María Reimóndez, quen se refire a esta súa última novela dicindo que se sente moi orgullosa dela e que se convertiu nestes momentos na súa maior satisfacción literaria. Indica sentirse cómoda tanto en poesía coma en narrativa e tamén no ensaio, neste último xénero di que se enmarca unha obra en coautoría que agarda publicar en breve.

- A. Losada, "Os piratas eran curiosamente democráticos", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 1 xullo 2009, p. 45.

Co gallo da publicación da súa terceira obra, *Pirata*, María Reimóndez explica nunha entrevista que o seu libro non é unha historia de piratas, senón un "pretexto" para tratar facetas como as "identidades persoais, de xénero e de clase", a liberdade dentro da "ríxida" sociedade de clases británica do século XVIII e a vida dos piratas. Reimóndez sinala que o que ela "rescatou" da literatura de aventuras é a súa función de entreter e que non intentou imitar a linguaxe da época porque *Pirata* é "un libro contemporáneo".

- A. Saá, "Emprego o xénero de aventuras, algo que se viu como masculino", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 xullo 2009, p. 38.

Co gallo da presentación da súa obra *Pirata*, unha novela de aventuras ambientada no século XVIII, María Reimóndez comenta que o século XVIII foi a "idade de ouro" da piratería e que a "maior loita" da súa protagonista está en seguir a súa propia identidade cando a sociedade a empuxa "cara unha marxe". Resalta tamén o papel de internet, que contribúe a un "diálogo moi gratificante" entre escritores e lectores.

- M. Dopico, "A identidade flexible", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 1 xullo 2009, p. 33.

Coméntase a novela *Pirata* coa súa autora, María Reimóndez, quen di que a busca da propia identidade de tres personaxes que se rebelan contra os patróns de comportamento estabelecidos é o tema principal do libro. Sinálase que dúas das mulleres protagonistas, Anne Bonney e Mark Read, son tomadas dun libro de 1724. Finalmente, destácase que *Pirata* non é un libro de aventuras nin é para nenos, senón que se trata dunha "obra de personaxes" e que trata temas que continúan sendo de actualidade como a crítica ao poder, o travestismo, os roles de xénero ou a homosexualidade.

- Lecer, "Reimóndez, a escritora máis solidaria", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 768, "O personaxe", 5 xullo 2009, contracuberta.

Ademais de se referir ao labor humanitario da escritora como fundadora da ONG "Implicadas", infórmase da publicación de *Pirata*, unha obra que se clasifica entre as novelas introspectivas de personaxes. Asemade, repasa a súa traxectoria literaria e os recoñecementos obtidos neste ámbito.

- A. Losada, "A atroz loita no mar en nome da liberdade", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Qué calor*", "Ler ou non", 7 xullo 2009, p. 20.

Coméntase a obra de María Reimóndez, *Pirata.* Considérase que "foxe" das aventuras para contar as vidas de personaxes históricas como Mark Read e Anne Bonney, que atopan a liberdade que non poden achar na Europa "civilizada" do século XVII nun barco cheo de homes e fóra da lei.

- Deborah Castro, "Unha pirata comprometida", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 xullo 2009, p. 5.

Fálase desta obra de María Reimóndez dirixida ao público adulto. Coméntase que a historia está baseada na vida da pirata do século XVIII, Mary Read, que se converte en pirata baixo o nome de Mark. María Raimóndez explica que a historia manifesta como o xénero é algo que se constrúe pola percepción dos demais. Por outra banda, a escritora manifesta que o "sexismo" presente na literatura envía ás escritoras ás marxes e a crítica consegue darlle "menos valor" aos libros escritos por mulleres dicindo que só manifestan o universo feminino ou con comentarios ofensivos cara ás escritoras.

- Yolanda Castaño, "Piratas nas sombras", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 4 outubro 2009, contracuberta.

Refírese a presentación da novela de aventuras escrita por María Reimóndez ambientada no mundo dos piratas e centrada na cuestión da busca da identidade persoal. Neste aspecto considera que o corsario é un símbolo de liberdade fonte á imposición das normas e convencións sociais.

- V. Oliveira, "Retrato de Mary Prince", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 outubro 2009, p. 37.

Tras felicitar á María Reimóndez pola obtención do Premio Plácido Castro de Tradución por verter do inglés a obra *Mary Prince*, *unha escrava das indias occidentais*, recóllense as súas declaracións reivindicativas sobre a visibilidade da muller na literatura, unha preocupación que plasmou na novela *Pirata*.

- Concha Pino, “Mujeres con protagonismo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 13 outubro 2009, p. L12.

Anúnciase a presentación da obra *Pirata* na libraría Couceiro de Santiago de Compostela. Asemade, lémbrase que *O club da calceta* (2006), galardoada co Premio San Clemente en 2007, adaptouse ao cine e ao teatro.

- Jaureguizar, “Raimóndez novela o caso real dunha muller que viviu como pirata no século XVIII”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 27 outubro 2009, p. 75.

Destaca que María Raimóndez tivo como referente para crear a súa novela a historia de Mary Read, quen conseguiu vivir como home no ámbito da piratería. Indica que a historia se sitúa no século XVII e que a escritora recolle esta historia a través das vivencias da protagonista do seu libro, nun relato que mestura a aventura, a piratería e o realismo histórico. Recolle que aínda que a escritora triunfou con *O club da calceta* reivindica o seu interese por temas referidos á identidade de xénero. Indica que acudiu “ás fontes, aos escritos sobre barcos piratas, escravitude e lesbianismo” na época tratada, eludindo os filmes e novelas. Reproduce que o director de Xerais destaca que se pode ler como unha “novela de aventuras ou histórica, pero hai unha loita pola liberdade”, ademais da presenza de ideas ilustradas. Remata apuntando que na presentación tamén interviñeron o músico Xabier Díaz e Olga Castro.

- Cuca M. Gómez, “Literatura y arte a raudales”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 5 novembro 2009, p. 78.

Entre outras actividades, dá conta da presentación na pontevedresa Galería Sargadelos da obra *Piratas*, da escritora lucense María Reimóndez, acompañada de Fran Alonso e Xavier Díaz.

Reza Rodríguez, Xosé Benito, *Per loca marítima*, limiar de Xaquín Monteagudo Romero, A Coruña: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, col. Relatos da paisaxe, 29 pp. (DL: C 4087-2009). ■

Cóntase a viaxe prototípica dun home sen nome polas rías baixas dende A Guarda até Vigo, repasando o máis importante dos enclaves percorridos e narrando parte da historia e dos aspectos xeográficos e culturais da comarca. Esta viaxe literaria en autobús, de Xosé Benito Reza Rodríguez (Celanova, 1956), editada coa subvención da Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística), fai lembrar ao viaxeiro Santa Tegra cando sae da Guarda. Pasan por Oia e o mosteiro de Santa María, Baiona, dende onde se ven as Cíes, Ramallosa, Panxón, e o seu Templo Votivo do Mar, Coruxo e Vigo.

Senín, Francisco Xavier, *Novo amor en Arousa*, limiar de Xaquín Monteagudo Romero, A Coruña: Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, col. Relatos da paisaxe, 29 pp. (DL: C 4089-2009). ■

Relato de Francisco Xavier Senín (Pontecesures-Pontevedra, 1949) sobre a viaxe en autobús de María dende Ourense a Vilagarcía á procura dun rapaz que coñecera por

internet que se alcumaba o Inglés. Ela dera o nome de Loaira. Sentírase atraída por el, que se mostraba moi misterioso e non contaba nada da súa vida nin a chamara, nin lle mandara ningunha foto. Nesa viaxe María matinaba como sería o rapaz a partir dos datos que lle sacara, mentres viaxaba de Ourense a Pontevedra e dende esta cidade a Vilagarcía e ía poñéndose máis nerviosa. No asento do lado ía un rapaz da súa idade lendo *O único que queda é o amor* (2007), de Agustín Fernández Paz. Comezan a conversa a partir dos libros e Carlos, o mozo, vaille contando cousas da comarca como o viño albariño, os monumentos, as tradicións. Na estación non a esperaba ninguén e foi até Carril onde a atopou o seu compañeiro de viaxe, con quen foi comer e comezou unha amizade. Presenta un prólogo de Xoaquín Monteagudo Romero, presidente da AFNLG, sobre os coñecementos dos viaxeiros onde salienta a colaboración entre Travibus Noroeste, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta.

Sobral, Francisco, *Liquidación por reformas*, Vigo: Edicións Cardeñoso, decembro 2009, 156 pp. (ISBN: 978-84-8190-587-8).

Novela de intriga e detectivesca de Francisco Sobral (Redondela, 1956), contada en primeira persoa pola protagonista Irimia, unha moza de vinte e nove anos, licenciada en psicoloxía e especializada en criminoloxía, que decide pescudar sobre o personaxe coñecido como Serapio O Retratista, dado a súa profesión de fotógrafo, ao que ela lle aluga un piso, e sobre o secuestro de Airoa, quen lle fai chegar un diario que escribe durante os once días que dura a súa captura. Nel relátanse as historias que Airoa lle contaba ao seu raptor, Wilson, que sempre a mantiña en suspense para asegurarse un día máis de vida. Finalmente sábese que O Retratista tivo que fuxir da xustiza por ter fotografado a unha menor espida e que o promotor do secuestro de Airoa fora o seu propio marido, Manuel da Vigna, coñecido co alcume de O Nécora, un traficante de órganos, persoas, drogas…, quen tamén ordenara a morte da súa muller, pero Airoa consigue escapar do seu designio, prometéndolle a Wilson darlle o contrasinal da conta do seu home nas illas Caimán, en troco pola súa liberdade As referencias intertextuais (crise económica do 2009, puntos do carné de conducir, rede social twenty…) encadran a historia na actualidade.

Tobío Mayo, Xosé, *O frade das dúas almas*. *Novela de costumes populares*, limiar de Víctor Campio Pereira, ed., intr. e notas de Teresa López e Xoán López Viñas, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras galegas, setembro 2009, 223 pp. (ISBN: 978-84-9865-210-9).

Novela de costumes populares de Xosé Tobío Mayo (Esteiro, Muros, 1891-1971) que estaba preparada para a publicación na editorial Nós cando estourou a guerra civil e por mor do conflito bélico quedou inédita. Agora aparece publicada nesta edición feita por Teresa López e Xoán López Viñas. O libro consta dun limiar de Víctor Campio Pereira, no cal fai unha lembranza breve sobre a biografía e a obra de Xosé Tobío Mallo. A continuación aparece o estudo introdutorio anteriormente citado. Esta introdución consta de sete apartados: "Nota biobibliográfica", "O *Frade das dúas almas* na narrativa galega", "Xénero e estrutura narrativa", "Narrador e personaxes", "Tempo e espazo", "Nota lingüística" e "Criterios de edición". Nestes sete bloques, Teresa López e Xoán López Viñas realizan un estudo pormenorizado da traxectoria vital do autor da novela e tamén fan unha análise detallada dos diferentes elementos da novela: xénero, estrutura

da narración, personaxes e narrador, o uso do tempo e do espazo na novela, etc. Os últimos dous apartados sinalan os criterios lingüísticos e de edición empregados. A novela consta de once capítulos de extensión desigual, con maior coherencia narrativa nos sete primeiros. O título da novela sinala o protagonismo da personaxe que acabará por recibir esa denominación, o frade das dúas almas. Trátase de Leliño, personaxe cun conflito interior. A narración comeza coa caracterización dos pais de Leliño (Andrea e Xinés). Nos seguintes capítulos aparece unha demorada descrición de costumes e tradicións populares: un intercambio de coplas no muíño (capítulo III), as festas de San Xoán (capítulo III), unha compilación de cantigas (capítulo VI) e as romarías populares e regueifas (capítulos VI e VII). Ao mesmo tempo que aparece esta descrición de costumes avanza a historia persoal de Leliño. Na novela relátase a infancia deste personaxe e dos seus compañeiros de estudos no seminario, Mingos e Manuel, as probas ás que son sometidos, a súa iniciación amorosa, a crise vital que se manifesta particularmente como crise de fe. O conflito que sufre Leliño alude ao título da obra, o frade das dúas almas.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, destaca *O frade das dúas almas*, de Xosé Tobío Mayo, quen non puido vela publicada na Editorial Nós polo estoupido da guerra civil, feito que lle permitiu realizar varias versións até a que se considera definitiva, a xulgar pola data do limiar de Víctor Campio de 1992. Cualifica esta obra narrativa dentro da "novela de aprendizaxe ou de educación sentimental" e ao "costumismo", dado que o seu subtítulo é *Novela de costumes populares*, e outórgalle un valor etnográfico para os lectores actuais.

- V. Oliveira, "Fidelidade á terra e á clase"; *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 decembro 2009, p. 28.

Recolle a publicación do libro *O frade das dúas almas* de Xosé Tobío Mayo, cuxa publicación foi paralizada tras a sublevación militar no 1936. Dá conta, deste xeito, dos encargado de levar a cabo a publicación na actualidade da man dos profesores da Universidade da Coruña, Teresa López e Xoán López Viñas, quen destaca "o compromiso social e político e unha traxectoria persoal que (...) representa a de moitos homes e mulleres da súa xeración", inscribindo ademais o libro, entre as Irmandades da Fala. Finalmente, dáse conta da estrutura do libro dividido en once capítulos.

Toro, Suso de, *Sete palabras*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 277, 2009, 317 pp. (ISBN: 978-84-9914-029-2).

Novela na que Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956) realiza unha viaxe na procura das orixes dunha familia, quizais a súa propia, debido ás coincidencias coa familia de Suso de Toro. Escolle para contar un narrador en segunda persoa que parece dirixirse a si mesmo. Ese narrador é o protagonista da novela: un escritor de Santiago de Compostela que, cando o seu pai está enfermo e non se lembra do seu pasado, decide

afondar en quen foi o seu avó paterno, de nome Faustino de Toro, procedente das Terras de Toro e que foi un "expósito" abandonado nun hospicio. Esta viaxe ás raíces da súa familia lévano ás terras zamoranas de Toro (nomeadamente á aldea de Formariz de Sayago), onde fala con aqueles que poden ter un recordo de Faustino e mais cos que poden remover os arquivos, pero tamén o trasladan a Cuba, cara a onde o seu avó emigrara e de onde non regresou xamais. Con esta investigación descobre dous feitos importantes. O primeiro deles refírese a seu tío Miguel, a quen non coñeceu e co que, segundo lle din, ten unha enorme semellanza física. Indo pola procura do avó Faustino, o escritor compostelán regresa tamén co legado de Miguel, un home que foi xeneroso e comunista, e que se perdeu tamén a emigración cara a América. O segundo gran feito da investigación foi o alivio que experimentou cando soaron nos seus oídos as "sete palabras" que desexaba oír dende o comezo para corroborar por fin que Faustino non abandonou á súa familia, senón que por forzas alleas á súa vontade non puido regresar á súa terra. Esas sete palabras descubriullas un familiar residente en Madrid e chamada Pilar: "e el que era tan boa persoa". Despois de toda esta investigación o escritor protagonista pensa que xa pode comezar a construír a súa memoria tranquilo en forma de libro.

Recensións:

- Iago Martínez, "A oración do escravo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 4.

Logo de sinalar que se en *Home sen nome* (2006), Suso de Toro quixera ensaiar unha terapia para a memoria colectiva, agora en *Sete palabras*, o paciente é el propio: "Un tal De Toro, máis tarde Suso, que virou ninguén". Apunta que sen o susto e a culpa non habería relato e refírese a algunhas das súas liñas argumentais, así como ao seu protagonista, que recolle testemuños para recoñecerse e cumprir a misión que seu pai xa non pode acometer: viaxar ao miolo. Tamén considera que *Sete palabras* discute a identidade e as fronteiras entre os xéneros literarios, ademais de cuestionar o tempo histórico "trabado dunha banda polo tempo mítico dos sinais, da maxia, das mensaxes anónimas e as coincidencias, e doutra banda polo tempo da fame". Explica como o autor resolve a súa pertenza e alude á súa última produción, máis envorcada cara ao xornalismo ou o ensaio político, manifestando que con *Sete palabras* Suso de Toro "traspasou un punto de non retorno".

- R. N., "Un mergullo nos naufraxios", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, "Letras en galego", 5 decembro 2009, p. 11.

Sostén que esta novela se presenta ao público como un exercicio que afonda na memoria persoal de Suso de Toro mediante a esculca das súas orixes na terras zamoranas de Toro. Salienta que presenta unha voz omnisciente, externa e poderosa así como a súa axilidade e frescura coa que podemos compartir a súa emoción. Finalmente indica que esta novela se condensa en sete palabras e anima aos lectores a que as descubran.

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Infórmase da publicación de varias obras, caso de *Sete palabras*, de Suso de Toro, e saliéntase a exploración nas súas orixes familiares que leva a cabo o escritor nesta novela. Conclúese que ambos elementos, ficción e realidade, se mesturan con gran habelencia nunha obra que sinala un punto de inflexión na súa traxectoria literaria.

- Xosé Carlos Caneiro, "De marabillas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 344, "Letras en galego", "Club dandi", 19 decembro 2009, p. 15.

Outórgalle escasa importancia ao ritmo narrativo desta novela e recalca o abuso do parágrafo breve e da frase esquemática. Asemade asegura que Suso de Toro descoida o estilo literario a favor dos contidos e das impresións. Tamén se detén no volume *O home do traxe branco*, de H. M. Quesada, e mais nun traballo de Miguel Barros sobre Ramón Piñeiro.

- Dolores Martínez Torres, "Ficción/Biografía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. VI.

Manifesta que o narrador desta obra é un personaxe chamado Suso de Toro o cal conversa incansabelmente consigo mesmo mentres está a relatar a súa viaxe física e sentimental na procura das súas orixes familiares. Comenta que non se sentiu engaiolada pola súa intriga e mais que presenta un texto repetitivo, trivial e pouco elegante. Finalmente indica que non esperaba isto dunha "suposta novela de madurez".

Referencias varias:

- Isabel Bugallal, "Eu non son de ninguén pero todo o mundo sospeita de min", *La Opinión*, 25 xullo 2009, contracuberta.

Conversa na que comeza falando de política para despois centrarse nesta novela. Comenta que estamos perante unha visión serena da vida, que é un proxecto de hai sete anos e mais que refixo dúas veces o libro. Coida que en *Sete palabras* hai narración de misterio e fantasmas, narración de viaxes e mais reflexión sobre a literatura.

- Daniel Salgado, "Viaxe ao centro de Suso de Toro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 outubro 2009, pp. 8-9.

Coméntase que o traballo deste volume comezou en xaneiro de 2008 cando o seu autor decidiu enfrontarse de xeito radical ao seu pasado. Faise unha introdución ao seu argumento, coméntase a relevancia do seu avó Faustino e afírmase que *Sete palabras* presenta trazos ensaísticos, de ficción, de libro de viaxes ou dun diario. Dáse conta das influencias de Philip Roth, Saul Below e de Imre Kertész, entre outros. Respecto á elaboración desta novela afírmase que lle resultou psicoloxicamente dura ao seu autor, pero que en conxunto resultou moi gozosa. Finalmente, reprodúcese o terceiro capítulo, titulado "Insomnio en Toro".

- Ó. I., "O camiño ata 'desalienar' a palabra", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 novembro 2009, p. 8.

Coméntase que esta obra tamén saíu publicada en formato de libro electrónico e reprodúcense as palabras de Suso de Toro nas que afirma que segundo o punto de vista da distribución "o de Google Books é un roubo".

- Montse Dopico, "A substancia que falta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 novembro 2009, p. 35.

Reproduce as reflexións de Suso de Toro sobre esta novela e entre elas cómpre destacar que nun comezo non sabía nin como se chamaba o seu avó, que existe unha confusión entre realidade e ficción e que está escrita dende a autocrítica, entre outros aspectos. Tamén se comenta que está estruturada en catro partes escritas sen barroquismos e cargada de sentido, que o libro reivindica a memoria das persoas sen nome e que recrea o proceso de investigación do autor sobre o avó paterno.

- Montse Dopico, "A novela 'Sete palabras' profunda nas lagoas da memoria", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 novembro 2009, p. 59.

Indica que con esta novela o seu autor se obrigou a ver quen era e mais a recuperar a historia da súa familia. Comenta que a experiencia da dor e da pobreza son os alicerces da historia desta novela da que se subliña que se publica en formato libro por Xerais pero que tamén conta con edición en formato electrónico.

- Belén López, "O Ateneo prepara unha homenaxe a Juan Vidal Fraga", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 novembro 2009, p. 68.

Anúnciase a presenza de Suso de Toro e Manuel Bragado o 26 de novembro de 2009 no Ateneo de Pontevedra para presentar esta novela.

- J. Miguel Giráldez, "A literatura é unha fermosa mentira", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Entrevista", 22 novembro 2009, pp. 4-5.

Conversa na que Suso de Toro reflexiona sobre esta novela. Comenta que o número sete ten algo de máxico e de cabalístico, que lle foi pracenteira a súa escrita e que "este artificio literario" leva grandes fragmentos de verdade no seu interior. Tamén se indica que o seu autor só quería saber o motivo polo que era orixinario de Toro, en Zamora, e descobre que o amor está detrás de case todos os argumentos. Asemade comenta que durmindo unha noite en Toro decidiu que tiña que achar a orixe do seu apelido e finalmente anuncia que a súa vindeira entrega literaria seguramente versará sobre dúas mulleres detectives.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 310, "Libros", 26 novembro 2009, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que acolle descritores de curta extensión de obras de recente publicación. Entre elas se describe *Sete palabras*, de Suso de Toro.

- Mercedes Cernadas/A. Losada, "Listas de agasallos non aptas para profanos en televisión", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 54, "Regalar", 20 decembro 2009, p. 8.

Propón entre as alternativas aos agasallos de Nadal libros como *Sete palabras*, de Suso de Toro; *Episodios galegos*, de Manuel Rivas, e *Ollos de Auga* (2006) e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar.

Valverde Alonso, Antonio, *O cruceiro de San Campio*, VI Premio de Xornalismo Nano Cambeiro 2008, introd. Carlos Méixome Quinteiro, limiar de Carmen Parada, debuxos de Tokio, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, 2009, 124 pp. (ISBN: 978-84-92590-34-6). ◆

Recompilación de relatos de Antonio Valverde Alonso (Vigo, 1935) que comeza cun apuntamento introdutorio de Carlos Méixome Quinteiro onde se comentan os xermolos desta publicación que se din están na páxina web valminor.info e se salienta o ser galardoada en 2008 co IV Premio de Xornalismo Nano Cambeiro. Doutra banda trae á lembranza a figura de Nano Cambeiro e remata agradecendo a colaboración do escultor Fernando Casás e do ilustrador Alfredo López Fernández. A modo de limiar aparece "Memoria humana do Val Miñor. Historias cuxo parecido non é pura coincidencia", no que a xornalista Carmen Parada realiza un percorrido polas orixes históricas do Val Miñor e salienta a figura de Antonio Valverde xunto con algúns dos seus relatos incluídos no volume. A temática destes relatos ten como punto central os acontecementos que tiveron lugar no Val Miñor, en particular no cruceiro de San Campío, a partir duns personaxes que conforman a rede de habitantes da bisbarra. Todos e cada un deses personaxes posúen un alcume que os define, como por exemplo Carme, "a coxa", José "o portugués", "Cristo Loureiro", Xesús "¡Arría o galo!", "Can blanco", José "o dos fígados esfarelados", "O mudo", "os Parroneros", Carmen "a pinganilla", Choncha, "os terribles de Donas"ou "o Soleiro". Cada relato vén narrado de forma omnisciente e cunha linguaxe sinxela e nidia. Todos eles describen escenas da vida cotiá que mostran a personalidade do personaxe en relación ao resto, como por exemplo a estadía dun deles no cárcere; os versos declamados por un bardo; a dirección do cine da bisbarra por parte doutro ou incluso a formación dunha orquestra. Todos os relatos están escritos en relación ao tranvía, o único medio de transporte que os relacionaba co resto do país. Ao longo do volume aparecen debuxos realizados por Tokio (nome artístico de Alfredo López Fernández) dos personaxes en tinta negra así como fotografías da bisbarra e dos seus cidadáns. Pecha o volume un apuntamento biográfico sobre o ilustrador e un índice dos contidos.

Referencias varias:

- D. Vázquez, "Memorias de lo cotidiano", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", 28 marzo 2009, p. 20.

Comenta que o Instituto de Estudos Miñoranos acaba de entregar o premio Nano Cambeiro ao escritor Antonio Valverde Alonso pola súa obra *O cruceiro de San Campio*. Explica que este libro está composto por vinte e cinco relatos que presentan personaxes singulares da época dos cincuenta que viviron na zona do Val Miñor. Tamén indica que as ilustracións do volume corren a cargo de Alfredo López Fernández.

Vázquez Pintor, Xosé, *Máis vidas*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, n.º 46,

2009, 177 pp. (ISBN: 978-84-92646-08-1).

Novela de Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), constituída por sesenta e tres pequenas crónicas, introducidas por un breve limiar, onde el mesmo as define como "crónicas de dentro", "de vidas estremas". Cada composición leva un título en latín, correspondente ao nome do suxeito que describe, o cal pode corresponder a calquera ser, persoa, animal, vexetal ou cousa, pois todos adquiren un mesmo rango de personificación. Tamén as referencias históricas ou espaciais quedan esvaecidas ou atemporalizadas; agás na coda final, que aparece en todos os casos, resaltada en cursiva, cun comentario ou pensamento relacionado coa realidade presente. A maioría das crónicas están escritas en terceira persoa, dende un narrador omnisciente, aínda que nalgunhas usan a primeira persoa, que pode ser a voz do mar, do vento, dun animal ou calquera dos personaxes que poidan aparecer. A linguaxe é moi elaborada, culta e con profusión de dialectalismos, que imprimen nos textos un elevadísimo lirismo, moi próximo á poesía, así como unha gran riqueza léxica.

Vidal, Francisco A., *As deusas do calvario*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, decembro 2009, 207 pp. (ISBN: 978-84-92792-29-0).

Nesta novela realista en *flash back* de Francisco Antonio Vidal (1947) nárranse a través das voces dos diferentes personaxes e máis dun narrador omnisciente, as sortes e desgrazas dun barrio pobre e mariñeiro dunha cidade costeira galega, veciños dun mesmo bloque de vivendas, e cómo se relacionan cos dos outros bloques, de qué se fala na praza, de cómo vive cada familia dentro da casa e cómo se relaciona fóra dela, do finxido interese dalgún político polo barrio, de cómo se chega á prostitución e á drogadición… Van pasando vinte anos e vaise vendo cómo melloran uns, e cómo empeoran os outros e tamén cómo morren varios deles.

Villar, Domingo, *A praia dos afogados*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 273, abril 2009, 504 pp (ISBN: 978-84-9865-180-5).

Esta novela de Domingo Villar (Vigo, 1971) conta cos mesmos protagonistas que tiña a súa anterior entrega, *Ollos de auga* (2006): o inspector Leo Caldas, quen segue a colaborar no programa radiofónico "Patrulla nas ondas", e mais o seu axudante, o oficial Rafael Estévez. Desta vez a novela ten como pano de fondo o mundo mariñeiro xunto coa cidade de Vigo e as parroquias de Panxón e de Aguiño. En *A praia dos afogados* Leo Caldas ten que investigar a morte dun mariñeiro de Panxón chamado Xusto Castelo, alcumado O Rubio, que aparece flotando na auga en estrañas circunstancias e coa aparencia dun suicidio. Con todo, Leo Caldas e o seu axudante comezan as súas pescudas e pronto descobren a importancia que tivo na morte de Xusto Castelo o afundimento do "Xurelo", que acontecera hai máis de dez anos. Descobren que os sobreviventes do "Xurelo", Marcos Valverde, Xosé Arias e o propio Xusto Castelo, pasaran de ser moi amigos a non se falaren mentres que o patrón do barco, Antonio Sousa, morrera nese sinistro. Despois de varias pistas erróneas e de moita investigación descobren que este afundimento se debeu a que seus tripulantes por mor do mal tempo tiveran que facer noite en Aguiño onde estiveran con Rebeca Neira. Esa mesma noite foi cando Marcos Valverde matara a Rebeca Neira e mais a Antonio Sousa e a seguir os tres afundiran o "Xurelo" simulando un naufraxio. Pero resulta que Rebeca

Neira tiña un fillo, Diego, e este descubriu que o asasino da súa nai foi algún dos mariñeiros e daquela empezou a acosalos. No intre en que Xusto Castelo ía declarar todo o que sabía é cando Marcos Valverde o mata e fai que todo semelle un suicidio e todos estes vencellos son descubertos por Leo Caldas. Esta narración da pescuda do asasino de Xusto Castelo aparece intercalada coa historia da hospitalización de Alberte quen é o tío de Leo Caldas e irmán do seu pai.

Recensións:

- R. L., "Un cadáver que non afogou", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 2 maio 2009, p. 60.

Comenta que despois da novela *Ollos de auga*, Domingo Villar volve con esta nova intriga que terá que resolver o inspector Leo Caldas. Narra o argumento da historia e fala sobre os dous personaxes fundamentais que terán que resolver un crime. Así mesmo, comenta que o estilo destas novelas policiacas está salpicado de humor e cheo de suspense, aínda que tamén mostran una visión crítica da sociedade.

- Francisco Martínez Bouzas, "Whodunit?", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Libros", 4 xuño 2009, p. VI.

Comeza destacando o éxito que está a ter hoxe en día o xénero policial e indica que na literatura galega tamén hai grandes escritores de novela negra. Achega os nomes de varios personaxes destas novelas e, entre eles, cita a Leo Caldas, protagonista da novela *Ollos de auga*, de Domingo Villar, que vai protagonizar novamente outra novela, *A praia dos afogados*. Narra o argumento da obra e comenta que a historia transcorre de maneira lineal nunha estrutura pechada. A seguir, critica o feito de que non se vexa unha evolución na prosa de Villar e afirma que o estilo é áxil e claro.

- Tomás Ruibal, "Un novo caso para o inspector Leo Caldas", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 469, "Anaquel dos libros", 14 xuño 2009, p. 9.

Comenta que continúa a ter moito éxito a novela policiaca e indica que Domingo Villar é un dos escritores que mantén a saga do seu policía cunha nova obra, *A praia dos afogados*. Refire que ademais do protagonista tamén se repiten outros personaxes e algúns espazos e narra o argumento da obra. Por último, critica o feito de que sexa demasiado longa.

- Ceferino de Blas, "Aventuras del inspector Caldas con paisaje de Vigo al fondo", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 612, 20 xuño 2009, p. 2.

Fai referencia ao escritor Domingo Villar e ao éxito que están a alcanzar as súas novelas situadas na cidade de Vigo e a súa ría. Comenta que algúns dos espazos literarios son recoñecidos e destaca o número de exemplares vendidos tanto en galego como en castelán. A seguir, pregúntase o motivo deste éxito e refire algúns dos trazos fundamentais: a fluidez narrativa, a intriga e o suspense, a humanidade do protagonista, a elección dos espazos, etc. e pasa a falar dos personaxes, principalmente do protagonista, Leo Caldas, na súa última novela, *A praia dos afogados*. De seguido,

explica o título da obra e describe o argumento, tamén indica que o ritmo da narración engancha ao lector e destaca o seu final enigmático.

- Xosé Carlos Caneiro, "A mesma columna", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 320, "Letras en galego", 4 xullo 2009, p. 12.

Indica que a escrita de Domingo Villar é un dos descubrimentos máis felices dos seus últimos tempos como lector e a seguir indica que esta novela é máis cinematográfica ca a anterior entrega do detective Leo Caldas e que quizais o seu único defecto sexa a velocidade narrativa xa que presenta diálogos "abrumadores e vertixinosos". Tamén se detén nos volumes *Do sentimento á conciencia de Galicia* e mais na última novela de Fernández Ferreiro *Tempo de centeo*.

- Ramón Nicolás, "O noso Larsson", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 321, "Letras en galego", 11 xullo 2009, p. 11.

Comeza recalcando o éxito esmagador de *Ollos de auga* para despois centrarse en *A praia dos afogados* da que se explica que o seu autor bebeu nas fontes dos clásicos da narrativa negra. Tamén apunta que os vimbios desta nova entrega xa estaban en *Ollos de auga* (2006), que o lector pode facer unha lectura cinematográfica d'*A praia dos afogados* e asemade recalca que o seu autor é quen de recrear atmosferas dun xeito breve e conciso.

- Leonardo F. Campos, "Leo Caldas, patriota galego", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 6.

Refírese á condición de best-seller d´*A praia dos afogados*, de Domingo Villar, ao que lle atribúe calidade e idiosincrasia. Considera que no século XXI, *Story* de Robert Mackee é unha lectura máis edificante cá *Poética* de Aristóteles, tal e como están a demostrar autores como Diego Ameixeiras e Domingo Villar, quen tamén botou abaixo outro tabú, o da literatura comercial. A seguir, achégase ao argumento d'*A praia dos afogados*, ao tempo que refire outra serie de comentarios sobre os elementos que caracterizan esta novela, na que se utilizan os mecanismos do best-seller para exportar os nosos trazos máis universais como pobo: a saudade e a retranca. Por outra parte, estima que a mestura do colectivo e o privado forman unha argamasa admirabelmente mesturada nesta entrega literaria, na que os chistes privados, as frases recorrentes, a precisión cirúrxica na presentación dos personaxes e as situacións, arman "un estilo sen estilo aparente".

Referencias varias:

- E. P., "Sae a novela 'A praia dos afogados' en Galaxia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 abril 2009, p. 60.

Anúnciase a publicación desta novela de intriga de Domingo Villar ambientada na Galicia mariñeira das Rías Baixas e na paisaxe urbana de Vigo. Segundo explicou a editorial, o autor introduce ao lector nunha intriga que parte do achado dun cadáver dun mariñeiro nunha praia na ría de Vigo coas mans atadas.

- Enrique Clemente, “Vigo y sus alrededores son un escenario ideal de novela negra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2009, p. 53.

Realízase unha entrevista ao escritor Domingo Villar quen fala sobre a súa última novela, *A praia dos afogados*. Villar explica quen é o protagonista da novela, Leo Caldas, e a qué se dedica, tamén comenta que a novela negra é un xeito por mostrar unha radiografía da sociedade galega. Así mesmo, fala sobre o espazo en que se ambienta a obra, Vigo, e refire cáles foron os autores que máis o influenciaron. Finalmente, fai referencia á súa experiencia como guionista e indica que algunhas características do protagonista son súas tamén.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 307, “Infantil/Xuvenil”, 7 maio 2009, p. VII.

Sección fixa deste suplemento que acolle descritores de curta extensión sobre obras de actualidade. Entre elas descríbese esta obra de Domingo Villar.

- Iago Martínez, “Narrativa subtitulada”, *Xornal de Galicia*, “*Nós*”, n.º 22, “En portada”, 9 maio 2009, pp. 2-3.

Recóllense as recentes publicacións de Alberto Lema e Domingo Villar, *Sidecar* e *A praia dos afogados*. No primeiro apartado, “Traballan xéneros”, sinálase a excepcionalidade de que as dúas obras saian simultaneamente en galego e en castelán. Este aspecto debúllase nun cadro aparte, baixo as portadas das dúas obras. En “Editar por afinidade” e “Tradicións críticas” recóllense os motivos destas duplas edicións editoriais e as diferenzas entre os dous sistemas literarios aos que se enfrontan.

- Laura Camacho, “Domingo Villar prepara ya una tercera aventura para Leo Caldas y Estévez”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 20 maio 2009, p. 69.

Dá conta da presentación en Madrid da última obra de Domingo Villar, *A praia dos afogados*, publicada en castelán por Siruela. Salienta que Villar xa está a traballar nunha nova entrega das investigacións de Leo Caldas, mais aínda non hai unha data fixada. A seguir, comenta que *A praia dos afogados* é unha novela negra ambientada nunha vila mariñeira que afonda máis na caracterización do protagonista e na paisaxe humana.

- Ágatha de Santos, “Soy un escritor que trabaja despacio e incumplo religiosamente los plazos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 maio 2009, p. 52.

Comeza describindo o argumento da última novela de Domingo Villar, *A praia dos afogados*, e achega unha entrevista realizada ao escritor. Villar comenta que cando escribe sobre Galicia isto permítelle estar máis preto dela e afirma que xa está a traballar nunha terceira parte das aventuras de Leo Caldas, aínda que non ten un prazo fixado. Refire por qué o protagonista das súas novelas non está caracterizado fisicamente e presenta poucos trazos psicolóxicos; tamén fai unha comparación entre Leo Caldas e Domingo Villar. Por último, fala sobre o compañeiro de Caldas, Rafael Estévez.

- R. G., “Domingo Villar regresa con Caldas nunha segunda entrega da novela”, *ABC*, “Galicia”, 9 xuño 2009, p. 55.

Comenta a novela de Domingo Villar, *A praia dos afogados*, e salienta que se trata dunha nova entrega das aventuras de Leo Caldas quen, nesta ocasión, ten que investigar a morte dun mariñeiro aparecido na praia. Indica que é unha novela policial chea de intriga e ambientada en Panxón e Vigo.

- Ágatha de Santos, "Escribir es un oficio artesanal que requiere cariño y esmero", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 xuño 2009, p. 45.

Comenta que Domingo Villar estivo en Vigo para promover a súa última novela, *A praia dos afogados*, escrita en galego e despois en castelán polo propio autor. Fai referencia á importancia das opinións dos lectores sobre o libro e afirma que o protagonista, Leo Caldas, non é un heroe senón un personaxe cunha vida normal. A seguir, asegura que ao escribir en galego séntese máis preto de Galicia e fala sobre o éxito que acadou coa novela anterior, *Ollos de auga* (2006). Tamén comenta algúns dos elementos que debe ter a novela policiaca.

- A. Losada, "É fermoso que a xente coñeza o meu país polo que eu escribo", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 10 xuño 2009, p. 43.

Destaca o éxito de ventas que tivo a novela de Domingo Villar, *Ollos de auga* (2006), e indica que saíu unha nova entrega das aventuras de Leo Caldas co título *A praia dos afogados*. A seguir, realiza unha entrevista a Villar quen explica por qué escolleu a cidade de Vigo como escenario desta nova aventura e en quén se inspirou para crear ao personaxe de Rafael Estévez. Tamén indica cáles son as súas influencias da novela negra e pasa a falar sobre a súa experiencia na radio. Por último, comenta a situación do xénero negro na literatura galega.

- Ana Baena, "Unha novela é como o viño, ten que fermentar e destilar", *Atlántico Diario*, "Vigo", 11 xuño 2009, p. 14.

Dá conta da presenza de Domingo Villar na Casa do Libro de Vigo para presentar a súa última novela, *A praia dos afogados*. Villar fala sobre a ambientación da obra e a súa publicación. Tamén comenta que non esperaba tanto éxito coas aventuras de Leo Caldas e afirma que xa ten un novo proxecto.

- M. Dopico, "A vida agochada dun pequeno porto pesqueiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xuño 2009, p. 32.

Comeza destacando certas características da obra de Domingo Villar, *A praia dos afogados*, e fai referencia ao éxito que tivo a primeira entrega das aventuras de Leo Caldas, *Ollos de auga*. Explica que nesta segunda entrega, o autor conta a vida dun pobo mariñeiro no que ten lugar un asasinato e indica que os personaxes son humanos coas características propias deles.

- Xurxo González, "Gústame levar as historias galegas a outros países", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "Cultura", 11-17 xuño 2009, pp. 24-25.

Realiza unha entrevista a Domingo Villar quen fala sobre a súa última novela *A praia dos afogados*, publicada en galego e castelán traducida polo propio autor. Comenta como está asimilando o éxito desta segunda entrega das aventuras de Leo Caldas e fala

sobre os protagonistas da novela. Afirma que agora afondou máis no protagonista e tamén no seu compañeiro Rafael Estévez.

- X. G., "O policía que goza dos percebes", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "Cultura", 11-17 xuño 2009, p. 25.

En relación á novela *A praia dos afogados*, comenta que a pesar de ser unha novela policial nela non hai tiros e o protagonista resolve o caso grazas ao contexto no que se move. Di que Villar consegue que o seu personaxe sexa próximo ao lector. Refire que pouco se sabe da súa personalidade e menos do seu aspecto físico. Tamén destaca ao compañeiro de Caldas, Rafael Estévez, co cal Villar mostra Galicia vista dende fóra.

- Natalia Álvarez, "A intriga é unha escusa para contar as relacións dos protagonistas e mais os oficios da xente do mar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Entrevista", 25 xuño 2009, pp. IV-V.

Domingo Villar responde ás preguntas da xornalista centradas nesta obra. Así asegura que nesta entrega afonda moito máis na vida de Leo Caldas así como na do resto de personaxes e mais que presenta unha ambientación mariñeira onde a trama vai dende Panxón até Vigo, pasando pola Barbanza. Tamén comenta a súa ledicia ao ver as traducións que se fan da súa obra e remata apuntando que a terceira entrega deste detective será moito máis urbana e estará centrada na cidade de Vigo.

- Carlos Permuy, "Domingo Villar", *Eco*. *Revista do Eixo Atlántico*, n.º 218, xullo 2009, "Entrevista", pp. 70-72.

Comenta que o escritor Domingo Villar acaba de sacar do prelo unha nova novela negra, *A praia dos afogados*, publicada en galego por Galaxia e en castelán por Siruela. A continuación, realiza unha entrevista a Villar quen fala sobre a obra. Explica a razón de continuar co protagonista Leo Caldas e o xénero negro e afirma que a costa galega é un lugar inmellorábel para ambientar unha novela negra. Tamén refire que para crear aos seus personaxes se inspira en modelos reais e, por último, fala sobre a creación literaria.

- Isabel Bugallal, "La novela policiaca ya no se ve como de segunda categoría", *La Opinión*, 8 xullo 2009, contracuberta.

Domingo Villar, autor de novelas como *A praia dos afogados*, comenta que o consumo deste xénero ten que ver coa situación actual de convulsión e incerteza. Doutra banda, tamén se abordan nesta entrevista cuestións relacionadas como a súa metodoloxía á hora de escribir, confesa corrixir continuamente os seus escritos, o que o leva a incumprir os prazos de entrega, xustifica a utilización de Galicia como escenario das súas tramas como medio de resarcir a morriña e tamén fala sobre os seus autores favoritos e dos seus personaxes máis emblemáticos.

- Xesús Fraga, "O éxito da novela policial recente", *La Voz de Galicia*, "Al sol", "Una lectura cada día", 8 xullo 2009, p. 45.

Breve referencia a este volume do que se indica que tivo un debut espectacular con dez mil exemplares vendidos e traducións a varios idiomas. Tamén sinala que segue a

mesma formulación canónica da novela negra que caracterizou a súa anterior entrega titulada *Ollos de auga* (2006).

- Alberte Mera, "Os libreiros recupéranse da caída das vendas no primeiro trimestre", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 19 xullo 2009, p. 49.

Céntrase na análise dos datos do sector do libro no Estado español e da que se indica que en Galicia os libreiros "conseguen sortear a caída de vendas que afecta ao sector español" e que presenta ao seu remate unha foto da cuberta d'*A praia dos afogados*, afírmase que a novela policial manda nos andeis e máis que este volume ten unha intriga "que parte do descubrimento do cadáver dun mariñeiro nunha praia na ría de Vigo coas mans atadas".

- Mónica Faro, "El 'pulp' de Puzo", *El Progreso*, "Verano", "¿Qué leer?", 24 xullo 2009, p. 41.

No comentario do volume *Seis tumbas en Munich*, de Mario Puzo, inclúe a cuberta d'*A praia dos afogados* xunto co número de páxinas que contén e mais o encabezado "El best-seller se escribe en gallego con el comisario Caldas".

- Sandra Faginas, "É unha honra que a xente veña a Galicia por ler os meus libros", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 25 xullo 2009, pp. 2-3/"Oxalá fose Larsson de verdade, pero vivo. Os seus libros son fantásticos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 345, "Las entrevistas del 2009", 26 decembro 2009, p. 6.

Conversa na que Domingo Villar debulla a súa última novela *A praia dos afogados*. Comenta que se recoñece no detective Leo Caldas dado que ambos adoran a un pai adegueiro ou que ambos colaboran nun programa de radio mais recalca que Leo Caldas é máis tristeiro e máis valente. Tamén detalla que primeiro escribe en lingua galega e consonte avanza a trama traduce el mesmo ao español e considera que o que lle fai escribir en galego é estar máis achegado ao mundo que está a describir. Alédase de que por fin a novela policial acadase ás elites lectoras e afirma que este volume é unha novela de misterio, negra e social. Para rematar a conversa asegura que está a encher un caderno de notas para a terceira entrega do detective Leo Caldas da que anuncia que quizais saia do prelo en dous anos. Despois desta conversa aparece un repaso ao perfil biográfico de Domingo Villar e mais unha pequena aproximación a esta novela que se destaca que entretén e que atina ao condensar unha trama simple mais non sinxela.

- La Voz, "Domingo Villar hace sombra a Larsson en la feria del libro de A Coruña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 agosto 2009, p. 47.

Infórmase de que esta novela foi a obra máis vendida na Feira do Libro da Coruña pola que pasaron máis de cen mil persoas en dez días.

- Teresa Cuíñas, "Un supervendas galego é posíbel", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 setembro 2009, p. 7.

Coméntase a gran transcendencia que está a ter na literatura europea o escritor vigués Domingo Villar coas obras que narran as aventuras do detective Leo Caldas e o seu axudante Rafael Estevez, que discorren nas rúas da súa vila natal. Saliéntase a tradución

delas ao castelán, inglés, italiano, alemán, ruso e búlgaro e a posibilidade doutras linguas no futuro. Dise que *Ollos de auga* (2006), que é a primeira, xa vai na 7ª edición en galego (Galaxia) e na 10ª en castelán (Siruela). Recórdase que recibiu o Premio Arcebispo San Clemente,organizado polo Instituto Rosalía de Castro onde o xurado eran estudantes de toda Galicia. Apúntase que a segunda parte desta obra é *A praia dos afogados*,que tamén se está a recibir con grande entusiasmo por parte do público, vai pola 2ª edición e é unha das cinco aspirantes ao Premio Libro do Ano 2009, convocado polo Gremio de Libreiros de Madrid, lugar de residencia do escritor. Recórdase que a novela policial goza dunha moi boa saúde nas letras galegas, dende que Carlos Reigosa gañase a 1ª edición do Premio Xerais da novela con *Crimen en Compostela* en 1984.

- Mercedes Cernadas/A. Losada, "Listas de agasallos non aptas para profanos en televisión", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 54, "Regalar", 20 decembro 2009, p. 8.

Propón entre as alternativas aos agasallos de Nadal libros como *Ollos de Auga* (2006) e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar; *Sete palabras*, de Suso de Toro; e *Episodios galegos*, de Manuel Rivas.

VV. AA., *O Camiño do Cebreiro a Santiago. Sufrir é malo, pero ter sufrido é bo*, Vigo: Ir Indo, 2009, 164 pp. (ISBN: 978-84-7680-656-2).

Obra colectiva que narra as diferentes vivencias persoais e os diferentes modos de ver o Camiño de Santiago mediante as achegas dun grupo de persoas que o están a facer todos xuntos. Este grupo de peregrinos estaba integrado por membros dos Premios da Crítica de Galicia e tamén por persoeiros pertencentes á Real Academia Galega e ao mundo literario galego. Varios destes persoeiros ían acompañados polos seus cónxuxes e nalgún momento tamén polos seus fillos. Cada achega do libro é de autoría dun dos compoñentes do grupo (podendo ter un só compoñente varias achegas ao seu cargo) e vai narrando anécdotas ou reflexións dos peregrinos, paisaxes, etc. Todo isto vai acompañado de debuxos e de fotografías dos integrantes do grupo tomadas durante o camiño con paisanos das vilas e pobos polos que ían pasando, e ante as paisaxes e monumentos polos que ían camiñando e que van intercaladas entres as diferentes achegas. Outras cousas que acompañan estas narracións son algunha que outra poesía ou cita de autores coñecidos e incluso unha partitura. A secuencia de achegas e autores é a seguinte:

- Juan Rúa, "Crónica do itinerario", pp. 5-26.

Achega introdutoria na que vemos cáles son as diferentes etapas que todos fixeron e en qué etapa se incorporaron algúns compoñentes do grupo que non estaban dende o principio. Esta achega integra moitas fotografías e unha composición poética de Celso Domínguez intitulada "A Cachucha".

- Basilio Losada, "Sufrir é malo, pero ter sufrido é bó", pp. 27-34.

O autor toma esta frase de Santo Agostiño para titular a súa achega porque pensa que se adecúa moito ao feito de facer o Camiño de Santiago. Nesta achega, Losada conta os seus motivos para peregrinar e os motivos das diferentes xentes que coñeceu nesta e

noutras peregrinaxes. Tamén nos fala dos recordos da súa infancia na Galicia profunda ao pasar entre Triacastela e Portomarín.

- Escrita de Alfredo Conde, Modesto Hermida e Celso Domínguez, e música de Antón Pulido Cid, "O Himno", pp. 35-36.

Manuscrito do himno, que está dividido en catro estrofas.

- Anxos Vázquez, "Guiada pola "maxia"" , pp. 37-40.

Anxos sae en coche cara O Cebreiro acompañada doutros amigos que ían facer esta peregrinaxe canda ela e narra cómo chegou ao Cebreiro despois de ter serios problemas co "tom tom". Tras isto, tamén narra as súas impresións en Compostela á fin da peregrinaxe.

- Xesús Ferro Ruibal, "Chegada ao Cebreiro, onda á virxe do sorriso toscano", pp. 41-48.

Empeza esta achega coa descrición da grande ilusión coa que un grupo de sesaxenarios emprende o Camiño de Santiago abandonando por uns días a súa cómoda vida de elevador e moqueta, e segue por derroteiros históricos sobre a orixe do Camiño e de onde está o seu verdadeiro remate (Compostela ou Fisterra?). Tamén fala do Cebreiro como "porta de Galicia" e conta as experiencias que viviu nesta peregrinaxe xunta aos seus acompañantes.

- Nieves Vaquero Morillo, "Reflexiones del camino", pp. 49-50.

Narra as súas experiencias e sentimentos facendo esta peregrinaxe.

- Carlos Varela García e Aurora Villar Iglesias, "Andares pola ruta xacobea", pp. 51-54.

Falan de cómo se prepararon para a peregrinaxe, de cómo entrenaron polo paseo marítimo da Coruña, de cómo eran as conversas entre compañeiros de camiño e das ganas que teñen xa de repetir esta experiencia.

- Xesús Ferro, "Os papiros do Medulio", pp. 55-58.

Reprodución do papiro número dez da súa obra *Os papiros do Medulio*. Hai pequenas anotacións a pé de páxina para explicar o significado de certos elementos desta poesía.

- Luís García Mañá, "Sen xente a terra vale pouco", pp. 59-62.

Comeza García Mañá esta achega cunha cita de Atahualpa Yupanaqui e recorda cómo están comendo no mesmo lugar, o Hotel Suíza, no que anos antes tamén comera con Carlos Casares. Remata a achega preguntándose se haberá unha terceira vez desta peregrinaxe. O título escólleo debido á pouca e envellecida poboación que se vai atopando nos diferentes pobos de camiño a Santiago.

- Ramón Loureiro, "Baixo o río branco do firmamento", pp. 63-64.

O autor confesa que esta peregrinaxe cambiou a súa vida por completo.

- Modesto Hermida, "Camiños e xentes", pp. 65-68.

Hermida comeza esta achega facendo unha alusión aos famosos versos de Machado "caminante no hay camino…" para a continuación contarnos en qué pensaba el cando facía esta peregrinaxe e o ben acompañado que ía. Conta tamén a historia de amor e paixón que foi imaxinando mentres se dirixía a Compostela.

- Celso Domínguez, "As cantigas do camiño", pp. 69-72.

Para comezar, Celso lembra cómo seu pai lle pediu a súa nai que lle dera estudo ao fillo pouco antes de morrer e cómo o pasou el naqueles internados nos que o desprezaban por ser galego e "non saber falar". Pero ao pouco comezou a interesarse pola música e todo cambiou. Inclúe a letra e a partitura de "Lauridinha", unha cantiga popular portuguesa.

- Xosé García Albeos, "A través da paisaxe e da natureza", pp. 73-76.

Fala como "pintor paisaxista e con predilección pola natureza do mundo rural de Galicia" admirando esa paisaxe da Galicia interior, que foi pintando mentres camiñaba cara a Compostela.

- Alfredo Conde, "A conversa", pp. 77-80.

Conde narra o día da etapa que o levou dende Sarria até Portomarín conversando con Bieito Ledo, de quen describe a súa personalidade, e fala tamén da paisaxe que admirou nesa etapa.

- Francisco Novoa e Mercedes Demanuel, "No recordo", pp. 81-84.

Contan cómo se sumaron a esta peregrinaxe en Sarria, e de cómo se sentiron facendo o Camiño tanto individualmente como en colectivo. Por último dan as grazas a Bieito Ledo pola boa organización do evento.

- Isi Feuerhacke, "Una experiencia inolvidable", pp. 85-86.

Isi, parella de Basilio Losada explica os diferentes sentimentos de facer o Camiño en coche a facelo a pé, que é segundo ela a mellor maneira de facelo, e os sentimentos que ten de cara a todo o pobo galego.

- Bieito Ledo, "O camiño,un pracer compartido", pp. 87-90.

Bieito, o organizador da peregrinaxe, fala de en qué se baseou para escoller aos participantes na peregrinaxe e se lle custou ou non convencelos para sumarse a ela. Tamén explica o motivo de evento: celebrar os trinta anos dos Premios da Crítica. Ao final da achega incorpora tamén as normas, a filosofía e a distribución de etapas da viaxe.

- Juan Rúa, "O camiño de Santiago", pp. 91-94.

Inicia esta achega lembrando as outras veces que fixo o Camiño, que foron cinco sen contar esta. Gústalle tanto o Camiño que segue querendo volver a facelo, porque di que cada vez é unha experiencia totalmente diferente.

- Xesús Ferro, "O petador", pp. 95-98.

Fala Xesús do relaxante que é o Camiño e incorpora fotografías de diversos petadores, pensando nos centos de anos que cada un leva na porta na que está.

- Manuel González-González, "Camiño de Santiago, unha experiencia de soidade e amizade", pp. 99-102.

Conta cómo é a vida normal e cómo son incluso as "vacacións normais": sempre con présa de aquí para acolá incluso en vacacións, e sempre facendo o mesmo; pero o Camiño atópase segundo el "noutra dimensión".

- Xosé-Luís Blanco Campaña, "O soño de Casares", pp. 103-108.

Achega de autoría dun personaxe que non estaba nesta peregrinaxe. Campaña recorda a vez que fixo o Camiño en 1992 acompañado, entre outros, por Carlos Casares, xa que este camiño de 2009 é unha conmemoración do que el fixo acompañado de Casares en 1992.

- Asunción Hernández, "¡Que lujo!", pp. 109-112.

A Asunción non lle gusta andar, pero toma esta peregrinaxe como unha convivencia na cal xorden momentos segundo ela "máxicos e irrepetibles".

- Fina Cid, "Arrecendo", pp. 113-114.

Comenta as ganas que tiña de facer o Camiño e a "experiencia enormemente enriquecedora" que foi facelo. Tamén conta algunhas anécdotas ocorridas na peregrinaxe.

- Modesto Hermida, "Camiño de xentes", pp. 115-128.

Hermida propón nesta achega varias outras denominacións para o Camiño de Santiago até chegar á conclusión de que o Camiño é un "camiño de xentes", das xentes que por el trafegan; por isto incorpora doce fotografías de xentes que viven nos pobos onde pasa o Camiño e xentes que pasan polo Camiño.

- Juan Rúa, "O diario manuscrito", pp. 129-147.

Achega que achega diferentes impresións tomadas "in itinere" e a man por varios dos compoñentes desta peregrinaxe, cada unha coa súa data e case sempre tamén co seu autor.

Péchase o volume con catro debuxos" (pp. 148-151): un de L. García Mañá, dous de J. García "Albeos" e un retrato de Juan Rúa por Antón Pulido. Por último, recóllense nove artigos da prensa (pp. 152-159) nos que o tema a tratar é esta peregrinaxe .

Referencias varias:

- E.V. Pita, "Los premios de la Crítica cuentan su vivencia del Camino", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 decembro 2009, p. 30.

Dáse conta da presentación deste volume que relata as vivencias dun total de vinte e dous escritores, pintores e académicos durante cinco días de camiño dende o Cebreiro a Compostela. Segundo se sinala, nesta publicación inclúense cartas, poemas, debuxos a pluma de Antón Pulido e fotografías. Asemade coméntase que a editorial Ir Indo pretende traducilo ao castelán, inglés, francés e alemán para fomentar que os estranxeiros visiten Galicia no ano santo 2010.

- Mar Mato, "Un novo xeito de vivir a Ruta", *La Opinión*, "Cultura", 21 decembro 2009, p. 46.

Recóllense as impresións de varios dos participantes, Xesús Ferro, Antón Pulido, Bieito Ledo, Alberto Conde, Xosé Luis Blanco Campaña…, nas cinco xornadas de camiño entre o Cebreiro e Compostela, iniciativa da que resulta esta publicación na que ademais de narrarse a aventura destes camiñantes, se describe a ruta e as súas xentes.

VV. AA., *Premio 2008 de relato*, *poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, 163 pp. (ISBN: 978-84-9914-012-4). ■

Volume recompilatorio dos traballos galardoados na edición de 2008 do Premio de Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo no que se acollen os seguintes relatos:

- Miguel Segador López , "Pantasma na taiga", 1º premio de relato curto, pp. 11-33.

Comeza cunha breve historia da vila Muslumovo. Karin, abandonada pola súa nai, emprende unha viaxe a través dos montes, acompañada dunha guía que pronto a invita a continuar soa o camiño. Atopa a unha tribo preto do río Jugan, onde lle suceden varios conflictos dos que ha de aprender sabios consellos. Finalmente, reúnese coa súa familia, non se antes poñer en práctica as artes tribais...

- Pablo Otero Tranchero, "Amor de estrada", 2º premio de relato curto, pp. 37-44.

O narrador atende a tres conversas nun restaurante completando a continuación coa súa perspectiva omnisciente. O tecido do relato vaise construíndo con fíos comúns que recolle o parágrafo final.

- Guillermo Rosales González, "Catro perspectivas", 1º accésit de relato curto, pp. 47-53.

Ante un mesmo feito, tres personaxes apuran a sacar conclusións baixo a súa propia intuición. Finalmente, revélase o que lle aconteceu á protagonista e reflexiónase sobre as conxecturas precipitadas.

- Alberto Comesaña Campos, "Doce cores", 2º accésit de relato curto, pp. 57-79.

Cada cor forma un pequeno relato no que o protagonista vai expresando as súas vivencias: iníciase coa cor branca para a infancia; a verde recorda os xogos co seu amigo; na amarela brillan novas aventuras; a laranxa representa os recordos do avó; a nova mestra, elegante e doce, vén da man da rosa; vermella, moza casadeira; o mal sino dos corpos afogados represéntase coa granate; coa azul rematan os xogos e comeza a realidade; violeta para unha despedida chea de bágoas; coa marrón soña unha nova vida, unha nova terra; na gris chove fóra e dentro do seu corazón; e, finalmente, a soidade e negra vellez deixan paso a outro novo arco iris.

- Benigno Burón, "Ás e media" (tradución do catalán do relato "Quarts d'una", de Quim Monzó incluído no libro *El perqué de tot plegat* (1993), 1º accésit de tradución, pp. 151-163.

Todo comeza cunha chamada, iníciase unha conversa telefónica entre un home e unha muller, que aparentemente manteñen unha relación amorosa ás agochadas;non obstante, a confusión e o xogo apodérase do relato que remata cunha ambigüidade interpretativa: a presencia do dobre e o engano.

VV. AA., *Premio 2009 de relato*, *poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, 163 pp. (ISBN: 978-84-9914-068-1). ■

Volume que contén os traballos galardoados nos Premios 2009 de relato breve, poesía e tradución literaria da Universidade de Vigo. Ábrese cun "Limiar" institucional a cargo do reitor, Alberto Gago. A continuación, recóllense as obras gañadoras nas súas distintas modalidades (relato curto, poesía e tradución). Os relatos seleccionados son os seguintes:

- Raquel Fernández González, "A sorte está de cara", 1º Premio do Relato Curto, pp. 9-18.

Relato no que un rapaz conta as súas vivencias persoais botándoo todo a cara ou cruz.

- Alberto Comesaña Campos, "Quérote", 1º Accésit de Relato Curto, pp. 19-37.

Narrado en primeira persoa. O seu protagonista, mestre dun concello, conta o que lle vai sucedendo logo de coñecer a Casilda, unha moza que vén buscar unha persoa que lle ensine a ler e a escribir ao seu pai Arturo.

- Juan Antonio Martín Pernas, "A burra de ouro", 2º Accésit de Relato Curto, pp. 39-52.

Cóntanse as leas entre unha serie de tribos prerromanas protagonizadas polo guerreiro Dergin e o druída Hadalis.

- Isaac Fernández Fernández, “Despois”, 1º Premio de Tradución, pp. 89-111.

Trátase dunha versión da obra *Gero* (1643), de Pedro de Axular, do éuskaro á lingua galega.

VV. AA., *1969-2009. 40 anos de agradecemento*, prólogo de Ramón Villares Paz, Santiago de Compostela: Libraría Couceiro, marzo 2009, 115 pp. (DL: C-746/2009).

Volume colectivo no que participan dezanove escritores e escritoras galegas co gallo de conmemorar o corenta aniversario da apertura da Libraría Couceiro. O libro comeza cun prólogo firmado por Ramón Villares, “Un lugar para soñar”, no que fala sobre a importancia e o traballo da Libraría Couceiro nos corenta anos que pasaron dende a súa apertura. A continuación aparecen os textos dos dezanove escritores, os cales son en prosa e en verso. As achegas narrativas son as seguintes:

- Marilar Aleixandre, “Cervantes seis”, pp. 15-20.

Conta unha breve historia dunha moza que atopa nunha librería recen aberta un libro antigo.

- Rosa Aneiros, “O neno sen pixama a raias”, pp. 21-37.

Trata da historia de dous nenos, Shmuel e Ahmed, os cales están relacionados co libro de John Boyne.

- Suso de Toro, “O libro dos anxos”, pp. 47-50.

Neste texto fala de cando descubriu por primeira vez *O libro dos Anxos*, unha tradución do *Librum Angelorum* do arcebispo Cresconio feita polo cóengo López Ferreiro.

- Xelís de Toro, “A cabeza”, pp. 51-52.

Conta a historia dun home ao que lle cortan a cabeza pero continúa vivo e desta maneira vai relatando os feitos e aventuras que lle acontecen.

- Lupe Gómez, “Carta a unha vaca”, pp. 59-60.

A escritora faille preguntas retóricas a unha suposta vaca que a está a escoitar; fala con ela das súas preocupacións, da vida, da sociedade, dos sentimentos.

- Bieito Iglesias, “Memoria/Ganzallos”, pp. 61-63.

Texto existencial e profundo que reflexiona sobre o paso do tempo e a vida como circunstancias inevitábeis.

- Inma López Silva, “Marcadas”, pp. 67-69.

Relato sobre unha muller africana que sofre diferentes desgrazas: violencia física e psicolóxica, violacións, etc.

- Carlos Negro, “Gándara”, pp. 71-72.

A xeito de entrevista o autor realiza unha breve rolda de preguntas e respostas sobre o acto de creación literaria e as súas consecuencias.

- Xosé A. Neira Cruz, “Pasos arredor dun libro”, pp. 75-83.

Trátase dun conto no cal dous amigos descobren unha pantasma pirata nunha libraría e intentan contactar con ela por todos os medios.

- Séchu Sende, “Livre”, pp. 99-101.

Conta a historia de Teo e Estrela dous rapaces aos que lle gusta a fotografía.

- Anxos Sumai, “Quiero comerte, literalmente”, pp. 103-108.

Contribúe á homenaxe cun relato de dous universitarios en situación precaria e que aman a lectura por riba de todo.

Referencias varias:

- M. Dopico, “A permanente ilusión”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 18 marzo 2009, p. 32.

Conta que unha vintena de escritores e escritoras galegos colaboran no libro *1969-2009. 40 anos de agradecemento* co que a libraría Couceiro de Santiago de Compostela celebra os seus corenta anos de historia e apoio á creación literaria galega. Destácase que conta cun deseño na cuberta de Baldo Ramos, un prólogo de Ramón Villares xunto coa colaboración dunha vintena de autores e reprodúcense palabras de Xesús Couceiro nas que afirma que mantén o seu compromiso co libro en galego dende a fundación da súa libraría en 1969.

- V. Oliveira, “Couceiro, o mestre dos libros”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 753, “O personaxe”, 22 marzo 2009, contracuberta.

Co gallo da presentación deste volume realízase unha aproximación á figura de Xesús Couceiro, de quen se detalla que non desistiu na “idea romántica” xurdida en 1969 de impulsar a cultura de Galicia e que mantén na súa libraría un dos seus trazos distintivos: a especialización no libro galego.

- Margarito Flowers, “La librería Couceiro cumple cuarenta años”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 26 marzo 2009, contracuberta.

No apartado “Libro conmemorativo”, dáse conta da saída a lume do volume *Libraría Couceiro*, *1969-2009*, *40 anos de agradecemento* e sinálase que conta coa participación, entre outros, de Ramón Villares, Marilar Aleixandre, Rosa Aneiros e Manuel Outeiriño.

- Rosa Aneiros, “Asombro”, *Xornal de Galicia*, “Opinión”, “A Rebusca”, 30 marzo 2009, p. 4.

Reproduce o comezo do poema de Carlos Negro, “Gándara”, que emprega tamén no peche. Explica que está incluído no volume de homenaxe á libraría Couceiro xunto a palabras de Marilar Aleixandre, Suso de Toro e Miro Villar, entre outros.

I.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Calvo, Tucho, *Corazón entre desertos*, A Coruña: Biblos Clube de Lectura, col. Mandaio, n.º 35, 2009, 124 pp. (ISBN: 978-84-937323-1-8).

Segunda edición, corrixida e acrecentada, deste volume de relatos de Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954) publicado orixinariamente en 2002 na editorial Ir Indo, na colección Mandaio. A edición orixinal, que ten como ilustración da cuberta un fragmento de "A cama", de Henri de Toulouse-Lautrec, está composta de dezanove relatos. A reedición de 2009 cambia de editorial e adáptase á normativa vixente no galego dende 2003. Arrinca cunha breve biobibliografía do autor e mantéñense os mesmos relatos da edición orixinal, aos que se engaden tres máis intitulados "Gare d'Austerlitz", "Parados" e "No confín". Ademais tres dos relatos están acompañados de ilustracións: a primeira delas, de autor non identificado, aparece no interior do relato "Corazón"; as outras dúas, datadas en 1982 por Xaime Quessada, ilustran os relatos "Gare d'Austerlitz" e "No confín". Este volume de relatos xa fora descrito no *Informe 2002*, apartado I. Narradores galegos.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Corazón entre desertos", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 589, "Páxina literaria", 4 outubro 2009, p. 4.

Fai unha análise da obra de Tucho Calvo, *Corazón entre desertos*, xa que considera que os relatos son disímiles en aparencia, pero en realidade contan cunha serie de características comúns que os emparellan. Considera que non se trata dunha unidade de relatos previa porque une relatos aparecidos en diversos medios. Fala dos temas da obra como o abandono, a incomunicación, a sociedade actual, o desarraigo vital e outros, pero con toques de humor. Salienta neste senso "A musa", "O teléfono" e "Alarma".

- Ramón Loureiro, "Os mundos de Tucho Calvo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 334, "Letras en galego", 10 outubro 2009, p. 11.

Achégase a historia da publicación da obra de Tucho Calvo, unha reedición pola editorial Biblos de *Corazón de entre desertos*, publicada inicialmente por Ir Indo en 2002 que desapareceu da venda, con algúns dos relatos que apareceran n'*Astra o confín* (1983). Engádese que se enriquece das ilustracións de Xaime Quessada e de Miguelanxo Prado. Saliéntase a súa sinxeleza, allea aos excesos estilísticos, e a capacidade de perdurar na historia como a grande obra que é. De entre os seus títulos, destácase *Tabeirón*s (2002) como paradigma da cultura galega.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Podemos ter a satisfacción das pequenas cousas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 setembro 2009, p. 49.

Recóllese a entrevista con Tucho Calvo con motivo da presentación do libro *Corazón entre desertos* esa tarde na Coruña. O autor relata as diferenzas da primeira edición de 2002 con esta de 2009, comenta o tema da incomunicación, moi presente en toda a súa obra, e a combinación do seu traballo como escritor e como editor.

- Xosé Manuel Sarille, "Tucho Calvo", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Pan e coitelo", 24 novembro 2009, p. 59.

Logo de criticar a literatura orientada ao mercado e afirmar que a verdadeira literatura nunca perece, coméntase a próxima presentación da edición ampliada de *Corazón entre desertos*, de Tucho Calvo, que Xosé Manuel Sarille considera unha verdadeira novidade que non morreu co tempo senón que mellorou, porque está escrita con "calma e con primor" e porque o autor so sae a luz cando cree que o seu traballo paga a pena.

Cunqueiro, Álvaro, *Las historias gallegas*, prólogo de Manuel Gregorio González, Editorial Paréntesis, col. Orfeo, n.º 6, abril 2009, 169 pp. (ISBN: 978-84-676-1830-3).

Volume que acolle sesenta e sete relatos curtos, escritos en castelán, que Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, Lugo, 1911-1981) realizou no marco das colaboracións que levaba a cabo para emisoras de radio galegas. Os relatos veñen introducidos por un prólogo no que Manuel Gregorio González, define ao autor como un escritor "otoñal", "melancólico"e destaca a súa modernidade por abordar o xénero fantástico, aínda que dende un prisma diferente ao actual, xa que Cunqueiro mostra un carácter alegre. Doutra banda, destaca a súa erudición como gran coñecedor de antropoloxía, historia, mitoloxía, etc., e subliña a incomprensión persistente da obra deste autor. Igualmente reveladora é a introdución do propio Cunqueiro, quen explica que esta obra vén a ser unha descrición das características esenciais do pobo galego, do que se honra en formar parte, e que pasa a relatar nesta introdución. Son relatos amábeis, con notas humorísticas, contados por un narrador omnisciente, na súa maioría, ou por un narrador-testemuña nalgunhas ocasións, introducíndose excepcionalmente diálogos en galego. Trátase de historias protagonizadas por galegos da contorna rural que teñen como escenario diferentes puntos da xeografía galega onde acontecen feitos inverosímiles ou mesmo fantásticos. Este mundo fantástico confórmase por animais e obxectos inanimados que falan e por animais "estraños" (murigante, gatipedro, bolimarte…). Os galegos aparecen representados como un pobo supersticioso, que cre tanto en imaxes milagreiras como en fadas, meigas e no mal de ollo e que recorre ao que hoxe chamaríamos medicina alternativa (curandeiros, menciñeiros e albeitares).

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, "Un libro rescata los relatos y semblanzas que Cunqueiro realizó para la radio", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 25 xuño 2009, p. 36.

Afirma que *Historias gallegas de Álvaro Cunqueiro* recolle sesenta e sete descricións biográficas breves xunto con relatos realizados por Álvaro Cunqueiro mentres colaboraba con emisoras galegas na década de 1980. Asemade, infórmase da súa presentación no Auditorio da rúa Areal de Vigo.

- Ágatha de Santos, “Un experto en Cunqueiro califica al escritor gallego de fabulista excepcional”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 26 xuño 2009, p. 37.

Apoiándose en palabras de Manuel Gregorio, prologuista deste volume, fálase da relevancia literaria de Álvaro Cunqueiro e infórmase de que o 25 de xuño se presentou en Vigo unha reedición de *Historias gallegas de Álvaro Cunqueiro* que vira a luz por primeira vez en 1981.

- Ana Baena, “Sus artículos son geniales, engloban lo mejor de Cunqueiro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 26 xuño 2009, p. 7.

Conversa na que o prologuista de *Historias gallegas de Álvaro Cunqueiro*, Manuel Gregorio, destaca que o máis significativo deste libro é que representa unha selección de relatos realizados o mesmo ano da morte do seu autor e mais que en todos eles está presente toda a arte e xenialidade de Álvaro Cunqueiro.

Marinhas del Valle, Jenaro, *A vida escura*, ilus. Carlos Quesada, Ourense: Associaçom Galega da Língua, col. Criaçom (AGAL), febreiro 2009, 233 pp. (ISBN: 978-84-87305-30-X).

Segunda edición do libro de relatos de Jenaro Marinhas del Valle (A Coruña, 1908-1999) que, segundo expresan os editores, representa a mellor prosa dos anos corenta e cincuenta do século XX, época na que foi escrita a obra. Foi publicada por primeira vez en 1987 coa excepción de oito relatos que co epígrafe “A festa do Cheneque e outras historias” saíron á luz en dúas entregas dentro da revista *Grial* en 1967. No comezo do libro catro citas abren unha pequena porta sobre o conto, a conciencia peninsular e o reintegracionismo, norma da que Jenaro Marinhas del Valle foi firme defensor e na que se ofrece o presente libro. Trinta e sete son os relatos que conforman o libro, funcionando o primeiro e o último, tal e como indican os seus títulos, como “Prefácio” e “Posfácio”. O primeiro é un pequeno tratado sobre o conto e as súas características fronte aos outros xéneros, mentres que o “Posfácio” explica esa vida escura que dá título ao libro e que corresponde á época (anos corenta) onde no segredo da súa casa escribía estes relatos. Os relatos descritos en terceira persoa veñen presentados nunha estética escura, cincenta, que serve de eixo para enmarcar unhas historias de soidade, de pequenas desgrazas e do *fatum* ao que homes e mulleres son sometidos nunha época tráxica como é a posguerra e que queda expresado no capítulo “O que finou derradeiro” coa frase “Atrás dun inverno outro inverno ven”. Así, na paisanaxe dos relatos atopamos dende mulleres que viran tolas (“O embrulho”) e homes que perden aos seres queridos e buscan vinganza (“A promessa”) até homes que non conseguen o amor da muller (“O Cheneque) ou tolean ao perder obxectos de valor sentimental (“Sam Joám”). As historias, enfiadas cun léxico requintado e inzado de neoloxismos, son porén narradas dunha maneira directa e realista non exenta de ironía. Algúns dos personaxes acompáñanse ademais dos retratos de Carlos Quesada dándolles apariencia visual ás mesmas.

Referencias varias:

- R. García, “Agal recupera el libro de Jenaro Marinhas *A vida escura* y promueve cinco itinerarios en A Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 febreiro 2009, p. 56.

Fálase do congreso que se celebra na Coruña ao redor da figura de Jenaro Marinhas del Valle, promovido pola Asociación Galega da Lingua (AGAL). O presidente desta, Alexandre Banhos, salienta o esquecemento no que caeu o autor, polo que a AGAL vai inaugurar unha placa colocada na casa natal do dramaturgo, así como cinco itinerarios. Por último, preséntase unha reedición da obra de relatos descatolagada de Jenaro Marinhas, *A vida escura*.

Risco, Vicente, *Contos de Vicente Risco*, debuxos do autor, Ourense: Fundación Vicente Risco, 2009, 47 pp. (D.L.: OU 82-2009). ◆

Preséntanse catro breves contos de Vicente Martínez-Risco Agüero (Ourense 1884-1963). Os dous primeiros son froito do labor de recolla das tradicións populares: “O lobo da xente” e “A trabe de Ouro e a trabe de alquitrán”. No primeiro conto, “O lobo da xente” (pp. 6-13), publicado por primeira vez en 1925 na colección Lar, nárrase o sucedido ao mozo chamado Ánxel, quen por medo ao lobo, chegada a noite resgardouse no sequeiro das castañas. Aconteceu que apareceu un enorme lobo que, ao entrar no sequeiro, resultou ser unha moza que levaba por riba unha pel de lobo. O rapaz bota a pelica ao lume e a moza agradécelle que a librara da fada que lle botara súa nai por envexa, pois a queima da pel de lobo era o único xeito de librarse da fada. E así foi como a lenda do lobo da xente rematou e os dous mozos casaron. No segundo “A trabe de Ouro e a trabe de alquitrán” (pp. 16-29), relátase o que lle sucedeu a Goriño e Bastián coa moura encantada de Couto de Lourido. Os dous mozos achegáronse ao Couto de Lourido coas indicacións do que debían facer cando lles aparecese a moura, que gardaba a trabe de ouro e a de alquitrán. Bastián fixo caso das indicacións de non mirar o peite caído de ouro e chegou onde a trabe de ouro, na que había unha Asemblea de homes sabios, que lle narraron a historia da trabe de ouro na que estaba escrita a ciencia antiga, as leis e as profecías. Mais Goriño, que non fixo caso das indicacións, adentrouse coa mora na cova e foi parar onde vivían os mouros quen o mandaron chegar á trabe de ouro. No camiño tropezou e caeu na trabe de alquitrán, provocando un incendio que queimou todo o monte Lourido. Remata relatando que o Bastián apareceu cego mais o Goriño nunca máis se soubo del. O terceiro “A velliña vella” (pp. 32-34) é unha reinterpretación do folk-drama irlandés *Cathleen in Houlihan*, recollido no número 9 de *Sonata Gallega* (1946), un conto sobre o encontro entre o escudeiro Pay Soares e unha velliña que decide chamar polos seus fillos. Vai visitando a todos eles, un avogado, un escritor, un emigrante retornado e un labrego, aos que lles pide amparo e defensa mais todos a rechazan. Por último, “Meixelas de Rosa” (pp. 36-47) é un conto creado por Risco que relata a historia de amor “sen verbas” do rapaz Xoaquín e a moza Aurora, acontecida en primavera durante unha excursión de mozos e mozas á viña da Elena. Describe e recolle sobre todo as impresións visuais e emocionais do rapaz mentres que está con Aurora e o bico que se deron. Todos eles van acompañados de debuxos en branco e negro feitos polo mesmo escritor.

I.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Atxaga, Bernardo, *Sete casas en Francia* (*Zapzi etxe Frantzian*, 2009), trad. de Ramón Nicolás, Vigo: Factoría K de Libros, col. Narrativa K, abril 2009, 273 pp. (ISBN: 978-84-96957-61-9).

Trátase dunha novela non dramática sobre unha época tinguida de traxedia. O rei Leopoldo de Bélxica suma á súa coroa o Congo en 1885. A acción sitúase en 1903 en Yangambi, no momento en que chega Chrysostome Liège, último oficial en incorporarse ao destacamento mandado por Lalande Biran. Este é considerado polos seus compañeiros como un home raro, porque case non fala, non ri co humor masculino e non vai con mulleres. No entanto, posúe unha virtude especial co rifle, xa que é un tirador infalíbel. Neste mundo da selva, Bernardo Atxaga, nome literario de Joseba Irazu Garmendia (Asteasu, Guipúscoa, 1951), mostra o tema dos celos, das ambicións, da envexa e da nostalxia polo fogar, ambientado nunha época dura da colonización europea en África. O capitán Lalande está a enriquecerse co tráfico ilegal de marfil para satisfacer as ambicións da súa muller que está a comprar casas en Francia, nos lugares máis selectos, alcanzando até sete, tantas como anos teñen previsto que pase o seu home en África. A noticia de que o rei vai visitar o Congo cunha actriz á que vai coroar como raíña, fai agromar a avaricia entre os oficiais. Finalmente, non será o rei senón outros membros menos vistosos: un bispo e un periodista. A expedición final á illa de Samanga onde colocaran unha imaxe da Virxe e as tensións entre os militares, supoñen un desenlace tráxico coas mortes do capitán Lalande Biran e Donatien pola mordedura dunha serpe e do tenente Van Thiegel, nun duelo con Chrysostome, que se mantén nos seus principios relixiosos e morais até o final.

Recensións:

- Ana Mendoza, "Atxaga viaja a las tinieblas", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 4 abril 2009, p. 82.

Comenta que Bernardo Atxaga acaba de sacar do prelo un novo libro centrado na barbarie cometida no Congo Belga a principios do século XX. O título da novela é *Sete casas en Francia*, editada ao mesmo tempo en castelán e en galego, por Faktoría K. A seguir, explica por que o autor escolleu este tema e sitúa física e temporalmente a historia.

- Martin Pawley e Paco Campos, "Unha sinfonía do horror", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 19, "Libros", 18 abril 2009, p. 4.

Comeza salientando a cantidade de conflitos e crises violentas que suceden día a día no mundo para indicar que este é o tema da nova obra de Bernardo Atxaga: *Sete casas en Francia*. A historia está situada no Estado Libre do Congo, no ano 1903, e explica cal era o contexto histórico do país. A seguir, relata o argumento da novela de xeito detallado e, finalmente, destaca que a obra supón un cambio no estilo do escritor e loa a Atxaga polo seu traballo.

- R. B., "Historias do Congo", *ABC*, "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 5, "Libros", maio 2009, p. 11.

Comenta a novela de Bernardo Atxaga, *Sete casas en Francia*, traducida ao galego por Ramón Nicolás e publicada por Faktoría K. Explica que este autor xa é coñecido en Galicia grazas as novelas *O fillo do acordeonista* ou *Obabakoak*. Comenta que na obra que se analiza o escritor realiza unha viaxe ao Congo Belga para narrar as inxustizas que alí se cometeron, dunha maneira grotesca e sen moral.

- Ramón Fernández Mariño, "Obaba xa queda lonxe", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 7.

Comeza explicando que a novela de Bernardo Atxaga, *Sete casas en Francia*, se sitúa na República Democrática do Congo durante a época de colonización belga, momento de grandes abusos e xenocidios, do que se ofrece un breve repaso. Destácase a descrición psicolóxica dos personaxes, a través dos que se accede a diferentes voces que encarnan as conciencias, cunha maior preeminencia a aqueles mozos que botaron a infancia nos montes e despois non se adaptaban á vida en comunidade. Remata salientando que nesta obra se fai unha aproximación á condición humana en situacións e contextos extremos, cando as relacións de poder levan ao home á desesperación.

- Paulo Kortazar, "¿Que facemos no Congo?", *Grial*. *Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 120-121.

Ademais de relacionar *Sete casas en Francia* con outras obras de Bernardo Atxaga, refire o argumento desta última entrega narrativa do escritor vasco. Considera que un dos seus problemas xorde ao final, xa que para o segundo tercio da novela un non sabe cal é o nó principal, así como apunta que algo parecido ocorre cos personaxes, pois "producen *overbooking* e aseméllanse moito". Sinala que tamén ten detalles dignos de mención propios dun escritor de gran talle e que, logo de ler o libro e de fixarnos no personaxe máis desenvolvido e interesante, Lalande Biran, confía en que Atxaga nos brindará unha das súas perlas.

Referencias varias:

- Iago Martínez, "Atxaga editará en galego a súa novela sobre o Congo belga", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 6, "Libros", 17 xaneiro 2009, p. 7.

Apúntase que tras a estadía de Bernardo Atxaga na Universidade de Reno cunha bolsa William Douglas, a súa traxectoria literaria deu un xiro para orientar a súa produción cara "o humor absurdo e o grotesco" que amosa en *Sete casas en Francia*. Explícase que a novela será editada simultaneamente nas catro linguas cooficiais de España e que a versión galega corre a cargo de Ramón Nicolás, quen xa traducira con anterioridade ao galego *Obabakoak*. Precísase que *Sete casas en Francia* se inspira nos *Escritos políticos*, de Mark Twain e dáse conta doutras novidades da editorial Faktoría K: *Motín na Bounty*, de John Boyle e *Xamón no centeo*, de Charles Bukowski. Infórmase da terceira etapa desta editorial indicando que se iniciou traducindo clásicos como Boris Vian e *Lolita*, de Nabokov e que na colección "Lecturas de altura" publicou títulos comerciais como *O neno do pixama de raias*. Indícase que outra liña de comercialización desta editorial pasa por traducir ao castelán a autores galegos como

Anxos Sumai, con *Así nacen las ballenas*; Rosa Aneiros, con *Resistencia*; e Xurxo Sierra Veloso, con *Los nombres del traidor*, que se presentaron na Feira do Libro de Madrid. Remátase cun breve apunte da creación e historia desta editorial indicando que se dedica a libros de arte, cómics e novelas gráficas, libros para os máis novos, cadernos de viaxe e a colección poética "Trece lúas".

- D. S., "La nueva obra de Bernardo Atxaga saldrá en gallego", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 17 xaneiro 2009, p. 7.

Informa que Faktoría K vai ser a encargada de editar en galego o último libro escrito por Bernardo Atxaga, *Sete casas en Francia*, que sairá tamén publicado en castelán e catalán simultaneamente. Indica que a tradución corre a cargo de Ramón Nicolás e comenta que esta editorial xa publicara anteriormente outra novela de Atxaga, *Obabakoak* (2008).

- Amelia Castilla, "El envés de la aventura", *El País*, "*Babelia*", n.º 905, "En portada/Entrevista", 28 marzo 2009, pp. 4-6.

Fala sobre a última obra de Bernardo Atxaga, *Sete casas en Francia*. Refire o argumento, comenta os contidos histórico-políticos da mesma e cita que proximamente a obra será publicada en castelán, catalán e galego.

- Enrique Clemente, "El discurso de denuncia ya no se escucha, es inaudible", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "La entrevista", 18 abril 2009, p. 16.

Realízase unha entrevista ao escritor vasco Bernardo Atxaga para falar sobre a súa última novela, *Sete casas en Francia*. En columna á parte, comenta que Ramón Nicolás é o responsábel da tradución da obra de Atxaga ao galego e indica que está publicada por Faktoría K. Refire que Ramón Nicolás xa traduciu outros títulos e afirma que esta nova obra supón un cambio na narrativa de Atxaga.

- Luís González Tosar, "Feliç Sant Jordi", *El Correo Gallego*, 26 abril 2009, p. 2/*Diario de Arousa*, 26 abril 2009, p. 51/*Diario de Arousa*, 26 abril 2009, p. 26/*El Ideal Gallego*, 26 abril 2009, p. 27/*El Ideal Gallego*, "Opinión", "Ao raiar ao sol", 27 abril 2009, p. 20.

Comenta a elevada participación e entusiasmo dos barceloneses na celebración da festa do libro e salienta a participación de escritores como Bernardo Atxaga, autor de *Sete casas en Francia*. A seguir, dá conta da presentación na Galería Sargadelos do poemario de Manuel Rivas, *A desaparición da neve*.

- Ramón Blanco, "Las víctimas no suelen tener voz", *ABC*, "*Artes & Letras*. *Galicia*", n.º 5, "Libros", maio 2009, pp. 10-11.

Fai referencia á última obra de Bernardo Atxaga, *Sete casas en Francia*, traducida ao galego por Ramón Nicolás. A seguir realízase unha entrevista ao escritor quen comeza indicando que con esta obra pretende volver á xuventude e atopar novos temas para os seus libros aínda que o espazo literario segue a ser o mesmo que na súa anterior obra, *Obabakoak* (2008). Comenta a súa situación como escritor e dá conta dalgunhas características desta última novela como por exemplo datos sobre os personaxes, a linguaxe grotesca e esperpéntica que emprega e tamén refire unha anécdota da historia.

- Xosé Carlos Caneiro, "Día do libro galego", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 311, "Letras en galego", "Club dandi", 2 maio 2009, p. 12.

Comeza reclamando que o Día das Letras Galegas debe ser un día lectivo onde os libros estean nas rúas e poidan ser obxecto de agasallo. A seguir, fai referencia a algúns títulos publicados recentemente e, entre eles, cita a tradución feita por Ramón Nicolás da obra de Bernardo Atxaga, *Sete casas en Francia*.

- Camilo Franco, "La violencia siempre tiene muchos seguidores", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 maio 2009, p. 50.

Refire que aparece publicada en galego por Faktoría K a última obra de Bernardo Atxaga, *Sete casas en Francia*, traducida por Ramón Nicolás. A seguir, realiza unha entrevista ao escritor o cal explica o obxectivo desta novela e o porqué da temática que presenta.

- C. Villar, "Somos así: nos importa un bledo lo que está lejos de nosotros", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 maio 2009, p. 38.

Dá conta da presentación en Santiago de Compostela da versión en galego da última novela de Bernardo Atxaga, *Sete casas en Francia*. A continuación achega unha entrevista feita ao escritor na que explica por que escolleu ese tema e que se trata dunha obra de denuncia.

- María Pampín, "Atxaga apoya la traducción como valor para lenguas minoritarias", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 maio 2009, p. 6.

Comenta que o escritor Bernardo Atxaga está en Santiago de Compostela presentando a tradución ao galego da súa última novela, *Sete casas en Francia*. Indica que esta obra tamén saíu publicada nas outras linguas de España: castelán, catalán e éuscaro, e asegura que non ten medo de que a tradución desvirtúe a súa obra, ao contrario, considera que deste xeito pode chegar a un público máis amplo.

- A. Losada, "Toda batalla tiene unha parte que se lucha en el diccionario", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 19 maio 2009, p. 46.

Comenta que o escritor Bernardo Atxaga se atopa na cidade da Coruña para presentar a súa última novela, *Sete casas en Francia*. A seguir, achega unha entrevista feita ao escritor na que fala sobre o contido da obra e os motivos que o levaron a tratar esa temática. Así mesmo, explica por qué decidiu publicar simultaneamente a novela nos catro idiomas do Estado.

- Isabel Bugallal, "No soy como ningún vasco, soy extremadamente individualista", *La Opinión*, 20 maio 2009, contracuberta.

No encabezamento da entrevista comenta que o escritor Bernardo Atxaga estivo na Coruña para presentar a súa última novela *Sete casas en Francia*. A seguir, achega a entrevista do escritor na que fala sobre a obra e tamén sobre o seu uso da lingua vasca.

Auster, Paul, *Invisible* (*Invisible*), trad. de Eva Almazán, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 280, decembro 2009, 299 pp. (ISBN: 978-84-9865-249-9).

Nesta novela en catro partes Paul Auster (New Jersey, 1947) narra a historia, ambientada en Nova York en 1967, do prometedor estudante da Universidade de Columbia, Adam Walker. Na primeira parte Walker narra de forma autobiográfica como coñece nunha festa a unha parella de franceses, Rudolf de Born, profesor de política internacional cunha dobre vida, e a súa muller, Margot, unha moza cun apetito sexual considerábel. De Born proponlle a Walker dirixir unha revista literaria e tamén será empuxado a un triángulo amoroso ao manter unha aventura con Margot. Dende ese momento teñen lugar unha serie de historias que desembocan nun acto violento de Rudolf de Born, que lle marcará a vida para sempre a Adam. Os diversos narradores en segunda e terceira persoa que se suceden nas tres partes restantes son todos participantes na acción e achegan os seus propios puntos de vista con versións complementarias ao relato autobiográfico. Reflexiónase sobre os límites tan fráxiles que separan á verdade da memoria, sobre a ausencia e a soidade.

Referencias varias:

- La Voz, "Invisible', a última novela de Paul Auster, chega en galego ás librerías da man da Editorial Galaxia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 decembro 2009, p. 53.

Indícase o argumento de *Invisible*, a nova novela de Paul Auster, na que o estudante Adam Walker vese no medio dun fatídico triángulo amoroso do que lle vai resultar difícil saír. Dise que esta novela se publicou só un par de meses antes que a valorada tradución de Eva Almazán e que a crítica mundial recoñece que esta novela narrada en espiral é a mellor de Paul Auster, quen manexa coma ninguén as distintas voces narrativas que se van entrelazando, nunha demostración de intelixencia e imaxinación indiscutíbel.

- Manuel Xestoso, "Un audaz engrenaxe narrativo", *A Nosa Terra*, n.º 1.388, "Cultura", "Crítica", 31 decembro 2009-14 xaneiro 2010, pp. 28-30.

Coméntase que na última novela, *Invisible*, Paul Auster se transformou nun "virtuoso de si mesmo", con ese bo estilo que o caracteriza, debido aos argumentos empregados e ás atmosferas fantásticas que consegue crear, xogando sempre coa realidade e a ficción. Dise que Adam Walker, estudante en Columbia, coñece a Rudolf de Born e Margot, a súa muller e dende este momento se suceden unha serie de actos que culminan nunha pasaxe violenta que marcará a vida do protagonista para sempre. Indícase que a esta historia principal se lle suman outras narracións, voces e persoas narrativas diferentes, que axudan a desvelar a verdade ou, polo menos, a intentar desvelala. Finalmente saliéntase que esta estructura tan orixinal e traballada, xunto cunha prosa clara e fácil de dixerir, é a culpábel de que Auster logre engaiolar ao lector até o final.

Brown, Dan, *O símbolo perdido* (*The Lost Symbol*, 2009), trad. de Carlos Acevedo, Fernando Moreiras e Eva Almazán, Barcelona: El Aleph, outubro 2009, 667 pp. (ISBN: 978-84-7669-890-7).

Novela de ficción de Dan Brown (New Hampshire, Estados Unidos, 1964) protagonizada polo experto en simboloxía e iconografía da Universidade de Harvard, Robert Langdon. Un prólogo e uns peritextos intitulados "Feitos" poñen en antecedentes ao lectorado agardado e presentan como reais datos ficticios baseados en resultados de investigacións, o que leva a mesturar ficción e realidade. A acción sitúase en Washington, onde o profesor acude para dar unha conferencia no Capitolio. A súa participación débese a unha invitación a última hora do seu antigo mentor e bo amigo Peter Solomon, un dos homes máis poderosos da capital estadounidense. O evento resulta ser un pretexto para atraer a Langdom até o edificio histórico no que se acolle o centro neurálxico do poder político dos Estados Unidos, que na historia da súa construcción esconde numerosos segredos comprometedores. A investigación ao redor destes enigmas dá comezo a raíz do secuestro de Solomon, que será investigado por un equipo da CIA dirixido por Inoue Sato, unha muller sen escrúpulos decidida a preservar a seguridade da nación a calquera prezo. Dado que na man mutilada do millonario aparecen uns símbolos, Langdon convértese nunha peza fundamental para a resolución do misterio, ao que levará tanto á policía como aos responsábeis da misteriosa desaparición a presionalo ao límite e a intentar acabar coa súa vida respectivamente. Unha vez presentados os acontecementos centrais da trama, aparece na escena do crime Katherine Solomon, a irmá do brillante empresario e célebre masón. A través deste personaxe, que manifesta unha tensión sexual non resolta co protagonista, se introduce unha trama sobre os seus descubrimentos científicos, que, no caso de saír á luz pública, revolucionarían a historia da humanidade. A medida que avanza a historia a un ritmo vertixinoso, ofrécense máis datos sobre as razóns que motivan o secuestro e soborno, relacionadas con cuestións públicas e privadas da vítima. O narrador omnisciente en terceira persoa achega unha información parcial a fin de manter a atención do lectorado agardado até ao final. Asemade, recorre a abundantes analepses que completan a información ao retroceder sobre os distintos acontecementos xa tratados con anterioridade no texto. A grande acumulación de acontecementos que ten lugar nesta extensa novela concéntrase nun tempo lineal de doce horas e desenvólvense ao longo dos trinta e tres capítulos que a compoñen, completados por un epílogo.

Recensións:

- X. M. Eyré, "De misterio en misterio", *A Nosa Terra*, "Cultura", "Crítica", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 28.

En primeiro lugar destaca a forte campaña de promoción d'*O símbolo perdido* que está convertendo a nova obra de Dan Brown nun fenómeno mediático. A continuación, recolle as súas impresións sobre a novela, destacando a invitación que o autor fai ao público para reflexionar sobre a Historia para despois centrarse no que para el son os puntos febeis da obra: o escaso estilo narrativo do estadounidense, as contradicións, a falta de novidade temática, os personaxes pouco desenvolvidos, os ambientes pouco coidados e o decaemento da intriga cara ao fin da historia. Remata sinalando o tirón que teñen hoxe en día os temas esotéricos sobre todo cando se acompañan dunha boa promoción.

- Joaquim Ventura, "O método Brown", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, 10 decembro 2009, cuberta.

Comeza salientando a publicación simultánea da nova entrega de Dan Brown, *O símbolo perdido*, ao galego, catalán e castelán para logo introducirse na análise da mesma. Sinala a falta de orixinalidade na estrutura narrativa da obra ao tempo que critica a inexactitude de certos datos empregados na trama. Remata atacando a capacidade de Brown para enredar ao público nun argumento que, para ser analizado cun espírito crítico, requiriría certas doses de coñecemento previo.

- J. M. Estévez-Saá, "Dan Brown, agora tamén publicado en galego", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 decembro 2009, p. 63.

Anuncia a publicación da versión galega deste *best-seller* norteamericano e fai un percorrido pola traxectoria literaria de Dan Brown e as adaptacións cinematográficas. Salienta que se trata dun thriller "delirante, cheo de suspense, intriga, ciencias noéticas, loxias secretas e unha infinidade de sorpresas" co trasfondo do mundo da masonería. Por último, felicita aos tradutores ao galego, Carlos Acevedo, Eva Almazán e Fernando Moreiras, polo seu traballo "duro e laborioso" no que enriqueceron a "esencia literaria do texto orixinal", ao igual que as anteriores obras *O Código da Vinci* (2004) e *Anxos e demos* (2005).

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Dan Brown nas Tabernas", *El Progreso*, "Vivir", 21 novembro 2009, p. 68.

Refírese á edición en galego d'*O símbolo perdido*, publicado por El Aleph, dun autor de éxito como Dan Brown, para exemplificar o que debe facer a RAG para conseguir público coa elección do novo presidente e non ficar como un símbolo perdido.

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, destaca *O símbolo perdido*, de Dan Brown, pola importancia simbólica que manifesta a tradución simultánea ao castelán e ao galego.

Bukowski, Charles, *Pan con xamón* (*Ham on Rye*, Harper Collins Inc., 1982), trad. de Eva Almazán, Vigo: Factoría K de Libros, col. Narrativa K, n.º 10, outubro 2009, 348 pp. (ISBN: 978-84-96957-72-5).

Novela autobiográfica de Charles Bukowski (nome literario de Heinrich Karl Bukowski, Andernach, 1920-Os Ánxeles, 1994) ambientada na cidade de Os Ánxeles durante os anos da Gran Depresión de EE.UU. A través do seu alter ego, o mozo Henry Chinaski, o autor amosa nun relato cru e realista a outra cara do soño americano, reflectindo que padeceron eses anos de crise económica sobre todo as clases máis baixas. Bukowski, cun estilo directo e descarnado mostra un mundo onde hai poucas posibilidades de saír adiante e o pesimismo se instala en todas as situacións narradas. A novela está dividida en cincuenta e oito capítulos numerados narrados en primeira persoa, nos que o narrador deambula pola cidade e vai relatando as súas experiencias e as situacións que observa. A situación de crise afecta así mesmo ao propio narrador,

como refire ao final da novela, “Ao mirar para o futuro non me gustaba case nada do que vía. Misántropo non era, nin misóxino tampouco, pero gustábame estar só.”

Referencias varias:

- M. X., “A cara escura do soño americano”, *A Nosa Terra*, n.º 1.387, “Cultura”, 24-30 decembro 2009, p. 22.

Recomenda a lectura de *Pan con xamón*, de Charles Bukowski, destacando a súa escandalosa franqueza e o sentido crítico deste relato autobiográfico que mostra o lado máis sórdido do soño americano. Tamén destaca o humor festivo e mordaz de Bukowski e clasifica a obra entre a literatura *beat* e o realismo sucio.

Čapek, Karel, *O ano do xardineiro* (*Zahradníkův rok*, Fragment, Praha, 2007), ilustr. de Josef Čapek, trad. de Fernando de Castro García, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Clásica, n.º 5, 2009, 143 pp. (ISBN: 978-84-92866-00-7).

Ao longo de vinte e seis capítulos desta obra, cuxa tradución subvenciona o Ministerio de Cultura da República Checa, Karel Capek (Bohemia, 1890–Praga, 1938) fai unha achega ao mundo da xardinería seguindo o eixo cronolóxico dos meses do ano e as tarefas a realizar en cada un dos meses para coidar as sementes, os botóns, o solo e os preparativos que precisa a terra. Comeza indicando “Como se fai un xardín” e “Como nace un xardineiro”. Despois, de xaneiro a decembro, a obra componse dunha serie de capítulos onde un narrador omnisciente, en ton humorístico, conta en primeira persoa as vicisitudes polas que pasan os xardineiros, ofrecendo consellos e instrucións para o coidado do seu xardín. O paso do tempo proporciona un transfondo aos pensamentos do xardineiro. Con ilustracións do seu irmán Josef, a obra constitúe máis que un detallado manual de xardinería, xa que grazas ao seu sentido do humor, que se observa dende a primeira frase, “Hai moitos xeitos de facer un xardín; o mellor deles é contratando un xardineiro”, Capek achega o seu amor pola natureza nun estilo sinxelo que mostra a súa paixón polo mundo da xardinería e o labor constante dos xardineiros.

Conrad, Joseph*, O corazón do negror* (*Heart of darkness*, 1899), trad. Eva Almazán, Vigo: Factoría K de Libros, col. Narrativa K, n.º 8, abril 2009, 142 pp. (ISBN: 978-84-96957-62-6). ■

Segunda edición da tradución de *Heart of Darkness*, de Joseph Conrad (Berdyczew, Ucrania, 1857-Canterbury, Inglaterra, 1924), que apareceu publicada por primeira vez en 1997 por Edicións Positivas na colección “Narrativas”. Nesta obra o autor, servíndose da súa propia experiencia de navegante no río Congo, como traballador da Sociedade Anónima do Comercio, ofrece unha visión descarnada do colonialismo europeo do século XIX e dos afáns civilizadores do comercio imperialista. Esta edición presenta unha serie de cambios con respecto á anterior; así, no tocante á estrutura, obsérvase a omisión do limiar e notas explicativas, aínda que en ambas se mantén a breve información achegada sobre o autor no interior da portada e unha breve sinopse da obra na contraportada. Con respecto á disposición da narrativa cabe destacar que esta última edición amosa máis liberdade en relación á correspondencia entre parágrafos, posto que en determinados momentos discursivos, principalmente á hora da disposición dos diálogos, márcase a súa presenza mediante a colocación en liñas á parte, cando no

orixinal e na edición anterior se dispuñan a continuación. Outro punto destacábel é a diferente orde gramatical que amosa, resultando lixeiramente máis complexa, incluso connotando certo lirismo, e con maior abundancia de signos ortográficos posto que se trata dun xeito narrativo máis simplificado mediante supresións ou omisións, e que se distancia un pouco máis, en comparación coa edición anterior, da literalidade, salvando as diferenzas que as gramáticas de cada lingua implican. Finalmente, e no tocante ao léxico, preséntase tamén maior liberdade, representada no uso de termos máis distanciados do castelán e na aparición dun vocabulario e expresións lixeiramente máis metafóricos. Para rematar, é destacábel o cambio operado na reprodución do texto seguindo a última normativa lingüística.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "O horror", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "Cultura", 30 abril-6 maio 2009, pp. 33-34.

Comenta que unha das obras que está a ter gran prestixio na actualidade é a obra de Joseph Conrad, *O corazón do negror*, xa que acaba de ser reeditada en galego por Faktoría K. Salienta que Conrad foi un escritor interesado pola responsabilidade ética e que con esta obra pretendeu realizar unha crítica ao cinismo e á crueldade do imperialismo, así como afonda na natureza do ser humano. Conta o argumento da obra e salienta aos dous personaxes fundamentais: Marlow e Kurtz. Finalmente, fai referencia aos narradores, aos espazos e mais ao estilo intricado e case onírico, e tamén opina brevemente sobre a tradución feita por Eva Almazán.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "A vida non trae instrucións de uso", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 4 abril 2009, p. 82.

Reflexiona sobre a experiencia que se adquire na vida e cita como un dos manuais para a vida o libro de Joseph Conrad, *O corazón do negror*. Comenta o argumento desta obra e destácaa polo seu xeito de contar a historia. Tamén fai referencia á homenaxe que Coppola fixo da obra de Conrad co filme *Apocalypse now*.

Franck, Julia, *A Muller do Mediodía* (*Die Mittagsfrau*, 2007), trad. de Luís Fernández Rodríguez, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa. Narrativa, 2009, 454 pp. (ISBN: 978-84-7824-583-3). ■

Novela da escritora alemá Julia Franck (Berlín, 1970) pola que recibiu o Premio Deutsche Buchpreiss 2007 e que contou cunha axuda da Consellería de Cultura e Turismo para a súa publicación. A obra está estruturada en cinco partes: un prólogo, tres capítulos e un epílogo. Nela un narrador omnisciente en terceira persoa describe sutilmente e polo miúdo os avatares dunha muller na Alemaña nazi. A obra comeza cun prólogo no que se introduce ao personaxe principal, a nai, no momento en que abandona ao seu fillo Peter nunha estación, pedíndolle que agarde un intre mentres compra uns billetes. A acción arrinca en 1945 despois do remate da guerra co relato arrepiante da vida da muller nese intre, que lle obriga a escapar das crueldades do Exército Roxo. A

continuación comeza o primeiro capítulo no que a autora relata a infancia desa nai, Helen, e da súa irmá Martha en Bautzen, aínda que o lector non é consciente da relación entre as historias até a parte final da obra. A relación de Helen coa súa nai Selma é moi difícil, xa que a nai ten un carácter moi ácido que ao final se converte en enfermidade e loucura, namentres o pai agoniza despois de perder unha perna na I Guerra Mundial. No segundo capítulo a historia describe a dura vida das irmás, os seus problemas económicos, a complexa situación social, a morte do seu pai até que van a Berlín coa súa tía rica Fanny. Helen, que traballa como enfermeira, namórase de Carl Wertheimer, un estudante de letras, pero este morre. Tempo despois, e así comeza o terceiro capítulo, Helen coñece a Wilhelm, un enxeñeiro nazi, co que finalmente casará para evitar ter problemas debido a súa ascendencia xudea. El é un arrogante e despótico alemán que cando casan a maltratará física e mentalmente até o punto de deixala abandonada a ela e a Peter, o fillo de ambos. O epílogo relaciona a esta muller coa que aparecía no prólogo cerrando o círculo da historia e a intriga mantida dun xeito brillante até o final.

Recensións:

- M. Xestoso, "Un neno abandonado", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", 24-30 decembro 2009, pp. 34-35.

Destaca a complexidade da obra e o obxectivo da autora de tratar o tema da dignidade persoal condicionada polas tremendas circunstancias do período histórico relatado. Comenta tamén as similitudes e diferenzas con *Jakob von Gunten*, a obra de Robert Walser, xa que a protagonista, Helena, a pesares da súa intelixencia sempre se somete aos demais. Aínda que non considera o desenvolvemento dramático da obra axeitado, afirma que hai escenas dun enorme contido emocional e a descrición do escenario de fondo dalgúns personaxes secundarios atraen o interese do lector.

Kehlman, Daniel, *A fama*. *Novela en nove historias* (*Ruhm. Ein Roman in neum*, 2009), trad. Patricia Buján Otero, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 16, outubro 2009, 175 pp. (ISBN: 978-84-9865-219-2). ■

Novela do escritor alemán Daniel Kehlman (Munic, 1975) na que se recollen nove historias unidas por algúns personaxes, a súa obsesión pola fama e o uso da tecnoloxía e os medios de comunicación, principalmente o teléfono móbil. En "As Voces" un narrador en terceira persoa describe como un home que non quería ter móbil suplanta a personalidade dun famoso actor. No segundo relato, "En perigo", o narrador en terceira persoa conta a historia dun coñecido escritor e os seus problemas ao chegar a unha cidade perigosa. En "Rosalie marcha a morrer" o narrador en primeira persoa é un escritor que fala directamente co seu personaxe, unha muller enferma de cancro que quere morrer até que se decata de que a súa vida forma parte da ficción dun escritor co que fala. No relato "A Saída" o actor que aparecera na primeira historia deixa de recibir chamadas e pensa que é outra persoa. En "Leste" un narrador omnisciente describe a angustia dunha escritora que substituirá ao escritor do segundo relato nunha conferencia nun país estranxeiro no que será retida e no que o móbil non ten cobertura. En "Resposta a abadesa" a acción transcorre en Río de Xaneiro. Alí o narrador describe como un coñecido escritor intenta suicidarse namentres continúa escribindo e

contestando cartas. No sétimo relato, "Unha achega á discusión", o narrador en primeira persoa utiliza un rexistro más coloquial e específico do ámbito tecnolóxico no que se sitúan personaxes coñecidos, famosos. "Como mentín e morrín" é un relato en terceira persoa no que se describen as dificultades dun home que leva unha dobre vida, que ten unha dobre familia. Finalmente, "En perigo" o narrador novamente en terceira persoa conecta algunhas das historias previas ao mencionar dun xeito directo ou indirecto aos personaxes. As referencias ás chamadas e ao son telefónico mestúranse co relato propiamente dito. A ironía está presente en todos os relatos e abondan as descricións detalladas das emocións e sentimentos dos personaxes nunha sociedade, a actual, totalmente dependente dos medios de comunicación.

Recensións:

- Marta Pérez Pereiro, "Escritores de éxito", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 8.

Abéirase á tradución d'*A fama. Novela en nove historias*, de Daniel Kehlmann. Sinala que neste volume se inclúen "nove relatos irregulares, encadeados por personaxes 'reais' e 'literarios' que funcionan coa teoría dos graos de separación". Tamén apunta que outro fío do nobelo é o da propia literatura como tema e explica que Kehlmann vai facer participar os seus lectores dun xogo de relacións entre as súas creacións. A seguir, analiza os protagonistas destes relatos e considera que o autor sabe ben da "parafernalia" da vida literaria ou, cando menos, imaxínaa mellor cá da xente do común. Conclúe indicando que se algo lle hai que agradecer é facer realidade o soño de moitos lectores.

- Pilar Fustes, "Sen batería, sen cobertura", *ABC*, "*Artes & Letras*", n.º 10, outubro 2009, p. 7.

Recóllese a publicación na "Biblioteca Compostela" da Editorial Galaxia dun dos fenómenos editoriais en Alemaña, *A fama*. *Novela en nove historias*, de Daniel Kehlmann. Resúmense as historias, salientando os tópicos comúns, isto é, a influencia das tecnoloxías da comunicación na sociedade actual. Un home que recibe misteriosas chamadas nun móbil, unha escritora que queda sen batería nunha viaxe na Asia Central, un empregado dunha empresa de telecomunicacións fanático da internet… son algúns dos protagonistas que se destacan.

- Manuel Xestoso, "Afogar nos clixés", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Cultura", "Crítica", "Narrativa", 5-11 de novembro de 2009, pp. 28-30.

Achégase unha crítica da novela *A Fama*, de Daniel Kehlmann, debido á que se considera falta de unidade nos nove relatos e á futilidade da trama. Considérase que o asunto común dos medios de comunicación deriva nuns xogos metaficcionais está moi lonxe da xenialidade doutros autores posmodernos, como Paul Auster ou A. S. Byatt. Critícaselle tamén a ausencia dun verdadeiro estilo propio e a recorrencia aos tópicos, ao moralismo, ao peso da tese. Cualifícase, polo tanto, como un mero exercicio de entretemento.

Lessing, Doris, *O caderno dourado (The Golden Notebook*, *1962)*, trad. Eva Almazán, ilust. Auguste Rodin, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 12, febreiro 2009, 887 pp. (ISBN: 978-84-9865-154-6) ■

Nesta novela Doris Lessing (Kermanshah, Irán, 1919) presenta un compendio de ideas nas que se resume en case novecentas páxinas a experiencia vital da protagonista, Anna Wulf. O libro presenta unha estrutura complexa, con diversas perspectivas que, en conxunto, ofrecen unha visión unitaria. Emprégase en ocasións unha prosa sinxela, outras máis complicada, non exenta de beleza, onde varias pequenas novelas a modo de diarios se inscriben dentro doutra novela narrada de forma convencional. Na primeira novela, intitulada *Mulleres liberadas* e dividida en cinco partes, nárrase a vida de dúas amigas, Anna, escritora, e Molly, actriz, ambas divorciadas e cun fillo e unha filla, respectivamente. As dúas intentan manter a súa independencia, superando os seus problemas amorosos, as súas crises no mundo da política e aguantando a incomprensión dos seus fillos que non entenden os seus modos de vivir e de pensar. Nun intento por comprender a súa personalidade fragmentada, Anna, sumida nun terríbel bloqueo creativo que lle impide realizarse profesionalmente, decide escribir varios cadernos onde rexistra as súas vivencias, as súas apreciacións sobre o mundo, as cousas que lle pasan na vida cotiá, é dicir, empeza a confeccionar unha especie de retrato de si mesma para intentar conseguir unha orde dentro do seu propio caos, separando nos distintos cadernos as súas experiencias para profundar nelas e conseguir así, ordenalas. Cada parte da mencionada novela inclúe catro diarios escritos por Anna: o caderno negro, o caderno vermello, o caderno amarelo e o caderno azul. Ao final do libro, entre os apartados "Mulleres liberadas 4" e "Mulleres liberadas 5", súmase un máis, "O caderno dourado", que é o que dá título a toda a obra. O primeiro deles é o caderno negro que está baseado en Anna Wulf como escritora e a súa única novela publicada, na que se relata a súa experiencia africana, onde un grupo de homes brancos e comunistas conviven e conspiran nunha pequena cidade de Sudáfrica. Cunha prosa sinxela faise crítica do apartheid, do descoñecemento e do afastamento que existe con respecto á realidade africana, da incapacidade para conectar cos nativos ou da división interna do grupo de brancos. Episodios concretos onde ao fin e ao cabo se fala fundamentalmente do tándem universal amor/odio. É inevitábel interpretar este caderno como unha referencia autobiográfica da autora. O caderno vermello é unha reflexión demoledora en clave política sobre a experiencia de militar no Partido Comunista británico e a historia dun progresivo desengano: o terríbel fracaso dos ideais de xustiza que inspiraron a toda unha xeración que creu neles. No caderno amarelo, Anna escribe historias baseadas na súa experiencia persoal: o fracaso nas relacións sentimentais entre homes e mulleres, froito das propias experiencias vividas por Lessing. O caderno azul intenta ser un diario da vida cotiá de Anna Wolf onde se fala da súa amizade con Molly, dos fillos de ambas, dos problemas das relacións amorosas, de política, das súas propias dificultades na súa carreira profesional como escritora. Ademais recolle, coma si se tratase das páxinas dun xornal, noticias sobre os principais acontecementos mundiais como o conflito da canle de Suez, a guerra de Corea ou a creación da bomba de hidróxeno. Para rematar o caderno dourado parece mostrar a superación de todo ese *mare magnum* fragmentado que supón a vida de Anna como produto dunha madureza alcanzada. Despois do fracaso da súa última experiencia co seu amante americano e a piques de producirse a destrución mutua, ambos superan esta situación, buscando cada un o seu camiño, pero sendo capaces de escribir xuntos este caderno. A novela de Lessing é unha obra tan extensa que son moitos os temas que se abordan, pero, quizá, os fundamentais son, por unha banda, o comunismo e o compromiso político e, por outra, as relacións

sentimentais e sexuais entre homes e mulleres, todo iso elaborado sobre un eixo: a liberdade e a autonomía das mulleres. Probabelmente por este motivo moitos estudiosos, así como no seu momento o movemento feminista británico, consideraron esta obra como unha novela feminista, xa que Anna e Molly se converteron en símbolo das mulleres que loitan por ser elas mesmas, como seres independentes, con compromiso social e político e con capacidade para a creación artística.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Do imprevisíbel da existencia", *A Nosa Terra*, n.º 1.354, "Cultura", 9-15 abril 2009, pp. 27-28.

Comenta a novela de Doris Lessing, *O caderno dourado*, e afirma que o tema central da obra é "a crebadura do individuo como forma de curación". Narra o argumento da novela e salienta a súa complexa estrutura acumulativa, explica cómo está dividida a obra e cómo a autora aborda os temas morais, políticos e intelectuais. A seguir, fala dos personaxes e describe a situación socio-política da novela. Finalmente compara esta obra con outras grandes novelas e asegura que, a pesar da súa lonxitude, a súa lectura é imprescindíbel.

- Marta Pérez Pereiro, "Eloxio do esboroamento", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 7.

Achégase a *O caderno dourado*, de Doris Lessing, a través do limiar que a autora lle engadiu na reedición e no que explica que quixera contar nesta obra, ofrecéndolle ao potencial lectorado as ferramentas necesarias para comprender o texto. Explícanse algúns trazos da personaxe protagonista, Ana Wulf, trasunto da autora e vítima da soidade. Pregúntase a causa de que se reedite esta obra e non se publiquen outros títulos desta mesma autora, pois considera que hai aspectos desta obra que están superados. Sinala que Wulf escribe os diferentes cadernos para combater o caos e cada un deles ten unha cor, que se corresponde con temáticas diferentes, como a memoria de África, historias de diferentes mulleres, as relacións e o cotián ou a política e, en especial, o desencanto co Partido Comunista. Sinala que estes textos se converten en doutrinais, tentando organizar nun único caderno (o dourado) o caos, tinguido de inesperado optimismo. Considérase unha tacha a cuberta da obra, que representa unha imaxe de muller que non se corresponde coa que transmite a autora.

Referencias varias:

- A. I. S., "Soriga, Barbery, Pamuk y Doris Lessing, en gallego", *El Correo Gallego*, "Santiago", 11 marzo 2009, p. 24.

Dá conta dos catro títulos novos da colección "Biblioteca Compostela de Narrativa Europea" creada pola Concellaría de Cultura e a Editorial Galaxia. Dos catro títulos, o cuarto é *O caderno dourado* de Doris Lessing.

- Olaia Ucha, "Fitos das letras universais", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 marzo 2009, p. 34.

Ofrece o título dos novos libros da colección "Biblioteca Compostela de Narrativa Europea" e entre eles atópase a obra de Doris Lessing, *O caderno dourado*. A seguir, achega os comentarios dos responsábeis das publicacións: Socorro García, Víctor Freixanes e Carlos Lema.

- Jaureguizar, "A Biblioteca dos Libros Rexeitados", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 marzo 2009, p. 80.

Fala sobre o feito de selección dos bos e malos escritores ao longo da historia da literatura e cita a Doris Lessing como "princesa das letras" pola súa obra *O caderno dourado*, que posteriormente foi galardoada co Premio Nóbel.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 285, "Infantil/Xuvenil", 2 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta, entre outras obras, da produción literaria galega máis recente, *O caderno dourado*, de Doris Lessing.

- Xosé Carlos Caneiro, "Idade dourada", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "Letras en galego", "Club dandi", 18 abril 2009, p. 10.

Comenta a que considera a mellor novela de Doris Lessing, *O caderno dourado*, e incluso unha das mellores novelas da literatura do século XX. Indica que é unha novela de reflexións onde a protagonista, Anna Wulf, escritora atormentada, redacta varios cadernos dependendo da temática.

Michon, Pierre, *Os once* (*Les Onze*, 2009), trad. Mª Dolores Torres París, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 18, novembro 2009, 118 pp. (ISBN: 978-84-9865-239-0). ■

Novela histórica que se presenta cunha ilustración na cuberta de Francisco de Goya e cunha cita de Baudelaire ("Que inmensa ledicia atopar acubillo no número") no seu inicio. O escritor francés Pierre Michon (La Creuse, 1945) recolle en oito capítulos a descrición do cadro *Os Once* mesturada coa biografía do seu creador, o pintor de cámara François-Elie Corentin, membro da elite revolucionaria. No seu percorrido vital inclúense as razóns históricas do encargo do cadro. A novela sitúase nos anos de terror da Revolución Francesa e o cadro retrata unha reunión dos once membros do Comité de Saúde Pública, o Comité do Gran Terror, presidido por Robespierre e que tomou o mando no ano 1793 até que foi disolto polo Directorio. Relátase a vida de Corentin dende a súa infancia e remátase explicando que o cadro está colgado no Museo Louvre. O narrador en terceira persoa interpela dun xeito continuo e directo ao lector en todo o relato utilizando un rexistro bastante formal. A ironía e a crítica son continuas e mestúranse coas alianzas do poder e os sentimentos dos personaxes.

Recensións:

- M. Xestoso, "Reflexión sobre un cadro", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", 24-30 novembro 2009, p. 23.

Saliéntase o estilo ensaístico desta novela a partir da biografía do pintor do cadro e coméntase que é moi típico da escrita deste autor. Conclúese que resulta demasiado longo para o tema en cuestión a pesar dos premios que esta obra recibiu, principalmente o da Academia Francesa.

Moreno, Mª Victoria, *Onde o aire non era brisa*, trad. Xavier Senín, prólogo de Pedro Ferriol, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 271, abril 2009, 158 pp. (ISBN: 978-84-9865-168-3).

Primeira novela de María Victoria Moreno (Cáceres, 1941- Pontevedra, 2005) que comeza cun prólogo de Pedro Ferriol, esposo da autora, que nos conta a xénese desta novela corrixida e revisada pola autora nos últimos anos da súa vida partindo dunha versión inédita escrita en castelán en 1969. A obra, dotada dun gran lirismo, narra as experiencias dunha mestra nova que se enfronta con temor e ilusión ao seu primeiro traballo nunha escola rural na vila de Alcores de Donalvar, na Castela dos anos sesenta. A través dos ollos de Elena, María Victoria Moreno logra transmitir ao lector a atmosfera abafante da ditadura, onde até o tempo parece deterse. Grazas á omnisciencia dun narrador en terceira persoa e aos frecuentes saltos temporais, podemos coñecer o pasado e o presente do mundo pechado de Alcores de Donalvar, onde a moza tratará con esforzo e ilusión de abrir algún furo que permita respirar.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, "Novela homenaxe. Retallos da vida aldeá", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Libros", 9 xullo 2009, p. VI.

Infórmase da existencia da primeira novela de María Victoria Moreno, *Onde o aire non era brisa*, que quedara inédita despois de ser finalista do Premio Café Gijón en 1969. Recuperouse en 2005 e traduciuse catro anos despois por Xavier Senín. Valórase como a obra dun neófito da escrita literaria, mais relatada dun xeito eficaz e sinxelo, cuxo tema son as vicisitudes dos habitantes da vila de Alcores de Donalvar.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 294, "Libros", 11 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle catro descritores de curta extensión entre os que se atopa o *Onde o aire non era brisa*, de Mª Victoria Moreno.

Murakami, Haruki, *Do que estou a falar cando falo de correr (Hashiru koto ni tsuite kataru toki ni boku no kataru koto)*, trad. Mona Imai e Gabriel Álvarez Martínez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 270, febreiro 2009, 187 pp. (ISBN: 978-84-9865-166-9).

Haruki Murakami (Kioto, 1949) presenta ao público galego a través da tradución conxunta de Mona Imai e Gabriel Álvarez Martínez un xénero híbrido entre a autobiografía novelada e o ensaio. O autor fai un repaso pola súa vida dende as dúas facetas máis importantes: a de atleta e a de escritor. O ensaio novelado divídese en nove capítulos que percorren a súa traxectoria de corredor dende o outono de 1982, data en que decide comezar a correr e participar en maratóns, e despois en triatlóns, cunha media de un por ano durante vinte e tres anos, até a data de inicio de redacción do presente volume, 2005. Cada capítulo comeza cun subtítulo que contén o día exacto que comezou a escribilo e abranguen dende o cinco de agosto de 2005 até o un de outubro de 2006, o que lle confire a esencia dun diario, mais el denomínao como "memorias". Murakami vai artellando, a través de pensamentos e reflexións sobre a vida, o corpo, a saúde e o exercicio, a súa biografía como propietario dun bar con música ao vivo que decide escribir un día e consegue facerse un oco no mundo literario actual. Relaciona, sen un fío argumental buscado, o acto de escribir co feito de correr, xa que corre para seguir escribindo libros. Conta ademais cun prólogo e un epílogo onde relata algunhas claves da redacción das memorias e catorce fotos a cor incluídas no medio do volume con imaxes de Murakami correndo en diferentes lugares e probas.

Recensións:

- Juan Carlos Fernández Naveiro, "O maratón de Haruki Murakami", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 15, "Libros", 21 marzo 2009, p. 8.

Salienta o labor literario do escritor Haruki Murakami e refire que estivo en Santiago para recoller o premio Arcebispo Juan de San Clemente e para presentar o seu último libro *Do que estou a falar cando falo de correr*, editado por Galaxia. Comenta que este libro mostra o estilo propio de Murakami e salienta algunhas características da obra, compáraa con outras obras artísticas. Por último, destaca a boa acollida que teñen entre o público as obras deste escritor.

- Manuel Xestoso, "Correr cansa", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "Cultura", 26 marzo-1 abril 2009, p. 33.

Fai referencia á última obra de Haruki Murakami, *Do que estou a falar cando falo de correr*, unha novela na que o autor relata a súa traxectoria como corredor e compara a actividade de ler coa de escribir novelas, tamén destaca os beneficios dos dous hobbys. A seguir, fala sobre o título da obra e refire a atracción que causou nos lectores. Así mesmo, destaca que o relato carece de estrutura e mestura pasaxes máis importantes con outras irrelevantes, tamén fai referencia ao estilo coloquial da novela e afirma que algunhas partes son monótonas e repetitivas.

- Ramón Loureiro, "Murakami: contra o cronómetro, sobre o asfalto", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 308, "Letras en galego", 4 abril 2009, p. 10.

Comeza cuestionándose o exercicio de correr e se este deporte é favorábel para o ser humano, e refire que sobre este tema trata a última obra do xaponés Haruki Murakami: *Do que estou a falar cando falo de correr*. No libro o escritor explica o motivo de correr e describe a súa experiencia como corredor e, ao mesmo tempo, reflexiona sobre a escritura literaria. Por último, Ramón Loureiro refire unha anécdota sobre un corredor.

- Dolores Martínez Torres, "Texto repetitivo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 287, "Libros", 23 abril 2009, p. V.

Salienta as calidades de Haruki Murakami como escritor e fai referencia á súa actividade de corredor que comezou hai dez anos e que agora acaba de reflectir na súa última novela, *Do que estou a falar cando falo de correr*. O autor ofrece datos sobre a súa vida e, segundo Dolores Martínez, o libro é algo "repetitivo, formalmente parco e mesmo anódino". Ademais considera que a comparación entre o exercicio de correr e o exercicio da literatura non mostra creatividade, polo que recomenda calquera outra obra do autor para coñecer a súa calidade.

- Xosé M. Eyré, "O segredo de Murakami", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "Crítica", 30 abril-6 maio 2009, p. 32.

Comeza preguntándose cómo o escritor xaponés Murakami acadou tanta sona coas súas obras e afirma que a resposta está na súa última novela, *Do que estou a falar cando falo de correr*. A seguir, describe o tema da obra e indica que nela tamén mostra a reflexión entre o acto de correr e o de escribir. Tamén fai referencia ao rexistro empregado e afirma que isto é o que asegura o éxito da obra, pois está dirixida a un ámbito cultural medio.

- Jaureguizar, "Os quilómetros e a marca de Murakami", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Ollo mol", 2 maio 2009, p. 60.

Afirma que é un seguidor da obra de Murakami e actualmente está a ler en inglés a súa última novela: *What I talk about when I talk about running*. Destaca que lle chamou a atención o título do libro e tamén que con ela puido descubrir a Murakami como corredor. A seguir, fai referencia á tradución da obra ao galego e indica que o autor presenta unha reflexión sobre a literatura e o atletismo.

Referencias varias:

- Noriko Fukushima e Ramón Blanco, "Pagamos un precio para ser libres", *ABC*, "*Artes & Letras*. *Galicia*", n.º 3, "Portada", marzo 2009, pp. 2-3.

Dá conta da presenza do escritor Haruki Murakami en Santiago de Compostela para presentar a súa última obra *Do que estou a falar cando falo de correr*, publicada en galego pola editorial Galaxia. A continuación achega unha entrevista realizada a Murakami quen fala sobre as obras anteriores, a caracterización dos seus personaxes, as influencias doutros autores, a presenza da música na súa narrativa,… e tamén sobre a súa última novela.

- D. S., "Murakami presentará a súa última novela en Santiago", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 marzo 2009, p. 8.

Informa que o escritor xaponés Haruki Murakami estará en Santiago para presentar a súa última novela, *Do que estou a falar cando falo de correr*, e para recoller o premio San Clemente 2007 outorgado por alumnos de catro institutos galegos. A seguir, relata o argumento da obra e fala sobre os seus personaxes.

- maré, “O autor de moda chega a Galicia”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 9 marzo 2009, p. 29.

Dá conta da presenza de Haruki Murakami en Santiago para presentar o seu último libro *Do que estou a falar cando falo de correr*. Indica que esta é a segunda obra do autor publicada por Galaxia e que foi traducida ao galego por Mona Imai e Gabriel Álvarez Martínez. A continuación salienta o enorme éxito que está a ter o escritor xaponés e comenta o contido da novela afirmando que se trata dunha reflexión sobre a vida e a experiencia do autor.

- Margarito Flowers, “Murakami habla de su obra en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 11 marzo 2009, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, comenta que vai ter lugar o acto de entrega dos premios Arcebispo Juan de San Clemente en Santiago e, entre outros, estará presente o escritor xaponés Haruki Murakami. A seguir, informa que Víctor Freixanes e Ubaldo Rueda xunto co escritor presentarán a súa última obra, *Do que estou a falar cando falo de correr*.

- Jaureguizar, “O que máis me custa da lingua galega é coller a retranca. A xaponesa é moito máis directa”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 11 marzo 2009, p. 63.

Realízase unha entrevista á tradutora da obra de Murakami, *Do que estou a falar cando falo de correr*, a xaponesa Mona Imai. Comenta cómo se iniciou no mundo da tradución e as dificultades que atopa coas linguas. Así mesmo, fala sobre a obra de Murakami e propón outros títulos que lle gustaría traducir.

- Ana Iglesias, “Cumbre de escritores en Santiago”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 marzo 2009, p. 29.

Dá conta da participación de Haruki Murakami na entrega do premio literario Juan de San Clemente e achega a satisfacción do escritor por recibir este galardón. En columna á parte, comenta que a editorial Galaxia aproveitou a presenza de Murakami para presentar a tradución ao galego da súa última novela, *Do que estou a falar cando falo de correr*.

- Carmen Villar, “Murakami, un icono pop literario”, *Faro de Vigo*, 12 marzo 2009, contracuberta.

Fai referencia á presentación do último libro de Haruki Murakami, *Do que falo cando falo de correr*, no Casino de Santiago de Compostela. Comenta que a obra está publicada por Galaxia e achega comentarios do escritor realizados nese acto, entre eles, achega unha anécdota da súa mocidade. Finalmente, refire que Murakami foi galardoado co premio Arcebispo San Clemente 2007 pola súa obra *Kafka en la orilla* como mellor libro estranxeiro.

- Camilo Franco, “Escribir es algo que necesita preparación y entrenamiento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 marzo 2009, p. 48.

Salienta ao longo desta conversa a importancia do traballo previo no proceso de elaboración dunha novela, así como a diferenza entre a literatura xaponesa de carácter localista fronte á máis internacional.

- Ó. Iglesias, "Murakami: 'No tengo plan cuando escribo. Una escena y unas palabras", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 12 marzo 2009, p. 6.

Comenta que Haruki Murakami veu a Galicia para recoller o XIII Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente pola súa obra *Kafka en la orilla*. Así mesmo, recolle algúns comentarios acerca da súa última novela, *Do que estou a falar cando falo de correr*, e refire as súas influencias literarias e os seus autores preferidos.

- A. Losada, "Un escritor de fondo. Murakami recolle o Premio San Clemente", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 12 marzo 2009, p. 42.

Dá conta da aparición en público do escritor xaponés Haruki Murakami para recoller o Premio San Clemente 2007 pola súa obra *Kafka na beiramar*. Así mesmo, indica que o escritor presentou no acto a tradución ao galego da súa última novela, *Do que estou a falar cando falo de correr*. A continuación, relata cómo Murakami empezou a escribir e cita algunhas das súas obras, tamén cometa cal é o proceso creativo que segue e fala sobre os seus últimos proxectos.

- Carmen Villar, "No es fácil estar solo cuando llevas 36 años casado, por eso me gusta correr y escribir", *La Opinión*, "Cultura", 13 marzo 2009, p. 45.

Comenta que o escritor Haruki Murakami estivo en Compostela para recoller o premio San Clemente 2007 e para presentar a súa novela *Do que falo cando falo de correr*. Tamén salienta a súa decisión de ser escritor.

- Pedro Rielo, "Unha carreira en solitario", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempus fugit", 13 marzo 2009, p. 4.

Fai referencia á obra de Haruki Murakami *Do que estou a falar cando falo de correr*. Comenta que esta obra é unha reflexión do autor sobre a súas experiencias como escritor e como corredor de maratón, e afirma que está chea de historias que se van entrelazando.

- Jaureguizar, "Por que Murakami fala tanto de correr?", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 14 marzo 2009, p. 72.

Comeza salientando a pouca afección que mostra o escritor xaponés Haruki Murakami aos actos públicos, entrevistas e demais e asegura que o que lle gusta ao escritor é correr, tal como mostra na súa obra *Do que estou a falar cando falo de correr*.

- Henrique Alvarellos, "Unha carreira de fondo", *Xornal de Galicia*, "Oestes", 17 marzo 2009, contracuberta.

Comenta que o escritor Haruki Murakami estivo presente no Casino de Compostela para recoller o Premio San Clemente 2007 que lle entregou o alumnado do instituto Rosalía de Castro. Así mesmo, aproveitou a ocasión para presentar a versión en galego da súa

novela, *Do que estou a falar cando falo de correr*, publicada por Galaxia e sacado do prelo antes en galego que en castelán. A continuación, comenta o significado desta obra.

- Manuel Xestoso e Jessica Barcala, "Haruki Murakami: 'Cando escribes debes enfrontarte ao veleno que tes dentro'", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "Cultura", 19-25 marzo 2009, pp. 24-25.

Fai referencia ao escritor Haruki Murakami e comenta cómo é admitido pola crítica do seu país. Fala sobre os seus temas literarios e asegura que está a ter un enorme éxito. A seguir, realiza unha entrevista a Murakami quen fala sobre a novela *Do que estou a falar cando falo de correr*, concretamente, sobre a relación entre a actividade de escribir e de correr, cal é o obxectivo da obra, os personaxes, os ambientes nos que se desenvolven as súas obras, etc. Por último, en columna á parte, fala sobre a rebeldía da obra de Murakami en relación á literatura máis tradicional.

- Roberto G. Méndez, "No es fácil estar solo cuando estás casado. Por eso me gusta correr y escribir", *El Correo Gallego*, "Esta boca es mía", 22 marzo 2009, contracuberta.

Analiza a diferenza entre as novelas "longas" e as novelas "gordas" e considera que a obra de Murakami, *Do que estou a falar cando falo de correr*, é unha novela "gorda". Comenta que o escritor estivo en Santiago para recoller o Premio Arcebispo San Clemente e salienta que este escritor é un triatleta, xa que lle gusta escribir, correr e nadar.

Pamuk, Orham, *O museo da inocencia* (*Masumiyet Müzesi*, 2008), trad. Bartug Aykan e María Alonso Seisdedos, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, col. Literaria, n.º 15, xuño 2009, 705 pp. (ISBN: 978-84-9865-185-0). ■

Novela de Orham Pamuk (Istambul, 1952) publicada logo de gañar o premio Nóbel en 2006 e traducida grazas á axuda da Consellería de Cultura e Turismo. A acción desenvólvese nos barrios luxosos de Istambul dominados pola clase alta turca. A historia de amor transcorre nas décadas dos setenta e oitenta e narra a historia de Kemal, de trinta anos e herdeiro dunha das familias máis ricas de Istambul, e o seu amor por Füsun, unha curmá afastada de dezaoito anos, de clase inferior, de quen se namora un día que a atopa traballando de dependenta nunha tenda á que entra para comprar un bolso de marca á súa noiva Sibel. Kemal namórase dela ao instante e a partir dese momento e até a súa morte non fará outra cousa senón tratar de posuíla. Estabelécese unha relación entre eles e Kemal recíbea no seu apartamento de solteiro. Esta paixón que nace entre eles ten lugar ao mesmo tempo que Kemal prepara a voda coa súa prometida. Na primeira parte da novela Kemal crese capaz de poder levar unha dobre vida. O que ocorre é que Füsun rompe con el na mesma festa de compromiso de Kemal e aí é cando Kemal dáse conta que está enfermo de paixón pola bela Füsun. A moza casa ao pouco tempo cun cineasta mediocre, Faridun, mentres que Kemal cae nunha longa depresión rompendo até coa súa prometida Sibel. Nesta segunda etapa dese amor, durante oito anos, Kemal visita diariamente á parella e intenta gañarse a súa confianza coa promesa de convertelos en novas estrelas do cine nacional. Faridun logra filmar un melodrama típico turco con outra actriz, coa que se enleará. Deste xeito e, tras oito anos,

Kemal consegue que a parella se separe, o que lle abre o camiño á súa desexada unión con Füsun. Pero Füsun desaparece e comeza a terceira etapa desta paixón de Kemal que deriva nunha profunda melancolía. É entón cando Kemal descobre o efecto calmante que teñen para el os obxectos que lle recordan á súa amada, porque algunha vez tocounos, ou os usou. Deste xeito, e coma se tratase dunha terapia para a enfermidade do amor fracasado que o atormenta, Kemal monta un museo no apartamento onde se atopaba con Füsun e colecciona todo tipo de obxectos que lle recordan a ela.. Por iso é polo que sexa o museo da inocencia, porque representa o amor obsesivo á amada perdida. Pamuk organiza a novela en oitenta e tres capítulos, case todos breves, que fan a lectura amena e dinámica. O narrador é o propio Kemal, pero case ao final aparece o propio Pamuk como amanuense do relato.

Recensións:

- Cipriano Luís Jiménez Casas, "Istambul Saudade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 304, "Filosofía/Literatura", 15 outubro 2009, p. 8.

Infórmase da publicación en galego, en primicia, da novela *O museo da inocencia*, de Orhan Pamuk, que se centra nun concepto da cultura turca: o *hüzün*, un sentimento de tristura, de melancolía, que se pon en relación co galego "saudade", a partir da obra de Ramón Piñeiro, *Filosofía da saudade* (1953), e a propia historia da literatura galega, máis lírica. Nun pequeno apartado coméntanse as orixes da palabra *hüzün* no libro *Istambul, as lembranzas e a cidade* (2008), relacionada co profeta Mahomet e os seus sentimentos ante a morte dun ser querido, pero tamén con outros males espirituais como a ira, o amor e o sufrimento en xeral.

- Xesús Fraga, "Estudio del amor obsesivo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 328, "Letras en galego", 29 agosto 2009, p. 6.

Recóllese a tradución en galego da última novela de Pamuk, *O museo da inocencia*. A seguir, coméntase que se trata da historia de Kemal, un mozo dunha familia adiñeirada de Istambul, que debe casar con Sibel, pero apaixónase por unha parente e manteñen un amor ás agochadas durante anos. Afírmase que relata ese amor obsesivo e o desexo de gardalo a partir dos obxectos que teñen que ver con ese amor, ademais do retrato colectivo dunha época en Turquía.

- Manuel Xestoso, "O pasado como obsesión", *A Nosa Terra*, n.º 1368, "Cultura", 16-22 xullo 2009, pp. 32-34.

Dáse conta última novela de Pamuk, *O museo da inocencia*, e saliéntase a ironía e o sarcasmo da historia, propia dunha novela sentimental. Considérase que a pretensión de Pamuk consiste en elaborar unha divertida burla dos costumes da sociedade turca e a súa vinculación con Occidente para restar dramatismo á obsesión amorosa e erótica do protagonista. Coméntase que o título, *O museo da inocencia*, recorda a necesidade de xuntar todos os obxectos do seu amor e conferirlles un significado, como proba de que o protagonista non sabe superar o pasado. Valórase positivamente o final e a capacidade narrativa, porque a obsesión é vista dende unha perspectiva máis crítica.

- Xosé Carlos Caneiro, "Tinta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, "Letras en galego", 5 decembro 2009, p. 12.

Sinala que chegou a unha conclusión dolorosa para a literatura galega e para a arte, contemplando *A caixa*, do portugués Manoel Oliveira. Afirma que todas as artes retroaliméntanse. Pensa en Lobo Antunes. Refírese tamén á literatura infantil como o mercado máis valioso en Galicia e comenta que a poesía é hermética para o público lector. Recoñece que ao carecer dun cinema, a literatura enfraquece. Tras esta reflexión, indica o seu fervor pola novela de Orhan Pamuk, *O museo da inocencia*, traducida ao galego por Bartug Aykam e María Alonso Seisdedos. Afirma que Pamuk canta ao cosmopolitismo e fascinación de Istambul á vez que evoca o pasado e reconstrúe o interior do home namorado. Considera que parece unha novela autobiográfica ás veces, e afirma que esta novela de Pamuk está escrita con tinta de corazón.

Referencias varias:

- E. P., "Galaxia verte ao galego o último libro de Pamuk", *El Correo Gallego*, "Cultura", 26 xuño 2009, p. 67.

Informa da tradución ao galego da obra *O museo da inocencia*, despois do alemán, e ofrece un breve argumento e os nomes dos tradutores: Bartug Aykan e María Alonso Seisdedos.

- maré, "Pamuk e a inocencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xuño 2009, p. 31.

Recóllese a noticia da saída á venda da novela *O museo da Inocencia*, co seu argumento, a época en que está ambientada (1975) e os tradutores galegos. Tamén se achega o dato de que o escritor, Orham Pamuk, vai crear un museo en Istambul con lembranzas daqueles anos co mesmo nome ca novela.

- E. P., "O museo da inociencia' de Pamuk será o libro do ano", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Volume", 9 xullo 2009, p. 30.

Dáse conta da presentación da novela *O museo da inocencia*, de Pamuk, na colección "Biblioteca Compostela". Carlos Lema, director das edicións, afirmou que este será o libro do ano en Europa.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Libros", 9 xullo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle, entre outros, un descritor de curta extensión d'*O museo da inocencia*, de Orhan Pamuk.

- Iago Martínez, "Sen noticias das axudas á tradución", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 20 xullo 2009, p. 41.

Refírese ás subvencións a obras de fama mundial ou máis vendidas para a súa tradución ao galego, entre as que se encontra *O museo da inocencia*.

- Jaureguizar, “A mochilota de ida e volta”, *El Progreso*, “Verano”, “¿Qué leer?”, “Os meus face-books”, 24 xullo 2009, p. 41.

Dentro dun artigo de opinión sobre as lecturas nas vacacións e como volven sen ser lidas conta que vai levar *O museo da inocencia*, de Orham Pamuk.

- Luis P. Ferreiro, “O mal tempo encheu de público o inicio da Feira do Libro da Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 agosto 2009, p. 30.

Nova que recolle as actividades realizadas na sesión inaugural da Feira do Libro da Coruña, na que se destaca o pregón lido por Miguel Anxo Fernán-Vello, unha loanza aos libros que non deixou de lado a preocupación polo futuro da lingua galega e a presentación do libro d’*O museo da inocencia*, de Pamuk. Dedícanse breves notas aos que serán tamén protagonistas desta edición da feira: Carlos G. Reigosa, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Alcalá, Espido Freire e Luis Rei.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 299, “Infantil/Xuvenil”, 10 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, caso d’*O museo da inocencia*, de Orhan Pamuk.

- Dolores Martínez Torres, “Istambul nos anos 70. Catálogo a modo de novela”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 255, “Letras galegas”, 24 outubro 2009, p. 6.

Preséntase o argumento da obra *O museo da inocencia* centrado no seu protagonista, Kemal, un mozo rico que se namora dunha parente pobre cando tiña un compromiso e obsesionado pola moza garda todos os elementos e obxectos cotiás que o relacionan con ela. Coméntase que aumenta a información coa referencia metaliteraria da inclusión de Pamuk como personaxe na novela: sería o encargado de elaborar o catálogo do museo que Kemal quere construír. Considérase que ocorre o mesmo cos límites da ficción porque parece que o museo vai abrir dentro de dous anos, auspiciado por Pamuk. Obxéctase que lle falta emoción e misterio, a pesar do retrato dunha época en Turquía.

Pamuk, Orham, *Neve* (*Kar*, 2002), trad. Bartug Aykan e María Alonso Seisdedos, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, col. Literaria, n.º 17, outubro 2009, 603 pp. (ISBN: 978-84-9865-233-8). ■

Esta obra de Orham Pamuk (Istambul, 1952), Premio Nóbel 2006, recibiu axuda da Consellería de Cultura e Turismo para a súa publicación en galego. A novela comeza cun relato por parte dun narrador omnisciente que conta a historia dun xornalista turco que viaxa á súa cidade natal, Kars, en autobús nun día de inverno. A obra transcorre en só tres días. O pobo, situado na fronteira entre Turquía e Rusia, está illado pola neve. Ka, o personaxe principal, viaxa para investigar os suicidios dunhas mozas porque se lles prohibe levar veo á escola. O protagonista se cría nun barrio acomodado da burguesía de Istambul e é un exiliado político en Alemaña, de onde volve ao principio da novela. O libro é como un ensaio do autor sobre a realidade e a evolución política de Turquía, fala de como van cambiando as ideas da clase media, da influencia cada vez maior do Islam político nas clases populares. O personaxe central tamén viaxa a Kars co

fin persoal de atoparse cunha antiga noiva, Ipek, casar e regresar a Frankfurt con ela. Inspirado por todo o que lle sucede e por Ipek e outros personaxes, Ka escribirá unha serie de dezanove poemas inspirados no frío inverno de Kars e publicaraos no estranxeiro nun libro titulado *Neve*, que terá a estrutura dun copo de neve de seis puntas. Tras un desenlace abrupto Ka volve a Alemaña decepcionado e só. Dende Frankfurt escribiralle ao seu amigo Orhan falándolle do libro que escribira e da analoxía da súa estrutura co copo de neve. Dille que eses poemas se organizaban de acordo a unha lóxica misteriosa e profunda e que non o descubriu até catro anos logo de volver. Ao final o narrador revela o significado desa lóxica. É Orhan o que a descobre ao ler un caderno verde con copia de poemas de Kar.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Visión de Turquía no mellor Pamuk", *A Nosa Terra*, n.º 1.386, "Crítica", 17-23 decembro 2009, pp. 28-30.

Afirma que explicar Turquía a través dunha novela resulta paradoxal, sendo este un xénero netamente occidental. Ao final de *Neve*, publicada en 2002 e traducida ao galego e publicada por Galaxia en 2009, un dos personaxes expresa esta idea de dificultade á hora de entender unha cultura tan diferente. Sinala que Pamuk acepta o reto de elaborar unha fábula sobre a complicada realidade turca, centrándose nun pobo esquecido de Anatolia ao que volve un poeta occidentalizado e no exilio para asistir ao funeral da súa nai e cubrir a información das eleccións locais e o suicidio dunhas mozas porque lles impiden asistir ao colexio co veo. Deste xeito, terá ocasión de ver a unha antiga noiva e presenciar un golpe de estado. Realiza unha rápida sinopse do argumento da novela na que Pamuk presenta diferentes visións da sociedade turca, un debate entre modernidade e tradición e a reconstrución da identidade. Os habitantes de Kars rexeitan Occidente porque vense fóra do mapa de Europa. Fai unha análise do estilo do escritor e di que Pamuk non renuncia a falar dun dos seus temas favoritos: os vínculos entre a arte e a realidade, matizado coa idea marxista da curta distancia que separa a traxedia e a farsa.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras recentes entre as que figura *Neve*, de Orham Pamuk.

Poe, Edgard Allan, *Contos completos I*, trad. Eva Almazán, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia, col. Clásicos universais, n.º 21, outubro 2009, 413 pp. (ISBN obra completa: 978-84-9865-228-4; ISBN volume: 978-84-9865-229-1). ■

Primeiro volume dos contos completos de Edgard Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849) que se completa con outros dous volumes, seguindo a orde cronolóxica e o texto estabelecido pola edición canónica de The Library of America. Pártese dun conciso prólogo do propio autor onde define os termos *grotesco* e *arabesco* para referirse aos seus contos e presenta a súa famosa reflexión sobre a alma como orixe do terror. Neste

volume aparecen recollidos vinte e oito contos, de extensión moi diversa, que van dende "O club Folio" (1831) até "O home da multitude" (1840). Os primeiros contos saíron publicados en diversos xornais e revistas e, posteriormente, en antoloxías como a maioría dos que aparecen incluídos neste volume que, en vida do autor, se publicaron na titulada "Tales of the Grotesque and Arabesque". Nestes primeiros contos apréciase un interese pola metafísica, un esaxerado interese polo terror e unha exquisita preferencia pola análise, o que lle leva a explicar ao detalle, por exemplo, a planificación dos crimes ou o motivo da morte de cada un dos personaxes. Entre os contos de terror desta selección destacan "A cita", "William Wilson", "O home da multitude" ou "Manuscrito achado nunha botella"; dentro dos relatos considerados como sobrenaturais cómpre mencionar "A caída da casa Usher", "Ligeia" ou "Berenice"; e entre os metafísicos sobresae "A conversación de Eiros e Charmión". Tamén contén este volume contos onde Poe exalta o grotesco e o pintoresco como en "Catro bestas nunha" ou "O rei Peste". Tampouco é alleo á sátira da época e algúns dos seus contos teñen este contido singular como "O home de negocios" ou "Como escribir un artigo ao xeito do Blackwood". Dado o carácter peculiar do contido destes contos, a preferencia pola lectura destes relatos pode vir dada polo gran nivel artístico de cada un deles, o malgaste de imaxinación presente e a capacidade do autor para crear unha aureola de misterio e saber recrear escenas incríbeis con elementos incríbeis. Existen unha serie de constantes nos relatos curtos de Poe, aparte dos anteriormente mencionados, que se vertebran ao redor do que podería denominarse unha alegoría da enfermidade e a morte como son: un egotismo morboso produto dunha enfermidade nerviosa de patoloxía incerta, a presenza de trazos necrofílicos, un sadismo macabro, a aparición de relacións familiares e amorosas anormais e de sustancias estimulantes como o opio, todo iso combinado á súa vez cun amplo despregamento de obras pictóricas, libros e música. Esta edición complétase cunhas notas sobre cada un dos contos a cargo de Eva Almazán, encargada da tradución. A obra recibiu unha axuda á tradución da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

Referencias varias:

- M. Pachu Torres, "Pesadilla en Navidad", *ABC*, "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 12, decembro 2009, pp. 8-9.

Reflexiónase sobre a edición en galego dos contos de Edgar Allan Poe, que saen do prelo xusto na época do Nadal, tempo propicio para a aparición deste clásico do misterio. Dise que a literatura breve se atopa en auxe e que autores como Baudelaire ou Rimbaud, entre moitos outros, renden auténtico culto aos contos de Poe, considerado o pai do macabro. Salienta que Allan Poe, narrador de mala vida, "que vivía nunha realidade onírica para evadirse dunha vida innoble", estabeleceu a súa propia teoría artística, baseada na economía da linguaxe, na estructuración textual e no o medo, ingrediente fundamental dos seus relatos; e que foi capaz de crear escola, facendo que autores posteriores da talla de Horacio Quiroga ou Julio Cortázar imitasen o seu estilo inconfundíbel co emprego do terror e o misterio como *leitmotivs*.

- Manuel Vidal Villaverde, "Edgar Allan Poe", *Atlántico Diario*, "Opinión", 2 decembro 2009, p. 23.

Lóase e felicítase o extraordinario traballo de tradución ao galego dos famosos contos

de Edgar Allan Poe, levado a cabo por Eva Almazán.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 313, "Infantil/Revistas", 17 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras recentes entre as que figura esta, os *Contos completos*, de Edgard Allan Poe.

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Saliéntase, entre outras obras traducidas ao galego, os *Contos completos* de Edgard Allan Poe por tratarse dun clásico ideal para os máis novos.

Poe, Edgard Allan, *Contos completos II*, trad. Eva Almazán, Vigo: Editorial Galaxia/Fundación Caixa Galicia, col. Clásicos universais, n.º 22, outubro 2009, 394 pp. (ISBN obra completa: 978-84-9865-228-4; ISBN volume: 978-84-9865-230-7). ■

Segundo volume dos contos completos de Edgard Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849) que seguen a orde cronolóxica e o texto estabelecido pola edición canónica de The Library of America. Neste volume aparecen recollidos dezasete contos, de extensión moi diversa, entre eles "Os crimes da rúa Morgue", "O retrato oval", "O foxo e o péndulo", "O gato negro", "Os anteollos" e "A caixa oblonga". Neles, Allan Poe toca temas dispares, que poden ir dende o terrorífico, temas relacionados sempre coa morte, até a sátira ou a metafísica e na maioría a culpa e a vinganza teñen o seu lugar reservado, así como o gran poder que posúen os opiáceos ou o alcohol, ou as análises racionais que invaden outras historias, como as de "O escaravello de ouro" ou "Os crimes da rúa Morgue". A súa técnica é exacta, e o feito relatado intenso e inexorábel, froito dunha mente orixinal, imaxinativa e prodixiosa. Esta obra recibiu unha axuda á tradución da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

Recensións:

- M. Pachu Torres, "Pesadilla en Navidad", *ABC*, "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 12, decembro 2009, pp. 8-9.

Reflexiónase sobre a edición en galego dos contos de Edgar Allan Poe, que saen do prelo xusto na época do Nadal, tempo propicio para a aparición deste clásico do misterio. Dise que a literatura breve se atopa en auxe e que autores como Baudelaire ou Rimbaud, entre moitos outros, renden auténtico culto aos contos de Poe, considerado o pai do macabro. Salienta que Allan Poe, narrador de mala vida, "que vivía nunha realidade onírica para evadirse dunha vida innoble", estabeleceu a súa propia teoría artística, baseada na economía da linguaxe, na estructuración textual e no o medo, ingrediente fundamental dos seus relatos; e que foi capaz de crear escola, facendo que autores posteriores da talla de Horacio Quiroga ou Julio Cortázar imitasen o seu estilo inconfundíbel co emprego do terror e o misterio como *leitmotivs*.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Edgar Allan Poe”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 2 decembro 2009, p. 23.

Lóase e felicítase o extraordinario traballo de tradución ao galego dos famosos contos de Edgar Allan Poe, levado a cabo por Eva Almazán.

- Dolores Vilavedra, “Receitas varias para tempos de crise”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, “Rolda das letras”, 18 decembro 2009, p. 8.

Recomenda os *Contos completos* de Edgard Allan Poe como un clásico “que nunca decepciona” os máis novos.

- C. L., “Relatos centenarios pero frescos”, *A Nosa Terra*, n.º 1.387, “Cultura”, 24-30 decembro 2009, p. 23.

Informa de que, con motivo do segundo centenario do nacemento de Poe, Eva Almazán realizou a tradución de *Contos completos (I e II)*, para a editorial Galaxia. Dise tamén que o Premio Lois Tobío da Asociación Galega de Editores no 2009 recaeu nesta obra que salienta pola súa “frescura, imaxinación e modernidade”.

Queneau, Raymond, *Zazí no metro* (*Zazie dans le métr*o, 1959), trad. e introd. Henrique Harguindey Banet, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 249, 2009, 155 pp. (ISBN: 978-84-8487-165-7). ■

Novela de Raymond Queneau (O Havre, Francia, 1903-París, 1976) subvencionada pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. A acción desenvólvese temporalmente en pouco máis dun día da vida de Zazí, unha nena á que o seu tío Gabriel, bailarín travestido, recolle na estación. A súa nai, totalmente dominada polo seu amante, envíaa con el para afastala dos serios e violentos problemas domésticos que se dan na súa contorna. Zazí sae á rúa coa ilusión de facer realidade o seu soño, ver o metro, pero non o logra porque unha folga o mantén pechado. A cambio desta viaxe, comeza outra, que transcorre ao longo de todo un día e até horas da mañá e na que lle acompaña un variado e estraño grupo de personaxes e personalidades disfrazadas, as cales manteñen entre si unhas relacións fugaces e uns humores cambiantes. Esta experiencia, non exenta de toques surrealistas, finalmente acaba e todo volve a como estaba nun principio, aínda que Zazí leva na súa maleta todas as experiencias vividas. A novela está escrita cun predominio da lingua falada sobre a escrita, o que leva a unha constante violación das normas e a un permanente deambular pola fronteira entre a realidade e a fantasía. Trátase dun libro transgresor, irrespetuoso e burlón que revelou a Queneau ao gran público e que anos máis tarde Louis Malle levou ao cine.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Humor e transgresión”, *A Nosa Terra*, n.º 1.384, “Cultura”, 3-11 decembro 2009, pp. 28-29.

Baixo un título que recolle en dúas palabras craves a esencia da obra, preséntase ao singular e polifacético Raymond Queneau, escritor herdeiro do surrealismo e investigador capaz de combinar estudos profundamente sisudos coas teorías máis transgresoras e cargadas de humor, o que o converte nuns deses autores inimitábeis da literatura do século XX. Considérase proba disto *Zazí no metro*, probabelmente a mellor de Queneau, na que se parte dun tema sinxelo como a breve visita de Zazí, unha precoz adolescente de provincias, a casa do seu tío Gabriel en París. Explícase que esta situación serve como pretexto para presentar á rapariga como a encarnación da liberdade máis transgresora a través do seu desinhibido comportamento e as súas recorrentes e embarazosas preguntas. Coméntase que no fondo só se trata dunha moza inocente pero chea de curiosidade que intenta penetrar nun mundo que descoñece: o universo dos adultos. Xúlgase a novela como unha perfecta combinación da sátira máis mordaz, as situacións e os personaxes máis extravagantes cunha maxistral capacidade para mostrar os aspectos máis sórdidos da vida cotiá. Indícase que este explosivo cóctel lévase a cabo, en primeiro lugar, por medio da lingua, xa que o autor intenta plasmar a linguaxe oral, con diálogos rápidos e divertidos nos que se xoga coa lingua e até se inventan palabras, conseguindo unha gran riqueza expresiva e, en segundo lugar, a través da estructuración da novela, a modo de comedia clásica ao uso, na que se presenta unha galería de personaxes secundarios, fugaces pero imprescindíbeis, que enmarcan, de xeito ás veces irreal outras veces cómica, as aventuras da protagonista. Opínase que é unha novela apta para todo tipo de lectores, dende os máis esixentes até aqueles que só buscan unha boa novela que os seduza.

Renard, Jules, *Pelo de Cenoria* (*Poil du carotte*, 1894), trad. de Xesús González Gómez, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 248, 2009, 166 pp. (ISBN: 978-84-8487-163-0). ■

Novela subvencionada pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, obra do novelista e autor dramático Jules Renard (Châlons-du-Maine, Mayenne, Francia, 1864-París, Francia, 1910). Un narrador en terceira persoa relata a historia de Pelo de Cenoria, un rapaz campesiño totalmente ignorado pola súa familia. De feito o seu nome non aparecerá en toda a obra. O neno é repudiado pola súa nai e ignorado polo seu pai mentres os seus irmáns se mofan del continuamente. A obra é unha colección de anécdotas da súa infancia nun contexto rural estruturadas en corenta e nove capítulos moi breves e de diversa temática (os títulos son tamén moi breves), sen aparente continuidade. Nelas se reflicte a inocencia do rapaz e as inxustizas que sufriu por parte de amigos e familia, aínda que ás veces se inclúen escenas cotiás e familiares un pouco tenras como os momentos nos que o neno vai a cazar e a pescar co seu pai. O seu padriño parece ser a única persoa realmente preocupada polo neno. Ao final da obra Pelo de Cenoria rebélase contra a súa nai e será incluso capaz de desafiala. A narración propiamente dita mesturase con escenas que imitan unha obra teatral.

Recensións:

- M. Xestoso, "O espírito e a mediocridade", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "Cultura", 26 novembro-2 decembro 2009, pp. 28-30.

Destaca a importancia dos pormenores en todo o relato e a oposición entre a nobreza do neno e a mesquindade do mundo que o rodea. Sinala que o punto de vista é o do neno e reflicte súa inocencia, pero considera que a ironía utilizada en moitas ocasións só pode ser dun adulto. Conclúe que a novela recolle unha axeitada mestura de emotividade e crueza reflectida nas diferentes anécdotas.

Renard, Jules, *Diario (1887-1910). Antoloxía*, introd., sel., trad. e notas de Xesús González Gómez, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 251, 2009, 319 pp. (ISBN: 978-84-8487-167-3). ■

Xesús González Gómez é o encargado da presente edición do *Diario* de Jules Renard (Châlons-du-Maine, Mayenne, Francia, 1864-París, Francia, 1910). Esta antoloxía persoal, publicada coa axuda da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, responde a criterios propios do editor, quen analiza detidamente este diario escrito para ser difundido. Na pequena introdución que precede á obra, o crítico encaixa a Renard dentro da novela burguesa da xeración francesa de 1885, segundo as divisións de Thibaudet, quen dicía que a obra mestra de Jules era *L'Écornifleur*, sen descubrir nunca que o texto que realmente fixo famoso a este crítico, poeta e narrador francés fora o seu diario. Este xénero, o de máis recente recoñecemento, é unha fiestra aberta a todo tipo de información que proporciona o seu autor. Nos diarios descríbense todo tipo de cousas, unhas relacionadas co autor mesmo, outras co mundo que o rodea: libros, persoas, accións, conversas, obras teatrais... Cunha escrita un tanto "fragmentaria e descomposta", este diario parece reflectir, tal e como recorda González Gómez que dicía Sartre, unha inmensa frustración de Jules Renard, quizais por pertencer a esa chamada xeración de fin de século que tanto sufrira e que deu lugar á orixe da literatura contemporánea. Este diario deixa entrever a personalidade do seu autor, que hoxe en día sería un tanto criticábel, debido a algunhas opinións que rozan a misoxinia e o antisemitismo, ademais dalgúns xuízos duros que non dubida en comunicar. Critica a Balzac, a Chevalier, a Flaubert e incluso a Shakespeare, pasando por un gran número de escritores e de persoeiros cos que non compaxinaba demasiado ben. Por Zola, en cambio, preocúpase, e o único home de letras ao que admira é Víctor Hugo. Jules Renard era ácido, orgulloso e moi crítico, ou polo menos é o que se desprende das verbas escritas neste *Diario*.

Sjón, *Skugga-Baldur*. *Unha lenda islandesa* (*Skugga-Baldur*, 2003), trad. do islandés de Elías Portela Fernández, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 21, 2009, 116 pp. (ISBN: 978-84-936413-9-9). ■

Sjón (Reykiavik, Islandia, 1962) é o pseudónimo do escritor Sigurjon Birgir Sigurðsson xurdido a partir do seu nome de pila, cuxo significado é "visión". Nesta novela, cargada de símbolos, códigos, xogos de palabras, subxace como fondo a rica tradición da literatura islandesa existente dende as sagas medievais, historias en prosa case sempre anónimas. A obra, que para a súa tradución ao galego contou co apoio do Fondo para a Promoción da Literatura Islandesa, comeza coa caza dun raposo por Baldur Skuggason, o pastor do pobo, xa que tal actividade era privilexio exclusivo do clero. A partir de aquí, a historia baséase na loita entre o pastor e o raposo nas frías montañas cubertas de neve ou o que é o mesmo, a loita, moitas veces desigual, entre o home e a natureza. Ao final esta, a través do espírito do raposo, transformarase nunha arma para facer xustiza

co pastor, cuxa escabrosa personalidade vaise descubrindo ao longo da novela por medio das historias paralelas que se van sucedendo. Cronoloxicamente a narración ten lugar a finais do século XIX e, aínda que os personaxes teñen en principio unha aparencia simple, no fondo non o son tanto, xa que no libro se demostra como o home tratou sempre de xeito desigual a aquelas persoas que son diferentes, neste caso representado fundamentalmente por un dos personaxes, Abba, unha moza adolescente de orixe misteriosa con síndrome de Down que ofrece as dúas caras, a maldade pero tamén a compaixón humana e que, cando a súa historia se completa ao final do libro, o lector comprenderá o acto de xustiza que levou a cabo o raposo. Así as catro historias que conforman a novela se van mesturando e van transcorrendo tendo como fondo distintos cambios de ánimo, que van dende a espiritualidade, pasando polo horror para terminar reflectindo a crueldade humana. Trátase dunha historia triste e complexa, escrita en capítulos de extensión irregular con frases breves pero cargadas de significado, que reflicte con mestría a soidade, a maldade, pero tamén a compaixón e a loita humana.

Recensións:

- M. B. F., "El cazador y su sombra", *ABC*, "*Artes & Letras*", n.º 9, setembro 2009, pp. 6-7.

Coméntase que nesta novela como noutras se introduce o motivo do cazador na literatura, en autores como Miguel Delibes, Turgénev, Francisco Añón e Avilés de Taramancos. A seguir, dise que *Skugga-Baldur* de Sjón está ambientada no ano 1883, que recibiu o premio literario do Consello Nórdico no ano 2005 e que as primeiras páxinas, onde un home está obsesionado con dar caza a un raposo, enlazan coa historia principal, onde o lector coñece ao perseguidor, o reverendo Baldur Skuggason, e os outros personaxes como Fridik B. Fridjónsson, un dandi que volve á granxa dos seus pais, ou Abba, unha muller con síndrome de Down. Coméntase que a historia só se resolverá cara ao final nun nivel alegórico "casi moralista" como un quebracabezas.

- Samuel Solleiro, "Fábula antihumanista", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 7.

Tras unha digresión sobre o *western*, sinala que o célebre conflito d´*O home que matou a Liberty Balance* (John Ford, 1962) entre orde e caos é o mesmo que articula *Skugga-Baldur*, de Sjón. Considera que a confrontación entre ambas as concepcións das cousas (orde e caos, non cultura e turismo) parece obvia no nivel das personaxe e case abre a porta a falar de fábula. Segue afondando nesta obra e sinala que interesa o feito de que Sjón decidise introducir diferenzas estilísticas nas diversas partes da novela. Refírese aos seus personaxes e anota que *Skugga-Baldur* ten o mesmo protagonista que algún día se dixo que tiñan os *westerns* no cinema, a paisaxe.

- A. Losada, "A historia do home que se cazou a si mesmo", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 32, "Libros", "Crítica", 3 outubro 2009, p. 8.

Refírese á primeira tradución do islandés ao galego, publicada na editora Rinoceronte da man de Elías Portela, co título *Skugga-baldur*, do escritor Sjón, pseudónimo de Sigurjón Birgir Sigursson, un dos máis coñecidos de Islandia. Dá conta dunha pequena

biografía do autor, polifacético, xa que leva escritos varios poemarios e novelas, ademais de ser autor de varias das letras das cancións de Björk. Infórmase sobre o tema, a metáfora do skugga-baldur, ser da mitoloxía nórdica, mestura de gato e raposa, encarnada nun reverendo dunha pequena vila islandesa do século XIX, mais tamén sobre a arquitectura da novela breve.

- Lucía Seoane, "Lenda desde o xeo. Secuencias do raposo azul", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 303, "Libros", 8 outubro 2009, p. VI.

Recóllese a información da tradución ao galego de *Skugga-Baldur* por Elías Portela. Achégase unha biografía de Sjón, fundamentalmente os seus libros publicados, a relación co cinema, a música e os premios recibidos. Saliéntase que o libro aparece divido en catro historias, dúas delas mesturadas entre si, tendo como pano de fondo o raposo, de orixe mítico-alegórica. Destácase tamén o estilo sobrio e conciso e a capacidade que todos os elementos converxen cara ao final.

- Manuel Xestoso, "A excepción e a regra", *A Nosa Terra*, n.º 1.372, "Cultura", 10-16 setembro 2009, pp. 29-30.

Céntrase no estilo narrativo do autor, Sjón, ao que tamén lle fornece dun retrato biográfico, austero, pero poético. Considérase que a trama de *Skugga-Baldur* resulta simple polo que a prosa adquire maior relevancia, e faise maior fincapé no contrapunto entre os dous protagonistas: o pastor e o mozo Fridjónsson, naturalista e poeta. Atópase semellante ao conflito entre a tradición e a modernidade, pero a reflexión preséntase máis entre a regra e a excepción. Saliéntase tamén a relación coas sagas medievais islandesas e co mundo particular do país no século XIX. Non obstante, refírese algún defecto do texto como a falta de profundidade dos personaxes o que lle confire a aparencia de non estar ben resolta.

Referencias varias:

- Ángel Varela, "O sector do libro espera unha baixada da edición en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 setembro 2009, p. 30.

Fálase da influencia da crise no sector editorial galego e, sobre todo, no eido das traducións. Nese ámbito, pídense axudas aos países de orixe da obra literaria, como é o caso da editorial Rinoceronte coa novela de Sjón, *Skugga-Baldur*. Coméntase que a axuda inicial era de dous mil euros, pero pola caída económica do país, quedou en seiscentos. Por último, saliéntase a importancia do escritor como poeta, letrista das cancións de Bjork e da banda sonora da película *Bailando na escuridade*.

Stoker, Bram, *A gorida do verme branco* (*The lair of the White Worm*, 1911), trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco gótica, n.º 4, 2009, 299 pp. (ISBN: 978-84-937142-3-9).

Novela vitoriana de terror de Bram Stoker (Clontarf, Irlanda, 1847- Londres, 1912) composta por vinte e oito capítulos. A obra vén precedida dunha introdución asinada por Tomás González Ahola, tradutor desta edición, que achega datos sobre o autor irlandés e sobre a forte pegada que deixou a súa obra mestra, *Drácula*, no conxunto da

súa produción literaria. *A gorida do verme branco* é unha novela ambientada na Inglaterra de 1860 que conta a historia de Adam Salton, un mozo que se traslada dende Australia á mansión de Lesser Hill, un lugar da campiña inglesa onde se erguera o antigo reino de Mercia, tras recibir o chamado do seu tío avó. Alí, coa axuda de Sir Nathaniel de Salis, vello amigo do seu tío, deberá resolver o misterio do xigantesco monstro que habita nas profundidades,"O Verme Branco", que semella estar detrás das numerosas mortes de nenos e animais que asolan a comarca e parece adoptar a forma humana de Lady Arabella, enigmática dama do lugar. A trama principal únese a outras secundarias, como a do regreso do terratenente Edgar Casswall e o seu misterioso escravo Oolanga ou a de Mimi e Lila Whatford que converxerán no desenlace da obra nunha especie de loita entre o ben e o mal. Stoker, a través dun narrador omnisciente en terceira persoa, mostra o seu dominio do ritmo narrativo mantendo o suspense entre os distintos capítulos até chegar ao momento climático co desenlace da historia. O tempo, aínda que lineal, recorre ás analepses para situar os antecedentes de personaxes e feitos das tramas secundarias.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Saliéntase, entre outras obras traducidas ao galego, esta obra pertencente á literatura gótica e de terror fantástico: *A gorida do verme branco*, de Bran Stoker, por parte de Urco Editora dentro da súa colección específica para terror, fantasía e ciencia ficción.

Viale Moutinho, José, *Negra sombra! Negra sombra! e outros contos*, trad. María Fernández Rei, Vigo: Promocións Culturais Galegas, col. De Relatia, 2009, 122 pp. (ISBN: 978-84-8341-335-7). ■

José Viale Mountinho (Fuchal, Madeira, 1945) dedica este libro á memoria de Luisa Villalta e a Xela Arias, así como a Afonso e Xosé María Álvarez Cáccamo e a Luís Pimentel. Ao relato ou serie de relatos antecédelles un texto a modo de carta de agradecemento escrita por Xosé María Álvarez Cáccamo ao autor. Nela agradécelle que lle dedicara os sete relatos que comprende o libro. Fai mención dos falsos amigos entre a lingua portuguesa e a galega, xa que aos relatos cre que pode chamarlles "espantosos" que foi a palabra utilizada polo autor ao referirse a un libro de poemas de Xosé María. O significado é o de admirábel, asombroso, sorprendente. Fai referencia aos contos como contos de terror fascista e agradécelle un relato en particular que o autor dedica a estes irmáns: o que encabeza o libro e que fai receptores a ambos os dous irmáns das cartas que envía un home de Tui, consumido polo cancro e que quere revelar detalles da morte do avó de Manuel. Di de Viale que é o cronista do alzamento militar contra a República ao elaborar dende a memoria documental a materia literaria.A continuación aparece a breve dedicatoria a dúas mulleres que se foron e aos escritores mencionados máis arriba. O primeiro relato intitúlase como o libro. En cursiva aparece a letra do poema de Rosalía de Castro e debaixo o nome do poeta Luís Pimentel que tamén viviu a barbarie da guerra civil. O narrador do conto é unha persoa que estaba enferma de cancro e intentaba convivir coa memoria do pasado que lle traía remordementos por unirse aos falanxistas ao estalar a guerra civil e quere, polo menos, contarlle á persoa a quen van

dirixidas as cartas que vai enviar dende distintos lugares, para que non lle sigan a pista, quen foi o autor material do asasinato do avó de Manuel. Non tratará de xustificar os seus asasinatos, pois tamén os cometeu. O conto ten como escenario a cidade de Tui, pero a relaciona con outras zonas próximas como Vigo, Lavadores e Cangas por onde un grupo de falanxistas se movían con afán de vinganza aproveitando os acontecementos da guerra civil. Menciónase tamén o seu paso a Portugal. Esta narración termina coa chegada doutra carta na que se seguirán contando as tropelías que se foron cometendo nos anos de contenda no noroeste de España. O seguinte conto dedícallo ao escritor portugués José Gomes Ferreiro, autor de poemas dedicados á sanguenta guerra civil española. En "As Mouteiras do Sol" nárrase a situación que se crea nun café cando aparecen as mulleres dos deputados da Asemblea Nacional facendo un peditorio a favor de Franco coma se a súa guerra fose a Santa Cruzada. Apoiadas pola petición dun arcebispo que apoiaba a causa e de dous axentes da PVDE que evitaban que a xente saíse do café sen dar diñeiro para unha subscrición a favor dos fascistas españois, por esta negativa, o personaxe do conto, Raúl, é preso no goberno civil de Lisboa. A continuación relátase a historia dun arxentino que afirma que é curmán carnal de Vladimir García, coñecido como "O Animal", e así se titula este conto, un camarada no exilio do que se escribiron multitude de mentiras. Este parente escribiu un texto sobre el nun fascículo e non lle pareceu mal. No seu agocho francés Vladimir ditaba as súas memorias. Menciónanse a moitos personaxes históricos implicados nos dous bandos da guerra civil. O seu irmán Juanito acompañoulle e foi precisamente el quen redactou as súas memorias. Séguelle o conto intitulado "A Illa de San Simón", cuxas liñas preliminares presentan tres versos dunha cantiga do poeta medieval Mendinho. Nárrase a vida de Frei Anacleto de Santa María que disparou a un reiseñor pousado na rama dunha figueira. O argumento baséase en que cando canta este paxaro fai que o frade sexa transportado a diferentes épocas, todas relacionadas con situacións históricas vividas na Illa de San Simón. Por exemplo, cando era utilizada como cárcere na guerra civil, ou como escenario das loitas contra os soldados do corsario Francis Drake, ou da inauguración por parte de Maximiliano de Austria do mosteiro que alí se achaba, ou como refuxio dos enfermos de cólera. En "Ou padre e o enterrador" aparece unha cita de dous versos de Uxío Novoneyra. Esta narración fai referencia ao padre Nicanor Ramos e ao día da súa morte en Oviedo, onde se foi vivir cun sobriño para fuxir da persecución á que se vía sometido por ter un caderno coas probas dos crimes que cometeron os falanxistas. Xa fixeran desaparecer aos tres amigos do seminario, párrocos, noutros pobos. O enterrador sabía que don Nicanor foi apuntando os nomes de cada un dos asasinados, pero xurou que non diría nada a ninguén e así comentoullo a don Nicanor. Na seguinte narración, "O soldado Eloy", cóntase a pena dunha viúva que perdeu o seu esposo na guerra e tivo que prepararlle o uniforme ao seu fillo porque tamén debía ir ao fronte pero cos nacionais. Pediu unha recomendación a un xuíz instrutor e conseguiu que o seu fillo traballase nunha oficina onde estendían os certificados de defunción logo dos asasinatos cometidos polos falanxistas. Logo traballou como soldado de sanidade porque a súa nai ensinoulle a finxir coxera para librarse da fronte de loita e o seu protector amosábase orgulloso de que tivese unha coxeira parecida á súa. No último conto, "Un vello fusil mexicano", faise referencia a unha foto do avó dun dos mozos que están vendo a fotografía e fíxanse que levan fusís. Estaba acompañado duns brigadistas. Unha moza chamada Lena díxolle ao seu profesor que ela foi quen fixo a foto. Suponse que o autor recorre ao recurso do *flashback* porque Leda pasa a ser Adela e o brigadista alemán recorda á miliciana que tamén prestaba servizo como intérprete. Volvera porque, logo de tantos anos, dábanlle a nacionalidade

española pola súa axuda durante a guerra civil en Albacete. Nárranse as súas impresións ao volver a esta terra logo de tanto tempo.

Recensións:

- Marga Romero, "Sen claudicar. A negra sombra da memoria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 302, "Libros", 1 outubro 2009, p. VI.

Faise un repaso pola traxectoria artística de José Viale Moutinho a través dos seus poemarios e novelas, así como dos seus premios, para pasar logo aos setes relatos que compoñen *Negra Sombra! Negra Sombra!*, que se comentan un a un. Dedícaselle máis espazo á historia dos personaxes en Tui, pero tamén se refire a "El animal", "Illa de San Simón", "O Padre e o enterrador", "O soldado Eloy" e "Un vello fusil mexicano".

- Carlos Fernández, "Relatos de Guerra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 366, "Letras en galego", 24 outubro 2009, p. 12.

Coméntase a última obra de José Viale Moutinho, un conxunto de sete relatos escritos polo xornalista portugués moi vinculado a Galicia. O que dá título ao volume "Negra Sombra! Negra Sombra!" é considerado o máis logrado, sobre dous protagonistas da guerra civil en Tui. Tamén se salienta "El Animal" e "A illa de San Simón".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Infantil/Xuvenil", 4 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, caso de *Negra sombra!. Negra sombra!*, de José Viale Moutinho

VV. AA., *Entremiradas I. Galicia-Bos Aires*, trad. textos arxentinos ao galego Francisco X. Fernández Naval, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia. Secretaría Xeral de Emigración, col. Identidades, 2009, 143 pp. (ISBN: 978-84-453-4740-9) ◆

Tras varios peritextos institucionais, acóllense neste volume un conxunto de textos, tanto narrativos como poéticos, realizados por diversos escritores, xornalistas e artistas, entre outros, pertencentes á cultura galega e bonaerense. Os traballos están escritos en galego e castelán, ofrecendo ao final do volume unha tradución galego-castelán e viceversa. Asemade, dáse conta dunha pequena biografía de cada autor nunhas notas biobibliográficas que pechan o volume. As achegas narrativas en galego, acompañadas polas fotografías de Maribel Longueira, son as seguintes:

- Víctor F. Freixanes, "Nubes", pp. 10-11.

Relaciónanse os xéneros literarios cos xornalísticos, crónicas e reportaxes, coas cartas dos emigrantes.

- Marica Campo, pp. 16-17.

Texto non titulado que se refire ao azar e ao destino como guías vitais.

- Estíbaliz Espinosa, “Do outro lado da liña”, pp. 18-19.

Escrito sobre un reencontro protagonizado por unha persoa descendente de galegos e residente nas Américas.

- Xavier Alcalá, “Puerto Madero”, pp. 20-21.

Lembranza deste porto situado no Río da Prata (Arxentina).

- Fernández Pérez Barreiro, pp. 22-23.

Texto non titulado que expresa os sentimentos producidos polas vidas que se afastan ou se entrecruzan.

- Xabier P. DoCampo, pp. 26-27.

Texto non titulado ao redor do “Almacén Gral. De Ideas”, unha tenda de decoración situada en Bos Aires.

- Anxos Sumai, “A man do demo”, pp. 30-31.

Manifféstanse unha serie de recordos relacionados con Bos Aires.

- Xosé Luís Méndez Ferrín, “No corazón, na Avenida”, pp. 32-33.

Texto que alude á fotografía da páxina contigua cunha rapaza observando un cadro de Luís Seoane exposto no Café Tortoni.

- Xosé Luís Axeitos, “SHOPPING MALL. GALERÍAS PACÍFICO. Florida & Córdoba”, pp. 34-35.

Comentario sobre o traballo de varios pintores galegos exiliados no Taller de Arte Mural destas galerías.

- Pilar Rodríguez, “Carta a Bastián”, pp. 36-37.

Carta dunha tía ao seu sobriño na que lle invita a ir a Bos Aires e evitar así participar na guerra civil española.

- Manuel Outeiriño, pp. 38-39.

Texto non titulado escrito en Nova York no que se recorda a patria galega, lamentando o seu descoñecemento internacional pola falta de pulo das reivindicacións nacionalistas.

- María Xosé Queizán, pp. 48-49.

Texto non titulado que describe os movementos do tango e as paixóns que desata.

- Débora Campos, pp. 78-79.

Refírese ao cordón umbilical creado a través da memoria que une os que comparten unha terra de orixe, mesmo na distancia.

A seguir, aparecen traducidas ao castelán estas composicións escritas orixinariamente en galego e viceversa. Os textos traducidos do castelán ao galego son os seguintes:

- Horacio Armani, p. 114.

Comentario sobre as impresións producidas pola visión da fotografía do río Miño que acompaña esta composición.

- Luisa Valenzuela, "O balcón do pintor", p. 117.

Lembranza da importancia do papel de Luís Seoane en Arxentina como embaixador simbólica da cultura galega.

- Aurora Alonso, p. 118.

Recórdanse as vivencias na terra galega ao volver a ela.

- María Esther Vázquez, p. 119.

Pensamentos inspirados á beira do mar descríbense nunhas liñas.

- Hugo Biagini e Ofelia Jany, "Refluxo", p. 120.

Identifícase a forza das ondas do océano coa forza da mocidade que chegou ilusionada a Arxentina dende Galicia.

- Cristina Bulacio, p. 121.

Hipótese sobre a posíbel realidade de Galicia, considerada unha terra poética e misteriosa.

- Rafael Felipe Oteriño, "Un presente, un pasado", p. 122.

Recórdase a chegada dos seus bisavós a Arxentina dende Galicia.

- Ana Varia, "Insubornables", p. 125.

Coméntanse as influencias recíprocas entre os residentes dun país de acollida e os emigrantes que chegan a el.

- Patricia Alonso, p. 127.

Lembranza dos contos escoitados durante a súa nenez recóllense neste texto non titulado.

- Antonio Pérez Prado, p. 129.

Texto non titulado que contén visións imaxinarias dunha terra descoñecida alén dos mares.

- Rodolfo Alonso, p. 130.

A emoción e a satisfacción por ter traducido a Rosalía de Castro exprésanse neste texto non titulado.

- Antonio Requeni, p. 131.

Texto non titulado sobre a imposibilidade de recuperar a infancia perdida.

- Federico Jeanmarie, p. 132.

Reflíctense as ilusións e soños dos emigrantes chegados a América neste texto non titulado.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Unha ponte sobre o océano", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 535, 31 maio 2009, p. 21.

Sinala que *Entremiradas* son dous volumes da fotógrafa Maribel Longueira. O primeiro deles, *Entremiradas I. Galicia-Bos Aires*, ao que se refire está dedicado á irmandade galego-arxentina e o outro á irmandade galego-cubana. Comenta que o libro contén fotografías cunha ollada "penetrante, reveladora e a un tempo cálida e descarnada de Galicia". Explica que na edición do libro participaron trinta e oito autores galegos e corenta e un arxentino-cubanos, aínda que sinala que, na escrita, hai pezas "totalmente esquecibles" e outras "de discreta correción".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Imaxe e palabra", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 442, "Musas", 1 febreiro 2009, p. 51.

Recóllense as verbas da poeta, narradora e fotógrafa Maribel Longueira, quen fai un repaso pola súa traxectoria vital. Lémbrase o seu labor fotográfico como un xeito de crear arte e poesía, xa que as súas creacións están postas en boca de poetas que as fan literarias en obras como *Entremiradas*. Destácase o poder da imaxe como medio no que se sente máis cómoda para reflectir o tempo, as historias e a vida. Afírmase que a amizade e a vontade humana serían os piares sobre os que a creadora se apoia.

VV. AA., *Entremiradas II. Galicia-Cuba*, trad. textos cubanos ao galego Rafael Álvarez

R, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia. Secretaría Xeral de Emigración, col. Identidades, 2009, 143 pp. (ISBN: 978-84-453-4741-6). ◆

Volume no que se acollen diversos textos en galego e castelán, como xa se fixera no primeiro tomo, cuxas traducións se ofrecen ao final do mesmo. Os traballos, compostos por diversos persoeiros da cultura galega e cubana, están acompañados dunhas breves notas biobibliográficas de cada autor participante. Asemade, cada texto complétase cunha fotografía de lugares galegos e cubanos de Maribel Longueira. As achegas narrativas son as seguintes:

- Teresa Barro, "Unha xanela aberta con vidros de cores. Iso foi Cuba para tantos galegos, ...", p. 12.

Alude á formación do Centro Galego en Cuba, considerado unha xanela aberta ao libre pensamento.

- Emma Pedreira, "*Casa ou barco*", p. 18.

Texto que se atopa na fronteira entre o polo lírico e narrativo, rememorando recordos infantís mesturados con sentimentos amorosos.

- Laura Caveiro, "A felicidade e as deusas", p. 21.

Emprega o cadro de Boticelli (*As Tres Grazas*) como comparación da fotografía que se pode ver: dous rapaces e unha rapaza, deleitándose na lectura e aprendizaxe.

- Tucho Calvo, "A porta espello", p. 24.

Breve definición de Cuba.

- Xosé Fernández Ferreiro, "Os amores dos avós", p. 26.

Rememora historias do seu avó en Cuba, como recordan agora os vellos no salón.

- Olga Patiño Nogueira, "A memoria desta escaleira non se detén inutilmente; tenta non esquecer a túa...", p. 28.

Os chancos da escaleira nunca esquecerán as pegadas dos homes, vagos recordos que se apegan ao chan.

- Francisco Xosé Fernández Naval, "Taboleiro", p. 32.

O dominó convértese no xogo da vida, cheo de combinacións e esperanzas.

- Xavier Queipo, "María, A Tremenda", p. 34.

Trátase dunha pequena historia sobre a figura feminina da "adiviña", na que se mestura ficción e realidade. Ten coma motivo a paisaxe chuviosa da Habana.

- Xosé Neira Vilas, "O centenario Centro Galego de La Habana é un símbolo da solidariedade, da...", p. 44.

Cada estancia do Centro Galego na Habana sérvelle ao autor para rememorar a magna labor cultural do mesmo.

Posteriormente aparecen as achegas narrativas traducidas ao galego:

- Miguel Barnet, "Fermoso, suxestivo, soñador, o balcón de madeira vermella e a galería galega coas tres...", p. 114.

Descríbese dende o afecto unha vivenda que recorda ás situadas en Santiago de Compostela como parte das súas impresións relacionadas con Galicia.

- Luisa Campuzano, "Cheguei ao hotel, e alí vivín case toda una semana, baixo unha chuvia obstinada...", p. 121.

Achéganse os recordos dunha viaxe.

- Roberto Méndez, "a súa voz como voz de grandes augas. Apoc. 1, 15."), p. 126.

Descrición do espírito galego a partir da súa paisaxe, das súas xentes e da súa arte, entre outros elementos.

- Mirta Yáñez, "Entre o pobo de Triacastela e o mosteiro benedictino de Samos, ao carón do antigo...", p. 127.

Manifféstanse lembranzas relacionadas coa súa avoa, nada no casal de San Xil.

- Luís Marré, "Fronte ás ondas, nas areas de Fisterra, dous nenos constrúen un castelo de area...", p. 128.

Descrición dunha escena na praia de Fisterra.

- Virgilio López Lemus, "Unha Galicia soñada", p. 131.

Dáse conta dos lugares que desexaría coñecer de Galicia, así como a imaxe mental que ten construída deles.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "A outra Galicia", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 575, "Páxina literaria", 28 xuño 2009, p. 4.

Coméntase que a obra *Entremiradas II. Galicia-Cuba* relata a existencia da relación entre os galegos de España e os galegos emigrados a América e dos descendentes de ambos lados. Sinálase que no libro participan varios escritores, que relatan pequenas escenas que dan testemuña desas situacións, cualificadas de verdadeiros dramas pero consideradas ao mesmo tempo ocasións de estabelecer diálogos interculturais.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Imaxe e palabra", *Atlántico Diario*, "*La Revista*" , n.º 442, "Musas", 1 febreiro 2009, p. 51.

Recóllense as verbas da poeta, narradora e fotógrafa Maribel Longueira, quen fai un repaso pola súa traxectoria vital. Lémbrase o seu labor fotográfico como un xeito de crear arte e poesía, xa que as súas creacións están postas en boca de poetas que as fan literarias en obras como *Entremiradas*. Apúntase ao poder da imaxe como medio no que se sente máis cómoda para reflectir o tempo, as historias e a vida. Afírmase que a amizade e a vontade humana serían os piares sobre os que a creadora se apoia.

- maré, "De Galicia para Cuba", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2009, p. 25.

Coméntase a que a obra *Entremiradas II* será presentada o 16 de abril de 2009 na sede da UNEAC dentro da Bienal de La Habana. Saliéntase que nela se funde a literatura coas imaxes e indícase que conta cunha introdución de Ramón Villares e coa participación, entre outros, de Anxo Angueira, Emma Pedreira, Xosé Neira Vilas e Xavier Queipo.

Waters, Sarah, *A rolda nocturna* (*The Night Watch*, 2006), Premio Novela Europea do Casino de Santiago 2008, trad. Laura Almazán, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 19, decembro 2009, 519 pp. (ISBN: 978-84-7154-827-6). ■

Novela de Sarah Waters (Gales, 1966) na que se narra en terceira persoa as historias de catro personaxes durante a segunda guerra mundial. Os relatos mestúranse ao longo de toda a novela dándolle emoción a narración e descubrindo as conexións entre os personaxes. As descricións son detalladas destacando as referencias aos sentimentos, olores e sons. O rexistro é neutro e incluso coloquial cando a acción transcorre no cárcere. A obra está estruturada en tres partes que transcorren nos anos 1947, 1944 e 1941 en Londres. A primeira parte consta de tres capítulos nos que se dan a coñecer pouco a pouco os personaxes. Duncan vive co señor Monday, mentres a súa irmá Viv vive co pai. Viv ten xunto con Helen unha axencia na que lle buscan parella sentimental a xente. Na fábrica de candeas onde Duncan traballa preséntase Robert Fraser, que pretende facer unha reportaxe sobre a fábrica e que en realidade fora seu compañeiro na cadea. Relátase tamén a relación amorosa que manteñen Helen e Julia, unha novelista, como Viv sae cun Reggie un home casado, e describe as vidas de Kay e Mickey que traballan como enfermeiras. A segunda parte da obra consta de cinco capítulos nos que se vai relevando pouco a pouco o pasado de cada personaxe. A acción sitúase no ano 1944 e comeza coa visita de Viv e o seu pai a Duncan na cadea. Kay e Mickey sofren bombardeos de cotío e teñen que socorrer as vítimas mentres todo é morte e destrución. Aínda que Kay está vivindo con Helen, esta pensa en Julia. O día do seu aniversario acude a casa de Julia e finalmente confesa que está namorada dela o que supón o inicio dunha relación que manteñen en segredo. Un día os bombardeos causan un incendio horríbel e Kay pensa que Helen morrera no edificio, pero finalmente esta aparece con Julia. Viv traballa nunha oficina e non para de vomitar e dille a Betty que está preñada. Intenta perder o bebé e como non o consigue finalmente acepta contarllo a Reggie. Os dous van a casa dun dentista a abortar, un lugar con condicións pésimas. Viv sofre unha

forte hemorraxia e ten que levala ao hospital. Na ambulancia Kay e Mickey Kay axúdanlle a mentir sobre o seu estado civil. Namentres no cárcere Fraser e Duncan falan da guerra. Duncan ten medo de saír e cometer un erro, falan de Alec e sofren bombardeos horríbeis e non poden ir aos refuxios. Duncan conta que Alec se suicidara e el o intentara. Eran moi amigos pero nada máis, ambos odiaban a guerra. A terceira parte da novela transcorre no ano 1941 polo que o relato volta outra vez ao pasado dos personaxes. Viv vai nun tren cheo de soldados mentres todo o mundo fala con temor dos nazis. Viv entra no lavabo e axuda a un soldado que non ten billete, está casado e se chama Reggie. Alec visita a Duncan e lle explica que non quere alistarse, que recibira unha malleira do seu pai. Decide matarse e quer que Duncan o faga con el. Finalmente, Alec mátase. Kay e Mickey conseguen salvar aos habitantes dunha casa bombardeada, entre elas está unha rapaza Helen. A novela remata con tres páxinas de agradecementos escritas pola autora en canto as fontes nas que obtivo información relativa ao contexto dos anos 1940.

I.4. ANTOLOXÍAS

Asociación de Escritores en Lingua Galega (escolma), *Elena Poniatowska. A filla do filósofo*, trad. Francisco X. Fernández Naval, Xabier López López, Elvira Riveiro Tobío, Isidro Novo, Eva Veiga, Anxos Sumai, Rosa Aneiros, Xavier Queipo, María Reimóndez e Francisco Castro, Vigo: Editorial Galaxia, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 271, marzo 2009, 137 pp. (ISBN: 84-9865-179-9).

Escolma de contos realizada a partir do libro *De noche vienes* (1979) e publicada coa colaboración da Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega con motivo do nomeamento da mexicana Elena Poniatowska (París, 1932) como Escritora Galega Universal. Está composta por dez contos, bastante curtos e de linguaxe complexa, cuxo número seis é o que dá nome ao volume. O primeiro, "A ruptura", traducido por Francisco X. Fernández Naval, trata sobre a relación sentimental e sexual dunha profesora universitaria cun seu alumno, comparado simbolicamente por ela cun tigre que se converte en gato, é dicir, unha paixón que se converte en rutina. O día que el, Xoán, lle di que coñeceu a outra, Manuela, a profesora, abre a chave do gas para matarse e matalo e que fuxise dela para sempre. O segundo, o único dividido en capítulos, traducido por Xabier López López, mostra cadros de distintas clases sociais, como se fosen parte da natureza ou especímenes para estudar, de aí o título: "Herbario". Aparece un viaxante, lavandeiras, a criada e a súa ama, as señoritas de boa familia, persoas invisíbeis para a sociedade. O terceiro, "Cinema Prado", vertido por Elvira Riveiro Tobío, é unha carta dun admirador á súa actriz adorada, na que a rexeita definitivamente porque é sensual demais nas súas películas. A carta está escrita dende o cárcere, onde foi confinado por cravar un coitelo no peito da actriz, proxectado no cinema Prado. "O limbo", traducido por Isidro Novo, trata unha cuestión social difícil: a gravidez ocultada e o parto oculto dunha criada e a axuda infrutuosa da filla da señora. Relata as diferenzas sociais entre clases. O empeño da señorita e a aflición polo fracaso acouga ante a perspectiva dunha festa de sociedade. "Canto quinto", o seguinte conto vertido por Eva Veiga, relata a falta de diñeiro, e tamén de interese, dunha parella para poder ter o seu propio espazo de intimidade, que fan o amor no hotel Soidade. O sexto relato, que da título á escolma, conta a historia da filla dun profesor e escritor, chamado o Mestre, que organiza "tertulias" literarias na súa casa, ás que acode un poeta, celoso do profesor. Seduce á filla del, por resentimento, e acaba por ser aceptado, pero consegue opoñerse ao Mestre e marcha. "O inventario", levado ao galego por Rosa Aneiros e escrito en primeira persoa, reflicte a sociedade burguesa a través dunha familia que cifra o seu estatus nos seus móbeis, que son levados para arranxar porque se descompoñen, como a propia sociedade. O oitavo, "A felicidade", escrito nun estilo posmoderno, nun só parágrafo, sen puntos, ao modo da corrente de conciencia, as palabras dunha persoa namorada que fala coa outra. O tradutor é Xavier Queipo. "Castelo en Francia", traducido por María Reimóndez, tamén está escrito en primeira persoa. Mostra o desprezo e falta de compaixón dos criados fronte ao seu amo, que quedou paralítico, e é visitado no seu castelo pola protagonista narradora, horrorizada polo que está a presenciar. O último, o máis curto, titúlase "O recado". Volcado ao galego por Francisco Castro, conta en forma de carta a visita dunha muller ao home que quere. Ao non aparecer, déixalle recado á veciña.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Prosa excesiva", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "Crítica", 14-20 maio 2009, pp. 32-34.

Comeza salientando o labor xornalístico de Elena Poniatowska nomeada "escritora galega universal" por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Trátase dun libro de contos, en concreto dez contos que, baixo o título *A filla do filósofo*, se centran no tema da soidade, dos problemas que ten a sociedade para comunicarse. A seguir pasa a falar do estilo da narración, e por último afirma que a maioría dos contos son previsíbeis e que esta tradución ao galego non é suficiente para saciar as expectativas dos lectores.

- Dolores Martínez Torres, "Vívidas estampas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Libros", 4 xuño 2009, p. VI.

Refire que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle outorgou a Elena Poniatowska o título de "Escritora Galega Universal" e achega datos sobre a súa biografía. A seguir, comenta que os dez contos que forman *A filla do filósofo* están tirados da obra *De noche, vienes* (1975). Explica que a obra mostra un retrato "social e afectivo" dunha época en transformación onde as mulleres xogan un papel importante.

- Xulio Valcárcel, "A filla do filósofo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 559/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 395, "Páxina literaria", 15 novembro 2009, p. 6.

Ponse o acento na relación de escritores estranxeiros coa lingua e literatura galegas, como é o caso de Elena Poniatowska, que visitou Galicia e, por tal motivo, publicouse un conxunto de relatos traducidos por escritores galegos co título d'*A filla do filósofo*. Saliéntase a capacidade para "asumir" personalidades e entrar na pel de varias personaxes, que comparten unha certa melancolía. Aínda que se recoñece a calidade desta novela e a importancia da interacción de culturas promovida grazas ás traducións, conclúese que hai obras galegas á mesma altura.

Referencias varias:

- maré, "Poniatowska recollerá un premio en Santiago", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 abril 2009, p. 36.

Infórmase da concesión do galardón Escritora Galega Universal, da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Elena Poniatowska e dáse conta dos actos culturais aos que acudirá a escritora durante a súa estadía en Galicia, entre os que se salienta a presentación na Feira do libro de Santiago da tradución da serie de relatos *A filla do filósofo*.

- Manuel Rivas, "Da vergoña allea ao orgullo universal", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 maio 2009, p. 11.

Coméntase o orgullo e satisfacción con motivo da presentación do libro *A filla do filósofo*, de Elena Poniatowska. Faise logo un breve percorrido biobibliográfico pola que foi escollida Escritora Galega Universal pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

- maré, “Unha semana para Elena”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ Hoxe”, 4 maio 2009, p. 27.

Anúncianse os actos aos que acudirá Elena Poniatowska durante a súa estadía en Galicia para recoller o galardón Escritora Galega Universal, concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega(AELG), entre os que se salienta a presentación na Feira do Libro de Santiago da tradución ao galego da serie de relatos *A filla do filósofo*, no que se lerán algúns dos textos dos traductores como Rosa Aneiros, Eva Veiga, Xavier López, Anxos Sumai ou Francisco Castro.

- Camilo Franco, “En México la realidad te agarra por la garganta y aprieta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Entrevista”, 6 maio 2009, p. 50.

Conversa con Elena Poniatowska, que vén introducida por unha liñas nas que se repasa a súa biografía, durante a súa estadía en Galicia para recoller o título de Escritora Galega Universal, que lle entregará a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Compara as súas dúas facetas de escritora e xornalista, e opina da dura realidade de México, da que non pode abstraerse, segundo ela, ningún escritor mexicano. Coméntase tamén que nestes días a escritora presentará na feira do libro de Santiago o seu primeiro libro traducido ao galego, *A filla do filósofo*.

- V. Oliveira, “Os mexicanos fan milagres”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 maio 2009, p. 33.

Alúdese á concesión do galardón Escritora Galega Universal á escritora e xornalista Elena Poniatowska. Destácase a denuncia, que a escritora fai, do sufrimento dos máis pobres en obras como *El tren pasa primero* ou *Todo empezó en domingo* e sinálase que o seu traballo máis recoñecido é *La noche de Tlatelolco*. Recóllense algunhas declaracións de Poniatowska, quen opina que en América Latina é difícil facer literatura intimista porque a realidade é o que se impón, e afirma que coñece poucos autores galegos, entre eles, Rosalía de Castro e Césareo Sánchez. Tamén se amosa sorprendida porque a AELG escollera relatos seus para traducir no volume *A filla do filósofo* que se presentou na Feira do libro de Santiago.

- Daniel Salgado, “Poniatowska: ‘Un pueblo debe aprender a protestar”, *El País*, “*Galicia*”, 6 maio 2009, p. 6.

Reprodúcense algunhas das impresións da escritora e xornalista Elena Poniatowska, quen se atopa en Santiago para recibir o título de Escritora Galega Universal,concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Poniatowska opina sobre o seu labor de xornalista e como escritora, explica que non pode abstraerse dunha realidade que entra pola xanela e che devora. Defensora dos movementos indíxenas, opina que un pobo que non sabe protestar non se respecta a si mesmo. Entre as súas obras saliéntase *La noche de Tlalelolco*, *El tren pasa primero* e *A filla do filósofo*, obra traducida ao galego que acaba de editarse.

- Carmen Villar, “Antes que a Rosalía, conocí el caldo gallego”, *Faro de Vigo*, contracuberta/“Todo es más difícil en América Latina”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 6 maio 2009.

Conversa coa escritora e xornalista Elena Poniatowska, quen se atopa en Galicia para recoller o título de Escritora Galega Universal, concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Asemade, infórmase da presentación da súa primeira obra traducida ao galego, *A filla do filósofo*. Poniatowska define a literatura como "unha especie de psicanálise", explica que ela escrebe sobre o que lle sucede e aínda que coida que a literatura non pode cambiar o mundo, pode ensinarnos cousas que descoñecíamos del, como así o fixeron Víctor Hugo, Unamuno, Shakespeare ou Balzac.

- maré, "A voz dos desposuídos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2009, p. 32.

Dáse conta do acto de entrega do galardón, Escritora Galega Universal, á escritora e xornalista Elena Poniatowska. Destácase como escritora comprometida politicamente e coméntase que na conferencia que ofreceu en agradecemento deste recoñecemento, non se esqueceu de nomear os desposuídos que inspiraron a maioría dos seus libros. Entre as súas obras saliéntanse *Todo empezó en domingo* e a tradución colectiva ao galego dunha escolma dos seus relatos titulada *A filla do filósofo*, editada por Galaxia.

- Lara Rozados, "Escribo sobre persoas que non saben ler", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "Cultura", 14-20 maio 2009, p.24.

Conversa coa escritora e xornalista Elena Poniatowska, durante a súa estadía en Galicia, na que recolleu a distinción de Escritora Galega Universal. Comenta estar moi agradecida pola tradución ao galego dunha escolma dos seus contos, baixo o título d´*A filla do filósofo*, realizada por varios escritores e escritoras, e emocionada pola lectura en público dos seus contos. Doutra banda, a escritora afirma que o traballo como xornalista serviulle para aprender moito do seu país e opina sobre as problemáticas e conflitos da realidade mexicana, da que a escritora non pode abstraerse, cedendo o liderado das súas obras ás voces silenciadas das mulleres, dos indíxenas e das clases populares.

- Francisco X. Fernádez Naval, "Con Elena Poniatowska en Fisterra", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 24, "Viaxe", 23 maio 2009, contracuberta.

Dá conta das anécdotas da visita que compartiu por Fisterra coa escritora Elena Poniatowska, quen nesta estadía en Galicia recibiu o título de Escritora Galega Universal por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Comenta que a literatura de Poniatowska supón o compromiso cos desfavorecidos, narrando as súas traxedias, denunciando o abandono, combatendo a corrupción e achegando os feitos dende olladas múltiples. Por último, recolle as verbas coas que Poniatowska agasallou aos escritores, entre os que se atopa o columnista, que traduciron ao galego os seus relatos, recollidos no libro *A filla do filósofo*, publicado pola editorial Galaxia.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 292, "Infantil/Xuvenil", 28 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega máis recente *A filla do filósofo*, de Elena Poniatowska, entre outras obras.

- Francisco X. Fernádez Naval, "Elena Poniatowska amor e as cabritas mexicanas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 536, "Enfiando", 7 xuño 2009, p. 23.

Faise unha valoración xeral da obra da escritora mexicana Elena Poniatowska, que vén de recibir a distinción Escritora Galega Universal da AELG. Destácase o compromiso da escritora cos desfavorecidos, narrando a súa traxedia, denunciando o abandono e combatendo contra a corrupción; así como o seu estilo persoal no que as historias son contadas dende múltiples perspectivas. Entre as súas obras destácase a selección de relatos traducidos ao galego, baixo o título *A filla do filósofo* como "boa mostra da capacidade literaria desta muller" da que salienta a "súa prosa limpa", a sorpresa, a variedade de perspectivas narrativas e a capacidade de "desvelar unha vida enteira ou unha situación complexa cunha soa frase".

Seara, Teresa (ed.), *Miguel A. Mato Fondo. Antoloxía*, prólogo de Teresa Seara, selección de poemas de Lino Braxe, selección de narrativa de Francisco Souto, Ponteceso: Fundación Eduardo Pondal, maio 2009, 48 pp. (DL: C 1512-2009). ◆

Esta recompilación de parte da obra poética e narrativa de Miguel A. Mato Fondo (Ponteceso, 1953), levada a cabo por Lino Braxe e Francisco Souto, parte dun prólogo non moi extenso de Teresa Seara, no que describe a infancia do autor e os acontecementos que posteriormente influenciarían a súa traxectoria literaria. Tras unha breve descrición da súa etapa de xuventude, comenta o seu labor como profesor e salienta o compromiso que adquiriu coa filosofía política esquerdista e coa lingua galega. Analiza a seguir o seu corpus ensaístico destacando o I Premio Espiral Maior de Ensaio do que foi merecente por *A escrita da terra* (1998). No eido poético, subliña a importancia do seu poemario *O whiskey na barrica* (2004), galardoado co IV Premio Fiz Vergara Vilariño así como do seu volume *Xope de Lilaina* (2005), do que analiza a súa estrutura e temática. Tras este prólogo aparece unha breve bibliografía das obras citadas e consultadas para o mesmo e a continuación reprodúcese a escolla dos poemas (ver apartado II.4. deste *Informe*). Doutra banda, a escolla da súa obra narrativa abrangue fragmentos de *Xope de Lilaina* (2005), como "No fondo das obscuras cociñas", "A canción do corvo de Camariñas", "A cerva de pé branco", "Mouras e donas", "O orco", "O cocón", "O vampiro", "O recendo do millo"e "A agarda nocturna dos lavancos". En todos eles pódense advertir trazos da literatura fantástica pero tamén da literatura impresionista. Os seus personaxes veñen conformados por seres e animais fantásticos así como por persoas reais. A figura do narrador, doutra banda, relata a historia dende un punto de vista omnisciente aínda que se trate dun narrador en primeira persoa. O argumento de cada relato desenvolve lendas ou historias extraídas da vida cotiá de hai xa moito tempo nas aldeas galegas. Pecha o volume un índice dos contidos e dos títulos dos poemas e dos fragmentos en prosa.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Homenaxe a Miguel Mato Fondo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 26 maio 2009, p. 3.

Comenta que, co gallo do recoñecemento público do labor literario a prol da cultura galega que está a realizar o profesor e escritor Miguel Mato Fondo, a Fundación Eduardo Pondal editou unha *Antoloxía* da súa obra para esta homenaxe. Indica que conta cun prólogo de Teresa Seara mais bota en falta nesta antoloxía o poema "Teoría

das chuvas".

II. POESÍA

II.1. POETAS GALEGOS

Álvarez Cáccamo, Alfonso, *Sebes contra o vento*, A Coruña: Editorial Espiral Maior, col. Poesía, n.º 218, outubro 2009, 47 pp. (ISBN: 978-84-92646-22-7).

Este último poemario de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) iníciase cunha dedicatoria a seu irmán Pepe Álvarez Cáccamo e ao seu amigo da infancia Xosé Humberto Baena Alonso. Consta de vinte e oito poemas estruturados en dúas seccións sen título. O primeiro destes bloques presenta vinte e tres poesías de temática variada. Nos versos da primeira parte aparecen numerosos elementos da natureza, onde destacan principalmente a auga e o vento. A dor da perda dos seres queridos tamén aparece nesta primeira sección e é un dos alicerces do poemario; destacan os poemas "O noso pai vai morrer mañá", onde fala da morte do seu proxenitor, ou o poema "Despedinme de ti", dedicado ao seu amigo de xuventude, Xosé Humberto Baena Alonso, o cal foi executado en 1975 polo réxime franquista. No segundo bloque do libro, que consta de cinco poemas, a temática varía notabelmente. Nestas poesías aparece o amor como elemento central, é o caso dos poemas: "Esvaiuse o sol", "Fomos xuntos a sentarnos na pedra febril" ou "De ti non me afastei nin un minuto".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "O tempo esencial", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 478, "musas", 11 outubro 2009, p. 52.

Realiza unha entrevista ao escritor Alfonso Álvarez Cáccamo e comeza preguntándolle se é no terreo da narrativa onde se sinte máis a gusto. El responde que non lle importan as críticas que non sexan construtivas e fala, a continuación, sobre o seu primeiro poemario *Na flor do vento*. A seguir, fai referencia ao libro de poemas que vai publicar, *Sebes contra o vento*, e comenta que se centra na súa adolescencia e madurez cuns toques de melancolía. Tamén refire que a primeira parte do libro está dedicada a seu irmán Pepe e a un amigo da nenez; mentres que a segunda parte, dedícalla á súa muller. Na conversa continúa a falar sobre as súas obras narrativas e ensaísticas e, por último, achega a súa opinión sobre a situación actual da literatura galega.

- Xosé María Álvarez Cáccamo, "De 'Sebes contra o vento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 decembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "O mar peranecerá estantío...", pertencente a *Sebes contra o vento*, de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Arias, Xiana, *Acusación*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate Poesía, n.º 59, novembro 2009, 91 pp. (ISBN: 978-84-9865-244-4).

Poemario de Xiana Arias (Fonsagrada, Lugo, 1983) dividido en tres partes: "A primeira acusación ou Cepelín", "A segunda acusación ou Grenlandia" e "A terceira acusación ou Allo". En cada unha delas, incorpora pequenos poemas que se caracterizan, principalmente, pola súa liberdade, xa sexa dende o punto de vista do verso ou da rima. Rasgo, á súa vez, que non implica a realización dunha lectura independente de cada un deles, senón todo o contrario, pois os poemas se necesitan uns a outros para comprender a temática principal da composición: o tempo, aproveitalo ou consumilo banalmente? Entre esta dialéctica móvese a voz poética; así, por exemplo, en "Cepelín", ésta mira cara ao pasado ("cando era nena") e, con "rabia", expón varias preguntas desacougadas que xorden da realidade crítica na que vive o suxeito. Pola súa banda, en "Grenlandia" o eu poético céntrase no presente, mentres que alude a cuestións como o azar en "Podemos tropezar e podemos non tropezar"; ao paso do tempo en "O día ten tres tempos. A mañá remata./(…) a tarde que remata./(…) Ceemos"; á incerteza en "Pode que chegue tarde. (…) Chegou ou avión?"; ou o descoñecemento en "Ninguén me coñece enteira. Non coñezo enteira a ninguén". Por último, eríxese "Allo", poema que se abre cun acto de valentía, aínda que a voz lírica cae logo na incomprensión, no non saber qué facer polo medo e a desconfianza. A creación péchase, de tal modo, cunha visión negativa que incide no peso que exercen os "desastres" na vida do ser humano.

Armada, Alfonso, *TSC*. *Diario da noite*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 22, marzo 2009, 663 pp. (ISBN: 978-84-9782-972-4).

Diario poético que recolle os poemas escritos por Alfonso Armada (Vigo, 1958), ao longo dos trescentos sesenta e cinco días do ano 1982, a razón dun por día. Preséntase dividido en doce partes nas que están presentes as inquedanzas daqueles anos, as viaxes, os desexos, os referentes mitolóxicos da época e moitas cidades, dende os barrios de Vigo (Bouzas, Castrelos, Alcabre ou Coia), até Madrid, Sevilla, Santiago de Compostela, Lisboa, Tánxer ou Praga, entre outras moitas. Salienta dende o propio título o gusto polas paisaxes e os personaxes que poboan as noites, as reflexións sobre acontecementos políticos e sexuais, así como as múltiples referencias cinematográficas -Michelangelo Antonioni, Billy Wilder, Vanessa Redgrave, Romy Schneider, Marilyn Monroe, etc.-, musicais -Debussy, Bartok, The Doors, BB King, entre outras- e literarias -Thomas Mann, Kafka, Jack Kerouac, Manuel Antonio, Borges, Pessoa, Antonio Machado, etc. Moitos dos poemas van acompañados de imaxes como fotografías, fotogramas de filmes, reproducións de pinturas, follas secas, debuxos ou billetes de diferentes medios de transporte que complementan o sentido dos textos e alicerzan a proposta deste diario para reflectir o paso do tempo e a paisaxe real e sentimental dos anos oitenta.

Recensións:

- Laura Caveiro, "Caderno de soidades. Dun tempo e moitos lugares", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 292, "Libros", 23 maio 2009, p. IV.

Sinala algún dos acontecementos ocorridos no ano 1982 aos que se fai referencia na obra *TSC Diario da noite*, de Alfonso Armada, escrita nese mesmo ano a poema por día. Comenta que o libro ten por escenarios Bouzas, Alcabre, Coia, Madrid, Sevilla ou Compostela e salienta como características a variedade temática e a intensidade lírica,

así como a versatilidade do eu poético. Conclúe que se trata dun verdadeiro diario pola intimidade dos seus contidos.

- Ramón Nicolás, "Dardos na memoria", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 341, "Letras en galego", 28 novembro 2009, p. 11.

Cualifica o poemario de Alfonso Armada, como un libro singular e compacto que recorre ao diario poético e que posúe unha carga efectiva de melancolía. Indica que o autor o dá a coñecer pasados máis de vinte anos da súa redacción, co cal o volume afonda na dimensión testemuñal que ilumina os anos oitenta en espazos como Compostela, Sevilla, Tánxer, Madrid e, sobre todo, Vigo. Salienta o feito de que o volume incorpore fotografías, reproducións pictóricas e outros materiais visuais diversos, así como o agromo en ocasións da ollada xornalística, crítica ou informativa que dialoga con pantasmas persoais e coas palabras de James Joyce, Frank Kafka, André Gide, Arthur Rimbaud, Jorge Luis Borges ou Thomas Mann, un diálogo do que "nace unha esculca que afonda no tempo, na memoria e na escrita" e no que tamén se albisca "una luzada de esperanza, aínda que sexa só para contalo".

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Un pau na roda do tempo", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 445,"Musas", 22 febreiro 2009, p. 50.

Dá conta dunha entrevista co escritor Alfonso Armada sobre a súa posición fronte á literatura galega e o esforzo moral que implica producir una literatura comprometida co que se cre. Sinala que o seu último traballo, unha longa compilación titulada *TSC. Diario da noite*, tal e como apunta o propio autor, é un diario poético do ano 1982 que conta con trescentos sesenta e cinco poemas, un por cada día do ano, de aí o seu título TSC, iniciais de trescentos sesenta e cinco. Afirma que esta obra ten tantos capítulos como meses e tantos poemas como días e noites.

- maré, "Armada escribe o seu 'Diario da noite", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 abril 2009, p. 34.

Presenta o último libro de poemas de Alfonso Armada, poemario que aparece como un "intento destemido" dun poeta de vinte catro anos que, influenciado por escritores como James Joyce e Gide, decide escribir un poema cada día do 1982 para así recoller as súas obsesións íntimas, os medios, os anhelos e as mitoloxías daquela época. Comenta que a obra é tamén un canto de amor e de referencias á cidade natal do autor, Vigo, así como aos outros lugares que comezaban a formar parte da vida de Armada, tales como Santiago, Madrid, Sevilla ou Tánxer.

- Alfonso Armada, "TSC, Diario da noite", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 abril 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Corredores...", pertencente ao poemario *TSC. Diario da noite*, de Alfonso Armada.

- Amaia Mauleón, "Escribir un poema cada día es una aberración", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 21 abril 2009, p. 42.

Nesta entrevista con Alfonso Armada fálase deste seu poemario. Explícase que se trata dunha obra publicada vinte cinco anos despois de ser escrita e que se presenta como un experimento poético de 1982, ano no que Armada decidiu escribir un poema cada día; algo que, na actualidade, considera unha"aberración". Dise que o libro está repleto das obsesións e medos do autor, así como de referencias literarias a James Joyce e Frank Kafka, por exemplo. Tamén se ofrecen datos bibliográficos de Armada.

- Lupe Gómez, "Arqueoloxía humilde", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 maio 2009, p. 33.

Ao longo desta conversa sobre o novo libro do escritor e xornalista Alfonso Armada, *TSC. Diario da noite*, xorden afirmacións como que se trata dunha obra que "rexistra o paso do tempo", pois recolle historias ocorridas ao longo de 1982. Armada di que neste poemario está o "desexo de volver ser neno" e "a saudade de crer en Deus". Asemade, o autor deixa entrever a súa forma de pensar e de ver o mundo. Por último, indica as referencias literarias que se poden observar en *TSC. Diario da noite*, como Frank Kafka, Rainer Marie Rilke, Jorge Luis Borges ou Arthur Rimbaud.

- Vicente Araguas, "Cinzas e diamantes", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 538, 21 xuño 2009, p. 20.

Comeza afirmando que o tamaño dun libro non inflúe na súa calidade, e pasa a continuación a referirse á obra *TSC Diario da noite*, de Alfonso Armada, que contén escritos de 1982 aínda que foi publicada neste ano. Fai un breve repaso pola vida do poeta e, no tocante ao libro, di que nel se pode atopar "consolo e abeiro e reflexión".

Borrajo, Moncho, *Desde a outra beira (Vagalumes na noite, bolboretas do día)*, limiae Lino Braxe, A Coruña: Tres Laboratorio Artístico, 2009, 123 pp. (ISBN: 978-84-93-3910-5).

Poemario de Moncho Borrajo (Baños de Molgas, 1949) de temática amorosa, homosexual, dedicado a Eduardo Blanco Amor e a Federico García Lorca. Inclúe ilustracións do autor e un limiar de Lino Braxe intitulado "Do cómico Moncho ao poeta Ramón" onde afirma que se trata do "máis íntimo e sincero dos que ten escrito". Está dividido en tres capítulos: "Vagalumes na noite", o máis extenso e con nove debuxos; "Bolboretas do día", ordenados baixo as letras do alfabeto e con tres debuxos alusivos; e "A lúa da beirarrúa", cun poema de cinco partes máis un debuxo. Péchase o poemario cun "Epílogo para Federico García Lorca" que acolle un retrato. Son poemas moi breves, intimistas, con influencia da tradición galega, dende as cantigas medievais aos románticos e os clásicos.

Referencias varias:

- Rubén Bruña, "En la variedad está el gusto", *La Opinión*, "A Coruña", "Fiestas María Pita 09", 6 agosto 2009, p. 12.

Dáse noticia de que unha das novidades da Feira do Libro da Coruña, entre outras, foi o poemario de Moncho Borrajo, o cal estivo asinando exemplares.

- Paula Díaz, “Neira Vilas y Moncho Borrajo firmarán sus obras en la feria del libro monfortina”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 22 agosto 2009, p. 14.

Dáse conta do programa de actividades da duodécima edición da feira do libro de Monforte. Coméntase que o primeiro día Neira Vilas ofrecerá o pregón inaugural e asinará exemplares das súas obras, como a coñecida *Memorias dun neno labrego*. Sinálase que na terceira xornada o actor, escritor e debuxante Moncho Borrajo asinará o seu novo poemario *Desde a outra beira*. Faise referencia a outras actividades que se darán na feira como varios espectáculos infantís e contacontos, estes últimos da man de Yolanda Castaño. Sinálase, finalmente, que o cartel da mostra está deseñado por Andrés Ameixide e está baseado na alegoría de Galicia como un planeta de libros.

Cabada, Anxo, *Terragrafías*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2009, 71 pp. (ISBN: 978-84-692-0934-9). ◆

Viaxe fotográfica-literaria que fai Anxo Cabada (A Estrada) polas caras e poemas que teñen como protagonista principal a terra. Comeza cun prólogo institucional no que se presenta e se explica o contido da publicación. A continuación, aparece un breve texto de Anxo Cabada onde xustifica a publicación das fotografías e os textos, os cales aparecen no libro como homenaxe ao mundo da terra. A seguir atópanse vinte e un textos que teñen como protagonista o universo do agro e da terra. Os autores das composicións poéticas son os seguintes: Carlos Fontes, “Telúricas mans entrando en Camelot”; Xosé María Álvarez Cáccamo, “Fotocaligrafía”; Carlos Lema,“Carabullos”; María Xosé Queizán, “Leitugas como rosas”; Xesús Constenla, “A terra falará”; Chus Pato, “Escrita”; Marga do Val, “Madonna Alsira”; Fina Casalderrey, “A zoqueira”; Antonio García Teixeiro, “O home odiaba pensar que hai que ser terra”; Silvia García, “Hai certo vínculo coa terra”; Francisco Castro, “Levo toda a vida sachando en ti”; Estro Montaña, “En Betanzos sobre o río”; Eva Veiga, “..no manto”; Jacobo Llamas, “Termini”; Xaquín Chaves, “É o amencer no Salnés”; Anxo Angueira, “O sacho”; Fran Alonso, “Terrae” e Xaime Toxo, “O eco da palabra norte”. Cada poema vai acompañado dunha fotografía na que aparecen retratadas paisaxes e, sobre todo, persoas que traballan no agro: agricultores ecoloxistas, gandeiros, queixeiros, adegueiros, granxeiros, horticultores, pementeiros, etc.

Recensións:

- Estro Montaña, “Intimo deleite”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 239, “Letras galegas”, 2 xuño 2009, p. 6.

Refírese ao libro escrito por Anxo Cabada, con fotos del e textos de Xosé Mª. Alvarez Cáccamo e doutros escritores. Coméntase que as fotografías, en branco e negro, mostran a Galicia lonxe dos tópicos e transmiten “unha mensaxe de paz, de sacrificio, de inquedanza”. Dise que a vida e o gozo son protagonistas desta obra na que Cabada rende homenaxe ás súas raíces do interior e salienta a forza da súa lírica na reinterpretación do mundo dos traballadores da terra.

Cacheiro, Maximino, *Historias da pintura*. *Odas aos pintores galegos*, limiar de Ánxeles Penas, Noia: Toxosoutos, col. Nume, 2009, 151 pp. (ISBN 978-84-9667-381-6).

Volume no que se recollen os escritos que lle suxiren a Maximino Cacheiro Varela (1943) os cadros creados por importantes pintores universais e galegos. O libro divídese en dúas partes, como ben indica o propio título da obra: "Historias da pintura" e "Odas aos pintores galegos". Na primeira, o prólogo corre da man de Ánxeles Penas, quen asegura que a obra consegue levar da man o lector até o mesmo corazón da angustia do creador ou da necesidade humana de expresión que fai que a arte sexa algo inescusábel, algo sen o cal o mundo sería un deserto. A partires deste momento, móstranse unha serie de vinte e nove contos. A apertura da segunda parte vén da man de Franciso Pablos quen no seu escrito "Pinceladas líricas" asegura que entre as mellores glosas da pintura galega se atopan os sesenta e cinco breves poemas de Cacheiro Varela. Estes acompañan algunhas das obras de pintores galegos como Villamil, co *Paisaxe romántica*, ou Issac Díaz Pardo, con *A Parella*. Nalgúns casos, os poemas van acompañados por retratos dos pintores e ilustracións de Antolín Cacheiro.

Referencias varias:

- Ana Saá, "Un libro recoge poemas a figuras de la pintura gallega, desde Villamil a Díaz Pardo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 26 marzo 2009, p. 10.

Fala da presentación no Centro Sociocultural Caixa Galicia de Vigo do libro escrito por Maximino Cacheiro e ilustrado por Antolín Cacheiro, no que o escritor quixo reflectir na poesía a lírica da pintura. Así, comenta que na primeira parte os contos do escritor están inspirados en "grandes" mestres da pintura, dende Giotto a Toulouse Lautrec, nunha análise técnica e temática das súas obras. A seguir, a segunda recolle dende Villamil até Isaac Díaz Pardo, e nela Cacheiro reuniu cronoloxicamente a sesenta e cinco pintores como Laxeiro ou Luís Seoane, entre outros.

Calvo, J. Luís e Yago **Rodríguez Yáñez**, *A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán)*, Lugo: Concello de Lugo, col. San Froilán dos devanceiros, n.º 6, outubro 2009, 214 pp. (ISBN: 978-84-936826-5-1). ◆

Compilación de textos a cargo de J. Luís Calvo (Oviedo, 1973) e Yago Rodríguez Yáñez (Lugo, 1980), froito "da paixón que senten os que escriben polo espírito festeiro, histórico e sacro" da Festa de San Froilán e do labor de busca hemerográfica, lectura e investigación dos responsábeis desta publicación. Tras unha presentación institucional, seguida duns versos de Fernand d'Esquio, atópase o limiar dos autores, no que, ademais das razóns xa expostas para xustificar a publicación deste volume, explican que os textos aquí recollidos, procedentes de xornais, revistas e libros, son de tres tipos: páxinas en prosa, propias, no esencial dun autor (capítulo dun libro, breve ensaio ou artigo), páxinas en verso e contos, anécdotas ou lembranzas. Todos eles teñen en común o tratamento de varios aspectos do San Froilán, centrándose en moitos dos casos en evocacións das festas vividas na infancia. Tras o limiar aparece un poema de Luís Pimentel intitulado "Solpores da miña vila", para despois dar comezo o bloque "Os escritores falan do San Froilán", que contén as seguintes achegas en verso: "Viñemos á

festa e feira maior" e "Oración a San Froilán", de Darío Xohán Cabana (pp. 32-33); "Lugo no San Froilán", de Xosé Díaz Jácome (p. 56); "Festas de San Froilán", de Xosé Lois García (p. 83); "Traballos de todo o ano" e "Cantiga do San Froilán", de Manuel María (pp. 107-108); "Outono", de Xosé Miranda (p. 134); "Lembranza do San Froilán", de Uxío Novoneyra (p. 140); e "Da zarzuela *¡Non chores*, *Sabeliña!*", de José Trapero Pardo (p. 174). No bloque "Posdata (Homenaxe dos autores a Lugo e ó San Froilán)" aparecen as seguintes composicións poéticas: "Lugo (dende Toledo)", de J. Luís Calvo (pp. 203-204); e "A tristura do teu nome" e "Un Nicanor por San Froilán", de Yago Rodríguez Yáñez (pp. 205-206). O libro remata co apartado "Razón de textos", que contén as fontes bibliográficas e hemerográficas manexadas. Como colofón aparece o seguinte texto: "Este libro que leva un título prestado por Don Álvaro Cunqueiro rematouse de imprentar nas vésperas do San Froilán do ano 2009".

Referencias varias:

- Cora, "Estás diante da fror e a lata dos escribidores", *El Progreso*, "San Froilán", "E Pelúdez dixo...", 9 outubro 2009, contracuberta.

Coméntase que Pelúdez asiste a unha representación de monicreques, unha exposición sobre o lobo e á presentación do libro *A festa máis fermosa do outono galaico*, de Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez, unha escolma literaria do San Froilán.

Campello, Luz, *Do corazón da terra*, prólogo de Pilar Pallarés, Lugo: Fundación Manuel María da Terra Chá, col. As foulas do Rañego, 2009, 94 pp. (ISBN: 978-84-932199-2-5). ◆

Primeiro poemario de Luz Campello (Labrada- Guitiriz-Lugo, 1957) presentado cun limiar escrito por Pilar Pallarés, quen describe os temas e características centrais das catro partes da obra. A primeira parte, "A teta que me alimenta", está precedida polo poema "Canda a choiva se foi...", de Julia Otxoa, e por unha cita de C.V. Cavafais. Esta primeira parte consta de oito poemas nos que dende a mirada dunha nena se describe a unidade entre a natureza e a terra, concretamente a aldea de Labrada, e a importancia da figura feminina como figura creadora. A segunda parte, "Dende o esófago das árbores", está precedida tamén por dúas citas: unha de Herta Müller e outra de Miguel D'Ors. Esta parte é a máis longa da obra, xa que consta de vinte cinco poemas nos que se mesturan os recordos infantís co triunfo do verán e a boa natureza do ser humano. Unha cita de Medos Romero marca o inicio da terceira parte, "As catro aldeas de Vivaldi". Cinco poemas relatan o paso na aldea das estacións do outono ao verán coincidindo coa idade adulta na nena que aparecía ao inicio da obra. A nena é agora nai e identifícase totalmente coa terra. A cuarta e última parte, "A boa madriña, madriña María", está precedida por unha cita de Luisa Castro e só contén dous poemas nos que a muller vella vivirá nos seus descendentes como lle acontece á terra. O uso das figuras retóricas e as descricións minuciosas suxiren un contacto sensorial coa natureza na maioría dos poemas.

Caneiro, Xosé Carlos, *Camiños de amor e lúa*, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, 2009, 173 pp. (ISBN: 978-84-937323-2-5).

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) presenta no seu poemario dedicado "a Xosé Manuel Salgado, artista" unha compilación de máis de cento cincuenta poemas unidos pola temática do amor. O poemario comeza cunha introdución na que o autor pretende xustificar a razón pola que escribe o libro. Menciona unha cita de Jorge Luis Borges para dicir que opta polo silencio e a reescritura e relectura. Son poemas sen título e cada un comeza nunha páxina. O primeiro poema trata de describir o amor e para iso utiliza diferentes definicións sen signos de puntuación. Estas composicións poéticas de corte intimista teñen o amor como temática predominante e o desamor tamén ten unha gran presenza ou o rexeitamento por parte do ser amado a quen se dirixe nos poemas e a quen lle pide que lle corresponda. Nalgún poema engade a palabra escrita *punto* para finalizar, a pesar de que non utiliza signos de puntuación. Utiliza elementos da mitoloxía, as lendas, a arte e a pintura para explicar que a realidade, a maioría das veces, remata cos soños. O seu amor ás veces resulta obsesivo e ás veces é de tipo erótico. No título parece reflectir ese camiño que é a vida e a importancia que ten o amor para o ser humano. Identifícase a vida cunha viaxe a través das diferentes etapas do amor e do desamor, da súa evocación tras a perda ou a separación. O fío condutor entre a viaxe da vida e o amor é a lúa, posíbel representante dos soños no mundo das realidades. O estilo é sinxelo, con poemas breves, fermosas metáforas e referencias á literatura, sendo reiterativo nas aventuras de piratas cara ao final do poemario.

Recensións:

- Ana Abelenda, "O poema completo dunha vida", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 341, "Letras en galego", 28 noviembre 2009, p. 11.

Achégase un comentario deste poemario, do que se destaca a brevidade, transparencia e condensación dos versos, que trasladan a mensaxe de que no amor está o sentido da busca e no que a vivencia é romanticismo puro. Tamén se bota en falta unha certa dose de intriga ou de humor neste poemario.

Referencias varias:

- La Voz, "El escritor y columnista Xosé Carlos Caneiro regresa a su faceta de poeta en su obra 'Camiños de amor e lúa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 decembro 2009, p. 56.

Dáse conta da presentación deste poemario, formado por uns cento cincuenta poemas, que amosan matices que recordan a Virgilo, ou mesmo Fernando Pessoa, que xiran ao redor do tema recurrente do amor. Asemade, apúntase que o poemario arrinca cunha cita de Borges e está dedicado ao seu amigo o guitarrista Xosé Manuel Salgado, co que Xosé Carlos Caneiro ofrecerá unha serie de recitais dos poemas, que tamén inspirarán unha mostra do pintor e escultor Xosé Luis Carreira.

- maré, "A mazá ardendo nos labios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 decembro 2009, p. 29.

Infórmase da publicación do novo poemario de Xosé Carlos Caneiros, formado por poemas nos que se define que é o amor. Dise que o volume está dedicado ao guitarrista

Xosé Manuel Salgado, con quen Caneiro ofrecerá no vindeiro ano diferentes recitais destes poemas. Asemade coméntase que o pintor e escultor Xosé Lois Carreira tamén ofrecerá unha exposición da súa obra fusionada cos poemas.

- Xosé Carlos Caneiro, "De 'Camiños de amor e lúa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 decembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa dedicada á poesía a composición "Hei de encontrarme na túa boca...", pertencente a *Camiños de amor e lúa*, de Xosé Carlos Caneiro.

- Xosé Carlos Caneiro, "De 'Camiños de amor e lúa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 decembro 2009, p. 36.

Insírese nesta sección fixa dedicada á poesía a composición "O amor é un delirio...", pertencente a *Camiños de amor e lúa*, de Xosé Carlos Caneiros

Caramés Corgal, María Carmen, *Cuarto minguante*, Premio de Poesía Victoriano Taibo 2009, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos/Entidade Local de Morgadáns, 2009, 62 pp. (ISBN: 978-84-92590-62-9). ◆

Poemario de María Carmen Caramés Corgal (Santa Comba, 1966) introducido cunha nota que relata a composición do xurado e os aspectos temáticos e estéticos valorados no libro. Está composto como un todo sobre a dor dunha nai frustrada pola morte prematura do seu fillo. Presenta vinte poemas de amor e anguria pola ausencia do ser amado, todos con versos introdutorios a cada poesía, que van dende o verso único até oito versos. Encabézase cunha cita de José Ángel Valente e unha dedicatoria ao seu irmán Tomás, *in memoriam*, e a Carme, a súa nai. Os poemas están escritos en primeira persoa e tratan dos sentimentos tráxicos e da ausencia do fillo a través tamén da paisaxe, mais tamén nota a presenza do ser amado nesa paisaxe, na casa, todo lle lembra o ser perdido.

Castro, Matilde, *Pequenas paisaxes*, limiar de Eduardo Estévez, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 49, febreiro 2009, 93 pp. (ISBN: 978-84-85385-83-6).

Primeiro libro individual de Matilde Castro (Ferrol, 1945), froito de traballos desenvoltos no Obradoiro da Biblioteca Municipal de Fene ao que pertence. Introduce o poemario Eduardo Estévez, coordinador deste obradoiro, quen cuns exercicios de haikus, todos eles de tres versos, espertou na autora a curiosidade compositiva aquí recollida. Divídese en catro partes, segundo as estacións. "Primavera", formada por vintetrés haikus que tratan sobre as consecuencias primaverais na natureza e os sentimentos do "eu" lírico; "Verán", con vintedous, de novo a paisaxe tinguida de certa melancolía é a protagonista, na que se mesturan elementos modernos e tradicionais; "Outono", con catorce na que a presenza do "ti" é maior. Finalmente, "Inverno", con quince, que acentúan as características que se podían intuír con anterioridade: a paisaxe, os animais, certa crítica social, o "eu" e o "ti" e o inverno como culmen do libro, do ano e da vida. Cada un destes bloques acompáñase por unha ilustración de Baldo Ramos.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Delicatessen", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 545, 9 agosto 2009, p. 20.

Coméntase que, a pesar da tardanza de Matilde Castro en publicar o seu primeiro poemario, ben mereceu a pena agardar, pois considera que *Pequenas Paisaxes* é unha delicia "chea de haikus', bulideiros (e concorrentes)", tal e como afirma Eduardo Estévez no prólogo. Describe as composicións poéticas como irregulares na súa forma e dotadas dunha delicadeza non exenta de rotundidade no seu ton. Por último, aposta pola continuidade da traxectoria literaria desta escritora.

Referencias varias:

- Salvador García-Bodaño, "Libros para a lembranza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 30 agosto 2009, p. 3.

Tras lembrar o décimo noveno aniversario do pasamento de Ramón Piñeiro, dá conta das publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas ao escritor de Láncara. Ao mesmo tempo, menciona *Pequenas Paisaxes*, de Matilde Castro, un poemario considerado de estilo minimalista polo que felicita a Luís Alonso Girgado, director da Editorial Follas Novas.

Corral Iglesias, José Alberte, *O livro de barro*, prólogo de Bernardo Penabade, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa, n.º 15, 2009, 104 pp. (ISBN 978-84-92792-27-6).

Poemario de José Alberte Corral Iglesias (A Coruña) que comeza cun prólogo de Bernardo Penabade e remata cun epílogo do propio autor, no que explica que é o que el entende por nación e por que escribe en galego. No prólogo, Penabade expón a que xeración de escritores galegos pertence Corral Iglesias facendo un pequeno percorrido por varias delas. Tamén fala Penabade do segmento social do que procede Corral Iglesias e cómo dende dito segmento humilde empezou a participar no rexurdir da cultura e literatura galegas nos anos do franquismo, polo cal tivo que emigrar a varios países sudamericanos debido tamén á súa implicación no activismo político e sindical. Nos poemas de que consta o poemario, o autor identifícase coa infancia que vive en condicións miserabeis, que xorde dende un profundo sentimento internacionalista e obreiro, e que non se olvida tampouco de deixar un oco ao erotismo e á sensualidade. Tamén se inclúen poemas dedicados a camaradas do autor como Victoria Díaz Cabanela, José Luís Rodríguez Pardo ou Manuel Amor Deus. Para abrir o poemario, Corral Iglesias utiliza uns versos de Nikolai Vasilievich Panchenko e como introdución a algúns dos seus poemas cita versos de autores como Carlos Zimba, Alí Primera, Elena Iparraguirre Revoredo e Manuel Curros Enríquez, entre outros. Tamén cabe destacar o encabezamento dun dos seus poemas cun saúdo do maqui galego e na contracuberta interior do libro uns versos da poeta palestina Fadwa Tuqán.

Correa Corredoira, Xavier, *Os días adiados*, prólogo de Xavier Seoane, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 214, xullo 2009, 101 pp. (ISBN: 978-84-92646-14-2).

Poemario de Xavier Correa Corredoira (A Coruña, 1952) que arrinca cun prólogo de Xavier Seoane no que se analizan a temática e os aspectos formais máis salientábeis destes setenta e un poemas, que se acompañan por varias ilustracións do propio autor. Os poemas aparecen intitulados e ordenados segundo o seu lugar de produción e a data, seguindo a traxectoria vital do artista dende o 1970 en Compostela até setembro de 2007 en Vilar de Locrendes. Na súa maior parte, os poemas responden á descricións de elementos da paisaxe e á temática amorosa. Excepcionalmente atópase tamén un poema de denuncia política, no que se relata o asasinato de Francisco Miguel, culminándose o libro cun poema dedicado á súa filla. Estabelece referencias con literatos como Rosalía de Castro, Rainer María Rilke, Arthur Rimbaud e artistas como Alberto Giacometti, Mon Vasco Pardavilla, Rafael Baixeras, Vicent Van Gogh, etc. No tocante a aspectos estilísticos, destaca o emprego do verso libre, unha linguaxe próxima ao lectorado, metáforas baseadas en asociacións novidosas, xogos de palabras, elipses verbais e destacadas prosopopeas.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "Ut pictura poesis 'Onde está a imaxe está a poesía'. Horacio", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "Cultura", 19-25 novembro 2009, p. 30.

Destácase a importancia do espazo e o tempo no poemario do pintor Xabier Correa Corredoira, xa que o autor encadra, cronoloxicamente, os seus poemas en escenarios vividos. Por outra banda, apúntase que se atopan referentes tanto da literatura coma da pintura, caso de Rosalía de Castro, Fernando Pessoa, Arthur Rimbaud, Vincent Van Gogh, Alberto Giacometti e Rafael Baixeras, entre outros. Afírmase que os piares compositivos do poemario son a descrición de paisaxes e elementos da natureza e a evocación do pasado, a veces nostálxica, completados por notas de humor. Tamén se destacan poemas de temática social, como o que trata do asasinato do pintor Francisco Miguel ou a breve composición datada en Tánxer, en abril de 2006. Por último, defínese a obra como "un diario poético inzado de elementos plásticos", algo no que inciden tamén as ilustracións que se inclúen no volume, bosquexos en branco e negro que polo seu tratamento parecen corresponder ao caderno do artista.

- Román Raña, "Pintar poemas", *Faro de Vigo*, "*Faro de Cultura*", n.º 311, "Libros", 3 decembro 2009, p. VI/Alfredo Iglesias Diéguez, "Pintar poemas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 262, "Letras galegas", 12 decembro 2009, p. 7.

Comentario deste poemario de Xabier Correa Corredoira, do que se subliña, en primeiro lugar, a conversa entre pintura e poesía. Opina que o poema máis salientábel do volume, que se reproduce parcialmente, é o que se dedica ao asasinato de Francisco Miguel, que ve representado nunha das ilustracións do volume. Tamén se comenta outra ilustración que recorda a unha obra goyesca que representa a Xúpiter devorando os seus fillos. Doutra banda, afírmase que algunhas pezas recordan os haikús pola súa concisión e destácase a mención á paisaxe, "celebración da natureza e da vida", e saliéntase que tamén se atopan numerosos momentos de festexo e lecer.

Referencias varias:

- Yolanda Castaño, "A toda cor", *Galicia Hoxe,* "A contra", 16 agosto 2009, contracuberta.

Coméntase a presentación na Feira do libro da Coruña do libro *Días adiados*, do pintor Xavier Correa Corredoira.

- Francisco Cortez, "Entre a pintura e a palabra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 agosto 2009, p. 29.

Sinálase que se acaba de publicar o poemario do pintor Xavier Correa Corredoira. Precísase que nesta obra se inclúen poemas de todo tipo, "dende recreacións paisaxísticas a versos á propia filla do autor". Indícase que estes foron escritos entre 1970 e 2007.

- Alberto Ramos, "O tempo é o gran destrutor, e as artes están aí para que non triture a vida", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 15 agosto 2009, p. 47.

Recóllense as verbas de Xavier Correa Corredoira sobre o seu poemario *Os días adiados* e sinálase que neses versos se fai un percorrido pola súa vida dende os seus anos de adolescente.

- Correa Corredoira, "De 'Os días adiados", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 outubro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "O SORRIR DE CAROLINA..." incluída en *Os días adiados*, de Xabier Correa Corredoira.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 310, "Libros", 26 novembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión desta obra de Xavier Correa Corredoira, *Os días adiados*, xunto aos doutras obras de recente publicación.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, *Incivil*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa, n.º 14, novembro 2009, 135 pp. (ISBN: 978-84-92792-20-7).

Neste poemario de Xoán Carlos Dominguez Alberte (Escudeiros-Ramirás, Ourense, 1966), como se desprende dos peritextos iniciais en forma de dedicatorias ("A todas as vítimas do franquismo en Galiza", "Aos que, por cuestión de idade, non tiveron tempo de o padecer"), trátase de dar voz a toda unha xeración que sufriu o drama da guerra civil española en Galicia e tamén aos fillos destes. O poemario arrinca cun extenso prólogo realizado por Xesús Alonso Montero no que se explican as diferentes fontes que serviron ao poeta para nutrirse dese conxunto de persoas, historias e situacións que

constitúen o eixo da obra que Domínguez Alberte dedica a todas as vítimas do franquismo e á súa filla Minia. Ofrécese ao lector unha serie de historias rescatadas da memoria na infancia do autor, nas que aínda que se alude a persoas reais, a maioría da zona de Ourense no ámbito da Raia Seca, estas tratan de ser símbolos universais que representan a aqueles que seguen loitando en calquera dos conflitos armados que tiveron e teñen lugar no mundo. O título da obra vén dado porque o autor considera que en Galicia non houbo guerra nin foi civil, senón que o que houbo foi unha ocupación incivil e por iso este libro está escrito dende a perspectiva dos sufridores, de xente común que sufriu nas súas carnes o período comprendido entre os anos 1936 e 1975, é dicir, entre a guerra civil española e a posguerra. O poemario está dividido en catro apartados: o primeiro intitúlase "De memoria" e recolle once poemas, o segundo e o terceiro baixo o título "Eles" e "Elas" respectivamente, conteñen dous poemas cada un e o cuarto, intitulado "A loita continúa", comprende seis composicións, entre as que se atopa a que dá título ao conxunto da obra. Todos teñen unha extensión irregular, pois o autor utiliza o verso libre e xoga en moitas ocasións coa estrutura formal das estrofas, a cal desenvolve un papel fundamental no contido dos versos e, consecuentemente, na mensaxe que se quere transmitir. No fondo a obra navega, dende unha perspectiva poética, pola memoria histórica, tema sobre o que o autor leva moitos anos traballando para intentar facer visíbeis a aquelas vítimas inocentes dun conflito que marcou a historia de España e, en particular, a historia de Galicia. Ademais contén un apéndice baixo o título "Palabras de máis. Cifras de menos" no que se recollen nomes de persoas e lugares reais, cunha pequena aclaración, que se poden atopar ao longo do poemario. Por último, indícase que as ilustracións, tanto da cuberta coma do interior en cor azul e area son de Baldo Ramos.

Durán Arufe, David, *Palabras xordas para oídos necios. Cinco estudos para 2 recitadores*, ilustr. Cristina Durán Arufe, Santa Comba: Editorial tresCtres, col. Varilongo Poesía, 2009, 63 pp. Inclúe manual de instrucións e DVD. (ISBN: 978-84-92727-01-8).

O músico David Durán Arufe (Santa Comba, 1978) asina este volume, dividido en cinco apartados mais unhas instrucións iniciais e uns anexos, que se sitúa entre a creación literaria e a musical, propoñendo un diálogo activo entre a palabra poética e o ritmo preciso para recitala e cargala de significación. Nas "Instrucións" que preceden os textos, o autor explica que se trata dun libro de poemas do ano 2005 que inclúe composicións concibidas para ser lidas por dous recitadores, aínda que tamén admiten unha lectura convencional. Detalla a seguir os termos empregados para sinalar as pausas, os silencios, os ecos e as repeticións e mesmo a maneira de facer a lectura, preferibelmente, respectando a orde na que aparecen os poemas, sentados ou de pé e con cadanseu exemplar. Trátase dun poemario cun compoñente experimental e rupturista, visíbel xa no título escollido, que inverte unha coñecida frase, e claramente orientado a ser volcado en palabras en voz alta. As composicións indagan en temas como a imposibilidade da incomunicación, a natureza, o xogo co ritmo das palabras ou a importancia do silencio utilizando a repetición, a sucesión de imaxes inconexas e, nomeadamente, os recursos fónicos. Nos dous anexos recóllense as partituras cos ritmos cos que deben ser lidos os textos. O volume vai acompañado dun CD no que David Arufe e Ton Ricos son os encargados do recitado.

Recensións:

- M. Torres, "Un poemario hebén", *ABC*, "*Artes & Letras*", n.º 10, "Libros", outubro 2009, p. 6.

Apunta que *Palabras xordas para oídos necios. Cinco estudos para 2 recitadores*, de David Durán Arufe, é un poemario orientado ao recital público de dúas voces e que exalta a prosodia e o xogo rítmico. Na liña da integración da poesía con outras linguaxes, cita o labor doutros poetas galegos como Yolanda Castaño ou Agustín Fernández Mallo, e engade a David Durán neste desexo de innovación. Dá conta dos contidos do "manual de instrucións" para o recitado que precede os cinco estudos e salienta a delicadeza formal dos versos, a presenza de recursos como a repetición e os xogos fónicos e de temas como a soidade, a contemplación, a reflexión e a incomunicación. Entres as carencias da proposta apunta a excesiva disgregación de versos, que deriva na monotonía, así como a "retahíla de imágenes fútiles que peregrinan sin más trascendencia que la de la simple evocación verbal, alejada de todo contenido".

Referencias varias:

- M. Dopico, "Sons para o baleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 maio 2009, p. 34.

Fala deste poemario no que o músico e profesor David Durán reflexiona sobre a soidade e a incomunicación humanas. Comenta que está acompañada dun DVD, como unha maneira de amosar os lazos que unen o ámbito musical e o poético para o autor. Así, Durán explica que a obra foi concibida para ser recitada por dúas persoas, feito para o cal o libro ofrece as instrucións precisas para levalo a cabo. Deste xeito, conséguese unha perspectiva diferente se os versos son recitados por dúas persoas, por unha soa ou se só se ve o DVD.

- C. B., "Palabras xordas para oídos necios', primer libro de David Durán", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 maio 2009, p. 32.

Presenta esta obra de David Durán na que combina a creación literario-poética coa músical. Así, explica que se compón de cinco estudos poéticos cunha marcaxe en clave musical e teatral para dous recitadores nos que se tratan temas como a incomunicación, a reflexión ou a soidade. Comenta que a lectura destes versos, nacidos en 2005 durante a estancia do autor en Bucarest, pode facerse de maneira individual ou combinada co DVD.

- C. P., "É un libro aberto á interpretación, a obra de arte debe falar por si soa", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 30 maio 2009, p. L16.

A través dunha entrevista a David Durán Arufe, preséntase o seu primeiro libro, *Palabras xordas para oídos necios*. *Cinco estudos para 2 recitadores*, como unha proposta de facer poesía e mais música. Así, explícase que o libro está feito tanto para escoitar coma para ler na compañía do DVD que acompaña o volume. O autor sinala que os temas que trata no poemario son "moi abertos á interpretacións diversas".

- David Durán, "De 'Palabras xordas para oídos necios", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 10, "Libros", outubro 2009, p. 4.

Ao lado dun breve perfil profesional reprodúcese a composición "A paisaxe?...", tirado do poemario *Palabras xordas para oídos necios*, de David Durán.

- Marisa Vidal Collazo, "Durán Arufe, David: *Palabras xordas para oídos necios*", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 165, "Libros chegados", novembro-decembro 2009, p. 105.

Breve nota que salienta que *Palabras xordas para oídos necios*, do director do Conservatorio Profesional de Música de Santiago David Durán, inclúe cinco estudos de poesía que combinan a creación literaria e a musical co obxectivo de poñer de relevo a importancia da musicalidade na creación poética.

Epifanio Pérez, Carlos, *Pequenas semblanzas cotiás*, Pontevedra: Artes Gráficas Rodoprint, 2009, 95 pp. (DL: PO 548-2009). ■

Conxunto de poemas de Carlos Epifanio (Marín) que conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra. Presenta dúas partes ben diferenciadas, nas que estrutura o contido. Dedícalle a primeira a súa muller, aos fillos e ao resto da súa familia. A segunda, en cambio, dedícalla ao que chama o seu mestre, Francisco Landín Pazos. O apartado titulado "Carta Fol, Carta Foleiro" está dividido nunha serie continuada de poemas que se titulan sucesivamente "De homenaxe", "De retranca" e "De bo levar". O primeiro escrito está redactado en prosa poética e consiste nunha homenaxe ao mar. Os nove restantes do primeiro bloque teñen como motivo temático a natureza, a primavera, o mariñeiro e o mar, pero tamén temas actuais como a seguridade vial ou o emigrante. Todos os poemas presentan rima popular e estrofas de catro versos, con claras referencias a Deus e á vida relixiosa. Faise unha denuncia dos excesos da vida actual, pero tamén se fala da beleza da vida. A sección "Carta Fol, Carta Foleiro" fai acenos irónicos á vida moderna, con referencias á democracia, aos políticos, ás drogas, ao ritmo de hoxe e outros contidos actuais, sen deixar a forma popular e o uso transgresor dos nomes dos santos, que vincula a outros inventados por el para realizar claros ataques críticos.

Escobar, Óliver, *Galician rhapsody*, *blues escocés*, prólogo de Sabine Dedenbach-Salazar, ed. bilingüe galego-inglés, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, 2009, 133 pp. (ISBN: 978-84-936460-3-5).

Edición bilingüe, en inglés e galego, dos poemas de Óliver Escobar (Xove, Lugo, 1979) que comeza cun prólogo firmado por Sabine Dedenbach-Salazar. Nel informa de que este libro é o resultado de diferentes encontros poéticos e institucionais entre o Centro de Estudos Galegos e a Universidade de Stirling en Escocia. O poemario consta de cincuenta e un textos encadrados en cinco seccións: "Aon", "Dhá", "Tri", "Ceithir" e "Coig", que se corresponden en galego aos números do un ao cinco. A primeira sección contén once poemas de temática variada. O primeiro texto desta sección, "Galician rhapsody", fala da relación entre os pobos e as culturas de Escocia e Galicia. O resto dos poemas afondan en costumes propios de cada pobo. Así hai alusións aos mariñeiros, aos

irmandiños e sobre todo aparecen referencias a lugares concretos: Edimburgo, Glasgow, etc. O segundo apartado consta de dez textos. De novo o mundo do mar aparece en varios poemas, como é o caso de "Mariñeiro". Porén, nesta sección atópanse textos máis persoais e íntimos, onde o poeta reflexiona sobre a existencia e sobre termos tan abstractos como a identidade. Así no poema "Identidade", o autor cavila no que el pensa que é a súa identidade, a súa maneira de atoparse no mundo. Son tamén dez os poemas que conforman o terceiro bloque do libro; as alusións ás relacións entre o pobo escocés e o galego continúan, así aparecen nos textos, "Ruínas imperiais" e "Nacións celtas". Noutros poemas continúa coa liña temática existencial iniciada no apartado anterior. A penúltima sección do libro tamén conta con dez textos. O amor como tema fai acto de presenza na maioría dos poemas deste apartado. O poeta describe un amor anónimo, pero que o fai feliz. As referencias sexuais fanse explícitas. Tamén aparecen textos que continúan na liña temática da descrición de costumes do pobo escocés. O libro péchase con dez poemas do último bloque. A variedade temática desta sección é moi grande. Así se recollen textos amorosos, é o caso de "O máis afiado gume", pero tamén hai un texto que homenaxea á cidade de Edimburgo, outro que fai referencia ás igrexas que o autor coñeceu en Escocia, etc.

Recensións:

- Héitor Mera, "Comuñón entre culturas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 255, "Letras galegas", 24 outubro 2009, p. 6.

Coméntase que o escritor Óliver Escobar, que está a traballar en Escocia dende 2005, publicou o seu poemario en versión bilingüe. Aínda que no prólogo do libro, asinado por Sabine Dedenbach-Salazar, se afirma que a obra non é unha tradución senón unha "recreación", deféndese que si é unha tradución da obra en inglés. A seguir, en relación ao contido da obra, destácase o sincretismo conceptual, as imaxes e metáforas. Tamén fálase sobre os dous universos que o poeta soubo relacionar, Escocia e Galicia.

Referencias varias:

- E. P., "Óliver Escobar publica poemas bilingües en galego e inglés", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "En verso", 27 decembro 2009, p. 31.

Informa que o escritor galego Óliver Escobar vai presentar no Concello de Xove o seu libro que recolle cincuenta poemas escritos en inglés e galego. Dá conta das personalidades que estarán presentes no acto e indica que o libro foi publicado pola editorial Morgante e a Universidade de Stirling de Escocia. A seguir, fala sobre a traxectoria do autor e cita algúns dos premios alcanzados.

Espinosa, Estíbaliz, *Zoommm*. *Textos biónicos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 23, marzo 2009, 95 pp. (ISBN: 978-84-9782-974-8).

Edición en papel deste poemario de Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974) agora en papel, despois de que xa fose publicado en 2007 como libro electrónico dentro da plataforma "A Regueifa" e baixo a licenza Creative Commons. A edición electrónica de

2007 tamén incluía poemas recitados e musicados pola propia autora e pódese consultar en: <http://aregueifanetlabel.blogspot.com/2007/12/estibaliz-espinosa-zoommm-textos.html>. O poemario está dividido en cinco partes antecedidas por unha "Posta en antecedentes: limiar subliminar" e rematadas cunha "Dedicatoria final". As cinco partes contan cun total de trinta e tres poemas titulados que se dividen do seguinte xeito: seis en "Como crear unha pequena vida en X sinxelos pasos"; oito en "Halo"; cinco en "01010101111000"; seis en "[…]" e mais oito en "Como anunciarse nestas páxinas". Os poemas presentan variada feitura, xogando con diversos tipos de estilo de fontes ou formas de letras e incluso con diversas cores como negra e gris, e neles a súa autora achégase, mediante diversas perspectivas, ás diferentes dimensións do lector, do seu humano e do seu propio texto. Un elemento unificador do poemario son as referencias ao mundo tecnolóxico, ás matemáticas e ás técnicas relacionadas co tratamento automatizado de datos.

Recensións:

- Héitor Mera, "Experiencias vitais", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Libros", 16 maio 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 235, "Letras galegas", 30 maio 2009, p. 6.

Comenta que o título do poemario de Estíbaliz Espinosa recorda á poesía futurista, aínda que contén unha poesía "máis completa no ámbito emocional". Explica que no libro están presentes experiencias vitais como o amor, a sensualidade ou a maternidade, polo que se diferenza do "positivismo fascistoide" de Marinetti, que non deixaba lugar para "sensiblerías". Remata dicindo que Espinosa mostra unha "notoria sensibilidade" ao darlles unha expresión humanística e poética aos avances do mundo.

- Isaac Lourido, "Os labirintos dunha literatura biónica", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 26, "Libros", 6 xuño 2009, p. 6.

Comeza falando da relación de Estíbaliz Espinosa coas novas tecnoloxías, xa que o primeiro lugar onde se puideron ler as pezas que compoñen o poemario foi na bitácora da escritora en internet. A continuación, valora a obra dicindo que nela prima "unha vontade lúdica" e a "hibridación e fragmentación discursiva". Finalmente, aclara que os dous propósitos principais do libro son sinalar oposicións, como natural contra artificial, e tamén deconstruír o pensamento que "conciba o proceso de escritura e a experiencia vital como un todo". Conclúe declarando que *Zoommm* "semella aspirar á construción dunha escrita de vangarda".

- Miguel Sande, "Un poemario atrevido", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 343, "Letras en galego", 12 decembro 2009, p. 6.

Explica que este poemario combina unha linguaxe fría e científica cunha linguaxe lírica que lle dá sentimento. O que máis salienta deste libro é o seu atrevemento e asemade asegura que fracasou nas súas primeiras lecturas mais que agora xa aprecia a súa valía e atrevemento.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “A literatura como compromiso”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 447, “Musas”, 8 marzo 2009, p. 37.

Nesta entrevista Estíbaliz Espinosa fala do seu poemario, xa publicado na rede pola Regueifa Plataforma. Aínda que principalmente é un libro de poemas, afirma que tamén inclúe textos fragmentarios de conversas de internet. Espinosa explica que se trata dun libro sobre a creación, sobre a condición de creador, sobre a vida.

- maré, “Armada escribe o seu ‘Diario da noite’”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 3 abril 2009, p. 34.

Refírese a *Zoommm*, obra poética coa que Estíbaliz Espinosa se aproxima “con torpeza humana ás relacións incestuosas” entre o texto e a vida, e a *TSC. Diario da noite*, de Alfonso Armada, pois ambas obras se inclúen na colección de poesía de Edicións Xerais de Galicia.

- M. Dopico, “A arela de perpetuidade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 abril 2009, p. 37.

Presenta esta obra poética de Estíbaliz Espinosa dispoñíbel na rede dende o ano 2007. Así, a autora xustifica que non se trata de textos creados con vocación de conformar un libro, senón que os decidiu recompilar porque daban voltas sobre as mesmas teimas: o feito de escribir, a relación cósmica co resto dos seres vivos, a idea de creación de vida e a relación entre creador e criatura, a ciencia e a tecnoloxía. Cita tamén as súas obras *Pan (Libro de ler e desler)* (2000), co que gañou o Premio Esquío, así como *–orama* (2002) e *número e* (2004).

- Estíbaliz Espinosa, “De ‘Zoommm Textos biónicos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 27 abril 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce o poema titulado “BAZAR DE OBXECTOS TERRESTRES” de *Zoommm. Textos biónicos*, de Estíbaliz Espinosa.

- Lupe Gómez, “Amélie Nothomb”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 759, “Nas nubes”, 3 maio 2009, p. 11.

Nun primeiro lugar fálase da figura da escritora Amélie Nothomb, da que se comenta a obra *Ni de Eva ni de Adán* (Anagrama). Nun segundo lugar, cita o poemario de Estíbaliz Espinosa, *Zoommm*, no que intúe certas afinidades persoais coa autora belga.

Estévez, Eduardo, *Os veos da paisaxe*, Ribeira: Antonio Piñeiro Editor, col. Bourel, 2009, 59 pp. (D.L: C 162-2009).

Poemario de Eduardo Estévez (Bos Aires, Arxentina, 1969) cunha coidada edición artesanal de só oitenta exemplares cosidos a man e numerados. A fotografía da cuberta, así como as que encabezan cada unha das catro partes nas que se divide son orixinais do propio autor. Presenta unha temática común, o paso inexorábel do tempo e as lembranzas do pasado que marcan a vida presente e futura. A mañá, o mediodía, a tarde e a noite son as catro partes deste percorrido vital sen case cambios transcendentes ao

igual que as fotografías que as acompañan, unha pista de terra na noite e pouco iluminada polos faros dun coche, e nos que apenas si se poden apreciar trocos. A mañá marca o decorrer do paso do tempo, visto a través da melancolía dun cristal e onde os ríos ou a roupa dun tendal marcan a rutina da ausencia. Xa no mediodía o espazo gaña terreo ao tempo, transportándonos a unha cociña onde as lembranzas das avoas se fai latente. Na tarde elabórase un diálogo coa terra, sino de inmutabilidade, á vez que se lembran as árbores que o acompañaron na infancia, tempo xa esvaecido. Con esta paisaxe cae xa a noite e é entón cando se fai o silencio e a calma, o tempo parece deterse e as persoas agóchanse tras os muros das súas casas.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "Memoria embazada", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "Cultura", "Poesía", 26 marzo-1 abril 2009, p. 34.

Despois de sinalar que moitas das iniciativas relacionadas coa poesía galega non conseguen transcender máis aló duns poucos anos dentro das marxes comerciais, pasa a referirse á colección de libros "Bourel", editada artesanalmente por Antonio Piñeiro, á cal pertence *Os veos da paisaxe*, de Eduardo Estévez. Sostén que o formato do libro é de "luxo e, con respecto ao contido, di que se caracteriza pola "sinxeleza retórica". Engade que os textos van acompañados polas fotografías de Antonio Piñeiro.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Tempos de pensar a ausencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2009, p. 37.

Presenta a obra de Eduardo Estévez, dentro da colección "Bourel" de Antonio Piñeiro. Libro que, aínda que segundo explica o propio autor, "leva escritos moitos anos, que tivo varias edicións en formatos dixitais e boa parte dos poemas están colgados na web", é a primeira vez que se edita en papel e de xeito artesanal. De feito, Estévez asegura que cada un dos oitenta exemplares "é un obxecto único con entidade artística", onde incluso as fotografías que acompañan o texto varían dun volume a outro. Explica que o elemento central tanto dos poemas coma da poesía é a néboa na que subxace a melancolía do perdido; de xeito que a propia obra é "unha metáfora da orixe, das cousas que se perden e xa non volven".

- Eduardo Estévez, "Os veos da paisaxe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 marzo 2009, p. 36.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "hai unha carballeira gris...", pertencente a *Os veos da paisaxe*, de Eduardo Estévez.

- Chechu López, "Barbantia y Bourel reúnen a 27 artistas en un proyecto editorial sin precedentes", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Comarcal", 17 marzo 2009, p. 25.

Considera que este libro de poemas presenta unha "poesía sintética, minimalista, esencialista, moi nítida e depurada"; ademais de seren composicións "moi musicais".

Tematicamente, afirma que Estévez se centrou nun "aparente paisaxismo". Ao mesmo tempo cita outras obras da colección "Bourel", caso da obra colectiva *As voces da musa*.

- Eduardo Estévez, "De 'Os veos da paisaxe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xuño 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "as cociñas...", pertencente a *Os veos da paisaxe*, de Eduardo Estévez.

- R. Loureiro, "Onde os versos camiñan da man da fotografía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 320, "Letras en galego", 4 xullo 2009, p. 13.

Destácase como nun mundo dominado polas novas tecnoloxías, onde a virtualidade da contorna impera sobre a presenza física dos obxectos, xorden iniciativas como a da colección "Bourel", rescatando tesouros literarios caso d'*Os veos da paisaxe*, de Eduardo Estevez. Considérase que a obra de Estevez non só goza dunha magnífica calidade en canto a contido se refire, senón que se pode disfrutar dunha verdadeira obra de arte, grazas á estética do libro. Recórdase que na obra mencionada o conxunto de versos vai acompañado dunha extraordinaria colección fotográfica.

- Eduardo Estévez, "De 'Os veos da paisaxe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 decembro 2009, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "son tempos...", pertencente a *Os veos da paisaxe*, de Eduardo Estévez.

Ferreiro, Alfredo, *Metal central*, prólogo de Xosé M. Álvarez Cáccamo, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 208, abril 2009, 45 pp. (ISBN: 978-84-92646-04-3).

Poemario que Alfredo Ferreiro (A Coruña, 1969) dedica aos seus compañeiros do metal e que bebe da súa propia experiencia nunha siderurxia de Laracha, onde o poeta e crítico literario traballou. Xosé María Álvarez Cáccamo é o encargado do prólogo que o precede, "Poesía do sector da densidade", no que salienta a profundidade desta proposta poética. Neste senso considera que transcende o anecdótico en favor dun "discurso da indagación simbólica e da ollada de focalización expresionista". Afirma que se trata dunha proposta tan orixinal que non se pode inserir en ningunha das poéticas vixentes no actual panorama da poesía galega. Os poemas falan da mecánica da siderurxia, dos ruídos e das sombras oníricas da factoría, sempre cun rexistro distinto e insólito, que lle imprime ao autor un carácter especial e extravagante. O eu lírico amosa un carácter colectivo, agás nos dous poemas que abren e pechan o poemario: "Náufragos" e "Iniciación", nos que se manifesta claramente a presenza da primeira persoa. "Medo", "Fragua", "Punto de fuga", "Incomprensión", "Mito", "Desexos" ou "Simbiose" son algúns dos títulos das vinte e unha composicións restantes.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Poesía metalúrxica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 293, “Libros”, 4 xuño 2009, p. IV/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 238, “Letras galegas”, 13 xuño 2009, p. 6.

Despois de repasar brevemente a traxectoria profesional de Alfredo Ferreiro, que serve para “pór de manifesto a súa habelencia versal”, comenta que o poemario toma á metalurxia e os metais como fío condutor do mundo no que se teñen que mover os humanos, que perciben a arte coma “chatarra”, e achega ao lectorado cara a un “implacable mundo fábrica”.

- Ramón Nicolás, “Da reconstrución á metalurxia”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 319, “Letras en galego”, 27 xuño 2009, p. 15.

Comeza opinando que Alfredo Ferreiro volveu “con fortuna” á publicación de poemarios, coa obra *Metal central.* Considera que o libro parte dunha perspectiva “nada común”, a do ámbito da metalurxia, o que contribúe ao seu “atractivo”. Afirma que evoca sensacións que “harmonizan coa reflexión sobre o acontecer temporal, a soidade ou a deshumanización”.

- X. M. Eyré, “Máxico e alquimista”, *A Nosa Terra*, n.º 1.366, “Cultura”, “Crítica”, “Poesía”, 2-8 xullo 2009, p. 32.

Afirma que o prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo anima á lectura deste poemario e sinala ademais algunha das súas claves, caso da semellanza co cine expresionista e con outras formas artísticas das vangardas como o futurismo. Comenta tamén que o poeta exerce de alquimista ao procurar as esencias espirituais da materia e, tras unhas notas formais, expón as liñas temáticas que puideran entroncar coa realidade laboral viguesa. Conclúe que se trata dunha poesía contemplativa, mesmo lapidaria.

- Xulio Varcácel, “Metal central, de Alfredo Ferreiro”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 586, “Páxina literaria”, 13 setembro 2009, p. 4.

Valórase de *Metal Central*, Mención de Honra no Premio Xosé María Pérez Pallaré, que buscara poesía onde normalmente non se atopa e tamén salienta a súa orixinalidade con respecto ao enfoque e aos contidos. Afirma que a unidade do poemario, máis alá da coincidencia do título, do apelido do autor e dos contidos, se deriva da creación da obra como un todo, tanto a nivel temático como estilístico.

- Arturo Casas, “Na parábola fabril, o mito”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, “O espello das letras”, outubro, novembro, decembro 2009, pp. 107-108.

Considera que con este libro finalista do XX Premio Pérez Pallaré de Poesía, Alfredo Ferreiro presenta unha proposta ambiciosa e por tanto de risco que conserva marcas de continuidade coa súa poética de mediados dos 90. Sinala que na ilustración da súa capa de Alberto Esperante e nos seus textos se anuncia o seu fundamento inventivo, “a parábola fabril constituída como montaxe de breves proxeccións metamórficas para dar conta dun fluxo ou proceso, o da fabricación metalúrxica e o pouso que iso deixe nos operarios que a sosteñen, e de varios mitos ou imaxinemas”. Así mesmo, alude ao prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo, quen fala de singularidade expresiva e poética e de que ninguén máis está a escribir poesía deste xeito entre nós. Por outra

parte, salienta que este poemario fará abrollar no lector o recordo dos clásicos e analiza outros elementos nel presentes, ademais de apuntar que o máis interesante desta proposta poética é a consecución, en xeral alcanzada e só nalgún momento dubitativa, "dunha dicción liberada das ataduras dunha polaridade maniquea e derrotista do que, en termos de Hannah Arendt, poderiamos identificar como as coordenadas da *acción* fronte ás do *traballo*".

Referencias varias:

- Alfredo Ferreiro, "De 'Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 maio 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "SOMOS dun metal que se funde...", pertencente a *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Infantil/Xuvenil", 16 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comenta a modo de recomendación este poemario de Alfredo Ferreiro, *Metal Central*, entre outras obras.

- Alfredo Ferreiro, "Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 maio 2009, p. 40.

Sección fixa que reproduce o poema "Somos dun metal que se funde...", pertencente a *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

- Alfredo Ferreiro, "De 'Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 maio 2009, p. 39.

Acóllese nesta sección o poema "Ás veces,...", pertencente a *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

- M. D., "O confinamento espiritual dos humanos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xuño 2009, p. 35.

Fai referencia ao poemario de Alfredo Ferreiro e salienta a cuberta de Alberto Esperante. Sinala que a obra conta a experiencia do autor como traballador dunha fábrica e que está dedicada aos compañeiros que deixou atrás. Ademais, indica que con ela pretende reivindicar os humanos como o máis importante da fábrica.

- Alfredo Ferreiro, "De 'Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xuño 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o poema intitulado "INCOMPRENSIÓN", do poemario *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

- Alfredo Ferreiro, "De 'Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xullo 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "FIN DE VIAXE", pertencente a *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

- Alfredo Ferreiro, "Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 novembro 2009, p. 38.

Sección fixa que reproduce o poema "FIN DE VIAXE", pertencente a *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

- Alfredo Ferreiro, "De 'Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 novembro 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o poema intitulado "Asistimos á cremación...", do poemario *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

- Alfredo Ferreiro, "De 'Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 novembro 2009, p. 39.

Sección fixa que acolle o poema "Por fin, a fábrica:...", pertencente a *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

- Alfredo Ferreiro, "De 'Metal central", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 novembro 2009, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "No exterior,...", pertencente a *Metal central*, de Alfredo Ferreiro.

Ferreiro Leal, Cristina, *Desequilibras e caer*, introd. de Xesús Manuel Valcárcel, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, col. de Poesía, febreiro 2009, 115 pp. (ISBN: 978-84-934933-9-4).

Poemario sentimentalista de Cristina Ferreiro Leal (Lugo, 1983) que arrinca cunha introdución (pp. 3-28) de Xesús Manuel Valcárcel na que define e recolle as características que definen o sentimentalismo e o propósito do mesmo. Explica que se trata dun "internacionalismo" que valora o individuo, tomando en consideración "a creatividade, a influencia social da arte e a misión do Poeta (do artista) e da Poesía (da arte en xeral) nos asuntos da república", polo que propón unha teoría filosófica que parte do individualismo e combate calquera teoría que someta ou anule o individuo e alinee as súas capacidades para a creatividade, defende o plaxio. Considera que "a arte non se ensina", que se aprende. Distingue ideoloxicamente dous niveis no "éxito social da arte", o dos "artistas comerciais", artistas e autores que se someten aos ditados do mercado e para os que "a arte é unha impostura", unha "arte mercenaria", ou o dos "artistas auténticos" que "escriben ou crean o que eles queren" xa que para eles "a arte é unha necesidade". Definen a creatividade coma "unha acción individual, persoal", de tal xeito que o artista é creativo segundo o seu interese afectivo, a motivación, a necesidade de comunicación e de expresión, non por empregar as técnicas. Álzanse contra as "desconsideracións da arte e do artista" nas ideas do mercado editorial e o da arte en xeral, que proceden do "imperialismo político económico e militar" que exercen algúns países. Defenden a autoría da obra de arte, a "excelencia do creador", valora o resultado final e o esforzo creativo e a autoesixencia, xa que se consideran "unha nova cultura". Defenden a liberdade de creación do artista como expresión da súa subxectividade, sen importar "o destino e funcións" da obra de arte. Apuntan as innovacións sobre a valoración, mercadoría e produción da obra de arte que achegaron o art nouveau, a vangarda rusa, Kazimir Malevic e Walter Gropius. Recollen que a arte "forma parte

indisociable da condición humana" e indican que o proceso de produción é "unha elección continuada" dentro do "programa novo, coherente e completo de rexeneración" que eles propoñen e que a calidade artística vista dende fóra emprega "criterios obxectivos e reutilizables". Remata a introdución Xesús Manuel Valcárcel coa análise deste poemario de Cristina Ferreiro do que destaca a "coherencia íntima", as "tensións da sociedade" e os "desequilibrios vitais" amosados a través de flashbacks. Refire que esta autora xa era coñecida polos poemarios colectivos *A extincións dos harmónicos* (Premio Poesía Concello de Ames, 2006) e *Ansiedade e planetas* (Premio Francisco Añón, 2007). Indica que se trata dunha obra unitaria, unha "poesía puzzle" que conta "unha viaxe interior" e onde os "segmentos recursivos" serven de "enlaces ou colgadoiros" para irse pendurando o poema. Salienta os recursos sintácticos empregados e a "lóxica narrativa" que subxace tras a "aparente anarquía dos segmentos", chea de elementos oníricos que dan conta da viaxe interior dunha protagonista feminina que dialoga cun Ti ausente. Repara na intertextualidade coas rupturas desenvolvidas por Allen Ginsberg, Philip Lamantia, Lawrence Ferlinghetti, *On The Road*, de Jack Kerouac, Cassady, Burroughs, Carl Salomon, Gregory Corso, Peter Orlovsky, *o stil nuovo*, Walt Whitman, a "Chuva oblíqua" de Fernando Pessoa, Papasseit, Joan Brossa e o latexar do festival de Woodstock. Indica que a temática responde a temas "ben aprezados polo sentimental-ISMO" como son "a viaxe da experiencia, a sexualidade libre e a poesía como salvación", ao xeito de "Viaxe a Ítaca", de Constantinos Cavafis, o "sexo como catarse e lucidez" e amosa "unha persoa en crise, ruptura, partición, fractura, náusea" que dinamita as artes e se libera "da hipocresía, do cinismo, dos poetas impostores, dos falsos revolucionarios sometidos aos comisarios do partido, dos mentirosos". Este poemario de Cristina Ferreiro estrutúrase en seis partes intituladas "desequilibradas e caer" (pp. 33-48), "a cidade" (pp. 49-55), ""flashback" (pp. 57-61), "esta é a película" (pp. 63-96) e "cartas acromatópsicas" (pp. 97-109) e ""notas fóra de páxina ou flashbacks" (pp. 111-115), conformadas por poemas intitulados ou numerados en romanos e escritos en versos libres e con estruturas sintácticas repetitivas. No verso de cada páxina na que aparece o nome das partes do poemario insírese unha ilustración en branco e negro de Iván Izquierdo referida ao contido de cada parte.

Recensións:

- Vicente Araguas, "O equilibrio vén o útero", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 257, 5 abril 2009, p. 20.

Despois de comentar que son as mulleres as que máis cultivan a poesía en Galicia, pasa a falar de Cristina Ferreiro, autora de *Desequilibras e caer*, un libro de poemas que pertence á corrente do "sentimentalismo". Cita as palabras de Xesús Manuel Valcárcel para describir o sentimentalismo, que "exalta os aspectos criativos do suxeito". Comenta tamén que Ferreiro é "orixinal e rompedora, pero sen abusar" e "escatolóxica, non máis alá do previsible". Conclúe a valoración da obra sinalando que a lectura dos seus poemas é "estimulante".

- Armando Requeixo, "Poesía mantra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 292, "Libros", 28 maio 2009, p. IV.

Tras facer un breve repaso pola traxectoria literaria de Cristina Ferreiro Real, analiza esta obra, que está dividida en seis seccións nas que hai poemas tanto curtos coma

longos. Sostén que a "unidade" da obra está baseada no "onirismo sentimental e erótico". Con respecto ao estilo dos poemas, di que mostran unha "densidade gravitacional" que se afasta das interpretacións unívocas.

- Miguel Sande, "Co ventre aberto e a sintaxe rota", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 334, "Letras en galego", 10 outubro 2009, p. 12.

Afirma que cada vez que abre este libro descobre algo novo e asemade apunta que conta cun extenso prólogo obra de Xesús Valcárcel.

Franco, Xesús, *Matade o mar*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 215, abril 2009, 49 pp. (ISBN: 978-84-92646-15-9).

Último poemario publicado por Xesús Franco (Vigo, 1943) e que ten como elemento temático central o mar. O libro está estruturado en dúas partes que conteñen trinta e catro poemas. A primeira parte leva o título de "Arca" e consta de dezanove poemas. As composicións da primeira sección son moi breves e cinco delas constitúen un ciclo compositivo no que se repiten as palabras "amigo" e "arca", tendo sempre o mar como o eixo temático vertebrador. O resto dos textos continúan coa mesma temática, estabelecendo unha oposición entre a terra, que representa a maldade, o negativo, e o mar, que simboliza a liberdade. A segunda sección, "Couso", céntrase na desesperación do poeta por estar na terra. Ao longo dos quince poemas que conforman este bloque, o mar aparece de novo como elemento desexado que libera ao poeta das inxustizas que sofre na terra e ao mesmo tempo fai que el perciba a súa vida como unha existencia desorientada lonxe do mar anhelado.

Recensións:

- X. M. Eyré, "Poesía e dimensión", *A Nosa Terra*, n.º 1.381, "Cultura", 12-18 novembro 2009, p. 28.

Detalla que este poemario transmite a impresión dun fondo repouso no interior da voz poética e mais que conta con poemas que non son nin fáciles nin felices. Tamén apunta que conta cunha primeira parte que se asemella a unha cantiga de amigo diseccionada e fragmentada.

- Román Raña, "Tons sombríos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 309, 19 novembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 260, "Letras galegas", 28 novembro 2009, p. 6.

Coméntase que este poemario consta de dúas partes, "Arca" e "Couso": a primeira presenta poemas delgados e a segunda acentúa a desesperación do poeta por estar na terra. Recálcase que xorde das vivencia marítimas do seu autor e indícase que presenta unha poesía de tons sombríos onde "o mar matiga o sufrimento".

Referencias varias:

- Belén López, "O Ateneo prepara unha homenaxe a Juan Vidal Fraga", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 novembro 2009, p. 68.

Anuncia a presenza de Xesús Franco, que falará sobre o seu libro de poemas *Matade o mar*, no Ateneo de Pontevedra o 23 de novembro nun acto que contará coa presenza de Miguel Anxo Fernán-Vello e de Óscar Ibáñez.

- Cuca M. Gómez, "Música en los actos culturales", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con Cuca", 25 novembro 2009, p. 78.

Dáse conta da presentación deste poemario no Café Moderno de Caixa Galicia en Pontevedra nun acto que estivo amenizado polo gaiteiro poiense Óscar Ibáñez e que contou tamén coa presenza de Antón Sobral, de Miguel Anxo Fernán-Vello e mais do propio autor Xesús Franco.

Fresco Otero, Isabel, *Gardádeme a esperanza*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 210, 2009, 51 pp. (ISBN: 978-84-92646-06-7).

Poemario de Isabel Otero Fresco (As Pontes, A Coruña, 1958) que comeza cunha dedicatoria aos seus pais e á súa filla e dúas citas en castelán de *Agua quemada*, de C. Fuentes e *La montaña del alma*, de Gao Xingjian. Divídese en dúas partes: "A bouza dourada" e "O río cheo". A primeira parte consta de trece poemas numerados con números romanos e a segunda contén once poemas sen numerar nin titular. A poeta lembra con nostalxia e saudade a súa infancia, coas súas luces (as festas tradicionais, os seus animais, as trasnadas que facía cos amigos, etc.) e as súas sombras (a pobreza que se vivía no ámbito labrego da posguerra e a morte de seres queridos, como a morte da nai da protagonista no poema VI). Neste poemario hai dúas constantes: a presenza dos mortos, que o eu lírico lembra cando estaban vivos e que agora seguen vivos na súa lembranza, afecta aos seus actos e sentimentos; e o escenario, unha natureza aldeá na que se sitúan os personaxes. Finalmente, hai que destacar que no discurso narrativo do eu lírico intercálanse cantigas populares, conversacións (por exemplo, a protagonista fala co seu pai), oracións, outras voces como a da poeta, etc.

Recensións:

- Román Raña, "Paraíso de antano", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Libros", 17 setembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 251, "Letras galegas", 26 setembro 2009, p. 7.

Dáse noticia do primeiro libro en galego de Isabel Fresco Otero titulado *Gardádeme a esperanza*, tras a publicación en castelán de *Coloquio de sirenas* (2006). Coméntase que o poemario trata de recuperar o pasado da poeta: a infancia e o paraíso perdido, este último con sombras como a morte dos seres queridos ou a pobreza do ámbito rural de posguerra. Sinálase que nese paraíso de antano residen os mortos que daquela estaban vivos e que agora continúan vivos nos lugares, na lembranza e no corazón dos seus seres queridos e que son pantasmas que pululan nas súas emocións e actos. Dise que, ás veces, no discurso narrativo da personaxe insírense fragmentos de diálogos, cantigas populares, distintas voces da voz principal e a voz da poeta con certa saudade. Afírmase

que o penúltimo poema ten riscos do lirismo rosaliano: versos octosílabos asonantes e consonantes. Coméntase que a natureza é un signo constante onde se move a protagonista, que tamén dialoga co pai.

Referencias varias:

- Isabel Fresco Otero, "De 'Gardádeme a esperanza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xuño 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o poema "ANQUE non voltará máis cando se vaia...", da obra *Gardádeme a esperanza*, de Isabel Fresco Otero.

- Isabel Fresco Otero, "De 'Gardádeme a esperanza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xullo 2009, p. 33.

Sección fixa na que se reproduce o poema "XI", da obra *Gardádeme a esperanza*, de Isabel Fresco Otero.

García, Xosé Lois, *Poemas pornofálicos*, prólogo de Andityas Soares de Moura, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa, n.º 13, 2009, 113 pp. (ISBN: 978-84-92792-04-7).

Poemario pornográfico de Xosé Lois García Fernández (Lugo, 1945) que comeza cun texto a modo de prólogo en portugués de Andityas Soares de Moura titulado "As liberdades de Eros". Neste texto introdutorio dise que a poesía pornográfica no fondo presenta unha natureza política polo que, dende hai séculos, os poderes intentan extinguila porque nela o politicamente correcto cede ante o gozo e porque a liberdade ten que ser total senón non será liberdade. Así, neste poemario crese que o exceso erótico se mostra como proxecto político dunha sociedade de homes e mulleres libres e iguais. Opínase que é herdeiro do Marqués de Sade, do brasileiro Glauco Mattoso e do portugués Joaquim Estevez da Guarda xa que, ao igual que todos eles, viu na confusión dos corpos en orxía o sentido da liberdade política intentando vencer as ordes da moral dominante de individuos que están reprimidos sexualmente e que intentan satisfacer os seus impulsos abusando do poder que teñen (sexa político, militar ou económico). Por outra banda, coméntase que é un libro que escandaliza porque chama as cousas polo seu nome ("cona", "carallo", "cu"). A continuación aparecen cincuenta poemas curtos, numerados e sen título; cada un acompañado dun gravado anónimo (o equivalente no século XVIII das revistas e películas pornográficas de hoxe) que complementan visualmente o texto. Aínda que o título evoque o falo, as mulleres son as protagonistas do poemario, xa que son as que levan o ritmo dos movementos e porque están dispostas a volver a realizar o coito en canto rematan. No libro hai diversidade de posicións e estilos de foder, o que apunta á práctica do pecado pero tamén á práctica do autocoñecemento. Neste aspecto segue a Aristófanes que dicía que antes de haber mundo as persoas éramos seres perfectos que despois fomos separados en dous corpos incompletos, polo que desexamos ardentemente a unión carnal e para atopar o noso corpo irmán a mellor opción é experimentar todo con toda a xente. Así, nos poemas trátase o sexo vaxinal, oral e anal; heterosexual e lésbico; a masturbación e o sexo en parella ou grupal (a desorde nas orxías expresa o seu descompromiso coa moral cristiá

que vía o amor carnal como un pecado); e, sobre todo, trata o tema do sexo nos conventos e mosteiros, que comparte con Sade, para remarcar o feito de que o pracer descoñece a vergoña porque o gozo nos converte en humanos libres.

Gil Magariño, Lois, *ContraDicións*, Galicia: Corporación Semiótica Galega, 2009, 200 pp.

Volume no que se reproduce o bloc de corenta e nove poemas visuais editados por Cosega (Corporación Semiótica Galega), con motivo do encontro de poesía experimental OVUMT10 TDS en homenaxe a Clemente Padín, celebrado en Tarragona en setembro de 2009. Deste bloc tirouse unha impresión en papel de douscentos exemplares. Ábrese o volume cunha cita de Alfonso López Gradolí sobre os distintos modos de escritura que dá paso a representacións icónicas nas que se conxuga a imaxe visual con breves textos nos que se xoga coas contradicións e os equívocos, creando imaxes rechamantes que pretenden mobilizar conciencias contra as inxustizas e as desigualdades sociais denunciando a miseria e a fame de África e a impasibilidade dos países ricos. Tamén se critica o consumismo, a alienación, o poder das multinacionais, a manipulación dos medios de comunicación, a contaminación, a tecnificación da sociedade, o poder do diñeiro e dos bancos, cuestiónase o poder da relixión e a falta de liberdade. Á parte das imaxes tamén se empregan caligramas.

Referencias varias:

- M. B., "Balas visuais", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Magazine", 5-12 novembro 2009, pp.
34-35.

Achégase un comentario sobre esta publicación, formada por corenta poemas visuais, nos que o autor propón unha simbiose entre a escrita e o deseño gráfico, segundo se comenta. Considérase que neste poemario o autor amosa a súa opinión sobre o mundo que lle tocou vivir, denunciando os excesos da sociedade actual, as desigualdades norte-sur, o emprego do medo como arma masiva e o rexeitamento das minorías ou a violencia, expresa. Dise que non é o primeiro poemario visual de Lois Gil Magariño, quen opina que o futuro está no mundo dixital, xa que achega ferramentas de edición e distribución que non se poden rexeitar. Destácase a importancia da introdución de novos códigos para a alfabetización visual e a aproximación a novas formas poéticas, nas que a imposición da síntese e a condensación son marcos dunha tendencia complexa. En canto á obra en si, salientáse a eficácia da sinerxia texto-imaxe na transmisión do ton sarcástico no que o autor se apoia para expresar a súa visión do mundo.

Gómez Pato, Raúl, *Tratado de zooloxía para corazóns mancados*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, decembro 2009, 45 pp. (ISBN: 978-84-87783-99-9).

Conxunto de poemas de Raúl Gómez Pato (Velle, Ourense, 1966) que dá comezo con dúas citas de *Historia dos animais*, de Claudio Eliano, e *Bioloxía do mundo animal*, de M. Le Corbeau. Ten como fío condutor o mundo animal para tratar de analizar baixo

este pretexto as derrotas persoais e o sentimento do desamor facendo así unha analoxía entre os distintos animais e as persoas. O conxunto está formado por trinta e cinco poemas organizados ao modo dos bestiarios medievais con títulos como "Paporrubio", "Víbora", "Formiga", "Ra", "Tartaruga" ou "Bolboreta". Escrito cun estilo sinxelo, breve e ás veces un tanto sarcástico, o autor aproveita a simboloxía das distintas especies para facer unha reflexión un tanto pesimista sobre o curso da vida, empregando recursos como a ironía, o simil ou a personificación. O derradeiro poema da obra, "Lobo" podería sintetizar o espírito do conxunto, un auténtico "catálogo de humana animalidade".

Lama, Xavier, *Cabalos do alén na cidade das fábulas*, Premio Miguel González Garcés 2008, A Coruña: Deputación da Coruña, 2009, 80 pp. (ISBN: 978-84-9812-104-9). ◆

Poemario de Xavier Lama (Santa Euxea, Guntín, Lugo, 1962) que se abre cun "Prefacio con trasuntos varios" a modo de prólogo, e nel sinálase que este libro completa tres poemarios que levan animais no título, a xeito de referente simbólico e de amuleto iluminador ou protector (*Tigres como Fausto con ollos de bruma*, *Melancolía líquida da Idade das Vacas* e o presente volume). Indícase neste prefacio que os cabalos deste libro son "animais mensaxeiros (...) Fan de vehículos dunha memoria que é, ao mesmo tempo, buscada e premeditada des-memoria". Dise que na obra hai unha cidade protagonista, paralela e irreal, Val Pinario, que é trasunto de Santiago de Compostela, e constitúe un intento de recreación da cidade histórica na que os cabalos serven de "mediums" que estabelecen a relación e comunicación entre os dos mundos aludidos. Logo, e tras dúas dedicatorias e catro citas literarias, atópase un poema introdutorio a modo de presentación, "Así é a cidade identitaria", para dar paso ás cinco partes que conforman a obra: "Cidade bautismal", "Cidade órfica", "Cidade ficcional", "Cidade vivencial" e "Cidade espiritual". Cada parte contén un número desigual de poemas pero todos están titulados e xeralmente presentan versos de arte maior e textos de grande extensión. Algúns deles presentan un carácter máis narrativo e, neste sentido, destaca formalmente dentro do poemario, a terceira parte, "Cidade ficcional", na que os poemas deixan paso a breves fragmentos narrativos que agochan breves historias relacionadas con figuras e lugares que teñen representación en Santiago, como o hospital psiquiátrico de Conxo, o esmoleiro, o botafumeiro ou simplemente os homes e mulleres que pasean polos parques nas noites compostelás (como mostra "Os soñables do parque). Predomina a temática existencial e pesimista relacionada coa morte. Nos poemas aparecen aludidos moitos dos elementos e personaxes relacionados con Compostela: Diego Xelmírez, Ánxel Casal, Rosalía de Castro, a praza da Quintana, a liturxia dos "croques", a rúa do Pombal coas súas prostitutas, a choiva que cae sobre os amantes, as badaladas do reloxo da catedral e finalmente Val Pinario (Compostela) é o lugar acaído para o exilio interior. Tamén se observa como tema omnipresente as referencias ao mito sobre a chegada por mar do Santo que foi traído a Compostela, feito que leva á fundación da cidade e a toda a súa historia. Aparece constantemente o mito do priscilianismo como misterio intencionadamente agochado ao longo de séculos. A voz poética preséntase tanto baixo a primeira coma a segunda persoa e percíbese certo cultismo na linguaxe.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Cartografía poética", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 294, "Libros", 11 xuño 2009, p. IV.

Dise que Xavier Lama é un poeta "do relevo" na poesía actual. Afírmase que o seu último libro "é un longo e único poema sobre Compostela", unha "curtametraxe versal". Ademais, considérase que é o seu poemario "máis elaborado arquitectonicamente", xa que conta con cinco seccións que reflicten outras tantas facetas da cidade. Por outra banda, coméntase que no libro se pode apreciar a estela da pintura, a fotografía e o cinema, xunto á influencia de moitos outros escritores e a presenza dos cabalos como figura recorrente.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Lendo a Xavier Lama", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 15 xullo 2009, p. 3.

Trae á memoria o volume de Xavier Lama, galardoado co Premio de Poesía Miguel González Garcés 2008. Menciona os outros dous títulos que, xunto con este, compoñen unha triloxía cuxa lectura recomenda o articulista, a saber, *Tigres como Fausto con ollos de bruma* (2006) e *Melancolía líquida da Idade das Vacas* (2008). Destaca a presenza de nomes de animais nestes títulos nunha función de arquetipos simbólicos e a capital compostelá como destino das composicións poéticas do autor.

- Ramón Loureiro, "Espellos da soñada Compostela", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 25 xullo 2009, p. 11.

Tras lembrar que a obra de Xavier Lama resultou gañadora do Premio de Poesía Miguel González Garcés no ano 2008, gábase esta como a obra que confirma que o seu autor é fundamentalmente un poeta. Dise que nela se atopan novas estruturas poéticas, mesmo de forte narratividade, e están acompañadas das fotografías do ferrolán Vari Caramés. Coméntase que no seu conxunto trátase dunha reflexión sobre a misteriosa natureza de Compostela e que na introdución o propio autor alude ás crenzas que fan referencia ás capacidades mediúmnicas dos cabalos. Indícase que se trata dun libro sobre Compostela adentrándose na natureza fantástica que envolve de simboloxía a cidade. Por último, transcríbense algúns dos versos que conforman o poemario.

- Isaac Lourido, "Cartografía da cidade identitaria", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 109-110.

Despois de aludir á polémica xurdida ao redor da resolución do Premio de Poesía Miguel González Garcés 2008, analiza *Cabalos do alén na cidade das fábulas*, que ten como *leitmotiv* a construción do espazo Val Pinario/Compostela. Explica que a escrita topográfica se nutre de tons e rexistros heteroxéneos, de modo que a gravidade e unha isotopía evocadora da ruína conviven con momentos en que a ironía e a parodia se ofrecen como contrapunto distanciador. Considera que un dos pés da poética de Xavier Lama está fincado na "hiper-consciencia" do traballo literario desenvolvido, como queda demostrado no prefacio desta obra, onde se debullan símbolos, referentes e intencións da triloxía formada por *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, *Melancolía líquida na Idade das Vacas* (Premio Esquío 2008) e este, *Cabalos do alén na Cidade das Fábulas*. Por último, destaca a facilidade deste poemario para transitar por formas discursivas distintas e complementarias e para constituílo, en encuberta reflexión sobre

a arte pétrea, en crónica íntima do trasunto Val Pinario e o manual de historia que fixa a súa memoria, escorregadiza e dura.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "A emoción visionaria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 marzo 2009, p. 32.

Nesta entrevista, Xavier Lama comenta que o seu libro de poemas, ilustrado por Vari Caramés, forma parte dunha tríada relacionada cos animais onde os cabalos "son unha ponte entre o mundo real e o inconsciente". Trátase de animais que cabalgan na cidade Val Pinario, un lugar trasunto de Compostela. Cítase tamén o seu libro de relatos *Os moradores da nada* (1995) e o poemario *Melancolía líquida da idade das vacas* (2008) co que gañou o premio Esquío.

- E. P., "Publicado el libro de Xavier Lama, premio González Garcés", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 abril 2009, p. 60.

Fai referencia á publicación desta obra coa que Xavier Lama gañou o Premio de poesía Miguel González Garcés na súa edición de 2008. Segundo o autor, trátase dun poemario que se mergulla na cidade con vocación refundadora, co ánimo de estabelecer un itinerario fantástico que devén, ao mesmo tempo, nun itinerario identitario.

- Xosé Carlos Caneiro, "Inferno e parodia", *La Voz de Galicia*,"*Cultura*s", n.º 323, "Letras en galego", "Club dandi", 25 xullo 2009, p. 12.

Fálase sobre as lecturas de verán que o autor do artigo foi descubrindo e que agora recomenda, caso deste poemario que se cualifica como un dos grandes da historia da literatura galega. Asemade, refírese a ensaios como *Fendas abertas* (2008), de Carlos Taibo; *Paisaxe e nación* (2008), de María López Sandez; e a compilación *Rosalía 21* (2008). Logo detense na novela de Pamuk, *Istambul* (2008).

María, Manuel, *Cecais hai unha luz*, prólogo de Camilo Gómez Torres, A Coruña: Fundación Manuel María de Estudos Galegos, col. Poesía, n.º 1, novembro 2009, 46 pp. (ISBN: 978-84-613-6704-7). ◆

Obra inédita de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004), até agora non publicada pero redactada en 1979, como ben se di no prólogo que abre a mesma. Tras o prólogo de Camilo Gómez Torres, hai un poema iniciático co título de "Invocación" no cal aparecen xa "invocados" os elementos temáticos que serán protagonistas do resto dos poemas: aire, lume, auga, terra e amor. Cada unha das cinco partes ábrese cuns versos de poetas galegos representativos das diferentes etapas da poesía galega: Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Pero Meogo, Ramón Cabanillas, Eduardo Pondal e Fernando Esquío, nos cales son núcleos temáticos cada un dos elementos naturais nomeados. Trátase polo tanto dun poemario sen grandes complicacións formais nin estéticas que permite unha fácil lectura e rompe a liña social temática usual neste autor. Trátase dun poemario de carácter intimista no cal non se atopa a temática social e política que caracteriza o seu autor, senón que se lle dá protagonismo os catro elementos

básicos do mundo natural: o lume, a auga, a terra e o aire, así como o amor. A voz poética preséntase baixo a forma dunha primeira persoa que se deixa arrastrar pola natureza que a rodea e pola vivencia intensa do amor. A linguaxe é intimista e dotada de gran riqueza formal na que se observan moitas imaxes coloristas e adxectivación constante que parte das raíces da Galicia labrega e mariñeira que viviu Manuel María na súa infancia. Presenta unha estrutura ben definida dividida en cinco partes que conteñen seis poemas sen título, ordenados cunha nomenclatura matemática (1.1, 2.3, 5.6), que confire ao poemario unha unidade evidente e unifica a súa diversidade temática.

Martínez-Conde, Ricardo, *Na terra desluada*, Culleredo-A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 209, abril 2009, 61 pp. (ISBN: 978-84-92646-05-0).

Ricardo Martínez-Conde (Aldariz, Sanxenxo, 1951) presenta este volume poético que conta cun total de corenta e catro composicións estruturadas ao redor de tres bloques. O primeiro poema, "Amar, ás veces, é levitar", actúa de introdución da totalidade das composicións do volume, que vai analizando e deconstruíndo ao longo das súas seccións. O primeiro dos bloques, dende "As palabras" até "Difícil é o pacto co tempo", contén catorce poemas que seguen unha liña temática baseada no esvaecer do tempo, no silencio e na palabra. O segundo bloque, que principia co poema "A música do día" e remata co de "dentro da noite", xira ao redor da música entendida como parte do propio ser e volve de novo sobre o paso do tempo, do día que avanza cara á noite. O derradeiro bloque, dende "Recordos da néboa" até "Na noite espida", afonda na quietude da natureza e na soidade da noite. Detrás do último poema aparece un *post scriptum* que lembra as figuras de Xosé Franco Conde e Rosalía Martínez Gondar. A totalidade das composicións poéticas deste volume caracterízanse pola súa curta extensión, que non supera a media páxina. A voz poética, omnisciente, fai uso de descricións que convidan o lector á reflexión sobre temas profundos, clásicos. O poemario péchase cun índice que recolle o primeiro verso de cada poema a modo de título, por veces con lixeiras modificacións con respecto ao poema en si.

Recensións:

- X. M. Eyré, "Convite á reflexión", *A Nosa Terra*, n.º 1372, "Cultura", "Crítica", "Poesía", 10-16 setembro 2009, p. 28.

Recomenda a colección de poemas de Ricardo Martínez-Conde, editada por Espiral Maior. Salienta o rol activo do lector nestes poemas, que permite unha conversa entre o escritor e mais el. Describe a seguir a súa estrutura, ao redor de tres seccións, así como a súa sinxeleza e intensidade. En canto ás propias composicións poéticas, destaca a súa similitude co *haiku*, a súa curta extensión e o seu carácter didáctico e concédelle importancia ás descricións. Comenta asemade o contido conceptual do volume e conclúe cunha breve reflexión en canto ao estilo poético que o autor verte na súa creación poética.

- Román Raña, "Cadenciosa meditación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Libros", 9 xullo 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 243, "Letras galegas", 18 xullo 2009, p. 6.

Sinala a saída do prelo de *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde, na editorial Espiral Maior. Comeza coa mención de dous volumes do corpus poético do autor e prosegue cun comentario sobre a súa poesía e a semellanza co *haiku* nipón. Salienta o ton reflexivo implícito nas composicións poéticas que conforman o volume xunto á delicadeza do seu discurso poético.

Referencias varias:

- Ricardo Martínez-Conde, "Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 maio 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "A lentitude reflexa", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "De 'Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 maio 2009, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "A lentitude refrexa...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "De 'Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 maio 2009, p. 39.

Sección fixa que acolle o poema "Volta a longa teima: desexos, desexos...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xuño 2009, p. 36.

Acóllese nesta sección fixa o poema "¿QUEN nos revelará o coñecemento...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "De 'Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xuño 2009, p. 33.

Sección fixa na que se reproduce o poema "Virá un estraño designio...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "De 'Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xuño 2009, p. 40.

Insírese nesta sección fixa o poema "Quen está condeado a ser...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Xurxo Fernández, "Propaganda subversiva", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los vientos", 29 xuño 2009, contracuberta.

Amosa uns versos deste poemario de Ricardo Martinez Conde, editado por Espiral Maior. Comenta que neles se pode atopar o "sublime poder de evocación", así como a

capacidade xenética da palabra ou a verdadeira inspiración, ao tempo que cita a escritores como Paul Verlaine, Charles Baudelaire e Edgar Allan Poe.

- Ricardo Martínez-Conde, "De 'Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 xullo 2009, p. 38.

Insírese neste espazo fixo o poema "Os pensamentos son folerpas...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "De 'Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xullo 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Confía na noite...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "De 'Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 agosto 2009, p. 32.

Acóllese neste espazo fixo o poema "A pertenza a unha terra asina identidade...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "De 'Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 outubro 2009, p. 38.

Sección fixa na que se reproduce o poema "FOI bo erguer ás igrexas...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

- Ricardo Martínez-Conde, "Na terra desluada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 novembro 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Escoita e sinte...", pertencente ao poemario *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez-Conde.

Momán, Alberte, *A crise irredutible*, Galicia: Lulu.com, 2009, 100 pp. (ISBN: 978-1-4092-7110-9).

Alberte Momán (Ferrol, 1976) recolle unha parte da súa creación poética neste pequeno volume xebrado en tres eixos: "Un agora que non quer saír", "Síndrome de Estocolmo" e "A crise irredutible", que responden a tres etapas históricas diferentes dentro do século XXI. O primeiro deles, baseado no ano 2004, recolle vinte composicións poéticas que van dende os catro versos até un texto en prosa, "A permanencia do sempreadeus". Todas elas xiran en torno ao concepto de verdade sobre o país de orixe do poeta e inclúen abundantes alusións ao eido do erótico e mesmo do pornográfico. O poema "Alén matriz espiral" está dedicado a Alberto Augusto Miranda, de quen toma prestados algúns dos seus versos para a composición do seu poema "Os límites da matriz". O segundo eixe, na época de 2008, "Síndrome de Estocolmo", consta de corenta e unha breves composicións líricas sen título, con apenas a primeira das súas palabras grafada en negriña e algunhas en cursiva. A liña temática destes poemas vén constituída pola dor e a aflición perante un mundo enfrontado entre os traballadores e traballadoras e os

seus xefes e xefas. Representa, nunhas palabras, a crise laboral da súa nación. O terceiro e derradeiro eixe, do ano 2009, e homónimo do título do volume, abrangue once composicións sen título e outras cinco con título, todas elas en torno a esa crise que somerxe o ser humano na derrota existencial. Actúa asemade, a xeito de recompilación das ideas expresadas nos dous eixos anteriores, ao tempo que pecha o volume.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A 'verdadeira' crise do mundo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xuño 2009, p. 36.

Comenta este poemario no que Alberte Momán recolle as súas inquedanzas políticas e sociais. Explica que se trata dun libro editado por Lulu.com baixo licencia "creative commons" e que presenta unha estrutura en tres partes. Considera que a primeira, intitulada "Un agora que non quere saír" e escrita en 2004, é a máis intimista, pois nela aparecen numerosas referencias á tasca, como espazo no que o individuo socializa, e imaxes relacionadas co sadomasoquismo. Sobre a segunda, "Síndrome de Estocolmo", creada en 2008, di que recrea as relacións entre o traballador e o empresario que se beneficia da súa forza de traballo. Volve, así, a idea do dominio e a submisión, a saudade e a ausencia. Na terceira parte, que é a máis recente e a que dá título á propia obra, afirma que o autor expresa o seu sentir sobre o mundo actual, isto é, "unha socialdemocracia e un nacionalismo galego que ao seu ver viraron cara á dereita". Como remate, cita obras de Momán como *Erótica*, coa que gañou o Premio de Poesía Francisco Añón no 2004; *Baile Atha Chiath* (2008), co que gañou o Premio de Poesía Erótica en 2008; e *O lobo da xente* (2003), co que obtivo o Narrativas Quentes en 2003. Lembra finalmente que en Lulu.com Momán tamén editou *Ferrol e o que queda por chover* (2008), mentres que Difusora das Letras foi a encargada de editar *O alento da musa* (2007).

Negro, Álvaro, *Abro a xanela e respiro o aire fresco da fin do mundo*, ed. trilingüe galego, castelán e inglés, A Coruña: Grupo Gas Natural. Arte Contemporáneo y Energía AIE, 2009, 119 pp. (ISBN: 978-84-613-5880-9). ◆

Poemario trilingüe que presenta fotografías e un texto en prosa de Álvaro Negro (Lalín, 1973) da súa permanencia en Berlín, xunto con composicións poéticas de Carlos Negro, Celso Fernández Sanmartín e Chus Pato. Ademais dos retratos do autor, o volume contén sete imaxes da película *Der Himmel über Berlin (O ceo sobre Berlín)* (1987), de Wim Wenders. Os textos presentan a versión castelá seguida da galega. A versión en inglés recóllese ao final do volume, cunha letra en menor tamaño e sen intercalar imaxes nos textos. Acóllese ademais unha pequena achega á actividade profesional de cada un dos escritores que colaboraron na obra, incluído o autor. Péchase o volume cunha dedicatoria "aos meus anxos murmuradores: Peter Handke, Andréi Tarbovsky, Enrique Vila-Matas, Rober Walser e Wim Wenders" e unha serie de agradecementos. Os textos en galego son os que seguen:

- Álvaro Negro, "Abro a xanela e respiro o aire fresco da fin do mundo", pp. 7-10.

Trátase dun texto en prosa de Álvaro Negro, a modo de reflexión, no que se divaga sobre a estadía berlinesa, a vida e o proceso creador do artista. Hai referencias aos autores que participaron no volume: Celso F. Sanmartín, Chus Pato e Carlos Negro e incorpóranse versos de W.G. Sebald e Ryookan.

- Celso Fernández Sanmartín, "Sobre 'Xestos tomando o sol", p. 26.

Ao lado dunha fotografía na que se observan as pernas de dúas persoas tomando o sol nunha terraza, a Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) suxírelle, entre outras cousas, que "xogan cos pés e coas maus/como os espasmos cos que nos rendemos ó sono".

- Celso Fernández Sanmartín, "Sobre 'Canción de infancia", p. 36.

Nesta composición de Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969), o eu lírico comenta o que lle evocan as imaxes dunha árbore coas follas secas do outono.

- Chus Pato, "Proxecto para a formación dun carácter: unha fortaleza no deserto", pp. 44-50.

Poema extenso de Chus Pato (Ourense, 1955), ao par das imaxes do filme de Wim Wenders, no que as formas do cotiá se mesturan con reflexións filósoficas e históricas baixo categorías como "Alimentación", "Lectura", "Un soño", "Escritura", "Visitas", "Pintura", "Contorna" ou "Fronteira". Alúdese ademais ao traballo *Paul Klee (Diálogo dos Anxos)*, de Álvaro Negro.

- Carlos Negro, "KreyzKölln", pp. 72-89.

Estes textos poéticos de Carlos Negro (Lalín, 1970) están introducidos por versos de Rainer Marie Rilke e John Ashbery. Reflexiona sobre un espazo de tránsito, nomeado KreyzKölln, baixo diferentes etiquetas como "esqueleto", "cascallos", "epifanías", "misto", "ollo", "cúmulos" e "caracol", entre outras. Teñen a súa correlación coa presenza de fotografías do lugar, ao lado da entrada dunha boca de metro.

- Celso Fernández Sanmartín, "Sobre Sauces e pedras *(Wannsee)*", p. 92.

Breve composición de Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) na que destaca a presenza duns salgueiros choróns. Ao lado, pódese ver unha serie de fotografías desta árbore en diferentes perspectivas.

- Celso Fernández Sanmartín, "Sobre Reloxo e paxaros *(Wannsee)*", pp. 94-95.

Inspirado nas fotografías que acompañan ao texto poético, Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969) describe dunha praia, intercaladando un diálogo, no que un fillo lle fai diversas preguntas á nai.

Novoneyra, Branca, *Dentro do labirinto*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 221, outubro 2009, 54 pp. (ISBN: 978-84-92646-28-9).

Ábrese o poemario cunhas palabras da autora, Branca Novoneyra (Lugo, 1976), que manifesta que lembra "escribir este libro como unha especie de conxuro para evitar a perda da memoria". Diríxese ademais ao lectorado para indicarlle o que atopará e o que percibirá cando lea o poemario. A continuación, divídese o poemario en dúas partes. A primeira iníciase despois dos seguintes versos: "Trenzo espertares eléctricos/na gruta dos avisos brancos/na liña sen ollos/en paredes onde o mar ilumina a miña boca". Trátase de trinta e dous poemas titulados. Esta parte compleméntase co apartado "After Dark", composta por cinco composicións, das que tres están intituladas. Trátase dunha poesía intimista que se enfronta á incerteza como unha sorte de obstáculos, nos que hai certa nostalxia polo tempo pasado. Obsérvase ademais un rodeo constante da morte, ao tempo que o corpo en movimento, fundamentalmente, vencellado coa caída, se relaciona cos propios sentimentos líricos da voz poética ("as cicatrices dan ás caídas"). As alusións ao corpo (ollos, pel, mans,...) son frecuentes e destacan os elementos que nomean todo tipo de fauna ("araña", "moscas", "insectos", "páxaro", "abellas", "cabalo",...). Abundan os verbos en primeira persoa. Os textos poéticos compleméntanse con catro ilustracións de Anxo Pastor, na cuberta e no interior.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Labirintos eléctricos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 792, 20 decembro 2009, contracuberta.

Ademais de opinar sobre o libro de Juan Gelmán, *Bajo la lluvia ajena*, saúda a publicación do poemario de Blanca Novoneyra. Del di que amosa "con orgullo as cicatrices que quedan nos vestidos das avoas". Ademais, indica que Anxo Pastor, o ilustrador do libro, soubo "debuxar con finísimo lirismo e con elegante trazo".

- M. Dopico, "As ruínas do recordo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Creación", 22 decembro 2009, p. 28.

Ábrese o artigo cuns versos deste poemario. Dá conta ademais da presentación da obra na galería compostelá SCQ, co só de danza "Game Over", creado a partir dos textos do libro e da propia autora, quen considera que a recuperación da memoria é a idea central do poemario. A autora declara, entre outras cousas, que as composicións foron escritas hai xa dous anos, agás os do final, encabezados co título "After Dark". Coméntase o contido do libro e para rematar, opínase que está escrito cun "estilo limpo, sen ornamentos innecesarios". Nun á parte, fálase brevemente da autora e dos seus proxectos interdisciplinares.

- S. C., "Gospel 'a capela' y poesía", *El Correo Gallego*, "Santiago", 22 decembro 2009, p. 24.

Dáse conta da gala benéfica celebrada no Teatro Principal que puxo fin ao programa municipal "Nadal Solidario". Ademais, infórmase da presentación deste primeiro libro de poemas de Branca Novoneyra.

- La Voz, "Branca Novoneyra presentou un só de danza e o libro que o inspira", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 22 decembro 2009, p. L5.

Recolle a presentación do poemario de Branca Novoneyra co só de danza "Game Over", creado a partir das composicións do libro. Dise que Isaac Garabatos e Jesús Andrés Tejada puxeron a música e que estivo dirixido por Kirenia Martínez.

Oreiro, Lois, *Uns ós outros*, Santa Comba: Editorial tresCtres, col. Varilongo. Poesía, n.º 10, 2009, 127 pp. (ISBN: 978-84-92727-11-7).

Poemario de Lois Oreiro (1966) que comeza cunha "Nota bene", na que o autor describe o volume que o lectorado encontrará a continuación, destacando a estrutura e as temáticas abordadas no mesmo. Deseguida, comeza o poemario dividido en catro bloques intitulados "Caer caendo", "Desamor", "Poemario básico e "Fisterra". O primeiro dos bloques contén vinte e oito poemas de extensión variada; o segundo, dezaseis; o terceiro, vinte e tres; e o último, dezanove. Todos os poemas veñen precedidos de números romanos e carentes de títulos. O volume caracterízase pola falta de imaxes, agás unha fotografía da casa de Emily Dickenson e unha ilustración que introduce o apartado intitulado "Patagonia", incluído dentro do último bloque. O poemario, cun marcado carácter pesimista, aborda temáticas que van dende a razón até a abordaxe dos sentimentos vinculados ao amor e máis concretamente ao desamor e a contorna de Fisterra. Abrangue así, a través de ditas temáticas, cuestións puramente trascendentais dende o campo das emocións, dúbidas e intereses relacionados co devir da humanidade.

Pato, Chus, *Secesión*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 274, xuño 2009, 127 pp. (ISBN: 978-84-9865-195-9).

Volume iniciado cunha cita de Roland Barthes na que este autor reflexiona sobre os conceptos de escritura e lectura. A continuación aparece un breve texto sen asinar, a modo de prólogo, onde se mesturan reflexións sobre a literatura e o sentimento do amor. O poemario, así o considera Chus Pato, consta de dúas seccións, que a súa vez presentan diferentes subapartados. A primeira sección do libro divídese en tres apartados. O primeiro, "Onde as cavernas cantan", que consta de oito poemas, alberga diferentes historias que se poderían considerar narracións. Nestas composicións aparecen personaxes cargadas de raciocinios e problemas existenciais. Tamén hai claras referencias a lugares concretos: Carral, os desertos de Exipto e Haffa, Tánxer, os Cárpatos, etc. No primeiro dos poemas, "Carral", a autora lembra a súa nenez na vila de Carral. Nos outros poemas reflexiona sobre diferentes aspectos da realidade deses lugares que está a visitar. A segunda parte, "O rostro e as montañas", contén once textos nos que vai disgregando a materia narrativa. Non hai un fío argumental, ofrece escenas, razoamentos relacionados coas vivencias que se describen, con continuas referencias á dor e á morte. Tamén aparecen recorrencias de personaxes, os cales van adquirindo identidade, como Pentesilea e Aquiles. No terceiro apartado deste primeiro bloque, "Espectros", que consta de catro textos, a autora continúa reflexionando sobre aspectos existenciais e que enlaza cos acontecementos previos. Hai de novo referencias xeográficas: Fisterra, e tamén alusións ao proceso de escritura e oralidade, como é o caso dos poemas "Anacos dun abecedario" e "Esta defunta que non para de falar". A segunda sección do volume comeza con "Mentres escribo". O ton é agora ensaístico e a modo de diario a autora reflexiona sobre a creación poética. A segunda sección deste bloque leva o título de "Disciplinádevos, pensamentos" e consta de seis textos. De novo

aparecen ideas e reflexións misteriosas. O vocabulario mostra o desespero da poeta ante o intento de entenderse a sí mesma. Nestes seis textos o eu da autora está presente de maneira continua. O último apartado deste segundo bloque leva o título de "Ruínas" é consta dun só texto. Nel a poeta reflexiona de novo sobre o proceso de creación poética, comparándoo cun conxunto de ruínas. O libro finaliza cun apartado, "Sobre este libro", no que a autora aclara diferentes aspectos e realiza varios agradecementos.

Recensións:

- Isaac Lourido, "Canto pode a escritura", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 20.

Sinala que o percorrido poético de Chus Pato dialoga, se reforza, se lexitima e se alimenta co que producen autores como Xabier Cordal, Iris Cochón ou Arturo Casas. Apunta que a propia autora adiantou a posibilidade de enfrontar o conxunto de textos de *Secesión* como unha guía de lectura da súa pentaloxía *Método*. Apunta que este libro incorpora algúns dos puntos de ancoraxe que sosteñen a súa traxectoria última e que se concreta nunha práctica que, contemporaneamente e en sentido funcional, hai que considerar como poética e proxectada para desbordar o estreito repertorio do *lírico*. Apunta que *Secesión* volve transitar a comunidade e a nación e explica a función que nela exerce a memoria, así como manifesta que a escrita de Pato "aspira a unha eficacia *diferida* en que o poema funcione no prazo medio ou longo, na distancia necesaria para que se constitúa en testemuño significante, aproveitábel e apropiábel na construción xenealóxia, histórico-lingüística, comunal".

- Miguel Sande, "Chus Pato, inclasificable e xenial", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 332, "Letras en galego", 26 setembro 2009, p. 11.

Palabras laudatorias para Chus Pato pola súa obra, definida como "un proceso de pensamento sobre a escritura", pois recoñece seguir con grande interese a súa traxectoria literaria e a súa poética. Sobre *Secesión* afirma que presenta dificultades para a súa clasificación, motivo polo que concorda co editor Carlos Lema en denominala "texto". Conclúe que se trata dun proceso de pemsamento sobre a escritura, non exento de poesía.

- Román Raña, "Ensaio visionario. Do lado dos humanos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 306, "Libros", 29 outubro 2009, p. VII*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 257, "Letras galegas", 7 novembro 2009, p. 6.

Fala do carácter fragmentario de *Secesión*, así como da reflexión sobre a propia escrita que a autora realiza nesta obra de difícil clasificación. Sobre esta cuestión considera que se adentra fundamentalmente no terreo do ensaio dunha maneira visionaria. Así mesmo, presta atención ás dúas seccións da obra. Afirma que na primeira delas se inclúen tres apartados: "Onde as cavernas cantan", "O rostro e as montañas", e "Espectros". Na segunda distínguense tres: "Mentres escribo", "Disciplinádevos, pensamentos" e "Ruínas".

- X. M. Eyré, "A vangarda de Chus Pato", *A Nosa Terra*, n.º 1.386, "Cultura", 17-23 decembro 2009, p. 28.

Comenta que Chus Pato está vinculada á anovación poética máis vangardista e que presenta unha escrita fortemente axenérica. Indica que escribe literatura en parámetros que a tradición crítica dificilmente pode atender a explicar. Refírese tamén ao seu libro, do que subliña que o que queda despois da súa lectura é o pensar e o sentir e mais que o seu ourensanismo singulariza esta obra. Finalmente apunta que a escrita descontextualizada de Chus Pato se concibe como instrumento que obriga a reflexionar sobre o mundo e sobre o seu contexto.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, "Actualidad del mito del Santo Grial", *El Correo Gallego*,"La Rosa de los Vientos", 13 xullo 2009, contracuberta.

Destaca autores tanto estranxeiros coma galegos sobre o ciclo artúrico, caso de Álvaro Cunqueiro e Darío Xohán Cabana. Refírese tamén a Chus Pato con motivo da publicación de *Secesión*.

- Daniel Salgado, "Contra a lingua da razón instrumental", *El País*, "*Galicia*" "Luces", 26 xuño 2009, p. 8.

Faise eco das afirmacións da ourensá Chus Pato sobre o carácter biográfico de *Secesión*, mencionando outras obras coma *M-Talá* (2000), *Carta de Tánxer* ou *Anacos dun abecedario*. Despréndese de *Secesión* toda unha teoría sobre o xénero poético e a lingua.

- maré, "O mellor do 2009", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 decembro 2009, p. 29.

Anúnciase que o xornal *Galicia Hoxe* lle dedicará ao día seguinte catro páxinas ao mellor da cultura de 2009 entre o que se atopa *Secesión*, de Chus Pato, como mellor libro que é cualificado como "un libro que se move nos lindes dos xéneros".

Peña Álvarez, Paulino, *Gramática da afirmación*, XI Premio de Poesía Concello de Carral 2008, prólogo de Ánxeles Penas, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 213, maio 2009, 95 pp. (ISBN: 978-84-92646-12-8).

Poemario de Paulino Peña Álvarez (Moialde-Vilardevós, 1960) que se abre cunha dedicatoria a "Luís, Paula e Luísa por ser vagalumes e moxena cando o sol se dorme" e mais a Ánxeles Penas, que ademais é a autora do prólogo, datado na Coruña o 3 de marzo de 2009. Penas, en calidade de membro do xurado do XI Premio de Poesía Concello de Carral 2008, explica os motivos polos que foron distinguidas "estas páxinas vivas e auténticas" con este galardón. Trátase de setenta e oito composicións sen título, agás "Verba que acelma a boca" e "Telémaco", de verso libre e extensión variábel. De carácter intimista, os poemas transmiten, polo xeral, unha mensaxe vital, aludida xa no propio título, pero tamén en versos nos que o eu lírico afirma que "desenvurullo/a gramática da sístole e da diástole" sobre o silencio. Deste xeito, recupérase a memoria da infancia e os espazos de Vilardevós (Grandamil, Curtiñeiro, Madredauga, Barcocas, Andamil, Fonte da Cadela,...), ao tempo que se harmoniza cos elementos naturais (os

ríos, as árbores,...) e se reflexiona sobre o sentido da vida e a propia natureza do ser humano. As referencias metapoéticas aparecen encubertas tamén ao longo do libro, en versos como "Mirei atrás/recobrei a palabra esquecida/edifiquei un verso/...". Por outro lado, algunhas pezas están introducidas con citas de diversos autores como Marta Dacosta, Baldo Ramos, Xavier Seoane, Xohana Torres, Darío Xohán Cabana, Miguel Anxo Fernán Vello, María-Mercé Marçal, Xosé María Álvarez Cáccamo e Luis Cernuda.

Recensións:

- Román Raña, "Libro-Casa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 313, "Libros", 17 decembro 2009, p. VI*/La Opinión*, "*Saberes*", n.º 264, "Letras galegas", 26 decembro 2009, p. 6.

Insire o poemario de Paulino Peña Álvarez, gañador do XI Premio de Poesía Concello de Carral, nunha corrente intimista, no que se fala das "patrias da infancia e das infancias da patria". Apunta que é no lugar nativo no que o autor contempla aquilo que o enche de emoción e considera que a natureza é un conxunto de signos "que temos que interpretar". Sostén que nel hai ecos doutros poetas, como Eduardo Pondal, Aquilino Iglesia Alvariño, Uxío Novoneyra e Avilés de Taramancos. Para rematar, indica que coexisten no poemario "frechas contra a aldraxe e cantos de amor ao lar".

Referencias varias:

- M. Dopico, "A paisaxe que nos 'moldea", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escrita", 8 outubro 2009, p. 36.

Dá conta da publicación desta obra de Paulino Peña, que vén de gañar o XI Premio de Poesía do Concello de Carral. A seguir, recollénse as declaracións do gañador, quen afirma que os seus versos pretenden ser unha homenaxe á lingua e á terra galega. Comenta como xurde a lembranza dos lugares vividos e xustifica tamén a presenza de certas imaxes no poemario. Indica que a "luz sempre vence a calquera adversidade" e explica o uso que fai da "imaxe da tribo". Por outro lado, salienta que esta obra é unha achega á tarefa de dignificar o idioma. Nun á parte, reflexiona sobre o que é poesía e sobre a importancia da memoria.

- Paulino Peña, "De 'Gramática da afirmación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 outubro 2009, p. 38.

Insírese nesta sección fixa o fragmento "MOIALDE pupila aberta..." pertencente ao poemario *Gramática da afirmación*, de Paulino Peña.

- Paulino Peña, "De 'Gramática da afirmación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 outubro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección o fragmento "Á veces e por un intre..." incluído no poemario *Gramática da afirmación*, de Paulino Peña.

- Paulino Peña, "De 'Gramática da afirmación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 outubro 2009, p. 38.

Sección fixa na que se reproduce o fragmento "NAQUELA illa do fin da ría..." integrado no poemario *Gramática da afirmación*, de Paulino Peña.

- maré, "Voces 'imprescindibles", *Galicia Hoxe,* "MARÉ", "Poesía", 29 setembro 2009, p. 39.

Infórmase do debut na poesía de Paulino Peña coa publicación deste libro, ademais de dar conta de varias reedicións.

- Lupe Gómez, "Os folgos da terra", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 785, "Un raio de sol", 1 novembro 2009, p. 6.

Fala do poeta Antón Avilés de Taramancos e rememora as sensacións que tivo ao visitar a taberna que o poeta rexentaba en Noia, cando lle encargaron no xornal no que traballaba irlle facer unha entrevista á viúva. Por outro lado, menciona a obra de Paulino Peña Álvarez, da que aprecia, entre outras cousas, unha "gran riqueza lingüística".

- Paulino Peña, "De 'Gramática da afirmación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 decembro 2009, p. 38.

Insírese nesta sección fixa o fragmento "Sobre o eco do silencio..." pertencente ao poemario *Gramática da afirmación*, de Paulino Peña.

Pérez Rei, Mariña, *Apuntamentos para un cuarto confuso e cambiante*, Ribeira: Antonio Piñeiro, col. "Bourel", 2009, 48 pp. (DL:C. 1583-2009).

Poemario de Mariña Pérez Rei (Ames, 1966) feito por medios artesanais e cunha edición limitada e única de cen exemplares seriados, numerados e asinados, aínda que tamén se fixeron cinco exemplares máis non circulantes engadidos para Depósito Legal e autores. Ábrese cunha dedicatoria "A meus irmáns, cuartos compartidos" e cun poema de Alejandra Pizarnik. A continuación recóllense os diferentes poemas que xogan coa tipografía e co espazo en branco e nos que a noite, o sono, o silencio, os amantes e sobre todo o eu lírico e os cuartos e a vida que xira arredor deles son os protagonistas. Acompáñase das ilustracións orixinais da autora.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "Cuarto de seu", *A Nosa Terra*, n.º 1.365, "Cultura", "Crítica", 25 xuño-1 xullo 2009, p. 32.

Coméntase que esta obra conta cunha coidada presentación e unha tirada de tan só cen exemplares. Con respecto ao seu estilo, afírmase que é "intimista" e ten unha "fonda dimensión alegórica", que se ve reforzada polo emprego da tipografía para resaltar parágrafos especiais. Conclúese reproducindo algúns versos do libro para exemplificar

os seus argumentos con respecto á riqueza simbólica dos cuartos, escenarios onde suceden os poemas.

- Armando Requeixo, "O cuarto infinito de Mariña Pérez Rei", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 543, 26 xullo 2009, p. 21.

Comeza aludindo ao primeiro poemario de Mariña Pérez Rei, *Fanerógama* (2006), co que alcanzou o Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, antes de se centrar neste seu segundo traballo, editado artesanalmente por Antonio Piñeiro na colección "Bourel". Salienta que na poética da autora atopan acubillo temas arredor da palabra, o ser e a dúbida, visíbeis neste poemario a carón dunha unión vexetal e cósmica e o simbolismo do cuarto. Por el, sinala, pasan os amores, os amigos, o paso dos días e os desvelos. Finaliza recomendando a lectura desta poeta malia o reducido da tiraxe deste poemario.

- Vicente Araguas, "Leslie Howard en Cedeira", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 2 agosto 2009, p. 10.

Tras dar conta da homenaxe celebrada en Cedeira, na serra da Capelada, para lembrar a morte nese lugar do actor Leslie Howard tras ser abatido o avión no que viaxaba polos alemáns en 1943, refírese ao poemario de Mariña Pérez Rei. Repara primeiramente na edición artesanal con gravados e debuxos orixinais realizada por Antonio Piñeiro, limitada a cento cinco exemplares numerados, e salienta o talento desta nova autora. No que atinxe ao contido, destaca que se trata de composicións "que se moven entre o amor dorido e a dor provocada polo amor sen resolver", e recoñece certo contido existencial ao que apunta a cita previa de Alejandra Pizarnik.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Confusa e cambiante", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 abril 2009, p. 30.

Entrevístase a Mariña Pérez Rei, autora d'*Apuntamentos para un cuarto confuso e cambiante*, un poemario no que a escritora reflexiona sobre a súa concepción da vida e da poesía dende a fraxilidade e o fragmentarismo. "Busco a antítese, a incerteza, a dualidade. Xogo coa variabilidade dos sentimentos", explica Pérez Rei. Fálase, tamén, do seu libro *Fanerógama* (2006), co que gañou o premio Eusebio Lorenzo Baleirón; e *Canícula* (2007), novela coa que gañou o Lueiro Rei e na que dá unha visión un tanto catastrofista da Galicia do futuro. Sinálase que nela o fío condutor é a soidade humana, tema recorrente na súa obra.

- C. P., "A poesía é un espazo íntimo que debe nacer do caos, o desorde e a dúbida", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 14 xuño 2009, p. L16.

Conversa con Mariña Pérez Rei, na que se citan, ademais desta obra outras anteriores como o seu poemario *Fanerógama* (2006) e a súa novela *Canícula* (2007), volumes gañadores nos certames literarios Lorenzo Baleirón e o Lueiro Rei, respectivamente.

- M. Dopico, "O lugar da creación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xuño 2009, p. 34.

Fai referencia ao poemario de Mariña Pérez Rei, sobre o que se afirma que se trata dunha reflexión sobre a escrita que agroma da incerteza, o caos e a variabilidade. Considera que o volume recrea dualidades (a noite e o día, a luz e a sombra…) e que reitera imaxes (o ceo, o soño, o faro…). Sinala que ao lado da autopoética tamén se atopan outras cuestións como a soidade e a destrución que a escritora xa tratou noutras obras.

Pernas, Ramón, *Poesía (in)completa*, Madrid: Huerga & Fierro, col. Poesía, 2009, 89 pp. (ISBN: 978-84-8374-746-9).

Ramón Pernas (Viveiro, Lugo, 1952) publica este libro de poemas en castelán que inicia cun prólogo titulado "Acusatio manifiesta" e pecha cunha sección de poemas en lingua galega que leva o título de "Poemas elementais". Este bloque consta de dez poesías de extensión variábel, aínda que a maioría son breves. As seis primeiras composicións están dedicadas aos catro elementos naturais e ao sol e a lúa. Nos poemas alude a estes elementos da natureza invocándoos para conseguir o seu favor e protección. O sétimo poema ten como protagonista a un galo, ao cal o autor lle pide que cante para el un "tedeum azul" antes de que morra. No poema número oito, "Oración parva", o poeta pídelle ao Señor que lle proporcione un criado para a súa vellez. Os dous últimos textos da sección, "Testamento" e "Inventario", fan referencia ás cousas que o poeta recorda do seu pasado, da súa infancia en Galicia.

Recensións:

- Francisco Díaz de Castro, "Poesía (in)completa", *El Mundo*, "*El Cultural*", "Letras", "Poesía", 27 febreiro-5 marzo 2009, p. 20.

Analiza a obra poética de Ramón Pernas que sae ao prelo baixo o título *Poesía (in)completa*, facendo primeiramente unha aproximación ao labor deste autor como novelista, articulista e xestor cultural. Di que neste poemario se reúnen corenta dos seus poemas, algúns deles gañadores de varios premios literarios e publicados en revistas. Sinala que no prólogo, que leva por título "Acusatio manifesta", o propio autor sinala que a maior parte dos textos pertence aos anos setenta e oitenta e están escritos en galego e castelán. Recóllense neles, segundo comenta, vivencias de mocidade, a paisaxe e o mundo cotián, o tempo e a memoria escritos cunha linguaxe profundamente sensorial e rica en imaxes. Destaca o profundo sentimento da paisaxe (Bos Aires e Xerusalén) que logra a súa expresión máis fonda ao recuperar o mundo galego (paisaxe, memoria íntima e conciencia social) e pon de exemplo o poema dedicado a Viveiro. Por último indica que os dez "Poemas elementales" en galego que pechan a obra, datados en 1970, son boa mostra da realidade que tenta amosar.

Porto Mato, Andrea, *ECO in aeternam,* XV Premio de Poesía 'O Grelo', prólogo de Xosé Luna Sanmartín, Santiago de Compostela: Fundación Amigos de Galicia, 2009, 53 pp. (ISBN: 978-84-613-4723-0). ◆

Poemario de Andrea Porto (Codesada, 1989) que comeza cunha nota do xurado do premio na que se define como un traballo cheo de "vitalidade e sonoridade", con

constantes referencias musicais e de temática eminentemente amorosa. Xosé Luna Sanmartín, encargado do prólogo, insiste nas premisas anteriores e define esta obra como "crónica musical do amor". Descríbese a paisaxe a través dos seus sons, poemas algúns deles claramente autobiográficos e escritos en primeira persoa, na súa maioría, nos que se emprega o verso libre e unha linguaxe próxima ao lectorado agardado, xa que a autora está a abordar o mundo máis próximo, dos sentimentos propios. Non se prescinde tampouco de notas humorísticas e xogos de palabras. As referencias musicais son constantes, dende a propia estrutura a modo dunha ópera (obertura-interludio-coda), á linguaxe musical (notas musicais, contrapunto, compás…), aparatos musicais (metrónomo, diapasón…), a músicos clásicos como Ludwig van Beethoven, Johan Sebastian Bach ou Frédéric Chopin, a músicos e grupos contemporáneos como Chavela Vargas, Fito Páez, Goytisolo, Los Suaves, Led Zeppelin ou frases de coñecidos temas de Joaquín Sabina, Maná, Extreme e mesmo se fai referencia á "Lela" de Daniel Rodríguez Castelao ou outras cancións populares galegas e tamén portuguesas.

Pozo Garza, Luz, *Deter o día cunha flor*, A Coruña: Baía Edicións, 2009, 76 pp. (ISBN: 978-84-96893-79-5).

Luz Pozo (Ribadeo, 1922) publica este poemario coas ilustracións de José Valentín (Betanzos, 1942). O libro consta de tres textos introdutorios a modo de limiar. O primeiro destes textos é un poema de Claudio Rodríguez Fer que leva o título de "A luz Azul". O segundo texto, asinado por Carmen Blanco, leva o título de "A flor do Paraíso" e o último dos textos é "Dualidade harmónica", firmado por Xulio Valcárcel. O poemario estrutúrase en catro bloques: "Aleph", "Li Yián pide deter o día", "Lotus no corazón" e "Carta de Beatrice. Vía-Láctea". O primeiro dos bloques contén trece poemas nos que as reflexións sobre o amor, a natureza e a existencia son os eixos temáticos. A presenza do tempo, do paraíso e de Deus é constante nas composicións desta sección. No apartado, "Li Yián pide deter o día", a poetisa fala nos seus poemas da escritora chinesa do século XI Li Yián. Ela é a protagonista da meirande parte dos trece poemas que compoñen este bloque. O amor deste personaxe, xunto coa aparición de diferentes elementos da natureza: a flor do loto, as aves... presentan un mundo oriental idealizado. "Lotus no corazón" inclúe tamén trece poemas. A temática varía respecto ao segundo bloque. Aquí aparecen poemas sobre o Santo Graal, sobre a morte e tamén hai moitas referencias a lugares concretos: O Cebreiro, Pía Paxaro, Illas Cíes. Así e todo, motivos como as flores ou as aves vólvense repetir. O último apartado do libro, "Carta de Beatrice. Vía-Láctea" consta de catro poemas dedicados a Dante e a Santiago de Compostela.

Recensións:

- Teresa Seara, "Onde as estremas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 5.

Sinala que a vocación de suspender o paso das horas é a que move a Luz Pozo Garza a expresar no seu último poemario o desexo de liberar esa "alma en vilo na promesa da flor". Refírese aos vimbios poéticos cos que a poeta de Ribadeo constrúe boa parte da súa obra e o recente volume, no que conxuga dúas linguaxes: a da poeta e a do gravador José Valentín, que alcanza alturas sublimes na utilización dos materiais e das cores

chegando a estabelecer cos versos un intenso e enriquecedor diálogo. Apunta as liñas temáticas de *Deter o día cunha flor* (pescuda nas orixes do ser, o misterio do tempo á fuga, a dualidade do ti e do eu…), ademais de sinalar que nel "perdura o delicado arrecendo das flores, ese enigmático límite que sinala as estremas do corazón humano e que nos imbúe de clarividencia".

Referencias varias:

- M. Dopico, "Deter o día cunha flor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 marzo 2009, p. 36.

Preséntase este poemario escrito por Luz Pozo Garza e ilustrado por José Valentín. Coméntase que está dividido en catro partes ("Aleph", "Li Yian pide deter o día", "Lotus no corazón" e "Carta de Beatrice-vía láctea") e que se trata dunha obra na que a escritora se reencontra cos seus temas de sempre reflexionando, pois, sobre a existencia, o paso do tempo ou a flor. Indícase que a segunda das partes, que lle dá nome ao volume, é o título dun poema dunha poetisa chinesa do século XI chamada Li Yian que lle levou a escribir uns versos dedicados a Rosalía de Castro. Pozo comenta tamén que algúns dos poemas que conforman a obra foron escritos expresamente mentres que outros xa foran publicados con anterioridade.

- Rodri García, "Luz Pozo presenta hoxe o seu poemario 'Deter o día cunha flor', inspirado na poeta china Li Yian", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 abril 2009, p. 50.

Infórmase da publicación do poemario de Luz Pozo Garza, unha obra con limiar de Xulio Valcárcel e ilustracións de José Valentín inspirada pola poeta china Li Yian. Sinálase que nos primeiros poemas está moi presente a forza da vida e que ademais varios dos poemas están dedicados ao seu defunto marido, o poeta Eduardo Moreiras. A autora sinala que a obra non está acabada debido ao seu gusto polas cousas fragmentadas.

- Marta García Márquez, "Luz Pozo: 'A poesía vai ao mesmo ritmo do corazón, por iso metérono no peito", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 26 abril 2009, p. 14.

Fala do poemario de Luz Pozo Garza, un título relacionado cunha escritora chinesa do século XI da que só quedou unha peza que Pozo rescatou de casualidade. Explica que o seu defunto marido Eduardo Moreiras sempre está presente nos versos. Ademais engade que o volume vai acompañado de debuxos e gravados de José Valentín inspirados nas forzas da natureza.

- Isabel Bugallal, "Non teño sentido do tempo, nacín con esa eiva", *La Opinión*, 28 abril 2009, contracuberta.

Ao longo da entrevista a poetisa Luz Pozo Garza fala da súa vida, principalmente, da súa faceta artística. Así, cítase o seu último poemario, unha obra ilustrada por José Valentín, así como *Medea en Corinto* (2003), *Verbas derradeiras* (1976), *O paxaro na boca* (1952) e *Ánfora* (1949). Comenta que foi Manuel María quen a animou a escribir en galego.

- Jaureguizar, “Luz Pozo Garza escribe un libro ‘visionario”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 30 abril 2009, p. 63.

Refírese á presentación do poemario de Luz Pozo Garza, unha obra inspirada na poetisa chinesa do século XI Li Yian que a propia autora considera “visionaria” e na que recolle as súas arelas nunha visión futura persoal e vital. Sobre o texto explica que se divide nunha parte de temática amorosa e outra relixiosa.

- Joan Ribot, “Memoria selectiva”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 2 maio 2009, p. 4.

Cita a obra da poetisa Luz Pozo Garza, *Deter o día cunha flor*, como un libro que esperta moita expectación.

- Luz Pozo Garza, “De ‘deter o día cunha flor”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 maio 2009, p. 38.

Insírese nesta sección fixa o poema “Adeus soles adeus lúas...” pertencente ao poemario *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Ana Baena, “Vigo sempre será a cidade soñada pola que sinto amor”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 21 maio 2009, p. 11.

Fai referencia á presentación do poemario escrito por Luz Pozo Garza e ilustrado por José Valentín. Comenta que o libro se inspira en *Atmósferas* (2007), obra de Olga Patiño, e que o título provén dunha estrofa do único poema que Pozo coñece dunha poetisa chinesa do século XI que lle fala ás plantas. Cita tamén o seu libro *Ondas do mar de Vigo* (1996).

- Lara Rozados, “A luz é un misterio e a flor a forma máis pura”, *A Nosa Terra*, n.º 1.360, “Cultura”, 21-27 maio 2009, p. 31.

Conversa coa autora do poemario *Deter o día cunha flor*, Luz Pozo Garza, na que explica que se trata dun poemario de amor expresado en catro apartados. Sobre o primeiro, “Aleph”, di que son meditacións das que xorde unha diversidade de visións (a vida, arelas divinas, etc.). Do segundo, “Li Yián”, que está inspirado nesta poetisa chinesa do século XI, indica que as visións son diálogos de amor e de ausencia. Do terceiro, “Lotus no corazón”, no que recupera os espazos fragmentarios de *Prometo a flor de Loto* (1993), sinala que contén unha serie de elexías a Eduardo Moreiras, o seu marido falecido. E da última sección, “Carta de Beatrice Vía-Láctea”, comenta que nela se reproduce a visión mística do camiño iniciático de Compostela nunha lembranza do amor e da morte. Así pois, conclúe que con esta obra regresan os símbolos constantes da poesía da súa poesía tales como a flor.

- Luz Pozo Garza, “De ‘deter o día cunha flor”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 4 agosto 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema “Non sabía...” pertencente a *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, “De ‘Deter o día cunha flor”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 17 outubro

2009, p. 38.

Insírese nesta sección fixa a composición "Ánfora" recollida no poemario *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, "De 'Deter o día cunha flor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 outubro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Descubrimos a flor..." da obra *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, "De 'deter o día cunha flor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 novembro 2009, p. 39.

Insírese nesta sección fixa o poema "Pedín a miña guía..." pertencente ao poemario *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Manuel Vidal Villaverde, "Que foi da lúz da lúa neste outono?", *Atlántico Diario*, "Opinión", 16 novembro 2009, p. 15.

Reprodúcense uns fragmentos das seguintes obras co obxecto de transmitir os sentimentos producidos pola chegada do outono: *Sombra do aire na herba* (1959), de Luís Pimentel; *Cantos caucanos* (1985), de Antón Avilés de Taramancos; e *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, "De 'Soñar a neve", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 novembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Perdín a miña guía..." pertencente a *Soñar a neve*, de Luz Pozo Garza.

- Luz Pozo Garza, "De 'Deter o día cunha flor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 novembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Descalza (a Olga Patiño Nogueira)..." da obra *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo Garza.

Ramos, Baldo, *Palabras para un baleiro*, IX Premio Fiz Vergara Vilariño, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 219, outubro 2009, 73 pp. (ISBN: 978-84-92646-23-4).

Este poemario de Baldo Ramos (Celanova, 1971) comeza cunha dedicatoria do propio autor para a súa filla Aldara; a continuación, aparecen dous versos do poeta Manuel Álvarez Ortega. Hai cincuenta e sete poemas que non están divididos en ningún apartado. A temática do poemario é moi variada e a extensión dos poemas é plural tamén, dende catro versos a máis de vinte. En canto aos temas aparecen poemas nos que fala da súa filla recén nada; neles reflexiona sobre os aspectos positivos e negativos da existencia e do mundo. Outro grupo de composicións son metapoéticas, centrándose o poeta no poder da palabra e da poesía, como elemento que vertebra o seu universo. O amor tamén aparece, aínda que é un amor descoñecido, anónimo, ao que o poeta

presenta dunha maneira difusa. Noutros poemas os elementos da natureza aparecen mesturados co resto dos temas do libro.

Referencias varias:

- Baldo Ramos, "De 'Palabras para un baleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 decembro 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "detrás de cada palabra..." pertencente ao poemario *Palabras para un baleiro*, de Baldo Ramos.

- Lupe Gómez, "O calígrafo invisible", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 decembro 2009, p. 34.

Conversa na que Baldo Ramos repasa a súa infancia e adolescencia en Celanova e onde indica que se move entre os terreos fronteirizos da palabra e da pintura. Indica que comezou a escribir con dezasete anos e a pintar dende 1993 e resalta que a caligrafía é unha ponte entre a poesía e a pintura. Con respecto a *Palabras para un baleiro* comenta que é unha reflexión poética sobre a nada, a orfandade e o medo ao futuro que xorde da súa experiencia de ser pai.

Ramos, Baldo, *Palimpsesto*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Poesía Edoy Leliadoura, n.º 9, 2009, 98 pp. (ISBN: 978-84-7824-587-1).

Poemario de Baldo Ramos (Celanova, Ourense, 1971) que consta de trinta e sete poemas titulados nos que non hai ningún tipo de signo de puntuación nin presenza de maiúsculas. Abre e pecha cunha dedicatoria, ao inicio vai para aos que axudaron a que o seu poema se convertese en libro e para rematar dedícallo a todos os autores dos que tomou prestados versos para incluílos neste libro. Así, facendo referencia ao seu título, xa que palimpsesto é o manuscrito que aínda conserva as pegadas dunha escritura anterior que foi borrada para dar lugar á que existe agora, Ramos toma algúns versos de autores que o marcaron na súa traxectoria vital e poética e inicia con eles un diálogo poético e failles unha homenaxe. Reflíctese o Ramos máis crítico e comprometido, xa que trata as realidades sociais que se vive, pero tamén a súa parte íntima xa que expón ao mesmo tempo as súas incertezas. Contén unha poesía esencialista, polo que expresa as emocións mediante uns versos moi concisos verbalmente. A súa faceta como pintor tamén queda reflectida no poemario xa que se observa que os poemas son moi plásticos.

Raña, Román, *O incendio das palabras*, XXV Premio de Poesía Cidade de Ourense, A Coruña: Espiral Maior/Concello de Ourense, col. Poesía, n.º 220, outubro 2009, 49 pp. (ISBN: 978-84-9246-24-1). ■

Román Raña (Vigo, 1960) comeza o libro de poemas cun limiar que leva o título de "Palabras iniciais", no cal repasa as súas vivencias persoais e literarias dende a publicación da súa última obra, *A metaformoses do túnel* (2005). Consta de vinte e oito poemas, sen división en seccións. A través dos versos o poeta fai unha viaxe á súa infancia e adolescencia. Desta maneira atópanse referencias aos veráns da nenez. Tamén

hai alusións a dous espazos xeográficos nos que atopou a felicidade como neno e adolescente: as terras do Ribeiro, especialmente Carballeda de Avia e Vigo. Nun grupo importante de composicións preséntase o amor como tema principal; é o caso do poema "Nos fomos militantes dunha aurora secreta", no cal se mestura ese sentimento coa rebeldía da xuventude e a pertenza aos sindicatos. Outros poemas no que o amor é o eixo central son: "Eu novo", "Amor cheo de fume" e "Dous corpos, dúas almas". A presenza da familia do poeta tamén está patente en varios poemas; así aparece súa nai no texto "Selva moral " e seus avós en "Os avós". A natureza é o outro dos fíos temáticos do poemario. Os elementos naturais que aparecen están relacionados co verán, que se presenta como estación principal do ano. En poemas como "Repetición das cousas", "Sentimento de estío no oeste do meu peito" e "Samil" o mar ten un papel principal, que implica luminosidade, sol e vacacións. Algúns dos textos, "Samil", "A Cantilena", "Dove tutto é niente" e "Alle´s Vater" están escritos en prosa poética.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, "Se quixese diñeiro escribiría en prosa", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "Cultura", 19-25 novembro 2009, p. 27.

Conversa na que Román Raña reflexiona sobre a súa escrita e sobre o seu poemario. Del comenta que é unha pescuda do sentimento de felicidade e entusiasmo da súa propia infancia e a súa primeira adolescencia. Tamén sinala que conta a historia feliz da súa vida de neno e mozo e que o máis importante é "transmitirlle ao lector unha mensaxe poética persoal". Con respecto á poesía galega destaca que dende o desastre do Prestige houbo un cambio radical nas actitudes dos poetas e finalmente comenta que escribir prosa esixe moita dedicación continua.

- Román Raña, "De 'O incendio das palabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 decembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa dedicada á poesía a composición "EU NOVO", d'*O incendio das palabras*.

Regueira, Mario, *Blues da crecente*, XII Premio de Poesía Johán Carballeira, A Coruña: Espiral Maior/Xunta de Galicia, col. Poesía, n.º 222, outubro 2009, 50 pp. (ISBN: 978-84-9246-25-8). ■

Poemario de Mario Regueira (Ferrol, 1979) composto por trinta e seis composicións nas que se reflexiona, nun claro ton pesimista e triste como o sentimento que acompaña ao blues, ao redor do amor e o desamor. Tras unha pequena ilustración en branco e negro, comeza a sucesión de poemas divididos en tres bloques diferenciados. Un primeiro bloque (pp. 8-23), intitulado "N.O", contén un grupo de quince poemas os cales se caracterizan por estar encabezados por nomes propios: Amanda, Marie e Paul, que se repiten en diversos poemas. O segundo bloque (pp. 24-38), intitulado "Eltricnina", contén doce poemas que non levan encabezamento ningún. Para rematar, o poemario consta dun terceiro bloque (pp. 39-50), "N.O. (Trens cara ao Sur)", cun total de nove poemas.

Regueiro, Arturo L., *Galicia Cajun*, trad. Anxos Sumai, textos de Xurxo Borrazás Fariña, Xosé Luís Mosquera Camba e Xosé Paraños Pardo, ed. bilingüe galego-castelán, A Coruña: Alva Gráfica novembro 2009, 141 pp. (ISBN: 978-84-613-6742-9).

Edición bilingüe galego-castelán na que o poeta Arturo López Regueiro (Caldas de Reis, 1961), presenta unha serie de poemas baseados na lembranza e na imaxinación do protagonista na súa terra natal. Dedicado a Verónica e prologado por Xurxo Borrazás, baixo o título de "Capas", contén unha primeira sección denominada "Cartografía", dedicada a Xulio Chicán e a Peregrina, na que, a partir dunha cita d'*O mapa do amor*, de Dylan Thomas, aparecen dous poemas a xeito de introdución, "Cartografía" e "Ordenación do territorio", que dan paso á subsección titulada "Os blues da illa". Móstrase aquí un poema en catro partes a partir dunha cita de Van Morrison. Faise eco na primeira da súa infancia e da morte de seu pai; do paso do tempo e da chegada da adolescencia e con ela , a emigración. No resto alude ao devir do tempo, ás terras estrañas nas que se ve obrigado a morar e ao amor. Na seguinte subsección, "Dietario do adulterio", un total de dezasete composicións que parten dunha cita de Leonard Cohen, tratan temas como o adulterio, a espiritualidade, o amor e o espazo invernal como parte do individuo. Na terceira subsección, "Soñando ser Sam Shepard en Soneira", un poema en sete partes fala da volta do exilio dende matices sexuais. Unha segunda sección, de idéntico nome que a primeira, abrangue tres composicións ou mapas en torno a recordos dun tempo pasado, xunto a un texto e un epílogo de Pepe Paraños. A terceira sección, "Jambalaya", inclúe un breve texto sobre termos como *cajun*, *jambalaya* ou *swamp*, entre outros. En "Nola" un total de oito concisas composicións fan referencia a Nova Orleans, ao amor e ao espazo nocturno na vida do protagonista. "Xornadas da conquista" constitúe a derradeira sección, cun texto seguido de doce pequenos poemas sobre a presenza galega en Louisiana. Conclúe esta parte o "Pequeno dicionario chicán", de Xosé Luís Mosquera Camba. A seguir aparecen de novo todas as seccións anteriores, esta vez en castelán. Acompañan o volume diversas fotografías de Tino Viz.

Rivas, Manuel, *A desaparición da neve*, Madrid: Alfaguara, 2009, 268 pp. (ISBN: 978-84-204-2236-7).

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) publica este poemario nunha edición cuatrilingüe: galego, castelán, catalán e éuscaro. Consta de corenta poemas de extensión e temática moi variada. Entre os temas que aparecen ao longo da obra podemos destacar aqueles poemas que fan referencia a diferentes cuestións relacionadas coa cidade da Coruña, é o caso dos poemas: "Mayday" e "O monte do faro". A temática amorosa tamén está presente nas composicións de Manolo Rivas, é o caso dos poemas "Meu amor contrabandista", "Meu amor puxo unha bomba do baleiro" ou "Cantiga de amor". Neste bloque de poemas sobre o amor, o poeta reflicte os seus sentimentos aínda que non se pode recoñecer a quen van dirixidos. Noutro grupo de poemas, "Historia do diñeiro", "Historia do silencio" e "Historia da arte", o poeta reflexiona sobre cuestións universais como son a importancia do diñeiro, da arte, da beleza, etc. Tamén se atopan poemas dedicados a poetas, é o caso de "Así se fai un poeta", o cal está dirixido a Antón Avilés de Taramancos, ou "Oes chegar Ángel González". A natureza tamén fai acto de presenza no poemario a través das seguintes composicións: "Ósos e tellas", "Terra de fogo", etc.

Recensións:

- Lluïsa Julià, "Cara a un futuro común", *Grial*. *Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVIII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, pp. 107-108.

Sinala que o libro de poemas de Manuel Rivas, é ademais dunha invitación ao soño, "poesía comprometida". Comenta que o autor se sitúa no imaxinario colectivo para facelo avanzar cara unha nova realidade. Indica que son abundantes as liñas de exploración que se observan ao longo dos corenta poemas, cheos de referencias persoais ou artistas ou escritores. Dálle importancia ao uso da técnica vangardista nesa alusión ao "caos moderno", que encontra nas enumeracións ilóxicas de elementos cotiáns. Por outro lado, menciona outros aspectos que teñen "vontade de comunicación, cos pobos da terra". Alude ao feito de ser unha edición cuadrilingüe, entendido como un "diálogo aberto", e a intención de retornar "ao sentido primixenio das cousas", evocada coa imaxe de "a boca da literatura". Para rematar, comenta a presentación do libro cun CD, que ademais da voz do poeta, Sol Mariño, contén música de Pulpiño Viascón e César C. Morán.

- Ana Abelenda, "O encantador de palabras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "Letras en galego", 18 abril 2009, p. 7.

Coméntase que *A desaparición da neve*, de Manuel Rivas, editada nos catro idiomas cooficiais en España, contén poemas publicados no ano 2003 pola editorial Espiral Maior. Afírmase que se presenta como "un dous máis trangresores" de Rivas e tamén deste tempo. Do estilo do libro, opínase que pretende "desfacerse da cadencia do éxito garantizado na procura dunha raíz xenuína". Remátase recomendando as páxinas dezasete, dezaoito e sesenta e oito do libro.

- Isaac Lourido, "Se deixamos de ser indios", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 29, "Libros", 27 xuño 2009, p. 6.

Despois de facer un pequeno resumo da carreira poética de Manuel Rivas, que comezou como membro da Xeración dos 80 na que cultivaba unha poesía "indie e aborixe" baseada nas particularidades da cultura galega, continúa comentando *A desaparición da neve*. Afirma que o libro "renova a confianza no poder da palabra poética contra a inxustiza" e que conta con varias lecturas, como a que se cría posíbel na década de 1980: en clave cherokee e poscolonial. Tamén indica que outras lecturas interpretan que a obra de Rivas "sérvelle a *El País* como garante da España plural" ou que o seu valor reside na selección de temas salientábeis da actualidade.

- Román Raña, "Intimista e Cósmica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 297, "Libros", 2 xullo 2009, p. VI.

Comenta o último poemario de Manuel Rivas e reclama unha maior atención á calidade poética deste autor que sempre é máis coñecido polo seu éxito narrativo, quedando nun segundo plano a súa obra poética. Considera que nestes versos o poeta madurou, que foi capaz de crear o seu propio mundo e cun gran dominio da metáfora. Cita os seguintes poemas: "Boh", "Unha chamada perdida", "O subtraccionismo", "Guía práctica",

"Toque de oración", "Historia do diñeiro", "A man baleira" e "Graffiti". Por último, destaca o manexo da "imaxe surreal" e achega algúns versos.

Referencias varias:

- maré, "Rivas de poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 marzo 2009, p. 26.

Fai referencia ao último título poético publicado por Manuel Rivas. Comenta que a obra sae cun obxectivo plurilingüe xa que aparece publicada ao mesmo tempo en galego, vasco, catalán e castelán. Indica que o poemario está dedicado a Jonathan Dunne e introducido cunha cita de John Keats. Tamén comenta que consta de corenta textos de temática moi variada.

- Isabel Bugallal, "Estamos en un tiempo de pensamiento túzaro", *La Opinión*, 25 marzo 2009/*Faro de Vigo*, 30 marzo 2009, contracuberta.

Entrevista a Manuel Rivas con motivo da publicación deste poemario, unha obra escrita en galego e traducida ao castelán polo propio Rivas, ao éuscaro por Jon Kortazar e ao catalán por Biel Mesquida. A natureza cuadrilingüe desta obra atribúese á biodiversidade cultural por parte do autor, quen afirma que a concepción do libro parte da ecoloxía. Indícase tamén que, en comparación cos anteriores, *A desaparición da neve* é o seu libro más vangardista e ao mesmo tempo o máis clásico. Nel homenaxéase a Lois Pereiro, Valcárcel, Oroza, Avilés de Taramancos e tamén a María, a irmá do escritor. Cítase a súa obra *Os libros arden mal* (2006), da que se comenta a súa tradución ao italiano feita por Enrico Passoni.

- Lucía M. Quiroga, "Rivas estréase na literatura infantil", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 abril 2009, p. 8.

Fálase d'*O sombreiro Chichiriteiro*, a primeira obra de Manuel Rivas para "pequenos lectores", ilustrada por Patricia Castelao e da publicación d'*A desaparición da neve*, poemario composto de corenta poemas escritos en galego e traducidos ao castelán, catalán e éuscaro que supuxo un "esforzo vangardista" para "fuxir do convencionalismo". Tamén se di que conta cun CD que recolle os textos musicados. Por último, alúdese á tradución ao inglés da antoloxía de poemas *De descoñecido a descoñecido* (2003) e a tradución ao italiano d'*Os libros arden mal* (2006) que inclúe un listado de todos os personaxes e lugares da novela.

- Miguel Ángel Villena, "Manuel Rivas, la poesía como 'célula madre", *El País*, "Cultura", "Vida&artes", 14 abril 2009, p. 42.

Fala do poemario de Manuel Rivas, no que salienta as referencias á infancia deste escritor, quen asegura que escribe coas mans cheas de memoria. Ademais, recolle declaracións nas que afirma que se trata dunha homenaxe a seres queridos que lle faleceron, como unha irmá. Así, Rivas explica que o título do libro non só significa un grito ecolóxico do planeta, senón tamén que, por debaixo da neve, desaparece a fronteira entre os vivos e os mortos. Remata coa aclaración de que a obra, escrita orixinariamente en galego, se publica nos catro idiomas cooficiais do estado español. Cita obras anteriores de Rivas como *El lápiz del carpintero* ou *Los libros arden mal*.

- Concha Carrón, “Rivas crea un bosque de la diversidad en su obra ‘La desaparición de la nieve”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 15 abril 2009, p. 60.

Dá conta brevemente da presentación do poemario de Manuel Rivas, escrito nas catro linguas cooficiais do estado e definido por Rivas como “un ser vivo”. En relación co título, aclárase que o autor entende a neve como o lugar onde está a memoria adormecida.

- Concha Carrón, “Rivas presenta su poemario ‘La desaparición de la nieve”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 15 abril 2009, p. 64.

En referencia á presentación do último poemario de Manuel Rivas, incide na súa publicación nos catro idiomas cooficiais como unha aposta persoal do autor por transgredir os límites e fronteiras en prol da riqueza lingüística.

- Concha Carrón, “Manuel Rivas presentó en Madrid ‘La desaparición de la nieve’, poemario en las cuatro lenguas oficiales”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 abril 2009, p. 49.

Faise referencia á presentación en Madrid do poemario *A desaparición da neve*, obra traducida aos catro idiomas oficiais na que o escritor Manuel Rivas creou un bosque da “biodiversidade”. Rivas asegura que a poesía ten a condición de célula nai e que nesta obra observa a natureza como unha historia de feridas. Ademais, afírmase que tamén versa sobre as feridas do corpo humano e da súa relación coa natureza. Indícase que na presentación estivo presente o escritor Fermín Bouza.

- maré, “Bálsamo para as feridas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 15 abril 2009, p. 33.

Fálase do poemario *A desaparición da neve* (Alfagura) de Manuel Rivas, cuxos corenta inéditos foron traducidos ás catro linguas cooficiais do estado. Rivas declara apostar pola “biodiversidade” das linguas engadindo, ademais, que a poesía é unha forma de “loita contra o mal de ollo” e “unha necesidade que lles proporciona aos lectores información esencial sobre a condición humana”. Así, di que o volume procura observar a natureza como “unha historia de feridas” e onde a neve “é un abrigo onde está a memoria adormentada”. Coméntase que o libro, acompañado dun CD con algúns dos poemas recitados polo autor, fala das feridas do corpo humano e da súa relación coa natureza.

- M R P, “Rivas presenta una obra en gallego, castellano, catalán y euskera”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 15 abril 2009, p. 70.

Fálase da presentación do libro de poesía de Manuel Rivas, escrito orixinalmente en galego e traducido despois ao castelán, catalán e éuscaro. Explícase que o título, orixinalmente pensado como unha protesta ecolóxica, desvela tamén unha metáfora da poesía. Así, para Rivas os autores fan a súa obra sobre un manto de neve que se desexa na primavera e descobre esa poesía. Engádese que o libro tamén leva adxunto un disco compacto no que o escritor recita algúns dos poemas con música de Cesar C. Morán, Pulpiño de Viascón e a voz de Sol Mariño.

- E. P., “Rivas defende a poesía como ‘conxuro’ contra o deterioro da lingua”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 16 abril 2009, p. 43.

Coméntase a presentación do poemario de Manuel Rivas. Refírese á aposta feita polo escritor pola poesía como “conxuro para facerlles fronte aos procesos de crise da linguaxe”, motivo polo que o volume foi publicado de forma simultánea en galego, castelán, catalán e éuscaro.

- M P R, “A imposición é unha trola”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 16 abril 2009, p. 32.

Entrevista a Manuel Rivas, autor do poemario *A desaparición da neve* que, aínda que orixinariamente foi creado en galego, editouse nas catro linguas oficiais do estado. Tras referirse á presentación, céntrase na situación actual do galego e nas repercusións do cambio de goberno.

- Xan Carballa, “A relación entre as linguas tamén pode ser erótica”, *A Nosa Terra*, n.º 1.356, “Cultura”, 23-29 abril 2009, p. 31.

Con motivo da publicación deste poemario entrevístase a Manuel Rivas. Coméntase que a obra vai acompañada dun CD con música e poemas e que ademais está editada en galego, castelán, catalán e éuscaro. Cítase a súa obra *En salvaxe compaña* (1994) para centrarse despois en cuestións lingüísticas.

- Marta Rodríguez Peleteiro, “O galego non está na UVI, pero si baixo observación”, *El Progreso*, “*Revista*”, 25 abril 2009, pp. 6-7/*Diario de Pontevedra*, “*Revista*”, n.º 462, 26 abril 2009, pp. 10-11.

Conversa co escritor Manuel Rivas con motivo da publicación d’*A desaparición da neve*, un traballo de poesía publicado nos catro idiomas oficiais do estado e cuxo título fai referencia ao universo de creación dos escritores. A continuación sinala que pretende ser “unha reivindicación ecoloxista”. Fala tamén da situación da lingua galega e faise un repaso pola bibliografía do autor.

- Luís González Tosar, “Feliç Sant Jordi”, *El Correo Gallego*, 26 abril 2009, p. 2/*Diario de Arousa*, 26 abril 2009, p. 51/*Diario de Arousa*, 26 abril 2009, p. 26/*El Ideal Gallego*, 26 abril 2009, p. 27/*El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Ao raiar ao sol”, 27 abril 2009, p. 20.

Comenta a elevada participación e entusiasmo dos barceloneses na celebración da festa do libro e salienta a participación de escritores como Bernardo Atxaga, autor de *Sete casas en Francia*. A seguir, dá conta da presentación na Galería Sargadelos do poemario de Manuel Rivas, *A desaparición da neve*, unha obra na que aprecia paixón e recordos nunhas composicións de ritmo pausado.

- Lino Braxe, “Manuel Rivas e a desaparición da neve”, *La Opinión*, “Opinión”, 27 abril 2009, p. 12.

Loa a decisión de Manuel Rivas de publicar o seu poemario, *A desaparición da neve*, nas catro linguas oficiais do estado. “Editar un poemario nas catro linguas do estado é un aceno que honra a un autor valente e universal”, di Braxe para citar, tamén, a tradución do título en catalán, *La desaparició de la neu*; en castelán, *La desaparición de*

la nieve, e en éuscaro, *Elurraren urtzea*. Indica que se trata dun libro de poemas que conta historias e que homenaxea o poeta Loís Pereiro.

- Concha Pino, "Imágenes para recordar", *La Voz de Galicia,* "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 5 maio 2009, p. L12.

Fai referencia á Feira do Libro na que Manuel Rivas firmou exemplares do seu poemario, que publicou en galego, castelán, catalán e éuscaro; así como do libro infantil *O sombreiro chichiriteiro* e o volume de temas xornalísticos *A corpo aberto* (2008). Cita tamén a novela *Os libros arden mal* (2006).

- Rosa Aneiros, "Folerpas", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 19 maio 2009, p. 24/*Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "Nove ondas", 19 maio 2009, p. 27/*El Progreso*, "De re varia", 19 maio 2009, contracuberta/*Galicia Hoxe*, "Opinión", 20 maio 2009, p. 4.

Fai referencia ao poema "Oes chegar Ángel González?", do escritor Manuel Rivas, incluído na obra *A desaparición da neve*.

- Yolanda Castaño, "O valor do esforzo", *Xornal de Galicia*, "Carta á emigrante", 22 maio 2009, contracuberta.

Utiliza o poemario de Manuel Rivas, para tratar temas como a educación ou a lingua.

- Henrique Alvarellos, "Esperanza nas mágoas", *Xornal de Galicia*, "Oestes", 11 agosto 2009, contracuberta.

Fai referencia á provincia de Ourense como a que mellor soubo gardar as súas riquezas e cita uns versos do poema "Alalá", sacados da obra de Manuel Rivas, *A desaparición da neve*.

- Xavier Queipo, "A desaparición da neve", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "Cultura", "A arte da guerra", 17-23 setembro 2009, p. 21.

Comenta que a Real Academia Galega acaba de dar unha sorpresa co nomeamento de Manuel Rivas como académico numerario e critica o feito de que a institución siga dedicando o Día das Letras Galegas a autores falecidos. Desexa que a entrada deste escritor, autor da obra *A desaparición da neve*, supoña unha evolución no pensamento da Real Academia Galega.

Riveiro, Elvira e Silvia **Penas**, *Biografía da Multitude*, Premio de Poesía Victoriano Taibo 2009, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos/Entidade Local de Morgadáns, 2009, 62 pp. (ISBN: 978-84-92590-61-2). ◆

Poemario de Elvira Riveiro Tobío (Cerponzóns, Pontevedra, 1971) e Silvia Penas Estévez (Vigo, 1980) que trata sobre a humanidade como un colectivo, visto dende o pesimismo, de aí o nome do título. Divídese en tres partes tituladas "Ab origine", como introdución, sobre o principio da traxedia e da pluralidade; "Biografía da multitude", que é a máis longa e pesimista; e "Fragmentos dun epistolario futuro", sobre a herdanza

cun ton esperanzador, pero sen esquecer a miseria e o exterminio. Presenta a deliberación do xurado que salientou en *Biografía da Multitude* a crítica ao sistema e a perspectiva social do poemario e a necesidade de lembrar para vencer o futuro.

Rodríguez Fer, Claudio, *Ámote vermella*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, 166 pp. (ISBN: 978-84-9782-953-3).

Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956) finaliza a súa triloxía poética sobre a memoria histórica iniciada con *Lugo blues* (1987) e proseguida con *A loita continúa* (2004). Este poemario está ilustrado pola pintora Sara Lamas e organízase en tres bloques: I. "No corazón da besta"; II. "Na besta do corazón" e III. "Memoria contra a morte". No primeiro bloque, o máis extenso, o poeta e a pintora homenaxean a todas as mulleres vítimas da guerra civil española. Nos poemas recupérase a memoria das mulleres libertarias asasinadas en Galicia, como Josefa Barreiro González, nai humilde, ou Dolores Blanco Montes, unha das representantes das conserveiras e atadeiras do Morrazo. Tamén dedica un poema a Juana Capdevielle, secuestrada tras ser fusilado o seu home, Francisco Pérez Carballo, gobernador republicano da Coruña, e asasinada e soterrada en Rábade o 18 de agosto de 1936. Destaca tamén a elexía na lembranza de Amada García, fusilada en Ferrol o 27 de xaneiro de 1938, tras despedirse do seu pai, do seu home e do seu fillo, acabado de nacer. Os poemas homenaxe esténdense tamén ás mestras represaliadas pola ditadura: María Vázquez Suárez, Mercedes Romero Abella ou a ourensá Erundina Álvarez Pérez; ás matronas republicanas, ás decenas de mulleres descoñecidas que agocharon a fuxidos e pagaron coa súa vida por iso. No resto dos poemas do libro, Claudio Rodríguez Fer continúa falando e contando as historias das mulleres galegas que sufriron desgrazas e desventuras tanto na guerra civil como na posguerra.

Recensións:

- Mario Regueira, "Pesos da memoria", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 5.

Considera que Claudio Rodríguez Fer é unha desas voces disidentes que promoven a visibilización das vítimas ocultas do fascismo, entre as que están as femininas, nas que está centrado este libro de poemas. Tamén afirma que para quen coñece a traxectoria do autor este poemario é "máis do mesmo", incluído aquel "Ámame anarquista", do que *Ámote vermella* semella máis "un émulo pouco afortunado do que unha chiscadela autorreferencial", ademais de sinalar que non cabe na actualidade unha poesía comprometida que sexa idéntica á da refundación do Estado español. Por outra parte, apunta que a perspectiva erótico-amorosa segue a formular os mesmos camiños trillados polo autor e cualifica de erro o feito de incluír poemas similares, de tintura máis persoal, porque rompen a unidade da obra sen achegarlle moitas melloras.

- Ramón Loureiro, "Os versos do reino sen reis", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º XXX, "Poesía", 28 marzo 2009, p. 11.

Co motivo da publicación d'*Ámote vermella*, de Claudio Rodríguez Fer, comenta que o poeta é "unha das máis grandes voces da lírica atlántica" e fai un breve repaso pola súa

traxectoria profesional, da que salienta as dúas primeiras entregas da triloxía sobre a memoria histórica que pecha este volume: *Lobo blues* e *A loita continúa* (2004). Con respecto ao libro, explica que está ilustrado por Sara Lamas e estruturado en tres partes, a primeira delas, "No corazón da besta", dedicada ás mulleres vítimas da guerra civil e as outras dúas, "Na besta do corazón" e "Memoria contra a morte", ás "voces filiais máis queridas" de Rodríguez Fer.

- Isaac Lourido, "Os nomes da barbarie", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 20, "Libros", 25 abril 2009, p. 6.

Análise do poemario, escrito por Claudio Rodríguez Fer e ilustrado por Sara Lamas na que se comentan as liñas de forza desta obra das que se destaca, en primeiro lugar, o recoñecemento na reivindicación da dignidade e da xustiza. Sinálase que a segunda fronte de intervención dá continuidade ao emblema da traxectoria do autor ao reincidir na construción dun imaxinario amoroso, rico en imaxes e alicerzado na súa ligazón coa pulsión sexual. Engádese que a poética de Rodríguez Fer se concreta en tres vertentes: a importancia concedida ao feito de referir os nomes propios das persoas homenaxeadas así como os topónimos dos lugares onde sucedeu a barbarie, a adopción dun ton sentencioso e unido á consigna política e, finalmente, o emprego de recursos de reiteración e acumulación, elemento este último moi habitual na obra deste poeta e que contribúe na creación dun "ritmo de chamada" pertinente na comunicación oral.

- X. M. Eyré, "Memoria, solidariedade e muller", *A Nosa Terra*, n.º 1.356, "Cultura", "Crítica", 23-29 abril 2009, p. 32.

Analízase a obra de Claudio Rodríguez Fer, tendo en conta tanto o texto coma as ilustracións de Sara Lamas. Das imaxes que acompañan os poemas, coméntase que son capaces de translucir alegría máis alá da seriedade, e dos poemas explícase que a maioría deles están construídos ao redor da imaxe da muller. Considérase que o libro é "fundamentalmente esexérico", xa que explica que o poeta adopta unha óptica contemplativa e admirativa cara ás mulleres vítimas da guerra civil das que trata na primeira parte. Opínase que o estilo da obra se caracteriza pola "sinxeleza expresiva" co fin de poder transmitir o contido do libro, aínda que ese recurso axuda tamén a "disfrazar algún poema que non semella de todo conseguido".

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Chamábanlles 'rojas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 marzo 2009, p. 33.

Fai referencia ao poemario co que Claudio Rodríguez Fer pecha unha triloxía que comezou na década de 1980 con *Lugo blues* (1987) e proseguiu con *A loita continúa* (2004). Neste caso afirma que *Ámote vermella* é unha homenaxe ás "esquecidas entre os esquecidos, que foron as que máis padeceron". Comenta que, dado que de moitas destas mulleres non se conservan fotos, a pintora Sara Lamas é a encargada de pórlles cara con figuracións artísticas.

- Jaureguizar, "Os novos poemas de Rodríguez Fer 'lembran ás vítimas do fascismo", *El Progreso*, "Vivir", 24 marzo 2009, p. 71.

Fala do poemario co que Claudio Rodríguez Fer pecha unha triloxía de creación lírica baseada na memoria histórica na que se integran os títulos *Lugo Blues* (1987) e *A loita continua* (2004). Recolle as palabras do autor dedicadas ás "máis esquecidas entre as esquecidas; ás mulleres que foron vítimas do fascismo" e engade que os versos van acompañados de ilustracións de Sara Lamas.

- M. B., "As mulleres vermellas son as esquecidas entre os esquecidos", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "Cultura", 2-8 abril 2009, p. 26.

Introduce a obra coa que *Claudio Rodríguez Fer* rende homenaxe ás mulleres vítimas da guerra do 36 e que completa a triloxía que o poeta iniciou con *Lugo blues* (1987) e *A loita continua* (2004). Sobre as ilustracións de Sara Lamas afirma o entrevistado que retratou as mulleres das que hai foto e que homenaxeou o resto con figuracións imaxinarias para devolver a todas a dignidade.

- Claudio Rodríguez Fer, "De 'Ámote vermella", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 abril 2009, p. 35.

Reprodúcese nesta sección fixa a composición poética "Asasináronas..." d'*Ámote vermella*, de Claudio Rodríguez Fer.

- Xosé Carlos Caneiro, "Tempus fugit", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 318, "Club dandi", 20 xuño 2009, p. 10.

Comenta o poemario de Claudio Rodríguez Fer, "libro moi comprometido, moi rojo e moi memoria histórica". Porén, asegura que lle doe ver como un home "tan dotado para a crítica" esvara en libros coma este.

Rodríguez López, Manuel, *Poesía completa*, ed. e limiar de Darío Xohán Cabana, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, n.º 17, decembro 2009, 236 pp. (ISBN: 978-84-92646-30-2). ■

Volume poético que recolle a poesía completa de Manuel Rodríguez López (Paradela, Sarria,1934-1990) co apoio institucional da Xunta de Galicia, da Deputación de Lugo e do Concello de Paradela. Ábrese cun limiar de Darío Xohán Cabana, quen comeza apuntando como clasificou Xosé Luís Méndez Ferrín en *De Pondal a Novoneyra* (1984) ao poeta. Dáse conta da súa bagaxe cultural e sinala que a vontade poética de Rodríguez López non foi "xamais innovadora", senón formalista e de estética tradicional. Apúntanse como os seus modelos a Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro. Baixo estas premisas, coméntanse polo xeral cada un dos poemarios. A continuación, a "Nota sobre esta edición" apunta, entre outras cousas, que non quere ser unha edición crítica, senón que se "desexa popular". Os poemarios non se presentan segundo a orde de edición, senón na orde na que foron rematados e preparados para saír do prelo. De *Poemas populares galegos* (1968), composto de catro partes, destacan os catorce sonetos dedicados a Galicia. *Soldada Mínima (1979)*, dedícase a Basilio Losada, Xesús Alonso Montero, Darío Álvarez Blázquez e Manuel María. Son vinte e nove composicións que se caracterizan polos versos nostálxicos ao redor da vida campesiña, dende unha perspectiva de clase obreira, situada nos arrabaldos próximos ás fábricas. Recóllense estes versos baixo os

subapartados “Prego”, “Xustificación da Lingua”, “O Xan do pluriemprego”, “Ano Internacional do Neno” e “In Memoriam”. *Saudade no bulleiro (1970)*, composto por dezanove poemas, que seguen a liña anterior, e na que se reflexiona con certa anguria existencial sobre a sociedade do seu tempo. O último poemario é *Onte e hoxe vivencial,* que viu a luz en 1995, prologado por Darío Xohán Cabana. Nel a voz lírica amósase madura, caracterizada pola volta á terra. Completan o volume os apartados “Poemas dispersos” e “Poemas adolescentes”, nos que se recompilan composicións de diversas épocas, algunhas premiadas en certames e outras publicadas en revistas ou que ficaron inéditas. Péchase a obra cun “Epílogo”, de Xesús Mato, no que xustifica a “necesidade urxente” de publicación desta obra, ao tempo que evoca a figura de Rodríguez López, como amigo e veciño.

Rodríguez Mosquera, Raida, *Máquina de guerra*, Santiago de Compostela: Estaleiro Editora, marzo 2009, 81 pp.(ISBN: 978-84-613-0684-8).

Primeiro poemario de Raida Rodríguez Mosquera (Ourense, 1980) que consta de vinte e cinco textos que aparecen en cinco seccións. Comeza o libro cun limiar que leva o título de “Intencións”. Neste limiar a poeta expón de maneira breve as intencións da súa obra citando a Deleuze-Guattari. A continuación aparece o primeiro poema do libro, “Comecei a miña viaxe cunha palabra que fose imposíbel de ser dita”, no que reflexiona sobre o que debe ser a poesía. A primeira das seccións do libro intitúlase “Proxecto de min e outras” e contén cinco textos de temática variada. Así aparecen poemas nos que fala sobre a poesía como maneira de atoparse na vida, noutros textos céntrase na reflexión sobre o paso do tempo e o lugar que ela ten no mundo, etc. “Situacionismo” é o segundo apartado do libro. Son cinco os poemas que forman parte deste bloque e de novo aparece a temática existencial e a reflexión metapoética. Así no poema “Na imposibilidade do dicir” a autora parte de varios conceptos filosóficos de Heidegger para expresar o que sinte ante a vida. “Nubes que caen en silencio como Ingeborg Bachmann” é o terceiro bloque de poemas. Son tres os textos que aparecen e neles a poeta fala sobre a súa infancia e a familia, centrándose na figura da súa nai e tamén nas vacas, como animais que a acompañaron na súa nenez. A penúltima sección do libro leva o título de “Ningún universo poético” e consta de cinco poemas. De novo, reflexiona sobre a escrita e as súas consecuencias. En “Camiño a Itaca”, o poema que cerra o bloque, a autora toma a figura mitolóxica de Ulises para expresar os seus sentimentos máis profundos. Organiza o poema en tres partes que aparecen introducidos por versos de María Lado e Chus Pato. A poeta intenta atoparse e Ítaca é esa meta á que debe chegar para encontrarse. O libro péchase con “Principios da vida nómade”, unha sección que presenta cinco textos. Continúa a temática da existencia aínda que agora aparecen referencias a paisaxes e lugares, a escritores e pintores, etc.

Recensións:

- X. M. Eyré, “Razón de guerra e tópico”, *A Nosa Terra*, n.º 1.359, “Cultura”, “Crítica”, 14-20 maio 2009, p. 32.

Despois de comentar as posibilidades que internet ofrece os escritores para poder dar a coñecer as súas obras, comenta a obra de Raida Rodríguez, *Máquina de guerra*, da que di que a súa razón de ser é a “tirapuxa entre o silencio e a palabra”. Sinala ademais que

a temática da poesía é independente da "brillantez expresiva", xa que é unha poesía "de ideas, inimiga convencida das pirotecnias verbais vacuas".

Rúa, Xosé Lois, *Memoria dos ríos perdidos*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 216, 2009, 149 pp. (ISBN: 978-84-92646-16-6).

Poemario de Xosé Lois Rúa (Campobecerros, Ourense, 1951) no que o autor basea o seu discurso lírico na memoria que vai levando á lembranza de diferentes momentos vitais, abranguendo temáticas diversas como o paso do tempo, a defensa da lingua galega, o amor e o desamor, a morte, a amizade e a paisaxe. Preséntase o volume baixo unha estrutura moi definida, a partir dun poema introdutorio no que se percibe como a voz lírica transmite o sentimento que lle produce o paso do tempo e que marcará o ton posterior de todo o poemario. Divídese en dous libros que levan por título "Libro I. As voces da paisaxe" e "Libro II. Memoria dos ríos perdidos", á súa vez divididas en varias partes. O primeiro deles ten unha primeira parte, "Cantigas de amigos", na que se recollen trinta e catro textos dedicados a diferentes amigos e coñecidos do poeta, nos cales se fai unha gabanza destas persoas que nalgún momento da traxectoria vital do autor lle deixaron fonda pegada. Entre outros, a modo de exemplo, cítase o pintor Felipe Iglesias, o escultor Xosé Cid, a fotógrafa Susana Gil, o xornalista Roque Soto e o actor Carlos Blanco. Do mesmo xeito, na segunda parte "Aldeas sen globalizar" tamén se atopan once poemas que levan por título o nome da vila ou aldea ao que vai dedicado. Inclúese tamén, ao final deste primeiro libro, dous apartados, "Relación de amigos e amigas citados" e "Relación de lugares descritos", nos que se fai unha pequena explicación informativa de cada unha das persoas ou lugares citados. O segundo libro consta de cinco partes con temáticas ben diferenciadas pero que manteñen a mesma intensidade lírica ao lembrar amores, tempos pasados ou a chegada da morte e a desmemoria. A primeira parte, "Non me espertes amada", consta de once textos de clara temática amorosa e ábrese cunha dedicatoria a "tódalas mulleres que un día pasaron pola miña vida". Os poemas constrúense a partir do contido de breves fragmentos que recollen versos de poetas como Pablo Neruda, Manuel Antonio, Salvador García Bodaño ou Luz Pozo Garza. Deseguida, en "Fatiha", hai nove textos nos que se cambia a un contido máis cívico ao denunciar a devastación e miseria producida en Palestina por causa das guerras, polo que o ton pesimista e desesperanzado é evidente. Séguelle o apartado "Nación de pedra oblicua" con dez textos e que se abre coa indicación, baixo o título de "Relendo *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro", o cal dá conta do contido cívico ao centrarse na loita continua polo recoñecemento de Galicia, da súa identidade, da súa fala e da súa historia.O seguinte apartado, "As viaxes e os soños" tamén levan a indicación baixo o título de "Relendo a Avilés de Taramancos, Xosé Carlos Gómez Alfaro, Darío Xohán Cabana e Uxío Novoneyra" e os seis poemas que o compoñen baséanse no mundo dos soños como o referente simbólico que leva o poeta a través da esperanza nun futuro mellor. Por último, en "Necrópole do outono" inclúense nove textos de ton máis pesimista con claras referencias á chegada da morte e as incertezas que isto lle provoca, sen esquecer o ton reivindicativo nalgún momento dos textos nos que de novo se denuncia a cuestión do idioma e da identidade galegas. Malia o anterior, hai algún poema que serve de contrapunto ao resto ao centrarse no amor por unha muller e as sensacións intensas e tenras que isto lle provoca. Finalmente cómpre subliñar que a maior parte dos textos levan ao final o lugar e a data no que foron escritos, entre 1999 e 2002, e que o rexistro coloquial da linguaxe empregada facilitan a súa lectura e comprensión.

Referencias varias:

- S. Espinoso, “A poesía é o meu xeito de expresarme emocionalmente”, *La Región*, “Ourense”, “Personaxe do día”, 22 setembro 2009, p. 8.

Trátase dunha entrevista ao escritor e xornalista Xosé Lois Rúa co gallo da publicación do seu poemario, do que se di que ten unhas connotacións máis persoais e intimistas que outros que xa ten publicados. O autor da obra explica como se fraguou a mesma e que nela se recollen múltiples temas nos que se fai unha homenaxe a autores, cidades e vilas galegas. Fálase tamén da súa faceta como xornalista e como poeta así como do que o autor considera sobre o xénero lírico.

- Xosé Lois Rúa, “De ‘Memoria dos ríos perdidos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 outubro 2009, p. 40.

Sección fixa que recolle a composición poética “E cando durma, amor de medianoite,...” pertencente a *Memoria dos ríos perdidos*, de Xosé Lois Rúa.

- Xesús Fraga, “O esforzo a prol da poesía de Espiral Maior”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 334, “Letras en galego”, 10 outubro 2009, p. 11.

Faise primeiro unha lembranza de que a editorial Espiral Maior prosegue co seu traballo a prol da publicación de obras do xénero lírico e indícanse algúns dos autores que se unen á colección nos últimos tempos. Logo dise que o responsábel da mesma, o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, lembra a importancia da editorial e a lonxevidade da colección e fala amplamente sobre o labor que esta desempeña. Por último, o mesmo escritor destaca algúns títulos especialmente importantes na colección como *Poemas da doada certeza* (1994), de Uxío Novoneyra; e *Era na selva de Esm* (2004), de Xosé Luís Méndez Ferrín. Entre as novidades de outono salienta *Memoria dos ríos perdidos*, de Xosé Luís Rúa.

- Xosé Lois Rúa, “De ‘Memoria dos ríos perdidos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 25 outubro 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección a composición poética “Unha nación oblicua, como o vento...” incluída en *Memoria dos ríos perdidos*, de Xosé Lois Rúa.

- V. Oliveira, “As patrias marxinadas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 outubro 2009, p. 34.

Tras reproducir os versos finais do poemario de Xosé Lois Rúa, recóllense as palabras do propio autor falando da súa obra. Dise que transmite no poemario certo pesimismo que nos últimos anos el sente ao ver a situación de Galicia, da súa lingua e da súa cultura e que el define a súa obra como “o libro das homenaxes a amigos, á poesía galega, aos mártires de Palestina e a Galicia”. Tamén indica que outros dos temas do volume son o amor, a terra, a noite, e que hai unha emotiva lembranza da súa infancia que o marcou fondamente. Faise unha especial mención a un dos apartados dedicados a Palestina e finalmente lémbranse os premios recibidos polo autor e algún outro poemario inédito.

- Xosé Lois Rúa, "De 'Memoria dos ríos perdidos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 outubro 2009, p. 39.

Sección fixa que recolle a composición poética "Os soños son sempre viaxes a ningures..." pertencente a *Memoria dos ríos perdidos*, de Xosé Lois Rúa.

Sánchez Aríns, Susana, *[de]construçom*, XXI Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, Culleredo-A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 212, abril 2009, 66 pp. (ISBN: 978-84-92646-10-4). ■

A partir duns versos de Xosemaría Pérez Parallé dá comezo este poemario de Susana Sánchez Aríns (Vilagarcía, 1974) sobre a arquitectura da figura feminina nun sentido alegórico. Dedicado aos seus pais, o poemario principia con tres citas de Mia Couto, Belén Gopegui e Rosalía de Castro para despois estruturarse en seis seccións que deconstrúen o seu propio significado para compoñelo de novo. A primeira delas, "[de]volta", inclúe oito poemas ao redor da vulnerabilidade dunha muller en busca dun fogar propio. A segunda, "[de]senhas e sonhos", céntrase na construción dese novo fogar, mentres que a terceira, "[da]fábrica", materializa ese proceso de construción, que, na cuarta sección, "[de]estâncias", reproduce sobre o símbolo da casa-muller. Na quinta sección, "[de]coraçom", profunda na decoración dese fogar-corpo que vén de crear, para, na derradeira sección, "[de]conrobra", volver sobre un sentimento de esgotamento, ruína e deconstrución que pecha o volume. Cómpre salientar a tipografía dalgúns dos poemas, que non seguen a normativa actual da lingua galega, como o caso de "kavafis leva razón", "arte da carpintaria", "água", "aposentos", "na cozinha" e "sereia preta", nos que se pode atopar un oco entre dúas palabras dun mesmo verso ou "electromagnetismo", "substância"e "uralita", con palabras escritas nun corpo maior de letra que o resto. De igual modo, pódense observar poemas cuxas notas a rodapé conforman á súa vez outros micropoemas. A totalidade dos poemas non supera a media páxina. Doutra banda, a súa temática cínguese á cuestión da contorna doméstica e á busca da muller protagonista dun fogar, dunha morada onde poder ser ela mesma. As ilustracións que acompañan ao poemario, da autoría de Rosa Herraiz Cabanas, consisten en pequenos debuxos de partes da casa en tinta branca e negra, de estilo arquitectónico. Pecha o volume un índice intitulado "[de]ordem" que recolle o primeiro verso de cada composición.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "Edificar (con) palabras", *A Nosa Terra*, n.º 1369, "Cultura", "Poesía", 23-29 xullo 2009, p. 33.

Co gallo da vixésimo primeira edición do Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé, afonda no galardón do que foi merecente Susana Sánchez Aríns pola súa colección de poemas. Analiza, así pois, a súa estrutura ao redor de seis seccións ateigadas de polisemia, a partir do fío argumental e destaca aspectos como a simboloxía, a creación de personaxes abstractos femininos de tipo alternativo, a evocación de lugares afastados e o discurso crítico de denuncia.

- Román Raña, “Coherencia construtiva”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 299, “Libros”, 10 setembro 2009, p. VI.

Faise eco da saída do prelo de *[De]construçom*, de Susana Sánchez Aríns, merecente do XXI Premio Nacional de Poesía Xosé María Pérez Parallé, convocado polo Círculo Mercantil e Industrial de Fene. Enxalza o xogo dos vocábulos de cada poema así como o seu carácter arquitectónico a partir do título do volume. Comenta asemade a liña temática, da que salienta a súa coherencia e prosegue cunha descrición do seu argumento, na que destaca elementos como a casa e os seus cuartos, a auga e os quefaceres domésticos.

Referencias varias:

- Susana Sánchez Aríns, “De ‘(de)construçom”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 19 maio 2009, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa o poema intitulado “projecto de obra”, incluído na obra *De ‘(de)construçom*, de Susana Sánchez Aríns.

- Susana Sánchez Aríns, “De ‘(de)construçom”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 maio 2009, p. 39.

Insírese nesta sección fixa o poema “água”, incluído na obra *De ‘(de)construçom*, de Susana Sánchez Aríns.

- M. Dopico, “O espazo íntimo”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 26 maio 2009, p. 36.

Fai referencia ao poemario no que Susana Sánchez Aríns reivindica a posibilidade de construír un porvir, unha vida diferente e mellor tanto no ámbito individual coma no colectivo. Salienta que gañou o XXI Premio de Poesía Xosé María Pérez Parallé, así como que o texto, que tamén versa sobre a reivindicación da liberdade de escoller con quen compartir, vai acompañado de ilustracións de Rosa Herraiz.

- Susana Sánchez Aríns, “De ‘[de]construçom”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 26 maio 2009, p. 40.

Reprodúcese neste espazo fixo o fragmento poético “quando o mundo sobra...”, da obra *De ‘(de)construçom*, de Susana Sánchez Aríns.

- Susana Sánchez Aríns, “De ‘(de)construçom”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 6 xullo 2009, p. 32.

Espazo fixo no que se reproduce o poema “o quarto de trás”, incluído na obra *De ‘(de)construçom*, de Susana Sánchez Aríns.

- Susana Sánchez Aríns, “De ‘(de)construçom”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 24 agosto 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema “PLACAS SOLARES”, da obra *De ‘(de)construçom*,

escrita por Susana Sánchez Aríns.

- Susana Sánchez Aríns, "De '(de)construçom", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 novembro 2009, p. 39.

Insírese nesta sección fixa o poema "na cama das vacas pace entre alcatifas o meu sofá...", incluído na obra *De '(de)construçom*, de Susana Sánchez Aríns.

- Susana Sánchez Aríns, "De (de)construçom", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 novembro 2009, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa o poema "como os egipcianos inventárom a aritmética...", incluído na obra *De '(de)construçom*, de Susana Sánchez Aríns.

- Susana Sánchez Aríns,, "De '(de)construçom", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 decembro 2009, p. 38.

Sección fixa na que se inclúe o poema intitulado "telefone...", incluído na obra *De '(de)construçom*, de Susana Sánchez Aríns.

- Susana Sánchez Aríns, "De '[De]construçom", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 decembro 2009, p. 33.

Insírese nesta sección fixa o poema "instruções...", incluído na obra *De '(de)construçom*, de Susana Sánchez Aríns.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, *O paraíso das sombras*, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, n.º 34, 2009, 218 pp. (ISBN: 978-84-937323-0-1).

O poeta Cesáreo Sánchez (Dadín-Irixo, 1951) concibiu este libro como un híbrido entre poesía e prosa, tanto pola estrutura como polos contidos. A súa estrutura xira ao redor do trío, xa que tres son as liñas de cada estrofa-parágrafo, tres os apartados en que divide cada poema-capítulo con ordenación romana, até un total de LXII composicións, e tres son as liñas temáticas do libro: a infancia, a historia de Galicia e a terra natal. Sobre esta armazón, Cesáreo vai describindo unha viaxe á súa terra natal de Povanza, para reconstruír a súa infancia, e con ela tecer a historia colectiva da súa terra, e máis aló, de Galicia. Baixo a suposta forma da prosa, a lingua é poética, chea de referencias toponímicas e espaciais cargadas de simbolismo e do lirismo intimista que caracteriza a obra poética de Cesareo.

Referencias varias:

- Ana Abelenda, "No corazón do regreso", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 322, "Letras en galego", 18 xullo 2009, p. 14.

Precísase que se acaba de publicar un novo poemario de Cesáreo Sánchez. Faise mención ao contido da obra, que se centra na historia de Galicia, baseándose o autor na súa infancia e nos "soños pola beleza das palabras".

- A. Losada, “Xa gañamos antes a batalla de manter a lingua”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 27 xullo 2009, p. 42.

Coméntase que Cesáreo Sánchez Iglesias, arquitecto técnico de profesión e presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, acaba de publicar este poemario. Indícase que nesta obra se recolle, simbolicamente, a historia de Galicia até os anos 80.

- Rodri García, “Unha cultura que ten a figura de Novoneyra non poder ser negada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 agosto 2009, p. 44.

Recóllense as verbas de Cesáreo Sánchez Iglesias, que é entrevistado co gallo da publicación do seu último poemario. Sinálase que se trata dun canto coral no que no que se fai un percorrido pola historia de Galicia tomando como base a infancia do autor en Povanza de Maside.

- M. Dopico, “Cántico á epopea dun pobo”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 22 agosto 2009, p. 28.

Precísase que acaba de saír á luz un novo poemario de Cesáreo Sánchez, no que se inclúen setenta composicións. A seguir explícase que é unha continuación do libro *A árvore das sete palabras* (1990), centrándose nesta ocasión na historia de Galicia, “construída, maila ser negada, polos propios galegos”.

Seoane, Xavier, *Raíz e soño (Canción de Oleiros) 1976-2008*, Iñás-Oleiros: Editorial Trifolium, col. Cadernos de Estudios Oleirenses, n.º XI, abril 2009, 91 pp. (ISBN:978-84-935325-7-4).

Selección poética de Xavier Seoane (A Coruña, 1954) que principia cunha “Nota do editor”, Xan Arias, na que se dan datos biobliográficos do poeta. A continuación, está o “Limiar”, asinado polo propio Seoane, quen sinala que foi en Oleiros onde escribiu gran parte das súas obras. Evoca tamén situacións vividas nesta vila, das que xurdiron composicións concretas como “Os vagalumes”, “Reencarnación dos devanceiros” ou “Toxos en flor”. Unha dedicatoria persoal (“Á miña nai. A Felisa”) antecede á recompilación dos poemas, dos que se recollen un total de sesenta, tomados das seguintes obras: *Os bosques encendidos* (1981), *A caluga do paxaro* (1979); *Presenzas* (1985); *Iniciación e regreso* (1985); *O canto da terra* (1987); *Eu tamén oín as voces do orballo* (1994); *Umbral da vida* (1996); *A néboa invisíbel* (1999), no que se inclúe o poema que dá título á obra, “Raíz e soño”; *Agra da Brea* (1999); *Dársenas do ocaso* (2002), *Longas augas* (2003); *Vagar de amor e sombras* (2004); *Para unha luz ausente* (2006) e *Do ventre da cóbrega* (2008). Trátase de poemas de temática e épocas distintas, mais que teñen en común a evocación, de maneira explícita ou simbolicamente, de lugares que rodean esta vila coruñesa.

Referencias varias:

- A. Budiño, “A beleza de Oleiros pasa a ser a gran protagonista”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 11 agosto 2009, p. 17.

Faise unha pequena achega á obra de Xavier Seoane, que recolle as súas vivenzas máis persoais en Oleiros. O propio autor manifesta que esta localidade está "chea de beleza e urbanismo ben feito". Comenta ademais que en *Bosques encendidos* (1981), a súa primeira obra, están os "trazos esenciais" que o definen. Para rematar, infórmase que o escritor participou no peche da Feira do Libro da cidade herculina.

- Iago Martínez, "O ensino forma técnicos sen autonomía moral", *Xornal de Galicia,* "Cultura", "Entrevista", 11 agosto 2009, p. 41.

Entrevista a Xavier Seoane, que vén de presentar o seu último libro na Feira do Libro da Coruña. Dá o seu punto de vista sobre a diálectica entre bioloxía e cultura e opina que hai un filoloxismo e un gramaticalismo "baratos que tratan de usar de maneira bastarda os textos literarios". A continuación, explica cómo ve a situación sobre a lingua galega e do que cómpre facer para defendela. Ademais, opina que a poesía galega "goza dun gran momento", pero di que a poesía "é unha arte de metas lentas, duras e de longo alcance".

- M. Dopico, "É unha impostura 'incomprensible", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 21 agosto 2009, p. 28.

Recóllense as declaracións de Xavier Seoane que xulga o que está a pasar coa lingua co novo goberno do PP. O escritor, que está a preparar un ensaio sobre o ensino, critica ademais a segregación nas aulas. Infórmase tamén que acaba de reunir no seu volume, *Raíz e soño*, unha escolma de poemas extraídos de obras anteriores. Sobre eles dise que son versos que celebran a vida e a natureza e infórmase como xurdiu a idea. Ademais, alúdese a outra antoloxía da súa obra en Espiral Maior. Xavier Seoane verque o seu punto de vista sobre a poesía e xustifica porque se repiten obras e formas en distintos poemarios. Nun á parte, coméntase que a intelexencia emocional e sensíbel é a que permite ao poeta "buscar a empatía sobre o mundo".

- Xavier Seoane, "De 'RAÍZ E SOÑO. Canción de Oleiros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 agosto 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Permanencia" pertencente a *RAÍZ E SOÑO. Canción de Oleiros*, de Xavier Seoane.

- Xavier Seoane, "De 'Raíz e soño (Canción de Oleiros)", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 setembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Non vencerá a tristeza" pertencente a *Raíz e soño. Canción de Oleiros*, de Xavier Seoane.

- Xavier Seoane, "De 'Raíz e soño", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 outubro 2009, p. 33.

Sección fixa na que se inclúe o poema "Patria..." pertencente a *Raíz e soño*. *Canción de Oleiros*, de Xavier Seoane.

- Xavier Seoane, "De 'Raíz e soño", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 outubro 2009, p. 41.

Insírese nesta sección fixa o poema "Don do terrestre..." pertencente a *Raíz e soño*. *Canción de Oleiros*, de Xavier Seoane.

Seoane, Xavier, *A rocha imantada (Aforismos 1981-2009)*, Bertamiráns: Edicións Laiovento, col. Aforismos, n.º 252, 2009, 107 pp. (ISBN: 978-84-8487-171-1).

Este libro de Xavier Seoane (A Coruña, 1954) non é un poemario propiamente dito senón, como indica o subtítulo, a recompilación dos seus aforismos, ou, como el mesmo afirma no limiar, a colección de frases espalladas ao longo da vida que "un bo día descóbrese que o seu conxunto acaba por debuxar un certo espello do que somos". Está estruturado en once capítulos, de variada extensión, con títulos suxerentes que tentan describir as temáticas polas que foron ordenados os aforismos. Así, os tres primeiros son reflexións máis xerais, máis abstractas; o capítulo IV intitúlase "Personalia", dedicado a personaxes históricos de todos os tempos que provocaron algún xeito de cabilación no autor; os tres seguintes, V, VI e VII, teñen subtítulos temáticos: da poesía, da lectura e do libreiro; nos apartados IX e X compila os aforismos máis cacofónicos e líricos e, por fin, o XI, como indica o subtítulo, abrangue as metareflexións sobre os propios aforismos.

Sieiro, Manuel, *Van Gogh e outras cancións*, limiar de Modesto Hermida, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 50, decembro 2009, 71 pp. (ISBN: 978-84-92794-06-5).

Poemario de Manuel Sieiro Taboada (Pousada-Forcarei-Pontevedra, 1951) que comeza cun limiar de Modesto Hermida datado o 14 de novembro de 2009 e intitulado "As colores das cancións" (pp. 7-10) no que salienta que este "médico poeta" posúe méritos suficientes para ser editado na colección que dirixe Luís Alonso Girgado. Refire que o título conforma "unha intensa imaxe literaria como cóctel de plástica, música e outras sensorialidades" para concretarse nunha poética que postula pouco o poema "comunicativo" e si a linguaxe "imaxinaria". Apunta que presenta influencias da "imaxinería tradicional", "rasgos expresionistas no marco da concepción postimpresionistas" e semellanzas con Antonin Artaud ao buscar "unha intensa afirmación da personalidade", ademais das referencias musicais aos Beatles e aos Rolling Stones e a estilos como o *jazz*, o *blues* e a *bossa nova*. Hermida remata o limiar precisando que este poemario é amor "expresivo e, por veces, temesiño" que fai ponderar sobre todo a sensorialidade táctil "en fuga cara un controlado erotismo" e o amor pola palabra. E engade que Manuel Sieiro, observado máis como home que como poeta, sangra por "unha ferida social", como se aprecia no poema "Meniño da rúa". *Van Gogh e outras cancións* está dedicado "Á enerxía do Universo" e componse de breves poemas intitulados como é o caso do inicial "Van Gogh" no que existe unha presenza recorrente da cor amarela e que se acompaña da ilustración dun ollo do poeta Vincent Van Gogh tirada dun dos seus autorretratos. O resto de poemas, as "cancións", presentan unha presenza constante de elementos sensoriais, plásticos, acústicos que serven para amosar lembranzas e momentos amorosos moi concretos, melancólicos e fuxidíos. Alternan o eu do poeta, o diálogo interrogativo que este estabelece cunha segunda persoa e así mesmo o emprego da primeira persoa do plural e mesmo poemas en terceira persoa do singular. Predominan os versos de arte menor mais mesturados con outros de arte maior. O poemario acompáñase dalgunhas ilustracións interiores de Lola

Vera e de J. Méndez, quen ilustra ademais en solitario as tapas e a portada. Estas ilustracións en cores cálidos e tonalidades mates complementan visualmente o contido dos versos e aparecen situadas na páxina seguinte ao poema ao que fan referencia.

Referencias varias:

- La Voz, "El poeta valdeorrés Manuel Sieiro presenta nuevo libro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 3 decembro 2009.

Anuncia a presentación dun novo poemario do médico e poeta Manuel Sieiro en Santiago de Compostela, na sede da editorial Follas Novas. Refire que un dos membros do dúo Cómplices, Teo Cardalda, interpretará ao final do acto da presentación unha canción baseada nun dos poemas. Indica que tamén acudirán ao acto o editor da colección Libros da Frouma, Luís Alonso Girgado, e o autor do prólogo, Modesto Hermida. Remata nomeando outras localidades galegas e españolas onde tamén se presentará o poemario.

Sixto, Xosé, *Peitos e tetas nas noticias do domingo*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Poesía Edoy Leliadoura, n.º 10, 2009, 91 pp. (ISBN: 978-84-7824-588-8).

Segundo poemario de Xosé Sixto García (Guimarei, Friol, 1984) tras *Berro de cristal* (2007). Despois dunha dedicatoria e mais unha breve introdución que axudan a instalar o ton do poemario e a importancia do domingo para a voz lírica, asociado aos domingos de infancia na praia, inclúense vinte e tres textos, precedidos polo epígrafe "Anos máis tarde...", que comezan con "Cámaras! Acción!" e rematan cun "Corten!", o cal conforma unha especie de filme no que se repasan escenas, lembranzas e emocións que reflicten o paso do tempo no camiño da infancia á madureza. Trátase, en xeral, de versos narrativos que devalan progresivamente cara á estrutura rítmica, instalados na dimensión cotiá e inspirados polas vivencias dos domingos evocados, asociados á aldea ("Domingo de aldea nun periódico de vangarda"), ás celebracións ("Terceira persoa de singular e de plural"), ao tempo pasado na taberna ("A taberna"), e mesmo ao autobús que levaba a Santiago ("Escoita"); domingos de entroido ("Outra cara"), de Resurrección ("Domingo de...") ou mesmo domingo de Reis ("Corpore insepultum"), con códigos e referencias marcadamente xeracionais. O decorrer do tempo queda así plasmado en versos que dan entrada a diferentes temas, entre eles, a diglosia ("O pensamento tamén fala"), a violencia e os malos tratos ("Sangue na sección de sucesos e na portada da covardía"), o aborto ("Pensouno así"), a morte dos seres queridos ("O teu fillo Xabier" ou "Os santos non morren un luns"), a nostalxia pola infancia e o abandono da inxenuidade perante unha realidade na que hai espazo para a dor e a perda.

Souto Alcalde, David, *Vertixe da choiva*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, maio 2009, 59 pp. (ISBN: 978-84-96673-98-4).

David Souto Alcalde (Vilagarcía de Arousa, 1983) publica o seu segundo libro de poemas. Consta de corenta e un poemas que no índice divide en cinco bloques separados tipograficamente pero sen título. Comeza o poemario cunha dedicatoria do

autor e cunha cita de René Char. O primeiro bloque contén sete composicións nos que as referencias ao paso do tempo e a lugares anónimos son constantes. Algúns destes lugares inconcretos son: o mar, a cidade, un faro, etc. As alusións a situacións concretas tamén aparecen; é o caso do poema "Deslízase con frenético ritmo o viño polas veas". A segunda sección consta de dez textos de prosa poética. De novo as referencias a cuestións existenciais son patentes: o tempo, a vida… A natureza tamén esta presente nos poemas "Entre un peixe e un dinosauro existe o navío" e "Urros de labirinto debaixo das fragas, da pedra, da auga…". O mar continúa tendo un oco nesta segunda sección. Sete son os poemas que conforman o terceiro bloque; a natureza é o eixo temático central deste apartado. En varios textos os insectos, as árbores, o mar convértense en protagonistas da historia que conta o poeta. Describe un mundo habitado por arañas, hedras, follas e outros seres insignificantes. O cuarto bloque do poemario só consta de cinco textos. Neles o poeta continúa a liña temática iniciada no anterior bloque, é o caso do poema "As nubes caen na fraga, enriba da lagoa gris", no cal realiza unha descrición dunha paisaxe. O mesmo acontece no texto "Os automóbiles adoecen afundidos nas silveiras", aínda que aquí, a parte de realizar unha descrición concreta, reflexiona sobre o avance do mundo moderno. No texto "Hipatia" aparece unha descrición dun espazo urbano, no que predominan automóbiles e semáforos. O último bloque presenta doce composicións de temática variada, aínda que podemos observar un punto de unión: a descrición de espazos variados. Nos versos destes textos, o poeta describe un mundo en decadencia no que abundan as ruínas e os lugares solitarios e abandonados. Nos últimos poemas ese mundo pesimista dá paso a dous textos nos que a morte aparece de maneira clara. Son os dous poemas que pechan o libro: "O réquiem insiste en asediar ó inverno" e "O defunto está tirado na herba". O libro conta con ilustracións de Amandine Maillarbaux.

Recensións:

- Héitor Mera, "Ton apocalíptico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 306, "Libros", 29 outubro 2009, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 257, "Letras Galegas", 7 novembro 2009, p. 6.

Analiza o último poemario de David Souto Alcalde, do que salienta as sensacións poéticas que se van superpoñendo e tamén o tratamento da concepción da materia. Comenta que nos distintos poemas se vai vendo o paso do tempo e os cambios que se producen, así como a visión pesimista de que cada un non pode cambiar nada, de que non se pode fuxir. A continuación, comenta o punto de vista formal do libro do que destaca os silencios que se presentan entre os versos e, por último, valora positivamente o poemario.

Referencias varias:

- C. P., "Propúxenme facer unha literatura lonxe do bastión de ningunha tendencia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 8 xullo 2009, p. L12.

Achega unha breve entrevista realizada a David Souto pola publicación do seu poemario editado por Toxosoutos. O autor comenta que os poemas foron publicados tal como os escribiu hai vinte anos e dá conta de cales son as "liñas de tensión" da súa poética. Por

último, refire que está a traballar en Estados Unidos e afirma que aínda non ten pensado volver.

- M. Dopico, "A realidade veada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xullo 2009, p. 30.

Comeza citando algunhas das imaxes que aparecen no poemario de David Souto e comenta que foi presentado na libraría Couceiro de Santiago. A seguir, achega os comentarios do poeta sobre a estrutura do libro e a súa poesía e refire cales son os poetas cos que se sente máis identificado. Tamén destaca do volume os motivos e tópicos que recolle nos seus versos e indica que algúns entroncan coa tradición galega.

Suras, Alberte, *Olladas dun intre de amor*, limiar de Manuel María, ilustr. Felipe Senén, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa n.º 12, abril 2009, 80 pp. (ISBN: 978-84-96673-93-9).

Este poemario de Alberte Suras, finalista do premio Illas Sisargas 2007, comeza cun "Limiar" no que Manuel María gaba a poética de Suras e onde afirma que este libro é "froito de fondas e vividas experiencias" e mais que supera a *Latexos do vento* (1992). A seguir aparecen os vinte e oito poemas que integran este poemario de amor e que están estruturados en sete partes. A primeira parte "Oda primeira dun intre de amor" e a sexta "Penúltima oda dun intre de amor", que contan con dous poemas cada unha delas, son as únicas partes que non están encabezadas cunha ilustración de Felipe Senén, xa que todas as demais seccións o están. A segunda sección "Luar lucidío" presenta cinco poemas; a terceira "Lumieiras infindas" seis; a cuarta "Acougos mareiros" catro; a quinta "Soños floridos" catro, un deles con referencias a Trasalba e a don Ramón, e finalmente a sétima "Olladas de paixón", cinco. Trátase duns poemas con vitalismo do sentimento amoroso e con acenos sensuais.

Recensións:

- Héitor Mera, "Amarrando felicidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Libros", 10 decembro 2009, p. VI.

Informa de que este libro conta con ilustracións de Felipe Senén e cun prólogo de Manuel María. Asemade apunta que o lector estará perante un poemario de amor que se estrutura en sete partes nas que se van presentando diferentes claves que poden levar ao sentimento amoroso. Destaca que predomina a luz como símbolo de esperanza, de alegría e de vivencia dado que a poesía deste libro é vital.

Tembrás, Dores, *O pouso do fume*, prólogo de Teresa Seara, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 211, abril 2009, 73 pp. (ISBN: 978-84-92646-11-1).

Dores Tembrás (Bergondiño, A Coruña, 1979) publica o seu primeiro poemario que se inicia cunha cita da autora e cun prólogo de Teresa Seara. Neste limiar, Seara repasa as liñas temáticas fundamentais do poemario, analizando o seu título e algunha das súas composicións. Presenta unha tripla estrutura que se relaciona tematicamente co título. O primeiro bloque de poemas leva o título de "Oxidación"; neste apartado aparecen vinte

poemas nos que se reflexiona sobre a infancia perdida e o pasado da poeta na súa aldea. O primeiro poema deste bloque remite ao poder da palabra como elemento que dá vida á realidade. A presenza de elementos da natureza é constante (o limoeiro, saltóns, amarotes) e remite á infancia da poeta. "Combustión" é o título do segundo bloque e consta de catorce poemas nos que a temática non varía. "Cándida" é o primeiro poema e está dedicado supostamente á avoa da poeta; nesta sección aparecen varios poemas dedicados; é o caso de "Detrás do ollo fechado" que vai dirixido a Manuel Suárez, ilustrador da cuberta do libro e amigo da poeta. O terceiro bloque está composto por dezasete poemas e leva o título de "Pouso" nos que continúa coas súas reflexións e alude ao seu amor anónimo nun dos poemas. A perda da infancia faise manifesta nas últimas composicións do libro.

Recensións:

- Lorena Domínguez Mallo, "Itinerario da couza", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 11.

Coméntase que o percorrido pola memoria de infancia de tres xeracións é a temática deste libro de poemas de Dores Tembrás. Saliéntase que o medio empregado é o recurso aos símbolos e imaxes emocionais coas que descodifica a infancia e se reconcilia con ela. En canto ao estilo destaca que a poeta prescinde de todo o innecesario, quedando cos elementos básicos. Do fume dise que é a xenealoxía, que mesmo marca a estrutura tripartita da obra, até converterse nunha homenaxe á palabra, pois ao redor do lume contáronse sempre as historias. Deste modo conclúe que se reconstrúe a memoria.

- Yolanda Castaño, "Fume tatuado nos ollos", *O Ollo Público*. *Revista das artes*, n.º 27, "Literatura", "Crítica literaria", xuño-setembro 2009, p. 5.

Destaca que se trata da primeira incursión de Dores Tembrás na poesía galega e comenta que a súa poesía é "depurada" e "elegante", algo que resulta "valioso" tendo en conta que o ambiente do libro é rural. Con respecto aos temas da obra, comenta que converten ao lectorado en "tenras e conmovidas voyeurs" que lembran a súa infancia na aldea co fin de evitar que "ese fermoso mundo se perda".

- Marga Romero, "Man mestra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Libros", 29 xuño 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 241, "Letras galegas", 4 xullo 2009, p. 7.

Comézase recomendando a lectura d'*O pouso do fume*, de Dores Tembrás, do que sinala que "conmove" pola fermosura das súas imaxes e polos "segredos das palabras". Considérase que estes poemas "nos inclúen como lectores e lectoras" porque parecen referirse a eles. Coméntase que se trata dunha poesía que leva a un mundo onírico, o mundo da infancia xa perdido, mais que permanece na memoria de cada un e que calquera lector se pode identificar con el. Insírense varios dos versos do libro no artigo co fin de sustentar os seus argumentos e comenta que os versos do libro son "palabras revitalizadas nun mundo de hoxe".

- Ramón Nicolás, "Rastros, tempo, memoria…", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 325, 8 agosto 2009, p. 6.

Comenta o primeiro libro de poesía de Dores Tembrás, no que a autora mostra un mundo xa ido, cheo de sobriedade expresiva e tamén de elegancia. Indica que o volume está prologado por Teresa Seara e destaca que o lector se achega nestes versos á memoria da infancia, a través de tres procesos: oxidación, combustión e pouso. Explica que a infancia é unha etapa pasada que o lector revive a través da memoria e indica que estes versos fan referencia a espazos, persoas, sensacións, experiencias, etc. Por último, loa o traballo de Tembrás e afirma que se trata dun "gran" libro.

- Armando Requeixo, "Os aneis de cinza de Dores Tembrás", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*"/*El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", n.º 592, "Páxina literaria", 25 outubro 2009, p. 5

Comeza o artigo cun poema do poemario de Dores Tembrás, *O pouso do fume*, do que salienta a melancolía pola infancia pasada e as lembranzas dun mundo xa ido. Comenta que os versos da poeta están localizados no espazo entre o encoro de Cecebre e a ría de Sada e dá conta da estrutura tripartita do libro: "Oxidación", "Combustión" e "Pouso". A seguir, compara os versos de Tembrás cos de outras autoras como Eva Veiga, Lupe Gómez, Olga Novo ou Olalla Cociña e, principalmente, con Alejandra Pizarnik. Por último, indica que non está de acordo con ter incluído no volume os cinco poemas finais, pois supoñen un engadido que non achega gran interese ao conxunto.

Referencias varias:

- Dores Tembrás, "De 'O pouso do fume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 maio 2009, p. 36.

Acóllese nesta sección fixa o fragmento poético "morreu...", do poemario *O pouso do fume*, de Dores Tembrás.

- Yolanda Castaño, "Para todos e todas", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 24 maio 2009, contracuberta.

Refírese ao poemario de Dores Tembrás, *O pouso do fume*, como "unha marabilla que relembra o mundo rural cunha elegancia exquisita" e cun léxico enxebre.

- Dores Tembrás, "De 'O pouso do fume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 maio 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o fragmento poético "inocúlame...", do poemario *O pouso do fume*, de Dores Tembrás.

- Lupe Gómez, "O fume da orixe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xuño 2009, p. 34.

Entrevista a Dores Tembrás, autora d'*O pouso do fume*, obra cuxa ilustración de portada é creación de Manuel Suárez, a quen a escritora lle dedica un poema. Tembrás explica como o concepto do fume xurdiu mentres estaba realizando unha estadía investigadora en Suecia e reflexionaba sobre a terra e a orixe. "O fume é a testemuña da morte", di Tembrás. Sinala que "O poema dos 7 km" se basea nun feito real que lle aconteceu a

súa avoa Cándida cando era unha nena. De feito, asegura que as infancias das tres xeracións atravesan este primeiro poemario seu. Cítase a John Cage, de quen Tembrás recupera o concepto do silencio, e a Alejandra Pizarnik.

- Marta García Márquez, "Comeza a 37 edición da Feira do Libro con 52 expositores e 150.000 títulos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 agosto 2009, p. 14.

Fai referencia á inauguración da trixésimo sétima edición da Feira do Libro da Coruña e destaca as actividades paralelas que se levarán a cabo. En columna á parte, informa sobre os actos do día e entre eles, dá conta da presenza de Dores Tembrás, quen asinará exemplares da súa última obra.

- Xesús Fraga, "O esforzo a prol da poesía de Espiral Maior", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 334, "Letras en galego", 10 outubro 2009, p. 11.

Tras repasar o traballo da editorial Espiral Maior a prol da publicación de obras do xénero lírico, indícanse algúns dos autores que se uniron á colección nos últimos tempos. Logo dise que o responsábel da mesma, o poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, destaca algúns títulos especialmente importantes na colección como *Poemas da doada certeza* (1994), de Uxío Novoneyra; e *Era na selva de Esm* (2004), de Xosé Luís Méndez Ferrín. Entre as máis recentes incorporacións destaca *O pouso do fume*, de Dores Tembrás.

- A. R. López e M. Dopico (coords.), "Dores Tembrás", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 793, 29 outubro 2009, pp. 1-8.

Publícase neste número un traballo de Dores Tembrás, intitulado "Esquiagrafías" e inspirado nas fotografías de Henry Talbot. Asemade, refírese ao seu poemario *O pouso do fume*.

- Víctor Castro, "Presentación en Vilaboa del libro 'O pouso do fume", *El Ideal Gallego*, "Atalaya Mariñana", 16 decembro 2009, p. 20.

Breve nota na que se anuncia que na Biblioteca Uxío Novoneyra de Vilaboa-Culleredo terá lugar a deste poemario nun acto no que estarán presentes a súa autora xunto a Miguel Anxo Fernán Vello, Eva Veiga e Celestino Poza.

Teniente, Javier e Xosé **Guillermo**, *Cabalos de vento*, *curros de pedra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, 155 pp. (ISBN: 978-84-9782-955-7).

Libro de fotografías de Xavier Teniente Lago (Vigo, 1968) que inclúe debuxos e textos poetizados de Xosé Guillermo (Carballo, 1947-Vigo, 2009). As fotografías en branco e negro de Teniente dialogan cos debuxos, iconas e textos poéticos de Xosé Guillermo para reflectir visualmente unha xornada de curro. Esa xornada está dividida en dez momentos, todos eles conteñen varias fotografías, seguidas dos debuxos, feitos con lapis ou a carbón, que introducen e acompañan o texto. Primeiro descríbese a chegada dos besteiros nunha mañá de maio, despois como baixa a grea do monte que meten no curro. Pechan a saída e teñen alí durante un tempo as bestas mentres algún aproveita para montar a algún neno nun poldriño. Máis tarde paran para comer e aproveitan para

contar historias de cabalos e os gandeiros botan unha ollada ao gando para mercar. Finalmente, volven ao curro e collen un poldriño ao que rapan e marcan, despois devólveno con súa nai e no remate da xornada botan as bestas do curro para que volvan para o monte.

Recensións:

- Marta Otero, "Os curros na poesía e no debuxo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 317, "Letras en galego", "Etnografía", 13 xuño 2009, p. 9.

Coméntase esta obra, un traballo do pintor Xosé Guillermo, encargado das ilustracións e poemas, e do fotógrafo Xabier Teniente. Afírmase que os versos transmiten a "esencia do ritual" do curro, e os debuxos "a forza das bestas". Das fotografías, en branco e negro, destácase que "xogan un papel fundamental para lograr o impacto no resultado".

Referencias varias:

- Mar Mato, "Queriamos captar a atmosfera dos montes e máis as situacións que viven os cabalos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 241, "Entrevista", 16 maio 2009, p. V.

Entrevístase a Javier Teniente, autor fotográfico da obra *Cabalos de vento*, *curros de Pedra*, un volume no que se recolle un percorrido épico pola historia do cabalo silvestre. Na conversa menciónase o xa finado Xosé Guillermo, quen achegou o trazo do pincel e engadiu textos poetizados.

- A. R. López e Montse Dopico, "Cabalos, cabalos", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 772, 28 maio 2009, pp. 1-8.

Preséntase nunhas liñas aos responsábeis desta obra, Xosé Guillermo, autor dos debuxos e dos textos, e Xavier Teniente, autor das fotografías, para a seguir reproducir fragmentos poéticos e ilustracións de *Cabalos de vento*, *curros de pedra*.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Infantil/Xuvenil", 4 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describe brevemente unha selección de novidades literarias, caso de *Cabalos de vento*, *curros de pedra*, de Javier Teniente e Xosé Guillermo.

- X. L. Méndez Ferrín, "Curro de Dülmen", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 610, "No fondo dos espellos", 6 xuño 2009, p. 4.

Co gallo desta publicación de Xabier Teniente e Xosé Guillermo Sobrino, aproveita para estabelecer unha comparativa entre a derradeira reserva de cabalos salvaxes alemá, Merfelder Bruch, que organiza un curro cada primavera, e os curros que se celebran en Galicia, onde aínda hai cabalos salvaxes. Explica as similitudes e diferenzas entre

ambos os dous acontecementos e entre os cabalos galegos e alemáns, concluíndo que "sería bonito" que os criadores galegos e os alemáns contactasen.

- Xosé Carlos Caneiro, "Inferno e parodia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 23 xullo 2009, p. 12.

Faise referencia a diferentes obras do panorama literario galego, caso de *Cabalos de vento*. *Curros de pedra*, de Xavier Teniente e Xosé Guillermo, entre outras.

Válcarcel, Xesús Manuel, *Casa do poder*, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, col. de Poesía, xuño 2009, 177 pp. (ISBN: 978-84-937176-1-2).

Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) presenta neste volume, estruturado ao redor de sete seccións, corenta e nove poemas de temática filosófica, distribuídos en grupos de sete poemas por sección. Como especifica na súa introdución, prosegue na liña de pensamento metafísico que xa comezara no seus volumes anteriores, *Tensión Nuclear* (2007) e *Como hai que vivir?* (2009). Explica a teoría base das súas composicións, orientada en torno ao esteticismo conceptista e ao hedonismo e optimismo metafísico e prosegue co seu concepto do "sentimental_ISMO". Describe despois brevemente a estrutura do seu volume e algúns termos de creación propia que tamén empregou ao longo das súas composicións. A primeira parte comprende os poemas "Astros protectores", "Declaración de principios", "Manual do ritual", "Negociar cos espíritos", "Arcano Arcano", "Serpes protectoras do tesouro"e "Dobre sentido na mesma dirección", todos eles de valor ritual e alegórico, que desenvolven o tema da natureza e do seu poder. A segunda parte vén conformada por "Tempos do tempo", "De correctione ignorantorum", "Mineral natural", "Altares de pedra", "O pao do palleiro", "Herba de namorar e desenamorar" e "Flor da auga fría", centrados así mesmo nos elementos da natureza no seu aspecto alegórico. A terceira parte abrangue "Rachar os ditados", cunha cita de M. Curros Enríquez, "Non comprar motos de grandes cilindradas", "Marcar a diferenza", "Axentes da subversión", "Liberación do Sent", "Purificación das malas bilis"e "Desfasar", ao redor da identidade e sentimentos do ser humano e ao seu concepto de SENT, apócope de sentimental_ISMO. A cuarta parte inclúe os poemas "Animais da iniciación", "Aviso de navegantes", "Contratar guía", "Transición dos iniciados", "Punto de encontro", "A caverna"e "Morte simbólica", alicerzados xa nunha temática moito máis filosófica e nos que se enxerga o concepto do *rebelde stil nuovo*. Constitúen a quinta parte os poemas "Prácticas previas"; "Entrada na casa do poder"; "Grimorio elemental", dividido en cantos de afirmación, unión, profecía, confianza, parabéns, ameaza, paixón, alianza, liberdade, sombra, valentía, paz, construción e secreto; "Peticións de propiciación", divididas asemade segundo sexan para calquera tipo de petición, preservar a saúde, curar a alguén, conseguir prosperidade económica, namorar a alguén para conseguir amor correspondido ou unha aventura sexual; "Peticións de protección", estruturadas segundo sexan para protexerse de calquera perigo, protexer unha persoa, neutralizar a envexa, enfriar un home ou muller, protexerse de inimigos ou inimigas, pedir axuda en casos de angustia espiritual, protexer a SENT; "Peticións de destrución", conforme sexan para neutralizar a alguén, dominar a alguén, devolver o mal, maldicir a alguén, destruír psiquicamente a un inimigo ou inimiga ou facerlle mal a alguén; e "Experimentación de campo", que consiste nun conxunto de citas de Ana Balboa, Marcos Prado, Elvira Barcia, Esperanza Vázquez, Xosé Antón Bernal, Nerea Pazo e Nicolás Sánchez. Estes poemas adoptan xa un ton de

ritual propiamente dito. A sexta parte vén constituída por "Acollida universal"; "Compromisos da unión", dividido en cinco xuramentos: a el mesmo, ao Aprendiz ou Aprendiza, ao Compañeiro ou Compañeira, ao Mestre ou Mestra e á Divindade; "Invocacións", que abrangue unha invocación diurna e unha nocturna; "Invocación do círculo (semanal)"; "Celebración da unión", estruturado en sete partes que corresponden ao primeiro oficiante ou recordatorio inicial, segundo oficiante ou código de conduta, primeiro participante ou o /a que promete, segundo participante ou o/a que non promete, terceiro oficiante ou os consellos aos pactantes, cuarto oficiante ou continuación dos consellos aos pactantes e varios oficiantes ou os que piden e desexan; "Canción de benvida"; e "Canción de despedida", todos eles de claro carácter relixioso e de pregaria. A derradeira parte contén os poemas "Dúas ribeiras", "pacto de pactos", "Separación de poderes", "Espazo sagrado", "Revelación SENT", "O SENT libera" e "Luz de sombra que nos guía", nos que atopamos caligramas e poesía visual mesturada cos conceptos da filosofía sentimentalista do poeta.

Válcarcel, Xesús Manuel, *Como hai que vivir?*, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, col. de Poesía, xuño 2009, 187 pp. (ISBN: 978-84-937176-0-5).

Poemario, en forma de libro de consellos ou manifesto, de Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) que comeza cunha introdución na que se di que o sentimental_ISMO é unha maneira de ver o mundo, unha aprendizaxe, unha ferramenta para a revolución e procura a curación integral da persoa, xa que vai en contra dos modelos estéticos da sociedade consumista que impón hábitos nocivos para a saúde e o espírito. Coméntase que nesta obra trátanse os puntos de vista do sentimental_ISMO sobre a sociedade: rexeita o diñeiro como único valor porque significa pobreza para a persoa, rexeita a moral colectiva porque é imposta polo poder, rexeita a superstición científica porque é unha fantasía da soberbia humana, é un internacionalismo polo que respecta as diferenzas culturais, está a favor da democracia consciente porque a abstención representa á maioría que ás veces significa opresión e, finalmente, é unha teoría pacifista que contén tres aspiracións: a transformación da conciencia persoal, a superación por parte do individuo dos prexuízos que lle impoñen as institucións sociais e a apertura da persoa a formas de espiritualidade libres e conscientes. Titulado cunha pregunta de Sócrates, *Como hai que vivir?*, expón en forma de verso o ideario do sentimental_ISMO e as repercusións que pode ter na conduta mediante un conxunto de fórmulas que compoñen unha praxe normativa, o resultado práctico dunha teoría filosófica. No tocante á expresión, o ritmo consíguese coa hibridación da poesía co ensaio, o que dá lugar ao que se chamaría "poesía filosófica". O poemario procura o conceptismo polo que combate tanto a verbofaxia da poesía actual como o sonetismo; así, converte o significado no centro da mensaxe poética, polo que prefire o termo real ao imaxinario. Está dividido en sete partes numeradas e tituladas, introducidas todas elas por unha serie de letras e números agrupados en palabras sen significado e formando un parágrafo, a modo de cita: "1. Buscar SINCERA_MENTE", "2. Superar a estupidez", "3. Aceptar a realidade", "4. Programar obxectivos alcanzables", "5. Liderar a misión", "6. Actuar con estilo" e "7. Practicar SENT". Os poemas son longos sen rima e están agrupados tipograficamente en dúas columnas e uns a continuación dos outros; todos eles rematan co verso "O SENT libera", agás o último poema de cada sección que remata cunha serie de números agrupados como se fosen palabras nun parágrafo.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, "Teoría sentimentalista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 304, "Libros", 15 outubro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 254, "Letras galegas", 17 outubro 2009, p. 6.

Coméntase que Xesús Manuel Valcárcel publicou como poeta *Rosa Clandestina* (1988), *A porta de lume* (1992) ou *A fondo*; como narrador, *O capitán Lobo Negro* (1995), *Os ollos do sentinela* (1997) e *As grandes carballeiras* (1998) e como ensaísta é autor da triloxía formada por *Práctica sentimental* (1997), *Dialéctica sentimental* (1997) e *Animal sentimental* (1997). Sinálase que estas tres últimas son a antesala do seu *Manifesto senti_MENTAL_ISTA* (2006), que senta as bases dunha nova vangarda artística que procura unha renovación total das artes e as letras e mostra un conxunto de novas propostas e de posicionamentos estéticos propios. Opínase que é unha filosofía completa que pretende darlle protagonismo á intuición e aos sentimentos, que é unha maneira de ver o mundo na que o significado é o centro da mensaxe poética. Dise que *Como hai que vivir?* é un libro en verso que desenvolve os principios fundamentais da teoría sentimentalista. Afírmase que na introdución se presentan as ideas básicas que configuran o pensamento sentimentalista na súa proxección política e social e que no libro se presenta un modelo de como superar a estupidez, aceptar a realidade, programar obxectivos alcanzábeis, liderar a misión, actuar con estilo e practicar o SENT. Coméntase que o SENT é a resposta á comodidade como valor supremo, a rebelión das persoas contra a estupidez e a manipulación e o camiño da liberdade, a paixón, a compaixón, a confianza e a esperanza.

- Vicente Araguas, "Sonvos as cousas que ten o 'sent", *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", n.º 558, "Páxina literaria", 8 novembro 2009, p. 4/ *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 558, 8 novembro 2009, p. 4.

Aclárase que sent é apócope de sentimentalismo, a filosofía poética de Xesús Manuel Valcárcel que intenta demostrar outras maneiras de vivir, pensar e querer e que hai outros mundos dentro de nós. Coméntase que o seu poemario ten un sentido totalizador e que con palabras sinxelas, pero ben artelladas, pretende mostrar fórmulas para que o mundo non se veña enriba. Opínase que este libro ten moita sabedoría e que nel a poesía, lonxe de ser ornamental, ten un senso e unha sensibilidade peculiares.

Válcarcel, Xesús Manuel, *Don da profecía*, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, col. de Poesía, xullo 2009, 139 pp. (ISBN: 978-84-937176-2-9).

Poemario de Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) que no prólogo do propio autor pon ao lectorado en antecedentes sobre o que se vai atopar neste conxunto de corenta e nove poemas. Explica que o volume trata sobre os grandes eixos que conforman a rede epistemolóxica da filosofía do sentimentalISMO: filosofía, que segundo comenta o autor, asume o carácter terríbel da existencia, pero que tamén mira a capacidade humana para transformar o sufrimento. Asemade, Valcárcel comenta que o poemario, co que pecha un ciclo de catorce libros, estrutúrase en sete partes compostas por sete poemas cada unha, nos que aplicou os seus coñecemento da física teórica á poesía. Nesta sucesión de reflexións e pensamentos predomina o discurso, semella prosa dividida en

frases, que non se pode cualificar de versos porque neles non se atopa nin métrica, nin rima, nin ritmo.

Recensións:

- Román Raña, "Prosaísmo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*, n.º 302, "Libros", 1 outubro, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 252, "Letras galegas", 3 outubro 2009, p. 7.

Tras un breve percorrido pola produción de Xesús Manuel Valcárcel, achégase un comentario sobre este "poemario", no que o autor prescinde de todos os tropos ou recursos poéticos coñecidos, optando por un discurso longo e prosaico. No tocante á temática recóllense as palabras do propio autor, quen pretende explicar con este libro as bases teóricas do movemento filosófico chamado sentimentalISMO. Destácase o discurso filosófico de índole nietszcheana e discrepa sobre a consideración desta obra como poética, xa que explica que nela se achegan unicamente razoamentos, nos que só hai prosa, posto que o verso non é unicamente unha aleatoria e arbitraria división de liñas nunha páxina.

Valle, Luís, *A caída*, VII Premio Caixanova de Poesía 2008, prólogo de Darío Xohán Cabana, Santiago de Compostela: Pen Clube de Galicia/Caixa Nova, col. Arte de Trovar, n.º 14, marzo 2009, 183 pp. (ISBN: 978-84-936989-7-3). ◆

Primeiro libro en galego de Luís Valle (Lugo, 1977) que se abre cun prólogo de Darío Xohán Cabana, no cal lembra a traxectoria inicial deste autor case descoñecido. Tamén se destaca a naturalidade e a brillantez expresiva do libro marcados tematicamente pola dor, a angustia existencial, o amor e o medo. Contén catro citas iniciais compostas por versos de diferentes autores como José Ángel Valente, Paul Verlaine, Vicente Huidobro e Paul Celan e a seguir os oitenta e dous poemas que conforman o poemario. Trátase de poemas breves e mesmo moi breves, algúns con só dous versos, de arte menor na súa grande maioría, aínda que sí aparecen catro textos de carácter máis narrativo e versos longos. Estilisticamente destaca a preferencia polos xogos formais baseados nos espazos en branco significativos, a disposición tipográfica especial ao arbitrio do poeta coa que busca unha maior énfase conceptual. O ton do poemario é pesimista e, malia a brevidade dos textos, obsérvase unha dor profunda que só nalgún caso se transforma en positividade mínima cando se refire a algún intre vivido coa persoa amada. Dan conta disto versos como "Da túa cruz nacen rosas/ e abellas que dan mel" que dan paso ao desacougo e á escuridade nos seguintes: "A luz/rodéame de grilos/afogados". A brevidade dos textos; a linguaxe sinxela, clara e directa, e a disposición tipográfica dos textos dotan o libro dun ritmo áxil que facilita a súa lectura e comprensión.

Recensións:

- Miguel Sande, "Versos como terapia ao final do día", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 337, "Letras en galego", 31 outubro 2009, p. 12.

Tras unha breve reflexión sobre o estraño que para algunhas persoas resulta que outras lean poesía, recoméndase a lectura da obra de Luís Valle. Comenta que é o libro que le

todas as noites antes de durmir e destaca a esencialidade e as imaxes dos versos breves que o conforman, así como a súa naturalidade e concisión.

- Héitor Mera, "Recomendable lectura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Libros", 5 novembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 258, "Letras galegas", 14 novembro 2009, p. 6.

Primeiramente lémbrase que o poemario de Luís Valle, obtivo o Premio de Caixanova de Poesía e logo sinálase que dentro da obra hai poemas breves e concisos os cales poden ser entendidos mesmo como *haikus* xaponeses. Como características estilísticas e formais indícanse o axeitado ritmo, expresividade e emotividade cheas de imaxes e metáforas, baseadas "na autoafirmación de quen sabe o que di". Tamén se di que é unha poética da reflexión, do coñecemento, na que o eu lírico manifesta unha carga de profundidade brutal. Por último, afírmase que é unha obra convincente e verosímil para un lector crítico e desexoso dunha poesía complexa na súa concepción pero relativa e sinxela na súa exposición.

Referencias varias:

- Vicente Araguas, "Baixo mínimos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 553, "Libros", 14 outubro 2009, p. 14.

Analízase o libro de poemas que é gañador do VII Premio Caixanova de Poesía no 2009, do que é autor Luís Valle. Dise que malia ser un autor novo e bastante descoñecido xa ten algún libro anterior publicado e neste poemario premiado o autor do prólogo é Darío Xohán Cabana, amigo e compañeiro de escola de seu pai. Dise que na obra se atopan poemas breves ou moi breves nos que predomina a temática da dor e do intimismo e destácase a ilustración da portada que é obra de Antón Pulido. Fálase por último do estilo dos poemas nos que destaca, segundo se di, a musicalidade, os encabalgamentos e a economía expresiva.

- Xosé Carlos Caneiro, "Soles", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 366, "Letras en galego", "Club dandi", 24 outubro 2009, p. 12.

Tras se deter no comentario de dúas obras en prosa, realízase unha breve análise do poemario de Luís Valle, gañador do VII Premio Caixanova de Poesía. Dise que é unha obra chea de dor onde se xoga coa memoria e a razón e as palabras se converten "en lóstregos".

- Manuel Rivas, "O milagre da poesía e o nepotismo iletrado.", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 30 outubro 2009, p. 12.

Fálase sobre un evento que ten lugar no Teatro Rosalía de Castro na Coruña, "Poesía +Ciencia", que reúne moitos autores e autoras galegos coa música. Logo critícase a retirada dunha das mellores coleccións de poesía, a da Editora Tambo, por parte da Deputación de Pontevedra así como da suspensión, por parte da mesma institución, da compra de libros galegos. Finalmente fálase sobre outra colección de poesía que si mantén o Pen Clube Galicia co apoio de Caixanova, "Arte de Trobar", e dentro da cal

vén de publicarse a obra de Luís Valle, último Premio de Poesía Caixanova. Gábase este poemario e considérase o autor como "un gran poeta".

VV. AA., *Once máis 15*: *poemas musicados,* ed. Francisco Villegas Belmonte, prólogo de María Lado, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, 2009, 61 pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-8289-270-2).

Volume colectivo que se abre cun prólogo de María Lado, no que comenta brevemente este libro-disco. Trátase dun traballo de adaptación musical de once textos poéticos, no que colaboraron quince músicos. Inicialmente, preséntase o grupo musical e o/a músico/a por medio dun texto, na maioría das veces asinado, ao que lle segue unha ficha técnico-artística sobre a adaptación da composición poética. A continuación, vai o texto e un apartado biobliográfico do autor da poesía. Agás en dous grupos, nos que se ofrece unha ilustración, para "Zimmer103" e "Ataque Escampe", incorpóranse fotografías dos músicos. Os autores son os que seguen:

- Afonso Pexegueiro, "Se has de chorar", p. 8.

O poema pertence ao libro *Blasfemias de Silencio* (2000). Púxolle música zimmer103, grupo presentado por Xavier Campos.

- Álvaro Cunqueiro, "Nos ollos teus", p. 13.

A composición de Cunqueiro inclúese no poemario *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933). Adaptouno musicalmente Miguel Alonso, que é presentado por Irene Quinteiro.

- Antón Lopo, "Ningún lugar seguro", p. 17.

Incluído no *Libro dos amados* (2005) e leva a música de Ataque Escampe, presentado por Xiana Arias Rego.

- Celso Emilio Ferreiro, "Longa noite de pedra", p. 21, e "Non", p. 23.

Ambos poemas foron incluídos no poemario *Longa noite de pedra* (1962) e foron adaptados por Miguel A. Súarez, presentados baixo as palabras de Fernando Ceide, e por Xurxo Mares, respectivamente.

- Daniel Salgado, "Autopoética in progress", pp. 27-28.

O poema inclúese no libro de versos, *Os poemas de como se rompe todo* (2007). A música faina Fanny e Alexander, grupo presentado por María Lado.

- Darío Xohán Cabana, "Cantarche hei amiga", p. 31.

O poema é da obra *Cantigas de amor vilao* (1987). A música é de Anxo Rei, presentado por Susana Méndez.

- Grupo de comunicación poética Rompente, "A dama que fala", pp. 35-36.

O poema pertence ao espectáculo poético do grupo e ao título que de modo colectivo publicaron en 1983. A música é de Roberto Sobrado e banda.

- Luís Pimentel, "Cunetas", pp. 39-40.

Este poema foi tirado do volume *Poesía Enteira* (1981). A adaptación musical corre a cargo do grupo Snail.

- Manuel Curros Enríquez, "Ai!", p. 43, e "A Rosalía de Castro", p. 45.

Recóllense dous poemas de Manuel Curros Enríquez, pertencentes á obra *Aires da Miña Terra* (1880). O primeiro foi adaptado musicalmente polo Meiga do Norte, presentado por Jaime Carbajo, e o segundo musicado polo grupo Julian Ross.

- Manuel María, "Outono", p. 49, e "Canción para cantar todos os días", pp. 51-52.

A composición "Outono" é do poemario, *Poemas ao outono,* musicado por David Taboada, e "Canción para cantar todos os días" é da obra *Canciós do lusco ao fusco* (1970), adaptado musicalmente polo grupo Elanor.

- Rosalía de Castro, "Cantan os galos pro día", p. 55-57, e "A xustiza pola man", pp. 59-60.

Ambos poemas pertencen á obra *Cantares gallegos* (1863). Foron adaptados coa música de Fucoxabier e Nao, respectivamente.

Recensións:

- Ángel Varela, "A literatura e a música galega volven conversar con éxito", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Musica", 23 xullo 2009, p. 54.

Alude inicialmente á relación entre poetas e músicos dende hai máis de tres décadas e comenta que esta relación se perdeu durante parte dos anos oitenta e noventa. Afirma que se está recuperando o costume de aproveitar "a inspiración que sae da escrita" e menciona aos músicos Brath (Eloi Caldeiro) e Fanny e Alexander, que se reúnen neste volume nunha "iniciativa que reúne a música de quince intérpretes cos poemas de once poetas galegos de todos os tempos", como Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Antón Lopo, Daniel Salgado, Darío Xohán Cabana, Luís Pimentel e Manuel Curros Enríquez. Esta tendencia reafírmaa *Once máis 15*, e comenta que as propostas sonoras que se lles aplican aos textos "son moi diverxentes". Di ademais que o que non se pode negar é a "estupenda idea" e a súa "luxosa presentación" en formato libro-disco.

Referencias varias:

- Andrés Rodríguez, "Tres discos, trece grupos, trinta poetas", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 29, "En portada", 27 xuño 2009, pp. 2-3.

Refírese a este libro-disco editado no que quince bandas, cada unha no seu estilo, adaptan textos poéticos doutros once autores. Así atópase Celso Emilio Ferreiro ao que se achegan Miguel A. Suárez ou Xurxo Mares, e Daniel Salgado ao que se achega a música de Fanny + Alexandre, entre outros.

- A. D., "Artistas coruñeses participan en un CD que pone música a poemas gallegos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 28 xullo 2009, p. 15.

Informa da saída do libro-CD, *Once máis 15*. Ademais de comentar que o grupo Elanor chegou por casualidade ao proxecto, menciona outros grupos participantes como Sainal, que versiona o poema de Luís Pimentel, "Cunetas"; Xurxo Mares, que interpreta "Non", poema de Celso Emilio Ferreiro; David Taboada e Miguel Suárez.

- O. L., "Artistas galegos poñen música a poesías no álbum 'Once máis quince", *La Opinión*, "Cultura", "Música de raíz", 20 xullo 2009, p. 35.

Breve noticia na que se afirma que a idea de pórlle música a poemas escritos por "clásicos" está ben, pero que os músicos "non dan o nivel necesario". Sinala que ofrecen un traballo "moi frouxo" e que o produto é "totalmente esquecible".

- Lupe Gómez, "Ladroas de libros", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 779, "Un raio de sol", 20 setembro 2009, p. 6.

Coméntase ironicamente, entre outras cousas, que roubou *Once máis quince*, un libro-CD publicado por Edicións do Cumio. Deste proxecto saliéntase a mestura de sons diferentes e de palabras diversas e dise que resulta "moi comprometido coa sociedade galega". Sinálase que se trata dun traballo no que músicos galegos interpretan textos de poetas galegos, entre eles menciónanse os de Álvaro Cunqueiro, Alfonso Pexegueiro, Antón Lopo e Celso Emilio Ferreiro e proxectos musicais como os de Ataque Escampe, Miguel Alonso, Fanny e Alexander e Anxo Rei.

VV. AA., *Poetas con Rosalía IV*. *Na frente unha estrela*, *no bico un cantar*, prólogo de Helena Villar Janeiro, Padrón: Fundación Rosalía de Castro, xullo 2009, 43 pp. (ISBN: 84-87668-33-X). ◆

Ábrese o volume cun prólogo de Helena Villar Janeiro no que dá conta dos seus contidos e sinala que os temas que tratan, líricos e reivindicativos, serían do agrado de Rosalía. Agradece a colaboración da cubana Nancy Morejón e do catalán Joan Margaritt, que visitaron a Casa da Matanza en 2008 e aceptaron participar no proxecto, e salienta o traballo realizado polo ilustrador, Miguel Elías (1963), do que sinala que está escribindo en caligrafía xaponesa o poema de Rosalía "Las campanas". A seguir, inclúese o soneto "A Rosalía de Castro", de Ramón Cabanillas (Cambados, 1876-1959), co que a Fundación Rosalía quere unirse á conmemoración do cincuentenario do pasamento do poeta cambadés, e mais as composicións de Xiana Arias (A Fonsagrada, 1983), "Conspiración"; Modesto Fraga (Fisterra, 1974), "A Rosalía"; Úrsula Heinze (Colonia, 1941), "No canto"; F.R. Lavandeira (Taragoña, 1966), "Muller de mar"; Ánxeles Penas (Teixeiro, Curtis, 1948), "A Rosalía de Castro, De La flor a Follas novas"; Antonio Piñeiro (Ribeira, 1962), "Paisaxe con muller"; Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957), "Deconstruíndo Rosalía"; María Xosé Queizán (Vigo,

1939), “Sabia Rosalía”; Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964), “Revelación primeira”; Nancy Morejón (A Habana, 1944), “Rosalía de Castro”; e Joan Margaritt (Sanaüja, Lleida, 1938), “Un arquitecte pensa a l’alba en Rosalía”/“Un arquitecto pensa na alba en Rosalía”. As ilustracións do volume, de estética xaponesa, son do alacantino Miguel Elías.

Referencias varias:

- C. Botrán, “Rosalía, en la memoria”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 16 xullo 2009, p. 33.

Con motivo da conmemoración do falecemento de Rosalía, recóllese que na súa Casa Museo tivo lugar un acto no que participaron, ademais de distintas autoridades, o profesor Xesús Alonso Montero, quen centrou o seu discurso en Ramón Piñeiro, e Anxo Angueira, encargado da presentación do número 5 da colección *Poetas con Rosalía*. Indícase desta publicación que conta con ilustracións de Miguel Elías e textos de Xiana Arias, Ramón Cabanillas, Modesto Fraga, Úrsula Heinze, F.R. Lavandeira, Joan Margaritt, Nancy Morejón, Ánxeles Penas, Antonio Piñeiro, Xavier Queipo, María Xosé Queizán e Antón Riveiro Coello.

- Manuel Dourado Deira, “Verán cultural encabezado por Rosalía”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “Ardentía”, 25 xullo 2009, p. 5.

Entre as celebracións ás que asistiu, Manuel Dourado Deira recolle o acto que conmemorou o 124 aniversario do pasamento de Rosalía celebrado na Casa da Matanza. Sinala a grande asistencia de público nesta edición, malia reparar en ausencias significativas. Dá conta da inuguración dun novo auditorio ao aire libre grazas aos esforzos de Helena Villar Janeiro, presidenta da Fundación Rosalía, e refírese ás homenaxes rendidas no transcurso do acto a Ramón Cabanillas e Ramón Piñeiro. Conclúe citando os escritores e escritoras que participan na publicación *Poetas con Rosalía IV*.

VV. AA., *Premio 2008 de relato*, *poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, 163 pp. (ISBN: 978-84-9914-012-4). ■

Volume recompilatorio dos traballos galardoados na edición de 2008 do Premio de Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo no que se acollen as seguintes composicións poéticas:

- Xabier Xil Xardón, “Contrapicado dobre”, Premio de Poesía, pp. 87-96.

Trátase de oito poemas de métrica libre e cuxa estrutura reflicte novas conxuncións. A temática conxuga entre a modernidade do cinematógrafo e reflexións sobre o amor, o paso do tempo ou a natureza, adquirindo unha perspectiva orixinal.

- Anxo Manuel Rodríguez Ratel, “Tempo de Andrómenas”, 1º Accésit de Poesía, pp. 99-107.

Seis poemas recuperan o tempo perdido dunha historia amorosa facendo fincapé nos momentos máis intensos da mesma.

- Diego García Campos, "O son irrepetible", 2º Accésit de Poesía, pp. 111-120.

Sete composicións conforman "O son irrepetible". A viaxe iníciase con "96 am", que contará co motivo do amor ("Canción para as tardes chuviosas"), así como coa súa razón de ser. Pódese observar así mesmo unha preocupación pola propia escrita poética e un final alentador.

- Daniel Costas Currás, "Letra. Digo", 3º Accésit de Poesía, pp. 123-131.

Achega un total de cinco composicións. A primeira delas presenta unha inquedanza polo ser e a existencia mediante suposicións de ton retórico. Iníciase con "Poesía", de tema metapoético; "As normas que por Compostela chaman" presenta un certo ton social; "É de todos ese espazo na barra" expresa un camiño iniciático; e, por último, en "Pe de efe" indícase tipograficamente en negriña as letras p-d-f no poema, cuxo eixe xira entorno á temática metalingüística.

- Raquel Uzal Gómez, "O dong de nariz luminoso" (tradución do inglés de "The dong with a Luminous Nose", publicado en *Laughable Lyrics* (1877), de Edward Lear), 1º premio de tradución, pp. 135-150.

Conta coas seguintes composicións: "O dong de nariz luminoso", no que se fala da historia dun "meteoro incandescente" como se dunha lenda se tratase; "Os dous solteirións", sobre un escarmento para quen se mete coa sabedoría; "O coro de pelicanos", cunha estrofa a modo de refrán no que se conta a historia duns pelicanos; e, como remate, "O amor do bo de Ban Bouto", formado dez composicións, nas que se presenta ao humilde de Ban Bouto cun ritmo pegadizo. Pretende casar coa señorita Ririn Rial, comprometida xa cun home inglés de bo talante. Non obstante, a súa decisión non pareceu ser a acertada.

VV. AA., *Premio 2009 de relato*, *poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, 163 pp. (ISBN: 978-84-9914-068-1). ■

Volume que contén os traballos galardoados nos Premios 2009 de relato breve, poesía e tradución literaria da Universidade de Vigo. Ábrese cun "Limiar" institucional a cargo do reitor, Alberto Gago. A continuación, recóllense as obras gañadoras nas súas distintas modalidades (relato curto, poesía e tradución). As composicións poéticas seleccionadas son as seguintes:

- Anxo Manuel Rodríguez Ratel, "Talvez o infortunio", Premio de Poesía, pp. 55-68.

Componse de sete poemas, que se abren como un canto á esperanza sobre a memoria e o presente para "maldicir o infortunio/ou cantar por fin/a liberdade". Na mesma liña, séguenlle as composicións, algunhas con dedicatorias persoais, e remata co poema "A propósito do epitafio", en clave irónica.

- Xosé Daniel Costas Currás, "Le petit canteiro", 1º Accésit de Poesía, pp. 55-68.

Ábrese cunha cita de *O principiño,* de Antoine de Saint-Exupéry para realizar viaxes simbólicas por diferentes planetas habitados por unha única persoa. Unha segunda parte complétase en clave amorosa baixo o título "Ela era el".

- Xosé Daniel Costas Currás, "Versos aliñados á esquerda con espazos e silencios", 2º Accésit de Poesía, pp. 69-76.

Componse de sete composicións que destacan pola disposición tipográfica dos versos, nos que os espazos en branco simbolizan a perda e a dor e nos que se mestura a temática amorosa cun enfoque civil.

VV. AA., *As voces da musa*, A Coruña: A.C. Barbantia/Concello de Noia, col. Biblioteca Barbantia, 2009, 87 pp. Contén CD musical. (ISBN: 978-84-613-0728-9) ◆

Despois de dous limiares e un preludio institucionais, este volume é produto do proxecto cultural común feito por unha serie de escritores, ilustradores e músicos/as. Está dividido en nove apartados, en cada un dos cales se recolle un poema, ao que acompañan un gravado e mais a partitura da música, que contén á parte o CD no que se interpretan cada unha das composicións. Esta obra colectiva está realizada por un total de vinte e sete artistas vinculados dalgún xeito coa comarca do Barbanza, aínda que participan máis dun cento de persoas na edición artesanal. A seguir reprodúcense os poemas antologados:

- Ana Romaní, "Ámbito escuro" e "Ámbito glacial", pp. 13-19.

Acóllense os dous poemas acompañados da partitura "Ámbitos" de Rodrigo Romaní e do gravado-auga forte "El umbral", de Nacho C. Beiro.

- Antonio Piñeiro, "*Os lirios nunha sala de espera...*", pp. 21-27.

Acóllese o poema acompañado da partitura "Os lirios", de Héctor Lorenzo e Najla Shami e dun gravado a punta seca S/T, de Xoán Fernández.

- Anxo Angueira, "I" e "II", pp. 29-35.

Acóllense os dous poemas con numeración romana sobre o bosco do Barbanza que se acompañan da partitura "Camiños no Bosco", de Marcos Pin e dun gravado-auga forte S/T, de Manolo Figueiras.

- Eva Veiga, "O meu amor" e "Luminaria núa...", pp. 37- 43.

Acóllense os dous poemas acompañados da partitura "Ceo novo", de Emilio Cao e dun gravado S/T, de Alfonso Costa.

- Helena Villar, "Variacións para un canto de inverno", pp. 45-51.

Acóllese o poema encabezado por dous versos de Rosalía de Castro e subdividido en dúas partes con numeración romana, acompañado da partitura homónima, de Xosé R. España Lorenzo.

- Íria Gestoso Ríos, "Desenganada..." e "Tirei o véu desta sombra...", pp. 53-59.

Acóllense os dous poemas acompañados da melodía "Aria para un poema de Íria Gestoso", de X. Luís Miranda Sueiro e dun gravado-auga forte S/T, de Francisco Blanco Alcaide.

- María do Cebreiro, "Volverás a Santiago algunha vez?", pp. 61-67.

Acóllese o poema acompañado da partitura "A Flor do Pan", de Sonia Lebedynski e dunha tinta sobre papel S/T, de Baldo Ramos.

- Xabier L. Marqués, "Zarabanda", pp. 69-75.

Acóllese o poema subdividido en dúas partes con numeración romana, que se acompaña da partitura "Zarabanda a Manuel Cartea", de Iago Núñez e do gravado en linóleo homónimo, de Julio Catalán, que tamén aparece na cuberta da antoloxía.

- Xesús Rábade, "Terra Chá", pp. 77-83.

Acóllese o poema subdividido en dúas partes con numeración romana, que se acompaña da partitura da folía "Arría a xarda", de Pepe Romero e dun gravado-auga forte S/T, de Manuel Ayaso.

Péchase o volume coa relación dos datos e contido do CD musical.

Recensións:

- Lidia M. Gallas Otero, "Barbantia rende homenaxe á arte coa edición do libro-CD 'As voces da Musa", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Publicación", 24 maio 2009, p. 31.

Presenta esta obra do colectivo cultural barbanzán "Barbantia" e explica que, tal e como se pretende recrear no título, as súas páxinas versan sobre as tres artes: a escrita, a música e a pintura. Así xustifica que os poemas en papel, escritos por persoeiros como Ana Romaní ou Antonio Piñeiro, vaian acompañados dun disco coa súa propia musicalización. Do mesmo xeito, comenta que a letra escrita vai precedida polas partituras compostas por Rodrigo Romaní, Najla Shamí ou Marcos Pin, entre outros, mentres que a pintura queda da man de artistas como Alfonso Costa, Paola García ou Xoán Fernández. Conclúe que o seu obxectivo é dar forma ás composicións poéticas que compoñen a publicación.

Referencias varias:

- Chechu López, "Barbantia y Bourel reúnen a 27 artistas en un proyecto editorial sin precedentes", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Comarcal", 17 marzo 2009, p. 25.

Fala da obra promovida pola Asociación Cultural Barbantia e a colección "Bourel", na que se mesturan obras literarias, pinturas e pezas musicais. Comenta que nela participaron vinte e sete persoas aínda que o número de implicados no proxecto se atopa cerca do centenar. Entre os poetas están Ana Romaní, Eva Veiga ou María do Cebreiro, entre outros; mentres que Nacho Costa Beiro, Alonso Costa ou Paola García participaron como pintores. Cita a seguir outros libros da colección "Bourel", caso d'*Os veos da paisaxe*, de Eduardo Estévez; *Mentres te alonxas* (2004) e *Os tres contos da guerra* (2007), de Antonio Piñeiro; *Zarzalúa* (2007), tradución ao galego da obra de Pilar Blanco; *Xeografía nocturna* (2007), de Ferrán Fernández e *37 poemas por man propia* (2006), de varios artistas.

- Chechu López, "Barbantia y Bourel elevan la cultura comarcal a la enésima potencia", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", " Comarcal", 2 maio 2009, p. 31.

Preséntase *As voces da Musa*, un traballo editorial da asociación Barbantia e a colección "Bourel". Fálase de Antonio Piñeiro como un dos impulsores desta iniciativa na que interviñeron máis de cincuenta persoas de forma directa e até case cento cincuenta de forma non directa. Indícase, tamén, como resultou a presentación da obra durante a celebración do cuarto Encontro de Creadores no Barbanza.

- Helena Villar Janeiro, "As voces da Musa", *El Correo Gallego*, "Opinión", 8 maio 2009, p. 3.

Coméntase a presentación desta obra creada pola Asociación Cultural Barbantia, presidida polo escritor e poeta Antón Riveiro Coello, onde se mestura a poesía de "factura" e de temática libre con achegas de autores como Eva Veiga, Ana Romaní ou Antonio Piñeiro; a obra plástica de Alfonso Costa, Xoán Fernández, entre outros; mentres que a gravación en CD dos poemas así como as partituras musicais corren da man de persoas como Emilio Cao ou Rodrigo Romaní. Destácase tamén o traballo artesanal que achega á obra o poeta e editor Antonio Piñeiro do que tamén se cita a obra *37 poemas por man propia* (2006).

VV. AA., *Libraría Couceiro. 1969-2009. 40 anos de agradecemento*, prólogo de Ramón Villares Paz, Santiago de Compostela: Libraría Couceiro, marzo 2009, 115 pp. (DL: C-746/2009).

Volume colectivo no que participan dezanove escritores e escritoras galegas co gallo de conmemorar o corenta aniversario da apertura da Libraría Couceiro. O libro comeza cun prólogo firmado por Ramón Villares, "Un lugar para soñar", no que fala sobre a importancia e o traballo da Libraría Couceiro nos corenta anos que pasaron dende a súa apertura. A continuación aparecen os textos dos dezanove escritores, os cales son en prosa e en verso. As achegas poéticas son as seguintes:

- Xiana Arias, "Carson Mccullers", pp. 39-40.

Contribúe á homenaxe á Libraría Couceiro cun poema titulado "Carson McCullers", no

cal reflexiona sobro o proceso da lectura.

- Xoán Carlos Domíguez Alberte, "Os camiños da vida", pp. 43-45.

Poema que presenta a descrición dunha natureza persoal e subxectiva.

- Celso Fernández Sanmartín, "%%%", pp. 55-58.

No poema o escritor fala da importancia dos libros nun contexto de guerra e como grazas á lectura as cousas poden cambiar a mellor.

- Manuel Outeiriño, "Pulso", pp. 87-88.

É un texto no que a modo de xogo poético expresa as súas preocupacións e medos.

- Baldo Ramos, "Tokonoma", pp. 89-90.

Poema moi breve no que fala do poder da palabra e da escritura.

- Mario Regueira, "Poema", pp. 91-93.

Trátase dun texto íntimo no que fala da importancia da súa nai na súa vida.

- Daniel Salgado, "Robert Wyatt", p. 97.

Texto poético con reflexións existenciais no que a palabra aparece como elemento liberador.

- Miro Villar, "Sete haikus de Breizh", pp. 111-113.

Conxunto de sete haikus nos que se reflexiona sobre diferentes aspectos da vida e da historia.

O volume tamén conta con fotografías relacionadas coa Libraría Couceiro. Finaliza o libro-aniversario cunhas palabras de agradecemento en nome da Libraría Couceiro.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A permanente ilusión", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 marzo 2009, p. 32.

Conta que unha vintena de escritores e escritoras galegos colaboran no libro co que a libraría Couceiro de Santiago de Compostela celebra os seus corenta anos de historia e apoio á creación literaria galega. Destácase que conta cun deseño na cuberta de Baldo Ramos, un prólogo de Ramón Villares xunto coa colaboración dunha vintena de autores e reprodúcense palabras de Xesús Couceiro nas que afirma que mantén o seu compromiso co libro en galego dende a fundación da súa libraría en 1969.

- V. Oliveira, "Couceiro, o mestre dos libros", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 753, "O personaxe", 22 marzo 2009, contracuberta.

Co gallo da presentación deste volume realízase unha aproximación á figura de Xesús Couceiro, de quen se detalla que non desistiu na "idea romántica" xurdida en 1969 de impulsar a cultura de Galicia e que mantén na súa libraría un dos seus trazos distintivos: a especialización no libro galego.

- Margarito Flowers, "La librería Couceiro cumple cuarenta años", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 26 marzo 2009, contracuberta.

No apartado "Libro conmemorativo", dáse conta da saída a lume deste volume e sinálase que conta coa participación, entre outros, de Ramón Villares, Marilar Aleixandre, Rosa Aneiros e Manuel Outeiriño.

- Rosa Aneiros, "Asombro", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "A Rebusca", 30 marzo 2009, p. 4.

Reproduce o comezo do poema de Carlos Negro, "Gándara", que emprega tamén no peche. Explica que está incluído no volume de homenaxe á libraría Couceiro xunto a palabras de Marilar Aleixandre, Suso de Toro e Miro Villar, entre outros.

Xil Xardón, Xabier, *Cando menos a derrota*, XXI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, prólogo de Anxo Angueira, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 2009, 64 pp. (ISBN: 978-84-7824-576-5).

Poemario de Xabier Xil Xardón (Morgade, Xinzo da Limia, 1983) que se abre, ademais do "Envío" de Eusebio Lorenzo Baleirón, tomado de *Gramática do silencio*, cunha cita de Chus Pato, tirada d'*A Ponte das Poldras*. A continuación, hai un prólogo intitulado "Esme dentro", asinado por Anxo Angueira, un dos vocais do xurado que concedeu o premio, no que apunta a modo lírico a poética desta obra e manifesta ademais que a "vixilancia e o control deste poeta non é de torres. El é o chan". Comenta tamén que Xil Xardón mandou tamén "á prehistoria a filosofía da saudade, cavando". O poemario consta de trinta e cinco composicións intituladas. O eu poético preséntase como unha voz plural para loitar contra a desmemoria e a perda de identidade, malia ser unha guerra "contra nós mesmos". Así, exprésase todo un simbolismo do chan, aludido constantemente tamén en composicións breves sen título ("No chan hai xeitos de ser e e terra...", "é plano o chan que nos contempla...", etc.). Manterse nesta posición é o que lle permite á voz lírica ir contra o silencio e desbotar o desalento, pois considera que nas alturas ("o ceo", "a torre",...) é onde está "a vertixe das palabras/ no país dos xordos". Por outra banda, hai poemas narrativos nos que se inclúen diálogos cos antepasados (avó/avoa) e destacan ademais as referencias metapoéticas encubertas ao longo do libro ("Escribo para construirme as xeografías..."). Algunhas composicións presentan cambios na tipografía (negriña, cursiva ou letra de maior tamaño). Péchase cunha dedicatoria "Á memoria de Eduardo Gil Sanmamede, que botou as vacas até que as vacas se venderon".

Recensións:

- María Xesús Nogueira, “No nacemento da desmemoria”, *A Nosa Terra,* n.º 1.386, “Cultura”, “Crítica”, 17-23 decembro 2009, pp. 30-31.

Salienta que o Premio de Poesía de Eusebio Lorenzo Baleirón cumpriu novamente as súas principais expectativas: a “publicación dunha voz inédita” e “o descubrimento dun novo autor” e coméntase que o gañador da XXI Edición, Xabier Xil Xardón, forma parte daquelas voces denominadas “novísimas”. Destaca a súa pertenza ás Redes Escarlata, o que lle resulta “de utilidade” para situar ao autor nunhas coordenadas poéticas. Do poemario alúdese ao seu discurso épico, para recuperar “a memoria comunal” e denunciar a transformación do medio natural na Limia. Considérase que aborda o tema dende a conciencia da derrota e dende “un tempo onde asentan os piares da identidade”.

II.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Abeleira, Xoán, *Animais animais*. *Animales animales*, versións e notas do autor, ed. bilingüe galego-castelán, Madrid: Bartleby Editores, 2009, col. Poesía, 186 pp. (ISBN: 978-84-92799-00-8).

Reedición bilingüe, revisada e ampliada, d'*Animais Animais* (2001), de Xoán Abeleira (Maracay, Venezuela, 1963), que engade respecto á edición anterior escrita integramente en galego un "Preludio (unha poética)", que contén o poema "Na época na que os nenos inventaban [contos". No segundo bloque, "Olca (poemas de amor animal)", súmanse as composicións "O primeiro poema" e "Xacendo na loba", ao mesmo tempo que se modifica o poema "O corpo plenamente", que pasa a titularse "O amor plenamente". No terceiro bloque, "Poemas animais", incorpóranse tres novas composicións: "Bisonte bradando/cova de Altamira", "Home-paxaro (cova de Lascaux) e "Os estorniños". Como remate achega o autor unhas notas nas que aclara que nesta edición ten corrixido algunhas grallas e engadido varios versos.

Castaño, Yolanda, *Erofanías. Triloxía poética (1995-1998)*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 217, 2009, 132 pp. (ISBN: 978-84-92646-18-0).

Reúnese nesta triloxía, nun só volume, en edición actualizada e definitiva, os tres primeiros libros de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), un conxunto poético que a converte nun dos referentes da poesía galega actual. Ábrese co poemario *Elevar as pálpebras* (1995), que comeza cun prólogo de Miguel Anxo Fernán Vello, no cal se destaca sobre todo, a espontaneidade, sensibilidade e frescura que se desprende da súa lectura así como "o contacto surrealista da imaxe e símbolo que sorprende na textura do poema". Divídese logo en dúas partes sen título pero que se presentan numeradas en romano, cunha última parte titulada "Poética". Na parte I predomina a temática amorosa, inzada de lembranzas da adolescencia e da infancia da propia autora. Só algúns dos poemas están titulados e o versolibrismo é o trazo estilístico máis salientábel. Predominan, ao igual que en toda a triloxía, os versos de arte maior e conséguese a rima por medio do ritmo acentual e das pausas versais e intraversais. Na seguinte parte, II, o ton é diferente xa que os textos adquiren un carácter máis narrativo nos que se describen intres do mundo cotián e sentimentos como o paso do tempo a través da transformación física persoal. Na última parte, "Poética", si aparecen os poemas titulados e vólvese ao ton lírico do principio. O seguinte poemario recollido é *Delicia* (1998), Premio de Poesía Fermín Bouza Brey, que se abre cun prólogo de Teresa Seara no que se destaca a madureza poética da autora malia a súa xuventude e a "sensualidade sensitiva do pracer". Divídese en seis partes que posúen cadanseu título e que conteñen un número desigual de poemas. Constátase como trazo máis característico un léxico moi sensitivo centrado no mundo dos desexos e do encontro amoroso, de traizóns e paixóns arrebatadas. Cun ton evocador de tempos pasados evidénciase a presenza dun "ti" masculino ao que se dirixe a voz poética. Estilisticamente segue o predominio da arte maior e do versolibrismo e o ritmo volve a basearse nas diferentes disposicións tipográficas dos poemas e a cadencia acentual. O terceiro e último poemario é *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998) co que conseguira en 1998 o II

Premio de Poesía Johan Carballeira e o Premio da Crítica Española. Conta cun prólogo de Olga Novo no que salienta o "xiro radical que a autora dá dende os dous volumes anteriores" ao pasar da sensualidade amorosa á paixón desenfreada traducida na liberdade absoluta á hora de vivir o sexo e o amor de dous amantes adolescentes. O verso longo, os espazos baleiros, a linguaxe moi coidada na liña do culturalismo propio da poesía galega dos anos oitenta e noventa e o gusto polo refinamento esteticista, seguen marcando este poemario dun xeito máis evidente que os anteriores.

Recensións:

- María López Suárez, "Arte corporal", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 11.

Achégase a *Erofanía. Triloxía poética (1995-1998)*, que inclúe a "edición actualizada e definitiva" dos tres primeiros libros de Yolanda Castaño. Fai certas reflexións sobre a construción de traxectorias poéticas e as cuestións de xénero, para logo puntualizar que este volume reinaugura a poesía adolescente da autora e tematízaa dunha vez por todas, consolidando ambas as etapas, a da adolescencia e a da madurez. Apunta que a obra se abre a unha relectura fetichista, tal a súa corporeidade, polo que considera que resultaría interesante analizar o modo en que os textos alimentan unha única vía de revelación, a do corpo poetizado. Por último, considera que a obra reproduce, co seu carácter espectacular e próximo ao *body art*, a estética da presenza, da materialidade exposta e desexante da escena.

- Román Raña, "Lírica nudez", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Libros", 10 decembro 2009, p. VI.

Analízase a reedición dos tres volumes de poesía que publicou Yolanda Castaño entre 1995 e 1998, os cales agora se agrupan baixo este título. Lémbrase que a autora é unha das máis destacadas poetas da chamada Xeración dos 90, sobre todo pola novidade que supuxo unha poesía do erotismo inmediato. Dise do primeiro volume, *Elevar as pálpebras* (1995), que se caracteriza polo lirismo realista, o desalento e a prosa poética. Do segundo libro, *Delicia* (1998), dise que hai referencias continuas ao sexo en todos os poemas e do último, *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998), destácase que volve ao turbador mundo do erotismo, centrándose nunha parella que se busca, que se desexa e ama. Por último, sinálase que, malia aparentar unha poesía núa, a súa autora agóchase baixo as palabras e as modulacións contraditorias.

- Vicente Araguas, "Como te moves, como te moves", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 601, "Páxina literaria"/*Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 565, 27 decembro 2009, p. 4.

Coméntase primeiro que a poeta Yolanda Castaño é unha muller polifacética, que se dedica a moitas cousas, o cal conleva moitas veces críticas. Lémbrase a estreita relación de amizade que o autor do artigo mantén coa escritora e a súa participación conxunta en diversos actos e recitais. Deseguida preséntase o volume recompilatorio, no cal se recollen os seus tres primeiros poemarios e saliéntase como se ve a evolución da autora a través do paso dunha a outra obra, así como a ambigüidade da poeta.

Referencias varias:

- Luís P. Ferreiro, "O mal tempo encheu de público o inicio da Feira do Libro da Coruña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 agosto 2009, p. 30.

Descríbese polo miúdo os actos programados para o día da inauguración da Feira do Libro da Coruña como o pregón inaugural de Miguel Anxo Fernán Vello e a firma de libros de Manuel Rivas a un bo número de admiradores. Logo indícase que a poetisa Yolanda Castaño foi a protagonista da última cita do día ao presentar a súa escolma da súa primeira produción lírica. Finalmente, coméntanse os demais actos que terán lugar ao longo do desenvolvemento da feira.

- Yolanda Castaño, "Libros en agosto", *Galicia Hoxe*, "A contra", 9 agosto 2009, contracuberta.

Primeiro indícase que nese día comeza a Feira do Libro da Coruña. Dise que é a maior de Galicia e a cuarta das organizadas no estado español. Logo apúntase que, ademais de encontrarse con compañeiros e compañeiras de profesión, a escritora Yolanda Castaño presenta nela a reedición dos seus tres primeiros libros de poesías, baixo o título conxunto de *Erofonía*. Feito que, segundo se comenta, lle provoca nostalxia xa que se trata dunha obra que ela comezou hai quince anos na que cada vez se recoñece menos e que sente irregular e tenra.

- Miguel Sande, "Yolanda e o sexo a berros", *La Voz de Galicia*, "*Cultura*s", n.º 326, "Letras en galego", 15 agosto 2009, p. 10.

Diríxese en segunda persoa a Yolanda Castaño co gallo da reedición da súa obra poética, unha triloxía onde agrupa a súa primeira produción poética. Felicítase á poeta polo acerto en seguir escribindo e por atreverse neses versos a falar abertamente de sexo e amor sen ningún prexuízo. Gábase o feito de facer unha rebelión persoal e estética e alcanzar a sensualidade plena.

- maré, "Voces 'imprescindibles", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poesía", 29 setembro 2009, p. 39.

Dáse conta da reedición do poemario *Erofanía*, de Yolanda Castaño, e indícase que reúne por primeira vez os tres primeiros libros que publicou *Elevar as pálpebras* (1995), *Delicia* (1998) e *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998).

- Daniel Salgado, "Non quería interpretar a caricatura de min mesma e parei de escribir", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 outubro 2009, p. 9.

Achéganse comentarios de Yolanda Castaño sobre os seus tres primeiros libros, recentemente reeditados por medio da triloxía titulada *Erofanías*, que a encadraron coma unha escritora erótica, aínda que a poeta considera que hai que entender estas obras como reflexo dunha etapa vital, entre os dezasete e dezanove anos, na que buscaba darlles voz ao desexo, ao corpo. Despois destas primeiras obras, a poeta explica o seu silencio de cinco anos, porque "non quería interpretar a caricatura de min mesma", tamén di que a través da súa obra *Profundidade no campo* critica a imaxe que quixeron

crear ao redor destas obras e laméntase de que se confundise a obra coa persoa e que se frivolizase a súa obra. Reivindica que se valoren as súas obras por si mesmas, independente de que sexa unha escritora coñecida por saír en televisión, feito que non lle achegou máis vendas, segundo comenta. Confesa que agora é mais lenta escribindo e que procura propoñer sempre algo novo, non lle interesa escribir sobre o que xa escribiron outros.

- Xesús Fraga, "O esforzo a prol da poesía de Espiral Maior", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 334, "Letras en galego", 10 outubro 2009, p. 11.

Recóllense as palabras do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, responsábel de Espiral Maior, lembrando a importancia e a lonxevidade da editorial, así como o labor que desempeña. O escritor repasa os títulos máis importantes da colección e refírese a algunha das últimas publicacións, caso de *Erofanías*, de Yolanda Castaño.

- M. B., "Yolanda Castaño contempla con distancia e tenrura os poemas reeditados no libro 'Erofanía", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 15 decembro 2009, p. L9.

Refírese á presentación deste libro, na librería Couceiro por parte da autora, cunha reedición revisada e corrixida, na editorial Espiral Maior. Sinálase que, segundo di a propia autora, ela ve hoxe eses poemas con certa distancia pero con tenrura. Por último, destácase o bo labor da editorial ao reeditar mil exemplares na primeira tirada.

Castaño, Yolanda, *Profundidad de campo*. *Profundidade de campo*, trad. Yolanda Castaño, ed. bilingüe galego-castelán, Madrid: Visor Libros, col. Visor de Poesía, n.º DCCXXI, 2009, 95 pp. (ISBN: 978-84-9895-721-1). ■

Poemario de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), gañador do XV Premio de Poesía Espiral Maior e publicado por primeira vez en 2007 integramente en galego na editorial galega promotora do certame, que nesta ocasión se presenta nunha edición bilingüe galego-castelán grazas a unha subvención da Dirección Xeral do Libro, Archivos y Bibliotecas del Ministerio de Cultura.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Eu son optimista", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 novembro 2009, p. 37.

Entrevista coa escritora Yolanda Castaño, quen ven de ser galardonada co Premio El Ojo Crítico, outorgado por RNE pola súa obra *Campo de Profundidade*, coa que tamén alcanzou o premio Espiral Maior 2007. Di que reflexiona sobre como nos condiciona a nosa imaxe, considera que as mulleres aínda están expostas a estereotipos e prexuizos e que a súa imaxe pode eclipsar o seu traballo, precisamente o xurado do Premio El Ojo Crítico valorou a proposta moral cunha estética de vangarda e o tratamento de temas como a identidade ou o libre albedrío. Doutra banda, Yolanda Castaño opina sobre a situación da literatura galega e a súa proxección no ámbito estatal, amosa a súa satisfación ante a reedición de *Erofanía*, poemario no que di non recoñecerse, aínda que non o rexeita, e comenta que se atopa preparando unha nova entrega de *Punver*.

- Daniel Prieto, "Os xornais poden ser plataformas poéticas", *Xornal de Galicia*, "*Décimo aniversario de Xornal.com e primeiro de Xornal de Galicia*", "Embaixadores", 9 decembro 2009.

Entrevista coa escritora Yolanda Castaño, tras ser galardonada co Premio Ojo Crítico, quen opina que a poesía é un xénero aberto que existe fora da súa forma máis ortodoxa e afirma que ela procura romper con algún tópicos que a envolven. Asemade, a escritora comenta os últimos proxectos nos que está mergullada, como é a traducción ao castelán de *Profundidade de Campo*, a súa colaboración no grupo Tender a Man e no ciclo de recitais Poetas Di(n) versos.

Castro de Murguía, Rosalía de, *Cantares gallegos*, tradución ao xaponés de Takekazu Asaka, limiar de Xesús Alonso Montero, epílogo do tradutor, edición bilingüe xaponés-galego, Toquio: DTP Publishing, 2009, 283 pp. Contén CD musical. (ISBN: 978-4-86211-144-9). ■

Reedición bilingüe en galego e xaponés de *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885) da edición en xaponés que vira a luz en 2002. Esta edición matiza e engade oito poemas aos vinte e un que presentaba a tradución de Takekazu Asaka de 2002. No limiar, Xesús Alonso Montero loa a traxectoria do tradutor Takekazu Asaka e cita un artigo de 2003 no que definía ao profesor xaponés como "o máis importante galaicista que a Romanística ten producido no Xapón" e salientaba os títulos *Gramática do galego moderno* (1993), *Guía da conversación en galego* (1994) e *Vocabulario básico da lingua galega* (1996). Sinala así mesmo que Takekazu Asaka publicara en 1993 a tradución ao xaponés dos *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca (Fuente Vaqueros, Granada, 1898-1936). Apunta que *Cantares gallegos* constitúe "o libro fundacional da literatura galega moderna" e que esta reedición aínda non constitúe a totalidade do poemario rosaliano. Remata loando a "empresa pouco menos que imposible" das traducións a "idiomas de universos culturais tan distintos e distantes". A seguir, reprodúcense os vinte e nove poemas en xaponés, seguidos dun glosario aumentado de termos, obra de Manuel Murguía (Arteixo-A Coruña, 1888-1923). Despois aparecen os vinte e poemas tirados de *Cantares gallegos* e péchase o volume coa bibliografía e o epílogo do tradutor. Nel explica as dificultades para traducir ao xaponés o galego xa que ambas linguas non comparten ningunha "relación de parentesco lingüístico" e apunta que comezou facendo "unha tradución literal". Expresa os seus agradecementos a dúas amigas súas, a pianista Rika Nishikawa e a soprano Miho Haga, que interveñen no CD que acompaña á tradución do poemario. Conclúe lembrando a súa estadía nos anos oitenta no ILGA para traballar sobre a lingua galega, á que, grazas aos amigos galegos que fixo, tamén a considera súa.

Referencias varias:

- Joel Gómez, "Chegan ao mercado xaponés 29 poemas de Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 marzo 2009, p. 50.

Dá conta da publicación en Xapón dunha edición bilingüe, en galego e xaponés, de vinte nove poemas de *Cantares gallegos* (*Garisia no Uta*, en nipón), de Rosalía de

Castro. Informa que o responsábel desta obra é o profesor Takekazu Asaka, quen no epílogo asina como o embaixador da lingua galega no Xapón. Explica que ao volume, do que se editan cinco centos exemplares, acompáñao un CD con catro poemas musicados, interpretados pola soprano Miho Haga e a pianista Rika Nishikawa, ademais de quince páxinas de vocabulario tamén nos dous idiomas. Tamén fai referencia á anterior tradución ao xaponés de vinte un poemas de *Cantares gallegos* feita polo mesmo especialista no ano 2002. Asemade, di que anteriormente Asaka publicara unha *Gramática do galego moderno* en 1993, unha *Guía de conversación en galego* en 1994, un *Vocabulario básico da lingua galega* en 1996 e unha versión dos *Seis poemas galegos* de Federico García Lorca en 1993. Finalmente recórdanse os idiomas aos que a Rosalía de Castro está traducida, como é o caso do ruso, do árabe e da maioría dos idiomas occidentais, "mesmo algúns dos máis minoritarios".

- C. Villar, "Os xaponeses xa poden ler na súa lingua boa parte de 'Cantares Gallegos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 11 marzo 2009, p. 39.

Faise eco da tradución ao xaponés de vinte nove dos trinta e seis poemas que conforman *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, da man do lingüista Takekazu Asaka, tamén autor dunha gramática e dun vocabulario galego. Comenta que a dedicación deste xaponés, pioneiro en dar a coñecer a existencia da lingua galega en terras xaponesas coa tradución dos *Seis poemas galegos* de Lorca, foi loada, entre outros, por Xesús Alonso Montero así como polo coordinador científico do centro Ramón Piñeiro. Fai referencia ás dificultades coa que Asaka se atopou á hora de traducir verbas e frases feitas utilizadas por Rosalía. Ademais, engade que a tirada inicial da obra foi duns cinco centos exemplares.

- X. C., "Marisol López pide a Feijóo reflexión sobre el decreto del gallego", *El Correo Gallego*, "Galicia", 11 marzo 2009, p. 13.

Fala da tradución ao xaponés de boa parte de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, da man do lingüista Takekazu Asaka. Sinala que este embaixador do galego en Xapón é o responsábel da publicación en galego e en xaponés de vinte nove dos trinta e seis poemas da poetisa galega. Explica que se trata dunha edición que revisa e amplía a outra publicada en 2002, ademais de salientar a dificultade coa que se atopou Asaka á hora de traducir palabras e frases feitas empregadas pola poetisa galega.

- Xesús Alonso Montero, "Jorge Alves Barbosa, músico de Rosalía de Castro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 305, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 14 marzo 2009, p. 10.

Nomea as numerosas traducións que de Rosalía hai, destacando a xaponesa por Takekazu Asaka, a italiana, a éucara, a sueca e a finesa. Tamén ten coñecemento dos poemas musicados de Rosalía polo portugués Jorge Alves Barbosa a través de Xulio Mosquera, quen contribuíu á difusión entre os músicos doutros lugares do poema "A Rosalía", de Manuel Curros Enríquez. Refire tamén o labor do vigués Casiano Paredes Romero quen musicou as traducións antes comentadas.

- Margarito Flowers, "Takekazu Asaka, semigallego de Tokío", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 13 agosto 2009, contracuberta.

Recolle a visita de Takekazu Asaka a Santiago de Compostela, lembrando a presentación que o mesmo autor fixo da súa tradución ao xaponés da obra *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

- Xurxo Fernández, "Rosalía en país del Sol Naciente", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 17 agosto 2009, contracuberta.

Refírese á tradución ao xaponés de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, así como á homenaxe tributada a Marcos Valcárcel mediante a presentación de *Marcos Valcárcel. O valor da xenerosidade*. *Homenaxe dos amigos*.

Fraga, Modesto, *Mar de ausencias*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 48, xaneiro 2009, 75 pp. (ISBN: 84-85385-82-9).

Modesto Fraga (Fisterra, 1974) reedita o poemario *Mar de ausencias*, publicado por primeira vez en 1999. Esta obra resultou gañadora do Premio de Poesía Francisco Añón en 1998. O novo volume consta de trinta e sete poemas, que van acompañados de ilustracións e cartografía orixinal de Javier Campaña Martínez, expresamente adaptada aos textos que conforman o libro. O poemario comeza cunha dedicatoria dobre: ás mulleres e homes de Fisterra e a Luís Alonso Girgado. Presenta tamén un limiar do propio autor no que nos informa sobre a nova reedición de *Mar de ausencias*. O poemario estrutúrase en catro seccións: "Ausencias e mar", "Pranto de nostalxias e saudade", "Máis alá do silencio" e "O canto esquecido". O primeiro bloque consta de trece poemas nos que aparecen diferentes lugares do mar fisterrán: Punta Arnela, Punta Bufadoira… Tamén aparece un poema dedicado ao naufraxio do barco Bonito. "Pranto de nostalxias e saudade" conta con dez poemas; de novo a temática do mar vertebra este bloque e os lugares coñecidos polo poeta fan acto de presenza: Lobeira Grande, Monte Facho, etc. O terceiro apartado do libro, "Máis alá do silencio", presenta nove poemas de extensión breve nos que aparece a paisaxe terrestre da comarca fisterrá. O bloque que cerra o libro é "O canto dos esquecidos". Cinco son os poemas deste apartado, nos que de novo aparece o mar e a paisaxe da comarca de Fisterra. O poemario finaliza cuns agradecementos asinados por Modesto Fraga.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "A buguina xorda dos lamentos", *A Nosa Terra*, n.º 1.356, "Cultura", 23-29 abril 2009, p. 32.

Coméntase que *Mar de ausencias*, obra coa que Modesto Fraga gañara en 1998 o Premio de Poesía Francisco Añón, foi unha das obras que a urxencia e o descoido da súa publicación en 1999, provocaron o seu naufraxio "nas augas abisais do silencio", segundo indicou o propio autor. Así, nesta reedición incorpóranse novos textos, ilustracións e cartografía orixinal de Javier Campaña Martínez. Explica que a obra sitúa ao lector no mar da Costa da Morte, constituíndose como unha homenaxe a todas as mulleres e homes de Fisterra. Considera que Fraga estabelece un diálogo con outras escrituras de autores clásicos como é o caso de Manuel Antonio e tamén cos

compañeiros do autor que forman o Batallón Literario da Costa da Morte que loitaran, nos anos noventa, no bando da poesía galega.

- Miro Villar, "Hai poesía como area", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 110-111.

Compara a edición *princeps* publicada en 1999 por Bauprés Editores e premio Francisco Añón 1998, coa que vén de ser publicada por Libros da Frouma/Follas Novas. Repara nas diferenzas existentes nas ilustracións, dedicatorias, citas e partes destas dúas edicións, apuntando que a maior novidade está na inclusión dunha brevísima cuarta parte na edición de 2009. Sinala que a enunciación lírica do libro é moi diferente a outras entregas de Modesto Fraga, pois "apenas hai presenza da primeira persoa en dúas composicións, substituída a autorreferencialidade pola invocación da segunda persoa e, sobre todo, polo suxeito plural nós, nomeadamente nos versos da épica colectiva do mar". Cita outros elementos presentes neste volume, que mostra unha miscelánea estrófica que mestura formas tradicionais co minimalismo.

Referencias varias:

- Anxo Tarrío Varela, " Mar de ausensias", *Galicia Hoxe*, "De letras e de signos", 8 abril 2009, contracuberta.

Fala desta reedición de Modesto Fraga, unha obra con ilustracións e cartografía de Javier Campaña que aproxima o lector á Costa da Morte, sendo, ademais, homenaxe aos lugares queridos e á xente da bisbarra de Fisterra.

Pallarés, Pilar, *Livro das devoracións*, prólogo de Luciano Rodríguez, epílogo de Miguel Mato Fondo, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 46, xullo 2009, 66 pp. (ISBN: 978-84-92646-17-3).

Reedición deste poemario de Pilar Pallarés (Culleredo, A Coruña, 1957) que dende a cuberta amosa diferenzas respecto á primeira de 1996, pois a ilustración que presentaba aquela é da autoría de Anxos Romeo, mentres que para esta se escolleu unha de Isabel Pintado. Asemade, os peritextos da lapela inicialmente referíanse tanto o seu labor docente coma o literario, fronte aos posteriores centrados exclusivamente na súa traxectoria nos eidos do ensaio e da poesía. En ambas as dúas reprodúcese o prólogo de Luciano Rodríguez e as citas de Peter Brook e Thomas Bernhard. Na segunda edición Pallarés engade un novo poema intitulado "Con Antón e meu pai na mesma palabra" (p. 46), dedicado a Antón Avilés de Taramancos, así como un epílogo a cargo de Miguel Mato Fondo, no que, tras reproducir uns versos de *Sétima soidade* (1983), comenta que o tempo transcorrido entre esa obra e a primeira edición desta provocou un cambio temático na poeta. Afirma que desbotou moitas referencias ao exterior á hora de abordar o tratamento da soidade para centrar o seu discurso na reflexión de temas comúns, caso da relación entre poesía e vida, a escrita como posesión e a influencia do tempo, entre outros. A seguir, salienta que existe unha diferenza estrutural entre as dúas edicións. Considera que nun principio a xustaposición era máis evidente entre os poemas, que con frecuencia levaban título, mentres que o novo libro resulta máis orgánico cunha liña vertebrada e poemas simétricos.

Recensións:

- Miguel Sande, "Pola autovía recitando versos de Pilar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 315, "Letras en galego", 30 maio 2009, p. 11.

Lémbrase a importancia dos versos que Pilar Pallarés escribe no seu libro que, segundo se comenta, transmiten moita intensidade e acompañan o autor do artigo na soidade das súas viaxes, polo que recomenda a súa lectura. Tamén se van intercalando algúns deses versos ao longo do artigo.

- Lorena Domínguez Mallo, "Un insecto de luz a arder", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 11.

Abéirase ao *Livro das devoracións*, de Pilar Pallarés que define como "a escrita da intensidade, unha poesía que medra cara a dentro, en intensión, non en extensión, unha poesía que condensa unha experiencia dolorosamente consciente e profunda da vida". Detalla as modificacións que presenta en relación á súa primeira edición e analiza os seus tres eixes temáticos: a escrita, a vida/morte e o amor/desamor. Sinala que os contidos deste poemario se articulan nunha estrutura semántica en pares de opostos, medran na depuración do poema e cobran forma en símbolos impactantes. Conclúe apuntando que a de Pilar Pallarés é unha voz personalísima na poesía galega, unha voz que crea a súa carnalidade no poema, que se explora e se recoñece na palabra e que nos golpea con imaxes poderosas.

- Román Raña, "Beleza eléctrica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 308, "Libros", 12 novembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 259, "Letras galegas", 21 novembro, p. 7.

Achégase un comentario sobre o poemario, prologado por Luciano Rodríguez, entre o que se espallan algún dos versos. Sinálase que un dos temas aos que máis se recorre é o combate co tempo, deténdose Román Raña no comentario dun dos poemas, o titulado "O escriba".

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "Espiral Maior reedita o 'Livro das devoracións' da poeta Pilar Pallarés", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 setembro 2009, p. 59.

Preséntase a reedición do libro da poeta coruñesa Pilar Pallarés. Coméntase que esta nova edición conta ademais cun novo poema titulado "Con Antón e meu pai na mesma sombra", dedicado a Antón Avilés de Taramancos.

- maré, "Voces 'imprescindibles", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poesía", 29 setembro 2009, p. 39.

Infórmase da reedición do poemario de Pilar Pallarés, unha obra da que se di que culmina "un proceso de depuración poética" que dá como froito un "manifesto de vida",

en palabras de Luciano Rodríguez.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 302, "Libros", 1 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salientan da produción literaria galega máis recente obras como o reeditado *Livro das devoracións*, de Pilar Pallarés.

- Xesús Fraga, "O esforzo a prol da poesía de Espiral Maior", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 334, "Letras en galego", 10 outubro 2009, p. 11.

Recóllense as palabras do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, responsábel de Espiral Maior, lembrando a importancia e a lonxevidade da editorial, así como do labor que desempeña. O escritor repasa os títulos máis importantes da colección e refírese a algunha das novas incorporacións, caso de *Libro das devoracións*, de Pilar Pallarés.

Pérez Parallé, José María, *Mariñanas (Retábulo betanceiro)*, Betanzos: Asociación Cultural Eira Vella, Col. Xanela do facsímile, 2009, [88] pp. (ISBN: 978-84-612-9882-2). ◆

Reedición facsímile da Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos co gallo do centenario do nacemento de José María Pérez Parallé (Ferrol, 1909-1987), que reproduce o libro homónimo que o autor publicou en 1961 cos poemas galardoados nos Primeiros Xogos Frorais de Betanzos de 1960 e algúns outros del. O facsimilar inclúe unha introdución intitulada "O segrel ferrolán Pérez Parallé", onde explica a importancia desta figura para as letras ferrolás e mais galegas, e inclúe catro fotos da vida do poeta. Está composto por catorce poemas breves, cada un precedido dunha páxina onde aparece só o título e a dedicatoria. Van escritos sobre fondo verde, debuxado de parras e acios, obra en linóleum de Santiago Fernández Lago, segundo consta na última páxina do libro. Tamén se inclúen dous gravados (home e muller) "da obra *Colección de trajes de España*, 1977, de Juán de la Cruz Cano", insertos tras os poemas catro e doce. Son todas composicións breves, moi sinxelas de forma e estrutura, de tema popular, sobre a vendima, a paisaxe ou as xentes *mariñanas* da comarca de Betanzos, referencia constante.

Referencias varias:

- Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Publicacións", outono 2009, pp. 29-30.

Sección que acolle, entre outras, a presentación da edición facsímile de *Mariñanas (Retábulo betanceiro)*, de Xosémaría Pérez Parallé. Dise que o libro recolle un "monllo" de poemas galardoados cun accésit nos Xogos Florais de Betanzos de 1960, que son un canto á muller. Saliéntase o coidado da súa edición que conta cun gravado en linóleo de Santiago Fernández Lago e dun estudo introdutorio de Xesús Torres, ademais de documentos gráficos.

Pérez Parallé, Xosemaría, *Cantiga da lembranza*, Betanzos: Asociación Cultural Eira Vella, 2009, 13 pp. (DL: C. 1644-2009). ◆

Poema recuperado de Xosé María Pérez Parallé (Ferrol, 1909-2009) co que gañou o "Primeiro Premio e a Fror Natural, baixo o lema 'Nai e Filla', nos Xogos Froraes do LICEO RECREATIVO DE ARTESANOS de BETANZOS, no agosto do mil e novecentos sesenta e un", tal e como aparece no colofón. Preséntase como unha edición conmemorativa do centenario do nacemento do autor. Na primeira páxina aparece unha pequena biografía do autor destacando a súa traxectoria como poeta, resaltando algunha das súas obras máis importantes, como *O Castro (Amuíñadas tolas*) (1962), *¡Non falarei, non!* (1977), *Cartafol da saúdade* (1983), *Dona Romeira* (1985), *Chanteiro, poemario sinxelo* (1990) e a antoloxía de poemas *Cantigas* (1995), e enfatizando o seu compromiso coa lingua galega. Entre outros aspectos destácase a súa participación nas actividades culturais das comarcas de Ferrol e Fene. A continuación, tras unha dedicatoria a María Luisa Sánchez Vázquez, ocupa a composición as páxinas restantes da obra. A cantiga, como un canto dedicado a Betanzos, está composta por once estrofas de lonxitude variada. Oito das estrofas que o constitúen comezan nomeando a cidade ao inicio do primeiro verso ("Betanzos...") e potenciando o enxalzamento a dita comarca. Tan só dúas estrofas se refiren á comunidade como "Ay dona, que donairosa,...".

Referencias varias:

- Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela*. *Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Publicacións", outono 2009, pp. 29-30.

Sección que acolle, entre outras, a presentación do poema recuperado *Cantiga da lembranza*, de Xosemaría Pérez Parallé, co que gañara en 1961 o Primeiro premio e a Flor Natural dos Xogos Florais de Betanzos. Dise que o folleto conta cun gravado na cuberta de Luís Otero.

II.3. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Pavese, Cesare, *Poesías do desamor e outras poesías dispersas (Poesie del disamore e altre poesie disperse*, Einaudi, Torino, 1998), trad. do italiano de Moisés Barcia, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Bagaxe de peto, 2009, 103 pp. (ISBN: 978-84-936413-5-1

Volume realizado de acordo coa edición italiana de Italo Calvino que recolle poemas de Cesare Pavese (Santo Stefano Belbo, 1908-Turín, 1950) non comprendidos en *Lavorare stanca*. Acolle así as seguintes partes: as quince *Poesías do desamor* (1934-1938); poemas dos anos 1931-1940; *A terra e a morte* (1945-1946); dous poemas de 1946 e *Virá a morte e terá os teus ollos*. Trátse, *Poesías do desamor* e as compostas entre os anos 1931 e 1940, dun tipo de poesía narrativa onde se nota a pegada de Walt Whitman, é dicir, a aspiración a unha poesía directa, obxectiva, espida de artificios retóricos e cunha linguaxe simplificada, lixeiramente anacrónica. Tamén do americano procede a súa concepción da poesía-relato, cunha estrutura narrativa de verso longo, integrada por diversos planos da realidade e expresada cunha gran liberdade sintáctica e léxica. Todo isto dá como resultado poemas que semellan narracións de escenas da vida. Mais esta clase de poesía deu paso aos poemas d'*A terra e a morte*, testemuñas da crise que desembocará en *Virá a morte e terá os teus ollos*, onde o cambio de rexistro pavesiano é total: retorno á orde na forma, camiño cara a unha linguaxe hermética e cara a unha expresión máis harmónica e refinada. Non obstante, este poemario tamén reflicte, en certo xeito, a ilusión pavesiana de que estes poemas alcancen unha dignidade literaria en si mesma, alén da elaboración intelectual e formal.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Entre a vida e o poema", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "Cultura", 19-25 marzo 2009, pp. 33-34.

Salienta que este volume de apenas cen páxinas, contén todos os poemas do autor exceptuando os contidos en *Lavorare stanca*. Sinala como tema esencial de Pavese a "aciaga incapacidade do ser humano de acadar a felicidade", un fatalismo que vai adquirindo diferentes modulacións nos diversos poemas. Tamén destaca un primeiro grupo de composicións escritas dende 1930 até mediados do anos 40 no que Pavese opta por unha poesía narrativa, de linguaxe espida e simple, de ritmo cotián e poboada de personaxes que proceden de mundos como os dos labregos ou as prostitutas. Porén, a partir d'*A terra e a morte* (1946) asegura observar un cambio "radical" na forma e na tonalidade dos poemas. Explica que agora emprega un verso curto e se dirixe a unha enigmática segunda persoa, "zumegando un lirismo doente". Tamén explica que nos últimos poemas, contidos en *Virá a morte e terá os teus ollos*, atopa a culminación da perspectiva agónica da dialéctica entre o amor e a morte, ademais de citar *O oficio de vivir* (2006).

- X G G, "O poeta popular", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 10.

Logo de aludir ao tratamento dado a Cesare Pavese, considera que este é un tipo de poetas que triunfa sempre en períodos de confusión. Sinala que a confusión entre tema e modelo se percibe moi claramente en *Poesías do desamor*, que aparece en galego nunha tradución máis que correcta de Moisés Barcia. Analiza este poemario e comenta que é unha poesía de tipo narrativo, na que se nota a pegada de Walt Whitman, de quen tamén procede a súa concepción de poesía relato. Afirma que isto, unido ao rexeitamento dos símbolos e do conceptualismo de abstraccións, dá como resultado poemas que semellan narracións de escenas da vida.

- Román Raña, "Dor existencial", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Libros", 16 maio 2009, p. VI.

Comenta a tradución ao galego de *Poesía do desamor*, de Cesare Pavese, unha obra que "comprende todo o labor poético" do seu autor, con excepción de *Lavorare stanca* (*Traballar cansa*) de 1936. Apunta que abrangue *Poesías do desamor* (1934-38), composicións de 1931-1940 e *Virá a morte e terá os teus ollos*, de 1951. Ademais, sinala dúas características propias das creacións de Pavese: a dor existencial pola que transita a súa poesía así como o carácter narrativo das pezas. Indica como eixes temáticos a imperturbábel soidade, a morte como un horizonte á vez negro e desexado, a incomunicación e o sufrimento dos marxinados. Cita outras obras do escritor como *A lúa e a fogueira*, de 1950, e *O fermoso verán*.

- David Balado, "Poesía Popular", *ABC* "*Artes & Letras*", n.º 7, "Libros", xullo 2009, p. 6.

Sinálase a publicación por parte de Editorial Rinoceronte do libro de Cesare Pavese. Faise un breve resumo sobre a estruturación e temática do libro; así, cóntase que no poemario se recollen quince poemas escritos polo autor entre 1931 e 1940, a través dos cales pódese percibir a soidade e a melancolía, que caracterizou sempre a vida do autor. Tamén se reflicte a dor sufrida tralo rexeitamento do seu amor ("Donna della voce rouca") e a culpabilidade que o aflixía pola morte de moitos dos seus compañeiros durante a contenda nas trincheiras dos patisanos, na II Guerra Mundial.

Sánchez Robayna, Andrés, *Sobre unha confidencia do mar grego. Precedido de correspondencias*, versións de Luciano Rodríguez, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, n.º 17, decembro 2009, 91 pp. (ISBN: 978-84-92646-21-0).

Poemario de Andrés Sánchez Robayna (Santa Brígida, As Palmas de Gran Canaria, 1952) estruturado en dúas partes: "Correspondencias" e "Sobre unha confidencia do mar Grego". En canto á primeira delas, máis breve ca segunda, non constitúe propiamente o eixo central do libro, posto que é unha recompilación de poemas soltos, homenaxes, elixías… En realidade, a verdadeira historia reside en "Sobre unha confidencia do mar Grego". Aquí a voz poética anuncia a chegada do amencer, momento do día no que a escuridade comeza a ser substituída pola luz, e a calma e o silencio fanse donos do mundo. Paulatinamente, a mañá vai entrando en escena e así como o sol comeza a gañar dominio, o ruído cóase gradualmente no ambiente de modo que a natureza e o mar vanse espertando, do mesmo xeito que os "deuses", as casas, a capela…, até chegar á plenitude do día, cando as rúas e as praias son transitadas polos máis diversos seres. Tras estes preliminares, ao longo de varios poemas insístese na

temática fundamental da composición: o paso do tempo, que é capaz de destruír a realidade material, pero non a natural: "Só o mar durará". As súas reflexións péchanse co canto das "cigarras" e cun berro esperanzador que insiste na idea de que só o mar gardará os recordos persoais de cada un. Á marxe das diferenzas temáticas, formalmente ambas as partes reflicten as mesmas características: o poema de Sánchez Robayna en castelán sempre corre parello co poema traducido de Rodríguez. Todo isto complétase coas ilustracións de Antoni Tápies (Barcelona, 1923).

VV. AA., *Entremiradas I. Galicia-Bos Aires*, trad. textos arxentinos ao galego Francisco X. Fernández Naval, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia. Secretaría Xeral de Emigración, col. Identidades, 2009, 143 pp. (ISBN: 978-84-453-4740-9) ◆

Tras varios peritextos institucionais, acóllense neste volume un conxunto de textos, tanto narrativos como poéticos, realizados por diversos escritores, xornalistas e artistas, entre outros, pertencentes á cultura galega e bonaerense. Os traballos están escritos en galego e castelán, ofrecendo ao final do volume unha tradución galego-castelán e viceversa. Asemade, péchase o volume cunhas notas biobibliográficas de cada autor participante. As achegas poéticas, acompañadas polas fotografías de Maribel Longueira, son as seguintes:

- Francisco X. Fernández Naval, "Mítica", pp. 12-13.

Composición poética que rememora as dificultades dos emigrantes cunha cita de J. L. Borges como punto de partida: "o certo é que mil homes e outros mil arribaron".

- Xulio López Varcácel, "Liturxia e éxtase", pp. 14-15.

Poema coa cancha de San Lourenzo de Almagro como escenario na que se representa metaforicamente unha loita de bandos contrarios.

- Yolanda Castaño, "Da miña casa á túa hai só dúas curvas...", pp. 24-25.

Alúdese ás distancias físicas e imaxinarias entre Europa e América.

- Luz Pozo Garza, "Plaza de Mayo", pp. 28-29.

Exprésanse os sentimentos producidos polos feitos acontecidos ao redor das nais da Praza de Maio.

- María do Cebreiro, "O tango di que o tempo borrou aquel camiño...", pp. 40-41.

Lembranza dunha viaxe a Bos Aires a través da que se trata de empatizar cos emigrantes.

- Eva Veiga, "No seo da luz", pp. 42-43.

Composición acerca dos refuxios luminosos atopados na fuxida de lugares escuros.

- Luís González Tosar, “As maus do Kavanagh”, pp. 44-45.

Poema sobre a emigración, cualificada de “anónima epopeia da nosa estirpe” e escrita dende o Kavanagh, un edificio boaerense.

- Manuel Álvarez Torneiro, “Tango”, pp. 46-47.

Comparación entre o baile típico arxentino e a dor dos exiliados políticos neste país por mor da guerra civil.

Posteriormente aparecen as achegas poéticas traducidas ao galego:

- Ángel Berlanga, “A viaxe”, p. 115.

Expresión poética dos movementos físicos e temporais.

- Claudia Amigo, “A herdanza”, p. 116.

Lembranza da chegada de Josefa Salgueiro, nada en Vigo, a Bos Aires en 1906.

- Lucas Moreno, “Destino”, p. 123.

Laméntase polo esvaecemento de sentimentos silenciados.

- Nélida Salvador, “Pórtico”, p. 124.

Alusións a permanencia eterna das raíces ao longo do tempo.

- María Rosa Lojo, “Ollo de mar”, p. 126.

Apréciase a circularidade do tempo que devolve inexorabelmente a todos ao seu lugar de orixe.

- Susana Torres Molina, “Ante a submisión da luz...”, p. 133.

Evocacións poéticas sobre o paso do tempo a través de metáforas como o movemento das augas.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Unha ponte sobre o océano”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 535, 31 maio 2009, p. 21.

Sinala que *Entremiradas* son dous volumes da fotógrafa Maribel Longueira. O primeiro deles, *Entremiradas I. Galicia-Bos Aires*, ao que se refire o artigo, está dedicado á irmandade galego-arxentina e o outro á irmandade galego-cubana. Comenta que o libro contén fotografías cunha ollada “penetrante, reveladora e a un tempo cálida e descarnada de Galicia”. Explica que na edición do libro participaron trinta e oito autores galegos e corenta e un arxentino-cubanos, aínda que sinala que, na escrita, hai pezas

“totalmente esquecibles” e outras “de discreta correción”.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Imaxe e palabra”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 442, “Musas”, 1 febreiro 2009, p. 51.

Recóllense as verbas da poeta, narradora e fotógrafa Maribel Longueira, quen fai un repaso pola súa traxectoria vital. Lémbrase o seu labor fotográfico como un xeito de crear arte e poesía, xa que as súas creacións están postas en boca de poetas que as fan literarias en obras como *Entremiradas*. Destácase o poder da imaxe como medio no que se sente máis cómoda para reflectir o tempo, as historias e a vida. Afírmase que a amizade e a vontade humana serían os piares sobre os que a creadora se apoia.

VV. AA., *Entremiradas II*. *Galicia-Cuba*, trad. textos cubanos ao galego Rafael Álvarez R., Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia. Secretaría Xeral de Emigración, col. Identidades, 2009, 143 pp. (ISBN: 978-84-453-4741-6). ◆

Volume no que se acollen diversos textos en galego e castelán, como xa se fixera no primeiro tomo, cuxas traducións se ofrecen ao final do mesmo. Os traballos, compostos por diversos persoeiros da cultura galega e cubana, están acompañados dunha breve biobibliografía. Asemade, cada texto complétase cunha fotografía de lugares galegos e cubanos de Maribel Longueira. As achegas poéticas son as seguintes:

- Salvador García-Bodaño, “Percepcións”, p. 10.

Composición poética que evoca o distanciamento cubano.

- Anxo Angueira, “Poema de poemas ó Che”, p. 14.

Loa ao Che na que se impulsa tanto o labor cubano coma a galego.

- Eva Veiga, “Pero había unha chave”, p. 16.

Co motivo fotográfico dunha caixa de música con reloxo, a mar e a música únense de forma vivaz.

- Marga do Val, “Mentres o ceo se prende na face desta casa...”, p. 20.

Texto lírico que evoca a soidade das mulleres.

- Xosé María Álvarez Cáccamo, “La serena en la Habana”, p. 30.

Versos conmovedores para un barrio cubano.

- Ánxeles Penas, “As nubes non teñen fronteiras”, p. 36.

Cántase á liberdade da natureza encarnada no vaivén das nubes no ceo.

- Xurxo Souto, “Cariátide do Caribe”, p. 38.

A muller estática de pedra, propia da cultura grega, ergue a cabeza ante o mar do Caribe.

- Antón Lopo, p. 40.

Recordos adolescentes no Malecón, soñando traspasar o corpo, transgredir as regras.

- Cesáreo Sánchez Iglesias, “A Habana no chover variación”, p. 42.

Exprésanse os sentimentos e impresións suscitados pola observación da cidade cubana.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Ollos”, p. 46.

Os ollos, espello da alma, dan conta da expresividade e pureza infantís.

Posteriormente aparecen as achegas poéticas traducidas ao galego:

- Juana García Abás, “Vislumbre de Lira e Barajagua”, p. 115.

Iníciase cuns versos de Luísa Villalta e cántase ao traballo do mar e da mina, motivado polo reflexo dun mastro nunha fachada de cristal.

- Antón Arrufat, “Arrecife”, p. 116.

Estes versos evoca o amor e a vida pasada ao carón do mar.

- Aitana Alberti, “Á beira das aguas”, p. 117.

Encabezan a composición dous versos dun dos seis poemas galegos de Federico García Lorca. A auga é motivo de reflexión para o tempo pasado.

- Lina de Feria, “A partir dunha videira Ourense”, p. 118.

Evocación da vida a través da vide, concretamente ourensá, e extensíbel ao emigrado galego en Cuba.

- Teresa Melo, “O mundo invertido”, p. 119.

A voz poética sufre diferentes transformación en elementos da natureza, cuxo dinamismo contrasta coa imaxe estética da fotografía.

- Nancy Morejón, “Portos de Galicia”, p. 120.

Os portos galegos, cheos de lendas, son comparados cos cubanos, herdando raíces familiares.

- Carlos Martí Brenes, “A pedra”, p. 122.

Reflexión sobre a pedra inerte, testemuña *in situ* do paso inexorábel do tempo.

- Caridad Atencio, "A cruz é máis azul, máis escura que o mar. E un raio confótaa, dálle un ronsel.", p. 123.

Breve composición sobre unha paisaxe mariñeira.

- José Luis Fariñas, "A fonte salvaxe", p. 124.

Ofrécese unha estampa marítima composta por unha barca cun home solitario que, tras rematar a faena, deixa a mente a divagar.

- César López, "Reminiscencia ou busca", p. 125.

A praza baleira recorda ao poeta anos mozos, a emigración, a viaxe de ida e volta, prazas que sempre perduran na memoria.

- Roberto Manzano, "Mirando ao Fisterre dende Panchés", p. 129.

O enfoque fotográfico permite unha vista panorámica do mar entre as rocas. A modo de "saeta", o poeta acentúa o horizonte profundo e afastado.

- Pablo Armando Fernández, "De morriña inspiradora", p. 130.

O monte, coa súa cume neboenta, provoca a morriña no poeta.

- Rito Ramón Aroche Larrondo, "Tiña que pasar un túnel que ninguén pasara...", p. 132.

Composición dunha estrofa que evoca un tránsito, físico e espiritual.

- Silvio Rodríguez, "En Galicia", p. 133.

A voz lírica recibe unha visita nocturna: é o demo coas súas lendas.

Péchase o volume cunhas breves biobibliografías dos autores participantes.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "A outra Galicia", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 575, "Páxina literaria", 28 xuño 2009, p. 4.

Coméntase que a obra *Entremiradas II. Galicia-Cuba* relata a existencia de relación entre os galegos de España e os galegos emigrados a América e dos descendentes de ambos lados. Sinálase que no libro participan varios escritores, que relatan pequenas escenas que dan testemuña desas situacións, cualificadas de verdadeiros dramas pero consideradas ao mesmo tempo ocasións de estabelecer diálogos interculturais.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, “Imaxe e palabra”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 442, “Musas”, 1 febreiro 2009, p. 51.

Recóllense as verbas da poeta, narradora e fotógrafa Maribel Longueira, quen fai un repaso pola súa traxectoria vital. Lémbrase o seu labor fotográfico como un xeito de crear arte e poesía, xa que as súas creacións están postas en boca de poetas que as fan literarias en obras como *Entremiradas*. Destaca o poder da imaxe como medio no que se sinte máis cómoda para reflectir o tempo, as historias e a vida. Afírmase que a amizade e a vontade humana serían os piares sobre os que a creadora se apoia.

II.4. ANTOLOXÍAS

Álvarez Cáccamo, Xosé María (ed. e trad.), *Roberto Fernández Retamar*. *Conversa*. *Antoloxía 1951-1966*, edición bilingüe, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate (Poesía), n.º 58, novembro 2009, 108 pp. (ISBN: 978-84-9865-216-1).

Conxunto de poemas escritos por Roberto Fernández Rematar (A Habana, 1930) entre 1951-1996 e precedido por un prólogo de Xosé María Álvarez Cáccamo no que este explica como frutifica a súa amizade co poeta e achega algúns datos biográficos e pinceladas sobre a personalidade de Fernández Rematar, a quen define como " a principal voz creativa crítica é teórica da primeira promoción da Revolución, tamén coñecida como Xeración do 59". Álvarez Cáccamo salienta a poética, de base moral, de compromiso e solidariedade coa especie humana do autor, quen estabelece un equilibrio entre a voz lírica, a vivencia íntima do día (amor, amizade, nostalxia, sátira, emoción e paixón compartida) e a súa visión do acontecer colectivo. O autor do prólogo tamén destaca a estrana combinación entre o "versículo salmódico e o fraseo conversacional". Este volume bilingüe ofrece un conxunto de vinte e sete poemas, nos que destaca a impronta autobiográfica, mestúranse os recordos persoais con dedicatorias a xente próxima como a súa muller e as súa fillas; con referencias á situación de Cuba, mesmo lle dedica un poema á súa cidade natal; con críticas, destacando un poema no que o autor se amosa moi contrariado con Ricardo Wagner; con reflexións profundas, sobre o significado do amor, etc. Destaca tamén o cúmulo de referencias e dedicatorias a poetas e escritores cubanos (Alejo Carpentier, Rubén Martíñez Villena, Rosalía Sánchez Abreu) e outros persoeiros da illa (Marcia Leiseca, José Rodríguez Feo); a escritores de diferentes nacionalidades (Edgar Lee Masters, Sor Juana Inés de la Cruz, Pedro Heriquez Ureña, Alfonso Reyes, Wallance Stevens, Saint-Jonh Perse, Chejov), pintores (Matta , Rembrandt) e outros persoeiros (Che, Nietzche , Stravinsky).

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Infórmase da publicación de varias obras traducidas ao galego como a antoloxía poética do cubano Roberto Fernández, intitulada *Conversa*, que abrangue medio século de labor literario.

Dobarro, Xosé Mª e Xosé Ramón **Pena** (eds.), *Ramón Cabanillas. Poesía galega completa*, ed. de, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Clásicos, n.º 9, 2009, 1.031 pp. (ISBN: 978-84-9914-062-9).

Antoloxía que reúne todos os poemarios publicados por Ramón Cabanillas (Fefiñáns, Cambados, 1876-1959), así como a súa obra poética dispersa. Ábrese cunha introdución na que os editores falan da súa edición e dos problemas que tiveron á hora de facela. Sinalan que o doce de novembro de 1959 o Centro Galego de Bos Aires publicou, nun volume dunhas mil páxinas, a *Obra completa* de Ramón Cabanillas; da que entre 1979 e

1981 o profesor Xesús Alonso Montero fixo, en tres volumes, unha nova edición. Ambas seguiron o seguinte criterio: cando un poema aparece en varios libros afirman que ofrecen a última versión coñecida pero no índice forma parte do primeiro volume no que apareceu; así, non coincide na confección final dos índices. Porén, a *Obra completa*, de Alonso Montero, segue un criterio cronolóxico, mentres que o volume publicado na Arxentina decántase por un modelo ecléctico no que se mesturan as dúas edición de *No desterro* (1913 e 1926), *Vento mareiro* (1915 e 1921) e *Da Terra asoballada* (1917 e 1926). Isto débese a que a segunda edición de cada volume nunca reproduce fielmente o contido da primeira, xa que algúns poemas desaparecen pero aparecen outros novos; asemade, poemas que constan na primeira edición dun libro, e que non pasan á segunda, si que se reeditan noutros volumes. Sucede tamén que algunhas composicións mudan de título ao longo dos anos, ou as que carecen del nun primeiro momento, si o presentan máis tarde. Debido a todas estas dificultades, neste novo volume os coordinadores fixeron unha "Táboa de correspondencias" para que o lector comprobe as relacións que se estabelecen entre os libros do poeta cambadés. Polo tanto, víronse na necesidade de ofrecer unha organización que lles pareceu máis doada; así, tiveron en conta os seguintes criterios: entre as diferentes versións dun mesmo poema, aparecidas en libros ou revistas, optaron pola última coñecida en vida de Cabanillas; no índice os textos forman parte do último poemario no que realmente se situaron, aínda que fixeron algunha excepción, sempre que o texto dos poemas non rexistre ningunha alteración, co obxectivo de manter a homoxeneidade de cada volume; reproducen como libros *O bendito San Amaro* (1925) e *Na noite estrelecida* (1926), a pesar de que posteriormente foron incorporados a *Camiños no tempo* (1949); na confección dos índices guiáronse pola segunda edición dos poemarios pero amosaron antes aqueles poemas que só aparecen na primeira e non pasaron a outros volumes, así a orde de publicación é a seguinte: as composicións que só figuran en *No desterro* (1913), *No desterro* (1926), textos de *Vento mareiro* (1915) que só figuran nesa edición, *Vento mareiro* (1921), composicións de *Da Terra asoballada* (1917) que só figuran nesa edición, *Da Terra asoballada* (1926), *O bendito San Amaro* (1925), *Na noite estrelecida* (1926), *A rosa de cen follas* (1927), *Camiños no tempo* (1949), *Da miña zanfona* (1954-59), *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955), *Samos* (1958), *Poesías ventureiras (I)* e *Poesías ventureiras (II)*. Finalmente fan referencia ás correccións que fixeron nos textos para facilitar a lectura, polo que só afecta á grafía: acomodaron os usos de "b" e "v" á normativa actual, regularizaron o emprego de "h", corrixiron sempre o "y" grego polo latino, suprimiron guións innecesarios e adecuaron outros ao uso actual, acentuaron de acordo coa norma actual, restauraron contraccións e eliminaron as innecesarias na escrita, manteñen os tempos compostos e as distincións entre "estoria" e "hestoria" e "Hespaña" e "España". A continuación aparecen as "Táboas de correspondencias", ás que xa se fixo referencia, seguidas dos poemas organizados como se indicou anteriormente.

Referencias varias:

- Manuel Bragado, "Ramón Cabanillas, 50 aniversario", *Faro de Vigo,* "Opinión", "Campo de Granada", 8 novembro 2009, p. 28.

Dá conta dos actos que terán lugar en Cambados para homenaxear a Ramón Cabanillas no cincuenta aniversario da súa morte. Apunta que é unha "mágoa" que non se aproveite esta ocasión para colocar en San Domingos de Bonaval o texto da

“encomenda que lle fixera a Eudosia, a súa muller” nos últimos versos do primeiro poema de *Vento Mareiro* (1915). Para rematar repara na edición de *Poesía galega completa* de Cabanillas, feita por Xosé Ramón Pena e Xosé María Dobarro.

- A. Losada, “Galicia enteira lembra a Ramón Cabanillas no seu 50 cabodano”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 10 novembro 2009, p. 34.

Coméntanse as diferentes actividades que se celebraron para conmemorar o cincuenta cabodano da morte de Ramón Cabanillas, entre as que destacan un acto en Mondariz-Balneario; outro no Panteón de Galegos Ilustres no que se colocaron dúas coroas de flores no sepulcro do escritor, acto acompañado de música de violonchelo e do recital dos académicos Francisco Fernández Rei e Salvador García-Bodaño; e, finalmente, outro acto en Cambados no que distintas persoas leron textos escritos polos intelectuais do momento para o funeral de Cabanillas e que pechou coa lectura do seu poema “Pobriña da tola”. Sinálase que o 2009, Ano Cabanillas, pecha coa publicación desta antoloxía coordinada por Xosé Ramón Pena e Xosé María Dobarro e editada por Xerais. Apúntase que é o terceiro intento, e o máis completo, de reunir os textos de Cabanillas. Dise que os traballos anteriores (a recompilación que fixeron Fernández del Riego e Carvalho Calero e publicaron en 1959 en Bos Aires e os tres volumes, publicados por Akal en 1981, nos que Xesús Alonso Montero recolleu o teatro, a narrativa e a poesía do cambadés) non son peores pero que teñen outros obxectivos. Afírmase que o traballo de Xerais, de máis de mil páxinas, só quedou coa lírica e, debido aos trinta anos transcorridos dende a publicación do traballo de Alonso Montero, permitiulles aos coordinadores incluír textos publicados en revistas e nunca reunidos en poemarios e poñer especial atención ao ordenamento cronolóxico dos poemas.

- Lucía Seoane, “Cabanillas é un dos grandes da literatura galega do século XX”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 decembro 2009, p. 36.

Entrevista a Xosé Ramón Pena co gallo desta publicación de Ramón Cabanillas, da que é coordinador xunto con Xosé María Dobarro. Comenta que apuntaron, para case todos os textos, a primeira aparición deles en libros ou publicacións periódicas, o que lles permitiu estabelecer unha cronoloxía adecuada e unha análise evolutiva da poesía do cambadés. Sinala que engadiron un certo número de poemas que nunca foran recollidos en libro e que, respectando a métrica e o galego orixinal do autor, fixeron unha edición que se aproxima ao galego actual. Afirma que fixeron unha Táboa de Correspondencias e que determinaron a cronoloxía inicial de cada composición debido a que Cabanillas moveu moitos poemas dun libro para outro, sobre todo nos tres primeiros poemarios *No desterro*, *Vento mareiro* e *Da Terra asoballada*. Destaca que Cabanillas era un poeta “ortodoxo” xa que no seu labor primaban as liñas de denuncia das condicións de vida das clases populares, o intimismo saudosista e a exaltación mítico-patriótica de Galicia. Cre que este, xunto con Manuel Antonio, é o gran renovador da lírica galega do século XX anterior á guerra civil, pero á diferenza do último, Cabanillas bebe da tradición do XIX (Rosalía de Castro, Manuel Curros e Eduardo Pondal) a pesar de que ten moito de seu, xa que a súa adxectivación e fraseoloxía son inconfundíbeis. Finalmente, di que o seu modelo social era unha democracia labrega e cristiá e que o seu pensamento era de centro-dereitas pero afastado do fascismo e a ditadura franquista.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Poesía completa de Ramón Cabanillas”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, “Caderno aberto”, 29 decembro 2009, p. 3.

Dáse noticia da publicación da *Poesía galega completa*, de Ramón Cabanillas, coordinada por Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Pena e editada por Edicións Xerais de Galicia. Sinálase que esta é a terceira edición, e quizais definitiva, da obra poética do autor cambadés; xa que existen dúas anteriores: a realizada en 1959 polo Centro Galego de Bos Aires e a levada a cabo por Xesús Alonso Montero, en tres volumes, entre 1979 e 1981. Opínase que, aínda que no seu momento foi admirado, Cabanillas non ten agora a debida presenza e aceptación no mundo literario, cultural e social galego; polo que tamén se celebra a publicación da biografía, realizada por Luís Rei, *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades* (2009) cando se cumpren cincuenta anos da súa morte.

Domínguez Rey, Antonio (ed.), *El otro medio siglo*. *Antología Incompleta de Poesía Iberoamericana*, edición plurilingüe, A Coruña: Espiral Maior, col. Auliga, agosto 2009, 612 pp. (ISBN: 978-84-92646-19-7).

Volume que ofrece unha escolma de poetas da segunda metade do século XX da Península Ibérica e latinoamericanos, que escriben nas diferentes linguas oficiais: galego, éuscaro, catalán, castelán e portugués. Está coordinado por Antonio Domínguez Rey, quen é tamén o encargado do prólogo, no que se expoñen os obxectivos que se pretenden alcanzar con esta antoloxía; dunha banda, nace como resposta ao fundamento básico de AULIGA (Asociación Internacional de Amigos da Universidade Libre Iberoamericana en Galicia), que non é outro que o de fomentar un espazo de creación iberoamericana en Galicia e dende Galicia como xermolo para promover o interese dos lectores por coñecer máis obras dos autores escolmados. Tamén apunta que o criterio de selección dos poetas é por un lado cronolóxico (autores con obra publicada dende 1950 até fins de século) e por outro o anovamento, xa que se escolleron autores que engadiran algo ao xa dito ou que aportasen obra nova de especial relevancia. O capítulo dedicado aos poetas galegos, introdúcese por unhas páxinas, de destacado valor literario, nas que Domínguez Rey fai un percorrido pola poética galega dende a lírica galaico-portuguesa até a actualidade, pois considera que a tradición devandita segue hoxe no fondo da poética galaica. Insístese nesta introdución na idea do postergamento da lingua e cultura galegas, especialmente na etapa da ditadura, e a consecuente resistencia contra a amenaza de extinción até chegar á etapa da normativización, destacándose as obras e autores que contribuíron a este fin. Os escollidos para representar a poesía galega son:

- Manuel Cuñas Novás (Pontevedra, 1926), "Frauta da noite", "Degaro", "Día de defuntos" e "Canto e fuga da irmandande sobor da terra e da morte", pp. 279-284.

Poemas que teñen en común o ton pesimista, as referencias á morte e á decadencia, nos que son abundantes as repeticións dalgúns versos e adoitan ter un ritmo constante.

- José Ángel Valente (Ourense, 1929- Xenebra, 2000), "Amarelece acedo o tempo…", "Asedio", "Dicer de tódalas augas" e "Sub nocte", pp. 285-288.

Destaca o verso libre e áxil neste poemas curtos a través dos que se transmiten sentimentos como a vinculación coa terra e se reflexiona sobre o paso do tempo ou a morte.

- Manuel María (Outeiro de Rei,1929-Lugo, 2004), "Terra Chá", "Ollos de neno" e "O labrego", pp. 289-291.

Descríbese a Terra Chá e reivindícase o duro labor dos labregos, empregando unha linguaxe coloquial, non exenta de ironía e notas de humor.

- Uxío Novoneyra (Parada de Moreda, Lugo, 1930- Santiago, 1999), "Moucho que cantas para noite queda…", "Eu non podo esquecer que estou emprazado…", "Non sei o que é…", "Nada vin tan belido…", "Quedo nevada…", "Os beizos…", "Costa soster…", "E xa ningúa certeza…" e "É vano erguerse máis alá do que poda ser repetido", pp. 292-293.

Poemas heteroxéneos a modo de breves apuntamentos nos que se reflexiona sobre cuestións existenciais, principalmente, aínda que tamén se recolle algún poema de amor.

- Antón Avilés de Taramancos (Taramancos, Noia, 1935- A Coruña, 1986), "Eu amo as minerais entrañas do meu eido…", "Esbozo de canto para o nacemento da luz" e "Momentos da terracota", pp. 294-297.

Composicións líricas nas que se aborda a creación do universo e o emparellamento entre a terra, a natureza, e o home.

- Xosé Luis Méndez Ferrín (Vigo, 1938), "Galicia", "Os batracios", "Espranza xorda", "Con pólvora e magnolias" e "Verbas a lector futuro", pp. 299- 303.

Poemas de temática social, nos que se denuncia a falta de liberdade e se homenaxea aos camaradas, sendo común nestes poemas o ton combativo.

- Arcadio López Casanova (Lugo, 1942), "Templo, herdo que dá nome" e "Liturxia do corpo. Himno", pp. 304-307.

Composicións nas que se reflexiona sobre o paso do tempo, o tempo perdido e a morte e se recordan os tempos de exilio da terra.

- Xavier Rodríguez Baixeiras (Tarragona, 1945), "Elexía", "O mirto na alcoba", "Estou chegando, arribo…", "Abrirei o portón", "Quedei sen voz…" e "Borro o que foi…", pp. 308-310.

Poemas intimistas, o primeiro deles en recordo do seu irmá Rafael, nos que o poeta verte os seus sentimentos e experiencias vitais.

- Ánxeles Penas (Teixeiro, A Coruña, 1948), "Galicia, fondo val por onde escoo…", "Sentín perto de min unha aza un día…" e "O amor que che foi non foi moeda…", pp- 312-316.

Os temas recorrentes neste poemas son o amor, a morte, a memoria e a terra, con abundantes referentes a elementos paisaxísticos que se identifican coa esencia de Galicia. Destácase tamén o emprego do verso libre, cun ritmo en ocasións descontinuo.

- Xosé Mª Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), "Caixas para poetas, alquimistas e fuxidos", "Tren" e "Éxodo dos nenos pretos", pp. 317-319.

Son poemas de temática heterodoxa, aínda que é común a todos un certo ton pesimista ou de tristura. No primeiro deles hai unha certa crítica implícita aos poetas ensimesmados e dos dous últimos destaca o seu carácter narrativo.

- Xulio López Valcárcel (Romeán, Lugo, 1953), "Pensativa a avoa presente na tarde a súa fin", "A retirada", "Se envellecemos xuntos", "Casa baleira" e "Espacio", pp. 320-323.

Composicións nas que se recorre a lembranza e se reflexiona sobre o paso do tempo, a morte, a decadencia e a transcendencia.

- Xavier Seoane (A Coruña, 1954), "A ave", "Don do terrestre", "Salutación", "Heráldica", "Esplendor e derrota" e "Da beleza que pasa", pp. 324-328.

Poemas de temática heteroxénea, nos que son comúns as referencias a elementos paisaxísticos, as aves e outros animais e certo ton melancólico. Reflexiónase sobre a beleza, o irremediábel paso do tempo e a morte e sobre a esencia do propio ser do poeta.

- Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), "Alén", "A boca violeta", "A cabeleira (fragmentos)", "Casa da néboa" e "Rosa negra", pp. 329-331.

Os primeiros dous poemas son de temática amorosa, con connotacións sexuais en "A boca violeta". Nos restantes fanse descricións de paisaxes vividos e elementos naturais e no poema titulado "A cabeleria" Rodríguez Fer aborda as súas orixes. Destacan, nalgúns dos poemas as curiosas asociacións, ás veces surrealistas.

- Miguel Anxo Fernán Vello (Cospeito, Lugo, 1958), "Corpo plural dos amantes", "Os repatriados", "Linguas de vento" e "Figura azul da chuvia", pp. 332-338.

Composicións nas que predomina a denuncia social e a falta de liberdade, aludíndose á patria perdida, á memoria e á lembranza de tempos de sufrimento e dor, incidíndose na necesidade de recorrer á memoria para construír o futuro.

- Eusebio Lorenzo Baleirón (Laíño, A Coruña, 1962-1986), "Primeira aparición de Ulises", "Sic et non", "Arte de amar", "Re-creación" e "Páxina en branco", pp. 339-342.

Son poemas de temática heterodoxa, con predominio das cuestións existencialista e amorosa. Asemade, destaca a referencia a personaxes mitolóxicos, caso de Ulises, e o comezo de dous dos poemas con versos de Voluspä e de Fernando Pessoa.

Referencias varias:

- M. B. F, "La poesía que nos completa", *ABC*, "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 11, "Libros", novembro 2009, p. 6.

Destácanse aspectos do labor profesional de Antonio Domínguez Rey, coordinador desta antoloxía, que se describe como unha selección de poetas suramericanos, portugueses e españoles que escriben en lingua castelá, galega, catalá ou éuscara. Apúntase que tamén colaboran no volume outros expertos como Gilberto Prado, Vinyet, Panyella i Balcells, Annabela Rita, Eucanaa Ferraz e Eduardo Coelho. Doutra banda, coméntase que AULIGA (Asociación Internacional de Amigos da Universiade Libre Iberoamericana en Galicia), proxecto no que se integra esta obra, alcanza con esta publicación un dos seus fins que é difundir a creación e cultura iberoamericana.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 311, "Libros", 3 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, entre elas *El otro medio siglo*. *Antología Incompleta de Poesía Iberoamericana*, de Antonio Domínguez Rey.

- M. S, "A poesía enchoupa as linguas ibéricas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 790, 6 decembro 2009, p. 6.

Faise unha descrición deste volume coordinado por Antonio Domínguez Rey. Explícase que se trata dunha escolma representativa da poesía da segunda metade do século XX de autores da Península Ibérica, nas diferentes linguas, galego, catalán, éuscaro, castelán e portugués e de poetas latinoamericanos que escreben tanto en castelán como en portugués. Apúntase que tamén colaboran no volume outros expertos como Gilberto Prado, Vinyet, Panyella i Balcells, Annabela Rita, Eucanaa Ferraz e Eduardo Coelho.

Fraga, Modesto e Miro **Villar** (coords.), *De Pondal ao Batallón Literario*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, xullo 2009, 296 pp. (ISBN: 978-84-7824-575-8). ■

Antoloxía panorámica dos poetas da Costa da Morte dende Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917) até María Lado (Cee, 1979), coordinada por Modesto Fraga e Miro Villar, e que conta coa colaboración da Asociación Neria da Costa da Morte. Comeza cunha "Introdución" na que os seus coordinadores reflexionan sobre o espazo xeográfico da Costa da Morte e os seus vínculos cos poetas que integran esta escolma. Esta antoloxía poética está integrada polos seguintes autores:

- Eduardo Pondal (Ponteceso, 1835-A Coruña, 1917), pp. 15-25.

Insírense os poemas "O dolmen de Dombate", "Ouh, terra de Bergantiños", "Feros corvos de Xallas" e "E ti, campana de Anllóns".

- Victorino Abente Lago (Muxía, 1846-Asunción-Paraguai, 1935), pp. 27-36.

Inclúense os poemas "Volta pr'a terra", "Lembranzas", "Virxen da Guía" e "Ponteceso"; Evaristo Martelo Paumán con "Ruada", "Un soño", "Follas mortas", "A misión dos bardos" e "A Rosalía".

- Evaristo Martelo Paumán . Señor das Torres de Vimianzo (A Coruña, 1853-1928), pp.

37-46.

Inclúense os poemas “Ruada”, “Un soño”, “Follas mortas”, tirados de *Líricas gallegas* (1894) e “A misión dos bardos” e “A Rosalía”, de *Landras e bayas* (1919).

- Enrique Labarta Pose (Baio, 1863-Barcelona, 1925), pp. 47-60.

Insírese o amplo poema “Os touros de Noia” subdividido en catro partes tituladas e tirado de *Millo miúdo* (1896).

- Gonzalo López Abrente (Muxía, 1878-1963), pp. 61-70.

Inclúense os poemas “O vilán”, “A fouce”, tirados de *Escumas da ribeira* (1911?), “O carreteiro”, de *Alento da raza* (1918?), “Deliriando”, “O bardo bergantiñán”, de *Do outono* (1924) e “Muxía” e “O meu mar”, extraídos de *Nemancos* (1929).

- Manuel Caamaño Devesa (Laxe, 1879-Montevideo-Uruguai,1928), pp. 71-80.

Insírense os poemas “O mar”, “Lembranza laxeirana”, “A nosa fala”, “A taberna” e “¡Fisterráns…!”.

- Antón Zapata García (Laxe, 1886-Bos Aires-Arxentina,1953), pp. 81-90.

Inclúense os poemas “O dolmen de Dombate (d-unha costume danzal celta: a roldanza)”, “A costa da morte”, “Carrexando redes”, “A vila de Laxe”, “Respondo galego ô Serpent” e “Edoardo Pondal”

- Xervasio Paz Lestón (Serantes-Muxía, 1898-Bos Aires-Arxentina,1977), pp. 91-100.

Insírense os poemas “Revelacións e non misterios”, “Invernía”, “Cabanillas” e “Primaveira”.

- Teodoro Morgade (Baio, 1915-A Coruña,1935), pp. 101-110.

Inclúense varios poemas breves sen título.

- Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), pp. 111-120.

Insírense os poemas “Baixo as uñas”, “Irmás”, “Monte Louro”, de *Catálogo de velenos* (1999), “A cereixa sangra en xullo”, “Touriñán”, de *Desmentindo a primavera* (2003) e “Invocación á vaca de Fisterra en tempos atroces”, inédito e lido no Faro de Fisterra en decembro de 2002.

- Miguel Anxo Mato Fondo (Ponteceso, 1953), pp. 111-130.

Inclúense os poemas “Non é para eles”, “O cerne do país”, do poemario inédito *Terra fría* e “Innisfree”, “En días pasados”, “O país das abellas” e “Dúas cancións de setembro” e o texto “Teoría das chuvias”, d’*O whiskey na barrica* (2004).

- Alexandre Nerium (Fisterra, 1960), pp. 131-140.

Insírense os poemas "O xeito faise ó mar sen despedida", "Azoutes do refacho", "Coas costelas crebadas do mal tempo", de *Vogar de couse* (2003), "Rutía" e dous poemas sen título tirados de *Nocturnidade do sal* (2008) e os poemas inéditos "Relasca" e "Á augatinta".

- Paco de Tano (Malpica de Bergantiños, 1962), pp. 141-151.

Inclúese o poema longo "Rumbo á Costa da Morte".

- X. H. Rivadulla Corcón (Muxía, 1962), pp. 153-162.

Insírense os poemas "Respirándote", "Aves mariñas", "Mar", "Morte", de *Taberna á deriva* (2002) e "Mar", "Mulleres", "Tristeza" e "Vellos mariñeiros", d'*O adeus do vello mariñeiro* (2007).

- Francisco Souto (A Coruña, 1962), pp. 163-172.

Inclúense os poemas "Amado Jonás" do inédito *Caín* e sete poemas sen título, tirados d'*As árvores do incesto* (1995), *Fado* (1998) e *Crebar cristais coa lingua* (2003).

- Miro Villar (Cee, 1965), pp. 173-182.

Insírense os poemas "LL", d'*Abecedario da desolación* (1997), "Adán desexa morrer no paraíso de Eva", "Os meus zapatos", "Negación de Ulises e Teseo", d'*Equinoccio de primavera* (1998) e "Dioni", "Che", "Xirolo", "Cama de piedra", "Quiñón", "Mansa", de *Gameleiros* (2002) e outro poema sen título, d'*Ausencias pretéritas* (1992).

- Serxio Iglesias (Bos Aires, 1966), pp. 183-192.

Inclúense trece poemas con numeración romana tirados de *Métodos para afogar un cisne* (2002), dos cales os tres últimos presentan ademais título, "síndromes", "naked lunch" e "rostro", respectivamente.

- Rafael Lema (Ponte do Porto-Camariñas, 1967), pp. 193-203.

Insírense os poemas "A Rosa", "Estación", "A morte viste de fular rosa" e "A morte do teatro".

- Xosé Manuel Varela (Malpica de Bergantiños, 1967), pp. 205-214.

Inclúense os poemas "Amizade", "En barro de Buño", "Oleiras", "Val de Traba", "Casa Vouga" e tres sen título, tirados de *Casa vouga* (2001).

- Rafa Villar (Cee, 1968), pp. 215-224.

Insírense os poemas "Costa da Morte" (1997-1999), o inédito de 2003 "Porto da Coruña, ano mil novecentos e poucos", "Rastros de mar", de *Memoria de Ahab* (2007) e un poema sen título tirado de *Casa ou sombra* (1997).

- Estevo Creus (Cee, 1971), pp. 225-235.

Inclúense os poemas "(II)", de *Decrúa* (2003) e sete poemas sen título, tirados de *Poemas da cidade oculta* (1996), *Teoría do Lugar* e *Areados* (1999)e d'*O libro dos cans* (2000).

- Modesto Fraga (Fisterra, 1974), pp. 237-246.

Insírense os poemas "Solsticio de inverno", de *Do mar salgado* (1997), "Mar de fóra", "A Fisterra", de *Mar de ausencias* (1999), "Amar nocturno", "Corpos paisaxe", d'*Ese extraño silencio* (2002) e "Habitando a memoria", "Noite de San Martiño Pinario", de *Derrota con raíces* (2007).

- Xosé Manuel Lema (Ponte do Porto-Camariñas, 1974), pp. 247-256.

Inclúense os poemas "Tango", "O neno dos ombros caídos", "Taberna de soños", "Rúas abstractas", "Meu país de soños azuis", "On air" e "Tardes de Rock'n'Roll".

- David Creus Andrade (Cee, 1975), pp. 257-265.

Insírense sete poemas sen título tirados de *palabras para un parque hidráulico* (2003) e dos poemario inéditos *restos no xardín botánico* e *caderno de campo*.

- Suso Bahamonde (A Coruña, 1978), pp. 267-275.

Inclúense un poema sen título do inédito poemario *Campamento REM* (1999) e os textos "Canto a un desencanto (Manifesto I)", "Dime que si que todo vai a ir ben (Manifesto II)" e "Tampouco sobran amigos (Manifesto III)", tirados de *Óxido nas flores da tarde. Manifestos* (2001).

- María Lado (Cee, 1979), pp. 277-286.

Insírense os textos "…do sindicato dos pobres…", tirado d'*A primeira visión* (1997) e "Para o sindicato de tirados ¿pódese?", extraído de *casa atlántica, casa cabaret* (2001) e cinco poemas sen título, tirados de *casa atlántica, casa cabaret* (2001), *berlín* (2005), dunha colaboración en *Sempre Mar* e da exposición ""Os gozos e as sombras2 do ano 2005.

Este volume péchase coa "Bibliografía", xebrada en cada un dos autores que forman parte desta antoloxía, e mais co "Índice".

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "Unha guía da Costa da Morte", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "Cultura", "Crítica", 17-23 setembro 2009, pp. 29-30.

Alude a que dous dos membros máis activos do Batallón Literario, Modesto Fraga e Miro Villar, son os coordinadores desta antoloxía. Sinala que é unha compilación que leva dende Eduardo Pondal até María Lado e mais que os autores que están vivos foron

eles mesmo os encargados de realizar a selección de textos para esta antoloxía. Sublíñase que está articulada segundo un criterio cronolóxico co que podemos entendela como unha pequena historia da literatura na que é posíbel percibir unha evolución estética e temática.

- Román Raña, "Con recendo de mitos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 303, "Libros", 8 outubro 2009, p. VI//*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 253, "Letras galegas", 10 outubro 2009, p. 7.

Considera que os dous esteos desta antoloxía e que coinciden coas paixóns dos seus coordinadores, son a poesía e mais o espazo da terra nativa. Reflexiona sobre estas dúas realidades e a seguir fai unha pequena achega aos diferentes escritores e escritora que integran este libro. Comenta a innovación da poesía de Teodoro Morgade e tamén se refire aos clásicos como Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Gonzalo López Abrente, Enrique Labarta Pose e Xervasio Paz Lestón, entre outros.

Referencias varias:

- J. M. R., "Neira recogió en un libro la poesía de los últimos 120 años en Costa da Morte", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 12 xullo 2009, p. 37.

Breve nota na que se indica que este libro foi apresentado nas Torres do Allo, en Zas, nun acto ao que asistiron os seus dous coordinadores xunto con Ramón Vigo e mais Xan García.

- V. Oliveira, "A paisaxe como territorio mítico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xuño 2009, p. 31.

Salienta que este libro inclúe os poetas que publicaron cando menos un libro de versos en galego e mais que non todos son orixinarios da Costa da Morte senón que todos teñen unha compoñente familiar e de afectos coa Costa da Morte. Tamén se afirma que nos anos noventa do século XX o Batallón Literario da Costa da Morte levou a poesía a lugares non habituais e con respecto a esta antoloxía salienta que cada autor ocupa oito ou nove páxinas.

- Daniel Salgado, "La Costa da Morte en verso", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 agosto 2009, p. 6.

Destaca que esta antoloxía recolle a obra en verso de vinte e seis autores vinculados á comarca da Costa da Morte e que integraron o seu Batallón Literario da Costa da Morte. Comenta que este grupo se disolveu en 1999 e mais que entre 1996 e 1999 os seus integrantes realizaron máis de cen actos.

- Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela*. *Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Publicacións", outono 2009, pp. 29-30.

Sección que acolle, entre outras, a presentación da antoloxía poética *De Pondal ao Batallón Literario*, coordinada por Modesto Fraga e Miro Villar. Dise que se trata dunha panorámica xeral que abrangue autores da Costa da Morte dende finais do século

XIX até a actualidade. Por último, coméntase que o volume está patrocinado pola Asociación comarcal Neira.

- Isaac Lourido, "Cento vinte anos de poesía na Costa da Morte: o mapa das voces fendidas", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 31, 26 setembro 2009, p. 7.

Resáltase que esta antoloxía é unha escolma de textos de trinta autores da Costa da Morte e que teñen unha dobre xenealoxía do espazo: a cartográfica e a política. Sublíñase tamén que estes poetas están decisivamente vinculados á Costa da Morte, que nos anos noventa do século XX o Batallón Literario da Costa da Morte serviu como exemplo cívico e mais que as dúas liñas de forza deste libro son a natureza cartográfica da Costa da Morte e mais a escrita rebelde e contra discurso.

- Lupe Gómez, "Unha paisaxe cambiante", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 outubro 2009, p. 30.

Conversa na que Miro Villar reflexiona sobre esta antoloxía. Comenta que o mar ten ampla presenza nestes textos e mais que este volume non busca demasiadas sinerxías senón que amosa toda a pluralidade. Tamén se refire aos seu libros *Abecedario de desolación* (1997) e mais *42 décimas de febre* (1994), e con respecto á súa produción literaria afirma que é un escritor de teatro frustrado e detalla que con *O nariz de Fiz* (2008) obtivo o Premio Pura e Dora Vázquez de Ourense.

- Vicente Araguas, "Poesía na Costa", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 555, 18 outubro 2009, p. 14.

Considera que este volume é unha espléndida escolma que recolle cento vinte anos de poesía na Costa da Morte. Comenta que nela teñen cabida unha pléiade de autores novos inscritos neste rexurdimento da poesía galega. Tamén se refire a clásicos como Eduardo Pondal, Gonzalo López Abrente, Enrique Labarta Pose ou Xervasio Paz Lestón.

- Xosé Manuel Lobato, "Os versos salgados do Batallón", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Lucerna da Portela", 15 decembro 2009, p. 4.

Sinala que este libro realiza un percorrido histórico de máis dun século onde comparten contorna vinte e seis cantores poéticos. Destácase a gran capacidade de síntese dos seus coordinadores pois lograron facer unha auténtica enciclopedia en duascentas noventa e seis páxinas. Recalca que mentres existan propostas e iniciativas como a do Batallón Literario da Costa da Morte a lingua galega non estará en perigo.

Herrero Figueroa, Araceli (ed. e intr.), *Obra completa de Luís Pimentel*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Obras completas, outubro 2009, XXXIV+ 470 pp. (ISBN: 978-84-9865-234-5). ■

Edición a cargo de Araceli Herrero Figueroa coa que se pretende ofrecer a produción literaria íntegra de Luís Pimentel (nome literario de Luís Vázquez Fernández, Lugo 1895-1958): poesía en galego, poesía en español, prosa en español e en galego e mais textos para a escena en español. A documentación e a compilación d'*Obra completa de*

Luís Pimentel correu a cargo de Pilar Basanta Piñeiro. Comeza cunha introdución que se centra na descrición da vida e da obra de Pimentel e que describe o corpus pimenteliano desta edición. A seguir temos dentro da súa poesía en galego oito poemas no apartado "*Triscos*", corenta e dous en "*A sombra do aire na herba*", trece en "Outros Poemas" e mais cinco en "Addenda". Despois temos tres apartados que integran o bloque da poesía en español incluíndo un deles vinte e cinco orixinais en español de poemas publicados en galego. O terceiro bloque é o referido á súa prosa dentro da que só están en galego dous textos: "Poética" e "Á morte de Castelao". O derradeiro bloque recolle catro textos para a escena en español. Este volume péchase cun "Índice dos primeiro versos" e mais co "Índice" xeral da obra.

Raña, Román (ed. e introd.), *Xosé Carlos Goméz Alfaro. Poesía galega toda I. 1996-1999*/*Poesía galega toda II. 2000-2008*, epílogo de Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela: Pen Clube de Galicia/Xunta de Galicia/Concello de Ribadavia/Concello de Cenlle/Caixa Nova, col. Arte de Trovar, n.º 15, setembro 2009, 274/317 pp. (ISBN: 978-84-92764-18-1//978-84-92764-19-8). ◆

Román Raña (Vigo, 1960) realiza o estudo e a edición da obra publicada e inédita de Xosé Carlos Gómez Alfaro (Ribadavia, 1949-A Guarda, 2008). Baixo o título de *Poesía galega toda I. 1996-1999* recolle os cinco libros publicados por Gómez Alfaro dende 1996 até 1999. Esta edición conta cun limiar con tres seccións: "Noticia dun poeta ribeirán", "Traxectoria poética" e "Post Scriptum". No primeiro destes apartados repásase a traxectoria vital de Xosé Carlos Gómez Alfaro, destacando o seu traballo como docente. No segundo bloque, analízase brevemente os seus poemarios: *As labaradas da lembranza* (1996), *Matria da néboa* (1997), *Os ciclóns do sino* (1997), *Alba plena do alén* (1997), *Ofertorio de solpores* (1999), *Alén do lume* (2002), *O clamor da eclipse* (2004), *Confiteor* (2005) e *Mar aberto* (2006). No terceiro dos apartados, Raña informa da existencia dun libro de poemas inédito, o cal leva o título de *Alta luz*. O primeiro libro de poemas, *As labaradas da lembranza*, contén vinte e catro poemas de temática moi variada: poemas de amor, como é o caso de "Contigo" ou "Aquí"; poesías dedicadas a cidades e bisbarras ("Himno a Guarda", "Ó dicirmos Ourense") ou composicións de temática relixiosa ("No luscofusco", "Voceiro de deus, voceiro"). A forma estrófica que aparece de maneira reiterada é o soneto. O segundo dos poemarios, *Alba plena do alén*, consta de trinta e dous poemas, os cales aparecen divididos en varias seccións, pero ao mesmo tempo tamén hai composicións soltas. A temática deste libro xira ao redor do amor e das reflexións existenciais. Tamén hai varios poemas dedicados a lugares concretos, caso de "Invocación en Ourense" ou "Pregaria a Santa Tegra". O terceiro libro de poemas, *Matria na néboa*, está composto por corenta e catro composicións de temática moi variada, dende a amorosa até a existencial. De novo atópanse varios poemas dedicados a cidades e lugares concretos: "Oda a Betanzos" e "Loanza do Ribeiro", entre outros. A natureza tamén aparece como elemento importante, así é nos poemas: "Feitizos da camelia" e "Cantiga á nai da cereixa". *Os ciclóns do sino* é o cuarto libro desta compilación. Composto por trinta e un poemas, presenta de novo unha estrutura asimétrica, é dicir, hai seccións de poemas pero tamén aparecen moitas composicións individuais. As vivencias e as reflexións sobre a vida e o destino vertebran a temática deste libro, pero tamén hai sitio para un bloque de poemas dedicados ao mar da Guarda. O poemario que pecha o tomo primeiro da obra poética completa de Xosé Carlos Gómez Alfaro é *Ofertorio de solpores*. Cincuenta poemas compoñen este libro e de novo obsérvase unha variedade temática

moi grande. Abundan as composicións nas que aparecen cidades e lugares xa citados nos outros libros, como A Guarda e O Ribeiro. Tamén hai poemas dedicados a personaxes concretos: "Por Fiz Vergara Vilariño", "Na morte do irmán José Dimas Díaz". Unha terceira parte das composicións presentes neste poemario teñen como elemento central a festa do Nadal: "Advento", "Panxoliña eterna", "Epifanía", etc. No segundo volume, *Poesía galega toda II. 2000-2008* acóllense os seis libros publicados por Gómez Alfaro dende o ano 2000 até 2008: *Pasos cara á alba* (2000), *Alén do lume* (2002), *O clamor da eclipse* (2004), *Confiteor* (2005), *Mar aberto* (2007) e *Alta luz* (libro inédito). O primeiro libro de poemas, *Pasos cara á alba*, contén corenta e cinco poemas de temática moi variada: poemas de amor, como é o caso de "Aquel amor que veu primeiro" ou "Ofrecíchesme"; poesías dedicadas a cidades e bisbarras ("A Guarda", "Ourense na lembranza") ou composicións de temática relixiosa ("Onde andabas, meu Deus?", "Roseira de aleluias"). A forma estrófica que aparece de maneira reiterada é o soneto. O segundo dos poemarios, *Alén do lume*, contén cincuenta poemas en forma de sonetos. A súa temática xira ao redor do amor e das reflexións existenciais. Tamén hai varios poemas dedicados a lugares concretos; é o caso de "En Compostela" ou "Das vibrantes valgadas do Ribeiro". Moitos textos tamén fan referencia ao lume como elemento purificador e liberador, caso das composicións "Ouh labarada brava e subversiva" ou "Na foz do incendio". O terceiro libro de poemas, *O clamor da eclipse*, está composto por corenta e cinco composicións sobre cuestións moi diversas: amorosa, existencial, de exaltación do viño, etc. O amor como tema convértese no eixo central do libro, así o confirman poemas como "Quen foi de nó-los dous?" ou "Bicos". Tamén as preocupacións existenciais fan acto de presenza en textos como "Naufraxio", "Saudade" ou "Memoria". *Confiteor* é o cuarto libro desta compilación, composto por corenta e cinco poemas. As vivencias e as reflexións sobre a vida e o destino vertebran a temática deste poemario. O poeta busca a Deus en varios poemas nun intento de comprender o mundo e as súas circunstancias, outros como "Pecado", "Credo", "Acúsome, meu deus, de te matar" ou "Velaquí, meu señor, o que gañei" mostran o desasosego existencial do autor. O poemario *Mar aberto* presenta corenta e tres composicións cunha liña temática referente ao mar. Así atópanse numerosos poemas nos que o océano ou algún elemento relacionado con el están presentes: "Gaivotas", "Navíos", "Faros", "Portos", etc. O autor recorre á metáfora do mar e a outros elementos adxacentes a el para explicar a súa existencia e os seus medos e alegrías. *Alta luz* é o poemario que pecha a compilación. Trátase dun libro inédito do autor que consta de corenta e tres composicións que continúan en liñas xerais a temática do resto dos libros da compilación. As preocupacións existenciais, as reflexións sobre a vida e o medo á morte son os seus principais temas. A luz como elemento que guía e alumea a existencia tamén ten un papel importante nos textos, así se pode ver en poemas como "Volvo das tebras", "Luz, luz" ou "Xa estou no quieto trono da luz". O volume finaliza cun epílogo asinado por Xesús Alonso Montero, onde lembra a súa amizade con Xosé Carlos Gómez Alfaro.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "A voz dun gran poeta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 366, 24 outubro 2009, p. 12.

Lembra cando coñeceu ao poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro con motivo de prologar un libro de poemas seu. A partir deste feito coñeceu a obra do autor e ofrece a súa satisfacción pola compilación da súa obra poética da man de Román Raña, quen se

encargou tamén do prólogo no que achega un detallado estudo do poeta. Define a poesía de Gómez Alfaro como marcada pola musicalidade e polo uso dalgúns metros clásicos, tamén destaca algúns elementos recorrentes e, por último, salienta que nos dous volumes aparece un libro inédito titulado *Alta luz*. Ademais destaca o epílogo asinado por Xesús Alonso Montero.

- Román Raña, "Grande en calidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 304, "Libros", 15 outubro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 254, "Letras galegas", 17 outubro 2009, p. 6.

Fai referencia aos dous tomos publicados polo PEN Clube que recollen a poesía completa de Xosé Carlos Gómez Alfaro, na colección Arte de Trobar. Comenta que é un poeta pouco coñecido xa que el preferiu manterse á marxe e destaca esta grande obra, tanto en extensión como en calidade. Indica que o primeiro tomo abarca a produción entre os anos 1996 até 1999, marcada pola morte do seu fillo Carlos e outros temas. Di que o segundo volume comprende os anos 2000 até 2009 e salienta que nestes anos a súa poesía se diversifica e aparece de maneira frecuente a presenza de Deus. Finalmente, comenta que a edición conta cun prólogo de Xesús Alonso Montero, con cadros de Virxilio na cuberta e cunha coidada maquetación.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Gómez Alfaro, "Mar Aberto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 marzo 2009, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Tal vez este meu torto e fiel periplo ...", pertencente a *Mar aberto* (2007), de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

- Xosé Carlos Gómez Alfaro, "De 'Mar Aberto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se insire o poema "RUMBO A NINGURES", pertencente a *Mar aberto* (2007), de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

- Xesús Alonso Montero, "Ribadavia, capital da poesía galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 331, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 19 setembro 2009, p. 15.

Comenta que na vila de Ribadavia vai ter lugar a presentación do libro que recolle a poesía completa do escritor Xosé Carlos Gómez Alfaro. Explica que a obra consta de dez libros e un deles inédito, *Alta luz*, precedido dun prólogo de Román Raña e dun epílogo asinado por el mesmo, Alonso Montero. Lembra a súa amizade co poeta finado e loa a calidade literaria da súa poética. Así mesmo, comenta que no acto se fará a lectura de varios poemas e cita ás persoas que participarán, tamén refire que se descubrirá unha placa na súa casa natal.

- L R, "Unha homenaxe póstuma lembrará ó poeta de Cenlle Xosé Carlos Gómez Alfaro", *La Región*, "O Ribeiro", 19 setembro 2009, p. 19.

Comenta que o PEN Clube Galicia vai celebrar unha serie de actos en homenaxe ao escritor Xosé Carlos Gómez Alfaro, en Cenlle. Indica que se descubrirá unha placa na súa casa natal, tamén refire a presentación de dous libros compilatorios de toda a súa poesía, e a celebración dun recital poético-musical.

- D. Salgado, "Homenaje al poeta Gómez Alfaro en su casa natal de O Ribeiro", *El País*, "*Galicia*", 19 setembro 2009, p. 6.

Dá conta da homenaxe que lle vai render o PEN Clube de Galicia ao poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro na súa casa natal e tamén refire a presentación dos libros que recollen toda a súa poesía, baixo o título de *Poesía galega toda*, editados e prologados por Román Raña e cun epílogo de Xesús Alonso Montero.

- Xosé Carlos Gómez Alfaro, "De 'Poesía Galega toda I", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se acolle o poema "A TERRA", integrado en *Poesía galega toda I*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Poesía completa de Gómez Alfaro", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Caderno aberto", 23 setembro 2009, p. 3.

Fernán Vello comenta que lle acaba de chegar ás súas mans a obra completa de Xosé Carlos Gómez Alfaro, *Poesía galega toda*, en dous volumes que recollen o total dos seus versos. Indica que a edición e introdución corre a cargo de Román Raña e que inclúe un epílogo asinado por Xesús Alonso Montero. Finalmente, cita o primeiro e último títulos dos volumes e loa o traballo ofrecido polo PEN Clube con esta publicación.

- Clodio González Pérez, "Gómez Alfaro: honra da poesía galega", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "O rodicio do tempo", 26 setembro 2009, p. 4.

Refire o lugar de nacemento do escritor Xosé Carlos Gómez Alfaro e indica que a súa poesía é universal polo contido. Achega algúns versos do poeta e cita algunhas obras (*As labaradas da lembranza*, *Alba plena do alén*, *Mátria de néboa*, *Os ciclóns do sino*, *Ofertorio de solpores*, *Pasos cara á alba*, *Alén do lume*, *O clamor da eclipse*, *Confiteor* e *Mar aberto*). Por último, fai referencia ao libro que recolle toda a súa poesía, titulado *Poesía galega toda (1996-1999)*. Remata reproducindo un dos sonetos do poemario *Alta luz*.

- Vicente Araguas, "Este poeta de culto", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 552, 27 setembro 2009, p. 14.

Lembra cando prologou un libro de poemas do poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro e as conversas telefónicas que mantivo con el, tamén cando o coñeceu persoalmente anos despois en Chantada. Comenta que a poesía deste autor non foi moi valorada e refire que se acaba de recoller por completo en dous volumes editados polo PEN Clube baixo o título de *Poesía galega toda I (1996-1999)* e *Poesía galega toda II (2000-2008)*. Indica que a edición corre a cargo de Román Raña e que o epílogo está asinado por Xesús Alonso Montero.

- Xosé Carlos Gómez Alfaro, "De 'Poesía galega toda I", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 outubro 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección o poema "NON NOS FALTABA NADA", incluído en *Poesía galega toda I*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

- Vicente Araguas, "Adiós, Madrid", *El Correo Gallego*, "El Correo 2", "Agora xa foi", 11 outubro 2009, p. 6.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, Araguas lembra cando coñeceu ao poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro en Chantada e celebra o feito de que agora o PEN Clube recollese en dous tomos a súa poesía completa cun prólogo de Román Raña e un epílogo de Xesús Alonso.

- Xosé Carlos Gómez Alfaro, "As chagas', de 'Poesía galega toda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 outubro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce o poema "As chagas", recollido en *Poesía galega toda I*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

- R. R. Vicente, "A Guarda relembrou o poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro", *Faro de Vigo*, "*Especial*", "Baixo Miño-Louriña", 28 novembro 2009, p. 6.

Dáse conta da homenaxe póstuma a Xosé Carlos Gómez Alfaro que tivo lugar na Guarda nun acto no que estiveron presentes, entre outros, Xosé Gregorio Fente, Luís González Tosar ou Xesús Alonso Montero. Tamén se destaca que neste acto se presentou este volume do que se sinala que nel se recolle a poesía en galego de Gómez Alfaro e que a súa edición estivo ao coidado de Román Raña quen tamén realizou un "personalísimo estudo preliminar" deste poeta.

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Saliéntase a publicación dos dous volumes de *Poesía galega toda I e II*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, entre outras obras escritas ou traducidas ao galego de recente publicación e que se consideran oportunas para sobrelevar a crise.

Seara, Teresa (ed.), *Miguel A. Mato Fondo. Antoloxía*, prólogo de Teresa Seara, selección de poemas de Lino Braxe, selección de narrativa de Francisco Souto, Ponteceso: Fundación Eduardo Pondal, maio 2009, 48 pp. (DL: C 1512-2009). ◆

Recompilación de parte da obra poética e narrativa (ver apartado I.4. deste *Informe*) de Miguel A. Mato Fondo (Ponteceso, 1953), levada a cabo por Lino Braxe e Francisco Souto. Parte dun prólogo non moi extenso de Teresa Seara, no que describe a infancia do autor e os acontecementos que posteriormente influenciarían a súa traxectoria literaria. Tras unha breve descrición da súa etapa de xuventude, comenta o seu labor como profesor e salienta o compromiso que adquiriu coa filosofía política esquerdista e coa lingua galega. Analiza a seguir o seu corpus ensaístico destacando o I Premio

Espiral Maior de Ensaio do que foi merecente por *A escrita da terra* (1998). No eido poético, subliña a importancia do seu poemario *O whiskey na barrica* (2004), galardoado co IV Premio Fiz Vergara Vilariño así como do seu volume *Xope de Lilaina* (2005), do que analiza a súa estrutura e temática. Tras este prólogo aparece unha breve bibliografía das obras citadas e consultadas para o mesmo e a continuación reprodúcese a escolla dos poemas. O primeiro deles está extraído de *Alén* (1977), sen título. Deste poemario tamén foron extraídos "Luz fuxidía"e "Jaz nocturno". O resto dos poemas pertencen ao volume *De amor e desamor*, de autoría colectiva e a *O whiskey na barrica*. Algúns deles presentan certas similitudes cos caligramas mentres que outros veñen introducidos por unha dedicatoria ou un marco espacial. A temática dos poemas pertencentes a *O whiskey na barrica* xira ao redor da vida mesma do seu autor, en especial aluden ao seu pasado, á reflexión sobre certos aspectos e experiencias que lle tocou vivir e ao coñecemento en xeral. Os pertencentes a *De amor e desamor* amosan unha liña intimista e de compromiso social. Pecha o volume un índice dos contidos e dos títulos dos poemas e dos fragmentos en prosa.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Homenaxe a Miguel Mato Fondo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 26 maio 2009, p. 3.

Comenta que, co gallo do recoñecemento público do labor literario a prol da cultura galega que está a realizar o profesor e escritor Miguel Mato Fondo, a Fundación Eduardo Pondal editou unha antoloxía da súa obra para esta homenaxe. Indica que conta cun prólogo de Teresa Seara mais bota en falta nesta antoloxía o poema "Teoría das chuvas".

III. TEATRO

III.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Alonso, Eduardo, *Glass city*, prólogo de Imma António, Culleredo: Editorial Espiral Maior, col. Teatro, n.º 7, setembro 2009, 119 pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-92646-20-3).

Comedia de ambientación histórica de Eduardo Alonso (Vigo, 1948) cuxos feitos se sitúan nun espazo e tempo concretos: a cidade da Coruña en setembro de 1958. Nesas datas o ditador e xefe do Estado español, Francisco Franco, pasa as súas vacacións no Pazo de Meirás e acostuma chegar acompañado dunha morea de escoltas e altos cargos que transforman a vida da cidade a base de festexos, congresos, recepcións, concursos e partidas de cartas que comparten os militares que con el veñen e os que os agardan na cidade. Os principais protagonistas son os comandantes: Carlos Estrada e Emilio Camardiel da casa militar de Franco; o Tenente Coronel Rafael Rioboo, destinado no acuartelamento de Zalaeta e que forma parte da directiva da Sociedade Hípica da cidade dedicándose a organizar os festexos; a esposa deste, Beatriz, que á súa vez se reencontra cun antigo amor; o conxunto musical que ameniza o concurso musical "Trampolín de estrelas" que presenta Sito Rincón en Radio Coruña EAJ 41 e no que participa Elvis Montana (en realidade Rafael García, un mozo entusiasta dos concursos musicais e das novas músicas chegadas de América); a filla do tenente coronel Chusa e a súa amiga Chicha, as dúas amantes das festas; dous mozos, Raúl e Quico, que fan a mili en Zalaeta e serven copas; e Carmen Polo, esposa de Franco que ten como amigo e protexido ao daquela alcalde da Coruña, Alfonso Molina. A figura do ditador Franco está tamén presente aínda que del só se fan referencias aos seus movementos nas acoutacións ou a través das palabras da súa esposa. Tamén é a época na que chegan aos bares da Coruña as máquinas de discos importadas dos EEUU que tanto gustan a Elvis e a época na que se prepara un dos varios atentados sufridos por Franco ao longo da ditadura, neste caso, unha tentativa fallada levada a cabo por Raúl e Quico en colaboración co anarquismo da cidade. A obra ábrese cun prólogo de Imma António, que presenta a pecullariedade de estar escrito en forma de escena teatral cuxos personaxes (o vello faro, curros, sir john ou dona emilia) falan sobre o autor e a obra. Deseguido atópase o elenco de actores e actrices que puxeron en escena a obra no teatro Jofre de Ferrol o 24 de setembro de 2009, un seguinte apartado "Dramatis personae" onde se describen os protagonistas da obra e logo a descrición do espazo escénico onde se desenvolve. A continuación desenvólvense as dezanove escenas que compoñen a obra.

González Costa, Teresa, *Sempre quixen bailar un tango*, XVII Premio Álvaro Cunqueiro 2008, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 11, 2009, 84 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-506-1/ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4785-0). ■

Peza de teatro de Teresa González Costa (O Grove, 1975) protagonizada por Manuel, pai de Susana, que devece por facer cousas que antano non puido, como bailar un tango. A súa vida está limitada a simular carreiras enriba dunha anticuada bicicleta e ver documentais sobre bechos. Susana e Luís (o seu marido) tamén simulan ao estar

obsesionados por aparentar riqueza e xuventude, alleos á realidade circundante. Tanto é así que ignoran que o seu fillo Héitor traballa nun clube nocturno coma se fose Irene ou que Manuel padeza un cancro incurábel. Xa só lles queda soñar nun espazo único outros mundos, á espera dun futuro incerto no tempo presente. Así, Manuel encontrará unha cómplice en María, a criada da casa, unha muller repleta de esperanza, aínda que non o saiba. Toda a trama está salpimentada con toques de ironía e humor expresados nos apartes e equívocos. As anotacións tórnanse descritivas, favorecendo unha lectura dramatizada na mente do receptor.

Recensións:

- Andrea Álvarez Pino, "Palabras do baleiro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 10.

Apunta que esta obra é un texto sobre a ambición desmedida e a paixón polas aparencias, sobre a vellez, a enfermidade, sobre os soños irrealizábeis e a comunicación imposíbel. Considera que González Costa demostra un manexo áxil e intelixente do diálogo teatral pensado por e para a súa actualización sobre os escenarios, no que a palabra "é aquí un artefacto de poder ambivalente que busca desmitificar a linguaxe como canle de relación e comunicación ao tempo que logra recuperala como elemento fundacional do xogo escénico". Afirma que esta proposta destaca pola coherencia da súa estrutura dramática e polo sutil tratamento da compoñente absurda nos diálogos, así como pola escolla do marco temporal que non pode ser máis acertada.

- X. M. Eyré, "Vida e corrupción", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Crítica", "Cultura", "Narrativa" , 22-28 outubro 2009, p. 28.

Propón a lectura de dúas achegas literarias distinguidas con galardóns: *Sempre quixen bailar un tango*, de Teresa González; e *Mercurio*, de Emilio Alonso, Premio Novela por Entregas de La Voz de Galicia 2008. Respecto á peza teatral, salienta que non é unha comedia convencional, pois invita á reflexión e critica certas convencións sociais ao mesmo tempo que mantén a intención humorística. Conclúese que tanto nesta peza coma na novela a sombra da corrupción impide o medrar de manifestacións humanas positivas.

Referencias varias:

- T. M., "La 'Festa das letras e do libro' acoge la presentación de cuatro obras literarias", *Diario de Arousa*, "O Grove", "Celebración", 7 xuño 2009, p. 19.

Anúnciase a celebración da Festa das Letras e do Libro do Grove, na que se presentaron catro obras literarias. Coméntase que tiveron lugar tamén outras actividades como a lectura de fragmentos de textos por parte do alumnado do IES As Bizocas, a inauguración da exposición "Libros coma mazáns" ou a homenaxe a Teresa González, gañadora dos premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María, que presentará *Sempre quixen bailar un tango*.

Losada Galiñáns, Carlos, *Augusta*, prólogo de Rubén Ruibal, Premio Abrente de Textos Teatrais 2008, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, col. Teatro, n.º 3, 2009, 62 pp. (ISBN: 978-84-937090-9-9).

Obra dramática de Carlos Losada Galiñáns (Cambados, 1966), precedida por un prólogo de Rubén Ruibal, quen recomenda que este sexa lido como limiar, no que se fai partícipe ao lectorado da relación de amizade que o une co autor. Ruibal destaca da obra a súa fuxida da narratividade, posto que se prescinde dun ordenamento cronolóxico dos feitos. Opina tamén que o texto non encaixa firmemente en ningún xénero, non sabe se é poético, dramático, narrativo ou ensaístico ou calquera outra cousa. A acción divídese en cinco escenas, que se suceden sen respectar a orde cronolóxica e que se desenvolven en tres escenarios diferentes: o cuarto do ferro da casa das protagonistas, nun parque e na soleira desa casa, que o autor agocha ao lector-espectador, pero no que tamén ocorre parte da trama. Na peza, na que se aborda o drama da enfermidade do alzheimer, interveñen catro personaxes: Augusta, Nai, Xan e o Repartidor, os cales participan en diálogos reflexivos, en ocasións inconexos ou incluso cun ton filosófico, a través dos que se revelan as súas frustracións provocadas principalmente pola dependencia de Nai, enferma de alzheimer, e o illamento e a angustia vital de Augusta e Xan, que os aboca ao suicidio.

Lourenzo, Manuel, *Medea dos fuxidos e outras pezas*, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, n.º 36, 2009, 164 pp. (ISBN: 978-84-937323-3-2).

Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) publica seis pezas teatrais baixo este título. O libro comeza cunha breve biografía do autor e uns datos sobre a súa traxectoria literaria. A continuación, aparece unha nota do propio autor onde explica as razóns da edición destas pezas teatrais. As pezas son as seguintes: "Medea dos fuxidos. Poema escénico en sete escenas" (pp. 11-36). A obra conta a historia de dous guerrilleiros botados ao monte: Medea e Xasón. El decide entregarse e traizoar aos seus compañeiros a cambio de que a súa muller e o neno sobrevivan. Tamén Xasón se compromete a casar coa filla do seu inimigo. Cando Medea descobre esta situación, porque llo conta a nai adoptiva de Xasón, mátaa a ela e tamén ao seu fillo. Cando regresa Xasón e ve mortos ao seu fillo e a súa nai adoptiva enlouquece. En "Informe da cidade opaca. Fábula en sete días" (pp. 37-77), Branco, Luma e Sirio son os protagonistas da historia. Viven nun futuro moi lonxano e un día por un accidente acaban refuxiándose nunha cova por mor dunha forte treboada. Alí dentro atopan numerosos obxectos das civilizacións pasadas: reloxos, paraugas, libros… e non saben para que serven. Despois de varios días de encerro porque a chuvia non para, comezan a discutir e Luma afirma que pertence a un grupo opositor ao goberno da Cidade Opaca. As discusións aumentan e ao final Branco é un home do goberno da cidade ao cal se lle encomendara a misión de descubrir aos rebeldes Luma e Siro. Estes acaban sendo abatidos polas autoridades cando intentan fuxir polo monte. "Despois do temporal" (pp. 78-103) é unha peza teatral en tres actos. Paula e Helio son irmáns e acaban de perder a seu pai unhas semanas antes. Atópanse reunidos coa súa madrastra, Tania, e tamén está presente Bruno, o mozo de Paula. Están na casa porque hai aviso dun forte temporal. Paula fala coa súa madrastra do pasado e Helio e Bruno marchan cabalgar ao monte a pesar do temporal. Neste paseo falan dun negocio, pero por mor do temporal Bruno sofre un pequeno accidente. Xa de volta na casa, coméntalle o negocio a Paula, pero ela négase a que alguén alleo á familia poida acceder ás terras herdadas do pai. Despois de varias loitas, ao final Paula cede e déixalle

a súa herdanza a seu irmán. “Rodaxe” (pp. 129-141) defínese polo autor como unha sátira que acontece en Transilvania e que ten como protagonistas a Drácula e Coppola. Os dous personaxes dialogan sobre o cine e a vida nun descanso da rodaxe dun filme no castelo do conde Drácula. Neste intercambio de palabras o director Coppola aparece descrito como un home ao que só lle interesa o éxito; mentres o conde Drácula aparece como un ser misterioso que intenta en balde falar da vida e dos sentimentos. “Elisa na chaira” (pp. 142-150), subtitulada “Guión Radiofónico”, mestura dúas historias que teñen os mesmos protagonistas: Manuel e Elisa. Na primeira historia, Elisa está a escribir unha carta ao seu amado Manuel, dende a casa da chaira. Na outra historia, Manuel e Elisa son dous médicos dun hospital que falan sobre un enfermo. “Adelina morreu afogada” (pp. 151-164) descríbese como un guión radiofónico. Conta a historia de Adelina, a cal está co seu mozo Antonio pasando o día na beira dun lago. Unha voz interna empuxa a Antonio a asasinala, aínda que un neno extraviado observa o asasinato e acaba revelándolle historia a súa nai.

Rabuñal, Henrique, *Teatro incompleto*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Cadernos. Teatro, n.º 14, 87 pp. (ISBN: 978-84-8487-161-4).

Conxunto de oito pezas teatrais breves compostas entre 1999 e 2008 por Henrique Rabuñal (Arteixo, 1962), de temática variada, que presentan en común ademais da súa brevidade, os poucos personaxes que interveñen, o carácter poético e a procura do autor de mover á reflexión do lector. A primeira destas pezas, “Anleth, voz e verbo”, é un monólogo no que Anleth reflexiona sobre qué é o teatro e sobre si mesmo, sobre a súa personalidade e os seus erros. A segunda das pezas, intitulada “Monólogo de fillo triste” e dedicada a Miguel Anxo Fernán-Vello, é un monólogo dun fillo, que reflicte a súa tristura, ante o féretro do seu pai. “O vento da morte”, peza dedicada a Manuel Torres e Laura Díaz, é unha reflexión dun home sobre a morte, que une a toda a humanidade, e sobre a necesidade de aprender a vivir sen as persoas amadas. En “O Miradoiro”, dedicada a Francisco Pillado, preséntanse as conversas, en tres momentos diferentes, entre un alcalde da Coruña máis un poeta, quen critica a mala xestión do mandatario. A peza “Carme no camarín”, dedicada a Adela Bilbao e a Sindo Cerviño, é un diálogo entre dous actores teatrais, unha moza chamada Paola e o vello Tacholas, no que opinan sobre o futuro do teatro. Nela contrasta o optimismo da moza co pesimismo do vello, quen se ve acabado como actor. En “Catástrofe”, dedicada a X. Manuel Rosales, Antonio Díaz Otero e Bea M. Ruibal, trátase a catástrofe natural do Prestige e desenvólvese na Costa da Morte, en Camelle. É un conxunto de reflexións de varios personaxes, que achegan a súa visión sobre a catástrofe: un político, Heriberto Gonzalez Cedeira, non dá importancia ao acontecido e está máis preocupado pola imaxe ofrecida á opinión publica e mentres xustifica todas as decisións tomadas, un coro dille as verdades; un alemán séntese desesperado ante a negrura do chapapote que se estende por todas partes; e un mariñeiro mostra a súa preocupación ante o seu futuro laboral. Na peza intitulada “Amor móbil”, dedicada a Loli Ferrández, Manuela L. Formoso e Cris Grandío, cóntanse os problemas dunha parella que remata por romperse. A derradeira composición, “Lusocofusco”, é un diálogo entre o noite e o día, que son sometidos a unha personificación e amosan os seus sentimentos, frustracións, anhelos, etc.

Ruibal, Rubén, *Delimvois*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 10, 2009, 95 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia:

978-84-9914-047-6//ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4850-5). ■

Peza teatral de Rubén Ruibal (Ribadeo-Lugo, 1970) na que, tras os agradecementos do autor, se inclúe un gravado de William Hogarth e fragmentos de textos de Julio Cortázar, Juan Mayorga e Jacobo Paz. A obra parte dunha idea de Jacobo Paz, dun texto seu intitulado "Estado Único", que á súa vez está baseado na novela de ficción científica *Nós*, de Yevgueni Zamiatin. Vese no principio da obra, na que participan só tres personaxes, un mundo sen sentimentos de ningún tipo, un mundo de pensamento único no que o sistema estabelece a orde, a felicidade e a unanimidade, pero que está a piques de colapsarse. Tras este colapso este mundo impersoal no que todo estaba estabelecido, pasará a ter que tomar decisións antes impensábeis. A obra está diferenciada en vinte partes distintas, todas cun título propio, algunhas simplemente configuradas por breves acoutacións.

Recensións:

- M. X, "Un ano de cambios no libro", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", "Ler no nadal", 24-30 decembro 2009, p. 22.

Coméntase brevemente o argumento desta obra de teatro, na que se reflexiona sobre as promesas de felicidade dunha sociedade tecnócrata, sen renunciar a doses precisas de meditación e humor.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "A literatura como salvación", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 450, "Musas", 29 marzo 2009, p. 48.

Tras expor brevemente a traxectoria persoal e profesional de Rubén Ruibal, saliéntase a súa faceta de dramaturgo, que non exclúe a creación de pezas narrativas. A seguir, cítase *Delimvois*, unha obra en elaboración que vai ser representada por unha compañía portuguesa, A Oficina de Guimarães. Finalmente, fálase tamén da saúde do teatro e da afluencia de público ao mesmo, asegurando que este xénero sempre estivo en crise.

Ruibal, Rubén, *¿Onde andas, Karl? ou Highgate Cemetery Very Saddest Circus (Tristérrimo Circo do Cemiterio de Highgate)*, Ferrol: Edicións Embora, col. Teatro, setembro 2009, 119 pp. (ISBN: 978-84-92644-07-0).

Peza teatral de Rubén Ruibal (Ribadeo, 1970) a xeito de desatino cómico que posteriormente, o 25 de xuño de 2009, foi posta en escena polos actores e actrices da Escola de Teatro do Padroado da Cultura do Concello de Narón. No seu subtítulo, *Highgate Cemetery Very Saddest Circus (Tristérrimo Circo do Cemiterio de Highgate)*, atópase a idea central que dá pé ao fío argumental da peza. Abre o volume unha serie de dedicatorias a familiares e amigos, seguida dalgunhas citas de Karl Marx, Groucho Marx, Marx e Engels, Justin Townes Earle e da Biblia, xunto a unha das inscricións visíbeis no cemiterio londiniense de Highgate. Aparece despois unha ficha cos datos da estrea, o cadro de personaxes, o director, José Prieto e das persoas encargadas do vestiario, iluminación, fotografía, música e produción. A través dun á parte do narrador

que nos introduce na primeira das escenas, danse a coñecer os personaxes e a situación espacial e temporal que os envolve. Conforman o elenco cinco personaxes que representan a cinco falecidos e falecidas do cemiterio de Highgate. Todos eles aparecen inmersos na preparación dunha peza teatral de vindeira representación e, ao mesmo tempo, na busca de Karl Marx. A liña temática vén configurada pola crítica á historia das ideas do presente século e do século anterior, xunto a outros conflitos individuais de tipo psíquico. Cómpre salientar a presenza da ironía e o dobre sentido ao longo da peza, que intenta acadar a participación do lectorado por medio da súa filosofía e da súa linguaxe.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "A literatura como salvación", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 450, "Musas", 29 marzo 2009, p. 48.

Dá conta das verbas do escritor e dramaturgo Rubén Ruibal logo de facer un breve percorrido pola súa traxectoria vital e profesional. Salienta a súa faceta de dramaturgo, que non exclúe a creación de pezas narrativas. Alude á peza *¿Onde andas Karl?*, que afirma estar rematando e que vai ser representada pola Escola de Teatro de Narón. Finalmente, fala tamén da saúde do teatro e da afluencia de público ao mesmo, asegurando que este xénero sempre estivo en crise.

VV. AA., *Entremiradas II. Galicia-Cuba*, trad. textos cubanos ao galego Rafael Álvarez R., Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Presidencia. Secretaría Xeral de Emigración, col. Identidades, 2009, 143 pp. (ISBN: 978-84-453-4741-6). ◆

Volume no que se acollen diversos textos en galego e castelán, como xa se fixera no primeiro tomo, cuxas traducións se ofrecen ao final do mesmo. Os traballos, compostos por diversos persoeiros da cultura galega e cubana, están acompañados dunha breve biobibliografía. Asemade, cada texto complétase cunha fotografía de lugares galegos e cubanos de Maribel Longueira. O volume péchase cunhas breves biobibliografías dos autores participantes. No que se refire á Literatura galega, a achega dramática é a seguinte:

- Margarita Ledo Andión, "Notas para a escena 14", p. 48.

Breve peza teatral de Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, 1951) que reflicte a chegada da súa nai a Galicia e introduce ademais unha pequena e triste historia de mariñeiros.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "A outra Galicia", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 575, "Páxina literaria", 28 xuño 2009, p. 4.

Coméntase que a obra *Entremiradas II. Galicia-Cuba* relata a existencia de relación entre os galegos de España e os galegos emigrados a América e dos descendentes de

ambos lados. Sinálase que no libro participan varios escritores, que relatan pequenas escenas que dan testemuña desas situacións, cualificadas de verdadeiros dramas pero consideradas ao mesmo tempo ocasións de estabelecer diálogos interculturais.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Imaxe e palabra", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 442, "Musas", 1 febreiro 2009, p. 51.

Recóllense as verbas da poeta, narradora e fotógrafa Maribel Longueira, quen fai un repaso pola súa traxectoria vital. Lémbrase o seu labor fotográfico como un xeito de crear arte e poesía, xa que as súas creacións están postas en boca de poetas que as fan literarias en obras como *Entremiradas*. Apúntase ao poder da imaxe como medio no que se sente máis cómoda para reflectir o tempo, as historias e a vida. Afírmase que a amizade e a vontade humana serían os piares sobre os que a creadora se apoia.

- maré, "De Galicia para Cuba", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2009, p. 25.

Coméntase a que a obra *Entremiradas II* será presentada o 16 de abril de 2009 na sede da UNEAC dentro da Bienal de La Habana. Saliéntase que nela se funde a literatura coas imaxes e indícase que conta cunha introdución de Ramón Villares e coa participación, entre outros, de Anxo Angueira, Emma Pedreira, Xosé Neira Vilas e Xavier Queipo.

VV. AA., *Novos Autores II*, prólogo de Isaac Ferreira, Bertamiráns: Edicións Laiovento, col. Cadernos.Teatro, n.º 16, outubro 2009, 103 pp. (ISBN: 987-84-8487-170-3).

Volume colectivo que acolle cinco pezas teatrais de curta extensión de autores novos, nados entre 1978 e 1982 e definidos por Isaac Ferreira no prólogo como "poetas dramáticos". Ferreira tamén apunta que estas composicións dramáticas son para entender como un poema, as cales procuran incomodar, facer preguntas e interpretar a vida. O volume péchase cuns breves currículos dos cinco autores. As pezas incluídas son as seguintes:

- Xabier Abalo, "Rápido fluído", pp. 7-32.

Nesta peza dramática Xabier Abalo (1978) aborda o tema da drogadicción a través do personaxe protagonista, Javier. Nas dezanove escenas non se segue unha orde cronolóxica, senón que o autor recorre a analepses para retrotraerse á infancia e xuventude do protagonista.

- Eva F. Ferreira, "Ofélia", pp. 33-45.

Peza de Eva F. Ferreira (O Barco de Valdeorras, 1978) protagonizada por un personaxe cambiante, Ofélia, que simboliza algo distinto en cada unha das nove escenas: un satélite de Urano, un diagnóstico dun psiquiatra, unha balea prehistórica, unha pomba dourada, unha virxe nun retablo atemporal, unha crianza de catrocentos seis anos, unha performance de Ana Mendieta e unha profesora de piano.

- Olivia Pena, "Frida connection", pp. 47-67

Obra de Olivia Pena (Carballo, 1976) sobre a vida da artista Frida Kahlo. A obra, composta por cinco escenas, comeza con frases a modo de telegrama nas que se describe a Frida, logo trasládese ao cuarto da infancia da artista, no que se desenvolve o monólogo da princesa francesa, amiga imaxinaria de Frida. Na segunda escena transcorre a conversa entre unha enfermeira e un médico que falan, mentres Frida está en coma, das secuelas que lle pode supoñer o grave accidente que sufriu. Na seguinte escena ten lugar outra conversa entre varios animais que falan sobre o amor entre Frida, que agora é unha pomba e Diego, que é un elefante. A cuarta escena trata sobre o primeiro aborto de Frida, é un diálogo entre o feto do neno malogrado, o torso da protagonista e o caracol. Na derradeira escena, tras a morte da artista, os nenos non nacidos de Kahlo, falan da simboloxía das cores do seus cadros e sobre o amor que a súa nai tiña por eles.

- Vanesa Sotelo, "Timisoara", pp. 69-88.

Peza teatral de Vanesa Sotelo (Cangas de Morrazo, 1981), sen división en escenas, baseada nun dialógo entre catro músicos que se pechan para compoñer nun búnker. Un deles, Indi, caeu e morreu. Pensan que el tragou as chaves para abrir o búnker e que por iso morreu. Como ningún deles ten as chaves para saír deciden romper unha botella e abrilo, pero finalmente descobren que tiña as chaves no peto. Cando intentan abrir a porta, teñen a mala sorte que lles rompe a chave.

- Roi Vidal, "Historia dunha man", pp. 89-99.

Obra de Roi Vidal (Santiago de Compostela, 1982) sobre unha marioneta-nena chamada Desiré que dialoga co seu manipulador, Man. A peza remata cun monólogo de Desiré, que acaba converténdose nunha persoa e manipula a marioneta dela mesma, no que se lamenta de non poder expresar os seus sentimentos, e cun monólogo de Man, quen ante as críticas de Desiré sobre o espectáculo que fan, se xustifica dicindo que ten que facer o que o público demanda, aínda que lle gustaría ser máis profundo e revolucionario.

VV. AA., *III Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*, prólogo de Cándido Pazo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, 95 pp. Inclúe CD. (ISBN: 978-84-9914-010-0). ■

Volume que recolle as obras finalistas do III Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico que organiza a Radio Galega e o Centro Dramático Galego. Principia co limiar "Posta en escoita", no que Cándido Pazó reflexiona sobre o traballo que levou a cabo, por primeira vez, como director de pezas de teatro na radio. A seguir reprodúcese a "Acta do Xurado", asinada con data de 24 de marzo de 2009 por Cristina Domínguez, Cándido Pazo, Camilo Franco e Ana Romaní, na que se reflicte que decidiu outorgar o Premio do Xurado á obra "Peter Buckley", de Rubén Ruibal e César Candelas Colodrón. Infórmase tamén dos procedementos que se levaron a cabo para contabilizar os votos do "Premio da Audiencia", a través do correo electrónico e do contestador automático, e que tamén alcanzou o texto mencionado. Logo, reprodúcense as pezas dramáticas, o "Premio do Xurado" e "Premio da Audiencia", a "Mención especial" do xurado e máis a peza finalista:

- Rubén Ruibal e César Candelas Colodrón, "Peter Buckley", pp. 15-41.

Peza que se presenta despois de dúas citas, unha, de Bob Dylan e outra, de Julio Cortázar. Ábrese cunha sala de combate de boxeo, na que están a pelexar Furacán Buckley e "Grey-Hander" Bloodyfield. Furacán é o home que máis combates perdeu na historia do boxeo e gústalle abstraerse mentres recibe os golpes. A consecuencia deste combate, sofre unha cegueira irreversíbel. Despois, ha recibir consellos e ánimos do seu Míster.

- Paula Carballeira, "Servizo de Información", pp. 43-68.

Os protagonistas desta historia son Alberte, Luísa (teleoperadora 1), Xocas e Silvia (teleoperadora 2). Alberte chama ao Servizo de Información e é atendido pola teleoperadora, Luísa, a quen lle confesa o accidente que tivo co seu amigo Xocas. A consecuencia disto, Alberte morreu e agora chama do "máis alá" para contar o sucedido porque "iso non se lle fai a un amigo". Hai un cruzamento de conversas entre os personaxes e emprégase a sátira con moito humor sobre a función dos contestadores automáticos destes servizos como ferramenta para a incomunicación.

- Eva Freixeira Ferreira, "O xou mas gou on", pp. 69-93.

Peza metateatral denominada "divertimento cocteauiesco" que comeza con dúas voces (V1 e V2) falando antes de comezar o espectáculo. Xa en escena, incorpórase "O escritor" e "A equilibrista" e todos falan sobre a súa propia identidade como personaxes dentro da peza dramática.

Este libro vén ademais acompañado dun CD coas gravacións das tres obras, dirixidas por Cándido Pazó: "Peter Buckley" (con Santiago Cortegoso como "O gordecho deportista de sofá", X. M. Olveira "Pico" como "Míster Deus", o adestrador; Pepo Suevos como Peter Buckley "Furacán"; Miguel Varela como "Wallace", o árbitro; e Marcos Correa, como "O doutor Tony Gin"); "Servizo de Información" (Marián Brañobre como contestador automático, César Cambeiro como Alberte, Camila Bossa como Luisa, Santiago Cortegoso como Xocas e María Ordóñez como Silvia); e "O xou mas gou on" (con Lino Braxe como V1, Santi Prego como V2, Andrés Pazos como "O escritor" e Beatriz Méndez como "A equilibrista").

Recensións:

- Inma López Silva, "Dramaturxia nas ondas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 9.

Felicitándose pola consolidación dunha iniciativa única, a convocatoria do premio de teatro radiofónico do programa *Diario Cultural*, salienta a renovación que lle imprime ao panorama da literatura dramática e a recuperación dunha tradición case desaparecida. Explícase que na publicación do *III Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico* se ofrecen tres obras. A primeira da man de Rubén Ruibal e César Candelas, que asinan "Un firme traballador da derrota ou Peter Buckley", na que se trata o sentido da vida e a morte a través do boxeo, aínda que considera que demasiado pexado polos condicionantes do escenario radiofónico. A segunda de Paula Carballeira, "Servizo de información", cualifícase como contundente, aínda que por veces cómica e surrealista. Por último, a terceira, "O xou mas gou on", de Eva Freixeira, vese como unha

composición metateatral, marcada polo absurdo. Considera que as versións recollidas no CD que acompaña o texto precisan unha revisión editorial. Remata referíndose á forma de representación, por veces sorprendente, pola falta de corporeidade e só sustentado na voz.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Realidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 331, "Letras en galego", "Club dandi", 19 setembro 2009, p. 15.

Comeza opinando que un dos xéneros literarios "máis preciosos" da Literatura galega é o conto (o relato breve) e, a seguir, fala das súas percepcións sobre unha serie de libros e autores, entre os que destaca o libro *Para seguir bailando*, de Fernández Naval. Subliña que un xénero que se "vai recuperando" é o do teatro radiofónico "grazas a teimosía de Ana Romaní e os compoñentes do *Diario cultural* de Radio Galega". Así, aplaude esta iniciativa e informa tamén da publicación do libro cos textos gañadores do terceiro premio.

III.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Abizanda Losada, Carmen, *Na outra beira* (*En la otra orilla*), trad. do español Roberto Pascual, Bertamiráns: Edicións Laiovento, col. Cadernos. Teatro, n.º 13, marzo 2009, 76 pp. (ISBN: 978-84-8487-152-5).

Peza dramática de tres actos ("O Achado", "Unha botella sen rumbo" e "A Beira") divididos en catro cadros, escrita por Carmen Abizanda (Madrid, 1971). A obra presenta un grupo de catro mendigos refuxiados nun aparcadoiro que subsisten grazas á protección de Francisco, o encargado do garaxe. As súas teimas comezan ao atoparen a posibilidade de pasar "á outra beira", o que suporá ter que deixar atrás a seguridade dese espazo illado para volver a un mundo duro para aqueles que traspasaron a barreira da dor humana. A través dunha linguaxe sinxela, que reproduce con naturalidade a fala dos desherdados, *Na outra beira* supón unha fonda reflexión sobre as segundas oportunidades, unha dura viaxe dende a escuridade dos medos á luz dun novo futuro. En definitiva, un canto á esperanza cargado de sentimento. A nivel paratextual atópanse unha cita de Luís García Montero e unha dedicatoria: "A miña nai, que me ensinou o sentido da xustiza. A Ricardo Doménech, con todo o cariño e a admiración. A Santi, sempre".

Camus, Albert, *Calígula*. *O malentendido* (*Caligula. Le Malentendu*), trad. Inma López Silva, limiar de Norma Rodríguez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca ESAD. Textos, n.º 2, febreiro 2009, 228 pp. (ISBN: 978-84-9865-162-1). ■

A obra recolle a tradución ao galego de dúas traxedias do escritor e filósofo Albert Camus (Alxeria, 1913-Villeblevin, Francia, 1960). No limiar Norma Rodríguez fai un breve percorrido pola vida, a obra e o pensamento do autor. Recolle a evolución da obra teatral en liña coa evolución do seu pensamento e en relación coas polémicas da época e as guerras. A continuación, a autora xustifica a publicación conxunta das dúas obras, xa que son traxedias do imposíbel, e ambas as dúas reflicten a preocupación de Camus polo absurdo. *Calígula* (1944) é unha obra en catro actos que versa sobre a vida do emperador que fora un soberano xusto até a morte da súa irmá e amante Drusila, xa que logo se converte nun home tirano e violento. *Lu Malentendu* (1944) é unha peza en tres actos que se desenvolve durante a ocupación alemá en Francia. Unha nai e a súa filla obteñen beneficios matando e roubando a todos aqueles que pasan pola pensión que rexentan. Un deles é o fillo que marchara do fogar hai moitos anos ao que matan por non conseguir recoñecelo, feito que será vingado pola súa muller.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "A busca do absoluto", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "Cultura", "Teatro", 2-8 abril 2009, p. 33.

Despois de comentar que a editorial Galaxia inaugura unha nova colección de teatro contemporáneo en colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática, analízase a obra que a abre, formada por dúas pezas: *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus, traducida ao galego por Inma López Silva. Explícase que as dúas pezas son "tentativas

de crear unha traxedia contemporánea" nas que a busca da felicidade e a certeza da morte resumen o concepto de "absurdo" que rexe a vida dos personaxes. De *Calígula*, apúntase o seu argumento e saliéntase a busca da verdade, a reflexión sobre a ostentación do poder, o discurso poético dos personaxes e o estilo "conciso, directo e sen adornos" que emparenta a obra co espírito clásico. Con respecto á peza *O malentendido*, dise que parte dos presupostos da responsabilidade moral sobre o destino e constrúe unha trama artificiosa na que se reflexiona sobre a incomunicación con elementos simbólicos de carácter teórico que provoca un "certo distanciamento" na súa recepción. Porén destácase o seu desenlace que resume a "condena do humano, o nihilismo". Por último, cualifícase este volume como "insubstituíbel para a comprensión do teatro dos nosos días".

- M. V. García, "Dúas pezas de Albert Camus", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 286, "Teatro", 16 abril 2009, p. VIII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 230, "Teatro", 25 abril 2009, p. 7.

Con motivo do proxecto presentado pola ESAD de Galicia para traducir ao galego varios textos "clásicos da literatura", fala do volume que vai inaugurar unha nova tanda de traducións. Trátase de *Calígula. O Malentendido*, que reúne dúas obras dramáticas de Albert Camus, traducidas por Inmaculada López Silva. Comenta que as pezas "mostran de maneira precisa o universo hostil" no que Camus sitúa aos personaxes "para os que non cabe ninguna posibilidade de futuro que non sexa baleiro, derrota ou morte". Comenta que as dúas obras pertencen á tendencia literaria do absurdo, teorizada por Camus n'*O mito de Sísifo*, que son de actualidade e que presentan argumentos diferentes aínda que coa mesma cerna existencial baseada nas miserias do ser humano dominado pola ambición, o poder, a crueldade ou a avaricia que o conducen á súa degradación. Di que *Calígula* recrea episodios da vida do emperador romano e *O Malentendido* recorda "as atmosferas irrespirables de Dostoievski e Kafka" para contar a historia dunha nai e unha filla que matan os clientes da súa pensión. Por último, salienta a introdución de Norma Rodríguez na que se ofrece a traxectoria vital e literaria do autor, algunhas chaves interpretativas para a lectura e unha "análise pormenorizada". Nun aparte acóllese información sobre a posta en escena das versións galegas de obras de Albert Camus como *Calígula*, dirixida por Manuel Guede, e interpretada por Antonio Durán, ou o espectáculo *Os xustos*, presentado por Eduardo Alonso en 1991 e traducido por Xosé Manuel Beiras.

Referencias varias:

- maré, "Escenarios de papel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Para Ler", 17 marzo 2009, p. 34.

Fálase da colección de traducións ao galego de obras teatrais que presenta a editorial Galaxia co nome de "Biblioteca ESAD Textos de Galaxia", que "trata de achegarlles aos lectores galegos os grandes autores e obras fundamentais do teatro contemporáneo" e que vén completar a oferta editorial de textos teatrais de Casahamlet, Laiovento e as colección de Agadic. Dise que Albert Camus e as súas obras *Calígula*. *O malentendido* inauguran a colección, que conta con *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill, como segundo título e tres pezas non especificadas de Juan Mayorga como terceiro volume. A seguir, analízase brevemente a traxectoria de Albert Camus, salientando os

temas do poder e a cobiza, tratados nestas dúas pezas teatrais nas que se deixa sentir o "peso do absurdo".

- A. S., "Galaxia edita una colección de teatro universal gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 marzo 2009, p. 30.

Coméntase a presentación dunha nova colección de obras de teatro universal traducidas ao galego. Saliéntase, segundo Manuel F. Vieites, responsábel da colección, que ademais algunhas delas non están aínda dispoñíbeis en castelán. Apúntase que os tres primeiros volumes da colección son *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill; e *Cartas de amor a Stalin. Himmelweg. A paz perpetua*, de Juan Mayorga, e que contan cunha tiraxe de oitocentos exemplares.

- B. R. S., "A Escola de Arte Dramática e Galaxia únense na edición de clásicos teatrais en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 marzo 2009, p. 55.

Fálase da presentación en Vigo da nova colección de traducións ao galego de obras teatrais universais contemporáneas por parte da editorial Galaxia, que se inicia con tres volumes: *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill e un volume con tres pezas, de Juan Mayorga. Dise que a Escola de Arte Dramática colabora coa iniciativa, xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de FP e Ensinanzas Especiais. Recóllense as palabras do director xeral de Galaxia, Víctor Freixanes, quen explica que "é un proxecto estratéxico que repercute no progreso da maduración da cultura galega". Por último, anúncianse os próximos títulos dedicados a Sarah Kane, Carril Chuchill e Jean Genet.

- M. G., "Galaxia se vuelca en la traducción de los grandes autores de teatro", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 marzo 2009, p. 59.

Faise eco da estrea dunha nova colección que a editorial Galaxia puxo en marcha en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Escola de Arte Dramática de Galicia debido á súa difícil viabilidade ecónomica. Dise que os obxectivos que persegue a editorial son ampliar os espazos do uso do galego e seguir inventando o idioma coa tradución dos autores internacionais máis complexos, adaptando á lingua galega os elementos doutros idiomas. Saliéntase que a colección inclúe obras internacionais de dramaturxia e que se abre con tres títulos de tres grandes autores: *Cartas de amor a Stalin. Himmelweg. A paz perpetua*, de Juan Mayorga; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill; e *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus.

- Roi Vidal Ponte, "A lúa non pode esperar", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 13.

Despois de referirse á situación precaria do teatro galego, celebra a aparición da colección que a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia acaba de iniciar en colaboración coa editorial Galaxia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Tamén considera motivo de "xolda" o feito de se traduciren ao galego títulos clásicos do século XX, entre os que están *Calígula* e *O malentendido*, de Albert Camus. A seguir, comenta estes textos nos que o absurdo percorre a alma humana como único sentido da vida.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 288, “Infantil/Xuvenil”, 30 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta entre a produción literaria galega máis recente *Calígula*. *O malentendido*, de Albert Camus.

Kane, Sarah, *Obra dramática completa*, limiar, trad. e notas de Manuel F. Vieites, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca ESAD. Textos, n.º 5, 2009, 492 pp. (ISBN: 978-84-9865-193-5). ■

Manuel F. Vieites (Oleiros, A Coruña, 1956) realiza a tradución ao galego da obra completa de Sarah Kane (Essex, 1971-Londres, 1999), un volume que se abre cun limiar no que Vieites percorre a vida e produción teatral de Kane, deténdose na recepción da autora no mundo teatral británico e europeo e analizando de vagar as cinco pezas teatrais que escribiu, das que se fai un estudo detallado das súas características técnicas e temáticas. Ademais procura achegar as influencias que Kane tivo doutros autores da época ou anteriores, así como o ronsel que ela deixou no panorama literario mundial despois da súa morte no ano 1999. Ao mesmo tempo que analiza a obra de Kane, Vieites destaca no limiar a irrupción na escena británica dun numeroso grupo de mozos e mozas que deciden facer da escritura dramática e do teatro un espazo de expresión, creación e comunicación. Despois do limiar aparece unha bibliografía sobre o teatro en xeral e sobre a produción dramática de Sarah Kane en particular. A primeira das pezas teatrais traducidas é *Derruba*, un texto en cinco escenas, no que Ian, un xornalista de mediana idade ao que lle queda moi pouco tempo de vida, convida a Cate, unha rapaza atrasada á súa habitación de hotel para que o console nas súas últimas horas. A relación que teñen manifesta dende un inicio unha dicotomía de amor-odio: el pretendía facer o amor con ela, pero ela rexéitao. Porén na relación hai continuos altibaixos; Ian ás veces é moi cruel e racista e outras veces convértese nun home sensíbel, aínda que sempre é cínico e está decepcionado. Nun deses intres de crueldade, Ian humilla e aterroriza a Cate, até que irrompe un soldado armado que transforma o lugar nun campo de batalla bosnio. Ausente da escena Cate, o soldado aproveita para violar ao xornalista. O final da obra caracterízase por continuas referencias a cuestións escatolóxicas e por un violento canibalismo. *Amor de Fedra* é unha peza teatral en oito escenas, nas que aparecen Fedra, Hipólito e Estrofa, membros da familia real. Hipólito é un rapaz gordo e impertinente, un príncipe que vive pechado no palacio e que pasa o seu tempo vendo a televisión, masturbándose e comendo patacas fritas. Fedra é a súa madrastra e está tolamente namorada de Hipólito. Así llo declara a súa filla natural, Estrofa, a cal intenta convencer por todos os medios a Fedra de que esqueza ese amor. No encontro de Hipólito e Fedra el rexéitaa e Estrofa pídelle explicacións a Hipólito, xa que a súa nai se suicidou e deixou escrita unha carta que afirma que Hipólito a violou. Finalmente Hipólito autoincúlpase e acaba axustizado polo pobo nunha praza. Tamén morren Teseo, o pai de Hipólito, e Estrofa neses altercados públicos. A peza intitulada *Límpidos* está dedicada pola autora a todos os pacientes e persoal da ES3 (división do hospital psiquiátrico no que estivo). Estrutúrase a obra en vinte escenas moi breves e que non presentan independencia temática, cunha historia que acontece nun campus universitario sudamericano que se asemella a un campo de concentración, onde o doutor Tinker é o xefe. El atormenta e tortura a diferentes persoas. Na primeira escena aparece proporcionándolle un pico de heroína a Graham, o cal acaba morrendo de sobredose. Nas seguintes escenas aparecen novos personaxes: Grace, a irmá de Graham, Rod e Carl

(dous homosexuais namorados) e unha *stripper*. O doutor Tinker acaba namorándose de Grace e a historia avanza contándonos as torturas ás que somete a Carl, Rod e a propia Grace. Ao final da historia o doutor acaba deitándose coa *stripper*, a cal confunde con Grace. Na obra *Degoiro* interveñen catro personaxes, identificados ao longo da peza exclusivamente por unha letra (A, B, C y M), que dialogan sobre diferentes aspectos existenciais. Os personaxes anónimos revélanse como seres moi complexos que sofren e padecen unha dor existencial, tanto psicolóxica coma física. As súas historias vanse entrelazando segundo avanza a peza e as referencias á sexualidade, á violencia, á angustia e á soidade son continuas. Os personaxes móvense por impulsos vitais descontrolados e non teñen sentido nin coherencia. Ao final da peza o amor e a violencia, xunto coa morte, parecen conducir aos personaxes á felicidade. *4.48 Psicose* refírese con este título á hora exacta da noite na que os enfermos de depresión obteñen unha visión clara e lúcida dos seus sentimentos, mentres que aos médicos lles parece que sofren unha psicose intensa. No texto, un personaxe non identificado está pechado nun hospital por depresión. Esta persoa confesa os seus medos e preocupacións e decide que o suicidio é a única vía de escape ante a situación na que se atopa. Os problemas psíquicos son o fío condutor do texto e na obra móstrase o que pasa pola mente dunha persoa cando non ten claro onde acaba a realidade e empeza a imaxinación. O texto finaliza coa chegada da hora do suicidio, as 4.48 da madrugada, onde a figura feminina profundamente desesperada e decidida disponse a afrontar os seus medos acabando coa súa vida. Por último, *Pel*, que aparece co subtítulo de "Unha película de dez minutos", trátase dunha curta que se estreou na televisión inglesa e que narra unha historia cruel que aborda o tema da xenofobia. O protagonista chámase Billy e é un nazi skin que pasa o día pegándolle a negros e borrachos. Un día coñece a Marcia, unha rapaza caribeña da cal se namora e acaba converténdose no seu escravo. A partir desta relación o modo de ver a realidade por parte de Billy mudará para sempre.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "A lúcida experiencia da dor", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "Crítica", 19-25 novembro, 2009, pp. 28-30.

Refírese aquí ao escándalo que a obra teatral *Derruba*, de Sarah Kane, causou entre a crítica e moitos sectores da opinión pública na súa estrea en Londres en 1995. Coméntase que os espectadores quedaron sen palabras ante a violencia dos tabús presentados sobre o escenario e non souberon como reaccionar ante o terríbel espectáculo de violencia que representaba o que pode chegar a facer un ser humano a outro. Acusouse a Sarah Kane de buscar a provocación e só dous autores, Edward Bond e Harold Pinter, afirmaron que era demasiado boa para os críticos. Catro anos despois, a opinión sobre esta autora, que se suicidou, mudou radicalmente e saliéntase que foi valente ao amosar as contradicións da época e entroncala cos clásicos. Pregúntase se isto é hipocrisía ou ocorrera algo neses catro anos. A seguir, faise eco da publicación dunha tradución coa totalidade do seu traballo, feita por Manuel F. Vietes. Destácase que a procura de novas formas en Kane estaba ao servizo da visión dunha humanidade que destila violencia. Afírmase que a dramaturga coñecía perfectamente a natureza humana e a súa extrema crueldade latente a pesar da evolución social e trataba de presentala espida, de non ignorala. Conclúese que a súa obra fala de redención, dun indicio de decencia que axuda á convivencia pero que custa atopala.

O'Neill, Eugene, *A Electra acáelle o loito* (*Mourning Becomes Electra*), trad. Laura Sáez, limiar de Manuel F. Vieites, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca ESAD. Textos, n.º 3, febreiro 2009, 340 pp. (ISBN: 978-84-9865-167-6). ■

Manuel F. Vieites abre este volume cun limiar no que, ademais de analizar brevemente a época, vida e obra de Eugene O'Neill (Nova York 1888-Boston 1953), salienta a influencia que a Grecia clásica ten nesta triloxía formada polas pezas *A volta ao fogar*, *Os perseguidos* e *Os enmeigados*, como por exemplo a mitoloxía grega, os paralelismos coa saga dos atreides e a presenza das ideas do *fatum* (destino) e *némesis* (xustiza/vinganza), típicas da traxedia grega. Esta obra teatral componse de tres pezas que constan de catro ou cinco actos cada unha. A acción sitúase na residencia da familia Mannon, nunha vila de Nova Inglaterra (Estados Unidos) nos anos 1865 e 1866, cando remata a Guerra de Secesión. O fío condutor da historia é o descubrimento gradual do pasado escuro da adiñeirada familia dos Mannon e as nefastas consecuencias que este ten nas vidas dos descendentes. A orixe do conflito é o amor que senten os irmáns Ave e David Mannon por unha muller de clase baixa. Cando David e Marie marchan da casa, Ave queda coa herdanza do irmán. O seu fillo Ezra casa con Christine, que se namora de Adam, o fillo de David e Marie que xurara vinganza polo acontecido aos seus pais. Christine e Adam matan a Ezra para así poderen casar, mais Lavinia, filla de Christine e Ezra, descobre todo. Lavinia convence o seu irmán Orin para que mate a Adam e Christine suicídase cando descobre o crime. Orin, vítima dos remorsos, acaba por matarse e Lavinia decide pagar a súa culpa quedando a vivir soa na residencia familiar.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Os fundamentos da traxedia", *A Nosa Terra*, n.º 1.356, "Cultura", "Teatro", 23-29 abril 2009, p. 33.

Despois de repasar brevemente a traxectoria literaria de Eugene O'Neill e a súa pegada no panorama da literatura dramática do século XX, pasa a comentar a tradución ao galego da súa obra *A Electra acáelle o loito*, que consta de tres partes: "A volta ao fogar", "Os perseguidos" e "Os enmeigados". Explica que a intención de O'Neill ao escribila foi ofrecerlles aos seus contemporáneos unha "experiencia similar á dos espectadores que acudían aos festivais dionisíacos da antiga Grecia", adaptando o ciclo grego das orestíadas aos tempos modernos botando man das teorías freudianas e de Nietzsche para dar conta da historia da decadencia dunha rancia familia no marco da guerra civil americana. Di que os temas da obra son o adulterio, o asasinato, a vinganza e o incesto, e con respecto aos personaxes, explica que son "ambivalentes", que asumen un rol simbólico e universal e que nos amosan como é na cerna do ser humano onde radica o mal. Ademais comenta que a idea de destino é substituída polo descubrimento de forzas irracionais dos seres humanos que nos converten en seres embrutecidos e deshumanizados.

- M. V. García, "Electra en Plymouth, MA", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Teatro", 4 xuño 2009, p. 8.

Tras reflexionar sobre o produtivo uso de figuras míticas como Medea, Antígona ou Edipo para amosar os grandes problemas do ser humano como ser social e tratar as orixes do conflito de Electra, fálase da "notable" tradución ao galego realizada por Laura Sáez da obra de Eugene O'Neill, *A Electra acáelle o loito*, formada pola triloxía "A volta ao fogar", "Os perseguidos" e "Os enmeigados", na que segue as pautas de Esquilo. Coméntase o seu argumento no que se conta a historia da familia Mannon e sitúase na fin da Guerra Civil dos Estados Unidos no século XIX, ofrecendo unha lectura nova do conflito de Edipo e unha dimensión tráxica "máis fonda e humana". Salienta que os personaxes sofren uns conflitos que "impiden que ningún poida ter un futuro posible". Nun á parte valórase a importancia de Eugene O'Neill na literatura dramática contemporánea, salientando os seus trazos característicos como a vaga realista de cerna social, o drama psicolóxico, a configuración dunha lingua literaria "menos afectada e máis plausible" e a súa participación no desenvolvemento dos pequenos teatros e compañías norteamericanas, así como na renovación da escena.

- Martín Veiga, "A forza do destino", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 239, " Letras galegas", 20 xuño 2009, p. 6.

Coméntase a tradución ao galego que Laura Sáez fixo do libro de Eugene O'Neill, *A Electra acáelle o loito*, que segue as vicisitudes da familia Mannon, presentada como unha transposición da saga dos Átridas, durante a guerra civil estadounidense. Apúntase que nas tres partes que compoñen a obra ("A volta ao fogar", "Os perseguidos" e "Os enmeigados") se van descubrindo os feitos que ocasionarán que os personaxes deban "enfrontarse así á expiación dos seus sentimentos de culpa". Con respecto ao estilo, saliéntase que emprega os mesmos mecanismos que a traxedia grega e que usa a linguaxe para marcar a clase á que pertence cada personaxe. Por último, analízase o estudo introdutorio de Manuel F. Vieites e aplaude esta achega ao "hábeas de literatura universal en tradución ao galego".

Referencias varias:

- maré, "Escenarios de papel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Para Ler", 17 marzo 2009, p. 34.

Fálase da colección de traducións ao galego de obras teatrais que presenta a editorial Galaxia co nome de "Biblioteca ESAD Textos de Galaxia", que "trata de achegarlles aos lectores galegos os grandes autores e obras fundamentais do teatro contemporáneo" e que vén completar a oferta editorial de textos teatrais de Casahamlet, Laiovento e as coleccións de Agadic. Dise que Albert Camus e as súas obras *Calígula*. *O malentendido* inauguran a colección, que conta con *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill como segundo título e tres pezas non especificadas de Juan Mayorga como terceiro volume. Tamén se fan uns apuntamentos sobre Eugene O'Neill e comenta que na obra *A Electra acaelle o loito* recupera unha das historias da *Ilíada*, de Homero, para trasladala a sociedade puritana e tradicional americana.

- A. S., "Galaxia edita una colección de teatro universal gallego", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 marzo 2009, p. 30.

Coméntase a presentación dunha nova colección de obras de teatro universal traducidas ao galego. Saliéntase, segundo Manuel F. Vieites, responsábel da colección, que

ademais algunhas delas non están aínda dispoñíbeis en castelán. Apúntase que os tres primeiros volumes da colección son *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill e *Cartas de amor a Stalin. Himmelweg. A paz perpetua*, de Juan Mayorga e que contan cunha tiraxe de oitocentos exemplares.

- M. G., "Galaxia se vuelca en la traducción de los grandes autores de teatro", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 marzo 2009, p. 59.

Faise eco da estrea dunha nova colección que a editorial Galaxia puxo en marcha en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Escola de Arte Dramática de Galicia debido á súa difícil viabilidade económica. Dise que os obxectivos que persegue a editorial son ampliar os espazos do uso do galego e seguir inventando o idioma coa tradución dos autores internacionais máis complexos, adaptando á lingua galega os elementos doutros idiomas. Saliéntase que a colección inclúe obras internacionais de dramaturxia e que se abre con tres títulos de tres grandes autores: *Cartas de amor a Stalin*. *Himmelweg. A paz perpetua*, de Juan Mayorga; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill; e *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus.

- B. R. S., "A Escola de Arte Dramática e Galaxia únense na edición de clásicos teatrais en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 marzo 2009, p. 55.

Fálase da presentación en Vigo da nova colección de traducións ao galego de obras teatrais universais contemporáneas por parte da editorial Galaxia, que se inicia con tres volumes: *Calígula*. *O malentendido*, de Albert Camus; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill e un volume con tres pezas, de Juan Mayorga. Dise que a Escola de Arte Dramática colabora coa iniciativa, xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de FP e Ensinanzas Especiais. Recóllense as palabras do director xeral de Galaxia, Víctor Freixanes, quen explica que "é un proxecto estratéxico que repercute no progreso da maduración da cultura galega". Por último, anúncianse os próximos títulos dedicados a Sarah Kane, Carril Chuchill e Jean Genet.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 285, "Infantil/Xuvenil", 2 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega más recente *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill, entre outras obras.

Mayorga, Juan, *Cartas de amor a Stalin*. *Himmelweg*. *A paz perpetua* (*Cartas de amor a Stalin. Himmelweg. La paz perpetua*), trad. Xosé Manuel Pazos, limiar de Carmen Abizanda Losada, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca ESAD. Textos, n.º 4, febreiro 2009, 231 pp. (ISBN: 978-84-9865-161-4). ■

Recóllense tres das máis representativas obras de Juan Mayorga (Madrid, 1965) como asegura a estudiosa encargada do limiar, Carmen Abizanda, quen fornece unha breve biobibliografía do dramaturgo e profesor de materias tan dispares como Matemáticas e Dramaturxia. As tres obras encádranse dentro do xénero do teatro histórico, visto dende a perspectiva do autor, creando así un teatro "político" e comprometido. A primeira é *Cartas de amor a Stalin*, que relata a historia dun escritor ruso, Bulgákov, que se sente acosado polo réxime estalinista e quere marchar do país e para iso escribe cartas,

chegando á obsesión, cuxo destinatario é Stalin, pedindo permiso para viaxar ao estranxeiro para, finalmente, deixarse convencer pola causa. A segunda, *Himmelweg*, baséase nun feito real acaecido na Alemaña nazi. Un enviado da Cruz Vermella chega a un campo de concentración onde se lle representa unha función para enganalo. De feito, acepta a función dos prisioneiros, que se ven obrigados a recrear un mundo feliz, tranquilo e libre, e acaba asinando un informe positivo. Combina unha parte narrativa, na voz do observador da Cruz Vermella, e outra parte dramática, co xogo de actores dos presos. A última, *A paz perpetua*, nun ambiente máis irreal, personifica tres cans que están a ser adestrados para competir nunha brigada antiterrorista de elite. Un deles, Enmanuelle, constitúe o trasunto de Enmanuelle Kant, e os outros dous son Odín e John-John. As conversas xiran ao redor da filosofía kantiana, a liberdade e a violencia que combate á violencia. A reflexión final nun diálogo co humano resume a temática da obra.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Procura da verdade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Libros", 18 xuño 2009, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 240, "Letras galegas", 27 xuño 2009, p. 6.

Coméntase a tradución ao galego que Xosé Manuel Pazos elaborou de *Cartas de amor a Stalin*. *Himmelweg. A paz perpetua*, de Juan Mayorga, para a editorial Galaxia. Explícase que a obra conta cun prólogo de Carmen Abizanda e que contén tres pezas dramáticas que coinciden na presenza de poucos personaxes e a busca da verdade como elemento imprescindíbel no desenvolvemento da persoa. Cóntase que *Cartas de amor a Stalin* trata sobre a relación entre o poder e a arte a través das vivencias do escritor Mikhail Bulgákov, censurado por Stalin, co que se pretende "parodiar e denunciar a enorme dependencia do mundo da cultura respecto do poder político". Coméntase que *Himmelweg* se achega aos campos de concentración nazis, censurando o exterminio e denunciando a "responsabilidade de cada individuo na evolución da historia". Por último, dise que *A paz perpetua* é "unha fábula contra o terrorismo" na que cuestiona "a lexitimidade da loita, o respecto aos dereitos humanos ou a bondade das forzas armadas". Finalmente, apúntase a actualidade temática destas obras e a consideración de Juan Mayorga como "un dos mellores representantes da dramaturxia española actual".

Referencias varias:

- maré, "Escenarios de papel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Para Ler", 17 marzo 2009, p. 34.

Fálase da colección de traducións ao galego de obras teatrais que presenta a editorial Galaxia co nome de "Biblioteca ESAD Textos de Galaxia", que "trata de achegarlles aos lectores galegos os grandes autores e obras fundamentais do teatro contemporáneo" e que vén completar a oferta editorial de textos teatrais de Casahamlet, Laiovento e as coleccións de Agadic. Dise que Albert Camus e as súas obras *Calígula*. *O malentendido* inauguran a colección, que conta con *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O'Neill como segundo título e tres pezas non especificadas de Juan Mayorga como terceiro volume. Finalmente salienta a figura de Juan Mayorga como un dos mellores expoñentes do teatro contemporáneo español e comenta que nas tres pezas que conforman o volume

explora “diferentes rexistros a partir da utilización de variados recursos dramáticos” e nas que trata da tolerancia e a liberdade cun “novidoso ton poético”.

- A. S., “Galaxia edita una colección de teatro universal gallego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 marzo 2009, p. 30.

Coméntase a presentación dunha nova colección de obras de teatro universal traducidas ao galego. Saliéntase, segundo Manuel F. Vieites, responsábel da colección, que ademais algunhas delas non están aínda dispoñíbeis en castelán. Apúntase que os tres primeiros volumes da colección son *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O’Neill; e *Cartas de amor a Stalin. Himmelweg. A paz perpetua*, de Juan Mayorga, e que contan cunha tiraxe de oitocentos exemplares.

- B. R. S., “A Escola de Arte Dramática e Galaxia únense na edición de clásicos teatrais en galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2009, p. 55.

Fálase da presentación en Vigo da nova colección de traducións ao galego de obras teatrais universais contemporáneas por parte da editorial Galaxia, que se inicia con tres volumes: *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O’Neill e un volume con tres pezas, de Juan Mayorga. Dise que a Escola de Arte Dramática colabora coa iniciativa, xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de FP e Ensinanzas Especiais.

- M. G., “Galaxia se vuelca en la traducción de los grandes autores de teatro”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 19 marzo 2009, p. 59.

Faise eco da estrea dunha nova colección que a Editorial Galaxia puxo en marcha en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Escola de Arte Dramática de Galicia debido á súa difícil viabilidade económica. Dise que os obxectivos que persegue a editorial son ampliar os espazos do uso do galego e seguir inventando o idioma coa tradución dos autores internacionais máis complexos, adaptando á lingua galega os elementos doutros idiomas. Saliéntase que a colección inclúe obras internacionais de dramaturxia e que se abre con tres títulos de tres grandes autores: *Cartas de amor a Stalin. Himmelweg. A paz perpetua*, de Juan Mayorga; *A Electra acáelle o loito*, de Eugene O’Neill; e *Calígula. O malentendido*, de Albert Camus.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 286, “Infantil/Xuvenil”, 16 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describe brevemente *Cartas de amor a Stalin*. *Himmelweg*. *A paz perpetua*, de Juan Mayorga, e outras obras.

Teixeiro, Xosé, *Doutor*, *por favor, máteme con xeito* (*36 días da vida de Manuel Ruíz*), ed. bilingüe e trad. de Francine Sucarrat Boutet e Carlos Carretero Díaz, nota introdutoria de Carlos Paulo Martínez Pereiro, A Coruña: Universidade da Coruña, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, n.º 58, serie Neodramática, 2009, 179 pp. (978-84-9749-337-6). ◆

Recóllese nesta obra a tradución ao galego da peza teatral en francés de Xosé Teixeiro (A Coruña, 1931-Montreal, 2006), *Docteur, s'il vous plait, tuez-moi gentiment* (*36 jours dans la vie de Manuel Ruiz)*. Ábrese o volume coa "Balada en re menor para Pepe Teixeiro", na que Xosé Manuel Beiras realiza unha viaxe á súa infancia e narra as súas peripecias, sobre todo musicais, xunto a Xosé Teixeiro. A continuación recóllense "Tres textos *Autobiográficos e autorreflexivos* de Xosé Teixeiro", nos que o propio autor describe a súa vida e as inquedanzas que lle xurdiron ao longo dos anos e que o levaron a escribir unha peza teatral coma esta. Trátase dos seguintes textos publicados orixinariamante n'*A obra gráfica dun psiquiatra músico* (2004): "A obra gráfica dun psiquiatra músico" (pp. 9-14), "A obra pictórica" (pp. 19-26) e "Muller bolboreta e psiquiatras músicos" (pp. 28-35). Baixo o título da peza teatral indíacase que se trata dunha "peza de teatro en forma de psico-drama en seis cadros (o derradeiro, un debate). Pódese representar ou simplemente ler". Nas "Notas para o escenógrafo" refírese que a peza se concibe para que participe o público e que nela debe existir un personaxe que actúa como moderador-lector. Son constantes as anotacións para este último, nas que se lle indica cando ten que participar o público e de que modo hai que facer que participe, deixando sempre claro que ao final vai haber tempo de sobra para falar do tema. O tema principal é a "morte asistida", abordada nun mundo futuro, unha opción que está a dispor de quen a pida. Sobre ese futuro escóndese a incógnita de se é real ou hipotético. As intervencións de cada personaxe son breves, agás nas ocasións nas que o moderador realiza algunha reflexión ou resumo para o público asistente e/ou lector.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, "Mimosas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 340, "Letra en galego", "Club dandi", 21 novembro 2009, p. 15.

Opina que as publicacións galegas ao redor do teatro son de gran calidade, salientando a colección dramática da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, que leva a cabo o Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística da Universidade da Coruña; colección da que destaca unha obra de Xosé Teixeiro, titulada *Doutor, por favor, mátame con xeito*, obra que procura o debate ao redor da eutanasia.

VV. AA., *Premio 2009 de relato*, *poesía e tradución da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, 163 pp. (ISBN: 978-84-9914-068-1). ■

Volume que contén os traballos galardoados nos Premios 2009 de relato breve, poesía e tradución literaria da Universidade de Vigo. Ábrese cun "Limiar" institucional a cargo do reitor, Alberto Gago. A continuación, recóllense as obras gañadoras nas súas distintas modalidades (relato curto, poesía e tradución). Entre as traducións seleccionadas inclúese a seguinte peza teatral:

- María Mediero Mayán, "As voces de dentro", 1º Accésit de Tradución, pp. 113-133.

Trátase da versión de *Le voci di dentro* (1971), de Eduardo de Filipo, do napolitano á lingua galega.

III.3. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en "referencias varias".

III.3.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

AcciónST, IIIº Ciclo

Ciclo de teatro organizado polo Centro Dramático Galego no que diversas agrupacións artísticas desenvolven as súas representacións no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado

Organizado por primeira vez en 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (antigo IGAEM) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA), quere ser unha ocasión na que se lembre e homenaxee a Agustín Magán, así como que sirva de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. Na edición de 2009, celebrada dende o cinco até o oito de decembro, participaron os grupos Carrachanacacha, coa obra *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*; O Trasno Novo Teatro, con *Conversas na cuneta mentras a vida pasa alá fóra* e Carfax Teatro, con *Transilvania*.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Liberdade sobre as táboas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 decembro 2009, p. 31.

Tras informar dos catro espectáculos que se verán no Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán, celebrado no Principal de Santiago de Compostela, mantén unha conversa con Alberto Álvarez, actual director da compañía Ditea, creada por Agustín Magán, co gallo de estar a piques de cumprir cincuenta anos de aniversario. Comenta os actos de celebración que se levarán a cabo no ano vindeiro, entre os que se inclúen mesas redondas, exposicións e invitacións a grupos doutras comunidades autónomas. Fálase tamén dunha pequena biografía de Magán como adaptador, dramaturgo, director de escena e, sobre todo, como creador do teatro amador en Galicia, sendo Ditea a máis antiga compañía deste tipo no Estado Español e unha das primeiras en empregar o galego nas súas representacións, incluso durante o franquismo. Noutro apartado fala da Escola de Actores de Narón, "dinamizadora da vida cultural" e da súa compañía Carrachanacacha, que van inaugurar a mostra coa súa obra *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*.

Arteixo, Xª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mostra de teatro afeccionado que acolle diversas representacións teatrais, ademais doutro tipo de actividades, tales como exposicións artísticas ou seminarios de portas abertas. A edición de 2009 deu comezo o vinte de marzo, e contou coa participación d'A Retranca, Orballo, Faícas, Metátese Teatro, Paso de Valverde ou Pasapadentro, con *Ardente Eliana e Bernardo Desacougado*, ademais da compañía eslovena Hipercloridria.

Referencias varias:

- M. R. N, "La muestra de teatro amateur busca captar nuevos aficionados", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Cultura", 19 marzo 2009, p. 20.

Dá conta do comezo da X Mostra de Teatro Afeccionado de Arteixo tras salientar os seus inicios no ano 2000. A seguir, faise referencia aos cinco grupos participantes na presente edición, que son A Retranca, Paso de Valverde, Pasapadentro, Orballo e Faíscas, ademais dos invitados eslovenos Hipercloridia e Metátase Teatro. Finalmente, destácase o obxectivo da mostra de aumentar a participación do público, realizado a través da organización de coloquios.

Arteria Noroeste

En 2009 acolléronse os espectáculos destinados ao público infantil *As aventuras de Pinoccio*, por Títeres Cachirulo; *Historia dunha semente*, por Caramuxo; *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, por Títeres Cachirulo; *Titiricircus*, por Tanxarina ou *As aventuras de Polichinela e a galiña negra*, por Danthea Teatro. Para público adulto participou Caramuxa, con *Luz de* gas. Ademais, tamén tiveron a súa presenza compañías procedentes do resto de España, como Teatro Arbolé e Candelilla.

Buxiganga, Proxecto Teatral

Ciclo de teatro afeccionado organizado polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia. A edición de 2009 celebrouse dende o tres de xullo até o vinte e oito de decembro, e nela participaron as agrupacións teatrais: Novaescena Teatro, con *Pensión 13* e *O Lirio*; a Aula de Teatro do Concello de Lugo, con *Historia dunha escaleira*; o Grupo Teatral Axóuxeres, con *O velorio de Xan Perolo*; Achádego Teatro, con *Pinto pinto gorgorito*, *O divino sainete* e *O libro de ler e desler*; Raiolas, con *Un mal día*; A Adala de Fazouro, con *Fobias con amor* e *A derradeira batalla do Marqués Sargadelos*; O Bordelo, con *O espello do prestamista*, *O Mariñán* e *R.I.P. Marandaina*; Cedeúve Teatro, con *6 x 4...dúas ducias*; o Grupo Teatral da Biblioteca de Antas de Ulla, con *Hostia*; Metátese Teatro, con *Nós*; a Asociación Cultural Falcatrueiros, con *Hamlet* e *Morte no garaxe*; Hipócrita Teatro, con *Miserere*; Zampalladas, con *O achado do castro*; Ardora Teatro, con *Desde Oporto a San Ciprián* e Grupo Teatral do Hospital Xeral de Lugo, con *O parto de Calandrino* e *Entre zanganos e flores*.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Buxiganga reactiva a oferta teatral na provincia de Lugo", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 15 abril 2009, p. 65.

Dáse conta da presentación de "Buxiganga" comentando que se trata dun proxecto destinado aos grupos de teatro lucenses de cara a reactivar a escena teatral da provincia. Infórmase de que esta iniciativa consiste nunha proposta de cadros dramáticos, obras e materiais que diversos grupos de Lugo porán en escena nos concellos que participen no proxecto, coa finalidade de dar un pulo ás artes escénicas en todos os seus ámbitos. A continuación, e segundo verbas da voceira de Teatro do Consello da Cultura provincial, Tareixa Campo, coméntase a importancia do coñecemento dos elementos teatrais para a difusión do xénero. A seguir, alúdese ao plan formativo incluído no proxecto, sobre o cal se informa da súa finalidade: formar aos propios formadores no teatro de cara a mellorar a calidade e preparación dos participantes. Para rematar, dise que Buxiganga será financiado pola Deputación Provincial de cara a que todos os concellos que o desexen teñan a posibilidade de participar.

- María L. Viñas, "Nova Escena lleva el teatro a Mondoñedo", *El Progreso*, "Vivir/Ocio", "La Brújula", 29 novembro 2009, p. 94.

Dá conta da participación da compañía Novaescena Teatro no ciclo teatral Buxiganga coa representación da peza *Pensión 13*.

Caixanova na Rúa

A entidade Caixanova desenvolve un programa de actividades culturais de diversa índole, entre as que se inclúen actuacións musicais, de maxia, novo circo, pintura cine, pirotecnia e teatro, procedentes de distintos países. A edición de 2009 celebrouse dende o un até o cinco de xullo, e tivo lugar en distintos espazos urbáns da cidade herculina. Como compañías teatrais galegas participaron Entremáns e Pista Catro.

Caixanova Teatro-Danza, Ciclo

Ciclo que acolle actuacións de teatro e danza organizado por Caixanova e o Concello da Coruña. Desenvólvese no teatro Rosalía de Castro desta cidade. Na edición de 2009, que se celebrou dende o vinte e seis de setembro até o vinte de novembro, estiveron presentes as representacións *As dunas*, polo Centro Dramático Galego; *O segredo dos Hoffman*, por Lagarta Lagarta e *Kvetch*, por Teatro do Morcego.

Campás Teatro, Ciclo

Ciclo de teatro alternativo organizado pola Vicerreitoría do campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, na cal ten a súa sede. A edición de 2009 celebrouse os venres comprendidos entre o vinte de marzo e o oito de maio, a excepción dos festivos, e nela inclúense representacións teatrais por parte de seis agrupacións galegas e do resto de España, ademais de concertos de jazz. Como compañías de teatro estiveron presentes

Poliposeídas; Teatro del Norte; Disquedanza; Teatro Nú, con *Coa palabra na lingua*; Maquinaria Pesada, con *As vingadoras*; Nut Teatro, con *Peep Show* e Factoría Teatro, con *Des-memoria 2*.

Cangas, XXVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Organizada polo colectivo do Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño, conta co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais, do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio "Xiria", co que se destaca o labor teatral dunha persoa. Na edición de 2009, celebrada dende o tres até o doce de xullo, incluíronse representacións de agrupacións tanto de fóra coma de Galicia. Entre as foráneas contouse coas madrileñas La Escapista, Lucas Trapaza e Teatro Meridional; a andaluza La Zaranda; Fuegos Fatuos, dende Castela a Mancha; Setembre Res de Res, dende as Illas Baleares; Krosnylreneuz Krosny, dende Polonia ou a actriz Pilar Gómez cun dos seus monólogos. Entre as galegas participaron Títeres Cachirulo, con *Típico tópico* e *A gerra das Galicsias*; Teatro de Ningures, con *Cómicos Delláuto* e *Desembarco dos turcos. María Soliño*; Chévere Teatro, con *Dildos*; A Factoría Teatro, con *Señor Mundo, dígame?*; Quico Cadaval, con *Conversatorio* e Producións Teatrais Excéntricas, con *No Comment*.

Referencias varias:

- María Armesto, "XXVI Mostra de Teatro de Cangas", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Festivais", outono 2009, pp. 85-91.

Comenta que esta XVIª edición da mostra foi inaugurada co espectáculo de rúa *Desembarco dos turcos. María Soliño*, que representa eses feitos vividos na vila no século XVII. Di que a produción contou co patrocinio de moitas institucións e a participación directa de máis dun cento de habitantes da vila. Por desgraza, di que a pesar da calidade, o traballo realizado e a boísima acollida do público, a inclemencia do tempo e a "nula participación da Policía Municipal" desluciron moito a representación. Informa asemade doutras intervencións que tiveron lugar na mostra, entre as que salienta *Obra. No comment*, de PT Excéntricas, cun "Víctor Mosqueira soberbio" pero onde "falla o xenio de Cadaval na interpretación". Entre as propostas alternativas destaca a "idea realmente anovadora que entusiasmou a todo tipo de público" de Quico Cadaval, co nome de *Conversatorio*. Fala ademais da presenza de debates, obradoiros e relatorios, para rematar cos parabéns á mostra, da que lamenta a marcha da directora durante trece anos, Che Mariño.

Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol e a compañía ferrolá Teatro Ad Libitum dende o mes de novembro do ano 2000. Celebrado no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO, conta asemade coa colaboración da Asociación Max de Teatro e co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa

Galicia. Na edición de 2009 inclúese a concesión do primeiro Premio do Público á mellor representación teatral, para o cal a participación está aberta a todos aqueles grupos de teatro afeccionados da comarca de Ferrol e mesmo doutros puntos de Galicia. Esta edición contou con vinte e seis compañías teatrais, entre elas a Teatro do Improvisto, de Boiro; Vichelocrego; Ullán Teatro; Melandrainas Teatro; Sal-monela; Compañía Municipal de Teatro de Sada; Tiruleque Teatro; A Mámoa; Teatro Aurín; Grupo Teatral de Antas de Ulla; Grupo Teatral de Ribeira; Escola Airiños; o Obradoiro de Teatro de Mugardos; Candelexas, con *Mellor ser can, que vivir como un can*; Teatro N+1, con *O día que voou Renata*; O Bordelo, con *R.I.P. Marandaina*; Carfax Teatro, con *Lilí Cuartel*; Ad Libitum, con *A mansión*; Os Falcatrueiros, con *Morte no garaxe*; Amigos da Farándula, con *O chufón*; o Grupo Teatral A Pombiña, con *Melocotón en almíbar*; Carrachanacacha, con *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*; Fas-que-Fas, con *Os mortos factúranse e as mulleres desnúdanse* e o Grupo do CEIP de Touro, con *Fábulas*.

Referencias varias:

- Ada Romero Sixto, "Os domingos a escena', unha cita estable co teatro afeccionado", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Espazos", outono 2009, pp. 57-60.

Dá noticia deste ciclo de teatro afeccionado, que se leva realizando cada domingo dende hai xa nove tempadas no Centro Cívico do barrio ferrolán de Caranza, atraendo a numerosos grupos de teatro non profesionais. Informa de que naceu no ano 2000 promovido pola Concellaría de Cultura deste concello e leva sobrevivido con éxito a catro corporacións diferentes, grazas en parte á súa gratuidade. Así, comenta que acada unha media de duascentas persoas por sesión e que nesta tempada pasaron xa vinte grupos diferentes, de modo que se vai "suplindo unha das principais carencias da política cultural en Galicia, a falta de atención ao teatro afeccionado". Dá conta de que os espectadores poden acceder á programación en calquera centro cultural da cidade, por internet na páxina www.domingosaescena.com ou recibindo un correo electrónico. Dise que os grupos participantes son afeccionados pero de calidade, tanto da comarca coma do resto de Galicia, que o mesmo representan obras coñecidas como textos inéditos. Finalmente dise que este ano se instaurou o premio do público con 1.500 euros e a posibilidade de representar no Teatro Jofre.

Carballiño, Vº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (antigo IGAEM), Caixanova e Caja Madrid. Na edición de 2009, que se celebrou dende o sete até o once de setembro, participaron as compañías Lagarta Lagarta, coa representación de *O segredo dos Hoffman* e Chévere Teatro, con *Testosterona*.

Carballiño, VIIº Outono Teatral

Ciclo de teatro realizado no Carballiño. Na edición de 2009 deu comezo o sete de novembro e participaron as compañías Sarabela Teatro, con *Cósima*; Teatro Infantil

Glendy, con *O pallaso máxico*; Teatro do Atlántico, con *O xogo de Yalta. Afterplay*; Teatro do Morcego, con *Kvetch: O Rosmón* e Teatro de Ningures, con *Bailadela da morte ditosa*.

Referencias varias:

- L. R., "El 'Outono Teatral' lleva al auditorio seis compañías, de las que cinco son gallegas", *La Región*, "Carballiño", 3 novembro 2009, p. 15.

Comenta a programación do "Outono Teatral" no Carballiño. Destaca a presentación do programa a cargo de Inmaculada Ucha, concelleira de Cultura en Carballiño, así como a elevada presenza de compañías galegas. Finalmente, nun apartado intitulado "Programa", fai un percorrido polas representacións que terán lugar.

Carballo, Folla de Ouro, VIº Certame

Certame teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ribadumia, en colaboración coa Asociación Juvenil Eira Vella. A edición de 2009 celebrouse dende o vinte e cinco de abril até o dez de maio, e contou coa participación dos grupos teatrais Teatro do Mar, con *A casa de Bernarda Alba*; dos IES Valle-Inclán, con *A revolución*, e A Xunqueira, con *O bulto negro*, de Pontevedra e o instituto Asorey de Cambados, con *Novios de internet*.

Cariño, XXXIª Mostra de Teatro Galego de

Mostra de teatro celebrada no Auditorio Municipal do concello ferrolán que acolle actuacións para diversos tipos de público, tanto por parte de compañías profesionais coma afeccionadas. Na edición de 2009, celebrada entre o once e o vinte de agosto, tiveron lugar as seguintes representacións destinadas ao público infantil: *Jiñol*, por Títeres Trompicallo; *O espírito do bosque*, por parte de Falcatrúa; *Pa cama*, por Katarsis e *Lume*, por Babaluva Teatro. Como compañías afeccionadas participaron O Bordelo Teatro, con *RIP Marandaina*; o grupo Teatro Raiola, con *Os da mesa 10* e os Amigos da Farándula, con *O Chufón*. O teatro profesional viuse representado por Lagarta Lagarta, con *Aeroplanos*; Teatro Galileo, con *Náufragos*; Producións Teatrais Excéntricas, con *No Comment* e Talía Teatro, con *Palabras encadeadas*.

Referencias varias:

- Óscar Gómez Mera, "Cariño: XXXI Mostra de Teatro Galego", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Festivais", outono 2009, pp. 93-94.

Comeza comentando as datas de realización desta mostra, da que informa que inclúe ademais a Mostra de Teatro infantil, entre o once e o catorce. Tras enumerar os espectáculos que se presentaron, remata comentando que esta mostra é xa "un referente no teatro en Galicia" e por iso considera que "debería dar un paso máis" e incluír

actividades paralelas, como charlas, teatro de rúa… Acaba agradecendo ter sido elixido para as crónicas oficiais da mostra.

Cee, 'Domingos de Teatro. Marzo Teatral', XXIIª Mostra de Teatro de

Organizado, xunto coa asociación cultural Domingo Antonio de Andrade, polo actor, director e fundador de Talía Teatro, ofrece trinta e tres representacións durante unha semana. Na edición de 2009, celebrada dende o vinte e tres até o vinte e oito de agosto, participaron, ademais de compañías teatrais, os grupos circenses Circo Expreso e Circo Escarranchado e diversos monologuistas, como Oswaldo Digón, Pepo Suevos, Celso Fernández Sanmartín, Avelino González, David Amor ou Paula Carballeira. Entre as compañías de teatro contouse con Teatro Escena, con *Cucho, Coco e o dilema do 6*; Talía Teatro, con *Palabras encadeadas*; Teatro D2, con *Iliria*; o Centro Dramático Galego, con *Noite de Reis*; Ruso Negro, con *Fratelli negroni, swing & mentiras*; Arela das Artes, con *Arela Miúda*; Malabaranda; Talía Teatro, con *Valentino Rufini e Akil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)*; As Sircópatas, con *Montagem*; Carrachanacacha, con *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino* e a andaluza Cámara Negra.

Referencias varias:

- J. Trillo, "Otero Lastres abrirá hoy con su pregón la Feria del Libro de Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 11 agosto 2009, p. 37.

Informa sobre o comezo da XXIIª Mostra de Teatro de Cee.

- J. Trillo, "A Xunta retíralle as axudas á Mostra de Teatro de Cee", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 agosto 2009, p. 30.

Fálase da falta de subvencións para a celebración da Mostra no 2009 e os pasos que están a seguir de cara á celebración da edición de 2010. Deste xeito coméntanse algúns dos cambios operantes, como o paso dun orzamento de 40.000 € a un de 17.000, que obriga a reducir o calendario a seis días, ou a redución do prezo dos bonos para acudir aos diferentes eventos. A pesar disto, dise que a Mostra mantén as súas catro sesións diarias: "Infantil", "Rúa Aberta", "Noite" e "Á deshora".

- J. Trillo, "La Xunta retira la ayuda a la Mostra de Teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 19 agosto 2009, p. 29.

Coméntase a presentación da Mostra de 2009, realizada sen o apoio económico da Xunta, aínda que si da Deputación e do Concello. Inclúense comentarios de Artur Trillo, responsábel da organización, quen admite estar molesto coas institucións por ter que reducir o orzamento de 40.000€ a 17.000€. Por último, lémbranse as catro sesións diarias das que consta a mostra, a páxina web onde se pode consultar o programa e o prezo do bono.

- J. Trillo, "La XXII Mostra de Teatro de Cee dará comienzo hoy con cuatro funciones", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 agosto 2009, p. 34.

Infórmase da nova edición da Mostra de Cee ao tempo que se dá conta das sesións de infantil e das compañías e actores que pasarán pola vila. Finalmente anúnciase que este ano todas as funcións serán no salón de actos do concello ceense.

- E. P. "Teatro, *show* aéreo y humor en la Mostra de Teatro de Cee", *El Correo Gallego*, "Cultura", 24 agosto 2009, p. 52.

Infórmase da programación da Mostra de Teatro de Cee para ese mesmo día. Dáse conta, deste xeito, da posta en escena de *Cucho, Coco e o dilema do 6* pola mañá, e dun *show* de aéreos polo grupo Circo Expreso, o espectáculo *Palabras encadeadas* ou a actuación do monologuista Pepo Suevos pola tarde e noite.

- maré, "A mostra de Teatro de Cee continúa hoxe con Circo Expreso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 agosto 2009, p. 31.

De todos os espectáculos do día presentes na mostra de teatro de Cee salienta o de Circo Expreso, no que utiliza trapecios, cordas e *hula-hoops*. Nomea asemade a obra de teatro infantil *Palabras encadeadas*, de Talía Teatro, e a Pepo Suevos.

- Ó. I., "La Mostra de Teatro de Cee salva un año castastrófico", *El País*, "*Galicia*", "Área de Compostela", 25 agosto 2009, p. 34.

Coméntase que a vixésimo segunda mostra de teatro se celebrou coa terceira parte do presuposto, aínda que se di que para 2010 conta con apoio institucional. Infórmase asemade dalgunhas das propostas escénicas da presente edición.

- J. Trillo, "La lluvia obliga en la Mostra de Cee a sustituir la calle por una carpa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 agosto 2009, p. 34.

Infórmase das incidencias climatolóxicas durante a Mostra de Cee que obrigaron a trasladar a sesión *Rúa Aberta* á carpa da praza, pero sen modificar nada o contido previsto. Finalmente dá conta da programación do día.

- J. Trillo, "Más de 4.000 personas siguieron la Mostra de Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 29 agosto 2009, p. 31.

Infórmase de que a XXIIª Mostra de Teatro de Cee, que organiza Talía Teatro, acabou cun grande éxito de público, unhas catro mil persoas. Finalmente sinálase cales foron as actuacións do último día.

- J. Trillo, "Teatro y música en el Outono Cultura de Cee", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 setembro 2009, p. 38.

Anúnciase a programación do ciclo cultural de outono de Cee. Coméntase que, ademais da música, o outro prato forte é o teatro, con respecto ao que se informa que os espectáculos se levan adiante coa axuda da Consellería de Cultura e Turismo, AGADIC e a Rede Galega de Teatros e Auditorios de Galicia.

Chantada, XIXª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Mostra de teatro celebrada en Chantada na que participaron as compañías Vaidous, con *Operación bikini*; Expresión Teatro, con *Imasxinarium*; Fulano, Mengano e Citano, con *Viva a crise* e a Agrupación Faro-Miño, con *Mamá teta*.

Referencias varias:

- A. L., "Cuatro grupos participan desde mañana en la XIX Mostra de Teatro Popular", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 17 agosto 2009, p. 10.

Indícase o inicio da XIX Mostra de Teatro Popular en Chantada e adiántanse as actuacións dos grupo participantes, ademais de sinalar que os organizadores van utilizar modernas instalacións para garantir o éxito.

Cidade de Lugo, VIIª Mostra de Teatro

Mostra de teatro organizada polo Concello de Lugo, en colaboración coa Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela, a Escola Arte e Ocio de Fingoi e Palimoco Teatro. A edición de 2009, que tivo lugar entre os meses de marzo e xuño nos emprazamentos do Auditorio Gustavo Freire, contou coa representación de sete obras teatrais: *Costrucciones Clementina, dígame?*, por Palimoco Teatro; *Sussie*, pola Aula de Teatro da USC-Lugo; *A culpa foi de Mozart*, pola Compañía de Títeres da USC-Lugo; *O lirio*, por Novaescena Teatro; *O médico a paus*, por Pinchacarneiro; *Pinto pinto gorgorito*, por Achádego Teatro e *Historia dunha escaleira*, pola Aula Formación Teatral do Concello de Lugo.

Circo en Escena, Iª edición de

Ciclo levado a cabo no Salón Teatro, espazo escénico xestionado polo Centro Dramático Galego (CDG), que ten como protagonista o novo circo, unha fusión do circo con diferentes disciplinas artísticas, entre elas o teatro. Nesta primeira edición, que tivo lugar durante o mes de febreiro, participaron até catro compañías de Galicia, Andalucía, Portugal e Francia, entre as que se contou con Varuma Teatro, de Andalucía; O último Momento, de Portugal; Ieto, dende Francia e como compañía galega Maquinaria Pesada, con *As vingadoras*.

Comedia, Ciclo de Teatro e

Ciclo de teatro celebrado na Sociedade Cultural e Deportiva de Mourente no que participaron as agrupacións Expresión Teatro; Argalladas, con *Comedia bífida*; Aturuxo, con *Un mal día*; Teátrica, con *O ferreiro de Satán* e Teatro Xenio, con *Se o sei non volvo a casa*.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Loquísimos por el teatro", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "de café con Cuca", 26 xaneiro 2009, p. 70.

Precísase, entre outros, que na Sociedade Cultural e Deportiva de Mourente, co gallo do Ciclo de Teatro e Comedia, o grupo pontevedrés Argalladas levou a escena a peza *Comedia bífida*. Por último indícase que a programación tamén contará, entre outros, co grupo Aturuxo, coa peza *Un mal día*, e con Expresión Teatro, coa comedia *Toda unha vida.*

Cómico, Iª Mostra de Teatro

Primeira mostra de teatro cómico organizada pola área de cultura do concello de Porriño, con emprazamentos no Centro Cultural, no Círculo e na Praza do Arquitecto Antonio Palacios. Esta edición tivo lugar durante cinco días, dende o catro até o nove de xuño, e iníciase coa representación de *Un morto moi vivo!*, por Producións Acontrabutaca, ademais de contar coa participación de Pinguela Teatro, con *Razóns de peso*.

Condado, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado do

Mostra de teatro afeccionado realizada na Carballeira das Fraguiñas de Fornelos, en Salvaterra. A edición de 2009 deu comezo o día vinte e tres de xullo, e contou coas representacións *A parábola da rá*, por Malapécora Teatro e *Os vellos non deben de namorarse*, pola Asociación Teatral Ata Sempre.

Coruña, VIIIª Mostra de Teatro Independente da

Mostra de teatro creada co obxectivo de apoiar ás compañías teatrais independentes. A edición de 2009, celebrada no Fórum Metropolitano da Coruña dende o tres até o sete de febreiro, contou co grupo de fusión Rumbo Tu Pá; Triskitrueke Productions; a Asociación Cultural de Teatro Finisterre; o grupo de teatro xuvemil Parrocha e Teatro Aforo, con *Eloxio da loucura*.

Creativa, Iº Foro das Industrias Culturais

Encontro interdisciplinar entre distintos ámbitos do sector da cultura, entre os que se atopa a escena, organizado conxuntamente pola Axencia Galega das Industrias Culturais da Consellería de Cultura e Turismo e a Direcção Regional de Cultura do Norte do Ministerio de Cultura Portugués. Atópase financiado polos fondos FEDER da Unión Europea pertencentes ao Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal. Esta primeira edición tivo lugar en diferentes espazos da cidade de Vigo, dende o nove até o dezanove de decembro, e contou con foros, concertos e representacións escénicas e musicais. No tocante ao teatro estiveron presentes Nut Teatro, con *Wake Up*; para o público infantil O Retrete de Dorian Gray, con *Rúa Aire* e Galitoon, con *Rosalía, a pulga que escribía*; ademais das compañías portuguesas

Peripécia Teatro e Núcleo de Experimentação Coreográfica.

Emilia Pardo Bazán, Mostra de Teatro

Mostra de teatro organizada pola asociación cultural Os Amigos e a AVV de Lago, en Valdoviño. A edición de 2009 celebrouse no local Joaquín Jara de Lago, e deu comezo o catro de outubro.

Escena Contemporánea

Ciclo de teatro levado a cabo na sala de teatro compostelá Arteria Noroeste. Na edición de 2009 contou coa participación da compañía aragonesa Tranvía Teatro.

XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Celebrada con regularidade dende o ano 1997, en que era a quinta edición despois de tres anos sen se convocar, está organizada pola Axencia Galega das Industrias Culturais e coordinada por Rubén García, levándose a cabo na cidade de Santiago de Compostela. No ano 2001, por primeira vez, foi incluída na Coordinadora de Feiras de Teatro do Estado Español. Este evento ten como finalidade ser unha canle para a distribución dos espectáculos e a el asisten programadores, produtores e distribuidores teatrais de toda a Península. A edición do ano 2009, celebrada dende dezanove até o vinte e tres de outubro, contou con mesas de debate, espectáculos de danza, teatro e outras actuacións. Como representacións teatrais estiveron presentes *O día do pai*, por Malasombra; *Eco*, polo Centro Dramático Galego; *Glass City*, por Teatro Nororeste; *Pingueiras e tarteiras*, por Teatro do Andamio; *Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp*, por Títeres Trompicallo; *O segredo dos Hoffman*, por Lagarta Lagarta; *Wake up*, por Nut Teatro; *Bicharada*, por Berrobambán; *Kvetch: o rosmón*, por Teatro do Morcego; *O castelo da Rocha Vella*, por Monicreques de Kukas; *Rúa Aire*, polo Centro Dramático Galego e o Retrete de Dorian Gray; *Atra Bile*, por Teatro de Ningures; *Palabras encadeadas*, por Talía Teatro; *O xogo de Yalta afterplay*, por Teatro do Atlántico; *A esmorga*, por Sarabela Teatro; *Rosalía, a pulga que escribía*, por Galitoon; *Concerto desconcerto*, por Entremáns e *Shakespeare para ignorantes*, por Mofa e Befa.

Referencias varias:

- maré, "Un sector combativo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 setembro 2009, p. 29.

Comeza sinalando que a Feira de Artes Escénicas é un dos poucos eventos que consegue subvención da Consellería de Cultura, debido á forza do sector da escena, un dos máis combativos á hora de negociar coa administración. Lémbrase que será no Auditorio de Galicia e que terá desconto para os contratos de fóra. Por último saliéntase a estrea da obra que Mofa e Befa, xunto con Quico Cadaval, levan a escena, da cal se di que está pensada para mostrar a relación da súa obra coa vida cotiá.

- Vanesa Sotelo, "XVII Feira das artes escénicas de Galicia", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 61, "Festivais", inverno 2009, pp. 113-116.

Fai un percorrido polas vinte compañías que presentaron traballos na XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia diante de máis de cento trinta programadores de Galicia, España e Portugal. Dise que polas cinco salas que fan os escenarios da cidade pasaron máis de tres mil quiñentos espectadores, ademais de dúas mesas redondas e unha zona de mercado na sede central do Auditorio de Galicia. Na sección de "Novos creadores", aprecia de *Eco*, de Iván Marcos e o CDG, o seu "rigor, a calidade técnica (…) e o discurso íntimo e existencial", pero "arríscase ao tedio"; no campo da danza di con respecto a *Tabú resorte (tabú revuelta)*, de Javier Martín, que "convida a achegarse ao singular universo deste bailarín (…) que acaba por falar bailando", pero critica o tratamento dos focos e a iluminación. Ademais lembra que aínda que a danza ten aínda pouco peso na mostra, houbo algunhas propostas máis, as que cualifica de interesantes. No apartado de "Compañías consolidadas", distingue entre os traballos unipersoais e as montaxes de grandes compañías; así, comenta que Teatro do Morcego fixo a lectura escénica de *Kvetch, unha comedia americana sobre a ansiedade*, da que comenta que é "demasiado farsesca pero con moi bo traballo actoral; aplaude a grande experiencia dos actores de Lagarta Lagarta, coa súa versión moi "convencional" do clásico *O segredo de Hoffham*; no tocante a Sarabela Teatro, que presentou *A esmorga*, salienta que "as preparacións das escenas restan visceralidade e espontaneidade"; e finalmente Talía Teatro, coa súa *Palabras encadeadas*, "entretén e convence ao espectador". O artigo remata falando do apartado de contratacións, que malia o programa de bonificacións da AGIC, cae con respecto ao ano anterior, con noventa e nove funcións, setenta das cales son teatro infantil. Remata coa "anécdota" do acceso gratuíto aos espectáculos.

- maré, "A Feira do Teatro abrirá o debate sobre novas tendencias", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Espectáculos", 3 outubro 2009, p. 28.

Sinala a posta en marcha da Feira Galega das Artes Escénicas en Santiago de Compostela con debates ao redor da cuestión das estratexias comunicativas e da programación de formatos escénicos máis actuais. Menciona asemade algúns dos intervenientes e ao moderador do foro, Carlos Roma.

- Camilo Franco, "A Feira das Artes Escénicas de Galicia ofrecerá un cartel integrado unicamente por compañías galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 outubro 2009, p. 50.

Dáse conta da presentación da Feira das Artes Escénicas no Auditorio de Galicia por parte do responsábel de AGADIC, Juan Carlos Fernández Fasero, e o Director Xeral de Difusión e Promoción da Cultura, Francisco López. Infórmase da participación de compañías galegas exclusivamente, tanto de adultos coma infantís. Finalmente engádese que para promover o teatro galego se vai manter a axuda do corenta por cento de desconto para os programadores foráneos e que haberá outras actividades como mesas de debate e danza, ademais dos fallos dos tres premios teatrais: o Álvaro Cunqueiro, o Manuel María para teatro infantil e o Barriga Verde para monicreques.

- maré, "O epicentro da escena", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Teatro", 15 outubro 2009, p. 34.

Informa sobre as vindeiras estreas da XVIIª Feira Galega das Artes Escénicas, un total de vinte representacións. Tras mencionar á Axencia Galega das Industrias Culturais

(AGADIC) da Concellaría de Cultura e Turismo como organizadora da Feira e os diferentes espazos da comunidade santiaguesa en que terá lugar, reproduce o comentario do director da AGADIC, Juan Carlos Fernández Fasero, sobre a valía da mesma. Comenta asemade a situación da dramaturxia contemporánea baseándose nalgunhas versións de pezas teatrais internacionais para despois equiparala coa situación galega. Para rematar, nun apartado intitulado "Programa" dá conta das propostas que se presentan na Feira no eido da danza; das mesas redondas ao redor das estratexias de publicidade da Feira e das máis recentes tendencias e innovacións no referente aos programas escénicos.

- Ó. I., "Teatro, danza y debate en la Feira das Artes Escénicas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 outubro 2009, p. 6.

Anúnciase a celebración da Feira das Artes Escénicas con todos os datos sobre as compañías participantes e as súas obras, tanto as destinadas a un público adulto coma infantil. Refírese tamén á danza e ás mesas redondas e, finalmente, destácase que está confirmada a presenza de máis de cento trinta programadores, produtores e distribuidores.

- Camilo Franco, "O mercado da escena", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", 16 outubro 2009, p. 19.

Refire o comezo da Feira Galega das Artes Escénicas en Santiago de Compostela dando conta dalgunhas das obras representadas. Sinala asemade os horarios das funcións ao longo das xornadas.

- maré, "Unha semana para o teatro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O escaparate galego", "Bambolinas", 20 outubro 2009, p. 36.

Comenta algunhas das novas propostas da décimo sétima edición da Feira Galega das Artes Escénicas en Santiago de Compostela. Menciona a organización da Feira a cargo da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), así como os espazos nos que se vai desenvolver. Nun parágrafo intitulado "Datos" comenta a reserva gratuíta de localidades dirixida aos profesionais acreditados, mentres que no apartado "O día do pai' de Malasombra" describe o argumento da devandita comedia, dirixida por Marcos Orsi, e destaca o seu ritmo exaltado, os diálogos e a interpretación de Xoque Carbajal, Jouse García, Alberto Rolán e Pablo Alvarado. Salienta por último o obxectivo da Feira de propiciar o teatro galego.

- M. Beceiro, "Las compañías muestran sus obras en la última jornada", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 22 outubro 2009, p. 9.

Infórmase das diversas postas en escena da derradeira xornada da Feira Galega das Artes Escénicas.

- M. D., "A soidade e a incomunicación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O escaparate galego", "Programa", 22 outubro 2009, p. 34.

Informa da posta en escena no Auditorio de Galicia da traxicomedia *Atra Bile*, da compañía Teatro de Ningures, como parte do programa da Feira Galega das Artes

Escénicas. Tras sinalar a autoría de Laila Ripoll, destaca a súa inspiración en escritores españois, norteamericanos e sudamericanos, e reproduce os comentarios dun dos membros da compañía, Salvador del Río, ao respecto da súa temática. Dá conta, finalmente, das vindeiras estreas da Feira dirixidas a unha audiencia adulta e infantil.

- M. Dopico, "Unha aposta moi forte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O escaparate galego", 22 outubro 2009, p. 34.

Dá conta da representación d'*A esmorga*, da compañía Sarabela Teatro, no Salón Teatro da cidade compostelá como clausura da Feira Galega das Artes Escénicas. Comenta a decisión da compañía de versionar a novela de Blanco Amor co gallo do quincuaxésimo aniversario da súa publicación e menciona a anterior adaptación levada a cabo en 1996 pola mesma compañía. Sinala o labor de adaptación de Begoña Muñoz e Carlos Couceiro e os cambios introducidos, así como a interpretación dos personaxes por parte de Fernando Dacosta, Suso Díaz, Josito Porto, Nate Borrajo, Rosa Álvarez, Elena Seijo, Sabela Gago, Fina Calleja e Tito Asorey. Subliña asemade o trato especial recibido polos personaxes femininos dentro da peza, a música de Vadzim Yukhnevich e Yuri Sidar e a escenografía e iluminación de Suso Díaz. Finalmente, nun apartado intitulado "Datos", comenta o fío argumental da novela antedita.

- maré, "Dentro do desinterese", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escenarios", 24 outubro 2009, p. 4.

Comenta a última edición da Feira Galega das Artes Escénicas, na que a maioría das contratacións xiraron ao redor do teatro infantil e a danza. Sinala asemade as compañías galegas contratadas para representacións fóra de Galicia, tanto no resto de España coma en Portugal, así como o total de espectáculos acollidos pola Feira segundo a Axencia Galega das Industrias Culturais. Nun conciso parágrafo intitulado "Perspectivas" destaca a falta de mercado para os espectáculos programados. Conclúe coa mención da contratación exterior sinalada na Rede Galega de Teatros e Auditorios e na Rede Galega de Salas.

- O. I., "Retroceden las contrataciones en la Feira de Artes Escénicas", *El País*, "Galicia", 24 outubro 2009, p. 6.

Reflexiona sobre o balance da programación teatral da Feira Galega das Artes Escénicas indicando un retroceso na contratación de funcións teatrais en lingua galega fronte ás de lingua castelá, segundo datos achegados pola Axencia Galega das Industrias Culturais.

- M. Xestoso, "O pesimismo sae á escena", *A Nosa Terra*, n.º 1379, "Cultura", 29 outubro-4 novembro 2009, pp. 20-21.

Trata da Feira Galega das Artes Escénicas celebrada en Santiago de Compostela. Tras mencionar a súa inauguración coa presenza do Concelleiro de Cultura, sinala o absentismo teatral no programa do Xacobeo 2010, a destitución das directoras do Centro Dramático Galego e do Centro Coreográfico Galego, a interrupción do Plan Galego das Artes Escénicas e a diminución no orzamento da Rede Galega de Teatros. Reproduce a seguir a explicación do director da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Xoán Carlos Fernández Fasero, sobre o crítico estado económico que impide elevar a cota de contratacións de espectáculos teatrais. Continúa coa resposta

dos profesionais do sector teatral ao respecto da redución de contratacións, como por exemplo Roberto Taboada, programador do Teatro Jofre de Ferrol, ou Ernesto Chao, presidente de Escena Galega. Destaca asemade o pesimismo reinante no desenvolvemento da Feira, e nun apartado intitulado "Calidade e diversidade" pon de manifesto a calidade das representacións a partir de opinións como a de Rafael Campos, programador do Teatro Municipal de Zaragoza. Baixo o título "O interrogante da danza", desenvolve a cuestión da danza contemporánea como espectáculo parello ao teatro. Menciona finalmente a creación do Centro Coreográfico Galego e reflexiona sobre a súa continuidade.

- Nerea de Valenzuela, "Idénticos a nós mesmos", *Tempos Novos*. *Revista mensual de información para o debate*, "Entre culturas", novembro 2009, pp. 62-65.

Reportaxe sobre a XVIIª Feira Galega das Artes Escénicas, que durante catro días exhibiu vinte espectáculos de monicreques, teatro e danza, catro *showcases* de danza, dúas mesas de debate e os premios de escrita dramática convocados pola AGADIC. No apartado de "Espectáculos infantís" considera que *Pingueiras e tarteiras* " é de escaso interese temático e descoidada estrutura"; de *Rosalía, a pulga que escribía*, di que "a historia non ten a forza nin o peso argumental esperables"; sobre *O castelo da Rocha Vella*, malia a presenza da Filharmonía e os monicreques comenta que "resulta unha sorte de sucesión de escenas visuais e sonoras inconexas". No apartado "Espectáculos de texto", di de Teatro do Noreste, con *Glass City*, que visibiliza unha moi descoidada dirección actoral; agradece o agasallo de Lagarta Lagarta con *O segredo dos Hoffman*, a pesar de certas irregularidades na interpretación; o *Shakespeare para ignorantes*, de Mofa e Befa, parécelle unha sorprendente panorámica da produción shakesperiana pero de duración desmedida; en *Palabras encadeadas*, de Talía Teatro, ve unha montaxe impecable; considera que Teatro do Atlántico, con *O xogo de Yalta/Afterplay*, non acerta polo escaso interese argumental; de Sarabela Teatro manifesta que ofrece unha escenografía envolvente e unhas impresionantes recreacións dos personaxes de Blanco Amor. No terceiro apartado, "Espectáculos visuais", agradece a "limpeza da montaxe" de *Eco*, de Iván Marcos, aínda que non manteña o interese do espectador; O *Concerto desconcerto* de Entremáns producelle "mágoa e estupor" pola "atrapallada sucesión de escenas"; o *...tabú resOrte (tabú revolta)* de Javier Martín non consegue atrapar a atención do público; de Nut Teatro di que en *Wake up* "reitera a fórmula do efectismo tecnolóxico-visual" e abusa das proxeccións; pola contra considera *Ovay*, de Quique Peón, unha das propostas máis interesantes desta feira, xunto a *Rúa Aire*, do Retrete de Dorian Grey, "espectáculo sen palabras, coidado na estética e no ritmo". Co subtítulo "De paseo pola Feira" comenta a escasa capacidade de renovación na profesión e considera que a Feira segue sen atopar a efectividade que debería de ter para servir de mercado das artes escénicas.

- maré, "Menos exportacións", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escena", 10 novembro 2009, p. 35.

Reflexiona sobre o número de contratacións de espectáculos galegos a raíz da Feira Galega das Artes Escénicas. Tras sinalar o balance negativo achegado pola Axencia Galega das Industrias Culturais, reproduce o comentario do seu director, Juan Carlos Rodríguez Fasero, sobre dito balance xunto á súa opinión sobre o seu labor como director da primeira edición da Feira. Continúa falando do éxito do teatro infantil segundo o volume de contratacións e menciona as comunidades de fóra de Galicia que

contrataron funcións teatrais de compañías galegas, así como o investimento económico por parte de AGADIC en teatro e danza de compañías galegas. Nun apartado intitulado "Representacións", a xeito de conclusión, menciona as producións de compañías galegas contratadas por outras comunidades e por Portugal, así como o vindeiro calendario de actividades que terán lugar na Rede Galega de Teatros e Auditorios e na Rede Galega de Salas.

Ferrol, Iª Mostra de Teatro Veciñal

Mostra de teatro organizada pola Concellaría de Cultura que ten como finalidade a organización e realización de postas en escena polos propios cidadáns. Celebrado no Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol, o Centro Cívico de Caranza, o Local Social de Covas e o de Valón, esta primeira edición tivo lugar durante os meses de maio e xuño, e nela participaron catro grupos compostos por habitantes da cidade.

FestAlt09, VIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Iniciado no ano 2003, este festival está organizado pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do concello de Vigo e pola Asociación Cultural Noescafé-Teatro. Patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conta ademais coa colaboración de entidades tanto públicas coma privadas, así como da Concellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. Os lugares de celebración dos diversos espectáculos presentes teñen lugar tanto nas rúas de Vigo coma en espazos cubertos, tales como o Auditorio Municipal ou a Casa das Artes. A edición de 2009 contou coa participación das compañías foráneas Rototaza, Ladinamo, Los Corderos S. C., Lacojadansa, Eduardo Velasco, Teatro de Monicreques, Sara Vaz, Playground, Entremans; ademais das galegasVoadora, con *Periferia*; Nut Teatro, con *A mirada de Pier* e Teatro D2, con *Cos pés na terra (e só cos pés)*.

Referencias varias:

- Vanesa Sotelo, "ALT. 09. Extensión alternativa", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Festivais", verán 2009, pp. 51-54.

Dá conta da clausura da oitava edición do festival ALT. Comeza coa mención dos espazos nos que se desenvolveron as presentacións, representacións e exhibicións, para despois continuar coa progresiva evolución do festival no eido dramático. Indica, a seguir, algunhas das postas en escena máis relevantes, das que tamén comenta brevemente o seu argumento. Sinala do mesmo xeito as representacións que tiveron lugar nos derradeiros días do festival e os espazos do "Menàge à", o "Especial Week End" e a variedade de mostras de traballo. Como parte do "Especial Week End", salienta o seu obxectivo de presentar novos traballos de compañías de recente creación. A modo de conclusión menciónase a obra encargada do peche do festival.

FIOT, XVIIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo, dende a edición de 2002 leva como título "FIOT". Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais, e 'shows' de diversa índole. Na edición de 2009 as representacións, a cargo de compañías galegas, do resto de España e doutros países, sobre todo de Portugal, tiveron lugar dende o oito de outubro até o un de novembro e celebráronse non só en espazos pechados (o Auditorio do Pazo da Cultura de Carballo) senón tamén na rúa. Contouse coas compañías galegas Teatro do Morcego, con *Kvetch: o rosmón* e Teatro do Noroeste, con *Glass City*. Tamén se contou coas estranxeiras Companhía do Chapito, dende Lisboa; Ron Lalá, SeXpeare, Pentación Espectáculos e Cuarta Pared, dende Madrid; El Viaje Inmóvil, dende Chile; Los Modernos, dende Arxentina e Teatro Corsario, dende Valladolid.

Referencias varias:

- J. Trillo-S. Souto-H. Barrera, "El Teatro tiene su referencia en Carballo, Ribeira y A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 outubro 2009, p. 39.

Infórmase da presentación da dezaoito edición do FIOT da man de Xosé Touriñán, compoñente das Cantareiras de Ardebullo, da edil de Cultura e de Alberte Sueiro, presidente de Telón e Aparte. Salienta asemade a maioría de idade do festival e a súa internacionalidade.

- J. Romero, C. Franco e P. Blanco, "Los festivales de teatro de Ourense y Carballo acercan 18 obras foráneas", *La Voz de Galicia*, 7 outubro 2009, p. 51.

Realízase un repaso polos festivais de Carballo (FIOT) e Ourense (FITO). Do primeiro dise que se representarán dez obras con humor, música, xestualidade e xogos de palabras. Do segundo coméntase que participarán quince compañías da Arxentina, Chile, Brasil, Portugal e España. Anúnciase que as tarifas van dos seis aos tres euros e que terá lugar nos espazos do Auditorio, a rúa do Paseo e no Campus.

- P. B. M., "Carballo cuenta con propuestas argentinas y lusas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 outubro 2009, p. 51.

Dise que o Fiot chega aos dezaoito anos ofrecendo o mellor do panorama teatral. Fálase de seis estreas que terán lugar no marco do programa, de compañías participantes vidas da Arxentina, Chile ou Portugal. Saliéntanse asemade outras actividades presentes, nas que participan figuras como David Amor, Avelino González ou Cándido Pazó.

- M. C. S., "La compañía Los Modernos estrena la obra 'Fo' en el festival teatral carballés", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 23 outubro 2009, p. 22.

Ademais de dar conta da representación de *Pingueiras e tarteiras*, por Teatro do Andamio, en Cee, infórmase dalgunhas das postas en escena levadas a cabo no Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT).

- M. C. S., "Cándido Pazó recibe el premio de Xograr de Outono, en Carballo", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 25 outubro 2009, p. 25.

Apunta o premio Xograr de Outono 2009, do que foi merecente Cándido Pazó no Festival de Teatro de Carballo. Sinala asemade a posta en escena de *Kvetch: o rosmón*, da compañía Teatro do Morcego, e conclúe coa mención da presenza de Celso Parada e Dorotea Bárcena na entrega do premio.

- M. C. S., "Lola Herrera y Juanjo Artero clausuran el festival de teatro", *La Opinión*, "Carballo/Costa da morte", 1 novembro 2009, p. 24.

Infórmase da posta en escena coa que se clausura o Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, levada a cabo pola compañía madrileña Pentación Espectáculos. Para finalizar, menciónanse outras obras presentes no festival de teatro.

- M. Carmen Suárez, "El festival de teatro se hace adulto", *La Opinión*, "Carballo/Costa da Morte", 3 novembro 2009, p. 21.

Dá conta da décimo oitava edición do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) de Carballo. Ademais de prestar atención á peza da clausura, salienta outras das representacións presentes, así como as actividades paralelas organizadas a partir do FIOT, como a de "Rúa dos Contos". Menciona o total de actores e actrices que participaron no Festival e conclúe coa referencia ao bo resultado obtido nesta edición segundo os organizadores, a asociación cultural Telón y Aparte e a Concellaría de Cultura do concello de Carballo.

FITEU, XVº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Celebrado dende 1995, está dirixido por Roberto Salgueiro ao abeiro do Convenio Lugo Cultural, asinado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Desenvólvese nos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela e ten como coordinadores a Pablo Rodríguez no campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago. A edición de 2009, celebrada dende o vinte e catro até o trinta de marzo, acolleu representacións por parte da Aula de Teatro da USC-Lugo, con *Sussie*; a Aula de Teatro da USC, con *Xogos á hora da sesta* ou Maricastaña, con *Hide*; ademais para o público infantil Gepetto puxo en escena *Rescuita e o Reino dos Sentimidos*. Contouse asemade coa participación dos grupos foráneos Moct Teatp, dende Moscú; Teatro Rodante e a Escola Superior de Arte Dramático, dende Porto Rico; a Escola Superior de Arte Dramático de Murcia; a Aula de Teatro da Universidade de Alacante; o Grupo Universidade de São Paulo; Teatro-Studio Palépé, da Universidade Técnica Gediminas de Vilnius, dende Lituania e a compañía Núcleo 2, dende Brasil.

FITO, IIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival xurdiu da man de Teatrauria, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Está organizado pola compañía

teatral ourensá Sarabela Teatro, co apoio institucional da Consellería de Cultura, a Deputación Provincial, o Concello de Ourense, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo. Esta segunda edición, dirixida por Ánxeles Cuña, está conformada por quince representacións teatrais e un espectáculo musical a cargo de compañías procedentes de diversos países, así como do resto de España. Tivo lugar dende o vinte e catro de outubro até o un de novembro, e entre os grupos foráneos contouse con La Escapista Teatro e Prem Teatro, dende Madrid; Atalaya, dende Andalucía; Compañía João García Miguel, dende Portugal; Compañía Daniel Veronese e El Patrón Vázquez, dende Arxentina; Companhia Pessoal de Teatro, dende Brasil; Timbre 4, dende Chile ou Teatro Tascabile di Bérgamo, dende Italia. Entre as galegas participaron Teatro Nut, con *Wake up*; Os Perqtores de Seixalvo (encargados da inauguración), con *Percusión* e Matarile Teatro, con *Animales artificiales*.

Referencias varias:

- Javier Romero, "La Xunta financiará a los grupos de teatro apoyados por los concellos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 setembro 2009, p. 42.

Infórmase de que a Xunta, por medio da Axencia Galega das Industrias Culturais, financiará, a través dun novo modelo de xestión, as empresas teatrais galegas. Explícase que este novo modelo se basea na creación de compañías teatrais residentes e os primeiros concellos en levalo a cabo son Ourense (coa compañía Sarabela Teatro), Santiago, Narón e Cangas. Logo céntrase no caso ourensán que xa conta cunha programación cultural regular de certames de teatro co apoio do concello baixo o nome de Teatrauria, organizados por Sarabela Teatro. Por último, fálase sobre a nova estrea d'*A esmorga* por parte desta mesma compañía.

- J. Romero, C. Franco e P. Blanco, "Los festivales de teatro de Ourense y Carballo acercan 18 obras foráneas", *La Voz de Galicia*, 7 outubro 2009, p. 51.

Realízase un repaso polos festivais de Carballo (FIOT) e Ourense (FITO). Do primeiro dise que se representarán dez obras con humor, música, xestualidade e xogos de palabras. Do segundo coméntase que participarán quince compañías da Arxentina, Chile, Brasil, Portugal e España. Anúnciase que as tarifas van dos seis aos tres euros e que terá lugar nos espazos do Auditorio, a rúa do Paseo e no Campus.

- S. E., "El Festival internacional de teatro reunirá en Ourense a compañías de seis países diferentes", *La Región*, "Ciudad", 7 outubro, 2009, p. 11.

Infórmase da segunda edición do FITO, Festival Internacional de Teatro de Ourense, organizado por Sarabela co obxectivo do encontro no teatro contemporáneo. Dise que haberá compañías de Portugal, Brasil, Arxentina, Chile, Italia e España, mesturando o clásico co menos convencional. Coméntase que as sedes serán o Teatro Principal, o Auditorio municipal e o Campus, contando co apoio institucional da Consellería de Cultura, o Concello de Ourense, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo. Para rematar, a concelleira de Cultura, Isabel Pérez, salientou que o FITO está dentro do programa "Teatruria", xunto coa MITEU e a MOTI.

- Javier Romero, "Teatro foráneo de prestigio en el festival ourensano", *La Voz de Galicia*, "D Escenarios", "Fugas", 23 outubro 2009, p. 13.

Comenta as diversas representacións levadas a cabo no Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), entre as que se destaca a presenza de compañías internacionais, así como o espectáculo *Percusión*, do grupo Os perqtores de Seixalbo. Nun apartado final que leva por título "Para llegar a la hora" informa dos prezos das entradas do FITO e da súa páxina informativa en liña. Acompaña á noticia unha columna á parte adicada ao Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT) co programa de representacións que terán lugar no Pazo da Cultura do mesmo concello.

- Imanol Hernández, "Ourense tiene todo para convertirse en la capital teatral de Galicia por excelencia", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 24 outubro 2009, p. 10.

Entrevista a Ánxeles Cuña, directora do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), co gallo da súa segunda edición. A conversa xira ao redor de cuestións como os obxectivos desta edición, as representacións de maior repercusión, os obstáculos á hora da organización, a presenza de compañías internacionais no Festival, os certames teatrais MITEU e MOTI e a posibilidade de Ourense de se converter na capital teatral galega. Finalmente, nun apartado intitulado "El programa", comenta a axenda do FITO, cuxa inauguración corre a cargo do grupo Os perqtores de Seixalvo, mencionando algunhas das representacións teatrais presentes.

- Imanol Hernández, "Cuando el Paseo se convierte en escenario", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 25 outubro 2009, p. 12.

Dá conta da segunda edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). Sinala a súa inauguración cun espectáculo do grupo Os perqtores de Seixalvo, así como a actuación de Angélica Liddell, merecente do premio Valle-Inclán de teatro, entre outras postas en escena levadas a cabo.

- maré, "Ourense convértese na capital do teatro co FITO", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escenarios", 25 outubro 2009, p. 27.

Comenta o apoio recibido polo FITO (Festival Internacional de Teatro de Ourense) por parte da Universidade de Vigo, o Concello de Ourense, o Teatro Principal, a Xunta e a compañía Sarabela. Reproduce asemade o comentario da directora desta compañía, Ánxeles Cuña, sobor o FITO e finalmente salienta algunhas das pezas representadas.

- S. E., "Veronese se presenta ante el público gallego", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 27 outubro 2009, p. 8.

Dá conta de varias das pezas teatrais representadas por compañías de fóra de Galicia como parte do programa do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), ademais de comentar a valiosa iniciativa deste Festival nun apartado intitulado "intercambio".

- C. Huete, "Ourense busca la excelencia teatral en su festival de otoño", *El País*, "Galicia", 28 outubro 2009, p. 6.

Informa sobre o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) na súa segunda edición. A partir da figura da súa directora, Ánxeles Cuña, destaca a presenza dalgunhas das compañías foráneas participantes. Comenta asemade o obxectivo da organización do FITO de afianzar o Festival como punto galego de encontro de cultura e teatro internacionais. Indica, doutra banda, a inclusión do Festival na Teatrauria, na que tamén se insiren os festivais da MITEU (Mostra de Teatro Universitario) e da MOTI (Mostra de Teatro Infantil).

- Imanol Hernández, "La 'incómoda intimidad' de una familia rota", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 28 outubro 2009, p. 10.

Dá conta de diversas representacións teatrais levadas a cabo por compañías foráneas no Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), comentando o fío argumental e posta en escena dalgunhas delas.

- Imanol Hernández, "El teatro sudamericano aterriza en Ourense", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 29 outubro 2009, p. 10.

Refire ás estreas, no Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), de dúas pezas representadas por compañías foráneas, Timbre 4 e a Compañía Daniel Veronese, comentando a temática de cada unha delas e salientando a interpretación de diversos actores participantes. Anuncia, finalmente, a presenza das compañías El patrón Vázquez e Pessoal.

- S. E., "Seis días ante el inconveniente horario", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 30 outubro 2009, p. 10.

Comenta os inicios do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) a partir da obra representada pola Companhia Pessoal de Teatro nesta edición. Salienta asemade a variedade de xéneros teatrais nas pezas representadas, como por exemplo a comedia existencial, a "performance", o "clown" ou a ópera bufa, entre outros. Doutra banda, destaca algunhas das compañíaas participantes para, finalmente, concluír cunha breve valoración da representación da peza da Companhia Pessoal de Teatro.

- maré, "Matarile clausura mañá con 'Animales artificiales' o Fito", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Teatro", 31 outubro 2009, p. 36.

Apunta de xeito moi conciso a clausura do FITO (Festival Internacional de Teatro de Ourense) coa posta en escena de *Animales artificiales*, dirixida por Ana Vallés e representada pola compañía Matarile. Menciónase asemade a estrea da nova produción desta mesma compañía e dirección, *Cerrado por aburrimento*, no Teatro de Caixanova de Vigo.

- S. E., "Argentina se hace fuerte en el Fito", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 31 outubro 2009, p. 11.

Informa da elevada presenza de compañías arxentinas no Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). Destaca, así pois, a compañía de Daniel Veronese e a El Patrón Vázquez, reiterando, nun apartado intitulado "Dos obras, dos escenarios", o rol

protagonista desta última. A seguir, reproduce o comentario de Spregelburd sobre a inclusión de compañías internacionais no FITO e conclúe coa mención das postas en escena levadas a cabo pola compañía italiana Teatro Tascabile di Bérgamo.

- S. E., "Espectáculo gallego como broche de oro", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 1 novembro 2009, p. 8.

Dá conta da clausura do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) coa posta en escena de *Animales artificiales*, da compañía Matarile Teatro. Salienta a colaboración do Festival Internacional de Teatro de Málaga, o Teatro Fernán Gómez de Madrid e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) na súa produción, para despois mencionar outras representacións presentes.

- S. E., "Fin a nueve días de interpretación", *La Región*, "Ourense", "Festival Internacional de Teatro", 2 novembro 2009, p. 9.

Comenta a clausura do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). Sinala asemade o número total de representacións acollidas polo FITO e conclúe coa mención do cursiño de creatividade corporal ofrecido tamén no transcurso do FITO.

- S. E., "Alrededor de 3000 espectadores acudieron a las representaciones del Festival de teatro", *La Región*, "Ciudad", 3 novembro 2009, p. 13.

Informa da evolución das xornadas do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). Tras mencionar o número total de representacións e o aproximado de espectadores, reproduce o comentario de Fernando Dacosta, o responsábel de comunicación do certame, sobor a calidade das compañías participantes no FITO, que, asemade, forman parte do circuíto internacional de festivais. Sinala, doutra banda, a escasa asistencia de público ás representacións nocturnas e a decisión do comité organizador de prolongar a duración do festival co obxectivo de evitar a falta de audiencia. A xeito de conclusión, o apartado intitulado "Repercusión" salienta o paso por Ourense de compañías e público estranxeiros.

- M. Xestoso, "Unha mostra do mellor teatro contemporáneo", *A Nosa Terra*, n.º 1380, "*Cultura*", 5-11 novembro 2009, p. 27.

Dá conta do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO). Sinala o programa Teatrauria do que forma parte, xunto á Mostra de Teatro Infantil e a Mostra Internacional de Teatro Universitario. Destaca asemade a intención do Festival de chegar a constituír un acontecemento que posibilite unha profunda interacción entre o espectáculo en si e o seu público. Salienta, doutra banda, os obxectivos do FITO: a oportunidade do público de presenciar espectáculos de compañías estranxeiras; o fomento dun teatro que contribúa a unha transformación positiva da sociedade e o intercambio cultural. Finalmente, baixo o título "Un programa de gran calidade", destaca a participación de compañías arxentinas, ademais doutras internacionais.

Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de

Mostra de teatro organizada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a

Deputación da Coruña, e celebrada en Santiago de Compostela do vinte e catro de maio até o dous de xuño, con emprazamentos na Sala de Teatro Roberto Vidal Bolaño, o Salón Teatro e o Teatro Principal. Acolle diversas actuacións, as cales ademais optan á concesión dos Premios de Teatro ás mellores representacións escénicas. Representouse nesta edición a obra infantil *A culpa foi de Mozart*, pola Compañía de Monicreques da Universidade de Santiago-Lugo; como obras destinadas ao público adulto déronse *Xogos á hora da sesta*, pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela; *Sussie*, pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, Compañía de Teatro de Lugo; *Máquina muller*, pola Aula de Teatro da Universidade da Coruña; *Os figurantes*, pola Aula de Teatro da Universidade de Vigo, Campus de Pontevedra; *En construción*, por Murmurios Teatro (USC); *Ut*, por Teatro no Aramio (USC); *Aberto por folga. Cabaré laboral*, por Tanga Tutanga Teatro (USC); *Fin de partida*, por NNC (USC); *Sombras en Alvellira*, por Alter Ego (USC); *O rei nú*, por Enlata Teatro (USC); *Zorro*, por Teatro da Falúa (USC); *Hide (oculto)*, por Maricastaña e *Só vostede e máis eu*, por Mequetrefes (USC).

Isto Ferve, Vº Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza

Organizado polo Teatro Ensalle, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (antigo IGAEM) e o Concello de Vigo, celébrase na Sala de Teatro Alternativo Teatro Ensalle. Na edición de 2009 participou o Centro Dramático Galego, con *Cascuda*.

Lecturas Dramatizadas, Ciclo Arteria Noroeste

Ciclo desenvolto por Arteria Noroeste, en colaboración coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) e a Sociedad General de Autores (SGAE), coa finalidade de dar a coñecer os textos teatrais que nun futuro serán postos en escena. Na edición de 2009 leváronse a escena os textos dramáticos *Historia da chuvia que cae todos os días*, de José Salgueiro; *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal; *Un domingo á beira do río*, de Vicente Montoto; *A prea*, de Manuel Lourenzo, ou *María Casares, a vida triunfante*, de María Lopo, levado a escena por Casahamlet.

Lugo, IXª Mostra de Teatro Clásico de

Mostra organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova destinada a rememorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións celébranse no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2009, dende o un até o oito de febreiro, participaron as compañías teatrais Atalaya TNT-Centro Andaluz de Teatro, Teatro Corsario, a Compañía Nacional de Teatro Clásico, o Centro de Nuevos Creadores e Will Keen.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Hamlet, o rapaz aventado polo Nordés", *El Progreso*, "Cultura vivir", 2 febreiro 2009, p. 71.

Tras mencionar unha das representacións que tiveron lugar na Mostra de Teatro Clásico de Lugo, polo Centro de Nuevos Creadores, refire obras de Shakespeare que son postas en escena con moita frecuencia, como *Noite de Reis*.

Manicómicos, VIIIº Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, e coa colaboración do Concello da Coruña, a Deputación da Coruña e Gadis, acolle actuacións galegas e internacionais. A edición de 2009, celebrada dende o nove até o once de agosto, acolleu espectáculos en teatros e accións de rúa. Participaron as compañías Manicómicos, con *Deprimidos ao río*; Elefante Elegante, con *O forno*; Katarsis, con *Pa cama* e San&San, con *As desventuras de Carmen, Gelines e Don José*. Contouse asemade con Rolando Rondinelli, As Sircopatas, Malabreikers: Beto y Tornilo, Sebastián Marcelo, Ganso&Cía, Djammal, Almacabra, Fredi Circanelo, Niño Costrini, Pablo Trasno, Capuzzi, Nono, Yllana Teatro, e Pepe Viyuela.

Referencias varias:

- A. Losada, "Cinco anos de manías", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 10 xaneiro 2009, p. 51.

Comenta que a asociación cultural Manicómicos vai celebrar os seus cinco anos de vida cunha gala no Rosalía de Castro da Coruña na que realizarán espectáculos de música, teatro, malabaristas e humoristas. Indica que Manicómicos tamén vai poñer en escena a produción *Deprimidos ao río*. A seguir, comenta o seu director, Carlos Sante, que o maior reto da asociación é a celebración do Festival Internacional de Teatro Cómico.

- M. G. M., "Manicómicos leva o xesto a María Pita e Obelisco en sete montaxes", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 6 agosto 2009, p. 17.

Anúnciase o ciclo de espectáculos de rúa que ten lugar na cidade herculina, Manicómicos, que se atopa na súa oitava edición. Dise que actuarán Rolando Rondinelli, As Sircópatas, Malabreikers, Niño Costrini e Ganso&cía. Coméntase que o organizador do festival, Carlos Sande, está a preparar dous cursos especializados sobre a caída nos escenarios e o claqué. Dise que o festival se ofrece dúas veces ao ano, en marzo e no verán. Para rematar saliéntase o cartel coa ilustración da Torre de Hércules, realizado por Manuel Cráneo.

Mes das Letras Galegas, Ciclo de Teatro Popular

Ciclo de teatro impulsado polo Concello de Vilagarcía de Arousa e organizado polas Concellarías de Educación e Cultura coa finalidade de festexar o Mes das Letras Galegas, dedicado en 2009 á figura de Ramón Piñeiro. Realizado no Auditorio da Illa, tivo lugar durante as fins de semana do mes de maio, e conta con exposicións sobre a vida e obra do ensaísta, diversas proxeccións documentais e representacións de teatro, danza e música. Entre as actuacións de teatro contouse con até cinco compañías, entre

elas a Formación Escola do Cantodorxo; os alumnos da Aula de Teatro Municipal, coa obra *Triste chegada*; o grupo de Teatro Infantil de Vilagarcía, con *Brancaneves*; Alecrín Teatro, con *Leite de cabra*; Aturuxo Teatro, con *Un mal día*; o Grupo Babel de Sons, con *A vida de Rosa día tras día* e a Agrupación Expresión, con *Vaia ladrón*.

Mes do Teatro, Ferrol, XIIª Edición do

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación de Mulleres Amistad de Santa Mariña, en Ferrol. Na edición de 2009, que deu comezo o tres de outubro, tiveron lugar as representacións *O espello do prestamista*, polo grupo O Bordelo; *Nin dios entende aos homes*, polo grupo de teatro de A Pombiña e *A Mansión*, por Ad Libitum.

MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións estabelécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense, a Axencia Galega das Industrias Culturais e Caixanova. Dende 1999 celébrase tamén o "Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro" para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición. A edición de 2009, do quince até o vinte e oito de abril, contou con vinte e sete compañías procedentes de Italia, Arxentina, Portugal, Guinea Bissau, Brasil e distintos puntos da xeografía española. Entre elas participaron Terrah Cultural, dende Brasil; Teatro do Oprimido, dende Guinea Bissau; Gretua e Teatrubi dende Portugal; a Compañía de Banda Kurenai, de Italia; Andy Snatch, dende Alemaña; Excepte Teatre, dende as Illas Baleares; a Aula Universitaria de Navarra; Azulkillas, dende Euskadi; a Aula de Teatro Universitaria de Huelva; a Aula Universitaria de Granada; Bambalinas Asesinas, dende Madrid; a Aula Universitaria de Burgos ou a Aula de Teatro Universitaria de Zaragoza; ademais das actuacións galegas *A vida tola*, de Pajarito; *Malos tragos*, polo Grupo Cordelia da Aula de Teatro Universitario de Ourense; *Xogos á hora da sesta*, pola Aula Universitaria de Santiago de Compostela; *Sussie*, pola Compañía de Teatro da USC, Lugo; *Figurantes*, pola Aula Universitaria de Pontevedra; *Superheroe de barrio*, pola Aula Universitaria de Vigo; *Hide*, por Maricastaña; *Máquina muller*, pola Aula Universitaria da Coruña e *Periferia*, por Voadora.

Referencias varias:

- Vidal Vidal Gayoso, "A MITEU: algo máis que teatro", *Auria*, n.º 144, "Teatro", abril 2009, pp. 44-47.

Fala da relevancia dentro do panorama teatral ourensán da MITEU. Comenta que naceu en 1991 no Campus de Ourense e que nas súas diferentes edicións sempre hai unha revisión dos clásicos e a presenza de Lorca. Finalmente recálcase a importancia da figura de Fernando Dacosta nesta mostra.

- Marina Sánchez Soto, "De Teatro", *La Región*, "Opinión", 22 abril 2009, p. 23.

Poética reflexión verbo do teatro e agradecemento ao director da MITEU, Fernando Dacosta, polo seu traballo á fronte da Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego.

Monterroso, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado de

Ciclo organizado pola Asociación Sociocultural Falcatrueiros, e patrocinado pola Consellería de Cultura e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. A edición de 2009, celebrada dende o vinte de setembro até o vinte e cinco de outubro, contou coas representacións *Hostia*, polo Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla; *A cantante calva*, por Andaravía Teatro; *O testamento do tío Lelé*, polo grupo Luzada; *Nós*, por Metátese Teatro e *Hamlet*, por Falcatrueiros.

Referencias varias:

- F. G., "Andaravía Teatro representa la obra 'A cantante calva' el domingo", *El Progreso*, "A Ulloa", 2 outubro 2009, p. 21.

Comenta que a asociación Falcatrueiros de Monterroso está a organizar un ciclo de teatro e informa que a próxima representación será a cargo de Andaravía Teatro coa obra *A cantante calva*.

- F. G., "Metátese Teatro' representa su última obra, 'Nós', en el ciclo de 'Falcatrueiros", *El Progreso*, "Comarcas", "Monterroso", 18 outubro 2009, p. 16.

Sinala a posta en escena que o grupo Metátese Teatro levou a cabo como parte do ciclo de teatro da asociación cultural Falcatrueiros, ademais de indicar a presenza deste grupo noutros programas de teatro.

No inverno ó calor do teatro, Ciclo

Ciclo organizado en colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais na localidade de San Sadurniño, con emprazamento no Teatro Lope. A edición de 2009, que foi inaugurada o vinte e cinco de xaneiro, contou con marionetas e estrelas televisivas, ademais de representacións teatrais, entre elas *Jesús, que cruz me caeu contigo*, a cargo de Teatro Lope; *7 contos capitais*, por Monicreques de Kukas e *Aeroplanos*, por Lagarta Lagarta.

Outono Teatral, Salceda de Caselas

Ciclo de teatro afeccionado organizado polo grupo teatral Atrezzo Teatro coa colaboración da Federación Galega de Teatro e o patrocinio da Concellaría de Cultura de Salceda e a Consellería de Cultura da Xunta. Celebrado en Salceda de Caselas, a edición de 2009 deu comezo o vinte e seis de setembro e contou coas representacións *A voda*, por Atrezo Teatro e *O lirio*, por Nova Escena Teatro.

Outubro Amador, IIIº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural A Bufarda, cuxas representacións teñen lugar no Auditorio Forum Metropolitano da Coruña. A edición de 2009, que tivo lugar dende o cinco até o dez de outubro, contou coas postas en escena de *Parábolas de Rá*; por Malapécora Teatro; *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*, por Carrachanacacha e *Black Cherry Burlesque*, por Almacabra.

Referencias varias:

- Marino Pérez, "El circo se mezcla con el teatro y la estética 'pin up' en el Fórum", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 6 outubro 2009, p. 17.

Dáse conta da apertura do ciclo "Outubro Amador", que tivo lugar o día anterior cos membros da compañía Almacabra. Dise que o espectáculo presentou elementos do circo, con lume en escena, xogos malabares e coreografías. Anúncianse ademais para o mesmo día outras dúas representacións, unha delas sobre o cambio climático en clave de humor. Finalmente, dise que se inclúen dúas sesións de monólogos con David, Perdomo, Osvaldo Digón e Gari.

Palas de Rei, Xª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural 'Orden de donas e cabaleiros do priorato de Vilar de Donas: Os lobos'. Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellaría de Cultura e a Deputación. No ano 2009 celebrouse dende o vinte de agosto até o seis de setembro e inclúe un curso formativo para actores afeccionados, ademais de concederse o premio literario Careón e o de teatro Mácara. Representáronse doce obras por parte de compañías galegas, doutras comunidades e unha de Moscú, entre elas Co.Theatre, dende Moscú; a Escola de Teatro Municipal de Palas; Paso de Valverde, con *Adeus Kantor*; Metátese Teatro, con *Nós* e Max Teatro, con *A Mansión*

Referencias varias:

- V. Rodríguez, "La Mostra de Teatro palense exhibirá doce obras escénicas dende el día 20", *El Progreso*, "Comarcas", 14 agosto 2009, p. 11.

Dá conta da décima edición da Mostra Internacional de Teatro Amador de Palas de Rei, "Teatro no Camiño". Sinala a participación de compañías galegas e non galegas, xunto ao curso de formación para actores e actrices afeccionadas e a entrega dos premios Careón e Máscara. Tras mencionar o comité organizativo da Mostra e a súa presentación a cargo do tenente alcalde da localidade palense, Pablo Taboada, comenta, nun conciso apartado intitulado "Prestigio", os dez anos nos que a Mostra foi acadando unha certa consolidación no panorama teatral. Nun segundo punto, "Participantes", menciona a compañía anfitrioa, Metátese Teatro, xunto a outras. Nun breve parágrafo á parte destaca o antedito cursiño de formación impartido por Ricardo Solveira e nun derradeiro apartado, "Premios", sinala a entrega dos galardóns Careón de Literatura e Máscara de Teatro, outorgados a Teresa Moure e Ánxeles Cuña Bóveda, respectivamente.

Pontes, IIª Mostra Local de Teatro das

Mostra de teatro afeccionado organizada pola Asociación Cultural e Deportiva Grupo Empresa-Endesa coa colaboración do Concello das Pontes. A edición de 2009 celebrouse dende o catro até o vinte e cinco de abril, e contou coa participación das compañías Quemaisten Teatro, con *Traballo e Imaxinación*; o Grupo de Teatro Badius, con *Sucursal N.º 13* e Carpe Diem, con *A lenda do pirata*.

Referencias varias:

- M. R, "La Mostra Local de Teatro de As Pontes continúa este sábado", *El Progreso*, 15 abril 2009, p. 17.

Dá conta da representación das obras *Bancagare: sucursal n.º 13*, a cargo do grupo Badius, e *A lenda do pirata*, por Carpe Diem, dentro da II Mostra Local de Teatro das Pontes. Asemade, saliéntase que se trata dunha iniciativa do Concello das Pontes en colaboración coa asociación cultural e deportiva Grupo de Empresa Endesa.

Pontevedra escénica

Ciclo iniciado polo monologuista Carlos Blanco que ten lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra. Nel mestúranse diferentes artes escénicas, entre as que se conta coa danza contemporánea, o novo circo e o teatro. A edición de 2009 deu comezo o trinta de xaneiro. Dentro do ámbito teatral, participaron nesta edición os grupos Pista Catro Productora de Soños, con *Purgatorio! Santos Vs. Predicadores* e Entremáns, con *Concerto desconcerto*.

Referencias varias:

- Paula Barros, "Santos y pecadores luchan por su destino a base de música, teatro y danza", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/cultura", 27 marzo 2009, p. 77.

Comenta que a compañía Pista Catro vai representar o espectáculo *Purgatorio* dentro do ciclo Pontevedra escénica. Resume o argumento da historia e destaca que é unha mestura de fantasía retro, cómic e loita libre americana. A seguir, indica que a dirección corre a cargo de Marcos Ptt Carballido e cita aos actores que participan. Por último, comenta que a compañía conta cun catálogo de once producións entre teatro e música.

Teatro **Principal**

Sala de teatro pontevedresa que en 2009 acolleu as representacións *Kvetch: o rosmón*, por Teatro do Morcego; *Náufragos*, por Teatro Galileo; *Pan. Catro propostas arredor da malla*, por Volta e Dálle; *O segredo dos Hoffman*, por Lagarta Lagarta; *A boa persoa de Sezuán* e *As dunas. Rapsodia mariña*, polo Centro Dramático Galego; *A pensión*, por Redrum Teatro e *Imasxinarium*, por Expresión Producións, ademais da participación de Calamar Teatro.

Rede Galega de Teatros e Auditorios, Ciclos (Salnés, Lugo, Ciclo "Caixanova")

Caixanova organiza anualmente, coa colaboración da Rede Galega de Teatros e Auditorios, unha tempada de abono de teatro galego en diferentes cidades de Galicia. Os espectáculos teñen lugar nos centros culturais de Caixanova, en teatros e auditorios das cidades, entre os que se conta cos catro recintos escénicos de titularidade privada que integran a Rede Galega de Salas: Teatro del Andamio (A Coruña), Sala Nasa (Santiago de Compostela), Teatro Ensalle (Vigo) e Teatro Arte Livre (Vigo); e abranguen actividades que van dende o teatro á danza, pasando polos concertos, exposicións, maxia e cinema, entre outras. No ano 2009 acolléronse as representacións de The Pinga Teatro, con *O rei dos mares*; Monicreques de Kukas, con *Un agasallo para Xaquín* e Talía Teatro, con *Menos lobos*.

Referencias varias:

- J. P., "Pinga, con 'O rei dos mares', abre con éxito el ciclo infantil de teatro", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Cultura", 19 xaneiro 2009, p. 07.

Faise mención do grande éxito de público acadado pola compañía The Pinga Teatro coa súa representación *O rei dos mares*, levada a cabo no Auditorio da Xuventude de Cambados. Sinálase que esta obra é a peza encargada de abrir a programación que a Rede Galega de Teatros e Auditorios do Concello de Cambados ten preparada para o primeiro trimestre do ano. Precísase asemade que nestes meses tamén se van representar *Un agasallo para Xaquín*, dos monicreques Kukas, e *Menos lobos*, de Talía Teatro.

Ribadavia, XXVª Mostra Internacional de Teatro de

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada polo Concello de Ribadavia e en colaboración coa Concellaría de Cultura, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou

mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2009, celebrada dende o dezasete até o vinte e seis de xullo, foi inaugurada cun pregón do escritor Manuel Rivas, e nela outorgouse o cuarto Premio Abrente coa intención de incentivar a creación dramática. Nesta edición, na que se homenaxeou ao Centro Dramático Galego pola súa contribución ao desenvolvemento do teatro do país, contouse coas representacións teatrais dos grupos foráneos Compañía La Rous, La Fura dels Baus, Teatro de la Plaza, Flyhard Produccions, Réplika Teatro, Teatrillo del Desván, Bambalinas Asesinas, Metatarso, Atalaya, Excéntrica Producciones, Teatro Meridional, Teatro Corsario, Manfred Karge, Microbrand, Arena Ensemble, La compagnie de Monsieur et Madame O, El Espejo Negro, Producciones Cachivache e Teatro do Mar. Participaron ademais as galegas Sarabela Teatro, con *Dáme veleno*; o Centro Dramático Galego en coprodución con Nut Teatro, con *Wake up*; Abrapalabra, con *A piragua*; Elefante Elegante, con *Tristán cara de can*; Producións Teatrais Excéntricas, con *In-Fame*; Redrum Teatro, con *A pensión*; Teatro do Noroeste, con *Extrarradios*; Pista Catro, con *Trasno* e Teatro do Vilar, con *Ai, Manolo!*.

Referencias varias:

- Roberto Pascual, "A Stratford de riba do Avia. 25 anos de Mostra Internacional de Teatro", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Crónica", vol. 12, 2009, pp. 165-171.

Trata o vixésimo quinto aniversario da Mostra Internacional de Teatro e das Mostras de Teatro e Concursos de Textos Teatrais en Galego Abrente, esta última organizada pola Asociación Cultural Abrente, que celebra á súa vez o cuadraxésimo aniversario da súa fundación. Menciona o Iº Festival Internacional de Teatro en Ribadavia en 1984, dirixido por Rubén García e coa presenza da compañía La Cubana, así como a súa ameaza de desaparición ao ano seguinte, atallada polo labor da Asociación de Comerciantes e Empresarios e do concello ribadaviense coa posta en marcha da IIª edición da Mostra. Reproduce a seguir o limiar desa Mostra e continúa coa mención da sexta edición, en 1990, dirixida de novo por Rubén García. Salienta o seu espectáculo de inauguración, a peza *Maquillaxe* de Hisashi Inoue, con Nuria Espert no elenco. Describe a seguir a sétima edición e destaca o Premio Abrente de Textos Teatrais dende a súa creación en 2006, xunto ao Auditorio do Castelo como o espazo escénico de maior influencia na asistencia ao teatro no concello de Ribadavia. Salienta asemade a creación do logo do MIT a partir do deseño de A. Moreno Mora e o labor do Centro Dramático Galego e de diversos foros e asociacións na promoción da Mostra. Comenta tamén a décima edición do MIT e os galardóns ofrecidos pola mesma dende o ano 2000, como por exemplo o Premio de Honra Abrente. Sinala como en 2009 asumiu a dirección el mesmo e conclúe coa mención da Mostra actual, do 17 ao 26 de xullo de 2009.

- Susana Espinoso, "Ribadavia, 40 años después de Abrente", *La Región*, "Verano", 15 xullo 2009, p. 21.

Con motivo do aniversario da Asociación cultural Abrente, fundada en 1969, coméntanse algunhas das súas contribucións á vida cultural de Galicia, como a

promoción de cento cincuenta actividades culturais, oito mostras de teatro en galego ou outros tantos concursos de textos teatrais. A continuación inclúese unha entrevista a José Luís Chao, o seu presidente fundador, na que recorda Abrente con moita nostalxia e lamenta que a MIT sexa máis internacional que galega. Ademais, Chao cre que non tería sentido resucitar Abrente, pero di que lle gustaría que houbese un esforzo colectivo por difundir e promover a cultura galega. Para rematar ofrécense algúns datos sobre a MIT, como o espectáculo inaugural por La Fura dels Baus e a apertura dunha ludoteca para que os pais poidan asistir ás representacións.

- E. P./AGN, "O teatro regresa a Ribadavia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 xullo 2009, p. 60.

Dáse conta da XXVª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia informando da participación dunha trintena de compañías, entre elas procedentes de Francia, Corea, Italia, Portugal ou Canadá. A seguir dise que a apertura correu a cargo de La Fura dels Baus. Achéganse comentarios do seu director, Roberto Pascual, quen lembra a importancia do teatro en Ribadavia dende a formación da asociación Abrente en 1973 e destaca a importancia do teatro portugués e das sesións infantís. Finalmente danse os nomes dalgunhas das personalidades da vida cultural e política de Galicia presentes na apertura oficial do evento.

- X. A. Reboiro, "El telón de plata se levanta en Ribadavia", *La Región*, "Verano", 18 xullo 2009, p. 16.

Anúncianse as vodas de prata da MIT celebradas con trinta espectáculos até o día vinte e seis. Dise que o pregoeiro foi Cándido Pazó, dando comezo a un acto ao que acudiron múltiples personalidades, e onde se destacou a internacionalidade do Festival, o papel de Abrente e do xa falecido Rubén García. Ademais, saliéntase que o director do evento demanda unha sede estábel.

- X. A. Reboiro, "El festival busca garantizar su futuro", *La Región*, "Verano", 22 xullo 2009, p. 17.

Dáse conta dunha reunión entre o Concello de Ribadavia, diversos organismos públicos e impulsores da MIT de cara a crear unha entidade xurídica de xestión que asegure o futuro do Festival. Anúnciase, por outra banda, a obra infantil *Trasno* de Pista Castro.

- X. A. Reboiro, "Más de 10.000 espectadores en el ecuador", *La Región*, "Verano", 23 xullo 2009, p. 17.

Balance provisional da MIT cinco días despois de comezar, que se cualifica de moi positivo. Dise que se venderon máis de dez mil entradas, seis mil das cales para a montaxe da Fura dels Baus. Finalmente coméntase que polo mal tempo se tiveron que mudar de escenario algunhas das obras.

- X. A. Reboiro, "Sergio Pazos regresa a Ribadavia", *La Región*, "Verano", 24 xullo 2009, p. 18.

Coméntanse algunhas da actividades presentes na mostra, como as representacións realizadas por Teatro do Mar, outra por Teatro Meridional ou a comedia negra que

interpretan Sergio Pazos e Tonino, entre outros. Pazos afirma que está moi contento de voltar á MIT, na que xa participara na primeira edición vinte e cinco anos antes, coa compañía ourensá Caritel. Fálase tamén das altas votacións do público e do ciclo Ruadavia.

- Rosa Enríquez, "Unha aposta firme", *La Región*, "Opinión", 25 xullo 2009, p. 24.

Valórase a aposta de Ribadavia polo seu festival de teatro, iniciativa que se compara ao atractivo das praias ou a outros encantos de interese turístico. Finalmente dise que na súa 25ª edición leva a Fura dels Baus, considerado un indicativo de que a mostra creceu.

- X. A. Reboiro, "El público decide el ganador", *La Región*, "Verano", 26 xullo 2009, p. 20.

Fálase da clausura da MIT e da entrega do Premio Abrente, no que o público decide a mellor montaxe. Infórmase de que o Premio Honra Abrente foi outorgado ao Centro Dramático Galego pola súa traxectoria dedicada ao fomento da dramaturxia autóctona. Finalmente dáse conta da homenaxe a Rubén García e da representación de *In-fame*, de Producións Teatrais Excéntricas, así como doutras polas foráneas Teatro de la Plaza e Cooperativa Paulista de Teatro.

- X. A. Reboiro, "A Mostra Internacional de Teatro convocou en Ribadavia a 20.000 espectadores en 10 xornadas", *La Región*, "Verano", 30 de xullo 2009, p. 19.

Infórmase do balance final da MIT, con 20.000 espectadores nas entradas do Castelo, a Casa da Cultura, a igrexa da Madalena e o Campo do Xestal. Aínda que se di que a estas non se lle sumaron os espectáculos de rúa na Alameda, a Praza Maior e o Adro de Santo Domingo (Ruadavia) e nas parroquias do rural de San Cristovo, San Paio, Francelos e Santo Domingo (SputMIT). Finalmente saliéntase o alto nivel dos participantes, xa que as votacións do público superaron no noventa por cento os catro puntos, nun baremo de catro a cinco.

- Inma López Silva, "Muller contra muller", *Tempos Novos*. *Revista mensual de información para o debate*, n.º 147, "Entre culturas", "Teatro", agosto 2009, p. 80.

Dá conta do recente vixésimo quinto aniversario da Mostra de Teatro de Ribadavia, da que salienta a presenza de compañías portuguesas, especialmente a de Arena Ensemble, da que se comenta a representación do seu monólogo. Conclúe co enxalzamento da ausencia de lindes, tanto escénicos coma lingüísticos, nesta representación da Mostra.

- Luisa Escudero Centrón, "Abrente de teatro", *Tempos Novos*. *Revista mensual de información para o debate*, n.º 147, "Entre culturas", "Crónica", agosto 2009, pp. 66-69.

Dá conta da XXVª Mostra de Teatro de Ribadavia. Parte dos xermolos da Mostra, en 1973, baixo o nome de Mostra de Teatro Abrente, na que se inserían un concurso de pezas teatrais coa intención de dar a coñecer o teatro galego. Sinala brevemente as condicións polas que atravesou esa primeira Mostra até chegar á súa oitava edición, así como a posta en marcha en 1984 dun novo proxecto teatral impulsado pola Xunta, que seleccionou a Rubén García como director e Ribadavia como a localidade na que tería

lugar. Nun apartado intitulado "Teatro propio e alleo" dáse conta de diversas representacións levadas a cabo na presente edición e das que se comenta o seu fío argumental. Finalmente, nun punto titulado "Teatro para xente miúda", sinala as estreas de varios musicais, un espectáculo de monicreques, un de maxia e un circense.

- X. A. R., "A Mostra de Teatro de Ribadavia ofrecerá montaxes de países iberoamericanos", *La Región*, "Ourense", 22 decembro 2009, p. 11.

Anúnciase a vixésimo sexta edición da Mostra de Teatro de Ribadavia para xullo de 2010 destacando unha marcada presenza de grupos iberoamericanos, nomeadamente mexicanos, grazas a térselle concedido, por primeira vez en Galicia, unha axuda de Iberescena. Con motivo do peso da escena mexicana Roberto Pascual, director da mostra, dise que se reunirá coa coordinadora de artes escénicas da Embaixada de México para avanzar na mutua colaboración.

- Sabela Pinal, "Más allá del vino y la cultura" *La Región*, "Fin de año 2008", 31 decembro 2009, p. 29

No resumo do acontecido en Ribadavia no ano 2009, salienta a celebración do vinte e cinco aniversario da Mostra Internacional de Teatro desta localidade, destacando a ampla carteleira, boa calidade de espectáculos e numeroso público.

Riveira, Mostra de Teatro de

Mostra de teatro organizada pola Concellaría de Cultura, coa colaboración da Deputación da Coruña que se celebra en Riveira. Na edición de 2009, que tivo lugar do nove de outubro até decembro, participaron nove compañías teatrais, entre elas Malasombra, con *O día do pai*; Lagrancosaverde, con *Os famosos non comen porco teixo*; Talía Teatro, con *Palabras encadeadas* e *Quero ser grande*; Ti e Máis Eu Teatro, con *Parella de damas*; Teatro do Andamio, con *A preguiza*; Candelexas, con *Hotelris@humor.com* e o grupo Teatral A Pombiña, con *Nin dios entende aos homes*.

Roberto Vidal Bolaño, Iº Festival de Teatro Afeccionado

Festival de teatro afeccionado organizado pola asociación teatral Aturuxo de Melpómene en colaboración co Padroado de Cultura de Narón como homenaxe ao dramaturgo galego que lle dá nome. Esta primeira edición tivo como emprazamentos o Auditorio Municipal e a Praza de Galicia, e celebrouse entre os días quince e dezanove de xullo, datas nas que se ofreceron talleres de formación e actuacións teatrais. Participaron as compañías Andaravía Teatro; Carrachanacacha, con *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*; Carfax Teatro, con *O cuarto do príncipe*; Manicómicos, con *Deprimidos ao río* ou Malapécora Teatro, con *A parábola da rá*.

Sábados de Outono, Ciclo de Teatro Afeccionado de San Vicente do Grove

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural Roza do Pedrol que se desenvolve os sábados na casa da cultura Ángel Vázquez Hereder de San Vicente do

Grove. A presente edición, con comezo o vinte e catro de outubro, contou con cinco representacións, todas elas levadas a cabo por grupos afeccionados da provincia de Pontevedra. Contouse con Teatro Aforo, coa posta en escena d'*Eloxio da loucura*; Teatro Enxebre, con *A pousadeira*; Chumpá Teatro, con *Farsa Paulatina*; Sociedade Teátrica, con *A farsa do avogado* e a Compañía de David Fernández Rivera, con *Alambradas*.

Referencias varias:

- T. M., "Continúan los 'Sábados de Outono' con la obra 'A Pousadeira", *Diario de Arousa*, "O Grove", "Cultura", 31 outubro 2009, p. 18.

Sinala as postas en escena levadas a cabo no ciclo de teatro afeccionado "Sábados de Outono", patrocinado pola Asociación Cultural Rozas do Pedrol.

Sada, Vª Mostra de Teatro Afeccionado

Mostra de teatro afeccionado organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Sada que ademais das diversas representacións teatrais presenta outras actividades de xeito paralelo, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Lugrís Freire a aquelas obras mellor valoradas, podendo participar grupos de toda Galicia e norte de Portugal. Entre as representacións teatrais contouse nesta edición coa participación de A Raiola, con *Prohibido suicidarse en primavera*; a compañía de Teatro Municipal do Concello de Sada, con *Historias peregrinas*; Vinde Ver Producións, con *Lisístrata* e a Asociación Teatral Libélula, con *Un mal día*.

Salón Teatro

Espazo cultural de Santiago de Compostela que acolle, entre outros acontecementos, diversas representacións teatrais. En 2009 actuaron nas súas táboas as compañías: Centro Dramático Galego, con *As dunas*, *Delimvois* e *ECO*; Teatro do Morcego, con *Kvetch*; Nut Teatro, con *Wake up*; Abrapalabra, con *A piragua* e para o público infantil O Retrete de Dorian Gray, con *Rúa Aire*.

San Andrés de Comesaña, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Mostra de Teatro afeccionado que na edición de 2009 foi celebrada dende o dezanove de setembro até o once de outubro. Participaron as compañías Teatro Fontevella, con *Para que viría eu ao médico…! Nin sempre é anécdota*; Teatro de Cámara Ditea, con *Acto imprevisto*; Tiruleque Teatro, con *Club PK2* e *Escola de Teatro Falcatrueiros* e O Trasno Novo Teatro, con *Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra*.

Referencias varias:

- Silvia Mella, "Los dramas populares suben al escenario", *Faro de Vigo*, "Vigo 4 costados", 15 setembro 2009, p. 3.

Infórmase do traballo teatral que realiza o colectivo O Trasno Novo Teatro, dirixido por Xaime Costas, que leva representadas unha vintena de obras en galego e portugués. Asemade preséntase o IIIº Encontro Teatral de San Andrés de Comesaña, no que se repasa a programación prevista.

TeaTracción

Programa organizado pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Creado no ano 2008, ten a finalidade de empregar o teatro como ferramenta de sensibilización social, para o que se desenvolven actuacións itinerantes. A edición de 2009 celebrouse durante os meses de novembro e decembro, con continuidade en xaneiro de 2010, e contou coa representación *Os soños de Walla*, pola compañía Xulloxullo.

Referencias varias:

- S. E., "Os soños de Walla' acerca el teatro de sensibilización social al Auditorio municipal", *La Región*, "Ciudad", 16 decembro 2009, p. 14.

Anuncia que a obra *Os soños de Walla* está de xira polos escenarios galegos e que participa como primeiro espectáculo do programa TeatrAcción, que naceu no ano 2008 coa colaboración do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Dise que o vindeiro domingo chega ao Auditorio de Ourense.

Teatrarte, IXº Festival de Teatro de Redondela

Festival de teatro celebrado na localidade de Redondela con sede no Multiusos da Xunqueira. Na edición de 2009, celebrada dende o catorce de febreiro con duración de tres meses, contou coa participación de até sete compañías, entre elas Talía Teatro, con *E ti, quen ves sendo?*; Teatro do Atlántico, con *Unha primavera para Aldara*; Lagarta Lagarta, con *Aeroplanos*; Teatro Galileo, con *Náufragos* e Lambríaca Teatro, con *Chicho e a Santa Compaña*.

Teatro é Educación, IIIº Ciclo de Teatro Comunitario

Ciclo organizado pola Comisión de actividades culturais, a Comisión de Normalización Lingüística e o grupo de Teatro da Facultade de Ciencias da Educación, a Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, que contou ademais co apoio da Rede Municipal de Centros Socioculturais e do Consello de Relacións Veciñais de Santiago. Este ciclo xurdiu co propósito de salientar a importancia do feito teatral no ámbito educativo, así como para dar a coñecer a actividade de compañías galegas polas distintas vilas da comunidade,

mediante as conferencias presentadas cos directores das compañías, seguidas das representacións teatrais de cada unha delas. Esta terceira edición, celebrada dende o un até o vinte e nove de abril, correu a cargo do actor e director teatral Quico Cadaval e contou coas representacións: *A retirada de Napoleón*, polo Grupo Airiños; *O Florido Pensil*, por Carauta Teatro; *Habitación 315*, por Churumbel teatro; *Traballo e imaxinación*, por Quemaisten Teatro; *Aberto por folga. Cabaré laboral*, por Tanga Tutanga Teatro (USC) e *O rei nú* e *Chéjov en xogo* por Enlata Teatro, Grupo de Teatro da Facultade de Ciencias da Educación.

Teatro e Danza en Xira

Programa posto en marcha polo Concello de Santiago de Compostela en colaboración co Consorcio de Santiago e o Auditorio de Galicia. A edición de 2009 celebrouse dende o vinte e sete de marzo até finais de ano, e contou coa participación de Teatro Arriaga, dende Bilbao; Animalario Teatro e Yllana Teatro, as dúas dende Madrid.

Teatrofilia, Festival de Teatro Amateur

Festival de Teatro Amador organizado pola compañía teatral Andaravía Teatro e celebrado en Vedra. Na edición de 2009 contouse coa participación de Andaravía Teatro, con *Anacos de nós* e a compañía Ditea, con *Aquí cheira a morto*.

Teatro de Rúa, XIIIª Mostra de

Mostra de teatro celebrada en emprazamentos ao aire libre na que se inclúen actuacións por parte de grupos foráneos e galegos. Entre estes últimos contouse con Títeres Falcatrúa, que representaron *Linocho e a lúa* e *O espírito do bosque*. Como agrupacións foráneas participaron a compañía chilena Gestual e a australiana Liz Lea.

Terra de Sanxenxo, Ciclo

Ciclo de teatro afeccionado organizado por "Terra de Sanxenxo" en colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais, celebrado no auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán. Entre as representacións presentes contouse nesta edición de 2009 con *Chicho e a Santa Compaña*, por Lambríaca Teatro; *Ifixenia en Áulide*, por Arela das Artes; *As desventuras de Carme, Gelines e Don José*, por San&San; *O medallón do emperador*, por Teatro do Mar e *Leite de cabra*, por Alecrín. Acolleuse asemade a representación destinada ao público infantil *Bicos con lingua*, por Talía Teatro.

Terras do Orcellón, IIIª Mostra de Teatro Amador

Organizada polo grupo local Tiruleque, celebrouse no Auditorio Municipal de Carballiño. Nesta edición participaron as compañías Teatro Avento, coa representación *A insólita historia de Jimmy Pelostristes*; Carrachanacacha, con *Comendo pimentos de*

padrón con Tarantino; Teatro de Cámara Ditea, con *Aquí cheira a morto*; o grupo Lameiro, con *A vinganza da Petra* e Tiruleque, con *Club Pk2*.

Referencias varias:

- X. A Reboiro, "A 'Mostra de teatro amador' oferta unha escolma das mellores comedias galegas", *La Región*, "Carballiño", 9 outubro 2009, p. 18.

Refírese ao comezo da IIIª edición da Mostra de teatro amador Terras do Orcellón no Auditorio municipal do Carballiño, promovida polo grupo Tiruleque. Ao longo da noticia dáse conta dalgunhas das representacións levadas a cabo na mostra.

- L. R., "A Comedia dos Domingos supera o ecuador coa compañía Teatro Avento", *La Región*, "Carballiño", 14 novembro 2009, p. 12.

Informa da IIIª Mostra de Teatro Amador "Terras do Orcellón" celebrada no Carballiño e salienta a presenza da compañía Teatro Avento, coa posta en escena da súa comedia *A insólita historia de Jimmy Pelostristes*. Destaca o éxito desta compañía na edición anterior da Comedia dos Domingos coa súa peza *Monstros*, así como a grande participación da audiencia. Conclúe cunha breve descrición do fío argumental da comedia antedita.

Vigo a escena, Ciclo

Organizado pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, comezou no mes de decembro de 2001. Celébrase en diferentes lugares dos barrios e parroquias deste concello e no Auditorio Municipal. Ademais de achegar o teatro aos seus habitantes, tamén é unha forma de promocionar os diferentes grupos locais que percorren estes escenarios coas súas pezas. A edición de 2009, celebrada durante os meses de abril, maio e xuño, contou coa participación de trece compañías galegas, entre elas Aforo Teatro; Disque Danza; Fulano, Mengano e Citano; Lambríaca Teatro; Sísifo Teatro; Teatro Avento; A Loca Motora; Páprika Teatro; The Pinga Teatro; Títeres en Acción; Teatro Lope de Vigo, con *Ide todos ó inferno*; Máscara Producción, con *Por diante ...e por detrás* e Artello Teatro Alla Escala, con *Polgariño*.

Referencias varias:

- M. F. Vieites, "Unha tarde de teatro en Bouzas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, 16 maio 2009, p. VIII.

En relación á oferta teatral de Bouzas, coméntase o labor realizado polo Concello de Vigo de cara a achegar o teatro e a danza á cidadanía, salientando de xeito especial a iniciativa "Vigo a Escena". A continuación trátase a situación teatral de Bouzas, con respecto á que se dá conta da existencia dun centro dedicado á formación de profesionais relacionados co mundo das artes escénicas, e que ademais se considera un punto de referencia importante para que Vigo se converta en enclave destacado dentro da produción audiovisual. A seguir, e con motivo da representación *Polgariño*, que tivo

lugar no teatro do IES Audiovisual de Vigo, faise mención da necesidade de aumentar as iniciativas de cara a promover unha maior actividade cultural, tras o cal se salientan as representacións teatrais como espazos de encontro e entretemento para a poboación. Finalmente, alúdese ao teatro como aspecto de importante peso cultural nunha cidade. Asemade, a raíz da información achegada sobre a progresiva especialización do grupo Artello Teatro no teatro de bonecos, realízanse nun aparte comentarios a cerca da ampla diversidade de técnicas, estilos e receptores do teatro, dentro do que se salienta o teatro de obxectos como disciplina artística complexa, todo isto de cara a deixar entrever a atención que o teatro como actividade cultural precisa.

Vilagarcía, Ciclo de Outono de Teatro Galego

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura de Vilagarcía, celebrado no Auditorio Municipal da vila, que se realizou coa finalidade de apoiar e difundir o teatro galego mediante a posta en escena de cinco representacións levadas a cabo por compañías galegas e en galego. Celebrado os venres dende o trinta de outubro até o vinte e sete de novembro, participaron as compañías Producións Teatrais Excéntricas, con *No comment*; Sarabela Teatro, con *Dáme veleno*; Teatro do Noroeste, con *Glass City*; Volta e Dálle Teatro, con *Pan: catro propostas arredor da malla* e Teatro de Ningures, con *Bailadela da morte ditosa*.

Referencias varias:

- Beni Yáñez Pérez, "O 'Ciclo de Outono de Teatro Galego' trae a Vilagarcía cinco obras ata finais de novembro", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Interpretación", 18 outubro 2009, p. 27.

Dá conta das postas en escena do programa do Ciclo de Outono de Teatro Galego no Auditorio de Vilagarcía de Arousa. Menciona cada unha delas, xunto ás compañías que as interpretan, e comenta asemade as súas liñas temáticas e argumentais.

- Damián Pereira, "O Auditorio convírtese [sic] nunha grande 'Obra'da man do riveirense Quico Cadaval", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", "Local", "Cultura", 5 novembro 2009, p. 10.

Informa da estrea da peza *Obra*, de Quico Cadaval, como parte do Ciclo de Teatro Galego de Outono en Vilagarcía. Tras mencionar a interpretación de Vítor Mosqueira, Marcos Orsi e Borja Fernández, compoñentes de Teatro Excéntrico, destaca a presenza dun pianista que acompaña as cancións dos personaxes ao longo da case hora e media que dura a posta en escena. Comenta asemade a súa liña temática, os prezos e a páxina en liña para conseguir as entradas.

Xoves de Humor, IIª Mostra de Teatro Galego de Lugo

Mostra de teatro levada a cabo no Auditorio Gustavo Freire de Lugo que recolle obras galegas caracterizadas polo ton humorístico. A edición de 2009 celebrouse os xoves

dezanove e vinte e seis de febreiro, e cinco de marzo, e recolleu as representacións *Anxeliños*, por Espello Cóncavo; *Arte*, por Fulano, Mengano e Citano e *Aeroplanos*, por Lagarta Lagarta.

Zona Alternativa, Xº Festival

Festival internacional alternativo de teatro, música e danza que botou a andar en Santiago de Compostela no ano 2000 baixo o nome "Alternativa", organizado polas salas Nasa e o Teatro Galán, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais e Caixanova e, dende 2001, co apoio do Consello da Cultura Galega. En 2006, baixo o nome Zona Alternativa, foi organizado pola Sala Nasa. Neste Festival inténtase ofrecer unha visión actual e comprometida do panorama das artes escénicas contemporáneas con traballos innovadores e radicais. A edición de 2009 contou coa participación da compañía foránea Los Corderos, dende Cataluña e coa colaboración entre a galega Estela Lloves e a rusa Tania Arias.

III.3.2. ESTREAS

III.3.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Abrapalabra (1): *Historias tricolores ou de como aqueles animaliños proclamaron a república*, texto e dirección Cándido Pazó.

Referencias varias:

- E. F., "Terror, circo, humor y cabaret se unirán en el teatro Colón de la mano de Psicosis", *Diario de Ferrol*, "A Coruña", "Provincia", 26 xullo 2009, p. 23.

Presenta a programación do teatro Colón, da que se salientan como propostas teatrais para os adultos, entre outras, as representacións de *Historias tricolores*, da compañía de Candidó Pazó, e *Atra Bile*, por Teatro de Ningures.

- E. F., "Terror, circo, humor y cabaret se mezclarán en el teatro Colón de la mano de 'Psicosis", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 26 xullo 2009, p. 17.

Dá conta da programación proposta pola Fundación Caixa Galicia para os meses de setembro e outubro no Teatro Colón da Coruña. Entre os espectáculos teatrais salienta que a compañía de Cándido Pazó presentará *Historias tricolores*, e Teatro de Ningures representará *Atra bile*.

Abrapalabra (2): *A Piragua*, texto e dirección Cándido Pazó.

Ver Ribadavia, XXVª Mostra Internacional de Teatro de
Ver Salón Teatro

Referencias varias:

- M. Dopico, "A volta de 'A piragua", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xuño 2009, p. 36.

Informa que a obra de Cándido Pazó, *A piragua*, volve ser representada no Salón Teatro de Santiago co mesmo elenco de actores pero con cambios na escenografía. Logo comenta que foi a gañadora do Mellor Texto Orixinal da edición 2008 dos premios de teatro María Casares. A seguir, e en palabras de Pazó, dise que a obra poderá ser vista por máis xente e que no esencial a peza é a mesma. Indica que actuarán en Santiago e tamén en Narón e refire que a obra a reestrea baixo o nome da compañía Abrapalabra. Finalmente, fala da temática da peza e salienta que a estrutura da obra non é lineal.

- M. B., "La premiada obra sobre violencia de género 'A piragua' vuelve a escena", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 24 xuño 2009, p. 9.

Refire que no Salón Teatro de Compostela se vai representar a reestrea de *A piragua*, unha obra escrita e dirixida por Cándido Pazó que o Centro Dramático Galego cede á compañía Abrapalabra para obter unha maior rendibilidade dos espectáculos. Indica que o director, o equipo artístico e o elenco de actores son os mesmos e que o tema da obra é a violencia de xénero. A seguir, narra o argumento da peza e salienta o éxito que a obra obtivo. En columna á parte, informa que no Teatro Principal terá lugar a representación da obra *Palabras encadeadas*, da que se comentan diversos aspectos.

- Camilo Franco, "Un caso único na Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 22 xullo 2009, p. 55.

Fai referencia á segunda estrea da obra de Cándido Pazó, *A piragua*, a cal é unha versión da obra que xa estreara o Centro Dramático Galego. Comenta que esta peza se centra na polémica da violencia doméstica e salienta a forma narrativa en que está contada. Así mesmo, comenta outros aspectos destacábeis da obra.

- Camilo Franco, "Os dous lados dos personaxes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 setembro 2009, p. 34.

Achega as opinións de Cándido Pazo e de Susana Dans, director e actriz respectivamente, en relación ao traballo conxunto de representación da obra *A piragua*. Falan sobre o desenvolvemento da peza e destacan que o importante é que a obra funcione ante o público. Tamén valoran a opinión do espectador e comentan a actuación que realizaron na Mostra de Ribadavia.

Producións **Acontrabutaca**: *Un morto moi vivo!*, dirección Xosé Lueiro.

Ver Cómico, Iª Mostra de Teatro

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "O aplauso do público ao final dunha obra recompensa todo o traballo anterior", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós…", 22 marzo 2009, p. 42.

Fai referencia a esta representación teatral que a compañía Acontrabutaca vai facer no Auditorio Municipal de Valga, protagonizada por Dorotea Bárcena, Isi, Antonio Pena e Chelo do Rego. A seguir, realiza unha entrevista a Dorotea Bárcena e a Isi. Bárcena explica que se trata dun espectáculo tipo *bodeville* no que os catro actores son protagonistas e o obxectivo é facer rir ao espectador, quen xa pode descubrir algo do tema a través do título. Isi comenta que levan dous meses ensaiando e que o atraso da representación se debeu a problemas de axenda. Afirma que é moi complicado compatibilizar o traballo e asegura que co aplauso do público todo se esquece.

- L. G., "Un morto resucita no tempo de Coresma", *Diario de Arousa*, 23 marzo 2009, contracuberta.

Dá conta da representación que tivo lugar no Auditorio Municipal de Ferreirós en Valga desta obra dirixida por Xosé Lueiro. Comenta que os protagonistas foron Isi e Dorotea Bárcena, acompañados polos actores Chelo do Rejo e Toño Pena. A seguir, resume o argumento da peza e, finalmente, destaca o enorme éxito de público.

- C. G., "Caldas CCA inicia su programación estival con la obra de teatro 'Un morto moi vivo!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 13 maio 2009, p. 3.

Informa que Caldas Centro Comercial Aberto vai iniciar o seu programa de actividades, entre as cales destaca a representación teatral da obra *Un morto moi vivo!*. Comenta que se trata dunha comedia de enredo protagonizada polos actores Dorotea Bárcena, Isi e Toño Pena. Por último, informa sobre os horarios de representación e a recollida de entradas.

- M. González, "Acontrabutaca presenta 'Un morto moi vivo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 maio 2009, p. 30.

Informa que a compañía Acontrabutaca vai representar na Estrada esta comedia, na que conta cos actores Isi, Dorotea Bárcena e Chelo do Rejo. Tamén indica os horarios de representación e refire que o espectáculo conta coa colaboración da asociación de comerciantes.

- M. Angueira, "O morto resucita en Cuntis", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 4 xullo 2009, p. 24.

Comenta que a compañía A Contrabutaca vai facer dúas representacións da súa obra *Un morto moi vivo!* en Cuntis. Achega os comentarios dos actores que participaron na presentación, acompañados pola alcaldesa da vila e o director Xosé Lueiro. Tamén refire que as entradas xa están esgotadas e salienta que a peza está destinada a un público non erudito.

- A. P., "Campo Lameiro acoge la obra teatral 'Un morto moi vivo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 28 novembro 2009, p. 17.

Faise eco brevemente da segunda oportunidade que teñen os vecinos de Campo Lameiro de gozar da representación da obra *Un morto moi vivo*, da compañía Acontrabutaca.

- M. A. C., "Isi y Dorotea Bárcena actuarán el 27 en Combarro", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 18 decembro 2009, p. 12.

Informa da representación da obra *Un morto moi vivo*, que poñen en escena os actores Dorotea Bárcena, Isi, Chelo do Rejo e Toño Pena. Dise que esta actividade está organizada pola Asociación Xuvenil Apoio coa colaboración da Comunidade de Montes Rega dos Agros. Comenta ademais os lugares nos que se poden retirar os tickets de forma anticipada.

- Javier Casal, "Poio disfruta de un domingo de teatro y música", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Poio", 28 decembro 2009, p. 9.

Dá conta do centenar de persoas que acudiron en Combarro á representación da obra teatral *Un morto moi vivo!*, dirixida por Xosé Lueiro e producida pola compañía Acontrabutaca. Di que ademais do elenco dos artistas, outro dos reclamos para asistir ao acto foron os prezos populares.

Almacabra Teatro Circo: *Black Cherry Burlesque*

Ver Outubro Amador, Ciclo de Teatro

Referencias varias:

- Inma López Silva, "Wilkommen zum Cabaret", *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, n.º 146, "Crítica", "Teatro", xullo 2009, p. 75.

Informa do espectáculo *Black Cherry Burlesque*, da compañía Almacabra, que cataloga como unha mestura entre circo e cabaré. Salienta a interpretación de Vanessa Rivas, Sue Moreno e Yolanda Paz, a complexa dramaturxia, o xogo lingüístico galego-castelán, o ritmo livián e o humor "catártico". Menciona por último a iluminación a cargo de Antón Arias e o vestiario da propia compañía.

Áncora Producións: *Colgados*, texto Gustavo Pernas Cora, dirección Ánxela G. Abalo.

Referencias varias:

- Pilar Vegas, "Colgados' reinvidica o monólogo teatral clásico", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 outubro 2009, p. 46.

Informa sobre a estrea, no edificio de Servizos Múltiples do Burgo en Culleredo, da obra *Colgados*, realizada por Áncora Producións e cuxo protagonista é o actor Gustavo Pernas. A seguir achega unha breve entrevista realizada a Pernas, quen comenta que se trata dun monólogo cómico que el denomina "logomono" co que pretende ensinar ao público sobre a situación de crise que se está a vivir. Destaca a dificultade de realizar esta presentación e o duro que son os ensaios; tamén refire que este monólogo non ten nada que ver cos que se fan en televisión.

- M. J. Rico, "Áncora presenta hoxe no Carvalho Calero a un 'suicida' profesional e solidario", *Diario de Ferrol*, "Cultura/Gente/Servicios", 10 outubro 2009, p. 10.

Comenta que a compañía Áncora, dirixida por Ánxela G. Abalo, vai poñer en escena no Carvalho Calero de Ferrol a obra *Colgados*, protagonizada polo actor Gustavo Pernas. Indica que esta representación se inclúe no programa Cultura nos Barrios e refire o contido da mesma. Salienta que se trata dun monólogo onde o actor pretende suicidarse para cargar cos problemas da sociedade. Finalmente, comenta que a compañía está a preparar para 2010 a obra *Concurso Levi*.

- Marta García Márquez, "Áncora Producciónss dalle vida a un home 'soga' capaz de liberar dos males", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 25 novembro 2009, p. 12.

Faise referencia á representación teatral de *Colgados* no Teatro Rosalía de Castro nun formato que o autor e actor Gustavo Pernas denomina "logomono". Sinálanse algúns aspectos do argumento e indícase ademais que a compañía Áncora Producciónss presenta así este primeiro número dunha serie de personaxes que protagonizarán as seguintes producións.

- Rubén Bruña, "Teatro para locos que estén cuerdos", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 25 novembro 2009, p. 12.

Coméntase a representación que terá lugar no teatro Rosalía de Castro da Coruña da obra *Colgados*. Dise que está composta por textos como o "logomonos" ou os monólogos mutantes, escritos por Gustavo Pernas. Sinálase que é unha obra "muy difícil de explicar sin verla" e que o vídeo promocional está colgado en Youtube.

- J. A. Martínez Sevilla, "Colgados", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "La Columna", 2 decembro 2009, p. 13.

Informa da representación de *Colgados* que tivo lugar no teatro Rosalía de Castro. Di que se trata dunha obra da compañía Áncora Producciónss, dirixida por Ánxela G. Abalo. Coméntase que dende unha perspectiva vangardista denomina "logomonos" a palabras escritas ao revés. Entre outras cousas, critícalle ao autor a súa "soberbia de creerse el ombligo del mundo", ademais de comentar que exerceu un "anticlericalismo trasnochado y de silveira".

Teatro do **Andamio**: *A preguiza (La Fiaca)*, texto Ricardo Talesnik, dirección Álvaro Guevera.

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- Víctor Castro, "La obra 'A preguiza' se escenifica hoy en Sada", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 22 febreiro 2009, p. 22.

Informa que no auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada a compañía Teatro do Andamio vai representar a obra *A preguiza*, dirixida por Álvaro Guevara. A seguir, dá conta do elenco de actores e comenta brevemente o argumento da peza.

Teatro do **Atlántico**: *O xogo de Yalta/afterplay*, texto Brian Friel, dirección Xulio Lago.

Ver Carballiño, VIIº Outono Teatral
Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- Silvia Camesella, "Más de medio centenar de actividades culminan el 25 aniversario de Caixanova", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 setembro 2009, p. 37.

Ofrece a programación cultural de Caixanova en Vigo para o último cuadrimestre do ano. En relación ao ámbito escénico galego cita a obra *O xogo de Yalta*, entre outras.

- Mar Mato, "Teatro do Atlántico cumple 25 años con su homenaje especial a Chéjov y Brian Friel", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 8 outubro 2009, p. 67.

Comenta que a compañía Teatro do Atlántico, de cara a celebrar os seus vinte e cinco anos de existencia, vai estrear a obra *O xogo de Yalta. Afterplay*, no Pazo de Cultura de Narón. Achega os comentarios do director da compañía, Xulio Lago, quen explica por qué escolleron a Chéjov e Friel para o seu espectáculo e dá conta da trama da obra, así como dos actores e das dificultades que tiveron que afrontar.

- M. Dopico, "25 anos sobre as táboas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Aniversario", 14 outubro 2009, p. 36.

Comenta a posta en escena d'*O xogo de Yalta. Afterplay*, dúas pezas dirixidas por Xulio Lago e representadas no Teatro Principal de Santiago de Compostela pola compañía que el mesmo fundou, Teatro do Atlántico. Tras sinalar a autoría de Brian Friel, menciona a inspiración destas dúas obras en dramas de Chéjov; a primeira delas en *A dama do canciño*, e a segunda en *As tres irmás* e *Tío Vania*. Destaca a música en directo de Xavier Constenla e a escenografía de Rodrigo Roel. Describe asemade a traxectoria da compañía dende a súa creación en 1985 e a súa decisión de representar obras en galego, como por exemplo *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure, merecente de críticas moi positivas. Finalmente, nun apartado titulado "obxectivo", explica os obstáculos de representar teatro en galego, sempre discriminado en favor do teatro en castelán.

- Cuca M. Gómez, "¡Que viva A Mangallona!", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con Cuca", 19 outubro 2009, p. 70.

Trata das últimas novidades no eido artístico na cidade teucra. Ademais de mencionar a celebración do vixésimo aniversario da fundación da casa museo de Cangas de Camilo Caamaño Xestido e diversas exposicións de arte, coméntase o vixésimo quinto aniversario da compañía Teatro do Atlántico, que o celebra coa representación d'*O xogo de Yalta. Afterplay* no Centro Social Caixanova de Pontevedra.

- Camilo Franco, "Chéjov é contemporáneo", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 24 outubro 2009, p. 59.

Informa da produción d'*O xogo de Yalta / Afterplay*, da compañía Teatro do Atlántico. Salienta a súa temática alicerzada na cuestión do social, a montaxe organizada ao redor dos diálogos e unha estrutura bipartita raiana no melodrama. Menciona asemade a autoría de Brian Friel; a dirección de Xulio Lago; a música de Xavier Constenla e a interpretación de Damián Contreras, Victoria Pérez, María Barcala e Gonzalo M.

Uriarte.

- M. F. Vieites, "Sempre as tundras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Teatro", 5 novembro 2009, p. VIII.

Informa desta nova produción da compañía Teatro do Atlántico. Parte da definición do termo "tundra", co que estabelece unha analoxía coa temática da obra e continúa cunha descrición do seu argumento e do de *Afterplay*, a segunda das pezas en conxuntura coa anterior. Subliña a escenografía de Rodrigo Roel, a iluminación de Xulio Lago, a interpretación de Damián Contreras, Gonzalo Uriarte, María Barcala e Victoria Pérez, a música de Xavier Constenla e o vestiario de Susa Porto, así como o labor de dirección de Xulio Lago. Aparece a rodapé finalmente un apartado alicerzado na traxectoria literaria do autor, Brian Friel.

Cada Día Peor: *Misterio no museo*

Referencias varias:

- A. Mariño, "Misterioso caso por resolver en el museo", *Atlántico Diario*, "Vigo", 20 agosto 2009, p. 9/ "Un misterioso caso por resolver en el museo", *La Región*, "Verano", 21 agosto 2009, p. 14.

Refire que o Pazo Quiñones de León é o escenario deste espectáculo interpretado pola compañía Cada Día Peor, no que os actores representan aos personaxes do pazo e os visitantes tamén forman parte da historia. A seguir, explica a trama da obra e refire que se trata dun proxecto da Concellaría de Patrimonio Cultural da cidade de Vigo. Tamén salienta o éxito que está a acadar.

- María Abelleira, "Intriga e sangue en Castrelos", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que calor*", 20 agosto 2009, p. 17.

Comenta que o Museo Quiñones de León de Castrelos vai ser o escenario dunha representación chea de intriga e humor, na que os actores interpretarán aos habitantes do pazo durante os anos vinte. Cita algúns dos actores, como Antón Veiga, María Chamadoira, Carlos Tresandi e Iván Rodríguez, que pertencen ao grupo dramático Cada día peor. Comenta que este orixinal proxecto está a ter moito éxito xa que o público se implica na representación e salienta que o obxectivo é cambiar a visión "aburrida" que se ten dos museos.

- Tamara Novoa, "Quiñones de León, un escenario de lujo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 20 agosto 2009, p. 10.

Comenta que o Museo Quiñones de León está a recibir aos seus visitantes con actores que interpretan a personaxes dos anos vinte. Explica que este é un xeito diferente de visitar o museo, no que a intriga e o humor son os protagonistas. Refire o argumento da historia e achega os comentarios de dúas testemuñas que participaron na actividade.

Cándido Pazó: *O falar non ten cancelas*, texto Cándido Pazó.

Caramuxa: *Luz de gas*, texto Patrick Hamilton, dirección Matilde Blanco.

Ver Arteria Noroeste

Carlos Blanco: *Folc oral*

CasaHamlet: *María Casares, a vida triunfante*, texto María Lopo, dirección Ánxeles Cuña.

Centro Dramático Galego (1): *As actas escuras*, texto Roberto Vidal Bolaño.

Referencias varias:

- S. E., "Los bailarines Canales y Rojas estrenan en el Principal su espectáculo 'Mano a Mano", *La Región*, "Ourense", 17 decembro 2009, p. 12.

Presenta a programación que ofrecerá o Teatro Principal de Ourense no primeiro semestre de 2010, que contará con trinta e nove espectáculos, marcados pola presenza da música e das artes escénicas. Entre as actividades coméntase a presenza de Sarabela Teatro coa montaxe d'*A esmorga*; de Matarile Teatro co espectáculo *Cerrado por aburrimiento*; de Talía Teatro con *Palabras encadeadas* e do Centro Dramático Galego coa obra de Roberto Vidal Bolaño *As actas escuras.* Para rematar, apunta que en abril terá lugar a décimo quinta edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Centro Dramático Galego (2): *A democracia*

Referencias varias:

- E. P., "Preestrena en Santiago de 'A democracia', na que participa Quico Cadaval", *El Correo Gallego*, "Cultura", 3 xullo 2009, p. 67.

Comenta que na sede da Axencia Galega das Industrias Culturais vai ter lugar a preestrea da obra *A democracia*, interpretada polos actores Pablo Fidalgo e Estefanía García. Así mesmo, refire que a representación é o primeiro proxecto do Centro Dramático Galego dentro do programa Artistas en Residencia 2009, que ten o obxectivo de apoiar os creadores para que desenvolvan proxectos de investigación.

Centro Dramático Galego (3): *Feminine*

Chévere Teatro (1): *Dildos*

Ver Cangas, XXVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Chévere Teatro (2): *Testosterona*, texto Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro; dirección Xesús Ron.

Ver Carballiño, Vº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Referencias varias:

- M. Dopico, "Por un xénero copyleft", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 febreiro 2009, p. 39.

Fai referencia ao espectáculo que está a representar a compañía Chévere e achega os comentarios dos seus creadores: Patricia de Lorenzo, Natalia Outeiro e Xesús Ron. Afirman que a obra está feita con liberdade e que trata un tema que ás veces non é moi ben acollido. Tamén indican que tomaron a información de múltiples autoras e que mesturan moitos xéneros, tipos de música, performance, etc. Ademais explican que o proxecto naceu a partires dun obradoiro dirixido a mulleres. Por último, dá conta dos responsábeis de iluminación, escenografía, música, etc.

- Camilo Franco, "A vida é química", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 febreiro 2009, p. 9.

Con motivo da representación de *Testosterona*, comenta que a maioría da vida do ser humano son procesos químicos e afirma que tamén é química a clasificación que se fai entre homes e mulleres, tema no que se centra a obra, aínda que o trata dunha maneira irónica.

- A. Losada, "Xogando co xénero. 'Testosterona', a nova obra de Chévere", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 13 febreiro 2009, p. 50.

Comenta a obra que Chévere está a representar, baseada na condición do xénero humano. Explica que as actrices, Natalia Outeiro e Patricia de Lorenzo, sofren un travestismo e convidan ao espectador a reflexionar sobre a cuestión do xénero humano. Tamén indica que o traballo de dirección corre a cargo de Xesús Ron, quen explica que o proxecto naceu nos talleres que desenvolveron por toda Galicia en relación ao tema. Por último, comenta que despois de cinco anos a compañía volve actuar na Sala Nasa de Santiago e tamén cita o traballo realizado durante ese lustro.

- Camilo Franco, "¿Quen teme ao xénero feroz?", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 25 febreiro 2009, p. 59.

Comenta a obra teatral *Testosterona*, que se centra nunha parodia da realidade desmontando as convencións do feminino e o masculino. Explica que a obra quere poñer serio ao espectador e que reflexiona sobre o tema de que quizais non é todo como se nos conta.

- Inma López Silva, "Entre o xénero e o sexo", *Tempos novos. Revista mensual de información para o debate*, n.º 142, "entre culturas", marzo 2009, p. 83.

Comenta a nova produción da compañía Chévere, *Testosterona*, dirixida por Xesús Ron e interpretada por Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro. Destaca a súa temática alicerzada na cuestión da transexualidade como proceso de desfeminización do corpo humano e cataloga a peza como unha mestura de musical, traxedia e monólogo. Subliña, doutra banda, a participación da audiencia no desenvolvemento do espectáculo a través do distanciamento, o labor de interpretación das dúas actrices anteditas e o ton humorístico que contrasta co seu dramatismo conceptual.

- Lara Rozados, "O xénero sexual constrúese, como a ficción", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", 5-11 marzo 2009, p. 31.

Realiza unha entrevista a Xesús Ron, actor da obra *Testosterona*, a nova proposta que Chévere representou na Sala Nasa de Compostela. Comenta que o proxecto naceu en conxunto con Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro e indica que realizaron varios obradoiros sobre o tema da obra. Tamén alude aos textos referenciais que aparecen na peza e á boa acollida que está a ter por parte do público. En canto ao tema central da obra, a intersexualidade, comenta Xesús Ron que o que querían era amosar unha "historia das hormonas" e tamén explica por qué fixeron visíbel a maquinaria interna do teatro, é dicir, que os cambios de personaxes, escenas, etc. se realicen diante do público.

- Teresa Cuíñas, "Chévere regresa a Vigo con la obra de teatro 'Testosterona", *El País*, "Galicia", 10 maio 2009, p. 8.

Comenta que despois de seis anos ausente de Vigo, a compañía teatral Chéreve volve á cidade para representar a súa última proposta, *Testosterona*, que permanecerá en cartel no Teatro Ensalle durante dúas semanas. Ademais informa que realizarán un taller de transformismo para mulleres titulado "Ser home por un día". Indica que as actrices De Lorenzo e Outeiro se meten na pel de dous estereotipos masculinos e tocan e cantan ao mesmo tempo; tamén fala da música que se interpreta en directo e destaca o labor que desenvolven nos talleres, como unha experiencia de adestramento.

- Manuel Xestoso, "Teatro popular e teoría de xénero", *A Nosa Terra*, n.º 1.360, "Crítica", 21-27 maio 2009, p. 34.

Fai referencia á obra que está a representar Chévere, comentando que se trata dunha montaxe cómica que despoxa do teatro a solemnidade e o distanciamento e que fai que o público se integre e se divirta. Salienta o papel desenvolvido polas actrices e critica o feito de que a segunda parte da obra se separe do público e adquira un ton máis serio. Finalmente refire que a musicalidade do final da obra lle volve dar un carácter cómico e así o público recoñece o esforzo das actrices.

- Lupe Gómez, "Compartir unha aventura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 outubro 2009, p. 29.

Entrevista a Xesús Ron, un dos creadores da Sala Nasa de Santiago, quen comenta cómo foi a súa infancia e de qué maneira naceu a Sala Nasa. Comenta que hoxe en día

segue a ter a mesma funcionalidade, que buscan un teatro con carácter de celebración e propoñen unha programación variada. A seguir, fai referencia á nova obra de Chévere, *Testosterona*, e critica aos políticos do PP de Santiago polo seu continuo acoso. Por último, afirma que o riso é difícil conseguilo no teatro, mais cando se logra é unha resposta moi feliz.

- Mar Mato, "Love of Lesbian arranca el programa cultural universitario", *Faro de Vigo*, "Vigo", 14 outubro 2009, p. 9.

Informa sobre o programa cultural universitario de Vigo e, en relación ao teatro, comenta que participarán as compañías: Chévere, coa obra *Testosterona*; Sarabela Teatro, con *A esmorga* e a compañía barcelonesa Pez en Raya.

- M. G. M., "A reflexión chámase 'Testosterona", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 4 novembro 2009, p. 15.

Informa da posta en escena desta obra, interpretada por Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro e dirixida por Xesús Ron. Sinala o emprego dunha linguaxe coloquial e dunha temática de forte contido emocional. Finalmente, nun breve apartado intitulado "Obradoiro", comenta precisamente o obradoiro dirixido a mulleres centrado na construción da autoestima e da identidade.

- Rubén Bruña, "Una compañía teatral hiperactiva", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 4 novembro 2009, p. 12.

Comenta a estrea de *Testosterona*, pola compañía santiaguesa Chévere, no Fórum Metropolitano. Destaca, entre outros, a estrutura tripartita do proxecto, formada ao redor da peza teatral propiamente dita, a cal foi seleccionada pola Red Nacional de Teatros Alternativos. Finalmente menciona a longa traxectoria da compañía e remata co comentario da concelleira de cultura María Xosé Bravo sobre o proxecto.

- J.A. Martínez Sevilla, "Testosterona", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "La Columna", 7 novembro 2009, p. 13.

Informa das cinco representacións de *Testosterona*, espectáculo baixo a autoría de Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro "Pajarito" e a dirección de Xesús Ron. Tras describir o seu contido, critica a linguaxe empregada, que cualifica de ordinaria, sacrílega e groseira, así como un texto dramático pobre.

Teatro **D2** (1): *Iliria*, texto William Shakespeare.

Ver Cee, 'Domingos de Teatro. Marzo Teatral', XXIIª Mostra de Teatro de

Teatro **D2** (2): *Queremos bailar!*, texto e dirección Teresa de la Hera.

Referencias varias:

- M. Dopico, "As paixóns agochadas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xaneiro 2009, p. 29.

Fai referencia ao novo espectáculo que vai poñer en escena a compañía Teatro D2 na Sala Nasa de Santiago. Explícase que a obra se centra nunha familia de cinco membros dedicada ao circo e que xa non viven del, mais non son capaces de evolucionar na vida. Indica a dirección da obra e que o título foi tomado dun libro de Lupe Gómez. Conta cómo naceron os textos e afirma que a obra é unha mestura de xéneros. Ademais, salienta que se trata dunha peza moi diferente ás anteriores.

- A. I., "Teatro gallego, cine y marionetas en la agenda cultural de la semana", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 xaneiro 2009, p. 21.

Entre outras cuestións da cultura galega, comenta que a compañía D2 vai representar o espectáculo *Queremos bailar!* na sala Nasa de Santiago. Indica que a obra foi creada e está dirixida por Teresa de la Hera, ademais de citar algúns dos actores, como Paulina Alonso, Cristina Balboa, Begoña Cuquejo, Diego Freire e Manu Lago.

- M. Beceiro, "Propuesta interdisciplinar de una familia con ocultas pasiones", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 8 xaneiro 2009, p. 9.

Refire que a compañía Teatro D2 vai representar a obra *Queremos bailar*. Explica que a obra é unha mestura de teatro, danza, música e incluso maxia e cita os actores que forman o elenco da obra. Tamén comenta que a peza se centra na historia dunha familia que vive ancorada no pasado.

Disquedanza (1): *E me deixo enlear*

Disquedanza (2)/**Factoría** Teatro: *Des-memoria 2*, dirección Olga Casemelle e Alfredo Rodríguez.

Referencias varias:

- A. Baena, "El espectador se convierte en creador en 'Des-memoria-2", *Atlántico Diario*, "Vigo", 10 xullo 2009, p. 10.

Fai referencia ao espectáculo que están a desenvolver en Vigo as compañías Disquedanza e A Factoría Teatro baixo o título *Des-memoria-2*. Explica que a obra está baseada na improvisación e que é unha continua interacción co público. Achega os comentarios dos actores Olga Cameselle e Alfredo Rodríguez, e dá conta dos encargados de vestiario, espazo sonoro, iluminación, etc.

Duelirium: *Aviadoras*

Encena Producións Artísticas (1): *Evita, Eva Perón*, texto e dirección Eisenhower Moreno e Roberto Cordovani.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A condición da muller", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 maio 2009, p. 37.

Comenta que os creadores do Teatro Arte Livre de Vigo, Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno, van representar en Santiago a obra *Evita. Eva Perón*, baseada na figura da actriz arxentina, e a peza de Henry James *A volta do parafuso*. A seguir, indica que coa primeira obra gañaron varios premios, aínda que a peza foi evolucionando nas súas cincocentas representacións. Asemade achega opinións de Cordovani sobre o personaxe que interpreta. En columna á parte, fala sobre a historia do personaxe de Evita e sobre o sentido da peza teatral.

Encena Producións Artísticas (2): *A volta do parafuso*, texto Henry James, dirección Eisenhower Moreno e Roberto Cordovani.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A condición da muller", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 maio 2009, p. 37.

Comenta que os creadores do Teatro Arte Livre de Vigo, Roberto Cordovani e Eisenhower Moreno, van representar en Santiago a obra *Evita. Eva Perón*, baseada na actriz arxentina, e a peza de Henry James *A volta do parafuso*. A seguir detense na primeira das pezas.

Teatro **Ensalle** (1): *150 pasos*, texto e dirección Pedro Fresneda.

Teatro **Ensalle** (2): *A derradeira fila*, dirección Pedro Fresneda.

Teatro **Ensalle** (3): *A estratexia do avestruz*, texto e dirección Pedro Fresneda.

Entremáns: *Concerto desconcerto*, texto e dirección Alexis Fernández.

Ver apartado VII.3.3 deste *Informe*
Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver Pontevedra Escénica

Referencias varias:

- M. C., "Teatro para toda a familia", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2009, p. 6.

Dáse conta da programación do Teatro Principal en Ourense. Dise que participa Entremáns, con *Concerto desconcerto*, ademais dos Monicreques de Kukas, Artestudio, La Tirita Teatro e El retrete de Dorian Gray.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *In-Fame*.

Ver Ribadavia, XXVª Mostra Internacional de Teatro de

Femme Fatale (1): *Cabaréncrise*, dirección Nelson Quinteiro.

Femme Fatale (2): *Carpacabaré*, dirección Nelson Quinteiro.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "Viaje a la Compostela de 1909 con un libro, un desfile y mucho cabaré", *El Correo Gallego*, "Santiago", 24 xullo 2009, p. 22.

En columna á parte, comenta que para celebrar as festas do Apóstolo en Santiago se realizará o espectáculo *Carpacabaré*, a cargo da compañía Femme Fatale. Explica que a posta en escena mestura música e baile de cabaré e que se centrará en catro temáticas: Cabaré Puro e Duro, Pantasmagórico, Circo e Bohemio. Así mesmo, indica que a compañía recibirá apoio artístico por parte doutros grupos.

- Víctor Cacho, "Compostela recuerda la Exposición de 1909 con un libro y un desfile de época", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 24 xullo 2009, p. 5.

Con motivo da celebración da Exposición Rexional en Santiago, fai referencia á participación da compañía Femme Fatale, que representará o espectáculo *Carpabaré*.

- M. B., "A Carpacabaré gustou e parece que continuará", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 28 xullo 2009, p. 2.

Realízase unha breve entrevista a Nelson Quinteiro, director da compañía Femme Fatale, que está a representar o seu espectáculo na Alameda de Santiago. Quinteiro explica de ónde lle vén ese gusto polo cabaré e comenta que nesta obra hai unha mestura de letras, danza e música. Comenta que quixeron recuperar o mundo da bohemia e os intelectuais e, finalmente, salienta a boa acollida que tivo *Carpacabaré*.

Fulano, Mengano e Citano (1): *Nunca menos*

Referencias varias:

- Jaureguizar, "O teatro galego montou obras espesas durante moitos anos", *El Progreso*, "Vivir cultura", 26 febreiro 2009, p. 80.

Entrevista a Manuel Botana sobre a súa participación na representación de *Arte* e comenta que proximamente traballará cun novo texto, *Nunca menos*, que trata sobre a historia de Galicia.

Fulano, Mengano e Citano (2): *Viva a crise*

Ver Chantada, XIXª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Referencias varias:

- Ana Baena, "Teatro, museos y salud para los vigueses mayores de 65 años", *Atlántico Diario*, "Vigo", 6 outubro 2009, p. 11.

Dá conta do programa de actividades que se vai levar a cabo en Vigo dentro do proxecto Avellentamento Activo. En relación ao teatro indica que as obras que se representarán son as mesmas que en 2008 xa que tiveron moito éxito. Cita a *Chico e a Santa Compaña*, da compañía Lamoriaca, e *Viva a crise*, de Fulano, Mengano e Citano.

Teatro **Galileo**: *Médico á forza*

Referencias varias:

- C. A., "Teatro, arte, música popular e baile caracterizan a oferta da Peregrina", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Louriña", 29 agosto 2009, p. 8.

Dá conta da celebración da Semana Cultural en Tomiño e, en relación coa literatura galega, comenta que se representaron catro obras de teatro para nenos que tiveron moito éxito, ademais da peza *Médico á forza* para adultos.

Ilusionista Pedro Volta: *Abraiantes soños*

Lagarta Lagarta: *O segredo dos Hoffman*, texto Alejandro Palomas, adaptación Roberto Salgueiro, dirección Rosa Álvarez.

Ver Caixanova Teatro-Danza, Ciclo
Ver Carballiño, Vº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)
Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver Teatro Principal

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Aeroplanos’ fala de que calquera idade é boa para cambiar de vida”, *El Progreso*, “Cultura vivir”, 5 marzo 2009, p. 57.

Entrevista a Ernesto Chao pola súa participación na obra *Aeroplanos*, tras o cal se fai referencia ao próximo traballo, *Os segredos dos Hoffman*, que tamén dirixirá Rosa Álvarez.

- Silvia Camesella, “Más de medio centenar de actividades culminan el 25 aniversario de Caixanova”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 setembro 2009, p. 37.

Ofrece a programación cultural de Caixanova en Vigo para o último cuadrimestre do ano. En relación ao ámbito escénico galego cita a obra *O segredo dos Hoffman*, entre outras.

- Lupe Gómez, “Onde se fan as historias”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 5 setembro 2009, p. 29.

A actriz Rebeca Montero é preguntada principalmente sobre cuestións persoais, fala da súa nenez, dos tempos de estudante de Arte Dramática en Madrid, da súa vida en Compostela e da súa intervención na peza teatral *O segredo dos Hoffman* coa compañía Lagarta Lagarta. Recorda a actriz Marisa Soto, da que di que admiraba o seu ímpeto e tamén opina sobre a situación actual do teatro, que cualifica de caótica.

- Rubén Bruña, “El teatro será la principal apuesta de la programación cultural de otoño”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 8 setembro 2009, p. 12.

Faise un percorrido pola programación anual que a cidade herculina ten prevista no ámbito das artes escénicas. Fálase da participación de compañías castelás e internacionais, e saliéntase a obra *O segredo dos Hoffman*, da compañía galega Lagarta Lagarta, que versa sobre o reparto dunha herdanza. Finalmente destácase o papel dos actores Xosé Barato, Ernesto Chao, Belén Constela e Rebeca Montero.

- C. Paradela, “Reconciliación con el teatro gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cartelera y críticas”, 9 setembro 2009, p. 51.

Refire que a compañía teatral Lagarta Lagarta foi a encargada de inaugurar o quinto Festival de Teatro Galego celebrado no Carballiño. Salienta o traballo dalgúns dos actores e fai referencia ao argumento da obra, á iluminación e ao acompañamento musical. Por último, destaca que quizais este sexa un dos mellores traballos realizados pola compañía.

- Concha Pino, “La suerte pasa por la Rúa do Vilar”, *La Voz de Galicia*, “Patio de vecinos”, 9 setembro 2009, p. 16.

Comenta que o mundo da novela nutre en moitas ocasións o cine ou o teatro, como o caso da obra de Alejandro Palomas, *O secreto de Hoffman*, que foi adaptada por Roberto Salgueiro para ser representada pola compañía Lagarta Lagarta. Comenta que a obra está dirixida por Rosa Álvarez e salienta do cadro escénico a Mabel Rivera, Belén Constenla, Ernesto Chao, Xosé Barato e Rebeca Montero.

- Camilo Franco, "Montaxes para o outono", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", 18 setembro 2009, p. 4.

Infórmase de dúas montaxes: *O secreto dos Hoffman*, da compañía Lagarta Lagarta, posta en escena dun texto narrativo de Alejandro Palomas en Narón; e *A esmorga*, de Sarabela Teatro en Ourense, en conmemoración do aniversario de Blanco Amor e a súa novela, volvendo a un texto que xa levara ao teatro hai unha década.

- Inma López Silva, "O segredo de Lagarta Lagarta", *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, n.º 149, "Teatro", outubro 2009, p. 76.

Dá conta do labor como directora de Rosa Álvarez co gallo da estrea desta peza da man da compañía Lagarta Lagarta. Sinala o seu debut coa obra *Aeroplanos*, de Carlos Gorostiza e coa mesma compañía, para salientar deseguido a adaptación da novela homónima de Alejandro Palomas por parte de Roberto Salgueiro xunto a aspectos audiovisuais e de interpretación na posta en escena da peza teatral. Tras apuntar de forma concisa a súa temática, destaca as figuras de Ernesto Chao, no papel de Adolfo Hoffman; de Rebeca Montero e de Xosé Barato. Subliña asemade a inclusión do texto narrativo na linguaxe da obra, a xeito de reivindicación da palabra no teatro, así como a traxectoria da compañía, con obras como *Fobias* e *Carambola*.

- Patricia Abet, "El secreto de los Hoffman, o una radiografía de la familia", *ABC*, "Artes & Letras", n.º 10, "Teatro", outubro 2009, pp. 8-9.

Informa da posta en escena d'*O segredo dos Hoffman*, dirixida por Rosa Álvarez e Marta Sacau e representada pola compañía Lagarta Lagarta. A partir da definición de segredo de María Moliner, comenta a temática desta peza teatral e a adaptación que Roberto Salgueiro levou a cabo da novela homónima de Alejandro Palomas. Nun apartado intitulado "Escenario intermitente", subliña a división da acción sobre o escenario durante a súa representación, así como o xogo de luces que dirixe a mirada dos espectadores e espectadoras. A seguir comenta o seu argumento e, no seguinte punto, "El sentido de lo atemporal", destaca o humor presente na obra, as confrontacións dialécticas dos personaxes e os duelos interpretativos entre algúns deles. Noutro apartado, "La novela", explica a adaptación da peza de teatro a partir da novela homónima antedita, merecente en 2008 do VII Premio de Novela Ciudad de Torrevieja e estabelece unha comparación entre esta adaptación e a realizada a partir da novela *Tanta vida*, transformada, tamén por Palomas, nun filme sobre os avatares dunha familia de mulleres. Sinala asemade a claridade e simplicidade léxicas deste guionista. Finalmente, nunha breve sección titulada "La gira", menciona as diferentes representacións desta peza que terán lugar en Pontevedra, Vigo, Ourense, A Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol.

- Belén López, "Pontevedra quere ser 'cultural", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 14 outubro 2009, pp. 66-67.

Dá conta da presentación que realizou o Concello de Pontevedra do programa de actividades culturais que vai levar a cabo baixo o título de "Cutural". En relación ao teatro comenta que estarán presentes dúas compañías galegas coas súas montaxes máis recentes; tamén cita outras obras a representar: *Pan. Catro propostas arredor da malla*, de Vota e Dálle; *Kvetch, o rosmón*, de Teatro do Morcego; *Náufragos*, de Teatro

Galileo e *O segredo dos Hoffman*, de Lagarta Lagarta.

- Camilo Franco, "Os dramas da xente estupenda", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 19 outubro 2009, p. 59.

Comenta a nova produción teatral da compañía Lagarta Lagarta, baseada na novela homónima de Alejandro Palomas e dirixida por Rosa Álvarez. Destaca a súa sinxeleza lingüística e deixa entrever a calidade case prototípica dos personaxes, a montaxe non demasiado pretenciosa e unha dinámica excesivamente austera.

- M. Dopico, "As vellas pantasmas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O escaparate galego", 21 outubro 2009, p. 35.

Informa da estrea desta peza, dirixida por Rosa Álvarez e representada pola compañía Lagarta Lagarta, como parte do programa da Feira Galega das Artes Escénicas. Tras sinalar a presentación da obra por parte da súa directora, menciona a adaptación da novela homónima de Alejandro Palomas xunto á creación da compañía en 2001 por ela mesma e Ernesto Chao, así como os horarios das diferentes representacións. Nun apartado intitulado "Datos", salienta o gran labor do equipo en canto á música, a iluminación e a escenografía e menciona outras obras desta compañía como *Aeroplanos*, *As últimas lúas*, *Carambola*, *Fobias* e *Cartas de amor*. Remata destacando a algúns membros do elenco como Ernesto Chao, Belén Constenla, Xosé Barato e Rebeca Montero.

- A. D., "El grupo Lagarta Lagarta reflexiona sobre la vida por partida doble", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 29 outubro 2009, p. 17.

Comenta dúas representacións da compañía Lagarta Lagarta: *Aeroplanos* e *O segredo dos Hoffman*, dirixidas ambas por Rosa Álvarez. No referente á primeira delas, baseada nun texto de Carlos Gorostiza, describe brevemente o seu fío argumental e salienta as figuras dos actores Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira, "Pico". Subliña a intención da Concellaría de Cultura de poñer á disposición da cidadanía o maior número posíbel de pezas teatrais malia a crise. Baixo o título de "Adaptación" dá comezo un apartado no que se describe a segunda das obras anteditas. Sinala, así pois, a súa adaptación da novela homónima de Alejandro Palomas por parte de Roberto Salgueiro e menciona os actores Xosé Barato e Ernesto Chao e as actrices Belén Constenla e Rebeca Montero, para despois pasar a comentar o seu argumento. Remata reproducindo os comentarios da directora sobre as posíbeis aplicacións da temática da peza á realidade social.

- Rubén Bruña, "La familia y sus desencuentros", *La Opinión*, "A Coruña", 5 novembro 2009, p. 13.

Dá conta da posta en escena d'*O segredo dos Hoffman* pola compañía Lagarta Lagarta e baixo a dirección de Rosa Álvarez, que tivo lugar no Teatro Rosalía de Castro da cidade herculina. Tras apuntar de xeito conciso o seu argumento, sinala a súa adaptación da novela homónima de Alejandro Palomas e destaca os actores Ernesto Chao e Xosé Barato e as actrices Belén Constenla e Rebeca Montero. Despois da mención doutra das obras desta compañía, *Aeroplanos*, na que destaca a presenza de actores como Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira, describe en catro liñas a súa traxectoria con obras como *Cartas de amor*, *Fobias*, *Carambola* e *As últimas lúas*.

- Ana López, "Non me plantexo o de ser director; para selo tes que ter unha historia que contar", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 6 novembro 2009, p. 76.

Entrevista ao actor Xosé Barato co gallo da posta en escena da obra na que participa, *O segredo dos Hoffman*, da compañía Lagarta Lagarta no Teatro Principal de Pontevedra. Tras un breve apuntamento biográfico, no que se destaca o Premio Mestre Mateo 07 como Mellor Comunicador de Televisión, dá comezo a conversa arredor de cuestións como o seu traballo de presentador no programa *Historias de Galicia*, a súa dedicación en exclusiva á interpretación, a súa traxectoria como actor no referido á crise e aos seus distintos emprazamentos e a súa negativa a formar parte do eido da dirección teatral.

- O. A. Martínez Sevilla, "Lagarta Lagarta", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "La columna", 10 novembro 2009, p. 13.

Informa da nova produción da compañía Lagarta Lagarta, adaptada da novela homónima de Alejandro Palomas por Roberto Salgueiro. Repasa o argumento da peza prestando especial atención aos personaxes e salientando a linguaxe clara, o labor de dirección de Rosa Álvarez, os actores Ernesto Chao e Xosé Barato e as actrices Rebeca Montero e Belén Constenla.

- Manuel Xestoso, "Os que falan mal do teatro galego adoitan ser os que nunca acoden a unha representación", *A Nosa Terra*, n.º 1.381, "*Cultura*", 12-18 novembro 2009, p. 27.

Dá conta da creación da compañía Lagarta Lagarta da man do actor Ernesto Chao. Tras apuntar a traxectoria teatral do actor, salientando feitos como a súa participación na creación do Centro Dramático Galego, profunda nas orixes da súa compañía destacando a colaboración de Rosa Álvarez na súa fundación. Menciona asemade algúns dos proxectos que deron pé ao asentamento da compañía, como por exemplo *Fobias*, de Xosé Luís Prieto, merecente do premio María Casares ou *As últimas lúas*, de Furio Bordón. Dedica especial atención ao proxecto *Aeroplanos*, prolongado durante seis meses máis do previsto por mor do seu éxito no despacho de billetes, así como ao seu máis recente espectáculo, *O segredo de Hoffman*, adaptado por Roberto Salgueiro da novela de Alejandro Palomas. Destaca o labor de iluminación de Alfonso Parra, a música de Fran Pérez, a presenza de Alejandro Palomas na estrea en Narón e o debut do actor Xosé Barato no teatro profesional, de quen comenta cómo grazas ao seu labor como presentador do programa de televisión *Historias de Galicia* conseguiu pasar a formar parte do elenco desta peza teatral.

Lagrancosaverde (1): *Os famosos non comen porco teixo*, dirección Alfonso Blanco.

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- C. Botrán, "Blanco: 'Mi obra es una parodia sobre la comida", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 maio 2009, p. 41.

Entrevista ao creador do grupo teatral Lagrancosaverde, Alfonso Blanco, que volve cunha nova produción da triloxía sobre os hábitos alimentarios. Comenta que se trata dunha mestura de vídeos, comentarios, performance, humor, etc. Finalmente afirma que a obra vai impactar ao público e que continúa co tema da alimentación.

- V. Oliveira, "Moral de ferro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Teatro", 17 outubro 2009, p. 36.

Dá conta da estrea do espectáculo teatral *Os famosos non comen porco teixo*, por Lagrancosaverde e dirixido por Alfonso Blanco, que tivo lugar no Auditorio de Riveira. Tras mencionalo como segunda parte dunha triloxía sobre a comida en proceso de redacción -cuxa derradeira parte leva o título de *A verdadeira historia do home que pesaba 450 quilos*- sinala os seus xermolos no programa de televisión *Supervivientes* para despois profundar na súa temática. Subliña doutra banda a pésima situación dos novos dramaturgos galegos, marxinados fronte ao teatro en lingua castelá, así como da preponderancia do texto sobre a caricatura nas publicacións en xornais. Fai un percorrido pola traxectoria profesional do director, destacando a súa peza curta *O soño de Ofelia* (2005), merecente dun premio no certame de novos valores "Na Vangarda", e o seu labor como humorista gráfico nos xornais *Galicia Hoxe* e *El Correo Gallego*. Conclúe coa mención do seu vindeiro proxecto, un wéstern.

Lagrancosaverde (2): *Teño unha cacerola chea de lentellas*

Referencias varias:

- U. L., "El teatro centra la programación cultural padronesa durante el mes de noviembre", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 10 outubro 2009, p. 13.

Anúnciase a programación de outono, que comeza coa obra *E ti, quen ves sendo?*, de Talía Teatro, mentres que a Mámoa presenta *Só unha noite*. Por outra banda, salienta Teatro Lagrancosaverde, con *Teño unha cacerola chea de lentellas*, e Teatro Candelexas.

Lameiro: *A vinganza da Petra*

Ver Terras do Orcellón, IIIª Mostra de Teatro Amador

Luzada: *O testamento do tío Lelé*

Ver Monterroso, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado de

Malasombra: *O día do pai*, dirección Marcos Orsi, texto Ana Graciani e Gabriel Olivares, adaptación Xoque Carbajal.

Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- C. G., "Yllana y Matarile teatro actuarán en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 xaneiro 2009, p. 39.

Comenta que o teatro volve ser o protagonista da programación cultural da Estrada e informa sobre as compañías que van participar, entre elas actuará Malasombra con *O día do pai*.

Maquinaria Pesada: *As vingadoras*, dirección John Wright.

Ver Campás Teatro, Ciclo
Ver Circo en Escena, Iª edición de

Referencias varias:

- C. G., "Yllana y Matarile teatro actuarán en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 xaneiro 2009, p. 39.

Comenta que o teatro volve ser o protagonista da programación cultural da Estrada e informa sobre as compañías que van participar, entre elas Maquinaria Pesada coa obra *As vingadoras*.

- Camilo Franco, "As vengadoras", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 febreiro 2009, p. 9.

Destaca o papel da televisión na sociedade e afirma que realizar unha parodia da televisión no teatro é unha boa idea. Tal é o que acontece coa obra *As Vingadoras*, estreada no Salón Teatro.

- Manuel Beceiro, "Clown' en el Salón Teatro", *La Voz de Galicia*, "Patio de vecinos", 15 febreiro 2009, p.16.

Entre outras cuestións alleas á Literatura galega, comenta que o clown foi o protagonista no Salón Teatro de Compostela da man da compañía Maquinaria Pesada, que representaron este espectáculo. Tamén cita as actrices protagonistas: Marián Bañobre e Isabel Risco.

- A. Rodil, "Los monfortinos podrán disfrutar de nueve obras de teatro este otoño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 23 setembro 2009, p. 20.

Comenta que o Concello de Monforte ten preparadas nove representacións teatrais para un público infantil e adulto. Entre as destinadas aos adultos menciónase a representación d'*As vingadoras*, por Maquinaria Pesada.

- A. Rodil, “Sarabela Teatro conquista al público infantil con el espectáculo ‘Cósima”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 16 novembro 2009, p. 12.

Apunta as estreas de *OBRA (no comment)*, da compañía PT Excéntricas; *As Vingadoras*, do grupo Maquinaria Pesada e *Anxeliños*, de Espello Cóncavo.

Máscara Producción: *Por diante...e por detrás*, texto Michael Frayn, dirección Xerome Calero.

Ver Vigo a escena, Ciclo

Referencias varias:

- Mar Mato, “Máscara Producción airea los secretos del teatro en ‘Por diante...e por detrás”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 24 outubro 2009, p. 71.

Comenta a posta en escena no auditorio do Centro Cultural Caixanova da cidade viguesa do vodevil *Por diante... e por detrás*, dirixido por Xerome Calero e representado pola compañía Máscara Producción. Sinala que consiste nunha adaptación do filme *Que ruina de función*, da década de 1990, adaptado á súa vez da peza teatral de Michael Frayn de título homónimo. Reproduce, por último, dous comentarios do director sobre o obxectivo e a estruturación da comedia.

- Gustavo Luca, “Pirandello á procura dun prato de sardiñas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.381, “*Cultura*”, “Teatro”, 12-18 novembro 2009, pp. 29-30.

Dá conta da estrea de *Por diante...e por detrás*, unha adaptación da comedia *Noises off*, de Michael Frayn, levada a cabo pola compañía Máscara Producción. Tras salientar os puntos fortes da súa temática, comenta algúns dos elementos que incorpora no desenvolvemento da súa acción como algún que outro aspecto do teatro de lei, a dobre visión cómica ou o relato confidencial. Destaca asemade unha exacta administración do tempo e da tensión dos diversos roles dos personaxes, unha técnica certamente elegante e o labor do seu director, Xerome Calero, así como a figura da actriz Beatriz Míguez xunto á do actor Marco Antonio Álvarez. Eloxia, a xeito de conclusión, a decisión de cambiar a tradución do título orixinal de *Non quero nin un ruído* (Antón Casal) polo título actual, *Por diante...e por detrás*, de maior efectividade en canto ao argumento da peza.

Miroscopio Perdicións: *Cachai*, texto e dirección Pepe de Jiménez.

Referencias varias:

- M. G., “Noia presenta su nueva programación cultural”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 22 xaneiro 2009, p. 39.

Comenta que o Concello de Noia presentou a súa programación cultural na que inclúe representacións teatrais e cita a participación de Miroscopio Producións con esta obra, ademais de Teatro do Morcego.

- L. G., "Arousa reviviu o golpe de estado de Chile", *Diario de Arousa*, 25 xaneiro 2009, contracuberta.

Dá conta da representación que a compañía Miroscopio Perdicións realizou no Auditorio Municipal de Vilagarcía. Comenta que a obra se centra na historia de dous mozos que intentan subsistir en Chile na época da ditadura. A seguir explica o significado do título, que é unha palabra da fala popular que reclama a invitación a pensar por un mesmo.

- Marta García Márquez, "Como un despertador de conciencias", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 18 outubro 2009, p. 13.

Informa da estrea de *Cachai?* na Coruña, obra da compañía Miroscopio Perdicións. Tras sinalar a concepción desta obra a raíz da representación en Chile doutra das súas pezas, *Deseo de ser piel roja*, describe o seu fío argumental e prosegue coa mención do seu director, Pepe Jiménez, e dunha posíbel equiparación á literatura fantástica por parte dos espectadores e espectadoras. Nun conciso apartado intitulado "ONU" subliña o labor desta representación ao respecto da loita contra a pobreza no mundo, xa que axuda á sensibilización social da realidade circundante.

Mofa e Befa: *Shakespeare para ignorantes*, texto Shakespeare e outros, dirección Quico Cadaval.

Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- maré, "O Shakespeare menos popular chega esta tarde á Sala Nasa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O escaparate galego", "Novidades", 21 outubro 2009, p. 35.

Dáse conta da posta en escena de *Shakespeare para ignorantes*, un relatorio didáctico protagonizado por Quico Cadaval, Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira (Mofa e Befa). Dise que a obra se representou na Sala Nasa da capital compostelá, formando parte da Feira Galega das Artes Escénicas. Indícase asemade a dispoñibilidade desta peza en liña e comenta brevemente o seu argumento.

Teatro **N+1**: *O día que voou Renata*, dirección Fusa Guillén.

Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Ni Fu Ni Fa Animacións: *Claro que si.*

Teatro de **Ningures** (1): *Atra Bile*, texto Laila Ripoll, dirección Etelvino Vázquez.

Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- E. F., "Terror, circo, humor y cabaret se unirán en el teatro Colón de la mano de Psicosis", *Diario de Ferrol*, "A Coruña", "Provincia", 26 xullo 2009, p. 23.

Presenta a programación do teatro Colón, da que se salientan como propostas teatrais para os adultos, entre outras, as representacións de *Historias tricolores*, da compañía de Candidó Pazó, e *Atra Bile*, por Teatro de Ningures.

- E. F., "Terror, circo, humor y cabaret se mezclarán en el teatro Colón de la mano de 'Psicosis", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 26 xullo 2009, p. 17.

Dá conta da programación proposta pola Fundación Caixa Galicia para os meses de setembro e outubro no Teatro Colón da Coruña. Entre os espectáculos teatrais salienta que a compañía de Cándido Pazó presentará *Historias tricolores*, e Teatro de Ningures representará *Atra bile*.

- V. Oliveira, "Tres mulleres para un velorio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 setembro 2009, p. 30.

Divúlgase a estrea da obra de Laila Ripoll traducida ao galego, *Atra Bile*, dirixida por Etelvino Vázquez e protagonizada por Casilda García, Sonia Rúa, Josi Lage, David Novas e Fran Paredes. Dise que trata a historia de tres irmás anciás, Nazaria, Daría e Aurora, que velan o cadáver de Pepe, o marido de Nazaria, a única que casou, con Ulpiana, a fiel criada delas. Coméntase que da comicidade á traxedia xorden os sentimentos de odio e envexa entre as tres. Para rematar dise que logo de estrearse no Carballiño, a obra representarase na Coruña e no Auditorio de Galicia.

- Camilo Franco, "Humor de dirección única", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 14 setembro 2009, p. 59.

Comenta a obra que está a representar Teatro de Ningures, *Atra bile*, e refire que se trata dunha peza na que se recupera o costume de facer os velorios nas casas. Indica que a obra debería chegar a ser un esperpento pero queda só nun "sainete de situación". Ademais tamén salienta a parodia dos personaxes que son máis ou menos prototípicos e, finalmente, critica outros aspectos da obra.

- Manuel Xestoso, "O xogo da morte", *A Nosa Terra*, n.º 1.386, "Cultura", 17-23 decembro 2009, pp. 32-33.

Fala da obra *Atra bile*, da compañía Teatro de Ningures. Sinala que é difícil descifrar "se estamos ante un drama desmesurado ou ante unha comedia negra", que se sitúa no terreo do esperpento para incorporar outros elementos como a violencia, o patetismo ou o humor. Ademais de relatar aspectos do argumento, considera que a obra é un exercicio

de imaxinación teatral, a respecto da afinidade que ten con *A Casa de Bernarda Alba*. Por último, destaca o traballo do trío de actrices.

Teatro de **Ningures** (2): *Cómicos Delláuto*

Ver Cangas, XXVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Teatro de **Ningures** (3): *Desembarco dos turcos. María Soliño*, texto Xosé Manuel Pazos Varela, dirección Casilda Alfaro e Pepa Barreiro.

Ver Cangas, XXVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Nobicarelo Teatro: *Comedia bífida*, texto Manuel Núñez Singala, dirección Tero Rodríguez.

Referencias varias:

- Damián Pereira, "Comedia bífida' achega a 1.200 mozos a situación da lingua galega", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Cultura", 23 outubro 2009, p. 7.

Informa da posta en escena de *Comedia bífida* pola compañía Nobicarelo Teatro no Auditorio de Vilagarcía. Comenta a súa anterior representación a cargo do instituto Valle Inclán de Pontevedra e salienta a actual como froito dunha iniciativa levada a cabo polas Concellarías de Educación e Cultura co obxectivo de dar a coñecer a pésima situación pola que está a atravesar a Lingua galega. Nun conciso apartado intitulado "Proposta" menciona ao seu director, Manuel Núñez, e a colaboración da editorial Galaxia por medio do regalo de exemplares do libro do devandito autor, *En galego, por que non?*. Menciona por último a temática da peza teatral e os comentarios do edil de Cultura, Xosé Castro Ratón, e da concelleira de Educación, Susana Camiño, a favor da normalización da Lingua galega.

Non si? Teatro: *Lorqueando paseniño*, texto e dirección Mónica Sueiro.

Teatro do **Noroeste**: *Glass City*, texto e dirección Eduardo Alonso.

Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver FIOT, XVIIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Vilagarcía, Ciclo de Outono de Teatro Galego

Referencias varias:

- I. E. N., "La compañía Teatro do Noroeste estrenará en el Jofre 'Glass City", *Diario de Ferrol*, "Cultura/Gente/Servicios", 24 xullo 2009, p. 10.

Comenta que se vai estrear no teatro Jofre de Ferrol o último espectáculo de Teatro do Noroeste, *Glass City*. Explica que se trata dun musical no que interveñen catorce actores e que está ambientado na Coruña de 1958. Finalmente, en palabras do director, salienta o traballo de documentación que tivo que realizar e comenta a interpretación dalgúns dos actores.

- Marcos Sueiro, "O musical 'Glass City' recupera os veráns dos Franco na Coruña", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 18 agosto 2009, p. 42.

Comenta que a compañía Teatro do Noroeste está a preparar o seu novo espectáculo, *Glass City*, que fará a súa estrea en Ferrol. Explica que se trata dunha obra que mestura música, danza e interpretación e que se ambienta na Coruña dos anos 50 cando Franco viña de veraneo á cidade. Fai referencia a algúns dos actores e aos papeis que interpretan. Finalmente, en columna á parte achega a opinión do director da obra.

- Ana López, "Del surrealismo de Man Ray a un musical made in A Coruña", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 3 setembro 2009, p. 69.

Dá conta do programa que presenta Caixanova para a cidade de Pontevedra e, en columna á parte, refire as representacións teatrais que se van realizar, entre as que aparece a obra *Glass City*, de Teatro do Noroeste.

- Silvia Camesella, "Más de medio centenar de actividades culminan el 25 aniversario de Caixanova", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 setembro 2009, p. 37.

Ofrece a programación cultural de Caixanova en Vigo para o último cuadrimestre do ano. En relación ao ámbito escénico galego cita a obra *Glass City*, entre outras.

- J. A. Martínez Sevilla, "Teatro gallego", *El Ideal Gallego*, "La columna", 19 setembro 2009, p. 12.

Comenta varios espectáculos teatrais e, entre eles, cita a actuación de Teatro de Noroeste no teatro Jofre de Ferrol con esta obra, salientando a súa autoría e dirección.

- M. J. R., "Teatro do Noroeste viaxa ás orixes da revolución xuvenil nun musical ambientado na Coruña do 58", *Diario de Ferrol*, "Cultura/Gentes/Servicios", 22 setembro 2009, p. 10.

Comenta que Teatro do Noroeste vai estrear no teatro Jofre de Ferrol este último espectáculo e explica que a obra se centra nos anos cincuenta da cidade da Coruña. Indica que a peza consta de dez cancións e achega breves comentarios do director e da actriz Luma Gómez. En columna á parte, dá conta dos catorce actores que conforman o plantel.

- A. Rodil, "Los monfortinos podrán disfrutar de nueve obras de teatro este otoño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 23 setembro 2009, p. 20.

Comenta que o Concello de Monforte ten preparadas nove representacións teatrais para un público infantil e adulto. Entre as obras destinadas aos adultos menciónase a representación de *Glass City*.

- Carlos Caetano Biscaínho Fernandes, "Glass City e as evidencias da fraxilidade do sistema teatral", *Revista de Teatro Galego*, n.º 61, "Espectáculos", inverno 2009, pp. 125-126.

Comeza admirando a figura de Eduardo Alonso, empresario teatral, por realizar unha produción de amplo reparto, con catorce intérpretes, e por garantir unha distribución "digna" do espectáculo, obtendo unha corentena de representacións. Alúdese á obra *Glass City*, de Teatro do Noroeste, da que sinala varias "virtudes", entre elas a posta en valor do teatro musical galego. Considera que hai algunhas escenas "excesivamente estáticas" e que se repiten as solucións dramáticas, anulando o factor sorpresa nos bailes e nas cancións. Por outro lado, indica que se evidencia débil a dirección actoral e detecta serios problemas de ritmo. A raíz destes elementos realiza unha reflexión sobre o actual panorama escénico galego, con respecto ao que admite sospeitar que a concentración de funcións na figura do empresario está a revelar "as debilidades estruturais do noso sistema teatral".

- M. Beceiro, "Glass City' é unha reflexión sobre unha época esquecida", *La Voz de Galicia*, "Santiago al día", 2 outubro 2009, p. 2.

Comenta que a compañía Teatro do Noroeste presentará en Santiago este novo espectáculo, co que se abre a próxima tempada do Centro Dramático Galego. A seguir, achega unha entrevista do seu director, quen fala sobre o éxito que tiveron en Ferrol e tamén comenta de qué trata a obra, ambientada na cidade da Coruña. Outros aspectos que destaca son o tempo que pasou para documentarse e as axudas que recibiron para levar a cabo o espectáculo.

- E. P., "Máis de trinta funcións de teatro e danza na nova temporada do Salón Teatro", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 outubro 2009, p. 60.

Informa que no novo ciclo de programación trimestral que se desenvolverá no Salón Teatro de Santiago estará como compañía inaugural Teatro do Noroeste, co espectáculo *Glass City*. Tamén refire cómo coller as entradas e os prezos, ademais de ofrecer datos sobre outros espectáculos.

- C. P., "O mellor da música para 'Glass City' son as voces dos actores que cantan", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 13 outubro 2009, p. 12.

Refire que Teatro do Noroeste vai representar o seu último espectáculo, *Glass City*, e defíneo como un musical con cancións creadas por Bernardo Martínez, de quen achega unha breve entrevista. Martínez comenta as dificultades que atopou para crear a obra e indica que as letras das cancións pertencen a Eduardo Alonso.

- Camilo Franco, "Non dan matado a Franco", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 16 outubro 2009, p. 59.

Dá conta da nova produción da compañía Teatro do Noroeste, *Glass City*, grafada e

dirixida por Eduardo Alonso. Salienta os seus aspectos musicais, cómicos e de suspense, ademais de incidir nunha montaxe "mal administrada".

- M. B., "O meu personaxe é o menos represivo de todos os de 'Glass City", *La Voz de Santiago*, "A pie de calle", 18 outubro 2009, p. L16.

Informa, por medio dunha breve entrevista ao actor Xavier Estévez, da derradeira posta en escena do musical *Glass City*, da compañía Teatro do Noroeste. Subliña o labor do antedito actor, co que fala sobre o seu rol na obra, o baile, o tema da represión daquela época de 1958 e doutros papeis seus en filmes como *Celda 211* ou na serie de televisión *Matalobos*.

- J. B., "A Coruña ofrece la representación del musical 'Glass City', que recrea la ciudad de 1958", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 outubro 2009, p. 50.

Anúnciase a estrea do musical *Glass City* no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Saliéntase o labor do director, Eduardo Alonso, quen define o musical como un "espectáculo para o gran público", así como a presenza dos actores Xavier Estévez e Carlos Mosquera e da actriz Luma Gómez. Por último menciónase a saída ao prelo dunha versión do musical en libro-disco editado por Espiral Maior e o prezo das entradas.

- J. A. Martínez Sevilla, "Más luz a Glass City", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "La columna", 29 outubro 2009, p. 15.

Comenta a posta en escena do musical *Glass City*, dirixido por Eduardo Alonso e levado a cabo pola compañía Teatro do Noroeste no teatro Rosalía de Castro. Nun primeiro apartado salienta o labor de dirección e a escenografía, xunto a unha dinámica representación que conxuga teatro, danza, espazo dramático e música. Porén, non concorda co vestiario deseñado polo escenógrafo Paco Conesa. Tamén destaca a figura do compositor e director musical Bernardo Martínez; as dos músicos, bailaríns e bailarinas e a da coreógrafa Chedes Suárez.

- Inma López Silva, "O don de encher teatros", *Tempos Novos*. *Revista mensual de información para o debate*, n.º 150, "Crítica", "Teatro", novembro 2009, p. 88.

Comeza apuntando que non soporta os musicais, pero di que acudiu a ver a obra *Glass City* por "un exercicio de responsabilidade profesional" e pola conciencia do "concepto de espectáculo que manexa Eduardo Alonso", o director da peza. Ademais de sinalar algúns aspectos do argumento, opina que é unha "música escoitábel" pero que as coreografías resultan "pouco convincentes". Dá conta do elenco de intérpretes e apunta que o papel de Maxo Barjas resulta "excesivamente melodramático, mesmo telenovelesco". Finaliza manifestando que *Glass City* non é "o peor que ofrece a carteleira teatral estes días".

- A. F., "Glass City' de Teatro del Noroeste se representa esta noche en Tui", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Baixo Miño", 13 novembro 2009, p. 18.

Informa da representación do musical *Glass City* en Tui, da compañía Teatro do Noroeste, dirixido por Eduardo Alonso. Explica os xermolos do título e subliña unha

montaxe dinámica e ateigada de coreografías con música rock. Menciona por último o éxito obtido anteriormente en Ferrol e o prezo das entradas.

- Beni Yáñez Pérez, "Teatro do Noroeste reinterpreta en Vilagarcía os veraneos de Franco en A Coruña", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Musical", 15 novembro 2009, p. 25.

Dá conta da estrea do musical *Glass City*, por Teatro do Noroeste, no Auditorio de Vilagarcía de Arousa como parte do ciclo de teatro de outono. Subliña dúas cuestións fundamentais a medida que comenta en detalle o seu fío argumental: o espazo (A Coruña) e o tempo (setembro de 1958). Outros acontecementos retratados que destaca nesta posta en escena son a inauguración da Sociedade Hípica, da Fábrica de Armas ou mesmo unha cea de gala no Pazo do Concello na que se interpreta o Himno Galego.

- Manuel Xestoso, "Crónica irónica", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "Cultura", 19-25 novembro 2009, pp. 31-32.

Presenta a obra *Glass City*, que inclúe no terreo da ironía e da que comenta que se acolle a unha "estética *camp*", homenaxeando ademais os lugares comúns da época do "rock'n'roll", sen "caer na frivolidade". Despois de sinalar as tres liñas dramáticas que se mesturan no argumento, opina que o espectáculo evoca e suxire a través dos diálogos e da interpretación, sen afondar en ningún dos temas. Noutra orde de cousas, aplaude a ambición dunha montaxe destas características e o feito de dar oportunidade a novos autores.

- Clara Aldán, "Carmen Polo en Vilagarcía", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "A praza da verdura", 20 novembro 2009, p. 25.

Menciónase, entre outras cousas, a intervención do concelleiro de Cultura, Xosé Castro, na presentación da obra *Glass City* enVilagarcía. Afírmase que se trata dunha recreación do ambiente coruñés da época na que Francisco Franco viaxaba á cidade herculina. Finalmente comenta que a actriz Luma Gómez fai o papel de Carmen Polo, esposa do ditador.

Teatro **Nú**: *Coa palabra na lingua. Concerto en dúas linguas para dous actores e un músico*

Ver Campás Teatro, Ciclo

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Coa palabra na lingua", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 26 novembro 2009, p. L9.

Infórmase, entre outras novas, da representación teatral na Sala Santart de *Coa palabra na lingua*, da que se di que o elenco traballa "na navegación pacífica e lírica entre o galego e o portugués".

Nut Teatro: *Peep show*, dirección Carlos Neira.

Ver Campás Teatro, Ciclo

Referencias varias:

- Belén López, "Peep show' na Casa das Campás", *Diario de Pontevedra*, 19 abril 2009, contracuberta.

Describe o espectáculo que está a representar a compañía Nut Teatro en Pontevedra, titulado *Peep show*. Indica que é unha obra que segue a liña doutra anterior, *Corpos disidentes*, na que as actrices mostran un espectáculo sexual, dirixidas por Carlos Neira. Comenta que o obxectivo da obra é reflexionar sobre este tipo de espectáculos e que as protagonistas, mediante unha voz en *off*, van explicando cómo chegaron a esa situación na que se atopan, intentando involucrar ao espectador.

Ónfalo Teatro: *Neuras*, texto María Xosé Queizán, dirección Ana Contreras e Afonso Becerra.

Referencias Varias:

- M. Dopico, "As neuras da sociedade", *Galicia Hoxe*, "*Maré Hoxe*", n.º 19, 19 novembro 2009, p. 32.

Informa da estrea en Cangas da comedia *Neuras*, unha peza teatral de María Xosé Queizán que leva a escena a compañía Ónfalo Teatro. Dá conta da dirección e do elenco que interpreta a peza. Recóllense brevemente as declaracións sobre a obra da súa directora e coméntanse os temas abordados polo texto, como a relación conflitiva do suxeito contemporáneo co corpo ou a inhibición sexual do home fronte aos avances da muller.

- M. B., "O teatro debe incomodar e non ser compracente, para iso está a televisión", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "Cultura", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 22.

Entrevista ao director de teatro Afonso Becerra, que dirixe, xunto a Ana Contreras, o espectáculo *Neuras*. Valora o feito de que esta posta en escena supoña a primeira vez que se representa unha obra de María Xosé Queizán e sinala que o debut cunha peza dela é "unha declaración de principios". Por outro lado, comenta que a proposta desta compañía non é estar ao servizo do texto, pois pénsase que o teatro se escribe sobre o escenario. Ademais, opina sobre o panorama teatral galego, do que di que convive "un teatro clásico con compañías emerxentes que exploran novas linguaxes" e que moitos dos problemas do teatro proveñen dunha mala xestión, non de que "falle algo" co público.

Grupo **Ouriol**: *De amor e morte*

Palimoco Teatro: *Xulietas*

Quico Cadaval: *Conversatorio: medidas variables*

Ver Cangas, XXVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Referencias varias:

- Alberto Ramos, "Sempre tiven un prezo, son un prostituto verbal", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que calor*", "Entrevista impertinente", 19 agosto 2009, p. 21.

Refire que Quico Cadaval está a representar a súa nova obra de teatro, que consiste en estar nun escaparate falando con aquel que queira polo prezo dun euro. A seguir achega unha entrevista ao dramaturgo, quen comenta cómo lle naceu a idea deste espectáculo e tamén fala sobre a adaptación *As Dunas*, de Manuel Lourenzo. Por último, fai referencia á súa participación no *Operación Triunfo* portugués e comenta que el segue a vivir dos contos.

- Lorena Bustabad, "Confesiones privadas por un euro", *El País*, "Galicia", 21 agosto 2009, p. 8.

Fala sobre o novo proxecto artístico que está a desenvolver Quico Cadaval, que consiste nun faladoiro de nove minutos nun escaparate dunha tenda de Ferrol. O título deste proxecto é *Conversatorio: medidas variables* e aqueles que queiran conversar teñen que pagar un euro. Comenta que o relatorio consta de seis regras e indica que esta actividade forma parte do programa "O Jofre fóra de si". Por último, refire que esta non é a primeira vez que Cadaval experimenta con esta actividade.

- Roberto G. Méndez, "Conversar es uno de los placeres honestos del hombre", *El Correo Gallego*, "Esta boca es mía", 28 agosto 2009, p. contracuberta.

Comeza citando unhas palabras que Quico Cadaval escribiu en *El País* sobre a arte de conversar, para continuar facendo referencia ao teatro que está a crear nun escaparate dunha tenda de Ferrol, onde conversa con quen queira durante nove minutos e por un euro.

Rababiero Produciones: *Noites de retranca*

Referencias varias:

- Isabel Bugallal, "A mi edad no voy a explicar cómo se liga", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 31 decembro 2009, p. 65.

Entrevista ao actor Manuel Manquiña, a propósito da estrea en Vigo do seu novo

espectáculo *Noites de retranca*, xunto aos humoristas Sergio Pazos e Javier Veiga. Ademais de sinalar que se trata dun proxecto de Rababiero Producciones, a entrevista avanza combinando preguntas persoais co humor. Apunta, entre outras cousas, que o seu próximo proxecto é rodar unha comedia en Chantada.

Redrum Teatro: *A pensión*, texto Alex Sampayo, Víctor Sierra e María S. Ferreiro, dirección Alex Sampayo.

Ver Ribadavia, XXVª Mostra Internacional de Teatro de
Ver Teatro Principal

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A Pensión", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 12 marzo 2009, p. 9.

Salienta que na obra *A Pensión* dous dos recursos destacados son o suspense e o medo, recursos que, segundo indica, non son habituais no xénero teatral xa que normalmente se aplican ao cine, mais afirma que tanto un coma o outro dependen dos espectadores e non do xénero no que se empregan.

- L. R., "Redrum Teatro invita a pasar medo en Ribadavia", *La Región*, "Provincia", 19 marzo 2009, p. 18.

Dentro da programación que ofrece a Concellaría de Cultura de Ribadavia inclúese un ciclo de teatro que se inaugura coa compañía Redrum Teatro, que levará a escena *A pensión*. Comenta que o director da obra destaca o suspense e os antecedentes cinematográficos que amosa a peza. Tamén cita aos actores que participan e, a continuación, informa que o programa continuará en abril coa participación de Teatro do Noroeste representando *Extrarradios*.

- Camilo Franco, "Arredores do medo", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 23 marzo 2009, p. 59.

Fai referencia a esta obra que Redrum Teatro está a representar, enmarcada dentro do xénero de terror. Comenta que poucas veces unha obra teatral se centra neste xénero e indica que se ambienta nunha pensión para estudantes do centro de Compostela. Refire que ao comezo parece unha comedia e logo vai pasando a unha atmosfera de medo. Por último, informa dos autores, o director e o elenco de actores.

Ruso Negro: *Fratelli negroni, swing & mentiras*

Ver Cee, 'Domingos de Teatro. Marzo Teatral', XXIIª Mostra de Teatro de

Sarabela Teatro: *A esmorga*, texto Eduardo Blanco Amor, dirección Ánxeles Cuña Bóveda.

Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Referencias varias:

- Sonia Torre, "Unha homenaxe teatral e cinematográfica", *La Región*, "Ourense", 14 xuño 2009, p. 10.

Comenta que para celebrar medio século de vida a compañía Sarabela Teatro vai levar a escena a obra coa que se iniciaron, *A esmorga*. Indica que nesta ocasión hai moitos cambios, como a participación da actriz Rosa Álvarez, e o único que se mantén é o texto. A directora da compañía tamén informa que realizarán o Roteiro da Esmorga facéndoo máis vivo e teatral. A continuación, fai referencia á adaptación cinematográfica que se realizou da obra.

- S. E., "Sarabela se estrena en septiembre como compañía residente con la obra 'A Esmorga", *La Región*, "Ourense", 15 agosto 2009, p. 8.

Informa que a compañía teatral Sarabela vai representar no Auditorio de Ourense a adaptación da obra *A esmorga*, ademais, salienta que esta representación será a primeira actuación que fai o grupo como compañía residente. Comenta o beneficio de que a Axencia Galega de Industrial Culturais outorgue este título a determinadas compañías e lles ofreza unhas subvencións específicas. Tamén achega as opinións de Ánxeles Cuña, directora de Sarabela, sobre o tema.

- Javier Romero, "La Xunta financiará a los grupos de teatro apoyados por los concellos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 setembro 2009, p.42.

Infórmase de que a Xunta, por medio da Axencia Galega das Industrias Culturais, financiará, a través dun novo modelo de xestión, as empresas teatrais galegas. Explícase que este novo modelo se basea na creación de compañías teatrais residentes e os primeiros concellos en levalo a cabo son Ourense (coa compañía Sarabela Teatro), Santiago, Narón e Cangas. Logo céntrase no caso ourensán que xa conta cunha programación cultural regular de certames de teatro co apoio do concello baixo o nome de Teatrauria, organizados por Sarabela Teatro. Por último, fálase sobre a nova estrea d'*A esmorga* por parte desta mesma compañía.

- S. E., "Sarabela estrena su adaptación teatral de 'A Esmorga' con 12 funciones en el Auditorio", *La Región*, "Ciudad", 12 setembro 2009, p. 10.

Refire que se vai poñer en escena unha adaptación da obra *A esmorga* no Auditorio de Ourense, cun total de doce funcións. Explica que este espectáculo está incluído no programa de actividades que o Concello está a organizar para conmemorar o ano de Blanco Amor e salienta que será o primeiro espectáculo que Sarabela realiza como compañía residente, recibindo unha axuda económica do Concello e outra da Axencia Galega de Industrias Culturais.

- Camilo Franco, "Montaxes para o outono", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", 18 setembro 2009, p. 4.

Infórmase de dúas montaxes: *O secreto dos Hoffman*, da compañía Lagarta Lagarta, posta en escena dun texto narrativo de Alejandro Palomas en Narón; e *A esmorga*, de Sarabela Teatro en Ourense, en conmemoración do aniversario de Blanco Amor e a súa novela, volvendo a un texto que xa levara ao teatro hai unha década.

- Camilo Franco, "O realismo sempre é cruel", *La Voz de Galicia*, "Cartelera e críticas", 21 setembro 2009, p. 59.

Comenta que a compañía teatral Sarabela pon en escena por segunda vez a obra *A esmorga*, despois de trece anos. Indica que as principais diferenzas aparecen no campo da linguaxe e refire que nesta versión está contada toda a obra. Salienta o esforzo que tivo que facer a compañía e destaca da obra o seu realismo cruel.

- Manuel Xestoso, "A esmorga é un manancial inesgotábel", *A Nosa Terra*, n.º 1.374, "Cultura", 24-30 setembro 2009, pp. 20-21.

Comenta que se vai representar a adaptación da obra *A esmorga* para conmemorar o cincuenta aniversario da publicación desta novela de Blanco Amor. Indica que hai trece anos a compañía xa fixera a primeira representación, mais agora renovaron a interpretación da novela. A seguir, achega os comentarios de Ánxeles Cuña, directora de Sarabela, quen fai referencia á vixencia que ten esta obra e ao proceso de traballo. Nun último apartado do artigo, fai referencia ao feito de que Sarabela Teatro se convertese nunha compañía residente.

- Xan Carballa, "Tempo de aniversario para Eduardo Blanco Amor", *A Nosa Terra*, n.º 1.374, "Cultura", 24-30 setembro 2009, p. 21.

Fai un breve repaso polas vicisitudes e grandes dificultades na edición d'*A esmorga*, comenta que Ricardo Carballo Calero lle tivo "unha miga de desprezo" e resalta que o grupo ourensán Sarabela Teatro vén de revisitar teatralmente esta obra.

- Antonio Piñeiro, "Puro teatro", *La Región*, "Ourensalia", 29 setembro 2009, p. 21.

Comenta que foi ver a representación da obra *A esmorga* e indica que o grupo xa fixera unha primeira representación desta obra hai trece anos. Salienta a boa impresión que lle causou a peza e loa a directora e a algúns dos actores. Por último, recomenda ao público que asista a ver a representación.

- Carolina A. Piñeiro, "Ánxeles Cuña, trinta anos de teatro en Ourense", *Auria*, n.º 150, "Entrevista", outubro 2009, pp. 14-17.

Conversa na que Ánxeles Cuña comenta a súa chegada a Ourense, o comezo do seu contacto co teatro e o nacemento de Sarabela Teatro. Afirma que Sarabela é un exemplo de honestidade, de fidelidade e de entrega a un proxecto común e que os seus membros xurdiron dunha relación marabillosa entre dous centros da cidade de Ourense, a Universidade Laboral e o IES Otero Pedrayo. Finalmente refírese á última montaxe de Sarabela, *A esmorga*, da que sinala que a pesar de estar escrita hai cincuenta anos trata temas de actualidade como a opresión social, económica e sexual.

- Mar Mato, "Love of Lesbian arranca el programa cultural universitario", *Faro de Vigo*, "Vigo", 14 outubro 2009, p. 9.

Informa sobre o programa cultural universitario de Vigo e, en relación ao teatro, comenta que participarán as compañías: Chévere, coa obra *Testosterona*; Sarabela Teatro, con *A esmorga* e a compañía barcelonesa Pez en Raya.

- X. C., "Trimestre de Blanco Amor en Ourense", *A Nosa Terra*, n.º 1.381, "*Cultura*", 12-18 novembro 2009, p.32.

Co gallo do quincuaxésimo aniversario da publicación d'*A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, coméntase o programa de actividades a xeito de homenaxe á figura do autor. Sinálase como punto de partida a posta en escena da adaptación da súa obra por parte do grupo Sarabela Teatro, seguida dos proxectos do mes de novembro organizados por EBA 5.0, como un obradoiro de cabezudos a cargo da Compañía Viravolta, a presentación da peza musical *Mazurca dos Cabezudos da Esmorga*, do grupo Gómes Mouro, un *bookcrossing* na cidade auriense ou unha mostra das fotografías de Blanco Amor Coméntase asemade a edición dun libro ilustrado por Xaime Izaguirre que inclúe un xogo de mesa e unha versión en BD d'*A esmorga*, con Carlos Rafael Ramos como guionista; a produción dun CD con temas interpretados por varios grupos musicais e dun DVD inspirado nas *Farsas para Títeres* realizado pola Compañía Viravolta. Reprodúcese finalmente un calendario cos eventos máis importantes do programa.

- maré, "O mellor do 2009", *Galicia Hoxe*, "Maré Hoxe", n.º 23, 23 novembro 2009, p. 29.

Anuncia que o suplemento cultural de *Galicia Hoxe* lle dedicará ao día seguinte un monográfico aos catro "mellores acontecementos culturais do ano", elixidos por coordinadores e colaboradores habituais. Serán eles *Secesión*, de Chus Pato, como o mellor libro; *A esmorga*, de Sarabela Teatro, como a mellor montaxe; *41º 52' 59" latitude N/8º 51' 12"*, de Jorge Barbi, como a mellor exposición e a música de Kings of Convenience como o mellor concerto.

- S. E., "Los bailarines Canales y Rojas estrenan en el Principal su espectáculo 'Mano a Mano", *La Región*, "Ourense", 17 decembro 2009, p. 12.

Presenta a programación que ofrecerá o Teatro Principal de Ourense no primeiro semestre de 2010, que contará con trinta e nove espectáculos, marcados pola presenza da música e das artes escénicas. Entre as actividades coméntase a presenza de Sarabela Teatro coa montaxe d'*A esmorga*; de Matarile Teatro co espectáculo *Cerrado por aburrimiento*; de Talía Teatro con *Palabras encadeadas* e do Centro Dramático Galego coa obra de Roberto Vidal Bolaño *As actas escuras.* Para rematar, apunta que en abril terá lugar a décimo quinta edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Talía Teatro: *Palabras encadeadas*, texto Jordi Galcerán, dirección Artur Trillo.

Ver Cariño, XXXIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Cee, 'Domingos de Teatro. Marzo Teatral', XXIIª Mostra de Teatro de
Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- M. V., "Talía estrena en casa su último montaje, 'Palabras encadeadas", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", 1 maio 2009, p. 19.

Refire que a compañía Talía Teatro vai estrear a súa última montaxe no Concello de Cee, titulada *Palabras encadeadas*. Explica que a obra é un thriller psicolóxico do autor catalán Jordi Galcerán e que está dirixida por Artur Trillo. Comenta que é unha obra de misterio interpretada por dous actores, Toño Casais e María Ordóñez, que representan a un psicópata e a súa vítima. Salienta a complicada escenografía e os xiros dramáticos e indica que a obra é exclusivamente para un público adulto.

- M. B., "La premiada obra sobre violencia de género 'A piragua' vuelve a escena", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 24 xuño 2009, p. 9.

Refire que no Salón Teatro de Compostela se vai representar a reestrea d'*A piragua*, peza comentada. Ademais, en columna á parte, informa que no Teatro Principal terá lugar a representación da obra *Palabras encadeadas*, por parte da compañía Talía Teatro. Indica que é un texto de Jordi Galcerán, dirixido por Artur Trillo e coa interpretación de Toño Casais e María Ordóñez. Narra o contido da historia e salienta que o autor xoga con continuos cambios para que o espectador asuma a súa parte activa.

- Manuel Xestoso, "Thriller macabro", *A Nosa Terra*, n.º 1.365, "Cultura", 25 xuño-1 xullo 2009, pp. 35-36.

Comeza comentando que o thriller é máis ben un xénero do cinema que do teatro pero chega ao escenario na obra *Palabras encadeadas*, onde o protagonista, Ramón, confesa un crime ante Laura, a súa vítima. Indica que a obra está chea de emocións e que aparece cunha "arquitectura espléndida". Refire que o seu autor, Galcerán, fai uso das convencións xenéricas e emprega a ambigüidade que obriga ao espectador a reformular as súas conviccióǹs. Por último, fai referencia ao decorado desta montaxe de Talía Teatro, co que se transmite a sensación de anguria, e destaca o traballo dos actores, Toño Casais e María Ordóñez. Tamén afirma que a obra terá gran éxito.

- Camilo Franco, "Talía traballa coa canteira", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D Escenarios", 26 xuño 2009, p. 16.

Realiza unha entrevista a Artur Trillo pola dirección da obra *Palabras encadeadas*. Trillo explica por qué escolleu este texto de Jordi Galcerán e a súa decisión de dirixir e non actuar nesta montaxe. Tamén afirma que o éxito da compañía está en darlle continuidade aos actores e que haxa volume de traballo.

- Camilo Franco, "A desconfianza do espectador", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 4 xullo 2009, p. 67.

Comenta a obra creada por Jordi Galcerán, *Palabras encadeadas*, que Talía Teatro leva a escena, e salienta que se trata dun xogo sobre as versións da realidade. Explica en qué consiste a obra e cuestiónase se a verdade existe ou non.

- Silvia Camesella, "Más de medio centenar de actividades culminan el 25 aniversario de Caixanova", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 setembro 2009, p. 37.

Ofrece a programación cultural de Caixanova en Vigo para o último cuadrimestre do ano. En relación ao ámbito escénico galego cita a obra *Palabras encadeadas*, entre outras.

- Ildara Enríquez, "A compañía Talía Teatro presenta 'Palabras encadeadas' no Teatro Caixanova de Vigo", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 1 outubro 2009, p. 59.

Comenta que a compañía Talía Teatro vai representar no Auditorio do Centro Cultural Caixanova de Vigo a obra *Palabras encadeadas*, dirixida por Artur Trillo. Explica cómo se desenvolve a obra e destaca que nela se atopa "dureza, agresividade e violencia". Indica que o espectador ten que descubrir o que ocorre e, por último, comenta que a compañía vai realizar outras representacións en distintas localidades galegas, ademais de referir que están a traballar na creación da segunda parte de *Bicos con lingua*.

- S. E., "Los bailarines Canales y Rojas estrenan en el Principal su espectáculo 'Mano a Mano", *La Región*, "Ourense", 17 decembro 2009, p. 12.

Presenta a programación que ofrecerá o Teatro Principal de Ourense no primeiro semestre de 2010, que contará con trinta e nove espectáculos, marcados pola presenza da música e das artes escénicas. Entre as actividades coméntase a presenza de Sarabela Teatro coa montaxe d'*A esmorga*; de Matarile Teatro co espectáculo *Cerrado por aburrimiento*; de Talía Teatro con *Palabras encadeadas* e do Centro Dramático Galego coa obra de Roberto Vidal Bolaño *As actas escuras.* Para rematar, apunta que en abril terá lugar a décimo quinta edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Teatro Biodegradábel de Ohio: *Finlandia*, texto Carlos Santiago, dirección Carlos Santiago e Víctor Mosqueira.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Todos somos Finlandia", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 22 maio 2009, p. 67.

Comenta a obra *Finlandia*, unha montaxe do grupo TBO (Teatro Biodegradábel de Ohio). Explica que a intención da obra é realizar unha parodia do presente galego dende distintos puntos de vista. Ao final refire a autoría do texto, a dirección da peza e o elenco de actores participantes.

Tiruleque (1): *Club PK2*, texto José Prada Martínez, dirección Santiago Fernández.

Ver San Andrés de Comesaña, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Terras do Orcellón, IIIª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- Pedro P. Riobó, "Pepe Prada", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 58, "Entrevistas", "Fotoentrevista", primavera 2009, pp. 92-94.

Entrevista a Xosé Prada Martínez, cofundador en 1985 de Tiruleque, Grupo de Teatro de Carballiño. Comeza falando de como foron os seus inicios no teatro. A continuación manifesta que o seu traballo máis salientábel foi o personaxe de don Ramonciño d'*Os vellos non deben de namorarse.* Ademais, indica que dos aspectos do eido teatral interésanlle todos, porque di que en cada un deles "atoparás algo que te enriquece". Na actualidade, comenta que está a preparar un personaxe e arranxando un texto de Carlos Arniches. Tamén sinala que en abril se estreará a comedia *Club PK2 (Comedia de crimes e sexo)*. Finalmente, ofrécese un pequeno test no que responde a dez preguntas sobre gustos teatrais.

- Sabela Pinal, "Club PK2 es una comedia con personajes muy tolos", *La Región*, "Carballiño", 28 maio 2009, p. 14.

Realiza unha entrevista a Antonio Rey Cornide, un dos actores do grupo Tiruleque Teatro que vai representar en Carballiño a montaxe *Club PK2*. Antonio Rey explica en qué consiste a obra, na que participan once personaxes, indica que a peza está destinada a adultos e comenta que levan ensaiando a obra hai ano e medio. A seguir, fai referencia ao elenco de actores e refire por qué o grupo está a ter tanto éxito.

Tiruleque (2): *Escola de Teatro Falcatrueiros.*

Ver San Andrés de Comesaña, III[ª] Mostra de Teatro Afeccionado

Troula Animación: *A invasión pirata.*

Teatro **Xenio**: *Se o sei non volvo a casa.*

Ver Comedia, Ciclo de Teatro e

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Así empezó Ronald Reagan", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 4 outubro 2009, p. 78.

Destaca a figura de José Manuel Valcárcel, quen ademais de ser o concelleiro de Obras do Rural en Pontevedra tamén é actor, e comenta que vai participar en Mourente coa Sociedade Cultural e Deportiva para realizar unha homenaxe a Varela Buxán. Refire que entre os actos tivo lugar a posta en escena da obra *Se o sei non volvo a casa*, representada por Teatro Xenio, ademais doutra interpretada por Teátrica.

Xulloxullo: *Os soños de Walla*, texto Julio Fernández, dirección Mariana Fernández e Luis Hidalgo.

Ver TeaTracción

Referencias varias:

- S. E., "Os soños de Walla' acerca el teatro de sensibilización social al Auditorio municipal", *La Región*, "Ciudad", 16 decembro 2009, p. 14.

Anuncia que a obra *Os soños de Walla* está de xira polos escenarios galegos e que participa como primeiro espectáculo do programa TeatrAcción, que naceu no ano 2008 coa colaboración do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Dise que o vindeiro domingo chega ao Auditorio de Ourense.

III.3.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Grupo **Abeliano**: *Seis ou sete*, texto Xosé Cid Cabido.

A **Adala de Fazouro** (1): *A derradeira batalla do Marqués Sargadelos*, texto de Francisco Piñeiro.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

A **Adala de Fazouro** (2): *Fobias con amor*, texto e dirección Francisco Piñeiro.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Ad Libitum: *A mansión*, texto Pilar Murillo, dirección Yuyi Bastida.

Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Mes do Teatro, Ferrol, XIIª Edición do

Aforo Teatro: *Eloxio da loucura*, texto Leonel García Laborde.

Ver Coruña, VIIIª Mostra de Teatro Independente da
Ver Sábados de Outono, Ciclo de Teatro Afeccionado de San Vicente do Grove

Grupo Escola **Airiños**: *A retirada de Napoleón*, texto Xavier Prado Lameiro, direción Xesús Santos.

Ver Teatro é Educación, IIº Ciclo de Teatro Comunitario

Referencias varias:

- Lucía Romero, "El grupo de teatro más antiguo de Galicia lleva la sangre de Castelao", *Diario de Arousa*, "O Barbanza Comarca", 16 xaneiro 2009, p. 29.

Dá conta da celebración que vai realizar o grupo de teatro Airiños con motivo do seu setenta e cinco aniversario, na que se destacan algunhas representacións teatrais. Tamén comenta que no mes de febreiro porán sobre as táboas a obra *A retirada de Napoleón*, setenta e cinco anos despois da súa estrea.

- Joel Gómez, "O grupo de teatro galego máis antigo actúa por primeira vez en Santiago", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 31 marzo 2009, p. 9.

Comenta que a compañía Airiños de Asados, de Rianxo, vai representar no salón de

actos da Facultade de Filoloxía de Santiago a obra *A retirada de Napoleón*, para conmemorar o seu setenta e cinco aniversario. Explica que esta foi a primeira obra que representaron e está baseada nun texto de Xavier Prado Lameiro. A seguir, conta a historia do grupo en palabras do seu director Xesús Santos e refire algunha anécdota vivida.

Alter Ego (USC): *Sombras en Alvellira*, texto Elena Rodríguez Pérez.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de

Grupo Municipal de **Ames** (1): *Cal é Valentín?*, texto Karl Valentín.

Andaravía Teatro (1): *A cantante calva*

Ver Monterroso, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado de

Andaravía Teatro (2): *Parella aberta*

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de **Antas de Ulla**: *Hostiz*, dirección Jouse García.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral
Ver Monterroso, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado de

Referencias varias:

- F. G., "El grupo teatral de Antas representa 'Ostiá' mañana en la casa de la cultura", *El Progreso*, "A Ulloa", 22 maio 2009, p. 15.

Informa que o grupo de teatro da biblioteca de Antas de Ulla vai estrear a súa última montaxe, *Ostiá*, na casa da cultura. Comenta que a obra está dirixida por Jouse García e coordinada por Tareixa Batán.

Teatro no **Aramio (USC)**: *Ut*, texto Fran Godón.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de

Ardora Teatro: *Desde Oporto a San Ciprián*, texto Francisco Piñeiro

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Arela das Artes: *69*

Ver apartado VII.3.3 deste *Informe*

Grupo **Argalladas**: *Comedia bífida*

Ver Comedia, Ciclo de Teatro e

Teatro **Arte Livre** (1): *Dr. Jekyll e Mr. Hyde*, texto Robert Louis Stevenson, dirección Roberto Cordovani.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, "Teatro Arte Livre estrea hoxe en Vigo o seu 'Dr. Jekyll & Mr. Hyde", *El Correo Gallego*, "Cultura", 9 xaneiro 2009, p. 59.

Refire que un dos clásicos da literatura universal, *O estraño caso do Dr. Jekyll e Mr. Hyde* de Robert Louis Stevenson, ten agora unha versión teatral da man de Teatro Arte Livre, dirixido por Roberto Cordovani e Eishenhower Moreno, que interpretan os doce personaxes da obra. Informa do día e hora que se estreará a peza en Vigo e salienta a complexidade da montaxe e o contido desta adaptación teatral.

- Teresa Cuíñas, "La última obra teatral de Yasmina Reza llega a Galicia", *El País*, "Galicia", 19 marzo 2009, p. 5.

Informa sobre as novidades teatrais de Vigo, entre as que destaca a representación que terá lugar no Teatro Arte Livre do clásico de terror *Dr. Jekyll e Mr. Hyde*. Tamén indica que no Teatro Ensalle a compañía Nut Teatro levará a escena a primeira versión en galego da obra *4.48 Psicose*, baseada no texto dramático de Sarah Kane.

Teatro **Arte Livre** (2): *Egipto Dreams*

Teatro **Arte Livre** (3): *O inspector xeral*, texto Nicolai Gogol, dirección Eisenhower Moreno.

Referencias varias:

- Ana Baena, "Promesas teatrales estrenan 'O inspector xeral' en Arte Livre", *Atlántico Diario*, "Vigo", 10 xullo 2009, p. 10.

Comenta que se vai estrear no teatro Arte Livre a obra *O inspector xeral*, por parte da compañía do T. A. L., cuxos compoñentes forman parte do "Curso de formación teatral do Arte Livre". Dá conta dos nomes dos actores e actrices e destaca o alto nivel de interpretación que teñen algúns deles. Tamén comenta o contido da obra.

- Ildara Enríquez, "Os teatreiros do T.A.L mergúllanse na sátira 'O inspector xeral", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 xullo 2009, p. 42.

Dá conta da representación teatral que levou a cabo a compañía Teatro Arte Livre de Vigo da obra rusa de Nicolai Gogol. Explica o contido da peza e defínea como unha obra absurda e esperpéntica, chea de humor e música. Comenta que os personaxes aparecen tal como son e interveñen un total de nove actores, aínda que se multiplican en dezaoito. Por último, fai referencia á musica da peza.

Teatro **Artesán** (1): *Arsénico por compaixón*, adaptación Juan de Mondego, texto Kesserling-Capra, dirección Juan San Martín.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Teatro Artesán' inicia su nueva etapa en 2009", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 1 febreiro 2009, p. 22.

Comenta que o teatro segue a ser unha das actividades que se realizan en Sada e informa que a compañía Artesán Teatro, dirixida por Juan de Mondego, vai estrear a obra *Arsénico por compaixón*, de Kesserling Cappra.

- Víctor Castro, "Teatro Artesán' ofrece 'Arsénico por compasión", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 18 xullo 2009, p. 20.

Dá conta da representación que Teatro Artesán vai realizar no Auditorio da Casa de Cultura de Sada da obra *Arsénico por compaixón*. Tamén refire o argumento da obra e cita aos actores do reparto.

- Víctor Castro, "Teatro Artesán' logró su mayor éxito en las tablas", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 23 xullo 2009, p. 20.

Dá conta do grande éxito acadado pola compañía Teatro Artesán coa representación desta obra. Refire outras escenificacións de San Martín e salienta as representacións feitas polos actores.

- Víctor Castro, "Concierto del grupo de metales 'Santa Cecilia", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 26 setembro 2009, p. 20.

Comenta que a localidade de Lubre vai celebrar o XIXº Encontro folclórico e que, entre as actividades que teñen programadas, actuará Teatro Artesán coa representación da obra tratada.

- Víctor Castro, "Teatro Artesán logró otro éxito en las fiesta de Lubre", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 29 setembro 2009, p. 22.

Dá conta do grande éxito que acadou Teatro Artesán en Lubre coa representación desta obra teatral, da que se salienta a súa dirección.

Teatro **Artesán** (2): *Farsa e xusticia do correxidor*, texto Alejandro Casona, dirección Juan de Mondego.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Representación de 'Farsa e xusticia do Correxidor", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya Mariñana", 8 novembro 2009, p. 20.

Apunta a estrea da peza *Farsa e xusticia do correxidor*, de Alejandro Casona, como parte do programa Magosto 2009 de Sada. Indica a interpretación da peza a cargo do grupo Teatro Artesán, baixo a dirección de Juan de Mondego, e o labor musical de Álvaro Muras.

Teatro **Arume**: *O achado do castro*, texto Manuel Núñez Singala, dirección Juan García Lorenzo.

Referencias varias:

- J. Táboas, "Es un premio a 32 años de trabajo e ilusión", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Ciudad", 28 xullo 2009, p. 7.

Entrevista a Juan García Lorenzo, director da compañía Arume, que vai recibir un premio da Asociación Amigos de Pontevedra. García Lorenzo expresa a importancia deste premio e dá conta dos compoñentes de Arume. Así mesmo, fala sobre a obra que todos os anos representan, *La pasión*, e a importancia que ten dentro da Semana Santa. Tamén cita outras obras fixas e, entre elas en relación coa Literatura galega, cita *O achado do castro*, de Manuel Núñez. Finalmente, fai referencia aos novos proxectos.

- J. Táboas, "Homenaje a dos grandes trayectorias", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Ciudad", 28 xullo 2009, p. 7.

Comenta que na XXXVIII^{a} edición dos premios Amigos de Pontevedra vai ser galardoada a compañía teatral Arume pola súa traxectoria e dedicación. Salienta que esta compañía leva trinta anos representando a mesma obra por Semana Santa e refire que en agosto farán a estrea dunha nova peza, *O achado do castro*, de Manuel Núñez.

Asociación Española contra o cancro/Centro de Maiores Caixa Galicia: *Encontros*, dirección María Gallego.

Referencias varias:

- C. A., "Enfermos de cáncer representan en Ourense la obra 'Encontros", *La Voz de Galicia*, "Sociedad", 5 xuño 2009, p. 33.

Comenta que os enfermos da Asociación Española contra o Cancro representaron en Ourense a obra teatral *Encontros*, incluída no programa "Moito por vivir" e dirixida por María Gallego. Finalmente indica que doce das participantes son mulleres.

- Imanol Hernández, "Teatro solidario en el Principal", *La Región*, "Ciudad", 11 xuño 2009, p. 12.

Achega os comentarios de María Gallego, directora do grupo teatral formado por doce mulleres que pertencen á Asociación Española contra o cancro e máis ao Centro de Maiores de Caixa Galicia. Informa que van representar no Teatro Principal de Ourense a obra *Encontros* e, en columna á parte, achega unha entrevista realizada a Gallego, quen explica como naceu a idea, os métodos que levou a cabo e o que considera o máis satisfactorio deste traballo. Por último, achega os comentarios de catro das actrices: Sabela Rivera, Mari Rodríguez, Anuncia Pérez e Lola López.

Grupo de Teatro do Instituto **Asorey de Cambados**: *Novios de internet*

Ver Carballo, Folla de Ouro, VIº Certame

Asociación Teatral **Ata Sempre**: *Os vellos non deben de namorarse*

Teatro **Ategal**: *O complexo*

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Artistas de todas las edades", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 23 decembro 2009, p. 11.

Informa, entre outras actividades, das representacións teatrais que houbo pola cidade de Lugo, como a da compañía Al Suroeste no auditorio Gustavo Freire e a do grupo de Teatro Ategal con *O complexo*, no centro social de Fingoi.

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (1): *XXVI + XV*

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (2): *Un mal día*

Ver Comedia, Ciclo de Teatro e
Ver Mes das Letras Galegas, Ciclo de Teatro Popular

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (3): *Onde andas, Karl?*, texto Rubén Ruibal, dirección José Luis Prieto.

Grupo Teatral **Axóuxeres** (1): *A gata sobre o tellado de Zinc quente*, texto Tenesse Williams, dirección Alejandro Albaiceta.

Grupo Teatral **Axóuxeres** (2): *O velorio de Xan Perolo*, dirección Benito García

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Bicodobrelo: *Matilde*, texto Mario Benedetti.

Referencias varias:

- maré, "O Principal de Compostela acolle mañá a obra 'Matilde", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 setembro 2009, p. 29.

Informa que no Teatro Principal de Compostela a compañía Bicodobrelo vai representar a obra *Matilde*, da que se di que é unha adaptación da peza *Pedro y el capitán* de Mario Benedetti.

O **Bordelo**: *O espello do prestamista*

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral
Ver Mes do Teatro, Ferrol, XIIª Edición do

Teatro de **Cámara Ditea**: *Acto imprevisto*

Ver San Andrés de Comesaña, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Escola de Teatro Municipal de **Cambados**: *A man da Santiña*, texto Ramón Cabanillas, dirección Noelia Toledano.

Referencias varias:

- J. P., "Cambados retrocede ata 1919 coa reestrea de 'A man da Santiña", *Diario de Arousa*, "anocabanillas09", 23 abril 2009, p. 15.

Dá conta da reestrea da obra de Ramón Cabanillas, *A man da Santiña*, que se representou en Cambados por actores pertencentes á Escola de Teatro Municipal e tamén a distintos colectivos. Salienta que se trata dunha montaxe moderna dirixida por Noelia Toledano e producida por Luís Rei.

Candelexas: *Hotelris@humor.com*

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Carauta Teatro: *O Florido Pensil*

Ver Teatro é Educación, IIº Ciclo de Teatro Comunitario

Carrachanacacha: *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*, texto e dirección Leandro Lamas.

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado
Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Cee, 'Domingos de Teatro. Marzo Teatral', XXIIª Mostra de Teatro de
Ver Outubro Amador, Ciclo de Teatro
Ver Roberto Vidal Bolaño, Iº Festival de Teatro Afeccionado
Ver Terras do Orcellón, IIIª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- Raquel Pazos, "Lingua, cultura e entretemento á galega", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que calor*", "De festa en festa", 26 xullo 2009, p. 24.

Dá conta da realización dunha nova edición do Festigal, que tivo lugar en Compostela durante dous días. Informa das actividades que se levaron a cabo e, entre elas, cita a representación da obra *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*.

CasaHamlet (1): *O cuarto de Ofelia*, texto Edgar Allan Poe, adaptación Xesús Pisón, dirección Montserrat Modia.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Nocturno Poe e o cuarto de Ofelia', teatro en Sada", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 20 xuño 2009, p. 18.

Informa que no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada se van representar as obras teatrais *Nocturno Poe* e *O Cuarto de Ofelia*, de Edgar Alan Poe e adaptadas por Xesús Pisón. Cita o contido das pezas e destaca as actuacións de Manuel Lourenzo, Santiago Fernández e Gloria Rico. Tamén indica que a produción corre a cargo de Montserrat Modia.

CasaHamlet (2): *Nocturno Poe*, texto Edgar Allan Poe, adaptación Xesús Pisón, dirección Montserrat Modia.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Nocturno Poe e o cuarto de Ofelia', teatro en Sada", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 20 xuño 2009, p. 18.

Informa que no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada se van representar as obras teatrais *Nocturno Poe* e *O Cuarto de Ofelia*, de Edgar Alan Poe e adaptadas por Xesús Pisón. Cita o contido das pezas e destaca as actuacións de Manuel Lourenzo, Santiago Fernández e Gloria Rico. Tamén indica que a produción corre a cargo de Montserrat Modia.

O **Catre** Teatro: *A merendola*, texto Fernando Arrabal, dirección Agustín Bolaño.

Referencias varias:

- C. P. R., "El cine 'Alovi' acoge una obra de teatro y un recital de corales", *El Progreso*, "A Chaira", 10 xullo 2009, p. 14.

Informa que o grupo de teatro local O Catre vai representar nas Pontes a comedia *A Merendola*, ás nove da noite e con entrada de balde.

Grupo de Teatro de **Cedeira**: *Un día especial*, dirección Fusa Guillén

Cedeúve Teatro: *6 x 4...dúas ducias*, texto María Xosé Lamas.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Escola deTeatro Municipal de **Cee**: *Criaturas*, texto Roberto Vidal Bolaño.

Referencias varias:

- M. C. S., "La Escuela Municipal de Teatro ceense estrena su nueva función", *La Opinión*, "carballo/costa da morte", 19 xuño 2009, p. 23.

Informa que a Escola Municipal de Teatro de Cee vai estrear na localidade a súa última obra, de Roberto Vidal Bolaño. Indica o prezo das entradas e comenta que está dirixida a maiores de trece anos.

Grupo de Teatro **Centro de Información á Muller**: *Páxinas nocturnas*

Chumpá Teatro: *Farsa Paulatina*, texto Agustín Magán, dirección Fran Rei.

Ver Sábados de Outono, Ciclo de Teatro Afeccionado de San Vicente do Grove

Churumbel Teatro: *Habitación 315*

Ver Teatro é Educación, IIº Ciclo de Teatro Comunitario

Aula **Concello de Lugo** de Teatro: *Historia dunha escaleira*, texto Antonio Buero Vallejo, dirección Guillermo Cancelo.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral
Ver Cidade de Lugo, VIIª Mostra de Teatro

Referencias varias:

- Vila, "El Aula de Formación Teatral de Lugo representó en la casa de la cultura 'Historia dunha escaleira", *El Progreso*, "Sarria", 10 novembro 2009, p. 13.

Apunta, como parte do proxecto Buxiganga da Deputación Provincial de Lugo, a estrea da obra *Historia dunha escaleira*, de Antonio Buero Vallejo. Dise que a representación, dirixida por Guillermo Cancelo, tivo lugar na Casa da Cultura de Sarria a cargo da Aula de Formación Teatral da cidade lucense.

Grupo de Teatro do Hospital de **Conxo**: *Ubú rei*, texto Alfred Jarry.

Grupo **Cordelia**, Aula de Teatro Universitario de Ourense: *Malos tragos*

Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Crucia Teatro: *Paralisados*, texto Elena V. Porto

Compañía de David Fernández Rivera**:** ***Alambradas***

Ver Sábados de Outono, Ciclo de Teatro Afeccionado de San Vicente do Grove

Dinamo: *Os escultores do lixo*

Elefante Elegante (1): *O forno*

Ver Manicómicos, VIIº Festival Internacional de Teatro Cómico

Elefante Elegante (2): *Iliria*, texto William Shakespeare.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Alterar o rumbo dos tópicos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 18 xuño 2009, p. 9.

Fala dun espectáculo levado a cabo pola comañía Nut Teatro, tras o cal, e en columna a parte, comenta que *Iliria* é unha montaxe baseada na obra de Shakespeare, *Noite de Reis*, que presenta a compañía Elefante Elegante.

Enlata Teatro (USC) (1): *Chéjov en xogo*

Ver Teatro é Educación, IIº Ciclo de Teatro Comunitario

Enlata Teatro (USC) (2): *O rei nú*, de Quico Cadaval.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de
Ver Teatro é Educación, IIº Ciclo de Teatro Comunitario

Teatro **Enxebre**: *A pousadeira*, texto Carlo Goldoni.

Ver Sábados de Outono, Ciclo de Teatro Afeccionado de San Vicente do Grove

Escola de Teatro Os **Falcatrueiros**: *Hamlet*, texto William Shakespeare, dirección Jouse García.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral
Ver Monterroso, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado de

Referencias varias:

- F. G., "Falcatrueiros' representa esta noche 'Hamlet' en el centro sociocultural", *El Progreso*, "Comarcas", 13 xuño 2009, p. 11.

Informa de que a asociación sociocultural Falatrueiros de Monterroso vai representar esta obra de Shakespeare baixo a dirección de Jouse García.

Teatro da **Falúa**: *Zorro*, de Margaret Mazzantini.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de

Agrupación **Faro-Miño** (1): *Mamá Teta*, texto Xosé Lois García.

Ver Chantada, XIXª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Referencias varias:

- A. L., "El grupo teatral 'Faro-Miño' recorre Galicia con la creación 'Protección solar", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 3 agosto 2009, p. 10.

Comenta que o grupo teatral Faro-Miño de Chantada está a representar o seu espectáculo *Protección Solar* en diversos lugares de Galicia. Indica que ademais desta peza tamén teñen preparada outra que representarán na mostra de teatro popular Maruxa Villanueva, cuxo título é *Mamá Teta*.

Agrupación **Faro-Miño** (2): *Protección solar*

Referencias varias:

- A. L., "El grupo teatral 'Faro-Miño' recorre Galicia con la creación 'Protección solar", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 3 agosto 2009, p. 10.

Comenta que o grupo teatral Faro-Miño de Chantada está a representar o seu espectáculo *Protección Solar* en diversos lugares de Galicia. Indica que ademais desta peza tamén teñen preparada outra que representarán na mostra de teatro popular Maruxa Villanueva, cuxo título é *Mamá Teta*.

Fas-que-Fas: *Os mortos factúranse e as mulleres desnúdanse*, texto Darío Fo.

Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Asociación Sociocultural **Fogofatuo**: *Sempre en Rianxo: o soño do barbeiro*, textos de Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio e Faustino Rey Romero; dirección Pancho Martínez.

Referencias varias:

- Manuel Dourado Deira, "Sempre en Rianxo: o soño do barbeiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 31 xaneiro 2009, p. 5.

Coméntase que o escenario elixido para a posta en escena polos propios rianxeiros da obra de Pancho Martínez, *Sempre en Rianxo: o soño do barbeiro*, foi o auditorio de Rianxo. Explícase que a obra consiste nunha compilación de textos de escritores da vila: Daniel Rodríguez Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio e Faustino Rey Romero, entre outros.

Asociación Cultural **Gargallada Teatro**: *Os pecados capitais*

Referencias varias:

- Seve Nieves, "Os sete pecados capitais', en el Lauro Olmo", *La Región*, "Festas do Cristo (O Barco)", 11 setembro 2009, p. 11.

Comenta que a Asociación Cultural Gargallada Teatro vai representar a obra *Os pecados capitais* no Teatro Lauro Olmo. Explica que a peza consta de seis escenas unidas polo fío condutor da presentadora. A seguir, cita de qué obras están tomadas cada unha das escenas que se corresponden cos pecados capitais.

Os **Garimbolos**: *A estraña viaxe*, texto Laura Barreiros.

Referencias varias:

- L. R., "Atox organiza teatro, juegos y un manifiesto para concienciar sobre el peligro de la droga", *La Región*, "Ciudad", 19 xuño 2009, p. 15.

Dá conta do programa de actividades que vai levar a cabo a Asociación de Axuda ao Toxicómano (Atox) e, entre elas, salienta a representación da obra *A estraña viaxe*, de Laura Barreiros.

Hipócrita Teatro: *Miserere*, texto Antonio Orejudo, dirección María José García

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Grupo de Teatro do **Hospital Xeral de Lugo** (1): *Entre zánganos e flores*, texto López Castro.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Grupo de Teatro do **Hospital Xeral de Lugo** (2): *O parto de Calandrino*, texto Fa Molinero.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Grupo de Teatro **IES A Xunqueira**: *O bulto negro*

Ver Carballo, Folla de Ouro, VIº Certame

Grupo de Teatro **IES Valle-Inclán**: *A revolución*

Ver Carballo, Folla de Ouro, VIº Certame

Imagina Machina, Aula de Teatro da Universidade da Coruña: *Máquina muller*, adaptación do texto de H. Müller, dirección Zé Paredes.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- R. R., "Universidad y alumnado instan al civismo para evitar hoy otro botellón en el campus", *El Ideal Gallego*, "A Coruña ciudad", 2 abril 2009, p. 9.

Comenta que o grupo de teatro da Universidade da Coruña vai representar no Fórum Metropolitano a obra *Máquina Muller*, centrada no personaxe feminino de Hamlet, Ofelia.

Asociación Teatral **Libélula**: *Un mal día*, texto Hugo Daniel Marcos, dirección Javier Fernández Mariño.

Ver Sada, Vª Mostra de Teatro Afeccionado

Teatro **Lope de Vigo**: *Jesús, que cruz me caeu contigo*, texto Julián Rodríguez, dirección Xosé Manuel Conde e Julián Rodríguez.

Ver No inverno ó calor do teatro, Ciclo

Aula de Teatro da USC. **Lugo**: *Sussie*, texto Carol López.

Ver Cidade de Lugo, VIIª Mostra de Teatro
Ver FITEU, XVº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Malapécora Teatro: *A parábola da Rá*, texto e dirección José Luís Prieto Roca.

Ver Condado, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado do
Ver Outubro Amador, Ciclo de Teatro
Ver Roberto Vidal Bolaño, Iº Festival de Teatro Afeccionado

A **Mámoa Teatro**: *Só unha noite*

Referencias varias:

- U. L., "El teatro centra la programación cultural padronesa durante el mes de noviembre", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 10 outubro 2009, p. 13.

Anúnciase a programación de outono, que comeza coa obra *E ti, quen ves sendo?*, de Talía Teatro, mentres que a Mámoa presenta *Só unha noite*. Por outra banda, salienta Teatro Lagrancosaverde, con *Teño unha cacerola chea de lentellas*, e Teatro Candelexas.

Asociación Teatro do **Mar** (1): *O medallón do emperador*

Ver Terra de Sanxenxo, Ciclo

Aula de Teatro **Maricastaña**: *Hide (oculto)*, adaptación do texto de R. L. Stevenson.

Ver FITEU, XVº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Asociación Teatral **Mariñán**: *A Tía Lambida*

Max Teatro: *A Mansión*

Ver Palas de Rei, Xª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Mequetrefes (USC): *Só vostede e máis eu*, adaptación do texto de Ramón Griffero.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Só vostede e máis eu', en el Fórum Metropolitano", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 5 xullo 2009, p. 20.

Comenta que a Asociación de Teatro Mequetrefes de Santiago de Compostela vai representar no Fórum Metropolitano da Coruña a obra *Só vostede e máis eu*, gañadora do premio ao mellor espectáculo na Xª Mostra de Teatro Universitario de Galicia. A

seguir, refire que a asociación foi creada este ano e que a obra está dirixida e protagonizada por Patricia Coucheiro, Estevo Azañón e Lucía Abarrategui.

Metátese Teatro: *Nós*

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral
Ver Monterroso, XIIº Ciclo de Teatro Afeccionado de
Ver Palas de Rei, Xª Mostra "Teatro no Camiño" de Teatro Amador

Compañía de **Monicreques da USC-Lugo**: *A culpa foi de Mozart*

Ver Cidade de Lugo, VIIª Mostra de Teatro
Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de

Aula de Teatro de **Moraña**: *Ubú Rei*

Murmurios (USC): *En construcción*

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de

Muxicas: *Os cravos de prata*, texto Nicolás Vela, dirección Tito Asorey.

Referencias varias:

- S. Espinoso, "Os cravos de prata', primera obra del grupo 'Muxicas' como agrupación teatral de la Once", *La Región*, "Ourense", 4 abril 2009, p. 12.

Comenta que o grupo teatral da Once de Ourense representou a obra *Os cravos de prata*, de Nicolás Vela, e indica que o seu director é Tito Asorey quen destaca o paso que deu o grupo de ser un taller de teatro a converterse nunha agrupación teatral.

Asociación Sociocultutal de Minusválidos de **Narón** (1): *A familia Rufo*, texto e dirección Paco Sanesteban.

Referencias varias:

- L. R. C., "Os actores da ASCM, coa Terceira Idade", *Diario de Ferrol*, 17 abril 2009, contracuberta.

Comenta que o grupo de teatro afeccionado da Asociación Sociocultural de Minusválidos de Narón representou no Centro Municipal de Atención ás Persoas Maiores dúas obras de teatro: *A familia Rufo* e *Con premeditación e alevosía*. Refire

que son textos de Paco Sanesteban, quen tamén é o director e, a seguir, relata o argumento das dúas pezas. Ademais comenta que xa representaron as obras noutros municipios e que o grupo está formado por persoas de entre dez e sesenta anos.

Asociación Sociocultutal de Minusválidos de **Narón** (2): *Con premeditación e alevosía*, texto e dirección Paco Sanesteban.

Referencias varias:

- L. R. C., "Os actores da ASCM, coa Terceira Idade", *Diario de Ferrol*, 17 abril 2009, contracuberta.

Comenta que o grupo de teatro afeccionado da Asociación Sociocultural de Minusválidos de Narón representou no Centro Municipal de Atención ás Persoas Maiores dúas obras de teatro: *A familia Rufo* e *Con premeditación e alevosía*. Refire que son textos de Paco Sanesteban, quen tamén é o director e, a seguir, relata o argumento das dúas pezas. Ademais comenta que xa representaron as obras noutros municipios e que o grupo está formado por persoas de entre dez e sesenta anos.

Aula de Teatro **NNC** (USC): *Fin de partida*, adaptación do texto de Samuel Beckett e de textos de Jodorowsky.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de

Nós e Vós Teatro: *Un nicho amueblado*, testo Jesús Campos García, dirección Joaquín Parada Díaz.

Ver apartado VII.3.3 deste *Informe*

Novaescena Teatro: *O Lirio*, adaptación do texto de Wesley Burrowes.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral
Ver Cidade de Lugo, VIIª Mostra de Teatro
Ver Outono Teatral, Salceda de Caselas

Referencias varias:

- M. Sinllán, "Os lucenses aínda seguen indo moi pouco a ver teatro", *El Progreso*, "Lugo", 25 abril 2009, p. 10.

Entrevista a María Márquez, actriz da compañía Nova Escena, sobre a obra que van representar, *O lirio*. Explica cómo naceu a idea de representar a peza e informa que esta primeira actuación é unha preestrea, xa que a representación oficial farana con motivo do Día das Letras Galegas na Mostra Cidade de Lugo. Comenta que o público lugués

non é moi afeccionado ao teatro e indica que por agora a compañía non ten máis traballos en mente.

Obradoiro de Teatro de Bertamiráns: *A casa ocupada*

Referencias varias:

- C. G., "Los trabajos audiovisuales central el abril cultural teense", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 7 abril 2009, p. 34.

Dá conta da programación cultural de Teo e salienta a participación do Obradoiro de teatro de Bertamiráns, que representará esta peza no local social de Luou.

Obradoiro de Teatro de Bertamiráns: *Praza ocupada*, texto Nazaret López.

Oquetiqueiras Teatro: *Historias íntimas*, dirección Luis Ramos.

Pajarito: *A vida tola*

Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Escola Municipal de Teatro de **Palas de Rei**: *Nós*, texto Escola Municipal de Teatro de Palas de Rei.

Referencias varias:

- Francisco García, "La escuela de teatro de Palas de Rei representa 'Nós' en Granada", *El Progreso*, "A Ulloa", 20 marzo 2009, p. 14.

Comenta que a Escola Municipal de Teatro do Concello de Palas de Rei vai viaxar a Granada, concretamente a Baza, para representar esta obra, escrita polo propio grupo. Describe o percorrido que realizarán en autobús e indica que esta peza xa a representaron en máis ocasións.

Pasapadentro: *Ardente Eliana e Bernardo Desacougado*, texto Roberto Salgueiro, adaptación e dirección Queta Soto e Marga Fernández.

Ver Arteixo, Xª Mostra de Teatro Afeccionado de

Asociación Cultural **Pedro Madruga**: *Conversas ó pé da lareira*

Perqtores de Seixalbo: *Percusión*

Ver FITO, IIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Pinchacarneiro: *O médico a paus*

Ver Cidade de Lugo, VIIª Mostra de Teatro

Grupo de Teatro A **Pombiña**: *Nin dios entende aos homes*

Ver Mes do Teatro, Ferrol, XIIª Edición do
Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Aula de Teatro Municipal de **Pontevedra**: *Seis ou sete*, texto Xosé Cid Cabido, dirección Anxo Lourido.

Referencias varias:

- Belén López, "Cando as mulleres se poñen revoltosas", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/Cultura", 3 maio 2009, p. 60.

Fai referencia a esta obra teatral da Aula de Teatro Municipal de Pontevedra, que está dirixida por Anxo Lourido. En palabras de Lourido, fala sobre a polémica que está a suscitar a peza e sobre as denuncias que recibiu por considerarse que é unha copia dunha película alemá. Lourido comenta que a peza está baseada na novela *Grupo abeliano*, de Xosé Cid Cabido, e dá conta das adaptacións que lle realizou. Tamén destaca o papel maioritario das actrices e dá conta do argumento da peza.

Porta Aberta (1): *Amoris causa*, dirección Pedro Brandariz.

Porta Aberta (2): *A bufarda*, texto Buero Vallejo, dirección Froíña García.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, "Porta Aberta estrena en gallego el clásico de Buero 'A Bufarda", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 26 maio 2009, p. 4.

Comenta que o grupo de teatro Porta Aberta, formado por antigos alumnos da Escola Oficial de Idiomas, vai representar a adaptación ao galego da peza de Buero Vallejo *El Tragaluz*. Indica que o grupo está dirixido por Froíña García e describe o argumento da peza, ademais de dar conta do elenco de actores.

Porta Aberta (3): *Non hai ladrón que por ben non veña*, texto Darío Fo, dirección Pedro Brandariz.

Prixiela: *O achado do castro*, texto Manuel Núñez Singala.

Quemaisten Teatro: *Traballo e imaxinación*, texto José Luis Prieto e Gustavo Pernas, dirección Xosé Bonome.

Ver Grupo Empresa-Endesa, IIª Mostra de Teatro
Ver Pontes, IIª Mostra Local de Teatro das
Ver Teatro é Educación, IIIº Ciclo de Teatro Comunitario

A **Raiola** Teatro (1): *Os da mesa 10*

Ver Cariño, XXXIª Mostra de Teatro Galego de

Referencias varias:

- U. L., "Rois dedica este mes su programa de actividades sobre cine, teatro y literatura", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 17 abril 2009, p. 13.

Dá conta do programa de actividades proposto polo Concello de Rois para o mes de abril onde se destaca a participación do grupo Raiola Teatro, que levará á escena esta obra de teatro.

A **Raiola** Teatro (2): *Un mal día*, texto de Hugo Daniel Marcos

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

A **Raiola** Teatro (3): *Prohibido suicidarse en primavera*

Ver Sada, Vª Mostra de Teatro Afeccionado

Sal-monela: *Mentiroso*, texto Anthony Neilson, dirección David Gandoy.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Sal-monela' representa hoy la obra 'Mentirosos", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", 27 setembro 2009, p. 22.

Informa que a compañía Sal-monela Teatro vai representar a obra *Mentiroso* na Casa da Cultura Pintor Francisco Llorens en Sada. Ademais dá conta do argumento da peza.

San&San: *Concerto bífido*

Asociación de Inmigrantes da Comarca de **Sarria**: *Espazos de encontro a través do teatro*, dirección Esther Pedrouzo.

Referencias varias:

- A. C. V., "La asociación de inmigrantes representa una obra de teatro el sábado en Sarria", *El Progreso*, "Sarria", 29 outubro 2009, p. 21.

Dá conta da estrea de *Espazos de encontro a través do teatro*, dirixida por Esther Pedrouzo e representada en galego por membros da Asociación de Inmigrantes da Comarca de Sarria. Salienta a mensaxe de integración implícita na obra e a participación de persoas nixerianas, dominicanas e galegas no elenco. Menciona asemade o horario da representación, na Casa da Cultura de Sarria.

Santart Teatro (1): *Búscase clown vello*, texto Matei Visniec, dirección Theodor Smeu Stermin.

Santart Teatro (2): *Cartas de amor dunha monxa portuguesa*, texto Mariana Alcoforado, dirección Theodor Smeu Stermin.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Cartas de amor dunha monxa portuguesa", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 febreiro 2009, p. 9.

Dá conta do argumento desta obra, comentando que se representará na Sala Santart de Santiago.

Teatro **Sen Repertorio**: *Coriolano*, texto William Shakespeare, dirección Ana Otero e Antonio Travieso.

Referencias varias:

- M. B., "Teatro sen Repertorio irrompe na escena galega cun clásico", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 14 xaneiro 2009, p. 8.

Dá conta da aparición en escena dunha nova compañía, Teatro sen Repertorio, que se vai estrear no Principal cunha adaptación da obra de Shakespeare, *Coriolano*. Dá conta dos encargados da dirección e a seguir, explica que esta é unha traxedia que narra a historia dun militar romano chamado Marcio, quen está manipulado por súa nai.

As **Sircópatas**: *Montagem*

Ver Cee, "Domingos de Teatro. Marzo Teatral", XXIIª Mostra de Teatro de

Sociedade Teátrica (1): *A farsa do avogado*, adaptación Xosé Manuel Valcárcel, dirección Miro Magariños.

Ver Sábados de Outono, Ciclo de Teatro Afeccionado de San Vicente do Grove

Sociedade Teátrica (2): *O ferreiro de Santán*, texto Varela Buxán, dirección Miro Magariños.

Ver Comedia, Ciclo de Teatro e

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Así empezó Ronald Reagan", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 4 outubro 2009, p. 78.

Destaca a figura de José Manuel Valcárcel, quen ademais de ser o concelleiro de Obras do Rural en Pontevedra tamén é actor, e comenta que vai participar en Mourente coa Sociedade Cultural e Deportiva para realizar unha homenaxe a Varela Buxán. Refire que entre os actos tivo lugar a posta en escena da obra *O ferreiro de Satán*, interpretada por Teátrica, ademais doutra de Teatro Xenio.

- Raquel Torres, "Pedirémoslle á Real Academia o Día das Letras para Buxán", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Y además", "En 3 minutos", 3 novembro 2009, p. 25.

Breve entrevista a Xabier Blanco Carballal pola estrea da peza *O Ferreiro de Santán*, da compañía Teátrica, co gallo do centenario do nacemento do escritor Varela Buxán. A conversa xira en torno aos motivos polos que se esixe o Día das Letras para o escritor e as accións a levar a cabo se non llelo conceden.

Sueiro.com: *Os vellos non deben namorarse*, texto Castelao.

Aula de Teatro **Tanga Tutanga** Teatro (USC): *Aberto por folga. Cabaré laboral*

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de
Ver Teatro é Educación, IIIº Ciclo de Teatro Comunitario

Teatronova (ESAD e Caixanova): *Aoi*, texto Yushio Mishima, dirección Antonio Morcillo.

Referencias varias:

- Inma López Silva, "Xapón, ou o teatro alén de nós", *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, n.º 148, "Teatro", setembro 2009, p. 76.

Dá conta da estrea de *Aoi*, peza teatral alicerzada na novela homónima de Yushio Mishima e dirixida por Antonio Morcillo. Menciona a súa posta en escena a cargo da compañía Teatronova, patrocinada pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e Caixanova. Tras describir brevemente o seu argumento, destaca aspectos da representación como a insistencia na autoría da peza e nalgúns elementos da cultura nipona ou a interpretación dos actores e actrices. Salienta asemade o labor musical de Elisenda Renom e os roles protagonistas de Andrea Nespereira e Fernando Tato, así como a escenografía e o vestiario, deseñado este último por David Mortol.

Os **Terremotos de Lamas**: *O achado do castro*.

Ti e máis eu Teatro (1): *O cadro do espantallo*

Ti e máis eu Teatro (2): *Parella de damas*

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Tik Teatro: *Crebacabezas*

Referencias varias:

- Marta Becerra, "Inspiración en la orilla del Miño", *El Progreso*, "Lugo", 4 xuño 2009, p. 8.

Entre outras cuestións alleas á Literatura galega, comenta que o grupo Tik Teatro, dirixido por Laura García, presentou nas rúas de Lugo unha performance que é a segunda parte da peza *Crebacabezas*.

Tragalenguas Teatro: *O carro dos desherdados*

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Arranca la feria medieval con 150 puestos y actos lúdicos para toda la familia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 xullo 2009, p. 28.

Ofrece información sobre as actividades que se desenvolverán durante a Feira Medieval que se celebrará en Compostela e, entre elas, salienta a participación da compañía Tragalenguas Teatro coa representación do espectáculo teatral itinerante *O carro dos desherdados*.

Trangalleiro Teatro (1): *Os casadso de pouco*, texto Varela Buxán.

Trangalleiro Teatro (2): *A tía Lambida*, texcto Eduardo Blanco Amor.

Tranghallada: *O principiño*

Aula de Teatro e Danza da **Universidade da Coruña**: *Ver fondo do envase*

Aula de Teatro da **Universidade de Santiago de Compostela** (1): *As cuñadas*, texto Michel Tremblay, dirección Roberto Salgueiro.

Aula de Teatro da **Universidade de Santiago de Compostela** (2): *Xogos á hora da sesta*, texto R. Mahieu, dirección Cándido Pazó.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de
Ver FITEU, XVº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela
Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Aula de Teatro da **Universidade de Vigo**: *Superheroe de barrio*

Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Aula de Teatro da **Universidade de Vigo-Pontevedra**: *Os figurantes*, texto de José Sanchís Sinisterra.

Ver Galicia, Xª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Vaidous Teatro: *Operación bikini*

Ver Chantada, XIXª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Aula de Teatro Municipal de **Vilagarcía**: *Triste chegada*

Ver Mes das Letras Galegas, Ciclo de Teatro Popular

Centro Dramático **Vilalbés**: *6x4 dúas dudeas*

Teatro do **Vilar**: *Ai, Manolo!*

Ver Ribadavia, XXVª Mostra Internacional de Teatro de

Vinde Ver Producións: *Lisístrata*, texto Aristófanes.

Ver Sada, Vª Mostra de Teatro Afeccionado

Asociación Cultural **Vintureira de Campo Lameiro**: *Se o sei non volvo á casa*, texto Varela Buxán, dirección Xosé Manuel Rodríguez.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Risas y castañas bajo la lluvia", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con cuca", 17 novembro 2009, p. 86.

Entre outros temas, coméntase a alternativa de ocio que ofreceu a Asociación Cultural Vintureira de Campo Lameiro coa estrea da obra *Se o sei non volvo a casa*, de Varela Buxán e dirixida por Xosé Manuel Rodríguez, "Isi".

Os **Xeitosos**, Grupo de Teatro de Maiores de Narón: *Hai que purgar a Totó*

Zampalladas: *O achado do castro*, texto Manuel C. Núñez Singala.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

III.3.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

III.3.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Teatro do **Andamio**: *A lingua das bolboretas*, texto Manuel Rivas, dirección Tatiana Likhacheva.

Teatro do **Atlántico**: *Unha primavera para Aldara*, texto Teresa Moure, dirección Xulio Lago.

Ver Teatrarte, IXº Festival de Teatro de Redondela

Referencias varias:

- R. R., "Ese bico, ese silencio", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 4, "Crítica teatral", 3 xaneiro 2009, p. 13.

Salienta a boa acollida por parte do público que tivo a representación teatral desta peza no Salón Teatro de Compostela. Destaca a interpretación de María Bouzas e Lucía Regueiro e asegura que se trata dunha "boa peza de teatro", sobre todo polo "longo silencio e o corto bico" que teñen lugar na representación.

- Manuel Xestoso, "Sentimentalismo e artificio", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "Cultura", 26 febreiro-4 marzo 2009, pp. 34-35.

En relación coa obra de Teresa Moure que Teatro do Atlántico interpreta, narra o argumento da peza e destaca os temas principais e actuais que se trasladan ao ambiente da Idade Media. Critica que os personaxes carezan de voz propia e que o único destacábel sexa a mensaxe que se quere transmitir ao espectador. Salienta o sentimentalismo da obra e, por último, fai referencia ao traballo desenvolvido pola compañía teatral e loa o labor de dirección, así como a posta en escena de actrices como Lucía Regueiro.

- S. J., "Teresa Moure logra nove candidaturas nos 'María Casares", *El Progreso*, "Cultura vivir", 11 marzo 2009, p. 63.

Fai referencia aos nominados aos premios María Casares e, entre eles, destaca que a obra de Teresa Moure, versionada por Teatro do Atlántico, opta a nove categorías: mellor director (Xulio Lago), mellor actriz protagonista (María Bouzas), mellor actriz secundaria (Belén Constela e Lucía Regueiro), mellor escenografía (Carlos Alonso), mellor texto orixinal (Teresa Moure), mellor iluminación (Xulio Lago) e mellor vestiario (Carlos Alonso).

- Marta García Márquez, "A versión non oficial dos calados", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 13 marzo 2009, p. 17.

Comenta que a compañía Teatro do Atlántico pon en escena a obra de Teresa Moure, centrada na loita "non oficial" da época dos irmandiños. Destaca a interpretación de tres das actrices, María Bouzas, Belén Constenla e Lucía Regueira, nominadas aos premios María Casares e, a continuación, relata o argumento da peza. A seguir, refire a satisfacción de Teresa Moure pola adaptación da obra e informa sobre as próximas funcións.

- J. A. Martínez Sevilla, "Alienante Aldara", *El Ideal Gallego*, "La columna", 17 marzo 2009, p. 28.

Comenta que a compañía Teatro do Atlántico representou no teatro Rosalía de Castro da Coruña a obra *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure e gañadora do XIIIº Premio Rafael Dieste. Achega os datos técnicos da posta en escena, dirixida por Xulio Lago, e refire o seu argumento. Asemade cita os temas principais que se tratan na obra e destaca a interpretación dalgunhas das actrices, como Amparo Malo, María Bouzas ou María Barcala.

- Mar Mato / A. de Santos, "El escenario no tiene papel para la crisis", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 4/*La Opinión*, "Cultura", 27 marzo 2009, p. 53.

Fálase do aumento de espectadores nos distintos eventos teatrais, danza e maxia que se celebraron en Galicia, salientando este incremento de espectadores na época de crise que se está a vivir. Dise que entre as obras máis vistas se atopan producións nacionais pero poucas de compañías galegas. Asemade, dáse conta de que *Estigma*, do Centro Dramático Galego, e *Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico foron as producións galegas con máis asistencia.

- Roberto Pascual, "XIII Gala dos Premios María Casares: O triunfo d'Unha primavera para Aldara", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Espazos", verán 2009, pp. 36-38.

Dá conta do acontecido na Gala dos Premios María Casares. Lembra o dito na gala polo actual presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Vicente Montoto, e o actor Xavier Estévez, que fixeron un "sereno e sintético repaso" do sucedido no último ano no sector profesional do teatro. A seguir, dise que Gustavo Pernas leu un manifesto e comenta a reacción do público logo da actuación da escola Superior de Arte Dramática Galega. Saliéntase que Ana Romaní recolleu o premio de honra Marisa Soto e ofrece a listaxe dos Premios María Casares 2009, sendo *Unha primavera para Aldara* gañadora dos galardóns de Mellor vestiario, Mellor iluminación, Mellor texto orixinal, Mellor escenografía, Mellor actriz protagonista, Mellor dirección e Mellor espectáculo.

Teatro **Avento**: *A insólita historia de Jimmy Pelostristes*

Ver Terras do Orcellón, IIIª Mostra de Teatro Amador

Centro Dramático Galego (1): *A boa persoa de Sezuán*, texto Bertolt Brecht, dirección Nuno Cardoso.

Ver Teatro Principal

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "El mensaje social de Brecht regresa al Principal", *La Región*, "Ourense", 20 xaneiro 2009, p. 6.

Comenta que tras varias representacións o CDG vai poñer en escena no Teatro Principal de Ourense esta obra de Bertolt Brecht, que conta cun elenco de doce actores. A seguir, achega comentarios de Toni Salgado, un dos actores da obra, que fixo a presentación da peza acompañado doutras personalidades. Por último, indica que a obra está baseada no teatro épico e que reflexiona sobre a bondade dos seres humanos e as inxustizas do mundo.

- Lidia M. Gallas Otero, "Hoxe pódese vivir mellor do teatro, por iso proliferan as escolas e novos actores", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Entrevista", 1 febreiro 2009, p. 24.

Comenta que o Centro Dramático Galego vai representar en Vilagarcía a montaxe *A boa persoa de Sezuán*. Cita os actores que conforman o reparto e achega unha entrevista realizada á actriz Rosa Álvarez, na que explica que entrou como actriz a partir dun casting e fala sobre a ambientación da peza, a aceptación que está a ter entre o público e como resulta a súa interpretación. Tamén afirma que por agora o sector aínda non está a notar a crise e relata a súa experiencia na representación desta obra. Finalmente, lembra os seus inicios como actriz e describe o que sentiu cando lle outorgaron o premio María Casares á mellor actriz secundaria da obra.

- Lupe Gómez, "A bolboreta sincera", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 febreiro 2009, p. 35.

Entrevista a Marta Pazos en relación á súa participación na obra *A boa persoa de Sezuán*. Pazos afirma que no seu traballo é importante a espontaneidade, tamén relata os seus anos de estudo en Barcelona e a práctica da pintura. A seguir, refire que é a primeira vez que representa unha obra de Bertolt Brecht e salienta o traballo realizado polo director Nuno Cardoso. Tamén fala da súa relación co teatro que se está a desenvolver en Portugal e informa que está a preparar a segunda entrega da triloxía *Lugares comúns*, titulada *Super 8*, que trata sobre a memoria. Por último, fala da súa experiencia noutros traballos anteriores e asegura que para ela o teatro é unha arte na que pode probar moitas novidades.

- Damián Pereira, "O CDG ofrecerá dobre ración de teatro no Auditorio, cunha sesión adicada a estudantes", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", 4 febreiro 2009, p. 9.

Dá conta da presentación da obra teatral *A boa persoa de Sezuán*, que será posta en escena en Vilagarcía. Indica a dirección da obra, que o elenco está formado por cinco mulleres e sete homes e que foi traducida ao galego por Frank Meyer. Refire que se trata dunha das representacións que estará destinada a alumnos de cuarto da ESO e Bacharelato e comenta que a obra é teatro comprometido con amplas posibilidades reflexivas.

- L. G., "As boas virtudes pasan unha proba no teatro", *Diario de Arousa*, 7 febreiro 2009, contracuberta.

Dá conta da representación desta peza que o Centro Dramático Galego realizou no Auditorio Municipal de Vilagarcía. Indica que a obra trata o tema da corrupción da sociedade e que está ambientada nunha cidade chinesa. A seguir, cita o elenco de actores e, por último, relata cómo comeza a obra.

- Machi Salgado, "Non fixen Brecht, fixen o Brecht de Nuno Cardoso", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 58, "Entrevistas", primavera 2009, pp. 81-86.

Entrevista a Nuno Cardoso, director da última montaxe do Centro Dramático Galego, *A boa persoa de Sezuán*. Resúmese a súa traxectoria dividindo o artigo en tres apartados. no primeiro conta cómo foron os seus inicios no mundo do teatro e ónde realizou a súa formación; despois relata o contacto que tivo con Paulo Lisboa e a súa participación no Círculo de Iniciación Teatral da Academia de Coimbra e no Teatro de Estudantes da Universidade da mesma cidade, fai referencia á súa relación co ruso Anatoli Moscova, de quen di que aprendeu moitas cousas sobre o teatro que puxo en práctica á súa volta a Portugal, lembra a fundación da súa compañía Visões Úteis e o traballo desenvolvido no Teatro Nacional Carlos Alberto, así como o labor cos presos de Paços de Ferreira ou no Teatro Nacional São João; por último, explica de qué xeito chegou á dirección desta obra e indica que comezou en marzo de 2008 a selección dos actores. A seguir dá conta dalgúns dos inconvenientes que atopou na montaxe, fala sobre o éxito ou fracaso do espectáculo e comenta que algunhas das críticas destacaron positivamente a posta en escena e a execución actoral. Finalmente, fai referencia aos novos proxectos que vai levar a cabo.

- A. Losada, "Cultura paraliza o teatro galego nun intre de medra no CDG", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 6 xuño 2009, p. 43.

Afirma que o teatro galego non se atopa en crise, polo menos a primeiros de anos xa que, segundo os datos, o número de actuacións e a asistencia de público foron numerosas. A continuación loa o rendemento do Centro Dramático Galego e o éxito acadado coas obras *A boa persoa de Sezuán*, dirixida por Nuno Cardoso, e *Noite de Reis*, dirixida por Quico Cadaval. Finalmente critica a falta dun equipo directivo que continúe o traballo debido á escasa iniciativa da Xunta de Galicia.

Centro Dramático Galego (2): *Cascuda*, texto e dirección Diego Anido.

Ver Isto Ferve, Vº Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza

Referencias varias:

- Inma López Silva, "Cara a Kafka", *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, n.º 144, "Teatro", maio 2009, p. 80.

Comenta que no Teatro Ensalle de Vigo tivo lugar a representación da obra *Cascuda*, interpretada e dirixida por Diego Anido. Explica que esta obra é un experimento no que

se reflexiona sobre o mundo dos insectos e a súa relación coas persoas, chegando a fundirse os dous mundos. A seguir, salienta a relación entre os movementos físicos e o espazo sonoro, e tamén destaca as imaxes que emprega Anido. Por último, reclama que haxa unha maior atención ao teatro na cidade viguesa.

Centro Dramático Galego (3)/Teatro Oficina de Guimarães: *Delimvois*, texto Rubén Ruibal, dirección Marcos Barbosa.

Ver Salón Teatro

Referencias varias:

- J. A. Xesteira, "Vladimir e Estragón nun mundo feliz", *A Nosa Terra*, n.º 1.361, "Cultura", 28 maio-3 xuño 2009, pp. 36-37.

Comenta a obra de Rubén Ruibal levada a escena pola compañía Teatro Oficina en coprodución co Centro Dramático Galego. Narra o argumento da peza, centrado en dous personaxes que son obxecto dun experimento científico e afirma que no seu mundo a razón e a fe acaban confluíndo. A seguir, describe o espazo escénico no que se desenvolve a obra e fai referencia ao labor dos tres actores que participan: Emilio Gomes, Ivo Bastos e Diana Sá.

Centro Dramático Galego (4): *As dunas. Rapsodia mariña*, texto Manuel Lourenzo, dirección Quico Cadaval.

Ver Caixanova Teatro-Danza, Ciclo
Ver Teatro Principal
Ver Salón Teatro

Referencias varais:

- Óscar Iglesias, "El Centro Dramático abre 2009 con nuevo local de ensayo", *El País*, "Galicia", 3 xaneiro 2009, p. 5.

Refire que o Centro Dramático Galego xa conta cunha nova sede no polígono de Costa Vella, a cinco quilómetros de Santiago, e informa que se estreará coa representación desta peza. Indica quén poderá empregar estas novas instalacións e, a continuación, comenta que Cadaval volve ao Salón Teatro para representar *Noite de Reis. Ou o que queirades*. Finalmente achega os comentarios da directora do CDG, Cristina Domínguez, sobre o éxito que acadou esta peza.

- maré, "Un clásico en vida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xaneiro 2009, p. 26.

Tras referir a reposición dunha das obras do CDG, indica que a seguinte obra que se representará é *As dunas*, dirixida por Quico Cadaval e baseada nun texto de Manuel Lourenzo.

- Lara Rozados, “A prostitución pode disfrazarse de cultura e as inmobiliarias de progreso”, *A Nosa Terra*, n.º 1.348, “Cultura”, 26 febreiro-4 marzo 2009, p. 31.

Con respecto á representación da obra teatral *As dunas* realiza unha entrevista ao director da produción, quen comenta que o texto foi escrito por Manuel Lourenzo especificamente para esta produción e que o escolleu a el como director. Fala sobre o traballo desenvolvido entre os dous e loa a maneira de entender o teatro que ten Lourenzo; tamén explica que Manuel Lourenzo o escolleu porque lle gustou moito a representación de *Noite de Reis*. A seguir, comenta que lle gusta a mestura de actores noveis cos máis veteranos e explica que o espectáculo é unha mestura de diferentes linguaxes. Tamén fai referencia á temática da obra como a especulación urbanística e, por último, refire que a acollida da obra vai ser moi diferente dependendo do público.

- Manuel Beceiro, “O CDG volve cunha comedia sobre a especulación urbanística”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2009, p. 52.

Relata o punto de partida da obra *As dunas*, que vai ser representada no Salón Teatro, e indica que se trata dunha creación de Ramón Lourenzo dirixida por Quico Cadaval. Refire que ambos participaron no acto de presentación da peza xunto a Cristina Domínguez, directora do CDG, e achega resumos dos comentarios que realizaron. Salienta da obra que se trata dunha mestura de teatro, danza e música; e cita a algúns dos actores. Por último, fai referencia aos cambios musicais que Quico Cadaval realizou na montaxe e salienta que o espazo escénico, realizado por Baltasar Patiño, é espido.

- maré, “Crónica dun ‘free spa”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 4 marzo 2009, p. 33.

Dá conta da celebración do acto de presentación da montaxe *As dunas*, que posteriormente se vai representar no Salón Teatro de Compostela. Explica o argumento da peza e resume a traxectoria profesional de Lourenzo. A seguir, achega algúns comentarios de Cadaval, quen afirma que a obra é un cabaré sobre o paraíso perdido no que tamén hai lugar para a crítica. Asemade fai referencia á ambientación musical, ao espazo escénico e aos actores.

- Óscar Iglesias, “El CDG acoge un cabaré mariñano con ‘As dunas”, *El País*, “Galicia”, 4 marzo 2009, p. 6.

Fai referencia á última estrea que o Centro Dramático Galego vai realizar no Salón Teatro de Compostela. Comenta que a peza se ambienta en espazos da mariña lucense, nun mundo onírico, e que trata os temas da especulación urbanística, a corrupción, o amor ou o sexo. A seguir, cita os actores que participan na representación e afirma que a obra é unha mestura de cine, fotonovela, cabaré, etc. Por último, informa sobre os horarios da representación e outros lugares nos que actuarán.

- Víctor Paz Morandeira, “Free sex’ nas dunas do CDG”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2009, p. 42.

Comenta que se vai estrear no Salón Teatro a última obra de Manuel Lourenzo, *As dunas*, representada polo Centro Dramático Galego, compañía que acaba de rematar as representacións de *Noite de Reis. Ou o que queirades*. Dise que o director de ambas

pezas é Quico Cadaval, e engádense comentarios deste e máis do autor do texto sobre a música e o tipo de comedia da que se trata, "sentimental con un pouco de amor libre". A seguir, fala do espazo escénico configurado por Baltasar Patiño e salienta a cantidade de luces que envolven aos actores simulando unha discoteca. Finalmente, invita ao público a ver a representación e dá conta dalgúns dos actores do elenco.

- Camilo Franco, "Xente perdidiña", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 marzo 2009, p. 10.

Fai referencia ás expectativas que se están a crear ao redor da obra *As dunas* e refire que a montaxe reivindica un cabaré sobre o paraíso perdido.

- Camilo Franco, "A carne e o contexto", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 8 marzo 2009, p. 67.

Realiza unha crítica desta obra de Manuel Lourenzo. Comenta que pode ser cualificada de provocadora e que se trata dun teatro realista no que se mestura o cabaré coa comedia carnal e o melodrama esaxerado. Para rematar, afirma que se trata dunha comedia satírica nos diálogos e divertida.

- Óscar Iglesias, "Teatro contra el estupor político", *El País*, "Galicia", 8 marzo 2009, p. 5.

Dá conta desta representación que o Centro Dramático Galego realizou no Salón Teatro de Santiago. Relata o argumento da peza e achega comentarios de Cadaval sobre a súa montaxe, ademais de facer referencia ao traballo de escenografía e produción musical. Por último, refire as opinións de Lourenzo sobre a peza.

- Manuel Xestoso, "Un paso en falso", *A Nosa Terra*, n.º 1.350, "Cultura", 12-18 marzo 2009, p. 34.

Comeza narrando o argumento da obra *As dunas*. Salienta que a intriga política da peza queda nun segundo plano e só se coñece a partir dos personaxes, tamén destaca as peripecias amorosas e as escenas pornográficas que considera algo aburridas e faltas de propósito. Asemade, critica a escasa profundidade dos personaxes que son estereotipos e, finalmente, salienta os monólogos de Evaristo Calvo e loa o traballo de vestiario, iluminación, coreografía, etc., afirmando que o público quedou contento coa representación.

- Camilo Franco, "Isto non é unha crítica", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 19 marzo 2009, p. 7.

Comenta o papel dos personaxes que interpretan os actores da obra *As dunas*. Finalmente refire a confrontación do CDG como institución que representa ao país e as posibilidades que ten para innovar nas representacións teatrais.

- L. R., "El Centro Dramático Galego acerca hasta O Barco una comedia de Manuel Lourenzo", *La Región*, "Valdeorras", 15 abril 2009, p. 18.

Refire que o Centro Dramático Galego vai representar no Teatro Lauro Olmo do Barco a obra de Manuel Lourenzo. Comenta que a directora do CDG, Cristina Domínguez, presentou o espectáculo xunto ao actor Christian Escuredo e dá conta do elenco de actores participantes. Asemade comenta que se trata dunha comedia onírica ambientada na mariña lucense e cuxa temática se centra na corrupción, o amor e desamor e o sexo.

- Marta García Márquez, "Un cabaré sobre paraíso perdido", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 22 abril 2009, p. 14.

Informa que se vai estrear no Teatro Rosalía esta última produción do Centro Dramático Galego. Dá conta do argumento da peza, que se desenvolve nun balneario musical situado na costa luguesa e ambientado nos anos sesenta e setenta, e comenta que a obra é unha especie de pastiche onde se mestura un pouco de todo: amor, política, aventura, risa, etc.

- Rubén Bruña, "El Centro Dramático Galego presenta su último espectáculo en el Rosalía", *La Opinión*, "a coruña", 22 abril 2009, p. 12.

Comenta que o Centro Dramático Galego vai representar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña este espectáculo. Indica que a obra se inspira na cultura popular do anos 70, no cómic, na telenovela e na fotonovela e, por último, informa sobre o horario de venda e o prezo das entradas.

- maré, "O Teatro Rosalía de Castro acolle a representación da comedia 'As dunas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 abril 2009, p. 36.

Informa que o Centro Dramático Galego vai representar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña esta comedias escrita por Manuel Lourenzo e dirixida por Quico Cadaval. Refire o argumento e comenta que a obra ten forma de cabaret.

- Ana Baena, "A obra máis tola do Centro Dramático Galego", *Atlántico Diario*, "Vigo", 28 abril 2009, p. 13.

Fai referencia a esta segunda montaxe que está a representar o Centro Dramático Galego. Refire o argumento da peza e, en palabras da directora do Centro, Cristina Domínguez, comenta que o labor entre o autor do texto e o director da posta en escena foi moi convincente. Indica asemade que Cadaval ambientou a peza nos anos setenta do cine do destape. A seguir, salienta a actuación dos dez artistas que montan o cabaré e cita algúns deles, ademais de destacar o éxito que está a ter a obra entre o público.

- J. A. Martínez Sevilla, "Francotirador teatral", *El Ideal Gallego*, "La columna", 28 abril 2009, p. 28.

Comenta a obra de Manuel Lourenzo, *As dunas*, representada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña polo Centro Dramático Galego e dirixida por Quico Cadaval. Resume o argumento da peza e indica que se trata dunha "comedia costumbrista e ávida de humor" na que Lourenzo critica a realidade. Ademais, refire que Cadaval mantén unha escenografía espida, libre e con moito espazo, acompañada de música e baile.

- L. P., “As dunas’, la radiografía de la sociedad actual, nuevo espectáculo del CDG”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 28 abril 2009, p. 60.

Comenta que o Centro Dramático Galego representou no Centro Cultural Caixanova de Vigo este espectáculo dirixido por Quico Cadaval. A seguir, refire que na presentación da obra estiveron Cristina Domínguez, directora do CDG e de quen achega algún comentario, e máis dous actores, Iria Pinheiro e Davide Salvado.

- Mar Mato, “O spa musical de ‘As Dunas’ do Centro Dramático aviva o calendario de maio”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 28 abril 2009, p. 67.

Comenta que a obra *As dunas* se vai representar no Teatro Caixanova de Vigo. Explica que a historia se centra na construción dun spa balneario na costa de Lugo, onde dez personaxes mostran as súas paixóns e miserias. Ademais salienta a carga onírica da peza, as mensaxes sobre a especulación inmobiliaria e os impactos ecolóxicos, e destaca a presenza da música en directo. Por último cita o elenco de actores.

- Lidia M. Gallas Otero, “Quico Cadaval dirixirá en Vilagarcía a última montaxe do Centro Dramático Galego”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de cultura*”, “Teatro”, 10 maio 2009, p. 29.

Comenta esta obra que o Centro Dramático Galego vai representar no Auditorio Municipal de Vilagarcía. Dá conta do elenco de actores e indica que a peza xa se representou noutros lugares. A seguir, narra o argumento e cita algúns dos personaxes. Tamén comenta que unha das características da obra é a música en directo, interpretando diversos estilos.

- Mar Mato, “La escena gallega hace la maleta”, *La Opinión*, “cultura”, 10 maio 2009, p. 68.

Salienta que hoxe en día hai un maior número de espectáculos galegos que cruzan as nosas fronteiras para darse a coñecer no estranxeiro e cita como exemplo teatral a obra *As dunas*, dirixida por Quico Cadaval e que será representada na cidade lusa de Vila Real.

- Damián Pereira, “O Auditorio acolle este venres unha obra que mestura estética dos setenta con cómic”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía local”, 13 maio 2009, p. 10.

Comenta que o Centro Dramático Galego vai presentar no Audiorio de Vilagarcía a obra de Manuel Lourenzo. Cita o argumento da peza e destaca o elenco de actores, tamén informa sobre o prezo das entradas e refire que os actores protagonizarán nun comercio da cidade un performance promocional para animar ao público a que asista.

- L. G., “Música en directo para a nova proposta teatral”, *Diario de Arousa*, 16 maio 2009, contracuberta.

Comenta que o Centro Dramático Galego representou no Auditorio Municipal de Vilagarcía a obra de Manuel Lourenzo, baixo a dirección de Quico Cadaval. A seguir, cita o elenco de actores e narra o argumento da obra. Por último, destaca a presenza da música en directo, tocando en varios estilos, e o amor como protagonistas da historia.

- L. R., "El Centro Dramático Galego presenta en el Principal 'As dunas', obra con toque picante", *La Región*, "Ourense", 21 maio 2009, p. 10.

Informa que o Centro Dramático Galego vai representar no Teatro Principal de Ourense a súa segunda produción da tempada, *As dunas*, obra de Manuel Lourenzo dirixida por Quico Cadaval. Comenta que se trata dunha comedia onírica ambientada na mariña lucense e na que se tratan diversos temas, como a corrupción, o amor e desamor, o sexo, etc.

Centro Dramático Galego/Iván Marcos (5): *ECO*, dirección Iván Marcos.

Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver Salón Teatro

Referencias varias:

- E. P., "O CDG estreará mañá 'Eco' para un só actor e con novas tecnoloxías", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 abril 2009, p. 60.

Comenta que o Centro Dramático Galego vai representar en colaboración con Iván Marcos o espectáculo *Eco*, que versa sobre o proceso de formación de identidades. Explica que Iván Marcos é o director e intérprete da obra, na que emprega unha linguaxe interdisciplinar coa mestura de son, imaxe e movemento.

- M. B., "O Centro Dramático Galego produce unha obra multidisciplinar sobre a información de identidades", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 abril 2009, p. 51.

Comenta que o actor Iván Marcos dirixe e interpreta o espectáculo teatral *Eco* en colaboración co Centro Dramático Galego, que poñerá en escena no Salón Teatro de Santiago. Explica que a obra se centra na formulación de preguntas sobre o proceso de formación de identidades e describe cómo é a posta en escena.

- A Losada, "Cando actúas ti só, nótanse máis os erros", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 19 abril 2009, p. 40.

Entrevista a Iván Marcos, director e único protagonista do espectáculo *Eco*, que coproduce coa axuda do Centro Dramático Galego. Iván Marcos explica que esta obra é un evento escénico e unha peza teatral na que un ente adquire a súa independencia. Dise que no escenario está apoiado por material audiovisual e comenta que a súa proposta foi ben acollida polo CDG. A seguir fala sobre a súa formación no estranxeiro e refire que é moi interdisciplinar, polo que atopa facilmente traballo, aínda que salienta que o tema da danza en Galicia ten poucas saídas.

- Camilo Franco, "Traballos para facer nada", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 23 abril 2009, p. 59.

Realiza unha crítica do espectáculo *Eco*, desenvolto por Iván Marcos en colaboración co

Centro Dramático Galego. Considera que na obra hai demasiada dispersión debido a frases inconexas que non transmiten unha historia. Afirma que esquece a narración e que confía demasiado nos elementos emocionais. Algo positivo que salienta do espectáculo é o seu sentido do humor.

Centro Dramático Galego (6): *Estigma*, texto Jacobo Paz, Vanesa Sotelo, Rubén Ruibal; dirección Daniel Salgado.

Referencias varias:

- Mar Mato / A. de Santos, "El escenario no tiene papel para la crisis", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 4/*La Opinión*, "Cultura", 27 marzo 2009, p. 53.

Fálase do aumento de espectadores nos distintos espectáculos de teatro, danza e maxia que se celebraron en Galicia, salientando este incremento de espectadores na época de crise que se está a vivir. Dise que entre as obras máis vistas se atopan producións nacionais pero poucas de compañías galegas. Asemade, dáse conta de que *Estigma*, do Centro Dramático Galego, e *Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico foron as producións galegas máis taquilleiras.

Centro Dramático Galego (7): *Noite de Reis. Ou o que queirades*, texto William Shakespeare, dirección Quico Cadaval.

Ver Cee, 'Domingos de Teatro. Marzo Teatral', XXIIª Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- Óscar Iglesias, "El Centro Dramático abre 2009 con nuevo local de ensayo", *El País*, "Galicia", 3 xaneiro 2009, p. 5.

Refire que o Centro Dramático Galego xa conta cunha nova sede no polígono de Costa Vella, a cinco quilómetros de Santiago, e informa que se estreará coa representación de *As Dunas*. Indica quén poderá empregar estas novas instalacións e, a continuación, comenta que Cadaval volve ao Salón Teatro para representar *Noite de Reis. Ou o que queirades*. Finalmente achega os comentarios da directora do CDG, Cristina Domínguez, sobre o éxito que acadou esta peza.

- maré, "Un clásico en vida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xaneiro 2009, p. 26.

Refire que o Centro Dramático Galego repón no Salón Teatro de Santiago esta obra de Shakespeare, e afirma que a peza acadou un éxito sen precedentes na escena galega. Informa que ofrecerán dezaoito novas funcións cos mesmos compoñentes, excepto a actriz Rebeca Montero que foi substituída por Anabell Gago. Asemade, cita ao resto de actores que compoñen o elenco. Por último, indica que a seguinte obra que se representará é *As dunas*, dirixida por Quico Cadaval e baseada nun texto de Manuel Lourenzo.

- M. B., "O Centro Dramático estrea o ano repoñendo 'Noite de Reis", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 6 xaneiro 2009, p. 8.

Comenta que o Centro Dramático Galego vai volver representar a obra *Noite de Reis. Ou o que queirades*. Informa que nesta reposición ofrecerán dezaoito novas funcións cos mesmos compoñentes, excepto a actriz Rebeca Montero que foi substituída por Anabell Gago, e cita ao resto de actores que forman o elenco. Por último, refire o argumento da peza e informa sobre cómo conseguir as entradas e o seu prezo.

- M. B., "Quico Cadaval nos puxo a facer unha divertida festa en 'Noite de Reis", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 7 xaneiro 2009, p. 8.

Realiza unha breve entrevista a Marcos Orsi, un dos actores do Centro Dramático Galego que vai representar esta obra interpretando a un dos protagonistas, Malvolio. Orsi fala sobre a interpretación do seu personaxe e destaca o labor de adaptación que realizou Quico Cadaval.

- M. Beceiro, "El Centro Dramático Galego repone su versión más exitosa", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 8 xaneiro 2009, p. 9.

Comenta que o Centro Dramático Galego vai volver representar a obra *Noite de Reis. Ou o que queirades*. Salienta que esta montaxe acadou moito éxito e gañou varios premios: cinco María Casares e o premio do público do Festival Internacional de Outono de Teatro de Carballo. Informa que nesta reestrea ofrecerán dezaoito funcións e comenta que o equipo artístico e técnico é practicamente o mesmo.

- Víctor Paz Morandeira, "Agasallo de Reis. O CDG reestrea un dos seus éxitos", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 8 xaneiro 2009, pp. 50-51.

Comeza co inicio da obra de Shakespeare *Noite de Reis*, indicando o ano de creación e resaltando as múltiples representacións e adaptacións que se teñen feito desta peza. A seguir, fai referencia á adaptación realizada por Quico Cadaval que sitúa a obra no Mediterráneo e en lingua galega. Tamén comenta a presenza de personaxes femininos na obra e achega algunhas opinións dos actores sobre Cadaval. A continuación, dá conta do elenco de actores e informa sobre o equipo artístico. Por último, salienta o enorme éxito que está a ter entre o público e informa dos días das próximas funcións e do prezo das entradas.

- Víctor Paz Morandeira, "Eu dialogo co público", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 8 xaneiro 2009, p. 51.

Conversa con Quico Cadaval en relación á adaptación da obra *Noite de Reis*, de Shakespeare. Explica que o éxito da obra se basea no diálogo que mantén co público e tamén indica que hai pequenos cambios con respecto ás representacións anteriores. Fala sobre a adaptación e contextualización da obra e refire que do que máis contento está é do traballo colectivo. Por último, salienta que das colaboracións que leva realizado co Centro Dramático Galego a que máis lle gustou foi *O ano do cometa*, e achega datos sobre a peza *As dunas*, que está a preparar con Manuel Lourenzo.

- Manuel Xestoso, "Shakesperiano Cadaval", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "Cultura", 15-21 xaneiro 2009, p. 39.

Comenta que no Salón Teatro se vai representar por terceira vez a obra *Noite de reis*. Salienta a abundante presenza de público e explica por qué a obra ten tanto éxito, destacando a habilidade do seu autor á hora de crear a peza. Comenta que nesta adaptación da obra se esquece o romanticismo doutras representacións e se centra no vigor sexual e a comicidade. Tamén destaca a ambientación italiana, a música en directo e as cancións.

- Camilo Franco, "A monarquía é inexorable", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 22 xaneiro 2009, p. 9.

Fala sobre o concepto real da monarquía e comenta que despois de Shakespeare as monarquías míticas pasaron a converterse en carnais. Finalmente dise que este é un dos temas que aparecen na obra *Noite de Reis*, que será representada no Salón Teatro de Santiago.

- Jaureguizar, "Hamlet, o rapaz aventado polo Nordés", *El Progreso*, "Cultura vivir", 2 febreiro 2009, p. 71.

Tras mencionar unha das representacións que tiveron lugar na Mostra de Teatro Clásico de Lugo, polo Centro de Nuevos Creadores, refire obras de Shakespeare que son postas en escena con moita frecuencia, como *Noite de Reis*.

- A. Losada, "Cultura paraliza o teatro galego nun intre de medra no CDG", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 6 xuño 2009, p. 43.

Afirma que o teatro galego non se atopa en crise, polo menos a primeiros de anos xa que, segundo os datos, o número de actuacións e a asistencia de público foron numerosas. A continuación loa o rendemento do Centro Dramático Galego e o éxito acadado coas obras *A boa persoa de Sezuán*, dirixida por Nuno Cardoso, e *Noite de Reis*, dirixida por Quico Cadaval. Finalmente critica a falta dun equipo directivo que continúe o traballo debido á escasa iniciativa da Xunta de Galicia.

Centro Dramático Galego (8)/**Nut Teatro**: *Wake up*, coprodución, texto Nut Tetro, dirección Carlos Neira.

Ver Creativa, Iº Foro das Industrias Culturais
Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver FITO, IIº Festival Internacional de Teatro de Ourense
Ver Ribadavia, XXVª Mostra Internacional de Teatro de
Ver Salón Teatro

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "Cando quedas sen paredes", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 maio 2009, p. 36.

Entrevista á actriz Nerea Barros en relación á súa participación na obra *Wake up*. Barros describe a súa infancia e indica que ela é unha persoa que sinte curiosidade polas cousas, o que implica que sempre estea disposta a descubrir. Tamén afirma que o teatro é "magnífico" cando consegue facer estimular ao espectador. A continuación fala sobre este espectáculo, que van estrear no Festival FITEI de Oporto e comenta que a obra se centra no concepto da casa como identidade e tamén na importancia do corpo. En canto ao espectador, Barros refire que buscan un público activo, que sexa libre. A seguir, afirma que as institucións deben prestar atención a toda a arte que se produce e, por último, considera que no escenario ela non oculta nada senón que se mostra como unha radiografía.

- Camilo Franco, "Alterar o rumbo dos tópicos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 18 xuño 2009, p. 9.

Salienta que este espectáculo de Nut Teatro propón ao espectador reflexionar sobre as consecuencias dos novos modelos de convivencia e aceptar que o modelo máis funcional sexa o gregarismo. En columna á parte informa doutra representación de Elefante Elegante.

- M. Dopico, "A creba do que cremos ser", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 xuño 2009, p. 34.

Salienta que a fraxilidade da identidade é un dos eixes temáticos que vertebran esta nova proposta da compañía Nut Teatro, presentada no Salón Teatro de Santiago e dirixida por Carlos Neira, que explica que nesta ocasión a identidade se representa coa casa, como núcleo de intimidade e necesario na nosa sociedade. Tamén destaca que na obra o espectador é un "voyeur" e que se trata máis ben dun performance. Por último, indica que a obra se divíde en tres partes: a primeira comeza nunha estrutura vertical, despois retoma a horizontalidade e, na terceira, é o volume o elemento principal da escenografía.

- Manuel Xestoso, "Excesos visuais", *A Nosa Terra*, n.º 1.365, "Cultura", 25 xuño-1 xullo 2009, pp. 36-37.

Comeza destacando que a compañía Nut Teatro é unha das máis transgresoras da nosa escena por empregar unha linguaxe híbrida, pola imaxinación visual e porque aborda temas complexos e de actualidade con moita madurez. Salienta que no espectáculo *Wake up* o fundamental son os compoñentes visual e tecnolóxico e tamén destaca a indagación no concepto da intimidade. Indica que a primeira parte da función se desenvolve nun espazo vertical que pouco a pouco vai perdendo forza e onde a escaseza de textos provoca un baleiro. Finalmente, destaca o traballo das actrices e celebra que haxa compañías que busquen o risco, mais considera que Nut "pode facelo con moito máis acerto".

- Lupe Gómez, "Castelao", *Galicia Hoxe*, "Lecer", n.º 767, "Nas nubes", 28 xuño 2009, p. 12.

Entre outras cuestións alleas á Literatura galega, Lupe Gómez fai referencia, ao final do artigo, a este novo espectáculo da compañía Nut Teatro. Comenta que é unha obra que

fala de casas e de vidas na que destaca o uso das novas tecnoloxías para crear unha estética innovadora, crúa e real.

- Antón Lamapereira, "FITEI 2009. Diversidade e risco nas propostas", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Festivais", outono 2009, pp. 103-108.

Entrevista a Carlos Neira, acompañado pola actriz Xiana Carracelas, días antes da estrea da súa obra *WakeUp*. Fala da súa traxectoria profesional e artística, así como das postas en escena que presentou a partir de 2006, como *4.48 Psicose* ou *Corpos disidentes*. Apunta que a esta compañía, que el dirixe, lle interesa "ir á procura de novos códigos na comunicación" e facer do teatro un espazo no que se dea "un debate de ideas". Por outro lado, comenta o proceso creativo dalgúns dos seus espectáculos, concretamente desta última obra, dos que xustifica a presenza da nudez e da tecnoloxía.

Chévere Teatro: *Ultranoite John Balan*

Teatro D2: *Flores Migratorias*, texto Diego Freire, Manu Lago, Teresa de la Hera e Fran Riveiro; dirección Teresa de la Hera.

Referencias varias:

- María Lourdes Vega Alonso, "Ciudad Rodrigo: O equilibrio da madurez", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 58, "Festivais", primavera 2009, pp. 57-61.

Informa da celebración na cidade salmantina de Ciudad Rodrigo da décimo primeira Feira de Teatro de Castilla y León. Comenta aspectos da organización así como os eventos que tiveron lugar. Aplaude a proposta que houbo dun teatro "para todos os públicos" e "para todos os intereses". Sinala que esta Feira obtivo uns "resultados inmellorábeis", pero que a oferta foi "mediocre e pouco ou nada innovadora". Destaca, entre outras obras, a representación de *Flores migratorias*, da compañía galega Teatro D2, "como exemplo de teatro contemporáneo". Pensa que a súa programación dentro da Feria se debe considerar "case marxinal" ao non representar o gusto maioritario e di que é unha peza de "suxestións, sensacións e sentimentos".

Espello Cóncavo: *Anxeliños*, texto Roberto Vidal Bolaño, dirección Arturo Pérez.

Ver Xoves de Humor, IIª Mostra de Teatro Galego de Lugo

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "A obra 'Anxeliños' parodia no Auditorio vilagarcián a crise económica", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Teatro", 1 febreiro 2009, p. 25.

Dá conta desta posta en escena no Auditorio Municipal de Vilagarcía. Salienta que a primeira vez que se representou esta peza foi a cargo da compañía Teatro do Aquí, baixo a dirección do propio autor. A seguir, narra o argumento da obra e cita os intérpretes. Por último, comenta que a compañía leva feito traballos comprometidos coa cultura do país e indica a dirección da representación.

- M. G. M., "Espello Cóncavo retrata as miserias na obra 'Anxeliños", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 6 febreiro 2009, p. 15.

Comenta que a compañía Espello Cóncavo vai representar esta obra de Vidal Bolaño, que forma parte da triloxía composta por *Animaliños* e *Criaturas*. Indica que o director é Arturo López e comenta que a obra está protagonizada por unha familia que se dedica a cobrar aos morosos. A seguir, Fernando Morán, un dos actores, sinala que a representación da obra é un acto de xustiza cara Bolaño, un dos escritores galegos do teatro clásico xunto a Francisco Taxes e Manuel Lourenzo.

- Damián Pereira, "Espello Cóncavo trae esta noite ao Auditorio 'Anxeliños', unha comedia esperpéntica", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", 7 febreiro 2009, p. 8.

Dá conta da presentación que se realizou da obra de Vidal Bolaño. Indica que no acto participaron o actor Fernando Morán, o edil de cultura Castro Ratón e o director Arturo López. A seguir, comenta que a obra conta con seis personaxes que son antiheroes que se dedican a cobrar aos morosos.

- L. G., "A crise volve ser un recurso para o teatro", *Diario de Arousa*, 8 febreiro 2009, contracuberta.

Refire que o Auditorio Municipal de Vilagarcía acolleu esta representación de Espello Cóncavo. Narra o argumento da peza e indica que a obra é do dramaturgo Vidal Bolaño. Tamén cita o elenco de actores e, por último, dá conta doutras representacións levadas a cabo pola compañía.

- Jaureguizar, "Todos os personaxes de 'Anxeliños' son perdedores", *El Progreso*, "Cultura vivir", 19 febreiro 2009, p. 65.

Entrevista ao actor Fernando Morán pola súa participación na obra *Anxeliños*, quen comenta o seu papel na peza e afirma que o espectáculo está moi vixente. Tamén explica por qué escolleron esta representación e refire algúns aspectos da montaxe.

- Camilo Franco, "Recuperar a xustiza sarcástica", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 28 febreiro 2009, p. 59.

Fai referencia á representación que está a realizar Espello Cóncavo da obra de Vidal Bolaño. Comenta que a compañía fixo unha boa escolla con este autor, aínda que critica algúns aspectos desta versión xa que é máis branda que a de Vidal Bolaño e a parodia sarcástica tamén desaparece. Considera que en conxunto a obra é "menos atractiva".

- A. Rodil, "Los monfortinos podrán disfrutar de nueve obras de teatro este otoño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 23 setembro 2009, p. 20.

Comenta que o Concello de Monforte ten preparadas nove representacións teatrais para un público infantil e adulto. Entre as destinadas aos adultos menciónase a representación de *Anxeliños*, por Espello Cóncavo.

- A. Rodil, "Sarabela Teatro conquista al público infantil con el espectáculo 'Cósima", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 16 novembro 2009, p. 12.

Apunta as estreas de *OBRA (no comment)*, da compañía PT Excéntricas; *As Vingadoras*, do grupo Maquinaria Pesada e *Anxeliños*, de Espello Cóncavo.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Obra (No comment)*, texto e dirección Quico Cadaval.

Ver Cangas, XXVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver Cariño, XXXIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Vilagarcía, Ciclo de Outono de Teatro Galego

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Todos os andamios", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 14 marzo 2009, p. 59.

Fai referencia a esta traxedia que Producións Excéntricas está a representar. Comenta que amosa o humor galego máis irónico que retranqueiro e afirma que ás veces deixa ao espectador á espera de que pase algo máis. Asegura que a historia non é mala, mais non resolve nada de maneira novidosa.

- Paula Barros, "Nostalgia y sueños de tres operarios de construcción en 'Obra (No comment)", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/cultura", 5 abril 2009, p. 70.

Comenta que a compañía Producións Teatrais Excéntricas vai representar no centro social Caixanova esta obra teatral dirixida por Quico Cadaval. Refire que a historia se ambienta no século XX na isla de Manhattan, onde tres obreiros se fan amigos e lembran os seus países de orixe. Cita aos actores que participan e salienta a presenza de música en directo co piano de Suso Alonso.

- M. Mato, "Quico Cadaval instala os andamios de 'Obra' no Teatro Caixanova de Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 abril 2009, p. 40.

Fai referencia a esta última produción dirixida por Quico Cadaval e protagonizada por Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Borja Fernández, que representarán no Teatro Caixanova de Vigo. Explica que a peza se ambienta no Manhatan dos anos vinte, na construción de rañaceos, onde se atopan tres obreiros de distintas nacionalidades que acabarán sendo amigos e que se contan os seus soños. Por último, destaca a música en directo de Suso Alonso coa que gañou o María Casares á mellor música orixinal.

- Roberto Pascual, "Obra, a construción dunha comedia de beleza dixestiva", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Espectáculos", verán 2009, pp. 107-108.

Informa sobre *Obra. No comment*, primeira parte da triloxía "No comment Project" da compañía Producción Teatrais Excéntricas. Salienta a actuación de Vítor Mosqueira e o labor de iluminación e escenografía de Octavio Mas e Baltasar Patiño fronte ao ritmo da dramaturxia, que considera negativo. Destaca asemade o aspecto cómico do espectáculo.

- A. Rodil, "Los monfortinos podrán disfrutar de nueve obras de teatro este otoño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 23 setembro 2009, p. 20.

Comenta que o Concello de Monforte ten preparadas nove representacións teatrais para un público infantil e adulto. Entre as destinadas aos adultos menciónase a representación de *No coment OBRA*, por PT Excéntricas.

- María Foscaldo Fernández, "O espectáculo teatral 'Obra. No comment' trasladará aos vilagarcianos ao Manhattan dos anos 30", *Diario de Arousa*, "Arousa, un mar de cultura", 1 novembro 2009, p. 29.

Comenta o novo espectáculo da compañía Producción Teatrais Excéntricas, *Obra. No comment*, primeira parte da triloxía "No comment Project" dirixida por Quico Cadaval. Explica o seu argumento a partir dunha analoxía coa confusión de linguas producida en Babel e destaca as figuras dos tres protagonistas, Borja Fernández, Vítor Mosqueira e Marcos Orsi. Salienta, doutra banda, os elementos da comedia *slapstick* presentes na peza, a súa duración de hora e media e a inspiración desta compañía noutras como Mofa e Befa, formada inicialmente por Vítor Mosqueira, Evaristo Calvo, Quico Cadaval e Piti Sanz. Conclúe coa referencia ao excelente labor de contacontos, segundo a crítica, do director da compañía.

- A. Rodil, "Sarabela Teatro conquista al público infantil con el espectáculo 'Cósima", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 16 novembro 2009, p. 12.

Apunta as estreas de *Obra (no comment)*, da compañía PT Excéntricas; *As Vingadoras*, do grupo Maquinaria Pesada e *Anxeliños*, de Espello Cóncavo.

Expresión Teatro: *Imasxinarium plus ou Ofimax*

Ver apartado VII.3.3 deste *Informe*
Ver Chantada, XIXª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva
Ver Teatro Principal

A **Factoría Teatro**: *Crónica de días enteiros, de noites enteiras*, texto Xavier Durringer, dirección Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle.

Referencias varias:

- Manuel Beceiro, "Solo ante su piano protector", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Pistas para no perderse", 12 novembro 2009, p. L9.

Informa sobre de diversas actividades culturais en Santiago de Compostela, entre as que figura a representación de *Crónicas de días enteiros, de noites enteiras*, de Xavier Durringer, pola compañía Factoría Teatro. Apunta a participación dos directores da compañía, Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle, na presentación do acto na Sala Nasa e comenta aspectos da montaxe e dos personaxes, interpretados por Xosé Esperante, Anabel Gago, Gena Bahamonde, Fran Peleteiro e Santiago Cortegoso.

Fulano, Mengano e Citano: *Arte*, texto Yasmina Reza, dirección Celso Parada.

Ver Xoves de Humor, IIª Mostra de Teatro Galego de Lugo

Referencias varias:

- Jaureguizar, "O teatro galego montou obras espesas durante moitos anos", *El Progreso*, "Vivir cultura", 26 febreiro 2009, p. 80.

Entrevista a Manuel Botana sobre a súa participación na representación desta obra teatral. Comenta a temática da peza e afirma que a autora indicou que se realizara unha montaxe sinxela, destacando o papel dos personaxes. A seguir, afirma que é a primeira vez que actúa en Lugo capital e comenta que nas súas obras sempre hai humor. Ademais informa que proximamente traballará cun novo texto, *Nunca menos*, que trata sobre a historia de Galicia.

- J. A. Martínez Sevilla, "La cebolla de Fulano, Mengano y Citano", *El Ideal Gallego*, "La columna", 19 maio 2009, p. 28.

Comenta a representación realizada pola compañía Fulano, Mengano e Citano da adaptación que fixeron da obra de Yasmina Reza. Salienta a actuación de Manuel Botana, Suso Pando e Manuel Pombo e tamén a dirección a cargo de Celso Parada. Cita algunhas das características da obra e afirma que pasou un anaco agradábel revivindo o ambiente do Madrid dos 90.

Teatro **Galileo**: *Náufragos*, texto André Roussin, adaptación Francisco Pillado Maior, dirección Pedro Rubín.

Ver Cariño, XXXIª Mostra de Teatro Galego de
Ver Teatro Principal
Ver Teatrarte, IXº Festival de Teatro de Redondela

Referencias varias:

- Antón de Santiago, "Alta comedia nunha illa deserta", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 19 setembro 2009, p. 59.

Comenta a obra que está a representar a compañía Teatro Galileo do escritor francés

André Roussin e versionada en galego por Francisco Pillado. Refire o argumento da peza e salienta o seu "ritmo e naturalidade", así como o traballo dos actores Ana Santos, César Cambeiro, Paco Campos ou Raúl Varo. Por último, nomea os encargados da escenografía e a iluminación.

- J. A. Martínez Sevilla, "Teatro Gallego", *El Ideal Gallego*, "La columna", 19 setembro 2009, p. 12.

Comenta que se representou no Teatro Rosalía da Coruña a obra *Náufragos*, de André Roussin, coa versión de Francisco Pillado Mayor e dirixida por Pedro Rubín. Explica que esta representación é a mesma versión que a que representaron o ano anterior e salienta a interpretación dalgúns dos actores e actrices.

- Belén López, "Pontevedra quere ser 'cultural", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 14 outubro 2009, pp. 66-67.

Dá conta da presentación que realizou o Concello de Pontevedra do programa de actividades culturais que vai levar a cabo. En relación ao teatro comenta que estarán presentes dúas compañías galegas coas súas montaxes máis recentes; tamén cita outras obras a representar: *Pan. Catro propostas arredor da malla*, de Vota e Dálle; *Kvetch, o rosmón*, de Teatro do Morcego; *Náufragos*, de Teatro Galileo e *O segredo dos Hoffman*, de Largarta Lagarta.

Teatro da **Gavela**: *O Conde Alarcos*

Lagarta Lagarta: *Aeroplanos*, texto Carlos Gorostiza, dirección Rosa Álvarez.

Ver Cariño, XXXIª Mostra de Teatro Galego de
Ver No inverno ó calor do teatro, Ciclo
Ver Teatrarte, IXº Festival de Teatro de Redondela
Ver Xoves de Humor, IIª Mostra de Teatro Galego de Lugo

Referencias varias:

- E. G., "La obra teatral 'Aeroplanos' llega este fin de semana al Teatro Municipal de Tui", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 5 marzo 2009, p. 17.

Informa que vai participar no Teatro Municipal de Tui a compañía Lagarta Lagarta coa obra *Aeroplanos*, na que se conta cos actores Ernesto Chao e Xosé M. Olveira Pico como protagonistas. Indica o horario das funcións e comenta a autoría e dirección da obra.

- Jaureguizar, "Aeroplanos' fala de que calquera idade é boa para cambiar de vida", *El Progreso*, "Cultura vivir", 5 marzo 2009, p. 57.

Realiza unha entrevista a Ernesto Chao pola súa participación na obra *Aeroplanos*, que pecha a Mostra de Teatro Galego. Chao explica por qué escolleron esta etapa final da

vida e indica o motivo de que a compañía acade tantos éxitos. A seguir, fala do bo traballo da directora e indica que os axuda moito para que non se vaian cara un ton demasiado cómico. Finalmente fai referencia ao próximo traballo, *Os segredos dos Hoffman*, que tamén dirixirá Rosa Álvarez.

- Ana Iglesias, "Lagarta, Lagarta llega al Principal en 'Aeroplanos", *El Correo Gallego*, "Santiago", 1 abril 2009, p. 27.

Salienta o bo traballo que realizan sobre o escenario os actores Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira Pico, concretamente na representación desta peza teatral. Indica a quen pertence a autoría e a adaptación do texto, e ademais afirma que o éxito está nos personaxes próximos e emotivos que mostran a amizade na vellez.

- M. Beceiro, "Aeroplanos' é unha obra optimista, tamén un canto a amizade e, sobre todo, á liberdade", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 1 abril 2009, p. 8.

Comenta que os actores Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira van representar no teatro Principal esta peza da compañía Lagarta Lagarta. A seguir realiza unha entrevista a Ernesto Chao, quen afirma que case gañaron o premio Max e explica que este texto xa o tiñan en mente dende hai tempo el e máis a directora. Refire tamén a boa acollida que está a ter por parte do público de diferentes idades e fala sobre o tema da vellez que tratan na obra.

- Camilo Franco, "Colegas de feito", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 2 abril 2009, p. 9.

Comenta o contido desta obra. Refire que a amizade non é só unha cuestión dos novos senón que os vellos tamén teñen amigos cos que combaten as dificultades da vida.

- Mar Mato, "El público de la Rede Galega puntúa con notable alto a las compañías locales de teatro", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 8 abril 2009, p. 63.

Achega os datos ofrecidos pola Axencia Galega das Industrias Culturais onde se mostra que a nota media outorgada polos espectadores é dun notábel en relación ao teatro. Tamén comenta que a compañía mellor valorada é Lagarta Lagarta pola representación da obra *Aeroplanos*, guiada por Ernesto Chao e Xosé Manuel Olveira "Pico".

- Manuel Xestoso, "Os que falan mal do teatro galego adoitan ser os que nunca acoden a unha representación", *A Nosa Terra*, n.º 1.381, "*Cultura*", 12-18 novembro 2009, p.27.

Dá conta da creación da compañía Lagarta Lagarta da man do actor Ernesto Chao. Tras apuntar a traxectoria teatral do actor, salientando feitos como a súa participación na creación do Centro Dramático Galego, profunda nas orixes da súa compañía destacando a colaboración de Rosa Álvarez na súa fundación. Menciona asemade algúns dos proxectos que deron pé ao asentamento da compañía, como por exemplo *Fobias*, de Xosé Luís Prieto, merecente do premio María Casares ou *As últimas lúas*, de Furio Bordón. Nun apartado titulado "Éxito comercial" dedica especial atención ao proxecto *Aeroplanos*, prolongado durante seis meses máis do previsto por mor do seu éxito no despacho de billetes, así como ao seu máis recente espectáculo, *O segredo de Hoffman*.

Matarile Teatro (1): *Animales artificiales*, texto e dirección Ana Vallés.

Ver FITO, IIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Referencias varias:

- C. G., "Yllana y Matarile teatro actuarán en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 xaneiro 2009, p. 39.

Comenta que o teatro volve ser o protagonista da programación cultural da Estrada e informa sobre as compañías que van participar, entre elas Matarile Teatro coa obra *Animales Artificiales*.

- Lorena Romero, "As obras do Pazo da Cultura trasladan a programación de marzo ao auditorio", *Diario de Ferrol*, "Narón", 14 marzo 2009, p. 11.

Dá conta da programación cultural do mes de marzo en Narón que terá lugar no Auditorio debido ás obras que se están a realizar no Pazo da Cultura. Comenta que participarán, entre outros, a compañía Matarile Teatro co espectáculo *Animales Artificiales* e tamén Teatro Arriaga. Por último, indica que a obra *Kvetch* de Teatro do Morcego, si vai ser representada no Pazo da Cultura en abril.

- maré, "Matarile clausura mañá con 'Animales artificiales' o Fito", *Galicia Hoxe*, "MARE", "Teatro", 31 outubro 2009, p. 36.

Apunta de xeito moi conciso a clausura do FITO (Festival Internacional de Teatro de Ourense) coa posta en escena de *Animales artificiales*, dirixida por Ana Vallés e representada pola compañía Matarile. Menciónase asemade a estrea da nova produción desta mesma compañía e dirección, *Cerrado por aburrimento*, no Teatro de Caixanova de Vigo.

Matarile Teatro (2): *Cerrado por aburrimento*, dirección Ana Vallés.

Referencias varias:

- S. E., "Los bailarines Canales y Rojas estrenan en el Principal su espectáculo 'Mano a Mano", *La Región*, "Ourense", 17 decembro 2009, p. 12.

Presenta a programación que ofrecerá o Teatro Principal de Ourense no primeiro semestre de 2010, que contará con trinta e nove espectáculos, marcados pola presenza da música e das artes escénicas. Entre as actividades coméntase a presenza de Sarabela Teatro coa montaxe d'*A esmorga*; de Matarile Teatro co espectáculo *Cerrado por aburrimento*; de Talía Teatro con *Palabras encadeadas* e do Centro Dramático Galego coa obra de Roberto Vidal Bolaño *As actas escuras.* Para rematar, apunta que en abril terá lugar a décimo quinta edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Mofa e Befa: *Sempre ao lonxe,* texto Kiko Cadaval, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e

Piti Sanz; dirección Kiko Cadaval.

Ver Outono, Ciclo de

Monicreques de Kukas: *7 contos capitais*, texto Marcelino de Santiago, direción Isabel Rei Pousada.

Ver No inverno ó calor do teatro, Ciclo

Referencias varias:

- M. Dopico, "Moito que celebrar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 febreiro 2009, p. 38.

Refire que a compañía Monicreques de Kukas está a celebrar os seus trinta anos de existencia e indica que teñen en cartel catro espectáculos: *7 contos capitais (Historias para pícaros adultos)*, *Un agasallo para Xaquín*, *Sen Título 4x8x6* e *Contos do vento acatarrado*. A seguir, informa que van presentar na Coruña, en Santiago e en Ourense *7 contos capitais* e continúa narrando a historia da compañía. Tamén achega as opinións de Isabel Rey, unha das creadoras do grupo.

- B. M., "Os Monicreques de Kukas piden un espazo para o seu patrimonio de 30 anos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 marzo 2009, p. 54.

Faise mención das representacións que vai levar a cabo a compañía Monicreques de Kukas no Teatro Principal de Santiago co gallo do seu trixésimo aniversario. Sinálase que as obras a representar serán *Un agasallo para Xaquín*, destinada aos máis cativos, e *7 contos capitais*, para os adultos. Precísase tamén que a ilusión da compañía é que se cree un lugar onde poder gardar e manter todo o patrimonio realizado até o momento.

- Camilo Franco, "Monicreques", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 5 marzo 2009, p. L10.

Sinálase que a compañía Os Monicreques de Kukas está a representar dúas obras co gallo do seu trixésimo aniversario: *Un agasallo para Xaquín*, dirixida aos rapaces e aos que teñen ganas de selo, e *7 contos capitais*, dirixida aos que se 'autoinculpan' de adultos.

- Óscar Iglesias, "Treinta años de Kukas", *El País*, "Galicia", 14 marzo 2009, p. 8.

Achega os comentarios de Marcelino de Santiago e Isabel Rey, dous dos creadores da compañía Monicreques de Kukas, que lembran a historia do grupo dende os seus inicios até a actualidade, cando cumpren trinta anos do seu nacemento. Comentan a primeira actuación que realizaron na Feira do Queixo en Arzúa e tamén indican que foron a primeira compañía de teatro de títeres contemporáneo de Galicia. Fai referencia aos cambios que viviron no mundo das marionetas e informa das catro obras que teñen en cartel, entre elas *7 contos capitais*. Por último, comenta que lle solicitaron ao Concello de Santiago a creación dunha Casa dos Monicreques na que gardar a historia das marionetas en Galicia.

Teatro do **Morcego** (1): *O club da calceta,* texto María Reimóndez, dirección Celso Parada.

Referencias varias:

- M. G., "Noia presenta su nueva programación cultural", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 xaneiro 2009, p. 39.

Comenta que o Concello de Noia presentou a súa programación cultural na que inclúe representacións teatrais e cita a participación de Miroscopio Producións e Teatro do Morcego, quen representará *O Club da Calceta*.

Teatro do **Morcego** (2): *Kvetch: o rosmón*, coprodución con Seiva Trupe, texto Steven Berkoff, dirección Álvaro Lavín.

Ver Caixanova Teatro-Danza, Ciclo
Ver Carballiño, VIIº Outono Teatral
Ver XVIIª Feira das Artes Escénicas de Galicia
Ver FIOT, XVIIIº Festival Internacional "Outono de teatro" de Carballo
Ver Salón Teatro
Ver Teatro Principal

Referencias varias:

- Lorena Romero, "As obras do Pazo da Cultura trasladan a programación de marzo ao auditorio", *Diario de Ferrol*, "Narón", 14 marzo 2009, p. 11.

Dá conta da programación cultural do mes de marzo en Narón que terá lugar no Auditorio debido ás obras que se están a realizar no Pazo da Cultura. Comenta que participarán, entre outros, a compañía Matarile Teatro co espectáculo *Animales Artificiales* e tamén Teatro Arriaga. Por último, indica que a obra *Kvetch* de Teatro do Morcego vai ser representada no Pazo da Cultura en abril.

- Daniel Salgado, "Teatro do Morcego celebra sus 20 años en Santiago", *El País*, "Galicia", 23 abril 2009, p. 6.

Comenta que a compañía Teatro do Morcego leva representadas no Salón Teatro de Santiago oito funcións da obra *Kvetch: o rosmón*, coas que está a celebrar os seus vinte anos de existencia. Indica que a obra está dirixida por Álvaro Lavín e que se trata dunha coprodución co grupo Seiva Trupe. Así mesmo, cita o reparto galego e portugués que participan na peza e comenta que haberá unha representación de *Kvetch* en versión galega realizada pola escritora María Reimóndez.

- E. P., "O medo que nos abafa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 abril 2009, p. 33.

Fai referencia ao espectáculo que a compañía Teatro do Morcego está a representar con motivo do seu vixésimo aniversario. Explica que a obra *Kvetch* é un texto de Steven Berkoff, baixo a dirección escénica de Álvaro Lavín e en coprodución co grupo Seiva-Trupe de Porto. Informa sobre os horarios, prezos e días de representación no Salón Teatro de Santiago, e tamén achega os comentarios sobre a obra de Lavín, Parada e Antonio Reis. Finalmente, salienta algúns dos premios acadados pola compañía e cita outras obras xa representadas.

- M. Beceiro, "Teatro do Morcego cumpre vinte anos con ton cómico", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 23 abril 2009, p. 2.

Refire que a compañía Teatro do Morcego, nacida en Cangas, está a celebrar o seu vixésimo aniversario coa representación da obra *Kvetch: o Rosmón*. Indica que realizarán oito representacións e que a peza é un texto de Steven Berkoff, dirixido por Álvaro Lavín, e en coprodución co grupo portugués Seiva Trupe. A seguir, salienta que Lavín era a persoa axeitada para dirixir este espectáculo pola súa experiencia e cita tamén o elenco de actores, tanto galegos coma portugueses. A seguir, achega os comentarios de Lavín sobre o contido da obra e intención que ten sobre o espectador. Tamén comenta que a estrea da peza tivo lugar no Pazo da Cultura de Narón.

- Camilo Franco, "O despropósito como arte", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 25 abril 2009, p. 59.

Salienta desta obra que está a representar Teatro do Morcego o humor convertido en sátira contra o xeito que teñen de vivir os habitantes de Estados Unidos. Afirma que é un humor provocador e ás veces "canalla", que invita ao público a rir aínda que noutras ocasións produza ambigüidade.

- Camilo Franco, "Excéntricos e concéntricos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 30 abril 2009, p. 9.

Ofrece a cuestión de se nos consideramos excéntricos ou concéntricos e cuestiónase a nosa relación cos Estados Unidos e a visión que temos deste país, a partir da obra *Kvecht*, unha historia de Steven Berkoff.

- Lara Rozados, "Queriamos algo feroz para celebrar o vinte aniversario", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "Cultura", 30 abril-6 maio 2009, p. 31.

Entrevista a Celso Parada, director da compañía Teatro do Morcego, que está a representar no Salón Teatro de Compostela a obra *Kvetch*, de Steven Berkoff, para celebrar o seu vixésimo aniversario. Parada explica por qué escolleron esta obra e indica que se centra no medo que sofre a sociedade actual. Tamén fala sobre a relación laboral co grupo de Oporto Seiva Troupe. A seguir, lembra o nacemento da compañía e a súa evolución, citando algunhas obras representativas, e considera que a función do teatro é a transformación social, non deixarse influír, senón ser críticos. Por último, fai referencia a algúns dos traballos que levou a cabo a compañía e considera que o teatro se ten que adaptar ás épocas.

- Manuel Xestoso, "Pequenas hipocrisías cotiás", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "Cultura", 30 abril-6 maio 2009, pp. 34-35.

Analiza a obra *Kvetch* que representa Teatro do Morcego e Seiva Trupe baixo a dirección de Álvaro Lavín. Indica que a temática da peza se centra no modelo de vida da clase media acomodada americana e critica a súa actuación a través desta comedia de situación. A seguir, comenta que o autor, Steven Berkoff, critica algúns tópicos concretos e salienta que un dos elementos dramáticos principais é o uso dos apartes nos que os personaxes expresan o que senten aínda que actúen segundo as normas sociais. Destaca este uso da ironía que sempre é suave e estrutura a peza en dúas partes. Por último, refire que é unha obra de ritmo rápido que fai rir ao espectador.

- Rubén Bruña, "Teatro do Morcego celebra 20 años en los escenarios con la obra 'Kvetch", *La Opinión*, "a coruña", 27 maio 2009, p. 13.

Comenta que a compañía Teatro do Morcego, dirixida por Celso Parada, presentou oito funcións da obra *Kvetch* no Centro Dramático Galego de Santiago e que agora repetirá as funcións no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Dá conta dos actores que participan e indica que o texto pertence ao autor Steven Berkoff, así mesmo, explica que a obra é unha narración sobre os medos e as frustracións. Ademais afirma que se trata dunha coprodución co grupo portugués Seiva Trupe. Finalmente dá conta dalgúns dos premios gañados pola compañía nos seus vinte anos de existencia e cita algunhas obras coas que destacaron.

- Carlos Caetano Biscaínho Fernandes, "Nutricias parcerías creativas", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Espectáculos", verán 2009, pp. 105-106.

Loa a iniciativa levada a cabo pola compañía Seiva Troupe, do Porto, Álvaro Lavín e a galega Morcego. Dise que neste espectáculo, *Kvetch. Unha comedia americana*, sobre a ansiedade, a lingua cobra especial importancia ao empregarse "os padróns orais galego e portugués". Compara este espectáculo coa recente posta en escena d'As dunas, do Centro Dramático Galego. Deseguida comenta a proposta escénica e o traballo de dirección de Lavín e detense no traballo de Celso Parada. Finalmente felicita novamente a Teatro do Morcego e Seiva Troupe por este traballo conxunto. Na marxe dereita reprodúcese a ficha do espectáculo: título, compañías, texto orixinal, versión galega, dirección, elenco, escenografía e vestiario, realización do vestiario e perrucaría.

- Inma López Silva, "Do agobio á risa", *Tempos Novos*. *Revista mensual de información para o debate*, n.º 145, "Crítica", "Teatro", xuño 2009, p. 74.

Fai referencia ao texto de Berkoff, *Kvetch*, o cal se centra no mundo dos "agobios" que dominan a sociedade e que se nos presenta a través da montaxe que está a dirixir Álvaro Lavín con Teatro do Morcego e Seiva Trupe. Comenta que a obra mostra unha sociedade ansiosa, chea de medos e cunha preocupación polo qué dirán, conducida polo sentido do humor. Afirma que a principal acción se atopa nos apartes e salienta a interpretación dos actores, destacando asemade a coprodución das dúas compañías que amosa a capacidade de interacción entre as dúas linguas: galego e portugués.

- Silvia Camesella, "Más de medio centenar de actividades culminan el 25 aniversario de Caixanova", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 setembro 2009, p. 37.

Ofrece a programación cultural de Caixanova en Vigo para o último cuadrimestre do ano. En relación ao ámbito escénico galego cita a obra *Kvetch: o rosmón*, entre outras.

- I. Enríquez, "Vinte anos de teatro con 'Kvetch", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 18 setembro 2009, p. 67.

Comenta que a compañía Teatro do Morcego celebra o seu vinte aniversario coa representación da obra *Kvetch: o rosmón* no Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova de Vigo. Refire o argumento da peza e a súa temática, ademais de dar conta dalgúns dos actores que participan. Por último, informa sobre outros lugares nos que farán representacións e comenta que a partir do outono mostrarán o seu novo espectáculo infantil musical.

- Belén López, "Pontevedra quere ser 'cultural", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 14 outubro 2009, pp. 66-67.

Dá conta da presentación que realizou o Concello de Pontevedra do programa de actividades culturais. En relación ao teatro comenta que estarán presentes dúas compañías galegas coas súas montaxes máis recentes; tamén cita outras obras a representar: *Pan. Catro propostas arredor da malla*, de Vota e Dálle; *Kvetch, o rosmón*, de Teatro do Morcego; *Náufragos*, de Teatro Galileo e *O segredo dos Hoffman*, de Largarta Lagarta.

Teatro de **Ningures** (1): *Bailadela da morte ditosa*, texto Roberto Vidal Bolaño, dirección Etelvino Vázquez.

Ver Carballiño, VIIº Outono Teatral
Ver Vilagarcía, Ciclo de Outono de Teatro Galego

Referencias varias:

- Manuel Xestoso, "A danza da morte", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "Cultura", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, pp. 34-35.

Comenta a obra de Roberto Vidal Bolaño, *Bailadela da morte ditosa*, representada por Teatro de Ningures baixo a dirección de Etelvino Vázquez. Indica que a obra presenta seis historias de personaxes que non atopan o seu oco na sociedade e que prefiren morrer. Ademais dise que se poden localizar tres planos diferentes ou eixes temáticos: a fatalidade, a soidade e o amor fracasado. A seguir, destaca a interpretación dos actores e o traballo de dirección e afirma que é un espectáculo interesante que logra o aplauso dos espectadores, sobre todo, pola homenaxe final ao autor.

- Lupe Gómez, "Animal de escenario", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 febreiro 2009, p. 35.

Entrevista á actriz Mónica Caamaño que acaba de crear a compañía Teatro Nu xunto a Zé Paredes. Caamaño comenta que para ela o teatro é unha forma de vida, xa que lle permite reflexionar e achegarse á realidade, ademais di que xa comezou a facer teatro

cando era nena e describe cómo é a súa aldea natal. A seguir, indica que con Teatro Nu pretenden facer un teatro que incida na sociedade e fala da importancia da música creada por Anxo Graña e tamén da relación entre a poesía galega e a portuguesa. A continuación, comenta a súa relación con Teatro de Ningures e salienta que a compañía acadou grande importancia grazas á dirección de Etelvino Vázquez. Fala da obra que están a representar, *Bailadela da morte ditosa*, de Roberto Vidal Bolaño, e finalmente achega a súa opinión sobre a situación do teatro galego na actualidade.

- S. C., "Roberto Vidal Bolaño, en el teatro Principal", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 setembro 2009, p. 25.

Comenta que os textos do escritor Roberto Vidal Bolaño deron pé á obra teatral *Bailadela da morte ditosa*, que interpreta a compañía Teatro de Ningures no Teatro Principal de Santiago. Explica que a obra se basea en seis encontros coa morte que buscan os personaxes por motivos diferentes.

- Beni Yáñez Pérez, "A compañía canguesa Teatro de Ningures ofrece en Vilagarcía a súa propia visión da morte", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Interpretación", 25 outubro 2009, p. 28.

Comenta a estrea de *Bailadela da Morte Ditosa*, unha obra de teatro humorística de Laila Ripoll que cobra vida grazas á compañía Teatro de Ningures e coa que se inaugura o ciclo de teatro de outono do concello de Vilagarcía. Salienta o tempo real de hora e media no que transcorre a acción, nun único acto, e describe asemade os personaxes – prestando especial atención ao personaxe do *alter ego* do finado– e o espazo no que se desenvolve a trama. Sinala, doutra banda, a traxectoria da compañía dende a súa creación en 1986, así como o seu ritmo de traballo, o tempo de preparación de cada proxecto e as obras que actualmente teñen en cartel.

Teatro de **Ningures** (2): *Emigrados*, texto Cándido Pazó, Xosé Manuel Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai e Sonia Torre; dirección Etelvino Vázquez.

Referencias varias:

- Paula Barros, "A Teatro de Ningures le toca emigrar", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/cultura", 1 febreiro 2009, p. 52.

Dá conta da representación que realizou Teatro de Ningures da obra *Emigrados* no Centro Social Caixanova. Explica que a peza está composta por textos de cinco autores contemporáneos galegos (Anxos Sumai, Sonia Torre, Cándido Pazó, Suso de Toro e Xosé Manuel Pazos) e que se centran todos no tema de emigración. Por último, resume a traxectoria de Teatro de Ningures e cita algunhas das obras máis representativas.

Teatro do Noroeste: *Extrarradios. Comedia das mulleres desamparadas*, texto e dirección Eduardo Alonso.

Ver Ribadavia, XXVª Mostra Internacional de Teatro de

Referencias varias:

- Damián Pereira, "Vilagarcía recibe este sábado a unha das candidatas aos premios Max: 'Extrarradios", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía Local", "Cultura", 12 febreiro 2009, p. 12.

Alúdese á inminente representación en Vilagarcía desta obra de Teatro do Noroeste, un espectáculo candidato aos premios Max. Coméntase o argumento da obra, que trata da vida dunha prostituta e dunha mendiga que se enfrontan á sociedade. Infórmase do prezo das entradas e recóllense as palabras do seu creador e director Eduardo Alonso, quen defende o valor que ten a comedia para promover a reflexión do espectador.

- L. G., "Bo humor para vivir as dificultades da vida", *Diario de Arousa*, 15 febreiro 2009, contracuberta.

Refire que a compañía Teatro do Noroeste presentou no Auditorio de Vilagarcía a obra *Extrarradios*, protagonizada por Victoria Pérez Varela e Luma Gómez e escrita por Eduardo Alonso, onde tamén se conta coa voz en *off* de Fernando Tato. Explica que se trata dunha comedia urbana con trazos marxinais baseada na historia dunha prostituta e unha mendiga que intentan sobrevivir. Por último, ofrece breves datos sobre a compañía e as montaxes máis significativas.

- M. G. M., "Os 'Extrarradios' chegan ao Rosalía en forma de comedia", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 26 febreiro 2009, p. 15.

Informa sobre a representación que Teatro de Ningures realizará no Teatro Rosalía de Castro da Coruña interpretando a obra *Extrarradios*, unha comedia urbana con trazos dramáticos que protagonizan Luma Gómez e Victoria Pérez, dirixida por Eduardo Alonso. Comenta que a obra se basea nos personaxes dunha mendiga e unha prostituta que intercalan diálogos de risos con frases críticas e que mostran os seus mundos de desgrazas.

Nut Teatro (1): *4.48 psicose*, de Sarah Kane.

Referencias varias:

- Teresa Cuíñas, "La última obra teatral de Yasmina Reza llega a Galicia", *El País*, "Galicia", 19 marzo 2009, p. 5.

Informa sobre as novidades teatrais de Vigo, entre as que destaca a representación que terá lugar no Teatro Arte Livre do clásico de terror *Dr. Jeckyll e Mr. Hyde*. Tamén indica que no Teatro Ensalle a compañía Nut Teatro levará a escena a primeira versión en galego da obra *4.48 Psicose*, baseada no texto dramático de Sarah Kane.

Nut Teatro (2): *Corpos disidentes*, texto Nut Teatro, dirección Carlos Neira Noya.

Nut Teatro (3): *A mirada de Pier*, texto Clara Gayo, dirección Carlos Neira.

Ver FestAlt09, VIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Pinguela Teatro: *Razóns de peso*, texto Clara Gayo, dirección Anabel Gago.

Ver Cómico, Iª Mostra de Teatro

Pisando Ovos (1): *30.000*, dirección Damián Muñoz.

Pisando ovos (2): *Mi solo Menos 1*, texto e dirección David Loira e Ruth Balbís.

Pista Catro Productora de Soños: *Purgatorio! Santos Vs. Predicadores*, dirección Marcos Carballido.

Ver Pontevedra escénica

Sarabela Teatro (1): *Dáme veleno*, texto e dirección Ánxeles Cuña Bóveda.

Ver Ribadavia, XXVª Mostra Internacional de Teatro de
Ver Vilagarcía, Ciclo de Outono de Teatro Galego

Referencias varias:

- Ana Baena, "Hacemos una llamada a la libertad y un alegato a la muerte digna", *Atlántico Diario*, "Vigo", 14 febreiro 2009, p. 22.

Conversa con Fernando Dacosta, actor da compañía Sarabela Teatro, que representará no Centro Cultural Caixanova a obra *Dame veleno*. Dacosta comenta que a obra é un reclamo da liberdade e fala sobre o seu personaxe, Io. Tamén afirma que a obra se corresponde coa filosofía da compañía.

- L R, "Sarabela Teatro' participará en la final del Certamen Nacional de Teatro de Torrejón", *La Región*, "Ciudad", 16 abril 2009, p. 13.

Comenta que a compañía Sarabela Teatro vai participar no XII Certame Nacional de Teatro Ciudad de Torrejón, por terceira vez, coa obra *Dáme veleno*, de Ánxeles Cuña Bóveda, estreada en 2008 e que está de xira na Rede Galega de Teatros. Salienta que a obra versa sobre a liberdade dos enfermos para decidir a súa morte e, finalmente, dá conta dos organizadores do evento.

- Yolanda Castaño, "Días (des)debuxados", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 3 maio 2009, contracuberta.

Yolanda Castaño describe a súa participación nunha das xornadas do II Diálogo de Pintura e Poesía de Culleredo, e comenta que ao final do día asistiron á representación da obra *Dáme veleno*, mais asegura que a obra non a "engaiolou".

- O. B., "Sarabela Teatro trae al Auditorio una obra sobre la eutanasia y el deseo", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Cultura", 12 novembro 2009, p. 07.

Preséntase a nova produción da compañía de teatro ourensá Sarabela Teatro, *Dáme veleno*, dirixida por Ánxeles Cuña e protagonizada por Josito Porto. Tras comentar brevemente o seu argumento e temática, destácanse algúns dos actores e actrices como Sabela Gago, Elena Seijo ou Nate Borrajo. Dáse conta asemade doutras dúas producións teatrais que, xunto con esta, conforman o Ciclo de Outono de Teatro Galego organizado pola Concellaría de Cultura. Xa por último menciónase o prezo das entradas de *Dáme veleno* e saliéntase a calidade desta compañía.

Sarabela Teatro (2): *Margar no pazo do tempo*, texto e dirección Ánxeles Cuña Bóveda.

Talía Teatro (1): *Anfitrión, e ti quen vés sendo?*, texto Plauto, adaptación e dirección Cándido Pazó.

Ver Teatrarte, IXº Festival de Teatro de Redondela

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Talía Teatro' actúa en la casa de la cultura", *El Ideal Gallego*, "Alataya mariñana", 17 xaneiro 2009, p. 20.

Informa que a compañía Talía Teatro vai representar no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada a obra *E ti quen vés sendo?*, cuxa trama se centra no feito de que un personaxe é substituído pola copia de si mesmo. Tamén comenta que a obra, escrita por Cándido Pazó, é unha adaptación do *Anfitrión* de Plauto.

- C. G., "Yllana y Matarile teatro actuarán en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 xaneiro 2009, p. 39.

Comenta que o teatro volve ser o protagonista da programación cultural da Estrada e informa sobre as compañías que van participar, entre elas Talía Teatro interpretará *¿E ti de quen vés sendo?*

- Carlos C. Biscaínho, "Metateatro sobre a identidade", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 58, "Críticas", primavera 2009, pp. 121-122.

Comeza destacando que o recurso de acudir aos clásicos para aumentar o repertorio das

compañías é moi habitual e cita a obra que está a representar Talía Teatro a partir do texto latino de Plauto. Indica que o director non redramatiza a obra senón que só se limita a introducir escenas ou fragmentos e narra o argumento da historia. Tamén salienta os desdobramentos nas personalidades dos personaxes e asegura que é un acerto o emprego de máscaras e trazos procedentes da *Commedia dell'Arte* e a complicidade que consegue cos espectadores. Por último, salienta o amplo elenco de actores, que cita en columna á parte, e augura un bo futuro para *E ti quen vés sendo?*

- C. A., "El Alovi acoge mañana una obra de la compañía 'Talía Teatro", *El Progreso*, "A Chaira", 1 outubro 2009, p. 20.

Comenta que a compañía Talía Teatro vai representar no auditorio municipal Alovi a obra *E ti que vés sendo?*, elaborada por Cándido Pazó. Narra o argumento da peza e informa sobre o horario e venda de localidades.

- U. L., "El teatro centra la programación cultural padronesa durante el mes de noviembre", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 10 outubro 2009, p. 13.

Anúnciase a programación de outono, que comeza coa obra *Anfitrión, e ti quen vés sendo?*, de Talía Teatro, mentres que a Mámoa presenta *Só unha noite*. Por outra banda, salienta Teatro Lagrancosaverde, con *Teño unha cacerola chea de lentellas*, e Teatro Candelexas.

Talía Teatro (2): *Bicos con lingua*, texto Avelino González, Suso de Toro, Cándido Pazó, Xabier Lama, Manuel Núñez Singala, Ana Iglesias e Marta Etxebarría; dirección Avelino González.

Ver apartado VII.3.3 deste *Informe*
Ver Terra de Sanxenxo, Ciclo

Referencias varias:

- Rubén Bruña, "Bicos con lingua' trata el conflicto ideomático bajo el prisma del humor", *La Opinión*, "a coruña", 10 marzo 2009, p. 15.

Informa que a compañía Talía Teatro vai representar no Teatro Colón da Coruña a obra *Bicos con lingua*. Tamén indica que a obra foi escrita por Avelino González, Suso de Toro, Cándido Pazó, Xabier Lama, Manuel Núñez Singala, Ana Iglesias e Marta Etxebarría. Explica que o obxectivo da peza é ensinar ao espectador o redescubrimento dunha lingua a través do humor. Así mesmo, ofrece información sobre as entradas e salienta que a compañía xa gañou algún premio María Casares con esta montaxe.

- M. G. M., "Os bicos: con lingua, por favor", *El Ideal Gallego*, "A Coruña Cultura", 12 marzo 2009, p. 15.

Fai referencia á montaxe de Talía Teatro *Bicos con lingua*, na que fai reflexionar ao espectador sobre a importancia de ter unha lingua propia. Comenta que a compañía leva representando esta peza dende 2003 e aínda ten vixencia o seu contido. A seguir indica

a autoría dos textos, cos que se consegue a través do humor facer reaccionar ao público. Finalmente, informa que a compañía tamén interpretará no Forum a comedia *Menos lobos*.

Voadora: *Periferia*

Ver FestAlt09, VIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo
Ver MITEU, XIVª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Volta e Dálle Teatro: *Pan. Catro propostas arredor da malla*, texto e dirección X. Henrique Rivadulla 'Corcón', Nazaret López, Carlos Santiago e Lucho Penabade.

Ver Teatro Principal
Ver Vilagarcía, Ciclo de Outono de Teatro Galego

Referencias varias:

- Belén López, "Pontevedra quere ser 'cultural", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 14 outubro 2009, pp. 66-67.

Dá conta da presentación que realizou o Concello de Pontevedra do programa de actividades culturais. En relación ao teatro comenta que estarán presentes dúas compañías galegas coas súas montaxes máis recentes; tamén cita outras obras a representar: *Pan. Catro propostas arredor da malla*, de Vota e Dálle; *Kvetch, o rosmón*, de Teatro do Morcego; *Náufragos*, de Teatro Galileo e *O segredo dos Hoffman*, de Largarta Lagarta.

- Mercedes Angueira, "As vellas tradicións agrarias voltan a Vilagarcía con 'Catro propostas arredor da malla", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "E fumos ficando sós, o mar, o bar e máis nós...", "Teatro", 22 novembro 2009, p. 26.

Acóllese a noticia da representación no Auditorio de Vilagarcía de Arousa de *Pan. Catro propostas arredor da malla*, da compañía Volta e Dálle Teatro. Comenta que é un proxecto teatral "irreverente e arriscado" e que aborda a cuestión dos cambios socio-culturais que carrexan a perda da economía tradicional agraria. Considera que non é unha "recreación folclórica" nin "nostálxica", e que se trata de catro historias diferentes "fiadas a través da danza e da música en directo". Ademais de falar do argumento, comenta que este grupo teatral actuará nas rúas da vila e promocionará o libro da peza teatral, que contén ademais un CD coas cancións, no que se inclúe o romance da "Máquina de Mallar", do que segundo se di, xurdiu a idea de montar a obra.

III.3.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Achádego Teatro: *O divino sainete*, texto Manuel Curros Enríquez, adaptación de Marica Campos.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Aforo Teatro: *Do cotiá: o absurdo*

Alecrín: *Leite de cabra*

Ver Mes das Letras Galegas, Ciclo de Teatro Popular
Ver Terra de Sanxenxo, Ciclo

Grupo de Teatro da Asociación Os **Amigos da Farándula**: *O Chufón*, texto Xesús Rodríguez López, dirección Lucía Caneiro.

Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Cariño, XXXIª Mostra de Teatro Galego de

Arela das Artes (1): *Arela Miúda en: o recuncho de Anabel*

Ver Cee, 'Domingos de Teatro. Marzo Teatral', XXIIª Mostra de Teatro de

Arela das Artes (2): *Ifixenia en Áulide*, texto Eurípides, dirección Charo Amador.

Ver Terra de Sanxenxo, Ciclo

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "Unha traxedia clásica de Eurípides inaugura a tempada do Auditorio vilagarcián", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Teatro", 11 xaneiro 2009, p. 24.

Comenta que no Auditorio Municipal de Vilagarcía se vai representar a traxedia clásica *Ifixenia en Áulide*, baseada na obra de Eurípides. Indica a dirección da obra e que conta con trece actores que pretenden ser fieis ao orixinal. Finalmente refire o contido da peza e destaca que é a primeira vez que se representa en galego.

- D. P., "O teatro clásico chega este venres ao Auditorio coa obra 'Ifixenia en Áulide', de Arela das Artes", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía Local", 14 xaneiro 2009, p. 10.

Comenta que se vai representar en Vilagarcía a peza baseada na obra do grego Eurípides. Destaca que esta é unha ocasión única para ver teatro clásico adaptado e interpretado en galego e comenta que se trata dun convenio do Concello con AGADIC. Por último, indica que a compañía consta de trece actores e dá conta do argumento da obra.

- L. G., "Eurípides resucita na cidade cun texto bélico", *Diario de Arousa*, 18 xaneiro 2009, contracuberta.

Dá conta da representación que levou a cabo a compañía Arela das Artes en Vilagarcía, baseada na obra do grego Eurípides. Indica que a peza foi dirixida por Charo Amador e que contou con trece artistas que representaron esta comedia clásica sobre a guerra e o feminismo. Por último, dá conta do argumento da obra.

- Eli Blanco, "La obra de teatro 'Ifixenia en Áulide' llega al Pardo Bazán", *Diario de Pontevedra*, "Sanxenxo.O Salnés", 14 marzo 2009, p. 14.

Informa que a compañía de teatro Arela das Artes vai representar en Sanxenxo esta obra clásica. Explica que a traxedia está dirixida a un público adulto e narra o argumento baseado na dúbida de Agamenón de entregar a súa filla como sacrificio para os deuses.

Teatro **Arte Livre**: *Aurora Rodríguez e a súa filla Hildegart*

Atrezzo Teatro (1): *Bágoas de Noitébrega*, texto Buero Vallejo, dirección Chelo Pampín.

Referencias varias:

- Mercedes Vázquez Rodríguez, "Bágoas de noitébrega", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 28 febreiro 2009, p. 26.

En lembranza de Che Carrera Vázquez, e como homenaxe á súa figura, comenta que no Teatro Principal o grupo Atrezzo vai representar esta obra.

- Belén López, "Teatro na honra de Che Carrera", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí/cultura", 1 marzo 2009, p. 62.

Comenta que en homenaxe ao recentemente falecido Che Carrera, a compañía Atrezo Teatro representou en Pontevedra a obra *Bágoas de Noitébrega*, baseada na obra *Madrugada* de Buero Vallejo.

Atrezzo Teatro (2): *A Voda*

Ver Outono Teatral, Salceda de Caselas

Grupo de Teatro **Badius**: *Sucursal n.º 13*, texto G. T. Badius; dirección Alberte Villar.

Ver Pontes, IIª Mostra Local de Teatro das
Ver Grupo Empresa-Endesa, IIª Mostra de Teatro

Bicodobrelo: *Comedia bífida*, texto Manuel C. Núñez Singala, dirección Tero Rodríguez.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A diglosia no Xuízo Final", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 febreiro 2009, p. 34.

Fai referencia á obra que vai representar en Santiago a compañía Bicodobrelo, baseada nun texto de Manuel C. Núñez Singala. Indica que a obra xa gañou algún premio e que está a ter boa acollida por parte do público xa que o tema reflicte a cuestión do idioma. A seguir, achega algúns comentarios da directora da montaxe e dá conta do elenco de actores que participan, destacando algúns dos personaxes representados, como Lucifer ou San Pedro.

O **Bordelo** (1): *O mariñán*, texto e dirección Francisco Piñeiro

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

O **Bordelo** (2): *R.I.P. Marandaina*, texto e dirección Francisco Piñeiro.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral
Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"
Ver Cariño, XXXIª Mostra de Teatro Galego de

Teatro de **Cámara Ditea**: *Aquí cheira a morto*, dirección Xan Casas.

Ver Teatrofilia, Festival de Teatro Amateur
Ver Terras do Orcellón, IIIª Mostra de Teatro Amador

Candelexas: *Mellor ser can que vivir como can*, texto e dirección Víctor Vez.

Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Carfax Teatro (1): *O cuarto do príncipe*

Ver Roberto Vidal Bolaño, Iº Festival de Teatro Afeccionado

Carfax Teatro (2): *Transilvania*

Ver Agustín Magán, Vº Festival de teatro afeccionado

Expresión Teatro: *Vaia ladrón*

Ver Mes das Letras Galegas, Ciclo de Teatro Popular

Escola de Teatro Os **Falcatrueiros**: *Morte no garaxe*

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral
Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Grupo de Teatro **Fontevella**: *Para qué viría eu ó médico...! Nin sempre é anécdota*, texto Pepe Ramilo.

Ver San Andrés de Comesaña, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- D. P., "El grupo teatral Fontevella, formado por jubilados, cumple 13 años de trabajo", *Faro de Vigo*, "Louriña", 6 marzo 2009, p. 14.

Comenta que o grupo teatral Fontevella, formado por actores xubilados, vai representar a obra *Pra que viría eu ó médico…! Nin sempre é anécdota*. Explica que os textos da obra foron escritos por Pepe Ramilo e adaptados pola directora Chelo Pampillón, e indica que o elenco está formado por doce actores. Finalmente dá conta doutros lugares nos que xa realizaron esta representación.

Asociación Cultural A **Garola**: *A lenda do pirata*, texto Fusa Guillén, dirección Fusa Guillén e Helga Méndez.

Imagina Machina, Aula de Teatro Universitario da Coruña: *Ubú Rei*, texto Alfred Jarry, dirección Zé Paredes.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "La obra teatral 'Abú Rei', hoy a las ocho", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 8 febreiro 2009, p. 22.

Comenta que no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada, o grupo de teatro da Universidade da Coruña vai representar a obra *Ubú Rei*. Indica que a obra abrangue varios aspectos que se centran no antiheroe Abú.

Lambríaca Teatro: *Chicho e a Santa Compaña*, texto Xosé M. Gómez e Xosé M. Conde; dirección Xoán Abreu.

Ver Teatrarte, IXº Festival de Teatro de Redondela
Ver Terra de Sanxenxo, Ciclo

Referencias varias:

- Teresa Miñán, "El teatro de humor llenó el Auditorio con la obra 'Chicho e a Santa Compaña", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", 19 abril 2009, p. 8.

Dá conta da representación que a compañía Lambríaca realizou no Auditorio de Vilagarcía desta obra. Destaca o humor que contén a peza e informa que o público poderá seguir vendo representacións durante os próximos meses.

- Víctor Castro, "Éxito de las gimnastas de la sadense Zeltia García", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 23 maio 2009, p. 18.

Informa que a actuación que a compañía Lambríaca Teatro tiña prevista na Casa da Cultura de Sada foi aprazada debido a imprevistos que xurdiron. Tamén indica que as actividades se reanudarán coa representación dunha obra de teatro infantil.

- Víctor Castro, "Chicho e a Santa Compaña se escenifica hoy en Sada", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 28 xuño 2009, p. 22.

Informa que ás oito da tarde a compañía Teatro Lambríaca vai representar no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada esta obra teatral.

- Ana Baena, "Teatro, museos y salud para los vigueses mayores de 65 años", *Atlántico Diario*, "Vigo", 6 outubro 2009, p. 11.

Dá conta do programa de actividades que se vai levar a cabo en Vigo dentro do proxecto Avellentamento Activo. En relación ao teatro indica que as obras que se representarán son as mesmas que en 2008 xa que tiveron moito éxito. Cita a *Chico e a Santa Compaña*, da compañía Lambríaca, e *Viva a crise*, de Fulano, Mengano e Citano.

Teatro **Lope de Vigo**: *Ide todos ó inferno*, texto e dirección Julián Rodríguez Lobo e Xosé Manuel Conde.

Ver Vigo a Escena, Ciclo

Aula de Teatro da USC **Lugo**: *A ronda*, texto Artur Schnitzler, dirección Quico Cadaval.

A **Mámoa Teatro**: *Vostede pode ser un asasino*

Referencias varias:

- S. F., "O Pino cierra esta tarde su programación navideña con una sesión de teatro", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 xaneiro 2009, p. 32.

Comenta que o Concello do Pino vai clausurar a súa programación de Nadal coa representación teatral *Vostede pode ser un asasino*.

Manicómicos: *Deprimidos ao río*, texto Willy Eter, dirección Carlos Sante.

Ver Manicómicos, VIIº Festival Internacional de Teatro Cómico
Ver Roberto Vidal Bolaño, Iº Festival de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- A. Losada, "Cinco anos de manías", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 10 xaneiro 2009, p. 51.

Comenta que a asociación cultural Manicómicos vai celebrar os seus cinco anos de vida cunha gala no Rosalía de Castro da Coruña, na que realizarán espectáculos de música, teatro, malabaristas e humoristas. Indica que Manicómicos tamén vai poñer en escena a produción *Deprimidos ao río*. A seguir, comenta o seu director, Carlos Sante, que o maior reto da asociación é a celebración do Festival Internacional de Teatro Cómico.

- José María Villot, "Practicamos una locura controlada, aplicada a la creatividad", *El Ideal Gallego*, "Opinión", "Paisaje y Paisanaje", 8 febreiro 2009, p. 28.

Faise eco dunha entrevista a Carlos Sante, portavoz da Asociación teatral Manicómicos. Fálase do amor do grupo polas artes escénicas (salientando que isto os leva a ter xa cumpridos cinco anos de vida), así como da loucura e a creatividade que presentan as súas obras. Sinálase que os membros do grupo chegaron a participar en festivais teatrais tan importantes como o Festival Internacional de Teatro Cómico e sublíñase o seu desexo de amosar a todo o mundo a maxia do teatro.

Asociación Teatro do **Mar**: *A casa de Bernarda Alba*

Ver Carballo, Folla de Ouro, VIº Certame

Grupo Teatral AA. MM. De **Moaña**: *A casa de Bernarda Alba*,

Referencias varias:

- Pedro Pablo Riobó, "FOTOENTREVISTA. Ana Blanco e Dora Sequeiros", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Festivais", outono 2009, pp. 80-83.

Logo de presentar a Ana Blanco Cancelas e Dora Sequeiros López, membros do grupo de Teatro da Asociación de Mulleres de Moaña, ábrese a entrevista na que falan dos seus inicios no teatro. Ambas apuntan a obra *A casa de Bernarda Alba* como o traballo máis salientábel da súa traxectoria no ámbito teatral. Ademais de comentar cáles son os aspectos da interpretación que máis a motivan, Dora Sequeiros apunta que posibelmente o próximo espectáculo sexa a adaptación da obra *Barriga verde*, de Manuel María, aínda que "non podo adiantar nada". Coinciden en que a falta de subvención económica é o maior atranco para o labor teatral. Finalmente, e nun á parte, responden a un "Test teatral" de dez preguntas.

Novaescena Teatro: *Pensión 13*, dirección Mario T. López, texto Xoán C. Laxe.

Ver Buxiganga, Proxecto Teatral

Grupo de Teatro A **Pombiña**: *Melocotón en almíbar*, texto Miguel Miura, dirección Gonzalo Grandal.

Ver Caranza, IXº Ciclo de Teatro Afeccionado "Domingos a escena"

Compañía de Teatro Municipal Concello de **Sada**: *Historias peregrinas*

Ver Sada, Vª Mostra de Teatro Afeccionado

San&San (1): *Bar*, texto e dirección San&San.

San&San (2): *As desventuras de Carme, Gelines e Don José*, texto e dirección San&San.

Ver Manicómicos, VIIº Festival Internacional de Teatro Cómico
Ver Terra de Sanxenxo, Ciclo

Teruca Bouza: *A muller do meu amigo engáname*

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Ramón Piñeiro

IV.1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Piñeiro, Ramón, *Filosofía da saudade*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Ramón Piñeiro, n.º 3, febreiro 2009, 118 pp. (ISBN: 978-84-9865-156-0).

Reedición do volume *Filosofía da saudade*, dentro da colección na que Galaxia acolle os textos de Ramón Piñeiro (Láncara, 1915-Santiago de Compostela, 1990), publicado por vez primeira en 1984. A nova edición leva unha ilustración na capa de Leopoldo Novoa e nela recóllense de novo os mesmos seis ensaios: "A filosofía e o home", comunicación presentada no I Congreso Nacional de Filosofía celebrado en Braga en 1955; "Significado metafísico da saudade", que apareceu en maio de 1951 no número 1 da colección "Grial", titulado *Presencia de Galicia*, e foi reproducido na *Revista Filosófica* de Coímbra; "Para unha filosofía da saudade", incluído no volume colectivo *La Saudade* (1953); "Saudade e sociedade, dimensións do home", texto da conferencia pronunciada na Aula de Cultura de Vigo en 1975; e "A saudade en Rosalía", publicado en 1952 nun volume colectivo dedicado por Galaxia á poeta. Todos estes ensaios achéganse ao tema da saudade, o cal lle outorga unha profunda unidade ao volume e demostra a atención que Ramón Piñeiro dedicou ao tema.

Recensións:

- Manolo do Río Rodríguez, "Por unha filosofía galaico-portuguesa", *ABC*, "*Artes & Letras*. *Galicia*", n.º 5, "Ensaio", maio 2009, p. 8.

Principia coa mención do ensaio *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro, e da tradución en 1956 do volume de Heidegger, *Da esencia da verdade*. Destaca a presenza do pensamento deste filósofo na produción literaria de Piñeiro, así como na de Xosé Luís Méndez Ferrín, en *No ventre do silencio* (2000). Nun epígrafe intitulado "Polémica", alude á batalla dialéctica entre a xeración dos "piñeiristas" e a dos novos escritores e pensadores, ao redor da concepción do galeguismo daquela época. Destaca asemade a visión esencialista e espiritual da nación galega por parte da xeración piñeirista e continúa con outro epígrafe, "Culturalismo", sobre a cuestión homónima na filosofía do intelectual. Conclúe coa mención do actual debate identitario da nosa nación.

- Xavier Castro Rodríguez, "A saudade: metafísica, filosofía e sociedade", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 19 setembro 2009, p. 2.

Comenta *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro, obra reeditada no marco das homenaxes que está a recibir o persoeiro en 2009, como unha miscelánea de cinco textos que ilustran o pensamento do autor ao redor dos elementos básicos que sinalaran no eido literario os membros do Grupo Nós e que Ramón Piñeiro levou aos eidos da

filosofía. Cita os títulos dos cinco ensaios e sinala o carácter pioneiro destes traballos, pois daquela, afirma, estes temas ficaban alleos na tradición cultural galega.

Referencias varias:

- Antón Baamonde, "De 'Deus ex machina' a Anticristo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 xaneiro 2009, p. 8.

Comeza coa mención do ensaio *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro, para despois comentar a súa adscrición ao PG, a posterior suspensión do partido e a creación da editorial Galaxia. Salienta a tese doutoral do membro do PSdG Miguel Barros, *Ramón Piñeiro: o PG e a revisión do nacionalismo* (2008). Alude asemade á discusión entre os exiliados republicanos e os galeguistas e a situación política da década de 1960, co xurdimento dos novos nacionalistas, enfrontados a Piñeiro. Sinala a novela de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Retorno a Tagen Ata* (1971), na que un dos seus personaxes parece estar baseado na figura do intelectual e comenta a súa repercusión como figura histórica. Conclúe coa alusión á Lei de Normalización Lingüística, promovida por Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa.

- Lupe Gómez, "Querer a saudade", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 753, "Nas nubes", 22 marzo 2009, p. 3.

Céntrase no tema da saudade, a partir do ensaio *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro, reeditado por Galaxia en 2009. Compara a temática do seu volume coa de Krishnamurti, escritor indio e menciona o comentario de Antonio Gamoneda ao respecto da saudade. Nun epígrafe intitulado "Melancolía cósmica" destaca os termos "saudade" e "lirismo" na produción literaria do intelectual.

- V. Oliveira, "O motor da identidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 abril 2009, p. 27.

Comenta a reedición por parte de Galaxia das obras *Galicia* e *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro. Sobre a segunda explica que reúne unha serie de ensaios escritos polo galeguista na década de 1950.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Infantil/Xuvenil", 16 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comenta a modo de recomendación *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro, entre outras novidades literarias.

- Ramón Loureiro, "No fondo da alma, a saudade", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 3.138, "Letras Galegas 2009", 16 maio 2009, p. 16.

Considera que *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro, permite interpretar o mundo dende unha perspectiva esencialmente galega. Destaca que Piñeiro introduciu a noción de saudade a partir do ensaio *A saudade en Rosalía* (1952), no cal analiza ese concepto no libro de poemas, *Cantares gallegos* (1863). Sinala tamén que para Piñeiro Rosalía se converteu nun símbolo representativo dos sentimentos comúns dos galegos, e por ese motivo, Galicia ten unha débeda "inextinguible que o pobo só pode pagar e paga con amor inextinguible". A segunda parte do artigo céntrase na análise dos vínculos da

saudade coa soidade na filosofía de Piñeiro. Para o filósofo na obra de Rosalía conéctanse a soidade da poeta coa saudade. Afirma que a saudade, ao igual que a lingua galega, "son expresións da mentalidade peculiar que se foi configurando na vella Gallaecia".

- A D, "A obra de Ramón Piñeiro volta de novo ás librarías", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 14/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 10.

Sinálase que a editorial Galaxia se encargou da recuperación dos libros publicados por Ramón Piñeiro. Destácanse especialmente o libro *Filosofía da saudade*, que reúne os ensaios escritos polo pensador de Láncara. Infórmase doutros libros que foron publicados dentro da colección "Biblioteca Ramón Piñeiro" e apúntase que a revista *Grial* dedica o seu último número á súa figura. Nun á parte, destácanse tamén tres obras sobre o autor, dous tirados da editorial Xerais (*Ramón Piñeiro. Os días ocultos,* de Daniel Ameixeiro e *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo,* de Xosé Ramón Rodríguez) e un de Edicións A Nosa Terra (*Ramón Piñeiro. Nas olladas do Galeguismo*).

Piñeiro, Ramón, *Galicia*, trad. ao galego Leandro García Bugarín, trad. ao inglés Benigno Fernández Salgado e John Rutherford, Vigo: Editorial Galaxia, febreiro 2009, 100 pp. (ISBN: 84-8288-575-8).

Reimpresión da primeira edición de 2002 do texto de Ramón Piñeiro (Láncara, Lugo, 1915-Santiago de Compostela, 1990), escrito orixinalmente en castelán e traducido ao galego por Leandro García Bugarín. A parte escrita en galego constitúe o corpo principal do libro, mentres que o redactado en castelán é unha tradución verguida ao inglés por Benigno Fernández Salgado e John Rutherford incorporada ao final. Vai acompañado de fotos de Vítor Vaqueiro que ilustran o texto, que incorporan unha pequena lenda explicativa. O ensaio repasa brevemente a xeografía, climatoloxía, historia e cultura galega. Salienta a terra e a lingua como as raíces máis profundas da comunidade galega. Defende a importancia de tres épocas históricas: a Megalítica, da que se conservan interesantes mostras, o Período do Bronce e a Cultura Castrexa. Divide o país na Galicia Atlántica e na Galicia interior e estráñase da falta de relevancia política de Galicia na configuración do Estado Español no século XV, tendo en conta a historia anterior. Porén destaca os avances no eido cultural e a presenza do Camiño de Santiago na Historia universal. Expón con máis detalle a historia de Galicia dende a cristianización da *Gallaecia* até a reivindicación final sobre a lingua e a cultura galegas, marxinadas e popularizadas, pero ás que augura un futuro mellor.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "O motor da identidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 abril 2009, p. 27.

Comenta a reedición por parte de Galaxia das obras *Galicia* e *Filosofía da saudade*, de Ramón Piñeiro. Sobre a primeira delas explica que se edita en galego, castelán e inglés, e que inclúe fotografías de Vítor Vaqueiro.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 287, “Infantil/Xuvenil”, 23 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se dedica unhas liñas a describir *Galicia*, de Ramón Piñeiro, entre outras obras.

IV.2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS

Abal Santorum, Élida e Alexandra **Cillero Prieto** (eds.), *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, ilust. Siro, limiar de Ramón López Vázquez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2009, 176 pp. (ISBN: 978-84-453-4819-2). ◆

Volume que conta cunha "Presentación" a cargo de Manuel González e mais cun "Limiar" de Ramón López Vázquez no que indica que en *Homenaxe a Ramón Piñeiro* se combina a pluralidade de orientacións dos seus autores dentro dos campos referidos á actividade política, á cultura galega, nomeadamente filosofía e literatura, e mais á peripecias persoais. A seguir están os trece textos vinculados coa figura quer literaria, quer filosófica, quer política, de Ramón Piñeiro, dos cales describimos os relacionados coa literatura galega:

- Carmen Blanco, "Carta urxente a Ramón Piñeiro. Olladas nas mulleres desde o futuro", pp. 19-22.

A xeito de misiva dirixida a Ramón Piñeiro, datada en Lugo o 8 de marzo de 2009, a súa autora, Carmen Blanco, realiza unha serie de reflexións sobre como coñeceu a Ramón Piñeiro na súa pequena mesa redonda con motivo de procurar información para un traballo sobre o grupo Galaxia. Tamén comenta que dende esa data naceu unha amizade que permaneceu para sempre, que se lembra das súas palabras sobre Luz Pozo Garza e sobre Rosalía de Castro e que grazas a el coñeceu "máis e máis de destacadas mulleres públicas silenciadas e de silenciosas mulleres privadas silenciadas de Galicia e do mundo".

- Manuel Forcadela, "A (de)construción da saudade en Ramón Piñeiro ", pp. 61-76.

Comeza falando da irrupción do concepto da saudade na tradición literaria contemporánea galega co Grupo Nós e posteriormente coa Xeración Galaxia e Ramón Piñeiro. Despois de reflexionar teoricamente sobre a saudade, Manuel Forcadela céntrase nas concepcións que tiñan da saudade Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Antonio Noriega Varela, exemplificadas en Otero Pedrayo co relato "Dona Xoana e Don Guindo", de *Contos do camiño e da rúa* (1932), e en Noriega Varela con poemas como "Toda humilde belleza" ou "Saudade". Finalmente detense na análise da saudade en *Filosofía da saudade* (1984), de Ramón Piñeiro.

- X. L. Franco Grande, "Primeiros anos de aprendizaxe", pp. 79-84.

Reflexiona sobre o que significou a súa relación con Ramón Piñeiro. Lémbrase do comezo da súa amizade en 1954 e que grazas a el tivo acceso ao libro en galego, con títulos como *Retrincos* (1934), de Daniel Rodríguez Castelao; *Contos do camiño e da rúa* (1932), de Ramón Otero Pedrayo, ou *De catro a catro*, de Manuel Antonio, e mais ao "culturalismo" como activismo político galego. Tamén sinala que era un gran pedagogo e que da súa concepción política quedoulle a estratexia galeguista antifranquista dende o europeísmo.

- Beatriz García Turnes, “Ramón Piñeiro e Galaxia”, pp. 87-98.

Céntrase na traxectoria de Ramón Piñeiro e de Galaxia dende os anos previos á súa fundación até 1970. Indica que se creou Galaxia para darlle cobertura legal ao galeguismo co fin de divulgar e prestixiar a lingua e cultura galega. Tamén comenta que Galaxia foi un labor de equipo e que a revista *Grial* foi o seu proxecto estrela. Fala do labor do acoso gobernamental e da censura en *Grial* e a resposta desta cabeceira da man de Ramón Piñeiro e comenta que as críticas do Partido Galeguista contra Ramón Piñeiro non erosionaron o seu labor.

- Marina Mayoral, “Lembranzas de don Ramón Piñeiro”, pp. 153-157.

Lembra que comezou a falar galego na casa de Ramón Piñeiro aos dezasete anos e recalca que nas súas conversas nunca adoutrinaba senón que descubría á xuventude un mundo até daquela descoñecido, o da cultura galega. Tirando fragmentos de cinco cartas de 1960, destaca que Ramón Piñeiro sempre tivo unha actitude protectora cara á xuventude e del salienta a súa sabedoría e mais as súas virtudes persoais.

- María Xosé Rodríguez Galdo, “A pegada de Ramón Piñeiro na creación do Consello da Cultura Galega”, pp. 161-164.

Céntrase na relevancia da figura de Ramón Piñeiro na creación do Consello da Cultura Galega onde foi o seu primeiro presidente dende 1983 até a súa morte en 1990. Comenta que puxo o seu prestixio persoal ao servizo da normalización da cultura galega dende o Consello da Cultura Galega e asemade afirma que todo o seu traballo foi levado con discreción e espírito de concordia mais que contaba con “incapacidade para envexar e para mal dicir”.

Referencias varias:

- Anxo Tarrío Varela, “Ramón Piñeiro”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “De letras e de signos”, 24 xuño 2009, contracuberta.

Co gallo da presentación deste libro reflexiona sobre a figura de Ramón Piñeiro partindo dunha anécdota do ano 1977. Comenta que o día anterior a que rematase o prazo de presentación de candidatura para o Senado nas eleccións do 15 de xuño 1977 estivo con Ramón Piñeiro preparando todo o papeleo para poder inscribirse coa Candidatura Democrática Galega por Lugo. Finalmente indica que puideron presentar todo tres minutos antes de que finalizase o prazo.

- Luís Pousa, “A verdade sobre Piñeiro e Beiras”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 325, “Letras en galego”, 8 agosto 2009, p. 6.

Indica que neste ensaio se recollen trece artigos de diferentes autores acompañados polas ilustracións de Siro, quen tamén contribúe a este estudo cun máis que interesante texto. Destaca que se analizan as múltiples dimensións da obra de Piñeiro e que asemade se comenta a diverxencia ideolóxica de Xosé Manuel Beiras e Ramón Piñeiro.

- Salvador García-Bodaño, “Libros para a lembranza”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 30 agosto 2009, p. 3.

Lembra o décimo noveno aniversario do pasamento de Ramón Piñeiro, a quen recoñece como pensador e xerador do galeguismo de posguerra. Ao mesmo tempo, faise eco da homenaxe que a Real Academia Galega decidiu outorgarlle coa dedicación do Día das Letras Galegas. En relación con este feito, dá conta das publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, entre as que se atopa esta *Homenaxe a Ramón Piñeiro* pola que felicita a Luís Alonso Girgado e ao centro que leva o nome do recoñecido “orientador político e cultural”. Sobre o volume comenta que, tras a presentación de Manuel González, no limiar de Ramón López Vázquez anúncianse os tres ámbitos nos que se poden clasificar os traballos alí recollidos. Por último, sinala que se pecha a monografía cun texto de Siro sobre as calumnias que sufriu Piñeiro.

Alonso Girgado, Luís, Élida **Abal Santorum** e Alexandra **Cillero Prieto** (eds.), *Cartas (a Xosé F. Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco, Gabriel Celaya, Miguel C. Vidal, Juan San Martín, Francisco X. Carro Rosende e Xosé M. Rodríguez Pampín)*, A Coruña: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), n.º XI, 2009, 99 pp. (ISBN: 978-84-453-4790-4). ◆

Este epistolario abre cun limiar no que se di que Ramón Piñeiro escribiu unhas oito mil cartas e que quedan patentes dúas vertentes: a informativa, na que Piñeiro amosa satisfacción polo avance da lingua galega, por pequeno que sexa; e outra máis longa de defensa e exposición de elementos identitarios de Galicia, como por exemplo, a literatura, a paisaxe, o pensamento, a arte, a mentalidade popular, etc. Seguidamente, comenta cada un dos apartados do epistolario: temática, número de cartas, etc. Despois aparece unha nota de edición na que se di que este epistolario é o terceiro que se publica nesta colección de homenaxe a Piñeiro, na que se dá as grazas ás persoas ou institucións que cederon as cartas, na que se aclara que a transcrición dos textos é respectuosa cos orixinais e na que, finalmente, hai un aviso de que se suprimiron algúns parágrafos que se consideraron ofensivos a terceiras persoas. A continuación, atópase o epistolario propiamente dito dividido en sete bloques, tantos como número de persoas ás que ían dirixidas as cartas, encabezados, cada un deles, por unha cita de Piñeiro extraída dunha das súas cartas. O primeiro bloque contén doce cartas de Piñeiro a Xosé F. Filgueira Valverde e tres de Filgueira a Piñeiro (que eran as contestacións ás cartas I, III e VII), escritas entre 1944 e 1960. Nelas Piñeiro fala da súa situación persoal e profesional, pero tamén trata outros temas como a creación do Instituto Padre Sarmiento; a solicitude da cátedra de Lingua e Literatura galego-portuguesa para a Universidade de Santiago de Compostela; as vacantes da Real Academia Española; a Exposición de pintura galega en Lugo; os éxitos profesionais de Ramón Otero Pedrayo, Ricardo Carballo Calero, Antonio Fraguas e do propio Xosé Filgueira; a rodaxe cinematográfica da *Sonata de Otoño*, de Valle-Inclán, etc. No segundo bloque hai cinco cartas a Agustín Sixto Seco, datadas entre 1975 e 1989, e nas que lle agradece ao doutor a súa intervención a respecto dos seus problemas de saúde e fai referencia a Xerardo Fernández Albor, Marino Dónega, Fermín Penzol, Ramón Otero Pedrayo e Daniel Rodríguez Castelao, entre outros. No terceiro bloque aparecen as catro cartas dirixidas ao poeta vasco Gabriel Celaya e nelas comunícalle a recepción dos seus libros *Tentativas*, *Lázaro calla*, *Coser y cantar* e *Cantata en Aleixandre*; así como a censura

que se sufría nos anos de posguerra. O cuarto bloque conta con dúas cartas dirixidas a Miguel C. Vidal nas que Piñeiro mostra o seu apoio á revista *Aturuxo*. No bloque número cinco hai unha carta dirixida a Juan San Martín na que Piñeiro celebra o uso do galego nos textos litúrxicos e o bilingüismo. O bloque sexto contén dúas cartas dirixidas a Francisco X. Carro, nas que se fai referencia ao libro de relatos do propio Carro *As calexas do zigurath* (1973), publicado en Galaxia. O último bloque consta dunha longa carta escrita en dous tempos de Xosé Manuel Rodríguez Pampín para comentarlle as impresións que lle causou a lectura do seu *Olladas no futuro* (1974) e da resposta de Piñeiro. Para rematar, no apartado titulado "Referencia de destinatarios" aparecen unhas breves notas biográficas dos interlocutores.

Referencias varias:

- Salvador García-Bodaño, "Libros para a lembranza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 30 agosto 2009, p. 3.

Lembra o décimo noveno aniversario do pasamento de Ramón Piñeiro, a quen recoñece como pensador e xerador do galeguismo de posguerra. Ao mesmo tempo, faise eco da homenaxe que a Real Academia Galega decidiu outorgarlle coa dedicación do Día das Letras Galegas. En relación con este feito, dá conta das publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, entre as que se atopa *Cartas (a Xosé F. Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco, Gabriel Celaya, Miguel C. Vidal, Juan San Martín, Francisco X. Carro Rosende e Xosé M. Rodríguez Pampín)*, un epistolario polo que felicita a Luís Alonso Girgado e ao centro que leva o nome do recoñecido "orientador político e cultural".

- Xurxo Fernández, "Septiembre", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 28 setembro 2009, contracuberta.

Fálase dalgunhas novidades do mes de setembro como é o volume XI dos "Cadernos Ramón Piñeiro", un epistolario diverso no que se aprecian matices e detalles que na obra de Ramón Piñeiro se poden escapar.

Alonso Girgado, Luís, Élida **Abal Santorum** e Alexandra **Cillero Prieto** (eds.), *Cartas de Ramón Piñeiro a José Luís Pensado*, limiar dos editores, A Coruña: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XII, 2009, 114 pp. (ISBN: 978-84-453-4803-1). ◆

O epistolario ábrese cun limiar no que se agradece a colaboración da irmá e da filla de José Luis Pensado para que os textos visen a luz e onde se comenta o contido das sesenta e unha cartas. Despois faise unha referencia ao emprego en numerosos casos das notas a pé de páxina, que o lector debería ampliar mediante outras fontes, e á xustificación das ausencias debido ao coñecemento que calquera lector familiarizado coa lingua e a cultura xa ten destes casos. Seguidamente, faise unha advertencia na que se pon de manifesto a supresión dalgúns parágrafos que puidesen ofender a terceiras persoas. O limiar remata cunha ampla nota bio-bibliográfica de José Luis Pensado. A continuación aparece a transcrición das sesenta e unha cartas dirixidas a Pensado, nas

que o labor primordial de Piñeiro foi levar o seu interlocutor ao terreo do galeguismo. Nas cartas aparece o Piñeiro lingüista, curioso e desexoso de colaborar. Son cartas de curta ou media extensión e que, con frecuencia, tratan sobre a lexicografía galega e que informan a Pensado de fontes escritas e faladas de palabras, variantes dialectais, etimolóxicas, referencias a libros, folletos, opúsculos, etc. Tamén se fai referencia a investigadores no tema da lingua como Eladio Rodríguez González, Joseph M. Piel, Frei Martín Sarmiento, Aquilino Iglesia Alvariño, Abelardo Moralejo Laso, entre outros; así como a dicionarios, crónicas medievais, estudos de temática variada e traballos sobre figuras galegas, como, por exemplo, Sarmiento.

Referencias varias:

- Salvador García-Bodaño, "Libros para a lembranza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 30 agosto 2009, p. 3.

Lembra o décimo noveno aniversario do pasamento de Ramón Piñeiro, a quen recoñece como pensador e xerador do galeguismo de posguerra. Ao mesmo tempo, faise eco da homenaxe que a Real Academia Galega decidiu outorgarlle coa dedicación do Día das Letras Galegas. En relación con este feito, dá conta das publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, entre as que se atopa *Cartas de Ramón Piñeiro a José Luís Pensado*, un epistolario polo que felicita a Luís Alonso Girgado e ao centro que leva o nome do recoñecido "orientador político e cultural".

Alonso Montero, Xesús, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 21, abril 2009, 453 pp. (ISBN: 978-84-9865-189-8).

Este extenso traballo centrado na vida e obra de Ramón Piñeiro e realizado por Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) comeza cun prólogo do autor titulado "Foi, sen dubida, un cidadán heroico" no que lembra cando coñeceu a Ramón Piñeiro, o 30 de decembro de 1951, a quen cualifica de "Sócrates sen títulos académicos", e no que reflexiona sobre a súa figura. A seguir aparece o estudo sobre Ramón Piñeiro xebrado en oito grandes bloques que levan por título: "Ramón Piñeiro de 1915 a 1950", onde se detalla o labor de Piñeiro antes e despois da guerra civil, nomeadamente na clandestinidade, e con especial atención á súa estadía no cárcere entre 1946 e 1949; "Da lingua e da literatura galegas arredor de 1950", no que se examina a realidade lingüística e literaria de Galicia atendendo á historia xeral e á propia biografía de Alonso Montero; "Constitución da editorial Galaxia e os primeiros pasos: Ramón Piñeiro, director literario", onde se describe a constitución da editorial Galaxia e o xurdimento da colección "Grial"; "Piñeiro constitúe e alenta un extraordinario elenco intelectual que define e prestixia o labor cultural que el, en gran parte, deseñou", no que analiza a obra e actitude dos que asumen as propostas de Piñeiro como Domingo García-Sabell, Celestino F. de la Vega ou Juan Rof Carballo, ou tamén de Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Fole ou Luís Pimentel; "Ramón Piñeiro e os novos", onde se centra na cátedra de Ramón Piñeiro cos seus disidentes e críticos; "¿Como era Ramón Piñeiro? Retrato moral e intelectual dunha personalidade extra-ordinaria", onde se realiza unha descrición das ideas de Ramón Piñeiro; "Ramón Piñeiro e Luís Seoane polemizan sobre o social-realismo en literatura (e, alá no fondo, tamén sobre o marxismo, o

comunismo)", onde se analizan as relacións entre Piñeiro e Luís Seoane, e mais "Epílogo: varia incompleta", onde se fan unhas breves indicacións sobre o anticomunismo de Piñeiro ou da súa relación con Joan Fuster ou Antonio Tovar. Péchase este traballo cun "Apéndice Bibliográfico", dividido en "Bibliografía básica de R. P.", "Bibliografía básica sobre R. P.", "Bibliografía de Xesús Alonso Montero sobre R. P." e mais "Indicacións bibliográficas"; co "Índice Onomástico" e mais co "Índice" deste libro.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Piñeiro e a reinvención cultural a partir de 1950", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e Arca", 13 xuño 2009, p. 2.

Informa da saída ao prelo da monografía *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, de Xesús Alonso Montero, na colección "Memoria" da editorial Galaxia, na que se organiza un "inmenso material humano, literario e de pensamento" para presentar as diferentes perspectivas do autor de *Olladas no futuro* (1974). Comenta asemade a traxectoria do profesor Alonso Montero ao respecto dos seus escritos sobre a figura do intelectual e conclúe cunha alusión ao labor epistolar de Ramón Piñeiro.

- Manuel M. Barreiro, "Piñeiro revisitado", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 23.

Repaso a algunhas das monografías publicadas con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro, no que se comeza evocando a intervención de Ramón Villares, na que avogou por estudalo como unha figura histórica e non como un coetáneo, opción que sinala que se toma en *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, de Xesús Alonso Montero. Explícase que realiza unha intensa lectura política da súa evolución e afirmación intelectuais, e que se trata dun libro de gratitude, no que non se aforran loanzas e no que se salienta como elemento de interese o diálogo que se estabelece entre dous coetáneos sobre o proxecto de rescate da cultura galega.

- Luís Cochón, "Un galo para Esculapio", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 127-129.

Ademais de aludir a unha recensión feita por Xosé Luís Franco Grande á obra de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, refírese á relación que mantiveron estes tres autores. A seguir, ofrece unha serie de consideracións sobre o citado título, no que Alonso Montero recolle todos os seus traballos sobre, arredor e a carón de Piñeiro. Comenta do seu prólogo, "tan limpo e tan ben escrito", os contidos que aborda, como son o recoñecemento de Piñeiro como Sócrates, a súa empresa de "reinvención" e o seu labor político, entre outras cuestións. Apunta que cando o profesor compostelán reincide na estatura ética de Piñeiro se atopa "cun rutilante achado verbal do que o autor se sente felizmente orgulloso: *un diamante moral*".

- Xosé Carlos Caneiro, "Aquilino, o grande", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 325, "Letras en galego", "Club dandi", 8 agosto 2009, p. 7.

Refírese á monografía *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega* como un dos

textos máis recomendábeis dos que se teñen publicado sobre Piñeiro e indica que tras a súa lectura se deduce que "o país literario galego sería outro sen a existencia de Ramón Piñeiro". Tamén comentas as novelas *A choiva do mundo* (2008), de Xosé M. Pacho Blanco, e *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa

- Pilar Ponte, "Admiración discrepante", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 299, "Libros", 10 setembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 250, 19 setembro 2009, "Letras galegas", p. 7.

Comenta que a biografía do propio autor deste volume sitúan a Xesús Alonso Montero nunha posición privilexiada para nos amosar polo miúdo o labor de Ramón Piñeiro dende antes da guerra civil e até os anos posteriores a 1950. Tamén destaca deste libro os numerosísimos documentos, especialmente a correspondencia, que achegan de xeito directo á figura de Piñeiro.

Referencias varias:

- A. Losada, "Cirurxía bibliográfica de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 12-13.

Dá conta dos libros que saíron do prelo dedicados á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. Aludindo ás diferentes editoriais (Galaxia, A Nosa Terra, Toxosoutos, Xerais, tresCtres e Laiovento) destácanse, entre outras obras, as seguintes: de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*; de Helena González e María Xesús Lamas, *Do sentimento á conciencia de Galicia*; de Henrique Monteagudo, *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*; de Miguel Barros, *Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*; de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro. Tradutor*; de Daniel Ameixeiro, *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*; de Xosé R. Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*; de Xoán Pastor Rodríguez, *Dicionario Ramón Piñeiro*; e de Carlos F. Velasco Souto, *Piñeiro e Piñeirismo em perspectiva histórica*.

- F. D., "Galaxia presenta tres novos títulos arredor do homenaxeado", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 11.

Faise eco da presentación da editorial Galaxia de tres novas obras da colección "Biblioteca Ramón Piñeiro": *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, *O espertar da conciencia galega* e *Do sentimento á conciencia de Galicia*. Ademais informa da inauguración en Lugo da exposición "Ramón Piñeiro. Olladas no futuro".

- X. L. Franco Grande, "O Piñeiro de Alonso Montero", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 316, "Letras en galego", 6 xuño 2009, p. 12.

Opina en relación á obra de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultural galega*, que "está entre os dous ou tres que verdadeiramente son iluminadores da persoa e da obra de Ramón Piñeiro". A isto engade que se trata, dende o seu punto de vista, dunha "biografía espiritual", onde, tamén, se recolle a dimensión humana, intelectual e política de Piñeiro.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Infantil/Xuvenil", 18 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salientan da produción literaria galega máis recente obras como *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, de Xesús Alonso Montero.

- R. Silvia, O. Ucha, Agn, "E ti, a quen queres máis", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 agosto 2009, p. 29.

Afirma que o ensaio galego loita fronte á narrativa por facerse un oco entre os lectores e mais que as editoriais galegas ofrecen novos títulos de non ficción para o verán. Entre os escritores clásicos vivos destaca a Xesús Alonso Montero con *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega* e subliña que "nunca os clásicos estiveron tan de moda, desde Piñeiro a Rof Carballo".

- Xan Carballa, "Sen Piñeiro hoxe non habería cultura galega", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "Cultura", 17-23 setembro 2009, pp. 20-21.

Entrevista na que Xesús Alonso Montero se centra na descrición deste ensaio. Comenta que este libro explica o traballo que fixo Piñeiro xunto cos seus compañeiros do galeguismo interior para salvar do silencio ás novas xeracións universitarias e á cultura galega en xeral. Alonso Montero tamén fala da importancia da figura de Daniel Rodríguez Castelao e de que o propósito de Piñeiro foi o de facer cultura. Detense no primeiro libro editado por Galaxia *Antífona da cantiga* (1951), de Ramón Cabanillas, e con respecto á figura de Piñeiro indica que a súa personalidade humana e moral producía fascinación e remata apuntando que hoxe en día é Xosé Lois Méndez Ferrín quen está máis radicalmente enfrontado á figura de Piñeiro.

- Xosé Ramón Pena, "Piñeiro foi imprescindible nos 50; a mediados dos 70 deixou de selo", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 256, "Letras galegas", 31 outubro 2009, pp. 4-5.

Conversa na que o autor deste estudo, Xesús Alonso Montero, comenta que en gran medida se trata dun volume autobiográfico dado que non pode falar de Ramón Piñeiro "se non falase ao tempo de min mesmo". Indica que llo debía a Piñeiro e asegura que el cría realmente que o comunismo era un perigo e coida que coa lectura de *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)* asemella que estamos ante unha película de terror.

Ameixeiro, Daniel, *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras galegas, marzo 2009, 167 pp. (ISBN: 978-84-9782-999-1).

Daniel Ameixeiro (O Grove, Pontevedra, 1962) publica a súa primeira novela na que presenta a dous personaxes reais da cultura galega nunha historia a medio camiño entre a ficción, a biografía e o documental: Ramón Piñeiro e Víctor Campio. A novela estrutúrase en dúas partes: "Ramón Piñeiro. Fendas na escuridade" e "Víctor Campio Pereira. Nesta hora sen voz". Na primeira parte, Ameixeiro céntrase na figura do filósofo Ramón Piñeiro. Comeza a historia xusto ao final da guerra civil española cando Piñeiro vai matricularse á Universidade de Santiago en Filosofía e Letras. A partir deste

momento repasa en primeira persoa os acontecementos máis importantes da vida do escritor de Láncara: a súa participación na resistencia política galeguista clandestina, na creación da editorial Galaxia, nas tertulias con outros galeguistas, etc. A segunda parte do libro, tamén relatada en primeira persoa, conta a vida do escritor e profesor Víctor Campio. Empeza a historia lembrando un encontro do protagonista cun antigo amigo, Tobío. A partir deste encontro, o protagonista da historia lembra a súa mocidade, o continuo cambio de domicilio: Cartaxena, Ourense, Esteiro, Madrid, Herencia…, etc., e os sucesos da guerra e posguerra. As alusións aos seus anos de infancia que coinciden temporalmente coa guerra civil española e os primeiros anos da posguerra vertebran as setenta páxinas da segunda historia da novela *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "Soñar Galicia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Libros", 17 setembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 251, "Letras galegas", 26 setembro 2009, p. 7.

Comeza destacando a importancia do labor de moitos homes que participaron na "construción do soño de Galicia" e considera que un deles foi Ramón Piñeiro. Analiza a obra *Ramón Piñeiro. Os días ocultos* e indica que se divide en dúas partes. Na primeira titulada "Fendas na escuridade", Ramón Piñeiro lembra fragmentos da súa biografía e, na segunda parte, titulada "Nesta hora sen voz", o escritor Víctor Campío Pereira conta as lembranzas sobre Piñeiro a partir de documentos, conversas ou testemuñas de primeira man. Salienta que os episodios persoais se van mesturando coas "epifanías íntimas" e indica que un dos primeiros campos de batalla foi a lingua.

- R. Loureiro, "Ramón Piñeiro, os días ocultos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 333, "Letras en galego", 3 outubro 2009, p. 11.

Comenta a primeira aposta que realiza o escritor Daniel Ameixeiro no mundo da novela coa obra *Ramón Piñeiro, os días ocultos*. Destaca que Ameixeiro é un gran coñecedor da historia do galeguismo e indica que a novela está construída a partir da figura de Ramón Piñeiro e sobre o que tivo que loitar para defender a cultura galega fronte ao franquismo. Explica que a historia se conta a partir de dúas voces: a propia de Ramón Piñeiro e mais a de Víctor Campio.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Ramón Piñeiro novelado", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 453, "Musas", 19 abril 2009, p. 45.

O escritor Daniel Ameixeiro fala, nesta entrevista, sobre a súa novela *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*. Explica que a idea xurdiu en 2005 despois de ler os libros *O río do tempo* (1990) e *Camiño andado* (2003), de Francisco Fernández del Riego, e os libros de Xosé-Luís Franco Grande que falan tamén da mesma época. Cítanse outras obras de Ameixeiro como *Xan e Pericán* (2004), *O Capitán da baía* (2005) e *Vila Cerdeira* (2007).

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Infantil/Xuvenil", 16 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se fai unha breve descrición, a modo de recomendación, de *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*, de Daniel Ameixeiro, entre outras obras.

- A D, "A obra de Ramón Piñeiro volta de novo ás librarías", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 14.

Sinala que, con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro, a editorial Galaxia publica varias obras relacionadas co autor, caso de *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*. Tamén menciona que a revista *Grial* vén de dedicarlle o último número.

- A. Losada, "Cirurxía bibliográfica de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 12-13.

Dá conta dos libros que saíron do prelo dedicados á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. Aludindo ás diferentes editoriais (Galaxia, A Nosa Terra, Toxosoutos, Xerais, tresCtres e Laiovento) destácanse, entre outras obras, as seguintes: de Daniel Ameixeiro, *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*; de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro. Tradutor*; de Miguel Barros, *Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*; de Henrique Monteagudo, *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*; de Helena González e María Xesús Lamas, *Do sentimento á conciencia de Galicia*; de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*; de Xosé R. Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*; de Xoán Pastor Rodríguez, *Dicionario Ramón Piñeiro*; e de Carlos F. Velasco Souto, *Piñeiro e Piñeirismo em perspectiva histórica*.

- Rosé Carrera, "Novelando a Ramón Piñeiro", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 15/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 20.

Entrevista con Daniel Amexeiro, que novela a vida de Ramón Piñeiro en *Ramón Piñeiro. Os días ocultos* "completada coa de Víctor Campio", pois "enfronta dous modelos distintos de resistencia á ditadura na posguerra", é dicir, a de Ramón Piñeiro e a de Víctor Campio Pereira. Apúntase que a necesidade desta novela estaba no "baleiro existente" na literatura sobre a etapa da postguerra. Entre outras cousas, Ameixeiro considera que hai que reinvidicar a súa figura e que hoxe "fan falta moitos Piñeiros".

Tamén explica tamén que decidiu afondar na obra de Piñeiro tras ler *Os anos escuros* (1985), de Xosé-Luís Franco Grande e *O río do tempo* (1990), de Francisco Fernández del Riego.

- Xosé E. Vicente, "O Grove vive a súa festa pola lingua no ronsel de Ramón Piñeiro", *Diario de Arousa*, "O Grove", 17 maio 2009, p. 18.

Informa das distintas actividades que conforman a programación do Grove no Día das Letras Galegas. Entre elas, destaca a presentación da obra *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*, do autor meco Daniel Ameixeiras. Sinala que neste acto tamén participou o editor Manuel Bragado e que se trata da "única actividade relacionada directamente con

Piñeiro" ademais dunha exposición.

Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro*. *Nas olladas do galeguismo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 2009, 127 pp. (ISBN: 978-84-8341-348-7).

Ensaio de Miguel Barros (Carballedo Cotobade, 1944) dividido en dúas partes ben diferenciadas. Na primeira ofrécese un percorrido vital, social e político pola figura de Ramón Piñeiro, mentres que a segunda confórmase por dous textos orixinais do propio intelectual. Ambas as dúas partes veñen completadas nas páxinas da marxe esquerda coas fotografías dende pequeno até os últimos retratos en vida do ilustre galeguista. A primeira parte atópase distribuída á súa vez en quince pequenos apartados que funcionan como elementos clave para comprender mellor o universo de Ramón Piñeiro, dende os "Días de aldea e formación" da súa infancia, até o "Piñeiro na transición", nos derradeiros anos da súa vida. No medio debúllanse todos os feitos que conformarían a súa vida, a súa formación en Lugo, a loita forzada na fronte fascista, o paso por prisión, o cambio do tipo de loita e pensamento que o levaría á formación da editorial Galaxia e xa, nos oitenta, á formación de Realidade Galega. A segunda parte, componse dos textos "Apuntes para unha definición do galeguismo" e "As fases do galeguismo". O primeiro trátase dunha conferencia no ano 1956, na conmemoración do centenario do Banquete de Conxo, e nela expón a súa teoría sobre o galeguismo, que considera é o sentimento natural de todo galego, é un ideal. Un ideal que afirma debe diferenciarse do ideario político galeguista. A seguir analiza o ideal galeguista e a súa evolución, o galeguismo como nacionalismo, afondando finalmente na crise deste último e a súa superación. No segundo, un manuscrito autobiográfico transcrito, no que reflicte a súa visión da evolución do galeguismo, dende o seu descubrimento por parte del nos anos trinta, até os anos cincuenta coa creación de Galaxia, onde modifica a súa orientación cara a posturas de ámbito máis cultural que político, e nos sesenta, onde as diversas correntes ideolóxicas politizan o galego como oposición ao franquismo. Menciona tamén nun apartado, o protagonismo de José Antonio Aguirre no exilio español.

Recensións:

- Manuel M. Barreiro, "Piñeiro revisitado", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 23.

Repaso a algunhas das monografías publicadas con motivo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro, no que se comeza evocando a intervención de Ramón Villares, na que avogou por estudalo como unha figura histórica e non como un coetáneo, opción que sinala que se toma en *Ramón Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*, de Miguel Barros. Explícase que ensaia unha breve biografía e unha contextualización arredor do pensador político, definindo o galeguismo e as súas fases, así como a evolución do propio Piñeiro e as súas teses revisionistas e nacionalistas de carácter inclusivo. Por último, chámase a atención sobre o rol decisivo atribuído a Galaxia, nunha relectura de Piñeiro como catalizador do terceiro rexurdimento, paciente xestador dun proxecto cultural e sentaba as bases "dunha industria da imaxinación coa que democratizar o acceso ás nosas letras e creacións".

- Xosé Carlos Caneiro, "De marabillas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 344, "Letras en galego", "Club dandi", 19 decembro 2009, p. 15.

Tras comentar *Sete palabras*, de Suso de Toro, e *O home do traxe branco*, de H. M. Quesada, refírese a este ensaio de Miguel Barros como un traballo de investigación moi meritorio polo detalle e rigor da información achegada.

Referencias varias:

- Xan Carballa, "Piñeiro sabía que a pedra angular da política propia era o idioma", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "*Ramón Piñeiro*. *Letras Galegas*. *2009*", 14-20 maio 2009, pp. 4-5.

Entrevista a Miguel Barros, autor da obra *Ramón Piñeiro nas olladas do galeguismo*, que mostra a súa opinión sobre a figura do galeguista. Así explica que as bases de toda a actuación vital de Piñeiro son o pensamento e a política e que se pode botar man para reconstruír o seu pensamento das conferencias e epistolarios. Fala da diferenciación entre galeguismo e nacionalismo no pensamento político de Piñeiro, da súa participación na política e no xermolo da lei de normalización lingüística. Anuncia a publicación en Galaxia dunha das partes da investigación de Barros denominada *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo 1943-1980*.

- A. Losada, "Cirurxía bibliográfica de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 12-13.

Dá conta dos libros que saíron do prelo dedicados á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. Aludindo ás diferentes editoriais (Galaxia, A Nosa Terra, Toxosoutos, Xerais, tresCtres e Laiovento) destácanse, entre outras obras, as seguintes: de Miguel Barros, *Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*; de Henrique Monteagudo, *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*; de Helena González e María Xesús Lamas, *Do sentimento á conciencia de Galicia*; de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*; de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro. Tradutor*; de Daniel Ameixeiro, *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*; de Xosé R. Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*; de Xoán Pastor Rodríguez, *Dicionario Ramón Piñeiro*; e de Carlos F. Velasco Souto, *Piñeiro e Piñeirismo em perspectiva histórica*.

- A D, "Vigo, refuxio do Partido Galeguista", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 6.

Tras analizar o estudo de Xosé Ramón Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do Galeguismo (1939-1982)*, cita tamén o libro de Miguel Barros, *Ramón Piñeiro*. *Nas olladas do galeguismo*.

- A D, "A obra de Ramón Piñeiro volta de novo ás librarías", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 14.

Sinala que, con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro, a editorial Galaxia publica varias obras relacionadas co autor, caso de *Ramón Piñeiro*. *Nas olladas do galeguismo*.

- Luís González Tosar, "Ramón Piñeiro", *El Correo Gallego*, 17 maio 2009, p. 2/*El Progreso*, 17 maio 2009, p. 34/*Diario de Ferrol*, 18 maio 2009, p. 13/*El Ideal Gallego*, 18 maio 2009, p. 12, "Ao raiar o sol".

Comenta que nas celebracións dedicadas a Ramón Piñeiro bótase en falta a presenza de máis persoas que trataran de preto ao intelectual e tamén reclama que a xente nova realice máis estudos sobre a súa figura. De seguido, salienta o libro de Miguel Barros, *Ramón Piñeiro nas olladas do galeguismo*, e fala sobre a formación do Partido Galeguista e a importancia de Luís Sobrado, así como, do traballo que este realizou xunto a Piñeiro. Finalmente cita outras persoas que tamén coñeceron ben a Piñeiro e describe o seu encontro con el e a noticia do seu pasamento.

- M. Dopico, "A 'modernización' dun ideario", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 9 outubro 2009, p. 34.

Ademais de informar da saída ao prelo da tese doutoral de Miguel Barros, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, alude á publicación do volume *Ramón Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Libros", 10 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle uns descritores de curta extensión de varias obras, entre as que se atopa *Ramón Piñeiro*. *Nas olladas do galeguismo*, de Miguel Barros.

- Manuel Vidal Villaverde, "A realidade existencial que ten un pobo é sempre monolingüe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 decembro 2009, pp. 30-31.

Partindo da publicación de dous volumes a cargo de Miguel Barros e que teñen a Ramón Piñeiro como eixo, *Ramón Piñeiro nas olladas do galeguismo* e mais *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo (1943-1980)*, realízase unha entrevista a Barros na que reflexiona sobre a figura de Ramón Piñeiro, sobre a lingua galega, sobre a política actual en Galicia e asemade considera que a Literatura galega está a vivir un tempo de esplendor.

Barros, Miguel, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. *1943-1981*, vol. 1. Pensamento (ISBN: 978-84-9865-214-7)/vol. 2. Acción política (ISBN: 978-84-9865-215-4), Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.^{os} 54/55, setembro 2009, 407/677 pp.

Miguel Barros (Carballedo, Cotobade, 1944) divide esta monografía realizada en homenaxe a Ramón Piñeiro en dúas partes dedicadas ao estudo das súas teorías e acción política, respectivamente. No primeiro volume, intitulado "Pensamento", atópase un limiar do autor (datado en Vigo o 20 de abril de 2009), no que se manifesta a súa afiliación ao Partido Socialista, contorna na que toma contacto con Piñeiro. Destas verbas iniciais salienta o profundo respecto e admiración pola súa figura, pois atribúelle unha autoridade moral avalada pola súa conduta, máis alá de proselitismos. Catro aspectos fundamentais do seu pensamento analízanse ao longo das súas páxinas: o

galeguismo como ideoloxía política, a ontoloxía do home galego e a relación entre a cultura e a historia galegas con respecto ao contexto europeo e mundial. Insístese especialmente no seu labor de análise e interpretación da doutrina elaborada dende os Precursores até a Xeración Nós, un traballo que completou despois coa súa propia formulación. No segundo volume, "Acción política", aténdese con detalle á súa faceta pública, mais destacánse tamén algúns datos e feitos privados que influíron tanto na súa formación intelectual coma no seu compromiso político. Este elemento biográfico acompaña o texto en todo momento, dende o capítulo inicial, referido aos seus primeiros anos, até o remate do último con mención á súa participación nas primeiras eleccións autonómicas da man do Partido Socialista. Da década de 1950 cómpre ter en conta a súa vinculación ao Proxecto Galaxia pola decisiva importancia que ten para a Literatura galega, aínda que nesta obra aparece fundamentalmente como estrutura clandestina de difusión propagandística para o movemento galeguista. Nesta andaina estivo acompañado por homes como Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto, considerado verdadeiro ideólogo empresarial da editorial. Asemade, moitas son as figuras literarias con presenza neste volume por mor das súas accións políticas, caso de Carlos Casares, os membros do Grupo Brais Pinto, Isaac Díaz Pardo, Lorenzo Varela, Rafael Dieste e Luís Seoane, entre outros. Péchase o segundo volume cun apartado no que se precisan as fontes empregadas, outro coa bibliografía e un último, tamén presente no primeiro volume, cun índice onomástico.

Recensións:

- Marcos Pérez Pena, "O medo ás fendas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "Propostas", outono 2009, p. 21.

Considera que se levan décadas discutindo sobre a estratexia culturalista do galeguismo do interior cando en realidade Ramón Piñeiro non fixo outra cousa que política. Así mesmo, apunta que alén da súa firme e valiosa defensa da lingua galega e do seu sincero antifranquismo, loitou polo triunfo dun sistema liberal. Afirma que a correspondencia analizada por Miguel Barros define a estratexia política do intelectual galeguista, o que constitúe a principal achega de *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. A continuación, detalla as "eivas" deste volume, entre as que están a insuficiente vontade analítica e o non afondamento nas conclusións, posibelmente, "porque non fai preguntas, ou porque se cadra non fai as preguntas pertinentes". Apunta que se trataba de abrir un debate crítico sobre unha figura clave na historia do século XX en Galicia e opina que esta ausencia se debe á falta de voces e posicionamentos críticos e porque cando se intúe un conflito se defende a Piñeiro con vehemencia e argumentacións simples de máis, "Eis tamén a eiva fundamental do *Ano Piñeiro*".

- Marcelino Agís Villaverde, "Ramón Piñeiro, político", *El Correo Gallego*, "Opinión", 12 outubro 2009, p. 2.

Lémbranse as conversas que o autor do artigo tivo con Gerardo Fernández Albor sobre Ramón Piñeiro e a súa faceta política e destácase sobre todo a súa achega ao pensamento galego máis xenuíno, pola súa orixinalidade en temas como a "saudade". Tamén se comenta que na presentación do libro *Ramón Piñeiro ou a revisión do nacionalismo* o seu autor Miguel Barros fixo referencia á súa relación con Piñeiro e ao

seu principal obxectivo, manter viva a idea de Galicia, revisando a formulación do nacionalismo galego da etapa republicana.

- Alfredo Iglesias Diéguez, "Todo sobre Piñeiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. V.

Afirma que Ramón Piñeiro elaborou un completo e complexo pensamento filosófico arredor de temas como a esencia do home e do ser galego e asemade destaca que neste volume podemos ver que no compromiso de Piñeiro entre o seu pensamento e a súa acción cómpre identificar catro xeiras na súa longa andaina política: compromiso co galeguismo histórico, ruptura do galeguismo histórico, defensa dunha estratexia política oposta ao comunismo e mais pola defensa do Estatuto de Autonomía e a galeguización da política galega.

- Xavier Castro Rodríguez, "R. Piñeiro: pensar a realidade para comprendela", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 26 decembro 2009, p. 2.

Asegura que estes dous volumes completan algo máis moitas das dimensións, perspectivas e pensamentos de Ramón Piñeiro e describe os catro momentos fundamentais da súa filosofía: interpretación do galeguismo, ontoloxía do home galego, cultura e historia de Galicia e mais evolución espiritual de Europa.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A 'modernización' dun ideario", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 9 outubro 2009, p. 34.

Informa da saída ao prelo da tese doutoral de Miguel Barros, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. Tras mencionar o seu labor como presidente do Consello de Administración de Promocións Culturais Galegas, alude a outra das súas publicacións, *Ramón Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*. A través de comentarios do autor, destaca cuestións como a "Xeración Galaxia", o "ideario galeguista", o "novo galeguismo", a "regaleguización da terra", ou o concepto de "pobo" para Piñeiro; critica as acusacións de "culturalismo" e de "aniquilamento do PG" sufridas polo intelectual e equipara as nocións de "galeguismo revisionista" e "galeguismo histórico". Nun epígrafe á parte, "Datos", apunta de xeito conciso o concepto de autonomismo e defende a decisión de Piñeiro de adscribirse ao PSOE.

- Olaia Ucha, "Miguel Barros levanta unha 'lousa de silencio' coa súa obra sobre Piñeiro", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 9 outubro 2009, p. 83.

Trata a presentación do ensaio *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, celebrada na Fundación Caixa Galicia de Santiago de Compostela. Destaca o feito de ter sido a tese de doutoramento de Miguel Barros, na liña do pensamento e traxectoria política do filósofo. Comenta asemade o título escolleito para o antedito ensaio e menciona a presenza de Isaac Díaz Pardo xunto a algúns familiares do intelectual, Víctor Freixanes, Justo Beramendi e Ramón Villares.

- Teresa Cuíñas, "Piñeiro formulou a viabilidade política do galeguismo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 outubro 2009, p. 11.

Entrevista a Miguel Barros, autor dos dous volumes titulados *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, que constituíron nun principio a súa tese de doutoramento. Tras sinalar primeiramente as súas ocupacións profesionais, a conversa centrouse en cuestións como a liña temática na que se baseou a súa tese, o galeguismo de Piñeiro e a nova interpretación do termo segundo Barros, a visión política do intelectual, o actual debate en torno ao antedito galeguismo, as controversias lingüísticas e a institucionalización da lingua galega. Destaca asemade o agradecemento do entrevistado a Teresa García-Sabell pola súa axuda.

- Luís González Tosar, "¡Viva a paixón de Miguel Barros!", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 2/*Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "Ao raiar o sol", p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 36/*La Región*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 11 outubro 2009, p. 26.

Informa da presentación do volume editado por Galaxia, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, de Miguel Barros. Enxalza ademais as intervencións do autor, de Ramón Villares e de Ramón Maiz na presentación.

- Iago Martínez, "'O mapa político galego segue incompleto", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 12 outubro 2009, pp. 42-43.

Entrevista a Miguel Barros co gallo da saída ao prelo do seu ensaio *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, editado por Galaxia. Tras uns apuntamentos sobre a traxectoria profesional do autor, centra a conversa en cuestións como os recordos sobre a figura de Ramón Piñeiro, o seu labor no eido do nacionalismo político e os seus continuadores, o abandono do PSOE, a relación de Touriño co nacionalismo e o mapa político galego.

- M. V., "O galeguismo, unha ideoloxía plural", *A Nosa Terra*, n.º 1.377, "Cultura", 15-21 outubro 2009, p. 22.

Dá conta da presentación en Santiago de Compostela do ensaio de Miguel Barros, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. Tras mencionar a presenza no acto de Justo Beramendi, Ramón Villares, Ramón Máiz e Vítor Freixanes, describe en liñas xerais os dous volumes que compoñen o ensaio e nun epígrafe intitulado "Inxente traballo de documentación", destaca os comentarios de Beramendi e Villares ao respecto da obxectividade do traballo. Nun segundo epígrafe, "Críticas á organización dos partidos estatais", desenvolve a polémica formada ao redor da figura do filósofo na presentación. Finalmente, no epígrafe que leva por título "Novidades de Galaxia sobre Piñeiro e 2010", sinala a presidencia do acto por parte de Víctor Freixanes, editor dos volumes, quen informou de novidades na editorial Galaxia, para o ano 2010.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Libros", 10 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras como este volume de Miguel Barros sobre o período 1943-1981, entre outras.

- Manuel Vidal Villaverde, "A realidade existencial que ten un pobo é sempre monolingüe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 decembro 2009, pp. 30-31.

Partindo da publicación de dous volumes a cargo de Miguel Barros e que teñen a Ramón Piñeiro como eixo, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo (1943-1980)* e *Ramón Piñeiro nas olladas do galeguismo*, realízase unha entrevista ao propio Miguel Barros na que reflexiona sobre a figura de Ramón Piñeiro, sobre a lingua galega, sobre a política actual en Galicia e asemade considera que a literatura galega está a vivir un tempo de esplendor.

Caldeiro, Eloi, *Ramón Piñeiro. A terra e a saudade*, Lugo: Sons Galicia, col. O son da palabra, vol. 3, 39 pp. Contén DVD e CD. (DL: LU 53-2009) ■

Eloi Caldeiro (Sarria, 1955) publica un libro/disco/DVD cun documental biográfico e un CD baseado en textos de Ramón Piñeiro. Neste libro inclúense textos con fotografías de lugares e feitos importantes na vida do galeguista Ramón Piñeiro. O DVD contén un documental cunha duración aproximada de noventa minutos, no que se fai un percorrido pola vida do autor dende o seu nacemento en Láncara, pasando polas diferentes vicisitudes ao longo da súa traxectoria vital: incursións no mundo editorial, o seu labor cultural e de investigación, etc. No prólogo do libro, asinado polo propio autor, explícase os motivos polos cales se levou cabo a publicación deste documental. Tamén describe brevemente a traxectoria biográfica e cultural de Ramón Piñeiro. A continuación aparece un pequeno artigo de Xosé Luis Allué, "O outro Piñeiro", no que repasa a súa amizade e colaboración co intelectual lugués a través da súa correspondencia escrita entre os anos 1953 e 1967.

Referencias varias:

- Ángel Varela, "Varios textos de Ramón Piñeiro ofrécense musicalizados en CD", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 maio 2009, p. 53.

Con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro preséntase o volume *A terra e a saudade*, de Eloi Caldeiro. Dise que é unha obra que, seguindo o formato experimentado con María Mariño en 2007 e con Xosé María Álvarez en 2008, vai acompañada dun CD e dun DVD, no que se musica a obra do galeguista. Así, Caldeiro explica o reto que supuxo para el traballar coa obra de Piñeiro pola "ausencia de textos poéticos". Indícase que a obra vai acompañada dunha completa biografía do escritor que serviu de base para o guión documental e un ensaio de Xosé Luís Allué, "O outro Piñeiro". Apúntase que nel Allué "desgrana todo un arsenal de datos e anédotas" nas que, ademais de Piñeiro, tamén se pode atopar a Domingo García-Sabell e Carlos Casares, entre outros.

- F. D., "Libro, CD e DVD para coñecer a Piñeiro", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 11.

Fálase do libro-CD-DVD realizado por Eloy Caldeiro sobre a figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado do Día das Letras Galegas. Ademais de describirse a obra, o autor comenta que crearon música a partir de textos do autor sobre o idioma e a cultura

galega. Sinala que a aceptación deste traballo está sendo "moi boa" e que está a punto de se esgotar.

- Patricia Lage, "Todo o mundo a favor do homenaxeado", *La Opinión*, "*Especial Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 7.

Recóllense os numerosos actos por todo o territorio galego na honra de Ramón Piñeiro, homenaxeado nas Letras Galegas. Destácase unha exposición sobre o autor no centro social Uxío Novoneyra en Lugo, a celebración da Real Academia Galega na Pobra de San Xiao ou un circuíto deportivo e cultural en Ortigueira. Menciónase ademais a edición por parte de Sons Galicia dun libro acompañado de disco e DVD baseado en textos do intelectual.

- Jaureguizar, "Caldeiro cre que 'non se pode xulgar a Piñeiro", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 22 maio 2009, p. 71.

Presenta o libro con CD e DVD do músico Eloi Caldeiro, que leva por título *Ramón Piñeiro*. *A terra e a saudade*. Afirma que nesta obra Caldeiro mostra a visión do galeguista a través dun resumo da súa vida e obra, así como inclúe unha selección de textos. Dise que se trata do terceiro volume da serie "O Son da Palabra" que recolle textos musicados dos autores aos que se lles dedica o Día das Letras Galegas.

Cochón, Luís e Miro **Villar** (ed., introd. e notas), *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo*, ilust. Virxilio, limiar dos editores, A Coruña: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XIII, maio 2009, 181 pp. (ISBN: 978-84-453-4804-8). ◆

Volume no que se recolle un total de cincuenta cartas, manuscritas ou mecanografadas, de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo, así como as misivas deste ultimo a Piñeiro. As datas da correspondencia oscilan entre novembro do 1952 e outubro de 1971. As primeiras reflicten unha preocupación filolóxica polo galego, así como por novos proxectos, caso da creación dun libro sobre a saudade. Saliéntase a importancia de certos persoeiros da cultura galega e do seu labor. Neste senso, cítase a Xosé Filgueira Valverde e Ramón Otero Pedrayo, entre outros. A miúdo inclúense poesías e comentarios que descobren unha relación de amizade, incluso preocupándose por outros escritores. Tamén xúlgase o traballo realizado por certas institucións como a Real Academia Galega ou o Instituto Padre Sarmiento. Piñeiro atende aos escritos de Millán e os proxectos que este leva a cabo, como diversas traducións de Eliot. Ofrecen, polo tanto, unha panorámica cultural e literaria do momento, pero manifestan tamén unha estreita relación entre ambos.

Referencias varias:

- B. L., "Lectura pública da correspondencia entre Piñeiro e Isidoro Millán", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 11 xuño 2009, p. 70

Dá conta do acto de presentación do epistolario de Ramón Piñeiro e Isidoro Millán González-Pardo publicado polo Centro Ramón Piñeiro. Sinala que se trata dun caderno compilatorio no que Luís Cochón e Miro Villar incluíron medio cento de cartas que Piñeiro enviou a Millán entre os anos 1952 e 1975. Indica que no acto de presentación estiveron presentes Luís Alonso Girgado e Xesús Alonso Montero ademais dos responsábeis da obra.

- J. G., "Definen a Ramón Piñeiro como o galego co máis amplo epistolario, unhas 20.000 cartas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 xuño 2009, p. 48.

No lanzamento dos catro volumes dedicados a Ramón Piñeiro, Luís Alonso Girgado, asesor do Centro Ramón Piñeiro, indicou que Piñeiro é o galego co máis amplo epistolario. Así apunta que, entre as "máis de 10.000 cartas" gardadas na Fundación Penzol de Vigo recibidas por Piñeiro e as supostas contestacións feitas polo escritor, se sumarían unhas vinte mil. Indica que en tres dos volumes se recollen cartas dirixidas a José Luís Pensado, Isidoro Millán González-Pardo, Xosé Filgueira Valverde, Agustín Sixto Seco ou Gabriel Celaya, entre outros. Explica que nun cuarto exemplar persoeiros como Marina Mayoral, Ceferino Díaz, Siro ou Baldomero Cores estudan e valoran a figura de Piñeiro.

- Joel Gómez, "Ramón Piñeiro tentaba captar todo o talento galego", *La Voz de Galicia*, Galicia", 8 xullo 2009, p. 2.

Entrevista a Miro Villar pola publicación de dúas obras: *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo* e *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*. Sobre a primeira monografía explica que consta de cincuenta cartas de Piñeiro a Isidoro Millán, unha de Millán a Piñeiro e como apéndice outra de Piñeiro a Xesús Alonso Montero. Afirma que colaborou para a edición con Luís Cochón, quen tratou estreitamente a Isidoro Millán cando os dous coincidiron como profesores do Instituto Rosalía de Castro de Santiago.

- Salvador García-Bodaño, "Libros para a lembranza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 30 agosto 2009, p. 3.

Lembra o décimo noveno aniversario do pasamento de Ramón Piñeiro, a quen recoñece como pensador e xerador do galeguismo de posguerra. Ao mesmo tempo, faise eco da homenaxe que a Real Academia Galega decidiu outorgarlle coa dedicación do Día das Letras Galegas. En relación con este feito, dá conta das publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, entre as que se atopa o *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo*.

Dasilva, Xosé Manuel, *Ramón Piñeiro, tradutor*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Divulgación e Ensaio, 2009, 126 pp. (ISBN: 978-84-96673-91-5).

Xosé Manuel Dasilva (1962) estuda o traballo de tradución de Ramón Piñeiro, faceta que nunca lle foi moi recoñecida, polo que afonda nos detalles de dúas versións realizadas por este intelectual: *Cancioneiro de poesía céltica* (1991), de Julius Pokorni, que foi ben acollida; e *Da esencia da verdade* (1956), de Martín Heidegger, que foi sometida á censura. O libro ábrese cun limiar no que se fai unha breve aproximación á

figura de Piñeiro en tanto que tradutor, incorporando nunha sucesión de cinco capítulos reflexións que dan boa conta da importancia que o galeguista lle outorgaba á tradución (capítulo primeiro) e centrándose finalmente nos textos das pezas revisadas en galego. Os capítulos segundo e terceiro xiran arredor do *Cancioneiro de poesía céltica*, explorando as súas fontes e a súa importancia no campo literario galego. O cuarto e o quinto están dedicados integramente á obra alemá, *Da esencia da verdade*, explicando a dificultade da escolla, a elaboración da tradución e a recepción por parte da censura franquista dunha obra semellante en galego. Finalmente, Dasilva inclúe tres apartados: "Cabo", no que se fan certos apuntamentos sobre a obra en xeral para axudar a comprendela mellor; unha bibliografía que recolle os volumes máis significativos manexados por Piñeiro no seu traballo e polo propio Dasilva para a creación da obra crítica; e, por último, un apéndice documental no que se inclúen recortes e artigos xornalísticos, documentos oficiais, expedientes de censura da obra *Da esencia da verdade*, permisos denegatorios para a publicación da obra, cartas de recomendación e outra serie de material documental.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Piñeiro tradutor: da esencia da verdade do idioma", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 16 maio 2009, p. 2.

Comenta a saída ao prelo na editorial Toxosoutos do volume *Ramón Piñeiro, tradutor*, de Xosé Manuel Dasilva no que se enxalza o labor de tradución do intelectual galeguista en "momentos tan problemáticos e convulsos". Salienta a importancia da tradución para "ennobrecer a cultura galega" como foi o caso do *Cancioneiro da poesía céltica* (1991), de Julius Pokorny, traducido ao galego por Piñeiro, en colaboración con Celestino F. De la Vega, co que obtivo o premio de traducións convocado por Bibliófilos Gallegos. Ademais destaca que o intelectual non desatendeu o seu compromiso ideolóxico ao traer "a tradición céltica coa que reforzaría a identidade galega". Tamén menciona a tradución *Da esencia da verdade*, de Martin Heidegger, co que demostrou que "en galego a filosofía, o pensamento e a reflexión tamén eran posibles" ademais de ofrecer un texto inédito entón en castelán e censurado durante algúns anos.

- María Jesús Lama, "A tradución como arma de futuro", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 119-120.

Sinala que o volume *Ramón Piñeiro, tradutor* se achega a unha parcela pouco explorada por ser considerada periférica no conxunto da produción piñeiriana, a tradución. Apunta que a selección das obras traducidas demostra a intencionalidade de afondar nos trazos identitarios construíndo un rexistro de lingua común co *Cancioneiro da poesía céltiga*, de Julius Pokorny e de introducir no sistema cultural galego un novo elemento destinado a proxectar unha imaxe de modernidade e versatilidade da lingua con *Da esencia da verdade*, de Martin Heidegger. Refírese con detalle a estes dous textos e considera que Xosé Manuel Dasilva documenta coidadosamente todo o relacionado co traballo do lugués no eido da tradución, ao tempo que desenvolve unha tese que permite albiscar a influencia deses traballos da conformación dun rexistro literario do galego e na loita contra os prexuízos lingüísticos que menosprezaban as posibilidades de desenvolvemento normal para a lingua galega. Por último, explica que o rigor da

pescuda e da argumentación, así como a orde expositiva e a claridade da expresión converten este percorrido polos secretos corredores daqueles tempos escuros nunha amena aventura que desemboca nun moi axeitado capítulo de conclusións.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Infantil/Xuvenil", 7 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un breve descritor de *Ramón Piñeiro*, *tradutor*, de Xosé Manuel Dasilva, xunto aos doutras novidades literarias.

- A. Losada, "Cirurxía bibliográfica de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 12-13.

Dá conta dos libros que saíron do prelo dedicados á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. Aludindo ás diferentes editoriais (Galaxia, A Nosa Terra, Toxosoutos, Xerais, tresCtres e Laiovento) destácanse, entre outras obras, as seguintes: de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro. Tradutor*; de Miguel Barros, *Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*; de Henrique Monteagudo, *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*; de Helena González e María Xesús Lamas, *Do sentimento á conciencia de Galicia*; de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*; de Daniel Ameixeiro, *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*; de Xosé R. Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*; de Xoán Pastor Rodríguez, *Dicionario Ramón Piñeiro*; e de Carlos F. Velasco Souto, *Piñeiro e Piñeirismo em perspectiva histórica*.

Franco Grande, Xosé Luís, *Cando o futuro comezaba. Correspondencia 1955-1990*, *Ramón Piñeiro e Xosé Luís Franco Grande*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, 2009, 247 pp. (ISBN: 978-84-9865-242-0).

Correspondencia entre un Xosé Luís Franco Grande (Tebra, 1936) xove e universitario, que se está a iniciar no mundo da literatura e cultura galega e un Ramón Piñeiro (Armeá-Láncara, 1915-Santiago de Compostela, 1990) que xa fundara a editorial Galaxia. Empeza cunha carta de Franco Grande, que trata por vostede a Piñeiro, mentres que este o fai por ti. Nótase así a relación de xerarquía, de mestre a discípulo, que se mantén até a última carta, a cento vinteoito. Abranguen dende o 27 de xuño de 1955 até o 26 de xuño de 1990. As tres últimas son de Franco Grande. O contido das cartas é variado, mais ten algúns puntos en común. En primeiro lugar, os dous intelectuais intercambian artigos, traballos, recensións xornalísticas e novas do que pasa nos lugares onde viven ou se vinculan co resto da intelectualidade do país, sobre todo, en Santiago de Compostela, A Coruña, Tebra e Vigo. En segundo lugar, existe a constante forza e vitalismo de Piñeiro, como animador da cultura galega, en palabras de Xosé Luís. En terceiro lugar, dá conta dalgúns eventos e datos sobre a historia máis descoñecida do labor cultural e literario de grandes autores galegos, dende a mesma mocidade e descoñecemento popular. Preséntase cun limiar de Franco Grande, que salienta a importancia das misivas de Piñeiro, grande escritor de cartas, aínda que foran veciños durante algúns anos. Nas súas palabras, as misivas "son documentos que contribúen a

fixar e poñer de manifesto o que foi a reconstrución da cultura galega despois da guerra civil" (pp. 8-9), dun xeito moi realista a respecto do galeguismo, da conciencia política, dos sinais culturais, con erros e acertos. Franco Grande nese "Limiar" salienta cincos aspectos do conxunto epistolar: o seguimento que se pode facer das actividades de Piñeiro; o papel que este tivo de animador e a súa eficacia, única; a capacidade vitalista e optimista para enfrontar os problemas; o poder de espertar a conciencia galega e a valoración dunha amizade que, con altos e baixos, dura trinta e cinco anos. Engádese no fin tres apéndices: o manifesto dos intelectuais galegos como apelo aos políticos para facer un pacto galego, que defenda os intereses do país, pensado como unha unión federalista; a carta do director da revista *Grial* que considera que a súa aparición non interfería no labor de *Grial*, confirmando o seu interese nesta revista; e un apéndice onomástico.

Referencias varias:

- Ana Baena, "De Ramón Piñeiro chamaba a atención a súa inmensa seneridade", *Atlántico Diario*, "Vigo", 9 decembro 2009, p. 6.

Anúnciase que Xosé Luís Franco Grande presentará o seu traballo *Cando o futuro comezaba*, na compaña de Vítor F. Freixanes e mais de Valentín Arias, na Casa Galega da Cultura de Vigo. Tamén se recollen algunhas reflexións de Franco Grande sobre a inmensa tranquilidade de Ramón Piñeiro.

- B. R. Sotelino, "Franco Grande revela que eliminaría algunhas das cartas que cruzou con Ramón Piñeiro e que publica Galaxia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 decembro 2009, p. 50.

Dáse conta da presentación deste volume en Vigo e detállase que conta cun prólogo moi amplo e que nel se recolle toda a relación epistolar entre Ramón Piñeiro e X. L. Franco Grande de xeito íntegro e sen cortes.

- Sandra Faginas, "Dúas vidas de palabra e por escrito", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 344 , "Letras en galego", 19 decembro 2009, p. 4.

X. L. Franco Grande comenta nesta entrevista que as cartas que gardaba da súa correspondencia con Ramón Piñeiro e mais as que estaban na Fundación Penzol son a cerna deste volume. Tamén explica que segundo a súa opinión habería que quitar deste volume catro ou cinco cartas que se arrepinte de ter escrito naquela altura.

- F. L. P., "As cartas de Piñeiro e Franco Grande: unha intrahistoria dos Anos Escuros", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 60/"Cartas nos Anos Escuros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 decembro 2009, p. 28.

Explícase que este libro editado por Galaxia agrupa as cartas cruzadas entre Ramón Piñeiro e X. L. Franco Grande ao longo de trinta e cinco anos de amizade. Indícase que hai referencias ás principais cabeceiras galegas daquela altura e mencións aos estudantes e literatos novos como Xosé Luís Méndez Ferrín, Camilo Gonsar, Uxío Novoneyra ou Olga Patiño, e aos maiores como Luís Pimentel, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo ou Eduardo Blanco Amor.

García Turnes, Beatriz, *Vida e obra de Ramón Piñeiro*. *Escolma de textos*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, xaneiro 2009, 185 pp. (ISBN: 978-84-9865-150-8).

Beatriz García Turnes (Santiago de Compostela, 1973) realiza unha biografía de Ramón Piñeiro que se pode dividir en dúas partes fundamentais: "A batalla do futuro. Biografía" e "Escolma de textos". Na parte biográfica faise un repaso de toda a súa vida, resaltando os momentos máis salientábeis que a autora divide en: "Primeiros anos", "O descubrimento do galeguismo", "A Guerra Civil", "A loita clandestina", "Galaxia", "Cara á fin da ditadura" e "Democracia e autonomía". Pola súa banda, na selección de textos escolleu aqueles que considera que mellor representan as distintas facetas que abranguen a traxectoria escrita do autor. Está dividida en catro partes: "Acción política", "Filosofía e saudade", "Lingua galega" e "Literatura e arte". A obra péchase cunha bibliografía na que se explicitan as obras empregadas para realizar a escolma.

Recensións:

- Manuel M. Barreiro, "Retratos de Piñeiro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proTagonista", primavera 2009, p. 23.

Centra a súa atención en tres entregas editoriais ao redor de Ramón Piñeiro: *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes; *Diccionario Ramón Piñeiro*, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría; e *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo. Analiza estas tres obras e apunta que, en termos fotográficos, o retrato de García Turnes se axusta ao "plano americano" para enmarcar resumidamente unha visión (case) integral do corpo biográfico do autor de Láncara. Tamén considera que, fronte ao que cabería esperar, non foi un ano de polémica e ruda controversia ao redor da figura e legado de Piñeiro, ademais de sinalar que é moi recomendábel a lectura conxunta destas tres obras, que se compensan entre si e reforzan os seus valores e nos achegan un retrato máis pleno de Ramón Piñeiro e da Galiza á que se entregou con indiscutíbel paixón.

- Lucía Seoane, "Sempre Piñeiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 287, "Libros", 23 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 231, "Letras Galegas", 2 maio 2009, p. 7.

Informa da saída ao prelo do ensaio editado por Galaxia na serie "Letras Galegas", *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes. Indica a súa división en varios capítulos dos que o primeiro ten por título "A batalla do futuro" e apunta a seguir algúns datos da traxectoria literaria da autora. Describe o fío argumental do capítulo antedito e destaca a sinxeleza na súa exposición, ademais do seu carácter didáctico. Conclúe sinalando a boa selección dos textos incluídos no ensaio e a "pulcritude" deste traballo.

- Xavier Castro Rodríguez, "Perfil biográfico e escolma de Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 9 maio 2009, p. 2.

Ao serlle dedicado o Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro, realiza un percorrido pola súa traxectoria literaria. Destaca a transposición do seu compromiso político, lingüístico e social fóra da comunidade galega, así como a súa colaboración no intento de recuperación da cultura galega. Recomenda a lectura do volume da autoría de Beatriz García Turnes, *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, da editorial Galaxia, do que salienta a súa nitidez expositiva e carácter didáctico presentes nas dúas seccións que conforman o volume, unha primeira dedicada a súa traxectoria biográfica e unha segunda que recolle unha escolma dos seus escritos.

- Xulio Valcárcel, "O mestre socrático", *Diario de Arousa*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 45/*Diario de Ferrol*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", p. 47/*El Ideal Gallego*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 45, 17 maio 2009.

Cóntase como foi o comezo da guerra civil, intre no que un mozo Ramón Piñeiro correu a avisar á sede do Partido Galeguista que queimasen a documentación existente ante o inminente rexistro. Seguindo o libro de Beatriz Turnes, *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, fálase do Piñeiro que ía á escola e perdía o contacto coa súa lingua nai. Sinálase que agora se homenaxea esta figura, a que sufriu en defensa da súa lingua e deu o significado da saudade, un galeguista convencido que, fóra de discusións ideolóxicas, deixou unha impronta importantísima na cultura galega do século XX. Inclúese un cadro a pé de páxina cunha relación de artigos do propio Ramón Piñeiro.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A vixencia dunha inquietude", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 21 febreiro 2009, p. 34.

Despois de comentar o discurso de Ramón Piñeiro no seu ingreso na Real Academia Galega, no que suxeriu que o "sentimento de inferioridade" dos galegos conduce ao "servilismo" e xustifica os apoios aos grupos que se opoñen á normalización da lingua galega, pasa a comentar o libro *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz Díaz Turnes, que recolle unha escolma de textos do autor. Considera que o libro está pensado para que "resulte accesible" ao público en xeral e "especialmente ao alumnado de secundaria" e que nel se resumen tanto a biografía de Piñeiro como algunhas das súas "polémicas" co galeguismo no exterior a causa da súa presentación ás eleccións co PSOE.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 281, "Infantil/Xuvenil", 5 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describe brevemente esta monografía de Beatriz García Turnes, *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, entre outras obras alleas á literatura galega.

- V. Oliveira, "O motor da identidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 abril 2009, p. 27.

Comenta a publicación desta biografía de Piñeiro a cargo de Beatriz García Turnes, *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, así como das reedicións de *Galicia* (2002) e *Filosofía da saudade* (1984), de Ramón Piñeiro. Tamén fala da obra de Xosé Ramón Rodríguez, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, ademais de se referir a outros

libros.

- maré, "Do sentimento á conciencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 maio 2009, p. 34.

Dáse conta da presentación na Universidade de Barcelona da obra que reúne a correspondencia de Ramón Piñeiro e Basilio Losada e que leva por nome *Do sentimento á conciencia de Galicia*. *Correspondencia (1961-1984)*. A seguir, refírese aos actos integrados no programa de actividades organizadas para a celebración do Día das Letras Galegas na cidade condal e á conferencia impartida por Xesús Alonso Montero na Biblioteca Delgado Gurriarán do Barco de Valdeorras. Comenta que aos asistentes ao acto se lles obsequiará cun estudo biográfico de Beatriz García Turnes, editado por Galaxia, no que se achega á vida e á obra do galeguista.

- Chus Gómez, "Descubrindo a Ramón Piñeiro", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 162, "Vivir en Caldas", 13 maio 2009, p. 4.

Recolle a iniciativa da Biblioteca Municipal de Caldas de repartir entre os seus usuarios o libro de Beatriz García Turnes, *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, coa finalidade de dar a coñecer a figura do pensador con motivo do Día das Letras Galegas. Tamén sinala que nesa biblioteca se pode ver unha mostra bibliográfica sobre o autor.

- Seve Nieves, "Publicacións e recreación historica", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 17.

Informa que o xornal *La Región* entregará ao lector *Vida e a obra de Ramón Piñeiro*, editado por Galaxia e que na súa creación participou Beatriz García Turnes. Por outro lado, comenta que a Universidade de Santiago de Compostela presentou o volume *Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas 2009* e que a fundación Fermín Penzol recreou o despacho de Ramón Piñeiro que tiña na súa casa da compostelá rúa de Xelmírez.

- Xosé María Palmeiro, "Sobre o galego e 1954", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porén", 1 xuño 2009, p. 5.

Con motivo do "revisionismo lingüístico" que se está levando a cabo na actualidade en Galicia, recupera a denuncia da persecución da lingua galega dende 1936 feita polos grupos galeguistas do exilio interior, caso de Ramón Piñeiro, e o exterior, caso de Rodolfo Prada. As citas presentes no artigo recóllense do libro *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes. Cita tamén a obra de Xesús Alonso Montero, *A batalla de Montevideo. Os agravios lingüísticos denunciados na Unesco* (2003).

Garrido Couceiro, Xoán Carlos, *Piñeiro contra Castelao*. *Castelao contra Piñeiro*. *Na loita antifranquista do galeguismo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Biblioteca A Nosa Terra. Nós os galegos, 2009, 208 pp. (ISBN: 978-84-8341-362-3).

Ábrese o volume de Xoán Carlos Garrido Couceiro (A Estrada, 1965) cunha "Presentación" na que se aclara cal é o seu obxectivo: contextualizar con documentos de distinta índole os termos nos que se produce a fractura entre o galeguismo do interior (Galicia) e do exterior (Arxentina) capitaneados, respectivamente, por Ramón Piñeiro e por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Dise que se dá protagonismo á recompilación e

rescate de materiais sobre a análise e interpretación deste proceso. Deseguido comezan os trece capítulos que conforman a obra, nos que se parte de como se promove "a restauración do nacionalismo de posguerra" en dous escenarios fundamentais: exilio e interior. Debúllanse as accións que en ambos escenarios levaron a cabo Castelao e Piñeiro a carón doutros galeguistas e as "batallas dialécticas" nas que uns e outros participan, así como a intención de restaurar o Partido Galeguista e a República. A partir de aí os demais capítulos baséanse en diferentes acontecementos, como o traslado de Piñeiro para estudar filosofía en Madrid e o contacto que alí inicia con cataláns e vascos para reconstruír Galeusca; os diferentes acordos que foron asinados dentro e fóra da Península; as esperanzas de reconstruír as institucións republicanas a partir de 1945; a detención de Ramón Piñeiro; o papel de Castelao diante da crise do Goberno Giral; o seu esforzo en equiparar a consideración de Galicia ao mesmo rango de Euskadi e Cataluña; as dificultades que se presentaron coa aprobación e posterior derrogación do Estatuto de Autonomía e a quebra final das relacións entre o exterior e o interior. De todo isto dan conta tamén as numerosas cartas que se inclúen no libro, as cales Castelao e Piñeiro se enviaron mutuamente, e outras que eles dirixiron ou recibiron doutros políticos da época como Xoán Xosé Plá. Tamén se engaden declaracións doutras figuras representativas como Manuel de Irujo ou Joseba Rezola, un dos dirixentes vascos da loita antifranquista, e actas ou informes, declaracións e actividades levadas a cabo por Castelao.

Recensións:

- Marga Romero, "Revisitar a Historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 294, "Libros", 11 xuño 2009, p. IV.

Dá conta da saída ao prelo da monografía de X. C. Garrido Couceiro, *Piñeiro contra Castelao/Castelao contra Piñeiro*, na colección "Nós os galegos" na editorial A Nosa Terra. Sinala outras das súas monografías como *Manuel García Barros. Loitando sempre* (1996), *O pensamento de Castelao* (2000) e o documental *A derradeira lección do mestre* (2007). Comenta a seguir o fío argumental da nova publicación, que se detén na disputa entre estas dúas figuras do galeguismo e os acontecementos que deron lugar á súa ruptura. Destaca a información que se lle amosa ao lectorado sobre unha época da historia española, grazas ás colaboracións de Xoán Xosé Plá, Lister ou J. García Durán. Recomenda finalmente a súa lectura.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Os datos dun desacordo histórico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 maio 2009, p. 28.

Considera que a obra *Piñeiro contra Castelao*. *Castelao contra Piñeiro*, de Xoan Carlos Garrido, é un volume no que o seu autor trata de documentar os desacordos entre os dous escritores galeguistas. E afirma que con este fin o libro reúne cartas, informes de negociacións e de reunións, entre outros documentos, en orde cronolóxica coa finalidade de que cada lector poida sacar as súas propias conclusións. Ademais, Garrido indica que a documentación reunida é inédita ou moi pouco coñecida.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 292, "Infantil/Xuvenil", 28 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega máis recente, *Piñeiro contra Castelao*. *Castelao contra Piñeiro*. *Na loita antifranquista do galeguismo*, de Xoán Carlos Garrido Couceiro, entre outras obras.

- Xosé Ramón Peña, "Ramón Piñeiro ambicionou ser ministro do goberno republicano no exilio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Entrevista", 18 xuño 2009, pp. IV-V.

A través dunha entrevista, X. C. Garrido Couceiro, autor de *Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*, fala sobre a figura do protagonista do Día das Letras Galegas e sobre Daniel Rodríguez Castelao. Sinala tamén que a súa obra achega documentación inédita que provén, principalmente, da Fundación Sabino Arana.

- maré, "Cultura e troula do Festigal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xullo 2009, p. 28.

Infórmase brevemente sobre a ampla programación que este ano acolle o Festigal en Compostela, durante os días 24 e 25 de xullo, con concertos, presentacións de libros, exposicións ou mostras de artesanía. Entre os libros que se presentan, dise que se atopan obras como *O natural é político* (2008), de Teresa Moure; e *Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*, de X. C. Garrido.

- M. B., "O Festigal reivindica a cultura galega nun momento 'grave", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "Cultura", 23-29 xullo 2009, p. 38.

Coméntanse os diferentes actos que se desenvolverán no Festigal de 2009 entre os que están a presentación de *Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*, de X. C. Garrido; *Nos camiños do entusiasmo*, de Goretti Sanmartín; ou *O natural é político* (2008), de Teresa Moure. Tamén se fai referencia ao vixésimo quinto aniversario da traída dos restos de Daniel Rodríguez Castelao a Galicia.

- Xosé Ramón Pena, "Na xeira das ilusións", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "A verdade sobre o caso Ramón Piñeiro (I)", 9 agosto 2009, p. 43.

Trátase dunha primeira entrega de artigos co título "A verdade sobre o caso Piñeiro" nas que se tenta aclarar como se desenvolveron as relacións entre o galeguismo interior (baixo a dirección de Ramón Piñeiro) e exterior tras a guerra civil. Primeiro dáse conta do grande número de informacións e documentación que foi xurdindo ao longo dos últimos anos e que se observa tamén a través de obras clave como *Piñeiro contra Castelao. Castelao contra Piñeiro*, de X. C. Garrido, ou *Da miña acordanza,* memorias do propio Piñeiro e editado por Galaxia en 2002. Pártese dun encontro entre Piñeiro e Ramón Valenzuela en Vigo arredor de 1942 cando o segundo era secretario do Partido Galeguista na zona controlada pola República durante a guerra civil.Dise que a respecto deste episodio hai moitas contradicións e incoherencias. Logo coméntanse as estratexias anti-franquistas que comezan a barallarse en colaboración coa resistencia vasca e catalá e as relacións coas potencias mundiais como Estados Unidos e Gran Bretaña. Por último fálase sobre as opcións que se presentaban para a reposición da monarquía ou a continuidade da República.

Hermida Gulías, Carme, *Ramón Piñeiro. O tesouro de Armeá*, ilust. López&López, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, [lectorado autónomo], 2009, 24 pp. (ISBN: 978-84-7824-571-0). ■

Trátase dun conto ilustrado que se inicia, marcado tipograficamente cunha cor diferente, coa lenda da figura da "encantada" que garda un tesouro. Introduce con tal motivo a biografía de Ramón Piñeiro dende a súa infancia, os estudos e o labor político e literario como director da editorial Galaxia e da revista *Grial*, entre outros traballos. O texto literario acompáñase de breves fragmentos do propio Piñeiro nos que se refire a aqueles amigos que compartiron con el intereses, caso de Luís Pimentel, Ánxel Fole, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas e Daniel Rodríguez Castelao. Por último, retoma a lenda do principio cun final aberto e esperanzador. O texto de Carme Hermida está acompañado das ilustracións figurativas de López&López cun estilo esquemático a base de formas planas recortadas. As imaxes acompañan aos textos confirmándoos. As ilustracións figurativas de López&López están centradas na figura de Ramón Piñeiro. Conforman formas planas recortadas sobre fondos sen perspectiva. As tonalidades que predominan son as cálidas.

Lama, María Xesús e Helena **González** (ed., introd. e notas), *Ramón Piñeiro e Basilio Losada. Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*, limiar de Basilio Losada, Vigo: Xunta de Galicia/Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 20, marzo 2009, 1.164 pp. (ISBN da Xunta de Galicia: 978-84-453-4780-5; ISBN da editorial Galaxia: 978-84-9865-176-8). ■

María Xesús Lama (Lugo, 1964) e Helena González (Comesaña-Vigo, 1967) reúnen neste epistolario catrocentas cincuenta e tres cartas escritas por Ramón Piñeiro e por Basilio Losada (Pobra de San Xiao, Láncara, 1930), quen declara no limiar que nesas cartas se reflicte "o paso do sentimento galego á consciencia de Galicia". Este limiar vén precedido por unhas verbas das editoras, coas que realizan unha serie de agradecementos ás entidades e ás persoas concretas que fixeron posíbel a edición do epistolario. Antes da recollida das cartas, atópase tamén unha introdución das editoras, na que fan un percorrido pola situación política reflectida nesa correspondencia, que abrangue os anos 1961-1984. Estas cartas están reproducidas coas súas datas, lugar de redacción e con notas a pé de páxina. Nelas emprégase unha linguaxe coidada e "cercana", xa que corresponde ás verbas dedicadas a un amigo. Están redactadas na súa maior parte en primeira e segunda persoa de singular, agás cando o autor dalgunha delas fai referencia a algún suceso histórico e/ou cultural da súa contorna. No apartado "Anexos" inclúense as cartas inéditas conservadas no Fondo Basilio Losada, depositado no Centro Superior Bibliográfico de Galicia, xunto coa correspondencia que intercambiaron Piñeiro e Losada, e algúns artigos de prensa aos que se fai referencia nestas cartas. A continuación ofrécese unha "Bibliografía", que se divide en "Correspondencia inédita" e "Bibliografía citada". Inclúese a continuación un "Apéndice gráfico", con fotos de diversos personaxes do ámbito social e cultural da época. Segue a este rexistro gráfico un índice onomástico. Para rematar o epistolario, atópase o índice, que presenta o reparto das cartas por décadas, que se fai ao longo da obra.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Materia epistolar", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 539, 28 xuño 2009, p. 20.

Informa da saída ao prelo da monografía *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984). Ramón Piñeiro e Basilio Losada*, editado por María Xesús Lama e Helena González. Destaca o prólogo de Basilio Losada, a importancia das cartas e compara as figuras de Losada e Piñeiro coas de dous "gurús" da cultura galega. Recomenda finalmente a lectura do volume, de algo máis dun milleiro de páxinas, que contén a correspondencia entre os dous intelectuais entre 1961 e 1984.

- Xavier Castro Rodríguez, "Crónica epistolar. Cultura e compromiso galeguista", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 18 xullo 2009, p. 2.

Faise eco da publicación do monografía *Do sentimento á conciencia de Galicia (Correspondencia 1961-1984)*, unha obra na que se recollen máis de catrocentas cincuenta cartas que Ramón Piñeiro e Basilio Losada se intercambiaron. Considérase esta correspondencia de interese porque transcende o particular e achega datos sobre diversos acontecementos colectivos por parte dos seus protagonistas directos. Concretamente, saliéntanse as misivas nas que se refiren aos procesos culturais e á defensa do idioma galego. Xustifícase así o xénero epistolar como unha parte fundamental da literatura, evolución, política e cultura dun país.

- Luís Cochón, "Consulado en Barcelona", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 113-114.

Recolle fragmentos das cartas que intercambiaron Ramón Piñeiro e Basilio Losada e que se inclúen no volume *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*. Sinala que se trata de máis de catrocentas cincuenta cartas que constitúen un "intercambio epistolar enciclopédico", a través do cal Piñeiro se encarga de instruír a Losada, ao tempo que abrollan temas, situacións, aconteceres, ideas e persoas. Tamén se apunta que "A intervención na actualidade cultural, a creación de redes galeguistas (…) e o avance no coñecemento de Galicia son os pés da trepia que sustentan este diálogo epistolar".

- Xulio Valcárcel, "Cartas entre Piñeiro y Losada", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 558, "Libros"/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 594, "Páxina literaria", 8 novembro 2009, p. 6.

Sinala que neste libro se pode repasar a correspondencia mantida entre Ramón Piñeiro, dende Santiago de Compostela, e mais Basilio Losada, dende Barcelona, entre 1961 e 1984. Explica que as catrocentas cincuenta e tres cartas deste intercambio epistolar son esenciais para coñecer as directrices do galeguismo daquela altura. Expón que Piñeiro quixo defender a lingua galega dende o propio sistema e que a pesar das discrepancias estas cartas permiten ver de xeito claro como era o galeguismo durante o franquismo.

Referencias varias:

- Marco Doespiritusanto, "Piñeiro converteu o meu amor a Galicia en compromiso coa terra", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 24 abril 2009, p. 9.

Conversa con Basilio Losada, tras a recente publicación na editorial Galaxia da correspondencia íntegra que durante vinte anos mantiveron Basilio Losada e Ramón Piñeiro, o protagonista do Día das Letras Galegas 2009. Losada, tradutor e catedrático de Filoloxía Galega en Barcelona, comenta como recibe o público español as Literaturas galegas e portuguesas e apunta que a literatura brasileira é "hoxe a mellor do mundo, a máis interesante, a máis variada". Fala do seu labor de tradutor de José Saramago e da súa condición de escritor. Sobre a Literatura galega, afirma que se vive unha época de esplendor na poesía, "na novela, tamén, pero non tanto", pois di que hai un exceso de narrativa en relación coa que o "país pode absorber". Por outro lado, fálase da figura de Piñeiro, do que sinala a súa "fe nun proxecto cultural". Sobre a súa correspondencia co filósofo apunta que lle van permitir ao lector saber cal foi o verdadeiro labor por Galicia. Reflexiona sobre o eixo principal do seu proxecto galeguista e considera que Piñeiro foi máis importante para el que "todas as carreiras" que estudou, pois lle falaba das cousas que verdadeiramente lle importaban.

- maré, "Do sentimento á conciencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 maio 2009, p. 34.

Fala da presentación na Universidade de Barcelona da obra que reúne a correspondencia de Ramón Piñeiro e Basilio Losada e que leva por título *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*. Afirma que estas catrocentas cincuenta e catro cartas permiten coñecer os proxectos desenvolvidos polos grupos galeguistas na ditadura, a incorporación dos estudos de galego nas universidades de Compostela e Barcelona, así como os avances no recoñecemento da lingua no ámbito institucional e popular, entre outros temas. Indica que a obra foi editada por Galaxia e elaborada por María Xesús Lama e Helena González. Cita outros actos integrados no programa de actividades organizadas para a celebración do Día das Letras Galegas na cidade condal, como é a inauguración dunha exposición bibliográfica sobre Ramón Piñeiro ou o faladoiro sobre o galeguista con Víctor Fernández Freixanes, Antonio González Casanova e o mesmo Basilio Losada. Cita outros actos sobre Piñeiro como a conferencia impartida por Xesús Alonso Montero na Biblioteca Delgado Gurriarán do Barco de Valdeorras.

- A. Losada, "Cirurxía bibliográfica de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 12-13.

Dá conta dos libros que saíron do prelo dedicados á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. Aludindo ás diferentes editoriais (Galaxia, A Nosa Terra, Toxosoutos, Xerais, tresCtres e Laiovento) destácanse, entre outras obras, as seguintes: de Helena González e María Xesús Lamas, *Do sentimento á conciencia de Galicia*; de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*; de Henrique Monteagudo, *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*; de Miguel Barros, *Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*; de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro. Tradutor*; de Daniel Ameixeiro, *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*; de Xosé R. Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*; de Xoán Pastor Rodríguez, *Dicionario Ramón Piñeiro*; e de Carlos F. Velasco Souto, *Piñeiro e Piñeirismo em perspectiva histórica*.

- F. D., “Galaxia presenta tres novos títulos arredor do homenaxeado”, *La Región*, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2009, p. 11.

Faise eco da presentación da Editorial Galaxia de tres novas obras da colección “Biblioteca Ramón Piñeiro”: *Do sentimento á conciencia de Galicia*, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega* e *O espertar da conciencia galega*. Ademais informa da inauguración en Lugo da exposición “Ramón Piñeiro. Olladas no futuro”.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 294, “Libros”, 11 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle catro descritores de curta extensión entre os que se atopa o de *Ramón Piñeiro e Basilio Losada*. *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*, de María Xesús Lama e Helena González.

- Alfredo Conde, “Un favor compensado”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 11 xuño 2009, p. 4.

Relata a anécdota que encerra a páxina 694 do epistolario entre Ramón Piñeiro e Basilio Losada, *Do sentimento á conciencia de Galicia*. *Correspondencia (1961-1984)*. Sinala que nunha carta datada o 23 de maio do 68, Piñeiro lle conta a Losada que falara co Claudí Martí i Pla, da discográfica Edigsa que editaba a Raimón, e comenta que os de Voces Ceibes, grupo do que é integrante Alfredo Conde, non lle fixeran “unha recepción moi cordial”; engadindo un comentario de Martí no que aseguraba que Conde era “musicalmente o peor”.

- Alfredo Conde, “Precisións imprecisas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 12 xuño 2009, p. 4.

Seguindo o modelo do seu artigo anterior, “Un favor compensado” (*El Correo Gallego*, 11 xuño 2009), recupera unha anécdota que forma parte da relación epistolar entre Ramón Piñeiro e Basilio Losada, *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*. Concretamente, a vivencia relátase na páxina 704 da obra e data do 30 de setembro de 1968. Nela Losada coméntalle a Piñeiro que “Miro e Mari Carmen (tamén coñecida como Margariña) tiveron que competir cos profesionais máis adorados”. Porén, asegura que non fixeron o ridículo, aínda que “a canción non vale gran cousa e a letra é francamente mala”. Isto último pese a que o mesmo Losada tivese que intervir nela “no último momento”. Conde comenta tamén que foi decisión “colectiva” que a editorial Galaxia non tivera que ver con Voces Ceibes.

- Vicente Araguas, “Isto é unha novela”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Agora xa foi”, 21 xuño 2009, p. 8.

Comenta a correspondencia entre Basilio Losada e Ramón Piñeiro reunida en *Do sentimento á conciencia de Galicia*. *Correspondencia (1961-1984)*. Salienta que neste “voluminoso” epistolario Losada informa “polo miúdo de traballos e días” do mundo galeguista que se vai creando en Barcelona, sendo el mesmo o dinamizador entre emigrantes, escritores, editores e alumnos.

- Vicente Araguas, “De algunha maneira”, *El Correo Gallego*, “*El Correo 2*”, “Agora xa foi”, 28 xuño 2009, p. 8.

Agradece efusivamente aos que fixeron posíbel o ciclo de poesía na Casa de Galicia en Madrid do que el foi coordinador. Así, comeza a enumerar os diferentes poetas participantes como Yolanda Castaño, Miguel Anxo Fernán Vello e Luz Pozo, entre outros chegados dende Galicia. Tamén nomea a distintos poetas portugueses como Helga Moreira ou António Osorio, e a poetas españois como Elena Medel ou Félix Grande. Por outra parte, fai referencia ao seu artigo publicado o día 21 de xuño de 2009 no mesmo xornal e no que falaba da obra que recolle a correspondencia entre Ramón Piñeiro e Basilio Losada. En relación a este último, relata unha anécdota que ambos os dous viviran á saída dun premio de relatos breves coñecido como “Cidade de Lugo”.

- Joaquim Ventura, “Máis que cartas”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “O sal da terra”, 28 decembro 2009, p. 4.

Expón que a lectura deste epistolario aseméllase a unha novela histórica e manifesta que a vantaxe destas cartas é a súa subxectividade obxectiva, xa que non foron pensadas para un hipotético lector futuro.

López, Siro, *Ramón Piñeiro na lembranza. Pinturas e debuxos de Siro*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2009, 50 pp. (ISBN: 978-84-453-4791-1).
◆

Monografía realizada por Siro López (Ferrol, 1943) sobre Ramón Piñeiro López. Comeza cun apuntamento a xeito de introdución de Manuel González González, coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, no que sinala a posta en marcha de diversas actividades organizadas polo antedito Centro con motivo da celebración das Letras Galegas. Destaca entre elas a exposición de retratos e caricaturas da figura do autor, levada a cabo por Siro López e menciona o lugar e as datas na que terá lugar. A seguir aparece un limiar de Siro López intitulado “Ramón Piñeiro na lembranza”, no que comenta acontecementos como o inicio da súa amizade co autor ou os debuxos que el mesmo lle fixera en vida. Sinala asemade os obxectivos dos debuxos que conforman este volume e remata afirmando a súa obra gráfica como un acto de gratitude cara ao autor. Aparece a continuación un índice cos contidos do volume, divididos ao redor de tres eixos: retratos, caricaturas e figuracións. O primeiro deles recolle dezasete debuxos da imaxe do autor. A maioría son témperas sobre papel en cores vermella e azul, aínda que tamén aparecen outros realizados en sanguina, tinta e acrílico sobre papel. O segundo eixo mostra unha serie de oito caricaturas levadas a cabo con tinta, pastel e témpera sobre papel, a última das cales consiste nunha medalla de poliéster de vinte e catro centímetros, modelada por M. Ferreiro Badía. O derradeiro eixo do volume reproduce oito debuxos da figura do autor realizados en témpera sobre papel nas catro cores básicas e, as catro últimas, en cores cuxo ton predominante se alicerza nunha combinación de azul sobre morado.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, "Un piñeirólogo peculiar: Siro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 326, "Letras en galego", 15 agosto 2009, p. 11.

Describe a figura do ilustrador Siro co gallo da publicación do seu álbum *Ramón Piñeiro na lembranza*. Comenta o total de imaxes que o compoñen, unhas trinta e seis, xunto á segunda parte do mesmo, "Caricaturas". Menciona asemade outra das súas publicacións, "Humor e límites do humor en Ramón Piñeiro", dentro do volume *Homenaxe a Ramón Piñeiro*.

Monteagudo, Henrique (ed.), *Ramón Piñeiro*. *O espertar da conciencia galega*. *Galeguismo*, *cultura e identidade*. *Ensaios e artigos dispersos (1950-1990)*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Ramón Piñeiro, n.º 4, 2009, 385 pp. (ISBN: 978-84-9865-190-4).

Edición comentada onde se recollen ensaios breves, prólogos, conferencias e artigos sobre a cultura galega que Ramón Piñeiro deixou dispersos e publicados en diversas fontes. Inclúese a súa produción ensaística dende 1950 até 1990. No limiar que abre a obra, Henrique Monteagudo (Muros, 1959) explicita que se seguen dous criterios de selección e redacción, o cronolóxico e o temático. Deste xeito, recóllense textos de diferente carácter e desigual extensión, mais coa característica común de seren textos divulgativos cunha clara intención comunicativa. Dise que o elo común de todos eles é a cultura galega nas súas diversas facetas, concretamente a cultura coetánea ao autor. Tamén se aclaran cales foron as fontes que guiaron a recompilación dos escritos e afírmase que a escolma *Olladas no futuro* (1974), do propio Ramón Piñeiro, serve como modelo da presente edición. A obra estrúturase en cinco partes de distinta extensión sendo as dúas últimas as máis amplas. A primeira, que leva por título "Abalar e devalar da cultura galega, catro ensaios", céntrase na loita cultural en canto á política, á lingua e na emigración, comentando factores como a castelanización ou o caciquismo. Deseguido, na segunda parte intitulada "Cultura galega. Da resistencia á autonomía", aparecen cinco textos que se refiren á batalla cultural levada a cabo durante a posguerra coa xeración Galaxia e a revista *Grial*. Na terceira parte, "O país dos espíritos libres", recóllense textos que se centran en figuras senlleiras da cultura galega coetánea ao autor, incluída a desenvolta no exilio, como Carlos Maside, Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Celestino Fernández de la Vega ou Andrés Torres Queiruga. A cuarta parte ten o título de "Letras contra tebras" e nela achéganse pequenos apuntamentos sobre a obra e estilo de Luís Pimentel, Ánxel Fole, Xosé Luís Méndez Ferrín, Álvaro Cunqueiro e Xosé María Díaz Castro. Por último, na quinta parte, intitulada "Segredos para compartir: A cultura, raíz dos pobos", atópase un contido máis heteroxéneo con artigos que versan, por exemplo, sobre a lingua e a identidade nacional, o humor, a festa do San Froilán en Lugo, o Museo do Pobo Galego ou a propia cultura galega en si mesma. Péchase o volume cun apartado de referencias bibliográficas e outro que é un índice onomástico.

Referencias varias:

- A. Losada, "Cirurxía bibliográfica de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 12-13.

Dá conta dos libros que saíron do prelo dedicados á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. Aludindo ás diferentes editoriais (Galaxia, A Nosa Terra, Toxosoutos, Xerais, tresCtres e Laiovento) destácanse, entre outras obras, as seguintes: de Henrique Monteagudo, *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*; de Helena González e María Xesús Lamas, *Do sentimento á conciencia de Galicia*; de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*; de Miguel Barros, *Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*; de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro. Tradutor*; de Daniel Ameixeiro, *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*; de Xosé R. Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*; de Xoán Pastor Rodríguez, *Dicionario Ramón Piñeiro*; e de Carlos F. Velasco Souto, *Piñeiro e Piñeirismo em perspectiva histórica*.

- F. D., "Galaxia presenta tres novos títulos arredor do homenaxeado", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 11.

Faise eco da presentación da Editorial Galaxia de tres novas obras da colección "Biblioteca Ramón Piñeiro": *O espertar da conciencia galega*, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega* e *Do sentimento á conciencia de Galicia*. Ademais informa da inauguración en Lugo da exposición "Ramón Piñeiro. Olladas no futuro".

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Libros", 25 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, caso d'*O espertar da conciencia galega*. *Galeguismo, cultura e identidade. Ensaios e artigos dispersos (1950-1990)*, de Henrique Monteagudo.

- Xosé Carlos Caneiro, "Marabilla", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.327, "Letras en galego", "Club dandi", 22 agosto 2009, p. 7.

Inclúese entre as obras recomendadas o ensaio *O espertar da conciencia galega*, considerado un texto que serve para a re-descuberta de Ramón Piñeiro. Afírmase que supuxo para el "unha revelación", xa que se trata dun "*totum revolutum*" de artigos de temática variada: crítica social, literatura, cultura, semblanzas de escritores e mesmo amplas reflexións sobre a literatura galega que, segundo se di, mesmo son de actualidade no ano 2009.

- Xavier Castro Rodríguez, "Un lucidío índice da cultura galega contemporánea", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 22 agosto 2009, p. 2.

Comeza destacando a importancia que ten a recompilación dos máis variados artigos, textos e colaboracións que os grandes autores da literatura galega, como Ramón Otero Pedrayo, foron enviando a diferentes revistas e xornais. Deseguido descríbese brevemente a obra *O espertar da conciencia galega*. *Galeguismo, cultura e identidade*, na cal se reúne unha escolla de textos moi variados, tanto na temática coma na estrutura, que atenden a dous criterios esenciais: o tempo e o tema. Indícase que se divide en cinco bloques e que se sintetiza así o pensamento de Ramón Piñeiro xa que, segundo se di, percorren estas páxinas nomes fundamentais da cultura galega e tamén de fóra, e que serve de guía o índice onomástico que aparece ao final da obra.

Moreno Villar, Xosé María, *Ramón Piñeiro*. *Galeguista*, *editor e ensaísta*. *Letras Galegas 2009*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2009, 55 pp. (DL: C 1178-2009). ◆

Monografía de marcado carácter didáctico de Xosé María Moreno Villar (1966) publicada con motivo da dedicatoria do Día das Letras Galegas 2009 á figura de Ramón Piñeiro e estruturada en trece apartados. Os seis primeiros, intitulados "Ramón Piñeiro. Galeguismo antes da Guerra Civil", "Ramón Piñeiro. Galeguismo despois da Guerra Civil I", "Ramón Piñeiro. Galeguismo despois da Guerra Civil II" e "Ramón Piñeiro: Galeguismo despois da Guerra Civil III", "Ramón Piñeiro. Galeguismo durante o franquismo", "Ramón Piñeiro. Galeguismo despois do franquismo", céntranse fundamentalmente nos aspectos biográficos do autor, como foi a descuberta e o compromiso co ideario galeguista, a actividade política na clandestinidade, a ruptura co exilio e a intensa actividade cultural co proxecto da Editorial Galaxia e a revista *Grial*, incluíndo a súa participación no Estatuto de Autonomía en 1980. A continuación, os seguintes apartados, intitulados "Ramón Piñeiro: obra ensaio. Teoría da saudade", "Ramón Piñeiro. A saudade e a lírica en Galicia", "Ramón Piñeiro. A saudade na poesía galega" e "Ramón Piñeiro. A saudade en Portugal", fixan a atención na obra ensaística, centrada na teoría da saudade da lírica galega e portuguesa. Complétase a monografía con "Ramón Piñeiro: Un éxito internacional: a denuncia ante a Unesco en 1954", "Ramón Piñeiro. Profesor de EUA" e "Ramón Piñeiro: a famosa *mesa camilla*". Cada un dos apartados apoian a narración incorporando textos doutras obras que ilustran aspectos claves na vida do homenaxeado como o libro de Carlos Casares, *Ramón Piñeiro*. *Unha vida por Galicia* (1991), a entrevista a Francisco Fernández del Riego n'*As horas secuestradas*, *vida cotiá do franquismo*, un artigo de Henrique Monteagudo (*El País*, 7-XII-2007) e outro de Manuel Rivas (*El País*, 11-VII-2007), así como diversas actas (acta xuntanza do Partido Galeguista na primavera de 1947, acta da constitución do Consello de Galiza en Montevideo o 15 de novembro de 1944, etc). Ao final de cada apartado, inclúese a sección "Cuestións", dirixidas a un lectorado novo, nas que se formulan exercicios sobre o exposto con anterioridade.

Piñeiro, Ramón, *Ramón Otero Pedrayo, mestre da cultura galega. Conferencias e ensaios*, limiar de Ramón Villares, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, maio 2009, 80 pp. Inclúe CD (ISBN: 978-84-96530-90-4). ◆

Neste volume, que se presenta como unha homenaxe a Ramón Piñeiro no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas, inclúense discursos e conferencias, así como artigos e ensaios de Piñeiro sobre a obra de Ramón Otero Pedrayo. Preséntase nunha coidada edición que contén un libro e un CD que inclúe a gravación da conferencia que Piñeiro dedicou á figura de Pedrayo no ano da súa morte (1976). Ábrese o libro cun limiar de Ramón Villares, no que explica a intención da obra, "un contributo á homenaxe no Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro xuntando unha conferencia, breves ensaios e artigos de xornal que el dedicou a un dos mestres da cultura galega, Ramón Otero Pedrayo", ao cal estaba unido por unha fonda amizade e admiración. Dise tamén que a selección de textos foi realizada por Henrique Monteagudo e que a gravación en CD forma parte do labor que vén desenvolvendo o Arquivo Sonoro de Galicia. Na segunda parte, "Conferencias e ensaios" por Ramón Piñeiro, achéganse seis textos que tratan entre outras cousas a figura de Otero Pedrayo dentro da súa xeración e da cultura galega

en xeral; da súa oratoria, coa que prestixia a lingua galega; da súa relación con Compostela, a cal aparece de xeito reiterado na súa obra "debido á devoción que por ela sente" e, finalmente, un texto escrito co gallo da celebración do ano do centenario do seu nacemento (1988). Os textos van acompañados de abondosas fotografías relacionadas coa actividade desenvolvida por Otero e Piñeiro.

Referencias varias:

- Olaia Ucha, "O Consello da Cultura Galega pasará a dixital as cartas do escritor de Láncara", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 maio 2009, contracuberta.

Infórmase que o Consello da Cultura Galega anuncia a próxima dixitalización do voluminoso epistolario, formado por milleiros de cartas, de Ramón Piñeiro, que está depositado na Fundación Penzol en Vigo e que o fai co gallo da homenaxe que se rende a este autor no Día das Letras Galegas. Dise que na presentación tamén se agradece a colaboración da familia do autor e tamén se indica que se publica ao tempo un cartafol e un CD que permiten coñecer varios artigos e ensaios de Piñeiro sobre a figura de Ramón Otero Pedrayo e a Xeración Nós, nos cales subliña a importancia destas figuras na literatura e cultura galega.

- Ramón Loureiro, "Otero Pedrayo, nos ollos de Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.327, 22 agosto 2009, p. 6.

Fálase sobre a obra de Ramón Piñeiro que edita o Consello da Cultura Galega, *Ramón Otero Pedrayo, mestre da cultura galega*, na cal se inclúen múltiples textos, artigos e conferencias do autor sobre a figura de Otero Pedrayo, nos cales pon de relevancia a importancia deste autor para a literatura e cultura galega. Dise que a obra sae ao prelo para render homenaxe ao autor de Láncara ao cal se dedica o Día das Letras Galegas e que nela tamén se inclúen fotografías e dous retratos de Piñeiro e Otero Pedrayo feitos por Maside. Así mismo, sinálase que consta dun CD coa gravación da conferencia que Piñeiro dedicou a Pedrayo en 1976 e dun limiar de Ramón Villares.

Queixas Zas, Mercedes, *Ramón Piñeiro*. *A expresión cultural dunha estratexia política*, Ames: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 242, 2009, 157 pp. (ISBN: 978-84-8487-154-1).

Ensaio divulgativo centrado na personalidade e na obra do homenaxeado no Día das Letras Galegas 2009, Ramón Piñeiro. Mercedes Queixas (A Coruña, 1968) atende no seu percorrido aos seus primeiros vinte e un anos de vida en "1915-1936: o tempo de aprender", dende os tempos da infancia até o seu compromiso co Partido Galeguista na defensa do Estatuto de Autonomía. No apartado titulado "1936-1949: o tempo do silencio" aborda os acontecementos vividos por Piñeiro dende o comezo da guerra civil española, a reorganización do Partido Galeguista na clandestinidade e a súa estadía na cadea entre os anos 1946 e 1949. Seguidamente, en "1949-1950: o tempo de xestar un novo proxecto" analízase o papel de Ramón Piñeiro no deseño e posta en marcha do proxecto cultural da editorial Galaxia; en "1950: o tempo de crear" céntrase nos traballos que supuxo o deseño do catálogo editorial, con especial fincapé no ensaio primeiramente, e no labor desenvolvido por Piñeiro como guieiro das novas xeracións

en canto á transmisión do ideario galeguista. En "1960-1975: mudan os tempos" saliéntanse feitos como a participación de Piñeiro no VI Coloquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, celebrado nos Estados Unidos en 1966; na súa visita á Escola Graduada Española de Middlebury College en 1967; no seu ingreso na Real Academia Galega nese mesmo ano; e no seu afastamento do PSG cando esta formación optou polo marxismo. A última etapa da biografía de Ramón Piñeiro repásase en "1975-1990: a última transición", que atende á súa participación en diferentes iniciativas dende a instauración do sistema democrático en España. Finalmente, un último apartado repasa a súa obra individual reparando nos volumes *Olladas no futuro* (1974), *Filosofía da saudade* (1984) e o póstumo *Da miña acordanza. Memorias* (2002). Conclúe o volume cun apéndice documental que recolle textos do autor: fragmentos d'*A linguaxe e as linguas* (1967), *Olladas no futuro* (1974) e *Filosofía da saudade* (1984); as cartas que lle enviou a Ricardo Carballo Calero en 1951, 1962 e 1977; epístolas recollidas do *Epistolario*, editado por Francisco Fernández del Riego, e outros dirixidos a Piñeiro como unha carta de Castelao datada en marzo de 1946 e mais a correspondencia enviada por Rodolfo Prada.

Recensións:

- Alfredo Iglesias, "Estratexia Piñeiro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 297, "Libros", 2 xullo 2009, p. IV.

Trae á memoria a figura de Ramón Piñeiro a partir da saída ao prelo da monografía *Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política*, de Mercedes Queixas Zas. A través da súa traxectoria política e literaria, destaca a fundación do Partido Galeguista en 1931 e a súa restauración e disolución posteriores, a fundación do Consello da Mocidade e do Partido Socialista Galego e o seu intento de galeguización dos partidos do PSOE e da UCD. Finalmente apunta a liña temática da antedita publicación, unha "interesante biografía" deste intelectual e político que recuperou a dignidade da lingua e cultura galegas.

- Xavier Castro Rodríguez, "Recuperar a acordanza de Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 11 xullo 2009, p. 2.

Apunta os contidos do traballo realizado por Mercedes Queixas Zas, *Ramón Piñeiro. A expresión cultural dunha estratexia política*, no marco da divulgación ao redor da obra do intelectual galeguista que centra o interese polo Día das Letras Galegas. Salienta que nel se ofrece un percorrido pola traxectoria vital, cultural e política de Piñeiro dende un enfoque didáctico e claro, ademais de incluír na parte final unhas epístolas que achegan datos relevantes sobre a persoa e a contorna no que desenvolveu o seu labor.

- Armando Requeixo, "Piñeiro e a súa circunstancia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 561, "Libros"/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 597, "Páxina literaria", 29 novembro 2009, p. 5.

Indica que este libro penetra na circunstancia vital de Ramón Piñeiro caracterizada polo seu galeguismo, a guerra civil, a clandestinidade, Galaxia, a transición e a Autonomía galega. Apunta que estamos perante un interesante estudo que axuda a recoñecer a transcendencia de Piñeiro dende a discrepancia do seu legado.

Referencias varias:

- J. G., "Piñeiro tentou restaurar o elo que se quebrou en 1936", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Al día", 13 maio 2009, p. L6.

Fala da homenaxe que Mercedes Queixas fai a Ramón Piñeiro a través do seu libro *Ramón Piñeiro*. *A expresión cultural dunha estratexia política*, un manual de divulgación do pensamento e da personalidade deste galeguista. Comenta que no final do volume se atopa un apéndice composto por cartas de Daniel Rodríguez Castelao, Rodolfo Prada, Francisco Fernández del Riego e Ricardo Carvalho Calero, entre outros. Destaca a "importancia do labor" que Piñeiro desempeñou na editorial Galaxia "como director literario, onde tentou restaurar o elo que se quebrou en 1936". Explica entón como Carvalho Calero, Álvaro Cunqueiro ou Ramón Otero Pedrayo publican de novo en galego grazas a esta editorial ao tempo que emerxen outros escritores como Uxío Novoneyra, Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín, Salvador García Bodaño ou Mª Xosé Queizán. A autora explica que a obra foi unha encomenda do editor de Laiovento, Francisco Pillado, cando se soubo que a Real Academia Galega dedicaba o Día das Letras Galegas 2009 a Ramón Piñeiro.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Infantil/Xuvenil", 18 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salientan da produción literaria galega máis recente obras como *Ramón Piñeiro*. *A expresión cultural dunha estratexia política*, de Mercedes Queixas Zas.

Rodríguez Polo, Xosé Ramón, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, febreiro 2009, 224 pp. (ISBN: 978-84-9782-964-9).

Xosé Ramón Rodríguez Polo afirma na introdución que o obxectivo deste libro foi o de indagar no ensarillado período comprendido entre 1939 e 1982 "desbotándoo dese halo de confusión provocado polo rebumbio de voces dos vivos e tamén dos mortos". Con esta aseveración explícase o motivo histórico-literario deste traballo dividido en cinco capítulos que forma parte da investigación realizada para a súa tese de doutoramento. O primeiro capítulo, "Contexto histórico, 1939-1981", resérvase para levar a cabo unha aproximación cultural, social, económica e política a esta época. A seguir, no segundo capítulo, "A resistencia do partido galeguista", dáse conta do labor do Partido Galeguista en Galicia e dos grupos de América e Madrid, para rematar co apresamento de Ramón Piñeiro e coa volta de Daniel Rodríguez Castelao a Bos Aires. No terceiro, "Nova orientación do galeguismo (1950-1963): o proxecto de Galaxia", refírese ao proxecto vinculado á editorial Galaxia e á súa política cultural (Patronato de Rosalía de Castro, a Fundación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos e a Real Academia Galega), así como á promoción de escritores (Rosalía de Castro e Ramón Otero Pedrayo, entre outros) para reactivar o panorama galego con charlas e faladoiros. No capítulo cuarto, "A expansión do galeguismo (1963-1975)", trátase a cuestión do impulso renovador orientado á investigación galega. Recóllense tamén iniciativas divulgativas impulsadas por universitarios, así como o estabelecemento do Día das

Letras Galegas e a aparición de novas formacións políticas. Finalmente, no quinto capítulo, "Transición política e autonomía (1975-1982)", ocúpase de aspectos políticos, caso do relevo para a autonomía galega, cunha estratexia de unión galeguista presente en todos os partidos.

Recensións:

- Pilar Ponte, "O deber de aproveitar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 285, "Libros", 2 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 229, "Libros", 18 abril 2009, p. 6.

Dá conta da saída ao prelo da monografía *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo, "primeira contribución da editorial Xerais" co gallo da homenaxe do intelectual no Día das Letras Galegas. Describe o fío argumental do ensaio a partir da súa estrutura en torno a un primeiro capítulo introdutorio, que trata o contexto histórico, seguido de catro etapas alicerzadas na evolución do galeguismo. Salienta finalmente o seu carácter didáctico e a súa accesibilidade "para os lectores menos apaixonados polo ensaio, sen que isto lle reste rigor" e recomenda a súa lectura para unha posta ao día do que é o galeguismo e para desenvolver a identidade galega colectiva.

- Vicente Araguas, "Texto, contexto e pretexto", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 537, 14 xuño 2009, p. 20.

Informa da publicación do ensaio de Xosé Ramón Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo. (1939-1982)*, editado por Xerais. Destaca o feito de ter constituído previamente a tese doutoral do seu autor, xunto á gran contextualización do seu contido. Non obstante critica a falta de información sobre a estadía de Piñeiro no cárcere e a non reprodución de documentos políticos do intelectual.

- Manuel M. Barreiro, "Retratos de Piñeiro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proTagonista", primavera 2009, p. 23.

Centra a súa atención en tres entregas editoriais ao redor de Ramón Piñeiro: *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo; *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes; e *Diccionario Ramón Piñeiro*, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Analiza estas tres obras e apunta que o de Rodríguez Polo ofrece un plano panorámico, político e cultural, dende a posguerra até os anos oitenta, no que se recorta con desigual nitidez a figura de Piñeiro. Tamén considera que, fronte ao que cabería esperar, non foi un ano de polémica e ruda controversia ao redor da figura e legado de Piñeiro, ademais de sinalar que é moi recomendábel a lectura conxunta destas tres obras, que se compensan entre si e reforzan os seus valores e nos achegan un retrato máis pleno de Ramón Piñeiro e da Galiza á que se entregou con indiscutíbel paixón.

Referencias varias:

- M. Dopico, “A loita por unha Galiza galeguista”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 febreiro 2009, p. 36.

Refírese ao libro de Xosé Ramón Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, como unha obra de divulgación que ofrece “un marco explicativo da evolución das tácticas adoptadas polo movemento galeguista” segundo as circunstancias do momento histórico. Afirma que neste volume Rodríguez Polo analiza con “bastante detalle” o labor de Galaxia. O artigo vai acompañado dunha bibliografía do autor.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 284, “Infantil/Xuvenil”, 26 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se dedica unhas liñas a describir *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo, e outras obras.

- V. Oliveira, “O motor da identidade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 7 abril 2009, p. 27.

Comenta a obra de Xosé Ramón Rodríguez, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, onde o profesor explica “a evolución das tácticas do movemento galeguista en función do momento histórico”; a biografía de Piñeiro feita por Beatriz García Turnes e editada por Galaxia; e o artigo de Xosé Manuel Dasilva titulado “Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego”, publicado no número 179 da revista *Grial*. Tamén fai alusión á reedición por parte de Galaxia das obras *Galicia* (2002) e *Filosofía da saudade* (1984), de Ramón Piñeiro.

- Antón Baamonde, “Sobre Ramón Piñeiro”, *La Opinión*, “Opinión”, “Pezas en fuga”, 17 abril 2009, p. 33.

Recomenda a obra *Ramón Piñeiro e a estratexia do Galeguismo*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo, por constituír unha “excelente introdución” á vida e obra de Piñeiro. Fala tamén da tese doutoral de Miguel Barros sobre o galeguista.

- A D, “Vigo, refuxio do Partido Galeguista”, *Atlántico Diario*, “*Día das Letras*”, 17 maio 2009, p. 6.

Toma como referencia o estudo de Xosé Ramón Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do Galeguismo (1939-1982)*, para explicar a reconstitución do Partido Galeguista en Vigo, unha reconstrución na que afirma estivo presente Ramón Piñeiro. Cita tamén o libro de Miguel Barros, *Ramón Piñeiro*. *Nas olladas do galeguismo*.

- A D, “A obra de Ramón Piñeiro volta de novo ás librarías”, *Atlántico Diario*, “*Día das Letras*”, 17 maio 2009, p. 14.

Sinala que, con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro, a editorial Galaxia publica varias obras relacionadas co autor, caso de *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*.

- Manuel Vidal Villaverde, “O galeguismo de Ramón Piñeiro”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, n.º 458, “Musas”, 17 maio 2009, p. 42.

O profesor e investigador Xosé Ramón Rodríguez Polo fala nesta entrevista de Ramón Piñeiro. Así, explica que os seus libros *O triunfo do galeguismo* e *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo* son froito da súa tese de doutoramento. Explícase que no primeiro dos volumes presenta a "evolución do galeguismo dende a guerra civil até a designación do primeiro presidente autonómico" mostrando, polo tanto, a descrición da estratexia do galeguismo. No segundo, Rodríguez Polo analiza a "eficacia na opinión pública dos partidos políticos".

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, *'Dicionario' Ramón Piñeiro*, prólogo de Andrés Torres Queiruga, Santa Comba-A Coruña: tresCtres Editores, col. Letras dous mil, n.º 9, 2009, 173 pp. (ISBN: 978-84-936262-9-7).

Volume que ofrece un repaso pormenorizado da biografía e obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2009, Ramón Piñeiro, así como unha serie de imaxes e recursos didácticos que amplían este estudo. Ábrese cun limiar asinado por Andrés Torres Queiruga no cal destaca a concepción deste volume, ao ofrecer "unha presentación orgánica e diacrónica adaptada ao discorrer biográfico do protagonista". Explícanse tamén neste limiar algúns aspectos sobre a estrutura e organización da obra. Divídese en oito partes que se ordenan alfabeticamente. A primeira delas leva por título "Autor" e ofrécese unha biografía esencial de Piñeiro, pero que achega o contexto fundamental para entender a obra. Na segunda parte, "Creación", analízase a obra do autor dividíndoa en tres partes: libros, traducións e outros escritos. No propio limiar indícase que nesta parte da obra faise unha análise precisa e unha recolleita exhaustiva dos traballos de xeito que se estudan e expoñen por separado cada un dos temas importantes. En "Imaxes" acóllese un gran número de fotografías que representan diferentes momentos da vida do autor, dende retratos individuais recollendo diversos premios ou a derradeira imaxe del uns días antes de falecer, até outras onde aparece con outros compañeiros representativos do galeguismo da súa época, como Carlos Casares ou Francisco Fernández del Riego. Deseguido, en "Obras", ofrécese unha detallada cronobibliografía de Ramón Piñeiro e estudos sobre el dende 1932 até 2008, seguidos dunha bibliografía sobre o autor. Logo aparece o apartado "Recolleita" no cal se amosan diversos fragmentos da súa obra, unha entrevista asinada por Salvador de Lorenzana (pseudónimo de Francisco Fernández del Riego) recollido na revista *Galicia Emigrante* (n.º 11, 1955, pp. 16-17), e un poema dedicado a Piñeiro por Salvador García-Bodaño na obra *Tempo de Compostela* (en *Obra Poética*, 1993). Tras esta parte atópase un apartado de "Recursos Didácticos" que, como ben indica o título, recompila trinta e sete actividades sobre o autor e a súa obra, para poderen ser empregados como material didáctico nas aulas. A penúltima parte, "Sinopse", recolle eventos referentes á biografía de Piñeiro e doutra índole que se desenvolven de xeito simultáneo na vida do autor, en Galicia e en España e no mundo, dende 1915 até a súa morte en 1990. Por último, "Testemuños" inclúe breves comentarios dedicados ao autor homenaxeado por diferentes persoeiros de relevancia no mundo cultural galego e mesmo fóra del, como Xosé Luís Méndez Ferrín, Francisco Fernández del Riego, Camilo Nogueira ou Isaac Díaz Pardo, entre outros. Péchase a obra cun pequeno apuntamento biográfico sobre o seu autor, Xoán Pastor Rodríguez Santamaría (Santa Mª de Xuño, Porto do Son, 1973).

Recensións:

- Manuel M. Barreiro, "Retratos de Piñeiro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proTagonista", primavera 2009, p. 23.

Centra a súa atención en tres entregas editoriais ao redor de Ramón Piñeiro: *Dicionario Ramón Piñeiro*, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría; *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes; e *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo. Analiza estas tres obras e apunta que o de Pastor Rodríguez acouta "planos de detalle" cos que compón un completo retrato-mosaico do mestre socrático. Tamén considera que, fronte ao que cabería esperar, non foi un ano de polémica e ruda controversia ao redor da figura e legado de Piñeiro, ademais de sinalar que é moi recomendábel a lectura conxunta destas tres obras, que se compensan entre si e reforzan os seus valores e nos achegan un retrato máis pleno de Ramón Piñeiro e da Galicia á que se entregou con indiscutíbel paixón.

- Marisa Vidal Collazo, "Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor: *Letras dous mil...9 Ramón Piñeiro*", *Encrucillada*. *Revista galega de pensamento cristián*, n.º 164, "Libros chegados á redacción", setembro-outubro 2009, p. 118.

Lémbrase que cada ano dende o 2001, a editorial TresCtres na súa colección "Dicionario" edita un monográfico en homenaxe á persoa á que se lle dedica o Día das Letras Galegas e que neste caso se trata de Ramón Piñeiro. Dise que o autor da obra é Xoán Pastor Rodríguez Santamaría e deseguido descríbese o seu contido. Coméntase que se fai un percorrido pola biografía, creación e obra piñeirana e que se inclúen varios testemuños fotográficos e documentais. Por último, indícase que o prólogo está asinado por Andrés Torres Queiruga.

Referencias varias:

- maré, "Do sentimento á conciencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 maio 2009, p. 34.

Faise referencia á presentación en Cuba do *Dicionario Ramón Piñeiro*, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, cun limiar de Andrés Torres Queiruga. Sobre este volume dise que ofrece un estudo con todos os datos e a análise da obra de Piñeiro. Coméntase a presentación na Universidade de Barcelona da obra que reúne a correspondencia de Ramón Piñeiro e Basilio Losada e que leva por título *Do sentimento á conciencia de Galicia*. *Correspondencia (1961-1984)*. Tamén se dá conta dos actos integrados no programa de actividades organizadas para a celebración do Día das Letras Galegas na cidade condal.

- A. Losada, "Cirurxía bibliográfica de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 12-13.

Dá conta dos libros que saíron do prelo dedicados á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. Aludindo ás diferentes editoriais (Galaxia, A Nosa Terra, Toxosoutos, Xerais, tresCtres e Laiovento) destácanse, entre outras obras, as seguintes: de Xoán Pastor Rodríguez, *Dicionario Ramón Piñeiro*; de Daniel Ameixeiro, *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*; de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro. Tradutor*; de Miguel Barros, *Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*; de Henrique Monteagudo, *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*; de

Helena González e María Xesús Lamas, *Do sentimento á conciencia de Galicia*; de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*; de Xosé R. Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*; e de Carlos F. Velasco Souto, *Piñeiro e Piñeirismo em perspectiva histórica*.

- Seve Nieves, "Diccionario Ramón Piñeiro", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras Galegas*", p. 21/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 18.

Céntrase na presentación da obra *Dicionario Ramón Piñeiro*, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, na Cátedra de Cultura Galega da Facultade de Artes e Letras da Universidade da Habana. Neste volume afírmase que o autor ofrece un "completo estudo con todos os datos e a análise minuciosa da obra de Ramón Piñeiro". Ademais, indícase que a obra vai dirixida ao lector medio, con carácter divulgativo e ao alumnado de Educación Secundaria, de aí que estea composta por cadros sinópticos, recursos e actividades para traballar nas aulas, selección de textos e sección de imaxes. Engádese que o limiar chegou da man de Andrés Achicharres Queiruga.

- Víctor Castro, "Sigüeiro presentará el 'Diccionario Ramón Piñeiro", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 26 maio 2009, p. 20.

Fai referencia á presentación en Sigüeiro da obra de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, *Dicionario Ramón Piñeiro*, que é descrita moi brevemente coma un "completo" estudo que contén "todos" os datos e unha análise minuciosa da obra e do escritor. Indica que no acto estarán presentes figuras destacadas da cultura galega, así como o director da editorial 3C3, Antonio Puentes Chao.

Santamarina, Antón (ed.), *Ramón Piñeiro*: *Día das Letras Galegas 2009*, Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2009, 200 pp. (ISBN: 978-84-9887-132-6). ◆

Ensaio composto por once artigos escritos por diferentes personalidades do ámbito literario e cultural de Galicia sobre a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas do ano 2009, Ramón Piñeiro. A presentación de Antón Santamarina (San Martín de Suarna, A Fonsagrada, 1942) recalca a intención de que todos os participantes no volume tivesen algunha relación con Piñeiro para que a súa achega fose única, así como a teñen co propio Santamarina. A pesar de que lles indicou posíbeis temas, cada crítico escribiu o que quixo sobre a vida ou obra de Piñeiro, polo que se xeran cinco bloques: aspectos biográficos (tres artigos), actividade política (dous artigos), relacións epistolares (dous artigos), a sociolingüística galega (outros dous) e nove textos inéditos ou raros introducidos por Henrique Monteagudo.

- Andrés Torres Queiruga, "Ramón Piñeiro: a exemplaridade dun símbolo", pp. 11-17.

Relaciona ao intelectual galego cos grandes homes, os individuos históricos de Hegel e Scheler. Salienta despois o seu galeguismo sen falla, encarnado en Rosalía de Castro, Manuel Murguía e Daniel Rodríguez Castelao, aínda cos malentendidos. En calquera caso, elóxiao dun xeito xeral polo seu profundo amor a Galicia.

- Valentín Arias, “Da relación con Piñeiro”, pp. 19-22.

Reproduce os fitos da súa amizade con Piñeiro que se concentran nunha comida, nunha conferencia de Pousa Antelo en Vigo e nunha viaxe a Barcelona nun xantar para falar do galeguismo político.

- Basilio Losada, “Ramón Piñeiro en Cataluña”, pp. 23-28.

Percorre o proxecto piñeirán de vincular Galicia con Cataluña. As primeiras visitas remóntanse á década dos sesenta e as relacións políticas foron variadas. Concedéuselle a Creu de Sant Jordi en 1984 por eses motivos.

- Justo Beramendi, “Ramón Piñeiro e a política galega: galeguismo vs. Nacionalismo”, pp. 29-54.

Repasa o galeguismo de Piñeiro ao longo da súa historia, dende os anos trinta até o final da súa vida, é dicir, dende o seu nacionalismo galego até o seu galeguismo non nacionalista de corte cristián. Divídese o traballo en pequenos capítulos con orde cronolóxica; empeza pola súa participación nas Mocidades Galeguistas, para pasar á reconstrución na clandestinidade do Partido Galeguista até que, nos anos cincuenta, muda a ideoloxía do seu galeguismo. Afirma que en Ramón Piñeiro o galeguismo se basea na lingua, o espírito colectivo, a cultura popular e a “terra”. Rexeita o atraso económico e o desprezo social da lingua. Polo tanto, parece que entre o nacionalismo propiamente dito e a proposta de Piñeiro non se dan diferenzas, pero é precisamente no plano político, e non no ideolóxico, xa que o fundador de Galaxia era antimarxista e partidario da democracia cristiá. Afastouse do nacionalismo galeguista nos partidos históricos que se reagruparon a partir dos setenta como a UPG, ORGA ou o PG, para reafirmarse en unha vontade federalista española centrando os seus esforzos en galeguizar os partidos do ámbito español.

- Fernando Pérez-Barreiro Nolla, “Distancia gardada”, pp. 55-74.

Dos aspectos da súa biografía, salienta o político na vertente do anticomunismo e a súa especial personalidade que callou en toda a intelectualidade do país, pero poñéndolle reparos ao seu galeguismo.

- Ramón Lugrís, “Galeguizar Galicia. O proxecto político-cultural de Ramón Piñeiro a través dunha relación epistolar nos anos 50 e 60”, pp. 75-87.

Repasa as cartas recibidas durante anos de Piñeiro, a quen coñeceu no verán de 1951, cando comezaba a andaina de Galaxia, e que durou até 1966. Comenta as opinións políticas do intelectual, a súa visión da emigración, máis amábel, o europeísmo, o federalismo de corte español e fai unha apoloxía final de Piñeiro contra os que consideran excesivo dedicarlle o Día das Letras Galegas.

- Xesús Alonso Montero, “A relación epistolar (e na prisión) de Ramón Piñeiro co anarquista Juan García Durán”, pp. 89-106.

Relata a biografía deste home e a súa relación no cárcere con Piñeiro, onde este, con Cesáreo Saco, deu clases de gramática galega, un fito na historia da disciplina. Pasa, a

continuación, a introducir sete fragmentos das trinta e catro cartas de García Durán a Piñeiro, onde pasa do castelán ao galego e vese a súa conciencia galeguista agromar.

- Gabriel Rei-Doval, "Ramón Piñeiro, sociolingüista *avant la lettre*", pp. 107-125.

Refírese ás ideas que defende no seu discurso de entrada na RAG en 1967, *A lingoaxe i as língoas*, moi modernas, e precursoras da sociolingüística galega posterior. Fundamenta o seu pensamento na dimensión emocional-espiritual da lingua. Os conceptos manexados achéganse aos de Labov ou Fishman, pero con probabilidade non os leu, a pesar de ter viaxado aos Estados Unidos en 1966, senón que as súas intuicións lingüísticas coinciden cos presupostos que se estudaban na época. Por outro lado, non defende o monolingüismo absoluto e galeguiza aos partidos nacionais.

- María Xesús Lama e Helena González, "O epistolario de Piñeiro e os debates arredor da lingua (1961-1974)", pp. 127-159.

Organizan o seu estudo sobre a correspondencia entre Basilio Losada e Ramón Piñeiro entre 1961 e 1984, centrándose nas cartas dos anos sesenta e setenta. Oriéntanse as cartas cara á dignificación do galego por varias vías: a consolidación da escola filolóxica galega coa docencia na universidade e no ensino, a creación da liturxia en galega e o debate normativo.

- Henrique Monteagudo, "Textos de Ramón Piñeiro sobre a lingua galega", pp. 161-200.

O texto un refírese ao galego literario; o dous, "Letras galegas", trata sobre a dimensión espiritual da lingua; o tres debate sobre a lingua galega e a súa evolución cultural; o catro reivindica e informa das achegas na Universidade compostelá para o ensino de Lingua e Literatura Galegas; os textos cinco, seis e sete reproducen traballos de Piñeiro na revista *Colóquio / Letras*, das máis importantes en Portugal, onde dá conta dos avances públicos e sociais do galego en institucións como a Universidade, o ensino, a liturxia, o Día das Letras Galegas, o campo académico e o xurídico; o oito, o máis extenso, recolle a entrevista con Xavier Costa Clavell sobre a situación sociolingüística do galego e o debate normativo; por último, o nove, recolle a alocución de Piñeiro no Parlamento na sesión en que se aprobou a Lei de Normalización Lingüística.

Referencias varias:

- Seve Nieves, "Publicacións e recreación historica", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 17.

Comenta que a Universidade de Santiago de Compostela presentou o volume *Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas 2009* e que a fundación Fermín Penzol recreou o despacho de Ramón Piñeiro que tiña na súa casa da compostelá rúa de Xelmírez. Tamén informa que o xornal *La Región* entregará ao lector *Vida e a obra de Ramón Piñeiro*, editado por Galaxia e que na súa creación participou Beatriz García Turnes.

Vázquez Saavedra, Mercedes, *Ramón Piñeiro*. *Do Val de Láncara a Compostela*, A

Coruña: Asociación Cultural Val de Láncara, 2009, 61 pp. (DL: C 1643-2009). ◆

Con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas 2009 a Ramón Piñeiro publícase esta monografía que repasa a vida do político. En primeiro lugar, faise un breve repaso pola vida do seu proxenitor, Salvador Piñeiro, quen traballou na casa consistorial de Carracedo para, posteriormente, marchar á capital de España onde chegou a ser secretario do Club Liberal e onde coñecería á súa futura esposa e nai de Ramón Piñeiro, Vicenta López. Unha muller que, tras o estalido da Primeira Guerra Mundial emigraría a Arxentina. Así o contan no libro os seus fillos Aníbal e Consuelo. Un ano máis tarde do estalido da guerra "o último día do mes de maio de 1915" nacería no Val de Láncara o terceiro fillo dos Piñeiro: Ramón. A partir deste momento, o libro céntrase no relato da vida de Ramón dende a súa nenez até o seu pasamento no ano 1990. Cómpre sinalar o uso do xénero da entrevista, en moitos dos capítulos, aos familiares de Piñeiro co fin de recadar novas informacións. Ademais, destaca o uso de fotografías tanto do protagonista do 17 de maio como dos seus achegados.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "O Piñeiro máis persoal e familiar' nunha crónica de Mercedes Vázquez", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 15 maio 2009, p. 70.

Refírese á presentación de *Piñeiro*. *Do Val de Láncara a Compostela*, obra de Mercedes Vázquez Saavedra na que percorre a vida de Ramón Piñeiro dende o seu nacemento até o seu pasamento. Indica que, para conseguilo, Vázquez Saavedra utilizou como fontes conversas cos amigos e familiares, así como fotografías do propio protagonista e dos lugares polos que transcorreu a súa vida. Sinala que a autora destaca a importancia "dos anos da infancia" por ser estes "os que marcan a vida". Tamén explica que o volume foi editado pola Asociación Cultural Val de Láncara en colaboración coa Consellería de Cultura.

- X. R. Penoucos, "Un libro recorda vivencias do autor de Láncara", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 maio 2009, p. 49.

Informa da presentación do libro *Ramón Piñeiro do Val de Láncara a Compostela*, da escritora Mercedes Vázquez. Afirma que nel se recollen testemuños de familiares e achegados a Piñeiro, centrándose na forma de ser e no lado humano do protagonista.

- A. C. V., "Láncara reparte mañana un libro sobre Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", 16 maio 2009, p. 14.

Faise eco do acto de presentación do libro *Ramón Piñeiro. Do Val de Láncara a Compostela*, de Mercedes Vázquez Saavedra, e que recolle testemuños dos familiares do intelectual. Sinala tamén que o evento se enmarca dentro dos actos do Día das Letras Galegas, onde se realizaron charlas sobre o escritor e lecturas de dito libro.

- X. R. Penoucos, "Galicia honra a Ramón Piñeiro en Láncara no Día das Letras Galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 maio 2009, p. 51.

Dáse conta dos actos centrais do Día das Letras Galegas que en homenaxe a Ramón Piñeiro han celebrarse en Láncara. Precísase que os actos comezarán cunha sesión

extraordinaria da Real Academia Galega, seguida dun xantar de confraternidade e dunha ofrenda floral. Coméntase que na capital lucense os museos agasallarán libros en galego aos visitantes e que tivo lugar a presentación do libro *Ramón Piñeiro*. *Do Val de Láncara a Compostela*, de Mercedes Vázquez, e a apertura dunha exposición en Lugo organizada pola editorial Galaxia. Sobre a obra de Vázquez dise que repasa a vida de Piñeiro a través dos comentarios dos propios familiares como fío condutor.

Velasco Souto, Carlos F., *Piñeiro e o piñeirismo em perspectiva histórica*, Ames: Edicións Laiovento, col. Foradeserie, 2009, 109 pp. (ISBN: 978-84-8487-155-X).

Carlos F. Velasco Souto (Tomeza-Pontevedra, 1958) achégase neste traballo ao perfil intelectual de Ramón Piñeiro subliñando a súa apreciábel achega á cultura e mais á definición da identidade galega pero falando tamén dun xeito crítico e con perspectiva histórica do conxunto da súa vida e obra. Para isto xebra o seu estudo en cinco etapas: "Os anos de mocidade. Militância galegusita, guerra civil e clandestinidade (1931-1949)", "Novo rumo e potítica 'culturalista'. Galaxia e a Geraçon da Noite (1950-60)", "Nacionalismo face a galeguismo (1960-1975)", "Transiçom democrática, autonomía galega e restauraçom monárquica. Fulgor e morte de 'Realidade Galega' (1975-1985)" e finalmente "Os últimos anos (1985-1990). Piñeiro na perspectiva alheia". En conxunto fai un percorrido pola historia de Ramón Piñeiro até Galaxia e a seguir analiza os froitos do seu labor adoutrinador entre a mocidade universitaria que serán os alicerces do galeguismo de posguerra. Tamén se detén na súa faceta como personaxe politicamente correcto deixando de lado a cultura da resistencia e a emancipación. No apéndice aparecen a definición que deu Piñeiro ao concepto de "galeguismo" en 1974 na obra *Olladas no futuro* e mais a reprodución do discurso de Ramón Piñeiro no Parlamento de Galiza co gallo da aprobación da Lei de Normalización Lingüística de 1983. Finalmente, péchase o volume coa bibliografía.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Olladas no presente sobre Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 21 novembro 2009, p. 2.

Subliña que nos sete capítulos deste libro a súa autora repasa a vida de Ramón Piñeiro dende a súa formación até a súa morte e que este estudo "resistirá futuras lecturas". Tamén resalta que a figura de Piñeiro presenta claroscuros e deste volume saliéntase o seu amplo "Apéndice documental".

Referencias varias:

- A. Losada, "Cirurxía bibliográfica de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 12-13.

Dá conta dos libros que saíron do prelo dedicados á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. Aludindo ás diferentes editoriais (Galaxia, A Nosa Terra, Toxosoutos, Xerais, tresCtres e Laiovento) destácanse, entre outras obras, as seguintes: de Carlos F. Velasco Souto, *Piñeiro e Piñeirismo em*

perspectiva histórica; de Xoán Pastor Rodríguez, *Dicionario Ramón Piñeiro*; de Daniel Ameixeiro, *Ramón Piñeiro. Os días ocultos*; de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro. Tradutor*; de Miguel Barros, *Piñeiro. Nas olladas do galeguismo*; de Henrique Monteagudo, *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*; de Helena González e María Xesús Lamas, *Do sentimento á conciencia de Galicia*; de Xesús Alonso Montero, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*; e de Xosé R. Rodríguez Polo, *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 299, "Infantil/Xuvenil", 10 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describe brevemente unha selección de novidades literarias, caso de *Piñeiro e o piñeirismo em perspectiva histórica*, de Carlos F. Velasco Souto.

VV. AA., *O europeísmo en Ramón Piñeiro*, Pontevedra: IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional), col. Texturas Internacionais, n.º 6, 2009, 99 pp. (ISBN: 978-84-613-6926-3). ◆

Volume colectivo que contén unha serie reflexións centradas na importancia e transcendencia da visión europeísta que dominou a vida de Ramón Piñeiro, posta en relación cos avatares políticos e económicos da Europa do século XX. Os autores participantes son Xosé Luís Franco Grande, Ramón Lugrís, Fernando Pérez-Barreiro Nolla e Camilo Nogueira. Ademais das propostas destes autores, todas de marcado carácter político, é de interese para a literatura galega o que segue:

- Xerardo Fernández Albor e Marcelino Agís Villaverde, "O significado europeo do pensamento de Ramón Piñeiro", pp. 73-99.

Artigo no que os dous autores repasan, a través da súa propia convivencia e coñecemento de Ramón Piñeiro, a evolución do pensamento europeísta do autor, circunscrito á propia evolución dentro da cultura galega. Estruturado arredor de tres eixes principais, o artigo céntrase na Xeración Nós, na Xeración Galaxia e remata con Ramón Piñeiro. Comézase lembrando a concepción europeísta da cultura galega que manifestaron os membros da Xeración Nós, dos que se reproducen diferentes parágrafos nos que se refiren a un feito que ten a súa orixe nos inicios da historia, dende o imperio romano, pasando pola vertebración que significou o Camiño de Santiago ou o esplendor de movementos como o barroco. Considérase que a cultura converteu Galicia en parte integrante de Europa, aínda que sufriu o silenciamento da súa propia lingua, recuperada co Rexurdimento, que para Ramón Otero Pedrayo foi o resultado de volver formar parte de Europa, un labor fundamental que tivo a súa orixe en figuras como Manuel Murguía e Rosalía de Castro, e se consolidou coa Xeración Nós. Saliéntase dos integrantes deste grupo o diálogo cos contemporáneos máis representativos da cultura europea, como Max Scheler, Spengler ou Gentile, así como a influencia do idealismo romántico. Sinalan que esta posición se plasma tanto en *Sempre en Galiza* (1944), de Daniel Rodríguez Castelao, coma en *Arredor de si* (1930) e *Morte e resurreición* (1932), de Ramón Otero Pedrayo, das que se reproduce un parágrafo. A Xeración Galaxia sitúaa nun momento no que Europa estaba saíndo dunha paréntese provocada polos conflitos bélicos e os totalitarismos, como mostran diferentes tratados, como o de París de 1951

ou o de Roma de 1957. Refírense ás inquietudes dos intelectuais galegos pola reincorporación a Europa, especialmente na nova xeración, encargada de recuperar o labor galeguista/europeísta da Xeración Nós. Nomes como Xaime Isla Couto, Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell ou Celestino Fernández de la Vega convértense nos artífices da creación da editorial Galaxia e de iniciativas como a revista *Grial* ou a Fundación Penzol. Como figura emblemática, céntranse na preocupación de Piñeiro por darlle significado europeo á cultura galega, nunha triple dimensión: a política, a cultural e a filosófica, buscando poñer a cultura galega en pé de igualdade coas demais culturas europeas, o que consideran que o converte nun pensador de plena actualidade.

VV. AA., *Ramón Piñeiro. O amigo que lembramos*, A Coruña: La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, col. Letras Galegas, 107 pp. (ISBN: 978-84-9757-243-9).

Edición conmemorativa do Día das Letras Galegas 2009 en homenaxe a Ramón Piñeiro mediante os recordos que varios dos seus compañeiros teñen del. Así o libro recolle os testemuños de personaxes como Xesús Alonso Montero ou Justo García Beramendi, sendo até sete os autores que lembran as experiencias vividas con esta figura que tanto lles influíu. Estruturado en textos independentes, reflíctese sobre todo a imaxe política de Ramón Piñeiro, dende a clandestinidade até a etapa democrática. Tamén se achega a súa achega cultural coa creación da editorial Galaxia e da revista *Grial*. Trátase, polo tanto, dunha exposición do percorrido vital deste autor que saca á luz o seu pensamento político e cultural. Contén os seguintes artigos:

- Xesús Alonso Montero, "Ramón Piñeiro: de político clandestino a subversivo legal", pp. 7-16.

Recóllense as memorias de Ramón Piñeiro e sinálase que para ollalas cómpre acudir ao libro *Da miña acordanza* (2002), onde se recollen horas e horas de conversa con Carlos Casares. Retrata como Piñeiro tivo que ir, á forza, á fronte coas tropas franquistas ao igual que os seus compañeiros Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla e Marino Dónega. Coméntase que a partir de febreiro de 1943, co esmorecemento hitleriano, comeza a reorganizarse o Partido Galeguista, feito que sucede no verán dese mesmo ano. Afírmase que foron anos de clandestinidade até que, en 1946 á volta de París, onde se entrevistara co goberno republicano no exilio, é detido, permanecendo en prisión tres anos. É á súa saída do cárcere cando comeza a cavilar sobre os riscos da loita clandestina, os cales non se podían asumir. Así pois, Piñeiro decidiu levar a súa loita fóra da clandestinidade, até as reunións privadas na súa casa, e creando a editorial Galaxia e a revista *Grial*.

- Miguel Barros, "A preocupación teórica de Ramón Piñeiro: nacionalismo e estado", pp. 17-25.

Reflexiona sobre a vontade histórica das nacións en chegar a converterse en Estado. Sinala que para Ramón Piñeiro, que participara na demanda polo referendo do estatuto, a solución para os estados plurinacionais pasaba pola aceptación de demanda das minorías nacionais dentro dun Estado federal. A seguir, comenta que xa na década dos cincuenta, perdida a esperanza de restauración da República, Piñeiro ve superada a etapa nacionalista, e así, o novo galeguismo debería, harmonizar nun estado

democrático a unidade do común e mais a unidade do diverso, pactado sempre polos pobos que o constitúen.

- Alfredo Conde, "Un soñador pragmático", pp. 27-41.

Pártese da convicción de Ramón Piñeiro de que só se acada aquilo que se soña, aínda que sexa un soño mínimo como o da convivencia entre os galegos. A partir de aí, retrátase o Piñeiro máis persoal, o que, de costas á galería, na súa mesa camilla emitía os seus discursos, algúns desconcertantes para os seus oíntes, os cales, os menos, desertarían dos seus maxisterios ao ser dunha actitude máis aferrollada nas súas crenzas. Amósase tamén a realidade da súa excarceración e o seu modo de vida, que o condenou a un cárcere social polas declaracións asañadas dalgunha xente. No final remátase cunha visión panorámica dos derradeiros anos de Piñeiro e a importancia que para Galicia tivo e segue a ter.

- Xerardo Fernández Albor, "Ramón Piñeiro, político", pp. 43-54.

O texto preséntase dividido en sete partes, nas que se inclúen unha introdución e unha conclusión. Na introdución, Xerardo Fernández Albor retrata como coñeceu a Ramón Piñeiro, na casa de Domingo García-Sabell, e a boa impresión que lle causou a súa figura e as ideas que transmitía. A seguir esboza brevemente o apartado "A estratexia de Galaxia", onde recolle a dignificación que supuxo para a lingua galega a creación de dita editorial e os proxectos que dende ela se crearon. Un deses proxectos é recollido no seguinte apartado, "A Fundación Penzol" que destaca a revitalización das institucións galegas. No apartado "A transición galega" sublíñase a importancia da mobilización a prol dun estatuto galego, así como alcanzar unha Galicia galeguista no canto dun partido galeguista que para Piñeiro tiñan. Xa cara ao final lémbrase en "Realidade galega" como foi a creación do grupo de presión do mesmo nome, á cabeza do cal ía Ramón Piñeiro e en "As primeiras eleccións ao Parlamento de Galicia" a responsabilidade que o autor tivo nel. Para concluír agarda que a homenaxe deste ano sirva para que a figura de Ramón Piñeiro nunca deixe de apreciarse.

- X. L. Franco Grande, "Ramón Piñeiro e a política", pp. 55-58.

Repásase neste texto o importante papel que Ramón Piñeiro tivo como concenciador da sociedade galega, un papel similar ao que Manuel Murguía tivera durante o Rexurdimento. Recolle feitos como a creación da editorial Galaxia, a Fundación Penzol ou inspirar a *Revista Galega de Economía*. Sinala tamén o intento de que Galicia contase cos seus propios partidos, de dereita e de esquerdas, deixando á marxe o Partido Galeguista, o cal foi un fracaso.

- Víctor F. Freixanes, "O proxecto Galaxia", pp. 59-85.

O primeiro dos seis apartados nos que se divide o texto de Víctor Freixanes consta dun perfecto retrato da xuntanza que reuniu aos que serían fundadores da editorial Galaxia, un retrato, no que faltaba Ramón Piñeiro, que viña de ser operado de cataratas. No segundo apartado reconstrúese a importancia da loita exterior entre 1943 e 1950 e do rexurdir da loita interior a partir dese ano cincuenta. Sinala que era tempo, porén, doutro tipo de loita política, a loita cultural. No terceiro apartado recóllese o labor de Francisco Fernández del Riego e Xaime Isla Couto como ideólogos da creación da editorial

Galaxia, da que di saíron libros verdadeiramente galegos ao contrario da situación actual. Explica que o nomeamento de Ramón Piñeiro como director editorial marcaría o comezo dunha estratexia de sacar o galego do puramente poético e achegalo á ciencia ou á filosofía. Mais como recolle o seguinte punto, este proxecto coa revista *Grial* non sairía adiante. Apunta que con todo non era este o único proxecto editorial de Galicia, pois a colección "Benito Soto" ou a Editorial Monterrey tamén comezan a andar por esas datas. No quinto apartado recóllese polo miúdo o labor de Ramón Piñeiro, como ponte coas xeracións de preguerra e o exilio, prestixiando a cultura galega e activando as novas xeracións a través da editora e de *Grial*. Xa a modo conclusivo ofrécense as claves de cada un dos que fixeron de Galaxia un feito esencial na historia galega: Francisco Fernández del Riego, Xaime Isla Couto e Ramón Piñeiro.

- Justo G. Beramendi, "O legado político de Ramón Piñeiro", pp. 87-107.

Elabórase neste texto un repaso histórico pola pegada política de Ramón Piñeiro. Unha pegada que, segundo Justo García Beramendi, fixo abrollar un galeguismo non nacionalista case omnipresente en Galicia. Así, preséntase un mozo de ideas nacionalistas mais que ao ser apresado tivo que participar na guerra co exército rebelde para evitar ser paseado. Aclara que isto non debilitaría a súa fe ideolóxica, pois unha vez rematada a contenda tentaría reconstruír o partido galeguista na clandestinidade, feito que o levaría ao cárcere. Así mismo, afírmase que este feito faría que, á súa saída adquirise un compromiso cultural como modo de loita política, un feito non entendido polo nacionalismo galego na emigración. Resúmense as claves principais do pensamento piñeirista a respecto de Galicia e os seus valores, algo que non sempre foi ben entendido. Xa na democracia, apúntase que Piñeiro actuaría do lado dos rivais políticos do nacionalismo galego co PSdG- PSOE, ao fallar a tentativa de crear partidos galegos non nacionalistas. Por último, sinálase que sería en 1980, coa creación de Realidade Galega, cando adquiriría especial relevancia ao levar as tendencias galeguistas até as institucións.

Recensións:

- T. C., "A palabra serena das firmes decisións", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.138, "Letras Galegas 2009", 16 maio 2009, pp. 8-9.

Dá conta da saída ao prelo da monografía *Ramón Piñeiro. O amigo que lembramos*, editada polo xornal *La Voz de Galicia* con motivo da homenaxe do intelectual no Día das Letras Galegas. Describe o seu fío argumental e salienta as colaboracións de Xesús Alonso Montero, Miguel Barros, Alfredo Conde, Xerardo Fernández Albor, Xosé Luís Franco Grande, Víctor Freixanes e Justo Beramendi, que fixeron posíbel a edición do volume. De Alfredo Conde sinala os seus comentarios sobre o pragmatismo do intelectual e sobre a reinvención que levou a cabo da cultura galega; de Francisco Fernández del Riego indica a súa opinión sobre a seguridade crítica de Piñeiro; de Franco Grande destaca a súa idea sobre o labor político do intelectual e de Víctor Freixanes salienta o seu comentario sobre a fundación da editorial Galaxia. Nun epígrafe intitulado "Político de indiscutible importancia no século XX", desenvolve as opinións de Justo Beramendi, Miguel Barros e Xerardo Fernández Albor sobre a figura do intelectual ao respecto da antedita publicación.

IV.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Agrais, Duarte, "Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, tomo XLVII, "O rego da cultura", abril, maio, xuño 2009, pp. 8-9.

Co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro, ofrécense algúns datos sobre a atención da que foi obxecto este intelectual. Dise que sobre as publicacións que viron (e "virán") a lume, é salientábel a colleita "especialmente pródiga" en epistolarios, aínda que tamén hai publicacións ao redor doutras facetas vitais e profesionais. Ademais, destácanse dúas homenaxes: a reconstrución do seu gabinete particular, realizado en locais da Fundación Penzol, e a exposición itinerante promovida pola editorial Galaxia, entre outras institucións.

Alcalá, Xavier, "De Monforte e Chantada a Bruxelas", *Trasluz. Lukus*, n.º 4, "Viajes", outono 2009, pp. 50-52.

Durante unha estadía en Bruxelas co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 2009, dedicado a Ramón Piñeiro, lembra unha carta recuperada por el do autor homenaxeado no que Piñeiro fala dun texto de Xavier Alcalá de "narracións entrelazadas". Dise que leva por título *Voltar, seis personaxes e un fado* (1988) e que nel escribe sobre a "emigración intelectual" a Madrid nos anos sesenta do século XX. Indícase que os personaxes dese texto están tomados de anacos da realidade de persoas amigas que, canda el, desenvolvían actividades diversas na cidade, pero centradas na cultura e lingua galega. Noméanse persoas como Andrés do Barro e os lugares comúns que os unen como son Chantada e Monforte, lugares de orixe, e Bruxelas ou Madrid, como destino.

Alcalá, Xavier, "Cartas dun sabio a un vaidoso", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "Documentos", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 89-92.

Comenta tres cartas que lle enviou Ramón Piñeiro e que marcan o inicio dunha relación que se había converter en amizade duradeira e que se reproducen ao final do artigo. En relación coa primeira carta (Compostela, 16-II-71), sinala que a súa relación con Piñeiro comezou nun estudo de Radio España, a través de María Victoria Armesto, así como fala de *Farrapos da alma*, "un estupor de poemario" que el desexaba publicar e que o director de Galaxia non consideraba oportuno, pois estimaba que "xa andaba en andainas que el intuía máis acaídas". Con respecto á segunda das cartas (Compostela, 4-III-71), explica as conexións que ten con *A nosa cinza* (1980), de Xavier Alcalá, e refírese ao impacto que lle produciu "o pequeno ensaio de pensador" que na carta se recolle, ademais de sinalar que Piñeiro usou os seus poemas para demostrar "o poder dunha cultura viva, capaz de convencer un manchego de avoengo andaluz coma min…". Por último, sobre a terceira carta (Compostela, 26-XI-71), apunta que revela a intensificación da súa relación e que o convenceu para que se dedicase á prosa, alén de aludir á *Voltar* (1988), que estima se debe a Ben-Cho-Shey e a Piñeiro. Por último,

diríxelle ao courelao unhas palabras de agradecemento, xa que lle debe moita amizade, paciencia e o feito de presentarlle homes da súa altura intelectual.

Alonso Gírgado, Luís, "Olladas en Ramón Piñeiro", *Atenea*, n.º 34, "Artigo", abril, maio, xuño 2009, pp. 31-32.

Fala da figura de Ramón Piñeiro, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas 2009, tanto dende a súa actividade política como da súa dimensión de escritor. Desta última destaca, ademais da creación da editorial Galaxia, a tendencia de Piñeiro aos xéneros breves (artigos de prensa, carta, prólogo, ensaio curto), no que se inclúen os seus títulos "mellor coñecidos": *Filosofía da saudade* (1984) e *Olladas no futuro* (1974). Finalmente, fai referencia á colaboración do político no Cuaderno n.º 2 (1983) do Ateneo Ferrolán co seu escrito "Para colabourar nunha idea atinada", así como a relación de Piñeiro con este pobo e cos seus cidadáns.

Alonso Montero, Xesús, "Cartas de Luciana Stegagno Picchio (1920-2008) a Ramón Piñeiro (1915-1990) e outros textos", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Varia", vol. 12, 2009, pp. 137-143.

Dá conta das epístolas enviadas entre Ramón Piñeiro e Luciana Stegagno Picchio dende 1974 até 1984. Comeza cun apuntamento biográfico sobre a filóloga italiana e segue cun apartado intitulado "Comeza o diálogo entre Luciana Stegagno e Ramón Piñeiro" no que salienta a erudición da filóloga gramsciana e comenta dúas das cartas. No terceiro apartado, "Segundo encontro", comenta a carta que lle enviou en 1975, seguida do encontro dos dous estudosos na capital galega e a carta de 1977. En "Encontro en Trier: 13, 14 e 15 de novembro de 1980", comenta a súa reunión na localidade de Trier en 1980 por mor do "Coloquio Científico Internacional sobre Tradición, Actualidade e Futuro do Galego" alí celebrado. Reproduce asemade o programa do coloquio tal e como apareceu na reflexión de Alonso Montero, "Filólogos galegos en Tréveris (Trier)". A seguir, en "Despois de Trier", analiza a carta de 1980 que a filóloga lle enviara a Piñeiro así como a que lle enviara a Montero e reproduce un poema que Stegagno lle dedicara. Nun derradeiro apartado, "Os últimos anos", comenta a carta de 1984 e a súa última visita a Galicia, pouco antes do seu pasamento.

Agrais, Duarte, "Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVIII, "O rego da cultura", abril, maio, xuño 2009, pp. 8-9.

Faise un repaso polas diferentes homenaxes celebradas a Ramón Piñeiro a quen considera "unha das figuras máis influentes e suxestivas de Galicia do século XX". Saliéntase as diferentes publicacións editadas e dúas homenaxes especiais: a recreación do seu gabinete particular na Fundación Penzol e a exposición itinerante, inaugurada en Lugo, que amosa unha visión sintética e contextualizada da súa traxectoria biográfica e das súas achegas intelectuais, con achega de documentación gráfica.

Atenea, "Ramón Piñeiro", *Atenea*, n.º 34, "Xentes", abril, maio, xuño 2009, pp. 12-13.

Con motivo da decisión por parte da Real Academia Galega en dedicarlle o Día das Letras Galegas 2009 a Ramón Piñeiro, faise un repaso pola vida deste escritor, filósofo, ensaísta e político galego, dende o seu nacemento até a súa morte. Así alúdese tanto aos seus estudos como á súa traxectoria política, ademais de abordarse a súa produción literaria da que se citan obras como *Significado metafísico da saudade, notas para unha filosofía galaico-portuguesa*, entre outras.

Axeitos, X. L., "Dous discursos para un país: as conflitivas relacións entre Ramón Piñeiro e o Consello de Galiza", *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Críticon*.º 78, , tomo II, ano XX, "Cuestións", abril-maio-xuño 2009, pp. 181-207.

Analízase a través de diferentes documentos escritos entre 1957 e 1958 as tensións entre o galeguismo interior, representado fundamentalmente por Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia, e o galeguismo exterior, representado por Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Suárez Picallo. Un diálogo epistolar que pon de manifesto a fenda que se abriu entre ambos grupos pola diferente concepción que tiñan de Galicia e a súa cultura, deténdose na descrición dos integrantes dos grupos emisores dos textos, referíndose aos contextos nos que se producen eses discursos grupais e tamén a través dunha análise dos propios textos, o que lle permite mencionar outros moitos e detalles que contribúen a clarexar as circunstancias dun momento sobre o que é preciso botar luz. Refírese á fundación do Consello de Galicia en 1944 e fundamenta a polémica na dicotomía entre os conceptos de nacionalismo étnico-cultural e o nacionalismo cívico-político. O primeiro correspóndese á concepción de Piñeiro, ao entender que é a expresión rotunda da concepción culturalista, a defensa da nación como expresión rotunda da individualidade e da forza creadora da natureza, metaforizada a través da "mesa camilla" e do carácter íntimo, interior e lonxe de multitudes da vida de Piñeiro, reforzada incluso dende a iconografía. O segundo descríbese como un movemento de masas, representado por Castelao, sempre rodeado de público e con vocación popular, unha estratexia escenográfica e teatral coa que se presentan as opcións ideolóxicas. As consecuencias son dous modos de operar: valor das elites, fronte ao valor do comunitario, estratexias reflectidas no aparato editorial, pois mentres Piñeiro buscou un lector universitario e humanista dende Galaxia, Xosé Mª Álvarez Blázquez edita libros que van á busca do lector popular na colección "O Moucho". A través de múltiples fragmentos exemplifica esta dupla concepción, que agroma de modo reiterado e se plasma nas máis diversas cuestións. Péchase o estudo coa reprodución dos textos analizados e a súa reprodución facsimilar.

Baamonde, Antón, "A impronta cultural e intelectual", *Tempos Novos*, n.º 144, "Dossier TN. Ramón Piñeiro: un activo cívico", maio 2009, pp. 46-48.

Nun primeiro momento, fai un repaso pola vida de Ramón Piñeiro dende o seu nacemento até a súa reformulación do galeguismo e o comezo do denominado "culturalismo", analizando tamén a súa relación coa República, coa guerra civil e a Ditadura. Refírese á creación da editorial Galaxia e fala do programa inicial desta editorial. Tamén reflexiona sobre o liberalismo galeguista ao que era afín Piñeiro.

Barrera, Ramón, "Apuntes para el inicio del verano", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 219, "Cuadernillo de petaca", agosto 2009, pp. 74-75.

Indícase que a Real academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas 2010 a Uxío Novoneyra, feito considerado como moi xusto e merecido. Tamén se fai referencia a que esta escolla deixa fóra a Ricardo Carvalho Calero, apuntando que pode deberse a motivos políticos.

Barros, Miguel, "A transversalidade do galeguismo", *Tempos Novos*, n.º 144, "Dossier TN. Ramón Piñeiro: un activo cívico", maio 2009, pp. 43-45.

Reflexiona sobre o galeguismo entendido por Ramón Piñeiro como un "humanismo". Explica que Piñeiro asumiu ambos conceptos como "trabes necesariamente transversais ás diferentes ideoloxías políticas", de tal xeito que o programa do PG recollía unha "apelación á universalidade", forma de expresar o "tributo político a idea de omnicomprensiva do propio e do alleo no que teñen de común". Fai referencia tamén á conciencia que o protagonista do Día das Letras Galegas 2009 tiña en relación ao "desenvolvemento da razón de cara á universalización de valores", un desenvolvemento que "non garante de por si un progresivo achegamento da humanidade a un mundo feliz". Cita a obra *A linguaxe e as linguas* (1967) da cal reproduce a cita: "A nosa responsabilidade española é Galicia".

Barros Puente, Miguel, "Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "Olladas sobre Ramón Piñeiro", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 14-25.

Repásase o pensamento político de Ramón Piñeiro propoñéndose unha revisión do nacionalismo, pois se considera necesaria a recuperación da memoria, "exercicio previo para o dominio do tempo". Ademais, indícase que, dado que daquela o rural representaba dous terzos da poboación total, non podía sorprender que o labrego fose considerado por Piñeiro como o "arquetipo humano" de Galicia. Sinálase tamén a tarefa acometida por Piñeiro de restaurar a conciencia nacional e coméntase o seu compromiso coa cultura.

Beramendi, Justo, "A interiorización da derrota. Ramón Piñeiro e o nacionalismo galego", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "Olladas sobre Ramón Piñeiro", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 52-59.

Pretende mostrar a evolución política de Ramón Piñeiro dividindo a súa vida en catro etapas. A primeira correspondería coa súa militancia nas Mocidades Galeguistas. Etapa na que demostrou ser un militante de "bo tempero no duro trance de xullo de 1936" cando decidiu limpar a sede de Lugo de documentos que puidesen facilitar a represión dos seus compañeiros e librándose de ser detido xunto co gobernador civil republicano. Con este acontecemento péchase a primeira das etapas e ábrese unha paréntese, a da guerra, que se pechará co inicio da segunda: a do nacionalismo activo na clandestinidade. Pola súa banda, a terceira das etapas é definida por Justo Beramendi como "a da gran viraxe teórica e práctica"; mentres que a cuarta, e última, recolle a un

Piñeiro que, na transición e na democracia, actúa politicamente ao lado dos rivais políticos do nacionalismo galego.

Beramendi, Justo, "Ramón Piñeiro: un balance difícil", *Tempos Novos*, n.º 144, "Dossier TN. Ramón Piñeiro: un activo cívico", maio 2009, pp. 38-42.

Explica que pretende facer un balance da "faciana política" de Ramón Piñeiro, aínda que asegura qué é "abondo complexo", mais asegura que houbo moi poucas persoas no século XX máis importantes que el para a supervivencia do idioma e da cultura galega. A través de datos bibliográficos, procede a reflexionar sobre os froitos acadados por Piñeiro en diferentes eidos para, a continuación, asegurar que, no lado político, "as cousas no están tan claras". De feito, chégase a preguntar: "¿Qué lle debe a política galega actual a Ramón Piñeiro", ao que contesta que lle debe a omnipresencia do galeguismo non nacionalista nas diferentes versións e gradacións, "un galeguismo do que el foi o teórico e impulsor principal".

Conde, Perfecto, "Se estou en política é porque mo pediu Ramón Piñeiro e non me puiden negar/Si estoy en política es porque me lo pidió Ramón Piñeiro y no me pude negar", *Galegos*, n.º 6, "Entrevista", II trimestre 2009, pp. 6-21.

Conversa na que Xerardo Fernández Albor comeza dicindo que se está en política é grazas a Ramón Piñeiro. Tamén se lembra dos tempos que viviu con Domingo García Sabell e con Piñeiro e con respecto a este último considera que era a meirande cabeza política da Galicia daquela altura. Asemade fala doutra xente do galeguismo como Ramón Otero Pedrayo, Xaime Isla Couto ou Francisco Fernández del Riego. Despois de repasar outros aspectos referidos á política galega recorda a idea de Piñeiro, coa que Fernández Albor concorda, segundo a que era galego por nación, español por historia e europeo por cultura.

Eco, "Un tesouro común", *Eco*. *Revista do eixo atlántico*, n.º 217, "Sociedade", xuño 2009, pp. 54-55.

Fala do acto de conmemoración do Día das Letras Galegas organizado pola Real Academia Galega e celebrado en Láncara, vila natal do protagonista das Letras Galegas 2009, Ramón Piñeiro. Ademais de recoller valoracións deste intelectual por parte de personalidades institucionais, apúntase que na celebración tamén estivo presente o historiador e académico Ramón Villares quen cualificou a figura de Piñeiro como a dun "campesiño ilustrado que definiu unha nova idea de Galicia". Pola súa banda, o director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes asegurou que foi Piñeiro quen definiu os catro obxectivos básicos da editorial entre os que se atopa a "reconstrución da tradición cultural do galeguismo".

Estévez, Xosé, "Ramón Piñeiro e o nacionalismo vasco. 1945-1946", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVIII, "Temas do noso tempo", abril, maio, xuño 2009, pp. 64-81.

Comeza contextualizando este traballo na década dos anos corenta e cincuenta, dos que analiza a fundación do Consello de Galicia, a finais de 1944, como institución política da Galicia do exilio e o apoio dos vascos e cataláns, para asinar o pacto Galeuzka, artellando así un bloque bipartito co que obter unha república confederal, en caso de que fracasara o réxime franquista. Neste senso, apunta as relacións que Ramón Piñeiro, como representante do galeguismo interior, tivo con esta institución e as súas actividades. Sobre o vínculo do escritor co nacionalismo vasco, centra a atención na participación da creación da ANFD (Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas) en 1946, así como na viaxe a Francia para lograr que Daniel Rodríguez Castelao fora nomeado ministro do Goberno republicano no exilio. Incorpóranse citas ao longo do artigo para ilustrar as fases históricas das que trata, que remiten tamén ao apartado final que contén a bibliografía.

Fernández, Carlos, "Na tradición galeguista", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "Olladas sobre Ramón Piñeiro", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 26-33.

Descríbense o significado dos conceptos de "espíritu" e "cultura" para a historia do galeguismo dende Ramón Otero Pedrayo até Ramón Piñeiro. Así coméntase que para Vicente Risco o espíritu era "a forza que percorre e anima a totalidade da nación" e dálle unha inflexión culturalista. Mentres para Piñeiro "o home é un ser libre a creador de cultura". Con respecto ao concepto de "cultura", diferénciase a cultura tradicional da alta cultura, herdeira da cultura medieval que esixe aprendizaxe específica. Coméntase que son dous modelos diferentes que acentúan respectivamente o momento de "conservación" e o "momento de creación individual". Tamén apunta que a Xeración Nós definía a cultura como alta cultura aínda que tiña conexións co mundo rural e a cultura tradicional, así Otero ou Risco propoñían un modelo social baseado na tradición e ademais reivindicaban a revitalización da cultura tradicional a través dos mecanismos de transmisión da alta cultura. Non obstante, comenta que Piñeiro non era tradicionalista, pois consideraba a cultura como "viva e real plasmación obxectiva da propia natureza do home", realizando unha analoxía antropomórfica en cinco fases que se describen. Por último saliéntase que Piñeiro foi defensor do pluralismo ideolóxico e que o seu individualismo era modulado por un "nós" comunitario que pervive grazas ao espírito. Polo tanto, Piñeiro tiña como principio motriz da súa obra cultural e política a demostración da singularidade de Galicia, definida pola súa lingua, o concepto de individuo e de cultura e a filosofía da saudade, dentro da pertenza cultural á Europa democrática.

Franco Grande, X.L., "Arredor da mesa braseiro", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVIII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, pp. 116-119.

Lémbrase a figura de Ramón Piñeiro e conta que en 1954 tivo lugar o seu primeiro contacto co intelectual por mediación de Ramón Lugrís. Ademais, sinala que daquela non lle pareceu especial "o seu entusiasmo por Heidegger". Céntrase en comentar a tarefa de Piñeiro de incorporar xente nova ao galeguismo naqueles anos e de como foi debuxando Galicia na súa mente. Apunta moitos dos escritores cos que coincidiu na mesa braseiro do intelectual e sinala que os mantivo "a todos enmallados nesa rara rede" que foi tecendo e no que se considera o grande "animador da Galicia dos anos escuros".

Freixanes, Víctor F., "Sentir Galicia", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "Carta do editor", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 4-7.

Editorial de presentación deste número de *Grial* dedicado a un dos seus fundadores, Ramón Piñeiro, ao que presenta como unha personalidade de grande influencia na vida cultural e política galega das últimas décadas, e ao que compara con Daniel Rodríguez Castelao, xa que ambos encarnan "simbolicamente a construción e o discurso do proxecto cultural e político do galeguismo en distintas etapas", ademais de marcar "coa súa personalidade o pensamento e actuación dos seus contemporáneos e, directa ou indirectamente, de varias xeracións". Inclúense citas do libro *Olladas no futuro* (1974), de Piñeiro, e indícase que para o autor de Láncara o galeguismo equivale a un xeito de "lealdade cara ao país". Fala de que, cando a Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas 2009 a Piñeiro, poñía enriba da mesa un debate "necesario e útil", a construción da conciencia de Galicia, da súa cultura e da súa identidade política, cuestión á que Piñeiro dedicou a súa vida. Cítase ademais o libro *A linguaxe e as linguas* (1967).

Freixanes, Víctor F., "A estratexia do editor", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "Olladas sobre Ramón Piñeiro", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 34-43.

Refire a creación de Galaxia o 25 de xullo de 1950 nos baixos do Hotel Compostela de Santiago. Dá conta dos nomes de todos os que aparecen na fotografía que reproduce ese momento e na que non aparece Ramón Piñeiro por estar convalecente dunha operación. Salienta que a empresa editorial foi en realidade unha iniciativa de Francisco Fernández del Riego e de Xaime Isla Couto, co propósito de crear "unha plataforma de difusión cultural para, no marco que a lexislación permitía, poder actuar dende a cultura impresa, a única posible naqueles momentos, e mais a prol do prestixio da lingua". Dá conta das primeiras publicacións da editorial, o número inaugural de *Grial*, titulado "Presencia de Galicia", axiña prohibida até 1963, e *Antífona da cantiga*, de Ramón Cabanillas, títulos aos que seguirán cincuenta máis entre 1951 e 1961. Menciona outras iniciativas editoriais que coinciden neses anos, como a colección "Benito Soto" até 1952, a Sociedade de Bibliófilos Gallegos, a editorial Monterrey, Ediciós do Castro, Edicións Castrelos, Xistral. Cualifica de fundamental a achega de Ramón Piñeiro ao catálogo de Galaxia, responsábel da orientación estratéxica e duns criterios definidos: reconstrución da tradición do galeguismo interrompida pola guerra civil, tendendo pontes coas xeracións anteriores e co exilio, prestixio intelectual da cultura galega e conexión e activismo coas novas xeracións.

Piñeiro, Antonio, "A pegada de 'Ramón Piñeiro' en 'Vieiros", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, "Letras Galegas 2009 Ramón Piñeiro", maio 2009, pp. 92-97.

Cualifica de feliz circunstancia que se celebre no mesmo ano o aniversario da revista mexicana *Vieiros* e o Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro. Con tal motivo rescata e reproduce os tres textos que asinou Piñeiro na revista: "A lingua, sangue do

esprito", en 1959; "Galicia, Portugal, Brasil", en 1962; e "Galaxia e a Cultura Galega", en 1965.

Piñeiro, Ramón, "A lingoa, sanle do esprito", *Atenea*, n.º 34, "Artigo", abril, maio, xuño 2009, pp. 26-27.

Reproduce un artigo de Ramón Piñeiro publicado en 1959 e editado no "Especial Vieiros" d'*A Nosa Terra* en 1989. Nel, Piñeiro filosofa sobre a importancia do idioma para un pobo dicindo que "pra que unha coleitividade humana teña a categoría de pobo ha de ter unha ialma de seu. E un pobo ten alma de seu cando posee 'idioma', cando fala unha lingua propia". Posteriormente céntrase no pobo galego, un pobo que "soupo crear o seu propio idioma". Piñeiro asegura que o idioma galego é a herdanza que deixaron os antepasados e que foi transmitido de xeración en xeración ao longo dos séculos. Expresa que se trata dunha lingua integrada dentro dunha gran familia: a das "lingoas románicas".

Quintana Garrido, Xosé Ramón, "Ramón Piñeiro' e os galeguistas como valedores da Autonomía galega", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, "Letras Galegas 2009 Ramón Piñeiro", maio 2009, pp. 72-85.

Percorre o labor político de Ramón Piñeiro a carón doutros galeguistas históricos ao longo do franquismo, analizando as ideas que defendían e as discrepancias xurdidas no seu seo, até culminar na chegada da Autonomía a Galicia, en medio da indiferenza da maioría da sociedade, pois só votou o vinte e oito por cento da poboación.

Rodríguez-Polo, Xosé Ramón, "Ramón Piñeiro. Nova orientación do galeguismo", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Varia", vol. 12, 2009, pp. 157-163.

Trata a figura de Ramón Piñeiro como líder intelectual do movemento galeguista co gallo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas. Parte do seu escrito, "Nova orientación do galeguismo" (1954), que puña de manifesto o obxectivo de impulsar o galeguismo, para despois continuar co primeiro apartado, "O contexto da nova estratexia do galeguismo", no que salienta a creación desa estratexia, grazas á editorial Galaxia. O seguinte apartado, "Significado do documento", desenvolve algúns aspectos como a súa focalización cara aos galeguistas americanos ou o ton de resposta máis que de proposta presente no texto. O terceiro apartado, de título homónimo á presente reflexión, reproduce fielmente o escrito en cuestión. Conclúe cun apartado dedicado ás referencias bibliográficas.

Souto, Juan, "Letras...de cambio, por supuesto", *Eco*. *Revista do Eixo Atlántico*, n.º 217, xuño 2009, "Opinión", p. 27.

Faise primeiramente unha referencia irónica ao significado que ten o Día das Letras Galegas en Galicia, tras corenta e sete anos de celebración, e cuestiónase a valía dalgúns dos autores homenaxeados. Logo valórase a escolla de Ramón Piñeiro para o Día das Letras Galegas 2009 e lémbrase a "grandeza da súa obra e da súa figura".

Torres Queiruga, Andrés, "Piñeiro e a filosofía da saudade", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "Olladas sobre Ramón Piñeiro", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 44-51.

Recolle a reflexión de Ramón Piñeiro sobre a filosofía da saudade. Destaca, así, o seu interese polo sentimento, pola arte, polo lirismo, polo humor e por unha comprensión seria e renovada da saudade indicándose, ademais, que para Piñeiro a filosofía "é unha necesidade íntima e radical da totalidade do ser humano". Indica que o obxectivo de Piñeiro era mostrar que cada pobo, e en concreto Galicia, "ten unha filosofía xenuína" e que dende a saudade dos "galaico-portugueses" pódese enriquecer o campo da filosofía europea "aportándolle a interpretación filosófica peculiar da súa espiritualidade". Sinala, tamén, a distinción das tres formas fundamentais de saudade: a añoranza, a nostalxia e a arela. Cítase a obra *Significado metafísico da saudade* (1951).

Torres Queiruga, Andrés, "Ramón Piñeiro e o cristianismo", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 162, "Estudos", marzo-abril 2009, pp. 49-67.

Reflexiona sobre a relación de Ramón Piñeiro co cristianismo e coa Igrexa. Para isto céntrase en tres aspectos. En primeiro lugar, intenta achegarse a filosofar sobre a estrutura íntima da actitude de Piñeiro ante a propia relixión. Nun segundo termo atende ás manifestación obxectivas acerca do cristianismo e da Igrexa para, finalmente, intenta chegar a comprendelo dende a relixión. Neste último caso, ademais, intenta "tirar algunha das leccións que da súa vida e da súa reflexión" poden aprender os crentes, concretamente a Igrexa galega.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Aquel día das letras de hai trinta anos", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, "Letras Galegas 2009 Ramón Piñeiro", maio 2009, pp. 86-91.

Ademais de aludir a outros acontecementos mundiais e nacionais acontecidos en 1979, sinala que aquel ano a Real Academia Galega declarou como persoeiro homenaxeado no Día das Letras Galegas ao poeta Manuel Antonio. Lembra que paralelamente en Ourense se organizou unha "Comisión organizadora dos actos do 17 de maio, día das letras galegas", baixo o lema "Pola oficialidade da lingua e a recuperación da cultura galega". Cita todas e cada unha das actividades realizadas entre o luns 14 e o xoves 17 de maio de 1979 e reproduce os contidos dunha entrevista que realizou naqueles días a Ramón Piñeiro, na que este define a situación da cultura galega naquela altura como unha "vanguardia do actual renacer de Galicia" e fala do cambio experimentado pola edición en galego.

Villalaín, Damián, "Triunfo e fracaso de Ramón Piñeiro", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "Olladas sobre Ramón Piñeiro", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 60-69.

Céntrase en explicar os puntos fundamentais que sustentaron o pensamento e o labor de Ramón Piñeiro. Analízase en primeiro termo a decisiva dimensión do Piñeiro político e a súa faceta como escritor, relegada ao esquecemento e que se recuperará coa dedicatoria do Día das Letras 2009. A seguir detense extensamente en conceptos defendidos por Piñeiro como o culturalismo, o anticomunismo, o seu entusiasmo europeísta e federal e a definición do galeguismo en confrontación co nacionalismo. Na nómina de triunfos da concepción ideolóxica de Ramón Piñeiro enumera feitos como a asunción do galeguismo por el defendido por parte de todas as forzas políticas galegas, mesmo o Bloque Nacionalista Galego a partir do liderado de Anxo Quintana coa exclusión da autoderminación do seu discurso; a importancia concedida ao traballo cultural realizado dende a creación de Galaxia, que propiciou ademais o asentamento actual de editoriais, selos discográficos, produtoras audiovisuais, compañías teatrais, centros de arte e institucións públicas e privadas que se ocupan da cultura. No capítulo dos fracasos, alude á progresiva perda de falantes da lingua galega malia os esforzos de Piñeiro por instaurar o galeguismo na sociedade e, sobre todo, á falta de entendemento do Estado autonómico e ao desartellamento do proxecto político europeo de construción federal que el defendeu.

X. T., "Ramón Piñeiro", *A Xanela*. *Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Festa das letras", primavera 2009, pp. 15-18.

Descríbese a traxectoria persoal e profesional de Ramón Piñeiro, partindo dunha introdución onde se enxalza a súa figura e a súa relevancia dentro do panorama cultural galego no século XX. Comézase na súa infancia e mocidade, pasando pola súa actividade política en Madrid e París, seu enfrontamento co exilio exterior e os seus cursos e conferencias en EEUU. Tamén se reproduce algún dos artigos de Piñeiro, como "O menosprezo social da lingua", incluído en *Olladas no futuro*, así como fotos e referencias a colaboracións do autor con outras revistas betanceiras no ano 1953 e en 1983.

IV.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abeleira, Xoán, "Procura e paixón órfica de Uxío Novoneyra", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 23 novembro 2009, p. 13.

Comenta que en 1992 a Colección Tediria de Málaga publicou douscentos exemplares dunha *Muestra mínima*, de Uxío Novoneyra. Fai unha descrición deste volume, que é unha breve escolma en español da poética de Novoneyra, e apunta que o máis salientábel desta "pequena xoia biográfica" é a "Autopoética" coa que comeza este volume.

Agís Villaverde, Marcelino, "Pensamento galego actual", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Pensadores de hoxe", 12 febreiro 2009, p. 10.

Un artigo que Ramón Piñeiro escribiu en 1968 recollido na obra *Olladas no futuro* (1974) dá pé a que se reflexione sobre a evolución do chamado "pensamento galego". Explícase que, xunto coa función comunicativa, unha lingua debe ter tamén unha expresión escrita que abra as súas posibilidades de creación cultural, e constata que malia os anos nos que sufriu unha "interrupción", os intelectuais e escritores do Rexurdimento e a Xeración Nós foron capaces de dotar ao galego desa base, un proceso que continuaron os membros da Xeración Galaxia e que sufriu un pulo coa creación da Facultade de Filosofía en Santiago en 1975 da man de Carlos Baliñas.

Agís Villaverde, Marcelino, "Ramón Piñeiro en Sanxenxo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al Sur", 18 maio 2009, p. 2.

Dá conta do acto de celebración do Día das Letras Galegas organizado polo Concello de Sanxenxo no auditorio do pazo Emilia Pardo Bazán. Comenta que puido escoitar o relatorio de Xerardo Fernández Albor titulado "As miñas lembranzas de Ramón Piñeiro", quen lembra os anos cincuenta e a defensa do galeguismo que levaron a cabo. Tamén destaca o primeiro Parlamento que compartiron Albor e Piñeiro no que asentaron as bases da autonomía.

Alonso Montero, Xesús, "A bibliografía secuestrada de Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 299, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 31 xaneiro 2009, p. 12.

Comeza criticando que aínda non se teña feito o inventario completo da bibliografía de Ramón Piñeiro na que tamén terían que entrar todos os traballos de colaboración en publicacións extragalegas. A seguir, comenta que falta investigar o traballo que realizou como redactor e director da revista *Roteiro* e afirma que tamén debería publicarse a documentación da Causa instruída polo coronel Enrique Eymar, propoñendo exemplos doutros textos de escritores que foron recuperados por estes medios.

Alonso Montero, Xesús, "De Anne Marie Morris a Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 300, "Beatus qui legit", 7 febreiro 2009, p. 15.

Conta cómo a profesora estadounidense Anne Marie Morris decidiu escoller o galego como lingua poética e describe a súa visita a Galicia, concretamente á casa de Rosalía de Castro. A seguir, indica que Morris escribiu algunhas cartas a Ramón Piñeiro e salienta unha anécdota íntima contada nesas misivas.

Alonso Montero, Xesús, "Ramón Piñeiro e a gramática galega na prisión", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 311, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 2 maio 2009, p. 12.

Relata a experiencia de Ramón Piñeiro no cárcere de Alcalá de Henares e salienta a actividade cultural que levou a cabo na prisión xunto a Cesáreo Saco.

Alonso Montero, Xesús, "Ramón Piñeiro e García-Sabell: Marx e Engels", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 3138, "Letras galegas 2009", 16 maio 2009, p. 11.

Salienta a amizade que mantiveron Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Otero Predayo e comenta que esta relación foi un preludio á mantida dende 1951 por Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro. Afirma que sen a influencia de García-Sabell non se podería explicar todo o labor intelectual de Piñeiro e comenta que foi el quen lle deu teito e fogar en Compostela. Ademais, outra das axudas ofrecidas por García-Sabell foron as visitas e tertulias que mantiveron no domicilio da Rosaleda con intelectuais foráneos.

Alonso Montero, Xesús, "Prehistoria do poeta Novoneyra: 'Abrojos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 321, "En portada", 11 xullo 2009, p. 4.

Fálase sobre a etapa de mocidade de Uxío Novoneyra na que, sendo compañeiro de universidade de Xesús Alonso Montero, aínda non dera o salto á escrita en galego, tras ser animado por Ramón Piñeiro a facelo. Destácase desa etapa o seu primeiro libro de poemas, aínda escrito en castelán o cal conserva Alonso Montero, segundo el mesmo di, autografado e manuscrito en corenta e unha páxinas, co título de *Abrojos (poemas cortos)*. Dise que consta de trinta e seis poemas curtos con certo aire becqueriano e finalmente lémbrase que en 1955 se publica o libro que estrea a Novoneyra como poeta en galego: *Os Eidos.*

Alvarellos, Henrique, "Ou sexa, a lingua", *Xornal de Galicia*, "Oestes", 12 maio 2009, contracuberta.

Comenta que se vai celebrar o Día das Letras Galegas e, un ano máis, hai que reivindicar a defensa da lingua galega. Dá conta dalgúns actos e manifestacións que se van celebrar por este motivo e, ao final, salienta que Ramón Piñeiro, figura homenaxeada este ano con motivo das Letras Galegas, quixo normalizar o galego e a cultura mais aínda hoxe estamos no primeiro paso desa reivindicación.

Araguas, Vicente, "Cartas de amor case todas", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 5 abril 2009, p. 8.

Comenta que Luís Alonso Girgado pediulle que buscara as cartas que tiña no seu poder escritas por Ramón Piñeiro e afirma que ten moitas caixas de zapatos e carpetas cheas de correspondencia doutras personalidades como Antón Tovar, Ricardo Carbalho Calero, Domingo García-Sabell, Manuel María, etc. e entre todas, confirma que atopou unha de Piñeiro. A seguir, refire que Alonso Girgado informouno de que existen na Fundación Penzol quince cartas escritas por el e dirixidas a Piñeiro mais rexeita a oferta de recuperalas e volver a lelas.

Araguas, Vicente, "A cousa vén de festa", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 17 maio 2009, p. 6.

Salienta que somos un dos poucos países que dedica un día de festa para conmemorar a cultura e loa esta idea que tivo Francisco Fernández del Riego. Comenta que hai que defender a lingua e a cultura xa que van parellas e lembra o seu encontro con Ramón Piñeiro, na década dos 80, e as palabras que este pronunciou en relación á Lei de Normalización Lingüística. A seguir, comenta que o chamaron da Radio Galega o mesmo día que se cumprían os cincuenta anos do *Al vent* ramoniano.

Araguas, Vicente, "Naquela mesa de Braceiro", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 533, 17 maio 2009, p. 20.

Lembra a vez en que estivo sentado á mesa con Ramón Piñeiro e Xosé Ramón Fandiño no domicilio da rúa Xelmírez a comezos de maio de 1984, momentos antes da presentación do seu libro *Xuvia* na Galería Sargadelos e cita a algúns dos que asistiron ao acto. A seguir, lembra as tertulias con Piñeiro e tamén as breves intervencións da súa muller, Isabel, ou as dificultades que pasou para salvar a vida durante a guerra civil e a loita que mantivo na posguerra en defensa do galeguismo. Así mesmo, refire que este ano é o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas e celebra a súa constante loita polo galeguismo.

Araguas, Vicente, "Festival", *Diario de Ferrol*, "Miudiño", 19 maio 2009, p. 24.

Dá conta da súa asistencia ao teatro Jofre onde se realizaron actividades para celebrar o Día das Letras Galegas que este ano está dedicado a Ramón Piñeiro. Así mesmo, cita a outros galegos ilustres que tamén poderían ser homenaxeados en anos próximos e loa a gala presentada por Eduardo Hermida.

Araguas, Vicente, "Tirso", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 1 xullo 2009, p. 25.

Coméntase que Basilio Losada, director no ano 1964 do Centro Gallego de Barcelona, explicara por carta a Ramón Piñeiro o escándalo que se forma na prensa catalá a raíz dunha "crónica viaxeira" que se publica no boletín do Colexio Tirso de Molina de Ferrol. Dise que esa crónica está asinada por un rapaz de quince anos e nela critica a actitude dos cataláns en cuestións do uso da súa lingua. Tamén se indica que, por ser un boletín de carácter interno, non pasara a censura e chegou a terras catalás provocando mesmo reaccións adversas no centro galego arriba nomeado.

Axeitos, Xosé Luís, "Piñeiro e o exilio galeguista", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, p. 11.

Fala sobre as relacións entre Ramón Piñeiro e o exilio galego, así como, da continuación das súas ideas a través do movemento denominado "piñeirismo", o cal rompeu o entendemento entre Galicia e o exilio. Explica que esa ruptura se deu principalmente despois da morte de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao cando se asinou a acta fundacional do Consello de Galicia en 1944 e refire tamén a defensa que fixo Luís Seoane deste Consello xunto ao ataque contra o piñeirismo. Tamén salienta a crítica directa realizada por Piñeiro contra Castelao que non foi ben aceptada na emigración.

Baamonde, Antón, "La fuerza de Ramón Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 abril 2009, p. 6.

Comeza destacando a importancia de Ramón Piñeiro como un dos políticos máis importantes de Galicia e pasa a analizar o seu aspecto humano. A seguir, destaca as distintas dificultades que tivo que superar e describe a situación da Galicia daquela época. Así mesmo, comenta que a editorial Galaxia era o único medio que tiñan para alcanzar algúns obxectivos.

Baliñas, Carlos, "A xefatura espiritual de Piñeiro e a crónica da nosa amizade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 maio 2009, pp. 36-37.

Lembra en qué circunstancias coñeceu a Ramón Piñeiro e o trato que mantivo con el no piso da rúa Xelmírez, ademais refire que Piñeiro foi o Sócrates galego pois se pode considerar como un "guía espiritual". Describe a vida de Ramón Piñeiro nos anos cincuenta e salienta que o único soldo que tiña era unha paga da editorial Galaxia, tamén fai referencia aos relatorios que mantiña e á temática que trataban nesas conversas. De seguido comenta Baliñas que el tamén marchou ao exilio e cando volveu destaca o cambio que viu na figura de Piñeiro, xa que contaba con maior autoridade moral na sociedade. Ademais narra algunha anécdota e describe novamente a situación do país; salienta as relacións persoais de Piñeiro con outros matrimonios como o Penzol ou o Martínez López e comenta a súa experiencia persoal dando unha conferencia. A continuación, refire a viaxe de Piñeiro a Estados Unidos e fala sobre o nacemento do piñeirismo. Tamén comenta a relación do intelectual coa Universidade e, finalmente, fai referencia aos seus escritos. Remata afirmando que Ramón Piñeiro é un dos pais da patria galega e considera acertado dedicarlle o Día das Letras.

Baltar, Ramón, "Un gallego que supo serlo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Desde otra ventana", 26 maio 2009, p. 2.

Comenta que o Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro trouxo grandes loanzas para o intelectual mais tamén algunhas críticas. Admira a moralidade intelectual de Piñeiro e o seu continuo labor en defensa do galeguismo a pesar de que algúns lle ataquen que non soubo centrar os esforzos en crear un único partido galeguista. Por último, afirma que hoxe en día é difícil que apareza algún continuador.

Bello Costa, Xaime, "En pé!", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 13 maio 2009, p. 24.

Comenta que este ano o Día das Letras Galegas debe ser unha xornada de reivindicación da lingua galega, sobre todo, pola marcha atrás no proceso de normalización lingüística do novo goberno. Insta a todos os galegos a que participen na manifestación convocada pola Mesa pola Normalización Lingüística e remata cuns versos de Ramón Cabanillas.

Beramendi, Justo, "Foi necesario o sacrificio do Partido Galeguista?", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. 7.

Sinala que se vai centrar na cuestión que fixo máis polémica á figura de Ramón Piñeiro, que foi a de tentar galeguizar a todos os partidos políticos e negarse a reactivar o Partido Galeguista. Dise que esa galeguización se "produciu en grao apreciable" nos principais partidos españois de Galicia durante a transición e opina que este é o argumento principal "dos politicamente beneficiados polo piñeirismo para 'demostrar' que esta vía é a que convén a Galicia". Así, amplia a visión fóra de Galicia, apuntando que nin en Cataluña nin no País Vasco actuou "ningún equivalente ó piñeirismo", para afirmar que foi innecesario o sacrificio do Partido Galeguista.

Caneiro, Xosé Carlos, "A obra de Ramón Piñeiro: intensa e atemporal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.138, "Letras 2009", 16 maio 2009, p. 12.

Comeza cunha cita de Ramón Piñeiro sobre a cultura dos pobos e o seu desenvolvemento. Parte desta cita para analizar a obra do filósofo de Láncara e céntrase no concepto de saudade como elemento principal na reflexión de Piñeiro. Tamén destaca o discurso de ingreso na Real Academia Galega de Piñeiro, que baixo o título d'*A linguaxe e as linguas* (1967) reflexiona sobre o concepto de lingua como característica definitoria dunha cultura e dun pobo. Por último destaca a obra *Olladas no futuro* (1974) na que Piñeiro fala de autores, da lingua, de asuntos internacionais, etc. Salienta que nesta obra aparece o pensamento globalizador de Piñeiro.

Casares, Hakan, "Ramón Piñeiro e a lingua galega", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. 13.

Ademais de lembrar o tempo no que coñeceu a Ramón Piñeiro, especula sobre a postura que tería el hoxe en día sobre as cuestións do idioma. Alén de apuntar o feito de ser o

escritor de Láncara unha "personaxe polémica", interpreta que Piñeiro era "un home idealista" e "cheo de pragmatismo marcado pola súa clarividencia e capacidade de análise política, social e cultural". Considera, por outro lado, que as decisións que tomou foron acertadas e di que hoxe "traballaría a reo por atopar puntos de unión entre as partes" e que frearía "os disparates que temos que ler estes días nos periódicos", a respecto da situación da lingua galega no ensino.

Conde, Alfredo, "Non podo deixar de ser quen son", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 15 maio 2009, p. 4.

Destaca que Ramón Piñeiro se definía como "galego de nación, español por historia e europeo por vocación". A partir desta reflexión, opina sobre o concepto de nación e lingua. Defende que os galegos teñen uns hábitos psicolóxicos e socias que os significan respecto do resto dos españois, aínda que tamén comparten cousas, como é a lingua castelá. A seguir insiste na idea de que o galego como lingua e a cultura galega xa estaban aquí cando chegou o castelán e a súa cultura, polo tanto para el a lingua galega é máis nosa.

Conde, Alfredo, "Impregnados do espírito piñeirista", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 18 maio 2009, p. 4.

Fala do artigo que escribiu o 16 de maio de 2009 no *Correo Gallego* Carlos Luis Rodríguez. Salienta que neste artigo, "Piñeiro y las dos Galicias", é presentado como un home similar a Nelson Mandela. Comenta que o filósofo de Láncara optou ao longo da súa vida pola concordia construtiva e iso ocasionoulle moitas críticas e detractores, como aparece simbolicamente no libro de Xosé Luís Méndez Ferrín, *Retorno a Tagen Ata* (1971). A seguir fala da existencia de persoas e institucións en Galicia que loitan pola defensa da lingua e cultura galega pero que non participan en política. Conclúe que estas persoas e institucións están impregnados polo espírito piñeirista.

Conde, Alfredo, "Política e labor cultural", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 19 maio 2009, p. 4.

Destaca o labor dos continuadores do espírito piñeirista, aquelas persoas e institucións que vinculadas á editorial Galaxia continúan traballando na defensa de Galicia pero sen meterse no eido político. Tamén fala que neste momento na sociedade galega hai dous grupos enfrontados politicamente: os anti-españolistas e os anti-galeguistas, pero salienta a importancia dese terceiro grupo que en liberdade democrática só se dedica á defensa da lingua e cultura galega.

Conde, Alfredo, "Diecinueve años sin Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 28 agosto 2009, p. 4.

Tras lembrar que se cumpren dezanove anos da morte do autor homenaxeado o Día das Letrs Galegas 2009, Ramón Piñeiro, coméntanse os cambios producidos no mundo intelectual e cultural galeguista. Sinálase que tras a súa morte comezan a darse cambios

como os da editorial Galaxia ou os de moitos ámbitos da cultura galega onde a xenerosidade e entrega de homes como Piñeiro foron substituídos por enredos de intereses dependentes dos orzamentos gobernamentais. Por último critícase a clase política galega por non saber defender a cultura galega como se merece e dar respostas á sociedade como se facía en tempos de Piñeiro.

Conde, Alfredo, "Viejos combatientes sin recambios", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 15 decembro 2009, p. 4.

Laméntase, e considera unha traxedia, que no acto de clausura do Congreso sobre Ramón Piñeiro, organizado pola Real Academia Galega, non houbese xente nova e fronte a isto indica que a meirande parte dos asistentes eran "viejos combatientes de la cosa".

Díaz Pardo, Isaac, "Algunhas lembranzas de Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Crónicas inconformistas", 18 maio 2009, p. 15.

Conta cómo coñeceu a Ramón Piñeiro no ano 1947 en Vigo, xusto despois de saír da cadea. Destaca que alí axiña comezou a traballar con Francisco Fernández del Riego e a colaborar con outros intelectuais e escritores galegos. No ano de 1968 indica que Piñeiro estaba a traballar na cidade de Santiago e catro anos despois colaboraron en Barcelona nunha exposición sobre o libro galego. A seguir refire que no ano 1976 Lorenzo Varela regresa do exilio, o cal lle expón a Piñeiro a necesidade de crear un organismo de información. A partir desta idea, Piñeiro comeza a traballar e colaborar na creación do IGI (Instituto Galego da Información), pero outras responsabilidades e finalmente a morte, acábano separando deste proxecto.

Dobarro, Xosé María, "De letras e símbolos", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 17 maio 2009, p. 25.

Refire que hoxe se celebra o Día das Letras Galegas e lembra cando naceu esta iniciativa creada por Francisco Fernández del Riego. A seguir fala sobre outras cuestións alleas á literatura galega.

Dopico Vale, Julia Mª, "Líneas", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Crónica cultural", 5 xullo 2009, p. 11.

Fálase sobre a exposición arredor da figura de Ramón Piñeiro, que o artista Siro ten no Auditorio de Cultura de Caixa Galicia na Coruña, promovida polo Centro Ramón Piñeiro e que conta coa presenza de destacadas personalidades do mundo da cultura. Dise que se compón de trinta e catro retratos de Piñeiro, uns realizados aínda con el vivo e outros a partir de fotos e lembranzas. Por último destácase a importancia do autor e galeguista, que é homenaxeado do Día das Letras Galegas 2009, e o seu firme compromiso con Galicia.

Dourado Deira, Manuel, "Verán cultural encabezado por Rosalía", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 25 xullo 2009, p. 5.

Destácanse varios actos culturais que teñen lugar no verán de 2009, como a celebración do cento vinte e catro aniversario do pasamento de Rosalía de Castro a Casa da Matanza. Dise que dentro desta conmemoración tamén se lle rende homenaxe a outros dous persoeiros da cultura galega: Ramón Cabanillas no cincuentenario do seu pasamento e Ramón Piñeiro, a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas.

E. P., "O Consello da Cultura reedita a ollada de Piñeiro sobre Pedrayo", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 14 maio 2009, p. 44.

Informa que o Consello da Cultura Galega acaba de reeditar en libro e CD a conferencia de Ramón Piñeiro sobre Ramón Otero Pedrayo e os seus ensaios, para conmemorar o Día das Letras Galegas. Ademais achega os comentarios de Ramón Villares, presidente do CCG, quen refire que se publicaron cincocentos exemplares e salienta a amizade entre os dous escritores.

Faginas, Sandra, "Arredor da mesa camilla", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Linguas vivas", 21 maio 2009, p. 15.

Comenta que se están a escribir moitas loas sobre o labor que realizou Ramón Piñeiro, mais tamén destaca que está a ter moita sona a "mesa camilla" arredor da cal realizaba as súas conversas. Critica que aínda non exista unha tradución correcta deste termo ao galego.

Fernández, Xurxo, "A la sombra huidiza del Día Piñeiro", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 18 maio 2009, contracuberta.

Lembra a figura de Ramón Piñeiro, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, e conta unha anécdota sobre o intelectual.

Fernández Albor, Gerardo, "Abril histórico", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Comentarios y recuerdos", 5 abril 2009, p. 3.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, felicita á Fundación Carlos Casares pola organización, na Deputación Provincial de Lugo, dunhas xornadas en lembranza de Ramón Piñeiro, a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas.

Fernández Albor, Gerardo, "Ramón Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Comentarios y recuerdos", 24 maio 2009, p. 3.

Afirma que Ramón Piñeiro é unha das máis grandes personalidades de Galicia e achega algúns comentarios literais sobre o seu concepto de Galicia e a realidade social, dirixidos principalmente aos máis novos para que sigan os seus consellos.

Fernández del Riego, Francisco, "Un Piñeiro pouco coñecido", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 3.138, "Artigos", 16 maio 2009, p. 10.

Co gallo da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro, aproveita para comentar o seu "pouco coñecido" libro *Olladas no futuro* (1974). Opina que Piñeiro mantiña "unha independencia e un xeito intelixente de enxergar as cousas pouco comúns", e que no libro se pode atopar información de moitos personaxes cunha presenza "histórica e creadora" en Galicia. Tamén se destaca o interese de Piñeiro en estudar o idioma galego, do que dicía que era "a creación máis xenuína e o vehículo máis vivo e permanente da espiritualidade dun pobo". Finalmente, destaca que o libro recolle tamén varias cartas dirixidas a intelectuais galegos nas que debatía sobre diversos temas.

Fernández Fernández, Ruth, "Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Noticias cotiás", 19 maio 2009, p. 5.

Fai referencia á celebración do Día das Letras Galegas que este ano se lle dedicou a Ramón Piñeiro e salienta del a súa defensa de Galicia e a achega á normalización da lingua galega. Tamén comenta que na súa lembranza está a funcionar o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. A continuación salienta algúns dos seus ensaios, cita a dirección da editorial Galaxia, a creación da colección "Grial" e a súa participación na creación do Consello da Cultura Galega. Por último, afirma que a homenaxe ao noso idioma debería facerse a cotío.

Forcadela, Manuel, "O herdo de Ramón Piñeiro", *Atlántico Diario*, "*Universitas*", 14 maio 2009, p. 39/*La Región*, "*Universitas*", 4 xuño 2009, p. 3.

Comeza falando da polémica actual sobre a lingua galega e destaca a celebración do Día das Letras Galegas dedicado este ano á figura de Ramón Piñeiro. A seguir, salienta que o Día das Letras Galegas débese en parte ao traballo iniciado por Piñeiro e destaca dous dos proxectos que levou a cabo: o enfrontamento co autoodio e a galeguización do noso mundo. Por último, comenta que deberían ser moitas as gabanzas ao intelectual por parte do presidente da Xunta de Galicia.

Franco Grande, X. L., "Talibáns contra Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Soleira", 1 xuño 2009, p. 16.

Refire que este ano dedicado a Ramón Piñeiro saíron do prelo moitos libros dedicados á súa persoa e obra, e destaca de todos eles o volume de Miguel Barros e mais o de Xesús Alonso Montero. A seguir fai referencia a algunhas das críticas que recibiu Piñeiro na súa vida e que seguen vixentes nos nosos días, por iso critica a esas persoas catalogándoas de "talibáns".

Franco Grande, X.L., "Os uns e os outros", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Soleira",

10 agosto 2009, p. 12.

Lémbrase que dentro do círculo de compañeiros e amigos de Ramón Piñeiro houbo sempre xentes de variadas ideoloxías, dende comunistas como Xesús Alonso Montero e Manuel Colmeiro até comunistas non marxistas como Luís Manteiga ou Daniel Cortezón. Destácase finalmente que el foi sempre un home que non se adscribiu a ningún dogma, de aí que fose considerado por moitos "infiel".

Fruime, "Magisterio de Piñeiro", *El Progreso*, "Opinión", "Fruime", 17 maio 2009, p. 36.

Fala da importancia de Ramón Piñeiro como galeguista aberto ao mundo, inserido en España, en Europa e defendendo as súas raíces. Salienta que este autor é o exemplo do home que defende a cultura galega mais sen opoñerse ao coñecemento do castelán e doutras linguas.

García Bernardo, J., "El día después", *El Progreso*, "Opinión", "Punto de vista", 24 maio 2009, p. 19.

Comenta que este ano a celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro estivo rodeada de polémica en torno á lingua. Salienta a profusión de obras publicadas en relación a súa persoa así como a reedición das súas obras. A seguir, cita as obras centradas na figura de Ramón Piñeiro: *Ramón Piñeiro ou a reivindicación da cultura galega*, de Xesús Alonso Montero; *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes; *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo; *Ramón Piñeiro, os días ocultos*, de Diego Ameixeiro; e tamén o número especial da revista *Grial*. En relación ás reedicións da súa obra salienta *Do sentimento á conciencia de Galicia*, *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, *Filosofía da saudade* (1984), *A linguaxe e as linguas* (1967), *Da miña acordanza* (2002) e *Galicia* (2002). Por último, destaca outras dúas obras que considera importantes, a de Eloy Caldeiro, *Ramón Piñeiro. A terra e a saudade*; e a de Mercedes Vázquez Saavedra, *Ramón Piñeiro. Do val de Láncara a Compostela*. Así mesmo, engade a obra de Carlos Casares, *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, publicada xa en 1991.

García Bernardo, J., "Censura en Láncara", *El Progreso*, "Sarria", "Punto de vista", 11 outubro 2009, p. 21.

Céntrase na moción de censura que se leva a cabo en Láncara, contra o seu alcalde e lémbrase que, ao mesmo tempo, a vila adquire notoriedade por ser o ano no que un dos seus "fillos máis sobresalientes", Ramón Piñeiro, é o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2009. Dise que o alcalde da vila terá como última intervención oficial a entrega do Premio Ramón Piñeiro Facer País.

García-Bodaño, Salvador, "Ramón Piñeiro na lembranza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 10 maio 2009, p. 3.

Fala da intervención de Ramón Villares na presentación da revista *Grial*. Neste acto destaca o traballo de Ramón Piñeiro como promotor da cultura e da identidade de Galicia. Tamén informa das actividades organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para homenaxear a súa figura e achega os comentarios de Manuel González, coordinador do Centro Ramón Piñeiro, sobre a importancia do escritor.

García-Bodaño, Salvador, "Das Letras Galegas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 17 maio 2009, p. 3.

Lamenta que non se teña publicado na páxina web da Real Academia Galega a primeira entrevista que lle realizou a Ramón Piñeiro en 1964, entrevista que foi editada no xornal *La Noche*. Describe a edición deste xornal e salienta que aparecía nun gran formato baixo o título de "Ramón Piñeiro fala de Galicia e dos seus probelmas". Ademais destaca que a entrevista, composta por vinte e sete preguntas, estaba escrita en lingua galega e contaba cunha fotografía central de Piñeiro. Así mesmo, cita algúns dos temas que tratou o entrevistado.

García Méndez, Ismael, "Ramón Piñeiro", *La Región*, "Opinión", 28 maio 2009, p. 25.

Comenta que o que mellor coñece de Ramón Piñeiro é a súa obra *Metafísica da saudade* e afirma que foi un galeguista que merece respecto e celebra que se lle dedique a el o Día das Letras Galegas. A seguir, salienta que non lle gusta que asocien a "mesa camilla" á figura do intelectual.

Giráldez, J. Miguel, "O mago da conversa", *Galicia Hoxe*, "Foto finish", 16 maio 2009, contracuberta.

Afirma que Ramón Piñeiro era o mago das conversas porque para el a palabra era reivindicativa. Comenta que escoitou unha entrevista inédita realizada por Antonio de Toro a Piñeiro e indica que a través do seu pensamento se pode coñecer a identidade cultural de Galicia. Así mesmo, destaca o valor das súas verbas como base dun pensamento futuro.

Gómez López, J., "Ramón Piñeiro y su interpretación de la 'saudade", *La Región*, "Opinión", 1 xuño 2009, p. 16.

Comeza destacando que Ramón Piñeiro, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, tratou na súa obra o tema da saudade, tan habitual dende a primeira metade do século XX e analizado por diversos autores. Salienta que a teoría de Ramón Piñeiro foi a máis estruturada e reflectiuna no libro *Filosofía da saudade* (1984). A seguir, define o concepto de saudade segundo Piñeiro e asegura que esta reflexión é a base das teorías posteriores.

González, Anxo, "Ramón Piñeiro e a filosofía da saudade", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. 10.

Achega uns apuntamentos sobre a obra filósofica de Ramón Piñeiro, que consideraba que os galegos se posicionaban ante a realidade desenvolvendo a súa a dimensión sentimental, do mesmo xeito que o pobo grego se posicionou cun xeito racional ou teorético. Por outro lado, comenta o concepto da saudade, dende a perspectiva de Piñeiro no seu ensaio *Filosofía da saudade* (1984), achegándose aos diversos tipos: a "saudade añorativa", a "saudade nostálxica" e mais a "arelante" dende o plano psicolóxico, fronte á "saudade pura", nun plano ontolóxico ou no da realidade metafísica.

González Tosar, Luís, "Unha foto", *El Progreso*, "Ao raiar o sol", 31 maio 2009, p. 30/ *El Correo Gallego*, "Ao raiar o sol", 3 xuño 2009, p. 2.

Lembra a súa presenza no centenario do nacemento de Ramón Otero Pedrayo e comenta que xunto a el estiveron presentes outras personalidades, entre elas, Ramón Piñeiro. Refire que ese acto foi perpetuado nunha fotografía e lamenta que esta non apareza na exposición "Ramón Piñeiro: Olladas no futuro".

Gutiérrez, Eduardo, "Piñeiro no seu día", *Diario de Pontevedra*, "Opinión", "Da capo", 13 maio 2009, p. 29.

Refire que dende o día en que se decidiu dedicar as Letras Galegas a Ramón Piñeiro foron moitos os artigos, libros e estudos que se realizaron sobre o autor. Indica que o máis característico do homenaxeado foi a actividade que desenvolveu no Partido Galeguista e a súa estratexia sobre o galeguismo, mais tamén destaca que houbo moitas críticas que desmelloraron o seu traballo naquela época.

Jaureguizar, "25 anos da parcelaria que fixo Ronseltz", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo mol", 23 maio 2009, p. 65.

Lembra varios acontecementos importantes da historia da cultura galega e comenta que acaba de vivir o ano dedicado a Ramón Piñeiro, do cal aínda seguen vixentes as súas liñas de traballo. Ademais indica que se reproduciu o seu despacho onde falaba cos estudantes, na rúa Xelmírez de Santiago.

Lezcano, Arturo, "Que don Ramón?", *La Opinión*, "Opinión", "Soliloquios", 20 maio 2009, p. 27.

Conta unha anécdota sobre Ramón Piñeiro, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, e achega a súa opinión sobre a situación do galeguismo na época do intelectual.

López Boullón, Xosé Ramón, "A lingua para Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 13 maio 2009, p. 5.

Comenta que visitou a feira do libro na Alameda e no seu paseo non atopou nada interesante. A seguir fala da relación de Ramón Piñeiro coa lingua e indica que o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega tratou sobre este tema, *A lingoaxe i as linguas*. Salienta a importancia do idioma para unir ao pobo e tamén destaca que Piñeiro foi un dos que asentaron a Lei de Normalización Lingüística. Finalmente, fai referencia aos discursos que se pronunciaron no acto de apertura do Centro Ramón Piñeiro e cita algúns fragmentos dos relatorios de Marina Mayoral e Domingo García Sabell.

López Fernández, Xesús, "Ramón Piñeiro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 18 maio 2009, p. 14.

Comeza contando cómo naceu a celebración do Día das Letras Galegas en homenaxe a Rosalía de Castro e refire que este ano o autor homenaxeado é Ramón Piñeiro. Narra a súa infancia e destaca a súa actividade no Partido Galeguista, tamén refire os anos posteriores á guerra. A seguir, achega algunhas opinións do propio Piñeiro sobre o galeguismo, tiradas da entrevista que Carlos Fernández lle realizou en 1981, e fai referencia ao artigo publicado en *Grial* por Damián Villalaín titulado "Triunfo e fracaso de Ramón Piñeiro". Por último, asegura que o pensamento de Ramón Piñeiro seguirá vixente co paso do tempo.

López Fernández, Xesús, "O idioma como definición", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 25 maio 2009, p. 16.

Refire que hai oito días que se celebrou o Día das Letras Galegas e asegura que durante esa festa houbo moitas confrontacións, non en relación á figura homenaxeada, Ramón Piñeiro, senón en relación á polémica da lingua. A seguir, centra o artigo neste tema e ofrece a súa opinión sobre a situación actual do idioma.

Lorenzo, Fran P., "Ramón Piñeiro, o amor e outras parafilias", *Galicia Hoxe*, "Vai de blog", 7 maio 2009, contracuberta.

Fai referencia ao sentimento galeguista de Ramón Piñeiro e refire que no discurso de toma de posesión Núñez Feijóo apelou a esta idea de Piñeiro, mais considera que o intelectual mostraba un amor a Galicia que se reflicte na súa loita pola Terra e critica que Núñez Feijóo tome estas palabras dándolle un sentido distinto. Ademais tamén considera que a celebración do Día das Letras Galegas está perdendo forza e que só beneficia ao sector editorial.

Martín, Paco, "Piñeiro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", p. 15/*El Progreso*, "Opinión", "Auga lizgaira", 11 maio 2009, p. 19.

Comenta, a partir dunha fotografía na que aparece xunto a Ánxel Fole, Carlos Casares e Ramón Piñeiro, a figura deste último, elixido representante do Día das Letras Galegas en 2009, co gallo da saída ao prelo de biografías, estudos e artigos en xornais e revistas en torno ao filósofo.

Martínez, I. e A. **Losada**, "O abededario de Ramón Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 8-9.

Percorrido pola figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009 a modo de abecedario, en vinte e tres letras, do "A" ao "Z", a modo de palabras chaves: "Aldraxe", "Bos Aires", "Cartas", "Da miña acordanza", "Editorial Galaxia", "Ferrín", "Galeguismo", "Heidegger", "Instituto Galego de Información", "Láncara", "Middlebury", "Nacionalismo", "Ñ", "Otero Pedrayo, "Partido Galeguista", "Quiroga Palacios", "Realidade galega", "Saudade", "Tuberculose", "UPG", "Vigo", "Xelmírez" e "Z".

Martínez, Iago, "A enésima operación de Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "En clave", "Análise", 17 maio 2009, p. 9.

Critica o conflito da didáctica da lingua galega no ensino a partir da homenaxe a Ramón Piñeiro no Día das Letras Galegas en 2009. Sinala asemade o nomeamento de Anxo Lorenzo como un feito "conveniente" para a presidencia de Alberto Núñez Feijoo. Indica, finalmente que o futuro da lingua galega se atopa nas mans dos falantes e das falantes así como no poder político.

Mayoral, Marina, "As fadas de Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Páxinas soltas", 26 abril 2009, p. 18.

Trae á memoria a figura de Ramón Piñeiro co gallo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas, a partir dun epígrafe co que o intelectual respondera a unha das súas cartas, o cal reproduce.

Méndez Ferrín, X.L., "Sen noticias de Ramón Piñeiro", *Faro de Vigo*/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 27 marzo 2009, p. 28.

Comenta a elección de Ramón Piñeiro como homenaxeado no Día das Letras Galegas en 2009. Salienta a complexidade deste intelectual pola súa posición política e literaria e a súa creación do chamado "galeguismo da guerra fría". Subliña asemade a dirección ternaria lírica, humorística e fantástica na que o escritor enfocaba a súa produción literaria. Alude a continuación á creación conxunta con Ricardo Carballo Calero da Realidade Galega e describe brevemente a súa traxectoria política. Critica a falta de opinión pública sobre a figura do filósofo ante a proximidade do Día das Letras Galegas e conclúe coa mención do ensaio sobre Piñeiro, *Os anos escuros: a resistencia cultural dunha xeración* (2004), de X.L. Franco Frande, como a máis recente publicación sobre o piñeirismo.

Méndez Ferrín, X.L., "Sobre Ramón Piñeiro", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 608, 2 maio 2009, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 232, "No fondo dos espellos", 9 maio 2009, contracuberta.

Trata da figura de Ramón Piñeiro co gallo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas. Perfila a súa traxectoria vital a partir da súa concepción do galeguismo e do seu compromiso político. Destaca algúns dos seus ensaios filosóficos como *Significado metafísico da Saudade* (1951) ou *Por unha filosofía da Saudade* (1952), á par do seu nacionalismo radical. Explica asemade o concepto de "piñeirismo" ou "práctica da apraxia" desenvolvido polo filósofo e algunhas das súas contradicións ao longo da súa vida no que atinxe á política. Conclúe mostrando o seu desacordo cun comentario dun membro do BNG.

Méndez Ferrín, X.L., "Para unha biografía política de Ramón Piñeiro", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 607, 9 maio 2009, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 233, "No fondo dos espellos", 16 maio 2009, contracuberta.

Incide na traxectoria política e persoal de Ramón Piñeiro co motivo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas. Comeza coa mención da presenza do intelectual na asembela da Federación de Mocedades Galeguistas ou Nacionalistas e continúa co seu liderado do chamado movemento do "reconto". Sinala despois as súas viaxes a Francia e Madrid, onde se vinculou á Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas, xunto á súa condena en 1947 até 1950, momento en que promoveu a creación da editorial Galaxia. Subliña a aparición da *Revista de Economía de Galicia*, dirixida por Xaime Illa Couto, na que interveu ideoloxicamente; a súa acción contra o Consello da Mocedade; a súa actividade durante o período da Transición ou Reforma; a súa promoción do "Manifesto dos 29" en 1977; a súa filiación no PSOE e o feito de ter sido o primeiro presidente do Consello da Cultura Galega e, finalmente, a concesión da Medalla de Castelao e a creación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Méndez Ferrín, X.L., "Revoldaina piñeirá", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 608, "No fondo dos espellos", p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 234, "No fondo dos espellos", 23 maio 2009, contracuberta.

Salienta a figura do intelectual Ramón Piñeiro co gallo do Día das Letras Galegas. Tras apuntar a súa particular socioloxía, os trazos líricos, humorísticos e fantásticos presentes na súa produción literaria e a súa teoría política e da linguaxe, sinala, en catro epígrafes titulados "Piñeiro e o PSOE", "Educador das xeracións literarias de posguerra", "Piñeiro e a UPG" e "Nin Collins nin Piñeiro", como Ramón Piñeiro callou fondamente na literatura galega a través do seu pensamento e filosofía. No primeiro deles critica a ausencia do PSOE nas celebracións do intelectual para despois pasar, no segundo, a salientar o seu labor de educador na Galicia da década de 1930 a 1940. No terceiro epígrafe desenvolve as achegas do filósofo á clandestina Unión do Pobo Galego (UPG) e, finalmente, no cuarto, destaca a novela *Retorno a Tagen Ata* (1971), desmentindo o feito de que un dos personaxes se semellase a Piñeiro.

Méndez Ferrín, X.L., "Agás", *La Opinión*, "Opinión", "Segunda Feira", 25 maio 2009, p. 13.

Sinala a manifestación en favor da lingua galega organizada por Correlingua en Vigo e a da Mesa pola Normalización Lingüística en Santiago de Compostela, xunto á designación anual por parte da Academia Galega da figura a ser homenaxeada no Día das Letras Galegas, que este ano foi Ramón Piñeiro, "personalidade complexa e central" da que se celebrará un congreso ao finalizar o ano.

Méndez Ferrín, X.L., "Falar verdade sobre Ramón Piñeiro", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", p. 14/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda Feira", 22 xuño 2009, p. 11.

Dá a súa opinión sobre o Día das Letras Galegas de 2009, dedicado a Ramón Piñeiro. Salienta primeiramente a Lei de Normalización Lingüística proposta por Camilo Nogueira, deputado do POG e non por Ramón Piñeiro, para despois continuar coa mención deste último no seu posto de Delegado de Goberno e presidente da Academia Galega. A seguir sinala os partidarios de Piñeiro, Carlos Casares, Benxamín Casal e Alfredo Conde, no seu voto de expulsión dalgúns dos membros do Bloque. Recomenda despois a reflexión de X. L. Axeitos, pendente de publicación na revista *Trabe de Ouro* e sinala o congreso sobre a figura de Piñeiro pronto a ser organizado pola Academia Galega.

Méndez Ferrín, X. L., "Esquecementos e memorias", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", p. 27/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 9 outubro 2009, p. 28.

Fálase sobre o feito de que no referente á promulgación da Lei de Normalización Lingüística, os defensores de Ramón Piñeiro (autor homenaxeado o Día das Letras Galegas de 2009) seguen sostendo que el foi o pai de dita lei. Tamén se fala sobre o ocorrido con Domingo García Sabell, amigo de Piñeiro e presidente da Real Academia Galega naquel entón, cando recorreu contra dita lei por considerala contraria á Constitución Española e excesivamente favorábel á lingua galega e actualmente contrario a que Alberte Núñez Feijoo a derogue.

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Fin de 'Vieiros", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 257, "No fondo dos espellos", 7 novembro 2009, contracuberta.

Ilustra e describe que nos dous derradeiros números de *Vieiros*, correspondentes aos anos 1965 e 1968, recollían as accións de moitos movementos e accións políticas e sociais como o nacemento do Consello da Mocidade, da Unión do Pobo Galego, do Movemento Universitario, da construción da presa de Castrelo de Miño e as protestas contra Fenosa. Tamén se refire ás figuras de Ramón Piñeiro e de Celso Emilio Ferreiro en relación con estes feitos.

Naveiro, Juan Carlos F., "Piñeirismo", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 12 maio 2009, p. 5.

Fala do significado do termo cultura para o intelectual Ramón Piñeiro homenaxeado no Día das Letras Galegas e o valor que lle daba ao eido político. Salienta o humanismo existencial presente na súa produción literaria e no seu pensamento e conclúe cun

comentario de Suso de Toro ao respecto do papel que Ramón Piñeiro levou a cabo na identidade galega.

Neira Vilas, Xosé, "Cartas de Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 17 maio 2009, p. 2.

Trata a figura de Ramón Piñeiro, a partir das cartas que este lle enviou entre 1960 e 1990, vinte e sete en total, pendentes de publicación nun volume editado por Galaxia. Destaca a escasa produción literaria do filósofo e sinala a Galicia, volumes publicados en Galaxia, *Grial, Revista de Economía de Galicia* e a colección Illa Nova como temas fundamentais destas cartas. Salienta unha carta de 1983 e conclúe coa mención do inicio da súa amizade.

Nogueira, Camilo, "A propósito de Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 maio 2009, p. 9.

Comeza por aclarar a súa autoría da proposta de 1981 da Lei de Normalización Lingüística, atribuída a Ramón Piñeiro e a súa aprobación en 1983, tomando o *Diario de Sesións* como referencia. Sinala asemade as Leis de Símbolos de Galiza e do Valedor do Pobo e a defensa dun Estatuto de Nacionalidade en 1977. Comenta a súa amizade con Piñeiro e indica o seu desacordo coa visión que actualmente se lla dá ao filósofo sobre o seu labor político e conclúe cunhas palabras contidas na devandita Lei.

Ocampo, Carlos, "O descubridor da saudade", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 922, "Día das Letras Galegas", 6 maio 2009, p. 4.

Achega primeiramente algúns datos biográficos sobre Ramón Piñeiro, homenaxeado no Día das Letras Galegas, como o seu nomeamento como presidente do Consello da Cultura Galega en 1983, a fundación da Mocidade Galeguista, o seu período de secretario do comité provincial do partido Galeguista ou a súa estadía no cárcere durante tres anos. Nun epígrafe intitulado "O galeguismo", comenta a fundación da editorial Galaxia, a publicación do seu *Significado metafísico da saudade* (1951), o seu ingreso en 1967 na Real Academia Galega e o seu labor como deputado no PSdG. Nun á parte titulado "Actividades", ofrece algúns datos de interese sobre a figura do escritor e sobre a Lei de Normalización Lingüística e noutro á parte, "Liñas mestras do seu concepto de Galicia e o galeguismo", destaca o seu volume *Filosofía da saudade* (1984), xunto a unha definición do concepto de saudade e a lingua e identidade galegas como as súas meirandes preocupacións.

Parga, Grial, "O país soñado por un gafapasta", *El Progreso*, "*Especial Día das Letras Galegas 2009*. *Ramón Piñeiro*", 17 maio 2009, p. 52.

Cualifícase de controvertida a figura de Ramón Piñeiro como homenaxeado no Día das Letras Galegas e discrépase sobre este feito. A seguir faise unha análise sobre a achega que o lancarés fixo dende a súa mesa camilla na rúa Xelmírez en Santiago de Compostela. En analoxía coa actual era da internet, considérase que pretendía construír

unha conciencia colectiva popularizando a cultura e a súa filosofía política.

Pavón, Lalo, "Liberdade", *La Región*, "Ourense", "La fragua", 17 maio 2009, p. 8.

Salienta o labor galeguista de Ramón Piñeiro e a súa entrada no Parlamento galego coa súa defensa da Lei de Normalización Lingüística. Nun epígrafe intitulado "Retroceso progresivo" destaca o desinterese político pola lingua galega e a batalla contra o nacionalismo radical español. Co epígrafe "Normas obligadas" pon de manifesto unha necesaria regulamentación para a lingua galega.

Paz Rodríguez, José, "A sombra de Piñeiro é alargada", *La Región*, "Opinión", 11 xuño 2009, p. 26.

Comenta os criterios de selección do homenaxeado ou homenaxeada no Día das Letras Galegas por parte da Academia Galega. Sinala a creación da "Realidade Galega" a mans de Ramón Piñeiro, figura rememorada neste ano, xunto ao nomeamento do novo dirixente de Política Lingüística, o cal critica ao respecto da normativa lingüística. Menciona asemade o seu encontro con Piñeiro na cidade compostelá en 1982, antes de ser elixido presidente do Consello da Cultura Galega e critica fortemente a súa participación na promoción da Lei de Normalización Lingüística.

Pena, Xosé Ramón, "Polas encrucilladas da República no exilio", *Faro de Vigo,* "Sociedad", "A verdade sobre o caso Ramón Piñeiro (II)", 10 agosto 2009, p. 26.

Céntrase na viaxe a Francia que realiza Ramón Piñeiro con outros galeguistas para tentar falar coas institucións que representaban a lexitimidade democrática e republicana e restaurar así a República. Ademais indícase que outro dos obxectivos de Piñeiro era alcanzar un posto como ministro no goberno republicano para Daniel Rodríguez Castelao unha vez que o goberno republicano no exterior, presidido por José Giral, fose trasladado a París. Reprodúcense logo unhas palabras de Castelao onde desmente este feito e aclara que foron as xestións dos galegos do exilio os que o conseguiron. Tamén se indica que, por informacións dos compañeiros vascos cos que Piñeiro se relacionaba, a verdadeira intención deste era ser el o ministro da República e por estes feitos prodúcese logo a separación entre galeguismo interior e exterior. Por último sinálase que o día en que Castelao foi incluído no goberno de Giral, Piñeiro xa retornara a España sen agardar por el, feito que lle produciu un gran desgusto a Castelao.

Pena, Xosé Ramón, "Piñeiro contra Castelao", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "A verdade sobre o caso Ramón Piñeiro (III)", 11 agosto 2009, p. 34.

Coméntase como se desenvolveron as relacións entre o galeguismo exterior e interior entre 1945 e 1950, as cales, segundo se di, foron especialmente tensas. Dise que Castelao, fiel sempre á legalidade republicana denuncia que Piñeiro e os seus seguidores optaron por apoiar unha estratexia política que pretendía alcanzar un pacto cos monárquicos de don Juan de Borbón. Infórmase tamén do papel xogado por Xoán Xosé Pla, o cal parecía manter unha relación a varias bandas con todas as opcións

republicanas, e da súa mala relación con Castelao, cuxa animadversión era recíproca. Fálase logo da detención de Piñeiro en Madrid e da falta de datos concretos sobre a mesma como as acusacións que contra el se fixeron, quen foi o avogado defensor, cal era o contido da sentenza e en xeral todo o sumario da detención. Dise que non sufriu torturas por parte da policía franquista grazas ás xestións dos vascos diante da embaixada norteamericana. Por último sinálase que o papel xogado polas potencias occidentais foi nulo xa que non fixeron nada contra os franquistas e iso deixou o camiño aberto para que estes rematasen coa legalidade republicana.

Pena, Xosé Ramón, "A verdade sobre o caso Piñeiro", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 247, "Historia do galeguismo", 5 setembro 2009, pp. 6-7.

Fálase neste extenso artigo sobre como se desenvolveron realmente as relacións entre os galeguistas do interior, con Ramón Piñeiro á fronte, e os do exterior, con Daniel Rodríguez Castelao á cabeza. Téntase demostrar como hai moitas incoherencias respecto a encontros realizados (Castelao e Piñeiro en París), a detención de Piñeiro en Madrid, o papel dalgúns galeguistas como Xoán Xosé Pla que pareceron moverse entre as dúas opcións ou o verdadeiro obxectivo de Piñeiro cando propón a Castelao como ministro da República no exterior dentro do goberno de Giral. Coméntase tamén de como foron as relacións coas potencias occidentais nos momentos en que se producía a Segunda Guerra Mundial e como estas practicamente se desentenderon do que ocorría co caso español, deixando sós aos republicanos fronte ao poder franquista. Tamén se incide en que un dos obxectivos políticos de Piñeiro e os seus seguidores era realmente o apoio á monarquía de don Juan de Borbón, algo que o galeguismo exterior nunca aceptou.

Reigosa, Carlos G., "Un santo laico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.138, "Artigos", "Piñeiro de cerca", "Letras galegas 2009", "Vagalume", 16 maio 2009, p. 11.

Trae á memoria a figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado no Día das Letras Galegas en 2009, a partir da súa amizade con el. Enxalza a súa personalidade e comenta a súa visión política. Destaca a súa faceta de "conversador confidencial" e sinala os seus desacordos con Valentín Paz Andrade, Celso Emilio Ferreiro ou X.L. Méndez Ferrín. Conclúe coa definición de Piñeiro como un "estratego galeguista".

Rey, Teresa, "Carta a Ramón Piñeiro", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Gente", "Cousas cativas", 17 maio 2009, p. 8.

Dedica unhas palabras en forma de epístola á figura de Ramón Piñeiro co gallo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas en 2009. Sinala probelmas actuais en Galicia como a modificación do Estatuto de Autonomía ou a loita lingüística e menciona a súa defensa da Lei de Normalización Lingüística en 1983. Conclúe cunha alusión á saudade da súa persoa.

Rielo, Pedro, "Piñeiro, entre a invisibilidade e o futuro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempus fugit", 15 maio 2009, p. 4.

Trae á memoria a figura de Ramón Piñeiro co gallo da celebración da súa obra no Día das Letras Galegas en 2009. Subliña a falta de atención sobre a súa filosofía e menciona *Olladas no futuro* (1974), editado por Galaxia, que recolle algúns dos traballos do intelectual a partir dunha liña temática centrada na súa preocupación pola lingua galega.

Rivas, Manuel, "Que ben coxea o galego!", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, p. 3.

Critica a situación da lingua galega a partir da figura de Ramón Piñeiro na súa homenaxe no Día das Letras Galegas. Comeza cun conto popular sobre a envexa para amosar a penosa situación lingüística en Galicia, principiada en 1936 co falido primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia. Reproba asemade a pretensión de derogar a cooficialidade das linguas no ensino e chama a atención sobre o "conflito lingüístico" galego. Menciona a iniciativa de Correlingua, a proposta de creación do Día das Letras Galegas de Fernández del Riego e finalmente, enxalza a figura deste último e mais a de Piñeiro como supervivintes da súa época.

Rodríguez, Carlos Luís, "Piñeiro y las dos Galicias", *El Correo Gallego*, "Opinión", "A bordo", 16 maio 2009, p. 2.

A partir do volume *El factor humano* (2009), de John Carlin, opina sobre o proceso democrático galego, estabelecendo unha comparación entre Nelson Mandela e Ramón Piñeiro, homenaxeado no Día das Letras Galegas. Salienta así o galeguismo do filósofo e os detractores que lle carrexou, até o punto de convertelo nun "traidor" para o nacionalismo da época. Sinala o volume de X. L. Méndez Ferrín, *Retorno a Tagen Ata* (1971), coa fin de destacar a similitude entre Piñeiro e un dos personaxes da novela. Indica, finalmente, a falta de continuadores da ideoloxía do intelectual.

Rodríguez Caamaño, Agustín, "Ramón Piñeiro López", *La Opinión*, "Opinión", "Arredor de nós", 18 maio 2009, p. 12.

Tras apuntar os comezos da súa amizade co intelectual Ramón Piñeiro, a través de Manolo Caamaño Suárez e Lois Sánchez Tabarés, menciona a campaña de concienciación da Mocedade Galega de Barcelona, da que formaba parte, por medio de misivas. Sinala despois o seu labor galeguista á saída do cárcere en 1950 e lembra algunhas das súas reflexións como *Significado metafísico da Saudade* (1951), *Olladas no futuro* (1974), *Pra unha filosofía da Saudade* (1953), *Da miña acordanza* (2002) e *A linguaxe e as linguas* (1967). Menciona asemade a súa defensa da Lei de Normalización Lingüística en 1983 e conclúe coa reprodución de parte dunha charla do filósofo sobre a situación lingüística da escola na súa época.

Rodríguez Polo, Xosé R., "Reactivar Galicia", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 233, "Letras Galegas", 16 maio 2009, p.2.

Menciona primeiramente o liderado de Ramón Piñeiro ao fronte do Partido Galeguista e a súa saída do cárcere en 1949, para despois destacar a creación da editorial Galaxia en 1950, a través da cal podía eludir o control ditatorial. Céntrase a continuación nos cinco eixes constituíntes da estratexia política do intelectual, a saber, a produción da antedita editorial, a creación do Padroado Rosalía de Castro, a reactivación do Seminario de Estudos Galegos e a recuperación da Real Academia Galega, a promoción de persoeiros galeguistas, a campaña de galeguización e a falta de adscrición partidista do seu galeguismo. Nun epígrafe á parte intitulado "Esa humilde e silenciosa chuvia" destaca esa estratexia como punto basal do recoñecemento político galego.

Rubia, Xoán, "Ramón Piñeiro na lembranza", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miradas poliédricas", 13 setembro 2009, p. 20.

Fálase sobre a exposición "Ramón Piñeiro na lembranza" que o artista gráfico Siro dedica o seu amigo Ramón Piñeiro, autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2009, e que estivo exposta na cidade da Coruña e logo segue outro itinerario polas cidades galegas. Dise que se compón de retratos, caricaturas e figuracións que reflicten con humorismo a personalidade do galeguista co que o artista mantivo unha estreita relación persoal dende 1971. Danse os parabéns aos organizadores da exposición porque grazas a ela dáse a coñecer moito mellor unha figura clave do galeguismo que aínda está sen reivindicar.

Sánchez Presedo, Antolín, "Ramón Piñeiro e a táboa redonda", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Tribuna libre", 16 maio 2009, p. 76.

Céntrase nos temas da saudade e da transcendencia na traxectoria literaria de Ramón Piñeiro con motivo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas. Menciona en primeiro lugar a súa reflexión *Filosofía da saudade* (1984), para despois salientar o seu labor de dirección da revista *Grial*. Compara a súa figura coa que deu protagonismo á lenda artúrica e conclúe coa súa adscrición no socialismo galego.

Silvosa, Arcadio, "Homenaje a un 'campesino ilustrado", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 maio 2009, p. 3.

Informa da homenaxe lucense a Ramón Piñeiro no Día das Letras Galegas. A partir do comentario do académico e historiador Ramón Villares sobre o filósofo, salienta a visita á Casa do Concello do municipio lancarán do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo. Indica asemade a loanza que Villares lle dedicou ao intelectual, subliñando a súa presidencia do Consello da Cultura Galega e o seu carácter de "campesiño ilustrado".

Toro, Suso de, "Fracaso de Ramón Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 27 marzo 2009, p. 9.

Comenta en primeiro lugar o feito de ter sido el quen lle realizara a derradeira entrevista ao intelectual galeguista Ramón Piñeiro, coa subsecuente publicación no volume *Camilo Nogueira e outras voces. Unha memoria da esquerda nacionalista* (1991).

Enxalza, xa por último, a actitude vital e política do filósofo, salientando a súa adscrición ao galeguismo.

Toro, Suso de, "La fuente de nuestra memoria", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 5 xullo 2009, p. 3.

Primeiro fálase sobre a desmemoria histórica que se observa na sociedade española dende a chegada da democracia e danse os nomes concretos de algúns políticos e partidos que caeron no esquecemento colectivo. Logo céntrase na figura de Ramón Piñeiro, que é lembrado no ano 2009 por ser o autor homenaxeado o Día das Letras Galegas, e indícase que con el se crea a figura do "galeguista profesional" que dende as institucións serve para avalar o poder. Dise que o piñeirismo lle atribúe múltiples logros dentro do galeguismo, como a consecución da Lei de Normalización Lingüística, para enxalzar a súa figura mesmo sen ser certo.

Vázquez, Benxamín, "O clan piñeirista", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Simplemente memoria", 6 maio 2009, p. 4.

Comenta brevemente a figura de Ramón Piñeiro ante a proximidade da súa homenaxe no Día das Letras Galegas. Destaca a estratexia intrínseca do "filósofo da saudade" e sinala a súa amizade naquela época.

Vázquez, Benxamín, "Compostela e Ramón Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Simplemente memoria", 2 setembro 2009, p. 4.

Lémbrase a importancia que tivo para o galeguismo de posguerra a acción levada a cabo por Ramón Piñeiro ao redor da mesa de braseiro que tiña na súa casa de Compostela. Sinálase que alí tiñan lugar múltiples encontros con compañeiros de calquera signo: intelectuais non tolerados polo réxime franquista, fosen de esquerdas ou de dereitas; demócratas mozos e vellos ou conspiradores contra o réxime. Dise que alí mantiña conversas e reflexións con todos eles sobre a cultura galega, con respecto e tolerancia, sempre en galego sen tentar vencer á forza a alguén. Finalmente faise unha pequena crítica ao actual goberno da Xunta de Galicia pola desprotección en que deixa ao idioma galego.

Vidal Villaverde, Manuel, "Máis alá das luces e das sombras", *Atlántico Diario*, "Opinión", 16 xuño 2009, p. 21.

Leva a cabo unha crítica da figura de Ramón Piñeiro ao respecto da súa homenaxe no Día das Letras Galegas en 2009. Menciona o seu posto de deputado do PSOE e a súa pretensión galeguizadora, xunto ao apadriñamento de Manuel Fraga Iribarne ao respecto do Instituto Ramón Piñeiro. Comenta a seguir a aprobación do Decreto de Normalización Lingüística en Galicia e a polémica que está a causar na actualidade.

Vidal Villaverde, Manuel, "Consulta, enquisa e disparate", *Galicia Hoxe*, "Opinión",

"Fai fume", 29 xullo 2009, p. 4.

Trátase dunha dura crítica á política lingüística da Xunta de Galicia que preside Alberto Núñez Feijoo, baseada nas consultas e enquisas realizadas aos pais nos colexios galegos. Dise que é inaceptábel que o presidente basee o seu discurso utilizando as palabras que empregaba Ramón Piñeiro para falar de "galeguismo cordial" e invocando a Castelao na ofrenda que se lle fixo en San Domingos de Bonaval. Indícase que o descoñecemento do ideario do autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2009 por parte do presidente así como do Conselleiro de Educación é evidente.

Villalaín, Damián, "Piñeiro, Feixoo e o galeguismo", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Galiza", "Tribuna", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 6.

Despois de aclarar o que significou para Ramón Piñeiro o termo galeguismo, como unha vocación integradora de acoller os modos máis plurais de entender Galicia, faise unha crítica moi clara da apropiación deste termo polo presidente da Xunta de Galicia, Alberte Núñez Feijoo, para xustificar a súa política. Dise que respecto aos dous puntos claves do galeguismo piñeirista, autogoberno e defensa da lingua galega, estes non constitúen os puntos fortes da súa traxectoria política. Critícase sobre todo a constante referencia a Ramón Piñeiro por parte de Feijoo para xustificar a súa política respecto a Galicia.

Villar Janeiro, Helena, "Doutra angueira de Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 22 maio 2009, p. 3.

Comenta a súa relación profesional con Ramón Piñeiro co gallo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas. Opina sobre o seu caso persoal nas oposicións a inspectora de educación, animada polo filósofo.

X. C., "Unha vida adicada a Galicia", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "*Bule Bule: 17 de maio: Día das LETRAS GALEGAS*", 14-20 maio 2009, pp. 2-3.

Apunta primeiramente a traxectoria vital e política do homenaxeado Ramón Piñeiro para despois salientar a súa fundación da editorial Galaxia e a súa andaina a partir de 1960. Destaca asemade o seu labor como deputado independente no seo do PSdG-PSOE e a súa importante participación na restauración da Real Academia Galega. Conclúe coa mención do seu posto de presidente do Consello da Cultura Galega. Acompañan o artigo unhas fotografías sobre o filósofo xunto a persoeiros importantes da súa época.

Xornal de Galicia, "Apoio ao galego", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Editorial", 17 maio 2009, p. 3.

Con motivo do Día das Letras Galegas, dedicado a Ramón Piñeiro, apunta primeiramente as orixes da celebración en 1963 para despois comentar os actos organizados para festexar o día no presente ano. Subliña, entre eles, a manifestación na cidade compostelá en defensa da lingua galega, convocada pola Mesa pola

Normalización Lingüística. Critica a seguir a política lingüística do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, quen cuestiona o artigo correspondente no Estatuto de Autonomía. Salienta a proposta da Lei de Normalización Lingüística de 1983, de Xerardo Fernández Albor, xunto ao Plan de Normalización Lingüística de 2004. Conclúe co comentario de Xesús Palmou, anterior secretario do PP, sobre Galicia e o galego.

IV.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Baena, Ana, "O carácter político e o cultural de Piñeiro son inseparabels", *Atlántico Diario*, "Vigo", 12 maio 2009, p. 9.

Conversa con Carlos Fernández, profesor de Filosofía, membro do consello de redacción da revista *Grial* e director dos Encontros de Mondariz-Balneario da Fundación Carlos Casares e autor, entre outras obras, de *De Vicente Risco a Ramón Piñeiro* (2000), con motivo da súa conferencia "Ramón Piñeiro na historia de Galicia". Recolle que afirmou que non se entendería a cultura galega sen Ramón Piñeiro, xa que nos anos cincuenta, cando a cultura galega "foi esnaquizada polo franquismo", Piñeiro e os "uns poucos colaboradores" xogáronse "a súa liberdade, reconstruíu un legado, transmitíndoo ata a nosa xeración e conectándoo coas correntes europeas". Comenta ademais como o de Láncara conseguiu separar o galeguismo da política e afirma que se alguén merece ser homenaxeado é el, xa que "polo seu despacho pasaron as iniciativas dos primeiros discos en galego, a recuperación da Academia da Lingua, a Lei de Normalización, o Estatuto de Autonomía e o propio Día das Letras Galegas".

Barro, Pablo, "Fixo posíbel que o galeguismo non morrese", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 6.

Entrevista ao daquela presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, quen fala, entre outras cousas, da trascendencia que ten o Día das Letras Galegas, que este ano se lle dedica a Ramón Piñeiro. Del sinala que hai que distinguir "varios Piñeiros": "o defensor do idioma", "o educador" e "prospectivo político indiscutíbel".

Barro Rey, Pablo, "Fixo posibel que o galeguismo siga vivo", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 14 maio 2009, p. 45.

Realiza unha breve entrevista ao presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, quen afirma que Ramón Piñeiro fixo posíbel que o galeguismo, a lingua e a idea de Galicia non morresen. Tamén valora a situación actual do galego e a importancia do Día das Letras. Ademais explica por qué escolleron a Piñeiro como o homenaxeado este ano e, finalmente, afirma que dentro de cinco meses abandonará a presidencia da RAG e que deixa a institución moito mellor do que estaba.

Carrera, Rosé, "Piñeiro sentou as bases para o futuro", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 10/"Foi o grande animador da Transición", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 14.

Entrevista ao escritor Xosé Luís Franco Grande, amigo de Ramón Piñeiro na que apunta que son moitas as lembranzas que garda do filósofo, pois a relación foi case diaria durante cinco anos que viviron na mesma rúa Xelmírez. Comenta que o da "mesa camilla" é "unha anécdota illada" pois Piñeiro o que trataba era de influír na xente en "momentos moi difíciles" para garantir unha mocidade intelectual. Sobre as críticas pola

súa postura política pensa que foi unha figura maltratada. Nun á parte, Franco Grande sinala ademais que Piñeiro foi quen de transformar a Real Academia Galega "facéndoa útil" e que ademais propiciou o nacemento da Fundación Penzol.

Castiñeira, Francisco X., "Este país non pode esquecer o labor cultural de Piñeiro", *Diario de Arousa,* "*Día das Letras Galegas. Ramón Piñeiro*", pp. 38-39 /"Xosé Ramón Piñeiro: Piñeiro serviu de ponte entre aquela xeración e as novas", *Diario de Ferrol,* "Especial. Día das Letras Galegas", pp. 36-38/"Este país non pode esquecer o labor cultural de Piñeiro", *El Ideal Gallego,* "*Día das Letras Galega*s", 17 maio 2009, pp. 38-39.

Entrevista a Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, na que argumenta porque foi elixido Ramón Piñeiro para lle dedicar o día das Letras Galegas 2009. Afirma que aínda que só escribise unha obra sería "difícil que non tivera o mérito" de ser o homenaxeado. Considera ademais que esa xeración que el "espertou ao galeguismo" non se revelou posteriormente, senón que "tomou un camiño que non coincidía co que trazaba Piñeiro". Ademais, sinala que algunhas das súas "meteduras de pata" foron as opcións que tomou ao entrar na democracia, ao ter como obxectivo galeguizar os partidos políticos e non reconstituír o Partido Galeguista ou crear outro novo. Sobre a posición de Piñeiro na loita interna contra o franquismo, sinala que manter o partido era unha cousa "máis que heroica" e que a ausencia dunha actividade nacionalista explica a aparición nos anos 60 da UPG e do PSG. Indica que para manter o galeguismo vivo durante a ditadura ficaron "acantoados na cultura" coa revista Grial e a editorial Galaxia, que vían na publicación de obra "a permanencia dunha xeración". Nun á parte, reflexiona sobre a figura polémica de Piñeiro.

F. D., "Crear cultura, imaxinar país", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 16/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 9.

Conversa con Ramón Villares, actual presidente do Consello da Cultura Galega, quen comenta, entre outras cousas, cal foi o legado e a repercusión que Ramón Piñeiro deixou no Consello como primeiro presidente da institución. Ademais, opina sobre a cultura en Galicia e da súa evolución nos últimos anos.

Fernández, Carlos, "O galeguismo non é monopolio dun partido concreto", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.138, "LetrasGalegas2009", 16 maio 2009, pp. 2-3.

Reprodución dunha entrevista a Ramón Piñeiro, publicada en 1981, ano no que o homenaxeado do Día das Letras Galegas 2009 se presentaba como independente nas lista do PSOE ás primeiras eleccións autonómicas. Nela, rememora o referendo autonómico de 1936 e comenta o que supuxo para el o réxime de Franco tanto a nivel persoal como xeral. Por outro lado, sinala os probelmas de censura que sufriu a editorial Galaxia. Sobre o Partido Galeguista sinala que "hoxe non podería reproducirse aquel partido", pois afirma que, en 1981, era un "ideal común a todos", non é monopolio dun partido concreto. Entre outras cousas, opina ademais sobre o PSOE da época, a súa participación como independente nas eleccións e as seguintes eleccións ao Parlamento galego.

Giráldez, José Miguel A., "17 de maio. Entrevista inédita con Ramón Piñeiro", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Día das Letras Galegas", 17 maio 2009, pp. 1-3.

Reprodución parcial dunha entrevista inédita a Ramón Piñeiro, feita en Santiago de Compostela por Antonio Raúl de Toro nos ano oitenta e que foi transcrita por José Miguel A. Giráldez. Coméntase que unha das partes "máis importantes da conversa" refírese aos principais escritores da Xeración Nós, nas que Piñeiro opina sobre a revista Nós. Fálase ademais das impresións con abondoso detalle do escritor Otero Pedrayo e, en menor medida, de Vicente Risco. Alúdese ao exemplar do *Ulysses*, de James Joyce, do ano 1925, que tiña o de Trasalba na súa biblioteca.

González Iglesias, Sara, "Varela: Piñeiro teorizou a identidade galega", *La Región*, "Sociedad", p. 68/"A identidade galega existiu sempre pero el púxolle letra", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 14 maio 2009, pp. 44-45.

Conversa con Roberto Varela, conselleiro de Cultura, quen considera oportuno que se lle dedica a Ramón Piñeiro o Día das Letras Galegas. Sinala que só leu dúas obras do escritor de Láncara, *Filosofía da saudade* (1984) e *Galicia* (2002). Apunta que a Literatura galega "foi tradicionalmente un dos nosos fortes" e sinala que concibe a cultura galega como dúas, a que se fai en galego e a que se fai en Galicia. Ademais, di que "hai máis creación que consumo" e que este consumo se pretende incentivar coa proxección no estranxeiro, pero tamén "actuar nos incentivos de creación". Para rematar, afirma que Piñeiro era un galeguista (non nacionalista) "como son eu".

Losada, A., "Ramón Piñeiro foi un arquetipo de político nato", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 14 maio 2009, p. 44.

Nesta entrevista Miguel Barros, autor da primeira tese doutoral sobre Ramón Piñeiro, fala sobre o que queda hoxe en día do traballo realizado por Ramón Piñeiro. Afirma que se debería incorporar algunhas das ideas de Piñeiro ao espectro político de Galicia. Tamén explica os motivos polos que os membros do grupo Brais Pinto e outros seguidores acabaron renegando da súa figura.

Pena, Xosé Ramón, "Nin antes nin agora houbo iso que chaman piñeirismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 290, "Día das Letras Galegas Ramón Piñeiro, 2009", "Entrevista", 16 maio 2009, pp. IV-V.

Xosé Luís Franco Grande opina sobre a dedicatoria no día das Letras Galegas á figura de Ramón Piñeiro. Sobre a eiva de non ter moita obra publicada para comprender cal foi a súa achega e liñas de pensamento, di que se hai que fiar "dos libros serios que se están a escribir sobre el", que se publicarán na editorial Galaxia, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo 1934-1980* e o libro de Alonso Montero. Indica que para Piñeiro o nacionalismo era "unha cousa do século XIX e que rematou no XX" e que a súa teima era "galeguizar os partidos que operaban no país". Opina sobre as declaracións feitas por voces do panorama cultural galego que se mostraron moi críticas co homenaxeado.

Afirma que o anticomunismo de Piñeiro se debeu ás súas experiencias clandestinas e vividas no cárcere. Noutra orde de cousas, manifesta que ve unha clara conexión entre Manuel Murguía e Piñeiro, afirma que o seu legado está "absolutamente vivo" e apunta que era unha persoa estrita, "dialogante sempre, pero non a calquera prezo".

Pena, Xosé Ramón, "Ulm Roan é un personaxe de ficción, nunca busquei facer unha sátira de Ramón Piñeiro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 24 maio 2009, pp. 46-47/*La Opinión*, "Cultura", 31 maio 2009, pp. 72-73.

Comeza a entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín falando do personaxe de Ulm Roan, protagonista da súa novela *Retorno a Tagen Ata* (1971), que "certos analistas" quixeron ver en clara relación coa figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado co Día das Letras Galegas 2009. O escritor rememora o seu proceso de ruptura con Ramón Piñeiro e co chamado "piñeirismo" e sinala que el "liquidou os principios nacionalistas democráticos" nos que cría. Apunta que Piñeiro era un anticomunista "propio da Guerra Fría", e que chegou a acusar "de comunistas a persoas como Seoane ou Isaac Díaz Pardo". Sinala ademais que non cre que Piñeiro fora un axente da CIA pero si que "estaba abertamente nesa órbita". Noutra banda, sinala que alén de Galaxia había naquela época "máis galeguismo para alén de Piñeiro e dos seus". Alúdese ao "verdadeiro misterio" da detención e o encarceramento do escritor de Láncara, así como á súa entrada en democracia na candidatura do PSOE no Parlamento Galego. Noutra orde de cousas, considera que todo o pensamento filosófico de Piñeiro é unha "antigalla que produce hilaridade" e que a súa concepción da literatura galega é "reducionista, moi pobre". Apunta que Núñez Feijóo é hoxe o seu "máximo defensor", así como o Opus Dei e teólogos como Andrés Torres Queiruga. Para rematar, sinala que Piñeiro era "alguén dominado pola paixón do mando", ademais dun "sectario". Confesa, por último, que votou en contra para que non se lle dedicase o Día das Letras Galegas.

Silva, Raquel, "Construíndo a 'identidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Símbolos", 5 marzo 2009, p. 35.

Conversa con Víctor F. Freixanes, que se abre cunha lembranza á figura de Ramón Piñeiro, homenaxeado no Día das Letras Galegas e fundador da editorial Galaxia, que o entrevistado dirixe na actualidade. Salienta o papel que xogou o seu traballo na editorial, da que di que se creou como unha "plataforma de acción política". Apunta ademais que o selo vai homenaxear a Piñeiro en dúas liñas, unha de carácter editorial, coa recuperación e organización da súa obra, e outra, que é a preparación dunha exposición. Por outro lado, fálase da recente dixitalización dos fondos de Galaxia en Google e do papel que ten a editorial na difusión e conservación da cultura galega. Sinala que un "reto para o novo século" é a de estender a súa actividade fóra das nosas fronteiras. Para rematar, considera que a cultura galega "ou pacta co novo tempo ou non ten futuro".

Toro, Suso de, "Piñeiro nas súas verbas. O derradeiro autorretrato dun militante", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, pp. 6-7.

Trátase do extracto dunha das últimas entrevistas realizadas a Ramón Piñeiro, na que falaba da actividade política-cultural a partir dos anos 50, especialmente da editorial Galaxia. Apuntaba tamén as discrepancias políticas e as desacreditacións contra a súa persoa e contra a editorial. Por outro lado, opinábase sobre as contrarias liñas do galeguismo, sobre a creación do partido "Realidade Galega" para "axudar a resolver o probelma do Estatuto" e sobre a súa incorporación posterior ás listas no PSOE, xunto con Alfredo Conde, Benxamín Casal e Carlos Casares. Nun á parte, reprodúcese a carta inédita que Ramón Piñeiro escribiu dende a cadea, con data de 29 de maio de 1946.

IV.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Abelenda, Ana, "Coñece e celebra as túas letras", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 922, "Cultura", 6 maio 2009, p. 8.

Recolle a iniciativa da Fundación Caixa Galicia de ofrecer aos cativos un percorrido pola biblioteca de dita entidade, na que se recolle unha mostra bibliográfica de Ramón Piñeiro, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tamén recolle brevemente a historia deste sinalado día e as características da Biblioteca da Fundación Caixa Galicia, onde se desenvolverá o acontecemento.

A. C. V., "El IES, 'Gregorio Fernández' acoge hoy una charla sobre el Lancarés Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", 13 marzo 2009, p. 18.

Dá conta do primeiro acto organizado na comarca de Sarria a Ramón Piñeiro con motivo da homenaxe ao mesmo no Día das Letras Galegas. Sinálase que o acto consiste nunha conferencia a cargo da actriz María Inés Cuadrado, graduada na Escuela Nacional de Arte Dramático de Bos Aires, que acompañará a charla cunha escenificación.

A. C. V., "Láncara dedica un ciclo a la figura de Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", 27 abril 2009, p. 11.

Recolle a organización dunha semana temática dedicada a Ramón Piñeiro polo colexio ao que dá nome o intelectual lancarés. Sinala que os actos consistirán dende conferencias até proxeccións de vídeos ou actuacións musicais. Sinálase tamén a celebración dos actos organizados pola Real Academia Galega en Láncara para conmemorar o Día das Letras Galegas.

A. C. V., "El colegio lancarés dedica música, teatro y charlas a la figura de Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", 9 maio 2009, p. 26.

Recolle a programación prevista no colexio Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao (Láncara), dedicada ao intelectual que lle dá nome. Entre os actos destacan as charlas que efectuarán antigos profesores e directores do colexio o membro da Real Academia Xosé Luís Axeitos ou o catedrático Basilio Losada. Sinala tamén a actuación dun grupo de gaitas ou obradoiros de artesanía en pedra.

A D, "Do activismo político ao activismo cultural", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 5.

Recóllese a evolución do activismo de Ramón Piñeiro, primeiramente político e despois cultural. Menciona a súa participación no Partido Galeguista, así como na reconstrución

clandestina do mesmo despois da guerra civil. Sinala que a convicción da derrota a mans dos franquistas levouno a deixar a política e a ocuparse do eido cultural, fundando a editorial Galaxia e a colección "Grial", volvendo, xa na etapa democrática á política como deputado no parlamento galego polo Partido Socialista de Galicia.

A D, "Galaxia, unha luz no ceo da cultura", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 8.

Fai unha breve sinopse histórica de Ramón Piñeiro, na que subliña a importancia da súa figura ao fundar en 1950, xunto con Xaime Illa Couto e Francisco Fernández del Riego a editorial Galaxia, motor fundamental para a nosa recuperación cultural.

A D, "Institucións para defender a cultura galega", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 22.

Sinala as iniciativas que Ramón Piñeiro, xunto con outros ilustres galeguistas, promoveron para a defensa da cultura galega. Destaca entre elas a institucionalización do Día das Letras Galegas, o Patronato Rosalía de Castro ou a creación da Fundación Penzol.

A. D., "Bravo recuerda a Castelao para defender la promoción del idioma", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 10 xullo 2009, p. 17.

Dáse conta da inauguración dunha exposición sobre Ramón Piñeiro na casa da Cultura Salvador de Madariaga da Coruña, organizada pola editorial Galaxia en colaboración coa Xunta, o Consello da Cultura Galega e o Concello da Coruña. Dise que nela se pode ver e coñecer o intenso labor desenvolvido polo galeguista a través de diversos acontecementos da súa vida que o converten nun referente da cultura galega. Indícase que na exposición se combinan obxectos, cartas, documentos e imaxes varias así como unha reconstrución do seu despacho, como símbolo do espazo doméstico e reservado, no que se viu obrigado a crear o seu pensamento e cultura.

A. D., "Redescubriendo al filósofo de la saudade", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 11 xullo 2009, p. 15.

Descríbese o contido da exposición sobre Ramón Piñeiro que se pode ver na casa da Cultura Salvador de Madariaga da Coruña, na que se mesturan cartas persoais que intercambiaba con outros galeguistas, os obxectos de escritorio, datos fundamentais dos principais episodios vitais como a estadía en prisión e mesmo unha reprodución do seu despacho. Dise que a súa traxectoria se reflicte ao longo de varios paneis que esquematizan as etapas máis importantes e que isto se completa con varios documentos fotográficos e audiovisuais.

A. L., "Catorce charlas resumen o ano de Ramón Piñeiro no Consello da Cultura Galega", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 18 novembro 2009, p. 35.

Infórmase de que o presidente da Real Academia Galega presentou o congreso "Ramón Piñeiro e galeguismo" onde indicou que nel participarán Miguel Barros, Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo e que en conxunto contará con catorce conferencias en tres días.

Alonso Girgado, Luís, "Convencer para vencer", *Diario de Arousa*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 36/*Diario de Ferrol*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", p. 34/*El Ideal Gallego*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 36, 17 maio 2009.

Reflíctese a vontade de Ramón Piñeiro de empregar o seu poder de convicción para captar militantes para o movemento galeguista. Sinálanse así mesmo algúns dos feitos máis destacados da súa vida como foi a creación da editorial Galaxia. Complétase o artigo cunhas notas biográficas na marxe esquerda e coa reprodución no pé da páxina do artigo "Castelao, inmensa forza dun símbolo inmortal" do propio Ramón Piñeiro e publicado n'*A Nosa Terra* en 1975.

Alonso Montero, Xesús, "Ramón Piñeiro, gran epistológrafo do S. XX", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 314, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 23 maio 2009, p. 12.

Sinálase a importancia de Ramón Piñeiro e a súa correspondencia con personaxes importantes como Rodrigues Lapa, Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo ou Celestino Fernández de la Vega. Comenta as respostas dos correspondentes de Piñeiro, que gababan os escritos do autor lancarés.

A N T, "Sabías que Ramón Piñeiro...", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "Bulebule. 17 de maio: Día das Letras Galegas", 14-20 maio 2009, p. 28.

Unhas breves notas biográficas de Ramón Piñeiro acompáñanse dun texto da súa autoría intitulado "Galeguismo" que pertence á obra *Olladas no futuro* (1974).

A. R., "Na batalla cultural", *O Sil*, "*Especial Letras Galegas 2009*", "Homenaxeado 2009", maio 2009, p. 7.

Refírese á fundación da editorial Galaxia o 25 de xullo de 1950 no Hotel Compostela, que nese día non contou coa presenza de Ramón Piñeiro por estar convalencente dunha operación. Cítanse as palabras do escritor, recollidas no libro *Unha ducia de galegos* (1982), por Víctor Freixanes, sobre esta etapa de axuda ao desenvolvemento do Proxecto Galaxia e que supuxo tamén a posta en marcha doutras iniciativas como a colección "Grial". Nun á parte, coméntase tamén a participación de Piñeiro na creación en 1983 do Consello da Cultura Galega, institución da que foi o seu primeiro presidente.

A. R., "Edición de cartas inéditas", *O Sil*, "*Especial Letras Galegas 2009*", "Homenaxeado 2009", maio 2009, p. 8.

Sinálase o nacemento o 11 de febreiro de 1993 do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro (que catro anos despois mudou por Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades), que nacía "para promover e desenvolver proxectos e programas galegos de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos e da súa difusión". Dá conta das actividades que o Centro realizará para homenaxear ao autor que lle dá nome, entre as que destaca a exposición itinerante "Ramón Piñeiro na lembranza. Pinturas e debuxos de Siro", a edición de diversas publicacións con correspondencia inédita e a reedición das cartas de Piñeiro a Ricardo Caballo Calero, entre outras.

Baamonde, Antón, "O cárcere e a saudade", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, p. 12.

Faise un percorrido pola vida de Ramón Piñeiro, dende que ingresou no galeguismo con dezaseis anos até que en 1946 foi detido en Madrid, ingresando no cárcere tres anos. Sinálase que a experiencia carcelaria, en boca do propio Piñeiro é o que o levou a interesarse polo tema da saudade, que elevaría a "metáfora de Galicia", como afirmación da diferenza galega. A través da editorial Galaxia e da colección "Grial", creadas polo propio Piñeiro, sacou á luz a súa filosofía do sentimento e achegou a Galicia o mellor da filosofía alemá, cousa que o franquismo tratou de evitar inutilmente.

Baamonde, Antón, "Ramón Piñeiro reconsiderado", *El Progreso*, "*Especial Día das Letras Galegas 2009*. *Ramón Piñeiro*", 17 maio 2009, p. 53.

Sinálase a importancia que tivo que Ramón Piñeiro e outros galeguistas reestruturasen a loita interior como unha loita cultural, mantendo así unha actividade legal dentro do que se cría ía ser un longo período ditatorial. No apartado "Exilio" faise referencia á importancia de Piñeiro á hora de que Daniel Rodríguez Castelao representase a Galicia no goberno republicano no exilio. Tamén se subliña a inxustiza dos novos nacionalistas dos anos setenta, os cales non entendían a actitude de Piñeiro. No derradeiro apartado, "Política", sinálase os esforzos piñeiristas xa na democracia por rehabilitar o país, como a creación de realidade galega ou o fracasado intento da creación de forzas políticas propias.

Bande, Enrique, "O galeguismo de Piñeiro ou o 'Piñeirismo", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 20/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 16.

Faise un repaso pola vida de Ramón Piñeiro centrado fundamentalmente na súa actividade cultural e política. Repara na nova orientación que o de Láncara lle quixo dar ao galeguismo a partir de 1950, contexto no que tamén nace a editorial Galaxia para "darlle cobertura legal ó galeguismo", e que se completou coa revista *Grial*. Nese mesmo ano sinálase que Piñeiro publicou o primeiro dos ensaios sobre a saudade e coméntase como proseguiu en democracia o seu labor político.

Barros Puente, Miguel, "Os probelmas do nacionalismo", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 6-7.

Comenta a faceta política de Ramón Piñeiro, que naceu na etapa en que o nacionalismo cultural se "transformaba en nacionalismo político". A seguir, contextualiza os anos da creación do Partido Galeguista (1931) e a reorganización do partido despois da guerra civil, ao par da imposibilidade de "remover a Franco do poder". Refírese ademais a outras eivas que mermaron a vontade colectiva de defender a conciencia histórica do país "á altura de proxecto colectivo nacional".

Beceiro, M., "Evocando a Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 10 decembro 2009, p. L16.

Indícase que o Museo do Pobo Galego organizou dúas mesas redondas dedicadas a Ramón Piñeiro. Coméntase que na primeira se debateu sobre a súa dimensión política mentres que a segunda se centrou na súa faceta como home de cultura. Finalmente apúntase que no Museo do Pobo Galego se pode ver até finais de ano a exposición "Olladas no Futuro" que recrea a personalidade de Piñeiro.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 275, "Infantil/Xuvenil", 22 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 218, "Letras galegas", 31 xaneiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle uns descritores de curta extensión das seguintes obras literarias publicadas no ano 2008. Entre elas menciónase *A linguaxe e as linguas* (1967), de Ramón Piñeiro, figura homenaxeada nas Letras Galegas deste ano.

C. A., "Alcalá inició las jornadas de 'Hume' en As Pontes hablando sobre Piñeiro", *El Progreso*, "A Chaira", "As Pontes", 10 maio 2009, p. 17.

Dá conta das xornadas que organiza a asociación de Estudos Históricos, "Hume", das Pontes, e que iniciou o escritor Xavier Alcalá. Sinálase que o escritor comezou falando sobre a figura de Ramón Piñeiro, do que afirmou que ao ser homenaxeado no Día das Letras moitos escribirán del sen coñecelo.

Carreira, Sergio, "Unha obra pouco extensa pero intensa", *El Progreso*, "*Especial Día das Letras Galegas 200*9. *Ramón Piñeiro*", 17 maio 2009, p. 45.

Sinálase a complexidade e amplitude do pensamento de Ramón Piñeiro, do que se afirma que queda moito aínda por coñecer, aínda que saian moitos estudos con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas. Dáse conta dos feitos máis puntuais da súa vida, como son os seus comezos no galeguismo, a súa participación na guerra civil, o paso polo cárcere e sobre todo a fundación da editorial Galaxia e a revista *Grial*. Recóllese tamén o seu ingreso, en 1967 na Real Academia Galega, e, xa na transición o seu labor como deputado polo Partido Socialista de Galicia. Recóllese que a filosofía e a

lingua foron as súas principais fontes de traballo, en concreto os diversos ensaios sobre a saudade, que se recollen neste artigo.

Casanova, A., "El ilustre fruto de tierras sarrianas", *El Progreso*, "Sarria", 6 xullo 2009, p. 12.

Dáse unha longa nómina de personaxes ilustres que naceron ou están vinculados a Sarria e comarca e aos que se lles dedicou algunha rúa ou reciben o título de fillos predilectos. Entre outros noméanse o escultor Gregorio Fernández, o Pai Martín Sarmiento, Elías Valiña Sampedro e faise unha especial mención de Ramón Piñeiro. Dise que naceu na vila de Láncara e que é o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Casanova, Ana, "Retrato dun neno pegado a un libro", *El Progreso*, "*Especial Día das Letras Galegas 2009*. *Ramón Piñeiro*", 17 maio 2009, pp. 48-49.

Recolle a figura máis persoal de Ramón Piñeiro, retratando a súa familia e o encadramento de Piñeiro dentro desta. Afonda no apego que dende pequeno tiña pola lectura, e por iso era alumno avantaxado na escola rural de Láncara, onde cursaba estudos. En Sarria sería onde abrazaría Piñeiro o galeguismo, que logo continuaría, como os estudos, en Lugo. Así cada vez o contacto de Ramón Piñeiro con Láncara e coa súa familia era menor, e, como conta a súa irmá, el non gustaba moito do campo, senón que era máis de ler. Xa na derradeira parte, coméntase, a través das palabras de Carlos López Sierra, a experiencia de visitar o piso santiagués do propio Piñeiro, á vez que retrata o carácter sinxelo do mesmo.

Correo Gallego, El, "Ramón Piñeiro: a aventura dun mozo de Láncara na galaxia galega", *El Correo Gallego*, "*17m*. *Día das Letras Galegas 2009*", 17 maio 2009, pp. 4-7.

Tras un percorrido biográfico co que se dan a coñecer as orixes de Ramón Piñeiro, situadas nunha familia labrega da parroquia de Armea (concello de Láncara), faise un repaso da súa evolución intelectual, iniciada coa concienciación acerca da importancia da lingua galega no bacherelato e intensificada cos primeiros contactos co galeguismo en Sarria. Coméntase que a súa traxectoria culminou coa súa elección como secretario do Comité Provincial do Partido Galeguista, que o levou a implicarse fondamente na campaña a prol do Estatuto de autonomía. Afírmase que a crecente participación política de Piñeiro puxo en perigo a súa vida en numerosas ocasións, especialmente no período da guerra civil. Lémbrase que tras o conflito bélico se instalou en Compostela para cursar Filosofía e Letras para despois marchar a Madrid. Xa en 1946, refírese a súa andaina por terras galas coa axuda dos nacionalistas éuscaros, que, á volta a Madrid, rematou no cárcere. Considérase que esta experiencia, mostra da dureza do réxime franquista, foi determinante na decisión que tomou Piñeiro de optar pola vía cultural en lugar da política na súa loita. En relación con esta nova estratexia, destácase o proxecto da editorial Galaxia, o seu estreito contacto cos mozos universitarios e algúns dos seus traballos sobre lingua e filosofía máis senlleiros. Da década dos sesenta saliéntase a súa estadía nos Estados Unidos e o ingreso na Real Academia Galega. Por último,

coméntase que coa chegada da democracia comezou a apoiar diversos manifestos a prol do autogoberno de Galicia e que se presentou como candidato ás primeiras eleccións, ademais de presidir o Consello da Cultura Galega.

Correo Gallego, El, "Piñeiro, unha cuestión transversal do galeguismo", *El Correo Gallego*, "*17m*. *Día das Letras Galegas 2009*", 17 maio 2009, pp. 16-19.

Ofrécese un resume das participacións de Víctor Freixanes, Salvador García Bodaño, Ramón Villares e Xulián Parga nun faladoiro de Correo Televisión. Parga destaca da figura de Ramón Piñeiro a súa faceta humana por ser unha persoa moi próxima e afábel, mentres que García Bodaño describe as "tertulias" na casa de Piñeiro como "charlas de amigos" e cualifica a súa conducta nos anos previos á democracia como heroica. Por parte de Villares valórase especialmente o seu traballo como ensaista e pensador, cun enfoque racionalista pero non exento de sentimentos, ao mesmo tempo que considera acertada a súa inclinación pola estratexia cultural na súa acción no eido galeguista. Pola súa parte, Freixanes céntrase no labor do intelectual lugués como fundador da editorial Galaxia e considera que, dentro da súa produción ensaística, ten grande interese a correspondencia que mantivo con diversos persoeiros, caso de Basilio Losada. A este respecto, Villar apunta que Piñeiro concibía as cartas como textos informativos e vía de comunicación, mesmo de ambición teórica e escritas ás veces sen un destinatario.

Correo Gallego, El, "Retrato a tres bandas dun home entregado ao seu ideal, Galicia", *El Correo Gallego*, "*17m*. *Día das Letras Galegas 2009*", 17 maio 2009, pp. 20-23.

Reprodúcese parte das intervencións de Xerardo Fernández Albor, Andrés Torres Queiruga e Marcelino Agís nun faladoiro de Correo Televisión centrado na figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Fernández Albor confesa a súa admiración pola capacidade intelectual de Piñeiro, manifesta especialmente na política, até o punto de que considera que Galicia non sería a mesma sen o seu labor. Comparte este sentimento Torres Queiruga, quen lembra tamén a súa faceta humana, pois afirma recoñecer uns fondos valores na súa obra xa dende os primeiros artigos. Por último, Agís considera que se debe ter en conta a triple dimensión do intelectual de Láncara: a humana, sobre a que opina que foi extraordinaria, a política e a de pensador galego, que é a que máis espazo dedicou na súa *Crónica viva do pensamento galego* (2001). Os tres coinciden en que, a apesar da importancia e transcendencia da achega de Piñeiro para a Galicia contemporánea, foi un home sumamente humilde.

C. P., "Ramón Piñeiro cos ollos de Siro", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Crónica", 5 maio 2009, p. 7.

Dáse conta da inauguración da exposición en homenaxe a Ramón Piñeiro realizada polo debuxante e pintor Siro López con motivo da celebración do Día das Letras Galegas na honra do ilustre galeguista. Sinálase que a exposición consta de trinta e tres obras nas que reflicte ao Piñeiro máis íntimo, ao que segundo o propio autor fora a persoa que máis influíra na súa vida do punto de vista intelectual.

Cuíñas, Teresa, "A Penzol recupera o gabinete de Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 maio 2009, p. 6.

Dá conta da reconstrución, por encargo da Fundación Penzol, do gabinete que Ramón Piñeiro tiña na rúa Xelmírez de Santiago, e pola que pasaron ducias de mozos galeguistas para recibir auténticas clases maxistrais. Sinálase tamén que dito gabinete fica situado na Casa Galega da Cultura, en Vigo.

Cuíñas, Teresa, "O braseiro imantado", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, p. 9.

Recompilación dos testemuños dalgúns dos persoeiros que pasaron polo gabinete de Ramón Piñeiro. Helena Villar sinala o trato independente que recibiu cando era ben coñecida por ser a muller de Xesús Rábade. Por outra banda, Kristina Berg menciona a capacidade de construír espíritos críticos do galeguista. Andrés Torres Queiruga admiraba a afouteza do intelectual e a súa entrega por Galicia. Xerardo Fernández Albor cualifícao como o responsábel da súa entrada en política, mentres que Antón Santamarina sinala os encontros con Piñeiro de "terapéuticos". Pola súa banda, Rosario Álvarez Blanco fai fincapé no Piñeiro que funcionou de nexo entre os galeguistas da República e as novas xeracións e Xosé Luís Franco Grande menciona o Café Español como outro dos motores importantes dos faladoiros con Ramón Piñeiro. Xa para finalizar, menciona Isaac Díaz Pardo a influencia de Piñeiro no galeguismo dos partidos políticos, e Manuel Rivas salienta unha mestura entre o fantástico e o pragmático.

Dacosta, Henrique, "Sobre mordazas e libres pensares", *Diario de Arousa*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 37/*Diario de Ferrol*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", p. 43/*El Ideal Gallego*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 37.

Sinala como Ramón Piñeiro, ao cal sitúa na Xeración Galaxia, dificilmente pode adscribirse a algún dos tres xéneros canónicos da literatura, e que destaca sobre todo como ideólogo, filósofo, pensador e impulsor da literatura galega. Destaca na filosofía, a recompilación dos cinco traballos sobre a filosofía da saudade, a máis destacada achega do ilustre pensador.

Díaz, Ceferino, "Un home valente", *El Progreso*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro*", 17 maio 2009, p. 51.

Lémbrase os momentos da transición en que Ramón Piñeiro tomou a decisión de participar nas eleccións democráticas polo Partido Socialista de Galicia. Subliña este feito no segundo apartado, mencionando que xerou moita incomprensión por parte da intelectualidade galeguista, que o vían como un traidor ao país. Deféndese dende o derradeiro apartado esta decisión, que estaba baseada en galeguizar a política "dende Galicia", en lugar de "en Galicia". Unha proposta valente segundo o autor.

Dobarro, Xosé María, "Notas sobre Ramón Piñeiro e a filoloxía", *Diario de Ferrol*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 48.

A partir do libro de memorias, *Da miña acordanza* (2002), do propio Ramón Piñeiro, faise un percorrido polas lembranzas do pensador galeguista. Destaca nestas lembranzas as dificultades que os fundadores de Galaxia pasaron para sacar adiante os proxectos dignificadores da lingua galega. Menciónase por exemplo a creación do *Dicionario enciclopédico gallego-castellano*, que levou máis de dez anos conseguilo. A elaboración da *Gramática Galega* por Ricardo Carballo Calero ou a *Historia da Literatura Galega* por Francisco Fernández del Riego, esta última depreciada pola intelectualidade e feita de novo polo mesmo Carballo Calero.

Dopico, M., "O azar 'histórico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Memoria", 20 marzo 2009, p. 30.

Recóllense as verbas de Ramón Piñeiro nas que afoutaba ao pobo galego a ter conciencia para devolverlle a dignidade á lingua e ao mesmo pobo. Estas verbas, pronunciadas no debate parlamentario da Lei de Normalización Lingüística de 1983, son recollidas neste artigo ao ser o galego, nas eleccións autonómicas de 2009, motivo de confronto político, e onde diversos grupos rexeitan esta lei por considerala impositiva. Nun apartado explicativo sinálase que o Consello da Cultura Galega recolle, na súa páxina web varias das intervencións de Ramón Piñeiro respecto deste tema e das súas lembranzas como activista galeguista. Noutro apartado sinálanse como contidos das cintas, a orixe da editorial Galaxia, a chamada á responsabilidade unha vez conseguida a autonomía e aspectos que axuden a entender o seu controvertido pensamento.

D. R., "Caixa Galicia muestra a Ramón Piñeiro a través del lápiz del artista Siro López", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 xullo 2009, p. 13.

Coméntase a inauguración da exposición sobre Ramón Piñeiro na aula de cultura da Fundación Caixa Galicia na Coruña, organizada polo centro que leva o seu nome e a Xunta de Galicia. Sinálase que os trinta e catro traballos que a forman son pinturas sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas no 2009, realizadas por Siro López. Componse a exposición, segundo di o propio autor, de tres tipos de pinturas: retratos, caricaturas e figuracións.

D. S., "Os libros de Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 xuño 2009, p. 7.

Cita distintos libros publicados no ano de Ramón Piñeiro. Entre eles atópanse *Piñeiro contra Castelao*. *Castelao contra Piñeiro*, de Xoán Carlos Garrido; *Piñeiro e o piñeirismo en perspectiva histórica*, de Carlos Velasco; e *A expresión cultural dunha estratexia política*, de Mercedes Queixas, obras que "poñen en cuestión o retrato hexemónico" do protagonista do Día das Letras Galegas 2009. Por outra banda, nomea *Piñeiro e a estratexia do galeguismo*, de Xoán Ramón Rodríguez Polo. Ademais comenta que Xesús Alonso Montero elabora *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, mentres que Daniel Ameixeiro escribe a novela *Os días ocultos*. *O*

espertar da conciencia galega e *Do sentimento á conciencia de Galicia* son outros traballos nomeados no artigo.

E. G., "La Feira do Libro de Tui abre con más oferta literaria y se suma a la 'ruta del pincho', *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 15 maio 2009, p. 19.

Sinálase o protagonismo que vai ter Ramón Piñeiro na Feira do Libro de Tui con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas ao pensador lancarés.

E. G., "El CRA de Tomiño, premiado por los carteles sobre Ramón Piñeiro', *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 19 xuño 2009, p. 16.

Recolle o premio concedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ao alumnado do Colexio Rural Agrupado polos quince carteis presentados ao concurso organizado con motivo do Día das Letras Galegas, e nos que se alude á vida e obra do escritor lancarés.

E. P., "Láncara centraliza hoxe os actos con motivo do Día das Letras", *El Correo Gallego*, "Cultura", "De festa", 17 maio 2009, p. 68.

Dá conta do programa de actos que vai acoller Láncara con motivo da celebración do Día das Letras Galegas na honra de Ramón Piñeiro, como unha ofrenda floral ou a sesión plenaria da Real Academia Galega. Tamén aparecen recollidos os actos que se han celebrar na Arxentina e Barcelona.

E. P., "Monteagudo resalta la defensa de la autonomía y del idioma de Piñeiro", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 novembro 2009, p. 68.

Céntrase na inauguración da exposición itinerante "Olladas no futuro", que recrea a vida e obra de Ramón Piñeiro. Destácase o labor "socrático" de Piñeiro e indícase que neste acto estiveron presentes Henrique Monteagudo, Aníbal Piñeiro, Ramón Villares, Isaac Díaz Pardo e RobertoVarela.

E. R., "Doce intelectuales glosarán la figura de Ramón Piñeiro en la Diputación", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 21 marzo 2009, p. 57.

Recóllese a presentación das "Xornadas Ramón Piñeiro na Galicia do século XX", nas que participarán figuras como Justo García Beramendi, Miguel Barros ou Victor F. Freixanes e que renderán homenaxe ao escritor que sacrificou a súa vida por Galicia. Na marxe dereita aparece detallado o programa das conferencias.

Espiño, P., "Pedro Ugarte y Manuel Rivas recogen su premio periodístico Caixanova", *El Correo Gallego*, "Comunicación", "Articulismo", 12 maio 2009, p. 69.

Dá conta do acto de entrega dos premios de Periodismo Julio Camba e Fernández del Riego que cada ano concede Caixanova aos mellores artigos xornalísticos. Sinálase que este ano recaeron respectivamente en "La descendencia", de Pedro Ugarte, e "A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrick", de Manuel Rivas.

Fachal, Bárbara, "Ramón Piñeiro tiña tres grandes paixóns: Galicia, a política e a cultura", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 15 maio 2009, p. 70*Diario de Pontevedra*, "*Día das Letras*", n.º 27.568, 15 maio 2009, p. 4.

Dá conta das palabras do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares sobre Ramón Piñeiro co gallo da homenaxe do Días das Letras Galegas. Sinálase que Piñeiro destacou pola participación da reconstrución cultural galega por medio da editorial Galaxia e da presidencia do Consello da Cultura Galega. Tamén se destaca a súa preocupación pola lingua e a cultura do país.

F. D., "Impulsor da lingua e cultura galega", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*"/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 2.

Recóllese a decisión que tomou a Real Academia Galega para dedicarlle o Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro. Entre os motivos sinálase que destacou nos seus traballos sobre filosofía, sobre todo os dedicados á saudade, e tamén as traducións de Heidegger e Pokorny. Sinálase no ensaio obras importantes como *Olladas no futuro* (1974) ou *A linguaxe e as linguas* (1967). Destácase tamén a súa participación no Consello da Cultura Galega e como membro da Real Academia Galega.

F. D., "Investigación e recursos en liña", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 23/"Centro de investigación en Humanidades", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 15.

Recóllense os traballos efectuados polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que sinala, é un dos centros máis importantes en canto á recuperación e difusión da cultura galega. Menciónanse os traballos feitos en conmemoración do Día das Letras Galegas, como os "Cadernos Ramón Piñeiro". Recóllense tamén as ferramentas que o centro posúe en liña, as súas bases de datos ou recursos como o *Informe de Literatura* ou os "Cadernos de fraseoloxía galega". Nun cadro aparte sinálanse as publicacións relacionadas co autor homenaxeado. Sinálase tamén nun apartado a exposición dedicada a Ramón Piñeiro que o debuxante Siro López presenta na Fundación Torrente Ballester.

Fernández, R., "Letras para un 'editor", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 5, "Especial Letras Galegas. Arredor de Ramón Piñeiro", maio 2009, "Bibliografía", pp. 4-5.

Faise unha escolma das obras e dos estudos que sobre a figura de Ramón Piñeiro se fixeron. Así sinala as reedicións que Galaxia publicou d'*A linguaxe e as linguas* (1967), *Olladas no futuro* (1974) e *Filosofía da saudade* (1984), imprescindíbeis para coñecer ao escritor lancarés. Tamén sinala a publicación na dita editorial *Do sentimento á*

conciencia de Galicia, que recolle a correspondencia de Ramón Piñeiro con Basilio Losada, *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, de Xesús Alonso Montero, e *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*, conxunto de artigos dispersos do galeguista. Publica tamén en Galaxia Miguel Barros a súa tese de doutoramento *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, e *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes. Dáse conta tamén das publicacións doutras editoriais como Xerais coa novela *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*, de Daniel Ameixeiro, e *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo(1939-1982)*, ensaio crítico de Xosé Ramón Rodríguez Polo. Pola súa banda, a editorial Toxosoutos saca á luz *Ramón Piñeiro*, *tradutor*, traballo de Xosé Manuel Dasilva sobre esta faceta do lancarés. En Laiovento destácanse as obras *Ramón Piñeiro*. *A expresión cultural dunha estratexia política*, de Mercedes Queixas Zas, e *Piñeiro e o piñeirismo em perspectiva histórica*, de Carlos Velasco. Coméntase que a editorial tresCtres publica pola súa banda o habitual *Dicionario* que recolle varios aspectos do autor, mentres que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades publicou *Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra* (2005), de Manuel Forcadela, e o Consello da Cultura Galega edita o libro-cd *Ramón Otero Pedrayo, mestre da cultura galega*, formado de textos compostos por Ramón Piñeiro na súa honra. Xa para rematar, sinálase que a Xunta saca a publicación oficial *Ramón Piñeiro*. *Galeguista*, *pensador e ensaísta*.

Franco, F., "Barros: 'Piñeiro ergueuse da condición de labrego á de guieiro dun pobo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 maio 2009, p. 44.

Dá conta do encontro celebrado no Club-FARO como conmemoración do Día das Letras Galegas, e que levou por título "Ramón Piñeiro, pensador e político galeguista". No coloquio, Miguel Barros sinalou a importancia de que as novas xeracións coñezan a figura do lancarés, mentres que a catedrática Camiño Noia abordou o sistema literario de Piñeiro, unha fundición de realidade, humor e pantasía. O filósofo Torres Queiruga tratou o pensamento filosófico do galeguista, mentres que o historiador Xosé Ramón Barreiro pechou o acto sinalando a condición de faro da cultura en Galicia. Noutro apartado sinálase a categoría filosófica do pensador, en concreto os seus estudos filosóficos sobre a saudade.

Franco, F., "A historia dun neno de Láncara que viviu na humildade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 maio 2009, p. 45.

Dáse conta das intervencións no encontro "Ramón Piñeiro, pensador e político galeguista". Precísase que Xosé Ramón Barreiro incidiu en que a visión política de Ramón Piñeiro pode ser discutíbel, mais non así o seu compromiso e a súa achega á cultura galega. Pola súa banda Camiño Noia afondou na crenza de Piñeiro nunha literatura autenticamente galega e nacida da liberdade de espírito dos seus creadores.

Freixanes, Víctor, "Sentir Galicia", *Diario de Pontevedra*, "*Día das Letras*", n.º 27.568, p. 6/*El Progreso*, "*Especial Día das Letras Galegas 200*9. *Ramón Piñeiro*", 17 maio 2009, p. 46.

Sinálase a importancia que Ramón Piñeiro tivo na vida política e cultural das últimas décadas. Recóllense no apartado "Territorio común" os aspectos máis importantes do pensamento do autor lancarés como é o galeguismo, que el definía como o sentimento de lealdade cara ao país. Xa no apartado "Sentir Galicia" recóllense algúns dos feitos máis importantes de Ramón Piñeiro como a creación da editorial Galaxia, a Fundación Penzol ou a orientación cultural que impartiu a ducias de mozos dende a famosa mesa-camilla na casa da rúa Xelmírez en Compostela. Menciónase ao final que o artigo corresponde á carta do editor do número cento oitenta e un da revista *Grial* de xaneiro-febreiro-marzo de 2009.

Fustes, Pilar, "Raíces gallegas", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 5, "Especial Letras Galegas. Arredor de Ramón Piñeiro", "Portada", maio 2009, pp. 2-3.

Faise un percorrido pola vida de Ramón Piñeiro dende a súa infancia en Láncara e a participación na guerra civil até os derradeiros anos, nos que participou na política como deputado polo Partido Socialista de Galicia.

Gallas Otero, Lidia M., "Coñecidas voces cántanlle ás nosas Letras no Auditorio de Vilagarcía de Arousa", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Concerto", 10 maio 2009, p. 28.

Recóllese a programación dun concerto especial coincidente co Día das Letras Galegas e no que coñecidos cantantes de ópera galegos interpretarán textos de Alfredo Brañas, Manuel Curros Enríquez e Ramón Cabanillas, entre outros.

Gestoso Álvarez, Maruxa, "Filósofo da Saudade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 290, "Día das Letras Galegas", 17 maio 2009, p. VIII.

Recóllese a orientación filosófica que Ramón Piñeiro desenvolveu ao redor da saudade, tomando como punto de partida os libros do autor *Significado metafísico da Saudade* (1951)*, A Saudade en Rosalía* (1952)*, A Saudade* (1953)*, Para unha filosofía da Saudade* (1951), *A filosofía e o home* (1963)*, Saudade e sociedade, dimensións do home* (1975) e *Filosofía da saudade* (1984). Sinálase que Piñeiro partiu do ser humano para comprender o propio Ser e para isto cumpría analizar a saudade manifestada na nosa tradición lírica.

Gómez, Cuca M., "De excursión al Novo Museo", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con Cuca", 10 xuño 2009, p. 78.

Entre varias noticias relacionadas coa cultura e a cidade de Pontevedra recóllese a actuación teatral que os alumnos do CEIP Manuel Vidal Portela realizaron no Centro de Día da Cruz Vermella. Sinálase que a representación estaba baseada na obra *O engaiolador*, de Ramón Piñeiro.

Gómez Paz, Roi, "Ramón Piñeiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.360, "Bulebule", "O recuncho dos lectores", 21-27 maio 2009, p. 28.

Breve artigo dun lector no que se recolle brevemente a vida de Ramón Piñeiro, dende o seu nacemento en Láncara (Lugo), até a súa morte en 1990, deixando feitos tan importantes como a creación da editorial Galaxia ou a revista *Grial*.

González Gómez, Xesús, "Ramón Piñeiro un editor no franquismo", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009", 24-30 decembro 2009, pp. 26-32.

Explica que durante o franquismo Ramón Piñeiro e os homes de Galaxia entenderon a cultura como unha arma política, editaron, corrixiron e traduciron libros ao galego e que Piñeiro se converteu no editor galego por excelencia. Mostra que na actividade editorial galega entre 1939 e 1975 salientaron as figuras de Piñeiro e de Francisco Fernández del Riego e considera que o pensamento filosófico de Piñeiro está moi influenciado pola filosofía alemá do existencialismo. Subliña que a orixinalidade de Piñeiro como director literario foi o de convencer a autores que escribían en español para que comezasen a escribir en galego e mais o de non deixar fóra da cultura galega calquera "póla da expresión contemporánea". Finalmente xulga que Piñeiro e Fernández del Riego lograron, a pesar das dificultades, que a súa empresa editorial se convertese nunha empresa "substitutiva da política".

Hernández, Imanol, "El Ateneo celebra su 40 aniversario con actos de homenaje a siete antiguos presidentes", *La Región*, "Ciudad", 28 abril, p. 12.

Recóllese que dentro dos actos de celebración do corenta aniversario do Ateneo de Ourense, vai celebrarse unha conferencia de Xerardo Fernández Albor na que falará sobre Ramón Piñeiro, como parte do Día das Letras Galegas.

Iglesias, Alfredo, "Olladas de futuro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 290, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. VII.

Coa lembranza dos feitos posteriores ao alzamento fascista de 1936, faise un percorrido polas actividades que, dentro da legalidade, acometeu Ramón Piñeiro. Así sinálase a creación da editorial Galaxia ou traducións como a de Heidegger que levaron a lingua galega a un chanzo superior. Considérase que a compilación en 1974 de artigos publicados previamente polo autor baixo o nome *Olladas no futuro*, mostran a necesidade de dar un pulo moderno e social á lingua.

Iglesias, Ana, "Teatro, cuentacuentos y yincana literaria en este mes de las letras", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Actividades", 6 maio 2009, p. 25.

Dá conta do programa de actividades posto en marcha pola Concellaría de Santiago con motivo do Día das Letras Galegas. Destaca entre eles unha xincana literaria dedicada a Ramón Piñeiro celebrada no IES Antón Fraguas, unha charla de Pilar Fraguas sobre o

seu libro *A represión lingüística na Galiza*, unha exposición bibliográfica sobre Ramón Piñeiro ou a Feira do Libro e unha nova edición do Correlingua.

Jaureguizar, "Torres Queiruga afirma que Piñeiro 'aplicou a filosofía á defensa do país", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 25 marzo 2009, p. 72.

Dáse conta de participación de Andrés Torres Queiruga e Justo García Beramendi nas xornadas que se están a desenvolver en Lugo sobre a figura de Ramón Piñeiro. O primeiro sinalou a faceta filosófica do autor lancarés mentres que o historiador fixo fincapé na actividade política tanto na clandestinidade como logo dende a editorial Galaxia. Nun á parte recóllense máis opinións de Justo G. Beramendi onde define a Piñeiro como o creador do galeguismo.

Jaureguizar, "Villanueva ve a Piñeiro como o axente 'máis completo da nosa literatura" , *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 26 marzo 2009, p. 73.

Dáse conta do congreso que se está a celebrar en Lugo sobre a figura de Ramón Piñeiro. Destácase a intervención de Darío Villanueva, que sinalou a capacidade de Ramón Piñeiro de levar a literatura máis alá. Sinálase tamén a influencia que Hegel tivo no autor lancarés.

Jaureguizar, "Franco Grande cre que 'de facer caso a Piñeiro teríamos o peso dos cataláns" , *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 27 marzo 2009, p. 80.

Dáse conta do congreso que se está a celebrar en Lugo sobre a figura de Ramón Piñeiro. Déstacase a intervención de Xosé Luís Franco Grande que se remontou aos anos setenta para lembrar ao Piñeiro que renunciou ao nacionalismo para levar o galeguismo á modernidade. Menciónase tamén o peche do congreso a cargo de Xesús Alonso Montero cunha intervención sobre a reinvención da cultura galega.

Jaureguizar, "Casal salienta a capacidade de escoita de Piñeiro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 21 outubro 2009, p. 68.

Fálase sobre o acto celebrado polo Club Cultural Valle Inclán de Lugo na galería Sargadelos, no que o invitado Benxamín Casal lembra que nun acto semellante coñeceu por primeira vez a Ramón Piñeiro e a partir de aí comezaron unha estreita relación de amizade e colaboración intelectual. Dise que ambos protagonizaron a entrada do galeguismo histórico no PSdeG/PSOE e a creación da editorial Galaxia. Casal destaca a gran capacidade de diálogo de Piñeiro nas longas conversas que mantiña cos rapaces que o visitaban en Santiago de Compostela.

Jaureguizar e Lucía **Porto**, "O espírito cohesionador que Piñeiro buscou na lingua reina no Día das Letras", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", 18 maio 2009, p. 16.

Dá conta do acto que a Real Academia Galega lle dedicou a Ramón Piñeiro co gallo do Día das Letras Galegas. Destácase a intervención de Xosé Ramón Barreiro, quen sinalou a vontade da Real Academia de estar na terra do homenaxeado. Pola súa banda Ramón Villares remarcou que a obra de Piñeiro non foi de creación, senón de reflexión e de acción. No mesmo acto o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, e o académico Andrés Torres Queiruga reiteraron a necesidade de non avaliar moralmente as decisións de Piñeiro no ámbito político.

J. G., "Varios epistolarios de Ramón Piñeiro serán editados para celebrar o Día das Letras Galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 abril 2009, p. 50.

Dá conta das actividades que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades vai realizar con motivo da homenaxe no Día das Letras Galegas ao autor que lle dá nome. Sinálase que se van editar os epistolarios do autor, promocionarán unha exposición de Siro López sobre o autor e que se editará un volume no que varios autores analizarán a personalidade e produción do autor lancarés.

J. G., "As Letras Galegas animan as rúas", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 15 maio 2009, p. 9.

Dáse conta dos actos previstos en Compostela con motivo do Día das Letras Galegas. Entre eles destácase a presentación dun volume sobre Ramón Piñeiro, a conferencia de Justo García Beramendi de título "Ramón Piñeiro: os froitos da resistencia", ou unha manifestación a prol da lingua. Tamén destaca os actos nas comarcas lindeiras con fallos de premios e teatro en Ames, Ordes ou Brión.

J. G., "O galego é idioma oficial de Santiago desde 1988 e vai ser impulsado o seu uso", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 17 maio 2009, p. L 6.

Despois de dar conta das iniciativas postas en marcha polo Concello de Santiago para dar impulso ao idioma galego, recóllense as actividades programadas na "Festa das letras". Nun á parte infórmase tamén da homenaxe a Alfredo Brañas no cento cincuenta aniversario do seu nacemento. Coméntanse as intervencións de diversas autoridades e persoeiros en referencia a Ramón Piñeiro, escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

J. P., "Cabanillas e Ramón Piñeiro serán os protagonistas do Día das Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "Cambados", 12 maio 2009, p. 11.

Repaso aos actos centrais da programación das Letras Galegas 2009 en Cambados, consistentes en paneis instalados na rúa con mensaxes e lemas dedicados a Ramón Cabanillas e a Ramón Piñeiro, o concerto de María do Ceo, a Mostra de Teatro Escolar e a concesión dos premios do concurso de lemas.

Konopczyk, S., "Múltiples actividades na comarca polo Día das Letras", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Val Miñor", 14 maio 2009, p. 23.

Coméntanse algúns dos actos previstos na zona do Val Miñor con motivo do Día das Letras Galegas. Sinálase a celebración dun ciclo de conferencias en Nigrán, unha romaría galega en Baiona, que inclúe unha lectura continuada de textos de Ramón Piñeiro, e un concerto en Gondomar.

La Voz, "O auditorio acolle a homenaxe de Siro á figura e ao maxisterio de Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 2 xuño 2009, p. 10.

Explica que o Auditorio de Ourense inaugurou a exposición sobre Ramón Piñeiro que permanecerá aberta até o 14 de xuño e que leva por título "Ramón Piñeiro na lembranza". Recóllense as palabras do comisario desta exposición, o artista Siro, nas que falou desta exposición, da súa querencia por Ourense e mais da súa relación con Eduardo Blanco Amor e con Carlos Casares.

La Voz, "Una exposición de pinturas y dibujos de Siro paga su 'débeda' con Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 xullo 2009, p. 49.

Coméntase a presentación da exposición de pinturas e debuxos *Ramón Piñeiro na lembranza*, cuxo autor é Siro, na Aula de Cultura de Caixa Galicia na Coruña. Dise que a mesma serve de clausura dos actos do Centro Ramón Piñeiro en honor do intelectual ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2009. Indícase que nela se ofrece un percorrido pola vida e obra do autor e recóllense as palabras do propio Siro sobre o seu amigo Piñeiro así como de diversas personalidades que acudiron á inauguración, como o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro, Manuel González.

La Voz, "La exposición 'Olladas no futuro' recrea en el Museo do Pobo la figura de Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 7 novembro 2009, p. L7.

Dáse conta da inauguración no Museo do Pobo Galego da exposición "Olladas no Futuro" dedicada á figura de Ramón Piñeiro nun acto que contou coa presenza do seu comisario Henrique Monteagudo así como do irmán de Ramón Piñeiro, Aníbal Piñeiro, e mais de Ramón Villares quen realizou un repaso pola vida de Ramón Piñeiro.

La Voz, "Francisco López destaca la labor de Ramón Piñeiro en la construcción de la galleguidad", La Voz de Galicia, "*La Voz de Santiago*", 19 novembro 2009, p. L8.

Anúnciase a inauguración do congreso "Ramón Piñeiro e o Galeguismo" no Consello da Cultura Galega do que se subliña que pecha en Santiago de Compostela os actos dedicados a Ramón Piñeiro co gallo do Día das Letras Galegas de 2009.

Lage, Patricia, "Ramón Piñeiro López, toda unha vida pola defensa do galego", *La Opinión*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 6.

Breve repaso á vida e á actividade de quen lle deu ao galeguismo unha compoñente cultural nun ámbito até entón soamente político. Iníciase o percorrido vital de Ramón Piñeiro cos seus contactos en Sarria co galeguismo, a reconstrución clandestina do Partido Galeguista e a entrevista co goberno no exilio que o levou ao cárcere. Afóndase posteriormente na creación da editorial Galaxia e a revista *Grial* e menciona os seus traballos filosóficos e traducións. Remátase o percorrido coa chegada á democracia e a súa participación no Partido Socialista de Galicia.

Lamas, Jorge, "A Penzol reproduce na súa sede o gabinete de Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 maio 2009, p. 49.

Dáse conta da recreación por parte da Fundación Penzol da famosa habitación que Ramón Piñeiro tiña na súa casa da rúa Xelmírez en Santiago de Compostela e pola que pasaron relevantes galeguistas. Precísase que esta recreación é segundo Henrique Monteagudo unha homenaxe a un dos maiores transmisores da cultura galega. Sinálase que o acto estivo presidido por Francisco Fernández del Riego.

López, Belén, "Pedro Ugarte e Manuel Rivas gañan os premios de xornalismo de Caixanova", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 18 febreiro 2009, p. 77.

Anúncianse os premios de xornalismo Julio Camba e Francisco Fernández del Riego, que recaeron nos textos "La descendencia" e "A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrik", de Pedro Ugarte e Manuel Rivas, respectivamente. Precísase que o xurado valorou no caso de Pedro Ugarte o estilo similar ao de Julio Camba, e no caso de Manuel Rivas a súa importancia histórica e sociolóxica, así como a súa oportunidade pola coincidencia coa homenaxe a Piñeiro nas Letras Galegas.

López, Belén, "Feijóo reivindica o 'galeguismo integrador' de Piñeiro na entrega do Julio Camba", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 12 maio 2009, p. 75.

Recolle o acto de entrega dos premios de xornalismo Julio Camba e Francisco Fernández del Riego, que recaeron e en Pedro Ugarte e Manuel Rivas, respectivamente. Destácase o discurso das diferentes autoridades apelando á conciliación idiomática e loando aos premiados. Nun apartado a pé de páxina coméntase as palabras dos galardoados. Manuel Rivas destacou o caracter "rebelde" de Francisco Fernández del Riego e de Ramón Piñeiro, mentres que Pedro Ugarte apelou ao valor da palabra.

López, Siro, "Ramón Piñeiro e Luis Aragonés", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, 5 decembro 2009, p. 13.

Analiza a faceta política de Ramón Piñeiro realizando un símil futbolístico cun adestrador da selección española de fútbol, Luis Aragonés.

López Vázquez, Ramón, "Ramón Piñeiro, mestre no oficio de pensar", *Diario de Arousa*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 42/*Diario de Ferrol*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", p. 44/*El Ideal Gallego*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", pp. 42-43, 17 maio 2009.

Faise un pequeno percorrido pola vida de Ramón Piñeiro para posteriormente centrarse no proxecto persoal que Piñeiro tivo para coa súa terra. Sinálase que este proxecto era de lealdade á terra e nel quixo implicar a todos os axentes sociais galegos e todos os eidos de estudo. Así construiría a teoría do galeguismo que espallaría dende a súa mesa camilla na rúa Xelmírez de Ourense. Explícase finalmente polo miúdo a filosofía da saudade que Piñeiro elaborou e que o levou a ser un dos grandes pensadores do século XX en Galicia. Acompáñase o artigo dun cadro cunha bibliografía do autor.

L. P, "La RAG reconoce la actuación de la Coral Polifónica de Sarria por las Letras Galegas", *El Progreso*, "Sarria", 14 xuño 2009, p. 13.

Dáse conta da carta de felicitación que recibiu a Coral Polifónica de Sarria por parte da Real Academia Galega pola interpretación do himno galego no acto do Día das Letras Galegas celebrado en Láncara.

L R, "Más de 7.000 personas se darán cita en la romería etnográfica de Vilanova dos Infantes", *La Región*, "Ourense", 12 maio 2009, p. 9.

Anúnciase a celebración con motivo do Día das Letras Galegas da oitava edición da romaría etnográfica Raigame, na que se exalta as tradicións populares e onde os traballos tradicionais mestúranse con xogos populares, regueifeiros, arte e gastronomía. Nun apartado na marxe dereita sinálase que aos tradicionais galardóns de fotografía e investigación súmase o Premio Honorífico Xan Barros que recoñece a colectivos e persoas que colaboran ou promoven dita romaría.

L R, "Caixanova entrega los Premios de Periodismo", *La Región*, "Sociedad", 12 maio 2009, p. 59.

Dáse conta da entrega dos Premios de Periodismo Julio Camba e Francisco Fernández del Riego, que recaeron nos textos "La descendencia" e "A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrik", de Pedro Ugarte e Manuel Rivas, respectivamente. No caso de Rivas o presidente do xurado, Alfredo Conde, cualificou o texto de moi relevante pola elección de Piñeiro como figura homenaxeada no Día das Letras Galegas.

L R, "Un percorrido a prol da lingua", *La Región*, "Ourense", 17 maio 2009, p. 7.

Refírese ao roteiro poético que con motivo do Día das Letras Galegas se celebrou no casco vello de Ourense e precísase que no mesmo participaron tanto escritores coma alumnos e profesores de secundaria. Recóllense tamén outros actos organizados por toda a provincia.

L R, "Homenaxe de música e lectura", *La Región*, "Ourense", 18 maio 2009, p. 8.

Dáse conta de todos os actos que se celebraron por toda a provincia de Ourense ao longo do Día das Letras Galegas. Menciónanse actos como os diferentes concertos de corais en Cenlle ou Pazo de Fontefiz, as lecturas de Ramón Piñeiro en Ribadavia e Xinzo ou o maratón de lectura no Barco. Nun apartado a pé de páxina sinálase o obsequio dun libro sobre a vida e obra do homenaxeado que o diario *La Región* fixo no Día das Letras Galegas.

L. R. I., "O escritor Franco Grande compara a Ramón Piñeiro con Murguía na súa loita en favor do galeguismo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 marzo 2009, p. 50.

Dáse conta da última xornada do ciclo de conferencias sobre Ramón Piñeiro, promovidas pola Deputación de Lugo e a Fundación Carlos Casares. Sinálase que nesta xornada Xosé Luís Franco Grande expuxo as semellanzas entre o lancarés e Manuel Murguía. Refírese tamén ás intervencións nas anteriores xornadas nas que Xerardo Fernández Albor resaltou a vontade de Piñeiro de galeguizar os partidos políticos galegos, mentres que Henrique Monteagudo abordou a relación do lancarés coa lingua.

L. V., "Pedro Ugarte y Manuel Rivas, premiados por Caixanova", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 12 maio 2009, p. 6.

Dáse conta da concesión dos premios Julio Camba e Francisco Fernández del Riego que recaeron nos artigos "La Descendencia", de Pedro Ugarte, e "A mesa cósmica de Ramón Piñeiro e o HAL de Kubrick", de Manuel Rivas, respectivamente.

M. A. C., "Poio unirá literatura e deporte para celebrar o Día das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Poio", 8 maio 2009, p. 13.

Preséntase a programación que para o Día das Letras Galegas ten prevista o Concello de Poio xunto coa Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó. Precísase que os actos consistirán primeiramente nunha sesión de contacontos a cargo de Ana María Fernández, para seguir o día 16 cunha carreira popular, mentres que os actos centrais do día 17 consistirán nunha conferencia de Claudio Rodríguez Fer que leva por título "Ramón Piñeiro filósofo da poesía". Anúnciase que posteriormente se entregarán os premios do XVII Concurso Literario Xaime Isla. No acto menciónase que se vai facer oficial o nome de Xaima Isla Couto para a Casa da Cultura.

maré, "O inimigo potencial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xaneiro 2009, p. 29.

Faise unha análise do artigo publicado por Xosé Manuel Dasilva no último número da revista *Grial*, e que leva por título "Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego". Sinálase que no artigo o autor recolle os atrancos que tiña o galego para ver a luz fóra do lirismo folclórico. Así menciona o caso de Ramón Piñeiro e o seu artigo "Siñificado metafísico da saudade", incluído na revista *Grial*, moi criticado polo

director xeral de prensa, ou a directa censura da tradución que Piñeiro fixo de *Da esencia da verdade*, de Heidegger. Conclúese co dato do aperturismo da censura a partir de 1954 despois da denuncia da persecución lingüística ante a Unesco. No apartado "A cerna" sinálase o caso da colección "Benito Soto", que sempre se dixo que saía sen autorización da censura, feito falso que Dasilva demostra no seu artigo.

maré, "Oportunismo político", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 abril 2009, p. 33.

Dáse conta da presentación do programa do Centro Ramón Piñeiro para conmemorar o Día das Letras. Menciónanse as actuacións programadas, nas que destacan as edicións dun libro homenaxe a Ramón Piñeiro, no que colaboraron autores como Manuel Forcadela ou Xosé Luís Franco Grande e máis de tres epistolarios do lancarés. A última das actividades descritas é a publicación en DVD e CD-Rom de dúas entrevistas realizadas a Ramón Piñeiro. Nun apartado a pé de páxina precísase que no acto se falou do resto de actividades previstas para homenaxear a Piñeiro, a quen Manuel González cualificou como o "primeiro analista lúcido da fala".

maré, "Fernández Rei disertará hoxe sobre Ramón Cabanillas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2009, p. 35.

Sinálase que a Agrupación Cultural Alexandre Bóveda vén de informar da primeira das conferencias do ciclo "Lingua e Letras" en conmemoración do Día das Letras Galegas. Precísase que esta correrá a cargo do catedrático de Filoloxía Románica Francisco Fernández Rei, quen falará arredor de Ramón Cabanillas co gallo do seu cincuenta cabodano.

maré, "Arredor de Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 maio 2009, p. 36.

Dáse conta das actividades que se han realizar dentro e fóra do país con motivo do Día das Letras Galegas. Apréciase que, a pesar de ser Láncara o eixo central dos actos, estes esténdense dende Catalunya até a Arxentina. Precísase que en Galicia os actos incluirán encontros na rede entre centros educativos de varios concellos, representacións teatrais en Verín, cine e arte en Compostela. Nun apartado a pé de páxina detállase o programa do Concello de Vigo con cinema, lecturas, teatro e unha comida-homenaxe, actos cos que segundo o tenente-alcalde se pretende defender o uso do idioma galego.

maré, "Gadis regalará 25.000 libros con motivo do Día das Letras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 maio 2009, p. 30.

Dáse a coñecer a campaña que a empresa de alimentación Gadis realiza con motivo do Día das Letras Galegas, na que se reparten vinte e cinco mil exemplares do libro de Santiago Lopo, *Game Over* (2008). Nun apartado na marxe dereita recóllense as impresións do autor sobre a campaña e faise unha breve sinopse do libro.

maré, "Piñeiro non era ningún espía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 novembro 2009, p. 32.

Desmóntase a lenda negra que rodeaba a estadía no cárcere de Ramón Piñeiro. Para isto recóllense as reflexións que Xosé Manuel Dasilva expuxo nun relatorio no Consello da Cultura Galega segundo as que Piñeiro nunca foi un espía americano, nunca foi torturado xa que ningún dos que prenderon con el o foron e mais que visitou en Francia a José Giral acompañado de representantes de Euskadi e de Cataluña.

Martínez, Alberto, "Barreiro espera tener sucesor en la RAG antes de finales de año", *El Correo Gallego*, "Cultura", 18 novembro 2009, p. 58.

Despois de se referir ao proceso de sucesión á fronte da Real Academia Galega informa de que no Consello da Cultura Galega se vai inaugurar o congreso "Ramón Piñeiro e galeguismo" que contará coa presenza, entre outros, de Xosé Ramón Barreiro, Ramón Villares, Antón Santamarina, Andrés Torres Queiruga, Henrique Monteagudo, Basilio Losada e Camilo Nogueira.

Martínez, Iago, "O legado de Ramón Piñeiro: tótem ou tabú", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 13, "En portada", 7 marzo 2009, pp. 4-5.

Sinálase o controvertido da figura de Ramón Piñeiro con motivo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas. A seguir noméanse as diferentes publicacións que sobre o pensador van aparecer, como *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes, ou as reedicións que Galaxia vén preparando de *Filosofía da saudade* (1984) e *Galicia* (2002). Precísase que alén disto Galaxia editará tamén novidades como *Apuntamentos e informes políticos* e o volume *Do sentimento á conciencia de Galicia.* Porén, entre as obras máis agardadas figuran *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, tese de doutoramento de Miguel Barros, e *Sobre Ramón Piñeiro*, de Xesús Alonso Montero. Na primeira das dúas páxinas que ocupa a reportaxe existe un apartado central coa biografía de Ramón Piñeiro, mentres que na segunda, na marxe dereita da foto central achéganse as obras que prepara a editorial Xerais, *Ramón Piñeiro*, *os días ocultos*, de Daniel Ameixeiro, e *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo*, de Xosé Ramón Rodríguez, obra que xunto coa de García Turnes aparecen comentadas á marxe dereita da páxina.

Martínez, Iago, "Ramón Piñeiro: unha ferida aberta entre o tótem e o tabú", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. 3.

Apunta que Ramón Piñeiro non foi alleo á literatura galega, pero que foi o seu papel central na formación do nacionalismo galego contemporáneo o que levou á Real Academia Galega a dedicarlle o Día das Letras Galegas. A continuación, realiza unha serie de reflexións sobre a celebración deste día e considera que se pode "discutir tamén se cómpre mudar a fórmula" e pregúntase que se é a galeguidade "e non as letras o que se celebra, que hai dos músicos e dos artistas plásticos?". Ademais, opina sobre a polémica que xerou a dedicación deste día á figura de Piñeiro. Manifesta que "medir a influencia que un home ten na historia do país é un exercicio arriscado" e sinala a

capacidade que teñen algúns de "encarnar todos os males ou todas regalías mesmo vinte anos despois de morto", con respecto á liorta de Xosé Luís Méndez Ferrín con Piñeiro.

Martínez, Iago, "liberdade condicional para Ramón Piñeiro", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 20 novembro 2009, p. 36.

Recóllense os principais datos que axudan a resolver o enigma do paso de Ramón Piñeiro pola cadea. Coméntase que foi condenado por rebelión e condenado por un tribunal militar a seis anos de cadea nun xuízo sumarísimo dos que cumpriu tres anos, cinco meses e doce días. Indica que todos estes datos se poden consultar nos mil catro centos folios da súa causa xudicial e no seu expediente penal e que foron dados á luz por Xosé Manuel Dasilva quen contou coa axuda de Xesús Alonso Montero.

Mato, Mar, "O mito dunha mesa histórica", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 maio 2009, p. 44.

Dáse conta do acto de inauguración da recreación do gabinete de traballo de Ramón Piñeiro por parte da Fundación Penzol para a partir de aí recrear dito espazo, tanto no físico coma no simbólico.

M. B., "Libros para ler e comentar arredor da mesa", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "*Ramón Piñeiro*. *Letras Galegas. 2009*", 14-20 maio 2009, p. 8.

Breves descricións dunha serie de obras publicadas por mor da homenaxe a Ramón Piñeiro no Día das Letras Galegas: *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes; *Ramón Piñeiro nas olladas do galeguismo*, de Miguel Barros; *Piñeiro contra Castelao*. *Castelao contra Piñeiro*, de Xosé Carlos Garrido Couceiro; *Filosofía da saudade*, *Galicia*, e *O espertar da conciencia galega*. *Galeguismo*, *cultura e identidade. Ensaios e artigos dispersos (1950-1990)*, de Ramón Piñeiro; *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia 1961. 1984*, de Basilio Losada e Ramón Piñeiro; *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, de Xesús Alonso Montero; *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. *1943-1980*, de Miguel Barros; *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*, de Daniel Ameixeiro; *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, de Xosé Ramón Rodríguez Polo; *Dicionario Ramón Piñeiro*, de Xoán P. Rodríguez Santamaría; *Ramón Piñeiro*, *tradutor*, de Xosé Manuel Dasilva; e *Ramón Piñeiro*. *A expresión cultural dunha estratexia política*, de Mercedes Queixas Zas.

M. C., "Preservou a identidade galega", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 3.

Dáse conta das palabras do presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, a respecto do homenaxeado Ramón Piñeiro. Precísase que considera a Piñeiro máis importante na preservación da identidade galega que na súa obra filosófica. Menciona tamén a preocupante situación do idioma galego que contrasta coa boa situación da literatura.

M. C., "Ramón Piñeiro: Político e galeguista", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 4/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 3.

Cronobiografía do autor homenaxeado nas Letras Galegas baseada nas datas máis importantes da súa vida, dende 1921 cando ingresa na escola até 1990 cando falece. Nun apartado na marxe esquerda sinálanse dous feitos puntuais da súa vida, cando viviu refuxiado na casa dun falanxista compañeiro de escola e a súa presenza no parlamento galego como deputado.

M. C., "Saudade', esencia de Galicia", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 9/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 12.

Describe a faceta filosófica de Ramón Piñeiro, que concibía a saudade como un sentimento de soidade ontolóxica, e sinala que sobre isto reside boa parte dos seus traballos filosóficos. Apunta que unha das principais actividades de Ramón Piñeiro foi a de despoxar o galeguismo do seu compoñente político para "centralo no compoñente cultural" e que neste senso, a saudade foi "o gran concepto ao que apelou, xunto á paisaxe e o humor", como elementos identitarios dos galegos e de Galicia.

M. C., "Do PG ao PSOE", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", p. 11/*La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 4.

Faise un repaso pola faceta política de Ramón Piñeiro, que comeza en 1932. Ademais repárase no rexeitamento da constitución do Partido Galeguista tras a guerra civil e na presentación nas listas do Partido Socialista de Galicia en 1977, xunto a outros galeguistas como Francisco Fernández del Riego, Valentín Paz Andrade, Celso Emilio Ferreiro ou Isaac Díaz Pardo. Tamén se di que Piñeiro encabezou a elaboración dun manifesto coñecido como "da aldraxe" e que, unha vez formado o BNG, acepta ir nas listas do PSOE como independente nas eleccións de 1981, das que sae elixido parlamentario pola Coruña.

Monteagudo, Henrique, "Ramón Piñeiro revisitado: galeguismo ou barbarie", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, pp. 14-15.

Realízase dende a lembranza un percorrido polo anecdotario de Ramón Piñeiro, loando a súa elocuencia e no apartado "Unha figura desconstruída", desbotando as fábulas que en determinados círculos corrían sobre el. No apartado "O galeguismo revisitado" dáselle unha importancia vital ao novo galeguismo que Piñeiro propugnou na Galicia democrática, de carácter cohesivo e integrador. En "Autonomía e cultura" menciónase o ideario piñeirista de unión entre o autogoberno e a identidade colectiva, a cultura, e fai un chamamento aos gobernos actuais a que o teñan en conta. No último apartado, "Nacionalismo e galeguismo" fálase do divorcio entre estes dous aspectos e das arelas de reencontro destes como soñou Piñeiro.

M. R., "La saudade", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 5, "Especial Letras Galegas. Arredor de Ramón Piñeiro", maio 2009, p. 9.

Fálase das achegas filosóficas de Ramón Piñeiro, en concreto sobre a recepción de Heiddeger, autor alemán divulgador das "forzas da raza", e que causou división nos intelectuais galegos. Sinálase tamén o refuxio de Piñeiro na saudade, forma do ser nacional galego e alicerce desta sociedade.

M. R., "Castro de Rei celebrará con magia, música y premios las Letras Galegas", *El Progreso*, "A Chaira", 9 maio 2009, p. 21.

Dáse conta dos actos que o concello de Castro de Rei ten previsto para conmemorar o Día das Letras Galegas. Precísase que estes consisten na entrega dos premios de relato curto convocados con motivo do Día do Libro, e será amenizado cun grupo de gaitas e a actuación de dous magos.

M. S., "Afianzou o galeguismo aberto e tolerante", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 8.

Recóllense as apreciacións que sobre a figura de Ramón Piñeiro teñen José María Paz Gago, Luís González Tosar, Julio Fernández Serna e Afonso Vázquez Monxardín.

M. S., "Piñeiro, merecedor deste recoñecemento", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 17.

Recóllese a valoración de varios persoeiros sobre a figura de Ramón Piñeiro con motivo da homenaxe no Día das Letras. Para José María Paz Gago, catedrático de Teoría da Literatura e Literatura comparada, este recoñecemento é merecido, pois grazas a Ramón Piñeiro a cultura galega chegou ao alto nivel actual. Pola súa banda, o escritor Luís González Tosar considera que o labor de Piñeiro é comparábel ao doutros persoeiros como Manuel Murguía, que dotaron a Galicia de personalidade propia. Como remate, Afonso Vázquez Monxardín, director do I.E.S As Lagoas, ve ao homenaxeado como o exemplo de unidade pola lingua galega, mentres que o director de revista *Raigame*, Julio Fernández Senra, clasifica a Piñeiro como un pensador máis que coma un literato, polo que entende que haxa xente que lle estrañe da homenaxe.

Nicolás, Ramón, "A 'Galaxia Piñeiro' peta na porta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3138, "Letras Galegas 2009", 16 maio 2009, p. 14.

Dáse conta das novidades editoriais que tratan sobre Ramón Piñeiro co gallo da súa homenaxe no Día das Letras 2009. Así sinálanse as reedicións que Galaxia publicou d'*A linguaxe e as linguas* (1967), *Olladas no futuro* (1974), *Filosofía da saudade* (1984) e *Galicia* (2002), obra que conta coas fotografías de Víctor Vaqueiro. Publícanse tamén en Galaxia un número dedicado ao homenaxeado da revista *Grial*, a tese de doutoramento de Miguel Barros, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, e *Vida e obra de Ramón Piñeiro*, de Beatriz García Turnes. Do Centro Ramón Piñeiro para a

Investigación en Humanidades saliéntase a publicación dos seus epistolarios con persoeiros como Basilio Losada e Xosé F. Filgueira Valverde, entre outros. Tamén se mencionan as obras *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, de Xesús Alonso Montero, e *O espertar da conciencia galega*. *Galeguismo*, *cultura e identidade*, conxunto de artigos dispersos do galeguista recollidos por Henrique Monteagudo. Cítanse ademais publicacións doutras editoriais como Xerais, caso da novela *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*, de Daniel Ameixeiro, e *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo(1939-1982)*, ensaio crítico de Xosé Ramón Rodríguez Polo. Asemade, faise eco da publicación por parte do Consello da Cultura Galega do monográfico *Ramón Otero Pedrayo, mestre da cultura galega*. De Mercedes Queixas cita *Ramón Piñeiro*. *A expresión cultural dunha estratexia política*; de Xoán Pastor Rodríguez, o *Dicionario Ramón Piñeiro*; de Xosé Mª Moreno Villar, *Ramón Piñeiro*. *Galeguista*, *editor e ensaísta*; e de Xosé Manuel Dasilva, *Ramón Piñeiro, tradutor*.

Nieves, Seve, "Homenaxe en A Pobra de San Xiao", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 17.

Faise eco dos actos da homenaxe que lle renderá a Real Academia Galega a Ramón Piñeiro na Pobra de San Xiao (Láncara, Lugo), vila natal do escritor, e que dará comezo cunha recepción ás autoridades no consistorio. Seguiralle o acto institucional dos académicos e a ofrenda floral ante o busto do homenaxeado.

Nieves, Seve, "Facer da cultura obxectivo político", *La Región*, "*Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 23.

Recóllense as declaracións de Miguel Barros, presidente do semanario *A Nosa Terra* e autor dunha tese sobre Ramón Piñeiro. Destaca que a gran capacidade do escritor "consistía en que outros fixesen a política que el cría que se debía levar a cabo" e considera que a súa obra foi de "activismo político". Opina ademais que a "orixinalidade" das ideas de Piñeiro estaban na rotundidade coa que afirmaba que o pensamento político "ten que ter unha base de índole filosófica".

Paz Morandeira, Víctor, "Construíndo o país arredor dunha mesa de braseiro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 4-5.

Fálase da dedicación de Ramón Piñeiro de formar elites culturais galeguistas no apartamento compostelán da Rúa Xelmírez durante os anos sesenta e setenta. Recóllense declaracións de diversos persoeiros como Isaac Díaz Pardo, quen pasou pola mesa braseiro e que apunta que o piso era propiedade do médico Domingo García-Sabell. Sinálase que despois da fundación Galaxia, xa se estaba labrando a súa fama de ser o "Sócrates galego". Apunta Xosé Luís Franco Grande que isto proviña das súas "dotes pedágoxicas impresionantes". Opinan outros persoeiros, habituais de Piñeiro, como Luís Álvarez Pousa, quen recorda, entre outras cuestións, que foi alí onde fundaron a revista *Teima*. Matízase que o galeguismo do escritor de Láncara era "de corte federalista e europeísta" e comenta Andrés Torres Queiruga que unha das cualidades que máis estimaba del "era o seu profundo humanismo, a amplitude do seu espírito".

Pereiro, Xosé Manuel, "O outro rei Artur", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, pp. 4-5.

Breve repaso da vida de Ramón Piñeiro, considerado un dos referentes galegos do século XX. Sinálase a importancia que tivo na fundación da editorial Galaxia e, sobre todo, os seminarios que dispensaba na "mesa redonda". Refírese tamén á súa participación política, así como da controversia que suscitou a súa elección como homenaxeado das Letras Galegas.

Pérez Barreiro, Fernando, "Ramón Piñeiro: o acomodo galeguista", *Diario de Arousa*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 46/"Ramón Piñeiro deixou unha fonda pegada na historia galega", *Diario de Ferrol*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", p. 39/"Ramón Piñeiro deixou unha fonda pegada na historia galega", *El Ideal Gallego*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 46, 17 maio 2009.

Dáse conta dos motivos polos cales se dedicou o Día das Letras Galegas a un personaxe con pouco percorrido literario. Precísase que esta homenaxe vén dada pola tarefa política que desenvolveu e a influencia que tivo para Galicia o que sería denominado fundador do galeguismo. Sinálase que este feito fai que a elección de Ramón Piñeiro sexa acertada. Acompáñase o texto cunha bibliografía e recortes de prensa na parte inferior da páxina.

P. F., Ramón, "As raíces galeguistas de Ramón Piñeiro", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 5, "Especial Letras Galegas. Arredor de Ramón Piñeiro", maio 2009, p. 3.

Faise un percorrido biográfico de Ramón Piñeiro, dende a súa infancia na Láncara natal, pasando polos seus estudos en Lugo até a súa participación na guerra civil. Preséntase a un intelectual tímido, empeñado en dar a coñecer a lingua galega, e impulsor do actual galeguismo, doutrina coa que se presentou polo Partido Socialista de Galicia nas eleccións ao parlamento galego.

Pino, Concha, "Juegos para todos en Fontiñas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 19 setembro 2009, p. L16.

Entre outras noticias faise referencia ao autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2009, Ramón Piñeiro, para indicar que na Casa Galega da Cultura de Vigo, a Fundación Penzol vén de reproducir o cuarto coa mesa braseiro na que o galeguista recibía os mozos, amigos, intelectuais e políticos cos que mantiña longas conversas. Dise tamén que se recuperaron para isto libros, fotografías, cadros e outros obxectos que estaban no cuarto orixinal.

Piñeiro, Ramón, "O pensamento galego", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 5, "Especial Letras Galegas. Arredor de Ramón Piñeiro", "Creación", maio 2009, p. 6.

Acóllese neste apartado xunto a uns breves apuntamentos biográficos un fragmento dun texto intitulado "O pensamento galego", da autoría de Ramón Piñeiro, sobre a lingua galega expresada oralmente e por escrito, sendo esta última un modo de converter a lingua nun instrumento de creación cultural.

Piñeiro, Ramón, "O galeguismo é un ideal", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "*Ramón Piñeiro. Letras Galegas*. *2009*", 14-20 maio 2009, pp. 6-7.

Reprodúcese un resume da intervención de Ramón Piñeiro en 1956 ante a Irmandade Galega de Bos Aires cunha serie de reflexións políticas sobre o galeguismo como sentimento vinculado á terra e ao pobo galegos e como "sentimento da dignidade do propio ser colectivo". Fala de tres xeitos do individuo de identificarse co seu pobo: conservando as institucións culturais; esforzándose por crear institucións se non as hai ou loitando contra as institucións alleas. A seguir profunda na idea do galeguismo político e realiza unha revisión da posición "nacionalista".

Piñeiro, Ramón, "Fóisenos o Álvaro Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.138, "Letras Galegas 2009", 16 maio 2009, p. 4.

Recuperación dun artigo de Ramón Piñeiro no xornal *La Voz de Galicia*, datado en febreiro de 1981 no que dá conta da morte de Álvaro Cunqueiro, a quen describe dende a súa mocidade en Mondoñedo, que logo describiría nas súas obras. Continúa retratando a un Cunqueiro fiel á súa terra, lingua e pobo, do que sinala que é un dos mellores creadores da lingua galega.

Piñeiro, Ramón, "Artista do pobo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.138, "Letras Galegas 2009", 16 maio 2009, p. 5.

Reimpresión do artigo de Ramón Piñeiro no xornal *La Voz de Galicia*, do 1 de marzo de 1970, sobre o talento artístico de Daniel Rodríguez Castelao, de quen salienta o seu amor ao pobo galego, a súa orixinalidade, a sabedoría artística e a sinceridade.

Piñeiro, Ramón, "Castelao", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.138, "Letras Galegas 2009", 16 maio 2009, p. 5.

Novo artigo de Ramón Piñeiro no xornal *La Voz de Galicia*, esta vez con data do 5 de xaneiro de 1975, no que lamenta a perda de Daniel Rodríguez Castelao anos antes e reconstrúe os valores da súa figura. Sinala que Castelao era símbolo das arelas do pobo galego, a quen entregou toda a súa vida, a cal segue presente no mundo galego. Acompáñase na marxe dereita co debuxo de Castelao "A derradeira lección do mestre".

Piñeiro, Ramón, "Ramón Otero Pedrayo e Santiago", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.138, "Letras Galegas 2009", 16 maio 2009, p .6.

Noutro artigo de Ramón Piñeiro en *La Voz de Galicia* (25 de xullo de 1988) recupérase a memoria de Ramón Otero Pedrayo e a súa relación con Santiago de Compostela. Así, comézase sinalando os primeiros días de Otero Pedrayo na cidade, para despois explicar seguidamente no apartado "Dobre significado" que a importancia da cidade residía para el na mestura do relixioso e o cultural. Na parte "Contactos importantes" aclárase a importancia das amizades que Otero mantiña dentro do Seminario de Estudos Galegos. En "Vixilancia policial" recóllese a cautela dos mozos ante o control policial existente, na época na que se fundaría nesa mesma cidade a editorial Galaxia. Finalízase o artigo co apartado "Xuntanzas reservadas", onde comenta que á marxe das xuntanzas nos cafés, o mesmo Piñeiro mantiña xuntanzas privadas con Otero en casa de Domingo García Sabell.

Piñeiro, Ramón, "As actitudes activas ante o referéndum", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3138, "Letras Galegas 2009", 16 maio 2009, p. 7.

Recuperación dun dos artigos escritos por Ramón Piñeiro no xornal *La Voz de Galicia* en decembro de 1980 ante a inminencia do referendo autonómico. Piñeiro alenta as xentes a que acudan a votar, xa sexa a favor ou en contra, expoñendo a continuación as razóns posíbeis dun e doutro voto.

Pousa, Luís, "O legado de Piñeiro protagoniza a primavera literaria en Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 abril 2009, p. 34.

Dáse conta das reedicións e dos estudos que se van editar sobre Ramón Piñeiro co gallo da homenaxe que recibirá o lancarés o Día das Letras Galegas. Precísase que entre as obras sobresae a novela de Daniel Ameixeiro editada por Xerais *Ramón Piñeiro*. *Os días ocultos*, onde se narra a volta de Ramón Piñeiro á posguerra, percorrida a través das súas palabras. A pé de páxina reprodúcense as entrevistas a Beatriz García Turnes e a Xosé Ramón García Polo, que falan sobre os libros que veñen de publicar, *Vida e obra de Ramón Piñeiro* (Galaxia) e *Ramón Piñeiro e a estratexia do galeguismo (1939-1982)*, respectivamente, que se suman aos xa publicados en 2008, *A linguaxe e as linguas* (1967) e *Olladas no futuro* (1974), e outros con anterioridade, caso d'*Un epistolario de Ramón Piñeiro* (2000), de Francisco Fernández del Riego, e *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia* (1991), de Carlos Casares.

Quintáns, Manuel, "A traxedia dun mundo sen rapazas e rapaces", *Diario de Arousa*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 44/"A traxedia dun mundo sen rapaces", *Diario de Ferrol*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", p. 42, 17 maio 2009.

Recóllese o pensamento de Ramón Piñeiro respecto ás diferentes etapas do ser humano, onde na sociedade dos anos cincuenta afirmaba que o rapaz estaba a ocupar o papel do mozo, e os mozos os do home maduro, quedando a sociedade sen rapaces e perdendo así os seus valores morais. Precísase que este convite á reflexión era un dos moitos cos que Piñeiro construía de forma pacífica a sociedade ideal. Complétase a pé de páxina cunha bibliografía sobre Ramón Piñeiro e o seu tempo.

Rabuñal, Henrique, "Un autor controvertido e senlleiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", "Biografía e bibliografía sobre Ramón Piñeiro", n.º 3.138, 16 maio 2009, p. 15.

Faise un breve percorrido pola vida de Ramón Piñeiro, comentando os elementos esenciais da mesma, os seus estudos, a militancia política, e, sobre todo, o seu labor cultural coa editorial Galaxia e a revista *Grial*, das que se mencionan os abondosos e libros publicados. No apartado "Profesor" comézase falando do seu traballo como profesor no Middelbury College de Vermont, pasando rapidamente a enumerar os seus numerosos escritos, dende o discurso de ingreso na Real Academia Galega até os máis coñecidos sobre a saudade. Destácase tamén a promoción na creación da Fundación Penzol, da Sociedade Instituto Galego da Información ou do Documento dos 29. Lémbrase que na súa última etapa presidiría o Consello da Cultura Galega e participaría na elaboración da Lei de Normalización Lingüística, xa co escano no parlamento galego polo PSdG-PSOE. Analízanse finalmente as obras sobre o propio Ramón Piñeiro e de carácter póstumo.

Ramundo, "A voz do campesiño ilustrado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Día das Letras", 18 maio 2009, p. 29.

Dáse conta do acto central do Día das Letras Galegas en Láncara, lugar de nacemento do autor homenaxeado, Ramón Piñeiro. Sinálase que, ademais da recepción ás autoridades na casa consistorial de Láncara, se celebrou unha sesión plenaria da Real Academia Galega. No seguinte apartado, precísase que Ramón Villares no seu discurso recordou a figura de Piñeiro como un dos grandes da cultura galega que contribuíu a formar unha nova idea sobre o país. Por outra banda, sinálase que no seu discurso Andrés Torres Queiruga valorou a proximidade do lancarés e o cultivo dos valores máis íntimos, así como a educación dos sentimentos. Asemade, nun cadro a pé de páxina recóllese un acto do PSdG-PSOE no que fixeron unha ofrenda floral na tumba do intelectual.

Regueira, Susana, "Ugarte y Rivas reivindican la vigencia del periodismo en los Premios Caixanova", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 maio 2009, p. 45.

Recóllese a cerimonia de entrega dos Premios Caixanova de periodismo. Sinálase que o premio Julio Camba recaeu en Pedro Ugarte polo seu artigo "La descendencia", e o Fernández del Riego en Manuel Rivas polo artigo "A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrick". Sinálase que no acto de entrega os dous autores defenderon o periodismo como algo necesario para a sociedade.

Requeixo, Armando, "A poética de Ramón Piñeiro", *Diario de Arousa*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 40/"Unha visión moi definida do seu mundo poético", *Diario de Ferrol*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", p. 35/"A poética de Ramón Piñeiro", *El Ideal Gallego*, "*Ramón Piñeiro*. *Día das Letras Galegas*", p. 40, 17 maio 2009.

Dáse conta da faceta de Ramón Piñeiro como estudioso da lírica galega. Sinálase que Piñeiro consideraba a Rosalía de Castro como a gran poeta do transcendente galego. Tamén apreciaba autores como Luís Pimentel, Uxío Novoneyra ou Antón Tovar, mais sobre todo, profesou unha grande admiración por Xosé María Díaz Castro, de quen dixo en 1972 era "o mellor poeta galego dos que hoxe viven". Achégase tamén a pé de páxina en *Diario de Arousa* e *El Ideal Gallego* un recorte de prensa do 25 de xullo de 1978 no que se recolle a intención de quince intelectuais, entre os que se atopa Ramón Piñeiro, de restaurar o Seminario de Estudos Galegos.

R. F., "Letras para un editor", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 5, "Especial Letras Galegas. Arredor de Ramón Piñeiro", maio 2009, p. 5.

Dáse conta das numerosas publicacións que, con motivo do Día das Letras Galegas, as editoriais poñen a disposición dos lectores. Precísase que os libros son os protagonistas indiscutíbeis deste día, e máis cando o homenaxeado formou parte esencial do proceso editorial, tanto na editorial Galaxia coma na revista *Grial*.

Rey, Lucía, "As xornadas sobre Ramón Piñeiro resaltan o seu papel como revisionista da doutrina política galeguista", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 marzo 2009, p. 48.

Dáse noticia da segunda xornada do foro promovido pola Deputación de Lugo e a Fundación Carlos Casares que pretende analizar a traxectoria do intelectual lancarés. Sinálase que nesta xornada Justo García Beramendi analizou o pensamento político de Piñeiro, facendo fincapé na súa militancia no Partido Galeguista, o seu paso polo cárcere e a súa tentativa fallida de galeguizar os partidos políticos, que o levou a ser deputado polo PSdG-PSOE.

Rey, Lucía, "O académico Víctor Freixanes gabou a 'intelixente' estratexia editora de Ramón Piñeiro en Galaxia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 marzo 2009, p. 48.

Refírese á terceira xornada do foro que analiza a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Ramón Piñeiro. Sinálase que o actual director xeral da editorial Galaxia gabou o labor editorial de Ramón Piñeiro, que publicou importantísimas edicións literarias e converteu Galaxia nunha plataforma cultural que conseguiu que vesen a luz proxectos como o da revista *Grial*.

Rodríguez, Ángeles, "A lingua como eixe", *O Sil*, "*Especial Letras Galegas 2009*", "Homenaxeado 2009", maio 2009, p. 3.

Apúntase que Ramón Piñeiro, homenaxeado do Día das Letras Galegas 2009, ingresou na Real Academia Galega co título *A lingoaxe i as linguas*, e a seguir, analízanse nunhas liñas o tema do discurso da entrada na institución. Coméntase que amosou o valor da lingua "dende unha perspectiva antropolóxica e o seu significado cultural" e, máis adiante, refírese á lectura "revisitada" que fixo Antón Santamarina deste escrito, con motivo do seu ingreso na RAG, en 1998.

Rodríguez, Ángeles, "Á beira da mesa camilla", *O Sil*, "*Especial Letras Galegas 2009*", "Homenaxeado 2009", maio 2009, pp. 4-5.

Comeza referíndose ao primeiro encontro de Carlos Casares co galeguista Ramón Piñeiro, descrito no libro *Ramón Piñeiro, unha vida por Galicia* (1991). Repárase ademais nas palabras do filósofo sobre as conversas ao redor da mesa camilla con mozos de inquietudes galeguistas, recollidas en *Unha ducia de galegos* (1982), por Víctor F. Freixanes. Por outro lado, menciona outras actividades do escritor de Láncara, como foi a posta en marcha do proxecto editorial, a publicación dos seus primeiros ensaios filosóficos e o labor de tradutor.

Rodríguez, Ángeles, "A faciana política", *O Sil*, "*Especial Letras Galegas 2009*", "Homenaxeado 2009", maio 2009, p. 6.

Achega á faceta política de Ramón Piñeiro, que se abre co recordo da primeira asistencia a un mítin galeguista. Sinálase que descubriu o galeguismo en Sarria, lugar no que traballou levando a contabilidade do comercio de Pedro Cortiñas. Relátanse tamén as principais peripecias vividas antes e despois da guerra civil, o seu encarceramento en 1946 e a súa "loita política" convertida en cultural, até a nova toma de contacto coa política nos últimos anos da ditadura.

Rodríguez Polo, Xosé Ramón, "Reactivar Galicia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 290, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. II.

Recóllese a estratexia galeguista de Ramón Piñeiro, que á saída do cárcere tratou de evitar o esmorecemento do galeguismo. Sinálase que esta estratexia atopou o seu camiño en 1950 coa constitución da editorial Galaxia, a cal tivo cinco eixes de acción: facer presente o galego entre a intelectualidade, fornecéndoa de material didáctico, fomento e recuperación das institucións galegas, promoción de personalidades galeguistas, contacto directo coa xente e a non adscrición partidista do galeguismo. A pé de páxina o cadro titulado "Esa humilde e silenciosa chuvia" serve de metáfora para explicar o pouco recoñecido do logro que o labor de Piñeiro supuxo para a conservación da realidade galega.

Romero, Javier, "Un roteiro poético ocupa o Día das Letras galegas en Ourense", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 15 maio 2009, p. 6.

Detalla que diferentes puntos da cidade vella de Ourense serán ocupados o sábado 16 de maio de 2009 cun roteiro poético co fin de celebrar o Día das Letras Galegas. Indícase que contarán coa colaboración, entre outros, de Manuel Rivas ou o Carrabouxo. Tamén se informa de que haberá unha conferencia de Víctor Freixanes e a actuación do grupo ourensán Guezos.

Rozados, Lara, "Primavera Piñeiriana", *A Nosa Terra*, n.º 1.352 "Cultura", 26 marzo-11 abril 2009, p. 31.

Tómase como punto de partida as xornadas organizadas pola Fundación Carlos Casares de título "Ramón Piñeiro na Galicia do século XX". Precísase que nelas, Xusto Beramendi e Antón Baamonde falaron da relación de Piñeiro coa política, Carlos Fernández e Andrés Torres Queiruga trataron o aspecto filosófico, Victor Freixanes o editorial e Henrique Monteagudo e Xosé Luís Franco Grande o lingüístico e autorial, respectivamente. Destácase no apartado seguinte, "Ensaios e estudos", o traballo recollido polo historiador Miguel Barros, abordando a achega política do lancarés, de próxima publicación, e menciona os numerosos estudos que se han publicar sobre Piñeiro nos próximos meses, así como no apartado "Recuperación da súa obra" recolle as próximas reedicións do escritor. A pé de páxina, no apartado "A súa voz en tertulias e conferencias", sinálase que en pouco tempo se poderán escoitar no Arquivo Sonoro de Galicia dez documentos sonoros de Piñeiro en conferencias e faladoiros.

R. R., "El presidente de la RAG asegura que abandona el cargo 'co deber cumprido", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 18 novembro 2009, p. 15.

Explica o proceso que cómpre seguir para escoller un novo presidente da Real Academia Galega e anúnciase que Santiago de Compostela acollerá o congreso "Ramón Piñeiro e galeguismo" no que Xosé Manuel Dasilva comentará as novidosas achegas do paso de Piñeiro polo cárcere.

Salgado, Daniel, "Galeguismo de Guerra Fría", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, p. 10.

Dáse conta do controvertido da elección de Ramón Piñeiro como figura a homenaxear no Día das Letras Galegas e analiza en particular a confrontación do escritor con Xosé Luís Méndez Ferrín e a xeración da Nova Narrativa. Seguindo as palabras de Xosé Luís Axeitos, recóllense os aspectos políticos que afastaban a Piñeiro do nacionalismo marxista e dos seus seguidores. Recóllese nun cadro a pé de páxina un informe secreto de Ramón Suárez Picallo do ano 1958 dirixido á Primeira Asambela das Irmandades Galegas da Plata, onde se explicitan os numerosos probelmas existentes no Consello de Galicia, sobre todo entre os galegos do exterior e o interior. Dáse conta tamén na parte superior na marxe dereita dun anaco do libro *Retorno a Tagen Ata* (1971), onde supostamente aparece a figura de Piñeiro baixo nome de Ulm Roam.

Sanmartín, Xabier, "O Día das Letras (e mais ti)", *Galicia Hoxe*, "Comunicación", 17 maio 2009, p. 47.

Sinálanse algúns aspectos de programas da Televisión de Galicia, mencionando posteriormente que mellorando o traballo como periodistas honraríase a galegos como Ramón Piñeiro máis alá do Día das Letras Galegas.

Seoane, Luís, "Ramón Piñeiro, unha visión diferente do galeguismo e un compromiso permanente con Galicia", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "*Ramón Piñeiro*. *Letras Galegas*. *2009*", 14-20 maio 2009, p. 1.

Reprodúcese na primeira páxina deste suplemento especial, realizado con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, un breve poema de Luís Seoane que, baixo o título "Tras dos seus ollos doentes, da súa amábel sonrisa e do seu falar velaíño..." refírese ao homenaxeado.

Sinllán, Marta de, "El gallego tiene 'tops", *El Progreso*, "*Revista*", "Escaparate. Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. 18.

Menciona a homenaxe que se vai render no Día das Letras Galegas a Ramón Piñeiro e, á marxe disto, sinala como novidades editoriais as traducións ao galego de *Do que estou a falar cando falo de correr*, de Haruki Murakami, e das obras francesas *Mal de escola*, de Danniel Pennac, e *A elegancia do ourizo*, de Muriel Barbery. Entre os autores galegos saen á luz *A praia dos afogados*, de Domingo Villar; *O globo de Sakespeare*, de Santiago Jaureguizar; e *O sombreiro chichiriteiro*, de Manuel Rivas.

S. J., "Lugo amortiza a débeda de Galicia con Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 marzo 2009, p. 73.

Recóllese o acto de inauguración das xornadas "Ramón Piñeiro na Galicia do século XX", organizadas pola Fundación Carlos Casares, e onde expertos do talle de Miguel Barros ou Justo García Beramendi falarán sobre os aspectos máis relevantes do intelectual lancarés.

S. K., "Baiona inicia mañana el Maio cultural con un homenaje a la cultura y cocina andaluzas", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Val Miñor", 1 maio 2009, p. 22.

Dáse conta do programa do Maio Cultural de Baiona onde están programados numerosos eventos culturais, destacando entre eles e como peche, a celebración do Día das Letras Galegas en homenaxe a Ramón Piñeiro. Entre os actos dese día, sinálase unha actuación de gaiteiros polas rúas da vila, así como a lectura continuada de textos do homenaxeado e unha romaría típica.

S. R., "Pedro Ugarte y Manuel Rivas, premios Julio Camba y Fernández del Riego 2008", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 18 febreiro 2009, p. 45.

Faise eco da concesión do premio de periodismo Fernández del Riego a Manuel Rivas, por un artigo titulado "A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrick", publicado o 11 de xullo na edición galega do xornal *El País*. Tamén se informa da dotación do premio e da composición do xurado e se recollen as declaracións do secretario do xurado, Alfredo Conde, quen subliñou a calidade literaria do artigo de Rivas e o feito de que o protagonista sexa Ramón Piñeiro, no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas.

Suárez, Rodri, "As referencias dun presidente", *Xornal de Galicia*, "En clave", "Análise", 15 abril 2009, p. 11.

Dáse conta do discurso de investidura de Alberto Núñez Feijóo no que fixo mención de cinco persoeiros, un deles, o checo Václav Havel, sendo os catro restantes os galegos Álvaro Cunqueiro, Couceiro Freijomil, Vicente Risco e o homenaxeado no Día das Letras, Ramón Piñeiro. Debaixo do artigo aparecen detallados individualmente os motivos das mencións de ditas figuras polo presidente autonómico.

Torre Queiruga, Andrés, "Piñeiro e a saudade", *Diario de Pontevedra*, "*Día das Letras*", n.º 27.568, p. 7/*El Progreso*, "*Especial Día das Letras Galegas 2009 Ramón Piñeiro*", 17 maio 2009, p. 47.

Teorízase sobre Ramón Piñeiro e a súa filosofía da saudade, que aparece recollida no seu libro *A filosofía da saudade* (1984). Sinálase a coincidencia da saudade coa angustia (Angst) que era entón o cumio da filosofía heideggeriana. Comenta que a filosofía galega ten unha débeda con el a este respecto, e que a saudade podémola atopar dende os versos de Rosalía de Castro até as vivencias místicas do lisboeta frei Agostinho da Cruz.

Varela, Suso, "Ramón Piñeiro, 'un home de diálogo e tranquilo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crónica", 21 marzo 2009, p. 51.

Dáse conta do comezo dos actos en homenaxe a Ramón Piñeiro, personaxe a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas. Así, sinálase o comezo dunhas xornadas abertas para o público que analizarán a vida, pensamento e obra do lancarés ao longo do século XX. Coméntase que expertos como Andrés Torres Queiruga, Xesús Alonso Montero ou Henrique Monteagudo serán os encargados de tratar as distintas facetas de Piñeiro.

Vecino, Coco, "Los festejos por el Día das Letras Galegas comienzan hoy con teatro", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 10 maio 2009, p. 15.

Dáse conta das actividades que o concello de Marín ten preparadas para conmemorar o Día das Letras Galegas. Precísase que se compoñen da representación da obra *A que cheiran os contos?*, e máis dunha conferencia de Carlos Callón sobre a lingua galega e o compromiso da sociedade e, por último, a entrega dos premios do Certame de Poesía do Concello. Tamén haberá un autobús para os que queiran acudir a Santiago á manifestación pola lingua.

Veiga, Marta, "O 'campesiño ilustrado' que foi Ramón Piñeiro regresa a Lugo nunha exposición retrospectiva", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Día das Letras", 16 maio 2009, pp. 62-63.

Dáse noticia da apertura no Centro Uxío Novoneyra en Lugo da exposición "Ramón Piñeiro. Olladas no futuro". Ademais das intervencións institucionais coméntanse as intervencións dos presidentes da Real Academia Galega e do Consello da Cultura Galega, Xosé Ramón Barreiro e Ramón Villares, que se referiron á importancia vital de Ramón Piñeiro e ao futuro congreso que sobre a súa figura se vai realizar. Cualifícase

de multitudinario o acto, mentres que na primeira páxina ao pé dela, no apartado "Unha cita exitosa en vésperas do Día das Letras, precísase que o número de autoridades foi excepcional, e sinálase algún dos efectos persoais que esta exposición itinerante amosa aos visitantes.

Ventura, Joaquim, "Pensar o país", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 290, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. VI.

Dáse conta do controvertido da elección de Ramón Piñeiro como personaxe a homenaxear no Día das Letras. Mais, facendo unha análise da situación galega da posguerra apóiase a postura que Piñeiro adoptou para defender a lingua e a cultura propias. No cadro a pé de páxina, baixo un retrato do homenaxeado, atópase o texto "Risco e Piñeiro", onde se comenta a gran achega que supuxo o prólogo do lancarés na obra de Ramón Lugrís, *Vicente Risco na cultura galega* (1964), pois coa tese das tres etapas recuperou a un escritor marcado polo seu paso ao bando reaccionario.

Vidal Villaverde, Manuel, "Mito e realidade de Ramón Piñeiro", *Atlántico Diario*, "*Día das Letras*", 17 maio 2009, p. 12.

Faise unha crítica da figura de Ramón Piñeiro, que nunca aceptou a idea de Galicia como nación e mesmo despois de acabar co Partido Galeguista asumiu unha postura errónea, tentando galeguizar partidos de órbita estatal. Sinálase que dentro do fervoroso anticomunismo do autor deu á luz os seus tratados sobre saudade ou mesmo conferencias do filósofo pronazi Martin Heidegger.

Vieites, MF, "O teatro, un Grial na Galaxia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 290, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, p. III.

Sinálase a importancia que a revista *Grial* tivo na difusión do teatro, tanto de autores galegos coma foráneos, así como ensaios sobre estruturas teatrais como o teatro clásico xaponés, o francés ou alemán. Precísase que isto contribuíu á construción de Galicia. No cadro a pé do texto e de título "Galaxia de autores e autoras", sinala que a editorial Galaxia foi a que puxo á dramaturxia na esfera pública, e posteriormente fai unha breve escolma de textos dramáticos editados dende esta editorial.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Aleixandre, Marilar, *Terras de Compostela*, Vigo: Edicións A Nosa Terra. Promocións Culturais Galegas, col. Viaxes literarias, 2009, 58 pp. (ISBN: 978-84-8341-328-9). ■

A modo de guía ou itinerario baseado en recreacións históricas e culturais, Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) achégalle ao lectorado algúns dos lugares máis emblemáticos da cidade de Santiago de Compostela acompañada polas fotografías de Paco Vilabarros. Preséntase a capital galega como un territorio da imaxinación, aludindo ás súas supostas orixes arredor da *inventio* da tumba do Apóstolo Santiago e proponse un percorrido polas súas rúas empedradas, seguindo a traxectoria do sol, do leste ao oeste, ao longo do que se detén en nove lugares. Deste modo, comeza o itinerario en San Domingos de Bonaval, onde se detén brevemente na figura e obra do arquitecto e inventor Domingo de Andrade, para a seguir describir a demorada visión dos tellados da cidade. Entre as evocacións históricas, narra a lenda de Xoán Tuorum, un ferreiro condenado a morte durante as revoltas do século XIV contra o bispo Berenguel de Landoira, os encontros de Pedro I e Xoana de Castro, as construcións mandadas levantar polo bispo Xelmírez ou a grande obra do Mestre Mateo, até alusións máis recentes, como a presenza de Ramón del Valle-Inclan no café Derby ou a celebración do mercado na Praza de Abastos. Deste modo, visítanse os barrios e os seus elementos arquitectónicos máis emblemáticos arredor do casco histórico e da catedral, até saír pola Porta Faxeira, en dirección á Alameda e carballeira de Santa Susana, onde se atopa a escultura de Rosalía de Castro. Aleixandre pecha así esta viaxe literaria, iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega subvencionada pola Xunta de Galicia, segundo se fai constar na propia obra, ofrecendo ao potencial visitante e lector unha perspectiva nova e enriquecedora da cidade do Apóstolo.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Compostela é como unha cidade encantada, porque se creou da nada", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*" , "Santiago", "Compostelanos en su rincón", 7 novembro 2009, p. 9.

Recolle as opinións de Marilar Aleixandre, catedrática de Didáctica das Ciencias, mais a quen a xente identifica como autora das obras de narrativa infantil e xuvenil *Rúa carbón* (2005), *A expedición do Pacífico* (1994) e *A cabeza de Medusa* (2008), ademais da monografía *Terras de Compostela*, pertencente á colección "Viaxes literarias". Lembra que as primeiras cousas que escribiu en galego foron de ciencias e que a literatura foi posterior, comezando con *A formiga coxa* (2000), que quedou finalista no premio Merlín. Remata indicando que o que máis lle sorprende do seu labor literario é a crenza do lectorado que se imbúe tanto da historia até crer que é realidade e que a mocidade se recoñeza no que narra, como lle comentaron nun encontro nun instituto.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 307, "Libros", 5 novembro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 258, "Letras galegas", 14 novembro 2009, p. 7.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego: *Terras de Compostela*, de Marilar Aleixandre; e *Arcaico o tempo que respira* (2008), de Paulino Vázquez, entre outras.

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, fai referencia á colección "Viaxes literarias", de Edicións A Nosa Terra, sobre a que comenta que se trata duns textos cunha coidada edición sobre diversos lugares da xeografía galega escritos por aqueles autores cun especial vínculo con eles. Así, cita *Terras de Compostela*, de Marilar Aleixandre; *Terras de Iria*, de Anxo Angueira; *Baixo Miño*, de Marta Dacosta; e *A terra do medio*, de Xosé Vázquez Pintor.

Almeida Rebollo, J. Alberto, *O'Volter*, *fragmentos para a memoria*, Ourense: Rodri Artes Gráficas, 2009, 139 pp. (ISBN: 978-84-613-0823-1). ■

Recompilación documental e gráfica de Jesús Alberto Almeida Rebollo subvencionada pola Consellaría de Cultura e Deporte e xebrada en tres seccións: poesía, pintura e escultura, nas que se repasa o contido artístico e literario da histórica taberna ourensá "O'Volter" apoiado con abondoso material fotográfico. Conta con prólogos institucionais e mais o artigo "Planeta Volter", de J. Alberto Almeida Rebollo, no que se fai un repaso á historia da taberna. Nel sinálase que esta taberna debe o seu nome a Vicente Risco, pechou en 1989 e que despois foi derruída. A seguir insírense as colaboracións: "A Amnesia", de José M.ª Pérez Álvarez; "Unha verdade de tantas", de Francisco X. Fernández Naval; e mais "Adictos a unha sobredose de beleza", de Chus Pato, xunto coa reprodución dun mosaico que recolle diferentes textos de Julio V. Gimeno, Antón Risco, Xosé Luís de Dios, Xaime Quessada, Alfonso Vázquez-Monxardín, Xosé Luís López Cid, Luís Martínez Risco e mais José Antonio García. As tres seccións de *O'Volter*, *fragmentos para a memoria* son "A poesía", "A pintura" e mais "A escultura". A primeira delas, "A poesía", reproduce a poesía escrita na taberna "O'Volter" e nas súas paredes con poemas de Ramón Otero Pedrayo, Pepe Romero, Ernesto G. del Valle, Gareno, Carlos Casares, Julio López Cid, Xosé Luís López Cid, Luís Calvo, Xesús Ferro Couselo, M. Díaz Rodríguez, Eduardo Blanco Amor, Bernardiño Graña, Manolo de Dios, Celso Emilio Ferreiro, Tovar, Xocas, Sampallo, Luís Quintela, J. M. Moreiras, Manuel Fernández Sampayo, Carlos Velo, L. Soto Fernández, J. A. Almeida, Xosé Luís Méndez Ferrín, Curros E., Vicente Risco, A. Vilagarcía, Luís Bouza Brey e Emiliano Picouto. Nesta sección tamén está reproducido o "Testamento do Santo Entroido de 1962", de Vicente Risco, e mais "Carta emocionada aos meus amigos da terra", de Ánxeles Pena. Na segunda sección, "A pintura", reprodúcense debuxos de varios autores como Vicente Risco, Baldomero Moreiras, Virxilio, Prego e Antonio Quessada, mentres que na terceira sección, "A escultura", se recollen fotografías de esculturas de O'Volter. Péchase co texto "O manuscrito Volter", de J. Alberto Almeida Rebollo, no que repasa outros feitos

históricos desta taberna con referencias a Vicente Risco ou Otero Pedrayo.

Alonso Montero, Xesús, *Cartas de republicanos galegos condenados a morte. 1936/1948*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2009, 523 pp. (ISBN: 978-84-9914-000-1)

Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) recolle neste libro cento vinte cartas de republicanos galegos escritas despois de que recibiran oficialmente a noticia da súa condena a morte. O libro comeza cunha dedicatoria do autor a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e a continuación aparece un prólogo onde explica diferentes consideracións sobre algúns textos do epistolario: clases de cartas, o código lingüístico empregado, criterios de edición empregados, etc. A partir desta introdución aparecen as cartas dos republicanos, a maior parte escritas en castelán, exceptuando as de Alexandre Bóveda e Víctor Casas Rei. En total aparecen cincuenta e sete autores de cartas entre os que destacan: Francisco Pérez Carballo, Jacobo Zbarsky Kupper, Alexandre Bóveda, Enrique Heraclio, Francisco Prego, Xoán Xesús González, Agustín Pérez, José Villaverde, Tomás López, José Miñones, Antonio Mojón, Abdón Blanco García, Darío Álvarez, Ramón García, Rafael de la Vega, Perfecto Abeleiras, Angel Pérez, José Ramos, Víctor Casas, Arturo Meirás, José Adrio, Luís Telmo Bernárdez, Arturo Briones, Modesto Pasín, Camilo Carrero, Antonio López, Jesús Castaño, Josefa García, Santiago Bilbao, Segundo Abal, Eladio Rodríguez, Seoane Sánchez… Nestas cartas, a maioría destinadas aos seus familiares, os presos republicanos despídense da súa familia ou dos seus amigos. Moitas das cartas son emotivas e incluso conmovedoras e reflicten a situación vital crítica daquel momento histórico. Ao final do libro aparece unha relación alfabética co nome dos cincuenta e sete autores das cartas. Tamén hai un apéndice no cal aparecen os facsímiles dos manuscritos destas cartas e algúns impresos.

Recensións:

- Manolo do Río, "Voce na néboa", *ABC*, "*Artes&Letras*", n.º 7, "Libros", xullo 2009, p. 7.

Comenta a obra de Xesús Alonso Montero, *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*, na que se recollen cento vinte cartas de presos escritas tras coñecer a súa condena. Refire que o lector pode contemplar con horror o sentimento destas persoas que nalgúns casos aceptan a inxustiza, noutros casos defenden a rebelión, ou tamén despídense dos seus familiares. Achega exemplos breves dalgúns dos autores das cartas e remata cun fragmento da epístola do albanel Manuel Estévez Gómez.

- Ramón Nicolás, "Me matan por ser bueno", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 320, "Letras en galego", 4 xullo 2009, p. 13.

Comeza destacando os importantes estudos e investigacións que realiza a cotío o profesor Xesús Alonso Montero e fai referencia á súa última publicación, *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*, na que recolle as despedidas de cincuenta e sete autores que expresan o seu sentimento antes da morte, a través de cento vinte cartas. Destaca que son textos moi conmovedores que se deben contextualizar e que pertencen a xentes de toda condición social e diversas idades. Tamén destaca o rigor

histórico e filolóxico, así como o profundo dramatismo da obra. Por último, afirma que é unha obra clave na recuperación da memoria histórica.

- M. Blanco, "Epístolas para a memoria histórica", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 617, 25 xullo 2009, p. 2.

Fai referencia ao volume compilatorio realizado por Xesús Alonso Montero no que achega cento vinte cartas de republicanos galegos escritas momentos antes de ser condenados a morte. Indica que son narracións moi conmovedoras e algunhas con certo nivel literario. Ademais explica que catro cartas son testamentos e que outras catro están recollidas da transmisión oral e pronunciadas minutos antes da execución.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pura lucidez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 329, "Letras en galego", 5 setembro 2009, p. 7.

Comenta que acaba de ler o libro *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*, de Xesús Alonso Montero. Salienta que se trata dun libro que provoca unha grande emoción e tamén tristeza. Refire que hai algunhas narracións prescindíbeis e define o libro como "pleno de dor".

- Xiana Arias Rego, "Non queimar a presente", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 22.

Refírese a *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, no que Xesús Alonso Montero inclúe cento vinte textos, a través dos cales a maioría dos condenados a morte se despide da familia, fai testamento e escribe aos amigos e compañeiros de combate, ao tempo que dá conta do día a día na cadea. Reproduce fragmentos dalgunhas cartas e explica que o profesor santiagués ofrece ademais a súa análise das clases de textos que conforman esta compilación, o idioma e código lingüístico, a cuestión relixiosa ou as misivas dos comunistas. Tamén apunta que cita outros volumes semellantes publicados a nivel internacional e alude á emotividade e valía literaria, que Alonso Montero lles apon a estes documentos.

- José Gómez Alén, "Dignidade republicana fronte á represión franquista", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 114-115.

Anuncia que Xesús Alonso Montero en *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)* recompila os diferentes escritos que deixaron para a historia os galegos na antesala da súa execución pola ditadura franquista. Refírese á documentación variada que inclúe este volume, que contén un estudo introdutorio no que se sistematiza o contido das cartas e se analiza a actitude da Igrexa católica, así como se alude aos militantes comunistas, á presenza dunha única muller e a cuestións como a tipoloxía dos textos, os criterios recompilatorios ou os códigos lingüísticos empregados. Tamén apunta que este epistolario da morte contén cento vinte cartas organizadas de forma cronolóxica e fala dos seus destinatarios e autores. Faise eco da información que se desprende destes textos e considera que con esta publicación se rende unha homenaxe ao republicanismo, se recuperan para a historia algúns dos seus nomes e a súa dignidade e se reivindica para Galicia un Museo da Resistencia antifranquista onde estes textos ocuparían o lugar que merecen.

- Vicente Araguas, “Esas cartas como pombas derradeiras”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 559/*El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 595, “Páxina literaria”, 15 novembro 2009, p. 4.

Fala sobre os anos da guerra civil e as situacións límite que se viviron e comenta como testemuña daquela época o libro compilatorio de Xesús Alonso Montero *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*. Explica que o libro recolle as cartas escritas por condenados a morte nas que se despiden dos seus familiares e amigos e nelas falan sobre dignidades, exculpacións, protestas de fe relixiosa, etc. Indica que a maioría destes escritos están redactados en castelán, a excepción de tres cartas, e salienta a primeira coa que comeza o libro. Despois tamén cita outras testemuñas.

Referencias varias:

- Mar M. Louzao, “No sé por qué me matan”, *El Progreso*, “Lugo”, 5 maio 2009, p. 9.

Infórmase de que o 4 de maio de 2009 durante a apertura do V Curso de Primavera de Humanidades, da Facultade de Humanidades, Xesús Alonso Montero falou dos dereitos humanos centrándose na descrición da súa próxima publicación *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*, da que se indica que conta con cartas escritas maioritariamente en castelán de condenados a morte.

- M. Dopico, “O adeus da dignidade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 26 xuño 2009, p. 34/ “Un libro compila as derradeiras cartas de 57 republicanos galegos”, *El Correo Gallego*, “Cultura”, 8 xullo 2009, p. 60.

Comeza cun fragmento dunha carta escrita por Manuel Estévez e recollida no volume de cartas recompiladas por Alonso Montero, no que aparecen cento vinte textos de cincuenta e sete represaliados polo franquismo e condenados a morte. Indica que a obra foi publicada por Xerais e salienta algunhas cartas máis: a de Alexandre Bóveda, a de Víctor Casas, a de José Gómez Gayoso e a de Antonio Seoane. Por último, comenta que o volume ademais de cartas tamén recolle escritos testamentarios escritos por homes, agás o dunha muller, e a maioría deles en castelán.

- Jorge Lamas, “Alonso Montero reúne nun libro un epistolario de presos condenados a morte”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 xuño 2009, p. 56.

Indica que no MARCO de Vigo tivo lugar a presentación deste volume do que se comenta que reúne cento vinte cartas escritas por republicanos galegos condenados a morte, entre eles Alexandre Bóveda e Víctor Casas. Asemade, destácase que Xesús Alonso Montero escolleu o MARCO de Vigo para este acto, dado que aquí se escribiron varias das cartas que integran este libro.

- Ana Baena, “Levo dende o 66 investigando esta parcela tan dramática da guerra civil”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 29 xuño 2009, p. 7.

Conversa na que Xesús Alonso Montero fala deste libro do que indica que conta con cincuenta cartas inéditas. Tamén afirma que todos os autores das cento vinte cartas

recollidas neste volume, agás Josefa García Segret, foron asasinados e mais que só catro cartas están escritas en galego: tres de Alexandre Bóveda e unha de Víctor Casas.

- Xesús Alonso Montero, "Escríbese, en capela, para a Historia?", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 320, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 4 xullo 2009, p. 12.

Refire que nun coloquio celebrado en Vigo o 25 de xuño se debatiu sobre o xénero literario da carta debido á presentación do seu libro *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*. A seguir, dá conta dos autores dalgunhas desas epístolas como a de José Domínguez González ou a de José Gómez Gayoso.

- Anxo Tarrío Varela, "Escrituras de punto final", *Galicia Hoxe*, "De letras e de signos", 29 xullo 2009, contracuberta.

Comenta o último libro publicado por Xesús Alonso Montero no que recolle as cartas de cento vinte condenados a morte polo franquismo. Cita algúns dos autores destas cartas e indica que o libro foi presentado na libraría Couceiro de Santiago, tamén describe a cuberta do volume. Por último, destaca unha das cartas, a de Arturo Briones Varela, por ser tío del.

- Fátima Pérez-Dorca, "Me matan por ser bueno", *La Opinión*, p. 25/*Faro de Vigo*, "Galicia", 4 agosto 2009, p. 21.

Fai referencia ao libro de Xesús Alonso Montero, *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1939-1948)*, no que recolle cento vinte cartas de condenados a morte, ademais de tres testamentos. Cita algunhas das cartas como a de Heraclio Botana, Antonio Seoane, Fraiz Villanueva e Antonio Mojón, e achega algúns comentarios do propio autor.

- R. Silva/O. Ucha, "E ti, a quen queres máis?", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 agosto 2009, p. 29.

Saliéntase o auxe que está a ter na actualidade o xénero literario do ensaio galego e achega as opinións de varios directores editoriais. Entre os exemplos de ensaios editados dá conta da publicación por parte de Xerais do libro *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1939-1948)*, de Xesús Alonso Montero.

- Ruth Fernández Fernández, "Epistolario republicano", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Noticias cotiás", 13 outubro 2009, p. 5.

Comenta que asistiu á presentación da obra de Xesús Alonso Montero, *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1939-1948)*, que tivo lugar no Liceo de Ourense. Explica que o libro recolle cento vinte cartas de cincuenta e sete republicanos momentos antes da súa morte e corenta delas son inéditas. A seguir, salienta algunha das cartas e os seus autores e comenta o contido destes textos.

- Belén López, "Últimas palabras dun condenado", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 7 novembro 2009, p. 69.

Dá conta da presentación do libro *Cartas de republicanos galegos condenados a morte* no Café Moderno de Pontevedra. Indica que no acto estiveron presentes o autor, Xesús Alonso Montero, o editor Manuel Bragado e o catedrático Ramón Regueira. Explica que o volume é unha compilación de cento vinte misivas, das que corenta son inéditas e comenta o autor que as leva recollendo dende os anos 60. Alonso Montero tamén destaca a dúas testemuñas: Manuel Estévez Gómez e Alexandre Bóveda.

- Ramón Rozas, "Cartas", *Diario de Pontevedra*, "La vida en un hilo", 7 novembro 2009, contracuberta.

Describe os sentimentos das testemuñas recollidas por Alonso Montero no seu libro *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*, que foi presentado no Ateneo de Pontevedra. Explica que o volume achega as cartas dos condenados a morte nos primeiros momentos da guerra civil e están cheas de forza e de sensacións arrepiantes.

- Ricardo R.V., "Alonso Montero presentó su libro 'Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936/48)", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/ Louriña", 26 decembro 2009, p. 10.

Comenta que a asociación Info MAXE organizou a presentación do último libro de Xesús Alonso Montero, *Cartas de republicanos galegos condenados a morte*, no Colexio PP Somascos da Guardia. A seguir, achega fragmentos de cada un dos participantes no acto: en primeiro lugar falou Celso Rodríguez Fariñas, a continuación interveu o filólogo Ferreiro Fente quen destacou a importancia deste traballo e o corpus de cento vinte cartas que corresponden a cincuenta e sete condenados; a última intervención foi a de Alonso Montero, o cal citou a algúns dos condenados e salientou que a lectura destas cartas reflicte o valor de todos e a firmeza nos seus ideais.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Espazos do poema*. *Poética*, *lectura crítica e análisis textual*, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, n.º 26, outubro 2009, 417 pp. (ISBN: 978-84-9246-27-2).

Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) recolle neste volume os seus escritos dedicados á reflexión sobre a creación poética e tamén os estudos nos que analiza a poesía galega da segunda metade do século XX. O libro comeza cun limiar no que o autor presenta de maneira breve as liñas principais do seu ensaio que consta de catro grandes bloques: "Poéticas", "Panoramas", "Lecturas" e "Comentarios". No primeiro destes apartados atópanse sete artigos: "As palabras do poeta", "Poesía como diálogo", "Poesía e concepción do mundo", "Poesía e información", "A favor do Pathos", "O universo no observatorio dos poetas" e "As medidas do verso libre". Neles, Álvarez Cáccamo reflexiona sobre o acto de creación poética e todo o que rodea a este feito: a poesía como diálogo, o poema como ente creador da realidade, o feito poético como acto de información e comunicación, etc. Na segunda sección do ensaio, "Panoramas", o autor fai un repaso pola historia da literatura galega dende 1936 até a actualidade. Son cinco os capítulos que compoñen esta sección: "A Xeración do 36", "Literatura galega e memoria histórica", "As Vangardas e a creación poética histórica hoxe", "A expedición poética dos 80" e "Anos de poesía galega. A conversa interxeracional". No primeiro artigo céntrase nos autores e obras máis relevantes da Xeración do 36. En "Literatura galega e memoria histórica" fai un percorrido polos autores e obras que fan referencia

ao conflito bélico do 36. No terceiro capítulo analiza a influencia das Vangardas de comezos do século XX na poesía galega actual. Os dous últimos artigos deste bloque repasan os autores e obras máis importantes da poesía galega dende os anos oitenta do pasado século até a actualidade. O terceiro bloque do libro, "Lecturas", consta de quince artigos nos que Álvarez Cáccamo analiza diferentes escritores e obras da literatura galega: Álvaro Cunqueiro, Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro, Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez, Luz Pozo Garza, Bernardino Graña, Avilés de Taramancos, Miguel Anxo Fernán Vello, Gonzalo Navaza, Vítor Vaqueiro, Xavier Rodríguez Baixeras. Os artigos nos que analiza as obras destes autores son os seguintes: "A poesía de Álvaro Cunqueiro: do cristal á cinza", "O discurso metapoético de Carvalho Calero", "Unha lectura de Celso Emilio", "Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez polos camiños de alba", "Silencio e voz de *Canle segredo*", "Luz Pozo Garza. O amor como escrita e liturxia", "Mar e amor contra a cidade gris. Os rexistros políticos na poesía de Bernardino Graña", "A poesía de Avilés de Taramancos", "Labor da terra e soño marítimo na poesía de Antón Avilés de Taramancos", "Guía para o viaxeiro da gándara", "A poesía de Baixeras: a viaxe á casa do norte", "Vítor Vaqueiro, *A cámara da néboa*", "Miguel Anxo Fernán Vello, *As certezas do clima*, "O pensamento poético de Miguel Anxo Fernán Vello" e "Gonzalo Navaza, *A torre da derrota*". No último bloque do ensaio, Álvarez Cáccamo realiza comentarios de poemas de diferentes poetas galegos: Blanco Amor, Bouza Brey, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Luz Pozo Garza, Méndez Ferrín, Rodríguez Baixeras e Miguel Anxo Fernán Vello. Os comentarios dos poemas levan os seguintes títulos: "Eduardo Blanco Amor, Poema en catro tempos", "Fermín Bouza-Brey, Quinta –Feira Maior", "Aquilino Iglesia Alvariño, No cimo do grave", "Álvaro Cunqueiro, Na outra banda", "Álvaro Cunqueiro, Herba aquí ou acola", "Celso Emilio Ferreiro, Soldado", "Luz Pozo Garza, Souben amar", "X.L. Méndez Ferrín, Podería chamar agora…", "Xavier Rodríguez Baixeras, Fillo da sombra" e "Miguel Anxo Fernán Vello, Avanza o deserto".

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Versos de supervivencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poeta", 24 decembro 2009, p. 26.

Alude ao proxecto da editorial Espiral Maior baseado na xeración de poetas dos anos oitenta e destaca a publicación de *Espazos do poema. Poética, lectura crítica e análise textual*, de Xosé María Álvarez Cáccamo.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras como *Espazos do poema*, de Xosé María Álvarez Cáccamo, entre outras.

Angueira Viturro, Anxo, *A espiral no espello. Bretaña, Esmeraldina e o sistema literario galego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 2009, 703 pp. (ISBN: 978-84-9782-719-5).

Estudo de Anxo Angueira Viturro (Manselle, 1961) sobre *Bretaña, Esmeraldina* que abre cunha cita tomada da biografía de Salgado e Casado, titulada *Xosé Lois Méndez Ferrín*, na que Ferrín afirma que aprendeu moito no cárcere. O libro consta de dez partes, que á súa vez se dividen en subpartes, tituladas: "I. Limiar", "II. Estrutura diexética. Primeira organización da complexidade", "III. Nivel extradiexético. Esmeraldina", "IV. Nivel intradiexético. A prisión de Príncipe en Tagen Ata", "V. Nivel hipodiexético. Modelos, polifonía, gramática e *mise en abyme*", "VI. Os niveis hipodiexéticos", "VII. Principios macroestruturais", "VIII. Galicia en *Bretaña, Esmeraldina*", "IX. *Bretaña, Esmeraldina* e o sistema literario galego" e "X. Bibliografía". No "Limiar" danse as razóns da escolla do tema deste estudo. A primeira é que, aínda que *Bretaña, Esmeraldina* foi defendida por Franco Grande, Carme Blanco, Manuel Forcadela, Xavier Costa Clavell e Sonsoles López, obtivo moi malas críticas, sobre todo académicas, o que provocou que ficase relegada dentro do conxunto da produción narrativa do autor e como irrelevante dentro da historiografía literaria contemporánea. Aínda que foi traducida a varios idiomas, é a única obra de Ferrín que só conta cunha reedición, o que indica que tampouco foi ben acollida polos lectores, o que se supón que é debido a que a súa complexidade require unha alta competencia lectora. O segundo motivo da escolla foi intentar demostrar a súa coherencia interna, desentrañar os aspectos máis relevantes e demostrar a súa vocación por ocupar un lugar central no sistema literario galego, xa que se pronunciaba sobre os campos político e literario galegos. No estudo, propiamente dito, Angueira analiza con detalle a complexa estrutura da novela, cos seus niveis narrativos, para reflexionar sobre as diferentes poéticas que nela se manexan, por exemplo, a do protagonista, Amaury, preso político bretón na cadea de Príncipe de Tagen Ata, que procura unha identidade. Para chegar a este punto, o autor dedica a maior parte das páxinas a tratar a estrutura diexética da novela, pero considera necesario este detallado estudo previo para despois sustentar as súas afirmacións sobre bases sólidas. Tamén quixo que o esmiuzamento da primeira parte, á vez que xa ían aclarando diferentes aspectos do texto (os seus principios macrotextuais, as súas poéticas), obviase, na segunda parte, comentarios e análises xa documentadas que permiten maior fluidez e condensación na fase máis importante. Angueira remata facendo fincapé en que esta obra retrata o nacemento do independentismo político, cume da Nova Narrativa, que serve de manifesto para resituar o sistema respecto do espazo cultural celta, se posiciona en defensa da literatura fantástica e fai unha aposta pola autonomía do campo literario para a consolidación da literatura galega como literatura nacional. O libro remata cunha ampla bibliografía sobre esta obra.

Referencias varias:

- Lara Rozados, "Ferrín creou un universo literario liberador", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "Cultura", 5-11 febreiro 2009, p. 39.

Conversa na que Anxo Angueira debulla a obra *Bretaña*. *Esmeraldina*, de Xosé Luís Méndez Ferrín. Explica que é unha novela complexa, de vangarda e que representa a primeira novela de cadea no sistema literario galego. Asemade mostra que en *Bretaña*. *Esmeraldina* converxen a poética do eu e mais a da identidade, que xoga con tres espazos (a cadea da rúa Príncipe, Tagen Ata e Bretaña) e que Ferrín ao tratar o tema carcerario pretendía chamar a atención sobre que unha parte do nacionalismo estivo preso. Finalmente apunta que *Tagen Ata* supuxo unha ruptura co galeguismo culturalista

de Ramón Piñeiro e mais que Ferrín e Robbe-Grillet son dous escritores "irmáns", fillos dun mesmo tempo e dunha mesma concepción literaria.

Angueira, Anxo, *Terra de Iria*: *terra de Rosalía de Castro*, Vigo: Edicións A Nosa Terra. Promocións Culturais Galegas, col. Viaxes literarias, 2009, 46 pp. (ISBN: 978-84-8341-327-2). ■

Este traballo de Anxo Angueira Viturro (Manselle, 1961) sobre a terra de Iria consta de dúas partes, que coinciden coas dúas opcións de viaxe que se propoñen. Nun texto introdutorio a modo de prólogo, sen título, dise que na primeira viaxe se percorrería o núcleo central desta terra a pé e na segunda a periferia en coche. Ambas viaxes teñen un mesmo punto de partida: a Casa-Museo de Rosalía de Castro na Matanza. A primeira parte intitúlase "Padrón, Padrón. Santa María. Lestrove". Pártese da casa onde morreu Rosalía e onde se celebra a entrega dos premios Pedrón de Ouro, despois visítase o pazo da Arretén, onde naceu súa nai, e o cemiterio da Adina, onde están enterrados a propia Rosalía e Camilo José Cela. Dise que Santa María de Iria foi a capital galaica e a sé episcopal do reino suevo e que a súa historia está na *Crónica de Santa María de Iria* (1468), de Rui Vasques. Coméntase que ao lado da igrexa está a Fundación Camilo José Cela e a casa onde este autor naceu. De aí vaise a Padrón, onde se criou Rosalía con súa nai, e onde está a súa estatua, diante da que, en 1958, se fixo nun acto de coroación a Ramón Cabanillas, un dos primeiros actos públicos de resistencia antifranquista, no que Aquilino Iglesia Alvariño recitou uns versos e Ramón Otero Pedrayo pronunciou unhas palabras. A continuación, diríxese a Lestrove, terra do poeta Fortunato Cruces Angueira, para visitar un pazo dun curmán de Rosalía que foi testemuña de varios feitos políticos e literarios e en cuxas paredes hai un tesouro conmemorativo deseñado por Camilo Díaz Baliño que recolle o nome de varios asasinados e un poema de Xesús San Luís Romero. Na segunda parte, "Periferia de Iria", suxírese un percorrido dende a casa da Matanza até o convento de Herbón, que evoca a novela de Otero *Las palmas del convento*. Despois pásase por varias aldeas da marxe do río Ulla: Castro Valente, descrita por Manuel Murguía e Antonio López Ferreiro; Requeixo, que segundo Sarmiento en 1754 tiña o maior número de mariñeiros e embarcacións na provincia de Pontevedra; Cesures, de onde eran Carlos Maside e Borobó; Valga, onde naceu Carolina Otero; e Cordeiro, de onde é natural Xesús Ferro Couselo. Despois visitaranse as Torres de Oeste, cantadas por Rosalía en *Follas Novas* (1880); Imo, onde naceu Luís Aguirre del Río, autor dun vocabulario galego-castelán, Avelino Abuín de Tembra e Xosé Ramón Reboiras Noia; e Tarrío, de onde é Eusebio Lorenzo Baleirón. Finalmente, achégase a Rois, que se recomenda coñecer co libro *O Concello de Rois: Historia, Economía e Arte* (1990), de Clodio González Pérez; Ribasasar, evocadora da pastorela de Xoan Airas de Santiago; e Pazos, terra do narrador Xavier Queipo; para regresar ao punto de saída: a Casa da Matanza. Esta monografía, froito dunha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega subvencionada pola Xunta de Galicia, está ilustrada con fotos dalgúns dos lugares aos que se fai referencia e tamén contén un refrán.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, fai referencia á colección "Viaxes literarias", de Edicións A Nosa Terra, sobre a que comenta que se trata duns textos cunha coidada edición sobre diversos lugares da xeografía galega escritos por aqueles autores cun especial vínculo con eles. Así, cita *Terra de Iria*, de Anxo Angueira; *Terras de Compostela*, de Marilar Aleixandre; *Baixo Miño*, de Marta Dacosta; e *A terra do medio*, de Xosé Vázquez Pintor.

Angueira, Anxo (ed.), *Rosalía 21*, trad. ao castelán Xabier Xil Xardón, ao inglés María Reimóndez e ao francés Emma Lázare e Denise Peyroche, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia, 2009, 310 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-880-2/ISBN Xunta de Galicia 978-84-453-4731-7). ■

Editada en galego, español, inglés e francés por Anxo Angueira (Dodro, A Coruña, 1961), esta obra está formada por un conxunto de nove artigos que reflicten outros tantos aspectos sobre Rosalía de Castro dende a óptica do século XXI. No limiar Angueira explica que o libro forma parte dun proxecto encargado dende as institucións e que pretende divulgar a figura de Rosalía dende unha perspectiva contemporánea. Para iso o proxecto divídese en tres partes, da que unha sería o presente libro; outra un espectáculo audiovisual baseado na imaxe máis a palabra, na poesía e na música; e a terceira parte consistiría na gravación base dese espectáculo. A terra, a casa, a emigración, a muller, a sombra, os miserábeis, a revolución, a alborada e Rosalía, poeta nacional, son os eixes temáticos desta revisión de Rosalía. Insírense tamén após os textos en galego unhas fotomontaxes con imaxes de lugares próximos a Rosalía e mais anacos dos seus poemas. A seguir aparecen os seguintes traballos:

- Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, "Dúas achegas biográficas", pp. 17-24.

Reprodúcense anacos extraídos de dous artigos da autora nas revistas *Grial* e n'*A Trabe de Ouro* nos que avanza datos moi importantes sobre a confusa biografía de Rosalía de Castro. O primeiro artigo leva por título "Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro" e foi publicado no n.º 136 da revista *Grial* no ano 1997. No artigo corríxense apuntamentos biográficos erróneos aparecidos no *Dicionario da Literatura Galega* demostrándoo con datos censais xurdidos dun labor investigador. O segundo artigo, "Sobre as orixes de Rosalía de Castro" aparecido n'*A Trabe de Ouro* n.º 39 en 1999 recolle o momento do nacemento de Rosalía de Castro e o seu bautismo na Inclusa, feito este provocado para evitar a súa estancia nese pouco seguro centro ante a imposibilidade de recoñecemento do seu pai.

- María López Sández, "Rosalía e a paisaxe galega", pp. 25-35.

Afóndase nos motivos subxacentes na representación paisaxística que Rosalía empregou en gran medida nas súas obras e en concreto en *Cantares Gallegos* (1863). Así recóllese como Rosalía creou un imaxinario paisaxístico oposto ao de Castela e disposto a defender a súa propia beleza tantas veces aldraxada dende alén de Galicia. Este imaxinario repetido tamén en *Follas Novas* (1880) e *En las orillas del Sar* (1884) formaría parte da representación do ideario feminino, metaforicamente asociado non sen problemática, a Galicia.

- Iria Sobrino Freire, "Os prólogos a *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*, manifestos por

unha cultura da resistencia", pp. 37-42.

Proponse unha lectura pragmática dos prólogos de *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880), onde se conectan o concepto de "reinscrición" de Edward Said e os trazos para as "literaturas menores" estabelecido por Deleuze e Guattari. Advírtese que nos prólogos se produce un distanciamento da lingua hexemónica, un desafío ás nocións estereotipadas de xénero e un afastamento dos canons literarios, converténdose así os prólogos en verdadeiros manifestos para a resistencia.

- Nancy Pérez Rey, "Rosalía de Castro e a emigración. A poeta e Cuba", pp. 43-49.

Abórdase a relación de Rosalía de Castro e a emigración dende dous aspectos. O primeiro sería a crónica que Rosalía reflectía nos seus poemas sobre o enorme fluxo migratorio da época na que lle tocou vivir , sempre dende un posicionamento crítico. Amósanse exemplos como o poema "Adiós rios, adiós fontes" no que reflicte a dureza da emigración exterior, en "Castellanos de Castilla" a da emigración interior, e en "Airiños, airiños aires", que amosa o duro regreso á casa. Na segunda parte, "A poeta en Cuba", sinálase a enorme repercusión que Rosalía tivo na illa. Alí publicaríanse poemas nos xornais da emigración como en *El Eco de Galicia* ou vería a luz dende A Habana o libro *Follas Novas* en 1880. Sinala tamén a creación de xornais como *Follas Novas* ou de diversas sociedades co nome da escritora.

- Xabier Cordal Fustes, "Rosalía de Castro: un método para a liberación", pp. 51-57.

Trátase de resolver o equívoco que sobre a poesía de Rosalía pesou durante anos. Esta visión de Rosalía como "poeta rural" ou "poesía folclórica" non responde máis que a unha perspectiva distorsionada, e ás veces interesada da obra. Segundo Xabier Cordal, Rosalía leva a termo un programa estético-ideolóxico. Con este programa preténdese revirar a visión negativa que daquela pesaba sobre o seu país e máis aínda, reclamar o sentimento de pertenza ás clases populares. Afástase finalmente todos os tópicos que pesaban sobre a autora para erixila como o símbolo do país que é.

- Daniel Salgado, "Corazón de aceiro: cinco notas sobre o político en Rosalía de Castro", pp. 59-63.

Trázanse dentro da figura de Rosalía de Castro cinco liñas direccionais da faceta política reflectida na súa literatura. "Clase", "Xénero", "Progreso", "Espazo" e "Patria" son os cinco trazos aquí estudados. En "Clase" exponse o sentimento de clase que albergaba Rosalía e que queda patente en poemas como "A xustiza pola man", onde se rebela contra a clase dominante. En "Xénero" trasládanse, porén, as circunstancias nas que escribía Rosalía en contraste co seu home, Manuel Murguía. No apartado "Progreso" recolle a oposición da poeta ao progreso no seu sentido canónico, e que aparece reflectido no seu poema "¿Quen non xime?". En "Espazo" menciónase o nomadismo patente tamén en Rosalía que ás veces, como no poema sete de *Cantares Gallegos* (1863) escapa do espazo rural. Xa por último, en "Patria" afírmase un programa político no contido das súas obras, desbotando a inxenuidade da súa poesía.

- María do Cebreiro, "Rosalía de Castro ou a produción do infinito", pp. 65-75.

Artigo dividido en seis partes onde se analizan os aspectos máis introspectivos de

Rosalía dende unha perspectiva filosófica, así, en "Negatividade e desdobramento. A sombra como figura de subxectividade" reflexiónase sobre o símbolo da sombra en Rosalía enlazándoo coa negatividade ou o desdobramento que se manifesta, por exemplo, en Edgard Allan Poe, desvelando unha temporalidade da sombra só dirixida ao infinito. En "Gravidade e lixeireza. A noción de pensamento en Rosalía de Castro" debulla o significado do pensamento na poesía de Rosalía, que depón o carácter instrumental do mesmo e adquire un carácter autosuficiente. Na parte "As emocións tráxicas e a ansiedade da crítica", pártese dunha desmedicalización da subxectividade rosaliana, para logo contrapor os poemas onde a compaixón e o temor dan como resultado a catarse fronte aos que amosan ansiedade e sombra, sen catarse posíbel. En "Sombras e espectros. O infinito é unha propiedade da ironía" analízase a ironía en Rosalía como unha propiedade do infinito, seguindo ao teórico de Yale, Paul de Man. En "Unha filosofía do corpo. A sombra como figura da estranxeira" analízase o concepto da sombra partindo da figura filosófica de "intruso" empregada por Jean-Luc Nancy na obra do mesmo nome. Por último, en "Cabo", insta a recrear a obra de Rosalía dende unha óptica filosófica contemporánea e non só co pensamento tradicional.

- Iago Castro Buerger, "Rosalía de Castro: transgresión e feminismo", pp. 77-84.

Proponse, de entre todos os matices da súa literatura, unha revisión do feminismo na obra de Rosalía, expoñendo os trazos onde a poeta transgredía a escrita feminina ou criticaba os aspectos sociais que denigraban á muller. Estes feitos concibiron a Rosalía como a fundadora da literatura galega dende a rebeldía.

- María Reimóndez Meilán, "Adeus ríos, ola océanos: as traducións de Rosalía de Castro", pp. 85-94.

Abórdase a complexidade do proceso de tradución, un proceso que no caso de Rosalía é tamén un proceso político e social, aspecto este que debe ter en conta a tradutora así como o coñecemento da entorna cultural no que se produciu o texto. Explica posteriormente algunhas das estratexias que as tradutoras feministas empregaron nas traducións da autora ao inglés a fin de preservar as características máis transgresoras de Rosalía.

- Anxo Angueira, "Algunhas visións de Rosalía de Castro", pp. 95-102.

Recollendo a Rosalía como referente simbólico da patria galega, faise un percorrido polas visións que numerosos autores, galegos e estranxeiros, dende a súa morte até a actualidade, tiñan da autora e que deixaron marcadas nos poemas que lle dedicaron.

Tras a reprodución destes traballos, insírese unha serie de fotografías da autoría de Uqui Permui, seguidas da versión española, inglesa e francesa das achegas xa descritas.

Referencias varias:

- D. Salgado, "Cuentos, ensayos y jazz celebran los 172 años del nacimiento de Rosalía de Castro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 24 febreiro 2009, p. 6.

Fálase do aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, que en 2009 se cumpren os cento setenta e dous anos. Con este motivo cítanse algunhas das iniciativas organizadas, caso do espectáculo multidisciplinasr *Rosalía XXI*, dirixido por Anxo Angueira. Sobre este explica que o compoñen a música interpretada polo cuarteto Abe Rábade e textos recitados da autora, alén de proxectar un documental no que opinan Xosé Luís Méndez Ferrín, María do Cebreiro e Victoria Álvarez Ruíz de Ojea. Anúnciase que tamén sairá á venda o libro de *Rosalía XXI*, con achegas dos escritores Xabier Cordal, María Reimóndez, Iria Sobrino e María López Sande, entre outros. Pola súa banda, a Fundación Rosalía de Castro vén de publicar *Quen casa ten de seu*. *Contos na casa de Rosalía* e organizou unha serie de xornadas para escolares que se celebrarán na Casa da Matanza. Por último, dise que a Asociación de Escritores en Lingua Galega se uniu a esta conmemoración co manifesto "No día de Rosalía de Castro", redactado por Teresa Moure.

- maré, "Rosalía renovada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 febreiro 2009, p. 39.

Infórmase de que o 26 de febreiro se presentará no Teatro Principal de Santiago de Compostela o proxecto *Rosalía 21*, que é definido como unha visión renovada de Rosalía de Castro dende a música, o audiovisual e a poesía. Deste proxecto indícase que conta cunha proxección audiovisual na que colaboraron Xosé Luís Méndez Ferrín, María do Cebreiro e María Reimóndez. Tamén se anuncia que se dará a coñecer o libro *Quen casa ten de seu*. *Contos na casa de Rosalía*, que inclúe cinco contos de autores e ilustradores galegos.

- Xornal de Galicia, "Rosalía 21', unha tripla homenaxe", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 12, "Libros", 28 febreiro 2009, p. 5.

Destácase que Anxo Angueira é o coordinador do proxecto *Rosalía 21*, no que se mestura un espectáculo audiovisual baseado na imaxe a na palabra, na poesía e na música e que conta coa participación de Abe Rábade. Faise unha descrición dos diferentes apartados deste volume e apúntase que conta cunha viaxe fotográfica preparada por Uqui Permui.

- Iago Martínez, "Pensar porque toca", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 13, "En portada", 7 marzo 2009, pp. 2-3.

Enuméranse unha serie de novidades literarias que se relacionan con efemérides sinaladas do calendario galego. Así, con motivo do nacemento de Rosalía de Castro dise que saíu á venda *Rosalía 21* e como homenaxe aos setenta anos de Xosé Luís Ferrín se editou *A semente da nación soñada* (2008). Tamén se salientan os volumes publicados na honra de Ramón Piñeiro con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e a reedición da *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas* (2008), de Xesús Alonso Montero no vinte e cinco aniversario da súa publicación.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Infantil/Xuvenil", 7 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión de *Rosalía 21*, unha monografía editada por Anxo Angueira, entre outros.

- Armando Requeixo, "Volvendo a Rosalía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Libros", 16 maio 2009, p. VI.

Comenta que este libro recolle traballos sobre Rosalía de Castro, obra dunha decena de estudiosos e que, segundo Luís Bará, o seu principal obxectivo é o de revisar e reivindicar dende a lectura contemporánea a figura de Rosalía de Castro. Tamén se sinala que conta con máis de trescentas páxinas e que é trilingüe, con textos orixinais en galego con versións en inglés, francés e español.

- Xosé Carlos Caneiro, "Inferno e parodia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 23 xullo 2009, p. 12.

Faise referencia a diferentes obras do panorama literario galego, con especial fincapé na obra *Rosalía 21*, da que foi partícipe María López Sánde. Destácase ademais a esta autora por *Paisaxe e nación* (2008), Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007.

Aurora, Mª Dolores e Clementina **Vidal Caramés**, *Xoán Vidal Martínez. Vida e obra*, prólogo de Xosé Ramón Pena, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, maio 2009, 253 pp. (ISBN: 978-84-8457-326-5).◆

Volume no que se achega unha escolma de poemas en galego e en castelán de Xoán Vidal Martínez (Pontevedra, 1904-1994), así como textos doutra índole como son: recensións, artigos, correspondencia editada e inédita do autor e unha entrevista. A obra vén introducida por un prólogo a conta de Xosé Ramón Pena, no que comenta a relación de amizade que o uniu ao poeta, a quen considera precursor do hilozoísmo dende o seu primeiro poemario, *Mágoas*, e tamén se achegan algúns versos do autor. No estudo intitulado "Así foi o noso poeta" as súas fillas, María Dolores Aurora e Clementina Vidal Caramés, fan un percorrido pola traxectoria vital e profesional de seu pai. Asemade, cómpre subliñar que o volume ilústrase con manuscritos, fotos familiares, cubertas das edicións primixenias das obras de Vidal Martínez e noticias en xornais das que é protagonista o autor. Péchase o volume cunha selección bibliográfica de e sobre Vidal Martínez.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "De homenajes y despedidas", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con Cuca", 13 agosto 2009, p. 70.

Dáse conta da asistencia de diversas autoridades locais, así como dos familiares de Xoán Vidal, á presentación da monografía de Dolores Aurora e Clementina Vidal Caramés sobre o poeta pontevedrés.

- María Vázquez, "Vida e obra dun poeta pontevedrés dos anos 20", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 13 agosto 2009, p. 62.

Anúnciase unha publicación da Deputación de Pontevedra dentro dunha colección destinada a homenaxear os seus cidadáns máis ilustres, caso de Xoán Vidal. Explícase que a súa realización esixiu un labor intensivo de documentación por parte das súas

autoras para describir a traxectoria literaria do poeta, contida en boa parte nas revistas da época, como eran *Nós*, *Alfar*, *Vida Gallega* e *A Nosa Terra*, entre outras.

Blanco, Carmen, *Uxío Novoneyra*, Vigo: Edicións A Nosa Terra. Promocións Culturais Galegas, col. Esencias, 2009, 102 pp. (ISBN: 978-84-8341-420-0).

Biografía do poeta Uxío Novoneyra, que relata a vida e a obra, máis tamén un estudo e análise da obra, do seu significado na historia da literatura galega e a súa transcendencia. A estudiosa divide o traballo en doce apartados, o primeiro dos cales non ten título e dedícase á vida e obra do poeta, salientando as súas amizades e relacións con artistas e intelectuais, as súas viaxes e estadías en Madrid, Compostela e no seu Courel natal, ademais de dar conta das edicións de todas as súas obras. Afirma que dende o principio se converteu nun poeta clásico, porque foi canonizado no estudo de Xosé Luís Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra* (1984), e noutras estudos que se lle dedicaron dende a súa primeira produción. O segundo apartado, "O son escuro e o soño luminoso", sitúa ao autor nas correntes literarias da época, pertencente á segunda xeración de posguerra ou Xeración das Festas Minervais. É un poeta total, que trata de abranguer toda a problemática humana. En *Elegías del Caurel* (1966), *Os Eidos* (1981) e *Os eidos 2* (1974) entra no neotrobadorismo e a temática existencial. Segue na tradición galeguista e conectando con correntes universais, como os *haikus* xaponeses. Outras temáticas destacadas son a poesía político-social, a recreación da poesía popular, labrega e marítima. No terceiro, "As variacións do cantor total", demostra a convivencia das dimensións cósmico-telúrica, existencial e socio-política. Os cinco seguintes tratan aspectos lingüísticos e fonosimbólicos. "A maxia da fala e do rito" analiza a creación poética de Novoneyra baseada no acto oral, como Ánxel Fole na prosa, e concibida como un acto ritual, manifestado no aspecto dramático, litúrxico e caligráfico. O quinto apartado, "Na procura do signo mínimo" recalca a linguaxe sintética e esencial, pero polivalente de significados, rexeitando o accesorio, continuándose en "O silencio e a palabra", que se achega ao silencio significativo con puntos suspensivos e espazos en branco, combinado con recursos fónicos e fenómenos fonéticos do bloque oriental. Neste aspecto lingüístico, salienta tamén, por un lado, "O trazo gráfico" para expresar, sobre todo, a mensaxe política de esquerdas. De aí o uso de maiúsculas, puntos suspensivos, anagramas e verbas crucilladas. Por outro, "O son múltiple" resalta o fonosimbolismo da poesía novoneyrá, respecto do son da terra e do lobo entre todos os posíbeis sons. Os capítulos "Todo colle no mundo", "A dor de existir e a teima de ser" e "A peste da historia e o soño da certeza" inciden, de novo, nos tres temas, nas tres dimensións da súa poética respectivamente: a telúrica, a existencial e a política. A modo de conclusión, o "Canto da terra e xente do Courel a Compostela", relembra as súas liñas poéticas máis importantes e o seu forte galeguismo, e mesmo das terras do Courel, ademais da súa íntima relación poética con María Mariño e Fole.

Caño, Xosé Manuel del, *Conversas con Alfredo Conde. Xuízo, sentenza e condena*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Crónicas, n.º 2, 2009, 306 pp. (ISBN: 978-84-7680-640-1).

Xosé Manuel del Caño (Celanova, 1955) repasa neste volume a biografía e a obra do escritor e político Alfredo Conde (Allariz, 1945). Ao longo das trescentas páxinas do libro, que está estruturado a xeito de entrevista directa, o entrevistador vai dando paso ás respostas de Alfredo Conde sobre diferentes aspectos da súa traxectoria como escritor,

político e figura importante na cultura e sociedade galega dos últimos corenta anos. O libro-entrevista está dividido en setenta e seis seccións de extensión variábel. Nos primeiros apartados Alfredo Conde fala da súa infancia e da súa familia, facendo fincapé nas figuras de seus pais. Lembra tamén a súa nenez en Allariz, a cal aínda forma parte do seu imaxinario. As seguintes seccións abordan de maneira mesturada os seus anos mozos como estudante de Náutica e Historia na Coruña e Santiago de Compostela, respectivamente. Destaca tamén que nos anos mozos estivo traballando de mariño durante máis de tres anos e desta maneira coñeceu moitos lugares do mundo. Os capítulos centrais da entrevista céntranse no labor creador de Alfredo Conde. O entrevistador cita os diferentes premios que gañou ao longo da súa vida e céntrase principalmente no Premio Nacional de Literatura, coa obra *O Grifón* (1986), e o Premio Nadal, coa obra *Los otros días* (1991). A partir destes datos, Alfredo Conde repasa a súa relación con algúns dos escritores galegos máis importantes da época: Xosé Luís Méndez Ferrín, Carlos Casares e Ramón Piñeiro, entre outros. Outro bloque de capítulos trata a faceta política do escritor de Allariz. Neste apartado lembra o seu traballo como titular da Consellería de Cultura e todos os sinsabores que este cargo lle proporcionou. Ao longo de todo o libro-entrevista, Alfredo Conde non dubida en defenderse dos ataques e do xuízo polo que foi, como el mesmo afirma, xulgado, sentenciado e condenado.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Caro Alfredo", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 5 xullo 2009, p. 10.

Neste artigo Vicente Araguas diríxese en primeira persoa ao seu amigo Alfredo Conde e coméntalle que leu o libro feito por Xosé Manuel del Caño, *Conversas con Alfredo Conde*, subtitulado "Xuízo, sentenza e condena". Comenta que algunhas das fotografías que recolle o libro son bastante escuras e lembra parte da vida que xa pasou. A seguir, destaca da vida de Alfredo Conde o feito de que puidese dedicala de cheo á literatura e cita algunhas das súas obras. A continuación comenta que neste libro Conde expresa ben as súas vivencias e presenta varias facetas do escritor como mariño, bancario, profesor, político, etc. Tamén fai referencia a algúns dos amigos que aparecen no libro e nomea a Carlos Casares

- Vicente Araguas, "Como se fai un home", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 544, 2 agosto 2009, p. 20.

Destaca o bo labor que realiza Xosé Manuel del Caño como entrevistador e comenta que acaba de entrevistar a Alfredo Conde cuxa conversa está recollida no libro *Conversas con Alfredo Conde*. Indica que a obra está ben contada, cun ritmo narrativo ameno e progresivo e asegura que todo o que di Conde é verdadeiro. Por último, destaca o traballo deste escritor quen tamén soubo relatar o seu proceso familiar.

Referencias varias:

- Ramón Loureiro, "Alfredo Conde revive nun libro de conversas o seu paso pola política, polo mar e polas letras", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Librarium", 23 maio 2009, p. 56.

Indica que o escritor Alfredo Conde conta neste libro a historia das cousas que viviu ao longo da súa vida e onde tamén desvela a maneira en que foi alcanzando o seu universo de ficción.

- F. F., "O Grifón que non é profeta", *El Correo Gallego*, "Cultura", 24 maio 2009, p. 67.

Coméntase que neste libro de conversas o seu protagonista, Alfredo Conde, dá as súas razóns sobre a "sentenza e condena" que sufriu, e que tamén se centra na súa nenez e adolescencia, nos primeiros pasos pola literatura, na súa polémica viaxe a Cuba con Manuel Fraga, na súa tortuosa relación con Carlos Casares e mais na súa carreira política "nunca ben definida". Sublíñase que Conde afirma neste volume que Fraga, na súa primeira lexislatura, axudou a pór Galiza no mapa e mais que Xosé Manuel Beiras o tratou de traidor.

- Óscar Iglesias, "O escritor 'guillotinado", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 29 maio 2009, p. 7.

Artigo no que se destacan as principais reflexións que Alfredo Conde realiza en *Conversas con Alfredo Conde*. *Xuízo*, *sentenza e condena*. Indícase que Conde fala da súa "condena" e mais que atribúe a Carlos Casares "a orde" de que se retirasen das librarías os seus libros tras alcanzar o premio Nadal cunha obra escrita en español. Tamén se debulla a súa traxectoria e evolución política, así como a relación con Carlos Casares.

- Xabier R. Blanco, "Fue Piñeiro quien nos acercó a Fraga", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 26, "La silla de…Alfredo Conde", 7 xuño 2009, pp. 8-9.

Recolle algunhas reflexións de Alfredo Conde co gallo da saída do prelo deste volume. Así comenta que dende que viaxou a Cuba con Manuel Fraga a esquerda o considerou un traidor e apestado, que dende ese momento se refuxiou na literatura e que Carlos Casares nunca lle perdoou que se presentase ao premio Nadal cunha obra escrita en español. Con respecto ao volume afírmase que repasa a súa singradura dende a nenez até o desterro ideolóxico e que tamén se menciona como Fraga o meteu no Consello de Administración da CRTVG a cambio do seu voto ou que foi o primeiro en criticar a Cidade da Cultura. Finalmente refírese ao seu enfrontamento con Xosé Manuel Beiras no Parlamento e dese feito do que máis se lamenta e de non terlle dado "una hostia y romperlo" a Beiras xa que así se tería quedado máis a gusto.

- Alfredo Conde, "Paisajes de músicas y silencios (V)", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 13 agosto 2009, p. 4.

Fai referencia á publicación dunhas obras súas e afirma que na información que ofrece é sincero, igual que o foi nas respostas que deu ás cuestións recollidas na obra *Conversas con Alfredo Conde. Xuicio, sentenza e condena*, de X. M. del Caño e publicado por Ir Indo.

Caño, Xosé Manuel del, *O contencioso Sargadelos*. *Isaac Díaz Pardo*, limiar de Basilio

Losada, epílogos de Xosé Luis Axeitos e Felipe Senén, Ourense: Ediciones Linteo, 2009, 267 pp. (ISBN: 978-84-96067-46-2).

Volume froito das conversas entre Xosé Manuel del Caño (Celanova, 1955) e Isaac Díaz Pardo (Santiago, 1920), precedido por un limiar de Basilio Losada, no que destaca os logros do entrevistado e apunta que este é o sétimo libro de conversas propiciado por X. M. del Caño, e dividido en trinta e oito apartados que se inician con afirmacións do entrevistado a modo de títulos. A pesar do título, as preguntas a Díaz Pardo non se dirixen unicamente a coñecer a súa opinión en relación ao contencioso no que se atopa envolto na actualidade o Grupo Sargadelos, senón que as cuestións de X. M. del Caño propician que o artista e galeguista destacado percorra a súa biografía. Díaz Pardo rememora a etapa da nenez; recorda a figura do seu pai, Camilo Díaz Baliño, un dos asasinados no ano trinta e seis e cómo marcou a súa vida a súa orfandade; fala dos seus contactos cos galegos do exilio en Arxentina e Uruguay; comenta cómo puxo en marcha Cerámicas do Castro e recuperou a fábrica de cerámica Sargadelos, cómo conxuntamente con Luís Seoane creou o Laboratorio de Formas, así cómo e con qué finalidade xurdiron as demais empresas que conforman o grupo: Edición do Castro, o Seminario de Estudios Galegos e o Instituto Galego de Información. Tamén é preguntado sobre a opinión que lle merecen destacados políticos e autores galegos como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Rafael Dieste, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro, Ramón Cabanillas, Ricardo Carballo Calero, Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Maria, Uxío Novoneyra, Manuel Rivas, etc, aínda que Díaz Pardo evita emitir críticas sobre eles, valorando non tanto a súa calidade literaria, senón o seu compromiso con Galicia, quedando patente o maior e menor aprecio que ten por un ou por outro. No tocante ao futuro do Grupo Sargadelos, Díaz Pardo non se amosa moi optimista, dada a mala situación económica das empresas froito da xestión da nova directiva, que asemade obvia a vertente cultural e de compromiso coa recuperación da memoria histórica coa que xurdiu o Grupo Sargadelos. O volume péchase con dous epílogos, un debido a Xosé Luís Axeitos, que achega un resumo sobre os temas fundamentais que se abordan nas conversas; e o outro a Felipe Senén López Gómez, quen destaca os logros profesionais de Díaz Pardo e tamén de Luís Seoane, aos que considera representantes da vangarda creadora e dignificadora de Galicia e loitadores fronte a globalización. Asemade, inclúense fotografías do entrevistado e doutros persoeiros e escritores galegos dos que se fala ao longo da conversa, así como un índice onomástico.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A miña obriga é resistir", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 novembro 2009, p. 33.

Recóllense algunhas afirmacións contidas neste volume froito dunha longa conversa entre o xornalista e escritor Xosé Manuel del Caño e Isaac Díaz Pardo, na que este expón a súa versión sobre o conflito de Sargadelos e os seus antecedentes. Asemade afírmase que se recordan aspectos da súa propia biografía e as súas opinións sobre a actualidade e a historia da política e a cultura galegas.

- A. Losada, "Díaz Pardo teme o peche de Ediciós do Castro", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 12 novembro 2009, p. 35.

Dáse conta da participación de Isaac Díaz Pardo na presentación deste volume, na que o histórico galeguista expresou o seu temor polo peche de Edicións do Castro. Abórdase a mala situación económica que atravesa o Grupo Sargadelos e coméntase que tras a publicación desta obra un grupo de intelectuais está a escribir textos de apoio a Díaz Pardo, que nun futuro serán recompilados nun volume.

- Alfredo Conde, "La contumacia de un fox terrier", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 14 novembro 2009, p. 4.

Compara ao escritor e xornalista cun can da raza fox terrier, pola súa terquedade e insistencia que fai que sonsaque o que ninguén pode aos seus entrevistados, entre os que se conta o propio Alfredo Conde. Tamén se recomenda a lectura do volume *Conversas con Isaac Díaz Pardo* porque nel o entrevistado deixa caer algunhas verdades que interesan e adoitan silenciarse.

Corral Díaz, Esther, Lydia **Fontoira Suris** e Eduardo **Moscoso Mato** (eds.), *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, limiar de Lydia Fontoira, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, col. Homenaxes, 2009, 659 pp. (ISBN: 978-84-9887-118-0). ◆

Volume colectivo promovido polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela que homenaxea ao profesor Xosé Luís Couceiro Pérez (Feás, 1962). O libro comeza cun limiar asinado por Lydia Fontoira no que se repasa a vida e o traballo de investigación literaria do homenaxeado. A continuación, aparece unha bibliografía do profesor Couceiro, onde recolle os seus libros, artigos, relatorios e recensións críticas. Despois do limiar e a bibliografía aparecen os artigos divididos en dous bloques: literatura e lingua. Os autores e os artigos de literatura, agás os relacionados coa Literatura medieval e a Literatura Infantil e Xuvenil, que se poden consultar nos apartados VII e XI deste *Informe*, son os seguintes:

- Xesús Alonso Montero, "Para a biografía lingüística de Aníbal Otero: da súa relación con Otero Pedrayo", pp. 25-34.

O profesor Alonso Montero repasa a vida e a obra do creador do *Atlas Lingüístico da Península Ibérica*, Aníbal Otero, así como a súa intensa relación con Ramón Otero Pedrayo.

- Carmen Blanco, "María Mariño: unha vida e unha obra", pp. 77-84.

Neste artigo fai un percorrido pola traxectoria biográfica e pola obra literaria da escritora María Mariño, destacando a súa importancia na literatura galega do século XX.

- Iris Cochón Otero, "Onomástica e poesía: a antroponimia como indutora de ficcionalidade", pp.103-110.

Iris Cochón repasa neste artigo a relación que existe entre a onomástica e, máis concretamente, a antroponimia e os textos poéticos. Revisa a importancia dos nomes de persoas como elementos que provocan a ficcionalidade nas obras.

- Francisco Fernández Rei, “Cheira a resina, fiúncho e marusía. A paisaxe do mar de Arousa na poesía de Ramón Cabanillas”, pp. 129-144.

Analiza a presenza do mar de Arousa na obra poética do autor cambadés.

- Lydia Fontoira, “Os poemas engadidos en 1872 e a organización de *Cantares gallegos*”, pp. 155-164.

Abórdase a introdución de catro poemas novos na edición de *Cantares gallegos* en 1872 e revisa a nova estrutura do poemario.

- José Luís Forneiro, “O romance de Celinos na tradiçao oral moderna da Galiza”, pp. 165-174.

Estúdase o romance de Celinos na tradición oral moderna, ao mesmo tempo analiza a orixe e a presenza deste romance nos textos medievais e posteriores.

- Consuelo de Frutos Martínez, “Estado dos estudos acerca das relacións literarias entre as culturas galega e italiana”, pp. 185-194.

Analiza brevemente as actuais relacións literarias que existen entre a cultura galega e italiana. Cita unha extensa bibliografía na que aparecen vinculacións directas entre as dúas literaturas.

- Carme Hermida Gulías, “O mar tamén ten amores”, pp. 229-240.

Estuda a presenza na literatura oral das relacións afectivas entre as mulleres e os homes e o mar, analizando as implicacións sentimentais e sexuais destas relacións.

- María Xesús Nogueira Pereira, “Os limiares e os epílogos autoriais no discurso poético dos noventa. Notas para o seu estudio”, pp. 303-314.

Fai un percorrido polos limiares e epílogos escritos polos poetas dos anos noventa e propón unhas notas para o seu estudo, destacando aqueles elementos máis relevantes.

- Inés Rodo Montes, “Rosalía de Castro aínda está viva”, pp. 315-322.

Analízase a presenza da obra de Rosalía de Castro na produción literaria de tres autoras actuais da literatura galega: Anxos Sumai, María do Cebreiro e Ana Romaní.

- Dolores Vilavedra. “Para unha cartografía da narrativa galega actual”, pp. 344-353.

Analiza o camiño que emprendeu a narrativa galega dende o ano 1980 até a actualidade, centrándose na evolución e nos cambios máis significativos que se produciron no panorama narrativo da literatura galega desta época.

Referencias varias:

- Concha Pino, “Maestros con mucho recorrido”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 3 marzo 2009, p. L16.

Breve crónica na que referencia a homenaxe que tivo lugar o 2 de marzo de 2009 na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela ao profesor Xosé Luís Couceiro e onde se presentou este volume, no que colaboraron medio centenar de amigos e discípulos.

- M. J. Cebro, “Couceiro, a largueza”, *Galicia Hoxe*, “Vivir>Aulas”, 3 marzo 2009, p. 18.

Detalla que a Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela homenaxeou onte a bonhomía e maxisterio do profesor Xosé Luís Couceiro, cualificado como “historia viva da nosa facultade”. Das palabras deste emotivo acto de recoñecemento destácanse algunhas anécdotas de Couceiro, como o seu característico casco de moto ou do seu interese polo detalle preciso e mais polo matiz. Con respecto a este volume indícase que é a demostración da amizade e mais que se nutre de cincuenta artigos asinados por compañeiros e discípulos do homenaxeado.

- Anxo Tarrío Varela, “Déficit do galego”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “De letras e de signos”, 4 marzo 2009, contracuberta.

Comenta que se lle realizou unha homenaxe a Xosé Luís Couceiro Pérez e indica que no acto, ademais de lembrar anécdotas do escritor, presentaron un libro-homenaxe, *A mi dizen quantos amigos ey*. Así mesmo, achega lembranzas do seu paso pola Universidade de Santiago.

Dacosta Alonso, Marta, *Baixo Miño*, Vigo: Edicións A Nosa Terra. Promocións Culturais Galegas, col. Viaxes literarias, 2009, 68 pp. (ISBN: 978-84-8341-330-2). ■

Marta Dacosta (Vigo, 1966) presenta nun pequeno volume unha viaxe polas terras que conforman o Baixo Miño. A partir dunha cita de *Contos do Miño* (2001), de Eliseo Alonso, a xeito de introdución, comeza nun primeiro capítulo cunha descrición xeral da comarca do Miño en canto á súa situación xeográfica, os concellos que a compoñen, as súas características lingüísticas, a súa arte prehistórica, o seu clima e os seus dous espazos protexidos, a serra da Groba e a serra do Argallo. O seguinte capítulo aparece dedicado a Tui. Comeza cunha cita d’*O rumor do distante*, de Cesáreo Sánchez Iglesias. Deste concello salienta os monumentos aos mártires de Sobredo e ás vítimas do franquismo, este último realizado por Silverio Rivas, os baños termais da parroquia de Caldelas de Tui, a igrexa de San Bartolomé de Rebordáns, o monte Aloia, Parque Natural dende 1978 e Sitio Natural dende 1935 e menciona as novelas *Un home de Vilameán*, de Xoán Bernárdez Vilar e *O prognóstico da lúa*, de Marga do Val e o poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Os cadernos da ira* (1999). O seguinte capítulo comenta o concello de Tomiño e del destaca, a partir dunha cita de *Morte do fadista*, de Manuel Forcadela, as escolas de Forcadela e de Aurora del Porvenir, a igrexa de Santa María e a Torre de Tebra, a fortaleza de Vila Nova de Cerveira, o Forte de San Lourenzo. Menciona o libro de memorias de Antón Alonso Ríos, *O siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1996), cun prólogo de Xosé María Álvarez Blázquez; a novela *Aire Negro*, de Agustín Fernández Paz e *A fronteira comunicante*,

de Eliseo Alonso. Aparece a seguir un capítulo dedicado ao concello do Rosal. Unha cita d'*O espertar tamén é noso*, de Xosé Vázquez Pintor é a encargada de dar paso a este texto que salienta o miradoiro do calvario de Tabagón, a fala gremial das súas xentes, o arco de San Brais e a Agrupación Musical do Rosal, dende 1986. Aparece outro capítulo dedicado ao concello da Guarda, cunha cita de *Mar Aberto*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro e do que se destaca a romaría de Santa Tegra, a praza do reloxo e a Casa dos Alonsos, o Forte de Santa Cruz. Oia é o concello que se describe no seguinte capítulo. Del se subliña, a partir dunha cita d'*O espírito de Broustenac*, de Alfonso Álvarez Cáccamo, o seu mosteiro e os curros, en especial o de Valga. Pecha o volume unha cita d'*As amantes de Hamlet*, da autora. Esta monografía, froito dunha iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega subvencionada pola Xunta de Galicia, está ilustrada con fotos de Paco Vilabarros, Gore Vázquez, Alfredo López e Marta dalgúns dos lugares aos que se fai referencia.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, fai referencia á colección "Viaxes literarias", de Edicións A Nosa Terra, sobre a que comenta que se trata duns textos cunha coidada edición sobre diversos lugares da xeografía galega escritos por aqueles autores cun especial vínculo con eles. Así, cita *Baixo Miño*, de Marta Dacosta; *Terra de Iria*, de Anxo Angueira; *Terras de Compostela*, de Marilar Aleixandre; e *A terra do medio*, de Xosé Vázquez Pintor.

Diéguez Cequiel, Uxío Breogán, *Síntese histórica do soberanismo galego (1846-1936)*, Vigo: CIG/FESGA, Fundación para o estudo e a divulgación da cuestión social e sindical de Galiza, 2009, 58 pp. (ISBN: 978-84-613-0100-3). ◆

Neste traballo de Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (Madrid, 1978) trázase unha ampla visión do soberanismo galego, que ten como cerne o sentimento de pertenza a Galicia e a procura da súa soberanía, a través de gran parte dos seus fitos históricos dende o comezo do soberanismo, cara 1840, até o comezo da guerra civil en 1936. Para isto o autor xebra este traballo en once capítulos acompañados de abondoso apoio fotográfico. Os dous primeiros capítulos, "Tempos novos e a conformación dun pensamento galeguista" e "Co pensamento na Galiza", reflicten a aparición da fidalguía e os comezos do protonacionalismo intelectual galego co pouso que deixou o pronunciamento militar de 1846. Os seguintes capítulos, "O desenvolvemento dun pensamento", "O protonacionalismo e a base agrarista. A Solidariedade Galega", "Do país á nación. As Irmandades da Fala", "Avanzando na introdución e vertebración social. O Seminario de Estudos Galegos", céntranse na análise da importancia do mundo cultural, nomeadamente do literario, dentro do soberanismo galego. Así detense e analiza a importancia de escritores como Valentín Lamas Carvajal, Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Basilio Álvarez, Lugrís Freire, Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Antón Losada Diéguez, ou na relevancia da organización de Solidariedade Galega, das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos e da Xeración Nós. A seguir temos tres capítulos, "O legado

Irmandiño: o Partido Galeguista", "Un Estatuto para unha Galiza ceibe" e mais "A Asemblea de Concellos ou a concreción da proposta estatutaria", focalizados na vertente máis política do soberanismo galego, con amplas referencias dedicadas a Daniel Rodríguez Castelao, Xosé Filgueira Valverde, Celso Emilio Ferreiro e mais a creación de Galeuzca. Como remate deste estudo temos dous capítulos: "Cultura e arredismo expatriado. O agromar porteño", centrado no soberanismo dende América, e mais o "Epílogo. Golpe militar e longa noite de pedra", onde se amosa a persecución e asasinato da meirande parte dos activistas de esquerda e do nacionalismo. Este traballo péchase cunha "Escolma documental", que inclúe a Acta da Asemblea municipal republicano-federal de 1873, o Preámbulo do proxecto de constitución do Estado Galego de 1883, o manifesto da I.ª Asemblea Nacionalista de Lugo de 1918, Anteproxecto de Estatuto de Galiza de 1931e mais unha "Escolma bibliográfica".

Domínguez Alberte, Xoán Carlos (coord.), *Voz da terra*, *arela de pobo*. *Letras para o Lois Antón*: *recoñecemento a un nacionalista galego de base*, limiar do coordinador, Ramirás: Asociación Cultural e Xuvenil de Ramirás, 2009, 120 pp. (ISBN: 978-84-612-9397-1). ◆

Iníciase cun breve limiar escrito polo coordinador, Xoán Carlos Domínguez Alberte, no que introduce a figura de Lois Antón Pérez Pérez (Escudeiros, 1931) e a súa importancia para o nacionalismo galego. A continuación, recóllense vinte e unha achegas escritas por diferentes autores nas que se fai referencia a Lois Antón e aos valores que representa. Entre elas atópanse varios poemas relacionados coa figura de Lois Antón: "A Terra misteriosa desvelada" (pp. 73-74), de Francisco Rodríguez Sánchez; "O silencio das palabras" (pp. 83-84), de Susa Blanco Montecelos; "Un home a facer terra" (pp. 85-86), de Marica Campo; "O fistor de Ramirás" (pp. 87-90), de Delfín Caseiro Nogueiras; "Suite paisaxe" (pp. 97-101), de Bieito Iglesias Araúxo; "Patria primeira" (pp. 111-112), de Baldo Ramos; "Soneto de causa derradeira" (p. 113), de Xurxo Sierra Veloso; e "Con Lois Antón Pérez..." (p. 115), de Miro Villar. As ilustracións de Mané Boán, *Carballeiras de Escudeiros* (2009), acompañan os textos. Entre eles saliéntanse aqueles que o relacionan coa literatura:

- Lois Antón Pérez, "No documento de identidade e no pasaporte Luis Antonio", pp. 11-15.

Relata momentos da súa infancia, como por exemplo o recordo de que non entendían a un mestre de Cáceres porque falaba nunha linguaxe rara: castelán. O poeata conta que traballou nas minas e como albanel en Alemaña e Holanda. Tamén afirma que se interesou pola poesía e que sentía morriña e un fondo sentimento nacionalista.

- Anxo M. Quintana González, "Vontade de nación para autogobernarse", pp. 19-24.

Fala da historia do nacionalismo en Galicia e a necesidade dun novo estatuto da nación.

- Xosé Manuel Méndez Gayo, "Vinte anos de nacionalismo no concello de Ramirás", pp. 25-29.

Relata a súa experiencia como voceiro do BNG en Ramirás e cales foron os resultados das votacións para dito partido.

- Alfonso Grande Pérez, “Lois Antón e o valor do exemplo na política nacionalista ‘provincial’ na Galiza”, pp. 31-36.

Comenta as peculiaridades da demarcación territorial en Galicia e o labor de Lois Antón Pérez neste ámbito.

- Xosé Manuel Pérez Bouza, “Lois Antón: poeta do pobo, defensor da nosa lingua”, pp. 37-41.

Explica a importancia de ter unha lingua propia e os problemas de recoñecemento que o galego ten na política e sobre todo na educación.

- Alberte Ansede Estraviz, “A militancia como favor decisivo no avance do nacionalismo”, pp. 43-47.

Exalta a figura nacionalista de Lois Antón e a súa militancia no BNG.

- Alfredo Suárez Canal, “O nacionalismo galego como esperanza de futuro”, pp. 51-53.

Afirma que coincide con Lois Antón en entender o nacionalismo como expresión de humanismo e de respecto á diversidade.

- Carlos Pereira Pérez, “No tempo aquil...”, pp. 55-64.

O título do artigo evoca directamente a *Longa noite de pedra* (1962), de Celso Emilio Ferreiro. A continuación, enumera a xente con ideoloxía nacionalista que pasou pola súa vida.

- Uxía Vázquez Rodríguez, “Unha mirada nova”, pp. 65-69.

Asina o artigo unha rapaza dunha aldea de Ourense afiliada a Galiza Nova que explica a problemática da xuventude na cultura galega.

- Xosé Manuel Beiras Torrado, “Brindis para o Lois Antón, compañeiro poeta”, pp. 71-72.

Exalta a figura de Lois Antón como poeta comprometido.

- Bieito Alonso Fernández, “Reconstruír a identidade. Reconstruír a nación”, pp. 77-81.

Fala de non caer no esquecemento, da importancia da loita nacionalista nos anos 1973 e 1974.

- Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Aurora Boreal”, pp. 91-96.

Refírese á situación de Escudeiros anos atrás e da cantidade de nacionalistas que habitan ese concello.

- Ramón Nicolás Rodríguez, “Lois Antón: epifanía da cultura popular. Un fistor que atopa a súa voz”, pp. 105-109.

Salienta os aspectos positivos da poesía de Lois Antón.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Un fistor no século XXI”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 308, “Letras en galego”, 4 abril 2009, p.10.

Coméntase o libro *Voz da terra, arela de pobo*, escrito co gallo dunha homenaxe ao poeta “popular” Lois Antón Pérez e ilustrado por Mané Boán. Sinálase que a obra se centra na vida do escritor, que foi labrego e emigrante, e fai un repaso pola realidade da emigración, a pervivencia dos valores agrarios, o amor á lingua galega e ao país. Coméntase tamén a etapa nacionalista de Lois Antón Pérez.

Referencias varias:

- Laura Fernández, “O medio fixo que non escribira os meus poemas ata despois da morte de Franco”, *La Región*, “Provincia”, 21 febreiro 2009, p. 19.

Con motivo da presentación en Celanova da obra inspirada na figura do poeta e dramaturgo Lois Antón Pérez e que leva por título *Voz da terra, arela do pobo*, entrevístase ao propio protagonista. Explícase que é un volume no que participaron diferentes figuras da vida política e cultural do momento. Pérez comenta, entre outras cousas, que lle gustaba a poesía dende neno pero que non comezou a escribir “ata a morte do de marras, no ano 1975”. Ademais, explica que escribe aquilo que viviu e que sente, isto é, “sobre Galiza e a nosa lingua, sobre o traballo do campo, a miña escola e o mundo na aldea”, asegura.

- V. Oliveira, “Un home a facer terra”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 12 marzo 2009, p. 34.

Achégase ao libro *Voz da terra, arela de pobo*, coordinado e prologado por X. C. Domínguez Alberte, e que se cualifica como un volume con reflexións de varias persoas, entre outras de Ramón Nicolás, Delfín Caseiro, Miro Villar, Bieito Iglesias, Anxo Quintana, X. M. Beiras e Alberte Ansede, que serve de homenaxe ao poeta ourensán Lois Antón Pérez. Cualifícase a Lois Antón como un “poeta popular”, nacionalista de base e defensor da lingua galega e de Galicia. Como curiosidade de *Voz da terra, arela de pobo* saliéntase que conta cunha achega literaria inédita e significativa como é o poema “A terra misteriosa desvelada”, de Francisco Rodríguez.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos e Gregorio **Ferreiro Fente** (coords.), *Ex toto corde. No oitenta aniversario de Don Xesús Alonso Montero*, Santa Comba: tresCtres Editores, col. Vilarnovo. Ideas e realidades, 2009, 83 pp. (ISBN: 978-84-92727-02-5).

Volume editado para conmemorar o oitenta aniversario do catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela, Xesús Alonso Montero (1928), no que colaboran un grupo de amigos e antigos alumnos do profesor coa intención, segundo

consta na páxina de presentación, de servir de "homenaxe a toda unha vida de entrega ao combate aceso da palabra, recoñecida agora na suma de vontades de afiar o gume da fouce da razón, que brilla a diario nos lóstregos da defensa da xustiza social". A publicación recolle textos literarios en prosa de: Carme Blanco Ramos, "A sombra" (pp. 11-13), onde se recrea unha viaxe polas ribeiras do Bósforo; Xoán Carlos Domínguez Alberte, "A lingua das bolboretas" (pp. 18-19), no que a través das palabras dunha cativa de dous anos, se dá conta da diglosia existente na sociedade galega; Luís González Tosar, "Ecoan voces revoltadas" (p. 30), onde se cualifica a Alonso Montero de "amigo", "sempre pobo", "camarada que sobes sorrinte a costa dos oitenta, íntegro e rexo coma un buxo"; Marifé Santiago Bolaños, "A Xesús Alonso Montero, en su 80 cumpleaños" (pp. 58-59), *laudatio* literaria do profesor. As colaboracións en forma de poemas corresponden a: Víctor Campio Pereira, "Brinde" (pp. 14-15); Arcadio López-Casanova, "A despedida de Curros" (pp. 31-34); Xesús Rábade Paredes, "Proletarios" (p. 54); Xurxo Sierra Veloso, "Sonetos" (pp. 60-62); Sabino Torres Ferrer, "Tierra ensangrentada" (p. 63); Mª Aurora Vidal Caramés, "En homenaxe ó admirado profesor" (pp. 64-65). Pola súa banda, Isaac Díaz Pardo en "A Xesús Alonso Montero nos seus 80 anos" (p. 17), e mais Clementina Vidal Caramés en "Tres colaboracións gráficas" (pp. 66-68), recorren ás achegas gráficas cun debuxo e catro viñetas ao xeito de Castelao, respectivamente. Ademais inclúense estoutras colaboracións:

- Ana Acuña Trabazo, "Non chega unha vida...", pp. 6-10.

Ademais de sinalar a presenza de Alonso Montero en diversos momentos da súa vida - os anos da carreira, os do doutoramento, na súa estadía en Coimbra, en Madrid e en Pontevedra-, reúne dous textos xa dados a coñecer con anterioridade. O primeiro é "Historia do tempo pasado: a nena sen nome", no que conta como unha nena sen nome descubriu a literatura e a tradición oral na voz de seus pais; e o segundo é "Historia do tempo presente: a *Antoloxía consultada* de Filgueira", que reproduce o texto escrito para a presentación en Pontevedra da *Antoloxía consultada*, de Xosé Filgueira Valverde.

- Inés Canosa Santos, "Telegrama non urxente", p. 16.

Breve nota na que Inés Canosa expresa a súa admiración e afecto por Alonso Montero dende que coñeceu en Bos Aires en 1969.

- Gregorio Ferreiro Fente, "100 minutos de divinas palabras", pp. 20-27.

Como ex-alumno, lembra a mañá na que asistiu á primeira clase do profesor Xesús Alonso Montero, en outubro de 1990, que comezou declarando a súa condición de marxista, ateo e non nacionalista. Sinala que dende aquel intre quedou enfeitizado polo discurso e que tivo a oportunidade de facer un traballo sobre Lorenzo Varela que lle permitiu coñecer a moitas persoas e gozar da amizade de Alonso Montero ao longo dos anos.

- Luís González López "Ferreiro", "Era o ano 1967", pp. 28-29.

Lembra como coñeceu a Xesús Alonso Montero unha tarde de xuño da man de Fernando Alonso Amat, presidente do Club Náutico de Vigo, en Lugo, así como a súa segunda visita con Carlos Núñez, responsábel daquela do PCG de Galicia, e exprésalle a súa gratitude.

- Carmen Mejía Ruiz, "Xesús Alonso Montero e *Madrygal*", pp. 35-39.

Salienta o labor de Alonso Montero a prol da cultura galega, exemplificándoa nas súas colaboracións na revista *Madrygal*, que distribúe a Universidade Complutense de Madrid por todas as universidades do mundo. Sinala que ao longo da súa vida ten escrito sobre Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro ou Ramón Cabanillas, sobre escritores esquecidos da guerra civil e do exilio e sobre cuestións sociolingüísticas. Con respecto aos artigos dados a coñecer en *Madrygal* comenta o seu interese polas relacións entre as literaturas peninsulares, pola descuberta de figuras esquecidas, pola precisión de datos ou polo retrato de acontecementos de tempos pasados, nos que el tivo un papel protagonista.

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Xesús Alonso Montero: *Ex toto corde*", pp. 40-43.

Lembra a súa experiencia como alumno de Xesús Alonso Montero nos anos da carreira e nos cursos de doutoramento. Salienta tamén como a súa figura era moi próxima no ámbito familiar vigués no que se criou e como "os camiños da vida" o conduciron a realizar, grazas aos seus azos, múltiples traballos, entre eles o próximo *Diccionario da nova literatura galega (85 escritores responden a un inquérito, 1969*) que editará Edicións Xerais de Galicia. Apunta a súa débeda de gratitude na formación como investigador e declara a súa admiración como lector das súas relevantes achegas, ademais da súa amizade persoal.

- Andrés Pociña Pérez, "Lembranza de don Xesús en Lugo", pp. 44-46.

Recupera o momento no que se coñeceron en Lugo, en 1963, cando Andrés Pociña era un rapaz de dezaseis anos e Alonso Montero tiña trinta e sete. Lembra a inauguración, no Círculo de las Artes, da exposición "Cen anos de Literatura Galega", organizada por Alonso Montero coa axuda de Epifanio Ramos nos anos da ditadura, así como as clases que impartía de literatura española dos séculos XIX e XX no Instituto Masculino, grazas ás clases agromou o seu amor por Rosalía de Castro.

- Antonio Puentes-Chao, "Reflexión sobre a antonomasia", pp. 47-49.

Presenta unha vivencia compartida con Alonso Montero que se remonta á súa infancia, cando soubo do profesor que tiña en Lugo seu irmán, e, posteriormente, xa no último ano da súa licenciatura, a súa experiencia como alumno, cativado pola oratoria e o maxisterio de Alonso Montero. Manifesta que considera unha fortuna poder gozar dende aquela do seu consello e da súa amizade, e valora o seu compromiso, a súa coherencia e a súa proximidade e xenerosidade. Para el é pois, o "profesor por antonomasia".

- Manuel Quintáns Suárez, "Xesús Alonso Montero e o don da palabra", pp. 50-53.

Sinala que moitas xeracións de mozos e mozas tiveron a oportunidade de gozar do don divino da palabra que posúe Alonso Montero, capaz de conmover e emocionar a través do "tesouro espiritual máis importante do noso pobo: a Palabra".

- Xosé Manuel Salgado Rodríguez, "Cos oitenta 'testigos", pp. 55-57.

Ao seu ver, a gran lección de Alonso Montero está "no seu exemplo de austeridade insubornábel, na elegancia moral coa que soubo renunciar a canto é humanamente cobizable para deixar a salvo o esencialmente valioso". Alude á valiosa achega da súa obra na recuperación dunha identidade cultural e ao seu extraordinario dominio da palabra oral.

- Miro Villar, "Antón Zapata García e a defensa de Stalingrado", pp. 69-76.

Miro Villar colabora cunha nota biobibliográfica centrada no poeta Antón Zapata García (Laxe, 1886-Bos Aires, 1953), obxecto de estudo na súa tese de doutoramento, *A poesía galega de Antón Zapata García. Edición e estudo*, dirixida polo profesor Xesús Alonso Montero e defendida na Universidade de Santiago de Compostela con sobresaliente *cum laude* en febreiro de 2008.

- Helena Villar Janeiro, "Amigo de Rosalía, das palabras e de meu", pp. 77-81.

Conxunto de lembranzas relacionadas con Alonso Montero, entre as que Helena Villar Janeiro relata como o coñeceu en 1972, cando comezaba o seu labor poético; como compartiron en 1982 a homenaxe a Mendiño na illa de San Simón; como foron compañeiros en 2002 no Padroado da Fundación Rosalía de Castro; e como apoiou en 2005 a súa designación como Presidenta desa mesma Fundación. Cualifícao de "militante de honra" no partido de Rosalía e de "zahorí das palabras", e como proba desta última etiqueta reproduce a letra dun corrido mexicano que lle cantaba seu pai e que lembrou coa axuda de Alonso Montero nunha viaxe a Chantada en 2005.

- Mariví Villaverde, "Carta", pp. 82-83.

Carta datada o 12 de outubro de 2008 na que Mariví Villaverde lle manifesta o seu agradecemento pola axuda prestada e a amizade ao longo dos anos.

Recensións:

- Esperanza Mariño Davila, "Para un profesor de profesores", *Grial*. *Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 134-135.

Despois de facer unha semblanza sobre Xesús Alonso Montero, faise eco do volume de colaboracións co que foi homenaxeado con motivo do seu oitenta aniversario, *Ex toto corde. No oitenta aniversario de Don Xesús Alonso Montero*. A continuación, revela os contidos tratados nas vinte e cinco colaboracións, "de notoria calidade", que constitúen moito máis ca "unha homenaxe ao uso, cinguida só a glosa das virtudes do protagonista", pois ofrece colaboracións "interesantes" para a cultura galega.

Referencias varias:

- Marisa Vidal Collazo, "VV.AA., *Ex toto corde*. *No oitenta aniversario de don Xesús Alonso Montero*", *Encrucillada*. *Revista galega de pensamento cristián*, n.º 164, "Libros chegados á redacción", setembro-outubro 2009, p. 118.

Breve nota na que se indica que no volume de homenaxe a Xesús Alonso Montero, *Ex toto corde*. *No oitenta aniversario de don Xesús Alonso Montero*, se reúnen vinte e cinco traballos de autores e autoras e tamén debuxantes que queren recoñecer o labor do profesor emérito da Universidade de Santiago e unha vida dedicada ao "maxisterio socrático e o amor á palabra".

- Xesús Alonso Montero, "Miro Villar e o cantor de Stalingrado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 345, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 26 decembro, p. 15.

Tras citar dúas obras de Miro Villar, *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón* (1999) e *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da Segunda República*, e comentar esta última, deténse en comentar a oda á batalla de Stalingrado que Antón Zapata García compuxo, da que se ocupa Villar nun volume colectivo titulado *Ex coto corde*.

Domínguez Touriño, Guillermina e Felicia **Estévez Salazar**, *Tres mulleres galegas de armas tomar*. *María Balteira*, *María Castaña*, *María Soliña*, A Coruña: Baía Edicións, col. Retallos da nosa historia, abril 2009, 79 pp. (ISBN: 978-84-92630-13-4). ■

Faise unha aproximación á figura de tres mulleres representativas da historia de Galicia: María Balteira, María Castaña e María Soliña. Na pequena introdución que abre o libro as propias autoras aclaran que pretenden reivindicar a visibilidade das mulleres no devir histórico, como parte integrante dunha sociedade que, por diversos motivos, as silenciou. Percórrese ao mesmo tempo a vida dos séculos XIII, XIV e XVI en Galicia, a través da súa sociedade e literatura. Estrutúrase o libro en tres apartados principais que se corresponden con cada unha das tres mulleres estudadas e que levan por título: "As mulleres no século XIII: María Balteira", "A vida das mulleres no século XIV: María Castaña" e "O poder da Inquisición na Galicia dos séculos XVI e XVII: María Soliña". Inclúense dous anexos, un dedicado a cantigas nas que se fala de María Balteira e o último que recolle unha "informatoria" contra María Soliña presentada polos inquisidores de Santiago. Finalmente hai un apartado de bibliografía. Trátase polo tanto dun estudo cunha compoñente didáctica que, ademais de centrarse na figura das tres mulleres indicadas, achega tamén unha interesante información sobre a época histórica á que elas pertencen: a vida da muller nesas datas, a violencia social no remate da Idade Media, a Inquisición ou a entrada dos turcos na vila de Cangas do Morrazo.

Recensións:

- Lara Rozados, "María Balteira, María Castaña e María Soliña, tres mulleres de armas tomar", *A Nosa Terra*, n.º 1.356, "Cultura", 23-29 abril 2009, pp. 24-25.

Presenta unha análise da obra de Guillermina Domínguez Touriño e Felicia Estévez Salazar: *María Balteira, María Castaña e María Soliña: Tres mulleres galegas de armas tomar*, editada por Baía na súa colección "Retallos de historia". Salienta que o primeiro cometido das autoras foi atopar as fontes documentais que resultaron ser moi escasas e, a partir de aquí, divide o artigo en tres apartados, centrados cada un nunha muller. O primeiro titúlase "En tempos de María Castaña…" e volve destacar os poucos

datos sobre esta muller; analiza a época histórica e salienta que as mulleres daquel período eran moi transgresoras e independentes. O segundo apartado leva por título "María Balteira e a mirada do escarnio", e afirma que foi coñecida a través das cantigas de escarnio, comenta que todos os trobadores falaron dela e incluso escritores posteriores se centraron na súa figura. Finalmente, o terceiro apartado, intitulado "A inquisición e María Soliña", versa sobre a historia desta muller que foi queimada por bruxa pola Inquisición para poder quedar coas súas pertenzas tras a morte do marido. En columna á parte, as autoras explican o obxectivo deste estudo e afirman que a Historia de Galicia debe contar tamén co labor que desenvolveron as mulleres.

Referencias varias:

- M. D., "Mulleres de armas tomar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 abril 2009, p. 34/"Baía Edicións publica o libro 'Tres mulleres galegas de armas tomar, *El Correo Gallego*, "Cultura", 5 abril 2009, p. 67.

Anúnciase a presentación na Libraría Sargadelos de Santiago de Compostela do volume *Tres mulleres galegas de armas tomar*. *María Balteira, María Castaña e María Soliña*, obra conxunta de Guillermina Domínguez e Felicia Estévez. Coméntase que está estruturada en tres partes: unha dedicada a María Balteira, do século XIII; outra a María Castaña, do século XIV; e mais a María Soliña, no paso do século XVI ao XVII.

Dourado Deira, Manuel, *A mestresa da Casa-Museo*: *unha Rosalía rediviva*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2009, 205 pp. (ISBN: 978-84-9812-105-6). ◆

Nesta biografía da vida de María Isaura Vázquez Blanco (A Barrela, Lugo, 1906-Santiago de Compostela, 1998), coñecida artisticamente como Maruxa Villanueva, o seu autor, Manuel Dourado Deira (Rianxo, 1929), tenta completar e afondar na biografía dunha muller que el cualifica como "unha das figuras femininas galegas máis significativas". Ábrese o volume cunha dedicatoria a toda a familia da protagonista da obra e deseguido, no apartado denominado "Nota preliminar" aclárase o porqué da escolla normativa que se ofrece nestas páxinas. Na "Introdución" o autor aclara cales son os motivos que o levan a escribir este libro, xa que segundo el "queda moito por dicir sobre esta muller que viviu relegada á penumbra, nunha ocultación inxusta". Tamén aclara que tras coñecela persoalmente, decide contribuír "á restauración da verdade histórica" coa publicación desta obra que el considera complementaria doutras dúas anteriores (*Conversas con Maruxa Villanueva,* de Aurora López e Andrés Pociña, e *Mulleres*: *Maruxa Villanueva,* de Úrsula Heinze). Sinálase que sobre todo recóllense nesta obra comunicacións varias, cartas persoais e tarxetas de gabanza que persoas de todo o mundo lle enviaban á artista polo seu labor á fronte da Casa-Museo de Rosalía de Castro en Padrón e que posúen un gran labor documental. Do mesmo xeito explícase porqué escolleu ese título para a obra: o profundo amor que ela sentía por Galicia e por Rosalía de Castro, da cal lle lía a obra a súa nai cando ela era nena, e a partir de aí coñecela en profundidade tras a súa etapa de emigración en América. Na primeira parte, titulada "Espírito, ideario e compromiso dunha galega de excepción", céntrase na infancia da artista e na súa etapa de emigración americana, onde toma contacto co mundo artístico-teatral, coñece o seu futuro marido, o dramaturgo Daniel Varela Buxán, convértese na famosa actriz Maruxa Villanueva e funda a súa propia compañía teatral e coñece a Castelao para logo participar na estrea d'*Os vellos non deben namorarse.* Na

segunda parte, “Maruxa: mestresa na casa de Rosalía”, fálase da última etapa da súa vida a partir de que o doutor Sixto Seco, presidente daquela do Padroado Rosalía de Castro, lle pedise ser a coidadora do museo. Vanse intercalando fragmentos de conversas co propio Dourado Deira e o propio Sixto Seco, así como diversas cartas recibidas ou enviadas por ela mesma ao longo deses anos, nas cales pon de manifesto as problemáticas e ás veces falta de recoñecemento cos que se ía atopando no desenvolvemento do seu labor. Tamén se fala da súa relación persoal nesa etapa con Manuel Fraga, daquela Presidente da Xunta de Galicia, e da encomenda que ela mesma lle fixo ao autor da presente obra para que preparase a edición da súa obra *Camiños de Rosalía*. Nos apartados “Epistolario” e “Táboa de cartas e outras comunicacións” inclúense, numeradas, varias cartas e tarxetas persoais de felicitación polo seu labor á fronte do museo que visitantes de todo o mundo e outras persoas dela coñecidas lle foron enviando. Finalmente, péchase a obra cun apartado de “Bibliografía”.

Referencias varias:

- Manuel Dourado Deira, “Día das Letras Galegas en Rianxo”, *Galicia Hoxe*, “Opinión”, “Ardentía”, 23 maio 2009, p. 5.

Dá conta dos actos de celebración do Día das Letras Galegas en Rianxo e comenta que presentou o seu último libro *A Mestresa da Casa Museo, unha Rosalía rediviva*, no que analiza a figura de Maruxa Villanueva. Así mesmo, indica que no acto estiveron presentes José Ricardo Losada, Helena Villar e o alcalde da vila.

- M. S., “Despexar a sombra dunha ocultación inxusta”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 763, “Ó axexo dos libros”, 31 maio 2009, p. 11.

Manifesta que o escritor Manuel Dourado Deira agasalla con *A mestresa da Casa-Museo*. *Unha Rosalía rediviva* un libro que pretende ser unha homenaxe a Galicia, á lingua galega, a Rosalía de Castro e, sobre todo, a Maruxa Villanueva. Indícase que Villanueva viviu na emigración e que foi actriz e que realizou un labor extraordinario como intérprete de Rosalía de Castro. Asemade, coméntase que este volume afonda na personalidade de Villanueva de quen se subliña que tivo tres amores: o teatro, Galicia e Rosalía de Castro.

Fernández de la Vega, Celestino, *Ensaios a proba do tempo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 49, 2009, 227 pp. (ISBN: 978-84-9865-188-1).

Nesta obra de Celestino Fernández de la Vega (Friol, 1914-Lugo, 1986) reúnense aqueles artigos e relatos dispersos en libros, revistas ou xornais. Ditos textos preséntanse en disposición cronolóxica, conservando as particularidades da lingua na que foron escritos. A obra ábrese cun limiar firmado por Antón Baamonde baixo o título “Pensar en tempos escuros”, no que o intelectual lembra o tempo no que accedeu por primeira vez a de la Vega, á filosofía de Heidegger e mesmo á peza *Da esencia da verdade* (1956), traducida por Ramón Piñeiro. O volume continúa coa primeira das pezas “Espejo del tiempo, Cultura y Comunicación”, que está, a súa vez, dividida en apartados menores: “preludio inicial”, “encuentro”, “comunicación”, “concierto”, “pintura”, “poesía”, “filosofía” e “conversación”, no que se analizan as visións do

escritor sobre ditos aspectos. Seguidamente, analízanse figuras como Ramón María del Valle-Inclán ou Rosalía de Castro, "Campanas de Bastabales", e obras como *Da esencia da Verdade*, de Piñeiro; todo iso con dedicatorias a Ramón Otero Pedrayo en "Abrente e solpor da paisaxe", a Luís Pimentel e a súa poesía, ou ao pintor Georges Braque e a Domingo García-Sabell (vida e obra), rematando con Rof Carballo e a filosofía de Nietzsche e de Heidegger nestas producións.

Referencias varias:

- Lara Rozados, "Celestino Fernández de la Vega, humor e reflexión en tempos difíciles", *A Nosa Terra*, nº 1.366, "Cultura", 2-8 xullo 2009, p. 39.

Repaso da traxectoria profesional de Celestino Fernández de la Vega con motivo da publicación de *Ensaios a proba do tempo* e *O segredo do humor*. Saliéntase do labor de Fernández de la Vega o ser o introductor das correntes de pensamento europeas e que, xunto con Ramón Piñeiro, trouxo as ideas de Heidegger a Galicia.

Fernández Pérez-Sanjulián, Carme, María Pilar **García Negro** e Henrique **Rabuñal Corgo** (eds.), *Congreso sobre Lugrís Freire*, A Coruña: Universidade da Coruña, 2009, 167 pp. (ISBN: 978-84-9749-335-2). ◆

Recompilación das actas dos estudos presentados no "Simposio Lugrís Freire" que arrinca cun apuntamento inicial no que se sinala a figura de Manuel Lugrís Freire (Sada, 1863-A Coruña, 1940) como dedicatario do Día das Letras Galegas de 2006, así como o obxectivo de conmemorar a súa figura coa publicación deste volume. Tras un índice que inclúe os contidos do volume, acóllese unha presentación a cargo dos editores sobre a vida e traxectoria literaria de Lugrís Freire na que destacan que foi "a personalidade-ponte máis relevante" entre "o Primeiro e o Segundo Renacemento da literatura galega", que emigrou por razóns políticas e económicas a Cuba e que regresou para desenvolver unha fecunda obra literaria e cultural. Indícase así mesmo que naceu e morreu en datas destacábeis na literatura galega (a publicación dos *Cantares gallegos*, de Rosalía e o remate da guerra civil española, respectivamente). A seguir, dá comezo a serie de estudos que compoñen esta monografía.

- Xosé Ramón Barreiro Fernández, "Lugrís Freire ante o seu tempo histórico", pp. 11-26.

Estruturado ao redor de cinco apartados, achégase á figura de Lugrís Freire dende unha perspectiva historicista, prestando especial atención á cuestión da emigración, da primeira Guerra Mundial e da República.

- Ramón Nicolás, "Lugrís Freire: a vida dun patriota. Desde as orixes até a época cubana", pp. 27- 54.

Parte dun limiar no que expón o seu obxectivo de estudar a vida de Lugrís Freire no período de tempo comprendido entre a súa infancia e a época cubana. O percorrido divídese en dúas seccións: a primeira abrangue a infancia e a mocidade do escritor, dende 1863 até 1882 e analiza primordialmente a súa formación e vocación literarias,

mentres que a segunda se centra no período cubano, dende 1883 até 1896, no que a emigración é o acontecemento máis salientábel.

- Xabier Campos Villar, "Lugrís en Galiza: o asentamento e a madurez", pp. 55- 69.

Dividido en oito apartados, trata unha parte da vida do escritor. Comeza coa súa chegada a Galicia, a través do fenómeno migratorio e pasa a centrarse nun tráxico acontecemento na súa vida, o pasamento da súa muller ao dar a luz á súa filla. No terceiro apartado conta como se repuxo a esa traxedia grazas a unha intensa actividade pública e á súa participación no movemento agrario e na fundación das Irmandades da Fala. Salienta asemade as épocas da II República, da Guerra Civil e da ditadura e os seus efectos na vida de Lugrís Freire. Conclúe salientando a importancia deste persoeiro nos movementos nacionalistas e galeguistas do seu tempo.

- Teresa López Fernández, "Recepción e fortuna crítica da obra de Manuel Lugrís Freire", pp. 71- 84.

Ao longo de cinco pequenas seccións describe a difusión e a recepción da obra do escritor xunto aos diversos estudos que se orixinaron ao redor da súa figura. Pecha a súa análise co chamado "efecto" das Letras Galegas.

- Prudencio Viveiro Mogo e Rosa Aneiros Díaz, "¡Gallego!: Manuel Lugrís Freire na prensa", pp. 85- 105.

A través de cinco seccións analizan a repercusión do escritor no eido xornalístico. Comezan cunha concisa achega biográfica para despois continuar cun percorrido temático polas súas publicacións xornalísticas. A terceira e cuarta seccións dedícana á defensa da lingua galega, de Galicia e dos galegos que Lugrís Freire levou a cabo ao longo da súa vida. Finalmente reproducen unha escolma documental das súas publicacións en *Galicia Moderna*, *A Nosa Terra* e *Revista Gallega*.

- Xosé Manuel Fernández Costas, "O mundo real vence ao mundo ideal. A realidade convertida en poesía. A poesía, tamén, ao servizo da causa", pp. 131- 150.

Analiza a obra e traxectoria poéticas de Lugrís Freire, quen entende a poesía como un medio de transformación do mundo. Tras un percorrido pola antedita traxectoria comenta a temática xeral da mesma, determinada polo seu profundo amor a Galicia. En consecuencia, salienta a presenza constante do desexo de liberdade e de redención para a terra galega, así como da conversión da xente á causa galeguista na obra de Lugrís. Afirma que no universo poético do autor de Sada atópanse como elementos centrais os recordos de infancia, a presenza panteísta da terra como vínculo do ser humano coa terra e a lingua como elemento identificador e soberano dun pobo. As últimas páxinas do seu estudo conforman un apéndice que recolle algúns dos textos do escritor que non se publicaron en formato de libro, pero si en xornais como *A Nosa Terra*.

- Xoán-Ignacio Taibo, "A narrativa de Manuel Lugrís Freire: as notas persoais dun narrador", pp. 151- 155.

Transcrición da súa conferencia no Simposio sobre o marco espacial da vida do escritor e a súa primeira novela *O penedo do crime*. *Lenda das Mariñas* (1884), publicado por

El Eco de Galicia de La Habana. Comenta respecto a esta obra narrativa que se trata dun "típico dramón romántico", construído fundamentalmente a base dun diálogo moi fluido anunciador do Lugrís dramaturgo. Sobre a súa primeira colección, "Contos de Asieumedre" (1909), afirma que chegou a conter vinte e sete textos, cun carácter maioritariamente costumista-festivo, na edición de 1920. Doutra banda trata tamén as narrativas históricas presentes na devandita colección.

- Euloxio R. Ruibal, "A emigración na obra dramática de Lugrís Freire", pp. 157- 167.

Analiza a cuestión da emigración na obra de Lugrís Freire, salientando a súa influencia na súa traxectoria literaria. Doutra banda comenta a súa obra dramática prestando especial atención a *A costureira d'aldea* (1884), *Mareiras* (1904) e *O pazo* (1917).

Fidalgo Santamariña, X. Antón, Xosé Manuel **Cid Fernández**, Mariló **Fernández Senra** e Xulio **Fernández Senra** (coords.), *Patrimonio etnográfico Galego II. II^{o} Congreso de Patrimonio* '*O patrimonio no século XXI*' *no centenario de Xaquín Lorenzo. Ourense 23, 24, 25, 26 e 28 de abril de 2008 na Facultade de Ciencias da Educación Universidade de Vigo*, *Campus de Ourense*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2009, 202 pp. (ISBN: 978-84-691-8835-4). ◆

Despois de se publicar en 2004 as actas do I.º Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego, publícase en 2009 un volume no que se recollen as actas do II.º Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego, que tivo lugar en Ourense entre os días 23 e 28 de abril de 2008 no centenario de Xaquín Lourenzo "Xocas". O presente volume ábrese cunha presentación, asinada polos coordinadores da obra, na que falan do traballo levado a cabo en Galicia por diversas asociacións na conservación do patrimonio etnográfico. A seguir, constan os relatorios de todos os participantes neste congreso que aparecen xebrados en catro apartados: "Fundamentación teórica", "Análise de manifestacións concretas do Patrimonio Galego", "Depositarios da memoria viva" e mais "Proxectos de estado e dinamización socioeducativa do patrimonio". Dáse conta dos seis artigos vinculados coa literatura galega:

- Luís Martínez-Risco Daviña, "As Casas Museo: importancia das fundacións de autor", "Depositarios da memoria viva", pp. 97-98.

Reflexiona sobre a importancia da necesidade dunhas Fundacións de Autor alleas de concepcións mercantilistas. Despois describe o que se está a facer na Fundación Vicente Risco, destacando a escaseza de recursos e a falta de apoio das entidades bancarias, malia o que consegue convocar dous premios: o "Vicente Risco de Ciencias Sociais" e o "Risco de Creación Literaria". Finalmente, indica que na páxina web da Fundación Vicente Risco (www.fundacionvicenterisco.com) se pode atopar abondosa información sobre a propia fundación e material sobre Vicente e Antón Risco.

- Helena Villar Janeiro, "As Casas Museo: Rosalía, Murguía e a casa da Matanza", "Depositarios da memoria viva", pp. 99-101.

Comenta a historia da fundación do Padroado Rosalía de Castro que rematou coa creación da Fundación Rosalía de Castro e coa Casa-Museo de Rosalía de Castro, que é cualificado como un espazo simbólico de Galicia. Indícase que entre os servizos desta

fundación están o de conservar a memoria de Rosalía de Castro, albergar o Centro de Estudos Rosalianos e promover os estudos sobre Rosalía ou recibir ao alumnado para as visitas a este museo.

- Susana Reboreda Morillo, "A Fundación Otero Pedrayo", "Depositarios da memoria viva", pp. 103-107.

Descríbese a contorna física na que está a Fundación Otero Pedrayo, na Casa Grande de Ramón Otero Pedrayo en Trasalba, no concello ourensán de Amoeiro, así como a casa en si co apoio dun abondoso material fotográfico. Descríbense as actividades que se realizan neste museo, que recibe arredor de catro mil cincocentas persoas por ano, e entre elas sobresaen os actos institucionais, as publicacións e mais o Premio Trasalba. Finalmente, indícanse os principais datos de interese deste museo: enderezo, accesos, páxina web ou réxime e horarios de visita.

- Antonio Piñeiro, "As Casas Museo: proposta para o centenario dun poeta Curros Enríquez 1908-2008", "Depositarios da memoria viva", pp. 109-118.

Fala da relación entre o concello de Celanova, a Fundación Curros Enríquez e o Consello da Cultura Galega na celebración do centenario de Curros e a seguir faise unha relación cronolóxica do programa de actos que terán lugar en 2008 co gallo deste centenario e que comezaron en 2007 coa publicación, por parte da Fundación Curros Enríquez, dunha *Guía literaria de Celanova*.

- Iván Area Carracedo e Pablo Carpintero, "O Proxecto RONSEL: unha iniciativa para o coñecemento e posta en valor do patrimonio inmaterial", "Proxectos de estado e dinamización socioeducativa do patrimonio", pp. 125-128.

Faise unha aproximación ao Proxecto RONSEL que naceu en maio de 2007 co fin de realizar un inventario do patrimonio cultural inmaterial galego de salvagardo e de o poñelo en valor. Sublíñase que este proxecto xorde grazas á colaboración das tres universidades de Galicia, xunto coas consellerías de Cultura e Deporte, Innovación e Industria e mais do Medio Rural. Realízanse unhas breves reflexións sobre o concepto de patrimonio inmaterial para, posteriormente, describir algunhas das súas actividades, como a creación dun portal web cunha biblioteca virtual e con documentación gráfica e sonora.

- Xosé Fernández Fernández, "O patrimonio educativo na obra de Xaquín Lorenzo Fernández", "Proxectos de estado e dinamización socioeducativa do patrimonio", pp. 179-192.

Comeza realizando un repaso á vida de Xaquín Lorenzo Xocas, onde se destaca que foi un home formado no ideal galeguista e mais que viviu a etapa máis escura do franquismo. A seguir detense na faceta máis didáctica de Xocas, xa que vía no patrimonio da cultura popular de Galicia a fonte de saber e un excelente instrumento didáctico e mais no seu labor de recolleita dos xogos populares das crianzas, así como de recolledor de palabras preocupado pola normativización do idioma galego.

Forcadela, Manuel, *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 50, abril 2009, 190 pp. (ISBN: 978-84-9865-186-7).

Manuel Forcadela (Tomiño, 1958) trata neste ensaio a produción de Álvaro Cunqueiro, na que marca cinco etapas: a primeira, anterior a 1936, monolingüista e vinculada ao galeguismo; a segunda, entre 1936 e 1947, fascista e vinculada á revista *Vértice*; a terceira, vivida en Mondoñedo entre 1947 e 1961, relacionada co grupo Galaxia; na cuarta, desenvolta en Vigo a partir de 1961, dirixe o xornal *El Faro de Vigo*; e, por último, nos anos sesenta consolídase como escritor en castelán. Salienta nesta introdución a produtividade dos trece anos vividos en Mondoñedo, xa que Cunqueiro escribiu a práctica totalidade da súa obra en lingua galega posterior á guerra civil, caso de *Merlín e familia e outras historias* (1955), *Crónicas do Sochantre* (1956), *O incerto Señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca (peza dramática en tres xornadas)* (1958), *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente* (1960) e *Se o vello Simbad volvese ás illas* (1961), entre outras. Respecto ás razóns polas que o escritor non volveu a empregar a lingua galega nos seus últimos vinte anos de vida, considera que se relacionan con cuestións profesionais, literarias, sociais, políticas e doutra índole. O ensaio está divido en dúas partes vertebradoras: "A (re)construción dun autor" e "As razóns da crise", que se acompañan dunha extensa bibliografía final. Cada unha das partes está dividida en distintos capítulos, que se corresponden cunha serie de temáticas que explican o cambio do autor. A primeira parte está dividida en: "A década prodixiosa de Álvaro Cunqueiro", "O autor e o personaxe", "O punto de partida: un artigo de Ramón Piñeiro", "O imaxinario de Cunqueiro e o século XX", "A fusión diexética, a identificación dos actantes e a actualización do mito", "A fuga do tempo e a suspensión da historia", "Suspensión da historia e ideoloxía", "A construción do idilio" e "A resposta a Piñeiro: imaxinación e creación". Da etapa da década de 1950 teoriza sobre a influencia mutua de dous textos teóricos: "Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, dende a ladeira dun castro lugués", texto de Ramón Piñeiro aparecido a principios dos anos cincuenta no número tres dos cadernos de *Grial*; e "Imaxinación e creación. Notas pra unha conferencia", que Cunqueiro publicou en 1963 na revista *Grial*. Pola súa banda, na segunda parte, "As razóns da crise", analiza as reflexións do escritor de Mondoñedo sobre as facetas pública e privada da creación literaria. Manifesta o seu acordo con Charles Mauron, estudioso francés no ámbito da crítica e interpretación literaria, quen entendía a diferenza entre o "poético" e o "estético" como o punto de inflexión entre o social e o individual. Así pois, o mito corresponderíase cunha creación colectiva que se converte nun produto individual coas marcas da personalidade do autor. A seguir trata os temas "A etnografía literaturizada", "O Inferno dos 50: *A Esmorga* e *As Crónicas de Sochantre*", "O Fóra e o Dentro", "Secuestro e liberación do Sochantre Álvaro Cunqueiro", "A consolidación do sistema literario galego: as tensións entre a Nova Narrativa e o Realismo Máxico", "Unha nova voz no debate: Domingo García-Sabell", "O imaxinario como transcendente" e "A mecánica da maxia: as funcións reiterativas do Merlín". As conclusións do autor recóllense nun epílogo final que leva por título "O final dunha ilusión: a abolición do paradigma romántico. *Se o vello Sinbad volvese ás illas*".

Recensións:

- Alberto Valverde, "Reconstruír Cunqueiro", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 79, tomo III, ano XX, "Publicacións", xullo-agosto-setembro 2009, pp. 143-146.

Comentario do ensaio *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, de Manuel Forcadela, no que se salienta a aproximación á polifacética obra do autor mindoniense dende o punto de vista da semiótica ideolóxica. De entre as múltiples liñas desenvolvidas por Forcadela destácase a interpretación da relación entre Cunqueiro e Ramón Piñeiro, analizada a través de diferentes textos nun cadro semiótico das dúas formas de entender Galicia, con novas achegas historiográficas e hermenéuticas para entender as dinámicas internas do campo literario galego. Considérase que Forcadela avanza interpretacións que darán moito de si, como a referida ao realismo máxico como consecuencia do modelo romántico, coa que se amosa en desacordo. Sinálase que a través dos textos analizados se observa como vai esmorecendo a influencia de Piñeiro, aínda que queda un pouso de construción ideolóxica, na que se observa dicotomías, que analiza dende as teorías de Lacan. Saliéntase que a través das obras de Cunqueiro se reconstrúe a súa biografía e explícase que a segunda parte do ensaio se centra na análise de tres das súas obras: *Merlín e familia*, *As crónicas do Sochantre* e *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, nas que ten excesiva centralidade a primeira, e nas que parte de dúas concepcións: a psicanalista e a do ideoloxema, que dá como resultado unha incidencia maior no inconsciente político ou ideoloxía que emana. Apúntase que as teses de Forcadela dan como resultado novas interpretacións sobre o repertorio no campo literario galego, que non esquece o texto, senón que traballa sobre el, que se trata dunha obra amena, que formula dúbidas e cuestión, e na que se vai afondando na historia, ao agromar figuras chave do pasado. Dise que a obra é unha proposta que se converte en radiografía da época, na que o autor demostra dominio dos conceptos, na que pon en práctica a literatura comparada, ao contrapoñer *Merlín e familia* e *As crónicas do Sochantre* coa *A esmorga*, de Eduardo Blanco-Amor, así como coa obra de Ánxel Fole, Alfonso Rodríguez Castelao, Ricardo Carballo Calero ou Daniel Cortezón. Despois de referirse á importancia do mito neste ensaio, conclúese que é unha obra crítica sobre un dos piares da narrativa galega de posguerra, nunha praxe anovadora, lonxe da reiteración e daquela crítica que avoga pola extinción da "filoloxización" dos estudos literarios galegos.

- Marga Romero, "Do escritor secuestrado. Regreso á mocidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Libros", 9 xullo 2009, p. VI/"Novela homenaxe", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 243, "Letras galegas", 18 xullo 2009, p. 6.

Saliéntase que Manuel Forcadela ten feito ensaios sobre Eduardo Pondal, Eduardo Blanco Amor ou a Nova Narrativa Galega, ao que se une *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*. Coméntase que trata o proceso creativo de Cunqueiro dende *Merlín e familia* até *Si o vello Sinbad volvese ás illas* e non se fala do Cunqueiro que xa coñecemos, o que dominaba o relato oral, o narrador heterodoxo, o reaccionario e o posmoderno, senón do Cunqueiro "marxinal" nos límites de dous sistemas literarios. Sinálase que no libro asistimos ao diálogo con Ramón Piñeiro, Francisco Fernández Del Riego, Domingo García-Sabell ou Ricardo Carballo Calero e que nel hai artigos e cartas que descobren datos do seu proceso creativo. Afírmase que, ademais, contén as súas lecturas, as teorías que fai súas, o seu enfrontamento coa Nova Narrativa Galega e a intertextualidade d'*As crónicas do Sochantre*. O artigo remata coa pregunta de se se podería enfrontar o proceso creativo de Cunqueiro co de Otero Pedrayo.

- Xavier Castro Rodríguez, "Creación literaria e ideoloxía en Cunqueiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 5 setembro 2009, p. 2.

Dáse conta da publicación do ensaio *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, de Manuel Forcadela, que se centra no período que vai dende o seu regreso a Mondoñedo (1947) até o momento no que se estabelece definitivamente en Vigo (1960). Saliéntase que na primeira parte, titulada "A (re)construción dun autor", Forcadela realiza un percorrido analítico pola obra de Cunqueiro que arranca a partir dunha carta de Ramón Piñeiro, datada en 1951, e remata cun artigo do propio Cunqueiro de 1963 titulado "Imaxinación e creación. Notas para unha conferencia". Coméntase que o segundo bloque, "As razóns da crise", está constituído por varios capítulos sobre outras obras do autor e sobre as influencias que tiveron sobre el diferentes autores nun tempo no que apareceron novas perspectivas literarias e de compromiso.

- María Liñeira, "Cunqueiriana", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 22.

Considera que a primeira sección d´*A mecánica da maxia: ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, de Manuel Forcadela, é "un corta e pega" de *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra* (2005), co que o citado autor conseguiu o III Premio de Ensaio Ramón Piñeiro. Apunta que n´*A mecánica…* se presenta un número elevado de ideas, moitas delas innovadoras, aínda que as distintas partes apenas teñen relación entre elas, polo que opina que o libro debería ser unha colección de ensaios en lugar dun volume con pretensións de unidade. Cita certas eivas do volume e salienta que as cuestións argumentativas son as que máis lle preocupan. Tamén alude ás xustificacións que fai o profesor vigués para que a figura de Cunqueiro sexa máis fácil de asumir polo galeguismo.

- Rexina Vega, "O oxímoro cunqueiriano", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 121-123.

Comenta que Manuel Forcadela, a través dunha estrutura conceptual diversa que percorre a semioloxía, a mitocrítica, a socioloxía literaria ou a psicanálise, consegue deitar luz sobre as contradicións irresolúbeis do proxecto vital e literario de Álvaro Cunqueiro indicindo na característica, se cadra, máis definitoria: a súa radical heterodoxia. Analiza as diferentes contradicións que se recollen n'*A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, que abrangue o período que vai dende 1947 até 1960, é dicir, dende o momento no que o réxime o reduce á condición de infractor e a súa rehabilitación co cargo de director de *Faro de Vigo*. Considera que Forcadela se atreve a formular unha tese novidosa, incómoda, que pon de manifesto a debilidade ou os claroscuros que a diglosia lingüística e cultural do mindoniense manifesta. Conclúe apuntando que estamos ante un ensaio denso e valioso que ilumina con nova luz tanto a figura e a obra cunqueiriana como os alicerces do sistema literario galego.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pura lucidez", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 329, "Letras en galego", 5 setembro 2009, p. 7.

Comenta que *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, de Manuel Forcadela, non é un libro divulgativo, pois considera que con el se pode coñecer mellor a figura do escritor e algúns dos seus trazos máis salientábeis. Tamén destaca o caos estrutural no que está escrito

- Armando Requeixo, "Sólida aparataxe", *Faro de Vigo*, "*Faro de Cultura*", n.º 308, "Libros", 12 novembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 259, "Letras galegas", 21 novembro 2009, p. 7.

Achégase o comentario deste volume que se define como un "documentado e elaborado ensaio", no que expoñen as razóns da dedicación de Álvaro Cunqueiro á escrita en galego no tempo da posguerra, así como a significación creativa e ideolóxica que encerra esta produción. Segundo se conta, Manuel Forcadela procura explicar o porqué dunha narrativa cun imaxinario que revisitou e deu nova forma a mitos da tradición e destacar a obra cunqueiriana como principal expoñente dun realismo máxico que acabará por se converter na alternativa da Nova Narrativa neses anos. Conclúese subliñando o amplo coñecemento crítico que Forcadela posúe do autor e o seu rigor, citándose tamén outros artigos nos que frutificaron as súas investigacións.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 297, "Infantil/Xuvenil", 2 xullo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de novidades literarias, caso d'*A mecánica da maxia*. *Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, de Manuel Forcadela.

- M. Dopico, "Surrealista e posmoderno", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 agosto 2009, p. 30.

Dáse noticia da publicación en Galaxia do ensaio *A mecánica da maxia. Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, de Manuel Forcadela, no que se analiza a produción literaria deste escritor entre 1947 e 1960. O autor do libro sinala que a obra cunqueirana destes anos está enmarcada en dous textos publicados en *Grial*: a "Carta a Álvaro Cunqueiro", publicada por Ramón Piñeiro a principios dos cincuenta, e "Imaxinación e creación", do propio Cunqueiro e publicada en 1963. Comenta que a carta de Piñeiro supón o final do Cunqueiro falanxista e a súa volta ao galeguismo, e nela proponlle a volta á imaxinación, á natureza e á liberdade a través da arte; polo que se mostra un Piñeiro seguidor da concepción idealista e romántica do imaxinario nacional galego de Vicente Risco e Otero Pedrayo. Opina que Cunqueiro representa o realismo máxico, polo que critica o realismo social e a literatura comprometida que se pon de moda a partir dos sesenta, que se converteu en voceiro da oposición galeguista ao franquismo e que cría no valor cognoscitivo dos mito, polo que lle é allea a Nova Narrativa Galega que trata o humano como un obxecto máis. Finalmente, destaca que despois se vai afastando dos galeguistas e vai deixando de escribir en galego.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Infantil/Xuvenil", 17 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de novidades literarias, como *A mecánica da maxia*. *Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, de Manuel Forcadela.

- César Lorenzo Gil, "A xeración dos 80 normalizou a cultura galega", *A Nosa Terra*, n.º 1.386, "Cultura", 17-23 decembro 2009, pp. 20-21.

Entrevista a Manuel Forcadela co gallo da saída ao prelo do seu ensaio *Sete leccións de poesía*, na que se mencionan outros títulos seus de recente publicación como *A mecánica da maxia*. *Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*.

Forcadela, Manuel, *Sete leccións de poesía*, Culleredo-A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Ensaio, n.º 27, outubro 2009, 169 pp. (ISBN: 978-84-92646-13-5).

A partir de dúas citas de *Sherlock Holmes* e Maurice Blanchot dá comezo este ensaio de Manuel Forcadela (Tomiño, 1958), ao redor das estratexias do discurso na lírica galega contemporánea. Nun breve limiar intitulado "Palabras previas" introduce a cuestión que o levou a redactar o presente volume: a pescuda nos ciclos literarios de tradición lírica que conducen eventualmente á formulación de certos posicionamentos estéticos e tamén a interpretación deses ciclos a partir dunha metodoloxía específica. Estruturado ao redor de sete capítulos, comeza, no primeiro deles, "Un paseo por Siena", co estudo do poema de Xavier Rodríguez Baixeras, "Encontro na 'Fonte Gaia'", publicado en *Fentos no mar* (1981). No segundo capítulo, "Un obreiro a falar", desenvolve o poema de Celso Emilio Ferreiro, "Monólogo do vello traballador", inserido no seu poemario *Longa noite de pedra* (1962). No seguinte capítulo, "A construción do eu como navío", analiza a composición sen título de Antón Avilés de Taramancos incluída no seu poemario *As Torres no Ar* (1989). No cuarto capítulo, "Os remorsos de Edipo", analiza o poema "Eu son Edipo" de Álvaro Cuqueiro, como parte do volume *Herba aquí ou acolá* (1980). No quinto capítulo, "Un paso adiante e outro atrás", estuda o poema "Penélope", de Xosé María Díaz Castro, que conforma o seu poemario *Nimbos* (1961). No seguinte capítulo, "O texto destecido. (Novamente Penélope)", presta especial atención a "O retorno de Ulises", de Álvaro Cunqueiro, publicado dentro de *Herba aquí ou acolá* (1980). No derradeiro capítulo, "A bandeira da rosa", analiza o poema "Red Rose, Proud Rose, Sad Rose", de Manuel Rivas, aparecido no seu poemario *Costa da Morte Blues* (1995). Pecha o volume cunha serie de tres conclusións ao redor do analizado en cada un dos capítulos, unha bibliografía e un índice.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Versos de supervivencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poeta", 24 decembro 2009, p. 26.

Dá conta da saída ao prelo do ensaio de Manuel Forcadela, *Sete leccións de poesía*. Describe o seu contido temático, prestando especial atención á figura do poeta moderno en contraposición coa do poeta da década dos oitenta, da que comenta a xeración de poetas e o xeito en que influíu na posterior poesía da muller na década seguinte.

- César Lorenzo Gil, "A xeración dos 80 normalizou a cultura galega", *A Nosa Terra*, n.º 1.386, "Cultura", 17-23 decembro 2009, pp. 20-21.

Entrevista a Manuel Forcadela co gallo da saída ao prelo do seu ensaio *Sete leccións de poesía*, editado por Espiral Maior en 2009. Tras destacar outros títulos seus de recente publicación como *Música de cinza* (2008), a conversa centrouse en cuestións como a súa motivación á hora de escribir; a súa influencia na literatura posterior; a figura de Eduardo Pondal como punto basal da súa creación poética; o ensaio literario; a narrativa negra; a súa páxina persoal en liña e finalmente as súas reflexións sobre a poesía informática.

Fortes Alén, María Jesús (recomp. e transcripc.), *Epistolario de Xosé Filgueira e Ramón Otero Pedrayo*, estudo preliminar de Ramón Villares Paz, Pontevedra: Museo de Pontevedra. Sociedad Estatal de Commeroaciones Culturales, 2009, 472 pp. (ISBN: 978-84-95632-35-7). ◆

María Jesús Fortes Alén recolle nesta compilación o epistolario que mantiveron ao longo de case cincuenta anos Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1988-1976) e Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 1906-1996). O libro comeza cun limiar asinado por Rafael Louzán Abal, presidente da Deputación de Pontevedra e do Consello Reitor do Museo de Pontevedra, no que explica o propósito desta compilación e a importancia destas cartas para a cultura galega. A continuación aparece un segundo limiar, asinado por Soledad López, presidenta da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales. Neste prólogo, escrito en castelán, sinala a importancia da edición destas cartas e agradece ao Museo de Pontevedra por custodiar as case trescentas misivas orixinais que forman parte do libro. Ramón Villares fai o estudo preliminar destas cartas e ponlle título a este traballo, "Mutacións e resistencias na cultura galega. Reflexións a propósito do epistolario entre Otero Pedrayo e Filgueira Valverde (1927-1976)". Neste estudo, escrito en galego e castelán, Villares analiza a correspondencia entre Otero Pedrayo e Filgueira Valverde, destacando o valor cultural e sociolóxico deste epistolario. Tamén destaca o labor dos dous intelectuais nas institucións do Seminario de Estudos Galegos e a Real Academia Galega. Outro apartado deste estudo céntrase na análise do proceso de elaboración da *Historia de Galiza*, un proxecto encomendado a Otero Pedrayo polos galeguistas do exilio arxentino. O estudo finaliza cunha coda na que Ramón Villares realiza unha breve conclusión sobre o epistolario e cunha referencia das obras citadas. O epistolario recolle máis de trescentas cartas nas que aparecen diversos temas: hai cartas de felicitacións, textos que tratan sobre diferentes aspectos do mundo cultural galego, cartas que falan sobre proxectos da Real Academia Galega e do Seminario de Estudos Galegos, etc. Todas as cartas presentan data e un breve epígrafe que explica o tema tratado. O libro finaliza cun índice toponímico e un índice onomástico.

Referencias varias:

- María Conde, "Un libro repasa el epistolario entre Filgueira y Otero Pedrayo a lo largo de cincuenta años", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 decembro 2009, p. 54.

Dáse conta da presentación deste volume que reúne as cartas que ao longo de cincuenta anos se remitiron Ramón Otero Pedrayo e Xosé Filgueira Valverde, proba da súa

relación afectuosa e da admiración mutua, que tratan sobre todo de temas de índole persoal, segundo apunta a autora.

- S. R., "50 anos de cartas de amizade", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 22 decembro 2009, p. 40.

Refírese á presentación deste volume no que se recollen duascentas dezanove cartas, que supoñen a totalidade da correspondencia que se remitiron Ramón Otero Pedrayo e Xosé Filgueira Valverde, entre os anos 1927 e 1976. Afírmase que á temática é moi diversa, xa que os escritores compartían moitos traballos e intereses, aínda que tamén tratan sobre temas familiares e sentimentais. Sinálase tamén que algunha das epístolas son en verso e sublíñase á lingua preciosista que emprega Otero Pedrayo.

- Lara Varela, "Las vidas cruzadas de dos genios", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 31 decembro 2009, p. 8.

Coméntase que esta monografía serve de testemuño de cincuenta anos de relación entre os dous intelectuais, a pesar das súas diferentes ideolóxicas, e pon o broche a unha homenaxe dedicada a Xosé Filgueira Valverde, que arrancou hai tres anos no Museo de Pontevedra. Segundo se comenta, este epistolario, recompilado a partir dos arquivos da Biblioteca Penzol e do Museo de Pontevedra, ilustra aspectos clave da situación cultural de Galicia durante o franquismo. Sinálase que ambos escritores tiñan intereses comúns como era o de darlle sentido á Real Academia Galega, o de compoñer unha historia xeral de Galicia e que as cartas achegan novos datos para entender a desaparición do Seminario de Estudos Galegos.

Fundación Premios da Crítica, *En louva do Galego Egrexio 2008. Memoria de 32 anos de Premios da Crítica-Galicia (1978-2009)*, Vigo: Fundación Premios da Crítica, 2009, 58 pp. (DL: C-1764-2009). ◆

Volume editado coa axuda da Xunta de Galicia, Caixanova, Deputación Provincial de Pontevedra e Cerámicas Sargadelos pola Fundación Premios da Crítica a fin de dar a coñecer os galardóns outorgados por esta entidade. En primeiro lugar, reprodúcese o discurso pronunciado o 31 de maio do 2008 no Balneario Mondariz por Manuel González González na entrega do título Galego Egrexio á empresa de telecomunicacións R. A seguir, acóllese a intervención de Justo Beramendi en nome dos premiados na XXXIª edición dos Premios da Crítica. Finalmente, inclúese unha memoria dos trinta e dous anos de Premios da Crítica de Galicia cos nomes dos gañadores de cada categoría: Creación Literaria, Ensaio, Investigación, Música, Iniciativas Culturais, Ciencias e Artes da Representación e, dende 1993, Galego Egrexio. Asemade, engádese unha relación dos membros dos xurados.

García López, José Ángel, *De boa tinta. Repertorio bibliográfico de e sobre Lorenzo Varela*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Vigo: Edición Xerais de Galicia, col. Estudos Literarios, 2009, 133 pp. (ISBN: 978-84-9782-970-0). ■

José Ángel García López (Ferrol, 1972), tras o prólogo de Xesús Alonso Montero no que ofrece unhas palabras adulatorias ao autor, así coma unha introdución deste que

resume obxectivos e contidos da obra, comeza o percorrido bibliográfico de Lorenzo Varela polo xénero lírico. Dáse conta en primeiro lugar daqueles libros e folletos que se publicaron dende 1940 até o 2005, incluíndo ademais dos datos bibliográficos esenciais a autoría dos prólogos e notacións musicais. A continuación xorde unha restra de poemas inéditos non compilados ou publicados con anterioridade á inclusión en poemarios. Detállase a data e lugar de aparición dende 1936 até 1978. O terceiro e último apartado inclúe os poemas de Lorenzo Varela en antoloxías e colectáneas dende 1936 até 2007, tanto en España coma en Bos Aires ou Londres. Dedícase un segundo capítulo á prosa: miscelánea, libros e folletos de arte dende 1943 até 1971, sobre todo en Bos Aires e Chile, centrándose en menor medida no teatro e relatos. Porén, son numerosos os artigos do autor, divididos en editoriais, ensaios, reportaxes e testemuñas dende 1936 até 1972 citando revistas madrileñas, mexicanas e bonaerenses; recensións e traballos literarios dende 1935 até 1979; aqueles artigos e recensións que versan sobre a pintura e fotografía dende 1940 até o 2000 e tamén sobre cine, música e teatro dende 1943 a 1946. Menciónanse as traducións e adaptacións que realizou entre 1941 e 1979 de autores franceses e brasileiros. Finalmente aqueles prólogos que confecciona dende o 1943 até 1979. Antes de dar comezo co repertorio bibliográfico sobre Lorenzo Varela hai unha mostra dalgunha das cubertas dos libros citados anteriormente. A segunda parte ábrese cos libros e capítulos realizados por autores galegos e hispanoamericanos no intervalo entre 1979 e 1999. Seguidamente, céntrase nos prólogos realizados tanto ás súas obras como aos seus traballos, aparición en artigos de revistas literarias (galegas, madrileñas, catalás e hispanoamericanas) e en prensa. Son extensos o segundo e o terceiro capítulo, que recollen "recensións e entrevistas", así como "artigos, prólogos, libros e capítulos de libros de carácter xeral que conteñen referencias verbo da vida e/ou da obra de Lorenzo Varela", respectivamente. Péchase o percorrido cunhas breves referencias ao "Epistolario", "Lorenzo Varela como tema literario", "Espectáculos dramáticos e documentais sobre Lorenzo Varela", "Testemuños fonográficos e adaptacións musicais dos seus poemas", "Páxinas de internet" e "Ensaios inéditos sobre a vida ou a obra".

García Negro, María Pilar e Diego **Pardo Amado** (eds.), *Actas do Congreso* "*Manuel María*: *literatura e nación*" (*A Coruña, 3-5 de novembro de 2005*), A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións/Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Cursos_congresos_simposios, n.º 107, 2009, 374 pp. (ISBN: 978-84-9749-359-8).
◆

Volume colectivo que recolle os traballos expostos no Congreso "Manuel María: literatura e nación", celebrado na Coruña en novembro de 2005, no que se analiza a súa produción literaria, especialmente a poética, aínda que tamén hai ponencias que versan sobre a súa narrativa, teatro e o seu labor coma xornalista, contextualizando así a súa figura no tempo histórico no que se enmarca e achegando algúns trazos biográficos e da súa personalidade a través dalgúns dos traballos. A obra complétase cun apartado no que se acollen poemas do autor, correspondentes a un recital celebrado no seo do congreso, e un poema que Luz Pozo Garza lle dedica ao poeta chairego. Na nota inicial dos editores, explícase que o volume resposta a un "acto de memoria e xustiza a quen significou tanto para Galicia". Un traballo, referido á Literatura Infantil e Xuvenil, descríbese no apartado VII deste *Informe*

- Xoán Costa Casas, "Discurso de abertura do Congreso", pp. 11-12.

Expóñense os obxectivos do congreso, centrado en promover a reflexión sobre a obra deste autor, que traballou ao servizo de Galicia. Destácase que a súa produción encerra os valores que nos diferencian como pobo.

- Francisco Carballo, "Manuel María: literatura e nación. O tempo histórico", pp. 13-22.

A través deste artigo encádrase a figura de Manuel María no contexto histórico, político e económico europeo, español e fundamentalmente galego.

- Francisco Rodríguez, "Dinámica histórica da Galiza e evolución poética en Manuel María", pp. 23-32.

Encádrase a Manuel María dentro da tradición poética galega do século XIX, emparentándolle especialmente con Rosalía de Castro pola concepción da poesía como elexía, "visión dolorida do país". Doutra banda, destácase o emprego da lingua oral por el falada e a continua identificación coa Terra e coa historia do país, presentándose a Manuel María como un férreo defensor da cultura e literatura do pobo galego. Asemade, afírmase que a súa obra acolle unha descrición de todos os ámbitos psicolóxicos da sociedade galega. Coméntase tamén o paso duns inicios existencialistas a unha preocupación pola morte na súa obra final, pasando por unha etapa de implicación política (especialmente entre 1968 e 1980) e por unha etapa estoica a continuación. Da personalidade de Manuel María destácase, por riba de todo, a súa bonhomía e afírmase que a súa obra é a máis prolixa en xéneros, estilos, rexistros e temáticas da literatura da posguerra, sendo radiografía das grandes transformacións a nivel mundial e galego da segunda metade do século XX.

- Camilo Gómez Torres, "A traxectoria vital de Manuel María na Galiza da 2ª metade do século XX", pp. 33- 58.

Faise un percorrido pola traxectoria vital de Manuel María, comezando o camiño polos primeiros contactos coa literatura galega, as lecturas da etapa de formación e a súa inclusión no ambiente literario do momento a través dos faladoiros e o contacto con Carlos Maside, quen o achega ao pensamento nacionalista e socialista. Distínguense varias etapas na súa produción, dende uns inicios existencialistas (1949-1953), nos que predominaba a temática amorosa e relixiosa cun discurso barroco, culturalista e surrealista, a unha etapa de aproximación conceptual ás raíces labregas, na que se acude á sinxeleza expresiva da linguaxe popular. Saliéntase que sempre foi fiel ás súas ideas políticas e ao nacionalismo, aínda que a etapa de máis actividade política será do 1964 ao 1977. Sublíñase a dificultade de desenvolver unha actividade literaria na que se defenden estas ideas na etapa da ditadura franquista, motivo polo que algunha das súas obras só puideron publicarse no exilio. Do mesmo xeito, saliéntase o papel activo que xogou Manuel María na divulgación e espallamento da cultura galega, participando en actos culturais en toda Galicia e desenvolvendo un destacada labor como xornalista. Conclúese afirmando que a obra do escritor chairego, que abrangue todos os xéneros, aborda unha mesma temática, sendo unha proxección de si mesmo.

- Alfonso Blanco Torrado, "A amizade en Manuel María", pp. 59-74.

Cóntase a súa historia de amizade con Manuel María, comentando anécdotas das viaxes que realizaron xuntos. Describe a personalidade do poeta chairego, destacando a súa coherencia, integridade, optimismo, vitalismo e senso do humor. Entre os seus valores salienta o cultivo da amizade e o compromiso social, ético é estético con Galicia. A intervención de Blanco Torrado acolle asemade diferentes poemas de Manuel María.

- Xosé Estevez, "Manuel María: a amizade mellor que o ouro", pp. 75-90.

Neste artigo debúllanse algúns aspectos da personalidade do poeta chairego, pero non se abordan cuestións relacionadas coa súa produción literaria.

- Felipe-Senén López Gómez, "Viaxar con Manuel María: cando "o camiño é unha nostalxia", pp. 91-108.

Coméntase a afección de Manuel María a viaxar, entretemento que tivo repercusión na súa obra, xa que o poeta fala do que vive. Destácanse os lugares que percorreu, non só en Galicia, senón tamén en boa parte da Península Ibérica, Europa e mesmo Caracas, pese ao seu medo a voar. Interesouse pola historia, arte, museos e literatura dos lugares que visitaba, aínda que o que mellor coñecía era a Terra Chá, que foi a súa maior fonte de inspiración.

- Xesús González Gómez, "He mirat aquesta terra: algúns motivos comúns na poesía de Salvador Espriu e Manuel María", pp. 109- 122.

Neste artigo abórdase a relación de amizade entre Salvador Espriu e Manuel María. Logo de contextualizar e explicar os trazos característicos da obra do escritor catalán, sinálanse as semellanzas entre ambos poetas. Estes paralelismos atópanse na preocupación polo territorio nativo, pola supervivencia da patria e tamén pola lingua, así como na relixiosidade do agnóstico e na sátira expresada dun modo grotesco, absurdo en Espriu e cun acento máis político e de costumes no poeta galego. Asemade, inclúense versos de ambos os dous poetas nos que González Gómez analiza semellanzas temáticas e simbólicas.

- Margarita Ledo Andión, "Ollar o real: Manuel María nos xornais", pp. 123-132.

Analízase o labor como xornalista que Manuel María, faceta na que a súa implicación social é máis evidente.

- Miguel A. Mato Fondo, "O traballo xornalístico de Manuel María: xornalismo e poesía", pp. 133-144.

Sublíñase a intima relación entre os diferentes xéneros que cultivou Manuel María, existindo unha correspondencia temática e cronolóxica entre a súa obra poética, dramática e xornalística. Entre a longa traxectoria xornalística, durante cincuenta anos, destácanse dúas colaboracións, pola súa regularidade, n'*A Nosa Terra* baixo o título "Andando a terra" e en *El Correo Gallego* baixo varios títulos, pero o máis repetido foi "Homes, feitos e palabras". Do estilo periodístico de Manuel María destácase a súa actitude erudita, a intención pedagóxica, o coidado exquisito da palabra, a recuperación léxica e o gusto pola innovación. Afírmase que estes artigos, especialmente os dedicados á paisaxe, son verdadeiros poemas en prosa, repetíndose a temática da súa

poesía: intimismo, paisaxismo e o amor en todas as súas manifestacións. Considérase que tamén nestes artigos hai moito de elexíaco, de recordo de amigos poetas ou artistas novos e de nostalxia e pesimismo ante a conciencia dun mundo que camiña cara ao seu fin, como tamén sucede na súa poesía, segundo se apunta. Asemade, tamén se sinala que nun gran número dos artigos do poeta chairego, tamén está presente o sentido reivindicativo, a protesta social e a preocupación polo idioma e a súa normalización. Mato Fondo tamén apunta o emparellamento de Manuel María coa celebración da paisaxe como algo íntimo presente en Rosalía de Castro, Francis Jammes e Luís Pimentel.

- Xosé Ramón Freixeiro Mato, "Manuel María, adaíl e labrador do idioma", pp. 163-192.

Defínese a Manuel María como o poeta nacional por excelencia, primeiro da xeración de posguerra en comprometerse coa defensa da normalización da lingua galega e implicado na reivindicación da súa terra, paisanaxe e costumes. Por outro lado, sinálase que a lingua literaria de Manuel María ten como base a fala popular e labrega da Terra Chá, tamizada por criterios lingüísticos e estilísticos, procurando elevar a lingua coloquial á categoría de lingua literaria. Indícase que o escritor se move no campo da norma oficial, sen coincidir exactamente con ela, posto que introduce elementos gráfico-lingüísticos simbólicos para o nacionalismo galego (povo, Galiza, amábel, escreber…) e mantén formas dialectais e populares (irmao, canciós, unhos, cecais…). Freixeiro Mato tamén destaca o emprego dalgúns pseudogaleguismos e interferencias do castelán, visíbeis principalmente na súa produción prosística e teatral e máis limitadas na súa poética, formas propias do portugués, palabras mediante as que o poeta evoca autores admirados por el e o manexo de recursos de formación de palabras (prefixos, neoprefixos e sufixos).

- Pilar Pallarés, "Manuel María, versos de xuventude, pp. 193-206.

Aborda a primeira etapa de produción do poeta chairego da que resultan cinco poemarios: *Muñeiro de brétemas* (1950), *Elexías á miña pequeniña* (2004), *Morrendo cada intre* (1952), *Advento* (1954) e *Libro de pregos* (1962), que se analizan un por un neste artigo. Comeza a súa intervención sinalando as fontes literarias das que bebe Manuel María nos seus inicios, así se comenta que coñece as escolmas de poesía galega de Álvaro de las Casas e de Eugenio Carré Aldao, deixando unha especial pegada nel a obra de Manuel Antonio e Luís Amado Carballo. Outros poetas galegos que tamén se destacan pola súa influencia nel son Rosalía de Castro, Eduardo Noriega Varela e Aquilino Díaz Castro, destacándose a influencia de Luís Pimentel a través do cal coñece a Francis Jammes, cuza influenza é ben perceptíbel nesta primeira fase, e o contacto persoal con Uxío Novoneyra. Por outro lado, tamén coñece á xeración do 27 (Rafael Alberti, Federico García Lorca, Dámaso Alonso e Gerardo Diego), bebendo tamén dos existencialistas (Albert Camus e Jean Paul Sartre) e da literatura francesa e alemana en xeral. Asemade, por influencia do seu tío crego, co que convive un tempo, amósase interesado pola literatura relixiosa.

- Marta Dacosta Alonso, "Construír unha patria. A poesía de Manuel María entre 1957-1977, pp. 207-226.

Coa súa intervención Marta Dacosta, que centra o seu estudo na etapa que abrangue dende 1957 ate 1977, pretende demostrar que Manuel María foi un dos poetas representantes da corrente social-realista "de xorne nacionalista", caracterizada por reivindicar o país a través da denuncia da situación da avasalamento e colonización do pobo galego e a defensa da lingua, xa que se considera a defensa do idioma a ferramenta fundamental para o entendemento da identidade galega. Dacosta decántase por incluír a Manuel María dentro da denominada "xeración do 1957" que achega X. M Millán, opinión apoiada por unha completa explicación. Sublíñase a "visión ecocéntrica" do autor, compartida por Uxío Novoneyra e Bernardino Graña, que engloba no mesmo rango de igualdade humanidade, animais, natureza e planeta, deixando de ser o poeta o centro do universo literario. No tocante a temática, sinálase que o gran tema é Galicia, concretado en subtemas: defensa da terra, paisaxe, ser humano e reivindicación da lingua e cultura. Tamén se apunta que todos os volumes desta etapa (*Documentos personaes*, *Mar maior*, *Os soños na gaiola*, *Proba documental*, *Versos para cantar en feiras e romaxes*, *Versos para un país de minifundios*, *Remol*, *Cancións de lusco e fusco*, *Odes nun tempo de paz e de alegría*, *Aldraxe contra a xistra*, *Informa para axudar a enceder unha cerilla*, *Laio e cramor pola Bretaña*, *Cantos rodados para alleados e colonizados*, *Poemas para construir unha patria, Poemas de outono*), que se analizan individualizadamente, teñen en común que arrancan cun poema-contextualización, no que se explica o momento histórico, ou cun poema-manifesto. Facendo unha valoración conxunta da produción desta etapa, Dacosta destaca o emprego, no nivel fónico, de anáforas e epínomes e no nivel semántico o emprego de símbolos da escuridade, referidos a falta de liberdade, símbolos da luz que se asocian coa confianza no futuro e os paxaros como símbolo das almas dos mortos. No tocante a cuestións estilísticas, sublíñase o emprego da alegoría e da ironía e de comparacións, imaxes e metáforas que se constrúen a partir do léxico relacionado coa natureza. Son poemas visuais, nos que se empregan as maiúsculas cando se quere subliñar a mensaxe, barras oblicuas para substituír as conxuncións coordinantes, signos matemáticos, trazos entre letras.

- María Pilar García Negro, "O teatro de Manuel María", pp. 227- 250.

Reivindica a Manuel María como un dramaturgo de pleno dereito, con trinta e seis obras multirrepresentadas. Proba disto é a listaxe de representacións documentadas que se achega neste capítulo, xunto coa bibliografía teatral de Manuel María, recollida de Camilo Gómez Torres, e unha listaxe das obras e os seus datos de publicacións, así como dos galardóns teatrais alcanzados. García Negro divide a produción teatral de Manuel María en cinco bloques: reposición histórica, liberdade atributo esencial do ser humano, materia galega (paisaxe distintiva, humanidade peculiar e a súa socioloxía e psicoloxía), autos teatrais e teatro propagandístico ou "panfletario". Coméntanse algunhas obras e afírmase que toda a súa produción teatral ten unha intención crítica, sendo constantes a retórica, a ironía e o humor, cunha mensaxe máis directa a partir do remate da ditadura franquista. Doutra banda, explícase que Manuel María consideraba que a normalización do feito teatral era indispensábel para a normalización da cultura e sociedade galegas.

- Henrique Rabuñal, "Os primeiros autos de Manuel María no contexto do teatro galego dos anos 50 e 60, pp. 251-268.

Henrique Rabuñal comeza describindo aspectos da personalidade de Manuel María e falando da súa relación de amizade. Inclúese ao autor nunha escola teatral galega fixada principalmente por Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Álvaro Cunqueiro e destácase non só como autor teatral senón polo seu labor de divulgación teatral, a través de numerosas conferencias. Nunha visión global da súa produción teatral, Rabuñal destaca a constante populista, unha querencia pola farsa e polas técnicas medievalistas do teatro simbólico e satírico e a liberdade dos espazos escénicos, que o aproximan ao teatro independente galego, estabelecéndose unha clasificación en dúas grandes categorías: as obras lúdicas e saudosistas e as didácticas e combativas. Rabuñal escolle o *Auto do taberneiro* (1957), *Auto do Labrego* (1961) e o *Auto do mariñeiro* (1961), para unha análise máis detida e recolle as palabras de Camilo Gómez Torres, quen afirma que Manuel María escribe teatro pola súa potencialidade didáctica e analítica e como arma de concienciación social. Por outro lado, dáse conta do ano de publicación e das estreas das súas obras teatrais, así como dos galardóns alcanzados, e recoméndase a listaxe que Camilo Gómez ofrece das representacións das obras de Manuel María dende 1969 até a actualidade.

- Aurora López, "Tres cancións de Manuel María e miñas", pp. 269- 278.

Comenta a temática dos tres poemas: "A terra fais en ti", "Andando lentamente á choiva" e "Entre o solpor e o mencer", que musicou de Manuel María, poemas aos que o autor non lle deu título, pero que ela titula co primeiro verso, segundo comenta, e que se inclúen neste capítulo xunto coas correspondentes partituras.

- Manuel Roca, " Paseo económico pola obra poética de Manuel María", pp. 287- 294.

Destácase o poemario *Terra Chá* (1954), no que se critica a modernidade e o colonialismo, as referencias aos vellos oficios presentes en *Os soños na gaiola* (1968), ou aos traballos das clases populares e a emigración en *Versos para cantar en feiras e romaxes* (1969). Ao longo deste capítulo espállanse versos do poeta que ilustran o discurso.

- Asociación cultural "Abril de lume e ferro", pp. 299-312.

Defínese a Manuel María como poeta de Galicia e destácase como o escritor contemporáneo de maior produción literaria e maior fidelidade ao idioma. Centrándose a exposición na súa dramaturxia, da que se subliña o seu carácter reivindicativo e didáctico, o seu experimentalismo e unha certa constante populista de raíz lorquiana e oteriana nos primeiros tempos, asomando nas últimas obras, moi libremente, técnicas de Bertolt Brecht. Destácanse tres obras de tipo histórico: *Abril de lume e ferro*, *Unha vez foi o trebón* (1976) e *A lúa vai encuberta*, que presentan en común a referencia a una contexto histórico negativo para Galicia en tres tempos diferentes, pero con características e consecuencias semellantes: asoballamento do pobo, ruptura coas leis e costumes tradicionais e coas institucións do pobo. Remata este capítulo dando conta das adaptacións levadas a cabo pola asociación na posta en escena da obra que lles da nome, *Abril de lume e ferro*.

- César C. Morám Fraga, " Primeira aproximación á narrativa de Manuel María" pp**.** 299-312.

A través da súa narrativa afírmase que Manuel María tamén procura a reivindicación dun país e das clases populares, sinalando que a temática deste xénero, coincide coa dos restantes xéneros que abordou o chairego e que xorde froito da mestura de ficción, historia, biografía, memoria, anécdotas, crónica costumista, comentario crítico e evocación lírica. Cítase a Francisco Pillado Maior, quen apunta como influencias as noticias xornalísticas, as *Cousas* (1926, 1929), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, e o xeito breve do escritor guatemalteco Augusto Monterroso. Asemade, recóllese un inventario rápido da narrativa do autor (contos, relatos e dúas novelas), incluíndose notas sobre algunhas destas obras.

- Andrés Pociña, "Achega sinxela á narrativa de Manuel María", pp. 313-347.

Andrés Pociña explica que aínda hoxe permanece o descoñecemento, polo público e tamén por parte dos estudiosos, sobre a produción narrativa de Manuel María e afirma que é necesaria a elaboración dunha edición crítica que inclúa todas as obras deste xénero, que en ocasións son difíciles de conseguir ou presentan moitas grallas. Neste estudo, Pociña tamén informa que aínda hai, polo menos, dúas novelas inéditas do escritor chairego: *O solpor é sempre roxo* e *O trebón brúa na lonxe*, escritas segundo Gómez Torres no 1971 e no 1972, respectivamente. Asemade, neste capitulo tamén se achega un catálogo exhaustivo por orde cronolóxica da narrativa de Manuel María, que Pociña divide en dúas etapas, para servir de comezo a esa reedición completa, deténdose no comentario breve dalgunhas delas. Por último, destácanse dous trazos fundamentais da narrativa do autor: a paisaxe física e anímica, volcada na Terra Chá e con especial atención ás augas (regatos, ríos e o amor infinito ao pai de todos, o Miño) e á paisanaxe: xente de a pé, labregos, xente humilde, nenos, emigrantes e tamén señoritos, que son representados cunha dureza mitigada, e caciques e políticos corruptos, tratados con grande acritude.

- Lois Diéguez, "Introdución ao recital de poemas", pp. 347-348.

Explica que vida e nación son os fíos inspiradores deste recital, dous camiños irreductíbeis, unidos e cantados por Manuel María nunha época de silencio. Comenta que participaron poetas coetáneos, caso de María Campo e Bernardino Graña, que leron algúns dos poemas do chairego, e María do Carme Kruckenberg e Luz Pozo Garza, que recitaron poemas da súa autoría dedicados a, ou inspirados por Manuel María.

- Xosé Neira Vilas, "Manuel María en América", pp. 363-364.

Comenta que as primeiras noticias que lle chegan sobre Manuel María son no 1953, da man de Luís Seoane e dá conta das obras do autor que viron a luz ou se deron a coñecer no exilio, así como da súa colaboración con publicacións da emigración sitas en América. Remata laiándose da morte dun bo amigo e loitador polos dereitos nacionais de Galicia.

- Basilio Losada, "Conferencia de clausura", pp. 365-370.

Faise unha valoración global da figura de Manuel María, destacando a magnitude da súa obra e afirmando que nela se reflicte a evolución da lírica ao longo do século XX. Sublíñase que, a pesar da diversidade temática, hai unhas constantes que son a plena integración do poeta coa paisaxe concreta da Terra Chá, a ideoloxía política, a

fidelidade á lingua galega e a ética solidaria, entendida como servizo ao país. Afírmase que a obra de Manuel María é imperecedoira e destácase o volume *Poemas de labarada estremecida* (1980), que contén versos dedicados a súa dona Saleta Goi dignos dunha rigorosa antoloxía de poemas de amor de calquera lingua, segundo Losada, e o poemario intitulado *Libro de pregos* (1962), froito dun acontecemento tráxico, a morte do seu irmán, no que se debullan problemas teolóxicos, fundamentalmente o silencia de Deus e a dor dos inocentes.

- Xosé Manuel Sánchez Rei, "Acto de clausura", pp. 371-372.

Sinálase que a través deste congreso se estudou a figura de Manuel María dende diferentes perspectivas de abordaxe, como poeta, dramaturgo, xornalista, e indícase a obra deste chairego non se entende sen o país e sen a inspiración da Terra Chá. Remátase comentado que os obxectivos cos que nace esta iniciativa, dirixida a contribuír para que Manuel María sexa coñecido, recoñecido e divulgado na sociedade como forma de alcanzar a rexeneración e normalización do pais, foron todos eles cumpridos.

- María Pilar García Negro, "Epígono: Manuel María combate contra o silencio", pp. 373-374.

Faise unha valoración en xeral da relevancia de Manuel María, a quen salienta como a persoa máis prolífica e socialmente relevante da segunda metade do século XX en Galicia, dado que dedicou a súa vida ao enaltecemento do idioma e a literatura e a popularización e prestixio da súa cultura, recollendo o máis destacado da tradición literaria patriótica galega. Conclúese que é o escritor mais lido e estimado da literatura galega actual.

Referencias varias:

- maré, "García Negro indaga na visión da nación de Manuel María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 novembro 2009, p. 34.

Infórmase da presentación da obra *Manuel María: literatura e nación* de Pilar García Negro, indicándose os participantes no acto**.**

- M. Dopico, "Pioneiro e construtor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 novembro 2009, p. 34.

Faise unha descrición xeral do volume que recolle as *Actas do Congreso Manuel María: literatura e nación* e destácanse algunhas das achegas dos participantes no congreso.

Harguindey Banet, Henrique, *La Galice*. *Dez séculos de olladas francesas*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, col. Biblioteca de divulgación, serie Galicia, n.º 30, 2009, 166 pp. (ISBN: 978-84-9887-125-8). ◆

Henrique Harguindey Banet (Lugo, 1942) analiza neste libro a presenza de Galicia en diferentes textos francófonos. Repasa os constantes testemuños de visitantes franceses a Galicia nos últimos dez séculos. O estudo comeza cun limiar do propio autor no que informa do que vai tratar o libro, destacando que esta publicación é o resultado das pescudas e investigacións que foi recadando nos últimos anos sobre este tema. Consta o libro de vinte e nove capítulos que abranguen os dez citados séculos. Harguindey Banet fai alusión ás numerosas referencias illadas que aparecen en textos franceses sobre a terra galega, pero tamén se centra nas reflexións e descricións que fan de Galicia peregrinos, soldados, diplomáticos, científicos, viaxeiros, xornalistas, escritores ou simplemente turistas anónimos. Entre os personaxes históricos e algúns ficticios que aparecen na obra debemos citar a: Carlomagno, Roldán, Madame D´Aulnoy, Fourcroy, Fredéric Le Play, Davillier, Doré, Queneau, Cendrars, etc. Tamén hai varios capítulos que se centran en episodios históricos concretos, é o caso do capítulo "Carlomagno", que analiza a presenza deste emperador na literatura galega. Outro capítulo que se trata nun feito histórico é o de "A invasión napoleónica", que describe o paso das tropas francesas en Galicia no século XIX. Outros abordan a personaxes máis actuais; así o que leva o título de "Alberto de Mónaco e as sardiñas galegas". O libro remata cunha conclusión do autor sobre a presenza destes testemuños franceses ao longo destes dez séculos. Ao final do libro aparece un índice dos lugares de Galicia citados.

Recensións:

- X. G. G., "Lernos alén de Occitania", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 22.

Comentario de *La Galice*: *dez séculos de olladas francesas*, de Henrique Harguindey Banet, no que reúne pescudas e indagacións dende o inicio da literatura francesa (s. XIII) até a actualidade. Explícase que no libro se recollen as olladas literarias, sociolóxicas turísticas, etc. de persoeiros franceses (escritores, xornalistas, viaxeiros) que permiten reflexionar sobre a visión que transmiten e mesmo ofrecer pistas de posíbeis opcións de tradución, como a novela *Le capitain galicien* (1961), de André Sernin. Considéranse as olladas máis interesantes as de carácter sociolóxico do século XIX, aínda que repasa outras propostas, algunhas xa coñecidas como "O reiciño de Galicia", de Víctor Hugo, ou episodios como a presenza do capitán Nemo na ría de Vigo. Entre as conclusións sinálase a escasa atención que Francia lle ten prestado a Galicia, aínda que se observan síntomas de cambio, como un congreso celebrado na Universidade de Nantes, no que se tratou o nacionalismo galego de inicios de século, por iso remata coa esperanza de que nunha próxima entrega haxa máis material do que dar conta.

Referencias varias:

- Luís P. Ferreiro, "La Galice' vista a través da literatura francesa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 agosto 2009, p. 33.

Comenta a obra que publicou Henrique Harguindey, quen leva anos traballando sobre a visión que se ten de Galicia en Francia, analizada a través de textos escritos dende o século XIII até a actualidade. A seguir, divide a nova en catro apartados correspondentes ás distintas épocas que se tratan no libro: "O Medievo", "As invasións

francesas", "Os capitáns Nemo e Grimaldi" e "Século XX… e XXI". No primeiro apartado refire que a primeira referencia sobre Galicia aparece na obra *Chanson de Roland* e despois, referida a esta época, tamén se atopa na obra *Priscillen de Compostele*, de Ramón Chao. Tamén destaca neste grupo a influencia da ruta xacobea. No segundo bloque, refire que coas invasións francesas se crearon textos como o de Charles-Louis de Fourcroy, *Ollada sobre Galicia*. No terceiro apartado dá conta das visitas dos personaxes Nemo e Grimaldi e dos textos que se crearon a partir deles. Finalmente, as referencias a Galicia no século XX están principalmente relacionadas coa guerra civil, como a novela de André Sernin, *O capitán galego*, e no século XXI, destacan as referencias ao Prestige, como a reportaxe que realizou Regis Le Somier.

- Henrique Neira, "Dez séculos de textos franceses sobre Galicia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 791, "Literatura", 13 decembro 2009, p. 8.

Comenta que debido ás constantes referencias que moitos viaxeiros franceses facían a Galicia, e especialmente a Santiago, Harguindey decidiu realizar este libro. Indica que as referencias xa aparecen en textos da Idade Media e cita varios exemplos como o do comerciante François Pyrard de Laval, sobre a batalla de Rande ou o testemuño do cónsul Charles-Louis de Fourcroy. Tamén refire as atrocidades sufridas na guerra napoleónica ou recolle textos do Antigo Réxime en 1823, e destaca a mención dun poema de Victor Hugo ou a parada que fai o Capitán Nemo na ría de Vigo. Por último, indica que tamén reproduce textos dos séculos XIX, XX e XXI.

Hermida, Modesto, *Nas ondas de Galicia*. *Noticias*, *opinións, estampas e personaxes*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Crónica, n.º 1, 2009, 267 pp. (ISBN: 978-84-7680-635-7).

Volume que acolle ao redor de dúas centas alocucións lidas por Modesto Hermida García (Vales de Cea, Ourense, 1946) entre 1990 e 1996 no programa Diario Cultural da Radio Galega. Ábrese cun prólogo de Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928), datado na cidade olívica en novembro de 2008, no que, ademais de ofrecer algúns datos biográficos de Hermida García e comentar a relación que os une, se anuncia o contido de *Nas Ondas de Galicia. Noticias, opinións, estampas e personaxes*. A seguir, acóllense os diferentes artigos que tratan tanto cuestións relacionadas coa lingua galega, como di Alonso Montero no prólogo "xa para referirse a aspectos da súa problemática socio-cultural, xa para examinar aspectos relacionados coa súa propiedade ou coa súa corrección", como cuestións relacionadas co eido da literatura. Neste último eido dáse conta de novas relacionadas coa actualidade literaria do momento (década dos noventa): entregas de premios, homenaxes a diferentes escritores, celebración de congresos, xornadas, aparición ou continuación de coleccións literarias e publicacións periódicas, así como de novos libros de autores novos ou xa consagrados tanto da literatura de adultos como da literatura infantil e xuvenil, etc. Tamén se presentan textos nos que Hermida García opina sobre diferentes eventos literarios que por unha ou outra razón chamaron a súa atención e colaboracións nas que o autor ourensán homenaxea e reivindica diferentes persoeiros por mor da súa vinculación con Galicia e a cultura galega. Péchase *Nas Ondas de Galicia. Noticias, opinións, estampas e personaxes* cun índice onomástico e cun índice cos títulos das diferentes achegas lidas no Diario Cultural e nesta ocasión recompiladas.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, "Modesto Hermida, palabras que non leva o vento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 304, "Letras en galego", 7 marzo 2009, p. 10.

Co gallo da publicación do libro *Nas ondas de Galicia*, escrito por Modesto Hermida, faise un repaso da traxectoria do xornalista, que foi profesor de lingua e literatura galegas, na Radio Galega entre 1990 e 1996 no seu programa *Diaro cultural*, no que se falaba de diversos temas e acontecementos relacionados co idioma galego e a súa literatura e escritores.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, *La Región*, "Pan por pan", p. 65/"Nas ondas de Galicia", *Galicia Hoxe*, "Andoliña", 7 marzo 2009, contracuberta.

Breve aproximación a este libro, do que se salienta que conta con duascentas alocucións lidas por Modesto Hermida na Radio Galega entre 1990 e 1996 co compromiso sempre positivo da evolución da cultura galega.

- Manuel Vidal Villaverde, "Arte e ensaio", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 451, "Musas", 5 abril 2009, p. 44.

Co gallo da saída do prelo deste libro faise un repaso polos outros cinco volumes publicados por Modesto Hermida e con respecto a *Nas ondas de Galicia* reprodúcense as súas propias palabras, nas que afirma que estamos perante unha crónica parcial sobre certos acontecementos da década de 1990.

Losa Rocha, Manuel, *Catro historias de emigrantes*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 22, 2009, 210 pp. (ISBN: 978-84-9865-196-6).

Ensaio de Manuel Losa Rocha (Santiago de Compostela, 1940) que contén as biografías de Isidoro Manuel García García, Eduardo Martínez Filgueira (O Cañotas), Xosé Lage Sierra (Pepe Montoya) e Antón Crestar Faraldo. O libro abre cunha dedicatoria a todos os emigrantes pero tamén aos que tiveron que quedar, á que seguen os agradecementos ás persoas que fixeron posíbel o libro: tanto aos protagonistas das biografías, como aos seus fillos ou aos editores do mesmo. Deseguido temos unha "Presentación" na que Losa conta como xurdiu a idea de facer o libro e di que en 1987 regresou á súa vila natal e colaborou nunha homenaxe a Xesús Canabal Fuentes, que tratara en vida, cunha recensión sobre el. Isto fíxolle lembrar as súas propias vivencias como emigrado polo que decidiu publicar un libro no que incluiu un capítulo sobre o propio Canabal Fuentes. A continuación aparece unha "Introdución" na que se fala do tema da emigración e na que se comenta que os galegos que chegaban a América eran ben recibidos nas sociedades porque estas aínda estaban en crecemento e eran abertas. Destaca algunha sociedade ou institución como o Centro Galego de Montevideo, a Casa de Galicia, o Padroado da Cultura Galega, o Hogar Español de Ancianos, a Asociación de Empresarios Galegos do Uruguai, etc., que daban acubillo aos exiliados e que organizaban actos sociais e festivos nos que participaban os emigrados. Sinala, por

outra banda, que en América había libre expresión política polo que tamén se crearon algunhas institucións de correntes políticas galeguistas como O Consello de Galiza, do que formaron parte emigrados e exiliados ilustres como Castelao. Infórmase, por outra parte, do papel da prensa na emigración; do feito de que se publicaron moitos libros en galego, en terras americanas, durante a Guerra Civil; de que se sostivo alén mar a Real Academia Galega e de que se distribuíron moitas obras xa editadas en Galicia. Tamén se relatan as esixencias que cada país lles impuña para poderen ingresar como emigrantes. Finalmente anuncia que os testemuños recollidos neste ensaio nos farán comprender mellor os sentimentos dos que un día ou ben decidiron ou ben se viron obrigados a afastarse da súa terra. Para rematar recóllense as biografías dos catro galegos emigrantes moi diferentes entre si pero cunha raíz común: o traballo duro, o sufrimento, a morriña, o sacrificio, a adaptación, o amor á terra e ao pobo. Comenta que Isidoro García e Eduardo Martínez son de principios da década dos cincuenta, polo que son máis clásicos e a súa vida xira ao redor do traballo. Así, García non participou en actividades das institucións galegas, só se asociou á Casa de Galicia e Martínez vinculouse a ela dun xeito máis participativo e iniciou unha relación co Padroado da Cultura Galega, no que asistiu a algunhas actividades. Antón Crestar e Xosé Lage son da época anterior e ambos están vinculados ao Centro Galego de Montevideo, o primeiro no aspecto artístico e o segundo no aspecto político xa que se introduciu nos ambientes galeguistas da época e participou na defensa dos ideais democráticos dun xeito intenso en aspectos culturais e artísticos.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Galegos desterrados e expatriados alén do océano", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 4 xullo 2009, p. 2.

Coméntase que todos coñecen en Galicia a palabra emigración e imaxinan as duras circunstancias dos que marcharon, por necesidade económica ou política, buscar unha patria de acollida fóra do seu país, ao que moitos non volverían xamais. Sinálase que *Catro historias de emigrantes*, de Manuel Losa, relata a traxectoria vital de catro persoas, paradigma do que lles sucedeu a outras miles, que tiveron un vínculo co resto da colectividade galega que se estreitou debido a algúns factores comúns como a cultura, a militancia e resistencia políticas. Destácase que Losa coñeceu o fenómeno da emigración en primeira persoa e que, a partir desta, relata as historias persoais e familiares de Isidoro Manuel García, Eduardo Martínez, Xosé Lage Sierra e Antón Crestar, que se consideran memoria viva.

Referencias varias:

- E. P., "Catro historias de emigrantes', as vivencias dos galegos na diáspora", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 xuño 2009, p. 67.

Comenta que este libro narra a vida de catro emigrantes, dous en Uruguai na década de 1950, e os outros dous nunha época anterior na Arxentina. Asemade apúntase que esta obra xurdiu na mente do seu autor de "xeito fortuíto" en 2004 tras unha entrevista radiofónica.

- M. Dopico, "A Galicia espallada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xuño 2009, p. 39.

Afírmase que en *Catro historias de emigrantes* se fai un retrato da emigración galega á Arxentina e Uruguai na primeira metade do século XX a través da biografía de catro emigrantes galegos: Isidro García, Eduardo Martínez, Xosé Lage e mais Antón Crestar. Tamén se comenta que conta cunha introdución sobre o contexto histórico e que se detén moito en aspectos históricos.

- Víctor Paz Morandeira, "Galaxia achega catro 'historias de vida' de galegos na diáspora", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 16 xuño 2009, p. 44.

Comenta que este libro recolle a historia da vida de catro emigrantes que debullan coa súa experiencia persoal o periplo colectivo dos galegos en América e relátase que a orixe destas narracións está no descoñecemento que o seu autor notou sobre a figura do galeguista Xesús Canabal Fuentes durante unha visita a Galicia en 2004.

- Xosé Carlos Caneiro, "Realidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 331, "Letras en galego", "Club dandi", 19 setembro 2009, p. 15.

Entre as súas recomendacións de lectura inclúe *Catro historias de emigrantes*, obra da que opina que, aínda que parece unha novela, é unha realidade que recolle os testemuños da emigración galega narrados con destreza.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 303, "Libros", 8 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, caso de *Catro historias de emigrantes*, de Manuel Losa.

Losada, Benito (coord.), *Eduardo Núñez. Retratos*, Ourense: Concellaría de Cultura do Concello de Ourense/Difusora de Letras Artes e Ideas, col. Auria, n.º 10, decembro 2009, 119 pp. (ISBN: 978-84-937421-7-1). ◆

Volume fotográfico de Eduardo Núñez (Rubiá, Ourense, 1958) integrado por setenta e un retratos en branco e negro. Nel podemos ver tres fotografías de diversos persoeiros ourensáns tiradas con dez anos de diferenza (1989, 1999 e 2009) entre os que están o historiador Marcos Valcárcel, o dinamizador cultural Benito Losada, a poetisa Chus Pato, os escritores Camilo Franco ou Manolo Outeiriño, a directora de teatro Ánxeles Cuña ou o actor Fernando Dacosta. O material fotográfico está distribuído en orde cronolóxica inversa e está xebrado en tres apartados: "Retratos, decembro 2009", "Retratos dez anos despois, outubro 1999" e mais "Retratos con escena propia, 1989". Estes retratos fotográficos están acompañados de tres textos. No primeiro "U-lo Ourense perdurable", de Manolo Figueiras, reflexiónase sobre o paso do tempo e inclúe referencias a Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Blanco Amor. O máis extenso é o segundo, "Ourense na década do cambio de milenio 1999-2009", de Afonso Vázquez-Monxardín, e nel realízase unha crónica de dez anos, entre 1999 e 2009, da cidade de Ourense. Nel temos alusións á morte de Jose Ángel Valente ou Carlos Casares, aos festivais que se realizan en Ourense como a Bienal de Caricatura, a MITEU ou o FITO, aos premios que se entregan en Ourense como o Premio Poesía Cidade de Ourense, o Premio Antón Losada Diéguez, etc. Finalmente o último texto é

obra de Marcos Valcárcel, "O sorriso de Buda", e nel reflexiona sobre as mellores fotos que lle tirou Eduardo Núñez, entre elas unha de 1978 na que aparecía cun Buda e que serviu para a lapela dun libro que escribiu xunto con Xosé Ramón Quintana sobre Otero Pedrayo.

Martínez Crespo, Xurxo, *Crónica do exilio galego. Venezuela*, A Nosa Terra Edicións, col. Historias Gráficas, 2009, 185 pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-8341-422-4).

Tras dedicatorias persoais á muller, ao amigo Alberto Puente e a "todos os homes e mulleres da patria, exiliados e anónimos, que nunca estarán presentes na nosa memoria" e uns epígrafes tirados de *Los ríos profundos*, de José María Arguedas e de *Laio polo paso do tempo*, de Joseba Sarrionaindia comeza esta monografía de Xurxo Martínez Crespo (Ferrol, 1964) estrutada nun Pórtico" e os capítulos "Arribadas para un exilio", "Recoñecendo a legalidade da República (1945-1948)", "Nomes para un exilio", "Os amigos dos exiliados", "Un exilio con cultura", "Escenas na vida venezolana", "Compromisos e militancia" e "Suso Vahamonde, o derradeiro exiliado (1980-1984)", todos eles acompañados de fotografías e reprodución de documentación variada. No "pórtico" explica a estadía en Galicia do escritor e presidente venezolano Rómulo Gallegos en tres ocasións, a derradeira no ano 1935, e do escritor mexicano Andrés Ilduarte quen recolle en *Veinte años con Rómulo Gallegos* (1954) a estadía en Galicia do escritor venezolano. En "Arribadas para un exilio", explica a situación política en Venezuela que impediu que até 1945 puidesen emigrar a ese país os exiliados e as viaxes que realizaron para acceder a ese país, como ocorre con Pura Vázquez e Celso Emilio Ferreiro. En "Recoñecendo a legalidade da República (1945-1948)", refire como nos anos da presidencia de Rómulo Gallegos "Venezuela vivirá un idilio irrepétibel" en relación co exilio galego. En "Nomes para un exilio", apunta moitos emigrados marcharon cara ao exilio venezolano inmediatamente despois do golpe militar do ano 36, mentres outros como Celso Emilio Ferreiro, por emigrar máis tarde, "se viron obligados a vestir o uniforme das tropas de Franco sendo inimigos do fascismo". En "Os amigos dos exiliados", salienta que os exiliados galegos, xunto cos vascos, foron os que gozaron dunha mellor acollida no país venezolano. En "Un exilio con cultura", destaca o labor desenvolvido pola revista *Galicia*, a publicación do *diccionario enciclopédico Gallego-Castellano*, de Eladio Rodríguez González, as obras de Silvio Santiago, a nacionalidade venzolana que chegou a alcanzar a poeta Pura Vázquez, a visita de Ramón Otero Pedrayo a Caracas en 1956, o labor poético de Farruco Sesto, a enumeración de libros editados en Caracas, a repercusión da chegada de Celso Emilio Ferreiro, os programas radiofónicos realizados, a fusión dos tres centros venezolanos en 1960 e unha relación dos escritores que colaboraban neles e a recuperación dunha gravación dos programas emitidos entre 1952 e 1954 na que se recolle unha homenaxe a Castelao e varios lances da representación d'*Os vellos non deben de namorarse*. En "Escenas na vida venezolana", refire a situación económica vivida polos exilados e o contraste coa vida maís desenvolvida dos venezolanos. En "Compromisos e militancia", destaca a emerxencia dun "nacionalismo galego en Venezuela" nos anos 60 no que Celso Emilio Ferreiro tivo unha activa participación na impresisón de carteis, follas volandeiras e folletos que chegaron a Galicia a través da súa militancia na UPG (Unión do Povo Galego). E o último capítulo céntrase nos recitais do cantante Suso Vaaamonde antes de pechar o volume cunha páxina dedicada a "Fontes e agradecementos". Esta monografía acompáñase dun CD que contén a escolma radiofónica mencionada no volume: uns lances d'*Os vellos non deben de namorarse*, uns minutos de "Ecos de

Galicia", un programa radial do Centro Gallego e unha "Homenaxe a Castelao" realizada coincidindo co seu III cabodano.

Martínez-Risco, Luís (coord.), *Vida e época de Vicente Risco*, ed. bilingüe galego-castelán, Madrid: Ediciones Amberley/Fundación Vicente Risco, 2009, 128 pp. (ISBN: 978-84-92734-02-3). ■

Fotobiografía editada pola editorial británica Amberley, que recolle en cinco capítulos máis de cento vinte fotografías centradas na vida e obra de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), xunto cunha trintena de postais, debuxos e cartas manuscritas do propio Risco. É un documentado rexistro fotográfico da vida de Risco e mais do tempo histórico no que viviu conformando un retrato íntimo do autor ourensán. Estas fotografías, en branco e negro e con texto ao pé explicativo, están xebradas en cinco capítulos: "A súa vida e os seus lugares vitais: Ourense-Castro Caldelas-Allariz. A familia e os amigos", "Un mundo que se vai", "Coñecer Galiza", "As festas" e mais "Unha achega a Europa". A meirande parte das fotografías e debuxos deste volume forman parte da colección da Fundación Vicente Risco.

Referencias varias:

- M. D., "As fotos de Vicente Risco", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 outubro 2009, p. 36.

Anúnciase a presentación deste volume na cidade de Ourense e coméntase que o seu coordinador, Luís Martínez Risco, define este volume como "un xeito diferente de achegarse á figura de Vicente Risco, a través de imaxes". Tamén se indica que é unha edición bilingüe e mais que conta con cento cincuenta imaxes, con fotografías e debuxos, nas que se repasa a biografía de Vicente Risco. Nesta noticia reprodúcense catro das fotos que aparecen en *Vida y época de Vicente Risco*.

Méndez Lois, María José (coord.), *Mulleres e educación en Galicia*, Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia)/Museo Pedagóxico Galego, col. Escenarios educativos, n.º 2, 2009, 357 pp. (ISBN: 978-84-453-4809-3). ◆

Mulleres e educación en Galicia ábrese cunha "Introdución", na que se explica que este volume, coordinado por Mª José Méndez Lois, é o resultado dun proxecto de investigación centrado en visualizar as distintas achegas á educación que fixeron as mulleres, ao longo do tempo, en Galicia. Tamén se indica que outra das súas pretensións é resaltar non só a participación das mulleres como ensinantes nos diversos contextos, senón tamén facer fincapé en todas aquelas mulleres que pensaron na importancia de acometer a creación de centros de ensino, doar os seus bens para tales empresas ou contribuír á formación permanente dos profesionais do ensino. A continuación, faise un percorrido cronolóxico polos diferentes avatares polos que pasou a formación das mestras en España, con atención especial cara ao caso galego, até alcanzar a súa formación un claro rol profesional e a integración no sistema universitario de pleno dereito. Por outra parte, alúdese ás fontes empregadas e especifícanse os criterios para incluír na nómina definitiva as mulleres. No seguinte apartado, "Mulleres na Educación

Galega (A-Z)", seguindo a orde alfabética, dáselles cabida, de forma xeral, ás mulleres que fixeron algunha achega relevante á educación galega e que naceron antes de 1938. Dependendo do caso, ofrécense datos sobre a súa biografía, formación, actividade docente, responsabilidade directiva, actividade política e cultural, publicacións realizadas, participación en eventos varios, logros conseguidos, etc. Entre elas, atópanse mulleres que forman parte do sistema literario galego, como é o caso de Xela Arias, Edelmira Cacheda, Antía Cal, Úrsula Heinze, María Mariño, María Victoria Moreno, Luz Pozo, María Xosé Queizán, as irmás Pura e Dora Vázquez ou Helena Villar. Pecha o volume un conxunto de apartados que completa e facilita a consulta do contido incluído nesta monografía: "Bibliografía consultada", "Webs consultadas", "Fontes", "Informantes institucionais", "Informantes particulares", "Glosario de siglas e abreviaturas", "Índice Onomástico", "Índice Toponímico" e "A liña do tempo: douscentos anos de formación do maxisterio feminino en España (1770-1970)".

Referencias varias:

- I. Casal, "El Mupega recupera la memoria de 550 maestras desde el s. XVIII", *El Correo Gallego*, "Galicia", 29 xullo 2009, p. 15.

A partir dos contidos incluídos en *Mulleres na educación en Galicia*, sinala que "Rezar y coser" era o obxectivo do primeiro proxecto de instrución pública co que se comezou a andadura profesional das mestras en España ao redor de 1770. Así mesmo, apunta que até 1814 a lectura e a escritura non entraron no seu currículo, aínda que manifesta que sempre houbo mestras que achegaron moito máis. Alude á institución encargada da edición deste volume e cita as persoas que nel colaboraron, ademais de referirse a algunha das cincocentas cincuenta e tres mulleres que inclúe. Por outra parte, a súa coordinadora, María José Méndez Lois, explica nunha entrevista cales foron as historias que máis lle chamaron a atención e fala das diferenzas na educación das nenas dende o século XVIII, así como se fai eco do "silenciadas" que seguen estando as mestras na actualidade e da súa pegada nas xeracións do futuro.

- Joel Gómez, "As mulleres son máis do 80% de profesionais no ensino básico", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Al día", 29 xullo 2009, p. L2.

Anuncia a presentación do volume *Mulleres na educación en Galicia* no Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), resultado de dous anos de traballo dun grupo de investigación coordinado por María José Méndez Lois, no que recolleu documentación de cincocentas cincuenta e tres mulleres ensinantes. Á parte, inclúe unha entrevista coa coordinadora, na que expón os criterios utilizados para escoller as mulleres ensinantes e indica que a referencia máis antiga corresponde a unha muller do século XVIII. Fala do proceso das mulleres na súa incorporación ao ensino e explica como foi desenvolvendo a súa profesión, ademais de aludir á súa menor presenza nos estudos máis tecnolóxicos. Apunta como é a profesora de hoxe e que esta investigación non terá continuidade para rematar referíndose ao Mupega.

Monterroso Devesa, José, *Mil e pico de nomes galegos do Uruguai*, Montevideo: Patronato da Cultura Galega, 2009, 162 pp. (D.L: 337741). ◆

Obra de carácter divulgativo de José Monterroso Devesa (A Coruña, 1945) que consiste nunha ampla recompilación de nomes e apelidos de xentes uruguaias que teñen a súa orixe en Galicia, tanto por ser persoas emigradas a ese país en determinadas épocas ben por ser descendentes de galegos e galegas alí instalados. Tamén se fai referencia a lugares (casas, vilas, comercios), xornais ou emisións radiofónicas (*Galicia Hoxe*), grupos musicais (*Os Trapalleiros*), hospitais (Hospital Alvariza), prazas, rúas (rúa Galiza) e escolas (Escola Galiza). De cada unha das entradas recollidas dáse un pequeno apuntamento xa sexa biográfico ou informativo, no caso de non tratarse de persoas. Entre todos os nomes pódense atopar algúns relacionados co ámbito literario como o poeta Miguel Gónzalez Garcés do que se indica que dedicou especial atención á literatura uruguaia. De Julio José Casal Ricordi (1889-1954), dise que ademais de ter sido cónsul na Coruña entre 1913 e 1926, fundou a revista *Alfar* e dáse conta dalgúns actos literarios con el relacionados en Galicia, tras a súa morte, dando a coñecer o opúsculo *Julio José Casal,6 poemas traducidos para o galego*. Un dos autores destacados dentro desta nómina é Alfonso Daniel Rodríguez Castelao do cal se subliñan as súas frecuentes visitas a Montevideo, onde ten unha rúa dedicada. Cítase tamén a Rosalía de Castro, dando conta das múltiples homenaxes públicas que recibiu en Uruguai, onde ten tamén algunha rúa e busto dedicados. De especial importancia é a pequena reseña biográfica sobre Luís Costa García (Vilaxoán-Vilagarcía 1915-1986) xa que se di que foi bibliotecario titulado pola Universidad de la República, na cal foi o primeiro profesor de Lingua e Literatura Galega no Uruguai. Aparecen tamén nomeados Emilo Pita, Vicente Risco ou Manuel Riveiro Loureiro. A obra estrutúrase a partir dun prólogo de Gustavo San Román no cal se explica como foi o labor de investigación desenvolvido polo autor para realizar esta recompilación. Segue unha pequena introdución na se aclaran certas cuestións referentes ao sentido co que se emprega o termo "nomes galegos" ou ás pequenas reseñas biográficas. Logo atópase o corpo da obra, co título de "Repertorio de nomes", para rematar con varios apéndices nos que, por exemplo, se aclaran termos galegos aos lectores uruguaios e viceversa.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Galegos no Uruguai", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 572, "Páxina literaria", 7 xuño 2009, p. 4.

Comenta que se trata dun libro de dobre lectura: unha destinada aos uruguaios, dando a coñecer a ascendencia galega de políticos, artistas, funcionarios e xente diversa de orixe galega; e outra dirixida aos galegos para entender a transcendencia do labor dos seus paisanos. Entre estes salienta a Rafael Dieste e Eduardo Blanco Amor, xa que ambos os dous residiron en Montevideo. Conclúese que este libro contribuirá ao coñecemento mutuo.

Neira Pereira, Henrique, *Santiago de Gres e arredores. Historia e cultura dunha parroquia entre o Ulla e o Deza*, Sada: Fundación Xosé Neira Vilas, 2009, 155 pp. (DL: C-924-2009). ◆

Volume no que Henrique Neira Pereira, tras un limiar institucional, se achega á historia da parroquia de Santiago de Gres. Na "Introdución" insire unhas coplas populares nas que se mencionan os nomes de lugares da contorna (pp. 15-16). Estrutúrase en dúas

partes, a Parte I trata a historia desa parroquia e na Parte II, intitulada "Patrimonio e Cultura", fai uns apuntamentos sobre persoeiros vinculados a esa localidade dos que achega datos biobibliográficos. En relación coa literatura galega, repara en Anisia Miranda, Xosé Neira Vilas e a historia da Fundación Xosé Neira Vilas, salientando entre as súas actividades as representacións teatrais e de monicreques, recitais poéticos ou a concesión do premio bienal Estornela de Teatro para nenos. Remátase cunha breve achega sobre a celebración tradicional do Entroido en Gres e os escritores que o trataron na súa obra como o caso de Fermín Bouza Brey, Manuel García Barros, Antón Fraguas ou Xosé Manuel González Reboredo. Por último, ofrécese un "Glosario".

Neira Vilas, Xosé, *Lóstregos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2009, 218 pp. (ISBN: 978-84-9914-025-4).

Xosé Neira Vilas (Gres, Val do Ulla, 1928) recolle neste volume merecente do XIV Premio xornalístico Manuel Reimóndez Portela, un total de cen breves textos, de tan só unha páxina de extensión, xa publicados anteriormente na súa sección de opinión no xornal *El Correo Gallego*. Como afirma no seu apuntamento a modo de limiar, "Rolda de alustros", cada artigo vén sendo un "lóstrego" na "tormenta constante" que é a vida en si mesma. Referidos en primeira persoa, todos e cada un dos seus artigos aparecen unidos por unha liña temática alicerzada en acontecementos sociais de actualidade ou históricos, especialmente os acontecidos na Galicia exterior, como no caso de "Galicia na 'Casa dos Libros" (p. 209), no que alude á creación en 1969 da Sección Galega no Instituto de Literatura e Lingüística en Cuba e no que menciona a edición en facsímile de revistas, realizada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ou de "Réquiem por Salvat" (p. 205), no que fai referencia ao Centro Galego de Barcelona, onde coñeceu a Ricard Salvat en 1972, e no que menciona a outros compañeiros como Anxo Tarrío. O estilo narrativo en que están grafados estes "lóstregos" vén conformado pola sinxeleza e a fluidez. Así mesmo, as historias que refire parten dun enfoque certamente positivo. Pecha este volume un índice cos títulos de cada relato.

Recensións:

- Pilar Ponte, "Galicia exterior", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 255, "Letras galegas", 24 outubro 2009, p. 6.

Faise eco da máis recente publicación de Xosé Neira Vilas, *Lóstregos*, unha recompilación dos seus textos publicados no xornal *El Correo Gallego*. Tras sinalar os premios dos que Neira Vilas foi merecente (Manuel Reimóndez Portela de apoio á lectura, convocado pola Fundación de Exposicións, e Congresos da Estrada e Galego de Agosto, patrocinado polo Grupo Correo Gallego) comenta o fío argumental do volume e salienta, dentro da súa liña temática, a cuestión da Galicia exterior. Destaca, finalmente, o seu estilo sinxelo e o enfoque optimista dos temas tratados.

Referencias varias:

- Alberto Ramos, "Aos nenos séguelles a interesar Balbino", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 7 agosto 2009, p. 41.

Entrevista a Xosé Neira Vilas (Gres, 1928) co gallo da súa presenza na Feira do Libro da Coruña. A conversa xirou ao redor de cuestións como a publicación de *Lóstregos*, unha recompilación de textos xornalísticos, os temas de actualidade que permanecerán na memoria colectiva pola súa relevancia, o mundo rural galego como trazo imprescindíbel na súa literatura, a nostalxia pola Galicia do pasado, a súa emigración a Cuba e, finalmente, a venda de libros en España e a lectura en tempos de crise.

- maré, "Máis alá de Balbino", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 agosto 2009, p. 29.

Realiza un percorrido pola traxectoria literaria de Xosé Neira Vilas co gallo da súa elección como "Galego do mes de agosto" por parte do Grupo Correo Gallego. Tras mencionar a súa novela *Memorias dun neno labrego* (1961) como a primeira en alcanzar o maior número de vendas no panorama literario galego, destaca o Premio Reimóndez Portela de apoio á lectura, do que foi merecente, e a súa última publicación, *Lóstregos*, un título homónimo ao da súa sección en *El Correo Gallego*. Sinala, a seguir, a súa colaboración en *Galicia Hoxe* con ensaios de investigación, para despois apuntar algúns dos seus datos biobibliográficos máis relevantes, como por exemplo a publicación da súa colección de poemas *Dende lonxe* (1960), ou a fundación en 1969 da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística en Cuba durante a súa etapa de emigración. Nun epígrafe intitulado "Unha obra que cruza os xéneros e o tempo", salienta a súa investidura como Doutor Honoris Causa pola Universidade de Coruña, a súa copiosa produción literaria, da que destaca *Aqueles anos do Moncho* (1977), *Nai* (1980) e *Querido Tomás* (1980) e os seus futuros proxectos, como *Encontros con Laxeiro*, un volume a modo de homenaxe plástica e musical ao autor. Do mesmo xeito, nun breve epígrafe á parte, "A cerna", menciona vindeiras publicacións de Neira Vilas como *Cartas de vellos amigos* ou *Presenza galega en Cuba*.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Infantil/Xuvenil", 17 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de novidades literarias, como *Lóstregos*, de Xosé Neira Vilas.

Nicolás, Ramón, *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, marzo 2009, 186 pp. (ISBN: 978-84-9782-975-5).

Ramón Nicolás Rodríguez (Vigo, 1966) recolle nesta crónica fragmentos de "conversas" recollidas nos medios escritos, nas que o protagonista e interlocutor principal é Celso Emilio Ferreiro. As verbas de Celso Emilio recóllense en primeira persoa do presente e están en lingua castelá, reproducindo deste xeito as conversas orixinais. Estes fragmentos son introducidos por breves recensións do autor, para que o lector saiba de onde foi extraído cada fragmento, tamén sinalan qué tema se aborda en cada caso. O libro comeza cun limiar, que aparece datado en "Vigo, 2007–Escudeiros (Terra de Celanova), 2009", no que Ramón Nicolás precisa o motivo e a finalidade pola que elaborou esta crónica: recompilación de todas as entrevistas, publicadas en medios escritos, realizadas por Celso Emilio Ferreiro. Tamén precisa que para levar a cabo este labor contou coa colaboración do fillo do poeta, Luís Ferreiro. Por último, fai unha breve explicación dos dous tipos de entrevistas que se ofrecen, as que se refiren a

sucesos puntuais e as que falan sobre temas máis xerais. A continuación ofrécese unha "relación de entrevistas e outros textos empregados para a realización deste volume", onde se recolle por orde cronolóxica a bibliografía empregada para a realización da crónica, agás a primeira referencia, que é a máis actual. Ao longo da obra inclúense notas a pé de páxina referentes a esa bibliografía e tamén se fan aclaracións ás entrevistas. A crónica propiamente dita está dividida en oito seccións máis un apéndice, que contan cun epígrafe no que se precisa o tema abordado en cada caso. A primeira "A biografía: "Convosco un campesiño –'Flor e músculo da raza' – disfrazado de cidadán no tempo dos sputniks"; a segunda "A miña obra: 'Canle segreda do mesmo río…", "O ensaio biográfico", "A obra narrativa", "A obra poética"; a terceira "A literatura: 'Non son dos que lle pon a rabo ás cereixas poéticas"; a cuarta, "A lingua: 'A palabra da miña tribo é a miña propia memoria"; a quinta "A política: 'Sempre fun un galeguista de esquerdas, formado no marxismo como método de análise"; a sexta, "Galicia: 'Esa conciencia consciente, esa conciencia latente"; a sétima, "Varia"; e a oitava, "Celso Emilio Ferreiro por si mesmo". A crónica conclúe cun índice onomástico, no que se sinalan os autores que se citan na obra e en que lugar concreto aparecen, seguido dun índice xeral.

Recensións:

- Rodri García, "Conversas con Celso Emilio Ferreiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "Letras en galego", 18 abril 2009, p. 7.

Analízase o libro *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, de Ramón Nicolás, no cal, segundo se comenta, se pode descubrir o seu pensamento, as súas opinións e a súa maneira de ver a literatura. Destácase o magnífico traballo de recolleita das entrevistas que o autor fixo a Celso Emilio ao longo da súa vida, presentándoas baixo a forma de preguntas e respostas agrupadas por temas como a súa biografía, as súas ideas políticas, a literatura galega, a emigración ou o idioma galego. Por último dise que entre os entrevistadores tamén hai nomes importantes como Felipe Mellizo, Xosé F. Ferreiro, Arturo Lezcano ou María Antonia Iglesias.

- Vicente Araguas, "Un home belixerante", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 531, 3 maio 2009, p. 20.

Tras unha gabanza da figura de Celso Emilio Ferreiro, a quen o autor coñeceu persoalmente, preséntase a obra *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, da man de Ramón Nicolás. Dise que é un libro moi traballado, feito a partir das conversas e entrevistas que o autor celanovés foi concedendo na súa vida. Faise referencia á súa etapa da emigración, que o marca fondamente, e que dá lugar á obra *Viaxe ao país dos ananos* (1968), da que se di, é froito da ollada belixerante do autor, que deu lugar a artigos na súa contra na prensa da época, moitos dos cales son incluídos neste volume.

- Xosé Feixoo, "Acabado e definitivo", *Faro de Vigo,* "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Libros", 16 maio 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 235, "Letras galegas", 30 maio 2009, p. 6.

Di que Ramón Nicolás publicou *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, un libro que busca extraer "o mellor" de todas as entrevistas que lle fixeron durante trinta anos a

Celso Emilio, xusto cando se cumpren trinta anos do seu pasamento. Destaca que no libro se desvelan datos non coñecidos do autor e tamén os seus puntos de vista sobre temas aínda hoxe "actuais" e "polémicos".

- Miguel Castelo, "A necesaria recuperación de Celso Emilio López Ferreiro", *A Nosa Terra*, n.º l.360, "Cultura", 21-27 maio 2009, p. 33.

Comenta que o libro *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, escrito por Ramón Nicolás, está composto por fragmentos de trinta e tres entrevistas que lle fixeron a Celso Emilio, organizadas por temas e por cronoloxía, que dan lugar a oito capítulos. Salienta que a obra consegue mostrar a imaxe "máis nidia" do poeta, grazas ao labor de pescuda de datos de Nicolás.

- Xulio Valcárcel, "Actualidade de Celso Emilio", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 574, "Páxina literaria", 21 xuño 2009, p. 4.

Afirma sobre *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, do autor Ramón Nicolás, que recolle comentarios de Celso Emilio e entrevistas publicadas en prensa e en medios orais, que permiten coñecer a opinión do poeta sobre diversos temas (sociedade, política, literatura) e tamén repasa a vida de Celso Emilio. Destaca no traballo de Nicolás a seriedade e finura na abordaxe das cuestións e o coidado ao ofrecer unha pluralidade de enfoques.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A cultura é a 'lingua", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obra", 4 abril 2009, p. 32.

Afirma que neste libro están compiladas, por Ramón Nicolás, conversas nas que Celso Emilio Ferreiro amosa as súas sólidas conviccióńs e mais a súa forte personalidade. Tamén se di que nel se ofrece unha escolma de respostas dadas por Celso Emilio e que apareceron publicadas en diversos escritos, que nel se inclúen cartas e textos tamén de Celso Emilio e mais que se reflexiona sobre a literatura e sobre a súa propia obra. Finamente fálase da suposta galeguidade de Vicente Risco e Álvaro Cunqueiro.

- Camilo Franco, "Celso Emilio non foi alguén que andase con medias tintas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 abril 2009, p. 51.

Indícase que Ramón Nicolás para elaborar este volume esculcou no material das entrevistas realizadas a Celso Emilio Ferreiro co fin de organizar algunhas das principais ideas que atravesan un discurso de carácter público e publicado. Asemade reprodúcense palabras de Ramón Nicolás, onde afirma que *Conversas con Celso Emilio Ferreiro* é un complemento a anteriores achegas do mesmo carácter que xa viron a luz, que Celso Emilio adquiriu unha proxección innegábel cara ao exterior como poeta galego e en galego, que era un home apaixonado pola creación literaria e moi activo politicamente e mais que é un dos poetas clásicos máis lido. Finalmente Ramón Nicolás apunta que cómpre coñecer aínda a obra poética inédita, xornalística e epistolar do poeta celanovés.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 286, “Infantil/Xuvenil”, 16 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describe brevemente *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, do autor Ramón Nicolás, e outras obras.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Conversas con Celso Emilio Ferreiro”, *Galicia Hoxe*, “Galicia”, “Caderno aberto”, 20 abril 2009, p. 3.

Recalca que este libro o emociona particularmente dado que o seu autor “sabe traer e trazar” o perfil humano e a poética de Celso Emilio Ferreiro. Asemade indica que tamén foi capaz de compilar e organizar as respostas que Celso Emilio foi quen de dar a xornalistas e entrevistadores entre 1950 e 1979.

- Ramón Nicolás, “Conversas con Celso Emilio Ferreiro”, *El Progreso*, “*Revista*”, “Libros”, 25 abril 2009, p. 21.

Reprodúcese un extracto da obra *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, precedido dun subtítulo no que se comenta que o profesor de lingua e literatura galegas Ramón Nicolás fai unha escolma de distintas entrevistas realizadas ao escritor ourensán.

- S. Espinoso, “El escritor Ramón Nicolás recupera en su último libro la voz de Celso Emilio Ferreiro”, *La Región*, “Ourense”, 2 maio 2009, p. 8.

Anúnciase que o 21 de maio de 2009 se presentará na Casa dos Poetas de Celanova este libro e que contará con máis de duascentas páxinas. Tamén se salienta que é o resultado de tres anos de traballo nos que Ramón Nicolás compilou as entrevistas feitas a Celso Emilio, as cales se ordenaron por criterios temáticos. Tamén se menciona que o vindeiro proxecto de Ramón Nicolás será o de dar a coñecer o epistolario do poeta celanovés.

- Natalia Álvarez, “Nestas páxinas hai un Celso Emilio moi sincero, que opina sen tabús nin autoestima”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 292, 28 maio 2009, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 236, “Entrevista”, 6 xuño 2009, p. 7.

Entrevista na que Ramón Nicolás comenta que os principais temas de *Conversas con Celso Emilio Ferreiro* son os aspectos biográficos, as opinións sobre a súa propia obra literaria e reflexións sobre a lingua galega, a política e mais Galicia. O entrevistado tamén indica que hai momentos nos que Celso Emilio se confesa nacionalista de esquerdas e que presenta unha posición contundente respecto da importancia e continuidade da lingua galega.

- Xosé Carlos Caneiro, “Marabilla”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 3.327, “Letras en galego”, 22 agosto 2009, p. 7.

Precísase que o volume epistolar de Ramón Nicolás, *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, é un libro didáctico no que a través da palabra de Celso Emilio Ferreiro se recupera o seu pensamento e as súas opinións sobre política, literatura e ideoloxías. Remata indicando que é recomendábel tanto para os seguidores do poeta de Celanova como para lectores que gozarán da súa “intelixencia, lucidez e pensamento crítico”.

- Ramón Nicolás, "O universo Celso Emilio en tres singraduras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 328, "Letras en galego", 29 agosto 2009, p. 11.

Saliéntase que cando se cumpre o trinta cabodano de Celso Emilio Ferreiro aínda queda pendente que se recompile o seu epistolario e os seus textos sobre política. Faise mención dunha serie de publicacións que sairon á luz nos últimos anos centradas na figura de Celso Emilio, entre elas, as *Conversas con Celso Emilio,* que é unha escolma realizada por Ramón Nicolás e que saíu á luz da man de Xerais.

- L. R., "A poesía de Celso Emilio segue a ser popular 30 anos despois", *A Nosa Terra*, n.º 1.371, "Cultura", 3-9 setembro 2009, p. 27.

Precísase que a asociación Arrainos levou a cabo un acto popular co gallo dos trinta anos logo do seu falecemento. Sinálase que nesta celebración, á parte doutras actividades desenvolvidas para homenaxear ao celanovés, participou Ramón Nicolás (autor do ensaio *Conversas con Celso Emilio*) para lembralo a través dun "diálogo poético".

- Manuel Vidal Villaverde, "O bilingüismo activo nunca é posible en relacións de igualdade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 7 setembro 2009, pp. 30-31.

Conversa con Ramón Nicolás Rodríguez, introducida por un parágrafo no que se aborda o seu currículo e centrada na cuestión da problemática actual da lingua galega. O escritor coida que aínda que queda camiño por andar, a literatura galega posúe unha potencia creativa que é imparábel: a importancia de ser un dos poucos eidos enteiramente "normalizados". Apunta que se sente satisfeito do seu último libro *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*, escritor do que aínda lle quedan temas por investigar, dado o importante traballo de hemeroteca e arquivos que supuxo. Doutra banda, tamén fala dos proxectos que afronta como tradutor.

Nogueira Pereira, María Xesús, *Soñadores e familia. Os personaxes na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, Santa Comba: TresCtres Editores, col. Nós-outros, Ensaio, n.º 10, 283 pp. (ISBN: 978-84-92727-04-9).

Monografía da profesora de literatura galega da USC María Xesús Nogueira Pereira (Berres, A Estrada, 1968) que xurdiu dun capítulo da súa tese de doutoramento *Estratexias narrativas na obra de Cunqueiro* (2005), como apunta na "Introdución". Está encabezada por un epígrafe de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo-Lugo, 1911-Vigo, 1981) tirado da novela *Os outros feirantes* (1979) no que reivindica a compañía que os seus personaxes lle deron durante o proceso de creación das obras e o baleiro que sentía, cando ao rematalas, estes se esfumaban no aire. A este epígrafe séguelle unha "Relación de abreviacións" referida ás obras cunqueirás que se empregan ao longo da monografía. Artéllase esta nunha "Introdución" e catro amplos capítulos que se pechan cunha "Conclusión", un "Apéndice" e a "Bibliografía". Na "Introdución", Nogueira salienta "o lugar central" que ocupa "o personaxe literario" en calquera das obras de Cunqueiro e o "elevado número de criaturas de ficción" posuidoras dunha "rica onomástica". Recolle que o propio Cunqueiro individualizou os trazos deses personaxes "nos índices onmásticos", a modo de "macrorrelato", que pechan a maior parte da súa narrativa

longa. Comenta a "escasa operatividade" de distinguir, como xa apuntara Cunqueiro, entre personaxes da narrativa longa e da curta galega ou "*triloxía de retratos galegos*". Destaca que pese á centralidade dos personaxes e das achegas de análise sobre eles, "non existe até o de agora ningún estudo monográfico". Reivindica a necesidade dunha "serie de ferramentas teórico-metodolóxicas" como foron a distinción de Greimas entre *actantes* e *actores*, a concepción semiótica do personaxe como *signo*, as nocións de quinésica e proxémicas teatrais e a onomástica literaria, para corrixir o "excesivo biografismo –e psicoloxismo-". Apunta que na monografía analiza toda a produción narrativa de Cunqueiro, tanto en castelán coma en galego. Remata a introdución cunhas palabras de agradecemento ao directo da súa tese de doutoramento, o profesor Anxo Tarrío Varela, e aos membros do tribunal. No capítulo "O estudo dos personaxes cunqueirianos", Nogueira resume os distintos enfoques que se verqueron sobre estas criaturas de ficción, resaltando nos distintos apartados nos que se subdivide este II capítulo, a súa consideración de "monicreques" achegada por Ricardo Carballo Calero e de *personaxes planos* por Tarrío; a "humanidade" destas criaturas ficticias; os "códigos" dos caracteres cunqueirianos defendida por Tarrío á luz da linguaxe teatral; a intertextualidade pola que apostaron Carlos Baliñas, Xohán González-Millán e Rexina Rodríguez Vega; "o gusto por contar" achegado por Tarrío, Rodríguez Vega e Morán Fraga; e a análise dos personaxes femininos que realizaron Andrés Pociña, Carmen Blanco e Simona Geroldi. No capítulo "O funcionamento dos personaxes no corpus narrativo cunqueiriano" Nogueira comeza achegando un cadro no que distingue a narrativa longa e curta escrita en galego e castelán. Precisa que só estudará as obras orixinais, non as traducións realizadas por Cunqueiro mais si *Las crónicas de sochantre*, que traduciu Francisco Fernández del Riego. Explica que as novelas longas se estruturan ao redor do protagonista que se tematiza habitualmente no título e que é o núcleo dun grupo de caracteres que orbitan ao seu redor e que responden a uns modelos que analiza no seguinte capítulo. Sobre a narrativa curta de Cunqueiro, precisa Nogueira os trazos que comparten eses personaxes literarios e achega un esquema das particularidades que os definen. No IV capítulo, "Os modelos de personaxe", aposta por estabelecer nove modelos (soñador, contador de historias, viaxeiro, personaxe diabólico, paxe, personaxe educador, personaxe do teatro, personaxe do decorado e personaxe nome), identifica os trazos que os definen e achega o significado que posúen nas obras nas que aparecen. No capítulo "A identificación onomástica", comeza comentando a escasa atención que a crítica prestou a este aspecto e céntrase despois en describir o inventario antroponímico, que analiza seguindo o criterio da "pertenza aos sistemas onomásticos das linguas de expresión", distinguindo entre "nomes pertencentes ao sistema onomástico galego" onde estabelece unha serie de fórmulas comúns e de elementos "antroponímicos históricos e intertextuais", que se corresponden cos personaxes "referenciais" de Hamon; e "nomes pertencentes a outros sistemas onomásticos" no que distingue tres tipoloxías de antroponímicos e estabelece "unha serie de procedementos recorrentes" que son o tópico, xentilicio, imitación e significado. Ademais propón estratexias coma a "adaptación", as fórmulas de tratamento e outras fórmulas. Tamén apunta consideracións sobre o "discurso sobre o nome", seguindo a Christian Ionescu e observa a onomástica "como tema narrativo". No capítulo VI, "Conclusión", Nogueira sintetiza que a súa análise serve para comprobar "a riqueza dos personaxes" narrativos de Cunqueiro, en relación coa "extensión do elenco" e coa "designación onomástica" e a "caracterización". Salienta como trazos configuradores destes personaxes centrais e protagónicos, sobre todo Sinbad, "o carácter referencial, a competencia narradora e a dimensión metafórica", trazos que os diferencian e enfrontan a outros personaxes. Resalta que na narrativa cunqueiriana se

identifican personaxes recorrentes que se concretizan segundo as "coordenadas espazo-temporais" e o argumento de cada narración e que se combinan no mesmo personaxe. Destaca os prototipos "do *soñador* e do *contador de historias*" e precisa que os personaxes os representan; a intertextualidade e a "rica onomástica" e pecha a "Conclusión" reivindicando a figura do soñador, que aparece no título da monografía e reproducindo unha cita de Cunqueiro onde este afirma que "o ser humano 'precisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños". Nogueira engade un "Apéndice" no que presenta dous cadros nos que marca a presenza/ausencia dos personaxes modelo citados nas obras de Cunqueiro, e os personaxes existentes na narrativa curta en galego e castelán. Esta monografía péchase coa "Bibliografía", subdividida en "Obra de Cunqueiro. Edicións utilizadas" e "Bibliografía citada".

Recensións:

- M. Dopico, "A rémora dos 'tópicos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Libro", 27 outubro 2009, p. 38.

Recolle as reflexións da profesora Nogueira en relación á narrativa de Cunqueiro sobre a recepción de Cunqueiro "condicionada pola cuestión estética, a lingüística e a ideolóxica", por ser conservador e posicionarse nun momento concreto "coa propaganda franquista" polo que foi acusado de ser "un escritor bilingüe, de frivolidade, de escapismo, de falta de compromiso social". E tamén que a popularidade da narrativa curta de Cunqueiro restrinxiu a lectura da obra a esta, "ao asociala tanto aos retratos de personaxes...". Precisa que a profesora Nogueira afondou sobre estes aspectos na súa tese de doutoramento e que dun capítulo da mesma xurdiu a monografía que presentou na libraría Couceiro, acompañada das profesoras María López e María do Cebreiro e polo director da edirorial 3C3, Antonio Puentes. Recolle así mesmo que a profesora Nogueira explicou na presentación que os personaxes ocupan un lugar central na obra do mindoniense mais que non existía unha monografía sobre eles e que primaba o exceso de biografismo e psicoloxismo na interpretación da súa obra. O articulista comenta que na monografía se identifican nove modelos de personaxes que, en palabras da autora, son "modelos xerais, que Cunqueiro foi adaptando ao contexto de cada libro" narrativo escrito en galego e castelán. Apunta que a estudiosa basea a riqueza dos personaxes de Cunqueiro no número deles, na designación onomástica e na caracterización, da que subliña o carácter referencial, a competencia narradora e a dimensión metafórica. Reproduce que se trata de "personaxes históricos, da literatura universal, que reformula, adapta, humanizándoos..." e que a través deles se pode chegar ás claves narrativas de Cunqueiro, "a ensoñación, a imaxinación, a literatura, a viaxe, a función terapéutica da narración...". Sinala a intertextualidade como unha das máis comentadas características de Cunqueiro e remata recollendo que a profesora Nogueira non observa diferenzas entre a narrativa curta e longa e entre a escrita en galego e en castelán. No á parte "A riqueza onomástica" salienta dous aspectos subliñados pola autora: a riqueza dos nomes aplicados por Cunqueiro, que se concreta no uso de tópicos, xentilicios e a imitación da estrutura doutra lingua, entre outros procedementos; e a inclusión nos seus libros de índices de personaxes que poden considerarse como microrrelatos ou resumos da vida deses personaxes, que completan a información contida na obra. Conclúe sinalando que Cunqueiro pode ser estudado dende unha ollada política e que resulta un autor "descoñecido", xa que se aplicaron moitos tópicos ao estudalo.

- C.P., "O soñador é o personaxe central que está en todas as obras de Cunqueiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 28 outubro 2009, p. L16.

Conversa con María Xesús Nogueira Pereira sobre a recén publicada monografía *Soñadores e familia. Os personaxes na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, baseada na súa tese de licenciatura. Recolle que o título fai referencia a un dos nove tipos de personaxes que identifica na obra cunqueirá, o soñador, e porque estabelece un xogo coa obra *Merlín na familia*. Indica que Cunqueiro percibía "elementos fantásticos na realidade galega e tamén librescos" e que superpuña modelos, entre os que destaca a importancia do contador de historias orais. Remata precisando que o realismo máxico e a "adaptación do material lendario ao contexto galego" que realizou Cunqueiro valeulle para ser criticado, ao opoñerse "ao realismo social da súa época".

- María López Sández, "Vida e maxia dos personaxes cunqueiriáns", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 123-124.

Logo dunha serie de consideracións sobre un dos alicerces da narratoloxía, o personaxe, apunta que os modelos estruturais de estudo dos personaxes e, particularmente, o modelo actancial de Greimas (1966) están integrados en *Soñadores e familia. Os personaxes na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, de María Xesús Nogueira. Considera que a través do estudo dos personaxes se percibe como a narrativa do mindoniense responde á pregunta que no seo da Estética da Recepción formulou Wolfgang Iser para o texto literario: *para que lemos*? A seguir, apunta que a súa é unha narración fascinada polo acto de contar e explica que o estudo dos arquetipos de personaxes permite unha caracterización das obras e facilita a súa contextualización dentro da produción literaria de Cunqueiro, en relación aos temas dominantes da súa narrativa ou mesmo a individualización no conxunto. Tamén sinala que no estudo se aborda outro dos aspectos centrais da construción dos personaxes, o da súa denominación, para rematar sinalando que os personaxes constitúen o fío do nobelo do que tirar para chegar á totalidade da riqueza creativa do Cunqueiro narrador.

Noia Campos, Camiño, Olivia **Rodríguez** e Dolores **Vilavedra** (eds.), *Actas Simposio Carlos Casares*, A Coruña: Fundación Carlos Casares, 2009, 259 pp. (ISBN: 978-84-613-3642-9). ◆

Volume colectivo que acolle a maior parte das comunicacións presentadas no Seminario Internacional Carlos Casares e celebrado en Ourense en decembro de 2007. Este monográfico comeza coa "Presentación" (pp. 9-10) das editoras na que explican que este Simposio foi promovido pola Fundación Carlos Casares tras verse cumpridos cinco anos do seu pasamento co obxectivo desta Fundación e do Comité Organizador de "pular o estudo das diversas facetas da obra casariana, do seu labor intelectual e da súa actividade na esfera pública galega ao longo de varias décadas", tentando así que se profundara nas facetas citadas e que se suscitase o debate das cuestións "que máis o precisasen". Explican que o programa tentou dar conta da "polifacecia casariana" e que o protagonismo recaeu na súa produción narrativa, que foi obxecto dunha mesa redonda e centrou varias comunicacións. Aluden brevemente ao contido das comunicaciósn presentadas no Simposio e salientan que, á marxe da actividade académica, Mabel

Rivera escenificou unha escolla de fragmentos narrativos tirados da novela *O sol do verán* e foron presentados no Liceo varios tomos da selección xornalística *Á marxe*. Precisan que algunhas das achegas deste Simposio viran a luz no *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2007* e que neste monográfico se acollen "todos os textos que finalmente puidemos arrecadar". A presentación péchase cunhas palabras de agradecemento ás institucións que constribuíron ao desenvolvemento do Simposio, dun xeito especial a Universidade de Vigo, e ao Liceo de Ourense e a Marcos Valcárcel, quen pechou o Simposio cun "saudoso roteiro literario". Este monográfico comprende os seguintes traballos:

- Ana I, Carballal, "*Ilustrísima* e a novela española do grupo do 98", pp. 51-70.

Comeza recollendo as ideas expostas por Casares no artigo "O desastre de 1898 e os escritores galegos" e indicando que ese "desastre" influíu tamén no propio escritor "que utilizará temas, técnicas e personaxes deste período" para encaixar a época de transición desenvolvida entre a morte de Franco e a concesión do estatuto de autonomía a Galicia, xa que Carballal afirma que "esta confluencia" está presente "no proceso de escritura e publicación e na temática da súa novela *Ilustrísima*". A seguir explica o estilo, argumento e personaxes desta novela antes de centrarse nas ideas que conectan "a obra de Casares e a literatura do 98" das que apunta a loita entre pasado, presente e futuro; a intención de permanecer nese pasado histórico; e "unha chamada para o cambio e a renovación". Enumera brevemente datos históricos da guerra de 1898 e algunhas consecuencias da mesma e como se reflicten na novela casariana, reparando na visión do cinematógrafo por parte da Igrexa, a consideración de santa de sor Sabina, o choque do bispo co "seu lectoral, chanceler, fámulo e cóengos", a lectura da revista *El Testigo de Cristo* e o relato das "accións diarias do bispo e o resto da diocese", entre outros conflitos nos ámbitos eclesiástico, social e político. Comenta a estrutura da historia en función das "constantes saídas que fai o bispo" e a presenza dos conceptos de "intrahistoria" e "rexeneración", presentados a través do control que exerce o bispo sobre a diócese e dos motivos da violencia no Cristo Noxento e da análise da figura do bispo e argumentando todo isto coas opinións de distintos estudiosos e autores "*noventayochistas*". Remata recollendo as semellanzas entre *Ilustrísima* e a novela do 98 en relación coa loita pola reforma e a rexeneración e achegando bibliografía primaria e secundaria.

- Xavier Carro, "*Xoguetes para un tempo prohibido*, unha novela clave na narrativa casariana", pp. 71-101.

Comeza afirmando que á marxe "dos premios recibidos e de ser un éxito de vendas" lle faltou a esta novela a "atención crítica que debería" para destacar a súa "técnica anovadora" e que sexa "a primeira novela xeracional escrita en galego". Dá conta dos galardóns que mereceu e explica que o seu estudo trata sobre "moitos temas e motivos que logo serán recorrentes" no universo novelesco de Casares. Indica que *Xoguetes...* amosa a unión do texto narrativo co "marco cultural e político" que o escritor vivira en Compostela. Analiza semanticamente o "simbólico título" desta novela de "aprendizaxe", "do desengano" antes de pasar á "xénese" da mesma salientando lecturas de Casares que se aprecian na historia narrada e recollendo declaracións do propio escritor. Apunta a estrutura, o argumento e recolle tres frases ou "unidades temáticas" que amosan as "perdas que configuran a conciencia de Elías e a súa visión da vida", frases que vai explicando polo miúdo nos seguintes apartados do estudo, "Botáronte do

paraíso", "Máis alá do muro" e "Pero Deus non respondía". Emprega a canción de Frank Sinatra "Strangers in the night" como título dun apartado sobre a frustración de Elías. Dedica o apartado "Unha sorte de balbordo interior" para salientar acertos técnicos de Casares nesta novela como o monólogo interior e o emprego da segunda e primeira persoa narrativas para amosar o sentimento de culpa. Remata o estudo co apartado "Imago mundi" no que este resume que Casares presenta en *Xoguetes...* unha "crónica sentimental" da "vida individual e colectiva nunha localidade galega" na época franquista, unha "novela xeracional" narrada por medio de distintas voces e na que se reflicte a culpabilidade da conciencia.

- Xosé Manuel Dasilva, "Carlos Casares como autotraductor. *Deus sentado nun sillón azul* en castelán", pp. 103-123.

Comeza enumerando algunhas obras traducidas por Casares e resalta que este se interesou pola tradución dende os inicios da súa traxectoria literaria, polo que reproduce ademais textos de Casares sobre este fenómeno. Nomea obras casarianas traducidas por outros autores e outras autotraducidas polo propio escritor e as autotraducións doutros escritores galegos, antes de centrarse na autotradución de *Deus sentado nun sillón azul*. Estabelece que en 1987 se produce un xiro na traxectoria de Casares xa que dende entón el autotraduciu as súas obras ao castelán. Indica que a autotradución "encerra en si mesma unha dimensión socioliteraria" referida "ás relacións de tipo social" das linguas implicadas na autotradución. Recolle que Casares se esforzaba "para que non esvaecese a súa condición de escritor galego" e evoca exemplos de actitudes de Casares que mostran a súa identidade. Analiza a autotradución da novela citada dende "un enfoque estritamente tradutolóxico" pola importancia de observar se o autotradutor só traslada a obra a unha segunda lingua ou se realiza un "proceso completo de recreación" da obra. Alude que a súa análise atende a "diversas cuestións técnicas" do labor do tradutor e a "aspectos propiamente estéticos" como creador. Presenta como conclusións desta análise o "esforzado traballo de reverbalización en castelán do orixinal galego" no que prima a "literariedade" e a distinción dos trazos propios de ambas as linguas; o labor como tradutor máis que como creador no que hai poucas "amplificacións, reducións e substitucións" no texto, agás a omisión "excepcional" dunha digresión sobre a actriz Mary Pickford e o engadido dun episodio relacionado con outro referido a esa actriz, ademais dos cambios "lúdicos", termo que aplica Dasilva ás modificacións arbitrarias que realiza Casares. Conclúe que prima o labor de tradutor sobre o de creador na autotradución desta novela e tamén *n'Os mortos daquel verán* e remata achegando bibliografía.

- Manuel Forcadela, "Novela e política en Galicia de 1968 á fin de século: ficción e ideoloxía en Carlos Casares", pp. 125-150.

Inicia explicando que no seu estudo pretende amosar algunhas das redes que se tenden entre textos narrativos galegos escritos entre 1967 e 2002 para comprender a evolución da narrativa de Casares. Destaca que o concepto bajitiniano de dialoxía "emerxe" fronte ao de autoría, entendido no sentido tradicional, levándolle a "pór en suspensión a noción de autor". Considera que "todo texto de ficción emerxe sempre como o resultado dun consenso entre as tensións ideolóxicas do tempo en que foi escrito", conxectura que aplica á obra de Casares e á literatura galega da súa época. Sérvese do modelo analítico que arrinca con Greimas e que conflúe en autores coma F. Jameson. Interésase pola obra de Casares porque se realiza nun momento no que se producen "transformacións sociais

e políticas dunha enorme trascendencia", que dan lugar á Nova Narrativa Galega, á " transición do franquismo á democracia e ao Estado das Autonomías", á novela finisecular e ao novo século. Como "segunda conxectura" explicita que a literatura galega anterior a 1975 é resultado da oposición da tradición fronte á modernidade, e do autóctono fronte ao alleo, que reproduce no cadro semiótico de Greimas de 1982, e a seguir insire no cadro as correntes existentes na literatura galega. Apunta como terceira conxectura de partida do seu estudo a consideración de literatura nacional segundo as opinións de Pascale Casanova (2001), Pierre Bourdieu e Xoán González-Millán (1994), ás que engade a de Francisco Rodríguez (1990). Estabelece dous ciclos ao longo da literatura galega, o Ciclo Romántico e o Contemporáneo, en función dos conflitos lingüísticos e temáticos e dos criterios filolóxico e sistémico. Expón a formación e características definitorias das distintas etapas da Nova Narrativa Galega e os autores e obras que se encadran nela. Recolle as opinións críticas de Silvia Gaspar (1999), Dolores Vilavedra (1993), Camiño Noia (2003) e González-Millán (1996) sobre a produción narrativa desa época. Sinala os trazos da narrativa fantástica dende 1975 e refire que *Os escuros ollos de Clío* (1979) é "preámbulo" das novelas de "reconstrucción narrativa" *Ilustrísima* (1980), *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Indica os "principios descritivos" desta modalidade narrativa galega de fin de século segundo González-Millán (1994) e clasifica as novelas escritas nese período en dous modelos, "novela de recreación historicista" e "novela de alegoría histórica", da que achega algúns obxectivos. Remata apuntando os trazos d'*O sol do verán*, como novela iniciadora dun "novo ciclo" casariano e "emparentada" con *Xoguetes...* por conter ambas as dúas claves do "núcleo íntimo" de Casares que non explicita por exceder os obxectivos do seu estudo, que se pecha coa bibliografía citada.

- Arcadio López-Casanova, "Tempo de procura. Carlos Casares en Compostela", pp. 151-163.

Comeza recordando os versos machadianos "de toda la memoria, sólo vale/ el don preclaro de evocar los sueños" que emocionaban a Casares e a el mesmo para amosar a través deles "o sentido" do seu "relatorio". Explica que despois se fixará na súa estadía en Compostela durante a súa vida en formación e nas súas inquedanzas neses anos universitarios entre o curso 1961-1962 e o 1964-1965. Presenta o estudo, para amosar o "retrato e visión" de Casares, artellado en tres "*recordatorios*". No primeiro deles trata a "chegada dun mozo orensán" a Compostela, referindo o agromar dos membros da xeración do 68, as "*íntimas fidelidades*" de Casares, "*fidelidade ao seu lugar de provincias*" e "*fidelidade a un fondo sentimento relixioso*", e como transcorría a súa vida cotiá. No "Recordatorio segundo: anos de aprendizaxe" comenta o autodidactismo de Casares e explica a universidade compostelá daquela época. No recordatorio "a loita polos ideais" lembra que, ademais de agromar da xeración do 68, cando Casares chega a Compostela tamén era o momento da "*actividade galeguista*", actividade que comenta brevemente. Pecha o "relatorio" lendo as dúas "Lelías de dor" que dedicou ao amigo morto Casares.

- Carmen Mejía Ruiz, "Imaxinación e memoria en *Deus sentado nun sillón azul* (1996)", pp. 165-175.

Comeza explicando a escolla do título da súa intervención e explica que repara en *Deus sentado nun sillón azul* (1996), unha novela moi eloxiada pola crítica. Refire o argumento, o deseño de Casares do protagonista, as achegas narrativas en canto á

historia e o xeito de narrala, o papel dos personaxes femininos que se relacionan co protagonista, o espazo narrativo de Compostela e os espazos "pechados" da relación con Mariana e as técnicas narrativas (tempo da historia, temporalización da acción e simboloxía do título da novela). Indica que todos os "artificios narrativos" se presentan "perfectamente organizados e inseridos", permitindo que o "universo narrativo resulte harmónico". Salienta o traballo de Casares a nivel lingüístico, a "minuciosidade do creador", o humor e a humanidade que rodea a toda a produción casariana. Remata afirmando que Casares conseguiu o seu obxectivo de levar o lector "á súa creación" e expórlle "temas de reflexión" que lle inquedaban. Pecha o estudo coa bibliografía citada.

- María Xesús Nogueira Pereira, "Contra a traxedia da esencia humana. A lectura de Cunqueiro por Carlos Casares", pp. 177-188.

Comeza apuntando que entre as facetas desenvolvidas por Casares "quedou un espazo de sombra", o "oficio de lector" e explica que, a través dos escritos do propio Casares sobre literatura, se poden apreciar as súas "virtudes como lector: a curiosidade, a sensibilidade, a formación e o finísimo talento crítico". Indica que se centra nun autor admirado por Casares e ao que dedicou algunhas páxinas, Álvaro Cunqueiro. No primeiro apartado do estudo, "Conversas con Cunqueiro: *follas murchas dun froito que non chegou a dar flor*", explica que a entrevista de Casares a Cunqueiro, publicada en *Grial* en 1981, son as páxinas máis citadas polos estudiosos de Cunqueiro, das que indica o seu contido. No segundo apartado, "Casares le a Cunqueiro", apunta que Casares se interesou nas súas críticas literarias fundamentalmente da prosa de Cunqueiro. Salienta que realizou "unha lectura libre dos principais prexuízos" que a condicionaban: os persoanxes, a literatura oral e a recepción de Cunqueiro. No apartado "Literatura e ideoloxía" destaca que Casares valorou a Cunqueiro segundo "criterios literarios" e repara na súa "incidencia popular". En "Dimensión lúdica versus evasionismo" explica a presenza de ambos conceptos na obra de Cunqueiro, segundo a opinión de Casares. No apartado "Contra a traxedia do ser humano" expón que Casares indicou que Cunqueiro construíu "unha *gaiola de soños*", para amosar a traxedia, a liberdade, o humor, o tratamento familiar e paródico dos mitos e a constante presenza dos soños. E en "Escritores no inferno e no purgatorio" refire que no ensaio, que dá título a este apartado de Nogueira, Casares apunta que a evasión e a falta de compromiso que se criticaban a Cunqueiro si se perdoaban aos escritores da "nova narrativa". Remata precisando que Casares interpretou a Cunqueiro cunha "gran modernidade" que se baseaba na "autonomía do discurso literario" e que dende esa posición contradiciu gran parte dos tópicos aplicados a Cunqueiro e que non permitían incluílo no canon. O estudo péchase coa bibliografía citada.

- Eva Ocampo, "Teoría e técnica nos relatos de *Vento ferido*", pp. 189-197.

Comeza recordando a orixe do conto e o seu cultivo en Galicia, antes de centrarse no relatos curtos que conforman *Vento ferido* (1967). Explica os inicios literarios de Casares antes de publicar o seu primeiro libro, que analiza detidamente indicando a temática, o significado dos títulos, as técnicas narrativas, o cronotopo, os personaxes, a linguaxe e as voces narrativas. Salienta o compromiso de Casares "con Galicia e coa literatura en galego" e o emprego da palabra para amosar a súa sensibilidade. Péchase o estudo coa bibliografía citada.

- Olivia Rodríguez González, "Carlos Casares e a Xeración Nós", pp. 213-237.

Apunta que repara nos escritos que Casares dedicou á "Xeración Nós" entre 1975 e 2001. Afirma que entre as facetas do Casares intelectual sobresae a de narrador, que se relaciona coa "súa maneira de enfrontarse racionalmente ás cousas". Indica cándo comeza a interesarse pola "Xeración Nós" e dedica un apartado a ese concepto segundo o presenta Casares no tomo XXII da *Gran Enciclopedia Gallega*, onde achega unha definición e revisa os trazos definitorios da mesma. No apartado "A teima do 98" céntrase na comparación entre a Xeración de Risco e a de 1898, que xa apuntara Ricardo Carballo Calero en 1934, e alude ás "diferenzas radicais", entre elas, as que a propia Olivia Rodríguez indicou en 2001. No apartado "Estudos sobre Ramón Otero Pedrayo" comenta como coñeceu Casares a Otero e analiza o contido dos traballos que escribiu sobre el, ademais Olivia Rodríguez verque datos biográficos de Otero Pedrayo e da súa traxectoria literaria. Destaca que Casares prefire as novelas e contos de Otero Pedrayo, que etiqueta de "realistas", e que fan referencia a *Os camiños da vida* (1928), *O mesón dos ermos* (1936) e *Contos do camiño e da rúa* (1932) fronte ás "culturalistas". No apartado "Estudos sobre Vicente Risco" analiza a biografía e compáraa coa escrita sobre Otero Pedrayo e comenta que Casares descobre "o Risco dos artigos, estilo glosas dorsianas, que el vai practicar tamén". En relación coa produción de Risco que analiza Casares, Olivia Rodríguez afirma que lle sorprende que non relacione *A coutada* (1927) coa produción oteriana "sobre a fidalguía e o abandono da súa misión histórica nas mans dos tendeiros" e que non lle dedique á obra literaria de Risco a mesma atención que á de Otero Pedrayo. En "O remate da historia" alude ao estudo "A tertulia de Vicente Risco" (1993) que serve de complemento a "O meu Castelao primeiro". Olivia Rodríguez pecha este estudo cunhas palabras tiradas dunha entrevista a Casares, publicada no número 69 da revista *Eco* (febreiro de 1997), na que explica que a pesar das posíbeis semellanzas entre Vicente Risco e o protagonista de *Deus sentado nun sillón azul* (1996), o personaxe non é Risco. Remata coas fontes primarias e secundarias citadas neste estudo.

- Xosé Luís Sanchez Ferraces, "*Os mortos daquel* verán vinte anos despois da súa publicación", pp. 239-259.

Comeza apuntando que o seu "ensaio" amosa a súa gratitude a Casares como editor e como autor, e a súa "admiración pola feitura" d'*Os mortos daquel verán* (1987). Reproduce opinións tiradas do informe dos profesores Carlos Paulo Martínez Pereiro e Xosé María Dobarro Paz sobre a novela que se fixo en 1987 a petición da revista *Luzes de Galiza*. Indica que no seu traballo vai realizar un "novo informe" dun xeito "expositivo" e reparando en elementos como o título, a historia, a dedicatoria, "a epígrafe e a estrutura narrativa". Alude brevemente ao labor creativo de Casares anterior a 1987 antes de centrarse na análise do título na que refire que, pese á falta de "concreción semántica", Casares anticipa ao lector "uns personaxes" e "o tempo da historia". No apartado "dedicatoria" comenta que descoñece a intención de Casares ao dedicarlle a novela a Montserrat Roig mais apunta que entre ambos os escritores existen "paralelismos vitais, culturais e político-ideolóxicos". No apartado "Epígrafe" define este termo segundo os dicionarios de narratoloxía e afirma que "a epígrafe alógrafa", tirada dunha frase de Albert Camus, cumpre dúas funcións, unha de tipo "reverencial e asemande ideolóxica" e outra "temática" porque adianta a dor física e o xesto do rostro do asasinado don Abelardo Pampín González. En "O texto narrativo" explica a estrutura da novela e o comezo do argumento mentres no apartado "O narrador" indica que todas

as dilixencias son narradas por un único narrador, "un funcionario da dependencia" que fai uso de liberdades lingüísticas á hora de contar "as opinións de todas as testemuñas" ás que toma declaración. Tamén destaca que ese narrador non ten nome e que ten a función de transcribir e completar a transcrición das declaracións das testemuñas con "precisións relativas á elaboración dos propios informes" ou narrando algún aspecto da súa investigación que axude á esclarecela. En "A estrutura narrativa" indica o significado do concepto da "estrutura" clásica fronte á moderna e precisa que nesta novela casariana nove informes non alteran "a orde temporal da súa redacción" mais que o informe coas "declaracións do dono da Fábrica" foi minimamente desprazado de sitio polo autor. Apunta que este desprazamento que realizou Casares serve para "salientar así a actuación e/ou a responsabilidade deste personaxe en todo o desenvolvemento da historia". Afirma que esta novela é "multivisional", que presenta "relativa homoxeneidade na extensión" dos informes, dos que achega un esquema sobre esa extensión e "a sintagmática secuencial" e resume que a estrutura é "temporal lineal", "acumulativa" e que a esta "se superpón unha estrutura circular". En "A historia: tempo real e rempo evocado" afirma que se desenvolve nun mes e medio e que está delimitado dun xeito preciso por dúas datas, mais que o tempo evocado "é moitísimo maior" porque se produce unha "retrospección subxectiva de tipo rememorativo" de dous feitos ocorridos entre 1931 e 1936, aos que alude en relación á temática e unidades narrativas nas que se desenvolven. En sintonía con Antoni Jutglar (1973) considera que o "marco ambiental" son os seis anos previos ao golpe de estado e os dous primeiros días do "enfrontamento militar e civil" e non "os días anteriores e iniciais da guerra" como afirmara Casares. Fronte a Jutglar que indica que se presenta na novela un sector social de "revolución", Sánchez Ferraces aposta por "falar de cambio e revolución" porque existen, dentro dese sector, "intereses diferentes" segundo os personaxes. Pecha o "ensaio" remito ao lector á novela analizada e achegando a bibliografía citada.

O'Rivas, Manuel, *Episodios galegos*. *Tempos de esperpento*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, novembro 2009, 257 pp. (ISBN: 978-84-9782-661-7).

Recompilación de textos xornalísticos de Manuel Rivas (A Coruña, 1957), que viron a luz no suplemento "*Luces*" da edición de Galicia de *El País.* Ábrese con tres citas: a primeira de Santiago Lamas (de *Galicia Borrosa*), a seguinte de Luís Pimentel (de *Sombra do aire na herba)* e a última de Walter Benjamin (da *Tese sobre o concepto de Historia*). A continuación, aparece un texto a modo de presentación no que Rivas apunta que pretende dar conta da "visión en conxunto, panorámica, con 'dramático humorismo', deste tempo de neo-esperpento". En liñas xerais, analízase a situación social e política galega (derivada do cambio de goberno en marzo de 2009), ao redor de temas como o status do galego, en contra da derogación do decreto sobre o seu uso no ensino ("De Anne Morris a Corina Porro", "A lingua galega e o Embaixador no Vaticano"; "Peche a caixa de Pandora, señor Feijóo",...), a problemática medio-ambiental ("Do 'thriller eólico' á 'batalla eólica", "O Che, a Virxe e o peixe que ri",...) ou a cuestión cultural ("John Berger contra o Mal de Ollo", "A volta da Inquisición a Galicia",...). Destacan as referencias a persoeiros da cultura galega e foránea, igual que a alusión á vida dalgunhas persoas anónimas. Por outro lado, son frecuentes as mencións que se fan sobre algúns libros editados en Galicia ou sobre Galicia (non exclusivamente sobre literatura). Xa que logo, cunha linguaxe directa e vontade reflexiva, denúnciase o proceso de "deconstrución" que se vive en "Neogalicia", e levada a cabo pola operación cultural e lingüística que denomina "Subtraccionismo".

Recensións:

- C. L., "Os primeiros meses de Feixóo", *A Nosa Terra*, n º 1.387, "Cultura", 24-30 decembro 2009, p. 23.

Coméntase que este volume é unha recompilación dos artigos xornalísticos froito da colaboración do escritor coa edición galega de *El País* durante o ano 2009. Neles opínase sobre o cambio de goberno da Xunta, co que se inicia segundo Rivas o proceso de "deconstrución" da identidade galega.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "O′ Rivas retrata, no seu novo libro, a 'Neogalicia conservadora' de Feijóo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 decembro 2009, p. 60.

Dáse conta da presentación deste volume, escolma dos artigos que durante un ano publicou Manuel Rivas co suplemento "Luces" da edición de Galicia do xornal *El País*. Destácase o punzante estilo do escritor ao retratar a "Neogalicia conservadora" de Feijóo.

- V. Oliveira, "Tempos de esperpento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 decembro 2009, p. 37.

Recóllense extractos das afirmación de Manuel Rivas durante a presentación desta escolma de artigos froito da colaboración do escritor co xornal *El País*. Nestes artigos, Rivas critica a política de Feijóo, que califica de "neocaciquil", xa que co seu goberno se está a devastar non só a lingua ou a diversidade cultural senón tamén os propios recursos.

- Mercedes Cernadas / A. Losada, "Listas de agasallos non aptas para profanos en televisión", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 54, "Regalar", 20 decembro 2009, p. 8.

Propón entre as alternativas aos agasallos de Nadal libros como *Episodios galegos*, de Manuel Rivas; *Ollos de Auga* (2006) e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar; e *Sete palabras*, de Suso de Toro.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras como os *Episodios galegos*, de Manuel Rivas, entre outras.

- Xan Carballa, "Temos unha Academia tan especial que ser académico é unha heterodoxia", *A Nosa Terra*, n º 1.385, "Cultura", "Política cultural", 11-16 decembro 2009, pp. 18-19.

Conversa con Manuel Rivas, con motivo da publicación dos seus *Episodios galegos,* na que se amosa moi crítico co novo goberno da Xunta, por considerar que está a fomentar

un proceso de "deconstrución" da cultura e lingua galegas. Tamén opina sobre a universalización da cultura, do seu ingreso na Academia Galega e do papel que debe ter esta institución.

- Xosé Manuel Pereiro, "Un inconformista na Academia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 decembro 2009, p. 8.

Conversa con Manuel Rivas antes do seu inminente ingreso na Academia Galega, o escritor e xornalista explica o porqué de aceptar este cargo, por amor ás palabras, á lingua e á liberdade. Asemade, coméntase a súa recente publicación, *Episodios Galegos*, unha escolma de artigos co fío común da "deconstrución" da cultura galega, que Rivas coida que está a fomentar o goberno da Xunta e máis a próxima publicación dunha versión en inglés d'*Os libros arden mal* (2006).

Padroado do Pedrón de Ouro, *Camilo Agrasar e o entusiasmo apaixonado por Rosalía*, A Coruña: Fundación Pedrón de Ouro, abril 2009, 102 pp. (DL: C 1065-2009).
◆

Volume colectivo que homenaxea a figura de Camilo Agrasar (Padrón, 1907-1983). Divídese en tres apartados: "Limiar", no que se evoca a figura do homenaxeado dende as diferentes institucións das que forma parte; "Escolma de escritos de Camilo Agrasar"; "Escolma de escritos de Camilo Agrasar", no que se inclúe unha "Crónica verdadeira", extracto das memorias manuscritas e inéditas do autor depositadas por el mesmo na sede da Real Academia Galega, varios escritos baixo o título de "Padroneses ilustres" (José María Vidal Cepeda, Ramón Rei Baltar, Fr. Manuel de Gregorio e da Insua, Antonio Amador Villar Novais e Eloy Artime Pérez), unha "Breve reseña histórica del Convento de San Antonio de Herbón" e lembranzas varias como a celebración do "Día de Rosalía" en 1958 e a descuberta en Padrón do Monumento a Rosalía en abril de 1957, entre outras; e "Textos de homenaxe a Camilo Agrasar", na que se reúnen diferentes artigos publicados en medios de comunicación galegos dende 1981 a 2007 e nos que se homenaxea ao autor. Ao longo da obra, inclúense ademais dezasete fotografías que non necesariamente teñen a Agrasar como protagonista das mesmas. Os artigos de interese para a literatura galega son os que seguen:

- Avelino Abuín de Tembra, "Perfil humano de Camilo Agrasar", "Limiar", pp. 11-14.

O presidente da Fundación do Pedrón de Ouro ofrece en pequenos epígrafes, os datos máis salientábeis da biografía e a vida profesional de Camilo Agrasar. Apunta que en 1964 formou parte da creación do Pedrón de Ouro e que unha das "ansias fundamentais" do homenaxeado foi a Casa de Rosalía.

- Helena Villar Janeiro, "Camilo Agrasar, servidor de Rosalía", "Limiar", pp. 15-17.

Sinala que non coñeceu a Agrasar en vida e, a continuación, realiza unha serie de gabanzas sobre a súa figura e defíneo como un "fiel servidor da poeta". Fai ademais unha observación sobre o futuro da Fundación Rosalía de Castro e agradece a Agrasar os coñecementos achegados sobre a vida e obra da poeta.

- Avelino Pousa Antelo, "Lembranza de Camilo Agrasar Vidal", "Limiar", pp. 19-20.

Relata a ocasión na que coñeceu a este barbeiro que tiña as chaves da quinta da Matanza. Sinala que o alcumaban o "Viúvo de Rosalía" e conta ademais a anécdota de cando Camilo, en nome de Octavio Sanmartín, convidou a Avelino a asistir a unha xuntanza. O relator sinala que quería saber quen o recomendara pero Camilo non llo quixo dicir.

- Uxío Manuel Reboyras, "O eterno voltar de Rosalía", "Textos de Homenaxe a Camilo Agrasar", pp. 73-74.

Trátase dunha composición poética escrita en galego para o *Programa Pascua* en abril de 1981.

- Xesús Santos Súarez, "Recordando a Camilo Agrasar", "Textos de Homenaxe a Camilo Agrasar", pp. 75-77.

Composición en galego en homenaxe á figura de Agrasar incluída no poemario *Balada no vento da ría* (1987).

- Carlos García Bayón, "O camiño de Camilo Agrasar", "Textos de Homenaxe a Camilo Agrasar", pp. 79-81.

Panexírico en castelán asinado en *La Voz de Galicia* o 7 de abril de 1983, días despois do pasamento do homenaxeado.

- Máximo Sar, "Un gran padronés, e un gran home. En lembranza de Camilo Agrasar", "Textos de Homenaxe a Camilo Agrasar", pp. 83-85.

Escrito en galego e publicado en *El Correo Gallego* o 22 de abril de 1984. Recorda o día no que morreu Agrasar. Resalta que era "un fondo coñecedor da bisbarra" e salienta algúns aspectos da súa andaina profesional como o de correspondente de varios xornais da rexión. Sen estudos, considera que Agrasar podería figurar con toda honra "nas filas de barbeiros ilustrados".

- Benjamín Suárez, "Camilo Agrasar, el hombre que casi lo sabe todo sobre Rosalía", "Textos de Homenaxe a Camilo Agrasar", pp. 87-92.

Escrito en castelán e publicado no xornal bonaerense *Correo de Galicia* o 15 de decembro de 1971. Entre outras cousas, descríbese con detalle a barbería de Agrasar e a continuación, realízaselle unha entrevista feita no propio estabelecemento. Conversan sobre a cuestión da "merca-venda" da casa de Rosalía. O entrevistado prefire que sexan outros os que escriban sobre a vida e a obra da poeta e considera que el é: "una gran caja a la que acuden muchos investigadores para recoger múltiples datos".

- M. Dourado Deira, "Camilo Agrasar: 'Viúvo de Rosalía", "Textos de Homenaxe a Camilo Agrasar", pp. 93-95.

Artigo publicado n'*O Correo Galego* o 6 de decembro de 1997 a propósito do cincuentenario da Fundación-Padroado Rosalía de Castro. Comenta o esquecemento "involuntario" deste home no elenco dos seus fundadores.

- Avelino Abuín de Tembra, "Centenario de Camilo Agrasar", "Textos de Homenaxe a Camilo Agrasar", pp. 97-99.

Publicado no xornal *Galicia Hoxe* o 4 de febreiro de 2007. Sinala que Padrón, concello do que di que hai tempo estivo "na vangarda dos acontecementos literarios de Galicia" e aproveita, deste modo, a ocasión para admirar a figura de Agrasar, do que sinala algúns méritos "incontables".

Referencias varias:

- U. L., "A Casa-Museo de Rosalía acolle esta tarde a presentación dun libro sobre Camilo Agrasar", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 27 novembro 2009, p. L12.

Infórmase da presentación do libro *Camilo Agrasar e o entusiasmo apaixonado por Rosalía*, por parte do Padroado da Fundación Pedrón de Ouro. Indícase que a publicación contén unha recompilación de artigos dispersos que o homenaxeado espallou ao longo da súa vida e tamén se dan del algúns datos biográficos.

- U. L., "O Padroado do Pedrón de Ouro rememora a paixón de Camilo Agrasar pola figura de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 28 novembro 2009, p. L13.

Coméntase a presentación que tivo lugar na Casa Museo de Rosalía do libro *Camilo Agrasar e o entusiasmo apaixonado por Rosalía,* e que contou coa presenza das tres fillas e unha neta de Agrasar, seu irmán, amigos, veciños e personalidades galegas como Avelino Pousa Antelo e Helena Villar Janeiro, entre outras. Sinálase que o escritor David Otero foi o primeiro que lembrou a figura de Agrasar e recóllense as declaracións sobre o acto de Xosé Carlos Carballido, secretario da Irmandade de Fillos e Amigos de Padrón.

Pardo Amado, Diego, *Rosalía de Castro*. *A luz da ousadía*, epílogo de María del Pilar García Negro, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 245, 2009, 125 pp. (ISBN: 978-84-8487-159-2).

Traballo que se abre cunha dedicatoria e unha cita de Henrique Rabuñal. Séguelle o "Prólogo (que quer ser convite...)", a cargo de María Pilar García Negro, no que reflexiona sobre o labor docente para presentar o traballo "serio e rigoroso" de Diego Pardo Amado. O autor comeza o ensaio cunha "Introdución", na que ademais de esclarecer os puntos centrais da obra, apunta que este traballo foi primeiro investigación dos estudos de doutoramento levados a cabo na Universidade da Coruña, baixo a dirección de Pilar García Negro. Asemade, apunta algunhas das investigacións previas sobre Rosalía de Castro que lle resultaron "imprescindíbeis". Estrúturase en tres apartados: "O estatuto xurídico da muller galega no século XIX", "A imaxe da muller na Galiza do século XIX" e "O proxecto igualitario na obra de Rosalía de Castro". No primeiro Pardo Amado indaga na análise do sistema legal español decimonónico a respecto da situación xurídica da muller, considerando ademais a desigualdade dos seus dereitos na institución do matrimonio. Para tal fin, realiza un percorrido por textos legais representativos do século, atendendo ao tempo dende a Constitución de Cádiz até

a non promulgada de 1856, á revolución setembrina de 1868 e á "Ley de matrimonio civil" de 1870. No segundo capítulo, "A imaxe da muller na Galiza do século XIX", analiza a imaxe que proxecta a prensa galega da época sobre a muller, conectada co predominio do discurso masculinista. Os títulos de cada apartado anuncian as transformacións que a sociedade está a experimentar: "O asubío da serpente", "Un tesouro inesgotábel de bondade" e "A saída do labirinto: o sendeiro que conduce á emancipación feminina". Considéranse as colaboracións de escritores como Heraclio Pérez Placer ou José María Posada e escritoras como Virginia Felicia Auber Noya. No último capítulo analiza a produción rosaliana, a respecto do seu cuestionamento sobre o matrimonio e o papel da muller na distribución de papeis nesta institución, sobre os principais poemarios (*Follas Novas*, 1881) e ao redor de personaxes como Esperanza e Teresa de *La hija del mar* (1859), Mariquita de *El caballero de las botas azules* (1867) ou Benerice, de *El primer loco* (1881). Péchase o ensaio cunhas palabras a modo de "Conclusións", ás que lle segue un apartado de "Bibliografía".

Recensións:

- Marga Romero, "Sempre Rosalía. Un esforzo esclarecedor", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 310, "Libros", 26 novembro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 260, "Letras galegas", 5 decembro 2009, p. 7.

Sinala que "moito é o desvelado" no estudo *Rosalía de Castro. A luz da Ousadía*, de Diego Pardo Amado. Chámalle a atención que o investigador non faga referencia no recoñecemento aos estudiosos a María Xosé Queizán nin á publicación *A Festa da palabra silenciada.* Describe polo miúdo os dous apartados que compoñen o volume e loa del o estudo da prensa na que se visibiliza a "presenza do discurso masculinista e misóxeno". Para rematar, indica que este ensaio transmite a ideoloxía de Rosalía e a súa cosmovisión, así como a "esperanza nun novo lugar para as mulleres".

Referencias varias:

- Marta García Márquez, "Diego Pardo borra os preconceptos que tildan a Rosalía como 'inculta' e 'chorona'", *El Ideal Gallego,* "A Coruña", 9 xullo 2009, p. 14.

Alude á publicación do ensaio *Rosalía de Castro. A luz da ousadía*, de Diego Pardo. Comenta que a súa intención é a de situar a Rosalía como realmente foi, unha muller que no século XIX escribía en galego e que se postulaba a "prol de leis como a do matrimonio civil", entre outras cousas. Confirma declaracións do autor, sinalando que houbo xente que se apropiou dela, "desfigurándoa", co fin de ensombrecer a cultura. Di que este volume está escrito dende unha perspectiva sociolóxica e advirte sobre a posición de Rosalía contra o discurso masculinista do seu tempo. Nun á parte, opina sobre os abusos políticos de símbolos literarios como Rosalía ou Daniel Rodríguez Castelao.

- M. Dopico, "A luz da 'ousadía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Ensaio", 18 xullo 2009, p. 32.

Recóllese algunha das principais conclusións que Diego Pardo Amado tira do seu ensaio *Rosalía de Castro. A luz da ousadía*, nas que afirma que a perspectiva e

temáticas trazadas pola escritora resultan ousadas e orixinais. Coméntase que Pardo Amado recolle a testemuña doutros autores e autoras como Pilar García Negro ou Francisco Rodríguez, que debateron e debaten sobre a Rosalía feminina e comprometida. O autor indica que el pretendeu difundir "a súa verdadeira imaxe" e que a orixinalidade do libro está na "metolodoloxía utilizada". Coméntanse ademais algúns puntos tratados no ensaio como foi a esculca na mudanza da imaxe social da muller ao longo do século XIX.

- Carlos Callón, "A vera 'effigies' de Rosalía", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 10 agosto 2009, p. 6.

Manifféstase o propósito de restaurar a figura de Rosalía de Castro e fuxir dos tópicos como o de "choromicas", partindo da tradución ao galego do discurso de entrada na RAE de Augusto González Besada pronunciado en 1916 e intitulado *Rosalía de Castro. Notas biográficas*. Do discurso de Besada indícase que estaba premido pola admiración a Rosalía e polo entusiasmo reivindicativo do carácter rebelde da súa obra. Inclúese nesta liña a obra *Rosalía de Castro*. *A luz da ousadía*, de Diego Pardo.

- J. Gómez., "Rosalía de Castro defendía la soltería contra la sumisión del matrimonio, según un estudio", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 12 agosto 2009, p. L7.

Faise eco das declaracións de Diego Pardo Amado, autor de *Rosalía de Castro. A luz da ousadía*, quen afirma que Rosalía defendía a soltería feminina. Coméntase que neste ensaio o que pretende é "significar o atrevemento" da poeta e combater a carga negativa asociada a ela. Infórmase ademais que o traballo estuda o estatuto xurídico da muller galega no século XIX a través dos textos que amosan a "inferioridade real da muller" e o "predominio do discurso masculinista". Afírmase tamén que hai que reinterpretar o papel de Manuel Murguía como "representante de Rosalía".

Paz, Xavier, Benito **Losada** e Xosé Lois **Vázquez** (coords.), *O universo de Eduardo Blanco Amor 50 anos despois d'A Esmorga. EBA 5.0*, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2009, 108 pp. Contén CD e DVD (ISBN: 978-84-937421-6-4). ■

Volume patrocinado polo Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) de que conmemorou o cincuenta aniversario da publicación d'*A esmorga* reunindo as seguintes propostas:

- Xosé M. Buxán Bran, "O transo de gladiador a Deus conquistador", pp. 10-15.

Xosé M. Buxán Bran (Eibar-Gipuzkoa, 1964) refírese neste texto a súa afección pola fotografía.

- Álex Mene, "A beleza da amizade ou a vida secreta das imaxes", pp. 16-20.

Álex Mene (Vigo, 1969), autor da única tese doutoral sobre Eduardo Blanco Amor fotógrafo, analiza esta faceta do escritor.

- José Somoza Medina, "Da Auria retratada por Blanco Amor á cidade do presente", pp. 22-35.

José Somoza Medina (Ourense, 1969) realiza un percorrido pola evolución social e urbana de Ourense dende o século XIX até a actualidade a través dunha comparativa da cidade e dos tipos sociais da novela.

- Carlos Rafael e Jaime Eizaguirre, "A noites e as sombras", pp. 61-88.

Banda deseñada que representa unha nova lectura en banda deseñada dos tipos sociais e dos espazos d'*A Esmorga* en 2009 e que conta con guión de Carlos Rafael Ramos (Ourense, 1961) e con deseños de Jaime Izaguirre Santillán (A Coruña, 1980).

- Luís Rei, "A obra completa de Ramón Cabanillas", pp. 89-104.

Luís Rei (O Grove, 1960) relata os avatares da edición da obra completa de Ramón Cabanillas da que Eduardo Blanco Amor foi quen finalmente entregou á imprenta en Bos Aires. Tamén comenta que ambas publicacións coincidiron no tempo, malia que, nunca se deu o encontro persoal entre ambos os escritores.

Pola súa banda, Emilio Rodríguez Tilve (Ourense, 1984), Marcos Fernández Vázquez (Ourense, 1979) e Idoia de Luxán (Ourense, 1984) presentan os elementos necesarios para montar o xogo de mesa "Tres de troula", inspirado nos personaxes, situacións e espazos d'*A esmorga*. O libro vai acompañado ademais dun disco con doce temas musicais doutros tantos grupos ourensáns e mais cun DVD que contén unha peza de monicreques inspirada nas *Farsas para títeres*, de Eduardo Blanco Amor, a cargo da Compañía Viravolta que dá vida a "O horroroso crime de Xan Miñoca", unha peza de corenta minutos aproximadamente cunha posta en escena con marionetas de madeira e escenografía en madeira, teas e cartón á maneira dos espectáculos de monicreques.

Referencias varias:

- Javier Romero, "Grupos Ourensanos presentan su disco sobre 'A Esmorga", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 decembro 2009, p. 56.

Dá conta do proxecto *E.B.A. ou Universo de Eduardo Blanco Amor 50 anos despois*, co motivo da celebrar os cincuenta anos da publicación da obra *A Esmorga*, a través dunha serie de actividades que inclúen a presentación dun libro que leva ademais un DVD e un xogo de rol.

Pintos Barreiro, Mercedes Gualteria, *Pedras de Compostela. Aldonza de Praterías*, prólogo de José Mª Díaz Fernández, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xuño 2009, 291 pp. (ISBN: 978-84-9782-894-99).

Mercedes Gualteria Pintos Barreiro (Santiago de Compostela, 1951) publica esta obra en homenaxe ás pedras da cidade de Compostela. A autora do libro convértese en Aldonza de Praterías, de aí o subtítulo do libro, o nome que Pintos lle deu á figura da adúltera que adorna o pórtico da catedral na fachada das Praterías. O libro comeza co prólogo, "Fronde de recordos", de José María Díaz Fernández, Deán da catedral de Compostela. Neste limiar, José María Díaz presenta a esa dama adúltera que sostén nas

súas mans a caveira do seu amante e que lle da o nome de Aldonza. A continuación informa do que vai tratar o libro. *Pedras de Compostela* consta de sesenta e oito textos, acompañados de fotografías de Manuel G. Vicente, que percorren a historia da cidade de Compostela ao longo de nove séculos, o tempo que leva a figura na fachada de Praterías. No primeiro artigo, "Aldonza, ego sum", Mercedes Pintos preséntase como Aldonza de Praterías e conta a súa historia. Tamén sinala que no seu secular emprazamento de pedra no que está é unha testemuña privilexiada dos sucedidos que foron conformando a historia de Compostela. A partir deste primeiro artigo, sucédense sesenta e sete artigos máis nos que a autora fai un recorrido no que estuda numerosos espazos da cidade, dende os interiores da Catedral até as fontes, hospitais, institucións docentes, traídas de auga, etc. Tamén hai artigos dedicados a cuestións concretas, como é o caso do artigo da Berenguela ou outras figuras presentes na Catedral. Hai numerosos artigos que atenden a festas ou tradicións populares galegas: o entroido, a vendima, o magosto, etc. As referencias a personaxes históricos importantes no devir da cidade de Compostela tamén é constante. Así fan acto de presenza figuras históricas como Xelmírez, o cardeal Quiroga, a raíña Sofía, a princesa Letizia, etc. O libro finaliza cunha bibliografía e un índice onomástico.

Recensións:

- M. B. F., "Antigos segredos", *ABC*, "*Artes & Letras*", n.º 10, "Libros", outubro 2009, p. 7.

Comenta a obra de Mercedes Gualteria Pintos Barreiro, *Pedras de Compostela*, na que relata o mundo compostelán e está composta por sesenta e oito artigos, sendo o primeiro "Aldonza, ego sum". Refire que as fotografías que acompañan a estes relatos sobre a historia da cidade son de Manuel G. Vicente e salienta que as pedras son as protagonistas dos relatos. Ao final achega un fragmento do prólogo do libro asinado por José Mª Díaz Fernández, deán da Catedral de Compostela.

Referencias varias:

- César Lorenzo Gil, "O Santo dos Croques é un invento do século XIX", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Cultura", 22-28 outubro 2009, p. 33.

Entrevista a Mercedes Gualteria Pintos Barreiro, autora da obra *Pedras de Compostela*, na que se comenta que o libro trata sobre unha das figuras que aparecen no Pórtico da Gloria, coñecida como A Adúltera, e fala tamén sobre a figura da muller naquela época. Refírese que na obra hai moitas lendas e historias sobre Santiago e o Camiño, e desmonta algúns dos mitos, como o do Santo dos Croques. Finalmente, recomenda a lectura do libro de Walter Starkie, *O Camiño de Santiago* (1958).

- C. P., "Aldonza dá conta dunha documentación histórica que nunca se vai ler", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 4 novembro 2009, p. 16.

Realiza unha breve entrevista a Mercedes Pintos, autora do libro *Pedras de Compostela*, editado por Xerais e presentado na Libraría Couceiro. Pintos explica que escolleu a Aldonza de Praterías como o seu alter ego e ela é simplemente a copista desas historias. Tamén explica que o libro é unha compilación dos artigos que publicou no xornal *La*

Voz de Galicia. Ao final, refire como seleccionou os temas e dá conta da cantidade de documentación coa que tivo que traballar.

- M. Dopico, "Memoria de Santiago", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escrita", 4 novembro 2009, p. 36.

Explica que Aldonza é o nome que a escritora Mercedes Pintos lle deu á figura de A adúltera que aparece no pórtico de Praterías da Catedral de Santiago, que tomou como testemuña do que ocorreu na cidade dende finais do século XI e que Pintos recolle no libro *Pedras de Compostela*. Informa que o volume será presentado na Libraría Couceiro e estarán presentes Xosé María Díaz, Ramón Villares e Manuel Bragado. Por último, salienta algunhas das fontes empregadas e destaca as esculturas femininas da Catedral.

Queipo, Xavier, *Felices e diferentes*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 247, 2009, 214 pp. (ISBN: 978-84-8487-162-2).

Crónicas radiofónicas coas que Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) participou semanalmente no programa Diario Cultural da Radio Galega entre o 2006 e 2008. Para seren máis precisos, o autor sinala que foron emitidas os martes ás catro menos cinco da tarde. Estruturalmente, a obra comeza cunha nota introdutoria escrita en Bruxelas o 1 de maio de 2009 onde Queipo presenta o volume ao lectorado. Así, indica que todas e cada unha das crónicas foron gravadas por teléfono dende Bruxelas, están datadas segundo o día en que foron escritas e non cando foron emitidas, e que o texto se atopa dividido en dúas partes que se corresponden con dúas tempadas radiofónicas. A primeira, "Caderno hebdomadario", abrangue dende outubro de 2006 a setembro de 2007 e está formada por corenta e oito pezas. A segunda, "Dióxenes en Matongué" recolle as corenta e nove pezas emitidas dende outubro de 2007 e setembro de 2008. Escritas en primeira persoa nunha linguaxe clara e sinxela, as crónicas comezan sempre cun "Boas tardes" ao que lle prosegue un comentario sobre os máis diversos temas (literatura, cine, acontecementos…). No caso da literatura, en "Galeusca de escritores", Queipo comenta o encontro de escritores galegos, vascos e cataláns que tivo lugar na cidade de Iruña (Pamplona); na crónica "Toulouse, encontro de poetas" comenta a súa participación nun encontro de poetas occitanos, cataláns e galegos, entre os que se atopaban Vicente Araguas, Úrsula Heinze e Xosé Antón Pérez Bouxa, entre outros; en "Unha preocupación particular" refírese á presentación en Alemaña da antoloxía poética bilingüe galego-alemán *20 Gedichten aus Galicien* (2008); e en "Os que non fomos á Habana", refírese á participación de autores galegos na Feira do Libro da Habana. Tamén fala de *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras; d'*Alén da desventura* (1998) e *Unha falsa luz* (2007), de Xavier Alcalá; *Palabras contadas* (2006), de Camilo Franco; *María das Batallas* (2007), de Alfredo Conde; *Arte e parte* (2007), de Xurxo Borrazás; *O señor Lugrís e negra sombra* (2007), de Luís Rei Núñez; da antoloxía bilingüe catalán-galego *Poetes gallecs d'avui* (2008); e da antoloxía de narradores galegos en inglés, *De onde comeza o mar* (*From the begining of the sea*). Ademais, o tema principal dalgúns dos seus relatos son obras traducidas ao galego como é o caso de *Herbario* (2006), do autor húngaro Sándor Márai; ou *Fuxir* (2007), de Jean-Philippe Toussaint. Aos comentarios destas publicacións cómpre engadir os relativos a revistas como *Abril*, dedicada á literatura galega. Na despedida, Queipo sempre desexa aos ouvintes que sexan "felices e diferentes", unhas palabras que serven

de título para a obra. Cómpre engadir a referencia que o propio autor fai nun pé de páxina do prólogo sobre a publicación da súa primeira temporada como colaborador do programa dirixido por Ana Romaní en 2007 co título *Caderno da Revolución Cultural* (Laiovento). Queipo tamén aproveita estas follas preliminares para dedicar o libro "en particular" aos ouvintes do Diario Cultural e para facer unha recomendación de lectura. Así di que "non sería mala idea ler unha crónica por semana".

Referencias varias:

- M. B., "'A revolución cultural é máis necesaria ca nunca", *A Nosa Terra*, n.º 1.374, "Cultura", 24-30 setembro 2009, p. 22.

Entrevista a Xavier Queipo con motivo da publicación de *Felices e Diferentes*, un volume que recompila as crónicas coas que o escritor participaba no programa Diario Cultural da Radio Galega, dirixido por Ana Romaní. Queipo asegura que é necesaria unha "revolución cultural" e engade que " se non tiramos para diante coa defensa do idioma e da cultura galega, a revolución que se dea terá un carácter conservador e involucionista". Ademais, ofrece a súa opinión sobre qué sería preciso facer. Por último, o autor comenta, en relación ao título do seu traballo, que o "paradigma da felicidade é ser un mesmo.

Rabuñal, Henrique, *O teatro en Jenaro Marinhas del Valle*, A Coruña: Universidade da Coruña, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, n.º 62, 2009, 217 pp. (ISBN: 978-84-9749-363-5). ◆

Estudo da produción dramatúrxica de Jenaro Marinhas del Valle (A Coruña, 1908-1999) que na primeira parte achega unha cronoloxía sobre a súa traxectoria vital e profesional. Henrique Rabuñal (Arteixo, 1962) achega unha valoración xeral sobre os textos teatrais de Marinhas del Valle e breves comentarios das súas pezas, ademais de dedicar un capítulo a recoller as valoracións que fan do dramaturgo coruñés diferentes estudiosos. Conclúese esta primeira parte cunha bibliografía dos textos narrativos, poéticos, teatrais, ensaísticos e artigos de Marinhas del Valle e cunha listaxe de obras teóricas, ensaios, recensións, artigos e entrevistas que teñen como protagonista ao autor. A segunda parte consiste nunha escolma de textos do propio Marinhas, notas e prólogos dalgunhas das súas composicións teatrais, nos que expón a súa concepción acerca do teatro e a súa función social, unha ampla conversa na que o autor coruñés responde cuestións persoais, políticas, sobre a súa implicación en diferentes iniciativas culturais e tamén sobre a súa produción, especialmente a teatral. Asemade, inclúese un texto no que recorda a súa amizade con Manuel Lugris e opina sobre as pezas teatrais que este compuxo, así como un texto no que fai unha férrea defensa do idioma galego.

Referencias varias:

- Joel Gómez, "Oito libros reclaman o legado literario de Marinhas del Valle", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 24 decembro 2009, p. 45.

Dáse conta da publicación d'*O teatro en Jenaro Marinhas del Valle*, no que se recolle parte dos textos que sobre teatro escribiu e achégase a bibliografía activa, así como moitos dos estudos e críticas que se lle dedicaron a Marinhas. Tamén se recollen as palabras de Henrique Rabuñal, quen opina que hai unha débeda moi grande con Marinhas como teórico do teatro galego e do teatro en xeral e coida que seguirá sendo un clásico do teatro galego porque os seus textos conservan o seu valor, habendo algo intemporal no seu teatro. Tamén se informa doutros volumes que recuperan a súa producción e algúns estudos.

Rajó Pazó, Anxo X., *Ramón Otero Pedrayo. Escritor*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Galegos na historia, n.º 39, 2009, 64 pp. (ISBN: 978-84-7680-641-8).

Biografía de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1988-1976) a cargo de Anxo X. Rajó quen repasa brevemente a súa traxectoria vital e literaria. O libro consta de cinco capítulos que presentan numerosas fotografías de Otero Pedrayo en diferentes ámbitos. No primeiro capítulo, "Os primeiros anos: a procura dunha identidade", lembra a nenez e xuventude de Otero Pedrayo. Neste bloque tamén revisa os seus anos de estudo en Ourense e posteriormente en Madrid, así como os seus inicios como político e profesor nos anos vinte. "A obra oteriana: Historia dunha evolución" é o título do segundo bloque do estudo. Nestas páxinas, Rajó fai un recorrido pola obra literaria de Otero Pedrayo, centrándose principalmente na súa narrativa e na relación entre os seus escritos e a súa ideoloxía política. O terceiro apartado do libro, "A deriva política nos tempos de Otero Pedrayo", reflicte a visión política do autor e a súa vinculación co Partido Galeguista, destacando o seu labor como deputado nas Cortes por este partido político. O cuarto capítulo céntrase na análise do pensamento de Otero Pedrayo; neste apartado sinala a relación que mantivo o escritor ourensán con Vicente Risco, Antón Losada Diéguez e outros escritores galegos. Destaca o papel de líder que realizou Otero Pedrayo cos escritores da súa xeración en relación coa defensa da cultura galega. O capítulo que pecha o libro, "O seu recoñecemento coma intelectual antes e despois da Guerra civil", salienta a importancia da figura de Otero Pedrayo como intelectual tanto nos anos anteriores ao conflito bélico como na posguerra. Conta que nos anos de xuventude participa activamente na política da II República, así como en diferentes actividades e institucións do mundo cultural galego, pero a partir da guerra civil sofre nas súas propias carnes a censura e o control exercido polo réxime franquista. O libro finaliza cunha cronoloxía que repasa os acontecementos vitais de Otero Pedrayo e a súa obra literaria e de investigación.

Referencias varias:

- J. M. F., "Un libro de 'Galegos na historia' aborda a figura de Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 3 xuño 2009, p. 76.

Fálase da saída do prelo deste volume que é cualificado polo seu autor, Anxo Xoán Rajó, como un resumo da vida e do traballo intelectual de Ramón Otero Pedrayo. Indícase que conta con fotografías do fondo fotográfico da Fundación Fermín Penzol de Vigo.

- L R, "La Deputación avala a la editorial 'Ir Indo' en su biografía sobre Ramón Otero

Pedrayo", *La Región*, "Ourense", 3 xuño 2009, p. 8.

Alúdese á presentación deste volume na Deputación de Ourense e indícase que nese acto o seu autor afirmou que o complicado deste traballo foi resumir toda a información que hai sobre Otero Pedrayo e mais que é un libro dirixido á escola e aos rapaces.

Redondo Abal, Francisco Xavier, *O fulgor e as tebras. As bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a Guerra Civil*, Bertamiráns: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 241, 2009, 158 pp. (ISBN: 978-84-8487-153-3).

Estudo de Francisco Xavier Redondo Abal (Pontevedra, 1964), centrado na creación, por parte da II República, e na destrución, por parte do franquismo, das bibliotecas galegas, que está xebrado en dous grandes apartados e que comeza cunha "Nota introdutoria" na que se reflexiona sobre o contido deste volume. O primeiro apartado leva por título "O fulgor…" mentres que o segundo titúlase "…e as tebras". A primeira parte está xebrada en tres apartados: no primeiro, "O Padroado das Misións Pedagóxicas: un proxecto de ilusión para unha nova era", repásase a historia das Misións Pedagóxicas onde, entre outros, Rafael Dieste, Urbano Lugrís e Otero Espasandín desenvolveron unha intensa actividade nos monicreques do "Retablo de Fantoches" e faise unha relación da localización de todas as bibliotecas creadas en Galicia entre 1932 e 1933; o segundo, "A 'Junta de Intercambio y Adquisición de Libros': o esforzo republicano pola cultura", céntrase na descrición e nos obxectivos desta 'Junta' mentres que o terceiro "As mil e unha bibliotecas: cultura obreira e sociedades de instrución na Galiza Republicana" debulla a importancia da creación en Galicia das bibliotecas e as escolas por parte de emigrantes galegos e reflexiona sobre a importancia da cultura como base da emancipación da especie humana. O segundo bloque deste estudo, titulado "…e as tebras", describe a situación das bibliotecas galegas dende o 18 de xullo de 1936 e conta con tres partes: na primeira, "Cuestións metodolóxicas", comenta a ausencia de bibliografía relativa ás destrucións e incautación de bibliotecas, a dificultade de cuantificar os estragos provocados e reflexiona sobre a diferenza entre a "incautación" e "destrución"; na segunda, "A normativa represiva do libro e das bibliotecas e a súa aplicación en Galiza" detense nos bandos, circulares, instrucións e ordes que deron forma "legal" á destrución das bibliotecas e finalmente en "As comisións depuradoras de bibliotecas públicas. O caso galego" analízase o papel da Junta Técnica del Estado, da Comisión de Cultura y Enseñanza, da Comisión de Bibliotecarios al servicio de la Patria e mais da Comisión Depuradora do Distrito da Universidade de Santiago, coas figuras de Felipe Gil Casares, Abelardo Moralejo Laso ou Gonzalo Torrente Ballester, no saqueo e destrución de bibliotecas escolares, públicas e privadas por parte do franquismo. Este apartado tamén fai referencia á biblioteca roubada a Castelao. Este libro péchase cun "Apéndice documental", coas "Abreviaturas empregadas", cos "Agradecementos" e mais coa "Bibliografía".

Recensións:

- Prudencio Viveiro Mogo, "Recuperar a memoria dos libros", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 135-137.

Faise eco da aparición d´*O fulgor e as tebras. As bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a guerra civil*, de Francisco Xavier Redondo Abal. Sinala que neste volume se recollen as políticas de promoción do libro e da lectura durante a II República, que tiveron como expoñente fundamental as Misións Pedagóxicas, que chegaron a crear en Galicia entre 1932 e 1934 máis de catrocentos novos espazos dedicados á lectura. Así mesmo, alude á mellora da dotacións das bibliotecas xa existentes e engade que a promoción do libro non foi só traballo do Estado, senón que, xa antes da II República, sindicatos, centros agrarios, partidos políticos e outras asociación desenvolveron un importante papel. Expón as razóns polas cales os sublevados actuaron con tanta carraxe contra os centros de lectura e puntualiza que a queima dos libros formou parte de plans previamente articulados, así como se refire ao proceso de depuración das Bibliotecas. Sinala que os anexos documentais complementan este ensaio de Redondo Abal, que considera "acaído e oportuno".

- Ramón Nicolás, "Os libros, material perigoso", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 326, "Letras en galego", 15 agosto 2009, p. 10.

Aplaude a aparición de novos estudos historiográficos que desvelan parcelas escasamente tratadas ou investigadas na nosa tradición ensaística como é o caso desta monografía. Informa de que este ensaio se achega con indubidábel rigor quer á situación das bibliotecas na Galiza da II república quer na súa posterior destrución co franquismo.

- Xavier Castro Rodríguez, "Creación e destrución de bibliotecas galegas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 12 setembro 2009, p. 2.

Fala dos inimigos dos libros e das bibliotecas e con respecto a isto destaca a aparición deste volume no que se estuda e investiga sobre a realidade de moitas das bibliotecas que foron destruídas ao longo da guerra civil e durante o franquismo. Deste libro destaca o dato de que entre 1932 e 1933 o Padroado das Misións Pedagóxicas creou en todo o Estado español tres mil cento cincuenta e unha bibliotecas escolares.

- Pilar Ponte, "Contra o silencio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. VI.

Asegura que o autor deste libro se está a converter nun dos máis activos recuperadores da nosa memoria histórica e da súa obra salienta os seu carácter divulgador. Sinala que se estrutura en dúas partes: a primeira penetra nas principais empresas culturais da II República, as Misións Pedagóxicas, mentres que a segunda se centra na eliminación de todo o traballo republicano realizado polo franquismo.

Referencias breves:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Libros", 25 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, caso d'*O fulgor e as tebras. As bibliotecas na Galiza da II República e a súa destrución durante a Guerra Civil*, de Francisco Xavier Redondo.

- Clodio González Rodríguez, "Depuración de bibliotecas polos franquistas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 27 xuño 2009, p. 4.

Explica que estamos perante un magnífico ensaio sobre un tema adrede silenciado, pero non esquecido por cantos viviron os anos da República. Afirma que só vai falar das páxinas dedicadas á represión franquista. Disto indica que os falanxistas organizaron queimas de libros (na Coruña ou Ferrol), que houbo censores como Gonzalo Torrente Ballester en Ferrol ou Purificación Lorenzana en Ourense e mais que entre os autores prohibidos estaban Manuel Curros Enríquez, Freud, Ramón María del Valle Inclán ou Pío Baroja.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Memorias das bibliotecas galegas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Caderno aberto", 18 agosto 2009, p. 3.

Reflexiona sobre a historia das bibliotecas galegas e con respecto ao autor deste ensaio opina que a súa principal característica é que documenta con gran rigor a destrución das bibliotecas galegas durante a guerra civil.

- César Lorenzo Gil, "A República creou as primeiras bibliotecas públicas", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "Cultura", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 33.

Conversa na que o investigador Francisco Xavier Redondo Abal lle agradece o apoio aos editores de Laoivento para poder editar este volume. Indica que as orixes deste libro están na súa curiosidade pola historia das bibliotecas e nomeadamente nas da II República onde case non había nada investigado. Comenta varios aspectos deste ensaio pero destaca que na república o poder eclesiástico se sentiu ameazado cando o goberno republicano acabou con monopolio do ensino relixioso.

Rei, Luís, *Ramón Cabanillas*. *Crónica de desterros e saudades*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º 23, xullo 2009, 585 pp. (ISBN: 978-84-9865-206-2).

O escritor Luís Rei (O Grove, 1960) reconstrúe neste ensaio a existencia e a produción literaria do autor cambadés. O libro comeza cun limiar, "Limiar sobre o cociñeiro mulato", no cal Luís Rei adianta ao lector a temática que vai tratar a continuación. As case seiscentas páxinas que conforman o libro están estruturadas en catorce bloques de extensión variada. O primeiro capítulo leva o título de "Aquí neste cuartiño estaba o berce" e nel repásase o nacemento e xenealoxía de Ramón Cabanillas. "Do tempo neno" é a segunda sección e fala da nenez do escritor cambadés. Xa no terceiro bloque, "Funcionario cambadés", Luís Rei describe a etapa de funcionario de Cabanillas no concello de Cambados. No cuarto capítulo do libro, "El Umia e El Cometa: a eclosión dun escritor", salienta os inicios de Ramón Cabanillas como escritor nos xornais locais *El Umia* e *El Cometa*. A partir do quinto bloque do ensaio, "Cuba: Camiño adiante", Luís Rei traza a imaxe do emigrante Cabanillas na illa de Cuba, destacando a súa colaboración con *Acción Gallega* e co Centro Gallego da Habana. Tamén destaca a publicación na illa dos seus primeiros poemarios en galego, *Vento mareiro* e *No desterro*. "Na terra asoballada" é o título da sexta sección e nela fala do regreso de Cabanillas a Galicia logo da súa estadía en Cuba e da colaboración que tivo nese momento coas Irmandades da Fala e *A Nosa Terra*. Logo destas colaboracións, Ramón Cabanillas conseguiu unha praza como secretario no concello de Mos e por estes anos

publicou as obras de teatro, *A man da santiña* e *O Mariscal*; tamén comezou a escribir poemas de temática artúrica, que logo foron incluídos no libro de poemas *Na noite estrelecida*. Todas estas cuestións aparecen reflectidas no capítulo sétimo do ensaio, que leva o epígrafe "De mitos e saudades". Nos tres seguintes bloques do libro, "Ou, pinos do retiro, meus irmáns no desterro!", "Mondariz" e "Cando a voz esmorece no vento", Luís Rei recolle as vivencias de Cabanillas en Madrid durante a década dos anos vinte. Neste período publicou o poeta cambadés a segunda edición de *Vento mareiro* e colaborou asiduamente en diferentes xornais da capital española. Logo da súa estadía en Madrid regresou a Galicia e publicou os poemarios *Na noite estrelecida* e *A rosa de cen follas*. Os últimos catro bloques do ensaio, "O desterro republicano", "A tráxica falta de luz", "A luz virá" e "Cando se apagan as candeas da ilusión", repasan a traxectoria vital de Cabanillas durante a Guerra Civil e a Posguerra posterior. Luís Rei relata como a Guerra Civil sorprendeuno en Madrid e de alí trasladouse a Valencia, onde se encontrou con Castelao. No ano 1937 regresou ao seu Cambados natal e comezou a traballar como secretario en distintos pobos: Silleda, Moaña, Meis, Dozón. Uns anos despois volveu a vivir en Madrid e nesta cidade organizou un faladoiro no café Lyon D´Or. Nestes últimos anos da súa vida continuou coa publicación de poemarios: *Samos*, *Da miña zanfoña*, etc. O ensaio termina cunha coda, na que Luís Rei agradece a diferentes persoas a súa colaboración gratuíta na investigación sobre a vida e obra de Ramón Cabanillas. Conta tamén o ensaio cun anexo de fotos de Ramón Cabanillas e un índice onomástico.

Recensións:

- Emilio Xosé Ínsua, "Un Cabanillas por fin completo e coñecido", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 79, tomo III, ano XX, "Publicacións", xullo-agosto-setembro 2009, pp. 137-142.

Comeza salientando a gran cantidade de actos que se están levando a cabo con motivo da celebración do Ano Cabanillas, nos que se enmarca a presentación de *Crónica de desterros e saudades*. Destaca da obra o traballo inxente do seu autor, que tardou quince anos en rematar esta completa biografía de Ramón Cabanillas, na que se inclúen importantes achados e se explican aspectos mal interpretados até o de agora, repasando tamén algúns dos textos analizados. Detense nas dificultades dun traballo tan arduo, o cal sinala que viviu en primeira persoa, con etapas nas que quedou parado, outras nas que o autor tivo dúbidas e mesmo medo escénico, até rozar o desánimo e a intención de deixalo. A seguir, explica que existen tres tipos diferentes de biografías: as haxiográficas, as de "recorta e pega" e aquelas que dan como resultado obras de referencia, "retratos completos, rigorosos e acabados das figuras obxecto de atención". Sinala como exemplos deste tipo *Castelao na luz e na sombra*, de Valentín Paz Andrade; *A travesía dun século*, de Luís Rei Núñez e *Diante dun xuíz ausente*, de Gonzalo Allegue. Entre as características que considera imprescindíbeis para unha boa biografía constan: manexar todo o material precedente, achegar material novidoso, evitar o exceso de empatía e identificación coa figura biografada e ofrecer os contextos do anecdotario e da obra, así como saber trasladar con "boa pluma" o resultado da investigación. Considera que todos estes aspectos están presentes na obra de Rei Núñez e o resultado é un libro polivalente, polisémico, rico, plural, con trazos da historia, da crítica, reconstrución de procesos históricos e precisións cronolóxicas, entre outros, cos que se pecha un ciclo no estado de coñecemento da figura de Ramón Cabanillas.

- L. A., “Crónica de desterros e saudades”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, tomo XLVII, “O rego da cultura”, xullo, agosto, setembro 2009, pp. 8-9.

Con motivo da celebración dos cincuenta anos do falecemento de Ramón Cabanillas, sinala que Merlín Comunicación-Editorial Galaxia preparou unha exposición itinerante sobre a figura e persoa do cambadés, que está comisariada por Luís Rei Núñez. Apunta que no acto da súa presentación tamén se deu a coñecer o estudo *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*, froito de quince anos de investigación do propio Rei Núñez e que considera unha obra “certamente fundamental” para o coñecemnto non só da vida do autor de *Vento mareiro*, senón da intrahistoria do seu tempo, especialmente, da bisbarra do Salnés nese período. Refire outras información ao redor da citada exposición para rematar cunha serie de referencias sobre a obra de Ramón Cabanillas.

- Lucía Seoane, “Desterros e Saudades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 300, “Libros”, 17 setembro 2009, p. V.

Comenta que dous traballos de Luís Rei sobre Ramón Cabanillas, publicados na revista *A Trabe de Ouro*, foron agora incluídos no volume *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*, publicado por Galaxia na colección Memoria. Indica que xa neses artigos Luís Rei ofrecía datos non coñecidos sobre a vida do poeta que foron agora ampliados no libro, como: o lugar exacto do nacemento, sobre a emigración que fixo a Cuba, a incorporación ao agrarismo, sobre o primeiro desterro en Madrid, etc.

- Ramón Nicolás, “Unha gran biografía dun gran poeta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 332, “Letras en galego”, 26 setembro 2009, p. 11.

Comeza destacando a difícil empresa que é realizar un traballo de investigación sobre Ramón Cabanillas e loa o labor levado a cabo por Luís Rei no seu libro *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*. Define o libro como unha obra monumental e destaca a inmensa cantidade de documentación que ofrece, incluso material inédito. A seguir, comenta que ao mesmo tempo que coñecemos a biografía de Cabanillas tamén se descobre a sociedade galega da época do poeta e, por último, comenta que a obra é unha das achegas máis salientábeis do ano.

- Alberte Valverde, “Unha biografía necesaria”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, “O espello das letras”, outubro, novembro, decembro 2009, pp. 115-116.

Considera que con *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades* se culmina a tentativa de narrar a vida dun poeta que rexeitou durante anos que se falase del. Apunta as primeiras referencias que atopou deste volume e explica que nel se rexistran datos importantes que nos achegan novas vías de interpretación da obra do cambadés. Alude ás fontes manexadas por Luís Rei e sinala que o lector non debe agardar un sucinto traballo de análise dos textos, aínda que si inclúe moitos datos relacionados coas súas pezas literarias e información que completa o contexto biográfico. Indica que cun carácter humilde, o bibliotecario e técnico de cultura do concello de Cambados tece unha haxiografía que merece un posto importante na historia da literatura galega.

- Xosé Carlos Caneiro, "Pirata Cabanillas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 333, "A outra mirada", "Club dandi", 3 outubro 2009, p. 15.

A parte final do artigo está centrada na análise do traballo de investigación de Luís Rei sobre a figura de Ramón Cabanillas, titulado *Ramón Cabanillas*. *Crónica de desterros e saudades*. Loa a tarefa realizada por Luís Rei e salienta que este pode ser o texto definitivo que faltaba sobre Cabanillas. Indica que son case seiscentas páxinas que percorren a historia do país unida á historia do poeta. Destaca o capítulo décimo cuarto.

- Xavier Castro Rodríguez, "Somos dunha raza inmorredoira e saudosa", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 10 outubro 2009, p. 2.

Comenta que Luís Rei xa traballou en determinadas ocasións coa figura de Ramón Cabanillas e cita varias obras publicadas por el. A continuación fala sobre o último estudo titulado *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*, publicado por Galaxia na colección Memoralia. Explica que neste volume o autor recolle a esencia de Cabanillas e a época na que lle tocou vivir, case trinta anos do século XIX e case sesenta do século XX; tamén fala da relación que mantivo con Xosé Fontenla Leal e, por último, salienta a inxente cantidade de información recollida de persoas e de arquivos, que lle dan un carácter novidoso ao libro.

Referencias varias:

- B. Y., "El técnico de cultura Luis Rey presenta una nueva biografía sobre Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Presentación", 28 xullo 2009, p. 12.

Comenta que Luís Rei acaba de presentar unha nova biografía sobre a figura de Ramón Cabanillas, titulada *Ramón Cabanillas, crónicas de desterros e saudades*, e na que achega información até agora descoñecida sobre o poeta. Así mesmo, indica que Luís Rei é o comisario da exposición que se inaugura en Cambados en homenaxe a Cabanillas, baixo o título de "Na Noite Estrelecida".

- Carolina Chávez, "Luis Rey presenta a biografía sobre Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados local", "Actividades culturais do ano Cabanillas", 29 xullo 2009, p. 13.

Fai referencia á biografía sobre Ramón Cabanillas que acaba de publicar Luís Rei co título de *Crónica de desterros e saudades*. Indica que se trata dun traballo de investigación que comezou hai dez anos e no que recolle moito material descoñecido até agora sobre o poeta, destacando que o máis atractivo do libro son algúns acontecementos "informais" da vida de Cabanillas. Tamén repasa a súa vida na emigración, a participación no movemento agrarista ou a súa etapa de axente de negocios. Por último, comenta que decidiu publicar agora o libro, coincidindo co Ano Cabanillas, porque así o tiña acordado, aínda que despois atopou máis datos, polo que considera que haberá posteriores biografías.

- Fernando Salgado, "Máis que un velliño venerable e con boina", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 29 xullo 2009, p. 60.

Faise referencia á publicación da obra de Luís Rei, *Crónica de desterros e saudades*, na cal descobre os matices de Ramón Cabanillas e o seu distanciamento marcado cos

camaradas galeguistas. Dise que presentou a obra no Pazo Torrado de Cambados acompañado polo director da editorial Galaxia, Víctor Freixanes, onde publica esta biografía, de seiscentas páxinas, coa que penetra en todos os aspectos da vida do poeta e en como foron editadas as súas obras e cales eran as circunstancias que xeraban os seus aspectos creativos. Por último, lémbrase que a celebración do Ano Cabanillas serve para pór de relevo aspectos descoñecidos do poeta.

- Beni Yáñez, "O escritor Luis Rei leva ao papel a primeira biografía de Ramón Cabanillas", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Presentación", 2 agosto 2009, p. 31.

Comenta que a partir de agora se pode coñecer mellor a figura de Ramón Cabanillas grazas ao traballo realizado por Luís Rei, bibliotecario do Concello de Cambados, coa súa obra *Ramón Cabanillas: Crónica de desterros e saudades*. Explica que Luís Rei botou man de múltiples fontes documentais que deron pé a un libro de case seiscentas páxinas e dá conta da data e lugar de presentación do libro en Cambados. A seguir, Rei indica por qué decidiu publicar agora a biografía cuxo obxectivo é dar a coñecer moitos aspectos novidosos do poeta e afirma que deste xeito poderase desmontar o tópico existente sobre el.

- Deborah Castro, "Caminando por la 'roseira' del poeta Ramón Cabanillas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 12 agosto 2009, p. 6.

Fai referencia á homenaxe que o Concello de Cambados lle quere ofrecer a Ramón Cabanillas polo cincuenta aniversario da súa morte. Dá conta das actividades máis importantes e, entre elas, comenta que Luís Rei publicou unha biografía do poeta titulada *Ramón Cabanillas. Crónicas de desterros e saudades*. Explica, en palabras de Luís Rei, que a Cabanillas non lle gustaban as biografías e que a obra recolle en case seiscentas páxinas as etapas da vida do escritor, destacando facetas pouco coñecidas como a súa vida de xornalista antes de marchar a Cuba.

- Víctor F. Freixanes, "Escalibur", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 16 agosto 2009, p. 15.

Fala sobre a illa de Sálvora e lembra que aparece esta illa na obra de Ramón Cabanillas, *Na noite estrelecida*. A partir deste dato, refire que o bibliotecario de Cambados, Luís Rei, acaba de publicar unha "magnífica" biografía sobre o poeta, titulada *Crónica de desterros e saudades*.

- Xan Carballa, "Cabanillas foi o sucesor de Curros e Pondal como primeiro poeta galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.371, "Cultura", "50 anos da morte de Cabanillas", 3-9 setembro 2009, pp. 20-21.

Achega unha entrevista realizada a Luís Rei sobre o seu último libro, *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*. Rei comenta que leva máis de vinte anos xuntando material sobre a figura do poeta e indica que o traballo de biografar parece que nunca ten fin, xa que cando cres ter rematado algún aspecto, sempre aparecen novas informacións. A seguir, salienta a vinculación das posicións políticas de Cabanillas na súa vida e refire as vivencias na emigración de Cuba; tamén destaca a súa continua loita polo nacionalismo galego. A continuación, lembra a homenaxe que se lle rendeu en

Vigo en 1927, e destaca que a súa obra sempre foi combativa. Ademais fala da relación con outros personaxes como Antón Vilar Ponte ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

- Manuel Vidal Villaverde, "A biografía como formulación literaria", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 474, "Musas", 13 setembro 2009, p. 48.

Achega unha conversa que mantivo con Luís Rei sobre o seu estudo centrado na figura de Ramón Cabanillas, que leva desenvolvendo durante moitos anos. Luís Rei comeza ofrecendo unha serie de datos sobre a vida do poeta e, a seguir, indica que leva feitos moitos traballos e publicacións sobre Cabanillas pero só conta con dous libros: a biografía *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades* e unha reedición facsímile comentada dos xornais que editou antes de partir para Cuba. Ademais, comenta que a investigación nunca remata e que xa ten datos novos sobre o poeta, mais prefire ter un tempo de descanso. Por último, fala sobre a situación da literatura galega actual e sitúa politicamente a Cabanillas como un demócrata comprometido co seu país.

- Ana Baena,"Unha exposición reivindica ao poeta Ramón Cabanillas", *Atlántico Diario*, "Vigo", 18 setembro 2009, p. 9.

Recolle a inauguración da exposición "A roseira dos recordos", na Casa Galega da Cultura coma homenaxe a Ramón Cabanillas promovida pola Editorial Galaxia. Describe, ademais, o contido da mesma comentando que os paneis que configuran a exposición recollen en palabras do autor da súa biografía, froito da investigación de Luis Rei.

- Xaime Bello Costa, "Cabanillas", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 4 novembro 2009, p. 21.

Ademais de sinalar que o día 9 de novembro se conmemora oficialmente o vixésimo aniversario da caída do Muro de Berlín, apunta tamén que nesta data se cumpre o cincuentenario do pasamento de Ramón Cabanillas, considerado herdeiro de Curros e Pondal. Apunta que vén "de gozar da lectura" dun libro sobre o cambadés escrito por Luís Rei e a continuación, alúdese a episodios biográficos e profesionais do poeta.

- Manuel Bragado, "Ramón Cabanillas, 50 aniversario", *Faro de Vigo,* "Opinión", "Campo de Granada", 8 novembro 2009, p. 28.

Dá conta dos actos que terán lugar en Cambados para homenaxear a Ramón Cabanillas no cincuenta aniversario da súa morte. Apunta que é unha "mágoa" que non se aproveita esta ocasión para colocar en San Domingos de Bonaval o texto da "encomenda que lle fixera a Eudosia, a súa muller" nos últimos versos do primeiro poema de *Vento Mareiro* (1915). Por outro lado, comenta outras homenaxes, como a que terá lugar en Mondariz ou a realizada por Luís Rei no libro *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*, feito con "clara vontade literaria e fonda admiración ao vate".

- L. Míguez, "Os cincuenta anos de Ramón Cabanillas como interino", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 novembro 2009, p. 49.

Infórmase que o acto de homenaxe polo cincuenta cabodano da morte de Ramón Cabanillas en Mondariz Balneario incluíu a reflexión sobre a biografía *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*, de Luís Rei. Saliéntase que nela se inclúen aspectos como o medio século que pasou exercendo como traballador municipal en distintos concellos galegos sen praza fixa; a súa relación co concello da homenaxe, onde imprimiu preto dun terzo da súa obra, foi concelleiro da primeira corporación, coñeceu o mecenado e axuda de Enrique Peinador; e a posibilidade, grazas ao concello, de publicar títulos como *A rosa de cen follas*, *Bendito San Amaro*, *A man da Santiña* ou *A noite estrelecida* que logo se repartiron de xeito gratuíto polo concello.

- J. P., "El Concello solicita a la Xunta mejoras para 'dignificar' la tumba de Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Local", 13 novembro 2009, p. 13.

Indícase que o Concello de Cambados lle solicitou á Xunta de Galicia que mellore o sepulcro de Ramón Cabanillas e apúntase que Luís Rei presentou este volume do que se subliña que repasa a xenealoxía dos proxenitores de Cabanillas e que a seguir percorre toda a súa vida con testemuños e relatos.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "Poesía completa de Ramón Cabanillas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 29 decembro 2009, p. 3.

Dáse noticia da publicación da *Poesía galega completa*, de Ramón Cabanillas, coordinada por Xosé María Dobarro e Xosé Ramón Pena e editada por Edicións Xerais de Galicia. Opínase que, aínda que no seu momento foi admirado, Cabanillas non ten agora a debida presenza e aceptación no mundo literario, cultural e social galego; polo que tamén se celebra a publicación da biografía, realizada por Luís Rei, *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades* cando se cumpren cincuenta anos da súa morte.

Rivas, Manuel, *A boca da literatura*. *Memoria*, *ecoloxía*, *lingua*. *Discurso lido o día 12 de decembro de 2009*, *no acto da súa recepción*, *polo ilustrísimo señor don Manuel Rivas Barrós e resposta do excelentísimo señor don Xosé Luís Axeitos Agrelo*, A Coruña: Real Academia Galega, decembro 2009, 49 pp. (ISBN: 978-84-87987-75-5). ◆

Este volume acolle o discurso pronunciado por Manuel Rivas Barrós con motivo da súa entrada na Real Academia Galega e a resposta de Xosé Luís Axeitos Agrelo. No seu discurso de ingreso Rivas parte dun epígrafe d'*Antígona*, de Sófocles, no que se indica que o ser humano se sitúa no "linde das rutas do agrisado mar" ao que engade Rivas que o home vai na busca da "boca da literatura". Cualifica a "condición de creador" como fráxil e recoñece que lle gustaría herdar "ese don da ollada fértil e da man sincera", de Camilo Gonsar. Agradece a intercesión de Luz Pozo Garza, Xosé Neira Vilas e Xosé Luís Méndez Ferrín para levar ao plenario da Academia o seu ingreso, a aceptación dese plenario e celebra que este se producira durante o mandato de Xosé Ramón Barreiro Fernández. Recrea brevemente referencias literarias na súa lembranza de aspectos históricos da cidade coruñesa e estabelece un diálogo con Camilo Gonsar no que lle indica que a súa obra "segue a traballar", xa que a literatura galega no pasado e na actualidade "ábrese na vangarda e no universal" unha continua "re-existencia". Así mestura recordos de infancia sobre o faro coruñés con alusións aos escritores Álvaro Cunqueiro, Manuel Antonio, Camilo Díaz Baliño, Xulio L. Valcárcel, Reimundo

Patiño, Xohán Casal e Lorenzo Varela, que o levan a lembrar a outros escritores universais e ás traducións ao galego das súas obras como é o caso d'*Á espera de Godot*, de Samuel Beckett, que traducira Francisco Pillado Maior. Esa recuperación da memoria leva así mesmo a Rivas a deterse no Monte dos Castros e a aludir a un artigo de Fermín Bouza, á poesía de Antón Tovar e *O fin dun canto* (1982), de Méndez Ferrín. Considera a literatura de dous xeitos, "como boca de nós, como boca fértil dunha terra e dun pobo" e tamén como "a boca destemida, a boca que fala soa, que canta vadía, vagabunda". En relación con esta última idea alude á poesía de Avilés de Taramancos e de Méndez Ferrín; a *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio; ás cantigas de Martin Codax e Meendinho; ao verso-manifesto de Luís Pimentel; a *En las orillas del Sar* (1884) e *Follas novas* (1880), de Rosalía de Castro; a versos de Manuel Curros Enríquez; a *O galo* (1927), de Luís Amado Carballo; a *Os eidos* (1955), de Uxío Novoneyra; e a *Sombra do aire na herba* (1959), de Luís Pimentel. Sobre a palinxénese, "a rexeneración ou volta á vida dun ser despois dunha morte real ou aparente", lembra a Manuel Antonio e *Poesía última de amor e enfermidade*, de Lois Pereiro. Pecha o discurso a alusión a Laertes e a consideración de que "a poesía é o maior milagre do mundo". Na resposta de Xosé Luís Axeitos Agrelo este achega unha breve bibliografía de Rivas e "traza as liñas definitorias da súa poética creativa". En primeiro lugar salienta un xeito de rebeldía que se reflicte na construción da súa poética a partir de circunstancias e na súa receptividade, tal é o caso dos poemas "Camposanto", pertencente a *Costa da Morte Blues* (1995), e "Viúva dos mortos", inserido en *Balada nas praias do Oeste* (1985) e de metáforas empregadas n'*Os libros arden mal* (2006), novela que analiza moi detalladamente. A resposta de Axeitos Agrelo remata parafraseando ao propio Rivas para precisar que o autor coruñés non escribe "por riquezas non honores nin pola gloria", senón que loita "pola liberdade".

Referencias varias:

- X. M. P., "Un discurso sobre memoria, ecoloxía e lingua", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 decembro 2009, p. 9.

Dá conta do discurso de Manuel Rivas ao ingresar na Real Academia Galega destacando as numerosas referencias a escritores tanto do pasado como da contemporaneidade, así coma fai alusión á retranca galega, pero destacando, ante todo, o seu compromiso na defensa da lingua e demais expresións culturais en galego. Rivas valora positivamente a súa entrada na Real Academia. Sobre o título do discurso, *A boca da literatura*. *Memoria*, *ecoloxía*, *lingua*, aclara que para el a memoria non só a histórica, senón tamén a sensorial e subxectiva, nas que se baseou para escribilo.

- Lupe Gómez, "As estratexias da esperanza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 decembro 2009, p. 33.

Conversa co académico Manuel Rivas publicada o día anterior ao seu acto de ingreso na Real Academia Galega, e na que o devandito autor fai referencias a Rosalía de Castro, Miguel de Unamuno, Luís Pimentel e Ramón María del Valle-Inclan, entre outros. Tamén fala de como ser un bo xornalista e avanza algún dos temas que tratará ao día seguinte cando lea o discurso de ingreso, titulado "A boca da literatura", no que falará moito de Uxío Novoneyra.

- A. Losada, "Manuel Rivas abre etapa na Academia Galega armado cunha flor de toxo", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2009, pp. 40-41.

Recolle a incorporación de Manuel Rivas como membro da Real Academia Galega nun acto ao que asistiron numerosas personalidades tanto do ámbito cultural como político, destacando o contido do seu discurso *A Boca da Literatura. Memoria, ecoloxía e lingua*, no que se salienta o compromiso e a defensa da lingua e literatura galegas.

- maré, "O académico da flor de toxo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Un proceso de renovación", 13 decembro 2009, p. 33.

Faise referencia á entrada de Manuel Rivas como membro da Real Academia Galega destacando a súa presenza no acto portando un toxo. Saliéntase que no discurso, titulado *A Boca da Literatura. Memoria, ecoloxía e lingua*, facendo uso da popular retranca galega, enfatiza ante todo, o seu compromiso na defensa da lingua e das diferentes expresións artísticas da cultura galega. Por outra banda, faise fincapé nas presenzas e ausencias das diferentes personalidades do panorama político e cultural ao acto.

- Paola Obelleiro, "Rivas: 'La cultura gallega no puede ser un parque temático", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 decembro 2009, pp. 1 e 6.

Describe a entrada de Manuel Rivas como membro da Real Academia Galega cun discurso titulado *A boca da literatura. Memoria, ecoloxía, lingua*, destacando as extensas referencias tanto a autores internacionais como galegos, pasando por escritores falecidos e mais contemporáneos, dende Walter Benjamin, Xulio Valcárcel ou Roland Barthes, até Lois Pereiro. Considera que se trata de "una cuidada mezcla de episodios, frases y recuerdos de su memoria personal y de su 'memoria colectiva o laboriosa". Finalmente, subliña, por unha banda, os acenos á retranca galega que non faltaron no seu discurso, e por outra o seu compromiso na defensa da lingua e as expresións da cultura galega.

- Sara Vázquez, "Manuel Rivas ingresa na Real Academia Galega.", *Faro de Vigo,* "Sociedad", p. 45/"Manuel Rivas entra na Academia cunha invocación ao coruñesismo republicano", *La Opinión*, "Cultura", 13 decembro 2009, pp. 68-69.

Coméntase o discurso e a cerimonia de entrada na Real Academia Galega do escritor e xornalista Manuel Rivas. En dito discurso, Rivas fixo mención de escritores galegos como Rosalía de Castro, Daniel Rodríguez Castelao, Eduardo Pondal, Manuel Antonio e Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros. Saliéntase que Rivas estivo acompañado por numerosos persoeiros do mundo da literatura galega como Miguel Anxo Fernán Vello e Luís González Tosar, entre outros moitos.

Rivera Pedredo, Dorinda, *De Dante a Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 253, 2009, 135 pp. (ISBN: 978-84-8487-173-8).

Volume no que Dorinda Rivera Pedredo analiza a influenza que tivo a *Divina Commedia*, de Dante Alighieri, no universo literario de Álvaro Cunqueiro, quen se confesa admirador desta obra. Así coméntase que o influxo do autor florentino é una constante en todas as etapas da produción cunqueirana. A autora explica que dentro dos

grupos temáticos da produción do escritor mindoniense, pódese estabelecer un "ciclo da Comedia", que abrangue diversos xéneros, ciclo no que se inclúen basicamente as composicións tituladas : "Resucitado", "Un capitán e o seu cabalo" e "Ricorditi di me", poemas pertencentes a *Herba aquí e acolá* (1980); pezas dramáticas e textos narrativos, entre os que sobresae a novela *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca*. Coméntase que Cunqueiro non é un mero imitador da obra de Dante, senón que en ocasións, transforma o relato orixinal a través da parodia, respecta só parcialmente os textos, amalgama historias e personaxes heteroxéneos, alteración que lle permite situar os personaxes e argumentos de Dante no contorno galaico. En definitiva, Rivera Pedredo explica que o escritor mindoniense, de acordo coa súa vontade fabuladora, "coloniza" mitos, lendas de diversos lugares e diferentes épocas extrapolándoas ao "cosmos galego". A autora destaca o interese de Cunqueiro pola historia de Paolo e Francesca recuperada do "Inferno" e polo encontro de Dante con Arnaut Daniel e o mito de Pia de Toimei, aos que o autor florentino sitúa no "Purgatorio". Rivera Pedredo sinala que Cunqueiro tamén toma prestados personaxes doutros autores, así recorre a "gentildonna" Beatrice, emparentada coa Beatrice das narracións de Rafael Sanchez-Mazas, que o autor mindoniense adopta como símbolo de "Amor", ou Giovanna, "a donna" símbolo da poesía de Guido Cavalcanti. Segundo explica a autora, a través de todas estas "desventuradas amantes" (Francesca de Rimini, Pie dei Tolomei, Beatrice Portinari e Ciovanna), Cunqueiro amosa a súa percepción do sentimento amoroso, un amor saudoso no que predomina o "amor galán". Asemade, indícase que outros divulgadores do dantismo, como Enrza Pound e T. S. Eliot, tamén influenciaron ao autor mindoniense. Máis aló da influenza temática, Rivera Pedredo destaca outros puntos de afinidade entre ambos autores como son o profundo amor polas súas terras de procedencia : Florencia e Mondoñedo e o compromiso de ambos coas súas linguas nais. Non só se aborda neste volume o "dantismo" de Cunqueiro, senón que transversalmente tamén se reflexiona sobre os aspectos característicos da produción do autor. Destaca a grande erudición deste estudo, con notas aclaratorias constantes e referencias a unha extensa bibliografía, incluíndose tamén extractos de textos literarios, de entrevistas e de artigos de Cunqueiro, así como fragmentos correspondentes a obras de Dante.

Rodríguez Gómez, Luciano, *O po dos días. Introdución temática á poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Universitaria, 2009, 156 pp. (ISBN: 978-84-9914-013-1).

Ensaio do profesor Luciano Rodríguez Gómez (Viana do Bolo, Ourense, 1951) que nos aproxima á obra poética de Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane, Graña de Vilarente, Abadín, 1909–Santiago de Compostela, 1961) con motivo do centenario do seu nacemento. A obra ábrese cunha dedicatoria a Celestino Rodríguez Cabana e Xano Trevinca e estrutúrase en dúas partes. Na primeira parte, titulada "Os días", destácanse os datos máis importantes da súa biografía que influirán na súa poesía; así, fálase da súa infancia en Seivane; da súa formación no Seminario de Mondoñedo; do Servizo Militar en Ferrol, onde coñeceu a Vicente Risco, Alfonso Rodríguez Castelao e Ramón Otero Pedrayo; de que en Santiago se introduciu no mundo literario da época, de que chegou a director d'*A Nosa Terra* e da súa vida en Vilagarcía de Arousa, onde durante quince anos compaxinou a docencia coa faceta de creador literario; conseguiu a Cátedra de Latín e trasladouse a Lugo, e despois a Pontevedra; finalmente, regresou a Santiago. Na segunda parte, "As palabras", proponse unha lectura dos seus seis poemarios galegos: *Señardá* (1930), *Corazón ao vento* (1933), *Cómaros verdes* (1947), *De día a día* (1960),

Lanza de soledá (1961) e *Nenias* (1961). Luciano Rodríguez cre que sempre se lle prestou pouca atención á obra poética de Iglesia Alvariño, polo que foi pouco lida; así, moitas veces crese que a súa obra se reduce aos seus tres primeiros libros. Por iso decidiu facer esta proposta de lectura temática que opina pode contribuír a unha aproximación más exacta á súa poesía. Comenta que, aínda que ás veces hai referencias a outros textos, o estudo está centrado nas primeiras edicións dos seus poemarios galegos escritos en vida. Como conclusión sinala que os temas da súa obra aparecen enunciados en *Señardá* e que se mantén fiel a eles no resto de libros; estes temas recorrentes na súa poesía son: a natureza, o amor, a palabra poética, o tempo, a soidade e a morte. Destácase que, aínda que os enunciados temáticos non cambian, si hai unha mudanza na intensidade xa que nos últimos libros o ton reflexivo é máis denso e a morte e a soidade están presentes sempre. Finalmente opina que a obra poética deste escritor é a expresión da súa propia identidade biográfica.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 579, "Páxina literaria", 26 xullo 2009, p. 4.

Coméntase que Luciano Rodríguez Gómez ofrece n'*O po dos días. Introdución temática á poesía de Aquilino Iglesia Alvariño* un estudo dividido en dúas partes: "Os días", na que se analizan aspectos biográficos porque é un escritor no que se interrelacionan vida e obra, e "As palabras", na que se fai un estudo profundo da sensibilidade e da expresión artística e filosófica de Iglesia Alvariño a través dos seus poemarios. Sinálase que o seu lugar de nacemento é importante para entender a súa obra, xa que del recolle o léxico, as expresións do agro, etc., pero que é no Seminario de Mondoñedo onde escribiu os seus primeiros versos e que o seu estudo dos clásicos gregos e latinos deixou pegada na súa poesía. Destácase que en Santiago estabeleceu amizade cos intelectuais da época e dirixiu *A Nosa Terra*, debido ao seu compromiso coa lingua e a cultura galegas. Afírmase que na segunda parte do traballo faise un estudo exhaustivo, case poema por poema, dos seis poemarios de Alvariño: *Señardá* (1930), *Corazón ao vento* (1933), *Cómaros verdes* (1947), *De día a día* (1960), *Lanza de soledá* (1961) e *Nenias* (1961). Dise que os temas recorrentes na súa poesía son o tempo, a morte, a soidade e a natureza e que a súa formación clásica lle permitía adaptar o mundo latino ao mundo rural galego. Finalmente, dáse conta de que foi alcumado "o señor das palabras" polo seu interese por modismos e significados e porque o culto pola palabra é característico da súa obra.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A orfandade e a soidade humanas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xuño 2009, p. 28.

Dáse noticia da publicación do ensaio *O po dos días. Introdución temática á poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, de Luciano Rodríguez, no que se afirma que os temas recorrentes da obra deste autor son a natureza, o amor, a palabra poética, o tempo, a soidade e a morte. Infórmase de que Rodríguez xa publicara dous libros sobre o poeta: *Poesías de Aquilino Iglesia Alvariño* (1991) e *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño* (1994). Rodríguez comenta que Alvariño estudou no Seminario de Mondoñedo, o que

deixou unha gran pegada na súa poesía debido á súa formación humanística, e alí coñeceu a Álvaro Cunqueiro e Manuel Ledo Bermúdez, que colaboraron na edición do seu primeiro poemario *Señardá* (1930). Conta que máis tarde se trasladou a Ferrol para facer o Servizo Militar e alí coñeceu a Vicente Risco, Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo e Ricardo Carvalho Calero. Di que despois publicou o seu segundo poemario, *Corazón ao vento* (1933), e traballou en Santiago como corrector da Editorial Nós e como director d'*A Nosa Terra*, polo que se decantou por unha postura máis culturalista que política, xa que considerou prioritario elevar o nivel formativo da xente, aínda que hai autores que teñen outras interpretacións máis duras. Destaca que a súa estancia en Vilagarcía tamén se reflictiu na súa escrita e que exerceu a docencia en Vigo, Lugo, Pontevedra e Santiago, onde colaborou en *La Noche*, traduciu a autores clásicos e algún contemporáneo e publicou *De día a día* (1960), *Lanza de soledá* (1961) e *Nenias* (1961). Para rematar, opina que a poesía é o seu propio retrato autobiográfico e que é o único instrumento co que conta o poeta para loitar contra o tempo.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "A misión do poeta", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 21 xullo 2009, p. 3.

Refírese a Luciano Rodríguez, de quen apunta que é un especialista de Aquilino Iglesia Alvariño, e de que acaba de tirar do prelo o seu novo ensaio dedicado á poesía do lugués baixo o título *O po dos días. Introdución temática á poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*. Informa que o ensaísta quixo que se celebrara o nacemento do poeta nas terras chairegas de Abadín e apunta algunhas das súas apreciacións como que Iglesia Alvariño tiña unha "alta estima á misión do poeta", ao que xa se referira nun artigo publicado en 1957.

- Rodri García, "Ningún autor ten o léxico de Aquilino Iglesia Alvariño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 agosto 2009, p. 48.

Entrevista a Luciano Rodríguez Gómez co gallo da publicación d'*O po dos días. Introdución temática á poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, unha biografía temática que, no centenario do seu nacemento, analiza a vida e os poemarios en galego deste autor. Sinala que se formou no Seminario de Mondoñedo; que estivo en Lugo, Pontevedra, Vilagarcía e Santiago, onde escribiu semanalmente, entre 1946 e 1961, e en castelán no xornal *La Noche*. Comenta que en *Corazón ao vento* (1933) se notan as súas influencias vangardistas e en *Cómaros Verdes* (1947) a pegada de Federico García Lorca. Afirma que tiña un dominio da linguaxe e que era coñecido como "o señor das palabras". Destaca que dende o seu segundo libro escribe nenias, cantos de berce e de morte, sobre todo destas últimas, xa que estaba obsesionado con ese tema, tal e como se pode observar en *Lanza de soledá* (1961).

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión d'*O pó dos días*. *Introdución temática á poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, de Luciano Rodríguez.

Rodríguez Baxeiras, Xavier, *Bos tempos para a lírica*. *A xeración de 1980*, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, n.º 25, novembro 2009, 166 pp. (ISBN: 978-84-92646-26-5).

Ensaio de Xavier Rodríguez Baixeras que se presenta aos ollos dos lectores baixo a súa pretensión primeira: "un acto de sinxela homenaxe" á súa xeración poética, os Poetas dos 80, evitando o academicismo e o estabelecemento de valorizacións canónicas, nas que apenas acredita. Consta dunha "Nota introdutoria" e dúas partes. A primeira insiste na contextualización, nos temas, nos lugares comúns, nos estilos, tendencias e focos. Na segunda realízanse semblanzas-capítulo a once poetas galegos, escollidos por estar máis próximos "por afección, gusto ou temperamento", lonxe da demarcación de trazos ou xerarquías. A primeira parte subdivídese en oito capítulos introducidos por un número romano. No I, fócase o contexto, as posturas máis eclécticas e formalistas, o tratamento da linguaxe e a eufonía, as influencias dende Álvaro Cunqueiro a T. S. Eliot ou o espiñento asunto da demarcación xeracional. No II, cítanse concepcións da lírica dos 80. A poesía non vangardista foi cualificada por veces de "neorromántica" e "culturalista", cuestión que o autor pón en dúbida, exemplificando con Uxío Novoneyra, Bernardino Graña e afondando na concepción de "romántico" e "neorromántico". No III epígrafe, faise referencia á linguaxe pasando por Alfonso Pexegueiro ou por Vítor Vaqueiro, distinguindo entre a que adopta unha actitude contraria á da escrita tradicional e outra que seguiría esta mesma, tal vez aderezada de certo Surrealismo. No IV, fálase das diferenzas e, en maior grao, paridades, dos círculos que se formaron en dúas cidades galegas: Vigo e A Coruña, adentrándose na figura de Lois Pereiro. No V, fálase doutras propostas á marxe das tendencias xerais, xa sexa Claudio Rodríguez Fer, Xosé Vázquez Pintor, Arcadio López Casanova ou Xela Arias. No VI, reflexiónase sobre o abandono ou contención das galas culturalistas no transcorrer do século: Anxo Angueira, Gonzalo Navaza..., tamén se reflexiona sobre o realismo de carácter conversacional, con Antón Lopo, Luísa Castro ou Xoán-Manuel Casado. No VII, achégase unha ollada sobre as antoloxías e o fenómeno lírico interconectado con outras correntes artísticas do momento, entre as que se cifra o rock, mais non se afonda na cuestión sociolóxica. O VIII serve de introdución á análise dos once autores e avisando de certas modificacións a partir da segunda metade da década, sempre adobiado de exemplos de fragmentos dos poemas de cada un. Fala de "Xavier Seoane: o vó da palabra", do que destaca unha evolución en constantes iniciacións e regresos, con verbos "dicendi", léxico místico e forma espida, sinxela. "Ramiro Fonte: os ollos da memoria", onde se afirma un avance do xeral ao particular, do acento reflexivo ou narrativo, da nostalxia á enerxía, etc. "Xosé María Álvarez Cáccamo: a poesía como asombro" que dende o "vasto" e complexo da súa obra, fai brillar a riqueza simbólica, léxico e rotunda sonoridade, versículos ou prosa lírica, sempre envoltos de temas como o medo ou o central e "remoto stupore" do que falaba C. Pavese e que el mesmo cita. De "Manuel Forcadela: a máscara do olvido", autor d'*A morte do fadista* (2000) ou *O varredor en outono* (1988), dise que transpasa o culto ou a exuberancia verbal para formar un discurso de recolla de recursos e recoñecemento do artificio. "Miguel Anxo Fernán Vello: o canto incesante" é caracterizado dende a memoria das impresións primeiras, que Baixeras afirma manter incólumes: eufonía, elocuencia e unha espiritualidade voluptuosa. Hai unha meditación obsesiva verbo do corpo, ao igual que hai unha tensión constante entre materialidade e espiritualidade. "Pilar Pallarés: da soidade á contemplación" é o capítulo dedicado á autora que irrompeu coa "sinceridade poética" de *Entre lusco e fusco* (1980), traballada fuxindo da pulsión sentimental para descubrir esoutras lecturas, como a da sólida armazón conceptual e a planificación de estruturas como a de *Sétima soidade* (1984) ou a complexidade case ritual do *Livro das devoracións* (1996). "Manuel Vilanova: a palabra alucinada" iníciase cunha defensa do "barroquismo" como xeito natural do poeta, tamén mítico-culturalista, expresionista ou "tremendista"

segundo os poemas, reformando con novo ton e distorsións, materias tradicionais como o desamor ou a carraxe. "Xulio L. Valcárcel: erosión e trascendencia" iníciase coa semblanza do notábel lector vocacional de poesía que é o autor, que se traduce en poemas con resonancias, con redescubrimentos. Imaxes simbolistas, onirismo, interioridade musical, atravesando "Véspera do día" ou "Solaina de ausencia", cunha mudanza de significado e evanescencia. Ao pé dos versos de "Román Raña: a pugna entre o mundo e a palabra" combátense as críticas primeiras de culturalismo, pedantería ou puro ornato para chegar á "palabra salvadora", á temática do tempo, a morte, a vellez ou a natureza. "Ana Romaní: mente e paixón" trátase dende a contención rítmica, a abstracción lexical, a profusión de plurais ou o feminismo subxacente nunha poesía que conservará sempre referencias ao coterráneo e coñecido Avilés de Taramancos. "Fermín Bouza: a fundación do inverno" preséntase como un poeta de lenta xerminación e entrada na poesía galega, que incorpora trazos e bestiario de materia mítica, alén de personaxes e obxectos simbólicos. Coa valoración de *Labirinto de inverno* (1990), con preto de douscentos poemas, como un libro pechado, redondo, exemplo dunha vida e dun exercicio de introspección anímica, remátase o ensaio.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "Versos de supervivencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poeta", 24 decembro 2009, p. 26.

Alude ao proxecto da editorial Espiral Maior baseado na xeración de poetas dos anos oitenta e destaca a publicación de *Bos tempos para a lírica. A xeración dos 80*, de Xavier Rodríguez Baixeras.

Rodríguez González, Olivia e Laura **Mariño Sánchez** (ed.), *Novas achegas ao estudo da literatura galega. Enfoques literarios e socio-históricos*, A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 2009, XXVIII pp. Contén CD (ISBN:978-84-9749-347-5). ◆

Este volume recompilatorio no que colabora o Consello da Cultura Galega arrinca cun limiar de Olivia Rodríguez González, unha das dúas editoras, no que presenta unha selección dos traballos do encontro celebrado na Universidade Federal de Salvador de Bahia (Brasil) con motivo do VIII Congreso Internacional de Estudos Galegos, organizado pola AIEG. Explica que este volume acolle as últimas investigacións desenvolvidas no eido dos estudos literarios galegos, nas vertentes histórica, comparada, crítica e teórica, ademais dunha escolma de apartados que tratan sobre os "Estudos Culturais". Indica que no volume participan vinte e nove autores, profesores e investigadores de universidades españolas e estranxeiras e que empregan maioritariamente o galego e o portugués. Reivindica o valor investigador dos Congresos das áreas de Humanidades e critica a nula consideración no baremo universitario da produción científica das "actas de congresos". Precisa que o volume se estrutura en tres capítulos: "Enfoques literarios", "Enfoques comparatistas" e "Enfoques históricos e socio-literarios". Resume que no primeiro capítulo participan as medievalistas Leticia Eirín, Marleine Marcondes Ferreira, Gimena del Río e Amparo Tavares Maleval, que en relación coa literatura contemporánea aparacen as achegas de Carmen Fernández Pérez-Sanjulián, Caroline Moreira Reis, Carolina Viana Vieira, Flávio Garcia, Delia

Cambeiro, M. Xesús Lama, M. Xesús Nogueira e Helena González. No capítulo II participan Laura Tato, Alva Martínez-Teixeiro, Juliana Gomes, Craig Patterson, Blanca-Ana Roig Rechou e María Carreira López. E o capítulo III conta cos traballos de Josias Abdalla Duarte, María dos Anxos García Fonte, José Luís Forneiro, Maria Amparo Tavares Maleval, Jerusa Pires Ferreira, Juliana Gomes, Pilar García Cuesta, Olivia Rodríguez González, María Antonia Pérez Rodríguez, María Victoria Navas, Mª del Carmen Villarino Pardo, María Aránzazu Fernández Crespo, José Antonio Vidal Rodríguez e M. Xosé Rodríguez Galdo. Apunta que este volume responde aos fins da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), creada hai vinte e cinco anos: promover os estudos galegos de xeito internacional, propiciar o intercambio entre estudiosos de distintas disciplinas que tratan a realidade galega e fomentar a presenza da cultura galega no mundo. Remata indicando que se trata do primeiro monográfico temático da AIEG e agradecendo a diversas institucións que contribuíron á edición do volume. A continuación do limiar acóllese a táboa de contidos estruturada nos tres capítulos xa comentados e na que se indica o título da achega e a páxina na que comeza, o índice de autores no que se indica a universidade á que pertencen e a páxina na que aparacen, e un índice xeral do volume estruturado por capítulos e no qe se especifica o nome do autor, o título do artigo e a páxina na que arrinca. O volume complétase cun CD que se compón dun PDF no que se acollen todas as achegas dos profesores e investigadores universitarios.

Rolland, Eduardo, *Vigo*, *a cidade das ondas*, Barcelona: Lunwerg Editores, 2009, 272 pp. (ISBN: 978-84-9785-452-8).

Eduardo Rolland (Vigo, 1969) realiza en *Vigo, a cidade das ondas* un percorrido por esta urbe. Así comeza cunha breve historia de *Vicus* á que viaxaron con frecuencia os fenicios, na que desembarcaron os romanos e guerrearon os viquingos. Unha cidade que sufriu os ataques do corsario Francis Drake e que no século XVIII viviu un período de prosperidade co desenvolvemento da pesca, a industria da salgadura, o comercio con Europa e América para, en 1809 ser ocupada polos exércitos de Napoleón nun afán de someter Galicia. Estes e outros acontecementos son relatados por Rolland na primeira parte do libro. Posteriormente, comenta a importancia que a navegación (tanto de recreo como profesional) ten na cidade e comezar a describir e comentar edificios, esculturas e zonas de Vigo. No volume salienta especialmente a fotografía feita por Javier Teniente (Vigo, 1968) cuxos pés de fotos aparecen en galego, castelán e inglés. Nestas tres mesmas linguas ofrécese o texto de Rolland, sendo o galego a principal. Porén, á marxe desta edición trilingüe tamén existe outra bilingüe en castelán e inglés.

Referencias varias:

- Ana Baena, "Cidade das ondas', historias de hoy", *Atlántico Diario*, "Vigo", 11 marzo 2009, p. 16.

Alude á presentación de *Vigo, a cidade das ondas*, do que se salienta que está publicado por Lunwerg Editores, que sairá ao mercado o 17 de marzo de 2009 e que contará con dúas edicións: unha trilingüe (galego como lingua principal e traducións ao inglés e ao español) e outra bilingüe (inglés e español). Asemade, fala de que este volume está centrado na Cidade Olívica, mais que conta con referencias literarias como ás ondas

mariñas dos versos de Martín Codax.

Román Alonso, Jesús-Fernando, *Filomena Dato*: *a poeta galega de entre séculos*, Ourense: Duen De Bux, xuño 2009, 300 pp. (ISBN: 978-84-936957-2-9).

Jesús Fernando Román Alonso comeza este estudo biobibliográfico sobre a figura de Filomena Dato Muruais (Ourense, 1856-Sada, 1926) e só do que escribiu en lingua galega, con catro apartados centrados na súa vida: uns breves "Apuntamentos biográficos", "A sociabilidade de Filomena Dato", "As súas relacións amicais" con Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, Manuel Murguía, Marcelo Macías, Sofía Casanova, Emilia Pardo Bazán, Heraclio Pérez Placer e mais Alejandro Pérez Lugín, e, finalmente, "A morte de Filomena Dato". O quinto apartado de *Filomena Dato*: *a poeta galega de entre séculos* titúlase "Semblanzas e críticas literarias que diversos autores fixeron de Filomena Dato" e nel recóllense os textos e as opinións máis persoais emitidas e asinadas polos amigos de Filomena Dato: Roque Pesqueira Crespo, Ramiro Vieira Durán, Luciana Cid Hermida, Adolfo Vázquez Nóvoa ou aparecendo como editoriais *Revista Gallega* da Coruña, así como as emitidas polos estudiosos en compilacións ou artigos xornalísticos como Xavier Castro Rodríguez, Francisco Lanza Álvarez, Eugenio Carré Aldao, Couceiro Freijomil, Carmen Blanco e Aurora Marco. O seguinte apartado leva por título "Filomena Dato e os Xogos Florais" e nel realízase unha breve achega aos Xogos Florais de Ourense 1887, de Tui 1891, Lugo 1900, Ourense 1901 e menciona a participación da poeta nos de Vigo 1888 e mais nos de Salamanca 1891. Despois desta achega biobibliográfica o sétimo apartado deste volume é unha "Recompilación poética" en lingua galega de Filomena Dato e contén un corpus literario de sesenta e tres poemas. Nela inclúense todos os poemas de *Follatos* (Ourense, 1891), outros poemas soltos, así como tres inéditos "Traducción", "Sempre te vexo" e mais "O Ciprianillo. Quero a alma de Valente". Este volume péchase cunhas notas biográficas relativas ao lugar e data de publicación dos poemas e cunha bibliografía.

Referencias varias:

- Moncho Conde Corbal, "Enhorabuena", *La Región*, "Ciudad", "Percepciones", 12 maio 2009, p. 12.

Dálle os parabéns a Román Alonso por publicar esta obra froito de dous anos de traballo, anuncia a súa presentación en Ourense o 2 de xuño e remata falando da colocación dunha placa na honra de Filomena Dato Muruais na rúa Santo Domingo de Ourense.

- S. Espinoso, "La casa de Santo Domingo en la que vivió Filomena Dato recobra una placa honorífica", *La Región*, "Ourense", 31 maio 2009, p. 16.

Anúnciase a presentación oficial deste libro e indícase que conta con trescentas páxinas e que ao remate deste acto terá lugar unha procesión cívica dende o Museo Municipal de Ourense até o número 64 da rúa Santo Domingo, onde se repoñerá unha antiga placa que honra a Filomena Dato Muruais.

- Fernando Román Alonso, "Procesión cívica a Filomena Dato", *La Región*, "Opinión",

2 xuño 2009, p. 22.

Dá conta da presentación no Museo Municipal de Ourense do volume *Filomena Dato*: *a poeta galega de entre séculos* e anuncia que cando remate se realizará unha "procesión cívica" dende este museo até o actual número 64 da rúa Santo Domingo, onde se reporá unha placa inaugurada o 25 de xullo de 1933. Finalmente, comenta que deste xeito a cidade de Ourense rememorará as procesións nas que participou Filomena Dato Muruais nos anos 1918 e 1925.

- L R, "Filomena Dato vuelve a la historia de la ciudad con una placa en la casa donde vivió", *La Región*, "Ourense", 3 xuño 2009, p. 8.

Coméntase a presentación deste libro no Museo Municipal de Ourense e detállase que ao seu remate realizouse unha procesión cívica e o descubrimento dunha vella placa na casa na que viviu Filomena Dato Muruais en Ourense.

Santalla, Iago, *O ilímite de pensarte libre*, limiar de María Xesús Nogueira, Noia: Editorial Toxosoutos, 2009, 110 pp. (ISBN: 978-84-92792-01-6).

Ábrese cun prólogo da profesora da Facultade de Humanidades da USC de Lugo, María Xesús Nogueira, no que sinala que o libro non ha deixar o lector indiferente, pois fala da aventura de vivir do autor e do seu desafío para afrontala, aspecto xa presente dende o título que reborda os límites da linguaxe. Defíneo como unha crónica íntima de autocoñecemento e superación ateigada de sentimentos, que pretende tamén desterrar prexuízos sociais. A seguir, Iago Santalla (Vilaxuste, Portomarín, 1982) nun texto introdutorio detalla as orixes do seu escrito: as lembranzas que xurdiron unha tarde de choiva en outubro na que se enfrontou ás limitacións físicas motivadas pola parálise cerebral que sofre e decidiu transmitir que "a vida sempre garda un xeito de ledicia máis alá de todas as limitacións que poidan impoñer as circunstancias". Polos doce capítulos seguintes desfilan, cun estilo moi lírico, pensamentos íntimos, vivencias e o relato de diversos estados de ánimo, dende o desazo á autoafirmación, que acompañan a súa enfermidade, reflexións sobre Deus ou reivindicacións sobre a consideración social da discapacidade.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, "A teoría dos ilímites", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 25 xullo 2009, p. 31.

Tras afirmar que talvez non sexa elegante escribir sobre un libro para o que fixo o limiar, achégase aos contidos do libro *O ilímite de pensarte libre*, de Iago Santalla, sinalando que o autor relata a historia da súa loita contra a minusvalía que sofre e mais contra os prexuízos sociais. Salienta a defensa da teoría do ilímite para botar abaixo as pexas individuais e colectivas coa palabra, o cal o converte nun "libro singular de principio a fin" que mestura biografía, crónica, narración, denuncia social e relato lírico.

Referencias varias:

-Vanesa Rodríguez, “Iago Santalla presenta hoy su primer libro, ‘O ilímite de pensarte libre”, *El Progreso*, “Comarcas”, 12 xullo 2009, p. 12.

Nota que dá conta da presentación do volume *O ilímite de pensarte libre*, de Iago Santalla no Centro Sociocultural de Monterroso, no que o autor relata a súa convivencia coa parálise cerebral que padece dende neno. Sinálase que o acto contará coa presenza do alcalde, Antonio Gato, a prologuista María Xesús Nogueira, o ilustrador, José Antonio Fernández Amor, e o editor de Toxosoutos, Jacobo Lamas. Cualifícase o traballo como un testemuño de loita.

Tato Fontaiña, Laura e María do Amparo **Tavares Maleval** (organizadoras), *Estudos galego-brasileiros 3*. *Língua*, *literatura*, *identidade*, Rio de Janeiro: De Letras/edUERJ, 2009, 322 pp. (ISBN: 978-85-60559-08-4). ■

Terceiro volume da serie *Estudos Galego-Brasileiros* iniciada en 2003 polo grupo de profesores/as da UDC, coordinado por Francisco Salinas Portugal, e da UERJ, coordinado por Mª do Amparo Tavares Maleval. Foi realizado co apoio da CAPES, entidade do Governo Brasileiro, e ao abeiro do Convenio de Cooperación Internacional Hispano-Brasileiro. Ábrese cunha “Apresentação”, dividida en dúas partes intituladas “Estudo galego-brasileiros na UDC” e “Estudos galego-brasileiros na UERJ”, asinadas polas respectivas coordinadoras, Laura Tato e Mª do Amparo Tavares. En ambos casos, preséntase o volume e coméntanse os traballos realizados polo profesores da UDC, en primeiro lugar, e polo profesorado da UERJ, en segundo lugar. Nas dúas presentacións sinálase que son textos que se situán no ámbito dos estudos culturais e a metodoloxía comparativista. En relación á literatura galega recóllense os seguintes artigos:

- Manuel Ferreiro, “Os himnos nacionais (entre a Galiza e o Brasil). Sobre a deriva textual do himno galego”, pp. 21-48.

Antes de se centrar na ánalise do himno galego, reflexiona sobre o proceso xeral de fixación dos himnos como principais elementos de identidade nacional dende o século XIX. Comenta inicialmente aqueles “outros” himnos galegos que apareceron antes da consolidación do realizado por Eduardo Pondal e Pascual Veiga. Entre eles, destácase os da autoría de Ramón Armada Teixeiro, de Alfredo Brañas ou Ramón Cabanillas. Por outra banda, alúdese a historia do Himno Galego, dende as orixes até a súa institucionalización na Lei de Símbolos de 1984, e céntrase nalgunhas cuestións textuais de “Os pinos”, tales como as gráfico-fonéticas, fono-morfolóxicas e semántico-lexicais.

- Carlos Paulo Martínez Pereiro, “A ‘manuscrita’ caligráfica de Uxío Novoneyra”, pp. 61-101.

Inicialmente sinala que estas reflexións supoñen unha continuación e comezan *in media res* pois xa, noutro traballo anterior, abordara as influencias interculturais e as “afluencias plástico-escriturais” na obra de Novoneyra. Ademais, toma como referente de comparación a obra do artista brasileiro Arnaldo Antunes. Sitúa a poesía manuscrita do escritor do Courel na esfera dos grandes representantes da vangarda do século XX e analízaa amosando exemplos da súa obra, que reparan, entre outras cousas, na intención sígnica da representación da identidade colectiva galega (na liña de Castelao), a súa produción poética en relación ao influxo da poética xaponesa ou o emprego de certos

recursos tipográficos e usos caligráficos.

- Francisco Salinas Portugal, "Ficción histórica e construción nacional", pp. 103-126.

Comeza definindo o que entende por "literaturas emerxentes", vinculado á aparición e institucionalización das literaturas nacionais. Apunta que hai algúns elementos comúns en todos estes sistemas literarios como por exemplo, o feito de que a constitución do sistema estea ligada a procesos de carácter político. Por outro lado, apóiase na teoría de Jameson para se centrar no interese que as literaturas emerxentes mostran pola ficcionalización histórica. A partir de aquí, analiza tres textos cronoloxicamente diferentes que "contribuíron poderosamente" á consolidación da literatura nacional: *Os camiños da vida* (1928), de Ramón Otero Pedrayo, *A Confederação dos Tamoios* (1994), de Gonçalves de Magalhães e *Lueji*, de Pepetela. Concretamente da obra de Otero, reflexiona sobre o proxecto identitario da Xeración Nós e comenta tamén algúns aspectos relevantes da novela como é a cuestión da fidalguía e as alegorías nacionais como o pazo.

- Carmen Fernández Pérez-Sanjulián, "Narrativa e construción da identidade: 'Os camiños da vida' de Ramón Otero Pedrayo", pp. 137-151.

Describe as características principais do grupo Nós, contextualizándoo no tempo, no que Otero Pedrayo é un paradigmático representante daquela elite intelectual. Confirma a idea de que os escritores aspiran á conceptualización do referente identitario e á configuración dun "nós" imaxinario. Sobre esta idea, analiza a función que desempeñan no discurso narrativo deste escritor, os personaxes de Adrián Solovio, o polaco Potocky e os irmáns irlandeses O'Bryan na obra d'*Os camiños da vida* (1928). Conclúe que Otero constrúe un discurso de afirmación da identidade ao presentar a "Galiza nun diálogo en pé de igualdade con outras nacións europeas" e que esas figuras literarias presentan unha idea de europeísmo que funciona "como referente de identificación" e "autoafirmación".

- María Pilar García Negro, "De Rosalía de Castro a Castelao: o rosto verdadeiro da Galiza", pp. 193-201.

Ábrese cun "Exordio" no que argumenta porque Rosalía de Castro e Castelao "representan e simbolizan o máis definitorio e identificador do *volkgeist* galego" da historia contemporánea. Comenta que ela inaugura a literatura do "Primeiro Renacemento", mentres que el é máximo representante do "Segundo Renacemento". Sobre estas premisas, analiza aspectos diversos da "coincidencia non casual" entre ambos escritores como é a identificación co país (en tanto que ningún deles pertencía á clase popular, pero acaban por se "desclasar" para escoller a maioría social); a proxección extra-artística alcanzada; a vontade de estar ao servizo dunha "necesaria emerxencia", onde confluían arte e patria; ou o uso consciente da lingua galega.

- Iremar Maciel de Brito, "Jogos teatrais de humor e crueldade nas comédias brasileiras e galegas modernas", pp. 285-299.

Analiza a aproximación entre a crueldade e o humor na obra comedia galega *Lección de teatro casi sem pernas* (2008), de Xavier Lama, en relación á comedia brasileira *Apareceu a Margarida* (1973), de Roberto de Athayde, despois de se centrar nalgunhas

cuestións teóricas sobre os elementos creadores do riso de carácter xeral. Xa que logo, discute as semellanzas e diferenzas entre estas dúas pezas ao redor do xurdimento do riso, en relación aos tres tipos de humor apuntados por Bergson (o do personaxe, o da situación e o da palabra). Conclúe que a comicidade na obra de Lama xurde "sobretudo" nos xogos creadores dos personaxes.

- Laura Tato Fontaíña, "A renovación dramática na Galiza e no Brasil. A muller como problema", pp. 301- 323.

Despois de indicar que se trata da continuación dun estudo comparativo da renovación dramática dos Modernistas brasileiros e dos Vangardistas galegos, nos autores máis representativos como os brasileiros Álvaro Moreira, Joracy Camargo e Renato Viana e os galegos Ramón Otero Pedrayo, Luís Manteiga, Antón Vilar Ponte e Gonzalo López Abente. Sobre os temas que se expuñan no teatro galego de comezos do século XX, sinálase que eran "comúns e propios das clases populares non urbanas". Ao redor disto, analízase a problemática social e máis concretamente, o tratamento que os autores lle dan nas súas pezas ao papel da muller na sociedade, do que conclúe que foi tratado cunha "enorme dose de paternalismo" e que estivo vencellado á cuestión da legalización do divorcio.

Tato Fontaiña, Laura, *Relación de noticias sobre teatro nos fondos da Biblioteca-Arquivo Teatral 'Francisco Pillado Mayor (1882-1975)*, A Coruña: Universidade da Coruña, col. Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, serie Documenta, n.º 19, 2009, 91 pp. (ISBN: 978-84-9749-340-6). ◆

Laura Tato Fontaíña (coordinadora da Biblioteca-Arquivo Teatral) na "Presentación" di que con esta publicación a Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor" quere comezar a divulgación dos fondos que presentan dificultades de catalogación como é o caso de notas e artigos de prensa. Anuncia que nesta primeira achega se reproducen as fichas até 1975, explicando o por qué de elixir esta data. Anticipa que esta documentación será incorporada no futuro á web da Biblioteca da Facultade de Filoloxía da Coruña e di que se ofrece seguindo o modelo de descrición bibliográfica da *Revista Galega de Filoloxía*. Comenta que, debido a que a bibliografía procede de coleccións privadas, non sempre está a ficha completa, e tamén que moitos dos textos figuran en edicións facsimilares de "vellas publicacións" ou nos formatos dixitalizados ou microfilmados da prensa galega. A seguir ofrécense as fichas das entradas bibliográficas baixo o título "Relación de noticias e artigos" (pp. 9-67), logo nos índices "... cronolóxico" (69-73), "... de obras citadas" (75-79), "... de antropónimos citados" (81-85) e "Relación de publicacións periódicas" (87-91).

Thompson, John, *As novelas da memoria*. *Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 53, 2009, 227 pp. (ISBN: 978-84-9865-207-9).

Nesta obra de John Thompson (Montana, EUA, 1971) faise un estudo pormenorizado das novelas galegas que recollen esa memoria histórica relativa á II República, á Guerra Civil e á ditadura franquista. Faise así un percorrido polas diferentes obras que transforman a historia en literatura e serven de fonte de información para a descuberta

desas épocas, como unha experiencia de inmersión na memoria histórica que ao tempo se converte nun instrumento pedagóxico para a transmisión dos feitos acaecidos. No libro, segundo se di na introdución, analízanse as novelas en relación con diferentes campos teóricos, cada un dos cales conforma os dez capítulos de que se compón a obra. A modo de exemplo dos anteditos campos teóricos citamos o título dalgún deles: "A memoria, trauma e oralidade", "A memoria reprimida que emerxe na sociedade e na ficción narrativa como pegadas espectrais" ou "A militancia literaria en Galiza". Detense o autor en moitas das corenta e dúas novelas escritas até o momento pero especialmente naquelas nas que as narracións crean un ciclo temporal entre os feitos/etapas e a actualidade, xa que, segundo se indica, son especialmente efectivas á hora de forxaren na comunidade lectora unha conciencia histórica. Dende a novela autobiográfica incompleta de Aníbal Otero, *Esmoriz* (1994), escrita cando estaba preso no cárcere de Tui; *Non agardei por ninguén* (1989), de Ramón Valenzuela; ou *Vento ferido* (1967), de Carlos Casares; até as achegas máis recentes da última parte do século XX e principios do século XXI como *Amor de tango* (1996), de María Xosé Queizán; *As rulas de Bakunin* (2002), de Antón Riveiro Coello; *O lapis do carpinteiro* (2005), de Manuel Rivas; *Pensa nao* (2000), de Anxo Angueira; ou *Agosto do 36* (2000), de Xosé Fernández Ferreiro.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "A memoria histórica na novela galega", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 26 setembro 2009, p. 2.

Tras lembrar que os grandes conflitos sociais padecidos por unha comunidade concreta se ven reflectidos no compromiso de moitos autores e autoras de transmitilos a través das súas obras, faise unha análise da obra de John Thompson, *As novelas da memoria*, na cal se fai un estudo de corenta e dúas novelas galegas acerca da guerra civil. Dise que se pon de manifesto no ensaio como esas obras son idóneas para recompoñer a memoria e coñecer así o trauma individual e colectivo da época, de xeito que a novela se converte no xénero apropiado para articular libremente a memoria da experiencia republicana e do trauma causado polo fascismo.

- Dolores Vilavedra, "Novela e memoria histórica", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 120-121.

Explica que *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea* ten a súa orixe na tese de doutoramento de John Thompson. Valora a elección das obras analizadas e á súa bibliografía, así como apunta que este estudioso analiza o corpus póndoo en relación cunha serie de fenómenos e campos teóricos que non sempre resultan igualmente produtivos. Por outra parte, anota as súas valías e sinala que onde máis acerta é nas partes dedicadas a demostrar como certas novelas galegas desvelan moitas das falacias que sobre a guerra e o franquismo perviven na sociedade actual, así como naqueloutras centradas na problemática representación da historia e da memoria. Reflexiona sobre outras pexas desta obra que pecha cun capítulo de conclusións modélico, que pode ser unha guía útil para que os lectores se acheguen a aqueles aspectos que lles resulten máis atractivos.

- Bieito Alonso, "Para que serve a memoria?", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Cultura", 5-11 novembro 2009, pp. 32-33.

Reflexiónase amplamente sobre a necesidade de manter viva a memoria histórica tras a lectura da obra de John Thompson *As novelas da memoria.Trauma e representación da Historia na Galiza contemporánea*. Dise que algunhas das declaracións do autor da obra son moi atinadas, como o feito de que as novelas galegas que teñen como contido a guerra civil e as súas consecuencias, sexan boas ferramentas para a recuperación da memoria histórica. Engádese que para Thompson hai unha eiva nunha parte da sociedade galega que non asume como necesario e imprescindíbel que se leve a cabo esa recuperación. Segundo se di, Thompson cre que a narrativa é unha boa vía que interfire nas vivencias persoais dos lectores e que a literatura é "un instrumento fecundo na rexeneración da fragmentación social que se percibe nas sociedades posmodernas" e serve para normalizar o recoñecemento do pasado no seu valor social e colectivo. Por último, estabelécense algunhas diferenzas de criterio entre o autor do artigo e algunhas opinións de John Thompson así como as coincidencias de criterio respecto á necesidade da reconstrución identitaria da colectividade.

- Estro Montaña, "Novelar a memoria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Libros", 5 novembro 2009, p.VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 258, "Letras galegas", 14 novembro 2009, p. 6.

Primeiro fálase sobre a importancia da memoria como elemento imprescindíbel do individuo para, deseguido, lembrar que moitos novelistas galegos se valeron desa memoria histórica para centrar as súas obras na guerra civil de 1936 e no franquismo. Sinálase logo a importancia da obra ensaística de John Thompson, *As novelas da memoria*, na cal o autor toma partido a prol da República e dos seus logros a través do estudo das novelas galegas que se centraron nesta temática ao longo do século XX. Dise que este autor considera a novela como a canle de representación da historia na Galicia contemporánea e noméanse algunhas das obras estudadas. Tamén se fala da crítica que Thompson fai a unha parte do nacionalismo galego que rexeita estas novelas e dise, por último, que se trata dun libro novidoso, interesante e aberto á polémica.

Referencias varias:

- Iago Martínez, "O nacionalismo galego non sabe que facer coa memoria histórica", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 25 xullo 2009, p. 56.

Trátase dunha entrevista ao profesor norteamericano John Thompson, tras a publicación da súa obra *As novelas da memoria*, un estudo sobre a reelaboración literaria da II República e a guerra civil en Galicia a través de corenta e tres novelas. Primeiramente lémbrase a condición de neofalante galego do profesor e o comezo do seu contacto coa lingua galega e Galicia para, deseguido, achegar as reflexións do profesor. Fálase sobre o compromiso político con Galicia e o interese científico na lingua e literatura galegas, sobre a novela como canle privilexiada para reelaborar a memoria, xa que ofrece á sociedade unha vía de inmersión na Historia, sobre a visión dalgúns críticos literarios como Francisco Rodríguez ou Xoán González Millán acerca dese tipo de novela e finalmente sobre a idoneidade, segundo el, da reivindicación da República como forma de goberno.

- Manuel Xestoso, "Moitas novelas da guerra empregan técnicas posmodernas", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Cultura", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 24.

Sinálase a presenza do profesor titular de Linguas Modernas da Universidade de Montana, John Thompson, para presentar a súa obra *As novelas da memoria*, na que fai un percorrido por varias novelas galegas nas que se trata o tema da guerra civil. Dise que para este profesor non existiu en Galicia un debate profundo sobre a memoria histórica e as súas consecuencias, polo que o argumento do que parte a obra pode contribuír á recuperación desa memoria. Indícase que para o escritor a novela é unha maneira de que os lectores coñezan a historia xa que, segundo el, non se achegan tan facilmente ás obras de carácter ensaístico. Achéganse outras moitas reflexións do profesor, entre elas, a necesidade de que cheguen aos lectores obras como *Amor de tango* (1992), de María Xosé Queizán, ou *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira, as cales recomenda mesmo como lecturas para o ensino secundario.

- D. S., "Un americano mergullado na novela negra", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 setembro 2009, p. 10.

Coméntase a publicación d'*As novelas da memoria*, de John Thompson, un profesor da Universidade de Montana que fai na obra, segundo se di, unha investigación sistemática sobre a narrativa galega e a guerra civil. Dise que na obra se analizan detidamente máis de corenta achegas literarias nas que se aborda a temática da guerra civil e destácase a súa calidade. Saliéntanse algunhas das obras que son analizadas, como as de Xosé Fernández Ferreiro (*Agosto do 36*, 1991), Ramón de Valenzuela, Camilo Gonsar ou María Xosé Queizán. Tamén se indica que se percibe a análise da crítica literaria que se fixo destas obras e por último dise que a primeira e grande obra sobre a guerra civil é *Non agardei por ninguén* (1957)*,* de Ramón de Valenzuela.

- Emilio Grandío Seoane, "Realidade ou ficción?", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proTagonista", outono 2009, p. 27.

A partir d´*As novelas da memoria. Trauma e representación da Historia na Galiza contemporánea*, John Thompson apunta nesta entrevista que cada vez vai resultar menos doado "filtrar" con criterio a información resultante dos tribunais militares ou da documentación xerada pola administración franquista, pois a morte das testemuñas vai deixándonos como único referente o papel escrito. Considera que a memoria individual, fornecedora xunto aos traballos dos historiadores da colectiva, é unha necesidade non só intelectual senón tamén biolóxica, de axustar pasado e presente, de equilibrio mental. Apunta que nas novelas sobre a memoria se bota de menos un traballo de investigación sobre a "zona gris" do colaboracionismo e sinala que á maioría dos historiadores lles falta a vitalidade da comunicación, dun estilo máis directo no ensaio que está ao alcance da literatura máis tradicional. Conclúe apuntando que por medio destas novelas se xeran emocións e conciencia a través dun trauma colectivo.

- Ana Salgado, "A II República divide aos nacionalistas polo seu vencello co Estado", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, pp. 26-27.

Entrevista con John Thompson, autor d´*As novelas da memoria. Trauma e representación da Historia na Galiza contemporánea*, na que apunta que a novela ofrece unha inmersión na Historia máis intensa que outros xéneros. Considera que se

hai tanta rememoración da guerra civil nas novelas e no cine é en parte porque son as únicas esferas en que a memoria se pode articular libremente. Explica por que acode á obra de dous estudiosos da literatura dende paradigmas teóricos por veces opostos, Xoán González Millán e Francisco Rodríguez, para falar do desinterese dunha parte do nacionalismo pola memoria da guerra. A seguir, refírese a algunhas das novelas presentes no seu estudo e apunta que lle interesan sobre todo as novelas que crean un vínculo entre os feitos, a historia deses feitos, e o noso presente, porque ao poren os dous planos temporais en contacto o que fan é explorar como ese pasado lles afecta ás persoas no presente. Tamén sinala que lle dedica un capítulo á análise feminista porque a misoxinia é prevalente na novelística galega, así como se refire á exploración da "zona de sombra". Por último, manifesta que, non sendo *Memoria do soldado*, de Alfredo Conde, non se banaliza na narrativa galega sobre a guerra, pois estima que os novelistas galegos fixeron un labor magnífico á hora de explorar os intersticios entre ese pasado non arranxado e o presente.

- Diego Taboada, "Galegofilias, galegofobias e exilios", *Xornal de Galicia*, "Entremuros", 17 novembro 2009, contracuberta.

Disértase longamente sobre o xermolo de autoodio que invade unha porcentaxe moi elevada da sociedade galega, e que a leva ao autodesprezo e a subestimar as súas propias capacidades e potencialidades (galegofobia), e tamén sobre un proceso contrario, galegofilia, que leva a unha mirada de autoestima cívica, cara a dentro, no cal culturas e linguas como a castelanfalante poden mesmo ser consideradas inimigas. Logo recoméndase a lectura de tres novelas recentemente publicadas que inciden na cuestión da propia identidade, entre elas, *As novelas da memoria: trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*, de John Thompson, a cal, segundo se di, afonda nas formas de representación literaria, na novela galega, da memoria silenciada da guerra civil.

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, fai referencia á monografía de John Thompson *As novelas da memoria. Trauma e representación da historia na Galiza contemporánea*, que analiza a elaboración da memoria colectiva nas novelas que tratan o tema da Segunda República, a guerra civil e a ditadura franquista. Opina que se trata dun ensaio no que a través de abondosos referentes teóricos trata de desmitificar algúns tópicos ao redor desta cuestión, cos riscos de distorsión que este propósito entraña.

Tomé, José Lorenzo, *O silencio dos deuses. Filosofía e Literatura*, A Coruña: Baía Edicións, febreiro 2009, 126 pp. (ISBN: 978-84-92630-04-2).

José Lorenzo Tomé, tendo como base algúns fragmentos literarios escritos dende a Grecia clásica até finais do século XX, que teñen interese para coñecer e comprender o home, presenta a variedade de propostas no uso da razón práctica que ao longo da creación literaria e mais da reflexión ética foron marcando a dirección cara á identidade individual autónoma e colectiva democrática. En total aparecen analizados a dezanove autores entre os que cómpre salientar a Álvaro Cunqueiro. Estes autores son: Homero,

Semónides de Amorgos, Sófocles, Platón, Dióxenes o Cínico, Chétien de Troyes, John Steinbeck, Umberto Eco, Miguel de Cervantes, Voltaire, Mary Shelley, Mark Twain, Carlo Collodi, Xulio Verne, Alain-Fournier, Joshep Conrad, J. R. R. Tolkien, Álvaro Cunqueiro e mais Jose Luís Borges. Con respecto á literatura galega faise unha análise da obra de Álvaro Cunqueiro no apartado "Álvaro Cunqueiro: Soño e esperanza da Fraga de Esmelle", mediante unha achega biobibliográfica e coa reprodución de fragmentos de *Merlín e familia* (1955) cos que José Lorenzo Tomé deduce que Cunqueiro nos ensinou que a memoria da infancia está viva en todo soño do ser humano na procura de liberdade e que isto o podemos desencantar coa linguaxe.

Referencias varias:

- Manuel Rivas, "Do silencio dos deuses ás faltas de ortografía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Os grouchos", 20 marzo 2009, p. 9.

Dá conta das obras de Lorenzo Tomé (mestre no Instituto Miraflores de Oleiros): *O silencio dos deuses*, *A cidade branca* (1987) e *Jünger Habermas*, así coma o seu diario íntimo titulado *Viaxes do corazón* (2008). Reproduce uns versos do poema "Camiño de Lionel Lienlaf", na versión bilingüe *Lúa de xemas frías* (2008), na que traballou Xulio Valcárcel. Cita outras obras poéticas máis recentes doutros autores, coma *Do ventre da cóbrega* (2008) ou *O sol de Homero* (2008), ambos os dous de Xavier Seoane, así coma *Faltas de ortografía* (2008), de Diego Cousillas Novo, premio de poesía Johán Carballeira. Finalmente, fai mención da obra de Marisa Castro, Antonio Prunell e Jaime Blanco-Dios, *Guía das árbores autóctonas e ornamentais de Galicia*, cualificado coma "a selva de Esmelle".

- C. P., "Un ensaio filosófico percorre a literatura desde Grecia ata Borges", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 abril 2009, p. 50.

Fala da presentación do ensaio *O silencio dos Deuses*, de José Lorenzo Tomé, do que se subliña que ten a vocación de chegar a un público amplo, xa que percorre a literatura cunha aproximación filosófica e mais que a clave deste ensaio é o seu "enfoque ético".

Vázquez Pintor, Xosé, *A terra do medio*, Vigo: A Nosa Terra Edicións. Pomocións Culturais Galegas/Xunta de Galicia, col. Viaxes literarias, 2009, 79 pp. (ISBN: 978-84-8341-329-6). ■

Obra descritiva de Xosé Vázquez Pintor (Melide,1946), iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega e subvencionada pola Xunta de Galicia, que inclúe pequenas poesías ou cantos populares. O narrador cóntanos a súa propia vida, sobre todo a época da infancia, pasada nos pobos desta zona do interior, coñecida como a terra do medio. Descríbense cada un dos recunchos e das peculiaridades dos pobos nomeados ao longo da obra como Melide, Toques, Santiso, Lalín, Rodeiro ou Agolada entre outros, acompañándoos de breves anécdotas, tanto cos veciños daquel entonces como cos familiares ou mesmo amigos. Acompáñanse os textos de fotografías de Paco Vilabarros, Xosé Vázquez Pintor e Vanessa Martínez que axudan o lector a situarse, a imaxinarse o que o narrador conta en cada momento de cada sitio concreto. Na obra hai un claro reflexo de historia, nostalxia, estrañar o artesanal. Faise mención a

diferentes etapas que marcaron a historia en Galicia: o exilio, a ditadura que impedía o desenvolvemento na lingua galega ou o Camiño de Santiago.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "El libro 'Curuxás, o guerrilleiro que non cazou Franco", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya Mariñana", 31 xullo 2009, p. 20.

Infórmase dos actos e participante da xornada dominical da Feira do libro no Camiño, na que se presentará o libro *A terra do medio*, de Xosé Vázquez Pintor.

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, fai referencia á colección "Viaxes literarias", de Edicións A Nosa Terra, sobre a que comenta que se trata duns textos cunha coidada edición sobre diversos lugares da xeografía galega escritos por aqueles autores cun especial vínculo con eles. Así, cita *A terra do medio*, de Xosé Vázquez Pintor; *Baixo Miño*, de Marta Dacosta; *Terra de Iria*, de Anxo Angueira; e *Terras de Compostela*, de Marilar Aleixandre.

Veiga, Martín, *Avilés de Taramancos. Fotobiografía sonora*, Sarria (Lugo): Editorial Ouvirmos, 2009, 157 pp. Inclúe 2 CD's. (ISBN: 978-84-612-9119-9).

Escolma de máis de cen fotografías de Antón Avilés de Taramancos (Noia, 1935-1992) acompañadas de textos de Martín Veiga (Noia, A Coruña, 1970) que analizan seis etapas vitais do escritor, introducidas, cada unha delas, por un dos seus poemas. O libro está introducido por unha presentación feita por Luís Avilés Baquero, que comenta que estraña moito a seu pai pero sobre todo a súa voz e quen teña esta obra vai ter esa voz protectora. A primeira parte abrangue os anos trinta e corenta e fan referencia á súa infancia e mocidade marcadas pola ausencia do pai embarcado, polo que a nai e a avoa vano influír e ter unha presenza importante na súa obra poética. A segunda parte céntrase nos anos cincuenta nos que publica os seus primeiros poemas en revistas, entra en contacto con grandes poetas e comeza a publicar os seus primeiros libros de poemas, por exemplo *A frauta i-o garamelo* (1959). A terceira etapa, anos sesenta, está marcada pola súa marcha a Colombia, onde vai permanecer case vinte anos e onde coñece á súa muller Sofía Baquero, e pola escrita d'*Os poemas da ausencia* (dividido en dúas partes: a primeira data de 1963 e nela evoca a terra natal perdida e distante, e a segunda é de 1969 e nela aparece o temor a un posíbel desastre atómico). A cuarta parte relata que nos anos setenta se trasladou a Cali e que publica unha selección de dez poemas na revista *Grial* en 1971. A quinta parte abrangue os anos oitenta e fala do seu regreso a Noia onde estabelece a Tasca Típica, lugar de reunión para escritores e onde se celebran moitos actos culturais; retoma a súa faceta de escritor e publica *O tempo no espello* (1982) que recompila toda a súa produción anterior publicada e inédita, *Contos caucanos* (1985) nos que evoca Colombia, a súa outra patria perdida, e en 1989 o poemario *As torres no ar* e a colección de relatos *Nova crónica das Indias*; en 1986 é elixido presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e de 1987 a 1991 desempeña o cargo de concelleiro de Cultura de Noia. A última parte abrangue os anos

noventa: morre en 1992 e postumamente publica *Última fuxida de Harar* (1992), noméano fillo predilecto de Noia, póñenlle o seu nome á Casa da Cultura da vila e en 2003 dedícanselle o Día das Letras Galegas. O libro conta tamén cunha análise por parte de Ana Romaní dos quince poemas do libro *Poemas da ausencia*, escritos en Colombia e recollidos no primeiro CD que conta cunha duración de pouco máis de vinte e cinco minutos. Baixo o epígrafe de "O obradoiro oral de Avilés de Taramancos", acompañado de ilustracións do propio Avilés, Ana Romaní di que as gravacións son caseiras, feitas polo propio poeta en Colombia, e nelas recita mentres de fondo soa un vello disco de Cantigas da Terra. Explica que estes poemas resumen o labor poético dos seus vinte anos de estancia en Colombia e fan referencia ás súas raíces. Comenta que os poemas non están organizados igual que no libro, polo que se cre que primeiro os gravou e despois reorganizou e publicou, pero que se mantén a orde da gravación que pertence ao ámbito persoal. Dise que os dous últimos rexistros sonoros foron realizados ao seu regreso a Galicia. Finalmente, o libro remata co apartado "A música na obra de Avilés de Taramancos" no que Rodrigo Romaní comenta os nove poemas que el mesmo musicou e adaptou e que se recollen noutro CD de trinta e oito minutos de duración. Romaní comenta que a presenza da linguaxe é unha constante ao longo da obra de Avilés, o cal chega a incluír unha partitura nun dos seus poemas, ademais de facer constantes referencias musicais en moitos dos seus poemas. Agás "A cerdeira", na que se recolle a voz do poeta, os textos musicados acóllense en forma de breves cancións.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Lembranza de Avilés", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 338, 7 novembro 2009, p. 12.

Fálase da aparición no mercado do volume *Avilés de Taramancos. Fotobiografía sonora*, que conta dun libro acompañado de dous CDs. Coméntase que no bloque inicial do libro Martín Veiga trata os aspectos biográficos do poeta máis importantes: a súa infancia en Taramancos, os seus primeiros poemas que datan dos anos cincuenta, a viaxe a Colombia na década dos sesenta, a súa vida alí nos setenta e o seu regreso a Galicia na década dos oitenta. A continuación, sinálase que Ana Romaní trata os trazos máis salientábeis da obra de Avilés, como reflicte nela as súas vivencias persoais e explica as características da gravación, recollida nun dos CDs, dos poemas que gravou o poeta coa súa propia voz en Colombia e en programas de Radio Nacional de España. Despois, infórmase que Rodrigo Romaní introduce os poemas do poeta que el mesmo musicou e adaptou como homenaxe a este autor e que aparecen no outro CD. Finalmente, opínase que este libro vai máis alá da lectura xa que permite gozar das propostas textuais e visuais que nos ofrece pero tamén da música dos seus poemas e a súa propia voz, como di o seu fillo Luís Avilés Baquero na introdución da publicación.

Referencias varias:

- maré, "De como Antón se fai montaña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 abril 2009, p. 34.

Alúdese á presentación da *Fotobiografía Sonora de Antón Aviles de Taramancos* e indícase que está formada por un libro, que conta cunha introdución de Luís Avilés Baquero e mais unha selección de fotografías comentadas a cargo de Martín Veiga, e por dous CD, un analizado por Ana Romaní que recolle a voz de Avilés de Taramancos

a recitar os seus textos, mentres que o outro CD ofrece unha selección de poemas de Avilés de Taramancos musicados por Rodrigo Romaní. Asemade, apúntase que esta fotobiografía de Avilés de Taramancos está estruturada arredor de seis etapas vitais.

- C. F., "Ouvirmos publica a fotobiografía sonora de Avilés de Taramancos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 abril 2009, p. 51.

Dá conta da publicación de *Fotobiografía Sonora de Antón Aviles de Taramancos*, un volume que se describe a partir das dúas partes que o compoñen. Sinala que a primeira consiste nun percorrido en imaxes organizadas cronoloxicamente, mentres que na segunda se atopa o texto de Ana Romaní sobre as principais características da súa obra e o modo en que están ligadas a súa escrita e a súa biografía. Por último, Romaní explica o carácter das gravacións que inclúe o libro.

- M. B., "O álbum de Avilés", *A Nosa Terra*, n.º 1.358, "Cultura", 7-13 maio 2009, p. 26.

Comenta que acaba de publicarse *Fotobiografía sonora de Avilés de Taramancos,* escrito por Luis Avilés de Taramancos. Sinala que o volume contén máis de cen imaxes do álbum familiar do escritor e que nel se retrata a vida enteira do poeta de Taramancos.

Vega, Rexina R. e César **Morán**, *Álvaro Cunqueiro. Fotobiografía sonora*, selección fotográfica de César Cunqueiro, Sarria: Editorial Ouvirmos, 2009, 185 pp. Contén 2 CD's. (ISBN: 978-84-612-7877-0). ■

Álbum familiar, subvencionado polo Ministerio de Cultura, o Concello de Vigo e o Verbum, que recolle unha escolma de fotografías acompañadas de textos que dan conta de oito etapas diferentes na vida do escritor Álvaro Cunqueiro. A presentación corre a cargo de César Cunqueiro, fillo do escritor. Nela agradece á editorial sarriá a publicación deste volume, o cal cualifica de inesquecíbel grazas ás fotografías e documentos que nel se recollen. A primeira parte do volume, "Fotobiografía", vén asinada por Rexina R.Vega e abrangue oito apartados referidos cada un deles a oito fases da vida de Cunqueiro. O primeiro deles, "O meu val, a miña casa", vén introducido por unha parte do poema "Alma, coma no concerto", extraído d'*Herba aquí e acolá* (1980), poemario do autor. Nun breve texto previo ás fotografías, fai referencia á nenez do escritor, especialmente ás figuras do pai e da nai e tamén á súa propia figura de neno. Son, en total, vinte e seis fotografías, que amosan ao escritor xunto a familiares e amigos e un documento no que se menciona a concesión da medalla de ouro da cidade de Mondoñedo ao escritor polo seu labor literario. Á segunda etapa, "Melancolía e soños imperiais", precédea un poemiña da súa *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933). O texto trata os anos de estudante do escritor e as súas primeiras publicacións. Cinco retratos do escritor ao longo dos anos e unha reprodución do seu carné de estudante conforman este apartado. A terceira etapa, "Véxome soio", vén introducida por un extracto d'*O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958). Trata aquí a súa volta a Mondoñedo en 1948 e menciona as súas colaboracións xornalísticas e outras publicacións até 1958, para reproducir despois dezaseis fotografías cos seus fillos, amigos e outros persoeiros. En "Viaxe por montes e chemineas", introducido por un fragmento d'*A cociña galega*, Vega alude á gastronomía da que gozaba o escritor,

xunto a seis fotografías sobre manxares tipicamente galegos. Tras un fragmento de "Imaxinación e creación. Notas para unha conferencia", comeza "Cantos ledos de verán", etapa que salienta o seu nomeamento como académico da Real Academia Galega e outras publicacións dende 1961 até 1969. Vinte e cinco fotografías e dúas cartas a Manuel Fraga Iribarne grafadas en latín constitúen esta etapa. "As amizades catalanas" ábrese cun "poema inédito enviado por carta a Tomás Garcés en xaneiro de 1936" (p. 94). Xira en torno á súa estadía en Barcelona até 1971 e amosa sete fotografías ao respecto. "Serán de outono" vén introducido polo poema "Acolá están as illas", d'*Herba de aquí ou acolá* e salienta a súa etapa de colaborador en diferentes xornais galegos dende 1970, o seu labor como conferenciante e as súas publicacións até 1974, xunto a catorce fotografías e catro reproducións de diferentes pasaportes, dende 1959 até 1980. A derradeira etapa, "Se algún día, despois de morto...", comeza tras un fragmento d'*Herba de aquí ou acolá* e alude á súa enfermidade de 1978, que remata co seu pasamento en 1981. Menciona as achegas á súa obra de estudiosos como Anxo Tarrío ou Dolores Vilavedra, entre outros e outras e o nomeamento da biblioteca do Instituto Cervantes de Damasco como Biblioteca Álvaro Cunqueiro en 2006. Dez fotografías e seis documentos, entre eles o da homenaxe académica ao escritor pola Universidade de Santiago de Compostela, compoñen este apartado. A seguir aparece a segunda parte do volume, "Rexistros sonoros", levada a cabo por Vega e Morán, dividida en dúas seccións, "A palabra" e "A música", que mostran o contido dos dous CD's que acompañan o volume. Na primeira, grafada por Vega e dedicada a Xosé F. Armesto Faginas, biógrafo de Cunqueiro, comenta, baixo o título de "A espléndida monotonía de Álvaro Cunqueiro", os documentos contidos no primeiro CD, de título homónimo a esta sección, que despois reproduce na súa totalidade, "Cunqueiro le a Cunqueiro", unha conferencia ditada na Universidade Nacional de Educación a Distancia en Madrid en 1976 e "Mil primaveras", o seu discurso de investidura como Doutor Honoris Causa pola universidade compostelá. A segunda sección, redactada por Morán, presenta o universo musical inherente á obra cunqueiriana, que despois se reproduce no segundo CD, unha serie de dez poemas compostos por Cunqueiro e musicados por diferentes autores, incluíndo unha versión de rock sobre o seu poema "Quen puidera namorala".

Referencias varias:

- S. Jaureguizar, "Unha biografía de Cunqueiro rescata cen fotografías do seu álbum familiar", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 25 novembro 2009, p. 71.

Dá conta da saída ao prelo da fotobiografía de Álvaro Cunqueiro, na que destaca o texto de César Cunqueiro, fillo do autor, ao inicio do volume, así como as dúas gravacións baixo o título de "A palabra" que forman parte intrínseca do volume. Salienta asemade a colaboración da profesora Rexina Vega e menciona o contido de cada unha das gravacións xunto ao labor de César Morán nunha delas.

- M. Dopico, "Nas marxes da literatura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escrita", 26 novembro 2009, p. 35.

Informa da saída ao prelo d'*Álvaro Cunqueiro. Fotobiografía sonora*, que dá comezo cunha cita do discurso que o propio Cunqueiro pronunciara na UNED en Madrid en 1976. Asemade, menciona a inclusión de dous CD's e do discurso de investidura como

Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago. Destaca, doutra banda, os textos de Rexina Veiga e César Morán, así como o carácter contemporáneo do seu contido. Específicanse en dous á partes as doce cancións incluídas no primeiro CD e os dous discursos anteditos no segundo.

- Jorge Lamas, "Unha nova biografía de Cunqueiro engade a súa voz e as súas fotografías", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 decembro 2009, p. 48.

Comenta a presentación de *Álvaro Cunqueiro. Fotobiografía sonoras* no Verbum-Casa das Palabras na cidade viguesa a cargo de César Morán, Rexina Vega e o fillo do escritor, César Cunqueiro. Describe a súa estrutura, baseada en oito etapas da súa vida e nun epígrafe intitulado "Bilingüismo asimétrico", e fai referencia á relación das amizades catalás do escritor coas súas fotografías. Noutro epígrafe, "Discursos", alude ao labor de Rexina Vega a partir do seu texto "A espléndida monotonía de Álvaro Cunqueiro".

Vidal, Nicolás, *Purificación de Cora y Más-Villafuerte*, *da prensa de Partido ao xornalismo como empresa. Historia e periodismo en Lugo*, *1908 a 1940*, XXII Premio Literario "Ánxel Fole", prólogo de Armando Requeixo, Lugo: El Progreso/Fundación Caixa Galicia, col. Xornadas, Conferencias, Premios, 2009, 186 pp. (ISBN: 978-84-96982-38-3). ■

Estudo sobre Purificación de Cora y Más-Villafuente e o xornal que fundou, *El Progreso* que se inicia cun prólogo de Armando Requeixo no que destaca a "indubidable habelencia" que Vidal tivo para contextualizar o que significou no seu momento a aparición do xornal lugués así como o papel que este xogou na vida tanto política como cultural e económica de Lugo antes e despois da guerra civil. Un traballo que permite coñecer a personaxes como Ánxel Fole, escritor e xornalista vinculado ao citado diario. Ademais, Requeixo considera singular desta obra o aproveitamento dos coñecementos que a Vidal lle achegoulle a súa praxe xornalística e a súa teoría historiográfica. Estruturalmente, o libro componse de cinco capítulos. No primeiro, "Tres décadas de transformación", faise un breve repaso pola historia política e económica de España no devalar da Restauración até chegar á realidade social luguesa da época. Así, indícase que sería a partir dos anos vinte cando "unha nova xeración de intelectuais" enriquezan e modernicen o panorama cultural da cidade e de "cuxa aparición e creatividade adoita dar conta unha vizosa prensa local". Cítanse nomes como Evaristo e Antonio Correa Calderón, Ánxel Fole, Luís Pimentel, Gamallo Fierros, Iglesia Alvariño, Fernández de la Vega, Ramón Piñeiro, José Gayoso Veiga, Álvaro Cunqueiro, Ángel Johán ou Francisco Lamas. O segundo capítulo leva por nome "O tempo do xornalismo" e nel fálase da liberdade de prensa, dos xornais lucenses existentes no momento en que naceu *El Progreso* (como *El Regional*, *La Idea Moderna* ou *El Norte de Galicia*, entre outros), así como da chegada da radio a Lugo. O terceiro capítulo, "Purificación de Cora y Más Villa fuente. Unha biografía posible", fai, como o seu propio nome indica, un repaso pola vida do fundador de *El Progreso* dende a súa experiencia política até a fundación do diario. Xa no cuarto capítulo, "Unha ollada a El Progreso", ofrécese a historia do xornal dende 1908 até 1940. Así, fálase dos seus directores, administradores, da periodicidade, da cabeceira, do subtítulo, da morfoloxía, das axencias, do nome da rúa, das sinaturas habituais (como Juan Ramón Somoza) e das literarias (como Emilia Pardo Bazán, José Gaos, Eduardo Blanco-Amor, Ramón

Cabanillas, Antonio Noriega Varela, Amado Nervo e Alejandro Pérez Lugín, entre outros), dos temas principais e incluso se ofrece a crónica dunha xornada de 1918, entre outras cousas. Finalmente, no último capítulo, "O Proxecto que Don Puro non viu", fálase da continuación do diario cando Purificación José De Cora Sabater sucedeu ao seu pai no posto até o 2009. A monografía péchase cun álbum fotográfico de Purificación de Cora y Más-Villafuente e cunha bibliografía.

Recensións:

- Vicente Araguas, "O progreso de Don Puro de Cora", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 592, "Páxina literaria", 25 outubro 2009, p. 4.

Coméntase o volume dedicado a Don Puro de Cora, fundador do xornal *El Progreso*, que se destaca como un home de empresa, que renuncia ao acomodado papel de fidalgo. Afírmase que Nicolás Vidal mestura nesta obra o seu oficio de xornalista, co eido sociolóxico e a paixón pola historia, abordando ao personaxe dende unha distancia que lle permite a obxectividade.

Villar, Miro, *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 243, 2009, 309 pp. (ISBN: 978-84-8487-157-6).

Miro Villar (Cee, 1965) presenta neste volume unha versión da que fora a súa tese de doutoramento, *A poesía galega de Antón Zapata García. Edición e estudo*, defendida en 2008 e dirixida por Xesús Alonso Montero e na que analiza a obra poética en galego de Antón Zapata García (Laxe, 1886-Bos Aires, 1953). Unha nota preliminar que sinala os obxectivos que deron pé a este traballo e na que se agradece a distintos estudiosos as súas colaboracións ao respecto abre o volume. Estruturado en torno a dez capítulos, o primeiro deles, "Vida e personalidade de Antón Zapata García", repasa a traxectoria do poeta ao redor da súa infancia en Laxe; a emigración a Arxentina –un período no que comeza a compoñer os seus primeiros poemas–; o seu estabelecemento persoal como poeta; o pasamento de Eduardo Pondal e o que isto lle supuxo; o seu primeiro premio literario en 1920; a súa adscrición a institucións literarias galegas como o ABC de Corcubión e o seu posterior cesamento; a etapa da guerra e posguerra civil española e os seus problemas de saúde até rematar na súa defunción en 1953. O seguinte capítulo, "Antón Zapata García, dirixente da Institución Cultural Gallega", céntrase no seu labor na fundación e xestión desa institución, mentres que o terceiro alude á súa faceta de debuxante. O cuarto capítulo, "Xénese, historia editorial e recepción de *A Roseira da Soidade*" profunda no seu volume *A Roseira da Soidade*, de publicación póstuma. Estuda os seus xermolos e edición e dedícalle un apartado á súa recepción e ás recensións que orixinou. O capítulo quinto, "(Auto)poética", apunta un dos seus textos así intitulados, recollidos na *Escolma da Lírica Galega* no Seminario de Estudos Galegos (SEG). O seguinte capítulo, "Epistolario de/con Antón Zapata García. Cartas de Antón Zapata García" examina as diferentes epístolas enviadas entre o poeta e diversos amigos, persoeiros e institucións como a Institución Cultural Gallega ou o Seminario de Estudios Gallegos, reproducíndoas, para pasar despois, no seguinte capítulo, "Os debuxos de Antón Zapata García", a sinalar cinco das súas ilustracións, tamén reproducidas en branco e negro. En "Textos fundamentais sobre Antón Zapata

García", aparecen diversos poemas, cartas, artigos e sonetos do poeta e sobre o poeta. O capítulo noveno vén conformado por unha serie de apéndices consistentes nas actas e certificados de nacemento e pasamento do poeta, mentres que o derradeiro capítulo está constituído por unha listaxe bibliográfica sobre a figura do poeta e a súa obra. Un índice cos títulos dos capítulos pecha o volume.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Antón Zapata. Poeta e activista comprometido", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 1 agosto 2009, p. 2.

Precísase que a obra de Miro Villar, *Antón Zapata García*, contén un estudo completo da vida deste poeta, dende 1886 até 1953, destacando o súa labor a prol da cultura galega. Neste senso saliéntase a súa obra lírica, con poemarios como *A Roseira da Saudade* (1953), así como a súa colaboración con persoeiros como Eduardo Blanco-Amor, Ramón Suárez Picallo, Eliseo Pulpeiro, Alonso Ríos e Xulio Sigüenza. Por outra banda, coméntase que o seu compromiso coa causa republicana se intensificou tras as primeiras represións falanxistas en Galicia.

- Lucía Seoane, "Ao servizo da República", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. VI.

Faise mención da publicación do estudo do narrador e crítico literario Miro Villar *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*. Esta obra, publicada pola Editorial Laiovento na súa colección "Ensaio", destaca a labor de Antón Zapata como activista no asociacionismo galego.

- Ana Acuña, "Coñecemento e difusión de Antón Zapata García", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 124-125.

Refire a xénese de *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*, que selecciona e actualiza varios capítulos da tese de Miro Villar. Esmiúza os diferentes apartados que constitúen este volume monográfico do autor de Laxe que só publicou un único poemario, *A roseira da soidade*, entre os que destaca aquel que repasa a súa recepción e o que intenta a súa adscrición xeracional, próxima á Xeración de 1936. Conclúe apuntando que Miro Villar logrou con esta obra "contribuír a un completo coñecemento e difusión da biografía do poeta Antón Zapata García, que axude a acrecentar a valoración que adoito nos merecen os escritores que desenvolveron a súa obra lonxe da terra".

- X. G. G., "Un paso importante para a elaboración da nosa historia literaria", *A Nosa Terra*, n.º 1.379, "Cultura", 29 outubro–4 novembro 2009, p. 31.

Precísase que na obra de Miro Villar, *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*, os capítulos máis destacados son o 1º "Vida e obra de Antón Zapata García", no que Miro Villar fai un percorrido pola vida do poeta, e o 4º "Xénese, historia editorial e recepción de *A roseira da saudade*", que se centra na xénese da única obra de Antón Zapata.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Libros", 9 xullo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle, entre outros, un descritor de curta extensión d'*Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*, de Miro Villar.

- Joel Gómez, "Ramón Piñeiro tentaba captar todo o talento galego", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 8 xullo 2009, p. 2.

Entrevista a Miro Villar pola publicación de dúas obras: *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República* e *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo*. Sobre a primeira monografía explica que divulga parte da súa tese de doutoramento sobre Zapata, un poeta pouco coñecido en Galicia que publicou un só libro en 1953, *A roseira da soidade*, reeditado facsimilarmente no ano 2004 por Xerais en colaboración co Concello de Laxe.

- J. Gómez, "Antón Zapata García", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 25 xullo 2009, p. 10.

Faise mención ao ensaio de Miro Villar, *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*, unha obra na que se fai un percorrido pola vida de Antón Zapata, que participou moi activamente na vida cultural e política do enclave galego na capital arxentina.

- Xosé María Dobarro, "Feiras do libro e festas locais", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 16 agosto 2009, p. 20.

Fálase do libro *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*, escrito por Miro Villar, e no que conta se recolle unha parte da súa tese de doutoramento "A poesía galega de Antón Zapata García. Edición e estudo".

- Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Publicacións", outono 2009, pp. 29-30.

Sección que acolle, entre outras, a presentación da biografía *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da II República*, de Miro Villar. Dise que Miro Villar dedicou a súa tese de doutoramento ao estudo deste escritor, que con este ensaio completa a edición facsimilar d'*A roseira da soidade* (2004), e que destaca como estudioso da literatura galega contemporánea.

- Xesús Alonso Montero, "Miro Villar e o cantor de Stalingrado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 345, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 26 decembro, p. 15.

Sublíñase a importancia da labor como crítico e erudito do tamén poeta Miro Villar, segundo se comenta, gran coñecedor da poesía galega da diáspora, especialmente da arxentina, citándose dúas das súas obras *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón* (1999)

e *Antón Zapata García. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da Segunda República.* Deténse en comentar a oda á batalla de Stalingrado que Antón Zapata García compuxo, da que se ocupa Villar nun volume colectivo titulado *Ex coto corde.*

VV. AA., *Cátedra Filgueira Valverde*. *Estudos de investigación*. *Convocatorias 2005-2007*, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, col. .doc, n.º 3, marzo 2009, 192 pp. (ISBN: 978-84-937090-3-7). ■

Trátase dun volume subvencionado pola Universidade de Vigo e por Caixanova que contén os traballos máis salientábeis realizados entre 2005 e 2007 ao abeiro da Cátedra Filgueira Valverde coa que se pretende difundir a actividade investigadora do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo. Indícase que a comisión de seguimento desa cátedra ten a Iván Area Carracedo como presidente, a Xosé Carlos Valle Pérez como secretario e tamén a cinco vogais. O estudo referido á literatura galega descríbese a seguir:

- Celso Cancela Outeda, "Tres olladas sobre a figura de Xosé F. Filgueira Valverde", pp. 31-46.

Estamos ante un resumo das intervencións públicas dos profesores Xosé Ramón Barreiro Fernández, co texto "Filgueira Valverde: historiador", onde se centra no seu traballo no Seminario de Estudos Galegos; de Xulio Prada Rodríguez, con "Da encrucillada republicana aos anos de medo e fame: a Galicia de Filgueira Valverde entre 1931 e 1951"; e mais de Ramón Villares Paz, con "O papel de Filgueira Valverde nas principais institucións culturais galegas", onde analiza a figura de Filgueira Valverde dende un plano intelectual, político e cultural, que tiveron lugar nos meses de marzo e abril de 2007 dentro do ciclo "Filgueira Valverde: historiador, político e intelectual" na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra.

Referencias varias:

- V. Costa, "Filgueira toma su sitio en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Eureka!", 18 marzo 2009, p. 58.

Alúdese á presentación do primeiro libro que recolle os estudos de investigación que recibiron unha bolsa da Cátedra Filgueira Valverde. Coméntase que recolle oito traballos, entres eles, "Comunicación, cultura e política na Galicia de Xosé Filgueira Valverde (1977-1983)", de Alberto Pena; "Tres olladas sobre a figura de Xosé F. Valverde", de Celso Cancela; e un traballo de investigación sobre Ramón Barreiro a cargo de Xaime Fandiño.

VV. AA., *Marcos Valcárcel*. *O valor da xenerosidade*. *Homenaxe dos Amigos*, fotografías e debuxos de varios autores, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2009, 250 pp. Contén DVD. (ISBN: 978-84-937090-4-4). ■

Volume de homenaxe a Marcos Valcárcel (Ourense, 1958), subvencionado pola Consellaría de Cultura e Turismo, no que participaron un total de douscentos vinte e

cinco escritores, artistas e que tamén tivo adhesións de concellos, editoriais, xornais, revistas, partidos políticos, etc. As diferentes achegas que conforman *Marcos Valcárcel. O valor da xenerosidade*. *Homenaxe dos amigos* son abertas e libres de aí que haxa: artigos, relatos, comentarios, poemas ou obra plástica. Podemos dividir estas colaboracións en catro apartados: prosa (nunha páxina de cor branca coas súas palabras iniciais con tipografía grande de cor azul celeste de fondo), verso (nunha páxina de cor azul celeste cos versos iniciais con tipografía grande de cor branca de fondo), e conversas (nunha páxina de cor marrón claro), así como achegas plásticas e viñetas. A seguir detallamos a relación, sinalando o autor, que aparece por orde alfabética, e mais o título de todas estas colaboracións xebradas nos catro apartados citados. En prosa aparecen achegas de Bieito Alonso con "Somos dun tempo"; Fran Alonso con "O viaxeiro doutra dimensión"; Xesús Alonso Montero con "Marcos Valcárcel. Cronista da República das Letras Galegas. (Carta do profesor Pietro Molteni, fillo, a Xesús Alonso Montero sobre Marcos Valcárcel" publicado con anterioridade no n.º 140 da revista *Auria*, antiga *Auria (Revista mensual de Caixanova)*; Serafín Alonso Pintos con "Agora dende lonxe"; Henrique Alvarellos Casas con "Marcos de luz"; Xabier Álvarez Iglesias con "Marcos, o profesor"; Rosa Aneiros con "A luz cegadora da hemeroteca"; Antón Baamonde con "A propósito de Marcos"; José Luis Baltar Pumar con "Este é un libro de amigos"; Ana Bande con "Lembranza de Cuca Tovar"; Enrique Bande con "O escritor que ten a liberdade por bandeira"; Manuel M. Ferreiro con "Marcos na videira da solaina"; X. R. Barreiro Fernández con "Un agasallo para Marcos" e que reproduce en facsímile un documento inédito da acta de fundación do Comité Rexionalista de Ourense, datada o 20 de xaneiro de 1891; Xosé Manuel Beiras con "Os glotófagos"; Kristina Berg con "Marcos Valcárcel"; Etelvino Blanco con "De tal pau tal estela"; Juan Luis Blanco Valdés con "Pola rúa"; José Manuel Bouzo Limia con "Vexo a relación entre persoas como quen ve en raios gamma"; Manuel Bragado con "Señor da andoliña"; Ánxela Bugallo con "Cada xeración, cada tempo"; Darío Xohán Cabana con "Carta de Lugo"; Débora Campos con "Guieiro, tamén ao lonxe"; Manuel Ángel Candelas con "Na de Marcos"; Xosé Carlos Caneiro con "Carta aberta a Marcos Valcárcel"; Xosé Lois Carrión con "Podería contar"; Hakan Casares con "Marcos Valcárcel e Carlos Casares"; Xavier Casares con "Un regalo que lle debo a Marcos"; Arturo Casas con "Pensar a historia no literario"; Delfín Caseiro con "Auria"; Xosé Manuel Cid con "Paixón pola historia local"; Federico Cocho con "Mil Marcos"; Alfredo Conde con "Uvas e sol, compendio da luz"; Perfecto Conde con "Non o sei facer"; Antón Costa con "Querido amigo Marcos"; Adrián da Cunha con "A perna rapada"; Celso Delgado con "Se digo Ourense, digo Marcos"; Caetano Díaz con "Un xantar con Don Gaiferos"; Mónica Díaz Lourixe con "Un nunca nace sabido"; Isaac Díaz Pardo con "Coñecino alá polo ano 89"; Gustavo Docampo con "Camiños de ferro e auga"; José M.ª Eguileta Franco con "Auria Antiqua"; Miguel Anxo Fernán Vello con "Marcos Valcárcel intelectual e historiador"; Miguel Anxo Fernández con "A película de Marcos con dúas partenaires de luxo, Auria e Galicia"; Xurxo Fernández con "Marcos ou a sabia erudición"; Francisco X. Fernández Naval con "Querido Marcos"; Agustín Fernández Paz con "Memoria do regreso"; Lourenzo Fernández Prieto con "Os marcos de Marcos"; Xulio Fernández Senra con "Marcos Valcárcel"; Xesús Ferro Ruibal con "Soñar máis aló da fraxilidade"; X. Antón Fidalgo Santamariña con "A metamorfosis do polbo: do "pulpo" imaxinario ao "pulpo" identitario"; Xoán Ignacio Fonseca Moretón con "Carta ó meu amigo Marcos"; Camilo Franco con "Praza de Armas, 3"; Víctor F. Freixanes con "Seis ideas para un ensaio"; Manuel Gago con "A importancia da equivocación"; Juan Francsico Gálvez con "Compañeiro Marcos"; Salvador García-Bodaño con "Unha grande aperta"; José Antonio García Rodríguez con

“A cidade”; José Gómez Alén con “Semblanza de O Volter”; Aurelio Gómez Villar con “A defensa de Ourense dende a palabra”; Helena González con “María Luz Morales, mantedora do Premio Manuel Murguía en Ourense”; Xosé M. González con “Surrealcárcel”; Francisco González Bouzán con “O capitán CB Sully”; Xosé González Martínez con “Galeguizar Galicia”; Luís González Tosar con “Carta a Marcos Valcárcel, agora que ninguén escribe cartas”; Ramón Gutiérrez Izquierdo con “Daguerrotipo, 1846”; Jesús de Juana con “A terra”; Santiago Lamas con “Test R. P.”; Bieito Ledo con “O intanxible”; Rubén Lois con “As miñas primeiras lembranzas”; Anselmo López Carreira con “Xudeus medievais”; Ramón López Facal con “Historia, memoria e educación”; Xoán López Facal con “Genius loci”; Benito Losada con “Marcos na casa”; Ramón Loureiro con “Estabamos falando das súas maxestades”; Paco Magide Bizarro con “O compromiso con Ourense”; José Carlos Martínez-Pedrayo con “Marcos Valcárcel e o Liceo de Ourense”; Alfonso Mato con “Da sennome”; Xulián Moure con “Para un amante dos libros”; Andrés Mazaira con “O estudo dos factores”; Julio Medela con “Madia leva”; Carlos Méixome con “Meu querido Marcos”; Xerardo Méndez con “Causualidades”; Xosé Luís Méndez Ferrín con “Porto Carreiro”; Xosé Miranda con “Marcos Valcárcel”; Begoña Muñoz con “Informe Valcárcel”; Xosé Neira Vilas con “Tres encontros con Marcos”; Antonio Nespereira con “Alivio”; Ramón Nicolás con “Lueiro Rey canta a Ourense”; Camilo Nogueira con “Desde o ateal de Estorde”; Camiño Noia con “O local e o universal en Vicente Risco”; Francisco Nóvoa con “Marcos Valcárcel profesor”; Xosé M. Núñez Seixas con “A vendima dun novo galeguismo na solaina de Marcos Valcárcel”; Armando Ojea Bouzo con “Vostede sabe, profesor”; Maribel Outeiriño con “Sobre periodistas e historidores”; Xosé María Palmeiro con “Ás veces é preferible non facelo, xornalista”; Luís Paradelo con “Por un ensino nacional, científico e popular”; Sechu Pastoriza con “¿Coñeces a este home?”; Lalo Pavón con “O poder da imaxinación”; Xavier Paz Garza con “Auria acabou por se converter numha marca”; José Paz Rodríguez con “Marcos Valcárcel, ourensán exemplar”; Manolo Peña-Rey Bouzas con “Comecei a saber de Marcos Valcárcel”; José M.ª Pérez, Chesi con “Monólogo de las mayúsculas”; Luís Pérez con “A xusticia do mazo”; Emilio Pérez Touriño con “Prezados amigos”; Anxo Quintana con “Marcos Valcárcel, a querenza dunha nación”; Xosé R. Quintana Garrido con “Haberá cousa de trinta anos”; Antón Riveiro Coello con “Triste ledicia”; Francisco Rodríguez con “De cando as cidades medran”; Luciano Rodríguez e Xano Trevinca con “Teoría da literatura”; Claudio Rodríguez Fer con “Valente na defensa do cemiterio de Ourense”; José Manuel Rubín con “Ser diferente é ser existente”; Pablo Sánchez Ferro con “Breve reflexión sobre o patrimonio documental ante o século XXI”; Xosé Manuel Sarille con “Un corazón”; Bieito Seara con “Coñecinte en Santiago”; Miguel Anxo Seixas Seoane con “Follas, folletos e libros de homenaxe: inventario de 1612 a 1900”; Felipe-Senén López con “O Ourense dun carballinés”; Xosé C. Sierra con “Motivado polo voo de dúas andoliñas”; David Simón Lorda con “Galenos y vieiros ourensanos”; Olegario Sotelo Blanco con “Marcos Valcárcel: herdeiro dunha tradición”; Xesús Manuel Suárez con “A paixón segundo Bach”; Anxo Tarrío Varela con “Noticia de Antonio Ramos Varela”; Suso de Toro con “O guía elegante”; Sonia Torre Delgado con “Pouoc a pouco”; Andrés Torres Queiruga con “Umbral e soleira: divertimento filolóxico con Castelao ao fondo”; Pepe Trebolle con “Eu, e o outro, os teus amigos”; Carlos F. Varela con “Copretérito”; Afonso Vázquez-Monxardín con “Yossef Shalom Gallego”; Roberto Verino con “Marcos Valcárcel”; Dolores Vilavedra con “Coñecín a Marcos Valcárcel haberá uns quince anos”; Damián Villalaín con “Marcos Valcárcel”; Darío Villanueva con “Importa o tamaño das literaturas?” e pechando a prosa atopamos a Ramón Villares con “Ourense, río, ponte e palabra”. Dentro dos poemas deste volume temos a Marilar

Aleixandre con “O Camiño xuntos”; Xosé M.ª Álvarez Cáccamo con “Ao calor das lámpadas de inverno”; Anxo Angueira con “Marcos”; César Ansia con “Ergue!”; Justo Beramendi con “No abrente, os soños”; Carmen Blanco con “Sereas”; Víctor Campio Pereira con “O barco da memoria”; Marica Campo con “Soneto a Marcos Valcárcel”; Ramón Caride Ogando con “De viaxes ou regresos”; María do Cebreiro con “Un home sensible”; Ánxeles Cuña con “A Marcos Valcárcel”; Manuel de Dios con “Para Marcos”; Xabier P. Docampo con “A Marcos Valcárcel”; Luis Domínguez Castro con “Pequena proletaria”; Manuel Forcadela con “Salmo do viaxeiro”; Modesto Fraga con “Alongando a espera”; Manuel Guede Oliva con “Eramos case tristes, case imberbes”; Maruxa Guirián con “Noite de tránsito”; Modesto Hermida con “Canseira”; Bieito Iglesias con “Omnímoda vida”; Emilio Xosé Ínsua con “O investigador”; Gonzalo Navaza con “Habemos de ir a Ourense”; Alexandre Naveira con “Marcos Valcárcel”; Alexandre Nerium con “III”; Ramón Nicolás con “Orense en un pregón y varias estancias. Manuel Lueiro”; David Otero con “Marcos e así vai el…”; Manuel Outeiriño con “Atlante”; José M.ª Paz Gago con “A Manuel Curros Enríquez: entre Celanova e A Coruña”; Millán Picouto con “Saudemos a Florenza”; Xesús Rábade Paredes con “Abenzoados”; Henrique Rabuñal con “Fervenza de auga e amor”; Manuel Rivas con “A enigmática organización”; Xosé Lois Rúa con “Polas mans túas, a pluma, os libros e as palabras”; Cesáreo Sánchez Iglesias con “Variación gozosa na cidade dourada”; Xavier Seoane con “Ulises”; Edelmiro Vázquez Naval con “Pan por pan”; Xosé Vázquez Pintor con “Coma no mar se abre a superficie dos adentros”; Miro Villar con “I-VII” e pechando o apartado poético temos a Helena Villar Janeiro con “Templo gozoso”. *Marcos Valcárcel. O valor da xenerosidade. Homenaxe dos amigos* tamén conta con catro entrevistas a Marcos Valcárcel: unha de Xosé Manuel del Caño titulada “Fixen a catalogación de toda a prensa de Ourense dos séculos XIX e XX”, outra de Xan Carballa “A cultura de Galicia segue sendo unha descuberta para os máis novos”, outra de Cristina Huete “Aínda temos mentalidade de leiriña” e mais a de Siro López “A sociedade é bastante hipócrita no tratamento da xuventude”. No referente ás achegas plásticas, quer fotografías, quer deseños, etc., deste volume temos obras dos artistas Florencio de Arborio, Arturo Baltar, Santiago Barreiros, Manuel Buciños, Xosé Lois Carreira, Jesús Costa, Xaime Dapena, Luis Estévez, Perfecto A. Estévez, Manolo Figueiras, Xulio Gayoso, Ánxel Huete, Karballo, Maribel Longueira, Xosé Luis López de Pardo, Acisclo Manzano, Xaquín Marín, Luis Menéndez, Baldomero Moreiras, Mani Moretón, Miguel Mosquera, José Eduardo Núñez Núñez, Pablo Otero, Xurxo Oro Claro, Xulio Outumuro, Xoán Baltar, José Paz, Quique Pedrido, Xosé Poldras, César Prada, Antonio Quesada, Sula Repani, Xavier Riomao, Manuel P. Rúa, Henrique Torreiro, Xoán Torres, Fiz Valcárcel, Juán Valcárcel, Maite Vázquez, Xesús Vázquez, Xosé Lois Vázquez, José Vázquez-Monjardín, e mais Virxilio. Finalmente sinalaremos que tamén podemos atopar retratos e caricaturas de Marcos Valcárcel realizados por Xosé Lois González “Carrabouxo”, de Juan López, Omar Pérez, Xulio Prada, Miguelanxo Prado, Antón Pulido, coa ilustración da capa deste volume, e mais de Carlos Quesada. Asemade este volume contén un DVD con imaxes en vídeo e fotografías da presentación do libro *Historia de Ourense* (2008), de Marcos Valcárcel, e mais da “Cea con Marcos” que tivo lugar o 28 de novembro de 2008 en Ourense.

Referencias varias:

- L R, “Homenaje de amistad a Marcos Valcárcel”, *La Región*, “Ciudad”, 19 xuño 2009, p. 15.

Co gallo da emotiva homenaxe a Marcos Valcárcel, que tivo lugar o 18 de xuño de 2009 no Liceo de Ourense, no que se nomeou a Marcos Valcárcel socio de honra do Liceo de Ourense e onde se presentou *Marcos Valcárcel*. *O valor da xenerosidade*. *Homenaxe dos amigos*, faise unha descrición deste volume. Coméntase que é unha ampla mostra da xente que aprecia a Marcos Valcárcel, que é unha voz colectiva de letras, pinturas ou fotografías que evocan a Marcos Valcárcel e mais que en conxunto é un "regalo colectivo" a un home de palabras e letras.

- Moncho Conde Corbal, "O valor da xenerosidade", *La Región*, "Ciudad", "Percepciones", 7 agosto 2009, p. 6.

Comenta que lle gustou este libro de homenaxe a Marcos Valcárcel pero só destaca que tres dos seus textos están en español, obra de Chesi, Simón Lorda e mais Roberto Verino, e asemade critica a presenza de selos institucionais na contracuberta, dado que "aparentan propaganda" de patrocinios institucionais cos que o articulista ten prexuízos.

- Xurxo Fernández, "Rosalía en país del Sol Naciente", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 17 agosto 2009, contracuberta.

Coméntase a merecida homenaxe tributada a Marcos Valcárcel mediante a presentación de *Marcos Valcárcel*. *O valor da xenerosidade*. *Homenaxe dos amigos* do que se citan algúns dos seus múltiples colaboradores e participantes. Tamén se refire á tradución ao xaponés de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Alonso Montero, Xesús, *Antonio Machado na nosa voz*, presentación de Claudio Rodríguez Fer, Vigo: Concello de Lugo/Edicións Xerais de Galicia, 2009, 48+87 pp. (ISBN: 978-84-9782-973-1). ■

Edición facsimilar do volume en homenaxe a Antonio Machado editado en 1966 polo Círculo das Artes de Lugo. As primeiras corenta e oito páxinas son un engadido desta edición. Tras unha presentación institucional da edición, atópase unha achega de Claudio Rodríguez Fer na que fala do qué significou no seu tempo a edición desta obra por primeira vez, de quen o editou e traduciu ao galego (Arcadio López Casanova, Xesús Alonso Montero e Epifanio Ramos Castro), e da primeira vez que el entrou en contacto coa obra machadiana en xeral e con esta en particular. O que aparece despois disto é xa unha achega intitulada "Un achegamento a *Antonio Machado na nosa voz*, (Lugo, 1966) trinta e tres anos despois" e que consta dunha primeira páxina de dedicatorias e despois de dúas partes. Na primeira parte, que se intitula "Antonio Machado, como bandeira, no antifranquismo de 1966" hai dous capítulos diferenciados. No primeiro, "O nome e a obra literaria de Antonio Machado despois da Guerra Civil", fálase do que supuxo Antonio Machado e a súa obra para o movemento antifranquista da posguerra e do prólogo que fixo Dionisio Ridruejo a unha edición do poeta cando o mesmo Dionisio aínda era un falanxista convencido. O segundo capítulo desta primeira parte, "A España antifranquista homenaxea a Machado en 1966", está dividido en tres puntos. No primeiro punto, "Preliminares", fálase de que nese ano houbo moitas homenaxes a Machado, e tamén moitas confrontacións coas instancias oficiais. Alonso Montero fala da homenaxe que lle dedicou á Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, á que el asistiu. O segundo punto deste capítulo intitúlase "Cita en Baeza" e fala do protagonismo do Partido Comunista de España nas homenaxes a Machado de 1966. A primeira homenaxe que se lle fixo a Machado ese ano, en Baeza o 20 de febreiro, foi abortada polas forzas de seguridade, as persoas de toda España que ali acudían eran interceptadas e retidas; a escultura de Pablo Serrano que se ía colocar ese día non se puido colocar até 1983. O terceiro punto deste capítulo é "En Santiago en n´A Coruña", no que se conta como poucos días despois da decepción de Baeza varios estudantes comunistas da Universidade de Santiago, entre os que se contaba Luís Cochón, intentan convocar unha nova homenaxe, que querían levar a cabo na Facultade de Medicina, pero que ao final tivo que ser na Escola de Artes o Oficios. Dous días despois este acto foi levado a cabo tamén na Coruña. A segunda parte, "Noticias e observacións para entendermos *Antonio Machado na nosa voz* (Lugo, 1966)" ten nove puntos. O primeiro, "Do contido e dos autores", fala do volume ideado por Alonso Montero impreso e editado polo Círculo das Artes de Lugo e vai contando a autoría dos capítulos e o contido dos mesmos: "Jesús Alonso Montero, "Imaxen de Antonio Machado", que é un artigo publicado antes desta edición, o día 25 de maio de 1965 no *Faro de Vigo*, dirixido naquel entón por Álvaro Cunqueiro, e no que Montero eloxiaba a evolución de Machado de "poeta da soidade" a "poeta da sociedade e da realidade"; o segundo punto, "Escolma machadiana: Verso (en tradución galega" refire que o poema "Retrato" xa fora traducido antes da edición por Albino Núñez e o resto foron traducidos *ad hoc* por Arcadio López Casanova; o terceiro punto, "Escolma

machadiana: Prosa (en tradución galega)" di que o tradutor da escolma, feita por Alonso Montero foi Manuel López Freixeiro, alumno seu; no punto intitulado "Coroa poética: Seis poemas galegos pra AntonioMachado" fálase dos poemas de escritores galegos dedicados a Machado, dos que son autores entre outros López Casanova ou Carlos Casares; no cuarto punto, "Arcadio López Casanova, "Cancións para andar na compaña de Antonio Machado", fálase de que a censura soubo detectar a intención política nesta publicación; no quinto punto, que leva por título "Outras linguas de España" vese que que tamén en Cataluña se homenaxeaba a Machado en catalán e no PaísVasco en éuscaro e que estas composicións foron tamén traducidas ao galego nesta obra; no seguinte punto, "Unha voz d´afora", atópase traducido ao galego un poema homenaxe a Machado de Pierre Enmanuel, "Requiem pour Antonio Machado"; no oitavo punto, "Machado e Rosalía de Castro" aparece un poema de Rosalía ("Unha vez tiven un cravo") e outro de Machado ("Yo voy soñando caminos") facendo fincapé nas súas coincidencias; o último punto, "Notas" refírese á erudición das notas sobre Machado en Galicia que hai na edición orixinal. Na segunda parte, "Unha aclaración", danse a coñecer as intencións que había para presentar tal volume; a terceira, "O volume *Antonio Machado na nosa voz* e a censura de Fraga Iribarne", amosa cómo xa impresa esta obra se lle mandou unha copia á Consulta Voluntaria Previa, organismo dependente do Ministerio de Información e Turismo, do que era ministro Manuel Fraga Iribarne, que autorizou a publicación; a cuarta parte leva por título "Fraga Iribarne replica ós 'comunistas" e vese nela cómo pouco máis tarde da homenaxe de Lugo tamén Fraga convocou a leitura pública de poemas de Antonio Machado; e a quinta e última parte intitúlase "Recepción de *Antonio Machado na nosa voz*: xornais, revistas, cartas, radio…" e consta de cinco puntos: "Nos xornais", que fala de cómo se acolleu a publicación nos xornais; "Nas revistas", que fala da súa acollida nas revistas; "Na radio", que trata da súa recepción na radio; "Unha carta de Xosé Neira Vilas", que conta o que este sentiu ao ler a obra; e como último punto desta parte está "Varia", que fala dunha publicación duns cantos anos máis tarde de Claudio Rodríguez Fer, *Antonio Machado e Galicia*. Tras esta parte veñen unhas notas aclaratorias das diversas chamadas que haberá no resto da obra. Despois aparecen xa os facsímiles. O primeiro apéndice facsimilar é unha carta e poema de Gabriel Aresti en 1966 a Alonso Montero no que inclúe o seu poema "Spaniako poeta", tanto en eúscaro como traducido ao galego. O segundo apéndice facsimilar son os Informes da sección de Consulta Voluntaria Previa (Ministerio de Información y Turismo). Xa por último aparece o facsímil obxecto desta obra: o facsímil da edición de 1966 de *Antonio Machado na nosa voz*, do que a cuberta é un retrato de Machado feito por Picasso.

Hortas Vilanova, Manuel, *Andando a Terra (Cha)*, Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos de Vilalba, col. Biblioteca Chairega, n.º 13, setembro 2009, 78 pp. (ISBN: 978-84-936797-2-9). ◆

Edición facsímile, coordinada por Manuel Roca Cendán, de textos de Manuel María, publicados baixo o pseudónimo de Manuel Hortas Vilanova, sobre a comarca da Terra Chá publicados entre 1978 e 1989 n'*A Nosa Terra*. Na introdución o coordinador comenta que se recollen nesta edición cincuenta e seis colaboracións das máis de trescentas que publicou Manuel María na sección "Andando a Terra" do semario vigués, que se reproducen tal e como foron escritas, e tamén realiza unha reflexión global sobre estes artigos. A seguir, recompílanse os artigos: "As Penas de Rodas", "Retrato dun parente e algunhas nova máis", "Lembranza do xardín do pazo de

Sistallo", "Lembranza da Pastoriza", "Os Milagres de Saavedra", "O 'Lobo de Pino", "A Santa Sabel de Outeiro de Rei", "Do San Ramón. Lembranza de Villalba", "A apaña das patacas", "A visita a Cospeito", "Noticia de Asteriz", "O señor Manuel de Baixo", "Crónica municipal", "Historias de boticarios", "O cedro da casa de Hortas", "O señor Manuel de Montes", "A romería de Santa Sabel", "O Indalecio de Bonxe", "Os magostos", "Os vellos cregos do país", "Encol do moi inxenioso xogo da baraxa", "O señor Victoriano de Toiral", "Lembranza do 'Guedelliñas", "Algunhas noticias do mes de febreiro", "anticipo de testamento", "O casamento dos paxaros", "O señor Cosmede de Robra", "O San Sidro", "A Pena de Hedra", "O encuadernador Crende", "Elexía polos caneiros", "Noticia e biografía dun burro chamado Mochilo", "Desfacendo un erro", "Cousas da terra de Aguiar da Terra Cha", "O meu amigo Benito", "Os cacharreiros da miña tribu e as súas cancións", "Viaxe sentimental a Outeiro de Rei", "As fontes do Miño", "O meu primeiro día de escola", "O penedo de Santa Cruz de Parga", "O Cacharulo", "O regato do Cepelo", "Un poeta do povo: Cesáreo Poupariña", "Esta é noiteboa", "Suso de Bravos", "O Toribe' e outros vagamundos", "O poeta Díaz Castro e o Outuno", "A queimada", "Breve noticia das tabernas e dalgunhos sedentos da miña tribu", "O calzado dun poeta", "O automóvil", "Noticia de Miguel Anxo Fernán-Vello", "Aquilino, pastor de palabras", "Unhas curiosas partillas", "Breve noticia dos Laverde" e mais "A fonte dos cochizos". Péchase o volume co seguinte colofón: "Este libro, *Andando a Terra (Chá)*, rematouse de imprentar nos primeiros días de setembro de 2009, tempo no que moitas persoas chairegas e algunhas do resto do mundo andaban en plena celebración das festas de San Ramón e Santa María en Vilalba, *Praza Maior da Terra Chá*". No ano 1990 a editorial viguesa Promocións Culturais Galegas xa publicara unha escolma dos artigos de Manuel María na sección "Andando a Terra" do semario vigués no período 1977-1987. Miguel A. Mato Fondo e Mª Pilar García Negro explican no limiar que seleccionaron un total de noventa entregas, consideradas unha "sorte de enciclopedia popular" que incluían varias dedicadas á literatura, caso das referidas a Rosalía de Castro, Florentino Cuevillas e Ánxel Fole, entre outras.

Referencias varias:

- Cristina Pérez, "Sentido recuerdo a Manuel María en el 5º aniversario de su fallecimiento", *El Progreso*, "A Chaira", 9 setembro 2009, p. 12.

Enuméranse os distintos actos que se celebraron para conmemorar o quinto aniversario do falecemento do escritor Manuel María, entre os que se destacan unha comida, varios recitais e unha ofrenda floral. Tamén se anuncia a presentación de *Andando a Terra*, unha edición facsimilar de textos do escritor sobre a comarca, editado polo Instituto de Estudios Chairegos de Vilalba.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Casares, María, *Residente privilexiada* (*Résidente privilegiée*, Paris: Librairie Arthème Fayard, 1980), trad. do francés Ana Belén Martínez Delgado, Iñas-Oleiros (A Coruña): Trifolium, col. Contextos, marzo 2009, 491 pp. (ISBN: 978-84-935325-6-7).

Esta obra de María Casares (A Coruña 1922-1996), libro de memorias, representa un dos testemuños máis completos desta actriz española que logrou triunfar nos escenarios franceses debido ao seu exilio, primeiro voluntario e logo forzoso, e que chegou a converterse en primeira dama da Comedia Francesa e do Teatro Nacional Francés, condecorada até coa Lexión de Honra deste país. Como reflectida nun espello, Casares retrátanos neste libro a súa vida e leva a cabo un axuste de contas a través dun voluntario regreso ás súas orixes galegas, á súa familia, aos seus amigos, á súa paixón polo teatro, ao exilio e ás súas propias contradicións. Estas memorias preséntanse estruturadas en tres libros, os cales contan á súa vez cunha serie de capítulos e subcapítulos: no libro I, intitulado "Baixo a protección de plutón", Casares volve traer á memoria a súa Galicia natal, presenta á súa familia, fala dos seus amigos e recorda momentos da súa infancia e parte da súa adolescencia, até que abandonou España á idade de catorce anos. No libro II, co título "Metamorfoses", a autora retrata todas as súas vivencias xa instalada en Francia e fundamentalmente fala sobre ela e o teatro. No Libro III, "Privilexios de saturno", un dos subcapítulos dá título ás memorias, recorda as súas viaxes e as súas representacións teatrais en diferentes países do mundo, a toda a xente que coñeceu, entre eles Albert Camus, co que mantivo unha relación sentimental até a morte deste, concluíndo a obra co final do seu exilio. Con estas memorias queda patente que Casares non foi só unha extraordinaria actriz, senón unha escritora que é capaz de transmitir coa súa forma de escribir unha gran parte da súa personalidade e da súa peculiar vida.

Recensións:

- Lara Rozados Lorenzo, "A única patria, o teatro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 26.

Anúnciase a tradución á lingua galega das memorias de María Casares co título de *Residente previlexiada*, e a correspondencia con seu pai co título de *Cartas no exilio. Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)*. Comézase sinalando que nas memorias María Casares escribe para atopar as súas raíces e evócanse os exilios que viviu, dende os oito anos, nos que perdeu a terra da infancia e se trasladou a Madrid, debido ao posto de ministro do pai. Saliéntase a súa forza imaxinativa e o estilo pouco ortodoxo deste volume, no que non hai recordos, senón imprecisións, contradicións e erros, "reinvencións de si mesma e de pasaxes oníricas". Evócanse tamén as fendas que se produciron na súa vida co estalido da guerra civil e coa segunda guerra mundial en Francia, marcándoa co "éxodo e a derrota". Explícase que practicamente non alude ao seu labor na resistencia con Albert Camus, nin á actividade política do pai, senón que se centra en cuestións de carácter introspectivo. Da correspondencia co pai indícase que recolle trinta e unha cartas e unha serie de

documentos do fondo da artista. Chámase a atención sobre a vontade de estilo que se percibe nos textos de Casares Quiroga, que escribía para a filla, para si e para o mundo, fronte ao estilo máis espontáneo e banal da filla. Conclúese que estas obras son vías complementarias para achegarse a ambas figuras.

- Inma López Silva, "Un privilexio na literatura galega", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 119-120.

Achega unha serie de datos sobre a vida de María Casares e apunta que o seu é un dos testemuños máis valiosos da memoria do exilio e mais da memoria dos primeiros días da guerra civil. Non entende a razón pola que *Residente privilexiada* non foi traducida con anterioridade ao galego e refírese a outras obras que trataron a figura da citada actriz e escritora. Considera que Ana Belén Martínez Delgado conseguiu transmitir a prosa vibrante de María Casares e explica as razóns do título destas memorias, que son só "un libro de confesión, de lembranza histórica, de memoria teatral, un axuste de contas sentimental ou un percorrido apaixonado pola vida dunha artista", senón que sobre todo "unha continua reflexión sobre a identidade no seu sentido máis ontolóxico".

Referencias varias:

- María Xesús Nogueira, "María Casares", *El Progreso*, "Opinión","Un falar", 21 marzo 2009, p. 21.

Considera que a entrega dos XII Premios de Teatro María Casares, concedido pola Asociación de Actores e Actrices, evoca unha figura relevante na dramaturxia galega, a pesar de que o éxito alcanzado por María Casares fora en Francia. Lembra que foi nomeada filla predilecta da Coruña e que recibiu a Medalla Castelao. Así mesmo, foi obxecto de estudo ou motivo literario en obras coma *Entre o exilio e o reino*: *María Casares*, unha actriz fronte a cámara, por Aratxa Estévez; *Cartas no exilio* (2008), de María Lopo; *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas; ou *Memoria das cidades sen luz* (2008), de Inma López Silva. Afirma que a propia actriz escribiu un libro de memorias, recentemente traducido ao galego baixo o título *Residente privilexiada* e presentado o Día Mundial do Teatro (27 marzo).

- E. P., "Reeditan las memorias de la actriz gallega en el exilio María Casares", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 marzo 2009, p. 60.

Anúnciase a presentación da tradución á lingua galega do libro *Residente privilexiada* a cargo da editorial Trifolium e coméntase que nel se recollen as memorias da actriz galega María Casares e que conforma un excelente testemuño do exilio dunha muller que se converteu nunha actriz universal.

- Albino Mallo, "As memorias de María Casares, xa en galego", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Letras", 24 marzo 2009, p. 42.

Asegura que a editorial Trifolium vén de presentar as memorias de María Casares coa tradución dende o francés de Ana Belén Martínez Delgado. Subliña que se editou orixinariamente en 1980 e que é un dos testemuños máis completos acerca do exilio, forzoso e despois voluntario, da actriz galega.

- Lara Rozados, "O máis emocionante é a vida íntima de María Casares", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "Cultura", 2-8 abril 2009, p. 38.

Destácase que *Residente privilexiada* é unha obra que reúne as lembranzas de María Casares e mais que nas súas cincocentas páxinas se percorre a súa vida persoal e profesional. Tamén se fala do dobre exilio do pai de María Casares, primeiro en París, pola guerra civil española, e após en Londres polo nazismo.

- Camilo Franco, "A vida baixo os focos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 310, "Letras en galego", 25 abril 2009, p. 12.

Explica que María Casares foi unha actriz de intensidade vital trasladada aos escenarios e que con *Residente privilexiada* practica unha maneira singular de memorialismo. Apunta que este libro é un ensaio de resistencia e existencialismo onde sobresae o apaixonamento escénico da súa autora e asemade destaca que nel "non hai impostura".

- Alfredo Conde, "Conversa coa residente privilexiada", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 6 maio 2009, p. 4.

Ínstase á lectura da autobiografía de María Casares, intitulada *Residente privilexiada*, publicada pola Editorial Trifolium e coa que se recupera uns tempos e un país que xa marcharon.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "María Casares e nós", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 8 maio 2009, p. 3.

Fala da importancia de traducir ao galego *Residente privilexiada*, pero tamén destaca a edición francesa de 2005 baixo o título *Maria Casares*, *l'étrangère*. A seguir comenta que debido á súa amizade con María Casares recolleu en 1988 a Medalla Castelao no seu nome e contéstalle a Alfredo Conde que naquela altura lle comentara a María Casares varios "asuntos relacionados coa distinción da Xunta" que serán detallados en vindeiros artigos.

- Xulio Valcárcel, "Memorias de María Casares", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 571, "Páxina literaria", 31 maio 2009, p. 4.

Expón que *Residente privilexiada* amosa a vida intensa de María Casares, dende a súa infancia na Coruña, pasando polas estadías en Madrid e rematando co seu exilio en Francia. Salienta que todo isto se sitúa dentro dun cadro realista, desapegado e áspero.

- Cesáreo Sánchez, "Residente privilexiada", *Xornal de Galicia*, "Na mesa de noite con...", 5 decembro 2009, p. 34.

Indica que recomenda ler as memorias de María Casares que traduciu a editorial trifolium directamente do orixinal francés de 1980. Destaca que lle interesou fundamentalmente a descrición da infancia "na Coruña e os seus arredores", á parte do menos coñecido da vida desta actriz que chegou a ser a primeira figura da Comedia Francesa e do Teatro Nacional Popular francés. Refire que na obra se advirte que tamén foi unha gran escritora "capaz de comunicarnos até os máis íntimos recunchos da súa

complexa personalidade" e doutras figuras como os actores, escritores, persoeiros do cine, e sobre todo da súa relación con Albert Camus. Remata apuntando que esta monografía constitúe a "súa reconciliación coa orixe galega" e a súa explicación de que sempre viviu como quixo.

Gómez-Montero, Javier (coord.), *Allá en el noroeste…Una cartografía literaria del camino en León*, León: Lobo Sapiens S.L., col. Pan, vino y camino, 2009, 315 pp. (ISBN: 978-84-92438-10-5). ■

Volume subvencionado pola Consellaría de Innovación e Industria e redactado integramente en español que recolle textos, en prosa e verso, de diferentes autores galegos, bercianos e leoneses nos que se reflexiona sobre diferentes aspectos do Camiño de Santiago con múltiples referencias xacobeas e locais. Cómpre sinalar que o comezo do título deste volume, *Allá en el noroeste*, está tirado do poema "Allá en el noroeste, por la senda interior" da obra *Desiertos de la luz* (2008) de Antonio Colinas (La Bañeza, León, 1946) e aparece reproducido neste libro. O volume está coordinado por Javier Gómez-Montero (A Coruña, 1958) e comeza cun breve prólogo "Allá en el noroeste…Una cartografía literaria del camino en León", obra do propio coordinador, onde fala sucintamente deste volume e onde sinala que o Camiño de Santiago se configura como un territorio sentimental no que transitan xuntos autor e lector. As diferentes achegas aparecen xebradas en catro bloques: "Por León hacia Astorga", "De la Maragatería al Bierzo" e mais "Hacia Galicia y en Compostela" se ben antes do primeiro bloque aparece reproducido o texto "Para llegar a León", de Álvaro Cunqueiro. Péchase cun posfacio de Javier Gómez-Montero, "Hacia una cartografía literaria del Camino en León", no que detalla algúns dos libros que se centran no tramo leonés e berciano do Camiño de Santiago, moitos deles reproducidos neste volume, e mais coas "Fontes" das que foron tirados todos os textos deste libro colectivo. A seguir dáse conta dos diferentes textos vinculados coa literatura galega que aparecen dentro deste volume:

- Álvaro Cunqueiro, "Para llegar a León", pp. 15-25.

Cunqueiro describe en primeira persoa unha peregrinación polo Camiño de Santiago dende Santo Domingo de la Calzada até León pasando por Burgos, Frómista ou Villalcázar de Sirga.

- Álvaro Cunqueiro, "Haciendo la vía de Sant Facund al Bierzo", pp. 29-34.

Segue neste texto Cunqueiro co relato en primeira persoa dunha peregrinación polo Camiño de Santiago agora chegando xa ao Bierzo e con descricións de Vilafranca do Bierzo. Ambos os textos están sacados do volume *El pasajero en Galicia* (2002).

- John Rutherford, "Las flechas de oro", pp. 217-238.

Texto tirado da novela *As frechas de ouro* (2004), con tradución de Uxía Iglesias, no que o seu protagonista, un peregrino que está a facer o Camiño francés, de Roncesvalles a Compostela, vai relatando os últimos trinta días de traxecto, dende O Cebreiro. Durante o relato describe a xente coa que se atopa e coa que intercambia vivencias, as paisaxes, así como outras anécdotas.

- Suso de Toro, “La flecha amarilla”, pp. 239-251.

Texto de Suso de Toro sacado de *La flecha amarilla. El camino hacia Santiago* (1998) no que se describe unha peregrinación iniciática polo Camiño de Santiago centrada no Bierzo, na entrada en Galicia polo Cebreiro e até chegar a Santiago de Compostela.

- Arturo Franco Taboada, “Keman Bazin: El peregrino”, pp. 253-261.

Texto incluído na novela inédita *La perspectiva de Urbino* no que se relata a longa viaxe de Keman Bazin, cualificado como peregrino en terra de infieis, dende Constantinopla, nome antigo da cidade turca de Istambul, até Compostela.

- Manuel Rivas, “La rosa de piedra”, pp. 263-276.

Neste relato, tirado do volume de Manuel Rivas *Ela*, *maldita alma* (1999), descríbese como Miereia acepta facer cunha estilista chamada Inma un traballo fotográfico sobre a moda que estará ambientado no Cebreiro e mais en Santiago de Compostela.

- Carlos Casares, “Una ciudad que es como una novela”, pp. 277-289.

Texto tirado d’*Un país de palabras* (1998), de Carlos Casares, con tradución ao español de Uxía Iglesias, que está centrado na historia e nas lendas de Santiago de Compostela.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, “Cartografía literaria do Camiño leonés”, *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 576, “Páxina literaria”, 5 xullo 2009, p. 4.

Abre o artigo cunha reflexión sobre o mérito que ten propoñerse un obxectivo e cumprilo. Tras isto, refírese a recente publicación emprendida pola editorial Lobo Sapiens: *Allá en el noroeste… Una cartografía literaria del camino en León*. Deste volume explica que é un compendio, dirixido por Javier Gómez Montero, no que participan varios autores galegos de gran renome, caso de Álvaro Cunqueiro, Manuel Rivas, Suso de Toro, Arturo Franco Tabeada e Carlos Casares, entre outros, para dar a coñecer os múltiples motivos polos que se emprende o Camiño de Santiago. Asegura que todos os escritores achegan historias nas que rememoran as vilas, cidades, camiños, carreiros, anécdotas…etc., que encerra a longa peregrinación dende León a Santiago de Compostela. Neste caso, detense nos relatos de Cunqueiro, Suso de Toro, Carlos Mestre e Franco Taboada, pero promete tratar do resto en sucesivas entregas. Da achega de Cunqueiro, a historia de San Juan de Ortega, destaca “o xeito e a graza inconfundibles” do escritor nunha historia onde os personaxes se ven envoltos nun mundo repleto de pregarias, misterios, santos e defuntos. No caso de Suso de Touro, fala sobre “La flecha amarilla”, resaltando dela a súa “mestura celta e cristiá”. Logo, repara nos dous poemas de Carlos Mestre, incidindo no ton poético, na forza visual e no parecido temático dos escritos. Para rematar, expón o argumento de Taboada: Kernal Bazin, o protagonista, coñece a Catherine e, tras namorarse, emprenden xuntos a peregrinación.

Referencias varias:

- R. G., “De peregrino con Cunqueiro”, *ABC*, “Galicia”, 22 novembro 2009, p. 51.

Anuncia que nos vindeiros días se publicará este libro no que se compilan textos de, entre outros, Álvaro Cunqueiro, Antonio Pereira, Suso de Toro, Manuel Rivas ou Carlos Casares e asemade indícase que neles se percorre a senda xacobea nomeadamente a que pasa por León, pola comarca do Bierzo e mais por Galicia.

González Fernández, Helena, *Género y nación. La construcción de un espacio literario* (*Elas e o paraugas totalizador. Escritoras, xénero e nación*, 2005), trad. Susana Ferreiro, Barcelona: Icaria Editorial, col. Mujeres y culturas, n.º 108, novembro 2009, 189 pp. (ISBN: 978-84-9888-126-4).

Tradución ao castelán, revisada pola autora, do traballo publicado no ano 2005 por Helena González Fernández (Vigo, 1967) en Edicións Xerais de Galicia baixo o título *Elas e o paraugas totalizador* e descrito no apartado “V. Ensaio. Teoría xeral. Crítica” do *Informe de literatura* correspondente. Iníciase co prólogo “Un breviario y dos conceptos”, onde se realiza unha introdución sobre o lugar da muller na literatura galega e se definen os conceptos “paraguas totalizador”, procedente de Radhakrishnan, e “identidade oximorónica”, de Geraldine Nichols. O corpo da obra estrutúrase en tres apartados, titulados “Las escritoras y el paraguas totalizador”; “Reescribir el imaginario: el cuerpo, el mito, el mar”; e “Decirse en la encrucijada identitaria: enunciación y lenguaje”. A través da aplicación de diversos conceptos tirados da Teoría Literaria Feminista ou a Teoría dos Polisistemas, no volume realízase unha explicación da escrita de mulleres no sistema literario galego, para o que se parte da análise da obra de poetas como María do Cebreiro, Chus Pato, Lupe Gómez e Olga Novo e o diálogo que estas estabelecen na escrita con Rosalía de Castro ou Xohana Torres.

Goytisolo, Juan, *Ensayo sobre José Ángel Valente*, ed. de Claudio Rodríguez Fer, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Publicaciones de la Cátedra José Ángel Valente de Poesía y Estética, serie Punto cero, n.º 1, 2009, 99 pp. (ISBN: 978-84-9887-120-3).
◆

Con este volume, unha das obras da Cátedra José Ángel Valente de Poesía y Estética coa que colabora o Banco Santander, Juan Goytisolo (Barcelona, 1931) inaugura a serie de ensaios Punto Cero desta Cátedra, con motivo do oitenta aniversario do nacemento de Valente e do seu décimo cabodano. A edición, dirixida polo responsábel da cátedra, o poeta e especialista na materia Claudio Rodríguez Fer, arrinca coa introdución “Encuentro en tierra ignota. Juan Goytisolo lector de José Ángel Valente”, do poeta mexicano Luis Vicente de Aguinaga. Goytisolo selecciona e ordena neste volume os seis ensaios monográficos que veu dedicando dende os anos 80 ao poeta galego: “Palmera y mandrágora. Notas sobre la poética de José Ángel Valente”, “Introducción a *Material memoria*”, “Experiencia mística, experiencia poética”, “José Ángel Valente o la restinga”, “La experiencia abisal” e “Homenaje a José Ángel Valente”. O conxunto, ademais, revela o punto de vista do propio Goytisolo sobre temas tan variados como a poesía, a mística ou a tradición.

Referencias varias:

- maré, "Os ensaios dun amigo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 abril 2009, p. 30.

Indica que a Cátedra de Poesía e Estética José Ángel Valente vén de presentar o libro *Ensayos sobre José Ángel Valente*, de Juan Goytisolo. Comenta que conta cunha edición de Claudio Rodríguez Fer e introdución do mexicano Luis Vicente de Aguinaga. Asemade, apúntase que en Ourense e en Madrid se han celebrar actos de homenaxe a Valente e danse unhas breves referencias da Cátedra de Poesía e Estética José Ángel Valente da Universidade de Santiago de Compostela.

Jato, Mónica, Sharon **Keefe Ugalde** e Janet **Pérez** (eds.), *Mujer, creación y exilio (España, 1939-1975)*, Barcelona: Icaria Editorial, serie "Mujeres y culturas", n.º 106, junio 2009, 303 pp. (ISBN: 978-84-9888-102-8).

Volume en lingua castelá que se abre co prólogo "Viajes que son historia" no que as editoras, Mónica Jato, Sharon Keefe Ugalde e Janet Pérez, anuncian o contido dos catro apartados nos que está dividido este ensaio. Son os seguintes: "Perspectivas y panoramas", integrado polos traballos "El exilio político femenino de la guerra civil española", de Janet Pérez, e "Las escritoras imprevistas: testimonios gallegos de la guerra, la represión y el exilio", de Helena González Fernández, nos que se abordan as dificultades que o análise da literatura exiliada escrita por mulleres tivo que remontar para lexitimar a súa presenza nas revisións que sobre o período 1939-1975 se veñen realizando nos últimos tempos; "Las rutas de la memoria", formado polos estudos "Concha Méndez Cuesta: memoria, duelo y redención elegíaca", de Margaret Persin, "Aurora de Albornoz: la memoria y el espacio", de Sharon Keefe Ugalde, "Concha Zardoya y el exilio como espacio creativo: la poética de la memoria", de María Paz Moreno, e "Hacia una *imposible* poética del regreso: *Tiempo de llorar* de María Luisa Elçio", de Mónica Jato, nos que se exploran os diferentes camiños que adopta a presenza da rememoración nas obras das autoras estudadas coa fin de testemuñar a dor do desterro e aventurar unha saída ao trauma da ausencia, o silencio e o esquecemento causados pola Guerra Civil e o desterro; "Palabra, silencio y vida", integrado por "Sérpula o la verdad: exilio y arraigo en la poesía de Rosa Chacel", de Candelas Gala; "María Zambrano y Franco", de Goretti Ramírez, e "El exilio de María Zambrano: un camino órfico hacia una vida nueva", por Francis Lough, ensaios nos que se contempla a obra de María Zambrano e Rosa Chacel, dúas intelectuais do exilio español de 1939; e, finalmente, o apartado cuarto, "¿Viajes para un éxodo?", que contén os estudos "Aurora Bertrana: vida y literatura en clave feminina", de Kathleen M. Gleen; "Éxodo tras éxodo: el doble exilio de Silvia Mistral", de José F. Colmeiro, e "Julia Uceda: lo extraño en nosotros mismos", de Ray Pritchett, nos que se recollen experiencias da viaxe como vivencia de alteridade. De todos estes estudos é de interese para a Literatura galega o titulado:

- Helena González Fernández, "Las escritoras imprevistas : testimonios gallegos de la guerra, la represión y exilio", pp. 49-76.

Traballo realizado dentro do proxecto de investigación de excelencia "Cuerpos re-escritos: dolor y violencia en escritoras y personajes femeninos de la literatura de mujeres", tal como se sinala en nota a pé de páxina. Nel González Fernández detense

nos testemuños (en memorias e autobiografías, non en textos de ficción) dun grupo heteroxéneo de mulleres galegas (forman parte deste grupo mulleres cultas ou moi cultas, outras con menos formación pero con compromiso político; literatas e non literatas, etc.) que se converteron en "escritoras imprevistas" maioritariamente en lingua castelá e que comparten unha vida e obra truncada pola insurrección franquista e, despois, marcadas, case sempre, polos fascismos europeos e latinoamericanos. González Fernández fai un breve repaso bio-bibliográfico destas sete mulleres (Syra Alonso, Mariví Villaverde, Mercedes Núñez, María Casares, María Tobío, Isabel Ríos e Ana María Alvajar) para logo dar conta dos motivos que levaron a estas escritoras a expresarse nas súas memorias e autobiografías , en xeral, en lingua española (son excepción os textos de María Tobío, Mercedes Nüñez e María Casares). Baixo o epígrafe "El lento emerger de las memorias de las mujeres" dá conta das razóns polas que a maior parte do corpus co que traballou, formado polos testemuños destas mulleres, empeza a publicarse arredor de 1980, malia a súa lectura e reedición medrar a comezos do século XXI. Pola súa banda en "El deseo/ imposibilidad de escritura" e "Ellas escriben porque viven momentos difíciles" a autora detense, respectivamente, nas dificultades coas que se enfrontaron estas mulleres galegas á hora de escribir sobre a súa vida "truncada por la guerra" e nas características deses textos a cabalo entre a subxectividade e a obxectividade. Finalmente, en "Imprevistas, sí, pero narradoras" Helena González explica por qué estas mulleres son "escritoras imprevistas y nómadas" e o que isto supón: inexistencia de modelos, diferenzas nas fórmulas narrativas, textos puntuais, etc.

Maalouf, Amin, *A deleiba do mundo. Cando as nosas civilizacións esmorecen*, trad. de Mª Dolores Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, setembro 2009, 261 pp. (ISBN: 978-84-9914-034-6).

Monografía crítica de Amin Maalouf (Líbano, 1949) na que reflexiona e cuestiona actitudes e comportamentos que determinan e producen o esmorecemento das civilizacións na actualidade, como apunta xa dende o título reflicte na oración coa que comeza esta crónica: "Entramos no novo milenio sen compás". Arrinca coa dedicatoria "Para Marlene e Salim Nasr. E á memoria de Paolo Viola 81948-2005)" e un epígrafe inicial tirado de William Carlos Williams (1883-1963) que preceden ás páxinas iniciais nas que explica o contido e as razóns deste traballo. Nelas indica que dende o comezo do sécullo XXI ten observado unha serie de "acontecementos desacougantes" que lle permiten considerar que se vai producir unha "deleiba maior" no mundo, que afectará simultaneamente a varios ámbitos (o intelectual, financeiro, climáticos, xeopolítico e ético). Non pretende ser pesimista polo que refire que tamén existen "trastornos saudables e inesperados", de aí que pense que a humanidade dará cos medios para saír desa "calella sen saída" na que semella atoparse. Apunta que esta crónica está concibida dende as "inquietudes" das Luces, da liberdade, da diversidade harmoniosa, é dicir, dende a visión "dun namorado da vida, que non quere resignarse á deleiba que paira sobre nós". Insiste en que non é "dos que badua do tempo presente" mais recoñece que non pode gozar "con acougo" da modernidade na que vive a súa "privilexiada" xeración se non está seguro "de que as xeracións futuras poderán saborealos de igual xeito". Considera que os seus temores están xustificados, como demostrará ao longo do traballo, e tenta conseguir que o seu grito de alarma sexa escoitado polos seus contemporáneos para "evitar o naufraxio". Constata que neste momento da evolución histórica a humanidade precisa de "solucións globais inéditas" e apunta que a súa

postura é comparábel a dun "villeu nos xardíns da Alameda un día de treboada" que sabe que o que lle poda ocorrer a esa terra e á xente que viven nela lle atinxe de preto. Estrutúrase en tres grandes capítulos numerados en romanos e titulados, que se subdividen á súa vez en partes numeradas, "I. As vitorias enganosas", "II. As lexitimidades perdidas" e "III. As certezas imaxinarias", e un "Epílogo: Unha prehistoria demasiado longa" e péchase cunha nota do autor. En relación coa cultura e a literatura interesa o capítulo "III. As certezas imaxinarias" (pp. 163-237) e o "Epílogo: Unha prehistoria demasiado longa" (pp. 239-257). No capítulo III aposta por non formular a crise moral como "perda de referencias" ou "perda de sentido" senón inventar en lugar de "recobrar". Formula desfacerse dos prexuízos e entrar nunha nova fase da Historia onde se inventen "as solidariedades, as lexitimidades, as identidades, os valores, as referencias", en lugar de idealizar o pasado porque "o balance da Historia non é exemplar en absoluto". Decide empregar o termo "valores" nunha nova escala que se basee na "saúde pola cultura". Refire que un escritor ou calquera persoa que traballa no ámbito da cultura debe entender que "o papel da cultura é o de fornecer os nosos contemporáneos dos instrumentos intelectuais e morais que lles permitirán sobrevivir". Indica que a cultura debe ser considerada "unha disciplina de supervivencia" e unha forma de "xear a diversidade humana". Precisa que este último aspecto debe comezar a través da literatura xa considera que "a intimidade dun pobo é a súa literatura". Por iso, reivindica que "hai que concederlle á cultura e ao ensaio o lugar que lles corresponde", idea que recollen distintas tradicións relixiosas, entre elas, o Talmud: "O mundo só se sostén co alento dos nenos que estudan". No Epílogo salienta que "o debate global sobre a coexistencia xa non nos deixará" porque o planeta constitúe "un tecido anullado de poboacións diferentes, todas conscientes da súa identidade" e que hai que aprender a vivir xuntos. A seguir volve á idea coa que comezara, a busca de reaccións "ás turbulencias da nosa época" que atribúe a tres tentacións que desenvolve brevemente: a "do precipicio", a "da parede" e a "do cume". Remata perfilando varias razóns ou factores "para a esperanza". Pecha o traballo indicando que abordou temas tratados por moitos autores e que decidiu poñer *on-line* esa bibliografía no sitio do seu editor para que se vai actualizando e completando con "documentos, informes, conferencias, artigos ou citas *in extenso*".

Recensións:

- Manuel M. Barreiro, "Ensaiar outro mundo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 19.

Sinala que os escritores de ficcións discuten as interpretacións que expoñen politólogos, sociólogos e analistas das relacións internacionais e que *A deleiba do mundo* é unha mostra "inmellorábel" disto. Explica que esta nova achega de Amin Maalouf é "un grito de alarma que rebate, compromete e quere convencer e non adormecer, unha historia para animar a busca de 'solucións globais inéditas' coas que crear novas oportunidades políticas, sociais ou culturais nun mundo incerto e ameazado por unha regresión descivilizadora". Por outra parte, apunta que é "un pensar para a acción, un escribir para pensar e unha reacción fronte ao relato deshumanizado (e tamén desvalorizado) que da marcha do mundo dan as ciencias sociais da academia, as análises dos *think tank* ou a *literatura gris* das chancelerías". A seguir, esmiúza do volume e anota as razóns para a esperanza que Maalouf cifra no avance imparábel da ciencia.

Referencias varias:

- Manuel Bragado, "A deleiba da lingua", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 18 outubro 2009, p. 30.

A partir da publicación en galego d'*A deleiba do mundo*, de Amin Maalouf, deféndese o modelo de convivencia pacífica do castelán e do galego. No que respecta ao ensaio de Maalouf, destácase a conxugación da universalidade dos valores, a expansión das culturas coa diversidade lingüística.

- Dolores Vilavedra, "Receitas varias para tempos de crise", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 18 decembro 2009, p. 8.

Infórmase da publicación de varias obras traducidas ao galego como *A deleiba do mundo*, de Amin Maalouf, resúmese o argumento e emítese unha valoración.

- Xosé Miguel A. Giráldez, "A civilización que esmorece, vista polo grande Amin Maalouf", *El Correo Gallego*, "Cultura", 26 decembro 2009, p. 60.

Indica que os lectores do xornal *El Correo Gallego* seleccionaron na petición que fixo este xornal dos mellores libros publicados no ano 2009 *A deleiba do mundo*. Apunta que nel se explican os motivos que influíron nos desaxustes que vive o planeta a comezos do século XXI, no planos económico, social, ecolóxico e cultural. Precisa que Maaalouf analiza "o deconcerto mundial e a perda progresiva da diversidade cultural e do respecto ás minorías". Recóllese a calidade do ensaio, o cal se compara cos dos analistas Toynbee, Bernard.hemry Levi, Umberto eco, Francis Fukuyama e sobre todo con *O choque das* civilizacións, de Samuel Huntington. Refire que Maalouf achega unha "visión lúcida e moi crítica do tempo que nos tocou vivir". Insiste e apunta en que debería ser "de lectura obrigatoria" e remata recollendo unhas interrogantes tiradas do ensaio.

Snow, Charles Percy, *As dúas culturas* (*The Two Cultures*, Cambridge University Press, 1998), trad. Eva Almazán, intr. de Stefan Collini, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Autores&Textos, 2009, 138 pp. (ISBN: 978-84-96530-92-8). ◆

O texto do científico e escritor británico Charles Percy Snow (1905-1980) iníciase cunha extensa introdución de Stefan Collini na que conta o día en que Snow deu a súa conferencia sobre as dúas culturas en 1959 na Universidade de Cambridge. O autor referíase á cultura dos intelectuais literarios e a dos científicos naturais. Sen darse conta, e segundo esta introdución, Snow pronuncia unha frase que calquera observador se decataría que ía levantar polémica e tería grande éxito. Colini intenta facer unha perspectiva histórica do tema e afirma que o intento de definir estes dous ámbitos data do período romántico principalmente. A extensión da educación na sociedade coa súa actividade social motivou tanto ou máis o interese pola relación entre as dúas ciencias da cultura. Tras este breve repaso histórico, Collini presenta un apartado co estudo dos aspectos biográficos máis relevantes do autor para terminar cunha opinión persoal do que lle parece esta polémica e de cando Snow empezou a se preocupar polo tema e a súa fama persoal creceu e atraeu máis interese público polo tema. Stefan Collini termina a súa introdución extensa co estudo das reaccións que provocou e as polémicas que

levantou, mencionando os distintos intelectuais da época e as opinións que tiñan sobre este tema da relación de ambos os campos de estudo, engadindo o mapa cambiante das disciplinas. Termina falando da especialización e atomización que se vén dando nos estudos así como dos novos descubrimentos coa nova revolución microelectrónica que fai que pareza que se distingan moito máis as dúas entidades estábeis nas que se separaba a realidade cultural. Nesta introdución menciónase que Snow tratou en 1971 de confesar que se sentía insatisfeito con esta formulación netamente académica coa que pretendera achegar moito máis as dúas culturas e que parecía que se separaban cada vez máis. Collini termina a súa introdución engadindo unha breve bibliografía utilizada para a elaboración de devandito texto pero comentada e que forma parte do texto. A continuación pódese ler un breve limiar da segunda edición do libro asinado por Snow en 1963. Este científico e escritor comeza facendo historia do momento no que impartiu a conferencia en Cambridge en 1959 e na que fala das dúas culturas: a literaria e a científica. A súa tese é que a ruptura de comunicación entre as ciencias e as humanidades é un dos principais inconvenientes para a resolución dos problemas mundiais. Dada a súa formación científica e a súa calidade de novelista de éxito, Snow sentíase na obrigación de expor o debate. No punto dous do seu traballo compara aos intelectuais con ludistas naturais e menciona a importancia da revolución industrial no seu país e distínguea da revolución científica que presenta no punto tres. Céntrase nun estudo histórico da evolución da sociedade para explicar a diferenza existente no mundo entre ricos e pobres e trata de atopar unha xustificación para esta brecha social. No apartado II, "As dúas culturas: unha segunda mirada", Snow reflexiona sobre a marea de respostas críticas a favor e en contra que a súa tese motivou. O máis importante desta tese é a insistencia de Snow de que, a menos que se adoptasen amplamente a ciencia e a tecnoloxía modernas, os problemas sociais e económicos do mundo en desenvolvemento non se ían a resolver. Sinalaba a países como China ou India que estaban cimentando os seus plans de modernización ao redor da ciencia e opinaba que se estaban comprometendo a transformar as economías rurais en industriais nunhas cantas décadas e non en séculos, como lle tomou a Occidente facelo. O valor e vixencia do texto baséase na súa defensa de que as sociedades ricas e pobres deben recoñecer e aceptar a ciencia como unha parte importante da cultura. Termina o seu texto dicindo que a transformación da educación non vai producir milagres e que xa non é tan fácil formar homes e mulleres como o era no pasado, xa que non había tantos avances. O que si é certo é que as mentes privilexiadas non deben ignorar a imaxinación, tanto nas artes como nas ciencias, e que tampouco sexan ignorantes do legado da ciencia aplicada.

Recensións:

- Albino Prada Blanco, "Un debate histórico e aberto", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "Olladas sobre Ramón Piñeiro", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 114-115.

Sinala que, cincuenta anos despois, ténse a oportunidade de ler en galego a "semente dun debate" que permanece aberto. Trátase d'*As dúas culturas*, de C. P. Snow, achega do Consello da Cultura Galega. Comenta que o autor esquematizou a distancia que daquela separaba os que tiñan unha elevada formación científico-técnica "dos que tiñan un gran prestixio literario ou intelectual". Sinala de que maneira tratou o problema das dúas culturas na escolas e o obxectivo de manter un programa equilibrado das diversas materias e culturas. Ademais, salienta que "dos mellores exemplos" que coñece de

integración das tres culturas de Snow (ciencia, literatura e humanidades) para a cultura galega é a obra *Galicia borrosa* (2004), de Santiago Lamas.

- Manuel Xestoso, "Cincuenta anos entre dúas culturas", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "Cultura", 26 novembro-2 decembro 2009, pp. 20-21.

Destaca o labor do físico e novelista Charles Percy Snow e as súas ideas, expostas no relatorio de 1959, e recollidas n'*As dúas culturas*. Fai un breve recorrido pola historia das ciencias e das humanidades en Occidente e detense, primeiro, nas teorías de Snow. Delas nos informa que aínda que, a simple vista, parecían intentar reunir ambas realidades culturais, descubriuse que o físico e novelista sentía un certo interese pola primacía das ciencias, xa que estas guiaban "á humanidade cara a un futuro próspero e seguro". Despois, comenta que as propostas snowianas foron refutadas con outros argumentos, entre os cales subliña os seguintes: a necesidade da formación antropolóxica e histórica para liquidar os problemas que arrasaban o mundo, a importancia do discurso tecnolóxico nas elites políticas e económicas, ou a nova concepción utilitarista que só buscaba beneficios a curto prazo. Matiza que esta última opción, ao converterse na principal tendencia, provocou que a disciplina humanística e científica non saíse moi ben paradas. A día de hoxe, opina que o debate se sustenta nas continuas posibilidades que ofrece a ciencia e as limitacións que atopan as humanidades.

Moura, Andityas Soares de, *A letra e o ar: palabra-liberdade na poesía de Xosé Lois García*, trad. do portugués Amelia Piñeiro Santorum, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Divulgación e Ensaio, 2009, 225 pp. (ISBN: 978-84-92792-05-4).

Andityas Soares de Moura, ensaísta e profesor universitario brasileiro, intenta ofrecer neste denso texto o que considera, no discurso deste poeta, "unha produtiva tensión entre a letra e o ar". Para Moura, os poemas de Lois García constrúen un camiño de liberdade para a terra galega na súa temática, tanto para amar como para morrer e sobre todo para dicir o que queira e como queira. É un traballo crítico do corpus poético do Xosé Lois García, conectándoo á súa vez co panorama da literatura galega das últimas décadas do século XX e analizando os elementos de contacto con outras tradicións literarias e culturais como son a portuguesa e máis sorprendentemente, coa africana. No seguinte capítulo preséntase un panorama histórico literario da orixe da poesía trobadoresca para poder encadrar ao poeta no neotrobadorismo galego. Outro dos aspectos que trata Moura da poesía de García é o aspecto social desta e o seu enraizamento na identidade galega. A poesía de García é poesía de combate e de socialismo, encadrada nas súas orixes de operario dunha fábrica. No cuarto capítulo vólvese á poesía tradicional e móstrase a nostalxia que ten García da súa terra galega. Nesta poesía introdúcese o mundo telúrico, o mundo dos soños e saudades. Fálase dos seus espazos vitais como son Lugo e Ribadavia e o que inflúen na súa poesía. Xa no capítulo cinco faise referencia a dúas preocupacións universais do home e que conforman o universo poético de García: o amor e a morte. Advírtese no estudo de Moura que García está preocupado pola finitude da vida nuns momentos de cambio, onde están xurdindo novos hábitos. O amor, para García é o que rexe todo o universo, non só o amor sensualizado e sexualizado senón o sentimento de pertenza a outra persoa e a familiaridade coas cousas e os homes, cousas como o amor a unha paisaxe, a unha lembranza, a un río. É o encontro entre o amor e a morte o tema central da poesía de

García. No seu traballo crítico, Moura céntrase na presentación de García do amor e a morte como as dúas caras da mesma moeda e para iso fala de saudade, termo que pode ser de difícil tradución pero que é unha especie de amor universal e abstracto polas cousas que pasaron, que pasan e pasarán. Ter saudade é como reconciliar o máis importante da vida, o amor, coa negación desa mesma vida, a morte, tendo como resultado un sentimento de doce ausencia. Quizais isto sexa o máis característico da súa temática. Moura engade neste capítulo unha breve historia da educación sentimental de Galicia e o lugar político da poesía pornográfica. A poesía erótica é a poesía da madurez de García. No seguinte capítulo faise un estudo da poesía en lingua portuguesa, referíndose tamén ao chan africano e á súa xente que fala portugués. No último se volve a tratar a identidade poética e os límites da crítica poética. Faise referencia ás conexións poéticas e vivenciais de García con Cuba, con Barcelona e Sant Andreu da Barca, da temática accesoria : a guerra e o amor e da conquista da forma.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Palabra que se torna respiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 19 decembro 2009, p. 2.

Despois de repasar de vagar a temática e algún dos títulos do poeta, ademais de crítico literario, estudioso, traductor… Xosé Lois García Fernández, coméntase que o volume que Andityas Soares de Moura lle dedica supón unha revisión do que supuxo, no transcurso das décadas, a produción lírica do poeta, quen segundo Soares "ten na saudade un dos elementos caracterizadores".

Surgers, Anne, *Teatro occidental: unha historia teatral desde a escenografía* (*Scénographies du théâtre occidental*), trad. Inmaculada López Silva, Vigo: Agadic/Editorial Galaxia, col. Biblioteca de Teatro, n.º 12, xullo 2009, 264 pp. (ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4829-1)(ISBN Galaxia: 978-84-9865-208-6). ■

Neste libro Anne Surgers proponse facer un percorrido cronolóxico a través do espazo escenográfico, analizando uns tras outro, textos, esbozos, ilustracións, debuxos, nos cales o arquitecto, o maquinista, o decorador, o pintor fan o oficio daquel que aínda non se constituíu en escenógrafo. A autora na introdución define a escenografía como a arte de organizar o espazo da ficción teatral, pero tamén o espazo do encontro entre o público e os actores. Faise un estudo dende a orixe grega do teatro occidental até comezos do século XX e de como os códigos de representación evolucionaron. Este libro diríxese aos estudantes de artes do espectáculo, de letras e a todos aqueles a quen interese o teatro. O texto está dividido en oito capítulos aos que segue unha conclusión, un glosario, un dicionario biográfico, a bibliografía e a táboa de ilustracións. No primeiro fálase da evolución do pensamento e da práctica do espazo teatral na que se fai unha breve historia introdutora das acepcións das palabras escenógrafo e escenografía. No segundo, a autora empeza a facer historia e afirma que aínda que as orixes do teatro occidental sexan descoñecidas, a maior parte das teorías sitúano en certos ritos e prácticas relixiosas da antigüidade, pero isto é un lugar común. O certo é que as festas dionisíacas se relacionaban con representacións teatrais. Explícase cales eran os lugares ocupados polos actores, o público e a orquestra, entre outras cousas. A continuación fálase da evolución do teatro romano e dos seus decorados. O seguinte que analiza é o

teatro medieval que xorde da teatralización da liturxia en latín para que os fregueses entendan o que se di. Desta primeira teatralización xorden os misterios, os milagres e martirios. O capítulo sobre a elaboración do teatro á italiana dos séculos XIV ao XVI céntrase no decorado á italiana, na evolución rápida da escenografía ilusionista cun decorado en segundo plano e na constitución da caixa de ilusións. Todo iso descrito con profusión de ilustracións. O capítulo dedicado ao século XVII comeza cunha descrición do estilo barroco para pasar a falar dos currais de comedia en España, onde tiñan lugar as representacións das comedias do Século de Ouro. A escena Isabelina fai referencia, no capítulo que segue ao anterior, ao teatro orixinario de Inglaterra de finais do século XVI e comezos do século XVII, chamado teatro Isabelino no que teñen lugar as representacións das obras de Shakespeare. O teatro ten forma case semicircular e é construído en madeira. A continuación fálase do espazo teatral e do decorado en Francia no século XVII, que é un período de cambios na escenografía. Non hai un espazo específico para as representacións, que teñen lugar nos xogos de pelota ou nas casa de préstamos entre outros lugares. Faise un repaso á época anterior e menciónanse os decorados de máquinas e como se adapta o modelo italiano, aínda que cunha simetría rigorosa. Séguese falando da regra da unidade de lugar, como a máis importante neste momento en Francia. O capítulo seguinte leva como título "Os avatares do teatro á italiana dos séculos XVIII e XIX" onde se ve a evolución da relación escena-salga coas propostas e as utopías do século XVIII. A evolución do decorado é o exemplo do escenario tripartito. É a época de Voltaire. Séguese o camiño do realismo. A conclusión volve definir o teatro e o que significa a imitación da natureza e fai un breve resumo do achegado en cada capítulo con respecto ao que é a función do escenógrafo ao longo dos séculos.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "A organización do espacio teatral", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 28 novembro 2009, p. 2.

Fai unha reflexión sobre o devir histórico do xénero teatral, en franca desigualdade en comparación coa novela ou a poesía. Por este motivo congratúlase da publicación destes estudos relacionados coa dramaturxia. Menciona a colección "Biblioteca do Teatro", que dende hai anos publica Galaxia, e céntrase nun estudo histórico do teatro occidental e a súa evolución. Comenta que Anne Surgers, profesora e investigadora, é a autora desta nova publicación, *Teatro Occidental: unha historia teatral desde a escenografí*a, e afirma sobre a monografía que, ademais de acoller unha panorámica do ámbito teórico, incorpora ilustracións que mostran distintas escenografías. Termina cunha definición que aparece ao comezo do libro: o escenógrafo é "o intermediario que inventa un espazo de liberdade para a imaxinación".

Referencias varias:

- Santiago Agra, "Agadic e Galaxia editan outras catro obras teatrais de referencia", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 16 setembro 2009, p. 145.

Refírese á novidade da publicación dunhas obras teatrais de referencia das que algunhas non existe tradución en ningunha das linguas da Península Ibérica. Acompañada dunha foto na que aparece o conselleiro de Cultura, o director de Galaxia, o director da

colección e un representante da Axencia Galega de Industrias Culturais, a noticia céntrase na necesidade que teñen as escolas superiores de arte dramática galegas de obras de referencia traducidas. Coméntase que a colección se creou en 2002 para que servisen de libros de texto nestes centros de arte dramatica. Sinálaswe que a colección "Biblioteca de Teatro" incorpora estas catro obras nas que se destaca *Teatro Occidental: unha historia teatral desde a escenografía*, escrita pola profesora da Sorbona, Anne Surgers. Anúnciase que a finais de ano se publicará un manual de interpretación escrito por vintecinco autores e investigadores.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Infantil/Xuvenil", 17 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de novidades literarias, como *Teatro occidental*: *unha historia teatral desde a escenografía*, de Anne Surgers.

Vidal, Miguel Carlos, *Poesía viva* (*De poetas, libros, revistas y tertulias*), Santiago de Compostela: Librería-Editorial Follas Novas, col. Fonseca. Filología, n.º 3, abril 2009, 143 pp. (DL: C 780-2009).

Miguel Carlos Vidal (Ferrol, 1929) empeza o seu primeiro capítulo, "Tres poetas con nome", falando de Miguel González Garcés e de cando o coñeceu en Ferrol e comezou a súa colaboración na revista poética *Aturuxo* da que foi fundador e codirector. Este poeta escribiu catorce poemarios e na súa obra lírica utilizou indistintamente o galego e o castelán. A súa análise crítica da obra deste poeta baséase nos traballos de Dámaso Alonso e o seu discípulo, Carlos Bousoño. Destaca deste poeta o uso das cores, os cheiros e as luces. É unha poesía cromática. Ao poeta Luís Pimentel coñeceuno en Lugo nun faladoiro e fixéronse amigos a pesar da diferenza de idade. Foi o colaborador máis prolífico da revista *Aturuxo.* Para Vidal, este poeta realizaba "o seu milagre poético" na dirección dende o significado ao significante. Fala da "impermeabilidade" da súa poesía que tratou poucos pero queridos temas eternos. A continuación, realiza unha aproximación á poesía de Francisco Brines, a quen tamén coñeceu persoalmente en Ferrol. No momento que empeza a enumerar as obras que leu do autor e dá a súa opinión sobre elas, diríxese ao poeta coma se fose o seu único lector. Termina dicindo que outras apreciacións da obra de Brines poderían facerse nunha entrevista persoal con todos os seus libros ao alcance da man. O segundo apartado do libro dedícase a Álvaro Cunqueiro, de que tamén é amigo a través das súas colaboracións en *Aturuxo*. Cunqueiro publica o seu primeiro libro aos vinte e un anos e dende ese momento sorprende coa súa imaxinería musical e luminosa. Escribe pezas de estilo neotrobadoresco tamén. A obra poética de Cunqueiro resúmea como un gran cosmos lírico, unha poesía de vangarda a pesar de estar afundida nas raíces profundas de Galicia. O terceiro capítulo céntrase nunha carta e nota de lectura de Xulio López Valcárcel. A carta é enviada por Vidal ao poeta para manifestarlle a gran calidade e riqueza lírica dos seus poemas e enviarlle uns apuntes críticos sobre a súa obra. Na nota de lectura Vidal analiza con detalle o último traballo de López Valcárcel, do que di que é un poemario íntimo, triste e melancólico de versos firmes e poderosos. No cuarto capítulo fálase do reencontro con *Aturuxo*, a revista poética que fundan en 1951 o poeta Tomás Barros e o mesmo Vidal. Máis tarde editaron tamén unha colección de poemarios co nome de "Aturuxo". Foi Ricardo Carballo Calero quen conseguiu poemas

de poetas do momento e Isaac Díaz Pardo ilustrou a revista. A publicación tivo moi boa acollida entre os intelectuais galegos. Tras este primeiro apartado referido ao nacemento, no segundo relata o seu crecemento e expansión por todos os círculos poéticos de Epaña e Hispanoamérica. O terceiro apartado conta o final, xa que as persoas que se ocupaban da súa edición tiveron que atender diversas tarefas persoais polo que no ano 1960 a revista chega ao seu fin. O apartado cuarto está dedicado a Antón Avilés de Taramancos que se uniu ao grupo tertuliano. A continuación Vidal menciona de xeito cronolóxico os faladoiros literarios e antes de pasar ao capítulo cinco, presenta un epistolario e notas de prensa de *Aturuxo* de interese cultural e literario porque son breves cartas escritas por escritores novos como Gabriel Celaya, Ramón Piñeiro ou Manuel María, entre outros. O libro termina cun capítulo dedicado aos poetas de Ferrol Mario Couceiro, Eduardo Santalla e Antonio Martínez Barcón. A Mario Couceiro dedica o primeiro apartado, a Xullo Pérez Gamarra, o segundo, para continuar con Antonio Martínez Barcón, Eduardo Santalla e Luís Alonso Girgado.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Lembranzas e reflexións de Vidal", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 569, "Páxina literaria", 17 maio 2009, p. 4.

Salienta que o poeta ferrolán Miguel Carlos Vidal cingue na súa literatura ao esencial e ao necesario e ao mesmo tempo repasa e analiza a súa produción poética: *Orvallo* (1953), *Ayer en que te dices* (2002) e *Poesía viva*. Con respecto a este último volume, comenta que fala das relacións persoais de Vidal con diversos autores da súa estima, facendo ademais unha valoración crítica. Por este motivo considera que nel conflúen a dimensión do poeta activo e mais a de lector atento.

- Xulio Valcárcel, "Vinte anos sen Miguel González Garcés", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 563/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 599, "Páxina literaria", 13 decembro 2009, p. 6.

Sinala o recente recoñecemento que Miguel Carlos Vidal fíxolle en *Poesía viva. De poetas, libros, revistas e faladoiros* ao seu amigo Miguel González Garcés, un dos autores máis representativos e polifacéticos da poesía galega da segunda metade do século. Comenta que nesta obra se poñen en alza algúns dos méritos conseguidos polo escritor tanto no plano persoal como literario, resaltando, en maior medida, a súa humildade e a boa complicidade que estabelecía co interlocutor.

Referencias varias:

- Andrés López-Dafonte, "Un libro", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Gente", "La ventana", 11 xuño 2009, p. 14.

Comenta que nunha viaxe en avión estivo lendo o libro *Poesía viva*, de Miguel Carlos Vidal, do que se sinala que nel aparecen os máis insignes poetas ferroláns que son debullados. Finalmente amosa a súa admiración, respecto e cariño cara a Miguel Carlos Vidal.

V.4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Acuña, Ana, "Na encrucillada dos vieiros: a revista *Vieiros* e os galegos doutras periferias (Madrid, Arxentina, Cuba...)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 80, tomo IV, ano XX, "Acoutacións", outubro-novembro-decembro 2009, pp. 91-107.

Reprodúcese o texto lido na xornada organizada polas Redes Escarlata "*Vieiros*: a vangarda xornalística (1959-1968)", celebrada no Mosteiro de Celanova o 10 de outubro, no que Ana Acuña repasa a través dos testemuños dalgúns emigrados e exiliados e dos rexistros biográficos a súa relación con *Vieiros*, tanto dende o punto de vista individual coma colectivo. Detalla as principais fontes documentais que emprega para o traballo, sinala que se vai centrar na relación dos "madrigalegos" coa revista e salienta a especificidade desta publicación dentro do panorama da Galicia exterior, especialmente polo seu monolingüismo e a dimensión económica dos seus artigos. Analiza o léxico de moitos dos seus artigos por considerar que existe unha estreita relación entre este e a ideoloxía, en especial no campo semántico relacionado co ideal de mocidade e coa idea dunha única Galicia, centrándose entón na idea de que o grupo Brais Pinto foi sinal dunha nova xeración activa e existiu un ideal dunha "ecumene galega" unida por *Vieiros*. Exemplifica elementos léxicos con numerosos parágrafos de textos publicados na revista, recolle as opinións doutros emigrados, como Xosé Neira Vilas, e conclúe que *Vieiros* foi unha fronte cultural da que é preciso facer memoria.

Agra, Agustín, "Os nosos libros", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 33, abril 2009, p. 60.

Sección fixa de recensións sobre obras destacadas e acabadas de saír do prelo. Comenta a novela de Xerardo Agrafoxo, *O violinista de Malá Strana* (2008), terceira obra narrativa do autor. Saliéntase que nela se conta a historia dun misterioso crime na cidade de Praga, coas pegadas de Franz Kafka e Antoine de Saint Exupéry, e as peripecias dun escritor en sequía creativa.

Agrafoxo, Xerardo, "Os nosos libros", *Alameda*. *Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 35, novembro 2009, p. 84.

Coméntase que no volume *Dez anos de poesía* pódese atopar unha recompilación, ademais dunha breve semblanza dos autores, dos poemas galardonados nas dez primeiras edicións do premio de poesía Faustino Rei Romero. Asemade destácase o prólogo, que corre a cargo do encargado da edición, X. Ricardo Losada, que encerra unha acendida defensa da palabra poética e da figura de Rei Romero.

Almuíña González, Isabel, "A Esmorga' na biblioteca Blanco Amor", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, maio 2009, pp. 13-17.

Dá conta dos avatares que rodearon a adquisición da biblioteca de Eduardo Blanco Amor (1897-1979), comprada pola Biblioteca Provincial de Ourense en 1984 pero cuxos dereitos de propiedade intelectural pasaron á Editorial Galaxia en 1993. Sinala que está composta dun total de 1.814 títulos, máis de 3.000 imaxes no arquivo fotográfico, 1.137 cartas, revistas, cadros, obxectos persoais e diversos manuscritos das súas obras en galego e castelán, ademais de tres anexos incorporados con posterioridade integrados por títulos referentes á obra de Blanco Amor, vinte e cinco exemplares sobre o estudo de obras de Blanco Amor e Lorca e cincuenta e un libros doados por Carlos Laíño centrados en temas e obras relacionadas co escritor ourensán. A seguir comenta que a Biblioteca conta con catro exemplares da primeira edición d'*A esmorga*, publicada en 1959 na Editorial Citania de Bos Aires, e cinco máis das edicións dadas a coñecer anos despois: a segunda de 1970 coas modificacións que esixiu a censura para a difusión en España, a terceira de 1975 e a cuarta de 1978, todas elas de Galaxia. Cita tamén todas as edicións posteriores, de entre as vinte e tres existentes, que figuran nos fondos da Biblioteca, correspondentes aos anos 1992, 1995, 1998, 2001, 2003, 2005 e 2008, así como as traducións da novela ao castelán (1973), ruso (1984), italiano (2007) e francés (2007).

Alonso Nogueira, Álex, "Blanco Amor e a constitución do campo literario galego durante os anos de Galaxia", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "*A esmorga*, 50 anos despois", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 28-35.

Comenta que, malia o lugar hoxe canónico das novelas de Eduardo Blanco Amor, a súa relación coas xentes de Galaxia non foi doada, xa que o separaba deles tanto un credo ideolóxico coma unha personalidade diferente. Recupera unha carta enviada por Ramón Piñeiro a Francisco Fernández del Riego sobre a publicación d´*A esmorga*, que "revela que esta distancia implicaba algo máis, unha tensión en certo sentido de campo, que afectaba non só ao papel que lle outorgaba á literatura e máis en xeral á cultura galega durante os anos cincuenta, senón unha interpretación ben diferente do que era esa mesma cultura". A seguir, analiza con detalle tres aspectos do citado texto, sen perder as referencias a Blanco Amor e *A esmorga*: a oposición entre o galeguismo do interior e o exilio, que vai máis alá dunha oposición estética que confronte o social realismo do grupo de Bos Aires fronte á estetización da experiencia cultural propia de Galicia, máis inxenua ca sentimental e que supuña o trazo orixinal de Galaxia; a contraposición entre intelectualismo e populismo; e a inestabilidade semántica que se percibe debaixo do termo "pobo" e que palpita baixo as representacións dos discursos políticos do nacionalismo dende aquela até hoxe.

Alpiste Pérez, Suso, "Filgueira Valverde, Xosé (2008): *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 233-234.

Informa da saída ao prelo da selección levada a cabo por Xosé Filgueira Valverde, *Os poetas galegos (1936). Antoloxía consultada*. Comenta primeiramente o "Estudo preliminar", de Xesús Alonso Montero, do que destaca a súa achega de datos, para despois pasar a describir os apartados que compoñen a súa estrutura. Menciona asemade a relación de autores que aparecen nesta escolma e conclúe coa loanza dos seus usos lingüísticos e gráficos.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Un relato poemático contra o fascismo", *Grial. Revista Galega de Cultura,* n.º 181, tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 107-108.

Ofrécese unha visión de *Fume* (2008), escrito por Antón Fortes. Dise que se trata dun texto de extraordinaria calidade "ética, emocional e literaria" e que está destinado a lectores de todas as idades. Indícase que o discurso está nos lindeiros do poema e da narración, pero afírmase que o autor evitou o engado da "prosa poética", ao non casar coa "violenta cerna ideolóxica" do asunto do álbum. Por outra banda, sinálanse algúns dos recursos que constrúen o texto, que suxire o formato dun diario e que ten como narrador ao protagonista infantil. Alúdese ademais ás ilustracións de Joanna Concejo, das que se di, entre outras cousas, que trazan un texto paralelo e complementario.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "O recendo do mundo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVIII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, p. 102.

A respecto da obra *Viaxes do corazón. Diario Ínfimo* (2008), de Xosé Manuel G. Trigo, coméntase que fai literatura universal dende a experiencia "concreta e datada" e que se move contrariamente ao que o propio autor chama literatura neocosmopolita. Dise, ademais, que aquilo que se conta vai cara a un panorama microcósmico "ampliado e transcendido en proporción do macrocosmos". Sinálase que a nai é unha personaxe/persoa fundamental neste diario e coméntase, entre outras cousas, o particular uso do humor "equilibrado e culto", que non disimula tamén a dor ou a crítica.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Tempos de Anxo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Entre os anxos e os mortos. Lembrando a A. Rei Ballesteros", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 42-46.

Nesta rememoración da súa intrahistoria común con Anxo Rei Ballesteros, retotráese aos comezos do curso 1970-1971, para sinalar que foi nos coloquios posteriores ao visionado dos filmes do Cine Club, no Salón Teatro da Rúa Nova de Santiago de Compostela, onde coñeceu o escritor de Boqueixón. Apunta que a partir de aí a súa amizade foi alicerzando nas querenzas da literatura, poesía e narrativa por ambas partes, aínda que comenta que Ballesteros "apostou con conciencia lúcida pola cifra do exceso vital, o alcohol e a nocturnidade como ingredientes de base, a literatura, o pensamento e a palabra -a elocuencia- en entrega radical". Tamén recorda os faladoiros que celebraban no chalé da Rosaleda, no que lles leu algunhas páxinas de *Dos anxos e dos mortos*, que ademais de ser "espello preciso para a interpretación do mundo de nós, mozos e mozas universitarios, habitantes de Santiago de Compostela nos comezos da década dos setenta", significaba "unha moi importante contribución de estilo, proposta estrutural e lingua literaria ao panorama da literatura galega". Fala da visita de Rei Ballesteros á casa da praia de Coruxo no verán de 1974 para falar con Xosé María Álvarez Blázquez da súa edición, así como se refire e reproduce a única carta que lle enviou no ano 1978, na que perduran as "*good vibrations*" do pensamento e do estilo, literario e humano, de Rei Balleseros. Por outra parte, lembra o reencontro co seu amigo

universitario en Mariñán e a Pobra nos anos 2006 e 2007, respectivamente, no que recoñeceu un Anxo Rei Ballesteros que tiña "algo temperada talvez a vertixe dialéctica pero acesa e desbordada coma sempre a fogueira da intelixencia e da vida".

Álvarez Pino, Andrea, "Anacos de emoción", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proTagonista", primavera 2009, p. 16.

Comenta que *Diario dun bar* (2008) acontece coma os soños: "peneirando a rixidez da consciencia sobre os espazos virais e contraditorios do desexo". A seguir, apunta que o texto "participa das reflexións posdramáticas arredor da desestruturación do eu (esa bela esquizofrenia) e propón a hibridación dos códigos da danza, a música e a poesía como fórmula de performativización do suxeito contemporáneo". Explica a razón pola cal non é de estrañar que Lupe Gómez escolla o bar como escenario único e considera que o sensualismo dos corpos que danzan e as imaxes paradoxais que conforman os diálogos flúen ao traveso dunha estrutura dramática fragmentaria, pero que evoluciona coma un río. Así mesmo, sinala que a desorde de encontros e desencontros da obra obriga a unha amálgama de tempos e velocidades que se axusta coa música. Fala da coherencia discursiva que esta peza dramática estabelece co conxunto da produción poética da escritora de Fisteus e salienta algúns aspectos problemáticos que presenta relacionados co xénero. Por último, manifesta que para transmutar en espectáculo "este longo poema dramático precisaría dunha armazón escénica potente, máis centrada na presentación da vertixe vital que somatiza uns diálogos surreais ca na reprodución lineal destes".

Angueira, Anxo, "Once poemas. Belén Rico", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 77, tomo I, ano XX, "Textos", xaneiro-febreiro-marzo 2009, pp. 129-139.

Comeza reflexionando sobre a situación da lingua galega no territorio asturiano e no leonés, nas que constata a vizosidade do primeiro, como poñen de manifesto os títulos: *Évos un ameicer guapo* (2007), de Xoán Babarro; e *A herdanza que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia* (2008), de Suso Fernández Acevedo. Repasa as ducias de autores que naceron nesta zona e escribiron en lingua galega dende o século XIX até as últimas xeracións, nas que figura Belén Rico. Evoca o seu encontro na terceira edición da Escola Fermín Penzol e dálle paso a un conxunto de poemas inéditos, nos que se reflicten as características dialectais e tamén a madureza dunha escritora que emborca nos textos reflexións sobre a identidade e a escritura, reclamando a atención dos axentes literarios galegos cara ao coñecemento e valoración da realidade literaria dos territorios estremeiros de Galicia. Os textos, que levan por título: "Nada m'enxuga", "A mía voz", "As palabras que debo", "As tres", "A noite", "Penas", "El cuco", "A fala escuita", "Herencias", "Carta a Generosa" e "El alfonil", presentan versos curtos, de formas breves e temáticas heteroxéneas, nas que se deixa sentir unha voz poética moi persoal e íntima, que expresa a necesidade de transmitir sentimentos e plasmalos na palabra escrita, así como o diálogo coa natureza.

Angueira, Anxo, "Laudatio na homenaxe a Avelino Abuín de Tembra", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 79, tomo III, ano XX, "Crónica", xullo-agosto-setembro 2009, pp. 147-150.

Comeza o discurso laudatorio reproducindo unhas palabras do propio homenaxeado, Avelino Abuín de Tembra, nas que manifesta o seu activismo literario, intelectual e político. Repasa algunhas das iniciativas levadas a cabo por este intelectual e docente, como a creación dos Premios Minerva, a fundación do Padroado do Pedrón de Ouro e do seu premio Modesto R. Figueiredo e a organización do certame de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, ademais de pertencer á Fundación Castelao. Céntrase na súa vinculación coa terra de Iria, patria de Rosalía, a gran paixón de Abuín de Tembra, na que tamén levou a cabo distintas actividades coas que dar a coñecer a propia comarca coma os persoeiros que ao longo da historia destacaron.

Anido Regueiro, Rubén, "Priscilianismo e galeguismo: unha achega", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 164, "Achegas", setembro-outubro 2009, pp. 28-36.

Divídese este artigo en dous apartados. No primeiro, titulado "A pegada de Prisciliano no galeguismo de preguerra", analízase o emprego da figura de Prisciliano na obra de dous escritores, Alfonso Daniel R. Castelao e Ramón Otero Pedrayo e, por extensión, a súa presenza no pobo galego. O segundo apartado, titulado "Os galeguistas ante a 'dicotomía' Santiago/ Prisciliano", defende que os galeguistas de preguerra reivindicaron a figura de Prisciliano, salienta o conflito que xurdiu entre os seguidores de Prisciliano e os de Santiago ou Xacobe e achega as verbas de Castelao en defensa de Prisciliano extraídas da súa obra *Alba de groria* (1951). Tamén dá conta do punto de vista de Otero Pedrayo en relación ao tema.

Arén, Román, "Jean Cocteau. Un vangardista na Academia", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 5, "Aires de Fóra", 2009, pp. 133-135.

Achega unha serie de datos sobre a vida e obra de Jean Cocteau, un dos escritores máis completos e complexos da literatura francesa do século XX. Sinala que foi Domingo García-Sabell quen mellor o definiu na necrolóxica que publicou en 1963 na revista *Grial*, ademais de aludir ás súas visitas a España. Explica que en Galicia a súa literatura non foi moi apreciada, aínda que temos traducións súas en *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego* (1949), en *Faro de Vigo* (1977) -que recolleu o texto "Lembranza"- e na *Mostra antolóxica de poetas contemporáneos* (1981). Por outra parte, apunta que en 1985 se estreou *A voz humana*, no espectáculo *Tres monólogos de muller*.

Abrunheiras, Orzo, "Catro anos da ESAD de Galicia", *Revista Galega de Teatro*, n.º 61, "Espazos", inverno 2009, pp. 62-69.

Tras unha introdución na que se sinala a coincidencia entre a saída da orde do BOE, con data do 29 de outubro de 2009, na cal se estabelece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores, e a primeira promoción de alumnos e alumnas da ESAD (Escola Superior de Arte Dramática) de Galicia, faise unha ampla reflexión, a través das palabras dun dos seus alumnos, sobre o funcionamento de dita escola. Sinálase que no comezo de calquera actividade urxe a necesidade dunha valoración contrastiva coa realidade na que se insire. Pártese das dificultades e necesidades do alumnado á hora de

confrontarse co mundo real unha vez rematada a súa formación na escola. Logo estabelécense unha serie de principios para manter esta reflexión: o feito de agradecer e valorar positivamente a existencia dunha escola de Arte Dramática de Galicia, a construción da única escola superior de Arte dramática que ten como lingua vehicular o galego e a procura consciente da calidade. Deseguida dise que a finalidade educativa debe ser, ante todo, formar profesionais de interpretación, dirección, dramaturxia e escenografía (formación integral) e ao mesmo tempo a formación de docentes para estas ensinanzas. Analízase tamén o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, a planificación e programación do mesmo e a necesidade de que o labor do equipo docente se basee en formulacións comúns que, dentro da pluralidade, non poden ser contraditorias. Sinálase tamén que a escola é a única de todo o estado na que se pode construír un sistema teatral galego feito por artistas e profesionais que pensan en galego e usan esa lingua como unha ferramenta de identidade cultural. Por último, sintetízanse algunhas características que se considera que deberían ser alcanzadas como escola, entre elas, o recoñecemento e prestixio social, a alta cualificación do profesorado e o mantemento dunha autonomía plena.

Arias Rego, Xiana, "As ovellas no Bósforo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 10.

Refire tres dos sucesos que se fixan na cabeza ao ler *Istambul. As lembranzas e a cidade* (2008) e comenta que Orhan Pamuk, obsesivo devorador da biblioteca familiar, constrúe memorias non só a través dos espazos que vai coñecendo, senón tamén da historia e aclara que non só coa presenza de cronistas e poetas, senón tamén coas ausencias. Tamén sinala que a visión do autor camiña dende "o poder público a debaixo das sabas das casas que habitou", pois "O baleiro espiritual que teño visto en tantas ricas familias istambulitas laicas e occidentalizadas queda patente nos silencios". Conclúe apuntando que en *Istambul...*, o autor d´*O castelo branco* (2007) se constrúe como sucesor dos grandes cronistas do seu lugar.

Atenea, "O pasado 11 de outubro de 2008 faleceu o poeta galego Ramiro Fonte actual director do Instituto Cervantes de Lisboa", *Atenea*, n.º 33, "Xentes", xaneiro, febreiro, marzo 2009, p. 26.

Recolle as declaracións da directora do Instituto Cervantes, Carmen Caffarel, sobre o falecemento de Ramiro Fonte. A seguir, reprodúcese o texto que o poeta eumés remitiu en 2003 para inserir na *Antoloxía consultada da poesía galega* (apartado intitulado: "Reflexión sobre a traxectoria propia") da que se di que é unha "declaración poética" e tamén "unha confesión de vida".

Atenea, "Eduardo Blanco Amor. Trinta anos da súa morte", *Atenea*, n.º 35, "Xentes", outubro, novembro, decembro 2009, p. 9.

Faise un percorrido bio-bibliográfico de Eduardo Blanco Amor achegándose á súa infancia, á formación autodidacta, aos seus inicios no xornalismo e á emigración a Bos Aires. A seguir menciónanse cronoloxicamente as súas colaboracións xornalísticas e en revistas e a relación da súa obra literaria dende *Romances galegos*, publicado na década

dos anos trinta, até a obra teatral *Proceso en Jacobusland* (1980). Por último coméntase que faleceu en Vigo en 1979, que pertence de seu ao canon literario galego e que foi homenaxeado co Día das Letras Galegas en 1993.

Azcoytia Luque, Carlos e Mercedes **Fernández-Couto Tella**, "Paseando pola historia de Galicia de banquete en banquete", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, n.º 4, 2009, pp. 63-79.

Denominan "tesouro" unha serie de menús conservados na Real Academia Galega e indican que con eles quixeron recompor os momentos puntuais das celebracións e observar costumes sociais perdidos. Para tal fin, céntranse en seis banquetes que mostran a vida galega entre os anos 1891 e 1904, dos que se analizan a carta, o menú e outros datos de interese. Entre eses eventos sociais salientan os primeiros Xogos Florais. Respecto aos acontecidos na Coruña en 1861 destacan que Francisco Añón, accésit no certame, foi o único dos premiados que presentou a súa composición en galego. A seguir, fan referencia aos celebrados ese mesmo ano en Pontevedra, cidade na que o galardoado foi Fernández Anciles polo seu poema "A noite de San Xoán". No caso dos organizados en Santiago de Compostela en 1875 dan conta da participación de Manuel Murguía, Valentín Lamas Carvajal e Salvador Golpe, entre outros. Finalmente, afirman que os Xogos Florais de Tui (1891) consolidaron este tipo de eventos literarios como unha vía de defensa da identidade como pobo dos galegos e consideran que, dalgún modo, foron os que forxaron o nacionalismo.

Baltrusch, Burghard, "Sen rexistros híbridos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 11.

Refírese ao proceso de publicación d`*A conxura dos necios* (2008), no que John Kennedy Toole se manifesta contra os clixés de idealismos de esquerda e de dereita, da relixión, da pequena burguesía, da homosexualidade ou do mundo académico. Así, explica que só en 1980, por insistencia de súa nai, un académico entendeu a brillantez desta farsa de carácter puritano e posesivo da nación americana, da súa hipocrisía moral e dos rituais do traballo no mundo moderno, que encarna o híbrido grotesco de Quixote-Ulises de Nova Orleáns que é o protagonista Ignatius J. Reilly. Considera que é unha mágoa que o "lectorado apresurado da editora nos brindara un exceso de grallas variadas", aínda que considera que Eva Almazán realizou un esforzo titánico para traducir a un galego esmerado os diálogos de tipos tan característicos como excéntricos da Nova Orleáns dos 60, cheos de trazos dialectais, referentes sociopolíticos e culturais e nos que o narrador imprimiu unha ironía que oscila entre a fina alusión e a crúa realidade. A seguir, apunta que o galego desta obra se le con fluidez e que é tan gracioso como o orixinal, alén de puntualizar que a tradutora tomou algunhas decisións "menos felices", pois falta unha estratexia da tradución máis coherente e máis coraxe de confrontar o público cos rexistro híbridos.

Baraxeiro, "As novas que nos chegan", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Publicacións", primavera 2009, pp. 29-30.

Sección fixa que comeza salientando a *Escolma de textos en galego* (2008), de Ramón Suárez Picallo, publicada polo Consello da Cultura Galega e o Concello de Sada. Explica que o libro é unha colección de textos de Suárez Picallo precedidos por unha presentación do alcalde Abel López Soto e de Ramón Villares, e cun prólogo asinado por Manuel Pérez Lorenzo. Este último autor xunto a Francisco A. Pita redactan as "Notas autobiográficas" que inclúe o libro. Outra das novidades editoriais ás que fai referencia a nova é o libro de narracións, *Memorias dun tempo perdido* (2008), de Roberto Vázquez Blanco. A seguir, comenta a temática dos relatos e analiza os personaxes.

Bárcena, Dorotea, "A profesión merece a Valle", *Tempos Novos*, n.º 141, "Dossier", "Apostas e propostas de futuro", febreiro 2009, pp. 72-73.

Fai un exercicio de memoria sobre o nacemento do Centro Dramático Galego e sinala que o primeiro obxectivo era o de "consolidar unha profesión, a de cómicos". Comenta que as dúas primeiras obras do CDG foron *Woyzeck* e *Agasallo de Sombras.* Opina que aínda "quedan moitos máis" obxectivos e pregúntase "para cando Valle-Inclán no repertorio de todo o teatro galego?".

Becerra de Becerreá, Afonso, "Programación e retos dramatúrxicos. 'Laboral Teatro' de Xixón", *Revista Galega de Teatro*, n.º 58, "Temas", primavera 2009, pp. 29-36.

Sinala que en Galicia se bota en falta un espazo para a programación regular de espectáculos internacionais. Apunta algunhas "excepcións parciais" que suplen estas carencias, nas que están os espectáculos creados e producidos fóra de Galicia, programados no Salón Teatro de Compostela, a Mostra Internacional de Rivadavia, a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, o Festival Internacional de Danza-Teatro "En Pé de Pedra" de Compostela ou as propostas da Sala Nasa. Indica que o único festival dedicado exclusivamente á exhibición de creacións internacionais é o de Ourense. A continuación, reflexiona sobre o concepto de "emerxente" no eido das artes escénicas e sobre o "teatro de creación". Ademais, comenta a programación de Laboral Teatro, de Xixón, dirixido polo ourensán Mateo Feijóo.

Bernárdez Vilar, Xoán, "As excitantes achegas de Darwin", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 161, "Rolda da Cultura", xaneiro-febreiro 2009, pp. 100-106.

Entre outras novas, informa no apartado "Banda Deseñada" do 80º aniversario da aparición en Bélxica da primeira páxina de Tintín, do que pasa a lembrar os seus comezos. Ademais, dise que en Vigo foi presentada "unha nova modalidade" do *Fancine, Fuck Comics* (nº 4). Por outro lado, no apartado "Decesos" aclara algún datos que se deron no número anterior sobre o pasamento do catedrático Jesús Jares. Dá conta ademais da morte de Alexandre Vázquez González e de Manoel Riveiro Loureiro. No apartado "As letras" alude á celebración do noventa e seis aniversario de Francisco Fernández del Riego. En "Premios" informa do fallo do Premio Caixanova, que foi para Lúis Valle Regueiro por *A Caída,* do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, que gañou Xavier Xil por *Cando menos a derrota,* e o Premio Johán Carballeira do Concello de

Bueu, que foi para Mario Regueira por *Blues do Crecente.* Ademais dise que Marcos Válcarcel López foi distinguido polo PEN Club de Galicia polo seu labor no eido cultural. E finalmente no apartado "Varia", destácase a figura do xuíz Orencio Pérez González polo pulo que lle deu ao uso da lingua galega no xulgado. Ademais, recóllese a clausura en Tui do Congreso organizado sobre a figura de Xosé María Álvarez Blázquez.

Bernárdez Vilar, Xoán, "O primeiro dos poetas", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 162, "Rolda da Cultura", marzo-abril 2009, pp. 90-97.

Ábrese o texto cunhas palabras da Odisea e de seguido sinálase no apartado "Audiovisual" que David Pintor vén de gañar o VI Premio Pura e Dora Vázquez pola súa obra *Encontro ás agachadas*. Informa tamén que a cantante Uxía recibiu o Premio de Música na súa XIII Edición, pola mellor cantiga en lingua galega "Rumores de falúas". Entre outras novas, dise en "Banda Deseñada" que Kiko da Silva pretendeu facer publicidade da súa revista *Retranca* nos transportes vigueses. Así mesmo, dáse conta do segundo ano de celebración da Banda Deseñada en Angoulême e comenta a publicación de dúas obras galegas: *A teitaría do oso malaio*, de David Rubín, e *O Evanxeo de Xudas,* de Alberte Vázquez. No apartado "Cine e teatro" coméntase a V edición do Play-Doc ou Festival de documentais en Tui, na que di que se representarán trinta filmes procedentes de diversos países e tamén de Galicia. Ademais, dá conta da gala na que se fará entrega dos Premios María Casares de Teatro 2009. Dise ademais que Manuel Lourenzo vén de rematar a súa obra *As Dunas,* que se estreou no Salón Teatro de Santiago de Compostela, baixo a dirección de Quico Cadaval. En "Decesos" informa da morte do artista plástico Xosé Guillermo e do intelectual Avelino Abuín de Tembra. Noutros apartados como "As letras" coméntase que Margarita Ledo Andión leu o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, "Do bucle e a fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega", e que no Centro Cultural Caixanova se fixo unha homenaxe ao escritor Xosé Luís Méndez Ferrín. Ademais, infórmase que se presentou o acordo da Editorial Galaxia e Google Books. Outras novas que se destacan son a concesión do Premio Bos e Xenerosos da AELG a Mariví Villaverde, a Medalla do Mérito nas Belas Artes a Isaac Díaz Pardo e o Premio da Asociación Cultural O Facho a Xosé Neira Vilas. Para rematar, en "Varia" alúdese á catalogación de aproximadamente mil seiscentas pezas da obra de Daniel Rodríguez Castelao pola Fundación que leva o seu nome.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Olladas no futuro", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 163, "Rolda da Cultura", maio-xuño 2009, pp. 102-110.

Comeza aludindo ás palabras de Ramón Piñeiro, autor do Día das Letras Galegas 2009, para pasar a dar a súa opinión sobre o acontecido en febreiro dese ano coa manifestación en Compostela de diversos colectivos e na que di que se produciron "burlas contra o galego". Compara o ocorrido nesta manifestación coa celebrada o Día das Letras Galegas en defensa do idioma. No apartado "Banda Deseñada" coméntase que Felipe Ugalde vén de gañar o II Premio Compostela de Álbums Ilustrados e fala do II Certame Creacómic. En "Cine e Teatro" comenta a III Mostra de Teatro non Profesional de Galicia e Portugal, a gala dos Premios de Teatro María Casares e o Festival de Títeres de Redondela. No apartado "As letras" infórmase que o Centro de

Estudos Medievais de Ribadavia celebrou un acto no que se leu parte da obra literaria de Xosé Carlos Gómez Alfaro e dise que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades vai editar en maio tres volumes que recollen a correspondencia de Piñeiro con Xosé Filgueira Valverde, José Luís Pensado e Isidoro Millán, respectivamente. No apartado referente aos "Premios", infórmase do fallo do Premio Blanco Amor, do IX Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, dos Premios da Crítica, do Premio Avelina Valladares, do Centro PEN de Galicia e os da Fundación Pedrón de Ouro, entre outros.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Patrimonios da humanidade", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 164, "Rolda da Cultura", setembro-outubro 2009, pp. 94-102.

Trátanse diferentes temáticas e, en relación coa literatura galega, saliéntanse algunhas noticias relacionadas co audiovisual e coa celebración dos setenta e cinco anos da publicación de *Flash Gordon*. Así mesmo, salienta o álbum creado por Manel Cráneo, *Os lobos de Moeche* (2008), e comenta que este autor é o creador da editorial de Banda Deseñada Demo. Dá conta da creación dun novo fanzine titulado *Fuckcomics*, por un grupo de rapaces independentes. Por último, neste apartado informa que Susana Broullón foi a gañadora do XI Certame de Cómic de Cangas. No apartado titulado "As letras", saliéntase que no ano 2009 tivo lugar o cincuenta aniversario do pasamento de Ramón Cabanillas, o oitenta aniversario de Xosé Neira Vilas cunha homenaxe realizada en Vigo e a homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega a Agustín Fernández Paz, así como, a lembranza a Manuel María Teixeiro. No apartado de "Novas en xeral" comenta que o mesmo día da celebración das Letras Galegas tamén se festexou o Día Internacional dos Museos; que o Instituto de Estudos Miñoranos foi este ano o gañador do Premio Vidal Bolaño pola súa dedicación á cultura e, por último, recolle a opinión de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura. Finalmente, na sección titulada "Premios" fai referencia aos principais galardóns que se concederon en 2009: o Premio Xerais de Novela e o premio Fundación Caixa Galicia outorgados a Rosa Aneiros; o premio Merlín concedido a Xacobe Fernández Serrano; o premio Trasalba para Xosé Manuel Beiras Torrado e a quinta edición do Premio Biblos Pazos para Pablo García Martínez. A seguir, cita o premio de poesía Victoriano Taibo concedido a dous poemarios (*Cuarto Minguante*, de Mª do Carme Caramés, e *Biografía da multitude*, de Elvira Ribeiro e Silvia Penas), o Ramón Piñeiro para Luz Pozo Garza e o premio Vicente Risco de Creación Literaria para Hixinio Puentes Novo.

Bernárdez Vilar, Xoán, "Os manuscritos de Iria Flavia", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 165, "Rolda da Cultura", novembro-decembro 2009, pp. 78-86.

Fálase por extenso das orixes e do momento histórico no que nace a vila de Iria Flavia da cal se di que é o berce do único Premio Nobel de Literatura de Galicia. Céntrase no comentario dos primeiros textos alí aparecidos e escritos en galego como a *Crónica de Santa María de Iria* e o máis recente, unha serie de manuscritos descubertos no 2007 na Biblioteca Nacional de Madrid dentro dun volume encadernado no cal tamén aparecen cento vinte e catro páxinas redactadas en galego co título de *Ystoria dela Santa Yglesia de Iria Flavia y traslación ala compostelana.* Indícase que os profesores da

Universidade de Vigo, María Camiño Noia Campos e Bieito Arias Freixedo veñen de realizar un detido e meritorio estudo do manuscrito. Deseguido aparecen unha serie de novas relacionadas con diversos aspectos culturais galegos como o audiovisual, a banda deseñada, o cinema e o teatro. No apartado de "Congresos e Comunicacións", lémbrase que os escritores da agrupación Galeusca (Galicia, Euskadi e Cataluña) acordaron o 12 de outubro en Arántzazu, no curso do seu XXVI Congreso, apoiar as mobilizacións que se ían celebrar nestes países na defensa dos dereitos lingüísticos, amosando ao mesmo tempo o seu total desacordo coas accións regresivas respecto ao galego que está adoptando o goberno galego.

Biscaínho Fernandes, Carlos Caetano, "A Escola Dramática Galega (1978-1994) e o sistema literário", *Boletín Galego de Literatura*, nº 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Estudos", 2009, pp. 9-35.

No presente traballo realízase unha análise da incidencia da Escola Dramática Galega no ámbito concreto da literatura galega, a partir do modelo de achegamento fornecido polos paradigmas da Teoría dos Polisistemas e do Campo Literario. Saliéntase que a intervención realizada pola EDG durante algo máis de década e media, entre os anos 1978 e 1994, no sistema teatral e, por extensión, no sistema cultural que o engloba, atinxiu unha diversidade e un calado que non é comparábel a outro colectivo semellante. Carlos Caetano Biscaínho destaca que toda esta actividade ultrapasou A Coruña e alcanzou un número importante de cidades e vilas galegas e a voz da EDG estivo presente na práctica totalidade dos foros teatrais que xurdiron neste tempo. Repasa tamén as posibilidades repertoriais propostas dende a cooperativa coruñesa, tanto temáticas ou estilísticas como de produción e distribución, ora dende a promoción de iniciativas editoriais (deu á luz cento cinco *Cadernos* e cinco números do *Boletín de Información Teatral*), ora dende o Concurso de Teatro Breve, que organizou dende 1978, e outro tipo de actividades, como a presentación de libros e a celebración de conferencias e encontros.

BITRAGA (Áurea Fernández, Ana Luna Iolanda Galanes e Silvia Montero), "A (in)visibilidade da tradución", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPulsión", outono 2009, p. 28.

Ademais de aludir ao papel da tradución en relación ao sistema cultural, apúntanse as razóns que levaron ao grupo de investigación BITRAGA a compilar as traducións dende e cara ao galego. Sinálase que os seus primeiros esforzos se centraron na compilación da tradución literaria en formato monografía ou antoloxía entre 1980 e 2008. Descríbense os contidos do catálogo resultante que xorde como ferramenta para analizar a situación da tradución, con base cuantitativa fiábel, para determinar os fluxos comunicativos entre as culturas e a evolución do sector editorial da tradución. A seguir, achégase unha serie de datos relevantes sobre a tradución literaria entre 1980 e 2008, que chegou alcanzar 2.500 monografías, das que o 75% son traducións doutros idiomas cara ao galego. Tamén se aclara que mantemos contacto con corenta e sete comunidades lingüísticas na tradución directa e que existe literatura galega traducida en trinta e catro comunidades, ademais de puntualizarse que as linguas ás que máis se traduce son as do espazo ibérico. Por outra parte, saliéntase a supremacía dos xéneros dirixidos ao público infantil e xuvenil e sinálase que Agustín Fernández Paz é o autor máis traducido, ao pé

da obra *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, así como na literatura de adultos, especifícase que o xénero máis cultivado é a narrativa e Manuel Rivas, o autor máis traducido. Por último, alúdese á procedencia dos tradutores e á política de tradución.

Blanco, Carmen, "As linguas e os lugares de Lilith: apertura á creación das mulleres", *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, n.º 14, 2009, pp. 9-27.

Esboza sinteticamente as liñas temáticas recorrentes na súa obra, e vai exemplificando con citas dos seus libros e poemas. Así, fai referencia, por exemplo, ao seu amor por aqueles lugares que significan moito para ela, principalmente os das súas orixes, e o seu amor polas mulleres, sobre todo as da súa familia e as súas amigas; polo que identifica as mulleres cos ríos, coa auga en movemento. Sinala que dirixiu un curso por encargo da Universidade de Santiago de Compostela e do Concello de Monforte de Lemos, en xullo de 2008, que titulou "Por un lugar libre para as linguas de Lilith", sobre o tema "Escritoras europeas de culturas minorizadas", cuxo título reivindica, segundo o seu criterio, a liberdade das linguas, dos lugares e das mulleres, mediante o símbolo de Lilith, a primeira muller de Adán, feita en igualdade co home e que con el se relaciona de igual a igual, e que foi suplantada por Eva, a muller imaxinaria feita da costela de Adán e a el supeditada. Comenta que o feminismo mundial fixo de Lilith o símbolo das mulleres libres e independentes; pero que no curso non só se falou de mulleres, senón tamén das linguas minorizadas. Opina que, na Idade Media, Galicia era multilingüe, xa que o latín, o árabe, o hebreo e o galego-portugués eran linguas de uso e de cultura; porén, despois viñeron as guerras e tratouse de impoñer unha única lingua como arma de imperio, pero cre que non o conseguiron porque a Galicia real segue a ser multilingüe. Así, defende a múltiple diversidade lingüística, rexida polo progreso e a liberdade, libre de prexuízos; polo que, en varias ocasións, ten cantado a beleza da estranxeiría, para combater a xenofobia. Segundo o seu criterio, ao lado de Lilith, Virginia Woolf ensinou ás mulleres o camiño da liberdade grazas a *Un cuarto de seu* e *Tres guineas*. Para rematar afirma que o amor e a liberdade son o único que non morre e que importa e que as mulleres sempre estiveron en todas partes, aínda que non se visen.

Blanco Mourelle, Noel, "A nación nunca remata", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 111-112.

Saliéntase que o obxectivo do ensaio *Paisaxe e nación* (2008), de María López Sández, é estudar a imaxinación da tipoloxía do territorio a través do discurso literario, coa pretensión de dilucidar a relación ontolóxica da pertenza entre o suxeito e o seu medio. Cualifícase como un dos maiores acertos o feito de non propoñer un modelo estático de comprensión desta relación e estabelecer o parentesco coa transformación da realidade política galega dende unha etapa de afirmación, representada por Rosalía e os trazos románticos, pasando pola consolidación que supón o cosmopolitismo de Ramón Otero Pedrayo, até a relectura desmitificada e irónica de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Blanco Mourelle, Noel, "Adiviñar, entender, imaxinar", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, pp. 110-

111.

Da tradución do clásico *As flores do mal* (2008), de Charles Baudelaire, apunta que é difícil saber o que debe ser comentado, se a tradución ou o libro. Neste senso, afirma que Gonzalo Navaza, o tradutor, "desaparece en favor de Baudelaire dun xeito impecable". Engade que o espectro de Baudelaire na literatura galega é excéntrico e que o lector percibirá que "moito do que leva lido da literatura galega está inevitabelmente marcado polo signo de Baudelaire". Destaca ademais a cantidade de formas de experiencia estética da modernidade que hai no poemario e que fan da lectura unha "vértixe estraña", considerando que o poeta francés adiviña, non anticipa.

Blanco Mourelle, Noel, "Por unha poesía menor", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 124-125.

Refírese á produción anterior de Xosé Luís Mosquera Camba e apunta que nela o poema é "unha superposición deses fragmentos (...) que desafiaban o lector de cello aínda engurrado xurando que nunca renunciarían á súa materialidade". Sinala que isto aparece máis claro nos poemarios *Nadja c´est moi* (2008) e *Amebas* (2008), ademais de puntualizar que no primeiro as máscaras de ficción e a disposición do texto coa coartada do falso diario farán que o lector se sinta máis confortábel. A seguir, considera que o díptico formado por *Amebas* e o seu extraordinario e fugaz blog, *biolencia.blogspot.com*, deberíase considerar o punto culminante da traxectoria de Mosquera Camba. Tamén apunta que os fragmentos, a repetición e o ton menor preparan nestes textos unha presenza que emerxe, a presenza espectral do paso do tempo que se mostra na mesma materialidade do poema. Por último, sinala que como en Luís Pimentel, o poeta ao que seguramente Mosquera Camba se asemella máis sen pretendelo, ao poema nunca lle seguirá unha catarse de liberación.

Blanco Ramos, Carmen, "Alonso Montero, X. (2009): *Antonio Machado na nosa voz*, edición facsimilar", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, p. 229-230.

Trata a presentación da edición facsimilar d'*Antonio Machado na nosa voz* a cargo de Xesús Alonso Montero, realizada con motivo do septuaxésimo aniversario do pasamento do poeta. Destaca o limiar a cargo de Claudio Rodríguez Fer, así como os antecedentes á primeira edición realizada polo Círculo de las Artes de Lugo en 1966 e os dous fragmentos inéditos inseridos nesta nova edición. Salienta, a seguir, os principais obxectivos da primeira edición, a súa recepción na radio e nos xornais da época e outros datos como o ensaio que abre o volume, a tradución da escolma da obra en prosa de Machado por M. López Ferreiro. Reproduce finalmente a relación daqueles autores galegos que compuxeron poemas para a homenaxe de Machado.

Boal, Augusto, "27 de marzo de 2009. Día mundial do teatro", *Atenea*, n.º 34, "Teatro", abril, maio, xuño 2009, p. 20.

Faise eco da celebración do Día Mundial do Teatro polo Ateneo Ferrolán, con diversas

actividades. A continuación, recóllese a "Mensaxe Internacional", a cargo de Augusto Boal.

Borrazás, Xurxo, "O cemento da continuidade", *Tempos Novos*, n.º 140, "Entreculturas", "Crónica cultural", xaneiro 2009, pp. 81-83.

Reflexiona ao redor do que acontece cando un escritor morre, a partir das "nosas tres mortes de outono": Ramiro Fonte, Anxo Rei Ballesteros e Camilo Gonsar. Manifesta ironicamente que sente certa envexa pois se pregunta "que artista non coqueteou coa de idea de morrer novo?". Daquela, di que os vivos non son noticia. Ademais comenta as palabras que lle solicitaron pola conexión dos seus libros coa "nova narrativa", dos que di que "nadaban ao estilo libre, ou por libre". Deste xeito, opina sobre as falsas etiquetas de "xeracións" que a crítica adoita facer por certo afán clasificador. Ao redor desta cuestión, considera o feito de que o adscribiran á "xeración dos 90" e sinala que o sistema de xeración actúa como "unha batedora, mestura os ingredientes e convérteos en paparrela". Ademais manifesta que na arte o traballo en equipo non resulta beneficioso. Para rematar, fala das "entrevistas-necrolóxicas", nas que considera que hai que homenaxear ao escritor e aos seus textos, pois á persoa "xa a choran os amigos e con iso abonda".

Borrazás, Xurxo, "A arte do humilde", *Tempos Novos*, n.º 144, "Entreculturas", "Crónica cultural", maio 2009, pp. 72-75.

Crítica aos artistas que apelan nas súas declaracións "á modestia dos creadores". Sinala deles que defenderían a pertinencia de incluír a "todos os autores e autoras citados na Historia da Literatura" e opina que as súas demandas non son poéticas, senón políticas. Considera ademais que a arte actúa con "verdadeira efervescencia" a nivel local e no seu tempo. Acúsaos de discretos e de practicar o conservadorismo e censúralles que eleven a artesanía e o rito folclórico ao "nivel de explosión emocional". Considera que o artista ten "moitas amarras que soltar" e que non abonda coa "vontade de cambiar as cousas ou con non querer facerlle mal a ninguén". Para rematar, defende un sistema literario que "medra cando proliferan as voces de xente que fai o que lle peta" e cando "hai proxectos opostos e contraditorios de moitos autores" que "chocan e polemizan, ou pelexan".

Buján, Daniel, "Luís Seoane e o gravado/ Luís Seoane y el grabado", *Galegos*, n.º 7, "Caderno/ Cuaderno", III trimestre 2009, pp. 98-103.

Introduce o artigo remarcando o prestixio internacional do polifacético Luís Seoane no campo da xilografía, alén do seu papel como nexo entre os movementos vangardistas anteriores á guerra civil e ás novas xeracións de artistas que aparecen após a posguerra. A seguir, vai facendo un percorrido pola súa traxectoria artística en relación co gravado. Fala, en primeiro lugar, das influencias que tivo Seoane en Santiago: coñeceu a Daniel Rodríguez Castelao e Carlos Maside, e deles aprendeu a técnica do gravado en relevo como medio de comunicación. Por outro lado, nomea as influencias de Picasso, Paul Klee, Grosz ou Otto Dix, cuxos libros se mesturaban cos de Dereito na mesa de estudante de Seoane. Fala despois da fuxida do artista a Bos Aires, por causa da guerra

civil. Apunta o polifacético labor que alá desenvolveu, como editor de moitas coleccións, deseñador e ilustrador, escritor, pintor, muralista e gravador. Boa parte do artigo dedícaa a comentar diversos aspectos da evolución artística de Seoane. A partir da segunda metade dos anos cincuenta a súa produción gravada multiplicouse, e menciona a obra *Na Brétema*, *Santiago* (1956) como un punto de inflexión e de desenvolvemento dunha dualidade: dun lado, o interese pola experimentación, e doutro, a vontade de conexión coa tradición da arte popular, que o levou a un maior achegamento ao público, con imaxes máis recoñecíbeis, de modo particular no seu derradeiro traballo: *Imágenes de Galicia* (1978). Subliña o feito de ser a tradición galega unha fonte fundamental de inspiración para Seoane e, ao mesmo tempo, ser a súa unha arte aberta a un mundo artístico en constante evolución. Remata facendo algún apuntamento sobre aspectos técnicos. Cualifica o artista galego como innovador, sempre na procura de novos efectos e resultados, e comenta que inventaba a técnica en función das súas necesidades de comunicación.

Cabana, Darío Xohán, "Dous documentos inéditos de Xosé María Álvarez Blázquez", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVIII, "Documentos", abril, maio, xuño 2009, pp. 52-63.

Comeza afirmando a transcendencia histórica do labor de Xosé María Álvarez Blázquez como editor e salienta que a súa actividade editorial estivera baseada na percepción dunha demanda sociocultural nova e nunha habilidade comercial "insólita", así como nunha vocación e erudición que xa se empezaron a formar na adolescencia. A seguir, comenta unha serie de documentos descubertos nas carpetas paternas de Xosé María Álvarez Cáccamo. O primeiro destes documentos sinala que "deben ser de 1935" e trátase dun proxecto editorial, de cinco follas escritas a man e con lapis. Desta "Biblioteca Clásica Galega", recollida en trinta volumes, sinálase que "é fortemente medievalista", vinte volumes para a Idade Media, e chámase a atención sobre a previsión dun volume para a "decadencia". O segundo documento, datado do 31 de agosto de 1938, dise que "parece un proxecto para unha historia da literatura galega, pero tamén un guión ou programa de ensino". Divídese a materia en trinta e oito capítulos e deles resáltanse "un par de cousas sorprendentes". Remátase coa opinión de que este proxecto parte dunha visión rigorosamente monolingüista e a seguir, reprodúcense os devanditos documentos.

Calvo, Francisco, "Blanco Amor, Eduardo (2006): *A esmorga* (a cura di Attilio Castellucci), *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 231-232.

Trae á memoria a edición italiana d'*A Esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor. Sinala como a crítica da época adscribira a novela á tendencia tremendista e ofrece algúns datos do profesor Attilio Castellucci, encargado da reedición. Comenta a seguir o seu argumento e o xeito en que o editor trata a narrativa de Blanco Amor.

Campo, Marica, "A tecelá en outono", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Creación", outono 2009, p. 3.

Sección fixa que acolle a composición poética intitulada "A tecelá en outono", de Marica Campo, datada en 2002.

Calvo, Paloma, "Carta de Malta. Un país de cor vainilla", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, tomo XLVII, "Crónica", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 134-137.

Paloma Calvo Varela, licenciada en xornalismo e autora do libro de relatos *A vinganza do mantis* (2007), realiza unha exposición da súa estancia en Malta. Así, traslada ao lector ao arquipélago maltés a través da súa crónica, na que alude ás súas edificacións, á influencia que nel ten a relixión, ás férreas normas que rexen a súa sociedade, á súa vida nocturna e ao seu espazo mariño, entre outras cuestións. Considera que "algo máxico hai nas rúas maltesas, no seu aire, na súa xente".

Canal Covelo, María Asunción, "Rivas, Manuel (2008): *A corpo aberto*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, p. 245.

Trae á memoria a recompilación das colaboracións xornalísticas de Manuel Rivas, *A corpo aberto*, editado por Xerais en 2008. Comenta a estrutura do volume en canto a cada unha das súas partes, das que salienta as súas diferentes liñas temáticas e recomenda finalmente a súa lectura.

Candelas Colodrón, Manuel Ángel, "López Silva, Inma (2008): *Memoria de cidades sen luz*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 235-237.

Trae á memoria a novela de Inma López Silva, *Memoria das cidades sen luz*, editada por Galaxia en 2008. Analiza primeiramente os vocábulos que compoñen o título e os diferentes aspectos que van dando vida á narración. Destaca o personaxe do narrador e o seu intento de achegamento ao lectorado, para despois pasar a describir cada un dos cinco actos que constitúen a trama. Salienta asemade o espazo urbano protagonista da novela e a memoria como personaxe e inclúe un par de exemplos relativos a algúns dos personaxes.

Casas, Arturo, "Sobre a lectura crítica. Ao fío do acordo Galaxia-Google Book Search", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O rego da cultura", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 11-13.

Reprodúcese a intervención de Arturo Casas no acto de presentación o 11 de febreiro de 2009 na Biblioteca Ánxel Casal, na que se refire ao acordo Galaxia-Google para a difusión na rede dos fondos da editorial a través do programa Google Book Search. Salienta a relevancia do acordo e analiza as mudanzas acontecidas en conceptos como a lectura, a literacidade e a dimensión crítica tras a chegada das TIC, ao mesmo tempo que reflexiona sobre este acordo en tres niveis: lectura, estudo e crítica. No primeiro, destaca que o que mudou non foron os mecanismos de "estímulo" nin os de "resposta", senón o xeito de chegar a información e tamén a idea de lectura. Opina que a escola non

faculta ao alumnado neste campo da literacidade e que repercutirá neste sentido, o acceso telemático libre de obras literarias, tamén de ensaio e de obras de divulgación. No segundo nivel, o do estudo, indica como vantaxe as capacidades autoformativas e de libre exploración, así como a democratización do acceso á información. Do terceiro nivel, "a dimensión crítica", considera que é "o cabalo perdedor" do proceso de universalización no uso das TIC, pois detecta certos "problemas preocupantes", como o paso dunha actitude "de mimetización textual a unha actitude de mimetización intelectual".

Casas, Arturo, "Postergar a linguaxe", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 108-109.

Con respecto a *O xeito de Freud* (2008), principia destacando que se trata do primeiro poemario de Carlos Lema quen, tras desenvolver a súa traxectoria profesional no mundo editorial, aposta por unha poética diferenciada respecto aos códigos comunmente difundidos. Identifica na construción do texto a experiencia, a través da situación do elemento vivencial na liña da "novela familiar" de Freud, e mais dúas clases de discursos, o meditativo e o exhortativo. Considera, finalmente, que a proposta de Lema pode considerarse "un ensaio sobre a lectura e sobre o que a hermenéutica de Paul Ricoeur estuda como paso da *configuración* á *refiguración*: os modos nos que facemos propia (existencial) a experiencia lida nos textos para a partir dese movemento sermos xa quen de reflexionar sobre ela coma se fose parte real da vida por nós vivida".

Casas, Arturo, "Festexar tristeza", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proTagonista", primavera 2009, p. 15.

Neste comentario sobre a obra de Lupe Gómez, considera que algúns lectores, sobre todo varóns, proxectan sobre a súa obra un "xustillo de ferro e cravos". Sinala que a autora de Fisteus vén constituíndo dende 1995 "unha grafía impautada e vertixinosa do movemento libre, unha danza pitagórica na que as marés e os péndulos son os sucedáneos da divindade ausente e da súa polaridade: o ben e o mal, o ben e o mal". Así mesmo, nesta reflexión sobre a súa escrita apunta que o seu é "Correr en busca do encontro iterativo coa efixie enorme da orde/poder, chamada tamén distinción/clase, para abrazala no seu perímetro desmedido e consumila na temperatura que culmina calquera escala do riso".

Caseiro, Delfín, "Humor 'crítico", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 7.

Con motivo da celebración do oitenta aniversario d´*O porco de pé*, a Fundación Vicente Risco promoveu a súa edición facsimilar. Explica que a edición conta cun espléndido estudo introdutorio, "O humor político de Risco", no que Manuel Outeiriño sostén que a novela de Risco é unha sátira da ditadura de Primo de Rivera. Apunta que a proposta narrativa do autor ourensán nace dunha manifesta intención lúdica e ofrece unha visión subxectiva e deformada da realidade recreada, materializándose a sátira na ridiculización grotesca de personaxes e situacións. Así mesmo, considera que n´*O porco de pé* conflúen todas as constante ideolóxicas de Risco e manifesta que o seu estilo está

a medio camiño entre a concisión suxestiva de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e a exuberancia expositiva de Ramón Otero Pedrayo. Apunta que a súa é unha lingua incisiva e provocadora, rica e ousada, absolutamente orixinal no panorama literario galego nesa altura, ademais de inscribir a primeira novela galega moderna na longa tradición satírica da narrativa europea.

Castelao, Manuel, "Escrita e soberanía. Como naceu 'O Revólver", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Creación", xullo, agosto, setembro 2009, p. 99-102.

Lembra eses primeiros contactos con Anxo Rei Ballesteros nos anos universitarios e da posta en marcha da revista *Bonaval*, onde o escritor de Boqueixón publicou "O Revólver", título inspirado no LP case homónimo de The Beatles. Para axudar a contextualizar este texto, apunta que na época da súa aparición se vivía un momento en que o debate sobre o futuro da lingua "comezaba a extraviarse polos camiños da normativización" e os filólogos aparecían "como clérigos que debían orientar os literatos e recatalos da súa ignorancia". Apunta que "Semellante literatura vixiada polo gramático indignaba xustamente o Anxo" e que *Dos anxos e dos mortos* (1977) está "cheo de termos 'malditos' mais ben aboados na nosa mellor literatura e, en moitos casos, documentados na fala, malia continuaren ausentes dos dicionarios normativos". Considera que, trinta anos despois de ser escrito "O Revólver", son "pouquísimos os textos da nosa tradición literaria con el comparábeis", "onde un escritor profunde de forma tan abraiante na reflexión sobre a dialéctica da lingua e da literatura". Por último, refire o seu proceso de escrita e edición do citado texto, así como os criterios que adoptou para a súa inclusión neste número 183 de *Grial. Revista Galega de Cultura*.

Castro, Aurelio, "Portas de luz", *Tempos Novos*, n.º 142, "Todo é peixe", "Crónica", marzo 2009, pp. 10-11.

Dá conta da mostra, titulada Portas de luz, que se vai expoñer no Centro Galego de Arte Contemporánea sobre a cultura na Galicia dos anos 70. Achega as palabras do seu comisario Alberto González-Alegre e cita aos que fixeron posíbel a mostra: Xosé María Álvarez Cáccamo (encargado da sección de literatura), Carmen Panero, Fernando Agrasar, Pepe Barro, Damián Villalaín, Carlos Biscainho, Margarita Ledo, etc. Por último, dá conta dalgúns dos obxectos que se poden ver na exposición.

Castro, Xavier, "Consideracións sobre a identidade enolóxica de Galicia", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 79, tomo III, ano XX, "Acoutacións", xullo-agosto-setembro 2009, pp. 111-119.

A partir da presenza de referencias ás variedades galegas de viños nas obras de autores de diferentes momentos, observa como se foi modificando a consideración destes, na que o ribeiro foi relegado a unha posición máis marxinal, mentres que o albariño se situou como o mellor dos caldos galegos. Comeza referíndose á alusión de Valle-Inclán, a principios do século XX, que pon de manifesto a baixa consideración do albariño, que aparece citado en terceiro lugar, despois do ribeiro; e continúa con referencias ás alusións de Ramón Cabanillas en diferentes poemas. Analiza algúns feitos que mudaron

a consideración do albariño e a súa presenza en escritos de autores doutros puntos de Galicia que enxalzaron a súa calidade, como Xosé María Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro e mesmo Graham Green a través das memorias do frade que o acompañou por terras galegas. Cita estudos diversos sobre enoloxía, ademais de reproducir algúns versos de Cabanillas para se referir ás características do cultivo e coidado dos viñedos.

Castro López, Ramón, "La emigración en Galicia", *Galegos*, n.º 6, "Encarte", II Trimestre 2009, pp. 157-192.

Sección que acolleu o estudio *La emigración en Galicia*, do correspondente da Real Academia Galega, Ramón Castro López, obra que foi premiada no Concurso literario celebrado en Lugo en 1912 pola Liga de Amigos, na que se trataban as causas da emigración, do dereito consuetudinario, da muller, do ensino e dos costumes entre outras cuestións. O texto ía acompañado dunha introdución, titulada "Un texto optimista sobre a emigración galega", de Ramón Villares.

Conde, Perfecto, "Viaxe a Bretaña polas cruces de pedra de Castelao (I)", *Galegos*, n.º 7, "Crónicas/Crónicas", III trimestre 2009, pp. 120-135.

Nunha pequena introdución aclárase que se trata da primeira parte da crónica "Viaxe a Bretaña polas cruces de Castelao" na cal se dá unha visión sobre o estado actual e as circunstancias do importante patrimonio que Daniel Rodríguez Castelao investigou antes de escribir o seu famoso libro *As cruces de pedra na Galiza* (1950). Trátase dun estudo que fixo percorrendo algún dos lugares que visitou para realizar a súa obra e dise que dos setenta que el estudou quedaron corenta sen visitar e que dos trinta monumentos que se investigaron só un desapareceu porque o destruíron en 1931. Deseguido comeza a crónica na que se describen quince destes monumentos e explícase que se fixo o mesmo percorrido que Castelao, tras ler de novo o libro e tamén se fixo unha listaxe por orde alfabética dos lugares onde se atopan os cruceiros e calvarios. Descríbense a continuación cada unha das esculturas dando primeiramente as indicacións xeográficas precisas da súa ubicación, logo remítese á obra orixinal de Castelao indicando como é a descrición e o debuxo que el fixo sobre a escultura. Tamén se reproducen algunhas das palabras que Castelao escribiu sobre a mesma e cada cruceiro ou escultura acompáñase de fotografías. Entre os lugares aquí estudados están Nizon, Tronoën, Quimper, Châteaulin ou Pleyben.

Conde, Perfecto, "Viaxe a Bretaña 'polas cruces de pedra' de Castelao (II)", *Galegos*, n.º 9, "Crónicas/Crónicas", IV trimestre 2009, pp. 92-107.

Nunha pequena introdución aclárase que se trata da segunda parte da crónica "Viaxe a Bretaña polas cruces de Castelao" na cal se dá unha visión sobre o estado actual e as circunstancias do importante patrimonio que Daniel Rodríguez Castelao investigou antes de escribir *As cruces de pedra na Galiza* (1950). Descríbense de novo cada unha das esculturas dando primeiramente as indicacións xeográficas precisas da súa ubicación, logo remítese á obra orixinal de Castelao indicando como é a descrición e o debuxo que el fixo sobre a escultura. Tamén se reproducen algunhas das palabras que Castelao escribiu sobre a mesma e cada cruceiro ou escultura acompáñase de

fotografías. Entre os lugares aquí estudados están Guimiliau, Sibiril, Plouescat, Saint-Uzec ou Sainte-Noyale.

Consello da Cultura Galega, "Os roteiros de Curros, Rosalía e Pondal", *Auria*, n.º 141, "Rutas", xaneiro 2009, pp. 50-51.

Comenta a importancia da elaboración dos "Roteiros da Cultura" polo Consello da Cultura Galega como o primeiro paso para o acceso multimedia á cultura e ao patrimonio de Galicia. Indícase que este traballo conta na páxina web <www.culturagalega.org/roteiros> con tres roteiros dedicados ás tres grandes figuras do Rexurdimento: Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Afírmase que se poden consultar na Internet, onde conta con enlaces, fotografías, vídeos, imaxes de 360 graos, etc., e tamén descargar nun GPS, no móbil ou incluso imprimir.

Corte, Roberto e Pedro **Lanza**, "Tipoloxía de revistas de teatro en España", "Ponencia incluída dentro do I Encontro Ibérico de Revistas de Teatro", *Revista Galega de Teatro*, n.º 58, "Espazos", primavera 2009, pp. 37-45.

Intervención que repasa as revistas de teatro e das artes relacionadas coa escena galega. Indican que consideran só as que teñen edición papel, aínda que se difundan tamén por medios telemáticos, e que exclúen as que non teñen unha periodicidade contrastada. Reflexionan sobre o mundo editorial das revistas teatrais e sobre a exposición nelas dos contidos. Ademais sinalan que unha característica común destas publicacións é que precisan dun apoio económico institucional para garantir a súa impresión, aínda que moitas combinen as subvencións públicas coa inserción de publicidade. Conclúen que, pola cantidade e a calidade, a situación destas revistas especializadas "é boa". A seguir, aparecen as revistas comentadas: *Primer Acto*, *R.G.T.*, *CasaHamlet*, *Paraíso*, *Artez*, *Acotaciones*, *Art Teatral*, *La Teatral*, *Actores*, *Escaramuza*, *Entreacte*, *El Pateo*, *Assaig de Teatre*, *Ade Teatro*, *Las Puertas del Drama, Pausa*, *Fiesta Cultura*, *El mundo del espectáculo teatral*, *La Ratonera*, *Por la Danza*, *Ciudades que danzan*, *Con "D" de Danza*, *Reflexiones en torno a la Danza*, *Tiempo de Danza*, *Susy "Q"*, *Danza en Escena*, *Ñaque*, *Fantoche* e *Ambidextro*. Nelas, apúntanse os seus contidos e outros datos como o director, o ano de fundación, o formato, o prezo e o editor.

Costas González, Xosé-Henrique, "Crónica da IV escola Fermín Penzol (Ribadeo-Castropol-Taramundi, 7-9 de novembro de 2008)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 77, tomo I, ano XX, "Crónica", xaneiro-febreiro-marzo 2009, pp. 153-159.

Resumo, a modo de crónica, de cómo se desenvolveu a IV Escola Fermín Penzol, que tivo lugar en Ribadeo, no que se repasan as actividades levadas a cabo e algúns dos participantes, que no referido á literatura galega cabe salientar a Suso F. Acevedo, que falou da prosa en galego do Eo-Navia, que serviu de presentación do seu libro *A herdade que nós temos. Historia e escolma da prosa en galego do Eo-Navia* (2008); e Rita Bugallo, que falou sobre o teatro e anunciou a próxima publicación do seu libro *O teatro galego do Eo-Navia*. Tamén se dá conta doutras actividades que se levaron a cabo durante o desenvolvemento da Escola, como recitais poéticos, unha representación

teatral, a ofrenda a Fermín Penzol no cimeterio de Castropol e a entrega do Iº Premio Fermín Penzol pola defensa da lingua e a cultura tradicionais a Xosé Emilio Pérez, un activista cultural do que se ofrece unha breve biografía.

Cuña, Ánxeles, "Do código aos contratos programa", *Tempos Novos*, n.º 141, "Dossier", febreiro 2009, pp. 74-75.

Felicita ao Centro Dramático Galego polo seu vixésimo quinto aniversario e valora como foi a experiencia na dirección do Centro durante cinco meses. Comenta tamén porque motivo tivo que dimitir tras reflexionar sobre as etapas anteriores e o futuro. Por outro lado, considera que todas as compañías deberían ter os seus estatutos, "os seus mecanismos de control e o seu código de Boas Prácticas" e dá unha visión de futuro no eido das artes escénicas.

Cuña, Ánxeles, "Encontro de directoras e directores de escena da XXVI MITCF de Cangas do Morazo. A síndrome do sapo cocido", *Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Temas", outono 2009, pp. 33-35.

Recóllense as impresións de Ánxeles Cuña Bóveda tras o encontro de directoras e directores de escena da XXVI MITCF de Cangas do Morrazo, nas que fala sobre o espectáculo teatral, o sector teatral galego e a súa propia experiencia. Pártese da idea de que, dende os seus inicios o teatro está en crise, igual que os procedementos dramáticos e teatrais. Pártese da diferenza entre o teatro e outras artes ou medios como cine ou televisión nas cales non ocorren as cousas en vivo como no primeiro. O primeiro apartado é "O sector teatral galego" no cal se indica que malia as dificultades (precariedade, inestabilidade e desestruturación) é un sector vizoso que ten o inconveniente principal de ser dependente das axudas das institucións. Tamén se comenta que o dato positivo é o incremento no número de espectadores en 2008. O segundo apartado é "Experiencia" e nel pártese da premisa de que a proba das súas prácticas é a experiencia e que a dirección cumpre un papel fundamental no tocante á organización e á planificación. Coméntase tamén a incorporación constante que levan a cabo dos avances tecnolóxicos e a maneira que teñen de suplir as carencias financeiras coa imaxinación. Logo dáse conta da maneira de traballar do grupo Sarabela Teatro que a autora do artigo dirixe e engádese que a súa estabilidade conleva un proceso de traballo intenso e moita coordinación. Por último, no apartado "Reflexións", apúntanse os factores que se deben ter en conta para seguir avanzando como compañías teatrais consolidadas: xestionar ben os intereses diversos dos espectadores, necesidade de críticos e investigadores que contribúan á nova focalización da comunidade teatral, evitar o intrusismo e o intervencionismo, contribuír á normalización da lingua, contar coa axuda dos políticos e coñecer de primeira man os planos de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) que deben xerar eficacia e eficiencia.

Cuña Bóveda, Ánxeles, "Repertorios e creación de públicos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 61, "Temas", inverno 2009, pp. 41-44.

Trátase dunha ponencia da directora da compañía Sarabela Teatro na que se parte dunha reflexión sobre os problemas do sector teatral (inestabilidade, desestruturación, crise

económica, etc.) para centrarse logo no desenvolvemento de novos planos dentro da cidade de Ourense, levados a cabo pola súa compañía. Primeiro lémbrase que Sarabela Teatro cumpre trinta anos no 2010 e que o seu traballo sempre se baseou nunha clara vontade de diversificar a oferta teatral e ter en conta os eixes vertebradores da súa actividade como a formación, a creación, a produción ou a dinamización social e cultural. Deseguido céntrase no proxecto artístico e cultural que levan a cabo dende o Auditorio de Ourense baixo a consideración de que a vida cultural e artística é un elemento importante na contorna dunha cidade. Dise que poñen en marcha un modelo de actuación, Teatrauria e a Compañía Residente do Auditorio de Ourense, o cal proporciona aos artistas mellores condicións de traballo. Sinálase que se trata dun novo modelo de política teatral diferente ao teatro só comercial, de xeito que cree emprego máis estábel e que potencia a vida teatral da cidade. Agradécese o feito de ter unha sede para desenvolver satisfactoriamente o seu traballo e especifícanse os catro núcleos principais nos que se basean: creación e produción en repertorio cunha obra infantil e outra de adultos; núcleos de programación onde se inclúen mostras e festivais como a MITEU; núcleo de formación con tres niveis de ensino e un núcleo de animación sociocultural. Por último, faise unha reflexión ao redor da xestión de espectadores.

Dasilva, Xosé Manuel, "Rosalía, Pondal e Curros diante da censura", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 126-133.

Céntrase nas relacións dos tres grandes autores do Rexurdimento, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal coa censura franquista a partir da descuberta de materiais inéditos relativos ás actuacións da Dirección General de Propaganda. Como prolegómenos apunta, cos informes e autorizacións, que Ramón Cabanillas tivo máis problemas "en termos cuantitativos" coa censura que Xosé Luís Méndez Ferrín. Sobre o poeta cambadés di que boa parte da súa produción non puido ver a luz en Galicia durante a ditadura e tivo que se editar no exilio.Con respecto a Rosalía e Pondal, unha vez analizados os expedientes de edición das súas obras, Dasilva conclúe que non foron en ningún caso consideradas sospeitosas polo réxime. No que atinxe a Curros Enríquez, sinala que o volume *O divino sainete*, editado en 1943 pola Librería y Editorial Casa Hernando, foi autorizado, aínda que a existencia no expediente de censura dunha denuncia que recolle o ton blasfemo dalgunhas composicións do poeta, debeu ter unha notábel influencia para que a figura de Curros fose vixiada pola Dirección General de Propaganda. Deste último, coméntanse especialmente os expedientes de denuncia da escolma *Poesías* (1951), *Obras escogidas: poesía, teatro, prosa* (1956), e mesmo a biografía escrita por Celso Emilio Ferreiro, *Curros Enríquez* (1954).

Dasilva, Xosé Manuel, "Ecos galegos de Eugénio de Castro", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 129-131.

Fai unha semblanza sobre Eugénio de Castro, poeta portugués que se afiliou á corrente simbolista e se consideraba un dos proxenitores da poesía moderna. A seguir, céntrase no volume de Eloísa Álvarez e Isaac Alonso Estraviz, *Eugénio de Castro e a Galiza. Epistolário* (2008), que insiste nos lazos que este escritor mantivo con Galicia. Explica que, en primeiro lugar, se ofrece un capítulo introdutorio, onde se deixa constancia do

elevado índice de popularidade do autor portugués e onde, en relación con Galicia, se di que participou nos actos organizados pola Real Academia Galega en conmemoración de Camões. Na segunda parte do volume, indica se recompila o epistolario que mantivo con diferentes persoeiros galegos, entre 1891 a 1943. De todas as misivas, destaca aquela na que Manuel Curros Enríquez criticaba os seus principios simbolistas en confrontación cos seus propios ideais artísticos máis ligados co realismo. Por último, anota que no terceiro apartado se inclúe un conxunto de textos centrados na participación de Eugénio de Castro nos actos camonianos xa aludidos.

Dasilva, Xosé Manuel, "O que a censura cortou da obra de Ramón Cabanillas", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 142-147.

Apunta que no presente ano se está a conmemorar non só o cincuentenario do pasamento de Ramón Cabanillas, senón que tamén medio século da publicación da súa *Obra completa*, que o poeta cambadés non viu culminada ao falecer uns días antes de que o volume saíse do prelo en Arxentina. Apunta que, no ano 1954, Francisco Fernández del Riego recibiu a encomenda formal do Centro Gallego de Bos Aires de preparar a edición da obra de Cabanillas. Sinala que en novembro de 1955, Fernández del Riego tiña a edición disposta para levala ao prelo, pero que a xunta directiva do centro bonaerense resolvera facer a edición en España, aínda que, se houbese que facer eliminacións, a impresión se faría en Arxentina. A seguir, comenta a actuación, "extremadamente implacable", de Emilio Sáez Sánchez como censor, e refire como ao final a edición se fixo en terras americanas. Por outra parte, inclúe o informe do censor, que chegou a definir a Cabanillas como "un lírico gallego de gran inspiración pero también uno de los sostenedores intelectuales de un separatismo gallego anacrónico y absurdo y de un anticlericalismo no menos incongruente".

Dasilva, Xosé Manuel, "As vicisitudes editoriais d'*A esmorga*", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "*A esmorga*, 50 anos despois", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 36-51.

Despois de referirse ao éxito alcanzado por *A esmorga*, anuncia que vai pór en claro algunhas das fabulacións que xurdiron ao seu redor, sobre todo polo ríxido control da censura franquista. Sinala que foi Díaz Pardo quen, por encargo de Eduardo Blanco Amor, lle entregou o orixinal da novela á Editorial Galaxia a finais de 1955 ou a comezos de 1956, sendo considerada por Ramón Piñeiro como un produto de inestimábel valía, ao mesmo tempo que recoñecía que non tería moitas posibilidades de salvar a barreira da censura. Así mesmo, faise eco das sospeitas que había na Arxentina sobre a publicación dunha obra tan "antitética" como *A esmorga*, polo intelectualismo que se lle recriminaba a Galaxia dende o outro lado do Atlántico. A seguir, alude ao expediente da Sección de Inspección de Libros e ao mecanoscrito desautorizado pola censura, especialmente, por razóns idiomáticas, xa que consideraba que a súa linguaxe resultaba moi procaz. Describe o proceso de edición d'*A esmorga* na Arxentina por parte de Citania en 1959 e apunta que non conseguiu o éxito agardado, ademais de atender á autotradución que fixo desta e outras das súas obras o escritor ourensán. Esmiúza os pormenores da edición d´*A esmorga* en Galicia no ano 1970 da man de Galaxia, aínda que nun principio ía saír en Edicións Castrelos, e expón cales foron as

"mutilacións esixidas" por un dos censores, que no seu informe incluso incorporaba un voto favorábel sobre a calidade da obra. Por último, revisa as súas sucesivas reedicións e traducións, e reclama a restauración da voz xenuína de Blanco Amor.

Díaz, Hernán M., "Salvando aos sobrevivintes galegos/Salvando a los supervivientes gallegos", *Galegos*, n.º 6, "Crónicas/Crónicas", II trimestre 2009, pp. 104-111.

Saliéntase que a derrota da República na guerra civil española produciu un silencio nos órganos xornalísticos da colectividade galega, maioritariamente republicana, emigrada a Bos Aires. Coméntase que naquel tempo vivían alí uns douscentos mil galegos, que tiñan algunhas agrupacións como o Centro Galego ou a Federación de Sociedades Gallegas, cuxo órgano de difusión era o xornal *Galicia*, escrito tanto en castelán como en galego, e o seu director, Eduardo Blanco Amor, tiña un gran prestixio dentro e fóra da colectividade galega. Cóntase que a Federación de Sociedades Gallegas creou unha organización de axuda á República española: a Central Gallega de Ayuda al Frente Popular Español, dirixida aos refuxiados, que non só consistía en conseguir que chegasen a un país seguro en América, senón que fixo un labor de identificación.Así, indícase que o vinte e dous de agosto de 1936 o xornal *Galicia* publicou unha listaxe dos refuxiados galegos en campos de reclusión franceses, entre os que se atopaban Lorenzo Varela, José Otero Espasandín, Rafael Dieste, Ramiro Isla Couto, Arturo Cuadrado, Arturo Souto e Manuel Cordero. Tamén se di que esta organización facilitou o contacto epistolar entre os refuxiados e a colectividade emigrada, enviou diñeiro e colaborou coas tramitacións consulares.

Díaz-Castroverde*,* Fernando, "Lava na noite", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Creación", primavera 2009, p. 5.

Sección que acolle o poema "Lava na noite" e "GLZ", de Fernando Díaz-Castroverde.

Díaz-Castroverde*,* Fernando, "GLZ", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Creación", primavera 2009, p. 5.

Acóllese nesta sección fixa o poema "GLZ", de Fernando Díaz-Castroverde.

Díaz-Castroverde*,* Fernando, "Língua de sal", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Creación", outono 2009, p. 4.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Língua de sal", de Fernando Díaz-Castroverde, acompañado dunha ilustración de Olaia.

Díaz-Pardo, Isaac, "Como coñecín a Luís Seoane/Como conocí a Luis Seoane", *Galegos*, n.º 7, "Caderno/ Cuaderno", III trimestre 2009, pp. 74-76.

Sinala que coñeceu a Luís Seoane aló polos anos trinta, cando viñera ao taller do seu pai para pintar unhas figuras de tres ou catro metros de alto, destinadas, probabelmente, a

un baile ou unha festa que se ía celebrar no salón de actos do Círculo Mercantil. Comenta que, malia non volver a velo até o ano 1955, foi seguindo o seu labor en América e até 1953 ou 54 colaborou na súa revista *Galicia Emigrante*. Fala de que cando viaxou a América contactou con xente que coñecera antes da guerra civil e coa que tiña ideas afíns: o propio Seoane, Núñez Búa, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Antonio Baltar e outros. Salienta que, en Bos Aires, Seoane coincidiu con Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Blanco Amor, Lois Tobío, Núñez Búa, Antonio Baltar, Alberto Vilanova, Arturo Cuadrado, Xosé Neira Vilas e Laxeiro; cos que formou un grupo que tentaba recuperar a Memoria Histórica, o Seminario de Estudos Galegos, o movemento renovador da Arte Galega a partir de Castelao, etc. Indica que en 1963 Seoane iniciou Ediciós do Castro con dúas carpetas de gravados (*Toro Júbilo* e *O Meco*) e fundaron xuntos O Laboratorio de Formas, que recuperou Sargadelos, o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, o Instituto Galego de Información, etc.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, "Música nas palabras", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Creación", primavera 2009, p. 4.

Reprodúcese nesta sección o texto "Música nas palabras", de Xoán Carlos Domínguez Alberte, realizado nun obradoiro de creación artística na Biblioteca do Instituto de Celanova con Baldo Ramos.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, "A montaña na poesía de Valentín Paz-Andrade", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 78, tomo II, ano XX, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2009, pp. 89-103.

Análise do tratamento da montaña na poesía de Valentín Paz-Andrade (1899-1987), ao que enmarca na xeración do 22 ou das vangardas e ofrece algúns datos da súa biografía, como o seu labor como empresario e como director do xornal *Galicia*. Repasa os títulos que publicou, como *Pranto matricial* (1955), *Sementeira do vento* (1968) e *Cen chaves de sombra* (1979), centrándose nunha serie de poemas inaugurais compostos no ano 1937 e publicados posteriormente nos títulos sinalados. Explica que todos teñen en común a temática: a bisbarra ourensá de Trives, nunha poesía cualificada como sincera e verdadeira, coa que expresa a voz dunha terra e a realidade do vivir cotián. A través da reprodución de múltiples estrofas vanse exemplificando cuestións como as vivencias da guerra, a rapina e o bandoleirismo, a gastronomía, os animais, as relacións interpersoais e mesmo a sexualidade aldeá, prestándolle tamén atención ao léxico empregado. Conclúe que malia as dificultades vitais nas que o escritor escribiu estes poemas, neles déixase ver a solidariedade e o compromiso cos que sufrían, coa terra, coa cultura e coa lingua.

Dourado Fernández, Rocío, "Conflito persoal e vampirismo social: a *Velada de Londres* de Manuel Lourenzo", *Dorna. Expresión Poética Galega. Expresión Poética Galega*, n.º 33, "Caderno da crítica", 2009, pp. 113-122.

Faise unha especie de estudo da obra de teatro *Velada de Londres* (1992), de Manuel Lourenzo, incluída na triloxía "Veladas indecentes" (1997), esta última gañadora do Premio Nacional de Literatura Dramática no ano 1998. Coméntase que unha das

características de *Velada de Londres* é que estabelece un diálogo co teatro universal, en concreto coa novela *Drácula*, do irlandés Abraham Stoker, o que indica, no seu criterio, "un forte compromiso coa terra ao tempo que xoga cos símbolos imperantes na sociedade moderna e os seus efectos nas relacións humanas". Saliéntase que toda a peza é un xogo constante de contradicións e contraposicións que reflicten a ambigüidade do ser humano; así, os dous espazos principais da obra son a Inglaterra vista como un país educado e Transilvania, descrita como un país "selvaxe". No que se refire á acción dise que o contraste é evidente, mentres en Londres as doce da noite é a hora de recollerse (a non acción) nos Cárpatos é a hora do comezo da vida (a acción); tamén hai contraste entre o ben e o mal, o primeiro connotado coa luz e símbolos coma o rosario e a cruz e o segundo coa escuridade e símbolos coma os allos e remedios contra o mal de ollo. Arguméntase que os personaxes tamén son contrapostos polo xeral, mentres Harker ten unha función estática, Mina loita contra a situación na que se encontra. Finalmente, tamén se pode observar o paradoxo eternidade-segundo, xa que só se precisa un segundo para asumir esa nova identidade que repercutirá neles para sempre. A continuación, pásase a analizar, un por un, os personaxes principais. Primeiro dise que toda a acción escénica da obra está concentrada nunha soa noite e que os pasados e futuros aparecen mediante os *flash-backs* presentes na narración de Harker sobre a súa viaxe a Transilvania, polo que, nun primeiro momento semella tratarse dun texto demostrativo realizado en presente, aínda que se está a referir ao pasado. Tamén se comenta que, malia que o texto non parece ter unha finalidade práctica, xa que na maior parte do discurso parece que Harker divaga, na parte final apréciase que a súa finalidade é convencerse a si mesmo de que debe asumir unha identidade allea. Por outra banda, cóntase que Mina, a protagonista feminina, mantén durante toda a peza un discurso deliberativo porque a súa pretensión é a de sentirse aceptada e a desesperación que lle produce a indiferenza do marido obrígaa a asumir a perda do que a define como individuo fronte aos demais, simbolizado na propia morte interior, que trae consigo a morte do amor para ela. Sinálase que o personaxe do doutor, o confidente, presenta un discurso deliberativo cuxa intención principal é a de conseguir física e intelectualmente a Mina. Para rematar, crese que o triángulo amoroso Harker-Mina-Drácula se concibe como recurso para acceder ao amor pleno e permite superar a tradicional dicotomía entre o amor carnal e o espiritual.

D. V., "Faleceu Anisia Miranda", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2009, p. 9.

Dá conta do falecemento de Anisia Miranda, quen compartiu, xunto ao seu home Xosé Neira Vilas, creación literaria e compromiso incondicional coa lingua e o libro galegos, aínda que esta cubana de nacemento alcanzou ademais metas singulares no eido do xornalismo infanto-xuvenil. Alude á posta en marcha da editora e distribuidora Follas Novas (Arxentina) por parte do citado matrimonio, así como á súa participación na revolución cubana. Apunta que na Habana Anisia traballou con Alejo Carpentier na revista *Pueblo y Cultura* e que chegou a dirixir as revistas infantís *Zunzun* e *Birijita*. Apunta que a vinculación da parella con Galicia levouna a empregar o galego en obras para a infancia, ademais de que, a partir do seu regreso en 1992, se dedicou á biblioteca da Fundación Xosé Neira Vilas e aos premios que convoca de poesía e teatro para nenos.

D. V., "No pasamento de Daniel Cortezón", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2009, p. 10.

Faise eco do falecemento de Daniel Cortezón, que foi galardoado con frecuencia nos premios convocados polo Centro Galego de Bos Aires dende a década dos 50, ademais de referirse á súa produción no eido da narrativa e do teatro. Entre outras cuestións, indica que a súa novela, *As covas do rei Cintolo* (1956), foi proposta por Ramón Piñeiro como modelo do que podería ser a narrativa galega de posguerra, así como comenta que a súa aposta sistemática por un teatro histórico de alento nacional, sen esquecer as achegas brechtianas, permitiulle rescatar figuras lendarias, ao tempo que elevar a Castelao á categoría de mito literario.

Eco, "Vodas de 'ouro", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 217, xuño 2009, "Sociedade", p. 76.

Informa do festexo das "vodas de ouro" da publicación da novela *A Esmorga,* de Eduardo Blanco Amor, trinta anos despois da morte do escritor. Dise que a Deputación Provincial de Ourense rendeu o seu particular tributo cunha edición especial da novela en galego. Nesta celebración interviron algúns persoeiros da cultura galega, dos que se destacan as palabras de Manuel Forcadela, Víctor Freixanes, Isaac Díaz Pardo e Luís González Tosar.

Fandiño, Xosé Ramón, "María do Carme Kruckenberg, a voz cosmopolita, culta e libre da poesía galega/María do Carme Kruckenberg, la voz cosmopolita, culta y libre de la poesía gallega", *Galegos*, n.º 6, "Entrevista", II trimestre 2009, pp. 22-31.

Extensa entrevista a María do Carme Kruckenberg que comeza cun breve apuntamento biográfico no que se destaca a súa plenitude aos oitenta e tres anos de vida, a súa ampla cultura e o seu sentido da liberdade. Primeiramente fálase sobre o seu nacemento e infancia en Vigo, nun fogar burgués de nai galega e pai alemán. Logo céntrase no seu coñecemento de varias linguas, na súa faceta poética e nas múltiples relacións de amizade que foi construíndo ao longo da súa vida con persoeiros como Celso Emilio Ferreiro, Laxeiro, Rafael Alberti e os que foi coñecendo en Arxentina e EE.UU. A continuación destácase o seu encontro con Daniel Rodríguez Castelao en Bos Aires e a súa instalación definitiva en Vigo en 1955. Tamén se fala sobre a situación da lingua e literatura galega contemporánea e sobre a súa propia produción poética, dende a súa etapa en castelán, pasando pola etapa bilingüe e logo a súa instalación definitiva no galego. Por último, dise que lle queda por publicar *A levidade do silencio*, coa que pensa rematar a súa traxectoria poética.

Fandiño, Xosé Ramón, "Luz Pozo Garza, a poeta da claridade, da fondura e da escintilante beleza/ Luz Pozo Garza, la poeta de la claridad, de la intensidad lírica y de la radiante belleza", *Galegos*, n.º 7, "Entrevistas", III trimestre 2009, pp. 6-25.

Ampla entrevista a Luz Pozo Garza na súa casa da Coruña na que se fai primeiro unha introdución na que se repasa a súa traxectoria persoal e profesional. Comeza coa lembranza da súa infancia, que, segundo ela, é considerada como un paraíso mítico para

centrarse deseguido na súa nai, unha muller, segundo se di, ilustrada, que dominaba varias linguas e emparentada por xinea co mesmo Frei Benito Feixoo. Logo fálase sobre a volta a España da nai, tras estar en colexios de Estados Unidos, o comezo da relación co seu pai e xa, por extenso, a vivencia da guerra civil co encarceramento do seu pai e a súa estadía forzada en Marrocos e a morte tráxica do seu irmán. Tras isto, lémbrase como coñece o seu primeiro marido, o cal fora profesor seu en Viveiro e o seu traballo con el na academia que este funda na mesma vila; o nacemento do seu fillo Gonzalo; a realización da carreira de Maxisterio e de Piano e a súa relación de amizade con diversos artistas e escritores. Deseguido, fálase da súa etapa como catedrática de bacharelato de Lingua e Literatura Españolas durante vinte anos en Badaxoz, Coruña, Vigo e Nigrán. Continúa logo co comezo da súa relación persoal e logo amorosa con Eduardo Moreiras, a partir da publicación do seu poemario *Ánfora*, en 1949, destacando en todo momento a intensidade do seu amor, que chegou máis alá da morte do poeta. O seu paso ao galego coa obra *O paxaro na boca* (1952), a súa conversión en galegofalante, o nacemento das súas fillas, a publicación de obras posteriores como *Cita en el viento* (1962), a fundación da revista *Nordés* en 1975 co apoio de Isaac Díaz Pardo, a admiración que sentía por Luís Seoane, o seu traslado para vivir en Vigo e o inicio das relacións con poetas como Pepe Cáccamo, Xavier Baixeras, Ramiro Fonte ou Román Raña, son os temas que ocupan as liñas seguintes. Por último céntrase nas obras *Concerto de outono* (1981) e *Códice Calixtino* (1986), no seu papel como membro numerario da Real Academia Galega, no seu libro *Prometo a flor de loto* (1992), que publica tras a morte de Moreiras e que a axuda a superala, e *As vodas palatinas* (2005).

Fariña Busto, María Jesús, "A palabra das Literatas: un espazo para a liberdade", *Xénero humano. Caderno de igualdade*, n.º 1, marzo 2009, pp. 58-65.

Sublíñase como o traballo das "literatas" a prol do feminismo como Rosalía de Castro, Santa Teresa ou Emilia Pardo Bazán se converteu nun signo de resistencia axudando de xeito importantísimo na normalización da presenza e a intervención das mulleres nos ámbitos sociais e culturais. De Rosalía de Castro coméntase que na súa "Carta a Eduarda" afirmou que a autoridade nunca tiña nome de muller.

Felpeto García, Ana María, "*Los 'nubeiros' o tempestarios de Galicia* de Vicente Martínez-Risco, dedicado a Pedro Chico", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Varia", vol. 12, 2009, pp. 149-150.

Trae á memoria o volume *Los 'nubeiros' o tempestarios de Galicia* (1943), de Vicente Martínez-Risco. Describe o descubrimento da separata do "Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense", publicada en *La Región*, a partir da cal a autora levou a cabo a presente recensión. Engade despois uns apuntamentos sobre a vida de Don Pedro Chico, a quen ía dedicada a separata e continúa cunha descrición do seu contido temático e estrutural.

Fernández, Carlos, "O home que disparaba contra os reloxios", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 5, "Voces con Anxo", 2009, pp. 166-171.

Considera que o pensamento de Anxo Rei Ballesteros é unha novidosa mestura de vangardismo e arcaísmo, o que dá como resultado unha obra profundamente orixinal e independente. A seguir, explica que entende neste contexto por vangarda e en que sentido utiliza as palabras arcaico e arcaísmo. Sinala que no caldo de cultivo dun vangardismo enfriado pola crise da ideoloxía do progreso e arrenquentado pola represión franquista dos anos 60, xorde como escritor Anxo Rei Ballesteros. Así mesmo, apunta que, antes vangardista que nacionalista, cando este autor decide escribir en galego "reconverte o seu vangardismo nunha reivindicación da temporalidade propia da Galicia tradicional". Por último, abéirase ás súas obras *Tempo e vinganza* (2003), *Urda e mundo* (2008) e *Non sei cando nos veremos* (2005).

Fernández, Carlos, "O mar que se foi co sol", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Entre os anxos e os mortos. Lembrando a A. Rei Ballesteros", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 52-53.

Logo dunha serie de consideracións, apunta que no caldo de cultivo dun vangardismo arrefecido pola crise da ideoloxía do progreso e arrequentado pola represión franquista dos 60, nace como escritor Anxo Rei Ballesteros. Considera que este intelectual "fai da indistinción, da negación do tempo e da abolición da diferenza entre pensar e actuar, os seus obxectivos existenciais". A seguir, entre outros comentarios sobre a súa obra, apunta que cando decide escribir en galego, reconverte o seu vangardismo nunha reivindicación positiva da temporalidade propia de Galicia, polo que "a pretensión de abolir o tempo no tempo, de procurar a continuidade no Ser a través da embriaguez, do erotismo e, en xeral, do exceso, ben que non desaparece da súa vida e da súa obra, deixa paso a unha celebración do *kairos* ou temporalidade comunitaria (...), na que cada cousa ten o seu tempo e hai un tempo para cada cousa".

Fernández, Carlos, "Galaxia e Heidegger", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 126-133.

Alude á xénese da Editorial Galaxia e *Grial* e explica que mentres a editorial se centrou na publicación individualizada de escritores galegos, os cadernos, máis tarde revista, pretenderon transmitir unha imaxe unitaria do grupo fundacional, empregando o ensaio como vehículo preferente. Faise eco das publicacións destas dúas entidades e apunta que, entre elas, está unha serie de traballos nos que os homes de Galaxia reflexionaron sobre os temas máis diversos, nomeadamente sobre aqueles que permitían dialogar coa cultura europea. A seguir, profunda na presenza do existencialismo e de Heidegger en Galicia, polo que aborda cuestións como o espiritualismo da tradición galeguista, o europeísmo de Galaxia, a recepción do filósofo alemán por Galaxia, a saudade, a paisaxe e o humor. Por último, achega unha serie de conclusións e afirma que Galaxia recibiu a Heidegger en función dos seus supostos hermenéuticos: "o espiritualismo humanista e a demostración da singularidade de Galicia na súa pertenza á Europa plural e democrática".

Fernández, Miguel Anxo, "Carlos Velo' máis aló do cine: escritor e editor", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, maio 2009, pp. 40-45.

Ademais do seu labor no mundo do cinema, Miguel Anxo Fernández ofrece información sobre a actividade literaria levada a cabo por Carlos Velo en México. Principia salientando as súas dúas primeiras publicacións, en castelán: "Ritmo y Cinema", publicado na revista *Romance* en 1940, e "Galicia, paisaje de sangre", no número 6 da revista *España peregrina*, "texto de notable forza narrativa, no que pretende manter vivo o drama da represión acontecido en Galicia". A seguir menciona os traballos que deu a coñecer na revista *Saudade*, entre eles "Entroido enfeitizado" (1942) e "Na costa verdecente"; a súa participación na creación da revista *Vieiros*, da que foi codirector xunto a Luís Soto e Florencio Delgado Gurriarán, e na que publicou varios artigos, ensaios, críticas e gacetiñas nos seus catro números de vida, entre os que cita "Carta ao fato Brais Pinto", o relato "Imaxes para unha película", e os ensaios "Os fitos da xuventude", "Imaxe da Galiza" ou "Cultura e Sociedade". Conclúe sinalando que como editor, Velo sacou en 1965 o primeiro *Terra e Tempo* da UPG; coordinou en 1992 a edición do tomo *Sonora*, dedicado a ese estado de México; e agrupou en 1985 contos baixo o título *Biografía erótica*, como "Sabela, cristal roto", "Perla Blanca, a muller da miña vida", "Eudoxia, orto segredo", "Carmina, a raíña da ponte" ou "Rosenda, a bruxa Bigaira".

Fernández Rei, Francisco, "A 'Nocturnidade do sal' de Alexandre Nerium: Unha travesía entre a raxor e a augantinta", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 77, tomo I, ano XX, "Publicacións", xaneiro-febreiro-marzo 2009, pp. 147-152.

Reprodúcese o texto lido por Francisco Fernández Rei na presentación de *Nocturnidade do sal. Trala raxor do día* (2008), de Alexandre Nerium, nome literario de Francisco Manuel López Martínez, autor ao que lembra que lle prologou o poemario *Vogar de couse* (2003), malia as dificultades iniciais para comprender unha boa parte do seu léxico. Evoca tamén a súa participación na presentación deste mesmo libro en Fisterra e céntrase no contido, do que salienta que xira arredor da memoria, a adversidade e o naufraxio, textos que teñen como marco temporal dende o amencer até o solpor, representados polo raxor e a augatinta, respectivamente, símbolos de períodos como a vida, dende a nenez até a vellez, dende a vitalidade á soidade. Explícase que a estrutura está organizada en "capítulos", nos que despois da prosa poética se insire un caligrama, con abondoso léxico fisterrán, que se refire a lugares próximos, a través dos que se denuncia a destrución da Costa da Morte. Salienta a sensación de soidade que se manifesta nos versos, nos que tamén hai cabida para o amor, e reitera a introdución de léxico mariño empregado con anterioridade por autores como Manuel Antonio ou Bernardino Graña, cos que comparte unha temática, a do mar, que lles serve para mostrar a singradura existencial do ser humano e a súa propia soidade.

Fernández Rei, Francisco, "Ramón Cabanillas e a representación d'*A ofrenda das fadas no portal de Belén. Retablo de Nadal*", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 78, tomo II, ano XX, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2009, pp. 75-80.

Reprodúcese o texto lido no Auditorio da Xuventude de Cambados no acto de Conmemoración do sesenta e cinco cabodano da estrea d'*A ofrenda das fadas no portal de Belén*, de Ramón Cabanillas, co que se abriu a programación oficial do Ano

Cabanillas 2009. Comeza referíndose á representación en 1944 desta peza e ao contexto social e cultural no que tivo lugar, practicamente un hermo en plena posguerra. Explícase que *A ofrenda*, xunto con *Non chores, Sabeliña* (1943), de Trapero Pardo, son das primeiras obras teatrais que se puxeron en escena despois da guerra civil. Coméntase que a obra se reeditou en 1977 na revista *Encrucillada* coas indicacións de representación e reparto. Dise que esta peza, arraigada nunha tradición que vén dos Séculos Escuros, pon en escena a visita ao Portal de Belén de cinco fadas, tal como fan os Reis de Oriente, na que se deixa sentir a pegada ideolóxica. Saliéntase que a súa primeira representación coincidiu cun dos momentos máis duros da vida do poeta: a perda da súa dona e a inmensa soidade que dende entón dominou a súa vida, como se reflicte nas cartas que lle escribe a amigos como Ramón Otero Pedrayo. Remata referíndose á loita que durante os últimos anos da súa mantivo o poeta cambadés a prol da loita galeguista de recuperación cultural da Galicia de posguerra e manifestando a plena actualidade deste creador, como demostran as numerosas homenaxes e recoñecementos dos que está a ser obxecto.

Fernández Vázquez, Mar, "Tarrío Varela, A. (coord.) y B. Álvarez Cáccamo (ilust.) (2008). *Xosé María Álvarez Blázquez. Día das Letras Galegas 2008*", *AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 7(2), "Reseñas/Reviews", 2009, pp. 187-192.

Describe a composición do volume comezando pola "presentación" (pp. 7-9) de Anxo Tarrío na que se lembra dende cando o Departamento de Filoloxía Galega se comprometeu a achegar unha publicación como recoñecemento á figura homenaxeada, ademais de recordar que Álvarez Blázquez foi un destacado escritor, editor, arqueólogo e investigador "humanista". A seguir descríbense brevemente os demais traballos, comezando por "A miña escolma" (pp. 13-45), onde Xosé Luís Couceiro repara nas tres antoloxías de poesía medieval que editou Álvarez Blázquez; en "Dous villancicos de galegos cantados en Madrid e en Sevilla no século XVII" (pp. 47-55), Ramón Mariño Paz analiza lingüisticamente e transcribe dúas composicións que se conservan na Biblioteca Nacional; en "Xosé María Álvarez Blázquez, estudioso da poesía narrativa popular da Galiza" (pp. 59-82), José Luis Forneiro céntrase na relación que o tudense estabeleceu cos romanceiros; en "*Branca cantiga de pedras*. Achegamento á poesía de Xosé María Álvarez Blázquez" (pp. 83-104), María Xesús Nogueira realiza "de forma rigurosa" unha achega temática e estética á poesía do escritor, e os elementos que distingue nos poemarios analizados; en "Xosé María Álvarez Blázquez nos inicios da literatura infantil e xuvenil galega" (pp. 107-123), Blanca Roig Rechou cubre "con profundo criterio filológico" a escasa atención que a crítica lle presta á poesía infantil do homenaxeado e comenta que Álvarez Blázquez contribuíu a levar a cabo unha "estrategia de planificación cultural" da literatura infantil e xuvenil galega; en "A censura franquista e Xosé María Álvarez Blázquez" (pp. 125-158), José Manuel Dasilva amosa as trabas que sufriu o tudense como escritor castelán e galego e que a censura foi de maior fondura no seu labor como editor; en "Unha achega bibliográfica á recepción da obra de Xosé María Álvarez Blázquez" (pp. 161-190), Marta Neira Rodríguez achega unha bibliografía secundaria ou pasiva sobre o tudense. Remata recomendando para complementar a monografía e para un coñecemento máis profundo da figura de Xosé María Álvarez Blázquez a consulta da bibliografía recollida en cada estudo e os *Informes de Literatura*, dos que explica brevemente o seu contido. O artigo remata coas "Referencias bibliográficas" consultadas.

Fernández Vázquez, Mar, Carmen **Ferreira Boo** e Esther **de León Viloria**, "Escrito por mulleres", *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 25, "Actualidade", 2009, pp. 133-150.

Dáse conta das achegas que realiza a muller "na conformación do polisistema literario galego". Ofrécense traballos nos que a muller é autora, coordinadora e compiladora de obras de creación e así mesmo destácase o seu labor como tradutora e ilustradora. Indícase que este labor feminino se presenta estruturado nos seguintes apartados: "Narrativa", "Poesía", "Literatura dramática", "Día das Letras Galegas", "Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos", tendo en conta ademais as reedicións, facsímiles, textos recuperados e as obras traducidas e versionadas. Precísase que este traballo bebe do *Informe de Literatura 2008*, proxecto de investigación que se realiza no Centro Ramón Piñeiro, un repertorio bibliográfico descrito da produción galega e sobre literatura galega. Explícase que o traballo comeza cuns cadros comparativos co ano 2007 e as variacións observadas nese cotexo, onde se constata a participación feminina como autoras, coordinadoras, compiladoras, tradutoras e ilustradoras.

Ferreiro, A., A. **Riveiro Coello**, D. **Tembrás**, F. **Castro**, M. **Queixas** e R. **Vega**, "Literaturas minorizadas, grandes retos", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, tomo XLVII, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2009, p. 11.

Faise eco do encontro de membros do Galeusca celebrado en outubro de 2009 en Arantzazu, no que mostraron a vontande de reforzar e acrecentar as súas accións dende a Federación para contrarrestaren a anovada agresividade recentralizadora que está a imporse no Estado español. Explícase que neste encontro se produciu a sensación de "estar a perdérmonos de vista", así como a convicción de que o foro Galeusca precisa e merece "ser reinventado". Apunta que a delegación galega foi explícita na súa vontade de mirar o futuro, valorando favorábelmente o estado da produción propia e a súa proxección, así como manifestou que atopa na rede e nas novas tecnoloxías un terreo aberto no que poder expandirse con eficacia. Tamén alude a outro dos debates máis acendidos, o tocante ao libro dixital.

Ferreiro, Alfredo, "As cinzas sonoras de Manuel Forcadela", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 109-110.

Coméntase que se identifican no poemario de Manuel Forcadela, *Música de cinza* (2008), a nostalxia, o pesimismo, o erotismo, o tempo, a ficción, o simbólico, a acción, a descrición ou o proceso da escrita, e alúdese á mención de autores galegos e estranxeiros como Bataille, Cervantes, Breton, Avilés, Sara Jess, Borges, Curros, Eduardo Moreiras, Derrida, Luz Pozo ou Luísa Villalta, así como a relación e contraposición entre os conceptos de poema, canción e fotografía que Forcadela ten concretado en creacións. No que atinxe aos versos, saliéntase a súa musicalidade, o ritmo marcado, a súa lonxitude, a influencia da estrutura clásica latina e da poesía decimonónica e a liña da "sensibilidade decadentista". Alúdese tamén á presenza dunha "esparexida" microteorización sobre determinados aspectos (ficción, escritura, acción...), así como o nomeamento de autores galegos e estranxeiros. Dise que todos

estes asuntos "conviven organicamente cunha tripla nerviación temática": os conceptos de poema, canción e fotografía. Ademais caracterízanse os versos dunha "asombrosa musicalidade" e obsérvase ademais unha inclinación á poesía clásica na reflexión sobre o tempo e tamén á poesía decimonónica. Considérase que é unha escrita fluída e que os poemas están cargados "cos ritmos que fican na memoria despois de que o lume da paixón vital teña consumido o corpo".

Ferreiro Blanco, Vanesa, "Mª Ofelia Cabrero Vázquez. Polavila, Lendas, Contos e Romances", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 38, Vol. XIX, "Libros", 2009, pp. 194-195.

Breve descrición do libro *Polavila na Pontenova, Lendas, Contos e Romances* (1998), de Mª Ofelia Cabrero Vázquez. Defíneo como unha obra de investigación na que se percibe "unha grande labor de campo e un riguroso traballo de análise dos materiais". Sinala que os relatos son transcritos tal e como foron emitidos "con erros, con interferencias, sen elaboración...". Apunta que se deu a coñecer ao público nunha edición "moi coidada".

Forcadela, Manuel, "*O porco de pé* como cronografía", *Boletín Galego de Literatura*, nº 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Oitenta anos d'*O porco de pé*", 2009, pp. 159-184.

Neste traballo Manuel Forcadela analiza *O porco de pé* partindo do concepto narratolóxico da cronografía, coa intención de desvelar algúns aspectos que interveñen na construción ideolóxica que opera no interior da novela. Neste sentido, salienta que a ollada que Vicente Risco dirixe sobre o tempo que está a describir non é neutra, ocupada en dar conta fiel e exhaustiva dos avatares da historia de Galicia nos anos que median entre 1918, final da Primeira Guerra Mundial, e 1923, inicio da Ditadura de Primo de Rivera, senón que é unha ollada deturpada polas concepcións políticas e culturais do autor ourensán. Dende este punto de vista, Forcadela considera que a novela se converte, á marxe doutras consideracións, nunha peza de inestimábel valor coa que afrontar a evolución ideolóxica do seu autor e, tamén, nun elemento central no diálogo existente entre as diferentes partes da obra, ademais de ser unha instantánea das posicións ideolóxicas presentes no tempo da súa redacción, cando Risco era xa consciente de que o seu papel central na dirección do galeguismo comezara a minguar.

Forcadela, Manuel, "(De)construír a paisaxe", *O Ollo Público. Revista das artes*, n.º 26, "Literatura", "Crítica literaria", marzo-xuño 2009, p. 7.

Informa da publicación de *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio* (2008), de María López Sández, gañadora do premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007. Considera que é un libro "de lectura obrigada" e describe as "dúas partes ben diferenciadas", da que di que a primeira é "de maior interese". Comenta cómo a autora realiza a deconstrución do concepto de paisaxe, a partir da crítica da ideoloxía. Salienta que a paisaxe é unha ollada, "non unha visión", e que emerxe ao tempo que se constrúen os outros grandes sinais de identidade nacional: lingua, nación e literatura. Para rematar, comenta a visión que manifesta a autora no libro de dous tipos básicos de nacionalismo.

Forcadela, Manuel, "O crime perfecto de Ramón Otero Pedrayo", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 79, tomo III, ano XX, "Cuestións", xullo-agosto-setembro 2009, pp. 49-81.

Análise do relato "Medicina Legal", de Ramón Otero Pedrayo, incluído en *Contos do camiño e da rúa* (1932), por considerar que nel se atopa unha reflexión sobre a esencia de Galicia, as claves do seu pasado inmediato e os rumbos a afrontar de cara ao inmediato futuro, teorizando a realidade e a historia, "ideando cales podían ter sido as condicións de vida concretas deses personaxes ideais, dotados todos dun estereotipo". A través dos personaxes analízanse os diferentes planos empregados polo autor ourensán para representar o mundo ficcional, nos que están presentes as polarizacións semánticas (como, por exemplo, autóctono-alleo, tradición-modernidade, pasado-futuro), comparándoo con outras obras do sistema literario e constatando tamén a presenza dunha técnica narrativa clásica, na que se asocian os tempos verbais coa descrición e a acción, intimamente relacionadas cunha clara consciencia do autor de presentar un conflito e unha transformación. A seguir descríbese a estrutura da historia narrada, os símbolos recorrentes empregados polo autor xa noutras obras, como a cornucopia; o estilo barroco tan propio da narrativa de Otero Pedrayo e trazos fundamentais dende o punto de vista das instancias narrativas, pero sobre todo dos personaxes e o significado que adquiren no contexto, en especial o protagonista, Venerando. Compárase esta proposta con outras do autor, como *Fra Vernero* e *Arredor de si*, ademais de analizar as relacións dos personaxes dende o punto de vista do esquema actancial de Greimas, concluíndo que o relato se constrúe sobre catro modelos de cronotopo: o épico-místico, o romántico-gótico, o lírico-barroco e o tráxico-realista, que dan como resultado unha visión de desarraigamento, na que "o próximo é o alleo e o autóctono é o distante".

Freixanes, Víctor F., "Novas estratexias para a xestión cultural", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "Carta do editor", abril, maio, xuño 2009, pp. 5-7.

Sobre a idea de que "a cidade é o gran territorio da modernidade", alúdese ás actividades que desenvolveu a Fundación Carlos Casares, baixo a coordinación de Manuel F. Vieites, ao redor da idea de cidade e dos cidadáns, como "espazos de relación, de creación e de difusión cultural", e que contou con especialistas e pensadores sobre o fenómeno urbano e a súa relación coa "cultura, coa socialización e coa construción do imaxinario colectivo". Sinala o especial interese das ideas achegadas por Iñaki López de Aguilera. Para rematar, engade a presentación do número da revista *Grial* que conta con novas achegas ao Ano Ramón Piñeiro.

Freixanes, Víctor F., "Memoria de Anxo Rei Ballesteros", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Carta do editor", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 5-7.

Anuncia que este número da revista *Grial. Revista Galega de Cultura* vai dedicado case na súa totalidade a Anxo Rei Ballesteros, que faleceu na cidade da Coruña en outubro de 2008. Define a súa obra coas palabras "esixencia", "liberdade" e "audacia" e destaca a súa excelente instalación na literatura, ademais de facer unha serie de comentarios sobre a súa creación novelística, ensaística e teatral. Considera que a aparición da súa primeira novela, *Dos anxos e dos mortos* (1977), foi unha revelación, "o anuncio dunha

obra que continuou en liña sempre ascendente", e alude á súa calidade como conversador. Por outra parte, faise eco dos diferentes traballos que se inclúen neste número da revista editada por Galaxia.

Freixanes, Víctor F., "A enerxía do idioma", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "Carta do editor", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 5-7.

Refírese á primeira publicación d'*A esmorga* en Bos Aires no ano 1959 da man da editorial Citania, ademais de apuntar que nunca Ourense (Auria) volverá ser a mesma despois de ler esta historia. Sinala que en 1975 tivo o privilexio de conversar con Eduardo Blanco Amor e que, como froito dese encontro, escribiu un dos traballos xornalísticos dos que máis se sente orgulloso e que recolleu no capítulo "Diante do espello", incluído no volume *Unha ducia de galegos* (1976). Indica que daquela lle preguntou pola lingua, que el non traía exactamente da infancia, senón que reconstruíra a nivel literario na colectividade emigrante de Arxentina e Uruguai. Así, reproduce as palabras do escritor ourensán que comenta que "O idioma da novela é un descubrimento e ten, ao mesmo tempo, moito de *koiné* persoal, resultado dunha longa loita por conquerir a lingua que necesitaba e non tiña chuchado de neno". Dá conta dos esteos sobre os que se reconstrúe a narrativa galega contemporánea posterior á guerra civil, entre os que se cita *A esmorga*, unha obra que considera "produto da Galicia no exilio, a Galicia resistente, tamén unha das obras máis abertas, renovadoras, ambiciosas e esixentes do noso catálogo histórico, referencia fundamental para todo o que veu despois".

Fuentes, Víctor, "Vixencia e exaltación de Rosalía de Castro nos escritores galegos do exilio", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Comunicación e cultura", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 154-159.

Despois de apuntar que Rosalía de Castro é a gran figura emblemática das letras galegas e que é consagrada como unha das grandes cimas da poesía española moderna, faise eco de libros, ensaios, conferencias e congresos dedicados a tal consagración. Sinala que, tras o estoupido da guerra civil española, a poetisa padronesa seguiu recibindo culto no exilio e anota publicacións, homenaxes e estudos que a tomaron como punto de referencia, entre os que destaca a contribución de dúas mulleres que nos anos 40 comezaron a escribir sobre Rosalía, Alicia Santaella Murias e Luisa Carnes, adiantándose ao aluvión do presente. A seguir, ocúpase da achega que os escritores-profesores galegos do exilio norteamericano fixeron á presente exaltación de Rosalía de Castro como símbolo da alma e da literatura galega. Así, céntrase na contribución de catro escritores, profesores e críticos galegos no exilio norteamericano: Emilio González López, Ramón Martínez López (en menor medida que os outros tres), Ernesto Guerra da Cal e José Rubia Barcia. Por último, considera que estes intelectuais durante os longos anos de exilio, na súa persoa e obra, "gardaron, como ouro en pano, o legado desa esencia da cultura e do espírito galego que encarnara a voz poética de Rosalía".

García, Nani, "Nubes/Nubes", *Galegos*, n.º 6, "Caderno/Cuaderno", II Trimestre 2009, pp. 83-85.

Acóllese o texto poético-narrativo "Nubes", de Nani García, dedicado a Miguelanxo Prado.

García Ambruñeiras, Iván, "A apertura como desexo. Situarmos a contrahexemonía", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proTagonista", verán 2009, pp. 2-3.

Comentario arredor das propostas presentadas no II Simposio "Poéticas de resistencia", celebrado no Centro de Estudos Avanzados da Universidade de Santiago de Compostela os días 16 e 17 de abril de 2009. Explícase que dende un amplo abano de disciplinas se reflexionou sobre a teoría do concepto do acto creador como un acto de resistencia, en especial dende un achegamento interartístico, no que abrirse a prácticas como o cinema, a arte e a música. Alúdese á frecuencia coa que se ten empregado o concepto de resistencia en Galicia nos últimos tempos, chamando a atención sobre o perigo de perda de operatividade pola súa inflación e perda de definición, así como por acoller discursos hexemónicos que se disfrazan de resistentes, aspecto sobre o que se detiveron Iria Sobrino e Arturo Casas. Neste senso, sinálase que o profesor Casas propuxo interpretar a posición de resistencia como "esencialmente dinámica, como un lugar en permanente readaptación". Das propostas presentadas no Simposio destácase tamén a de Jordi Claramonte, pola súa articulación teórica da posición dinámica da resistencia, dende a estética xenerativa, na que ademais dos presupostos teóricos tamén ofreceu a súa experiencia como membro de diversos colectivos. Explícase que se foron debuxando liñas de traballo, como a de Víctor E. Pérez e Daniel López Abel, que apostaron pola construción de situacións de aprendizaxe dentro da reivindicación dunha cultura de baixa intensidade. Repásanse outras propostas como a dunha "Academy Commons", a necesidade de repensar modelos de distribución de literatura, vista como propagación de ideas e de resistencia ou o xogo de desestabilización da identidade do suxeito lírico e a súa relación co lector, nun claro desexo de abertura dos posíbeis "que inicia vías para afondar nas preguntas en novas edicións".

Gómez Rivas, Isabel, "O camiño do exilio", *Moenia. Revista lucense de Lingüística&Literatura*, vol. 14 (2008), "Varia", 2009, pp. 335-353.

Trátase neste extenso artigo o labor político e cultural dos exiliados galegos tras a guerra civil española e preténdese ofrecer unha síntese do significado histórico do exilio republicano de 1939. Baséase fundamentalmente este estudo en quen foron aqueles que emprenderon o camiño do exilio, na odisea que representou a súa fuxida e as iniciativas políticas e culturais que levaron adiante no desterro. Ábrese cunhas frases escritas por Castelao no inicio do seu exilio en Nova York das que se di que con elas amosa a capacidade do escritor e político para pór palabras aos sentimentos e ideas colectivas de todos os que se viron obrigados a abandonar Galicia. Lémbrase sucesos como o asasinato de galeguistas que non tiveron tempo de fuxir, como Alexandre Bóveda ou Ánxel Casal, e pásase logo a lembrar as palabras de persoeiros como Luís Seoane, Carmen Muñoz (esposa de Rafael Dieste) dando conta das súas propias vivencias da guerra e do exilio. Saliéntase o esforzo de Castelao por dar a coñecer a importancia do traballo do exilio a prol de Galicia ou de loitar contra o prexuízo estendido de que Galicia era franquista, polo rápido triunfo da sublevación militar e a inexistencia dunha fronte de guerra. Coméntase tamén que, até datas moi recentes, non houbo estimacións fiabeis da magnitude cuantitativa que tivo o exilio galego. Outro aspecto no que se

centra o estudo é na redacción das memorias que fixeron moitos deles nas cales renuncian a unha expresión enfática ou ampulosa e a dramatizar aqueles episodios, polo que a sobriedade dos escritos autobiográficos ten contribuído a agochar as dificultades e atrancos cos que os exiliados se tiveron que enfrontar, especialmente no inicio do seu desterro. Lémbrase os diferentes e variados camiños que tomaron os exiliados: botarse ao monte, por vía marítima a Asturias, Inglaterra e Francia e por vía terrestre a Portugal. Un lugar concreto no que se detén no estudo é Bos Aires por ser a cidade, que, segundo se di, se converte na capital do exilio galego e na que se desenvolveu un intenso labor cultural, editorial e político a prol de Galicia, como dan conta os xornais, emisións radiofónicas ou selos editoriais que se comentan. Por último destácase que malia a morte do líder do galeguismo no exilio, Castelao, en 1950, a historia do galeguismo no exilio non remata xa que os exiliados amosaron un grande empeño en que o seu desprazamento físico fóra da terra non significara unha quebra do seu proxecto político e cultural. Conclúese co desexo de que se lembre que o exilio non foi unha derrota e de que non se desvirtúe o labor de todos eles.

Gómez Rivas, Isabel, "Maria Lopo: *Cartas no exilio. Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)*", *Moenia. Revista lucense de Lingüística&Literatura*, vol. 14 (2008), "Recensións", 2009, pp. 507-513.

Coméntase a obra de María Lopo, *Cartas no exilio.Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)* (Baía Edicións, 2008). Dise que nela se reproduce o epistolario que pai e filla intercambiaron na década dos anos corenta a través do cal se poden reconstruír retallos dos anos de exilio parisino de Santiago Casares Quiroga (os atrancos económicos, as ocupacións cotiás, as preocupacións polo presente e futuro profesional de María e a súa vida sentimental, ou as lembranzas da II República). Indícase que tamén se reproducen comentarios e informacións sobre as rodaxes nas que participaba María e destácase a precisa introdución coa que se abre a obra e as oportunas notas que acompañan a edición. Profundízase en varios dos aspectos que conforman o contido da correspondencia e indícase que toda esta correspondencia aparece na obra de María Casares, *Residente privilegiada,* na que recolle as súas memorias, escrita durante o seu retiro á súa casa de La Vergne, no concello francés de Alloue, en 1979. Destácase, por último, a importancia da obra de María Lopo e sobre todo do epistolario entre pai e filla.

González Martínez, Xosé, "No cincuenta aniversario de 'Vieiros", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, maio 2009, pp. 46-49.

Comenta que coñeceu a revista *Vieiros* na Fundación Penzol e que quedou abraiado pola "fasquía diferente" da publicación, "na que o que máis chamaba a atención eran as ilustracións do pintor Arturo Souto (...) e tamén as colaboracións de persoas de inequívoca militancia antifranquista". Lembra algúns dos artigos que leu naqueles tempos na revista, como os de Carlos Velo, Alberto Míguez, Xohán López Durá, Méndez Ferrín, Adolfo Vázquez Humasque, e salienta que os catro números de *Vieiros* "marcaron un fito na estratexia da comunicación dos exiliados coa Galicia sometida por un réxime ditatorial".

González Pérez, Clodio, "Fermín Bouza Brey e Emilio de Navasqüés", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 33, abril 2009, pp. 21-22.

O artigo refire dous episodios da vida do político franquista Emilio De Navasqüés y Ruiz de Velasco, un deles relacionado con Galicia. O primeiro relata a distribución de dúas toneladas de ouro nazi recibidas en 1945. O segundo trasládase á década de 1950, época en que o diplomático, cando fora embaixador de Arxentina, axudara a construír a escola da Serra de Outes, que hoxe leva o seu nome, mais tamén foi un dos delatores dos republicanos no exilio. Por iso, denunciou ao poeta, erudito e maxistrado Fermín Bouza Brey, a causa dun discurso pronunciado o Día de Galicia, o 25 de xullo de 1951, que deu cabo da súa carreira xudicial, xa que foi suspendido por irregularidades de conduta.

González Tosar, Luis, "Na 'Insua dos poetas'. Palabras de Luís González Tosar o día que durmiu como fillo adoptivo do Irixo", *Auria*, n.º 147, "Literatura", xullo 2009, pp. 42-44.

Recóllense integramente as palabras que Luís G. Tosar declamou o día que foi nomeado Fillo Predilecto do Irixo na Ínsua dos Poetas deste concello ourensán. Nel refírese a seus pais e mais a Castelao, Otero Pedrayo, Líster, Carlos Casares ou Aquilino Iglesia Alvariño e tamén á creación da Ínsua dos Poetas. Como remate reprodúcense as palabras que Elena Blanco, alumna do CEIP Virxe da Pena da Sela do Irixo de 8 anos, leu neste mesmo acto e no que fixo unha defensa da lingua galega.

Guede Oliva, Manuel, "Convocar coraxe e intelixencia", *Tempos Novos*, n.º 141, "Dossier", "Apostas e propostas de futuro", febreiro 2009, pp. 73-74.

Traza un "prognóstico ao futuro" do Centro Dramático Galego. Sinala que se debe ser consciente da fraxilidade do sistema teatral galego e non "caer nas compracencias" e que seguirá sendo necesario "convocar coraxe e intelixencia". Opina ademais que a dimensión do CDG virá determinada por dous factores fundamentais: a cidade da Cultura e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Guimarães, Newton Sabbá, "Dúas palabras sobre um admirável escritor galego. Reflexões sobre a obra de Xosé Neira Vilas", *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 78, tomo II, ano XX, "Crónica", abril-maio-xuño 2009, pp. 155-158.

Comeza evocando cómo coñeceu a Xosé Neira Vilas a través da súa obra *Nai*, da que salienta o carácter memorialístico e unha marcada prosa poética na que se evoca a infancia. Salienta a riqueza léxica e a capacidade de trasladar ao papel os sentimentos que lle inspira a nai, o que lle serve para evocar os seus lazos afectivos con Galicia a través de vínculos familiares. Relaciona a obra de Neira Vilas con *Naiciña*, de Leandro Carré, salientando a dimensión dos personaxes femininos. Explica que anos despois decidiu traducila ao portugués e que tentou ser moi fiel á riqueza lingüística da obra orixinal, que lle lembra a obra de Ánxel Fole e de Álvaro Cunqueiro. Identifica como tema recorrente na súa obra a infancia perdida e as lembranzas de xuventude, marcadas

polo sufrimento e a distancia da patria, e sobre todo Galicia e a súa nostalxia, que considera o sentimento máis representativo, situando a Neira Vilas na tradición dos mellores narradores e poetas de Galicia.

Gurriarán, Ricardo, "Vieiros' cumpre cincuenta anos", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, maio 2009, pp. 18-25.

Con motivo de se cumprir cincuenta anos da creación da revista mexicana *Vieiros* (1959-1968), Ricardo Gurriarán refire a intrahistoria deste proxecto editorial do exilio galego. Salienta que malia editar só catro números en dez anos, a revista acadou gran proxección en Galicia, grazas ao labor dos ourensáns Luís Soto, Carlos Velo, Elixio Rodríguez e Florencio Delgado Gurriarán. Detense no labor cultural deste último, mencionando proxectos anteriores como os catro números da revista *Saudade. Verba Galega nas Américas* (1942), a coordinación e corrección do *Cancioneiro da loita galega* (1943), as traducións de poetas franceses ao galego, ademais da súa participación en diversas iniciativas políticas. Atribúe ao seu talante conciliador o papel de enlace entre o exilio político e os galeguistas do interior representados por Galaxia, á luz do cal hai que entender a publicación do seu segundo libro de poemas *Galicia infinda* (1963) e a revitalización da revista *Saudade* (1952), que incorpora colaboradores do interior e mesmo dedica o editorial do número sete (1953) ao peche de Galaxia pola censura franquista. Fala tamén doutras accións levadas a cabo polo grupo mexicano, como a constitución do Padroado da Cultura Galega (1953) e dá conta dos contidos e colaboradores dos diferentes números de *Vieiros*, destacando que a publicación "supuxo un paso cualitativo de referencia para as empresas editoriais que logo se fixeron aquí. E deixou abraiados aos especialistas por forma e fondo, e polos colaboradores con que contou".

Hidalgo, X. Carlos, "Tecido sentimental", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 6.

Sinala que *Viaxes do corazón. Diario ínfimo* (2008), de Xosé Manuel G. Trigo, está inzado de voltas atrás no tempo até o punto de se poder confundir cunhas memorias que teñan como singularidade a referencia do intre cronolóxico da súa escrita. Considera que o confesionalismo resulta o seu absoluto protagonista e detalla os seus fíos argumentais (a vida literaria do autor, a cultura da taberna ou a paisaxe). Salienta a presenza dunha reflexión sobre a presunta dicotomía entre "literatura global" e "literatura telúrica", aínda que lamenta non afonde dabondo nestes conceptos para permitir unha discusión sobre a pertinencia da etiqueta de "literatura neocosmopolita".

Iglesias, Bieito, "A memoria ferida", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "*A esmorga*, 50 anos despois", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 52-57.

Refírese aos proxenitores de Eduardo Blanco Amor e apunta que a inestabilidade da figura paterna alimentou "un odio máis que edípico" manifestado en parte da súa obra. Así mesmo, explica que na florería da súa nai transcorre a súa infancia, idade na que dalgún modo permaneceu toda a vida, xa que boa parte da súa creación ten como personaxes a nenos e porque a materia que literaturiza é a memoria da época infantil. A

seguir, achégase a títulos como *A esmorga* (1959), *Os biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972) e trata o seu contido, personaxes e técnica, entre outros aspectos, ademais de comparalos coa obra de artistas de recoñecido prestixio (Federico Fellini, James Joyce, John Dos Passos, Caravaggio, etc.). Por outra parte, atende á escrita en castelán do escritor ourensán e conclúe achegando unha serie de razóns polas cales a literatura de Blanco Amor "é literatura artística dentro da mellor tradición da narrativa clásica".

L. A., "Crónica de desterros e saudades", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O rego da cultura", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 8-9.

Con motivo da celebración dos cincuenta anos do falecemento de Ramón Cabanillas, sinala que Merlín Comunicación-Editorial Galaxia preparou unha exposición itinerante sobre a figura e persoa do cambadés, que está comisariada por Luís Rei Núñez. Apunta que no acto da súa presentación tamén se deu a coñecer o estudo *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*, froito de quince anos de investigación do propio Rei Núñez e que considera unha obra "certamente fundamental" para o coñecemento non só da vida do autor de *Vento mareiro*, senón da intrahistoria do seu tempo, especialmente, da bisbarra do Salnés nese período. Refire outras información ao redor da citada exposición para rematar cunha serie de referencias sobre a obra de Ramón Cabanillas.

Lado, María, "Soñar por escrito", *Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Libros", verán 2009, pp. 93-94.

Analiza a obra do dramaturgo Raúl Dans, *Nachtmahr* (2008), baseada no tema da frustración dun escritor ante a folla en branco. Comenta a figura do protagonista, Luís, e a presenza doutros personaxes extraídos de obras anteriores do autor (*Derrota*, *Estrema* e *Lugar*) que axudan a caracterizar ao personaxe principal. A seguir, fala sobre o tempo e o espazo da obra e analiza a estrutura externa do texto. Finalmente, salienta que o maior atractivo da peza se atopa na "estética surrealista" e no xeito en que o autor transmite esa sensación de realidade.

Lago, Xúlio, "As 'Master Classes' do Dado-Dadá", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Documentos", xullo, agosto, setembro 2009, p. 67.

Refírese ao especialísimo faladoiro "artístico-político-literario-mundana" que na década dos oitenta do século pasado celebraban no compostelán Dado-Dadá xentes procedentes da docencia, teatro, xornalismo, arquitectura ou a plástica. Explica como era esa "tertulia" que, non en poucas ocasións, se transformaba nunha especie de "*master class* improvisada ou cando menos 'imprevista". Sinala que entre os grandes "mestres" que a frecuentaban estaba Anxo Rei Ballesteros, "residente-intermitente' naquelas noites 'gloriosas' do Dado". A seguir, apunta que unha daquelas "sesións 'maxistrais" debeu ser a orixe que propiciou a encarga que en 1987 lle fixeron, xunto a María Barcala, para escribir o estudo-introdución a *Quartett*, de Heiner Müller, no que chegou a facer "unha exhibición de erudición e orixinalidade intelectual". Por outra parte, recorda o ofrecemento que lle fixo a Ballesteros para que interpretase o papel de Filipe (*Felipe el Hermoso*) no espectáculo *Xoana*, de Manuel Lourenzo, que rexeitou porque lle deu "vertixe".

Lago, Xúlio, "Encontro de directoras e directores de escena da XXVI MITCF de Cangas do Morrazo. Retos e desafíos en tempos de crise", *Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Temas", outono 2009, pp. 27-32.

Pártese de que a escusa da actual crise económica non é válida para aplicala ao sector teatral galego xa que, segundo Xulio Lago, é un sector que sempre estivo en crise e que dende a condición de directores e directoras de escena deben darse respostas aos retos e desafíos que se presentan no teatro galego. Dise que a crise económica non introduce ningún elemento novo no panorama teatral galego pero si reintroduce asuntos que case se tiñan superados. Estabelécense cales son as consecuencias da redución dos orzamentos que fai a nova Xunta de Galicia para o sector das Artes Escénicas e que se resumen nun inevitábel empobrecemento e un retroceso moi importante no moi importante nivel artístico alcanzado nos últimos anos polo teatro galego. Deseguido faise unha dura crítica ao novo Conselleiro de Cultura polo seu descoñecemento do sector cultural galego, en especial do teatro e da existencia das Mostras Internacionais de Teatro de Cangas do Morrazo e Ribadavia ou de que o Teatro do Atlántico cumpre a súa XXV tempada. Un dos desafíos principais que aquí se expoñen é o necesario incremento da calidade dos espectáculos teatrais e que os cidadáns galegos se sintan orgullosos do teatro galego e feito en lingua galega. Por último, outros dous desafíos que se estabelecen son espertar o desexo na xuventude de dedicarse a ese oficio e que atopen esa necesidade na Escola Superior de Artes Escénicas de Galicia.

Lamapereira, Antón, "XXIII Festival Hispanoamericano de Teatro de Cádiz", *Revista Galega de Teatro*, n.º 58, "Festivais", primavera 2009, pp. 63-70.

Dá noticia da invitación á *Revista Galega de Teatro* para ir ao Festival de Cádiz. Opina que posibelmente o interese por ver teatro latinoamericano se debe a que en Galicia hai poucas posibilidades de velo, agás nalgunha programación ocasional. A este respecto, sinala que se acaba de estrear o Festival Internacional de Teatro de Ourense. Pensa que a programación de teatro latinoamericano debería ser un "proxecto institucional" e que a relación de Galicia con estes países non debería ficar só "en cuestións electorais" ou en "reinvidicar a Fernando Iglesias, Tacholas, como actor galego". A continuación, faise eco dalgunhas pezas nestoutros escenarios (Arxentina, Ecuador, Chile, Uruguai, Colombia e España).

Lema, Carlos, "Desexo, fotografía e literatura en Blanco Amor", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 12, 2009, pp. 37-46.

Trata, ao longo de seis apartados, a cuestión da fotografía como parte central na obra narrativa de Eduardo Blanco Amor. Tras un breve parágrafo a xeito de introdución no que indica o obxectivo da súa reflexión, aparece o primeiro apartado, "A fotografía como *afección*", no que salienta a conexión existente entre a imaxe estética e o texto literario na narrativa do escritor ourensán a partir das fotografías das que el mesmo fora artífice. No segundo apartado, "O desexo como malestar", desenvolve a temática agochada tras as súas fotografías con respecto á pulsión do desexo como parte inestábel do ser humano. En "A identidade como postergación" describe a súa arte fotográfica

como a expresión do desexo humano e da súa vacilación identitaria e alude á "Xustificación" d'*Os Biosbardos* como exemplo. No cuarto apartado, "A imaxe como reflexo", fai referencia aos autorretratos ou "retratos inducidos", tanto individuais como sociais, cos que o escritor pretendía transmitir certos estereotipos estéticos. Acompañando este apartado aparecen un total de dezaseis fotografías sobre a figura de Blanco Amor e paisaxes da cidade compostelá e galegos en xeral, das que salienta os aspectos da luz e da auga. En "A lingua como estilo" alude ao conflito lingüístico presente na súa narrativa, a partir da falta de institucionalización lingüística do galego daquel entón. Menciona a súa conversa con Víctor Freixanes recollida por este último n'*Unha ducia de galegos* (1976) e reproduce dous parágrafos pertencentes a *La catedral y el niño* e *A Esmorga* co fin de representar a realidade urbana fronte á rural. Conclúe cun sexto apartado que recolle as referencias bibliográficas empregadas.

Lema, Carlos, "Importación e exportación de textos literarios. Unha crítica á noción de literatura mundial como paradigma", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVIII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, pp. 120-135.

Achega ao campo literario galego e aos seus intercambios con outros campos. Para comezar, trata a cuestión da actividade de importación e exportación de textos literarios e xustifica o uso da linguaxe económica pola "transferencia de capital simbólico" e por ser unha actividade comercial de "importantes consecuencias económicas". Ademais pretende facer unha crítica da literatura mundial como paradigma sen restarlle importancia ao traballo de Bordieu e da súa escola. Sobre o papel das traducións nos intercambios literarios (literatura mundial), reflexiona sobre os seus axentes (tradutor, editor, ...) e os "múltiples" factores, e incide na relación directa que o fenómeno de intercambio de textos ten coas necesidades do mercado. No caso galego, comenta que a política de traducións está condicionada pola presión comercial das importacións en castelán e analiza o feito de que a exportación teña "consecuencias duplas". Ademais, apunta que a capacidade exportadora dende Galicia segue a ser limitada, aínda que "con posibilidades de crecemento". A seguir, analiza o campo literario galego e as súas relacións de intercambio, propondo tres fases para "fixar as estratexias que o campo emprega en diferentes momentos": fase filolóxica ou de acumulación de capital simbólico, fase comercial ou de aumento da produción e fase autónoma ou de importación e exportación. Antes de concluír, reflexiona sobre o método empregado para a súa análise, confrontándoo co paradigma estabelecido por Bourdieu. Para rematar, achega unha serie de conclusións, centradas na produtividade táctica e a integración estrátexica.

Limia de Gardón, Xabier, "Buscando a Ertí (Artistas de Ourense na Revista Vieiros)", *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, maio 2009, pp. 32-39.

Céntrase na nómina de artistas ourensáns presentes na revista mexicana de carácter interdisciplinar *Vieiros* (1959-1968). No número 2 (1962) cita a Xosé Luís de Dios (1943), quen ilustrou o conto fantástico "O convidante dos camiños", de Ramón Otero Pedrayo; a Tomás Bóveda (1910-1982) quen ilustrou o texto "O Home galego diante a Terra", de Soto; e a Xosé Conde Corbal (1923-1999). No número 3 (1965) analiza as colaboracións de Xaime Quesada Porto (1937-2007), Manuel Prego de Oliver (1915-1986), Antonio Faílde Gago (1907-1979), Acisclo Manzano (1940), e de novo Conde

Corbal, quen asina o debuxo que acompaña o texto "Dúas cousas sobre Castelao", de Xesús Alonso Montero. Por último no número 4 e derradeiro (1968), detense nas imaxes realizadas por Quesada e De Dios, que realiza ilustracións para "Catro poemas", de Xosé Neira Vilas, para poemas de Manuel María e para o artigo "Cen anos do pasamento de Fontán", de Ramón Otero Pedrayo.

López, Miguel Ángel, "Libros liberados de las estanterías", *Auria*, n.º 151, "Tendencias", novembro 2009, pp. 38-41.

Artigo que explica en que consiste o "bookcrossing" e para isto parte da propia experiencia do articulista ao se atopar na cidade de Ourense cun exemplar d'*A Esmorga*. Este texto está acompañado de fotografías que axudan a entender o "bookcrossing".

López, Xosé, "A opinión de Manuel Rivas", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, p. 112.

Repara nas tres partes nas que se divide a obra de Manuel Rivas *A corpo aberto. Unha ollada* "*indie*" *do local ao universal* (2008), centradas, respectivamente, no conservadorismo que se estendeu por España a partir de 2004, na defensa da recuperación da memoria e a loita contra o esquecemento, e no relato das loitas emprendidas arredor da expedición á Fosa Atlántica no *Xurelo* e do afundimento do *Prestige* e o nacemento do movemento cívico Nunca Máis. Valora positivamente a madurez xornalística de Rivas, o seu talento para romper fronteiras e a súa ollada "do mundo vivido e contado".

López Rivas, Argimiro, "Un ensaio filosófico sobre Juan Rof Carballo", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 38, "Comentarios", vol. XIX, 2009, pp. 175-182.

Comeza realizando un percorrido biográfico do médico lugués Rof Carballo para resaltar a súa faceta de filósofo, que se viu debidamente "considerada" en 2008, a raíz da homenaxe da Fundación Caixa Galicia e do diario *El Progreso* á súa figura como pensador no Premio Literario Ánxel Fole, no que foi galardoado o ensaio *Urda e mundo* (2008), de Carlos Fernández e Anxo Rei Ballesteros. Despois desta presentación, comenta que se vai limitar a realizar comentarios de algúns conceptos do contido. Nesta liña, describe o libro, do que se di que está moi estruturado e cheo de precisión. Dáse ademais un apartado co índice do ensaio. Ademais, céntrase en comentar a vocación filosófica de Rof Carballo, e atende á súa obra na medicina psicosomática, así como ao concepto de "urda".

López Sández, María, "O pracer da narratividade", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 103-105.

A propósito de *Memoria de cidades sen luz* (2008), de Inma López Silva, sinala que a novela retoma o tema da guerra civil abordado xa en *Concubinas* (2002), apostando por

un estilo máis sinxelo, polo afastamento do fragmentarismo, pola tensión e a intriga e pola inclusión de nomes de personaxes históricos. Repara na presenza reiterada da violencia, nomeadamente a exercida sobre os nenos, da cegueira e da luz, elementos que lle outorgan ao texto unha dimensión simbólica e o achegan á estratexia do estrañamento, complementaria coa metaficcionalidade, visíbel nas alusións constantes ao mundo da cultura, a arte e o teatro. Ao seu ver, a maior forza do texto radica na súa capacidade para suscitar a nostalxia a través do tratamento dos espazos, importantes na narración, mais semiotizados, e no dominio de forzas como a violencia e a perda, reforzadas pola utilización de nomes significativos da historia galega que engaden "o sentimento de perda colectiva ao da perda individual, sendo, como foi a guerra civil, a maior frustración das nosas esperanzas colectivas do século XX".

López Sández, María, "Unha grande obra da literatura universal", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, pp. 104-106.

Alude inicialmente á tarefa de tradución no sistema literario galego, para pasar a continuación a comentar a obra *Non me deixes nunca* (2007)**,** de Kazuo Ishiguro. Salienta dela a capacidade de transmitir sentimentos dun xeito sutil e a caracterización dos personaxes. Di que ademais de formular problemas éticos que se relacionan coa tradición distópica e de aproximarse á ficción científica, a novela ten "efecto de tal realismo" que hai unha "fonda impresión de vida". Tamén comenta certa relación intertexual coa tradición británica de obras que tratan sobre a infancia dos protagonistas en instancias educativas. Ademais de centrarse noutras interpretacións da novela, destaca porque é unha grande obra da literatura universal.

López Sández, María, "Espazo urbano e simbolismo espacial", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "*A esmorga*, 50 anos despois", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 17-27.

Sinala que n'*A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, Auria aparece nomeada dende o comezo e está presente como realidade espacial e social, como lugar do discurso, dos rumores e dos distintos modos de contar a historia que o narrador heterodiexético do marco narrativo externo presenta como base e fonte do relato. Considera que esta centralidade e impotancia da cidade na novela é extrapolábel ao conxunto da obra de Blanco Amor e que é o seu elemento unificador por riba da lingua. Refírese á fortuna peculiar de Ourense na literatura, o que contribuíu a conformar o seu imaxinario urbano e que influíu na percepción que del se ten. Explica que, pese a atoparse en Vicente Risco un dos precendentes ineludíbeis da plasmación urbana de Ourense n´*A Esmorga*, fronte ao esquematismo e á abstración da cidade de Risco, a Auria de Blanco Amor faise sentir na súa materialidade. A seguir, con detalle e co amparo dunha ampla bibliografía, analiza varias dualidades binarias manifestas na novela protagonizada por tres obreiros: centro / periferia e espazo interior / espazo exterior. Conclúe afirmando que "Auria é un espazo moi complexo no que se libra unha contenda polo poder, no que se inscriben cambios sociais e históricos e onde, na historia da literatua galega, se sentan algúns dos trazos máis perdurábeis e significativos do tratamento urbano".

López Silva, Inma, "Reconto e reencontro co CDG", *Tempos Novos*, n.º 141, "Dossier", "O CDG, 25 anos despois", febreiro 2009, pp. 58-62.

Menciónase a xénese do Centro Dramático Galego dende as Mostras Abrente de Teatro de Ribadavia entre 1973 e 1980 até as diferentes propostas escénicas, ademais de resaltar a importancia de certos profesionais que deron pulo á creación do Centro, como foi o seu primeiro director, Eduardo Alonso. A respecto da busca da lexitimación do seu espazo cultural, salienta o labor dos directores no tempo, como Manuel Guede e Cristina Domínguez, que vincula ademais coa produción e o repertorio da compañía pública. Reflexiona tamén sobre a relación do CDG co público, "a conquista dos espectadores". Sobre estes datos, pregúntase sobre o seu futuro, do que considera que implica unha serie de cambios no seu funcionamento e que é preciso recuperar esa "valentía" dos primeiros pasos dados hai vinte e cinco anos.

López Souto, África, "Nove nós entre literatura e filosofía", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 131-132.

Abéirase á obra de Luís G. Soto, *O espírito da letra* (2008), na que ofrece nove lecturas filosóficas de textos e autores moi variados entre si, "a través dunha óptica moi persoal e profunda, tecendo unha trama de comentarios que non se quedan na superficialidade ou literariedade do escrito". Sinala que Soto tenta poñer "silandeiramente" ao lector do seu lado e explica que a forma de expoñer, mediante fragmentos con títulos ou intertítulos, facilita a lectura dun "conxunto ben trabado", que posúe "densidade, audacia e orixinalidade". A seguir, cita os textos abordados de Heinrich Heine, Eduardo Pondal, Ricardo Carballo Calero, Uxío Novoneyra, Luísa Villalta e César Antonio Molina, así como valora as reflexións que Soto realiza sobre eles.

López Vázquez, Mª. Montserrat, "Ricardo Carballo Calero. Teatro completo", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 38, Vol. XIX, "Libros", 2009, pp. 195-196.

Descrición de *Ricardo Carballo Calero. Teatro completo*, que tivo a súa primeira edición en 1982. Sinala que o volume está composto por oito pezas teatrais. A continuación, coméntase brevemente cada unha delas.

López Vázquez, José Manuel B., "Cuadros para los pontevedres 'Café Moderno' y 'Café Royalty': el influjo de Valle-Inclán sobre Carlos Sobrino y Castelao", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 12, 2009, pp. 47-57.

Comenta a influencia exercida por Ramón María del Valle-Inclán sobre Carlos Sobrino e Daniel Rodríguez Castelao ao respecto de dous cafés da cidade teucra, o Café Moderno e o Café Royalty. Comeza cunha introdución histórica sobre o primeiro Café, na que salienta os catro lenzos de estilo modernista realizados por Carlos Sobrino, dos que describe a súa composición dende a perspectiva da Art Nouveau e da influencia que *La Marquesa Rosalinda* (1911), de Valle-Inclán , callou nas súas creacións. Analiza a

seguir tres dos seus catro cadros, "La tentación de Colombina", "La Cortesana" e "Pareja de amantes", así como o cadro homónimo do primeiro antedito, de Castelao.

Lorenzo Alcalá, May, "La conexión gallega de Borges y la literatura de vanguardia", *Ferrol Análisis. Revista de pensamiento y cultura*, n.º 24, "Internacional", pp. 288-293.

Trátase amplamente a importancia de Galicia na década dos anos vinte do século XX como un espazo onde tiveron lugar escenas moi importantes da historia da vangarda uruguaia. Primeiro lémbrase que nesa época nace na Coruña a revista de vangarda máis lonxeva que primeiro foi española e logo uruguaia, a revista *Alfar*, fundada polo poeta uruguaio Julio Casal en 1920 na que se incluían temas de interese para emigrantes e familiares destes e que chegou a contar coa colaboración de importantes poetas e intelectuais da época, tanto de Uruguai como de Galicia e España. Céntrase logo na historia dun arxentino, fillo de galegos, Francisco Luís Bernárdez e un galego fillo de arxentinos, Amado Villar, ambos colaboradores do *Faro de Vigo* naquela época. Deseguido fálase sobre a seguinte colaboración de Bernárdez en *El Pueblo Gallego* e sinálase como Jorge Luís Borges tamén colaborou neste xornal debido á amizade que os unía e estabeleceu así a súa conexión coa cultura galega até 1924, cando se interrompeu esta colaboración porque o primeiro abandona o xornal.

Lourenço Fondevila, Basilio, "Diálogo con Rof Carballo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 114-115.

Aplaude a aparición de *Urda e mundo* (2008), de Carlos Fernández e Anxo A. Rei Ballesteros. A continuación, comenta as dúas partes nas que está dividido o ensaio. Da segunda parte, sinala que ten carácter máis "directamente interpretativo e filosófico" e diferenza os textos asinados por Rei Ballesteros (o segundo e o terceiro capítulo) e por Carlos Fernández (o primeiro e o último). Xustifica porque "en rigor" non achega "nada definitivo" á recepción de Rof Carballo. Máis adiante, argumenta porque é unha oportunidade de estabelecer diálogo co autor e "coa amplitude transdisciplinar que ten a súa obra".

Lourenço Fondevila, Basilio, "O 'tempo' do goliardo. A dimensión pensante na escrita de Anxo A. Rei Ballesteros", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Entre os anxos e os mortos. Lembrando a A. Rei Ballesteros", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 32-41.

Sinala que o primeiro texto que coñeceu de Anxo Rei Ballesteros foi o orixinal do ensaio *Tempo e vinganza*, por formar parte do xurado que lle concedeu o II Premio Ramón Piñeiro de Ensaio. A raíz diso explica que escribiu un artigo titulado "A vinganza do goliardo", metáfora que foi moi do gusto de Ballesteros, do que apunta que "O seu modo de ser e de entender a vida atravesa toda a súa escrita, de xeito que as súas reflexións sobre temas como *tempo*, *orixe*, *comunidade* (...) pódense seguir igualmente na súa narrativa e nos seus textos de formato ensaístico-filosófico". A seguir, céntrase na súa dimensión de ensaísta, aínda que fai algunha refencia á súa narrativa, chegando a

afirmar que "O *fondo* da súa narrativa e o *pensado* que expresa como ensaísta son a mesma cousa".

Lourenzo, Manuel, "O noso Ricart Salvat", *Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Espazos", verán 2009, pp. 30-32.

Lembra a figura do dramaturgo Ricard Salvat e a súa traxectoria no mundo teatral. Na parte final do artigo céntrase na relación de Salvat co teatro galego e destaca que esa relación comezou moi cedo xa que admiraba a Ramón Mª del Valle-Inclán ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Comenta que en 1968 levou a escena en Coimbra a obra *Castelao e a súa época*, e a partir de aí, mantivo unha estreita relación con Isaac Díaz Pardo, quen lle serviu de mecenas. A seguir, cita outros espectáculos e a participación en festivais, comenta que foi xurado en moitos concursos e salienta que organizou exposicións sobre o teatro.

Lourenzo, Manuel, "Teatro como exploración", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 5, "Voces con Anxo", 2009, pp. 181-184.

Repasa toda a produción teatral de Anxo Rei Ballesteros e considera que tan sucinta obra non resultaría difícil de estudar se non fose porque o autor verteu nela, como no resto da súa produción, "todos os episodios que revelan a humana carreira como unha aventura excepcional, única en cada ser, que nos aboca á dúbida, á negación, á identificación, á desvinculación, á aceleración, á catástrofe; que nos obriga á desautorización do tempo acelerado, o que degrada a nosa orixe, e a vestir, para sobrevivirmos, a máscara da loucura". Así, comenta as obras de creación propia, así como outras nas que interviu puntualmente -*Xogos de damas*, *A voz humana* (de Jean Cocteau), *Roda do Tolo* e *Quartett* (de Heiner Müller)- e o ensaio, *Tempo de vinganza*, que considera a súa achega máis "enteira" entre as que tocan ao teatro.

Lourido, Isaac, "Pensar Ferrín, repensar o sistema", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proTagonista", primavera 2009, p. 26.

Considera que *A semente da nación soñada* (2008) non é unha ofrenda ao uso, pola dedicación a unha persoa viva e activa no sistema cultural e pola súa independencia e dificultade de apropiación polo campo do poder. A seguir, revisa e valora os diferentes apartados que constitúen esta homenaxe a Xosé Luís Méndez Ferrín, así como parte dos traballos que inclúe e que están asinados tanto por persoas próximas coma por aquelas que manteñen un discurso crítico ou enfrontado co sostido por Ferrín. Entre outras cuestións, apunta que este volume demostra a urxencia de crear oportunidades para deseñar "o mapa das posicións e relacións que nos axuden na comprensión dos feitos e das causas dos múltiples usos que de Ferrín se teñen feito, quer como (mellor) representante da literatura galega, quer como modelo de escritor comprometido, como símbolo de confrontación e discordia, como referente mesiánico ou de imitación, nunha dinámica con frecuencia auto-lexitimadora e que, na proximidade, nunca resiste a poderosa construción que a figura do homenaxeado representa".

Llové, Bell, "Carlos López García-Picos, unha vida dedicada á música e á causa galega/ Carloss López García-Picos,una vida dedicada a la música y a la causa gallega", *Galegos*, n.º 6, "Crónicas/Crónicas", II trimestre 2009, pp. 152-156.

Fálase da traxectoria vital e artística do compositor betanceiro, de oitenta e sete anos de idade, Carlos López García-Picos, que conta na súa obra cunha "Oda a Castelao", coa que lle rendeu unha homenaxe ao seu amigo durante a súa estancia na Arxentina. Coméntase que Neira Vilas, nos seus artigos *Memoria da Emigración*, descríbeo como un compositor que traballou sempre pensando en Galicia. Saliéntase que mentres estivo fóra de Galicia dirixiu o coro "Os Rumorosos" do Centro Betanzos de Bos Aires durante máis de trinta anos. Sinálase que, durante os corenta e catro anos que o compositor permaneceu en Bos Aires, coñeceu e tratou a figuras importantes do galeguismo e das letras como Eduardo Blanco Amor e Luís Seoane, que lle axudaron co importe da pasaxe para que puidese rematar os seus estudos musicais en Francia, Isaac Díaz Pardo, Lorenzo Varela, Antón Alonso Ríos, Neira Vilas, Ramón de Valenzuela e Alfonso Rodríguez Castelao, co que coincidiu en diversos actos e ao que acompañou até os seus últimos días, de feito, no seu velorio, encargouse de dirixir os coros para darlle o último adeus.

Marante, Antía, "Un poemario como guía", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 122-123.

Refírese ao sétimo poemario de María do Cebreiro, *Non son de aquí* (2008), que define como "mapa de lembranzas". Sinala que as palabras da poeta inglesa Elizabeth Barret Browing incluídas nas súas primeiras páxinas son un resumo do procedemento escollido como punto de partida. Así, explica que a poeta compostelá crea un rueiro poético no que se anulan as distincións entre o próximo e o distante, entre o presente e o pasado. Sinala que os lugares escollidos non son contemplados dende a distancia dunha turista e que teñen funcións diversas, ademais de destacar o papel das composicións que xiran ao redor do pasado. Sinala que aborda outras cuestións como son a morte e refírese ao seus elementos paratextuais, para logo apuntar que a voz poética se instala na brevidade dos versos, nas series numeradas ou nos poemas que discorren lentos cara ao infinito. Por último, manifesta que os poemas se escriben "co coidado dunha exiliada que reconstrué mentalmente o lugar de orixe, coa morriña dunha habitante temporal das cidades ou coa ollada crítica de quen imaxina outros mundos posíbeis para despois erixirse como cartografía do eu e da contorna, da realidade e do cotián que muda en transcendente".

Mariño Taibo, Laura, "Alonso Montero, X. (2008): *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 230-231.

Dá conta da reedición do volume de Xesús Alonso Montero, *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas*, trinta e cinco anos despois da súa saída ao prelo. Tras mencionar outras das súas publicacións como *O que cómpre saber da lingua galega* (1969) ou *Informe-dramático- sobre la lengua gallega* (1973), comenta as orixes da sociolingüística na comunidade galega e a recepción da enquisa de Alonso Montero nese contexto social da década de 1970. Desenvolve a seguir o fío argumental da enquisa segundo a súa estrutura e enxalza finalmente esta nova edición.

Marques Samyn, Henrique, "Notas sobre a nova poesía galega en voz feminina", *Dorna. Expresión Poética Galega. Expresión Poética Galega*, n.º 33, "Caderno da crítica", 2009, pp. 95-111.

Faise un percorrido polas autoras máis importantes que ten a poesía galega na actualidade. Para comezar, coméntase que, en vez de estabelecer achegas a partir de semellanzas entre as autoras, se realiza un corte tomando como criterio un determinado grupo de idade, as que naceron na década de 1970, para poder analizar individualmente as súas traxectorias literarias. Así, dise que Lupe Gómez (A Coruña, 1972) se dedica a construír unha persoa poética aproveitando aspectos da súa propia biografía: os seus versos reflicten unha voz feminina que ansía unha vida sen ditames moralistas; Estíbaliz Espinosa (A Coruña, 1974) ten unha traxectoria moi diversa na que se percibe a poesía como vía para comprender a realidade, cun discurso poético narrativo ou descritivo, pero esta tentativa de comprensión vai ser un fracaso para o eu poético; Olga Novo (Lugo, 1975) produce unha poesía marcada polo erotismo, cun discurso poético rexido polo principio feminino; María do Cebreiro (Santiago, 1976) fai unha poesía marcadamente intimista, pero desenvolvida con grande rigor formal e que alcanza, con frecuencia, a incomunicabilidade, polo que o discurso poético se realiza no ámbito introspectivo e así, descobre na verdade unha nova forma de comunicabilidade; Emma Couceiro (Lugo, 1977) fai unha poesía chea de incomunicabilidade, no que o eu lírico se atopa pechado en si mesmo pero encontra forzas para renovarse, e a súa obra poética destaca pola súa capacidade de renovación temática; Yolanda Castaño (Santiago, 1977) vén construíndo unha obra dedicada á procura de todas as posíbeis dimensións identitarias mediante a sensualidade: desconfiar da consciencia, dos nomes, do uso do corpo, etc., polo que fai poesía a partir e sobre si mesma; Emma Pedreira (A Coruña, 1978) segue unha dirección oposta á anterior: nela hai unha constante percepción de perda de identidade e o seu lirismo "flirtea" coa despedida, polo que a súa poesía contén, segundo a súa percepción, algúns dos momentos máis elexíacos da existencia humana; finalmente, María Lado (A Coruña, 1979) constrúe unha poesía que penetra na concretitude, tarefa tamén dolorosa xa que o eu lírico está interesado en comprender o mundo que o rodea e busca a identificación con el.

Marques Samyn, Henrique, "Comicidade sutil", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, p. 103.

Sublíñase que a vea cómica da obra *A verdade como mal menor* (2008), de Xosé Luís Martínez Pereiro, oscila entre o sutil e o obsceno e que isto se debe á experiencia do autor na escrita e no debuxo humorístico. Ademais de comentar como está estruturada a obra, dise que nela se fai fincapé sobre as inquietudes sexuais humanas, sen pudores ou moralismos. Ao redor disto, observa unha concepción antropolóxica encaixada en cada xesto humano na que hai un elaborado xogo ficcional que incorpora dúas lecturas opostas, "a irónica desconstrucción dunha certa tendencia a supervalorizar a presenza daqueles elementos na constitución da subxectividade" e "o recoñecemento explícito de que, tras cada feito humani, hai un chisco de perversidade" . Tamén sinala a abundancia que hai no texto dunha permanente preocupación co coñecemento, as citas que destilan "humor caústico e corrosivo".

Martínez Agulleiro, Luís Miguel, "Cada vez que atravesas a porta...", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 35, novembro 2009, pp. 59-64.

Acolle o relato intitulado "Cada vez que atravesas a porta...", de Luis Miguel Martínez Agulleiro, gañador do V Concurso de Contos Liceo de Noia, acompañado dunha ilustracións de Alfonso Costa.

Martínez Jiménez, Xorxe, "Noticia varia sobre Heraclio Pérez Placer (e II)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 77, tomo I, ano XX, "Cuestións", xaneiro-febreiro-marzo 2009, pp. 53-72.

Continúa a análise ao redor da figura de Heraclio Pérez Placer e a súa posición no sistema literario galego, no que foi un creador "incómodo dentro da *doxa* literaria fixada", aínda que moi recoñecido, como amosan as múltiples referencias que repasa sobre a figura do autor. Insiste no seu interese por favorecer a conformación dun público lector que se sentise atraído pola creación en lingua galega, incidindo na necesidade de publicar obras atractivas dende o punto de vista paratextual, á vez que repasa algunhas características das súas obras dende este punto de vista. Analiza algunhas das súas trinta e sete obras, entre elas as consideradas máis emblemáticas, como *Contos, leendas e tradicións* e *Contos da terriña*, así como *Veira do lar*, na que malia non percibir elementos novidosos, está presidida pola idea de que é preciso reproducir a idiosincrasia galega. Ademais de sinalar algunhas das colaboracións con importantes debuxantes da época, tamén apunta as influencias de autores canónicos, tanto galegos (Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez) como europeos (Emilio Zola, Guy de Maupassant e Eça de Queiroz) que revelan o seu gran coñecemento da literatura europea moderna. Detense na indeterminación da posición do autor con respecto á lingua galega e repasa con detemento a ampla e positiva recepción dalgunhas das súas obras.

Martínez Teixeiro, Alva, "*O porco de pé* ou a desilusión permanente (Un exercicio da retórica da denigración)", *Boletín Galego de Literatura*, nº 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Oitenta anos d'*O porco de pé*", 2009, pp. 185-209.

A autora aborda as estratexias humorísticas utilizadas por Vicente Risco n'*O porco de pé*, co fin de plasmar un discurso social e moral pola vía do humor e da deformación grotesca da sociedade galega mediante a súa pintura distorsionada. Analiza os mecanismos retóricos e discursivos fundamentais dos que se vale Risco para plasmar o seu subxectivo pensar e sentir sobre as cousas, coma tal, o sarcasmo, a ironía, a *denigratio*, a transposición, o contraste, a parodia, a ruptura da liña narrativa, as desorbitadas enumeracións, os circunloquios, a caricatura ou a ambigüidade. Asemade, debulla a metáfora do porco, rica en suxestións operativas na enciclopedia dos lectores, e outras estratexias que xeran a comicidade e o absurdo, conformando na súa opinión unha armazón de procedementos e intencións acordes coa situación social retratada na novela e co desenmascaramento dos ideais da burguesía.

Martínez Xoubanova, María, "Fermín Bouza Álvarez", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Entrevista", vol. 12, 2009, pp. 223-228.

Entrevista ao poeta Fermín Bouza Álvarez. Tras un conciso apuntamento biobibliográfico, reprodúcese a conversa cuxos temas xiraron ao redor de cuestións como as súas orixes na creación literaria a partir da súa novela *Memoria do diaño* (1980); as súas vivencias en Ourense e Santiago de Compostela e a presenza destes dous lugares na súa narrativa; os xermolos dos símbolos que emprega na súa poesía, como a auga ou o paxaro; a súa vinculación ao Grupo Bilbao de Madrid e á *diáspora galega*; o emprego do galego como lingua da súa creación literaria e as axudas institucionais aos escritores e escritoras.

Mayoral, Marina, "Aurelio Aguirre, da admiración ao esquecemento", *Galegos*, n.º 5, "Artigos/Artículos", I trimestre 2009, pp. 173-175.

Afírmase que Aurelio Aguirre (1833-1858) foi no seu tempo a figura máis famosa e popular de Galicia, o cal se pode deber, xa que morreu con tan só vinte e cinco anos, á clase de poesía que cultivaba e ao seu atractivo, tanto físico como persoal, xa que era xeneroso e de bo corazón, polo que se converteu "no poeta dos pobres, das pecadoras e dos tristes". Coméntase que tanto Manuel Murguía, no seu libro *Los precursores*, como Alfredo Vicenti, en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, critican a súa poesía, á que o primeiro lle atribúe como defectos non a falta de talento, senón de lima e o segundo considera nefasta a súa influencia de José de Espronceda e José Zorrilla e faino responsábel do retraso poético de Galicia. Por outra banda, sinálase que Fermín Bouza Brey rexeitou a teoría de Alberto Machado da Rosa de que Rosalía de Castro era a destinataria dos poemas amorosos de Aguirre; cre que son tres as mulleres que inspiraron versos ao poetas: a que aparece neles co nome de María, que posibelmente sexa a prostituta que sacou do prostíbulo; Efigenia, da que non se sabe nada, e Felisa Taboada, coa que tiña unha relación cando morreu. Saliéntase que Aurelio Aguirre publicou os seus versos por iniciativa dos amigos en 1858, co título de *Ensayos poéticos*, e que tres meses máis tarde morreu afogado na praia, cando volvía de visitar a Felisa, polo que, ao principio, se pensou na posibilidade dun suicidio. Opínase que a sona que tivo en vida foi excesiva para a calidade da súa obra, pero que tamén é certo que na actualidade está inxustamente esquecido.

Mejía Ruiz, Carmen, "Palacios González, Manuela e González Fernández, Helena (eds., 2008): *Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy* ", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 239-240.

Trae á memoria a saída ao prelo de *Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy*, editado por Helena González Fernández e Manuela Palacios González en 2008. Tras apuntar a dirección do proxecto nacional de investigación "Poesía y Género: Poetas irlandesas y gallegas contemporáneas" por parte de Palacios González, comenta as partes en que se divide o volume, destacando da primeira o eido da crítica literaria ao que pertence, así como a cuestión da identidade dende unha poética feminina. Salienta asemade o capítulo grafado por Palacios González, en especial a inserción da muller en novos espazos, para despois mencionar a revisión dos mitos realizada nos últimos capítulos desta parte. Continúa coa descrición da segunda parte, subliñando os aspectos

da conciencia de xénero, a identidade feminina e as estratexias do discurso da muller no ámbito poético. Remata coa mención das entrevistas que configuran a derradeira parte do volume e loando o seu contido temático.

Méndez, Oriana, "Existirmos no Brasil", *Tempos Novos*, n.º 147, "Todo é peixe. Crónica", agosto 2009, pp. 10-11.

Fai referencia á celebración do encontro Estratexias Culturais de Galicia no Brasil, celebrado na Biblioteca do Consello da Cultura Galega e coordinado por Elias Torres Feijóo. Explica que o obxectivo desta xuntanza era favorecer a produción da cultura galega no Brasil e para iso contaron coa presenza de oito representantes brasileiros de distintos ámbitos culturais. Comenta que o encontro se estruturou en bloques temáticos e refire as propostas de cada sección. Na sesión dedicada á literatura dise que discutiron sobre a lingua galega e a súa ortografía e tamén decidiron publicar unha antoloxía. Por último, dá conta da clausura do congreso a cargo de Ramón Villares.

Miguélez Carballeira, Helena, "Natureza e naturalismo", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 18.

Nesta aproximación a *O natural é político* (2008), de Teresa Moure e *Anti natura* (2008), de María Xosé Queizán, comeza referíndose ás cuestións nas que diverxen estes dous ensaios. Expón que se Moure traza unha liña continua entre feminismo e ecoloxismo facendo ecoar no seu título un dos seus lemas fundacionais, Queizán asómbrase de que aínda hoxe haxa que repetir que o feminismo é a única loita verdadeiramente transversal no camiño cara á superación dunha democracia "tolleita". Así mesmo, explica que, en relación ao debate feminista, as súas posicións son encontradas, pois os argumentos moureanos alíanse co que Rita Felski chamou feminismo romántico, que avoga pola existencia dunha "esfera feminina subhistórica", á cal as mulleres acoden como fonte de identificación e para fundamentar a súa subversión do partriarcado, mentres que Queizán apunta que o problema con esta postura é que este feminismo basea o seu desexo de transgresión no enaltecemento de valores femininos que se pretenden fóra do patriarcado. Por outra parte, anota que estes ensaios tamén converxen nalgúns puntos, xa que ambos os dous buscan visibilizar unha relación doada entre teoría e práctica e salferen o texto con exemplos, casos e feitos.

Mira, Antonio, "Galicia 'cum laude", *Tempos Novos*, n.º 147, "Todo é peixe", "Crónica", agosto 2009, pp. 8-9.

Comenta que os congresos que organiza a Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) lévanse celebrando en distintas cidades do mundo e indica que este ano tivo lugar en Galicia, baixo o título de "Galicia nos Contextos Globais: perspectivas para o século XXI". Refire que durante cinco días houbo moitas conferencias, coloquios e debates nos que se presentaron as liñas de investigación de especialistas de fóra do país. Tamén salienta os conflitos e a situación interna e remite ao discurso pronunciado por John Rutherford. A seguir, cita as institucións galegas que colaboraron coa AIEG e destaca algunhas das conferencias ou mesas redondas, como a dedicada á Literatura galega "Teoría e Historia da Literatura Galega" ou o estudo sobre Ramón Piñeiro. Así

mesmo, dá conta da presentación da revista *Galicia21*, creada nas universidades de Cardiff e Bangor.

Mociño González, Isabel, "Galicia dende a banda deseñada: unha modalidade literaria en expansión", *Un mundo, muchas miradas/Mundu bat, begirada anitz*, n.º 2, novembro 2009, pp. 77-99.

Breve percurso pola historia da banda deseñada en lingua galega, no que se atende á produción, mediación e recepción desta modalidade literaria dende os anos setenta até a actualidade. Maniféstase entre os propósitos iniciais unha clara vontade descritiva, aínda que tamén sistematizadora, na que se toman como referencia os escasos estudos que sobre esta literatura se teñen realizado polo momento, entre os que salienta o monográfico *Olladas do cómic ibérico* (2007), publicado pola revista da Universidade de Santiago de Compostela, *Boletín Galego de Literatura*. Iníciase o traballo apuntando algunhas das principais características que definen esta literatura e estabelécense diferentes etapas, dende os precedentes máis remotos e as primeiras manifestacións modernas, concibidas como contestación política, de vangarda artística e concienciación cívica; pasando polo asentamento e a consolidación, até as novas apostas e a innovación que representan os traballos publicados nos últimos anos, moitos deles recoñecidos tanto a nivel nacional coma internacional, aspecto que se considera un índice da situación do sector como referente a nivel estatal. Por outra parte, sinálanse as principais tendencias e correntes en cada etapa, tanto das obras escritas orixinalmente en lingua galega coma das traducións que a ela se fixeron e que teñen servido en ocasións para marcar tendencia ou para cubrir os baleiros existentes no emerxente sistema literario galego. En definitiva, trátase dun estudo sobre unha manifestación cultural até moi recentemente pouco considerada, tanto dende o punto de vista social, coma da atención crítica, pero que está alcanzando cada vez maior prestixio e respecto, polo que se conclúe que non pode seguir quedando allea aos estudos críticos.

Molina, César Antonio, "Naufragar na utopía", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Entre os anxos e os mortos. Lembrando a A. Rei Ballesteros", xullo, agosto, setembro 2009, p. 51.

Comenta que coñeceu a Anxo Rei Ballesteros cando estudaba Dereito na Universidade de Santiago de Compostela e que, dende aquela, se converteu nunha persoa imprescindíbel na súa vida universitaria e na doutros compañeiros. Sinala que Balleteros lérao case todo e que o explicaba marabillosamente ben, ademais de ter unha ironía demoledora. Rememora eses anos universitarios e manifesta que Rei Ballesteros era "un 'irmandiño' da cultura e, por iso, mentres os demais nos salvamos a pesar da nosa arrogancia, el preferiu naufragar na utopía". Explica que cando leu *Dos anxos e dos mortos*, encontrou nesta novela un retrato seu, para rematar aludindo á súa relación posterior e manifestando que foi un dos grandes narradores do noso país, "Complexo, difícil, sen concesións, case como era a súa propia personalidade".

Morán Fraga, César C., "Regreso a *O porco de pé*", *Boletín Galego de Literatura*, nº 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Oitenta anos d'*O porco de pé*", 2009, pp. 211-238.

Análise d'*O porco de pé* na que se pon de relevo como se leva a cabo a parodia dun tipo social, o comerciante castelán ou maragato, nesta obra do ourensán Vicente Risco e noutras de escritores galegos, tales como Eduardo Blanco Amor, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo ou Álvaro Cunqueiro. César C. Morán Fraga detense nas actitudes e funcións do narrador, fala do tempo e do espazo no que transcorre a acción, así como da caracterización dos personaxes que deambulan por esta novela. Destaca a presenza do humor e a ironía que, especialmente, aínda que non só, se reflicten na linguaxe ao servizo da parodia. Finalmente dá conta polo miúdo da estrutura e desenvolvemento da acción nesta narración de Risco na que tamén analiza aquelas pasaxes de maior modernidade en relación co momento da súa escrita.

Monroy Martín, Alberto, "Cunqueiro prologuista de Boccaccio", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Varia", vol. 12, 2009, pp. 151-155.

Realiza un percorrido pola historia da tradución dos textos clásicos medievais ao galego, prestando particular atención ao caso da conferencia levada a cabo por Álvaro Cunqueiro sobre un texto de Boccaccio en 1976. Comeza coa mención das traducións de Darío Xohán Cabana, *A Divina Comedia* (1989) e do *Cancioneiro* (1990) de Petrarca, xunto á de Moisés Rodríguez Barcia do *Decamerón* (2006), así como da fundación de Rinoceronte Editora por este último xunto a Penélope Pedreira. Comenta a seguir as traducións deses clásicos e continúa coa conferencia de Cunqueiro, "Sobre Giovanni Boccaccio de Certaldo", da que salienta o interese pola cultura italiana no intelectual galego e os seus contemporáneos. Conclúe cunha serie de referencias bibliográficas e dous apéndices conformados por dúas reproducións fotográficas de *Las cien nouelas de Juan Bocacio*.

Monteagudo, Henrique, "Manuel Rivas na Academia", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 8-9.

Faise eco da entrada de Manuel Rivas na Real Academia Galega, tras a lectura do discurso "A boca da literatura. Memoria, ecoloxía e lingua". A seguir, fai un repaso pola obra xornalística e literaria deste escritor coruñés que "representa inmellorablemente a literatura actual en galego, nunha síntese raramente máis lograda de enraizamento íntimo coa súa cultura de orixe e apertura gozosa cara á cultura universal".

Monteagudo, Xosé, "Arquitectura literaria", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, pp. 100-101.

Comenta a achega novidosa do elemento fantástico nos libros de Xesús Constela, que na novela *Shakespeare destilado* (2008) se acentúa máis que nas anteriores. Logo de relatar o argumento, manifesta que esta obra é a demostración clara de que unha das principais cualidades da literatura é a de borrar os límites da realidade. Ademais, considera que as sentenzas do narrador da novela, quen arremete contra todo, contribúen a crear o "clima de disolución moral e material" que propicia o desenvolvemento da historia e que Willy, o protagonista, se amosa como parodia e paradigma a través do que se reflicten as características do "artista xenial". Para rematar, opina que a visión crítica,

"baixo o manto de sátira despiadada", denota no autor un proceso de maduración da súa concepción literaria.

Murguía, Manuel, "El regionalismo gallego. Ligeras observaciones al discurso leído poe el Señor D. Antonio Sánchez Moguel en su recepción en la Real Academia de la Historia, de Madrid, el 8 de diciembre de 1888", *Galegos*, n.º 8, "Encarte", IV Trimestre 2009, pp. 169-192.

Sección que acolle, tras unha introducción de Justo Beramendi, o folleto *El regionalismo gallego*, de Manuel Murguía.

Neira Vilas, Xosé, "Con Luis Mariño en Gres", *Galegos*, n.º 5, "Crónicas/Crónicas", I trimestre 2009, p. 87.

Sinala que vía a Luis Mariño cada vez que viña a Galicia durante os anos setenta e oitenta, pero a partir de 1982, cando xa se asentou en Gres, coincidían no Instituto Galego de Información e mantiñan longas conversas. Opina que Mariño era unha persoa cunha sólida cultura e facía valoracións moi lúcidas, aínda que nunca falaba del, a non ser que lle preguntasen. Conta a anécdota de que cando se publicou a edición en galego da novela *O camiño de Santiago*, de Alejo Carpentier, Mariño apareceu na súa casa coas cámaras para ter unha conversa gravada sobre o relato, aínda que despois se estendeu cara a outros autores latinoamericanos contemporáneos. Remata afirmando que era admirábel o coñecemento da literatura de alén mar dun home que "sabía de case todo e non presumía de nada".

Novás, Lucía, "White Rabbits", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, tomo XLVII, "Creación", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 97-99.

Achégase unha nota sobre Lucía Novás, na que se indican datos sobre a súa biografía, libros publicados, galardóns conseguidos e foros e cabeceiras nas que colaborou. Tamén se reproducen poemas desta autora de Bueu, algúns dos cales presentou no curso "Demasiados zapatos para unha cincenta" (Universidade de Salamanca, 2007).

Otero, David, "Vázquez Pintor: un falo resistente de arrolar doce ...(que nos esperta...)", *A Taboada. Revista das asociacións culturais A Cabana (Moraña) e O Meigallo (Cuntis)*, n.º 14, xullo 2009, pp. 179-198.

Loa a figura de Xosé Vázquez Pintor, mestre, escritor e galeguista. Con este fin divídese o artigo en varias partes. En primeiro lugar, unha introdución na que admira a vida da aldea galega e os seus habitantes como fonte de inspiración de artistas (pintores, escritores…); e a seguir outras dúas partes nas que fala de Vázquez Pintor, de como transcorreron os seus primeiros anos de xuventude entre Melide, Quián (Agolada) e A Coruña, pasando logo xa a describir positivamente a súa vida familiar coa muller e os dous fillos. Ademais de se referir á vida persoal de Vázquez Pintor, dá información sobre os seus gustos literarios e o seu afán normalizador, a súa "militancia do galego". Por último, a modo de despedida, salienta a función cultural da literatura (segundo el

perfectamente reflectida na obra de Vázquez Pintor) como oposta ao concepto que dela hai como mercadoría. Neste texto, cualificado como "oda á figura de Vázquez Pintor" introduce poemas dedicados a Vázquez Pintor e composicións poéticas deste escritor.

Otero, Isaac, *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 33, abril 2009, p. 54.

Trátase do comentario do libro con que se conmemoran as vodas de platino da Sociedade do Liceo de Noia, *Noia*. *Ribeiras de mar enxoito* (2003). Un dos seus apartados reproduce as palabras sobre Noia de Ramón Otero Pedrayo na *Guía de Galicia*, publicada en 1926. Por outra banda, o que se vincula coa literatura, asinado por Xoán Xosé Mariño, fala de "Tres poetas e Noia ancorados á Matria", que son María Mariño Carou, Manuel Fabeiro e Antón Avilés de Taramancos, ademais de tratar o teatro e as artes escénicas.

Otero Urtaza, Eugenio, "Dos arquivos de Cesáreo Briones Varela. Antonio Ramos Varela. Noticia dun intelectual libertario esquecido", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Documentos", 2009, pp. 297-316.

Reúnense nesta sección dous textos inéditos de Antonio Ramos Varela (Ferrol, 1903-1945), un intelectual apenas coñecido que participou nas Misión Pedagóxicas. Tras dunha ampla nota biobibliográfica, na que se achegan datos de Ramos Varela, incidindo na represión que sufriu tras o comezo da Guerra Civil e mais dos seus escritos, reprodúcense os textos titulados "La máquina" e "Ironía y énfasis".

Otero Varela, Inmaculada, "A tristeza como arte", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 102-103.

Coméntase a novela *A choiva do mundo* (2008), Premio de Narrativa Torrente Ballester 2007, de Xosé M. Pacho Blanco, sobre a que se afirma que resulta un texto difícil de clasificar, pois presenta un conxunto de relatos fragmentarios e esgazados dunha historia principal que se intúe. Saliéntase que recorre a un xogo constante coa modalización narrativa e como trazos que lle outorgan unidade identifícanse a numeración de cada un dos textos, o marco inicial, os apéndices, a ambientación e a estrutura, pero se considera que "estamos perante unha obra en construción na que aínda ten máis importancia o esbozo no plano que o que será o resultado final". Sinálase tamén o predominio da confusión xenérica, xa que o que comeza presentándose como unha selección de textos remata baixo o formato dun filme cuns "Títulos de crédito", un "Reparto por orde alfabética" e mais unha "Banda sonora". Á heteroxeneidade xenérica súmaselle a vocación globalizadora e cosmopolita e o xogo coa bagaxe cultural do receptor, así como a presenza da tristeza como elemento común. Como pexas da obra menciona a falta de ritmo, a febleza do marco estrutural e os excesos cometidos na pescuda formal, nas reflexións filosóficas e nas referencias metaliterarias, que poden cansar o lector.

Otero Vázquez, Concha, "Luís Seoane. Tradición e vangarda/ Luís Seoane. Tradición y vanguardia", *Galegos*, n.º 7, "Caderno/ Cuaderno", III trimestre 2009, pp. 84-92.

Comenta que, co gallo do centenario do seu nacemento en 2010, quere renderlle unha homenaxe a Luís Seoane centrándose, sobre todo, na súa traxectoria artística. Sinala que a impresionaron as súas ilustracións na revista *Galicia Emigrante*, de Bos Aires e que nas conversacións con el, chamoulle a atención a súa gran cultura, sobre todo no que a arte se refire. Destaca del que foi un artista polifacético xa que, ademais de pintor, gravador, deseñador, ilustrador e muralista, tamén foi escritor, poeta, dramaturgo e crítico de arte. Conta que na súa época de estudante, durante a Segunda República, asistiu aos faladoiros dos cafés Español e Derby, no que tamén participaba Ramón Mª del Valle-Inclán entre outros, nos cales intercambiaban libros, propoñían ideas e debatíanas. Salienta que en 1936 tivo que exiliarse a Bos Aires, onde nos anos cincuenta se uniu a outros escritores e artistas exiliados como Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado e outros para sacar á luz libros e publicacións galegas. Sinala que como artista fixo grandes traballos como, por exemplo, a realización de cubertas para libros das editoriais Botella al mar e Nova e as tapas para a revista *Galicia Emigrante*, e recibiu varios premios como recoñecemento ao seu labor artístico. Informa de que no ano 1968, Seoane fundou con Isaac Díaz Pardo o Laboratorio de Formas de Galicia, destinado a estudar e investigar as formas, incidindo nas diferenciadas, do noso legado cultural. Finalmente, sentenza que mediante a súa arte pictórica "desexou comprender e expresar o misterio do home e da natureza, a terra, o mar, o ceo, a muller e o home, o sentimento da saudade, dando unidade inseparable ao real e o soñado, á vida e o misterio, ao mito e á maxia".

Outeiriño, Manuel, "Sobre A Coutada", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 80, tomo IV, ano XX, "Cuestións", outubro-novembro-decembro 2009, pp. 45-59.

Estudo no que se analizan os trazos da doutrina galeguista que Vicente Risco lle imprimiu á súa novela *A Coutada* (1926) e se presta atención ás relacións entre o individuo, a nación e a familia no mundo moderno, así como a súa relación co saudosismo portugués e o anacronismo estético. Explícase brevemente o argumento da obra, que xira arredor da decisión de Minia e Eladio de abandonar a cidade e vivir no campo, unha vida tradicional e anacrónica, converténdose nunha proposta de retorno á racionalidade, lonxe do capitalismo. Compara o tratamento que fai Risco nesta obra co sentimento característico do galeguismo, analizado por Ramón Otero Pedrayo no artigo titulado "O problema do señorito", moi relacionado coa necesidade de cambiar unha vida insatisfactoria. A seguir detense na recepción crítica da obra, que chamou a atención sobre este sentimento da terra, a súa vocación doutrinal, situándoa entre o socialismo feudal e o socialismo pequenoburgués, na que algún dos personaxes se compara cos de Tagore. Deféndese que esta obra ten moito de alegoría nacional, marcada pola atemporalidade e transcendencia que acatan os protagonistas, ademais de que o autor quixo poñerse de parte dos infravalorados na cultura da época e defender que non se podía perder o rico patrimonio da cultura agraria, denunciando a alienación e desposesión a que condena ao individuo o mundo moderno.

Paone, Marco, "Non só música na nova provincia de Europa", *Grial. Revista Galega de*

Cultura, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 106-107.

Recensión da novela *Sardinia blues* (2008), do italiano Flavio Soriga. Resúmese brevemente o argumento, centrado no deambular de tres mozos duns trinta anos no verán de 2007 que reflexionan sobre a súa condición e a dos seus coetáneos. Repárase tamén na coincidencia buscada entre o narrador e o autor, ambos doentes de talasemia, e no final da historia, cargado de amargura. Dise que o autor enreda unha "escritura musical" e que o *blues* da novela mantén a "melancolía da orixe do xénero", aínda que non é unha volta á identidade perdida, senón que ofrece unha "ollada nova". Considera que as referencias musicais funcionan como caixa de resonancia dun "repertorio común" que o lector identifica dende unha perspectiva individual e colectiva. Ademais de reflexionar sobre o argumento, sinala que os tres protagonistas da novela pertencen a unha xeración "dispersa polo mundo". Por outro lado, refírese tamén ao tema da talasemia no que a "renovación e a mestura do sangue" do narrador-autor a través das transfusións simboliza "unha predisposición aos cambios nunha mesma vida". Conclúese aludindo ademais á tradución galega, feita por Carlos Acevedo.

Pascual, Roberto, "Queizán, María Xosé (2008): *Antígona. A cartuxeira. Neuras*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 243-245.

Dá conta da saída ao prelo de tres pezas dramáticas de María Xosé Queizán, recollidas nun mesmo volume editado por Galaxia en 2008, *Antígona. A cartuxeira. Neuras*. Tras uns apuntamentos sobre a condición feminista da autora e a súa vinculación ao Teatro Popular Galego, subliña a temática de revalorización do mito e da interacción humana presente nestas tres pezas, para despois pasar a analizar cada unha delas por separado. Salienta da primeira a súa protagonista, en especial a súa construción como personaxe, mentres que da segunda destaca o seu suspense, á par coa personaxe principal; da terceira peza pon de manifesto o seu fío argumental, baseado nunha realidade social ateigada de absurdos e destaca a inclusión de propostas audiovisuais. Xa por último recomenda a súa lectura.

Patiño Nogueira, Olga, "Rosalía", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Creación", primavera 2009, p. 5.

Sección fixa que acolle o poema titulado "Rosalía", de Olga Patiño, datado o 14 de marzo de 2009.

Patiño Nogueira, Olga, "Soñeite", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Creación", outono 2009, p. 6.

Acóllese nesta sección unha composición poética de Olga Patiño Nogueira intitulada "Soñeite", datada o 9 de setembro de 2009, acompañada dunha ilustración de Sabela Arias.

Pato, Chus, "Contrasinal", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proTagonista", verán 2009, p. 13.

Evocando un parágrafo d'*O corvo érguese cedo* (1973), de Margarita Ledo, sinala que os discursos desta intelectual mudan e reflicten a esperanza dunha nación a través das palabras, pero sen renunciar á vangarda, nin á abstracción, nin á fantasía, nin á poesía política de intervención. Considera que en *Linguas mortas* (1989) están presentes todas as mutacións da escrita da autora, que vai a contrafío, "unha obra de contramarcas", que é necesario coñecer para avanzar.

Pena, P. V., "Xusto Beramendi", *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 212, xaneiro 2009, "Entrevista", pp. 66-69.

Entrevista a Xusto Beramendi, Premio Nacional de Ensaio pola súa obra *De provincia a nación* (2007). Opina sobre o nacionalismo galego na actualidade e pensa que "non é imposible" que o Bloque Nacionalista Galego saía desa "condición de escudeiro" de apoio ao Partido Socialista de Galicia, e di que hai espazo para outra forza nacionalista. Considera que en Galicia non houbo ningún grupo con poder por promover un movemento de galeguismo político e que actualmente é necesario un novo Estatuto de Autonomía por razóns materiais e simbólico-políticas. Argumenta que primeiro habería que reformar a Constitución Española. Indica que tal e como está configurada España, o modelo máis lóxico sería o "federal auténtico" e afirma que a creación dunha institución de autogoberno "xera identidade", con partidos non só nacionalistas.

Pena Presas, Montse, "A produción do Día das Letras Galegas 2008 dedicado a Xosé María Álvarez Blázquez. Unha ollada crítica", *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, tomo I, ano XX, n.º 77, "Acoutacións", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 73-84.

Percorrido e análise das obras que se publicaron con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2008, dedicadas a Xosé María Álvarez Blázquez, unha figura poliédrica da que se considera, como hipótese de partida, que non contribuíron a fornecer unha ollada global profunda sobre o autor e o seu labor cultural. Despois de deterse brevemente nos precedentes pasa a centrarse na produción arredor da efeméride elixida, na que diferenza as achegas biográficas, os estudos sobre a súa obra literaria, aquelas que se centran no labor de editor e a "abandonada polifacecia". No primeiro caso constata que se publicaron cinco misceláneas, malia que existía unha dispoñíbel nas librarías, a de Alfonso Álvarez, nas que observa un carácter continuísta e repetitivo, con enfoques claramente marcados en función do lector modelo agardado, destacando entre todas a proposta de Xosé María Álvarez, *Tempo do pai* (2008), na que o lector poderá ter unha percepción máis completa, en parte debido ao subxectivismo. No segundo caso, salienta os volumes colectivos, nos que a poesía é o xénero máis profusamente estudado, terreo no que salienta o traballo de María Xesús Nogueira e Darío Xohán Cabana, xunto co de Blanca-Ana Roig Rechou, mentres que da produción narrativa salienta a achega de Manuel Forcadela, pola ollada innovadora que lle imprime á análise "e desvelar lugares escuros" da produción deste autor. En terceiro lugar, salienta o traballo de María Dolores Cabrera sobre a súa faceta de editor, por elaborar breves e precisas consideracións, e o de Darío Xohán Cabana, polo carácter persoal e por abordar

cuestións problemáticas como a venda da Editorial Castrelos a Galaxia, ausente dos demais estudos que tratan esta faceta. Por último, critica que todos os traballos acaban abordando as mesmas cuestións, sen profundar na análise dos diferentes eidos máis alá da creación e a edición, como por exemplo o labor filolóxico, como historiador, como colaborador radiofónico, etc. Conclúe por todo isto que as dúas finalidades da celebración do Día das Letras Galegas, difundir e investigar, non se levan a cabo pola reiteración dos traballos resultantes, incidindo moitos deles no percorrido vital do homenaxeado, dirixidos ao ensino medio. Tamén se considera que só se fixeron achegas de interese no plano da creación poética do autor e en menor medida na prosa, descoidando outros aspectos, polo que reivindica a necesidade de que a celebración desta efeméride implique maior número de axentes culturais, se diversifiquen as publicacións e realicen investigacións interdisciplinares, propiciando así a lexitimación da crítica galega e a normalización do sistema.

Pérez Durán, Gabriel, "Serendipias", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O espello das letras", abril, maio, xuño 2009, pp. 103-104.

Considera que *O xardín das pedras flotantes* (2008), de Manuel Lourenzo González, debera formar parte do elenco de posíbeis *best-seller*. Di, entre outras cousas, que na novela hai moitos "pés" en moitos lugares, tanto literarios como de índole filosófica, e que esta amalgama temática casa "coa enxurrada de historias que se amorean ao longo dos capítulos". Salienta o "acto terapeútico e memorístico da novela".

Pérez Lugín, Alejandro, "As Mariñas de Pérez Lugín (II)", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Viaxeiros", outono 2009, pp. 24-26.

Tras unha pequena achega á biografía de Alejandro Pérez Lugín (Madrid, 1870-O Burgo, 1926), reprodúcese o texto do autor traducido do castelán titulado "Postais da aldea. Tatín", de Alejandro Pérez Lugín.

Pérez Rodríguez, María Antonia, "As editoriais no exilio arxentino/Las editoriales en el exilio argentino", *Galegos*, n.º 7, "Caderno/Cuaderno", III trimestre 2009, pp. 110-118.

Fai un percorrido polas editoriais arxentinas nas que participou Luís Seoane e analiza a súa influencia na evolución do libro nese país. Comenta que, aínda que comezou xunto a Ánxel Casal na imprenta Nós, foi en Arxentina onde desenvolveu todo o seu labor en máis de trinta editoriais que "fundou, dirixiu e sacou adiante". Sobre a primeira delas, Emecé (1939), di que o pintor dirixía as coleccións "Buen Aire", "Dorna" e "Hórreo", centradas en temas e escritores galegos. Engade que en 1942 abandona xunto a Arturo Cuadrado a editorial por tres posíbeis causas, entre elas, a defensa do seu amigo Lorenzo Varela. Explica que entón decidiron fundar Nova, repartíndose as diferentes coleccións, pero aclara que Seoane deseñou todos os libros, capas e ilustracións. A seguir, comenta que cando esmoreceu esta en 1947 deu paso a Botella al Mar, sempre unido a Arturo Cuadrado. Considera que os volumes nacidos aquí "honran as artes gráficas arxentinas, que se exhibiron con auténtico éxito en París, Nova York ou Santiago de Chile". Asemade, considera que deron a coñecer as novas xeracións de

escritores arxentinos. Por último, fai referencia á fundación en 1950 de Ediciones Galicia, do Centro Galego de Bos Aires, que abandona en 1957 por "conflitos coa conservadora directiva". Engade que entón ve a luz a editorial Citania e afirma que por este traballo Seoane goza dun sólido recoñecemento no eido editorial dentro de Arxentina, con numerosos premios e recoñecidas críticas. Pola contra, opina que en España esa repercusión foi mínima, e que en Galicia, malia ser coñecido non era divulgado. Inclúe as reproducións de oito cubertas de coleccións, cinco ilustracións interiores de libros e un cartaz de publicidade da colección "Dorna" da editorial Emecé.

Pin Millares, Xosé María, "Alvilares Moure, Xosé: *Aínda é de noite. Literatura galega do século XIX e cristianismo*", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 165, "Recensións", novembro-decembro 2009, pp. 96-98.

Trátase dunha recensión sobre a obra de Xosé Alvilares Moure, *Aínda é de noite. Literatura galega do século XIX e cristianismo* (Editorial Sept, 2008). Primeiro lémbrase que xa en 1969 este autor publicara un libro co título de *¿Proceso a la Iglesia Gallega?* no que pretendía percorrer a historia da Igrexa na literatura galega e determinar que trazos e características presentaba a Igrexa nos escritores galegos, principalmente en Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez. Dise que neste novo libro a reflexión do autor se centra no que el mesmo denomina "cristianismo esencial",o Evanxeo, para distinguilo das formas culturais, temporais e transitorias, nas que se ten expresado, a Igrexa. Logo descríbese o contido do libro e dise que se abre cunha presentación que o propio autor denomina "Propósito" e na que se formulan unha serie de reflexións que serán o miolo da obra e serven de fío condutor e xustificación das tres partes que compoñen o libro. Deseguido, dise que na primeira parte analiza o lugar que o cristianismo ocupa no angustiado mundo interior de Rosalía de Castro. Na segunda parte, coméntase que contrapón a poesía da sociedade de Curros Enríquez, coa poesía da intimidade e da soidade de Rosalía, e indica que Curros ataca unha Igrexa que detenta un poder social e político de corte feudal e absolutista. Argumenta que a terceira parte do libro é "Cuestións sobre o cristianismo" onde o autor fai unha fonda reflexión teolóxica, vital e existencial. Por último destácase o rigoroso coñecemento da historia, da sociedade e do pensamento filosófico e teolóxico encarnado na realidade galega e que a obra está escrita nun "galego fluído, ameno, claro, conciso e de rico léxico".

Piñeiro, Antonio, "Otero Pedrayo está esperando aínda pola dereita galega", *Auria*, n.º 147, "Entrevista", xullo 2009, pp. 14-17.

Trátase dunha "entrevista á inversa" na que as respostas son froito dunha profunda reflexión e coñecemento que sobre a figura de Otero Pedrayo ten Marcos Valcárcel e dende aquí xurdiron as preguntas do entrevistador. Indícase que Marcos Valcárcel pronunciou as súas reflexións sobre Otero Pedrayo o 20 de xuño de 2009 no Teatro Principal de Ourense. Nesta "entrevista" afírmase que é difícil imaxinar a capacidade heroica de traballo das xentes da Xeración Nós dado que publicaban practicamente un artigo diario na prensa, que Otero era moi rico en rexistros, que hai textos seus que poden valer para moitas tarefas escolares ou que aínda está a esperar pola dereita galega. Finalmente apunta que Pedrayo nos deixou o poder da palabra e tamén o poder indestrutíbel das ideas.

Piñeiro, Antonio, "Ourensáns na revista Vieiros", *Auria*, n.º 151, "Deseño", novembro 2009, pp. 30-32.

Fai un repaso pola historia da revista *Vieiros* da que se comenta que xurdiu grazas ao traballo de catro exiliados ourensáns en México, Luís Soto, Carlos Velo, Florencio Delgado Gurriarán e Elixio Rodríguez, e mais que o seu nome se alicerza no monte do Vieiro, na Baixa Limia ourensá. Tamén se detallan outros aspectos desta aventura editorial como que durou nove anos concretamente entre 1959 e 1968.

Piñeiro, Carolina A., "Non podo renunciar a ter sido pastor, cousa que me encanta", *Auria. Revista mensual de Caixanova*, n.º 141, Ano XII, "Entrevista", xaneiro 2009, pp. 16-19.

Entrevista a Manuel Mandianes, doutor en Antropoloxía, Teoloxía e Ciencias Políticas. Fala sobre o seu labor profesional no eido da investigación que exerce en Barcelona, no Centro Superior de Investigacións Científicas, e comenta algúns dos traballos cos que se sente máis satisfeito. Sobre o seu libro publicado *Raposiño e o cego* (2008), di que o cego é o pobo galego e representa "a alma galega". Por outro lado, fala de cómo é a convivencia entre os galegos en Barcelona e dá a súa opinión sobre outras cuestións políticas. Sobre a súa colaboración no programa Luar da TVG, di que lle cambiou a vida e indica que o "aspecto de aldeán que teño" é un elemento da súa identidade. Para rematar, reflexiona sobre a recuperación da "alma galega".

Piñeiro, Carolina, "Luís Soto e Vilanova. 'Antre pau e pau: fame, medo, diáspora e trauma", *Raigame*, "*Xornal informativo no Día das Letras Galegas*", n.º 6, "Historia e arte", 17 maio 2009, pp. 6-7.

Fai un percorrido biográfico de Luís Soto Rodríguez, do que se di que foi un referente do nacionalismo da diáspora. Coméntanse os seus destinos iniciais até fixar a residencia en México e como se introduciu no labor xornalístico na publicación *El Eco*, de Bos Aires. Refírese tamén á "unha das mellores publicacións realizada por galegos no exterior", *Vieiros*, na que participaron os artistas máis importantes do momento e da que Luís Soto e Carlos Velo eran os seus directores. Resáltase tamén a súa publicación no último número da revista, en 1968, unha sorte de "monólogo interior" baixo o título *Antre pau e pau: fame, medo, diáspora e trauma.* Coméntase en liñas xerais o seu contido, do que ademais se reproducen algunhas pasaxes e do que se di que é visto como unha viaxe "real", pero tamén "espiritual" a Vilanova dos Infantes. Finalmente, infórmase que morreu en 1982 e que o seu legado artístico está no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

Piñeiro, Carolina, "Vilanova dos Infantes: a patria dos alcumes", *Raigame*, "*Xornal informativo no Día das Letras Galegas*", n.º 6, "Historia e arte", 17 maio 2009, pp. 8-9.

Comenta a súa intención de relembrar a "retranqueira imaxinación" dos antergos. Deste xeito, ilustra con algúns exemplos cómo autores clásicos pasaron á memoria colectiva con outro nome e o sobrenome con que moitos personaxes da literatura son coñecidos.

A seguir, repara nas causas que deron pé a toda unha clase de alcumes en Vilanova (debido a peculiaridades físicas, trazos de personalidade, actitudes, a procedencia,...), dos que salienta algúns deles. Di que un dos "maiores alcumadores do pobo" era o pai de Xosé Luís Méndez Ferrín, "da familia dos Cucufates".

Piñeiro Berz, Alberto, "O alustro dun lustro", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 5, 2009, pp. 195-224.

Despois de aludir ás bases fundacionais da Asociación Cultural Barbantia e ao labor desenvolvido nos seus cinco anos de vida, fai unha serie de reflexións sobre a situación que está a vivir o idioma galego, amparándose en textos de Castelao, R. Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro e Manuel María. A seguir, detalla o acontecido en Barbantia durante o exercicio 2009, entre o que cita a presentación do CD *Son de Rianxo*; do *Anuario 2008*; do poemario *Da carraxe e da paixón*, de Xosé Manuel Cairo Antelo; da novela *O violinista de Malá Strana*, de Xerardo AgraFoxo; do proxecto que amalgama música, artes escénicas e poesía, *As voces da musa*; do *Dicionario Ramón Piñeiro*, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría; de *Liquidación de existencias*, de Marcos Lorenzo; e das narracións *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez, *O peto de cartón. Conversas cun vello mestre*, de Manuel Mario del Río e *O recendo das mimosas*, de Agustín Agra. Achega comentarios varios sobre estes títulos, dalgúns dos cales incluso reproduce un fragmento.

Piñeiro Domínguez, María Jesús, "A balada de Mary Hynes en clave galego-irlandesa: Luz Pozo Garza e W.B. Yeats", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 12, 2009, pp. 91-97.

Dá conta das dúas versións da balada de Mary Hynes levadas a cabo polo irlandés W. B. Yeats e a galega Luz Pozo Garza a través de sete apartados. O primeiro deles, "Introdución: a orixe da lenda", constitúe un limiar no que menciona o poemario da escritora ribadense, *As arpas de Iwerddon* (2005), a modo de homenaxe ao país irlandés, no que xorde a historia de Mary Hynes tomada do escritor irlandés no apartado que leva por título "Algún cisne". Describe asemade as orixes da moza para despois pasar ao segundo apartado, "Traxectoria da balada: oralidade e escritura", que desenvolve os xermolos da balada na literatura oral e a súa transmisión até chegar á escrita, grazas a figura do vate Anthony Raftery (Antoine Ó Raifteiri, 1784-1835). No seguinte apartado, "A canción de Raftery", reproduce a versión da lenda tal e como a recolleu Yeats en *The Celtic Twilight* (1893), [*El crepúsculo celta*, 2007] e analiza o seu contido temático e argumental de acordo coa súa estrutura. En "A Mary Hynes de William Butler Yeats", examina a versión de Yeats, inserida no volume antedito baixo o encabezamento de "Dust Hath Closed Helen's Eyes", comparándoa coa versión do vate. No quinto apartado, "A Mary Hynes de Luz Pozo Garza", analiza a versión da lenda conforme a redactou a escritora galega atendendo á estrutura. Un derradeiro apartado indica as conclusións resultantes e finalmente cita as referencias bibliográficas empregadas.

Portas Ferro, Xesús, "O tema relixioso na poesía de Ramón Cabanillas", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 164, "Estudos", setembro-outubro 2009, pp.

5-27.

Comeza salientando a presenza do mundo relixioso na obra poética de Ramón Cabanillas e cita algúns libros, así como a clasificación da súa obra en catro grupos: poemas da terra, poemas de amor, poemas da vida e poemas da fe. Tamén explica cómo vai desenvolver o artigo atendendo á pertinencia significativa da relixión no conxunto da súa obra, ao grao de integración e á importancia nos mundos poéticos do autor. A continuación, divide o estudo en cinco apartados: "Poesía relixiosa de tipo popular", "Poesía de visión e profecía. A pomba do Grial", "Santiago, diante de cote", "Poesía da vida e da fe sinxelas" e "Poeta cantor da terra e de Deus". No primeiro apartado inclúe a poesía relixiosa de tipo popular e analiza as súas características. No seguinte bloque achega un fragmento do discurso de Cabanillas *A saudade nos poetas galegos* e analiza os poemas de visión e profecía citando algúns dos libros como *Na noite estrelecida* (1926) ou *Camiños no tempo* (1949); tamén fai referencia á presenza do santo Grial e ao mundo do rei Artur. No apartado terceiro comenta que na época dos anos escuros non decaeu a aparición dos poemas de visión e profecía e cita algúns dos que escribiu Cabanillas como "Pombas do perdón" e destaca a presenza de Santiago nestas composicións, xa que era a cidade do Apóstolo. Outro dos poemas que cita neste grupo é "O santo de Asís en Compostela". No bloque titulado "Poesía da vida e a fe sinxelas" apunta que Cabanillas nunca esqueceu a súa relixiosidade que tamén se atopa neste grupo de poemas e analiza no artigo algúns deles como "Camiño longo", "Pombas feridas", "Desque a morte" ou "Agoíña milagreira". Finalmente, no último apartado recolle os poemas que considera máis autobiográficos como son "No banquete do casino de Vigo" e "Día santo". Ademais neste grupo inclúe os cinco sonetos da obra *Samos*.

Portela Yáñez, Charo, "A Idade Media na obra de Luís Seoane/ La Edad Media en la obra de Luís Seoane", *Galegos*, n.º 7, "Caderno/ Cuaderno", III trimestre 2009, pp. 105-109.

Saliéntase a importancia que a época da Idade Media tivo na vida e obra de Luís Seoane como medio para dotar a Galicia de símbolos definidores, a partir do profundo coñecemento que el tiña da historia de Galicia. Dise que a súa admiración polo mundo medieval foi continuada , tanto no eido plástico coma literario. Para este autor, segundo se comenta, o pobo é o protagonista da historia e este mantén na súa memoria os heroes populares que a historia oficial oculta ou silencia. Destácase a orixinalidade da súa interpretación histórica e dise que Seoane foi o primeiro en rescatar o nome do heroe popular Roi Xordo ou o da soldadeira María Balteira, na súa obra *María Pita e tres retratos medievais* (Ed. Resol, Bos Aires, 1944). Tamén se lembra que volve recoller o personaxe de Roi Xordo na súa obra de teatro *A soldadeira*, ao facelo protagonista o como "xefe da guerra campesiña". Outra das obras que se comentan é *Na brétema, Saint-Iago* (Ed. Botella al mar, Bos Aires, 1956) na que fai unha homenaxe a Santiago de Compostela a través de versos nos que os protagonistas son abades, xograres, peregrinos, leprosos ou cabaleiros. Lémbrase, por último, o importante labor de Seoane como editor, deseñador gráfico e impulsor de industrias culturais en Bos Aires coa pretensión de estabelecer unha imaxe de Galicia culta e sensitiva, con obras que foron, segundo se di, precursoras de iniciativas paralelas en Galicia, como unha antoloxía de *Poesía gallega medieval* en 1941.

Prado, Xulio M., "En Ourense cada calle es un poema", *Auria*, n.º 144, "Reportaje", abril 2009, pp. 10-13.

Realízase unha reflexión sobre a importancia da poesía na cidade de Ourense, sobre "el poeta de la ciudad" e que está acompañado con abondoso material fotográfico das placas que conforman o roteiro d'*A esmorga* pola cidade de Ourense.

Prego Rojo, Cándido M., "Axenda", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 34, xullo 2009, pp. 2-12.

Faise un resumo das actividades destacábeis que se realizaron dende o mes de abril e adiántanse as previstas para o mes de xullo. Entre as actividades xa realizadas destácanse varias: o dezasete de abril repetiuse a representación da obra "As árbores morren de pé", adaptación da orixinal de Alejandro Casona, posta en escena polo Teatro Liceo de Noia; o vinte e cinco de abril *La Voz de Galicia* publicou na páxina once do suplemento "Culturas o artigo "Misterios en Praga", de Ramón Nicolás, no que fai unha crítica da novela *O violinista de Malá Strana,* de Xerardo Agrafoxo; o vinte e seis de maio publícouse en *La Voz de Galicia* unha entrevista que fai Camilo Franco á escritora Eva Veiga; a Sociedade Liceo celebrou o Día das Letras Galegas, dedicado a Ramón Piñeiro, con varias actividades (unha exposición dos carteis editados pola Xunta de Galicia, unha actuación musical para os nenos, unha mostra de corais, etc.); o trinta de maio o Grupo de Teatro Liceo de Noia alcanzou o cuarto premio á obra "As árbores morren de pé" e catro premios a actores, no XII Certame de teatro escolar e afeccionado; o vinte e nove de maio o Grupo de Teatro do IES "Campo de San Alberto" De balde.com puxo en escena un acto da obra "Pic Nic", unha crítica sobre as guerras de Fernando Arrabal; e o vinte e seis de xuño inaugurouse a exposición "Cousas de Carlos Bóveda", o cal ilustrou múltiples libros e artigos.

Presedo Garazo, Antonio, "Un personaxe fundamental da Galicia da Ilustración", *Grial. Revista Galega de Cultura,* n.º 181, tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo, 2009, pp. 119-120.

Comenta o ensaio *María Francisca de Isla y Losada (1734-1808). Una conexión literaria en la Compostela de la Ilustración* (2007), de Carlos García Cortés. Considera que os estudos que se fixeron sobre personaxes relevantes da Ilustración galega foron biografías de homes do século XVIII e inicios do XIX. Explica esta proliferación de biografías masculinas "en detrimento das femininas". Nesta liña celebra que neste ensaio a protagonista sexa unha muller que desenvolveu "unha intensa actividade literaria na Compostela dezaoitesca". Destaca as dúas partes nas que se clasifica o volume, das que di que ben poderían ter sido "dúas obras distintas". Da primeira comenta a reconstrución da biografía de Francisca de Isla y Losada a través dun "número moi limitado de fontes históricas" e da segunda a análise da obra literaria que salienta as tres facetas desenvolvidas: a de creadora lírica, a de comunicante epistolar e a de editora póstuma da obra.

Protexta, "Lectura da sombra", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 11.

Sinalan que o estilo memorialístico está presente no poemario de Olalla Cociña, *Libro de Alicia* (2008), temática presente tamén na súa entrega anterior, *As cervicais da memoria* (2005). Explican que Cociña elabora unha biografía poética da súa bisavoa Alicia, converténdoa en paradigma de todas as mulleres que padeceron a miseria social e económica, o silencio e a soidade. Estas memorias convértense nun proceso de baleirado de esperanzas e de nudez até a morte, que só na parte final lle cede a voz á bisneta, que retrata unha Alicia "evanescente pola casa velando os soños de todos". Esta nova voz é a que clasifica os recordos de Alicia, coas que construír un sólido refuxio contra a sombra.

Puñal, Belén, "Acotacións para escenificar o futuro", *Tempos Novos*, n.º 141, "Dossier", "Cara a cara", febreiro 2009, pp. 64-70.

Entrevista de Inma López Silva a Eduardo Alonso, primeiro director do CDG e Cristina Domínguez, actual responsábel do Centro. Ambos fan balance da actividade da institución teatral dende a súa creación en 1984. Por outro lado, opinan sobre a ausencia de públicos e a posibilidade de recuperar a asistencia ao teatro con certo sentido identitario. Eduardo Alonso considera que houbo máis éxitos "dos que parece", pero que o problema é "que se deron como excepción e eu creo que teñen que ser norma". Noutra liña, Cristina Domínguez considera que o centro debe seguir dúas tendencias: a de atender os gustos do público e a de ensinar "outras maneiras de facer". Asemade, opinan sobre o número de producións que debe facer o Centro ao longo do ano. Eduardo Alonso considera "insuficientes" dous ou tres espectáculos ao ano. Remata a conversa falando da necesaria relación do Centro Dramático coa profesión, das "oportunidades perdidas" na traxectoria da institución e das perspectivas de futuro.

Puñal, Belén, "Belén Regueira: 'Perdín a cousa relixiosa cos libros", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proNome", primavera 2009, p. 29.

Belén Regueira, presentadora de *Extrarradio* e *O país dos pequenos*, sinala que nestes momentos está lendo *Residente privilexiada*, de María Casares e refire como vai deixando libros ciscados por todos os lados. Comenta que na súa familia hai unha tradición de mulleres lectoras que xa empezou coa súa avoa e alude á súa visita ás bibliotecas dende pequena, ademais de apuntar que libro recomendaría. Fala dos seus autores de referencia e manifesta que "perdín a cousa relixiosa cos libros e cos autores". Apunta que xéneros prefire e sinala que bota en falta que na literatura galega haxa máis títulos de non ficción. Tamén di que en *Extrarradio*, na Radio Galega, fan un programa para público xeralista e intenta poñer cultura con minúscula. Por último, indica que non é apocalítica co *e-book*, senón que é "un inventazo", aínda que son caros.

Puñal, B., "O libro arredor de si", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proCura", primavera 2009, pp. 30-31.

Apunta que os tempos de crise chaman á austeridade e introspección e que a creación se retarda, ao mesmo tempo que prolifera o ensaio. A seguir, faise eco e comenta algunhas das novidades, entre as que están: *Seccesión*, de Chus Pato; *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa; *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez; *Pirata*, de María Reimóndez; *O país das bestas*, de Eva Moreda; *A morte dun editor, derradeiros días de Ánxel Casal*, de Vicente Piñeiro; *Diario dunha noiteboa*, de Manuel Jacobo González Outes; e *O trasmundo de Antioquía*, de Rafael Laso. Por outro lado, refire as obras que saíron ao redor da figura no homenaxeado no Día das Letras Galegas, Ramón Piñeiro, así como as publicacións saídas ao redor de Ramón Cabanillas, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo e Celestino Fernández de la Vega e un conxunto de ensaios que versan sobre a relación entre xornalismo e literatura. Tamén apunta que a primavera non será prolífera en novos poemarios e cita as diferentes publicacións neste xénero: ensaios (*Sete lección de poesía*, de Manuel Forcadela; *Espazos do poema*, de Xosé María Álvarez Cáccamo; e *Bos tempos para a lírica. A xeración de 1980*, de Xavier Rodríguez Baixeras), poemarios (*Gramática da afirmación*, de Paulino Peña; *Poemas de amor e cólera*, de Xosé Lois Rúa; e *Makinaria*, de Carlos Negro) e achegas á poesía dende a música (*Once+15* e *Fotobiografía sonora de Avilés de Taramancos*).

Puñal, Belén, "Ourizos de prosa", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proCura", verán 2009, pp. 30-31.

Conversa con Anxo Carracedo, experto en xenética e director do Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago, na que fala da súa afección pola lectura dende a infancia. Manifesta que son moitos os autores que lle gustan, dende Hans Christian Andersen, Carlos Casares até Ramón del Valle-Inclán ou Álvaro Cunqueiro. Tamén explica que lle gusta calquera temática, aínda que se inclina pola que trata o mar, e que lle dá unha grande importancia á emoción que transmiten as obras. Di que sempre viaxa con moitos libros e que o seu gusto pola lectura o herdou de seus pais, que sempre tiveron moitos libros e mesmo escribiron, como a súa avoa, da que lembra as máis fermosas poesías que leu. Considera que a ciencia é emoción e imaxinación, polo que se pode gozar con ela igual que cunha boa obra literaria, pois considera borroso o límite entre a cultura científica e a humanística, polo que pensa que é preciso non separalas, senón mesturalas. Neste sentido, lembra que é moi importante a colaboración de científicos e humanistas, en especial lingüistas, e que se vai reeditar unha obra que el coordinou, *Xenética e historia no noroeste peninsular* (2005).

Puñal, Belén, "María Couceiro: 'Aquí veñen poucos mestres", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proNome", outono 2009, p. 29.

María Couceiro, unha das herdeiras da librería Couceiro, comenta nesta entrevista que os libreiros deben estar ao día das novidades, así como cita os libros que está a ler neste momento e os que ten na lista de espera. Indica que poden seguir mantendo un andar dedicado ao libro en galego e considera que o libro galego necesita dunha promoción máis axeitada e doutro tipo de subvención para que venda máis. Apunta o que bota en falta na oferta de libro en galego e refírese aos prexuízos aínda existentes con respecto á lectura en galego. Conclúe aludindo a como están levando estes momentos en crise, ao libro electrónico e ao negocio do libro antigo.

Puñal, Belén, "Fabas contadas", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proCura", outono 2009, pp. 30-31.

Tras sinalar que as editoras galegas inician o ano cunha oferta que "raia no austero", anuncia as novidades editoriais dun "inverno de fabas contadas", algunha das cales chega a comentar. No eido da narrativa, refírese a *A intervención*, de Teresa Moure; *Settecento*, de Marcos Calveiro; *Unicrom*, de Rosa Enríquez; *O grito do Ipiranga*, de Luís García Mañá; *Un tipo listo*, de Xosé Monteagudo; e *Tres Cores*, de Moncho Iglesias, así como ás reedicións *Código Morse*, de Xavier Alcalá e *O soño dirixido*, de Vítor Vaqueiro. En relación á poesía, aclara que a súa publicación para o inverno será máis ben escasa e se deberá a títulos como *Lapidarias*, de David Rodríguez; *Tratado de zooloxía para corazóns mancados*, de Raúl Gómez Pato; *Retro(visor)*, de Antía Otero; e *Acusación*, de Xiana Arias, ademais de referirse ás traducións que aparecerán. Así mesmo, dá conta das publicacións xurdidas ao redor de Uxío Novoneyra, Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro ou Miguel González Garcés, alén de boa parte do epistolario de Xosé Neira Vilas e as conversas con Isaac Díaz Pardo que dá a lume Toxosoutos. Por outra parte, faise eco das publicacións no ámbito do ensaio e para a xente miúda, entre as que están *Tic-Tac*, *A nena e o grilo en Ogo*, *Zampadanzas*, *Punver volta*, *Os oficios do chuquelo*, *A abella abesullona*, *Olga e o dinosaurio*, *Os poderes máxicos de Altema*, a reedición d´*A tea de araña que todo o apaña*, novas historias dos Bolechas ou os Megatoxos e as pezas dramáticas *Bon appétit* e *Auga que non vas beber*…. Por último, sinala as traducións ao galego e desta lingua a outras, en concreto ao castelán.

Puñal, Belén, "Os emigrantes considerábanse unha vía para modernizar Galicia", *Tempos Novos*, n.º 148, "Redes Cívicas", "Entrevista", setembro 2009, pp. 84-86.

Achega unha entrevista realizada a Ruy Farías, historiador da emigración galega na Arxentina, quen fala sobre distintos aspectos da presenza dos galegos en Bos Aires. Explica cal foi o motivo das primeiras agrupacións de emigrantes galegos e indica as diferenzas da colectividade galega con outros grupos de emigrantes. En relación coa literatura, dá a súa opinión sobre o nacemento dos movementos galeguistas e do rexurdimento literario que se produciron na Arxentina en relación coa Galicia interior e explica a imaxe "País dos Ananos" creada por Celso Emilio Ferreiro. A seguir, fai referencia ao grao de implicación das xeracións actuais e, por último, mostra a súa postura respecto ao voto emigrante.

Queipo, Xabier, "Carta de Berlín. Kreuzberg / O Calvario", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, tomo XLVII, "Crónica", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 150-153.

Refire como chegou a Kreuzberg, un barrio de Berlín, que considera "un recuncho do mundo onde souben, con certeza, que ben podería ser feliz". Describe a paisaxe e modos de vida de Kreuzberg que non significa outra cousa que "a montaña da cruz", ou sexa, "O Calvario", polo que o comparou co barrio homónimo de Vigo, co que tamén comparte o seu carácter popular e a mestura de etnias e tendencias. Relata a súa estancia nese barrio que adorou, no que deixou pegada galega cun haiku ("Nunha parede / as marcar do destino/é primavera") e que define como "un laboratorio onde circulaban as

ideas, un lugar para pensar en liberdade e vivir con menos cartos que en Vigo". Sinala que as reflexións apuntadas nesta crónica e outras moitas foron recollidas nun caderno de peto adobiado con adhesivos con mensaxes políticas ou estéticas, do que se reproducen dúas páxinas.

Quintairos, Xusto, "Dúas cartas de Celso Emilio Ferreiro a unha 'madriña' de guerra", *Auria*, n.º 148, "Literatura", agosto 2009, p. 49.

Reprodúcense, en edición facsímile reducida, e asemade coméntanse dúas cartas que Celso Emilio enviou en 1939 a unha moza viguesa chamada Carmiña quen era unha "madriña de guerra". Indícase que ambas as misivas son propiedade da libraría Almoneda Altamira de Vigo e mais que a primeira foi remitida dende Asturias no final da guerra civil (20 xaneiro 1939) mentres que a segunda foi remitida dende Celanova xa finalizada a guerra civil (2 agosto 1939).

Rábade Villar, María do Cebreiro, "Contra a usura", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 4.

Sinala que Paulino Novo, en *Arcaico o tempo que respira* (2008), aínda que sexa máis debedor dos modos enunciativos da poesía inglesa ca das aventuras retóricas da penúltima filosofía francesa, hai algo que dialoga con todas e cada unha das paraxes do pensamento sobre o don. Considera que o arcaico, en Marcel Mauss e en Vázquez, é o que fai posíbel a resistencia á usura, así como apunta que este último se move nun espazo de signos rexidos polo principio de serialidade, nun traballo intenso de composición do son e do sentido que fai da unidade versal moito máis ca un camiño cara ao peche. Tamén apunta que en *Arcaico…* o decisivo non son as figuras, senón os volumes e explica a emerxencia nel do sagrado. Por outra parte, nesta análise sobre este poemario, afirma que é, en ben medido verso branco, unha desas historias literarias que aínda non se escribiron en Galicia. Refírese á traxectoria poética de Vázquez e di que en poucos poetas galegos a forma está tan chea de contido como en este *Arcaico*…

Regueira, Mario, "O problema vasco. Tradución e recepción da literatura vasca no sistema literario galego (2000-2009)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 78, tomo II, ano XX, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2009, pp. 81-88.

Achégase ás traducións entre o sistema vasco e galego dende o punto de vista das relacións de poder e consagración dentro de cada un destes sistemas literarios, atendendo ás particulares características derivadas dun diálogo entre dous sistemas marxinais. Comézase salientando o aumento cuantitativo e cualitativo da tradución no sistema literario galego, favorecido por feitos como a consolidación da Facultade de Tradución da Universidade de Vigo e a aparición de novas editoras, que buscan a universalización e normalización da propia cultura galega, tanto pola atención á literatura de consumo, coma á procedente doutras literaturas peninsulares. A seguir céntrase na antoloxía *A ponte das palabras. Poesía vasca 1990-2000-Hitzezko Zubia. Euskal poesía 1990-2000* (Letras de Cal, 2000), unha iniciativa da que se salienta que é feita dende as marxes do sistema, pola súa clara aposta pola poesía contemporánea,

polas referencias ao conflito social e político de Euskal Herria e por ser a primeira en traducir poesía vasca á lingua galega. Alúdese ao papel do antólogo, Jon Kortazar, que considera unha intervención moi relativa por limitarse a introducir autores que publicaran a súa obra no período estabelecido, o que impide que sexa unha obra "consagrante". Explícase o proceso de tradución, no que se empregou como lingua ponte o castelán, aspecto ao que non se fai referencia no volume. Conclúese que é unha obra de gran peso social e editorial por achegar a produción dunha xeración nova que escribe en linguas minorizadas. A seguir, céntrase en Bernardo Atxaga e Unai Elorriaga. Do primeiro sinálase que é o autor máis recoñecido e central do sistema vasco, que foi traducido á lingua galega como aposta editorial por un "valor seguro que soborda o do seu propio contexto literario" e que representa aos creadores que en contextos bilingües recorren á autotradución, neste caso ao castelán, polo que a súa chegada á lingua galega se fai de modo indirecto ao partir dunha "versión" do propio autor. Do segundo, considérase que é un caso semellante ao de Atxaga, por traducir obras que veñen avaladas por un galardón que situou ao autor nunha posición clara de recoñecemento do público e da crítica e por tratarse doutro caso de autotradución. Explícase que a peculiaridade de Unai Elorriaga vén dada polo feito de que el ten coñecementos da lingua galega e ten traducido obras de Agustín Fernández Paz e Marilar Aleixandre para o éuscaro, o que levou a que as traducións das súas obras aparezan coa dupla sinatura de Xesús Carballo Soliño e do propio autor. Conclúese que destas iniciativas se colixe que se deron dous tipos de tradución: aquela vinculada a proxectos modestos e de clara aposta por autores pouco coñecidos, fronte á que se inclinou por autores canónicos e moi premiados. De todo isto explicítanse problemas como a mediatización do sistema editorial español, a distorsión sobre o proceso, a dificultade de situar ao creador nun ou noutro sistema literario, que exemplifica coas traducións de Manuel Rivas ao francés, no que foi presentado como autor español, e a constatación dos procesos de relación que estabelecen os sistemas marxinais, que demostra que buscan a lexitimación das traducións a través da súa presenza no sistema central dominante, o español, o cal impón os seus propios baremos de canonización.

Regueira, Mario, "Atopándonos entre o eu e o nós", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proTagonista", outono 2009, pp. 2-3.

Crónica do IV Encontro de Escritores Novos (AELG), que nos días 20 e 21 de novembro se celebrou no castelo de Santa Cruz (Oleiros). Apunta que a primeira mesa de debate versou sobre a (auto)referencialidade literaria e que nela participaron Alberto Lema, Inma López Silva e Iolanda Zúñiga, baixo a coordinación de Chus Nogueira. Alude ás súas intervencións e considera que, a pesar do pouco habitual que é atopar autores que falen con esa encomiábel falta de complexos, se botou de menos unha referencia máis comprometida co proxecto común que representan as literaturas asediadas. En relación á segunda mesa, organizada por Elvira Riveiro e na que interviñeron Andrea Núñez, Gonzalo Hermo e Alicia Fernández, indica que se caracterizou "pola importancia dada a voces que ocupan (aínda) posicións de marxinalidade", así como considera que a proximidade persoal das tres relatoras propiciou un ton de frescura e a non existencia de algo máis de debate. Da terceira mesa, presentada por Antía Otero e na que participaron Baldo Ramos, Carlos Vinagre e Uqui Permui e que tratou a edición, sinala que, pese ao interese que suscitaron as relatoras, seguen pendentes certos temas (dereitos de autor no mundo contemporáneo, o futuro do libro electrónico e a literatura na rede). Con respecto á cuarta mesa, di que

Francisco Castro lles preguntou polo "peso da nación" a Estíbaliz Espinosa, María Lado e Séchu Sende. Por último, refírese ao espectáculo de poesía, música e videocreación co que se pechou este evento.

Regueiro, Begoña, "70 anos despois. Congreso para o estudo da cultura do exilio republicano", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Crónica", vol. 12, 2009, pp. 177-179.

Dá conta da celebración do congreso "70 anos despois. Congreso para o estudo da cultura do exilio republicano" en Bergondo (A Coruña) en 2009. Tras sinalar aos organizadores, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Isaac Díaz Pardo, Gregorio Ferreiro Frente e Charo Portela Yáñez, menciona os paneis constituíntes: "As artes plásticas no exilio"; "Cine do exilio" e "Ciencia e investigación". Salienta do primeiro as conferencias ditadas por estudiosos como Fernando Salgado, "A prensa do exilio"; Manuel Aznar, Isaac Díaz Pardo e José Esteban, "O proxecto editorial *La Biblioteca del Exilio*"; Antonio Garrido Moreno, "Luís Seoane e o exilio artístico"e Manuel López Vázquez , "O exilio interior: tiempos de autarquía". Do segundo destaca a reprodución das curtametraxes "La ciudad y el campo"; "Homenaje a León Felipe" e "Entrevista a Carlos Velo" e do terceiro as conferencias de Emilio Grandío, "O proxecto de investigación *As vítimas, os nomes e as voces*"; Carlos Etchevarría, "O Ateneo Republicano de Galicia e o exilio" e a de Xesús Alonso Montero, "Aníbal Otero e a lingüística galega no exilio", coa que clausurou o congreso.

Rei, Maxi, "Matar ó ladrón", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Creación", outono 2009, p. 5.

Sección que acolle o texto narrativo intitulado "Matar ó ladrón", de Maxi Rei, acompañado dunha ilustración de Luís Otero.

Rei Ballesteros, Anxo R., "Dieste", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 5, "Ser, arte e palabra", 2009, pp. 21-25

Neste limiar á *Homenaxe a Rafael Dieste* (A Pobra do Caramiñal, A.C. A miselera, 1995, pp. 5-11), achega unha serie de datos sobre a vida e obra deste rianxeiro. A seguir, analiza as súas contribucións máis importantes á literatura galega: *A fiestra valdeira* (1927) e *Dos arquivos do trasno* (1926). En referencia á comedia, apunta que conserva todo o seu frescor inaugural e luminosidade xuvenil, así como que posúe unha dobre lectura e amosa unha estrutura espectacular construída ao redor dun núcleo central, a tensión entre realidade e ficción. Apunta que a cuestión do espello nesta obra é, no fondo, a cuestión transcendental da identidade e explica que Dieste asume unha función conciliadora, que trata de preservar a memoria colectiva e de reconciliar a cultura ilustrada e a popular. En relación a *Dos arquivos do trasno*, fala do seu estatuto contraditorio e refírese á súa escrita, na que afloran o amor e amor e se caracteriza polo "laimo auditivo (ou, se se quere, 'musical') e eminentemente popular" e a economía verbal. Tamén alude á enorme importancia que Dieste lle outorga ás palabras finais que pechan cada unha destas historias.

Requeixo, Armando, "Libros para ler en verán", *Tempos Novos*, n.º 147, "entre culturas", "Crítica", agosto 2009, pp. 74-75.

Achega diferentes títulos de libros, tanto de narrativa como de poesía, que aconsella ler no tempo de estío. De cada volume comenta brevemente o contido e indica a editorial. Os libros son os seguintes: *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez; *A praia dos afogados*, de Domingo Villar; *Peaxes*, de Santiago Lopo; *O vicio nefando*, de Xosé Manuel Martínez Oca; *Para seguir bailando*, de Francisco Xosé Fernández Naval; *Lúa de Senegal*, de Agustín Fernández Paz; *Secesión*, de Chus Pato; *Zoommm*, de Estíbaliz Espinosa; *Libro de Alicia* (2008), de Olalla Cociña; *Apuntamentos para un cuarto confuso e cambiante*, de Mariña Pérez Rei; *Cabalos do alén na cidade das fábulas*, de Xavier Lama; *Metal Central*, de Alfredo Ferreiro; *Desequilibras e caer*, de Cristina Ferreiro; e *Na terra desluada*, de Ricardo Martínez Conde.

Riobó, Pedro P., "O teatro de Ionesco en Galicia", *Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Temas", verán 2009, pp. 15-16.

Analiza a pegada que a obra de Eugène Ionesco deixou no teatro galego e salienta que se debe ter en conta a diferenza entre a edición e a produción teatral. Explica que tanto nun caso coma no outro non existen moitas mostras. Indica que en relación á edición foi Francisco Pillado o primeiro en traducir a obra *A Lición (drama cómico)*, publicada por Laiovento nos Cadernos da Escola Dramática Galega. A seguir, cita outras obras deste autor que foron traducidas, como *Macbett* (1998), *A cantante calva (anti-obra)* (2002), unha nova edición d'*A Lección (drama cómico)* (2002) e *Rinoceronte: peza en tres actos e catro cadros* (2004). En relación á produción teatral toma como referencia o *Dicionário do Teatro Galego* (1987), de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado Mayor, onde recollen a escenificación de varias obras de Ionesco como *A lición* ou *A cantante calva*. A continuación, cita outras obras postas en escena e dá conta das compañías que as levaron a cabo, como *Xacobe ou a sumisión* (1998), realizada por Begoña Muñoz e dirixida por Ánxeles Cuña; *As sillas* (1992), que recibiu o Premio Compostela e dúas montaxes do *Macbett* realizadas en 1993 por Teatro de Ningures, Títeres Tanxarina e Teatro do Morcego e en 2003 polo grupo universitario Teatro Saraiba de Vigo.

Riobó, Pedro P., "Dorotea Bárcena", *Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Entrevistas", "Fotoentrevista", verán 2009, pp. 43-46.

Entrevista á actriz Dorotea Bárcena a quen describe como un dos piares do teatro galego, amplamente coñecida pola súa participación n'*O show dos Tonechos* da TVG. Comenta que a entrevista está feita en Cangas con motivo da xira que está a realizar Teatro do Morcego. A seguir, Bárcena conta cómo foron os seus inicios no teatro galego e tamén cita os traballos máis destacados da súa traxectoria teatral, así mesmo, comenta que na actualidade está a traballar no espectáculo *Kvetch*, de Teatro do Morcego, e tamén anda a preparar un vodevil titulado *Un mozo moi vivo*. A continuación, achega o seu punto de vista sobre a influencia do audiovisual na profesión de actores e critica que hoxe en día aínda non se poida vivir exclusivamente do teatro.

Rivera, Mabel, "O mellor é que aínda 'estamos", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Entre os anxos e os mortos. Lembrando a A. Rei Ballesteros", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 48-50.

Baixo as iniciais D.V. coméntase que en 1986 a compañía Teatro do Malbarete lle encargou a Anxo Rei Ballesteros un texto teatral para ser intepretado por tres actrices e que falase dos problemas das mulleres da súa xeración, o que lle deu orixe a *Xogos de damas*. Explícase que se trata da primeira montaxe da compañía, que estivo dirixida por Eduardo Alonso e que foi estreada con grande éxito o 22 de abril de 1987 na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia en Santiago de Compostela. Refírese á produción teatral do escritor de Boqueixón e anuncia que, a continuación, Mabel Rivera evoca esa aventura teatral. Alude esta actriz aos nacementos da citada compañía e expón que foi a cuñada de Ballesteros e integrante da compañía, Marisa Soto, quen o propuxo para escribirlles un texto. Explica que foi ela mesma quen, por saber escribir á máquina, comezou con Ballesteros a poñer en papel "todo aquel remuíño de ideas, personaxes e situacións que lle andaban a bulir no maxín", así como confesa que, pese a intimidala a perspectiva de enfrontarse en solitario "a semellante exceso verbal e mental", sorprendeuna encontrar "un ser moito máis amable e cálido do que aparentaba". Salienta que a literatura e a filosofía sempre estaban presentes nas reflexións que lle provocaba o traballo que estaban a facer e faise eco da boa acollida que tivo o espectáculo, que se seguiu mantendo en sucesivas reestreas, ás que tamén alude.

Rodrigues, Américo, "Castro Laboreiro", *Auria*, n.º 148, "Costumbres", agosto 2009, pp. 42-44.

Coméntase que entre o 7 e 8 de agosto de 2009 se desenvolveu na vila portuguesa de Castro Laboreiro o VIII.º Congreso de História Local, organizado polo Núcleo de Estudos e Pesquisa dos Montes Laboreiro, ao que asistiron máis de trescentas persoas incluíndo investigadores galegos e portugueses. Sublíñase que nesta edición se lembrou á figura do investigador e etnógrafo Rocha Peixoto e que se presentaron os volumes *Olelas na lembranza* (2008), de Alberto Pérez Adán; *Eugénio de Castro e a Galiza. Epistolário*, de Eloísa Álvarez e Isaac A. Estraviz; *De Roncesvales a Compostela*, de Manuel Riveiro Pérez e mais o *Dicionário Enciclopédico de Melgaço*, de Joaquim Rocha.

Rodríguez, Gabriela, "Espazos", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Creación", primavera 2009, p. 3.

Acóllese o poema "Espazos", de Gabriela Rodríguez, acompañado dunha ilustración de Luis Otero.

Rodríguez, Gabriela, "Poética", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "Creación", outono 2009, p. 6.

Acóllese nesta sección unha composición poética de Gabriela Rodríguez intitulada "Poética", acompañada dunha ilustración de sabela Arias.

Rodríguez Dacal, Carlos, "Os pinsapos inmortais do Pazo de Trasalba", *Auria*, n.º 142, "Naturaleza", febreiro 2009, pp. 26-29.

Repásase a historia de dúas árbores emblemáticas do Pazo de Trasalba de Otero Pedrayo. Indícase que o 24 de xaneiro de 2009, coincidindo coa chegada do ciclón Klaus a Galicia, foi abatido o Pinsapo do Pazo de Trasalba e destaca tamén que o 5 de febreiro de 1972 un furacán derrubara o pinsapo chamado "O Irmanciño", plantado o día do nacemento de Otero Pedrayo. Detállase que con esta madeira se realizou o cadaleito co que foi soterrado Otero Pedrayo e indícase que a Fundación Otero Pedrayo xa expresou a súa vontade de plantar un novo pinsapo para "dar continuidade a esta historia extraordinaria".

Rodríguez Fer, Claudio, "De Lucus Augusti ao Lucus Universalis", *Trasluz. Lukus*, n.º 5, "Lucus Universalis", inverno 2009-2010, pp. 106-110.

Fala sobre a creación e desenvolvemento do Campus Universitario de Lugo, dende o punto de vista de ter sido primeiro alumno e logo docente no mesmo. Afirma que este foi un feito de moita transcendencia na súa vida, xa que foi alí onde estudou, onde se namorou e onde desenvolve o seu labor docente. Comenta que tamén foi un feito de grande importancia para a cidade de Lugo en xeral, porque supuxo a súa animación cultural, social e económica. Deseguido di que grazas ás múltiples iniciativas de profesores e alumnos no terreo cultural a cidade cobrou dinamismo e lembra como el mesmo comezou a súa actividade cultural nese contexto, xa que alí organizou por primeira vez, sendo alumno, un acto público, unha conferencia do escritor lucense Ánxel Fole e mesmo ciclos de cinema internacional. Refire logo o feito de que o colexio universitario se desdobrase na Facultade de Ciencias e na Facultade de Humanidades, dando lugar á aparición da revista *Moenia. Revista lucense de Lingüística&Literatura*, anuario da Universidade de Santiago de Compostela xurdido en 1996 na facultade de Humanidades de Lugo. Desta, considera que é a máis importante e duradeira iniciativa científica no campo das letras lucenses e a continuación céntrase en indicar quen forma o comité de redacción e en describir os contidos que se inclúen nos volumes de Lingüística e Literatura, tanto de carácter galego (con referencias a autores como Rosalía de Castro) como internacional. Dá os exemplos de contidos literarios aparecidos nalgúns dos volumes e lembra que malia o seu carácter internacional, a cultura galega está especialmente presente nos volumes literarios, sendo mesmo o lugar onde se deron a coñecer investigadores agora recoñecidos.

Rodríguez Fer, Claudio, "Hispanistas en Lugo", *Trasluz. Lukus*, nº 4, "Lucus Universalis", Outono 2009, p. 106-110.

Fálase sobre a presenza no campus lugués hispanistas con motivo de diferentes actos e congresos e que dan mostra, segundo se di, do contacto continuo co exterior. Comézase lembrando que houbo visitantes partícipes da irmandade lingüística luso-galaica, como o teórico da literatura portugués, Vítor Manuel Aguiar e Silva. Logo fálase sobre os hispanistas rusos e dise que foron os que máis se interesaron pola cidade, en concreto pola muralla, para, deseguido salientar a presenza dos norteamericanos e norteamericanas, en concreto algunha profesora cun profundo coñecemento da lingua e

literatura galega. Tamén se salienta a importancia que tivo o encontro internacional "Mulleres escritoras" de 1994 como convocatoria de hispanistas americanas. Acaba o artigo co caso dos e das hispanistas franceses e francesas.

Rodríguez González, Olivia, "Castelao e Vicente Risco na Europa de entreguerras", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 80, tomo IV, ano XX, "Acoutacións", outubro-novembro-decembro 2009, pp. 75-89.

Céntrase nas estadías en Europa de Castelao en 1921 e de Vicente Risco en 1930, das que describe pormenorizadamente as datas e lugares visitados por ambos intelectuais galegos. Explícase o procedemento que tiñan que seguir os pensionados, as contías e os traballos que fixeron cada un deles, así como as fontes onde poden consultarse. Repásanse detalladamente as reflexións de cada un dos autores, analizando as impresións que lles causaron a cada un deles os lugares e as xentes de cada lugar. No caso de Castelao manifesta que non lle gustou a nova pintura, que o atraeu o Futurismo, aínda que refutou as vangardas, que se interesou moito pola pintura na busca dunha expresión galega e detense tamén nas principais características da Europa posbélica que atopou o rianxeiro e as impresións que lle causaron cidades como a de París, as de Bélxica, Colonia e Berlín. No caso de Risco, sinala que modelou o seu diario converténdoo en ensaio. Considera que a diferenza de Castelao, Risco busca amigos, desenvólvese mellor, pasa por París nun momento máis próspero, admira a industrialización de Bélxica e atopa unha Alemaña debilitada pola débeda da guerra. Detalla os seus contactos e aspectos diversos das traxectorias destes persoeiros galegos, como Fernández Armesto, Lois Tobío, Julio Martínez Santa Olalla ou Xosé Canedo Grille. Remata deténdose na idea de Europa que teorizou Vicente Risco e que lle serviu de alicerce na súa etapa decadentista e nacionalista (1909-1936), así como posteriormente no resto da súa vida, na que primou o pensamento católico integrista (1936-1963). Unha traxectoria intelectual marcada polo europeísmo e o futurismo, rastrexando as pegadas que se poden observar en moitos dos seus títulos. Conclúe que é importante deterse nestes casos como representativos dos procesos de transferencia que os axentes culturais levan a cabo para anovar ou construír culturas, no caso de Castelao en plena ebulición do proxecto Nós, para incorporar innovacións e novidades artísticas no sistema galego, no caso de Risco, na busca de novos métodos científicos que prestixiaran os valores culturais do pobo galego.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, "Cervantes nun romántico galego, Jacinto Salas y Quiroga", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 34, xullo 2009, pp. 56-63.

Fálase dunha figura importante do Romanticismo español, xa que o castelán foi a lingua que usou na súa creación literaria, Jacinto Salas y Quiroga, porque creou a revista *No me olvides* e foi o primeiro romántico español en compilar as súas *Poesías* en 1834. Malia todo isto, foi unha figura que permaneceu na sombra até a segunda metade do século XX grazas a un artigo de Emilio Alarcos Llorach, en 1943, e un ensaio de Reginald F. Brown, en 1953; aínda así, a súa obra non se reedita e raramente aparece nas antoloxías de poetas do século XIX. Repásase a súa traxectoria vital e literaria, xa que foi creador de poesía, novela, teatro e contos, e colaborou na prensa da época. Faise referencia aos artigos e libros que trataron deste escritor e a súa obra e destácase que

quizais un dos ensaios máis importantes para coñecer a súa mentalidade romántica sexa *Teoría y crítica del romanticismo español* (1992), de Derek Flitter. Coméntase que para estudar a recepción de Salas tamén hai que lembrar a súa presenza en dicionarios literarios, en enciclopedias, repertorios e antoloxías xa que son fundamentais na canonización ou non dun escritor. Porén, aparece poucas veces en antoloxías, as cales, segundo se cre, son fundamentais para a difusión dos autores. Sinálase que Jacinto Salas fai varias referencias a Cervantes nas súas obras; así, aparece na comedia en verso, representada en Madrid en 1830, *Sancho Panza, gobernador de la Ínsula Barataria*; é citado no prólogo ás súas *Poesías*, de 1834, como exemplo de fonte da que debían beber os románticos, indicador do seu nacionalismo cultural; e publicou en *El Laberinto*, en 1844, un artigo titulado "Cervantes y sus obras", no que fai un repaso pola vida do autor do *Quixote* e cítanse as raíces galegas deste. Indícase que é sorprendente que un romántico coma Salas defendese a crenza de que o tema fundamental do *Quixote* fose mellorar os costumes, eliminando as lecturas dos libros de cabalarías. Finalmente, afírmase que o Cervantes que interesa a Salas é o do *Quixote*, pois non aprecia nin a súa poesía nin o seu teatro, e incluso as *Novelas exemplares* non o entusiasman moito.

Rodríguez Vázquez, Rosalía, "Valente ou a arte da memoria", *Tempos Novos*, n.º 150, "entre culturas", "Entrevista", novembro 2009, pp. 75-78.

Trátase dunha entrevista realizada ao compositor Mauricio Sotelo que estreou unha obra no peche dunha homenaxe a José Angel Valente celebrada no Teatro Principal de Ourense entre o 23 e o 25 de setembro de 2009. Dise que este congreso levou por título *Memoria sonora* e que nel tamén participaron o titular da Cátedra Valente, Claudio Rodríguez Fer e o Premio Cervantes 2006, Antonio Gamoneda. Na entrevista lémbrase como se coñeceron o compositor e o poeta até que desenvolveron un proxecto artístico xuntos, da súa amizade e da obra que o compositor estreou neste congreso. Tamén se inclúe unha pequena reseña sobre a traxectoria profesional do compositor.

Romero, Luis Alberto, "O cruzamento de dous intelectuais", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O rego da cultura", abril, maio, xuño 2009, pp. 13-15.

Analízase o encontro entre os intelectuais, José Luis Romero e Ramón Otero Pedrayo, con motivo do pronunciamento deste último dunha conferencia sobre Galicia na Facultade de Filosofía e Letras en Bos Aires. En liñas xerais, contextualízase o encontro entre ambos persoeiros e opínase que os dous coincidían na importancia de "pensar en Europa". Para rematar, saliéntase que malia os distintos mundos intelectuais nos que estaban inmersos, había en José Luis Romero unha "enorme empatía" cara ao escritor ourensán.

Rozados, Lara, "Amor e propiedade", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 20.

Centra a súa atención en *Amor vermello e escritos sociais e políticos* (2008), que inclúe unha serie de artigos e unha novela da comunista e feminista rusa Alexandra Kollontai. Considera que a actualidade desta autora está en considerar xénero e clase cuestións indisociábeis e refírese ás súas concepcións sobre o feminismo. En relación a *Amor*

vermello, que foi publicada en 1923, sinala que non pretende ser unha obra mestra narrativa, pois a historia de Vasilisa e Vladimir é un pano de fondo para pór enriba da mesa asuntos políticos, incluso aqueles que teñen que ver co ámbito do privado. Entre outros comentarios sobre a citada novela e a súa escrita, apunta que o interese das novelas de Kollontai é que as súas personaxes ousan pór en cuestión a convención moral.

Rovira, Prudencio, "El campesino gallego", *Galegos*, n.º 5, "Encarte", I Trimestre 2009, pp. 137-168.

Sección que acolle integramente o estudio *El campesino gallego* (1904), de Prudencio Rovira.

Salgado, Ana, "A poesía culturalista, envolta en palabras, paréceme superficial", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proTagonista", primavera 2009, pp. 14-17.

Nesta entrevista Lupe Gómez sinala que comezou a escribir ao ler *Baleas e baleas*, de Luísa Castro e que le moito a Manuel Rivas, ademais de apuntar que entre as súas últimas lecturas está moita poesía, Marguerite Yourcenar e literatura infantil. Refírese á súa aproximación a outras compañeiras do proxecto poético dos 90 e afirma que *Pornografía* (2005) define a súa filosofía de vida e a súa forma de escribir. Manifesta que sempre sente o idioma e a literatura como algo que ten que violentar e achega as razóns polas que comeza algúns libros cunha autopoética, alén de explicar a presenza de certos elementos simbólicos na súa obra. Afirma que relaciona moito a poesía coa música e co canto e que *Biorritmos*, un libro que ten escrito nestes momentos, vai contando estados de ánimo e ao final de moitos dos poemas ten cancións populares que escoita. Di que a poesía culturalista, que pretende envolverse nas palabras e non dicir nada, si que lle parece superficial e alude ao que supón para ela a obra de John Berger, así como a escrita de cartas. Apunta que *Fisteus era un mundo* (2001) a reconciliou coa súa infancia e con ese mundo do que sentía certa vergoña e fala do amor na súa obra. Volve referirse a *Biorritmos*, dos que expón é un libro de poesía narrativa un pouco irónica e ofrece algo de colaxe, e responde á pregunta de que estratexia emprega para procurar a liberdade na súa escrita. Estima que é importante pasar por momentos dolorosos e sinala que a súa intención é dicir o que pensa, para logo falar dos títulos, do seu oficio de xornalista, dos motivos polos que as súas obras son autoedicións e dos proxectos futuros. Céntrase en *Diario dun bar* (2008) e aclara que o feito de ver moito teatro conduciuna cara á escrita, ao tempo que indica con que referentes conta no campo visual e refire o proceso de edición desta obra. Tamén supón como sería a súa representación e salienta que nela é todo moi real á vez que disparatado, recurso do que botou man en busca do distanciamento.

Salgado, Daniel, "escribir en tempos insolentes: algunhas novelas negras", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "próLogo", outono 2009, p. 25.

Ao longo de vinte puntos, fai unha serie de reflexións e comentarios sobre feitos históricos, a arte, a novela negra, a narrativa crítica e outras modalidades literarias, recorrendo a nomes recoñecidos dentro do ámbito da escrita.

Salgado, Lourdes, "Manuela Palacios González e Helena González Fernández (eds). *Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy*", *Boletín Galego de Literatura*, nº 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Libros", 2009, pp. 382-389.

Sinala a recensionista que o obxectivo fundamental do volume *Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy* (2008), coordinado por Manuela Palacios e Helena González, é a difusión da obra das figuras femininas máis salientábeis da poesía galega e irlandesa contemporánea. A seguir dá conta polo miúdo das ideas principais desenvolvidas nos diferentes apartados que compoñen o volume, sinalando que no primeiro abrangue os motivos da natureza, a linguaxe e o mito a través dos traballos asinados por María Xesús Nogueira, Manuela Palacios, Eavan Boland, Helena González, Laura Mª Lojo, Mª Xesús Lama, Luz Mar González Arias; mentres que no segundo aparecen dous ensaios asinados por María do Cebreiro e Anne Le Marquand Hartigan e mais catro entrevistas ás poetas Chus Pato, Ana Romaní, Mary O'Donnell e Celia de Fréine. Conclúe destacando que grazas a estes traballos se obtén "unha visión das principais contribucións das poetas galegas e irlandesas cara á transformación do eido literario dos seus países respectivos".

Salvador Agra, Saleta de, "Contra o discurso hexemónico", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 115-117.

Texto que presenta conxuntamente a análise dos ensaios *Anti-Natura* (2008), de María Xosé Queizán, e *O natural é político* (2008), de Teresa Moure. Manifesta que ambos textos discuten a problemática da muller e a natureza e que comparten "aínda con variacións interpretativas" que o "persoal é político". Da obra de Queizán, que analiza a subordinación da muller naturalizada, destaca a viaxe aos fitos claves da historia do pensamento e manifesta que se critica a concepción bioloxicista dende a que se abordan diversas problemáticas. Ademais, resáltase que o concepto de antinatura é visto como unha construción social e política. Por outro lado, repara na obra de Moure, que presenta os perigos da destrución do medio ambiente, ao tempo que "afonda na concepción da natureza sobre a que descansan". Ademais, indica que se invita a "beber da ecoloxía profunda" e das súas consecuencias éticas e estéticas. Comenta tamén que se conxuga o ensaio coa narrativa e que unha "boa parte" do libro aborda a problemática dos dereitos dos animais dende a liña do vexetarianismo. O autor pregúntase se o título encaixa cun lema abandeirado do "ecofeminismo construtivista coa proposta dun eu 'expandido' ou 'transcendente' defendido pola ecoloxía profunda".

Sánchez Bargiela, Rafael, "Alfredo Pedro Guisado (1891-1975). Un poeta portugués de Pías (Pontareas)", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 80, tomo IV, ano XX, "Acoutacións", outubro-novembro-decembro 2009, pp. 109-127.

Aproximación á vida e obra de Alfredo Pedro Guisado, fillo de galegos emigrados a Lisboa, do que se ofrece unha biobibliografía, na que salientan aspectos como a súa participación na fundación do grupo Orpheu. Tamén se presta atención á súa faceta política e á súa abondosa produción poética, deténdose tamén na súa relación con

Galicia, que articula arredor da actividade política, na que presidiu a sociedade "Unión Agraria del partido judicial de Puenteareas en Lisboa"; a súa relación co galeguismo, na que fomentou a celebración de actividades de diálogo cultural galego-portugués, como a celebración dunha semana galeguista en Lisboa e unha lusitana na Coruña; e a edición de poemas en lingua galega, *Xente d'Aldea* (1921), que ten como xerme as colaboracións que publicou no decenario ponteareán *El Tea* ao longo de 1912. Son estes os poemas editados en formato libro en 1921, con ilustración de cuberta de Castelao. Descríbese o contido do volume, no que se observan tres temáticas: as da rusticidade labrega, as de inspiración galeguista e as de fondo simbolista, ademais da influencia de Rosalía de Castro. Dáse conta daquelas obras e críticos que se teñen detido na produción deste autor, que teñen destacado a súa calidade literaria e a importancia de romper o silencio multisecular ao "recuperar a lingua dos traveiros galaico-portugueses, xunguindo Galicia e Portugal nunha mesma expresión artística".

Sánchez-Feijoo López, Luis, "Las sirenas de Cunqueiro", *Ferrol Análisis. Revista de pensamiento y cultura*, n.º 24, "Internacional", pp. 295-303.

Longa recreación do mundo mítico de Álvaro Cunqueiro centrada nos seres míticos que representan as sereas e que poboaban boa parte da obra cunqueiriana. O autor do artigo alude a dúas experiencias persoais nas que, segundo el mesmo di, mantivo encontros con sereas cando practicaba mergullo con outro compañeiro.Ao tempo, lembra os tipos de sereas que aparecían na obra de Cunqueiro e algún dos personaxes que compartían protagonismo con elas, como o mago Merlín e expresa a profunda admiración que sente por Cunqueiro e a súa obra.

Sánchez Ferraces, Xosé Luís, "Vicente Risco e a modernidade. Lectura e análise de tres relatos. (II)", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 12, 2009, pp. 109-117.

Continúa cunha análise de dous dos contos de Vicente Risco, "O lobo da xente" e "A trabe de ouro e a trabe de alquitrán", xa comezada nun ensaio anterior. O primeiro apartado, "O lobo da xente", fai referencia ao conto homónimo, destacando o compoñente marabilloso presente na maioría dos seus contos. Menciona a inclusión deste conto na colección "Lar" e salienta o carácter nacionalista, folclórico e mítico da súa narrativa. Alude así mesmo a outros dos seus traballos como a novela curta *A coutada* (1926); *Las tinieblas de Occidente* (1990): *Teoría do nacionalismo galego* (1920) ou *Libro de las horas* (1961). Clasifica o seu conto "O lobo da xente" como *memorat* ou narración dun suceso insólito pero probabelmente verídico e leva a cabo unha análise a partir da súa estrutura, describindo o seu fío argumental e prestando especial atención á figura do narrador, omnisciente e heterodiexético. O seguinte apartado, "A trabe de ouro e a trabe de alquitrán", alude ao conto homónimo e o analiza segundo o seu argumento, personaxes e referencias históricas e lendarias relativas á Galicia do tempo dos mouros e dos celtas. Conclúe cun apartado dedicado ás referencias bibliográficas.

Sánchez Ferro, Pablo, "O Fondo Luís Soto Fernández' do Arquivo Histórico Provincial de Ourense", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 30, maio 2009, pp. 26-31.

Céntrase no contido do arquivo persoal do galeguista Luís Soto Fernández, cedido polos seus herdeiros ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense en 1993, e composto por materiais que se estenden dende 1921 até 1978 sobre a historia do galeguismo na emigración e certos aspectos da historia do comunismo español. Salienta entre os fondos os manuscritos e a correspondencia mantida entre Luís Soto e numerosos persoeiros e intelectuais coetáneos, documentos vinculados coa súa actividade política e escritos que dan conta da vida da revista *Vieiros* (1959-1968), coma tal: relacións de subscritores, correspondencia, orixinais e galeradas.

Santamarina, Antón, "Ramón Cabanillas e a lingua", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 78, tomo II, ano XX, "Acoutacións", abril-maio-xuño 2009, pp. 61-74.

Reprodúcese a intervención de Antón Santamarina no ciclo de conferencias organizado por Candea Asociación de Ensinantes do Salnés, que se celebrou en Cambados en outubro de 2008, na que se analiza a relación de Ramón Cabanillas coa lingua galega e as características particulares que presenta na súa obra. É de interese para a Literatura galega a introdución que fai neste estudo, na que se detén na traxectoria literaria de Cabanillas e no seu propio coñecemento do autor, do que oíu falar por primeira vez cando tiña dezasete anos e do que leu *No desterro* (1926). Refírese á fonda impresión que lle causaron algúns versos e detense na relación de Cabanillas co galeguismo e a importancia da súa estadía en Cuba. Para afianzar a lealdade ao ideario galeguista reprodúcese algunha dedicatoria e parágrafos de cartas do autor, entre elas a que lle escribe a Raimundo Riestra o desenvolvemento da Asemblea de Lugo (1918) na que se reflicte o ideario que el asumiu con fervor. Considérase que esta lealdade a mantivo até o final da súa vida, por iso foi dos que contribuíu á fundación de Galaxia no inicio da recuperación cultural de Galicia en 1950.

Santiago, Carlos, "Eloxio do outsider", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 5, "Voces con Anxo", 2009, p. 191.

Apunta que Anxo Rei Ballesteros, "Lector de Heidegger e Nietzsche, tradutor de Beckett e Cocteau, e discípulo de Bataille no exceso como trazo vital e literario", tomou a morte, o tempo, a violencia e o erotismo como mananciais do seu pensar. Explica que este pensar cobrou forma ensaística en dous textos referenciais, " A Outra Memoria" (Grial, 1989) e *Tempo e Viganza* (Galaxia, 2003), dos que achega uns breves comentarios. Tamén sinala que o compromiso de Ballesteros coa escrita foi "compromiso en corpo e alma co misterio da vida e coa tarefa de dar expresión ao prohibido, aquén e alén dese espectáculo mediático que con pouco decoro adoitamos chamar Historia". Remata manifestando que foi un "outsider", un home que soubo vivir e escribir na linde mesma da orde social.

Seara, Teresa, "As vértebras do tempo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182,

Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 108-109.

Comeza facendo unha reflexión sobre o tempo e sinala que a publicación da obra de Paulino Vázquez, *Arcaico o tempo que respira* (2008), se enfronta directamente co misterio. Céntrase en comentar a división tripartita que o autor fai do poemario: na primeira parte, obsérvase o entorno, o que tivo vida e agora morre; na segunda, infórmase que o "eu percorre as tumbas" de persoeiros destacados, moitos deles do mundo das letras; e na terceira e última, alúdese ao estabelecemento dun "paralelismo simbólico entre os desolados outeiros de Yorskhire" e o estado de ánimo do poeta. Salienta ademais a presenza dunha flora propia dos defuntos e a cantidade de termos mortuorios na segunda parte. Para rematar, indícase que non se observa outra redención "que a derivada da memoria".

Serantes López, Mª Aránzazu, "Correspondencia José Ángel Valente-María Zambrano", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Documentos", 2009, pp. 317-328.

A autora dá a coñecer a correspondencia inédita que mantiveron María Zambrano e José Ángel Valente, tras rescatala nos arquivos da Fundación María Zambrano en Vélez (Málaga). Recóllense un total de doce textos que dan conta da amizade entre ambos creadores e das diferentes etapas polas que pasou.

Silva Paredes, Zé, "Encontro de directoras e directores de escena da XXVI MITCF de Cangas do Morazo. O noso teatro e a crise de todos", *Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Temas", outono 2009, pp. 21-26.

Reflexiónase sobre a actual crise económica a partir dunha introdución na que se sustenta a idea de que a mesma é un problema xeral de toda a sociedade. Deseguido dise que, polo contrario o teatro sempre estivo en crise e os prexuízos cara a este sector son unha constante. Establécese que existen algunhas voces críticas que afirman que o teatro debe buscar o financiamento privado pero que para o autor do artigo o servizo que ofrece o mundo do teatro é un servizo público. Deseguido formúlanse unha serie de preguntas acerca dos problemas do sector e logo as posibeis respostas ás mesmas que se resumen en que o teatro cumpre un importante labor dentro da sociedade actual e ademais faino en galego. Céntrase despois na importancia da educación teatral e destácase o feito de que xa exista unha Escola Superior, a ESAD de Vigo. Tamén se critica que o seu maior reto é convencer ás institucións do que se di no artigo e a necesidade de crear unha estrutura legal que protexa os actores e actrices .

Sotelo, Vanesa, "O 'Macbett' de Ionesco não poia fugir à tragédia da loucura humana", *Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Temas", verán 2009, pp. 17-18.

Entrevista ao director teatral Júlio Cardoso, responsábel da escenificación de *Macbett*, de Ionesco en 1994, unha coprodución entre Teatro de Ningures, Teatro do Morcego e Títeres Tanxarina. Comenta que as lembranzas xa son algo tenues, mais o feito de representar aquela peza foi moi significativo. Indica por qué escolleron esa obra e non

outras de Ionesco para representar e explica como abordou a posta en escena. Por último, dá conta dos principais atractivos e as maiores dificultades da obra de Ionesco.

Sotelo, Vanesa, "Ionesco consideraba a Shakespeare como o antepasado do teatro do absurdo", *Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Entrevistas", outono 2009, pp. 78-79.

Con motivo do centenario da morte de Ionesco faise unha entrevista a Ánxeles Cuña, unha das directoras teatrais que puxo en escena algunha das súas obras, neste caso *As sillas*, coa súa compañía Sarabela en 1992. A autora lembra que a acollida foi moi cálida, que se fixo un gran labor de documentación así como a complexidade da composición espacial. Tamén se fala sobre os principais atractivos e dificultades que presenta a obra para a directora e sobre os posíbeis cambios que faría de representala hoxe.

S. T., "As mariñas de Pérez Lugín", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Viaxeiros", primavera 2009, pp. 25-26.

Refire que o escritor Alejandro Pérez Lugín é considerado máis un foráneo ca un escritor galego que viviu en Madrid. Achega breves datos sobre a súa biografía e indica que no artigo reproduce o texto "A banda de Panchón" publicado orixinalmente en castelán na prensa e recollido posteriormente na obra *La corredoira y la rúa*. A seguir, fala da presenza da figura de Panchón na obra de Pérez Lugín.

Sumai, Anxos, "O horizonte está en ti", *O Ollo Público. Revista das artes*, n.º 23, "Literatura", "Crítica literaria", setembro 09-decembro 09, p. 03.

Anxos Sumai comenta a obra de Olalla Cociña, *Libro de Alicia* (2008), e explica como se sentiu ela cando leu a poesía de Cociña. Ademais identifícase coa protagonista dos versos e comenta que esta obra lle lembrou a Anne Sexton. Por último, volve destacar a frase 'O horizonte está en ti' coa que comezou o artigo e que aparece no libro como a "resposta salvífica da poeta".

Tarrío Varela, Anxo, "*O porco de pé* e algo máis", *Boletín Galego de Literatura*, n.º 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Oitenta anos d'*O porco de pé*", 2009, pp. 239-256.

Anxo Tarrío opina que a atención que se lle prestou á novela de Vicente Risco *O porco de pé* (1928) eclipsou outras do mesmo autor e de talante escritural semellante pero redactadas en castelán despois da guerra civil. Por iso céntrase en dar claves para comprender os textos narrativos que Risco publicou na posguerra ou deixou inéditos e só se fixeron públicos despois da súa morte. Tales textos son as novelas *La puerta de paja*, *Gamalandalfa*, *El niño de dos cabezas de Promonta*, *Saitaphernes* e algúns relatos de non menor interese, nos que Vicente Risco amosa o seu gusto polo fragmentario e por crear estruturas rizomáticas que lle prestan á súa escritura unha total actualidade.

Teijeiro Gorgoso, María, "Montse Mera Fernández. El periodismo de Álvaro Cunqueiro. El 'Envés' como columna original en la prensa española", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 39, Vol. XIX, "Libros", 2009, p. 395.

Dise que no libro de Montse Mera Fernández, *El periodismo de Álvaro Cunqueiro. "El envés" como columna original en la prensa española* (2008), fálase sobre a outra vertente da escrita de Álvaro Cunqueiro, a súa columna semanal no *Faro de Vigo*, que levaba por título "El envés". Coméntase que os oito capítulos do libro analizan os aspectos que definen ao escritor como xornalista, entre outros as reflexións que el fai sobre a súa profesión e sobre temas de actualidade vixente. Tamén se indica que os contidos desa columna partían de fotografías, reportaxes de prensa ou conversas con amigos e elaboraba unha columna que mesturaba ficción e realidade, ironía, humor e memoria.

Teira, Manuel, "Tempo e vinganza (Crítica que non puido ser)", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 5, "Voces con Anxo", 2009, pp. 187-188.

Céntrase na última obra publicada de Anxo Rei Ballesteros, *Tempo e vinganza* (2003), coa que nos invita a sumarnos "a esta festa de pensamento na que afonda sobre o drama de 'Hamlet". Sinala que a idea do tempo é determinante na vertebración deste traballo e apunta que Ballesteros esmiúza "ese tic-tac obsesionante do reloxo que marca un tempo acelerado e fratricida; vertixinoso: definitivamente moderno". Por outra parte, apunta que neste ensaio queda clara a sensibilidade do autor, "mesturando con acerto eses compoñentes de literatura e filosofía, e mesmo algunha dose de poesía, fundamental para achegarse ás profundidades abisais deste texto de Shakespeare".

Trasluz, "Paco Martín. Escritor", *Trasluz. Lukus*, n.º 5, "Un lugar, un libro, un disco", inverno 2009-2010, p. 118.

O escritor Paco Martín fala sobre as súas preferencias literarias e musicais e di que lle resulta moi complicado facer unha escolla entre tantos libros e discos que son do seu gusto. Decántase, cunha compoñente fortemente sentimental, polo exemplar da primeira edición de *Se o vello Simbad volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro, publicado na editorial Galaxia en 1961, e que tiña un custo de sesenta pesetas. Trátase, segundo el di, dun agasallo que lle fixo súa muller cando aínda eran mozos e que lle fixo entender a mestría do autor e a potencia literaria do idioma galego. Logo di que o disco escollido é *Songs of Love and Hate* de Leonard Cohen, un galano que lle fixera Uxío Novoneyra.

Tudoras, Laura Eugenia, "Pascual, Roberto (ed., 2006): *A obra de Manuel Lourenzo no sistema teatral galego*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 240-242.

Trae á memoria o volume editado por Roberto Pascual en 2006, *A obra de Manuel Lourenzo no sistema teatral galego*. Describe cada estudo que compón o volume, comezando polo primeiro deles, "No labirinto de Manuel Lourenzo", do que destaca o labor ensaístico do teatro da derradeira etapa vital do autor. Do seguinte, "Manuel Lourenzo nos escenarios dun 'Abrente' teatral galego", salienta aqueles textos

dramáticos de grande utilidade para a súa posta en escena. Continúa con "As voltas co pasado: a historia no teatro de Manuel Lourenzo", do que menciona o labor do autor no referido ao teatro histórico e pasa a describir o seguinte capítulo, "Raíces e memoria do mito no teatro de Manuel Lourenzo", en torno ao mito no teatro. Prosegue coa análise do vindeiro estudo, "A recepción crítica do teatro de Manuel Lourenzo", do que gaba a súa produción escénica. De "Docencia e investigación na traxectoria teatral de Manuel Lourenzo" comenta a positiva reconstrución da súa traxectoria como dramaturgo e pasa ao seguinte ensaio, "Medea e Xasón baixo o signo de Sísifo. Roles de xénero e desexo desmesurado fronte a lei do pai", do que salienta as personaxes tipo Medea creadas polo autor. A seguir, "O valor da palabra. Algunhas consideracións teatrais a partir da posta en escena de *Cando chega decembro* e d'*A velada espectral de míster Peabody*", do que destaca o seu teatro marcado pola literariedade. Conclúe coa mención da entrevista co autor, "Evocación e invocación. Conversa con Manuel Lourenzo" e o derradeiro capítulo, "Manuel Lourenzo: tempo de colleita (obra dramática e bibliografía)".

Valenzuela, Nerea de, "Nas profundidades do 'eu", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 121-122.

Sinala que Raúl Dans se interna en *Nachtmahr* (2008) nas zonas máis fondas do subconsciente (o medo á morte, os recordos da infancia ou os traumas da complexidade do sentimento amoroso), ao mesmo tempo que dá renda solta a fantasías eróticas ocultas, mesturándoo todo con grandes doses de ironía, esceptismo e referencias autobiográficas e autoriais. Así mesmo, apunta que ofrece unha crítica explícita e xocosa ao papel que ten o escritor na nosa sociedade, así como a unha opresiva e fracasada sociedade contemporánea. Tamén considera que "Os bloqueos do escritor, o temor á páxina en branco e a confusión (identificación?) entre autor e personaxes son o marco principal e recorrente no que se desenvolven todos estes asuntos". Por outra parte, rastrexa pegadas doutros autores en *Nachtmahr*, caso de Kafka, Eduardo Mendoza e Paul Auster, entre outros e anota que o onírico monólogo interior que inicia a obra coa voz do protagonista en *off* é toda unha declaración de intencións.

Vázquez, Laura, "Fundacións: o mellor exemplo do dinamismo dunha sociedade", *Auria*, n.º 142, "Reportaje", febreiro 2009, pp. 10-15.

Manifesta que en Ourense funcionan sesenta e tres fundacións que teñen a consideración de "interese galego" e destaca que moitas delas teñen alcanzado un importante rol no desenvolvemento de Ourense. Indica que delas dezaseis están vinculadas coa cultura e detense na Fundación Otero Pedrayo en Trasalba, na Fundación Vicente Risco en Allariz, na Fundación Antón Losada en Boborás ou na Fundación Curros Enríquez de Celanova. Este artigo está acompañado con grandes fotografías entre as que podemos ver a Fundación Curros Enríquez e mais a Fundación Otero Pedrayo.

V. B., "Galicia no café Tortoni", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O rego da cultura", abril, maio, xuño 2009, p. 11.

Ademais de informar das reunións que dende 2006, e que unha vez ao mes, teñen lugar no café Tortoni de Bos Aires, alúdese tamén á celebración nesta cidade do Día de Galicia, por primeira vez dentro das actividades da Feira do Libro (edición XXXV). Xestionado por Rui Farias e o Instituto Arxentino de Cultura Galega, dise que ao redor de cincocentas persoas asistiron aos actos, entre os que participaron María Rosa Lojo, Miguel Anxo Fernán Vello, Alfonso Sanmartín, Víctor Freixanes e Xabier P. Docampo, entre outros. Salienta ademais a entrevista da AELG (Asociación Galega de Escritores) con entidades galegas activas na capital.

V. B., "Memoria crítica de alén mar", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O rego da cultura", xullo, agosto, setembro 2009, p. 11.

Faise eco do falecemento de Antonio Pérez Prado (1926-2009), que formou parte do ámbito intelectual e galeguista porteño cando en Galicia resistía a cultura e a lingua abafada polas restricións da ditadura franquista. Alude á súa profesión de médico e á súa participación en actividades culturais e literarias, entre as que destaca as súas colaboracións escritas e a elaboración do guión do documental *Castelao*, que a finais dos anos 70 rodou o cineasta arxentino Jorge Prelorán.

Veiga, Eva, "Poemas", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 35, novembro 2009, p. 81.

Acóllense os poemas intitulados "1" e "2", de Eva Veiga.

Vega Alonso, María Lourdes, "Antígona, A Cartuxeira, Neuras", *Revista Galega de Teatro*, n.º 61, "Festivais", inverno 2009, pp. 120-122.

Coméntase a presentación do libro de María Xosé Queizán, *Antígona, A Cartuxeira, Neuras* (2008), na Editorial Galaxia, dentro dos actos da Mostra de Teatro de Cangas, e dise que a propia autora define as mesmas como traxedia, drama e comedia. Indícase que as tres pezas amosan o interese da autora pola situación da muller na sociedade actual, polo que a converte na única protagonista. Critícase o feito de que a ideoloxía obriga á presenza de múltiples liñas de acción que non son dabondo desenvolvidas. Despois descríbese a estrutura do libro e o contido de cada unha das tres pezas que o compoñen. Finalmente destácase a simplicidade estrutural das tres obras, divididas en actos e escenas e saliéntase que á autora interésalle máis a ideoloxía que a indagación formal.

Vélez Barreiro, Marco, "Conexiones entre música popular y literatura en Galicia e Irlanda: notas para un estudio preliminar", *Garoza*. *Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular (SELICUP)*, septiembre 2009, n.º 9, "Artículos", pp. 185-194.

Comeza indicando que, pese a que existen claras conexións entre música e literatura galega, son escasos os traballos que se dedican a estudalas, e que iso mesmo ocorre coas relacións entre a música galega e a irlandesa. Recolle notas que son "resultado de una

primera cala" para observar como poder abranguer ese estudo. Explica que en primeiro lugar estuda algunhas obras e autores "clave" na relación entre a música e a literatura en Galicia e que serven de punto de partida para o estudo, tal é o caso da "musicalización de textos de literatura cultta y popular" e de textos "de la llamada *canción protesta*". Apunta que un dos músicos que inciorpora a literatura galega é o berciano Amancio Prada nos seus primeiros discos *Vida e morte* (1974), C*omo chove miudiño e Un repoludo gaiteiro* e con posterioridade centrándose na poesía rosaliana con discos como *Rosalía de Castro* (1975). Indica que tamén se interesou por outros autores galegos como Celso Emilio Ferreiro e Álvaro Cunqueiro e que dedicou unha discografía completa, *Lelia Doura* (1980) a trovadores galego-portugueses dos séculos XII e XIII. A seguir destaca que Joaquín Pixán publicou un disco de homenaxe a Ramón Cabanillas cando se cumpría o 125 aniversario do nacemento do escritor galego e extraendo cancións dos poemarios *No desterro* (1913), *Vento mareiro* (1915), *Da terra asoballada* (1917) e *A rosa de cen follas* (1927) e sendo acompañado ao piano polo vasco Alejandro Zabala. Comenta que o disco *A canción de concerto* (2000) inclúe unha selección de poemas de distintos autores e músicos galegos. Céntrase no disco que considera de "vital importancia", *A canción galega* no que a soprano Ángeles Blancas interpreta, acompañada ao piano por Miguel Zanetti, cancións tiradas principalmente de "Negra sombra", de Rosalía de Castro e *Lonxe d'a terriña*, de Aureliano J. Pereira. Comenta que en relación coa literatura culta o interese está nos compositores que musicaban textos de autores, mentres que na literatura popular cómpre reivindicar o labor desenvolvido polos coros Cántigas da Terra (A Coruña), Toxos e Frores (Ferrol), Cantigas e Agraimos (Santiago) e De Ruada (Ourense). Refire que estes últimos recolleron se forma "minuciosa" melodías populares, cancións, ditos, refráns e distintos tipos de material etnográfico coa finalidade de salvagardar o patrimonio inmaterial galego. Engade ademais que Amancio Prada tamén achegou os discos *Caravel de caraveles* (1976) no que interpreta canción como "Unha noite no muíño", "Eu teño un canciño" ou "Ven bailar Carmiña"; e *De mar e terra* (1999) onde canta coplas coma "Teño un amor na montaña", "Nosa Señora da Barca" ou "Airiños, airiños aires". En relación coa canción protesta salienta o labor desenvolvido polo grupo lugués Fuxan os Ventos, cunha constante labor de recuperación da literatura de transmisión oral e a música tradicional; o cantante Suso Vahamonde (Pontecaldelas, 1950-Redondela, 2000) quen dedicou un disco completo a Celso Emilio Ferreiro no ano 1978 e outro sobre panxoliñas, *É nadal*; o grupo "A Quenlla" musicalizando literatura popular e tamén culta. Conclúe afirmando as íntimas conexións entre a literatura culta e popular e a música galegas, que segundo o traballo *Crónica do folk galego. 25 anos de historia* (2000), de X.M. Estévez e O. Losada se confundían antigamente. E tamén que co renacer musical dos anos 70 se incrementou o interese dos músicos galegos pola literatura, sexa cunha finalidade política e social ou "puramente poética", aínda que con ambas amosen "un profundo amor por Galicia y un compromiso inequívoco con su lengua y su cultura".

Vidal López, Nicolás, "A prensa histórica de Lugo a comezos do século XX", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 39, Vol. XIX, "Estudios", 2009, pp. 213-226.

Coméntase que a Gran Guerra (1914-1918) se considera historicamente como o marco de separación entre a "nova" e a "vella" prensa; así, o novo xornalismo confecciona o xornal dun xeito máis horizontal, polo que distribúe mellor a publicidade e gaña espazo

para fotografías ou ilustracións. Sinálase que o xornal lucense que mellor soubo apostar polos cambios foi *El Progreso*, o cal se consolida na segunda década do século XX e chega até a actualidade, despois de, en 1937, quedar como único xornal diario da capital lucense durante varias décadas. Indícase que o primeiro terzo do século XX é o máis vizoso en canto a publicacións xornalísticas; xa que, á parte dalgúns xornais e semanarios vilegos e comarcais, Lugo capital conta con varias cabeceiras interesantes: *El Regional* (o xornal, de tendencia liberal-conservadora, máis veterano e o máis lonxevo da historia lucense despois de *El Progreso*, xa que foi fundado en 1882 por Aureliano José Pereira e, tras catro etapas, cesou definitivamente o catro de xullo de 1931), *La Idea Moderna* (xornal liberal, no que publicou Rof Codina por primeira vez, que apareceu en 1889 e que, tras varias etapas e reaparicións, publicou o trinta e un de decembro de 1919 unha nota anunciando a súa despedida), *El Norte de Galicia* (diario conservador, que apareceu o trinta e un de xaneiro de 1901 e saíu por derradeira vez o seis de xaneiro de 1923, e no que había espazo para os traballos de creación literaria), *La Voz de la Verdad* (xornal de gran referencia da prensa de dereitas que foi fundado o tres de outubro de 1910 e pechado o quince de xaneiro de 1937), *La Provincia* (xornal con tendencia política liberal-conservadora que saíu o trinta e un de maio de 1923 e finalizou o trinta e un de decembro de 1928, e no que se publicou o primeiro artigo de Ánxel Fole, o dezasete de xaneiro de 1928). Para rematar, tamén se fai referencia a outras publicacións de menor duración como: *Ronsel*, *¡Ahora!*, *Guión*, *Yunque* ou *La República*; así como o xornal conservador e monárquico *Alborada* e a cabeceira republicano-progresista e laica fundada polos irmáns Evaristo e Juan Antonio Correa Calderón *Vanguardia Gallega*, na que colaboraron intelectuais galeguistas como Ramón Otero Pedrayo, Luís Pimentel, Paz Andrade, Suárez Picallo ou Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Vieiro, Laura, "Unha fiestra aberta ao mundo/Una ventana abierta al mundo", *Galegos*, n.º 6, "Crónicas/Crónicas", II trimestre 2009, pp. 122-131.

Fálase sobre un novo proxecto da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia que pretende unir a Galicia da emigración coa súa terra, a través da páxina web www.galiciaaberta.com, mediante a cal as persoas poderán acceder a diversos servizos e consultar o patrimonio artístico, literario e cultural de numerosos centros e asociacións de galegos que se constituíron durante a diáspora ao longo do século XX. Primeiro preséntase a páxina e descríbese o seu contido, e indícase que o froito son oitenta e mil imaxes de libros e documentos con mil cincocentas fotografías de cadros, edificios, esculturas e outros elementos significativos. Dise que cada obra catalogada contén unha ficha con información sobre o autor, a data de creación e o lugar ao que pertence, e que tamén se poden facer visitas virtuais polas diversas instalacións. Despois vanse dando os nomes de distintos centros e asociacións arxentinas, brasileiras ou portuguesas e do resto de Europa e descríbese tamén o seu labor e o seu patrimonio cultural. Noméanse diferentes autores galegos que foron pasando por eses centros, como o de Montevideo, ou dos cales se gardan obras e documentos como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo ou Francisco Fernández del Riego. Por último faise unha referencia a cal é o obxectivo fundamental deste proxecto e cales son outros sevizos que se ofrecen a través da páxina.

Vieiro, Laura, "Centro gallego de Buenos Aires:' Máis dun século velando pola cultura, tradición e a saúde dos galegos na Arxentina/ Centro gallego de Buenos Aires:' Más de un siglo velando por la cultura, la tradición y la salud de los gallegos en Argentina", *Galegos*, n.º 8, "Crónicas/Crónicas", IV trimestre 2009, pp. 121-129.

Coméntase pormenorizadamente o labor desenvolvido polo Centro Galego de Bos Aires ao longo dos seus cen anos de historia, convertido nunha das máis importantes institucións do galego no exterior. Primeiro lémbrase como e cando comezou a emigración galega cara a América e como a cidade de Bos Aires se converteu nun dos principais destinos de xeito que os galegos e galegas aí residentes decidiron crear un espazo propio no que se poidesen expresar e manter viva a súa lingua e a súa cultura. Dise que o seu comezo foi o 31 de outubro de 1906 cando se celebrou no antigo Teatro Victoria da cidade un acto conmemorativo do falecemento do músico e compositor Pascual Veiga. Lémbrase como a organización centrou os seus primeiros anos en axudar os inmigrantes e impartirlles, por exemplo, cursos de alfabetización ou ofrecer axuda médica. Faise tamén unha reseña da revista *Galicia* como o primeiro medio para difundir e manter o espírito da galeguidade. Logo descríbense máis actividades que se realizaron alí e os cambios de sede que foi tendo ao longo do tempo. Deseguido, céntrase no Instituto Argentino de Cultura Gallega do que se di que ten a función social e cultural da entidade como o mantemento da Biblioteca social Manuel Murguía, que conta cuns vinte mil volumes e o arquivo sonoro que contén gravacións de conferencias e actos nos que participaron persoeiros como Ramón Otero Pedrayo ou Vicente Risco. Outras salas coas que conta a entidade son o Teatro Castelao, unha sala de exposicións co nome de Isaac Díaz Pardo e mesmo unha editorial propia, Ediciones Galicia. Por último, lémbrase como o tres de maio de 1990 a Xunta de Galicia concedeulle a Medalla de Ouro de Galicia a este Centro, como recoñecemento ao seu labor.

Vieites, Manuel F., "Sistema, repertorio e política teatral", *Revista Galega de Teatro*, n.º 61, "Temas", inverno 2009, pp. 21-35.

Extenso artigo no que se reflexiona sobre o concepto de repertorio aplicado ao sistema e política teatral. Pártese dunha introdución na que se define o concepto e reflexiónase sobre el en referencia ao sistema teatral galego. Tras isto faise un percorrido pola historia do teatro para comprobar os diferentes escenarios nos que se foi desenvolvendo, dende as diferentes compañías peninsulares até a comedia da arte italiana ou as compañías francesas. Repasa logo a ambivalencia do termo repertorio e retrotráese á definición clásica e á súa etimoloxía para, antes de entrar no sistema teatral galego percorrer outras tradicións universais. Pásase logo á vinculación do concepto repertorio co sistema teatral para estudar as súas implicacións nas políticas teatrais e dá tamén resposta ás necesidades que observa na Península Ibérica. Aténdese tamén ás dúas vertentes do concepto teatro: literatura dramática e representación teatral. Fálase da diferente perspectiva que adoptan os discursos que poden ser contra-hexemónicos ou subversivos e pásase xa á cuestión do caso galego. Comeza referíndose ao seu proceso de construción e á problemática que supón a convivencia de dúas expresións lingüísticas diferentes nun mesmo sistema teatral. Dise que moitas persoas non aceptarían que se subvencione con fondos públicos, un teatro en Galicia non feito en galego pero que hai que deterse na análise das dinámicas internas que provocan as diferentes dinámicas externas e viceversa polo feito de que non exista aínda un sistema teatral institucionalizado. Sinálase que as diferentes perspectivas que se poden

considerar hai que basealas nos diferentes elementos do sistema como creadores mediadores, empresas, compañías, formadores, técnicos, actores, etc. Céntrase deseguido nas diferentes modalidades de repertorio que poden atoparse dentro dos espectáculos ofrecidos polas compañías e na necesaria diferenciación entre repertorio deficiente, tenteado e consolidado fronte á idea de non repertorio. Dise tamén que o repertorio é o elemento que define a relación das compañías co público e o seu dinamismo interno e que en Galicia son evidentes as deficiencias en canto á profesionalización do sector teatral. Ofrécese por último unha relación de referencias bibliográficas.

Vieites, Manuel F., "O Daniel Cortezón e as historias da nación galega", *Revista Galega de Teatro*, n.º 61, "Espazos", inverno 2009, pp. 59-61.

Indícase na introdución que se trata dun artigo de lembranza e agradecemento ao dramaturgo Daniel Cortezón, falecido en outubro de 2009, pola súa obra sempre comprometida coa historia e lingua galega. Comeza coa afirmación de que todas as nacións do mundo se constrúen a través das súas narracións e relatos de diversa índole. Para achegarse ao caso galego faise primeiramente un percorrido polas literaturas irlandesa e gaélica nos seus comezos. Logo céntrase nos dramaturgos galegos a partir do século XIX e principios do século XX, como ocorre con *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas, que tentaron dar a coñecer unha visión diferente da historia galega até chegar á obra de Daniel Cortezón, o cal asume a tarefa de darlle continuidade a aquelas tentativas. Dise que este autor mostra unha nova maneira de considerar a materia dramática, a través de procedementos dialécticos para amosar as contradicións do real histórico, seguindo a autores como Bertolt Brecht ou Luís Seoane. Lémbranse os seus primeiros traballos fundamentais como *Prisciliano* e un momento importante na súa traxectoria que se produce en 1999 cando o Centro Dramático Galego pon en escena a súa obra *Xelmírez ou a gloria de Compostela*. Tamén se fai referencia á súa obra narrativa, como *A vila sulagada* coa que gañou o Premio Blanco Amor de Novela na súa primeira edición en 1981. Outra das súas obras que se destacan no artigo é *Teatro e nacionalismo* na que dá conta dos múltiples atrancos sufridos pola lingua galega para ser lingua de creación e comunicación na escena pública.

Vila Barbosa, María Magdalena, "Estudar a historia da nosa tradución", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 111-112.

Crítica da obra *O alleo é noso. Contribucións para a historia da tradución en Galicia* (2008), de Xosé Manuel Dasilva, que reúne corenta e un artigos sobre a actividade tradutora en Galicia. Subliña que os capítulos están ordenados de acordo cun estrito criterio cronolóxico. A seguir, refírese a algúns capítulos concretos como o que abre o libro, centrado no exercicio tradutor do Padre Sarmiento. Ademais, sinálase, entre outros datos, a acollida da obra de Rosalía de Castro cando foi transferida ao portugués do Brasil no seu tempo, as achegas que realizou Curros Enríquez como teórico da tradución ou a débeda no eido da tradución cos homes do grupo Nós. Coméntase que a tradución do *Ulysses*, de James Joyce, por Ramón Otero Pedrayo, é obxecto neste libro dunha "análise individualizada". Así mesmo, destácase a atención que se lle presta ao fenómeno da autotradución e informa de autores galegos que se traduciron a si mesmos

ao castelán. Para rematar, indícase que os temas do volume son abordados "con moita solvencia".

Vilavedra, Dolores, "Inconformismo autorial", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 105-106.

Comenta *Costa Norte/ZFK* (2008), de Xurxo Borrazás, e salienta que o grande acerto deste texto é recorrer a unha linguaxe recoñecíbel e transformar unha historia presentada como ficción futura nunha "prolongación posible do noso presente". Entre os antecedentes publicados recentemente dentro do xénero da ficción científica cita *Se buscabas un deus* (2006), de Xavier Quiroga; *Canícula* (2007), de Mariña Pérez Rei; e *O profesor de vegliota* (2008), de Manuel Veiga. Refire os trazos presentes na novela, como a organización do discurso narrativo en capítulos sen ordenación lóxica e o final aberto da historia, e salienta a elección de mulleres vellas como protagonistas, elemento que Borrazás xa explotara en *Ser ou non* (2004), representado neste caso pola oposición que se estabelece entre Rosa e Amparo.

Vilavedra, Dolores, "Rosalía por outros ollos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPulsión", primavera 2009, p. 28.

Sinala que *Rosalía 21* (2008) é un ambicioso proxecto interdisciplinario, ao coidado de Anxo Angueira, que pretende reler a autora "á luz de novas claves interpretativas e desde novos modelos estéticos", así como "con ollos distintos e voces novas". Explica que este proxecto se desenvolveu nun espectáculo audiovisual, un disco coas gravacións dese espectáculo e un libro que pasa a comentar. Refírese á súa condición polilingüe e considera que optar por menos versións lingüísticas lles permitiría aos autores un maior espazo para desenvolver as súas argumentacións. Valora positivamente a súa edición e o deseño de Uqui Permui e considera que o volume se articula de xeito desigual, eivado pola disparidade de rexistro entre aqueles estudos máis académicos e aqueloutros que optan por unha perspectiva máis subxectiva. Por outra parte, estima que a heteroxénea orixe do material afecta ao aparato crítico porque, ao pé daqueles traballos que carecen del, noutros a súa inexistencia resulta frustrante e réstalles utilidade. Laméntase de que, por problemas de saúde, Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda non entregase o seu traballo e o editor optase por escolmar algúns parágrafos de dous dos seus artigos, en lugar de pedirlle a alguén que realizase, quizais, unha síntese de todas as novidades biográficas e unha valoración de como afectan ao noso coñecemento da figura autorial. Achégase a outras colaboracións e manifesta que, sen dúbida, a de María do Cebreiro é a colaboración máis audaz: "a súa proposta está chamada a anovar radicalmente a noción de 'sombra' estudándoa a partir da súa conexión cos procesos subxectivos de reflexividade, da súa dimensión como figura gnoseolóxica, e da paradoxal proxección cara ao infinito destes elementos".

Vilavedra, Dolores, "Dentro e contra a literatura", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "Entre os anxos e os mortos. Lembrando a A. Rei Ballesteros", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 25-31.

Alude ao "valor emblemático" que hoxe se lle outorga á obra primeiriza de Ánxel Rei Ballesteros, *Dos anxos e dos mortos* (1977), traendo a colación numerosas referencias da historiografía literaria galega. Sinala que esta consideración vén dada polas carencias dun sistema literario inestábel, no que con frecuencia os textos teñen dificultades á hora de seren adscritos a unha determinada modalidade discursiva e seren situados na cronoloxía historiográfica. Apunta que a favor da canonización da citada obra xogaron os seus valores literarios e factores como unha auréola transgresora e subversiva que rodeaba o autor e que o convertera nun *outsider*. Propón ver *Dos anxos…* como o remate dun ciclo, o da asimilación das novidades achegadas pola Nova Narrativa Galega, ademais de relacionala coas "novelas de iniciación sentimental" e o chamado "realismo sucio". Tamén indica que a súa novidade radica no tempo histórico no que se concreta e na paisaxe humana que o habita e trata outras cuestións relativas ao proceso da súa edición, aos subtemas que apunta e se consolidarán na narrativa da década seguinte e aos seus personaxes. Compara esta obra coas doutros autores galegos, así como con outras do propio Ballesteros que analiza, sobre todo, *Loaira* e *Non sei cando nos veremos*. Conclúe anotando que "esta evolución cara a unha maior densidade metaliteraria que se produce ao longo de dúas décadas nas novelas de Rei Ballesteros, consonte vai desenvolvendo o seu proxecto narrativo, é paralela á adquisición dunha conciencia autorial que lle permite posicionarse, aínda que sexa 'como unha certa excepción', no panorama literario galego".

Vilavedra, Dolores, "Letras Galegas en 2008", *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, n.º 747, marzo 2009, pp. 24-25.

Comeza salientando a perda dos escritores Anxo Rei Ballesteros, Camilo Gonsar e Ramiro Fonte e vai destacando as obras publicadas durante o ano 2008 en poesía, narrativa, ensaio e literatura dramática. Apunta a incorporación de novas voces poéticas coa sorpresa d'*O xeito de Freud*, obra coa que Carlos Lema se estreou no xénero lírico e da que resta a intertextualidade literaria e cultural e a reflexión sobre a linguaxe e o tempo. Apunta como voces consagradas a Xosé María Álvarez Cáccamo quen, con *Vento de sal*, presenta unha nova dimensión memorialística, mais vista dende o presente; Luís González Tosar coa reedición de *Estúrdiga materia*, poemario do que destaca que o vitalismo do poeta consegue compensar o ton elexíaco; Chus Pato, quen con *Hordas de escritura*, terceira parte da pentaloxía "Método", continúa a "escritura expansiva"; María do Cebreiro, amosando a distancia e o desapego en *Non son de aquí*; e Rafa Villar, conxugando a musicalidade coa poética social, en *Migracións*. Destaca o regreso de Antón Reixa, co "átono" poemario amoroso *Látego de algas*. Ademais repara no Premio de poesía Caixanova 2007 do que foi merecente Carlos Penelas por *Rosas, sombras, rosas*, estabelecendo un diálogo con referentes da poesía europea pos Auschwitz e amosando claves culturalistas e a dimensión ética da súa lírica. Apunta a polémica acaecida coa retirada do premio Miguel González Garcés a Eduardo Estévez porque *En construcción* era un poemario xa coñecido na Internet. E remata a parte dedicada á poesía destacando que en *Música de cinza*, de Manuel Forcadela, se tenta dominar a nostalaxia do paso do tempo. En relación coa narrativa escrita en galego durante o ano 2008 salienta a recuperación da memoria histórica n'*A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena; a historia de amores imposíbeis que presenta *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo, premio Xerais 2008; a metáfora dos libros como pozo de saber e de liberdade de *Festina lente*, de Marcos Calveiro, novela histórica como *Renacer*, de Xabier Paz, e *A Venus de cristal*, de Chelo Suárez; a temática

shakesperiana que comparten *Shakespeare destilado*, de Xesús Constenla, e *O globo de Shakespeare*, de Jaureguizar; o regreso de Xosé Carlos Caneiro con *A vida nova de Madame Bovary* cunha novela de carácter "continuista"; o avance na creación dun "mundo literario propio" de Inma López Silva en *Memorias das cidades sen luz*, novela gañadora do premio Blanco Amor 2008; o regreso de Miguel Anxo Fernández coa terceira entrega do detective Frank Soutelo, *Tres disparos e un friame*, e de Bieito Iglesias cunha "parodia do fraguismo de corte policial" en *Pan e coitelo*; a frustración do primeirizo Xosé M. Pacho Blanco con *A choiva do mundo*, premio Torrente Ballester e d'*Os espellos do tempo*, de Vítor Vaqueiro; e o protagonismo d'*Unha puta percorre Europa*, de Alberto Lema, propiciado pola tradución inmediata por parte de El Caballo de Troya. Respecto ao ensaio literario publicado en galego durante o ano 2008, destaca a concesión do Premio Nacional de Ensayo a *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, de Xusto Beramendi; e o protagonismo feminino do cal é exemplo Teresa Moure con *O natural é político*, María Xosé Queizán con *Antinatura* e María López Sande con *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio*, que mereceu o premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007. En relación coa literatura dramática, salienta a falta de produción e de novas achegas. Apunta a concesión do II premio Manuel María de literatura dramática infantil para Carlos Losada por *Game over* e do Álvaro Cunqueiro por cuarta vez para Roberto Salgueiro por *Historia da chuvia que cae todos os días*. Destaca *Nachtmahr* de Raúl Dans e o regreso de Manuel Núñez Singala ao tema da minusvaloración social do galego tratado en *Comedia bífida*. Destaca a estrea de Teresa Moure como dramaturga con *Unha primavera para Aldara*, peza que mereceu o premio Dieste e a recompilación de María Xosé Queizán nun mesmo volume de tres pezas, *Antígona*, *A cartuxeira* e *Neuras*, unha delas inédita e remata apuntando con mágoa que non se publicase a *Obra dramática*, de Francisco Taxes, que inclúe dúas pezas inéditas, en vida do autor.

Vilavedra, Dolores, "Apuntes para unha contextualización de 'Dos anxos e dos mortos' na narrativa galega contemporánea", *Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza*, n.º 5, "Voces con Anxo", 2009, pp. 175-178.

Neste artigo trátanse moitas das cuestións que aparecen desenvoltas polo miúdo no número 183 da revista *Grial* (setembro 2009). Refírese ao valor emblemático que a historiografía literaria lle deu a *Dos anxos e dos mortos* (1977), de Ánxel A. Rey Ballesteros. Explica que, fronte a aqueles que consideran o texto como inicio dun cambio, prefire avalialo como a fin da etapa na que tivo lugar a mudanza de rumbo verdadeiramente importante da prosa galega de ficción promovida polos autores da Nova Narrativa Galega a finais da década dos 50 e na dos 60. Considera que o citado texto se vincula tamén a moitas das novelas máis importantes dos 70, susceptíbeis de ser encadradas no subxénero de "iniciación sentimental". Por outra parte, anota que para a súa canonización foi determinante a publicación de *Loaira* (1992) e o entusiasmo que esta novela espertou en Xoán González-Millán, un dos seus máis "teimudos" analistas. Sinala que moitos dos valores literarios que se lle recoñecen a *Dos anxos e dos mortos* se deben ao seu carácter iniciático no tratamento do espazo, do tempo e de varios subtemas, ademais de destacar nela "o protagonismo dunha dimensión discursiva altamente subversiva en relación aos modelos convencionais".

Villalaín, Damián, "O camiño cara á esperanza", *Tempos Novos*, n.º 141, "Dossier",

"Apostas e propostas de futuro", febreiro 2009, pp. 71-72.

Reflexión sobre o futuro do Centro Dramático Galego. Manifesta que este obxectivo aínda hoxe en día ten serias carencias. Ademais, di que o CDG ten funcións distintas das que tiña hai vinte e cinco anos e que o panorama teatral galego evolucionou cara a unha "normalidade" coa que se pretende abandonar o microespazo periférico e "lindeiro coa marxinalidade que hoxe ocupan" as artes escénicas nas prioridades sociais.

Villar, Miro, "Unha poética heraclitiana", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 110-111.

Céntrase na publicación do volume recompilatorio da produción poética en galego de Víctor Campio Pereira, titulada *O aire, a luz e o canto. Poesía reunida 1987-2006* (2008), aludindo a Manuel Outeiriño, responsábel da edición e do limiar, e a Xesús Alonso Montero, que asina o epílogo. Con respecto ás ideas expresadas por Outeiriño no preámbulo, destácase a relación de Víctor Campio co franciscano Faustino Rey Romero, mentres que da colaboración de Alonso Montero salienta que pon de relevo a temática civil da poesía de Campio. A seguir, percórrense os poemarios que se reproducen no volume, dende *O ar que nos leva* (1987), de orientación existencialista; *Por esa voz* (sen data), que reúne composicións marcadas pola diversidade e publicadas en diferentes períodos; *Perdida luz* (2000), poemas de feitura clásica; e *Exilio digno* (2006), parcialmente inédito, que retoma a temática civil do autor.

Villar Dégano, Juan F., "Glosas al 'Libro de las Horas' de Vicente Risco", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Artigos", vol. 12, 2009, pp. 119-129.

Leva a cabo un estudo sobre as glosas do *Libro de las Horas* (1961), de Vicente Risco. Comeza cunha introdución ao redor da publicación e continúa cun apartado dedicado ao limiar, do que destaca o tópico da *captatio benevolentiae* inherente ao volume. O terceiro apartado, "La glosa como género literario y las principales características de la obra", desenvolve o aspecto da glosa en tanto xénero literario a través dunha traxectoria dende as súas orixes até a súa aparición no traballo de Risco. Por medio dunha serie de epígrafes tales como "La mirada y el tiempo", "Culturalismo", "Costumbrismo" e "Nostalgia, hedonismo e imaginación", explica a selección das glosas no volume. No primeiro deles cómpre sinalar as glosas en relación á reflexión política, mentres que no segundo se refiren en maior medida ás referencias culturais. No terceiro epígrafe as glosas veñen referidas a aspectos costumistas e, xa no último, a aspectos potenciadores do sentimento nostálxico polo pasado, ou da imaxinación e da fantasía. Nun subapartado intitulado "Ironía, humor y lirismo", salienta a ironía e o humor presente nas glosas e destaca por medio de dous epígrafes, "Economía expresiva del lenguaje" e "Final", o seu estilo sinxelo e a súa argumentación envolvente, así como o emprego da metáfora relixiosa en dúas das súas glosas, "La lamprea" e "Libros de viento". Remata cun apartado dedicado ás referencias bibliográficas empregadas.

Villares, Ramón, "Otero Pedrayo en Buenos Aires. 1959-2009", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 182, Tomo XLVII, "O rego da cultura", abril, maio, xuño 2009, pp. 12-13.

Lémbranse as viaxes que Ramón Otero Pedrayo realizou a Bos Aires. Sobre a segunda viaxe, apúntase, entre outras cuestións, o reencontro con vellos amigos así como a declamación de conferencias en diferentes lugares bonaerenses. Sinálase que unha das súas conferencias "máis brillantes" foi a declamada na Facultade de Filosofía e Letras da UBA, presentada por José Luis Romero, o historiador arxentino. Saliéntase que tamén foi recollida na colección *As nosas voces*, volume editado polo Consello da Cultura co título de "Galicia e Europa". Villares informa ademais da súa participación na presentación de textos de Otero Pedrayo o pasado 6 de abril en Bos Aires, xunto con outros historiadores destacados. Remata agradecendo ao fillo de José Luis Romero, Luis Alberto, a cesión do texto que preparou con motivo da homenaxe a seu pai, polo centenario do nacemento.

Villares Mouteira, Félix, "Amencer, máis que unha revista escolar", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 161, "Achegas", xaneiro-febreiro 2009, pp. 45-53.

Presenta a revista *Amencer,* a través dunhas palabras de Armando Requeixo, e di que é un lugar de encontro literario e humano. A seguir, comenta algunhas publicacións que entende como "antecedentes" de *Amencer,* entre as que está a revista *Juventud*, *Palestra*, *Trapecio* e *Sol.* Enuméranse os directores que tivo a revista *Amencer* até a actualidade e as seccións fixas que mantivo ao longo destes vinte e seis anos de vida. De seguido, cítanse os premios cos que foi obsequiada, os "números especiais" e, para rematar, agarda que siga sendo "un facho dentro da tradición xornalística e cultural da vella cidade episcopal".

Villaverde Solar, Dolores, "Unha mostra itinerante sobre mulleres", *O Ollo Público. Revista das artes*, n.º 27, "Crítica de arte", xuño-setembro 2009, p. 37.

Destácase o auxe dos estudos sobre as diferenzas de xénero nos últimos anos, entre os que salienta o proxecto da UDC "Sexismo e androcentrismo na prensa periódica española", dirixido por Elena Alfaya Lamas. Del comenta algunhas accións de carácter diverso (gráfico, didáctico,...) que levou a cabo o equipo investigador en diferentes datas e lugares de Galicia.

Viveiro Mogo, Prudencio, "Francisco X. Fernández Naval, *Respirar polo idioma (os galegos e Julio Cortázar)*", *Estudos migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións*, vol. I, n.º 2 (2008), 2009, pp. 231-233.

Faise referencia á obra de Francisco X. Fernández Naval *Respirar polo idioma (os galegos e Julio Cortázar)* (2006) destacando que este libro non só trata a relación dos galegos con Cortázar, senón que tamén refire ás empresas culturais que levaron adiante os exiliados galegos en Bos Aires. Comenta que algunhas das relacións de Cortázar foron con Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela, os cales lle propuxeron colaborar en revistas como *Cabalgata* ou *Correo Literario*. Tamén Luís Seoane tivo relación co escritor, xa que foi el quen debuxou as ilustracións de *Rayuela*. A seguir, refire a participación de Cortázar no faladoiro do Café Tortoni, onde coñeceu a Rafael Dieste,

entre outros. Por último, destaca que esta obra é unha boa maneira de coñecer algunhas das empresas culturais que desenvolveron os galegos na emigración.

Viveiro Mogo, Prudencio, "A imaxe dos galegos en Buenos Aires", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 117-118.

Comentario centrado no libro colectivo *Los "gallegos" en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa* (2008), coordinado por María Rosa Lojo. Identifica como obxectivo principal desta achega a análise do estereotipo do "gallego" na literatura arxentina e detense nos contidos de cada un dos estudos que contén. Deste xeito, apunta que neles se abordan aspectos como a contextualización da emigración galega á Arxentina; a imaxe do galego na época da emigración masiva nun corpus de obras narrativas; os estereotipos presentes no teatro; e, finalmente, a imaxe dos emigrantes galegos vertida nunha das principais publicacións ilustradas arxentinas: a revista *Caras y Caretas*, dende 1898 a 1923. Viveiro Mogo conclúe destacando que a literatura é unha fonte perfecta para procurar o imaxinario da sociedade arxentina con respecto aos galegos.

Xestoso, Manuel, "As tertulias da Asociación de Amigas do Teatro Jofre. O teatro, o poder e o público", *Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Espazos", outono 2009, pp. 61-63.

Pártese da consideración de que o teatro é sempre de quen o paga e desta maneira lémbrase como primeiramente era a igrexa a que custeaba os gastos dun teatro que espallaba a súa doutrina para chegar logo a nova clase social burguesa que fixo que o teatro fose sufragado polo seu público. Dise que cando a burguesía comezou a escoitar críticas a si mesma dentro do teatro deixou de sufragalo, de xeito que a renovación da escena chegaría do teatro independente. Tamén se comenta como nace o teatro institucional por medio dos centros dramáticos e como isto se reflicte en Galicia coa creación do Centro Dramático Galego que dota a escena galega da profesionalización que precisaba. Sublíñase como a eiva deste teatro a existencia dun teatro independente feito en galego e un teatro burgués que depende do sistema español, de xeito que o teatro galego nace sen a existencia dunha clase social que o sosteña. Logo fálase sobre a asistencia do autor do artigo a un faladoiro organizado pola Asociación de Amigos do Teatro Jofre de Ferrol no que se reflexionou sobre os temas expostos e sobre a dificultade do teatro galego para conquistar o público. Celébrase a existencia de grupos sociais coma este que buscan a pervivencia do teatro e lugares de encontro para falar sobre el. Dise que a transformación da sociedade tamén transforma o teatro e a relación do público con este, de xeito que o teatro e o público galego comezan agora a entenderse e crear espazos de discusión e cambios como o que se está a producir. Conclúese que unha sociedade que coñece o seu teatro coñécese a si mesma.

X. T., "O poeta Pérez Parallé", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "Centenario", primavera 2009, p. 14.

Narra a biografía do poeta Pérez Parallé, salientando as súas colaboracións xornalísticas, os premios recibidos e tamén as principais publicacións. Por todo o seu labor, comenta que son múltiples as homenaxes que recibe e destaca a ofrecida pola Asociación Cultural Eira Vella quen recuperou as obras "betanceiras" do poeta.

Yáñez, Rafael, "O Instituto de Estudos Chairegos", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Crónica", vol. 12, 2009, p. 181.

Informa do novo proxecto cultural do Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA). Menciona a creación da súa Xunta Xestora entre os anos 2000 e 2001 e destaca o labor deste Instituto nos planos literario e cultural.

V.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Alonso Montero, Xesús, "Antonio Machado na nosa voz, 43 anos despois", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 303, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 28 febreiro 2009, p. 12.

Refírese á reedición facsimilar do volume prologado e coordinado por Xesús Alonso Montero, *Antonio Machado na nosa voz*, cuxo limiar elabora Claudio Rodríguez-Fer. Apúntase que se trata dun volume de 1966 que fora xa prologado por Alonso Montero e que participaran nel outros autores da época. Dise que ambas publicacións se realizaron en Lugo. Afírmase que contén composicións arredor da obra machadiana, así como traducións, poemas e fragmentos de Manuel Machado. Rememóranse as dificultades de publicación, a pesar da inexistencia da "Censura Obrigatoria".

Alonso Montero, Xesús, "O poeta Curros Enríquez fala en ruso", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 18 abril 2009, p. 10.

Cóntase que, co gallo da entrega dos premios Celanova-Casa dos Poetas, se presentou unha extensa escolma da poesía galega de Manuel Curros Enríquez en edición bilingüe (ruso e galego), que se inclúe dentro da *Antoloxía da literatura galega* (2008), dirixida pola profesora da Universidade de San Petersburgo Elena Zernova. Dise que a colección se publica dende 1996 e que o propio Xesús Alonso Montero prologa dous dos volumes desta colección, que conta con trece escolmas que inclúen lírica medieval, poesía popular, contos populares e poemas de Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas e Castelao, entre outros. Loúbase esta colección por ser única na súa amplitude, ambición e características dentro dos grandes espazos idiomáticos. Convida ás autoridades culturais galegas a que continúen coas axudas económicas a proxectos coma este. Por último, descríbese a composición deste volume número trece, do que se di que contén dezanove poemas representativos de cada liña temática de Manuel Curros Enríquez e que conta cun prólogo do profesor da Universidade da Coruña José María Paz Gago.

Alonso Montero, Xesús, "Novoneyra: elexías do Caurel", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 329, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 5 setembro 2009, p. 7.

Trae á memoria a saída ao prelo en Madrid en 1966 do volume de poesía *Elexías do Caurel e outros poemas* de Uxío Novoneyra, en versión bilingüe castelán-galego na colección "Adonais". Salienta que posúe un exemplar do volume con apuntamentos manuscritos do autor e analiza a súa totalidade, citando algúns dos seus poemas como o inicial ("A túa morte deixoume núo"), o segundo e o derradeiro ("Bailas e fasme libre").

Alonso Montero, Xesús, "O poeta Rafael Pazos antes e despois do 36", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 330, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 12 setembro 2009, p. 10.

Alude ao volume *Os poetas galegos (1936). Antoloxía*, do profesor Xosé Filgueira Valverde, que o propio articulista editou en 2008, en colaboración con Ana Acuña. Tras sinalar a gran cantidade de poemas de diferentes escritores e escritoras que recolle, inéditos polo xeral, ofrece algúns datos biográficos dun deles, Rafael Pazos Giménez, e conclúe enxalzando a súa poesía.

Alonso Montero, Xesús, "Poemas á nai': gabanza dez anos despois", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 333, "A outra mirada", "Beatus qui legit", 3 outubro 2009, p. 15.

Trae á memoria o volume *Poemas á nai* (1999), recompilado polo profesor e sacerdote Xesús López Fernández. Salienta o seu extenso corpus poético, pertencente a diversos autores, así como o seu contido biográfico, histórico e literario. Destaca, dentro dese corpus, os poemas "A mi madre" (1863), de Rosalía de Castro; "Na morte de miña nai" (1880), de Manuel Curros Enríquez e "O tempo desancorado. Poemas para María Blázquez" (1988), de Emilio Álvarez Blázquez.

Araguas, Vicente, "Espazo de luz", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 515, 11 xaneiro 2009, p. 20.

Tras indicarse o lugar e data de nacemento de Xosé Abeal, coméntase que é un poeta de escasa obra que comeza con *Herba do tempo* (2000) e que continúa coa que aquí se analiza, *Ave de luz* (2008). Destácase a súa lingua traballada, a temática referida a "verdades universais" coma o amor e a terra, os argumentos métricos ben aprendidos, a súa profunda formación clásica e a súa elegante dicción. Por último, dise que no libro, prologado por Xavier Seoane, hai unha homenaxe a algún dos seus profesores e, sobre todo, ao poeta Manuel María no poema que data o volume.

Araguas, Vicente, "Unha ducia ben contada", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 516, 18 xaneiro 2009, p. 20.

Analízase a obra *Unha mada de doce relatos* (2008), de Henrique Dacosta, coa que gañou o Premio Carvalho Calero de Narración Curta, que convoca o Concello de Ferrol, e do que xa foi gañador noutras ocasións. Coméntase que é un libro de mérito que segue formulacións do xénero curto como son o progreso, a suspensión e a convocatoria de sentimento e finais que "enguedellan o lector". Tamén se di que é unha obra que engancha os lectores, na que os espazos que aparecen teñen que ver coa xeografía de Ferrol e bisbarra e nos que se mesturan todo tipo de personaxes, entre eles, guerrilleiros e fuxidos. Por último, saliéntase a súa prosa adobiada con estilo rechamante e irónico e dous dos relatos, que levan por título "Consecuencia" e "O voo da avelaíña".

Araguas, Vicente, "Dos anxos melancólicos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 517, 25 xaneiro 2009, p. 20.

Coméntase a última novela de Xosé Ramón Pena, *A batalla do paraíso triste* (Edicións Xerais, 2008), da que se destaca primeiramente que consegue crear a atmosfera e o clima de intrigas e espías da Lisboa posterior á Segunda Guerra Mundial. Analízase con detalle o seu argumento e os seus protagonistas e indícase que é unha mestura de xénero negro e novela histórica "sen ser estritamente nada diso".

Araguas, Vicente, "De viaxe con Claudio", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 519, 8 febreiro 2009, p. 22.

Saliéntase a obra poética de Claudio Rodriguez Fer, *Voyages à toi* que se publicou en 2008 en edición bilingüe francés e galego. Dela dise que son viaxes interiores e exteriores a través do amor, do concepto, da cidade amada ou de estados de ánimo dun poeta, que considera o primeiro poeta erótico en galego. Indícase que se trata de poemas moi breves nos que se atopan múltiples lugares como Galicia ou Francia e cualifícase o autor como un "poeta sumamente vitalista".

Araguas, Vicente, "Culturalismo con cultura", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 520, 15 febreiro 2009, p. 20.

Comézase situando a Manuel Forcadela dentro da xeración de poetas dos oitenta que pretendían renovar e "purificar a poesía galega retomando as formas clásicas" malia que, segundo se di, neste poeta se atopaban algúns excesos nas primeiras obras que non favorecían a transmisión da súa poesía. A continuación, analízase brevemente o seu poemario *Música de cinza* (Editorial Galaxia, 2008), do que se destaca que contén confesións pudorosas, arrebatos culturais e homenaxes como a que dedica a Luísa Villalta nun poema que se cualifica como un dos mellores do libro.

Araguas, Vicente, "Unha de Gin-Tonics", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 522, 1 marzo 2009, p. 20.

Fálase sobre a novela de Xesús Constela, *Shakespeare destilado* (Editorial Galaxia, 2008), coa que resultou gañador do XX Premio Manuel García Barros. Dise que é un autor potente que posúe un bo criterio de como se fai unha novela e vontade de estilo e que, neste caso, presenta unha obra "refrescante e fascinante". Destácase o papel que cumpre o protagonista e a estrutura narrativa, a modo de caixas chinesas, que debe moito ao realismo mais tamén entronca co mundo das ensoñacións. Por último, explícase que os percorridos etílicos do protagonista se unen á lectura de sonetos shakesperianos, creando un crebacabezas no que non falta o bo senso rítmico nin o lirismo.

Araguas, Vicente, "Queremos colo!", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 524, 15 marzo 2009, p. 20.

Coméntase a obra poética de Carlos Fontes, *Quero colo* (Edicións Espiral Maior, 2008), coa que se afirma que deixa de ser inédito como poeta individual, xa que até agora só publicaba en antoloxías. Primeiramente destácase a curiosidade que esperta o seu título,

para afondar logo na temática que caracteriza a este autor, do que se apunta que se move fundamentalmente na poesía política e na erótica. Sinálase que se sitúa un pouco na liña de Ángel González e Mario Benedetti e que tamén xoga co humorismo. Finalmente, precísase que é un libro ecoloxista, comprometido e politicamente correcto, atinado nas maneiras e previsíbel nas formas.

Araguas, Vicente, "De Guinea veu un barco", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 525, 22 marzo 2009, p. 20.

Saliéntase primeiramente a mestría de Henrique Dacosta como narrador e indícase que se reflicte no dominio dos cambios de tempo, na habelencia do argumento que vai "in crescendo" e na concisión narrativa, para analizarse a continuación a súa novela *O prezo da tentación* (Edicións Embora, 2008). Coméntase que é unha historia que progresa, con personaxes críbeis, informativa e pescudadora do pasado recente na que o seu protagonista, o tío Armando volto da Guinea, constrúe a súa propia novela, que forma o centro do libro. Finalmente, dise que, malia o seu remate algo precipitado, a novela ten moito de documento histórico que informa sobre a realidade actual da que fora colonia española.

Araguas, Vicente, "Alicia en Galicia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 528, 12 abril 2009, p. 20.

Analízase o volume poético de Olalla Cociña, *Libro de Alicia* (Edicións Espiral Maior, 2008), que mereceu o VIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, do que se destaca, en primeiro lugar, o seu sentimentalismo. Saliéntase logo o importante papel que cumpren os premios literarios poéticos para dar saída a obras que doutro xeito terían unha máis difícil recepción por parte do público. Destácase a súa cuberta e deseguido analízase o seu contido dorido, que parte dunha experiencia vital e bebe das fontes doutras poetas como Ana Romaní e Maite Dono, con reflexións fondas e diálogos abertos. Por último, dise que as composicións deste poemario lembran as bonecas rusas, xa que van contendo no seu interior formas múltiplas.

Araguas, Vicente, "Como situar todo isto", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 529, 19 abril 2009, p. 20.

Aproxímase á obra *A vangarda da presenza e outros escritos colectivos situacionistas* (Edicións Laiovento, 2007), de Xesús González Gómez, da que se di primeiramente que é unha obra intemporal, na que se fai unha achega aos movementos surrealistas e vangardistas, que derivan da Internacional Situacionista, de moda no Maio do 68 parisino. Dise que a súa "Presentación" é impecábel e que serve para poñer ao día os lectores. Engádese que González Gómez insire neste libro mostras interesantes da literatura autoexploradora do movemento situacionista.

Araguas, Vicente, "Antoloxía rota", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 530, 26 abril 2009, p. 20.

Afóndase na *Antoloxía consultada* (Museo de Pontevedra/Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, 2008), que Xosé Filgueira Valverde tiña disposta para a súa publicación no ano 1936 e que agora sae a lume, grazas ao traballo de Xesús Alonso Montero e Ana Acuña. Dise que leva por antetítulo "Os poetas galegos (1936)" e que o autor introduciu nela poetas que nin hoxe nin naquel tempo admitían ningunha lectura pero que si están os referentes daqueles anos e dos posteriores como son Ricardo Carvalho Calero, Fermín Bouza Brey, Álvaro Cunqueiro e Aquilino Iglesias Alvariño. Engádese que tamén se inclúen na antoloxía outros poetas menos recoñecidos como Delgado Gurriarán, Augusto Casas e Xosé Crecente Vega. Por último, indícase que se trata dun volume moi interesante pola achega a unha época literaria moi importante na literatura galega e porque se mostran as primeiras poéticas de varios dos poetas galegos modernos de maior interese.

Araguas, Vicente, "Saben aquel que 'diu'?", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 532, 10 maio 2009, p. 20.

Coméntase a narración *A verdade como mal menor* (2008), de X. L. Martínez Pereiro, que resultou gañadora do Premio Narrativa Breve Repsol. Apúntase que está composta de múltiples anacos de textos que semellan monólogos ou relatos breves. Coméntase que presentan unha separación a modo de capítulos e que presentan un ritmo áxil e diferentes tamaños e medidas. Critícase a súa reiteración ao "ensarillar conto tras conto", un trazo sobre o que se afirma que pode provocar o cansazo do lector.

Araguas, Vicente, "Noites de lexatín", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 536, 7 xuño 2009, p. 20.

Primeiramente fálase sobre o autor Rafa Villar para, a continuación, reparar na súa última obra poética, *Migracións* (Edicións Espiral Maior, 2008), que recibiu o XXIV Premio de Poesía Cidade de Ourense. Dela destácase a forza expresiva, a suavidade sintáctica, o intimismo e a metaliteratura que se atopa nas referencias a autores como Rosalía de Castro, Manuel Antonio e César Vallejo. Tamén se salienta que o título reflicte o contido da obra con movementos constantes do autor dun lugar a outro e loando figuras poéticas da emigración como Farruco Sesto Novás, a través do que se denomina "migracións externas e internas".

Araguas, Vicente, "Dentro da materia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 546, 16 agosto 2009, p. 20.

Trae á memoria a publicación da novela *A lingua secreta* (2002), de Xesús González Gómez, en Edicións A Nosa Terra, da que recomenda a súa lectura. Comenta os seus aspectos narrativo e temático e describe brevemente o seu fío argumental. Indica que o título se xustifica no emprego que un cativo dos anos cincuenta fai dunha "fala desinhibida", que se basea "nos palabróns escoitados aos maiores". Explica que a novela presenta, na parte protagonizada por un rapaz do Ourense que raia con León e "fillo dun represaliado republicano", características do "bildungsroman" e na outra parte, como pai, nunha recuperación das vivencias do pasado vivido na guerra civil, no exilio francés e no "confinamento" nun campo de concentración de Alemaña. Salienta

que as esixencias de González Gómez como crítico tamén se reflecti na "elaboración perfeccionista" da novela. Como complemento a esta novela, apunta a lectura de "Cartas a la novia", o epistolario escrito por Albino González á súa muller María Gómez entre 1945 e 1947; e de "El argonauta" de Juan Gómez Ripoll, avó materno do autor da novela e fusilado no cárcere de Mallorca en 1942, como apunta González Gómez no prólogo que pecha este "puzzle crebacabezas literario" e "humano".

Araguas, Vicente, "Do íntimo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", "Libros", n.º 550, 13 setembro 2009, p. 14.

Faise eco da publicación de *Viaxes do corazón. Diario íntimo*, de Xosé Manuel G. Trigo en 2008 na editorial Galaxia. Salienta deste diario a súa esmerada narrativa e menciona outros dous volumes do mesmo autor, *Extintos básicos* (1988) e *Reserva especial* (2004). Comenta finalmente a súa estrutura e contido temático.

Araguas, Vicente, "O sentimento máis claro", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 560/ *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 596, "Páxina literaria", 22 novembro 2009, p. 4.

Fai referencia á saída a lume en 2008 do volume poético *Dor da claridade*, de Carlos Arias, prologado por Xesús Manuel Valcárcel. Comenta o xénero extraliterario deste volume, ao tempo que o seu contido temático, referido ás súas vivencias autoanalizadas de Arias, mais sen caer na "tentación anecdótica" e o "carimbo sentimentalista".

Araguas, Vicente, "Ondiñas veñen, veñen para non marchar", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 562, "Libros"/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 598, "Páxina literaria", 6 decembro 2009, p. 4.

Subliña que con só dúas novelas "negras" protagonizadas por un policía de Vigo, chamado Leo Caldas, Domingo Villar, comeza a ser un autor coñecido no mundo literario "fóra de portas". A seguir céntrase en comentar algúns aspectos do argumento d'*A praia dos afogados* (2008) e tamén en salientar que xa conta con varias traducións.

Araguas, Vicente, "Cómpre reparar en Xosé de Arxeriz", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 563/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 599, "Libros", 13 decembro 2009, p. 4.

Comenta a relación que o une con Xosé de Arxeriz, Pepiño da Gaita como el lle chama, e recomenda a lectura do seu último poemario, *Luzada de Vagalumes V*, que define como un "volume consciente, escrito en galego diferenciado e diferencialista". Apunta que o propio autor entende isto como "tarefa de restauro cultural da nación galega".

Araguas, Vicente, "Cágome nos galegos, en Galicia…", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 564, "Libros"/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 600, "Páxina literaria", 20 decembro 2009, p. 4.

Explica, en primeiro lugar, que Ramón Cabanillas escribiu as palabras "Cágome nos galegos, en Galicia…" nunha carta datada en 1934 e dirixida a Ramón Otero Pedrayo, dado que lle retiraran o subsidio das deputacións galegas e porque pensaba que os galeguistas o estaban a ningunear. Despois repara na valía do ensaio *Ramón Cabanillas. Crónicas de desterros e saudades* (2008) e mais do seu autor, Luís Rei, obra e autor que poden axudar a penetrar na biobliografía de Cabanillas.

Blanco Mourelle, Noel, "Un ensaio atinado e elegante", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 4, "Libros", 3 xaneiro 2009, p. 8.

Coméntase o ensaio que resultou gañador do Premio de Ensaio Ramón Piñeiro na convocatoria do ano 2007 e que se publicou no ano 2008 na Editorial Galaxia co título *Paisaxe e nación*. *A creación discursiva do territorio*, de María López Sande. Apúntase que foi unha decisión acertada concederlle este galardón pola pertinencia e elegancia literaria da obra. Refírese que a idea central é o estudo da descrición literaria da paisaxe como elemento de configuración da identidade nacional galega. Indícase que na monografía se propoñen "tres momentos asociados á análise de tres momentos cruciais da literatura galega" relacionados coa paisaxe en *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro; en *Arredor de si* (1930), de Ramón Otero Pedrayo; e en *Retorno a Tagen Ata* (1987), de Xosé Luís Méndez Ferrín. Remata afirmando que a obra está chamada a ser un dos clásicos do ensaio galego.

Blanco Rivas, M., "Unha historia de exilios na procura da felicidade", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 216, "Lecturas", 17 xaneiro 2009, p. 5.

Fálase da obra gañadora da última edición do Premio Blanco Amor, *Memoria de cidades sen luz* (2008), de Inma López Silva, publicada pola Editorial Galaxia. Indícase que é unha historia de exilio en forma de autobiografía, onde se mesturan galeguistas e mestres que ensinan o que é a liberdade á nenez que só quere xogar nas cidades nas que transcorre a historia (A Coruña, París, Barcelona ou Bos Aires). Por último, faise un repaso pola bibliografía da autora.

Blanco Rivas, M., "Sofía Casanova, pioneira do xornalismo feminino", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 216, "Lecturas", 17 xaneiro 2009, p. 5.

Primeiramente faise unha lembranza da figura de Sofía Casanova como pioneira do xornalismo feminino no seu labor como correspondente de guerra pedindo a paz dende as páxinas dos xornais. Dise que entre outras cousas viviu a Revolución Rusa ou a ocupación nazi de Polonia e que a súa obra serve de ponte entre as culturas e nacións, que comparten unha historia de silenciamento e asoballamento. Seguidamente analízase unha monografía que recompila moitos dos seus textos, *Exóticas e escritos xornalísticos* (Sotelo Blanco Edicións/Xunta de Galicia, 2008). Dela destácase a "magnífica introdución" e dise que pon en valor a dimensión de promotora cultural de Casanova, que vai aparellada ao xurdimento do feminismo ilustrado.

Caaveiro, Laura, "Ferrol adiante. Acuarelas e microtextos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Libros", 19 marzo 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 227, "Letras galegas", 28 marzo 2009, p. 7.

Coméntase o libro *Ferrol* (2008) que contén as pinturas de Miguel Ángel Fernández y Fernández sobre a cidade homónima e que conta con textos de Ramón Loureiro. Dise que o fío condutor é a propia cidade de Ferrol, a través das acuarelas do autor, que van amosando diferentes lugares emblemáticos desa cidade e que os microtextos de Ramón Loureiro que acompañan cada imaxe crean unha bela poética do espazo. A autora do artigo simultanea a lectura desta obra con outra coa que ela a relaciona, *Nin che conto*, de Xosé Manuel Eyré, subtitulada *Para coñecer e gozar a micronarrativa* (2008). Cualifica a ambos os dous libros como "persoais e moi artísticos".

Caaveiro, Laura, "Sen remorsos. Teatro da liberdade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 287, "Libros", 23 abril 2009, p. V.

Coméntase a obra de Jean Paul Sartre, *As moscas* (2008), peza teatral publicada orixinariamente por Éditions Gallimard en decembro de 1942. Dise que, baixo unha aparencia de clasicismo grego, se agocha na obra, en clave críptica e para burlar a censura nazi, o espírito da Resistencia francesa, polo que se defende que, fronte á relixiosidade imperante naquela época, que exaltaba os remorsos e a expiación das culpas, hai que rebelarse. Destácase a tradución ao galego realizada por Xosé Manuel Beiras para Edicións Laiovento, coa que contribuíu a espallar o existencialismo en Galicia. Tamén se fala brevemente sobre o argumento da obra que se centra na figura de Oreste "quen refuga o lugar de Existo e escolle ser un home libre, resumo da filosofía da liberdade" que contén a peza teatral.

Campos, Leonardo F., "Que baixe Fukuyama e que eu o vexa", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 14, "Libros", 14 marzo 2009, p. 6.

Comeza coa lembranza de como transcorreu a traxectoria literaria de Xurxo Borrazás para chegar a ocupar unha posición de relevo entre os narradores galegos actuais, tras unha progresiva formación de escritor comprometido coa literatura como espazo de liberdade. Indica cales son as súas obras editadas até a actualidade, todas elas dentro dunha liña anovadora e rompedora, na que tenta demostrar que ficción e realidade son a mesma cousa. A continuación analiza a temática da súa última publicación, *Costa norte/ZFK* (2008), na que se di que hai dous conflitos que corren paralelos: a destrución colectiva de Galicia e da Terra e a construción persoal da personaxe protagonista, a partir dun desastre ecolóxico con epicentro na localidade de Carballo. Comenta que hai unha aparente desorde tanto no interior dos relatos como nos títulos dos capítulos, no que o lector cumpre un papel importante, xa que debe ir activando a súa capacidade crítica para ir desenleando o fío.

Caneiro, Xosé Carlos, "Poesía esencial de López Valcárcel", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 304, "Letras en galego", "Lecturas para sempre", 7 marzo 2009, p. 7.

Refire a saída en 2003 de *Casa última*, de Xulio López Valcárcel, obra da que recomenda a súa lectura. Apunta a súa liña temática e equipáraa coa afirmación de Rainer Marie Rilke sobre a calidade da súa obra poética. Conclúe coa mención de que o obxectivo deste volume de lírica galega contemporánea é expresar os acontecementos do pasado a través da linguaxe poética.

Caneiro, Xosé Carlos, "Renacer de nós", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 295, "O mellor do 2008", 2 agosto 2009, p. 11.

Repara na nova obra de Xavier Paz, *Renacer* (Edicións Xerais de Galicia, 2008), que é descrita como unha "marabillosa novela á que lle faltan páxinas" e considerada "o mellor libro galego do ano". Destaca o acerto da súa prosa, a súa dureza e dise que indaga no pasado. Salienta que é unha obra existencial, "fonda e profunda", que fala do home pero que pasou case inadvertida entre as novidades editoriais do 2008. Recomenda a súa lectura pois afirma que con ela "renace a literatura de Nós".

Carballa, Xan, "O diario precursor de Eduardo Moreiras", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "Cultura", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 27.

Achégase un amplo comentario de *Follas de vagar. Xornal 1969-1970* (1972), de Eduardo Moreiras, así como uns extractos da mesma, e sinálase que neste diario está presente o pulso poético e o cosmopolitismo dun autor culto, unificándose o pensamento breve dun só día coa anécdota transcendida en reflexión filosófica. Recóllense tamén as opinións de Francisco Fernández del Riego, quen comenta que neste diario se agroman pensamentos, lembranzas e feitos a través dos que se amosa a realidade cultural galega e europea; e as de Xosé Luís Méndez Ferrín quen afirma que Moreiras "é sempre á procura da verba xusta".

Castro Buerger, Iago, "Palabra e lugar", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 4, "Libros", 3 xaneiro 2009, p. 4.

Coméntase o novo poemario de María do Cebreiro, *Non son de aquí* (Edicións Xerais de Galicia, 2008), no que se volve pór de manifesto que á poetisa nada lle é alleo á hora de facer poesía. Dise que neste poemario liga as palabras con espazos concretos como Santiago de Compostela, Lisboa, Sintra e Madrid, nos que reside a súa memoria e, por último, lémbrase que os versos da autora serven para facer que o lector se sinta libre.

Castro Rodríguez, Xavier, "Unha escolma poética na colección 'Renacencia", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 3 xaneiro 2009, p. 2.

Co gallo do centenario do nacemento de Aquilino Iglesia Alvariño e, tras facer unha gabanza do poeta e da súa obra, lémbrase un dos libros que apareceron cando el xa tiña dado ao prelo *Señardá* e *Corazón ao vento* e que levaba por título *Escolma.* Dise que este libro se publicou en 1936 e que fixo o número dez da colección "Renacencia" e que presentaba unhas dimensións mínimas. Coméntase que saían moi poucos números de cada un dos pequenos libros que se editaban nesta colección e que neste caso se trataba

dun “ramallo” de poemas, dos que se salientan os dous inéditos que pechan a obra. Péchase o artigo recollendo unhas palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín sobre Iglesia Alvariño.

Castro Rodríguez, Xavier, “As moscas’: entre a vinganza, a traxedia e a liberdade”, *Galicia Hoxe*, “Galicia”, “Couso e arca”, 3 xaneiro 2009, p. 2.

Fálase sobre a obra de Jean-Paul Sartre, *As moscas* (2008), inspirada na mitoloxía grega e que agora aparece traducida ao galego por Xosé Manuel Beiras na Editorial Laiovento. Indícase que a obra fora publicada orixinariamente en 1943 e que nela Sartre tocaba os “grandes temas” arredor dos que xira o individuo: liberdade, xustiza, vinganza, responsabilidade e autonomía do ser humano. Por último, apúntase que a obra pretendía ser un espazo de liberdade diante da ocupación alemá de Francia, con personaxes convertidos en paradigmas diante das circunstancias que envolven os seres humanos.

Castro Rodríguez, Xavier, “As flores do mal’ de Baudelaire en versión galega”, *Galicia Hoxe*, “Galicia”, “Couso e arca”, 17 xaneiro 2009, p. 2.

Destácase ao comezo que a Editorial Galaxia dentro da súa colección “Clásicos Universais” leva a cabo un importante labor de tradución ao galego de obras de indiscutíbel valor. Despois indícase que esta editorial, xunto coa Fundación Caixa Galicia, vén de publicar un clásico da cultura francesa do século XIX, *As flores do mal* (1857, edición en galego 2008), de Charles Baudelaire, considerado como un poemario “maldito” e como unha ofensa para a moral e os costumes da época. Coméntase, na análise da obra de Baudelaire que se fai no artigo, que a versión ao galego está feita por Gonzalo Navaza e que se trata dun poemario denso e voluminoso, que serviu de influencia a boa parte dos escritores europeos, xa que Baudelaire se considera un dos iniciadores da modernidade en poesía. Por último, lémbrase a orixinalidade da súa obra ao incorporar perspectivas e ámbitos temáticos nunca antes explorados. Tamén se destaca a súa sutileza e a súa rebeldía, ao interpretar radicalmente os signos do seu tempo.

Castro Rodríguez, Xavier, “Sete achegas sobre a etnografía e a devoción”, *Galicia Hoxe*, “Galicia”, “Couso e arca”, 24 xaneiro 2009, p. 2.

Fálase sobre a publicación de *Fiestas en Galicia*, que agocha un compendio de traballos moi heteroxéneos relacionados con Galicia e que rendía homenaxe ao país aproveitando as festas do verán de 1961. Dise que unha coñecida marca de brandy xuntara para a ocasión daquel mes de agosto un interesante cartel de escritores para presentar, dende puntos de vista moi diversos, a realidade cultural, histórica e lendaria de Galicia. Entre outros aspectos, coméntase que a obra presentaba ilustracións de Vilar Chao e A. Enguix e sete colaboracións “de alta calidade” de nomes de referencia dentro da literatura galega e do xornalismo. Indícase que, entre os autores galegos, este folleto publicitario acolle as colaboracións de Álvaro Cunqueiro, Xosé María Castroviejo, Luís Moure Mariño, Vicente Risco, Francisco Pillado e Luís Caparrós falando sobre festas e romarías galegas.

Castro Rodríguez, Xavier, "Ensaios de reflexión europeísta por García-Sabell", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 31 xaneiro 2009, p. 2.

Faise unha presentación e lembranza da figura de Domingo García-Sabell e do seu labor dentro do Grupo Nós. Lémbranse tamén as súas achegas ao artigo xornalístico, á medicina, á política e á presidencia da Real Academia Galega. Logo fálase sobre a obra *Ensaios* que publicou a Editorial Galaxia no ano 1963. Dise que no primeiro volume incorporou catro traballos heteroxéneos que son unha análise existencial arredor do home galego enfermo, unha achega a James Joyce, unhas notas sobre a fame e outras sobre a tolería do pintor "excepcional" Vincent Van Gogh.

Castro Rodríguez, Xavier, "A paisaxe no imaxinario social e na nación", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 31 xaneiro 2009, p. 2.

Aproxímase á obra que conseguiu o Premio Ramón Piñeiro de Ensaio na convocatoria de 2007, *Paisaxe e nación*. *A creación discursiva do territorio*, de María López Sández, na cal se tenta achegar o "feito paisaxístico caracterizado na secuencia temporal como elemento cosubstancial ao ser humano e como referente literario ao longo da historia da nosa literatura". Danse os títulos das catro partes que compoñen esta monografía e saliéntase a terceira delas, na que a autora recolle tres exemplos de etapas diferentes da literatura galega para exemplificar esa íntima relación entre a realidade paisaxística e as diferentes interpretacións persoais: *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro; *Arredor de si* (1930), de Ramón Otero Pedrayo; e o ciclo textual de Tagen Ata, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Castro Rodríguez, Xavier, "Pintura galega no Círculo lugués das Artes (1980)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 7 febreiro 2009, p. 2.

Coméntase un libro que saíu ao prelo no ano 1980 da man do Círculo das Artes de Lugo coincidindo coas datas que conmemoraban a súa fundación, *8 artistas do movemento renovador da arte galega*, que formou parte da II Mostra Antolóxica da Arte Galega. Dise que é un libro singular no que se tenta achegar ao público a arte plástica de oito autores que forman parte do movemento renovador da arte galega e no que é tamén importante a colaboración de nomes "sobranceiros" da cultura galega, achegándose datos biográficos e críticos sobre eles. Danse nomes dalgunhas institucións e autores das colaboracións tal é caso do Museo de Pontevedra, Ramón Piñeiro, Laxeiro ou Uxío Novoneyra. Por último, indícase que as "figuras sobranceiras" son Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Manuel Colmeiro, que fan a presentación e as lembranzas deses artistas.

Castro Rodríguez, Xavier, "Cunqueiro, o poeta navegante co compás do norte", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 21 febreiro 2009, p. 2.

Lémbranse primeiramente os faladoiros que Álvaro Cunqueiro compartía con outros galeguistas e intelectuais da época, nos anos vinte e trinta, nos cafés Derby e Español de

Santiago de Compostela e de Mondoñedo, respectivamente. Deseguido céntrase no compromiso político e no importante labor desenvolvido por Cunqueiro no xénero lírico a partir de obras como *Mar ao norde* (1932), que supón a achega do autor a ese xénero e ao público. Dise que a obra non chega ás dúas ducias de poemas e que estes se acompañan das ilustracións de Luís Seoane. Remátase indicando que é unha obra marcada polo vangardismo e a beleza estética.

Castro Rodríguez, Xavier, "Do amor: 'Ese lume vibrante, marabilloso e xordo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 28 febreiro 2009, p. 2.

Tras lembrar que hai numerosos exemplos de antoloxías e escolmas ao longo da historia literaria cunha función didáctica ou educativa, fálase d'*O libro do amor*, que foi realizada en 1984 polo alumnado de terceiro curso de Filoloxía do Colexio Universitario de Vigo. Dise que está realizada por unha variada rede de lectores e lectoras que fixeron a escolla a partir de diferentes criterios e referentes estéticos e que xuntaron arredor de tres ducias de creadores líricos e sesenta e nove textos. Coméntase que a coordinación foi levada a cabo polo profesor Xesús Alonso Montero e que as verbas prologais foron de Domingo García-Sabell e Andrés Torres Queiruga, o que lle engade máis valor á obra.

Castro Rodríguez, Xavier, "Ollaime ben, eu son un arbre triste", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 7 marzo 2009, p. 2.

Descríbese a colección "Los poetas" de Ediciones Júcar, unha das empresas de difusión cultural e literaria de maior transcendencia na época da transición española. Dise que os libros nela publicados alcanzaron moita popularidade e conseguiron achegar a un público cada vez máis interesado o feito literario en xeral e a poesía en particular, dando a coñecer a realidade universal da lírica española, galega e portuguesa. Destácanse os volumes trinta e seis e trinta e sete do ano 1982, dedicados á traxectoria persoal e literaria do celanovés Celso Emilio Ferreiro e preparados polo profesor Xesús Alonso Montero. Por último dise que no volume dedicado á escolma inclúense composicións de todas as súas grandes obras e doutras significativas, como son dous poemas aparecidos na revista *Vieiros* de México e tres exemplos de "poesía clandestina".

Castro Rodríguez, Xavier, "Carlos Casares: diálogo cotián coa cerna da cultura, *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 14 marzo 2009, p. 2.

Primeiramente lémbrase o importante labor de Carlos Casares no eido literario en calquera das facetas máis destacadas do autor: ensaísta, narrador, biógrafo e estudioso da literatura, achegando os lectores á obra e personalidade de autores como Ramón Otero Pedrayo e Manuel Curros Enríquez. Logo, céntrase na súa faceta como articulista a través dunha columna xornalística que levaba por nome "Á marxe" e que servía de nexo de unión cos lectores, pois nela descubrían a sinxeleza da súa prosa e coa que conseguía estabelecer con eles unha relación máis familiar. Dise que agora a editorial Galaxia publica o sétimo volume de *Á marxe*, *obra xornalística VII* (2008), no que se recollen ducias de breves artigos que aínda gardan a actualidade e o ánimo vital do autor

ourensán. Indica que entre outros trazos que se destacan neles, están a aparición de lugares visitados, persoas e personaxes, vidas paralelas e autobiografismo.

Castro Rodríguez, Xavier, "A revista literaria 'Posío': 'E vou namorada", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 21 marzo 2009, p. 2.

Gábase a revista ourensá *Posío* que naceu en Ourense tras a guerra civil e que serviu de referente para a cultura galega do momento a través das súas páxinas, nas que se pretendía promover novos pulos e entusiasmo e a recuperación do ámbito cultural anterior á contenda. Lémbrase que nesta cidade naceron e viviron moitos dos escritores de referencia para as letras galegas como Ramón Otero Pedrayo e Lois Diéguez e que ao longo dun ano pasaron polas páxinas autores e autoras galegas como Pura Vázquez, Fermín Bouza-Brey, Vicente Risco e algúns de fóra de Galicia como o leonés Eugenio de Nora ou a murciana Carmen Conde. Dise que a vida da revista foi efémera (1945-1946) e que tiña unha cuberta ilustrada por Isaac Pereira, Peroxa. Coméntase o feito de que eran tempos nos que se fixo necesaria unha vía de expresión cultural, polo que naceron tamén outras revistas de atractivo deseño como *Numen*, *Alba* ou *Xistral*, coa intención de vincular literatura e ilustración. Por último, dise que foron catro as entregas da revista nas que se mesturou a presenza do xénero lírico e a prosa, cun maior predominio do primeiro e que nas súas páxinas contou con nomes como Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro, entre outros.

Castro Rodríguez, Xavier, "Nos picoutos de Antoín': a terra novelada", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 28 marzo 2009, p. 2.

Fálase en primeiro lugar da importancia que nas letras galegas tiveron Uxío Carré Aldao e Leandro Carré Alvarellos como alicerces familiares do sentimento de compromiso galeguista. Sinálase que destacan nos campos da edición, poesía, teatro e prosa, e que a eles se deben empresas culturais de gran relevancia como a Editorial Lar, a Cova Céltica, a Real Academia Galega ou a Escola Dramática Galega. Logo dise que hai tres anos a Editorial Alvarellos presentou un volume que alcanzara o premio no Centro Galego de Montevideo no ano 1929, *Nos picoutos de Antoín*, escrito por Leandro Carré Alvarellos. Dise que nel se recollían numerosas composicións de diferentes xéneros que quedaran sen editar e que abranguen un longo período de varias décadas. Lémbrase que primeiro foi editado en Braga en 1975 e que logo tivo unha segunda edición en Ediciós do Castro. Aclárase que se estrutura en doce capítulos nos que a traxedia, a morte e o caciquismo conforman a temática principal, á que se suman abondosas descricións e diálogos.

Castro Rodríguez, Xavier, "Discurso e ironía de Kierkegaard nos 'Prólogos", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 28 marzo 2009, p. 2.

Tras aludirse brevemente á traxectoria vital e literaria do filósofo danés Soren Kierkegaard, que tivo unha fonda influencia nos eidos da filosofía occidental e da relixión, ofrecendo a súa visión do existencialismo e o individualismo, indícase que a editorial Galaxia vén de publicar o seu libro *Os Prólogos* (2008). Despois de aclarar que o seu "interesante e reflexivo traballo" foi ocultado ao longo de décadas da lectura

pública por instancia da igrexa danesa logo da morte deste autor, indícase que o libro citado leva por subtítulo "Lectura lixeira para certos estamentos segundo tempo e ocasión" e que a tradución e introdución foron obra de Óscar Pereiro Oubiña. Tamén se refire que o volume foi asinado polo autor cun pseudónimo, Nicolaus Notabene, e que a idea fundamental que pretendía transmitir coa obra era que un prólogo "non ten realmente sentido nunha obra filosófica", xa que a súa función principal é predispór dalgunha maneira o lector cara ao libro.

Castro Rodríguez, Xavier, "Voz da terra e da historia do país no exilio", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 4 abril 2009, p. 2.

Descríbese a obra *Bajo la doble águila. Galicia en el reinado de Carlos V*, de Emilio González López (1903-1991), editada en 1970 en Montevideo baixo o selo do Patronato da Cultura Galega. Previamente lémbrase que o autor viviu no exilio en EE.UU., debido ao seu compromiso político e á súa actividade durante a guerra civil. Dise que dedicou alí a súa vida a numerosos e voluminosos estudos, sobre todo, históricos e á docencia universitaria. Logo céntrase no volume do que se salienta a ilustración de Luís Seoane e se di que é un ensaio histórico escrito en castelán que leva como pórtico unha dedicatoria, en galego, dirixida a Xesús Canabal, e que contaba coa pegada ensaística e poética de Xosé Neira Vilas e Manuel María, entre outros. Por último, saliéntase que o volume era o terceiro dunha ambiciosa *Historia da cultura galega* que "arelaba abranguer dende o período prehistórico deica os sucesos acontecidos no século XX". Engádese que o citado volume se centra no espléndido período que vive Europa occidental no século XVI e na figura máis representativa do mesmo, Carlos I de España e V de Alemaña.

Castro Rodríguez, Xavier, "A arte de traducir: un compromiso de fidelidade", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 4 abril 2009, p. 2.

Primeiramente fálase sobre o bo quefacer de moitos tradutores que conseguen o principal obxectivo da tradución: transformar textos dunha lingua noutros doutra lingua mantendo o sentimento e a expresividade. Preséntase a seguir o volume de Xosé Manuel Dasilva *O alleo é noso*. *Contribucións para a historia da tradución en Galicia* (Edicións Toxosoutos, 2008), que consta de cincocentas páxinas nas que se trata a realidade do mundo da tradución. Dise que na monografía se reflicte que a necesidade de realizar traducións se sente forzosamente cara ao último terzo do século XIX. Tamén se indica que nos corenta e un capítulos que forman o libro se dan a coñecer dende a tradución da obra de Rosalía até a obra de actualidade de Nélida Piñón. Por último, detense na gabanza do tradutor Lino Novás Calvo que, dende o inglés e o francés, traduce ao galego con gran mestría.

Castro Rodríguez, Xavier, "Traio nos beizos froles de laranxo", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 18 abril 2009, p. 2.

Trae á memoria o folleto *Formentor* (1960), de Celso Emilio Ferreiro, co gallo do trixésimo aniversario do seu óbito. Destaca primeiramente a súa figura como poeta libertario e a súa intensa amizade con outros escritores como Camilo José Cela, para

despois continuar cunha concisa análise da publicación antedita. Indica a súa tiraxe de non máis de cincuenta exemplares e a presenza no seu interior do poema de título homónimo na súa lingua galega orixinal e na versión castelá. Ao respecto do seu contido, sinala as referencias líricas á natureza, a paixón e o profundo sentimento presentes no poema e a visita á illa de Formentor que deu lugar á composición poética.

Castro Rodríguez, Xavier, "Escolma literaria para lusófonos e lusitanistas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 25 abril 2009, p. 2.

Faise unha gabanza do incansábel labor de Pilar Vázquez Cuesta como ensaísta e investigadora da lingua, literatura, historia, a lusofonía e os personaxes sobranceiros da cultura de Galicia e Portugal e despois preséntase e descríbese o volume do que é coordinadora e que escribe en colaboración coa revista *Coloquio/Letras* co título *Nós. A literatura galega* (2002). Dise que é unha homenaxe a unha parte esencial da literatura galega e que no prólogo, "Dez clásicos da literatura galega", que ela mesma asina, xa dá conta das dúas intencións que a obra ten: ser referencia para lusófonos e lusitanistas para coñeceren as letras galegas e ao tempo entender o alto grao de comprensión escrita que a lingua galega pode ter para eles. Coméntase que é unha escolma de varias mostras líricas e narrativas dos escritores "máis sobranceiros" como son Rosalía de Castro e Luís Seoane e que contén profusas fotografías e "representativas" cubertas editoriais. Por último, lémbrase a axuda que lle prestaron persoas e entidades como Maruxa Seoane, a Fundación Penzol, o Museo de Pontevedra e os fotógrafos Laura Castro e Paulo Cintra.

Castro Rodríguez, Xavier, "A Fouce': unha década de resistencia en Bos Aires", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 2 maio 2009, p. 2.

Lémbrase o importante labor desenvolvido por diversas asociacións, persoas, partidos políticos e institucións no primeiro terzo do século XX para conseguir a recuperación cultural e social de Galicia, tras épocas de analfabetismo, caciquismo e emigración. Entre outros dos alicerces, saliéntase o papel desenvolvido por entidades como o Grupo Nós ou as Irmandades da Fala que loitaron pola defensa da terra e do idioma galego. Tamén se lembra que ese mesmo labor se desenvolveu fóra de Galicia cun importante activismo social e político que callou, por exemplo, en publicacións como *A Fouce,* xornal galego que viu a luz en Bos Aires en 1926, mantendo unha liña ideolóxica de nacionalismo combativo que sobrevivirá unha década. Finalmente, danse os nomes de colaboradores que fixeron do xornal un duro e crítico voceiro contra a situación desfavorábel pola que pasaba Galicia: Ramón Cabanillas, Luís Amado Carballo e Emilio Pita, entre outros.

Castro Rodríguez, Xavier, "Evocar desde a esencia do íntimo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 2 maio 2009, p. 2.

Fálase sobre o libro de Xosé Manuel García Trigo, *Viaxes do corazón*. *Diario ínfimo* (2008), publicado na Editorial Galaxia, na colección "Illa Nova". Dise que este autor amosa unha gran sensibilidade e emoción, conseguindo que o lector o sinta como familiar. Saliéntase que a obra é como un diario, no que se lembran o pasado, tanto

persoas como paisaxes, e a experiencia vital fragmentada en múltiples elos que van conformando espazos e tempos pasados. Por último, recóllense as propias palabras do autor sobre esta obra, nas que aclara que se trata dun diario máis dos moitos que escribira sendo novo e que lle serven de "consolación espiritista".

Castro Rodríguez, Xavier, "Reflexión e estudo de Dieste sobre o espazo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 9 maio 2009, p. 2.

Comeza cunha lembranza de Rafael Dieste como un dos escritores de referencia nas letras galegas do século XX, grazas a títulos como *A fiestra valdeira* (1927) e *Dos arquivos do trasno* (1926), mostras da súa narrativa e literatura dramática. Dise que o seu compromiso político e o seu labor cultural quedan exemplificados en numerosos episodios como o seu vínculo coa República, o lectorado de Cambridge ou o seu labor nas Misións Pedagóxicas. Lémbrase outra dimensión menos coñecida do autor, que achega bastante máis complexidade para o lector: o seu labor ensaístico e matemático con obras como a que aquí se comenta, *Testamento geométrico*, publicada en 1975 coincidindo coas Letras Galegas, por Ediciós do Castro. Indícase que é un "destacado" volume, no que se acolle un prólogo asinado por Domingo García-Sabell, no que define a obra como "lúcida e transparente" e cunha reflexión cinguida aos fundamentos universais, tanto das matemáticas coma de calquera outra ciencia.

Castro Rodríguez, Xavier, "Resol': follas voandeiras de literatura para o pobo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 16 maio 2009, p. 2.

Valórase unha das revistas que marcou a preguerra, combinando vangarda e tradición nas súas páxinas, *Resol*, na que colaboraron escritores galegos e foráneos con representantes da literatura española como Federico García Lorca, da francesa como Paul Valéry e Charles Baudelaire e da portuguesa como Gil Vicente. Dise que o derradeiro número dez da etapa galega (1932-1933) estaba escrito integramente en galego e dedicado aos escritores lugueses Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel e Antonio Noriega Varela, entre outros, nun acto de reafirmación do idioma do país. Noméanse tamén as diferentes etapas polas que pasou a revista e dise que na primeira etapa en Galicia os nomes que a fixeron sobrevivir foron Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ánxel Fole e Ánxel Casal.

Castro Rodríguez, Xavier, "Na procura do humor, a ironía e a comicidade", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 23 maio 2009, p. 2.

Coméntase que a orixe d'*O segredo do humor* (1963), de Celestino Fernández de la Vega, está no agromar da editorial Galaxia, en 1950, e que é o froito do esforzo e mais do pensamento de Celestino Fernández de la Vega. Indícase que co paso do tempo se converteu nun ensaio esencial dentro do pensamento galego. Ademais reproduce as palabras de Fernández de la Vega nas que afirmaba que o humor se ten definido moitas veces como "ese fenómeno indefinible".

Castro Rodríguez, Xavier, "No 56: recital de Uxío Novoneyra en Monforte", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 23 maio 2009, p. 2.

Pártese dunha gabanza da figura de Uxío Novoneyra lembrando que *Os Eidos* e o Courel, xunto á natureza vizosa e o compromiso coa terra, foron os alicerces nos que asentou a súa obra. Despois lémbrase a súa pertenza á chamada Xeración das Festas Minervais, na que se encadran autores e autoras nacidos entre 1930 e 1940, que non viviron o conflito bélico da guerra civil, malia que sufriron as súas consecuencias. Dise que a súa primeira etapa vital de infancia e mocidade, vividas en consonancia coa paisaxe natural do Courel, deixaron unha fonda pegada na súa obra e na súa decisión de facerse poeta en galego. Logo céntrase no seu poemario *Os Eidos* publicado en 1955 e na influencia decisiva deste na historia da literatura galega. Tamén se repara no recital no que el participou en 1956 en Monforte de Lemos, presentado por Cesáreo Saco. Dise que o poeta recitou dezanove poemas seus e doutros representantes da literatura galega e de diferentes períodos históricos como Martín Códax, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal. Por último, indícase que no folleto que recollía o recital había unhas verbas de Ramón Piñeiro, gabando a Novoneyra.

Castro Rodríguez, Xavier, "Manuel Vilanova: cicelar o corazón da poesía", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 30 maio 2009, p. 2.

Lémbranse as figuras de Manuel Vilanova e de Manuel Álvarez Torneiro, que chegaron á poesía en galego a finais dos anos setenta e principios dos oitenta cunha lírica reflexiva e singular, se ben tiñan comezado a súa andaina en castelán. Dise que mostra da súa importancia son os galardóns que estes recibiron: o Premio da Crítica Española ao mellor poemario en galego e o da Crítica Galega a Manuel Vilanova. Céntrase logo no poemario *A lenda das árbores de prata* (Ediciones Nos, 1985), de Vilanova, que reflicte o comezo dunha nova etapa vital, a segunda metade da súa vida, con "metáforas engaiolantes" e "imaxes crípticas". Indícase que achega como trazos representativos a patria, a lembranza e a natureza. Aclárase que na edición deste poemario se insire unha folla solta con anotacións para corrixir desaxustes textuais producidos pola maquetación defectuosa.

Castro Rodríguez, Xavier, "1972: dúas consideracións arredor do idioma", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 13 xuño 2009, p. 2.

Fálase da revista *Cuadernos para el diálogo*, aparecida nos anos finais do franquismo e nacida coa intención de "formar sobre as bases da democracia a sociedade e os cidadáns que se achegaban ás súas páxinas". Dise que colaboraron diferentes promocións, xeracións e ideoloxías e que nela estiveron representantes da mocidade universitaria. En concreto, fálase da achega extraordinaria do número 30 (maio de 1972), no que se incluían dous traballos sobre a cuestión do idioma, asinados por José María Franco García e Xesús Cambre Mariño. Sinálase que no artigo inaugural, titulado "Castelao, precursor del regionalismo europeo", se fai unha primeira achega á figura do rianxeiro e que logo se realiza un percorrido pola situación peninsular e polos diferentes "casos rexionais". Logo coméntase o segundo artigo asinado por Cambre Mariño e titulado "Resurgir o fenecer de la lengua gallega", no que este fai referencia aos perigos polos

que está a pasar a lingua galega e a publicación en galego, así como ás consecuencias negativas de que a nenez galega fose obrigada a estudar todo en castelán.

Castro Rodríguez, Xavier, "Caderno arxentino de arte dedicado a Luís Seoane", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 27 xuño 2009, p. 2.

Realiza un breve itinerario pola traxectoria artístico-literaria de Luís Seoane. Salienta o tempo que permaneceu no exilio, no que foi quen de organizar unha parte da resistencia e movemento galeguistas, xunto á súa contribución persoal na pintura, o muralismo, o gravado ou na cerámica. Menciona a súa páxina en liña, www.luisseoanefund.org, e un comentario de Julio E. Pairó sobre a "iluminación" da súa pintura. A xeito de conclusión, recomenda a lectura do caderno número trinta e dous do autor, publicado en 1980, que recolle ilustracións sobre pintores arxentinos e un estudo de Marta A. Sánchez sobre o regreso de Seoane a Galicia e o cesamento do seu labor artístico.

Castro Rodríguez, Xavier, "A poesía é o gran milagre do mundo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 4 xullo 2009, p. 2.

Lembra a figura de Luís Pimentel, membro da xeración de poetas de 1925. A partir dunha cita de Xosé Luís Méndez Ferrín sobre a supervivencia do autor na época da sanguinaria represión fascista en Lugo, analiza o seu poemario *Sombra do aire na herba* (1959), editado postumamente pola Editorial Galaxia. Salienta o lirismo do seu título e a presenza no seu interior de corenta poemas que conformaran en 1950 o volume *Triscos*, editado na colección clandestina "Benito Soto". Deses poemas destaca a súa voz lírica e o verso perfectamente traballado. Indica que o limiar, a cargo de Celestino Fernández de la Vega, se intitula "Vida e poesía de Luís Pimentel". Remata o artigo cunha cita dese limiar referida á forma dos poemas de Pimentel.

Castro Rodríguez, Xavier, "Cincuenta anos dun poemario do padre Rubinos", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 18 xullo 2009, p. 2.

Realiza un percorrido pola traxectoria literaria do poeta e relixioso bilingüe Xosé Rubinos Ramos. Explica que parte da educación relixiosa ofrecida nos Seminarios dos séculos XIX e XX e destaca a súa sólida formación, recibida nas linguas e literaturas clásicas. Sinala a dimensión poética e teatral do autor nas súas obras, publicadas polo xeral en Cuba, así como a súa contribución en xornais e revistas como *Vida Gallega*, *Revista Cubana* ou *Diario de la Marina*, xunto á fundación da academia Gertrudis Gómez de Avellaneda e o seu labor como articulista. Recorda ademais a publicación do seu volume bilingüe, *Cantigas de novo xeito vello* (1959), que contén escritos de tipo intimista, costumista e relixioso entre outros, así como unha serie de composicións dentro do apartado "O esprito das cidades galegas". Finalmente, realiza unha crítica á tradución castelá dalgúns textos, que elimina a disposición gráfica dos versos en lingua galega.

Castro Rodríguez, Xavier, "Castelao: sempre na Patria, sempre en galego", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 25 xullo 2009, p. 2.

Celebra a homenaxe a Castelao realizada por Xosé Filgueira Valverde na súa cuarta entrega dos *Adral* (1987) baixo a forma dun ensaio monográfico, *Castelao na lembranza*, na que destaca a descrición do compromiso e do labor artístico feita encol do escritor rianxeiro. Salienta tamén as ilustracións, en especial as dedicadas á implicación de Castelao coa cidade teucra, así como a recompilación de diverso material publicado anteriormente sobre o autor, estruturado aquí arredor de vinte capítulos. De xeito especial, alude a acontecementos persoais que tiveron lugar na súa vida e remata cunha cita sobre un dos seus álbums.

Castro Rodríguez, Xavier, "Florentino Cuevillas: sistematizar a prehistoria galega", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 1 agosto 2009, p. 2.

Trae á memoria a colección de opúsculos de Ramón Otero Pedrayo sobre a figura de Florentino López Alonso-Cuevillas, publicada en 1980 pola editorial Galaxia, baixo o título de *Conciencia de Galicia*. Tras apuntar a pertenza de Cuevillas ao "Cenáculo Ourensán" e a súa parte imprescindíbel na época Nós, salienta o seu magnífico labor etnográfico e arqueolóxico da cultura galega e remata cunha cita de Otero Pedrayo sobre o seu coñecemento da paisaxe galega.

Castro Rodríguez, Xavier, "Tempo do corazón mollado de saudade", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 8 agosto 2009, p. 2.

Alude ao poemario *Terra de ningures* (1969), de Celso Emilio Ferreiro. Tras mencionar algúns dos títulos que compoñen a súa produción literaria, céntrase neste volume publicado por Ediciós Xistral que incluía poemarios de Lois Diéguez, Manuel María e Darío Xohán Cabana, entre outros. Analiza a estrutura e contido dos poemas que dan vida a esta recompilación, dirixidos na maioría dos casos a destinatarios concretos, e salienta a súa redacción na década de 1960 tanto dentro como fóra de Galicia, xunto a certos trazos representativos do poeta como a distancia, a acordanza, a terra galega e a recorrencia lírico-afectiva á súa amada Moraima.

Castro Rodríguez, Xavier, "González-Alegre, antólogo de poetas galegos (1959)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 15 agosto 2009, p. 2.

Fai referencia á *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1959), de Ramón González-Alegre Bálgoma. Tras unha cita de Bernardino Graña sobre a figura do antedito autor, ofrece un breve apuntamento sobre a súa biografía e salienta a súa promoción de iniciativas poéticas xunto á súa amizade con persoeiros galegos como Manuel María e Celso Emilio Ferreiro, entre outros, así como o seu corpus literario, concretado en publicacións xornalísticas referentes hoxe en día das décadas de 1940 e 1950. Destaca o feito de que esta antoloxía ten recibido críticas negativas no momento da súa saída a lume e conclúe cunha concisa descrición dos contidos da recompilación.

Castro Rodríguez, Xavier, "E cantar novo canto polos regos", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 22 agosto 2009, p. 2.

Alude á publicación de Faustino Rey Romero, *Poema das materias sagras* (1960), editado por Gráficas Bolfer do Porriño. Sinala acontecementos da súa traxectoria biobibliográfica como a súa formación eclesiástica, o seu estudo de filosofía e teoloxía e o seu cultivo do xénero poético. Menciona os seus poemarios *Doas de vidro* (1951), *Catro sonetos ó destino dunha rosa* (1952) e *Escolanía de melros* (1959) para despois proseguir cunha sucinta análise da citada recompilación. Salienta a súa breve extensión, a súa liña temática arredor da divindade e a xénese do ser humano e o elemento paratextual constituído por un apuntamento sobre a publicación do volume. Remata cun comentario de Xosé Luís Méndez Ferrín sobre o profundo contido teolóxico que contén o volume.

Castro Rodríguez, Xavier, "A cerna de Galicia nos artigos de Ben-Cho-Sey", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 29 agosto 2009, p. 2.

Fai referencia ao volume dirixido por Xesús Alonso Montero e Isaac Alonso Estravís, a modo de homenaxe á figura de Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben-Cho-Sey, *Galicia no corazón* (1977), publicado por Ediciós do Castro. Tras unha cita de Eduardo Blanco Amor sobre o citado autor, percorre brevemente a súa vida e céntrase nesta recompilación de escritos, cuxa cuberta correu a cargo de Luís Seoane. Destaca a súa brevidade e intensidade expositiva e menciona o escrito *¡Vaite co señorito!*, galardoado en Bos Aires en 1950.

Castro Rodríguez, Xavier, "Labor cultural na Casa Galicia de Nova York", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 12 setembro 2009, p. 2.

Trae á memoria o Centro Galego da cidade neoiorquina, fundado no primeiro terzo do século XX. Destaca a creación da Unidade Galega en 1940 grazas á vinculación dos exiliados galegos e á axuda da Fronte Popular Antifascista Galega. Salienta ademais a publicación da *Memoria* (1965-1966) deste Centro, baixo a dirección de Emilio Flórez. Comenta ao seu respecto o feito de conter colaboracións en lingua galega e castelá, o gran labor de edición e ilustración e temas do seu contido como a homenaxe a Castelao e as achegas de tipo cultural de Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste e Vítor Luís Molinari, entre outros. Alude finalmente ao nomeamento de Ramón Piñeiro como Socio de Honra do Centro e o ensaio de Ricardo Carballo Calero sobre o *Tesouro da fala*.

Castro Rodríguez, Xavier, "1930. Labor teatral de Avelino Rodríguez Elías", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 17 outubro 2009, p. 2.

Comenta a situación da dramaturxia galega entre 1916 e 1936, a partir da figura de Avelino Rodríguez Elías. Salienta a expansión dun teatro que transcendía os confíns urbanos por medio de dúos humorísticos, compañías, asociacións e mesmo corais. Tras reproducir un comentario de Laura Tato sobre ese novo concepto do teatro, alude a Rodríguez Elías con respecto á publicación en 1930 dunha escolma de pezas da súa autoría baixo o título de *Obras teatrales gallegas*, xa postas en escena anteriormente e grafadas en lingua galega.

Castro Rodríguez, Xavier, "As matemáticas nas estruturas literarias", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 17 outubro 2009, p. 2.

Dá conta da saída a lume do novo volume de Xenaro García Suárez, *Dos signos de Stendhal aos imaxinarios de Musil* (2008) en Edicións Laiovento. Explica como a ciencia, especialmente a matemática, foi quen de introducirse aos poucos na creación literaria e reproduce un comentario de García Suárez sobre o entrelazado das disciplinas matemática e literaria. Comenta a liña temática do volume, así como a súa estruturación arredor de doce capítulos e un anexo, nos que aparecen autores galegos como Rafael Dieste, co seu *Testamento geométrico* (1975), xunto a autores non galegos como Stendhal ou Alexandre Arnoux.

Castro Rodríguez, Xavier, "E vou, lonxe de vós, inda máis lonxe", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 24 outubro 2009, p. 2.

Faise eco da publicación póstuma de *Poesía* (1979), de Lorenzo Varela, en Ediciós do Castro. Tras apuntar o seu exilio a México e Arxentina, dá a coñecer unha parte da súa intensa traxectoria literaria, da que destaca acontecementos como o seu activismo ideolóxico nas Mocidades Galeguistas, nas Misións Pedagóxicas e mesmo na Alianza de Intelectuais Antifascistas e o seu fomento de proxectos editoriais e artísticos en Arxentina ao lado de Luís Seoane, Rafael Dieste e Arturo Cuadrado. Destaca deste volume a súa produción en galego xunto a dúas mostras en castelán, *Torres de amor* e *Homenaje a Picasso*. Reproduce por último un comentario de Rafael Dieste sobre a creación poética de Varela.

Castro Rodríguez, Xavier, "Veremundo González: editor e poeta revolucionario", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 31 outubro 2009, p. 2.

Recorda a figura de Veremundo González Rodríguez, a partir da publicación do seu volume *Poética Galicia* en Francia en 1971, baixo o pseudónimo de Alejandro del Valle. Destaca o seu labor literario dende o exilio e o seu compromiso coa cultura galega. Tras sinalar a orixe do seu pseudónimo na figura do poeta e mestre ourensán Manuel Gómez del Valle, morto polas armas en 1936, recomenda a súa lectura malia ter sido editado con precarios tipos de imprenta.

Castro Rodríguez, Xavier, "Cambre Mariño: ensaio do acontecer social galego", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 14 novembro 2009, p. 2.

Comeza falando da emigración galega en Bos Aires para despois centrarse no froito do labor e esforzo de numerosos galegos nesta cidade de Arxentina como foi a creación do Centro Galego de Buenos Aires ou a posta en marcha de Ediciones de Galicia. Tamén detalla que a obra *Galiza de hoxe* (1973), de Xesús Cambre Mariño, hoxe en día aínda pode servir para reflexionar sobre os problemas de Galicia.

Castro Rodríguez, Xavier, "O poeta é o grande océano da vida", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 21 novembro 2009, p. 2.

Apunta na análise do poemario *Agarimos. Versos da y-alma*, de Xoán Xesús González, editado en Compostela en 1921, que está ideado dende o eu máis íntimo. Indica que este autor tamén publicou textos nas editoriais Lar e Nós. Así mesmo explica que o seu compromiso activo cos labregos se pode ver na súa participación en diferentes asociacións agrícolas e gandeiras.

Castro Rodríguez, Xavier, "Un vento luminoso chorará nas mañás", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 28 novembro 2009, p. 2.

Comenta que en xullo de 1954 Manuel María publicou o poemario *Advento* en Bos Aires con Ediciones Galicia. Afirma que contaba coa ilustración na cuberta de Luís Seoane e que nestes versos, intensamente reflexivos, agroma o eu máis íntimo e a procura do ser humano nos seus espazos máis vitais.

Castro Rodríguez, Xavier, "Cantares de xente de agulla e tesoiras", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 5 decembro 2009, p. 2.

Indica que Armando Cotarelo Valledor editou en 1931 o *Cancioneiro de agulla enxergado con doas*. Detalla que este volume se configura como un conxunto de coplas, cantares, muiñeiras e tríades do folclore galego e precisa que conta cun total de cen composicións que aparecen acompañadas das súas variantes e dos lugares onde estas foron recollidas.

Castro Rodríguez, Xavier, "Infinda raíz do meu corazón", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 12 decembro 2009, p. 2.

Céntrase na descrición d'*A sombra ergueita*, obra de Maria do Carme Kruckenberg, publicada en 1976 por Edicións Castrelos. Indica que conta cunha cuberta de Laxeiro e que contén trinta e nove poemas que supoñen a afirmación lírica en galego da poetisa.

Castro Rodríguez, Xavier, "Homenaxe universitaria a Ramón Cabanillas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 19 decembro 2009, p. 2.

Refírese á homenaxe a Ramón Cabanillas realizada hai máis de trinta anos na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela. Refírese tamén a que nesta homenaxe se publicou un volume misceláneo a cargo de trece profesores, entre os que se atopaban Ricardo Carballo Calero, Isabel González, Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei.

Castro Soliño, Dorinda, "Limpo e nu. Valorar os recendos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 273, "Libros", 8 xaneiro 2009, p. IV.

Céntrase na análise do poemario *Pel de muller*, de Asun Estévez, publicado por Edicións Ir Indo en 2008 de xeito altruísta, posto que todo o beneficio económico recollido coa súa venda dedícase a ADICAM (Asociación de Disgnosticad@s de Cancro de Mama), da que forma parte a autora e á que lle dedica o poemario en forma de agradecemento pola axuda recibida. Indícase que a obra lírica se compón de trinta e cinco poemas agrupados baixo tres epígrafes, "Cincenta espida", "Pel de muller" e "A pé descuberto", dos que se desprende un canto á vida e á liberdade e un xeito de reivindicarse como muller. Apúntase que moitos dos versos nacen dun momento de dor cun eu poético en forma de muller enfadada coa vida e que se trata de textos nos que as forzas da natureza están presentes como consolación e dan azos á autora. Precísase, por último, que outros textos serven para a reivindicación do propio ser, e que outros, de ton máis íntimo, falan do amor, da procura da infancia perdida como ocorre cos dedicados á nai, ao fillo, á amiga e ao irmán.

Castro Soliño, Dorinda, "Amena lectura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Libros", 19 marzo 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 227, "Letras galegas", 28 marzo 2009, p. 7.

Coméntase a obra de Chico Buarque, *Budapest* (2008), que publicara en 2003 e que agora sae a lume en lingua galega da man da editorial Factoría K traducida por Ramón Nicolás e que foi galardoada en 2004 co Premio Jabuti á mellor obra de ficción en Brasil. Saliéntase primeiramente a lingua poética empregada, coa que consegue comunicar sentimentos íntimos ou convertela en arma para loitar contra ditaduras ou censores. Descríbese con detalle o seu argumento, que acolle en primeira persoa a aventura de José Costa, un escritor de textos para outros, casado cunha locutora de televisión, que recala casualmente en Budapest por un problema técnico do avión, ao regresar a Río de Janeiro tras unha convención de escritores. Dise que alí manterá unha relación cunha profesora que se converte na súa amante e lle descobre a lingua húngara, que o impresiona. Indícase que deste xeito a novela se converte nun "xogo metaliterario" de duplicidades, por veces desconcertante, no que se encaixa a obra dentro da obra e a narrativa dentro da narrativa. Por último, sinálase como curiosidade que algúns dos nomes dos protagonistas son xogadores da selección de fútbol húngara, que participou no mundial no ano 1954 con Puskas á cabeza.

Conde, Alfredo, "Otero Pedrayo y sus coetáneos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 1 novembro 2009, p. 4.

Faise eco da saída a lume en 2008 de *No xardín das mandrágoras*, de Paco López-Barxas. Saliéntase entre o conxunto de entrevistas que conforman o volume, a realizada a Xaquín Lorenzo, "O Xocas", na que fala de persoeiros como Ramón Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas e Vicente Risco e do sentimento da paisaxe.

Dopico, Montse, "As ilusións acoiteladas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xaneiro 2009, p. 27.

Coméntase o poemario de Iolanda Zúñiga, *Amor amén* (2008). Afírmase que mantén o estilo directo, conciso, duro e contundente de *Vidas post-it* (2007), a súa primeira obra

narrativa. Dise que de novo volve retomar o desamor, a soidade e o desencanto coma eixes temáticos presentando, nesta ocasión, o monólogo en verso dunha muller enganchada a unha relación destrutiva. Achéganse as palabras da autora sobre o proceso de xestación da obra e indícanse como trazos de estilo o ritmo trepidante, a concisión e a contundencia das palabras e a dureza dun contido cotián e real. Apúntase que a obra é tamén unha mostra da pegada que na autora deixaron outras e outros escritores coma Olga Novo, Lupe Gómez, Alfonso Pexegueiro, Lois Pereiro e María Lado e que ela pertence a unha nómina de autores que non entenden a poesía coma unha proposta "incomprensible", senón como un xeito de achegarlle ao público historias cotiás. Por último, sinálase que o libro se estrutura en dúas partes e que tamén inclúe unhas reflexións persoais de Zúñiga sobre o papel social da muller.

Eyré, Xosé M., "O mundo en dezaseis casas", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Crítica", 9-14 xaneiro 2009, pp. 32-33.

Comenta que a editorial Positivas publicou un libro do escritor Xuan Bello, *Historia Universal de Paniceiros* (2008), escrito en bable e traducido ao galego por Esperanza Mariño Davila. Indica que a escrita en bable está algo esquecida e salienta da obra o feito de que manteña os diálogos na lingua orixinal, xa que axudan ao lector a contextualizar a historia. Explica que o libro está formado por corenta textos fronteirizos nos que se mestura o xénero narrativo co poético. Tamén salienta que moitos dos textos xa foran publicados anteriormente na prensa e, por último, destaca o "humanismo escéptico" presente en todos eles.

Eyré, Xosé M., "A hecatombe xa está sucedendo", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "Cultura", "Crítica", 15-21 xaneiro 2009, p. 32.

Analízase a novela de Xurxo Borrazás, *Costa norte/ZFK* (Editorial Galaxia, 2008), da que, tras unha introdución centrada no xénero futurista, se di primeiramente que é unha obra fundamental para que a xente tome conciencia sobre o problema da destrución medioambiental. Comézase explicando que na "Nota do autor" que pecha o libro Borrazás fai un pequeno repaso do proceso de xestación da obra, indicando, por exemplo, que no relato inédito *ZFK*, aparecido en 2004 na revista *San Xoán* de Carballo, xa aparecían moitos personaxes e situacións desta novela. Faise logo unha crítica á sociedade actual inmersa nun sistema capitalista que pouco a pouco vai destruíndo o planeta sen tomar ningunha medida para evitalo. Coméntase que o lector debe realizar un proceso de reflexión para lograr interpretar cal é realmente o tempo da novela, un futuro próximo ou presente. Dise que o feito principal da obra é a denuncia da construción do porto exterior da Coruña entendida como un desastre froito da especulación capitalista. Cóntase que o caos é total nesta obra na que o discurso se verbaliza en primeira e en terceira persoa e se produce unha mestura de descritivismo, reflexión e análise. Como logro fundamental, sinálase a neutralización do eixo temporal e tamén se salienta o valor que se concede ao sensualismo e ás relacións sexuais para reivindicar un comportamento humano máis acorde á súa natureza. Saliéntase tamén, dende o punto de vista formal, certa vontade transgresora, os xogos de palabras e a sensación de caos constante. Por último, coméntase quen son as dúas protagonistas da obra, unha vella e unha moza, convertidas en símbolo de dous tempos diferentes.

Eyré, Xosé M., "A lembranza como problema e como poema", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "Cultura", "Crítica", 22-28 xaneiro 2009, p. 32.

Faise unha análise, sobre todo, temática do poemario de Carlos Lema, *O xeito de Freud* (Espiral Maior, XI Premio Johan Carballeira, 2008), presentado como unha obra "instalada no equilibrio". Sinálanse a seguir as súas tres partes e descríbese tematicamente cada unha delas. Indícase que, en xeral, se trata dun poemario de "retorno á infancia, un diálogo con ela dende os ollos dun adulto". Dise que nos poemas tenta reflectirse que ninguén está libre dos efectos que a lembranza produce. Precísase que a voz poética se recoñece como froito da cultura (as lecturas que se fixeron, a música, a historia, a filosofía ou a pintura). Entre outras influencias, fálase de autores como Leonardo da Vinci, Henry James e Sigmund Freud que achegan un ton reflexivo e o emprego da poesía como elemento mediador. Tamén se destacan a dimensión sonora dos versos e o coidado ritmo que posúe, así como o feito da deslocación vital que transmite e a importancia da lembranza como elemento que fixa as vivencias e o tempo vivido.

Eyré, Xosé M., "Unha boa novela de espías, amor e traizón na Lisboa bélica", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "Cultura", "Crítica", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, p. 32.

Analízase a novela *A batalla do paraíso triste* de Xosé Ramón Pena, que publicou Edicións Xerais de Galicia en 2008. Precísase que está ambientada na Lisboa de comezos da II Guerra Mundial, cando Salazar e o seu Estado Novo controlaban Portugal. Coméntase que naquel momento Lisboa era un niño de espías que obedecía a todo tipo de bandeiras e intereses e como en "toda novela de espionaxe que se prece, as fidelidades ás causas e as traizóns están á orde do día". Indícase que a trama se mostra convertida nun xogo cinematográfico e que a novela presenta así un tema pouco frecuente nas letras galegas cunha intriga inherente á trama que consegue atrapar o lector. Descríbense logo os personaxes, comezando polo protagonista que é "prófugo na súa propia patria" e creando entre todos unha paisaxe novelística con suficiente entidade como para interesar ao lector. Tamén se di que pola obra circulan datos, situacións e personaxes históricos procedentes dun efectivo estudo do período histórico en cuestión: Precísase que son os propios personaxes os que van creando os diferentes espazos e ambientes en lugar da descrición. Sinálase que son os lectores os que van avanzando coa novela ao sentirse parte dos personaxes espías. Para rematar, coméntase que a obra é de lectura amena e conta cun hábil xogo de narradores que permite ao autor ir cambiando de perspectiva e punto de vista sen perder nunca a óptica propia.

Eyré, Xosé M., "Divertida e apaixonante", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "Cultura", "Crítica", 5-11 febreiro 2009, p. 32.

Coméntase a última novela de Jaureguizar titulada *O globo de Shakespeare* (2008), que mereceu o Premio Terras de Melide. Apúntase que probabelmente sexa a obra máis completa do autor até ese momento. Comézase indicando que responde á "escrita descoidada e típica" no autor. Saliéntase o carácter divertido da novela e o seu pouso cinematográfico, que xa está presente no propio título. Tamén se comentan as coincidencias con outra obra recente de Xesús Constela, *Shakespeare destilado*, e

despois fálase sobre as propias coincidencias con outras obras e coa vida de William Shakespeare. Faise unha detallada descrición dos personaxes que compoñen unha trama de delirio crítico que convida a reflexionar, segundo se di, sobre aspectos coma a autoría, a inevitabilidade da traxedia como solución a unha vida que se desenvolve nunha farsa. Sinálase como acerto o manexo hábil dos fíos da trama que se presenta dosificada até precipitala na apoteose final. Por último, dise que os personaxes "curiosos, estraños e fortemente empáticos" gañan o lector dende o principio.

Eyré, Xosé M., "Paranoia no teatro da vida", *A Nosa Terra*, n.º 1.346, "Cultura", "Crítica", 12-18 febreiro 2009, p. 32.

Fálase sobre a obra de Xesús Constela, *Shakespeare destilado* (2008), a partir das coincidencias con outra recente obra de Jaureguizar, *O globo de Shakespeare* (2008). Dise que ambas as dúas obras resultaron galardoadas, a primeira co Premio García Barros e a segunda co Terra de Melide. Coméntase que en ambas obras se amosa a concepción da vida como teatro e que os protagonistas principais de ambas as dúas tamén presentan coincidencias nas súas accións. Afírmase que a traxedia de Romeo e Xulieta ten un peso considerábel nas dúas obras, nas que aparece reflectida como unha experiencia frustrada. Sinálase que esta obra "é unha manifestación da paixón pola literatura ou obsesión e tamén testemuña dunha sensibilidade inquieta na cal os acontecementos externos" son unha influencia importante. Saliéntase o feito de que o narrador é o verdadeiro protagonista porque ten nas súas mans o resto dos personaxes, os cales carecen de entidade. Dise que a obra gañaría en tensión dramática se aumentase algo de extensión e non ficase reducida a pouco máis que unha novela breve difuminada no "ensarillado de caixas chinesas proposto".

Eyré, Xosé M., "Na procura da novela imposíbel ou as cordas do violín", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "Cultura", "Crítica", 19-25 febreiro 2009, p. 32.

Coméntase a nova obra de Xerardo Agrafoxo, que leva por título *O violinista de Malá Strana* (2008). En primeiro lugar dise que se trata dun produto ambicioso que mestura literatura de viaxes, de intriga e relacións amorosas. Cualifícase de "novela cultural" que transporta o lector dende Galiza até Praga e dende aquí até o Sahara en viaxe de ida e volta, coa misteriosa desaparición, en augas mediterráneas de Saint-Exupéry no fondo. Sinálase que o seu protagonista, Darío, escritor galego que foxe dunha relación amorosa conflitiva con desenlace fondamente traumático, implícase nunha intensa trama de espionaxe, de represións e vinganzas, co conflito do Sahara e casa real marroquina de fondo. Apúntase que a novela se compón de tres tipos de discurso diferentes: a novela de viaxes, a novela detectivesca e a novela de raíz introspectiva, que se complementan positivamente nas súas páxinas e chegan a un equilibrio complexo. Engádese que pretende ofrecer unha panorámica xeral sobre o ser humano, a través de casos particulares. Explícase que isto se realiza a partir dun xogo de narradores de omnisciencia parcial, que vai abrindo novos interrogantes, a medida que avanzan as súas páxinas. Remátase destacando que a figura do violinista do título é simplemente unha figura de decorado.

Eyré, Xosé M., "Literatura do curioso", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "Cultura", "Crítica",

26 febreiro-4 marzo 2009, p. 32.

Analízase a obra de X. L. Martínez Pereiro, *A verdade como mal menor* (2008), que ofrece, segundo se comenta, unha chea de respostas a moitas preguntas curiosas. Explícase que parte da idea de que a curiosidade é un trazo inherente a un lector ou lectora. Comézase cunha crítica ao mal vista que está a curiosidade na sociedade occidental actual por ser, segundo a relixión católica, a nai de todos os vicios, idea da que xorde a concepción da obra. Dise que se trata de prosas variadas e que mesmo inclúe algúns contos como o que dá remate á obra, que presenta unha vontade subversiva e unha tendencia ao emprego de palabras naturais que dan lugar ao sorriso e ao pasmo. Coméntase que se pode observar un recurso aos libros raros e ao enfiado comentado de sentenzas, opinións recorrentes ou anécdotas, así como a experiencia persoal do autor reivindicando a súa propia humanidade. Destácase o recurso ao emprego da ironía sobre todo contrastiva, que unhas veces serve para suxerir comentarios ocorrentes e outras veces para demostralos. Por último, sinálase como trazo característico da obra o emprego da hiperbrevidade nas formas representada polos microcontos ou microrrelatos, agás no conto do remate, ademais do recurso á aforística de xeito continuo.

Eyré, Xosé M., "Unha novela de río e fronteira", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", "Crítica", 5-11 marzo 2009, p. 32.

Analízase a temática e os personaxes da obra de Xelís de Toro, *Riofero* (2008). Faise unha presentación dos seus elementos e personaxes, o Marqués, un escritor na procura dunha historia, o Riofero e as bruxas e meigas. Cualifícase a novela de fortemente simbólica e de fronteiriza, na que hai continuas chamadas á reflexión e na que as febres, os sanatorios, as alucinacións, as cerimonias de iniciación sexual e a sensación de acurralamento forman parte dese universo narrativo. Dise que consiste nun "adentramento" que expón e cuestiona o valor da aventura, para o que recorre á sombra frutífera de grandes autores norteamericanos como Mark Twain. Fálase tamén sobre o ritmo pausado da prosa conseguido por medio dos momentos de reflexión que propón o autor, malia que nalgúns fragmentos ese ritmo se acelere por mor da pouca esixencia na redacción. Tras indicarse que é unha obra ricamente ambientada, detense en falar da concepción dos personaxes, nos cales pesa o seu drama persoal. Tamén se lembra que o autor proporciona oito temas musicais que poden servir de banda sonora da obra e que poden escoitarse ou baixarse da páxina web que indica o propio autor.

Eyré, Xosé M., "O sabor dunha época", *A Nosa Terra*, n.º 1.350, "Cultura", "Crítica", 12-18 marzo 2009, p. 32.

Afóndase na novela gañadora do Premio Blanco Amor no ano 2008, *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva, que é presentada como unha das mellores novelas do ano. Refírese á súa fórmula narrativa e dise que é debedora de autores como Stefan Zweig e da súa novela *Fouché.* Coméntanse as achegas biográficas de persoas salientábeis en Galicia como Santiago Casares Quiroga, María Casares e Ánxel Casal. Apúntase que a novela é unha reconstrución biográfica, epocal e de grupo, feita con crueza e intensidade. Coméntase que se trata da reconstrución biográfica da vida da protagonista a partir da súa vida na Coruña, a fuxida a París e as estadías en Bos Aires e

Nova Iorque. Indícase que o contexto temporal abrangue dende os anos previos á República, a guerra civil, II Guerra Mundial, o Maio do 68 e a decadencia do franquismo até a actualidade. Incídese no feito de que se pretende que o lector reflexione sobre a reivindicación do papel da muller na acción nacionalista histórica e cultural e sobre as propias condicionantes como mulleres, así como na propia condición do ser humano e a súa procura da felicidade. Destácase que a autora conxuga moi ben "paixóns a dúo", teatro e narrativa, estudo histórico e ficción narrativa, a esfera reivindicativa social e a esfera propia da individualidade. Saliéntase que presenta unha correcta escrita con períodos sintácticos complexos, aínda que se observa certa lentitude no ritmo da historia. Conclúese apuntando que a obra ten un remate emocionalmente moi intenso.

Eyré, Xosé M., "Literatura da vida diaria e do esencial", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "Cultura", "Crítica", 19-25 marzo 2009, p. 32.

Fálase sobre a obra *Viaxes do corazón* (2008), de Xosé Manuel García Trigo, da que se indica a súa adscrición á chamada "Literatura Mínima" por conter, sobre todo, exercicios literarios que tenden a se concentrar en poucas liñas. Sinálase que no libro existe unha base narrativa dupla por que, por unha parte, as anotacións que se len teñen vida propia e, por outra parte, funcionan de modo fragmentario como elos de unión dentro do macrotexto que supón a obra. Precísase que se trata de prosas reflexivas e ao tempo moi poéticas, nas que se reflicten as anécdotas do cotián para facelas universais cun fondo de melancolía. Como elementos comúns fálase das lembranzas, dos soños, dos libros que logo son referenciados. Dise que se trata tamén de literatura íntima que aproxima o lector ao sentimento do autor. Finalmente lémbrase doutros dous títulos do mesmo autor: *Extintos básicos* (1998) e *Reserva especial* (2004).

Eyré, Xosé M., "Novela histórica moi consistente", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "Crítica", 26 marzo-1 abril 2009, p. 32.

Comeza falando da importancia da lectura para logo referirse á obra gañadora do Premio Eixo Atlántico, *Monbars o exterminador* (2008), de Hixinio Puentes. Afirma que se trata dunha novela chea de intriga que sitúa a acción fóra de Galicia. A seguir, conta o argumento da obra e fala dalgúns dos temas que manteñen o fío narrativo. Describe os personaxes que considera ben configurados e asegura que esta é unha novela histórica, xa que reflicte o tempo en que se desenvolve e, concretamente, o mundo mariñeiro. Finalmente, atende a outros aspectos: a importancia do título e a dualidade entre os protagonistas.

Eyré, Xosé M., "O sal da memoria", *A Nosa Terra*, n.º 1.358, "Cultura", "Crítica", 7-13 maio 2009, p. 32.

Coméntase o poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Vento de sal* (2008), comezando coa reprodución dalgunhas das primeiras palabras que se poden atopar na obra. Ao tempo sinálanse algunha das claves temáticas que caracterizan o poemario: reflexión, esperanzas, soños e unha arte poética que transcende o lector. Indícase que hai dúas partes. Indícase que a primeira leva por título "Sombra do meu corazón", que é

a máis extensa e que nela o protagonista é o mundo próximo e familiar, a través dunha viaxe introspectiva polo tempo da memoria. Explícase que a segunda parte ten por título "Desde dentro da única zona de luz" e nos seus oito poemas reflexiónase sobre a propia actividade poética dos escritores e a necesidade que a sociedade ten deles e faise referencias a algúns autores como Alexandre Bóveda, Albert Camus e Antón Avilés de Taramancos. Destácase tamén a importancia que cobra o sentimento de dor nese regreso ao pasado e na esperanza dun futuro máis prometedor.

Eyré, Xosé M., "Se Celso Emilio fose punki", *A Nosa Terra*, n.º 1.360, "Cultura", "Crítica", 21-27 maio 2009, p. 32.

Tras unha breve introdución que fai referencia á nova vía de proxección das obras literarias que ofrece internet, preséntase a obra de Samuel L. París, *Manuel da destrución* (2008), editada por A Regueifa. Aclárase que o xénero poético é quizais o máis axeitado para este tipo de difusión da produción literaria. Tamén se indica que aínda non está asentada esta nova ferramenta, polo que a difusión das obras é menor que en soportes tradicionais. Analízase a obra, da que se destaca a súa unión á expresión cultural popular e os xogos de palabras, con relacións de contraste e oposición, non só na súa forma senón tamén no seu contido, a través dos que o autor vai destruíndo a realidade opresora e poñendo de manifesto a súa actitude rebelde e crítica co mundo que o rodea. Dise que varios dos temas presentes son a sociolingüística, a cultura, os medios de comunicación, o turismo, as infraestruturas, a sanidade, o erotismo, a violación do espírito de Ermua ou o antifascismo. Engádese que se mestura o sublime e o cotiá co sexo e coa tolemia. Coméntase que no final da obra hai un intento de crear unha historia e que, ao mesmo tempo, o texto se aproxima ao microconto.

Eyré, X.M., "Nobel comprometida e de calidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.379, "Cultura", "Crítica", "Narrativa", 29 outubro-4 novembro 2009, p. 28.

Dá conta da saída a lume da novela *O home é un grande faisán do mundo* (2001), de Herta Müller, autora merecente do Premio Nobel de Literatura 2009. Tras sinalar a súa tradución ao galego por Frank Meyer e agradecer a Edicións Xerais de Galicia o voto de confianza a esta autora, coméntase a novela. Presta especial atención ao título e destaca o carácter poético da intención da autora-narradora, o ambiente familiar en que se desenvolve o relato, a xentileza e o tacto da súa linguaxe e a súa simboloxía, que fai posíbel unha lectura vangardista. Equipara, por último, a novela con *O libro das viaxes imaxinarias* (2008), de Xabier Docampo e recomenda a súa lectura.

Faginas, Sandra, "O exotismo vital da novela Molesnike", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 295, "O mellor do 2008", 3 xaneiro 2009, p. 11.

Fálase sobre o último libro de Xerardo Agrafoxo, *O violinista de Malá Strana* (2008), do que se indica que culmina a triloxía que este autor comezara con *O triángulo de Oscar Wilde* e *Unha viaxe no Ford T*, que merecera o Premio García Barros no ano 2004. Sinálanse como trazos principais unha mestura de viaxes, amor e literatura e concretamente destácanse as descricións e o exotismo vital nas que o eu é o fío narrador. Dise que Praga é o contexto no que se desenvolve a historia que comeza cun

misterio por resolver: un morto e tres pistas sobre el. Tamén se sinala que está dividida a modo de relatos, segundo os distintos puntos de vista de quen ve a historia e que a agudeza do autor se mostra na mestura de mundos e biografías.

Faginas, Sandra, "E a música fíxose novela", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 305, "Letras en galego", 14 marzo 2009, p. 11.

Preséntase a nova novela de Chico Buarque que Ramón Nicolás vén de traducir ao galego, *Budapest* (2008), e que recibiu o Premio Jabutí á mellor obra de ficción no ano 2004. Destácase a fascinación pola lingua húngara que sente o protagonista da novela e que se reflicte na obra por medio da función poética. Sinálase que o autor busca o anonimato a través da lingua, como escusa para que o escritor protagonista cambie de vida.

Faginas, Sandra, "Porque o saber si ocupa lugar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 306, 21 marzo 2009, p. 13.

Coméntase que, co obxectivo de condensar boa parte da sabedoría galega, o Consello da Cultura Galega editou no 2008 o seu *Dicionario enciclopedia do pensamento galego*. Explícase que nas setecentas páxinas deste volume se agrupan cento dez pensadores significativos da cultura galega e que tamén se ofrecen nel dezaseis monografías, que analizan temas diversos como a pedagoxía, a literatura, a prensa, a estética e a política. Saliéntase que nas súas páxinas hai nomes que van dende Rosalía a Concepción Arenal pasando por Rafael Dieste, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e outros máis próximos no tempo como Carme Adán e Purificación Mayobre. Indícase que a coordinación do volume corre a cargo de Manuel Torres Queiruga e Manuel Rivas García. Por último, engádese que na segunda parte hai escritos de diferentes temáticas como a de Justo Beramendi sobre o nacionalismo, a de Dolores Vilavedra sobre a literatura e a de Barreiro Rivas sobre política. Tamén se destaca a utilidade do seu índice onomástico.

Faginas, Sandra, "No misterio está o conto", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º XXX, "Letras en galego", 28 marzo 2009, p. 11.

Salienta que a tarefa de contar ben os contos é bastante complicada mais iso non é problema para Alberto G. Aneiros, xa que publicou un libro de relatos breves, *Ironías dos fados* (2008). Comenta que os temas destes seis contos son mitos, heroes, mortos e premonicións, contados sempre nun ambiente onírico.

Faginas, Sandra, "O éxito do pequeno 'best seller", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "Letras en galego", 21 abril 2009, p. 7.

Coméntase o acerto de Pilar Ortega Pereiro ao escribir o texto *Virxinia*, que publicou Edicións Xerais de Galicia no ano 2008, tras quedar como finalista no I Certame de Micronovela de Soutomaior. Dise que nesta obra se mesturan estrañeza, maxia, intriga e realismo onírico e que parte dunha situación aparentemente sinxela, na que unha parella nova e namorada se enfronta no principio da súa convivencia coa aparición dun ser

estraño, un anano, que a atormenta. Saliéntase a vertixe que se desprende da súa prosa, na que os parágrafos se van inserindo a medida que avanza a trama e condicionados polo microespazo do relato, e tamén se destaca o lirismo evocador que tamén se observa no nome da protagonista. Dise que a estrutura é simple mais que tamén procura confundir o lector por momentos ao enredar o asunto central coa literatura dentro da literatura.

Faginas, Sandra, "O espello do gato", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 316, "Letras en galego", 6 xuño 2009, p. 12.

Preséntase a obra de Álvaro Lago, *O espello do gato, ladaíñas de escarnio á sombra dun camelio* (2006), da que se di que contén referencias valleinclanescas e o seu mesmo humor esaxerado e intelixente e que, dende os títulos até a división dos capítulos, a obra é un retrato gráfico do "impaís". Coméntase que nesta obra agroman personaxes, anecdotarios e vidas dun realismo inconformista. Indícanse como trazos máis característicos a finura prosística e a maxistral precisión coa que se transmiten as "miserias do ser humano", a través dun estilo que entronca coa picaresca clásica.

Feixó, Xosé, "25 anos dun inquérito", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 281, "Libros", 5 marzo 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 225, "Letras galegas", 14 marzo 2009, p. 11.

Fálase sobre a importancia da reedición da obra de Xesús Alonso Montero, *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas* (2008), que na súa primeira edición supuxo os alicerces da sociolingüística galega e, ao tempo, recoñécese o valor e o atrevemento do autor ao publicar sobre un tema tan polémico naquela data. Dise que nesta ocasión se trata dunha edición facsímile pero cun novo estudo introdutorio "moi atinado" que axuda a comprender globalmente o sentido da obra. Sinálase que, dos douscentos cincuenta intelectuais de diversa ideoloxía que recibiron a enquisa, só trinta e seis a responderon, entre os cales cita a Alfonso Sastre, Dámaso Alonso e Antonio Tovar. Apúntase que estas respostas son xa un documento histórico que axuda a reflexionar sobre a situación da lingua galega.

Feixó, Xosé, "Prosa fluída", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 286, "Libros", 16 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 230, "Letras galegas", 25 abril 2009, p. 6.

Comézase comentando a aparición dun novo selo editorial, Edicións Morgante, relacionado coa Editorial Rinoceronte por provir ambos da man de Moisés Barcia que vén a revitalizar a edición galega e dinamizar o panorama cultural. A seguir, fálase da primeira novela que este selo publica e que é tamén a primeira dun novo autor, Manuel Jabois, *A estación violenta* (2008). Pártese da polémica suscitada pola coincidencia do título cun poemario de Octavio Paz de 1958 para logo indicarse que se trata dunha obra moi orixinal e de gran calidade, da que se desprende a influencia dos grandes escritores. Dise que a súa escrita é lixeira e amena, que presenta unha prosa fluída que achega a historia duns personaxes mozos desencantados da vida e das súas experiencias e que destila un pouso de melancolía. Saliéntase que o xeito de narrar é moi acertado nas formas e no fondo e que a novela está impregnada de principio a fin da sensación de

tristura que envolve os personaxes.

Fernández, Luís, "A precisión literaria e a imaxinación matemática", *A Nosa Terra*, n.º 1.346, "Cultura", "Ensaio", 12-18 febreiro 2009, p. 34.

Tras unha introdución onde se fala sobre o elo común das ciencias e a literatura do emprego do imaxinario para coñecer o mundo, dise que dende sempre houbo personaxes interesados polos paradoxos da linguaxe matemática e creacións literarias como o *Mahabarata* que proban que a literatura é todo menos estraña ás matemáticas. Indícase que este é o principal obxectivo do ensaio escrito polo profesor de matemáticas Xenaro García Suárez, titulado *Dos signos de Stendhal aos imaxinarios de Musil* (2008). Sitúase o ensaio dentro do xénero da divulgación científica e dise que nas súas páxinas aparecen Thomas Mann, Bertrand Russell, Álvaro Cunqueiro e Rafael Dieste, entre outros. Apúntase que se fai un percorrido ameno e rigoroso polos "problemas fundamentais da matemática e da ciencia". Coméntase que o ensaio constitúe unha negación rotunda da polarización que moitos ven entre as ciencias e a literatura. Saliéntase unha gran capacidade de García Suárez para a exposición literaria, clara e precisa. Por último, dise que a amplitude e variedade dos coñecementos de García Suárez fai que o lector se interese sen necesidade de instruílo.

Fernández del Riego, Francisco, "Conversa sobre Baudelaire", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 315, "Letras en galego", "De cotío", 30 maio 2009, p. 10.

Fala sobre Charles Baudelaire, autor d'*As flores do mal* (2008), que vén de se publicar traducido ao galego. Apunta que el e un amigo seu falan amplamente sobre este autor e a súa vida e obra. Comenta a melancolía e tristeza que o caracterizaban e que pasaron a formar parte da súa poesía, na que reflectía o cotián das súas experiencias e o desacougo que lle producía a intensa busca de respostas aos seus interrogantes existenciais. Tamén afirma que o poema "La vie anterieur" é un dos que mellor reflicten este proceso interior. Por último, indícase que *As flores do mal* é un conxunto de poemas que teñen grande importancia polo seu valor intrínseco, alén do tempo e do espazo que o motivaron.

Fernández del Riego, Francisco, "Da terra nai a Proust e Rilke", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 338, "Letras en galego", "De cotío", 7 novembro 2009, p. 13.

Alude ao actualmente esgotado volume de Juan Rof Carballo, *Mito e realidade da Terra Nai* (1957). Salienta o compromiso do autor coa cultura galega e menciona outros ensaios seus como *O problema do sedutor en Kierkegaard, Proust e Rilke* arredor do concepto do ser humano.

Fernández Díaz, José Luís, "Reseña", *La Región*, "Opinión", 29 maio 2009, p. 25.

Coméntase que no número setenta e tres da revista *Reseña*, que se publicaba en marzo de 1974 e cuxo contido atinxía á actualidade artística do momento, apareceu un monográfico sobre a cultura galega con "interesantes" artigos que aínda hoxe están de

actualidade. Faise referencia á importancia da lingua galega na sociedade e aos escritos que sobre este tema apareceron na revista de man de Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Manuel María e Xosé Manuel Beiras. Dise que se comentaba a aparición de novas leis na época que permitían o estudo das linguas vernáculas nas escolas, mais que no caso da lingua galega non se cumpría. Sinálase que os medios de comunicación exercían unha influencia negativa neste sentido. Logo alúdese á separación que existía entre o pobo e a Xeración Nós, así como ás palabras que Eduardo Blanco Amor dedica á literatura dentro da revista comentada.

Fernández Lorenzo, Rafael, "Óptica de diario", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 277, "Libros", 5 febreiro 2009, p. IV.

Abéirase á obra de Xosé Manuel G. Trigo, *Viaxes do corazón (diario ínfimo)* (2008) e dise que percorre o seu pasado, a través de anécdotas e vivencias de diversa índole. Saliéntase que o persoeiro que serve de referente e cerne da obra é Xosé María Castroviejo, a partir do cal o autor enfía a súa escrita neste diario, no que non se transmite sufrimento e dor, senón paz e tranquilidade. Tamén se apunta que está cheo de "fábulas e de fadas".

Franco, Camilo, "Libros nos reversos da escea", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 303, "Letras en galego", 28 febreiro 2009, p. 11.

Saliéntase o feito de que a obra dos dramaturgos, xeralmente, se ve reducida á novidade editorial e que neste sentido Raúl Dans publica dous libros, para reivindicar o seu papel como autor teatral, nos que a ruptura das convencións xoga un papel importante. Da primeira obra, *Nachtmahr* (2008), dise que rompe coa convención en canto á linguaxe teatral para levar o lector a un espazo diferente, con outra forma de interpretar a realidade, de maneira que a linguaxe e as súas distancias funcionan como a paisaxe que delimita a acción. Logo sinálase que, baixo o título de *Nun mundo hostil* (2008), se reúnen varias pezas breves e "rápidas" traballadas con intensidade, que contan cun humor negro e tentan revolver a realidade contemporánea.

Franco, Camilo, "Unha investigación prohibida", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 324, "Libros para o verán", 1 agosto 2009, p. 11.

Trae á memoria o drama *As actas escuras* (2002), de Roberto Vidal Bolaño, merecente do Premio Xacobeo de Teatro en 1992. Salienta o seu carácter aberto e o seu "intenso realismo", que permite a súa lectura dende o punto de vista da novela de intriga, da ficción política ou mesmo do teatro de clase.

García, Rodri, "Monólogo de 'Gin Tonics'", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 295, "Letras en galego", "O mellor do 2008", 3 xaneiro 2009, p. 10.

Coméntase a obra gañadora do Premio de Novela García Barros, *Shakespeare destilado* (2008), escrita por Xesús Constela, do que se di que xa fora gañador do Premio Torrente Ballester de Novela no ano 2003 con *As humanas proporcións* (2004). Neste caso

destácase o humor, a súa grande imaxinación, a ironía e o dominio dunha viva linguaxe coloquial para facer unha homenaxe a William Shakespeare, a través destas páxinas que conforman o longo monólogo dun borracho que, entre grolo e grolo, fala do seu amigo Willy e das súas vivencias. Por último, indícase que existe dentro da obra unha trama dentro doutra e que o escritor gozou escribíndoa.

García, Rodri, "Cremalleiras", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 315, "Letras en galego", 30 maio 2009, p. 11.

Tras indicar cales son os trazos máis característicos da obra (moita imaxinación, pegadas de moitas lecturas diferentes, pingas de humor, retranca e ironía), coméntase o argumento da novela *Cremalleiras* (2008), escrita por Alejandro Tobar. Dise que este autor é unha nova voz dentro da narrativa galega e que nesta obra ofrece a historia de Demetrio, un rapaz que nace un 29 de febreiro e vén ao mundo coa singularidade de ter o corpo cheo de cremalleiras, feito que é investigado por uns científicos de Oslo onde tamén hai outros nenos co mesmo caso. Destácase que pode ser considerada tamén unha novela de viaxes, polos múltiples espazos nos que transcorre a historia, e que as referencias á literatura están presentes ao longo de toda a historia a través de nomes como Ohran Pamuk e Quim Monzó.

García, Rodri, "Achegarse a Novoneyra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 343, "Letras en galego", 12 decembro 2009, p. 6.

Fai referencia á obra colectiva *Uxío Novoneyra. A emoción da terra* (2005), da que se comenta que permite coñecer o pensamento do poeta courelán, a través dun traballo realizado por amigos e estudiosos do propio Novoneyra. Indica que conta con fotos, documentos e borradores que completan esta "boa haxiografía de Novoneyra".

Gómez, Lupe, "Liñas tortas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xaneiro 2009, p. 29.

Analízase o poemario *Faltas de ortografía* (2008), de Diego Cousillas, co que foi merecente do IX Premio Johán Carballeira de Bueu. Apunta que esta primeira do autor é singular e divertida e que fala para un destinatario que case sempre é muller, con poemas nos que predomina a comunicación sobre a poesía, adoptando moitos deles forma de declaración de amor ou de intencións. Tamén refire como vive Cousillas a entrada no mundo literario, a súa participación en diferentes recitais e o significado que ten para el un autor de referencia como Manuel Rivas.

Gradín, Tere, "Unha borracheira maxistral", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 229, "Literatura", 18 abril 2009, p. 7.

Co gallo do cincuenta aniversario da obra que está considerada a mellor novela galega do século XX, *A Esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, lémbrase a importancia deste autor dentro da literatura galega e fálase sobre as distintas iniciativas que teñen lugar para este aniversario, que ao tempo coincide cos trinta anos do falecemento do escritor. Dise que cada primeiro de decembro se fai unha homenaxe no cemiterio de San

Francisco, co recoñecemento especial da asociación de escritores Pen Clube de Galicia. Apúntase que tamén hai unha proposta para crear unha cátedra ou seminario universitario co nome do autor ourensán. Descríbese a traxectoria persoal e profesional de Blanco Amor para falar deseguido sobre *A esmorga*, lembrando os atrancos que sufriu por parte da censura e as opinións sobre esta obra de escritores como Xosé Neira Vilas e Rosa Aneiros.

Iglesias, Afredo, "Paisaxe de noso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 274, "Libros", 15 xaneiro 2009, p. V.

Tras unha breve introdución sobre os conceptos de nación e paisaxe e a súa relación a partir do romanticismo, analízase a obra de María López Sández, *Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio* (2008). Dise que na obra se pon de manifesto que a relación entre a paisaxe, entendida como creación e como espazo, e o imaxinario social do nacionalismo se explora a través da presenza da paisaxe en obras como *Cantares gallegos* (1863), *Arredor de si* e *Retorno a Tagen Ata* (1987). Coméntase que se pasou dun imaxinario colectivo, con referencia simbólica a unha paisaxe rural, a un imaxinario urbano que emerxe de xeito negativo e que do libro se desprende a necesidade de integrar as dúas vertentes. Por último, lémbrase que a obra resultou gañadora do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007.

Loureiro, R., "Titánica catedral de versos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 295, "LetrasFicción", 3 xaneiro 2009, p. 4.

Faise unha gabanza da obra poética bilingüe galego-castelán *Eume* (2008), de César Antonio Molina. Dise que é unha obra monumental e cume das poesías ibéricas, froito do "inxente" esforzo creador do seu autor.

Loureiro, Ramón, "Semilla gallega del realismo mágico", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 304, "Letras en galego", 7 marzo 2009, p. 5.

Repara na monografía *A Galicia máxica de García Márquez* (2008), de Carlos G. Reigosa. Indica que manifesta a relación entre Gabriel García Márquez e o mundo de Álvaro Cunqueiro, e tamén a presenza de sangue galego nos antepasados. Salienta a importancia de García Márquez para a literatura española e comenta que no libro hai diversas fotografías das cidades nas que viviu e tamén do que escribiu en España.

Loureiro, Ramón, "Toda esa luz feita de versos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 324, "Libros para o verán", 1 agosto 2009, p. 11.

Faise eco do poemario ilustrado de Xulio López Valcárcel, *A melancolía dos corpos*, publicado en 2008 pola Sociedade de Cultura Valle-Inclán na colección "Soláster", dirixida por Fernando Bores. Menciona as ilustracións de Nito Dávila con versos manuscritos do poeta superpostos e cita algúns deles. Sinala ademais outro volume da súa autoría, *Casa última* (2003), e recomenda a súa lectura.

Lourido, Isaac, "Crítica (poética) da Razón Espoliada", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 16, "Libros", 28 marzo 2009, p. 5.

Coméntase a nova obra de Carlos Negro, o poemario *Cultivos transxénicos* (2008), que está na liña de continuidade da súa anterior obra, *Far-West* (2001), ao buscar espazos alternativos contra os axiomas literarios hexemónicos e apartarse en parte do pensamento nacionalista facendo uso da ironía. Dise que recibiu un premio do Certame de poesía Victoriano Taibo convocado polo Instituto de Estudos Miñoranos. Indícase que neste poeemario se percibe unha voz lírica situada a unha distancia suficiente para destituír a posibilidade da identificación e da nostalxia romántica. Sublíñase o ton reivindicativo e de denuncia fronte ao capitalismo.

Martínez Bouzas, Francisco, "Sen luz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 275, "Libros", 22 xaneiro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 218, "Letras Galegas", 31 xaneiro 2009, p. 10.

Tras comentar que nunha antoloxía do ano 2000 se falaba sobre a importancia das novas voces femininas na panorámica actual da literatura galega, saliéntase a figura de Inma López Silva e lémbrase que obtivo os premios Xerais e Blanco Amor coas obras *Concubinas* e *Memoria de cidades sen luz*. Deseguido analízase esta última, publicada por Edicións Xerais de Galicia no ano 2008. Dise que o tempo da obra abrangue oitenta anos, dende 1928 até 2008. Explícase que se trata dunha novela circular na que os personaxes foxen das terríbeis circunstancias que trae consigo a Guerra Civil, de xeito que percorren cidades como Santiago de Compostela, París, Barcelona e Bos Aires. Indícase que o galeguismo da época está moi presente nas páxinas da novela. Sublíñase que o sentimento do medo é o que rexe todo o periplo vital dos personaxes, sobre todo do protagonista. Destácanse como bondades da novela a unidade estrutural, a linealidade narrativa, unha certa desmitificación do exilio galego de Bos Aires e a cumprida recreación dos "climas" humanos de distintas cidades e tempos, a través dunha prosa sinxela mais fluída e coidada.

Martínez Bouzas, Francisco, "Como un himno", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 280, "Libros", 26 febreiro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 224, "Letras Galegas", 7 marzo 2009, p. 10.

Dise que, grazas ao labor de tradución feito por Mª Dolores Torres París, se pode gozar das páxinas da obra *A elegancia do ourizo* (2008), de Muriel Barbery. Coméntase que a autora é unha profesora de filosofía que con dúas obras literarias se converteu nunha revelación literaria. Dise que nesta novela hai pinceladas de profundidade e toques de humor intelixente para presentar, a través dun fío narrativo que cativa a atención lectora, unha protagonista atípica: unha porteira que fala de Marx e a ideoloxía alemá. Destácase a capacidade analítica, o estilo sinxelo, a tenrura e a capacidade de desdramatizar o feito da morte. Apúntase que o espazo está conformado por un edificio parisino onde a autodidacta protagonista traballa e onde se desenvolven as vivencias dos protagonistas. Precísase que a novela se converte nunha crítica mordaz á burguesía francesa, á hipocrisía social e ao consumismo desmedido. Por último, gábase a capacidade da obra para se converter nun himno ás pequenas cousas e á beleza interior.

Martínez Bouzas, Francisco, "Pensadores de noso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 281, "Libros", 5 marzo 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 225, "Letras Galegas", 14 marzo 2009, p. 11.

Preséntase unha obra de "gran utilidade", o *Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego* (2008), da autoría da Sección de Filosofía e Pensamento do Consello da Cultura Galega, coa coordinación de Andrés Torres Queiruga e Manuel Rivas García. Coméntase que a súa estrutura ten dúas partes: un Dicionario de autores/pensadores galegos e unha segunda parte máis enciclopédica dedicada a desenvolver dezaseis grandes temas que permiten encadrar o pensamento galego nos diversos campos da cultura. A seguir, coméntanse algunhas eivas que, segundo Martínez Bouzas, ten a obra, sobre todo na primeira parte, e tamén se critica que non se distinga entre pensadores e profesores de filosofía e que se omitan certos nomes que cumpriría ter en conta nesta nómina.

Martínez Bouzas, Francisco, "Alén do argumento", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 285, "Libros", 2 abril 2009, p. V.

Coméntase a obra *A clase* (2008), traducida por Xavier Senín e Isabel Soto, do francés François Bégaudeau. Dela dise que o narrador interpreta o seu propio papel alén de dar lugar a un filme homónimo, galardoado coa Palma de Ouro en Cannes. Explícase pormenorizadamente o seu argumento, que se centra nos alumnos máis conflitivos dun instituto francés, ao longo dun curso escolar. Dise que destaca o multiculturalismo que representan eses alumnos que consideran a escola unha institución inútil. Indícase que a obra pode considerarse un cru e realista documental, mais sen poder cualificala como novela, por mor de que non hai unha dirección narrativa clara, nin unha trama que se desenvolva arredor dun ou varios acontecementos. Ponse de relevo que ao autor lle interesa retratar o devir do curso escolar con todas as expectativas e contradicións da escola multicultural. Como trazos distintivos dise que hai unha acumulación de escenas repetitivas que non responden a ningunha orde cronolóxica. Tamén se afirma que tampouco hai personaxes concretos, senón unha grea de individuos que non evolucionan e que só conforman colectivos.

Martínez Bouzas, Francisco, "No tempo vivido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Libros", 7 maio 2009, p. V.

Fálase sobre a obra *Para seguir bailando* (2008), de Francisco X. Fernández Naval, que se compón de dez relatos unificados polo título do que pecha a escolma e por tratarse dunha pescuda da esencia da vida, a través das lembranzas e dos sentimentos, co tempo vivido como fío condutor na maioría deles. Dise tamén que se poden observar diversos trazos autobiográficos e que ao tempo están presentes o azar, a memoria, a violencia e a importancia das palabras. Logo descríbese a temática de varios dos relatos, nos que están presentes temas como a violencia machista, a ditadura, os guerrilleiros agochados, a corrupción e o erotismo. Finalmente, indícase que a obra se pecha cun relato que dá título ao libro, unha homenaxe a Julio Cortázar en forma de carta. Coméntase que a linguaxe é pulcra e ás veces deliberadamente descoidada.

Martínez Torres, Dolores, "Saga de segredos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 273, "Libros", 8 xaneiro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 216, "Lecturas", 17 xaneiro 2009, p. 10

Pártese das propias palabras de Gonzalo Moure sobre a súa obra, *A porta de Mayo* (2008), feita en colaboración con Tina Blanco, e traducida ao galego por Jaureguizar. Dise que se inspirou en historias que un tío seu inventaba sobre unha tumba xunto ao mar que parece ter moito que ver con Patrick O'Mayo, un guerreiro bastardo fillo de reis de Irlanda e Inglaterra, que arribou ás costas de Ortegal e sementou a súa estirpe familiar en Galicia. Coméntase o argumento da novela que parte da tristura do protagonista, Manuel, tras a morte da súa muller, Clara Mayo, coa que estaba a redactar a biografía do primeiro Mayo. Sinálase que os personaxes se caracterizan con breves pinceladas mais de grande intensidade, que conforman unha novela de "heroes errados e nobres desertores, de cidades e honras e tesouros ocultos".

Martínez Torres, Dolores, "Estilo escueto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 274, "Libros", 15 xaneiro 2009, p. IV.

Analízase a obra de Sergi Pamiés, *Se comes un limón sen facer xestos* (2008), traducida por Antón Dobao e composta de varios relatos, nos que se di que cobran importancia o cotián, o intranscendente e o doméstico. Coméntase que os personaxes están trazados de xeito agridoce e irónico e que son pezas que representan a alienación social ao aparecer convertidos en individuos sen nome. Tamén se indica que son seres inadaptados e inhábiles para desenvolverse segundo os convencionalismos sociais. Explícase que o estilo dos vinte relatos que a compoñen é escueto e voluntariamente espido de ornamentos, con eficaz destreza narrativa mais sen conseguir emocionar o lector. Apúntase que moitos deles comparten un mesmo esquema ou un moi parecido. Por último, faise un pequeno apuntamento biográfico e profesional sobre o autor.

Martínez Torres, Dolores, "Relación/Confrontación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 281, "Libros", 5 marzo 2009, p. V.

Coméntase o argumento da obra que completa a triloxía que o autor Xerardo Agrafoxo dedica aos amores, ás viaxes e á literatura, e que leva por título *O violinista de Malá Strana* (2008). Dise que da aparición dun cadáver dun home espido sobre as lousas do chan parte a investigación dun vello comisario que cede a voz a un narrador en primeira persoa distinto en cada capítulo, sendo cada un deles un dos quince personaxes que tiveron relación co morto. Apúntase que deste xeito se reconstrúe o último ano de vida de Darío, un escritor en crise vital e creativa. Tamén se indica que a obra deriva ao tempo na mostra de diferentes sentimentos e relacións entre os personaxes con ecos de Henry James e Jules Verne. Así mesmo, afírmase que a novela non presenta matices entre as diferentes voces narrativas e que o ritmo é lento e a intriga de fondo insuficiente.

Martínez Torres, Dolores, "Pegadiza cadencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º

282, “Libros”, 12 marzo 2009, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 226, “Letras Galegas”, 21 marzo 2009, p. 6.

Repárase na novela *Sardinia Blues* (2008), de Flavio Soriga, coa que mereceu o premio Mondello-Cittá de Palermo. Primeiro refírese ao seu argumento a partir do narrador da historia, sardo e enfermo de talasemia, trazos que, segundo se di, comparte co autor da obra. Apúntase que son tres os mozos duns trinta anos que comparten a historia, descolocados e sen fe, nun mundo no que se mesturan a tradición e a modernidade, e que comparten vivencias de enganos e praceres, melancolías, alegrías, tedio e tamén reflexións certeiras sobre a sociedade que lles tocou vivir. Coméntase que se combinan fragmentos narrativos máis áxiles e rápidos e outros máis repetitivos que teñen o seu desenlace nun final algo absurdo. Por outra parte, destácase que a forza expresiva do seu estilo sobrepasa o seu argumento e a converte nunha obra “brillante”.

Martínez Torres, Dolores, “Contraditoria e angular”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 307, “Libros”, 7 maio 2009, p. V.

Preséntase a estrutura da novela *O caderno dourado* (2008), de Dolores Lessing, traducido por Eva Almazán. Dise que se divide en cinco partes mediante a intercalación das fases dos catro cadernos que escribe a protagonista da armazón que envolve a obra, Anna Wulf, e que leva por título “Mulleres liberadas”. Sinálase que, dende cada un dos cadernos, a protagonista observa e describe as súas experiencias vitais dende ángulos diferentes para conseguir coñecer quen é ela en realidade. Anótase tamén que no ano de publicación da obra, 1962, o personaxe supuxo unha revelación e unha novidade, de xeito que, en fondo e forma, a novela “avanza a modernidade” e así perdura un retrato da contemporaneidade da súa época.

M. B. F., “Lolita ou a dolor”, *ABC*, “*Artes&Letras*”, n.º 2, “Galicia”, “Libros”, febreiro 2009, p. 5.

Comézase cunha pequena lembranza biográfica de Vladimir Nabokov e a súa estadía como profesor de literatura nunha universidade exclusivamente feminina en Nova Inglaterra, para falar detidamente da obra que o fixo unha celebridade aos cincuenta e seis anos, *Lolita* (2008), que vén de ser traducida ao galego por Xesús Fraga e publicada por Factoría K de Libros. Indícase como foi o proceso de creación da obra e a necesidade que o autor sentiu de incluír un epílogo, onde se xustificase e se defendese das acusación de que a súa novela era antiamericana. Destácase a súa complexidade narrativa, argumental e lingüística e dise que conseguiu ser publicada en 1955 en París malia ser logo prohibida en Francia e Inglaterra. Deseguido enxálzase a versión galega avalada polo Premio Lois Tobío 2008 á mellor tradución en galego, que concede a Asociación Galega de Escritores. Destácase a mestría do tradutor para resolver os diversos xogos lingüísticos do autor e a valía das notas que inclúe a pé de páxina, ao facilitar moito a comprensión lectora.

M. B. F., “Verbo dos arxinas”, *ABC*, “*Artes &Letras*”, n.º 4, “Galicia”, abril 2009, p. 5.

Tras unha referencia á importancia que está a tomar a novela histórica nos últimos tempos entre os novos escritores, preséntase a obra de Marcos Calveiro, *Festina lente,* (2008), que obtivo o XVIII Premio Irmandade do Libro da Federación de Libreiros e o Premio Nacional da Crítica 2008 en Literatura Galega, modalidade de narrativa. Comézase cun eloxio da arte literaria do autor que enche as páxinas de enumeracións preciosistas que remiten ao pasado histórico. Dise logo que a obra fala de libros e de amor á palabra, deseñando frescos soltos da vida compostelá entre os séculos XVI e XVII e focalizando a intriga nun códice secreto e o contrabando de libros prohibidos polo Santo Oficio. Indícase que se observa unha portentosa e rigorosa documentación de xeito que dentro dunha narración clásica o autor recrea documentos notariais, códices ou descricións bibliográficas ou expresións cifradas na lingua dos arxinas.

M. D., "A historia do paraíso triste", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 febreiro 2009, p. 39.

Coméntase a obra de Xosé Ramón Pena, *A batalla do paraíso triste* (2008),l que se presenta como un relato de espionaxe e intriga que conflúen co desamor e a traizón da amizade na Lisboa de principios dos anos corenta. Comézase cunhas palabras do propio autor sobre a xénese da obra, a partir dunha anécdota por el vivida vinte anos antes. Despois descríbense o argumento e os seus protagonistas por medio das palabras do propio Xosé Ramón Pena. Destácase o estilo áxil e a estrutura en capítulos non moi longos, que intercalan historias e personaxes sen que o fío se perda. Tamén se engade que o relato está contado a través dun narrador non neutral, que é un historiador que descobre o seu parentesco co personaxe protagonista.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Do Ourense graxo", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 606, "No fondo dos espellos", 18 abril 2009, p. 4.

Fálase extensamente d'*A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, co gallo do cincuenta aniversario da súa primeira edición, tras facer unha introdución sobre a súa faceta de poeta, a aparición da Nova Narrativa Galega e da obra de Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole nas décadas dos anos cincuenta e sesenta. Coméntase como chegou a mans da Editorial Galaxia o orixinal da obra devolto dende Madrid pola censura franquista no local onde el e outros galeguistas se reunían. Dise que o propio articulista leu a novela nese momento e considerouna un dos cumes da Nova Narrativa. Precísase que foi Isaac Díaz Pardo quen levou o orixinal de volta a Bos Aires, onde si foi logo publicada na nova editorial Citania, creada por Luís Seoane. Finalmente, lémbrase como por fin chegou a novela a distribuírse en España durante o franquismo. Sinálase que entusiasmou especialmente o seu monólogo narrativo como técnica maxistral, a súa lingua, o ritmo cinematográfico e a pintura de caracteres. Cualifícase como unha obra mestra do seu autor e das letras galegas.

Méndez Ferrín, X.L., "Memoria de 'Vieiros", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 630, "No fondo dos espellos", 24 outubro 2009, p. 4.

Dá conta do quincuaxésimo aniversario da creación da revista *Vieiros* en México D.F. Apunta a súa curta duración, dende 1959 até 1968, con tan só catro números dados ao prelo, a cargo de Lois Soto e Carlos Velo no labor de dirección. Comenta a seguir o

lectorado agardado, galegos e galegas antifranquistas no exilio, xunto á figura do ilustrador, Arturo Souto, para despois mencionar a edición facsímile de Margarita Ledo n'*A Nosa Terra* en 1989 como a única forma de consulta da revista na actualidade. Refire, doutra banda, o Congreso da Emigración celebrado en Bos Aires en 1956, do que resultou a denominada "Declaración Picallo", da que cita algunhas liñas. Salienta a fundación do Padroado da Cultura Galega de México impulsada por Lois Soto, Delgado Gurriarán, Elixio Rodríguez, Carlos Velo, López Durá, Caridad Mateos e Luisa Viqueira, entre outros, e vincula o nacemento da revista antedita a este padroado. Destaca os dous primeiros números da revista, de 1959 e 1962, como fieis descritores do nacionalismo galego dentro e fóra de Galicia.

Mera, Héitor, "Condición de muller", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 215, "Letras galegas", 10 xaneiro 2009, p. 10.

Analízase o ensaio de María Xosé Queizán *Anti natura* (2008), no cal se volve reflexionar sobre a condición e a situación da muller, centrándose en momentos da historia moi concretos. Dise que a contextualización é histórica e filosófica e que se atopan diversas teorías dende Aristóteles até Freud sostidas cun coñecemento histórico que lle dá ao ensaio, en certas partes, verosimilitude e rigorosidade. Destácase que o estilo é ás veces coloquial e que no eido da ideoloxía subxacente é onde a escritora decepciona por non ser de todo obxectiva.

Mera, Héitor, "Nas entranas do salazarismo", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "Cultura", 22-28 xaneiro 2009, p. 34.

Ábrese este comentario sobre a obra de Xosé Ramón Pena, *A batalla do paraíso triste* (2008), gabando o seu talento e perseveranza de xeito que na novela se ven reflectidas as facetas de ensaista, narrador e poeta do autor. Dise que as técnicas narrativas que ennobelan as accións en espazos e tempos diferentes son empregadas con mestría. Sinálase que hai varios narradores, que van dende o omnisciente até o protagonista, e analepses e prolepses, que amosan unha construción complexa pero factíbel á hora de ser entendida. Tamén se indica que se percibe un intenso traballo de documentación e gran claridade expositiva ao carón do lirismo e reflexión persoal. Sitúase a obra nos albores da Segunda Guerra Mundial no Portugal salazarista e sublíñase o acerto de amosar as relacións que mantiñan os réximes portugués e español. Para rematar dise que tamén hai tempo na novela para o amor, a cultura e a acción trepidante.

Mera, Héitor, "Sen ritmo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 277, "Libros", 5 febreiro 2009, p. IV.

Analízase a novela histórica de Margarita Rodríguez Otero, *Os documentos Fonterosa* (2008), na cal recrea, a partir do achado duns documentos, a posíbel procedencia galega de Cristovo Colón. Dise que a trama é interesante e pensada para facer volver a debates xa antigos sobre certas cuestións históricas, mais formúlanse algunhas críticas á súa forma. Concretamente, fálase de continuas grallas morfolóxicas e léxicas que deixan ver só a intención dun estilo coidado sen conseguilo e un "ritmo narrativo tedioso" que non dá vida á acción.

Mera, Héitor, "Claridade e Perspectiva", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Libros", 19 febreiro 2009, p. IV.

Fálase do poemario de Iolanda Zúñiga, *Amor amén* (2008). Afírmase que, con el, se confirma o bo facer da autora dentro da literatura actual. Dise que este poemario se divide en dúas partes, unha que leva por título "Despois da fantasía. Ti", na que se dá unha visión do amor como submisión e alienación a través dunha muller consciente de que non debe continuar co seu compañeiro, cun áxil ritmo por medio de asíndetos e anáforas vertixinosas; e outra parte intitulada "Logo do combate. Eu", na que se di que hai unha evolución clara cara á liberación e o descubrimento da capacidade para vivir sen ataduras innecesarias. Saliéntase a gran calidade lírica e técnica con imaxes e metáforas moi evocadoras.

Mera, Héitor, "Aventuras, aventuras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 285, "Libros", 2 abril 2009, p. V.

Tras unha introdución sobre o subxénero narrativo da novela de aventuras de piratas e corsarios que nos últimos tempos medrou en Galicia, fálase sobre a obra de Hixinio Puentes, *Monbars, o exterminador* (2008), da que se destaca en primeiro lugar a preocupación autorial pola calidade e a fonda reflexión que subxace baixo os monólogos e diálogos dos seus personaxes. Cualifícase a novela como un tratado histórico-literario, cultural e etnográfico, no que o mundo da piratería é tratado con seriedade pola atinada documentación e investigación previa. Dise que é un narrador protagonista o que conta a historia e logo descríbese o argumento. Destácase finalmente o esforzo estilístico do autor en relación coa lingua e indícase que con ese esforzo consegue verosimilitude e un rexistro apropiado ao tipo de situacións que se expoñen.

Mera, Heitor, "Pamuk en estado puro", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 286, "Libros", 16 abril 2009, p. V.

Lémbrase que a editorial Galaxia está dando ao prelo con certa regularidade as obras de Orhan Pamuk na súa colección "Biblioteca Compostela de Narrativa Europea" e que presenta neste caso as memorias do autor baixo o título d'*As lembranzas e a cidade* (2008). Faise unha referencia ao hermetismo de obras anteriores para logo centrarse na obra en cuestión e destácase a súa claridade expositiva, a prosa directa e entretida, así como un profundo lirismo intimista. Tamén se engade que a obra serve para coñecer mellor as variábeis sociais, relixiosas, políticas e étnicas da cidade de Istambul.

Montaña, Estro, "Ese gran Don Ramón...", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 282, "Libros", 12 marzo 2009, p.V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 226, "Letras galegas", 21 marzo 2009, p. 6.

Dise que sempre se asociou a figura de Ramón María del Valle-Inclán a un personaxe pintoresco e estrafalario, pero que hai tamén un grupo de persoas que pertencen á Asociación Cultural Amigos de Valle-Inclán, que pretenden clarificar esa visión e

achegar textos inéditos ou desaparecidos relacionados coa vida do autor. A continuación preséntase a obra que esta asociación publica con ese propósito e que leva por título *O mundo de Valle-Inclán. Viaxe ás orixes* (2008). Coméntase que é unha guía sobre o autor e a relación que mantivo cos territorios da súa infancia, así como a integración dos mundos vividos en Galicia na súa obra literaria. Apúntase que ten tres partes, das cales as dúas primeiras estarían escritas por Gonzalo Allegue e a terceira por Francisco X. Charlín e ademais que hai un poema inédito na introdución do libro.

Nicolás, Ramón, "O destino e o máxico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 295, "Letras en galego", 3 xaneiro 2009, p. 10.

Destácase a planificación e concepción inicial e ambiciosa que Manuel Lourenzo fai da súa última novela aquí analizada, *O xardín das pedras flotantes* (2008), na cal se aprecia un amplo abano de posibilidades técnicas. Afírmase que se constrúe unha historia de amor adolescente que nace na época medieval e se estende até o presente baixo unha "arquitectura fortemente cohesionada" a base de múltiples recursos narrativos. Explícase que pode considerarse unha historia sobre unha saga familiar, unida a un discurso memorialístico que vai gañando en verosimilitude. Tamén se indica que o elemento onírico e certas pasaxes de literatura fantástica conforman unha polifonía climática moi clara. Por último, recoméndase a obra a aqueles lectores que gusten das propostas narrativas de peso, coidadas lingüística e estruturalmente con grande intensidade emocional. Tamén se indica que hai un blogspot na rede con historias inspiradas ou derivadas da novela.

Nicolás, Ramón, "Cultura cara ao exterior", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 300, "Letras en galego", 7 febreiro 2009, p. 14.

Reflexiónase sobre a importancia de proxectar a produción literaria galega cara ao exterior, para deseguido presentar a nova edición facsimilar e enriquecida cun prólogo "ad hoc" do autor, da obra de Xesús Alonso Montero, *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas* (2008). Dise que é "inatopable" na súa versión orixinal e que ten un valor indiscutíbel como documento histórico, xa que nel se acollen as valoracións que fan un grupo de intelectuais extragalegos (como Alfonso Sastre, Gonzalo Anaya ou Dámaso Alonso) arredor da crise das linguas e da situación das culturas minorizadas. Tamén se presenta outro ensaio do mesmo autor, *Letras gallegas* (2008), no que se recompilan trinta e oito traballos que viron a luz, entre 1962 e 1980, en revistas foráneas. Saliéntase nel a intención promocional e explicativa que os domina, para achegar aos lectores foráneos a idea da existencia dunha cultura singularizada, dun corpus literario e duns escritores que tamén existían.

Nicolás, Ramón, "O libro de raros saberes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 301, "Letras en galego", 14 febreiro 2009, p. 11.

Analízase a obra gañadora do Premio de Narrativa Breve Repsol 2008, *A verdade como mal menor* (2008), escrita por X. L. Martínez Pereiro. Indícanse como trazos máis representativos a visión humorística e irónica da realidade, sinxeleza expositiva, brevidade, erudición libresca e algúns intres de erotismo. Dise que son máis de corenta

relatos breves, nos que o hibridismo está presente ao introducir o lector nun universo de raros saberes, que abalan entre o verosímil e a ficción. Tamén se indica que se observa unha querenza pola cultura italiana e francesa cunha voz narrativa moi elaborada. Por outra banda, sinálase que o autor ofrece unha das achegas narrativas contemporáneas máis orixinais e fieis a uns sólidos principios creativos.

Nicolás, Ramón, "Ficción da historia e na historia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 303, "Letras en galego", 28 febreiro 2009, p. 10.

Coméntase a última obra de Inma López Silva, *Memoria de cidades sen luz* (2008), galardoada co Premio Blanco Amor na convocatoria dese mesmo ano. Dise que é unha novela que trata de presenzas, sentimentos e vidas e que se desenvolven nun espazo e nun tempo que aínda están presentes. Indícase que se revisan ao longo das súas páxinas, case a totalidade do século XX, a través dos seus principais acontecementos, nunha obra chea de verosimilitude e axilidade. Noméanse as cidades que cobran protagonismo, Santiago de Compostela, Barcelona, Bos Aires e Nova Iorque. Fálase tamén dos seus personaxes, en concreto de Marcel, como o fío de unión da novela e de Lucía, unha muller carismática, librepensadora, rica e heterodoxa. Tamén se indica que hai outras vidas ficcionalizadas, nas que opera certo proceso desmitificador, como Ánxel Casal, Salvador Dalí e María Casares. Destácase a fluidez narrativa do seu rexistro e o emprego de recursos dramáticos de xeito moi acertado.

Nicolás, Ramón, "Aventuras e algo máis", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 304, "Letras en galego", 7 marzo 2009, p. 7.

Comenta que non era sen tempo que se publicase xa unha das novelas finalistas do Premio Xerais de 2005, *Monbars o Exterminador* (2008), de Hixinio Puentes. Indica que a obra se distingue polo bo traballo de documentación e pola elaborada e intensa construción narrativa. Tamén afirma que presenta trazos do xénero de aventuras e pasa a describir o protagonista da obra: Guillaume de La Motte. Fala sobre a súa caracterización picaresca e destaca os datos históricos da segunda metade do século XVII que se ofrecen. De igual modo, loa o traballo de Puentes e invita os lectores a que lean a novela.

Nicolás, Ramón, "Medio século de poesía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 305, "Letras en galego", 14 marzo 2009, p. 7.

Faise un comentario do poemario *O aire, a luz e o canto* (2008), cuxo autor é Víctor Campio Pereira, unha das voces "máis emotivas do panorama poético galego". Dise que o libro está precedido por un "documentado" limiar de Manuel Outeiriño e un epílogo de Xesús Alonso Montero, no que se revelan as claves da estética do autor. Sinálase que no libro se recollen poemas, que pertencen a outros libros seus (*O ar que nos leva, Por esa voz, Perdida luz* e o inédito *Exilio digno*) e que foron escritos dende os anos cincuenta do século XX até a actualidade. Indícanse como características principais a pluralidade, tanto temática coma formal con "extraordinarios sonetos", que conviven con outros moldes menos clásicos e máis libres. Apúntase que a temática da obra é diversa, dende poesía de circunstancias até motivos como a amizade, o existencialismo,

a guerra civil, a morte ou o amor. Saliéntase o ritmo musical e eufónico e a expresión rica e viva.

Nicolás, Ramón, "Cando Lisboa era paraíso triste", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 306, "Letras en galego", 21 marzo 2009, p. 13.

Gábase a novela de Xosé Ramón Pena, *A batalla do paraíso triste* (2008), destacándose o bo traballo realizado na planificación previa da obra, na súa estrutura e armazón e na excelente ambientación que a rodea, dentro dunha perfecta unión entre ficción e realidade, onde se atopan uns personaxes autónomos e verosímiles. Dise que a cidade protagonista é Lisboa no convulso período de entreguerras e que nela se desenvolve unha historia de espías, amor e traizóns, coa ditadura salazarista de fondo. Indícase que a verosimilitude da obra vén dada por un hábil e complexo xogo de voces narrativas que se desenvolve con fluidez e unha achega de material documental importante. Por outra parte, anótase que non falta inspiración cinematográfica ao mesturar espionaxe, interrogatorios, intrigas, inimizades, evasións, persecucións e traizóns sentimentais, que crean unha atmosfera vivida e de ritmo intenso.

Nicolás, Ramón, "Misterios en Praga", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 310, "Letras en galego", 28 abril 2009, p. 11.

Afóndase na obra de Xerardo Agrafoxo, *O violinista de Malá Strana* (2008), da que se di presenta resonancias de corte libresco, literario ou cultural, sen que supoña que vai dirixida a un reducido espectro lector. Apúntase que se desenvolve unha trama detectivesca a partir da aparición na rúa de Malá Strana de Praga dun cadáver que resulta ser dun escritor. Explícase que este feito deriva da aparición de quince voces narrativas con cadansúa perspectiva singular, que irán desvelando a verdadeira identidade do cadáver e os acontecementos vitais máis relevantes do seu último ano. Coméntase que se fai un percorrido por diferentes lugares, distantes entre si, como Galicia ou o Sahara, debido ás viaxes que realizara o protagonista en vida, de xeito que se converte en coñecemento e aprendizaxe fundida con outros discursos máis íntimos e persoais das quince voces nomeadas. Así mesmo, alúdese á presenza de elementos de filiación cinematográfica e musical, tamén presentes na novela.

Nicolás, Ramón, "Dous proxectos poéticos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 311, "Letras en galego", 2 maio 2009, p. 13.

Preséntanse dúas novas propostas de Luciano Rodríguez no ámbito poético, que se alicerzan na intención común de espallar o feito poético propio fóra de Galicia. Primeiramente, fálase sobre *Dezasete poetas galegos.1976-2000* (2008), que en versión bilingüe galego/francés, recolle unha escolma representativa da poesía dos anos oitenta do século XX, con autores e autoras como Xabier Baixeras, Ana Romaní, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Ramiro Fonte e Pilar Pallarés. Dise que na introdución se citan os elementos caracterizadores a nivel grupo e as liñas principais desta poesía, de xeito que se constitúa a obra como unha carta de presentación ao lector francés. Indícase que as traducións son de Xosé Carlos Carrete e Francine Sucarrat. A seguir, analízase a obra *Poesía suspensa* (2008), que se inicia cun limiar trilingüe (galego, castelán e inglés).

Explícase que ten a súa orixe nunha exposición de textos poéticos destinada para as arcadas da Praza de María Pita da Coruña, que non chegou a celebrarse, na cal se exporían os poemas escritos en lonas. Recóllense os textos poéticos de autores vivos con poemas breves, de mensaxe concentrada en galego, castelán e portugués e tamén noutros idiomas verquidos en traducións ao galego.

Nicolás, Ramón, "A busca da propia liberdade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 335, "Letras en galego", 17 outubro 2009, p. 10.

Faise eco da publicación da novela *Conexión Tubinga* (2008), de Alberto Canal, da que destaca as súas liñas temática e argumental e saliéntase a súa solidez e singularidade. Descríbese brevemente o seu contido que se centra na reflexión teolóxica e destaca certos pasaxes como a descrición dun dos personaxes e o segredo que agocha un mosteiro. Coméntase que na novela conviven "o cotián coa teoloxía e a filosofía". Finalmente recoméndase a súa lectura por tratarse dunha "novela estruturada con moito tino e cuxos contidos merecerían acendidos debates".

Nicolás, Ramón, "Relatos plurais e ben calibrados", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 337, "Letras en galego", 31 outubro 2009, p. 12.

Analiza o volume de Henrique Dacosta, *Unha mada de doce relatos* (2008), galardoado no XVI Certame de Narrativa Breve Carvalho Calero en 2007. Da súa traxectoria literaria, salienta as súas novelas *Mar para todo o sempre* (1992), *Os desherdados* (2006) e *O prezo da tentación* (2008), así como a súa versatilidade, os mecanismos do relato e o seu dominio dos diversos puntos de vista narrativos empregados neste volume. Tras describir brevemente o seu argumento, menciona, nun epígrafe intitulado "Atmosferas", as descricións dos variados espazos, en que se desenvolven os relatos, xunto ao transfondo histórico que os vincula.

Nicolás, Ramón, "Expresión lírica dunha cultura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 339, "Letras en galego", 14 novembro 2009, p. 11.

Dá conta do volume de poesía *Lúa de xemas frías* (2008), editado por Xulio L. Valcárcel. Parte dunha alusión á novela de María Rosa Lojo, *A fin da terra* (2006), arredor da cultura mapuche, para despois agradecer o labor de Valcárcel ao recoller composicións poéticas desa cultura e dalas a coñecer na literatura galega por medio deste volume, en versión bilingüe galego-mapuche. Comenta o contido a favor da cultura e historia mapuche, en especial á situación da súa lingua nativa, o *mapudungun*. Subliña que outros dos temas tratados son a natureza, a terra, a memoria dos devanceiros, o xamanismo, os mitos e as lendas. Indica que algúns dos poetas mapuches de maior renome son César Millahueique, Elicura Chiluailaf, Graciela Huinao e Pablo Huirimilla.

Nogueira, Mª Xesús, "O derradeiro marco da memoria", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "Cultura", "Crítica", 22-28 xaneiro 2009, p. 32.

Coméntase o novo poemario de Carlos Negro, *Cultivos transxénicos* (2008), que inaugura unha colección de poesía creada para a ocasión e que está avalado polo premio Certame de Poesía Victoriano Taibo. Sinálase que nel están presentes varios dos trazos da identidade do escritor: sinxeleza retórica e vontade de comunicación. Tamén se indica que nesta obra volve sobre a realidade rural galega para expoñer as contradicións entre progreso e identidade a través de cinco seccións, nas que se reflicten modelos da tradición clásica como o de pregunta-resposta que aparece no *Catecismo do labrego*, de Valentín Lamas Carvajal. Sinálase que o autor pretende amosar os males que segue a sufrir o campo galego de tal xeito que este texto poético adopta unha dimensión comprometida. Coméntase que se pretende fuxir de tópicos neste tipo de temáticas a base de ironías, parodia e creación lingüística, e mesmo con títulos sorprendentes como "This is the end".

Nogueira, Mª Xesús, "Os versos da espiña", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "Cultura", "Crítica", 26 febreiro-4 marzo 2009, p. 34.

Repárase no poemario *Dentro* (2008), de Berta Davila, que mereceu o XII Premio de Poesía Avelina Valladares. Apúntase que nel volve sobre algúns elementos xa presentes no seu primeiro libro, *Corpo baleiro* (2007): poética do corpo, temática amorosa e reflexión sobre o propio exercicio da escrita. Coméntase que neste volume diminúe o volume de citas alleas e que se afonda no motivo da perda da persoa amada. Dise que é un libro intimista estruturado en tres secuencias, que desenvolven as distintas fases da perda do amor. Indícase que na primeira sección o motivo central é a plenitude do amor. A partir da segunda sección, explícase que a obra se centra máis no motivo da perda e que alcanza un ton máis elexíaco que vén determinado polo suicidio, e que se mesturan referencias de raíz clásica con outras da experiencia cotiá. Por último, afírmase que algunhas das marcas xeracionais que poden atoparse confiren ao libro un ton xuvenil.

Nogueira, María Xesús, "As arestas da vida", *A Nosa Terra*, n.º 1.361, "Cultura", "Poesía", 28 maio-3 xuño 2009, pp. 33-34.

Faise referencia á creación do selo Bubela Edicións, que supón "un espazo alternativo á edición de poesía". Coméntase *Dor da claridade* (2008), que se enmarca nun movemento de "vangarda", o " sentimental_ISMO". Afírmase que a obra pertence á colección "Poesía" de Bubela e que foi escrita por Carlos Arias. Faise eco das palabras de Xesús Manuel Valcárcel, autor do limiar do libro, para concluír que *Dor da claridade* "vincúlase tematicamente coa filosofía". A continuación, reprodúcense anacos de poemas para tomalos como exemplo dos seus argumentos, pois sostén que a poesía de Carlos Arias "evoca paisaxes sentimentais como a infancia, o amor ou a ausencia". Remátase afirmando que a aparición de novas editoriais e correntes poéticas trae "aire fresco" á poesía actual.

Novo Barro, Lucía, "Vida nas aulas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 220, "Lecturas", 14 febreiro 2009, p. 10.

Coméntase *A clase* (2008), a tradución que a Edicións Xerais de Galicia fai da novela de François Bégaudeau *Entre les murs*. Dise que trata dos atrancos que atopa un profesor de lingua francesa cos seus alumnos para relacionarse con eles, unha tarefa "nada

doada" nunhas aulas nas que conviven rapaces de diversas orixes interesados por outras cuestións, para eles máis importantes que a lingua. Afírmase que a novela pretende plasmar a complexidade da realidade educativa.

Outeiriño, Maribel, "Enfermo de Chile", *La Región*, "Verano", "Viajes de libro", 5 agosto 2009, p. 15.

Trae á memoria o volume *Chile a la vista* (1951), de Eduardo Blanco Amor, reeditado pola Editorial Galaxia en 2003. Comenta os xermolos da historia a partir da viaxe de Blanco Amor polo pobo chileno. Destaca os títulos de cada capítulo como representantes dos temas tratados e a impresión que lle produciu a Blanco Amor a inexistencia de cafeterías nese país. Nun epígrafe intitulado "La ciudad del mundo con más diputados", refire o paso do escritor ourensán pola cidade de Temuco, na que para Blanco Amor o número de deputados sobrepasa os límites da normalidade. Menciona a dedicatoria do volume ao escritor Hernán Díaz Arrieta.

Pacho, Xosé Manuel, "Eba ou os paraísos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 abril 2009, p. 33.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria biobibliográfica de Eduardo Blanco Amor, co gallo do quincuaxésimo aniversario d'*A Esmorga* (1959). Comenta o fío argumental da novela, que compara cunha suposta *road movie*, poñendo énfase no seu estilo, e equipara a figura do seu autor á de Henry Charles Bukowski. Destaca asemade a súa técnica narrativa, o seu dominio dos recursos literarios, o rol activo do lector na novela, o estilo "maxistral cunha lingua chea de riqueza e realidade" e o tempo escénico atemporal.

Pardo de Neyra, Xulio, "A pescuda vangardista de Manuel Celso Matalobos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 537, "Enfiando", 14 xuño 2009, p. 23.

Coméntase a aposta lírica de Manuel Celso Matalobos, que presenta baixo o título de *Elementos de Arquitectura Senti_MENTAL_ista* (2007), coincidindo coa celebración ese ano da aparición do primeiro documento do vangardismo histórico: o manifesto futurista asinado por Filipe Marinetti. Dise que se trata dunha recompilación que podería cualificarse de primeiro ismo do século XXI ou dunha relectura do vangardismo histórico. Indícase que neste poemario se conxugan os elementos da realidade máis cotiá con retratos procedentes do pasado literario máis recente: Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Luís Pimentel e Fernando Pessoa. Destácase a fereza dunha retórica na que o cosmopolitismo se forxa dende unha perspectiva ensamblada na máis atenta das pluridimensionalidades. Entre outros elementos presentes no volume, sinálanse o formigón das cidades, herba queimada e a modernidade do asfalto, da monotonía ou da indolencia humana. Engádese que na poesía do autor tamén se atopan "sacerdotes arrebatados, terroristas acubillados nos paradigmas do racismo", os espíritos xuvenís do 68 e as xentes do Grupo Nós.

Patiño, Antón, "Poemas ao Eume", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 12, "Opinión", 1 marzo 2009, p. 13.

Faise unha "expresiva" gabanza da edición bilingüe do poemario de César Muñoz Molina, *Eume* (2008), na que se destaca sobre todo o seu sentimentalismo e a construción dun lugar máxico, encantado, polícromo e aberto. Dise que ao mesmo tempo hai un río interior que transita pola mente do poeta a través de moitos estratos e sedimentos da memoria. Sinálase que se expresa a propia intimidade mesturada coa paisaxe natural con reminiscencias das obras de autores como Rosalía de Castro, Luís Pimentel e *Os Eidos*, de Uxío Novoneyra como referente mítico da aleación sentimento-natureza. Finalmente destácanse como trazos principais a intensidade da mirada do poeta e a fusión entre mito, natureza e memoria.

Pawley, Martín, "Os libros que nos fan mellores (I)", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 14, "Libros", 14 marzo 2009, p. 7.

Analízase a obra , *Mal de escola* (2008), de Daniel Pennac, a partir dunha exposición detallada do seu argumento para logo comentar os seus trazos máis característicos. Dise que se observa unha contención emocional nas primeiras páxinas, malia tratarse dunha mestura eficaz de recordo autobiográfico e o rexistro ensaístico para abordar cuestións referidas á pedagoxía e ás institucións educativas. Indícase que o autor parte da súa propia experiencia nas dúas frontes, como (mal)alumno primeiro e como profesor durante vinte e cinco anos despois, para compoñer un discurso esperanzado sobre o papel revolucionario da educación. Sinálase que o autor repara nos malos estudantes dende a certeza de que son eles os que verdadeiramente xustifican a necesidade do profesor, e achégase ao seu illamento e á súa vontade de salvación para ser rescatados. Engádese que a premisa principal da súa teoría é que o que debe mover ese labor docente é algo que debe estar por riba de calquera teoría e práctica docente: o amor. Finalmente, dise que este texto "excepcional" non debe ficar sepultado baixo a etiqueta de manual de autoaxuda para ensinantes, senón ser lido por toda a comunidade educativa: pais, docentes e os propios alumnos.

Pena, Xosé Ramón, "Signo de xenio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 284, "Libros", 26 marzo 2009, p. IV.

Coméntase unha obra gañadora do Premio Pulitzer en 1981, que se converteu nun dos títulos máis aclamados na narrativa norteamericana das derradeiras décadas do século XX, *A conxura dos necios,* escrita por John Kennedy Toole, que se suicidou con trinta e un anos. Dise que en 2009 se publicou en Factoría K de Libros, con tradución de Eva Almazán, e fálase do seu protagonista, un home desconforme coa sociedade hipócrita que lle tocou vivir. Logo coméntase o estilo, unha narración dentro do expresionismo tremendista, que mestura múltiples tipos de novelas como a novela de cabalerías, a picaresca e a sátira. Tamén se indica que o gran número de personaxes secundarios conforma unha "verdadeira traxicomedia, un retablo dun tempo neurotizado e absurdo". Gábase a técnica narrativa empregada polo autor que, de xeito doado, se move entre o discurso central e a simple anécdota.

Pena Presas, Montse, "Na procura de Deus", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 275, "Libros", 22 xaneiro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 218, "Letras galegas", 31 xaneiro 2009, p. 10.

Destácase que a ilustración da cuberta xa suxire a temática da novela finalista do Premio Xerais 2008, *Conexión Tubinga* (2008), que se analiza neste artigo. Logo indícase que o comezo algo abrupto dá paso a unha trama ben deseñada e que seduce ao lector. Dise que isto último débese á intriga eclesiástica que se desprende xa das primeiras páxinas e que logo se vai intensificando e ao engado do protagonista, o seminarista Tito Besteiro. Tras deterse no argumento, dise que posúe os ingredientes necesarios para ser un best-seller: temática variada (fusión de filosofía, misterio e amor), personaxes diversos, documentación axeitada e acción trepidante. Tamén se indica como puntos febel a acoutación de certos relatos secundarios pola trama principal. Finalmente, gábase o labor documental, a recreación espacial e a forza do protagonista.

Pena Presas, Montse, "Cóctel diverxente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 278, "Libros", 12 febreiro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 222, "Letras galegas", 21 febreiro 2009, p. 10.

Analiza a obra de Xesús Constela, *Shakespeare destilado* (2008), coa que gañou o Premio Manuel García Barros dese ano. Apunta que conta a historia dun escritor convertido no seu narrador, que entre bebida e bebida, adentra ao lector nas arestas da literatura e a súa problemática. Dise que, a través dun monólogo, no que abundan os trazos da lingua oral, o lector vai descubrindo outros personaxes, que se van mesturando nun universo de ficción e realidade. Explícase que se xoga con outras voces narrativas, que van facendo saber ao lector que alguén imaxina sempre un mundo para o lector no que este debe crer. Destácase a maneira desenfadada de construír o monólogo e a situación de tolería á que se chega, con doses desiguais de crueza e ironía, que levan a un ritmo desigual da narración. Conclúese afirmando que a obra quizais requira un lector preparado e especializado, o que provoca que se converta nunha obra para filólogos e críticos.

Pena Presas, Montse, "Ficción/Realidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Libros", 19 febreiro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 223, "Letras galegas", 28 febreiro 2009, p. 10.

Analízase a obra gañadora da terceira edición do Premio de Narrativa Breve Repsol YPF 2008, *A verdade como mal menor* (2008), escrita por X. L. Martínez Pereiro e chea de humor acedo e descarnado. Indícase que se combinan na obra as tres facetas nas que destaca o autor: prosista, dramaturgo e caricaturizador nos corenta e cinco relatos, nos que un narrador en primeiro persoa tenta enfiar unha conversa cun lector implícito, que acaba sempre por remitir ao lector real. Precísase que na obra se debullan anécdotas que mesturan ficción e realidade, con persoeiros reais e imaxinados, e que se remite con constancia a obras, frases míticas ou contos sobre filósofos, médicos ou intelectuais. Apúntase que todo se acompaña dun humor sarcástico e mesmo provocador que funciona como alicerce de todos os relatos.

Pena Presas, Montse, "A soidade dos ourizos", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 15, "Libros", 21 marzo 2009, p. 10.

Coméntase a obra da escritora Muriel Barbery, *A elegancia do ourizo* (2008), que con tradución de María Dolores Torres París publica a Editorial Galaxia. Dise que é unha obra que fai lembrar que cada xornada vivida é importante e que cada vida garda os seus segredos, aínda que parezan insignificantes. Comézase describindo os dous personaxes principais, René e Michel, a porteira dun edificio parisino da alta burguesía, e Palma Josse, unha rapaza de doce anos, que vive nese edificio e que tamén escribe un diario, no que van ambas escaravellando sobre as outras vidas que alí habitan. Dise que a autora tenta demostrar que, malia a diferenza de idade e de clase social, as dúas representan a mesma visión da realidade. Indícase que ao incluír as máis diversas referencias culturais, artísticas e literarias, a autora busca un lectorado formado co que estabelecer complicidades. Danse como características principais do estilo o coidado no emprego da lingua, a profundidade dalgunhas imaxes e o seu humor acedo e sarcástico.

Ponte, Pilar, "Ollada 'indie", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Libros", 19 febreiro 2009, p. IV.

Afóndase na última obra de Manuel Rivas, *A corpo aberto* (2008), unha recompilación de artigos xornalísticos que publica no xornal *El País* e na revista *Integral* e nos que expresa a súa particular visión do mundo dende un punto de vista libre, crítico, "indie" e militante. Coméntase o contido das cinco partes que ten a obra: o ecoloxismo, a revolución do mar, a desmemoria histórica, a literatura ou a política. Cualifícase o autor como un "erudito" que ten moita lectura e ben aproveitada e quere transmitila ao lector. Finalmente, felicítase ao autor das fotografías da cuberta e da contracuberta e das do resto da obra porque, malia ser poucas, considérase que teñen gran calidade.

Ponte, Pilar, "Dicir país", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 280, "Libros", 26 febreiro 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 224, "Letras galegas", 7 marzo 2009, p. 11.

Lémbrase que na primeira década deste século se publicaron varias obras dentro dunha tendencia literaria de recompilación xornalística ou ensaio, da que pasa a formar parte *Un país a medio facer* (2008), na que Fran Alonso recompila varias entrevistas feitas a persoeiros do mundo literario galego dende a década dos oitenta até 1992 para ofrecer unha panorámica xeral da evolución da cultura galega entre os anos 1989 e 1992. Dise que se compón de dúas partes, a primeira intitulada "Un país a medio facer", na que se recollen as dezaoito entrevistas a autores como Suso de Toro, Manuel Rivas, Xosé Luís Méndez Ferrín e Xavier Alcalá, e a Antón Reixa, Uxía e Xurxo Souto como representantes do mundo musical. Na segunda parte, co título "Vinte anos despois. O país parece normal", dise que se ofrecen retratos de Marful, Lupe Gómez e Carlos Blanco que marcan a diferenza coa realidade anterior. Por último, coméntase que a habelencia do autor fai que prime o interese polas persoas e o contido e que el se agoche tras diferentes técnicas textuais.

Ponte, Pilar, "Clave sinxeleza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 287, "Libros", 23 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 231, "Letras galegas", 2 maio 2009, p. 7.

Coméntase e gábase o volume que fai o número sete dunha serie de dez en que, dende 2005, a Editorial Galaxia vai recollendo as columnas que, co devandito nome, Carlos Casares escribiu diariamente no xornal *La Voz de Galicia*, entre 1992 e 2002. Precísase que o título da obra é *Á marxe* (2008) e dise que o encargado da compilación é Iago Martínez Durán. Explícase que os textos breves están inzados de ironía, humor e amizade. Indícase que a sinxeleza é unha das claves do éxito desta columna xornalística, xa que non contén unha linguaxe rebuscada porque Casares quería elaborar un texto que sexa asequíbel para a maioría do público. Tamén se destaca o achegamento afectivo ao lector e a tenrura que presiden moitas das columnas como a que leva por título "Confusión".

Raña, Román, "Fermosa recuperación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 273, "Libros", 8 xaneiro 2009, p. IV.

Preséntase un volume que recolle dúas obras de Victoriano Taibo, *Abicedo. Cabrinfollas,* (2008), en edición de Armando Requeixo. En primeiro lugar, coméntase que a mención á obra deste autor ficou bastante reducida nos manuais de literatura, malia ser un dos principais expoñentes da xeración "Entre dous séculos", de lírica modernista e ao tempo popular e un gran representante do galeguismo da época. Sinálanse algúns aspectos biográficos salientábeis e dise que en ambos libros predominan a rima romancesca, os versos octosílabos e a rima asonante. Apúntase que tamén se aprecian ecos de Rosalía de Castro e de Eduardo Pondal, de sensorialismo colorista e mesmo de hilozoísmo na liña de Luís Amado Carballo.

Raña, Román, "Un escritor secreto", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 274, "Libros", 15 xaneiro 2009, p. V.

Gábase a obra poética dun autor que se cualifica de "tan excelente como descoñecido", Víctor Campio Pereira, do que presenta o volume *O aire, a luz e o canto* (2008), que recolle a súa produción poética entre 1987-2006, grazas á edición do Pen Clube galego e Caixa Galicia. Dise que se recollen dous poemarios éditos, *O ar que nos leva* (1987) e *Perdida luz* (2000), e dous inéditos *Por esa voz* e *Exilio digno* (2006). Sinálase que un dos seus temas preferidos e recorrentes é a confiscación da esperanza pola terríbel aparición da morte, coa complicidade da natureza, así como a desaparición do amor. Logo indícase cal é a temática e o estilo predominante en cada unha das obras mencionadas. Dise que a presente edición está precedida dun detallado prólogo de Manuel Outeiriño e un "entusiasta" epílogo de Xesús Alonso Montero.

Raña, Román, "Puntos de luz", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 275, "Libros", 22 xaneiro 2009, p. IV.

Coméntase o poemario de Eduardo Estévez, *Construcións* (2008). Indícase que se compón de versos de desolación e tristura, mais convertidos en poemas narrativos, esbozos de contos, guións cinematográficos e escenas, onde os personaxes pululan con

gran melancolía. Saliéntanse como trazos máis característicos a falta de puntuación, a emoción, a tremenda incomunicación que habita nos personaxes e a imposibilidade do amor como metáfora dun mundo desolado. Apúntase que tamén están presentes a morte, a soidade, mulleres tristes e a lembranza, a través dunha linguaxe concisa que abre abismos no diario decorrer da vida.

Raña, Román, "Entre as flores", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 219, "Letras galegas", 7 febreiro 2009, p. 10.

Comézase cualificando a obra que se vai comentar de extraordinaria e deseguido danse os motivos polos que así se considera *As flores do mal* (2008), de Charles Baudelaire, en tradución de Gonzalo Navaza. Saliéntase que é un piar da poesía occidental de todos os tempos onde se observa o gusto pola decadencia, polo hedonismo, polos praceres venéreos, pola imaxinación enfermiza e por ser a primeira insubmisión do artista contra a sociedade que o rodea. Dise que o seu verso é de ritmo poderoso e que ten beleza sonora, rimas orixinais e un léxico asombroso que fai ao lector personaxe da obra. Ademais destácase o gran labor do tradutor Gonzalo Navaza para conservar a música, o ritmo e a rima, botando man de recursos autóctonos.

Raña, Román, "Estremecer erótico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 280, "Libros", 26 febreiro 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 280, "Letras galegas", 7 marzo 2009, p. 11.

Detállase o contido do poemario de María do Cebreiro, *Non son de aquí* (2008). Apúntase que xira arredor do tema do amor como algo inexplicábel e tamén do estremecemento erótico. Sinálanse como motivos recorrentes viaxes sentimentais, o destino que pode xuntar ou separar camiños, a intuición do amor e a comuñón dos corpos que pode ser ou non sórdida. Explícase que se traducen estes motivos en versos longos como os hendecasílabos ou máis breves que mergullan os lectores nun inconformismo que mestura erudición e estrañeza do mundo no que se habita. Vaise exemplificando todo isto con versos que se extraen do volume.

Raña, Román, "Discurso denso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 285, "Libros", 2 abril 2009, p. IV.

Faise eco do volume poético de Paulino Vázquez, *Arcaico o tempo que respira*, publicado en 2008 pola Editorial Galaxia. Tras mencionar outra das súas creacións, *Perdendo o tempo que fuxe como Xoán Sebastián Bach* (1983), saliéntase o carácter lento das descricións xunto ás referencias culturais presentes no seu novo volume. Destácase ademais a densidade do discurso poético, a cuestión do exterminio persoal e a intertextualidade.

Raña, Román, "Discurso denso", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 229, "Libros", 18 abril 2009, p. 6.

Saliéntase a densa lectura que se deriva da obra de Paulino Vázquez, *Arcaico o tempo que respira* (2008), no que se repite un dos temas característicos da súa poética: o paso inexorábel do tempo. Dise que son varios os elementos que provocan un discurso denso, entre os que se destacan as lentas descricións dos ámbitos acompañados, moitos de referencias culturais que fan máis mesta a longa enumeración de cousas que impactan no autor. Coméntase que o universo persoal parece dirixirse ao baleiro, que se contén nos obxectos e espazos que rodean o autor, e que a forma na que se transmite todo este contido componse de versos fragmentarios e, ás veces, de anacos de poemas doutros literatos, que xeran a intertextualidade e conforman unha desespera meditación sobre o final do tempo, a morte persoal e, ao tempo, a morte colectiva.

Raña, Román, "Magnífica escolla", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 292, "Libros", 28 maio 2009, p. IV.

Comenta a antoloxía poética editada por Xulio L. Valcárcel, *Lúa de xemas frías* (2008), en Espiral Maior. Explica o seu contido temático e argumental arredor da cultura mapuche en Chile e salienta a cuestión da supervivencia da súa lingua nativa, o *mapudungun*. Destaca, a seguir, algúns dos autores e autoras que forman parte do volume como Elicura Chiuailaf; Graciel Huinao, quen denuncia a miseria; César Millahueique, que emprega imaxes surrealistas ;e Juan Paulo Huirimilla. Xa por último, recomenda a súa lectura.

Raña, Román, "Lírica nudez", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 263, "Letras galegas", 19 decembro 2009, p. 7.

Céntrase na publicación de *Erofanía* (2008), volume no que Yolanda Castaño reúne os seus tres primeiros poemarios e indícase que é unha das máis coñecidas escritoras da Xeración dos 90. Apúntanse tamén algunhas características destes tres poemarios como son que *Elevar as pálpebras* (1995) contén un lirismo realista con desalento e dolorosa ironía; que en *Delicia* (1998) transparece o erotismo; e que en *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998) penetra aínda máis no mundo do erotismo.

Requeixo, Armando, "Fariña literaria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 273, "Libros", 8 xaneiro 2009, p. IV.

Coméntase a aparición da obra *Pan* (2008), que da man de Sotelo Blanco e o grupo de teatro Volta e Dálle ve a luz agrupando catro propostas escénicas unidas polo mundo da malla, de xeito que supón un achegamento novo a un referente tradicional en proceso de desaparición, o da elaboración artesanal do pan. Dise que ten dous prólogos (un de Olegario Sotelo Blanco e outro de Alfonso Blanco Torrado), aos que segue un poema limiar de Caetano Arias sobre "A máquina de mallar" e un CD que reproduce a banda sonora das catro pezas. Danse os nomes dos catro autores (Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade e Xosé Henrique Rivadulla) e dise que todas teñen un enfoque dramático diferente, que se explica individualmente. Despois engádese que o libro se completa cunha selección de fotografías do espectáculo teatral, que se presentou un ano antes no Teatro Principal de Santiago co mesmo título.

Requeixo, Armando, "Memorias da fin do mundo", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", "Libros de fondo", 9-14 xaneiro 2009, p. 34.

Afóndase na temática da obra *Irmán Fisterra. Cadernos da Costa da Morte* (1995), de Luís Rei Núñez, que se caracteriza pola imposibilidade de ser clasificada dentro dun xénero concreto, só como "literatura do eu". Indícase que se compón de parlamentos, teimas, reflexións, evocacións e mesmo apuntamentos poéticos a través dun discurso abalante entre o memorístico e o contemplativo. Dise que tenta transmitir un xeito de vivir e uns lugares xa en radical mudanza na Costa da Morte, en páxinas cheas de melancolía e saudade, que recollen as impresións do viaxeiro que chega alí e vai anotando sentimentos e sentenzas que esa visión provocan. Engádese que o escritor emprega palabras esenciais para reflectir as pegadas que todos eses lugares deixaron nel e que provocan un "arreguizo" ao lector e ao propio escritor.

Requeixo, Armando, "Con sintaxe polimorfa", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 215, "Letras galegas", 10 xaneiro 2009, p. 10.

Analízase a obra gañadora do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón 2007, que leva por título *Código poético* (2008), do que é autora María Soutelo Vázquez. Dise que se trata do seu primeiro volume publicado de xeito individual, xa que anteriormente ten participado en varios volumes colectivos. En canto á temática, explícase que o libro é unha visión do fenómeno da escrita, onde vida e literatura acaban por se fundir, nun canto ás cousas cotiás, mais coa consciencia de que a realidade é menos extraordinaria que os propios soños. Dise que só o amor fica á parte como única arma que pode redimir da soidade. Destácase a sintaxe construtiva e polimorfa coa que se compón a obra, así como a habelencia para adentrarse nos complexos do vivir e do amor.

Requeixo, Armando, "A singradura vital", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 275, "Libros", 22 xaneiro 2009, p. IV.

Tras facer referencia á última produción literaria de Carlos Arias, coméntase o seu poemario *Dor da claridade* (2008), do que se salienta en primeiro lugar a transparencia duns versos que cantan as memorias das vivencias. Dise que a ausencia dun amor é o que fai que o presente sexa un tempo triste, no que pesa vivir e no que gravitan tamén as lembranzas da infancia, de xentes e de lugares concretos. Destácase o acerto do libro e a fluidez dos seus versos, nos que se deixa entrever a intimidade do poeta. Remátase apuntando que o poeta se identifica coa imaxe dun barco que realiza unha singradura vital.

Requeixo, Armando, "Chus Pato ou as palabras da sibila", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "Cultura", 22-28 xaneiro 2009, p. 35.

Lémbrase a importancia de Chus Pato dentro do panorama poético galego e faise referencia á súa última obra, *Hordas de escritura* (2008), para deseguido analizar polo miúdo a súa primeira obra poética, *Heloísa* (1994). Coméntase que no seu primeiro poemario xa agroman os trazos característicos da autora ao longo de tres lustros:

desconforme, radical e rupturista. Apúntase que así mesmo contén as bases do que sería a súa obra posterior: palabra, muller e nación, como eixes temáticos. Engádese que ao carón destes se engade a destrución da sintaxe convencional e a aparición do verso longo próximo ao versículo e mesmo á prosa poética.

Requeixo, Armando, "Os anos imaxinarios de Manuel Antonio en París", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "Cultura", 5-11 febreiro 2009, p. 34.

Fálase sobre unha obra publicada en 1988 por Carlos Posada, pseudónimo de Xesús González Gómez, co título de Ucronía. Indícase que é unha das primeiras mostras de ciencia ficción en Galicia, na que Posada tentou facer unha pseudobiografía novelada de Manuel Antonio. Dise que o trazo fundamental da obra é que o autor fai que Manuel Antonio vivise dez anos máis e viaxase a París e que alí coñecese as maiores figuras do surrealismo francés. Detállase o argumento e apúntase que o autor se serve dun relato documental axudándose de apéndices textuais con artigos e poemas "de" e "sobre" o autor rianxeiro para apoiar as súas teses biográficas. Coméntase que a verosimilitude se consegue mesturando informacións reais con outras "habelenciosamente argalladas". Saliéntase que a obra coloca a literatura galega de ficción á mesma altura que a doutros autores do xénero como Keith Roberts e Kim Stanley Robinson.

Requeixo, Armando, "O primeiro, e xa maduro, Arturo Casas", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "Cultura", 19-25 febreiro 2009, p. 33.

Descríbese a primeira obra poética de Arturo Casas, *Sombra de unidade* (1990), da que se destaca que mostra a madureza literaria que xa presentaba o autor cando a publica e que está prologada por Arcadio López-Casanova. Indícanse como trazos característicos, entre outros, o erotismo sutil, as dicotomías e conceptualizacións dialóxicas do existente fronte á ausencia do ser, a decidida instalación no poema en prosa, o xogo simbólico e a estrutura cabalística. Dise que cobra relevancia temática o amor e a aprehensión de instantes fuxidíos e destácase a mestría do autor tanto no seu "hermetismo e vizosidade textual" coma na exemplaridade na súa concepción da forma.

Requeixo, Armando, "O modo Borrazás", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Libros", 19 febreiro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 223, "Libros", 28 febreiro 2009, p.1 0.

Analízase a última obra de Xurxo Borrazás, *Costa Norte/ZFK* (2008), da cal se di que volve recoller os temas presentes na súa produción anterior, mais cun relato fondamente diverxente: sarcasmo, ironía, cuestionamento da ficción e da realidade, marxinalidade e tremendismo do que é capaz o ser humano, erotismo ou a procura do sentido existencial. Concrétanse logo as características propias desta obra: unha estrutura moi elaborada, unha "abraiante orquestración narratolóxica", na que o autor asume e reelabora o mellor da tradición propia (Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Álvaro Cunqueiro e Eduardo Blanco Amor, entre outros), e a achega aos grandes do xénero en lingua inglesa (Melville e Golding). Considérase que presenta unha trama moi suxestiva que volve sobre os grandes temas de sempre: amor, sexo, o sentido da vida e o papel da morte, os abusos das sociedades oligárquicas, o ataque ao medioambiente, a crítica ao

poder incontrolábel dos medios e á súa extrema manipulación informativa e a reflexión sobre o proceso da escrita. Por último, apúntase que o máis salientábel da obra é a súa "admirable capacidade para sorprender en cada momento" de xeito intenso, profundo e lúcido. Afírmase que esta obra se converte nun dos mellores libros de Borrazás.

Requeixo, Armando, "Literaria Matemática", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 280, "Libros", 26 febreiro 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 224, "Libros", 7 marzo 2009, p. 10.

Tras unha reflexión sobre a equívoca idea da separación entre saberes humanísticos e científicos, preséntase a última contribución de Xenaro García Suárez ao achegamento da ciencia matemática e ao eido do literario: *Dos signos de Stendhal aos imaxinarios de Musil* (2008). Dise que se trata dunha batería de estudos que subtitula "As matemáticas da literatura", conformados por doce ensaios que se ocupan das relacións que moi diversos creadores mantiveron co universo matemático. Entre outros motivos temáticos, dise que aparecen a preocupación polas xeometrías non euclidianas de Dostoievski, o empeño por desenvolver unha literatura combinatoria, a partir de restricións estruturais dos membros do Grupo Oulipo, o desconcerto de Stendhal ante a regra dos signos e a inquedante procura da cuadratura do círculo de Thomas Mann. Saliéntase o esforzo do autor por evidenciar conexións e proximidades entre ambos mundos, así como o documentado coñecemento que amosa tanto das cuestións literarias como das xeométricas, alxebraicas, lóxicas e doutras disciplinas matemáticas nas que é un recoñecido especialista.

Requeixo, Armando, "Asedios a Valente", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 281, "Libros", 5 marzo 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 225, "Letras galegas", 14 marzo 2009, p. 11.

Fálase sobre a obra *Valente: el fulgor y las tinieblas* (2008), na que se recolle unha ducia de longos artigos a propósito das máis variadas cuestións sobre a obra do escritor José Angel Valente e na que se recompilan diferentes textos seus, uns inéditos e outros xa editados en revistas. Dise que a coordinación do volume é obra de Claudio Rodríguez Fer e que a el pertence tamén o artigo panorámico sobre a produción de Valente. Coméntase que tamén se dá conta de cuestións estéticas da súa poesía, o seu fondo filosófico e conceptual, a procura dos límites e do lugar da escrita, a presenza no autor da literatura francesa e o seu papel como tradutor. Saliéntase a contribución na obra de Carmen Blanco e Manuel Fernández Rodríguez ao centrarse ambos no estudo dos versos escritos en galego polo autor cunhas análises moi documentadas que reivindican unha maior consideración da obra na historiografía literaria galega. Tamén se fai unha gabanza da figura de Valente por configurarse en linguas e xéneros varios.

Requeixo, Armando, "Fernández Naval ou a (e)videncia do humano", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", 5-11 marzo 2009, p. 34.

Tras lembrárense os comezos como poeta de Xosé Fernández Naval, fálase sobre a súa faceta como narrador e en concreto fíxase a atención na súa obra *Tempo de crepúsculo* (1994), da cal se di que é unha das mellores escritas polo autor. A seguir, analízase o

seu argumento do que se salienta a descuberta que vai facendo o seu protagonista das grandes miserias humanas, entre as que destacan a envexa, a ira e a soberbia. Tamén se salienta como valor da obra a finura na captación do universo emotivo e sentimental que anima os seus personaxes.

Requeixo, Armando, "Beleza, vida, enigma", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 523, 8 marzo 2009, p. 21.

Coméntase a novela de Xerardo Agrafoxo, *O violinista e Malá Strana* (2008), que tivo unha longa e demorada xestación tras pasar por varios borradores. Dise que nela se mesturan a novela detectivesca e de aventuras, a historia amorosa e o relato de viaxes, e que ten tres escenarios principais: Valmaior (a Noia natal do autor), Praga e o deserto do Sahara. Destácanse como trazos principais a gran cantidade de tramas e de suxestivas descricións, a abundancia de personaxes e a acumulación de situacións e sucesos que por veces escurecen a trama argumental. Apúntase como referentes literarios principais para esta obra a Rainer Marie Rilke, Antoine de Saint-Exupéry e Franz Kafka. Por último, saliéntase a vertixe narrativa que leva a un final que se precipita en exceso.

Requeixo, Armando, "No túnel do tempo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 282, "Libros", 12 marzo 2009, p. IV.

Lémbrase a produción narrativa de Henrique Dacosta e a súa colaboración en volumes colectivos e diversos premios literarios para logo centrarse na súa obra, *Unha mada e doce relatos* (2008), un libro de contos co que mereceu o Certame Carvalho Calero de Narración Curta por terceira ocasión. Destácase que a ilustración da cuberta é obra da pintora Aurichu Pereira e logo fálase dos relatos de expresión realista que lle dan corpo. Indícase que como trazos temáticos característicos aparecen, entre outros, a alternancia entre o anecdótico, o costumista, o emotivo, o mundo da infancia, os sucedidos de paisanos ou as tráxicas circunstancias que acompañaron a algúns dos fuxidos durante a guerra civil. Tamén se salienta a habelencia do autor na súa faceta narrativa e a progresión lineal que se observa nas historias.

Requeixo, Armando, "Os retratos imaxinarios de Xavier Lama", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "Cultura", 19-25 marzo 2009, p. 32.

Analízase a obra de Xavier Lama, *Os moradores da nada* (1995), coa que foi merecente do Premio Álvaro Cunqueiro de Narrativa o mesmo ano da publicación. Explícase que está composta por vinte e oito relatos breves, nos que se retratan outros tantos personaxes. Dise que se trata dun exercicio de aproximación biográfica a "emblemáticos personaxes nos que o inusual, o insólito e o desusado goberna unhas vidas presididas polo anticonvencionalismo". Indícanse como principais eixos temáticos, entre outros, o desencanto coa orde estabelecida, a ironía como perspectiva necesaria para afrontar o decorrer dos días, a reflexión sobre os lindes entre o real e o ficcional, a aposta polos amores imposíbeis e a práctica de oficios escuros acompañados de humor acedo.

Requeixo, Armando, "Paco Martín fronte ao espello", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "Cultura", 2-8 abril 2009, p. 33.

Tras aclarar que o éxito dun escritor como Paco Martín queda ás veces adscrito a unha determinada obra (*Das cousas de Ramón Lamote*, 1985), de xeito que a anterior ou posterior produción fica case relegada ao descoñecemento, afóndase noutra obra del que se considera "excelente", *Muxicas no espello* (1971), da que se fixo unha nova edición en 1982 da man de Edicións Xerais de Galicia, contando cun prólogo de Carlos Casares. Indícase que se trata de máis de medio centenar de microrrelatos que recrean a tradición oral e captan a "idiosincrasia" galega. Dise que nas historias se xoga coa sabia mestura do sentimental e o irónico, coa interpretación paragóxica e co final sorprendente. Tamén se comenta que están feitas cunha contención expresiva que se achega á prosa poética. Afímase que Paco Martín se adianta ao que fixeron anos máis tarde autores como Darío Xohán Cabana, Xavier Queipo, Camilo Franco e Séchu Sende. O artigo acompáñase dunha caricatura de Paco Martín realizada por Carlos Silvar.

Requeixo, Armando, "O modo de lema", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 257, 5 abril 2009, p. 21.

Lémbranse as facetas de editor, colaborador de prensa e ensaísta de Carlos Lema para despois presentar a súa obra poética, *O xeito de Freud* (2008), coa que mereceu o XI Premio de Poesía Johán Carballeira. Dise que é unha obra singular que presenta unha estrutura tripartita, con seccións nas que se organiza o material poético en disposición alternante e complementaria, e que conxuga textos de maior forza evocativa e lírica con outros dun calado declaradamente conceptual. Saliéntase que a parte que se titula igual que o propio libro é un "longo poema reflexivo, de asombrosa profundidade filosófica", onde, entre outras cousas, se fala sobre a complexa relación entre o individuo coa masa social e as dúbidas que a propia existencia propicia. Conclúese reparando nun dos textos da obra, o poema "Reflectirse", do que se destaca o gran poder evocador que transmite.

Requeixo, Armando, "Taibo contra o tempo", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "Cultura", 30 abril-6 maio 2009, p. 34.

Coméntase que moitos autores como Nacho Taibo non teñen o recoñecemento merecido e que as súas obras fican no esquecemento. Logo analízase a súa obra *Os inmortais* (1975), un conxunto de relatos que aparecía inserido na colección "O Moucho" en Edicións Castrelos. Dise que se recompilan tres contos do autor, "A fouce de ouro", "O Santo Grial" e "A Arca da Alianza", nos cales o protagonista é o Tempo, como dimensión do vivir humano e do sentido da existencia. Tamén se describe o argumento de cada un deles e láiase de que actualmente só se pode atopar a obra nalgunha librería de vello ou nas bibliotecas, malia ser unha lectura moi "estimulante".

Requeixo, Armando, "Tempo de Bodaño", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "Cultura", 14-20 maio 2009, pp. 34-35.

Fálase sobre o poemario de Salvador García Bodaño, *Tempo de Compostela* (1978), que inicialmente tivo unha edición de circulación moi restrinxida con prólogo de Álvaro

Cunqueiro e logo se reeditou en Edicións do Cerne con ilustracións de Afonso Costa. Dise que o libro non recibiu a atención que a calidade dos versos merece e que a cidade de Compostela é a protagonista, mesturándose a denuncia social e histórica con intimismo persoal. Destácase a parte final do libro, na que aparecen "poemas nominados", que constitúen elexías coas que Bodaño rememora a vida e obra de persoeiros como Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Carlos Maside.

Requeixo, Armando, "Marica Campo, no camiño", *A Nosa Terra*, n.º 1.361, "Cultura", 28 maio-3 xuño 2009, pp. 32-33.

Coméntase o primeiro libro de narrativa escrito por Marica Campo, *Confusión e morte de María Balteira* (1996), unha ducia de relatos que teñen as súas fontes no pasado histórico galego e no lendario popular de tradición oral. Danse como trazos característicos da prosa dos relatos a súa fonda pegada poética, o simbolismo denso e o pouso metaliterario do que se nutren. Dise que o alento da poeta "gravita" sobre os relatos mediante metáforas e símbolos de gran forza que sustentan temas como o paso do tempo e a procura da identidade propia. Tamén se lembra que a forte reliteraturización da tradición oral que caracteriza as páxinas do libro está reflectida nos trasnos, meigas, fadas e lavandeiras, todos eles seres mitolóxicos convertidos en protagonistas de contos como "O cervo e a lúa" e "A fada", entre outros. Por último, lémbrase o nome doutros autores nos que tamén se dá esta revisitación dos seres míticos, como Xosé Miranda e Antonio Reigosa, e destácase que o libro de Marica Campo forma parte importante da literatura galega dos oitenta e noventa.

Requeixo, Armando, "Na procura de Livingstone", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "Cultura", 11-17 xuño 2009, p. 34.

Trátase a figura de Xosé Manuel Martínez Oca e a súa obra *As florestas do Mañuema* (1988), tras recoñecerse a valía literaria do autor e a escasa recepción que o libro tivo. Dise que esta obra propuña unha liña argumental moi suxestiva: o rescate do doutor Livingstone por un grupo de verineses vinculados a un xornal da vila, que consegue atopalo antes que un xornalista inglés. Indícase que, ao tempo que se trata dunha novela de aventuras, hai tamén unha análise sociolóxica de Galicia. Apúntase que tamén serve para abrir camiño a obras que narran grandes aventuras en territorios distantes, sen esquecer a ironía e a visión saudosa do mundo e das xentes que o definen. Tamén se nomean outras obras continuadoras desta temática nas décadas de 1980 e 1990. Saliéntase a fina crítica que a historia destila sobre os sucesos da perda de Cuba e outros acontecementos daquela altura histórica. Remátase destacando a desbordante acción, os áxiles diálogos e evocadores e lonxincuos escenarios.

Requeixo, Armando, "A ferruxe dos días", *A Nosa Terra*, n.º 1.365, "Cultura", "Libros de fondo", 25 xuño-1 xullo 2009, pp. 33-34.

Trae á memoria o primeiro volume de poesía de Ricardo Martínez-Conde, *Lento esvaece o tempo* (1990). Menciona o feito de tratarse dunha autoedición. Indica que a temática abrangue cuestións clásicas dende un punto de vista ontolóxico. Lembra que

escritores como Manuel Antonio, Aquilino Iglesia Alvariño e Celso Emilio Ferreiro están presentes na maioría dos poemas. Subliña ademais o limiar de Marino Dónega e conclúe coa recomendación da súa lectura por tratarse dunha mostra da poesía "esencializada".

Requeixo, Armando, "Riveiro Coello, na dimensión paralela", *A Nosa Terra*, n.º 1.367, "Cultura", "Libros de fondo", 9-15 xullo 2009, p. 33.

Fai referencia á novela *Animalia* (2000), de Antón Riveiro Coello, en relación ás súas outras novelas como *Homónima* (2000), coa que mereceu o Premio Álvaro Cunqueiro e *As rulas de Bakunin* (2001), distinguida co Premio García Barros. Comeza mencionando o feito de que os cinco primeiros relatos contidos en *Animalia* foron galardoados co Premio Café Dublín, mentres que os tres últimos recibiron o Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro. Despois analiza a súa estrutura e contido. Describe brevemente o seu fío argumental, inserido dentro da literatura fantástica. Salienta os desenlaces dos relatos de estilo diesteano, así como o seu contido ao xeito de Edgar Allan Poe, tenso e conciso no "imperio da ultrarrealidade".

Requeixo, Armando, "Letras de morgadío", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "Cultura", "Libros de fondo", 23-29 xullo 2009, pp. 33-34.

Trae á memoria a publicación da novela *Morgado* (1997), de Ramón Loureiro. Tras sinalar dous volumes do mesmo autor, *O corazón portugués* (2000) e *As galeras de Normandía* (2005), salienta o rol protagonista outorgado ao espazo-tempo da narrativa, á intertextualidade e ao diálogo dos personaxes. Critica a publicación levada a cabo por Ediciós do Castro, ao deslucir a fotografía de estilo *flou* que Vari Caramés realizara para a cuberta. Recomenda a súa lectura, ao tempo que sinala a presenza dun variado cadro de personaxes no seu interior.

Requeixo, Armando, "Caride Ogando, cronista proteiforme", *A Nosa Terra*, n.º 1.371, "Cultura", "Libros de fondo", 3-9 setembro 2009, pp. 29-30.

Faise eco do volume de Ramón Caride Ogando, *Crónica de sucesos*, publicado en 1991 na editorial Ir Indo. Menciona outros dos seus anteriores volumes de poesía, *Paisaxe de verde chuvia* (1986) e *Tudo quanto há no mundo* (1989) e o seu primeiro conxunto de relatos, *Os ollos da noite* (1990), para despois centrarse no antedito volume. Salienta un dos relatos que o compoñen, a xeito de prólogo, "Crónica cero", de Camilo Franco, xunto ao labor de narrador desempeñado por Caride Ogando. Sinala ademais que outros relatos deste volume se recompilaron en antoloxías posteriores como *A incerteza dos paraísos* (2000), *Negros espellos* (2001), *Escáner* (2002) e *Dedre* (2004). Subliña que algúns dos trazos estilísticos máis característicos de Caride Ogando son os desenlaces inesperados, a crítica psicosocial implícita nos seus relatos, os sentimentos magmáticos dos personaxes e a mestura dos microcosmos rural e urbano. Finalmente, recomenda a súa lectura e salienta a dimensión de ciencia ficción inherente a algunhas das súas historias e a "narrativa multiforme".

Requeixo, Armando, "Contra cinzas e ausencias", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "Cultura", "Libros de fondo", 17-23 setembro 2009, pp. 28-29.

Repara no poemario *Retorno ós lamentos*, de Antonio García Teixeiro, publicado en 1988 por Edicións Xerais de Galicia. Menciona o seu labor no eido da narración e da poesía infantil e xuvenil e o seu primeiro volume poético, *Parolando coa vixencia*. Destaca do poemario antedito o seu limiar realizado por Modesto Hermida. Indica que na súa estrutura se alternan as composicións numeradas con outras non numeradas, nas que se advirte un estilo semellante ao de Pablo Neruda e Celso Emilio Ferreiro, entre outros escritores, e que emprega versos curtos e enunciativos. Apunta que as súas liñas temáticas son o universo musical, a reflexión metapoética, o dominio do amatorio e a escrita de compromiso social.

Requeixo, Armando, "Seivas novas para o canto antergo", *A Nosa Terra*, n.º 1.375, "Cultura", "Libros de fondo", 1-7 outubro 2009, pp. 28-29.

Recorda a publicación de María do Carme Krukenberg, *Cantigas para un tempo esquencido* (1986) en Ediciós do Castro. Destaca a contribución da autora no eido da poesía neotrobadoresca e menciona dúas das súas creacións neste xénero, *Cantigas ao vento* (1956) e *12 cantigas de amigo a Ramón G. Sierra do "Pampillón"* (1972). Equipara o primeiro destes poemarios coas *Cantigas de amor vilao* (1987), de Darío Xohán Cabana e destaca a publicación impecábel que Ediciós do Castro levou a cabo do volume da autora na colección "Opúsculos de Poesía". Comenta a súa estrutura, arredor de cinco seccións, da que subliña o poema homenaxe "Cantiga derradeira a Federico García Lorca" e as cantigas de amigo dedicadas a Ramón González Sierra, así como o balance entre a cantiga de amigo e a cantiga de amor presente no poemario, se ben os recursos estilísticos séguense de modo "moi libre para deixar medrar "o sentimento e a emotividade do eu lírico". Recomenda, xa por último, a súa lectura.

Requeixo, Armando, "Fran Alonso, fillo da nube", *A Nosa Terra*, n.º 1.377, "Cultura", "Libros de fondo", 15-21 outubro 2009, pp. 28-29.

Trae á memoria a reportaxe narrativa de Fran Alonso, *Territorio ocupado* (1988), publicada por Edicións Xerais de Galicia. Refire a traxectoria literaria do autor, consagrado á narrativa de ficción e á poesía, e menciona a súa crónica *Un país a medio facer* (2008) e as súas columnas de opinión en diversos xornais galegos. Destaca a súa crítica á situación xeopolítica do noso país como parte da súa liña temática e explica o seu argumento. Recomenda a lectura d'*Un país a medio facer* e salienta a súa calidade estilística e o seu gran labor como cronista.

Requeixo, Armando, "Cid Cabido, narrador *outsider*", *A Nosa Terra*, n.º 1.379, "Cultura", "Libros de fondo", 29 outubro-4 novembro 2009, pp. 30-31.

Recórdase a narrativa de Xosé Cid Cabido a partir da súa novela *Foumán* (1987), traducida ao galego por Frank Meyer. Descríbese a traxectoria literaria de Cib Cabido e menciona outras novelas súas como *O intercepto* (1986), *O camiño de Middelharnis* (1988), *Días contados* (1991), *Panificadora* (1994), *Oralmente pola boca* (1997),

Grupo abeliano (1999), *Fálame sempre* (2003) e *Blúmsdei* (2006), das que comenta moi brevemente as súas liñas temáticas. A continuación céntrase na novela *Foumán*, da que destaca a súa crítica social, a prospección psicolóxica, o seu carácter de reflexión e os seus personaxes. Reprodúcese unha cita dun deses personaxes e despois conclúese coa mención do Premio Café de Catro a Catro de Novela Curta da que foi merecente esta novela.

Requeixo, Armando, "Unha versión do mito de Don Xoán", *A Nosa Terra*, n.º 1.381, "Cultura", "Libros de fondo", 12-18 novembro 2009, pp. 28-29.

Recorda a saída a lume d'*As naos afondando*, de Laura Caveiro, na edición de Liceo Rubia Barcia en 2000. Tras mencionar a súa novela *Polas inmensas e alleas fortunas* (1995), sinala o I Premio de Novela Rubia Barcia-Cidade de Ferrol do que foi merecente Caveiro pola novela antedita. Comenta a súa temática, arredor do platonismo amoroso e o seu fío argumental e destaca a súa complexidade estrutural e simbólica, a multirreferencialidade, a súa metaliterariedade. Conclúe afirmando a necesidade dunha reedición máis comercial desta novela para achegarse ao "acabado dos seus diálogos, a fluencia lírica da súa prosa e o suxestivo das náufragas relacións amorosas".

Requeixo, Armando, "Xurxo Borrazás, desintegrado", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "Cultura", "Libros de fondo", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 30.

Retoma a publicación d'*O desintegrista* (1999), de Xurxo Borrazás, editada por Edicións Xerais de Galicia. Destaca a súa condición de conxunto de microprosas, que non rematan de axustarse á narrativa de ficción, e a súa mestura do lírico e do analítico, do dramático e do expositivo para logo describir brevemente o seu fío argumental. Menciona que ese volume é o xermolo d'*Arte e parte* (2007), no que hai reflexións sobre a literatura e os xéneros e sobre outras cuestións culturais e sociais.

Requeixo, Armando, "Naufraxios sentimentais", *A Nosa Terra*, n.º 1.385, "Cultura", "Libros de fondo", 11-16 decembro 2009, pp. 22-23.

Lémbrase da recensión "*Os ollos do rei de copas* ou como nace unha novela" que publicara hai tres lustros, na que consideraba a Xurxo Sierra Veloso, autor da obra *Os ollos do rei de copas* (1994), como unha nova e orixinal voz da narrativa galega. Alúdese a outros libros de Sierra Veloso e con respecto á súa prosa sublíñase que releva un proceso de depuración intenso cun xeito de narrar que renuncia ao preciosismo que o achega ao "mestre" Carlos Casares.

Requeixo, Armando, "Amores de bolero", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", "Libros de fondo", 24-30 decembro 2009, p. 36.

Afírmase que o mellor de *Sabor a ti* (1991), de Miguel Suárez Abel, está na facilidade coa que o lector é quen de empatizar cuns personaxes perfectamente perfilados. Indícase que non se renuncia á crítica social e que os dous docentes namorados desta obra cren ver no seu amor o derradeiro tren cara á felicidade.

Río, Manolo do, "Recapitulando sobre Julio", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 3, marzo 2009, p. 5.

Coméntase un volume colectivo titulado *Doutros lados*: *capítulos sobre os contos de Cortázar* (2008) no que se fai un estudo dalgúns aspectos da obra de Julio Cortázar, cando se cumpren vinte e cinco anos da súa morte. Indícase que se trata dun volume coordinado por Soledad Pérez-Abadín Barro, no que se inclúen unha serie de reflexións e estudos sobre a poética de Cortázar aplicada aos seus contos. Afírmase que eses estudos gozan da gran frescura, orixinalidade e atrevemento dos trinta estudantes que participan no volume como autores dos mesmos. Precísase que tras unha introdución hai oito partes que presentan gran diversidade temática, das cales se fan algúns comentarios sobre o seu contido.

Río, Manolo do, "A traxedia das follas", *ABC*, "*Artes&Letras*", n.º 11, "Galicia", "Libros", 11 novembro 2009, p. 7.

Resalta que a monografía *Ramón Cabanillas. Crónicas de desterros e saudades* (2008) é un dos mellores froitos que naceron co gallo da celebración do cincuentenario da morte de Ramón Cabanillas. Destaca que contén un rigoroso e extenso traballo de investigación sobre este poeta. A seguir, realiza un repaso pola biobliografía de Cabanillas.

R. L., "A intriga que acabou vencendo", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 5 xaneiro 2009, p. 63.

Coméntase a obra de John Kennedy Toole, *A conxura dos necios* (2008), traducida ao galego por Eva Almazán. Destácase a unanimidade dos críticos á hora de cualificar o personaxe protagonista, como un dos mellores que foron creados en literatura, e recóllese a presentación del que o propio autor fai ao principio da obra e logo descríbese máis sucintamente. Sublíñase o feito de que na obra se fai unha crítica mordaz da sociedade americana baseada na decadente clase media. Dise que o interese do lectorado se logra mediante a aparición continua de personaxes de triste vida e a través dun ton burlón e irónico. Lémbrase o feito tráxico do suicidio do autor aos trinta e dous anos despois de rematar a obra e non conseguir que a publicasen, algo que si conseguiu a insistencia e tenacidade da súa nai até que de xeito a obra alcanzou o Premio Pulitzer.

R. L., "Un século XX angosto e escuro", *El Progreso,* "Cultura", "Vivir", 19 xaneiro 2009, p. 71.

Analízase a novela gañadora do Premio Blanco Amor 2007, *Memoria das cidades sen luz* (2008), de Inma López Silva. Explícase que nela se narra en primeira persoa a historia dun neno galego que se exilia a Francia durante a guerra civil e alí retoma o contacto cos vellos amigos, entre os que se atopan tanto personaxes reais (María Casares e Ánxel Casal, entre outros) como ficticios. Sinálase quen formou parte do xurado e os aspectos que valoraron da obra: léxico amplo e áxil, a estrutura, a creación

de personaxes de ficción e a súa relación con outros reais. Despois faise un percorrido a través da traxectoria persoal e profesional de López Silva e destácase o labor feminino dentro da literatura galega.

R. L., "O peor dos escenarios", *El Progreso,* "Vivir", 26 xaneiro 2009, p. 71.

Afóndase na obra de Xurxo Borrazás, *Costa Norte/ZFK* (2008), que se desenvolve en escenarios reais (Carballo, Razo, Costa da Morte...), baixo a problemática ambiental da construción do porto exterior da Coruña, mais nun tempo futuro no que se crea unha obra de ficción. Dise que se trata dunha novela esteticamente sorprendente e moi anovadora, que fala da soidade do individuo, dos límites da natureza e das fronteiras do humano. Tamén se indica que a novela ten como base un relato titulado "ZFK"que publicara nunha revista de Carballo cinco anos antes. Finalmente, faise unha pequena lembranza da produción literaria de Borrazás.

R. L., "Uns mozos coma outros calquera", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 2 febreiro 2009, p. 71.

Coméntase a obra de Flavio Soriga, *Sardinia blues* (2008), da que se di que está ambientada na illa de Sardeña no ano 2007, onde tres amigos mozos viven múltiples experiencias de xeito apurado. Dise que os tres viven na procura da normalidade malia teren vidas complicadas e con atrancos varios. Indícase que a crítica italiana considera a novela como unha das mellores de 2008 e como a expresión dunha nova narrativa rexional, que rexeita o pintoresco, o folclórico e as tradicións para xogar co global e o postmoderno. Tamén se recupera a traxectoria literaria de Soriga e noméanse os premios literarios que xa recibiu.

R. L., "Pamuk lévanos a Istambul", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 21 febreiro 2009, p. 69.

Afóndase na obra de Orhan Pamuk, *Istambul. As lembranzas e a cidade* (2008), na cal o autor fai un percorrido vital pola cidade que coñece ben e dise que ofrece ao lector unha visión íntima da cidade a través de todos os lugares que a caracterizan. Coméntase que a obra comeza co capítulo da súa infancia e da súa excéntrica familia coa que habitaba un apartamento pobre. Tamén se aclara que na obra non se eluden as cuestións histórico-políticas como os golpes militares que sufriu a cidade, ou as cuestións relixiosas e lingüísticas que lle afectan.

Rodríguez, Salvador, "El Sempre en Galiza de Ernesto Sábato", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 351, "Reportaje", 8 febreiro 2009, pp. 8-10/ *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 418, 15 febreiro 2009, p. 2.

Fálase sobre un texto inédito de Ernesto Sábato, "Palabras para Galicia", do que se di que a súa orixe foi unha conferencia que el escribiu co gallo da súa visita a Galicia en 2002 para recibir o Premio Rosalía de Castro que lle concedera o PEN Club de Galicia. Sinálase que no texto o escritor lembra a súa infancia en Arxentina xunto a moitos

galegos alí emigrados e, sobre todo, as relacións que mantivo coas xentes do exilio. Destácase a relación de Sábato con Lorenzo Varela e a estreita colaboración literaria e de amizade que os dous mantiveron. Coméntase que esa relación se plasma, por exemplo, na colaboración permanente do autor na revista *Cabalgata*, de Luís Seoane e Lorenzo Varela. Indícase igualmente que, cando Lorenzo Varela volve a Galicia en 1976, leva consigo unha carta de recomendación de Sábato para o director dun xornal madrileño e que os dous manteñen unha "interesantísima" correspondencia, da que se reproducen cinco desas cartas, dentro do volume *Miradas alleas* (2008), editado pola Xunta de Galicia e no cal se inclúe "Palabras para Galicia".

Romero, Marga, "Entre dúas linguas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 278, "Libros", 12 febreiro 2009, p. IV.

Tras unha introdución na que se percorre a bibliografía da escritora Ursula Heinze, faise referencia ao seu último poemario *Skyline* (2008), co que demostra como o xénero poético a consolida como escritora en lingua alemá. Destácase deste poemario a súa musicalidade provocada en parte por abondosas aliteracións, o ritmo a partir de encabalgamentos con versos breves, a duplicidade de linguas (galego e alemán) e a temática intimista centrada na paisaxe, na terra, no mar e na nostalxia. Tamén se reproducen algúns versos de *Skyline*.

Romero, Marga, "Sen tempo marcado", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Libros", 19 febreiro 2009, p. IV.

Indícase que Mª do Carme Kruckenberg pertence á primeira xeración de poetas galegas que comezaron a escribir na posguerra e logo faise un pequeno repaso pola súa traxectoria profesional. A continuación, fálase sobre a súa obra *Os límites do arreguizo* (2008), que vai precedida dun prólogo de Victoria Iglesias López, no cal se salienta a importancia do tempo que percorre a obra movido polas lembranzas. Dise que é un poemario de amor mais dende a ausencia do encontro amoroso e dende a liberdade do espazo prohibido para vivilo. Remátase aludindo ao desexo de que Kruckenberg escriba unha autobiografía, que sexa un libro de memorias da muller e da escritora.

Romero, Marga, "Propios e alleos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Libros", 19 marzo 2009, p. IV.

Saliéntase unha obra que se considera moi importante para facer visíbel o labor dos múltiples tradutores e tradutoras que publican en revistas como *Grial* e *A trabe de ouro*, e que leva por título *O alleo é noso* (2008) e é de Xosé Manuel Dasilva. Dise que na contraportada se indica que se trata de corenta e un estudos de diversa natureza arredor da tradución, que Dasilva considera un complemento da obra *Babel entre nós*. *Escolma de textos sobre a tradución en Galicia* (2003). Coméntase que se bota en falta unha introdución xeral que propoña reflexións ou anticipe o que se vai tratar, pero si se destaca o acerto no título. Tamén se pon de relevo o feito de que se deteña na análise da relación de Galicia coa literatura portuguesa, ao fixarse nas versións sobre obras de autores portugueses como Luís Camões e Eça de Queirós, entre outros. Tamén se indica que se fai ver a dimensión universal da obra de diferentes autores galegos como Rosalía

de Castro en lingua portuguesa e a través da lembranza de antoloxías de poesía galega en lingua alemá.

Romero, Marga, "No tobogán da memoria", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 287, "Libros", 23 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 231, "Letras galegas", 2 maio 2009, p. 7.

Fálase sobre a obra que gañou o VIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, *Libro de Alicia* (2008), de Olalla Cociña, no que se fai un percorrido pola memoria e a fantasía a través de Alicia e as lembranzas da súa vida na aldea xa inexistente. Dise que aparece tamén a voz do propio eu e o regreso á infancia primeira e que se trata dunha obra ben construída, onde teñen cabida múltiples voces que van recompoñendo a memoria a través de diferentes perspectivas.

Romero, Marga, "Filosofía de Nós", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Libros", 17 setembro 2009, p. V.

Faise eco do ensaio de Anxo González Fernández, *O espírito e a lama das formas* (2008), na colección "Cadernos de Pensamento", coeditado polo Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social da Universidade de Santiago de Compostela. Describe o seu argumento e liña temática e sinala a importancia do seu título. Critica o corpus literario no que se basea, ofrecendo exemplos de varios autores como Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. Tamén se valora negativamente a lectura reducionista e fóra de contexto de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e a bibliografía pouco elaborada.

Romero, Marga, "Follas do 72", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro, p. VI.

Coméntase que *Follas de vagar. Xornal 1969-1970* (1972), de Eduardo Moreiras, se conforma a partir de apuntamentos que parten do diario do autor dos anos 1969 e 1970. Indícase que nel se atopan opinións sobre pintores, músicos, escritores, pensadores, sobre os que Moreiras rara vez expresa unha clara idea sobre o que a súas creacións lle suxiren. Precísase que se atopan tamén evocacións paisaxísticas do Courel, de Baiona ou de Vigo e pequenas narracións, que se relacionan con "Os incipit", de Aragon. Critícase a imaxe que se ofrece de Galicia e do espírito galego, os comentarios referidos ás mulleres e a defensa encuberta do nazismo.

Rozados, Lara, "Desde Rusia con Amor", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "Magazine", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, pp. 40-41.

Comeza falando da aparición en lingua galega do volume *Amor vermello. Escritos sociais e políticos* (2008), de Alexandra Kollontai, dentro da colección "As letras da mulleres" de Sotelo Blanco Edicións. Afirma que Kollontai está de plena actualidade e que escribe dende o seu feminismo de esquerdas. A seguir, comenta que a poeta Anna Akhmátova publicou en galego a antoloxía *Só o silencio me responde* (2008). Fai un repaso histórico do Centro de Estudos Galegos de San Petersburgo, que coordina Elena

Zernova dende o seu nacemento en 1994, indicando todos os volumes publicados e as traducións feitas dende o galego ao ruso de obras de Rosalía de Castro e de Alfredo Conde, entre outros.

Rozados, Lara, "O cuarto propio non ten paredes", *A Nosa Terra*, n.º 1.368, "Cultura", "Poesía", 16-22 xullo 2009, p. 34.

Volve sobre o volume poético de María do Cebreiro, *Non son de aquí*, publicado en 2008 por Edicións Xerais de Galicia. A partir dunha cita deste volume, comenta o seu argumento e temática, especialmente, o novo punto de vista que ofrece en canto á reflexión sobre a identidade humana. Menciona o proxecto inicial de publicación conxunta con *Cuarto de outono* e destaca o seu xogo metaliterario, a pasaxe de *Aurora Leigh*, de Elizabeth Barret Browning que dá comezo ao volume e o aspecto cronolóxico do tempo. Finalmente, recomenda a súa lectura.

Ruibal, Tomás, "Últimas propostas das letras europeas", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 450, "Anaquel dos libros", 1 febreiro 2009, p. 7.

Ofrécese unha análise de dous títulos que conforman as últimas novidades de literatura europea publicadas traducidas ao galego dentro da colección "Biblioteca Compostela" da Editorial Galaxia. Dise que *A elegancia do ourizo* (2008), escrito por Muriel Barbery, ofrece unha historia protagonizada pola porteira dun edificio onde residen varias familias de clase alta, a cal posúe unha gran cultura que agocha por temor á disonancia que provocaría coa súa baixa extracción social. Tamén se fala sobre os outros personaxes que nela aparecen como a adolescente que pensa en suicidarse e que comeza unha profunda amizade coa porteira. Destácase a amenidade da historia malia as abondosas reflexións sobre temas como o marxismo, a cultura rock e a psicanálise. Do outro título, *Sardinia blues,* (2008), escrito por Flavio Soriga, dise que conta a historia de tres amigos sardos que veñen de ser abandonados polas mozas e transmiten o desacougo dunha xeración de mozos que reivindican a singularidade da súa existencia libre de estereotipos. Indícase que é unha lectura refrescante, de prosa rápida, cunha trama ben sostida.

Sande, Miguel, "Iolanda Zúñiga e o Hip-Hop", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 310, "Letras en galego", 25 abril 2009, p. 12.

Coméntase o poemario de Iolanda Zúñiga, *Amor*, *amén* (2008), do que se destaca a frescura dunha poeta nova que invita á reflexión. Dise que os versos descóbreos mentres escoita a música hip-hop dos novos valores. Sinálase que a lectura do poemario contrasta co balbordo que se escoita na praza de madrugada mentres os mozos fan "botellón" e actúan sen control.

Sande, Miguel, "A necesidade que crea Chus Pato", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 311, "Letras en galego", 2 maio 2009, p. 13.

Fálase do poemario de Chus Pato, *Hordas de escritura* (2008), do que se di que crea a necesidade de ler, xa que nel se atopan varios xéneros: narración, diálogo e ensaio. Destácase que acaba de merecer tres galardóns: o Premio da AELG, o Premio da Crítica e o Premio Losada Diéguez. Por último, opínase que é unha autora orixinal e que a lectura dos seus versos provoca deleite.

Sande, Miguel, "Poemas para despois de ler o xornal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 318, "Letras en galego", 20 xuño 2009, p. 11.

Retoma a publicación do volume de poesía *Migracións* (2008), de Rafa Villar, editado por Espiral Maior. Comenta brevemente o seu fío argumental e a súa temática, arredor da intimidade e o compromiso. Explica estes aspectos a partir da reprodución dalgúns dos versos de *Migracións*. Menciona outros dos seus poemarios como *Días de Sherezade* ou *Casa ou sombra*.

Sande, Miguel, "Murado escribe un diario áxil sobre cinco anos do conflito", *La Voz de Galicia*, "Al Sol", "Una lectura cada día", 14 xullo 2009, p. 43.

Recoméndase a lectura da obra de Miguel Anxo Murado, *Fin de século en Palestina* (2008), que foi galardoada pola Asociación de Editores. Dise que nela, Murado dá conta da súa experiencia como enviado da ONU en Xerusalén e Palestina durante os cinco anos que residiu naqueles territorios. Destácase a mestría da súa escrita, as pinceladas de humor e a transmisión da profundidade da traxedia.

Sande, Miguel, "Poemas coma curtametraxes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 338, "Letras en galego", 7 novembro 2009, p. 12.

Trae á memoria o volume de poesía de Eduardo Estévez, *Construcións*, publicado en Edicións Positivas en 2008. Destaca a poética visual de Estévez e o seu esforzo por manter con éxito o eido da ciberpoesía. Tamén se salienta a sinxeleza de cada composición poética que conforma o volume. Ademais compara algunhas das composicións que aparecen en *Construcións* con certas curtametraxes.

Sande, Miguel, "A madurez de María do Cebreiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 340, "Letras en galego", 21 novembro 2009, p. 11.

Alude ao volume de poesía de María do Cebreiro, *Non son de aquí*, editado por Edicións Xerais de Galicia en 2008. Subliña a sinxeleza e a madurez dos seus poemas, a súa linguaxe coloquial e nidia. Remata o artigo mencionando outro poemario anterior de María do Cebreiro, *Os hemisferios* (2007).

Sande, Miguel, "Poesía tamén na zona wi-fi", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, "Letras en galego", 5 decembro 2009, p. 11.

Pregúntase qué será da poesía na futuro e responde que seguro que persistirá mais con novas vertentes como a poesía en soporte dixital, á que cualificada como "fría e distante". Refírese ao poemario *Pequenos infinitos* (2008), de Carmen Pereiras, publicado en Ourense. Recalca que é unha pequena xoia que conta cunha coidada edición na que sobresae a conciencia da súa autora.

Sanfiz, H., "Reconversión naval con Guinea de fondo", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", 9-14 xaneiro 2009, p. 34.

Coméntase a novela de Henrique Dacosta, *O prezo da tentación* (2008), na que con Guinea Ecuatorial como pano de fondo hai diferentes tramas que se van enguedellando ao longo da obra, como é o caso dunha historia de amor por unha princesa bubi e a reconversión naval ferrolá. Dise que o narrador omnisciente adopta diferentes perspectivas e crea o suspense propio da novela policial con personaxes tamén desacougados. Indícase que ao final da novela hai certos toques de erudición literaria que poden resultar algo pesados a lectores neófitos. Ademais afirma que esta novela se le coas gañas de coñecer o desenlace das diferentes historias que se mesturan.

Seoane, Lucía, "Relato desde o Alén", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 274, "Libros", 15 xaneiro 2009, p. IV.

Analízase a obra *Memorias dun esqueleto de aldea* (2008), escrita por Xosé Lois Ripalda. Dise que Ripalda pretende seguir "o roteiro aberto un día" por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e continuar as pegadas que este deixou en obras como *Un ollo de vidro*. *Memorias dun esquelete* (1922). Destácase, en primeiro lugar, a humildade e admiración polo autor rianxeiro e a sinxeleza que se consegue na escrita da obra, ademais da vontade humanista. Indícase que o libro é tamén unha homenaxe a unha Galicia pasada, de xeito que polas páxinas da novela se atopan motivos como a Santa Compaña, o Lobishome, o estraperlo en épocas de guerra, o tempo escuro dos fuxidos ou a crónica do wolfram. Por último, lémbrase que se percibe unha libre recreación da tradición oral na liña de Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole. Apúntase que o humor e a saudade tamén forman parte do libro.

Seoane, Lucía, "Espallar Galicia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 277, "Libros", 5 febreiro 2009, p. IV.

Tras lembrar brevemente a traxectoria profesional do profesor Xesús Alonso Montero, dáse conta da importancia do volume que vén de publicar co título *Letras galegas*. *Explicadas (de 1962 a 1980) en Triunfo e noutras revistas de fóra de Galicia* (2008). Explícase que nesta obra se recollen un total de trinta e oito textos que foran publicados en revistas foráneas co afán de dar a coñecer a literatura e cultura galegas neses contextos. Dise que o prólogo e notas son da propia autoría de Alonso Montero e que unha boa parte dos textos foran escritos nos tempos do franquismo, coa capacidade que Alonso Montero sempre tivo para lle chamar ás cousas polo seu nome. Destácanse algúns textos nos que o autor defendía o uso do galego no ensino negándose á uniformización en castelán. Valórase o libro como un importante testemuño de tempos difíciles e como recuperación da memoria necesaria para coñecer a cultura galega.

Seoane, Lucía, "Ferrín, Ferrín", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 280, "Libros", 26 febreiro 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 224, "Letras galegas", 7 marzo 2009, p. 11.

Faise unha lembranza da importancia da figura de Xosé Luís Méndez Ferrín dentro da literatura e cultura galegas e tamén se lembran algúns dos títulos que máis sona lle deron, así como a importancia do seu labor á fronte da revista cultural *A Trabe de Ouro* e os seus artigos semanais no *Faro de Vigo*. Despois analízase o volume colectivo *A semente da nación* (2008) no cal, a modo de homenaxe do autor ourensán, participan destacadas personalidades do mundo literario e cultural galego. Dise que nas seis seccións que compoñen a obra colaboran figuras como Xosé Luís Franco Grande, Anxo Angueira, Arturo Casas, Darío Xohán Cabana, Antón Santamarina e Moncha Fuentes, entre outros, facendo achegas sobre a biografía e bibliografía de Méndez Ferrín. Por último, dise que hai unha parte final na que se recolle de maneira exhaustiva a bibliografía do autor homenaxeado.

Seoane, Lucía, "Tempo de Grial", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 286, "Libros", 16 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 230, "Letras galegas", 25 abril 2009, p. 6.

Coméntase o número 180 da revista *Grial* (2008), que publicou a Editorial Galaxia. Descríbense brevemente cada unha das seccións e artigos que nela aparecen, centrándose especialmente nos dedicados á aparición do galego na radio co título de "75 anos de radio en Galicia. Discurso de case un século" e "Unión Radio Galicia. A emisora do Estatuto". Dise que o codirector da revista, Víctor Freixanes, fai unha análise da presenza do galego nos primeiros anos de radio, entre 1933-36. Logo indícanse os títulos e contidos das outras seccións.

Tarrío Varela, Anxo, "Volver a Valle", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 4 febreiro 2009, contracuberta.

Trae á memoria o volume de Euloxio R. Ruibal, *Valle-Inclán e o teatro galego. A recepción da obra dramática de Valle-Inclán na dramaturxia galega (1916-1973)*, editado en 2005 por TrisTram na colección "Máscaras", dirixida por Anxo Abuín. Critica o feito de que este volume non teña callado o suficiente na dramaturxia galega. Prosegue cun comentario sobre a súa estrutura e o contido temático, no que salienta a análise que leva a cabo sobre a época Nós, o exilio e a emigración e a ditadura fascista que tiveron lugar dende 1916 até 1973.

Toro, Xelís de, "Nostalxia", *A Nosa Terra*, n.º 1.366, "Cultura", 25 xuño-1 xullo 2009, p. 37.

Refire a presentación en Londres, xunto a John Rutherford e María Liñeira, da antoloxía de contos galegos en versión inglesa, *From the Beginning of the Sea* (2008), como parte

do programa "Nós, Londoners", organizado en Portobello por Teresa Fandiño e Clara Ogando. Describe o mercado e a contorna desa zona londinense.

Torres, Pachu M., "Fijando vértigos", *Diario ABC*, "*Artes & Letras*. *Galicia*", n.º 7, "Libros", xullo 2009, p. 7.

Trae á memoria a publicación do relato *Viaxes do corazón*. *Diario ínfimo* (2008), de Xosé Manuel Trigo. Destaca a súa caligrafía, a exposición da súa autobiografía, a bagaxe literaria de Trigo. Comenta brevemente a minuciosidade textual e o fío argumental da obra analizada. Recomenda así mesmo a elaboración dunha edición facsímil deste volume e salienta a beldade da linguaxe empregada, ateigada de xogos fónicos e de humor.

Valcárcel, Marcos, "Miradas Alleas (e VI)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 4 marzo 2009, contracuberta.

Dá conta do volume *Borges dende o labirinto galego* (2008), de Claudio Rodríguez Fer, pertencente á serie "Miradas Alleas", publicado pola Xunta de Galicia. Indica que nel se tratan as conexións galegas de Jorge Luis Borges: a súa ascendencia portuguesa, a presenza na revista *Alfar* e a súa admiración por Rosalía de Castro. Menciona a conferencia homónima publicada en 1999, na que se leva a cabo un percorrido pola traxectoria literaria e vital de Borges. Sinala tamén o ensaio intitulado *Borges*: *escepticismo e fantasía*, que versa arredor da literatura do escritor arxentino.

Valcárcel, Xulio, "O Espíritu da letra". *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 551, "Páxina literaria", 11 xaneiro 2009, p. 4.

Comenta *O Espírito da letra* (2008), escrito por Luís García Soto, que contén varios anacos de obras doutros escritores galegos e non galegos. Sinala que en case todos hai en común "o sino e o contraste entre verse novo e despois verse vello". Considera que García Soto "demostra ser un dos mellores ensaístas galegos" con este traballo.

Valcárcel, Xulio, "Fíos' de Diana Varela", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 556, "Páxina literaria", 15 febreiro 2009, p. 4.

Coméntase o libro de poesía que mereceu o Premio Uxío Novoneyra convocado polo Concello das Pontes, *Fíos* (2008), de Diana Varela. Apúntase que con neste poemario Diana Varela se enxalza como un novo valor dentro das letras galegas. Indícase que ademais se amosa a importancia dun premio que tenta conxugar nomes xa consagrados como Xosé Vázquez Pintor e os novos autores e autoras que despuntan en Galicia. Dise que é un libro notábel, con poucos defectos e moitas virtudes, rico e variado, onde Diana Varela estabelece as distintas concepcións da muller por riba de modas e convencionalismos. Indícase que se divide en dúas partes: a primeira, "Fíos de sol", centrada na lembranza da infancia e a segunda, "Fíos de amor", na que se cuestiona implicitamente o feminismo dominante. Coméntase que a autora trata a asunción por parte da muller de roles e valores, que prescinden ou negan a dimensión do home como

compañeiro en pé de igualdade. Por último, dise que é unha obra concisa e intensa e reprodúcese un dos poemas que se consideran "memorables".

Valcárcel, Xulio, "A corpo aberto, de Manuel Rivas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 557, "Páxina literaria", 22 febreiro 2009, p. 4.

Fálase sobre a monografía de Manuel Rivas, *A corpo aberto*. *Unha ollada* "*indi*" *do local universal* (2008), que o propio autor clasifica no prólogo como xénero xornalístico, aclarando que o termo "indi" refire un xornalismo independente, crítico, irónico e libre. Dise que o Rivas escolle este xénero para falar das cousas en aparencia nimias da realidade que o rodea. Precísase que, máis que unha recompilación de artigos, se podería falar de contos, de relatos e prosa poética. Sinálase que se divide en catro partes, cada unha cun núcleo temático, malia haber unha serie de motivos repetidos: a crispación política, a recuperación do pasado antes da ditadura franquista, a ecoloxía, o mar, a fraxilidade dos animais e dos humanos e a muller no seu papel na historia. Destácase o artigo dedicado a Maruxa Mallo e o tratamento dado por Rivas aos seus personaxes, moitos deles verídicos. Conclúese apuntando que esta monografía se constrúe a través da ironía e o humor mais tamén a partir dunha crítica e protesta afiada.

Valcárcel, Xulio, "A batalla do paraíso triste", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 559, "Páxina literaria", 8 marzo 2009, p. 4.

Analízase a novela de Xosé Ramón Pena, *A batalla do paraíso triste* (2008), da que se di que transcorre na Lisboa da Segunda Guerra Mundial, chea de espías, refuxiados e agochados dos diversos bandos e orixes. Explícasde que, dentro dun marco que se cualifica como espléndido, se achega unha historia de "intriga, traizón e amor" que mantén o lector atento até o desenlace final, grazas a unha escrita lixeira, eficaz e correcta. Sinálase que a novela intercala capítulos onde o narrador, profesor e investigador do período salazarista, vai dando pistas sobre os personaxes e as razóns polas que a voz omnisciente ten constancia dos feitos. Tamén se destaca a técnica de Pena para construír a estrutura da novela. Logo aclárase que se trata dunha novela dentro doutra, xa que o protagonista atopa un libro escrito por Antoine de Saint-Exupéry titulado *O paraíso triste*. *O Quotidiano en Lisboa durante a II Gran Guerra*. Detállase algo máis do fío argumental e noméanse as constantes que se atopan na novela: traizóns, conspiracións, amor e ameazas.

Valcárcel, Xulio, "Libros de Úrsula Heinze de Lorenzo", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 565, "Páxina literaria", 19 abril 2009, p. 4.

Fálase sobre os dous poemarios que en cuestións de poucos meses publicou en 2008 Úrsula Heinze, *A pel do insomnio* e *Skyline*. Deles dise que sendo diferentes son complementarios. Coméntase d' *A pel do insomnio* que é un libro de sensacións, non pechado, onde o importante é a experiencia sensorial dende unha perspectiva singular, con expresións abundantes referidas ao mar, ás ondas e sen excesos retóricos. Tamén se apunta que alterna a primeira persoa co diálogo cun ti que nunca responde. De *Skyline* explícase que presenta o nexo común de enraizarse nas profundidades do ser, aínda que

hai nel un maior pouso de esperanza, ademais de que ofrece unha maior transparencia e claridade, sen deixar de estar presente a sensualidade e o erotismo.

Valcárcel, Xulio, "Libros de Iria Pereira e Xoán Vila", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 566, "Páxina literaria", 24 abril 2009, p. 4.

Despois de sentenciar que as obras artísticas se defenden por si, sen laudes nin críticas, pasa a falar de *Cambio de estrela* (2008), a primeira obra da poeta Iria Pedreira Anido, ilustrada por Xan Eguía. Sinala que o poemario está divido en tres partes e que amosa unha continuidade harmónica. Conclúe que os poemas "flúen suavemente" e teñen un punto de sensualidade.

Valcárcel, Xulio, "As crónicas chairegas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 568, "Páxina literaria", 10 maio 2009, p. 4.

Coméntase a obra *As crónicas chairegas* (2008), de Paulo Martínez Lema. Dise que nela Martínez Lema inclúe un feixe de relatos, nos que se observa o dominio da frase, o coñecemento da linguaxe e dos modismos locais. Alúdese a que a obra é unha recomendación do profesor Luciano Rodríguez pola recuperación da tradición oral que nela se fai de oficios en desuso e palabras gardadas só na memoria dos máis vellos, así como pola transmisión dun galego puro e enxebre. Tamén se comenta que, malia que Martínez Lema insiste en rexistros e temas tratados por Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro, é indubidábel o seu valor expresivo. Por último, reescríbese o comezo dun dos relatos para dar boa mostra do contido da obra.

Valcárcel, Xulio, "Amor en feminino", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 581, 9 agosto 2009, p. 4.

Presenta *Amor en feminino. Antoloxía das poetas galegas. De Rosalía á Xeración dos 80* (2006), de Maximino Cacheiro Varela. Indica que é unha obra cuxo obxectivo é render unha homenaxe a escritoras como Rosalía de Castro, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, María Xosé Queizán e Pilar Pallarés, entre outras, a través dunha panorámica xeral "parcial, aleatoria e subxectiva". Di que dá conta da expresión das vivencias amorosas das autoras que abranguen o rexistro costumista e gracioso de Rosalía de Castro, a metafísica elegante de Pura Vázquez, a preciosa evocación de Luz Pozo, a confesión existencial de María do Carme Kruckemberg, o tratamento "audaz e novidoso" de María Xosé Queizán, o poemario "Festa do corpo", de Helena Villar, a "Carta a Orfeo", de Ánxeles Penas, a técnica do soneto de Marica Campo, a "esencialidade expresiva" de Ana Romaní, a referencia temporal e paisaxística de Marta Dacosta e a abnegación romántica da entrega absoluta de Pilar Pallarés.

Valcárcel, Xulio, "Mundo Mapuche", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 590, "Páxina literaria", 11 outubro 2009, p. 4.

Comenta o volume de poesía mapuche *Lúa de xemas frías*, editado por Espiral Maior en 2008. Refire brevemente a súa cultura e modo de vida, en especial a súa lingua, o

mapudungun. Alude ás experiencias de autores como Omar Contreras Flores e aos comentarios sobre o tema de artistas como Jane Danko. Agradece a dedicación dos medios e da prensa a esta cuestión, en especial a emprestada por Ana Miranda, Xesús Alonso Montero e Edmundo Moure.

Valcárcel, Xulio, "Un soño aberto", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 591, "Páxina literaria", 18 outubro 2009, p. 4.

Recorda a recompilación *Poemario dun soño aberto*, de Xaquín Chaves, editada por Litoral das Rías en 2006. Destaca o limiar de Xavier Seoane e a cita de Píndaro que dá comezo á recompilación poética. Salienta aspectos como a descrición da paisaxe, a lembranza da Grecia clásica, a sutileza e o humanismo presentes no poemario analizado. Recomenda así mesmo a Exposición Alobre, na que o autor participou xunto a outros escritores como Manolo Chazo, Enrique Conde, Uxío López, Manolo Paz e Francisco Pazos.

Valcárcel, Xulio, "Actualidade de Leopardi", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 565, "Libros"/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 601, "Páxina literaria", 27 decembro 2009, p. 6.

Fala do poeta italiano Giacomo Leopardi e da súa obra en versión galega titulada *Os cantos* (1998), realizada por Suso Pensado en Espiral Maior. Detalla a vida deste poeta onde subliña que viviu a paixón amorosa en Florencia. Con respecto á escrita de Leopardi comenta que da súa lectura se deduce unha fonda dor e un tráxico desengano cun amor cruel e insatisfactorio.

Vieites, Manuel F., "Drácula na nación posmoderna", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Teatro", 18 xuño 2009, p. VIII.

A partir da análise da novela de Bram Stoker, *Vlad draculea, fillo de dragón* (1897) e da figura do director do xénero de terror Juan López Moctezuma, comenta o volume de Manuel Lourenzo, *As horas baixas*, editado por Laiovento en 2008. Explica que nel se revisita a Drácula como personaxe protagonista e que se realiza unha parodia pobre das cortes vampirescas. Nun epígrafe homónimo explica a estrutura do volume que contén tres pezas e describe cada unha delas de xeito conciso: *As horas baixas*, *A crise do director de escena*, que trata dos traumas e frustracións dos artistas e o monólogo *Vivaldi, señor*, no que un criado mostra os aspectos básicos do seu oficio.

Vieites, M. F., "Encomio do teatro comunitario", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 299, "Teatro", 10 setembro 2009, p. VIII.

Comenta o volume de Andrés Martínez García, *Sempre en Rianxo. O soño do barbeiro*, publicado en 2008 por Ediciós do Castro. Salienta o seu carácter de teatro comunitario e popular e menciona o grupo de teatro Airiños, de Asados, e a compañia Ditea, de Agustín Magán, como exemplos. Alude ao contido desta comedia en canto aos seus personaxes e argumento que supón un "retrato da comunidade real e da comunidade

imaxinada" e recomenda a súa lectura. En columna á parte, trata do seu argumento e cualifica a peza como "folc drama costumista e vitalista, con relanzos dunha Galicia máxica" que rende homenaxe a Rianxo.

Vieites, M F, "Tres laranxas mandarinas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 310, "Teatro", 26 novembro 2009, p. VIII.

Refírese a un libro publicado en 2008 e que recolle os textos que Ana Vallés utilizou no espectáculo *Illa Reunión*. Indica que na introdución desta obra se lembra un magnífico texto de Peter Handke, *Insulto ao público*, e mais que no teatro de Vallés non hai actores, senón persoas escénicas. Tamén se precisa que inclúe no seu teatro novas formas de escenificación.

X. C., "O valor do día a día", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", 24-30 decembro, p. 23.

Laméntase da pouca repercusión alcanzada por este diario, *Follas de vagar* (2009), de Eduardo Moreiras, posto que se opina que é salientábel pola modernidade coa que se aborda o xénero, pola capacidade indagadora do autor de si mesmo e do tempo crítico de cambios no que foi escrito.

Xestoso, Manuel, "A cincenta era unha reaccionaria pedante", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", 9-14 xaneiro 2009, pp. 33-34.

Analízase a obra de Muriel Barbery, *A elegancia do ourizo* (2008), centrándose na descrición das dúas protagonistas principais e da relación que entre elas se estabelece. Logo critícase a falta de verosimilitude e a pedantería de baixa intensidade, coa que se pretende retratar o superior entendemento das dúas narradoras. Tamén se critica a paródica caracterización dos personaxes coa que se tenta transmitir o tema principal: a denuncia da loita de clases. Critícase igualmente a falta de trama da novela.

Xestoso, Manuel, "Amor e linguaxe", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "Cultura", 15-21 xaneiro 2009, pp. 33-34.

Lémbrase a importancia de Chico Buarque dentro da música brasileira e tamén na literatura, como o demostra que a esta obra analizada, *Budapest* (2008), lle fora concedido o premio Jabuti, un dos máis importantes daquel país. Logo descríbese o argumento da obra e o seu protagonista e narrador José Costa. Indícase que a obra contén unha trama enguedellada. Coméntase brevemente o argumento e céntrase na descrición dalgúns personaxes principais. Se ben se precisa que se detectan graves problemas de verosimilitude, pola contra, indícase que hai motivos que animan a seguir a lectura como é o caso da "minuciosidade con que se tece a urdime de alusións á confusión entre linguaxe e realidade". Dise que este último aspecto concede un "vigoroso armazón expresivo que dá peso á novela". Tamén se repara no emprego do tempo, que pode parecer ambiguo e caprichoso, mais que vén dado pola conciencia do narrador e se converte en única referencia do relato. Destácase o "espléndido desenlace"

e sinálase que na obra tamén se agocha unha fermosa historia de amor adornada con humor.

Xestoso, Manuel, "A dor de non entender", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "Cultura", 22-28 xaneiro 2009, pp. 33-34.

Analízase a novela *Mal de escola* (2008), de Daniel Pennac. Indícase que esta obra responde mellor á definición de ensaio. Sinálase que nela se aborda o proceso de aprendizaxe da escola francesa, dende o punto de vista do mal estudante, a partir da experiencia do propio Pennac como un deles e logo como profesor. Coméntase que se mesturan as lembranzas autobiográficas de Pennac coas súas reflexións sobre a escola francesa republicana, para indicar que a xustificación da escola debe ser conseguir integrar os malos estudantes. Logo analízase a obra a partir da trama, conformada precisamente pola transición del mesmo, de mal estudante a profesor. Dise que se acumulan peripecias e argumentos, mais que se percibe que é unha obra rica, aínda que mal organizada. Sinálase que dende a ironía se pretende tamén apelar á emotividade do lector, aínda que se observa falta de rigor expositivo e un texto algo repetitivo. Danse como detalles positivos a intercalación de certas reflexións de importancia sobre a falta de valores sociais e a problemática real dese tipo de alumnado. Finalmente, destácase a súa entretida lectura, ás veces lúcida e divertida, malia que en ocasións resulte algo simple e reiterativa.

Xestoso, Manuel, "Obra mestra da sátira moderna", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "Cultura", 5-11 febreiro 2009, pp. 33-34.

Lémbrase unha corrente literaria que nace na década de 1960 nos Estados Unidos e que mestura experimentalismo, humor e absurdo, na cal debería incluírse o autor aquí comentado, Jonh Kennedy Toole e a súa obra *A conxura dos necios* (2008), agora traducida ao galego por Eva Almazán. Despois lémbrase a tráxica historia do suicidio do escritor aos trinta anos antes de vela publicada. Analízase o seu argumento a partir do seu protagonista, o que provoca gargalladas xa na súa presentación e logo na concepción da vida que vai amosando. Dise que Kennedy Toole consegue crear unha obra a partir da que poder criticar todas as clases sociais norteamericanas até converterla nunha obra mestra da sátira contemporánea. A seguir, destácanse o acerto na creación de personaxes e dos diálogos, e na inventiva para recrear ambientes e espazos a partir de descricións rápidas, precisas e suxestivas. Conclúese explicando que a estrutura está perfectamente deseñada e que o fin da novela é reflectir a busca de sentido da vida nun mundo degradado.

Xestoso, Manuel, "Gramsci crítico teatral", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "Cultura", 26 febreiro-4 marzo 2009, pp. 33-34.

Reflexíonase sobre o laborioso e moitas veces "denostado" oficio de crítico literario para gabar a seguir "a solidez e coherencia" na visión do teatro que se percibe nos ensaios de Antonio Gramsci. Analízase a súa obra *Escritos sobre teatro* (2008) que se presenta en dous volumes traducidos por Xesús González Gómez. Explícase que nela se inclúen as súas principais ideas sobre o teatro en forma de comentarios e observacións

en diferentes recensións. Dise que o seu concepto de teatro ten dous piares fundamentais: por unha banda, a súa consideración como unha manifestación esencialmente política pola súa pertenza a unha comunidade determinada e, por outra banda, o seu interese polo teatro dirixido ao espectáculo. Aclárase que ten especial interese en demostrar que a función teatral debe dirixirse fundamentalmente a aquelas clases sociais traballadoras que precisan unha velada de ocio tras a xornada laboral. Tamén se destaca o seu profundo coñecemento das virtudes e defectos literarios das obras que trata, a modernidade da súa visión e a variedade de temas e opinións que se verquen nas páxinas da obra.

Xestoso, Manuel, "Unha crónica entretida sobre o ensino", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", 5-11 marzo 2009, pp. 33-34.

Analízase a obra *A clase* (2008), de François Bégaudeau, na que se fala da vida dun instituto dos arrabaldes de París, no que conviven alumnos de moitas procedencias culturais e múltiples problemáticas. Dise que o narrador é un dos profesores e que se suceden episodios no espazo temporal dun curso escolar, tratándose as máis variadas temáticas: tensións culturais, desmotivación de profesores e alumnos, ineficacia administrativa, declive da autoridade do profesor e falta de formación dos alumnos. Sinálase que a novidade é o ton documental do libro, no que o narrador non xulga actitudes e feitos e que a lingua empregada, baseada nos coloquialismos do alumnado e dos erros que cometen, transmite axilidade e un ton ameno. Precísase que estes aspectos se dan como un elemento que rebaixa os achádegos interesantes que se inclúen, a necesidade de desenvoltura que limita a obxectividade de Bégaudeau a unha transcrición da rutina que non dota de vida os personaxes e os converte en seres anónimos. Por último, indícase que a obra se converte nun traballo xornalístico relativamente atractivo, pero que non alcanza moito valor literario.

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Abeleira, Xoán, "Un lume de orixe descoñecida", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 2 febreiro 2009, p. 18.

Acóllese nesta columna unha versión libre a cargo de Xoán Abeleira do poema intitulado "Un lume de orixe descoñecida", de Patti Smith.

Abeleira, Xoán, "2 poetas 2 amigos", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 13 abril 2009, p. 15.

Reproduce un poema de Jordi Doce e outro de Alejandro Valero na súa versión galega. Achega tamén un breve resumo do seu contido.

Abeleira, Xoán, "Non si", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 25 maio 2009, p. 14.

Recóllese nesta ocasión o poema intitulado "Non si", de Xoán Abeleira.

Abeleira, Xoán, "Dos poemas de Robert Desnos", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 15 xuño 2009, p. 13.

Insírense dous poemas de Robert Desnos: "*I. Soñei tanto contigo*" e "*II. Conto de fadas*".

Abeleira, Xoán, "Dous poemas animais", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 29 xuño 2009, p. 19.

O "*Home-paxaro (Cova de Lascaux)*", recollido na obra *Animais Animais* (2001), de Xoán Abeleira, e "II. *Dolmen da Corveira*", poema inédito do mesmo autor aparecen reproducidos nesta columna fixa. Remátase dando conta da publicación dunha edición bilingüe, revisada e ampliada, de *Animais Animais* por parte de Bartleby Editores e intitulada *Animales animales*.

Abeleira, Xoán, "Canción de amor", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 27 xullo 2009, p. 13.

Infórmase de que o poema que se acolle nesta columna fixa, "Canción de amor", de Ted Hughes, formará parte dun ensaio e dunha escolma que prepara Xoán Abeleira.

Abeleira, Xoán, "O afiador", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 10 agosto 2009, p. 13.

A modo de anticipo dun libro no que está a traballar Xoán Abeleira, reprodúcese o poema "O afiador", escrito por este autor e dedicado a Manuel Nóvoa Coello.

Abeleira, Xoán, "Río Lor", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 17 agosto 2009, p. 14.

O poema "Río Lor", de Xoán Abeleira, acompañado dunha fotografía, é o que nesta ocasión se presenta ao lectorado.

Abeleira, Xoán, "Monte Alto (O petróglifo invisible)", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 21 setembro 2009, p. 12.

Acóllese o poema inédito "As mulleres danzaban...", escrito por Xoán Abeleira e dedicado a Manuel Rivas, coa intención de fomentar a participación nun recital en homenaxe a Suso Pensado.

Abeleira, Xoán, "Biblioteca nacional", *La Opinión*, "Opinión", "Asieu", 9 novembro 2009, p. 12.

Acolle o poema "Biblioteca nacional", de Xoán Abeleira, acompañado dunha fotografía.

Abuín de Tembra, Avelino, "Teatro Airiños", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 25 xaneiro 2009, p. 5.

Dá conta da conmemoración do 75º aniversario do Grupo de Teatro Airiños dedicando palabras eloxiosas ao labor do mesmo. Explica que foi en Rianxo onde naceu baixo a protección de Manuel Rodríguez Castelao, o seu curmán, Manuel Losada Castelao e Rafael Dieste, e que o maior éxito se alcanzou coa representación d'*A fiestra valdeira* deste último autor. Avelino Abuín de Tembra sinala que coa celebración do centenario de Manuel Antonio, o grupo leva a cabo un labor evocador da figura do autor. Fala tamén dos diferentes directores que pasaron por Airiños, así coma do seu ideario, que se basea na recuperación e defensa da lingua galega.

Abuín de Tembra, Avelino, "Honra a Ferrín", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 8 febreiro 2009, p. 5.

Opínase sobre a situación social e política do momento, compartindo os ideais propostos por Xosé Luís Méndez Ferrín. Para ilustralo emprega a metáfora de Galicia no soneto "Conto" deste autor orensán, que apareceu en *Correo de Galicia* en 1969. Presenta a Ferrín coma o "Percibal" galego cunha paixón que envolve todo o artigo e que remata coa esperanza da concesión do Nobel así como da atribución de Presidente da República Popular Galega.

Abuín de Tembra, Avelino, "Efemérides", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Crónicas da Bouza", 8 febreiro 2009, p. 28.

Realiza este comentario en memoria de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao cando se cumpren cento corenta e cinco anos do seu nacemento. Iníciase coa reclamación de Galicia como nación (no 18 de setembro de 1933) e afírmase que esa data debería ser tida en conta como outras das celebracións políticas e sociais galegas. Expón o que aconteceu naquel ano e indica que as bases foron propostas por Plácido Castro. A continuación, sinala dous acontecementos determinantes para o nacionalismo galego: o 17 de novembro de 1918, en Lugo, onde se substitúe o termo "rexionalismo" polo de "nacionalismo", e o do 15 de novembro de 1944, en Montevideo. En relación co acontecemento celebrado en Montevideo, salienta tres dos deputados de maior importancia na organización do goberno galego no exilio e considera "crucial" a figura de Castelao. Porén, opina que tras a morte deste o Consello perdeu forza, quedando certas pegadas. Remata co eloxio ao labor do rianxeiro no exilio que parece non volver a recuperarse con "máis dunha década de atrancos e dificultades".

Abuín de Tembra, Avelino, "Música para Curros", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 15 febreiro 2009, p. 11.

Refírese á presentación do volume *O epicedio de Curros Enríquez* "*A Rosalía*" *en vinte linguas* (2008) na Casa Museo da Matanza por parte de Xesús Alonso Montero, editor e autor do limiar e das notas que acompañan ao volume. Afírmase que numerosos músicos do século XX se inspiraron en Rosalía de Castro, cuestión que interesou a investigadores como Xulio Mosquera. A seguir, analízase a oda fúnebre que Manuel Curros Enríquez realizou para Rosalía e ofrécense doce versións en diversos idiomas. Inclúense ademais fragmentos do consabido poema con afán enaltecedor dos "músicos que cantan a Rosalía e a Curros".

Abuín de Tembra, Avelino, 'Dodro (I)', *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ventos ábregos", 1 marzo 2009, p. 10.

Ofrece breves datos sobre o concello coruñés de Dodro e explica como alcanzou o seu interese polo mesmo por medio do político e poeta Luis Aguirre del Río. Ademais destaca que a novela *Pensa Nao* (1999), de Anxo Angueira, reflicte a situación de Dodro durante a preguerra. Denuncia a situación de abandono do consabido territorio, o que o fai perder a súa identidade.

Acuña, Ramón Luís, " Un poeta y maestro emblema de una época", *La Región*, "Opinión", 27 novembro 2009, p. 22.

Faise unha valoración da obra poética de Manuel Luís Acuña Sarmiento e informáse da recente celebración do IV congreso dedicado ao estudio da súa figura e da súa época. Recórdase o seu labor docente, a súa defensa da democracia e o posicionamento contra o réxime franquista. Destácase que foi o mestre de moitos profesores galeguistas mozos. Coméntase que, a pesar de alumear unha obra máis extensa, tan só ten un poemario editado, *Fírgoas*, do que salienta a edición que realizou Edicións Xerais de Galicia en

1992, na que os poemas se acompañan por ilustracións de grandes artistas galegos. Ademais, recóllense algunhas afirmacións con respecto a esta figura de destacados escritores galegos.

Agís Villaverde, Marcelino, "Pensamento e filosofía en Galicia", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Pensadores de hoxe", 11 xuño 2009, p. 4.

Tenta marcar a feble diferenza entre o que denomina "pensamento galego" e filosofía. Explica como o pensamento galego tivo o seu eixo fundamental a comezos do século XX coa Xeración Nós, que afondou sobre unha terra, unha lingua e unha forma de ser como comunidade. Menciónanse obras como as de Ramón Otero Pedrayo, quen tratou temas universais dende a óptica galega con total normalidade. Sinálase finalmente que estes foron os alicerces que fixeron posíbel a filosofía de Ramón Piñeiro, Cilistro e Domingo García-Sabell.

Agís Villaverde, Marcelino, "Galicia entre actos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 20 xullo 2009, p. 2.

Anuncia que o 25 de xullo terán lugar tres actos centrados na identidade galega: o Día de Galicia, a festividade de Santiago Apóstolo e mais a Misa en lembranza de Rosalía de Castro. Deste último acto comenta que se celebrará en San Domingos de Bonaval e que, ao seu remate, terá lugar unha ofrenda no Panteón de Galegos Ilustres.

Agís Villaverde, Marcelino, "Caminantes", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Al sur", 27 xullo 2009, p. 2.

Lembra o acto do pasado 25 de xullo en San Domingos de Bonaval para honrar a memoria de Rosalía de Castro. Afirma que nese acto tamén se recoñeceu o labor feito polos ex-presidentes da Xunta de Galicia, os cales recibiron a Medalla de Galicia.

Agís Villaverde, Marcelino, "Os oficios e os días", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Pensadores de hoxe", 20 agosto 2009, p. 4.

Recorda que dende 1990 tivo pouco contacto con Xosé Antonio Fidalgo Santamariña mais que agora o retomou, xa que son veciños en Raxó, Poio. Partindo disto elabora un repaso pola vida de Fidalgo Santamariña, centrándose na súa infancia na aldea. Destaca da vida de Fidalgo Santamariña os seus estudos sobre os eixes antropolóxicos das parroquias rurais de Galicia.

Agís Villaverde, Marcelino, "Pensamento sociolóxico en Galicia", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Pensadores de hoxe", 10 setembro 2009, p. 4.

Apunta que Xoán Manuel Pintos, autor d'*A gaita gallega* (1853), é un devanceiro do profesor e precursor do pensamento sociolóxico en Galicia Juan Luis Pintos de Cea-Naharro, de quen se realiza un demorado repaso pola súa obra e pensamento.

Alonso, Natalia, "Rosalía na memoria", *Xornal de Galicia*, "Gotas de cristal", 14 maio 2009, contracuberta.

Vóltase á nenez a fin de lembrar a descuberta de Rosalía de Castro por medio da música de Amancio Prada. A seguir, sinálase a necesidade de protexer a lingua propia. Destácase que Rosalía e a súa obra *Cantares Gallegos* (1863) son a orixe do Día das Letras Galegas e da súa inmortalidade.

Alonso, Natalia, "Manuel e Rosalía, moito máis que un matrimonio", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 23, "En foco", 17 maio 2009, pp. 1-5.

Reportaxe sobre o matrimonio do historiador e xornalista Manuel Murguía e a escritora Rosalía de Castro, do que se indica que aínda hoxe existen dúbidas de numerosos feitos producidos. Primeiramente dáse conta nos apartados "Encontro no liceo" e "O matrimonio", das circunstancias que propiciaron o encontro e posterior casamento, así como do nacemento dos numerosos fillos da parella. No apartado "O esposo editor" amósase como a relación marcaba as obras da escritora. Por iso explícase que *Cantares Gallegos* (1863) sae a lume o día do aniversario de Murguía e, como afirma Marina Mayoral, *Follas Novas* (1880) e *A las orillas del Sar*, mostran a actitude cara ao pesimismo cando a relación se vai deteriorando. Finalmente, en "A mitificación" afonda no mito creado tras a morte de Rosalía e no que Murguía tivo un forte papel idealizador. A reportaxe complétase coas fotos familiares do matrimonio e dos achegados que tiñan en común.

Alonso Montero, Xesús, "Alejandro del Valle, autoeditor trilingüe", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 308, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 4 abril 2009, p. 11.

Comenta que o profesor Xaime Varela deu a coñecer no Congreso do Exilio unha comunicación que homenaxeaba a Manuel Gómez del Valle, o autoeditor de textos en galego, castelán e francés Veremundo González cuxo pseudónimo (Alejandro del Valle) adopta para a súa faceta poética. Entre os libros editados da súa propia man noméanse *Poemas pour le Vietnam* (1972), *Poética Galicia* (1971), así coma a tradución ao galego do poeta búlgaro Kristju Belevs.

Alonso Montero, Xesús, "Ramón Cabanillas e Antonio de Nebrija", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 315, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 30 maio 2009, p. 10.

Comenta que neste ano se cumpre o cincuenta aniversario da morte de Ramón Cabanillas e reclama unha maior atención cara a este poeta, especialmente, cara ao seu labor de tradutor. A seguir, céntrase na súa obra *Camiños no tempo* (1949), onde aparece a tradución dun poema latino. Comenta a orixe destes versos e fala sobre a estrutura do poema e o traballo de tradución.

Alonso Montero, Xesús, "Primeira cátedra de galego-portugués", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 316, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 6 xuño 2009, p. 11.

Dáse conta da celebración en Pontevedra dun seminario sobre Víctor Said Armesto no que interviron os profesores José García-Velasco, Carlos Villanueva e Susana Asensio. Menciónase a necesidade de indagar máis sobre este personaxe que foi o primeiro catedrático de "Lengua y Literatura Galaico-Portuguesa" na universidade española.

Alonso Montero, Xesús, "Rosalía de Castro na Complutense", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 322, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 18 xullo 2009, p. 15.

Infórmase da lectura da tese de doutoramento "La poética del segundo romanticismo español" por parte da profesora Begoña Regueiro Salgado, sustentada na afirmación de que a figura de Rosalía de Castro debe inscribirse no marco literario do segundo romanticismo español xa que, ademais de escribir nos dous idiomas, a súa produción, aínda en galego, é altamente valorada fóra de Galicia.

Alonso Montero, Xesús, "Para o centenario de Varela Buxán", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 324, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 1 Agosto 2009, p.12.

Fala do centenario de Manuel Daniel Varela Buxán, nacido na Estrada en 1909 e falecido en Lalín en 1986. Conta que Varela Buxán foi un importante autor de pezas teatrais galegas en Bos Aires, cidade á que emigrou en 1938 e onde representou grandes obras coa actriz Maruxa Villanueva e Tacholas que máis tarde foron impresas en Galicia, a onde o escritor volveu en 1950. Conta tamén que Varela Buxán sempre foi antifranquista e que nas súas obras plasmou a situación que se estaba a vivir en España e concretamente en Galicia por esas datas. Salienta que as súas obras foron moi criticadas, e que unha das críticas máis destacadas foi a que fixo un crítico anónimo que acusara a Buxán de falar da Igrexa como una aliada do réxime franquista. Alonso considera que os críticos arxentinos non tiñan razón nas súas críticas, pois non coñecían a verdadeira situación de España. Para concluír o artigo fala do labor da que fora muller de Varela Buxán, María Isaura Vázquez Blanco, sen o cal non se entendería a literatura dramática escrita en Arxentina por Varela Buxán.

Alonso Montero, Xesús, "Castelao salvou a biblioteca de Rey Soto", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.327, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 22 agosto 2009, p. 7.

Menciónase que un dos mellores servizos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao á cultura galega ten como orixe o Madrid do ano 1936 e que se relaciona con A. Rey Soto un sacerdote de fóra de España que posuía unha das mellores coleccións de libros galegos. Explícase que estaba ubicada na Casa das Flores, unha das zonas madrileñas constantemente batida pola artillería, feito que fixo reaccionar á Junta de Protección del Tesoro que a retirou dese lugar. Indícase que o propio articulista se referiu a este suceso nun curso da Universidad Complutense. Precisa que a colección descansa neste momento no mosteiro de Poio e que foi Castelao o responsábel de alertar da existencia e

valía de dita biblioteca. Comenta que este dato o descubriu grazas a un recorte de xornal datado no 5-4-1966 que atopou entre os papeis de Luis Soto. Salienta que a relación entre o sacerdote e Castelao era grande mais que a pesar diso nunca lle agradeceu o feito que aquí se conta. Por último, cita que no recorte mencionado tamén se fala do descoñecemento do sacerdote sobre a salvación dos seus libros até a chegada de Rodolfo Prada en 1946.

Alonso Montero, Xesús, "Carles Ribas, o dos 'dondos acios áticos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 332, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 26 setembro 2009, p. 10.

Comenta que o escritor Carles Ribas escribiu en lingua galega porque con dezaseis anos aprendeu esta lingua grazas ao seu namoramento cunha estudante de Filosofía en Barcelona, chamada Pepita Vila Pérez, que era de Lugo. Ademais sinala que os seus poemarios en lingua galega son *Cantares d'amor* (1911) e *Cantares d'amigo* (1911). Cualifica á última obra citada como "a primeira mostra de poesía neotrobadoresca en galego".

Alonso Montero, Xesús, "Páxinas da memoria', de Aurora Vidal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 334, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 10 outubro 2009, p. 10.

Céntrase na saída a lume da colección de poemas de Aurora Vidal Caramés, *Páxinas da memoria*. Tras sinalar de xeito conciso a traxectoria literaria de seu pai, Juan Vidal Martínez, menciona algúns poemas da autora e da súa irmá Clementina, inseridos na antedita colección. Sinala a editorial pontevedresa El Taller del Poeta na que se publica o volume. Comenta a liña temática que une os poemas e presta especial atención ao soneto "A cadea do infortunio", dedicado a Miguel Hernández. Conclúe coa mención da antoloxía *Os poetas galegos cantan a Miguel Hernández*, da que se apunta a súa pronta publicación.

Alonso Montero, Xesús, "Américo Castro e Domingo García Sabell", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 335, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 17 outubro 2009, p. 15.

Alúdese ao epistolario de América Castro dirixido a Ramón Martínez López, do que se destacan aquelas cartas onde Domingo García-Sabell é "obxecto de atención intelectual" do filólogo. Destácanse algúns xuízos emitidos sobre certas publicacións de García-Sabell na revista *Ínsula*. Ademais, coméntanse as alusións que Américo Castro fai do médico e escritor no epistolario de Camilo José Cela, *Correspondencia en el exilio*.

Alonso Montero, Xesús, "O filósofo Sócrates, fusilado en Tui", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 339, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 14 novembro 2009, p. 10.

Comenta a idea do profesor Prieto Coussent en Tui, no ano 1936, de facer un busto do filósofo grego Sócrates, en colaboración con alumnos como os irmáns Álvarez

Blázquez, como homenaxe "á intelixencia crítica e ao pensamento creador". Cóntase como co alzamento da guerra civil e os posteriores fusilamentos "espetáronlle dous tiros" ao busto do filósofo e como logo o tiraron ao río Miño. Para rematar, apunta que a Asociación Levada Libre defende a recuperación do busto porque non queren que Tui pase á historia como a "cidade que fusilou a Sócrates".

Alonso Montero, Xesús, "Gratitude a Pedro Altares", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 343, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 12 decembro 2009, p. 10.

Recórdase a figura do finado Pedro Altares, de quen se destaca o seu carácter dialogante. No eido laboral sublíñase o seu labor como director da revista *Cuadernos para el diálogo* e *Los Suplementos*. Indícase que no número 58 da última revista citada se acolle un monográfico sobre Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Ademais, recóllense algunhas afirmacións de Altares con respecto ao seu posicionamento fronte ao idioma galego.

Alonso Montero, Xesús, "Miguel Hernández e Manuel Lueiro Rei ", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 344, "Letras en galego", "Beatus qui legit", 19 decembro 2009, p. 15.

Faise referencia a unha mostra bibliográfica dedicada á obra literaria de Miguel Hernández organizada no ano 1967 en Pontevedra, no seo da que tiveron lugar outras actividades, entre elas, unha homenaxe poética ao escritor por parte de Manuel Lueiro Rei, Manuel Cuña Novás e Arcadio López-Casanova. Recóllense e coméntanse os versos de Lueiro e de López-Casanova. Afírmase ademais que, a pesar dunha intensa procura, non atopou o poema de Cuña Novás ao que se alude no programa desta homenaxe.

Alvarellos, Henrique, "Nas areas de Alcabre", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Crónica da semana invisible", 10 febreiro 2009, contracuberta.

Fala do setenta aniversario en Alcabre dun escritor en pleno apoxeo creativo, Xosé Luís Méndez Ferrín e tamén alude ao seu labor docente e creativo. Recolle a opinión de Xoán Cabana, quen afirma que *Bretaña Esmeraldina* (1987) foi a súa mellor novela. Explica que tamén saíron a colación na noite da homenaxe viguesa outros grandes autores galegos, dende Rosalía de Castro até Ramón Otero Pedrayo.

Alvarellos, Henrique, "Con Novoneyra no Salnés", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Crónica da semana invisible", 18 agosto 2010, contracuberta.

Entre outros aspectos referidos a outros días da semana, comenta o luns 10 que está a reler unha obra de Uxío Novoneyra, escritor nacido na serra do Courel, mentres pasea fronte ao mar da Ría Baixa de San Vicente. Salienta a diferenza da paisaxe da serra do Courel, "montaña eterna", de onde é natural Novoneyra e a ría na que se atopa, "Atlántico manso".

Alvarellos, Henrique, "Paisaxes no devalo de agosto", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Crónica da semana invisible", 1 setembro 2009, contracuberta.

Comenta a obra *Fin de século en Palestina* (2008), de Miguel Anxo Murado, xornalista e enviado da ONU a Palestina durante cinco anos. Salienta que por medio desta obra se pode coñecer moi ben a situación do gran conflito en Palestina mesturando traxedia e humor.

Alvarellos, Henrique, "De Madrid aos t(r)ópicos", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Crónica da semana invisible", 13 outubro 2009, contracuberta.

A propósito da súa estadía na Feira profesional do Libro de Madrid (Liber) na que asistiu á mesa redonda sobre xornalismo e literatura, reflexiona brevemente sobre certas cuestións como que é a literatura xornalística e que é o xornalismo literario. Disto último, sinala que Carlos Reigosa é un "dos nosos representantes máis insignes no xénero".

Alvarellos, Henrique, "Catro soños de outubro", *Galicia Hoxe*, "Crónica da semana invisible", "A contra", 20 outubro 2009, contracuberta.

Coméntase brevemente o libro *O soño da febre* (2007), de Miguel Anxo Murado, de quen se apuntan ademais outras obras como *Fin de século en Palestina* (2008).

Alvarellos, Henrique, "Paraíso inquieto", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Crónica da semana invisible", 15 decembro 2009, contracuberta.

Coméntase o discurso pronunciado por Manuel Rivas no acto do seu ingreso como numerario da Real Academia Galega, que se define como un percorrido histórico a través da literatura. Ao mesmo tempo recóllese a definición que Rivas dá de Galicia como un "paraíso inquieto".

Álvarez, Fernando, "Otro año más sin Cunqueiro", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 522, "Crónicas de la diáspora", 1 marzo 2009, p. 5.

Recórdase a Álvaro Cunqueiro en forma de dedicatoria poética ao final do artigo. Rememora tempos pasados co escritor bilingüe e atribúe a volta do escritor a Mondoñedo a unha "probábel" causa do seu distanciamento co galeguismo.

Álvarez Pousa, Luís, "O adeus de Eloy Lozano", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "O gallo no tellado", 29 abril 2009, p. 23.

Faise eco da morte prematura do "extraordinario" cineasta galego Eloy Lozano. Coméntase que emprendeu nos anos setenta un labor creativo, considerado significativo, adaptando obras de Xosé Luís Méndez Ferrín (*Retorno a Tagem Ata*,

1971), de Eduardo Blanco Amor (*A Esmorga*, 1959) e mesmo de Yasumari Kawabata (*A casa das belas durmintes*, 2007).

Álvarez Pousa, Luís, "Manuel Rivas", *Diario de Arousa*, p. 45/*Diario de Ferrol*, p. 20/*El Ideal Gallego*, "Opinión", "O galo no tellado", 3 decembro 2009, p. 24.

Coméntase o discurso pronunciado por Manuel Rivas no acto do seu ingreso como numerario da Real Academia Galega e afírmase que a literatura de Rivas é memoria dunha terra e un pobo e froito da ideoloxía do escritor.

Almedo, Cristina, "Xosé Manuel Trigo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lorelei", 6 febreiro 2009, p. 4.

Agradece a Xosé Manuel Trigo que con *Viaxes de corazón* (2008) realiza unha visita polas terras galegas, "espertando a alma durmida".

Amenedo, Cristina, "Abuín de Tembra", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lorelei", 13 marzo 2009, p. 4.

Manifesta a súa estima por Avelino Abuín de Tembra, falecido días antes, e agradécelle o seu apoio en todo momento.

Amenedo, Cristina, "No meu corazón", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lorelei", 4 decembro 2009, p. 4.

Reprodúcese o poema "Era o último día de nadal...", de Cristina Amenedo.

Aneiros, Rosa, "Un poema", *Diario de Ferrol*, "Nove ondas", 13 xaneiro 2009, p. 23/*Diario de Pontevedra*, "Nove ondas", 13 xaneiro 2009, contracuberta/*El Progreso*, "De re varia", 13 xaneiro 2009, contracuberta/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove ondas", 14 xaneiro 2009, p. 4.

Rescata o recordo da infancia na aldea ao ler o poema "O añiño morto", de Olga Novo, no que evoca as lembranzas da matanza dun animal co que até ese momento se compartían xogos.

Aneiros, Rosa, "Alicia", *Diario de Pontevedra*, "Nove Ondas", contracuberta/*El Progreso*, "De re varia", 10 marzo 2009, contracuberta/*Galicia Hoxe*, "Opinión" "Nove ondas", 11 marzo 2009, p. 4.

Ao inicio reproduce un verso do *Libro de Alicia* (2008), da autora Olalla Cociña, que trae a colación o tema tratado no artigo, a reivindicación feminista. Destaca tamén a serie fotográfica *Burkas* de Xulia Aranda como exemplo de protesta social.

Aneiros, Rosa, "De elegancias", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Nove ondas", 17 marzo 2009, p. 24/*Diario de Pontevedra*, "Nove ondas", 17 marzo 2009, contracuberta/*El Progreso*, "De re varia", 17 marzo 2009, contracuberta/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove ondas", 18 marzo 2009, p. 4.

Dedica o artigo a aludir á tradución ao galego d'*A elegancia do ourizo* (2008), de Muriel Barbery, por parte da Editorial Galaxia. Toma como mostra do desencanto infantil ante a vida un fragmento da obra citada.

Aneiros, Rosa, "O seu nome", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Nove ondas", 7 abril 2009, p. 24/*Diario de Pontevedra*, "Nove ondas", 7 abril 2009, contracuberta/*El Progreso*, "De re varia", 7 abril 2009, contracuberta/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove ondas", 8 abril 2009, p. 4.

Cítase un anaco da obra *A elegancia do ourizo* (2008), de Muriel Barbery, para comparar o acontecido á protagonista da novela co tráxico asasinato dunha muller a mans do seu home.

Aneiros, Rosa, "Grazas", *Diario de Pontevedra*, "Y además", "Nove ondas", p. 25/"Grazas", *El Progreso*, "De re varia", 9 xuño 2009, contracuberta.

Cítanse as palabras de Agustín Fernández Paz no seu discurso como mantedor na gala do Premios Xerais 2009. Nelas exprésase a unión planetaria só conseguida polos libros, así como os soños e sentimentos que transmiten autores galegos como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro.

Aneiros, Rosa, "Cabalgamos sobre unicornios", *Diario de Ferrol*, "Opinión", p. 24/*Diario de Pontevedra*, "Y además", "Nove ondas", p. 27/*Galicia Hoxe*, "Opinión", p. 4/"Unicornios", *El Progreso*, "De re varia", 23 xuño 2009, contracuberta.

Cítanse uns versos do poemario de Moncho Iglesias, *Oda ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007) como pano de fondo para denunciar a dura situación do pobo palestino e apélase á protección internacional para rematar co conflito.

Aneiros, Rosa, "Amor", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 30 xuño 2009, p. 25/*Diario de Pontevedra*, "Nove ondas", 30 xuño 2009, contracuberta/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove ondas", 1 xullo 2009, p. 4/*El Progreso*, "De Re Varia", 30 xuño 2009, contracuberta.

Tras lembrar que no ano 2010 o poeta homenaxeado no Día das Letras Galegas é Uxío Novoneyra, transcríbense varios dos seus versos, nos cales se expresa o grande amor que sentía polo Courel e en xeral por Galicia. Destácanse ao final uns versos do seu poema "Letanía de Galicia" como demostración do anterior.

Aneiros, Rosa, "Ler ou non ler", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "A rebusca", 2 agosto 2009, p. 4.

Afirma que entre as lecturas que ten previsto realizar este verán están, entre outras, *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal, e varias obras publicadas no 2009, caso d'*A praia dos afogados*; de Domingo Villar; *Pirata*, de María Reimóndez; *Erofanía*. *Triloxía poética 1995-1998*, de Yolanda Castaño.

Aneiros, Rosa, "Arte&Palabra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove Ondas", 12 agosto 2009, p. 4.

Columna na que se alude á exposición "Arte&Palabra", que tivo lugar na Fundación Araguaney de Santiago de Compostela. Destácase que esa exposición conta con creacións de Silverio Rivas, Miguel-Anxo Murado, Barreiro Rivas e Manuel Sendón.

Aneiros, Rosa, "Lingua", *Diario de Pontevedra*, 8 setembro 2009, contracuberta/"Lingua proletaria", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Nove ondas", 9 setembro 2009, p. 4.

Realiza unha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro co gallo do seu trinta cabodano mediante un repaso pola súa obra. Subliña que nela fala da vida, da liberdade, do amor, da lingua e da denuncia das barbaridades.

Antón, Soledad, "Ingredientes para cocinar un 'best seller", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 9 agosto 2009, p. 32.

Recolle as reflexións de Carmen Krukenberg e Benigno Campos sobre o motivo polo que uns libros se esgotan deseguido mentres que outros permanecen anos nos estantes das librarías. Apunta que ambos os dous explican o seu proceso de creación. Salienta que ademais Krukenberg explica que o éxito d'*A cociña de Larpeiros*, de Benigno Campos, radica en que se alicerza nun rito diario que realiza todo o mundo, o de comer.

Araguas, Vicente, "Malentendu", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 22 xaneiro 2009, p. 25.

Recrea unha anécdota que lle aconteceu cando asinaba *Chuvia revisitada* (2008) e a súa edición bilingüe *Catro maneiras de querer a Brian* (2008) na Central Librera do ferrolán Miguel Guoto.

Araguas, Vicente, "Teño nome de tranvía", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 22 febreiro 2009, p. 8.

Dá conta do libro que conmemora o centenario de Urbano Lugrís, *Viaje al corazón del océano* (2008), de Antón Patiño. Eloxia o volume achegando unha descrición física e do contido do mesmo. Así mesmo, fala de *Pote*, do escritor e crítico Xesús González

Gómez. Apúntase que conta cunhas parodias poéticas que gañan a simpatía do articulista.

Araguas, Vicente, "Poesía Galicia", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 19 marzo 2009, p. 23.

Fai referencia á revista *Poesía Galicia*, que se dedica á lírica. Comenta o "acertado" da cuberta co escultor Gascón e da súa obra "Mulleres falando". A seguir, salienta o traballo de José Ramón Vázquez sobre Xosé María Pérez Parallé, así como os poemas de Ángel Ruíz de Velasco, Jane Danko, Aurora Varela e Dolarea.

Araguas, Vicente, "Hipérboles", *Diario de Ferrol*, 25 abril 2009/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 26 abril 2009, p. 25.

Dá conta do recital poético que tivo lugar na Casa de Galicia en Madrid a cargo do poeta e "futuro Nobel", en opinión de Basilio Losada, Miguel Anxo Fernán-Vello.

Araguas, Vicente, "Da nosa acordanza", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 3 maio 2009, p. 11.

Cóntase a conversa que mantivo con Xosé Ramón Fandiño "Morris" na que lembraron os seus encontros con Ramón Piñeiro así como anacos do seu libro *Da miña acordanza* (2002). Dáse conta tamén da publicación do volume *Antoloxía consultada* (2008), de Xosé Filgueira Valverde, que non vira a luz por mor da guerra, e que agora, grazas ao labor de Xesús Alonso Montero e Ana Acuña, foi rescatado.

Araguas, Vicente, "Lois Pereiro", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 4 maio 2009, p. 11.

Fala do achegamento ao escritor Lois Pereiro, poeta que viviu ao límite e que creou versos cheos de vida cando xa era consciente da proximidade da morte. Sinala que aínda é venerado polos máis novos e polos maiores e que se relembrou recentemente con motivo dun documental sobre o escritor.

Araguas, Vicente, "Flores", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 30 maio 2009, p. 28.

Conta a historia dunha vella poeta que, antes de comezar o seu recital, agardaba polo ramo de flores dalgún admirador. Finalmente este chegou mais, segundo un amigo, fora ela quen o pagara.

Araguas, Vicente, "Rapazolos do esquío", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 31 maio 2009, p. 4.

Dá conta dun recital ao que acudiu no Instituto Fernando Esquío. Di que, despois do bo recitar dunhas rapazas e logo de falar co alumnado, se deu conta de que nesa mocidade está a esperanza do idioma galego. Logo analízase o que para el é o terríbel filme "Sin Límites", que narra as relacións de Federico García Lorca, Salvador Dalí e Luis Buñuel.

Araguas, Vicente, "San Antonio", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 13 xuño 2009, p. 29.

Cítanse os versos de Rosalía de Castro "San Antonio bendito, dádeme un home, anque me mate, anque me esfole..." para advertir a proximidade do día de Santo Antonio, de quen está a ler a súa biografía.

Araguas, Vicente, "Carballeira", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 29 xuño 2009, p. 11.

Laméntase de que, transcorridos vinte anos da morte de Ricardo Carbalho Calero, un ano máis siga sen ser proposto pola Real Academia Galega como autor homenaxeado o Día das Letras Galegas. Lémbrase a importancia da súa obra polas súas achegas á historia da literatura, da cultura e da lingua galegas, así como o seu labor como novelista, poeta e ensaísta. Tamén se loa a súa nobre actitude antes, durante e despois da guerra civil e critícase que se dea como argumento para ese esquecemento o seu derradeiro reintegracionismo.

Araguas, Vicente, "Predilectos", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 10 xullo 2009, p. 27.

Dá conta do nomeamento de Fernando Esquío como fillo predilecto da vila de Neda. Sinala que este foi autor de nove cantigas, cumio da poesía medieval e un dos mellores poetas de todos os tempos.

Araguas, Vicente, "Todos somos F. Esquío", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 19 xullo 2009, p. 6.

Indica que o trobador Fernando Esquío é natural de Neda e comenta que dende o 10 de xullo de 2009 é o seu Fillo Predilecto. Manifesta o desexo de que se lle faga tamén un "monólito" no cume do Coto. Refire que ese desexo se completaría cunha edición das súas oito cantigas, que verá a luz ao se recuperar dunha doenza Fernando Bores. Finalmente, comenta que Ricardo Carballo Calero precisa con urxencia un Día das Letras Galegas.

Araguas, Vicente, "Monólito", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 26 xullo 2009, p. 27.

Dálle unha idea ao alcalde Neda para que se erga un "monólito" ao trobador Fernando Esquío. Explica que na súa parte superior iría o seu rostro e que na parte inferior estaría

escrita a súa cantiga "Vaiamos, irmana, vaiamos durmir" antecedidas por "Fernando Esquío, Neda, século XIII".

Araguas, Vicente, "Aos que fun coñecendo", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 23 agosto 2009, p. 7.

Fala sobre escritores galegos mortos mais que estiveron presentes na vida do propio Araguas. Entre outros, fala dos seus encontros e experiencias con Ramón Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, Antonio Fraguas, Álvaro Paradela, Xohana Torres, Ricardo Carballo Calero, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneyra, Luísa Villalta, Xela Arias, Manuel María e remata nomeando ás irmás Pura e Dora Vázquez, a Anxo Rei Ballesteros e mais a Ramiro Fonte.

Araguas, Vicente, "Falar ben sen fala", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 27 setembro 2009, p. 12.

Reflexiona e comenta as reunións madrileñas no Café Comercial, o derradeiro sábado de cada mes, que comezaron grazas a Xavier Frías. Realiza un repaso polas diferentes persoas que ían a elas: Alexandre Finisterre, Borobó, Ana Acuña, Miguel Louzao, Calís Pato, Iolanda Castaño e Inés Canosa. Tamén destaca a relevancia doutras reunións, tamén en Madrid, mais en El Urogallo.

Araguas, Vicente, "Probas", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 15 decembro 2009, p. 21.

Comenta que se atopa a revisar un libro de contos, titulado *Xuvia-Neda*, que en breve verá a luz. Indica que, aínda que quizás sexa criticado polo seu localismo, el escribe do que coñece e quere.

Area Carracedo, Iván, "A internacionalización da lingua e a cultura (I)", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Conferencia no simposio ecolingua", 23 decembro 2009, p. 10.

Opínase sobre a necesidade de procurar a internacionalización da produción científica, cultural e literaria galega e do desenvolvemento do proxecto Ronsel neste eido. Sinálase como un fito na súa proxección ao exterior *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, con dezaseis traducións.

Baamonde, Antón, "Méndez Ferrín", *La Opinión*, "Opinión", "Pezas en fuga", 6 febreiro 2009, p. 28.

Ocúpase da figura de Xosé Luís Méndez Ferrín. No que atinxe á faceta poético-política resalta *Con pólvora e magnolias* (1977). Tamén salienta os artigos asinados co pseudónimo Rosinda Areses, publicaron na *Hoja del lunes* na súa "Crónica de nós", onde o escritor mostra o seu vaticino político, ademais do literario.

Baamonde, Antón, "Heidegger en Galicia", *La Opinión*, "Opinión", "Pezas en fuga", 12 xuño 2009, p. 27.

Dáse conta do encontro que tivo lugar no Consello da Cultura Galega coa finalidade de dilucidar a influencia de Heidegger en Galicia. Apunta que moito tivo que ver coa tradución que Ramón Piñeiro e Celestino Fernández de la Vega fixeron dunha das súas obras, *Da esencia da verdade* (1956). Menciónase que o libro fora prohibido previamente por estar en galego e reproduce un anaco da carta do Ministro do Movemento Nacional criticando ese libro.

Bande, Enrique, "José Carlos Alfaro Gómez", *La Región*, "Opinión", 7 outubro 2009, p. 26.

Realiza un repaso biobibliográfico á figura do considerado "máis grande poeta do Ribeiro", despois de Eladio Rodríguez, chamado José Carlos Alfaro Gómez. Comenta que a súa poesía é intimista e que homenaxea á muller. Ademais detalla as súas obras e comenta que tamén foi prosista e colaborador na meirande parte dos xornais de Galicia. Finalmente, apunta que o 20 de setembro de 2009 o PEN Clube de Galicia homenaxeou a este poeta na súa aldea natal das Chavolas.

Barcón, Carlos, "Primero es la poesía", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 2 febreiro 2009, p. 9.

Faise alusión á próxima entrega do número vintetrés da revista lírica *Poesía Galicia* e noméanse os escritores que fan achegas nesta publicación. Indica que nesa relación de colaboradores se atopan os nomes de Ramiro Fonte, Cristina Amenedo e Jaime Concheiro, entre outros.

Barcón, Carlos, "Poesía hoy", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 5 marzo 2009, p. 17.

Iníciase cuns breves apuntamentos sobre a poesía e achegando citas de Víctor Corcoba e León Felipe. A seguir, preséntase a revista ferrolá *Poesía Galicia* fundada no ano 1982 pola asociación de artistas SAF. Saliéntase a colaboración de numerosos autores galegos como Ramiro Fonte, Paloma Herrero, Luís Jaime, Carlos García e Carlos Bustamante, entre outros.

Barcón, Carlos, "Toxos: Nueva e ilusionada directiva", *Diario de Ferrol*, "Ferrol" "CGS", "Agenda" , "Entre nosotros", 2 maio 2009, p. 15.

Dáse conta do resultado da asemblea xeral de socios do Real Coro Toxos e Froles, na que saíu reelixido como director Pedro Sanz Sánchez, xunto cunha directiva case totalmente renovada, da que se destaca ao profesor e escritor Vicente Araguas.

Barcón, Carlos, "Parallé: O Segrel do Penedo", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 21 maio 2009, p. 17.

En conmemoración do centenario do nacemento do poeta Xosé María Pérez Parallé, achéganse unhas breves notas biobibliográficas e recóllense anacos dunha entrevista concedida en 1977. Tamén se dá conta do acto previsto polo obradoiro literario dirixido por Eduardo Estévez.

Barcón, Carlos, "Francisco José R. Dopico", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 29 maio 2009, p. 16.

Recolle datos da vida de Francisco José R. Dopico e da cidade de Ferrol na que vive dende hai cincuenta anos. Máis adiante comenta que o escritor Vicente Araguas falou recentemente del. Dise que se chama "O xordo", un personaxe da cultura local, de gran corrección gramatical e galanura literaria que deixou un *Guión histórico-geo-biográfico para una historia de El Ferrol*.

Barreiro, Herminio, "Montero Díaz e 'Bryce pent", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "A opinión", 15 xullo 2009, p. 29.

Lembra que o seu "queridísimo" profesor Santiago Montero Díaz lle comentou unha pequena historia do grupo Brais Pinto. Conta que nela un emigrante do Carballiño nos EE.UU. chamaba a Alexandre Cribeiro, Críber e dicía del que era un membro destacado do grupo político e cultural galego chamado "Bryce Pent", que era como el pensaba que se escribía Brais Pinto.

Barreiro, Herminio, "Uxío e 'Brais Pinto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "A morte non é certo", 30 outubro 2009, p. 34.

Rememora a figura de Uxío Novoneyra na súa relación co grupo Brais Pinto, no Madrid dos anos sesenta. Sinala que xa daquela era "un enorme coñecedor de poesía" e que a poesía, xunto coa plástica, eran as dúas "grandes paixóns" e as súas "dúas grandes áreas de coñecemento". Céntrase, sobre todo, nas súas relacións con membros do grupo como Xosé Luís Méndez Ferrín e Raimundo Patiño, así como outras xentes que pasaban polo estudo Kilombo.

Barros Guede, José, "La Tribuna (I)", *La Opinión*, "Opinión", "Estampas de Marineda", 10 xullo 2009, p. 27.

Descríbese parte da novela *La Tribuna* (1882), de Emilia Pardo Bazán. Indícase que nela se recrea a sociedade e a vida na Coruña da segunda metade do século XIX por medio da protagonista, Amparo, unha activista da República Federal Española e cigarrera na antiga Fábrica de Tabacos de Marineda.

Beiras, Xosé Manuel, "O idioma galego, sempre", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "De catro a

catro", 19 xullo 2009, p. 3.

Reedición deste artigo que xa fora publicado en 1983 e que se centra na defensa da lingua galega. Fixérao contra o recurso interposto polo Goberno español contra a Lei de normalización lingüística e en 2009 faino debido ao ataque político que está a sufrir a lingua galega dende as institucións. Nel hai referencias a Manuel Murguía, Fernán Vello, Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Pondal, entre outros.

Beiras, Xosé Manuel, "As moscas', o compromiso e a liberdade (Carta a Laura Caveiro)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "De catro a catro", 2 agosto 2009, p. 3.

Carta de Xosé Manuel Beiras dirixida a Laura Caveiro na que comenta o proceso de elaboración da edición en Laiovento d'*As moscas* (2008). Salienta ademais que sente mágoa de que esta edición, fronte a *Os xustos* e *Calígula*, saíse sen limiar nin notas.

Bello Costa, Xaime, "Castelao", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 7 xaneiro 2009, p. 20.

Breve apuntamento sobre a importancia dos ideais de *Sempre en Galiza*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Do mesmo xeito, lembra a outros exiliados célebres como Xesús Lorenzo Varela, Rafael Dieste, Luís Seoane e Ramón Suárez Picallo.

Bello Costa, Xaime, "Noite de San Xoán", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 24 xuño 2009, p. 25.

Fálase do mítico que posúe a noite de San Xoán e dos ritos que a acompañan. Insírese logo no texto unha cantiga popular que se canta nesa noite e un anaco dunha cantiga do poeta Xosé María Pérez Parallé pertencente á súa saga romanceira sobre Esteiro e na que tamén se canta á noite de San Xoán.

Bello Costa, Xaime, "Sábado no Carvalho", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 1 xullo 2009, p. 25.

Exprésase primeiramente a decepción por non resultar como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2010 Ricardo Carvalho Calero, malia que fose ese o ano do centenario do seu nacemento e o vinte e cinco aniversario do seu pasamento. Porén aclárase que o autor escollido, Uxío Novoneyra, é merecedor da homenaxe. Coméntase deseguido que cavila sobre este tema mentres acode a unha exposición da Asociación Ferrolterra de Amigos do Ferrocarril no centro cultural dedicado a Ricardo Carvalho Calero na cidade ferrolá.

Bello Costa, Xaime, "Rosalía viva", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 15 xullo 2009, p. 25.

Céntrase na figura de Rosalía de Castro co gallo do aniversario do seu pasamento.

Lémbralle aos que están a aldraxar a lingua galega que Rosalía segue viva, no combate.

Bello Costa, Xaime, "Bonaval", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 29 xullo 2009, p. 25.

Conta que o 25 de xullo de 2009 visitou pola tarde o convento de San Domingos de Bonaval. Destaca que neste camposanto de pedra están os restos mortais de Rosalía de Castro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e de Ramón Cabanillas. Indica que ao ver as súas sepulturas lembrou as poesías de Rosalía "A xustiza pola man" e "Estranxeira na súa patria".

Bello Costa, Xaime, "Académicos", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 5 agosto 2009, p. 21.

Conta a súa satisfacción polo ingreso de Bernardiño Graña na Real Academia Galega (RAG). Lémbrase do 27 de outubro de 2001 cando ingresou na mesma institución Xohana Torres, cun discurso de ingreso que é cualificado como "testemuño admirábel de amor a Ferrol".

Blanco Valdés, Roberto L., " Una foto, un mito y un país", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "El ojo público", 6 decembro 2009, p. 18.

Reivindícase a necesidade de desterrar a consideración de Galicia como país atrasado, visión estendida en certa literatura como ocorre na de Álvaro Cunqueiro. Opínase que aínda que hai eidos onde o atraso do pais é real, noutros campos sucede o contrario, como na política.

Blas, Ceferino de, "Vigo nunca debió dejar salir el archivo fotográfico de Llanos", *Faro de Vigo*, "Opinión", 5 decembro 2009, p. 28.

A raíz do posíbel traslado do arquivo fotográfico de Llanos de Vigo a Ribadavia, rememórase a figura deste fotógrafo e da tradición fotográfica de Vigo. Reivindicándose o panorama cultural da cidade, da que se destaca tamén a súa vinculación literaria, por ser sede das editoras Galaxia e Edicións Xerais de Galicia, por ser a cidade onde se imprimiu a primeira edición de *Cantares Gallegos* e porque nela coincidiron a un tempo grandes escritores como Álvaro Cunqueiro, Gonzalo Torrente Ballester, Celso Emilio Ferreiro, Castroviejo e os Álvarez Blázquez.

Bragado, Manuel, "Todos con Ferrín", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 1 febreiro 2009, p. 28.

Refírese ao volume *A semente da nación soñada* (2008), publicado na honra de Xosé Luís Méndez Ferrín. A seguir, repasa os seus escritos literarios *Percival e outras historias* (1958), *Voce na néboa* (1957), *Retorno a Tagem Ata* (1971), *Con pólvora e magnolias* (1987), e xornalísticos, entre os que salienta as súas colaboracións en *La*

noche, *Triunfo*, *Pueblo gallego*, *Hoja del lunes de Vigo*, *Faro del lunes* e *Faro de Vigo*, así como en seccións de fins de semana. Dá conta doutros traballos, como *Consultorio dos nomes e apelidos galegos* (2007). Refire que actualmente colabora coa columna "No fondo dos espellos", que é profesor no Instituto Santa Irene, e que desenvolve unha ampla actividade política, contribuíndo a fundar o nacionalismo galego.

Bragado, Manuel, "Alborada do Brasil", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 5 xullo 2009, p. 28.

Comézase falando das afinidades que lle proporciona a Galicia o mundo da lusofonía. A continuación, dáse conta de como as investigacións do escritor Valentín Paz Andrade primeiro, e do músico Carlos Núñez na actualidade, poñen de relevo a proximidade dos dous pobos. A continuación, esmiúzase o disco que xurdiu como resultado desas pescudas, "Alborada do Brasil".

Bragado, Manuel, "Celso Emilio Ferreiro, 30 aniversario", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 30 agosto 2009, p. 27.

Co gallo do trinta aniversario da morte de Celso Emilio Ferreiro, repasa as últimas horas en vida deste poeta celanovés na cidade de Vigo. Destaca que hoxe en día está en plena vixencia e aconsella penetrar en *Celso Emilio Ferreiro*. *Fotobiografía sonora* (2008). Finalmente repasa diferentes homenaxes que tivo en 1979 en Madrid, en 1989 co Día das Letras Galegas, en 2002 co aniversario da publicación de *Longa noite de pedra* e en 2004 co vinte e cinco aniversario da súa morte.

Bragado, Manuel, "Herta Müller, Nobel en galego", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 11 outubro 2009, p. 24.

Fálase da "sorpresa inicial e polémica posterior" nos medios de comunicación do anuncio dos premios Nobel, entre os que nomea o de Literatura, a Herta Müller. Céntrase nesta escritora alemá e informa de que en 2001 foi editada en galego a súa novela *O home é un grande faisán do mundo* na serie "As literatas" de Edicións Xerais de Galicia. Indica que esta novela é a única obra súa dispoñíbel polo momento en lingua galega. Apunta que se trata dun "relato narrado por medio dunha prosa poética moi coidada". Comenta ademais que nel se percibe tensión entre o "relato da vida cotiá e a reflexión sobre a realidade política". Ademais dá noticia dalgúns aspectos biográficos da escritora alemá.

Bragado, Manuel, "Poeta Ramiro Fonte", *Faro de Vigo,* "Opinión", "Campo de Granada", 25 outubro 2009, p. 27.

Dá conta da homenaxe a Ramiro Fonte con motivo do primeiro cabodano do seu pasamento. Explica que se presentaron os seus dous últimos libros e a obra colectiva *Para Ramiro Fonte*. *Libro dos amigos.* A seguir, apunta cales foron as preocupacións e os temas que abordou ao longo da súa obra. Indica as "cidades portuarias" nas que viviu (Vigo, Londres, Lisboa) e opina que foi un poeta "clásico nas formas" mais

"profundamente moderno nos contidos". Comenta especialmente *A Rocha dos proscritos* (2001), por ser "singularmente evocador para os vigueses". Para rematar, manifesta que lembrar a Fonte é unha "reivindicación necesaria do recoñecemento cívico" do papel que teñen os poetas na súa comunidade. Defende que Vigo recoñeza o seu labor cunha rúa ou praza que leve o nome de "Poeta Ramiro Fonte".

Braxe, Lino, "Outra vez Marinhas del Valle, *La Opinión*, "Opinión", 21 decembro 2009, p. 14.

Dáse conta do acontecido no acto de presentación do breve poemario *Cancións de Manoela- Cançoes de Manuela*, no que os protagonistas son os amores en alta mar. Explica que nese acto tamén se anunciou a publicación dunha nova obra de Jerano Marinhas del Valle, cen sonetos que levarán por título *A invención do mar.*

Braxe, Lino, "Elexía a Lois Pereiro", *La Opinión*, "Opinión", 14 decembro 2009, p. 12.

Infórmase da celebración dun recital poético do grupo "De amor e desamor" co gallo do vinte e cinco aniversario do seu primeiro libro colectivo e recóllese un poema, que leva por título "The indian in his glade", do propio Lino Braxe dedicado ao malogrado Lois Pereiro, que fora integrante de dito grupo.

Callón, Carlos, "As portas do armario", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 25 maio 2009, p. 6.

Comenta que este é o primeiro artigo dunha serie que vai publicar no xornal *Galicia Hoxe* e nos cales intentará introducirse no "armario metafórico" do sistema literario galego. Nesta ocasión fai referencia ao tema da homosexualidade e indica que resulta difícil documentala dentro da literatura galega. A continuación, analiza o concepto de homosexual citando a Michel Foucault e Pierre Bourdieu.

Callón, Carlos, "Do insulto á reinvindicación", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 15 xuño 2009, p. 6.

Abórdase o problema da denominación das opcións sexuais. Para iso recóllese o nominalismo existente na Península Ibérica dende a Idade Media, que sinala pexorativamente as opcións intermasculinas e interfemininas. Descríbense a continuación os termos empregados na lírica medieval galego-portuguesa. Posteriormente aborda os termos xurdidos máis recentemente para denominar as opcións sexuais (homosexual, gai e lesbiana), dando a coñecer a orixe dos mesmos.

Callón, Carlos, "Homosexualidade e canon literario", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 29 xuño 2009, p. 6.

Analízase primeiramente o concepto de canon para posteriormente abordar o centro do canon homosexual galego, centrado en Eduardo Blanco Amor. Recóllese para iso o

alcance que tivo dentro do canon gai algunha das súas obras como, por exemplo, *A esmorga* (1959). Sinala finalmente como o canon gai-lésbico diversificouse coa creación dun mercado específico para este colectivo, con recensións e referencias específicas sobre autores homosexuais, así como con obras de carácter gai-lésbico.

Callón, Carlos, "Censura da homosexualidade na literatura", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 17 agosto 2009, p. 6.

Conta que moitas obras literarias sufriron modificacións e mesmo supresións por mor de motivos heterosexistas. Analiza a censura da homosexualidade na arte, partindo dun esquema de Alberto Mira, segundo o que existen tres modalidades: manipulación da obra, da biografía e censura legal, que a censura da homosexualidade na literatura segundo criterios funcionais. Fala da mudanza dun verso de Fermín Bouza Brey publicado en *Seitura*; do *Banquete*, de Platón; do secuestro editorial en 1923 de tres obras portuguesas que trataban a homosexualidade. Recalca que nun futuro artigo analizará a modificación nun verso na cantiga, "Dom Tisso Pérez, queria hoj'eu", de Pero da Ponte.

Callón, Carlos, "A crítica no armario", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 24 agosto 2009, p. 6.

Comeza detallando os oito posíbeis pretextos que, segundo Eve Kosofsky Sedgwick, se veñen realizando para agochar a homosexualidade na literatura. A seguir, indica que a crítica heterosexista négase a admitir que a homosexualidade afecta á estrutura cultural, en alusión a *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor. Remata afirmando que o heterosexismo condena á xente a un mundo máis inxusto e con maior ignorancia.

Callón, Carlos, "Unha escena sen armarios", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 14 setembro 2009, p. 6.

Explícase a irrupción da temática homosexual dentro do teatro galego, centrada na presenza explícita da figura do homosexual a mediados dos anos noventa do século XX por mor das mudanzas socioculturais. Indícase que esta porta foi aberta por Xesús Pisón con *Venenos* (1994) e continuada por *O regreso*, de Manuel Lourenzo, e *Pa*, de Vicente Montoto, representadas ambas en 1996; e mais por *Detritus corazón*, de Xavier Picallo, levada a escena en 1997. Finalmente, analízase polo miúdo a obra *Venenos* da que resalta que consta de dúas partes "A Vía Láctea" e "Como Jekyll e Hyde" que tratan unha relación heterosexual e outra gai, respectivamente.

Callón, Carlos, "Gais no teatro dos 90", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 21 setembro 2009, p. 6.

Segue a súa análise da irrupción na escena galega de mediados da década do século XX de personaxes varóns homosexuais que comezara co artigo "Unha escena sen armarios", tamén publicado en *Galicia Hoxe*. Desta vez analiza polo miúdo tres obras teatrais: *O regreso*, de Manuel Lourenzo e *Pa*, de Vicente Montoto, representadas ambas en 1996;

e mais por *Detritus corazón*, de Xavier Picallo, levada a escena en 1997. Da primeira afirma que xira ao redor de dous personaxes anónimos, Un e Dous, que agardan a chegada dos seus respectivos pares. De *Pa* detalla que está protagonizada por un pai, Paco, e mais un fillo, Francisco, que veñen de enterrar ás súas esposas. Finalmente, detense en *Detritus corazón* onde se ve como Brétema é atacada por unha banda homófoba e a seguir o inspector Glande Ford comeza a investigación.

Callón, Carlos, "A verdade do rumor", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 2 novembro 2009, p. 6.

Refire a figura de Fermín Bouza Brey e sinala que hai uns anos que comezou a investigar sobre a súa vida e a súa obra. Apunta algúns dos elementos que o "fascinaron", entre os que está a cuestión da súa "hipotética homosexualidade reprimida". Opina sobre a cuestión da "rumoroloxía" no campo da crítica literaria galega e di que saber da condición de Bouza Brey tería gran importancia para ver "as relacións de xénese histórico-biográfica das súas obras" e tamén para entender a súa recepción. Informa ademais que, a través de diferentes entrevistas con xentes actuantes nos anos corenta, cincuenta e sesenta, reconstruíu algunhas das "lendas negras" sobre o escritor. Chega á conclusión de que non se deben descartar hipóteses até dar coa "verdade", pois aínda que poidan parecer "absurdas", hainas que explicar "na súa xénese, na súa estrutura" e "na súa función", pois continúan a ser "cruciais" para entender a figura do poeta.

Callón, Carlos, " Non temos poetas novos?", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 30 novembro 2009, p. 6.

Reflexiónase, a raíz dalgunhas afirmacións de escritoras como Yolanda Castaño ou Marta Dacosta, sobre a situación actual da literatura galega. Apúntase ao goberno da Xunta de Galicia como culpábel do empeoramento da situación, desinteresado en apoiar as expresións culturais en galego. Afírmase que hai unha gran dificultade para publicar libros de versos, polo que moitos novos poetas quedan invisibilizados. Por último, sinálase a apertura de novas expectativas coa creación de canles diferentes como son as novas tecnoloxías e iniciativas como Estaleiro Editora.

Calvo Varela, Raúl, "Unha lingua que se perde", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Tribuna abierta", 4 novembro 2009, p. 28.

Especula sobre o que diría novamente Alfonso Daniel Rodríguez Castelao se "levantara la cabeza" sobre a lingua galega, ao mesmo tempo que lembra o esplendor literario das cantigas. Di que son moi "plausibles los esfuerzos llevados a cabo por los gobiernos" para recuperar a lingua, mais sinala que eses esforzos son pouco eficaces pois considera que unha lingua autóctona non se debe ensinar por decreto, senón que se aprende "espontáneamente". Afirma que agora que vive nunha vila pequena de Galicia, logo de estar trinta e dous anos en Madrid, lle sorprende que a xente fale en castelán, o que lle produce "una honda sensación de pena con toque de rebeldía". Defende, por último, que se conserve e proxecte a lingua galega "falando", pois do contrario "perderemos la joya que nos identifica dándonos rango de nación".

Campo, Marica, "As mulleres de febreiro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "A tecelá en outono", 6 febreiro 2009, p. 29.

Reflicte unha non moi boa valoración sobre a concepción que da muller ten Álvaro Cunqueiro, a quen tacha de misóxino, a pesar de ter escrito un dos mellores poemas na lingua galega, "Recoñecemento de Harolel Godwison".

Campo, Marica, "Santa Filloa 'ora pro nobis", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 31/*El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 1 maio 2009, p. 23.

Menciónase que as festividades que antes se facían en honra dos santos e das que se poden atopar referencias en numerosas cantigas de amigo, foron substituídas por festas gastronómicas como a da filloa. Lembra logo a tradición e devoción desta festa, sobre a que mesmo escribiu unha "Oda á filloa".

Campo, Marica, "O 2010 quen?", *Diario de Pontevedra*, "Opinión", "A tecelá en outono", 22 maio 2009, p. 33.

Reclama que coa celebración do Día das Letras Galegas non só se coñeza o nome do autor homenaxeado senón que se deben ler o seus textos. Así mesmo, propón outros autores que tamén deberían ser homenaxeados neste día, caso de Uxío Novoneyra, Ricardo Carballo Calero, Xosé María Díaz Castro, Eusebio Lorenzo Baleirón e Xosé Andrés Crecente Vega, e xustifica as súas eleccións.

Campo, Marica, "Os cen mellores (I)", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 31/*El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 25 xuño 2009, p. 29.

Dáse conta da antoloxía publicada por Xesús Alonso Montero hai anos intitulada *Os cen mellores poemas da lingua galega* (1970). Aínda que coincidindo coa maior parte da elección feita, sinálase a necesidade de incluír poetas como Luz Pozo e Xohana Torres e mais algúns poemas medievais, entre os que sinala e transcribe un de Joam Rodríguez de Castelo Branco. Precísase que outro que incluiría é "Recoñecemento de Harold Godwinson", de Álvaro Cunqueiro.

Campo, Marica, "Os cen mellores (II)", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 33/*El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 3 xullo 2009, p. 25.

Continúase co artigo anterior onde citaba a antoloxía de Xesús Alonso Montero, *Os cen mellores poemas da lingua galega* (1970) e recoñecía o poema de Álvaro Cunqueiro "Recoñecemento de Harold Godwinson" como un dos que incluiría. Dáse conta a continuación do personaxe histórico que motivou dito poema, alternando os feitos reais con anacos do poema. Refire que o último título que considera que se debería incluír

pertence ao libro *Reticências* (1990), de Ricardo Carvalho Calero e que comeza co verso "No Líbano nom hai cedros do Líbano".

Campo, Marica, "Quen sabe por onde andarán", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 31/*El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 17 xullo 2009, p. 23.

Declara que ten a súa biblioteca ao servizo de quen lle solicite un exemplar, nomeadamente para as súas amizades. A seguir analiza o fenómeno "Bookcrossing" e comenta que xurdiu en 2001 grazas ao estadounidense Ron Hornbaker, que actualmente conta con páxinas web e foros. Destaca que moitos clubs de lectura e particulares de Galiza se están a unir a este proxecto.

Campo, Marica, "Carta a Manuel María coas súas palabras", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 29/*El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", 11 setembro 2009, p. 27.

Misiva dirixida a Manuel María co gallo do lustro do seu falecemento. Afirma que o 8 de setembro de 2009 lle deixaron flores a carón da súa tumba. Indica que dende que non está todo o relacionado coa lingua galega foi a peor. Reclama que todos se poñan a traballar para salvala.

Cancelo, Guillermo, "Teatro e formación", *El Progreso*, "Sarria", "Praza da vila", 20 xullo 2009, p. 11.

Expón que coa aprendizaxe a través do teatro se descobre a parte máis lúdica do ser humano. Recalca que o teatro na educación é un campo ao que aínda lle queda un gran treito por explorar. Remata reproducindo unhas palabras de William Shakespeare relacionadas con isto: "A vida é un escenario e todos somos actores".

Caneiro, Xosé Carlos, "Feliz literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 297, "Letras en galego", "Club dandi", 17 xaneiro 2009, p. 13.

Transmítense boas esperanzas para o ano 2009 repasando obras destacábeis da literatura galega en 2008: *Shakespeare destilado*, de Xesús Constela; *Costa Norte ZFK*, de Xurxo Borrazás; e o poemario *O embigo do mar*, de Luís Pousa.

Caneiro, Xosé Carlos, "Se chego no solpor...", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 299, "Letras en galego", "Club dandi", 31 xaneiro 2009, p. 11.

Comenta que a pesar de ter un nome "escasamente sonoro" Víctor Campio Pereira é un dos autores ilustres da historia da literatura galega. Destaca que posúe un poemario que se considera magnífico, *O aire, a luz e o canto* (2008), na colección "Arte de Trobar" editada polo Pen Clube, prologado por Manuel Outeiriño e epilogado por Xesús Alonso Montero. Fai un inciso, antes de rematar cun poema da miscelánea, para destacar o

finalista do Premio Xerais 2008, Alberto Canal, con *Conexión Tubinga* (2008), e o gañador Manuel Lourenzo.

Caneiro, Xosé Carlos, "Entusiasmo, literatura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 303, "Letras en galego", "Club dandi", 28 febreiro 2009, p. 12.

Dedica unhas liñas ao contido das traducións ao galego de *Mal de Escola* (2008), de Daniel Pennac, e *A elegancia do Ourizo*, de Muriel Barbery (2008). Así mesmo, ocúpase dun autoeditor galego, Jorge Emilio Bóveda, loando as súas obras *Proyecto Allendo* e *A vila das ánimas.*

Caneiro, Xosé Carlos, "Literatura e prexuízos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 305. "Letras en galego", "Club dandi", 14 marzo 2009, p. 10.

Fai unha homenaxe a dúas autoras, Teresa Moure por *O natural é político* (2008), de quen eloxia a súa técnica narrativa; e Inma López Silva, gañadora do Premio Blanco Amor coa novela-crónica *Memoria de cidades sen luz* (2008), pola súa falla de prexuízos á hora de achegarse á guerra civil.

Caneiro, Xosé Carlos, "Intrépido clon Eduardo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Opinión", 3 abril 2009, p. 51.

Denuncia o illamento do estudo da obra de Eduardo Blanco Amor, *A esmorga* (1959), así como da figura do propio autor. Sobre esta novela afirma que se trata dun "prodixio técnico, estrutural. Unha novela de marxinados escrita por un marxinado".

Caneiro, Xosé Carlos, "¿Xustiza literaria?", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 314, "Letras en galego", "Club dandi", 23 maio 2009, p. 12.

Sinálase que, a pesar de que os premios literarios galegos son dos máis honestos que coñece, existen casos que amosan o contrario. Precísase que obras como *Renacer* (2008), de Xabier Paz; *Os espellos do tempo* (2008), de Vítor Vaqueiro; *Monbars o exterminador* (2008), de Hixinio Puentes; *A batalla do paraíso triste* (2008), de Xosé Ramón Pena; e *A revolución dos globos* (2008), de Alfonso Álvarez Cáccamo, pasaron inxustamente polos certames e polas librarías.

Caneiro, Xosé Carlos, "Rumbo: pluralismo e tolerancia", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 1 agosto 2009, p. 17.

Partindo de *Para axudar a renacenza de Galiza* (1937), de Rafael Dieste, reflexiona sobre as enquisas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de rebaixar as horas de lingua galega nas aulas, Reclama que español e galego deben estar sen problemas nas aulas de Galicia.

Carreño, Antonio, "Lo molesto es la llegada: de trenes", *La Región*, "Opinión", 18 abril 2009, p. 22.

Acóllense algúns fragmentos de escritores galegos que acompañan á exposición de trens en miniatura celebrada no Centro Cultural de la Deputación de Ourense, caso da chegada a Ourense da primeira locomotora que describen Vicente Risco e Manuel Curros Enríquez.

Carreño, Antonio, "Ourense literario", *La Región*, "Opinión", "Crónicas desde la Ribeira Sacra", 5 maio 2009, p. 24.

Coméntase como certas obras dan lugar á mitificación de espazos. Precísase o Ourense de Eduardo Blanco Amor n'*A Esmorga* (1959) como un deles e faise un percorrido polos lugares máis destacados desta obra e saliéntase a súa correspondencia cos da cidade das burgas.

Carreño, Antonio, "Québec City y Antón Risco", *La Región*, "Opinión", "Crónicas desde la Ribeira Sacra", 30 xullo 2009, p. 28.

Realiza unha descrición da cidade canadense do Quebec e mais da súa historia e nela imaxina paseando polas súas rúas a Antón Risco dentro da Universidade de Laval. Con referencia a Antón Risco comenta que mantiveron unha correspondencia activa e recíproca e que a derradeira vez que o viu foi un Días das Letras Galegas no Pazo de Trasalba.

Castaño, Yolanda, "Unha lingua sorprendente", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 17 maio 2009, contracuberta.

Fai referencia á celebración da cea anual celebrada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e indica que nesta xuntanza os escritores galegos falan sobre os seus proxectos, as inquedanzas e, ademais, fanse entrega dos galardóns aos mellores escritores nos diferentes xéneros literarios. A seguir, achega os nomes dalgúns dos galardoados.

Castaño, Yolanda, "Mulleres", *Galicia Hoxe*, "Días (des)contados", 31 maio 2009, contracuberta.

Dá conta de certas experiencias vitais e, entre elas, en relación coa literatura galega, refire a súa asistencia a unha conferencia pronunciada na Real Academia Galega por Teresa Moure, quen falou sobre a literatura e as mulleres. Tamén comenta a súa participación na Semana da Poesía da Cidade Condal, onde interviu no acto "La poesia és un espectacle" e puido compartir experiencias con outras escritoras, como a galega María Reimóndez.

Castaño, Yolanda, "Chegou a calor", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 7 xuño 2009, contracuberta.

Dáse conta do sucedido na semana, dando prioridade ao eido literario. Sinálase a concesión do V Premio de artigos xornalísticos normalizadores a Pilar García Negro. Dáse conta tamén das actividades da Fundación Carlos Casares. Coméntase a participación da propia Castaño na Feria do Libro de Ourense e no XI Festival da Mediterránia en Mallorca.

Castaño, Yolanda, "Novoneyra 2010", *Diario de Ferrol*, "Galicia", p. 30/*Diario de Pontevedra*, contracuberta/*El Ideal Gallego*, "Galicia", "Columna invertebrada", 3 xullo 2009. p. 33.

Lóase a Uxío Novoneyra tras ser escollido como escritor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2010. Lémbrase que nel están representados todos aqueles que non se instruíron nas universidades europeas, pero escriben poesía auténtica, e cualifica a Novoneyra como "místico pagán, poeta cultísimo e delicado, humanista dunha explosiva humanidade recendente". Tamén se di que foi un poeta galeguista de mente aberta, profesional e sublime, rural e universalista a un mesmo tempo.

Castaño, Yolanda, "Festa dos libros", *Xornal de Galicia*, "Carta á emigrante", 14 agosto 2009, contracuberta.

Considera que as dúas Feiras do Libro máis importantes de Galicia en canto ao volume de vendas, a da Coruña e mais a de Viveiro, o son en gran medida grazas á afluencia de turistas. Indica que as seguintes feiras de Galicia serán en Foz e Monforte de Lemos e fronte a estas feiras estivais contrapón as feiras da primavera de Ferrol, Lugo, Ourense, Lalín e Santiago de Compostela. Finalmente destaca a presentación nestas feiras estivais de volumes de Manuel Rivas, de Xesús Alonso Montero e mais dunha novela de Xavier Alcalá.

Castaño, Yolanda, "Poesía en linguas minorizadas", *Diario de Pontevedra*, "Columna invertebrada", 23 outubro 2009, p. 25/"Linguas minorizadas", *El Progreso*, "De re varia", 27 outubro 2009, contracuberta/*Diario de Pontevedra*, "De re varia", 28 outubro 2009, contracuberta.

Reflexiona sobre o sentido que ten escribir poesía nunha lingua minorizada. Opina que a poesía é o "territorio no que nada se mide en termos cuantitativos" e que escribir poesía é "un compromiso que se contrae en si mesmo".

Castaño, Yolanda, "Imparables alegrías", *Galicia Hoxe*, "A Contra", 22 novembro 2009, contracuberta.

Entre outras cosas, recolle a inauguración do ciclo "Poetas di(n) versos", promovido pola poetisa Yolanda Castaño no Concello da Coruña, describindo a finalidade do

mesmo. Así mesmo destaca a posibilidade que achega este ciclo, ao reunir un número importante de poetas que prestan as súas voces á poesía nas catro linguas da Península.

Castaño, Yolanda, "Unha despedida", *Galicia Hoxe*, "A contra", 29 novembro 2009, contracuberta.

Destácase o proxecto "Tender a man", no que participan Yolanda Castaño, Branca Novoneyra e Isaac, onde poesía, música e danza se mesturan nun único espectáculo.

Castiñeira, F. X., "A presidencia de Ferrín na Academia Galega vese como un prestixio para a institución", *Diario de Ferrol*, p. 26/*El Ideal Gallego*, "Galicia", 17 decembro 2009, p. 29.

Recóllese a mención da candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín como sucesor na presidencia da Real Academia Galega e as continuas mostras públicas dos diferentes membros da institución apoiando a iniciativa do escritor orensán. Destácanse ademais moitas das causas polas cales moitos consideran a Méndez Ferrín como un bo candidato, entre as que se apunta o "sentido irreprochable' da institución que ten Ferrín" e "a súa capacidade de traballo", entre outras. Sinálase tamén a negativa de Víctor Freixanes a presentarse como candidato debido ao seu compromiso coa Editorial Galaxia. Finalmente, resáltase como un dos obxectivos futuros da Academia dar a coñecer moitas das actividades da mesma que pasan desapercibidas.

Castro, Francisca, "Francisco Gabelo y su amor por la interpretación", *La Región*, "Opinión", 6 agosto 2009, p. 26.

Repasa a vida de Francisco Gabelo e o seu amor polo teatro. Indica que formou parte do grupo "Histrión 70", que comezou coa obra *Tempo de chorar*, de Celso Emilio Ferreiro, e mais que recitou a moitos autores entre eles a Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro e Víctor Campio.

Castro, Luisa, "Libros e Albariño", *Xornal de Galicia*, "O Telescopio", 29 abril 2009, contracuberta.

Aproveita unha anécdota persoal que lle aconteceu o Día do Libro coa que demostra o exceso de "comerciar coa cultura": pola compra dun libro de Rosalía de Castro agasallaban cun Albariño do seu nome.

Castro, Luisa, "O día das letras", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 31/*El Progreso*, "Opinión", "Falar de máis", 17 maio 2009, p. 35.

Dá conta de cando recibira o seu primeiro premio no colexio cunha redacción en galego. A continuación sinala que nunha entrevista recente lle preguntaron o motivo de ter só dous libros publicados en galego fronte a quince en castelán. Explica que respondeu

argumentando todo o que o castelán lle deu e criticando a equiparación de lingua e nación.

Castro, Luisa, "Lectura e masturbación", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Falar de máis", 31 maio 2009, p. 31.

Critícase o excesivo rebumbio e éxito que teñen as obras do escritor xaponés Murakami. Considérase a obra *Tokio Blues* unha simple mestura entre *O vixía no centeo*, de J. D. Salinger; *A montaña máxica*, de Thomas Mann; e *Unha cuestión persoal*, de Kezamburo Oé.

Castro, Luísa, "Todos imos no mesmo barco", *El Progreso*, "Opinión", "Falar de máis", 26 xullo 2009, p. 33.

Baseándose na figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao repasa a crispación que está a vivir a sociedade e a política galega. Comenta que cómpre que todos remen na mesma dirección, xa que a democracia non bota fóra a ninguén.

Castro, Xavier, "A pobreza dos escritores", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Da nosa acordanza", 29 maio 2009, p. 5.

Fálase das dificultades que pasan os escritores para poder vivir só da creación. Coméntanse os casos de escritores famosos como Eduardo Blanco Amor e Ramón María del Valle-Inclán que pasaron épocas de dificultade económica. Menciónanse tamén excepcións como as de Blasco-Ibáñez que grazas ao seu libro *Los cuatro jinetes del Apocalipsis* e á adaptación do mesmo en filmes de Hollywood conseguiu vivir desafogadamente.

Castro Rodríguez, Xavier, "Mondariz': revista mensual (1915-1922)", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 26 setembro 2009, p. 2.

Informa de que, ao abeiro do balneario de Mondariz e da man dos apelidos Peinador Vela e do labor cultural de Ramón Cabanillas, viu a luz a publicación *Mondariz*. Indica que se editou dende 1915 até 1922, que era literaria e ensaística e que presentaba unha edición moi coidada nos aspectos gráficos e fotográficos.

Castro Rodríguez, Xavier, "Urbano R. Modelo sindicalista, poeta e dramaturgo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 7 novembro 2009, p. 2.

Recórdase a Urbano R. Moledo, poeta e dramaturgo asasinado durante a represión franquista, do que se destaca a súa participación nas iniciativas teatrais desenvolvidas no seo das Irmandades da Fala e o seu poemario *Dolmen* (1928), testemuño do compromiso obreiro, agrarista e socialista do escritor. Ao mesmo tempo, saliéntase a influencia literaria de Rosalía de Castro, Ramón Cabanillas, Eduardo Pondal e Luís Amado Carballo nestes versos.

Cendán, Antonio, "Aquilino Iglesia Alvariño, o poeta do 'paisaxismo telúrico e humano", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "Cultura", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, p. 26.

Iníciase o artigo cunhas referencias biográficas de Aquilino Iglesia Alvariño para as que se basea na opinión de Armando Requeixo, destacando a Iglesia Alvariño como "esencial" nas décadas dos vinte aos corenta do século XX. Continúa coa opinión do articulista que apunta a falta de atención ao poeta coa excepción de Vilagarcía de Arousa, localidade na que edita en 1990 *Cómaros verdes*, escrita no ano 1947. Así mesmo explica que comezou a súa obra poética na década dos trinta con *Señardá* (1930) e *Corazón do vento* (1933). Non obstante, dise que o seu labor abrangueu outros ámbitos: foi director eventual d'*A Nosa Terra* e membro da Real Academia Galega, na que pronunciou o discurso de entrada "A lingua dos poetas do norte de Lugo", que foi publicado postumamente en 1964. Lémbrase que foi tradutor de textos clásicos ao galego e que elaborou un dicionario que recollía termos completados eruditamente. Sinálase que como mestre rexentou unha cátedra de latín en Vilagarcía de Arousa e no Instituto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela, cidade que o vería finar, ao redor dunha escola de creadores literarios que el mesmo fundou.

Cendán, Antonio, "30 anos sen *El Pueblo Gallego*", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "Magazine", "Historia da prensa", 11-17 xuño 2009, pp. 42-43.

Faise un percorrido pola historia do xornal vigués *El Pueblo Gallego* no máis de medio século de existencia do mesmo, dende 1924, ano da súa fundación, até 1979, cando desapareceu. No primeiro apartado, "Periódico anticaciquil", menciónase a concepción que lle deu o seu fundador, o republicano Manuel Portela Valladares. Precísase que Portela quería que o xornal servise como nexo de unión entre republicanos e nacionalistas e que defendese a lingua. No apartado "El Pueblo Gallego' na II República", destácase que a credibilidade converteu o xornal no máis influínte do período republicano e que no mesmo colaboraron os mellores escritores e xornalistas galegos. En "A chegada do franquismo e Xosé María Castroviejo", amósase a progresiva decadencia a partir da chegada do franquismo, a incautación e censura á que se viu sometido a pesar de pertencer ao partido da falanxe. En "Unha desaparición anunciada", dáse conta do fin de cincuenta e cinco anos de historia por causa das dificultades económicas. No cadro ao pé da páxina 43, en "A incautación militar", dáse conta do saqueo ao que foron sometidos tras o triunfo dos sublevados en 1936. Acompáñase a reportaxe coas fotos do fundador, do seu director xunto con Álvaro Cunqueiro, así como da sede e da cuberta do primeiro número.

C. F., "Falar cos lectores sen perder o papel decisivo que ten o autor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Encontro", 11 outubro 2009, p. 47.

Recóllense as opinións da escritora Inma López Silva e do escritor Agustín Fernández Paz. Obsérvase que ambos os dous concordan en que a literatura é un traballo para unha soa persoa e comentan que non confían nas escritas colectivas. Sobre o papel dos lectores, coinciden en que "escoitar e interactuar son cousas distintas". Por outro lado, argumentan sobre a afirmación de que ser escritor galego non é diferente a ser escritor

en calquera outro lugar. Para finalizar, aseguran que se hai problemas en Galicia coa literatura "non se deben nin á cantidade, nin á calidade nin á variedade", senón que "proceden doutro lado".

Conde, Alfredo, "A literatura de Riveiro Loureiro", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 28 xaneiro 2009, p. 4.

Comeza cun símil cinematográfico para presentar a escrita de Manoel Riveiro Loureiro á súa morte. Afirma que se trata dun escritor cuxas liñas veñen dadas pola forza do seu maxín, da súa vida, creando ideas propias, ás veces comprometidas.

Conde, Alfredo, "Retrospectiva onírica II", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 17 marzo 2009 p. 4.

Lémbrase o estupor que as intervencións de Víctor Freixanes, Anxo Tarrío, Carlos Casares e Gonzalo Torrente Ballester provocaron nunha semana dedicada á literatura galega na universidade de Granada en 1985.

Conde, Alfredo, "Retrospectiva onírica (y III)", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 18 marzo 2009, p. 4.

Recorda de novo a súa intervención na universidade de Granada para rexeitar a etiqueta de escritor nacionalista, xa que declara amar tanto o galego coma o castelán. Conclúe afirmando que a calidade literaria dunha obra non se debe en ningún caso á lingua na que estea escrita.

Conde, Alfredo, "Quixeran sempre lonxano e alleo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 2 abril 2009, p. 4.

Coméntase en relación coa novela *Memoria de Noa* (1982), de Alfredo Conde, que Alfonso Guerra preguntou ao autor se estaba inspirada na figura de Rosalía de Castro. Conde afirma que nunca pensou en tal paralelismo, mais que de xeito inconsciente puido ter presente a un alcipreste do Lérez.

Conde, Alfredo, "O ex ministro intelectual e poeta", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 12 abril 2009, p. 4.

Achega palabras eloxiosas para a figura literaria e política de César Antonio Molina, tras o seu abandono do cargo no Ministerio de Cultura, onde considera que deixa unha pegada indiscutíbel.

Conde, Alfredo, "Recoñecernos a nós mesmos", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 24 maio 2009, p. 4.

Indica que *O segredo do humor*, de Celestino Fernández de la Vega, se publicou por primeira vez en 1963, despois en 1983 e que en 2009 apareceu unha nova edición. Subliña que se trata dun libro antolóxico, cheo de sabedoría e mais de coñecemento sobre o humor por parte do seu autor, Fernández de la Vega.

Conde, Alfredo, "Non, non o digo todo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 13 xuño 2009, p. 4.

Dáse conta do encontro en Trasalba en 1988 con Carlos Casares, Xesús Alonso Montero, Luís G. Tosar, Ramón Lorenzo, Domingo García-Sabell e mais Ramón Piñeiro. Sinálase que naqueles tempos Casares colaboraba coma el no xornal *El País* e que, a partir dun artigo polémico, este fora perseguido por nacionalista radical nas súas conferencias.

Conde, Alfredo, "O que vai entre nós e os de Nós", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 23 xuño 2009, p. 4.

Descríbese o encontro cun paxaro, para logo falar de todo o que posúe o galego agora a nivel legal e institucional. Pregúntase que terían feito de teren todo isto os membros da Xeración Nós e advirte que se está nunha época de paxaros mortos.

Conde, Alfredo, "Ese estado cercano á perfección", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 26 xuño 2009, p. 4.

Sinala, con motivo de cumprirse dez anos da visita á casa do escritor Miguel Torga, algúns dos escritos que aparecen nos seus *Diarios*. Confesa querer estar ás veces no estado de "estupidez" ao que Torga aludía na súa obra.

Conde, Alfredo, "As eleccións do Espírito Santo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 27 xuño 2009, p. 4.

Dáse conta da lectura que continúa a facer dos *Diarios* de Miguel Torga, reparando na frase na que se recolle o encontro de Mijail Gorbatchov co Papa. A seguir, compárase a pouca actividade democrática que desempregan os países aos que representan. Remata cunha anécdota protagonizada por don Fernando.

Conde, Alfredo, "Marasmo no sistema teatral", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 22 xullo 2009, p. 4.

Comeza indicando que a súa novela *Romasanta* (2004) e mais a película homónima pasaron sen pena nin gloria por Galicia. A seguir destaca o papel que están a ter os actores galegos e centra a súas loanzas en Celso Bugallo e no seu papel en *Cenizas del cielo*.

Conde, Alfredo, "Intelixencia aplicada ó abraio", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 24 xullo 2009, p. 4.

Considera que o Mago Antón compón versos para acompañar os prodixios de maxia e indica que a súa arte de recitar poemas se lle ocorreu grazas ao finado Carlos Casares, segundo lle dixo nunha conversa o propio Mago Antón.

Conde, Alfredo, "É preciso que a vida latexe", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 31 xullo 2009, p. 4.

Reflexiona, apoiándose en palabras de Rainer Marie Rilke, sobre o xeito de escribir versos. Destaca que a súa esencia radica en que a poesía e mais as palabras latexen a vida e que ademais "alente coma un turbión".

Conde, Alfredo, "Cumprida resposta", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 7 agosto 2009, p. 4.

Indica que vén de ler unha carta ao director publicada o 4 de xuño de 2009 en *El País* contra a súa persoa. Como resposta afirma que se reitera no dito e ademais recalca que non minte cando afirmou que os seus libros en galego publicados pola Editorial Galaxia desapareceron das librarías de Galicia.

Conde, Alfredo, "Sepultados nun almacén", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 8 agosto 2009, p. 4.

Partindo dun artigo publicado o 4 de xuño de 2009 en *El País* reafírmase na súa teoría segundo a cal os seus libros en galego publicados pola Editorial Galaxia desapareceron das librarías de Galicia. Recalca que foron sepultados (vivos) nun almacén e dálle a razón ao autor do artigo citado cando afirmou "o parco interese" que a obra de Alfredo Conde esperta entre os lectores galegos. Para sustentar isto indica o número de exemplares vendidos con *Breixo* (1981), *Lukumí* (2006), *Música sacra* (1989), *O barco* (1995) e *María das Batallas* (2008) dende a chegada de Freixanes á dirección da Editorial Galaxia.

Conde, Alfredo, "Paisajes de músicas y silencios (IV)", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 12 agosto 2009, p. 4.

Salienta que durante case dúas décadas se mantivo firme e leal, a pesar dos problemas, dentro do sistema literario galego, mais que agora xa non se considera que está nel, porque lle "reborda el asco". Como mostra recomenda a lectura das sete liñas que falan da súa persoa na *Historia da literatura galega* (1999), publicada na Editorial Galaxia pola "ínclita profesora Vilavedra".

Conde, Alfredo, "Paisajes de músicas y silencios (VI)", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 14 agosto 2009, p. 4.

Expón que *O Grifón* (1986) foi o primeiro e último premio Nacional de Literatura que se deu a unha novela que non estaba escrita en español. Tamén destaca que con ela alcanzou premios en Italia e en Rusia. Así mesmo declara que con *Breixo* (1981) alcanzou grande éxito nos EE.UU. e que, fronte a estes éxitos fóra de Galicia, recalca que se bota fóra do sistema literario galego e asegura que "no me voy, me echan".

Conde, Alfredo, "Paisajes de músicas y silencios (VII)", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 15 agosto 2009, p. 4.

Subliña que leva escrito unha abondosa produción literaria e máis de oito mil artigos xornalísticos en lingua galega, mais que aínda así nos últimos vinte anos foi calumniado nos mundos político e literario de Galicia. Xustifica deste xeito o seu abandono do sistema literario galego, baseándose en que mentres en Galicia a súa obra era silenciada, recibía premios en Francia, Italia, Australia e Rusia.

Conde, Alfredo, "Países cubiertos de nubes", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 16 agosto 2009, p. 4.

Considera que os países de Rosalía de Castro e mais de James Joyce están cubertos de nubes, xa que non queren ou poden ver as cousas claras. Indica que Rosalía e Joyce optaron por non volver a escribir na súa lingua propia e xulga que o mesmo lle está a suceder a el. Afirma que se sente expulsado do sistema literario galego.

Conde, Alfredo, "Juegos con formas y luces", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 20 agosto 2009, p. 4.

Amosa que sempre loou a poesía de Ramiro Fonte e que esta idea é reafirmada despois da lectura de *Reversos (días adiados)* (2008), mais tamén recalca que nunca apreciou en exceso a súa obra en prosa.

Conde, Alfredo, "Demasiados autores y libros", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 22 agosto 2009, p. 4.

Asegura que obras como as de Álvaro Cunqueiro, Ramón Pernas, César Antonio Molina e Ramón Loureiro comezaron sendo silenciadas e ignoradas mais que agora espertan eloxios da crítica. Explica que isto é debido a que os "profesores no tienen ni zorra idea de lo que se traen entre manos" e a que seguen criterios políticos ou económicos no canto dos literarios.

Conde, Alfredo, "Criterios literarios", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 4 setembro 2009, p. 4.

Apunta que non todas as novidades literarias merecen a pena e a seguir comenta que colleu e releu da súa libraría os volumes *Madia leva!* (2007), de Antón Grande, que

cualifica de libro "intenso, espléndido e breve". Refire que tamén leu a antoloxía poética *Queimar as meigas* (1988).

Conde, Alfredo, "Demócratas con vicios del pasado", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 10 setembro 2009, p. 4.

Contrapón que os literatos do seu tempo naceron en pleno franquismo, mentres que os membros da Xeración Nós o fixeron nunha monarquía parlamentaria e os membros de Galaxia viviron a República. Finalmente, apunta que isto inflúe no panorama actual galego.

Conde, Alfredo, "Oceánicos rociones de palabras", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 30 outubro 2009, p. 4.

Refírese ao escritor Vicente Araguas e opina que a súa prosa xorde "a gurgullóns, en fervenza pura". Sobre a súa poesía, afírmase que a ve "personal e intransferible" e exprésalle a súa admiración e respecto polo seu traballo literario.

Conde, Alfredo, "La lánguida voz del recuerdo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 31 outubro 2009, p. 4.

Comenta que o bo da sabedoría popular é o seu carácter elástico e reflexiona sobre o decorrer do tempo no que "somos naúfragos". Considera que Ramón Otero Pedrayo "sobrevivió", mais afirma que non é ningún naúfrago, "al menos contemplado desde hoy". Considera que quen naufraga é "el país que lo ignora, que no frecuenta sus escritos". Aínda manifestando que os tempos son outros, defende que é necesario saber "no solo en donde se está, sino de dónde viene y a dónde se pretende llegar".

Conde, Alfredo, "Evocaciones mortuorias", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Los otros días", 30 novembro 2009, p. 4.

Coméntase que o número LXI de revista literaria *El Extramudi y los Papeles de Iria Flavia* se acompaña da literatura viaxeira de Camilo José Cela, destacándose a evocación que Cela fai do poeta Antonio Noriega Varela. Asemade, coméntase que a revista anteriormente citada comeza cunha evocación ao recentemente falecido escritor Eduardo Chamorro. Doutra banda, recórdase que o próximo ano será o do centenario do nacemento de Gonzalo Torrente Ballester.

Cordal, Xabier, "Segundo enterro de Castelao", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 de abril 2009, p. 37.

Coméntase que a finais de xuño do ano 2009 se cumpren vinte e cinco anos do polémico traslado dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, cualificado como "prócer do nacionalismo galego", ao Panteón de San Domingos de Bonaval, feito que se analiza en clave política.

Dacosta, Marta, "Vermello", *A Nosa Terra*, n.º 1.368, "Cultura", 16-22 xullo 2009, p. 32.

Comeza lembrándose dos seus paseos por Istambul e a seguir destaca que ao ler *Chámome vermello*, de Orhan Pamuk, non pode deixar de pensar en Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, xa que ambos os autores ensinan que sendo un mesmo se chega a todos e estase no mundo.

Dacosta, Marta, "Rumorosos", *A Nosa Terra*, n.º 1.376, "Cultura", 8-14 outubro 2009, p. 21.

Entende que entre Eduardo Pondal e o poeta chinés Li Bai existe un punto de unión que vai alén das súas obras, xa que o chinés escribiu mil cen anos antes que Pondal estes versos: "Que sabedes vós, vellos piñeiros? Para que lanzades brandos rumores?". A seguir detalla algúns aspectos biográficos de Li Bai.

Díaz, Yolanda, "A casa de Carvalho Calero", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "O debate", 4 xullo 2009, p. 26.

Informa da concesión do Día das Letras Galegas 2010 a Uxío Novoneyra e sinala que é un dos grandes poetas de Galicia, mais que queda triste por deixar fóra a Ricardo Carvalho Calero. Dáse conta do compromiso do concello de Ferrol de recuperar a memoria deste, feito que xa botou a andar coa recuperación da casa natal de Carvalho Calero neste concello.

Díaz Pardo, C., "A escritora máis rápida de Galicia", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 6, "Galicia: o futuro xa está aquí", 18 xaneiro 2009, p. 11.

Repasa a extraordinaria carreira literaria de Teresa Moure, que en menos de cinco anos se converteu nunha das autoras galegas más laureadas, con galardóns coma o Premio Loureiro Rey 2004, por *A xeira das árbores* (2004), e o Premio Xerais de Novela no ano 2005, por *Herba Moura* (2005). Dá unhas breves notas argumentais de *Herba Moura* e *As palabras das fillas de Eva* (2005). Conclúe que se trata dunha cultivadora dos máis variados xéneros que "pon os tópicos patas arriba".

Díaz Pardo, C., "Son un home moi disperso", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 6, "Galicia: o futuro xa está aquí", 18 xaneiro 2009, p. 12.

Empeza salientando as distintas facetas de Antón Reixa como poeta (profesión á que o articulista sempre se quixo dedicar), músico e director de cine, para continuar cunhas breves notas biográficas. Afirma que foi un defensor da estética post-industrial e lembra que fundou en 1975, xunto a outros escritores, o Grupo de Comunicación Literaria "Rompente". Destaca entre a súa obra poética *Silabario da Turbina* (1978) e *As ladillas do travesti* (1979). A seguir, explica que se dedicou uns anos á docencia e que na

década de 1980 viviu a súa particular idade de ouro musical cos Resentidos. Comenta que, tras a separación destes, Reixa continuou a súa carreira musical e que, xa no audiovisual, realizou traballos como *Mareas Vivas* e *O lapis do carpinteiro*, eido no que se vaticinan futuros proxectos.

Díaz Pardo, Isaac, "Blanco Amor, 'A esmorga' e Paco del Riego", *La Voz de Galicia,* "Opinión", "Crónicas inconformistas", 23 marzo 2009, p. 15.

Recorda un artigo de Francisco Fernández del Riego sobre *A esmorga* (1959) e con tal motivo evoca o contacto que tivo co escritor: portou o orixinal d'*A esmorga*, comeu con el en Bos Aires e foi testemuña da anécdota daquel home chamado José Blanco Amor, tamén periodista, que foi premiado co Cervantes polo réxime español, na súa opinión para molestar ao Eduardo co que compartía apelido.

Díaz Pardo, Isaac, "Cabanillas e os artistas do seu tempo", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Crónicas inconformistas", 3 agosto 2009, p. 15.

Co gallo da inauguración dunha exposición sobre Ramón Cabanillas, lémbrase da súa figura. Recorda que xa dende pequeno vía ao poeta no obradoiro de seu pai ao lado de Antón Vilar Ponte. Salienta a importancia da súa montaxe teatral *O mariscal* e repasa a súa biografía. Finalmente refírese a un concerto de Miro Casabella, onde se musicou o poema "A gran muralla".

Díaz Pardo, Isaac, "Datos históricos sobre Xaime Quintanilla", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Crónicas inconformistas", 24 agosto 2009, p. 14.

Realiza un repaso biográfico á figura de Xaime Quintanilla de quen subliña o seu compromiso con Galicia, que dirixiu a revista *Céltiga* e que estreou en Ferrol o drama *Denosiña*. Neste repaso biográfico tamén apunta que dirixiu o boletín *Galicia rexionalista*, que foi un gran publicista e remata recalcando que o PSOE galego ten a Xaime Quintanilla como o seu mártir máis salientábel.

Díaz Pardo, Isaac, "Os inconformistas na Real Academia Galega", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Crónicas inconformistas", 14 decembro 2009, p. 15.

Opínase que na actualidade a Real Academia Galega está formada por un conxunto de "inconformistas", aos que vén de sumarse Manuel Rivas. Coméntase que o fundamento desta institución é a defensa do galego e remátase o artigo cunha disertación histórica sobre a evolución da lingua galega.

Dobarro, Xosé María, "Palabras para Avelino Abuín, onde queira que esteña", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 15 marzo 2009, p. 23.

Eloxia a Avelino Abuín de Tembra pola súa dedicación á poesía, por ser cofundador do premio e da institución literaria de Narrativa Breve do Pedrón "Modesto Rodríguez Figueiredo", así como polo seu labor galeguista.

Dobarro, Xosé María, "Lembranzas de Neda", *Diario de Ferrrol*, "Opinión", "Outra volta", 12 abril 2009, p. 19.

Dedícase este artigo ao poeta e dramaturgo do século XIX Galo Salinas Rodríguez, axuntando un poema do mesmo. Lémbrase que foi director da Escola Rexional de Declamación, así como arquiveiro-bibliotecario da Real Academia Galega, publicando obras como *¡Lenda de horrore! A mitra de ferro ardente* (1894), en poesía; e *Sabela* (1903), *Feromar* (1907), *A Torre de Peito Burdelo* (1891), *¡Filla!* (1892) e *Vodas de Ouro* (1921), en teatro. Así mesmo, dáse conta da publicación de *Memoria acerca de la dramática gallega. Causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el regionalismo* (1896).

Dobarro, Xosé María, "Torres, faros e lumieiras", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 28 xuño 2009, p. 24.

Fálase da Torre de Hércules e recóllese un poema de Francisco Añón á mesma no que se menciona que os autores da torre foran realmente os canteiros. Gábase tamén a figura de Alfredo Brañas e os seus versos en honra ao San Xoán, tema que vinte anos despois quixo abordar Ramón Cabanillas mais con medo de plaxiar a Brañas. Finalízase falando dos plaxios, en concreto un a Joan Manuel Serrat, do que se escribe a letra, sinalando tamén a canción a San Xoán, de Emilio Cao.

Dobarro, Xosé María, "Gracias", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 12 xullo 2009, p. 25.

Dálle as grazas a dous amigos que se tornaron imprescindíbeis na súa vida, un deles Bernardino Graña, do que se recolle o poema "O gato da tasca mariñeira", e o outro, Uxío Novoneyra, con quen tivo unha íntima amizade e a quen se decidiu dedicar o Día das Letras Galegas 2010.

Dobarro, Xosé María, "Santiago", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 26 xullo 2009, p. 24.

Reflexiona sobre o Día de Galicia e subliña que Ramón Cabanillas foi un gran devoto de diferentes santos e virxes e para xustificar este comentario reproduce dúas mostras poéticas de Cabanillas, unha datada en 1931 e outra centrada na figura de Santiago Matamouros.

Dobarro, Xosé María, "As esencias", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Outra volta", 13 decembro 2009, p. 19.

Declárase amigo e admirador da obra, especialmente a poética, de Manuel Rivas. Del destaca a súa visión poética e comprometida da vida. Ademais, mostra a súa ledicia polo ingreso de Rivas na Real Academia Galega.

Dopico Vale, Julia Mª, "Poesía eres tú...", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Ferrol", "Crónica Cultural", 22 marzo 2009, p. 12.

Celebra o Día Mundial da Poesía o 21 marzo, lembrando o recital poético-dramático na Coruña a cargo de Eva Veiga, xunto co pintor Alfonso Costa, Fito Ares e Bernardo Martínez. Explica que enchían os seus versos e músicas con verbas de Álvaro Cunqueiro, Luz Pozo, Rosalía de Castro e Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros.

Dopico Vale, Julia Mª, "Galicia en foco", *Diario de Ferrol*, "CGS Ferrol", "Crónica cultural", 15 novembro 2009, p. 10.

Abre o texto cuns versos de Xosé Luís Méndez Ferrín recollidos no catálogo que reúne as fotografías da 20ª edición de "Galicia en Foco". Dá conta do acto de celebración desta exposición de foto-xornalismo en Ferrol, que ten lugar anualmente, e do que considera que se fai "un magnífico documento histórico". Informa ademais que se pode ver no Centro Cívico Carballo Calero, antes de comezar o seu percorrido por outras cidades galegas e españolas. A continuación, apunta que o gañador foi Miguel Riopa, e que Xesús Fariñas Navarro contou cun accésit. Menciona ademais que José Luis Oubiña foi o gañador da pasada edición.

Dourado Deira, Manuel, "A Casa de Castelao, declarada BIC", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 4 abril 2009, p. 5.

Dáse conta primeiramente do significado e rango do acrónimo BIC (Ben de Interese Cultural) e sinálase despois que a casa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao vén de recibir esta categoría. Comenta que así o seu patrimonio quedará protexido, malia que algunhas das súas obras xa fosen expoliadas.

Dourado Deira, Manuel, "Amigo Abuín: paz e ben", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 7 abril 2009, p. 9.

Recorda con nostalxia a Avelino Abuín de Tembra, repasando o seu labor e obras, entre as que se atopan *O Pedrón de ouro* (1964), *Camiños* (1961), *Home ao Pairo* (1974) e *Roldas en Compostela* (1983).

Dourado Deira, Manuel, "Premio Faustino Rei Romero", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 6 xuño 2009, p. 5.

Baixo o antetítulo *Dez anos de poesía 1998-2007*, fala da obra que recompila os poemas galardoados no Premio Faustino Rei Romero. Explica que se trata dunha obra editada por Xosé Ricardo Losada, tamén autor do prólogo e do epílogo, e que conta co traballo

de Tonio Figueira na creación da cuberta e de Amancio Losada como autor das fotografías. A seguir, procede a citar en orde cronolóxica os distintos poemas e autores gañadores do premio que se recollen na publicación, como é o caso de Modesto Fraga e David Souto, entre outros.

Enríquez, Rosa, "Inverno do corazón", *La Región*, "Opinión", 29 outubro 2009, p. 24.

Di que no poemario *Arcaico o tempo que respira* (2008), de Paulino Vázquez, atopa parte do pensamento do poeta francés Ives de Bonnefoy. Refírese á estética poética, mais afirma que lle interesa visibilizar a mensaxe política que se encontra na "denuncia do actual concepto do tempo" e no estremecemento que provoca. Ademais de dar conta dos que considera "os mellores versos do libro", repara noutros elementos coma a "levidade insorportábel", a perda da vida comunitaria e a desestruturación da identidade.

Enríquez, Rosa, "Eis un acto de amor", *La Región*, "Opinión", 10 decembro 2009, p. 22.

Expón a súa concepción da creación literaria como un acto de pracer e paixón e tamén como expresión da solidariedade ou amor, acto que apunta que ten que ser levado a cabo con liberdade e independencia. Confesa a especial admiración que sinte polos autores que non ceden a modas estéticas, como é o caso de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Etcheverría, Carlos, "Republicano sobre todo", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 30 xullo 2009, p. 4.

Destaca da faceta política de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao o seu compromiso coa defensa da República. Indica que formou parte do goberno da República no exilio en 1946. Finalmente apunta que seu legado político é o seu republicanismo.

Ezequiel, "Presidente de la Academia", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Gente y noticia", 29 decembro 2009, p. 6.

Recórdase o recente ingreso de Manuel Rivas como membro numerario da Real Academia Galega e especúlase coa posibilidade de que Xosé Luis Méndez Ferrín presente a súa candidatura para optar á presidencia desta institución.

Fariñas, Julio Á, "Eugenio, Elba y O Courel", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 321, "En portada", 11 xullo 2009, p. 4.

Lémbrase como coñeceu a Uxío Novoneyra e a súa muller en 1977 cando chegou con outro xornalista a Parada do Courel facendo unha investigación sobre os maquis do franquismo. Lóase a súa hospitalidade, a súa faceta de poeta e, sobre todo, a súa tolerancia lingüística.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Sartre en galego: 'As moscas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 7 xaneiro 2009, p. 3.

Cualifica de "admirábel" a tradución da obra de Jean Paul Sartre, *As moscas* (2008), realizada por Xosé Manuel Beiras, quen engade un título máis á súa lista coma tradutor tras ocuparse da tradución dalgunhas obras de Albert Camus ou Anne Philipe, entre outros.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "A literatura nace da vida", *La Voz de Galicia*, "Opinión", 16 xaneiro 2009, p. 49.

Rescata o recente recordo da morte de Manuel Riveiro Loureiro, autor de dezasete obras narrativas, das que indica que a última, *Xullo-Agosto* (2005), mereceu o Premio Manuel Lueiro Rey. Apunta que tamén escribiu varias pezas de literatura dramática, das que destaca *O pazo* (1994), que mereceu o Premio Álvaro Cunqueiro. Conclúe que se trata dunha figura importante no panorama literario galego contemporáneo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Poesía de Arcadio López-Casanova", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 21 xaneiro 2009, p. 3.

Destaca o poemario *Caeira dos días* (2007), unha antoloxía persoal do período 1965-2005, de Arcadio López Casanova, pola posición do seu autor no panorama lírico galego. Ademais, afirma que ten outras obras que merecen ser destacadas, caso de *Palabra de honor* (1967), *Mesteres* (1976), *Herdo do canto* (2006) e *Liturxia do corpo* (1983).

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Homenaxe a Méndez Ferrín", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 6 febreiro 2009, p. 3.

Co gallo da homenaxe a Xosé Luís Méndez Ferrín celebrada en Vigo o 6 febreiro de 2009, trae a colación o libro *A semente da nación soñada* (2008), dedicado a Ferrín, denunciando o escaso número de colaboradores mais gabando o poema de Pepe Cáccamo. Do mesmo xeito, destaca o seu retrato literario, realizado no artigo "Méndez Ferrín, planeta literario e mestre radical da beleza", que se publicou en *El Correo Gallego*.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Internacionalizamos a cultura galega", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 13 febreiro 2009, p. 3.

Considera que o primeiro intento de "internacionalización da lingua galega" se realizou coa tradución ao inglés dos informes en galego sobre a candidatura ao Premio Nobel de Literatura de Xosé Luís Méndez Ferrín, elaborados por Pilar Vázquez Cuesta e Xosé María Álvarez Cáccamo, a iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Tamén ten en conta a presenza de Galicia na Feira Internacional da Habana,

así como en Arxentina e Chile. Conclúe que, por primeira vez na historia, Galicia comeza a brillar culturalmente no plano internacional.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "As 'andoliñas' de Marcos Valcárcel", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 16 febreiro 2009, p. 3.

Comenta que o volume *Dende a palabra*, *dende o corazón*. *Primeiras Andoliñas* (2009) é unha escolma dos textos escritos por Marcos Valcárcel entre os meses de outubro de 2003 e 2004, dentro das súas colaboracións no xornal *Galicia Hoxe*, e baixo o título de "Andoliñas". Destes textos destaca a súa lixeireza na arquitectura mais con densidade no que comunica. Finalmente salienta que Valcárcel soubo "crear e manter un xénero que xa forma parte da historia máis brillante do xornalismo literario galego do noso tempo".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Utilidade do galego", *Xornal de Galicia*, "Ollar o mundo", 16 marzo 2009, contracuberta.

Reflexiona sobre as connotacións políticas do galego e do debate que existe sobre a aprendizaxe ou non do idioma nas escolas. Salienta a postura de que se a nenez non aprende galego non poderá gozar dunha literatura recoñecida a nivel mundial pola súa calidade como é a galega. Tamén indica que o galego, nalgunha das súas variantes, é falado en cinco continentes. Nesta liña argumenta a utilidade da lingua de Galicia.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "César Antonio Molina", *Xornal de Galicia*, "Ollar o mundo", 13 abril 2009, contracuberta.

Lamenta que as propostas do Ministro de Cultura César Antonio Molina, considerado gran poeta por obras como *Eume* (2007), non tivesen unha boa acollida a pesar da súa traxectoria ao cargo de institucións da importancia do Instituto Cervantes, entre os anos 2004 e 2007.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Galicia en Buenos Aires", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 24 abril 2009, p. 3.

Faise un percorrido pola Galicia existente en Bos Aires. Sinálanse lugares como o Centro Galego, a Asociación Galega de Bos Aires e o Teatro San Martín, onde se atopan obras de Manuel Colmeiro e Luís Seoane. Menciónase tamén o "famoso" Café Tortoni, onde Galicia aparece representada con homenaxes artísticas de Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane e Arturo Cuadrado, así como nunha vitrina onde se exhiben unha fotografía de Ramón Caamaño, o libro *Galicia. Unha lus no Atlántico*, un exemplar da revista *Grial* e unha biografía de Lorenzo Varela.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "María Casares connosco", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 11 maio 2009, p. 3.

Fálase da actriz María Casares e da Medalla Castelao que lle foi concedida e que non quixo recoller polas desavinzas políticas co goberno naquela altura. Indícase que a Medalla a recolleu o propio Fernán Vello, que debía entregarlla persoalmente e de incógnito, cousa que non chegou a suceder.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Ismaíl Kadare e nós", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 26 xuño 2009, p. 3.

Fala do autor albanés Ismaíl Kadare, recoñecido co Premio Príncipe de Asturias a pesar das barreiras de escribir nunha lingua que alguén expresou como "minoritaria e estraña". Emparella posteriormente a situación de Albania coa da Galicia e fai un pequeno retrato lingüístico e literario dese país europeo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Señor da terra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xuño 2009, p. 59.

Intensa loanza de Uxío Novoneyra, tanto no humano coma no literario, dende o coñecemento persoal. Destácase sobre todo a súa amabilidade, a súa xenerosidade, o seu compromiso inquebrantábel coa patria e coa lingua, a enerxía verbal que transmitía coas súas poesías e o seu profundo coñecemento da natureza que o rodeaba. Lémbranse algúns dos seus textos poéticos, como *Os Eidos* (1955), e dise que a súa poesía é "un dos grandes monumentos da poesía galega e europea", da cal se destaca o seu intimismo e o seu enraizamento no humano e no social colectivo.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Novoneyra, vivo entre nós", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 28 xuño 2009, p. 59.

Primeiramente coméntase que o autor do artigo e outros compañeiros como Antón Patiño lembran a figura de Uxío Novoneyra como un gran "labrego e druída" que representa unha estirpe labrega e montañesa. Sinálase que un dos seu "dons" era saber crear palabras que afondaban no máis profundo da terra e do ser humano e que transmitía entusiasmo e paixón. A seguir refírese á súa obra poética, dende *Os Eidos* (1955) até *Poemas de doada certeza* (1994), considerada "un camiño de coñecemento existencial asociado á natureza" no que se insire musicalidade intensa. Por último, destácase que a lectura dos seus textos provocan que o seu "eu poético" siga vivo entre os seus lectores.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Novoneyra esencial", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 321, "En portada", "Opinión", 11 xullo 2009, p. 4.

Fálase sobre a capacidade de Uxío Novoneyra para integrar na súa poesía o pensamento e as sensacións. Dise que xa algúns autores como Isidoro Millán ou Xosé Luís Méndez Ferrín souberon ver n'*Os Eidos* (1955) unha poesía esencial, espello do cosmos, na que se observa que "a mestría dos seus poemas ten raíz na dialéctica entre o explícito e un inmenso silencio no que aboia o texto". Dise tamén que o propio poeta manifestou

sempre un interese grande en que a súa poesía transmitise sensacións nomeando as cousas puramente, sen abstraccións, a partir dunha profunda comuñón do poeta coa natureza.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Barreiro, o idioma de Feijoo", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 17 setembro 2009, p. 3.

Resalta as palabras de defensa da lingua galega que o presidente da RAG pronunciou na casa natal de Manuel Curros Enríquez en Celanova. Explica que foron proclamadas diante do presidente da Xunta de Galicia, a quen lle recomenda que tome nota delas e que se deixe de "crear problemas".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "A voz fundamental de Uxío Novoneyra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Caderno aberto", 30 novembro 2009, p. 3.

Salienta que durante a celebración da XV edición do Seminario de Historia de Culleredo, que levou como título "A voz fundamental de Uxío Novoneyra na Galicia contemporánea", destacaron as intervencións de Herminio Barreiro e mais de Xosé Manuel Beiras que tiveron lugar na mesa redonda titulada "Uxío Novoneyra e o seu tempo político", consideradas "interesantes e profundas".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Lembranza de Miguel González Garcés", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 10 decembro 2009, p. 3.

Infórmase dos actos de homenaxe que se dedicaran ao poeta Miguel González Garcés co gallo do vinte aniversario do seu falecemento, caso dunha exposición, unha conferencia e un recital poético. Ademais, recóllese a definición que Xulio Valcárcel dá do poeta e a valoración que Basilio Losada fai da súa obra. Déstacase de González Garcés a súa paixón pola poesía e a súa relación "sensíbel" coa natureza.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Anisia Miranda", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 27 outubro 2009, p. 3.

Lembra a Anisia Miranda, de quen di que a súa morte colleuno "ben por sorpresa". Fai un percorrido polo seu labor profesional e considera que foi Xosé Neira Vilas, o seu compañeiro, o "introdutor de Anisia no galeguismo cultural bonaerense".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Guía do Courel", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 12 novembro 2009, p. 3.

Preséntase a *Guía do Courel* da que, ademais de describila, apunta que lle fixo pensar en Uxío Novoneyra, o "creador poético, mítico e simbólico" courelán. Agarda que esta obra sirva para "valorar a inmensa riqueza natural" que posúe este espazo lugués.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Rivas na Academia", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 11 decembro 2009, p. 3.

Comenta o ingreso de Manuel Rivas na Real Academia Galega, de quen se destaca o seu papel de xornalista comprometido e ecoloxista. Considérao un dos máis grandes escritores galegos de todos os tempos e salienta a súa obra *Os libros arden mal* (2006) como fito na literatura europea das últimas décadas.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Encontros con Laxeiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 3 decembro 2009, p. 3.

Dáse conta da publicación dun libro homenaxe ao pintor Laxeiro, titulado *Encontros con Laxeiro*, coordinado por Xosé Neira Vilas. Despois de repasar en xeral a biografía do artista, coméntase que o volume anteriormente citado contén testemuños de escritores e amigos e unha fermosa homenaxe plástica.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Emma Pedreira", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 8 decembro 2009, p. 3.

Fala sobre a obra poética de Emma Pedreira, que considera unha mostra perfecta de depuración estilística e de obtención do sustancial. Tamén comenta o seu poemario *Xoguetes póstumos*, galardoado co Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, do que considera que presenta un erotismo que "é ambiguo, represión e licencia, sublimación e perversión".

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Beckett segue aí", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 24 decembro 2009, p. 3.

Recórdanse as obras máis senlleiras do escritor irlandés Samuel Beckett e afírmase que a mellor tradución da obra deste autor *A esperar por Godot* é realizada ao galego por Francisco Pillado no ano 1984 e publicada no Caderno do Espectáculo n.º 5 da Compañía Luís Seoane.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Seis poemas galegos", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 31 decembro 2009, p. 3.

Comeza indicando que os *Seis poemas gallegos* de Federico García Lorca se publicaron o 27 de decembro de 1935 na editorial Nós de Santiago de Compostela. Despois comenta que destes seis poemas o titulado "Madrigal â cibdá de Santiago" xa se publicara en 1932 na revista *Yunque* e ademais refire que descoñece o paradoiro dun dos manuscritos destes poemas, que hai cousa de cinco anos se levaran para seren subastados na Salón do Libro Antigo de París cun prezo de saída de douscentos quince mil euros.

Fernández, Xurxo, "Pr'o c'hai que ver, mellor ser cego...", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Historia de la literatura. Memoria viva de un ourensano ilustre", 1 marzo 2009, p. 8.

O artigo vai acompañado dunha ilustración que expresa moi ben o impedimento de Valentín Lamas Carvajal, facendo xustiza ao título e palabras de Lamas Carvajal. Destácanse en negriña as cuestións máis salientábeis: a creación d'*O Tío Marcos da Portela* e a publicación por fascículos d'*O catecismo do labrego* (1889). Tras este primeiro proxecto en galego cítase *A Monteira*, a cargo de Filomena Dato Murais, onde colaborou Isaac Peral. Posteriormente, coméntase que Xosé María Álvarez Blázquez rescatou *O catecismo do labrego* para a colección de libros de baixo custo "O Moucho". Afírmase que con herdanzas románticas de Lord Byron e Víctor Hugo, e ideas galeguistas de Manuel Murguía, foi un dos escritores preferidos de "cualquier alma sensible". Inclúese ademais un fragmento d'*Espiñas, follas e frores* (1875).

Fernández Albor, Gerardo, "La fiesta mayor de Galicia", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Comentarios y recuerdos", 26 xullo 2009, p. 3.

Comenta que no Día de Galicia de 2009 lle viñeron ao maxín lembranzas e nostalxias de Galicia asentadas na *Alba de Groria* de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e das figuras de Ramón Otero Pedrayo, Ramón Mª del Valle Inclán, Prisciliano, Alexandre Bóveda e do mesmo Castelao.

Fernández del Riego, Francisco, "Un día e unha noite de xolda", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 305, "Letras en galego", "Decotío", 14 marzo 2009, p. 10.

Rele *A esmorga* (1959) dando conta do enxeño da pluma de Eduardo Blanco Amor. Destaca o humor mesturado cos ambientes máis galegos e as aventuras dos tres pícaros. Considera que amosa así mesmo unha liña que semella a novela negra americana e que posúe ademais das raíces populares un gran nivel literario.

Fernández del Riego, Francisco, "Centenario de Iglesia Alvariño", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 308, "Letras en galego", "Decotío", 4 abril 2009, p. 11.

Dedica liñas eloxiosas á obra poética de Aquilino Iglesia Alvariño, reproducindo mesmo uns versos de *Corazón ao vento* (1933), que xulga cheas de lirismo nado da natureza galega, na liña de Eduardo Noriega Varela, mais tamén ao xeito das églogas virxilianas. Valórao coma un persoeiro relevante na poesía e cultura galega. O artigo acompáñase dunha imaxe na que aparecen unhas gafas que forman un cen no nariz de Iglesia Alvariño.

Fernández del Riego, Francisco, "Seoane e a decoración bibliográfica", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "Letras en galego", "Decotío", 18 abril 2009, p. 11.

Refírese ao labor como decorador de libros de Luís Seoane dentro da súa ampla faceta artística e recomenda a obra *Libros de Tapas* (1953) para observar as cubertas que el mesmo interpretou e plasmou con orixinalidade.

Fernández del Riego, Francisco, "Castelao, personalidade polifacética", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 320, "Letras en galego", "Decotío", 4 xullo 2009, p. 12.

Afóndase na figura do Alfonso Daniel Rodríguez Castelao idealista e como trasladou este idealismo ás diversas facetas coas que se manifestou. Menciónase o didactismo dos seus ensaios *Do meu diario*, *As cruces de pedra na Galiza* (1950) e *Sempre en Galiza* (1944). No apartado "Narrador e debuxante", achégase ao Castelao artista, que equilibrou en *Cousas* (1926 e 1929) o literario e o pictórico, e mais ao excelente contista de *Retrincos* (1934) e *Os dous de sempre* (1934).

Fernández del Riego, Francisco, "Andadura pola beiramar da Arousa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 325 , "Letras en galego", "Decotío", 8 agosto 2009, p. 7.

Lémbrase dos seus numerosos percorridos pola Barbanza. Refírese ao Seminario de Estudos Galegos e evócase a figura de Manuel Antonio e as de Rafael Dieste, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Mª del Valle Inclán, Xulio Camba e Ramón Cabanillas.

Fernández del Riego, Francisco, "Orixe do novo renacer da cultura galega", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 334, "Letras en galego", "Decotío", 10 outubro 2009, p. 10.

Lembra os anos ao redor de 1939 nos que el, xunto con outros mozos, teimaban na idea de fundar unha editora de publicacións galegas, que "se ía chamar Galaxia". Ademais de comentar o proxecto de traballo que se levou a cabo, apunta os propósitos desta nova editorial como foron a selección dun programa de edicións, as reedicións de obras maxistrais da literatura e o pensamento de Galicia e a creación dunha biblioteca e de coleccións varias.

Fernández Díaz, José Luis, "Paisaxe e cultura", *La Región*, "Opinión", 17 abril 2009, p. 24.

Fala de *Paisaxe e poesía* (1955), un conxunto de ensaios relacionados coa paisaxe galega da autoría de Ramón Otero Pedrayo, José Luis Allen, Florentino Cuevillas e Álvaro Cunqueiro. Coa súa presentación preténdese "arengar" ao alumnado á súa lectura.

Fernández Fernández, Ruth, "Galego si, galego non", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Noticias cotiás", 30 xuño 2009, p. 5.

Dáse conta do conflito lingüístico que se xerou na sociedade galega, abordando temas espiñentos como a derogación do decreto do ensino. Recóllese posteriormente un anaco

do poema de Celso Emilio Ferreiro "Deitado frente o mar", onde se defende a lingua galega e se ataca aos que a desprezan.

Fernández Fernández, Ruth, "Valente musical", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Noticias cotiás", 29 setembro 2009, p. 5.

Comenta que as "Xornadas José Ángel Valente: memoria sonora", que tiveron lugar entre o 23 e 25 de setembro de 2009 en Ourense, pretenderon devolverlle a Valente a memoria e así esquecer o tempo no que ficou relegado ao abandono da súa emigración. Indica que a estas xornadas asistiron, entre outros, Claudio Rodríguez Fer, María Lopo e Carmen Blanco. Delas destácase que se estreou a composición *Valente, memoria sonora*, de Antón Webern e Mauricio Sotelo.

Fernández Naval, Francisco X., "O legado Cortázar", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*" n.º 315, "El experto", 30 maio 2009, p. 3.

Fálase do legado que Aurora Bernárdez, filla de galegos e primeira muller do escritor Julio Cortázar, cedeu ao Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI). Sinálase que este legado, de incalculábel valor, se compón dun arquivo fotográfico e cartas inéditas que merecen ser postas en valor.

Franco, Camilo, "A resistencia de Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Menú de cultura rápida", 6 abril 2009, p. 31.

Achega unha visión d'*A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, na que di que o autor ourensán se preocupou da loita de clases e da "condición represora das circunstancias para quen padece a historia". Cualifica a obra de literatura resistente en termos políticos. Completa o artigo un chiste gráfico de Kiko da Silva.

Franco, Camilo, "A literatura galega segue estando 'connotada' no seu propio país", *La Voz de Galicia,* "Cultura", "Encontros", 11 outubro 2009, p. 46.

Recolle que Inma López Silva e Agustín Fernández Paz coinciden en que o acto de escribir é soberano e que non debe estar condicionado. Indica que ambos afirman ademais que en "canto se sentan a escribir" non están presentes as preocupacións de uso da lingua galega. Apunta que os dous expoñen os seus puntos de vista sobre a distancia xeracional, sobre a necesidade de pensar nos receptores e sobre as "marxes dos territorios que cada escritor quere ter". Comenta que López Silva considera que aínda hai certa visión de que "a poesía é superior", mentres que Fernández Paz observa que o peso do verso leva con el "algunhas circunstancias históricas que se foron diluíndo nos últimos anos".

Freixanes, Víctor, "Cincuenta anos con "A esmorga", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 5 abril 2009, p. 15.

Comenta que antes da publicación d'*A esmorga* (1959) Eduardo Blanco Amor comezou a súa andanza narrativa con *A escaleira de Xacob* (1926), a pesar de estar esta incompleta. Afirma que lles seguiron *Os Biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972). Fala das vicisitudes da publicación d'*A esmorga*, que coincidiu coa saída do prelo d'*Os relembros*, de Emilio Pita, e d'*As cicatrices*, de Luís Seoane. Por último, reproduce unhas verbas de Blanco Amor nas que defende os motivos do seu labor.

Freixanes, Víctor, "Libros e casas", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 26 abril 2009, p. 20.

Salienta a presenza de libros galegos e de Galicia na Feira Internacional de Bos Aires. Concretamente, destaca a proposta "Libros e casas", que consiste en dotar de bibliotecas ás vivendas de protección oficial. Afirma que foi todo un éxito, con cincuenta mil entregas este ano.

Freixanes, Victor F., "Beiras en Trasalba", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Vento nas velas", 28 xuño 2009, p. 21.

Fálase das excelentes aulas que na universidade impartía Xosé Manuel Beiras no final dos anos sesenta e comezos dos setenta. Menciona que a súa obra *O atraso económico de Galicia* (1972) é o título máis representativo dende *Sempre en Galiza* (1944), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Precísase finalmente que o de Xosé Manuel Beiras é un discurso que abrangue dende os ilustrados até a Xeración Nós, a Xeración Galaxia e o marxismo de liberación nacional e o pensamento de Robert Lafont.

Gaciño, X. A., "Memoria de poetas", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Palabras menores", 13 setembro 2009, p. 2.

Fala dos aniversarios de Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro e de Ramón Cabanillas e recomenda a lectura dun libro de conversas con Celso Emilio Ferreiro escrito por Ramón Nicolás.

Gaciño, Xosé A., "Humanidade", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "En foco", 5 xullo 2009, p. 2.

Gábase á Torre de Hércules após a súa elección como Patrimonio da Humanidade e sinálase a necesidade de conservala. Coméntase que a figura da Torre de Hércules aparecía n'*O lapis do carpinteiro* (2005), de Manuel Rivas, e baixo a luz dela fusilábanse os reos durante a guerra civil, unha inhumanidade cuxa memoria tamén hai que conservar.

Gala, Susana de la, "Heterodoxias (1)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Corazón de León", 13 xuño 2009, p. 4.

Coméntase o acalamento que se fixo por parte da igrexa católica do teólogo Andrés Torres Queiruga. Precísase que cando soubo del no seu ingreso como profesor na Universidade de Santiago de Compostela era xa coñecido pola súa tradución da Biblia ao galego e por pertencer á Real Academia Galega, mais que foi a partir de escoitalo nas aulas cando fundou a súa opinión sobre a ortodoxia de Torres Queiruga.

Gallas Otero, Lidia M., "O Ano Cabanillas traspasa os límites de Cambados ata chegar á capital de Arousa", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Exposición", 18 xaneiro 2009, p. 25.

Con motivo do "Ano Cabanillas", dá conta da exposición realizada polos escolares do Salnés verbo da obra do cambadés. Introduce unha pequena biografía do "poeta da raza", considerado símbolo do nacionalismo antes da Guerra Civil. Lembra tres discursos que realizou ao ingresar en diversas institucións: "As romaxes de Nosa Señora da Franqueira. Apuntes dun ofrecido", "A saudade nos poetas galegos" e un texto sobre a vida e obra de Eduardo Pondal. Comenta que en Cambados, onde residiu os primeiros anos, levou a cabo tarefas burocráticas, mentres que en Cuba administrou o Teatro Nacional e publicou o primeiro poema na revista *Suevia* e o primeiro poemario *No desterro* (1913). Tamén lembra que en Madrid levou a cabo faladoiros e que volveu a Cambados onde morreu.

Gallas Otero, Lidia, "Manuel L. Rodrigues louva á terra e á muller co libro de poemas "Antítese nativa", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Presentación", 8 febreiro 2009, p. 27.

Fálase sobre o gañador do Premio de Poesía Suso Vaamonde 2008, Manuel L. Rodrigues, co poemario *Antítese nativa* (2008) que, segundo di o propio autor, foi o resultado dun longo proceso de escritura durante cinco anos. Dise que o xurado destaca desta obra a variedade léxica e o importante traballo lingüístico que se observa dentro dun poemario que supón un compendio de poemas de amor á muller e á terra, usando como medio o verso libre. Indícase tamén que ten influencias de H. G. Wells e Jules Vernes e que a elección do título resulta algo difícil de explicar para o propio autor. Lémbrase tamén que comezou moi novo a escribir poesía e que, ao mesmo tempo, fixo moitas colaboracións en distintas revistas, recibiu diversos galardóns e tamén foi xurado no certame de poesía Francisco Añón de Outes.

Gallas Otero, Lidia, "Avelino Abuín marcha coas súas 'Crónicas da Bouza' baixo o brazo", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Homenaxe", 8 marzo 2009, p. 28.

Con motivo da morte do escritor e intelectual Avelino Abuín de Tembra, pseudónimo correspondente a Avelino Abuín González, dá un repaso pola súa activa vida cultural. Comenta que se ocupaba de colaborar dominicalmente no suplemento "*Arousa, un mar un culturas*". Ademais indica que creou os Xogos Florais do Ensino Medio de Galicia, así como a Fundación Pedrón de Ouro, institución que outorga o premio narrativo Modesto Rodríguez Figueiredo e da que foi presidente dende 1996. Tamén salienta o seu estudo da obra de Rosalía de Castro, con varias antoloxías e traballos críticos como

froito, entre os que cita a dirección da edición das obras completas de Rosalía de Castro no ano 1992. Remata coa lembranza do seu labor como impulsor da revista electrónica *Galicia viva* e do Premio Minerva-Peleteiro.

García, Xoán A., "Hoxe, precisamente", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Gente", "La ventana", 4 agosto 2009, p. 16.

Céntrase na figura de Xosé María Pérez Parallé, de quen se indica que Ramón Otero Pedrayo o denominou como "Poeta azul de Ferrol". Tamén se fala do seu poemario *¡Non falarei, non!*, do que se sinala que foi escrito en 1975, que estaba farto da tiranía franquista e mais que consta de cento setenta e catro versos.

García, Xoán A., "Betty M. Millarengo", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "CGS", "Gente", "La ventana", 1 setembro 2009, p. 14.

Láiase do pasamento da polifacética artista Betty Martínez Millarengo. Destaca o seu libro *Poemario das noites sen ti* (2006). xunto con outras novelas escritas en español. Comenta tamén que a poeta participou nos Xogos Florais de Cedeira, ficando en terceira posición un ano e en segunda en 2006 co poema "Onde te escondes".

García, Xosé Luis, "Lugo e os poetas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos de Berenguela", 13 xaneiro 2009, p. 4.

Refire *Poetas en Lugo* (2007), unha antoloxía que percorre setecentos anos de poesía con Lugo como centro de mira. Explica que está prologado e coordinado por Darío Xohán Cabana. Indica que alberga poemas dende Alfonso X, o trobador Fernando Esquío, Luís Pimentel, Ánxel Johán, Ánxel Fole e Lorenzo Varela até Uxío Novoneyra e moitos outros escritores que viran en Lugo unha cidade á medida dos poetas.

García, Xosé Luis, "A Rosalía de Andrés Pociña e Aurora López", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos de Berenguela", 14 marzo 2009, p. 4.

Coméntase que dous profesores da Universidade de Granada, Andrés Pociña e Aurora López, levaron a cabo un detallado estudo sobre a obra *Rosalía de Castro*. *Estudios sobre su vida y obra* (2000), no que se dá conta de aspectos non tratados e variados sobre a vida e obra da poeta de Herbón. Saliéntase a relación de Rosalía con outros escritores como Eduardo Blanco Amor e Virginia Woolf e tamén o apartado "Rosalía cantada en gallego por autores andaluces", caso de Federico García Lorca.

García, Xosé Lois, "Novoneyra e a lingua galega", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 16 xuño 2009, p. 4.

Fálase de Uxío Novoneyra como defensor da lingua galega, da que nunca renegou e sobre a que ten numerosos artigos e discursos inéditos. Imaxínase ao autor do Courel na

manifestación do 17 de maio defendendo, coma sempre, a lingua que reafirmou e potenciou fronte aos que a atacan e manipulan.

García, Xosé Lois, "Novoneyra, Carvalho e dona Socorro García", *Galicia Hoxe,* "Opinión", "Ecos da Berenguela", 30 xuño 2009, p. 4.

Primeiramente alúdese ao feito positivo que supón a designación de Uxío Novoneyra como escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2010 e lémbrase que a súa poesía ten unha importante dimensión telúrica e metafísica en comuñón coa natureza. Afirma que había outro posíbel candidato igual de meritorio, Ricardo Carvalho Calero, quen probabelmente non foi escollido por razóns políticas que influíron na decisión final da Real Academia Galega.

García, Xosé Lois, "Patria-lingua en Novoneyra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 21 xullo 2009, p. 4.

Alude aos discursos que Uxío Novoneyra pronunciou en diversos actos como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) sobre os problemas actuais que tiña o idioma galego. Reprodúcense parcialmente as declaracións feitas no centenario da morte de Rosalía de Castro (1985), no *Diario de Galicia* en 1922, na apertura do III Congreso de Escritores Galegos, en 1995 e na véspera do Día das Letras Galegas de 1996.

García, Xosé Lois, "Réquiem por unha figueira", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 25 agosto 2009, p. 4.

Céntrase na importancia da figueira de Podente na súa vida e destaca que sen ela non tería publicado o poemario infantil *A figueira lingoreteira* (1996). Tamén apunta a influencia desta figueira nalgunhas obras de Manuel María, Eugénio de Andrade, António Jose Queiroz e Uxío Novoneyra.

García, Xosé Lois, "O redencionismo en Aureliano Pereira", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 1 setembro 2009, p. 4.

Amosa a influencia de Aureliano Pereira dentro do rexionalismo galego co seu xornalismo reivindicativo. Subliña que tratou o problema do Estado español. Tamén fai referencia a Manuel Murguía e a Pi i Margall dentro da obra de Aureliano Pereira. Destaca os seus artigos sobre a emigración.

García, Xosé Lois, "Un lustro sen Manuel María", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 8 setembro 2009, p. 4.

Afirma que Manuel María foi un poeta virado cara ás necesidades de Galicia, que foi vital no seu humanismo e tamén destaca o seu existencialismo. Indica que entendeu a tradición poética galega como arma de esperanza e de liberdade. Recalca que na súa

obra emerxen activos de loita para enfrontar os problemas que se están a ter hoxe en día.

García, Xosé Lois, "Dez anos sen Uxío Novoneyra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 27 outubro 2009, p. 4.

Tras indicar que o autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2010 será Uxío Novoneyra, dez anos despois do seu falecemento, destácase primeiramente o grande amor e defensa que profesaba pola lingua galega. Sinálase que o escritor creou unha obra apta para todas as sensibilidades, partindo sempre do seu apego á terra e da reivindicación da idiosincrasia galega, que sempre estivo presente nel. Faise unha mención especial do seu poema "Letanía de Galicia" como un bo exemplo de todo o exposto. Por outra banda, critícase duramente a demagoxia que emprega a Xunta de Galicia ao apropiarse da figura de Novoneyra no ano en que esta tenta "degradar o idioma galego".

García, Xosé Lois, "Ramón Cabanillas, poeta integral e actual", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 24 novembro 2009, p. 4.

Destácase o compoñente combativo e de denuncia da situación de asoballamento e colonización á que estaba sometida Galicia, presente nos versos de Ramón Cabanillas e a súa aposta pola loita pola liberación nacional, exposta de forma evidente no seu poema "Acción Gallega", do que se recollen algúns versos. Sinálase que os referentes de Cabanillas foron Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal.

García Bernardo, J., "Escuela de teatro", *El Progreso*, "Sarria", "Punto de vista", 19 xullo 2009, p. 17.

Fala do seu desexo de crear en Sarria unha Escola de Teatro tendo como espello o apoxeo que alcanzou a vila ourensá de Ribadavia nos anos setenta do século XX.

García-Bodaño, Salvador, "Crónica da Insúa dos Poetas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 12 xullo 2009, p. 3.

Comeza comentando a celebración da I Festa da Palabra do concello do Irixo, na que tivo lugar o nomeamento de Luís González Tosar, presidente do PEN Club de Galicia, coma Fillo adoptivo do devandito concello. Salienta que en dita celebración tiveron lugar as intervencións, por unha banda, do profesor Xesús Alonso Montero, cunha exposición sobre a invención da Insúa dos Poetas e da súa vertente ecolóxica; e por outra banda, do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, que fixo unha presentación sobre aspectos biográficos e persoais de González Tosar. Explica que tamén se deu paso á lectura por parte de diferentes persoeiros de escritos propios, así como á lectura dun *Manifesto a prol da palabra*, por parte dunha nena de oito anos chamada Helena Blanco, unha cativa de oito anos. Finalmente, di que o acto se pechou coas palabras do homenaxeado.

García-Bodaño, Salvador, "A gran mostra de 1909", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "No pasar dos días", 26 xullo 2009, p. 3.

Refírese á Exposición Regional Gallega de 1909 que tivo lugar en Santiago de Compostela e apunta os persoeiros que a fixeron posíbel, entre eles, P. Pérez Constanti e Armando Cotarelo Valledor. Finalmente recomenda a lectura do volume *Santiago 1909*, de Henrique Alvarellos, para coñecer mellor esta exposición.

García-Bodaño, Salvador, "Cabanillas, 50 aniversario", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 8 novembro 2009, p. 3.

Alude á homenaxe a Ramón Cabanillas que terá lugar no Panteón de Galegos Ilustres en Santiago de Compostela, no que ademais dunha ofrenda floral, haberá un acto literario-musical. Apunta "os actos de maior relevancia" que terán lugar en Cambados, correspondentes á conmemoración do cincuenta cabodano do seu pasamento, e dedica unha atención especial á denominada Declaración Mondariz-Balneario, asinada polos rexedores de oito concellos, amosando así a admiración por Cabanillas.

García-Bodaño, Salvador, "Aquel vento mareiro…", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 13 decembro 2009, p. 3.

Recórdase un suceso real, o achado nunha traseira dunha librería pertencente ao seu pai dunha obra de Ramón Cabanillas, *Vento mareiro* (1915), alí oculta por mor do clima de represión da época franquista. Destaca deste poemario a diversidade temática e formal e a reivindicación da patria galega.

García Iglesias, José Manuel, "Mar adiante", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 23 abril 2009, p. 2.

Comenta o quefacer da Asociación Álvaro de las Casas e da Fundación Premios da Crítica de Galicia co gallo da presentación de *Mar adiante*. *As xeiras dos Ultreias*. Considera que se trata dun fermoso volume que presenta textos e investigacións de Clodio González e fotografías de Pío García.

García López, Xoán A., "Xornadas literarias", *Diario de Ferrol*, "La ventana", 5 maio 2009, p. 13.

Fálase de que o traballo do Concello de Neda é un exemplo a seguir, xa que dende o ano 2003 vén celebrando unhas Xornadas Literarias. Precísase que nunha vila tan pequena se fixeron homenaxes a James Joyce e a Julio Cortázar, un feito que apunta que se debe salientar e seguir, pois un pobo sen cultura non é nada.

García Negro, María Pilar, "Manoel Riveiro Loureiro, in memoriam", *La Opinión*, "Opinión", 2 febreiro 2009, p. 17.

Cunha serie de anécdotas relacionadas coa problemática lingüística recorda a Manoel Riveiro Loureiro, admirando a súa obra e labor.

García Negro, María Pilar, " A moralexa de Sheherezade", *La Opinión*, "Opinión", 9 decembro 2009, p. 16.

En relación co tema da violencia contra as mulleres e o feminismo achéganse algúns versos dun poema pouco coñecido de Rosalía de Castro, intitulado "Eva", no que se demanda a baixada á Terra deste personaxe bíblico para axudar ás mulleres. Considérase este poema unha mostra do profundo e radical feminismo da autora.

García Noriega, José Ignacio, "José María Castroviejo", *Faro de Vigo*, "Opinión", 5 marzo 2009, p. 27.

Dedica este artigo a José María Castroviejo, autor pouco coñecido en España por ocultarse quizais en exceso en Galicia, e en Galicia por non escribir en galego. Non obstante, sinala que *Viaje por los montes y chimeneas de Galicia* é toda unha guía culinaria e paisaxística.

Giráldez, Miguel, "Poña un Shakespeare na súa vida", *Galicia Hoxe*, "Foto Finish", 21 febreiro 2009, contracuberta.

Recolle a presentación do libro de Santiago Jaureguizar, *O globo de Shakespeare* (2008), ao que cualifica de "novela negra e de acción" e da que indica que é a mellor das súas obras. Alude a unha entrevista realizada polo propio articulista en Radio Obradoiro no programa "O sábado libro", no que Jaureguizar se declara un home "do seu tempo".

Gómez, Lupe, "Paisaxe dos signos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 758, "Nas nubes", 26 abril 2009, p. 6.

Fala do filósofo Luís García Soto e da súa obra *O espírito da letra* (2008) onde, partindo das teorías de Roland Barthes, recolle nove interpretacións filosóficas de textos literarios. Indica que entre eles están *Arredor de si* (1930), de Ramón Otero Pedrayo, e obras de Uxío Novoneyra e Luísa Villalta. A seguir, achega unha reflexión ao redor da arte expresada nun folleto na exposición de Antón Mouzo. Remata cunha comparación entre personaxes literarios e os seus veciños.

Gómez, Lupe, "A luz de Uxío", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 778, "Un raio de sol", 13 setembro 2009, p. 3.

Opina que Uxío Novoneyra ten moita luz interior e que a poética deste escritor non se borra con tempo. Tamén indica que coñeceu a Uxío cando recitaba poemas na Facultade de Xornalismo de Santiago de Compostela.

Gómez Echemendia, Sixto, "Centenario para Ferrol en Cuba", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 28 xullo 2009, p. 22.

Fala do centenario da fundación da sociedade de beneficencia "Ferrol y su comarca" de La Habana e comenta que, co gallo desta efeméride, salienta a publicación en galego de *Galegos da Habana* (2007), de Ángela Oramas Camero, obra da que se subliña que transmite o labor realizado polos emigrantes galegos en Cuba. Tamén indica que os comezos de "Ferrol y su comarca" foron cos versos "Airiños, airiños, aires", de Manuel Curros Enríquez.

Gómez López, J., "J. A. Valente: etapa ourensana del poeta", *La Región*, "Opinión", 2 outubro 2009, p. 26.

Co gallo do oitenta aniversario do nacemento de Jose Ángel Valente fai un repaso pola etapa ourensá deste poeta. Comenta que a cidade de Ourense constitúe o marco xeográfico e cultural da súa nenez e adolescencia e, asemade, comenta que coincide co comezo da súa actividade poética. Finalmente, fala das colaboracións poéticas de Valente na publicación de temática relixiosa *Auria*, na revista *Posío* e mais no xornal *La Región*.

Gónzalez, Xosé M., "Novoneyra, Carvalho", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "O can de San Roque", 29 xuño 2009, p. 4.

Primeiro explica como xurdiu e como se foi desenvolvendo a celebración do Día das Letras Galegas até se converter nun referente de festa institucional de Galicia, con celebracións e actos que se prolongan todo o ano. Deseguido, tras indicar sutilmente que en todo acto deste tipo hai sempre unha intención política, lémbrase que Uxío Novoneyra será o autor homenaxeado en 2010. Dise que con esta escolla se recobra a "grandeza do cósmico e a paisaxe" e recóllese do pobo a letanía nacional. Por último, faise unha referencia a outro dos candidatos, Ricardo Carvalho Calero, e agárdase que sexa homenaxeado no seguinte ano.

González, Xosé Manuel, "Darío", *El Progreso*, "Lugo", "Mira Lugo", 15 xaneiro 2009, p. 10.

Apoia a proposta de presentar a Darío Xohán Cabana como cronista de Lugo, tras observar a súa carreira como escritor.

González Macías, Fernando, "Siempre Castelao", *La Opinión*, "Opinión", "Al trasluz", 26 xullo 2009, p. 29.

Comenta a evolución política de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao de quen se di que comezou no galeguismo romántico e que rematou no nacionalismo de esquerda. Destaca o seu pragmatismo e recalca que os tres grandes partidos políticos de Galicia

homenaxearon a súa figura no Día de Galicia, cousa que non sucede en Euskadi nin en Cataluña.

González Pérez, Clodio, "Navasqües, o ouro nazi e Bouza Brey", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 21 febreiro 2009, p. 10.

Conta a historia "tan peculiar" das Escolas Emilio de Navasqüés (hai unha na provincia coruñesa), cuxa creación data do ano 1954 polo persoeiro que leva o seu nome. Ao respecto comenta que foi expulsado dela Fermín Bouza Brey por pronunciar unha "nostálxica" conferencia en galego. Explica que as devanditas escolas eran afíns ao réxime franquista.

González Pérez, Clodio, "La última lección del maestro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 18 abril 2009, p. 4.

Dáse conta de que o cartel que anuncia o congreso dedicado á "Depuración de Funcionarios bajo la ditadura franquista (1936-1975)" aparece ilustrado co selo republicano da estampa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao "A derradeira lección do mestre". A continuación fálase das características de dito selo, do que o articulista tivo noticia por primeira vez polo libro *Presencia de Galicia en los sellos* (1965), de Xosé María Álvarez Blázquez. Finalmente, dáse conta da actuación da prensa galega no pasamento do rianxeiro.

González Pérez, Clodio, "Que facer coa terra?", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 9 maio 2009, p. 4.

Descríbese primeiramente unha estampa de 2009 de dous labregos arando ao modo tradicional, que se completa coa foto "Sementando millo", de Villestro. A partir desta estampa, sinálase o grave problema ao que se enfronta a agricultura galega. Dáse conta do libro *Sorrisos e boa colleita* (2008), unha homenaxe de corenta artistas e humoristas galegos ao agro galego, un libro coordinado por Xaquín Marín e editado por Bantegal. Reprodúcense finalmente uns versos de *Sementeira* (1968), de Emilio Álvarez Blázquez, que aluden ao avellentamento da Terra.

González Pérez, Clodio, "Autobiografía dun mestre", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 23 maio 2009, p. 4.

Dáse conta da saída do prelo do libro *Alfonso García Rojo*. *Mestre republicano da Ribeira Sacra*. *Relatos autobiográficos* (2008), introducido polo profesor Xosé Manuel Cid Fernández. Debúllanse a continuación os contidos dos relatos, dende a elaboración de "pequenas misións pedagóxicas", até as lembranzas dos fusilamentos e outros "feitos arrepiantes" que lle ocorreron aos seus coñecidos e que Alfonso García Rojo conta nas súas notas.

González Pérez, Clodio, "Seraogna", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 13 xuño 2009, p. 4.

Dáse conta da súa estancia en Seraogna, Angoares, terra natal e literaria do poeta Alfonso Pexegueiro. Sinálanse os lugares máis característicos da vila así como a evolución da mesma. Cóntanse a continuación algúns dos recordos alí vividos e enlázaos cun poemario de Alfonso Pexegueiro, co que comparte os recordos desa terra. Indícase que ese poemario "sinala un antes e un despois na nosa lírica contemporánea" e que foi loado por Xosé Luís Méndez Ferrín.

González Pérez, Clodio, "Tapal: 'Trascendencia social do Idioma", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 26 decembro 2009, p. 4.

Reprodúcese o último artigo que publicou Ramón Piñeiro na revista *Tapal*, datado en 1953, no que se defende abertamente a lingua galega. Asemade, recórdase que na andaina desta revista (1950-1955) tamén colaboraron destacados escritores como Ramón Otero Pedrayo, Salvador Lourenzana, Manuel María, Gómez Fabeiro, Leandro Carré Alvarellos, Valentín Paz Andrade, Pura Vázquez e Avilés de Taramancos, entre outros.

González Suárez, Fernando, "Unha estampa do vello Ourense", *La Región*, "Opinión", 16 xuño 2009, p. 22.

Fálase dunha instantánea tomada por José Pacheco en 1928. Precísase que nela se recolle un banquete en honra a Ernesto Rivera Grau no que, entre a metade dos trinta e seis fotografados, se atopan Ramón Otero Pedrayo, Miguel Escudero, Marcelo Macías e o propio Rivera Grau.

González Suárez, Fernando, "A estatua dedicada ao P. Feixóo", *La Región*, "Opinión", 2 xullo 2009, p. 24.

Sinálase que a estatua erixida en Ourense ao Padre Feixóo é unha das maneiras de darlle solemnidade ás lembranzas do pasado. Recréase logo a historia do levantamento da estatua así como anécdotas ao redor do levantamento e tradúcense as inscricións que aparecen nese monumento.

González Tosar, Luís, "De letras errantes", *El Correo Gallego*, "Opinión", 4 xaneiro 2009, p. 2/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 6 xaneiro 2009, p. 31/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 6 xaneiro 2009, p. 25.

Denuncia a falta de recoñecemento dos escritores emigrados, destacando a Delmiro Otero Rivera, un escritor oral recentemente falecido, quen puido ser o grande intérprete das "nosas penas e grandezas, de diásporas e distancias".

González Tosar, Luís, "Ferrín: firme puño de liberdade", *El Correo Gallego*, "Opinión", 8 febreiro 2009, p. 2/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Ao raiar o sol", 10 febreiro 2009, p. 27.

Admira a perseveranza de quen foi o seu profesor de literatura no instituto, Xosé Luís Méndez Ferrín, que aos setenta anos non abandona a súa loita pola liberdade. Lembra dese período a viaxe de fin de curso para asistir ao espectáculo *Luces de Bohemia* en Madrid (1969), así como a posterior toma de contacto, xa na época universitaria, con Carlos Casares e Ramón Piñeiro.

González Tosar, Luís, "Carta a Carlos Casares", *El Correo Gallego*, "Opinión", 1 marzo 2009, p. 2/*Diario de Ferrol*, "Opinión", 2 marzo 2009, p. 24/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 2 marzo 2009, contracuberta/*El Ideal Gallego*, "Opinión", 1 marzo 2009, p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 3 marzo 2009, p. 2.

Mostra ironía nas verbas que González Tosar dirixe a Carlos Casares, que están azoradas polo artigo de Ezequiel Guardiola, "Carlos Casares, Ciudad prostíbulo". Explica que se trata dunha cidade bonaerense co nome do escritor que alberga numerosos "quilombos" ou prostíbulos.

González Tosar, Luís, "María Esther, Piñero e George", *El Correo Gallego*, "Opinión", 29 marzo 2009, p. 2/*Diario de Ferrol*, "Opinión", 31 marzo 2009, p. 24/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 31 marzo 2009, p. 31/*El Ideal Gallego*, "Opinión", 29 marzo 2009, p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 31 marzo 2009, p. 25.

Fala do capítulo "Borges dende o labirinto galego", de Claudio Rodríguez Fer, incluído no volume *Miradas Alleas* (2008), no que non se cita no prólogo a María Esther Vázquez, especialista na relación de Borges con Galicia.

González Tosar, Luís, "Xente nova e leña verde", *El Correo Gallego*, "Opinión", 13 abril 2009, p. 2/*Diario de Arousa*, "Opinión", 14 abril 2009, p. 13/*Diario de Ferrol*, "Opinión", 14 abril 2009, p. 12/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 14 abril 2009, p. 25/*El Ideal Gallego*, "Opinión", 13 abril 2009, p. 12/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 14 abril 2009, p. 25.

Recolle semblanzas da vida e obra de Tucho Calvo, pseudónimo de Xosé Benito Calvo Rego, quen irrompe nas letras galegas con *Froito das lembranzas* (1981), recibindo o Premio Galicia. Destaca, sobre todo, o proxecto que leva a cabo con Carmela González, o Biblos Clube de Lectores comezado en 2000. Explica que se trata dun galardón no que o autor seleccionado recibe os consellos dun escritor consagrado, caso de Iria López Teixeiro, Alberto Ramos, Patricia Casas e Berta Dávila, englobados nunha nova xeración en puxanza.

González Tosar, Luís, "Vindicación de Iglesia Alvariño", *El Correo Gallego*, p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 14 xuño 2009, p. 34.

Dáse conta do centenario do nacemento de Aquilino Iglesia Alvariño. Sinálase que este autor non foi atendido como debía e menciona á súa familia, asociacións, editoriais e algunha institución e autores que si o lembraron, como é o caso de Luciano Rodríguez, Xosé Miranda, Santiago Fernández Prol, Félix Villares Mouteira, Ramón Loureiro e M. Dopico. Entre as institucións noméase o Concello de Abadín, o secretario xeral de Política Lingüística Anxo Lorenzo, o director xeral de Promoción da Cultura Francisco López Barxas, Edicións Xerais de Galicia e os alcaldes da comarca. Menciónase tamén como se desenvolveu o acto de homenaxe organizado polo PEN Clube de Galicia para "axudar a facerlle xustiza a un home bo, o Señor das palabras, un dos grandes".

González Tosar, Luís, "Festa da Palabra", *El Correo Gallego*, 28 xuño 2009, p. 2/*Diario de Ferrol*, 29 xuño 2009, p. 12/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 29 xuño 2009, p. 30.

Fai unha autobiografía en terceira persoa na que comenta que quixo ser poeta. Tamén salienta que formou parte do movemento estudantil compostelán do ano 1972 e que contou coa amizade de Enrique Lister, Ramón Piñeiro, Carlos Casares e Xosé Luís Méndez Ferrín. Refire que, co paso de tempo, xa recoñecido polo concello onde vive, O Irixo, decidiu montar en homenaxe, unha "Festa da Palabra".

González Tosar, Luís, "Riqueza cultural", *El Correo Gallego*, p. 2/*Diario de Ferrol*, p. 26/*El Ideal Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 5 xullo 2009, p. 28.

Tomando citas de Dietrich Schwanitz e Ramón Otero Pedrayo fala da cultura galega e da multiculturalidade en Europa. Di que menciona isto porque a sociedade está nunha época revolucionaria, a dos multimedia, do audiovisual e da globalización. Sinala que Marcos Valcárcel, ao recoller o Premio Otero Pedrayo, recomendou aos gobernantes defender a "nosa" riqueza cultural, como xa sinalaran os "nosos" egrexios devanceiros.

González Tosar, Luís, "Beizón", *El Correo Gallego*, "Opinión", p. 2/*Diario de Ferrol*, "Opinión", p. 27/*Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", p. 31/*El Ideal Gallego*, "Opinión", p. 28/*La Región*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 19 xullo 2009, p. 31.

Dálle as grazas a todos os que o axudaron a crear na aldea de Guimarás, no Irixo, a Insua dos Poetas e mais a I Festa da Palabra. Sinala que tivo os apoios de, entre outros, Manuel Rivas, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Miro Villar, Anxo Angueira, Gonzalo Navaza e Ramón Villares.

González Tosar, Luís, "Aquilino en Darwish", *El Correo Gallego*, p. 2/*Diario de Ferrol*, p. 22/*El Ideal Gallego*, p. 25/*La Región*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 9 agosto 2009, p. 27.

Comenta que, co gallo da celebración do Festival dos Abrazos e do cabodano do

pasamento do poeta árabe Mahmud Darwish, se topou con Miro Villar e que se lembrou de Aquilino Iglesia Alvariño. Deste poeta indica que o centenario do seu nacemento tivo un "inxusto silencio" en Galicia.

González Tosar, Luís, "Adeus, Isidor", *El Correo Gallego*, "Opinión", p. 2/*Diario de Ferrol*, "Opinión", p. 23/*Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", p. 25/*El Ideal Gallego*, "Opinión", p. 25/*El Progreso*, "Opinión", p. 28/*La Región*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 30 agosto 2009, p. 17.

Explica como en 1989 Ursula Heinze e o propio articulista lograron que a literatura en lingua galega fose membro de pleno dereito do PEN Internacional. Asemade, laia a morte de Isidor Cónsul, naquela data secretario do PEN, e destaca a súa amizade e o seu amor por Galicia.

González Tosar, Luís, "Fondas esgazaduras", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 20 setembro 2009, p. 2.

Lembra a figura do galego Antonio Pérez-Prado, con motivo do seu falecemento en Bos Aires. Apunta que atopou nel o seu "guieiro político" e considera que asumiu "a continuidade de Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane e outros grandes de noso".

González Tosar, Luís, "Federico e Eduardo", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 28/"Federico en Blanco Amor", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", p. 2/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 1 novembro 2009, p. 34.

Fai mención a unha "carta aberta a Federico García Lorca", na que os asinantes alertan ao destinatario de que "lobos famentos rondan a súa memoria", aludindo ademais á prohibición por parte dos familiares de Lorca de acceder ao campelo de Fuente Grande. Ademais de criticarlles a actitude, tira "do esquecemento" un artigo do Eduardo Blanco Amor, amigo do escritor, publicado en *El País* en 1978 no que xa atacaba a hipocresía "dos que nos vendían un Lorca armariado, até a eternidade". Apunta que este traballo non foi do gusto dos sobriños do granadino.

González Tosar, Luís, "U-los mecenas?", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 15 novembro 2009, p. 2.

Fala da figura do "mecenas", vinculado ás achegas privadas para a conservación do patrimonio cultural. Ademais de mencionar ao propio Mecenas, fala doutros "empresarios" que contribuíron ao "engrandecemento da humanidade", como Sixto IV, Fernando II, o Conde de Lemos e Manuel Puente. Para rematar, pregúntase onde está o "multitudinario galego" que "arrima o hombro pola Cidade da Cultura".

González Tosar, Luís, "Calas brancas para EBA", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 29 novembro 2009, p. 2.

Relata os últimos momentos da vida de Eduardo Blanco Amor, de quen destaca o seu "corazón de ouro" e a súa "sensibilidade apaixonada". Opina que o escritor ourensán non ocupa a categoría que lle corresponde, por culpa da homofobia latente.

González Tosar, Luís, "Barbarie no Nadal ", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 27 decembro 2009, p. 2.

Achégase unha listaxe de árbores significativas e testemuñas de feitos históricos, entre elas, a figueira plantada por Rosalía de Castro na casa da Matanza e o pisanpo plantado polo pai de Ramón Otero Pedrayo na casa de Trasalba.

Gradín, Tere, "Unha borracheira maxistral", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 605, 4 abril 2009, cuberta.

Celebra o cincuenta aniversario da publicación d'*A esmorga* e o trinta aniversario da morte do seu autor, Eduardo Blanco Amor, en Ourense. Comenta que o autor de *Xente ao lonxe* e da obra poética *Cancioneiro* (1956) publicou *A esmorga* en Bos Aires en 1959 grazas a Luís Seoane.

Graña, Farruco, "Creación e difusión literaria: Praza dos Libros", *Xornal de Galicia*, "Opinión", 24 agosto 2009, p. 41.

Reflexiona sobre a inspiración e mais sobre o xenio creativo e destaca que toda obra de arte implica unha especial relación entre o artista e o público. Apunta que a lingua galega debe manter aceso o facho da iniciativa "Praza dos Libros" e subliña que cómpre superar o modelo de Feira do Libro ao uso.

Guede Oliva, Manuel, "Limiar a *Pequenos infinitos*", *La Región*, "Opinión", 10 xaneiro 2009, p. 22.

Eloxia o poemario *Pequenos infinitos* (2008) e a súa autora Carmen Pereiras, a quen considera que inzada na tradición de Valentín Lamas Carvajal, Ramón Otero Pedrayo e Eduardo Blanco Amor, entre outros, afonda na conciencia colectiva da cidade de Ourense.

Gutiérrez, Eduardo, "Lembrando a Carballo Calero", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 31/*El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 25 marzo 2009, p. 29.

Recupera lembranzas sobre Ricardo Carballo Calero, como é o caso do último discurso pronunciado na XX Feira do Libro Galego "A poesía galega e o cometa Halley" e algunha carta da súa correspondencia con Francisco Louza.

Gutiérrez, Eduardo, "Un requiem galego", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 25/*El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 22 xullo 2009, p. 27.

Describe como serían as sete partes dun "Requiem galego", a partir de "Un Requiem Alemán", de J. Brahms. Comenta que as sete partes estarían formadas respectivamente por textos de Rosalía de Castro; Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e *Sempre en Galiza* (1944); o poema "A loita pola Patria", de Iago González; un laio pola emigración; Ramón Otero Pedrayo; un texto do cura de Fruíme ou de Ricardo Carvalho Calero sobre as ameazas da lingua galega; e, como peche, un texto tirado d'*O Mariscal* (1926), de Ramón Cabanillas.

Gutiérrez, Eduardo, "Regreso ao futuro", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 19/*El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 23 decembro 2009, p. 29.

Co gallo do cincuenta aniversario do nacemento de Lázaro Zamenhof, creador do Esperanto, opínase sobre a situación da lingua galega e os camiños da normalización. No desenvolvemento do discurso recóllense algúns dos versos do poema introdutorio do volume *Aires da miña terra* (1880), no que Manuel Curros Enríquez defende ferventemente o galego.

Harguindey Banet, Henrique, "Ese rapaz de Vigo", *Faro de Vigo*, "Opinión", 8 decembro 2009, p. 23.

Destácase o labor a prol do galeguismo de Francisco Fernández del Riego, a quen se considera o refundador do galeguismo baixo a ditadura de Franco. Tamén se lembra o seu papel como difusor da cultura e literatura galegas a través da súa abondosa biblioteca.

Iglesias, Bieito, "Sedición", *El Correo Gallego*, "Sociedad", "Pan e coitelo", 31 decembro 2009, p. 64.

Considera que todo artista verdadeiro e revolucionario é sedicioso, independentemente da súa ideoloxía política, polo que afirma que aínda que Xosé Luís Méndez Ferrín honraría á Academia Galega se aceptase presidila, coa súa obra está a rexeitar todo o que significa esta institución.

Iglesias, Óscar, "Posibilidades dun Valente galego", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 febreiro 2009, p. 7.

Denuncia a falta dunha biografía de José Ángel Valente fronte á abundancia de estudos arredor da súa poética obviando, por exemplo, a súa relación con Vicente Risco (*Sete cántigas de alén*, 1981), poemas coma "Finisterre" e "Na mar de Vigo", así como diversas cartas con autores galegos.

Iglesias, Óscar, "Que fará a Academia?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 26 xuño 2009, p. 7.

Primeiramente coméntase que coa chegada do Día das Letras Galegas 2010 xurdirán moitas preguntas entre os académicos sobre se convén que sexa un día non laborábel ou a súa operatividade como un acto cívico. Tamén se indica que será máis significativa a súa celebración debido ás medidas de desprotección do idioma que por primeira vez se toman dende a Xunta de Galicia e que, tras barallar moitos nomes, se escolleu a figura de Uxío Novoneyra. Aseguir indícanse os diversos motivos que levaron a varios académicos a decantarse por el e non por Ricardo Carvalho Calero e fálase brevemente da traxectoria deste último dentro do reintegracionismo apuntando esta como unha das causas de que non fose escollido.

J. A. O., "La emigración con ojos de mujer", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 609, 30 maio 2009, p. 3.

Destaca que *Luces de la diáspora*, da cubana Elba Torres, realiza unha descrición biográfica breve de trinta mulleres que teñen como nexo de unión a emigración ou o exilio. Indica que entre elas están presentes as galegas María Casares, Maruja Mallo e La Bella Otero. Explica que a autora se achega á vida destes personaxes femininos desde o respecto e a admiración.

Jaureguizar, Santiago, "Os escritores galegos deberían ser zombies", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo Mol", 5 xaneiro 2009, p. 63.

Propón novas perspectivas de escrita para os autores e autoras galegos. Reivindica a literatura galega contemporánea e as homenaxes en vida aos escritores e escritoras que as merezan.

Jaureguizar, Santiago, "Cando espertei a novela aínda seguía alí", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo Mol", 10 abril 2009, p. 64.

Refírese a aquelas novelas da literatura universal que alcanzaron un maior número de páxinas, incluíndo as galegas. Di que o primeiro record foi para *Sempre me matan* (1995), de Alfredo Conde, con 490 páxinas e que no ano 2008 Xosé Carlos Caneiro chegou ás 706 páxinas, con *A vida nova de Madame Bovary*. Como membro do xurado do Premio Blanco Amor de Novela longa, recomenda unha renovación das bases deste certame.

Jaureguizar, "O policía que se inspiraba no doutor Spock", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo mol", 30 maio 2009, p. 67.

Sinálase a pouca utilidade que teñen os congresos de escritores. Dáse conta da intervención de Xosé Miranda en defensa da ciencia como elemento ligado á fantasía. Cóntanse posteriormente os casos de lectores-autores de ciencia-ficción que asesoran a distintos departamentos institucionais pois só eles, segundo Arthur C. Clarke, "son competentes para discutir as posibilidades do futuro".

Jaureguizar, "James Joyce aburre mesmo'twiteado", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo mol", 4 xullo 2009, p. 66.

Dáse conta da chegada no estío de moitas novelas e sinala o caso de autores galegos coma Antonio Riveiro Coello que só poden escribir en verán a causa do traballo. Afonda logo na nova corrente de publicación de literatura na que se está a converter a rede de microblogs Twitter.

Jaureguizar, "Os escritores que deixan de selo", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo mol", 11 xullo 2009, p. 60.

Fálase dos "bartleby", nome acuñado por Enrique Vila-Matas para definir aos escritores e escritoras que abandonan a escritura. Sinálanse a continuación os casos galegos de Gonzalo Rodríguez Mourullo e Luís Xosé Pereira.

Jaureguizar, "Aventuras", *El Progreso*, "*Verano*", "¿Qué leer?", "Os meus face-books", 8 agosto 2009, p. 33.

Lémbrase das súas lecturas estivais na biblioteca de Foz, na que tiña como superheroe a Xico coa súa Xiconave. Tamén se refire á bibliotecaria que había naquela altura e pregúntase qué será dela hoxe en día.

Jaureguizar, "Rosalía era unha neocon", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Libros", 12 setembro 2009, p. 60.

Alude ao abandono da escrita en lingua galega que comezou Alfredo Conde no verán de 2009 e comenta que a iniciou cando enviou dende un xornal "cartas de noivo humillado". Compara esta postura coa de Rosalía de Castro.

Jaureguizar, "As traducións por diante", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Libros", 3 outubro 2009, p. 81.

Considera que o erro da Feira da Habana foi ir sen versións dos clásicos galegos en español e comenta que á Feira de Frankfurt ou ao Liber do 2009 deberían ir supervendas actuais como Domingo Villar ou Benigno Campos mais que a realidade é que van autores como Alfredo Conde, Vicente Araguas, Xosé Carlos Caneiro e Luísa Castro.

Jaureguizar, "A noite na que fun Ánxel Fole", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 28 novembro 2009, p. 70/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ollo mol", 3 decembro 2009, p. 4.

Expresa a súa desconformidade co costume de que os escritores dediquen os seus libros e comenta unha anécdota persoal, acontecida na presentación dunha recompilación de artigos de Ánxel Fole que lle tocou presentar xa que o autor, Alfonso Riveiro, non puido estar presente. Explica que, cando un dos asistentes lle pediu que lle asinara un

exemplar, o propio articulista, a pesar de insistir que non era o autor, viuse na obriga de simular a súa sinatura para contentar a esta persoa.

Jaureguizar, "O conto que non escribín", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 12 decembro 2009, p. 72.

Considera que se ve pouco ético en literatura que os escritores conten cun equipo de colaboradores, como ocorre no caso de grandes mestres da pintura, por exemplo, que adoitaban contar con obradoiros de axudantes. Tirando deste fío, comenta que un dos seus contos, titulado "Un norit", pertencente a un libro de relatos de 1995 intitulado *Fridom spik*, xurdiu dunha frase que pronunciou a súa muller.

Jaureguizar, "Ferrín contra os 'os charlies", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 19 decembro 2009, p. 88.

Especúlase coa posibilidade de que Xosé Luís Méndez Ferrín poda ser o novo presidente da Academia Galega. Considera ao respecto que, aínda que Ferrín terá os seus desencontros coa Xunta de Galicia, será un firme defensor do idioma contra os que queren reducir o seu uso público.

Jaureguizar, "Sen novidade nas Tabernas", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 26 decembro 2009, p. 64/"Sen novidade", *Diario de Pontevedra*, "Ollo", 28 decembro 2009, contracuberta.

Afírmase, en relación ao postulamento de Xosé Luís Méndez Ferrín como novo presidente da Real Academia Galega, que a Xunta de Galicia prefire outro candidato. Confía en que Méndez Ferrín asumirá o que supón este cargo e enumera a lista de todos os aspectos nos que terá que traballar.

Jaureguizar, Santiago, "O home entre o millón", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ollo mol", 21 outubro 2009, p. 4.

Refírese á concesión dos Premios Nobel de Literatura e opina que chegou "no seu día a ser un galardón para bos escritores" e que agora é "un medio máis de denuncia política". Logo de reflexionar sobre esta afirmación, apunta que esa "devoción pola rareza" é o que lle leva a confiar na posibilidade de que un autor galego obteña o galardón. Indica que Xosé Luís Méndez Ferrín, o candidato "ano tras ano", é "todo o que temos presentable". A continuación, manifesta que logo da indiferenza que sofre o sistema literario galego, "Rivas é a nosa posibilidade entre un millón".

Jaureguizar, Santiago, "O outro fillo do muiñeiro", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Libros", 24 outubro 2009, p. 67.

Di con ironía que ser fillo de muiñeiro é "unha condición moi á moda" e menciona á plataforma ProLingua, liderada "polo fillo do muiñeiro do Castro", Xabier Docampo,

quen recibirá unha homenaxe no Muíño do Rañego. Considera que o escritor nunca figura nos debates dos blogs sobre literatura galega, nas candidaturas aos Premios Nobel nin nos estudos sobre Narrativa. Sinala que ten un "dominio técnico da narración superior á de moitos que figuran nos blogs, nas candidaturas e nas teses de filoloxía". Remata cunha anécdota que lle aconteceu xunto a Docampo na Feira do Libro de Chantada.

Jaureguizar, Santiago, "Molina cruza o río toldo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ollo mol", 11 novembro 2009, p. 4.

Alude á anécdota do que lle aconteceu a Alexandre Magno cruzando un río no norte da India, para se referir ao cometido do Ministerio de Cultura, un "ente baleiro que ten por todo propósito a diplomacia e o protocolo". Menciona a Ángeles González-Sinde e mais a César Antonio Molina, de quen di que acaba de "cualificarse como 'O Alexandre Magno da Cultura Española" e a quen lle critica a "capacidade para loarse a un mesmo". Manifesta, entre outras cousas, que a cultura galega ten que "agradecerlle que situase o foco sobre os nosos creadores para lograrmos uns cantos premios nacionais".

Jaureguizar, "Caramelos para o libro-e", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Libros", 14 novembro 2009, p. 70.

Refírese ao libro electrónico e celebra que as editoriais Edicións Xerais de Galicia e Galaxia ofrezan as obras de autores galegos en "código binario" para que a literatura galega "non quede atrás nesta fraga incerta". Sostén que o libro electrónico vai estar "encriptado" e manifesta que en "Labrokes" as únicas apostas que faría serían "as do tempo que tardarán en rebentar esas claves".

Jaureguizar, Santiago, "Sen novidade nas Tabernas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ollo mol", 31 decembro 2009, p. 4.

Anuncia que o vindeiro presidente da Real Academia Galega será Xosé Luís Méndez Ferrín e considérao como o candidato idóneo mesmo para aqueles que non "sentimos a máis mínima motivación pola súa obra". Respecto á celebración do Día das Letras Galegas, opina que non debería cinguirse a autores falecidos nin ser unha xornada festiva.

Latas, Ramón, "Mm-mm de Breogán...", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "O abrelatas", 4 abril 2009, p. 27.

Coméntanse as connotacións políticas do himno galego, "Nazón de Breogán", último verso da cuarta estrofa do épico poema de Eduardo Pondal.

Lecer, "Palestina desde Miguel Anxo Murado", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 743, "O personaxe", 11 xaneiro 2009, contracuberta.

Coméntase que Miguel Murado, xornalista, guionista e escritor, ten publicados varios libros sobre o conflito entre Israel e Palestina: *Fin de século en Palestina* (2008) e *La segunda Infantida, Historia de la revuelta*. Faise ademais un percorrido pola súa obra dende 1986, salientando obras como *De soños e derribos* (1986), *Ruído*. *Relatos de guerra* (1995) e *Mércores de cinza* (1997), entre outras.

Lezcano, Arturo, "Meio século do vinculeiro", *La Opinión*, "Opinión", "Soliloquios", 8 abril 2009, p. 27.

Lémbrase que *A esmorga*, novela considerada clave nas letras galegas, cumpre medio século, sen esquecer que *Xente ao lonxe* (1972) fixo de Ourense "unha das capitais intemporais da literatura universal".

Limia de Gardón, Xabier, "Arte e libros", *La Región*, "Ourense", "Auria et alia", 13 abril 2009, p. 6.

Na primeira parte do artigo fálase de Eduardo Blanco Amor e da súa obra *A esmorga*, destacando o galego "de koiné" das súas páxinas. Na segunda parte, cita *Sempre en Rianxo o soño do barbeiro* (2008), libreto teatral de Andrés Martínez "Pancho" e apadriñado por Isaac Díaz Pardo. Coméntase que a posta en escena tivo grande éxito, así como unha exposición con imaxes de Manuel Antonio, Rafael Dieste, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Brea Segade e Arcos Moldes.

Limia de Gardón, Xabier, "Desde 'A neve do tempo' a la frente pensativa", *La Región*, "Ourense", "Arte et alia", 8 xuño 2009, p. 6.

Refírese a varias obras que a editorial ourensá Linteo vén de publicar. Sinálase, entre outras, *A neve do tempo* (2007), con texto de Alberto Pascual e imaxes de José Antonio Ocaña, ambos os dous inéditos. Descríbese logo a excepcional mestura de texto e imaxe que condensa este último.

Limia de Gardón, Xabier, "Filomena e Sonia", *La Región*, "Ciudad", "Auria et Alia", 12 outubro 2009, p. 9.

Destaca a dúas escritoras afastadas no tempo, Sonia Torre Delgado e Filomena Dato Muruais. Da primeira, dá noticia do Premio Max de Teatro que mereceu en 2008 pola obra *Emigrados*, levada a escena por Teatro de Ningures. Ademais de ofrecer datos biográficos, comenta o seu libro *Mais alá do padal* (2008), que contén diversas ilustracións. Realiza, por outra parte, un percorrido biobliográfico da escritora Filomena Dato. Apúntase que Fernando Román recuperou os seus sesenta e tres poemas en galego.

Limia de Gardón, Xabier, " Santo da barba dourada", *La Región*, "Ciudad", "Auria et alia", 7 decembro 2009, p. 7.

Coméntase, en relación aos actos celebrados co gallo do trinta aniversario da morte do escritor Eduardo Blanco Amor, que co paso do tempo se está mitificando a figura deste autor ourensán.

Lizancos, Plácido, "¿Que é literatura? Entre Manolo Rivas e Saramago", *La Opinión*, "Opinión", p. 28/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Día a día", 11 xuño 2009, p. 4.

Dá conta dunhas conferencias que deron conxuntamente Manuel Rivas e José Saramago. Precisa que Rivas expuxo as lembranzas da súa nenez, mais con excesivos retrousos que ensombreceron a súa intervención. De Saramago sinálase que explicou o significado da literatura, mais considera que deixou fóra numerosos temas interesantes.

Lizancos Santos, Plácido, "Nom omnis moriar': Miguel González Garcés", *La Opinión*, "Opinión", 9 decembro 2009, p. 17/"Nom omnis moriar': Miguel González Garcés (I)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Día a día", 10 decembro 2009, p. 4.

Infórmase da celebración dun recital e dunha conferencia dedicadas ao poeta Miguel González Garcés co gallo do vinte aniversario do seu pasamento. Laméntase de que aínda non se lle teña dedicado un Día das Letras Galegas e apúntase como motivo desta débeda co autor o feito de que pese máis a súa ideoloxía política que a súa obra. Destaca da súa produción o volume *Historia de Coruña*, que se xulga como obra fundamental para interpretar a historia desta cidade durante o século XVI.

Lizancos Santos, Plácido, "Nom omnis moriar': Miguel González Garcés (II)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Día a día", 17 decembro 2009, p. 4.

Defínese a obra de Miguel González Garcés como ecléctica, ás veces hermética e multiforme, profundamente modernista no seu estilo e con riscos existencialistas. En consecuencia, considérase que non pode encadrarse en ningunha escola. Da súa obra literaria destácase *Claridade en que a tentas me persigo*, *Poema do meu mar*, *Bailada dos anxos* e *Poesía galega de posguerra(1939-1975)*.

López Boullón, Xosé Ramón, "Primeiro de abril, a fin da guerra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 1 abril 2009, p. 5.

Fai unha lembranza literaria verbo da guerra civil na que cita títulos coma *A literatura galega durante a guerra civil* (1936-1939), de Claudio Rodríguez Fer; *Guerra Civil (1936-1939) e literatura galega (textos e documentos para unhas xornadas de estudo e debate)*, de Xesús Alonso Montero e Miro Villar; o poemario en prosa *Tanxen os senos*, de Aníbal Otero, e os versos de Luís Pimentel ao fusilamento de Alexandre Bóveda, entre outros.

López Boullón, Xosé Ramón, "Ricardo Carballo Calero", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 22 abril 2009, p. 5.

Ademais de lembrar que o Día das Letras Galegas en 2010 se lle dedicará a Uxío Novoneyra, autor d'*Os eidos* (1955), reclámase tamén a conmemoración desta data para Ricardo Carballo Calero, de quen adxunta os seus labores no ámbito profesional e literario e cita os seus principais traballos filolóxicos.

López Boullón, Xosé Ramón, " Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Retallos dunha época", 2 decembro 2009, p. 5.

Faise un comentario do argumento e dos personaxes da obra máis coñecida e lida de Eduardo Blanco Amor, *A esmorga* (1868), caso do Bocas e o Milhomes, alcumes que dan proba da riqueza lingüística do escritor ourensán.

López López, Xabier, "Illas", *A Nosa Terra*, n.º 1.379, "Cultura", 29 outubro-4 novembro 2009, p. 33.

Reproduce as palabras coas que Xabier Queipo describía o grupo de xente que se clasificou baixo a etiqueta de "Xeración dos 90". Salienta que esta clasificación tivo dende o principio "os seus mentores" e "detractores". Considera que sobre isto funcionan os clixés e os preconceptos. Realiza unha serie de preguntas para opinar que non concibe "menos comprometida unha narrativa que dá por sentado o evidente".

López Silva, Inma, "Galegos con letras", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 16 maio 2009, p. 15.

Celebra que se festexe o Día das Letras Galegas e propón varios motivos mais tamén considera que pode verse un aspecto negativo: que os galegos se agochen nesta celebración sen lembrar que a lingua debe usarse a diario e non só un día ao ano.

Lorenzo, Fran P., "Núñez Feijoo e os catrocentos golpes", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Vai de blog", 30 xullo 2009, contracuberta.

Critica que Alberto Núñez Feijoo se apropie da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao co único fin de desactivar o referente que supón en Galicia e mais co fin de desmontar o pensamento nacionalista galego. Considera isto como doloroso e reflexiona que con esta actitude a estirpe galega será a dos "resilientes".

Loureiro, Ramón, "Namorada noite amiga", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 301, "Letras en galego", 14 febreiro 2009, p. 11.

Tras realizar un breve percorrido biográfico de Aquilino Iglesia Alvariño, destaca o seu labor literario con *Señardá* (1930), *Corazón ao vento* (1933) e *Cómaros verdes* (1947), este último un dos primeiros libros que viron a luz durante a posguerra. Considera que influíu en Álvaro Cunqueiro e salienta a edición que realizou de *Codeseira* (1965), de Xosé Crecente Vega. Tamén recorda que foi mestre e membro da Real Academia

Galega, institución na que entrou pronunciando o discurso "A lingua dos poetas do norte da provincia de Lugo" e que ademais foi moi amigo de Eduardo Noriega Varela.

Loureiro, Ramón, "Casas que un día fueron de escritores", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 335, "Letras", "Ficción", "Velut umbra", 17 outubro 2009, p. 4.

Lembra que no ano 2010 será o centenario do nacemento de Gonzalo Torrente Ballester e de Ricardo Carballo Calero e que no 2011 se celebrará o de Álvaro Cunqueiro. Apunta algunhas das edicións príncipais que ten dos devanditos escritores. A continuación, comenta que a casa de natal de Carballo Calero, en Ferrol, está "tristemente, en ruínas", mentres que as de Torrente, en Serantes, e Cunqueiro, en Mondoñedo, se manteñen en bo estado. Manifesta que lle gusta visitar os lugares nos que viviron aqueles que máis admira. Considera que ás veces a presenza dos autores "más venerados se siente con mayor fuerza en casas en las que no nacieron", mais si naquelas onde escribiron.

Martín, Paco, "As palabras dalgúns días", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 17/*El Progreso*, "Opinión", "Auga lizgaira", 27 xullo 2009, p. 19.

Despois da celebración do Día de Galicia de 2009, reflexiona sobre esta importante efeméride apoiándose en palabras de Uxío Novoneyra.

Martín, Paco, "Defensa da palabra", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 15//*El Progreso*/ "Opinión", "Auga lizgaira", 19 outubro 2009, p. 17.

Fai referencia á obra *Cien años de Soledad*, de Gabriel García Márquez, na que as xentes tiñan que encher de palabras o seu mundo novo até conseguir que se "soubesen das cousas mesmo cando non estaban á vista". A continuación, sinala que agora "nós somos quen somos precisamente porque temos as palabras". Reproduce unhas verbas de Álvaro Cunqueiro nas que louva ao señor Deus por terlle dado "o don da fala nosa" para rematar esta defensa do idioma galego

Mayoral, Marina, "A sombra da Inquisición", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Páxinas soltas", 19 xuño 2009, p. 17.

Dáse conta do intento fallido da Comisión Episcopal para a Doutrina da Fe de condenar a obra do teólogo galego Andrés Torre Queiruga. Sinálase que Torres Queiruga, ademais de pertencer á Real Academia Galega, ao Consello da Cultura Galega, así como ao consello de redacción de numerosas revistas, conta con varias obras traducidas a diferentes idiomas.

Maure Rivas, Xulián, "Coa forza do fento", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 14, "Para os que penan na Galicia (anti)bilingüe", 14 marzo 2009, contracuberta.

Fala do conflito lingüístico (bilingüismo galego-castelán) comparando a situación con outros países europeos, onde as linguas propias gozan de maior importancia. Como

exemplo desta riqueza, sinala a posibilidade de gozar da literatura, tamén bilingüe, de autores coma Rosalía de Castro, Federico García Lorca e Bieito Iglesias.

Maure Rivas, Xulián, "150 títulos gratis", *Xornal de Galicia*, "Opinión", 17 setembro 2009, p. 46.

Detalla que agora se está a introducir o libro electrónico, mais que dende o ano 2000 se poden ler de balde os clásicos da literatura universal en lingua galega, dende Cicerón até os clásicos chineses, grazas á oferta da Asociación de tradutores galego no seu portal <www.bivir.com>.

Méndez, Roberto G., "La literatura debe buscar el espectáculo para competir con la Play y el deuvedé", *El Correo Gallego*, "Esta boca es mía", 15 febreiro 2009, contracuberta.

A raíz da mención do libro de Jaureguizar *O globo de Shakespeare* (2008), leva a cabo unha crítica contra o lectorado actual pola súa inconstancia e falta de motivación. Sobre o escritor de orixe vasca di que é dos poucos que defende a literatura como forma de ocio fronte a outras aspiracións máis intelectuais, sen que isto repercuta na calidade das súas novelas.

Méndez Ferrín, X. L., "De acordo con Beramendi", *Faro de Vigo*, p. 24/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 9 xaneiro 2009, p. 27.

Manifesta a súa satisfacción polo feito de que no ano 2008 foran galardoados dous escritores galegos co Nacional de literatura: Agustín Fernández Paz, na modalidade de Literatura Infantil e Xuvenil, e Justo G. Beramendi, en Ensaio. Dedica o resto do artigo a un breve resumo da última obra de Beramendi sobre a historia do nacionalismo galego, *De provincia e nación* (2007).

Méndez Ferrín, X. L., "Amigo morto", *Faro de Vigo*, p. 27/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 23 xaneiro 2009, p. 30.

En lembranza de Manuel Riveiro Loureiro, cualificado coma excelente narrador de historias, fai un percorrido polo seu particular "Libro dos amigos": Xoán Casal (narrador), Xosé Antón Arxana e Reimundo Patiño Mancebo (políticos), Avilés de Taramancos, Xosé Luís Aranguren ("secreto escritor"), dubidando do paradoiro doutros coma o pintor Afonso Gallego Vila e María Cremaes.

Méndez Ferrín, X. L., "O paraninfo da memoria", *Faro de Vigo*, p. 17/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 16 febreiro 2009, p. 18.

Coméntase que, no discurso de ingreso na Real Academia Galega, Margarita Ledo rememorou figuras destacadas da literatura nacional. Di que lle fixo recordar os seus

anos mozos compartidos con mestres e literatos coma Xesús Alonso Montero, Ramón Otero Pedrayo, Álvaro das Casas e Francisco del Riego, entre outros.

Méndez Ferrín, X. L., "Avelino Abuín de Tembra", *Faro de Vigo*, p. 27/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 6 marzo 2009, p. 26.

Lembra a Avelino Abuín de Tembra coma unha ponte para o coñecemento do acontecer portugués, e que lle enviaba artigos dende Lisboa para o *Faro de Vigo*. Tamén salienta que foi creador tanto dos Xogos Florais Minerva do Colexio Peleteiro coma do galardón Pedrón de Ouro. Da súa obra poética salienta *Home ao pairo* (1974) como o seu favorito. Remata sinalando a súa orixe común, Dodro, con outros literatos galegos: Eusebio Lorenzo Baleirón, Moncho Reboiras e Anxo Angueira.

Méndez Ferrín, X. L., "Curros na tradición", *Faro de Vigo*, p. 23/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 20 marzo 2009, p. 13.

Analiza o feito de que, arredor de figuras coma as de Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez, xurdiran unha serie de "lendas" que se tornaron verdadeiras: Rosalía, filla dun crego e Curros, fillo dun pai violento e reaccionario. Mesmo relata como a xente do pobo recorda a Curros polos versos satíricos escritos cando era un neno.

Méndez Ferrín, X. L., "Sobre o Padre Feixóo", *Faro de Vigo*, p. 28/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 3 abril 2009, p. 29.

Realízanse unha serie de apuntamentos sobre o Padre Feixóo explicando que o seu apelido, "feixón", significa "faba pequena". Ademais desmente certos datos da súa vida: a recreación fabulosa da súa cela e localizar o seu lugar natal en Casdemiro, no val do Miño, en lugar de en Ourense.

Méndez Ferrín, X. L., "Precisións darwinianas", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 605, "No fondo dos espellos", 4 abril 2009, p. 4.

Con motivo dos cento cincuenta anos da publicación d'*A orixe das especies mediante a selección natural*, de Charles Darwin, coméntase a relación epistolar entre este e o naturista galego López Seoane, limitada porén a unha soa carta. Por outra banda, destácase o namoramento de Emilia Pardo Bazán con González Linares, participante en contra da teoría darwiniana. Finalmente, dedica unhas liñas ao "urso" (termo para definir o oso, segundo Seoane), animal abundante noutrora na fronteira galega. Así, destaca a Uxío Novoneyra e Antonio Fernández Morales en *Ensayos dialécticos en dialecto berciano* (galego oriental), unha das primeiras mostras da literatura galega no século XIX, eloxiando o poema "Caza Maior" alí contido.

Méndez Ferrín, X. L., "Eloi Lozano", *La Opinión* , "Opinión", "Os camiños da vida", 17 abril 2009, p. 33.

Rende homenaxe póstumo a Eloi Lozano, escultor, debuxante e cineasta, amigo a quen lle emprestou o argumento da novela *Retorno a Tagem Ata* (1987) para realizar un filme. Comenta que non foi a única ocasión na que traballaron xuntos, pois escribiu uns poemas aos seus debuxos para a obra *Erótica*.

Méndez Ferrín, X. L., "Regionalismo sano y bien entendido", *Faro de Vigo*, p. 33/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 24 abril 2009, p. 28.

Afirma que as citas de certos autores determinan os discursos en canto á política se refire e pon exemplos de literatos afíns a un e outro bando coma Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Rosalía de Castro e Ramón Piñeiro. Conclúe que as figuras políticas empregan certos personaxes avalando discursos ás veces en contradición.

Méndez Ferrín, X. L., "Panificadora", *Faro de Vigo*, p. 25/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 1 maio 2009, p. 27.

Recoméndase unha das novelas que é máis do seu gusto, *Panificadora* (1994), de Xosé Cid Cabido. Coa obra como pano de fondo, lembra esta empresa que existiu en Vigo e que imprimía un forte carácter a unha parte da cidade. Sinala que agora se está tentando recuperala, grazas ao labor de numerosas persoas.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Acoutacións á 'Esmorga' con D. Ramón e outra xente ao lonxe", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 231, "No fondo dos espellos", 2 maio 2009, p. 1.

Contribúese ao cincuenta aniversario da publicación d'*A Esmorga* cuns escolios solicitados polos lectores. No primeiro dos cinco apartados dos que se compón, titulado "De graxos a proletarios", recóllense anécdotas da xente marxinal no Ourense do século XIX. A seguir, sitúase o tempo narrativo d'*A Esmorga* en 1868, período revolucionario que abriu un novo escenario en Galicia e España. En "O título da novela" explícase como coincidencia o título da obra de Eduardo Blanco Amor e o escrito por Ramón Otero Pedrayo en *Dende o espolón de Ourense* (1959), que di literalmente "as esmorgas tabernarias dos graxos da Burga". En "Stuyk e Andrada", relaciona a figura de Enrique Gómez Stuyk, que Otero rememora, coa do Andrada d'*A Esmorga.* Finalmente, en "O cachoupiño", reconstrúese este baile ourensán que aparece citado nas obras dos dous autores. Nun á parte a pé de páxina recóllese o envío ao "Fondo dos espellos" de dúas publicacións de Otero Pedrayo, *Dende o espolón de Ourense* (1959) e *En el palco hacia el XIX* (1967).

Méndez Ferrín, X. L., "Proteccionismo cultural", *Faro de Vigo*, p. 15/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 4 maio 2009, p. 13.

Critícase a difusión da crenza de que a literatura galega está sobreprotexida. Demóstrase expoñendo os actos altruístas aos que se someten os autores galegos. Compara a bonanza económica da literatura española fronte á galega e repasa a desidia dos anteriores gobernos nese eido.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Juan Vidal Fraga", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 26 xuño 2009, p. 25.

Sinala que a propósito dos sucesos de Irán lle veu á memoria o recordo do seu compañeiro Juan Fraga ao redor de 1950. Precisa que era bibliófilo, que estaba emparentado con Ramón Cabanillas e posuía unha gran sabedoría.

Méndez Ferrín, X. L., "De Bernardino a Novoneira", *Faro de Vigo*, p. 14/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 29 xuño 2009, p. 18.

Exprésase satisfacción pola designación de Bernardino Graña como membro numerario da Real Academia Galega e lémbrase que, xunto ao autor do artigo, pertenceu á xeración poética das Festas Minervais, dando conta da importancia desta no panorama literario galego. Ao tempo tamén se expresa a ledicia de que fose Uxío Novoneyra, tamén membro da xeración nomeada e amigo dos dous poetas anteriores, o escollido como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2010.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Torre de Breogán", *La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 13 xullo 2009, p. 13.

Dáse conta do galardón outorgado á Torre da Coruña, tamén chamada de Hércules. Sinálase que o nome que lle corresponde é o de Torre de Breogán, e achega os datos recollidos no *Libro das Conquistas de Irlanda* para explicalo.

Méndez Ferrín, X. L., "Galicia de ermo", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", p. 14/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 20 xullo 2009, p. 11.

Comenta as vistas que existen hoxe en día dende a torre de Vilanova dos Infantes e compáraa coa que tiña dende ese mesmo lugar durante a súa infancia. Destaca a situación crítica do agro galego, insiste en que xa non se albiscan vacas e recalca que Galicia só quere producir leite en liberdade. Refírese á obra *Un millón de vacas* (1989), de Manuel Rivas, como mostra da situación do mundo rural galego antes de que se chegase ao estado actual do agro galego.

Méndez Ferrín, X. L., "Exasperación galegófoba", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 25 xullo 2009, p. 33.

Critica a postura de Alberto Núñez Feijoo de levar á lingua e á cultura galegas á centralidade pública cunha permanente exasperación galegófoga. Subliña o discurso antigalego do presidente da Xunta de Galicia e destaca que está a insultar ao pobo galego ao afirmar que os escritores en lingua galega deben deixar de ser monolingües e facer o que fixo James Joyce.

Méndez Ferrín, X. L., "Sobre as putas da Moureira", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 618, "No fondo dos espellos", 1 agosto 2009, p. 4.

Realiza unha reflexión sobre o mítico barrio da prostitución pontevedresa do Campo do Boi ou da Moureira e o seu centro simbólico, o bar das Tres columnas, despois de ter lido *As tres columnas. Crónica sentimental da moureira das putas* (2008). Destaca que neste volume de Sabino Torres se describe con "precisión poética e con inmensa tenrura" este universo fechado que comezou a desaparecer en 1956, coincidindo coa marcha do articulista da cidade de Pontevedra.

Méndez Ferrín, X. L., "Lástima de bois!", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", p. 12/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 3 agosto 2009, p. 11.

Describe que no libro *As tres columnas*. *Crónica sentimental da moureira das putas* (2008), de Sabino Torres, se describen curiosas noticias sobre o misérrimo universo taurino da cidade de Pontevedra. Destaca que as touradas son unhas celebracións alleas ao pobo galego, que é partidario da demolición da praza de touros de Pontevedra e mais que o único beneficio que trouxeron as touradas á Cidade do Lérez foi a creación da revista *Litoral*.

Méndez Ferrín, X. L., "O neno e as daifas", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 619, "No fondo dos espellos", 8 agosto 2009, p. 4.

Comeza falando de libros en latín e en español que evocan á cidade de Pontevedra. A seguir, céntrase na memoria literaria de Pontevedra que supón a publicación d'*As tres columnas*. *Crónica sentimental da moureira das putas* (2008), de Sabino Torres. Tamén reflexiona sobre as súas lembranzas de neno do espazo da prostitución no Campo do Boi e sobre o seu estabelecemento principal, o cafetín das Tres Columnas.

Méndez Ferrín, X. L., "Rivas académico", *Faro de Vigo*/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 10 agosto 2009, p. 12.

Refírese con ledicia ao ingreso de Manuel Rivas como membro numerario da Real Academia Galega. Destaca o seu labor a prol da lingua galega e comenta que os seus textos, en Galicia e no estranxeiro, gozan do favor dos seus fieis lectores.

Méndez Ferrín, X. L., "A vinganza de Manilo", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 620, "No fondo dos espellos", 15 agosto 2009, p. 4.

Co gallo da publicación d'*As tres columnas*. *Crónica sentimental da moureira das putas* (2008), detalla a historia de dous homosexuais no mundo pontevedrés da Mourería. Detalla como o homosexual Benito do Borrón foi asasinado polo médico franquista Víctor Lis Quibén e que despois outro homosexual, chamado Manilo, se vingou disto un martes de Entroido cando se puxo a bailar, disfrazado de muller, co asasino de Benito Borrón. Explica que este pensaba estaba a bailar cunha muller e que despois dunha serie

de apalpamentos Manilo berrou: “son Manilo, cabrón”, o que provocou unha gargallada xeral e a fuxida do asasino franquista.

Méndez Ferrín, X. L., “De ciencia literaria en Galicia”, *La Opinión*, “Opinión”, “Segunda feira”, 17 agosto 2009, p. 13.

Láiase de que en Galicia non exista un Museo Nacional de Ciencias Naturais, como acontece en Cataluña. Apunta que o padre Sarmiento é a esencia da literatura galega e tamén da ciencia en galego.

Méndez Ferrín, X. L., “Franco fóra da nosa Academia”, *Faro de Vigo*, p. 12/“Fóra da nosa academia”, *La Opinión*, “Opinión”, “Segunda feira”, 24 agosto 2009, p. 11.

Comenta que tanto a RAG como a USC lle van retirar a Franco os nomeamentos de presidente de honra e amosa o seu apoio a esta medida dado que foi o “galego que máis daño lle fixo a Galicia en todos os días da súa Historia”.

Méndez Ferrín, X. L., “A conexión vasca”, *Faro de Vigo*, p. 27/*La Opinión*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 28 agosto 2009, p. 24.

Reflexiona sobre a relación entre o nacionalismo vasco e o galego e indica que esta conexión é vella con Galeuska e mais con persoas como Ramón Piñeiro e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Apunta que escritores en éuscaro, como Gabriel Aresti e Bernardo Atxaga, aman e traducen ao galego as súas obras.

Méndez Ferrín, X. L., “Cos corpos e as almas que tiveran”, *La Opinión*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 11 setembro 2009, p. 25.

Destaca que o actual presidente da Xunta de Galicia. Alberto Núñez Feijoo, está a desactivar todo o traballo feito a prol da lingua galega nos últimos anos e considera que está a facer o que non puido facer Domingo García-Sabell. Coida que a súa pretensión é que Galicia perda a súa identidade e o seu orgullo e mais que está a levar a cabo unha política cultural onde a literatura galega se presenta como “provinciana” e subsidiaria de Madrid.

Méndez Ferrín, X. L., “Vieiros’: revista”, *Faro de Vigo*/*La Opinión*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 2 outubro 2009, p. 28.

Repasa a historia da revista *Vieiros* e cualificaa como a obra pública máis considerábel dos refuxiados galegos en México. Tamén comenta a importancia do exilio político e intelectual galego en Buenos Aires con figuras como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Luís Seoane e Rafael Dieste.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Bonaval", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", p. 14/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 19 outubro 2009, p. 11.

Informa da visita ao Museo do Pobo Galego, a partir da que relata as súas impresións. Refírese, entre outras cousas, ao panteón de homes e mulleres ilustres de Galicia e indica que este nunca funcionou de modo satisfactorio pois certos persoeiros "terminaron enterrados en moi diversos lugares da nosa xeografía". Denuncia que nunca houbo un regulamento protolocolario do panteón. Afirma que se trata dun espazo de dominio público que "pasou diante dos nosos ollos a mans eclesiásticas ás que nunca pertencera". Para rematar, comenta que alí visitou dúas exposicións e considera que esta é "a primeira vez que o Museo do Pobo Galego se abre á dimensión ecuestre" da cultura galega.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Anisia Miranda", *Faro de Vigo/La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 30 outubro 2009, p. 28.

Menciónase a morte de Anisia Miranda, de quen recupera algunhas das súas pasaxes biográficas vividas na emigración, primeiro na Habana e despois en Bos Aires. Destaca a creación da empresa "Follas Novas", en Bos Aires, xunto seu home, Xosé Neira Vilas, e o seu labor constante como "editora, ensaísta, autora de libros infantís e xuvenís" na Habana. Así mesmo, dá conta da súa actividade e do regreso definitivo da parella á terra de Gres. Opina que Miranda nunca foi só "unha acompañante" de Neira Vilas, pois soubo manter "a propia identidade literaria e a forma dunha personalidade inconfundíbel".

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Memorias de 'Vieiros", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 256, "No fondo dos espellos", 31 outubro 2009, contracuberta.

Comenta que as Redes Escarlata celebraron os cincuenta anos da fundación da revista *Vieiros* en México cun coloquio en Celanova. Ofrece ademais datos desta publicación, da que saíron publicados catro números entre 1959 e 1968. Considera, entre outras cousas, que *Vieiros* aparece "como un espello do fondo do seu tempo" e que traspareceron nela os cambios e os sucesos históricos. Explica que a celebración do Congreso da Emigración polo Consello de Galiza, que deu lugar á *Declaración final do Congreso*, asinada por Ramón Súarez Picallo, supuxo a ruptura cos galeguistas "do Interior" (aqueles que estaban arredor de Ramón Piñeiro e ao círculo Galaxia) ao non recoñeceren "a autoridade superior do Consello de Galiza". Ademais, sinala que entre os importantes movementos suscitados polo Congreso, estivo a fundación do Padroado da Cultura Galega de México, quen difundiu e creou a nomeada revista.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Fin de 'Vieiros", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 631, "No fondo dos espellos", 31 outubro 2009, p. 4.

Comenta algúns dos movementos e accións político-sociais que "ecoan" nos dous últimos números da revista *Vieiros*, saídos en 1965 e 1968, respectivamente. Contextualiza a época, destacando, entre outros datos, a creación da UPG en 1963 "por oposición ao piñeirismo", as "redes de resistencia" que tiveron lugar a partir de 1963, a

homenaxe-despedida de Celso Emilio Ferreiro en 1966 e o Movemento Universitario de 1968 en Santiago de Compostela.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Catolicismo e franquismo literario", *Faro de Vigo*, p. 13/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 9 novembro 2009, p. 11.

Contéstalle a un comunicante anónimo que o acusa de chamarlle "franquistas aos escritores católicos ingleses" para enlazalo finalmente coa cuestións dos católicos no galeguismo. Manifesta que só unha "mínima porción de galeguistas católicos" marcharon do seu partido cando este se inclinaba cara ao Fronte Popular. Así, sinala que eses disidentes formarían a chamada "Dereita Galeguista" e que só unha "parte ínfima" deste partido entrou a formar parte do "Movimento Nacional franquista". Para rematar, comenta que o tipo de intelectual e político que apoiara inicialmente o bando franquista e pasara a participar abertamente na oposición, non existiu nin aparece "no campo literario e cultural" de Galicia.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Fernández Ferreiro onda o Sil", *Faro de Vigo*, p. 29*/La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 13 novembro 2009, p. 28.

Con motivo da homenaxe que o PEN de Galicia lle vai render a Xosé Fernández Ferreiro, rememora aspectos biobibliográficos deste escritor, como son ser membro do grupo Brais Pintos e do núcleo ourensán "Xente Nova", ser escritor de "prosas memorabeis de carácter máis ben onírico" que publicou en *Vieiros*, e autor dos libros *Ribeirana do Sil* (1952), o seu primeiro libro poético, e *A Noite* (1959), segundo libro da colección "Brais Pinto". Destaca de Fernández Ferreiro a súa experiencia lectora e o coñecemento cinéfilo e sinala que a súa prosa é realista, malia abrollar tamén "unha vea de interiorismo surreal e onírico".

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "O poeta das masas", *Faro de Vigo*, p. 14*/La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", 16 novembro 2009, p. 12.

Lembra a Ramón Cabanillas, homenaxeado ao se cumprir cincuenta anos do seu pasamento. Volta a vista á súa mocidade para recordar o momento no que o cambadés foi coroado de loureiro en Padrón, o enterro e a inauguración posterior do monolito en Cambados, en memoria do escritor. Sinala que seguiu sendo o poeta de "Masas e Nacional" e que foi un autor moi querido porque "soubo como ningún dar formar aos desexos e vivencias de moitos". Apunta ademais que a súa lingua "representa o modelo literario contemporáneo" e anota que Manuel Antonio, no seu manifesto *Mais alá* (1922), non tomou distancias de Cabanillas de forma explícita.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Adiante, semanario", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 634, "No fondo dos espellos", 21 novembro 2009, p. 4.

Comenta o único exemplar aparecido de *Adiante*, semanario que foi portavoz da Mocedade Galeguista de Celanova durante a República. Supón que este primeiro número "foi tamén o derradeiro" e precisa que leva por data o 5 de xaneiro de 1933.

Parécelle curioso que este xornal "gozase dunha propaganda" nos muros da Igrexa de Celanova até os nosos días. A continuación, comenta as colaboracións deste exemplar "predominantemente ideolóxico" de Celso Emilio Ferreiro, Xosé Velo, Vicente Risco, Xosé Filgueira Valverde e Ramón Otero Pedrayo, entre outros.

Méndez Ferrín, X.L., "*Ambó ató materile lire lire (I)*", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 635, 28 novembro 2009, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 260, "No fondo dos espellos", 5 decembro 2009, contracuberta.

Recórdase a figura e obra de Juan de la Coba y Gómez, inventor dun idioma que deu en chamar trampitán. Destácase o drama *La Trampitana* (1895) como a obra na que o autor chega a perfección do seu idioma e recóllense as palabras de Xosé FilgueiraValverde, quen define o trampitán como "unha lingua oral, polisémica, intuitiva e lírica que só no recitado melódico ou no teatro adquiriría plenitude de sentido". Coméntase que a sona deste autor se estendeu por toda Galicia até se converter no mito urbano preferido das clases medias. Segundo afirma, foi Gonzalo Torrente Ballester quen lle daría categoría literaria ao trampitán, a través da súa novela *La Saga/Fuga de J.B*. Xa no século XX, coméntase que se interesaron pola figura de Juan de la Coba Celso Emilio Ferreiro, Ben Cho Shey, Xesús Ferro Couselo e Manuel María, entre outros.

Méndez Ferrín, X.L., "*Ambó ató materile lire lire (e II)*", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 636, "No fondo dos espellos", 5 decembro 2009, p. 4.

Continuando coa cuestión das invencións lingüísticas, achéganse diversos exemplos como é o caso do idioma que Anthony Burgess procura para os gamberros británicos d'*A laranxa mecánica*, o *Ulysses* de Joyce e mesmo a lingua élfica de J. R. Tolkien. Asemade, destácanse exemplos de trampitán dentro do panorama da literatura latinoamericana, salientando a Rubén Darío como o seu máis ilustre precursor. No eido galego, destácase a presenza do trampitán nos Cancioneiros galegos medievais e especialmente en Gonzalo Torrente Ballester, quen na súa obra *La Saga-fuga de J.B.*, seguindo as directrices de Juan de la Coba, " usa e modula de moitos xeitos a literatura trampitanística".

Méndez Fonte, Rosa, "Uxío Novoneyra e Ferrol", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 540, "Patrimonio e sociedade", 5 xullo 2009, p. 7.

Primeiramente exprésase a satisfacción persoal por dedicar o Día das Letras Galegas 2010 a Uxío Novoneyra, amigo da autora do artigo. Destácanse os motivos polos que se considera necesario dedicarlle ese día e lémbrase que se coñeceron a finais dos anos oitenta nun recital do Ateneo Ferrolán. Deseguido coméntase como a partir dese momento as viaxes entre Ferrol e a casa de Novoneyra en Compostela foron continuas até que en marzo de 1999, no Día das Letras Galegas, coincidiron no último recital en vida do autor na Universidade de Ferrol. Por último, sinálase que, tras a súa morte, recibiu múltiples homenaxes en Ferrol, entre eles a dedicatoria dunha praza e dunha rúa na cidade.

Mera, Manuel, "A coherencia de Bóveda", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Bitácora", 10 agosto 2009, p. 3.

Destaca a importancia de Alexandre Bóveda na historia do nacionalismo galego, a súa personalidade senlleira e o seu apoio ao federalismo. Apunta que na data da súa morte se celebra o Día da Galicia Mártir. Remata considerando que Bóveda é "un exemplo a seguir".

Mera, Manuel, "Mulleres (xénero e clase)", *La Región*, "Opinión", 15 setembro 2009, p. 21.

Fala da importancia das mulleres en todas as épocas da historia de Galicia, centrándose nas figuras da mítica raíña Lupa, Inés de Castro, Rosalía de Castro, María Soliña, Emilia Pardo Bazán e María Casares.

Meyer, Franck, "Apuntes sobre unha tradución ao galego", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 335, "Porta aberta", 17 outubro 2009, p. 3.

Comenta os temas da obra de Herta Müller e opina que lle parece ocioso valorar se esta autora "merece máis que outros" o Premio Nobel, galardón que entende "como un premio para as literaturas das minorías". Sinala que en 2001, cando fixo a tradución ao galego d'*O home é un grande faisán no mundo*, de Müller, pareceulle que este texto podía entrar na colección "As Literatas", e que así llo fixo saber a María Xosé Queizán, a directora. Apunta que no proceso de tradución a maior dificultade foi a transposición ao galego desa "lingua especial, reflexo da situación de marxinalización dobre: dentro de Romanía e con respecto á cultura alemá", pois a lingua tamén é neste caso "protagonista do contido".

Molares, Manuel, "Amigo Lobo", *El Correo Gallego*, "Pontevedra", "Y además", "Crónicas Bárbaras", 13 maio 2009, p. 27.

Sinálase a paixón que antano se sentía polos lobos e que agora se está a perder. Dáse conta das novelas e contos arredor da figura do lobo que Fernando Savater incluíu nun artigo, lamentando que non aparezan narradores coma Alfredo Conde, autor de *Romasanta* (2005).

Molares do Val, Manuel, "Habana flash", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Crónicas bárbaras", 27 outubro 2009, p. 22.

Opina sobre a situación política de Cuba e sinala que o libro de Xavier Alcalá, *Habana flash* (1998) retrata "con tremenda fueza y rigor" o que alí acontece. Sorpréndelle que esta obra, publicada hai xa unha década e traducida agora ao castelán pola editorial Nowtilus, "resulte absolutamente actual".

Molina, César Antonio, "Consolación por Ramiro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 335, "Letras en galego", "Lembranza", 17 outubro 2009, p. 15.

Reflexiona sobre a morte e, por extensión, sobre a dor que supón a perda dun amigo, neste caso, de Ramiro Fonte.

Monteagudo, Henrique, "Unha revolución máis na nosa lingua?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Notas a rodapé", 1 maio 2009, p. 9.

Despois de comentar varios aspectos do uso do galego no ámbito da medicina, aproveita a ocasión para recomendar as obras de Álvaro Cunqueiro e Ramón Cabanillas, *Merlín e familia* (1955) e *Na noite estrelecida* (1926), respectivamente.

Moss, Cris, "O temor da Xunta a unha Academia 'rebelde", *Xornal de Galicia*, "Pois xa que o sabes, voucho a decir", 11 decembro 2009, contracuberta.

Afírmase que a incorporación á Real Academia Galega de Manuel Rivas, fervente defensor do idioma e o posíbel nomeamento de Xosé Luis Méndez Ferrín como presidente é motivo de preocupación para o actual goberno, que estaría disposto a opoñerse ao nomeamento de Ferrín alegando como impedimento a súa militancia política.

Neira, Manuel X., "O grupo Brais Pinto", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 19 xaneiro 2009, p. 4.

Distingue entre o grupo "Brais Pinto" e a "Unión do Pobo Galego", aclarando que este último grupo está integrado por intelectuais coma Alexandre Cribeiro e Ramón Lorenzo que loitan en prol da liberación nacional de Galicia.

Neira, Manuel X., "Interese por todo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 5 febreiro 2009, p. 4.

Defende que, máis alá da problemática política, os escritores e escritoras han de valorarse pola súa calidade. Cre que a literatura de Luz Pozo Garza, Lois Diéguez e Helena Villar Janeiro, entre outros, está á mesma altura que as mellores obras europeas.

Neira, Manuel X., "As excelencias de Cunqueiro", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 23 abril 2009, p. 5.

Recolle as verbas do pintor Quique Bordell, quen considera que Álvaro Cunqueiro se asemella a Julio Cortázar no sentimento e no feito de que combate a depresión "cunha presadiña leve de cereixas".

Neira, Manuel X., "Arredor da paleopaisaxe", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 23 maio 2009, p. 4.

Fai un balance do panorama cultural do século XXI, no que denuncia a escaseza de faladoiros e o amontoamento de novas publicacións sen ningunha validez literaria, fronte o período comprendido entre Eduardo Pondal e Manuel María.

Neira, Manuel X., "Parellas ideais", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 2 agosto 2009, p. 4.

Fala da parella poética Rosalía de Castro e Gustavo Adolfo Bécquer e despois da relación muller home entre Rosalía e Manuel Murguía. Tamén indica que Rosalía foi cualificada por Luís Seoane e mais por Luz Pozo Garza como a "Galicia ferida".

Neira, Manuel X., "Un outro tema conceptual", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 13 agosto 2009, p. 4.

Reflexiona sobre o antinacionalismo en Galicia e recolle as palabras dos poetas Manuel María, Luz Pozo Garza e Suso Valcárcel, cos que manifestan distintos acordos e desencontros á hora de posicionarse respecto a esta cuestión. Do mesmo xeito, trae á lembranza a Ramón Otero Pedrayo pola intensa actividade política da época que este viviu.

Neira, Manuel X., "Unha proposta", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 11 setembro 2009, p. 4.

Sinala que a grande obra de Eduardo Blanco Amor é *Xente ao lonxe* (1972) e informa de que ten un encargo para Suso de Toro consistente en realizar outra novela tendo como modelo unha parodia d'*A Esmorga* (1959).

Neira, Manuel X., "Estética popular", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 4 outubro 2009, p. 4.

Céntrase nas figuras de exiliados galegos en América como Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Luís Seoane e Florencio Delgado Gurriarán e destaca deles que mantiveron vivos os vínculos entre Galicia e América.

Neira, Manuel X., "Ironía sútil socrática", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 12 outubro 2009, p. 4.

Reclama un Día das Letras Galegas para o "excelente" e "bo poeta" Eduardo Moreiras, pois di que Luz Pozo Garza "non pode morrer" sen ver dedicado ese día a esta persoa que tanto quixo. Por outro lado, apunta que Pozo Garza foi rupturista coa poesía existencial, igual que o foi Moreiras co "alicerce imaxinista que viña de Amado Carballo".

Neira, Manuel X., "Escritas na penumbra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 26 outubro 2009, p. 4.

Opina sobre o estilo literario de Manuel María e Uxío Novoneyra e fala, por outro lado, de certos aspectos biográficos de Xosé Filgueira Valverde, ademais de incluír outras cuestións alleas á literatura galega.

Neira, Manuel Xosé, "O rixoso", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 1 xuño 2009, p. 5.

Faise unha pequena mestura de conceptos amplificados cos nomes dos autores que os trataron. Así, menciónanse os celtas, por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao; a poesía social, por Rosalía de Castro; o negativismo, en *Erros e Tánatos* (2002), de Gonzalo Navaza; e a calma de Manuel Pimentel. Tamén se alude ao Lugo de Ánxel Fole, e a Fiz Vergara Vilariño e Antón Tovar.

Neira, Manuel Xosé, "Música atonal", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 15 xuño 2009, p. 5.

Faise unha reflexión sobre a arte e o que está antes e despois dela. Debulla a propósito disto os casos dos escritores dos que gusta, da concesión dos premios Nobel a Camilo José Cela e a Juan Ramón Jiménez e sobre a pintura de Pablo Ruiz Picasso. Comenta ao respecto que precisaría ter un maior coñecemento da literatura galega para xulgala con xustiza, mais explica que se xustifica coa "suposta proliferación excesiva" de obras.

Neira, Manuel X. "Poesía", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 23 novembro 2009, p. 4.

Afírmase que Manuel Vilanova, xunto con Pexegueiro, é o mellor poeta galego e destácase *A esmeralda branca* (2006), escrito por Vilanova con grande esforzo.

Neira, Manuel X. "Arredor dos museos", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 7 decembro 2009, p. 4.

Realiza unha disertación na que se denuncia o atraso cultural de Galicia e cita de forma espallada os nomes de varios escritores galegos, caso de Ramón Piñeiro e Rosalía de Castro, entre outros.

Neira Vilas, Xosé, "50 Lúas en Barcelona", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 1 febreiro 2009, p. 2.

Describe brevemente as colaboracións feitas nas revistas publicadas no exilio e destaca, xa en España, *Lúa Nova* (editada por ARC, Barcelona) cuxo número 50 recolle traballos

de autores galegos e todo o referido á cultura do país (música, biografía e noticias). Así mesmo, lembra que esta asociación emite *Sempre en Galiza*, programa radial homónimo ao de Montevideo.

Neira Vilas, Xosé, "Reconto literario", *El Correo Gallego*, "Opinión","Lóstregos", 12 abril 2009, p. 2.

Fala da publicación de *Letras galegas* (2008), de Xesús Alonso Montero, prologada por F. Salgado, que lle fai recordar a revista que proxectara publicar en Montevideo. Reflicte dous artigos da revista *Triunfo* (1972, 1978) dedicados a Xosé Luís Méndez Ferrín. Explica que o primeiro recolle o regreso a Galiza tras vinte e catro anos e o segundo a raíz dos *Trintenove poemas*, de Nicolás Guillén, traducida ao galego. Destaca tamén certa mensaxe política nas páxinas literarias.

Neira Vilas, Xosé, "D. Ramón en Buenos Aires", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lóstregos", 26 abril 2009, p. 2.

Recolle lembranzas de hai cincuenta anos nas que Ramón Otero Pedrayo e mais Xosé Luís Méndez Ferrín, xunto a Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste e Ramón de Valenzuela, entre outros, se deron cita en Bos Aires nas Xornadas do Día de Galicia. Explica que doce anos antes publicara *Por os vieiros da saudade*, onde coincidira con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Comenta que a través de Follas Novas, asociación á que pertence, fora homenaxeado Méndez Ferrín.

Neira Vilas, Xosé, "Na casa dos libros", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 24 maio 2009, p. 2.

Refírese á chamada "Casa dos libros", onde estivo a sede da biblioteca da Sociedade Económica de Amigos do País n'A Habana, e dá conta da creación neste centro da Sección Galega, que cumpre corenta anos. Precisa todos os actos que alí tiveron lugar, dende exposicións e clases de galego até conferencias e investigacións. Sinala que agora continúan as investigacións baixo o nome de "Fondo Gallego" e comenta que o Centro Ramón Piñeiro deu a coñecer varias destas revistas, caso d'*El Eco de Galicia* (2000) en edición facsímile.

Neira Vilas, Xosé, "Réquiem por Salvat", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 31 maio 2009, p. 2.

Dedica unhas liñas á memoria de Ricard Salvat, considerado "amigo de Galicia" por achegas como a dirección do *Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro en 1991; a participación nun congreso sobre Eduardo Blanco Amor celebrado en 1993; unha homenaxe escénica a Celso Emilio Ferreiro; e un espectáculo sobre textos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Neira Vilas, Xosé, "Amílcar Cabral", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 28 xuño 2009, p. 2.

Sinálase a súa participación nunha conferencia tricontinental de solidariedade na Cuba de 1966. Precisa que alí coñeceran ao líder anticolonialista Amílcar Cabral, do que se fai unha breve biografía e enxalza as súas calidades.

Neira Vilas, Xosé, "Carlos Núñez no Brasil", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 5 xullo 2009, p. 2.

Comenta ao respecto do disco de Carlos Núñez, *Alborada do Brasil*, que existen nel visíbeis vínculos músico-literarios que a el e mais a Carlos Nuñez os unen a Brasil.

Neira Vilas, Xosé, "A 'galega' Nora Longhini", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 12 xullo 2009, p. 2.

Sinálase o encontro con Nora Longhini co propósito desta de escribir un ensaio sobre as súas novelas *Camiño Bretemoso* (1967) e *Remuíño de sombras* (1973) e mais o libro de contos *Historias de emigrantes* (1968). Precísase que o libro saíu publicado en 2003 baixo o título *Buenos Aires na obra de Neira Vilas* e que varias visitas despois terían como resultado o libro *Neira Vilas, os anos da Arxentina* (2008). Polo seu coñecemento da lingua e literatura de Galicia considérase que é unha galega máis.

Neira Vilas, Xosé, "Peripecia dunha novela", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 16 agosto 2009, p. 2.

Fala das peripecias da publicación d'*A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Comenta que se publicou en 1959 en Bos Aires, que Isaac Díaz Pardo trouxo para Galicia un destes orixinais e que xunto cunhas ilustracións entregou todo á Editorial Galaxia, que finalmente publicou en 1970 esta en Galicia mais con "mutilacións da censura".

Neira Vilas, Xosé, "O Che mítico", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 23 agosto 2009, p. 2.

Comeza falando do seu conto "O señor Manuel", do libro *A muller de ferro* (1969), e a seguir compara o que acontece a este personaxe co que lle está a acontecer ao Che Guevara. Critica que a figura do guerrilleiro arxentino-cubano se estea a vender dun xeito totalmente alleo ao seu pensamento, o que provoca unha mitificación irrespectuosa.

Neira Vilas, Xosé, "As narracións de Bieito", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 6 setembro 2009, p. 2.

Relata o coñecemento persoal e afectivo de Bieito Ledo dende hai vinte e cinco anos, cando fora libreiro e director da Editorial Galaxia. Refire unha pequena biografía que

percorre a súa vida a través dos seus estudos de Filosofía, a fundación da editorial Ir Indo e a súa faceta de escritor co libro de narracións *Aconteceres* (2006). Fornece a súa opinión positiva das lembranzas que conta e do humor que presenta. Adianta tamén que, como lle dixo Bieito Ledo, está a traballar nun segundo volume.

Neira Vilas, Xosé, "Monumento do camiñante", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 20 setembro 2009, p. 2.

Lembra a súa estadía en Fene en 1989 na que, entre outras actividades, inaugurou un banco de cemento que levaba o seu nome e que formou parte do "Monumento ó Camiñante Descoñecido", inaugurado en 1934. Informa que para celebrar o setenta e cinco aniversario desta obra foi invitado novamente polo Concello e mais pola Liga de Amigos de Barallobre para que falase e presidise o acto. Comenta que anualmente nese lugar se celebra unha festa, na que ademais agasallan a persoas que levan o apelido Barallobre.

Neira Vilas, Xosé, "Centenario de Emilio Pita", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 27 setembro 2009, p. 2.

Fala da súa amizade co poeta e musicólogo Emilio Pita. Cita os seus poemarios, comenta o seu galeguismo. Remata indicando que a súa nutrida biblioteca foi vendida a un libreiro sevillano, quen imprimiu un catálogo desta biblioteca para os potenciais compradores, o que provocou a súa dispersión.

Neira Vilas, Xosé, "Viaxe á Lúa", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 11 outubro 2009, p. 2.

Alude a que no ano 1969 estaba en Cuba e alí foi onde viu como o home chegaba á lúa e comenta que dez anos antes triunfara en Cuba a revolución, e que en 1969 publicou o seu primeiro libro *A muller de ferro* (1969) e que nese mesmo ano naceu a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba.

Neira Vilas, Xosé, "Uxío na lembranza", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 15 novembro 2009, p. 2.

Alude a que en 1957, ao fundar Follas Novas, incluíu o volume *Os eidos*, de Uxío Novoneyra, no catálogo desta nova editorial e que vinte anos despois disto traduciu vinte e unha composicións deste poemario ao español publicados nunha revista universitaria da Habana.

Neira Vilas, Xosé, "Memorias de Sindo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 22 novembro 2009, p. 2.

Dá noticia de Sindo Meixido, un home nado en Limodre (Fene) en 1922 que, logo de escapar a Francia, ser detido e encarcerado, conseguiu embarcar á Habana, onde

coincidiu, xunto co articulista, traballando ambos os dous no Ministerio de Industria, hai xa máis de corenta anos. Apunta que Meixido publicou en 1991 o libro de contos *A gloria é un afiador* e que vén de publicar *Huellas de amor en la memoria*, mentres traballa na súa continuación.

Neira Vilas, Xosé, "Os papeis do capitán", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 29 novembro 2009, p. 2.

Comenta que estivo tentado a escribir unha biografía ou novela sobre o mariñeiro Xosé Pena, a quen coñeceu a partir das súas memorias persoais. A seguir, resume os sucesos máis salientábeis da biografía de Pena.

Neira Vilas, Xosé, "Machado da Rosa ", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 27 decembro 2009, p. 2.

Recorda o día que compartiu co profesor Machado de Rosa e informa da publicación resumida da súa tese doutoral sobre Rosalía, intitulada *Rosalía de Castro, a muller e o poeta*.

Nicolás, Ramón, "Intelixente, sinxelo e claro", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 299, "Letras en galego", 31 xaneiro 2009, p. 11.

Realiza un breve comentario sobre a obra de Fran Alonso, *Un país a medio facer* (2008), na que recolle unha serie de entrevistas de autores entre os anos oitenta e noventa.

Nicolás, Ramón, "Malia a crise, un balance positivo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 344, "En portada", 19 decembro 2009, pp. 2-3.

Realízase unha escolla das obras máis salientábeis publicadas en 2009. Entre as obras de ficción, destácase o grande éxito alcanzado polo volume *A praia dos afogados*, de Domingo Villar, e en poesía saliéntase a reedición de obras anteriores de Yolanda Castaño, baixo o título d'*Erofanía*. Asemade, achéganse breves comentarios sobre os aspectos máis destacados de obras poéticas como *Ámote vermella*, de Claudio Rodríguez Fer; *O pouso do fume*, de Dolores Tembrás; e da antoloxía poética de Xosé Carlos Gómez Alfaro, *Poesía galega toda (I e II)*, e das seguintes obras de ficción: *Sol de inverno*, de Rosa Aneiros; *Secesión*, de Chus Pato; e *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez. Tamén se comentan brevemente obras ensaísticas, entre elas a biografía de Ramón Cabanillas, de Luís Rei, intitulada *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*.

Nogueira, Camilo, "Castelao connosco", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 10 xullo 2009, p. 11.

Deféndese o compromiso adquirido hai vinte e seis anos respecto ao regreso dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao a Galicia. Faise unha pequena escolma do ideario político de Castelao e sinálase que se trataba de aproveitar a conxuntura política do momento para camiñar cara á liberdade de Galicia. Finalmente, comenta que as diferenzas sobre o feito de retornaren ditos restos evidencia as diferentes visións que aínda hoxe permanecen no nacionalismo galego.

Nogueira, María Xesús, "Memoria de cidades sen luz", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 31 xaneiro 2009, p. 25.

A novela *Memoria de cidades sen luz* (2008), de Inma López Silva, sérvelle para ilustrar as tardes rurais en Galicia con personaxes transformados pola guerra civil e a lectura á luz do candil.

Nogueira, María Xesús, "A nosa Rosalía", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/*El Progreso* ,"Opinión", "Un falar", 28 febreiro 2009, p. 29.

Con motivo dos cento setenta e dous anos do nacemento de Rosalía de Castro, fai un percorrido sobre como se inserta a obra rosaliana na sociedade actual: camisetas, frases feitas e incluso grupos heavy, a jazzística Rosalía 21 e Abe Rábade, entre outros.

Nogueira, María Xesús, "Primaveras cunqueirianas", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 25/*El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 14 marzo 2009, p. 29.

Comenta que as autotraducións de Álvaro Cunqueiro se realizaron maiormente do galego ao castelán, cuestión que moitos ignoran. De feito, di que o mindoniense non cre no bilingüismo e afirma que "a duración da fala é a única posibilidade de que nós duremos como pobo".

Nogueira, María Xesús, "A sombra dos esmorgantes", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 18 abril 2009, p. 31.

Personaxes literarios que recorren cidades galegas coma "O Bocas", "O Milhomes" e "O Castizo" volven á mente da articulista para evocar os cincuenta anos da publicación da obra de Eduardo Blanco Amor *A Esmorga*.

Nogueira, María Xesús, "Nova York é noso", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 25 abril 2009, p. 25.

Ve nun relato incluído en *Dos arquivos do trasno* (1926), de Rafael Dieste, no que se ofrece a visión dun neno ante a emigración do seu pai, unha metáfora da política actual.

Nogueira, María Xesús, "O abismo", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 30 maio 2009, p. 29.

Dáse conta da medida desgaleguizadora que supón a Lei da Función Pública aprobada polo goberno, empregando a modo de exemplo retrincos do libro de Eduardo Blanco Amor, *A Esmorga* (1959). Segundo a articulista, con el amósanse as diferenzas idiomáticas entre as clases, un abismo, que está a piques de se ver.

Nogueira, María Xesús, "O entreacto", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", 20 xuño 2009, p. 27.

Sinálase o tortuoso da historia do teatro galego, facendo para iso un símil coa novela de Álvaro Cunqueiro *As crónicas do Sochantre* (1956). Coméntase que nela unha carroza chea de seres condenados tiña de atravesar tortos camiños para chegar á normalidade. Agárdase, finalmente, que o goberno tome cartas no asunto para garantir a continuidade dun teatro doente.

Nogueira, María Xesús, "Letras Galegas", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 5 xullo 2009, p. 7.

Tras expoñer o escepticismo que sente pola celebración do Día das Letras Galegas en relación á xestión dos recursos destinados á súa honra e á súa función social, felicítase a decisión da Real Academia Galega por escoller a Uxío Novoneyra para o ano 2010. Sinálase a necesidade de lembrar aspectos da súa obra como o vangardismo, o experimentalismo, a poesía social e a súa universalidade. Por último, dáse o nome doutras figuras que deberían ser tamén homenaxeadas e indícase que a escolla sempre ocasiona un debate interno importante.

Nogueira, María Xesús, "As estadas do xénero", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 1 agosto 2009, p. 25.

Comenta que a homoxeneización no deseño das novas coleccións literarias sacrificou o formato dos novos libros e que esta catalogación pode chegar a ser excesivamente restritiva. Tamén coida que a lectura non só abre as portas ao coñecemento senón á liberdade para "(re)construír os xéneros".

Nogueira, María Xesús, "O escolante, a escola e outras historias", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 19 setembro 2009, p. 29.

Reflexiona sobre a figura do mestre e a súa relación co seu alumnado na escola rural e pon como exemplo a don Gregorio no relato *A lingua das bolboretas* (2005), de Manuel Rivas. Fronte a isto contrapón a visión do mundo hostil da escola rural para o alumnado que asemade era desgaleguizador.

Nogueira, María Xesús, "Copyleft", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Cultura", 22-28 outubro 2009, p. 29.

Primeiramente faise unha longa reflexión sobre a escasa atención que as editoriais prestan ás obras poéticas que se presentan en formatos pouco convencionais, como ocorre coa poesía visual. Dise que eses libros, xeralmente, acaban estando fóra das coleccións normalizadas ou dentro da edición alternativa de autor ou cooperativista, autoxestionada. Despois lémbrase que, na actualidade, falar de poesía experimental non é posíbel sen mencionar o colectivo Corporación Semiótica que presenta produtos como *Contradicións*, no cal destácase, primeiramente, a inversión do símbolo de Copyright e a indicación *copy left* na contraportada. Sinálase que se presenta o libro baixo a aparencia dun bloc de tarxetas que aproveitan iconas coñecidas (fotografías, debuxos, logotipos), para conferirlles un novo significado case sempre crítico. Tamén se aclara que a publicidade, a actualidade informativa e as convencións da linguaxe fornecen unha boa parte dos materiais, que propoñen unha reflexión de quen se achega a eles ao tempo que fan unha denuncia de cuestións como a desigualdade, a fame, o deterioro do medio e o consumismo.

Nogueira, María Xesús, "De balde", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 29/*El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 31 outubro 2009, p. 31.

Considera que nas escolmas de Rosalía de Castro non acostuman a estar as composicións que tratan a morte dende un punto de vista crítico. A continuación, repara nas poesías intituladas "De balde" e "Vanidade", das que reproduce algúns versos e das que sinala que nelas están presentes o tópico da "igualdade do ser humano ante a morte". Cre que esas críticas rosalianas de carácter social e relixioso non son "fotografías do pasado" ao ter "na actualidade plena vixencia". Para rematar, reflexiona sobre a "cultura da morte", con motivo da véspera do Día de Defuntos.

Nogueira, María Xesús, "Homenaxes e días de chuvia", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 27/*El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 5 decembro 2009, p. 29.

Entre outras cuestións, dáse conta da homenaxe que o PEN Club de Galicia tributou a Eduardo Blanco Amor, cando se cumpre o trinta aniversario do seu pasamento. Recórdase o abandono e exclusión que o escritor ourensán sufriu ao seu regreso a Galicia despois de estar exiliado, debido ao seu ideario e á súa homosexualidade.

Novo, Isidro, "Uxío no vestíbulo das letras", *Galicia Hoxe*, "Opinión","Rúa pendurada", 15 abril 2009, p. 4.

Reclámase que se lle dedique a Uxío Novoneyra o Día das Letras do ano 2010, por todo o seu labor literario. Dise que para isto presentaron Xosé Lois García e Isidro Novo ante o presidente Xosé Ramón Barreiro da Real Academia Galega unha serie de documentos que avalan o apoio ao escritor courelán.

Novo, Isidro, "O gran Picadillo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 19 agosto 2009, p. 4.

Comenta que acaban de publicar nunha luxosa edición na Coruña as obras completas de

Manuel M.ª Puga Parga, máis coñecido co alcume de Picadillo. Afirma que pode considerarse como o "faro gastronómico desa cidade" e que se está diante dunha homenaxe a un home de enormes dimensións e breve vida. Tamén fala da súa relación con Álvaro Cunqueiro e Eduardo Pondal.

Novo, Isidro, "Poesía incógnita", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 26 agosto 2009, p. 4.

Refírese ao libriño *Poesía anónima africana* (2007), publicado por Toxosoutos, como unha preciosa compilación de Rogelio Martínez Fure e con tradución de Xosé Lois García mais bota en falta unha antoloxía poética sobre Mongolia.

Oliveira, V., "Biografía dun compromiso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 abril 2009, p. 34.

Coméntase que Pablo Iglesias estreou o 18 de marzo o documental *X.N.V., memorias dun emigrante*. Explícase que este filme está dividido en cinco partes e que inclúe fragmentos das obras do escritor Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego* (1961), *Querido Tomás* (1980), *Historias de emigrantes* (1968), *Remuíño de Sombras* (1973) e un texto de Neira Vilas falando do seu poemario *Dende Gres* (2004). Precísase que o guión é de Gonzalo García Velasco e a música do grupo Quenlla, que interpreta unha canción que escribiu o propio autor.

Palmeiro, Xosé María, "A.T.Q., teólogo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porén", 15 xuño 2009, p. 5.

Dáse conta da intención dos bispos de condenar ao teólogo galego Andrés Torres Queiruga. Sinala que o autor de *Creo en Deus Pai*, *Recupera-la salvación* e *Do terror de Isaac ó Abbá de Xesús* tenta, como recolle nun artigo seu, reconstruír unha nova imaxe de Deus. Remátase o artigo co poema de Aquilino Iglesia Alvariño "Oración do sapo".

Palmeiro, Xosé María, "Patrimonio da Humanidade", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porén", 29 xuño 2009, p. 5.

Ademais de se referir á distinción recibida pola Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade, demándase que o mesmo debería acontecer coa propia lingua galega e co poeta homenaxeado no Día das Letras Galegas 2010, Uxío Novoneyra.Transcríbense algúns dos versos d'*Os Eidos* (1955) nos que se reflicte o grande amor que sentía por Galicia e a súa lingua.

Palmeiro, Xosé María, "Estúrdiga materia", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porén", 6 xullo 2009, p. 5.

Reflexiona sobre a súa presenza no acto no que Luís González Tosar foi nomeado Fillo Predilecto do Irixo. Comenta o compromiso de González Tosar coa lingua galega, en

referencia á "Ínsua dos Poetas do Irixo" e ao volume *Estúrdiga materia* (2008), así como ao limiar realizado por Xosé Luís Méndez Ferrín para esta publicación da Editorial Galaxia.

Palmeiro, Xosé María, "Bóveda, sempre", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Porén", 17 agosto 2009, p. 5.

Comenta que *O libro dos amigos* (1953), de Ramón Otero Pedrayo, conta con trinta e nove lembranzas entre as que a referida a Alexandre Bóveda ocupa un lugar central polo seu "talento luminoso". A seguir, reflexiona sobre a importancia da figura de Bóveda en Galicia e destaca que tivo un compromiso activo e mais que el foi o encargado de redactar os aspectos económicos do proxecto de Estatuto de Galicia de 1936.

Parga, Grial, "Enciclopedia popular", *El Progreso*, "Lugo", "Mira Lugo", 12 xaneiro 2009, p. 6.

Coméntase que a organización interna do *Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego* (2008), editado por Edicións Xerais de Galicia e o Consello da Cultura Galega, lle parece acertada. Porén, sinálase a necesidade dunha enciclopedia popular onde aparezan persoas e actitudes destacados de Galicia.

Patiño, Antón, "Canción da choiva", *Xornal de Galicia*, "Opinión","[+] Campo magnético [-]", 5 xaneiro 2009, p. 4.

Especula coa posibilidade de que o segredo da poesía e da literatura galega estea na inspiración que proporciona a choiva, unha cuestión que xa foi recollida por Álvaro Cunqueiro nun artigo de 1939 no *ABC* así coma nun metafórico relato: "O reino da choiva".

Patiño, Antón, "Lembranza de Lois Pereiro", *Xornal de Galicia*, "Opinión","[+] Campo magnético [-]", 29 abril 2009, p. 4 .

Describe o melancólico enterro do poeta Lois Pereiro, no que os asistentes o lembraron á luz dos seus poemas e no que escritores coma Manuel Rivas lle renderon homenaxe.

Patiño, Antón, "Novoneyra: a maxia da palabra", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "[+] Campo magnético [-]", 13 xullo 2009, p. 4.

Trátase de reflectir o significado e esencia da figura de Uxío Novoneyra. Sinálase a súa rebeldía e un certo toque espiritual, a liberdade de vangarda e os marabillosos *Poemas Caligráficos* (1979). Coméntanse as influencias universais que asumiu e rescátanse anacos de poemas que converteron a Novoneyra no poeta do Courel e mais aínda, na semente dun país que quere sobrevivir.

Patiño, Antón, "Cova do inferno", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "[+] Campo magnético [-]", 27 xullo 2009, p. 4.

Fala do mar como fonte de toponimia mítica recorrente como son as Illas Ons ou a Boca do Inferno en Cascais. A seguir, refírese á toponimia da montaña, neste caso do Courel, exemplificado cun poema de Uxío Novoneyra.

Patiño, Antón, "O pensamento sensorial de Rivas", *Xornal de Galicia*, "Campo magnético", 18 decembro 2009, contracuberta.

Valora positivamente os ensaios breves integrados en *A corpo aberto* (2008), de Manuel Rivas, aos que cualifica de "imaxinativos", subliñando a solidariedade coas vítimas da historia e entre o ser humano e a natureza e mais a posición crítica ante unha economía especulativa que desfai o mundo.

Patterson, Craig, "Galiza en Belfast", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Devalar", 9 abril 2009, p. 5.

Dá conta do Congreso da Asociación de Hispanistas do Reino Unido e Irlanda que tivo lugar en Belfast. Comenta que alí se reuniron poñentes de Galicia para falar do cinema e literatura galegos, entre outras cuestións.

Patterson, Craig, "Lembranzas dun tradutor en galego", *Galicia Hoxe,* "Opinión", "Devalar", 19 novembro 2009, p. 5.

Recorda algúns "arrequentedores momentos" dos que gozou "relacionados coa tradución do galego" e menciona, entre outros, a tradución das *Cousas*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao "as *Things*", a sección sobre literatura galega na oxoniense libraría Blackwells e traducións de obras ao galego como *Lolita* (2008), de Nabokov, por Xesús Fraga. Considera que os actos do Goberno galego semellan os dun "inimigo da súa propia cultura" e que a retirada de apoio económico á tradución representa "outra faceta máis do atentado lingüístico desta administración".

Paz, José, "Eduardo Blanco Amor e a fotografía', no Auditorio, até o 20 de decembro", *La Región*, "Ourense", "Outono fotográfico", 11 decembro 2009, p. 9.

Coméntase un retrato fotográfico de Eduardo Blanco Amor con motivo da exposición organizada no Auditorio ourensán baixo o título "Eduardo Blanco Amor e a fotografía".

Paz Rodríguez, José, "Amor polas árbores e a poesía", *La Región*, "Opinión", 23 marzo 2009, p. 14.

Opina que a unión entre natureza e poesía se mostra unha vez máis en que a súa celebración se produza na primavera. Ademais reivindica que o amor por ambas as dúas

xoga un papel importante, pois xulga necesario fomentar unha actitude positiva cara ás árbores, a auga e a poesía.

Paz Rodríguez, José, "Os valores didácticos do teatro", *La Región*, "Opinión", 27 marzo 2009, p. 28.

Con motivo do Día Mundial do Teatro fala da importancia dos seus valores incorporados á escola, así coma da súa aplicación por mestres galegos, caso de José Caseiro en Ourense, no Instituto Laboral de Lalín, e Segundo Alvarado, quen realizou un gran labor teatral en Ourense. Denuncia a insuficiencia do teatro escolar en comparación con Portugal, así como a recuperación do teatro de Jenaro Marinhas, Manuel María e Eduardo Blanco Amor, entre outros.

Paz Rodríguez, José, "Blanco Amor na súa Auria", *La Región*, "Opinión", 18 abril 2009, p. 22.

Iníciase coa imposibilidade de gravar *A Esmorga* por parte de Eloi Lozano en favor de Gonzalo Suárez. Isto dálle pé para facer unha lembranza da homenaxe a Eduardo Blanco Amor e á súa "magna" novela.

Paz Rodríguez, José, "Nós amamos os libros e a literatura", *La Región*, "Opinión", 23 abril 2009, p. 24.

Fala sobre a valiosa biblioteca que hoxe posúe, na que se recollen volumes de revistas galegas, libros sobre Ourense, unha gran colección cinematográfica, así coma libros pedagóxicos e bibliografía sobre Tagore. Espera que se poida quedar en Galicia e non vaia ao país do último escritor citado. Confesa que a paixón por coleccionar libros nace da súa infancia e recomenda unha serie de autores e obras coma colofón.

Paz Rodríguez, José, "Letras galegas para Carvalho Calero", *La Región*, "Opinión", 2 xuño 2009, p. 22.

Trata a figura de Ricardo Carvalho Calero co gallo do centésimo aniversario do seu pasamento. Ofrece algúns datos da súa traxectoria vital e da súa amizade con el, para despois comentar o *Encontro Galaico-Português de Poesia em Primavera*, celebrado en Amarante, Portugal e a súa participación no primeiro Congreso Estatal de MRP, celebrado en Barcelona en 1983. Critica o feito de que a Real Academia Galega nunca o propuxera como homenaxeado no Día das Letras Galegas así como o nomeamento de Domingo García-Sabell como presidente da Academia. Demanda, finalmente, a súa homenaxe no Día das Letras Galegas do ano 2010.

Paz Rodríguez, José, "Santos Júnior e os galegos", *La Región*, "Opinión", 14 xuño 2009, p. 26.

Dáse conta da reunión dos membros do consello da Associaçom Galega da Língua na vila portuguesa de Torre de Moncorvo. Dáse conta de como foi o transcurso da mesma e sinálanse lugares e feitos sobresaíntes da vila. Coméntase a sorpresa de atopar o arquivo e biblioteca legados polo profesor doutor Joaquim Rodrigues dos Santos Junior. Precisa que alí se atopan as primeiras edicións de moitas obras importantes galegas do século XX, caso dalgunhas realizadas por Ben-Cho-Sei e Ramón Otero Pedrayo, entre outros. Finalmente, faise un percorrido polos estudos e publicacións de dito profesor luso.

Paz Rodríguez, José, "O meu amor polo idioma galego", *La Región*, "Opinión", 4 xullo 2009, p. 26.

Descobre parte da súa vida e da súa paixón polo idioma e a literatura galegos. Cita os autores que máis lle influíron, dende o primeiro libro que leu, *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro, até Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Celso Emilio Ferreiro, entre outros. Comenta que lle dá mágoa que os escritores actuais empreguen unha norma que os afasta da lusofonía.

Paz Rodríguez, José, "Portugal tam perto e tam longe", *La Región*, "Opinión", 24 xullo 2009, p. 19.

Láiase de que Galicia e Portugal sigan a comezos do século XXI de costas e destaca o labor feito pola Xeración Nós para tentar achegar estes dous pobos. Tamén anima ao goberno da Xunta de Galicia a que afonde nos vínculos galegos e portugueses.

Paz Rodríguez, José, "Centenários no ano 2010", *La Región*, "Opinión", 27 xullo 2009, p. 19.

Anuncia que en 2010 se celebrará o centenario da fundación do xornal ourensán *La Región* xunto co nacemento de Ricardo Carvalho Calero e mais de Miguel Hernández. Tamén amosa a importancia do xornal ourensán como difusor da literatura da Xeración Nós e salienta a Ricardo Carvalho Calero como primeiro catedrático de galego.

Paz Rodríguez, José, "Presença da Galiza no Brasil", *La Región*, "Opinión", 14 agosto 2009, p. 26.

Resalta o grande interese que ten a presenza de Galicia no Brasil. Explica que o gaiteiro Carlos Núñez é neto do pedagogo ourensán Albino Núñez, cuxo pai desaparecera no Brasil, de aí que o novo disco de Carlos Núñez, *Alborada do Brasil*, teña claros vínculos co Brasil. Tamén indica que a poesía do brasileiro Drummond de Andrade inspirou a Celso Emilio Ferreiro para escribir o poema "Longa noite de pedra".

Paz Rodríguez, José, "Alexandre Bóveda, ourensano digno", *La Región*, "Opinión", 17 agosto 2009, p. 21.

Explica que a figura de Alexandre Bóveda brilla con luz propia dentro da cidade de Ourense e de Galicia e del destaca a súa valía profesional, o seu talento e o seu amor por Galicia e pola lingua galega. Para coñecer mellor a figura de Bóveda recomenda a lectura de *Vida*, *paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1996), de Xerardo Álvarez Gallego, así como *Sempre en Galiza* (1944), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Paz Rodríguez, José, "A Académia de Franco", *La Región*, "Opinión", 6 setembro 2009, p. 28.

Comeza referíndose a Xosé Luís Méndez Ferrín como "pesimo lingüísta" e, a seguir, indica que grazas a el puido saber que Francisco Franco figuraba na nómina de académicos da Real Academia Galega. Pregúntase que méritos tivo Franco para isto e destaca que Ricardo Carvalho Calero tiña que ter sido homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2010 no canto de Uxío Novoneyra para ser así o "Pompeu Fabra galego".

Paz Rodríguez, José, "O nosso Coral de Ruada", *La Región*, "Opinión", 13 setembro 2009, p. 22.

Considera que Coral de Ruada é a coral máis importante de Galicia e co gallo na inauguración no Edificio Simeón de Ourense dunha mostra centrada nesta coral fai un repaso pola súa historia onde inclúe referencias a Xavier Prado Lameiro, Ramón Cabanillas, Alexandre Bóveda, José Ángel Valente e Antón Tovar.

Paz Rodríguez, José, "Lozano e Blanco Amor", *La Región*, "Opinión", 26 outubro 2009, p. 18.

Informa que o Festival de Cinema de Ourense homenaxeou a dous ourensáns, o cineasta Eloi Lozano Coelho e o escritor Eduardo Blanco Amor, dos que apunta que existía entre ambos unha relación de "amor-ódio". Dá noticia da vida e obra de Lozano Coelho, de quen di que fixo o guión en galego da obra de Blanco Amor, *A Esmorga*, mais que finalmente, o escritor "de maneira muito dessacertada" lle vendeu os dereitos a Gonzalo Súarez, que a rodou en Asturias e en castelán.

Paz Rodríguez, José, "Amor polo teatro", *La Región*, "Opinión", 6 decembro 2009, p. 26.

Coméntase a calidade e a importancia que o teatro ten en Bengala (India) e anímase a todos os directores de teatro galego a coñecer este teatro feito con poucos recursos, mais con resultado magnífico. Doutra banda, lémbranse a autores, actores e directores teatrais que traballaron e traballan prosperamente a prol do teatro galego.

Pena, Xosé Ramón, "Ferrín, presidente", *Faro de Vigo*, "Opinión", 22 decembro 2009, p. 27.

Amósase totalmente conforme coa posibilidade de que Xosé Luis Méndez Ferrín sexa o novo presidente da Academia Galega. Indica que é merecedor dunha cadeira nesta institución por ser a figura máis representativa da literatura galega na actualidade, por ser intelectual de prestixio, pola súa independencia e total compromiso coa defensa do idioma e coa proxección da cultura como un patrimonio común a todos os galegos.

Pereiro, Xosé Manuel, "O humor que somos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 maio 2009, pp. 8-9.

Afírmase que *O segredo do humor* (1963), de Celestino Fernández de la Vega, é un sólido estudo sobre o humor. Indica que o humor galego ten semellanzas ao doutros pobos que foron dominados e que a retranca serviu de defensa ante as preguntas con respostas perigosas. Para a análise do humor apóiase en palabras de John Rutherford, Xaquín Marín, Antón Baamonde e Manuel Rivas, entre outros, quen afirma que o ADN dos galegos é a suma de ironía e melancolía.

Pereiro, Xosé Manuel, "El rumbo de la Academia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 17 decembro 2009, p. 4.

Dáse conta do ingreso de Manuel Rivas na Real Academia Galega e opínase que a aposta por Rivas non vén motivada soamente pola súa calidade literaria, senón que é mostra do compromiso desta institución coa contemporaneidade e co seu cometido. Sinálase que outra mostra do cambio de orientación da Real Academia Galega é a probábel elección como presidente de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Pérez Igrexas, Xabier, "O exemplo de Bóveda", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Contradiscurso", 18 agosto 2009, p. 4.

Destaca a figura de Alexandre Bóveda como central dentro da historia de Galicia e iguala a súa figura coa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Rosalía de Castro como antídoto ao novo racismo lingüístico dos que se proclaman cinicamente bilingües.

Pérez Prieto, Vitorino, "O galeguismo e a humanidade do Cardeal Quiroga", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "Aldea global", "Tribuna", 19-25 febreiro 2009, p. 6.

Considera que a pesar da participación no bando franquista do Cardeal Quiroga Palacios este foi un galeguista en tanto que mantiña relación cos intelectuais do momento (Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Xaquín Lorenzo, Xesús Ferro Couselo e Ramón Otero Pedrayo) e aparecía aí mesmo en escritos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como a figura da Igrexa que se podía salvar. Tamén salienta que mantiña contacto co poeta Manuel Gómez del Valle, cuxa execución tenta deter Quiroga Palacios. Sinala que Xosé Filgueira Valverde afirma que foi unha figura importante no galeguismo, introducindo a liturxia na fala galega, a pesar de que a normalización é pobre.

Perozo, Xosé Antonio, "Olallalicia", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "Cultura", 26 marzo-1 abril 2009, p. 37.

Realiza unha serie de apuntamentos sobre o poemario de Olalla Cociña, *O libro de Alicia* (2008), mesturando versos do mesmo. Engade que a presentación tivo lugar en Santiago de Compostela na casa do pintor surrealista Eugenio Granell.

Picallo Fuentes, Héitor, "Aos ventos ábregos de Abuín de Tembra", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Colaboración", 22 marzo 2009, p. 26.

Homenaxea en primeira persoa a Abuín de Tembra tras a súa morte. Destaca o seu labor como cronista da prensa diaria na sección "Ventos ábregos", así como a figura de escritor lembrando nas súas páxinas autores galegos.

Polín, Ricardo, "Poeta contra ramplonería", *El Progreso*, "A Chaira", 11 xuño 2009, p. 22.

Faise unha análise da poesía de Aquilino Iglesias Alvariño ao cumprirse cen anos do seu nacemento. Dáselle a condición de pioneiro e de persoeiro que elevou a chaira lucense ao máis alto, expresando o sentimento de pertenza a esta terra cun léxico rico e imaxinativo.

Ponte, José Manuel, "Importancia de ser Manolo", *La Opinión*, "Página dos", "Inventario de perplejidades", 15 decembro 2009, p. 2.

Fai unha crónica do acto de ingreso de Manuel Rivas na Real Academia Galega. Comenta que Rivas é aprezado tanto polas súas cualidades literarias coma pola súa participación en loitas populares.

Ponte Far, José A., "Reivindicando la tertulia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, "Viéndolas pasar", 5 decembro, p. 6.

Coméntase anécdotas dos faladoiros que durante os veráns en Baiona compartían, entre outros, os escritores Carlos Casares e Gonzalo Torrente Ballester.

Porteiro, María Xosé, "Fogar de Breogán", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Quinto elemento", 26 xullo 2009, p. 5.

Considera que o realismo máxico está asociado á esencia da historia de Galicia e mais que Benito Vicetto e Manuel Murguía non andaban moi desencamiñados ao recorrer aos mitos para explicar o nacemento desta nación. Finalmente pídelle, como particular "Pregón" ao Apóstolo, a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e mais a Rosalía de Castro para que os galegos traballen con intelixencia co fin de ser un pobo máis laico, estudioso e produtivo, co "anceio de multiplicar os talentos recibidos".

Porteiro, María Xosé, "Portugal 'conection", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Quinto elemento", 6 setembro 2009, p. 5.

Explica que coñeceu a Álvaro Cunqueiro e que nunha das entrevistas que lle fixo o escritor galego lle comentou que o Director Xeral de Prensa no Ministerio de Manuel Fraga temía que o galeguismo, a quen Cunqueiro lle abrira as portas no xornal *Faro de* Vigo, fose unha ponte cara a Portugal e que de aí podería xurdir o verdadeiro separatismo.

Porteiro, María Xosé, "Traducir galego en Arxentina", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Quinto elemento", 4 outubro 2009, p. 5.

Coida que dende Galicia se debe apoiar a iniciativa xurdida en Argentina de crear o título profesional de tradutor de galego neste país, dado que a tradución en galego é un sector estratéxico. Tamén se refire a que no Café Tortoni e baixo a dirección de Débora Campos se seguen a realizar mensualmente encontros de lectores galegos en Bos Aires.

Porto, Héctor J., "Graig Patterson", *La Voz de Galicia*, "*Elecciones autonómicas*", "Así nos ven", 20 febreiro 2009, p. 8.

Recolle as palabras de Craig Patterson, tradutor de *Sempre en Galiza* ao inglés, doutor en Oxford cunha tese sobre Ramón Otero Pedrayo e profesor en Cardiff, onde se traballa para crear un centro de Estudos Galegos, comezando cun intercambio de alumnos coa Universidade de Santiago de Compostela. Afirma sentir que parte da súa identidade é galega para despois describir a súa experiencia nesta terra.

Queizán, M.ª Xosé, "Os modelos das políticas", *A Nosa Terra*, n.º 1.372, "Galiza", 10-16 setembro 2009, p. 10.

Explica que grazas a moitas predecesoras como Rosalía de Castro, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán e Clara Campoamor, hoxe en día unha muller non se ten que disfrazar de home para ir á universidade ou para asistir a relatorios nos cafés de Madrid como lle aconteceu a Concepción Arenal.

R. C. B., "Otero Pedrayo, Sempre en Trasalba", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 785, "Exposicións", 1 novembro 2009, p. 9.

Informa da exposición que o Museo Verbum de Vigo acolle baixo o título "Otero Sempre en Trasalba", dedicada á figura de Ramón Otero Pedrayo, considerado o "Patriarca das Letras Galegas". Na súa "vocación de totalidade" destácanse as actividades profesionais do escritor e coméntase fundamentalmente a súa faceta política, dende a participación das Irmandades da Fala, en 1931. Nun á parte, infórmase que a Fundación Otero Pedrayo é xestionada pola Editorial Galaxia, institución á que Otero Pedrayo legou a súa casa, con todas as súas pertenzas. Sinálase ademais que a

Fundación Fermín Penzol ten a parte máis importante dos manuscritos, correspondencia e documentación oteriana.

Reboiras, Ramón, "A Coruña fantástica", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 xullo 2009, p. 4.

Faise un percorrido pola Coruña, dende as lembranzas da infancia até os acontecementos máis recentes. Entre outros aspectos relacionados con esta cidade, dáse conta dos escritores e escritoras relacionados con ela.

Reigosa, Carlos G., "Rosalía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 337, "Letras en galego", "Vagalume", 31 outubro 2009, p. 15.

Refírese ás palabras coas que Manuel Murguía describe en *Los Precursores* a tristura e melancolía que houbo na vida de Rosalía de Castro. Pregúntase se o retrato feito polo seu esposo é correcto e alude á visión dunha "Rosalía doente e chorona" que se mantivo durante un século até a década de 1970, na que moitos intelectuais se rebelaron contra esa identificación, dándolle unha nova lectura. Para rematar, apunta algúns dos autores que abriron o campo do estudo e do recoñecemento da cantora do Sar.

Reimóndez, María, "A lingua, innovación tecnolóxica", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Calidoscopio", 10 abril 2009, p. 4.

Reivindícase un "saber contar", unha mellora da transmisión de temas, e propóñense como destacados candidatos na arte da palabra a Paula Carballeira, Anxos Sumai e Moucho Leroucho.

Reimóndez, María, "As palabras da tribo (II)", *Xornal de Galicia*, "*Suplemento de Cultura*", "*Nós*", n.º 33, 10 outubro 2009, contracuberta.

Comeza referíndose aos significados das palabras, escollendo aquelas que "van unindo fíos dun lado e doutro e van creando un intenso tecido. Un xénero". Así, reflexiona sobre este trazo, partindo das lembranzas da nenez até a idade adulta e referíndose ademais ao feito de nacer "con xénero e con traxe". Con respecto a isto, sinala que as "consecuencias son nefastas", dando lugar a un "mundo desigual, frustado e violento". Considera, por outro lado, que o xénero ("este tecido que nos envolve") é aínda "demasiado ríxido". Para rematar, di que buscar facer un "humus do cal medre unha Galicia dun xénero diferente", a partir do que tecer un mundo distinto.

Reixa, Antón, "Contra o mal humor lingüística", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, contracuberta

Reflexiona con motivo da xornada das Letras Galegas ao redor da polémica sobre a posíbel revisión das normas do Decreto do galego no ensino e apunta que o "odio é o peor territorio para que xermine a reflexión e a intelixencia" para dicirlles ás xentes

"que mañá nas rúas de Compostela" non sucumban "ao mal humor que nos queren impoñer".

Reixa, Antón, "Unha nova linguaxe", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Contestador automático", 30 xuño 2009, p. 2.

Tras un breve apuntamento acerca do problema político e social que actualmente xira arredor da lingua galega e de demandar que se reclame unha discriminación positiva para que o bilingüismo en Galicia sexa real, apúntase que os dous nomes propostos para as Letras Galegas 2010 son igualmente meritorios, Uxío Novoneyra e Ricardo Carvalho Calero. Porén debería pensarse en que a mocidade actual quizais se identificase máis con figuras relacionadas coa música, o audiovisual e a nova literatura.

Reixa, Antón, "Lingua bífida (2)", *Xornal de Galicia*, "Coraxe e melancolía", 9 agosto 2009, contracuberta.

Comenta que publicou por primeira vez en galego en 1978 e subliña que hoxe en día a escolla da lingua galega é a opción minoritaria en Galicia. Refírese a que A Idade Media foi un tempo feliz para o galego con trobadores como Afonso X O Sabio mais que despois viñeron os séculos escuros até que no XIX con Rosalía de Castro o galego se restitúe como lingua literaria.

Reixa, Antón, "Lingua bífida (3)", *Xornal de Galicia*, "Coraxe e melancolía", 16 agosto 2009, contracuberta.

Destaca a grande achega da Xeración Nós na restitución da lingua galega xunto coa xeración de Xosé Luís Méndez Ferrín. Recalca a gran revolución que supuxo a Televisión de Galicia e finalmente reclama que se lle dedique un Día das Letras Galegas a Son-Goku.

Reixa, Antón, "Carta a O'Rivas", *Xornal de Galicia*, "Coraxe e melancolía", 13 decembro 2009, contracuberta.

Dedica unha carta a Manuel Rivas para destacar o avance que supón o ingreso deste na Real Academia Galega e fala do labor da "xeración do 57", da que ambos os dous son representantes. Salienta como temas fundamentais do autor coruñés a memoria, ecoloxía e lingua e opina que a obra *Os libros arden mal* (2006) condensa o mellor de Rivas.

Reixa, Antón, "Viva Ferrín!", *Xornal de Galicia*, "Coraxe e melancolía", 20 decembro 2009, contracuberta.

Reflexiónase sobre a posibilidade de que Xosé Luís Méndez Ferrín sexa o novo presidente da Academia Galega, expoñendo que, de chegar a producirse, suporía unha sorte para o futuro da lingua. Coméntase que o argumento fundamental en contra da

elección de Ferrín é a súa militancia política, que restaría sentido institucional ao cargo, mais que se defende a ética e o sentido institucional de Ferrín.

Reixa, Antón, "O lapis do carpinteiro'e as caixas", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Análise", 29 decembro 2009, p. 9.

Comenta as dificultades que atravesou para conseguir financiamento para a adaptación cinematográfica da obra de Manolo Rivas *O lapis do carpinteiro* (1998), xa que non contou co apoio do goberno da Xunta, nese momento nas mans do Partido Popular, nin da Televisión de Galicia. Conta que os apoios económicos chegaron de inversores privados e de Caixa Galicia e Caixanova. Coida que, de aprobarse finalmente a lei de fusión das caixas, estas quedarán baixo o control da Xunta de Galicia, polo que xa non se poderá combater o sectarismo cultural do goberno contando con estas institucións.

Requeixo, Armando, "Consciencia de creador", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 253, "Letras galegas", 10 outubro 2009, p. 7.

Refírese á celebración en Ourense do congreso "José Ángel Valente. Memoria sonora", no que apunta que os estudiosos e investigadores participantes aludiron á necesidade de volver lembrar a obra do autor, considerando que a súa figura e obra non deixa nunca de estar de actualidade. Considera que se trata dun escritor "entregado insubornablemente á súa obra" e que destaca pola "capacidade autocrítica que o fai dialogar con grandes figuras das letras". A continuación, repara no seu traballo como poeta, narrador, tradutor e ensaísta. Para rematar manifesta que se trata dun autor total e universal, cunha voz "auténtica, inimitable e xenuína".

Requeixo, Armando, "Homes e faisáns. Herta Müller Nobel 2009", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 255, "Literatura", 24 outubro 2009, p. 7.

Dá conta da concesión do Premio Nobel de Literatura 2009 a Herta Müller e opina sobre a reapertura polémica arredor dos criterios que se manexan para conceder tal galardón. Indica que a súa impresión é que se atende a "méritos que só en parte poden ser considerados literarios" e que a Academia Sueca agasalla a aqueles autores aos que teñen "acceso lingüisticamente", é dicir, os que son traducidos ao inglés ou ao propio sueco. A continuación, céntrase en resaltar os principais temas tratados na obra da escritora alemá e informa que en 2001, Edicións Xerais de Galicia publicou *O home é un grande faisán no mundo*, traducido ao galego por Franck Meyer.

Rivas, Manuel, "John Berger contra o mal de ollo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Os grouchos", 3 abril 2009, p. 10.

Relaciona a obra *Porca terra* coas obras *Os Biosbardos* (1962), de Eduardo Blanco Amor; *Dos arquivos do trasno* (1926), de Rafael Dieste; *Escola de menciñeiros* (1960) e *Os outros feirantes* (1979), de Álvaro Cunqueiro; *Á luz do candil* (1953), de Ánxel Fole; *Arraianos* (1991), de Xosé Luís Méndez Ferrín; e *Memorias dun neno labrego*

(1961), de Xosé Neira Vilas. Asemade, destaca unha serie de exposicións con motivo da de John Berger en Cataluña.

Rivas, Manuel, "Unha ponte a ningunha parte", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Os grouchos", 4 setembro 2009, p. 11.

Reflexiona sobre a escrita de George Steiner da que se subliña o seu rigor arriscado e mais a súa seriedade irónica. Comenta a "lea con Steiner" referida á presunta imposición do idioma galego na universidade e recalca que agora que se pode ver *After Babel*, de George Steiner, en lingua galega a nova Xunta de Galicia está a suspender as axudas á tradución para o galego. Tamén indica que no rexurdir da lingua e da cultura galega tiveron unha importancia "capital" Manuel Murguía e os integrantes do Seminario de Estudos Galegos

Rivas, Manuel, "A galega que mordeu a lingua", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Os grouchos", 18 setembro 2009, contracuberta.

Refírese, entre outras cousas, á simetría entre a cidade da Coruña e Montevideo. A continuación, fala de dous espazos uruguaios, o Museo da Memoria e o Patronato da Cultura Galega. Do primeiro, destaca que "está vivo" grazas ao apoio institucional e as asociacións e redes cidadás, e do segundo afirma que é "unha cálida rede asociativa que cada vez vai a máis". Para finalizar, salienta a vida da galega Antonia Yáñez, unha das impulsoras do Museo da Memoria.

Rodil Lombardía, J. F., "A insua dos poetas", *Xornal de Galicia*, "Molto vivace", 15 xullo 2009, contracuberta.

Detalla que estivo, xunto con xentes de prosapia artística e literaria de Galicia como Xosé Luís Méndez Ferrín, Gonzalo Navaza, Anxo Angueira e Miro Villar, nun acto no que nomearon a Luís González Tosar como Fillo Predilecto do Irixo. Tamén se refire a que neste acto coñeceu a "Ínsua dos Poetas", que tenta ser un espazo para pór en valor a palabra en lingua galega.

Rodil Lombardía, J. F., "Celanova", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Molto vivace", 9 setembro 2009, p. 4.

Cualifica como sinxelo, exquisito e moi emotivo o acto que tivo lugar en Celanova co gallo dunha ofenda a Celso Emilio Ferreiro e de recoñecemento ao labor da RAG e mais ao de Marcos Valcárcel. Tamén subliña as palabras que o presidente da RAG lle dedicou á Xunta de Galicia nas que afirmou que a RAG non pode ficar calada vendo como a nova Xunta "remexe nas auga da nosa lingua, instalando a crispación onde había normalidade".

Rodríguez, Adrián, "Feria del libro", *Diario de Pontevedra*, "Perdiendo el norte", 8 xuño 2009, contracuberta.

Informa sobre a Feira do Libro madrileña ao respecto da galega e apoia a solicitude do escritor Xosé Carlos Caneiro de modificar o Día das Letras Galegas para denominalo Día do Libro Galego.

Rodríguez, Francisco, "Castelao coma síntoma", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "En profundidade", 11 xaneiro 2009, p. 4.

Conmemora os vinte e cinco anos do traslado dos restos mortais de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao a San Domingo de Bonaval. Fai un percorrido pola figura do autor e recomenda ao público novo a lectura de *Cousas* (1926, 1929), *Retrincos* (1934) e *Sempre en Galiza* (1944).

Rodríguez, Francisco, "Rosalía", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Opinión", 24 febreiro 2009, p. 49.

Dedica unhas liñas a Rosalía de Castro, figura que, xunto con Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, se considera clave no segundo rexurdir galego, na recuperación do galeguismo como pegada identificadora.

Rodríguez, Francisco, "A esmorga", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "En profundidade", 1 marzo 2009, p. 4.

Con motivo do cumprimento dos cincuenta anos da publicación d'*A esmorga*, lembra cuestións referidas a Eduardo Blanco Amor e ao argumento da mesma. Conclúe que a política cultural galega non pode prescindir dos clásicos para achegar os obxectivos de revalorización e espallamento.

Rodríguez, Francisco, "A revolución de 1846", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "En profundidade", 26 abril 2009, p. 4.

Fala dun prenacionalismo en exiliados da revolución de 1846 como Antolín Faraldo, Manuel Murguía e Francisco Añón. Destaca os xornais desta tendencia provincialista como *El Porvenir* e *La Aurora de Galicia*.

Rodríguez González, Olivia, "De plaxios e pirateos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*" n.º 311, "Letras en galego", "Opinión", 9 maio 2009, p. 12.

Sinálase o impropio da usurpación da memoria intelectual en numerosos eidos, entre eles o das edicións filolóxicas. Dáse conta do plaxio ao que foi sometida por Antón Patiño, que se nutriu da obra que editou, *Balada de los mares del norte*. *Poemas, cuentos y ensayos* (2008), de Urbano Lugrís, sen citar a fonte.

Romero, Marga, "A lingua secreta", *A Nosa Terra*, n.º 1.358, "Cultura", 7-13 maio 2009, p. 32.

Dáse conta do libro de Xesús González Gómez, *A lingua secreta* (2002), no que un neno descobre unha lingua até entón descoñecida para el por non a usar ninguén próximo a el. Indícase que na obra se observa como a lingua lle agranda o mundo como arma de resistencia. Recoméndase finalmente o libro por achegar a lingua galega.

Rozados, Lara, "Vivir ao revés: de Benjamin Button ao neno suicida de Dieste", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "Cultura", 26 febreiro-4 marzo 2009, p. 26.

Coméntase que o filme d'*O curioso caso de Benjamin Button*, de David Fincher, se basea nun relato de igual nome de Scott Fitzgerald. Do mesmo xeito, afirma que o conto "O neno suicida", de Rafel Dieste, pertencente a *Dos arquivos do trasno* (1927, versa sobre o mesmo asunto, un neno-vello. Apunta que a preocupación por este tema parece ser antropolóxica, xa que Alejo Carpentier posúe outro relato relacionado titulado "Viaje a la semilla" (1944).

Sánchez Agustino, José Luís, "In memorian: Avelino Abuín de Tembra", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", 8 marzo 2009, p. 25.

Fai un percorrido polo labor literario e cultural de Avelino Abuín de Tembra, así como polas relacións profesionais e de amizade que mantiña.

Sánchez Agustino, José Luís, "Carlos Casares Mouriño y sus triunfos literarios", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", 3 maio 2009, p. 27.

Percorre a vida e obra de Carlos Casares. Sinala como aspectos destacados a súa presidencia do Consello da Cultura Galega, a dirección da Editorial Galaxia, do Pen Club de Galicia e a pertenza á Real Academia Galega. Dáse conta das súas obras e dos premios obtidos, dos que destaca o Premio da Crítica da Narrativa Galega en 1977, 1996 e 2002. Posteriormente fala do seu labor político e social, para finalmente recoller os actos dos "Juegos Florales de Villagarcía" de 1963, onde sería galardoado Casares e a data que o articulista considera como o inicio literario do autor ourensán.

Sánchez Agustino, José Luis, "Rosalía de Castro y su 'Resposta a la Gaita Gallega", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", 27 setembro 2009, p. 25.

Comenta como Rosalía de Castro lle respondeu a Ventura Ruíz de Aguilera con motivo da publicación duns versos dedicados a Manuel Murguía e titulados "La gaita gallega" e nos que se reflectían as "lamentables vicisitudes del pueblo gallego". Da resposta de Rosalía destaca a súa exacerbada sensibilidade cara os seus "coterráneos".

Sánchez Agustino, José Luis, "¡El mar! ¡Quiero ver el mar!", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Colaboración", 4 outubro 2009, p. 27.

Pide ao concello de Vilagarcía de Arousa que erixa un monumento a Rosalía de Castro. Tamén explica como Rosalía de Castro nos derradeiros intres da súa vida lle pediu á súa filla Alejandra que abrise a xanela xa que quería ver o mar falecendo a seguir, ás doce da mañá do 15 de xullo de 1885.

Sánchez Soto, Marina, "Víctor Campío: Premio Artes 2009", *La Región*, "Opinión", 11 xullo 2009, p. 20.

Dáse conta da concesión do Premio das Artes ao poeta Víctor Campio e lémbrase a súa obra *Aire a luz e o canto* (2008), recomendando a súa lectura.

Sar, Máximo, "Avelino Abuín de Tembra", *Diario de Arousa*, "*Arousa , un mar de cultura*", "Colaboración", 8 marzo 2009, p. 30.

Cualifícase de "rei da toponimia" a Avelino Abuín de Tembra, loado polo seu labor en prol da terra galega en calidade de mestre, creador de premios e escritor. Laméntase a perda dun amigo literato.

Sariego, Víctor, "El 'tocador de puertas ya es inmortal", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Libros", 15 febreiro 2009, p. 48.

Refírese a John Balan, un dos grandes humoristas galegos e renovadores, pioneiro na performance na década dos setenta. Lembra o seu biógrafo, Rafael Pintos, pintor e escritor e colaborador do grupo Abrente.

Sarille, Xosé Manuel, "Uxío Novoneyra", *El Correo Gallego*, "Sociedad", "Pan e coitelo", 28 xullo 2009, p. 59.

Primeiro faise unha reflexión sobre a importancia da poesía dunha época determinada e de como hai poetas que marcan ese período e danse os nomes de Álvaro Cunqueiro, Manuel Antonio ou Ramón Cabanillas. A seguir indícase que o século XX non sería o mesmo para a poesía galega sen a voz e obra de Uxío Novoneyra, ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas 2010, nun momento no que o goberno galego leva a cabo a maior desprotección cara ao idioma galego. Reivindícase a importancia dunha obra como *Os Eidos* (1955) na que fica patente a fondura, a sensibilidade, o tratamento da paisaxe e a contemplación dende as que sempre escribiu.

Senín, Xavier, "Debuxante de soños", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Devagar", 2 decembro 2009, p. 4.

Recórdase ao malogrado Xan Balboa, destacándose o seu labor como ilustrador, a súa humildade e a procura da perfección na súa traxectoria profesional. Entre os seus

traballos, saliéntanse as colaboracións con Paco Martín, especialmente nas aventuras do personaxe Ramón Lamote.

Soutullo Carolo, Salvador, "¡Estamos condenados a vencer!", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "A vista de paxaro", 5 abril 2009, p. 4.

Equipara a loita polo nacionalismo galego á do catalanismo e movemento vasco. Lembra que nun acto independentista en Valencia leuse, traducido ao catalán, o poema "Acuso a clase media", de Manuel María, pertencente a *Noventa e nove poemas* (1971).

Soutullo Carolo, Salvador, "Manuel Antonio", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "A vista de paxaro", 26 abril 2009, p. 4.

Reflicte a gran pegada que nas letras galegas deixou Manuel Antonio co seu manifesto *Máis Alá* (1922), xunto a figuras como Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Rafael Dieste e Vicente Risco, entre outros.

Suárez Sandomingo, José Manuel, "M(anu)al de escola", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Escola da vida", 14 marzo 2009, p. 5.

Recomenda a novela *Mal de escola*, de Daniel Pennac, traducida ao galego en 2008 por Xavier Senín e Isabel Soto.

Tapia, Xohán, "As Galicias bilingües espalladas polo mundo", *Atlántico Diario*, *La Revista*, n.º 487, "Colaboración", 27 decembro 2009, p. 37.

Deféndese a consideración de Galicia como nación xa que conta con lingua, bandeira, himno e unha etnia diferenciadas. Ao fío destas opinións, comenta o acontecido durante o acto de ingreso na Real Academia Galega do arquitecto de Gómez Román, no cal o encargado do discurso foi Ramón Otero Pedrayo. Explica que a pesar de estar planeado inicialmente en galego, o discurso houbo de desenvolverse en castelán ante as ameazas do gobernador civil de Pontevedra. Remátase falando das "Galicias bilingües" que hai espalladas polo mundo.

Tarrío Varela, Anxo, "Parábola do consumismo en Nadal", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 7 xaneiro 2009, contracuberta.

Informa que está a traballar no arquivo do seu familiar Cesáreo Briones Varela, morto en 1968, e que entre os papeis hai unha serie de escritos de Antonio Ramos Varela de quen, entre outras cousas, sinala que era amigo de Rafael Dieste e colaborador das Misións Pedagóxicas. Considera que estes escritos inéditos amosan a un "home profundamente intelectual". Transcribe en galego unha breve narración de Ramos Varela que se lle "antolla unha parábola" do consumismo en Nadal, intitulada "O diñeiro ben empregado".

Tarrío Varela, Anxo, "Eluana descansa", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 11 febreiro 2009, contracuberta.

Reflexiona sobre o díficil que lle resulta comprender como hai xente que prefire ver sufrir unha persoa e a toda a familia, antes que ceder a unha eutanasia. A este respecto, menciona os casos de Eluana e Ramón Sampedro. Relata deste último como foi a loita para pedir "que o deixasen morrer" e lembra que dous anos antes da súa "liberación", publicou *Cartas desde el infierno* (1996). Informa que a Edicións Xerais de Galicia tirou do prelo o seu libro póstumo *Cando eu caia* (1998). Remata por criticar a posición dalgúns políticos que tentaron tirar proveito da enfermidade de Eluana.

Tarrío Varela, Anxo, "Xesús Couceiro, O Señor dos Libros", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 18 marzo 2009, contracuberta.

Loa ao dono da libraría Couceiro, "O Señor dos libros", pola súa decidida e en tempos temeraria aposta a favor do libro galego e portugués. Comenta que nos seus inicios, na Rúa de San Pedro, hoxe na Praza do Pan, Couceiro foi un home que marcou un fito no comercio galego, renunciando mesmo a campos coma o dos libros de texto. Reivindica tamén subvencións que vaian alén do sector editorial e maior templanza á hora de profetizar a morte do libro en aras dos soportes electrónicos.

Tarrío Varela, Anxo, "Obreiros do rural", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 1 abril 2009, contracuberta.

Fai unha loa dos traballadores do rural, dos aldeáns que veñen realizando o seu labor dende tempos remotos e comenta que Rosalía de Castro tamén lles rendeu unha homenaxe a estes traballadores no inicio da súa obra *Follas novas*, denominándoos "aldeáns e mariñeiros".

Tarrío Varela, Anxo, "Tres días en Porto", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 20 maio 2009, contracuberta.

Comenta a súa estadía de tres días en Porto. Refírese aos libros "propios e alleos" cos que foi agasallado polos amigos Luís Mendonça e José António Gomes. Comenta especialmente o libro *Galiza 1905*, no que se recompilan textos inéditos de Fialho de Almeida, escritor que deixou testemuño da súa viaxe a Galicia en 1905. Alén disto, menciona outros lugares visitados no tempo de lecer nesta cidade portuguesa.

Tarrío Varela, Anxo, "A lingua derrotada", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 10 xuño 2009, contracuberta.

Considera que a xente que se dedica á escrita en lingua galega aínda "non goza da consideración social que se pode respirar noutras latitudes". Apunta que ás veces "por enredar" se ten proposto imaxinar a desaparición da lingua e a literatura galegas para, entre outras cousas, observar a reacción da sociedade. Sinala que "polo afán de procurar

un final feliz" a este "pesadelo de vixilia" vería un balbordo social e un clamor para que "as cousas volvesen ao seu" e para que os escritores continuasen a construír unha literatura coa que poder presumir fóra de Galicia.

Tarrío Varela, Anxo, "A fiestra rechea", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 17 xuño 2009, contracuberta.

Refírese ao asunto da enquisa sobre o uso das linguas no ensino e ao sentimento lingüístico contrario á utilización do galego como idioma de cultura. Considera que esa "ignorancia é normal en calquera sociedade" e reflexiona sobre esta cuestión. Por outro lado, apunta que Rafael Dieste "perfilou moi ben algo parecido" na súa obra teatral *A fiestra valdeira* (1927). Ademais de comentar o argumento, apunta que é unha "fermosa parábola" coa que ilustrar o que está acontecendo actualmente coa situación do galego no ensino.

Tarrío Varela, Anxo, "Uxío do Courel", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 1 xullo 2009, contracuberta.

Tras lembrar que o homenaxeado no 2010 no Día das Letras Galegas será Uxío Novoneyra, fálase primeiro da grande sensibilidade que este transmitía coa súa poesía, até o punto de empregar o esforzo que fose necesario para que o resultado final dos seus versos fose perfecto. Dise tamén que da lectura da súa obra se desprende cal era a súa intención ao escribir: só cunhas poucas palabras deixaba aberto un universo poético que o lector debía descubrir. Engádese que é a paisaxe do Courel a que impregna toda a súa obra e que cada sentimento do poeta xorde en perfecta comuñón coa terra que habita.

Tarrío Varela, Anxo, "1979 magnificus annus horribilis", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 26 agosto 2009, contracuberta.

Refírese ás perdas dos escritores Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco Amor e Luís Seoane en 1979 para salientar que, pese a estas mortes, ese ano foi "vizoso para a cultura galega", e destaca, entre outras cousas, a publicación de *Cen anos de Historia Cultural de El Correo Gallego*, a creación de Edicións Xerais de Galicia e a edición facsímilar da revista *Nós*. A continuación, lembra que no curso académico 1979-80 estaba dando clase no Colexio Universitario de Vigo e apunta que alí se realizou un libro titulado *Galicia no ano 79/por 41 autores*, posto en marcha polo alumnado e os profesores do Colexio, e motivado pola "conmoción" das mortes xa citadas. Para rematar, sinala que este libro merecería unha recuperación, para observar a "inquedanza xenerosa e civilizada" que existía daquela entre o alumnado de Filoloxía.

Tarrío Varela, Anxo, "O poema de Aixa", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 23 setembro 2009, contracuberta.

Reprodúcese neste artigo de opinión un poema dunha rapaza chamada Aixa, escrito orixinariamente en inglés e traducido ao galego polo seu pai, Antón Pérez Prado.

Tarrío Varela, Anxo, "Carcasas para libros", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 23 decembro 2009, contracuberta.

Opínase sobre a desaparición do libro en papel a prol dos soportes informáticos e neste camiño cara ao futuro saliéntase o *Dicionario de termos literarios* elaborado polo Equipo Glifo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, cuxa base de datos conta con máis de dúas mil voces, ás que se pode acceder sen contrasinal.

Toro, Suso de, "Sobre héroes e tumbas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 13 marzo 2009, p. 9.

Comenta a problemática sobre o traslado dos restos mortais de ilustres galegos como Rosalía de Castro e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Toro, Suso de, "Ler é facer maxia creadora", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 3 xullo 2009, p. 11.

Exprésase a incerteza sobre a permanencia do libro de papel fronte ao mundo dixital. Sitúase entre o mundo audiovisual e o da lectura. Do primeiro, sinala a facilidade de evasión e do segundo, a creación de cada lector dos seus propios mundos.

Toro, Suso, "Votos de escritor", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 4 setembro 2009, p. 11.

Co gallo da súa presenza como xurado nun certame de novela negra para textos en inglés ou español, reflexiona sobre o dilema de escribir hoxe en Galicia en galego ou en español. Pon a Alfredo Conde como modelo vixente de monolingüísmo en español dende que anunciara, en agosto de 2009, que deixaba de escribir en galego.

Toro, Suso, "Un tanto por cento de literatura", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 2 outubro 2009, p. 11.

Describe que a literatura galega mostra anomalías respecto ás literaturas normalizadas. Indica que o 93,75% do escrito en lingua galega na súa historia bibliográfica foi realizado nos últimos 30 anos. Por isto opina que esta literatura é novísima e non antiga e recalca que a literatura galega ten falta de tradición.

Toro, Suso de, "No es vino, no es leche, son palabras", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 15 novembro 2009, p. 6.

Considera que "los países normales protegen lo suyo e incluso lo favorecen, no suelen trabajar para la competencia", e denuncia que isto é precisamente o que non fai a Xunta de Galicia. Sinala que a administración non defende ás editoriais galegas e opina que

nunca houbo promoción da literatura galega cara ao exterior e que "aquí sólo ha habido escritores, editores, libreros y lectores. Ningún gobierno, ningún apoyo detrás".

Toro, Suso de, "Loba ferida", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Xente de aquí", 4 decembro 2009, p. 11.

Comézase falando da mitificación, por parte do pobo, da figura de Rosalía de Castro e pásase a ofrecer un percorrido pola biografía e obra da escritora, no que se incide no seu compromiso con Galicia, coa liberdade da muller, cos oprimidos e cos que sofren, definindo a súa obra en galego como "literatura militante". Destácase o prólogo de *Cantares Gallegos* (1863), como o segundo manifesto do galeguismo (o primeiro sería o de Faraldo) e como a obra base do rexurdimento literario galego. Afírmase que Rosalía nunca foi recoñecida pola literatura española, por ser periférica, muller e ter escrito en "lenguas regionales", a pesar de que *En las orillas del Sar* (1884) é o mellor libro castelán escrito no seu século.

Toro, Suso de, "O País Seoane", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Xente de aquí", 18 decembro 2009, p. 10.

Percorre a biografía de Luís Seoane, que presenta como un artista comprometido politicamente co galeguismo en especial, e como partícipe do círculo intelectual do exilio en Bos Aires. Opínase sobre o conflito entre os galeguistas do interior e o exilio e os desacordos e distanciamento con Ramón Piñeiro por non contar cos exiliados republicanos até o punto que Piñeiro chegou a discutir o valor literario da peza teatral de Seoane, *A Soldadeira* (1996). Ademais de con Ramón Piñeiro, cóntase que Seoane mantiña correspondencia con Domingo García-Sabell e Francisco Fernández del Riego, como canle para cumprir o desexo de que a súa obra fose coñecida en Galicia.

Tudela, Olivia, "Literatura e aproximación á verdade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Opinión", 6 outubro 2009, p. 49.

Fai un repaso pola traxectoria literaria de Daniel Cortezón, da que subliña que se consideraba antes novelista que dramaturgo e mais que chegou ao teatro pola vía da narrativa. Asemade, apunta que presenta un teatro de indagación histórica e respostas políticas con mestura das herdanzas de Piscator e mais de Bertol Brecht.

Valcárcel, Marcos, "Letras galegas", *La Región*, "Pan por pan", p. 61/*Galicia Hoxe*, "Andoliña", 27 xaneiro 2009, contracuberta.

Fala da importancia da revista *Triunfo* como difusora da casa cultural galega e destaca que Xesús Alonso Montero publicou en 2008 *Letras galegas*. *Explicadas (de 1962 a 1980) en 'Triunfo' e noutras revistas de fóra de Galicia*, no que se recollen artigos do propio Alonso Montero.

Valcárcel, Marcos, "Memoria escolar (VI)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 5 febreiro 2009, contracuberta.

Lembra unha concentración no Instituto Masculino de Ponte (1974-1975) de futuros políticos, escritores, historiadores. Sinala a presenza de Bieito Iglesias, Benito Alonso, Xoán Guerra e del mesmo, entre outros. Comenta tamén que por aquel tempo Ramón Otero Pedrayo escribía en *La Región*.

Valcárcel, Marcos, "Ferro", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 7 febreiro 2009, p. 57.

Destaca a homenaxe a Xosé Luís Méndez Ferrín ("Ferro" para os amigos) plasmada no libro *A semente da nación soñada* (2008). Salienta do seu labor literario obras coma *Con pólvora e magnolias* (1977), *Crónica de nós* (1980), *Arraianos* (1991) e *Estirpe* (1994).

Valcárcel, Marcos, "Un fotograma", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 15 febreiro 2009, p. 73/*Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 17 febreiro 2009, contracuberta.

Realiza un breve comentario sobre o filme *O neno do pixama de raias*, baseado no libro de John Boyne co mesmo nome, traducido ao galego en 2007 "nunha versión mellorable".

Valcárcel, Marcos, "Antroido de onte", *La Región*, "Opinión", 23 febreiro 2009, p. 14.

Apunta que se fala do Entroido na primeira revista en galego *O Tío Marcos da Portela*, dirixida por Valentín Lamas Carvajal e cita dous artigos sobre o tema de 1877 e 1899, respectivamente. Así mesmo, lembra o que hai de carnavalesco na obra de Vicente Risco, o autor d'*O porco de pé* (1925) quen, segundo o seu fillo Antón, era un amante desta festa. Ao mesmo tempo insire unha carta ao irmán deset último, Sebastián Martínez Risco, publicada por Freixeiro Mato en *Vicente Risco*. *Arredor de Nós* (1993).

Valcárcel, Marcos, "A avoa do nobel", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", p. 61/"Miradas alleas I", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña" , 24 febreiro 2009, contracuberta.

Dá conta da publicación por parte da Xunta de Galicia da colección "Miradas alleas" no ano 2008 e explica que se trata dunha compilación de artigos sobre a relación dos escritores da literatura universal con Galicia. Refírese en particular ao volume realizado por Carlos Reigosa, *A Galiza máxica de Gabriel García Márquez* (2008), onde se baralla a posibilidade dunha avoa galega por parte do nobel colombiano.

Valcárcel, Marcos, "Hemingway", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 25 febreiro 2009, p. 61.

Comenta nesta ocasión outra entrega da colección "Miradas alleas", *Hemingway en Galicia* (2008), que alberga o volume de Carlos Casares xa publicado na Editorial Galaxia no ano 1999, acompañado agora dun texto de Carlos Reigosa. Salienta que nos contos e novelas do nobel norteamericano aparecen personaxes de inspiración galega coma Pilar (*Por qué dobran as campás?*), os cregos e os mariñeiros (*O vello e o mar*), aínda que a visión que Hemingway ten dos galegos non sexa moi positiva.

Valcárcel, Marcos, "Cortázar", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", p. 65/"Miradas alleas (III)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 26 febreiro 2009, contracuberta.

De novo comenta outro volume de "Miradas Alleas", centrado esta vez na relación de Julio Cortázar e Galicia (*Un (re)encontro con Galiza*, 2008), cuestión sobre a que xa escribiran Fernando Salgado e Francisco X. Fernández Naval. A seguir, cita algunha das colaboracións coas que contou o volume, caso das realizadas por Fernando Salgado, Nélida Piñón, Rocío San Claudio Santa Cruz e Camilo Franco, quen entrevista a Francisco Porrúa, editor galego do mestre arxentino. Salienta que no libro se afirma que Cortázar foi "destetado" como escritor polos exiliados galegos Luís Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Dieste e Arturo Cuadrado.

Valcárcel, Marcos, "Azorín" , *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", p. 73/"Miradas alleas (IV)" , *Galicia Hoxe* , "A contra", "Andoliña", 27 febreiro 2009, contracuberta.

Refírese ao volume *Azorín. Galicia (Paisajes, gentes, carácter, costumbres, escritores...*), publicado en 2008 na colección "Miradas Alleas", unha escolma de textos azorinianos preparada e introducida por Xesús Alonso Montero. Tamén afirma que contén a súa visión da paisaxe galega dende os textos de Rosalía de Castro, xa que era un gran defensor da poeta.

Valcárcel, Marcos, "Sábato" , *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", p. 61/"Miradas alleas (V)", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Andoliña", 28 febreiro 2009, contracuberta.

En relación coa monografía *Ernesto Sábato*. *Palabras para Galicia* (2008) lembra a ocasión na que coñeceu o escritor, con motivo da entrega dos Premios Rosalía de Castro en 2002.

Valcárcel, Marcos, "Retrato dunha época", *La Región*, "Sociedad", "A mirada retida", 1 marzo 2009, p. 69.

Fai un apuntamento sobre a pintura de Xosé Conde Corbal, acompañando cun cadro o artigo. Nel comenta que aparecen numerosos artistas e literatos en Ourense, como o fixera ilustrando *El Orense perdurable*, de Vicente Risco.

Valcárcel, Marcos, "Fírgoras da cultura auriense", *La Región*, "Opinión", 2 marzo 2009, p. 39.

Rememora os anos da súa educación non formal durante a nenez. Explica que acudiu á primeira misa en galego, na que estaba Ramón Otero Pedrayo, xunto con outros galeguistas, así como ás exposicións de arte no Museo Arqueolóxico, no que se expuñan obras de Manuel Prego Oliver, Iñaqui Basallo, Xosé Cid e Antón Pulido, entre outros. Considera que tivo tamén grande importancia a Agrupación Cultural Auriense que frecuentaban Ramón Otero Pedrayo, Xesús Ferro Couselo e Xoaquín Lorenzo.

Valcárcel, Xulio, "O ano de Agustín Fernández Paz", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 550, "Páxina literaria", 4 xaneiro 2009, p. 4.

Lamenta que no ano 2008 as letras galegas perderan a autores importantes coma Ramiro Fonte, Anxo Rei Ballesteros e Camilo Gonsar, feito que tivo coma contrapartida a chegada de novos autores e premios. Destaca en narrativa a Miguel Anxo Murado con *Fin de século en Palestina*; Inma López Silva con *Memorias de cidades sen luz*; e Xosé Luís Martínez Pereiro con *A verdade como mal menor*. En poesía salienta a Vicente Araugas, con *Xuvia Revisitada*; Xosé Abeal, con *Ave de lúa*; e Xosé Manuel Cairo, con *Da carraxe e da paixón*; así como o premio Uxío Novoneyra para *Fíos de Diana*, de Diana Varela Puñal. Respecto aos premios, considera que o máis salientábel é o Nacional de Narrativa Infantil e Xuvenil de Agustín Fernández Paz con *O único que queda é o amor* (2007). Finalmente, dedica unhas liñas á triloxía de Ramiro Fonte sobre o Pontedeume da súa infancia.

Valcárcel, Xulio, "Reválida de sexto", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 554, "Páxina literaria", 1 febreiro 2009, p. 4.

Fala sobre a obra de J. Antonio Andrade, *Reválida de Sexto* (2008), na que o autor sitúa a acción a comezos dos anos setenta e cun personaxe destacado, Andrés Abeleiras, un neno que vive nun orfanato e vai relatando as súas aventuras. A seguir, describe detidamente como é a vida dos rapaces que viven nese colexio.

Valcárcel, Xulio, "Encontro de escritores en Mariñán", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 563, "Páxina literaria", 5 abril 2009, p. 4.

Fai referencia ao V Encontro de Escritores celebrado en 2007 e coordinado por Luciano Rodríguez e Xosé M. Fernández Castro, que versou sobre a tradución nos seus diversos ámbitos. A seguir, achega un resumo sobre o que falaron cada un dos participantes que interviñeron: Valentín Arias, Darío Xohán Cabana, Miguel Pérez Romero, Manuel Bragado e Henrique Harguindey Banet.

Valcárcel, Xulio, "Escritores galegos vistos por Umbral", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 564, "Páxina literaria", 12 abril 2009, p. 4.

Reproduce as opinións de Francisco Umbral sobre escritores galegos: Salvador de Madariaga ("era tonto en cinco idiomas"); Wenceslao Fernández Flores ("digno segundón"); Gonzalo Torrente Ballester ("lembra o seu pasado falanxista") e a súa

grande admiración por Camilo José Cela, Álvaro Cunqueiro e Ramón Mª del Valle-Inclán.

Valcárcel, Xulio, "Existen os anxos?", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 584, "Páxina literaria", 30 agosto 2009, p. 4.

Expónse a dúbida de se existen ou non os anxos e a continuación cita as referencias literarias e bíblicas que deles existen, dende a antiga tradición hebrea. Noméanse a obra *Dos anxos e dos mortos* (1977), de Anxo Rei Ballesteros, e a afección á literatura sobre anxos que tiña Álvaro Cunqueiro.

Valcárcel, Xulio, "Lembranza de Manuel María", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 585, "Páxina literaria", 20 setembro 2009, p. 4.

Refírese á homenaxe a Manuel María que se levou a cabo no Teatro Rosalía de Castro con lectura de poemas, vídeos e unha representación. Entre os momentos máis destacados sinálase o da lectura dunha selección de poemas do autor, representativos das temáticas por el tratadas, na voz de Santiago Fernández e Dores Tembrás. Tamén se comenta que o punto álxido se alcanzou co dedicado ao idioma galego polos ataques que recibe nos últimos tempos.

Valcárcel, Xulio, "Memoria da emigración", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 588, "Páxina literaria", 27 setembro 2009, p. 4.

Faise mención do importante papel que ten Xosé Neira Vilas na difusión da historia dos galegos na emigración en América e sinálase que estas vivencias se recollen no primeiro volume de *Memoria da emigración* (1996).

Valcárcel, Xulio, "Lecturas variadas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 560/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 596, "Páxina literaria", 22 novembro 2009, p. 6.

Recomenda a lectura d'*A encrucillada da Torre* (1994), de Xosé Ramón González Álvarez, no que se conta a historia dun neno da aldea durante a época da ditadura franquista. Considera que sobre o mundo dos internados e os colexios de curas e monxas franquistas non existe unha novela definitiva no panorama da literatura galega, mais destaca obras como *Memorial de Agravios* (1992), de Xosé Alvilares, e *Amigos para sempre* (1998), de Alfonso Eyré. Asemade, inclúe outros apuntamentos e recomendacións de obras pertencentes á literatura castelá.

Valcárcel, Xulio, "Ramón Suárez Picallo", *Diario de Ferrol* , "*Nordesía*", n.º 561, "Páxina literaria", 29 novembro 2009, p. 6.

Percorre a biografía de Ramón Suarez Picallo, a tenor da publicación do volume *Suárez Picallo, a voz esquecida do galeguismo* e das iniciativas encabezadas por Abel López Soto, alcalde de Sada, para a recuperación da figura deste destacado galeguista. Explica

que, pola súa postura como líder da "ala esquerda" e o seu pensamento radical, republicana e nacionalista, estivo confrontado coa outra ala do Partido Galeguista representada, entre outros, por Ramón Otero Pedrayo.

Valcárcel, Xulio, "Manuel Rivas na Academia", *Diario de Ferrol* , "*Nordesía*", n.º 564/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 600, "Páxina literaria", 20 decembro 2009, p. 6.

Coméntase o discurso pronunciado por Manuel Rivas no acto do seu ingreso na Academia Galega, do que comenta que Rivas alertou do perigo do pensamento único e normalizador, rendeu homenaxe a homes que traballaron durante a clandestinidade como Lourenzo Varela, Xohán Casal e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, ao que Rivas se referiu como "o noso Guernica" . Tamén se destaca a invocación, con humor e tenrura, á infancia humilde.

Vázquez Gil, Lalo, "Lembrando a D. Perfecto Feijóo", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Tiempo de Vigo", 29 outubro 2009, p. 22.

Lembra a Perfecto Feijóo, creador dos Coros Galegos, a quen o escritor Avelino Rodríguez Elías dedicou unha composición poética, "Rexurde Galicia enteira...", que se reproduce en parte neste mesmo artigo.

Vázquez Gil, Lalo, "Pechante, rúa real", *Atlántico Diario*, "Opinión", "Tiempo de Vigo", 5 novembro 2009, p. 23.

Continúa a composición poética de Avelino Rodríguez Elías dedicada a Perfecto Feijóo, creador dos Coros Galegos, que se reproduciu parcialmente nun artigo anterior.

Vázquez Monxardín, Afonso, "A voz de Castelao", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Camiño do vao", 17 marzo 2009, p. 5.

Fala dun disco onde se pode escoitar a voz de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao gravada para que se escoitara antes da representación d'*Os vellos non deben namorarse* en Montevideo. Sinala que a copia se acolle na exposición da facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, doada por Cloty Tacholas en 1992, filla do amigo de Castelao Tacholas.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "Un raro cincuentario de Blanco Amor", *La Región,* "Opinión", 27 outubro 2009, p. 19.

Fai mención á conmemoración dos cincuenta anos da publicación d'*A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. A continuación, divide o texto en tres partes para traer á memoria un "raro cincuentenario", no que fala da figura de Benito Villamarín, o presidente do Betis en primeira división, natural de Puga (Alongos). Informa que seu irmán Pepe, emigrante en Bos Aires naquela época e presidente do Centro Gallego en tres ocasións, foi quen lle encargou a Blanco Amor a organización do enterro de

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e que puxo en marcha as "Xornadas Patrióticas", entre outras actividades. Comenta que esta amizade posibilitou a estadía de Blanco Amor en Sevilla en 1958, invitado por Benito Villamarín para celebrar o cincuentenario do Betis.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "50 anos do soño das Lagoas (II)", *La Región,* "Opinión", 3 novembro 2009, p. 19.

Comeza referíndose ao final da acción que acontece n'*A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Apunta que a celebración do cincuentenario desta obra coincide co nacemento dun "soño real nas Lagoas", que supuxo a modernización deste barrio ourensán, grazas a unha maqueta presentada polo arquitecto Durán Loriga. Sinala que se debería "celebrar e moito este cincuentenario como forma de homenaxe ás cousas ben feitas" e repara nos cambios que As Lagoas experimentou dende aquela.

Vázquez Pintor, Xosé, "No centenario de Varela Buxán", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 1 marzo 2009, p. 61.

Lémbrase o centenario do nacemento do estradense Manuel Varela Buxán, destacando a importancia do seu labor literario e cultural para Galicia como unha das grandes figuras da literatura dramática galega.

Veiga, Manuel, "O estraño caso dos Nobel en galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "Cultura", "Tribuna", 19-25 novembro 2009, p. 22.

Sorpréndelle o feito de que nunha "importante libraría" só tiveran unha obra de Anna Akhamátova, *Só o silencio me responde* (2007), que se publicou en edición galega na editorial Rinoceronte. Esta "anomalía" tráelle á memoria outras obras de autores con Premios Nobel, como Jean Marie Le Clézio e Harol Pinter, que xa contaban con tradución ao galego. Pregúntase a que se debe o "bo tino editorial" que hai en Galicia, comparando o número de traducións de galego e castelán. Para dar coa resposta, ten en conta as palabras do editor inglés Tony Frazer, quen afirmou que a literatura galega chamaba a atención "polo seu estilo de vangarda, mesmo experimental, e polo seu distanciamento do costumismo".

Ventoso, Luís, "Somos ricos", *La Voz de Galicia*, "Vidas ejemplares", 26 xullo 2009, p. contracuerta.

Opínase que Galicia posúe unha literatura de rara poesía que, por mor do illamento da rexión, permitiu conservar a súa tradución e amosa unha personalidade singular non percibida cara ao exterior.

Vidal Villaverde, Manuel, "Viale Moutinho na Academia", *Atlántico Diario*, "Opinión", 14 xaneiro 2009, p. 3.

Con motivo do nomeamento como Académico de Honra da Real Academia Galega de José Viale Moutinho, escritor tanto en galego coma en portugués, rememora encontros entre Viale e outros escritores.

Vidal Villaverde, Manuel, "Manoel Riveiro Loureiro", *Atlántico Diario*, 21 xaneiro 2009, p. 3/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempo lizgairo", 30 xaneiro 2009, p. 4.

Lembra a Manoel Riveiro Loureiro en calidade de amigo con anécdotas persoais que lles aconteceron.

Vidal Villaverde, Manuel, "Ficción e realidade do eu", *Atlántico Diario*, "Opinión", 8 abril 2009, p. 3.

Viáxase de maneira figurada a través da propia morte do articulista, revivindo agoiros do pasado ou atravesando os infernos existencialistas de Albert Camus e Jean Paul Sartre. Finalmente, resucítase do soño "a inversa de Zeus no poema de Álvaro Cunqueiro, pensando e soñando en Danae".

Vidal Villaverde, Manuel, "Melancolía do solsticio", *Atlántico Diario*, "Opinión", 27 xuño 2009, p. 24.

Partindo do día despois de San Xoán e a conseguinte chegada do verán, faise unha análise política sobre o capitalismo, que deriva nas folgas e a compracencia ou ausencia dela con que se tratan segundo o motivo. Recóllense as palabras de Rainer Marie Rilke, "comezan queimando libros e acaban queimando homes", e exprésanse a melancolía e tamén a carraxe producidas por certas estampas que observa na cotidianidade. Finalmente, lémbrase de novelas coma *Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas, polas palabras do seu autor, quen dicía que "tiñan un arder moi humano".

Vidal Villaverde, Manuel, "Ao mar e a liberdade", *Atlántico Diario*, "Opinión", 28 xuño 2009, p. 22.

Loa a Bernardino Graña tras o seu nomeamento como membro numerario da Real Academia Galega. Recoñece os méritos do mesmo e recolle diversos poemas de autores que teñen que ver co homenaxeado, honrando posteriormente a Bernardino Graña, a quen denomina "poeta nacional galego do mar".

Vidal Villaverde, Manuel, "Morte en Venecia?' (I)", *Atlántico Diario*, "Opinión", 11 agosto 2009, p. 18.

Refírese á súa presenza "hai xa un feixe de anos" no congreso Galeusca realizado en Biarritz e ao que tamén asistiron Miguel Anxo Fernán Vello, Manuel María e Uxío Novoneyra, entre outros. Detalla algunhas das experiencias vividas neste congreso.

Vidal Villaverde, Manuel, "Morte en Venecia? (II)", *Atlántico Diario*, "Opinión", 15 agosto 2009, p. 25.

Lembra cando xunto con Cesáreo Sánchez Iglesias e Manuel María cruzaron Castela e as anécdotas que contaron sobre Luís Pimentel e Dionisio Gamallo Fierros. Tamén se refire á súa estancia no mosteiro de Hasparren onde mercaron uns libros.

Vidal Villaverde, Manuel, "Dos últimos días en Venecia… (e III)", *Atlántico Diario*, "Opinión", 20 agosto 2009, p. 24.

Describe como en Biarritz (vila éuscara á que denomina como Venecia), foi en procesión laica para lle levar flores a Francis Jammes xunto con Manuel María, Xavier Puente Docampo, Miguel Anxo Fernán-Vello, Bernardiño Graña, Xosé Estévez, Ánxeles Penas e mais Alfonso Álvarez Cáccamo.

Vidal Villaverde, Manuel, "Paisaxes nocturnas", *Atlántico Diario*, "Opinión", 23 agosto 2009, p. 23.

Comeza opinando que este é un artigo intimista e despois de varias reflexións sobre o intimismo apunta que dunha ocasión lle escoitou "ao meu amigo, xa morto", Camilo Gonsar, que nada é intimista mais que no intimismo está todo.

Vidal Villaverde, Manuel, "Máis sobre o intimismo (minirrelato)", *Atlántico Diario*, "Opinión", 24 agosto 2009, p. 18.

Realiza "outra formulación do intimismo" baseada nun pequeno relato dirixido a unha muller á que aínda ama, e que está ambientado nunha casa que agora é lóbrega e na que lle recitaba poemas de Emily Dickinson.

Vidal Villaverde, Manuel, "Anisia Miranda, ceo e vida...", *Atlántico Diario*, "Opinión", 24 outubro 2009, p. 4.

Refírese á morte de Anisia Miranda, compañeira de Xosé Neira Vilas, á quen lle di que "non esqueza que aquí estamos os derradeiros e íntimos amigos". Fai unha serie de lembranzas da finada e reflexiona sobre a continuación da vida despois da morte dun ser querido.

Vidal Villaverde, Manuel, "Tu quoque, fili mi", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Fai fume", 11 novembro 2009, p. 4.

Recolle unha serie de pensamentos escritos sobre as lecturas "gravadas nos circuítos da ben ou mal chamada memoria", na que están presentes as alusións a escritores galegos como Luísa Villalta, Luís Pimentel e Luz Pozo Garza, alén doutros autores clásicos universais, como William Shakespeare ou Dante Alighieri.

Vieites, M. F., "As historias da nación galega", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 255, "Literatura", 24 outubro 2009, p. 7.

Considera que todas as nacións se constrúen a si mesmas a través de relatos e narracións de moi diversa índole. Exemplifica esta afirmación co ocorrido en Mesopotamia ou en Irlanda, lugares nos que se negou o proceso de recuperación e reconstitución das súas historias. Con respecto a Galicia, comenta que dende finais do século XIX houbo dramaturgos que se ocuparon deste proceso de "restitución da historia da nación galega", destacando especialmente a figura de Daniel Cortezón, Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte.

Villalaín, Damián, "Ferrín na RAG", *A Nosa Terra*, n.º 1.388, "Galiza", 31 decembro 2009, p. 6.

Mostra a súa oposición a que Xosé Luís Méndez Ferrín sexa elixido como próximo presidente da Real Academia Galega. Considera que esta institución non gañaría nada coa presenza de Ferrín, senón que suporía a utilización da cultura galega como instrumento dos nacionalistas. Apunta que, coa concesión da presidencia desta institución, se pretende premiar a Ferrín por escribir ben, por ser maior ou para non ter problemas con el.

Villar, Mariluz, "Margarita Ledo Andión", *La Región*, "Opinión" , "Mujeres", 15 febreiro 2009, p. 20.

Fala do novo ingreso feminino na Real Academia Galega, Margarita Ledo Andión, catedrática, escritora e directora de cine, cun discurso intitulado "Do bucle e da fenda". Comenta que é a quinta muller que figura na Academia, na que entraron anteriormente Xohana Torres, Olga Gallego, Luz Pozo Garza e Rosario Álvarez.

Villar Janeiro, Helena, "Médicos e artistas", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 13 febreiro 2009, p. 3.

Con motivo da exposición "Médicos e artistas plásticos de Galicia no Camiño", celebrada no Centro Social da Fundación Caixa Galicia, onde expoñen a súa obra Fidel Videl e Lourdes Maceiras, entre outros, lembra aqueles escritores que estudaron e exerceron Medicina, caso de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Manuel Leiras Pulpeiro e Luís Pimentel.

Villar Janeiro, Helena, "Carta para Avelino Abuín de Tembra", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 6 marzo 2009, p. 3.

Reproduce unha carta de carácter ficticio para Avelino Abuín de Tembra, de quen lembra especialmente que loitou en prol da cultura galega e que foi un gran defensor de Rosalía de Castro.

Villar Janeiro, Helena, "Palabra no mundo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 1 maio 2009, p. 3.

Comenta a iniciativa da revista poética en liña *Isla Negra*, de Gabriel Impaglioni, que leva a cabo un chamamento á lectura da poesía nuns días do mes de maio e salienta un dos poemas alí publicados, "Palabra no mundo". Menciona asemade o Día das Letras Galegas como a data na que Rosalía dedicou os seus *Cantares Gallegos* (1863) a Fernán Caballero e na que naceu oficialmente a literatura galega contemporánea.

Villar Janeiro, Helena, "Os poetas de Zurgai", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 12 xuño 2009, p. 3.

Dáse conta de *Los poetas de Zurgai*, unha antoloxía que recolle os poetas que foron invitados a participar nesta revista especializada vasca. Sinálase que entre os douscentos sesenta e sete autores representados no libro, de diversas nacionalidades, quince son galegos. Apúntase que Ramiro Fonte, Emma Couceiro, Pilar Pallarés e Manuel Rivas formarían parte desta lista porque achegan un forte compromiso coa lingua galega.

Villar Janeiro, Helena, "Un museo en Rianxiño", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 17 xullo 2009, p. 3.

Comenta que o artista Nuco Losada abrirá mañá un museo da súa propiedade en Rianxiño. Afirma que este escultor ten pezas graníticas de Rosalía de Castro e outras de Paio Gomes Charinho, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste e Faustino Rei Romero.

Villar Janeiro, Helena, "Na Lúa", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 24 xullo 2009, p. 3.

Asegura que cando o home chegou á lúa por primeira vez ela se atopaba moi feliz co seu primeiro título universitario, que lle axudaría a progresar na profesión e chegar a ser profesora e inspectora.

Villar Janeiro, Helena, "Pirita aurífera", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 31 xullo 2009, p. 3.

Describe, nesta evocación dedicada a todos os que queren conservar a lingua galega, a Manuel Pereira como un apaixonado pola mineraloxía, que estivo toda a súa vida esperando atopar a "pirita aurífera" mais que morreu sen poder realizar este soño.

Villar Janeiro, Helena, "Homenaxe a Camilo Agrasar", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 27 novembro 2009, p. 3.

Dáse conta da celebración por parte da Fundación Pedrón de Ouro dun acto en honra de Camilo Agrasar, a quen se destaca como un dos artífices máximos na institución de Rosalía de Castro como símbolo de Galicia e da súa mitificación, sendo tamén o responsábel da conversión da Casa da Matanza en lugar de memoria da ilustre escritora.

Vivero, Jorge de, "De cena con escritores", *El Progreso*, "Opinión" , "El Guirigai", 17 marzo 2009, p. 24.

Dá conta dunha cea no Hostal dos Reis Católicos onde se deron cita, con discursos previos, os autores consagrados Murakami, Luís Landero, Vicente Molina Foix, María Reimóndez e Anxos Sumai.

Xestoso, Manuel, "As traducións son un requisito obrigatorio para estar presentes no espazo literario internacional", *A Nosa Terra*, n.º 1.368, "Cultura", "A república mundial das letras", 16-22 xullo 2009, pp. 24-25.

Recalca a importancia que está a ter a importación e exportación de textos dentro da configuración do campo literario europeo. Destaca que tamén en Galicia a tradución está a medrar co aumento de profesionais da tradución e a aparición de novas editoriais centradas na tradución. Comenta que as traducións inciden no sistema literario a través das restrinxidas "traducións artísticas" e mais das traducións dirixidas ao gran público e ás máis comerciais. Tamén considera que en moitos casos os críticos literarios realizan unha crítica política e non unha crítica literaria ás obras traducidas ao galego.

Yáñez, María, "Cara ao e-libro galego", *Xornal de Galicia*, "Comunicación", "Vacas eléctricas", 18 febreiro 2009, p. 60.

Fai un alegato a favor do libro electrónico en galego, pois considera que as súas vantaxes encherán todos os eidos: o filolóxico, o escolar, o laboral e o lecer. Asemade, opina que engadirán un valor máis ás obras de autores como Álvaro Cunqueiro e Xavier Queipo.

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

A. B., "A oferta de libros en galego nas librerías xa é tan ampla coma a española", *Atlántico Diario*, "Vigo", 3 abril 2009, p. 15.

Entrevista na que se dá conta da intervención de Ramón Nicolás, tradutor, ensaísta e director da colección "Biblioteca das Letras Galegas" de Xerais, na inauguración dun novo ciclo no espazo literario Caixanova cunha ponencia intitulada "Detrás dun escritor sempre hai un lector".

Abilleira, M., "No club de lectura de Poio hai 15 persoas actualmente", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "En 3 minutos", 27 novembro 2009, p. 27.

Breve entrevista a Macarena Ferreiro en relación co Club de Lectura para Adultos de Poio, na que se trata o número de persoas asistentes ás reunións, os días e horas das mesmas e os datos de contacto do club. Tamén di que se len tanto obras galegas como obras clásicas ou contemporáneas traducidas ao galego; así comenta que o seu próximo reto é penetrar no mundo de Paul Auster, da man de *Brooklyn Follies*, publicada no 2005 e que tamén traballaron con *O club da calceta* (2006), de María Reimóndez, e *Shakespeare destilado* (2008), de Xesús Constela.

Álvarez, Natalia, "Os escritores temos que reivindicar esas partes da vida dos personaxes históricos que non se contan", *Faro da Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Entrevista", 19 febreiro 2009, p. III.

Conversa con Inma López Silva por mor da publicación da súa obra, gañadora do Premio Blanco Amor, *Memoria da Cidade sen Luz* (2008), que foi editada por Galaxia. Trátase, tal e como indica a propia autora, dun relato de ficción en primeira persoa sobre guerras e exilios nunha Galicia representada como un espazo cosmopolita afastado do rural ao que estamos acostumados.

Álvarez, Natalia, "Manipular marionetas é como tocar un instrumento: o difícil é conseguir que transmitan sensacións", *Faro da Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, 19 marzo 2009, p. III/"O difícil é conseguir que transmitan sensacións", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 227, "Marionetas", 28 marzo 2009, p. 6.

Recolle unha entrevista a Isabel Rey, cofundadora da compañía de monicreques máis antiga de Galicia, Monicreques de Kukas, creada arredor do ano 1979. A entrevistada reflexiona sobre os piares do éxito da súa empresa, destacando o cariño e a paciencia, así como a diversificación dos espectáculos e dos monicreques, inspirándose por unha vontade de acoller non só aos máis cativos, senón tamén aos adultos. Así mesmo, subliña que o público asistente non variou moito nas tres décadas que levan creando maxia grazas aos monicreques.

Álvarez, Natalia, "Hai moitos autores que escriben en norma reintegracionista e aos que lles custa publicar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 308, "Entrevista", 12 novembro 2009, pp. IV-V.

Conversa cos promotores de Edizer Livros, Pablo Amado, Paulo Rico e Tomás González na que contan que xa hai catro anos que traballan xuntos e que a súa intención é ofrecer un espazo para que publiquen os que escriben segundo a norma de AGAL mais, de introducirse no mercado portugués, probabelmente faríano co Acordo Ortográfico. Anúnciase a tradución d'*O dianho e Tom Walker*, de Washington Irving, coa intención de seguir facendo traducións, publicar algún ensaio, pero tamén ficción, porque a estes escritores cústalles moito publicar. Traballan co *copyleft* para que todos teñan acceso ás obras. Reflexionan sobre o fracaso do reintegracionismo na sociedade galega, culpando á norma académica de non darlle visibilidade, mais tamén porque os reintegracionistas son universitarios e independentistas, distantes da realidade social. Para terminar, fai unha defensa do reintegracionismo porque fai do galego parte da lusofonía.

Arellano, Lucía F. de, "Valente non concibía a poesía sen a música", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 24 setembro 2009, p. 44.

O investigador Claudio Rodríguez Fer concede esta entrevista no momento en que se está a desenvolver unha homenaxe a José Ángel Valente no Teatro Provincial de Ourense, co gallo do oitenta aniversario do seu nacemento, que leva por título "José Ángel Valente, memoria sonora". Rodríguez Fer, aínda que afirma admirar a Valente, pensa que non hai influencias do autor na súa obra e afirma que as fontes das que bebe son os surrealistas, fundamentalmente André Breton, e de Hölderlin e Borges, entre os clásicos. Tamén se afonda noutras cuestións, como na súa concepción da poesía como froito dunha profunda experiencia vital e no seu rexeitamento de que a poesía sexa un xénero elitista, pois considera que as masas chegan á poesía de maneira indirecta a través da música popular.

A. V., "A grande eiva do libro en galego segue estando no xénero do ensaio", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Encontros Culturais", 20 setembro 2009, p. 39.

Conversa con Xosé Ballesteros e Manuel Bragado na que comentan cal é o seu traballo como editores. Ambos coinciden en sinalar que o xénero de menor relevancia dentro do libro galego é o do ensaio, fronte á fortaleza da narrativa e do libro infantil. Pola súa banda, Bragado salienta a diversidade xeracional de autores, así como o fenómeno das narradoras deste século.

Balado, Lois e Bernardino **Saurio**, "Gustaríame ser unha gran cantante de ópera", *Galicia Hoxe*, "Verán", "Entrevista con…", 8 xullo 2009, p. 15.

Conversa coa poeta Helena Villar Janeiro, que vén precedida dunhas liñas que repasan o seu currículo, na que unicamente é preguntada por cuestións persoais.

Balado, Lois e Bernardino **Saurio**, "O que máis me inspira son as estacións de transporte público", *Galicia Hoxe*, "Verán", "Entrevista con…", 9 xullo 2009, p. 16.

Entrevista a Quico Cadaval, introducida polos títulos máis coñecidos das súas pezas teatrais, caso de *Noite de Reis* e *No comment*, na que é preguntado fundamentalmente por cuestións persoais, aínda que tamén sobre o que está a ler nese momento.

Balado, Lois e Bernardino **Saurio**, "Un non aprende dos erros, é que nos facemos vellos", *Galicia Hoxe*, "Verán", "Entrevista con…", 11 xullo 2009, p. 15.

O escritor e guionista Xesús Miguel de Toro Santos, coñecido como Suso de Toro, é presentado nunhas liñas que repasan o seu currículo para despois responder fundamentalmente a cuestións persoais. Tamén comenta que a fonte da súa inspiración é estar tranquilo e o camiñar e confesa que neses momentos está a ler *Nada*, de Carmen Laforet.

Balado, Lois e Bernardino **Saurio**, "Gardo gran recordo dos guisos da miña nai", *Galicia Hoxe*, "Verán", "Entrevista con…", 13 xullo 2009, p. 14.

Conversa co actor Ernesto Chao, na que se repasan algún dos seus traballos máis sobranceiros, caso da obra *Aeroplanos*, na que é preguntado por cuestións sobre a súa personalidade, os seus gustos e preferencias en canto a música, a literatura, etc.

Balado, Lois e Bernardino **Saurio**, "Síntome identificado co colote dos debuxos animados", *Galicia Hoxe*, "Verán", "Entrevista con…", 15 xullo 2009, p. 15.

Tras lembrar a participación de Xosé Manuel Olveira "Pico" nas representacións teatrais de compañías como o Centro Dramático Galego ou Ditea, recóllense as súas impresións sobre diversos temas.

Balado, Lois e Bernardino **Saurio**, "Inspíranme os que son optimistas ante a adversidade", *Galicia Hoxe*, "Verán", "Entrevista con…", 23 xullo 2009, p. 16.

Entrevista á escritora María do Cebreiro, introducida por un breve repaso do seu currículo, na que se abordan principalmente cuestións persoais. Afirma que lle inspira a xente que mantén o tipo fronte á adversidade e comenta que está a ler *Diario dun mal ano*, de J. M. Goetzee.

Balado, Lois e Bernardino **Saurio**, "En calquera lugar pode estar esa faisca que prende a imaxinación", *Galicia Hoxe*, "Verán", "Entrevista con…", 21 agosto 2009, p. 15.

Conversa coa escritora Rosa Aneiros, na que salienta do breve repaso pola súa traxectoria como xornalista e escritora os galardóns obtidos. Aneiros desvela que está a descifrar os fíos narrativos de Stieg Larsson.

Barros, Paula, "Había muchas tesis de Rosalía o Celso Emilio Ferreiro, y yo quería hacer la mía sobre un autor vivo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 30 xullo 2009, p. 78.

A profesora cubana Yanelis Velasco concede esta entrevista durante a súa estadía en Galicia. Nela explica de onde nace o seu interese pola cultura e literatura galegas, así como por que decidiu dedicar a súa tese ao escritor Xosé Vázquez Pintor e sobre os proxectos máis próximos.

Beceiro, Manuel, "Hai que fuxir das condicións un pouco ortopédicas da poesía", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 25 abril 2009, p. L16.

Entrevista á poeta galega María do Cebreiro, autora de *Non son de aquí* (2008), un conxunto de composicións que xiran arredor da renuncia, nun berro identitario de busca, tal e como apunta a poeta, dese horizonte que descoñecemos e que tanto se anhela.

Beotas, Enrique, "Soy miembro de una generación que tuvo una juventud muy difícil", *El Correo Gallego*, "Entrevista", "A modiño", 18 xullo 2009, pp. 8-9.

Conversa co escritor José Rey Ximena precedida dunha longa introdución de valor literario. Nesta entrevista abórdanse especialmente cuestións persoais, pois Rey Ximena é preguntado polos seus soños e aspiracións, os seus gustos no tocante a música, cine, gastronomía, afeccións, pola súa personalidade e por cuestións familiares. Asemade, o escritor expresa a súa opinión sobre a obra de diferentes escritores galegos, confésase un namorado de Álvaro Cunqueiro e revela que está a elaborar un estudo sobre a poeta Sofía Casanova. Explica tamén de onde parte o seu interese pola figura de Leslie Howard e que significan para el as diferentes linguas nas que se expresa.

Bernal, Clara, "Eu non vivo da literatura, por iso podo ter con ela unha relación moito máis relaxada", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que Calor*!", "Entrevista impertinente", 26 agosto 2009, p. 21.

Por medio desta conversa Rosa Aneiros explica o lugar que ocupan na súa vida as súas dúas facetas, a de xornalista e a de escritora. Aneiros pensa que non hai un gran distanciamento entre ambas vertentes, porque nas dúas a ferramenta a empregar é a palabra. Como xornalista recoñece que queda patente a súa necesidade de contar, interesándose especialmente polas cousas pequenas; como escritora, séntese con máis liberdade porque non é o seu *modus vivendi* e conta unha historia cando en realidade sente a necesidade de contala.

Blanco, Xabier R., "Pos a dous escritores xuntos e solo falan de pasta", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 5, "A dúas voces", "Con/Tacto", 11 xaneiro 2009, pp. 10-12.

Recóllese unha entrevista aos televisivos Antón Reixa e Yolanda Castaño, no que ambos os dous amosan ese gusto común polas palabras que inspira a súa actividade

como poetas. Así, a entrevista afonda nos seus respectivos gustos literarios e artísticos, dando lugar a unha interesante "guerra" verbal e expresiva.

Blanco, Xabier R., "Se hai que falar dunha casa de Castelao esta sería a de Pontevedra ou na que naceu", *Xornal de Galicia*, "En clave", 15 decembro 2009, pp. 2-3.

José Antonio Durán, estudioso de Castelao e autor d'*O primeiro Castelao*, é entrevistado sobre cal é a casa, de todas nas que viviu, coa que Daniel Rodríguez Castelao se sentiu máis identificado.

Blanco, Xabier R., "Xabier Baltar é un raposo que faltou a cousas que Teresa dixo", *Xornal de Galicia*, "En clave", 19 decembro 2009, p. 4.

Faise eco da resposta de Avelino Pousa Antelo á carta publicada no mesmo diario de Juan Ramón Baltar. Nesta entrevista recóllense as súas impresións sobre a actitude de Xabier Baltar de non vender a casa ao Concello de Rianxo, argumentando e criticando as razóns que cree que hai detrás de dita decisión, acusándoo de ser "un raposo que faltou a cousas que Teresa dixo" en referencia á irmá de Castelao". Menciónanse así os obxectivos da Fundación con respecto á casa de Castelao e a súa vontade de manter a memoria dun dos pilares do galeguismo xunto a Rosalía de Castro.

Bugallal, Isabel, "É moi difícil vivir entre imbéciles e escuros", *Faro de Vigo*, "*Estela*" n.º 372, "Entrevista", pp. 6-7/*La Opinión*, "Cultura", 5 xullo 2009, pp. 68-69.

Conversa co escritor Bernardino Graña, acompañada por uns parágrafos nos que se achegan os títulos das súas obras máis sobranceiras. Graña, que vén de ser elixido membro da Real Academia Galega, opina sobre a situación actual da lingua galega, evitando entrar en temas políticos, e rememora os seus tempos de estudante e de profesor. O escritor deixa claro o seu rexeitamento do sobrenome co que se lle coñece, "poeta do mar". Doutra banda, Graña tamén fala das súas próximas publicacións, dos diferentes xéneros literarios que aborda e afirma estar de acordo coa elección de Uxío Novoneyra como autor homenaxeado no próximo Día das Letras Galegas.

Bugallal, Isabel, "A mi primo Mariano le doy 500.000 vueltas en la bici", *La Opinión*, 30 xullo 2009, contracuberta/*Faro de Vigo*, "Faro Verano", "Entrevista", 4 agosto 2009, p. 38.

Entrevístase ao notario e escritor Enrique Rajoy Feijóo, quen ademais de opinar sobre política e sobre o estado actual da xustiza, explica o seu concepto persoal do galeguismo, recorda os persoeiros máis recoñecidos da súa familia e fala da súa afección ao ciclismo. Asemade, abórdanse cuestións literarias como o argumento da súa próxima publicación, unha novela histórica que leva por título *O botafumeiro de ouro.*

Bugallal, Isabel, "Sofía Casanova no interesa a nadie, su figura no da juego", *La Opinión*, 2 decembro 2009, contracuberta.

A estudosa da figura da xornalista galega Sofía Casanova, Rosario Martínez, é entrevistada sobre a vida de dita xornalista coruñesa, primeira corresponsal permanente dun xornal español.

Bugallal, Isabel, "Iso do sentidiño a min non me gustou nunca", *La Opinión*, 11 decembro 2009, contracuberta.

Conversa co escritor Manuel Rivas sobre como será o día seguinte ao seu discurso de entrada na Real Academia Galega e outros temas relacionados con esta, como por exemplo a posibilidade de que o tamén escritor Xosé Luís Méndez Ferrín saia nomeado presidente da devandita academia.

C. A., "Era un investigador da lingua e anotaba todo o que escoitaba", *El Progreso*, "A Chaira", 11 xuño 2009, p. 22.

Faise eco dunha entrevista a María Josefa Iglesias, mestra prexubilada e unha das sobriñas do poeta chairego Aquilino Iglesias Alvariño. Dá conta da particular visión que ten sobre o seu tío, quen lle contaba contos e historias. Subliña a especial relación que este tiña co seu fogar natal en Seivane, ao que Iglesias Alvariño se sentía moi vinculado.

Calvo, Paloma, "Territorios liberados", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Literatura", 3 xaneiro 2009, p. 27.

Recóllese unha entrevista a Fran Alonso, nun dos momentos máis prolíficos da súa carreira literaria, no que vén de publicar *Un país a medio facer* (2008) e a ansiada recén editada versión en castelán de *Cartas de amor*. Indícase que Alonso considera que se está a vivir un momento creativo moi interesante na terra galega, xa que a pesar das situacións de represión antigamente vividas, agora ábrense espazos libres que son aproveitados polos escritores para reivindicar a cultura galega.

Calvo, Ana, "Vivimos tanto en nuestras obras como en las que ayudamos a crear", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 outubro 2009, p. 23.

A escritora e pintora Alicia López Gallego, que aborda o seu labor como docente en diferentes talleres de creación literaria, comenta que estes cursos van dirixidos a todo tipo de persoas e que son concibidos como un lugar de intercambio de temas e historias. Ao mesmo tempo fala dalgunhas das obras dos seus alumnos e afirma que vive as súas propias obras como as que axuda a crear. Asemade, a escritora opina sobre o programa cultural no que participa en Radio Obradoiro, "O sombreiro de Merlín".

Camesella, Silvia, "Son un buzo no audiovisual: mergúllome nas novelas que adapto ao cine", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 28 setembro 2009, p. 59.

Achéganse os comentarios do escritor, director e guionista Antón Dobao sobre o seu telefilme *O Clube da Calceta*, adaptación da novela homónima. Dobao opina sobre a acollida que tivo este traballo e a súa nominación como Mellor Ficción Europea, aos premios Prix Europa da radio e da televisión. Explica que o que o levou a adaptar esta novela foi a posibilidade de afondar na sociedade actual dende o prisma das mulleres, que para el teñen un papel secundario tanto na vida real coma no ámbito audiovisual. Di que ante todo é escritor, polo que concibe as súas historias dende o punto de vista narrativo.

Carballa, Xan, "A clave do teatro é a palabra, o demáis é competir co cine", *El País,* "*Galicia*", "Luces", p. 9.

Millán Picouto é entrevistado sobre a súa obra teatral e a maneira que ten de compoñer as súas pezas teatrais en verso, a súa temática, as representacións que se fan das súas obra. Entre os outros temas dos que tamén se fala na entrevista están as súas obras líricas, as súas composicións musicais e a súa permanencia á marxe da sociedade literaria.

Cendán, Antonio, "Parece incríbel que se esquecese a obra de Victoriano Taibo", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", 9-14 xaneiro 2009, p. 39.

Conversa co crítico Armando Requeixo co gallo da publicación dunha obra súa arredor da figura do poeta galego Victoriano Taibo, *Abicedo Cabrinfollas* (2008), na que se recollen os seus poemas e un estudo sobre o autor. Sublíñase a vontade de Requeixo de tentar recuperar a este autor, mediante o tratamento da súa obra e da súa traxectoria. Reflexiona sobre o esquecemento no que ficou o poeta unha vez finado, algo que Requeixo di non entender, pois o labor de Taibo nas letras e a cultura galegas foi importante.

C. F., "Os autores perderon peso entre os oficios teatrais a favor dos directores das compañías", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 27 decembro 2009, p. 47.

Intercambio de opinións entre Manuel Lourenzo e Rubén Ruibal, que coinciden en sinalar a distancia entre os creadores de textos dramáticos e os responsábeis da súa posta en escena, aínda que por distintos factores dada a distancia xeracional que os separa. En referencia ao seu propio caso, afirman non interferir na escenificación das súas propias pezas teatrais.

C. P., "Escribo poesía narrativa, textos que hablan del arte en todas sus expresiones", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 31 xaneiro 2009, p. L16.

A través dunha entrevista á autora, Esther Ferrer, fálase da súa primeira obra individual, *Musas hiperactivas*. Comenta que se trata dun libro de poesía narrativa formado por composicións curtas, sen métrica nin rima, que bebe das fontes simbolistas de autores como Baudelaire. Engade que os poemas están acompañados de fragmentos de textos tamén escritos para presentar exposicións e outras actividades da Asociación Galega de

Arte e Cultura, de aí que os temas estean relacionados coa arte en todas as súas expresións. Ferrer tamén explica que a obra orixinal está escrita en castelán, polo que a tradución ao galego pretende ser moi literal co fin de manter a esencia do idioma orixinal.

C. P., "Sempre me preguntan polo protagonismo da muller en 'Ácaros verdes", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 19 febreiro 2009, p. L16.

Conversa con Pilar Buela, profesora de Lingua e Literatura, na que fala sobre a súa primeira novela *Ácaros Verdes* (2003), premiada co galardón do Premio Lueiro Rey 2003. Sinálase que esta obra tenta reflectir as experiencias persoais de Eva Braun e Magda Goebbles nos últimos días do nazismo dentro do búnker de Hitler.

C. P., "Hai moitas referencias a Shakespeare, é unha novela de personaxes", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 21 febreiro 2009, p. L16.

Recóllese unha entrevista ao xornalista e escritor Santiago Jaureguizar co gallo da presentación da súa novela *O Globo de Shakespeare* (2008), gañadora do Premio Terra de Melide. Tal e como apunta Jaureguizar, a novela xira ao redor da aparición dun manuscrito de Hamlet nun pazo de Ribadeo, acontecemento que serve tamén como homenaxe indirecta non só ao teatro isabelino, senón tamén á figura do dramaturgo inglés.

C. P., "O curso é unha aposta que se verá coa vontade de escribir dos alumnos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 24 febreiro 2009, p. L16.

Conversa co autor e director Cándido Pazó, organizador dun curso de teatro chamado "Pistas para unha dramaturxia de actualidade" que tenta axudar a formar novos escritores. Sinálase que o curso está orientado de xeito práctico e conta coa presenza de figuras notábeis do campo teatral, como Enzo Cormann, un dos máis destacados dramaturgos franceses contemporáneos.

C. P., "A musa desta obra é a miña bisavoa Alicia, a miña heroína particular", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 6 marzo 2009, p. L16.

Entrevístase a Olalla Cociña, poeta e xornalista pola publicación da obra *Libro de Alicia* (2008), gañadora do Premio Fiz Vergara Vilariño. Indícase que a escolma está inspirada na bisavoa da autora, Alicia, e está configurada como un percorrido pola experiencia vital e a historia persoal desta.

C. P., "O que pretendo é ir contra o amor como unha paixón incontrolada", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 17 marzo 2009, p. L16.

Con motivo da presentación do seu poemario, *Tratado de amor universal* (2006), o escritor Xesús M. Valcárcel concede esta breve entrevista, na que explica a temática

desta publicación vinculada ao Movemento do Sentimentalismo. Valcárcel di que aborda o tema do amor sen limitarse ao eido da parella, senón que achega unha visión do amor como elemento fundamental dentro das relación humanas.

C. P., "González Carbalho era un enamorado de Galicia y de la obra de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 19 maio 2009, p. L16.

Recóllense as verbas de Antonio Requeni, escritor arxentino e membro da Academia Arxentina das Letras, nas que eloxia a figura do poeta arxentino de orixe galega González Carbalho. Anúnciase a creación dun volume arredor da traxectoria do poeta, quen, tal e como apunta Requeni, estaba moi vinculado á terra e á cultura galegas.

C. P., "A poesía resulta estraña cando se sae do autor, o erotismo e a paixase", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 23 outubro 2009, p. L16.

A poeta Estíbaliz Espinosa, co gallo do seu recente recital multimedia no Centro Sociocultural da Trisca, concede esta breve entrevista na que fala sobre a acollida que teñen este tipo de eventos con diferentes auditorios.

Cruz, José, "A poesía é unha arte destinada a minorías", *La Región*, "Valdeorras", 28 febreiro 2009, p. 15.

Entrevista realizada á poeta Rosa García Machado, organizadora dun encontro do colectivo Ribeira Sacra nunha adega da Rúa, na que se explica que esta iniciativa ten como finalidade promover a poesía ao mesmo tempo que dá a coñecer as adegas da zona.

Dopico, M., "Tres décadas dun proxecto cultural", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 outubro 2009, p. 36.

Conversa con Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, na que se fai balance dos trinta anos de andadura da editora. Bragado considera que nestes anos se ten avanzado en eidos como na literatura infantil e xuvenil ou na educativa, pero pensa que no científico-técnico aínda está todo por facer. Asemade, afirma que seguen un criterio de edición cultural, que seguramente houbo de influír na evolución da narrativa das últimas décadas. Apunta que co seu proxecto cultural Xerais procura ampliar o número de lectores en galego.

Espinoso, S., "É imposible unha vida sen poesía, outra cousa diferente é lela ou escoitala", *La Región*, "Ourense", 13 xuño 2009, p. 7.

Faise eco dunha entrevista á poeta ourensá Chus Pato co gallo da recepción de dous premios, o Premio Nacional de Crítica en Literatura Galega e o Antón Losada Diéguez por *Hordas de escritura* (2008). Recóllense as verbas da escritora, quen apunta á poesía como unha fonte inesgotábel de satisfacción, sendo este un xénero no que se sente a

gusto. Recoñece tamén a dificultade de vivir da literatura e facerse escoitar, especialmente para os novos escritores que desexan publicar na súa terra.

Fernández, Laura, "Los poemas de Curros Enríquez son melódicos y se traducen muy bien al ruso", *La Región*, "Provincia", 27 marzo 2009, p. 21.

Realízase unha entrevista a Elena Zernova, responsábel da tradución ao ruso da poesía de Manuel Curros Enríquez. Refire que o volume é o número trece da antoloxía da literatura galega que edita o Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo. Zernova explica como naceu o seu interese pola literatura galega e por que escolleu a poesía de Curros para traducila. Tamén fala sobre a recepción da obra polo público ruso e afirma que se considera unha embaixadora de Galicia en Rusia.

Fernández, Laura, "En las palabras de Celso Emilio Ferreiro encuentras lo que no sabes cómo expresar", *La Región*, "Celanova", 30 agosto 2009, p. 13.

Con motivo do trinta aniversario do falecemento de Celso Emilio Ferreiro o seu primoxénito, Luís Ferreiro, concede esta entrevista, na que fala sobre o carácter de seu pai, a súa forma de traballar e sobre a súa etapa de emigrante e a Galicia que lle tocou vivir.

Fernández, Laura, "Los poetas locales son adaptables al audiovisual", *La Región*, "Celanova", 22 decembro 2009, p. 17.

Conversa con Raúl García Pérez pola presentación da súa adaptación do poema "Nocturnio", de Manuel Curros Enríquez, ao formato audiovisual nunha produción de animación en 3D. De seguido, describe o proceso de realización de dito proxecto. Así, as ganas do autor de traballar sobre algún contido referente a Celanova e o achado co poema de Curros Enríquez decidíronlle a levar a cabo dito proxecto. Comenta ademais as posibilidades da poesía galega para ser adaptada ao formato audiovisual.

Fernández, Xurxo, "Chisco Fdez, Naval, o home tranquilo", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Entrevista", 8 marzo 2009, pp. 6-7.

Recolle unha entrevista a Chisco Fernández na que se fala da Literatura galega actual, da frecuencia coa que os galegos len (que, curiosamente, non vai parella ao nivel de merca de libros), así como dos temas que marcan os textos galegos máis actuais. Reivindica o papel do escritor, rescatándoo do esquecemento, pois Fernández considera urxente que o autor e o receptor se acheguen a un mundo máis próximo e coñecido no que comulguen.

Fraga, Xesús, "Un autor nunca debe deixar de ser o dono da súa creación", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº XXX, "O escritor do mes", 28 marzo 2009, p. 16.

Faise eco das impresións do dramaturgo, narrador e cineasta Euloxio Rodríguez Ruibal

tras a súa volta ao mundo do audiovisual como profesor en Ciencias da Comunicación. Ruibal subliña que antes de ser narrador e dramaturgo, a súa maior paixón foi a de ser guionista de cinema, diferenciándose daqueles que soñaban con ser poetas. Así, logo dunha longa paréntese, retorna a esta antiga paixón polo audiovisual para experimentar coas novas tecnoloxías.

Franco, Camilo, "Non podo reprocharlles aos directores que non lles interesen as miñas obras", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 30 xaneiro 2009, p. 55.

Conversa co escritor galego Raúl Dans sobre dúas das súas máis recentes publicacións, *Nun mundo hostil* e *Nachtmahr*, ambas as dúas do 2008. Así mesmo, Dans incide na caracterización destas novelas como pezas próximas ao mundo teatral, sendo a primeira unha compilación de pequenas obras de teatro, e representando a segunda a súa propia concepción da escritura teatral, afastándose das posíbeis consideracións dos críticos literarios para resultar máis dramático.

Franco, Camilo, "Os medios foron decisivos para o cambio social", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 302, "O escritor do mes", 21 febreiro 2009, p. 15.

Recéllese unha entrevista ao escritor galego Marcos Valcárcel co gallo da presentación do seu libro *Historia de Ourense*, editado por Xerais en 2008. Dito volume tenta amosar a historia da chamada Atenas galega. Así, afírmase que esta achega literaria de Valcárcel pretende amosar a posíbel conxunción entre o xornalismo e a novela histórica, considerados polo autor como xéneros cómplices.

Franco, Camilo, "Sempre hai piratas, é unha figura que non se acaba nunca", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 marzo 2009, p. 58.

Realízase unha entrevista a Hixinio Puentes, quen fala sobre a súa última novela, *Monbars o exterminador*, publicada por Xerais en 2008. Comenta o autor que o tema da piratería aínda é moi frecuente na actualidade e fala sobre o personaxe protagonista da obra, Monbars, baseado nun referente real. Tamén indica Puentes cáles son os seus referentes literarios e asegura que con esta novela tamén pretende ensinar ao lector sobre dita temática.

Franco, Camilo, "A poesía necesita saír dos libros para volver á xente", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 310, "A escritora do mes", 25 abril 2009, p. 16.

Entrevista á escritora Eva Veiga, na que amosa a súa fascinación polo xénero poético, así como pola narrativa. Sinálase tamén a importancia de facer chegar a poesía ao público mediante a realización de recitais e de presentacións públicas, algo que Veiga leva anos facendo co grupo Ouriol, formado tamén por Bernardo Martínez e Fito Ares.

Franco, Camilo, "Se escribes poesía tes que facelo sobre o que está pasando", *La Voz de Galicia*,"*Culturas*", n.º 318, "A escritora do mes", 20 xuño 2009, p. 15.

A poeta Marta Dacosta expón que para ela a mellor maneira de expresarse é a poesía. Tamén se lamenta polo mal momento que está a atravesar a lírica, debido a situación de crise e pola persecución do idioma galego, e afirma que a poesía neste momento debe ser vehículo para a reivindicación da cultura e lingua galegas. Doutra banda, aínda que Dacosta non se sente discriminada por ser muller, rexeita que a súa obra sexa "literatura de muller", di que esta etiqueta é unha forma de negar a obra dalgunhas mulleres.

Franco, Camilo, "A xente sempre percibiu ben a Uxío", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 321, 11 xullo 2009, p. 3.

Declaracións de Elba Rei, viúva de Uxío Novoneyra, quen comenta a alegría coa que recibiu a elección do escritor para conmemorar o Día das Letras Galegas 2010. Apunta que a obra de Novoneyra é "de moitos matices" e que necesita dunha reflexión para ser entendida totalmente. Sinala que na obra do poeta do Courel hai "moitas máis cousas" que *Os eidos* (1955) e di que a el sempre lle preocupou que a súa poesía fora "popular porque chegaba á xente".

Franco, Camilo, "Non busco experimentar coa literatura, sóame pretencioso", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 335, "A escritora do mes", 17 outubro 2009, p. 16.

Achéganse os comentarios da poeta Estíbaliz Espinosa sobre a definición e a finalidade da poesía. Espinosa considera que a poesía máis que un xénero é un clima ou unha atmosfera, para ela este clima poético pode estar presente noutros eidos como na publicidade, no cinema, nas letras de cancións e incluso nas teorías científicas, nas matemáticas, na bioloxía…; porén, coa súa obra non pretende romper coas fronteiras tradicionais da poesía, que a poeta di ignorar, senón que busca innovar e procura non repetirse. Opina que ante todo a poesía busca ser lida e perdurar na memoria común, transmitindo as claves do universo humano.

Franco, Camilo, "Sen a miña vida profesional tería deixado moito por escribir", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 339, "O escritor do mes", 14 novembro 2009, p. 7.

Entrevista a Xavier Alcalá sobre a coincidencia do título do último libro de Ángeles Caso, *Contra el viento*, cunha tradución ao castelán dun libro seu. Tamén falan de como Alcalá comezou a escribir, da combinación vida literaria-experto en telecomunicacións e das súas colaboracións musicais con Andrés Dobarro.

Franco, Camilo, "Estamos dispostos a ser aliados", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 novembro 2009, pp. 54-55.

Conversa entre Camilo Franco (xornalista), Cesáreo Sánchez Iglesias (poeta e presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega) e Luís González Tosar (poeta e presidente da sección do PEN Clube de Galicia) na que se fala da existencia ou non de rivalidade e competencia entre os dous organismos, das diferentes actividades ás que se dedica cada un, do panorama literario galego e de como se pode facer chegar a literatura

e cultura galegas alén das fronteiras de Galicia e de España.

Franco, Camilo, "Aquí estamos demasiado preocupados por ser modernos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 343, "A escritora do mes", 12 decembro 2009, p. 11.

Rexina Vega explica nesta entrevista como fai para diferenciar cando escribe ficción de cando escribe ensaio. Tamén se fala da súa novela *Cardume* (2007), da guerra civil como argumento literario, de como esta e mais a posguerra afectaron a escritores daqueles tempos como Álvaro Cunqueiro e da súa faceta como crítica teatral.

Franco, Camilo, "O teatro é a escrita máis directa", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 27 decembro 2009, p. 46.

Os dramaturgos galegos Rubén Ruibal e Manuel Lorenzo son entrevistados sobre diversos aspectos relacionados coa arte da dramaturxia, como por exemplo a gran perda de importancia que están a sufrir os dramaturgos para pasar a adquirila os directores das compañías.

Franco, F., "A miña toma de conciencia política e case prenatal", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 febreiro 2009, pp. 42-43/*La Opinión*, "Cultura", 8 febreiro 2009, pp. 66-67.

Recóllese unha entrevista ao escritor galego Xosé Luís Méndez Ferrín co gallo dunha homenaxe que se lle brindou. Lémbranse episodios da súa infancia en Ourense, as súas memorias de neno e de toda unha traxectoria vital até os seus actuais setenta anos. Reflíctense os sentimentos que o vinculan a cada unha das cidades nas que viviu: Pontevedra, Santiago, Lugo ou Madrid, para se estabelecer definitivamente na cidade de Vigo.

Franco, F., "Ya me falta menos para ser un clásico", *Faro de Vigo*, "Vigo", 24 febreiro 2009, p. 10.

Entrevístase ao escritor, profesor e poeta Antonio García Teijeiro co gallo da celebración do Entroido galego. Sinálase cómo a caracterización de poeta clásico foi capaz de trasladar a este escritor ao remoto mundo da Grecia antiga, na que a xente adoitaba escoitar poesía con grande entusiasmo.

Franjo, F., "Escribir co pulso do tempo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 outubro 2009, p. 38.

Conversa co escritor Agustín Fernández Mallo na que opina sobre o estado da narrativa actual. Fernández Mallo coida que en Galicia hai grandes autores, sobre todo de conto, máis aínda se segue a incidir en asuntos tradicionais e clásicos e que é preciso que enlace coa contemporaneidade.

Gallas Otero, Lidia M., "Escribo sobre o que me vén á cabeza: un día compúxenlle un poema á carteira", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", 1 marzo 2009, p. 46.

Faise eco dunha entrevista a Ramona Lojo, quen, aos seus setenta e seis anos, escribe poesía na súa vila de Boiro. Apunta a poeta que escribe de cousas que se lle pasan pola cabeza, ou simplemente para dar libre curso ás peticións que lle fai a xente do pobo. Sinálase que esta afección, xunto coas sopas de letras, téñense convertido nun entretemento para ocupar as horas de lecer.

García, Rubén, "Barcia defendió el entendimiento entre las diferentes lenguas del Estado", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 517, "Entrevista", 25 xaneiro 2009, pp. 18-19.

Recóllese unha entrevista a Miguel Vidarte, secretario do Liceo Xosé Rubia Barcia de Caranza (Ferrol), referente de distintas actividades culturais na vila ferrolá. Lémbranse os motivos da creación do Liceo, pensado principalmente para xerar un espazo cultural na zona. A seguir, coméntase que estivo formado inicialmente por xente procedente do estaleiro de Bazán, e que hoxe en día é un centro que acolle conferencias, reunións ou xornadas divulgativas. Tamén se fai eco do legado de Xosé Rubia Barcia, quen dá nome ao premio de novela convocado polo Liceo. Asemade, cítase a monografía *Xosé Rubia Barcia, un intelectual ferrolán no exilio* (1995), de Eva Docampo e Esperanza Piñeiro.

García Márquez, Marta, "Fun a Cuba na busca do pasado dos avós de todos os galegos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 4 agosto 2009, p. 16.

Conversa co escritor Xabier Alcalá con motivo da presentación da reedición en castelán da súa obra *Habana Flash*, tamén publicada en galego en 1998. Alcalá explica que ao texto orixinal de 1997 se engade unha visión da Cuba actual por medio do viaxeiro Marcelino Fernández Mayo. Ademais de abordar a situación complicada que atravesa Cuba, Alcalá tamén opina sobre o retroceso da literatura e o avance do formato electrónico e achaca a falta de lectores en galego á primacía do castelán no ensino.

Giráldez, Charina, "Müller mostra que é a lingua a que define a pertenza a unha literatura", *A Nosa Terra*, n.º 1.377, "Cultura", 15-21 outubro 2009, p. 21.

Con motivo da concesión do Premio Nóbel de Literatura 2009 a Herta Müller, entrevístase a Franck Meyer, encargado da tradución da única obra da escritora dispoñíbel en galego, *O home é un grande faisán no mundo* (2001). Meyer explica que esta tradución non foi doada, debido a que nesta obra a lingua é protagonista do contido polo que ao trocar a lingua tamén se muda o carácter literario. Doutra banda, opina que Müller, a pesar de estar nunha "posición marxinal" dentro do sistema literario alemán, é unha escritora recoñecida. Por último, destaca dela a súa integridade e defínea como unha persoa sinxela e humilde, que non mudou despois de recibir o premio.

Gómez, Jose, "O que me gusta da poesía é que permite certa posibilidade de escape", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 524, "Entrevista", 15 marzo 2009, pp. 2-3.

Dá conta dunha entrevista ao escritor e poeta Carlos Lema co gallo da obtención do premio Johán Carballeira 2007 pola súa obra *O xeito de Freud* (2008), editada por Espiral Maior. Subliña o poeta a súa satisfacción tras a recepción do premio, así como pola acollida dispensada polo público á súa primeira escolma de poemas. Paralelamente, xorden interrogacións arredor das funcións da lingua galega e da situación actual e diacrónica da Literatura galega.

Gómez, Jose, "Quien escribe poesía tiene que estar en el corazón del mundo", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 528, "Entrevista", 12 abril 2009, p. 18.

Entrevista a Juan Carlos Valle "Karlotti" e Guillermo Fernández, promotores da Semana da Poesía Salvaxe. Apuntan que se trata dun proxecto inspirado na vontade persoal de achegar a poesía ao público, amosándoa como unha forma de vida. Finalmente, expoñen a súa intención de definir a poesía como algo integrado no día a día e non como algo apartado da actividade cotiá, pois consideran que a poesía é a palabra de todos e para todos os días.

Gómez, Lupe, "Animais *nostálxicos*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xaneiro 2009, p. 29.

Recóllese unha entrevista á escritora lucense Olalla Cociña arredor do poemario *Libro de Alicia* (2008), editado por Espiral Maior. Sinálase que se trata dunha aproximación á figura da bisavoa da propia autora, lembrando a súa traxectoria vital. Tamén se afonda na felicidade, que a autora asocia ao mundo rural da súa antepasada, e na importancia da iniciativa de moitas mulleres que reescriben non só a historia da súa familia, senón tamén a súa propia.

Gómez, Lupe, "O mariñeiro *afectivo*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xaneiro 2009, p. 29.

Conversa co membro máis novo da Real Academia Galega, Francisco Fernández Rei. Sinálase a súa vida en Cambados destinado ao mundo mariñeiro e vivindo do mar, mais pola contra a súa valía converteuno nun filólogo coñecedor da terra e da cultura galegas, lingua á que se sente intimamente ligado dende a súa infancia mariñeira. Tamén se apunta que o futuro da lingua galega non só queda nas mans da sociedade senón tamén do sistema político gobernamental.

Gómez, Lupe, "A ollada relixiosa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 febreiro 2009, p. 35.

O escritor Paulino Vázquez explica o simbolismo que ten para el a casa materna de Vilanova dos Infantes, na que pasou a etapa feliz da infancia. Opina que non se pode escoller o idioma porque non é unha mercadoría, senón que é o idioma o que chama á persoa e declara que sería incapaz de escribir sonetos en español. Coida que a mellor poesía é a que chega á indefinición, decantándose polo verso libre. Rexeita a clasificación dos escritores por xeracións, posto que opina que hai obras que son

inexplicábeis dentro da época. Asemade, Vázquez recorda ao malogrado Eusebio Lorenzón Baleirón e sinala que o escritor que máis influíu na súa obra é Ramón Otero Pedrayo, pola súa escrita "barroca".

Gómez, Lupe, "O xogo da *lingua*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2009, p. 34.

Recóllense as verbas da creadora Ana Cibera, asentada en Madrid porque desexaba afastarse do proceso diglósico vivido na terra galega. Sinálase o poder das palabras tanto no mundo poético coma no escenario creador urbano. Fálase da súa aposta, "Humor Vítreo", entendido como unha creación de colaxe musical, xunto co seu amigo Jose do Xelo.

Gómez, Lupe, "O compromiso é estar *viva*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2009, p. 32.

Con motivo da concesión do Premio San Clemente 2007, outorgado polo alumnado do Instituto Rosalía de Castro a María Reimóndez, mantense unha conversa arredor da súa obra feminista *O club da calceta* (2006). Sinálase esta obra como un compromiso, poñendo en práctica unha ollada que sitúa a muller no centro da historia mundial. Afírmase que a obra tamén afonda nas características da muller como ser paciente, gustoso da concentración e de se somerxer nun silencio por momentos liberador.

Gómez, Lupe, "Sigo vendo a vida con *humor*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 marzo 2009, p. 27.

Conversa co polifacético Avelino Pousa Antelo co gallo do seu nonaséximo cuarto aniversario, lembrando a súa infancia na Baña, un tempo cheo de libros e de historias. Repasa os seus inicios galeguistas, salienta a importancia de Daniel Rodríguez Castelao e fai un fermoso percorrido polo seu sentimento de galego, expresando a súa intención de cantarlle a todos que Galicia forma parte do mapa. Afirma que fica ilusionado, refuxiándose no humor, que reivindica como necesario compañeiro de viaxe.

Gómez, Lupe, "Moza de lúa e *vento*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2009, p. 27.

Faise eco das verbas da escritora Chelo Suárez, que gañou o premio de Narrativas Quentes Positivas coa obra *Os milagres de Cristamar* (2008) e quedou finalista do Premio Xerais de Novela 2006 con *Venus de Cristal* (2008). Percórrense as memorias de autora, dende a súa infancia na Coruña até a vida no presente máis cosmopolita desta cidade bañada polo mar. Vese a literatura como un baile de palabras e cores mergullados polas ondas, lembranzas que quedan presentes na mente de Suárez. Esta séguese vendo como aquela pícara inocente, sempre nena, que gozaba de buscar na súa imaxinación mundos novos e milagreiros.

Gómez, Lupe, "Creo nunha escrita pobre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 abril 2009, p. 35.

Recóllense as opinións do escritor Alberto Lema, quen confesa que está procurando mudar a súa forma sintética de escribir, tratando de ampliar e que se decanta polo estilo directo, fuxindo do narrador omnisciente. Tamén é preguntado por algúns dos temas que aborda nas súas obras como a prostitución, as relacións de parella, o canón de beleza actual e a súa postura ante o feminismo e as súas propias vivencias como emigrante en Londres e Canarias.

Gómez, Lupe, "A sorpresa incoherente", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xuño 2009, p. 31.

Acóllense os comentarios do actor Avelino González, precedidos por unha liñas introdutorias que o definen como un home falador, educado, que transmite alegría. González recorda os xogos da nenez e como chegou ao teatro, fala da súa experiencia co dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, do que destaca o seu don da sinxeleza. Tamén declara que pretende volver ao teatro, porque bota en falta o contacto co público.

Gómez, Lupe, "Fragmentos de soños", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xullo 2009, p. 28.

Conversa coa poeta Olga Patiño, introducida por unhas liñas nas que se resume o seu currículo, na que recorda a súa nenez e bota en falta a súa mocidade porque nesta época estáballe permitido soñar, opina que o teatro é unha das ferramentas máis útiles para modificar un país, define a poesía coma un "acto de insubordinación" e "comunicación en liberdade". Patiño tamén recorda a súa amizade con Uxío Novoneyra, a quen define como "un visionario salvador da liberdade", fala sobre a temática do seu libro, *Tempo en desuso* (2008), e explica o seu proxecto común coa escultora Soledad Penalta e a pintora Isabel Pintado.

Gómez, Lupe, "Uxío era un poeta total", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 setembro 2009, p. 27.

Entrevista coa viúva de Uxío Novoneyra, Elba Rey, iniciada cuns versos do poeta. Conta como se coñeceron, recorda algunha das súas composicións e opina que na súa obra *Os Eidos* (1955) aparece a palabra máis depurada e elegante que pode ter un poeta. Defíneo como "poeta total" e explica que Novoneyra trataba de fuxir do concepto tradicional de poeta e entendía que a función deste era estar atento ao recibido, anovalo e ofrecelo. Tamén afirma que Novoneyra era un grande amante de Galicia e un defensor dos novos poetas, admirador do pintor Carlos Maside e de Ramón Otero Pedrayo.

Gómez, Lupe, "Vivir dentro dun teatro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 setembro 2009, p. 28.

Conversa co escritor Lino Braxe, na que rememora a súa infancia, opina sobre a figura de Luís Seoane a quen define como o Leonardo da Vinci do século XX, fala do seu traballo na radio, dos seus concertos poéticos e do seu amor polo teatro. Tamén comenta que o seu libro *Baixo o sol da Mesina*, pendente de publicación, non se explica sen as fotos de Sol Rivas e afirma que busca que a súa poesía erótica sexa pracenteira, non só

intelectualmente senón sensorialmente e, até as veces, fisicamente.

Gómez, Lupe, "A actriz vehemente", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 novembro 2009, p. 38.

Entrevista a Mónica García, actriz de teatro no momento do ensaio para a representación da obra *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño, dramaturgo a quen a actriz lle dedica tamén unhas palabras. Comenta que esta montaxe pertence ao Centro Dramático Galego e que ten como director a Xulio Lago. Tamén se menciona o seu paso pola obra *Os homes só contan ata tres*, baseada nun texto de Antón Lopo publicado en 2006, e interpretada por Factoría Teatro.

Gómez, Lupe, "A fronte ergueita ao vento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 decembro 2009, p. 29.

O poeta Miguel Mato Fondo defínese como "pondaliano" ao longo desta conversa na que fala da "normalización literaria galega" que se deu dende mediados dos setenta grazas ás xeracións de poetas que hai dende entón. Faise alusión, á parte de a Eduardo Pondal, a outros autores e obras e escritores como *Wuthering Heighs*, de Emily Bronte, Miguel Delibes, Lois Pereiro, Lino Braxe, Uxío Novoneyra e ao grupo poético "De Amor e Desamor" do que forma parte. Dentro das obras da súa autoría menciónanse, entre outras, *O whiskey na barrica* (2004).

Gómez, X. M., "A moda morre xoven, e a literatura non é moda nin deseño", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 559/*El Ideal Gallego,* "*La Galería*", n.º 595, 15 novembro 2009, p. 9.

Recóllese unha entrevista ao escritor Xosé Manuel Sarille na que se fala entre outras cousas do último libro do autor, *Polos fillos dos fillos* (2003) e da temática verídica de dito libro, baseado na historia da familia do autor durante e despois da guerra civil e a posguerra.

G. T., "Non queren diálogo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2009, p. 28.

Conversa co escritor, profesor e presidente do PEN de Galicia, Luís González Tosar, quen fala sobre a Fundación Insua dos Poetas, unha iniciativa para formar nunha contorna natural e fermosa un lugar para o encontro cultural. Noutra orde de cousas, González Tosar opina que este é o momento idóneo para procurar un gran pacto pola lingua no que todos se sintan representados. Asemade, achega unha valoración sobre o panorama literario actual, opina que é un momento de moita creatividade e dunha presenza feminina importante, tamén que hai autores cun nivel lingüístico "pedestre" que ignoran a riqueza do léxico galego. Considera que a poesía seguirá sendo un xénero minoritario, que aínda que non cambie o rumbo da historia si axudará a ver o mundo con outros ollos.

Hernández, Imanol, "En Ourense hay movimientos poéticos de vanguardia", *La Región*, "Ourense", p. 10.

Breve conversa co poeta mexicano Roberto Reséndiz, con motivo da súa estadía en Ourense, na que define o estilo da súa poesía como existencial. Afirma que se inspira principalmente na muller e máis no desamor que no amor. Tamén opina sobre a situación actual da poesía latinoamericana, que se está escribindo con forte impacto social e cunha grande forza metafórica. Respecto á existencia dos movementos vangardistas, afirma que na cidade ourensá pode atoparse algunha mostra.

Iglesias, Óscar, "Habería que pensar por que non hai máis poesía comprometida", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 marzo 2009, p. 9.

Recolle unha entrevista ao poeta Víctor Campio con motivo da publicación dunha obra que compila os seus principais textos baixo o título *O aire*, *a luz e o canto*. *Poesía reunida 1987-2006* (2008). Sinala o poeta que nunca pensara en chegar a publicar as súas obras, definíndose a si mesmo como un home solitario que escribía aquilo que lle pracía. Finalmente, confesa o motivo que o impulsou a publicar: para renderlle homenaxe á súa dona, que tanto o animara a facelo e que finou sen el telo feito, e pola súa amizade e colaboración co poeta Xosé Conde.

Jabois, Manuel, "Alguna puesta de largo hacemos, pero las chicas hoy están a otra cosa", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 17 marzo 2009, p. 10.

Dáse conta das verbas de Mariano Turiel de Castro, presidente da Federación Española de Círculos y Casinos Culturales. Faise unha descrición do tipo de locais que preside, exclusivamente dedicados a actividades culturais, traballando pola expansión de propostas artísticas e literarias. Asemade, recóllense algunhas das súas consideracións no contexto dunha conferencia sobre Rosalía de Castro no liceo de Pontevedra. Sobre a poeta afirma que foi unha extraordinaria figura do Rexurdimento galego e ao mesmo tempo precursora da poesía española contemporánea.

Jaureguizar, "Marchei emigrada a Barcelona porque aquí non atopaba traballo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 29 xaneiro 2009, p. 87.

Achéganse as impresións de Margarita Ledo a piques de entrar na Real Academia Galega para se converter na primeira cineasta, ademais de escritora e investigadora, e na quinta muller en entrar neste círculo cultural galego. Faise unha mención especial ao discurso redactado pola catedrática para a súa incorporación á Academia galega, "Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega", facendo fincapé en catro aspectos de relevancia no mesmo: a emigración, a muller, a fala e a nación.

Jaureguizar, "Púxenlle un piso aos meus libros como se adoita facer coa querida", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 11 febreiro 2009, p. 71.

Faise eco dunha entrevista ao presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, co gallo da reedición do seu ensaio *O carlismo galego* (2008). Recóllense as reflexións de Barreiro sobre os seus comezos, o seu labor como presidente da Real Academia Galega e a súa fascinación pola literatura e a boa lectura. Así, apúntanse outros datos anecdóticos como o libro máis caro mercado por Barreiro (un volume de Yepes polo que chegou a pagar medio millón de pesetas).

Lamas, Jorge, "É importante coñecer o que pensan de nós fóra de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 19 xaneiro 2009, p. 30.

Conversa na que Xesús Alonso Montero comenta a importancia que tivo naquela altura a publicación deste libro-enquisa, *Encuesta mundial sobre la lengua gallega* (1974), reeditada en 2008, grazas ás repostas de persoas dos Estados Unidos, Puerto Rico e sobre todo do Estado español. Afirma que enviou duascentas enquisas, mais que só recibiu trinta e seis, que se publicou en 1974 e que ao final do libro hai un engadido de doce autores non galegos para opinar sobre a lingua galega.

Lamas Dono, Jorge, "A literatura galega é o único territorio independente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 6 febreiro 2009, p. 57.

Recóllense as verbas do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín con motivo da homenaxe recibida no seu setenta aniversario, co gallo da cal sesenta escritores e amigos crearon a obra *A semente da nación soñada*. *Homenaxe a X.L. Méndez Ferrín*, coeditado por Sotelo Blanco e Xerais en 2008. Sinálase a naturalidade coa que Méndez Ferrín recibiu este recoñecemento, que lle serviu de pretexto para, entre outras cousas, botar unha ollada ao seu pasado e aos seus comezos nas distintas vilas galegas nas que viviu.

López, Ana, "En Galicia aínda non hai un pensamento ecolóxico consistente e comprometido", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 2 abril 2009, p. 69.

Recóllese unha entrevista a Teresa Moure, autora d'*O natural é político* (2008). Sinálase que este ensaio afonda no terreo da ecoloxía, non só dende a óptica do contexto galego, senón tamén global, reflexionando sobre problemas como a contaminación que ameaza con destruír esa paisaxe bucólica galega á que erroneamente se cre que non pode chegar a crise ecolóxica. Apúntase tamén que a Literatura galega non está aínda plenamente implicada na importante loita pola denuncia dos atropelos cometidos conta o medio ambiente.

López, Diana, "Gustaríame que as editoriais se molestasen en ollar as copias que envío", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", 19 xullo 2009, contracuberta.

José Ramón Morales Fernández, escritor inédito polo momento, comenta que ten rematadas dúas novelas e anda a traballar na terceira e que tamén escribe poemas de cando en vez. A pesar do seu percorrido por todas as editoriais galegas, lamenta que aínda non puido conseguir publicar nada. Explica que outorga títulos "impactantes" ás

súas novelas para procurar chamar a atención do lector. Doutra banda, comenta que Paulo Coello é un autor que o marcou moito.

López, María, "Xa é tempo de que se comece a traducir a literatura galega a outros idiomas", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Vigueses distinguidos 2009", 29 marzo 2009, p. 11.

Recóllense as verbas de Xosé María Gómez Clemente, presidente da Asociación de Tradutores Galegos, co gallo da concesión do galardón "Vigueses distinguidos". Sinálase a emoción coa que recibiu este galardón, concibido como un regalo a todo o público que grazas a esta asociación puido acceder a obras tanto clásicas coma modernas na súa versión en lingua galega.

Lorenzo, Fran P., "Olalla Cociña cifra no seu 'Libro de Alicia' a voz humana da aldea", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Letras", 5 marzo 2009, p. 67.

A poeta lucense Olalla Cociña, gañadora do VIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño pola súa escolma *Libro de Alicia* (2008), apunta que esta obra é unha aposta biográfica concibida como un percorrido dende as raíces da súa bisavoa até chegar ao presente da autora e incidindo no rural galego e a aldea de Alicia, todo un mundo de memorias e de lembranzas.

Lorenzo Gil, César, "Nietzsche tamén tiña fantasías eróticas", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "Cultura", 15-21 xaneiro 2009, p. 31.

Dáse conta das verbas de Xosé Luís Martínez Pereiro, que vén de recibir o Premio Repsol-YPF de Narrativa Breve 2008 coa súa obra *A verdade como mal menor*, editada por Galaxia nese mesmo ano. Sinálase o gusto do escritor polos relatos curtos como forma de entretemento para o público e para el mesmo, afastándose da creación de obras magnas que se sitúan moi por enriba das obras consideradas menores. Tamén se apunta que as súas fontes son literarias, os libros de sempre, xa que non se fía das novas tecnoloxías, como Internet.

Lorenzo Gil, César, "A realidade auténtica vivímola nos libros", *A Nosa Terra*, n.º 1.366, "Cultura", 2-8 xullo 2009, p. 31.

Conversa co escritor Gonzalo Moure, quen fala de cómo xurdiu a idea de crear a novela *A porta de Mayo* (2008), escrita conxuntamente con Tina Blanco e traducida ao galego por Santiago Jaureguizar. Define esta novela como "unha historia real metabolizada", xa que se mesturan feitos reais relacionados coa súa familia con outros imaxinarios. Doutra banda, Moure opina que a xente le novelas, porque na literatura é onde un vive a vida realmente, libre de obrigas, ataduras e rutinas. Considera que hoxe os nenos e mozos len moito e que son lectores esixentes, aos que hai que ofrecerlles problemas complexos.

Lorenzo Gil, César, "É falso que se subvencione ler en galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Cultura", 22-28 outubro 2009, p. 27.

O director de Edicións Xerais, Manuel Bragado, entrevistado co gallo do trinta aniversario da editorial, comenta que os novos proxectos da editorial están centrados na renovación da colección "Narrativa", na nova edición do *Gran Dicionario Xerais*, na creación dunha nova colección literaria e na aposta firme polos contidos dixitais. Asemade, fai balance da andaina da editorial e confesa que queda por mellorar a edición educativa en Primaria e afianzar o libro de peto. Entre os acertos da editorial destaca os seus dicionarios e as súas coleccións de literatura infantil e xuvenil. Bragado maniféstase en contra da procura do *best-seller* dalgunhas editoriais, pois pensa que hai que fomentar a diversificación e que os beneficios proveñan de varios títulos. Considera falsa a afirmación de que o libro galego viva das subvencións e reivindica o prestixio da Literatura galega.

Losada, A. , "Os xéneros son para as estanterías", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que Calor*!", "Entrevista impertinente", 8 xullo 2009, p. 19.

Conversa co avogado e escritor Marcos Sánchez Calveiro, quen opina que etiquetar os libros en xéneros non serve máis que para saber en que andel colocalos. Opina tamén sobre a situación do galego e da deconstrución da cultura, pensa que a Internet segue sendo un espazo libre para o debate nese eido e que é preciso levar a cabo unha mobilización social e cívica. En referencia aos galardóns literarios comenta que está satisfeito cos que lle outorgaron, pero recoñece ter levado decepcións por algúns, caso dos Premios Xerais.

Losada, A., "Os políticos non entenden que a mellor biblioteca pública sería unha virtual", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 23 novembro 2009, pp. 30-31.

Entrevista a Xulián Maure, responsábel da posta en marcha en 1979 de Edicións Xerais, editorial que dirixiu os cinco anos seguintes, e membro activo da Asociación de Tradutores Galegos, dende onde impulsou a creación da Biblioteca Virtual Galega no ano 2000. Maure e Losada falan da evolución da editorial dende que el a creou até o día de hoxe, do libro dixital e de cómo este afectará ao mundo editorial, do sector do libro en Galicia e en galego, e de que este consta con moi pouca axuda institucional para promover a lectura. Tamén se paran a falar da etapa de Moure na Xunta da Galicia como subdirector xeral de Libros, Bibliotecas e Arquivos.

Losada, Arturo, "A literatura irlandesa xa non ten que ver coa que idealizou Murguía", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 xullo 2009, p. 42.

Antonio Raúl de Toro, director do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses, é cualificado como un dos maiores especialistas en literatura inglesa e británica de España. Explica por medio desta conversa que é complicado levar a cabo unha tradución do inglés ao galego, debido aos matices lingüísticos, a distinta fonética e a lonxitude silábica de cada idioma. Con todo, opina que as maiores complicacións están nos matices culturais dun país, referencias históricas, sociais, etnográficas, que o

tradutor non ten por que coñecer. Doutra banda, explica que decidiu publicar en galego unha antoloxía de poetas contemporáneos irlandeses, xa que a literatura actual irlandesa está moi afastada das versións idealizadas de Murguía.

Manteiga, M., "Antes los estudiantes ni leían más, ni tenían más inquietudes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 abril 2009, p. 33.

Realiza un recorrido pola traxectoria literaria de Miguel Anxo Murado e refire que presentou no instituto de Negreira a súa novela *Fin de século en Palestina* (2008). A seguir, ofrece unha entrevista a Murado, quen opina sobre a xuventude actual e comenta a situación do conflito entre Palestina e Israel.

Martínez, Iago, "Todo poder ser internacionalizado menos a literatura", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 9, "En portada", 7 febreiro 2009, pp. 2-3.

Recóllense as verbas do escritor galego Xosé Luís Méndez Ferrín co gallo dunha homenaxe polo seu setenta aniversario. Ferrín comenta a existencia e consolidación dun sistema literario galego, do que moitos dubidaban, e que xa comezaba a modelarse con Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carbajal ou Eduardo Pondal. Así mesmo, alúdese a figura do escritor como un xenio individual e social adaptado aos tempos e evolucionando cos mesmos. Finalmente, tamén se fai referencia á figura de Rosalía de Castro como un espello para a nación, sendo o centro do sistema literario e da Literatura nacional galega.

Martínez, Iago, "Optar só polo castelán é un suicidio", *Xornal de Galicia*, "Eleccións 1M", "Café de redacción", 28 febreiro 2009, pp. 20-21.

Dáse conta das palabras do actual presidente da Real Academia Galega facendo referencia á importancia de traducir obras clásicas ou contemporáneas á lingua galega e ao fracaso que no tocante a isto supuxo a súa etapa de presidencia. Porén, amósase a gran satisfacción que sente o lector ao atoparse con obras de Manuel Rivas traducidas ao francés ou ao castelán. Tamén se alude á figura do primeiro presidente da RAG, Manuel Murguía, co que compartía unha certa liña de pensamento, partindo de que Galicia estaba asentada nas dúas clases sociais que implicaban a realidade do país, o campesiñado e o mundo mariñeiro.

Martínez, Iago, "A memoria, para min, é como a fariña para os panadeiros", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 14, "Libros", 14 marzo 2009, pp. 4-5.

Recóllese unha entrevista ao escritor Xurxo Borrazás co obxectivo de analizar a visión postapocalíptica agochada na súa última novela *Costa Norte/ ZFK*, editada por Galaxia no ano 2008. Apúntanse nela a existencia de motores controladores dos axentes humanos, sendo aqueles identificados con todos e cada un deses medos que imposibilitan a acción. Son estes os devanditos axentes apocalípticos que, extrapolados á Idade Moderna, representarían a todas aquelas persoas que controlan e manipulan aos seus semellantes dende as altas escalas de poder.

Martínez, Iago, "A divulgación científica non é unha concesión do poder: é un dereito cidadán", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 35, "Café con letras", 9 agosto 2009, pp.10-13.

Mesa redonda na que Xosé Antón Fraga, Nieves R. Brisaboa e Xosé Miranda achegan os seus comentarios sobre a escaseza de obras de divulgación científica, as eivas do actual sistema educativo e a relación entre ciencia e literatura. Fraga apoia que a literatura pode ser unha boa ferramenta para a divulgación científica e que se lle debe conceder certa flexibilidade, non procurar ser estritamente rigoroso cos contidos científicos, para achegarse á poboación. Doutra banda, pensa que a ciencia e a literatura se emparentan porque ambas xorden da creatividade. Brisaboa opina no senso contrario, que a ciencia tamén pode axudar a literatura, e pon por exemplo os *e-books*, coida que abren moitas posibilidades, intercambiar comentarios, ler en rede, as lecturas colaborativas e até abre a posibilidade de facer literatura non lineal. Miranda é máis incrédulo ante esta última posibilidade, pois afirma que as estruturas cognitivas son narratolóxicas, que as narracións son lineais dende a transmisión oral e que a mente humana non está preparada para estas outras formas.

Martínez, Iago, "A tradución necesita as axudas como as necesita o sector lácteo ou, polo visto, tamén os bancos", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 32, "Café con letras", 3 outubro 2009, pp. 3-5.

Desenvólvese unha mesa redonda, con preguntas dirixidas a tres profesionais que se dedican á tradución: Xurxo Borrazás, Tareixa Roca e Luís García Soto. Borrazás opina que hai a quen lle molestan as traducións en galego porque fan que o galego se afiance como lingua de verdade. Pensa, doutra banda, que as axudas á tradución son precisas, xa que as tiraxes no mercado galego non fan posíbel que as editoriais as leven a cabo, pero que o goberno actual do PP está a promover unha política clasista e antigalega. Roca coida que sempre é necesario traducir porque os lectores non poden dominar todas as linguas. Asemade, defende que se traduzan títulos do castelán ao galego porque aínda que estas traducións sexan prescindíbeis, é unha forma de normalizar o galego. García Soto móstrase contrario a esta opinión cando se está a falar dun libro de creación, posto que pensa que é mellor lelo na lingua orixinal e comenta que o que máis se traduce ao galego do castelán son contidos non literarios e libros de texto. García Soto fai diferenza entre as traducións de tradutor, que buscan máis fidelidade co orixinal, e as de autor, que pretenden que soe ben na lingua de chegada.

Mato, Mar, "A cultura pop fíxonos saber máis do Holocausto que da Guerra Civil", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 febreiro 2009, p. 45.

Faise eco das declaracións da escritora e profesora Inma López Silva co gallo da presentación da súa novela *Memoria de cidades sen luz* (2008), Premio Blanco Amor 2007. Sinálase a obra como un percorrido pola vida dunha serie de persoas que sufriron as desgrazas da guerra civil e do asedio nazi de París. Apúntase que os lectores son máis conscientes das consecuencias das guerras mundiais que da propia guerra civil,

principalmente pola cultura pop, e, así, a autora afonda neste acontecemento relevante na historia española.

M. B., "Hoxe é mellor a opinión que a información", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "Cultura", 26 febreiro-4 marzo 2009, p. 26.

Recóllense os comentarios do escritor Manuel Rivas que vén de recoller o Premio Fernández del Riego polo seu artigo "A mesa cósmica de Piñeiro e o HAL de Kubrick", publicado na edición galega de *El País*. Sinálase que a importancia do xornalismo radica na súa conexión coa realidade, tanto o de acción como o de opinión.

M. B., "Un texto constitucional non deixa de ser ficción", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "Cultura", 26 marzo-1 abril 2009, p. 38.

Conversa co escritor Xavier Queipo, un dos cincuenta poetas responsábeis da elaboración da Constitución Europea en verso. Coméntanse os inicios deste proxecto, cómo se levou a cabo, así como a súa finalidade principal: remover a mente dos mandatarios dun xeito innovador e diferente. Finalmente, hai un apartado para o galego como a única lingua presentada sen estado, caso no que a devandita carencia non impide o dereito da mesma de ser vehicular da cultura.

M. B., "Propoño relatos curtos con retranca", *A Nosa Terra*, n.º 1.354, "Cultura", 9-15 abril 2009, p. 24.

Entrevista ao escritor galego Xulio Alonso, creador do libro de relatos *De vivos e de mortos* (2008). Márcanse as épocas da República, a guerra civil e a posguerra como escenarios case comúns a todos eles. Son diversos relatos curtos cuxos protagonistas son persoas reais con identidades disimuladas para non ofender a ningún dos lectores que se aproximen ao volume.

M. B., "A busca de cosmopolitismo dos 80 hoxe é algo habitual", *A Nosa Terra*, n.º 1.356, "Cultura", 23-29 abril 2009, p. 26.

Preséntase a obra *Un país a medio facer* (2008), de Fran Alonso, na que trata de retratar a evolución da cultura galega a través dunha serie de entrevistas publicadas no *Diario 16* de Galicia ao remate dos anos oitenta. Nas súas páxinas recóllense as opinións sobre o panorama cultural galego naquelas datas de nomes relevantes como Xurxo Souto, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Xelís de Toro. Deseguido aparecen as propias palabras do autor sobre a situación actual e a evolución cultural galega ao longo das décadas dos oitenta e noventa.

M. B., "*Tatán* fala dos vinte cinco anos de *Tanxarina* ", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "Cultura", 14-20 maio 2009, p. 26.

.

Dáse conta dunha entrevista ao polifacético Eduardo Rodríguez *Tatán*, actor e titiriteiro. Lémbranse as súas primeiras andainas na formación teatral Tanxarina, da que foi un dos fundadores, lembrando dende os seus comezos até a actualidade e comparándoa con outras compañías. Recoñece que a mestura de técnicas e a introdución de elementos innovadores é moi importante no espectáculo actual.

Menán, Marta, "Agora empezo a sentir que a vida é marabillosa", *El Progreso*, "*Revista*", "Entrevista", 30 maio 2009, pp. 6-7/*Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 476, "Álbum", "Entrevista", 31 maio 2009, pp. 10-11.

Recóllense as verbas da escritora lucense Luísa Castro, quen, logo de retornar á súa terra, repasa os seus comezos e a súa situación actual, moito máis calma e relaxada, marcada por unha inmensa ledicia, froito dese acougo no vivir. Sinálase que a súa madurez literaria, primeiro en poesía e agora máis dedicada á novela, comezou cun ton máis amargo e desesperanzado, motivado non polo medo á morte, senón á incerteza da vida. Agora, con corenta e dous anos, apunta que para ela a vida, realmente, é marabillosa.

Mirás Fole, Nacho, "A nación non é unha realidade obxectiva", *La Voz de Galicia*, "A Cara B", 5 xaneiro 2009, contracuberta.

Conversa co escritor Justo Beramendi González, premiado co Premio Nacional de Ensaio por *De provincia a nación*. *Historia do Galeguismo político* (2007). Fálase do nacionalismo galego ou español como herdanza de sistemas relixiosos rexios. Así mesmo, abórdanse cuestións políticas referentes aos tres partidos galegos maioritarios como son as eleccións e a situación actual do idioma galego, das tradicións e do pensamento galeguista.

Mirás Fole, Nacho, "O libro galego destruíuse", *La Voz de Galicia*, "A Cara B", 9 marzo 2009, contracuberta.

Faise eco dunha entrevista a Xesús Couceiro, propietario da libraría do mesmo nome. Recóllense as impresións deste vendedor de libros sobre cómo chegou a crear a súa fonte actual de ingresos, das penurias e inxustizas sociais ás que se tivo que se enfrontar na súa vida e de cómo cre que está hoxe en día o libro galego no mercado. Dise que a promoción dos libros non chega onde debería, pois o libro é promocionado sen traducirse iso en vendas e na creación de verdadeiros hábitos de lectura.

Mirás Fole, Nacho, "Os cantautores estamos na uvi", *La Voz de Galicia*, "A Cara B", 31 agosto 2009, contracuberta.

Conversa co cantautor Xoán Eiriz, quen afirma sentirse orgulloso de cantar na lingua de Álvaro Cunqueiro a quen considera o máis grande escritor en lingua galega. Eiriz móstrase satisfeito co seu último espectáculo, "De Mendiño a Cunqueiro e unha cantiga de amor", co que di estar a recibir moi boas críticas. Tamén fala dunha das súas teimas,

levar aos poetas e o folclore galegos ás aulas, como medio para que a lingua de Galicia non morra.

Mirás Fole, Nacho, "Se fose actriz faría de mala", *La Voz de Galicia*, "A Cara B", 21 setembro 2009, contracuberta.

A poeta Yolanda Castaño Pereira fala da súa faceta televisiva, na que desenvolve os seus coñecementos de filóloga, pero di que na súa vida non é fanática da norma. Opina que ten que haber unha norma culta, que hai que saber empregar en contextos concretos, pero tamén defende o castrapo no seu contexto. Aínda que afirma que é posíbel vivir da escrita, confesa que non subiron moito as vendas dos seus títulos dende que sae na televisión, pero di preferir contar aos seus lectores cualitativamente, non cuantitativamente.

Mosquera, Javier, "Nunca percibín un céntimo, é máis, a Penzol custoume cartos", *Faro de Vigo,* "Vigo", 4 decembro 2009, p. 9.

Entrevista a Francisco Fernández del Riego na que este fala sobre como queda a Biblioteca Penzol despois de que el estivera ao seu cargo durante corenta e seis anos ininterrompidos sen cobrar nada, da grande cantidade de fondos que ten a dita biblioteca, de a quen está dirixida e da grande cantidade de libros, manuscritos orixinais, etc., que el mesmo cedeu a dita entidade.

M. R. P., "O cambio está *sobrevalorado*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Literatura", 17 marzo 2009, p. 36.

Recolle as verbas de Miguel Anxo Murado, quen vén de presentar a tradución ao castelán do seu libro *O soño de febre* (2007), premiada co Premio da Crítica Nacional de Galicia. Dá conta do seu labor como xornalista de guerra no Oriente Medio, así como da traxedia que alí vivía diariamente debido á dureza das contendas. Fai referencia tamén ao cambio político e á propia verba "cambio", do que todos falan pero que, polo de agora, segue sen estar presente totalmente na zona.

Nicolás, Ramón, "A cultura galega esqueceu a obsesión de ser normal a toda costa", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 299, "Letras en galego", 31 xaneiro 2009, p. 11.

Dáse conta dunha entrevista ao escritor Fran Alonso en relación coa súa obra, *Un país a medio facer* (2008). Trátase dunha volta aos últimos vinte anos, da man de escritores como Manuel Rivas, Suso de Toro, Carlos Blanco, etc., coa intención de trazar unha liña imaxinaria que sirva para describir a evolución da cultura galega dende finais dos anos oitenta.

Nicolás, Ramón, "O Gaiás encarna a cultura que non me gusta", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 302, "Letras en galego", 21 febreiro 2009, p. 10.

Recóllense os comentarios do escritor galego Xurxo Borrazás arredor da súa última novela, *Costa Norte/ZFK* (2008). Sinálase que este é un relato estruturado a partir da planificación dun porto exterior na cidade da Coruña como tema de fondo, somerxéndose nas novas periodísticas que van fiando a novela. Sublíñase tamén a importancia da cultura "ciberpunk", da memoria e das lembranzas, dentro das que destacan as máis dolorosas e inesquecíbeis, que axudan a formar aos personaxes.

Ó. I., "No Terceiro Mundo tamén viven, non só pasan fame", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 abril 2009, p. 9.

Con motivo da publicación do último libro de Carlos Santiago, *Acantilado*, realiza unha breve entrevista ao escritor na que explica cómo naceu a idea de crear a colección "O Lapis do Taberneiro" e fala sobre a súa relación coa literatura.

Oliveira, V., "A imaxinación foi *raptada*", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Crítico", 25 xaneiro 2009, p. 27.

Conversa co crítico e editor galego Constantino Bértolo, quen vén de recibir o Premio Xornalístico sobre Lectura da Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Sinálase a opinión do escritor sobre a lectura, entendida como un intercambio de responsabilidades: o escritor ao crear unha obra e o propio lector ao recibila. Así mesmo, o director da editorial Caballo de Troya comenta a problemática do escaso incremento ano tras ano no número de lectores, malia que o de libros segue aumentando con boas tiradas (que non van parellas á demanda).

Oliveira, V., "Nin maximalismos utópicos nin bilingüismos enganosos", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 67/"Fun porfillado pola patria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xullo 2009, p. 28.

Entrevístase ao escritor e presidente do Pen Club galego, Luís González Tosar, con motivo da súa distinción como Fillo Adoptivo do Concello do Irixo. González Tosar opina que a pesar de que hai bos escritores en galego, falta rigor lingüístico, pois pensa que a escrita e a literatura son cousas distintas. En canto á situación actual do galego, coida que non se pode avogar por "maximalismos utópicos nin bilingüismos enganosos que esconden a liquidación do galego". Asemade, fala dos seus proxectos persoais e como presidente do Pen, nos que salienta que está implicado nunha campaña para promover a liberación do escritor chinés Liu Xiaobo e maniféstase conforme coa dedicatoria do Día das Letras Galegas de 2010 a Uxío Novoneyra. Contesta tamén a unhas cuestións breves, a través das cales nos revela o libro que está a ler, que é afeccionado ao teatro, as súas preferencias musicais e defínese como un home apaixonado, cuxo defecto é a confianza.

Outeiriño, Maribel, "Ser Ourensán é un xesto de estar no mundo", *La Región*, "Carballiño", 5 xullo 2009, p. 21.

Con motivo do nomeamento de Luís González Tosar como fillo adoptivo de Irixo faise unha entrevista ao autor, na que trata entre outras cousas dos seus primeiros achegamentos á cultura galega tras a súa volta de Arxentina e dos seus primeiros contactos coa lingua galega nesa aldea ourensá. Por outra banda, recolle que tras mostrarse orgulloso polo seu nomeamento, declara a súa postura en defensa do galego e a súa posición respecto ás últimas políticas do galego na escola, lembrando as palabras de Celso Emilio Ferreiro que "a lingua é a fala dos avós que temos mortos".

Pérez, Marino, "Escribir é un xeito de insubordinación", *El Ideal Gallego*, 1 marzo 2009, contracuberta.

Recóllese unha entrevista á poeta Olga Patiño Nogueira por mor da súa próxima creación, unha colaboración con Isabel Pintado e Soledad Penalta (escultora e pintora) nunha exposición na que se mesturan as artes plásticas e a poesía. Sinálase tamén que a súa colaboración irá da man da creación de poemas xaponeses ou "haikus".

Pérez, Marino, "Desde a crise vén máis xente a vernos", *El Ideal Gallego*, 28 marzo 2009, contracuberta,

Faise eco da relevancia acadada pola poeta, actriz e escritora Eva Veiga e do grupo Ouriol, do que forma parte xunto con dous músicos de jazz. Alúdese á importancia da poesía, que considera infravalorada, polos prexuízos sobre a falta de apoio entre os máis novos. Veiga asegura que si lles gusta a literatura en xeral e a poesía en particular, e que mesmo lle prestan unha considerábel atención.

Pino, Concha, "Reclamo que na literatura de creación non se inclúa o ensaio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 296, "A escritora do mes", 10 xaneiro 2009, p. 10.

Recóllense as verbas da ensaísta e profesora Pilar García Negro, cuxas investigacións literarias afondan no campo da sociolingüística. Sinálanse tamén diversas opinións da mesma, quen reclama que dentro da denominado literatura de creación non só se inclúa a poesía, senón tamén a investigación no campo das humanidades e o ensaio.

Prieto, Susana, "Escultura, fotografía y poesía mueven la palabra", *La Región*, "Verano", 6 agosto 2009, p. 14.

Entrevístase á escritora Rosa Enríquez, con motivo da presentación da *performance* "Palabra en Movemento", baseada no seu libro *Vestíbulo de devastación* (2007), na Casa do Escudo de Verín. Enríquez afirma que esta *performance*, na que se xuntan escultura, fotografía e interpretación, é unha critica ao sistema, que coas súas expectativas crea frustración no ser humano, e reflicte a problemática da muller nesta sociedade, que sempre ten que demostrar máis que o home para alcanzar recoñecemento.

Ramos, Alberto, "Sen traer para o galego obras de fóra, a lingua sería unha mesa coxa", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 1 outubro 2009, p. 44.

Conversa con Marilar Aleixandre, tradutora e escritora, co gallo da homenaxe que a Asociación de Tradutores Galegos lle brindou no Día Internacional da Tradución. Aleixandre, sorprendida e satisfeita por este recoñecemento, opina que o tradutor é un "ladrón de ideas" e que a mellor tradución é a máis fiel. Pensa que a poesía é intraducíbel, posto que é difícil de conservar a esencia das palabras xunto co ritmo. Asemade, pensa que hai que reivindicar as axudas á tradución, xa que considera que sen as traducións o sistema literario galego queda coxo.

Ramos, Alberto, "Queren quitarnos o galego, iso é un suicidio e non o conseguirán", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 14 novembro 2009, p. 36.

Xosé Fernández Ferreiro vai ser homenaxeado polo PEN Clube de Escritores de Galicia e concede esta entrevista na que entre outras cousas fala de dita homenaxe, na que estarán presentes figuras como a de Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Álvarez Torneiro e Víctor Campio. Autor e xornalista conversan sobre o diálogo entre xeracións diferentes de escritores facendo referencia por exemplo a Ramón Otero Pedrayo, Suso de Toro e Vicente Risco.

Rodríguez, Salvador, "Obama debería ordenar o levantamento do bloqueo a Cuba", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 369, "Entrevista", 14 xuño 2009, pp. 6-7.

Entrevista ao escritor e xornalista Xosé Neira Vilas para repasar os seus comezos como escritor da man do seu personaxe máis coñecido, Balbino, o neno labrego. Sinálase tamén a súa achega ao galeguismo dende Bos Aires, onde neses anos da emigración se formou en contacto coa cultura galega, aprendendo aquilo que ignoraba sobre a súa terra e converténdose nun activista na defensa da lingua e da cultura galegas.

Romero, Duarte, "Arelaba quitar ao estudantado das aulas e polo en contacto coa realidade social", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 542, "Entrevista", 19 xullo 2009, pp. 18-19.

Xosé Leira, sociólogo e escritor, recorda a través desta entrevista, os anos de implicación política durante o réxime ditatorial e os seus inicios na poesía como integrante do grupo Rompente. Aínda que pensa que por idade xa non se pode considerar vangardista, pretende que todos os seus libros sexan algo distinto e por iso non ten presa por publicar. Doutra banda, comenta que co seu proxecto educativo, "Aulas no Camiño", pretende sacar aos alumnos universitario das aulas, estudar a realidade dos peregrinos de fins do século XX e principios do XXI e conectar, a través do Camiño de Santiago, Galicia con Europa.

Rozados, Lara, "Concibo a literatura como un espectáculo", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", 9-14 xaneiro 2009, p. 31.

Faise eco das verbas do escritor Santiago Jaureguizar, quen recolleu o Premio Terra de Melide pola súa novela *O globo de Shakespeare* (2008), na que se aborda a aparición dun manuscrito de *Hamlet* nun pazo de Ribadeo. Alúdese á figura de Shakespeare como fonte de inspiración e á conexión existente entre a literatura, a vida e as pezas teatrais nunha época mediatizada, a actual, pola televisión e a internet. Sinálase tamén que, para mellor documentarse, o autor viaxou non só a Londres, senón tamén a Stratford upon Avon, o pobo natal de William Shakespeare.

Rozados, Lara, "Quen viviu o medo das guerras non o perde nunca", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "Cultura", 22-28 xaneiro 2009, p. 31.

Recolle as verbas da escritora Inma López Silva, quen vén de gañar o Premio Blanco Amor de Novela por *Memoria de cidades sen luz* (2008), na que é a guerra o fío condutor da historia. Sinálase que a novela é a recreación dunha serie de vidas en conflito marcadas por un nexo común: o mal da guerra (guerra civil, fascismo, II guerra mundial, etc).

Rozados, Lara, "O xornalismo, igual que a literatura, consiste en construír realidades", *A Nosa Terra*, n.º 1.346, "Cultura", 12-18 febreiro 2009, p. 31.

Dáse conta das verbas do escritor Xurxo Borrazás sobre a súa novela *Costa Norte/ ZFK* (2008), na que se constrúe unha ficción afastada da realidade máis común e cuxa protagonista, xornalista, vai cambiando ao tempo que a súa memoria esperta. Fálase do proceso de creación dun ente individual e reivindícase a memoria como protector de sentimentos e activador de momentos dolorosos.

Rozados, Lara, "Alicia era a miña bisavoa, eu busquei ao outro lado", *A Nosa Terra*, n.º 1.350, "Cultura", 12-18 marzo 2009, p. 31.

Entrevista á escritora Olalla Cociña, quen recibiu o VIII Premio de Poesía Fiz Vergara pola súa escolma *Libro de Alicia* (2008), unha serie de poemas dedicados e baseados na experiencia da súa bisavoa Alicia e no mundo rural galego. Afóndase no poder da memoria, argumento para recrear o mundo desa Alicia, recuperando a súa mocidade aos ollos da autora.

Rozados, Lara, "As rapazas novas defenden actitudes que as denigran", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "Cultura", 19-25 marzo 2009, p. 39.

Recóllense as verbas de María Xosé Queizán co gallo da publicación do seu último ensaio *AntiNatura* (2008), unha nova achega á reivindicación feminista. Estúdase dende unha visión estritamente feminista a opresión tradicional á muller, tratada como escrava do home, sometida ao poder patriarcal. Apúntase tamén á situación actual da muller quen, a pesar da súa liberación, opta por camiños secundarios que tan só conseguen menosprezala tanto fisica coma psicoloxicamente.

Rozas, Mercedes, "Los colores de la ceniza", *La Voz de Galicia*,"*Culturas*", n.º 3327, 22 agosto 2009, pp. 2-3.

Conversa con Leopoldo Nóvoa con motivo da súa exposición en Compostela na galería SCQ na que se fai un percorrido pola súa traxectoria artística. Dos anos de emigrante en Uruguay destaca a integración dentro da importante comunidade de exiliados galegos (Luís Seoane, Lorenzo Varela, Rafael Dieste e Eduardo Blanco Amor, entre outros). Remátese esta entrevista cunha descrición do taller do artista.

Rozas, Ramón, "Eu son un campesiño que cultiva palabras", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "Protagonista en 1998", 27 xaneiro 2009, p. 24.

Recolle as verbas do escritor Manuel Rivas logo de pronunciar unha conferencia no Ateneo de Pontevedra titulada "A invención de Galicia", na que se definiu como un galego libertario que aposta pola literatura como contadora de historias para buscar nela e nas letras en xeral unha forma de vivir alternativa.

Rozas, Ramón, "Haber sido camarero es mi sólida base para escribir", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "Protagonista en 1999", 24 febreiro 2009, p. 28.

Dá conta dunha entrevista ao escritor Suso de Toro co gallo da sinatura de libros nunha librería pontevedresa, sinalando que as bases da súa literatura hai que buscalas no seu traballo de camareiro no bar familiar que tiñan en Santiago de Compostela. Foi así como entrou en contacto con toda a diversidade social, con cada historia persoal, cada vida distinta que lle axudaron a ter unha visión ampla e diversa do mundo que nos rodea.

Rúa, Cristina, "La palabra es lo más mágico que hay", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Al día", "Entrevista", 3 setembro 2009, p. L2.

Conversa co músico Magín Blanco, a quen se lle pregunta sobre o espectáculo que comparte co escritor Camilo Franco, baseado no seu último libro, *Palabras contadas* (2006). Blanco comenta que este espectáculo, despois dun tempo de bagaxe, ten evolucionado, pois o primeiro era máis literario e agora está máis marcado pola improvisación. Explica que o seu labor é poñer música aos relatos de Camilo, cheos de retranca.

Ruiz, Jacinto, "Soy directa, corrosiva con todos, también conmigo", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 25 xullo 2009, p. 16.

Recóllense as reflexións de Déborah Vukusi contidas no seu poemario *Guerra de identidad* (2008) e saliéntase o anuncio da publicación do seu segundo poemario titulado *Perversiones y ternuras*, tanto en galego coma en castelán.

Saá, Ana, "Escribir un libro de poemas foi a mellor terapia contra o cancro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 10 xaneiro 2009, p. 40.

Entrevista concedida por Asun Estévez coincidindo coa publicación da súa primeira obra literaria, *Pel de muller* (2008). Estévez fala da súa experiencia como enferma de cancro e comenta que compoñer os trinta e cinco poemas que conforman esta obra foi a mellor terapia para superar esta enfermidade.

Saá, Ana, "O futuro da poesía depende da súa capacidade de adaptación a novos códigos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 12 marzo 2009, p. 42.

Recolle as verbas da poeta Yolanda Castaño e faise eco das súas achegas a prol da Literatura galega. Considera que no estranxeiro a súa poesía é gratamente acollida pola súa sonoridade. Afirma que combina os artificios máis tradicionais coas novas canles comunicativas e audiovisuais, as novas tecnoloxías e a adaptación da poesía ás mesmas.

Saborido, Silvia G., "Gran ciudad con buen puerto…Vigo es un buen escenario del género", *Atlántico Diario*, "Vigo", 16 xaneiro 2009, p. 17.

Dáse conta das verbas do escritor vigués Domingo Villar, autor d'*Ollos de auga* (2006), arredor da novela negra e do oficio dos escritores que a practican. Trátase este labor como algo difícil e creativo que require tempo e reflexión, considerando que a maxia da novela negra reside na capacidade de manter o suspense e atracción do lector até a última páxina, sendo esta o cumio dunha serie de intrigas e incógnitas. Asemade, aproveita a ocasión para anunciar a publicación dunha nova entrega sobre as andainas do detective Leo Caldas, personaxe que aínda resulta interesante para Villar polos seus puntos escuros.

Silva, Raquel, "Neste disco reviso o primeiro éxito do meu bisavó, estrado no Carnaval de 1904", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 9 xullo 2009, p. 64.

Entrevístase ao gaiteiro Carlos Núñez, quen explica que por medio da viaxe que fixo a Brasil para investigar a desaparición neste país do seu bisavó descubriu que os brasileiros gardan a lingua e música antigas e unhas tradicións galegas, que foron mesturadas co compoñente africano e indíxena. Afirma que desta viaxe nace o seu disco, *Alborada do Brasil*, que se abre cun tema que mestura letras de Rosalía de Castro co rap e dá como resultado unha Rosalía contemporánea.

Sotelino, Begoña R., "A Real Academia perdeu moita calidade, pero ten moito futuro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 decembro 2009, p. 53.

Entrevista a Francisco Fernández del Riego, ex-presidente da Real Academia Galega, presidente da Fundación Penzol, único membro vivo do Partido Galeguista, artífice xunto a Ramón Piñeiro e Xaime Illa Couto da Editorial Galaxia e autor de máis de cincuenta libros, a maioría deles autobiográficos. Tocan temas como o estado da Real

Academia Galega, a súa marcha da Fundación Penzol, e a imposibilidade que o escritor ten de escribir aos seus noventa e sete anos de idade.

Toledo, Mar, "Apostamos por la poesía y las obras de gran tamaño este año", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 17 xullo 2009, p. 32.

Indícase que se celebra en Padrón "Arte Mostra", unha iniciativa de Fernando Castaño, artista e escultor que vive na vila, mediante a cal se reúnen obras de setenta artistas galegos. Castaño comenta que se situarán as obras en comercios e rúas coa finalidade de que os veciños se somerxan na arte e gocen coas obras realizadas por artistas da comarca. Por último sinala que tamén queren facer unha homenaxe ás poetas galegas polo que se recollen poemas do libro *Pensando nelas.*

Tojo, Marga, "Se o mundo non estivese trabucado, eu estaría de acordo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 749, "Na extrema", 22 febreiro 2009, pp. 2-3.

Comeza cun fragmento do último libro de Carlos Santiago, *Acantilado*. Salienta que xa se esgotaron os exemplares da primeira tirada e indica que esta obra é o primeiro número da colección "O Lapis do Taberneiro". A continuación, pasa a falar do concepto da lingua e cita a outros escritores universais.

Varela, Ángel, "Non somos un sector subvencionado", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Encontros Culturais", 20 setembro 2009, p. 38.

Entrevista conxunta na que Manuel Bragado e Xosé Ballesteros, ambos editores, achegan as súas opinións acerca do mercado do libro en galego. Bragado é optimista acerca da situación do sector, a pesar, de que o posicionamento do goberno actual fronte ao galego non sexa alentador, xa que o sector nunca estivo tan profesionalizado nin se contou cunha sociedade de lectores como a que hai agora. A postura de Ballesteros non concorda coa anterior, pois el pensa que cada vez haberá menos galegofalantes e, en consecuencia, menos lectores, e coida que existe unha necesidade de vender fóra. Ambos os dous defenden que o libro galego non está subvencionado, que é unha crenza de moitos, pero na práctica só se subvenciona o libro de texto e apuntan que a maioría das editoras que se dedican a este eido non radican en Galicia.

Vázquez, Beti, "Defender o castelán como lingua en perigo é unha parvada", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 3 maio 2009, p. 68.

Recóllense as verbas do escritor galego Xosé Neira Vilas para facer un percorrido pola súa traxectoria vital e creativa co gallo do seu oitenta aniversario. Fálase da súa estancia en Bos Aires, das súas achegas literarias, de Balbino, o neno labrego que foi protagonista dun dos libros máis lidos da Literatura galega. Todo iso sen esquecer a situación actual do galego que, segundo apunta Neira Vilas, segue a ser a lingua do pobo. Iso fai necesario, na súa opinión, un esforzo por dar a coñecer as súas letras, así como a cultura e a tradición galegas.

Vázquez Pereira, Gonzalo, "Galicia non anda. Está abandonada. Leva nove séculos sen goberno", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 488, "Entrevista", 1 novembro 2009, pp. 4-5.

Conversa co galeguista histórico Isaac Díaz Pardo, que vén acompañada dun parágrafo na que se destacan algúns dos seu logros. Abórdanse varias cuestións, como as disputas xudiciais nas que está inmerso o Grupo Sargadelos, que para Díaz Pardo non teñen que ver con cuestións económicas senón co problema ideolóxico que supón Edicións do Castro, xa que coida que aínda quedan nostálxicos do franquismo. Recorda anécdotas do seu contacto con outros galeguistas. Opina sobre a Cidade da Cultura, sobre o estancamento do mercado cultural galego debido á pouca preocupación dos sectores do poder, sobre o conflito actual do galego no ensino, sobre o labor da Real Academia Galega e recorda as dificultades que tiñan que superar os escritores galegos para publicar por mor da censura franquista.

Vegas, Pilar, "O premio é un tanto para os que escribimos en galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 novembro 2009, p. 51.

Entrevista a Yolanda Castaño tras ser premiada por Radio Nacional de España co "Premio Ojo Crítico de Poesía", que se outorga entre todos as publicacións en poesía do ano de autores novos en todas as linguas de España. Fálase nesta entrevista da temática do poemario premiado, *Profundidade de Campo* (2007), que critica os xuízos que se fan pola aparencia, sobre todo ás mulleres. Tamén se fala da conexión da poesía con outras disciplinas.

Vidal, Manuel, "Os actores estamos máis afeitos á crise económica e o paro que os banqueiros", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 446, "Personajes", 1 marzo 2009, p. 52/*La Región*, "Galicia", 7 marzo 2009, p. 30

Dáse conta das verbas de Vicente Montoto, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, quen asinou un convenio laboral de actores galegos logo de longas negociacións entre sindicatos, Escena Galega e Axencia Galega de Industrias Culturais. Sinálase a creación dunha rede en liña onde se poidan presentan os actores e actrices, repasando tamén o labor actual do entrevistado, quen se está esforzando por mellorar todos os soportes informáticos da web.

Vidal Villaverde, Manuel, "Soño e paixón pola literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 438, "Musas", 4 xaneiro 2009, p. 35.

Faise eco da figura do escritor Estro Montaña cun percorrido dende os seus comezos até os seus traballos actuais. Sinálase o seu nacemento en Betanzos, o seu traslado a Santiago, os anos da universidade e a súa chegada á literatura. Sinálase a súa paixón pola lectura, tanto en poesía como en narrativa. Apúntase que *As armas delicadas* (1997) é a súa novela máis ambiciosa, quizais pola metáfora da procura vital que nela se desenvolve.

Vidal Villaverde, Manuel, "Estou por unha Galicia plurilingüe, onde o galego teña un lugar de honra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 12 xaneiro 2009, pp. 30-31.

Dá conta dunha entrevista ao escritor Estro Montaña na que se afonda na situación do galego, lingua que, segundo este, ten as súas bases nos labregos, artesáns e mariñeiros fontes conservadoras da mesma. Analiza a lingua galega dende o seu propio centro de traballo nun instituto, vendo o uso que dela fan os máis novos, entre os que o galego non está moi difundido. Así mesmo, tamén se alude á situación da literatura, á falta de lectores, sen ser demasiado pesimista. Considera que se le e se crea máis que antes. Finalmente, apúntase a existencia dunha Literatura galega digna, dados os atrancos que ten atopado.

Vidal Villaverde, Manuel, "Desacóugame que hoxe estean a colidir a praxe e a teoría de esquerda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 19 xaneiro 2009, pp. 30-31.

Entrevista ao filólogo Carlos Paulo Martínez Pereiro para tratar asuntos como a situación "preocupante" do galego actual, así como a conexión entre o galego e portugués que Martínez Pereiro considera unha mesma cousa. Apúntase tamén a influencia que Ricardo Carballo Calero exerceu sobre o escritor, pois foi alumno del. Non esquece tampouco temas como as cifras de lectores en galego, de poesía e de narrativa, así como da posibilidade de que os escritores poidan chegar a gañar un Premio Nobel. Defínense as posicións do escritor tanto en poesía como en narrativa. Considera que a primeira segue a ser unha fonte de atracción inesgotábel e manifesta ter unha relación fascinante e complexa coa segunda, igual de atractiva para el.

Vidal Villaverde, Manuel, "Memoria, vida e literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 441, "Musas", 25 xaneiro 2009, p. 44.

Recóllense as verbas do escritor Hixinio Puentes Novo que fai un repaso da súa traxectoria vital e literaria, as súas publicacións, intimidades e intereses. Percorre as súas primeiras publicacións e a súa función como novelista, narrador, investigador de naufraxios (*Os naufraxios da Galicia Norte*) e ensaísta, pero apunta que co que máis a gusto se define sería como un bo narrador. Alúdese á súa relación coa poesía, e co seu último libro *Monbars o exterminador* (2008), e remátase falando desa novela que aínda por escribir desexaría facer, e tal é como el apunta, sería unha novela rotunda, que se lembrase de igual xeito que *Moby Dick*.

Vidal Villaverde, Manuel, "En Galicia somos, como case en toda Europa, unha colonia americana", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 26 xaneiro 2009, pp. 30-31.

Entrevista coa escritora galega instalada en Madrid Marina Mayoral, na que se fala, entre outras cousas, da situación do galego e da particular opinión da autora sobre o bilingüismo, o plurilingüismo ou o monolingüismo. Aposta rotundamente polo

bilingüismo como solución, xa que perder calquera das dúas linguas sería un erro. Sinálase tamén a función de Galicia nas súas creacións. Malia que lonxe da terra, o sentimento e os espazos da súa nenez seguen moi presentes na súa imaxinación literaria.

Vidal Villaverde, Manuel, "Hai que loitar pola autodeterminación, pero non mediante a sangue", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 2 febreiro 2009, pp. 30-31.

Conversa co escritor Andrés Pociña co gallo da presentación do seu libro *Tecer con palabras* (2007). Apúntanse temas de interese como a política lingüística, o bilingüismo e a situación do galego fronte ao castelán, mais tamén afonda nos sentimentos do escritor e o seu apego pola terra malia estar lonxe dela. Sinálanse aquelas obras que marcaron a súa traxectoria vital como *Nas transparencias do Miño* (2005) ou *Medea en Camariñas* (2004), facendo especial mención do seu próximo traballo, un volume colectivo para homenaxear a Beatriz Rabaza, unha latinista da Universidade de Rosario (Arxentina).

Vidal Villaverde, Manuel, "Síntome defraudado pola acción política do bipartito galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 9 febreiro 2009, pp. 30-31.

Dáse conta das verbas do escritor e profesor Arturo Casas abordando o galego dende a óptica política, reflexionando sobre cál sería a situación ideal desta lingua (un monolingüismo ideal e utópico ou un bilingüismo tradicional en todas as sociedades e culturas mundiais). Fálase tamén da situación do galego na literatura e do número de lectores que len nesta lingua fronte ao número dos que a falan, en claro retroceso.

Vidal Villaverde, Manuel, "Non creo nunha identidade baseada na música celta, o caldo, o hórreo e os cruceiros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 23 febreiro 2009, pp. 30-31.

Recóllense as verbas do catedrático de Lingua e Literatura galegas Bieito Iglesias, quen reflexiona sobre a Literatura galega, os lectores en galego, a situación desta lingua fronte ao castelán, a política lingüística e os estados de monolingüismo e bilingüismo. Inclúese a óptica do escritor ante a situación do galego, marcada por unha inferioridade galopante fronte ao español, que gaña adeptos e espazos progresivamente. Finalmente, sinálase o título *Por que non escribín certos libros meus* como esa obra que aínda non escribiu e que desexaría crear.

Vidal Villaverde, Manuel, "Sen a nosa lingua propia non existiriamos como pobo diferenciado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 2 marzo 2009, pp. 30-31.

Entrevístase á filóloga Goretti Sanmartín co gallo da publicación do seu libro *Nos camiños do entusiasmo*. Ao mesmo tempo, refírese a traballos anteriores sobre Ramón Cabanillas ou Ramón Vilar Ponte. Fálase tamén na entrevista sobre a Literatura galega e

a situación da lingua galega fronte á lingua española, da política lingüística e dos estados de monolingüísmo e bilingüismo en galego. Apúntase que hai unha necesidade que os órganos de goberno dean cohesión á nación en termos lingüísticos e que non fomenten unha separación entre ambas linguas. Finalmente, exponse o significado que ten a terra galega para a autora, responsábel dun discurso en construción que se apoia na súa lingua e paisaxes. A filóloga afirma que o modelo de lingua culta do galego debe conformarse no ensaio, e declara que non pensa publicar nin narrativa nin poesía nin pezas teatrais pese a recoñecer que ten escritos textos diversos.

Vidal Villaverde, Manuel, "Os predicadores do bilingüismo son os máis antigalegos que existen", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 9 marzo 2009, pp. 30-31.

Declaracións do catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa, Manuel Ferreiro, sobre a situación da lingua galega fronte ao español, da política lingüística e dos estados de monolingüismo e de bilingüismo. Respecto á Literatura galega afirma que o proceso de normalización editorial provocou un notábel aumento da produción en termos cuantitativos e cualitativos, aínda que considera necesaria unha maior perspectiva para xulgala con obxectividade.

Vidal Villaverde, Manuel, "Ningún país necesita o bilingüísmo: o normal é unha lingua única", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 16 marzo 2009, pp. 30-31.

Recóllense as verbas do filólogo e escritor Ramón Lorenzo sobre a Literatura galega, os lectores en galego, a situación da lingua fronte á lingua española, a política lingüística e os estados de monolingüismo e bilingüismo. Explícase a visión que o escritor ten da situación do galego e do seu abandono progresivo por parte do propio pobo galego, que prefire o castelán no canto de reclamar a súa lingua. Finalmente, destácase *Aires da miña terra* (1880), de Manuel Curros Enríquez, como a peza clave que lle abriu as portas á existencia da Literatura galega.

Vidal Villaverde, Manuel, "Paixón pola literatura", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 449, "Musas", 22 marzo 2009, p. 50.

Conversa con Rafael Laso quen comeza indicando algúns datos autobiográficos. A seguir, afirma que a literatura, xunto con outras actividades, é a súa paixón e comenta que por agora, só escribe narrativa como a súa novela *A vida que non é* (2008). Finalmente, fala sobre a situación da Literatura galega actual.

Vidal Villaverde, Manuel, "Non hai política lingüística posible se non se atende ao bilingüismo persoal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 23 marzo 2009, pp. 30-31.

Recolle as verbas do catedrático de lingua e literatura, Xesús Rábade Paredes, sobre a Literatura galega, os lectores en galego, a situación da lingua galega fronte á castelá, a

política lingüística e os estados de monolingüismo e bilingüismo. Exprésase a visión do escritor sobre a situación do galego e a súa futura supervivencia da man dos propios falantes. Finalmente, sinálase que son os libros complexos sobre historia de literatura os volumes que máis marcaron ao estudioso, ao achegarlle un coñecemento global e unitario do coro orquestrado no campo literario galego.

Vidal Villaverde, Manuel, "Edítanse moitas cousiñas que estarían mellor quedando inéditas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 30 marzo 2009, pp. 30-31.

Dáse conta das verbas da filóloga Aurora López sobre a experiencia de ser unha galega lonxe da terra, xa que exerce de profesora na Universidade de Granada. Fálase da Literatura galega, dos lectores en galego, do feminismo e da situación da lingua galega fronte á lingua española, da política lingüística e dos estados de monolingüismo e bilingüismo. Apúntase a visión da profesora sobre a situación do galego fronte ao castelán, marcada por un certo estado de perigo. Finalmente, queda de manifesto o seu profundo coñecemento de Rosalía de Castro e de Luz Pozo, ás que considera dúas poetas inmensas.

Vidal Villaverde, Manuel, "A sociedade española non desaprendeu a incultura lingüística inculcada a ferro polo franquismo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 6 abril 2009, pp. 30-31.

Conversa co profesor Henrique Monteagudo sobre a política galega e as repercusións do bipartito no terreo da lingua, a situación desta fronte ao castelán, a situación de monolingüismo ou bilingüismo. Indícase que a obra *Historia social da lingua galega* (1999) é a preferida do autor, quen ten intención de escribir un libro sobre o presente e o porvir da lingua galega no que tentará subliñar o poder da política como garante dun futuro digno para a lingua galega. Respecto á creación literaria, afirma que non lle tentou nunca, xa que considera mellor canalizadas as súas inquedanzas intelectuais a través do ensaio. Entre as súas obras preferidas cita *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio, e *Follas Novas* (1880), de Rosalía de Castro.

Vidal Villaverde, Manuel, "A escrita máis alá do tempo", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 452, "Musas", 12 abril 2009, p. 39.

Entrevista co xornalista Xoán Acuña sobre o seu percorrido vital, mais tamén sobre o galego e a súa literatura. O entrevistado apunta a unha posíbel creación, unha historia de nazis en Vigo, que ten en mente dende fai anos. Reflexiónase en torno ao galego e a posíbel derogación do decreto de Normalización Lingüística, o que suporía un retroceso para a lingua galega.

Vidal Villaverde, Manuel, "Nós non estamos derrotados e iso sábeo tamén a dereita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 13 abril 2009, pp. 30-31.

Dáse conta das verbas do escritor e editor Víctor Fernández Freixanes, quen fala do proceso de Normalización Lingüística, da política, do galego e da súa situación actual, aludindo a diversos pensamentos marxistas e nacionalistas sen esquecer o seu labor como director da Editorial Galaxia. Fálase da narrativa como o xénero que acolle todas as maneiras posíbeis de explicar o mundo e a poesía como algo sublime que achega a palabra a cotas expresivas inimaxinábeis. Saliéntanse libros como *Cousas* (1926, 1929), de Daniel Rodríguez Castelao; *A Esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor; ou *Merlín e Familia* (1955), de Álvaro Cunqueiro, como libros de cabeceira e moi influintes.

Vidal Villaverde, Manuel, "O trilingüismo é un slogan para arrear con ela aos que queremos falar galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 20 abril 2009, pp. 30-31.

Dáse conta das verbas da profesora Olivia Rodríguez sobre a situación do galego fronte ao castelán, tentando darlle un sitio propio e asegurando que se o galego está no ensino non se debe de permitir que o castelán lle saque importancia. Fálase da situación da Literatura galega actual da que se di está a vivir un momento esplendoroso, tendo aínda que facer fronte á carencia de lectores. Decántase a profesora polo ensaio en detrimento da ficción e asegura que o seu texto favorito e o que máis satisfacción lle achegou foi un dedicado a Vicente Risco que publicara alá polo ano 2001.

Vidal Villaverde, Manuel, "A xente continúa a considerar o galego como unha lingua de segunda", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 27 abril 2009, pp. 30-31.

Conversa co editor, xornalista e escritor Henrique Alvarellos sobre a situación do galego, tanto na lingua coma na literatura. Apúntase que se segue co sentimento de que o galego é unha lingua de segunda e que os propios galegos non souberon valorar a súa riqueza. Como editor, fálase tamén do bo momento que vive a literatura actual, en comparación con décadas pasadas, pero isto vén acompañado do baixo número de lectores en galego. Finalmente, o seu libro en mente é un volume no que se combina a súa faceta de editor, xornalista e escritor *Crónica da Exposición Rexional Galega de 1909* sobre o que puido ter sido Galicia e non foi.

Vidal Villaverde, Manuel, "O autor debe ser esixente consigo mesmo", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 455, "Personajes", 3 maio 2009, p. 50/*La Región*, "Sociedad", 10 maio 2009, p. 71.

Reprodúcense as verbas do editor, xornalista e escritor Henrique Alvarellos, analizando a consolidación das novas tecnoloxías no mundo editorial como mecanismo de enriquecemento das obras, sen esquecer o carácter perdurábel do tradicional libro en papel. Sinálase a figura do editor como un árbitro que debe dialogar co autor e buscar consenso en calquera dos aspectos da edición. Fálase da existencia de textos inéditos sen descubrir e asegura o difícil que é vivir da edición en Galicia malia ser esta unha tarefa fermosa.

Vidal Villaverde, Manuel, "Feijóo, que naceu no rural coma min, ten que conseguir o uso normalizado do galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 4 maio 2009, pp. 30-31.

Recóllense as palabras do escritor, xornalista e editor Olegario Sotelo Blanco sobre a Literatura e a lingua galegas no terreo político e social. Sinálase a importancia do galego como sinal de identidade e a necesidade de facer fronte á súa substitución en favor do castelán. Sinálase a progresiva perda de identidade nas aldeas galegas, que sempre foran o berce da historia, a cultura e a lingua galegas. Analízase tamén a situación da literatura, que goza dun bo momento malia que sempre é mellorábel e remite a unha das obras que máis o marcaron: *Antropoloxía cultural da terra de Caldelas* (1992), non só por achegalo ás súas raiceiras, senón tamén por poñelo en contacto co mundo natural e campesiño propios do rural.

Vidal Villaverde, Manuel, "Linguaxe e sentimento da poesía", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 456, "Musas", 10 maio 2009, p. 37.

Dáse conta dunha entrevista á escritora Luísa Castro na que se fala da poesía como un xénero case filosófico e a narrativa como algo pictórico. Fálase do sentimento de ledicia, aludindo a ela como un sentir que acompaña sempre o home, incluso nas maiores traxedias se tenta atopar un recuncho para a felicidade. Comenta a próxima publicación dun volume recompilatorio dos seus artigos na prensa galega baixo o título provisorio d'*O inimigo na casa*.

Vidal Villaverde, Manuel, "O futuro do galego está na nosa capacidade de sedución e loita", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 11 maio 2009, pp. 30-31.

A historiadora Encarna Otero comenta o estado da Literatura e a lingua galegas dentro do marco socio-político. Sinálase a importancia do galego como sinal de identidade, sendo a reivindicación do mesmo a única condición para prolongar a existencia do galego. Concíbese un estado de monolingüismo onde sexa o galego o eixo da fala e da escrita. En literatura, sinala as obras *O branco país sen neve* (2008) e *A serea do mundo* (2008) como os textos dos que se sente máis satisfeita. Apúntase, en verbas da escritora, un certo desexo de crear unha obra polifónica de rebeldía.

Vidal Villaverde, Manuel, "A educación en galego, ó cen por cen, é o único que pode salvar o idioma", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 18 maio 2009, p. 31.

Conversa coa escritora Luísa Castro sobre a lingua e Literatura galegas, a situación política da lingua e a toma de posicións entre o galego e o castelán dentro deste territorio. Sinálase que o único xeito de salvar a lingua é implantándoa no ensino completamente. Fálase de autores vivos galegos que influenciaron a súa obra como Luz Pozo e Anxos Sumai, así como da creación na que agora está inmersa, unha novela en castelán cun argumento indeciso. Respecto á súa obra en galego, cítanse *Baleas e baleas* (1988), así como a próxima aparición de *Melancolía de sofá*.

Vidal Villaverde, Manuel, "Os máis perigosos son os galegos que desprezan a lingua", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 25 maio 2009, pp. 30-31.

Entrevista ao poeta Vicente Araguas, quen vén de recoller o Premio Reimóndez Portela por artigos publicados en *El Correo Gallego*. Fálase da situación da lingua galega e do proceso de bilingüismo no que está inmersa, aínda que nun delicado equilibrio. En literatura sinala que esta é unha época sombría tanto para a creación coma para os adeptos á lectura.

Vidal Villaverde, Manuel, "A segregación nas aulas por linguas paréceme o argumento dun mal guión de ciencia-ficción", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 1 xuño 2009, pp. 30-31.

Faise eco dunha entrevista coa escritora Marga do Val na que se tratan asuntos de política en torno á situación actual da lingua galega. Sinálase a problemática que implica o feito de considerar a lingua galega como detentora dun menor prestixio, o que provoca unha falla de sentimento por ela. No tocante á literatura, di sentirse cómoda en todos os xéneros: narrativa, teatro e poesía. Lembra gratamente todos os libros que ten escrito e remata asegurando que desexa escribir moito máis e ter moitos anos para facelo.

Vidal Villaverde, Manuel, "De non pararmos a globalización, padeceremos un empobrecemento cultural e lingüístico sen retorno", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 460, "Personajes", 7 xuño 2009, p. 48/"A globalización traerá empobrecemento cultural e lingüístico sen retorno", *La Región*, "Galicia", 15 xuño 2009, p. 18.

Declaracións da escritora Teresa Moure sobre a súa produción literaria como un canto de rebeldía e como un método moi satisfactorio para expresar o seu pensamento alternativo. Fálase tamén da situación problemática do galego fronte ao castelán e da posibilidade de que en breve o portugués sexa unha lingua optativa en secundaria, algo que ve como unha mellora na calidade do galego, que está agora cheo de castelanismos.

Vidal Villaverde, Manuel, "O PP ata mesmo quere suprimir da Constitución a nacionalidade de Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 8 xuño 2009, pp. 30-31.

Recóllese unha entrevista co escritor e filósofo Manuel Miragaia, quen reflexiona sobre o galego. Sinálase a forza do castelán fronte a esta lingua, que está en claro retroceso sobre todo nas cidades, nas que a identidade do castelán cobra máis prestixio. En literatura sinálase como poeta e, malia que se sente atraído pola narrativa e o ensaio, cre que o seu último traballo por facer é a compilación de artigos periodísticos nun mesmo libro sen esquecer a poesía.

Vidal Villaverde, Manuel, "As medidas que o PP adopta pretenden darlle o golpe mortal ó galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 15 xuño 2009, pp. 30-31.

Dá conta dunha entrevista ao catedrático de Francés Henrique Harguindey. Este reflexiona sobre a lingua, sinalando a riqueza que achegan as linguas e o seu coñecemento, así como o perigo que se xera cando xorden disputas lingüísticas. Con respecto á lingua galega, apunta que está sufrindo porque as esferas políticas e de poder non defenden por igual o galego e o castelán. No terreo da literatura, destaca autores galegos como Xosé Lois Méndez Ferrín e Manuel Rivas e pezas inesquecíbeis para o catedrático como *L'écume des jours*, de Boris Vian.

Vidal Villaverde, Manuel, "A enquisa aos pais é unha aberración pedagóxica e unha pallasada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 22 xuño 2009, pp. 30-31.

Conversa co destacado galeguista Avelino Pousa Antelo, que vén precedida por unha ampla introdución que recorda a súa traxectoria como agrarista, cooperativista, mestre, xornalistas, político e escritor e na que se enuncian os galardóns e homenaxes que recibiu nos últimos anos. Pousa Antelo afirma que queda marcado como galeguista de por vida, despois da súa asistencia ao mitin de promoción galega, no que participan os máis destacados galeguistas do momento, que tivo lugar no Teatro Principal de Santiago no ano 1931. Comenta que dende entón, entra a formar parte das Mocidades Galeguistas e recorda anécdotas dos mitins para a propaganda do plebiscito do Estatuto de 1936. Explica como se liberou dos consellos de guerra do franquismo e o por qué da ruptura da relación con Ramón Piñeiro, quen se enfronta aos galeguistas, algo que lle produciu unha profunda dor. Doutra banda, cando é preguntado pola situación actual do galego, comenta que a perda de falantes se debe ao contaxio verbal e aos medios de comunicación, móstrase en desacordo coa defensa que o novo goberno fai dunha Galicia bilingüe e opina que a Literatura galega está a vivir unha época de esplendor.

Vidal Villaverde, Manuel, "A postura de Anxo Lorenzo é arriscadísima pero sabía ao que se expoñía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 29 xuño 2009, pp. 30-31.

Luciano Rodríguez achega a súa visión da situación actual do galego e opina sobre cuestións políticas nesta entrevista. No tocante á situación actual da Literatura galega, afirma que hai un equilibrio de xéneros, dun nivel aceptábel, e que esperta o interese dos lectores tanto dentro coma fóra de Galicia. Afirma que nunca se sentiu tentado en escribir poesía, teatro ou narrativa e comenta que ten en mente publicar, antes de xubilarse, un estudo-antoloxía de poesía galega. Doutra banda, cita aos seus autores e autoras de cabeceira e afirma que o xornalismo tamén pode ser considerado un xénero literario.

Vidal Villaverde, Manuel, "Literatura e sempre compromiso", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 464, "Musas", 5 xullo 2009, p. 48.

Entrevístase ao escritor Xabier Quiroga, quen apunta que a súa próxima novela acontece no contexto da represión franquista. Quiroga non concibe a literatura sen compromiso coas ideas e as persoas, por simple entretemento e laméntase de que se siga a promover o libro en castelán mentres se esquece o galego.

Vidal Villaverde, Manuel, "Eliximos o goberno non para sometelo todo a referendos feitos 'daquela maneira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 13 xullo 2009, pp. 30-31.

Tras un repaso breve pola biografía de Luís Rei Núñez, o escritor e xornalista comenta temas vinculados á literatura. Rei opina que el, como escritor, non pode xulgar se a Literatura galega vive un momento de esplendor, pero pensa que cómpre redobrar os esforzos para alcanzar máis e mellores obras e lamenta que os ensaios académicos se centren nun grupo reducido de escritores. Confesa non sentirse tentado por escribir teatro, que escribe ensaio porque é unha forma de reflexionar sobre a súa propia obra e que ten un cento de poemas inéditos, que de momento non pensa en publicar.

Vidal Villaverde, Manuel, "O soberanismo que renuncia á esquerda acaba sendo un simulacro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 20 xullo 2009, pp. 30-31.

Conversa con Xabier Cordal, precedida por un parágrafo no que se repasa o seu currículo, centrada na problemática do desenvolvemento do galego e en cuestións políticas. En canto á situación actual da Literatura galega, Cordal pensa que a etapa de esplendor que vivimos comeza nos anos cincuenta e se mantén e que hai xéneros como a literatura infantil e xuvenil nos que temos presenza no mundo. Por último, o escritor tamén cita cales son os seu libros de cabeceira.

Vidal Villaverde, Manuel, "Entrar na imaxe poética", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 467, "Musas", 26 xullo 2009, p. 40.

Recóllese unha entrevista a Antía Otero na que se fai un percorrido pola súa vida e as súas creacións literarias, centrándose especialmente no poemario que sairá á luz da man da editorial Xerais, *(RETRO)VISOR*. Precísase que nesta obra se tenta facer unha retrospectiva, unha ollada cara ao pasado no que se mestura realidade e ficción.

Vidal Villaverde, Manuel, "Gañar as eleccións non lexitima a destruír unha base da nosa convivencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 27 xullo 2009, pp. 30-31.

Manuel Bragado Rodríguez repasa a situación actual do galego e cuestións políticas nesta entrevista. Doutra banda, Bragado opina que o libro galego deu un paso de xigante nos últimos trinta anos, afirma que nunca se leu tanto en galego como agora. Pensa que ha de ser a perspectiva do tempo a que determine que libros permanezan e obvia comentar cales son os seus libros de cabeceira.

Vidal Villaverde, Manuel, "O que non soportan é que o galego sexa unha lingua para estar no mundo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 3 agosto 2009, pp. 30-31.

Entrevista a Fran Alonso, precedida por un parágrafo no que se repasa o seu currículo, dirixida a achegar as opinións do escritor sobre a situación actual do galego e cuestións políticas. Alonso defínese como un escritor todoterreo e afirma que a súa creación literaria pretende ser profundamente vitalista, nela fala dos problemas do seu tempo, pero coida que a literatura non é unicamente compromiso senón que tamén é arte, comunicación, diálogo, ocio, ideoloxía…. Para el a poesía é unha forma de expresión libre.

Vidal Villaverde, Manuel, "A poesía, esoutra imaxe de nós", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 469, "Musas", 9 agosto 2009, p. 42.

Conversa coa poeta Marta Dacosta, introducida por unha breve autobiografía, quen confesa non poder prescindir da poesía, porque é un xénero que lle permite transmitir experiencias e reflexións. Dacosta di non ter preferencias sobre as súas obras, coida que cada unha ten algo significativo e reivindica que a poesía galega estea á altura da poesía mundial.

Vidal Villaverde, Manuel, "Gobernar a golpe de enquisa é perigoso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 10 agosto 2009, pp. 30-31.

Tras uns parágrafos autobiográficos, Inma López Silva responde a varias cuestións relacionadas coa situación actual do galego e coa política. A escritora, confesada lectora de poesía e incapaz para este xénero, desvela cales son os seus poetas referenciais e coida que a poesía achégase a filosofía e defínea como "unha forma de expresión que pretende o transcendente".

Vidal Villaverde, Manuel, "A literatura como esencia e compromiso", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 470, "Musas", 16 agosto 2009, p. 39.

Conversa con Adolfo Caamaño, introducida por un parágrafo autobiográfico, quen opina que para narrar hai que ter sempre presente a beleza do contar, porén concibe a poesía como instrumento para tal fin. Opina que a saúde da Literatura galega actual é boa pero di que faltan lectores que identifiquen como súa a Literatura galega e lle recoñeza a súa capacidade para evocar imaxes do pobo galego e do mundo. Por último, adianta o tema dos seus próximos proxectos.

Vidal Villaverde, Manuel, "Queren reducirnos a unha minoría para exterminarnos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 17 agosto 2009, pp. 30-31.

Entrevista ao escritor Miguel Mato Fondo, introducida por unha autobiografía, quen opina, principalmente, sobre a situación actual do galego e cuestións políticas. Mato di

non apoiar a función social e política da literatura e opina que a liña cultural do nacionalismo da últimas décadas "é sectaria e excluinte", xa que despreza aos escritores que non converxen nela. Pensa que toda a súa escrita é de estilo poético. Coida que a súa poética, nestes intres, móvese no campo do pesimismo e da recuperación da memoria.

Vidal Villaverde, Manuel, "Aprendín como filóloga que non existen os individuos bilingües", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 24 agosto 2009, pp. 30-31.

Marta Dacosta responde a varias cuestións relacionadas coa situación lingüística e política de Galicia. A escritora defende a literatura comprometida e coida que o seu poema definitivo trataría sobre a superación das desigualdades sociais e o enxalzamento da cultura galega. A poesía, para ela, é o mellor medio de explicarse e de explicar o mundo. Coida que a procura de toda obra literaria é non deixarnos indiferentes, conmovernos pola súa beleza e invitarnos á reflexión. Asemade, opina que a Literatura galega, a pesar de ter atrancos para ser visibilizada está ao nivel de calquera literatura do mundo.

Vidal Villaverde, Manuel, "O tempo é un reloxo de cuarzo nipón con exacto segundeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 31 agosto 2009, pp. 30-31.

Entrevista a Adolfo Caamaño Vázquez, introducida por un parágrafo no que se aborda o seu currículo, que xira principalmente arredor das opinións do escritor acerca da situación actual da lingua e a cultura galegas, cuestións políticas e ideolóxicas. A través desta conversa, Caamaño tamén fai partícipes aos lectores de reflexións acerca de temas profundos como a existencia humana, o simbolismo do tempo e a idea de liberdade. Doutra banda, considera que a poesía está presente en toda a súa produción, procura transmitir ritmo e musicalidade tamén na súa narrativa, define a poesía como o xénero do sentir. Asemade o escritor comenta algúns dos seus proxectos, como que ten pensado rememorar os seus tempos en Compostela, continuando o xa exposto na súa novela *Soberano* (2004) e opina que a Literatura galega goza de boa saúde no eido da creación pero non así no do lector.

Vidal Villaverde, Manuel, "O PP quere substituír unha morte lenta pola eutanasia lingüística", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 14 setembro 2009, pp. 30-31.

Conversa con Francisco Salinas Portugal, introducida por un parágrafo no que se aborda o seu currículo e centrada na cuestión da problemática actual da lingua galega e temas políticos. Salinas comenta que, aínda que nun segundo plano, continúa a escribir a pesar do seu silencio editorial. Confesa que sente dificultade á hora de definir a súa literatura, non sabe se se pode etiquetar de surrealista, pero é un movemento que encontra interesante. Doutra banda, rexeita falar en termos absolutos, pero opina que a Literatura galega está nunha boa situación a nivel de creadores, aínda que non en canto a lectores. Tamén coida que a crítica literaria en Galicia é frouxa, en moitos casos parcial e

inconsciente do seu papel na consolidación do sistema. Asemade, o escritor achega algunhas repostas literarias a temas transcendentais como o paso do tempo e a morte.

Vidal Villaverde, Manuel, "O esforzo de ser bilingües sempre foi un mérito dos galegofalantes", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 28 setembro 2009, pp. 30-31.

Conversa coa filóloga Rosario Álvarez Blanco, precedida por un parágrafo no que se repasa o seu currículo, destacando as súas investigacións sobre a lingüística do galego. A entrevista céntrase na cuestión da problemática actual do galego e en temas de índole política. Con respecto á literatura afirma que o seu xénero preferido como lectora é a narrativa, pero que como autora se dedica en exclusiva ao ensaio.

Vidal Villaverde, Manuel, "Poesía, fundamento e vida ", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 478, "Musas", 11 outubro 2009, p. 56.

Entrevista a Asun Estévez, introducida por un parágrafo autobiográfico. A escritora confesa que a poesía é un elemento imprescindíbel na súa vida e o xénero no que mellor se desenvolve, aínda que comenta que está a escribir relatos curtos e adianta que está a piques de publicar a súa primeira obra narrativa, *Bicos de Sol*.

Vidal Villaverde, Manuel, "Actuar contra a lingua é semellante a un delito de amputación dun órgano", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 19 outubro 2009, pp. 30-31.

Xulián Maure Rivas pronúnciase nesta entrevista con respecto á situación da lingua galega. No tocante á situación da Literatura galega afirma que nunca se tivo tantos e tan bos escritores e lectores, pero que aínda hai campos por normalizar como o da literatura científica. Apunta que o maior número de lectores se atopa nos escolares, porén, coida que temos lectores inducidos pero que é preciso que medre o número dos espontáneos. Doutra banda, defende o incremento das traducións ao galego e comenta o punto de desenvolvemento no que se atopa a Biblioteca Virtual de literatura universal en galego. Tamén comenta, que a través da súa tese *Para unha escriptoloxía do galego* (1998) e outros estudos científicos, procurou achegar argumentos ao debate sobre a unificación ortográfica do galego.

Vidal Villaverde, Manuel, "Galicia Bilingüe é algo pintoresco do que ninguén se lembrará", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 26 outubro 2009, pp. 30-31.

Conversa con Francisco Pillado Mayor, introducida por un parágrafo no que se aborda o seu currículo e centrada na problemática actual do galego, aínda que tamén se tratan cuestións políticas, relixiosas e ideolóxicas. Pillado confesa que lle gustaría traducir moitas obras de Albert Camus e que lle queda por publicar o Teatro Completo de Miguel Anxo Fernán Vello. É optimista sobre o futuro da editorial Laiovento, da que é director, pois apunta que o ser unha editorial sen ánimo de lucro concédelles

independencia total. Define o teatro como "unha poesía pola que se transita", coida que calquera autor teatral de calidade ha de ser tamén poeta, aínda que non teña publicado poemarios e afirma que Álvaro Cunqueiro é o máis xenial dos dramaturgos galegos.

Vidal Villaverde, Manuel, "A palabra liberadora", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 480, "Musas", 8 novembro 2009, p. 48.

Entrevista á escritora Carmen Blanco, na que esta fala das súas próximas publicacións, da esencia da poesía e de se ser poeta ten sentido.

Vidal Villaverde, Manuel, "O teatro galego continúa a ser, en certa maneira, clandestino", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 9 novembro 2009, p. 30.

Reflexión entre o xornalista e o dramaturgo Manuel Lourenzo sobre quE é o teatro e en que estado se atopa actualmente o teatro galego. Tamén se toca un pouco o tema de que significan para Manuel Lourenzo outro tipo de escritas como a poesía, o ensaio ou a novela.

Vidal Villaverde, Manuel, "A poesía regrésame á miña adolescencia", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 481, "Musas", 15 novembro 2009, p. 56.

Mónica Bar Cendón é entrevistada acerca da militancia feminista que sempre amosa na súa escrita, ademais de falaren tamén da relación da autora coa poesía e do estado actual do teatro en Galicia.

Vidal Villaverde, Manuel, "Non creo que esteamos tan desartellados como podería parecer", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas Contemporáneas", 23 novembro 2009, pp. 30-31.

Conversa con Oriana Méndez, quen publicou o seu primeiro libro en 2007, *Derradeiras conversas co capitán Kraft*, e adoita participar en diferentes mesas redondas e encontros poéticos. A entrevista trata sobre o estado actual da lingua galega baixo a política de Anxo Lorenzo e das perspectivas de futuro laboral e literario da autora, entre outros temas.

Vidal Villaverde, Manuel, "O espello da realidade", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 484, "Musas", 6 decembro 2009, p. 52.

Rubén Ruibal explica nesta entrevista cal é o motivo polo que só coñecemos a súa escrita teatral e non coñecemos nada seu do resto de xéneros, que tamén cultiva. Artista e xornalista tamén conversan sobre o teatro e o estado do teatro en Galicia.

Vidal Villaverde, Manuel, "As repúblicas con apelidos, como o de 'popular', esmagaron sa liberdades", *Galicia Hoxe*, "Maré". "Conversas Contemporáneas", 7 decembro 2009, pp. 30-31.

Entrevista a Alfonso Vázquez-Monxardín, catedrático de Lingua e Literatura Galega no ensino medio e director do I.E.S. As Lagoas de Ourense, na que xornalista e entrevistado reflexionan sobre a relación lingua-nación, sobre política, sobre literatura e sobre as cousas que a Monxardín lle gustaría escribir.

Vilariño, Bárbara G., "Pódese facer poesía levando unha 36", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que Calor*!", "Entrevista impertinente", 14 xullo 2009, p. 17.

A poeta Yolanda Castaño reivindica a través desta entrevista que as mulleres que se preocupan polo seu físico tamén poden desenvolver unha profesión intelectual. Pensa que hai que rachar cos estereotipos e reivindica o papel activo da muller na sociedade, abandonando a submisión e implicándose na toma de decisións. Doutra banda, apunta que a imaxe pública que se proxecta dela é distinta ao que ela é realmente.

Villarino, Elena, "Prefiro permanecer que aparecer e desaparecer", *Diario de Pontevedra,* "*Revista!*", n.º 447, "Mil Primaveras Máis", "Entrevista", 11 xaneiro 2009, p. 6.

Recóllense as verbas da actriz e escritora Antía Otero, quen aborda a súa faceta artística como actriz de televisión e teatro, así como a súa vea poética. Fálase das dificultades dos mozos galegos para veren publicadas as súas obras e da importancia da Asociación de Escritores en Lingua Galega como vehículo para aqueles escritores que realicen as súas actividades en galego. Sinálase a importancia de facerse un nome, de estar no panorama literario, de permanecer nel como un continuo e do galego como canle de expresión.

Villarino, Elena, "Gustaríame seguir escribindo e publicando", *Diario de Pontevedra,* "*Revista!*", n.º 448, "Mil Primaveras Máis", "Reportaje", 18 xaneiro 2009, p. 4.

Faise eco dunha entrevista á escritora Oriana Méndez autora do poemario *Derradeiras conversas co Capitán Kraft* (2007). Apúntase o seu gusto pola poesía como xénero no que se sente máis cómoda á hora de escribir. Fálase da importancia da Literatura galega e das dificultades que ten a publicación de pezas malia a existencia de premios con boas dotacións económicas. Para ela, o importante é escribir en galego, pois iso dá certas facilidades. Finalmente, sinálase o seu interese por seguir escribindo e publicando, malia que recoñece que sería imposíbel vivir soamente da poesía.

Villarino, Elena, "Son moi finxidora e mentireira", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 450, "Mil Primaveras Máis", "Reportaje", 1 febreiro 2009, p. 5.

Dáse conta das verbas da escritora María Lado sobre a literatura e o teatro, pois forma parte da compañía teatral "Volta e dálle". Fálase das vantaxes do formato dixital á hora

de dar a coñecer unha obra, tendo en conta que esta non ten que pasar por un editor e faise más accesíbel a calquera persoa que desexe lela. Sinálase a súa intención de crear poesía infantil inspirada pola súa recente maternidade.

Vixande, H., "Non me gustaba o papel de vampiro multimedia", *A Nosa Terra*, n.º 1.384, contracuberta.

Entre outras cousas, o entrevistado, o artista galego Rafael Pintos, fala nesta entrevista sobre o éxito dos seus dous poemarios, *Os ollos de acibeche* (2005) e *O cabaleiro da rosa* (2008).

Xestoso, Manuel, "Todos precisamos sangue novo, non só eu", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "Cultura", "A Nova Literatura Europea", 19-25 febreiro 2009, pp. 24-25.

Recóllense as verbas do escritor italiano Flavio Soriga, quen fala da súa novela *Sardinia Blues* (2008), traducida ao galego por Galaxia e merecedora do Premio Mondello Città de Palermo. Fálase da enfermidade da talasemia como punto de partida da obra, enfermidade que sofre o propio escritor e inspira numerosos cambios e renovacións ao longo da novela. Sinálase así a necesidade dos pobos de mudaren e renaceren para non desapareceren. Saliéntaºse tamén da musicalidade que impregna a novela, así como do ritmo na escrita, o que constitúe un todo para o escritor.

X. F., "O seu universo é tan vixente coma dous séculos atrás", *La Voz de Galicia,* "Cultura", "Entrevista", 11 xaneiro 2009, p. 48.

Faise eco dunha entrevista á tradutora Susana Rodríguez Barcia, quen vén de traducir os relatos de Edgar Allan Poe ao galego. Fálase das dificultades de adaptar a xerga americana á fala rural galega. Sinálase tamén a importancia de traducir obras estranxeiras ao galego como mecanismo de ampliación de coñecementos e intereses literarios.

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. B., "Anxos Sumai, convidada no Club de Lectura da Escola de Idiomas", *Atlántico Diario*, "Vigo", 3 marzo 2009, p. 25.

Fálase da conferencia que impartiu a escritora, documentalista e tradutora Anxos Sumai no Club de Lectura da Escola de Idiomas de Vigo co título "De como un neno gordo chocou contra una balea". Coméntase que a súa intervención garda relación co último libro da autora, *Así nacen as baleas* (2007), que foi galardoado co Premio Repsol YPF.

A. B., "Educación anunció el cierre inmediato de la Escola de Teatro", *Atlántico Diario*, "Vigo", 15 abril 2009, p. 13.

Dá conta do peche da Escola Municipal de Teatro situada no Monte da Mina e salienta que a dirección, o profesorado e mais o alumnado non coñecían a noticia do peche. Tamén comenta que moitos dos proxectos quedan inacabados.

Abeleira, Xoán, "Entre o senso e o son", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 xaneiro 2009, p. 7.

Refírese á tradución de dúas obras da literatura universal ao galego: *As flores do mal*, de Charles Baudelaire, por parte de Gonzalo Navaza (2008), e *Os alimentos terrestres*, de André Gide, por parte de Suso Pensado (2008). Fálase das distintas facetas dos tradutores como creadores e dos motivos que os levaron a realizar estas obras, así coma dos problemas que atoparon no momento de traducir os libros ao galego.

Abeleira, Xoán, "La batalla de Déborah Vukusic", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Agenda", 15 xullo 2009, p. 8.

A partir da actuación de Déborah Vukusic, faise un breve percorrido tanto pola traxectoria persoal da poeta como polas súas obras, escritas tanto en galego como en castelán. Así, menciónase o percorrido seguido por Vukusic como estudante de Filoloxía hispánica e posteriormente, de Arte dramática. Cóntase tamén a importante influencia que na súa obra ten a mestura cultural como filla de nai galega e pai croata. Resáltase, desta maneira, o labor polifacético desta poeta da que se conta a listaxe de proxectos que lle agardan tras a edición da súa obra *Guerra de identidad*, poemario do que se indica que xa vai pola segunda edición ampliada baixo o título *Cuaderno de Batallas*. Recóllense as palabras da poeta sobre a súa aspiración a "a una verdad limpia, directa, sin retórica de ningún tipo".

Abeleira, Xoán, "Un seminario en Culleredo repasa a poesía de Novoneyra", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 11.

Recolle a celebración do XV Seminario de Historia de Culleredo, dedicado a Uxío Novoneyra. Menciona ademais o acto no que a poeta Yolanda Castaño e a bailarina Branca Novoneyra actuarán conxuntamente.

Abeleira, Xoán, "De 'Pan de ánimas (inédito)", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 12, "Libros", decembro 2009, p. 5.

Reprodúcese o poema inédito "Cueva de los judíos (Albarracín)", de Xoán Abeleira.

Abelenda, Ana, "Premio para a poesía da terra", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 321, "En portada", 11 xullo 2009, p. 2.

Primeiramente lémbrase que a Real Academia Galega escolleu ao poeta Uxío Novoneyra para dedicarlle o Días das Letras Galegas 2010 e que foi o seu poemario *Os eidos* (1955) o que máis sona lle deu. A seguir danse algunhas características da súa poesía que se define como unha procura da mensaxe esencial a través de símbolos con múltiples significados. Dise que os lugares coureláns dos que el formaba parte están presentes ao longo de toda a súa obra de xeito que se observa a profunda unión do home coa terra. Logo outros autores que o coñeceron destacan certos aspectos e versos concretos da súa obra que, segundo eles, dan boa conta da calidade e importancia da mesma, entre outros, Cesáreo Sánchez, Xulio López Valcárcel ou Carmen Blanco.

Abilleira, Xosé, "Páxinas da memoria", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 5 decembro 2009, p. 69.

Comenta a saída a lume do poemario de Aurora Vidal Caramés, *Páxinas da memoria*, do que destaca o limiar de Fernando Luís Pérez Poza e o epílogo de Víctor Campio. Describe as dúas partes en que se divide o poemario. A seguir, salienta a cualidade lírica de Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Luís Amado, Manuel Antonio, Xoán Vidal, Roberto Blanco Torres, Daniel Rodríguez Castelao e Alexandre Bóveda na primeira parte, e os ensaios ao redor de Xosé María Álvarez Blázquez e Roxerius, na segunda.

Abuín, Lorena, "Lecturas para o verán", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 619, 8 agosto 2009, contracuberta.

Selecciona a opción de diversos autores como lecturas para o verán. Os autores salientados son Suso de Toro, Luís González Tosar, Yolanda Castaño e Xosé Carlos Caneiro, entre outros. Segundo a xornalista a tendencia deste verán 2009 é volver á literatura clásica.

Abuín, Lorena, "Los fondos bibliográficos de 'La Penzol"', *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 395, "Reportaje", 13 decembro 2009, p. 6/*La Opinión*, "*El Domingo*", "Historia del galleguismo", 20 decembro 2009, p. 5.

Parte da renuncia de Francisco Fernández del Riego como director da Biblioteca Penzol de Vigo, para deseguido lembrar as orixes da mesma dende a súa creación até se converter nunha biblioteca cun "fondo de más de 50000 volúmenes". Fai así un percorrido a través da existencia de dita institución, comezando cunha doazón do bibliófilo Fermín Penzol e co impulso da editorial Galaxia, dende a súa primeira sede na rúa Policarpo Sánza, até o seu traslado a Casa Galega da Cultura. Remata facendo alusión aos esforzos de Francisco Fernández del Riego no crecemento de dita Biblioteca.

Abuín de Tembra, Avelino, "De 'Home ao pairo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "A terra que pisamos é nosa", 3 marzo 2009, p. 36.

Reprodúcese o poema "GALICIA da dor inconteníbel...", da obra *Home ao pairo* (1974), de Avelino Abuín de Tembra.

A. C. V., "Ergueitos' programa para el día 13 de junio el viaje literario a Lóuzara", *El Progreso*, "Sarria", 15 maio 2009, p. 18.

Informa que a Agrupación Cultural Ergueitos vai realizar unha viaxe literaria para homenaxear ao poeta Fiz Vergara Vilariño e describe como se desenvolverá a xornada.

A. C. V., "Próxima parada: la poesía", *El Progreso*, "Sarria", 30 outubro 2009, p. 17.

Anuncia a instalación dunha ruta turístico-literaria na honra do poeta da Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño. Comenta que está promovida pola agrupación cultural Ergueitos, a Deputación e familiares do poeta falecido e que se compon de obras de varios artistas plásticos, entre as que destacan os indicadores de dirección de Jesús Otero-Yglesias, con versos de Fiz Vergara, ou os bloques de Caxigueiro, con outra estrofa gravada.

A. C. V., "Instaladas tres novas obras no roteiro de Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 13 decembro 2009, p. 23.

Recolle a inauguración de tres esculturas no roteiro artístico literario do poeta Fiz Vergara Vilariño, inspiradas nos poemas deste autor e realizadas polos artistas Miguel A. Macía, Paco Poy e Primitivo Lareu. Sinala ademais as institucións impulsoras do proxecto: a Agrupación Ergueitos, Asociación Galega de Escritores en Lingua Galega, a Deputación de Lugo, o Concello de Samos e a propia familia do poeta.

A. D., "Los autores gallegos se pasan al monólogo de humor sobre el escenario del Fórum", El Ideal Gallego, "A Coruña", 1 agosto 2009, p. 14.

Informa do programa de música, interpreataicón e crEación plástica que ofrece o Fórum Metropolitano no mes de agosto. Comenta que nos primeiros días do mes se contará coa presenza de Carlos Blanco, Avelino González e Cándido Pazó. Na segunda quincena di que a protagonista será a música, coa particpacion de dúas rapeiras viguesas e tres

bandas no primeiro "Festival de Banda Desghreñada". En dous destes grupos estarán dous ilustradores coñedidos da cidade. Ademais, durante todo o mes haberá unha actividade chamada "Viñetas on the rodad", dedicada a todos amantes da lectura.

Agra, Santiago, "Ortigueira quere recuperar ao seu bandoleiro", *Xornal de Galicia*, "*Xé!Que calor!*", "Tema do día", 21 agosto 2009, p. 18.

Indica que a fundación Ortegalia organizará a seguinte semana un percorrido polos "puntos clave da historia persoal e as andanzas" dun dos bandoleiros máis destacado da zona, Mamede Casanova, máis coñecido como Toribio, que formou parte da paisaxe galega até ben entrado o século XX, entre outros nomes de asaltadores de casas reitorais e pazos fidalgos como "Pepa a Loba". Apunta que a fundación pretende conseguir que estes personaxes non desaparezan da memoria co paso dos anos, xa que só se manteñen vivos en lendas locais e libros de historia. Ademais sinala que este pistoleiro xa fora destacado noutras ocasións como é o caso de obras de Ramón María del Valle-Inclán e Miguel de Unamuno, e máis recentemente n'*O bandido Casanova* (2000), de Hixinio Puentes, que foi merecente do Premio Literario Pastor Díaz de Viveiro en 1999. Precisa que Toribio permaneceu en prisións polas súas incursións no norte de Galicia durante dúas décadas, que rematou traballando como peón das liñas do ferrocarril e que postumamente chegou a ser un mito popular no primeiro terzo do século XX. Refire que o que pretende a fundación Ortegalia, unha asociación sen ánimo de lucro, é difundir "o patrimonio etnográfico e histórico" da comarca de Ortegal, a través das "claves do bandolerismo en Galicia". Remata precisando o percorrido do roteiro e valorando unha iniciativa que permite "coñecer, de primeira man, a historia máis cercana".

A. L., "Falece Manoel Riveiro, o narrador que admiraba a URSS", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 16 xaneiro 2009, p. 53.

Refírese á morte do escritor coruñés Manuel Riveiro Loueiro aos setenta e cinco anos. Saliéntase o seu labor como tradutor de obras rusas e a súa admiración pola URSS e as ideas do "socialismo real". Cítanse algunhas das súas obras máis importantes: *O Pasamento*, *Pola ida e pola volta*, *A moa*, *O patrón*, *A primeira pedra*, *A volta de Castelao* e *Corpo Canso*, entre outras moitas que foron publicadas entre as décadas de 1980 e 1990. Faise tamén un repaso aos acontecementos máis destacábeis da súa traxectoria vital.

A. L., "Negra Sombra' jazz, versos e música no día de Rosalía", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 24 febreiro 2009, p. 49.

Fálase dunha serie de actos que terán lugar para conmemorar o nacemento de Rosalía de Castro, hai cento vinte e sete anos, organizados pola Consellería de Cultura e a Fundación Rosalía de Castro. Coméntase que o acto central é o espectáculo multiartístico "Rosalía 21", que se celebra no Teatro Principal e que consiste nun recital dos poemas máis destacados da autora sobre unha base musical de jazz. Pola súa banda, indícase que tamén se presentará o libro *Quen casa ten de seu*. *Contos na casa de Rosalía*, no que se inclúen cinco contos de autores e ilustradores galegos para achegar a figura da escritora aos máis novos. Remátase sinalando que tamén se celebrará un

recital poético a cargo do alumnado de Primaria e Secundaria de centros escolares de Padrón e Bertamiráns.

A. L., "Aínda manteñen erros sinalados en 2003 por expertos ingleses", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 abril 2009, p. 44.

Dá conta dalgúns dos erros que contén a Enciclopedia Británica en relación a Galicia e a súa lingua. Indica que o tradutor Craig Patterson reclamou unha maior atención a estes aspectos e confirma que nalgunhas ocasións os erros foron enmendados.

A. L., "Louzará convértese nun museo sen paredes", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 28 xullo 2009, p. 42.

Fálase sobre un museo que van construír en Lóuzara grazas á Agrupación Cultural Ergueitos e á Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), nos camiños polos que o poeta Fiz Vergara Vilariño paseaba. Indícase que o museo estará formado por esculturas de trece dos mellores escultores galegos e que tamén se convertirá nunha sala de exposición dalgúns autores. Refírese que todas estas obras estarán acompañadas de poemas gravados en ferro deste poeta. E apúntase que con este museo buscan demostrar que a cultura non está só nas cidades.

A. L.,"Agadic comeza a saldar a súa débeda", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 30 xullo 2009, p. 42.

Infórmase que despois do cambio de goberno a Xunta de Galicia vai inverter en compañías de teatro, danza e maxia. Sinálase que estas subvencións estiveron paralizadas mentres se escollía o novo equipo directivo encargado de facelas efectivas. Sinálase tamén que se pretende mellorar a situación das compañías teatrais privadas. Recóllense as declaración de Celso Parada, director do Teatro do Morcego, quen agarda "a volta á normalidade" da AGADIC. Finalmente, di que as compañías residentes tamén pretenden conseguir unha maior estabilidade.

A. L., "Fasero recúa e autoriza a montaxe de Vidal Bodaño", *Xornal de Galicia*, "Cutura", 11 setembro 2009, p.10.

Apúntase que a Axencia Galega das Industrias Culturais confirmou que seguirá adiante coa obra de Roberto Vidal Bodaño, onde conservará o director e o elenco de actores. Di que esta peza, que nunca fora representada, era o último proxecto da directora do Centro Dramático Galego. A. L. salienta que nese mesmo día Juan Carlos Fasero, director da AGADIC, asegurou ao *Xornal de Galicia* que a montaxe d'*As actas escuras* se ía paralizar, pero non suprimir por mor da Xunta de Galicia, pero que despois se renovou o compromiso. Sinálase que Xulio Lago, director do Teatro Atlántico, celebraba a noticia como unha volta á normalidade, xa que non estaba seguro da continuidade da montaxe.

A. L., "Varela afirma que as súas rutas e as dos escritores poden convivir", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 23 setembro 2009, p. 44.

Cómentanse unhas palabras do Conselleiro de Cultura Roberto Varela nas que quere transmitir tranquilidade debido a que o proxecto da Xunta "Vidas literarias" e o proxecto elaborado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) "Roteiros literarios" vanse poder levar a cabo simultaneamente. Dise que Mercedes Queixas, secretaria da AELG, considera positiva a idea do conselleiro xa que é moi importante "divulgar o legado das letras galegas". Saliéntase que Varela ten en conta que estas iniciativas non son innovadoras, xa que xa se fixeron en Dublín e en Stratford, cidades de James Joyce e William Shakespeare, respectivamente, cousa que ten en conta Queixas dicindo que iso mesmo foi o que os motivou a facelo en Galicia. Tamén se di que Varela asinou un convenio para ampliar a actividade do estudo de gravación que a Fundación Pandeia ten en activo no seu centro de iniciativas empresariais Mans, especializado en bandas sonoras para filmes. Explícase que este convenio consiste en subvencionar a actividade con 60.000 euros anuais, actividade que será seguida para comprobar a súa boa marcha. Recóllese que Varela di que a intención é a de "axudar ao desenvolvemento dunha industria cultural con beneficio económico".

A. L., "Cuncas' para premiar el apoyo a la cultura gallega", *El Correo Gallego*, "Santiago", 21 novembro 2009, p. 26.

Indícase o nome dos galardoados nas diferentes categorías dos premios Cuncas das Artes 2009 da Asociación de Amizade e das Artes Galego Portuguesa. Dise que no apartado de letras, os premiados foron Lois Diéguez e Xesús Constela; en teatro e artes escénicas, o mago Romarís e Quico Cadaval e que ademais se entregou a Cunca das Artes a título póstumo a Pablo Seoane e ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño.

Aldán Piñeiro, Berta, "Anna", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 25 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Berta Aldán Piñeiro (29 anos) intitulado "Anna".

Aldao, Lucía, "De 'Así", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 marzo 2009, p. 33.

Reprodúcese o poema "E así permitiches que se inaugurase...", de Lucía Aldao, recollido na obra colectiva *Isto é un poema e hai xente detrás* (2007), xunto ás outras composicións líricas finalistas do Certame Galego de Creadores Novos Gzcrea 2006 de Poesía.

Aldao, Lucía, "De 'Así", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 outubro 2009, p. 39.

Reprodúcese o poema "E así permitiches que se inaugurase...", de Lucía Aldao, recollido na obra colectiva *Isto é un poema e hai xente detrás* (2007).

Alonso, Carmen, "Unha festa da poesía", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 566, "Aniversario", 26 abril 2009, pp. 1-3.

Salienta a celebración dos vinte e cinco anos do colectivo "De amor e desamor", grupo de poetas pertencentes á Xeración dos 80, aos que cita ao inicio do artigo. Destaca que foi unha época de difícil publicación e por iso editaron en Ediciós do Castro un poemario conxunto intitulado *De amor e desamor* co cal romperon os esquemas da poesía precedente. A continuación, en columna á parte, achega as opinións de Xavier Seoane, Xulio Valcárcel e Miguel Anxo Mato Fondo. Por último, dá conta dos actos que se levarán a cabo para homenaxear ao grupo, entre os que salienta os recitais e a edición dun libro conxunto de poemas.

Alonso, Pilar M., "Editoriales coruñesas", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 584, "Crónica", 30 agosto 2009, pp. 1-3.

Faise unha descrición das diferentes apostas que seguiron as once editoriais coruñesas que están na Asociación de Editores en Lingua Galega (AELG). Coméntase que existen tres grandes editoras que publican grandes obras (Novos Vieiros, Arrecife Edicións e Hércules) xunto con outras con apostas máis arriscadas como Net-biblo con contidos científicos e técnicos. Tamén se refire a Everest Galicia, a Galinova e a Primera Persona destacando que outras como Espiral Maior ou Danú apostan por xéneros pouco rendíbeis como a poesía. Finalmente detense en Bahía Edicións e mais en Rodeira, que organiza o Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil.

Alonso Montero, Xesús, "Una visión retrospectiva de las letras gallegas", *El Progreso*, "*Revista*", "Libros", 16 maio 2009, p. 21.

Reprodúcese un extracto da obra *Letras galegas. Explicadas (de 1962 a 1980)* en "*Triunfo*" *e noutras revistas de fóra de Galicia* (2008), de Xesús Alonso Montero.

Alvarellos, Henrique, "Contra a crise, máis lectura", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 5, "Alvarellos Editora", 10 xaneiro 2009, pp. 8-9.

Enuméranse as distintas novidades editoriais que Alvarellos sacou ao mercado coincidindo co seu trixésimo segundo aniversario. Indícase que esas obras son as seguintes: *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas* (2008), de Xesús Alonso Montero; *Mariano Tudela*, *figura esquecida*, unha escolma do autor feita pola súa filla Olivia Rodríguez; *Galería de sombras, así éramos entón*, de ManuelVidal Villaverde; e *Un novo rescate de Álvaro Cunqueiro*, escolma de Chus Nogueira.

Alvarellos, Henrique, "Versos traídos do Courel", *Galicia Hoxe*, "A contra", 18 agosto 2009, contracuberta.

Fala de cómo desfruta da súa estancia no Salnés mentres le os versos do escritor do Courel Uxío Novoneyra, a quen se decidiu dedicarlle o Día das Letras Galegas 2010. Citando una serie de versos do escritor galego, o xornalista compara o lugar no que foron escritos co lugar no que el se atopa. Fai una contraposición entre a montaña do Courel e o mar do Atlántico. Recolle versos de Novoneyra nos que o autor define de forma poética algunas das características da montaña do Courel.

Álvarez, N., "O IEM ve 'recoñecido' o seu labor a prol da cultura galega", *Faro de Vigo*, "*Litoral sur valmiñor*", 12 xuño 2009, p. 46.

Comenta que o Instituto de Estudos Miñoranos acaba de recibir o VI Premio Vidal Bolaño das Redes Escarlata polo seu traballo de investigación sobre o Val Miñor. Salienta o agradecemento do Instituto por recibir o premio despois de dez anos de traballo e informa que acaban de inaugurar a Aula de Cultura en Gondomar.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Canle segredo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2009, p. 40.

Insírese nesta sección fixa a composición poética "AQUIL NENO QUE EU FUN", pertencente ao poemario *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985).

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Canle segredo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 abril 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Cruz de dous", pertencente ao poemario *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985).

Álvarez Blázquez, Xosé María, "De 'Canle segredo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 xullo 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "LEMBRANZA", pertencente a *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez (1915-1985).

Álvarez Blázquez, Xosé María, "Canle segredo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 agosto 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Meu Moneco", incluído en *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez.

Álvarez Blázquez, Xosé María, "De 'Canle segredo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 decembro 2009, p. 32.

Insírese nesta sección fixa a composición poética "MATERNIDADE...", pertencente ao poemario *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez (1915- 1985).

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "De 'Vento de sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 agosto 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Últimos días de auga e de salitre...", incluído en *Vento de sal* (2008), de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "De 'Vento de sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 setembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "PORTAS", pertencente a *Vento de sal* (2008), de Xosé María Álvarez Cáccamo.

Álvarez Torneiro, Manuel, "De 'Parábola do incrédulo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 maio 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce o poema intitulado "OURO", pertencente ao poemario *Parábola do incrédulo* (2006), de Manuel Álvarez Torneiro.

Amenedo, Cristina, "No meu corazón", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Lorelei", 4 decembro 2009, p. 4.

Reprodúcese o poema "Era o último día de nadal...", de Cristina Amenedo.

Ameneiro Ferreirós, Roberto, "As sobriñas do crego", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 14 agosto 2009, p. 16.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer os gañadores das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Roberto Ameneiro Ferreirós (69 anos) intitulado "As sobriñas do crego".

A. M., "Cabanillas se rodea de genios", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 22 xullo 2009, p. 40.

Dá noticia de que no pazo de Torrado, en Cambados, se vai acoller dende mañá até o 20 de setembro a exposición "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo" na que se reúnen un cento de obras de autores como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Carlos Maside, Luís Seoane, Francisco Asorey e Narciso Pérez, entre outros. Explica que boa parte da exposición provén dos fondos do Museo Provincial de Pontevedra, cuxo director, Carlos Valle, comisiona a mostra. Indica que Ramón Cabanillas mantivo unha intensa relación con Castelao e que en 1917 escribiu o prólogo do libro *Algo acerca de la caricatura*, de Castelao. Precisa que entre as obras expostas atópase un Pantocrátor

de Castelao que realizou nunha das habitacións do seu exilio e no que incluíu uns versos de Cabanillas; o orixinal do artigo "El arquitecto poeta" feito por Cabanillas ao pintor Antonio Palacios Ramilo e publicado neste propio xornal en 1918; e un retrato que lle fixo Isaac díaz Pardo en 1945, entre outras pezas como a ilustración de Castelao para a segunda edición de *Vento mareiro* (1915). Apunta que Cabanillas comezara a súa actividade xornalística en *El Cometa* e *El Umia* e que fora director en Madrid en 1922 da revista *As roladas* na que tamén inseriu ilustracións de Antonio Palacios. Remata recollendo que a exposición acolle nun mesmo espazo pintura, fotografía, debuxos, escultura e libros.

A. M., "Misa de Rosalía e ofrenda floral en San Domingos de Bonaval", *Galicia Hoxe*, "Vivir", "Galicia", 26 xullo 2009, p. 12.

Saliéntase un acto celebrado dende 1932 en homenaxe a Rosalía de Castro na igrexa de San Domingo de Bonaval, en Santiago de Compostela. Explícase que a celebración contou coa presencia de diversos persoeiros coma o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, e o expresidente Xerardo Fernández Albor. Indícase que a ceremonia relixiosa foi presentada polo presidente do foro Galicia Milenio, Marcelino Agís Villaverde, e presidida polo coengo Xosé Fernández Lago. Apúntase que durante a ceremonia léronse varios versos de Rosalía, vinculados ao apego que a poeta lle tiña á virxe, ao mesmo tempo que o coro Campus Stellae entoaba uns cantos. Recóllese que tras o acto relixioso se realizou unha ofrenda floral acompañada dos sons da peza "Negra Sombra" no panteón dos Galegos Ilustres. Destácase que se realizou unha ofrenda floral a Castelao por parte do presidente e expresidente da Xunta, concluíndo a homenaxe co son do himno galego.

Angueira, M., "O Fervedoiro' homenajea a Xohán Xesús González con un recital y una exposición", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 5 xuño 2009, p. 24.

Comenta que a asociación cultural O Fervedoiro vai celebrar os actos de homenaxe a Xohán Xesús González. Di que consistirán nun recital poético e mais nunha exposición biográfica titulada "Xohán Xesús González: Porta dun futuro proletario". Tamén informa que participará na homenaxe, entre outros, o escritor Xosé Vázquez Pintor.

Angueira, Mercedes, "A mostra 'Porta dun futuro proletario' ensalza en Cuntis a figura de Xohán Xesús González", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", 14 xuño 2009, p. 32.

Fai referencia á homenaxe que a asociación cultural O Fervedoiro lle rende ao cuntiense Xohán Xesús González e que consiste nunha exposición que leva por título "Porta dun futuro proletario". Explica que a mostra consta de quince paneis a cor nos que se expón a traxectoria de Xohán Xesús González e que o proxecto ten carácter itinerante. A seguir, comenta que a exposición se completa cunha colección dos seus libros e tamén con composicións poéticas doutros autores dedicadas a Xohán Xesús González. A continuación, dá conta das persoas que asistiron á inauguración da exposición e indica que realizaron un recital poético. Finalmente, comenta de xeito breve a traxectoria vital do homenaxeado.

Angueira, Mercedes, "Fotografía e poesía fúndense en 'Elas sempre están', unha homenaxe ás mulleres do rural", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Exposición", 29 novembro 2009, p. 29.

Co motivo da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, fai referencia á exposición "Elas sempre están", unha iniciativa da Secretaría Xeral de Igualdade e da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, "coa que se pretende visualizar a realidade das mulleres do medio rural galego no século XXI". Deseguido, fai unha breve descrición das fotografías de Elisa Gianini e dun poema de Lucía Aldao que conforman dita exposición. Conta como xurdiu a idea de Elsa Gianinia tras a súa búsqueda para dar a coñecer a realidade da terra galega, non encontrando mellor forma de facelo que a través das mulleres do rural.

A. P., "Bautizo literario", *La Opinión*, "Arteixo", 32 marzo 2009, p. 18.

Fálase do vixésimo aniversario de biblioteca central de Arteixo, acontecemento polo que as cinco salas de lectura que ten o Concello mudarán o seu nome co fin de homenaxear a escritores vivos vinculados á localidade: Henrique Rabuñal, Miguel Sande, Antón Castro, Francisco Antonio Vidal e Dora Vázquez.

A. R., "A rosa dos ventos para 3.000 versións en galego", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 1 outubro 2009, p. 45.

Infórmase da creación dunha Biblioteca de Tradución Galega (Bitraga), realizada por investigadores do departamento de Traducción e Lingúística da Universidade de Vigo, un catálogo online co que pretenden facer unha recompilación de máis de tres mil obras traducidas ao galego nos últimos trinta anos dende 1980. Indícase que este catálogo se pode consultar a través da páxina www.bibliotraducion.uvigo.es. Apúntase que foi presentado no Día Internacional da Tradución polas investigadoras Ana Luna, Iolanda Galanes, Áurea Fernández e Silva Montero. Explícase que Bitraga permitirá realizar buscas sobre autores, tradutores, editoriais e xéneros e que se pretende ampliar o catálogo con obras anteriores a 1980. Recóllese que Ana Luna apuntou que non se realizaron dixitalizaciónslect porque contan con dereitos de autor, aínda que no futuro é posíbel que se realice das traducións e orixinais e de revistas e textos soltos. Remátase indicando que ademais da presentación de Bitraga tamén se anunciou o IV Congreso da Asociación de Tradución e Interpretación que se celebrará en Vigo.

Araguas, Vicente, "De 'Xuvia revisitada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 xaneiro 2009, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "A Cloudy Summer Afternoon", pertencente ao poemario *Xuvia revisitada* (2008), de Vicente Araguas.

Araguas, Vicente, "Amor de dous en Malasaña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 abril

2009, p. 39.

Sección fixa que acolle a composición poética "¡Luz! ¡Máis luz!", de Vicente Araguas.

Araguas, Vicente, "Letras ceibes", *Diario de Ferrol*, "*Día das Letras Galegas*", "Especial", 17 maio 2009, p. 40.

Lembra o rexurdir das letras e da lingua producido coa conmemoración da publicación de *Cantares gallegos* o 17 de maio de 1863, unha festa de libros ceibes que se recomenda para non esquecer a importancia da lingua e literatura galegas.

Araguas, Vicente, "De 'Xuvia revisitada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 agosto 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "MILICIANOS NA PONTE DE XUVIA (1940)", pertencente ao poemario *Xuvia revisitada* (2008), de Vicente Araguas.

Araguas, Vicente, "As estacións poéticas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 548, 30 agosto 2009, p. 20.

Fálase da celebración entre 2006 e 2009 dunha mostra de poesía de autores galegos, españois e portugueses convocados pola Casa de Galicia de Madrid. Deféndese que o complemento ideal para a poesía escrita, cuxas únicas funcións son estar en libros para dárse a coñecer aos lectores e facer que interioricen a súa mensaxe, son os recitais que fan que a poesía chegue aos destinatarios doutra forma. Tamén se explica que os recitais serven para sentirse máis preto dos autores, así como para ver a algúns que teñen unha escrita marabillosa mais son "ruíns" á hora de verbalizar a súa poética. Nos inicios do recital, coméntase que participaron poetas galegos como Miguel Anxo Fernán-Vello, Yolanda Castaño e Fermín Bouza; e que nos seguintes anos, ademais dos galegos, recitaron tamén poetas españois e portugueses.

Araguas, Vicente, "Xuvia revisitada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 setembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Diapositivas de Italia", incluído en *Xuvia revisitada* (2008), de Vicente Araguas.

Araguas, Vicente, "De 'Xuvia revisitada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 decembro 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "CAMBIO DE ÁNGULO (PONTE DE XUVIA)", pertencente ao poemario *Xuvia revisitada* (2008), de Vicente Araguas.

Arias, Carlos, "Dor da Claridade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 marzo 2009, p. 38.

Reprodúcese a composición poética “Estarán murchas as rosas que che levei...”, do poemario *Dor da claridade* (2008), de Carlos Arias.

Arias, Carlos, “Dor da Claridade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 9 abril 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle a composición poética “Con aquel café rematou a conversa...”, do poemario *Dor da claridade* (2008), de Carlos Arias.

Arias, Carlos, “Dor da Claridade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 29 xullo 2009, p. 33.

Insírese nesta sección fixa o poema“Alguén fixo sangue...”, incluído en *Dor da claridade* (2008), de Carlos Arias.

Arias, Carlos, “Dor da Claridade”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 28 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle a composición poética “Volvemos ás faíscas da mirada...”, pertencente a *Dor da claridade* (2008), de Carlos Arias.

Arias, Cristina, “As Pontes rinde unha homenaxe á figura de Castelao no seu cabodano”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 xaneiro 2009, p. 11.

Refírese á homenaxe celebrada nas Pontes para conmemorar a figura de Daniel Rodríguez Castelao no día dos seu cabodano. Coméntase que o acto contou coas intervencións de Xosé Manuel Ribeira, o presidente de Mesa de Normalización da vila, e da presidenta de Galiza Nova nas Pontes. Explícase que tivo lugar tamén a actuación dun grupo de gaitas e un recital de man do poeta Aníbal Ánxel do gupo “Alalá” con poemas de Castelao escritos en Bos Aires. Conclúese que se pechou a homenaxe cunha ofrenda floral no monolito que o Concello lle dedicou no parque municipal.

Arias, Cristina, “Escolares de Abadín rinden homenaxe a Aquilino Iglesia na súa casa natal de Seivane”, *El Progreso*, “A Chaira”, 11 xuño 2008, p. 22.

Dáse conta dos distintos actos realizados en conmemoración do nacemento do poeta Aquilino Iglesia na súa vila natal. Sinálase que tiveron lugar unha ofrenda floral por parte do alumnado dun centro da localidade e a colocación dunha placa conmemorativa na súa casa por parte do P.E.N. Clube de Escritores de Galicia, así como un recital poético.

Arias, Cristina, “Cálido homenaje de la Fundación Terra Chá a Aquilino Iglesia Alvariño”, *El Progreso*, “A chaira”, 28 xuño 2009, p. 17.

Infórmase da homenaxe que lle realizaron ao poeta Aquilino Iglesia Alvariño, con motivo do centenario do seu nacemento, na súa terra natal, Abadín, onde se realizou o

acto que consistiu nunha ofrenda de flores silvestres e no que a sobriña do falecido se encargou de poñerlle voz ás rimas de seu tío.

Arias, M., "La RAG y la Fundación Mondariz recuperan la memoria del balneario", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 outubro 2009, p. 68.

Comeza cunhas referencias históricas ao Hotel Balneario de Mondariz, ao que ían entre outros Vicente Risco, Antón Vilar Ponte e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, para despois informar de que a Real Academia Galega e a Fundación Balneario de Mondariz asinaron un convenio para que ambas as institucións cooperen na recompilación e publicación de todo o material histórico relacionado con Emilia Pardo Bazán e con Mondariz.

Arias, Xiana, "O baile do día 1000", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 10, "Inédito", 14 febreiro 2009, p. 7.

Inclúese unha breve biobibliografía de Xiana Arias e reprodúcese o poema "O baile do día 1000".

Arias, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xuño 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o texto poético "TEN cara de non saír nunca de detrás dunha fiestra...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias.

Arias, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 novembro 2009, p. 39.

Insírese nesta sección fixa o texto poético "Achégase, lenta, vaise medrando. Poñendo boca/gorda...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias.

Arias Rego, Xiana, "Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 marzo 2009, p. 39.

Sección fixa na que se inclúe a composición poética "Laura con forza...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias Rego.

Arias Rego, Xiana, "Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 marzo 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce a composición poética "Pode ser que importe,...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias Rego.

Arias Rego, Xiana, "Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 abril 2009, p. 38.

Sección fixa que acolle a composición poética "-Quero facerche un regalo. Algo que sempre...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias Rego.

Arias Rego, Xiana, "Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xullo 2009, p. 29.

Insírese nesta sección fixa o poema "-IMAXINA que nunca soubeches o que é a palabra...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias Rego.

Arias Rego, Xiana, "Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 agosto 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle a composición poética "Cando vou en coche miro para fóra e véxome correndo ao...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias Rego.

Arias Rego, Xiana, "Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 setembro 2009, p. 40.

Insírese nesta sección fixa o poema "As lauras retórcense cando as miras...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias Rego.

Arias, Xiana, "De 'Ortigas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 decembro 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o texto poético "Enriba da cama, nunha repisa, todas metidas en botes de cristal...", do poemario *Ortigas* (2007), de Xiana Arias.

Arnaiz, A., "Abre la feria del libro en Lemos", *El Correo Gallego*, "Cultura", 27 agosto 2009, p. 60.

Anuncianse dous actos da feira do libro de Monforte de Lemos, que teñen lugar na rúa Cardenal: o pregón pronunciado o día anterior por Xosé Neira Vilas e a sinatura de exemplares por Moncho Borrajo ao día seguinte.

A. S., "Os escritores galegos piden competir en igualdade de condicións que outros autores", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 novembro 2009, p. 43.

Na mesa redonda celebrada en Vigo sobre os "20 anos da literatura galega", escritores como Suso de Toro se queixan de non dar chegado aos lectores por falta de medios.

Ascón, Miguel, "A Fundación Otero Pedrayo cataloga 426 artigos do autor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 xuño 2009, p. 30.

Dise que con motivo da entrega do premio Trasalba a Xosé Manuel Beiras, tamén tivo lugar unha reunión do padroado da Fundación Otero Pedrayo e a presentación de dous libros editados por esta institución, o *Catálogo de publicacións seriadas da Biblioteca da Fundación Otero Pedrayo*; e *Paisaxe e cultura*, monografía conxunta de Otero Pedrayo, Amando Losada, Salvador Lorenzana, Álvaro Cunqueiro, Florentino López Cuevillas, Bonet Correa e JL Andrade, que se publicara en 1955 e que se reedita cun

prólogo do arquitecto e director do Centro de Estudos Oterianos Iago Seara. Precísase que faltan por se catalogar as monografías e a "literatura gris".

A. T., "Trigo presenta 'Viaxes do corazón', 'un diario íntimo' de fino humor", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 febreiro 2009, p. 37.

Fai referencia á presentación do último libro de Xosé Manuel G. Trigo, *Viaxes do corazón* (2008), que tivo lugar no salón de actos da casa de cultura de Bertamiráns. Indica que o libro foi editado pola Editorial Galaxia na súa colección "Illa Nova" e comenta a temática do volume. Por último, cita ás persoas que acompañaron ao escritor neste acto.

Baena, Ana, "El Centro Cultural se convierte en gran escenario y muestra su interior", *Atlántico Diario*, "Vigo", 18 marzo 2009, p. 14.

Fálase da representación que tivo lugar no Centro Cultural Caixanova, con motivo do seu vintecinco aniversario, no que a compañía EscénaTe guía a través das distintas salas do Centro os visitantes. Explícase que este percorrido intercala poemas, dramatizacións, danza e música durante cincuenta minutos e que os encargados de acompañar os asistentes nesta viaxe polo edificio foron os actores Antela Cid, Fernando Pedrido e Francisco Salgado e os músicos Iria Armesto e Beatriz Porrúa.

Baena, Ana, "Luís Valle gaña con 'A caída' o premio de poesía Caixanova", *Atlántico Diario*, "Vigo", 5 maio 2009, p. 12.

Comenta que o poeta Luís Valle Regueiro foi o gañador do VII Premio de Poesía Caixanova, pola súa obra *A caída*. Dá conta das persoas que constituíron o xurado e salienta o porqué da obra gañadora. Así mesmo, comenta que houbo unha elevada participación e destaca a calidade dos traballos presentados. A seguir, fai referencia a contía do premio e informa que a obra gañadora será publicada na colección de poesía "Arte de Trovar", que edita Caixanova en colaboración co Pen Clube. En columna á parte, realiza unha entrevista a Valle Regueiro quen expresa a súa ledicia polo premio e explica a razón pola que se decidiu a participar. Tamén fala sobre futuros proxectos.

Bal, Romina, "Cincuenta anos sen o Poeta da Raza", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 781, "Desde Ortegal ao Miño", 4 outubro 2009, p. 11.

Anúnciase que, co gallo do cincuentenario do pasamento do poeta Ramón Cabanillas, o concello cambadés declarou o 2009 ano do autor. Faise unha breve descrición da vida do poeta alcumado "poeta da raza" e sucesor dos precursores: dende o seu nacemento en 1876 en Fefiñáns, pasando pola súa estadía en Cuba, onde editou o seu primeiro libro en galego, até as colaboracións con Antón Vilar Ponte, os seus nomeamentos como membro da Real Academia Galega e da Real Academia Española, as estadías en Madrid, Navarra e finalmente Cambados. Entre as actividades do ano de Cabanillas destaca unha homenaxe musical, un congreso de poesía ou a sesión extraordinaria da RAG na vila.

Baltar Tojo, Juan Ramón, "Pechada e ben pechada", *Xornal de Galicia*, "En clave", "Carta aberta", 12 decembro 2009, p. 5.

Como resposta a outro artigo publicado con anterioridade sobre a casa de Daniel Rodríguez Castelao no mesmo xornal, comenta a vinculación da súa familia coa de Castelao e a vontade desta de deixar dita propiedade a Xavier Baltar. Xorde así unha crítica ao Director da Fundación Castelao respecto ás súas pretensións de facerse coa propiedade e cuestionánse as razóns de tal obxectivo.

Barca Becerra, Ana María, "Conversas co mar", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 3 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Ana María Barca Becerra intitulado "Conversas co mar".

Barcón, Carlos, "Poemas para un segrel", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Entre nosotros", p. 15.

Fálase de que José Ramón Vázquez Martínez , presidente da asociación de grafólogos de Galicia, ofrecerá unha charla sobre o poeta Xosé María Pérez Parallé nos salóns do Casino Ferrolano, sendo este presentado polo doutor Ricardo Díaz-Casteleiro Romero. Dise que, igual que Ricardo Carballo Calero, estudou Dereito e Filosofía, aínda que do mesmo xeito que Álvaro Cunqueiro non as remataría pero si a de Maxisterio, sendo fundador da revista *Abrente* e colaborador de *Renovación* do mesmo xeito que membro da tuna compostelana. Indícase que nesta charla tamén intervirán diferentes poetas coma Rosa María Martínez Dios, Aurora Vázquez e Xoán García, entre outros.

Barcón, Carlos, "Poetas ferrolanos", *Diario de Ferrol*, "Entre nosotros", 30 maio 2009, p. 19.

Lembra que no ano 1990 se publicou en Ferrol unha antoloxía de poesía galega na que aparecían poetas da cidade e a comarca e que contaba cun prólogo de Gonzalo Torrente Ballester. Dá conta dos nomes dos poetas desta antoloxía e informa que Rosa María Martínez Dios está a elaborar actualmente unha nova publicación que sairá á luz o próximo ano.

Barcón, Carlos, " De charlas y conferencias", *Diario de Ferrol*, "Ferrol CGS", "Agenda", "Entre nosotros", 10 xuño 2009, p. 17.

Infórmase, entre outras, da conferencia que ofrecerán José Rámon Vázquez Martínez, do que se repasa o seu currículo brevemente, sobre a figura do poeta Xosé María P. Pallaré, co gallo do centenario do seu nacemento.

Barcón, Carlos, "La mar de poesía", *Diario de Ferrol*, "Ferrol CGS", "Agenda", 27 de xuño do 2009, 15.

Fai referencia ao premio á poesía sobre o mar que convoca a Asociación de Artistas de Ferrol. Entre outras referencias, comenta que o premio de poesía sobre o mar, tanto en castelán coma en galego, nesta ocasión será patrocinado por José Rilo, un empresario que defende que ler é bo e aconsella facelo. E finalmente, alude ao último número da Revista General de Marina *El Mar en Estrofas* escrito por Manuel Maestro, escritor especializado en temas marítimos e presidente da Fundación Letras del Mar, no que di que o mar sempre foi unha fonte de inspiración para o poeta.

Barros, Paula, "Xesús Constela presenta en Pontevedra la novela premiada con el García Barros", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 14 febreiro 2009, p. 76.

Refírese á presentación da obra do escritor ferrolano Xesús Constela galardoada co Premio García Barros, *Shakespeare destilado* (2008). Afírmase que o acto tivo lugar na Fundación Caixa Galicia e que contou coa presenza de Constenla, do escritor Antón Riveiro Coello e do director da Editorial Galaxia Carlos Lema. Coméntase que a obra narra a vida dun home alcohólico empregando como recurso o monólogo narrativo en linguaxe coloquial.

Barros, Paula, "Música, arte, poesía e teatro forman a programación do V Brumario Poético", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 31 outubro 2009, p. 68.

Anuncia que entre os días 6 de novembro e 4 de decembro se celebrará o V Brumario Poético, con veladas poético-musicais, conferencias e exposicións de autores galegos e internacionais.

B. B., Olalla, "Las letras y la naturaleza se unen en la exposición *Camelias de libro* del arousano Xurxo Alonso", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", "Local", 1 marzo 2009, p. 5.

Refírese á exposición que se pode visitar no Fexdega de Vilagarcía na que se presentan tanto acuarelas como composicións realizadas en tea que teñen como motivo principal a camelia. Explícase que o pintor Xurxo Alonso se baseou nos textos de Xosé Luís Méndez Ferrín, Luz Pozo Garza, Miguel Anxo Fernán-Vello e Álvaro Cunqueiro, entre outros, para realizar estas obras.

Beceiro, M. , "Del 'boom' alternativo a la crisis", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 19 xullo 2009, L9.

Faise un percorrido polas salas de teatro que xurdiron en Compostela dende o ano 1992, xestionadas por diferentes colectivos e grupos teatrais, como Colectivo Chévere e a sala Nasa. Coméntase que era unha época de gran interese polo teatro e pola cultura en xeral a nivel de Galicia e do Estado español. Así, dise que anos despois se abriu na capital

galega unha sala de teatro coa compañía "Matarile Teatro", destinado a todo tipo de arte mais sobre todo á danza. Indica que seis anos despois, abriuse a sala Yago, apoiada pola compañía de títeres "Cachirulo". Apunta que no 2003, inaugurouse a Sala Capitol, grazas ao empresario e hosteleiro Francisco Sanín, destinada máis ao eido lúdico e cultural. Precísase que actualmente só quedan activas dúas desas iniciativas privadas, a Sala Nasa e a Sala Capitol, e que teñen dificultades para a permanencia da súa actividade. Coméntase que debido a problemas económicos e políticos maioritariamente, en decembro de 2005 pechou as portas a sala Galán, e en xuño de 2007, tamén o facía a Sala Yago. Amósase a preocupación polo abandono político cara a este ámbito e sobre todo pola posíbel expropiación da infraestrutura protexida que ocupa o cinema Yago.

Beceiro, Manuel A., "Crítica y humor sobre la realidad del momento", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 3 setembro 2009, p. L9.

Coméntase que a sede compostelá da Fundación Caixa Galicia acolle unha selección de debuxos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao publicados entre 1922 e 1924 no periódico *Galicia*, pertencentes á súa obra *Cousas da vida*. Dise que neles se reflicte a temática propia das súas obras: caciquismo, emigración, tenrura, humor e a Galicia agraria.

Becerra, Marta, "Una capital con historias que contar", *El Progreso*, "El despertador", 3 xullo 2009, p. 9.

Fálase das visitas teatralizadas e guiadas ao Concello de Lugo que intentan amosar os recunchos máis emblemáticos da cidade. Indícase que o espectáculo "Lugo de Alma Romana" percorre o tramo dende a Praza do Campo até Santa María mentres se mestura a poesía e a literatura. Explícase que os encargados de levar este proxecto a cabo son seis actores, entre os que se atopan cinco lucenses. Coméntase onde se poden conseguir as entradas.

Beiras, Xosé Manuel, "As chaves mestras do proxecto común", *Galicia Hoxe*, "Hoxe", "De catro a catro", 22 marzo 2009, p. 3.

Fálase das implicacións políticas coas que contaban autores salientábeis da literatura galega, todos eles relacionados co republicanismo de esquerda e que facían unha defensa do pobo galego. Cítanse os casos de Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Manuel Curros Enríquez e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Bernal, Diego, "No Día das Letras Galegas: Celso Emilio, voz de libertad", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", 17 maio 2009, p. 28.

Reprodúcese, co gallo do Día das Letras Galegas, un artigo escrito por Diego Bernal nese mesmo día mais de 1989. Nel resúmese brevemente a traxectoria vital e literaria de

Celso Emilio Ferreiro, homenaxeado nese ano, e cítanse obras súas como *Cartafol de poesía* (1935) e *O soño sulagado* (1954).

Bernal Rico, Diego, "O teatro revoltado", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 222, "Teatro", 21 febreiro 2009, p. 8.

Fálase da figura do dramaturgo coruñés Jenaro Marinhas del Valle con motivo da homenaxe que lle rende a Associaçom Galega da Língua. Faise un breve repaso da súa traxectoria vital marcada polas épocas da guerra e da posguerra, momentos nos que comeza a publicar as súas primeiras poesías na revista *Vida Gallega*, así como artigos no semanario *A Nosa Terra*. Saliéntase a súa condición de creador do teatro social na literatura galega coa obra *A Revolta* (1965), aínda que tamén se di que cultivou dramas existenciais, farsas e pezas experimentais e vangardistas. Sinálase como a obra cumio da súa produción a peza *Acurrados* (1981).

Blanco, Alberto, "La primera naviera de cruceros con puerto base en Vigo incluye una ruta al Báltico en 2010", *Faro de Vigo*, "Gran Vigo", 24 xullo 2009, p. 2.

Entre outros datos, no apartado "Un acto de poesía e historia" explícase que na presentación de novas rutas navieiras a cantautora arxentino-galega Lorena Lores interpretou o poema "Negra sombra" de Rosalía de Castro e escenificou a despedida dende o porto de Vigo ao marido emigrante, representando o cambio do branco e negro á cor a través de fotografías do porto e da mudanza á vestimenta de turista interpretando un novo tema.

Blanco, Ramón, "A Esmorga que non acabou ben", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", n.º 4, "Galicia", abril 2009, pp. 2-3.

Fai referencia a unha das grandes obras que pretendeu renovar a narrativa galega, *A esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor. Comeza comentando que se trataba dunha obra da periferia, escrita nunha lingua minorizada, e continúa relatando a traxectoria literaria de Blanco Amor. Dá conta da súa condición de "autor marxinal" e salienta o feito de que *A esmorga* non pasase a censura. Aínda así, di que se publicou oficialmente en Bos Aires en 1959, e en Galicia en 1970. Indica tamén que en España foi coñecida grazas á tradución ao castelán realizada polo propio autor e tamén á versión cinematográfica. A continuación, explica cómo foi o proceso de creación da historia e dos personaxes e relata o argumento da obra.

Blanco, Ramón, "Resurrección", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", n.º 4, "Galicia", abril 2009, p. 9.

Lembra unha tarde que pasou con tres amigos na vila de Rianxo e na que visitaron o cemiterio de Tanxil, onde están enterrados Rafael Dieste e Manuel Antonio. Fai referencia aos versos destes poetas e cita dúas obras deles: *Rojo farol amante*, de Dieste, e *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio.

Blanco, Ramón, "Gaudeamus, exultemus' y 'Ultreia", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", n.º 7, "Libros", xullo 2009, pp. 20- 21.

Ten como tema de fondo principal o 50 aniversario do Día das Letras Galegas. Fai un breve repaso da historia do pobo galego, destacando as principais figuras que o caracterizan (Rosalía de Castro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Ramón Cabanillas, Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro e Antón Avilés de Taramancos), así como algunhas das súas obras. Tamén concede especial importancia á creación da Editorial Galaxia como transmisora das mesmas. Á par disto, destaca a unión da cidade de Santiago de Compostela a este rito. Como reflexión final, emite unha mensaxe esperanzadora para a literatura galega.

Blanco, Xabier R., "O Concello de Rianxo urxe a Cultura para que abra a casa familiar de Castelao", *Xornal de Galicia*, "En clave", 9 decembro 2009, p. 2.

Recolle a problemática existente entre o propietario da casa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, a Administración e a Fundación Castelao. Describe o proceso xudicial no que se encontran ambas partes (por unha banda, a Fundación e a Administración, e por outra, o propietario) para conseguir que esta sexa aberta ao público e que se converta nun Museo como ocorreu coas casas de Rafael Dieste e de Manuel Antonio.

Blanco, Xabier R., "Segue sen ter casa de seu", *Xornal de Galicia*, "En clave", 9 decembro 2009, p. 3.

Comenta a loita que Avelino Pousa Antelo e Alfonso Paz-Andrade, presidente e vicepresidente, respectivamente da Fundación Castelao, están a ter con Xabier Baltar, propietario da casa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Describe o proxecto da Fundación, xunto ao Concello de Rianxo e a Real Academia Galega, de converter a casa nun museo como o son as casas de Rafael Dieste e Manuel Antonio.

Blanco, Xabier R., "Chamábannos comunistas e 'rojos' pola rúa por defender as irmás de Castelao", *Xornal de Galicia*, "En clave", 12 decembro 2009, p. 2.

Achega as palabras de Juan Ramón Baltar, irmán do herdeiro da Casa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, e recolle así a perspectiva da outra banda da problemática existente ao redor do legado do escritor. Fai un breve percorrido pola vinculación da familia Baltar e a familia Castelao, e incide na realización do funeral de Castelao impulsado por Ramón Baltar e as consecuencias deste acto en tempos de ditadura. Explica deste xeito os motivos que levan a Xavier Baltar a opoñerse a vender o legado do escritor ao Concello de Rianxo e a que se converta nun museo dentro do Proxecto Academia Literaria de Rianxo.

Blanco Rivas, M., "Libros", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 592, 3 xaneiro 2009, p. 2.

Sección do suplemento na que se salientan as seguintes obras da produción literaria de 2008: *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva; *Exóticas e escritos xornalísticos*, de Sofía Casanova; *Mariquiña a carteira andoriña*, de Mau e Pin; *Cu-cu, onde estou*?, de Ana Martín; e *Mondo e outras historias*, de Jean-Marie Gustave Le Clézio.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 214, "Lecturas", 3 xaneiro 2009, p. 10.

Sección do suplemento que acolle uns descritores de curta extensión das seguintes obras literarias do ano 2008: *A elegancia do ourizo*, de Muriel Barbery; *A corpo aberto. Unha ollada 'indie' do local universal*, de Manuel Rivas; e *Sardinia blues*, de Flavio Soriga.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 273, "Infantil/Xuvenil", 8 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 216, "Lecturas", 17 xaneiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento na que se achegan uns breves comentarios sobre varias obras literarias: *Conexión Tubinga* (2008), de Alberto Canal; e *O violinista de Mala Strana* (2008), de Xerardo Agrafoxo, entre outras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 274, "Infantil/Xuvenil", 15 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 217, "Letras galegas", 24 xaneiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento na que se describen nunhas poucas liñas obras coma *No labirinto do vento* (2008), de Marina Colasanti; e *A verdade como mal menor* (2008), de X.L. Martínez Pereiro.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 275, "Infantil/Xuvenil", 22 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 218, "Letras galegas", 31 xaneiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle uns descritores de curta extensión das seguintes obras literarias publicadas no ano 2008: *Alexandre Bóveda*, de David Otero; *Historia de Ourense*, de Marcos Valcárcel; e *A linguaxe e as linguas* , de Ramón Piñeiro, figura homenaxeada nas Letras Galegas do ano 2009.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 276, "Infantil/Xuvenil", 29 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 219, "Letras galegas", 7 febreiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle uns descritores de curta extensión de varias obras literarias do ano 2008: *Un país a medio facer*, de Fran Alonso; e *Dos signos de Stendhal*

aos imaxinarios de Musil. *As matemáticas da literatura*, de Xenaro García Suárez, entre outras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 277, "Infantil/Xuvenil", 5 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 220, "Letras galegas", 14 febreiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento na que se comenta a modo de recomendación unha serie de obras literarias saídas do prelo en 2008: *A semente da nación soñada*, de varios autores; e *Antoloxía dos poetas galegos en Cuba*, de Xosé Lois García, entre outras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 278, "Infantil/Xuvenil", 12 febreiro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente dúas obras literarias: *Vinte e nove contos*, de Quim Monzó; e *Anti natura*, de María Xosé Queizán, ambas as dúas editadas no ano 2008.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Infantil/Xuvenil", 19 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 223, "Libros", 28 febreiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle uns descritores de curta extensión das seguintes obras narrativas publicadas no ano 2008: *Monbars o Exterminador*, de Hixinio Puentes; *Unha mada de doce relatos*, de Henrique Dacosta; e *Riofero*, de Xelís de Toro, entre outras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 222, "Letras galegas", 21 febreiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento que salienta as seguintes obras da produción literaria do ano 2008: *Vinte e nove contos*, de Quim Monzó; *Anti natura*, de María Xosé Queizán; e *Un país a medio facer*, de Fran Alonso.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 280, "Infantil/Xuvenil", 26 febreiro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de obras literarias saídas do prelo en 2008: *Á marxe*, *1998*. *Obra xornalística VII*, de Carlos Casares; *Cuarto de outono*, de María do Cebreiro; e *Viaxes do corazón. Diario ínfimo*, de Xosé Manuel G. Trigo.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 284, "Infantil/Xuvenil", 26 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego: *Istambul* (2008), de Orhan Pamuk; e *Nin che conto. Para coñecer e gozar da micronarrativa* (2008), de Xosé Manuel Eyré, entre outras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 287, "Infantil/Xuvenil", 23 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego. Entre elas, *A porta de Mayo* (2008), de Gonzalo Moure e Tina Blanco; e *Esconxuro de desenganos*, de Maite S. Dapena.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Infantil/Xuvenil", 30 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega máis recente *A clase* (2008), de François Bégaudeau.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Infantil/Xuvenil", 4 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, caso d'*O segredo do humor*, de Celestino Fernández de la Vega.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Libros", 9 xullo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle, entre outros, un descritor de curta extensión d'*Andar primeiro de río*, de Calros Solla.

Boca, Erea de, "Pes cansos, noites xeadas", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 6 agosto 2009, p. 20.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso insírese "Pes cansos, noites xeadas", de Erea de Boca, que está ilustrado por Xoán Baltar e protagonizado por unha muller chinesa.

Borrazás, Xurxo, "Xurxo Borrazás. Sen título", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 12, "Inédito", 28 febreiro 2009, p. 7.

Inclúese unha breve biobibliografía de Xurxo Borrazás e reprodúcese o poema "Xurxo Borrazás. Sen título".

Borrazás, Xurxo, "O libro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 22 maio 2009, p. 12.

Tras reproducir o texto narrativo "O libro", de Xurxo Borrazás, cítase a súa novela *Costa Norte/ZFK* (2008).

Botrán, C., "A música e Rosalía non poden faltar nunha homenaxe a Abuín", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 21 abril 2009, p. 33.

Comenta que a Fundación Rosalía de Castro lle vai render unha homenaxe ao recentemente falecido Avelino Abuín de Tembra, e achega os comentarios de Helena Villar Janeiro, presidenta desta Fundación. Villar Janeiro explica cómo naceu esta iniciativa e describe de qué xeito se vai desenvolver o acto. Tamén indica que esta é a primeira homenaxe que se lle fai ao escritor e dá conta doutras citas culturais que levará a cabo a Fundación.

Botrán, C., "A Fundación Rosalía' renderalle homenaxe a Abuín de Tembra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 abril 2009, p. 36.

Comenta que a Fundación Rosalía de Castro lle vai render unha homenaxe ao escritor Avelino Abuín de Tembra e reproduce fragmentos tirados dunha entrevista realizada á súa presidenta, Helena Villar Janeiro. Recolle palabras desta nas que explica como naceu a idea e dá conta dos actos que se levarán a cabo como a presentación dun audiovisual, unha laudatio da voz de Anxo Angueira e unha escolma de poemas de Abuín de Tembra que recitará Ana Blanco. Por último, informa que os que asistan á cita recibirán o libro *Poetas con Rosalía II* (2007) e tamén dá conta doutros proxectos culturais que vai realizar a Fundación.

Botrán, C., "La voz de Avelino Abuín de Tembra vuelve a sonar en la casa de A Matanza", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 abril 2009, p. 40.

Dá conta da homenaxe que a Fundación Rosalía de Castro lle rendeu ao recentemente falecido Avelino Abuín de Tembra. Salienta o labor do escritor e indica que no acto Anxo Angueira leu unha "emotiva laudatio" e Ana Blanco recitou un poema da obra *Home ó pairo*.

Boullosa, María, "Sin saberlo, ni quererlo, Castelao se convierte en la estatua de la discordia", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 17 xullo 2009, p. 8.

Comenta a disputa que xurdiu ao redor do acto de recolocación da escultura de Castelao, realizada polo escultor Buciños no ano 1983 por encargo da asociación Amigos da Cultura, na Praza da Leña, en Pontevedra. Di que o conflito se xerou a raíz das declaracións da vicepresidenta da institución provincial, Teresa Pedrosa, e do presidente da Deputación, Rafael Louzán, que non foi convidado ao acto de inauguración da escultura pois insistiu en que o monumento é moi perigoso para os nenos e maiores, debido a que ten moitos saíntes. Faise eco das declaracións da

alcaldesa, Teresa Casal, que desmentiu as acusacións e insistiu en que todo ten como base unha campaña de acoso ao Concello e lamentou que ese sexa o concepto de colaboración e lealdade institucional que teñen no Pazo Provincial.

Bóveda, Adrián D., "El Festigal apuesta por la música y la cultura gallega", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 25 xullo 2009, p. L2.

Dá noticia do Festigal 2009, organizado pola Fundación Galiza Sempre e Galiza Nova. Dise que se sitúa na zona central do campus sur santiagués con moitas propostas de diverso tipo coma concertos, conferencias varias, mesas redondas, debates, representacions teatrais, presentacions de libros e filmes, postos de artesanía, de editoriais e de radio. Dise que na xornada de onte se puideron ver actos como un debate no que se analizaron os retos da música galega moderado por Xavier Campos e presentacións de libros. Anúnciase que haberá tamén actuacións, charlas, presentacións entre as que destaca a representación da comedia teatral *Comendo pimentos de Padrón con Tarantino*, da compañía "O aturuxo de Melpómene", dirixida por Leandro Lamas.

Bragado, Manuel, "Xerais cumpre 30 anos en pé", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 5, "Xerais", 10 xaneiro 2009, p. 2.

Fálase do plan editorial de Edicións Xerais de Galicia para o ano 2009, marcado polo trixésimo aniversario da súa creación e por alcanzar os tres mil títulos publicados. Expóñense algunhas das novidades de literatura para adultos que se poderán atopar no seu catálogo como son *Monbars o Exterminador*, de Hixinio Puentes; *A vida do outro*, de Carlos G. Reigosa; *A clase*, de François Bégaudeau; e a reaparición d'*O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir. Dise que tamén existirán edicións especiais relacionadas co "Ano Cabanillas", por mor do cincuenta aniversario do pasamento do autor; do centenario do nacemento de Aquilino Iglesia Alvariño e do Día das Letras Galegas dedicado a Ramón Piñeiro.

Bran¸ M. de, "O ameigado", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 778, "Relato da Galicia profunda", 13 setembro 2009, pp. 8-9.

Insírese neste suplemento un relato intitulado "O ameigado", de M. de Bran.

Brâs, Roi, "O Burato", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 15 agosto 2009, p. 20.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "O Burato", escrito por Roi Brâs e ilustrado por Marta E.

Brâs, Roi, "Ollares", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 18 agosto 2009, p. 22.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Ollares", escrito por Roi Brâs e ilustrado por Marta E.

Brâs, Roi, "Eubensei", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 19 agosto 2009, p. 21.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Eubensei", escrito por Roi Brâs e ilustrado por Xoán Baltar.

Bruña, Rubén, "Retrato del poeta internacionalista", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 22 xaneiro 2009, p. 12.

Fálase do documental "Manuel Curros Enríquez. Na fronte unha estrela", dirixido polo poeta Xosé Henrique Rivadulla Corcón polo centenario da morte de Manuel Curros Enríquez. Dise ao respecto deste proxecto que está patrocinado pola Concellería de Cultura da Coruña e pola Consellería de Cultura da Xunta e explícase que se emitirá pola Televisión de Galicia. Engádese que neste documental se retratan os cincuenta e seis anos da vida do escritor de Celanova mediante una serie de testemuños de persoas relacionadas coa cultura galega como o presidente da Real Academia Galega, Xosé Manuel Barreiro, e o académico Xosé Luís Axeitos.

Bruña, Rubén, "Mirar antes de leer", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 7 abril 2009, p. 14.

Comenta que a Biblioteca de Estudos Locais da Coruña vai inaugurar unha mostra para honrar os libros que se intitula "Libros para ver: fondos da biblioteca municipal de Estudos Locais". Así mesmo, dá conta dalgunhas das obras e traballos que se van expoñer.

Bruña, Rubén, "Poesía amiga del compromiso", *La Opinión*, "Ciudad y Cultura", 4 setembro 2009, p. 10.

Dá conta de que o poeta lucense Manuel María recibirá unha homenaxe con versos, teatro e música o 8 de setembro de 2009 na cidade da Coruña. Comenta que este acto de recoñecemento comezará cun documental sobre a biografía do poeta, continuará cun recital dos seus poemas e concluirá coa representación da obra *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*. Salienta que este coruñés de adopción, falecido no ano 2004, foi autor dunha extensa obra en galego e que tamén participou activamente na organización clandestina dos partidos nacionalistas galegos. Puntualiza que este acto servirá para recoñecer o seu amplo legado cultural e que os actos contarán coa presenza da súa viúva.

Bruña, Rubén, "Rimaderos' con tinte ibérico", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 11 novembro 2009, p. 12.

Dá conta do calendario do ciclo de poesía "Poetas di(n)versos" que ofrece a Casa de Cultura de Salvador de Madariaga da Coruña, con poetas de toda a Península Ibérica. Comenta que está promovido pola tamén poeta Yolanda Castaño e que se realizará cada terceiro martes de mes. Indícase que nel se usarán todas as linguas faladas na Península e que terá unha duración inicial de dez meses. Por último, especifica as primeiras citas con figuras como Luis Eduardo Aute, Lucía Aldao e Joan Margarit.

Bruña, Rubén, "Amigos íntimos de las letras", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 26 novembro 2009, p. 12.

Recolle a apertura das xornadas "A Creación Literaria e os Autores: VI Encuentros con Autores", organizadas polo Centro de Formación y Recursos da Coruña. Comenta ademais que a apertura das mesmas correrá a cargo do escritor e periodista Rodrigo Fresán. Tamén menciona o resto dos asistentes que participarán nas xornadas, entre os que se encontran escritores e periodistas como Luis Alberto de Cuenca, José Antonio Millán, Miguelanxo Prado, Fermín Bouza Álvarez, Juan Mayorga, Rosa Aneiros, Manuel Vicent e Ángeles Caso.

Bruña, Rubén, "Un cuarto de siglo de cultura gallega", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 4 decembro 2009, p. 12.

Coméntase a inauguración da exposición "Galicia 25. Una cultura para un nuevo siglo" dentro do ciclo de actos que se están a celebrar para conmemorar os vinte e cinco anos da creación do Consello da Cultura Galega. Deseguido, coméntase a estrutura da exposición que conta con vinte e cinco núcleos temáticos, entre os que se reserva un espazo para a literatura. Recolle ademais o conxunto de actividades paralelas que se celebrarán para conmemorar a creación de dita institución.

Bruña, Rubén, "Versos que no caerán en el olvido", *La Opinión*, "A Coruña", 17 decembro 2009, p. 13.

Faise eco da celebración dos vinte e cinco anos da poesía da denominada xeración do amor e desamor formada por Lino Braxe, Manuel Rivas, Miguel Tato, Xosé Devesa, Miguel Anxo Fernán Vello, Xulio L. Valcárcel e Xavier Seoane, entre outros, no Teatro Rosalía de Castro. Deste xeito, menciona os obxectivos que levaron a constitución desta agrupación coa intención "de mostrar que las distintas vertientes poéticas pueden llegar a convivir dentro de un mismo conjunto" . Finalmente, coméntase a intervención durante o acto dos tres poetas asistentes recordando as súas vivencias nestes vinte e cinco anos da agrupación.

Budiño, A., "Música, poemas y admiración para las mujeres que sufrieron en silencio", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 xullo 2900, p. 14.

Informa que no Campo da Rata se homenaxeou ás vítimas que sufriron a represión franquista nun acto onde as mulleres foron as protagonistas, especialmente aquelas que viviron a represión. Dise que nese acto estivo presente, ademais de Xurxo Souto ou Fernando Ceide, Dores Tembrás quen leu algún dos seus poemas.

Bugallal, Isabel, "El éxito póstumo de Dieste", *La Opinión*, 13 marzo 2009, contracuberta.

Fálase do grande éxito co que conta a obra póstuma de Roberto Bolaño *2666* (2004), nos Estados Unidos, tras ser editada alí polo axente literario Anrew Wyllie, "El Chacal". De xeito indirecto, isto relaciónase co auxe que Rafael Dieste está a conseguir nese país, pois a segunda parte da obra de Bolaño está dedicada ao *Testamento Geométrico* do autor galego que contén referencias á obra e inclúe nela unha serie de pasaxes da mesma.

Bugallal, Isabel, "El Benjamin Button gallego", *La Opinión*, 24 marzo 2009/*Faro de Vigo*, 25 marzo 2009, contracuberta.

Refírese ás distintas historias que teñen como argumento o feito de que un bebé naza ancián e morra na súa infancia. Destácase a obra de Scott Fitzgerald, *El extraño caso de Benjamin Button*, levada ao cine por David Fincher. Lémbrase que non hai que esquecer que outros narradores tamén traballaron con esta idea, mesmo de distinto xeito, como Mark Twain, Alejo Carpentier, Samuel Butler e Rafael Dieste. Respecto ao autor rianxeiro, aclárase que inclúe este temática no relato "O neno suicida", que se atopa en *Dos arquivos do trasno* (1926). Saliéntase que a perspectiva gozosa da obra de Fitzgerald troca en Dieste nunha grande amargura.

Bugallal, Isabel, "Las otras misses gallegas", *Faro de Vigo*/*La Opinión*, "A Coruña", 21 xullo 2009, contracuberta.

Co gallo da coroación da coruñesa Estíbaliz Pereira no certame de Miss España no 2009, lémbrase a Emilia Docet, muller comprometida coa sociedade, galeguista, deportista que tamén alcanzou o título de "Señorita España" no ano 1933. Fálase, entre outros aspectos, da homenaxe que os seus compañeiros intelectuais celebraron con motivo da súa proclamación como a muller máis fermosa de España, e saliéntase, de entre eles, a Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor e Álvaro Cunqueiro.

Bugallo, Isabel, "O artista Quessada é oficialmente 'fillo perdilecto' da cidade áurea", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", 13 decembro 2009, p. 58.

Recolle o acto de nomeamento do artista Xaime Quessada como fillo predilecto de Ourense. Menciona as verbas de enxalzamento do labor artístico do homenaxeado, por parte de José Luis Baltar e Miguel Santalices. Finalmente, remata facendo un breve repaso biográfico da vida do artista destacando tamén a súa traxectoria profesional como ilustrador de libros e revistas, escritor, escultor, entre outras facetas.

Bustabad, Lorena, "Ferrol rinde un homenaje póstumo al poeta Ramiro Fonte", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 maio 2009, p. 6.

Informa de que o Concello de Ferrol lle vai render unha homenaxe ao poeta Ramiro Fonte cunha gala musical e poética. Salienta que Ramiro Fonte naceu en Pontedeume e que foi o impulsor da agrupación poética Cravo Fondo. Por último, fai referencia aos derradeiros momentos da súa vida.

Bustabad, Lorena, "El alcalde fugitivo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 decembro 2009, p. 7.

Recolle a presentación do documental "O Segredo da Frouxeira" baseado na historia dos Porto Leis, dous irmáns enfrontados politicamente durante a guerra civil. Deste xeito, revive a historia das catro familias implicadas, a dos irmáns, e a dos tres compañeiros que axudaron a Alejandro Porto Leis a fuxir durante dous anos, vivindo agochado entre as covas da praia de Valdoviño. Fai un breve repaso polo inicio da realización deste documental, a partir do descubrimento dun conxunto de documentos detrás dun moble no fogar da familia Porto Leis, para rematar coa celebración do acto de presentación do documental. Lembra que Porto Leis escribiu un poemario, *Intemperancias poéticas* (1933), en galego e castelán.

C. A./I. R. D., "El recuerdo de don Aquilino", *El Progreso*, "A Chaira", 13 xuño 2009, p. 17.

Comenta que o Concello de Abadín e mais o PEN Clube de Galicia lle renderon unha homenaxe ao poeta Aquilino Iglesia Alvariño polo centenario do seu nacemento. Dá conta das personalidades que acudiron ao acto e salienta que o PEN Clube propuxo a creación dun certame literario, en memoria do poeta, para que se realice todos os anos o 12 de xuño.

Cabido Quintas, Ana Isabel, "Nasciturus", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 13 agosto 2009, p. 26.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Nasciturus", escrito por Ana Isabel Cabido Quintas e ilustrado por Xoán Baltar.

Cabido Quintas, Ana Isabel, "Loita", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 14 agosto 2009, p. 21.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Loita", escrito por Ana Isabel Cabido Quintas e ilustrado por Xoán Baltar.

Cabral de Melo Neto, Joao, "Poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa que reproduce a composición "Deixa falar todas as cousas visíveis..." pertencente a *Poesía*, de Joao Cabral de Melo Neto.

Cacho, Víctor, " Proyectarán versos en gallego durante los Fuegos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 21 xullo 2009, p. L4.

Comenta que nos fogos do Apóstol do 25 de xullo se proxectaron sobre a fachada da Catedral de Santiago seis sentimentos: melancolía, celos, esperanza, felicidade, fe e amor. Indica que Amancio Prada é o encargado de escoller os versos en galego que acompañaron os sentimentos.

Calvo, T., "A Real Academia Galega non terá novo presidente antes de xaneiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 decembro 2009, p. 53.

Menciónase a sucesión do posto do presidente da Real Academia Galega, aproveitando este acontecemento para facer alusión ás diferentes problemáticas que se encerran no seo da mesma. Indícase a dedicación que teñen os diferentes membros da Academia e explícase que a súa participación se ve influenciada por motivos de saúde.

Cambeiro, X. M., "O Santiago de antes e o de agora son totalmente distintos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Compostelanos en su rincón", 21 marzo 2009, p. 7.

Fálase do escritor compostelán Salvador García-Bodaño Zunzunegui que no ano 1958 gañou o certame universitario Festas Minervais. Afírmase que o seu poemario *Compostela* (1991), con gravados de Alfonso Costa, foi enviado como agasallo ao Papa, ao presidente de Francia e a rei Xoán Carlos, entre outros persoeiros. Explícase que o escritor elixiu o seu lugar favorito de Santiago de Compostela: a praza de Fonseca, onde se atopaba o seu colexio, para facer un repaso ao Santiago da súa nenez e xuventude e o cambio que sufriu até a actualidade. Apunta o articulista que o cambio foi positivo.

Campos Coello, Eduardo M., "Paleta de cores", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 8 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Eduardo M. Campos Coello, intitulado "Paleta de cores".

Caneiro, Xosé Carlos, "Autor en 'Nós", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 311, "Lecturas para sempre", 9 maio 2009, p. 13.

Salienta a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao non na súa faceta política senón como grande escritor, e reivindica o valor literario da súa prosa de creación. Comenta que moitas veces o aspecto político eclipsa a obra literaria do rianxeiro e cita algúns libros entre os que destaca *Retrincos* (1934). A seguir, describe deste libro de relatos a súa estrutura e contido.

Caneiro, Xosé Carlos, "Prometo", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 316, "Letras en galego", 6 xuño 2009, p. 11.

Comenta que hoxe en día se inviste moito na edición de libros e moi pouco na recepción. Indica que a literatura galega precisa de máis público lector xa que a calidade literaria é alta, e afirma que se non se crean lectores resultará inútil editar. Así mesmo, salienta dúas obras literarias recentes: *Viaxes do corazón. Diario ínfimo* (2008), de Xosé Manuel G. Trigo, e *A batalla do paraíso triste* (2008), de Xosé Ramón Pena. Por último, comenta que non lle gustou a obra de Alberto Lema, *Unha puta percorre Europa* (2008).

Caño, X. M. del, "La Real Academia Galega quiere elegir un presidente 'continuista, por consenso", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 43/*La Opinión*, "Cultura", 19 novembro 2009, p. 54.

Refírese á sucesión do presidente da Real Academia Galega tras a dimisión de Xosé Ramón Barreiro Fernández e ás diferentes posibilidades das candidaturas que se barallan para o sucesor. Menciónase ademais o retardo de dita elección tras as palabras de Barreiro durante a entrega do premio "Celanova. Casa dos Poetas", atrasando a elección como sinal de aprobación por parte dos demais membros da Academia. Por outra banda, lémbrase a ausencia de escritores na Real Academia Galega no pasado, aproveitando algúns dos rumores que apuntan como un posíble sucesor a Xosé Luís Méndez Ferrín.

Caño, X. M. del,"Ferrín cuenta con 'apoyo mayoritario' para ser presidente de la Real Academia Galega", *Faro de Vigo*, "Galicia", p. 29/*La Opinión*, "Cultura", 10 decembro 2009, p. 55.

Comenta a posibilidade de que Xosé Luís Méndez Ferrín sexa elixido como presidente da Real Academia Galega, destacando os numerosos apoios que dos diferentes membros da institución podería obter se presentase a súa candidatura. Neste senso, recolle parte das opinións destes resaltando as aptitudes do escritor como encargado de dirixir a institución, destacando entre outras a súa capacidade para "hablar y consensuar' con personas que mantienen posturas diferentes". Dedica ademais un pequeno apartado para salientar o compromiso que requiren as funcións de presidente da Academia, e polo tanto, o conveniente que resulta que Méndez Ferrín estea xubilado.

Caño, X. M. del, "La candidatura de Ferrín gana fuerza para presidir la Real Academia Galega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 34/*La Opinión*, "Cultura", 29 decembro 2009, p. 47.

Dá conta da forza que está a ter a candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín como sucesor no cargo de presidente da Real Academia Galega. Menciona así as principais causas polas que o escrito se perfila como candidato máis salientábel, destacando "su erudición y compromiso con Galicia", o feito de que é " un hombre que no hace estridencia de su radicalidad y será un presidente institucional'", e por outra banda, "la disponibilidad de tiempo que tiene". Por outra banda, recolle tamén a ratificación de Víctor Freixanes ao confirmar que non se presentará coma candidato polo compromiso que ten coa Editorial Galaxia.

Canosa Blanco, María, "Instantes", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 11 agosto 2009, p. 19.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Instantes", escrito por María Canosa Blanco e ilustrado por Yolanda Lloves.

Carballa, Noa María, "Cambados y el Ano Cabanillas", *Diario de Pontevedra*, "Festa do Albariño", 30 xullo 2009, p. 11.

Informa dos eventos que se realizan no municipio de Cambados dedicados ao escritor Ramón Cabanillas. Explica que os actos dedicados a Cabanillas foron inaugurados polo alcalde de Cambados, o conselleiro de Educación, o presidente da Deputación e o delegado territorial da Xunta de Galicia. Conta que a exposición componse de obras de diversos autores que mantiveron unha estreita relación co autor, tal é o caso de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Luís Seoane. Engade a opinión do propio alcalde sobre as actividades que se levan a cabo, quen di que é todo un orgullo acoller a mostra de artistas importantes no seu municipio. Tamén achega información sobre Cabanillas e as datas da mostra e, para finalizar, fai referencia a outros eventos que forman parte do "Ano Cabanillas", como son un festival poético, unha gala de deporte e unha sesión solemne da Real Academia Galega, entre outros.

Carballa, Xan, "Antonio Pérez Prado, humor, amor e paixón dun emigrante", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "Cultura", 17-23 setembro 2009, p. 22.

Conta, despois de lle realizar varias entrevistas a Antonio Pérez Prado, como foi a súa vida dende o seu nacemento en Bos Aires. Destaca as opinións do biografado sobre a época da emigración e palabras do prólogo que Pérez Prado escribiu para *Galegos, as mans de América* (1992), no que fai un manifesto da súa propia familia, emigrada en 1920, xunto coas denuncias de moitos compatriotas. Comenta tamén que, unha vez xubilado, comezou unha batalla contra a editorial Planeta e que logo presumía de que ningunha comunidade axudara tanto á Arxentina como a galega. Di que puxo en contraste a renuncia á identidade dos grandes centros mutuais e explicou a renuncia dos pais a transmitir a identidade aos fillos como un drama. Finalmente salienta que Pérez Prado elaborou unha longometraxe documental chamada *Castelao* na que, segundo el mesmo dixo, "pretendin que calquera que a vise, fose cal fose a súa orixe ficara sempre con nós. Quixen popularizar o problema nacional galego facendo un molesto apostolado

e xustificando o traballo que lle dera miña nai cando me pariu. Que fose unha película digna, documentada, coas mínimas artimañas do proselitismo".

Carballa, Xan, "Os galegos 'idiotas' na literatura de cordel", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Cultura", 22-28 outubro 2009, pp. 20-21.

Alúdese ao labor de investigación realizado polos irmáns Félix e Cástor Castro, coleccionistas de pregos de cordel e folletos, o que lle permite afirmar ao articulista que esta literatura era o "verdadeiro medio de comunicación de masas entre os séculos XV e XIX, serviron de vehículo aos tópicos e a minusvaloración dos galegos". Explícase que esta literatura tiña temáticas variadas, semellante estrutura formal, un gravado inicial, resumo e xustificacións morais e educativas para a súa publicación. Coméntase que o gremio dos cegos tiña cédula real de comercialización e que percorreron a xeografía peninsular. Considéranse *best sellers* da época e literatura-lixo e precísase que foron obxecto de forte polémica. Indícase que a súa colección se centra especialmente naqueles de temas galegos, onde se salienta a "brutalidade, animalización" dos galegos en particular e dos norteños en xeral e se apunta que axudou a alimentar unha visión xenófoba que aínda se arrastra en certas zonas.

Carballo, Francisco , "Feita e desfeita", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "Galiza", 17-23 setembro 2009, p. 10.

Comeza explicando que era a "desfeita" gastronómica e aplica este termo á "Romaxe dos crentes galegos" que se celebrou o 12 de setembro en Aguiño e na que se contou coa presenza musical da Quenlla interpretando versos de Celso Emilio Ferreiro dos que reproduce "Pero ti que te alcontras alá lonxe, ...".

Carlos, Helena de, "De 'Vigo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 febreiro 2009, p. 38.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Poño o seu xersei e xa son ela", pertencente ao poemario *Vigo* (2007), de Helena de Carlos.

Carrera, Rosé, "Los libros son para el verano", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 465, 12 xullo 2009, p. 34.

Comenta a importancia que ten o libro e di que é unha forma de ocio relativamente barata. Sinala a época do verán como un bo momento para gozar da lectura que pode facer soñar e viaxar ao lectorado. Destaca o fenómeno do "libro de verán" e opina que a lectura é unha necesidade. Tamén sinala que Edicións Xerais de Galicia intenta potenciar, a través das redes sociais, o hábito da lectura. Dá conta dos libros recomendados para este verán, entre eles, sinala *Resistencia*, de Rosa Aneiros e *Elucidario*, de Gonzalo Navaza. A seguir, comenta que o propio director de Edicións Xerais de Galicia recoñece que aínda non se pode falar do libro do verán en galego, xa que a lectura castelá supera as vendas da galega. Destaca tamén que Edición Xerais de Galicia aposta pola novela de aventura e histórica e salienta autores como María Reimóndez ou Luis Rei, último premio Blanco Amor, outros escritores. Finalmente

comenta e recomenda os libros máis destacados, no ámbito de guías de viaxe, libros de cociña, etc. Por último fai mención á literatura para os máis pequenos e destaca *A praia dos afogados* e *Chamádeme Simbad*.

Casanova, A., "O bosque animado de Lóuzara", *El Progreso*, "Sarria", 28 xullo 2009, p. 14.

Dá noticia do estreno do roteiro literario-artístico en Lóuzara seguindo a contorna do poeta Fiz Vergara Vilariño, acto no que estiveron presentes familiares e veciños do poeta, así como autoridades e membros da asociación cultural "Ergueitos" (Sarria) e da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega), entidades promotoras deste proxecto. Comenta que se instalaron trece esculturas nun percorrido de sete quilómetros e medio dende Airapadrón até o pozo de Beltrán en Santala de Lóuzara. Salienta que as esculturas están inspiradas en poemas de Vergara Vilariño e que se colocaron en lugares que foron significativos para a vida do poeta e que lle inspiraron a súa obra. Explica que até o momento se instalaron dúas esculturas de Álvaro de la Vega e Fernando Yáñez, que proximamente se colocarán outras catro esculturas de diversos autores e que o resto das obras serán instaladas no mes de outubro, inaugurando así definitivamente o roteiro.

Cascudo, Xosé Antón, "Manual do misántropo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 marzo 2009, p. 38.

Insírese a composición "Calmo a sede de galope tendido sobre ti...", pertencente a *Manual do misántropo* (2007), de Xosé Antón Cascudo.

Casteleiro, Roberto, "Bandeiras a media asta", *Diario de Ferrol*, "En recuerdo", 10 novembro 2009, p. 9.

Con motivo da morte de Daniel Cortezón, aprovéitase para lembrar o dramaturgo nado en Ribadeo e que estivo moi unido a Ferrol. Lémbranse anécdotas relacionadas coas súas creacións teatrais históricas, como *Os irmandiños* (1978) e *Pedro Madruga* (1978). Sente mágoa de que non sexa máis coñecido en Galicia, tendo sido ben galardoado fóra.

Castro, Xan, "Experimentos culinarios", *La Región*, "Verano", "Firmas estivales", 31 xullo 2009, p. 19.

Neste espazo dedicado á creación acóllese o texto "Experimentos culinarios", de Xan Castro.

Castro, Xan, "Gozar cunha boa paella", *La Región*, "Verano", "Catro contos", 9 agosto 2009, p. 24.

Neste espazo dedicado á creación reprodúcese o texto "Gozar cunha boa paella", de Xan Castro.

Castro, Xan, "As adiviñanzas do José do Tesiño", *La Región*, "Verano", "Catro contos", 31 agosto 2009, p. 16.

Neste espazo dedicado á creación reprodúcese o texto "As adiviñanzas do José do Tesiño", de Xan Castro.

C. C. "La exposición 'Cabanillas e os artistas do seu tempo' supera los mil visitantes", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Cambados", 9 agosto 2009, p.10.

Dá noticia do éxito da exposición "Cabanillas e os artistas do seu tempo" que foi inagurada o pasado vinte e tres de xullo e que recibiu máis de mil persoas de toda a Península Ibérica.

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xaneiro 2009, p. 33.

Sección fixa na que se acolle o poema "As lombas do areal", pertencente a *O barrio das chinesas* (2005), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xaneiro 2009, p. 33.

Sección fixa na que se acolle o poema "A trompetista", pertencente a *O barrio das chinesas* (2005), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Cuarto de outono", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 febreiro 2009, p. 33.

Sección fixa na que se acolle o poema "Útero", pertencente a *Cuarto de outono* (2008), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 febreiro 2009, p. 41.

Sección fixa na que se acolle o poema "As deusas do arroz", pertencente a *O barrio das chinesas* (2005), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 abril 2009, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa un poema de María do Cebreiro titulado "DONAS DO SEU PARAÍSO", pertencente a *O barrio das chinesas* (2005).

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 xuño 2009, p. 39.

Reprodúcese nesta sección o poema intitulado "A LEALDADE", pertencente ao poemario *Os hemisferios* (2006), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xuño 2009, p. 32.

Insírese nesta sección fixa o poema intitulado "AMÉRICA", pertencente a *O barrio das chinesas* (2005), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Cuarto de outono", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xuño 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Quero que saia o sol", pertencente a *Cuarto de outono* (2008), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 agosto 2009, p. 32.

Insírese nesta sección o poema "O CÓDIGO", pertencente a *Os hemisferios* (2006), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'Os hemisferios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 agosto 2009, p. 32.

Insírese nesta sección o poema "COMPLEMENTARIEDADE", pertencente a *Os hemisferios* (2006), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 agosto 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "OS TRABALLOS DE ÓNFALE", pertencente a *O barrio das chinesas* (2005), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 outubro 2009, p. 38.

Sección fixa na que se recolle o poema "O CEREIXAL", d'*O barrio das chinesas* (2005), de María do Cebreiro.

Cebreiro, María do, "De 'O barrio das chinesas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 decembro 2009, p. 33.

Sección fixa na que se acolle o poema "A TROMPETISTA", pertencente a *O barrio das chinesas* (2005), de María do Cebreiro.

Cendán, Antonio, "Cabanillas, o esquecido", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "Cultura", 15-21 xaneiro 2009, pp. 24-25.

Recóllese que Luis Rei, bibliotecario de Cambados, explica o esquecemento que sofren moitos dos autores galegos máis representativos. Neste caso, refírese ao caso particular do escritor cambadés Ramón Cabanillas, "un dos recuperadores do sistema literario galego" en palabras do propio Rei. Saliéntase como foi o primeiro en escribir sobre a soberanía nacional n'*A Nosa Terra*, así como ser o poeta máis emblemático das Irmandades da Fala e o autor de *En pé*, o himno da entidade agrarista Acción Gallega dirixida por Basilio Álvarez. Fálase tamén da faceta do autor como dramaturgo, na que sinala a peza *A man da Santiña.*

Cendán, Antonio, "Xosé Mª Castroviejo, un carlista heterodoxo", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "Cultura", 26 febreiro-4 marzo 2009, p. 39.

Fálase de Xosé Mª Castroviejo no centenario do seu nacemento. Repásase a súa traxectoria como periodista ao converterse en 1941 no director do que chegaría a ser o xornal con máis tirada de Galicia, *El Pueblo Gallego*. Coméntase que logo do seu cesamento, por motivos ideolóxicos, fundou as primeiras publicacións destinadas aos emigrantes americanos caso de *Carta de América*. Alén da súa actividade como xornalista, a máis coñecida, tamén se salientan algunhas obras: poéticas, *Memorias dunha terra* (1940); ensaísticas, *O Conde de Gondomar*; e narrativas, *La montaña herida e naturalistas*: *Viaxes polos montes e chemineas de Galicias* (1962), en coautoría co seu amigo Álvaro Cunqueiro.

Cernadas, M. e Xabier R. **Blanco**, "A Fundación Castelao decide 'ignorar as provocacións' e apoiar o Concello", *Xornal de Galicia*, "En clave", 21 decembro 2009, p. 4.

Recollen a celebración da reunión dos membros da Fundación Castelao tras a crítica publicada no *Xornal de Galicia* por parte de Juan Ramón Baltar con respecto ás accións levadas a cabo pola institución. Explican que a problemática que están a ter a familia Baltar, a Fundación Castelao e o Concello de Rianxo débese a que a familia Baltar se nega a vender a casa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e que así pase a formar parte do proxecto da Academia Literaria de Rianxo. Por outra banda, mencionan tamén a negativa por parte da familia Baltar a abrir a casa durante catro días ao mes, tal e como se decidira ao ser considerada a casa un Ben de Interese Cultural.

César, Chico, "De 'cantos elegíacos de amozade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 febreiro 2009, p. 36.

Sección fixa na que se acolle o poema "às veces falta juízo...", pertencente a *Cantos elegíacos de amozade* (2008), de César Chico.

César, Chico, "De 'cantos elegíacos de amozade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 marzo 2009, p. 32.

Reprodúcese o poema "Instala-se o carnaval...", pertencente a *Cantáteis* (2008), de César Chico.

C. G., "Exposición biográfica de Varela Buxán en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 5 xuño 2009, p. 34.

Informa da inauguración da mostra fotobibliográfica dedicada a Manuel Daniel Varela Buxán, creador da primeira compañía teatral galega. Indica que a exposición se mostrará na Sala de Exposicións de Caixanova na Estrada e que está organizada polo CEIP O Foxo. Así mesmo, comenta que a mostra conta con oitenta e nove fotografías, documentos persoais e material inédito sobre Varela Buxán.

C. G., "O Fervedoiro organiza actos na memoria do escritor e canteiro Xohán Xesús González", *Diario de Pontevedra*, "Caldas. Deza. Tabeirós", 5 xuño 2009, p. 24.

Informa de que a Asociación Cultural O Fervedoiro de Cuntis lle vai render unha homenaxe a Xohán Xesús González que consistirá nunha ofrenda floral e un recital poético así como na exposición dunha mostra biográfica intitulada "Xohán Xesús González: porta dun futuro proletario". Por último, dá conta das personalidades que participarán nos actos.

C. H., "Ourense pedalea para festejar el 50º aniversario de 'A Esmorga", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 maio 2009, p. 5.

Comenta que a Asociación Masa Crítica celebrou o medio século de existencia da primeira novela moderna en galego: *A esmorga*. Explica que os participantes fixeron o percorrido en bicicleta polos diferentes lugares que aparecen na obra e comenta que esta tamén foi unha maneira de reclamar o uso da bicicleta na cidade.

C. H., "Cortometraje autofinancidao sobr un cuento de Dieste", *El País*, "Galicia", 1 agosto 2009, p. 5.

Informa que o relato de Rafael Dieste "Sobre a norte do Bieito" levouse ao cinema. Comenta que a directora preferiu o propio relato a un guión para "ir sobre seguro". Dise que a curtametraxe se estreou en Celanova e que conta con colaboración veciñal e que foi financiada case na súa totalidade pola directora.

Chancela, Pepe, "Sorte que era inverno", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 5 agosto 2009, p. 19.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso insírese "Sorte que era inverno", de Pepe Chancela, que está ilustrado por Xoán Baltar e refire unha historia de superación persoal.

Cid, Xavier, "Galegos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 4 decembro 2009, p. 12.

Tras reproducir o texto narrativo "Galegos", de Xavier Cid, cítase a novela da que procede o fragmento: *Terá as túas balas* (2000).

Cid Neira, Xulio, "De 'Gasumelo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xullo 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle nesta ocasión a composición poética "Hoxe é meu...", da obra *Gasumelo* (2004), escrita por Xulio Cid Neira.

Cochón, Luis, "No aniversario da morte de Cabanillas", *Diario de Pontevedra*, "*Revista*", n.º 490, "Lecturas", 8 novembro 2009, p. 9.

Informa sobre unha ducia de cartas que ten no seu poder e que Ramón Cabanillas escribira a Isidoro Millán González durante o seu retiro no mosteiro de Samos. Tamén refire os acontecementos que nelas se narran, a raíz da edición dun libro seu, das reticencias de publicalo en galego, por mor da censura e do seu ánimo. No subtítulo "Unha clase estrelecida", Cochón lembra unha clase co seu daquela profesor, Xosé Filgueira Valverde, na que chegou anunciando a morte de Cabanillas. Tamén recorda os poemas que este lles leu ao alumnado. Lembra así mesmo que ese día Filgueira Valverde foi tamén designado alcalde de Pontevedra e que con tal distinción apareceu no enterro de Cabanillas.

Cociña, Olalla, "De 'Índice", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 marzo 2009, p. 36.

Sección fixa na que se acolle un fragmento do poema "Índice", de Olalla Cociña.

Cociña, Olalla, "De 'Libro de Alicia", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", n.º 6, xuño 2009, p. 5.

Inclúese unha breve biobibliografía de Olalla Cociña e reprodúcese o poema "Olalla Cociña", pertencente á obra *Libro de Alicia* (2008), gañadora do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño.

Cofán Vidal, José Luis, "Os Xudeos", *La Región*, "Ourense", 10 abril 2009, p. 8.

Fai un recorrido polas diferentes representacións dos xudeos en Galicia e, en relación á literatura galega comenta que esas figuras aparecen na cuberta da obra *Catecismo do labrego* (1889), de Valentín Lamas Carvajal.

Coira, Ramón, "Mulleres galegas de antano", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "Galiza", "Cartas", 17-23 setembro 2009, p. 6.

Rememóranse as poucas personaxes femininas que destacaron na historia de Galicia, caso de María Castaña, María Pita, Branca de Loboso, Exeria, Maria Balteira e mesmo María Soliña. Remátase o artigo ollando ao futuro coa esperanza de que as mulleres galegas que hoxe en día loitan polo galego, pola cultura galega e que son consideradas personaxes salientábeis na sociedade non corran a mesma sorte que as de antano e sexan recordadas e incluídas na historia de Galicia.

Conde Corbal, Moncho, "Luz Pozo en Ourense", *La Región*, "Ourense", "Percepciones", 3 marzo 2009, p. 8.

Fálase do acto de presentación dun libro de Luz Pozo na libraría Torga de Ourense, na que unha serie de profesores de lingua galega e castelá recitaron poemas da autora. Alúdese a dous dos referentes da escritora, Eduardo Moreira e Vicente Aleixandre, e ao cambio de idioma na súa escrita.

Conde Corbal, Moncho, "Pena", *La Región*, "Ourense", "Percepciones", 7 abril 2009, p. 10.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, dá conta da súa asistencia á homenaxe que a Deputación de Ourense lle rendeu ao escritor Eduardo Blanco Amor. Critica o retraso do comezo do acto e salienta a importancia deste escritor. Así mesmo, cita varias obras de Blanco Amor escritas en castelán.

Conde Corbal, Moncho, "Pelerinaxes", *La Región*, "Ourense", "Percepciones", 12 agosto 2009, p. 8.

Dáse conta do gravado de Pepe Conde alusivo ao limiar feito por Vicente Risco a unha crónica de viaxe a Santo Andrés de Teixido, na que participaron varios escritores da Xeración Nós.

Conde Corbal, Moncho, "Percepciones", *La Región*, "Ourense", 16 outubro 2009, p. 13.

Entre outros comentarios, narra a súa visita a Allariz para asistir á presentación dun libro do escritor Vispo na Casa-Fundación Vicente Risco nesa vila e do manuscrito que esta conserva realizado por Risco e outros no Café Gijón de Madrid, sobre o que considera que debería ser reeditado.

Comesaña Besteiro, María, "Canto de Cloto", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 4, "Creación", 3 xaneiro 2009, p. 15.

Reprodúcese o poema "Canto de Cloto", de María Comesaña Besteiro, gañadora do premio Eusebio Lorenzo Baleirón en 2003 con *Zoonose* (2004).

Cordal, Xabier, "De amor de desamor: 25 anos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xaneiro 2009, p. 29.

Conmemóranse os vintecinco anos do colectivo poético "De amor e Desamor", nado na Coruña no ano 1984 e integrado por Lino Braxe, Xosé Devesa, Miguel Anxo Fernán-Vello, Miguel Mato Fondo, Pilar Pallarés, Lois Pereiro, Manuel Rivas, Francisco Salinas Portugal, Xavier Seoane e Xulio Valcárcel. Coméntase que tivo como xermolo a Asociación Cultural O Facho, a Alexandre Bóveda e o Colexio Universitario. Por este motivo, explica que unha das asociacións culturais vinculadas ao grupo, a Alexandre Bóveda, organiza un recital poético cos poemas do grupo que foron incluídos nos dous volumes que recolleron a poesía deste grupo e que dá nome ao colectivo: *De Amor e Desamor* (1984).

Cortés Galdo, Rocío, "Cada libro é un augurio de felicidade", *El Progreso*, "Cultura vivir", 17 maio 2009, p. 83.

Comenta que Xabier Docampo foi o responsábel de ler o pregón co que se inaugurou a XXIV Feira do Libro de Lugo. Salienta que xa dende o primeiro momento soubo captar a atención do público e resume o contido do seu discurso.

Costa, V., "Manolo Rivas recibirá a Insignia de Ouro da Facultade de Ciencias Sociais", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Ciudad", 10 abril 2009, p. 6.

Entre outras cuestións comenta que o escritor Manuel Rivas vai recibir este ano a Insignia de Ouro da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra, e tamén indica que o alumnado da Universidade de Vigo lle vai render unha homenaxe. Así mesmo, cita algunhas das súas obras máis recentes: a novela *Os libros arden mal* (2006) e a monografía *Os Grouchos* (2008).

Cousiño Álvarez, Ángel, "Personajes que hicieron historia en Padrón", *El Correo Gallego*, "*Pascua Padrón*", 8 abril 2009, p. 4.

Lembra a algúns personaxes ilustres que naceron en Padrón e destaca que non se refire a Camilo José Cela e a Rosalía de Castro, xa coñecidos por todos, senón a outras figuras importantes que deixaron pegada en Padrón. En relación coa literatura galega, fai referencia ao presidente da Sociedade Cultural Padronesa, Octavio San Martín Domínguez quen, entre outras cousas, organizou conferencias con escritores importantes como Ramón Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro.

C. P. R., "La Escola de Teatro de Vilalba inicia este curso con una nueva directora ", *El Progreso*, "A Chaira", "Vilalba", 19 setembro 2009, p. 23.

Infórmase sobre o comezo do terceiro ano da Escola de Teatro de Vilaba, da súa nova directora, a actriz ferrolá Cristina Mariño, quen substituirá a Teresa Castro. Tamén se dá conta das actividades que van levar a cabo durante o curso.

Cuadrado, M., "Ribadeo despide al dramaturgo Daniel Cortezón, de 82 años", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 outubro 2009, p. 49.

Indícase que a causa da morte do dramaturgo Daniel Cortezón o domingo anterior, o concello recoñeceu en declaración pública o seu pesar. Recórdase a vinculación do escritor con esta vila, visíbel nunha rúa e no Certame de Teatro Afeccionado que levan o seu nome. Tamén se lembra a súa extensa literatura dramática de tema histórico.

Cuíñas, Teresa, "El Teatro Ensalle tira de producción propia para despedir la temporada", *El País*, "*Galicia*", 21 xuño 2009, p. 6.

Explica que pecha a sexta temporada teatral do Teatro Ensalle e destaca, entre outras representacións e compañías, as compañías galegas Chévere Teatro, Nut Teatro e Pisando Ovos.

Currás, Xosé, "Noticia do mar lonxe de Xericó", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 7 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Xosé Currás, intitulado "Noticia do mar lonxe de Xericó".

Currás, Xosé, "Marimba funeraria", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 19 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Xosé Currás, intitulado "Marimba funeraria".

Chávez Guerra, Carolina, "Una explosión artística que invade Cambados", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", 14 xullo 2009, p 14.

Coméntase a presentación do innovador proxecto da Escola Municipal de Teatro de Cambados, dirixida por Noelia Todelano, que pretende achegar á vila as novas vangardas escénicas (representacións baixo a auga e performances, entre outras) e animar a todos os veciños a participar, presentando unha variada e atractiva oferta

formativa que vai dende lecturas poéticas até zarzuela e que divide ao alumnado en tres grupos segundo os seus gustos e idades: adultos, adolescentes e o Proxecto C (dedicado a un teatro máis vangardista). Así mesmo recórdase que, entre outras actividades, con motivo do Ano Cabanillas a escola citada realizará lecturas dramatizadas de poemas de Cabanillas nos meses de xullo e agosto.

Dacosta, Marta, "De 'As amantes de Hamlet", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xaneiro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se acolle o poema "Desde a miña pel branca e diferente, ...", pertencente á obra *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta.

Dacosta, Marta, "As amantes de Hamlet", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 abril 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección o poema "e elas tamén...", pertencente á obra *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta.

Dacosta, Marta, "De 'As amantes de Hamlet", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 agosto 2009, p. 32.

Sección fixa na que se acolle o poema "Aquí ...", pertencente á obra *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta.

Dacosta, Marta, "De 'As amantes de Hamlet", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 decembro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se insire o poema "COMO as flores de Ofelia ...", pertencente á obra *As amantes de Hamlet* (2003), de Marta Dacosta.

Dávila, Berta, "Corpo baleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 marzo 2009, p. 31.

Sección fixa na que se acolle o poema "Son a que chora entre as espiñas pero xamais...", pertencente a *Corpo baleiro* (2007), de Berta Dávila.

Dávila, Berta, "De 'Corpo baleiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xuño 2009, p. 32.

Insírese nesta sección fixa o poema "AREA e mar dunha violencia estraña...", pertencente a *Corpo baleiro* (2007), de Berta Dávila.

D. D., "Muere Manoel Riveiro Loureiro tras caer desde su casa coruñesa", *El Correo Gallego*, "Cultura", 16 xaneiro 2009, p. 60.

Dáse noticia da causa do pasamento do escritor Manoel Riveiro Loureiro. A seguir, enuméranse as súas obras máis significativas: *O Pasamento* (2002), *Pola ida e pola volta* (1977), *A moa* (1984), *O coronel ten a quen lle escribir* (1989), *Corpo canso* (1993), *A volta de Castelao* (1995) e *Sabotaxe na Estaca de Bares* (1997). Indícase que a súa última obra publicada foi *Xullo-Agosto* (2006), coa que mereceu o Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta en 2005.

Díaz, Hector, "Ourense honra la memoria de Valente", *La Región*, "Ourense", 12 setembro 2009, p. 8.

Coméntase que se presentou no Círculo de Lectores de Madrid un programa de actividades levado a cabo polo Concello de Ourense, a Diputación ourensá e a USC, co que se rendirá unha homenaxe póstuma ao poeta José Ángel Valente. Precísase que se realizará os días 23, 24 e 25 de setembro no Teatro principal de Ourense. Explícase que será unha combinación de poesía e música e que na presentación deste programa, tanto o alcalde de Ourense como o presidente da Deputación e Mauricio Sotelo (Premio Nacional de Música), explicaron características de Valente e trazaron unha traxectoria da súa vida. Por último, fálase de que en Ourense, terra natal de Valente, se creará unha biblioteca co nome deste poeta falecido no ano 2000.

Díaz Pardo, Cristina, "E Rivas chegou á Academia", *Xornal de Galicia*, "Galicia", 2 agosto 2009, p. 12.

Faise eco da entrada de Manuel Rivas na Real Academia Galega. Dise que este escritor e xornalista ocupará un posto nesta institución sustituíndo a Camilo Gonsar. Recórdase que Rivas é un dos escritores máis coñecidos en Galicia. Reprodúcese unha breve entrevista na que Rivas deixa claro o seu afán por manter a lingua galega e que pensa facelo, tamén, dende a Real Academia Galega. Refírese a que esta institución debería ser tida en conta para todo o relacionado coa lingua e cultura galega. Retómanse unhas palabras do seu director, Xosé Ramón Barreiro, quen comenta que é moi triste que até a Xunta de Galicia sexa a principal desprotectora do galego.

Díaz Pardo, Isaac, "Amigo dos galegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Opinión", 23 marzo 2009, p. 49.

Fálase do director e produtor catalán Ricard Salvat con motivo do seu pasamento. Saliéntase a relación que tivo con persoeiros da cultura galega como Luís Seoane, Xesús Alonso Montero e Manuel Lourenzo, entre outros. Rememóranse as montaxes que realizou en Galicia: unha montaxe sobre a versión que fixo Álvaro Cunqueiro de *Hamlet* e outra sobre a peza *Ronda de Morte e Sinera*, de Salvador Espriu.

Díaz Pita, Paula, "Derrubamento", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 30 agosto 2009, p. 19.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de 15 anos e

adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Paula Díaz Pita (32 anos) intitulado "Derrubamento".

Dobao, Antón, "De 'Onde o ollar comeza a doer", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xaneiro 2009, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Movemento continuo, vira...", pertencente ao poemario *Onde o ollar comeza a doer* (2007), de Antón Dobao.

Dobao, Antón, "De 'Onde o ollar comeza a doer", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 maio 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce o poema "Nada se move.", do poemario *Onde o ollar comeza a doer* (2007), de Antón Dobao.

Doespiritosanto, M., "Cuatro poetas gallegos llevan sus versos a La Pedrera de Barcelona", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 decembro 2009, p. 6.

Dá conta da celebración do recital de poesía "En vers Galicia", que tivo lugar en La Pedrera de Barcelona, onde se xuntaron catro dos poetas máis representativos do panorama poético galego: Xosé María Álvarez Cácamo, Gonzalo Navaza, Xulio López Valcárcel e Diana Varela Puñal. Por outra banda, Álvarez Cáccamo salienta a necesidade de potenciar os vínculos entre Galicia e Cataluña.

Domínguez Toxo, Xaime, "Bonsais para cegos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 3 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xaime Domínguez Toxo (52 anos) intitulado "Bonsais para cegos".

Dopico, M., "Memoria do exilio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Historia", 20 xaneiro 2009, p. 36.

Considera que *Cartas no exilio*. *Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)* reproduce unha correspondencia epistolar de fonda humanidade escrita en castelán e francés e que conta con algunhas traducidas do francés ao galego. Indica que nesta edición de María Lopo realizada en 2008 se recollen trinta e unha cartas entre dúas personalidades esenciais da Galicia do século XX.

Dopico, M., "Fóra do tempo vivido", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 xaneiro 2009, p. 30.

Anunciase a saída á venda da obra *As horas baixas* (2008), que recolle tres pezas teatrais de Manuel Lourenzo: *As horas baixas*, *A crise do director de escena* e *Vivaldi señor*. Explícase que, segundo o propio autor, todas elas se caracterizan pola "confusión e a sensación de deslocación diante dun mundo que non é o teu, o baleiro, a anguria, a soidade, a nostalxia…". Indícase tamén que nelas se atopan outras das pegadas do dramaturgo: o humor e a fantasía.

Dopico, M., "O que importa realmente", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xaneiro 2009, p. 32.

Comenta que o escritor Carlos Arias estivo na Libraría Couceiro para presentar o seu último libro, *Ríos que se abrazan*, publicado pola Editorial Toxosoutos en 2008. Achega os comentarios do autor e salienta que o libro busca a harmonía coa natureza e a reivindicación do sinxelo e o natural. Por último, comenta que a estrutura da obra é lineal e que se desenvolve a través de "círculos concéntricos".

Dopico, M., "As mulleres guerrilleiras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 febreiro 2009, p. 33.

Dáse conta da saída a lume d'*Olladas Atlánticas*, de Daniel Lavesedo editado en formato de libro electrónico e preparado para os novos dispositivos de lectura de e-books como son os e-readers. Saliéntase que é o primeiro libro galego que se adapta a este tipo de formatos e non só á lectura no ordenador. Recóllese que a anterior obra do autor, *Polavilla e outras historias*, xa fora publicado na Biblioteca Virtual Eonaviega.

Dopico, M., "A 'descuberta' da vida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 febreiro 2009, p. 37.

Fala da presentación na libraría Couceiro de Santiago de Compostela do poemario de Carlos Arias, *Dor da claridade*, editado por Bubela en 2008, acto no que tamén participou Armando Requeixo. Comenta que neste volume Arias incide nunha idea xa presente na súa obra anterior, *Ríos que se abrazan* (2008), na que reivindicaba a aceptación e o compromiso coa vida. Ademais considera que Arias subliña nos seus versos a continxencia da vida e a precariedade da existencia para afrontalas con serenidade, non para fuxir delas. Apunta que o poemario, segundo Arias, se insire dentro da filosofía dun colectivo literario de "recente creación, sentimental_ismo, vangarda artística galega", e que tamén se detén na reflexión sobre o tempo, a morte, a fugacidade da vida, a natureza e o amor, relacionado este último coa ausencia ou o baleiro. Sinala tamén que Arias indica que os poemas foron escritos cando cumpriu corenta anos, momento que lle supuxo un punto de reflexión moi importante. Cita tamén obras narrativas como o *Libro das capitulacións de Xulio Corveira Andrade* (2003), entre outras.

Dopico, M., "A paixón oculta do escritor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 marzo 2009, p. 37.

Fálase da presentación que terá lugar na libraría Couceiro de Santiago de Compostela da obra de Xenaro García Suárez, *Dos signos de Stendhal aos imaxinarios de Musil* (2008), un ensaio do que se di que propón un achegamento entre as ciencias e as letras a través da análise da relación entre as matemáticas e a literatura e froito dos apuntamentos que o autor tomaba cando atopaba unha referencia matemática en cada obra que lía. Saliéntase a presenza do autor, do profesor Xosé Manuel Beiras e do escritor Vítor Vaqueiro.

Dopico, M., "Liberar a enerxía creativa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 abril 2009, p. 34.

Fálase da presentación do poemario *Tensión Nuclear* (2007), de Xesús Manuel Valcárcel, que tivo lugar na libraría Couceiro de Santiago de Compostela. Afírmase que esta obra se encadra dentro do movemento *sentimental_ISMO, Vangarda Artística Galega*, creada polo propio escritor. Sinálase que este poemario é una revisión de tópicos literarios como o *beatus ille* e o *carpe diem*, alén dos clásicos da literatura e do pensamento: *A Ilíada* e *A Odisea*, de Ovidio, o *Emilio* de Rousseau, *A Divina Comedia* de Dante, Freud e Platón, entre outros. Conclúese que a obra procura a unión entre filosofía e poesía.

Dopico, M., "Respostas a un 'agravio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 abril 2009, p. 33.

Nun artigo referido fundamentalmente á reacción provocada polo artigo do informe da páxina web da FAES, "Las paradojas de la 'normalización' del gallego", acóllense as palabras de Manuel Lourenzo, Premio Nacional de Literatura Dramática 1997, e de Francisco Pillado reivindicando que o galego foi usado como lingua literaria por Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Uxío Novoneyra e Avilés de Taramancos, entre outros. Consideran que ese artigo supón un intento de "borrar a nosa identidade".

Dopico, M., "A 'mostra viva' dun 'xénero", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xuño 2009, p. 35.

Fai referencia ao traballo de edición que está a desenvolver dende 1991 a editorial Espiral Maior. O seu director, Fernando Fernán Vello, explica como naceu a idea e por que a editorial se especializou en poesía aínda que, pouco a pouco, tamén se dedicou aos outros xéneros. Así mesmo, salienta que moitos dos autores publicados son mulleres e que tamén editaron obras completas. Afirma que a poesía non produce moitos beneficios económicos e indica que a colección conta con cento dez subscritores. Finalmente, fai referencia a outras coleccións e comenta o sistema de normalización lingüística actual.

Dopico, M., "Un acto de 'xustiza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Posicionamento", 18 xuño 2009, p. 35.

Dáse conta da promoción da figura de Ricardo Carvalho Calero para a concesión do Día das Letras Galegas 2010 a dito creador e investigador con motivo de cumprirse vinte anos dende a súa morte e cen dende o seu nacemento. Explícase que á iniciativa da

Fundaçom Artábria sumáronse varias concellarías de cultura e diversas asociacións e institucións. Sinálase a obra inxente do autor, como os poemarios *Pretérito Imperfecto* ou *Futuro Condicional*, novelas como *A gente da Barreira* e *Scórpio,* ou no eido da filoloxía as imprescindíbeis *Gramática Elemental del Gallego Común* e *Historia da Literatura Galega Contemporánea* como parte do aval da candidatura. Xa noutros dous apartados coméntase a marxinación do autor pola súa defensa do reintegracionismo e sinala a figura de Uxío Novoneyra como posíbel homenaxeado no 2010.

Dopico, M., "Hai que loitar sempre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Lingua", 30 xuño 2009, p. 43.

Fálase de Bernardiño Graña, dise que naceu en Cangas e que é unha das figuras literarias máis importantes de Galicia con obras como *Vinte mil pesos crime* (1962) e *Profecía do mar* (1966). Dáse noticia de que acaba de ser nomeado membro da RAG. Ao respecto da polémica coa Xunta de Galicia sobre a lingua galega, Graña afirma que a lingua galega é unha parte dos galegos e que non se pode botar fóra, porque sería algo inmoral. Tamén pensa que non hai un abandono da lingua, senón que moitos galegos valoran a súa lingua e que hai unha recapacitación sobre a importancia que ten para a cultura.

Dopico, M., "Calero terá a súa homenaxe", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Iniciativa", 2 xullo 2009, p. 33.

Fálase de que a pesar de que non se lle dedicará o Día das Letras Galegas no ano 2010, ao escritor Ricardo Carvalho Calero este terá a súa homenaxe no centenario do seu nacemento grazas á Fundaçom Artábria, promotora dende o ano 2000 da candidatura de Carbalho Calero para o Día das Letras Galegas. Dise que esta Fundación traballará durante o ano 2010 para divulgar a obra e as ideas de Carbalho Calero algo que, segundo esta fundación, a RAG pretende evitar. Explícase que o problema vén dado pola denuncia que Carbalho Calero fixera á maneira de concibir a cooficialidade, o bilingüismo, cando comezaba a autonomía, xa que suporía o mantemento da marxinación do galego. Indícase que de aí vén que fontes da RAG manifestasen que non consideraban correcta a opción de Carvalho Calero para dedicarlle as Letras Galegas, pois isto levaría á reapertura do debate normativo, ou que outras fontes tamén apuntaron ao momento político, que intentaba que se dera a unión do movemento normalizador. Respecto a isto último coméntase a opinión do escritor Carlos Quiroga, quen apunta que o reitegracionismo sempre levou á integración, sendo os sectarios os outros, e que tampouco é un impedimento para xuntar forzas. Ademais tamén se recolle que a AGAL, segundo di o seu presidente, Valentim R. Fagim, pretende realizar reunións con outras asociacións que estean fora do ámbito reintegracionista para colaborar na homenaxe. Explícase que a pesar de todo isto nin a Fundaçom Artábria nin a AGAL conciben esta homenaxe como unha alternativa ao Día das Letras Galegas, nin poñen en dúbida que Uxío Novoneyra non mereza tal recoñecemento, pois mesmo aclararon que no Día das Letras Galegas realizarán actividades para lembrar a Novoneyra. No apartado "A Controversia do adiamento", coméntase o decepcionada que está Artábria debido aos adiamentos do 17 de maio para Carvalho Calero que se levan producindo dende antes de que Alberto Núñez Feijoo chegase ao goberno. Fálase de que o problema disto é, segundo Xosé Luís Axeitos, que varios académicos non queren darlle ese

recoñecemento a Carvalho Calero, mentres Fagim considera que se tiveron máis en conta as opinión persoais que a carreira deste autor. Por último, recóllese a opinión de Xosé Luís Méndez Ferrín, un académico que está en contra do reintegracionismo, que asegura que Novoneyra contaba coa maioría dos apoios e que se se tratara doutro ano, el non sabería se apoiaría a candidatura de Carvalho Calero ou non.

Dopico, M., "A cuestión nacional repensada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Debate", 15 xullo 2009, p. 29.

Coméntase que no "IX Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos", celebrado en Santiago de Compostela, diferentes mulleres do mundo da literatura chegaron a diversas conclusións dentro da mesa redonda "Nación e xénero nas poetas galegas e irlandesas contemporáneas", como é o caso de María Xesús Nogueira, quen destacou como as poetas galegas que publican no século XXI, abordan o tema da nación non só dende o plano político, senón tamén dende a denuncia da agresión á paisaxe e á violencia de xénero. Ao mesmo tempo recóllese que no panorama irlandés Manuela Palacios destacou a emerxencia nos anos 80 e 90 dunhas poetas que reaccionaron contra o modelo de muller imposto pola igrexa católica. Indícase que Laura Lojo falou da oposición da poesía actual irlandesa contra aquela literatura colonial inglesa ou contra a irlandesa da resistencia na que as mulleres eran presentadas como seres pasivos e afastados da política, idea que apoiou María do Cebreiro resaltando ás mulleres que son ao mesmo tempo críticas e poetas. Precísase que se reivindicou ademais noutra das mesas do congreso a figura de Rosalía de Castro como feminista e a de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como populista defensor dos explotados, en obras como *Sempre en Galiza*, título que Craig Patterson está traducindo ao inglés.

Dopico, M., "Máis alá do racional", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 outubro 2009, p. 35.

Infórmase sobre a exposición do pintor Alfredo Salom, titulada "A palabra, o sangue e o baleiro. Percorrido pola obra de Alfonso Pexegueiro", que está conformada por retratos que lle foi facendo ao escritor e "cadros agromados das sensacións e sentimentos que a Salom lle produce a lectura dos poemarios de Pexegueiro", realizados con tinta china, óleo e outras técnicas. Diase que a exposición pode verse na Casa de Galicia en Barcelona dende o 3 de novembro e que os textos do catálogo están escritos por María do Cebreiro. Segundo o pintor, esta exposición naceu a partir da amizade de ambos e a profunda conexión artística que experimentaron. Engádese que non é a primeira vez que o pintor traballa sobre a obra de poetas.

Dopico, M., "A vitalidade dun xénero", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 novembro 2009, p. 33.

Recolle a celebración do IV Ciclo Escritores/as na Universidade, onde se debateu, entre outras cosas, o estado no que se encontra o ensaio como produción literaria no panorama galego. Así, destacase que a pesar de ser un xénero tardío, hoxe estase a vigorizar dito formato pola súa vinculación coa necesidade de reflexión existente "arredor de Galicia, a identidade galega". Resáltase ademais a presenza de premios

como o promovido polo Centro Ramón Piñeiro, axuda na labor de impulsar a presenza deste xénero.

Dopico, M., "Retallos do vivido", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 novembro 2009, p. 31.

Recóllense as declaracións de Ramón Nieto Otero, quen foi galardonado na XXII edición do Premio Pérez Parallé, co seu primeiro poemario *A estación única dunha illa*, que o propio autor define como unha conxunción entre as visións europea e asiática da espiritualidade, froito do seu propio mundo interior, das súas experiencias vitais. Explícase que o volume estrutúrase en sete partes e combina a prosa co verso. Segundo comenta o propio autor, que ten estudos de música clásica e jazz, neles ten grande importancia a musicalidade.

Dopico, M., "O reto de crear público", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 decembro 2009, p. 35.

Refírese ás intervencións de Pedro Fresneda (codirector do Teatro Ensalle) e a de Ánxeles Cuña (directora do Sarabela Teatro), na mesa de debate "Os repertorios e a creación de públicos" do Foro Creativa. Recóllense así parte das argumentacións feitas por ambos de cara a describir o estado actual na captación de público no ámbito teatral. Dáse conta do problema que supón para as compañías non poder facer de cada montaxe as representacións suficientes como para que o espectáculo sexa coñecido e resaltouse que a resolución da problemática "depende en grande medida do que os responsables políticos queiran favorecer, do que fagan valer". Tamén se comenta a necesidade de facilitar a asistencia do público mozo. Ánxeles Cuña considera que para mellorar a asistencia do público ao teatro débese "ofrecer un produto 'coherente de calidade", así como "realizar un ' bo servizo". Por último, menciónase a relevancia que a crise económica está a ter na produción de espectáculos teatrais.

D. P., "Su obra representa la poesía del sarcasmo, *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y ademas", "Protagonista en 1979", 1 setembro 2009, p. 22.

Recórdase o falecemento do distinguido poeta da literatura galega contemporánea Celso Emilio Ferreiro. Dise que daquela o poeta vivía en Madrid e alí desempeñaba o cargo de secretario da Sección de galego do Ateneo madrileño, e que a morte do cantor apaixoado da liberdade causou unha profunda pena nos medios culturais de Galicia. Menciónase tamén que o autor nacera en 1914 en Celanova, na mesma terra de Curros Enríquez, ao que en 1954 dedicara unha biografía. Domingo García Sabell, presidente da RAG no momento da súa morte, declarou que Celso Emilio representa a poesía do sarcasmo, e revélase como un gran gozador da vida e un home que leva dentro un gran tormento espiritual; así mesmo, Sabell considérao como o gran continuador da obra de Curros Enríquez, un poeta que de momento, non ten continuadores.

D. S., "Morre o escritor coruñés Manuel Riveiro Loureiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 xaneiro 2009, p. 8.

Dáse nova do pasamento do escritor coruñés Manuel Riveiro logo de precipitarse pola fiestra do seu domicilio. Enuméranse algunhas das súas obras máis significativas: *Pola ida e pola volta* (1977), *A vinga* (1979) ou *Xullo-Agosto* (2006) coa que gañou o Premio Lueiro Rey de Novela Curta. Asemade, saliéntase a admiración que o autor sentía cara á URSS e a súa literatura dirixida ao público máis novo.

D. S., "Autores fóra de foco", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 xaneiro 2009, p. 6.

Fálanse dos autores que foxen da popularidade e que case non son coñecidos polo público. Enuméranse unha serie de casos dentro da literatura galega: Lois Xosé Pereira coas obras *As horas de cartón* (1985) e *A vida vexetal* (1992); Xe Freyre con *Cando o gato mira de esguello* (1987); e outra serie de autores como Xosefa Goldar, Manuel Catoira, Antón Rodríguez Baixeras ou Farruco Sesto Novás.

D. S., "Unha muller do século", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 febreiro 2009, p. 7.

Fálanse das distintas conexións que tivo Rosalía de Castro con outros autores da súa época, como a similitude que garda coa poeta estonia Lydia Koidula. De igual modo, saliéntase a pegada que deixou en escritores como Miguel de Unamuno, Paul Celan ou George Trakl.

D. S., "Morre a escritora cubano galega Anisia Miranda", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 outubro 2008, p. 11.

Anuncia a morte da escritora Anisia Miranda, esposa do coñecido escritor galego Xosé Neira Vilas. Lembra que a escritora, filla de emigrantes galegos, naceu en Ciego de Ávila, Cuba, en 1932 e morreu en Gres, a aldea de seu home, onde residían dende 1992. Comenta que aínda que traballou na redacción de varias revistas infantís cubanas, practicou o activismo literario en galego, traducindo varios poetas á esta lingua. Aclara tamén que o enterro será na intimidade.

E. F., "Bravo: 'En todo o que falemos, lingua, historia, terra... está Ánxel Casal", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 16 agosto 2009, p. 8.

Fálase de que respresentantes da Fundación Alexandre Bóveda, da asociación de veciños de Monte Alto e do Concello rendiron unha homenaxe a Ánxel Casal ao se cumprir o 73 aniversario da súa morte. Recórdase que foi un editor e político galego, sensibel ás causas galeguistase que o acto se celebrou no cemiterio de San Amaro, onde se atopa a súa tumba. Dise que a conselleira de Cultura, M. Xosé Bravo, destacou a súa importancia, pois Ánxel Casal fundou a Editorial Nós, a primeira en traducir ao galego a obra de Wenceslao Fernández Flórez, e impulsou o Estatuto Galego como alcalde de Santiago; en 1936 foi detido tras a sublevación militar atopándose o seu cadáver nun foso. Por último, recórdase que Ánxel Casal perdeu a súa vida loitando por Galicia, igual que Pondal e Curros, que tamén recibiron a súa homenaxe xunto a el.

E. F., "Siro López empapela los Muíños de Acea de Ama con más de 100 caricaturas", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Culleredo", 3 setembro 2009, p. 21.

Fala da inauguración dunha exposición en Culleredo que presenta unha serie de debuxos caricaturescos do pintor Siro López. Conta que estas pinturas repasan parte da historia de Galicia co humor propio deste pintor, nunha mostra titulada "A Autonomía Galega nas caricaturas de Siro López", que está composta por unha selección das viñetas que viron a luz no xornal *La Voz de Galicia*, entre 1985 e 2006. Explica que a mostra se completa coa edición dun catálogo noq ue se reproducen as caricaturas e no que colaboran distintas "personalidades de la vida política, periodística, cultural y académica gallega", entre os que nomea a Francisco Vázquez, Santiago Rey Fernandez-Latorre e Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega.

E. G., "O Rosal se llena de rapsodas para celebrar el Día Mundial Mundial da Poesía", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", 24 marzo 2009, p. 17.

Dáse nova do recital celebrado para conmemorar o Día Mundial da Poesía no Auditorio Musical do Rosal. Sinálase que este acto contou coa participación dos poetas Antonio Rivas, Nilo Brey, Olivia María, Estrella Velasco "Elfa" e Marta Dacosta que recitaron poemas da súa propia produción. Engádese que tamén contou coa actuación dos grupos musicais Lirolai e Kla-Son.

E. G., "Proponen al poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro como hijo adoptivo de A Guarda", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 22 maio 2009, p. 14.

Comenta que o grupo municipal Terra Galega-Iniciativa Veciñal do Concello da Garda vai propoñer como fillo adoptivo da vila ao poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro. Así mesmo, tamén indica que queren organizar un premio de poesía co seu nome e realizar unhas charlas ou conferencias nas que participen amigos do poeta e que dean a coñecer a súa obra poética. Por último, lembra ao escritor e os seus versos dedicados á Guarda.

E. G., "Exposición de versos dedicados a Tui por grandes autores gallegos", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", 27 maio 2009, p. 18.

Comenta que dentro da programación "Mes dos Libros" que organiza a Biblioteca Municipal de Tui está exposta unha mostra titulada "Tui escríbese en verso", formada por quince poemas de escritores diferentes dedicados á vila. Así mesmo, achega os nomes do poetas participantes.

E. G., "O porto da Guarda, centro de 'festa' e de 'libros' para bos lectores", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño/Louriña", 30 maio 2009, p. 5.

Comenta que se está a celebrar a segunda edición da Feira do Libro na Garda, organizada polo Departamento de cultura do Concello. Dá conta do testemuño dalgúns asistentes e tamén dos libreiros que montaron os seus stands. Por último, comenta que o Concello tamén organizou algúns obradoiros para a nenez.

E. G., "El acto de los Xogos Florais rinde homenaje al pensamiento de Manuel Murguía", *Faro de Vigo*, "Louriña-Baixo Miño", "Área metropolitana", "Porriño-Mos-Tui-Tomiño-O Rosal-A Guarda", 26 xuño 2009, p. 15.

Fálase da celebración do aniversario dos Xogos Florais de Galicia, que datan do ano 1891, que tivo lugar en Tui. Dise que participaron no acto Yolanda Castaño, Marga do Val e Eva Veiga, tres importantes poetisas galegas, que encheron de poesía e música o acto e que demostraron o seu acordo coas palabras pronunciadas por Manuel Murgía naqueles primeiros Xogos Florais a favor da língua galega e afirmaron que aínda seguen vixentes. Reflíctense as palabras textuais do discurso de Eva Veiga, periodista e poeta en prensa e televisión.

Enríquez, Rosa, "De 'Vestíbulo da devastación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xaneiro 2009, p. 39.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "A inexistencia é unha liña...", pertencente ao poemario *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez.

Enríquez, Rosa, "Vestíbulo da Devastación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 marzo 2009, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa a composición poética "estrañO...", pertencente ao poemario *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez.

E. P., "Roteiros se estrena con tres figuras del renacimiento gallego", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", 25 xaneiro 2009, p. 49.

Anúnciase a entrada en funcionamento da plataforma web "Roteiros Culturais" que se pode consultar na páxina web do Consello da Cultura Galega. Este "contedor cultural", como o denomina o profesor Manuel Gago, incorpora material literario, biográfico e audiovisual e inaugúrase coas tres figuras do Rexurdimento galego: Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

E. P., "Bragado: As letras viven o seu mellor momento", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 23 febreiro 2009, p. 59.

Fálase de Manuel Bragado, o director de Edicións Xerais de Galicia, que este ano cumpre trinta anos e suma tres mil títulos publicados. Bragado salienta o bo momento que está a vivir a creación literaria en galego, pero considera que aínda resulta difícil ter presenza fóra das fronteiras galegas. Sinala o caso de Manuel Rivas e a súa obra *O lapis do carpinteiro* (1998), que constitúe un fito nesta materia, xa que foi traducido a máis de vinte e cinco linguas e vendeu preto de sesenta e cinco mil exemplares.

E. P, "Cultura celebra o día da Poesía con tres recitais", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Efeméride", 19 marzo 2009, p. 29.

Infórmase que, con motivo do día da Poesía, se celebrarán varias actividades, entre elas salienta as organizadas pola Consellería de Cultura, que constarán de tres recitais que se realizaran no marco das bibliotecas públicas galegas situadas na Coruña, Pontevedra e Vigo. Dise que se encargará destas actividades o grupo Ouriol.

E. P., "Preséntase na Coruña a tradución ao ruso da obra de Curros Enríquez", *El Correo Gallego*, "Cultura", 26 marzo 2009, p. 67.

Informa da publicación en 2008 por parte do Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo da tradución da poesía de Manuel Curros Enríquez. Comenta que a edición correu a cargo de Elena Zernova e afirma que o volume pertence a unha antoloxía poética de trece tomos, tamén indica que o autor do prólogo é José María Paz Gago. Por último, informa sobre o lugar e hora do acto de presentación, así como, das persoas que asistirán a el.

E. P., "O Instituto Cervantes de Lisboa lembra a Ramiro Fonte", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 12 maio 2009, p. 45.

Informa de que o Instituto Cervantes de Lisboa lle vai render unha homenaxe ao poeta Ramiro Fonte quen presidiu a institución dende 2005 até a súa morte en 2008. Tamén dá conta das personalidades que asistirán ao acto.

E. P., "Mostra biográfica en Lugo: 'Castelao e Nós", *El Correo Gallego*, "Cultura", 2 xuño 2009, p. 60.

Dá noticia de que a Asociación Socio-Pedagóxica Galega vai inaugurar unha mostra en Lugo titulada "Castelao e Nós". Indica que a exposición está organizada pola Asociación e tamén polo Concello de Pontevedra e a Fundación Castelao. Comenta que son corenta paneis que realizan un recorrido pola obra e o ideario de Castelao.

E. P., "A sociedade está 'durmida", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xuño 2009, p. 37.

Dá conta da participación do escritor portugués José Saramago nos Diálogos Literarios organizados pola Fundación Carlos Casares. Refire algunhas opinións de Saramago e fala sobre a súa última obra, *O caderno de Saramago*. Finalmente, afirma que é un admirador da obra de Álvaro Cunqueiro e de Manuel Rivas.

E. P., "Homenaxe na Coruña ao poeta Manuel María", *El Correo Gallego*, "Cultura", 9 setembro 2009, p. 59.

Cóntase que o 8 de setembro se celebrou no teatro Rosalía de Castro, na Coruña, unha homenaxe de recoñecemento, titulada "Versos para sempre cantar", ao poeta e

colaborador do diario *El Correo Gallego*, Manuel María. Destácase que este galeguista e escritor deixou coma herdo máis de sesenta obras poéticas, seis narrativas, sete dramáticas, moitas delas de gran cualidade, ademáis de varios artigos. Dáse conta de que a homenaxe comezou cunha autobiografía do autor, pasando por un recital de poemas interpretados por Doures Tembrás e Santiago Fernández, e María Inés Cuadrado xunto coas composicións musicais de Nani García representaron a peza teral do autor *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela.*

E. P., "Muere en Lugo a los 82 años el dramaturgo gallego Daniel Cortezón", *El Correo Gallego*, "Cultura", 6 outubro 2009, p. 60.

Infórmase sobre a morte de Daniel Cortezón, aos 82 anos de idade no Hospital Xeral de Lugo. Destácase brevemente a súa formación autodidacta que deu nunha produción que inclúe narrativa, ensaio, artigos, traducións e sobre todo teatro.

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xaneiro 2009, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Os corpos son unha alquimia...", pertencente ao poemario *Apostasía* (2006), de Óliver Escobar.

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 xuño 2009, p. 38.

Sección fixa que acolle a composición poética "as maos doces...", pertencente ao poemario *Apostasía* (2006), de Óliver Escobar.

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 agosto 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Os corpos son unha alquimia...", incluído en *Apostasía* (2006), de Óliver Escobar.

Escobar, Óliver, "Xacobeo', de 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 outubro 2009, p. 32.

Insírese nesta sección fixa o poema "Xacobeo", pertencente a *Apostasía* (2006), de Óliver Escobar.

Escobar, Óliver, "De 'Apostasía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 novembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "mil artes...", incluído en *Apostasía* (2006), de Óliver Escobar.

Espinoso, S., "Un día para la cincenta da literatura", *La Región*, "Ourense", 24 marzo 2009, p. 11.

Fálase da homenaxe aos poetas ourensáns Antón Tovar e Víctor Campio que tivo lugar no Liceo de Ourense con motivo da celebración do Día Mundial da Poesía (21 de marzo). Ofreceuse un recital, a cargo do alumnado de varios centros educativos da provincia, da obra de Antón Tovar e outro da obra de Víctor Campio que contou coa participación de Teresa Devesa e Loly Conde. Infórmase que o acto se completou cun coloquio sobre a obra deste último autor que contou coa participación de Marcos Valcárcel, Manuel Outeriño e o propio poeta. Tamén se destaca a condición de Ourense como berce dunha gran cantidade de poetas: Manuel Curros Enríquez, Xosé Luís Méndez Ferrín, Celso Emilio Ferreiro, Pura Vázquez e Manuel Blanco, entre outros.

Espinoso, S., "A Esmorga', 50 anos despois", *La Región*, "Ciudad", 3 abril 2009, p. 16.

Con motivo da celebración dos cincuenta anos da primeira publicación d'*A esmorga*, a Deputación de Ourense vai realizar unha serie de homenaxes e, entre elas, salienta o percorrido que se vai realizar polos distintos puntos da cidade que aparecen na novela. Describe os puntos dese roteiro e comenta que a Deputación tamén publicará unha nova edición da obra que será entregada ao público, así como, que se lembrarán os trinta anos do pasamento do escritor.

Espinoso, S., "El Centro Cultural prepara una exposición 'personal e intimista' sobre Blanco Amor", *La Región*, "Ciudad", 16 novembro 2009, p. 9.

Anuncia que o Centro Cultural da Deputación e mais o Instituto Blanco Amor preparan a exposición monográfica sobre o autor, "dado que Ourense vive inmersa na celebración do 'Ano Blanco Amor", a cal abrirá o día 1 de decembro, coincidindo coa ofrenda floral oficial. Comenta que será unha exposición biográfica de fotografías e obxectos persoais, así como a colección bibliográfica relacionada coa súa obra.

Espinoso, S., "Blanco Amor y Quessada, en el recuerdo", *La Región*, "*Fin de Año 2009*", 31 decembro 2009, p. 17.

Recóllense as homenaxes dedicadas a Eduardo Blanco Amor e Xaime Quessada na cidade de Ourense. Por unha banda, destácanse as celebracións levadas a cabo para conmemorar o cincuenta aniversario da publicación d'*A Esmorga*, así como o trinta aniversario da morte do escritor. Por outra banda, menciónase no nomeamento como fillo predilecto da cidade de Ourense a Quessada. Finalmente, lémbrase o falecemento doutros personaxes ilustres do panorama artístico: o cronista Anselmo López Morais e o musicólogo Manuel de Dios.

Estévez, Arantxa, "Seducidas por María Casares", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", 5-11 marzo 2009, p. 26.

Faise un repaso á vida da actriz galega exiliada en Francia, María Casares, unha figura xa empregada como personaxe literario na obra de Inma López Silva *Memoria de cidades sen luz* (2008), así como n'*Os libros arden mal* (2006), de Manuel Rivas, e nun

libro de María Lopo, *Cartas no exilio* (2008), no cal sae á luz a correspondencia da actriz e o seu pai, o que fora ministro da República, Santiago Casares Quiroga. Dise que, polo dito, a súa figura está moi próxima á produción escrita galega.

Estévez, J. L , "Preparan una biografía ilustrada de Castelao", *El País*, "*Galicia*", 27 xullo 2009, p. 5.

Dáse noticia do interese que suscita a vida de Castelao na figura cinematográfica arxentina de Jorge Prelorán. Indícase que nos últimos anos da súa vida traballou nun proxecto etnobiográfico sobre a vida de Castelao. Explícase que o escritor arxentino Carlos Penelas axudou a Jorge no seu proxecto. Coméntase que a proxecto estivo aparcado pola falta de financiación até que, despois da morte de Prelorán Penelas retomou a idea cun gran pulo. Indícase que o proxecto tamén tentaría dar a coñecer a figura do de Rianxo en América latina. Por último coméntase que sería tamén unha homenaxe por parte de Penelas levar a cabo o proxecto que tanta énfase lle puxera o cineasta Jorge Prelorán.

Estévez, José Luis, "El Tortoni vuelve a hablar gallego", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Coazul", 7 outubro 2009, p. 8.

Cóntase sobre unha iniciativa literaria no Café Tortoni de Bos Aires, onde "40 lectores manteñen viva a literatura de Galicia no histórico café bonaerense" dende hai tres anos, reuníndose un sábado ao mes para debater libros escritos en galego. Coméntase que as responsábeis son a licenciada en Letras Andrea Cobas e a xornalista Débora Campos, ambas de ascendencia galega, que tiveron a idea cando o Centro de Estudos Galegos da Universidade restrinxiu o acceso só para os membros universitarios. Segundo elas, por esta causa, e por non haber librerías especializadas en Bos Aires para abastecer a comunidade galega alí asentada, deben usar moitas veces fotocopias dos libros. Saliéntase que o Café Tortoni é un lugar emblemático na capital, de encontro de intelectuais, incluídos os exiliados galegos tras a guerra civil; por iso o primeiro ano, ese foi o tema escollido para as lecturas; o 2008 foi a novela policíaca e este os clásicos. Din que algúns escritores galegos teñen visitado este faladoiro, aínda que, o favorito dos lectores é Suso de Toro.

Eyré, X.M., "Para ler no verán", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "Cultura", 23-29 xullo 2009, p. 32.

Fálase da lectura no verán, e comézase dicindo que nada externo nos comprace totalmente, que a xente se queixa tanto da calor coma do frío, pero que o que realmente importa, está dentro de nós. Infórmase de que o ano 2008 foi excepcional en canto á novela, e suxírense unha serie de obras, dependendo das preferencias lectoras de cadaquén, entre as que están novelas históricas coma *Monbars o exterminador*, de Hixinio Puentes; *Renacer*, de Xabier Paz e o actual Premio da Crítica Española, *Festina lente*, de Marcos Calveiro, ademais de *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva; bestsellers "que non renuncian ás cualidades literarias" coma *O xardín das pedras* flotantes, de Manuel Lourenzo; *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal; *Os nomes do traidor*, de Xurxo Sierra Veloso e *Riofero*, de Xelís de Toro; as achegas de Borrazás,

Costa Norte/ZFK e do finado Antón Risco; novelas de xénero actual, coma *Ollos de auga*, de Domingo Villar; literatura próxima á de viaxes n'*O violinista de Mala Strana*; narracións "realistas" coma *Os bicos de* Tina, de Afonso Eiré; *Peaxes*, de Santiago Lopo e *A perspectiva desde a posta*, de Patricia A. Janeiro; *A vida nova de Madame Bovary*, de Caneiro; unha "de cascallo" como é *A choiva do* mundo, de Xosé M. Pacho; unha "que sorprende a todos" como é *A revolución dos globos*, de Alfonso Álvarez Cáccamo; "literatura de altura" coma *Para dicir abril*, de Xosé Vázquez Pintor e *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier Docampo; prosas que achegan ao mundo da poesía, como *Flor do grelo*, de Nacho Taibo o "universo des-xenerado e voraz" de *Nin che* conto e *Palabras* contadas, de Camilo Franco; e outras "entre a hiperbrevidade e o relato convencional" coma *A verdade como mal menor*, de Martínez Pereiro.

Fariña Pedreira, Juan Antonio, "A noite dos augurios", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 9 agosto 2009, p. 18.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Juan Antonio Fariña Pedreira (36 anos) intitulado "A noite dos augurios".

Faro, Mónica, "Manuel Rivas viaja a las antípodas", *El Correo Gallego*, "Cultura", 31 xullo 2009, p. 60.

Manuel Rivas manifesta neste artigo a importancia da conservación da memoria histórica. Explica que "a memoria histórica trata de recuperar a alma dos que susurran porque o seu caso non foi pechado". Tamén fala de como diferentes sectores influintes da nosa sociedade como a igrexa, a política máis conservadora e o campo intelectual e periodístico; lle atribúen disfraces para manipular a memoria. Por último, expón que "nos tempos de crise, a primeira víctima é a linguaxe", afirmación que corroborou Antonio Fernández Maira no acto de presentación da 38 Edición da Feira do Libro na cidade herculina na que expuxo que a venda de libros baixara no noso país un 15% por mor da crise económica.

Fdez de Arellano, Lucía, "El bosque animado', cobra vida sesenta años después", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que calor*", "A pé de rúa", 17 agosto 2009, p. 18.

Comézase nun primeiro apartado titulado "Un paseo por la fraga que inspiró la novela de Wenceslao Fernández Flórez en 1943" falando da fraga que inspirou a novela de Wenceslao Fernández *El bosque animado* en 1943. Indícase que en 1998 en Cecebre, Villa Florentina, renaceu unha fundación en recordo e homenaxe á figura do coruñés Fernández Flórez. Explícase que a fundación foi instalada nun palacete moderno que antes fora residencia familiar de verán do escritor. Dise que esta fundación realiza durante todo o año un programa de actividades semanais coma excursións literarias e que dentro da casa se realizan investigacións sobre o autor, dado que se estabeleceron espazos con esta finalidade, e que mesmo se habilitaron habitacións para hospedar a estes investigadores. Precísase que Fernández Flórez foi pionero da ruta dos Muiños e da ruta das fragas, unha grande afección da familia do escritor. Apúntase que na

fundación atópanse máis de seiscentas fotografías do seu irmán Félix, das paraxes da parroquia dende 1913, ano no que estabeleceron a súa vivenda de verán en Cecebre, logo a casa pasou a ser da Deputación da Coruña que despois a cedeu á fundación. Nun segundo apartado titulado "Redescubriendo el entorno", fálase do paseo fluvial que cambiou moito tanto a paisaxe coma o tipo de visitantes. Precísase que pasou a se converter en rúa real dos domingos de Cecebre (ribeira do río Mera). Indícase que durante o paseo pódese apreciar un antiguo aserradeiro, o río coma un ser humano con ollos e entrañas, as andanzas do fuco e a mina de carbón, a vía do tren onde se recordan os amores de Don Pedro e Dona Gundelia, as árbores centenarios do xardín e así moitas outras paradas que recrean esta novela. Saliéntase que Vella Florentina, cuxo nome corresponde á nai do escritor, é un centro cultural activo con actividades durante todo o ano. Anúnciase que se está a preparar a una exposición fotográfica sobre cen anos da fraga de Cecebre, coas fotografías do irmán do escritor e outras cedidas polos habitantes da zona.

Fdez. de Arellano, Lucía, "O teatro protagoniza o cartel de actividades de Caixanova en Vigo", *Xornal de Galicia,* "Cultura", 4 setembro de 2009, p.42.

A xornalista informa sobre a programación cultural que Caixanova propón no seu Centro Cultural de Vigo dende o mes de setembro até o mes de decembro, con motivo da conmemoración do 25 aniversario da entidade. Indica que para celebrala presenta una serie de actividades culturais moi diferentes e dirixidas a todo tipo de público. Comenta que, entre outras actividades, o público poderá gozar das representacións teatrais das compañías galegas Teatro do Morcego, Talía Teatro, Lagarta Lagarta e Teatro do Noroeste.

Fdez. de Arellano, Lucía, " A caída das follas inunda de novidades as librarías galegas", *Xornal de Galicia*, "Nós", n.º 31, "Libros/Novidades", 28 setembro 2009, pp. 6-7.

Fálase de como, sorprendentemente, se le máis no outuno que no verán por mor da necesidade de evasión despois das vacacións. E, faise fincapé en que as editorias son coñecedoras disto polo que aproveitan esta época para inundar de novidades as librarías galegas. O artigo segue facendo unha breve referencia ás obras literarias en galego de nova publicación que estarán presentes a partir deste outono nos andeis das librarías, mencionando tanto o tema do libro, o/a autor/a coma a editorial. Entre as obras de narrativas noméase o regreso de Suso de Toro, tras "tres anos de ausencia novelística" con *Sete palabras*; a cuarta novela de Diego Ameixeiras, *Dime algo sucio*; *Sol de inverno*, de Rosa Aneiros e os autores Xosé Cid Cabido e Xabier Quiroga; as colaboracións xornalísticas de Luisa Castro recompiladas en *Melancolía de sofá*; a publicación dunha obra inédita de Xosé Tobío Mayo, *O frade das dúas almas*; as traducións *A fama*, de Daniel Kehlmann; *Branco*, de Manuel Darriba; *Zazí no metro*, de Raymond Queneau; *Pelo de cenoria*, de Jules Renard; as monografías *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*, de Miguel Barros e *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*, de Xosé Fernández Castro; obras de Luís Barros, Euloxio Ruibal e Paulino Pereiro; o primeiro poemario de Blanca Novoneyra, *Dentro do labirinto*; *O incendio das palabras*, de Román Raña e *Palabras para un* baleiro, de Baldo Ramos. Finalmente, remátase sinalando que, debido aos recortes da Xunta en materia de

subvencións para traducións, a editorial Rinoceronte está á espera de publicar diversos títulos como son *Agardando a Godot*, de Samuel Beckett; *Onte*, de Agota Kristof; *Dez*, de Andrej Longo e *O ano do xardineiro*, de Karel Capek.

Fernán, Juan, "Gran Gala de Manicómicos", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 551, "Vivir en A Coruña", 11 xaneiro 2009, p. 6.

Anúnciase a Gran Gala V Aniversario de Manicómicos que terá lugar no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Trátase dun espectáculo de variedades para todos os públicos que ten como finalidade recadar fondos para financiar un novo local para a asociación, organizar cursos formativos sobre as diferentes técnicas actorais e a compra de material técnico e didáctico, entre outras cousas. Infórmase que na función participarán San & San, Willy Éter e Luis Quinteiro, Almacabra, Keke e Luis Elefante Elegante, Fredi, Trashno, Josito e Vera e Sue Moreno, entre outros.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, "De 'Libro das paisaxes vivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xuño 2009, p. 40.

Sección fixa na que se reproduce o poema "Voume sen nada...", incluído en *Libro das paisaxes vivas* (1985), de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, "De 'Dicionario do estremecemento", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xullo 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "ERÓTICA II", pertencente a *Dicionario do estremecemento* (2007), de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Fernán-Vello, Miguel Anxo, "De 'Libro das paisaxes vivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 setembro 2009, p. 32.

Insírese nesta sección fixa o poema "Voume sen nada...", incluído en *Libro das paisaxes vivas* (1985), de Miguel Anxo Fernán-Vello.

Fernández, Laura, "Los escolares ponen voz a los poemas de Curros Enríquez en la clausura del centenario", *La Región*, "Celanova", 6 marzo 2009, p. 20.

Fálase do acto de clausura dos actos do I centenario da morte de Manuel Curros Enríquez que tivo lugar en Celanova. Infórmase que ao acto asistiron alumnos dos colexios situados en Celanova, A Coruña e Pazos do Borbén que levan o nome do autor, así como o Sagrado Corazón de Celanova. Engádese que o acto contou cun recital por parte dos alumnos que tamén puideron coñecer e visitar a vila natal do autor. Dise que o encontro se pechou cunha actuación da cantante ourensá María do Ceo, que vén de publicar un disco, "No bico un cantar", no cal pon música a poemas de Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín, entre outros.

Fernández, Laura, "La literatura como fórmula de integración", *La Región*, "Allariz", 19 abril 2009, p. 18.

Comenta que as bibliotecas do Instituto de Allariz e de Integratex están a organizar un club de lectura no que se tratarán principalmente temas sociais. Informa que o club leva por nome "Lecturas Solidarias" e indica que o obxectivo é que o público participe cos comentarios e tamén, a través dun achegamento aos lectores, con proxeccións de películas e documentais e, incluso, coa creación dun blog.

Fernández, Xurxo, "Alfonso García, el vigilante", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los vientos", 12 xaneiro 2009, contracuberta.

Breve nota sobre a aparición do volume *Encuesta mundial sobre la lengua gallega* (2008), de Xesús Alonso Montero, na que se indica que se trata dunha reedición do publicado en 1974 e mais que é un libro sobre sociolingüística.

Fernández, Xurxo, "Memoria y fe del amigo Bernáldez", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 13 abril 2009, contracuberta.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, lembra que este ano se cumpren cincuenta anos da primeira publicación d'*A Esmorga*. Salienta que é unha das obras clave do "panorama literario universal" e recomenda unha volta á súa lectura.

Fernández R, "De cinzas e luz", *ABC*, "*Artes&Letras Galicia*", n. º 7, "Arte", xullo 2009, p. 10.

Con propósito da exposición que tivo lugar en Vigo na Sede da Fundación Caixa Galicia dunha selección das mellores obras do pintor Leopoldo Nóvoa realizadas entre os anos setenta e noventa, fálase da vida do autor galego facendo referencia a algunhas anécdotas como a queima do seu taller en París e que da nome á súa colección ou a súa colaboración coa editorial Galaxia na ilustración de diversos libros de Ramón Piñeiro. Inclúese ademais unha ilustración dunha obra do autor.

Fernandez Tui, Xerardo, "Eu coñecín a Kerouac", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 27 agosto 2009, p. 15.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Xerardo Fernández Tui (30 anos) intitulado "Eu coñecín a Kerouac".

Ferreira, A., "Tui conmemora con un recital poético el aniversario de los Xogos Glorais", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", 23 xuño 2009, p. 22.

Dá noticia do CXVII aniversario da celebración dos Xogos Florais de Galicia, dise que terá lugar na Igrexa de Santo Domingo ás 20:30h. Indica que acudirán as poetas Yolanda Castaño, Eva Veiga e Marga do Val, xunto co músico Tomás Camacho. Explica que está organizado pola Biblioteca Pública Municipal de Tui e o programa Letras Vivas da Consellería de Cultura e Turismo. Apunta que é o primeiro acto público realizado integramente en lingua galega. Refire que premia composicións feitas en galego e castelán e que Manuel Murguía foi o primeiro presidente desa institución. Destaca do programa o propio acto dos Xogos, un concurso de gaiteiros, unha cea rexionalista e a actuación da orquesta catedralicia.

Ferreira, A., "Homenaje póstumo al poeta Gómez Alfaro en A Guarda", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Baixo Miño", 27 novembro 2009, p. 17.

Dá conta da homenaxe ao falecido poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro, enumerando as diferentes personalidades que participarán no acto, "personalidades de las letras o compañeros de magisterio, que conocieron al escritor", entre os que destacan Joaquín Miguel Villa Álvarez, José Gregorio Ferreiro Fente, Luis González Tosar e Xesús Alonso Montero.

Ferreira, A., "Emotivo homenaje en A Guarda al fallecido poeta Gómez Alfaro", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Baixo Miño", 1 decembro 2009, p. 21.

Recolle a homenaxe celebrada ao poeta desaparecido Xosé Carlos Gómez Alfaro. De seguido dá conta das personalidades que participaron no acto destacando as intervencións de Xosé Gregorio Ferreiro e Xesús Alonso Montero, encargados de facer un percorrido, a través das súas palabras, da vida do poeta, destacando "no sólo las virtudes poéticas, sino también unas virtudes más importantes que las literarias, porque las virtudes éticas están por encima de las artísticas e incluso de las científicas"

Ferreiro, Alfredo, "Medo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xuño 2009, p. 39.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Medo", de Alfredo Ferreiro.

Ferreiro, Alfredo, "Misterio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 novembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección o poema "A orixe dos metais...", pertencente a *Misterio*, de Alfredo Ferreiro.

Ferreiro, Luis P., "O mal tempo encheu de público o inicio da Feira do Libro da Coruña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 agosto 2009, p. 30.

Anúnciase o comezo da Feira do Libro da Coruña, que considera a máis importante de Galicia, e describe o seu programa de actos. Dise que comezou co pregón de Miguel Anxo Fernán Vello e que a chuvia propiciou a afluencia de público. Coméntase que nese día asinaron Manuel Rivas e Yolanda Castaño con moito éxito, dentro do intenso

programa de actividades até o 10 de agosto. Destácase "A feira dos nenos", cada día ás 6 da tarde; conferencias, como a de Xesús Alonso Montero, ou recitais, como o de Carlos Caneiro. Prevese unha grande afluencia de escritores galegos que asinen os seus libros, como Carlos Reigosa, Xavier Alcalá, Luis Rei, xunta a outros de fóra como Espido Freire ou Orhan Pamuk. Engádese que esta edición trixésimo segunda da Feira celebrarase, como cada ano, nos Xardíns de Méndez Núñez, compartíndoo coa Mostra de Artesanía e o Certame de Casas Rexionais. Ademais, haberá desconto do dez por cento e sorteo diario de libros.

Ferreiro, Luis P., "O Pen Club homenaxea a Aquilino Iglesia no centenario do seu nacemento", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 xuño 2009, p. 49.

Comenta que o Pen Club de Galicia lle rendeu unha homenaxe ao escritor Aquilino Iglesia Alvariño coa celebración de dous actos. O primeiro tivo lugar na casa natal do poeta onde se descubriu unha placa conmemorativa e dá conta das persoas que participaron. O segundo, consistiu nun acto literario no que interviñeron Luís González Tosar, Santiago Fernández Rocha, Xosé Miranda e Luciano Rodríguez.

Ferrer Molinero, Esther, "De 'Musas hiperactivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 febreiro 2009, p. 40.

Sección fixa na que se acolle o poema "Diverxencias", pertencente a *Musas hiperactivas*, de Esther Ferrer Molinero.

Figueroa Panisse, Adela, "Monólogo do marinheiro", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 21 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Adela Figueroa Panisse intitulado "Monólogo do marinheiro".

F. L., "Luís González Tosar cumpre 40 anos de activismo cultural", *El Correo Gallego*, "Cultura", 30 abril 2009, p. 60.

Achega as lembranzas de Luís González Tosar da súa traxectoria vital. Recorda os anos que pasou na emigración e a súa volta a Vigo, onde puido coñecer a escritores como Francisco Fernández del Riego, Carlos Casares, Ramón Piñeiro, etc. Tamén fai referencia á experiencia coa revista *Dorna* e opina, como presidente do Pen de Galicia, sobre a edición de libros en Galicia.

Flowers, Margarito, "María Castro, comendadora do cocido", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 20 xaneiro 2009, contracuberta.

Fálase da novela do periodista Alberto Canal finalista do premio Xerais 2008, *Conexión Tubinga* (2008), que ten como trasfondo a obra *¿Existe Dios?*, de Hans Küng, na que se

intenta demostrar racionalmente a existencia de Deus. Explícase que a novela de Canal arranca coa descuberta deste libro por parte dun mozo seminarista en Ourense, a piques de introducirse en cuestións relacionadas co Opus Dei, a filosofía de Kant, a doutrina do Papa Ratzinger ou o inmobilismo dos seminarios.

Flowers, Margarito, "Encuentro literario con Xosé Manuel G. Trigo", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 25 febreiro 2009, p. contracuberta.

Refire que o escritor Xosé Manuel G. Trigo vai presentar a súa última obra, *Viaxes do corazón* (2008), na biblioteca de Bertamiráns. Así mesmo, indica que o acto está organizado pola editorial Galaxia e a libraría Mainomen e comenta que na presentación acompañarán ao escritor Víctor F. Freixanes e Xosé María Álvarez Cáccamo.

Flowers, Margarito, "Habana Flash' con el abuelo de Xavier Alcalá", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 16 xuño 2009, contracuberta.

Fai referencia á última obra de Xavier Alcalá *Habana Flash* (1998), publicada por Nowtilus en castelán. Comenta o argumento da obra que trata da viaxe que realizou a América e salienta ao personaxe do avó Remigio.

Fontes, Carlos, "Muller sen burka", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 8 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Carlos Fontes (corenta anos) intitulado "Muller sen burka".

Forián, Emilio, "Preparan dous poemarios inéditos do barcalés Ardeiro coincidindo co seu segundo cabodano", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 22 decembro 2009, p. 10.

Dá conta da xuntanza celebrada na comarca da Barçala con motivo do segundo ano dende o falecemento do poeta Xosé Manuel López Gómez. De seguido, comenta a próxima publicación de dous libros de poemas inéditos do finado. Neste senso, coméntase a liña de publicación que seguirá a edición destes libros, fundidos nun so dividido en dúas partes: "Un tempo de Amor", que abrangue corenta e tres poemas cunha media de vinte versos cada un; e, "Voces na diáspora", cunha forte carga emotiva ao redor da nostalxia e o desarraigo.

Foscaldo Fernández, María, "Plácido Castro dará nome a unha rúa en Carril, para enxalzar a figura do intelectual galeguista", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 25 outubro 2009, p. 29.

Co gallo de o Concello de Vilagarcía ter aprobado asignarlle o seu nome a unha rúa de Carril, faise unha descrición do intelectual galego Plácido Castro. Coméntase que este

nado en Corcubión en 1902, marchou con cinco anos a estudar a Inglaterra, onde se licenciu en Filoloxía inglesa. Ao seu regreso reafirmouse no galeguismo e pasou a ser membro activo do Partido Galeguista: seguindo o modelo británico, "reclama a recuperación da identidade e busca aquilo que nos pode definir, algo do que sentirnos orgullosos". Lémbrase que en 1940 foi procesado polo goberno franquista e desterrado de Muxía, onde vivía coa súa familia, e chegou a Vigo. Remata dicindo que en 1949 tivo que voltar a Londres por mor das fortes presións políticas e que alí exerceu como locutor da BBC, e creou o primerio programa en galego na radio do mundo.

Fraga, Modesto, "De 'Derrotas con raíces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 abril 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Cos dedos esgazados..." do poemario *Derrotas con raíces* (2007), de Modesto Fraga.

Fraga, Modesto, "De 'Derrotas con raíces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 maio 2009, p. 40.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema intitulado "CAMIÑOS DE FERRO" do poemario *Derrotas con raíces* (2007), de Modesto Fraga.

Fraga, Xesús, "Cortázar y Galicia: un viaje de ida y vuelta del lado de 'allá' al de 'acá", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 315, 30 maio 2009, p. 3.

Comenta a relación de Julio Cortázar con Galicia e fai referencia á metáfora do "lado de acó" e mais o "lado de aló", é dicir, ás influencias que recibiu de Galicia e da Galicia da emigración. Indica que en Arxentina coñeceu a varios escritores galegos como Rafael Dieste, Luís Seoane, Lorenzo Varela, etc. e destaca a algúns editores que fixeron posíbel sacar á luz as obras de Cortázar. A seguir, fala da relación directa do escritor con Galicia a través da figura da súa muller Aurora Bernárdez e, finalmente, sinala que as tempadas que o escritor pasou en Galicia están recollidas no libro de Francisco Fernández Naval, *Respirar polo idioma (Os galegos e Julio Cortázar)* (2006).

Fraguela Vale, Susana, "O comezo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 12 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Susana Fraguela Vale (36 anos) intitulado "O comezo".

Franco, Camilo, "Os libros de Galaxia xa están no escaparate virtual de Google Books", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 febreiro 2009, p. 55.

Refírese ao acordo entre a editorial Galaxia e o buscador de Internet Google Books. Deste xeito, a empresa norteamericana conta con mil douscentos títulos da editora galega que poden consultarse no espazo dedicado aos libros de Google. Tanto o director de Galaxia, Víctor Freixanes, como o director de Google Books para España e Portugal, Luis Collado, salientaron que se trata dunha iniciativa de cara á difusión do libro galego.

Franco, Camilo, "A literatura sobre os conflitos nas aulas é un éxito de vendas en Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 febreiro 2009, p. 56.

Fálase do éxito de dous libros franceses que teñen como temática os conflitos nas aulas: *A clase* (2008), de François Bégaudeau, e *Mal de escola* (2008), de Daniel Pennac, ambos dous traducidos ao galego por Xavier Senín e Isabel Soto. Saliéntase o interese que estas dúas obras levantaron entre o público galego.

Franco, Camilo, "A poesía volve ás cousas da terra", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 marzo 2009, p. 48.

Con motivo do Día Internacional da Poesía faise un repaso da situación da poesía galega máis recente. Enuméranse as características que a definen: carácter individualista, menos culturalista, menos estetizante e máis centrada nos problemas da sociedade. Tamén se sinala o bo momento que está a vivir, posto que segundo un estudo do escritor e editor Fran Alonso, os títulos poéticos abarcan un vinte por cento das publicacións literarias galegas. Enumérase algún dos poetas máis salientábeis desta última época: Xía Arias, Daniel Salgado, María Lado, Mario Regueira e Olalla Cociña.

Franco, Camilo, "París, Belfast e Bos Aires estudan a importancia da Xeración Nós", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 abril 2009, p. 58.

Comenta que nas cidades de París, Belfast e Bos Aires se van desenvolver diferentes relatorios, exposicións e debates sobre a Xeración Nós. Informa que en París terá lugar o ciclo de conferencias "O sentimento europeísta da Xeración Nós" e dá conta dos participantes nos relatorios. A seguir, indica que se realizará unha mostra co título de "Europa en Vicente Risco" organizada pola Fundación Vicente Risco, a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores e a universidade parisina. Finalmente, comenta que na cidade de Belfast se está a realizar o encontro de hispanistas británicos e dá conta dalgúns dos participantes así como do título dos seus relatorios.

Franco, Camilo, "A obra de Novoneyra protagonizará o Día das Letras Galegas do 2010", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xullo 2009, p. 58.

Dise que a Real Academia Galega escolleu a Uxío Novoneyra como poeta homenaxeado o Día das Letras Galegas no ano 2010, xusto no décimo aniversario do seu pasamento, e expóñense os motivos que aduce a institución para xustificar a súa decisión. Indícase que, entre outros motivos, a RAG destaca a súa total entrega a Galicia, o seu compromiso coa terra e coa lingua galega, a modernidade e novidade da

súa obra e o gran favor do público do que sempre gozou. Fálase tamén sobre algunha das súas obras máis representativas como *Os Eidos* (1955, 1974) ou *Do Courel a Compostela* (1998). Recóllense as palabras da súa viúva tras coñecer a noticia do seu nomeamento e as do presidente da RAG para aclarar o por que da escolla en lugar de Ricardo Carvalho Calero.

Franco, Camilo, "A literatura galega segue estando 'connotada' no seu propio país", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Encontros", 11 outubro 2009, pp. 46-47.

Conversa con Inma López Silva e Agustín Fernández Paz, que coinciden en que o acto de escribir é soberano e que non debe estar condicionado. Ambos afirman ademais que en "canto se sentan a escribir" non están presentes as preocupacións de uso da lingua galega. Os dous expoñen os seus puntos de vista sobre a distancia xeracional, sobre a necesidade de pensar nos receptores e sobre as "marxes dos territorios que cada escritor quere ter". López Silva considera que aínda hai certa visión de que "a poesía é superior", mentres que Fernández Paz observa que o peso do verso leva con el "algunhas circunstancias históricas que se foron diluíndo nos últimos anos".

Franco, Camilo., "Os fillos de Cunqueiro litigan pola liquidación dos dereitos de autor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 outubro 2009, p. 46.

Infórmase sobre o litixio presentado no xulgado de Viveiro por un dos fillos de Cunqueiro contra o seu irmán, por causa dos dereitos de autor xerados pola obra do seu pai entre 1999 e 2006 e que un deixou de pasarlle ao outro, que vive en Nova York. O demandante, Álvaro, acusa a César de darlle escusas dende 1996, como o coidado dunha tía, os baixos rendementos, etc., para non pasarlle a parte que lle correspondía, a cal, segundo el, rolda os catro mil euros anuais, polo que a reclamación ascende a trinta mil euros. Explícase que dende 2006 algunhas editoriais xa liquidan estes dereitos por separado. Anúnciase que a vista se retomará en novembro. Compárase esta situación con outras herdanzas ben coñecidas, como a de Camilo José Cela ou Outavio Paz e abre o debate sobre o papel dos herdeiros dos artistas como xestores do legado e as queixas de especialistas sobre o abusivo control que exercen.

Franco, Camilo, "O sector escénico galego teme un recorte nas contratacións da rede", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 decembro 2009, p. 42.

Faise eco da problemática que está a vivir o sector escénico galego tras os posíbeis recortes nas contratacións e axudas. Con respecto ao panorama futuro que se presenta, recóllese a perspectiva de Juan Carlos Fernández Frasero, responsábel de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), cuxa visión é mais optimista.

Franco, F., "Méndez Ferrín, entre amigos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 8 febreiro 2009, p. 44.

Refírese a cea-homenaxe que tivo lugar en Vigo na honra de Xosé Luís Méndez Ferrín que finalizou cunhas palabras de Xabi Xil Xardó, Anxo Angueira, Xosé Manuel García

Crego e o propio Méndez Ferrín. Coméntase que á cea acudiron amigos do homenaxeado como Bernardiño Graña, Darío Xoán Cabana, Chus Pato, Xosé María e Alfonso Álvarez Cáccamo e Xavier Queipo, así como membros da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega. Dise tamén que a noite comezara cun acto no Centro Social Caixanova.

Franco, F., "Non estou capacitada para a sumisión", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Viguesas Pioneras", 28 xullo 2009, p. 11.

Fala da escritora María Xosé Queizán, quen se confesa feminista. Nun primeiro apartado introduce a Queizán cunha breve descrición da súa personalidade e dos logros máis importantes desta escritora. A continuación estrutura a nova en bloques e en cada bloque trata un determinado aspecto da vida da autora. Primeiro fala do seu pasado e dos difíciles inicios que tivo facendo teatro durante a época franquista. Dedica o segundo e terceiro bloque aos seus estudos en París e España e ao seu casamento e divorcio. F. Franco deixa aquí espazo para falar das obras máis importantes da escritora, que a fixeron ser pioneira na narrativa feminina en galego. O remate da noticia queda dedicado ao nacemento da revista *A festa da palabra* (1983), da que Mª Xosé é fundadora, e ás ultimas publicacións feitas nela.

Franco, F. "Viajé mucho, pero al modo del XIX", *Faro de Vigo*, "Vigo", "Viguesas pioneras", 30 xullo 2009, p. 8.

Relátase a vida de Mª do Carmo Kruckenberg. Faise referencia á súa infancia e xuventude e á contorna social na que se criou. Fálase da actitude e a forma de vivir que tivo. Refírese tamén ás viaxes que a escritora realizou ao longo dos seus anos, e do enriquecemento que supuxeron para ela e para a súa obra. Noméanse algúns dos máis importantes intelectuais da época que formaron parte do círculo desta autora, e tamén da súa obra. Por último, refírese á pronta publicación da súa biografía. Nun á parte titulado "Un recorrido por los caminos del arte", faise fincapé de novo nas súas viaxes e alúdese á súa obra e tamén aos premios que obtivo ao longo da súa traxectoria.

Franco, Fernando, "Mira Vigo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 29 maio 2009, p. 10.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, Fernando Franco fai referencia á editorial galaicoasturiana Nigratea e tamén á relación que mantén con Bieito Ledo, director da editorial Ir Indo. Comenta que Bieito Ledo empezou coa libraría Ir Indo e co traballo de moitos anos conseguiu a editorial e tamén fundar os Premios da Crítica Galicia.

Franco, Fernando, "Álvarez Blázquez, memoria de Vigo", *Faro de Vigo*, "Vigo", 28 novembro 2009, p. 14.

Recolle as memorias de Blanca Fernández Feijóo, unha das pocas mulleres galegas que asistiu á universidade nos anos corenta. Deste xeito, faise un breve repaso pola biografía desta muller no que se destaca, non só a súa traxectoria persoal e académica, senón que

se fai especial fincapé nas amizades que tanto ela coma o seu marido Álvaro Álvarez Blázquez frecuentaban: Álvaro Cunqueiro, Prego de Olivier, Celso Emilio Ferreiro, Valentín Paz Andrade, Plácido Castro, José Sesto, Pedro Díaz, etc.

Franjo, F., "Los Baltar ceden con la biblioteca 200 años de su historia familiar", *El Correo Gallego*, "Cultura", 31 maio 2009, p. 68.

Dá conta do acto de entrega da biblioteca da familia Baltar ao Museo do Pobo Galego. Explica que esta cesión xa fora acordada no ano 2005 e é agora cando o Museo se vai facer cargo de inventariar todos os documentos. Indica que a biblioteca consta de máis de quince mil volumes dunha temática moi variada, entre a que destaca a referida á literatura galega, xa que un dos membros da familia, Ángel Baltar Varela, fora amigo de Rosalía de Castro e de Manuel Murguía e indícase que a produción literaria galega está representada por obras de López Ferreiro e de literatura do exilio. Ademais dáse conta dos responsábeis da biblioteca dende o século XIX até a actualidade.

Fustes, Pilar, "A linguaxe dos libros está contaminada pola crítica", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", 4 xuño 2009, p. 52.

Dá conta da participación de José Saramago nos Diálogos Literarios de Mariñán e comenta que o escritor falou sobre a importancia da lingua materna na Fundación Caixa Galicia da Coruña, xunto a Manuel Rivas. Por último, comenta que os Diálogos rematan coa conversa entre Xabier Rodríguez Baixeiras e Kirmen Uribe.

Fuentes Fungueiro, José Luis, "Campos de centeo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 11 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por José Luis Fuentes Fungueiro (vinte e seis anos) intitulado "Campos de centeo".

G., Maite, "La cultura reconoce a Ferrín como referente de la literatura gallega", *El Correo Gallego*, "Cultura", 7 febreiro 2009, p. 68.

Fálase do acto que tivo lugar no auditorio do Centro Social Caixanova para homenaxear ao escritor Xosé Luís Méndez Ferrín con motivo do seu setenta cumpreanos. Coméntase que no acto estivo rodeado de persoeiros importantes da cultura galega e que contou coa participación de Anxo Angueira e do académico Francisco Fernández Rei, quen falou sobre a xestación d'*A trabe de ouro*.

Galicia Hoxe, "O pasado é lume, non cinsa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 outubro 2009, pp. 30 e 33-34.

Ao se cumpriren dez anos do pasamento de Uxío Novoneyra, escríbese esta reportaxe, onde se lembra o día da morte do poeta, o 30 de outubro, curiosamente a data que el mesmo elixira para lle faceren unha homenaxe no Teatro Principal de Compostela, "como se estivese elixindo o día da súa morte", segundo palabras da viúva. Saliéntanse as súas militancias: como "poeta total", en canto á súa abondosa obra, o seu compromiso social e as súas escollas estéticas máis actuais; como ideólogo, evolucionando entre o comunismo e o nacionalismo federal ibérico; como activista cultural, cos seus máis de cincocentos recitais e a dirección da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Gallas Otero, Lidia M., "Os vilagarciáns repasan a historia de Galicia a través do seu himno", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Exposición", 25 xaneiro 2009, p. 27.

Refírese á apertura da mostra "O himno: O tempos son chegados", que tivo lugar no Auditorio Municipal de Vilagarcía co fin de repasar todos aqueles símbolos que representan o pobo galego como a bandeira, o escudo e o himno "Os pinos", escrito por Eduardo Pondal.

Gallas Otero, Lidia M., "Acuarelas e imaxes danlle vida aos poemas de Cabanillas", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Aniversario", 15 febreiro 2009, p. 33.

Anúncianse unha serie de actos que se celebrarán en Cambados por mor do cincuenta aniversario do pasamento do escritor Ramón Cabanillas. En primeiro lugar, fálase da presentación do libro *Polo Salnés con Ramón Cabanillas*, publicado pola Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural en colaboración da Asociación de Ensinantes do Salnés (CANDEA). Coméntase que a obra está composta por unha selección de textos de Cabanillas ilustrados por acuarelista Eduardo Baamonde. Asemade, tamén se refire á apertura da exposición que leva o mesmo nome que o volume colectivo e ás fotografías dos artistas plásticos Emilio Moldes, Iñaki Abella, Quico Álvarez, Eduardo Apariz, Luis Barreiro, Mónica Irago, Martina Miser, José Luiz Oubiña, Carlos Puga, Xaquín Rosales e Mónica Vila que acompañan aos textos de Cabanillas.

Gallas Otero, Lidia M., "Tres cantautores galegos desembarcan en Vilagarcía cun recital de *Vai de Camiño*", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de culturas*", "Concerto", 15 marzo 2009, p. 24.

Anúnciase o concerto que terá lugar en Vilagarcía, inserido dentro da programación de Vai de Camiño. Saliéntase que Xoán Eiriz, Xoán Rubia e Marta Quintana foron os protagonistas da velada pola defensa e emprego do galego que fan nas súas composicións, asemade de citar algunhas das súas obras máis relevantes. Entre as de Xoán Eiriz destácase o traballo "Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro".

Gallas Otero, Lidia M., "Vilagarcía descobre as dificultades de publicar en galego durante o franquismo", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Exposición", 5 abril 2009, p. 31.

Dáse nova da inauguración da exposición "Editar en galego baixo a censura franquista", que se pode visitar no Auditorio Municipal de Vilagarcía, logo de percorrer outras dez cidades galegas. Explícase que na mostra se fai un percorrido aos corenta anos do franquismo durante os cales se impediu a publicación de textos en lingua galega. Cóntase co testemuño directo de dous galeguistas que viviron durante esa época: Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego.

Gallas Otero, Lidia M., "Os artistas do Salnés renden homenaxe ao poeta da raza, Ramón Cabanillas", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Exposición", 5 abril 2009, p. 33.

Fálase da mostra "Entre miradas" coa que os artistas do Salnés (fotógrafos e escultores, entre outros) renden homenaxe a Ramón Cabanillas por mor do cincuenta aniversario do seu pasamento. Comunícase que a exposición pode visitarse no Museo do Viño de Cambados e que conta con obras nas que o único protagonista é o poeta.

García, Jesús M., "O Círculo Poético Ourensán estrea hoxe o Roteiro de Filomena Dato con seis paradas no casco histórico", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 10 decembro 2009, p. 5.

Infórmase da realización por parte do Círculo Poético Ourensán do primeiro Roteiro Filomena Dato Muruais polas rúas de Ourense. A seguir detállanse as seis paradas deste roteiro centrado na figura desta poetisa ourensá.

García, Jesús Manuel, "Unha tese amosa a faceta pedagóxica de Vicente Risco como unha figura clave na galeguización do ensino", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 novembro 2009, p. 48.

Coméntase a tese de doutoramento de José Fernández sobre a obra pedagóxica de Vicente Risco, que obtivo a máxima cualificación e recomendación de ser publicada. Segundo as conclusións do doutor Fernández, quen estudou durante dez anos os cinco mil cincocentos escritos de Risco, foi este quen introduciu os traballos de campo dos alumnos e creou innovadoras teorías sociopedagóxicas sobre o galeguismo, polas que foi escollido polo Partido Galeguista para realizar o seu programa de ensino galeguista.

García, Jesús Manuel, "De paseo cos versos dunha digna sucesora de Rosalía", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 11 decembro 2009, p. 8.

Dáse conta da estrea do Roteiro Filomena Dato Muruais polas rúas de Ourense. Coméntase que o roteiro comezou ás oito da noite na rúa Santo Domingo e que durante o seu percorrido se fixeron numerosas referencias a Valentín Lamas Carvajal e ao seu xornal *O tío Marcos da Portela* e mais as pegadas de Filomena pola cidade de Ourense.

García, R., "Fallece el escritor Riveiro Loureiro al precipitarse desde una ventana de su casa", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 16 xaneiro 2009, p. 49.

Refírese ao falecemento do escritor coruñés Manoel Riveiro Loureiro ao caer dende una fiestra do seu domicilio. Saliéntanse algunhas das súas obras como *O Pasamento* (2002) ou *Xullo-Agosto* (2006), gañadora do premio Manuel Lueiro Rey do ano 2005, así como da grande admiración que sentía cara á URSS, o que fixo que traducira ao galego algunhas obras clásicas da literatura rusa.

García, Rodri, "O ano de Curros remata cun documental sobre o poeta", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 22 xaneiro 2009, p. 55.

Fálase da clausura do ano de Manuel Curros Enríquez coa presentación na Real Academia Galega dun documental dirixido por Xosé Henrique Rivadulla Corcón e que poderá verse na Televisión de Galicia. Coméntase que o documental contou coa participación de Francisco Rodríguez, Manuel Rei Romeu, Elisardo López Varela, Pilar García Negro, Xosé Luís Axeitos e Xosé Ramón Barreiro Fernández. Engádese que o documental inclúe a Manuel María recitando un poema do autor de Celanova.

García, Rodri, "La ópera de Juan Durán y Manuel Lourenzo 'O arame' aparece en deuvedé, con subtítulos en tres lenguas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 marzo 2009, p. 51.

Anúnciase a posta á venda do dvd *O arame*, ópera do compositor Juan Durán e do dramaturgo Manuel Lourenzo, posto que se basea nunha obra xa publicada por este en Laiovento, *Camiñar polo arame cunha lata de cervexa* (2005). Saliéntase tamén que esta é a primeira ópera escrita en galego dende que Ramón Cabanillas publicara *O mariscal* en 1926 e que sairá con subtítulos en galego, inglés e castelán.

García, Rodri, "Galicia influyó en la literatura de Roberto Bolaño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 maio 2009, p. 57.

Con motivo da celebración na Coruña do seminario internacional "De Huidobro a Bolaño: un siglo de vanguardia chilena en España", recóllense as opinións da organizadora do seminario, Eva Valcárcel, nas que dá conta da estreita relación entre o poeta chileno Vicente Huidobro e Vicente Risco, xa que o poeta de Bande estaba ao día das vangardas que estaban a acontecer en París, fronte a outros autores como Manuel Antonio e Eugenio Montes que as descoñecían. Ademais saliéntase a influencia de Galicia e de Rafael Dieste no escritor chileno Roberto Bolaño, fundamentalmente na novela *2666*, na que nomea á Universidade coruñesa, Santiago de Compostela e a librería Follas Novas.

García, Rodri, "Saramago estará hoy en los Diálogos de Mariñán, en cuyo acto inaugural fue recordado ayer Carlos Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 xuño 2009, p. 57.

Dá conta da participación do escritor José Saramago nos Diálogos Literarios organizados pola Fundación Carlos Casares, que arrincou cunha lembranza dos Encuentros de Verines nos que participaba, entre outros, Carlos Casares. Comenta que o premio novel intervirá co relatorio "Narrar, lembrar" e estará na mesa acompañado por Manuel Rivas e Rosa Aneiros. Salienta a importancia deste encontro e nomea os próximos participantes no evento.

García, Rodri, "Manicómicos homenajea a Carlo Colombaioni en la gala de su sexto aniversario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 decembro 2009, p. 44.

Recóllese a gala do grupo Manicómicos tras o seu sexto aniversario homenaxeando ao clown italiano Carlo Colombaioni, un dos primeiros artistas que pasou do circo ao teatro. Menciónanse ademais os motivos polos cales terán lugar dita celebración co obxectivo de recaudar fondos que axuden a financiar as actividades da compañía, caso dos programas de ocio alternativo e os talleres teatrais. De seguido, descríbense as características principais do espectáculo que terá lugar perante a celebración, destacando o carácter familiar e humorístico do mesmo.

García, Rubén, "Disfrutando del placer de la escritura. Taller de creación literaria de Fene", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 533, "Reportaje", 17 maio 2009, pp. 2-4.

Comeza falando sobre a orixe da literatura e a necesidade de escribir; tamén fai referencia á relación do escritor co lector e indica que en Fene se está a realizar un taller de creación literaria dirixido polo poeta Eduardo Estévez. Refire que o grupo de participantes é moi heteroxéneo e que a maioría non son expertos senón, simplemente, afeccionados á lectura. Tamén explica cómo se desenvolven as sesións e salienta que o xénero máis practicado é a narrativa breve. Así mesmo, anima aos seus alumnos a participar en premios literarios, en recitais poéticos, presentacións de libros, etc. e indica que o taller contou coa presenza de varios escritores recoñecidos, entre eles, Enrique Dacosta, Marta Dacosta, Carlos Negro, María Lago, Quico Cadaval, Cándido Pazó e Lino Braxe. A seguir, fala dos dous recitais literarios que organizan e comenta o interese das institucións locais pola literatura.

García, Xoán Xosé, "In-Ventos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 abril 2009, p. 39.

Sección fixa na que se acolle o poema "...E ferías..." pertencente ao poemario *In-Ventos* (2004), de Xoán Xosé García.

García, Xosé Lois, "De 'Pórtico do gozo (Poemas a Pantón)", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 abril 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "PAZO DO REGUENGO" pertencente ao

poemario *Pórtico do gozo (Poemas a Pantón)* (2008), de Xosé Lois García.

García Balado, Ramón, "*O arame*, ópera de Juan Durán", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 marzo 2009, p. 30.

Crítica musical da ópera *O arame*, do compositor Juan Durán, sobre un libreto de Manuel Lourenzo baseado nun texto xa publicado na editorial Laiovento: *Camiñar polo arame cunha lata de cervexa* (2005).

García Ferreiro, Xosé Luis, "Xosé Luís García Mato debería ser nomeado cronista oficial de Vilalba", *El Ideal Gallego*, "*Fiestas de Vilalba*", "Especial", "Fiestas", 29 agosto 2009, p. 40.

Recóllese a petición de José Ángel Valente contida no texto intitulado "Terra allea e máis nosa, alén, no lonxe" para que Xosé Luís García Mato fose nomeado cronista oficial de Vilalba a título póstumo, na que se insire unha breve composición poética inspirada na vila luguesa.

García Márquez, Marta, "Buscando un sitio para aparcar", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 8 xaneiro 2009, p. 15.

Fálase do cambio de local da compañía coruñesa Manicómicos que se muda coa intención de ofrecer una oferta máis rica con cursos formativos, unha programación permanente e para habilitar espazos para unha biblioteca, unha videoteca e unha fonoteca. Dise que para recadar fondos a compañía sen ánimo de lucro organizará una gala multidisciplinar para poder financiar o seu novo proxecto.

García Márquez, Marta, "A Alexandre Bóveda celebra os 25 anos de Amor e Desamor cun ciclo de poesía", *El Ideal Gallego,* "A Coruña", "Cultura", 15 xaneiro 2009, p. 14.

Fálase da presentación dos actos e actividades que se celebrarán con motivo do vinte e cinco aniversario do grupo Amor e Desamor. Indícase que o poeta Miguel Mato, Raimundo Martínez e a concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, anunciaron a publicación dun novo libro do grupo con ilustracións do colectivo Atlántico, contemporáneos de Amor e Desamor. Alén, coméntase que cabe a posibilidade de reeditar o primeiro poemario do colectivo. Por outra banda, anúnciase que se celebrará unha gala que podería estenderse por diferentes puntos de Galicia.

García Márquez, Marta, "Dez voces gritaron liberdade en verso", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 15 febreiro 2009, pp. 14-15.

Fálase da conmemoración do grupo poético coruñés De amor e desamor que celebra o seu vinte e cinco aniversario e que estaba conformando por Manuel Rivas, Lino Braxe, Xavier Seoane, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xulio Valcárcel, Pilar Pallarés, Miguel Mato, Francisco Salinas Portugal, Monterroso Devesa e o desaparecido Lois Pereiro.

Explícase a intención de dar ao prelo una nova antoloxía do grupo que poderá ir acompañada das ilustracións de pintores coétaneos ao grupo. Asemade, anúnciase que as celebracións culminarán cun gran recital que terá lugar nun auditorio da cidade aínda sen decidir.

García Márquez, Marta, "Cuando Robinson Crusoe se planteó pasar por la ciudad", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 8 marzo 2009, p. 15.

Fálase do libro *A Coruña nos textos dos viaxeiros*. *Séculos XVIII*, *XIX e XX* (2008) no cal se enumeran as distintas referencias literarias nas que se menciona a cidade da Coruña. Deste xeito, faise referencia a Daniel Defoe e o seu *Robinson Crusoe* ou a outros persoeiros como Miguel de Unamuno, Manuel Azaña, Álvaro Cunqueiro, John Adams (o segundo presidente dos Estados Unidos), Camilo José Cela ou Catherine Gasquoine. Indícase que a compilación foi realizada por Xan Arias e Andreu Rodríguez.

García Márquez, Marta, "Os versos que latexan máis forte", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 22 marzo 2009, p. 15.

Refírese ao recital que tivo lugar en Durán Loriga co motivo do Día Internacional da Poesía, dedicado á figura de Rosalía de Castro. Coméntase que nel participaron seis poetas galegas: Lucía Aldao, Tati Mancebo, Berta Dávila, Paloma Calvo, Diana Varela e Olga Patiño, acompañadas polos músicos Pablo Gómez e Tonecho Castelos.

García Márquez, Marta, "Si el mundo fuera ateo, la vida sería más transparente', asegura Saramago", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 4 xuño 2009, p. 13.

Comenta que o Premio Nobel de Literatura, José Saramago, vai participar nos Diálogos Literarios de Mariñán xunto ao escritor galego Manuel Rivas, encontros nos que se homenaxea a Carlos Casares. Achega as opinións de Saramago sobre certos conceptos da vida e fala tamén sobre a literatura e a importancia dalgúns escritores como Mario Benedetti.

García Márquez, Marta, "O CGAI abrirá a finais deste ano unha mediateca con 5.000 títulos en DVD", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 12 novembro 2009, p. 15.

Coméntase o novo programa do CGAI para 2010. Destacan as exposicións itinerantes e dous ciclos: con motivo do Xacobeo e sobre a obra de Gonzalo Torrente Ballester, no centenario do seu nacemento; tamén se fará outra homenaxe a Chano Piñeiro cunhas xornadas sobre cinema na Universidade de Vigo. Tense pensado abrir unha nova instalación: a Mediateca, con máis de cinco mil títulos e trinta horas rodadas en Galicia polo NODO. Así mesmo, dise que están a recuperar outras cintas galegas, entre as que estaría "Actos do centenario de Rosalía de Castro en Buenos Aires" (1937).

García Márquez, Marta, "O grupo 'Amor e Desamor' celebra 25 anos no Rosalía cun espectáculo 'sen mentiras", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 17 decembro 2009, p. 12.

Recolle a celebración do vixésimo quinto aniversario do grupo "Amor e Desamor". Destaca así a finalidade que levou a un grupo de poetas de estéticas tan diversas a coincidir na publicación dun poemario como *Amor e Desamor* (1984), xa vai pola súa terceira edición. Por outra banda, comenta o tipo de celebración organizada no Teatro Rosalía para conmemorar dito acontecemento, destacando un espectáculo que "non terá mais atrezo que as palabras, que serán existencias con Valcárcel, exultantes con Miguel Anxo Fernán Vello, frescas e con toque minimalista con Manuel Rivas, evocadoras de culturas, con Braxe, e profundas con Pilar Pallarés...". Finalmente, refire o parecer dos asistentes con respecto a posibilidade de que Lois Pereiro sexa o homenaxeado no Día das Letras galegas.

García Márquez, Marta, "Manicómicos celebra o sexto aniversario cunha gala en homenaxe a Colombaioni", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 31 decembro 2009, p. 19.

Dá conta do espectáculo preparado con motivo do sexto aniversario da organización Manicómicos, caracterizado pola idea de "novo circo", onde a música, o teatro e o espectáculo se mesturan nun só espazo. Recolle ademais a finalidade de dito evento co obxectivo de recaudar fondos que financien as actividades do colectivo. Por outra banda, comenta a homenaxe a Colombaioni nesta celebración.

Gesteira, Olalla, "Fue una intuición investigar sobre el poeta Manuel Pérez", *Faro de Vigo*, "Louriña-Baixo Miño", "Área metropolitana", 27 agosto 2009, p. 11.

Conversa con Xesús Presa Vaqueiro, na que explica como xurdiu a súa idea de investigar sobre o poeta salcediense Manuel Pérez y Pérez e os impedimentos cos que se atopou. Confesa tamén o seu interese por seguir afondando nesta investigación.

Gimeno, Maite, "Ferrín imprescindible", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 febreiro 2009, p. 7.

Fálase do acto celebrado para homenaxear ao escritor Xosé Luís Méndez Ferrín que contou con un aforo de trescentas persoas, entre as que se atopaban Antón Reixa, Margarita Ledo, Víctor Freixanes, Ramón Villares, Camilo Nogueira, Xosé Manuel Beiras e Ánxela Bugallo. Afírmase que o acto foi conducido polo poeta e narrador Anxo Angueira que comezou lendo un parágrafo do primeiro conto escrito por Ferrín con catorce anos: *Medo*. Remata dicindo que a segunda participación correu a cargo do académico Francisco Fernández Rei, quen explicou a xestación do exemplar d'*A trabe de ouro* realizado en 2006 na honra do homenaxeado.

Giráldez, J. Miguel, "Os mellores libros de 2009, en galego", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Literatura", 27 decembro 2009, pp. 4-5.

Presenta unha listaxe dos "mellores" libros publicados en galego en función das opinións dalgúns escritores, destacando, según a opinión de Suso de Toro, *Ouveo*, de Allen Ginsberg; *A deleiba do mundo*, de Amin Maalouf, *Sarah Kane. Obra completa* e *A noite do moucho*, de Anxo Rei Ballesteros. Rosa Aneiros escolle *Valados*, de Agustín

Fernández; *Para seguir bailando*, de Francisco Fernández Nava; *Makinaria*, de Carlos Negro; *e A filla do filósofo*, de Elena Poniatowska. Segundo Santiago Jaureguizar, *O símbolo perdido*, de Dan Brown; *A deleiba do mundo*, de Amin Maalouf; *Valados*, de Agustín Fernández; *Unha historia que non vou contar*, de Xosé Cid Cabido, e *Episodios galegos*, de Manuel Rivas). Pola súa banda Vicente Araguas recomenda *Do sentimento á conciencia de Galicia*, de María Xesús Lama e Helena González; *Erofanía*, de Yolanda Castaño; *Unha historia que non vou contar*, de Xosé Cid Cabido; *Pelo de Cenoria*, pola tradución de Xesús González Gómez; e a biografía de *Ramón Cabanillas: Crónica de desterros e saudades*, de Luís Rei. O escritor e xornalista Henrique Alvarellos destaca *Obra completa de Luis Pimentel* de Galaxia; *O Gran diccionario* de Xerais; e as *Cartas de Republicanos galegos condenados a morte*, de Xesús Alonso Montero). Yolanda Castaño recomenda *Secesión*, de Chus Pato; *O pouso do fume*, de Dores Tembrás; *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz; *Sol de inverno*, de Rosa Aneiros, e *Deter o día cunha flor*, de Luz Pozo. Pola súa banda Francisco Castro menciona *O paso do fume*, de Dores Tembrás: *Poemas con piruleta*, de Carlos Fonte; *Un conto de cegoñas*, de Antonio Ventura; *Eu tamén son fonte*, de Teresa Moure. Xosé Cermeño escolle *Mecánica da maxia. A ficción e ideoloxía en Cunqueiro*, de Manuel Forcadela; *Alvaro Cunqueiro fotobiografía sonora*, de Rexina R.Vega e César Morán, e *A praia dos afogados*, de Domigno Villar. Agustín Fernández Paz destaca *Sol de inverno*, de Rosa Aneiros; *Erofanía*, de Yolanda Castaño, e *Mil cousas poden pasar*, de Jacobo Fernández). Por último, Xavier Manteiga recomenda *Sidecar*, de Alberto Lema.

Giráldez, José Miguel, "John Millington Synge, un irlandés verdadero", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Aniversario", 11 outubro 2009, p. 2.

Aproveitando o centenario da morte do autor irlandés, lémbrase a atención posta a esta literatura na revista *Nós*, nomeadamente, o artigo que Vicente Risco lle dedicara a este autor e mais das súas obras traducidas para o galego.

Gómez, Chus, "Na memoria de Xohán Xesús González", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 166, "Vivir en Caldas", 10 xuño 2009, p. 6.

Comenta que a homenaxe a Xohán Xesús González, organizada pola Asociación Cultural O Fervedoiro, sufriu algúns cambios na súa programación. Indica que na inauguración se abrirá a mostra "Xohán Xesús González. Porta dun futuro proletario" e dá conta das persoas que intervirán. As seguir, informa que a celebración continuará no cemiterio de Cequeril onde se lerán poemas dedicados ao escritor falecido e tamén se fará entrega dun ramo de flores. Por último, comenta que haberá un xantar na vila e cita os nomes dos asistentes, entre os que destacan escritores e membros da Real Academia Galega.

Gómez, Cuca M., "A Pontevedra le va la batuta", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 14 outubro 2009, p. 78.

Indícase que en Arantzazu, Guipúzcoa, escritores galegos, cataláns e vascos celebraron o encontro Galeusca e que a delegación galega estivo formada por Alfredo Ferreiro, Antía Otero, Antón Riveiro Coello, Armando Requeixo, Cesáreo Sánchez, Dores

Tembrás, Eva Moreda, Fran Alonso, Francisco Castro, Laura Caveiro, Marcos Calveiro, Mercedes Queixas, Paco Souto e Rexina Vega.

Gómez, Cuca M., " Un xacobeo al alcance de todos", *Diario de Pontevedra*, "Gente a Diario", 23 decembro 2009, p. 70.

Entre as novas recollidas a máis relevante dá conta da presentación na Casa de Galicia en Madrid do proxecto de tecnoloxía social "El camino de los satélites", co que se pretende facer accesíbel o camiño para todas as persoas incluídas aquelas que padezan algún tipo de discapacidade. No evento presentouse la canción "Una línea en el cielo", do intérprete Serafín Zubiri.

Gómez, J., "Docentes de la USC resaltan la filosofía de la generación Nós y la oferta didáctica de los museos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 27 maio 2009, p. L 6.

Comenta que algúns docentes da Universidade de Santiago de Compostela presentaron os seus traballos de investigación e, entre os libros relacionados coa literatura galega, salienta a obra de Anxo González, *O espírito e a lama das formas* (2008), no que explica o pensamento filosófico da Xeración Nós, destacando as figuras de Vicente Risco, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Otero Pedrayo. Nun á parte intitulado "Identidad y ciudadanía, y la presencia literaria de la guerra", saliéntase o volume coordinado por Blanca Ana Roig Rechou, *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008), do que se precisa que é obra da rede de literatura infantil e xuvenil creada no ano 2004 e se indica que acolle traballos nas linguas do marco ibérico e dos galegos An Alfaya, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro e Carlos Casares, entre outros.

Gómez, J., "Ferrol y su comarca, os cen anos dunha idea altruísta", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 538, 21 xuño 2009, pp. 2-3.

Refírese á emigración dos galegos cara a Cuba. Fálase das escolas que se fixeron en Cuba para reducir o analfabetismo dos emigrantes galegos. Faise referencia a dous autores que trataron o tema: Guillermo Llora e Luís Alonso Girgado. Precísase que este último foi autor do artigo "Prensa e Literatura galegas na Habana (1880-1936)". No final da noticia, noméase a diferentes autores que crearon unha agrupación de irmandade e nomea a algúns deles, Antonio Fernández Fraga, Guillermo Cedrón, Xosé Fontenla Leal e Adelardo Novo.

Gómez, J., "Cela contó con 20 gallegos como escritores de 'Son Armadans", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 4 agosto 2009, p. 10.

Coméntase que a revista *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia*, da Fundación Camilo José Cela, dedica o seu último número a *Papeles de Son Armadáns*, a publicación que Cela dirixira entre 1956 e 1979, considerada unha das máis influíntes do franquismo, onde escribiron en castelán e galego máis de vinte intelectuais galegos.

Tamén se reproducen apuntes persoais deste sobre a posta en marcha da revista. *Extramundi*, que se complementa cunha exposición sobre esa revista que pode visitarse en Iria Flavia até o 15 de outubro, onde se destaca a presenza de Galicia.

Gómez, Joel, "Lúa de Alén Mar' venceu a presión franquista sobre o galego hai 50 anos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 31 outubro 2009, p. 50.

Dáse a coñecer o acontecido co poemario *Lúa de Alén Mar*, de Ernesto Guerra da Cal, por cumprirse cincuenta anos da súa publicación. Comenta o aplaudido que chegou a ser o volume pola crítica galega, malia a presión do franquismo, por mor do impacto internacional en moitas publicacións prestixiosas de tres continentes. Afírmase que no poemario está ben presente a infancia en Quiroga do autor ademais de reminiscencias da histórica poesía galega. Dise que este libro "contribuíu a internacionalizar as letras galegas, labor ao que dedicaba esforzos Guerra da Cal, exiliado en 1939, desde a súa cadeira na Universidade de Nova York". Engádese que entre 1946 e 1960 publicou sobre a literatura galega en manuais para Estados Unidos, Brasil ou Portugal, que aínda se estudan na actualidade.

Gómez, José, "Torrente Ballester, diez años de ausencia", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 517, "Reportaje", 25 xaneiro 2009, pp. 2-5.

Fálase do décimo aniversario do pasamento do escritor ferrolán Gonzalo Torrente Ballester, motivo polo cal na súa cidade natal terán lugar unha serie de conferencias e actos conmemorativos. Dise que nesta reportaxe os profesores e estudiosos Antonio Gil, José Manuel González Herrán, José Antonio Ponte Far, Darío Villanueva, Javier Ferreiro, Vicente Araguas, Luís Alonso Girgado, Carmen Becerra e Ángel Loureiro falan sobre a controvertida figura do autor no terreo persoal e no ámbito literario. Saliéntase a figura de Torrente como una das máis importantes entre os distintos escritores nados en Galicia.

Gómez, José, "Almanaques galegos, cando a cultura está nun salto de páxina", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 259, "Reportaxe", 19 abril 2009, pp. 2-4.

Dise que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades publicou a *Escolma de Almanaques Galegos* (2008), editados en Bos Aires, A Habana e Galicia no período comprendido entre 1865 e 1929. Saliéntase a importancia que tiñan estes almanaques, evidenciada pola presenza de publicidade neles.

Gómez, Lupe, "Hipopótamo amoroso", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 745, "Estar nas nubes", 25 xaneiro 2009, p. 9.

Refírese á obra do escritor Fran Alonso, *Un país a medio facer* (2008), un libro de entrevistas no que aparecen Manuel Rivas, Suso de Toro, Antón Reixa, Uxía Senlle e Ugía Pedreira, entre outros, os cales dan a súa visión sobre Galicia. Por outra banda, fálase do espectáculo Nexus 6, no que bailan Branca Novoneyra e Iria Pinheiro acompañadas pola música en directo de Isaac Garabatos e Jesús Andrés Tejada.

Coméntase que no espectáculo se mestura baile co recitado de poemas e a interpretación dun bolero e trata "da capacidade de durmir como una actividade construtiva, e do desexo liberador".

Gómez, Lupe, "Elegancia ferida", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 747, "Nas nubes", 8 febreiro 2009, p. 6.

Fálase do autor Lois Pereiro e dos recordos que Lupe Gómez garda con el, coma algún recital poético, a preparación do libro *Pornografía* (1995) da autora ou os faladoiros na casa das amizades. Saliéntase a obra de Pereiro *Poesía última de amor e enfermidade* (1995) e reflexiónase sobre se as composición poéticas dalgúns escritores cambiarían se, como no caso de Lois Pereiro, estiveran enfermos.

Gómez, Lupe, "O arlequín roto", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 752, "Nas nubes", 15 marzo 2009, p. 6.

Fálase da admiración que Lupe Gómez sinte pola obra de Pilar Pallarés *O Livro das derovacións* (1996). Saliéntase a figura da poeta como "distinta, singular, solitaria, independente" e como una obra finísima e pulcra na que unha poeta e un tigre manteñen unha singular dialéctica.

Gómez, Pedro, "Un mes de premios", *La Región,* "Opinión", 2 novembro 2009, p. 12.

Alude á entrega dos Premios Nobel das Letras, concedido a Herta Müller. Realiza unha serie de reflexións sobre a denuncia que a escritora rumano-xermana fai do mundo dictatorial na súa obra e considera que a súa literatura "refleja todo lo que ha sido nuestro tiempo y nuestra historia de provincialismo, nacionalismo y fascismo". Apunta que un dos seus libros está traducido ao galego por Edicións Xerais. Por último, comenta as palabras de Felipe de Borbón na entrega dos Premios Príncipe de Asturias.

Gómez Alfaro, X. C., "De 'Confíteor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 febreiro 2009, p. 39.

Sección fixa na que se acolle o poema "Declaro que mentín ...", pertencente a *Confíteor* (2005), de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, X. C., "De 'Alén do lume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 decembro 2009, p. 36.

Sección fixa na que se insire o poema "BERRO en nome do fillo fenecido...", pertencente a *Alén do lume* (2002), de X. C. Gómez Alfaro.

Gómez Alfaro, Xosé Carlos, "De 'Mar Aberto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 febreiro 2009, p. 38.

Sección fixa na que se acolle o poema "ESTA furia funesta, esta bravura, ...", pertencente a *Mar aberto* (2007), de Xosé Carlos Gómez Alfaro.

González, Mónica, "Neira Vilas, gañador do 'Reimóndez Portela' por artigos de EL CORREO", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 25 xullo 2009, p. 34.

Fala do premio Manuel Reimóndez Portela de xornalismo, que recibiu o autor de *Memorias dun neno labrego* (1968), Xosé Neira Vilas, quen tamen colabora no xornal *El Correo Gallego*. Explica que recibiu este galardón pola serie de artigos que publicou baixo o epígrafe de "Lóstregos". Indica que se lle entregará o galardón o día 18 de setembro ás 19.00 horas, coincidindo coa XXIII Feira do Moble de Galicia. Precisa que a celebración deste certame ten como principal obxectivo potenciar e fomentar a lectura en galego.

González Mora, Xosé Manuel, "O becho", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 28 agosto 2009, p. 20.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "O becho", escrito por Xosé Manuel González Mora e ilustrado por Xoán Baltar.

González Martínez, Xosé, "No cabodano de Ramón Cabanillas", *El Progreso*, "Opinión", 4 novembro 2009, p. 30/*Faro de Vigo*, "Opinión", 5 novembro 2009, p. 26//*La Región*, "Opinión", 6 novembro 2009, p. 28/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 7 novembro 2009, p. 24.

Alude aos actos organizados polo concello de Cambados para conmemorar o cincuenta aniversario da morte de Ramón Cabanillas. A continuación, repárase na estadía en Mondariz do poeta, levado por Enrique Peinador Lines, e a súa incorporación ao Balneario. Ademais de dar conta das actividades profesionais que desempeñou neste lugar, indica que a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e a Irmandade Xurídica Galega reinvidican este labor de Cabanillas coa aprobación da Declaración de Mondariz-Balneario, asinada por oito concellos, e que ademais pretende "consolidar o papel normalizador das corporacións locais", incluíndo a promoción da lingua galega.

González Tosar, Luis, "Blanco Amor, trinta anos depois", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 343, "Letras en galego", 12 decembro 2009, p. 7.

Fai un percorrido pola traxectoria tanto persoal como literaria, de Eduardo Blanco Amor, destacando as súas problemáticas, obstáculos e incluso criticando a actitude que considera se está a ter aínda hoxe co autor afirmando, que "o que fan é exactamente o mesmo que hai trinta, corenta anos... Ningunéano, non lle dan categoría". Destaca os seus labores en Arxentina tras emigrar de Galicia e a súa afiliación ao partido Azaña, da esquerda Republicana, enfatizando o seu traballo galeguista. Por outra banda, destaca

obras como *A Esmorga* (1959), *Os Biosbardos* (1962), *Xente ao Lonxe* (1972) e *Los miedos*. Caracterízao coma un home querido polos mais mozos aínda que afastados por aqueles da súa xeración a pesares de destacar os seus contactos cos integrantes da xeración do 27.

Gradín, Tere, "O poeta e a paisaxe", *Faro de Vigo*,"*El Sábado*", n.º 614, 4 xullo 2009, p. 1/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 242, 11 xullo 2009, pp. 1-2.

Tras indicar que o autor escollido pola Real Academia Galega para o Días das Letras Galegas 2010 é Uxío Novoneyra, se destaca o seu compromiso, o vangardismo e o galeguismo e que era profundamente democrático Faise un longo percorrido pola súa biografía e coméntase a súa vida dende a súa nenez e mocidade, pasando pola súa etapa en Madrid, as estancias en Santiago de Compostela, onde contacta co galeguismo da época e crece aínda máis o seu compromiso coa terra, a súa volta ao Courel coa súa enfermidade (unha pleuresía), o seu traballo na radio e na televisión en programas relacionados coa poesía, o seu traballo ao carón de compañeiros como Ramón Lourenzo ou Xosé Luís Méndez Ferrín e o seu cargo como presidente da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) dende 1983 até a súa morte en 1999. Tamén se inclúe un repaso pola súa bibliografía: *Os Eidos*, *Poemas caligráficos*, *Muller para lonxe*, *Tempo de elexía*, *Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras* ou *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*.

Gradín, Tere, "Ruta por las Villas Literarias", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 392, "Reportaje", 22 novembro 2009, p. 6.

Recolle as posibilidades baralladas dentro da programación prevista para o Xacobeo 2010, destacando a iniciativa do proxecto "Vilas Literarias", no que se pretenden incorporar rutas en toda Galicia co fin do promover o turismo. Destácase así a finalidade e a idea que sustenta o proxecto afirmando que "esta iniciativa consiste en el diseño de itinerarios por diferentes concellos tomando como punto de partida la literatura de los autores que nacieron en ellos, o que estén vinculados biográficamente a los mismos". Entre as rutas propostas, destácase a da Vila de Arousa e as súas posibilidades culturais como o lugar que veu nacer a Ramón María del Valle-Inclán, así como destaca os lugares da comarca vinculados a este e de gran interese turístico, como La Casa del Cuadrante, La Casa do Cantillo ou o Pazo de Rúa Nova. Finalmente, comenta a posibilidade dunha ruta literaria por mar que una as comarcas de Vilanova e A Pobra do Caramiñal.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 xaneiro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección o fragmento "Longa e dura foi a ruta..." pertencente ao poemario *Acendede as almenaras* (2008), de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 febreiro 2009, p. 41.

Reprodúcese nesta sección o poema "Íntimas canles escuras" integrado en *Acendede as almenaras* (2008), de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2009, p. 39.

Reprodúcese nesta sección o poema "Sei que se derruba..." pertencente a *Acendede as almenaras* (2008), de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 marzo 2009, p. 40.

Reprodúcese nesta sección o poema "Gaivotísima dona: Bernardino,..." pertencente a *Acendede as almenaras* (2008), de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xullo 2009, p. 32.

Insírese nesta sección o poema "Íntimas canles escuras" pertencente a *Acendede as almenaras* (2008), de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 setembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección o poema "O encoro de Castrelo de Miño" incluído en *Acendede as almenaras* (2008), de Bernardino Graña.

Graña, Bernardino, "De 'Acendede as almenaras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 novembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección o fragmento "Luísa Villalta..." pertencente ao poemario *Acendede as almenaras* (2008), de Bernardino Graña.

Graña, Farruco, "A maxia dos números", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 5 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Farruco Graña intitulado "A maxia dos números".

Gutiérrez, Eduardo, "Cortezón no recanto do nordés", *El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 21 outubro 2009, p. 27.

Lembra a primeira noticia que tivo de Daniel Cortezón, a través dun libro das festas patronais dos anos sesenta, do que resalta algúns aspectos, até manifestar que "pasou bastante tempo até que demos coa sua sonada" obra teatral, *As covas do rei Cintolo* (1956). Apunta que o coñeceu persoalmente cando o convidaron a dar o pregón da XIX Feira do Libro Galego de 1988 en Ribadeo. Achega outros datos salientábeis da vida e obra deste autor.

Hamilton, Iam, "Biografía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 maio 2009, p. 33.

Sección fixa que acolle un fragmento poético de "Biografía", de Iam Hamilton.

Hawatmeh Martínez, Jorge, "A fuxida", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 17 agosto 2009, p. 19.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "A fuxida", escrito por Jorge Hawatmeh Martínez e ilustrado por Marta E.

Heinze de Lorenzo, Úrsula, "De 'Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 marzo 2009, p. 41.

Sección fixa que acolle o poema "soterrados os versos...", pertencente a *Na pel do insomnio* (2008), de Úrsula Heinze de Lorenzo.

Heinze de Lorenzo, Úrsula, "De 'Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 marzo 2009, p. 36.

Sección fixa que acolle o poema "mexer en auga morna...", pertencente a *Na pel do insomnio* (2008), de Úrsula Heinze de Lorenzo.

Heinze de Lorenzo, Úrsula, "De 'Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 marzo 2009, p. 33.

Sección fixa que acolle o poema "entre as emocións...", pertencente a *Na pel do insomnio* (2008), de Úrsula Heinze de Lorenzo.

Heinze de Lorenzo, Úrsula, "Na pel do insomnio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 abril 2009, p. 40.

Sección fixa que acolle o poema "Confusa paixón...", pertencente a *Na pel do insomnio* (2008), de Úrsula Heinze de Lorenzo.

Hermida, Patricia, "A poesía, un raio que non 'cesa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 abril 2009, p. 36.

Dá conta da celebración en Ferrol da Semana da Poesía Salvaxe onde os espectáculos terán lugar en espazos abertos e tamén no Teatro Jofre. Comenta que xa participaron Karlotty e Guillermo Ferrández e cita os próximos asistentes ao evento, entre eles, Olalla Cociña.

Hernández, Imanol, "Viaje por el pasado documental ourensano", *La Región*, "Ourense", 2 maio 2009, p. 6.

Comenta que o Arquivo Histórico Provincial de Ourense vai realizar unha mostra na que expoñerá parte dos seus tesouros entre os que salienta a acta de reconstitución da Mocidade Galeguista de Ourense, documento datado en 1930 onde aparecen as sinaturas de personalidades como Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Ángel Martínez, Ramón Otero Pedrayo, etc. e os cargos que ocupaban nesa organización cultural.

Hernández, Imanol, "Poetas que buscan el nuevo Lorca", *La Región*, "Ourense", 17 novembro 2009, p. 11.

Dá conta da iniciativa do "Círculo Poético Ourensano" de converter Ourense en Cidade da Cultura Europea no 2020. Recolle ademais as finalidades desta organización entre as que destaca "dar a conocer la obra de escritores residentes en Ourense, asesorar a los creadores noveles y potenciar la literatura en los centros educativos a través de charlas y conferencias en colaboración con la Concejalía de Educación". Por outra banda, destaca a vinculación desta asociación cos poetas portugueses en mexicanos, salientando a publicación do poemario *Mundos por descubrir, poesía de Galicia y México*, no que participan os galegos José Ramón Fernández e José Antonio Santos, e os mexicanos Roberto Resendiz e Olimpia Badillo.

Hernández, Imanol, "Tres décadas sin Blanco Amor", *La Región*,"Ourense", 2 decembro 2009, p. 7.

Comenta a homenaxe á figura e a obra de Eduardo Blanco Amor, co cincuenta aniversario da publicación d'*A Esmorga*, acto organizado pola Concellería de Cultura e o Pen Clube de Galicia. Recóllense, ademais, as palabras do presidente de dita organización, Luís González Tosar, lembrando a "discriminación que en su día vivió Blanco Amor, por su carácter homosexual, afirmando que 'a homofobia e a miseria moral van sempre xuntas". Por outra banda, menciónase a publicación d'*A Esmorga* no 2010 en inglés traducida por Craig Patterson.

Huete, Cristina, "Ourense salda la deuda de su olvido con el poeta Valente", *El País*, "*Galicia*", 24 setembro 2009, p. 6.

Dáse noticia dun congreso comezado o día anterior sobre o poeta ourensán José Ángel Valente. Dise que participaron nesta homenaxe a Deputación, o Concello e a

Universidade, e que se celebrou durante tres días no Teatro Principal de Ourense. Ademais destácase a introdución de música na mística do autor na que participou a violinista ourensá Raquel Rivera. Indícase que a importancia deste evento reside na "volta á casa" do poeta, que morreu no ano 2000, xa que pasou parte da súa vida no exilio, e en que reflicte na súa obra a relación de amor-odio coa súa cidade natal, segundo sinalou José Luis Baltar, presidente da Deputación de Ourense.

El Ideal Gallego, "Pilar Palláres. Unha soa voz feminina", *El Ideal Gallego*, "*La Galería!*", n.º 566, "Crónica", 26 abril 2009, p. 2.

Fai referencia á pertenza de Pilar Pallarés ao colectivo "Amor e Desamor" e salienta que naquela época os integrantes traballaban de forma moi individualizada e non tiñan a conciencia de grupo literario. Tamén dá conta de que era a única muller do grupo.

Iglesias, Ana, "La Feira do Libro vuelve a la Alameda con Teresa Moure como pregonera", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 abril 2009, p. 26.

Dá conta da inauguración da XXVIII edición da Feira do Libro de Santiago de Compostela e na que participou a escritora Teresa Moure. Indica que no día inaugural haberá un recital narrativo-musical da man de Xosé Carlos Caneiro. A seguir, comenta outras actividades coma os espectáculos de teatro e a presentación de novidades editoriais que contarán coa firma de autores como María Canosa, entre outros.

Iglesias, Ana, "Poesía gallega y bengalas a prueba de lluvia para los fuegos", *El Correo Gallego*, "Santiago", "La gran noche", 23 xullo 2009, p. 27.

En relación coa literatura galega, dá noticia de que os fogos de artificio do pasado día 25 de xullo en Santiago de Compostela contaron cunha selección de versos de Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro e Federico García Lorca. Nos dous á partes que acompañan o comentado dise que se repartiron panfletos explicativos mentres que versos e música puideron seguirse pola radio.

Iglesias, Bieito, "Venatoria suíza", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 3 abril 2009, p. 10.

Tras inserir o texto narrativo "Venatoria suíza", de Bieito Iglesias, cítase a súa novela *Pan e coitelo* (2008).

Iglesias, Moncho, "Oda ás nais perennes con fillos caducos...", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 marzo 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o poema "A gripe que hoxe me afecta..." pertencente a *Odas ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007), de Moncho Iglesias.

Iglesias, Moncho, "Oda ás nais perennes con fillos caducos...", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 marzo 2009, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Ó día seguinte cambiaríame de nome,..." pertencente a *Odas ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007), de Moncho Iglesias.

Iglesias, Moncho, "De 'Ó pechar a porta, caeu o almanaque...", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Ó pechar a porta, caeu o almanaque [que penduraba da parede]" pertencente a *Odas ás nais perennes con fillos caducos entre os brazos* (2007), de Moncho Iglesias.

Iglesias, Óscar, "Opinar nun 'país pequeno", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 24 abril 2009, p. 8.

Coméntanse as diferentes opinións sobre a crítica xornalística que teñen varios autores literarios, estudiosos e críticos xornalísticos galegos como Antón Figueroa, Elías Torres, Arturo Casas, Dolores Vilavedra, Manuel Outeiriño, Camilo Franco, Xesús Manuel González Gómez, Xosé Manuel Eyré, Ana Salgado e Aurelio Castro en relación coas concepcións de Pierre Bourdieu, Itamar Even Zohar achegadas por Xoán González-Millán e tamén as de Edward Said e ás obras sobre as que se fan críticas xornalísticas. Ademais tamén se fai referencia a conceptos como "nacionalismo literario" e "literatura nacional" para entrar de cheo no que ten que ver coa crítica. No á parte "Xa non son os premios do crítico" recóllense as opinións de integrantes da sección crítica da AELG como Olivia Rodríguez, Cesáreo Sánchez Iglesias, María do Cebreiro, Arturo Casas e Isaac Lourido sobre esa sección crítica da AELG que dende 2008 escolle as categorías de poesía e narrativa dos Premios da Crítica Española para despois refrendar os críticos españoles.

Iglesias, Óscar, "Blanco Amor e a censura infinita", *El País*, "*Galici*a", "Luces", 27 marzo 2009, pp. 6-7.

Fálase da biografía *Diante dun xuíz ausente* (1992), escrita por Gonzalo Allegue e dedicada á figura de Eduardo Blanco Amor. Por este motivo, faise un repaso dos momentos vitais máis importantes dentro da traxectoria deste escritor.

Iglesias, Óscar, "Ovos , policías e misa por Castelao", *El País*, "*Extra Día de Galicia*", 25 xullo 2009, p. 8.

Relátase unha crónica sobre a o traslado dos restos mortais de Castelao dende Bos Aires en xuño de 1984, trinta e catro anos despois do seu pasamento para ser enterrado no Panteón de Gallegos Ilustres, no compostelán monasterio de San Domingos de Bonaval. O autor fai un recordatorio de como se viviu ese feito en Galicia e qué cobertura se lle deu, ilustrando o que escribe con testemuñas salientábeis naquel momento en relación

co feito. Destaca as impresións de persoeiros da política e as diferenzas de opinións dos distintos partidos sobre a decisión de trasladar os restos do intelectual galego e de como organizar o acto eclesiástico. Explica que, entre outros, Paz Andrade ou Díaz Pardo, eran partidarios de que Castelao seguira enterrado no cemiterio arxentino da Chacarita. Tamén se fai referencia aos medios e en especial á cobertura que fixo a xornalista Tareixa Navaza para TVE. Á marxe das testemuñas no texto abundan descricións do ambiente de trifulcas que se viviu ese día en Bonaval e de como transcorreu o acto.

Iglesias, Óscar, "Los responsables del teatro y la danza se elegirán por concurso", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 setembro 2009, p. 6.

Anuncia que as directoras do Centro Dramático Galego, Cristina Domínguez, e do Centro Coreográfico, Natalia Balseiro, acaban de ser despedidas dos seus cargos e que ambas as dúas institucións quedan paralizadas á espera de someter as prazas a concurso público. Isto deu que a estas alturas non se dera publicado o programa do CDG e que a primeira montaxe apalabrada por este, *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño, dirixida por Xulio Lago, se suspenda temporalmente. Mentres Fasero, xerente da Axencia Galega das Industrias Culturais, afirma que a programación só sufrirá un par de meses de atraso, o groso do sector opina "que ve perigar a programación do teatro institucional", sobre todo, "é unha falta de respecto e responsabilidade institucional" para os actores da montaxe, que xa rexeitaran outras ofertas.

Iglesias, Óscar, "Una obra que nunca se representó", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 setembro 2009, p. 6.

Lamenta que a obra *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño, nunca se dera montado, malia ter gañado o Premio Xacobeo en 1992, que incluía ese punto nas súas bases. Afirma Rubén Ruibal que "é natural que censuren a Bolaño", porque o fixeran daquela e o volven facer agora, logo de que suspenderan a montaxe dirixida por Xulio Lago para o Centro Galego. Acaba engadindo que "isto cheira a que o van pechar todo, porque quen chegue agora terá que tomar terra e definir unha política".

Iglesias, Óscar, "O teatro arreponse", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 setembro 2009, p. 6.

Coméntase sobre a nova tempada de teatro que se abre, con vinte estreas, "aínda sen coñecer cal será a nova política escénica" nin "como vai a compravenda na Feira Galega de Artes Escénicas". Entre as estreas aseguradas están as de Lagarta Lagarta, Teatro do Noroeste, Áncora Teatro, Teatro do Atlántico ou Matarile Teatro. En canto ás salas privadas, só cinco en toda Galicia, destaca a produción da Sala Nasa, especial para nenos e adolescentes, e a Sala Ensalle, que ten dúas montaxes que figuran "entre os seis espectáculos escollidos pola rede estatal de teatros alternativos". Sobre iso, Xesús Ron, da Nasa, bota en falta que "os programadores dos teatros públicos aposten polas montaxes de risco"; e Pedro Fresneda, de Ensalle, pregúntase "se desaparecen as salas, onde metemos a creación contemporánea?".

Iglesias, Óscar, "Xerais 30", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 9 outubro 2009, p. 10.

Lémbrase que Xerais foi fundada polo Grupo Anaya en Vigo, en 1979, e que está dedicada basicamente á educación, a lexicografía e a literatura, especialmente a infantil e xuvenil, xa que o sesenta por cento da súa produción se dirixe á escola, incluídos os dicionarios. Engádese que preto dun vinte por cento ocúpase por manuais universitarios, guías de viaxe, gastronomía ou natureza. Con todo, afírmase que a súa visibilidade é literaria, como o demostra a edición vixésimo sexta dos Premios Xerais, cunha dotación de vinte e cinco mil euros. Recoñécese que o seu traballo se centrou en construír un catálogo interno máis que en dálo a coñecer a outras linguas, aínda que xa levan máis de dez millóns de libros vendidos con máis de tres mil dous centos títulos. Dise que contan, nun futuro a curto prazo, conseguir que "o libro electrónico en galego sexa visible nos catálogos dos distribuidores" e van comezar con dous títulos que sairán neste novembro, á par do libro en papel.

Iglesias, Óscar, "Esta non é outra xeración perdida", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 outubro 2009, pp. 8-9.

Debátese con varios escritores que comezaron a escribir nos noventa sobre a falta de grupo xeracional. Entre os escritores interrogados están Xurxo Borrazás e Xosé Cid Cabido, que negan pertencer a ningún grupo literario. Para Xavier Queipo, eles non son recoñecíbeis, como o movemento bravú ou as poetas. Camilo Gonsar critica a manía, na literatura galega de "encher ocos". Por outra banda, outros como Camilo Franco, Santiago Jaureguízar e Carlos Lema aínda pensaban facer unha antoloxía e afirman que "un posible elemento definitorio sería o pouco interese da maioría por estar en grupo ningún". Para Lema, primeiro editor de bo número destes escritores, "os seus obxectivos son literarios'. Non escriben para salvar o galego, proxectarse socialmente ou encher ocos".

Iglesias, Óscar, "Candidato Ferrín", *El País*, "*Galicia*","Luces", 4 decembro 2009, p. 9.

Comenta a candidatura de Ferrín como sucesor no cargo de presidente da Real Academia Galega. De seguido recolle as impresións que ao respecto se fan dende a Academia postulándose como unha candidatura que conta cun gran número de apoios dentro da mesma. Por outra banda, tamén se dá conta de que de momento é a única candidatura, descartando outras posibilidades como a do director de Galaxia. Tamén recolle as verbas de sosego e prudencia dos membros da Academia que aseguran que ao contrario que en outras ocasións, aínda non hai nada claro.

Iglesias, Óscar, "La Academia defiende la candidatura de Ferrín a la presidencia*", El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 decembro 2009, pp. 1 e 6.

Recolle as reaccións ante a candidatura para presidente da Real Academia do Premio Nacional, Xosé Luís Méndez Ferrín, destacando a deVíctor Freixanes, quen asegura que o escritor será apoiado de presentar "una propuesta integradora, tal y como (...) escribe na súa carta".

Iglesias, Óscar, "Feijóo captou a resposta de Galicia cando se sente acosada", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 decembro 2009, p. 9.

Reproduce parte do discurso feito por Xosé Ramón Barreiro Fernández na súa despedida como presidente da Real Academia Galega, subliñando as súas críticas ao presidente da Xunta de Galicia, en relación as súas últimas intervencións en materia lingüística. Por outra banda, destaca o papel de Xosé Luís Méndez Ferrín como posíbel candidato a sucedelo no cargo de presidente da Academia, enfatizando que "a impronta que lle daría Ferrín á Academia nos sería máis que positiva"

I. H., "El historiador Marcos Valcárcel es nombrado Socio de Honor en la Asamblea del Liceo", *La Región*, "Ourense", 22 febreiro 2009, p. 7.

Fálase da Asamblea Xeneral Ordinaria de Socios do Liceo de Ourense na cal se nomeou ao investigador, historiador e escritor ourensán Marcos Valcárcel como "Socio de Honra". Saliéntase así o seu gran labor ao fronte da Sección de Literatura na que continúa o traballo de Carlos Casares e que aumentou co Ciclo "Visións de Galicia", o "Encontro de Escritores Ourensáns", os roteiros sobre Manuel Curros Enríquez e Eduardo Blanco Amor e a constitución do Premio de Microrrelato.

I. H., "La intimidad del escritor, en una muestra", *La Región*, "Ourense", 2 decembro 2009, p. 7.

Refírese á inauguración da exposición titulada "Eduardo Blanco Amor. Da súa propia man", e dá conta daqueles obxectos e documentos do autor que integran a mostra: manuscritos orixinais entre os que destacan o d'*A esmorga*, as dedicatorias plasmadas nos libros do autor para as amizades e até obxectos persoais do escritor. Por outra banda, destaca as intervencións do presidente da Deputación de Ourense, José Luis Baltar, e, o de María Do Carmo Henríquez, profesora do Campus, onde manifestan a necesidade de homenaxear o autor con que se ten "unha débeda contraída (...), que tentamos pagar de maneira decidida"

I. M. / A. L., "Os académicos queren que a porta á sociedade siga aberta", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "O espírito de Celanova", 18 decembro 2009, p. 37.

Con motivo do cambio na presidencia na Real Academia Galega, recolle as opinións de diferentes membros da mesma sobre os obxectivos desta nova etapa, destacando a liña continuísta de Xosé Ramón Barreira e Francisco Fernández del Riego, a defensa da lingua galega e da cultura galega, así como conseguir a comodidade financieira da entidade e a realización dun dicionario propio.

Ínsua, Emilio Xosé, "De 'Acontece ás veces a ternura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xaneiro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Amor" pertencente a *Acontece ás veces a ternura* (2005), de Emilio Xosé Ínsua.

Ínsua, Emilio Xosé, "Acontece ás veces a ternura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 abril 2009, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Nunca cantarán o abrazo os nosos corpos..." pertencente a *Acontece ás veces a ternura* (2005), de Emilio Xosé Ínsua.

Ínsua, Emilio Xosé, "De 'Acontece ás veces a ternura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 maio 2009, p. 40.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "REMORSO" pertencente a *Acontece ás veces a ternura* (2005), de Emilio Xosé Ínsua.

Ínsua, Emilio Xosé, "De 'Acontece ás veces a ternura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 setembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "XEOGRAFÍA", incluído en *Acontece ás veces a ternura* (2005), de Emilio Xosé Ínsua.

Ínsua, Emilio Xosé, "De 'Acontece ás veces a ternura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se insire o poema "AMOR" pertencente a *Acontece ás veces a ternura* (2005), de Emilio Xosé Ínsua.

I. P., "Redes Escarlata e os poetas da terra cambadesa cantan a Ramón Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados", 27 xuño 2009, p. 98.

Informa da conmemoración do aniversario da inauguración do monumento de Ramón Cabanillas. Di que participarán varios poetas e un gaiterio galego. Ademais sinala que se fará unha ofrenda floral en nome de "Redes Escarlata" as que tamén participarán na actuación cos poetas. Anúnciase que máis tarde se realizará un acto poético e musical. Finalmente comenta que o acontecemento será o 3 de xullo, na casa do autor a partir das oito da tarde.

I. R. D., "Abadín loa la figura y la obra de Iglesia Alvariño por su centenario", *El Progreso*, "A Chaira", 10 xuño 2009, p. 14.

Comenta que o Concello de Abadín e mais o CEIP Aquilino Iglesia Alvariño lle van render unha homenaxe ao escritor Aquilino Iglesia Alvariño polo centenario do seu nacemento. Así mesmo, dá conta das personalidades que acudirán ao acto.

Jaureguizar, "Tobar debuta na novela cun rapaz co corpo ateigado de cremalleiras", *El Progreso*, 13 xaneiro 2009, p. 72.

Fala do autor Alejandro Tobar con motivo da publicación da súa primeira novela, *Cremalleiras* (2008), na que o escritor debuxa un protagonista cuxo corpo cuberto de cremalleiras faino diferente do resto da xente. O autor, comenta Jaureguizar, sérvese desta obra para reflexionar sobre a gran variedade de persoas que existe hoxe en día, por medio do rapaz con cremalleiras, que narra as súas viaxes ao redor do mundo, comentando as lecturas que fai e descubrindo pouco a pouco que "o mundo é tan grande como esa literatura que tanto lle gusta".

Jaureguizar, "Xesús Alfonso Parada descubre as cores das uces nun poemario", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 24 febreiro 2009, p. 81.

Fálase da presentación do poemario *A cor das uces* (2008), de Xesús Alfonso Parada, que tivo lugar na libraría Trama de Lugo e na que o escritor estivo acompañado por Xesús Manuel Valcárcel. Coméntase que a obra constitúe unha continuación do libro *Usos*, *cousas e costumes do Courel* (2007), aínda que se salienta o carácter máis etnográfico deste, os dous están encamiñados a defender e preservar a cultura desa bisbarra. Explícase como o poemario xira ao redor das distintas cores que representan as distintas estacións do ano.

Jaureguizar, "Recuperado un libro que Lugo dedicou a Machado", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 6 marzo 2009, p. 89.

Coméntase que Xesús Alonso Montero presentou un facsímil da obra *Antonio Machado na nosa voz*, publicado en 1966 polo Círculo das Artes co fin de homenaxear ao poeta. Saliéntase que a obra conta cunha introdución do propio Alonso Montero e unha escolma de poemas de Machado, así como seis composicións de poetas galegos como Arcadio López Casanova ou Carlos Casares. Dise que o libro se pecha cuns textos que relacionan a Machado con Rosalía de Castro. Por último tamén se fala da homenaxe que no 66 os antifranquistas decidiran facer a Machado por ser este un emblema das "virtudes cívicas, éticas e republicanas", segundo indicou Alonso Montero.

Jaureguizar, "A Feira do Libro de Lugo vai ofrecer cerca de 20.000 volumes dende mañá", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 15 maio 2009, p. 73.

Dá conta da inauguración da Feira do Libro de Lugo na que se ofrecerán uns vinte mil volumes. Indica que o acto inaugural correrá a cargo de Xabier Docampo e cita a outros escritores que tamén participarán na Feira, ben presentando as súas novidades, ben asinando exemplares das súas obras, tal é o caso de Yolanda Castaño, Claudio Rodríguez Fer ou Xosé Carlos Caneiro. Ademais apúntase que a poesía e Ramón Piñeiro serán os protagonistas nas actividades teatrais e líricas que se han celebrar.

Jaureguizar, "Cándido Pazó tirou contos para o Museo de Lugo da súa 'memoria ficcionada", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 19 maio 2009, p. 70.

Fai referencia á participación de Cándido Pazó no Museo Provincial de Lugo para celebrar o Día Internacional dos Museos. Comenta que desenvolveu "O espectáculo da palabra" e refire que Pazó sempre recorre á "memoria ficcionada" para contar historias da época dos anos 50. Remata apuntando que en *Historias tricolor ou de como aqueles animaliños inventaron a República* tenta mesturar "narración e teatro".

Jaureguizar, "Miranda e Díaz negan que se poida falar de novela negra", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 19 maio 2009, p. 73.

Comenta que co gallo da celebración da Feira do Libro de Lugo tivo lugar un debate entre os escritores Xosé Miranda, Xosé Ramón Díaz e Francisco Narla, os cales falaron sobre o xénero da novela negra. Así mesmo, expón de xeito breve as súas opinións sobre o tema: a orixe do xénero n'*Os miserables*, de Víctor Hugo e en *Crime e castigo*, de Dovstoieski, segundo Miranda; e na novela picaresca, segundo Díaz; mentres Narla aposta por "desligarse da presenza de detectives ou de crimes para ter unha visión máis xeral".

Jaureguizar, "O CCG amosa o paso da cultura galega 'da resistencia á apertura' en 25 anos", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 11 xuño 2009, p. 67.

Dá conta da inauguración por parte do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, da mostra "Galicia 25. Unha cultura para un novo século". Explica que a exposición é un reflexo da evolución da cultura galega nos últimos vinte e cinco anos e, en relación coa literatura galega, comenta que na mostra están representadas diferentes editoriais, capas orixinais de libros e de traducións, monicreques, etc.

Jaureguizar, "Lois Pereiro chega á música da man de Alexandro González", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 18 xuño 2009, p. 64.

Comenta que o músico Alexandro González acaba de sacar un novo disco titulado *Oito cancións para oito poemas*, onde toma as letras do poeta Lois Pereiro, concretamente do seu poemario *Poesía última de amor e enfermidade* (1995). Así mesmo, dá conta dos músicos que participan neste traballo e explica por qué escolleu a poesía de Pereiro para o seu disco.

Jaureguizar, "Baamonde sostén que Fernández de la Vega 'usa o humor como defensa", *El Progreso*, "Cultura", 10 xuño 2009, p. 55.

Recolle as palabras de Antón Baamonde e mais de Víctor Freixanes na presentación d'*O segredo do humor*, de Celestino Fernández de la Vega. Nela Baamonde afirmou que Celestino recorreu ao humor como mecanismo de distancia respecto ao mundo, mentres que Freixanes destacou que este volume é esencial tanto no pensamento galego coma no europeo.

Jaureguizar, "Faleceu o ribadense Daniel Cortezón, renovador do teatro histórico galego", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 6 outubro 2009, p. 67.

Anúnciase a morte do dramaturgo Daniel Cortezón no Hospital Xeral de Lugo aos oitenta e dous anos. Inclúense os comentarios de varias personalidades da cultura galega sobre a súa obra. Así, Manuel Lourenzo lembra as reunións na súa casa de Madrid e comenta que a súa paixón polo teatro histórico "veulle da súa obsesión por facer do teatro unha plataforma para que o país puidese pensar sobre si mesmo". Gustavo Pernas Cora destaca a súa capacidade de escoitar; Rubén Ruibal dá fe das "dificultades de trasladar os textos de Cortezón á escena" e a actriz Ánxela Abalo reivindica o recoñecemento do dramaturgo por "poñer en marcha o noso teatro histórico na época moderna". Remátase cunha pequena descrición da súa vida.

Jaureguizar, "A súa obra parece galega", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 9 outubro 2009, p. 77.

Anúnciase a inclusión no catálogo de Xerais da tradución ao galego da novela "O home é un grande faisán no mundo" da presente Premio Nóbel de literatura Herta Müller. Dise que dentro da colección "As Literatas", dirixida por María Xosé Queizán, este libro xa fora traducido en 2001 por Frank Meller. Marga Romero, como coñecedora da obra da escritora alemá, comenta que esta escribe cunha prosa poética xa ben extraña para os alemáns e que pode resultar próxima á literatura galega porque "vive nunha cultura e ten trazos doutra", e tivo que aprender romanés aos dezasete anos. Tamén se inclúe unha enquisa a cinco persoas relacionadas coa literatura sobre o coñecemento da escritora, á que todas responderon negativamente.

Jaureguizar, "Luis Eduardo Aute, García Montero e Margarit, nun ciclo de poesía na Coruña ", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 11 outubro 2009, p. 63.

Anúnciase o comezo do ciclo "Poetas (din)versos" cada martes central de mes, ás oito e media da tarde na casa da Cultura Salvador de Madariaga na Coruña. Coméntase que en cada recital haberá dous poetas: un galego e outro das restantes linguas da Península. Segundo a súa organizadora, Yolanda Castaño, "o criterio é achegar a poesía á xente para cambiar a idea de que é algo aburrido, pedante e solemne".

Jaureguizar, "Alcalá rexeita que Caso presente hoxe o seu libro na Coruña", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 17 novembro 2009, p. 71.

Recolle a noticia do rexeitamento de Xavier Alcalá á sinatura de exemplares de Ángeles Caso, gañadora do Premio Planeta do 2009, por utilizar un título para a súa obra rexistrado polo escritor dende os noventa. Menciónase así a polémica que dende a elección da premiada con Premio Planeta, vense mantendo entre o escritor galego e a editorial, tras a súa advertencia de emprender accións legais contra a mesma e a escritora. Por outra banda, explícanse os motivos polos cales a editorial decidiu no cambiar o nome da obra tras a advertencia de Xavier Alcalá, por considerar os

responsábeis que o título é compartido por outras obras artísticas (traducións de obras estranxeiras, cancións, etc.).

Jaureguizar, "Os actores máis xenerosos da escena", *El Progreso*, "Comarcas", 13 decembro 2009, p. 18.

Lembra o inicio do proxecto Buxiganga co que se pretende impulsar a representación das pezas teatrais lucenses apoiando a participación de grupos afeccionados. Así, destaca un dos obxectivos desta iniciativa, ofrecendo a quince grupos a posibilidade de facer máis de setenta representación na provincia de Lugo.

Jaureguizar, "O Pazo das Musas cumpre cinco anos buscando 'amigos", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 18 decembro 2009, p. 78.

Dá conta da celebración d'*O pazo das musas* tras os cinco anos dende a súa creación. Recolle así a traxectoria de dita organización, dende a creación dunha revista oral que mestura literatura, música, arte, maxia e teatro nun mesmo espectáculo, con sede no Museo Porvincial de Lugo. Por outra banda, conta a próxima iniciativa do grupo nun proxecto denominado, *Amigos do pazo das Musas*, consistente na invitación por parte de cada un dos participantes habituais, de catro acompañantes nos diferentes actos celebrados. Por último, recolle as diferentes actividades desta celebración, destacando a tradición do Bimbao por Emilio do Pando, a música de Xabier Pérez, a proxección das pinturas de Jesús Lázare e a curta de Andrés Goteira.

J. C., "Treinta poetas de la Ribeira Sacra se citan en A Rúa para leer poemas en una bodega", *La Región*, "Valdeorras", 1 marzo 2009, p. 14.

Refírese ao "Encontro de Poesía na Coroa" ao que asistiron una trintena de poetas chegados dende a Ribeira Sacra. Coméntase que o encontro foi promovido pola ruesa Rosa García e que contou cunha visita guiada pola bodega da Rúa, A Coroa, e un recital poético. Explícase como estes encontros veñen celebrándose dende hai tres anos e lles serven aos autores para intercambiar opinións e difundir o interese pola poesía.

J. C., "El Congreso Manuel Luis Acuña recordó la figura del maestro Antonio Caneda", *La Región*, "Valdeorras", 12 novembro 2009, p. 18.

Recolle a celebración do IV Congreso Manuel Luís Acuña, onde este ano as actividades e charlas estiveron centradas en "As outras armas do franquismo. 1939-2009". Pero ante todo, destaca a homenaxe dedicada ao mestre Antonio Caneda e as constantes mencións e lembranzas ao historiador Marcos Valcárcel. Por último, reproduce os agradecementos da organización aos asistentes.

J. G., "Unha ollada reinterpretativa da tradición cultural occidental", *Diario de Ferrol*, "Literatura", 4 maio 2009, contracuberta.

Comenta que o escritor ferrolán Alberto G. Aneiros vén de publicar en Edicións Lea o seu terceiro libro de relatos, *Ironías dos fados* (2008). Indica que o volume está formado por seis narracións e resume brevemente cal é o tema de cada unha: "Esperado regreso", "Peregrino encontro" e "A sedución da morte" tratan temas literario-mitolóxicos, mentres que o tema da morte é tratado en "O aparecido", "Un brinde póstumo" e "Adeus a Deus".

J. G., "A literatura forma a imaxe galega do turista portugués máis culto", *La Voz de Galicia*, "Domingo", 26 xullo 2009, p. 34.

Faise unha análise das conclusións ás que se chegaron despois da realización do Proxecto Turismo e Identidade en Portugal e Brasil polo Grupo de Investigación Galabra da USC. Apunta que este estudo amosa unha idea xeral sobre a concepción que teñen os portugueses e os brasileiros sobre Galicia e a súa xente. Recolle que a conclusión principal do artigo é que os portugueses teñen sobre Galicia unha idea que non sempre coincide coa realidade, xa que fan a interpretación da realidade galega dentro do conxunto de España, confundindo así "cuestións culturais e identitarias".

J. M., "Fernández Del Riego cumple 96 años y sigue al frente de la Fundación Penzol", *Faro de Vigo*, "Vigo", 8 xaneiro 2009, p. 7.

Dase noticia do noventa e seis aniversario de Francisco Fernández del Riego, intelectual galeguista nado en Lourenzá e director da Fundación Penzol. Explícase que vive en Vigo, cidade á que doou en 1995 todos os seus fondos documentais, bibliográficos e artísticos, os cales constitúen a Biblioteca e o Museo Fernández del Riego, con sede na Casa Galega da Cultura. Engádese o dato de que a biblioteca foi tasada en case tres millóns e medio de euros por una serie de expertos.

J. M. F., "En Inglés, medio século despois", *El Correo Gallego*, "Cultura", 2 decembro 2009, p. 59.

Con motivo da celebración do trinta cabodano de Eduardo Blanco Amor, recolle a noticia da publicación por parte da Deputación de Ourense en colaboración coa Editorial Galaxia, quen posúe os dereitos do autor, da obra *A Esmorga* traducida ao inglés por Craig Patterson, coincidindo co cincuenta aniversario da publicación da mesma.

J. M. F., "Baltar anuncia que 'A Esmorga' de Blanco Amor terá versión inglesa", *El Progres*o, "Vivir", "Cultura", 2 decembro 2009, p. 74.

Refírese á publicación d'*A Esmorga*, do escritor Eduardo Blanco Amor, ao inglés polo traductor Cardiff Craig Patterson nun proxecto impulsado pola Deputación de Ourense e a editorial Galaxia, depositaria dos dereitos do autor. Por outra banda, dáse conta da exposición "Eduardo Blanco Amor. Da súa propia man", mostra que recolle gran parte dos manuscritos do autor así como diferentes obxectos persoais do mesmo.

J. M. R., "El físico Jorge Mira fue elegido Galego do Ano", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 31 marzo 2009, p. 35.

Refírense os premios entregados polo Padroado Fogar de Bergantiños que distinguiron ao físico Jorque Mira como Galego de Ano e como Bergantiñán do Ano á Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso, quedando por riba do falecido regueifeiro Celestino Álvarez. O premio Carballesa do ano dise que correspondeu á profesora Fina Rey, que se impuxo na votación ao escritor Fernando Cabeza Quiles. Tamén se inclúe entre os galardoados a compañía Ártabro Teatro e o autor da *Gramática da Lingua Galega*, Xosé Ramon Freixeiro, entre outros.

J. P., "El Ano Cabanillas podría llegar a Nueva York a través de un intercambio cultural", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Local", 20 febreiro 2009, p. 15.

Explícase o intercambio que se está xestionando entre o Concello de Cambados e a Sociedade Casa de Galicia de Nova Iorque. Encádrase este acontecemento no aniversario dos cincuenta anos da morte de Ramón Cabanillas, motivo polo cal se celebrarán una serie de actos: a representación teatral da súa obra *A man da santiña*, unha exposición de pintura na cal se exporán cadros que inspiraron ao autor, unha unidade didáctica dirixida aos colexios e a reedición dalgunha das súas obras.

J. P., "Combinan la observación de aves con la poesía de Cabanillas a través de una ruta cicloturista", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Local", 15 marzo 2009, p. 16.

Fálase dos distintos actos que se van realizar para conmemorar os cincuenta anos da morte de Ramón Cabanillas. Saliéntase a ruta cicloturista que se desenvolverá durante a primavera en Cambados e comarca dirixida a estudantes de ESO e Bacharelato. Sinálase que aos participantes se lles entregará un roteiro no que se marca a ruta que deben seguir e que rematará na casa museo de Cabanillas. Asemade, anúncianse paradas durante o percorrido para recitar poemas do autor referidos a aves, paisaxes do municipio e zonas do Salnés.

J. P., "Los libreros otorgan al académico Francisco Fernández Rei el premio Ramón Cabanillas", *Diario de Arousa*, 29 abril 2009, p. 13/"Paco Fernández Rei recibe o Premio Ramón Cabanillas da man da autora Fina Casalderrey", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Local", 17 maio 2009, p. 12.

Informa de que a Asociación de Libreiros de Pontevedra lle otorgou o premio Ramón Cabanillas ao académico Francisco Fernández Rei. Ramón Domínguez, presidente da Asociación, comenta que Fernández Rei é a persoa ideal para recibir este galardón e indica que no acto se desenvolverán outras actividades como a representación da obra *A man segreda* ou a participación dos escritores Xosé María Ribadomar e Xoán Piñeiro. Ao final, informa que o día 17 de maio se inaugurará a Feira do Libro.

J. P., "O Magariños rende tributo a Cabanillas cunha exposición e un recital poético", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Local", 16 xuño 2009, p. 13.

Comenta que o colexio Antonio Magariños desenvolveu unha serie de actividades en homenaxe a Ramón Cabanillas para conmemorar o cincuenta aniversario do seu pasamento. Explica que houbo un recital poético intitulado "Aí vai un conto" e tamén a exposición "Cores para Cabanillas". Así mesmo dá conta de todos os artistas que participaron nas actividades. A seguir, comenta que o Concello tamén quere realizar algún acto de homenaxe e cita algunhas actividades que teñen previstas.

J. P., "Carlos Valle di que a mostra é para ollar con calma e, se cadra, repetir visita", *Diario de Arousa*, "Cambados local", "Cabanillas e os artistas do seu tempo", 24 xullo 2009, p. 15.

Fai referencia á exposición "Cabanillas e os artistas do seu tempo" que se está a levar a cabo no Museo de Pontevedra baixo a responsabilidade do director do museo, Carlos Valle, quen afirma que a procura das obras non foi doada por atoparse a súa maioría en mans privadas. Explica que na mostra os visitantes poderán ollar entre 90 e 100 obras "que simbolizan a historia do galeguismo de primeira década do s. XX", e que, segundo Carlos Valle, é digna de se "ver con calma".

J. P., "Louzán, Tourís, Aragunde y la familia del gran poeta inaugura una estatua en honor a Ramón Cabanillas", *Diario de Arousa*, "Cambados", 31 xullo 2009, p. 100.

Fala da inauguración da estatua de Ramón Cabanillas que se situou na praza do Concello de Cambados. Di que a este acto asistiron diversos membros da Xunta de Galicia e do Concello de Cambados, así como o autor da estatua e familiares do autor cambadés. Coméntase que estes foron os encargados de descubrir o monumento. Lémbrase que este acontecemento tivo lugar na celebración do "Ano Cabanillas". Comenta que unha das características máis importantes da figura é a mirada cara o mar., algo característico en Cabanillas debido á súa personalidade soñadora.

J. P., "Cerca de 6.000 personas visitaron la muestra "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Sábado", 19 setembro 2009, p. 14.

Informa sobre os marabillosos resultados da exposición "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo" celebrada no Pazo do Torrado, á que acudiron máis de 6.000 persoas durante os dous meses que perdurou e na que puideron ver a obra de Cabanillas e a súa relación con artistas do seu tempo. Di que o alcalde L. Aragunde, J. J. Durán e o comisario da festa cualifican a exposición coma un referente cultural de Galicia. Coméntase que Durán, Vicepresidente da Deputación, enxalzou a obra e figura do poeta cambadés xunto con Ramón Otero Pedrayo e Castelao, dos que di que foron os que "sentaron as bases da Galicia autonómica que hoxe disfrutamos". Tamén se comenta que acudiron á mostra diferentes personaxes da vida pública e cultural. Informa tamén que partir do 15 de outubro o museo de Pontevedra abrirá as súas portas ao público e destaca que este museo prestou moitas obras que serven para amosar a vida de Cabnaillas cos autores da cultura da súa época e a relación entre eles.

J. P., "Amegrove, Posada del Mar, Modesto Lomba y Teresa González recibirán las Centolas de Ouro", "*Diario de Arousa*", "O Grove", "Festa do marisco", 24 setembro 2009, p. 18.

Alude aos premiados nas "Centolas de Ouro" do 2009 que se entregan na festa do marisco de O Grove. Indica que entre outros, foi merecente dun dos galardóns, por decisión unánime do xurado, Teresa González Costa, a escritora grovense "gañadora de varios premios literarios poals súas obras, entre eles, o Cunqueiro e o Manuel María de Teatro".

J. P., "Louzán inaugura en Pontevedra la muestra 'Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Local", "Cultura", 16 outubro 2009, p. 13.

Informa sobre a exposición "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo", inaugurada polo presidente da Deputación de Pontevedra. Comenta que ao acto asistiron numerosas personalidades institucionais que loaron a figura do cambadés e que a mostra inclúe pezas dos máis grandes creadores do século XX "que contribuíron e aínda contribúen a dignificar a nosa terra", sinalou Louzán.

J. P., "O alcalde salienta a participación dos colectivos nos actos do Ano Cabanillas", *Diario De Arousa*, "Cambados", "Local", "Cultura", 17 decembro 2009, p. 13.

Faise un breve resume das actividades culturais celebradas ao longo do ano co motivo da celebración do Ano Cabanillas, así recolle a celebración en Cambados do acto de clausura do proxecto destacando a importante repercusión do mesmo non só no resto das provincias galegas, senón naqueles lugares cunha forte emigración galega, así como naqueles lugares onde realizáronse actos e exposicións, caso de Hamburgo e Nueva York.

J. R., "Saldando cuentas con Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 2 decembro 2009, p. 4.

Detállanse os actos máis salientábeis que tiveron lugar na cidade de Ourense co gallo do trinta aniversario da morte de Eduardo Blanco Amor: homenaxe no cemiterio de San Francisco, teatro ou exposicións. Finalmente destácase que a Deputación de Ourense apoiará a tradución ao inglés d'*A esmorga.*

Kayser, Belén, "Libros para hacer comunidad", *El País*, "*Galicia*", 25 agosto 2009, p. 8.

Dá noticia da iniciativa dos veciños dunha aldea de Valdeorras, A Portela, que fundaron una editorial para facilitar a difusión da que consideran boa literatura. Explica que esta idea xurdiu como contrapunto á negativa do Concello de lles construír unha biblioteca.

Apunta que o "servicio de libros" non só procura a distribución, senón que, con esta iniciativa preténdese unir máis aos veciños, nun asociacionismo que se está a converter en algo moi frecuente na comarca de Valdeorras. Indica que de momento a súa colección só a conforman cinco títulos (entre eles, a *Antoloxía*, de Florencio Delgado Gurriarán, poeta proposto para o Día das Letras Galegas en 2004) pero está pendente de verse publicado un conto inédito de Emilia Pardo Bazán.

Labrador Ansia, Cristina, "Arela", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 17 xullo 2009, p. 22.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso insírese "Arela", de Cristina Labrador Ansia, que está ilustrado por Xoán Baltar e trata sobre a fronteira entre a loucura e a cordura.

Lado, María, "De 'Nove", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 maio 2009, p. 32.

Esta sección fixa reproduce o poema "ventura do día..." pertencente ao poemario *Nove* (2008), de María Lado.

Lado, María, "De 'Nove", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 setembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "a mirada do doutor, que fora azul..." pertencente a *Nove* (2008), de María Lado.

Lado, María, "De 'Nove", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 setembro 2009, p. 32.

Insírese nesta sección o poema "despois fan os seus niños sobre as casas daquelas..." incluído en *Nove* (2008), de María Lado.

Lage, Patricia, "A loita polo uso do galego e os seus defensores máis destacados", *La Opinión*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 2.

Explica a orixe da celebración do Día das Letras Galegas e presenta a lista de homenaxeados dende a súa instauración en 1963.

Lage, Patricia, "Tres mulleres na loita do galego: Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido e María Mariño", *La Opinión*, "*Especial*. *Día das Letras Galegas*", 17 maio 2009, p. 4.

Sinálase brevemente o proceso que leva a dedicar a un autor o Día das Letras Galegas e faise un pequeno percorrido bibliográfico polas tres únicas mulleres que foron homenaxeadas no mesmo: Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido e María Mariño.

Lama, Xavier, "Tigres como Fausto con ollos de Bruma", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 marzo 2009, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Tecer palabras,..." pertencente a *Tigres como Fausto con ollos de Bruma* (2006), de Xavier Lama.

Lampón González, Rafael, "Crou-Crou", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 13 agosto 2009, p. 16.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Rafael Lampón González (corenta e nove anos) intitulado "Crou-Crou".

Landeira, Juan Carlos, "Unha historia de ría", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 17 agosto 2009, p. 16.

Sección que acolle os relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Juan Carlos Landeira (corenta e tres anos) intitulado "Unha historia de ría".

Larriva, Ana de, "La Casa da Cultura Galega rememora a Ramón Cabanillas", *Faro de Vigo*,"Vigo", 18 decembro 2009, p. 11.

Dáse conta da exposición itinerante dedicada a Ramón Cabanillas conmemorando o cincuenta aniversario da morte do escritor facendo un percorrido pola súa figura. Así, no artigo cóntase o contido da mesma, constituída por un conxunto de paneis nos que a aparece autorretratado o autor ao tempo que se intercalan con palabras do mesmo. Por outra banda, coméntase tamén a posibilidade de acceder a edicións orixinais da súa obra así coma realizarase un ciclo de conferencias titulado "A roseira dos recordos". Para rematar, o artigo destaca a vinculación do autor coa cidade de Vigo en relación a súa traxectoria como escritor.

Laso Lorenzo, Rafael, "Olliños azuis tinta", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 21 agosto 2009, p. 14.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Rafael Laso Lorenzo (1965) intitulado "Olliños azuis tinta".

La Voz, "El Centro Comercial Aberto de la capital regalará libros de Vicente Risco para festejar la fecha", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 15 maio 2009, p. 6.

Alude a que o Centro Comercial Aberto da cidade de Ourense agasallará o 17 de maio a todos os seus compradores cun volume que recolle algúns dos contos máis famosos de Vicente Risco, entre os que están "O lobo e a xente" ou "A velliña vella". Asemade indícase que se distribuirán de xeito gratuíto un total de cinco mil exemplares.

La Voz, "Escritores, editores y libreros ourensanos crean una asociación", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 16 xuño 2009, p. 8.

Infórmase de que os máis destacados escritores, libreiros e editores de Ourense presentaron no Liceo de Ourense a asociación profesional Gremio LiterAuria nun acto onde explicarán os obxectivos e motivacións desta nova asociación. Indícase que forman parte dela, entre outros, Marcos Valcárcel, Camilo Franco, Duen de Bux ou a Difusora de Letras, Artes e Ideas.

La Voz, "Una asociación defenderá os dereitos dos sectores literarios", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 17 xuño 2009, p. 6.

Destácase que o Gremio LiterAuria xurdiu en Ourense para defender os dereitos da librarías, editoriais e escritores que conforman este gremio. Indícase que no acto de apresentación afirmaron que o seu ámbito de actuación e a cidade de Ourense, que están abertos a novos creadores e empresas e mais que recalcaron o potencial literario da cidade de Ourense.

La Voz, "Historia fantástica en Celanova", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 1 agosto 2009, p. 10.

Infórmase da apresentación na Casa-Museo de Manuel Curros Enríquez de Celanova da curtametraxe *Sobre a morte do Bieito*, que é unha adaptación audiovisual dun relato tirado de *Dos arquivos do trasno* (1926), de Rafael Dieste. Indícase que ao acto asistiu a súa directora, a celanovesa Xudit Casas, quen se amosou moi contenta con esta curta e onde subliñou a súa paixón polo vídeoarte.

La Voz, "Música, poesía y recuerdos sobre Valente centrarán su homenaje", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 16 setembro 2009, p. 6.

Dáse conta da presentación das actividades que terán lugar en Ourense entre o 23 e 25 de setembro co gallo do 80 aniversario de Jose Ángel Valente e baixo o título "José Ángel Valente, memoria sonora". Indícase que contará con varios recitais poéticos, mesas redondas e conferencias como as de Claudio Rodríguez Fer, Frank Savelsberg ou Mauricio Sotelo. Finalmente recóllense as palabras do director da Cátedra Valente, Rodríguez Fer, nas que opina que este simposio foi ideado para o público en xeral.

La Voz, "Boborás lembra a figura de Antón Losada Diéguez ao celebrarse hoxe o 80 aniversario do seu pasamento", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 15 outubro 2009, p. 10.

Asegúrase que o Concello de Boborás está a traballar na organización das actividade de homenaxe a Antón Losada Diéguez co gallo do 80 aniversario do seu pasamento. Apunta que publicarán, en colaboración coa Deputación de Ourense, un volume coa correspondencia de Antón Losada Diéguez con Vicente Risco e que tamén presentarán a Fundación Antón Losada Diéguez.

La Voz, "A Fundación Caixa Galicia celebra 20 anos cun ciclo de debates sobre a cultura galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 novembro 2009, p. 51.

Indícase que a Fundación Caixa Galicia, con motivo da celebración dos seus vinte anos de traballo, organiza debates sobre literatura, audiovisual, arquitectura, arte, música e escena, co desexo de "achegar ao público unha reflexión sobre a evolución da cultura". Dise que os encontros se programan ás doce da mañá dos sábados, en diferentes cidades galegas (arrancando o día 7 de novembro do 2009 na sede de Pontevedra), e que contarán en total coa presenza de trinta e seis representantes da cultura do país.

La Voz, "Instituciones de toda Galicia homenajean hoy a Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 1 decembro 2009, p. 8.

Afirma que na cidade de Ourense terán lugar varias homenaxes á figura de Eduardo Blanco Amor organizadas pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, pola Deputación de Ourense e mais polo Pen Clube de Galicia. Exponse que haberá unha homenaxe na cemiterio de San Francisco, que se entregarán os Premios Blanco Amor de Contos para a Xuventude, que se representarán obras de teatro e mais que se inaugurará a exposición "Eduardo Blanco Amor. Da súa propia man".

L. B., "Bardos, testemuña dunha gran historia", *Diario de Arousa*, 26 xaneiro 2009, contracuberta.

Refírese á presentación que tivo lugar no instituto Fermín Bouza Brey de Vilagarcía con motivo da publicación número cincuenta da súa revista, *Bardos*. Neste número cincuenta fixéronse entrevistas a Carlos Blanco, Anxos Sumai, Moncho Caride, Luis Rei e Manuel Seixas. Do mesmo xeito, con motivo da presentación realizouse unha homenaxe a todas as persoas que fixeron posible a creación da revista como o escritor Suárez Abel, os profesoras Chema Fernández e Xurxo Novales e a Roberto Vidal. Por outra parte, inaugurouse unha exposición de portadas que terá un carácter permanente.

Lecer, "Rivas, o noso novo académico", *Galicia Hoxe*, "Lecer", 9 agosto 2009, contracuberta.

Fálase da elección de Manolo Rivas como novo membro da Real Academia Galega. Destácase que, aos seus 52 anos e pertencente á Xeración dos 80, Rivas se converte no

membro máis novo da RAG. Refírese ao seu debut literario no ano 1990 con *Libro do entroido* e ao seu compromiso ecolóxico, que se funde co político e co periodístico. No seu perfil, dise, que se cruzan o nacionalismo galego cunha herdanza de corte alternativo que o sitúa na liña de poetas coma Lois Pereiro. Para finalizar, resáltase a importancia que ten dentro da Xeración dos 80 que consegue, a través de Rivas, ingresar na RAG.

Legaspi Grueiro, Silvia, "Encontro coa vida", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 7 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o me,s dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Silvia Legaspi Grueiro (dezaseis anos) intitulado "Encontro coa vida".

Leiro, Benito, "Don Ramón na Festa do Albariño", *Diario de Arousa*, "*Albariño 2009, especial LVII Festa do Viño Albariño*", 29 xullo 2009, p. 22.

Escribe este artigo con motivo da celebración da Festa do Viño de Cambados no ano do cincuentenario da morte de Xosé Cabanillas. Nel recorda como o escritor se converteu no poeta de culto dos albariñenses ao asistir a esta festa, incluír a temática vinícola nas súas obras e contribuír á mellora desta actividade industrial coas súas ideas mercantilistas.

Leiro, Xaime, "Cabanillas pasou por franquista e sufriu represión por republicano", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 novembro 2009, p. 67.

Comenta que *Ramón Cabanillas. Crónicas de desterros e saudades* (2009) aborda toda a vida de Cabanillas e subliña que estivo co franquismo mais que inmediatamente empezou a sufrir persecución polo seu pasado republicano. Tamén sinala que neste estudo de Luís Rei Núñez se explica que Cabanillas foi considerado como o sucesor de Manuel Curros Enríquez e mais que intentou editar a súa obra completa en 1917 pero até tres días despois da súa morte, en 1959, non foi posíbel. Tamén se informa de que este volume se presentou o día anterior no Museo de Pontevedra, que o goberno de Cambados lle reclama á Xunta que mellore o sartego de Cabanillas e mais que a Real Academia Galega lembrará o cincuentenario da súa morte en Cambados.

Leiro, Xaime, "Un documental de Durán descarta que Rosalía fuese hija de un cura", *El Correo Gallego*, "Cultura", p. 60/"Rosalía e o crego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 decembro 2009, p. 32.

Recóllese o descarte dun cura coma pai de Rosalía de Castro a través da realización dun documental por parte do escritor e investigador José Antonio Durán, quen a través dos seus estudos dos diferentes escritos da autora chega á conclusión de que o pai da escritora galega formaba parte da familia Castro, baseándose, entre outros, nos poemas

da primeira edición da súa obra *Follas Novas* (1880), posteriormente corrixidos polo seu home Manuel Murguía.

Leiro, Xaime, "A remuda será efectiva en xaneiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 decembro 2009, p. 35.

Dá conta da opinión de Xosé Ramón Barreiro en canto a súa sucesión a cargo da presidencia da Real Academia Galega. Así, recóllense a súas palabras cando asegura non pechar as portas a máis dunha candidatura a maiores da de Xosé Luís Méndez Ferrín. De seguido, menciónanse os eloxios deste respecto do traballo, compromiso e fidelidade de Ferrín á RAG. Finalmente, recolle a crenza do ex presidente, respecto o papel que as diferentes institucións teñen que cumprir na defensa do galego.

Leis, Iván. "Folclore, arte de rúa e teatro conforman a oferta das "Noites Máxicas dos Viaductos", *Faro de Vigo*, "Área Metropolitana", 4 xullo 2009, p. 15.

Dá noticia da programación cultural das noites de verán en Redondela, onde o Concello, co apoio da Deputación, a Xunta e institucións financieiras, organiza diferentes actividades para toda a familia ao aire ibre (no campo da feira, na Alameda…) e tamén en escenarios tales como a Casa da Torre e o Multiusos de A Xunqueira. Explica que durante estas noites celebraranse encontros internacionais, representaránse óperas, espectáculos de circo e teatro, actuarán magos…etc, rematando co xa tradicional Entroido de Verán.

Lema, Carlos, "Poema soñado", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 10 xullo 2009, p. 11.

Tras reproducir o texto "Poema soñado", de Carlos Lema, lémbrase a súa novela *O xeito de Freud* (2008).

L. F., "Una ruta, un libro y un encuentro escolar pone fin al centenario de Curros Enríquez", *La Región*, "Provincia", 24 febreiro 2009, p. 18.

Fálase do centenario do pasamento do poeta, escritor e periodista Manuel Curros Enríquez, motivo polo cal se realizarán una serie de actos conmemorativos. En primeiro lugar, di que se presentará un roteiro cultural posto en marcha polo Consello da Cultura Galega encadrado dentro do proxecto "Roteiro da cultura galega". Asemade, coméntase que a Fundación Manuel Curros Enríquez organizou unha xornada de convivencia para os diferentes colexios co nome de Curros Enríquez que hai en Galicia, nal cal se desenvolverán xogos literarios tras os cales asiatirán a un concerto de María do Ceo. Antes de finalizar o centenario, presentarase unha reedición da antoloxía que Xesús Alonso Montero escribiu sobre o poeta de Celanova e inaugurarase unha exposición sobre o *Divino Sainete* (1888) na fundación Torrente Ballester de Santiago.

L. F., "Santiago despide la exposición de Curros con 1.200 visitantes", *La Región*, "Celanova", 17 abril 2009, p. 21.

Refire que a exposición "O Divino Sainete", inspirada na obra de Manuel Curros Enríquez e organizada pola Fundación Gonzalo Torrente Ballester, chega ao seu fin e salienta que visitaron a exposición un total de mil duascentas catro persoas. Indícase que a través das fotografías da celanovesa Lina Cofán e do pintor madrileño Manuel Sánchez-Agora se narra a peregrinación de Curros a Roma, da man de "Francisco Añón (capitán de la Santa Compaña Galega)".

L. F., "La Casa dos Poetas digitaliza más de 5.000 noticias de Celanova y autores locales", *La Región*, "Celanova", 18 setembro 2009, p. 15.

Cóntase que un programa informático instalado na biblioteca Casa dos Poetas permite ver máis de 5.000 noticias publicadas nos xornais galegos sobre os feitos acontecidos na vila de Celanova e sobre os seus autores. Refire que se pretende recoller toda a información sobre Celanova,mais que inciden na referida a Manuel Curros Enríquez ou Celso Emilio Ferreir, ou sobre as novidades literarias de Xosé Luís Méndez Ferrín e Baldo Ramos. Comenta que o arquivo se actualiza constantemente e que conta dcos tituares das noticias dende 2006 e con informacións publicadas por *La Región* entre 1992 e 1996. Nun á parte, titulado "Unha biblioteca con 3.000 libros" fai referencia a outros servizos que ofrece a Fundación Curros Enríquez, sobre todo para o estudo dos escritores Curros Enríquez, Celso Emilio, Elices ou Ferrín.

L. G., "Os segredos do escritor quedan ao descuberto", *Diario de Arousa*, 16 xaneiro 2009, contracuberta.

Dáse nova do encontro que tivo lugar no IES Félix Muriel de Rianxo entre o escritor nado en Padrón Sechu Sende e o alumnado de bacharelato, no que os estudantes fixéronlle preguntas sobre o seu libro de relatos *Made in Galiza* (2007), galardoado co Premio Ánxel Casal ao mellor Libro do Ano dado pola Asociación de Editores Galegos. Saliéntase da traxectoria de Sechu Sende que comezou a súa andaina no colectivo poético "Serán Vencello" cos que formaría parte da xeración dos noventa e que máis tarde gañaría como narrador o Premio Eduardo Blanco Amor coa novela *Orixe* (2003).

L. G., "Unha viaxe en imaxes polos sitios da infancia", *Diario de Arousa*, 25 febreiro 2009, contracuberta.

Fálase da mostra fotográfica que se pode visitar no Centro Comarcal do Salnés na que se combinan trinta e tres fotografías cunha selección de textos e poemas de Ramón Cabanillas. Explícase que esta mostra se encadra dentro do centenario do pasamento do escritor cambadés e que percorrerá, de xeito gratuito para o público, outros concellos da xeografía galega.

L. G., "As dificultades de ser escritor no franquismo", *Diario de Arousa*, 7 abril 2009, contracuberta.

Comenta que nos corredores do Auditorio Municipal de Vilagarcía se inaugurou a exposición "Editar en galego baixo a censura franquista" comisariada por Xosé Manuel Dasilva. Explica que un dos obxectivos da exposición é amosar as dificultades que tiñan os escritores galegos para publicar na súa lingua e tamén se expoñen algúns libros publicados naquela época, como as obras completas de Ramón Cabanillas publicadas en Bos Aires.

L. G., "Cambados descobre a nova cara de Cabanillas", *Diario de Arousa*, 13 abril 2009, contracuberta.

Refire que no Museo do Viño de Cambados se está a expoñer a mostra "Entre miradas", dedicada ao escritor Ramón Cabanillas. Dá conta dos artistas que participan na exposición e que centraron as súas obras na figura do cambadés. Tamén informa sobre o horario da mostra.

Limia de Gardón, Xabier, "Patrimonio vivo", *La Región*, "Ciudad", "Arte et alia", 14 setembro 2009, p.8.

Trata sobre o Coro da Ruada e dá conta da súa traxectoria nestes case cen anos de vida. Comenta que a coral foi fundada en 1919 por Xabier Prado Lameiro, quen propuxo a xuntanza duns amigos en Oseira para honrar a igrexa cirtencense. Tamén informa da exposición, no Centro Cultural Simeón, "Sete voces para a coral", con motivo do seu noventa aniversario. Dise que neste evento se trata toda a historia do coro, recollendo fotos, gravacións… e se memoran grandes voces, como a de Rosa María Fernández Gómez, considerada "patrimonio vivo". Coméntase que despois de tanto tempo a coral comeza unha nova fase, pero como di o xornalista, "es sin duda, patrimonio vivo, patrimonio de vida".

Liñeira Gómez, Marieta, "A bruxa Rebeca", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 1 agosto 2009, p. 19.

Sección que acolle os relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Marta Liñeira Gómez (8 anos) intitulado "A bruxa Rebeca".

Lizancos Santos, Plácido, "¡Meus fillos!, hoxe é o derradeiro día que vos dou clase de... galego", *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 432, 17 maio 2009, pp. 10-11.

Reprodución da fábula "Contos do luns", escrita por Alphonse Daudet e traducida por Plácido Lizancos Santos.

Lizancos Santos, Plácido, "Oda á corrupción", *La Opinión*, "Opinión", 28 outubro 2009, p. 29.

Insírese unha composición poética, "Compro...", no contexto dun artigo referido á corrupción política.

Lombao, David, "O home que máis sabe é o noso maiestro", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 39, "En foco", 6 setembro 2009, pp. 2-3.

Faise unha retrospectiva da escola na Galicia de principios do século XX, comparándoa coa da actualidade e salientando as súas características, así como as transformacións máis notábeis que foi sufrindo ó longo deste tempo. Recórdase a "escola de ferrado", cando a educación, hoxe estendida a toda a poboación, era secundaria ó traballo e un privilexio nunha sociedade predominantemente rural na que os alumnos pagaban ós mestres con parte da colleita da casa e a xente máis culta exercía de mestre.

López, A., "Unha mostra no Museo adica unha homenaxe a Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 14 outubro 2009, p. 70.

Informa da apertura dunha exposición no Museo de Pontevedra comisariada polo director deste, Carlos Valle, e intitulada "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo". Dise que, como homenaxe ao escritor no cincuentenario do seu nacemento, a mostra acolle preto dun cento de pezas de vinte creadores de importancia para o século XX galego e que tiveron estreita relación co "poeta da raza": de Castelao a Maside, Seoane ou Asorey. Indica, asemade, os cargos institucionais que estarán presentes no acto de apertura e tamén a súa data de peche, o 15 de novembro.

López, Ana, "A única charla de Cabanillas tivo lugar en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 13 novembro 2009, p. 77.

Comenta que o Museo de Pontevedra está a realizar numerosas actividades co gallo do cincuentenario da morte de Cabanillas. Explica que ten aberta a exposición "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo" e que se presentou *Ramón Cabanillas. Crónicas de desterros e saudades* (2009), de Luís Rei Núñez, sobre o que sinala que narra a vida de Cabanillas, así como a súa intensa relación coa cidade de Pontevedra. Tamén se apuntan outros datos da biobibliografía de Cabanillas recollidas neste libro como que publicou o seu primeiro poema con dezanove anos no xornal *La Unión* ou que a única conferencia que deu foi no Círculo de Artesanos de Pontevedra en 1919 onde falou sobre o galeguismo.

López, A.R. e Montse **Dopico** (coords.), "Desexos de 2009", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 751, 8 xaneiro 2009, pp. 1-8.

Refírense unha serie de expectativas sobre como desexan que sexa o 2009 unha serie de escritores galegos. Os encargados destes propósitos culturais son Lupe Gómez, Xabier Cordal, Pilar García Negro, Eduardo Estévez, Vicente Araguas, Rafa Villar, Cesareo

Sánchez, Antón Dobao, Carlos Lema, Lucía Aldao, Xesús Constela, Mario Regueira e Luis Rei Núñez.

López, A.R. e Montse **Dopico** (coords.), "Novidades literarias", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 752, 15 xaneiro 2009, pp. 1-8.

Enuméranse unha serie de obras de recente publicación nos campos da narrativa, poesía ensaio e a tradución. As obras que se salientan son as seguintes: *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal; *Historia universal de Paniceiros* (2004), de X. Bello; *Unha mada de doce relatos* (2008), de H. Dacosta; *Shakespeare destilado*(2008), de Xesús Constela; *O globo de Shakespeare*, de Jaureguizar; *Memoria de cidades sen luz* (2008), de Inma López Silva; *Na pel do insomnio* (2008), de Úrsula Heinze; *Amor Amén* (2008), de Iolanda Zúñiga; *O xeito de Freud*, de Carlos Lema; *O tradutor cleptómano*, de Dezsó Kosztolányi; *A elegancia do ourizo*, de Muriel Barbery; *Un casoiro ben mal amañado*, de Bali Rai; *Simone de Beauvoir*, de África B. López Soto; e *Encuesta mundial sobre la lengua y la cultura gallegas* (2008), de Xesús Alonso Montero.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Amor SMS", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 756, 12 febreiro 2009, pp. 1-8.

Suplemento monográfico dedicado nesta ocasión a Lupe Gómez cunha serie de textos de temática sentimental que alternan a visión persoal coa social. Ademais insírense as fotografías de Manolo Martínez que acompañan ás seguintes composicións: "A factura dos sentimentos", "O adolescente fluorescente", "O labrador mentireiro", "A lavadora", "O velliño nacionalista", "A intimidade das escaleiras", "Finas-brutas", "Abrir e cerrar portas", "O caixeiro automático", "O farmacéutico sabio" e "Taponarse".

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Europa multilingüe", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 773, 4 xuño 2009, pp. 1-8.

Suplemento monográfico que, baixo o título "Europa multilingüe", presenta unha selección dos textos da Constitución Europea en verso con motivo das eleccións ao Parlamento europeo do 7 de xuño de 2009. Explícase que se trata dun proxecto no que estivo involucrado Xavier Queipo e que inclúe versos do propio Queipo, sumados aos de Antonio Gamoneda, Fabio Scotto e Narcís Comadira, entre outros.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Estíbaliz Espinosa", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 775, 18 xuño 2009, pp. 1-8.

Primeiro dunha serie de quince monográficos de verán que se ofrecerá no suplemento "*Revista das Letras*" dedicados ao panorama creativo de Galicia. Neste primeiro número Estíbaliz Espinosa, presentada como membro da xeración poética dos noventa, achega un relato intitulado "Discurso hibridado con" que se basea nun diálogo entre unha muller neanderthal e un sapiens actual.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Xabier Cordal", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 776, 25 xuño 2009, pp. 1-8.

Segundo monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número Xabier Cordal, considerado poeta esencial na literatura galega dende os anos oitenta, adianta un fragmento de *Transmuta*, o seu próximo poemario que se publicará en 2010 na colección "Poesía" de Edicións Xerais de Galicia. Coméntase que se trata dunha obra composta por unha serie de textos heteroxéneos cun fondo político da que amosan catro poemas numerados do un ao catro: "na morte da miña nai...", "rosa si...", "Ocupan a gorxa da Fraga de Rioseco..." e "Na lista dos fuxidos había unha caverna...", sendo este último dedicado a Alberto Lema.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Alberte Momán", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 777, 2 xullo 2009, pp. 1-8.

Terceiro monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número ofrécese a primeira peza teatral de Alberte Momán, intitulada "Principium individuatonis", tras lembrar a súa traxectoria na poesía erótica e repasar os temas tratados: dende as relacións interpersoais até os tabús sobre o sexo e a violencia nunha sociedade capitalista deshumanizada, entre outros.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Lupe Gómez", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 778, 9 xullo 2009, pp. 1-8.

Cuarto monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número aparece un traballo de Lupe Gómez, inserida na xeración dos noventa, que se concibe como un xeito de restabelecer un diálogo perdido a través da correspondencia con Xohana Torres. Tras un texto en forma de diálogo baixo o título "Road movie", ofrécense os seguintes poemas: "Alfabeto", "Bandeira", "Riso", "O caldo" e "Río de nubes".

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Germán Sierra", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 779, 16 xullo 2009, pp. 1-8.

Quinto monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número reprodúcense oito fragmentos numerados de "Standars", traballo de Germán Sierra definido como unha reflexión dalgúns aspectos da tecnoloxía, a carreira espacial, a medicina ou a cirurxía estética.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Déborah Vukušic", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 780, 23 xullo 2009, pp. 1-8.

Sexto monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Para este número selecciónanse unha serie de poemas de

Déborah Vukušic, autora galega de orixe croata, xunto ás fotografías que ela mesma realiza, intitulados "Chámome déborah vukušic", "Femme-enfant", "A miña cousiña", "O cu azul", "Pano de tea vs Kleenex", "I wanna be your dog" e "Recollín dos cascallos o que valía".

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Carlos Lema", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 781, 30 xullo 2009, pp. 1-8.

Sétimo monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número contouse co poeta, autor d'*O xeito de Freud* (2008), e ensaísta Carlos Lema, quen achega unha reflexión sobre o nacemento dunha nova etapa histórica: "Instrucións para unha era posthumana. Tempo, traballo e suxeito nas ruínas do capitalismo".

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Marcos S. Calveiro", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 782, 6 agosto 2009, pp. 1-8.

Octavo monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Para este número Marcos S. Calveiro escribe un relato intitulado "O home diminuto" e inspirado en Hitler. Cítanse novelas súas como *Festina Lente* (2008) ou poemario *Cartas do terceiro día* (2006).

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Olalla Cociña", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 783, 20 agosto 2009, pp. 1-8.

Noveno monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número ofrécense varias composicións en prosa poética de Olalla Cociña, a gañadora da oitava edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño por *Libro de Alicia* (2008). Trátase de "Sur", "Norte", "Agosto", "Barca", "Recreo" e "Única".

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Ouveo", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 784, 27 agosto 2009, pp. 1-8.

Décimo monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número reprodúcese a tradución do poema "Ouveo", de Allen Ginsberg ao galego por Xoán Abeleira con motivo dun proxecto en común co compositor Borja Costa que leva por título "Música para un ouveo". Coméntase que a edición para este suplemento inclúe trinta e nove notas para facilitar a súa comprensión.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Xavier Queipo", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 785, 3 setembro 2009, pp. 1-6.

Décimo primeiro monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*"

dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número Xavier Queipo, autor polifacético, presenta un conxunto de sete poemas baixo o título "Mortos na rúa (2008-2009)", compostos ao coñecer o falecemento de sete SDF (Sen Domicilio Fixo). Trátase de "Preguntas sen resposta", "Lembranza", "Flores de maio", "Requiem", "Poema de lentitude", "Ollos de pedra" e "Frío".

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Francisco Sampedro", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 786, 10 setembro 2009, pp. 1-8.

Décimo segundo monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número o filósofo e escritor Francisco Sampedro recomenda unha serie de propostas culturais a través dun texto intitulado "Afinidades selectivas".

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Constantino Bértolo", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 787, 17 setembro 2009, pp. 1-8.

Décimo terceiro monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número ofrécese o relato "O fume de Satanás", o primeiro traballo en galego de Constantino Bértolo, que se presenta como escritor fundamentalmente de ensaio e director da editorial española Caballo de Troya.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Xiana Arias", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 789, 1 outubro 2009, pp. 1-8.

Décimo quinto monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Neste número preséntase o primeiro traballo narrativo da poeta Xiana Arias, intitulado "Seis historias tigre", que parte do personaxe Lara Tigre. Os títulos de cada unha das historias son os seguintes: "I We are all prostitutes", "II Non sei", "III Dime algo", "IV Coñac", "V Alguén como Jimi Corrigan" e "VI La Gallera".

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Iolanda Zúñiga/Pelu Vidal", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 792, 22 outubro 2009, pp. 1-8.

Ofrécese nesta ocasión un adianto do proxecto de fotonarrativa da escritora Iolanda Zúñiga e do fotógrafo Pelu Vidal que amosa unha visión da soidade. Afírmase que nos "textos-pé de foto" da autora de *Vidas Post-it* (2007) e *Amor amén* (2008) se recoñece o seu estilo, caracterizado polo ritmo, a concisión e a rotundidade.

López, A. R., e M. **Dopico** (coords.), "Dores Tembrás", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 794, 5 novembro 2009, pp. 1-8.

Suplemento no que se inclúe "Aquí está escrito", un traballo que se integrará nun poemario de Berta Dávila. Ao mesmo tempo lémbrase algunha das súas obras de poesía

como *Corpo baleiro* (2007) e *Dentro* (2008), e a novela *Bailarei sobre a túa tumba* (2008).

López, Belén, "Fotos dun dandi galego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 13 xaneiro 2009, p. 77.

Fálase da inauguración da exposición "Blanco Amor. A ollada do desexo" que se pode visitar no Verbum de Vigo. Sinálase que a mostra recolle o legado fotográfico do escritor e xornalista ourensán Eduardo Blanco Amor, autor d'*A esmorga* (1959).

López, Belén, "Vigo acollerá o 6 de febrero unha homenaxe nacional ao escritor Méndez Ferrín", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 29 xaneiro 2009, p. 61.

Anúnciase a homenaxe a Xosé Luis Méndez Ferrín que terá lugar no Auditorio do Centro Social Caixanova de Vigo co gallo do seu setenta aniversario. Di que se presentará unha obra na súa honra publicada conxuntamente por Sotelo Blanco e Edicións Xerais de Galicia: *A semente da nación soñada* (2008). Coméntase que o acto finalizará cunha cea á que acudirá gran parte da cultura galega.

López, Belén, "Versos de amor e norte no Día da Poesía en Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 24 marzo 2009, p. 78.

Fálase da conmemoración do Día da Poesía que tivo lugar na Biblioteca de Pontevedra cun recital a cargo do grupo Ouriol, composto pola poeta Eva Veiga e polos músicos Fito Ares e Bernardo Martínez baixo o nome "De amor e morte". Coméntase que se trata dun espectáculo poético-musical arredor da poesía galega dende a lírica medieval até a actualidade no que están presentes a obra de Fernando Esquío, Rosalía de Castro, Manuel Antonio, Uxío Novoneyra, Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel, Xohana Torres, Xosé Neira Vilas, Manuel María, Luz Pozo, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé María Díaz Castro, Celso Emilio Ferreiro, Avilés de Taramancos, Manuel Álvarez Torneiro, Pilar Pallarés, Chus Pato e Ana Romaní.

López, Belén, "Prohibido pola censura previa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 6 maio 2009, p. 69.

Comenta que a Fundación Penzol acaba de inaugurar a exposición "Editar en galego baixo a censura franquista", da que é comisario Xosé Manuel Dasilva, e coa que se pretende amosar as dificultades dos escritores galegos para publicar durante o franquismo, como o poema "O edificio" de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, en 1967 ou relatos d'*A fronteira infinda*, do mesmo autor, en 1972. Explica cómo aconteceu a historia naquela etapa e indica que a mostra conta con extractos dos informes dos censores e mais con paneis explicativos e vídeos de conversas con Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego, que dan conta dos "xuízos infames" sufridos por obras como *Xente ao lonxe* (1972), de Eduardo Blanco Amor, ou *O divino sainete* (1888), de Manuel Curros Enríquez, fronte a outros informes "condescendentes" respecto a *Nimbos*, de Xosé María Díaz Castro, en 1961.

López, Belén, "O Museo de Pontevedra recupera a Víctor Said Armesto", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 1 xuño 2009, p. 54.

Informa que o Museo de Pontevedra lle vai render unha homenaxe ao intelectual Víctor Said Armesto coa celebración dun seminario no que intervirán distintos relatores para falar sobre a súa figura. Dá conta dalgúns dos participantes e, finalmente, achega unha breve biografía de Said Armesto, na que se destaca que foi o primeiro catedrático de Lengua y Literatura Galego-Portuguesa nunha universidade do territorio español e que participou activamente no "proceso que levaría á fundación da Academia Galega".

López, Belén, "Aínda que só sexa o anaco dun óso", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí, sociedad", 28 xuño 2009, p. 60.

Faise eco da resituación da estatua de Castelao, até o momento situada en Santa María e trasladada á Praza da Leña de Pontevedra. Coméntase que no acto de inauguración se recordou o desexo de Castelao por descansar en Pontevedra e que a realización deste traslado non foi casual, senón que coincide co aniversario do traslado do rianxeiro ao Panteón dos Galegos Ilustres de Santiago de Compostela.

López, Belén, "Cabanillas entre amigos", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 16 outubro 2009, p. 75.

Dá conta da inauguración da exposición "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo", no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra, medio século despois do pasamento do poeta. Comenta que a mostra pretende ser tanto unha homenaxe como unha exposición das relacións de Ramón Cabanillas cun numeroso grupo de artistas galegos: Castelao, Camilo Díaz, Asorey, Isaac Díaz Pardo…. Di que dende a Deputación Provincial se salienta a confluencia dos presupostos ideolóxicos da maioría destes persoeiros, centrados na "busca da identidade, na potenciación da diferenza" e no desexo dunha arte xenuinamente galega.

López, Belén, "Pontevedra inicia un exame a 20 anos de cultura galega", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 4 novembro 2009, p. 70.

Refírese a programación de Caixa Galicia co gallo do seu vixésimo aniversario: unha serie de mesas redondas que focarán diversos ámbitos da cultura galega. Avánzase que a cita dedicada á literatura será a de Vigo, moderada por Manuel Bragado, e que contará con Chus Pato, Suso de Toro, Agustín Fernández Paz, Xurxo Patiño e Ramón Nicolás.

López, Belén, "Ferrín postúlase como principal candidato á presidencia da RAG", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 15 decembro 2009, p. 78.

Recolle a reunión que Xosé Ramón Barreiro mantivo co vicepresidente da Deputación de Pontevedra no que corroborou que a candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín se

postula con forza como sucesor seu na presidencia da Real Academia Galega. Destácanse así, as posicións dalgúns dos membros da Academia, como Margarita Ledo, que apoian dita candidatura polo programa do mesmo onde asegura ser "continuísta" coa política de Barreiro. Por último, dá conta da ausencia de polémicas en canto a política lingüística se refire, durante a reunión.

López, Charo, "Barbantia' democratizando a cultura", *A Nosa Terra*, nº 1.369, "Cultura", 23-29 xullo 2009, p. 26.

Saliéntase que a asociación cultural *Barbantia*, ademais de se consolidar , se converteu nun referente na comarca do Barbanza e que dende os seus comezos en 2005 aumentou o seu número de socios significativamente. Explícase que esta asociación realiza unha serie de proxectos e eventos sobre a cultura galega tales coma libros, anuarios, a Semana da Cultura Galega e o Encontro de creadores. Indícase que expande a cultura de elite con exposicións, charlas filosóficas e que intentan achegala a todo tipo de xente conseguindo poñer en contacto a mariñeiros, mestres, amas de casa e historiadores para falar de literatura, filosofía, etc. Apúntase que cada mes ou cada quince días realízanse coloquios, presentacións e que hai Encontros Anuais de Creadores e Creadoras. Refire ademais que a asociación conseguiu en Boiro unha rúa para os escritores da comarca e axudou a coordinar as actividades do Barco da Memoria. Recolle que unha das súas metas é que participe máis mocidade e comenta que na actualidade, a situación económica ,preséntalles un problema.

López, Chechu, "Con todo el poder de la palabra", *Diario de Arousa*, "O Barbanza Comarca", 18 abril 2009, p. 25.

Dá conta do espectáculo que Cándido Pazó desenvolveu no Instituto Número 1 de Ribeira para o alumnado de primeiro e segundo da ESO. Salienta que Pazó soubo atraer a atención da rapazada dende o primeiro momento e dá conta do argumento da súa historia. O título da presentación foi "Espectáculo da palabra".

López, Chechu, "Yolanda Castaño 'sedujo' con sus palabras a los alumnos de los IES Coroso y Félix Muriel", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", 2 maio 2009, p. 27.

Dá conta do recital que ofreceu Yolanda Castaño no IES Coroso de Ribeira e no IES Félix Muriel de Rianxo. Comenta que a poeta animou aos rapaces a que escribiran poesía e tamén lles relatou os seus inicios. Así mesmo, salienta que citou a outros poetas, principalmente da Xeración dos 90 e indica que pechou o acto coa lectura do poema "Contos de fadas" do seu libro *Profundidade de campo* (2007).

López, Diana, "Un libro de Xan Leira recolle as lembranzas e reflexións de Avelino Pousa Antelo", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Publicación", 19 xullo 2009, p. 31.

Comenta que Avelino Pousa Antelo vai participar na presentación do libro dedicado a el, *Lembranzas e reflexións de Avelino Pousa Antelo*, de Xan Leira. Informa que o acto

terá lugar na Sala de Exposicións de Caixanova na Estrada. A seguir, salienta o seu labor intelectual e pedagóxico e indica que alcanzou altos postos como o de presidente da Fundación Castelao ou presidente de honra da Mesa pola Normalización Lingüística. Entre os premios que conseguiu cita a Centola de Ouro, a Medalla Castelao e a Insignia de Ouro da Universidade de Santiago. A continuación, fai referencia ao libro de Xan Leira e explica que trata a vida e a obra de Pousa Antelo e vai acompañado por fotografías e vídeos, tamén refire que no acto ademais de Pousa Antelo e Xan Leira estará presente David Otero. Por último, volve salientar o traballo intelectual e de defensa do galeguismo durante toda a vida

López, J., "El presupuesto de 2010 golpea los recursos del Consello da Cultura", *El Correo Gallego*, "Cultura", 5 novembro 2009, p. 60.

Coméntase que o Consello da Cultura Galega acusa unha caída do 6'29 % dos presupostos en 2010 con respecto á suma coa que contaba en 2009, según espuxo o seu presidente, Ramón Villares, na Comisión 3ª do Parlamento. Engádese que, aínda acusando a redución, o Consello da Cultura manterá as súas liñas de traballo e porá en marcha novos proxectos. Saliéntase que, encamiñados á análise sobre a situación da cultura e reflexións estratéxicas, haberá catro seminarios sobre "lingua e sociedade en Galicia", unha exposición en São Paulo e o centenario do nacemento de Luís Seoane cun gran "congreso central" ("Galicia Arxentina: unha dobre cidadanía") e outros tres congresos nas diferentes universidades galegas.

López, Uxía, "Lembranza a Abuín de Tembra", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Crónica", 24 abril 2009, p. 9.

Comenta que para celebrar o Día do Libro e tamén como homenaxe ao falecido Abuín de Tembra a Fundación Rosalía de Castro celebrou un acto na Casa da Matanza. Indica que o discurso correu a cargo de Anxo Angueira e como colofón a Fundación entregou un ramo de flores á viúva e aos asistentes exemplares da obra *Poetas con Rosalía II*, derradeiro poemario do escritor.

López, Xavier, "De 'A lúa nun ichó", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 novembro 2009, p. 32.

Reprodúcese neste espazo fixo o poema "Hai mañás que semellan creadas...", pertencente ao poemario *A lúa nun ichó* (2007), de Xavier López.

López Ardeiro, Xosé M., "Versos de Ausencia e Desagravio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 marzo 2009, p. 38.

Insírese neste espazo fixo o poema "OS NENOS", pertencente ao poemario *Versos de ausencia e desagravio* (2005), de Xosé M. López Ardeiro.

López Costero, Fermín, "¡Pobre Villafranca!", *Diario de León*, "El Bierzo", "El resplandor", 26 abril 2009, p. 16.

Comenta que tanto a Xunta de Galicia como a Junta de Castilla y León están a incumprir as súas promesas de rehabilitar a casa de Martín Sarmiento en Vilafranca do Bierzo. Tamén sinala que non hai constancia escrita do lugar exacto de nacemento e bautismo Martín Sarmiento e subliña que un profesor de La Laguna, natural de Cacebelos e chamado José Santos Puerto, ten a certeza de que non naceu nin en Vilafranca do Bierzo nin en Pontevedra senón que naceu no concello pontevedrés de Cerdedo. Finalmente recomenda a lectura do n.º 12 de *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación* (2008) e indícase un enlace web no que tamén se pode consultar este estudo sobre Sarmiento: www.udc.es/dep/pdce/sarmiento.htlm.

López Silva, Inma, "Insomnio", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 20 marzo 2009, p. 9.

Reprodúcese a composición narrativa "Insomnio", de Inma López Silva, e cítase a súa novela *Memoria de cidades sen luz* (2008), Premio Blanco Amor 2007.

López Teijeiro, Aldara, "O exterminador de aeroportos", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 16 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Aldara López Teijeiro (doce anos) intitulado "O exterminador de aeroportos".

Lorenzo, Fran P., "Libros para borrar aquel verso infame", *Galicia Hoxe*, "A contra", 2 abril 2008, contracuberta.

Con motivo do día 1 de abril, Fran P. Lorenzo recomenda a lectura de tres libros. De eles a terceira proposta que fai é a obra de Mariví Villaverde *Tres tempos e a esperanza*, que foi traducido ao galego por Anxos Sumai en 2002.

Lorenzo, I., "Manuel Rivas recibe la insignia de oro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 10 outubro 2009, p. 3.

Recóllese que o escritor e xornalista Manuel Rivas recibe a insignia de ouro da Facultade de Ciencias Sociais, con palabras de agradecemento, ánimo fronte ao "derrotismo e nihilismo" e unha defensa da comunicación como algo que ha de ir alén do puramente mercadolóxico, sen esquecer tampouco a centralidade dos medios en contextos como unha crise. Dise que, xunto con este distintivo, se concederon becas de honra á actriz Mabel Rivera; ao alcalde de Fene, Iván Puentes; e ao presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra, José Manuel Fernández Alvariño.

Lorenzo Gil, César, "Buscando unha xeración común para as novas letras", *A Nosa Terra*, "Cultura", n.º 1.383, 28 novembro–2 decembro 2009, p. 32.

Recóllese a celebración do IV Encontro de novos escritores "Eu ou nós?", dando conta das intervencións que os diferentes participantes fixeron durante a celebración do encontro. Así, destácanse as intervencións de Inma López Silva, Iolanda Zúñiga e Alberte Lema, comentando as posíbeis influencias de diferentes escritores e correntes na propia obra. Destácase tamén a mesa composta por Gonzalo Hermo, Andrea Núñez Briones e Alicia Fernández, analizando a poesía actual. Da segunda xornada destácanse as intervencións de Uqui Permui, Baldo Ramos e Carlos Vinagre, quen explicaron as diferentes técnicas e modelos de autoedición, e, por último, dase conta das intervencións de Séchu Sende, María Lado e Estíbaliz Espinosa, falando sobre o compromiso na literatura actual.

Losada, A., "Rosalía, medos e mitos arredor dunha poeta", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 12, "En portada", 28 febreiro 2009, pp. 2-4.

Fálase da visión que se ten na actualidade sobre Rosalía de Castro, "poeta lírica, cantora da saudade, nai de versos e tristura e romanticismo", que moitos autores tentan derrubar. Refírese a inexactitude desta definición e a difultade de rachar con esta concepción. Coméntase que Anxo Angueira, Francisco Rodríguez, Xabier Cordal e Daniel Salgado defenden este cambio de postura.

Losada, A., "A última ollada inocente. Os escritores homenaxean en Vigo a Ramiro Fonte", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 18 abril 2009, p. 42.

Comenta que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle ofreceu unha homenaxe na Fundación Caixa Galicia de Vigo ao escritor Ramiro Fonte. Dá conta dos participantes no evento e achega os comentarios de Cesáreo Sánchez e mais de Xulio L. Valcárcel. A seguir, lembra algunhas das obras escritas por Fonte e salienta a triloxía en prosa intitulada *Vidas de infancia*.

Losada, A., "Visibles e invisibles. Eivas no camiño da muller na literatura", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 25 abril 2009, p. 42.

Comenta que se está a celebrar o II Encontro Cidade da Coruña, dedicado este ano ás "Mulleres na literatura". Indica que a encargada de inaugurar o evento foi María Reimóndez coa conferencia "Por min e polas miñas compañeiras. Visibilidade e invisibilidade". A seguir, achega as opinións de Reimóndez sobre a situación da muller na literatura e tamén inclúe os comentarios de Marilar Aleixandre, que será a terceira participante. Por último, fai referencia á relación de María Reimóndez coa figura de Rosalía de Castro.

Losada, A., "O 17 de maio, data festiva, de liturxia e de polémica", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 23, "Día das Letras Galegas", 16 maio 2009, pp. 14-15.

Recóllense as declaracións de escritores/as, artistas e estudiosos/as que falan da necesidade de introducir cambios para celebrar o Día das Letras Galegas: realización de

novas actividades, homenaxes a autores ou grupos vivos, dedicación a autores que traballan á marxe da literatura, etc. María Xosé Queizán, Marcos S. Calveiro e Antón Patiño consideran, entre outras cousas, que o Día das Letras Galegas debería ser un día lectivo, fronte a Xosé Ramón Barreiro e Xabier P. Docampo que opinan o contrario. Achéganse propostas para un "cambio de aires" de críticos literarios como Arturo Casas, Montse Penas ou Isaac Lourido.

Losada, A., "Máis de 1.000 firmas piden xa un 17 de maio para Novoneyra", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 27 maio 2009, p. 44.

Dáse conta da campaña de recollida de sinaturas do colectivo Amigos de Uxio Novoneyra para que o autor sexa homenaxeado no Día das Letras 2010, campaña á que se sumaron outros colectivos como Adega ou SOS Courel. Explícase a continuación o proceso para ser candidato ao Día das Letras e faise un pequeno percorrido pola vida do autor d'*Os Eidos* (1955).

Losada, A., "A Academia 'valora' se adicarlle o Día das Letras a Uxío Novoneyra", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 maio 2009, p. 42.

Recóllese a valoración que a Real Academia Galega está a facer sobre a petición de numerosas asociacións de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Uxío Novoneyra. Sinálase que o autor d'*Os Eidos*. *Libro do Courel* (1955) xa cumpre co prazo mínimo de dez anos dende a súa morte, requisito indispensábel para serlle concedida dita homenaxe.

Losada, A., "Teresa Moure: 'A feminidade tamén é disidencia política", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 23 maio 2009, p. 45.

Refire que a escritora Teresa Moure puxo fin aos II Encontros Cidade da Coruña, organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, que este ano estiveron dedicados á figura da muller na literatura. A continuación, expón a opinión que Teresa Moure ten sobre o feminismo e a situación da muller actual.

Losada, A., "Lois Pereiro, o candidato dos que esperan un Día das Letras distinto", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 30 maio 2009, p. 44.

Dáse conta da posíbel candidatura ás Letras Galegas do escritor monfortino Lois Pereiro, do que se cumpren trece anos da súa morte. Sinálase que non é un escritor do estilo da Real Academia Galega, mais, tal e como se sinala no apartado "Unha vida breve", as súas dúas únicas obras *Poemas 1981-1991* (1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (1995) foron abondo para gañarse o respecto de intelectuais e marcar un fito na literatura galega.

Losada, A., "Gamoneda: 'É un descubrimento ler unha tradución de algo meu", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 28 xullo 2009, p. 41.

Dá noticia da participación do poeta Antonio Gamoeda nun recital da súa obra "Lápidas" en tres linguas na Fnac da Coruña. O autor insistiu nos matices que diferencian unha obra orixinal da súa tradución, sinalando que a carga semántica do castelán non é a mesma que a de outras linguas. Ademais, sinalou o seu sinceiro convencimento de que a calidade media da poesía galega é superior á castelá e que en Galicia hai grandes poetas.

Losada, A., "Os sons de mente de Allen Ginsberg", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 agosto 2009, p. 48.

Infórmase da estrea do espectáculo Música para un ouveo, do compositor Borja Costa baseado no "How other poems" de Allen Ginsberg. Tamén comenta a dificultade do autor á hora de compoñer dita obra pola súa complexidade, a pesar da colaboración do escritor Xoán Abeleira. Fala da inexistencia dunha melodía fixa senón dunha pauta para improvisacións facendo variacións cada vez que se emite. Finalmente destácase a grande emotividade da obra.

Losada, A., "Suburbia', de Óscar Mourave, outro modelo de edición literaria", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 6 setembro 2009, p. 42.

Anúncianse varias publicacións que presentará proximamente Estaleiro Editora, sen non se producen atrasos por razóns económicas, xa que esta editorial funciona "de xeito asembleario". Destácase que serán publicado en galego a peza de literatura dramática *Canibalismo*, coa que Marcos Abalde foi merecente do XI Premio Josep Robrenyo 2008 en Cataluña, e o volume de relatos *Tres cores*, de Moncho Iglesias escrito en normativa reintegracionista.

Losada, A., "O libro galego, fillo da autonomía", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", nº 33, "Libros", "Edición", 10 outubro 2009, p. 6.

Con motivo dos trinta anos de Xerais, lémbranse aquí en boca dos participantes en lonxevas editoriais galegas como se camiñou cara a consolidación do libro galego, parella a outros logros como a autonomía. Dise que o feito de que en 1977 se publicaran sesenta libros en galego por sete editoriais era un dato que había que entender fillo dunha certa relaxación da censura logo da morte de Franco. Coméntase que o Estatuto de 1981, a Lei de Normalización Lingüística de 1983 ou o exemplo do País Vasco e Cataluña, apostando forte por introducir libros nas súas linguas no sistema educativo, foron algunhas das causas da eclosión do que é hoxe unha industria cultural. Acóllense as opinións de Xulián Maure, fundador de Xerais; Isaac Díaz Pardo, por Edicións do Castro; Enrique Acuña, por A Nosa Terra Edicións; Olegario Sotelo Blanco, pola editorial cos mesmos apelidos; e Víctor Freixanes, por Galaxia, mantendo afirmacións como que as editoriais foron uns efectivos axentes da normalización da lingua, "tanto como a aparición da CRTVG no 1984". Dise que con poucas posibilidades, voluntarismo, espírito non atado ao comercial ou aberto a todos os campos e públicos, a edición pasou de estratexia de resistencia a estratexia de mercado dende finais dos 70, preparando o camiño a outras propostas actuais como é o caso de Kalandraka, OQO

Editora, Rinoceronte, Urco ou Estaleiro. Saliéntase que os libros de texto en galego e a aposta pola literatura infantil e xuvenil foron cruciais na transición e sono aínda hoxe, mentres uns intentan non esquecer o mundo dixital (Maure), os libreiros (Olegario Sotelo Blanco) ou o mundo lusófono (Díaz Pardo). Acompáñase a reportaxe cunha táboa cronolóxica de "anos fundacionais", con datas clave.

Losada, A., "Galeusca apoia a mobilización a prol do galego deste domingo", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 17 outubro 2009, p. 39.

Infórmase que a vixésimo sexta edición do encontro Galeusca, formada polos colectivos de escritores en galego (AELG), éuscaro (EIE) e catalán (AELC), se clausurou con críticas ás recesións nos dereitos lingüísticos, apoio á mobilización convocada por Queremos Galego para o 18 de outubro do 2009 e un desexo de alongar as actividades conxuntas ao longo do ano. Dise que un escritor vasco estará nas II Xornadas de Literatura de Tradición Oral e varios autores cataláns e vascos no Congreso de Novos Escritores. Alén diso, coméntase que Cesário Sánchez asumiu a presidencia da Federación cumprindo co sistema de rotación e que os membros amosaron a súa solidariedade cos imputados contra a dirección do diario Euskaldunon Egunkaria, falaron de diferentes tipos de contrato en relación cos dereitos de autor e lembraron estar pendentes do mercado do libro electrónico e a revisión da Lei de Propiedade Intelectual.

Losada, A., "Cincocentas olladas á Galicia que foi", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 outubro 2009, p. 39.

Dise que a Fundación Caixa Galicia da Coruña acolle unha exposición con máis de catrocentas fotografías de Ruth Mathilda Anderson sobre Galicia de 1924 a 1926. Coméntase que a mostra "Ruth Matilda Anderson. Unha mirada de antano", cunha selección realizada polos comisarios Miguel Anxo Seixas e Patrick Lenegham, viaxará polas cidades galegas até final de 2010. Saliéntase que a estadounidense Ruth Mathilda Anderson escribiu as súas impresións en *Gallegan provinces of Spain*, inédito tanto en galego como en castelán, onde salienta cuestións daquela vixentes na sociedade galega, deixa clara a súa afinidade pola fala, o humor ou a "elegante ironía" galega, ao tempo que acusa atracción pola figura de Rosalía de Castro. Coméntase que por medio da súa ollada se sabe que corenta anos despois da súa morte, Rosalía era xa un mito fundacional, que a casa de Padrón non recibía aínda ningún tipo de axuda pública, que visitou tamén as Torres de Lestrove ou que Ruth Mathilda traduciu algúns versos ao inglés para coñecemento dos seus lectores.

Losada, A., "A Coruña escoitará poesía en cinco linguas no ciclo 'Poetas di(n) versos", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 11 novembro 2009, p. 36.

Coméntase que a iniciativa Poetas di(n) versos, dirixida pola poeta Yolanda Castaño e organizada pola Concellería de Cultura da Coruña, trae a esta cidade un ciclo estábel de recitais poéticos, protagonizados, unha vez ao mes, por un poeta en galego e outro que escriba en castelán, catalán, éuscaro ou portugués. Indícase que as citas comezan con Luis Eduardo Aute e Lucía Aldao, e seguen con Luis García Montero e Luz Pozo

Garza, Joan Margarit e X. Mª Álvarez Cáccamo, entre outros. Salienta Yolanda Castaño que é tanto unha oportunidade de amosar "a calidade poética" do que se está a facer na Península Ibérica como unha demostración de que hai público galego para escoitar a estes poetas vivos.

Losada, A., "O libro galego busca sitio nas 'nubes' da edición dixital", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 13 novembro 2009, p. 35.

Saliéntase que no VI Simposio do Libro e a Lectura, organizado pola Asociación Galega de Editores, foi tema de debate a edición dixital. Dise que Javier Celaya, socio fundador da web de comunicación cultural Dosdoce.com, recoñeceu a necesidade de posicionarse ben e axiña, aprendendo dos erros da industria da música, por exemplo. Asimesmo, afirmou que a dixitalización de contidos galega non vai mal, especialmente no ámbito educativo, no que está á vangarda do Estado xunto con Cataluña e Andalucía. Coméntase que a calidade do produto e a diferenciación, por especialización temática ou lingüística, foron tamén salientados.

Losada, A., "Bragado di que o futuro da edición pasa polos libros de texto dixitais", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 14 novembro 2009, p. 34.

Indícase que na segunda xornada do VI Simposio do Libro e a Lectura, Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, sinalou a necesidade de introducir a dixitalización no ámbito dos libros de texto e materiais educativos, que son o 70% da facturación das editoriais galegas. Deste modo, mentres Xerais e Galaxia presentan as súas primeiras novidades editoriais paralelas en formato electrónico e papel, Bragado considerou tamén a necesidade dun portal colectivo de referencia para descargar as novidades e clásicos en lingua galega, cuestión que foi recollida no comunicado final coas conclusións do simposio.

Losada, A., "Sechu Sade: 'O futuro do galego será neofalante, ou non será', *Xornal de Galicia*, "Cultura", 22 novembro 2009, p. 40.

Dá conta da última das mesas de debate incluídas na celebración do IV encontro de novos escritores, dedicada ao peso da nación na literatura e recollendo a intervención de Sechu Sade (*Made in Galicia*, 2008) ao afirmar que "o futuro será neofalante ou non será". Destaca tamén a intervención de María Lado e a necesidade de compromiso coa cultura galega, así como da necesidade de ter percepción dunha identidade propia e diferente. E por último, destaca a intervención de Estíbaliz Espinosa (*Pan, libro de ler e desler*, 2000), cunha postura intermedia que compaxina o compromiso coa cultura e a lingua galegas sen incidir en ideoloxías políticas demasiado explícitas.

Losada, A., "O grupo poético de Amor e Desamor reúnese vinte e cinco anos despois", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 17 decembro 2009, p. 37.

Comenta a celebración do vinte e cinco aniversario da agrupación "Amor e Desamor", nun acto exento de espectacularidade e onde se presentou a publicación dunha nova edición do libro *Amor e desamor* acompañada dun CD.

Losada, A.,"Manicómicos converterá nun circo o Teatro Rosalía", *Xornal de Galicia,* "Cultura", 31 decembro 2009, p. 45.

Recolle a celebración do sexto aniversario da agrupación Manicómicos dedicada principalmente a homenaxear a Carlo Colombaioni e co obxectivo de recaudar fondos que axuden a financiar as súas actividades, nun acto onde teatro e novo circo se mesturan nun só espectáculo. Finalmente, faise eco das intervencións dos membros da compañía nas que se destacan as actividades realizadas ao longo do ano.

Loureiro, Ramón, "Mondoñedo recordará hoy a Cunqueiro, *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 febreiro 2009, p. 50.

Refírese á homenaxe ao escritor Álvaro Cunqueiro que terá lugar en Mondoñedo e que comezará cunha ofrenda floral no Cemiterio Vello da vilaonde se atopa a sepultura do autor. A continuación na sala de sesión do Palacio Municipal terá lugar a lectura da obra *Os outros feirantes* (1979) polo catedrático da Universidade Pontificia, Segundo Leonardo Pérez López. Sinálase que o acto rematará ao mediodía cunha clebración litúrxica polo rito mozárabe na catedral de Mondoñedo.

Loureiro, Ramón, "Fallece en Ferrol José María López Ramón", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 marzo 2009, p. 48.

Dáse nova do pasamento do xornalista e político José María López Ramón, autor da obra *Memorias periodísticas* e amigo de Gonzalo Torrente Ballester, Ramón Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro.

Loureiro, Ramón, "Máis alá das fronteiras do xénero, a novela policíaca gaña lectores para as letras galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 maio 2009, p. 4.

Salienta o aumento de lectores que está a ter a novela policíaca e afirma que vive a súa Idade de Ouro. Lembra ao primeiro autor que alcanzou grande éxito neste xénero, Carlos G. Reigosa, e lémbrase que a sona do xénero se lle debe á obra *Crime en Compostela* (1984). Comenta que posteriormente outros autores tamén crearon obras importantes como Santiago Jaureguizar, Aníbal Malvar ou Miguel Anxo Fernández, que contan con referencias ao cinema. Sinala que actualmente o éxito recae en Domingo Villar.

Loureiro, Ramón, "O mundo das letras lembra a Aquilino Iglesia Alvariño no seu centenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xuño 2009, p. 50.

Informa que se vai celebrar un acto de homenaxe a Aquilino Iglesia Alvariño no Real Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo, coincidindo co centenario do seu nacemento. Fai referencia á confusión sobre a súa data de nacemento e indica que no acto tamén se presentará o número 205 da revista *Amencer*.

Loureiro, Ramón, "Uxío Novoneyra e Carballo Calero, os candidatos para o Día das Letras", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 xuño 2009, p. 52.

Dáse conta das dúbidas que existen na Real Academia Galega sobre quen homenaxear no Día das Letras 2010. Sinálase que a elección sairá de entre dous autores, Uxío Novoneyra e Ricardo Carballo Calero, sobre os que se achegan unhas breves notas biográficas. En dous apartados a pé de páxina recóllense as impresións da viúva de Uxío Novoneyra e da filla de Carballo Calero sobre o porqué de merecer tal distintivo. Na marxe dereita recóllense os datos dos outros posíbeis candidatos, Valentín Paz Andrade, Xosé Filgueira Valverde e Xaime Quintanilla.

Loureiro, Ramón, "Poetas do seminario: desde os Cantores de Nadal ata Noriega e Iglesia Alvariño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 xuño 2009, p. 53.

Recóllense as impresións de Félix Villares Mouteira, o maior estudioso vivo da Escola Diocesana de Mondoñedo-Ferrol e autor do libro *Un alpendre de sombra e de luar: a Escola Diocesana de Mondoñedo-Ferrol* (2007). Loa o autor dita diocese, de onde saíron autores como Eduardo Noriega Varela, Xosé Crecente Vega, Xosé María Díaz Castro ou historiadores como Ramón Villares. Na marxe dereita, a pé de páxina recolle as impresións dos académicos Salvador García Bodaño e Xosé Luís Axeitos sobre a importancia do Día das Letras Galegas.

Loureiro, Ramón, "Molina, recordando al poeta ausente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 xullo 2009, p. 62.

Fálase do ex-ministro César Antonio Molina, quen regresa cada verán a terras galegas, concretamente ao Eume. Coméntase a tristeza pola que pasa Molina por mor da perda do seu mellor amigo Ramiro Fonte, autor d'*Os meus ollos*. Na homenaxe a este poeta, dise que Molina recitou os versos do poeta e que estivo acompañado, entre outros, de Antón Patiño, Arturo Franco Taboada, Pedro Taboada e da viúva de Ramiro Fonte. Ademais, dise que Molina comentou que Xosé Vicente Quirante, presente tamén no acto, vai dedicar un libro á pegada española na cidade italiana de Nápoles.

Loureiro, Ramón, "Ferrol celebrará en el 2010 los centenarios de Torrente y Carballo Calero", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 xullo 2009, p. 30.

Sinálase que a cidade de Ferrol celebra varios actos de homenaxe a dous dos seus habitantes máis ilustres, Gonzalo Torrente Ballester e Ricardo Carballo Calero. Lémbranse as casas e a zona onde ambos viviron na cidade e dise que para homenaxear a Torrente un dos actos será un congreso sobre a súa figura e unha exposición. De Carballo Calero dise que o concello propuxera a este para ser o autor elixido no Día das

Letras Galegas 2010 e que pedirá que se cre unha casa-museo dedicada a perpetuar a súa obra.

Loureiro, Ramón, "A literetura galega prepara un outono de libros cheo de novidades", *La Voz de Galicia* "Cultura", 21 agosto 2009, p.29.

Dáse conta dunha panorámica sobre obras para lectores de todas as idades. Dise que Rosa Aneiros editará *Sol de Inverno*, premio Xerais, e *Ás de bolboreta*, premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Indícase que o primeiro, refire a historia de longo alento da vida dunha muller e o seu "desexo de regresar ao paraíso perdido" e que o segundo é un conxunto de historias cruzadas que conflúen nunha soa mañá. Coméntase que *Corazón entre desertos* e *Astra o confín*, de Tucho Calvo, se reunen nun só volume e que aparecen *O vicio nefando*, de Xosé Manuel Martínez Oca en Baía; *Os bicos de Tina*, de Afonso Eiré en A Nosa Terra; *Memorias dun ninguén*, de Carlos Mella e *Bícame mon amour*, de Anjel Lertxundi en Galaxia. Polo que respecta ás traducións, saliéntase que Rinoceronte publica *Poesías de desamor*, de Cesare Pavese e *As leis fundamentais da estupidez humana*, de Carlo M. Cipolla; e que en Xerais aparece *Bartleby, o escribinte*, de Herman Melville; *O bosque animado*, de Wenceslao Fernández Flórez e *Pedras de Compostela*, de Aldonza de Praterías. Por outra banda dise que para os máis pequenos Kalandraka ofrece *A araña e máis eu*, de Fran Alonso; *O León Kandinga*, de Boniface Ofogo e *Quen é?*, de Leo Lionni. Tamén se destaca que Embora prepara títulos de Antón Cortizas ou Rubén Ruibal e a colección A igualdade conta e que Xerais publica *Mercurio*, de Emilio Alonso; *O recendo das mimosas*, de Agustín Agra e *Lóstregos*, de Xosé Neira Vilas.

Loureiro, Ramón, "A propósito de lo que nos sobrevivirá", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 329, "Letras no ficción", "Velut umbra", 5 setembro 2009, p. 13.

Desde a referencia a *Genios, un mosaico de mentes creativas y ejemplares*, técese unha referencia ao "lector excepcional" do que falou Harold Bloom, aquel que accede aos "grandes libros" cunha lectura e creatividade propias, transformándoos co tempo. Logo de exemplificar co *Quijote*, afírmase que serán ese tipo de lectores os que aprecien un novo libro con vocación de clásico: *La noche de las palabras*, de Luis Pousa, gañador do Premio Arenas e tamén autor do poemario *O embigo do mar* (2008).

Lourido, Isaac, "Os lugares da poesía", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 24, "En portada", 23 maio 2009, pp. 2-3.

Isaac Lourido expón o concepto de poesía entendido na actualidade e estrutura o artigo en catro apartados: "A desmoralización", "Procesos por experimentar", "Acción política" e "O horizonte (poético)". Comeza preguntándose qué entendemos hoxe en día por poesía e continúa afirmando que a poesía é "un proceso por experimentar", así mesmo, cita a poetas e grupos que se encargan de amosar o feito poético dun xeito novo e afastado do tradicional. No apartado terceiro reclama unha maior atención por parte das institucións políticas e, finalmente, resume o exposto anteriormente e pide que a sociedade acolla esta nova forma de crear poesía.

L. P., "Peligra la celebración de la quinta edición del festival 'Artes no Camiño", *El Progreso*, "Sarria", 10 xuño 2009, p. 16.

Fai referencia á dúbida sobre a continuidade do festival "Artes no Camiño" celebrado cada ano nas localidades da provincia de Lugo por onde discorre o Camiño de Santiago. Comenta que os alcaldes das diferentes vilas van defender a celebración da que sería a quinta edición e, a seguir, explica as distintas actividades que se realizan durante os meses de xullo e agosto. Entre elas, en relación coa literatura galega, cita as representacións teatrais e os talleres de poesía; tamén destaca que para os nenos celebran actividades de teatro.

L. P, "La RAG reconoce la actuación de la Coral Polifónica de Sarria por las Letras Galegas", *El Progreso*, "Sarria", 14 xuño 2009, p. 13.

Dáse conta da carta de felicitación que recibiu a Coral Polifónica de Sarria por parte da Real Academia Galega pola interpretación do himno galego no acto do Día das Letras Galegas celebrado en Láncara.

L R, "Homenaje entre amigos a Loly Buján", *La Región*, "Ciudad", 27 marzo 2009, p. 14.

Fálase da conmemoración do Día Mundial do Teatro que organizou a Casa da Xuventude de Ourense, un acto que comezou cunha homenaxe sorpresa á actriz Loly Buján, profesora de teatro, e continuou cunha serie de exhibicións teatrais dos distintos grupos da Casa da Xuventude: o propio obradoiro de Loly Buján, Maraño Teatro, N+1, Os Garibolos e Abran Paso. Anúnciase que o acto central desta conmemoración transcorrerá na rúa do Paseo e consistirá na lectura dun manifesto, seguida dunha actuación teatral do grupo N+1.

L R, "La Diputación honra A Esmorga en su 50 aniversario", *La Región*, "Ciudad", 1 abril 2009, p. 14.

Fálase da reedición da obra de Eduardo Blanco Amor, *A Esmorga* (1959), por parte da Deputación de Ourense con motivo do cincuenta aniversario da súa publicación. Coméntase que o acto de presentación terá lugar no Centro Cultural da institución e que a el asistirán o presidente provincial, Xosé Luís Baltar, o escritor e presidente do Pen Club de Galicia, Luís González Tosar, e o director da editorial Galaxia, Víctor Fernández Freixanes.

L R, "La obra *Bolboretas na memoria* introduce a José Antonio Santos en el mundo de la poesía", *La Región*, "Ourense", 2 abril 2009, p. 11.

Refírese a nova obra do escritor ourensán José Antonio Santos, que co seu poemario *Bolboretas na memoria*, fai un cambio de rexistro ao pasar da novela escrita en castelán á poesía escrita en galego. Afírmase que o poemario, que se pode adquirir na páxina web da editorial "El taller editorial", recolle toda unha serie de composicións escritas ao

longo dun ano e medio. O autor explica que se trata dunha compilación de sensacións, sentimentos e vivencias e que se atopa completamente satisfeito co resultado.

L R, "Expertos en Risco abordan en París el sentimiento europeísta de la Xeración Nós", *La Región*, "Ourense", 6 abril 2009, p. 6.

Informa que a Fundación Vicente Risco e a Secretaría Xeral de Relacións Institucionais participarán nas xornadas que se van celebrar en París sobre a figura de Vicente Risco e o sentimento europeísta da Xeración Nós. Indica que o evento se abrirá cunha exposición intitulada "Europa en Vicente Risco" e, a continuación, terán lugar distintos relatorios durante dous días. Así mesmo, dá conta dos relatores: o primeiro día participará Xosé Manuel Outeiriño, Miguel Anxo Seixas, Xosé Manuel Pacho Blanco e Olivia Rodríguez González; o segundo día intervirán Jorge Cagiao e Antón Figueroa.

L R, "Avantar publicará un libro cos poemas do recital 'Tasca e Literatura' do Carballiño", *La Región*, "Provincia", 20 abril 2009, p. 12.

Anuncia a publicación do libro que recollerá poemas dos autores que participaron no recital "Tasca e Literatura", actividade que cumpre vinte anos. Informa que a edición vén da man da Agrupación Cultural Avantar.

L R, "El grupo Valle Inclán vuelve por sus fueros", *La Región*, "Ourense", 25 abril 2009, p. 11.

Destaca que se van volver a reunir os compoñentes do grupo Teatro Valle Inclán que alcanzaron un grande éxito nos anos sesenta e que conseguiu diversos premios teatrais a nivel nacional. Relata a orixe do grupo en 1962 dende o Teatro de Cámara y Ensayo, dirixido por Segundo Alvarado e que gañou o Galardón del Duero. Indica que dese grupo se disgregaron os actores máis novos e formaron o Teatro Juvenil de Ourense en 1965. Ademais cita os seus fundadores e dá conta dos autores teatrais representados, entre eles Álvaro Cunqueiro. Finalmente, informa que o proxecto máis inmediato será a montaxe dalgunha das obras que lles deu tanta sona. Nun á parte intitulado "Yo fui uno de ellos", Fernando Ramos lembra a dirección de Segundo Alvarado e os ensaios dunha escena de Anouilh e as técnicas teatrais e a temática escollida e a importancia que o director lle concedía á dicción.

L R, "Encuentros artísticos, literarios y poéticos conquistan la Casa dos Poetas de Celanova", *La Región*, "Provincia", 30 abril 2009, p. 19.

Dá conta dalgunhas das actividades que vai levar a cabo no mes de maio a Fundación Curros Enríquez. Salienta a celebración do IV Festival Internacional de Folklore Xuvenil, no que unha das principais actividades é a poesía. Tamén dá conta dunha charla-coloquio e un recital por parte de autores rumanos, exposicións e a presentación dun novo libro sobre Celso Emilio Ferreiro, escrito por Ramón Nicolás.

L R, “Los veteranos del grupo teatral ourensano ‘Valle Inclán’ proyectan su regreso a escena”, *La Región*, “Ourense”, 5 maio 2009, p. 9.

Informa do regreso do grupo de teatro de Ourense Valle Inclán e cita os responsábeis do comité de traballo. Comenta que un dos primeiros obxectivos é fixar os estatutos como asociación ou padroado de cultura teatral e estabelecerse como grupo fixo para facer investigacións de teatro, representacións, docencia, etc. Así mesmo, informa que van realizar unha montaxe baseada no teatro lido, na que bota man dunha selección das mellores obras que representaron entre 1960 e 1972 e intitulada *I Memorial Segundo Alvarado*.

L R, “El Ateneo rinde homenaje a Alvarado ensalzando su labor teatral y como crítico de arte”, *La Región*, “Ciudad”, 13 maio 2009, p. 15.

Comenta que o Ateneo de Ourense lle rendeu unha homenaxe póstuma a Segundo Alvarado polo seu traballo na defensa da cultura ourensá. Indica que a homenaxe se celebrou cunha mesa redonda e un coloquio e achega breves comentarios dos participantes: Marisa Calvo sobre o labor do grupo de Teatro Valle Inclán e Miguel Ángel González García sobre o labor a prol do patrimonio cultural.

L R, “El Consello municipal para los mayores será realidad desde el próximo viernes”, *La Región*, “Ourense”, 23 maio 2009, p. 7.

Dá conta do inicio da “Semana adicada aos maiores” que se celebra na cidade de Ourense e que está destinada aos maiores de sesenta e cinco anos. Salienta das actividades un recital poético e representacións teatrais, entre as que cita a actuación do grupo de teatro Aturuxo.

L R, “El poeta ourensano Víctor Campio recibe el premio ‘Café Isaac de Artes 2009’, *La Región*, “Ciudad”, 7 xullo 2009, p. 12.

Noméase a concesión do Premio Café Isaac o poeta Víctor Campio, considerado coma un dos mellores poetas galegos do momento, pola súa contribución á difusión da cultura ourensá. Dise que o galardón ten carácter bianual.

L R, “As vítimas do franquismo e Celso Emilio, protagonistas no homenaxe arraiano”, *La Región*, “Celanova”, 18 agosto 2009, p. 10.

Cóntase que se celebrará un acto homenaxe ás vítimas do franquismo e a Celso Emilio Ferreiro, polos 30 anos do seu pasamento organizado pola asociación cultural Arraianos. Infórmase tamén do horario das diferentes actividades ao longo do día e dos personaxes que formarán participarán no día sinalado. Céntrase no poeta homenaxeado e nas horas das diferentes actividades explicando que se celebrará un recital poético e musical no cemiterio celanovés de San Breixo.remátase apuntando que foi autor de *Longa noite de pedra* (1962), *A taberna do galo* (1978) e *Onde o mundo se chama Celanova* (1975) e que morreu subitamente o 31 de agosto de 1931.

L R, "El Congreso Manuel Luis Acuña centrará sus actividades en la investigación histórica", *La Región*, "Ourense", 19 de setembro de 2009, p. 25.

Presenta o congreso que se celebrará ese ano en Trives e que se centra na figura de Manuel Luís Acuña. Informa sobre a presentación do congreso por parte do vicedecano da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, Xosé Manuel Cid, que recalcou a temática desa edición do congreso, a investigación, tocando tamén a literatura, o teatro e o cinema. Apunta que o congreso está dirixido aos alumnos da Universidade de Vigo e á comunidade docente, e resalta que contará coa figura de Francisco Fernández Rei, académico da Real Academia Galega, que dará unha charla, cuxa temática principal será a importancia da lingua galega e a figura de Valcárcel, un colaborador importante de edicións anteriores deste congreso.

L R, "A creación da marca 'Vilas literarias' dará un pulo ao turismo cultural de Celanova", *La Región*, "Ourense", 21 setembro 2009, p. 5.

Indica que a Consellería de Cultura levará a cabo unha iniciativa chamada "Vilas literarias" para dar a coñecer as distintas vilas natais de autores galego recoñecidos. Para isto, deberán cumprir unha serie de requisitos como, por exemplo, que sexa recoñecida como vila ou que o autor fora protagonista no Día das Letras Galegas. Finalmente, destaca algunhas vilas que se beneficiarán deste proxecto, como son Mondoñedo, Padrón, Ponteceso, Rianxo, etc.

L R, "Ourense salda a deuda con Valente", *La Región*, "Ciudad", 24 setembro 2009, p.12.

Infórmase sobre os actos que teñen lugar durante tres días no Teatro Principal de Ourense para homenaxear ao poeta na súa cidade natal co motivo do 80º aniversario do seu nacemento. Dise que esta é a primeira gran homenaxe que recibe o poeta ourensán máis universal da poesía contemporánea, Premio Príncipe de Asturias de las Letras. Tamén se comenta o agarimo dos organizadores do acto, a saber, a Deputación de Ourense, o Concello, a Universidade de Santiago, a Cátedra Valente e investigadores sobre o autor que programaron diferentes actividades tales como conferencias, mesas redondas, concertos e recitais. Indica que o recital poético "Memoria Sonora" é o acto a destacar no que se escoitaron por primeira vez os seus poemas musicados e a estrea dunha obra composta especificamente para o evento. Explica que a obra foi ideada por Raquel Rivera e o seu amigo Mauricio Sotelo, tamén compañeiro do poeta. Recolle que Coral Valente, a súa viúva, está moi agradecida polo tributo rendido ao poeta e á súa obra na súa cidade natal, e que Xosé Luís Baltar apuntou que "é un acto de xustiza".

L R, "La Parranda', en el recuerdo de Blanco Amor", *La Región*, "Ourense", "Ourense OUFF Film Festival", 16 outubro 2009, p. 11.

Indícase que a memoria do escritor, dramaturgo, xornalista e interesado nas artes visuais deixou tamén pegada no festival de cine ourensán. Dise que *A Esmorga* chegou na súa

adaptación cinematográfica, "La Parranda", de Gonzalo Suárez (1937) e unha mesa redonda que combinou a homenaxe á figura do escritor e tamén á do cineasta, con participantes como a sobriña de Blanco Amor, Marita Bóveda ou Monxardín. Coméntase que se ligou a este recordo o do fundador do festival, Eloy Lozano, que tamén coincidiu con Blanco Amor.

L R, "El Concello rendirá mañana un homenaje al educador ourensano Vicente Bóveda", *La Región*, "Ciudad", 9 novembro 2009, p. 8.

Dáse conta que o Concello de Ourense declarou fillo predilecto da cidade a título póstumo a Vicente Bóveda Iglesias, irmán de Alexandre Bóveda, e que prepara unha homenaxe ao educador que conleva o descubrimento dunha placa conmemorativa na Alameda do Cruceiro, lugar onde Vicente Bóveda dirixiu o "Centro de Enseñanza" que levaba o seu nome.

L R, "Intelectuales gallegos y portugueses rinden tributo al escritor Xosé Fernández Ferreiro", *La Región*, "Ourense", 14 novembro 2009, p. 8.

Dise que o parador de Santo Estevo, en Nogueira de Ramuín, acolle o encontro "Oficio de escritor", organizado polo Pen Clube de Galicia, homenaxeando desta volta ao escritor e xornalista ourensán Xosé Fernández Ferreiro. Saliéntase que intelectuais de Galicia e Portugal, escritores, académicos e representantes das institucións se citarán ao redor de conferencias e mesas redondas para analizar a traxectoria dun autor que se confesa "completamente autodidacta" e que ten dado obras como *A morte de Frank González* (1975), considerado o primeiro "western" en galego.

L R, "La sociedad 'Miño' dedica un sello a Eduardo Blanco Amor", *La Región*, "Ourense", 14 novembro 2009, p. 8.

Coméntase que a sociedade filatélica, numismática e vitofílica, "Miño", na súa tradicional "Exposición de San Martiño" realizou unha particular homenaxe a Eduardo Blanco Amor, presentando un selo no Liceo. Dise que nel reprodúcese a escultura do escritor realizada por Xosé Cid e a modo de sombra, a imaxe da obra d'*A esmorga*.

L R, "Trives homenajea al historiador Marcos Valcárcel en el cuarto Congreso Manuel Luís Acuña", *La Región*, "Valdeorras", 20 decembro 2009, p. 16.

Destaca do IV Congreso Manuel Luís Acuña, centrado nesta edición en "As outras armas do franquismo. 1939-2009: unha retrospectiva", a participación da organización Xudemecu, e o apoio da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, así como a de Nova Escola Galega. Por outra banda, recolle a dedicación de dito congreso ao historiador Marcos Valcárcel. Finalmente, menciona parte das intervencións feitas durante a celebración do Congreso, destacando a de dous dos integrantes da Real Academia Galega, así como a proxección do documental gañador do Premio Mestre Mateo "Antón Alonso Ríos. O Señor Afranio".

L R, "Una exposición reúne en el Edificio Simeón manuscritos y objetos de Blanco Amor", *La Región*, "Ciudad", 24 novembro 2009, p. 14.

Recolle a inauguración da exposición "Eduardo Blanco Amor. Da súa propia man", na que se expón parte dos manuscritos orixinais das súas obras coma o d'*A Esmorga* (1959), obxectos persoais do autor, as dedicatorias feitas nos seus libros as diferentes amizades, primeiras edicións das súas obras, etc.

L. R., "Airiños' ultima los detalles del libro sobre sus 75 años de vida", *Diario de Arousa*, "O Barbanza comarca", "Rianxo", 7 agosto 2009, p. 34.

Dáse noticia de que o grupo de teatro de afeccionados máis antigo de Galicia, "Airiños", prepara un libro para conmemorar o seu setenta e cinco aniversario, entre outras actividades entre as que tamén destacan a representación da obra "A retirada de Napoleón", coa que comezaron en 1933, e unha exposición. O seu director, Xesús Santos, comenta que o libro, seguindo unha orde cronolóxica, fala das súas obras, dos lugares onde se interpretaron, de datos curiosos como o paso da iluminación con candís á luz eléctrica ou o a escritura dos libretos a man até o soporte dixital, tamén recolle o elenco de actores que pasaron e que pertencen agora ao grupo.

L. R., "Ourense recuerda a Blanco Amor con un acto de 'lembranza' en San Francisco", *La Región*, "Ourense", 1 decembro 2009, p. 6.

Dá conta da conmemoración do autor d'*A Esmorga* (1959) como cada 1 de decembro, data na que numerosas personalidades da vida social e cultural se reúnen para homenaxear ao desaparecido escritor. De seguido, nomea a inauguración das "VI Xornadas de homenaxe a Blanco Amor", organizadas pola Consellería de Cultura xunto ao Pen Clube. Por outra banda, destaca a realización, entre outras actividades, da representación da peza teatral *Os baralláns* a cargo de alumnos do Instituto Blanco Amor.

L. R., "Un 'roteiro' por el casco antiguo ensalza a la poeta Filomena Dato", *La Región*, "Ciudad", 10 decembro 2009, p. 14.

Recolle o inicio do Roteiro de Filomena Dato, onde a vida e obra da escritora se converten na base dun peregrinar polo casco histórico da súa cidade. Conta ademais que a realización do mesmo dependeu de Fernando Román, comezando dito camiño na casa onde naceu a poetisa até rematar na rúa onde se encontra a placa conmemorativa á escritora.

Lugrís, Igor, "De 'O libro das confusons", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 novembro 2009, p. 32.

Insírese neste espazo fixo o poema "Estou no mundo porque tem que haver de tudo...", pertencente ao poemario *O libro das confusons*, de Xosé M. López Ardeiro.

M. A. C., "Un recital y un concurso centran los actos del Día da Muller", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 5 marzo 2009, p. 12.

Anúnciase que co gallo do Día da Muller se apresentará en Poio o libro *Pel de muller* (2008), de Asun Estévez, quen realizará a seguir un recital poético acompañada de violinistas.

M. A. C., "O escritor Raúl Calvo dirixe un obradoiro de creación literaria en Combarro", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 3 maio 2009, p. 12.

Informa de que a Concellería de Cultura de Poio pon en marcha un obradoiro de escritura para proporcionar técnicas narrativas e poéticas que melloren a expresión literaria. Comenta que o obradoiro será impartido polo escritor Raúl Calvo e describe cómo se van desenvolver as sesións. Así mesmo, informa cómo realizar a inscrición e dá conta do horario do obradoiro.

M. A. C., "O club de lectura retomarase o día 9 cunha novela do autor Diego Ameixeiras", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 2 setembro 2009, p. 12.

Salienta que o Club de Lectura de Poio, dentro das actividades de fomento do hábito lector, fará unha actividade de comentario do volume *Tres segundos de memoria* (2006) nun acto no que tamén se distribuirá este libro de Diego Ameixeiras.

Mallo Castro, Arcadio, "O home de ferro", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 20 agosto 2009, p. 15.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Arcadio Mallo Castro (vinte e cinco anos) intitulado "O home de ferro".

Malvido, Gemma, "Letras y óleo para sir John Moore", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 21 marzo 2009, p. 12.

Fala de *Na tomba do Xeneral inglés Sir John Moore*, unha edición feita pola Concellería de Cultura da Coruña do poema que Rosalía de Castro lle dedicara a Sir John Moore ilustrándoo con fotografías, gravados e pinturas de artistas coruñesas. Comenta que o libro vai acompañado dun CD no que Avilés de Taramancos recita o texto de Rosalía e que poetisas como Lucía Aldao, Tati Mancedo, Berta Dávila e Olga Patiño, entre outras, poñen voz aos versos de Rosalía. Afirma que deste xeito se conmemora o Día Mundial da Poesía na cidade coruñesa.

Malvido, Gemma, "Apropósitos Nito celebra sus 25 años en democracia con charlas", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 9 decembro 2009, p. 10.

Recolle a celebración dos 25 anos da compañía Apropósitos Nito actuando en democracia. Dá conta así dos diferentes actos conmemorativos con motivo desta celebración, comezando pola conferencia a cargo do escritor Antón Santiago denominada "Da Capitalidade ao Antroido Presidente, de 1984 a 2009". De seguido comenta as intervencións dos actores falando dos seus papeis máis destacados nas obras *María Pita*, *Marineda*, *A Torre de Hércules* ou *Francisco Vázquez*. Respecto ás charlas, tamén da conta da intervención do periodista Juan Antonio Martínez sobre a orixe da organización. Finalmente, fala sobre a exposición de fotografías, libretos, programas e a proxección de fragmentos das obras, que terá lugar ao longo do ano.

Mandiá, Diana, "Entre a colleita do último ano e a incerteza do que vén", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Día das Letras", 17 maio 2009, pp. 18-19.

Achega os comentarios de dezaseis figuras da cultura galega que expresan a súa opinión sobre o máis destacábel dos últimos meses e propoñen melloras cara á Administración. Os comentarios son de Rosa Aneiros, Alfredo Conde, María Bouzas, Antón Lopo, Uxía Senlle, Darío Villanueva, María Yáñez, Fran Alonso, María Xosé Agra, Samuel Solleiro, Carme Nogueira, Víctor F. Freixanes, Inma López Silva, Ubaldo Rueda, Mónica Alonso e Julián Hernández.

maré, "Os regalos do día", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xaneiro 2009, p. 29.

Enúmeranse as novidades literarias de 2008 que as editoriais galegas propoñen con motivo da festividade do Nadal: *Shakespeare destilado*, de Xesús Constela; *O globo de Shakespeare*, de Jaureguizar; *Amor Amén*, de Iolanda Zúñiga; *O xeito de Freud*, de Carlos Lema.

maré, "Castelao enteiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xaneiro 2009, p. 26.

Fálase da homenaxe que se celebrará con motivos dos cincuenta e nove anos do pasamento de Daniel Rodríguez Castelao e dos vinte e cinco anos da repatriación dos seus restos ao Panteón de Galegos Ilustres. Anúnciase que terá como acto principal unha ofrenda floral no panteón no que se atopa enterrado e mais na súa vila natal, Rianxo. Asemade, coméntase que se está a rematar a catalogación da súa obra, un proxecto dirixido por Miguel Anxo Seixas, para dixitalizar toda a súa obra que se atopa dispersa en distintos países. Engádese que estes traballos son froito dun convenio entre a Fundación Castelao e a Consellería de Cultura.

maré, "Barrios en conflito", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xaneiro 2009, p. 30.

Dáse conta da publicación da exitosa novela *A clase* (2008), de François Bégaudeau. Indícase que conta cunha escrita descontinua e que é a crónica do labor dun profesor nunha clase multicultural parisiense. Asemade, coméntanse as características do filme

homónimo que se fixo desta novela e que obtivo a Palma de Ouro no Festival de Cannes en 2008.

maré, "A ollada do desexo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xaneiro 2009, p. 28.

Anúnciase a inauguración da exposición "A ollada do desexo. Obra gráfica 1933-1973" no Verbum vigués, mostra que recolle o traballo como fotográfo do autor d'*A Esmorga* (1959), Eduardo Blanco Amor. Saliéntase a faceta como fotógrafo do autor, parella á súa creación literaria.

maré, "Até os últimos recunchos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Redes", 14 xaneiro 2009, p. 29.

Dáse conta que a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes e a Fundación Ramón Piñeiro abren o espazo Biblioteca das Letras Galegas, que permitirá pór a disposición dos interesados as obras literarias galegas dixitalizadas polo centro, dende a Idade Media até a actualidade. Dise que, froito dun convenio subscrito en xuño de 2007, segundo o director do portal, Anxo Tarrío, a biblioteca conta con 100 obras que irán aumentando, alén de fonoteca e hemeroteca. Mentres Marisol López destacou a importancia do sinxelo acceso a través dunha ferramenta potente como a Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, Darío Villanueva, director do Consello Científico desta última Biblioteca, salientou achegas como a da crítica ou a do contexto histórico.

maré, "Doce especialistas tratan de desentrañar as claves galegas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Análise", 14 xaneiro 2009, p. 29.

Preséntase un novo número de *Estudos Migratorios. Revista galega de análise das migracións*, de periodicidade semestral, que pasa a ser coeditada polo Consello da Cultura e a USC. Dise que Ramón Villares salientou unha nova etapa, Xosé Núñez Seixas a súa "perspectiva multidisciplinar" e visión de universalidade de Galicia e Elías Torres a precisión dos estudos e a súa importancia en termos de coñecemento e análise. Apúntase que a nova entrega coincide coa publicación do número monográfico "Galegos e tanos", das "Xornadas sobre migracións italianas e españolas á Arxentina", que recollen traballos de doce investigadores e unha homenaxe a Alexandre Vázquez González, profesor da Universidade de Vigo.

maré, "O home apaixonado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xaneiro 2009, p. 27.

Refírese ao pasamento do escritor Manoel Riverio Loureiro ao precipitarse por unha fiestra da súa casa da Coruña. Coméntase que é autor dun gran número de obras narrativas, entre as que se salientan: *Xullo- Agosto* (Premio Lueiro Rei 2005), *O Pasamento* (2002), *A volta de Castelao* (2005), *Sabotaxe en Estaca de Bares*, *Corpo Canso* (Premio García Barros 1993) e *As cereixas* (1984). Tamén se salientan as súas facetas de tradutor dalgunha das obras cumio da literatura rusa da época soviética e de dramaturgo, con obras coma *O prazo* (1994) e *O coronel ten a quen lle escribir* (1989).

maré, "O escritor Xesús Constela abre o seu blog", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xaneiro 2009, p. 28.

Anúnciase a posta en marcha do blog do escritor Xesús Constela que leva como nome "Tiñádelo que ver". Coméntase que nel, o autor expón a súa visión do mundo, que compara cun centro comercial.

maré, "Rutas para coñecer os lugares da cultura galega", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xaneiro 2009, p. 32.

Refírese á presentación da web de divulgación cultural "Roteiros da cultura galega", que pode consultarse a través da páxina da Consello da Cultura Galega (CCG). Aclárase que o proxecto ten como finalidade crear rutas literarias nas que os interesados poidan ver os lugares que foron importantes para Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, os primeiros en aparecer nesta plataforma. Alén, anúnciase que contará con información a través de fotografías, arquivos de audio e vídeo e panorámicas en trescentos sesenta graos. Sinálase que a presentación contou coa participación de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, e Manuel Gago, o director do portal, que sinalaron que o proxecto se xestou grazas ao acordo asinado entre o CCG e Consellería de Innovación.

maré, "Homenaxe a Méndez Ferrín aos seus 70 anos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xaneiro 2009, p. 29.

Faláse da cea que se celebrou en Vigo como homenaxe ao escritor ourensán Xosé Luis Méndez Ferrín con motivo do seu setenta aniversario, un evento ao que asistiron boa parte dos persoeiros da cultura galega. Coméntase que un pouco antes se celebrou no Auditorio da Centro Social Caixanova a presentación do libro *A semente da nación soñada*. *Homenaxe a X.L. Méndez Ferrín* (2008), editado conxuntamente por Sotelo Blanco e Edicións Xerais de Galicia.

maré, "A semente da nación soñada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 febreiro 2009, p. 29.

Faise eco da obra *A semente da nación soñada* (2008), que ten como obxectivo conmemorar os setenta anos do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín e os cincuenta da publicación da súa obra *Percival e outras historias* (1948). Explícase que o volume conta coa achega de sesenta colaboradores entre os que se atopan: Francisco Fernández del Riego, Margarita Ledo, Manuel Outeriño, Víctor Fernández Freixanes, Xoaquín Silva, Chus Pato, Henrique Costas, Rosa López Fernández, Luis González Tosar, María do Cebreiro, Paulino Vázquez, Moncha Fuentes ou Xabier Cordal. Tamén se indica que se presentou a publicación póstuma dun texto de Camilo Gonsar que conta cunha bibliografía realizada por Miguel Anxo Seixas e unha escolma dos seus artigos periodísticos realizada por Antón Capelán.

maré, "Luís Alonso Girgado recibe o galardón Toxos e Flores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2009, p. 32.

Coméntase a concesión do premio Manuel Lorenzo Barja, outorgado polo Real Coro Toxes e Flores de Ferrol, ao asesor do Centro Ramón Piñeiro e director da colección de poesía "Libros da Frouma", Luís Alonso Girgado, polo seu labor a favor da cultura galega. Saliéntase o carácter prolífico de Girgado que tamén fixo edicións de obras de Ánxel Fole ou Luís Amado Carballo, así como facsímiles de revistas poéticas como *Aturuxo*, *Galiza* ou *Cristal*.

maré, "Sexo de nariz vermello", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 marzo 2009, p. 33.

Reflexiónase sobre o papel da muller no mundo do clown, xa que se fala de xeito habitual de pallasos e non de pallasas. No entanto, mencionase unha serie de iniciativas, como o blog de mondopayasa ou o Festival Internacional de Pallasas en Andorra que reinvindican tamén a condición feminina do clown. Tamén se fala da boa traxectoria de pallasas como Marambio, interpretada pola arxentina Erica Ynoub; Pajarito, interpratada por Natalia Outeiro; ou a compañía Maquinaria Pesada, formada por Isabel Risco e Mariam Bañobre. Dise que Erica Ynoub salienta que cada vez existe menos discriminación neste terreo.

maré, "O amor galicián", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 marzo 2009, p. 35.

Anúnciase o pasamento de Avelino Abuín de Tembra, do que se salienta a súa prolífica carreira e o seu compromiso coa cultura galega. Considérase que por este motivo foi un dos fundadores do Pedrón de Ouro que outorga cada ano un galardón a aquela entidade ou personalidade viva que destaca na promoción e na defensa da cultura galega. Lémbrase que Abuín Tembra creou unha ruta literaria que percorreu os paisaxes e escritos que inspiraron a Rosalía de Castro e devolveu á luz a obra e vida de Luis Aguirre. Dise que tivo unha continuada e prolífica produción periodística e publicou unha serie de poemarios de distintas temáticas entre os que se salientan *Camiños* (1961), *Home ao pairo* (1974) e *Compostela* (1983).

maré, "O festival de Ourense homenaxeará a Blanco-Amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 marzo 2009, p. 35.

Infórmase da homenaxe que lle renderá o festival de cine de Ourense ao escritor Eduardo Blanco Amor con motivo dos cincuenta anos da publicación d'*A Esmorga*.

maré, "Yolanda Castaño de visita literaria en París", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 marzo 2009, p. 35.

Ofrécese un resume das citas literarias que ocuparán á poeta compostelá Yolanda Castaño durante o mes de marzo, caso do IV Festival Internacional de Poesía de Lleida "Mahalta 2009", do IV Festival de la palabra "Versátil.Es-09" en Valladolid, do ciclo da Aula de Poesía Díez- Canedo en Badaxoz, do I Festival de Poesía "Nosomostanraros"

de Elche, e dunha serie de conferencias sobre a poesía galega contemporánea nas universidades francesas da Sorbona en París, de Rennes e Lorient.

maré, "Traducen ao alemán *Ollos de auga* de Domingo Villar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 marzo 2009, p. 35.

Dáse conta da presentación no Instituto Cervantes de Münchem da tradución ao alemán da obra de Domingo Villar *Ollos de auga* (2006), baixo o título *Wasserbleue augen* (Unionsverlag). Dise que o acto se engloba dentro do encontro de novela negra celebrado en Alemaña, Krimifestival.

maré, "Na construción do eu", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 marzo 2009, p. 29.

Anúnciase a próxima publicación da obra de Suso de Toro, *Por arte de maxia*, cualificada por el mesmo como "unha especie de resumo de todo o que el mesmo escribiu". Segundo o propio autor indica, trátase dunha especie de busca para constatar un baleiro na súa historia persoal" referente á peripecia vital do seu avó paterno, que el dicide reconstruír a partir dunha serie de viaxes tras as súas pegadas, incluídas Cuba e Zamora de onde provén esa rama da familia. Tamén el mesmo indica que o tema principal vén ser recorrente nas súas obras: a busca da identidade. Sinálase que está narrada en segunda persoa e que o autor é ao tempo narrador e personaxe e por último que son dúas as situacións das que, en palabras do autor, nace a obra.

maré, "O conflito do castelán é ficticio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 marzo 2009, p. 28.

Recóllense as declaracións de Marisol López sobre os ataques á lingua galega e a presentación da "Biblioteca ESAD Textos". Explica que é un proxecto da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a editorial Galaxia e a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia que contará de inicio coa traducións de Albert Camus, E. O'Neill e Juan Mayorga que serviran de material de traballo de partida para o mundo e lectores teatrais.

maré, "Un pioneiro axitador do teatro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 marzo 2009, p. 33.

Refírese ao pasamento do dramaturgo e director de teatro catalán, Ricard Salvat, e saliéntase a estreita relación que tivo con Galicia. Por unha parte, como amigo de Isaac Díaz Pardo, co que colaborou editorialmente e como escenógrafo en dúas obras de Ramón Mª del Valle-Inclán estreadas en Barcelona en 1972: *Ligazón* e *El embrujado*. Por outra, como difusor de Bertold Brecht en Galicia e como admirador de Álvaro Cunqueiro. Coméntase tamén que dirixiu en 1991 para o Centro Dramático Galego a obra *Incerto señor don Hamlet* e foi galardoado co premio Rosalía de Castro que outorga o PEN Clube galego en 2002.

maré, "Manuel Rivas presta a súa voz ao recital do PEN galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 marzo 2009, p. 32.

Anúncianse dous actos que se celebrarán en Santiago de Compostela con motivo do Día Internacional da Poesía. Por unha banda organizouse un recital poético polo Consello da Cultura Galega (CCG) e o PEN Clube. Do recital dise que terá lugar no salón de actos do consello e que contará coa intervención do presidente do PEN, Luís González Tosar, e do presidente do CCG, Ramón Villares. Cítanse como voces do recital a Manuel Rivas, Víctor Campio Pereira, Helena de Carlos, Gonzalo Navaza e Emma Couceiro. Por outra banda, no TC Centro Multimedia de Galicia, no Parlamento, dise que tivo lugar un recital solidario por videoconferencia co nome de Versos a Palestina. Participaron por Palestina Najla Shami e Ghaleb Jaber, mentres que por Galicia fixérono Antía Otero, Pilar Beiro, Antón Lopo, Estevo Creus, Nieves Soutelo e Carlos Negro.

maré, "Tributos no Día Mundial da Poesía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 marzo 2009, p. 28.

Salienta a publicación de *Na tumba do Xeral inglés Sir John Moore*, de Rosalía de Castro, no Día Mundial da Poesía. Explica que a obra vai acompañada dun disco no que Avilés de Taramáncos recita o texto de Rosalía a Sir John Moore xunto a outras poetisas que participaron no recital poético-musical organizado polo concello herculino. Fala tamén doutros actos integrados na celebración do Día Mundial da Poesía como "De amor e morte", espectáculo poético-musical no que o grupo Ouriol, composto pola poeta Eva Veiga e os músicos Fito Ares e Bernardo Martínez, fai arredor da poesía galega, dende a lírica medieval á actualidade. Deste xeito, recuperan poemas de Fernando Esquío, Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín, Pilar Pallarés, Chus Pato ou Ana Romaní, entre outros. Por último, cita a sección "Poemas do mundo" do recital poético celebrado en Toledo e no que se inclúen poemas en lingua galega.

maré, "2010: Ano de Luís Seoane", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 marzo 2009, p. 34.

Infórmase que o Consello da Cultura Galega realizará en 2010, co gallo do centenario do nacemento de Luís Seoane, un congreso ao tempo que publicará o seu epistolario. Tamén faise eco da difusión dunha gravación sonora con discursos e conferencias baixo o título *Ramón Otero Pedrayo*: *Galicia e Europa*. *Bos Aires 26 xullo de 1959*.

maré, "A memoria da 'sorpresa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Diáspora", 15 abril 2009, p. 32.

Comenta que a Secretaría Xeral de Emigración acaba de dixitalizar os documentos espallados polos distintos centros galegos da emigración e informa que se poden consultar no enderezo web www.galiciaaberta.com. Así mesmo, salienta que entre eses documentos se atoparon dúas obras esquecidas de Castelao e fai referencia a outros descubrimentos de interese. Nun á parte intitulado "Un traballo con continuidade" indícase que a dixitalización continuará nos centros galegos do exterior e explica os contidos da web.

maré, "A Esmorga', 'a pedais", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 abril 2009, p. 33.

Indica que o grupo A Masa Crítica vai realizar en Ourense un percorrido en bicicleta polo itinerario que describe Eduardo Blanco Amor na súa obra *A Esmorga* (1989). Salienta que o obxectivo dos participantes é reclamar un maior uso deste medio e solicitar máis vías con carril bici.

maré, "O problema' da dispersión urbana", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Seminario", 7 maio 2009, p. 34.

Dá conta da celebración do VI Seminario Intensivo "Urbes Europeae. Cidades europeas ante a globalización. Identidades, hibridación e posibilidades da cultura", que se está a celebrar na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela. Salienta que unha das actividades levada a cabo foi a realización dun itinerario literario por distintos lugares da cidade que se citan na novela de Suso de Toro, *Trece badaladas* (2002).

maré, "¿O día de Novoneyra?", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xuño 2009, p. 31.

Coméntase a dificultade da elección á que se enfrontan os membros da Real Academia Galega para o Día das Letras Galegas 2010. Precísase que os dous candidatos con máis posibilidades son Ricardo Carvalho Calero, que arrastra milleiros de sinaturas e peticións, e Uxío Novoneyra, do que vai cumprirse este ano o seu décimo cabodano, requisito imprescindíbel para poder ser homenaxeado.

maré, "Encrucillada de camiños", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xullo 2009, p. 37.

Faise unha descrición do Monumento ao Camiñante Descoñecido, sito nun parque de Barallobre en Fene. Apúntase que foi inaugurado en 1934 e que contén doce bancos, cada un cun nome dun escritor como Manuel Curros, Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo, etc., mais saliéntase que o único vivo é Xosé Neira Vilas. Finalmente infórmase de que se realizará unha homenaxe neste parque a Neira Vilas.

maré, "O grupo Ouriol recita hoxe en Portecubelo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xullo 2009, p. 30.

Destaca que a poetisa Eva Veiga recitará poemas de Manuel Antonio, tirados de *De catro a catro* (1928), dentro das actividades preliminares do IX Encontro de Embarcacións tradicionais de Galiza que tivo lugar entre o 9 e 12 de xullo en Muros.

maré, "Contra a xenreira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 xullo 2009, p. 29.

Anúnciase que diversos autores e autoras da Asociación de Escritores en Lingua Galega lerán un manifesto de defensa da lingua galega no que se denuncia o retroceso que está a sufrir o galego coas novas mediadas normalizadoras da Xunta de Galicia, nun acto que

terá lugar o 24 de xullo diante da estatua de Rosalía de Castro na Alameda de Santiago de Compostela.

maré, "Pola luz de Lóuzara", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xullo 2009, p. 28.

Fálase da inauguración en Lóuzara dun roteiro que ten ao poeta Fiz Vergara Vilariño como eixo fundamental. Indícase que ao acto asistiu Antón Bao e que a intención é crear un parque escultórico con obras de Paco Pestana, Álvaro de la Vega, Mónica Alonso e Edu Valiña.

maré, "Novas fórmulas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xullo 2009, p. 28.

Apúntase que as catro compañías teatrais residentes de Galicia (Sarabela Teatro de Ourense, Teatro do Morcego de Narón, Teatro de Ningures de Cangas e mais Cabo Sam Lourenzo de Santiago de Compostela) recibirán cada unha delas oitenta mil euros por parte da Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC). Tamén se sinala que Matarile, Teatro do Noroeste, A Factoría, Talía, Kukas Producións, Teatro do Atlántico ou Teatro do Morcego recibirán axudas do AGADIC e finalmente coméntase que as salas privadas de Galicia tamén terán axudas.

maré, "Manuel Rivas entra na RAG", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 agosto 2009, p. 27.

Anúnciase que Manuel Rivas foi elixido pola Real Academia Galega (RAG) como membro numerario en substitución de Camilo Gonsar e considérase que é un dos escritores máis apreciados da literatura galega e que se converteu no embaixador de Galicia no mundo. Asemade, indícase que co seu ingreso foi levado como "sumo segredo" na RAG, da que se subliña que é unha institución pouco dada a trasladar publicamente os seus procesos internos.

maré, "Ampliando horizonte", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 agosto 2009, p. 29.

Explica que a entrada de Manuel Rivas na RAG fai que esta institución se rexuveneza e coida que nos últimos anos tratou de se achegar á realidade social e literaria de Galicia. Asegura que a RAG está dominada pola Xeración dos 50 e que asemade ocupan as institucións claves de Galicia. Fala das diferentes xeracións da RAG, dende o máis vello Francisco Fernández del Riego até o máis novo Manuel Rivas, e comenta que a RAG mantén un equilibrio case salomónico entre as diferentes xeracións.

maré, "As outras lecturas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 agosto 2009, p. 30.

Destaca que as propostas alternativas da sección "Abrazos Off" do Festival dos Abrazos se están a impoñer e anuncia que a actuación de Begoña Cuquejo no escaparate de Florentino no cantón do Toural de Santiago de Compostela, así como a do colectivo LIBA. Explica que Begoña Cuquejo presentará a peza de danza contemporánea *Nin un mm* que ten o poema "Alicia", de Carlos Oroza, como base deste traballo.

maré, "A raíz das experiencias", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 agosto 2009, p. 29.

Coméntanse os segredos da tradución do *Ouveo*, de Allen Ginsberg, realizada por Xoán Abeleira.Explícase que esta traballo naceu como parte do proxecto "Música para un ouveo" e que esta xa fora publicado por Positivas en versión de Daniel Salgado en 2007.

maré, "Versos para cantar sempre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 setembro 2009, p. 26.

Alúdese a que a cidade da Coruña, no Teatro Rosalía de Castro, e a vila de Outeiro de Rei lembrarán a figura de Manuel María con dúas homenaxes que contarán con música e poesía. Coméntanse ambas as homenaxes e destácase que en Outeiro de Rei se desenvolverá nas Penas de Rodas un recital poético, unha ofrenda floral no cemiterio, unha homenaxe a Xulio Xiz e pecharase cun concerto de Mini e Mero e mais de Tino Baz.

maré, "Volve a paz á escena", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 setembro 2009, p. 29.

Asegúrase que o director de AGADIC tivo que rectificar a súa posición inicial de adiar a produción d'*As actas escuras*, anúnciase que os ensaios comezarán en novembro e que se estreará o 15 de xaneiro de 2010. Asemade explícase que non se nomeará quen substitúa á antiga directora do CDG, cesada "fulminantemente" polo director de AGADIC, e anúnciase que a persoa que dirixirá o CDG será elixida mediante un concurso internacional.

maré, "Sen feira para a cultura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 setembro 2009, p. 29.

Fai referencia a que grazas á falta de apoio por parte da Xunta de Galicia os editores galegos decidiron suspender a edición de 2009 de Cultur.gal. Indícase que a Feira Galega das Industrias Culturais se creou en 2007 pero que en 2009, a pesar do apoio da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña, non foi posíbel organizar esta feira e coméntase que os organizadores non lle pechan as portas á inici ativa privada.

maré, "Yolanda Castaño, no Absolut Young Poetry", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Italia", 8 outubro 2009, p. 36.

Infórmase que o Absolut Poetry de Monfalcone, que se celebra dende 2005, reúne este ano a representantes das linguas minorizadas de Europa. Saliéntase que, entre vascos, galeses, occitanos e autores de diversos dialectos italianos se encontrará Yolanda Castaño, quen participa nunha mesa redonda e ofrece un recital poético multimedia, como é habitual nunha das citas poéticas máis experimentais e vangardistas.

maré, "A dona dos mapas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Letras", 13 outubro 2009, p. 35.

Apunta que o Consello da Cultura Galega (CCG) realiza, a través da Comisión de Igualdade que coordinan Ana Romaní e Helena González, unha xornada (29 de outubro) para propiciar o estudo e a renovacion de enfoques sobre a obra literaria e o perfil da autora de *Do sulco* (1957), *Adiós, María* (1971) ou *Estacións ao mar* (1980) ou o reiterado verso de subversión de Penélope, "Eu tamén navegar". Indica que "Xohana Torres. A dona dos mapas" será o título do evento dedicado a esta voz feminina, da memoria, da nación, do tempo e do mar. Salienta que a análise se centra en sesións científica, literaria e de documentación e memoria; que, entre as participantes, se conta con Carmen Blanco, Iolanda Ogando, Olga Novo, Montse Penas, Helena González, Miriam Mariño, Ana Romaní, entre outras, e que se pecha a xornada cun recital no que participarán María Xosé Queizán, Chus Pato, Lupe Gómez e María do Cebreiro.

maré, "ProLingua anima a Núñez Singala a crear textos do galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Plataforma", 19 outubro 2009, p. 35.

Comenta que a plataforma ProLingua apoia nun comunicado a Manuel Núñez Singala, logo de que a súa obra de teatro *Comedia bífida* fose criticada por Galicia Bilingüe. Indica que a obra, que move ao riso mostrando comportamentos diglósicos e prexuizosos, entronca con outras da tradición galega das que un exemplo sería *El Cadiceño*, de Rosalía de Castro. Alén diso, ProLingua anima dese xeito a Núñez Singala a seguir creando textos dramáticos sobre a lingua galega, igual que anima ás editoriais e poderes públicos a escoller estes materiais.

maré, "Adeus 'Anisia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 outubro 2009, p. 28.

Fala da morte de Anisia Miranda, quen fora muller do escritor Neira Vilas e despois fai unha descripción da súa vida. Destácase o seu compromiso coa língua galega, ao fundar a distribuídora Follas Novas ou facer traducións de autores latinoamericanos, e tamén o seu compromiso coa Revolución Cubana, o que se traduce en numerosos traballos de xornalismo, de redacción en revistas infantís, etc. Explícase que na actualidade tiña a súa residencia en Gres, onde exercía coma vicepresidenta da fundación que garda o legado do seu marido.

maré, "Defenderei os meus dereitos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 outubro 2009, p. 27.

Comenta que Xavier Alcalá presentou un novo libro, titulado *Habana Flash*, e indica o seu contido que é unha mestura sobre a Revolución Cubana e a emigración galega alí. Afirma que Alcalá fala da súa polémica con Ángeles Caso a quen acusou de apropiarse dun dos seus títulos e engadiu que "o asunto está en mans dos seus avogados". Para rematar faise unha visión dos traballos en galego do escritor, aínda que nacera en Cidade Real.

maré, "O poeta total", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Letras", 26 outubro 2009, p. 29.

Lémbrase que o 30 de outubro de 2009 cúmprense dez anos da morte de Uxío Novoneyra, que faleceu o mesmo día no que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a asociación cultural O Galo, e a AS-PG (Asociación Socio Pedagóxica Galega) lle rendían unha multitudinaria homenaxe no Teatro Principal de Compostela. Dise que é o autor escollido para celebrar o Día das Letras Galegas 2010 e destácase a importancia da súa poesía e o seu compromiso coa terra a partir, sobre todo, do libro que máis sona lle deu, *Os Eidos* (1955).

maré, "Un completo estudo de Xohana Torres, na rede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Web", 30 outubro 2009, p. 36.

Dise que o "Álbum de Mulleres" do portal culturagalega.org inclúe materiais sobre Xohana Torres, entre os que se encontran unha galería fotográfica, textos pouco coñecidos, gravacións de recitados ou unha cronoloxía literaria que permitirá percorrer as súas publicacións, premios e homenaxes. Salienta que o portal se presentou na xornada sobre Xohana Torres do Consello da Cultura, quen estivo unicamente presente por medio da súa voz, recitando, e se pechou con outro recital no que interviron María Xosé Queizán, Chus Pato, Lupe Gómez e María do Cebreiro.

maré, "Esculturas poéticas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Percorrido", 30 outubro 2009, p. 36.

Comenta que o roteiro literario-artístico pola Lóuzara de Fiz Vergara Vilariño conta con dúas novas intervencións: dous bloques de pedra caliza do lugar asimétricos e con texto de Fiz do artista Caxigueiro e seis paneis indicadores que crean nomes de lugar extraídos doutro poema de Fiz, do artista Jesús Otero-Yglesias. Indica que o roteiro, organizado pola Asociación Cultural Ergueitos de Sarria e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), acolle xa outras intervencións artísticas e sirve de percorrido-homenaxe para a lectura dos textos do autor de *Orfo de ti en terra adentro* (1976), *Poeta muiñeiro á deriva* (1983) e *Nos eidos da bremanza* (1990).

maré, "Eran as 10:52", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Avoz dunha xeración", 30 outubro 2009, p. 33.

Dáse conta da homenaxe a Uxío Novoneyra, morto en Compostela unha década atrás. Considerado *Os eidos* un dos libros capitais da poesía do século XX, Xosé Lois García, un dos impulsores para a consecución dun 17 de maio da Real Academia Galega dedicado a Uxío Novoneyra, lembra as sensacións e o momento da morte do poeta. Tamén se di que Manuel María nomeábao como unha voz concienciadora cívica, civil e honrada e que Salvador García Bodaño publicaba un soneto en *Galicia Hoxe*, lido na despedida no cemiterio laico de Lugo, a aquel que fixo do ser poeta unha responsabilidade, estremeira no seu caso coa pintura ou o activismo cultural.

maré, "Camiños que agroman", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Encontro", 2 novembro 2009, p. 29.

Apúntase que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) convoca o IV Encontro de Novos Escritores que aborda os camiños das novas xeracións das letras galegas. Dise que, como lugar de debate e avance de teses, xa sexa por medio de vídeos ou de documentos dixitalizados, creouse un blog específico (www.letrasnovas.blogaliza.com). Coméntase que as catro mesas de debate do programa xiran ao redor de diferentes cuestións: "A literatura autoreferenciada", por Iolanda Zúñiga, Inma López Silva e Alberto Lema; "Noticias de poesía última", con Andrea Núñez, Gonzalo Hermo e Alicia Fernández; "Autoedición: a mirada do libro de autor", con Carlos Vinagre, Baldo Ramos e Uqui Permui ou "O peso da nación", con Séchu Sende, María Lado e Estíbaliz Espinosa. Saliéntase que os relatorios irán dende a experiencia persoal até o intercambio comunitario de temas como "o que nos une e o que nos separa aos poetas novos", a distribución limitada ou a identidade e as raíces.

maré, "O legado de Ramón Cabanillas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Lingua", 6 novembro 2009, p. 34.

Sinálase a iniciativa de oito concellos (Mondariz-Balneario, Cambados, Cuntis, Dozón, Moaña, Mos, Redondela e Silleda) que asinan a Declaración Mondariz-Balneario no cincuentenario do pasamento de Ramón Cabanillas para reivindicar a súa responsabilidade na cuestión lingüística, evitando "que se impoña a crispación". Dise que se destaca na Declaración o recoñecemento da lingua como primeiro valor cultural e como sinal de identidade do pobo galego, e a priorización das actitudes positivas, cortesía, tolerancia e capacidade de comprensión nos interlocutores, desexando que os concellos manteñan os avances conseguidos.

maré, "Homenaxe a Díaz Pardo en San Alberte de Guitiriz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 novembro 2009, p. 34.

Menciona o acto levado a cabo pola Asociación Cultural Xermolos e a Fundación Manuel María en recoñecemento á traxectoria de Isaac Díaz Pardo, coas intervencións de Martiño Noriega, Felipe Senén, Xosé Ramón Fandiño, Andrés Varela, Ramón Villares e Carme Blanco.

maré, "O Pen Clube lembra hoxe a Blanco Amor en Ourense", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 decembro 2009, p. 37.

Faise eco da IV Xornada de Homenaxe a Eduardo Blanco Amor en conmemoración do cincuenta aniversario da publicación d'*A Esmorga*, así como da realización de diferentes actividades que pretenden conmemorar dito acontecemento como a publicación dun xogo de rol, dun cómic e a reedición especial da novela.

maré, "O gran renovador", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "A memoria do século", 4 decembro 2009, p. 33.

Recolle a sucesión da dirección da Biblioteca Penzol de mans de Francisco Fernández del Riego. Fai así un percorrido pola traxectoria deste destacando o seu labor na

consolidación e creación da biblioteca, convertíndoa nun referente da investigación humanística e chegando a conter máis de cincuenta e mil exemplares e preto dos catrocentos manuscritos.

maré, "O home que non calou", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Un proceso de renovación", 11 decembro 2009, p. 32.

Comenta o acto de despedida de Xosé Ramón Barreiro a cargo da Real Academia Galega, destacando a súa intervención e a súa defensa e compromiso coa lingua e cultura galegas, acusando ao presidente da Xunta de "remover as augas' do idioma e 'crear crispación no país". Dá conta ademais dos apoios recibidos entre outros, polo escritor Manuel Rivas.

maré, "O Pen apoia a Méndez Ferrín para presidente da RAG", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 decembro 2009, p. 27.

Faise eco do apoio do Pen Club á candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín como sucesor na presidencia da Real Academia Galega, destacando as verbas do seu presidente, Luís González Tosar, que eloxian ao escritor dende a súa proposta deste como Premio Nobel de Literatura como na súa defensa a liberdade ideolóxica dos intelectuais.

Marín, Mar, "La idiosincrasia de los gallegos en Argentina, al desnudo en un estudio", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 9 abril 2009, p. 59/ "Un estudio sobre la figura del gallego en Argentina lo destaca como tenaz y leal", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 9 abril 2009, p. 38/ "Los gallegos de Argentina se quitan el estereotipo del Manolito de Mafalda", *El Progreso*, "Vivir", "Sociedad", 9 abril 2009, p. 54/"Un libro radiografía los estereotipos que adjudican a los gallegos en Argentina", *La Región*, "Sociedad", 9 abril 2009, p. 58/"Los gallegos en Argentina: tenaces, leales y tacaños ", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crónica", 9 abril 2009, p. 50/"Los tópicos sobre gallegos no mueren", *Xornal de Galicia*, "Sociedade", "Estudio", 9 abril 2009, p. 36.

Fala da saída do prelo en 2008 da monografía *Los* "*gallegos*" *en el imaginario argentino*, da que se afirma que constitúe unha radiografía dos estereotipos dos emigrantes galegos en Argentina mediante o seu reflexo na literatura, o sainete e a prensa. Tamén se destaca que está financiado polo Consello da Cultura Galega e mais que amosa como se caricaturiza os emigrantes.

Martínez, Cecilia, "Dende o galego para o mundo", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", "Historias da contra", 23 maio 2009, contracuberta.

Refire que o equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do IES María Soliño de Cangas vai abrir unha exposición titulada "Urbi et Orbi, dende o galego para o mundo", centrada nas traducións que se teñen realizado dos autores galegos dende o Rexurdimento nos distintos idiomas do mundo. Cita algunhas das obras máis prolíficas

e destaca, sobre todo, as traducións das obras de Manuel Rivas a máis de vinte e cinco linguas.

Martínez, Cecilia, "Tres merecidos galardones para la cultura canguesa", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Cangas", 24 maio 2009, p. 18.

Dáse conta da Festa das letras en Cangas na que se fixo unha homenaxe ao narrador Xaime Enríquez e coa entrega dos Premios Xoán de Cangas á labor cultural e á creación artítisca e o Premio Ignacio Cerviño á recuperación do patrimonio. Dise que resultaron premiados Bernardino Graña, na categoría de creación artística, a Coral Lestonnac, á labor cultural e a Asociación Cultural A Cepa, o premio Ignacio Cerviño.

Martínez, Cecilia, "Moaña dedica dos calles a los poetas Bernardino Graña y Manuel María", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Bueu/Moaña", 21 xuño 2009, p. 22.

Indica que o Concello de Moaña inaugurou dúas rúas dedicadas a escritores galegos. A primeira levará o nome do poeta Bernardino Graña e a segunda, que é un tramo do novo paseo fluvial, chamarase Manuel María. A seguir, dá conta dos asistentes ao acto e comenta que como colofón se realizou un recital poético a cargo de Marta Dacosta, Anxo Angueira, Lucía Novas e Daniel Costas.

M**artínez**, Iago, "Un editor sen aldea", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 6, "Galicia: o futuro xa está aquí", 18 xaneiro 2009, p. 6.

Debuxa a traxectoria profesional de Manuel Bragado, que de ser un dos primeiros mestres (e non mestras) de preescolar en Galicia, rematou sendo director de Edicións Xerais de Galicia, que ten publicados máis de dous mil libros en galego. Fala de que polo día é editor e pola noite "lector furtivo". Como exemplo do valor da súa imaxe pública, afírmase que nas últimas eleccións municipais rexeitou unha oferta de Anxo Quintana como candidato á alcaldía viguesa.

Martínez, Iago, "Candidato ao Nobel e á presidencia de Xunta", *Xornal de Galicia*, "Eleccións 1-M", "Análise", 27 xaneiro 2009, p. 18.

Refírese á candidatura do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín como cabeza de lista do partido da esquerda nacionalista Fronte Popular Galega (FPG) para as eleccións do 1 de marzo. Saliéntase a carreira literaria de Méndez Ferrín que se combina coa súa faceta política.

Martínez, Iago, "O veredicto de Blanco Amor", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 17, "En portada", 4 abril 2009, pp. 2-3.

Fálase da novela *A Esmorga* (1959), de Eduardo Blanco Amor, con motivo dos trinta anos do pasamento do autor. Explícanse os atrancos para a súa publicación en Galicia como a censura franquista ou a negativa por parte dos editores por tratarse dunha obra

que contiña un transfondo social e crítico importante. Asemade, tamén se salienta o éxito da obra que se debe á súa técnica narrativa, ao emprego da linguaxe e á temática.

Martínez, Iago, "A única revolta que triunfou no século XX foi a do feminismo", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Café con letras", "Literatura e muller", 21 xuño 2009, pp. 38-41.

Encontro das escritoras Marilar Aleixandre, María Reimóndez e Marta Dacosta, convidadas para falar de literatura, muller, xénero e discriminación xunto a Miguel Anxo Fernán Vello, Lucía López Bayo, Iago Martínez, Natalia Alonso e Martin Pawley. No debate atópanse elementos como a recuperación literaria de Galicia de mans dunha muller, Rosalía de Castro, a valoración que se tivo dela ou a discriminación que cara ás mulleres segue presente na literatura, nomeadamente nas críticas que exercen os seus compañeiros de profesión. Após varias fotos do encontro na derradeira páxina atópase unha pequena biografía das tres autoras ao carón da súa foto.

Martínez, Iago, "Varela cuestiona a continuidade dos Premios Nacionais da Cultura", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 26 xuño 2009, p. 43.

Faise un repaso polos Premios Nacionais de Cultura, creados en 2008, e lémbrase que Xosé Luís Méndez Ferrín mereceu dito galardón na categoría de Literatura.

Martínez, Iago, "Os escritores esperan que Varela conserve os Premios Nacionais da Cultura", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 27 xuño 2009, p. 45.

Faise eco do desleixo da Xunta de Galicia cara á cultura galega xa que aínda non convocou os Premios Nacionais de Cultura e recóllense as palabras de Cesáreo Sánchez Iglesias nas que espera "sensatez" por parte da Xunta dado que a desaparición destes galardóns "sería percibida polo mundo da cultura como unha agresión".

Martínez, Iago, "Cultura achegará 400.000 euros á adaptación de 'Arrugas' ao cine", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 3 agosto 2009, p. 41.

Refírese aos proxectos cinematográficos que subvencionará así como os que non subvencionará a Xunta de Galicia. No referente á literatura galega destácase que *Os Bolechas*, de Pepe Carreiro, non recibirán nada mentres que si recibirán axudas a versión do cómic *Arrugas*, de Paco Roca, así como a adaptación de *Ollos de auga* (2006), de Domingo Villar, a cargo de Vaca Films Studio con guión de Carlos Portela e que será dirixida por Jorge Coira.

Martínez, Iago, "Cultura mercará 1900 libros para novas bibliotecas, ningún en inglés", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 10 agosto 2009, p. 42.

Anúnciase a licitación da Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia para a compra de libros destinados ás bibliotecas públicas. Indícase que contará con mil novecentos

noventa e tres exemplares en español, setecentos oitenta e oito en galego, con autores como Antón Riveiro Coello ou Teresa Moure, mais que non contará non ningún exemplar en lingua inglesa. Tamén se informa de que o portal institucional que promovía a literatura galega no exterior, denominado ReadGalicia.com, foi desactivado pola Xunta de Galicia.

Martínez, Iago, "O PP precipita a saída de Cristina Domínguez do Centro Dramático", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 3 setembro 2009, p. 45.

Alude a que os ataques do PP á xestión de Cristina Domínguez así como as diferenzas de criterio entre a Xunta de Galicia e a propia Cristina Domínguez teñen como consecuencia que esta adiante a súa marcha da dirección do CDG. Asemade indícase que J. C. Fasero anunciou que en setembro se convocará un concurso público para escoller a persoa que substitúa a Cristina Domínguez.

Martínez, Iago, "A primeira persoa ferida do plural", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 21 novembro 2009, p. 35.

Comenta a celebración da primeira xornada en Vigo do IV Encontro de Novos Escritores, destacando as intervencións de Alberto Lema, Iolanda Zúñiga e Inma López Silva, e dando conta do debate existente entre estes en canto a cuestión da existencia, ou non, dun "nós" xeracional entre os escritores novos. Faise eco, deste xeito, das posturas tan diversas dos tres escritores dende a idea de rivalidade e compañeirismo postulada por Alberto Lema, até o individualismo de Inma López, pasando pola dúbida ante pertenza a unha xeración por parte de Iolanda Zúñiga.

Martínez, Iago /A. **Losada**, "Ferrín: 'A Academia é soberana, non chega tan lonxe a man de ninguén', *Xornal de Galicia*, "Cultura", 18 decembro 2009, p. 36.

Fan referencia á posibilidade da candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín como sucesor do presidente da Real Academia Galega, subliñando os numerosos apoios do escritor por parte de diferentes membros da Academia ao consideralo un peso sólido e destacando o seu compromiso coa Institución. Por outra banda, tamén recollen as opinións daqueles sectores contrarios ao escritor no referente a asunción do cargo do presidente, mostrando as súas reservas en referencia ao pasado político de Ferrín.

Martínez, J. Luis, "Ruta moañesa polos textos galegos", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Morrazo", 13 outubro 2009, p. 14.

Coméntase que o Instituto de Educación Secundaria A Paralaia e o Concello de Moaña traballan nunha iniciativa que dispersará fragmentos da obra de autores galegos contemporáneos en distintos puntos dos paseos marítimos e das beiras dos ríos. Apúntase que o camiñante coñecerá así versos ou frases co nome do seu autor, abrindo ás portas á pesquisa persoal. Dise que, aínda que o proxecto non está pechado, cabe a posibilidade de renovar os carteis periodicamente, cambiando o xénero literario da orixinal exposición cada tres meses. Lémbrase que o Instituto A Paralaia xa levou

adiante iniciativas como a tradución das cartas dos locais de hostalaría do municipio ou un traballo sobre os alcumes moañeses.

Martínez, José Luis, "Cangués urbi et orbi para o galego", *Atlántico Diario*, "Morrazo", 18 maio 2009, p. 10.

Dá conta da inauguración da exposición "Urbi et orbi, dende o galego para o mundo", organizada polo equipo de normalización lingüística do instituto María Soliño de Cangas. Explica que nesta exposición se mostran as obras de diferentes autores que foron traducidos a outros idiomas e propón exemplos. Tamén indica que a mostra consta de paneis informativos, xogos interactivos e unha vídeo entrevista co escritor Xosé Luís Méndez Ferrín.

Martínez, María, "Los libros son para el verano", *El Progreso*, "Lugo", "La semana por delante", 6 xullo 2009, p. 5.

Noticia referida ao comezo da Feira do Libro Antigo e de Ocasión da cidade de Lugo que contará con numerosas actividades entre as que está a representación da obra infantil *A caixiña de mistos*.

Martínez González, Xurxo, "A estrutura cultural galega vive afastada da realidade mantendo un gran distanciamento coa xente do común", *Galicia Hoxe*, "*Suplemento horizontal: Altermundo*", n.º 27, "Nacionalismo e cultura", 26 xuño 2009, p. 3.

Longa reflexión na que, partindo dos traballos do líder africano Amílcar Cabral, comenta que a estrutura cultural de Galicia está moi afastada da xente normal e para solucionar isto subliña que cómpre socializar a cultura galega así como erradicar o elitismo. Tamén recalca que o discurso cultural asimilista só procura o control político de Galicia para así quebrar o nacionalismo emancipador como ideoloxía.

Martínez Modroño, Mercedes, "Semana", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 15 xullo 2009, p. 25.

Sección que acolle os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso reprodúcese o relato de Mercedes Martínez Modroño, intitulado "Semana" e ilustrado por Xoán Baltar.

Martínez Sande, Marina, "Seguir vivindo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 26 agosto 2009, p. 15.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Marina Martínez Sande (11 anos) intitulado "Seguir vivindo".

Mato, Mar, "Blanco Amor, ao outro lado do espello", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 xaneiro 2009, p. 15/*La Opinión*, "Cultura", 22 xaneiro 2009, p. 54.

Refírese á exposición "A ollada do desexo", composta por fotografías tiradas por Eduardo Blanco Amor, e que pode visitarse no Verbum de Vigo até o quince de marzo. Enuméranse algunhas das temáticas que se poden observar nas fotografías como as paisaxes de Marrocos, Bos Aires, Chile ou Galicia, retratos do propio Blanco Amor, dos seus amantes ou de persoeiros da cultura galega e española como Daniel Rodríguez Castelao, Rafael Alberti ou Federico García Lorca.

Mato, Mar, "Os títeres de Kukas sopran as súas 30 velas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 marzo 2009, p. 48.

Fálase do trinta aniversario da compañía de teatro Monicreques Kukas, que sentou as bases do teatro de monicreques en Galicia. Explícase a xestación da compañía formada polo artista plástico Kukas e Isabel Rey, que xurdiu como un proxecto para a Festa do Queixo de Arzúa. Saliéntase tamén que conta coa influencia de Peralta del Amo, unha compañía española experta en monicreques.

Mato, Mar, "O blogomillo literario", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 46/*La Opinión*, "Cultura", 17 maio 2009, p. 66.

Fai referencia ao éxito que están a alcanzar os blogs en galego e afirma que a día de hoxe existen uns sete mil blogs, dos cales cento dez están dedicados á literatura galega. Así mesmo, tamén salienta que a Asociación de Escritores en Lingua Galega concede un premio ao mellor blog literario e refire que o gañador foi Arturo Casas. Achega a opinión doutros blogueiros como Alfredo Ferreiro, Leo, Pedro Silva e Henrique Marques. En columnas á parte, acóllense os comentarios de Alfredo Ferreiro e Estíbaliz Espinosa e tamén unha selección de "Bitácoras e letras".

Mato, Mar, "Seis cidades propoñen a Carvalho Calero para o Día das Letras Galegas", *La Opinión*, "Cultura", 18 xuño 2009, p. 54.

Sinálase que coincidindo co vinte aniversario do pasamento de Ricardo Carvalho Calero, varias concellos propuxeron a súa figura para ser homenaxeada no Día das Letras Galegas 2010. Precísase que a Fundaçom Artábria e a Associaçom Galega da Língua (AGAL) levan tempo propoñéndoo para este día. Á marxe dereita da foto do autor ferrolán aparece un apartado biográfico do mesmo.

Mato, Mar, "A Real Academia dedica as Letras Galegas 2010 ao poeta do Courel, Uxío Novoneyra", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 xullo 2009, p. 39/*La Opinión*, "Cultura", 28 xuño 2009, p. 76.

Destácase primeiramente a valentía de Uxío Novoneyra ao pronunciar en galego un discurso nos anos cincuenta nun acto público en Santiago en plena época de represión

lingüística, e ao tempo denunciar na súa poesía cívica a crueldade das guerras como a do Vietnam. Tras iso recóllense as palabras da Real Academia Galega tras a decisión de dedicarlle o Día das Letras Galegas 2010 e tamén as múltiples palabras de eloxio dedicadas por outros autores ao poeta. Dáse tamén un pequeno apuntamento cronolóxico da súa biografía e indícase noutro apartado que Bernardino Graña, do que se achega unha pequena bio-bibliografía, foi nomeado pola RAG como membro numerario.

Mato, Mar, "Nuevos rumbos en el teatro gallego", *Faro de Vigo*, "TV/Espectáculos", 11 agosto 2009, p. 59.

Comenta que a creación das "compañías residentes" de teatro por parte da Xunta de Galicia xorde "un tanto coja" dado que estas só recibirán oitenta mil euros fronte aos dous centos cincuenta mil que solicitaran para pór en práctica os seus proxectos, entre os que están a dinamización cultural do concello no que desenvolvan a súa actividade.

Mato, Mar, "El aullido de la 'ópera' recitada", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 27 agosto 2009, p. 35.

Infórmase de que o compositor Borja Costa estreará a vindeira semana a súa versión musicalizada do *How!*, de Ginsberg. Afírmase que leva por título *Música para un ouveo*, que o recitado correrá a cargo de Xoán Abelleira e que se estreará na Coruña, coa participación de Manuel Rivas, e mais en Vigo, coa colaboración de Fran Alonso.

Mato, Mar, "Ferrín: 'A Función da Real Academia Galega é non estar nos combates diarios', *Faro de Vigo*, "Sociedad", 5 decembro 2009, p. 40/*La Opinión*, "Cultura", 6 decembro 2009, p. 67.

Dá conta da saída de Xosé Ramón Barreiro como presidente da RAG, así como a presentación da candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín como sucesor deste no cargo. Aclara, aínda así, que este depende do apoio de tres membros para ser aceptada a súa proposta. Por outra banda, recolle as palabras do escritor ao destacar as funcións da RAG, cuxo papel, según Ferrín, é manterse distante e traballar a prol da cultura e a lingua.

Mato, Mar,"O futuro da RAG: Ferrín e moito máis", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 43/"Real Academia: Ferrín e moito máis", *La Opinión*, "Cultura", 15 decembro 2009, p. 55.

Recolle as opinións partidarias así como as que se mostran en contra, da posíbel candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín como sucesor no cargo de presidente da Real Academia galega. Así, destaca que mentres uns, como é o caso de Manuel Rivas, enfatizan o seu compromiso e lealdade á lingua galega, así como o seu compromiso coa institución, outros consideran que o pasado político do escritor pode crear conflitos non desexábeis dende a Academia. Por outra banda, destaca os proxectos pendentes da Academia como a a creación dun dicionario, unha gramática e a ampliación do arquivo.

Mato, Mar, "Ferrín, na encrucillada da RAG", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 18 decembro 2009, p. 18.

Deixa constancia das diferentes posturas en torno a candidatura de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente da Real Academia Galega, destacando por unha parte as palabras de aqueles que o consideran como o candidato idóneo, mentres outros consideran o seu pasado político unha traba para desempeñar as funcións do cargo que pretende. Así, por unha banda, faise eco das palabras de Suso de Toro, quen considera que o nome de Ferrín está marcado politicamente. Recolle tamén a opinión de Xavier Queipo quen non lle recomenda ao escritor que se vincule a unha institución que leva entre o seu nome a palabra "Real" tendo en conta o pasado republicano deste. Tamén recolle as palabras de Xavier Alcalá que subliña que o escritor "é un home que non se casa con ninguén", defendendo a súa posición. Finalmente, traslada as palabras de An Alfaya ao reconocerlle ao autor estar sobradamente preparado para o cargo.

Mauleón, Amaia, "El territorio de las letras encuentra su hogar", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 xaneiro 2009, p. 39/*La Opinión*, "Cultura", 3 febreiro 2009, p. 54.

Explícase o proxecto levado a cabo pola Asociación de Escritores en Lingua Galega chamado "Territorio das letras", unha iniciativa que a través da súa páxina web permite localizar as casas dos principais literatos galegos acompañadas por unha foto das fachadas e unha ficha na que se incorporan os datos xeográficos de localización, alén dunha biobibliografía dos escritores. Entre estas casas saliéntase a de Luís Pimentel en Lugo, a de Álvaro Cunqueiro en Mondoñedo, a de Daniel Rodríguez Castelao en Rianxo, a de Ramón Otero Predayo en Láncara e a de Rosalía de Castro en Padrón.

Mauleón, Amaia, "Universos Particulares", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 febreiro 2009, p. 48.

Fálase das bibliotecas dunha serie de persoeiros relacionados coa literatura galega: Manuel Bragado, editor de Edicións Xerais de Galicia; Manuel Rivas, escritor; Antonio García Teixeiro, escritor e profesor; Luisa Castro, escritora; e Agustín Fernández Paz, escritor. Explícase a ubicación de cada unha destas bibliotecas e o seu contido.

Mauleón, Amaia, "La revolución sin papel, 'a modiño", *La Opinión*, "Cultura", 23 abril 2009, p. 55.

Fai referencia á loita actual entre os libros tradicionais e os libros electrónicos. Comenta que o mundo editorial afirma que os libros de papel non van deixar de existir, mais tamén destaca que as novas tecnoloxías xa chegaron ao mundo do libro. A seguir refire as opinións dalgúns editores sobre este tema: Manuel Bragado, de Edicións Xerais de Galicia, Víctor Freixanes, de Galaxia e Alfonso García Sanmartín, da Asociación Galega de Editores. Por último, propón algunhas das vantaxes do libro dixital. En columna á parte, fai referencia á celebración do Día do Libro na cidade da Coruña e tamén a través das webs.

Mauleón, Amaia, "Las falsas vacaciones del escritor", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 14 agosto 2009, pp. 34-35/*La Opinión*, "Cultura", 16 agosto 2009, pp. 52-53.

Recolle as opinións de diferentes escritores sobre o que fan durante o verán: Domingo Villar indica que nunca se separa da súa libreta para facer anotacións; Fran Alonso apunta que necesita saír de Galicia para descansar; e Rosa Aneiros afirma que considera o verán como un bo momento para desconectar da escritura.

Mauleón, A./A. **Saa**, " Los escritores respaldan a Ferrín", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 22 decembro 2009, p. 39.

Recolle a problemática ao redor da elección do próximo presidente da Real Academia Galega, destacando que aínda que non se pode falar dun único candidato, soa con forza o nome de Xosé Luís Méndez Ferrín como sucesor no cargo. Destaca ademais o respaldo que o escritor está a ter de diferentes autores galegos recollendo as verbas de apoio de Luisa Castro, Carlos Reigosa, Marilar Aleixandre e Yolanda Castaño, valorando a súa defensa do galego, así como a súa presenza e compromiso coa RAG, afirmando que o maior respaldo é a súa obra.

Mauleón, A./A. **Saa**/M. **Mato**, "La encrucijada de la Academia", *La Opinión*, "Cultura", 22 decembro 2009, p. 47.

Recolle a problemática debida á elección do próximo presidente da Real Academia Galega, destacando que aínda que non se pode falar dun único candidato, soa con forza o nome de Xosé Luís Méndez Méndez Ferrín como sucesor no cargo. Destaca ademais o respaldo que o escritor está a ter de diferentes autores galegos recollendo as verbas de apoio de Luisa Castro, Carlos Reigosa, Marilar Aleixandre e Yolanda Castaño, valorando a súa defensa do galego así coma a súa presenza e compromiso coa RAG, afirmando que o maior respaldo é a súa obra. Recóllese tamén a opinión de Antón Reixa a favor do escritor como futuro presidente da RAG. Sen embargo, por outra banda, recolle tamén as opinións de Marta Rivera de la Cruz e Suso de Toro, quen consideran que a condición ideolóxica do escritor pode xogar na súa contra para desempeñar as funcións no cargo que pretende.

M. B., "O Salón Teatro contou con dez mil espectadores o ano pasado", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 27 xaneiro 2009, p. L10.

Refírese ao número de espectadores co que contou o Salón Teatro de Santiago de Compostela durante o período de 2008. Afírmase que o xénero máis visto foi o teatro, seguido polos espectáculos musicais e a danza, este último o xénero menos demandado polo público.

M. B., "Para ler a francesada", *A Nosa Terra*, n.º 1.350, "Cultura", 12-18 marzo 2009, p. 26.

Enuméranse unha serie de libros que saíron á venda con motivo da conmemoración da Guerra de Independencia e das batallas libradas en Galicia contra as tropas napoleónicas. Entre os libros citados figuran *Xan Loureiro* (2008), de Xesús Murais; *O sangue dos Cortiña* (2004), de Miguel Anxo Fernández; e *Reconquista*. *Vigo en armas* (2008), de Eduardo Rolland.

M. B., "Poesía para un mundo alternativo", *A Nosa Terra*, n.º 1.371, "Cultura", 3-9 setembro 2009, p. 33.

Anuncia que o XXIII Festival de Poesía do Condado, que terá lugar entre o 4 e 5 de setembro en Salvaterra do Miño, contará coa presenza, entre outros, de Anxo Angueira, Xabier Xil, Dores Tembrás e Filipa Leal e cun espectáculo conducido por Carlos Blanco.

M. B., "Os escritores de Galeusca apoian as mobilizacións en defensa do idioma", *A Nosa Terra*, n.º 1.377, "Cultura", 15-21 outubro 2009, p. 33.

Coméntase que a vixésimo sexta edición do Galeusca, celebrada en Arantzazu, co nome de "Literaturas minorizadas, grandes desafíos", remata servindo como altofalante do "total rexeitamento" ante as agresións a linguas minorizadas e o apoio á manifestación convocada por Queremos Galego. Dise que houbo tamén mostras de solidariedade aos imputados pola dirección do Auskaldunon Egunkaria, que, no plano organizativo, Cesáreo Sánchez toma a presidencia por relevo e que se confirma que a Federación participará nos debates sobre propiedade intelectual, libro dixital, etc. Por último indícase que Cesáreo, no que respecta ao galego e a literatura, destacou o seu bo estado e a forte implicación dos escritores máis novos.

M. C., "O congreso Manuel Luís Acuña rende homenaxe a Marcos Valcárcel", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 20 novembro 2009, p. 13.

Coméntase que o IV congreso Manuel Luís Acuña terá lugar na Casa da Cultura de Trives e que están dedicadas á represión franquista na educación. Indícase que participarán Francisco Fernández Rei, Xulio Prada, Miro Villar, Raúl Sotelo ou Xosé Manuel Cid e que nesta edición haberá unha exposición na lembranza de Antón Alonso Ríos e mais que se fará unha homenaxe a Marcos Valcárcel.

M. C./X. R. B., "Unha semana de fogo cruzado", *Xornal de Galicia*, "En clave", 21 decembro 2009, p. 5.

Recolle a polémica entre a familia Baltar, por unha banda, e o Concello de Rianxo e a Fundación Castelao pola outra. Fai así un breve resume a través dos diferentes artigos publicados nese mesmo xornal, que evidencian a loita entre ambos. Dende a carta de Juan Ramón Baltar, onde defende a decisión do seu irmán baseándose na profunda amizade que os vincula coa familia Castelao, e criticando as actitudes tanto do concello coma da fundación. Por outra banda, lembra tamén a entrevista concedida por Avelino

Pousa ao xornal, na que a súa vez trata de aclarar a intención da fundación colaborando co concello para levar a cabo o Proxecto Academia Literaria de Rianxo.

M. C. S., "Xuxo Borrazás presenta esta noche en Carballo su última novela", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da morte", 22 maio 2009, p. 21.

Informa de que o escritor Xurxo Borrazás vai presentar o seu libro *Costa Norte/ZFK* (2008) en Carballo dentro do programa Literactúa, desenvolvido polo Concello para promover a lectura. Salienta que a obra se centra nesa comarca e que está a ter moita aceptación.

M. C. S., "Yolanda Castaño ofrece un recital de videopoesía en Carballo", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da morte", 27 maio 2009, p. 21.

Dá conta da participación da poeta Yolanda Castaño na Semana do Libro e a Lectura que organiza a Asociación Socio Pedagóxica Galega e o Concello de Carballo. Comenta que neste acto tamén se fará entrega dos premios aos mellores artigos xornalísticos normalizados e destaca que a participación de Yolanda Castaño é un recital multimedia con son e videopoesía.

M. C. S., "Una obra teatral aborda en Cee los riesgos de las drogas y el alcohol al volante", *La Opinión*, "Carballo/ Costa da morte", 4 novembro 2009, p. 21.

Indícase que *Pasoulle a Marcos* é o título da obra de teatro que se interpreta no salón de actos de Cee para concienciar sobre os riscos do alcol e dos estupefacientes na condución. Dise que asistirá alumnado de instituto, se ben na iniciativa participan tamén policías e lesionados.

M. C. S., "Xosé Manuel Beiras abre unas jornadas sobre Alfredo Brañas", *La Opinión*, "Carballo/Costa da morte", 13 novembro 2009, p. 22.

Apúntase que no 150 aniversario do nacemento de Brañas se celebran en Carballo, por terceira vez, as xornadas "Alfredo Brañas: contexto e ideario", organizadas polo concello e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Coméntase que Xosé Manuel Beiras abre os actos coa conferencia "Alfredo Brañas como protonacionalista galego" e que tamén intervirán Xan Fraga, Xosé Ramón Freixeiro Mato, que se centrará no contexto literario do XIX, Ramón Máiz, Xusto Beramendi e Carlos Amable. Indícase queeEstas xornadas vense complementadas por outras actividades, como a homenaxe no Panteón de Galegos Ilustres en Santiago ou a divulgación da obra do autor.

M. D., "Historia dun amor truncado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 marzo 2009, p. 36.

Refírese a publicación da novela *Na solaina* (2008), de David D. Vázquez Álvarez, na que se relata a historia de dous personaxes, Ana e Daniel "o Rabizo", dende a súa nenez até a vellez. Apúntase que a historia intercala o presente co pasado e conta cunha

estrutura clásica e unha linguaxe accesíbel na que se mesturan diálogos coa voz do narrador. Saliéntanse ademais outras obras do escritor: *O ruliño branco* (2005), *Orballo da mañá*... (2006) e *Améndoa e flores silvestres* (2008).

Medina Rodríguez, Javier, "A influencia do mito de Breogán na identidade galega", *Diario de Arousa*, "*Arousa un mar de cultura*", "*Revista de Adina*", n.º 37, 13 setembro 2009, pp. 6-7.

Estudo que fai un percorrido histórico sobre a figura de Breogán. Comenta que o mito de Breogán se enlaza coa construción da Torre de Hércules, que a primeira irrupción deste mito na península Ibérica é grazas a Donal O'Sullivan no século XVII, que foi a icona do Rexurdimento con figuras como Manuel Murguía ou Eduardo Pondal. Tamén fai mención ás Irmandades da Fala, á Xeración Nós ou a que en 1966 se funda un club de baloncesto en Lugo co nome C. B. Breogán. Para concluír apunta que Breogán é unha icona institucional, que non popular nin tradicional, e que foi incorporada ao acervo ideolóxico galego da man de Murguía.

Meilán, Álvaro, "Amigos que explican una vida", *El Progreso*, "Lugo", 13 xuño 2009, p. 9.

Sinálase que tivo lugar a presentación do libro sobre Xesús Mato, *Mato sono io (eu son tolo). 100 amigos falan de Xesús Mato.* Precísase que este libro-homenaxe constitúe unha homenaxe polos seus setenta e cinco anos e que foi publicado pola Fundación Manuel María de la Terra Chá.

Méndez Ferrín, X.L., "Víctor López Seoane", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 228, "No fondo dos espellos", 4 abril 2009, contracuberta.

Rescata a figura do estudioso Víctor López Seoane e, en relación coa literatura galega, salienta a amizade que mantivo con Manuel Murguía quen o incluíu na súa obra *Historia de Galicia* e o considerou como unha das figuras do Rexurdimento.

Méndez Ferrín, X.L., "Cinco acoutacións á 'Esmorga' con Don Ramón e outra xente ao lonxe", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 607, "No fondo dos espellos", 25 abril 2009, p. 4.

Achega varias explicacións sobre *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, con motivo da celebración dos cincuenta anos da súa publicación. Estrutura o artigo en cinco apartados que levan os seguintes títulos: "De graxos a proletarios", "1868", "O título da novela", "Stuyk e Andrada" e "O Cachoupiño".

Méndez Ferrín, Xosé Luis, "Do Ourense Graxo", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 230, "No fondo dos espellos", 25 abril 2009, contracuberta.

Fai referencia á obra de Blanco Amor, *A Esmorga*, que cumpre os cincuenta anos da súa publicación. Comenta que a época anterior aos anos 50 non foi moi prolífica para a literatura galega mais entre 1950 e 1960 a ficción galega viviu un período esplendoroso coa Nova Narrativa. A seguir, lembra cando a obra chegou á imprenta de Galaxia e non puido ser publicada porque foi rexeitada pola censura de Madrid. Conta como Isaac Díaz Pardo a levou para Arxentina e alí Luís Seoane se encargou de sacala á luz na súa editorial Citania. Finalmente, dá conta da difusión d'*A esmorga* nas librarías de Madrid e salienta a excelencia da mesma.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "De 'Contra Maquieiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 xullo 2009, p. 33.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "III", pertencente á obra *Contra Maquieiro* (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "De 'Contra Maquieiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 agosto 2009, p. 32.

Sección fixa na que se acolle o poema "VIII", pertencente á obra *Contra Maquieiro* (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "De 'Contra Maquieiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 outubro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "V", incluído na obra *Contra Maquieiro* (2005), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Méndez Fonte, Rosa, "1034: viator ignotus", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 539, "Patrimonio e sociedade", 28 xuño 2009, p. 7.

Recrea como foi a inauguración en 1934 do Monumento ao Camiñante Descoñecido sito nun parque de Barallobre, en Fene, nun acto ao que asistiu Ramón Otero Pedrayo. Afirma que Daniel Rodríguez Castelao "declinou a súa asistencia por razóns que descoñezo".

M. G., "Luís Valle, el poeta que 'entra por la puerta grande de las letras gallegas", *El Correo Gallego*, "Cultura", 5 maio 2009, p. 60.

Dá conta da entrega do premio de poesía Caixanova ao poeta Luís Valle Regueiro pola súa obra *A caída*. Indica que o acto tivo lugar no Pazo San Roque de Vigo e que estiveron presentes, ademais do galardoado, Luís González Tosar e Roberto Varela. A continuación, recolle as opinións de cada un sobre a obra premiada e sobre a situación da lectura en Galicia.

M. G., "A IV Festa da Poesía abre na Estrada cunha fin de semana cultural", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 6 novembro 2009, p. 35.

Indícase que a Festa da Poesía na Estrada, aposta de Edicións Fervenza, terá nesta edición como pregoeira a Celia Parra, gañadora do premio Avelina Valladares da Estrada. Dise que a cita, aberta ao público na praza do Mercado, será tamén unha homenaxe ao músico e poeta estradense Xosé Couceiro Bugallo, autor d'*O meu brado mainiño*. Saliéntase que os participantes serán agasallados co poemario vencedor de Parra, *No berce das mareas*, e unha litografía do estradense Javier Fondevila.

M. G. M., "Buscando visibilidade nas letras", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Conferencias", 21 abril 2009, p. 14.

Comenta que se vai celebrar o segundo encontro "Cidade da Coruña" que este ano leva por título "Mulleres na literatura" organizado polo Concello e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Informa que contará coa participación de catro figuras femininas: a primeira en participar será María Reimóndez co relatorio "Por min e polas miñas compañeiras", continuará a mexicana Elena Poniatowska co título "A literatura que vén da rúa"; en terceiro lugar participará Marilar Aleixandre, quen falará sobre os tabús e, por último, Teresa Moure, encargada de pechar o ciclo, presentará "As mulleres e a literatura. De onte a hoxe".

M. G. M., "Luis Eduardo Aute e Lucía Aldao levarán a poesía a amantes e dubidosos do verso", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 11 novembro 2009, p. 14.

Dáse conta que a escritora Yolanda Castaño dirixe o ciclo de recitais "Poetas di(n) versos", que acolle na cidade da Coruña a pares de voces relevantes no ámbito poético. Coméntase que ,dando predominancia ao verso e non ao academicismo, se combina sempre un autor galego cun autor que escriba en catalán, éuscaro, castelán ou portugués. Saliéntase a procura da súa continuidade e lémbrase simbolicamente os Xogos Florais de 1861. Dise que a primeira cita contará coa expresión poética de Luis Eduardo Aute e Lucía Aldao e que as seguintes, sempre na casa da cultura Salvador de Madariaga, con Luis García Montero e Luz Pozo Garza, Joan Margarit e Xosé María Álvarez Cáccamo.

M. G. V.,"Recupéranse cinco cabeceiras da prensa galega na emigración", *Xornal de Galicia*, "Comunicación", 14 marzo 2009, p. 52.

Coméntase que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades editou tres libros e dous discos que compilan as cinco cabeceiras "históricas" da prensa galega na emigración. Afírmase que os títulos dos libros son *Prensa Galega de Arxentina* (2008) e *Escolma de Almanaques Galegos* (2008). Dise que o primeiro reúne cinco cabeceiras e o segundo dezaoito mostras.

Miranda Lodeiros, Leticia, "Seoane, trinta anos despois", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 228, "Arte", 4 abril 2009, pp. 4-5.

Lembra a figura de Luís Seoane e salienta a abundante obra que deixou e, sobre todo, a súa gran calidade artística. Tamén fai referencia aos seus debuxos e tamén aos carteis e refire outras facetas da súa vida. Finalmente, salienta que a situación galega e "as circunstancias políticas" determinaron o compromiso social da súa obra.

M. J. A., "Busconas' en el portal de Belén", *Faro de Vigo*, 16 decembro 2009, contracuberta.

Recolle a presentación do belén do escultor Arturo Baltar, destacando neste ano a presenza das figuras representativas da Nonó, Zorrita e A Noalla, xa presentes na obra de Eduardo Blanco Amor, *A Esmorga* (1959). Descríbe o creador como o "padre de un Belén que es un minucioso retrato etnográfico de una Galicia extinguida". Para finalizar, lembra a través das explicacións do escultor, a forma en que Blanco Amor entrou en contacto con estas mulleres.

M. J. R., "O teatro galego enfróntase ó futuro co reto de desenvolver un público crítico e estable", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Citas del Día", "CGS", 22 decembro 2009, p.10.

Recóllese o debate que tivo lugar na Fundación Caixa en Galicia con motivo da conmemoración dos vinte anos do teatro galego. Destaca a intervención de Manuel Lourenzo e o seu discurso ao redor das lembranzas dos comezos do teatro galego. Por outra banda, menciónanse tamén as palabras de Gustavo Pernas quen subliñou os problemas de financiamento público e privados das compañías. O bailarín Quique Peón deu a súa visión dende o eido tradicional e, finalmente, Cándido Pazó falou sobre a necesidade da formación dos actores.

M. M., "A clase de literatura saíu á rúa pontecesá", *El Ideal Gallego*, "Viaxe cultural", 21 maio 2009, contracuberta.

Comenta que o alumnado do terceiro curso de ESO do colexio Fogar da Santa Margarida da Coruña realizou o roteiro pondaliano "Val Nativo" e coñeceu os lugares referidos por Eduardo Pondal na súa obra. Dise que visitaron a casa natal do escritor e mais o río Anllóns e o Monte Branco. Así mesmo, comenta que debe realizar un blog con fotografías, poemas e textos de Pondal.

M. M., "La literatura se afianza en la red", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 16 decembro 2009, p. 42.

Recolle a iniciativa I+D+I acometida por la Federación de Escritores e a Biblioteca Nacional, a partir da cal se pon a disposición dos internautas páxinas dalgúns dos autores máis representativos da literatura galega. Así, destaca que estes poderán consultar o sumario e até un 25% por cento das obras subidas á rede. Por outra banda, comenta que xa hai noventa editoriais interesadas no proxecto. Comenta que o proxecto presentará ditas obras no catálogo dixital da Biblioteca, que conterá a ficha con datos bibliográficos, a imaxe da cuberta, un resumo e un fragmento mais o sumario do libro.

Molina, César Antonio, "De 'Eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 xaneiro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Rápidos do amor", pertencente ao poemario *Eume* (2007), de César Antonio Molina.

Molina, César Antonio, "De 'Eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 xaneiro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "A espuma une o disperso", pertencente ao poemario *Eume* (2007), de César Antonio Molina.

Molina, César Antonio, "De 'Soños nos cantís", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 abril 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "E OS ATÚNS EN NOITE DE LÚA", pertencente ao poemario *Soños nos cantís* (2006), de César Antonio Molina.

Molina, César Antonio, "Canto cifrado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 setembro 2009, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Gustaríame escribir este poema nun claro do bosque...", pertencente a *Canto cifrado*, de César Antonio Molina.

Molina, César Antonio, "De 'Eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 outubro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "QUITÓN longo...", pertencente ao poemario *Eume* (2007), de César Antonio Molina.

Molina, César Antonio, "De 'Eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 outubro 2009, p. 40.

Insírese nesta sección fixa o poema "DO AMOR que coñecín...", pertencente ao poemario *Eume* (2007), de César Antonio Molina.

Molina, César Antonio, "De 'Eume", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 decembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "ESPELLO DE AUGA...", pertencente ao poemario *Eume* (2007), de César Antonio Molina.

Montero, T., "Diseños simples que revelan historias muy complicadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 327 , "Arte", 22 agosto 2009, p. 13.

Comenta que nos debuxos que a Colección Caixa Galicia conserva do álbum *Cousas da vida*, de Daniel Rodríguez Castelao se traza a historia dos perdedores e dos pobres da

primeira metade do século XX e anúnciase que se poderán ver entre o 12 e o 27 de setembro na sede da Fundación Caixa Galicia de Santiago de Compostela.

Montero, Tamara, "Galicia, capital de los países celtas en el festival de Lorient", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Crónica", 17 xuño 2009, p. 48.

Con motivo da celebración do Festival Intercéltico de Lorient, fai referencia á relación de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao con Bretaña e cita a obra *As cruces de pedra na Bretaña* (1950). Así mesmo, informa que o artista Alain Pennec presentará a videocreación *Castelao, ida y vuelta desde Galicia a Bretaña*.

Morales, Eladio, "Volven os de sempre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 decembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Aí volve. Os homes eses coa súa pantomima...", pertencente a *Volven os de sempre*, de Eladio Morales.

Moreira Fontán, Eva, "Erundina", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 8 agosto 2009, p. 22.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso insírese "Erundina", unha historia romántica de Eva Moreira Fontán ilustrada por Xoán Baltar.

Moreira Fontán, Eva, "Diario de nó", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 10 agosto 2009, p. 15.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Diario de nó", escrito por Eva Moreira Fontán e ilustrado por Xoán Baltar.

Moreno, María Victoria, "Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 marzo 2009, p. 39.

Acóllese nesta sección o poema "Eu non sei por que choro...", pertencente a *Elexías de luz* (2006), de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 abril 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle a composición poética "As miñas ás grelaron en palabras...", pertencente a *Elexías de luz* (2006), de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 abril 2009, p. 31.

Acóllese nesta sección o poema "desde París dicir...", pertencente a *Elexías de luz* (2006), de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xullo 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce o poema "As miñas ás grelaron en palabras...", pertencente a *Elexías de luz* (2006), de María Victoria Moreno.

Moreno, María Victoria, "De 'Elexías de luz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle a composición poética "¿Quen falaba na fiestra...", pertencente a *Elexías de luz* (2006), de María Victoria Moreno.

Mosquera, Javier, "Del Riego abandona la dirección de la Biblioteca Penzol después de 46 años", *Faro de Vigo*, "Vigo", 3 decembro 2009, p. 11.

Recolle a sustitución de Francisco Fernández del Riego a cargo da Biblioteca Penzos por Francisco Domínguez, comentando a partir de dita noticia, a traxectoria da biblioteca dende as súas orixes. Así, é descrita como "o principal centro de documentación y estudio de la Galicia contemporánea, con un importante patrimonio bibliográfico al que acuden cada año cientos de investigadores". Resume a súa longa traxectoria dende a súa creación no 1963 até a actualidade, contando con máis de cincuenta e mil libros, oito coleccións completas de periódicos, máis de dous mil cincocentas publicacións periódicas, catrocentos manuscritos, etc. Comenta ademais, que é considerado un dos centros de estudos e documentación especializado en lingua e literatura galegas.

Mouzo Canosa, Melisa, "Unha noite máxica", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 14 agosto 2009, p. 16.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Melisa Mouzo Canosa intitulado "Unha noite máxica".

Mouzo Lema, Mayka, "Nos beizos de Perséfone", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 23 agosto 2009, p. 18.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia*, para ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas convocatorias: menores de quince

anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Mayka Mouzo Lema (dezaoito anos) intitulado "Nos beizos de Perséfone".

M. P., "Manicómicos llena el teatro Rosalía para celebrar su quinto aniversario", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Ciudad", "Espectáculo", 12 xaneiro 2009, p. 7.

Fálase da celebración do quinto aniversario da asociación cultural Manicómicos que tivo lugar no teatro Rosalía de Castro de A Coruña. Coméntase que se tratou dun espectáculo multiartístico no que se combinou música, con mímica, acrobacias e malabares. Xustifícase a recadación para financiar o novo local do grupo, que permitirá dar cabida a unha maoir oferta formativa.

M. P., "Apoloxía literaria' en A Coruña", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Exposición", 7 abril 2009, p. 15.

Dá conta da inauguración dunha nova exposición na Casa da Cultura Salvador de Madariaga na Coruña, que leva por título "Libros para ver". Achega as palabras da concelleira de cultura, María Xosé Bravo, quen loa o labor das bibliotecas municipais no fomento da lectura e explica en qué consiste a mostra. Comenta que a exposición recolle as obras das editoriais Raíña Lupa e Producción Culturais Artesas, que pertencen á Biblioteca de Estudos Locais.

M. R., "Carlos G. Reigosa recibe hoy en A Pastoriza la distinción de 'Chairego do ano'", *El Progreso*, "A Chaira", 30 maio 2009, p. 17.

Dise que dentro dos actos da decimooitava edición dos Xogos da Mancomunidade, Carlos G. Reigosa recibe a distinción de 'Chairego do ano' na casa da cultura de A Pastoriza. Logo descríbense os actos que se desenvolven ao longo da xornada.

M. R., "Una profesora de la Universidad descubre un texto inédito de Risco", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 23 outubro 2009, p. 17.

Saliéntase que a investigadora Olivia Rodríguez, profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada na facultade de Filoloxía da Coruña, descubriu un texto inédito de Vicente Risco. Dise que o manuscrito, de carácter descritivo, está redactado en castelán e data de 1944. Apúntase que nel se examina o significado de Palestina, a través das vicisitudes da historia, dende unha concepción cristiá de occidente, propondo unha saída diplomática para a pacificación do territorio. Por último coméntase que Olivia Rodríguez, que xa escollera ao ideólogo do nacionalismo galego como tema central da súa tese e de varias obras, editará unha edición comentada do achado.

M. S., "Darlles voz a aqueles que foron silenciados", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 745, "O axexo dos libros", 25 xaneiro 2009, p. 6.

Anúnciase a publicación do volume colectivo *Represión, solidariedade e resistencia antifranquista*. *Homenaxe ao mártires do Furriolo* (2008), no que participan Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Manuel Vilanova, Anxo Angueira, Alberto Pérez Viso, Baldo Ramos e Aser Álvarez, entre outros. Infórmase que nesta obra colectiva recóllense as intervencións desenvolvidas nas primeiras xornadas sobre represión, solidariedade e resistencia antifranquista realizadas no ano 2006 no territorio galego-portugués coñecido como A Raia. Engádese que a obra se presenta en formato libro, videocreación e documental.

M. V., "O himno da nación de Breogán", *Atlántico Diario*, "Día de Galicia", 25 xuño 2009, p. 47.

Breve nota referida ao himno de Galicia onde se di que en 2007 cumpriu cen anos e que parte dun poema de Eduardo Pondal musicado por Pascual Veiga.

Müller, Enrique, "La censura china enturbia la Feria del Libro de Fráncfort", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 outubro 2009, p. 42.

Despois de apuntar a polémica pola censura en China, invitada principal da feira de Fráncfort, apúntase que, pola banda galega, os autores seleccionados para participar na feira alemana foron Marina Mayoral, Vicente Araguas e Alfredo Conde, que ofrecerán unha mesa redonda sobre a proxección da literatura galega e indícase que haberá un stand compartido coa Asociación Galega de Editores.

N. A., "A esmorga' cumpre 50", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Literatura", 4 abril 2009, p. 43.

Dá conta da celebración do cincuenta aniversario da publicación da novela *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Comenta que o acto de homenaxe foi organizado pola Deputación de Ourense, a Editorial Galaxia e o Pen Club de Galicia.

Navaza, Gonzalo, "Homenaxe", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 1, xaneiro 2009, p. 6.

Inclúese unha breve biobibliografía de Gonzalo Navaza e reprodúcese o poema "Homenaxe", escrito en lembranza de Uxío Novoneyra e pertencente á obra *Libra* (2000).

Navaza, Gonzalo, "Luz azul", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 marzo 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Luz azul", de Gonzalo Navaza.

Naveira Pedreira, Pedro, "Ternas lembranzas", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 24 agosto 2009, p. 16.

Sección que acolle os relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Pedro Naveira Pedreira (corenta e sete anos) intitulado "Ternas lembranzas".

Naveira Pedreira, Pedro, "Plenitude", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 27 agosto 2009, p. 22.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Plenitude", escrito por Pedro Naveira Pedreira e ilustrado por Xoán Baltar.

Naveira Pedreira, Pedro, "As bágoas da miña mestra", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 29 agosto 2009, p. 21.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "As bágoas da miña mestra", escrito por Pedro Naveira Pedreira e ilustrado por Xoán Baltar.

Neira, Henrique e Miguel **Seoane** (coords.), "125 gallegos más influyentes de 2009", *El Correo Gallego*/"Os 125 galegos máis influentes do 2009", *Galicia Hoxe*, 18 xaneiro 2009, pp. 1-32.

Na selección dos cento vinte e cinco galegos máis influentes do ano 2009 que anualmente realizan *Galicia Hoxe* e *El Correo Gallego* é de salientar a incorporación de escritores e intelectuais relacionados coa literatura, como é o caso de Manuel Rivas, César Antonio Molina, Isaac Díaz Pardo, Suso de Toro, Xosé M. Beiras, Xosé Luís Méndez Ferrín, Francisco Fernández del Riego, Darío Villanueva, Víctor F. Freixanes, Alfredo Conde, Teresa Moure e Antón Reixa.

Neira Vilas, Xosé, "Hai corenta anos, na Habana", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 decembro 2009, p. 36.

Lembra o corenta aniversario da creación do Fondo Galego no Instituto de Lingua e Literatura da Habana, iniciativa de Xosé Neira Vilas. Fai así un percorrido pola traxectoria da creación de dito Fondo dende a súa xerme ao considerar a posibilidade de crear unha Sección Galega nalgunha entidade cultural da illa, até que o Instituto lle cedeu unha biblioteca-investigadora. Por outra banda, incide nas diversas actividades culturais promovidas polo Fondo, como as exposicións sobre Daniel Rodríguez Castelao, Luís Seoane, a emigración galega, etc. Tamén fai fincapé nas súas vinculacións coas universidades de Europa e America, coa biblioteca Penzol e coa Real Academia Galega, entre outras. Finalmente, fai referencia ao proxecto asinado entre a Consellería de Cultura e o Consello da Cultura Galega para dixitalizar o catálogo do Fondo Gallego. Comenta tamén que, grazas a ese fondo, o Centro Ramón Piñeiro publicou varias revistas galegas de Cuba en edición facsímile.

Nerium, Alexandre, "De 'Nocturnidade do sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 febreiro 2009, p. 37.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Agás...", pertencente ao poemario *Nocturnidade do sal* (2008), de Alexandre Nerium.

Nerium, Alexandre, "De 'Vogar de couse", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 febreiro 2009, p. 36.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Non se ha picar o mar para arrincar cachopas...", pertencente ao poemario *Vogar de couse* (2003), de Alexandre Nerium.

Nerium, Alexandre, "Vogar de couse", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 marzo 2009, p. 39.

Reprodúcese o poema intitulado "Fóisenos a mañá polo alefriz do norte...", pertencente ao poemario *Vogar de couse* (2003), de Alexandre Nerium.

Nerium, Alexandre, "De 'Nocturnidade do sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 maio 2009, p. 36.

Insírese nesta sección fixa o poema "Por non saberte gume...", pertencente ao poemario *Nocturnidade do sal* (2008), de Alexandre Nerium.

Nerium, Alexandre, "De 'Nocturnidade do sal", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 xuño 2009, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Se non libre...", pertencente a *Nocturnidade do sal* (2008), de Alexandre Nerium.

Neves, Kiko, "De 'Dez por dez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 marzo 2009, p. 33.

Sección fixa na que se acolle o poema "Um mal día...", pertencente a *Dez x dez* (2007), de Kiko Neves e doutros autores.

Neves, Kiko, "De 'Dez por dez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 xuño 2009, p. 28.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Beber...", pertencente a *Dez x dez* (2007), de Kiko Neves e doutros autores.

Nogueira, Camilo, "Castelao entre nós", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Lugar dos romanzinhos", 2 xullo 2009, p. 6.

Reprodúcense dous textos escritos por Camilo Nogueira centrados no retorno dos restos de Daniel Rodríguez Castelao a Galicia: o texto "O retorno dos restos de Castelao", de 1983, que corresponde coa intervención de Camilo Nogueira no Parlamento de Galicia, e mais o artigo "Castelao entre nós", de 1984, centrado no momento do retorno de Castelao a Galicia.

Noguerol, J., "Plaza de la fatalidad", *La Región*, "Ourense", "El ángulo inverso", 24 maio 2009, p. 14.

Lembra que este ano se celebra o cincuenta aniversario da publicación d'*A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor. Presenta un resumo da historia da novela: comeza describindo cómo se lle ocorre a idea ao autor e continúa coa narración do argumento. Tamén fai referencia aos problemas que tivo para publicarse en España e cita a versión cinematográfica, *La parranda*, de Gonzalo Suárez.

Novoa, Tamara, "Reliquias de papel toman la Plaza de Compostela", *Faro de Vigo*, "Vigo", 25 xullo 2009, p. 9.

Infórmase de que a Feira do Libro Antigo e de Ocasión estivo dende o 9 de agosto na praza de Compostela de Vigo e que nela as librarías ofreceron todo tipo de libros, entre eles un amplo catálogo de libros do século XVII.

Novas, Cecilia, "Poesía liberadora contra a cultura aburrida", *A Nosa Terra*, n.º 1.372, "Cultura", 10-16 setembro 2009, p. 33.

Afirma que a tensión política dos últimos tempos se fixo notar na festa da poesía do Condado da que se recalca que recuperou os seus tons máis reivindicativos. Coméntase que participaron Anxo Angueira, Brais González e que contou con poesía case que teatral como a de Carlos Santiago ou David Pobra.

Novo, Isidro, "De 'Esteiro de noites falecidas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 febreiro 2009, p. 40.

Sección fixa na que se acolle o poema "A vella paseanta", pertencente a *Esteiro de noites falecidas* (2007), de Isidro Novo.

Novo, Isidro, "Esteiro de noites falecidas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 marzo 2009, p. 38.

Insírese o poema "GATO", pertencente a *Esteiro de noites falecidas* (2007), de Isidro Novo.

Novo, Isidro, "Do poeta que abrazou o mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 maio 2009, p.

38.

Sección fixa na que se reproduce a composición poética "Sal azul lambe os seus ollos...", de Isidro Novo.

Novo, Isidro, "De 'Esteiro de noites falecidas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 xuño 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "CADA mañá asómase ao espello...", do poemario *Esteiro de noites falecidas* (2007), de Isidro Novo.

Novo, Isidro, "De 'Esteiro de noites falecidas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce a composición poética "VÍSCERA", pertencente a *Esteiro de noites falecidas* (2007), de Isidro Novo.

Novoneyra, Uxío, "Texto lido contra o encadeamento de Francisco Rodríguez na praza de Pontevedra da Coruña", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "A morte non é certo", "Un home de principios", 30 outubro 2009, p. 33.

Tras reproducir un texto escrito en 1989 de Uxío Novoneyra (1930-1999) no que reclamaba a liberación de Francisco Rodríguez, explícase que o poeta o empregou para crear unha composición que se publicou en *Poemas da doada certeza* (1994).

Núñez, Andrea, "De 'Corrente de esquecemento", *ABC*, "*Artes&Letras*.*Galicia*", n.º 11, "Libros", novembro 2009, p. 5.

Reprodúcese o poema "Correspóndeme esta parte da cidade,...", recollido no volume *Corrente de esquecemento* (2007), de Andrea Núñez.

Núñez, Carlos, "A 'galecidade' do Brasil", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "En primeira persoa", 9 xuño 2009, p. 51.

Carlos Núñez expón as súas opinións sobre a lingua de Brasil e o galego. Fai comparacións entre as dúas culturas e tamén equipara os momentos literarios, concretamente, a época da Xeración Nós. Así mesmo, cita a un dos estudiosos da "galecidade" no Brasil, Valentín Paz Andrade.

Obelleiro, Paola, "Un documental rescata la vida de Curros Enríquez", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 xaneiro 2009, p. 5.

Fálase do documental "Na fronte unha estrela" dedicado á figura do poeta Manuel Curros Enríquez con motivo do centenario do pasamento do escritor. Explícase que o

documental relata a traxectoria vital do autor dende o momento que inicia a súa traxectoria periodística en Madrid. Coméntase que para a realización do documental se contou coa colaboración da Real Academia Galega, da que Curros foi fundador, que contribuíu con obxectos persoais.

Obelleiro, Paola, "A Coruña rinde homenaje a la poesía feminista de Rosalía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 marzo 2009, p. 6.

Dá conta da celebración do Día Mundial da Poesía que se celebrou na Coruña cun acto homenaxe á poesía feminista de Rosalía de Castro. Infórmase que se contou cun recital e unha exposición de obras plásticas da man de catorce artistas coruñesas que estiveron acompañadas pola música de Tonecho Castelos e Pablo Gómez. Achéganse tamén datos sobre a mostra bibliográfica da escritora padronesa que complementa o acto.

Obelleiro, Paola, "El libro golea al balompié", *El País*, "*Galicia*", 18 outubro 2009, p. 6.

Refírese á situación da Coruña, onde a rede de sete bibliotecas municipais dobra a cifra de socios do Deportivo, con setenta e cinco mil persoas. Afírmase que esta é una situación de excepción en Galicia, e que bate tamén estatísticas con respecto ao estado español en usuarios, visitas, préstamos ou actividades por habitante. Dise que o ámbito infantil conta con iniciativas como a bebeteca ou merendas con contos, e un total anual de trescentos cincuenta mil préstamos, o máis rendíbel. Saliéntase que os mozos gañan por franxa etaria, cun 24 % entre 18 e 34 anos e que outros servizos son a atención a estranxeiros para barrios con altas porcentaxes de inmigración ou a xordos, e as ferramentas tecnolóxicas e o trato esmerado.

Obelleiro, Ramón, "Novoneyra, 'o poeta do Courel", "Día das Letras Galegas 2010", *El País*, "*Galicia*", 28 xuño 2009, pp. 1-6.

Sinálase que o poeta escollido para o Día das Letras Galegas 2010 foi Uxío Novoneyra e dise que os motivos principais da Real Academia Galega para esta escolla foron a oralidade dos seus versos, o seu compromiso coa lingua e co pobo, a gran preocupación por comunicarse con el, a constante reescrita que el mesmo facía da súa obra e a súa entrega total. Coméntase tamén que o outro escritor proposto foi Ricardo Carballo Calero, pero que a Academia decidiu adiar a súa homenaxe debido a que o seu reintegracionismo puidese reavivar o debate lingüístico, tras o xa comezado coa nova política lingüística da Xunta de Galicia. Faise un pequeno apuntamento bibliográfico e, por último, indícase que o escritor Bernardino Graña ingresa na RAG como membro numerario.

Ó. I., "Con Gonsar e Carver", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 16 outubro 2009, p. 9.

Infórmase que Ana Salgado, coordinadora de *Protexta*, trata da narrativa galega actual, que non busca só a escrita das escolas e ten uns referentes aínda novos para ser xerontocracia, xa sexan X. L. Méndez Ferrín, Xavier Alcalá ou Carlos Casares. Fala de

"grupo sen xeración dos 90" con probas de diálogo interxeracional, puntos de contacto e características literarias: "a cidade, a violencia e a alienación, o humor frío" ou unha vontade de diálogo con Blanco Amor ou Carver, Gonsar ou Handke, en sincronía coa narrativa europea, da que formarían parte Jaureguizar, Camilo Franco, Xurxo Borrazás, Xelís de Toro... xunto con Queipo, Cid Cabido, Malvar, Antón Lopo ou Fran Alonso.

O. L., "Artistas galegos poñen música a poesía no álbum 'Once máis quince", *La Opinión*, "Cultura", 20 xullo 2009, p. 35.

Sucinta mención á publicación da escolma de poemas musicados de poetas galegos baixo o título *Once máis quince* da que se subliña que é un traballo moi frouxo, con músicos sen nivel e que conforman un produto final "totalmente esquecible".

Oliva, José, "A apocalipse do tsarismo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Novela", 4 novembro 2009, p. 39.

Dise que o autor d'*O neno co pixama de raias* (2007), John Boyne, retrata n'*A casa do propósito especial* o caso dos tsares, os acontecementos que levaron a Rusia a rematar con preto de medio milenio de tsarismo, a situación de Nicolás II e o final dos Romanov. Coméntase o laborioso traballo de lectura e investigación de oito meses e as anotacións durante a súa estancia en San Petersburgo. Noutra orde de cousas, Boyne afirma que o feito de ser un autor supervendas lle aportou confianza, ambición e a posibilidade dun público internacional.

Oliveira, V., "O Santiago da xente desposuída", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xaneiro 2009, p. 31.

Fálase da presentación do libro *A calor dun niño* (2008), de Guillermo Coen, pseudónimo de Guillermo Chorén. Dise que se trata dun volume de estrutura circular no que se recollen cinco relatos nos que o escritor fala sobre a vida marxinal de distintos arrabaldes composteláns. Coméntase que Chorén publicou con anterioridade o relato *O pano azul*, recollido na escolma *Berra Liberdade* (1996), coordinado por Suso de Toro para Amnistía Internacional, e que resultou finalista do Premio Xerais de Novela cunha obra que non se chegou a publicar.

Oliveira, V., "Na frente unha estrela", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xaneiro 2009, p. 38.

Refírese ao documental "Na frente unha estrela" dedicado á figura de Manuel Curros Enríquez con motivo do centenario da súa morte. Coméntase que o documental trata de explicar o multitudinario enterro do escritor, que contou con corenta mil persoas na cidade da Coruña. Indícase que o filme está dirixido por Xosé Henrique Rivadulla Corcón e patrocinado pola Concellería de Cultura do Concello da Coruña e a Consellería de Cultura da Xunta. Tamén se di que contou coa colaboración da Real Academia Galega.

Oliveira, V., "Conexión Tubinga", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xaneiro 2009, p. 37.

Fálase da obra *Conexión Tubinga* (2008), do escritor ourensán Alberto Canal. Sinálase que se trata dunha novela que xira arredor da existencia de Deus e que ten como punto de partida o descubrimento por parte do protagonista, o seminarista Tito Barreiro, da obra de Hans Küng, *Existe Deus?*, baseado nunha experiencia propia do autor. Á parte de cuestionarse a existencia de Deus, indícase que Alberto Canal tamén trata outros temas en relación coa Igrexa como a sodomía ou a homosexualidade.

Oliveira, V., "Literatura a grolos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xaneiro 2009, p. 37.

Comenta que o escritor Carlos Santiago acaba de dar á luz o primeiro número da colección "O Lapis do Taberneiro" titulado *Acantinado*, cuxo obxectivo é difundir relatos de "taberna para ler na taberna". Indica que o proxecto está apoiado pola editorial Danu e conta coa participación de Carlos Meixide e Tomás Lijó. Explica que pretenden publicar non máis de dous volumes ao ano e que non superen as noventa e seis páxinas. Comenta que *Acantilado* consta de trece relatos narrados con ironía e moito ritmo, e que será vendido a prezo reducido.

Oliveira, V., "Mellor consolidados", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 febreiro 2009, p. 33.

Refírese a reelección de Cesáreo Sánchez como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) que tivo lugar durante a asamblea de socios. Coméntase que nesta asamblea se fixo un balance positivo do ano 2008, pois se incrementou a presenza social dos escritores galegos e a web da asociación contou con tres mil entradas diarias.

Oliveira, V., "Esta noite, velada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 marzo 2009, p. 28.

Fálase do documental realizado por Antón Caeiro, "Esta noite, velada", que trata sobre o grupo teatral Ariños, nado nunha parroquia de Rianxo, hai setenta e cinco anos. Explícase a creación deste grupo no ano 1932 grazas ao impulso dos irmáns Ínsua, primos de Daniel Rodríguez Castelao e das Misións Pedagóxicas e sinálase que se conta coa participación da xente que asistiu á súa primeira representación: *A retirada de Napoleón* (1933). Tamén se realiza unha traxectoria do grupo na que se explica o seu parón por mor da Guerra Civil e a censura que sufriu polo franquismo.

Oliveira, V., "A rede, co poeta do 'Courel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Candidatura", 9 abril 2009, p. 28.

Comenta que existe un colectivo que recolleu máis de mil sinaturas, a través de internet, a favor de que a Real Academia Galega, nomee a Uxío Novoneyra como o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2010. Explica quen é o poeta do Courel e que a súa poesía marcou un fito na literatura galega. En columna á parte, intitulada "As letras", dá conta dalgúns dos apoios ao poeta por parte de "institucións, asociacións e intelectuais".

Oliveira, V., "Poéticas de 'Resistencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Debate", 15 abril 2009, p. 35.

Comenta que se vai realizar en Santiago de Compostela o segundo simposio internacional "Poéticas de Resistencia". Indica que este ano o organizador é o departamento de Teoría da Literatura e Literatura Comparada da USC e dá conta de dous dos responsábeis do comité organizador: Iris Cochón e Arturo Casas. Explica o obxectivo deste congreso e salienta que os participantes serán de diferentes áreas ademais da literatura. Por último, fai referencia ás intervencións de Carlos Quiroga, Chus Pato e María do Cebreiro.

Oliveira, V., "Os silencios que comeu 'Alicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "o futuro do libro galego", "De campaña", 23 abril 2009, p. 34.

Refire como o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) vai celebrar o Día do Libro cunha serie de actividades. A primeira que comenta é o "bookcrossing", que consiste en liberar libros para que cheguen a calquera público. A seguir, comenta as actividades que vai desenvolver a profesora de Belas Artes da Universidade de Vigo Silvia García e, por último, comenta que os lectores no Día do Libro aumentarán as súas compras de libros aproveitándose dos descontos.

Oliveira, V., "Nómades e 'imprevistos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Encontro", 5 maio 2009, p. 37.

Dá conta da celebración do cuarto seminario "Urbes Europeae: Cidades europeas ante a globalización. Identidade, hibridación e posibilidades da cultura". Explica que este seminario se iniciou co tema da comparación entre a cidade e a literatura e que, na edición deste ano, contarán con participantes da literatura como Antonio de Toro e David Clark co relatorio intitulado "Dublín-Santiago de Compostela en James Joyce e Ramón Otero Pedrayo". Nun á parte indica o contido dos relatorios do día e precisa que tratan a cidade como "espazo cultural alternativo".

Oliveira, V., "Unha persoa de 'consenso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Cargo", 2 xuño 2009, p. 37.

Informa da incorporación de Xosé Manuel Oliveira "Pico" á presidencia da Academia Galega do Audiovisual durante os próximos dous anos. Tamén cita as outras renovacións da xunta directiva. A seguir, refire a satisfacción de Pico polo posto que vai desenvolver e comenta, en palabras do actor, os problemas principais do audiovisual galego e os obxectivos que quere alcanzar como presidente. Nun á parte indícanse os seus últimos traballos cinematográficos e teatrais.

Oliveira, V., "Héitor Mera: 'Ningunha lingua é unha imposición", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Avances", 12 xuño 2009, p. 32.

Comenta que o investigador Héitor Mera vai ler a primeira tese de doutoramento en galego da UNED. Indica que o título do seu traballo é *Vida e obra de Bernardino Graña*. A continuación refire todas as dificultades polas que tivo que pasar o autor para poder ler o seu estudo en lingua galega e, en columna á parte, achega datos sobre a vida e obra de Bernardino Graña.

Oliveira, V., "A lingua é o noso capital", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Idioma", 8 outubro 2009, p. 33.

Indica que a Asociación de Escritores en Lingua Galega fixo público en xullo, diante da estatua de Rosalía de Castro na Alameda compostelá, un enérxico manifesto contra o desmantelamento de todo o ligado ao idioma por parte da Xunta. Dise que boa parte destes escritores galegos (Cesáreo Sánchez, Alfredo Ferreiro, Antía Otero, Antón Riveiro Coello, Armando Requeixo, Dores Tembrás, Eva Moreda, Fran Alonso, Francisco Castro, Laura Caveiro, Marcos Calveiro, Mercedes Queixas, Paco Souto e Rexina Vega), xunto a outros cataláns e vascos, participan no XXVI Encontro Galeusca en Arantzazu, co lema Pequenas literaturas, grandes retos, no que tratarán temas como os dereitos de autor, os novos soportes e a difusión internacional, entre outros.

Oliveira, V., "Poesía das ondas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 xullo 2009, p. 31.

Indica que durante o IX Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia tivo lugar o acto simbólico "Unha mensaxe ao mar" no que participaron escritores como Ana Romaní, Marilar Aleixandre ou Estevo Creus así como un espectáculo poético musical baseado no poemario *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio, a cargo de Eva Veiga, Bernardo Martínez e Fito Ares.

Oliveira, V., "Blogueo, logo escribo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xullo 2009, p. 29.

Detalla que catro escritores galegos crearon na blogsfera o seu "domicilio virtual" para tenderen pontes cos seus lectores: Fran Alonso en www.franalonso.eu, onde se pode baixar en PDF a edición en catalán de *Balada solitaria*; Suso de Toro en <www.susodetoro.blogaliza.org>; Santiago Jaureguizar en <www.cabaretvoltaire.canalblog.com> e Francisco Castro en <www.franciscocastro.blogaliza.org>.

Oliveira, V., "Identidade posmoderna", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 setembro 2009, p. 29.

Comenta que dentro do curso da Universidade Internacional Menéndez Pelayo intitulado "As artes escénicas na fronteira. Unha aproximación aos espazos limítrofes das artes do espectáculo" a profesora Dolores Vilavedra afirmou que as novas formas escénicas chegaron a Galicia como feito importado e non como unha resposta social. Tamén se indica que Vilavedra debullou as características das novas formas teatrais.

Oliveira, V., "Valente: memoria sonora", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 setembro 2009, p. 28.

Fai referencia a que na cidade de Ourense se están a organizar as xornadas "José Ángel Valente. Memoria sonora" que contarán con conferencias, concertos e recitais poéticos todo isto centrado na intensa relación do propio Valente coa música. Tamén se indica que Antonio Gamoneda participará nun dos recitais poéticos ou que o derradeiro día haberá unha mesa redonda con achegados de Valente nos seus anos ourensáns.

Oliveira, V., "O eterno mar da Poeta Navegante", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Autora", 29 outubro 2009, p. 34.

Apúntase que a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega celebra en Compostela unha xornada na que distintas estudosas afondan no traballo literario e cultural de Xohana Torres, autora brillante na posguerra en poesía, narrativa, teatro, literatura infantil e comunicación radiofónica, coa muller, a memoria, a nación, o tempo e o mar como temas recorrentes. Coméntase que Helena González resumirá a súa condición poliédrica e prolífica e presentará unha lectura comparada de *Adiós, María* coa obra da brasileira Clarice Lispector, mentres Carmen Blanco falará dela como *A nai navegante*, exemplo de "Muller Sabia"; Montse Pena encargarase de volumes como *Polo mar van as sardiñas* (1968) e *Pericles e a balea* (1984), destacándoa como precursora da literatura infantil galega, tamén feminista, co exemplo da balea Tálata, no volume de 1984. Dise que Lupe Gómez afirma sentirse moi identificada con ela, fai mención a unha bonita relación por carta, da que xurdiu o poema *Cereixas atravesadas por unha patria*, e salienta a súa voz independente, case clandestina; Chus Pato admira da obra de Xohana a rigorosidade, exactitude e reivindicación de Galicia como identidade necesitada de independencia; Olga Novo enfocará a "paisaxe profunda" da autora, entre "o sedentarismo ancental e o nomadismo mareiro" e Iolanda Ogando falará sobre "Proxectar a matria: nación e xénero no teatro de Xohana Torres". Lémbranse outros detalles como a polémica xurdida tras a concesión do Premio Galicia en 1971 a *Adiós, María* e reprodúcese o poema "Penélope" de *Tempo de ría*.

Oliveira, V., "Polo orgullo do galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 outubro 2009, p. 28.

Refírese á presentación de ProLingua na Facultade de Filoloxía da USC, unha plataforma de carácter social, apartidaria, non xerarquizada e sen máis subvencións que as que os membros queiran achegar. Dise que, refrendada con preto de mil sinaturas, foi presentada por escritores como Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz e Mercedes Queixas.

Oliveira, V., "As editoras que non asuman a dixitalización van desaparecer", *El Correo Gallego*, "Cultura", 13 novembro 2009, p. 68.

Recolle as ideas traballadas no VI Simposio O Libro e a Lectura, centrado no sector do libro dixital, organizado pola Asociación Galega de Escritores. Entre os temas mencionados destaca por unha banda a dúbida sobre quen caerá a responsabilidade de organizar a incorporación das novas tecnoloxías no sector editorial, apremiando ao

sector editorial por riba das empresas tecnolóxicas. Por outra banda, anuncia que Galaxia dixitalizará todo o seu catálogo no 2010, dispoñendo dos seus dous primeiros ebooks, *A Esmorga* e *A noite do moucho*.

Oliveira, V., "Ás portas dun novo modelo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 novembro 2009, p. 32.

Recolle principalmente a intervención do director de Xerais no que propón a creación dunha plataforma conxunta para a comercialización de *e-books*, incidindo en que o cambio ten que potenciar a presenza da literatura na cultura e potenciar a normalización lingüística. Ditas propostas foron feitas no VI Simposio O Libro e a Lectura. Por outra banda, recolle tamén, outras das preocupacións do director de Xerais destacando, entre outras ideas, a necesidade de ter en conta de que o futuro editorial pasa pola edición escolar mais que pola literaria, incidindo na creación de materiais didácticos dixitais para o 2011.

Oliveira, V., "Entre humanismo e liturxia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 decembro 2009, p. 33.

Fai referencia ao relevo de Francisco Fernández del Riego como director da Bilioteca Penzal, cualificada como unha das últimas "illas do pensamento cristián".

Oliveira, V., "Dignificar a historia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 decembro 2009, p. 34.

Recolle unha das problemáticas en canto á mellora da conservación do Fondo Galego no Instituto de Lingüística e Literatura da Habana, aludindo ademais á celebración do corenta aniversario do Fondo a través da inauguración dunha exposición sobre Documentación Patrimonial que recolle publicacións históricas, moitas delas escritas en galego. Destaca *A Gaita galega*, *A Terra galega*, *Lar*, *Loita, Airiños da miña terra* ou *Patria galega*, xunto con libros mais recentes como *A Gran Enciclopedia Galega* ou *O legado educativo dos galegos en Cuba*.

Oliveira, V., "Linguas de proximidade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 decembro 2009, p. 33.

Faise eco do proxecto impulsado na Universidade de Barcelona coa creación dun espazo na rede que pretende impulsar as traducións de poemas de autores galegos, caso de Fran Alonso, María do Cebreiro, Chus Pato, Antón Lopo, Luz Pozo Garza, Ana Romaní ou Joao Xavier de Matos. Sinálase ademais que dito proxecto foi impulsado por tres profesores da universidade: Pere Comellas, Sabela Labraña e Helena González, preocupadas pola falta de visibilidade dos autores portugueses e galegos. Faise fincapé tamén nas preocupacións na situación política das linguas na actualidade a súa posíbel influencia nos eidos da universidade e a investigación.

Osorio, Raúl, "Medo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 novembro 2009, p. 38.

Insírese nesta sección fixa o texto poético "Non hai nada máis transparente...", do poemario *Medo*, de Raúl Osorio.

Otero, David, "Anisia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 outubro 2009, p. 39.

Reprodúcese nesta sección fixa a composición poética "Anisia", de David Otero.

Otero Iglesias, Victoriano-Andrés, "Xosé Fariña Jamardo", *Diario de Arousa*, "*Revista de Adina*", n.º 40, 6 decembro 2009, pp. 4-5.

Ante a nova do pasamento de Xosé Fariña Jamardo (Caldas de Reis, 1919), maniféstase un fondo pesar e lémbrase os seus vínculos e raíces con Galicia, aínda que residía en Madrid. Co fin de manifestar a importancia da súa achega á sociedade galega, recóllense as palabras de Xosé Filgueira Valverde, que na presentación d'*Os concellos galegos*, da autoría de Fariña, dicía que da súa abondosa produción cómpre sinalar tres facetas: as referentes á Administración Local, as de erudición galega e as literarias, por ser poeta e un dos novelistas máis destacados da posguerra. Con respecto aos galardóns obtidos pola súa dedicación ás letras, apúntase que en poesía foi distinguido nos Xogos Florais da Mimosa e a Sociedade Artística A Troia e que en novela logrou o Cartamen (1955), o Valle Inclán, do Centro Galego de Bos Aires (1957) e o Otero Pedrayo (1982).

Otero Ricart, J. A., "PEN Galicia: máis que un club", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 602, 14 marzo 2009, p. 1/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 226, "Literatura", 21 marzo 2009, p. 7.

Dáse nova dos vinte anos da creación do PEN Club de Galicia que xurdiu dunha comida celebrada no Club Náutico de Vigo ao que asistiron os escritores Alfredo Conde, Úrsula Heinze, Carlos Casares, Luis González Tosar, Xohana Torres, Ramón Lorenzo, Antonio García Teixeiro, Modesto Hermida, Helena Villar Janeiro, Antón López Dobao, Xesús Rábade Paredes e Alberto Avendaña. Afírmase que os seus representantes participan nas reunións internacionais do PEN coa finalidade de promover a literatura galega. Tamén se lembra que crearon no ano 1996 o premio "Rosalía de Castro", que se outorga ás literaturas castelá, catalá, portuguesa e éuscara.

Oti Ríos, Francisco, "A biblioteca", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 15 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Francisco Oti Ríos, intitulado "A biblioteca".

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 16 xaneiro 2009, p. 61.

Sección fixa que rememora as efemérides acontecidas hai vinte e cinco, cincuenta e setenta e cinco anos respectivamente. Entre os feitos de 1959 salienta a publicación de *Samos*, de Ramón Cabanillas, e a seguir reproduce un poema desta obra titulado "O Mosteiro".

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 18 maio 2009, p. 61.

Sección fixa que rememora as efemérides acontecidas hai vintecinco, cincuenta e setenta e cinco anos respectivamente. Entre os feitos de 1984 escolle a adquisición da biblioteca do historiador Alberto Vilanova por parte da Deputación de Ourense, que se suma as xa incorporadas de Eduardo Blanco Amor e Ben-Cho-Sey, e explica que entre estes volumes se atopan obras de produción galaico-americana.

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 19 xuño 2009, p. 69.

Acóllese nesta sección fixa dedicada ás efemérides un artigo de Vicente Risco intitulado "En busca del Orense perdido. En las fiestas" e publicado en *La Región* o 19 de xuño de 1959.

Outeiriño, Maribel, "La I Festa da Palabra Honra a González Tosar", *La Región*, "Carballiño", 5 xullo 2009, p. 21.

Recolle o nomeamento de Luís González Tosar coma fillo adoptivo d´O Irixo, durante a celebración da I Festa da Palabra. Alude ademais á presenza dos alí convidados por mor de dita celebración, entre os que se atopaban escritores e artistas de toda Galicia para acompañar ao galardoado nun "acto de amor al idioma sin interferencias políticas". Por outra banda, indica o lugar de celebración do acto, unha chousa que o autor herdou do seu pai e que cedeu o Concello do Irixo. Tamén describe os diferentes actos que tiveron lugar durante a celebración: o discurso en defensa da natureza e do idioma por parte de Xesús Alonso Montero; unha exposición sobre a vida do autor en boca de xosé Luís Méndez Ferrín; o recital de catro poetas que lle dedicaron os seus poemas; e, até a participación dunha cativa, Elena Blanco, cun texto escrito por ela mesma.

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 11 agosto 2009, p. 53.

Reprodúcese nesta sección fixa dedicada ás efemérides unha crónica datada o 11 agosto de 1934 baixo o título "Intelectuales franceses visitan Orense", na que se relata o encontro de Florentino Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo e outros persoeiros cunha delegación gala presidida polo ministro de Educación, acompañado por un grupo de profesores que se dirixían a Santiago de Compostela.

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 31 agosto 2009, p. 61.

Reprodúcese nesta sección fixa dedicada as efemérides unha crónica datada o 31 agosto de 1934 baixo o título "Juegos Florales en Ribadavia" na que se dá conta dos seus participantes, entre os que estaban Ramón Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda e Florentino Cuevillas. Por último, ofrécese o nome do gañador, Mario Canda, e o título da poesía distinguida co galardón "Eloxio da muller galega".

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 8 setembro 2009, p. 61.

Sección fixa dedicada á lembranza de feitos pasados na que se acolle un texto de Vicente Risco intitulado "En busca del Orense perdido. Reaparece el pasado siglo" e publicado o 8 de setembro de 1959.

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 6 outubro 2009, p. 61.

Reprodúcese nesta sección fixa dedicada ás efemérides unha serie de poemas publicados con motivo do centenario de Vicente Risco en *La Región* o 6 de outubro de 1984 da autoría de Ramón Cabanillas ("Despexada e outra frente"), Ramón Otero Pedrayo ("Vicente Risco, amigo..."), M. Díaz Rodríguez ("Curazón sinxelo, mente poderosa...") e Xocas ("Don Vicente:...").

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 3 novembro 2009, p. 61.

Sección fixa dedicada á lembranza de feitos pasados na que, a raíz dunha noticia sobre o centenario do nacemento de Vicente Risco en 1984, coméntase o contido da correspondencia deste con Antón Losada Diéguez, referido ás dificultades da xestión da revista *Nós* e aos primeiros versos de Risco, que el mesmo cualifica de "ultramodernistas", entre outras cuestións.

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 5 decembro 2009, p. 69.

Sección fixa dedicada á lembranza de feitos pasados na que se recupera unha nova de 1959 sobre a publicación na revista *Ínsula* do artigo "Los poemas gallegos de Federico García Lorca", de Eduardo Blanco Amor, quen recibiu o galardón "Ramón Mourente" na modalidade de tema cultural por este traballo. Asé mesmo, reprodúcese un fragmento do mencionado artigo.

Pacho, Xosé Manuel, "Eba ou os 'paraísos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 abril 2009, p. 33.

Comeza describindo a estatua de Eduardo Blanco Amor que se atopa na Alameda de Ourense e pasa a falar da súa obra *A esmorga*. Explica que o lector que non coñeza a experiencia vital de Blanco Amor pode sacar conclusións equivocadas da obra e comenta o argumento da mesma, así como, a súa temática. A continuación fai referencia á técnica narrativa e destaca a Blanco Amor como un gran creador literario ao que se debe valorar non só por *A esmorga*, senón polo conxunto de toda a súa obra.

Pan, María, "Versos contra la crisis", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Lírica", 16 abril 2009, p. 43.

Informa sobre a celebración durante tres días da II Semana da Poesía Salvaxe na cidade de Ferrol. Comenta que o obxectivo deste espectáculo é afastar a imaxe de "romántica" e "pastoril" da poesía e darlle un ton máis combativo. Así mesmo, refire cada unha das actuacións que van ter lugar, indicando que interveñen os poetas Carlos Oroza, Débora Vukusic e Olalla Cociña.

Pardo, Miguel / Xabier R. **Blanco**, "Entre médicos e a familia de la Vega", *Xornal de Galicia*, "En clave", 12 decembro 2009, p. 4.

A partir dunha fotografía tomada na Illa de Arousa, fan alusión a amizade entre a familia Baltar e os Castelao, así como con outros artistas e personalidades da época, destacando as relacións da familia Castelao non só co mundo literario, senón con mundo da mediciña e a investigación.

Patiño, Antón, "De 'Océano e silencio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xullo 2009, p. 33.

Sección fixa que acolle o poema "A palabra pintura...", pertencente a *Océano e silencio* (2006), de Antón Patiño.

Pavón, Lalón, "Las Caras de la Luna", *La Región*, "Ciudad", 6 decembro 2009, p. 17.

Anuncia a publicación de *La cara oculta de la Luna*, que recolle o conxunto de textos publicados no mesmo xornal hai xa tres lustros. Recolle así a edición desta recompilación onde se mezclan os textos coa pintura, para destacar "el Ourense cuyo especto aparece en el lado oculto de la luna" que se representou maxistralmente no espazo literario d'*A esmorga* (1955), de Eduardo Blanco Amor.

Payo Froiz, Alba, "Cora", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 31 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Alba Payo Froiz (26 anos), intitulado "Cora".

Paz, Begoña, "Unha obviedade", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 16 outubro 2009, p. 12.

Tras reproducirse o texto narrativo "Unha obviedade", de Begoña Paz, cítase a súa novela *As mellores intencións* (2008).

Paz, José, "Uxío Novoneyra e os últimos labregos', de Federico García Cabezón*", La Región*, "Ourense", 23 novembro 2009, p. 5.

Breve nota referida á exposición "Uxío Novoneyra e os últimos labregos", de Federico García Cabezón, que está na Casa da Xuventude de Ourense.

Paz, José, "Recursos Didácticos Impressos", *La Región*, "*Xornal escolar*", n.º 287, "Educación", 4 novembro 2009, p. 17.

Lembra o autor a realización dunha clasificación de recursos para as aulas que el impartía, dividido en: materiais impresos, audio-visuais, manipulativos, humanos e aportados polo entorno socio-cultural, artístico, comercial ou industrial. Comenta que os impresos son os máis tradicionais, dende as escolas orientais e greco-latinas, até Babilonia, Galaxia Gutemberg e o acceso ás bibliotecas. Sitúase ante o libro electrónico e dixital con certos receos e presenta unha serie de recursos impresos sobre a cidade de Ourense. Comenta que, xa sexa bibliografía dedicada á cidade, monumentos, historia, artistas ou persoeiros, festas populares, etc, todo pode encontrarse en libros, revistas, folletos, o xornal *La Región*, a revista *Auria* e o *Boletín Auriense*. Cita tamén a biblioteca pública e a biblioteca da Deputación, o arquivo provincial e o museo.

Paz, Xabier, "De 'Filoxenia do sangue", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 febreiro 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "A mestra", pertencente a *Filoxenia do sangue* (2006), de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "Materia de Lucrecio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 maio 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o poema titulado "O gran gato", pertencente ao poemario *Materia de Lucrecio* (2006), de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "De 'Sedimentos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xullo 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Un perfil a penas presentido...", pertencente á obra *Sedimentos* (2001), de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "De 'Materia de Lucrecio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 agosto 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "O OVO" pertencente a *Materia de Lucrecio* (2006), de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "De 'Materia de Lucrecio", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 setembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Soleira" pertencente a *Materia de Lucrecio* (2006), de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "De 'Sedimentos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 setembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "DEITADO na lembranza túa agardo..." pertencente á obra *Sedimentos* (2001), de Xabier Paz.

Paz, Xabier, "De 'Filoxenia do sangue", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 novembro 2009, p. 40.

Sección fixa que acolle o poema "ENFRONTE", pertencente a *Filoxenia do sangue* (2006), de Xabier Paz.

Paz Morandeira, Víctor, "*Contra a morte* dos versos", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 25 marzo 2009, p. 43.

Fálase da gravación do documental "Contra a morte", dos directores Iago Martínez e Alexandre Castelo, que ten como finalidade a reivindicación do poeta monfortino Lois Pereiro. Exponse que o poeta foi cofundador xunto con Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro e Antón Patiño da revista *Loia*, que serviu para vertebrar a súa obra póstuma, *Poemas para unha Loia* (1997). Afímase que en vida publicou só dous poemarios: *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (1995). Engádese que participan no documental persoeiros como Manuel Rivas ou o ministro de Cultura, César Antonio Molina.

Paz Morandeira, Víctor, "Vigo é un pouco ficticia e briosa", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 5 maio 2009, p. 43.

Fai referencia ao escritor James Salter que aínda que ten como lingua nai o inglés, publica as súas obras en galego, e o último título editado é a novela *A zona boyajian*. Comenta que esta obra volve a Vigo como espazo literario e dá conta do argumento, tamén explica a razón do título.

Paz Morandeira, Víctor, "Praia de tinta e letras", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 29, "Lecturas para o verán", 27 xuño 2009, p.4.

Recoméndanse varias lecturas por parte de diversos críticos literarios e escritores e escritoras galegos para pasar verán gozando da lectura na praia. Primeiramente Montse Pena e Rosa Aneiros falan sobre o libro de poesía infantil de Carlos Negro que leva por título *Makinaria* (Xerais), que, segundo se di contén certo ton narrativo e didáctico. Logo o escritor Francisco Fernández Naval recomenda dúas obras de poesía que acaban de entrar no panorama literario: *O pouso do fume*, de Dores Tembrás e *Metal central*, de Alfredo Ferreiro, ambas publicadas en Espiral Maior. Outro poemario recomendado é *Secesión* de Chus Pato, no cal se fai, segundo se di, unha valente aproximación a Auschwitz. En canto á narrativa fálase sobre o libro de relatos de Alberto Lema, *Sidecar*; o de Agustín Fernández Paz, *Lúa do Senegal*; *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez; *A perspectiva desde a porta*, de Patricia Janeiro; de Domingo Villar coméntase *A praia dos afogados*, e algunha de escritores non galegos como Bernardo Atxaga con *Sete casas en Francia*; Elena Poniatowska, con *A filla do filósofo*; e Doris Lessing con *O caderno dourado.* Deseguido detéñense nos libros doutros xéneros, como a colección de teatro infantil da editorial Baía, algunhas obras biográficas ou o xénero manga. Por último céntrase en xéneros como o ensaio, no que salienta *Cartas no exilio*, que recolle a correspondencia entre María Casares e seu pai e *A mecánica da maxia*, de Manuel Forcadela.

Paz Morandeira, Víctor, "O Día das Letras Galegas 2010 estará dedicado ao poeta Uxío Novoneyra", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 28 xuño 2009, pp. 42-43.

Anúnciase que o poeta Uxío Novoneyra foi escollido como homenaxeado en 2010 do Día das Letras Galegas e faise unha achega biográfica á súa figura. Lémbrase tamén o seu interese e preocupación pola comunicación co pobo, o continuo refacer ao que sometía a súa obra e a popularidade que atinxiron os seus versos. Sinálase que a importante relación que mantivo con outras figuras do galeguismo vese mesmo no prólogo de Ramón Piñeiro para o primeiro libro d' *Os Eidos* (1955) e nas ilustracións que fixo Laxeiro para o segundo. Lémbranse outros volumes importantes na súa produción como *Muller ao lonxe* (1987) e faise fincapé no seu papel como gran recitador. Tamén se inclúe unha pequena noticia na que se anuncia a entrada de Bernardino Graña na Real Academia Galega como membro numerario.

Penas, Ánxeles, "De 'Amor deshabitado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xuño 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa o texto poético "CANDO te chamei amor estaba cega...", do poemario *Amor deshabitado* (2007), de Ánxeles Penas.

Penoucos, X. R., "Cómo conocer a Fiz Vergara Vilariño", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 xullo 2009, p.46.

Sinálase que as persoas que queiran coñecer en profundidade as terras ás que pertencía o poeta Fiz Vergara Vilariño, poden facelo a través dun roteiro polo Val de Lóuzara na localidade de Samos. Dise que se trata dun roteiro poético dividido en trece etapas con trece creadores que achegan as súas obras para este motivo como: Primitivo Lareu,

Xesús Otero Iglesias, Manuel Buciños o Mónica Alonso. Saliéntase que os traballos son todos orixinais e algúns están ubicados en lugares complicados.

Pereira, Damián, "Pérez Lema inaugura unha mostra da Vicepresidencia sobre o himno galego", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", "Local", 28 xaneiro 2009, p. 8.

Refírese á inauguración no Auditorio Municipal de Vilagarcía da mostra "O himno. Os tempos son chegados", á que asistiron o Secretario Xeral de Relacións Intitucionais, Xoán Antón Pérez Lema, o comisario da exposición, Miguel Anxo Seixas Seoane, e membros da corporación municipal. Coméntase que a mostra recolle a historia do himno galego composto a partir dun poema de Eduardo Pondal, "Os pinos", e musicado por Pascual Veiga. Afírmase que a exposición naceu hai preto dun ano para conmemorar o centenario da súa estrea o vinte de decembro de 1907 na Habana.

Pereira, José, "Arte e galeguidade no Pazo de Torrado", *Diario de Arousa*, "Cambados", 24 xullo 2009, pp.14-15.

Coméntase que se organiza a exposición "Cabanillas e os artistas do seu tempo" no Pazo de Torrado de Cambados, na cal se recollen obras de persoeiros representativos da cultura e a arte galega coma Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Asorey, Palacios, Seoane, Maside ou Isaac Díaz Pardo. Descríbese o acto de inauguración ao cal asistiu o conselleiro de Educación e explícase que a maior parte dos traballos expostos pertencen ao Museo de Pontevedra. Destácase a importancia de pezas como un retrato que Isaac Díaz Pardo lle fixo a Cabanillas en 1945, antes de abandonar a súa carreira de pintor.

Pereira, José, "Cabanillas e os artistas do seu tempo, unha exposición que reflicte o amor pola terra", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de culturas*", "Exposición", 26 xullo 2009, pp. 28-29.

Dise que, co gallo da commemoración do Ano Cabanilllas 09, o Concello de Cambados inaugura a exposición "Cabanillas e os artistas galegos do seu tempo" que recolle máis de cen pezas, que permiten coñecer o sentimento artístico da galeguidade a través dos seus persoeiros máis relevantes. Indícase que se sitúa no Pazo de Torrado de Cambados e que conta con obras de artistas coma Castelao, Asorey, Palacios, Seoane, Maside ou Isaac Díaz Pardo. Tamén se indica que todas as obras teñen algunha relación con Cabanillas e serven para que o visitante teña oportunidade de coñecer a evolución creativa do poeta e para enxalzar o traballo de todos os artistas que contribuíron coas súas obras á exposición. Entre as pezas destacadas dise que están "O cego de Padrenda" de Castelao ou un retrato que Isaac Díaz Pardo lle fixo a Cabanillas en 1945, antes de abandonar a súa carreira de pintor. Por último o director do Museo de Pontevedra e comisario da exposición, Carlos Valle, fala sobre a importancia das obras expostas e da traxectoria persoal e profesional de Cabanillas e tamén se recollen as palabras do conselleiro de Educación, do alcalde de Cambados e de Francisco Fernández Rei.

Pereiras, Xesús, "De 'Cantos da Seiva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 xaneiro 2009, p. 40.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "É a forza fecha deste peito que rebenta...", pertencente ao poemario *Cantos da Seiva* (2002), de Xesús Pereiras.

Pereiras, Xesús, "De 'Cantos da Seiva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 febreiro 2009, p. 36.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "É a forza fecha deste peito que rebenta...", pertencente ao poemario *Cantos da Seiva* (2002), de Xesús Pereiras.

Pereiras, Xesús, "De 'Cantos da Seiva", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 agosto 2009, p. 32.

Reprodúcese o poema "É tamén pola ameaza...", de *Cantos da Seiva* (2002), de Xesús Pereiras, nesta sección fixa.

Pereiro, Xosé Manuel, "Ferrinianos e ferrinistas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 febreiro 2009, p. 6.

Fálase da homenaxe realizada por mor do setenta aniversario de Xosé Luís Méndez Ferrín, motivo polo cal se presenta a obra *A semente da nación soñada* (2008). Recóllese que a obra está composta por sesenta traballos que se achegan á figura do autor e á súa obra. Sinálanse unha serie de escritores que se consideran ferrinianos, isto é, os seguidores da súa obra, como Darío Xohan Cabana ou Anxo Angueira. Tamén se di que se consideran non ferrinianos Marilar Aleixandre ou Suso de Toro.

Pereiro, Xosé Manuel, "O desamor celebra vodas de prata", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 17 abril 2009, p. 8.

Fai referencia neste artigo á historia do grupo poético "Amor e Desamor", dos anos 80. Explica que o seu obxectivo foi crear unha nova estética e dá conta dos integrantes do colectivo. A seguir, achega a confusión dos compoñentes en relación á creación do grupo e indica que o primeiro libro conxunto *Amor e Desamor* (xuño 1984), esgotouse en catro meses, co que sacaron unha nova antoloxía: *Amor e Desamor II* (decembro 1984). Tamén explica por qué tivo o seu fin e, por último, achega algúns comentarios de Pilar Pallarés, única muller do colectivo, quen fala sobre os actos de celebración dos vinte e cinco anos de existencia.

Pereiro, Xosé Manuel, "A feira das industrias culturais está no aire", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 setembro 2009, p. 8.

Coméntase que o Cultur.Gal, celebrado en decembro e no Palacio de Congresos da Coruña, non é asumido como tarefa pola Consellería de Cultura, quen afirma non ter asinado ningún convenio e estaren xa esgotadas as partidas. Indícase que a Asociación Galega de Editores, impulsora da mostra, ten pendente consultar co resto de afectados

se facela ou non, con que cambios, entre outros asuntos. Alén diso, ante os indicios da anulación, apúntase que xurdiu xa en Internet unha iniciativa voluntaria para organizala á marxe das institucións, con setecentos apoios en tres días.

Pérez, Cristina, "Castro de Rei lembra a Emilio sinde e a Iglesias Alvariño con sendas rúas", *El Progreso*, "A Chaira", 22 xuño 2009, p.12.

Infórmase que no concello de Castro de Rei se rende homenaxe ao ex alcalde Emilio Sinde e ao poeta Aquilino Iglesias Alvariño coa dedicatoria de sendas rúas no marco do IX Congreso Cultura Terra Chá, promovido pola Fundación Manuel María e centrado no centenario de Iglesias Alvariño. Logo faise unha lembranza dos dous homenaxeados.

Pérez, Marina, "Máis de 20.00 visitantes sacan da crise ao sector cultural o primeiro día de Achegarte!", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 29 novembro 2009, p. 5.

Recolle a mostra ofrecida polo evento "Achegarte!", onde máis denoventa e tres editorias, grupos de danza, asociacións profesionais, grupos musicais, galerías de arte, etc. súmanse para contribuír á oferta cultural, destacando os grupos de danza, o teatro, a música e o audiovisual galego como participantes nos escenarios do evento. Por outra banda, destaca a posibilidade de poder adquirir moitos dos productos expostos polos consumidores e subliña as posiblidades deste evento cara á proxección da cultura galega no exterior.

Pérez García, Manuel, "Adeus", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 19 agosto 2009, p. 14.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Manuel Pérez García (trinta e sete anos), intitulado "Adeus".

Pérez Rei, Mariña, "Fanerógama", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 marzo 2009, p. 40.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Asumo a miña presenza como arde un monte,...", pertencente a obra *Fanerógama* (2006), de Mariña Pérez Rei.

Perozo, Xosé A., "80 Neira Vilas", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Cara ou cruz", 19 marzo 2009, p. 2.

Dise que se realizou en Compostela unha xuntanza de amigos para homenaxear a Xosé Neira Vilas co gallo do seu oitenta aniversario e gábase a súa dimensión como poeta, escritor, ensaísta e editor así como a súa dimensión humana. Tamén se lembra a intención de Pablo Iglesias de facer un documental sobre a vida e obra do escritor.

Picallo Fuertes, Héitor, "David Otero, na demanda da restauración de Alexandre Bóveda", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de culturas*", "Colaboración", 2 agosto 2009, p.30.

Primeiramente faise un percorrido pola traxectoria profesional do escritor David Otero e logo indícase que é unha das voces que en Galicia lembran sempre a figura de mártires que entregaron a súa vida pola terra como Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño ou Alexandre Bóveda. Logo realízase un comentario pormenorizado da súa última obra, *Alexandre Bóveda: na demanda da restauración*, na cal se analizan e revisan moitos datos da biografía do ilustre nacionalista. Tamén se afirma que é unha obra indispensábel para lembrar unha época histórica determinante para Galicia.

Pickard, Tom, "Néboa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 maio 2009, p. 36.

Sección fixa que acolle un fragmento poético de "Néboa", de Tom Pickard.

Pino, Concha, "El regreso de Sabato a Compostela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 5 febreiro 2009, p. L16.

Coméntase que a Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta ofrécelle ao público no Café Casino unhas charlas con motivo da aparición das seis primeiras obras da colección "Miradas alleas. Como nos viron, como nos ven", composta por volumes dedicados a escritores universais, como Ernesto Sábato.

Pino, Concha, "Sentimental acaba en ismo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 19 febreiro 2009, p. L16.

Breve referencia ao poemario de Carlos Arias Iglesias, *Dor de Claridade* (Bubela, 2008), que se inserta no *sentimental-ISMO*, vangarda artística galega.

Pino, Concha, "De Borges al Aero Club", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 30 xaneiro 2009, p. L 16.

Refírese ao faladoiro literario que tivo lugar no Café Casino de Santiago de Compostela, centrado no libro *Borges dende o labirinto galego* (2008) e que contou coa colaboración do profesor especialista no autor Claudio Rodríguez Fer. Explícase que a obra forma parte da colección "Miradas Alleas", promovida pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta de Galicia, que ten como finalidade expoñer a relación que autores da literatura universal mantiveron con Galicia. Cítanse os seis primeiros volumes, dedicados a Julio Cortázar, Jorge Luis Borges, Ernesto Sábato, Ernest Hemingway, Gabriel García Márquez e Azorín.

Pino, Concha, "El regreso de Sábato a Compostela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 5 febreiro 2009, p. L 16.

Comunícase a celebración dun faladoiro no Café Casino de Santiago ao redor do libro *Palabras para Galicia* (2008), que se insire na colección "Miradas Alleas", dedicada a distintos escritores universais relacionados dalgún xeito con Galicia e promovida pola Secretaría Xeral de Comunicación da Xunta. Especifícase que este volume está dedicado a Ernesto Sábato e que foi presentado polo profesor da USC e escritor Víctor F. Freixanes.

Pino, Concha, "De cuando Cortázar estuvo aquí", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 7 febreiro 2009, p. L 16.

Dá conta dun nov faladoiro literario celebrado no Café Casino de Santiago, inserido dentro do ciclo de presentación da colección "Miradas Alleas. Apúntase que ese día o homenaxeado foi Julio Cortázar co libro *Julio Cortázar/Aurora Bernárdez. Un reencuentro con Galicia* (2008). Informa que os conferenciantes foron Francisco Fernández Naval e Camilo Franco.

Pino, Concha, "Gallego con acento de Varsovia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 10 febreiro 2009, p. L 16.

Refírese unha vez máis ao ciclo de faladoiros de presentación da colección "Miradas Alleas", e céntrase na dedicada a Ernest Hemingway que presentou o profesor da Winona State University, Juan Carlos Fernández Iglesias.

Pino, Concha, "En Peleteiro alumbran promesas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 13 marzo 2009, p. L 16.

Fálase da celebración dos vinte e dous anos que Fausto Isorna se dedica ao deseño gráfico e ao debuxo. Saliéntanse as súas colaboracións coa compañía de Teatro do Aquí, dirixida por Roberto Vidal Bolaño, os programas realizados para a Sala Nasa e o Centro Dramático Galego e coas editoriais Sotelo Blanco, Edicións Xerais de Galicia, Edicións Positivas e Galaxia. Tamén se indica que é creador de obras de banda deseñada e que dirixiu a revista *Golfiño.*

Pino, Concha, "El futuro escolar depende de ellos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 14 xuño 2009, p. L 16.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, coméntase que na homenaxe ofrecida a Emilio Santasmarinas, se lles obsequiou aos invitados cun volume de *Poemas e pensamentos*, obra do homenaxeado.

Pino, Concha, "Licenciados en el 69", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 28 xuño 2009, p. L16.

Fálase sobre o funcionamento do clube de lectura do IES de Foz, coordinado polo profesor Suso Cortázar e sobre a viaxe a Compostela coa cal pecharon o ciclo do curso.

Dise que nela visitaron lugares relacionados co mundo do libro como bibliotecas ou a librería Couceiro e que de tarde celebraron un faladoiro na cafetería do CGAC sobre o álbum de cómic de Miguelanxo Prado, *A mansión dos Pampín*.

Pino, Concha, "Los de Negreira saben escalar", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 2 xullo 2009, p. L16.

Sinálase que na estrada do Carballiño a Lalín se atopa a Insua dos Poetas, un proxecto promovido pola Fundación Insua dos Poetas para o que foi cedido un terreo polo profesor Luís González Tosar e así convertelo en espazo para a cultura con actividades literarias, plásticas ou musicais. Dise que un deses eventos é a Festa da Palabras coa que se estrea o proxecto e no que se aproveitará para nomealo fillo adoptivo.

Pino, Concha, "Retos que desafían el yo y al otro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 3 xullo 2009, p. L 16.

Entre outras noticias, salienta que a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX) celebra un novo encontro do clube de lectura "Tendendo redes", que contará coa presenza de Marcos Calveiro, quen explicará o proceso de documentación para *Festina lente* (2008). Comenta que o mesmo día se liberarán, na parte vella de Santiago, oitenta obras da literatura galega cedidas por Xerais e que o encontro se inicia cunha conferencia sobre arte e literatura, a cargo de Carlos Sastre, e se pecha cun recital.

Pino, Concha, "Los placeres de la buena mesa", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 24 setembro 2009, p. L 16.

Infórmase que a comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega organiza unha xornada para recoñecer a figura da escritora Xohana Torres, nun acto coordinado por Ana Romaní e Helena González, co título A dona dos mapas.

Pino, Concha, "Los símbolos solo son símbolos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 10 novembro 2009, p. L 16.

Entre outras cuestións alleas á literatura galega, apúntase que Ramón Cabanillas recibe unha homenaxe no Panteón de Galegos Ilustres, no cincuenta aniversario da súa morte, cun violonchelista e dous poemas lidos por Salvador García-Bodaño e Francisco Fernández Rei.

Pino, Concha, "Alvarellos ya es compostelana", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 28 novembro 2009, p. L 16.

Dá conta da inauguración en Santiago dunha nova sucursal da editorial Alvarellos Editora tras trinta anos da apertura da primeira sede en Lugo. Por outra banda, recolle as palabras do director da mesma, Henrique Alvarellos, fillo do fundador, en canto a súa

preocupación pola incorporación das novas tecnoloxías, destacando a necesidade de publicar bos contidos á marxe dos formatos dos mesmos.

Pino, Concha, "Recuperan a historia da Flor de Santiago", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 17 decembro 2009, p. L 6.

Recolle a historia da Flor de Santiago orixinaria de México e que servía de emblema da Orde dos Cabaleiros. Dá conta ademais de que a súa existencia está documentada dende o século XVIII, destacando o simbolismo da mesma.

P. O., "Ausencias y presencias", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 decembro 2009, p. 6.

Menciona a presenza así como as ausencias das diferentes personalidades do panorama político e mais cultural no acto celebrado para festexar a incorporación de Manuel Rivas á Real Academia Galega.

Pombo, F. Alberto., "O gran esquecido", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 253, 10 outubro 2009, pp. 1-3.

Define a figura do ferrolán Ernesto Guerra da Cal como "peza chave na Xeración do 27". Afirma que esta figura sofre un "esquecemento forzado, oficialista e interesado" por causa da súa escolla lingüística, malia ter sido honrado en vida por innúmeras institucións internacionais, tanto nos Estados Unidos coma en Portugal ou Brasil, incluídos dous honoris causa. Fai un percorrido pola súa vida, tanto no eido persoal coma intelectual e político. Salienta a relación persoal que o uniu ao poeta Federico García Lorca e afirma ter sido co-autor de catro dos seis poemas en galego, mentres minimiza a influencia de Eduardo Blanco Amor. Conta que por mor da guerra civil ficou exiliado nos EUA, chegando a catedrático de linguas e literaturas románicas na New York University e que mesmo chegou a renunciar á nacionalidade española en 1954. Nacionalista convencido, defendeu sempre a "grafía internacional da nosa lingua que florece en Portugal, como aseverou Castelao". Negouse a retornar a Galicia e morreu en Portugal en 1994.

Pombo Añón, F. Alberto, "Compromiso rexo coa lingua", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 222, "Teatro", 21 febreiro 2009, p. 8.

Anúnciase a celebración dunha homeanxe ao dramaturgo coruñés Jenaro Marinhas del Valle promovido pola Associaçom Galega da Língua (AGAL) en colaboración con Caixanova, Xunta de Galicia, Concello e Universidade da Coruña. Saliéntase o compromiso do autor como galeguista activo, membro das Irmandades da Fala e da Real Academia Galega. Tamén se recorda que foi o fundador das Mocidade Galeguistas en 1933 e que colaborou na fundación da editorial Galaxia.

Pombo Añón, F. Alberto, "Seoane, trinta anos despois", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 228, "Arte", 4 abril 2009, p. 4.

Refírese á traxectoria vital e artística de Luís Seoane. Comeza destacando os seus primeiros anos, os estudos en Santiago e a súa participación en asociacións e colectivos. A seguir, fai referencia á súa obra pictórica e tamén cita algúns poemarios escritos en lingua galega: *Fardel d'eisiliado* (1952), *Na brétema*. *Sant-Yago* (1956), *As cicatrices* (1959), *A maior abondamento* (1972). Entre os ensaios salienta *Eiroa* (1957) e *Castelao artista* (1969), e tamén se refire á peza teatral *A soldadeira* (1996). Por último, relata o seu falecemento e comenta que a cidade da Coruña lle rendeu unha homenaxe póstuma coa creación da Sala de Teatro Luís Seoane, unha praza pública e o museo co seu nome, onde se alberga o seu legado.

Pombo Añón, Francisco Alberto, "As dez flores do magnolio", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 229, "Literatura", 18 abril 2009, p. 4.

Fai referencia ao colectivo "De Amor e Desamor" que creou unha nova vertente na estética poética. Destaca as dificultades de publicación dos dez poetas que compoñían o grupo e cita os seus dous volumes publicados en Ediciós do Castro. A seguir, detense nas características ou trazos básicos do grupo estabelecidas por Luciano Rodríguez e salienta a importancia da súa obra na literatura galega. Tamén comenta que se están a realizar actos de homenaxe para celebrar o vinte e cinco aniversario da súa fundación.

Pombo Añón, F. Alberto, "Carvalho Calero, unha vida a prol da lingua (e) da Galiza", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 239, "Lingua e literatura", 20 xuño 2009, p. 3.

Comenta que no ano 2010 se celebrarán os vinte anos do falecemento de Ricardo Carvalho Calero. Relata a súa traxectoria vital dende os primeiros anos na cidade de Ferrol e tamén salienta a súa participación nos momentos importantes da historia de Galicia. Dá conta do seu labor nos anos posteriores á Guerra Civil e fai referencia á súa candidatura como presidente da Real Academia Galega. A seguir, céntrase no interese de Carvalho Calero pola normativa reintegracionista da lingua e a súa defensa, e cita varias das súas obras. Finalmente, salienta a importancia da súa figura e reclama continuas homenaxes e recoñecementos.

Portabales, Pablo, "Siete gallegos sin fecha de caducidad", *La Voz de Galicia*, "*Los Domingos de la Voz*", n.º 6483, "En portada", "Los Oliart Gallegos", 13 decembro 2009, pp. 2-5.

Con motivo do nomeamento de Alberto Oliart como presidente da Radiotelevisión Española, recolle a presenza de sete galegos de avanzada idade que seguen a ter repercusión no campo profesional. Destaca así o traballo da escritora María del Carmen Kruckenberg que aos seus oitenta e tres anos se mantén activa. Cita como exemplo o seu poemario *Os límites do arreguizo* (2008).

Porto, G., "Varias actas municipales revelan que Ramón Cabanillas fue concejal en Mondariz Balneario", *Faro de Vigo*, "Condado-Paradanta", "Área metropolitana", 7 novembro 2009, p. 14.

Infórmase que varias actas localizadas no arquivo de Mondariz Balneario demostran que o poeta cambadés foi concellal nese municipio e que alí realizou algúns traballos literarios de destaque, como o romance do Mouro e o Cristiano da Franqueira. Saliéntase que este dato, até agora inédito na súa biografía, serve de base para a firma dunha declaración a favor do galego na administración por parte de todos os rexedores municipais relacionados co autor e que se denominará "Declaración de Mondariz Balneario". Ademais diso, coméntase que o "Ano de Cabanillas" presentará outros actos como a conferencia do seu biógrafo, Luís Rei: "Cabanillas y la Administración local" ou o descubrimento dunha placa na fachada da Casa Consistorial.

Porto, Gabino, "Ocho concellos rinden tributo a Ramón Cabanillas en Mondariz", *Faro de Vigo*, "Condado-Paradanta", "Área metropolitana", 10 novembro 2009, p. 15.

Anuncia a sinatura da "Declaración de Mondariz Balneario", por parte dos alcaldes de Cambados, Cuntis, Dozón, Moaña, Mos, Redondela, Silleda e o propio Mondariz-Balneario, nun desexo de que a Administración local galega defenda a cultura e a lingua, ofertándoa positivamente no inicio da relación cos administrados, á marxe de todo conflito, con actitudes positivas, cortesía, tolerancia e a lembranza de estarmos diante dun vínculo. Comenta que os concellos, todos eles relacionados co poeta Ramón Cabanillas, consideraron esta a mellor homenaxe posíbel.

Porto, Lucía, "La ruta dedicada a Fiz Vergara en Lóuzara tiene dos nuevas esculturas", *El Progreso*, "Sarria", 23 outubro 2009, p. 17.

Indica que a familia de Fiz Vergara Vilariño, a Asociación Cultural Ergueitos de Sarria, algúns veciños e artistas plásticos, participantes na rota literaria de Lóuzara, instalaron dúas novas esculturas. Comenta que a obra de Mónica Alonso é unha reprodución a escala da cama de Fiz en metacrilato vermello, instalada no interior da Fonte da Cova e a obra de Caamaño é unha peza en cerámica cun poema de Fiz Vergara, colocada na zona do pozo de Beltrán. Salienta que a rota, que parte de Airapadrón e remata no pozo citado, recorre sete quilómetros e medio, sendo inicialmente unha idea de Ergueitos e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) para honrar ao poeta.

Prieto, Daniel, "A asociación Foucellas crea un censo de represaliados en Ordes", *Xornal de Galicia*, "Galicia", 26 setembro 2009, p.10.

Explícase que a asociación Foucellas elabora unha lista de represaliados nativos de Ordes e/ou asasinados nesa comarca, que se publica e actualiza en Internet, xa que buscan así recoñecer os represaliados. Comenta que a idea orixinal está tirada do proxecto *Os nomes e as voces* que busca o mesmo obxectivo mais a nivel nacional. Indica que na listaxe hai personaxes curiosos como Asunción Concheiro-Iglesias de quen mantivo unha relación con Francisco Comesaña Rendo que serviu de fonte de inspiración a Manuel Rivas para a novela *O lapis do carpinteiro* (1998).

Prieto, Susana, "Literatura y arte, de la mano", *La Región*, "Verano", 7 agosto 2009, p. 14.

Coméntase o inicio do Festival da Palabra de Verín cun espectáculo que conxuga poesía, escultura, fotografía e interpretación. Tamén se expoñen as palabras de Marcos Sueiro, produtor deste proxecto e as intencións que teñen de cara ao futuro. Por último dáse conta da programación que se levará a cabo.

Puga, Natalia, "Amigos de Pontevedra' reafirma su espíritu con 400 comensales y ocho condecorados", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra / Ciudad", "Festas da Peregrina 2009", 9 agosto 2009, p. 6.

Apúntase que o colectivo "Amigos de Pontevedra" concedeu os seus premios, na súa 38 edición, a tres entidades e cinco persoas que co seu traballo lle dan prestixio á cidade nun acto que se celebrou a véspera do día grande das festas da Peregrina. Sinálase que entre os galardoados coa insignia de ouro estaba o grupo de teatro Arume. Finalmente, saliéntase que se lembrou a un pontevedrés do que a cidade tivo que despedirse no último ano: o músico Antonio Moldes, que no seu día tamén recibiu a insignia da asociación.

Quinteiro, Marta, "Ángela Oramas recordó a los ferrolanos que dejaron huella en la isla de Cuba", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Ciudad", "Conferencia", 7 abril 2009, p. 10.

Comenta que a xornalista cubana Ángela Oramas participou en Ferrol cunha conferencia sobre a influencia dalgúns ferroláns en Cuba. Salienta varios galegos e, entre eles, cita a José Fontenla Leal, quen foi o impulsor do himno de Galicia e da Real Academia Galega. Tamén indica que xunto a Manuel Curros Enríquez creou a Sociedad Iniciadora y Protectora de la Lengua Gallega.

Quinteiro, Marta, "Darío Xohán recitou poemas tradicionais no Sofía Casanova", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Ciudad", "Educación", 16 abril 2009, p. 8.

Indica que o escritor Darío Xohán Cabana participou nun recital poético no IES Sofía Casanova e que se dirixiu a alumnos de Bacharelato e Formación Profesional. Indica que no recital falou sobre Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Ramón Cabanillas, e tamén asinou exemplares da súa obra *Galván en Saor*, que fora lida polo alumnado nas aulas.

Quintiá, Xerardo, "De 'Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 febreiro 2009, p. 40.

Sección fixa na que se acolle o poema "camiña ...", pertencente a *Poesía en ruta* (2007), de Xerardo Quintiá.

Quintiá, Xerardo, "De 'Poesía en ruta", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 maio 2009, p. 39.

Sección fixa na que se acolle o poema "asunto: <<cavidade>>", pertencente a *Poesía en ruta* (2007), de Xerardo Quintiá.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do Canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xaneiro 2009, p. 33.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Trala túa partida de imposible retorno, ...", pertencente ao poemario *Lugar do canto* (2008), de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do Canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xuño 2009, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa o poema intitulado "EVOCACIÓN DO VENTO", pertencente ao poemario *Lugar do canto* (2008), de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do Canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 xuño 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema intitulado "AMOR, UNHA PALABRA", pertencente ao poemario *Lugar do canto* (2008), de Xesús Rábade Paredes.

Rábade Paredes, Xesús, "De 'Lugar do Canto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 novembro 2009, p. 33.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "-Di, mía filla, a do corpo belido, ...", pertencente ao poemario *Lugar do canto* (2008), de Xesús Rábade Paredes.

Rabuñal, Henrique, "De 'O cristal da sede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 febreiro 2009, p. 39.

Sección fixa que acolle o poema "Suave á memoria", pertencente ao poemario *O cristal da sede* (2006), de Henrique Rabuñal.

Rabuñal, Henrique, "De 'O cristal da sede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 abril 2009, p. 34.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "HUMUS E GRITO", pertencente ao poemario *O cristal da sede* (2006), de Henrique Rabuñal.

Rabuñal, Henrique, "De 'O cristal da sede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 outubro 2009, p. 39.

Sección fixa que acolle o poema "SILENCIO, TRISTEZA, MÚSICA" pertencente ao poemario *O cristal da sede* (2006), de Henrique Rabuñal.

Ramos, Alberto, "L. S. F.", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 1 agosto 2009, p. 19.

Reprodúcese o capítulo primeiro da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Había unha vez", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 2 agosto 2009, p. 19.

Reprodúcese o capítulo segundo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "A liña verde", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 3 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo terceiro da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Claude Rains", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 4 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo cuarto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Unha pantasma", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 5 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo quinto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Un non sei que no corpo", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 6 agosto 2009, p. 18.

Reprodúcese o capítulo sexto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Correo post mórtem", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 7 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo sétimo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Está claro o que che pido", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 8 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo oitavo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Unha doce voz", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 9 agosto 2009, p. 18.

Reprodúcese o capítulo noveno da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "¿Por que se tirou dende un balcón, doutor?", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 10 agosto 2009, p. 15.

Reprodúcese o capítulo décimo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Morrer é facil", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 11 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo décimo primeiro da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Persecución", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 12 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo décimo segundo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Unha certeza chamada Aldara", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 13 agosto 2009, p. 16.

Reprodúcese o capítulo décimo terceiro da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Unha cansa Penélope", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 14 agosto 2009, p. 16.

Reprodúcese o capítulo décimo cuarto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Matar ao mensaxeiro", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 15 agosto 2009, p. 16.

Reprodúcese o capítulo décimo quinto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Reflexións quilométricas", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 16 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo décimo sexto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "¿Coñézote?", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 17 agosto 2009, p. 16.

Reprodúcese o capítulo décimo sétimo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Quizais", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 18 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo décimo oitavo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Diafragma ferido", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 19 agosto 2009, p. 14.

Reprodúcese o capítulo décimo noveno da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Cristos sen resurreccións", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 20 agosto 2009, p. 15.

Reprodúcese o capítulo vixésimo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*,

realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Tan só unha máis", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 21 agosto 2009, p. 14.

Reprodúcese o capítulo vixésimo primeiro da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Eva, fuxamos do paraíso", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 22 agosto 2009, p. 15.

Reprodúcese o capítulo vixésimo segundo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Bala de prata", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 23 agosto 2009, p. 18.

Reprodúcese o capítulo vixésimo terceiro da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Un neno en pixama", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 24 agosto 2009, p. 16.

Reprodúcese o capítulo vixésimo cuarto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Unha historia triste", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 25 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo vixésimo quinto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Lois ¿S.? Rosales", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 26 agosto 2009, p. 15.

Reprodúcese o capítulo vixésimo sexto da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Mensaxeiro sen carta", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 27 agosto 2009, p. 15.

Reprodúcese o capítulo vixésimo sétimo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Cea de máscaras", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 28 agosto 2009, p. 16.

Reprodúcese o capítulo vixésimo oitavo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "Nunca quixeches escoitar", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 29 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo vixésimo noveno da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "O balcón en chamas", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 30 agosto 2009, p. 19.

Reprodúcese o capítulo trixésimo da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "C. S. F.", *La Voz de Galicia*, "Relatos", 31 agosto 2009, p. 17.

Reprodúcese o capítulo trixésimo primeiro da "Novela por entregas" *Con acuse de recibo*, realizada ao longo do mes de agosto por Alberto Ramos e acompáñase dunha ilustración de Abraldes.

Ramos, Alberto, "A presenza do galego é escasa nos fondos da biblioteca dixital da UE", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 31 agosto 2009, p. 37.

Coméntase a escasa presenza da lingua galega no museo virtual desenvolvido pola Unión Europea, a Europeana, que nace coa vocación de dixitalizar a maior cantidade posíbel de libros, textos, pinturas, vídeos e outros documentos procedentes dos centros culturais de toda Europa, co obxectivo de ofrecer un mosaico da idiosincrasia cultural europea en Internet, con máis de dous millóns de obras xa dispoñibeis. Critícase o feito de que a presenza do galego en dito museo se reduce a unha única entrada da obra *A traxedia do home*, do autor Imre Madách, unha tradución ao galego e se se realiza a

procura co nome Rosalía de Castro atópase un documento dixitalizado da obra *Follas Novas*, que a pesar de estar en galego, aparece rexistrada en castelán. Por último, indícase que o obxectivo das autoridades comunitarias é alcanzar a cifra de dez millóns de obras dixitalizadas no ano 2010 e que para iso solicitan unha maior implicación da maioría dos estados membros cuxa participación está por debaixo das súas posibilidades.

Ramos, Alberto, "A cruz de Santiago pintada pola natureza", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 17 decembro 2009, p. 34.

Recolle os datos principais da investigación feita por Ruth Varela na que se percorre a historia da flor de Santiago, cuxos datos documentan a súa presenza dende o século XVIII.

Ramos, Baldo, "De 'Monólogo do calígrafo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 xaneiro 2009, p. 29.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Algalia...", pertencente ao poemario *Monólogo do calígrafo* (2007), de Baldo Ramos.

Ramos, Baldo, "De 'A árbore da cegueira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xullo 2009, p. 38.

Insírese neste espazo fixo a composición "AGORA é tarde...", incluído no poemario *A árbore da cegueira* (2002), de Baldo Ramos.

Ramos, Baldo, "De 'A árbore da cegueira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xullo 2009, p. 32.

Sección fixa que reproduce a composición "Ó principio...", incluído no poemario *A árbore da cegueira* (2002), de Baldo Ramos.

Ramos, Baldo, "De 'monólogo do calígrafo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 agosto 2009, p. 32.

Reprodúcese neste espazo fixo o poema "deu a raizame coa túa voz...", incluído en *Monólogo do calígrafo* (2007), de Baldo Ramos.

Ramos, Baldo, "De 'monólogo do calígrafo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 outubro 2009, p. 38.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "na fronteira do dicir...", pertencente ao poemario *Monólogo do calígrafo* (2007), de Baldo Ramos.

Ramos, Baldo, "De 'A árbore da cegueira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 novembro 2009, p. 39.

Insírese neste espazo fixo a composición "SOMOS froito da cegueira...", incluído no poemario *A árbore da cegueira* (2002), de Baldo Ramos.

Ramos, Baldo, "De 'A árbore da guerra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 decembro 2009, p. 36.

Insírese neste espazo fixo a composición "Agora é tarde...", incluído no poemario *A árbore da guerra*, de Baldo Ramos.

Ramos, J. M., "Festiletras 09 encherá de cultura a vila de Pondal", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 abril 2009, p. 34.

Dá noticia de que se vai celebrar en Ponteceso a XXVII Festa das Letras organizada pola Asociación Cultural Monte Branco. Comenta que as actividades previstas son a música, o teatro, os contacontos, a literatura, a danza, etc. e indica que participarán como FestiPersoeiros Isaac Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda. Así mesmo, indícase que tamén contarán coa presenza dos escritores Anxo Mato e Jaime Valdés Parga, e cos contacontos Quico Cadaval, Carlos Blanco e Anxo Moure.

Ramos, J. M., "Las tropas de Rodrigo de Luna volvieron a perder la batalla en Corcubión", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 26 xullo 2009, p. 35.

Dáse conta da celebración en Corcubión do IX Mercado Medieval que conta coa presenza de artesáns, músicos e representacións teatrais con personaxes propios da Idade Media. Descríbese tamén a programación dos dous días de festa.

Raña Lama, Paz, "Suso Jares, subversión e tenrura", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "A aldea global", "Tribuna", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, p. 6.

Co gallo da morte de Xesús Jares faise un repaso da súa vida e traxectoria profesional, na que se destaca que foi fundador, xunto con Manolo Bragado, de Educadores pola Paz.

Reboiro, X. A., "Xosé Manuel Olveira: 'O cine galego está en boa época, lle gustaría a Chano Piñeiro", *Atlántico Diario*, "Verano", 29 agosto 2009, p. 16.

Fálase sobre a entrega do primeiro premio Xociviga de Honra a Xosé Manuel Olveira, "Pico", pola súa traxectoria dentro do audiovisual galego. Dise que o alcalde do Carballiño faille entrega do galardón, unha escultura elaborada en madeira polo artista local Chicho Carballido, que representa un aparato proxector. Tamén se lembra a súa traxectoria profesional.

Regueira, Mario, "Terrorista", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 759, 26 febreiro 2009, pp. 1-7.

Tras unhas breves notas biográficas, reprodúcese o relato "Terrorista", obra de Mario Regueira.

Regueira, Mario, "A emboscada", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 24 abril 2009, p. 11.

Reprodúcese a composición "A emboscada", de Mario Regueira, e lémbrase a súa novela *Láffiche rouge* (2007).

Reigosa, Carlos G., "Aquilino, o grande", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 322, "Letras en galego", "Vagalume", 18 xullo 2009, p. 15.

Lémbrase que hai un mes que se cumpriu o centenario do nacemento de Aquilino Iglesia Alvariño e gábase a súa figura e a súa obra. Destácase a súa linguaxe e o estilo depurado así como o feito de ser un dos grandes poetas que souberon expresar a alma labrega. Tamén se di que non é necesario contrapoñer a súa obra a de outros poetas como Ramón Cabanillas, senón que son complementarias a reivindicación identitaria do segundo coa exaltación lírica do primeiro.

Reixa, Antón, "Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 abril 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección o poema "Respirada nos meus salaios", de *Látego de algas* (2008), de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "De 'Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xullo 2009, p. 33.

Insírese nesta sección o poema "Armario de Palabras Temporalmente Activadas", de *Látego de algas* (2008), de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "De 'Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 29 agosto 2009, p. 32.

Sección fixa na que se acolle o poema "(Unha longa Xornada Laboral)", pertencente a *Látego de algas* (2008), de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 novembro 2009, p. 35.

Reprodúcese nesta sección o poema "Sombras todo terreno...", de *Látego de algas* (2008), de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "De 'Látegos de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 novembro 2009, p. 40.

Acóllese nesta sección o poema "Tendal (interior) de látegos de algas...", de *Látego de algas* (2008), de Antón Reixa.

Reixa, Antón, "De 'Látego de algas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 decembro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se inclúe o poema "Conducín todos os quilómetros...", pertencente a *Látego de algas* (2008), de Antón Reixa.

Relea, F. e L. **Bustabad**, "El Instituto Cervantes de Lisboa recuerda a Ramiro Fonte", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 maio 2009, p. 6.

Dá conta da homenaxe que o Instituto Cervantes lle rendeu ao poeta Ramiro Fonte en Lisboa. Cita as persoas que interviñeron no acto e informa que no acto se presentou o libro *Homenaje a Fonte*, no que se reúnen cincuenta poemas de dez escritores portugueses que eran amigos de Fonte. A seguir, fala sobre a traxectoria literaria do homenaxeado e salienta que no acto se leu o derradeiro poema que Fonte leu en público, "Cabo Prior".

Requeixo, Armando, "Verdes Cómaros", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 297, "Literatura", 2 xullo 2009, p. II.

Laméntase o autor do artigo do esquecemento xeral por parte de moitas institucións e persoas do mundo cultural galego do centenario do nacemento de Aquilino Iglesia Alvariño. Dise que só uns poucos axentes publicistas e plataformas culturais o tiveron en conta e que son moi poucas as edicións institucionais feitas da súa obra. Noméase a edición do Concello de Vilagarcía de *Cómaros Verdes* en 1997 e outra da Biblioteca 120. Destácase que só o volume da súa *Poesía Galega Completa* preparado en 1986 por Xesús Alonso Montero e a escolma dos seus versos, publicada por Xerais en 1991, na súa colección Biblioteca das Letras Galegas e realizada por Francisco Fernández del Riego, permanecen accesíbeis para os que queiran achegarse á súa obra.

Rico Castro, Sabela, "A araña aventureira", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 13 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Sabela Rico Castro, intitulado "A araña aventureira".

Rielo, Pedro, "As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 marzo 2009, p. 40.

Nesta sección fixa reprodúcese o poema "Tal vez...", pertencente á obra *As palabras furtivas* (2007), de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xullo 2009, p. 33.

Nesta sección fixa reprodúcese o poema "O TEMPO NO ESPELLO", pertencente á obra *As palabras furtivas* (2007), de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 xullo 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "EPIGRAFÍA DUN OUVEO", d'*As palabras furtivas* (2007), de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 xullo 2009, p. 32.

Nesta sección fixa reprodúcese o poema "ABRO o xornal e vexo:...", d'*As palabras furtivas* (2007), de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 agosto 2009, p. 32.

Insírese nesta sección fixa o poema "Hai algúns anos,...", d'*As palabras furtivas* (2007), de Pedro Rielo.

Rielo, Pedro, "De 'As palabras furtivas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 novembro 2009, p. 40.

Nesta sección fixa reprodúcese o poema "HOMENAXE Á LANGOSTA", pertencente á obra *As palabras furtivas* (2007), de Pedro Rielo.

Rivas, Manuel, "Independiente, crítico e literario: Manuel Rivas", *El Progreso*, "*Revista*", "Libros", 3 xaneiro 2009, p. 21.

Reprodúcese un extracto da obra *A corpo aberto* (2008)¸ de Manuel Rivas, precedido dun subtítulo no que se comenta que o escritor coruñés traza nesta obra unha viaxe de xornalismo "indie" por diversos temas, entre eles, o "caso Prestige".

Rivas¸ Manuel, "Meu amor contrabandista", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 8, "Inédito", 31 xaneiro 2009, p. 7.

Acóllese a composición poética "Meu amor contrabandista", de Manuel Rivas, acompañada dunha fotografía de Manuel Vilariño intitulada "Orígenes".

Rivadulla Corcón, X. H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 xaneiro 2008, p. 40.

Sección fixa na que se acolle o poema "Envolvéndome", pertencente ao poemario *O adeus do vello mariñeiro* (2007), de Xosé Henrique Rivadulla Corcón.

Rivadulla Corcón, X. H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 febreiro 2008, p. 45.

Sección fixa na que se acolle o poema "Recordo", pertencente ao poemario *O adeus do vello mariñeiro* (2007), de Xosé Henrique Rivadulla Corcón.

Rivadulla Corcón, X. H., "De 'O adeus do vello mariñeiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 xullo 2008, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Segredo", pertencente ao poemario *O adeus do vello mariñeiro* (2007), de Xosé Henrique Rivadulla Corcón.

Rivas Domínguez, Francisco, "O rodo do lume", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 28 agosto 2009, p. 16.

Sección que acolle os relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Francisco Rivas Domínguez, intitulado "O rodo do lume".

Rivas Rodríguez, Javier, "Os traficantes de marfil", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 4 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle os relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Javier Rivas Rodríguez (12 anos), intitulado "Os traficantes de marfil".

Riveiro Tobío, Elvira, "De 'Andar ao leu", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 xaneiro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección unha composición poética d'*Andar ao leu* (2005), de Elvira Riveiro Tobío, intitulada "Guinevere".

Riveiro Tobío, Elvira, "De 'Andar ao leu", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xaneiro 2009, p. 40.

Reprodúcese nesta sección fixa unha composición poética d'*Andar ao leu* (2005), de

Elvira Riveiro Tobío, intitulada “Precédeme unha estela de restos amatorios...”.

Riveiro Tobío, Elvira, “De ‘Andar ao leu”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 30 xuño 2009, p. 48.

Sección fixa que acolle o poema titulado “AUSENCIA”, d’*Andar ao leu* (2005), de Elvira Riveiro Tobío.

Riveiro Tobío, Elvira, “De ‘Andar ao leu”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 3 outubro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se insire o poema “Se acaso chega a revolta e aluma fachos...”, pertencente a *Andar ao leu* (2005), de Elvira Riveiro Tobío.

Rivero, Karina, “Valente, un canto a la poesía”, *La Opinión*, “Cultura”, 24 setembro 2009, p.54.

Infórmase da celebración dos primeiros actos de homenaxe á figura de José Ángel Valente no Teatro Principal de Ourense, co motivo da conmemoración do octoxésimo aniversario do poeta. Sinálase que o acto conta coa presenza da súa viúva, do alcalde da cidade e coas palabras de Claudio Rodríguez Fer, un dos maiores estudiosos da obra de Valente, que fixo unha aproximación á súa traxectoria vital e profesional. Por último, dise que a clausura contará cun concerto e un recital poético de Antonio Gamoneda.

R. L., “A colleita de Méndez Ferrín”, *El Progreso*, “Vivir”, 9 febreiro 2009, p. 71.

Fálase da publicación da obra *A semente da nación soñada* (2008), que ten como finalidade conmemorar o setenta aniversario de Xosé Luís Méndez Ferrín e os cincuenta anos da súa obra *Percival e outras historias*. Especifícase que o volume conta coa participación de sesenta colaboradores entre os que se atopan Camilo Gonsar, Francisco Fernández de Riego, Margarita Ledo, Manuel Outeriño, Víctor F. Freixanes, Xoaquín Silva, Chus Pato, Henrique Costas, Rosa López Fernández e María do Cebreiro, entre outros.

R. L., “Protagonistas de personalidade cada vez máis complexa”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2009, p. 53.

Comeza afirmando, en palabras de Carlos Lema, que a novela negra galega está a mudar a un novo tipo de narración onde o protagonista adquire maior importancia. A seguir, cita algúns dos autores máis representativos deste xénero e as súas obras: Xavier López López, con *A vida que nos mata*; Diego Ameixeiras; Miguel Anxo Fernández co personaxe do inspector Frank Soutelo en *Un nicho para Marilyn*, *Luar no inferno* e *Tres disparos e dous friames*; Román Raña, con *O crime da rúa da moeda vella*; Ramiro Fonte, con *As regras do xogo*; Manuel Forcadela, cunha serie da que salienta *A procura*

do falso grial; entre outros autores como Suso de Toro, Bieito Ledo e Ramón Caride, con *Crónica de sucesos*.

R. L., "Pérez Porto mantén vivo o legado do seu pai, Parallé, para quen Fene pide o recoñecemento da Academia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 14 xuño 2009, p. 53.

Fai referencia á petición que Antonio García Riero lle fixo á Real Academia Galega para que dedique un ano o Día das Letras Galegas ao escritor ferrolán Xosé María Pérez Parallé. Dise que Francisco Pérez Porto, fillo de Pallaré, comentou que seu pai foi un home comprometido con Galicia e ten merecido que se lle renda esa homenaxe.

R. L., "Alfredo Conde participa esta tarde en una charla", *El Progreso*, "Lugo", 22 xuño 2009, p. 5.

Dise que o escritor Alfredo Conde será hoxe o protagonista da charla organizada pola Asociación de Periodistas de Lugo para achegar xornalismo e literatura. Faise tamén unha pequena referencia á traxectoria do escritor e á súa obra *Xa vai o grifón no vento*, como a primeira novela en galego que recibiu o Premio Nacional de Literatura.

Roca, María, "Reigosa apela ás raíces na súa homenaxe na Pastoriza", *El Progreso*, "A Chaira", 31 maio 2009, p. 19.

Coméntase o acto de entrega da distinción 'Chairego do ano' a Carlos G. Reigosa na Pastoriza, dentro do programa dos XVIII Xogos da Mancomunidade da Terra Chá. Lémbrase as palabras de gabanza do alcalde que é amigo seu e deseguido as palabras do autor centradas na importancia que para el teñen as raíces dentro da súa obra.

Roca, María, "El gran premio de Reigosa", *El Progreso*, "A Chaira", 15 outubro 2009, p. 13.

Infórmase que o escritor Carlos G. Reigosa recibiu o premio Señor de Venusnoide, outorgado polo artista pastoricense Fernando Villapol, que elaborou unha escultura de granito baseada na personaxe emigrante de Pedro Xesto. Dise que Carlos Reigosa destacou o transfondo deste personaxe, louvou a iniciativa e explicou a súa identificación e perenne ligazón coa Pastoriza.

Rodil, A., "Una exposición fotográfica recupera la vida y la obra del dramaturgo gallego Francisco Taxes", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 1 marzo 2009, p. 12.

Anúnciase a inauguración na Casa da Xuventude de Chantada dunha mostra fotográfica dedicada ao dramaturgo coruñés Francisco Taxes. Saliéntase a figura do autor como creador da obra *O velorio* (2002) e fundador dos colectivos "A Carón" e "Galga".

Rodríguez, Alberto, "Amniótico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 decembro 2009, p. 36.

Sección fixa na que se inclúe o fragmento intitulado "Decátome agora que xa é...", pertencente ao poemario *Amniótico*, de Alberto Rodríguez.

Rodríguez, Alfonso, "De 'Subir ao faiado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 febreiro 2009, p. 39.

Sección fixa que acolle o fragmento intitulado "Caíaseme a babiña...", pertencente ao poemario *Subir ao faiado* (2004), de Alfonso Rodríguez.

Rodríguez, Ana, "Brétema' dedica su recital anual de poesía a Andrés García", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 Costados*", 14 abril 2009, p. 8.

Comenta que o grupo poético "Brétema" vai dedicar este ano o seu recital anual de poesía ao poeta abulense Andrés García García. Dá conta da actividade que realiza o colectivo e informa sobre os próximos proxectos que van realizar.

Rodríguez, Salvador, "Los gallegos más ilustres de la historia", *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 421, "Hegemonía coruñesa", 1 marzo 2009, pp. 2-3.

Anúnciase a próxima aparición do *Diccionario Biográfico* realizado pola Real Academia da Historia. De entre as corenta mil personalidades que se recensionan saliéntase o dato de que hai mil seiscentos galegos. Indícase que entre eles se atopan escritores como Ramón María del Valle-Inclán, Rosalía de Castro, Camilo José Cela e Emilia Pardo Bazán.

Rodríguez, Xosé Manoel, "O Pen Clube celebra en Ourense o 50.º aniversario de 'A esmorga", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 abril 2009, p. 51.

Lembra que un 3 de abril de 1959 saíu publicada en Bos Aires a obra máis difundida de Eduardo Blanco Amor: *A esmorga*. A seguir, informa de que para conmemorar os cincuenta anos da súa publicación a Deputación de Ourense e o Pen Clube de Galicia organizan un encontro e cita ás persoas que participaron no acto. En columnas á parte e de xeito informativo, coméntanse outros actos que terán lugar para festexar os cincuenta anos da publicación desta novela. Tamén se indica que no suplemento "*Culturas*" se recollen as opinións de Francisco Fernández del Riego e Isaac Díaz Pardo sobre o proceso de edición d'*A esmorga*.

Rodríguez Cabanas, María Francisca, "Historia dunha nena", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 14 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por María Francisca Rodríguez Cabanas intitulado "Historia dunha nena".

Rodríguez Fernández, Marina, "Alexandre Bóveda será honrado en A Caeira el Día da Galiza Mártir", *Diario de Pontevedra*, "Poio.Comarca", 11 agosto 2009, p. 12.

Descríbese o programa de actos previstos en Poio co gallo da celebración do Día da Galiza Mártir en honra de Alexandre Bóveda. Dise que esa programación comeza cun acto institucional no monumento dedicado a Bóveda na Caeira.

Rodríguez Herrador, Yasmina, "25 anos 'de amor e desamor", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 229, "Literatura", 18 abril 2009, p. 4.

Lembra o nacemento do grupo "De Amor e Desamor" na cidade da Coruña, composto por dez poetas. Salienta que un dos motivos de creación do colectivo foi a dificultade de publicar individualmente e cita as dúas obras publicadas: *De amor e desamor* e *De amor e desamor II*. A seguir, fala sobre a temática destes poetas e comenta que se están a realizar diferentes homenaxes pola celebración dos seus vinte e cinco anos.

Rodríguez López, Bieito, "Pés espidos", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 21 agosto 2009, p. 20.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Pés espidos", escrito por Bieito Rodríguez López e ilustrado por Xoán Baltar.

Romero, Javier, "La Xunta financiará a los grupos de teatro apoyados por los concellos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 setembro 2009, p.42.

Infórmase de que a Xunta, por medio de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), financiará, a través dun novo modelo de xestión, as empresas teatrais galegas, cos requisitos de que deberán contar co apoio do Concello ao que se vinculan, e presentar un mínimo de trinta e seis espectáculos no municipio. Explícase que este novo modelo se basea na creación de compañías teatrais residentes e indícase que os primeiros concellos en levalo a cabo son Ourense (coa compañía Sarabela Teatro), Santiago de Compostela, Narón e Cangas.

Romero, Javier, "Blanco Amor, Ourense y el cine", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 16 outubro 2009, p. 9.

Fai unha crónica do acto que tivo lugar no Teatro Principal de Ourense no que se celebrou unha mesa redonda sobre a figura de Eduardo Blanco Amor. Indícase que o acto se pechou coa proxección da versión cinematográfica d'*A esmorga* baixo o título de *La parranda*.

Romero, Javier, "O aniversario de 'A esmorga' revive a obra fotográfica de Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 novembro 2009, p. 49.

Coméntase que a mostra "Eduardo Blanco Amor e a fotografía", pertencente ao Outono Fotográfico, que xa fora recollida en 1933 polo colectivo cultural Alexandre Bóveda, chega no cincuenta aniversario da publicación d'*A Esmorga* e o trixésimo ano da morte do autor. Dise que este traballo fotográfico, que no seu día coordinou Benito Losada, exposto no Auditorio Municipal de Ourense, conta con sesenta e catro pezas divididas en tres apartados: personaxes, viaxes e Galicia. Apúntase que "O fillo da florista" é outra mostra na que o propio escritor é retratado por distintos profesionais, captando o seu perfil iconográfico e social. Adiántase tamén que *A Esmorga* protagonizará até finais de ano un programa de lecer e cultural que contará coa edición dun libro, DVD e CD, un xogo de rol e unha adaptación en cómic.

Romero, Javier, "Amor y Capote", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", "Corrientes termales", 2 decembro 2009, p. 4.

Fala das similitudes vivenciais entre Eduardo Blanco Amor e Truman Capote, caso de ser fillos de familias humildes, que posuían un talento innato, que eran dandis e orgullosos e que morreron sen teren o recoñecemento merecido.

Romero, L., "La casa de Dieste y Manuel Antonio empiezan a recuperar su esplendor", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Comarca", "Rianxo", 18 marzo 2009, p. 33.

Fálase do proxecto de reformar as casas de Rafael Dieste e Manuel Antonio sitas na vila de Rianxo, como parte dunha iniciativa da Academia Literaria auspiciada polo Concello e o Ministerio de Cultura de converter Rianxo nun centro cultural de referencia. Explica que dentro deste proxecto tamén se insire o proxecto de habilatar estes inmóbeis como museos. Informa de que na vila rianxeira tamén se pode visitar a casa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, declarada como Ben de Interese Cultural, e de que se está a desenvolver un Plan Museolóxico e Museográfico da Academia Literaria Castelao.

Romero, Marga, "Hildedomin", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Cultura", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 32.

Lémbrase a traxectoria vital e profesional de Hilde Domin, tradutora, profesora de alemán e fotógrafa, da que se di que sufriu a represión do nazismo alemán. Destácase o seu traballo como poeta, narradora e ensaísta, cunha linguaxe sinxela, e indícase que que Alemaña celebrou o seu centenario. Por último, recoméndase a súa obra poética *Aquí*, traducida ao galego e editada por Noitarega en 1998.

Romero, Marga, "Herta Müller, retorcer a lingua para salvar a alma", *A Nosa Terra*, n.º 1.377, "Cultura", 15-21 outubro 2009, pp. 20-21.

Introdúcese a figura de Herta Müller a partir da súa voz "con cicatrices" na cadea de radio Hessischer Rundfunk tras recibir o Nobel de Literatura. Reflexiónase logo na lingua como *Heimat*, como casa, como lugar onde explicarse no contexto da súa lingua materna, o alemán da súa familia levado a Romanía. Indícase que con esta lingua

alimenta o sentimento de minoría e aprende a sobrevivir no labirinto da lingua estatal, a da ditadura e a da prensa, a da orde e a da obediencia. Explica que a lingua que emprega Müller enriquece os xiros, as imaxes literarias, chama a atención da crítica e confirma a lealdade dos lectores, porque a lingua minoritaria de Müller é realmente unha lingua grande, que goza de boa saúde, e na que ela é premiada e vende. Lémbrase tamén que a autora d'*O home é un grande faisán no mundo*, traducido por Edicións Xerais de Galicia, xa gozaba de éxito co seu último libro, *Atemschaukel*, antes da concesión do Premio Nobel. Apúntase que neste último libro trata o delicado tema da sociedade labrega na súa infancia e a deportación da poboación alemá de Romanía aos campos de traballo da Unión Soviética.

Romero, Santiago, "La voz de Damasco", *La Opinión*, "Cerebros coruñeses en el mundo", 5 abril 2009, contracuberta.

Achega a experiencia de Amelia Puga en Damasco e relata que está a loitar pola difusión da cultura galega en Siria. Dá conta da presenza de César Antonio Molina nesa cidade siria para inaugurar a biblioteca do Instituto Cervantes chamada "Álvaro Cunqueiro". Tamén comenta que realizou entrevistas a personalidades do mundo da cultura galega e salienta que existen moitas traducións de poesía galega ao árabe. Así mesmo, afirma que Puga está a loitar porque se imparta lingua galega no Instituto Cervantes.

Romón, Manuel M., "De 'Poesía barata", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 xaneiro 2009, p. 33.

Acóllese nesta sección unha composición poética de *Poesía barata* (2006), de Manuel M. Romón, intitulada "Sucedeu sen máis...".

Romón, Manuel M., "De 'Poesía barata", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 xuño 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección unha composición poética de *Poesía barata* (2006), de Manuel M. Romón, titulada "a pedra diante...".

Romón, Manuel M., "De 'Poesía barata", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 agosto 2009, p. 32.

Insírese nesta sección o poema "Sucedeu sen máis...", incluído en *Poesía barata* (2006), de Manuel M. Romón.

Romón, Manuel M., "De 'Poesía barata", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 setembro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección a composición poética "volvíchesmo dicir...", incluída en *Poesía barata* (2006), de Manuel M. Romón.

Rozados, Lara, "A literatura en galego colle músculo internacional", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", "Actualidade dos libros", 9-14 xaneiro 2009, pp. 24-25.

Coméntase o auxe que está a experimentar a tradución na literatura galega. Faise un repaso das traducións que publicaron as distintas editorias galegas durante o ano 2008. Da Editorial Galaxia saliéntase a publicación de *Istambul*, de Orhman Pamuk; *A elegancia do ourizo*, de Muriel Barbery; *O caderno dourado*, da premio Nobel Doris Lessing; e *As flores do mal*, de Charles Baudelaire. De Sotelo Blanco Edicións destácase *Un casoiro ben mal amañado*, de Bali Rai; *Amor vermello*. *Escritos sociais e políticos*, de Alexandra Kollontai; e *Vinte e novo contos*, de Quim Monzó. Pola súa banda, lémbrase que Edicións Xerais de Galicia publicou outra obra de Quim Monzó, *Mil cretinos*, e *Mal de Escola*, de Daniel Pennac. De Faktoria K valórase o éxito de vendas alcanzado con *O neno do pixama a raias*, así como coa obra *Lolita*, de Vladimir Nabokov e outras de autores máis próximos como Chico Buarque e Bernardo Atxaga. Por último, afírmase que Edicións de Cumio apostou pola primeira tradución ao galego dun cómic manga, *Bícame profe*, da xaponesa Kazuma Kodaka, e que continuou coa tradución das obras de Edgar Allan Poe.

Rozados, Lara," Tres premios de poesía para unha nova xeración", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", 9-14 xaneiro 2009, p. 38.

Infórmase da concesión de varios premios do ano 2008, entre eles, o VII Premio de Poesía Caixanova para *A caída*, de Luís Vázquez Regueiro, de quen se repasa brevemente o seu currículo. Dáse conta da concesión do XXI Premio Eusebio Lorenzo Baleirón a *Cando menos, a derrota*, de Xabier Xil Xardón. Por último, cóntase que o Premio de Poesía Johán Carballeira recaeu na obra *Blues da* Crecente, de Mario Regueira. Sublíñase que os tres galardoados teñen en común pertencer a unha mesma xeración, a dos nados entre os 70 e os 80, ter unha formación humanística e filolóxica e posuír unha conciencia especialmente crítica.

Rozados, Lara, "A década perigosa", *A Nosa Terra*, n.º 1.346, "Cultura", 12-18 febreiro 2009, pp. 24-25.

Refírese á mostra que se pode visitar no Centro Galego de Arte Contemporáneo "Portas de luz. Unha achega á arte e cultura de Galicia nos 70". No apartado referido á literatura, dirixido por Xosé María Álvarez Cáccamo, saliéntase a converxencia do grupo do 36 con Celso Emilio Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor e Ramón Piñeiro, entre outros, con autores da década de 1950 como Uxío Novoneyra, Bernardiño Graña, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Carlos Casares, Xesús Alonso Montero e María Xosé Queizán. Tamén se salienta o colectivo Rompente e O Grupo de Comunicación Poética do que se expoñen algunhas obras como *Ladillas do travesti* (1979), de Antón Reixa, e *Facer Pulgarcito tres*, de Avedaño.

Rozados, Lara, "A mirada galega de Julio Cortázar", *A Nosa Terra*, n.º 1.346, "Cultura", 12-18 febreiro 2009, p. 26.

Anúnciase a publicación do primeiro volume da colección "Miradas Alleas", editado co patrocinio da Secretaría Xeral de Comunicación. Infórmase que este primeiro tomo está dedicado á figura de Julio Cortázar, vinculado á cultura galega por mor das relacións que mantivo cos galegos exiliados en Bos Aires. Lémbrase que participou con asiduidade ns faladoiros do Café Tortoni e que mantivo unha estreita relación con Rafael Dieste, Luís Seoane e o editor Francisco Porrúa. Ademais coméntase que foi un galego, Antonio Cuadrado, o primeiro en publicar un relato do autor arxentino, "Bruja", editado na revista *Correo Literario*.

Rozados, Lara, "Lamazares e a herdanza de Laxeiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", 16 febreiro-4 marzo 2009, p. 38.

Fálase da entrega do premio Laxeiro ao pintor lalinense e discípulo do pintor do Deza Antón Lamazares. Recóllense as palabras do pintor, quen se mostrou sorprendido polo premio e sinalou a Laxeiro como un dos piares da cultura galega xunto con Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

Rozados, Lara, "Aumenta a asistencia ao teatro", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "Cultura", 2-8 abril 2009, p. 26.

Refírense os datos rexistrados pola AGADIC no ano 2008, nos que se salienta o aumento de público que ao longo dese ano asistiu a representacións teatrais tanto da Rede Galega de Teatros e Auditorios como da Rede de Salas Alternativas. Dise que para Miguel Martín, xerente desta asociación, o éxito se debe á reforma levada a cabo na Rede Galega de Teatros e Auditorios e ao maior apoio por parte da Administración, que axuda ás compañías e salas con maiores axudas e subvencións.

Rozados, Lara, "Celestino Fernández de la Vega, humor e reflexión en tempos difíciles", *A Nosa Terra*, n.º 1.366, "Cultura", 2-8 xullo 2009, p. 39.

Repaso da traxectoria profesional de Celestino Fernández de la Vega con motivo da publicación d'*O segredo do humor* e de *Ensaios a proba de tempo* nos que se recollen pensamentos do considerado pensador do novo galeguismo. Saliéntase do labor de Fernández de la Vega o ser un dos introdutores das correntes de pensamento europeas.

Rozados, Lara, "O home que convertía as montañas en poemas", *A Nosa Terra*, n.º 1.366, "Cultura", "Día das Letras", 2-8 xullo 2009, pp. 24-25.

Coméntase que no décimo aniversario do seu pasamento será Uxío Novoneyra o poeta homenaxeado o Día das Letras Galegas tras varias campañas de apoio. Noméanse outros nomes que se propoñían así como os múltiples colectivos e figuras individuais que deron o seu apoio mediante as súas sinaturas. Tamén se comenta que o outro autor proposto, Ricardo Carvalho Calero, que contaba con múltiples apoios, foi desbotado pola Real Academia Galega para tentar non reavivar a controversia lingüística que na actualidade promove o goberno galego, debido á escolla normativa reintegracionista

deste autor. Logo faise un detallado percorrido pola súa vida e obra e engádese que Bernardino Graña foi escollido membro numerario da RAG.

Rozados, Lara, "A Terra Chá lembra a Manuel María", *A Nosa Terra*, n.º 1.371, "Cultura", 3-9 setembro 2009, p. 27.

Dise que a Asociación Xermolos e a Fundación Manuel María organizan en Outeiro de Rei, no mes de setembro, "Memoria da chaira enteira", no quinto cabodano de Manuel María. Descríbese a programación do acto e tamén se di que o Instituto de Estudos Chairegos, que participa na homenaxe, edita unha escolma de artigos de Manuel María que el publicaba n'*A Nosa Terra*, de temática chairega, que se publica nunha edición facsimilar. Ademais saliéntase que o IESCHA celebrará tamén o Día da Cultura Chairega, coa presentación do volume e outra serie de actuacións que deseguido se detallan.

R. Silva/O. Ucha, "O ensaio galego loita por un oco", *El Correo Gallego*, "Cultura", 10 agosto 2009, p. 52/ *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 10 agosto 2009, p. 53.

Fálase sobre a maior presenza do xénero ensaístico no mundo editorial galego, cun aumento do abano de temas a tratar e incluso a aparición de editoriais especializadas no xénero. Recóllense as palabras de Henrique Alvarellos, director da editorial Alvarellos, afirmando que o ensaio vive o seu mellor momento en Galicia e que a maior parte das temáticas se ocupan da reflexión sobre Galicia e a súa "idiosincrasia". Tamén se di que o ensaio depende en gran medida do cordón que o une ao mundo da Universidade e destácanse algúns títulos como *O natural e político*, de Teresa Moure e *Fendas abertas*, de Carlos Taibo. Engádese que o importante é buscar a temática que mellor acae a cada lector, que as editoriais contan con coleccións dedicadas o ensaio e que outra opción é gozar dos grandes ensaios da literatura universal traducidos ao galego, da man de Rinoceronte Editora. Por último, reflexiónase sobre a efectividade dos premios literarios para conseguir unha maior difusión do xénero.

R. R., "El Conservatorio acogerá el domingo música y poemas de autores gallegos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 6 maio 2009, p. 15.

Informa que o Conservatorio Profesional da Coruña vai celebrar o ciclo "Música de compositores galegos sobre poemas galegos". Afirma que os versos das cancións serán de diferentes poetas como Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro e Estíbaliz Espinosa.

Rúa Núñez, Xosé Lois, "Tempo de mimosas", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 22 agosto 2009, p. 21.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Tempo de mimosas", escrito por Xosé Lois Rúa Núñez e ilustrado por Xoán Baltar.

Rúa Núñez, Xosé Lois, "Unha nova lareira", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 23 agosto 2009, p. 24.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Nesta ocasión insírese "Unha nova lareira", de Xosé Lois Rúa Núñez, que está ilustrado por Xoán Baltar.

Rúa Núñez, Xosé Lois, "O reloxo da vida", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 24 agosto 2009, p. 18.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "O reloxo da vida", escrito por Xosé Lois Rúa Núñez e ilustrado por Xoán Baltar.

Rubinos, A., "El teatro de las palabras llena el Verbum", *Faro de Vigo*, "Vigo", 24 abril 2009, p. 9.

Informa de que o Museo Verbum, con motivo de celebrar o seu sexto aniversario, organiza unha serie de visitas teatralizadas a cargo da compañía EscénaTe. Sinala que outras actividades que vai levar a cabo son tres exposicións temporais, o ciclo "Poéticas para unha vida" e o Congreso de Literatura Potencial Pé de Letra. Dise que, así mesmo, tamén haberá talleres de animación á lectura.

Ruibal, Rubén, "Teatro, o agasallo co que sorprenderán a case todos. Recomendacións para todos os públicos", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 4, "Teatro", 3 xaneiro 2009, pp. 12-13.

Tras lamentar a escasa presenza de títulos teatrais nas librarías galegas, faise un percorrido polas obras teatrais publicadas ao longo do pasado ano, comezando polas obras de literatura infantil. Deseguido pásase á literatura para adultos na que se destaca en principio *Taras*, escrita por Gustavo Pernas, na que se tratan as miserias da industria do téxtil, e *Cóncavo Convexo*, de José L. Prieto. Despois destácase o labor de Estaleiro Editora, dende a súa vocación independentista e de rexeitamento de subvencións, que sacou ao prelo *Insomnio*, un único e económico volume onde se recollen varias pezas teatrais; e *Fume*, de Rubén Ruibal e Carlos Losada. Tamén se comenta a versión que Marica Campo fai d'*O divino sainete*, de Manuel Curros Enríquez; *Anxeliños*, de Roberto Vidal Bolaño; e *Confesións dun practicante*, de Raúl Dans, entre outros. Felicítase á Editorial Laiovento polo mantemento dos "Cadernos de Teatro" nos que se insiren os diferentes textos teatrais que van saíndo do prelo nunha edición rigorosa e coidada. Finalmente indícase que nesta editorial se publicou o libro de Manuel Lourenzo *As horas baixas* e recoméndase outra obra anterior del, *Eléctricas* (2007), composta por tres pezas.

R. V., "Carlos Gómez Alfaro: poeta sen fronteiras", *Faro de Vigo*, "*Baixo Miño/Louriña*", "Especial", 26 setembro 2009, p. 8.

Dáse conta da homenaxe que se lle fai ao poeta Carlos Gómez Alfaro na súa aldea natal, Cenlle, promovido polo PEN Club de Galicia e coordinado por Luís González Tosar e Xesús Alonso Montero. Descríbese detalladamente o programa e indícase que Román Raña, autor dun estudo sobre a obra do poeta Gómez Alfaro, salientou os seus múltiples rexistros poéticos, a súa musicalidade e a súa depurada técnica lírica. Por último, dise que o broche final pono un recital poético-musical no cal se fixo entrega de exemplares de *Poesía galega toda I e II*, do poeta homenaxeado, obra na que tamén se inclúe o seu poemario póstumo *Alta Cruz*.

Saá, A. , "Poemas ao pai', outra homenaxe ao escritor Álvarez Blázquez", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 7 marzo 2009, p.50.

Fálase sobre o volume conxunto de poesías que os irmáns Álvarez Blázquez (Xosé María, Alfonso, Celso, Elena e Berta) dedican ao seu pai, o escritor e intelectual galego Xosé María Álvarez Blázquez. Apúntase que o volume leva por título *Poemas ao pai* (2008), e que se presentou na libraría Andel de Vigo, baixo o selo de Espiral Maior. Indícase que se trata de arredor de trinta poemas, ilustrados por Berta Cáccamo e escritos por todos os irmáns. Dise, por último, que se trata dunha obra moi coidada, que garda equilibrio entre o formato, a ilustración e os textos.

Sáa, A., "Los versos de Yolanda Castaño se acompañan de danza y música en directo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 14 agosto 2009, p.38.

Infórmase da proposta do colectivo "Tender a man" que se compón dunha mestura de versos, danza e música en directo, e que se leva a cabo na Praza da Constitución de Vigo, dentro do programa de festas do Concello vigués. Dise que o grupo formado pola poetisa Yolanda Castaño, o compositor Isaac Garabatos, a coreógrafa Branca Novoneyra, o videocreador Lassa, a cantante Mónica Nut e os compoñentes do grupo Isga Collective ofrecen un recital de vangarda no que os versos de Yolanda Castaño buscan novos camiños de comunicación.

Sáa, A.,"El Nobel de Literatura sorprende al premiar la obra germano-rumana de Herta Müller", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 9 outubro 2009, p. 40.

Destácase a sorpresa da concesión do Premio Nobel de Literatura á obra da xermano-rumana Herta Müller, valorando o destino das minorías alemanas nos países centroeuropeos, "o debuxo das paisaxes del desamparo", en palabras da Academia sueca. Dise que Müller, nacida en Rumanía no seo dunha familia da minoría alemana nese país, tratou de tender pontes entre as dúas culturas que lle eran próximas, estudando filoloxía xermánica e rumana, mais que as súas obras sufriron a crítica da prensa nacional ou a censura, sendo ben acollidas nos medios de comunicación alemáns do exterior. Recóllense as impresións da escritora tras a concesión do premio. Por último, saliéntase que en galego Edicións Xerais de Galicia publicou *O home é un grande faisán no mundo* (2001).

Saá, Ana, "O mundo intelectual e cultural homenaxea a Méndez Ferrín no seu 70 aniversario", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 44/*La Opinión*, "Cultura", 7 febreiro 2009, p. 56.

Fálase da homenaxe celebrada no Centro Social Caixanova de Vigo na honra do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín con motivo do seu setenta aniversario. Explícase que ao acto asistiron persoeiros do mundo da cultura e da política, entre os que se salientan Xosé Manuel Beiras, Ánxela Bugallo, Margarita Ledo, Víctor Freixanes e Manuel Bragado. Coméntase que no acto interviron Anxo Angueira, Antón Santamarina, Rosa López e Darío Xohan Cabana, que falaron sobre as distintas facetas do autor. Indícase que Ramón Lourenzo foi o encargado de entregar a Ferrín un exemplar da obra *A semente da nación soñada* (2008) coa que se homenaxea ao escritor.

Saá, Ana, "Galicia, fuente de inspiración literaria", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 2 marzo 2009, p. 57.

Fálase da colección "Miradas Alleas", promovida pola Secretaría Xeral de Comunicación, que ten como finalidade indagar na relación que algúns narradores universais mantiveron con Galicia. Explícase que os seis primeiros volumes están dedicados a Julio Cortázar, Jorge Luis Borges, Ernesto Sábato, Gabriel García Márquez, Azorín e Ernest Hemingway. Anúnciase que teñen prevista a publicación dentro da mesma colección de obras centradas en John Adams, George Borrow, Luis Bello, Graham Greene, Federico García Lorca e Robert Arlt.

Saá, Ana, "Fallece el intelectul Avelino Abuín de Tembra, presidente de Pedrón de Ouro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 3 marzo 2009, p. 45.

Refírese ao pasamento do fundador e presidente da Fundación Pedrón de Ouro, Avelino Abuín de Tembra, de quen salienta a súa defensa da lingua galega e a creación da Fundación Rosalía de Castro e de varios estudos sobre a poeta de Herbón. Tamén se recolle que impulsou a revista electrónica *Galicia Viva*, o Premio Minerva-Peleteiro e os Xogos Florais no ensino medio. Da súa figura como poeta destácanse as súas obras *Camiños* (1961), *Home ao pairo* (1974) e *Roldas de Compostela* (1983).

Saá, Ana, "Tributos a The Police y Rosalía centran la II Semana de Jazz de El Corte Inglés", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 29 maio 2009, p. 47.

Dá conta da celebración da II Semana do Jazz Galego e, en relación coa literatura galega, comenta que se tocarán poemas musicalizados de Rosalía de Castro.

Saá, Ana, "El foro creativa impulsará la cultura gallega y del norte de Portugal en Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 11 decembro 2009, p. 46.

Recolle as diferentes mesas e debates que participaron no foro "Creativa", que tiña

como obxectivo estabelecer unha ponte de unión con Portugal impulsando as artes escénicas, a música, o audiovisual e o producto gráfico, a través de actuacións, debates e reunións profesionais.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 febreiro 2009, p. 39.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Bisonte ferido", pertencente ao poemario *A ollada de Astarté* (2007), de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xullo 2009, p. 31.

Acóllese nesta sección fixa a composición "VÉN que che coma o corazón...", pertencente ao poemario *A ollada de Astarté* (2007), de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 agosto 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema intitulado "Pel de Araña", incluído n'*A ollada de Astarté* (2007), de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle a composición "LÚAS", pertencente ao poemario *A ollada de Astarté* (2007), de Pura Salceda.

Salceda, Pura, "De 'A ollada de Astarté", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 setembro 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección a composición "PARÁBOLAS PERFECTAS", do poemario *A ollada de Astarté* (2007), de Pura Salceda.

Salgado, D., "El cine entra en la Academia de la mano de Margarita Ledo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 febreiro 2009, p. 5.

Anúnciase a incorporación á Real Academia Galega (RAG) da cinesta e escritora Margarita Ledo, que pronunciará o seu discurso de ingreso, "Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega", no paraninfo da Facultade de Historia en Santiago de Compostela. Saliéntanse as súas obras *Porta blindada* (1990) e *Linguas mortas* (1989) e o feito de ser a quinta muller que ocupa un posto na RAG, xunto a Olga Gallego, Luz Pozo Garza, Xohana Torres e Rosario Álvarez.

Salgado, D., "Un gallego por la Constitución Literaria de Europa", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 17 marzo 2009, p. 6.

Anúnciase o proxecto de crear unha Constitución Literaria para Europa impulsada polo Colectivo Poético de Bruselas, do que forma parte o escritor santiagués Xavier Queipo. Coméntase que os cento vinte artigos que a compoñen, xunto co preámbulo e as disposicións transitorias, foron elaborados por corenta poetas de toda Europa e que serán presentadas na capital belga. Dise tamén que o colectivo conta co apoio da libraría internacional Passaporta de Bruselas e o Dichtercollectif van Brussel.

Salgado, Daniel, "A síndrome de Rimbaud", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 xaneiro 2009, p. 6.

Fálase dunha serie de escritores galegos que, ao igual que Rimbaud e Juan Rulfo, tras a publicación dalgunhas obras deciden deixar a escritura. Cítanse os caos de Rodríguez Mourullo, Anxo Quintela, Arturo Casas e Xavier Rodríguez Barrio. Coméntase que Luis Álvarez Pousa e Aníbal C. Malvar deixaron a escritura polo periodismo e que Víctor Freixanes preferiu centrarse no seu labor como editor. Malia todo, maniféstase que algún destes autores teñen pensado volver a publicar durante este ano tras o seu retiro voluntario.

Salgado, Daniel, "Nin lle teño medo ao folio en branco nin me comunico co cosmos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 febreiro 2009, p. 7.

Coméntase a recente saída do prelo da nova obra do escritor Santiago Jaureguizar, *O globo de Shakespeare* (2008), e explícase que nesta novela se indaga sobre as relacións humanas e se recupera o histrionismo e a comedia *slapstick*, abandonando a encrucillada histórica que se libraba na súa obra anterior, *Cabaret Voltaire* (2005). Saliéntase a débeda que esta obra ten con *Macbeth*, do escritor inglés William Shakespeare.

Salgado, Daniel, "A quen fala hoxe Rosalía?", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 febreiro 2009, p. 7.

Fálase dos cento setenta e dous anos do nacemento de Rosalía de Castro, motivo polo que saíron á venda unha serie de libros que se achegan á Rosalía máis descoñecida, proporcionando novos puntos de vista sobre a súa vida e obra. Entre esas novas achegas á biobliografía da poeta de Padrón destácase o discurso de entrada na RAG de Margarita Ledo Andión, o volume colectivo *Rosalía XXI* e o "Manifesto en conmemoración do Día de Rosalía", encargado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega a Teresa Moure. Coméntase que outras achegas á bibliografía de Rosalía son as proporcionadas por Inma López Silva, Iolanda Zúñiga, Yolanda Castaño e María do Cebreiro.

Salgado, Daniel, "A novela dun outsider", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 marzo 2009, pp. 6-7.

Refírese aos cincuenta anos da publicación d'*A esmorga* na Editorial Citania que Luis Seoane dirixía en Bos Aires. Por este motivo, recóllense as palabras de estudiosos e escritores como María Reimóndez, Marcos Calveiro, Camilo Franco, Anxo Angueira, Bieito Iglesias e Xoán Carlos Caneiro que mostran diferentes opinións sobre a mensaxe que Blanco Amor quería transmitir con esta obra e sobre a pertinencia ou non da versión cinematográfica da mesma, *La Parranda*, realizada por Gonzalo Suárez.

Salgado, Daniel, "Galaxia reúne en un libro ensayos de De La Vega", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 1 xuño 2009, p. 6.

Co gallo da saída do prelo d'*O segredo do humor*, de Celestino Fernández de la Vega, destaca a coherencia do pensamento de Celestino Fernández de la Vega, así como a influencia que tivo na súa obra o filósofo alemán Martin Heidegger.

Salgado, Daniel, "Máis alá do Courel", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 xullo 2009, p. 9.

Achéganse as diferentes interpretacións da obra de Uxío Novoneyra por parte de diversos críticos e poetas que dalgún xeito mantiveron contacto ou relación con el, caso de Rafa Villar, Isaac Lourido, Claudio Rodriguez Fer, Olga Novo e Lupe Gómez .

Salgado, Daniel, "As naves tristes e frías (Rosalía de Castro)", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 23 xullo 2009, p. 33.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "As naves tristes e frías (Rosalía de Castro)", de Daniel Salgado.

Salgado, Daniel, "Outra volta ao político", *El País*, "*Extra*. *Día de Galicia*", 25 xullo 2009, pp. 8-9.

Critícanse os intentos de apropiarse da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao por parte duns e doutros partidos políticos co gallo da celebración do Día da Patria Galega. Coméntase que, segundo Manuel Barreiro, o volume de Valentín Paz-Andrade *Castelao na luz e na sombra*, na súa primeira edición de 1982, segue sendo o único retrato de entidade do rianxeiro e que cómpre recuperar a óptica dende a que actuaba Castelao, o galeguismo republicano. Tamén se fai referencia ao humorismo gráfico e á dimensión humanística dos seus debuxos, sempre do lado das clases máis pobres. Por último, lémbranse os problemas políticos que se produciron coa volta dos seus restos mortais a Galicia.

Salgado, Daniel, "De 'Sucede", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 agosto 2009, p. 32.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "A tarde non está coma unha bossa nova...", de *Sucede* (2004), de Daniel Salgado.

Salgado, Daniel, "La Academia retira los honores a Franco sin publicitarlo", *El País*, "*Galicia*", 25 agosto 2009, p. 8.

Coméntase que nunha das últimas sesións plenarias da Real Academia Galega, o día 31 de xullo, foi nomeado Manuel Rivas como membro numerario da institución, en substitución de Camilo Gonsar, falecido en novembro de 2008. Ademais, indícase que tamén se decidiu retirar todos os honores que Francisco Franco aínda ostentaba dentro da Academia. Destácase a discreción coa que se leva a cabo este feito e recóllense as palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín respecto a este feito.

Salgado, Fernando, "La ría de Arousa estará presente en el itinerario cultural 'Vilas literarias'", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Provincia", 21 setembro 2009, p. 10.

Anúnciase a posta en marcha do proxecto "Vilas literarias de Galicia" para o ano 2010, unha iniciativa que consiste no deseño dunhas rutas turísticas tomando como eixo central os creadores literarios e a súa contorna vital. Indícase que o proxecto ten dúas finalidades: desestacionalizar o turismo e ofrecer ao visitante algo máis que praias e boa gastronomía. Respecto ás condicións, dise que as localidades que resulten seleccionadas deberán cumprir unha serie de requisitos: a súa configuración urbana, ser o lugar de nacemento de máis dun escritor que conte con recoñecemento xeneralizado ou a quen lle tivese sido dedicado o Día das Letras Galegas. Indícase que algúns dos referentes que xustifican a iniciativa son Vilanova de Arousa, con Ramón María del Valle-Inclán e Cambados, con Ramón Cabanillas.

Salgado, Fernando, "Cambados ofrece teatro, música e gastronomía no seu programa de outono", *Diario de Pontevedra*, "O Salnés", 1 outubro 2009, p. 20.

Preséntase a programación cultural para o outono en Cambados e coméntase que inclúe música, teatro, gastronomía. Apúntase o peso específico que teñen os actos organizados para conmemorar o oitenta aniversario de Acción Católica e a recta final das actividades promovidas ao redor da figura de Ramón Cabanillas. Deseguido coméntase pormenorizadamente o programa a desenvolver e dise que unha homenaxe pechará o ano de Ramón Cabanillas cunha sesión solemne da Real Academia Galega para culminar as celebracións.

Sampedro Vidal, Óscar, "¡Que medo!", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 5 agosto 2009, p. 17.

Sección que acolle os relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Óscar Sampedro Vidal, intitulado "¡Que medo!".

Sánchez, María, "As Letras volven mirar ao Courel con Novoneyra", *El Progreso*, "*Especial. Lo que vendrá en 2010*", "Cultura", 31 decembro 2009, pp. 42-43.

Descríbese a vida e obra de Uxío Novoneyra co gallo da anunciada celebración do Día das Letras Galegas de 2010 na súa honra. Repasa de xeito detallado a súa vida e con respecto á súa obra comenta que foi un poeta de entrega total e que na década dos oitenta comeza a recompilación da súa poesía courelá mediante unha metódica revisión. Tamén indica que compuxo poemas eróticos e amorosos ou literatura infantil e que a súa obra contra con traducións a varios idiomas como o éuscaro ou o xaponés.

Sánchez Ares, Alba, "Conta saldada", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 22 agosto 2009, p. 15.

Sección que acolle os relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de 15 anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Alba Sánchez Ares (17 anos), intitulado "Conta saldada".

Sande, José Manuel, "Crónica do día de autos", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 17, "En portada", 4 abril 2009, p. 3.

Fálase da adaptación cinematográfica da novela *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, intitulada *Parranda* (1977) e dirixida por Gonzalo Suárez, quen contou coa colaboración do propio autor no guión. Explícase que a acción pasa a localizarse na conca mineira de Asturias e que se mesturan discursos propios da farsa, do surrealismo, da comedia negra, do melodrama rural e da investigación xudicial. Saliéntase ademais a música, que constitúe, en ocasións, o contrapunto que serve para desdramatizar a acción.

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xaneiro 2009, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "Despois, o frío...", do poemario *Hoxe, que vén o vento do sur* (2006), de Miguel Sande.

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 agosto 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa o poema "As palabras de amor dan ó lume unha cor azulada...", do poemario *Hoxe*, *que vén o vento do sur* (2006), de Miguel Sande.

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 agosto 2009, p. 32.

Insírese nesta sección fixa o poema "Palabras dunha soa noite. Dun momento só...", pertencente a *Hoxe*, *que vén o vento do sur* (2006), de Miguel Sande.

Sande, Miguel, "De 'Hoxe, que vén o vento do sur", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 decembro 2009, p. 38.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "Despois, o frío...", do poemario *Hoxe, que vén o vento do sur* (2006), de Miguel Sande.

Sandoval, L., "Na tumba de Blanco Amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 decembro 2009, p. 35.

Recolle a homenaxe que se celebra cada 1 de decembro á memoria do escritor Eduardo Blanco Amor. Destaca as verbas de Luís González Tosar, presidente do Pen Clube, sobre a traxectoria vital e profesional do autor ourensán. Por outra banda, e aproveitando o cincuenta aniversario da publicación d'*A Esmorga*, dáse conta da publicación por parte da Editorial Galaxia, quen posúe os dereitos do autor, desta novela en inglés.

Sanmartín, Xabier C., "Avelino Abuín de Tembra, batutas y eMule", *El Correo Gallego*, "Radio-Televisión", "Telediaria", 8 marzo 2009, p. 70.

Reivindícase a figura de Avelino Abuín de Tembra, tras o seu recente pasamento. Saliéntase a súa obra poética e o feito de apoiar e redescubrir a obra de escritores esquecidos ou pouco coñecidos.

Sanmartín, Xabier, "Ollada de hoxe: Fausto C. Isorna", *Galicia Hoxe*, "Comunicación", "Homo Zapping", 13 agosto 2009, p. 39.

Faise referencia, entre outros aspectos, á importancia dentro do mundo da banda deseñada en Galicia, de Fausto C. Isorna dentro de El Patito Editorial e da publicación da súa revista *Galimatías*.

Santos, Ágatha de, "Rafael Laso Lorenzo habla de la suerte y de la muerte en su tercera novela", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 21 febreiro 2009, p. 52.

Comenta a última novela de Rafael Laso Lorenzo, *A vida que non é*, publicada pola editorial Tambre en 2008. Refire o argumento e indica que os temas fundamentais da novela son a sorte e a morte.

Santos, Ágatha de, "Ruibal: 'La situación del dramaturgo es complicada, pero escribes por soberbia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 22 maio 2009, p. 39.

Achega as opinións de Rubén Ruibal quen afirma que a situación dos dramaturgos hoxe en día é complicada. Tamén indica que foi el quen clausurou o ciclo "O traballo literario a través dos escritores" organizado por Caixanova. A seguir, afirma que os escritores teñen moi poucas saídas, agás cos premios literarios, e axemplifica co seu caso persoal.

Santos, Ágatha de, "Un retrato de Galicia en blanco y negro", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 outubro 2009, pp. 42-43.

Faise eco da inauguración na sede coruñesa da Fundación Caixa Galicia da mostra "Ruth M. Anderson. Una mirada de antaño", composta de catrocentas trinta e nove imaxes desta fotógrafa e etnóloga norteamericana realizadas durante as viaxes feitas a Galicia entre os anos 1924 e 1926. Coméntase que, durante o seu traballo para a Hispanic Society of America, aprendeu galego, traduciu ao inglés versos de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, fotografiou costumes e festas e tomou constantes apuntamentos, sendo ás veces testemuña dos cambios urbanísticos e sociais que se estaban xestando. Saliéntase que no catálogo da exposición tamén se inclúen os seus diarios.

Santos, Francisco Javier, "Ave María!", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 9 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Francisco Javier Santos, intitulado "Ave María!".

Santos, J., "O cangués Héitor Mera lerá a primeira tese en galego na historia da UNED", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xuño 2009, p. 51.

Comenta que o filólogo Héitor Mera Herbello vai ser o primeiro que presente a súa tese de doutoramento en galego na UNED. Explica os problemas que tivo para conseguir isto e as dificultades que pasou tamén para presentar a tesiña. A seguir, indica que a tesiña era unha análise crítica da obra teatral de Bernardino Graña *Vinte mil pesos crime* (1962), e que a tese se centra na súa vida e obra completa. A continuación cita a outros estudiosos que traballaron a obra de Bernardino Graña. En columna á parte, comenta o contido da tese de Héitor Mera, intitulada *Conversas con Bernardino Graña*.

Sariego, Víctor, "Los medios y su desamor con la literatura", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Debate", 5 febreiro 2009, p. 51.

Refírese á primeira mesa redonda celebrada no marco da X Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que, baixo o epígrafe "Literatura e medios, unha historia de desamor?", reuniu a diversos periodistas para tratar o espazo que a información literaria ocupa na prensa, radio, televisión e internet. Sinálase que participaron no coloquio Iago Martínez, de *Xornal de Galicia*; Javier Lostalé, de Radio Nacional de España; Xesús Fraga, de *La Voz de Galicia*; Óscar López, de Televisión Española; e Winston Manrique, de *El País*.

S. E., "La Diputación acepta el reto de promover la traducción al inglés de la obra 'A Esmorga", *La Región*, "Ciudad", 4 abril 2009, p. 13.

Fai referencia á celebración do cincuenta aniversario da publicación da novela *A esmorga* en Bos Aires e indica que o Pen Clube de Galicia e mais a Deputación de Ourense están a celebrar distintos actos. Salienta a obra como unha das máis importantes novelas galegas do século XX e indica que no acto Luís García Tosar propuxo que se realizase unha tradución da mesma ao inglés, tarefa complexa aínda que a Deputación de Ourense e a Editorial Galaxia aceptaron o reto.

S. E., "Las letras a pie de calle", *La Región*, "Ciudad", 1 xuño 2009, p. 10.

Dá conta da inauguración da vinte e cinco edición da Feira do Libro de Ourense. Comenta que no ano 2009 hai moitas novidades editoriais e destaca que o pregón correu a cargo do escritor Ramón Caride Ogando quen comentou que Ourense era unha "terra de moitos libros e escritores" e lembrou a Marcos Valcárcel.

S. E., "Un recorrido musicado por el espacio poético de Valente rinde tributo a su figura", *La Región*, "Ourense", 25 setembro 2009, p. 12.

Coméntase a homenaxe que se fai en Ourense a José Ángel Valente. Indícase que se estrea un concerto creado expresamente para a ocasión polo compositor e amigo do poeta, Mauricio Sotelo, e que leva por título "Valente: memoria sonora". Logo fala sobre a relación entre os dous amigos e de que no acto interviñeron varios estudiosos da súa obra.

S. E., "Gamoneda destaca la 'fortaleza' de Valente en su defensa de la poesía como creación", *La Región*, "Ourense", 26 setembro 2009, p.12.

Infórmase da conclusión dos tres días de homenaxe que a cidade de Ourense fixo ao poeta José Ángel Valente e das palabras que o Premio Cervantes, Antonio Gamoneda, dixo sobre este poeta. Recóllense tamén os detalles desta homenaxe caso dunha ofrenda floral no cemiterio de San Francisco e da celebración de varios concertos.

S. E., "LiterAuria' reparte ejemplares de 'A esmorga' por la ciudad", *La Región*, "Ourense", 12 novembro 2009, p. 10.

Refírese á liberación de cincuenta exemplares d'*A Esmorga* en espazos públicos, *bookcrossing*, realizada polo gremio de editores, libreiros e escritores "LiterAuria" coa colaboración da Deputación de Ourense. Saliéntase que os exemplares foron rexistrados para que se lles poda facer un seguimento dentro do programa multidisciplinar ao redor de Eduardo Blanco Amor. Explícase que ese programa tamén acollerá un obradoiro de cabezudos sobre personaxes d'*A Esmorga* e unha exposición fotográfica.

S. E., "Al encuentro de Filomena Dato", *La Región*, "Ourense", 11 decembro 2009, p. 11.

Dá conta da inauguración do roteiro dedicado a Filomena Dato, destacando que este peregrinar polo casco histórico da cidade ourensá a través da súa vida persoal e a súa traxectoria como poeta está guiado polo seu biógrafo, Fernando Román.

S. E., "Unha ollada viaria a *A Esmorga*", *La Región*, "Ciudad", 12 decembro 2009, p. 14.

Fala da última edición do "Roteiro da Esmorga", unha ruta polos espazos máis emblemáticos da cidade de Ourense que aparecen reflectidos n'*A Esmorga* (1959). Explícase que coincidiu no mesmo día no que esa novela se publicou en Bos Aires por primeira vez. Coméntase que anualmente homenaxea a figura do escritor ourensán Eduardo Blanco Amor.

Seixas Seoane, Miguel A., "Da negra sombra ó raio transparente", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 30 outubro 2009, p. 9.

Achéganse as impresións de Ruth Mathilda Anderson na súa expedición de 1924 acompañada do seu pai para rexistrar o traxe galego e a Galicia enxebre. Dise que antes dela estivo Elizabeth Vassall Fox en 1808, quen escribiu un diario publicado en 1910. Coméntase que en 1909 se editou en Londres *Galicia. The Switzerland of Spain*, de Anette B. Meakin, onde se recollían as traducións de "Unha vez tiven un cravo" e "Este vaise, aquel vaise". Explícase que tras destas mulleres virá Mathilda Anderson en 1926 tentando achegarse á cultura e ao galego e publicando *Translations from hispanic poets* (1938) e *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña* (1939), editado en Nova Iorque, non moi lonxe de onde paraba Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, quen lle regalara a ela unha acuarela en 1926.

Selas, Gregorio, "O candil", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 31 agosto 2009, p. 16.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "O candil", escrito por Gregorio Selas e ilustrado por Xoán Baltar.

Seoane, M., "X. Lois García, un bo galego en cataluña", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 789, "O Personaxe", 29 novembro 2009, contracuberta.

Recolle o nomeamento de Xosé Lois García coma fillo adoptivo e cronista honorífico do concello de San Andreu de la Barca. Fai un breve percorrido pola traxectoria persoal e artística do autor, destacando a súa loita pola construción de parques con carballos en Cataluña para conmemorar a súa orixe galega. Salienta a súa especialización en literatura de expresión portuguesa en África e menciona a súa obra composta por máis dunha vintena de obras poéticas: *Aquarium* (1982), *Materia corporal* (1986), *Falo de Baco* (1998) e *Kalendas* (2005), entre outras.

Seoane, Xavier, "De 'Vagar de amor e sombra", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 febreiro 2009, p. 39.

Sección fixa que acolle o poema "Nena ao piano" pertencente a *Vagar de amor e sombra* (2004), de Xavier Seoane.

Sigüenza, Carmen, "Murakami hará un guiño a Orwell en su novela, 1Q84", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 17 marzo 2009, p. 72.

Fálase do escritor xaponés Haruki Murakami e do grande éxito que alcanzan as súas novelas en España, das que hai sete traducidas ao castelán. Indícase que a súa obra *After Dark* tamén se pode atopar en galego baixo o título de *Tras do solpor* (2008).

Silvosa, Arcadio, "Alexandre González pone música a los versos de Lois Pereiro", *El País*, "*Galicia*", 18 xuño 2009, p. 6.

Infórmase que o músico lucense Alexandre González presenta o CD *Oito cancións para oito poemas*, no que salienta a súa obsesión pola "sinceridade" dos versos de Lois Pereiro. Dise que foi axudado polas Becas de Primeira Obra de Caixa Galicia e por outras voces, como a de Uxía Senlle, que abre o disco con "Contra a morte e o amor que vai comigo", sendo el o único instrumentista que adapta os poemas.

S. J., "Paco Martín destaca 'a orixinalidade e a valentía' de Tobar", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 28 febreiro 2009, p. 71.

Coméntase que Paco Martín se encargou de presentar ao escritor Alejandro Tobar co gallo da publicación da súa primeira obra *Cremalleiras* (2008). Destácase a orixinalidade e valentía de Tobar para tratar a metaliteratura. Saliéntase do novo escritor a súa enorme vocación e que é un ávido lector. Logo dáse conta do argumento da obra.

Sobral Iglesias, Antón, "Torres de Babel", *La Voz de Galicia*, "Relatos", "Relatos de verán", 6 agosto 2009, p. 18.

Sección que acolle os relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes dar a coñecer o gañador das dúas modalidades: menores de quince anos e adultos. Neste caso reprodúcese o realizado por Antón Sobral Iglesias intitulado "Torres de Babel".

Solleiro, Samuel, "Inéditos con firma", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 marzo 2009, p. 10.

Texto narrativo de Samuel Solleiro que presenta como título un carácter chinés.

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 xaneiro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "María...", do poemario *As horas de María* (2007), de Paco Souto.

Souto, Paco, "As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 abril 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce un poema intitulado "ENCALDADA", do poemario *As horas de María* (2007), de Paco Souto.

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 maio 2009, p. 40.

Acóllese nesta sección fixa o poema intitulado "O PARTE 36", do poemario *As horas de María* (2007), de Paco Souto.

Souto, Paco, "As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 xullo 2009, p. 33.

Reprodúcese nesta sección fixa a composición "María...", do poemario *As horas de María* (2007), de Paco Souto.

Souto, Paco, "De 'As horas de María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 decembro 2009, p. 41.

Acóllese nesta sección fixa un fragmento poético intitulado "SABÓN", do poemario *As horas de María* (2007), de Paco Souto.

Souto Presedoe, Antonio, "Vin unha branca luz", *La Región*, "Verano", "Relatos do Liceo", 16 agosto 2009, p. 21.

Sección que reproduce os relatos presentados ao VIII Premio de Microrrelatos Carlos Casares do Liceo de Ourense. Neste caso acóllese "Vin unha branca luz", escrito por Antonio Souto Presedoe e ilustrado por Marta E.

Suárez, Chelo, "De 'Corpo de mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 5 xaneiro 2009, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Hai unha tenrura ilimitada...", pertencente ao poemario *Corpo de mar* (2008), de Chelo Suárez.

Suárez, Chelo, "De 'Corpo de mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 xaneiro 2009, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "Eu era flor, tremor de lúa.", pertencente ao poemario *Corpo de mar* (2008), de Chelo Suárez.

Suárez, Chelo, "De 'Corpo de mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 febreiro 2009, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa a composición poética "DERRÁMASE a noite no vento do mar...", pertencente ao poemario *Corpo de mar* (2008), de Chelo Suárez.

Suárez, Chelo, "De 'Corpo de mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 febreiro 2009, p. 33.

Acóllese nesta sección fixa o poema "Bicarte", pertencente a *Corpo de mar* (2008), de Chelo Suárez.

Suárez, Chelo, "De 'Corpo de mar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2009, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema intitulado "BOSCO", pertencente ao poemario *Corpo de mar* (2008), de Chelo Suárez.

Suárez, Rodri, "O galeguismo abandonou hai décadas as referencias raciais", *Xornal de Galicia*, "Galicia", "Análise", 2 xuño 2009, p. 9.

Comenta que hoxe en día non se ten en Galicia o concepto de raza diferenciada, polo que se remonta á época do Rexurdimento cando os galeguistas si distinguían este concepto. Asegura que a identidade galega se resume no matrimonio de Rosalía de Castro e Manuel Murguía. A continuación, céntrase en aclarar a diferenza entre raza e etnia. Remite a varios estudiosos e analiza o concepto de raza no século XX.

Suárez, Rodri, "Galicia está en débeda con Castelao", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 28, "En foco", 21 xuño 2009, pp. 2-4.

Comeza co inicio da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Sempre en Galiza* (1944), facendo referencia ao exilio que tivo que vivir este escritor. Lembra como despois da súa morte, os seus restos viñeron para Galicia e foron soterrados no Panteón de Galegos Ilustres. Describe todo o proceso que se levou a cabo para conseguir que os restos de Castelao volvesen a Galicia e fai referencia á polémica que isto suscitou. Achega a experiencia dalgunhas persoas que viviron ese momento como Camilo Nogueira, Francisco Rodríguez, Anxo Guerreiro, Xerardo Fernández Albor e a xornalista Tareixa Navaza. En columna á parte, ofrece unha entrevista a Tareixa Navaza, quen comenta detalladamente o devir daqueles acontecementos sobre a volta de Castelao.

Suárez, Rodri, "Feijóo que non toque a Castelao", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 28, "En foco", 21 xuño 2009, p. 5.

Achega as lembranzas de Avelino Pousa Antelo sobre os actos de homenaxe a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao que tiveron lugar en 1984. Comenta que aquel día houbo actuacións bastante negativas por parte dos políticos e os manifestantes e relata unha anécdota que lle sucedeu. A seguir, fala sobre a concesión das Medallas Castelao e,

finalmente, desexa que o novo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, non "toque a Castelao".

Suárez, Rodri, "Así falou Castelao; o seu pensamento", *Xornal de Galicia*, "Galicia", 2 agosto 2009, pp. 10-11.

Critícanse os diversos enfrontamentos dos partidos políticos por apropiarse da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e do seu pensamento, co gallo da celebración do Día de Galicia. Logo analízase o discurso político de Castelao e a súa visión de Galicia e Castela así como a cuestión da lingua en Castelao, idea esta última que confronta coa concepción do actual goberno da Xunta de Galicia e a súa idea de "bilingüismo cordial".

Sueiro, Marcos, "Percorrido sobre dúas rodas polo Ourense da 'Esmorga", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 1 maio 2009, p. 43.

Comenta que, para conmemorar o cincuenta aniversario da publicación d'*A esmorga*, un grupo de afeccionados á bicicleta vai recorrer as rúas de Ourense pasando por algúns dos lugares que se nomean na novela. Así mesmo, achega as verbas de Manuel Precedo, organizador da actividade.

Sueiro, Marcos, "Os ósos daquel galeguista estaban alí", *Xornal de Galicia*, "Galicia", 5 xullo 2009, pp. 8-9.

Lémbrase o asasinato por parte dos franquistas do galeguista, artista fotógrafo e comunista Manoel Blanco Pascual, tenente alcalde durante os anos trinta, do Barco de Valdeorras e fuxido até León onde lle deron morte. Dise que sesenta e nove anos despois do seu fusilamento os seus ósos foron localizados en Sigüeya, na comarca leonesa de La Cabrera, por parte da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH). Cóntase que a súa sobriña-neta participa nos actos de exhumación e que ela reclama un enterro "xusto e digno". Logo faise un amplo percorrido pola súa vida e destácase que formou parte da elite intelectual da época e que mantiña unha continua relación epistolar con escritores como Manuel Valcárcel e apúntase que os seus servizos profesionais estaban redactados en galego.

Sueiro, Marcos, "O cuarto congreso sobre Manuel Luis Acuña pon Trives en marcha", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 18 setembro 2009, p. 43.

Sinálase que ten lugar na Pobra de Trives o IV Congreso sobre a figura de Manuel Luís Acuña, mestre e xornalista, e indícase que nel participan persoeiros representativos do mundo literario e cultural galego como Xosé Luís Méndez Ferrín. Dise que o congreso ten como finalidade promover a creatividade literaria, fomentar o uso da lingua galega, dar a coñecer a figura de Acuña, promover a participación na vida sociocultural e espertar o interese polas manifestacións culturais deste tipo no interior da provincia de Ourense. Logo sinálase o contido do programa do congreso e faise referencia a unha homenaxe que tamén se lle fai a Marcos Valcárcel dentro deste congreso.

Sueiro, Marcos, "Todo Trives lembra a Manuel Luis Acuña", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 20 novembro 2009, p. 38.

Dáse conta da celebración cada tres anos en Trives do "Congreso Manuel Luis Acuña" para divulgar a súa obra. Precísase que nesta cuarta edición de dito congreso, entre outras actividades, Miro Villar falará sobre a poesía galega da posguerra.

Sueiro, Marcos, "Blanco Amor da súa propia man", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 2 decembro 2009, p. 36.

Sinálase que na exposición sobre o escritor Eduardo Blanco Amor que se leva a cabo no Centro Cultural da Diputación de Ourense se poden contemplar, entre outras reliquias, manuscritos d'*A Esmorga* (1959) e de *Xente ao Lonxe* (1972).

Sumai, Anxos, "Ela e a coma", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 26 xuño 2009, p. 9.

Acóllese nesta sección fixa un texto de Anxos Sumai baixo o título "Ela e a coma".

Suras, Alberte, "De 'Olladas dun intre de amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 outubro 2009, p. 40.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Esta noite, caladamente, tódolo que dis...", pertencente ao poemario *Olladas dun intre de amor*, de Alberte Suras.

Táboas, J., "Galardones a una trayectoria", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra / Ciudad", 8 agosto 2009, p. 4.

Anúnciase que ao final da tradicional comida-homenaxe que se celebra no Pazo da Cultura farase entrega dos galardóns Amigos de Pontevedra, que coinciden coa celebración dalgunha destacada efeméride. Apúntase que un dos galardoados é o grupo de teatro Arume, que recibe un galardón que conmemora os trinta anos que levan facendo representacións teatrais.

Taladrid, Alba, "Casal, o refusilado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 agosto 2009, p. 29.

Fálase sobre o acto de lembranza ao galeguista Ánxel Casal no lugar no que foi fusilado o 19 agosto de 1936, na estivada da Ribeira, en Cacheiras (Teo). Dise que o escenario do acto é a cuneta na que foi fusilado e que o alcalde de Teo fixo a ofrenda por ser o representante do concello organizador.Explícase que tamén forman parte da organización deste acto a asociación pola recuperación da memoria histórica A Oliveira e a Fundación Castelao. Tamén se di que ilustres galeguistas como Avelino Pousa Antelo e Isaac Díaz Pardo estaban presentes e precísase que estiveron representados os

tres concellos que marcan o itinerario vital do galeguista: Arzúa, a súa terra natal; Santiago de Compostela, onde foi o último alcalde republicano; e Teo, onde o fusilaron.

Tallón, Juan, "Post-escritores: otra forma de narrar la realidad", *La Región*, "Sociedad", 12 febreiro 2009, p. 66.

Fálase dunha nova xeración de escritores que se ven influídos polo mundo pop, a televisión, a tecnoloxía, a publicidade, o graffiti, a banda deseñada, a música, o cine, os videoxogos e a psicanálise. Indícase que a esta xeración pertence o escritor galego Xosé Manuel Pacho, que publicou no ano 2008 *A choiva do mundo*, obra na que se fusiona a literatura con outras artes.

Tallón, Juan, "Un día de novela", *La Región*, "Ourense", 16 xuño 2009, p. 8.

Fai referencia á celebración que realizou a cidade de Ourense do libro de Eduardo Blanco Amor *A esmorga*, por medio dun percorrido polas lugares da cidade que aparecen na obra. Comenta que outras cidades europeas tamén festexan os seus libros deste xeito e indica que isto é unha forma de demostrar que a literatura do século XIX foi bastante representativa da realidade. En columna á parte, cita obras doutras literaturas nas que tamén están presentes os espazos reais.

T. C., "Cuestión de orgullo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 25 setembro 2009, p. 7.

Dáse conta da continuación e futura publicación do terceiro volume da saga firmada polo autor vigués Domingo Villar, protagonizada por un policía galego e a súa man dereita, un aragonés de dubidosa reputación. Precísase que o autor pon de manifesto que non espera crear con esta saga ningún tipo de fenómeno literario. Recóllense distintas opinións de editores que destacan que o éxito da serie do autor vigués se debe a dúas características: por un lado, que os personaxes están moi ben construídos e o lectorado se identifica facilmente con eles; e por outro, que hai unha inversión dos "papeis habituais", sendo neste caso o galego o máis espelido. Remátase achegando que transmite un sentimento de orgullo e mostra unha boa visión de Galicia e dos galegos coa que conecta o lectorado.

Tenreiro Gómez, L., "Aí che vai, Viqueira", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Bergondo", 5 xullo 2009, p. 22.

Sinálase que o alumnado da Escola Infantil de Vixoi despide o curso cunha festa homenaxe ao intelectual e filósofo galego Xoán Vicente Viqueira na que o teatro e a música son os protagonistas. Dise ademais que Viqueira foi un gran impulsor da galeguización do ensino e que tamén tivo protagonismo a Quinta de San Vitorio, na que el compartía faladoiros con intelectuais e galeguistas da súa época. Lémbrase tamén como foi a súa vida.

Toro, Suso de, "Eduardo Blanco Amor: intruso, impertinente, imprescindíbel", *El País*, "*Galicia*", "Xente de aquí", 6 novembro 2009, p. 10.

Preséntase unha semblanza de Eduardo Blanco Amor como figura irreverente, perturbadora, desestabilizadora, que rompe a compostura de Ricardo Carvalho Calero na súa *Historia da Literatura Galega Contemporánea*; o homosexual que arrinca de Federico García Lorca *Seis poemas galegos* e o mesmo que irrompe definitivamente no campo literario dende Bos Aires en 1959. Do Eduardito ourensán, fillo de florista, rescátanse comentarios sobre *La catedral y el niño*, nos que pesa xa a sombra transgresora; sobre *A esmorga*, da que se afirma que tería encantado a Luis Buñuel e a Foucault; e sobre outras novelas de volta á "necesaria e aborrecida Auria", *Os biosbardos* (1962) e *Los miedos*.

Torre, Sonia, "Cangas rendiu homenaxe ó ourensán Xaime Enríquez cun recital dos seus contos", *La Región*, "Ourense", 24 maio 2009, p. 14.

Con motivo de celebrar o Día das Letras Galegas, refire que en Cangas do Morrazo se realizou unha homenaxe ao ourensán Xaime Enríquez cunha lectura dos seus contos. Así mesmo, informa de que a Editorial Laiovento sacará do prelo, na colección "Cadernos", unha escolma dos contos de Xaime Enríquez.

Torre, Sonia, "Historia tráxica e persoeiros reais", *La Región*, "Ourense", "Bodas de ouro da Esmorga", 14 xuño 2009, p. 11.

Para celebrar as vodas de ouro da novela de Eduardo Blanco Amor, *A esmorga*, lembra a figura do escritor e as conversas que mantiña con outros amigos como Arturo Baltar na taberna do Ribeiro. A seguir, cita feitos importantes na historia da novela, como a súa tradución ao castelán e inglés, a primeira crítica que se realizou da obra no ano 1959 e a censura que sufriu. Finalmente, fai referencia a actividades actuais que están relacionadas con Blanco Amor ou a súa novela como son a Asociación Milhomes, os blogs, os premios literarios e múltiples conmemoracións. En columna á parte achega uns breves apuntamentos biográficos do escritor ourensán.

Torreiro, Juan, "Los Diálogos Literarios de Mariñán se centran esta jornada en la traducción de textos medievales", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 xuño 2009, p. 49.

Comenta que se vai iniciar a sexta edición dos Diálogos Literarios de Mariñán, na sede coruñesa do Centro Socio-Cultural da Fundación Caixa Galicia, coordinados por Román Raña. Indica que o primeiro dos diálogos se centrará na figura de Anxo Rei Ballesteros; que no segundo, titulado "Calidades da traizón", nel intervirán Xesús Fraga, Gonzalo Navaza e Marianne Sandels; e que por último, no diálogo "Os circuitos da emoción", participarán Nuno Judice, Laia Noguera e Yolanda Castaño.

Torres, Carlos, "Caza, libros y mesa", *El Progreso*, "Sábado", "Los unos y los otros", 14 novembro 2009, contracuberta.

En días de caza, o articulista lembra estar diante dun festín enraizado no país, do que indica que poden ser boa mostra as obras de don Álvaro Cunqueiro e de José María Castroviejo, *Teatro venatorio y Coquinario Gallego*(1958), publicadas na vigueda Edicións Monterrey, nunha edición e prólogo realizados por Xosé María Álvarez. Comenta que se Castroviejo se inclinaba pola caza e o deporte, Cunqueiro facíao pola propia cociña.

Toural Quiroga, Manoel, "Xosé Rodríguez Mourelo, un librepensador galego en Madrid", *A Nosa Terra*, n.º 1.356, "Magazine", "Pensadores científicos", 23-29 abril 2009, pp. 40-41.

Fai referencia á figura do lugués Xosé Rodríguez Mourelo quen foi defensor da cultura e a sabedoría no seu tempo. Comenta que hoxe en día está moi esquecida a súa figura e reclama un maior estudo do labor desenvolvido por Rodríguez Mourelo. Divide o artigo en catro apartados ("Formación", "No Ateneo", "A comisión de reformas sociais" e "Embaixador intelectual") nos que achega datos biográficos do lugués e salienta momentos importantes da súa vida.

Ubierna, G. G., "Alonso Montero presentó un facsímil de 'Antonio Machado na nosa voz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 marzo 2009, p. 49.

Fálase da presentación dun facsímil de *Antonio Machado na nosa voz* con motivo do septuaxésimo aniversario da morte do poeta o 22 de febreiro. Dise que a obra se publicou por primeira vez en Lugo en 1966 baixo a tutela de Xesús Alonso Montero. Explícase que en 1966 se decidira homenaxear ao poeta de forma humilde debido á súa faceta literaria e a que é dun dos escritores do exilio máis reivindicados polos antifranquistas. Coméntase que no facsímil citado se recompilaron textos significativos de Machado e que ademais se contou coa colaboración de poetas galegos.

Ucha, O., "O Ramón Piñeiro recupera a prensa galega da emigración", *El Correo Gallego*, "Cultura", 14 marzo 2009, p. 67.

Dise que os investigadores do Centro Ramón Piñeiro dirixidos por Luís Alonso Girgado recuperaron varias cabeceiras e almanaques galegos elaborados durante os séculos XIX e XX.

Ucha, Olaia, "Catalogadas a metade de pezas de Castelao esparexidas polo mundo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 31 xaneiro 2009, p. 67.

Anúnciase o proxecto de catalogar toda a obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao que se atopa distribuída por distintos lugares de mundo como Galicia, Madrid, Arxentina, Estados Unidos, Cuba e Venezuela. Infórmase que o proxecto conta co financiamento da Consellería de Cultura e que ten como finalidade a datación e dixitalización de cada peza xunto cunha autentificación e historia de cada unha delas.

Ucha, Olaia, "Freixanes debulla a relación de Ernesto Sábato e Galicia no ciclo *Miradas Alleas*", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 febreiro 2009, p. 70.

Refírese ao segundo café literario organizado pola Secretaría Xeral de Comunicación e que se insire dentro do ciclo "Miradas Alleas". Coméntase que o diálogo correu a cargo de Víctor Freixanes e que versou sobre a relación que Ernesto Sábato mantivo con Galicia ao longo da súa vida.

Ucha, Olaia, "Dixitalizadas as obras de doce centros galegos", *El Correo Gallego*, "Cultura", 15 abril 2009, p. 60.

Comenta que a Secretaría Xeral de Emigración acaba de dixitalizar os documentos espallados polos distintos centros galegos da emigración e informa que se poden consultar na páxina en liña www.galiciaaberta.com. Indica que xa se leva dixitalizado a documetación de doce centros galegos e afirma que comezaron polos centros centenarios caso do de Bos Aires e Montevideo, entre outros. Así mesmo, achega os comentarios de Manuel Luís Rodríguez, Secretario Xeral de Emigración.

U. L., "La biblioteca de Padrón recibe la donación de un lote de libros de la escritora Úrsula Heinze", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 25 xaneiro 2009, p. L13.

Anúnciase a doazón que realizou a escritora e tradutora Úrsula Heinze á biblioteca municipal de Padrón. Explícase que todos os libros están asinados pola autora, quen conta coa Medalla de Ouro da Irmandade de Fillos e Amigos de Padrón.

U. L., "El escritor Xabier Alcalá participa hoy en Dodro en un taller de narrativa del Ayuntamiento", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 17 abril 2009, p. 13.

Informa que a Área de Cultura e Patrimonio do Concello de Dodro organizou un taller de narrativa que estará guiado por Xavier Alcalá. Comenta que o taller forma parte do programa cultural deste Concello e afirma que despois da realización dun taller de contacontos, e este de narrativa, tamén haberá outro dedicado á literatura dramática.

Varela, Ángel, "O proxecto Bivir reforza con novos títulos a súa biblioteca en Internet", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 novembro 2009, p. 48.

Preséntase a sinatura dun convenio entre o Conselleiro de Cultura, Roberto Varela, e o presidente da Asociación de Tradutores Galegos, Xosé María Gómez Clemenda, para ofrecer gratis en galego nove obras máis que se dixitalizarán nos próximos meses. Coméntase que a oferta de libro electrónico gratuíto verquido ao galego se amplía con títulos de Joseph Conrad, James Mathew Barrie, Horacio Quiroga, Walter Benjamin e John Sheridan Le Fanu, e que a páxina da Biblioteca Virtual Bivir pasa a ser a que máis títulos oferta a disposición dos internautas, por riba de Edicións Xerais de Galicia e da Editorial Galaxia, que xa comezaron a presentar libros neste formato.

Varela, Lola, "Domingos e velorios", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Relatos de verán", 25 agosto 2009, p. 4.

Sección que acolle os relatos inéditos que durante o mes de agosto ofreceu *Xornal de Galicia*. Neste caso reprodúcese o realizado por Lola Varela intitulado "Domingos e velorios".

Vázquez, D**.**, "El motor cultural del Val Miñor", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", "Área metropolitana", 1 novembro 2009, p. 16.

Infórmase que o Instituto de Estudos Miñoranos cumpre unha década como divulgador do patrimonio natural, etnográfico, histórico, artístico e lingüístico da zona. Destácase que o traballo é realizado de xeito constante, voluntario e desinteresado por membros e colaboradores. Entre as súas actividades saliéntanse o recoñecemento ás figuras de Lois Tobío, Francisco Fernández del Riego e oito anos de ciclos de faladoiros, polos que pasaron máis de sesenta figuras salientábeis da literatura, cultura, economía e ciencia galegas, ademais da publicación da *Revista de Estudos Miñoranos*.

Vázquez, Paulino, "De 'Arcaico o tempo que respira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xaneiro 2009, p. 29.

Acóllese nesta sección o fragmento "O CORVO mariño estende as súas azas no solpor...", pertencente ao poemario *Arcaico o tempo que respira* (2008), de Paulino Vázquez.

Vázquez, Paulino, "De 'Acreacións", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 xaneiro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección o fragmento "Seu é o tempo e a reflexión...", pertencente ao poemario *Acreacións*, de Paulino Vázquez.

Vázquez, Paulino, "(En Compostela)", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", n.º 3, marzo 2009, p. 5.

Inclúese unha breve biobibliografía de Paulino Vázquez e reprodúcese o poema "(En Compostela)", pertencente á obra *Arcaico o tempo que respira* (2008).

Vázquez, Paulino, "Arcaico o tempo que respira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 21 abril 2009, p. 40.

Sección fixa que acolle o texto poético "Seu é o tempo e a reflexión...", pertencente ao poemario *Arcaico o tempo que respira* (2008), de Paulino Vázquez.

Vázquez, Paulino, "De 'Arcaico o tempo que respira", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 outubro 2009, p. 39.

Acóllese nesta sección o fragmento "(tumba de alexandre bóveda)", pertencente ao poemario *Arcaico o tempo que respira* (2008), de Paulino Vázquez.

Vázquez, Sara, "Contra viento y Planeta", *La Opinión*, "Cultura", 17 novembro 2009, p. 55.

Informa sobre as accións que está levando a cabo o escritor Xavier Alcalá a respecto da obra *Contra el viento*, de Ángeles Caso, gañadora do Premio Planeta 2009, pois o título é o mesmo que unha obra súa do ano 1993. Comenta que Alcalá vai procurar unha mediación coa editorial Planeta, a través do Pen Clube de Galicia e da AELG. Dise que se non resulta frutífera, o seu gabinete de avogados ha iniciar un proceso legal. Tamén achega o punto de vista da Editorial Planeta, que non leva intención de modificar o título da obra premiada.

Vecino, Coco, "La Feira do Libro conquista Marín", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Vivir aquí", 2 maio 2009, p. 9.

Dá conta da celebración durante catro días da Feira do Libro de Marín. Salienta o éxito que tivo a actividade e tamén destaca a ampla oferta e as actividades paralelas: sinatura de libros, cursos de banda deseñada e recitais de poesía, entre outras.

Vecino, Coco, "Cuadros, poemas y música de saxofón, esta tarde en el Ateneo", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo/Marín", 18 setembro 2009, p. 15.

Dise que no Ateneo de Marín se celebra unha tarde dedicada á cultura e que se conta coa presenza da poeta María Aurora Vidal Caramés, acompañada pola música do saxofonista Germán Iglesias del Río e polo poeta Fernando Pérez Poza.

Veiga, Eva, "A meu pai", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", n.º 2, febreiro 2009, p. 4.

Inclúese unha breve biobibliografía de Eva Veiga e reprodúcese o poema "A meu pai".

Veiga, Eva, "O meu amor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 maio 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "O meu amor", de Eva Veiga.

Veiga, Marta, "Manuel María, poeta nacional", *El Progreso,* "Vivir", "Cultura", 11 decembro 2009, p. 78.

Fálase da homenaxe que se lle dedica en Lugo ao escitor Manuel María. Coméntase que se solicita a súa casa natal en Outeiro de Rei se convirta en Casa Museo de Manuel María. Informa de que se dramatizou a súa peza teatral "Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela".

Vicente, R. R., "Gómez Alfaro, in memoriam", *Faro de Vigo*, "*Especial Festas do Monte da Guarda*", 1 agosto 2009, p. 5.

Dise que ao cumprirse un ano da morte do poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro, o Concelleiro da Guarda Celso Rodríguez Fariñas presenta unha moción para que o Concello instaure un premio de poesía que recorde a Gómez Alfaro, coa finalidade de que se fagan conferencias e se invite a críticos e autores a que traten a figura deste autor e dar asñi a coñecer a obra poética de Gómez Alfaro e declaralo ademais fillo adoptivo da vila.

Vidal, Fidel, "De 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xaneiro 2009, p. 29.

Acóllese nesta sección o poema "Soidades", pertencente a *A camelia oxidada* (2006), de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 25 abril 2009, p. 40.

Sección fixa na que se reproduce o poema titulado "O DISFRAZ", do poemario *A camelia oxidada* (2006), de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "De 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 16 xuño 2009, p. 40.

Reprodúcese nesta sección o poema "CARNE", pertencente ao poemario *A camelia oxidada* (2006), de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "De 'A camelia oxidada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 8 agosto 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección o poema "PUNTO DE APOIO", incluído n'*A camelia oxidada* (2006), de Fidel Vidal.

Vidal, Fidel, "HORIZONTE", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 setembro 2009, p. 32.

Sección fixa na que se reproduce o poema titulado "Como é que o horizonte...", de *Horizonte*, de Fidel Vidal.

Vidal Villaverde, Manuel, "Poesía e outono na XII edición de Nós Andadura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Bestas", 25 setembro 2009, p. 31.

Fálase sobre a celebración do XII Campionato de Nós Andadura en Gondomar, unha festa de exaltación do cabalo galego ceibo. Tamén se alude ás referencias literarias que existen na literatura galega sobre o cabalo galego caso das de Ramón Otero Pedrayo e Xosé Luís Méndez Ferrín.

Vidal Villaverde, Manuel, "Anisia, 1999", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Memoria", 27 outubro 2009, p. 41.

Fai unha crónica "a retrotempo" na que recupera a memoria resistente da falecida Anisia Miranda, a escritora e compañeira de Xosé Neira Vilas. Lembra o día no que a AELG celebrou o Escritor na súa Terra, nas Cruces, unha lectura e a visita a Casa Castro, na que falaron Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Bernardino Graña, o propio homenaxeado Neira Vilas, Anisia Miranda, Luz Pozo Garza e o propio articulista.

Vilamartín, "Los vecinos de un pueblo de Vilamartín editan libros aunque 'non sexan negocio", *La Región*, "Valdeorras", 3 agosto 2009, p. 6.

Dáse noticia de que a asociación de veciños San Xulián, da Portela (Vilamartín), un lugar de tan só cento trinta habitantes, creou a editorial A Escola Eira dos Bolos, que ten previsto publicar dous libros: *Antoloxía*, de Florencio Delgado Gurriarán, e *¿Quién mató al tío Pepe?*, de Amancio Delgado.

Vilariño, Bárbara G., "Máis versos 'castaños' con profundidade", *Xornal de Galicia*, "*Xe!Qué calor*", "Ler ou non", 5 xullo 2009, p. 8.

Recoméndase a lectura da obra de Yolanda Castaño, *Profundidade de campo* (2007), editada por Espiral Maior e galardoada no decimoquinto Premio de Poesía Espiral Maior. Dise que amosa unha madurez semántica evidente respecto á obra anterior, sen exceso de barroquismos e que nela fala sobre o mundo da popularidade, as esferas culturais e a propia visión da realidade. Por último, faise unha pequena recensión biográfica da autora.

Vilavedra, Dolores, "De premios e despedidas", *El País*, "*Luces*", "Día das Letras", 17 maio 2009, pp. 16-17.

Con motivo do Día das Letras Galegas refire varias obras literarias para facer balance do ano. Cita varios libros relacionados coa figura de Ramón Piñeiro: *Do sentimento á conciencia de Galicia. 1964-1984*, de Helena González e Mª Xesús Lama e a serie de inéditos *Ramón Piñeiro. O espertar da conciencia galega*, recompilado por Henrique Monteagudo, e tamén refire *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*, de Xesús Alonso Montero. A continuación, cita as obras *Urda e mundo. Un ensaio sobre Rof Carballo*, escrita por Anxo Rei Ballesteros e Carlos Fernández e o libro *Relatos completos. 1962-1995*, do recentemente falecido Camilo Gonsar. A seguir, céntrase no xénero poético destacando as seguintes obras: *Reversos*, de Ramiro Fonte; *Estúrdiga materia*, de Luís González Tosar; salienta da poética dos 80 ao poeta Paulino Vázquez con *Arcaico o tempo que respira*; *Música de cinza*, de Manuel Forcadela e *Vento de sal*, de Xosé María Álvarez Cáccamo; ademais de *Amor amén*, de Iolanda Zúñiga; e *Libro de Alicia*, de Olalla Cociña. Deseguido, fai referencia á tradución da obra de Charles Baudelaire, *As flores do mal*, realizada por Gonzalo Navaza, da que destaca o bo labor

do tradutor e a calidade poética de Baudelaire. Finalmente, refire as principais novidades do xénero narrativo, destacando o Premio Blanco Amor e o Premio Xerais 2008: *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva, e *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo, respectivamente. Ademais salienta a obra de Xurxo Borrazás, *Costa Norte/ZFK*, da que indica que é unha mestura de ficción futurista e "pseudo crónica" do presente, sen conseguir nin un nin outro aspecto. Outras obras citadas son *A batalla do paraíso triste*, de Xosé Ramón Pena, ambientada en Lisboa na II Guerra Mundial; *Riofero*, de Xelís de Toro onde mostra a pegada de Conrad; critica a novela de Hixinio Puentes, *Monbars o Exterminador*, por demasiada erudición e verborrea; destaca a novela histórica de Marcos S. Calveiro, *Festina lente*; e dos autores noveis cita a Begoña Paz con *As mellores intencións*; e a Alberto Lema, con *Sidecar*. En columna á parte aparecen tres apartados nos que refire obras de temática común. O primeiro titulado "Historia do galeguismo" comeza co Premio Nacional de Ensaio 2008 concedido a Xusto G. Beramendi por *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*; tamén destaca o traballo de Carlos Taibo, *Fendas abertas. Seis ensaios sobre a cuestión nacional*, no que trata o papel do nacionalismo no mundo globalizado, e aconsella ler as achegas de Camilo Nogueira, *Galicia, o continente pensado* e *Galicia na Unión. A porta atlántica*. En relación ao tema do feminismo e os problemas sociais, destaca as obras *O natural é político*, de Teresa Moure, e *Antinatura*, de María Xosé Queizán. Dentro da literatura dramática, salienta a tradución das memorias da actriz María Casares, *Residente privilexiada*; as novidades da biblioteca ESAD que versionou ao galego varias obras e as apostas de Raúl Dans, *Nachtmahr* e de Roberto Salgueiro, *Historia da chuvia que cae todos os días*. Tamén repara na obra de Ana Vallés, *Illa Reunión*, e por último, nos dous volumes que publicou a Universidade da Coruña dos *Escritos sobre teatro*, de Antonio Gramsci. No segundo apartado, titulado "Na fronteira", fai referencia a libros que resultan dificilmente clasificábeis e que non se acollen aos "criterios taxonómicos", así, neste bloque inclúe *A fada das lapas*, de Manuel Janeiro; *Os bicos de Tina*, de Alfonso Eiré; o libro de banda deseñada, *As vidas de Galileo. Viaxe pola historia da astronomía*, e como o libro máis arriscado do ano cita *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xavier P. Docampo, destacando as ilustracións feitas por Xosé Cobas. A seguir, tamén inclúe neste apartado os libros recompilatorios de artigos xornalísticos caso do de Suso de Toro, *Outra Galiza*, e os dous libros de Manuel Rivas, *Os Grouchos* e *A corpo aberto. Unha ollada indie do local universal*. Os últimos referidos son os libros de conversas, que indica que están protagonizados polos políticos: *Vontade de nación*, de Anxo Quintana e Barreiro Rivas; *Conversas con Emilio Pérez Touriño*, de Manuel Lombao; e *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*. Por último, o derradeiro capítulo titulado "Letras ilustradas" achega obras de edición especializada para os lectores máis novos. Comeza destacando o alto nivel que alcanzou o álbum ilustrado galego polo labor de editoriais como Kalandraka e OQO e cita *Caderno de animalista*, de Antón Fortes e ilustrado por Maurizio Quarello. Tamén destaca os musicontos *O prodixio dos zapatos de cristal*, *O debut de Martino Porconi* e *Un bico de amor e vida*, da autoría de Xosé Antón Neira Cruz e que van acompañados de música. En canto á literatura xuvenil considera que estes lectores están un pouco esquecidos e que se lles debería ofrecer máis variedade. Critica o feito de que tardasen algunhas traducións de best-sellers como *O clan da loba*, de Maite Carranza, ou a triloxía *A materia escura*, de Philip Pullmann. Finalmente, destaca outro dos campos que goza de grande éxito: a tradución, grazas ao traballo da Editorial Galaxia e de Edicións Xerais de Galicia, e tamén de Rinoceronte Editora e Faktoría K. Comenta que a tradución de obras ao galego axuda a prestixiar o idioma e remata o artigo co libro de poesía de Manuel Rivas, *A desaparición da neve*, publicado en versión cuatrilingüe.

Vilavedra, Dolores, "Pasou un verán raro,chega un outono quente", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Rolda das letras", 25 setembro 2009, p. 8.

Valórase e resúmese un verán "raro". En primeiro lugar, faise fincapé na obsesión necrofílica, revisionista e enxalzadora do Día das Letras e repásanse os seus efectos con respecto a Ramón Piñeiro, que, segundo ela, saíu reforzado como figura fulcral da historia do galeguismo con libros como o de Xesús Alonso Montero: *Ramón Piñeiro ou a reinvención da cultura galega*. En segundo lugar, lóubase a biografía de Luís Rei, *Ramón Cabanillas. Crónica de desterros e saudades*, faise referencia a *Antón Zapata. Biografía dun poeta emigrado ao servizo da Segunda República*, de Miro Villar, e a unha autobiografía de Carlos Mella. A terceira cuestión é a queixa pola suspensión das axudas á tradución no intre no que se "amosaban" autores como Paul Auster, Haruki Murakami, Quim Monzó, Sergi Pamiès e se traducían erraticamente obras de Bernardo Atxaga. Tamén se apunta que se edita *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure na colección "Fóra de Xogo", e que chega *O museo da inocencia*, do Nobel turco Orhan Pamuk. Para rematar, saliéntase o bo funcionamento do policíaco no verán, coa obra de Domingo Villar, *A praia dos afogados* (2008); trátase con decepción *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez e agárdase, con ollar esperanzado, tanto polo volume recompilatorio *Erofanía. Triloxía Poética*, de Yolanda Castaño, como polo Premio Xerais *Sol de inverno*, de Rosa Aneiros.

Villar, Alba, "La Feira do Libro Antigo trae a Lugo ediciones príncipe de Rosalía o Curros", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 xullo 2009, p. 68.

Infórmase da apertura da XVIII Feira do Libro Antigo e de Ocasión na Praza Maior de Lugo, con máis de cen mil exemplares á venda, entre eles algunhas primeiras edicións de Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez. Dise que tamén se ofertan curiosidades bibliográficas dos séculos XVII e XVIII.

Villar, Carmen, "Los tesoros de la diáspora, a un clic", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 15 abril 2009, p. 37/*La Opinión*, "Cultura", 15 abril 2009, p. 53.

Fai referencia ao traballo que desenvolveu a Secretaría Xeral de Emigración en canto á dixitalización de todos os fondos que se atopaban nos centros galegos da emigración, onde se poden atopar inéditos. Informa que este material se pode consultar na páxina en liña www.galiciaaberta.com mediante búsqueda por obra, autores e centros e que recolle documentos significativos como fichas de inscrición, vídeos e fotografías. Tamén indica que están rexistrados doce centros galegos. A seguir, achega os comentarios de Manuel Luís Rodríguez, secretario xeral de Emigración, quen valora o traballo realizado.

Villar, Carmen, "Os tempos eran chegados?", *Faro de Vigo*, "Galicia", 29 xuño 2009, pp. 12-13/*La Opinión*, "Galicia", 29 xuño 2009, p. 16-17.

Co gallo do vinte e cinco aniversario da chegada dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao a Galicia, fálase sobre o debate aínda presente de se era ou non o

momento apropiado para o seu traslado. Recóllense as reflexións sobre este feito de históricos do galeguismo que daquela participaron no evento como Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo e o promotor da iniciativa, Camilo Nogueira. Tamén se fai referencia a como viviu o momento a xornalista da TVE en Galicia, Tereixa Navaza, que fixo a transmisión en directo, e a irmá de Castelao, Teresa.

Villar, Rafa, "De 'Memoria de Ahab", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 xuño 2009, p. 38.

Sección fixa que acolle o texto poético "nas unllas...", do poemario *Memoria de Ahab* (2007), de Rafa Villar.

Viñas, María L., "Souto vincula filosofía y literatura en su obra *O espírito da letra*", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 4 abril 2009, p. 80.

Refírese á presentación d'*O espírito da letra* (2008), do escritor e filósofo Luis G. Soto na libraría Trama de Lugo. Afírmase que neste ensaio a filosofía serve para achegar novos traballos a distintos textos de Heinrich Heine, Eduardo Pondal, Ramón Otero Pedrayo, Uxío Novoneyra, Ricardo Carballo Calero, Luisa Villalta e César Antonio Molina. Coméntase que o autor e profesor da Universidade de Santiago estivo acompañado na presentación por Alexandre Veiga, decano da facultade de Humanidades, por Miguel A. Martínez, profesor de filosofía e por Miguel Anxo Fernán-Vello, director de Edicións Espiral Maior.

Viz, Adriana, "Aniversario gastronómico", *El Correo Gallego*, "Santiago", 7 agosto 2009, p. 30.

Coméntase que o poeta galego Luís González Tosar fixo unha homenaxe ao poeta árabe Mahmud Darwish, un dos líricos palestinos máis recoñecidos. Dise que no recital léronse poemas do poeta traducidos ao galego polo propio Tosar.

V. P. M., "Imaxes da nos aterra. A RAG repasa a vida de Curros nun documental", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 21 xaneiro 2009, p. 52.

Fálase do documental "Manuel Curros Enríquez. Na fronte dunha estrela", dirixido por Xosé Henrique Rivadulla Corcón por encargo do Concello da Coruña por mor da celebración do octavo centenario da cidade. Explícase que se trata dun filme de vinte e cinco minutos que se poderá ver na Televisión da Galicia tras a súa estrea na Real Academia Galega. Dise que nel se mesturan as opinións de Francisco Rodríguez, Manuel Rei Romeu, Xosé Luís Axeitos, Xosé Ramón Barreiro, Elisardo López Varela e Pilar López Negro coa lírica de Curros Enríquez e imaxes de arquivo.

Williams, Hugo, "Infancia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 maio 2009, p. 38.

Reprodúcese nesta sección fixa o poema "Infancia", de Hugo Williams.

X. A. R., "O festival *Orcellón fala e canta* abre a participación a novas iniciativas artísticas", *La Región*, "Carballiño", 29 marzo 2009, p. 18.

Anúnciase a programación do festival "Orcellón fala e canta", organizado pola Asociación Cultural Avantar do Carballiño. Refírese que, entre as distintas actividades, se atopan a proposta "Fai cultura galega con nós" na que calquera persoa pode presentar unha iniciativa de teatro, cine, música ou expresión oral en galego, e tamén o roteiro dedicado ao poeta Manuel María.

X. A. R., "O poeta Luis Tosar recibe o nomeamento como fillo adoptivo do Concello do Irixo", *La Región*, "Provincia", 4 xullo 2009, p. 20.

Sinálase que a paraxe natural nomeada como "Insua dos Poetas" acolle o acto oficial de nomeamento do escritor Luís González Tosar como fillo adoptivo do Concello do Irixo. Indícase que tamén se celebra nese acto a primeira "Festa da Palabra", na que destaca a participación de Xosé Luís Méndez Ferrín para facer unha análise da personalidade literaria do homenaxeado. Noméanse outros poetas e artistas participantes no mesmo acto como Salvador García-Bodaño, Victor Campio e Miro Villar, entre outros.

X. C., "Adeus á escritora galego-cubana Anisia Miranda", *A Nosa Terra*, nº. 1.379, "Cultura", 27 outubro-4 novembro 2009, p. 27.

Faise eco da morte de Anisia Miranda o 22 de outubro de 2009. Realízase unha semblanza biográfica na que se conta que era filla de emigrantes galegos en Cuba, que estudou Maxisterio e Xornalismo, que se trasladou a Bos Aires estando vinculada a actividades culturais galegas e que alí coñeceu a Xosé Neira Vilas, con quen casou, fundando "Follas Novas", unha organización editorial e distribuidora. Dise que publicou en galego *Pardela amiga*, *Cantarolas*, *Os contos de Compay Grilo*, *A primeira aventura*, *A casa dos títeres*, *A volta de Compay Grilo* e *Mitos e lendas da vella Grecia*. Explícase que co triunfo revolucionario en Cuba, se trasladan á illa e que ela pasa a traballar no Consello Nacional de Cultura. Apúntase que logo da xubilación, a parella volveu a Galicia, creándose a Fundación Xosé Neira Vilas na aldea natal de Neira Vilas, na que Anisia participou activamente.

XdG, "Manuel Rivas e Xabier Seoane abren un ciclo de recitais n´A Coruña", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 21 xaneiro 2009, p. 53.

Anúnciase o recital dos poetas e escritores Manuel Rivas e Xabier Seoane que se celebrará na Coruña dentro do ciclo "Poetas Coruñeses", organizado pola Asociación Alexandre Bóveda. Infórmase que continuará celebrándose o segundo martes de cada mes para conmemorar o vintecinco aniversario do grupo "De amor e desamor".

XdG, "A axenda do cambio nas políticas culturais", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 14, "En portada", 14 marzo 2009, pp. 2-3.

Opínase sobre as supostas consecuencias que para a cultura galega suporía á volta ao poder do Partido Popular. Considérase que, dunha banda, as políticas culturais e lingüísticas perderían forza e, posibelmente, se suprimirían os premios Premios Nacionais da Cultura Galega. Asemade, indícase que se paralizaría a creación do Instituto Rosalía de Castro, dedicado á promoción da literatura galega, e que se avivaría a polémica da Cidade da Cultura.

Xesteira, J. A., "De vello a neno", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "Cultura", "Cinema", 19-25 febreiro 2009, p. 37.

Fálase do filme *O curioso caso de Benjamin Button*, no que se relata a historia dun home que nace vello e morre neno. Por este motivo, sinálase o conto de Rafael Dieste, "O neno suicida", que versa sobra a mesma materia.

Xestoso, Manuel, "Un plan para as librarías galegas?", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", 9-14 xaneiro 2009, p. 26.

Refírese á mala situación na que se atopa a literatura galega nas librarías. Explícase como ás editoriais de Galicia lles custa competir con grupos editorias que operan a nivel estatal e que contan con maiores recursos para publicitar os seus productos. Dese xeito, fálase de crear un plan LIR (Livraries Indépendentes de Référence) como o que existe en Bélxica co que as librarías independentes obteñen axudas e subvencións para garantir e manter un número concreto de publicacións en francés.

Xestoso, Manuel, "O teatro tamén é para ler", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "Cultura", 22-28 xaneiro 2009, pp. 24-25.

Fálase da precaria situación que sofre a edición de textos de e sobre teatro. Saliéntase, neste senso, a colección "Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor", que naceu coa doazón da súa biblioteca especializada á Universidade da Coruña, á que se sumaron as doazóns de Manuel Lourenzo e Celso Álvarez Cáccamo. Afírmase que na actualidade a colección, editada polo Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística, está formada por seis series: literatura teatral en galego, en portugués, en francés, outras literatura teatrais, pensamento e estética e documentos.

Xestoso, Manuel, "Á sombra de Ferrín", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "Cultura", "Letras galegas", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, p. 24.

Saliéntase a figura de Xosé Luis Méndez Ferrín por mor do acto conmemorativo que se celebrou en Vigo con motivo do seu setenta aniversario. Coméntase que ao acto acudiron salientábeis persoeiros da cultura e política galegas e que se presentou o libro, *A semente da nación soñada* (2008), como parte desa homenaxe.

Xestoso, Manuel, "Un ano de cambios no libro", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", "Ler no Nadal", 24-30 decembro 2009, p. 22.

Comenta sobre o sector editorial en Galicia que, aínda non habendo datos exactos, está a "enfrontar con relativa serenidade os embates da depresión económica". Porén, manifesta preocupación polos efectos da nova política da Consellería de Cultura por mor das súas medidas, entre elas, a "anulación das subvencións á tradución", a suspensión do Culturgal e a falta de apoio ao Encontro de novos escritores, fronte ao maior peso da promoción turística. Engade que o feito de ser 2010 Ano do Libro e a Lectura xera algunha expectativa, mesmo indo asociado ao proxecto do Ano Xacobeo. Entre o positivo, salienta o despegue do libro electrónico, aínda con demasiado atraso entre o público lector, e tal vez máis suculento para o eido electrónico que para o editorial. Neste panorama conclúe que a literatura "parece que é a única que se mantén fiel a si mesma".

X. M. R., "Ocho ourensanos figuran en el proyecto 'O territorio do escritor", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Ourense*", 5 maio 2009, p. 10.

Fala de que a Asociación de Escritores en Lingua Galega ten incluídos no seu proxecto "O territorio do/a escritor/a" un total de corenta e nove autores galegos dos que oito son ourensáns. Indícase que con este proxecto se están a inventariar todas as casas vinculadas aos escritores galegos máis salientábeis. Apunta que no referente aos ourensáns están presentes as de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, Florentino Cuevillas e mais Xocas na cidade de Ourense; a de Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, en Celanova e mais a de Eladio Rodríguez, en Leiro.

X. R., "Las "Redes Escarlatas" analizarán en Celanova el pasado y presente de la revista Vieiros", *La Región*, "Ourense", 19 setembro 2009, p. 12.

Informa que o día 10 de outubro se vai celebrar un encontro da revista *Vieiros* no Mosteiro de San Salvador. Comenta que asistirán numerosos autores para participar nun simposio sobre o pasado, presente e futuro da revista *Vieiros*. Dise que os actos comezarán ás dez da mañá coa presenza do alcalde do concello e pola tarde Herminio Barreiro falará sobre o impacto político, ideolóxico e estético. Finalmente di que Roberto Noguerol, xefe da redacción de *Vieiros*, se encargará de por fin ao encontro.

Yáñez, Beni, "La XIV Semana da Cultura continúa hoy con visitas de escolares a la Casa Museo", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Vilanova", 27 outubro 2009, p. 14.

Informa de que as actividades da "XIV Semana da Cultura", en honra de Ramón María del Valle-Inclán, teñen a súa continuación nas visitas do alumnado ao interior do Pazo do Cuadrante, guiadas por personaxes do autor. Conta que a escola de teatro Valle Innova se encarga disto e tamén da performance "Valleinclown". Lembra que o mesmo día hai o recital "Palabra de poeta", que levará a cabo o presidente do PEN Clube de Escritores de Galicia e poeta, Luis González Tosar.

Yañez Pérez, Beni, "Vilanova homenaxea a Julio Camba no seu 127 aniversario cunha mostra de artigos", *Diario de Arousa*, "*Arousa*, *un mar de cultura*", "Exposición", 20 decembro 2009, p. 29.

Sinálase aquí o feito de que no concello de Vilanova de Arousa tivo lugar unha exposición de artigos escritos en Alemaña, Londres e Nova Iorque do xornalista arousán Julio Camba. Tamén se fai unha pequena síntese do que foi a vida de Camba, das súas colaboracións como columnista e das súas viaxes como corresponsal. Por último, dáse conta do interese que suscita o estudio da figura de Camba para, por exemplo, a Deputación de Pontevedra e a Universidade Menéndez Pelayo.

Zuleta, Rodrigo, "China, ¿una errata en Fráncfort?", *El Progreso*, "Vivir", 14 outubro 2009, pp. 56-57.

Apúntase que a maior feira do libro do mundo, a de Fráncfort, se inaugura coa polémica de China como invitada de honra. Explícase que alén dos retos políticos, o outro foco de preocupación é a revolución dixital, como gañar diñeiro con eses contidos ou aceptar proxectos como o levado a cabo por Google. Saliéntase que a feira contará coa presenza galega de Marina Mayoral, Alfredo Conde e Vicente Araguas, que participarán na mesa redonda do 16 de outubro "Proxección da literatura galega no exterior", e dun stand, compartido pola Consellería de Cultura e a Asociación Galega de Editores

Zúñiga, Iolanda, "De 'Amor amén", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 xaneiro 2009, p. 32.

Acóllese nesta sección o poema "evacúo orgasmos...", pertencente a *Amor amén* (2008), de Iolanda Zúñiga.

Zúñiga, Iolanda, "De 'Amor amén", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 xaneiro 2009, p. 36.

Acóllese nesta sección o poema "rabuño nas paredes...", pertencente a *Amor amén* (2008), de Iolanda Zúñiga.

Zúñiga, Iolanda, "Transhumantes", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 13 febreiro 2009, p. 9.

Acóllese nesta sección fixa o texto narrativo intitulado "Transhumantes", de Iolanda Zúñiga, e dáse conta da publicación do libro de relatos *Vidas post-it* (2007) e do poemario *Amor amén* (2008).

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI. 1. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Fernández del Riego, Francisco, "As 'Carmina' de Horacio en galego", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 324 , "Letras en galego", "De cotío", 1 agosto 2009, p. 12.

Refírese á versión galega das *Carmina* (1951), de Horacio, que fixo o poeta Aquilino Iglesia Alvariño como resultado de moitos anos de esforzo. Comenta que foi un labor ambicioso que se resolveu con gallardía e xusteza e sinala que ao remate desta edición se inclúe un vocabulario de palabras e mais outro de nomes. Finalmente realiza unha defensa da lectura dos clásicos.

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII.1. NARRATIVA

VII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Alcañiz Lorenzo, María, *A profesora Ripaldi*, ilust. da autora, Finalista do Premio Merlín 2008, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 194, serie verde, de 9 anos en diante, maio 2009, 76 pp. (ISBN: 978-84-9914-008-7).

Relato de María Alcañiz Lorenzo (A Coruña, 1971) co que fai a súa primeira incursión no sistema galego. A través do emprego do onírico e algúns trazos da ficción científica nárrase como Sarita Palodi, unha científica de recoñecido prestixio, sofre unha explosión no lugar de traballo e desaparece sen deixar pegada. O misterio do ocorrido comeza a desvelarse no momento en que Rolando comeza a ter soños e a ver neles onde está Sarita e o que fai. É así como ao longo de trinta soños desvela que a profesora Sarita Palodi está en Robois, un planeta próximo á Terra, no que caeu despois da explosión a causa dunha comisura pregada do universo, a través da que ás veces caen cousas da Terra, aínda que nunca ocorrera cunha persoa. Sarita Palodi, coñecida como profesora Ripaldi, debido a que lle caeron dúas sílabas do seu nome e mais unha vogal do seu apelido na bata que viste, convértese na primeira terrícola en caer. No seu novo lugar segue traballando igual ca facía na Terra, inventado e descubrindo, coa axuda dos habitantes de Robois. Finalmente Sarita Palodi/profesora Ripaldi logra regresar á Terra como soñara Rolando. As ilustracións son obra da propia autora. Trátase de debuxos feitos con acuarelas nos que emprega cores alegres e variadas. Estas ilustracións acompañan aos textos con información puntual sobre as escenas principais.

Recensións:

- María Navarro, "Universos Fantásticos", *Faro de Vigo*, n.º 306, "*Faro da Cultura*", "Infantil/Xuvenil", 29 outubro 2009, p. 7.

Comeza indicando que a ensoñación permite ao escritor crear mundos rexidos por diversas coordenadas, como sucede no relato. Precisa que a trama da historia xira ao redor dunha explosión que ten lugar nos laboratorios Prodi, onde traballa a profesora Sarita Palodi, que ten como consecuencia a chegada desta ao planeta Robois, lugar no que se vai converter en Ripaldi. Neste mundo paralelo explícase que comezará unha nova vida, consagrada tamén á ciencia. Explica que se trata da primeira obra da escritora e refire que a trama ten momentos nos que "se tambalea" ao concederlle protagonismo ao absurdo á hora de encher ocos que non se poden explicar por medio da fantasía; que a comicidade empregada non é comprensíbel para o lectorado infantil e xuvenil e que o final non se axeita e produce incerteza sobre a trama.

- Alba Piñeiro, "Realidade fantástica", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "*Bule Bule*", 19-25 novembro 2009, p. 25.

Comeza indicando que se trata da primeira obra da autora e que a trama se sitúa na

fronteira entre "a realidade empírica" e a "onírica". Recolle a historia da profesora Sarita Palodi, unha "prestixiosa e extravagante científica" para quen a felicidade consiste en estar dedicada en corpo e alma ao seu traballo. Apunta que tras unha explosión no laboratorio, esta desaparecerá da realidade e pasará a ser coñecida a través dos soños do narrador espectador Rolando, un veciño seu obsesionado pola explosión. Remata precisando que a estrutura en cinco capítulos caracterizados por unha linguaxe expresiva e con alusións humorísticas e referencias culturais permite unha lectura máis fácil, ademais de convidar o lectorado "a adentarse no marabilloso universo da fantasía".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 307, "Libros", 5 novembro 2009, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 258, "Letras galegas", 14 novembro 2009, p. 7.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, caso d'*A profesora Ripaldi*, de María Alcañiz Lorenzo, entre outras.

Alfaya, An, *A ánfora exipcia*, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Ala Delta, n.º 26, serie verde, , a partir dos 10 anos, 2009, 182 pp. (ISBN: 978-84-92404-63-6).

Novela de aventuras de An Alfaya (Vigo, 1964) na que, de modo realista e cunha linguaxe sinxela, un neno chamado Roque, o protagonista principal, conta en primeira persoa, unha serie de aventuras vividas durante as súas vacacións. A súa nai decidiu pasar as vacacións cunha compañeira de traballo, a cal vivía no Pazo de Leirachá. A estancia alí e as vacacións semellaban que ían ser aburridas para Roque, pero non foi así. Roque achegouse a un mundo descoñecido para el como foi o gusto polos escaravellos, pola Arqueoloxía e o Antigo Exipto. Roque coñecerá alí a dous nenos moi especiais: Laura, a filla da amiga de súa nai e Xacobo, fillo dos traballadores de servizo; e verase implicado no roubo do escaravello rinoceronte e da ánfora exipcia descuberta por Alberte, irmán de Laura. Roque foi o autor do primeiro roubo, e do segundo descoñecía o culpábel pero pouco a pouco irá investigando todo o sucedido e entre todos conseguirán atopar aos culpábeis do roubo: Xurxo, o mellor amigo de Alberte, e o seu profesor da facultade. Nesta obra son frecuentes os diálogos entre os personaxes. A novela divídese en quince capítulos e as imaxes de Ramón Trigo (Vigo, 1965) axudan á comprensión da obra e a escenificar o que relata Roque. A ilustración da cuberta contextualiza a narración, como tamén o fai o título, arredor dunha peza exipcia. A imaxe ten moita riqueza expresiva pola técnica empregada onde se aprecian as pinceladas e a calidade matérica da pintura. No interior as ilustracións figurativas de Ramón Trigo (Vigo, 1965) correspóndese con momentos significativos da narración. Os debuxos están feitos con tinta e trazos en carbón, cun estilo expresivo que se aprecia nas pinceladas soltas e grafismos intensos. A temática misteriosa deste libro tamén se reflicte no estilo empregado polas imaxes.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Imprudentes actos humanos", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "*Bule Bule*", 5-11 novembro 2009, p. 26.

Comeza referíndose á autora como "unha das voces destacadas na narrativa infanto-xuvenil das nosas letras". Indica que se trata dun relato de misterio e aventuras e que a distribución en quince capítulos, artellados ao redor de primeira persoa, axuda o lectorado máis novo a involucrarse nos medos, dúbidas, e intriga que experimentan os personaxes. Remata reparando nas ilustracións en branco e negro e precisa que plasman visualmente algúns fragmentos do texto.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Come e medra, apaña as estrelas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 785, "Cativadas", 1 novembro 2009, p. 7.

Presenta as propostas de Edicións Tambre para os máis novos. D'*A ánfora exipcia* relata o argumento e cualificaa como unha aventura que recomenda porque a presenza da intriga e do misterio "engancharán a máis de un". Ademais apunta que serve para aprender "linguaxe nova" xa que os textos son "descritivos" e "ricos en detalles". Remata animando a empregar "un anaquiño" do tempo diario para ler porque é "unha oportunidade única para deixar voar a imaxinación".

Alonso, Fran, *A araña e mais eu*, ilust. Manuel G. Vicente, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [prelectorado], 2009, [42] pp. (ISBN: 978-84-8464-534-4).

Neste álbum de Fran Alonso (Vigo, 1963) mediante un narrador en primeira persoa cóntase o percorrido dunha araña ao longo do corpo dunha nena comparando as partes do corpo polas que pasa coas características dalgunhas froitas. Esta brevísima narración realízase cunha linguaxe moi sinxela referida aos nomes das partes do corpo e das froitas a partir de onomatopeas que se refiren ao estado da nena e ao cambio de tamaño da letra para facer fincapé nalgúns aspectos concretos. A partir da fotografía Manuel G. Vicente (Vigo, 1958), nesta ocasión, elabora unhas ilustracións onde a imaxe é a única protagonista. Xoga con distintos planos e ángulos a través dunha iluminación cálida que potencia as cores da pel do neno e das froitas. Texto e ilustracións compleméntanse mutuamente, e mesmo nalgúns intres a tipografía parece formar parte da fotografía.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Contos para primeiros lectores", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 322, "Letras en galego", 18 xullo 2009, p. 14.

Analiza dous volumes para ser lidos durante o verán que comparten ser álbumes ilustrados e utilizar como motivos alegóricos elementos tirados da natureza. Trátase do álbum ilustrado *A araña e mais eu* e *Un conto de cegoñas*. En relación ao primeiro refire que se observa a "química e harmonía creativas" entre o autor e o ilustrador, xa observada noutras obras que compartiron, *Territorio ocupado* (1998) e *A casa da duna* (2001). Destaca que a fotografía e o texto conforman "un todo indisoluble e ben trabado" onde resaltan por igual ambos os dous na viaxe a través do corpo dunha nena.

Remata apuntando que foi traducido ás outras linguas do ámbito peninsular e ao inglés e que posúe elementos "para gozar unha boa singradura".

- Alba Piñeiro, "Percorrido corporal"*, A Nosa Terra*, n.º 1.370, "*Bule Bule*", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 30.

Comeza referindo a mestura do texto "sutil e lene" coa fotografía delicada. Conta o argumento narrado pola propia protagonistae indica que a viaxe leva un itinerario ascendente. Refire a comparación que se estabelece entre os elementos da xeografía humana e as froitas conformando "unha anatomía frutimorfa". Remata apuntando a expresividade verbal e visual para amosar gradualmente "sentimentos positivos" que van dende o desprezo inicial até a tenrura final.

- María Jesús Fernández, "*A araña e mais eu*. Fran Alonso", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 229,"Libros/Novedades", setembro 2009, p. 62.

Comeza recordando que o autor e ilustrador desta obra volven a se unir para facer un libro no que imaxes e texto se complementan para propoñer unha viaxe polo corpo humano a partir dunha voz infantil en primeira persoa que é quen relata o camiño da araña sobre o seu corpo. Cualifica a obra de "mapa poético y visual" que se constrúe a través de imaxes sensoriais, moi plásticas e de adxectivos, comparacións e onomatopeas.

- Paula Fernández, "Proposta completa", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 311, "Libros", 3 decembro 2009, p. VII.

En *A araña e mais eu*, Paula Fernández recoñece a mesma complicidade que demostraron Fran Alonso e Manuel G. Vicente en *A casa da duna* (2002), cun resultado que ofrece todo un espectáculo visual por parte de Kalandraka. Salienta que a fotografía e a poesía van da man neste percorrido corporal en tres partes, marcadas pola chegada da araña, a súa viaxe e a súa marcha, abordado con sinxeleza lingüística e evocadoras e sinestésicas imaxes poéticas.

Alvite, Valentín, *O hotel*, VIII Certame literario de relato de aventuras Antón Avilés de Taramancos, Noia: Editorial Toxosoutos, [lectorado mozo], xullo 2009, 92 pp. (ISBN: 978-84-92792-08-5). ■

Relato curto de Valentín Alvite (Cures-Vimianzo, 1959) no que, por medio dos diálogos entre os personaxes, se conta de forma moi detallada un día na vida de dúas persoas pertencentes a grupos sociais moi distintos. Carlos Alberte, conde de Andrade, gáñase a vida xunto á súa muller a base de exclusivas na prensa rosa. Polo contrario, Paco é un parado dende xa hai varios anos que leva unha vida humilde xunto á súa muller María. Un día, Carlos Alberte foi secuestrado e por mor dunha equivocación Paco toma o lugar do conde no hotel onde este estaba aloxado e onde Paco ía para buscar traballo. Mentres se fai pasar por conde é tratado coma tal, xa que nin os seus propios coñecidos o recoñece. No hotel gozará de todos os praceres e imprevistos que a vida do conde permite. Até que ao final do día fártase da situación e decide marchar cos cartos que lle entregaron varios xornalistas polas exclusivas. Con estes irá de viaxe coa súa muller. No tocante ao conde, este volve aparecer ao final do día, dende que Paco xa marchara e

atópase cunha situación e unha serie de problemas dos que non tiña nin a menor idea e que non sucederían se na súa ausencia non tivese ocupado o seu lugar Paco. A narración, distribuída en trinta e oito capítulos breves, apóiase nunha linguaxe sinxela e moi descriptiva. Acompáñase das ilustracións de Xulio Gayoso (Lugo, 1954), en branco e negro que ocupan toda unha páxina, e amplían a narración mostrando algunhas das partes das escenas de modo moi creativo. Nelas emprega un estilo figurativo e realista e as persoas e os interiores quedan reflictidos nunhas composicións que achegan información sobre o que acontece. A técnica empregada cobre con planos distintos grises as formas marcadas con liñas negras. Só ten cor a cuberta que se corresponde cunha ilustración do interior.

Ameixeiro, Daniel, *O caderno vermello*, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Catavento, n.º 27, [mocidade], 2009, 166 pp. (ISBN: 978-84-92404-59-9).

Novela realista de Daniel Ameixeiro (O Grove, 1962) artellada en corenta capítulos curtos, nos que un adolescente narra en primeira persoa, animado por Tomás, o orientador do seu instituto, o que lle aconteceu durante o último verán que pasa só, sen os seus pais, e paralelamente recorda feitos do pasado. Nese verán, coñece a unha moza, Helena, da que se namora, entaboa amizade con Mister Pick, un anticuario para o que traballa nese verán, reencontrase co seu avó e decátase do seu cambio a nivel persoal. Emprégase una prosa fluída e abundantes diálogos, procurando dosificar os acontecementos para manter o suspense até o final. A fotografía da cuberta de AGE, única ilustración do libro, amosa unha fiestra que podería corresponderse con calquera tenda onde os artigos vanse acumulando sen que ninguén lles preste moita atención.

Aneiros, Rosa, *Ás de bolboretas*, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil e Xuvenil 2009, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 123, [mocidade], outubro 2009, 225 pp. (ISBN Edicións Xerais: 978-84-9914-028-5/ISBN Fundación Caixa Galicia: 978-84-96982-41-3). ■

Novela xuvenil de Rosa Aneiros (Meirás, Valdoviño, 1976) que presenta en breves capítulos a historia dunha ampla galería de personaxes que teñen en común o feito de frecuentaren un espazo concreto e cotián, a cafetaría Luzada que rexenta Patricia, a persoa que distribúe afectos e cunha posición activa nas relacións que se presentan. Dende esta localización espacial, eixe central da historia, pois dese bar parten as redes de relacións entre personaxes de diversas procedencias e culturas, artéllase unha escolma de vidas coa intención de plasmar a misteriosa interrelación dos diferentes feitos e historias que conflúen nese pequeno bar cun contexto complexo e global, consonte ao significado do efecto bolboreta que evoca o título e que a partir dun proverbio chinés expresa a interconexión e a fraxilidade. Asemade a novela presenta un retrato da contemporaneidade que quere poñer de relevo un espírito de cidadanía e de colectividade a partir dunha diversidade de historias e personaxes como é o caso de Manuel e seu avó; Lola e Eusebio, un matrimonio da terceira idade que se enfronta á soidade e á vellez; Iqbal, un mozo paquistaní que abandona Londres tras os atentados no metro en 2005; Aysel, unha kurda que expresa a súa rebeldía pola indiferenza internacional perante a represión do seu pobo por parte do goberno turco; os alpinistas do monte Gurugú, dous mozos nixerianos que tentan atravesar o valado da fronteira de Melilla para poder reunirse coa súa tía, que agarda todos os días no bar unha chamada

que confirme a súa chegada a Galicia; Paco e Adolfo, dous homes que se comportan mal coas súas respectivas mulleres. Tamén son moitos os temas tratados: os sorprendentes camiños da vida, a morte, o medo, a soidade, a familia, os malos tratos, a ideoloxía machista e dominadora, política e relixión, a inmigración, a adopción e un longo etcétera de problemas sociais da actualidade. Dende o punto de vista técnico salienta a elección dunha estrutura aberta e carente de linealidade que se traduce na presentación desordenada e aleatoria dos acontecementos, visíbel nun índice numérico, por parte da voz dun narrador omnisciente, aspecto que incide tamén nos intereses da novela no que atinxe á fragmentación da contemporaneidade e ao fracaso do mundo da globalización. A ilustración da cuberta é unha composición fotográfica de Miguel A. Vigo. Nela reprodúcese a fotografía dunha fachada de calquera rúa galega, que ten pintadas cos nomes de cidades moi diferentes e superposta a un mapa de distintos países do mundo. A imaxe adianta unha novela que ten que ver con xentes moi variadas e lugares tan afastados e diferentes da realidade galega coma a India ou o Kurdistán.

Recensións:

- Martín Pawley, "Mensaxe nunha botella", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 16.

Considera que no seu carácter calidoscópico e plural radica a maxia da obra de Rosa Aneiros, *Ás de bolboreta*, para cativar adultos e mozos. Esmiúza as historias que se recollen neste libro estruturado en breves capítulos que admiten unha lectura independente, aínda que se reforzan uns aos outros e gañan en complexidade igual que están conectadas entre si as vidas das persoas. Considera que a escritora manexa con oficio distintos rexistros e anota que o ton xeral vén marcado por unha certa amargura que, non obstante, non lle nega espazo á esperanza.

- Vicente Araguas, "Historia dunha cafetaría", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 554, "Libros", 11 outubro 2009, p. 14.

Comeza referindo obras ambientadas no espazo dunha taberna: *A taberna*, de Émile Zola; *La colmena*, de Camilo José Cela e o filme *Tíovivo*, de José Luis Garci, antes de centrarse na obra gañadora do IV Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Destaca que a través dos cadros se presenta "un apóstrofo poético contra a infamia como maneira de (non)vivir". Refire que constitúe un xeito de poñer ao día "o vello realismo", que se trata dunha novela da emigración, nun proceso de "aggiornamento", de canto ao "blend", escrita cun "estilo vigoroso".

- X. M. Eyré, "Cruce de Camiños", *A Nosa Terra*, n.º 1.377, "Cultura", 15-21 outubro 2009, p. 28.

Comeza preguntándose sobre o feito de que esta novela recibira un premio da Literatura infantil e xuvenil, xa que non responde ao modelo propio desta literatura e podería ser premiada na categoría de literatura para adultos pola súa complexidade. Indica que presenta unha estrutura innovadora ao publico xuvenil, nunha historia exenta de trama central onde quedan rotas todas as unidades que adoitan estar presentes na ficción literaria (tempo, espazo, personaxe, historia) e onde o lectorado ten que ir unindo as causalidades que o texto obvia ao reducilas á mínima expresión. Refire que recolle unha

tradición prestixiada por títulos como *Manhattan Transfer* ou *La colmena*. Salienta que se emprega "un formato narrativo-lírico" para amosar o cruce de camiños que representa o único lugar común da historia, o Luzada, o bar rexentado por Patricia, no que se expoñen de maneira fragmentada as vidas de diferentes personaxes que son "fieis testemuños de como é a sociedade". Remata apuntando a necesidade de que o profesorado lle indique ao alumnado a necesidade de complementar a lectura coa escritura, xa que eses conceptos chegaron a ser considerados erroneamente como "case antitéticos" e porque ademais este método consegue "prestarlle seguranza ao lector non familiarizado".

- Dolores Martínez Torres, "Narracións abertas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 309, 19 novembro 2009, p. 6/ *La Opinión*, "*Saberes*", nº 260, "Letras galegas", 28 novembro 2009, p. 6.

Comeza remitindo a unha entrevista publicada a semana pasada coa autora e lembrando que se trata dunha obra para o público infantil e xuvenil, con varias voces narrativas, na que se mesturan as vidas de quince personaxes nun bar compostelán nunha mañá calquera. Indica que a estrutura fragmentada fai reflexionar ao lectorado máis novo sobre variábeis na construción da realidade e invita a interpretar as acción descritas na novela. Refire que as narracións son abertas e que teñen varias lecturas, onde o conxunto de capítulos que conforman o libro, van dende capítulos que manteñen a súa independencia con respecto os demais, até algúns que aparecen agrupados con certa continuidade temporal, e incluso noutros, se introducen relatos tradicionais. Tamén comenta que nas narracións o peso da historia recae nos diálogos dos personaxes. Salienta trazos como a alternancia entre a ruptura da continuidade temporal e a diéxese tradicional, as descricións líricas, o peso dos diálogos e a variedade de historias Resume brevemente as historias contidas na novela e presenta como elementos comúns o desarraigo e o exilio forzoso "da terra ou de vida". Apunta que as historias amosan a universalidade e ambivalencia dos sentimentos, ademais de recoller ecos de traxedias que aparacen nos titulares xornalísticos.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Rosa Aneiros, un año", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 7 outubro 2009, contracuberta.

Dáse noticia de que a xornalista e escritora Rosa Aneiros gañou o premio Xerais de Novela coa súa obra *Sol de inverno* e o premio de Literatura Xuvenil da Fundación Caixa Galicia con *Ás de bolboreta*. Coméntase que *Ás de bolboreta* narra as historias cruzadas que suceden cada mañá na cafetería Luzada, lugar de encontro de personaxes de diversas razas, crenzas, idade e extracto social e que, segundo a autora, poden servir para que os rapaces reflexionen nas aulas sobre moitos temas de actualidade.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 303, "Libros", 8 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, entre elas cítase *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros, novela da que se describe o argumento e da que se indica que mereceu o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2009.

- Natalia Álvarez, "En 'Sol de inverno' influíu o valor testemuñal que os exiliados lle deron ás súas memorias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Entrevista", 5 novembro 2009, pp. IV-V.

Conversa con Rosa Aneiros para achegarse ás obras polas que mereceu os premios Xerais de Novela e o Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Comeza indicando que a estrutura de *Ás de bolboretas* a facía dubidar se sería xeitada para o lectorado mozo aínda que as historias estiveran destinadas a eles. Afirma que a estrutura de puzzle lle atraía para que os máis novos viran a novela como un xogo e participasen para completar as historias narradas, e que a estrutura aberta lle permitiu non ter que afondar nos temas da inmigración, o terrorismo e a violencia doméstica evitando así caer en tópicos. Recoñece que aínda que *O sol de inverno* e *Ás de bolboretas* son obras distintas en ambas as dúas está presente o desarraigo porque é un tema que lle preocupa, sobre todo en relación coa propia historia de Galicia. Remata indicando que a promoción das dúas obras abrirá a porta aos personaxes que están a petar nela para que conte as súas historias.

- A. Losada, "Aneiros: 'Devezo porque chegue o momento de falar cos lectores", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 20 novembro 2009, p. 38.

Recóllense opinións de Rosa Aneiros na presentación da novela *Ás de bolboreta* entre as que salienta o seu interese por falar da trama e do estilo tanto nos encontros como no chat. Refire os temas tratados no mosaico das diferentes historias dos diversos personaxes que entran e saen da cafetaría Luzada, temas que aparecen constantemente na prensa. Indica o articulista que se trata dun crebacabezas conformado polas vidas dos personaxes, no que se ben é certo que non encaixan todas as pezas, si amosan á parte da realidade da sociedade actual. Precisa que a autora non quixo recoñecer as influencias doutros escritores na súa escrita desta novela coral e que está contenta coa edición e sobre todo coa cuberta. Remata nomeando as persoas que acompañaron á escritora na presentación, o director do centro da Fundación Caixa Galicia, Pedro Lucas e o director da editorial, Manuel Bragado, os cales se sumaron á consideración do xurado do premio de que se trata dun "relato triste e esperanzador ao mesmo tempo".

- Rosa Aneiros, "Ás de bolboretas", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 203, "E tamén... lecturas xogos arte música cine gastronomía", 28 novembro 2009, p. 4.

Tras un breve resumo do argumento da obra e unhas notas biográficas sobre a autora Rosa Aneiros reprodúcese un fragmento d'*Ás de bolboretas*.

- Xan Carballa, "Á literatura só lle pido o pracer de escribir as historias que me fascinan", *A Nosa Terra*, n.º 1.384, "Cultura", 3-11 decembro 2009, p. 27.

Entrevista a Rosa Aneiros na que autora fala da sorpresa que supuxo que *Ás de bolboreta* alcanzase o Premio de Literatura Xuvenil Fundación Caixa Galicia, dado que decidiu presentala no último momento "coa curiosidade de como o recibirían as rapazas do xurado". Sinala que é partidaria de que os rapaces se esforcen coa lectura, de aí que aposte por finais incertos, aínda que cando escribe non pensa na idade dos posíbeis lectores e lectoras, senón no que poidan entender. Con respecto a *Sol de inverno*, que alcanzou o Premio Xerais, indica que o asunto central que ensambla a novela é destacar

a necesidade do ser humano de ser alguén no contexto no que vive, o cal plasmou no proceso de Alfredo, e alude tamén á presenza da realidade do exilio no texto e ao seu desexo de contar vivencias familiares. Conclúe explicando que escribe pola necesidade de vivir outras vidas e de ver o mundo dende outras perspectivas.

Babarro, Xoán e Ana María **Fernández**, *Chrystyan Magic. Atrapado na torre*, ilust. Marta Rivera Ferner, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler e vivir, a partir de 10 anos, 2009, 102 pp. (ISBN: 978-84-403-1110-8).

Chrystyan Magic abre este volume de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947) e Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) cunhas palabras, nas que manifesta que a verdadeira Maxia "permite voar e vivir emocionantes aventuras viaxando até onde os nosos soños nos queren levar". A seguir, un narrador en terceira persoa desvela a conversión en mago de Chrystian, un neno que na compaña da súa avoa, que acaba de chegar a Faronovo coa intención de pasar unha tempada coa súa familia, visita a Bosco, o mago da aldea que coñece palabras en barallete, fai chifres, reloxos e marionetas. Despois de varios nenos recibir unha caixa de Bosco e de este propor a busca dun boneco da súa creación que responde ao nome de Pindín, Chrystyan vai na noite de San Xoán á Torre Encantada. Alí vive unha serie de situacións terroríficas e sorprendentes, ante a irrupción na historia das Mans Aparecidas, Malalín, Fadarnela ou Narilata, polo que ten que atravesar un espello, desencantar un coello... En definitiva, converterse en mago, na persoa que dende unha caixa baleira entregada por Bosco é capaz de ver e crear ilusión. Mentres isto acontece na Torre Encantada, todo Faronovo se afana en buscar o rapaz desaparecido. É esta unha historia de aventuras, intriga e emoción, na que sobresae o valor do esforzo e a importancia dos soños para conseguir as metas ansiadas. As súas escenas principais son ilustradas por Marta Rivera Ferner (Santa Rosa, Arxentina) a toda páxina e o estilo empregado conxuga os aspectos misteriosos e máxicos do relato. As imaxes a toda cor están feitas aproveitando as posibilidades do ordenador, o que permite conxugar fotografías e fondos con texturas diversas para completar as composicións, sendo o cromatismo reducido, xa que as cores son escuras e pouco saturadas.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Decembro chega, pon cara de bo, bota un ollo e prepara a lista", *Galicia Hoxe*, "Lecer", n.º 789, "Cativadas", 29 novembro 2009, p. 10.

Con motivo da proximidade do Nadal, ofrécese un percorrido polas novidades editadas por Everest Galicia. Menciónase *Atrapado na torre*, de Xoán Babarro e Ana María Fernández, con ilustracións de Marta Rivera, que salienta polas aventuras, fantasía e valores.

- C. P., "O libro incide en valores para a vida, propios da maxia como a tenacidade", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 22 decembro 2009, p. L 12.

Entrevista ao mago coruñés Chrystyan Magic, protagonista de *Atrapado na torre*, da autoría conxunta de Xoán Babarro e Ana María Fernández. Explica o mago que nesta obra se recolle a súa traxectoria, escrita en clave literaria con moita acción, intriga e

humor, combinando os elementos do conto e os da maxia. Considera que o parecido con Harry Potter radica en que a maxia é unha boa maneira de atraer os lectores novos á lectura, así como explica que a maxia funciona para transmitir valores porque xoga coa ilusión e coa fantasía e porque a maioría dos nenos soña con facer maxia.

Babarro González, Xoán, *Cormarín*, ilust. Ana Santiso, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, [lectorado autónomo], 2009, 36 pp. (ISBN: 978-84-7824-578-9).

Neste conto rimado de Xoán Babarro González (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947) recréase a historia de Cormarín, unha cría de corvo mariño que non quere saír do seu curuto. Un narrador en terceira persoa relata como se nega a voar, a nadar ou a mergullarse, porque di que o vento é moi forte, as ondas do mar, moi grandes, e o fondo mariño, moi escuro. Un día aparécelle unha fada que trata de convencelo a través dun conto para que se desprenda de todos eses medos que o invaden, pero Cormarín non entra en razón. Coa irrupción na historia dun raposo, que vai directo a comelo, o espírito de supervivencia do pequeno corvo mariño fai que comece a voar e abandone por vez primeira o seu curuto e, polo tanto, se faga maior e poida gozar do seu medio natural. As ilustracións para este álbum de tapas flexíbeis son de Ana Santiso (Touro, 1981) e caracterízanse polo seu estilo figurativo con grandes planos de cor uniforme. Trátase de formas de animais que adoptan actitudes e complementos humanos, como usar lentes, ler ou tecer unha bufanda. Estas composicións ocupan unha páxina enteira e a outra inclúe os textos con letra caligráfica sobre un fondo de cores diferentes.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Soletreando as primeiras letras amodiño", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 786, "Cativadas", 8 novembro 2009, p. 7.

Alude á publicación de tres volumes na colección "Bolboreta" que aposta polo aspecto didáctico, pero tamén pola diversión e calidade da man da súa directora, Carme Hermida. Entre eses títulos, cita *Cormarín*, no que os "elaborados" textos de Xoán Babarro, de forma poética, ofrecen a historia dunha familia de cormoráns. Achega o seu argumento e sinala que se trata dunha "xoia" ilustrada por Ana Santiso, que con pequenas pingas de imaxinación produce unha explosión de cor en cada unha das súas trinta e seis páxinas. Por outra parte, refírese á campaña "Tardes de Lecer", organizada por Sotelo Blanco Edicións dentro do programa "Bocaberta" de Política Lingüística, que inclúe contacontos, obradoiros e teatriños.

Barrio Santamaría, Imelda, *Nera*, *a ferreira*, ilust. Andrés Meixide, A Coruña: Baía Edicións, col. Contos da Igualdade, n.º 5, [lectorado autónomo], marzo 2009, 39 pp. (ISBN: 978-84-92630-02-8).

Neste conto de Imelda Barrio Santamaría combínase realismo e fantasía. A través dun narrador en terceira persoa cóntase como Nera naceu nun momento especial, no que o Consello de fadas se reunía para outorgar un desexo á persoa que chegase ao mundo nesa noite. Despois de pensar o mellor desexo para Nera decidiron que cando cumprise

a maioría de idade podería converterse nun neno. Os pais de Nera educárona na igualdade, e cando Nera cumpriu a maioría de idade quixo ser como era e rechazou a proposta das fadas. Sendo unha nena conseguiu que todos a respectasen e puido exercer a profesión que ela quería sen importar o sexo, de aí que apareza unha ilustración que representa a todas as fadas arredor de Nera. As ilustracións figurativas de Andrés Meixide (Vigo, 1970) complementan a narración textual, achegando información sobre os personaxes nos distintos momentos da narración. As composicións presentan os lugares onde se desenvolven as escenas principais seguindo a descrición do texto e creando ilustracións con composicións imaxinativas. Proporcionan detalles das roupas, os utensilios, as edificacións e as paisaxes da época na que ocorre o relato. Hai referencias a cousas reais coma a imaxe de Stonhenge ou a pintura de Velázquez *La fragua de Vulcano*.

Blanco, Concha, *Encontros ás agachadas*, VI Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Pura e Dora Vázquez" na modalidade de Narración, ilust. David Pintor, Ourense: Deputación de Ourense, [lectorado mozo], 2009, 115 pp. (ISBN: 978-84-92554-01-0).
◆

Narración de ficción científica de Concha Blanco Blanco (Lires, Cee, A Coruña, 1950), dedicada a "Manolo, María e Ana, por celebraren comigo os premios a partes iguais" e dividida en vinte e oito capítulos con título. Neste relato vemos como a nena Kano-3, do planeta Globm, chega ao planeta Terra, e aquí descobre a natureza galega (vento, soutos, ríos, peixes, etc.) e dille ao seu amigo terrícola, Daniel, que cómpre coidar toda esta riqueza. Concretamente Kano-3 vai nunha viaxe, xunto coa súa familia, polo espazo interplanetario na nave Star e chegan a Galicia, á aldea de Lires, en Cee. A nena Kano-3 sae da nave e esquece a cámara ao pé dun castiñeiro pero ninguén da nave Star se decata de que Kano-3 fora buscala e a nave despega sen a nena. Así Kano-3 ve que un neno, chamado Daniel Marcote Pérez, está coa súa cámara, falan e fanse amigos. Os dous intercambian experiencias e vivencias dos seus respectivos planetas e a nena Kano-3 descobre cómo se celebra o Nadal, cómo é unha escola ou qué é o Camiño de Santiago. Estamos no Nadal e Daniel bota tres días fóra da casa con Kano-3 pero ao ver que todo o mundo o estaba a buscar regresa á casa pero non conta nada. Ao rematar as vacacións de Nadal, Daniel atópase cunha nova profesora, Eva, a quen lle conta todo. Daquela Eva leva a Kano-3 para a súa casa, unha Casa-Escola, e Eva cóntalle a historia aos pais de Daniel. Todos xuntos, incluíndo a alcaldesa, van despedir a Kano-3 xa que a nave Star viñera buscala. As ilustracións de David Pintor Noguerol (A Coruña, 1975) non achegan información sobre ningún aspecto do Camiño de Santiago. Algunhas ilustracións redundan visualmente no contido do texto e outras amosan a nena protagonista que é representada como unha extraterrestre cun nariz vermello e orellas en punta.

Cabeza Quiles, Fernando, *Contos azuis*, ilust. RuÁn, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 164, serie verde, a partir dos 12 anos, xullo 2009, 171 pp. (ISBN: 978-84-9865-198-0).

Volume de dez relatos fantástico-realistas de Fernando Cabeza Quiles (Ponferrada, 1953) que se inicia coa dedicatoria "Para as miñas queridas alumnas e alumnos do CEIP de Nétoma-Razo, que está na aba do monte Neme e a carón do bruador mar de Razo".

No conto “Isabel”, Pedro namórase dunha rapaza que coñece na praia, sen saber que se trata dunha sereíña. En “O Señor das Bestas”, preséntase a preocupación deste pola natureza e polo trato que os homes lles infrinxen aos animais e o que fai por conseguilo. En “O Ronte dos Choclos”, un conto futurista, trátanse as posíbeis consecuencias das accións dos homes sobre a natureza. En “A rebelión das ovellas”, o avó de Rosalía, xa que esta aborrecía a constante chuvia que caía en Galicialandia, decidiu contarlle a historia da ovella Sinforosa que escapou co seu rabaño para buscar un prado con vexetación para poder alimentarse, pois no país de Castelandia os prados eran secos, e o que atoparon foi un campo de golf no que comeron sen saber de que pradería se trataba e así aprenderlle a importancia de ter auga. En “Vida intelixente”, os homes envían a Peurípides, o planeta máis afastado do Planeta Azul, un foguete chamado Rocinante, que simboliza a última esperanza dese planeta para atopar un planeta no que vivir. Despois das aventuras descobre que os alienízenas inventaran uns artiluxios para esaxerar o deserto no que vivían e así evitar a guerra cos terrícolas. Os exploradores regresan á Terra convencidos de que aínda podían recuperar o seu planeta, rectificando así o seu erro de buscar vida intelixente no Universo. En “Alba”, a través do soño dunha rapaza chamada Alba, tras ler o libro *A gaivota que quería ver o mar*, cóntase a historia dunha gaivota que nacera en Ponteferrada e quería viaxar a Portogrande para velo. Decátase de que os homes non respectaran as vedas nin os tamaños dos peixes e remataran cos recursos do mar até que deciden respectar as vedas. A historia remata cando a nena Alba esperta do seu soño e decide ir nadar coa súa amiga Lara, mentres surca o ceo unha bandada de gaivotas brancas. En “Meigas, druídas e fadas”, recóllese unha lenda segundo a cal todas as noites de San Xoán se xuntaban meigas, druídas e fadas no cumio dese monte e o que lle pasou ao despistado neno protagonista. En “Maxia”, reflíctese o desgusto dun dos protagonistas que usou a súa variña máxica por non acordar coa súa irmá que programa elixir na televisión. Os dous últimos contos amosan a crueldade e a acción manipuladora dos seres humanos para conseguir os seus fins e o pouco que valoran a natureza. Así, en “Un monstruo anda solto”, cóntase que diversas persoas denunciaran unha gran serpe que escapara do Gran Circo Azul, que chegara á cidade para as festas do verán e as consecuencias desta denuncia. E en “A derradeira noite de reis”, nárrase en primeira persoa cómo se prepara nunha cidade a chegada dos Reis Magos, con presenza constante na televisión cun mes de adianto e cómo a organiza a familia dos protagonistas. As ilustracións de RuAn, Rubén Pérez Puig e Antón Romero (Ces, Vilagarcía de Arousa, 1970), son moi imaxinativas. Mesturan grabados e tipografías antiguas, fotografías e mapas con formas actuais ou fantásticas. Só ofrecen cor a cuberta. As imaxes do interior, en branco e negro, ocupan unha páxina e unha composición a dobre páxina por cada relato.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura* ”, n.º 309, “Libros”, 19 novembro 2009, p. VII/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 260, “Letras galegas”, 28 novembro 2009, p. 7.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, caso de *Contos azuis*, de Fernando Cabeza Aquiles, entre outras.

Campo, Marica, *E Xoel aprendeu a voar*, ilust. da cuberta Noemí López Vázquez, Santiago de Compostela: Alfaguara-Obradoiro, desde 12 anos, xullo 2009, 176 pp. (ISBN: 978-84-8224-891-2).

Nesta novela de Marica Campo (nome literario de María Pilar Campo Domínguezz, Val do Mao, O Incio, Lugo, 1948) nárranse diferentes andanzas de Xoel, un neno de trece anos que ten como única satisfacción, diversión e motivación xogar coa PSP e andar na rede. O rapaz vive nun bo ambiente cultural, aínda que os pais andan demasiado atarefados, debido a que a nai é médica e seu pai, profesor de dereito civil, e non lle prestan a atención que necesita, para que teña novas inquedanzas. O seu avó, que vivía nunha casa de campo coa súa nova muller, xa que el supostamente era viúvo, tiña como paixón a aeronáutica e escondía un gran segredo. Este pensaba que Xoel era demasiado apoucado e que tiña que vivir novas esperencias e descubrir por el mesmo novas aventuras, que non estivesen relacionadas coa Rede. Un día aparece na vida de Xoel por medio dunha mensaxe no computador, Merlo Branco. Este misterioso personaxe propúñalle a Xoel gozar de cousas de verdade e de aventuras irrepetíbeis, quería que Xoel aprendese a "voar" adquirindo a liberdade que lle corresponde a un neno de trece anos. Merlo Branco ofreceulle a oportunidade de descifrar diferentes enigmas que levarán a Xoel a vivir emocionantes experiencias. O rapaz aceptou involucrarse nesta nova aventura proposta por Merlo Branco, grazas a isto descubriu novos intereses e aprendeu que tamén había vida fóra dos "maquinolos". Xoel fixo partícipar aos seus amigos nos enigmas creados por Merlo Branco, tendo así unha maior motivación para andar en busca de novos descubrimentos da súa contorna físico e cultural. Xoel, xunto cos seus amigos, tamén participou en numerosas e novas actividades, experiencias e confidencias co seu avó. Todo isto levouno a superar os seus medos e preguiza por facer cousas novas. Conseguiu a liberdade e seguridade que necesitaba para enfrontarse el so a diferentes circunstancias e experiencias que non tivesen nada que ver coa vida na Rede. O título do libro claramente está relacionado coa historia que se conta. Un neno monótono, aburrido, sen ningún interese por nada máis que o computador, comeza a realizar viaxes, encontros, novas aventuras que cambiarán a súa vida e a dos demáis. Cun pequeno empuxón o rapaz colleu a confianza en si mesmo e a responsabilidade para enfrontarse a novas experiencias inimaxinábeis e descoñecidas para el. "Xoel aprendeu a voar" só ten ilustración a cuberta e a portada debidas a Noemí López (Xixón, 1974). Son de estilo figurativo cun gran dinamismo nas formas e na disposición que adoptan os protagonistas. Só está traballada con cor a cuberta con unhas cores vivas e moi alegres. En conexión co título aparece na ilustración unha pomba que voa arredor do neno protagonista. A liña curva crea unha composición viva, cuns escorzos que achegan ritmo activo á imaxe.

Recensións:

- María Navarro, "Cotidianeidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. VII.

Resume o argumento de *E Xoel aprendeu a voar*, de Marica Campo para o público infantil e xuvenil. Recolle que a autora do artigo afirma que probabelmente a actividade docente da escritora, a faga coñecedora da psicoloxía infantil e que por iso presenta un libro que parece achegarse de forma intelixente ao complicado mundo que está a vivir a nenez de hoxe en día. Explica que a soidade, o refuxio nas novas tecnoloxías, as

ausencias duns pais atrapados nas redes dun traballo interminábel, entre outros, describen unha situación moi actual, que atrapa os lectores máis cativos mediante as peripecias do seu protagonista.

Canosa, María, *Faíscas*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], 2009, 152 pp. (ISBN: 978-84-9865-163-8).

Conxunto de trinta e seis relatos curtos de María Canosa (Cee, 1978) que condensan historias nas que un narrador omnisciente ou un narrador protagonista contan feitos da vida cotiá dos mariñeiros, nas aldeas, achegan recordos da infancia, recollen historias relacionadas con crenzas no espírito dos defuntos ou no lobishome, sobre feitos misteriosos aos que non se lles atopa explicación, dramas familiares, ademais de recordar historias que contaban os maiores, abordar feitos relacionados con catástrofes naturais, ou mesmo as protestas contra un acto terrorista, etc. A maioría das historias suceden en contornas rurais, sen determinar, e tamén, agás poucas excepcións, se ofrecen datos sobre a temporalización das historias. Na parte superior da cuberta, entre unha néboa espesa, aparece definida unha pequena embarcación de pesca. Esta cuberta, realizada por Fausto Isorna (Catoira, 1961) a dúas tintas, deixa entrever algo enigmático, un relato relacionado coa apaixonante vida e sociedade mariñeira.

Referencias varias:

- Javier Romero, "Sempre procuro pór algo da miña vida en todo o que fago", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 28 abril 2009, p. 52.

Realiza unha entrevista a María Canosa sobre o seu último libro de relatos, *Faíscas*. Comenta que este é o quinto libro despois de levar anos sen publicar e está constituído por tres ducias de contos. Explica dende cando está a escribir libros e asegura que para ela é inevitábel introducir datos biográficos, fala tamén sobre a relación do seu traballo como enxeñeira e a faceta literaria. Por último, comenta que está a traballar cunha novela mais aínda non ten data de publicación.

- Rodri García, "A miña literatura medrou comigo, abrindo novas portas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 26 outubro 2009, p. 31.

Conversa coa escritora María Canosa onde dá a coñecer os seus últimos libros publicados: *Entre papoulas* e *Faíscas*, un conxunto de relatos xuvenís ou para adultos, Sentimentais e con cousas propias dela mais sen chegar a ser autobiográficos. Recoñece que a súa literatura medrou canda ela e que probabelmente dea o salto á literatura de adultos, por medio do que está escribindo na actualidade e remata precisando que escribe "pola necesidade de contar cousas".

Canosa, María, *Entre papoulas*, ilust. Marta Rivera Ferrer, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler e vivir, a partir de 6 anos, 2009, 60 pp. (ISBN: 978-84-403-1119-1).

Neste relato fantástico de María Canosa (Cee, A Coruña, 1978) cóntase como é a vida das papoulas, unhas flores moi presumidas, fráxiles e traballadoras, xa que axudan ás

abellas a facer mel, deixándolles recoller o pole e estas cóntanlles as novidades doutras papoulas, como fixo unha delas ao informala do casamento dun paxaro ao que a flor coñecía. Ese paxaro mancáralle un pétalo sen querer e, moi preocupado por ela, axudouna e tratouna moi ben. En agradecemento, a papoula decidiu mandar, pola abella, pole á noiva para se maquillar. Ao igual que ela, así fixeron outras flores e árbores para amenizar o enlace. Resultou unha festa moi bonita e decidiron celebrar outra para despedir o verán e aproveitar para espallar a súa semente. O texto acompáñse das ilustracións figurativas de Marta Rivera Ferner (Santa Rosa, Arxentina). Na cuberta amosa que a protagonista é unha papoula. No interior as composicións a dobre páxina deixan espazos para os textos e están centradas na papoula protagonista que presenta actitudes humanas: ten ollos, boca, ten roupas, dorme e chora. A técnica é unha composición fotográfica con tratamento dixital. Como cor predominante aparece o vermello saturado das flores.

Referencias varias:

- Rodri García, "A miña literatura medrou comigo, abrindo novas portas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 26 outubro 2009, p. 31.

Conversa coa escritora María Canosa onde dá a coñecer os seus últimos libros publicados: *Faíscas* e *Entre papoulas*, dirixido aos primeiros lectores e onde a ilustración de Marta Rivera Ferrer "é tan importante" coma o texto, xa que salienta os valores de respectar o medio ambiente e tenta distraer ao tempo que educa. Recoñece que a súa literatura medrou canda ela e que foi escribindo segundo a idade que tiña. Indica que aínda que probabelmente dea o salto á literatura de adultos, considera que xa dera o salto cando decidiu escribir para os primeiros lectores porque tivo que pensar no vocabulario a empregar e que este fose axeitado para a ilustración, xa que apunta que "a literatura infantil non é doada".

- Romina Bal, "Decembro chega, pon cara de bo, bota un ollo e prepara a lista", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 789, "Cativadas", 29 novembro 2009, p. 10.

Con motivo da proximidade do Nadal, ofrécese un percorrido polas novidades editadas por Everest Galicia. Menciónase *Entre papoulas*, de María Canosa, e Marta Rivera, para nenos a partir dos seis anos, do que se salienta a distribución da cor.

Carballude, Pepe, *Xograres dun tempo novo*, ilust. Beatriz García Trillo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2009, 152 pp. (ISBN: 978-84-403-1118-4).

Nesta novela histórica de Pepe Carballude (Rubín, A Estrada 1956) transpórtase ao lectorado, por medio da súa protagonista Francisca Porta, á época da República recreando o labor que as Misións Pedagóxicas desenvolveron naqueles anos. Dedicado á súa nai e dividido en quince breves capítulos, a trama presenta a Francisca, que se atopa nunha residencia da terceira idade dende onde revive en primeira persoa as súas lembranzas, unhas veces en soidade, diante do retrato do seu home finado e outras en compaña de Camilo e Matías, residentes no mesmo centro e bos amigos dela. Francisca

relata como coñecera o seu home, Agustín Llaneza, pintor que participaba nas Misións Pedagóxicas, nas que ela acabaría participando activamente. Mais no ano 1936 Agustín é acusado de ter matado un crego sendo paseado polos fascistas, entre eles un mozo Matías que non soportará ter redescuberto ese escuro anaco do seu pasado. Tanto dende a narración omnisciente unhas veces, coma por boca da protagonista outras, Pepe Carballude percorre e describe minuciosamente cales foron as achegas culturais que as Misións Pedagóxicas espallaron por todo o país, dándolle vida a personaxes senlleiras como Rafael Dieste, Urbano Lugrís ou Cándido Fernández Mazas. O texto acompáñase das ilustracións de Beatriz García Trillo que dan imaxe a varias das estampas esenciais descritas no libro. Na cuberta as tonalidades cálidas en harmonías de ocres da escena de títeres, evocan unha fotografía antigua; as bandas de cor violeta amarelo e vermello da esquina contextualizan a situación na época da República. No interior hai ilustracións de páxina enteira que apoian os textos con imaxes dos protagonistas. O carácter estilizado das figuras non lle resta expresividade. As cores das escenas non teñen a limitación das da cuberta e presentan variación nas tonalidades.

Recensións:

- Xosé Neira Vilas, "Xograres dun tempo novo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 7 xuño 2009, p. 4.

Dise que *Xograres dun tempo novo* é una novela histórica na que aparecen por primeira vez na literatura galega as Misións pedagóxicas. Coméntase que o fío argumental é a historia de amor entre Francisca, unha mestra de Buño, e Agustín, un pintor vocacional que foi paseado nos "tráxicos" días de 1936. Francisca evoca os anos de xuventude dende una residencia sentada diante dun autorretrato do compañeiro asesinado, para construír esta "fermosa, documentada e ben contada" historia. Saliéntase que se inclúan nomes de persoas reais como Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Urbano Lugrís e que aborda un tema de "gran significación que as novas xeracións deben coñecer".

- Paula Fernández, "Realismo, dozura, intriga", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 297, "Infantil/Xuvenil", 2 xullo 2009, p. VII.

Coméntase que *Xograres dun tempo novo* é a primeira novela galega que trata do traballo que desenvolveron en Galicia as Misións pedagóxicas. Dise que Pepe Carballude, o seu autor, válese de Francisca Portela, unha mestra anciá ingresada nunha residencia e que formou parte das misión pedagóxicas, para construír esta novela histórica que "conxuga trazos literarios cos datos reais". A seguir, dáse conta do seu argumento, da voz narrativa dominada pola omniscencia en terceira persoa e que "sorprende a vivacidade, o ritmo frenético, que se reflicte na concatenación de historias dentro da diéxese principal". Por último, saliéntase a calidade da escrita, o dominio da linguaxe e a destreza á hora de deseñar personaxes.

Referencias varias:

- Bieito Iglesias "Currículum Vitae", *El Correo Gallego*, "Pan e coitelo", 9 xullo 2009, p. 58.

Recorda aos compañeiros que tivo en COU, sinalando a Pepe Carballude que "coleccionaba" sobresalientes e matrículas pero non se dedicou á política. Logo di que acaba de ler dous libros de Pepe Carballude *Xograres dun tempo novo*, dedicado a honrar a memoria das misión pedagóxicas e *Paisaxe con fondo gris* (2001), unha novela que evoca episodios autobiográficos.

Carballeira, Paula, *O lobishome de Candeán*, deseño da cuberta Fausto Isorna,Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], setembro 2009, 128 pp. (ISBN: 978-84-9865-217-8).

Novela de suspense de Paula Carballeira (Fene, 1972) na que trata o mito do lobishome. Tras unha dedicatoria á súa familia de Vigo e unha cita de Álvaro de Campos, o narrador omnisciente no primeiro capítulo relata o asasinato dunha moza chamada Elvira a mans dun mozo. A partir do asasinato, achégase en trinta breves capítulos ás persoas próximas de Elvira, para narrar a ansiedade e impaciencia da súa nai Celia pola tardanza da súa filla en regresar á casa despois dunha noite de festa, o sentimento de culpa da súa amiga Silvia por non esperar por ela e levala de volta á casa, a incredulidade dos seus amigos ao coñecer a noticia da súa morte, a reacción dos seus veciños ao saber que apareceu morta no medio do monte coas vísceras arrincadas... Así o narrador vai relatando as situacións e emocións que viven os seus achegados tras a morte da rapaza, o desacougo do pobo ao crearse o rumor de que a matou un lobo ou a creación das brigadas que buscan ao culpábel polas noites. Manuel, o policía, coa axuda de Balbina, perseguirán e intentarán atrapar e descubrir á besta que ronda e ouvea por Candeán polas noites e que eles cren que se trata dun lobishome. En contraposición noutros capítulos amosa as accións e impulsos do lobishome cuxa identidade non se descubrirá até o final da novela, cando é detido pola policía na súa casa. A cuberta, deseñada por Fausto Isorna, ten unha imaxe dun rostro na esquina superior dereita. A fotografía en negro sobre o fondo de cor vermella consegue un contraste moi acusado. A expresión agresiva de amosar os dentes é bastante explícita, sobre todo ao estar acompañando o título, achegando información redundante sobre o tema da novela.

Caride, Ramón, *Andanzas de Xan Farrapeiro*, ilust. Marisa Irimia, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 37, a partir de 8 anos, maio 2009, 95 pp. (ISBN: 978-84-9782-555-9).

Neste conto de Ramón Caride Ogando (Cea, 1957), de modo fantástico-realista, por medio dun narrador omnisciente e os diálogos dos personaxes, cóntase como un home chamado Xan, protagonista da obra, era un home moi pobre que nin sequera tiña roupa (todo eran farrapos), nin casa nin nada, polo que era coñecido co nome de Xan Farrapeiro pero, a pesar de todo, era un home moi alegre e valente. Un día foi ao monte coller piñas e encontrouse coa dona dos penedos que lle prometeu ser moi rico se lle traía un peite de prata que lle caeu nun pozo. Acabou facéndoo e conseguiu o seu propósito: non ser máis pobre. Pero despois acabou perdéndoo todo por dicir como se fixo rico. As imaxes axudan a seguir os textos xa que ilustran momentos importantes da historia que se conta. A técnica empregada por Marisa Irima é a pintura aplicada con pinceladas suaves e cores variados. As figuras dos protagonistas teñen un certo volumen grazas ao claroescuro aínda que son de estilo sinxelo. Os lugares onde transcorre a narración están descritos con poucos detalles abondando na simplicidade do estilo.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 308, "Libros", 12 novembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de obras literarias, caso d'*Andanzas de Xan Farrapeiro*, de Ramón Caride, entre outras.

- J. P., "Cambados acoge el estreno del primer 'Kamishibai' que se realiza en Galicia", *Diario de Arousa*, "Cambados", "Cultura", 12 decembro 2009, p. 13.

Comenta a estrea dun "Kamishibai" ou espectáculo narrativo nipón alicerzado no conto *Andanzas de Xan Farrapeiro*, de Ramón Caride. Sinala as interpretacións de Marisa Irimia e Carlos Vázquez así como a presentación posterior do volume antedito. Describe a seguir o seu argumento, baseado nun conto tradicional galego, e reproduce o comentario da Librería Babilonia sobre o volume do que salienta que é a reinvención dun conto marabilloso.

Caride, Ramón, *O tareco de Sara*, ilust. María Lires, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler e vivir, a partir de 8 anos, 2009, 50 pp. (ISBN: 978-84-403-1117-7).

Conto fantástico no que Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957) por medio dunha narradora en primeira persoa conta a historia de Sara dende o momento que descobre algo estraño na súa habitación, ao volver da escola. A rapaza atopa sobre a súa mesa de estudo dous afialapis idénticos, en vez dun, coma cando saíra da casa. A ese primeiro feito abraiante séguenlles outros como descubrir o cuarto desordenado e desaparecerlle un dos afialapis, até que certo día debuxando cun rotulador este comezou a converterse nun fermoso xílgaro, que rachou a xilgar coma Sara nunca escoitara. Era un pequeno tareco que dende aquela facía realidade os soños da meniña transformándose nos obxectos que esta precisaba ao seu antollo. Podía suplantar a un ser humano, comunicarse cos animais, e aparecérselle aos nenos "dado que os adultos carecían de tempo para pensar nas cousas marabillosas e, xa que logo, tampouco podían chegar a velas". Conta con dúas dedicatorias, unha do propio autor Ramón Caride e a outra da ilustradora María Lires. O relato acompáñase das ilustracións figurativas de María Lires (A Coruña, 1973) que complementan os textos e viceversa, pero hai algunhas ilustracións sen case texto que son fundamentais no conto. Emprega unha técnica mixta que funde papeis con debuxos e texturas dixitais. As cores son moi alegres e os personaxes simpáticos. As composicións teñen variados planos: obxectos en detalle, persoas en primeiros planos; algunhas son de dobre páxina, outras de páxina enteira e tamén pequenos debuxos salferidos entre o texto.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas dormen na cama dos pais* (ISBN: 978-84-8341-366-1)/*Os Bolechas teñen unha piscina inchábel* (ISBN: 978-84-8341-406-4)/*Os Bolechas van no autobús de Carlos* (ISBN: 978-84-8341-419-4)/*Os Bolechas van á festa dos Calacús* (ISBN: 97-84-8341-413-2)/*Os Bolechas fan un magosto* (ISBN: 978-84-8341-414-9),

ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Os Bolechas, n.º 38/39/40/41/42, [lectorado autónomo], 2009, 19 pp.

Novas entregas da colección "Os Bolechas", de Pepe Carreiro (Vigo, 1954), nas que por medio de narradores omniscientes e moito diálogo se contan distintas travesuras dos irmáns Bolechas e outros personaxes. N'*Os Bolechas dormen na cama dos pais* cóntase como os cinco irmáns Bolechas e a súa cadela chispa, por culpa dos tronos nunha noite de treboada, pasan todos, aos poucos, a durmir á cama dos pais. O conto remata cos pais durmindo no chan. N'*Os Bolechas teñen unha piscina inchábel* cóntase a chegada das curmás e o curmán da aldea (Sarela, Ying e Kofi) á casa dos Bolechas (Carlos, Loli, Pili, Braulio; Sonia e Tatá) cunha piscina. Entre todos, a pesar de que algúns insisten en que as piscinas se colocan no xardín diciden preparala e gozala no salón da casa, por unha trasnada a piscina desínflase e queda todo inundado. N'*Os Bolechas van no autobús de Carlos* relátase como Carlos prepara con obxectos domésticos un autobús para ir a Barcelona. Todos os seus irmáns acompáñanno, pero hai discrepancias polo destino, pois as xemelgas queren ir ao Caribe, polo que deciden alugar un coche e viaxar soas para poder realizar actividades que estaban prohibidas no autobús de Carlos. N'*Os Bolechas van a festa dos Calacús*, nárrase como todos os irmáns Bolechas, menos Tata, preparan cadanseu calacú para levar á festa que van facer na escola. No camiño en autobús da casa á escola acontecen varias cousas, como é o feito de que a Carlos se lle escangallase o seu calacú. Xa na escola, a mestra Sofía dálles a todos os nenos candeas para que metan dentro do seus calacús e así estes poidan alumar. O conto remata cos Bolechas de volta para á casa antes de tempo, xa que a Tatá lle dan medo os Calacús e botou a chorar. E n'*Os Bolechas fan un magosto* cóntase como a familia Bolechas recollen as castañas, as pican e as asan para celebrar o magosto. No proceso son moitas as dificultades que teñen que salvar como, por exemplo, picaduras de ourizos ou queimaduras. As ilustracións, feitas polo autor do libro, son figurativas e con cores moi vivas. Serven, sobre todo, para situar os personaxes nos lugares aos que foron, de feito nas dúas últimas páxinas móstrase en miniaturas todos os espazos da viaxe, e tamén se presenta aos Bolechas no reverso da capa e a contracapa. Os personaxes destes dous títulos están debuxados cunhas formas redondeadas co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica. Son figurativos, están realizadas con tintas planas e con formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes.

Carreiro, Pepe, *O canón de pau* (ISBN: 978-84-8341-313-5)/*O con da illa de Arousa* (ISBN: 978-84-8341-312-8)/*O violinista de Sarriá* (ISBN: 978-84-8341-367-8)/*As pozas de Ourense* (ISBN: 978-84-8341-369-2)/*A Semana da Natureza do Barco de Valdeorras* (ISBN: 978-84-8341-386-9)/*Vacacións en Salceda de Caselas* (ISBN: 978-84-8341-416-3)/*Naufraxio na Coruña* (ISBN: 978-84-8341-417-0)/*Os xenerais do Ulla* (ISBN: 978-84-8341-430-9)/*O poldro de Gondomar* (ISBN: 978-84-96403-38-6)/*A festa da auga de Vilagarcía* (ISBN: 978-84-8341-439-2*)/Viaxe en globo polas Illas Atlánticas* (ISBN: 978-84-8341-438-5)/*Unha sortella no fondo da Ría de Vigo* (ISBN: 978-84-8341-437-8)/*Aniversario na Ría de Vigo* (ISBN: 978-84-8341-445-3), Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Os Bolechas van de viaxe, [lectorado autónomo], 2009, 27 pp.

Novas entregas da colección "Os Bolechas van de viaxe" de Pepe Carreiro (Vigo, 1954). N'*O canón de pau*, os Bolechas van visitar ao avó a Cotobade e ao ver un canón

de pau no escudo da vila pregúntanlle o motivo do mesmo. O avó explícalles que en 1809 as tropas de Napoleón entraran en Galicia e parte do exército parara en Cotobade e que unha tarde que o seu tataravó estaba a tomar viño e petiscos, uns soldados decidiron requisárllelos todos. Isto alporizou ao tataravó que reuniu aos veciños con fouces, gadañas e demais apeiros contra ao exército de Napoleón ao que venceron grazas a un canón de pau que lles deu a vitoria, de aí que se convertese en símbolo da vila. N'*O con da illa de Arousa*, os Bolechas van pasar uns días á praia na illa de Arousa coa súa amiga Carla. Alí coñecen a Felipe Eduardo que os convida a pasar a tarde na súa impresionante barca inchábel. Todo se complica cando van visitar os curiosos cons da illa, pois todos teñen nome e Felipe Eduardo ao non poder ter un con co seu nome decide retirar o convite na lancha aos Bolechas. Para amañar isto Loli ten a idea de ir buscar a Rodín, un escultor de pedra, co que farán unha figura de Felipe Eduardo que levará o seu nome, e así todos acabarán gozando da lancha. N'*O violinista de Sarria*, os Bolechas van pasar uns días á casa da súa amiga Xisela, que vive en Sarria. Alí coñecen ao seu amigo Toniño que toca o violín. Este pídelles que lle coiden o violín até o concerto da tarde, mais Tatá estrágao sen querer e teñen que buscar unha maneira de arranxalo. Así percorren varios lugares da vila até que axudados por Manuel, que arranxa violíns no seu obradoiro, todo se soluciona. N'*As pozas de Ourense*, os Bolechas van pasar unha fin de semana á casa da súa amiga Silvia, que vive en Ourense. Alí e co amigo de Silvia, Carlos, percorren a cidade, descubrindo as augas quentes de Ourense ou os camiños de pedras que van dar ás propias burgas, onde quedaron co pai de Silvia. Finalmente todos voltan á casa felices, menos Carlos, por ser sarilleiro de máis. N'*A Semana da Natureza do Barco de Valdeorras*, os Bolechas coinciden nun campamento de actividades ecolóxicas nesta localidade cos fillos dos Piñeiro. Os nenos son especiais, Berta só sabe mercar zapatos e vestidos mentres que Xoán está todo o día co ordenador. Con Meli, a monitora van realizando numerosas actividades ecolóxicas ás que os Piñeiro non están acostumados pois sempre andan a contaminar. Finalmente esperta neles a conciencia ecolóxica e deciden non volver contaminar máis. En *Vacacións en Salceda de Caselas* cóntase a viaxe dos Bolechas a Salceda de Caselas onde coinciden con outros nenos que tamén van de excursión. Todos aprenden a usar as lanternas como se facía antigamente, para comunicarse. Pola noite reciben a mensaxe de Lina pedindo socorro, xa que confundiu a lanterna coa trompeta debido á súa preocupación por aprender unha canción coa trompeta e así poder entrar na banda de música. En *Naufraxio na Coruña*, os Bolechas van pasar uns días de vacacións á Coruña, onde vive a súa amiga María. Todo se complica cando na praia Chispa e mais o can e o gato de María, Saba e Drake, son castigados por andar continuamente na lea. O castigo consiste en que permanezan dentro da balsa inchábel, que por descoido marcha mar adentro ao subir a marea. Inician entón a súa busca por toda Coruña, até que, dende a Torre de Hercules e axudados por un amigo mariñeiro, son quen de rescatalos. N'*Os xenerais do Ulla*, nárrase outro episodio dos Bolechas cando van a Teo, preto de Santiago de Compostela, pasar o entroido cos seus amigos. Como só dous destes amigos son de Teo téñense que repartir entre dúas casas. Os que se hospedaron na casa de Serxio comezaron a guindarlles bólas con tutelos aos demais que decidiron enfrontarse e formar dous bandos con cadanseu xeneral. Loitan no Ulla recitando coplas e proclámase vencedor o que mellor as recite. Recitan varias coplas atacándose e ao final todo remata en risas sen vencedores nin vencidos comendo a tortilla de Cacheiras. N'*O poldro de Gondomar* nárrase como a familia Bolechas, un amigo e o seu avó compran un poldro salvaxe na feira de Gondomar, e os pasos que teñen que dar para que o poidan montar. Lévano a xunto de diferentes cabalos (puro sangue, andaluz, ardenés e árabe) para que lles copie as diferentes cualidades que teñen. Ao final o poldro é perfecto, pero

descobren que o resto dos cabalos copiaron del a súa bravura. N'*A festa da auga de Vilagarcía* cóntase o que ocorreu un día que os Bolechas foron ver un partido de rugby entre os Ingleses de Vilagarcía e os Mareantes de Pontevedra. A intención dos Bolechas, que estaban pasando uns días nun hotel de Vilagarcía, era animar o equipo dos Ingleses, xa que nel xogaba a súa amiga Sinda e unha compañeira desta chamada Elizabeth. Foi tanto o empeño que puxeron que acabaron discutindo cos seareiros do outro equipo. Ao remate do partido, Roi, un seareiro dos Mareantes, mollou aos Bolechas con auga. Estes alporizáronse e decidiron facer o mesmo. Para iso construíron un depósito de auga móbil. Deste xeito, os Bolechas acabaron celebrando a Festa da Auga en Vilagarcía. Todo remata cando Roi decide cambiar de equipo para que o deixen de mollar. Isto non lle funcionou, xa que agora eran os outros compañeiros quen o ían mollar por cambiar de equipo. Para solucionar o problema Roi acaba dicindo que será seguidor dos dous equipos. Ao final, todos xuntos despiden a Elizabeth no porto cando regresa a Inglaterra. A ela gustoulle moito a festa da auga. En *Viaxe en globo polas Illas Atlánticas* cóntase como os Bolechas viaxan en globo coa escusa de gravar un vídeo dunha balea para gañar un concurso do colexio. Rematan por gravar a Chispa, o seu can, porque se decatan de que todo o colexio estaba alí enriba intentando gravar unha balea igual ca eles. A través da lectura deste relato e da visualización das imaxes de forma divertida danse a coñecer as illas atlánticas e algún animal mariño da contorna. N'*Unha sortella no fondo da Ría de Vigo* nárrase un paseo dos Bolechas, xunto co seu amigo Roxelio, nun barco pola ría de Vigo e os problemas e invencións que trouxo a perda da sortella de Sonia dado que se poñen a reconstruír o submarino do seu tataravó e cando conseguen que funcione baixan e recuperan a sortella pero aos subir atópanse cuns piratas e co medo chegan a Baiona, descobren que os piratas estaban celebrando a festa da Arribada na que ían disfrazados. E en *Aniversario na Ría de Vigo* cóntase como os Bolechas, Xiu-xiu e mais Braulio póñense de acordo para mercarlle un agasallo a Nicanor e a posterior celebración do aniversario deste nun barco que percorre a Ría de Vigo. Nárrase en terceira persoa, aínda que hai algúns diálogos escritos en primeira persoa. Nalgunhas escenas, pertencen a lugares preto de Santiago de Compostela como a ponte do Xirimbao sobre o río Ulla, igrexa de Lampai, cruceiro de Rúa de Francos, ponte romana de Francos, Montouto, parque dos Tilos, etc. As ilustracións, feitas polo autor do libro, son figurativas e con cores moi vivas. Serven, sobre todo, para situar os personaxes nos lugares aos que foron, de feito nas dúas últimas páxinas móstrase en miniaturas todos os espazos da viaxe, e tamén se presenta aos Bolechas no reverso da capa e a contracapa. Os personaxes destes dous títulos están debuxados cunhas formas redondeadas co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica. Son figurativos, están realizadas con tintas planas e con formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes.

Referencias varias:

- M. B., "Para ler a francesada", *A Nosa Terra*, n.º 1.350, "Cultura", 12-18 marzo 2009, p. 26.

Enuméranse unha serie de libros que saíron á venda con motivo da conmemoración da Guerra de Independencia e das batallas libradas en Galicia contra as tropas napoleónicas. Entre os libros citados, saliéntase unha obra de literatura infantil protagonizada polos irmáns Bolechas, *O canón de pau*, de Pepe Carreiro.

- L. R., "Un cómic recrea os lugares de interés de O Barco", *La Región*, "Valdeorras", 23 outubro 2009, p. 19.

Indica que á presentación do cómic *Os Bolechas van de viaxe á Semana Santa da Natureza de O Barco de Valdeorras*, elaborado polo debuxante Pepe Carreiro, foron invitados un grupo de nenos que participaran o verán pasado no programa "O Barco Núcleo de Sostibilidade". Refire que o ilustrador recolle no cómic a pasarela sobre o río Sil e o albergue e o mosterio de Xagoaza, e que neste título os irmáns Bolechas están acompañados de Os Piñeiro, protagonistas de campañas contra o consumismo promovidas pola Concellería de Xuventude barquense.

- Marino Pérez, "La única gallega que no tenia Bolechas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Literatura infantil", 21 novembro 2009, p. 14.

Comeza indicando que Pepe Carreiro decidiu que A Coruña se convertese en escenario das aventuras dos irmáns Bolechas no título *Naufraxio na Coruña*, que se presentou na Feira do Libro. Refire que o autor e ilustrador firmou exemplares e realizou debuxos dos seus personaxes ao lectorado máis novo e apunta que con esta serie se aprende a empregar o idioma galego ao tempo que se coñecen lugares de Galicia "de forma amena" e adaptada aos máis novos. Remata precisando outras actividades que se han desenvolver na Feira do Libro.

- Marcos Mosquera, "Os Bolechas debutan en A Coruña", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 3 decembro 2009, p. 12.

Dá conta do protagonismo que adquiren diferentes enclaves da Coruña en *Naufraxio na Coruña*, pertencente á serie "Os Bolechas van de viaxe", de Pepe Carreiro, coa intención de que sirva de promoción da lingua galega entre os máis pequenos. Apunta que esta edición en colaboración coa Concellería de Normalización Lingüística forma parte do programa de actividades para o Nadal, que pretende recuperar tradicións galegas, como a do Apalpador.

- María Foscaldo, "Os Bolechas chegan a Vilagarcía na última parada das súas aventuras", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 27 decembro 2009, p. 26.

Informa da publicación d'*A festa da auga en Vilagarcía*, dentro da serie creada por Pepe Carreiro "Os Bolechas van de viaxe". Resume o argumento desta entrega, na que a familia chega ao porto de Vilagarcía e percorren moitos lugares da vila até acabar divertíndose na festa da auga, e apunta que o volume foi repartido entre máis de seiscentos cincuenta escolares de primeiro de Educación Primaria de todos os centros do concello, e que estará dispoñíbel nas bibliotecas escolares e mais nos Centros de Información Turística do municipio. Ademais, aprovéitase o artigo para lembrar as diferentes coleccións existentes que contan coa familia Bolechas como protagonistas e destácase o seu grande éxito e aceptación.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas queren saber como se fai un libro* (ISBN: 978-84-8341-314-2)/*Os Bolechas queren saber como é un viveiro de plantas* (ISBN: 978-84-8341-336-4)/*Os Bolechas queren saber como vivía a xente da aldea* (ISBN: 978-84-8341-

361-6)/ *Os Bolechas queren saber como vivían no castro do Trega* (ISBN: 978-84-8341-370-8), ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Os Bolechas queren saber, n. os 24, 25, 26, 27, 28, [lectorado autónomo], 2009, 29 pp.

Novas entregas da colección de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) "Os Bolechas queren saber". Na entrega *Como se fai un libro*, os Bolechas están a gustar tanto da lectura dun libro que deciden facer un sobre o seu can que se titule "O noso can Chispa". Despois de deseñalo van á imprenta. Alí edítano. O encargado da preimpresión fainas cos métodos máis modernos, para logo escanear os debuxos, maquetalos e facer as pranchas das páxinas. Coas cores azul, vermella, amarela e negra conseguirán o resto. Imprímese en grandes follas de papel que serán cortadas, dobradas e cosidas ou coladas, para finalmente encadernalas, obtendo así os Bolechas o seu libro que regalarán aos seus amigos. En *Como é un viveiro de plantas*, os Bolechas van visitar un viveiro en Tomiño, á beira do río Miño. Alí aprenden que ferramentas se empregan no coidado das plantas, arbustos e árbores. Tamén coñecen as variedades das mesmas e como se cultivan e conservan. Finalmente os Bolechas marchan levando cadansúa planta, sabendo xa como se cultivan. En *Como vivía a xente da aldea*, os Bolechas van ao museo "Casa do Patrón" no lugar de Codeseda, na parroquia de Doade, en Lalín. Alí, María, a guía do museo explícalle como vivía a xente na aldea na época dos seus tataravós. Cóntalles que non había electricidade polo que a luz era a das velas, que se cociñaba ao lume na lareira ou que na escola os nenos escribían nunha lousa con xiz pois non había cadernos. Explícalles como eran os carros, cales eran os apeiros de labranza ou como se confeccionaba a roupa nos teares. María tamén lles conta como eran os antigos oficios dos zoqueiros, cesteiros, ferreiros, oleiros e carpinteiros. Finalmente os Bolechas aprenden a facer o pan. Sementan primeiro o campo, cando está no tempo segan e mallan, moen, e fan a mestura coa fariña para metelo no forno. En *Como vivían no castro do Trega*, apréndese en que consistía un castro e en concreto o de Tegra, situado na desembocadura do río Miño. Ensínaselles que as aldeas se situaban en lugares elevados, con casas circulares e que nelas as actividades que desenvolvían eran a caza, a pesca, o marisqueo, a cerámica. Por último amosa tamén cales foron as achegas dos romanos aos castrexos. En canto ás ilustracións do propio autor, os personaxes de todos os títulos están debuxados cunhas formas redondeadas e con cores fortes sen pretensión volumétrica. Son figurativas, están realizadas con tintas planas e con formas remarcadas por unha liña grosa. As escenas, de páxina completa, correspóndense totalmente co texto. A narración pódese seguir perfectamente só coas imaxes.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "A vida no rural dos avós", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "*Bule Bule*", 23-29 xullo 2009, p. 30.

Presenta o novo título da colección didáctica "Os Bolechas queren saber...", de Pepe Carreiro, *Como vivía a xente da aldea*, e indica que, con personaxes perfectamente recoñecíbeis polos pequenos lectores, se presenta como era o xeito de vida na aldea dos nosos devanceiros recorrendo a unha estrutura de presentación, nó e resumo. Achega tamén unha breve síntese do argumento.

Referencias varias:

- Antón Ferreira "Os Bolechas explican a cultura castrexa aos escolares guardeses", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 22 xuño 2009, p. 16.

Coméntase a presentación do novo volume da colección d'*Os Bolechas queren saber como vivían no castro do Trega*, de Pepe Carreiro, editado por A Nosa Terra. Recóllense as palabras do debuxante e ilustrador Pepe Carreiro, quen comentou que á vez que ía debuxando tamén "ía desvelando o mundo castrexo". Apúntase que no libro se explica dende os modos de vestimenta dos castrexos até o proceso de romanización que motivou a asimilación dos modos de vida romana e a súa lingua.

Carreiro e **Carreiro**, *Peito de lobo*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Os pequenos barbanzóns, n.º 4, [lectorado autónomo], 2009, 31 pp. (ISBN: 978-84-92792-11-5).

Nova entrega da serie na que Pepe Carreiro (Vigo, 1954), coa colaboración de seu fillo Abraham, recupera os personaxes infantís da colección de banda deseñada "Os Barbanzóns". Trátase de contos ilustrados, troquelados e de estrutura moi sinxela, nos que se desenvolven as aventuras dos membros máis pequenos da tribo que habita nos castros de Baroña, onde viven Son, Minu e Baal; no castro de Neixón (Boiro), onde vive Manicho Cativo; e no castro de Porto Baixo (Corrubedo), onde vive Duna. Nárranse historias duns nenos da época castrexa. Trátase a temática da cultura desa época, os xogos, o esforzo, o adestramento, a gastronomía, a amizade, a popularidade, etc. Un narrador omnisciente conta que un día na praia do castro de Baroña Minu o oso Banza, Duna e Manicho Cativo comen ameixas crúas mentres Baal e Son miden as súas forzas. Manicho pícaos asegurándolles que a súa forza non é nada comparada coa do gran loitador Peito de lobo. Tras a burla Baal decide adestrarse e conseguir o título de mellor loitadora da serra do Barbanza, para o cal vai seguir os consellos (madrugar, facer exercicio, comer "ben"…) do seu tío Con (pai de Son). Para a loita preparana o pai de Son e os pequenos barbazóns, chega o día e comeza a loita que consiste en votar a Peito de Lobo fóra dun círculo, o oso Banza tenta salvar a Baal que está sendo esmagada por Peito de Lobo, por culpa da axuda de Banza, Baal queda descalificada. Despois Baal recrimínalle a Banza a axuda porque ela pensaba e seguía pensando que ela ía gañar a loita. Volven a súa vila a seguir comendo ameixas ao carón da praia. Esta narración emprega unha linguaxe sinxela e con trazos lingüísticos característicos da zona donde se desenvolve a historia. Existe unha gran presenza da época castrexa que se amosa no tipo de vivenda (os castros), de comida (chourizos, leite de vaca, xamón, iscos, chouláns, papas…), de distribución social (cada familia vivía nunha casa, varias casas formaban o castro), de estilo de vida (en contato direto ca natureza: ca fauna e flora da praia e do monte…) e costumes. Esta entrega acompáñase dunhas páxinas de coloreábeis (pp. 28-31) referidos ao contido da historia.

Referencias varias:

- Romina Bal, "O afouto mundo dos pequenos Barbanzóns", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 790, "Cativadas", 6 decembro 2009, p. 7.

Infórmase da saída ao mercado da colección "Os pequenos Barbanzóns", que edita Toxosoutos e que aproveita algúns dos personaxes creados por Pepe Carreiro no cómic

Os Barbanzóns. Indícase que nestes contos de aventuras, os personaxes son os máis novos habitantes do castro de Baroña: Bal, Son, Minu e o oso Banza; que comparten protagonismo cos seus amigos doutros castros veciños como Duna de Porto Baixo e Manicho Cativo de Neixón. Dáse conta brevemente do argumento das catro primeiras entregas: *O ladrón de mel*, *Castañas con porco bravo*, *Farrapos de seda* e *Peito de Lobo*, este último ao redor do personaxe que lle dá título, o mellor aloitador da serra do Barbanza. Destácase que se trata dunha colección a bo prezo, con magníficas ilustracións de Pepe Carreiro e que pon atención na reprodución de elementos da cultura galega.

Casalderrey, Fina, *1 pulga, 5 amigos e 1 tándem*, ilust. Manuel Uhía, Pontevedra: Concello de Pontevedra, abril 2009, 119 pp. (DL: PO 204-2009). ◆

Historia de intriga e amizade coas normas de educación vial como pano de fondo na que Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) pretende concienciar sobre a seguridade viaria aos máis novos. Esta publicación forma parte do Plan de Seguridade Viaria promovido polo Concello de Pontevedra do que se editaron tres mil cinco centos exemplares e, en colaboración coa ONCE, un deles en versión braille con ilustracións adaptadas á mocidade que ten problemas de visión. Desenvólvese nunha cidade mariñeira na que unha panda de amigos quere descubrir o que pasa no antigo faro, onde non hai fareiro dende hai tempo. Á noitiña aparecen unhas esferas de luz misteriosas ao redor do faro que soben unha detrás doutra cara ao ceo. As diferentes aventuras que van vivir os mozos para intentar descubrir o que pasa, son as que darán pé para difundir as normas básicas da circulación na cidade, á vez que se van sucedendo distintas situacións e problemas, como a desaparición dos sinais ou das raias pintadas nas rúas, o que conduce irremediabelmente ao caos. Coma sempre que se trata o tema das normas en relación cos máis pequenos aparece ao longo da narración un estraño personaxe, ruin e que desprende mal cheiro, chamado Belial Viario (un belial na mitoloxía grega é un demo), que é o contrapunto a todo o que a historia pretende ensinar: non só se encarga de transgredir todas as regras de seguridade, senón que incita aos demais a quebrantalas. Nos doce capítulos que constitúen esta narración, a autora consegue un gran dinamismo grazas, por unha banda, aos vivaces diálogos e, por outra, á multitude de diversas situacións que se van producindo ao longo da historia. A historia pretende que os futuros conductores interioricen as normas para reducir o dramatismo que leva o incumprimento das mesmas, xa que, un acto irresponsábel neste sentido, sempre ten consecuencias. Esta historia acompáñase das ilustracións figurativas de Manuel Uhía (Portonovo, Pontevedra, 1944). O libro ten pequenos debuxos en todas as páxinas dun can, un rato e uns gatos que xogan e se perseguen polas páxinas. Ademais, en cada capítulo, hai unha ilustración de páxina enteira que completa con imaxes algunha escena importante do texto describindo os lugares a as personas protagonistas. A técnica utilizada é a acuarela e as cores son transparentes e luminosas.

Recensións:

- Mercedes Espiño Amil, "Fina Casalderrey. *1 Pulga, 5 amigos e 1 tándem*", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 45, "Recensións", novembro 2009, p. 135.

Salientan que é un "bo libro didáctico", que pretende educar nas normas básicas de circulación dentro da campaña que forma parte do Plan de Seguridade Vial promovido polo Concello de Pontevedra en colaboracón coa ONCE. A seguir descríbese a historia que se narra nesta "obra de intriga" que está adobada de elementos fantásticos e que non só se dirixe aos máis novos. Remata dicindo que "sen dubidalo, este conto resulta de obrigada lectura se queremos que os nosos peques aprendan seguridade vial divertíndose".

Referencias varias:

- Paula Barros, "Fina ensina a cruzar a rúa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Cultura", 23 abril 2009, p. 69.

Alúdese á presentación do libro de Fina Casalderrey, *1 pulga 5 amigos e 1 tándem*. Segundo Paula Barros, Casalderrey pretende demostrar cómo manter a seguridade vial valéndose dun demo collido da mitoloxía hebrea que fai "barbaridades" relacionadas con ela e incita a ser imprudentes, aínda que ningún personaxe quere parecerse a el. Barros explica que, durante a presentación, a escritora estivo acompañada polo xefe da Policía Local de Pontevedra, Daniel Macenlle, que resaltou que a mellor maneira de conseguir seguridade viaria é mediante a educación.

- Xaime Leiro, "Pontevedra sigue pionera con un libro infantil de seguridad viaria", *El Correo Gallego*, "Galicia", 23 abril 2009, p. 17.

Coméntase a presentación, por parte do alcalde de Pontevedra, do libro de Fina Casalderrey titulado *1 pulga 5 amigos e 1 tándem*, con ilustracións de Manuel Uhía. Sinálase que pretende que os máis pequenos aprendan a enfrentarse ao tráfico. Casalderrey explica que é unha historia de misterio e que o protagonista é "un demo moi ruín" que fai "falcatruadas" coa seguridade vial.

- Mercedes Espiño Amil, "1 Pulga, 5 amigos e 1 tándem", *Revista Galega de Educación*, n.º 45, "Recensións", novembro 2009, p. 135.

Ofrece unha serie de comentarios sobre esta obra da que recalca que "resulta de obrigada lectura se queremos que os nosos peques aprendan seguridade vial divertíndose". Comenta que estamos perante un bo relato didáctico onde se nos narra unha historia que pretende educar nas normas básicas da circulación ambientada nunha vila mariñeira.

Casalderrey, Fina, *Fiz, o coleccionista de MEDOS*, ilust. Teresa Lima, Pontevedra: OQO Editora, col. O, de 3 a 7 anos, outubro 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-9871-206-3). ■

Álbum infantil de Fina Casalderrey (Xeve-Pontevedra, 1951) no que de modo realista e por medio dun narrador omnisciente e os diálogos entre os personaxe cóntase como Fiz, o neno protagonista da obra é poseedor dun sinfín de medos (á escola, aos animais, a se converter nunha galiña, etc.). A solución para perder eses medos e vivir feliz dálla a súa avoa que lle di que se converta no campeón do mundo coleccionando medos. Faille caso e vai metendo todos os medos dentro dun baúl, e así, sen pretendelo e coa axuda dos

seus amigos, vanse desfacendo dos medos de todos eles. A súa colección de medos amplíase ao tentar acoller os medos de todo o mundo. Grazas á insistencia de Fiz e os seus amigos os propios medos asústanse e van minguando. Esta narración apóiase nunha linguaxe sinxela, no uso de onomatopeas e do humor, ademais dos paratextos relativos ao tipo e tamaño de letra (emprego de negriña e maiúscula e de diferentes corpos), que informa dos feitos máis destacábeis da narración. Compleméntase así mesmo coas ilustracións de Teresa Lima (Lisboa, 1962) que interactúan co texto basándose nel e achegando datos da interpretación subxectiva que a ilustradora fai del. A técnica empregada é a pintura de gouache. O estilo é figurativo, esquemático e un tanto surrealista. Nas composicións altérnanse planos xerais con primeiros planos. Predominan as cores frías e as tonalidades neutras. Na cuberta aparecen uns personaxes fantásticos de estilo surrealista que tamén aparecen nas gardas. A tipografía está empregada de forma visual para enfatizar situacións.

Referencias varias:

- Fina Casalderrey, "Fiz, o coleccionista de medos", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Relato infantil", 14 novembro 2009, pp. 4-5.

Acóllese neste suplemento a cuberta e un fragmento de *Fiz*, *o coleccionista de medos*, escrito por Fina Casalderrey e ilustrado por Teresa Lima.

Casalderrey, Fina, *Pesadelo no tren chocolate*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 166, serie azul, a partir dos 10 anos, novembro 2009, 112 pp. (ISBN: 978-84-9865-235-2).

Relato realista de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) no que un narrador en terceira persoa e por medio dos diálogos entre os diferentes personaxes cóntase a primeira viaxe que Iria e o seu irmán Lino fan sós no tren onde comparten vagón cun señor moi estraño. No tren prodúcese un roubo colectivo pero ninguén sabe moi ben cómo xa que todos quedaron durmidos. Iria e Lino decátanse de que o ladrón é o home co que comparten o vagón polo que non poden avisar ao revisor xa que están ameazados. Este compañeiro de viaxe resulta ser un escorredizo ladrón que utiliza un gas para durmilos e escapar. Cando espertan xa non está e están acompañados por unha moza, un ancián e unha señora maior. Chaman ao revisor e cóntanlle quen era o ladrón e a rapaza di que o viu baixar nunha estación polo que todos respiran aliviados aínda que tras pasar uns intres Iria dáse conta dun detalle, a moza ten unha uña case negra, a mesma uña que tiña o ladrón e mete na boca unha goma de mascar que ule igual ó que este posuía. Esta narración, dedicada "A Chus Fernández. E a ti, a quen tanto debo." , apóiase nunha linguaxe sinxela, no uso de onomatopeas e na intriga que se crea arredor do roubo. O relato vai acompañado das ilustracións figurativas de Patricia Castelao (A Estrada, Pontevedra 1974). A imaxe da cuberta continúa na contracuberta e describe visualmente o título do libro: dous rapaces no compartimento dun tren mirando uns tentáculos de pesadelo que avanzan cara a eles. As cores son pouco contrastadas e as formas do monstro son escuras. As imaxes do interior só teñen debuxos en branco, negro e azul, están centradas nos protagonistas; amosan escenas importantes e definen aos personaxes seguindo as descripcións do texto.

Casalderrey, Fina, *O misterio da casa do Pombal*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: SM-Xerme Edicións, col. O barco de vapor, n.º 20, serie azul, a partir dos 7 anos, 2009, 79 pp. (ISBN: 978-84-9854-142-7).

Relato fantástico-realista de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) no que unha voz narrativa en terceira persoa conta unha historia de intriga arredor dunha vella casa solitaria na que se instala unha estraña familia. En Vilacova, unha vila da beiramar, a Casa do Pombal é obxecto de todo tipo de rumores e lendas entre a veciñanza e de feito ninguén quere achegarse a ela. Malia levar varios anos deshabitada, consérvase en perfecto estado e os cristais reflicten unha viva cor azul. A señora Rosa e os xemelgos Rita e Ramón, dos que se ocupa dende que eran cativos, acompañados das súas mascotas, o can Sol, a gata Lúa e os catro papagaios aos que chaman as Estrelas, instálanse na casa sen ningún reparo. Precisan unha casa que poña fin á súa vida ambulante como vendedores de produtos da horta, e a señora Rosa non dubida en aceptar o ofrecemento dun home que lla alugou moi barata, satisfeita de que os nenos poidan por fin asistir á escola. Ao se instalaren, chámalles a atención unha mancha amarela na cociña que non son quen de eliminar por máis que a limpan. Rita e Ramón descubrirán pouco despois que nesa baldosa aparece unha mensaxe que deberán descifrar e cando o conseguen atopan un cofre con centos de moedas de ouro para cumprir o vello desexo de dona Rosa: conseguir unha casa grande e bonita na que ter unha biblioteca con libros de todo o mundo e para todo o mundo. As ilustracións son obra de Manuel Uhía (Portonovo, 1944). A cuberta xa adianta a intriga da historia e na estética depurada e detallada que se atopa no interior do libro. As ilustracións son figurativas, realizadas con lapis de cores, con formas sinxelas e redondeadas, están separadas do texto, ocupan normalmente unha páxina do libro. Os escenarios son envolventes de cores suaves e matizadas.

Recensións:

- María Navarro "Da real fantasía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Infantil/Xuvenil", 4 xuño 2009, p. VII.

Fálase da publicación da obra de Fina Casalderrey, *O misterio da casa do pombal*, para a serie xuvenil "O Barco de Vapor". Dise que se trata dunha narración "de misterio e intriga" arredor dunha casa solitaria que "atrapa ao lector" e dáse conta do seu argumento. Coméntase que a linguaxe empregada é "sinxela", pero "sen perder de vista a función educativo-pedagóxica" e que transmite valores de solidariedade e altruísmo.

- Mª Jesús Fernández, "*O misterio da Casa do Pombal*. Fina Casalderrey", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 228, , "Libros/Novedades. De 6 a 8 años", xullo/agosto 2009, p. 52.

Salienta en primeiro lugar que nenos, anciáns e animais domésticos son elementos que aparecen con frecuencia na obra desta autora e que volven a ser protagonistas do relato que comenta no que hai unha clara referencia á "rica tradición de la fantasía gallega" que relaciona coa figura da "moura", "un ser mítico que guarda tesoros ocultos y que puede propiciar la suerte o la desgracia de los que se encuentran con ella". Logo recorda a historia e finaliza dicindo que unha vez máis os personaxes "de esta autora han encontrado su plasmación gráfica en las acertadas imágenes del ilustrador Manuel

Uhía", quen sabe interpretar, segundo di, á perfección o mundo creativo de Fina Casalderrey.

Casalderrey, Fina, *Papá é meu!*, ilust. Irene Fra, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2009, [26] pp. (ISBN: 978-84-9865-173-7).

Relato no que Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) narra a través do diálogo, o primeiro día de praia de Adela e Paulo, dous irmáns nos que o egoísmo está moi presente. O tema principal é as disputas entre irmáns á hora de compartir as cousas da praia, sempre tratado dende unha perspectiva realista. A voz narrativa, que está en terceira persoa, é un narrador omnisciente que ficcionaliza o primeiro día de praia de Adela e Paulo e explica que Adela esquece a pa na casa e seu irmá, o caldeiro. O feito de non se prestar mutuamente as cousas fai que comecen as discusións entre ambos. Adela pide ás gaivotas unha barca de pedais, a area e as ondas para ela, mentres seu irmán se apropia dunha illa, o parasol e o mar. Estas discusións rematan cando Paulo, para captar a atención do seu pai, finxe afogar, algo que provoca as bágoas de Adela. Dende ese momento Paulo non dubida en compartir os utensilios da praia coa súa irmá Adela e a histora conclúe co pai sorprendido por velos xogar xuntos e felices. Nas ilustracións de Irene Fra (Mataró, Barcelona, 1971) a historia transcorre entre un mundo de tons amarelos. Este amarelo iníciase na cuberta e contracuberta coa presentación dos personaxes. As ilustracións son figurativas, realizadas con cores suaves e cálidas de acuarela. As composicións avivan a imaxinación do lectorado complementando e introducindo os seus propios aspectos visuais e narrativos.

Caseiro, Delfín, *A lenda da lagoa de Antela*, ilust. Rebeca González, Ourense: Centro de Cultura Popular do Limia, 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-937158-1-6). n

Relato de Delfín Caseiro Nogueiras (Rairiz de Veiga, 1954) que comeza cun refrán da tradición oral: "Madrugada de San Xoán, madrugada a máis garrida, que baila o sol cando nace e ri cando morre o día". Nel unha familia galega tradicional, formada polos pais Xosé e Domitila e os fillos Albán e Saínza, levan ás vacas Marela e Gancha a pacer mentres eles procuran unha carrada de beón preto da Lagoa de Antela. Alí os nenos descobren unhas marcas redondas que lles parecen estrañas e ante as preguntas do neno, o pai explícalles que se trata das marcas das casas de auga ou cortellos. Como no camiño de volta no carro seguen a preguntar, a nai cóntalles aos dous cativos que hai moitas lendas sobre esa lagoa e eles pídenlle que lles conte algunha. A nai conta unha lenda que ela escoitara á súa vez da boca da súa nai e na que se relata que baixo da lagoa existía unha cidade asolagada chamada Antioquía que fora devastada nos tempos antigos por un exército de desalmados encabezados por Corterríbel para conquistar toda a chaira e se asentar alí despois. A continuación, o pai cóntalles outra historia da cidade de Antioquía na que indica que fora fundada polo heroe Anfíloco e na que vivía xente que adoraba ao sol e ao galo e que tiñan sometidos aos veciños da contorna polo que recibiron un castigo de Deus, xa que se consideraban superiores ao resto da xente. A nai continúa contando outros "feitos marabillosos": as badaladas e o canto dos galos que se escoitan as noites de san Xoán e de Nadal e o pai relata con detalle que os vellos dicían que "cada sete ou nove anos" na madrugada de san Xoán parecía que a cidade asolagada recuperaba a vida e que se escoitaban "as queixas e salaios das ánimas en pena". Remata o relato asegurando que esa noite os dous rapaces han soñar con "lugares

máxicos, nunca antes visitados, onde seres fabulosos viven existencias de cristal". Nas ilustracións, Rebeca González, emprega dous estilos diferentes: un máis naturalista con paisaxes da lagoa e outros máis imaxinarios con elementos estilizados ou simbólicos según conveña para seguir ao texto. As cores son intensas e moi contrastadas. A técnica utilizada é a acuarela aplicada con pinceladas soltas e expresivas.

Castro, Francisco, *Chamádeme Simbad*, ilust. Manel Cráneo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 162, a partir dos 12 anos, 2009, 182 pp. (ISBN: 978-84-9865-147-8).

Narración encadrada no denominado realismo cotián na que Francisco Castro (Vigo, 1966) aborda o tema do alzhéimer e o coidado dos maiores na sociedade actual, botando man das fórmulas adoitadas neste tipo de relatos: protagonista infantil, narración en primeira persoa para plasmar a percepción infantil do mundo dos adultos e a expresión de seu -frases sinxelas e ocorrentes, humor, chispa...-, e escenario doméstico no que se introduce algún feito que racha co equilibrio. Paulo, un neno de dez anos, relata os cambios que experimentou a súa vida familiar coa enfermidade do avó, que responde a unha palabra fea: alzhéimer. O avó esquécese de todo, repite seguido as mesmas cousas, ri coma un cativo e en ocasións non coñece a ninguén, aínda que si se lembra de Paulo, o seu compañeiro de xogos, pois ambos comparten en segredo unha fantasía a partir dun vello conto: Paulo é Simbad e o avó, o Capitán dos Sete Mares. A visión de Paulo acolle a crítica ao comportamento do pai, que fala seguido polo móbil e sempre anda ocupado, e o retrato das cargas familiares que asume a nai (tarefas domésticas e coidado do sogro e do fillo). Nas ilustracións figurativas de Manel Cráneo (A Coruña, 1973) só ten cor a cuberta que presenta ao protagonista como un neno moi imaxinativo que se cre Simbad sobre un mapa antiguo; hai moita relación entre a imaxe e o título. As imaxes do interior son de páxina enteira e ilustran as escenas importantes da narración, algunhas reais e outras imaxinadas. As figuras están realizadas cunha liña grosa de cor negra e planos de cor azul e negra sobre fondo branco. O protagonista aparece sempre disfrazado de Simbad.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "O avó de Simbad", *A Nosa Terra*, "*Bule Bule*", n.º 1.363, 11-17 xuño 2009, p. 30.

Dise que se trata dunha "tenra historia de xenerosidade e agarimo" con trasfondo social entre Paulo, un neno de dez, anos e o seu avó enfermo de Alzheimer. Tamén se comenta que o feito de estar estruturado en vinte e dous capítulos, ademais dun epílogo, e cunha linguaxe sinxela con trazos humorísticos facilita a súa lectura. Por último salientase o "dominio do azul" das ilustracións que é a expresión plástica do ton marítimo do relato.

- Ramón Nicolás, "Do Simbad ao Senegal", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 324, "Letras en Galego", 1 agosto 2009, p. 10.

Cualifica *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro, e *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz, como dúas propostas de calidade e resolución satisfactoria tanto para os seus lectores en primeira instancia, a partir dos dez anos, como para os adultos. Con respecto a *Chamádeme Simbad*, salienta o uso dunha figura clásica tamén abordada por

Cunqueiro para favorecer a reflexión, neste caso sobre o alzhéimer, tal como acontece noutras obras do autor co totalitarismo, a xenofobia e a ecoloxía. Como pano de fondo identifica unha radiografía da sociedade actual.

- María Navarro, "Fantasía / Realidade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 304, "Infantil/Xuvenil", 15 outubro 2009, p. VII.

Recoñece a recensionista en *Chamádeme Simbad* de Francisco Castro a combinación da fantasía que comparten Paulo e seu avó coa crúa realidade dunha doenza. Salienta que se trata dun texto no que a través da ollada dun rapaz, "maduro de máis para a súa idade", se pon de manifesto que a importancia da existencia radica nos detalles aparentemente máis insignificantes e que se cadra "só valorando os sentimentos dos demais chegaremos á plena felicidade".

Referencias varias:

- S. J., "Castro afirma que os personaxes das novelas xuvenís son irreais", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 20 maio 2009, p. 70.

Co gallo da Feria do Libro de Lugo, tivo lugar unha conversa entre Francisco Castro e Manuel Darriba sobre os tabús na literatura e tamén sobre a obra *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro. Manuel Darriba manifestou que o libro, que trata das reaccións dunha familia ante o Alzheimer do avó é "un canto á vida". Por outra banda, sinala que Castro opina que a literatura galega mantén un tabú coa sexualidade feminina. Finalmente coméntase a presentación do libro dirixido a prelectores *Cando eu sabía ler*, de Yolanda Castaño.

Castro, Juan (coord.), *Cun lirio branco no peito*. *XXXVI Premios Literarios* "*Minerva*" *2008*, limiar de Agustín Fernández Paz, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos, 2009, [108] pp. (DL: C 123-2009). ◆

Acóllense neste volume os poemarios e relatos gañadores dos XXXVI Premios Literarios "Minerva" 2008, precedidos por un limiar de Agustín Fernández Paz, quen tamén actuou como vogal do xurado na modalidade de narración. Este comenta que despois dunha traxectoria de vinte e cinco anos de escritor deuse conta de seis certezas. Cre que a primeira é que as persoas necesitamos historias e que estas formaron unha parte moi importante na súa nenez. Sinala que a segunda é que lle gusta escribir pero o que máis lle gusta é ler o que escriben outras persoas e que *A illa misteriosa*, de XulioVerne, foi a novela con que seu pai, nos anos cincuenta, lle contaxiou o seu entusiasmo polas historias gardadas nos libros, xa que pensa que neles están todos os sentimentos e experiencias das persoas. Di que a terceira certeza é que un escribe para crear un mundo autónomo, orixinal e irrepetíbel e a lectura permite tamén entrar nese mundo. Comenta que a cuarta certeza é que o proceso creativo ten unha dimensión universal polo que escribe dende o centro do mundo e desexa que os seus libros se expandan en círculos concéntricos: primeiro busca os lectores do seu país e logo os da periferia mundial e que o que máis lle doe son os atrancos para chegar á xente nova de Galicia e cre que só se pode ser universal dende as propias raíces. Opina que a quinta certeza é que escribe cos fíos da infancia e da vida, reflectidas nos personaxes e no mundo do libro e o que escribe é unha extensión del mesmo, das súas ideas,

experiencias, sentimentos e obsesións. A última certeza que el percibe é que os libros teñen a capacidade de cambiarnos a vida e o mundo porque para cambiar a sociedade fai falta xente creativa. Tras recoller as composicións poéticas, atópanse nun segundo bloque os seguintes relatos:

- Daniel Martínez Mariño, "Catálogo Messier", Primeiro Premio de Narración, pp. 73-80.

A narradora protagonista é unha nena que pasaba moito tempo co seu pai, o cal era afeccionado á astronomía, polo que a súa maior ambición era ver nunha soa noite os cento dez obxectos que compoñen o Catálogo Messier, pero só se podían ver unha vez ao ano na segunda metade de marzo. O pai enferma e detéctanlle un cancro na cabeza, pero el asegura que vai loitar. Comeza coa radioterapia, polo que queda calvo e cunha cabeza enorme, e cando a vai buscar ao instituto pon o gorro do avó. Ela avergóñase e dille que non é necesario que vai buscala, que xa vai no autobús, pero despois arrepíntese do seu comportamento e pídelle que a volva buscar. O carácter de seu pai comeza a cambiar e cada vez berra máis coa muller e tira as cousas ao chan, até que morre.

- Lorena Iglesias González, "Deslembrado", Segundo Premio de Narración, pp. 81-87.

Un narrador omnisciente conta que Dora foi á Comisaría de Policía coa súa filla Sabela para dar parte da desaparición do seu home, que tiña unha enfermidade rara polo que esquecera todo. Conta que eles estaban separados pero, dende que el deixara a bebida e enfermara, volvera con elas e que só o deixaban ir só facer pequenos recados como mercar o pan. Foise para a casa e pola noite chamárona do Instituto Anatómico Forense para dicirlle que o atoparan morto. Ela cre que se perdeu por culpa da chuvia.

- Lorena Riveiro Rodríguez, "O xoguete de Amud", Terceiro Premio de Narración, pp. 89-100.

A narradora protagonista é Uxía, unha doutora que viaxa a Darfur para atender o poboado dos Masalit que foron arrasados polos Yanyahuid. Cando está a facer o seu traballo no hospital de campaña chega un neno de seis anos chamado Amud que quere axudar, pero todo o que ela lle deixa convérteo nunha arma de fogo. Ela descobre que os Yanyahuid mataron a seu pai e violaron a súa nai, entón el quere ser soldado, coma seu irmán e seu pai, para vingar a morte do último. Os Masalit sofren outro ataque e o irmán de Amud morre no hospital, polo que o neno colle o fusil cun sorriso, como se fose un xoguete.

- Lucía López de Abajo López, "A fronteira", Áccesit de Narración, pp. 101-108.

O narrador protagonista é Breixo, un rapaz que sofre esquizofrenia e que deixa de tomar as pastillas e recae. Pensa que o perseguen e que o queren matar como hai tres anos, pero daquela o doutor Castro agochouno no hospital, no andar dos enfermos mentais, como testemuña protexida. Ao final do relato hai un pequeno diálogo entre Catuxa, a parella sentimental de Breixo, e o doutor Castro, que lle di que o enfermo hai tempo que vive nunha realidade paralela, ao outro lado da fronteira.

Recensións:

- Román Raña, "Vizosa colleita", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", nº 293, "Libros", 4 xuño 2009, p. VI.

Fai referencia ao volume que recolle os Premios Literarios Minerva de 2008, intitulado *Cun lirio branco no peito*. Tras citar os nomes dos autores líricos e os títulos das súas composicións, céntrase nos narrativos dos que ofrece comentarios sobre os seus relatos: "Catálogo Messier", de Daniel Martínez Mariño; "Deslembrado", de Lorena Iglesias González; "O xoguete de Amud", de Lorena Riveiro Rodríguez; e "A fronteira", de Lucía López de Abajo López.

Castro Lima, Manuel e Mª del Mar **Ameixeiras Sánchez**, *Antón e o Apalpador*, ilust. Francisco Ameijeiras Sánchez, Vigo: Barafunda Editorial, decembro 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-613-6466-4).

Conto de Manuel Castro Lima e Mª del Mar Ameixeiras Sánchez que arrinca cunha dedicatoria persoal. Trátase dunha historia contada por un narrador omnisciente en terceira persoa e protagonizada por Antón, un neno de cidade que vai pasar as vacacións de Nadal coa súa madriña do Courel. Cando o protagonista chega alí non había ninguén esperándoo na parada de autobús, polo que decide ir só polo bosque até a casa da súa madriña. Mentres está camiñando faise de noite e o neno, que ten medo, decide entrar na primeira casa que ve. Dentro dela hai moitos xoguetes de madeira e un xigante que lle apalpa a barriga e que posteriormente lle dá castañas. Ao día seguinte Antón esperta xunto un xoguete de madeira na casa da súa madriña a quen lle conta o sucedido. Ela explícalle que o xigante é o Apalpador que polo Nadal pescuda se os nenos comen ben tocándolles a barriga. Se están ben mantidos, dálles castañas e regálalles un xoguete de madeira. O espazo principal no que se desenvolve a historia é o bosque do Courel, aínda que a casa do Apalpador e da madriña tamén cobran importancia. Dende o punto de vista temporal trátase dunha narración lineal que ten un ritmo áxil. O libro remata cuns xogos sobre a figura do Apalpador e coa reprodución da "Cantiga do Apalpador", cantiga de Amadora de Galego, recollida en Romeor do Courel, por José André Lôpes Gonçâles (1994).

Recensións:
- R. Candal, "Xa chega o Apalpador!!!!!", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 792, "Nadal Galego", 20 decembro 2009, pp. 10-11.

Detalla a historia do Apalpador e destaca que este Nadal o Concello de Santiago de Compostela programou numerosas actividades coa súa figura. Indica que saíron do prelo dous contos sobre o Apalpador, *Antón e o Apalpador* e *O Apalpador*, e un espectáculo de monicreques *A historia do Apalpador*. Finalmente realiza unha entrevista a Leandro Lamas, o primeiro debuxante do Apalpador, quen sinala que realizou este traballo a pedimento da Gentalha do Pichel e describe a súa faceta como debuxante.

Referencias varias:

- Manuel Castro e Mar Ameixeiras, "Antón e O Apalpador", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 206, "E tamén... lecturas xogos arte música cine gastronomía", 19 decembro 2009, p. 4.

Tras un breve resume do argumento da obra, reprodúcese un fragmento de *Antón e O Apalpador*, escrito por Manuel Castro e María del Mar Ameixeiras.

Daporta, Mon, *Un becho estraño*, ilust. Óscar Villán, Vigo: Faktoría K de Libros, [lectorado autónomo], xuño 2009, 14 pp. (ISBN: 978-84-96957-66-4).

Neste álbum narrativo de álbum de tapas e follas duras de papel mate, de Mon Daporta (Cambados, 1952), un narrador en primeira persoa vai describindo con todo detalle o becho que se descoñece ao principio do conto. Esta descrición tamén se segue por medio das ilustracións figurativas de Óscar Villán (Ourense, 1972). O cromatismo de aspecto cálido é moi limitado (os fondos son grises e as letras e as formas en grises máis claros e rosas). Hai un xogo coa disposición das formas e dos textos que fai posíbel unha lectura dende a primeira páxina a última e despois volver a lelo dende o final ao principio. Non é posíbel unha lectura independente nin dos textos nin das imaxes xa que as dúas se complementan. As imaxes céntranse no rato e son figurativas aínda que non son completas até a páxina final. A tipografía en maiúsculas e a disposición das palabras ten un papel importante na narración.

Diaz, Checa, *Coida as maneira*s (ISBN: 978-84-8341-383-8), ilust. da autora, Vigo: Promocións Culturais Galegas. A Nosa Terra, col. Os libros de Tatá, máis de 3 anos, 2009, [16]/ [16] pp.

Nesta entrega da colección "Os libros de Tatá", escrita e ilustrada por Checa Diaz (nome literario de Francesca Diaz), cóntase por medio das palabras e das imaxes moi coloristas e animadas da propia autora da narración, a importancia que van tomando as palabras para o Coello protagonista, quen descobre o valor dalgunhas como por favor!, Grazas!, Desculpa! E Sintoo! Tan necesarias para a relación cos seus amigos. Estes libros pop-up están ilustrados pola mesma autora dos textos. A través dun estilo infantil presenta a uns animais con comportamentos humanos. Conta con imaxes amábeis e atractivas feitas con cores saturadas e unha liña negra que rodea as formas. As composicións, de páxina dobre, están centradas nos animais ubicados nunha contorna sen máis información que a liña de horizonte. Ten pestanas que se levantan e solapas das que hai que tirar, o que fai máis entretida unha lectura orientada cara ás accións que realizan os animais. As imaxes son imprescindíbeis para seguir os textos.

Díaz, Pablo, *Tic Tac*, ilust. Marc Taeger, Pontevedra: Editorial Kalandraka, novembro 2009, [52] pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-8464-701-0).

Libro-disco introducido cun "Prólogo" de Santiago Auserón que eloxia o feitío, adecuación e traballo das cancións. Afirma que se dirixen tanto a rapaces como a adultos, e traen as tonalidades de moitas paisaxes "da nova sociedade galega", xa sexa en ámbitos naturais ou íntimos. Considera que Pablo Díaz e Marc Taeger crearon un produto na mesma linguaxe, respectando a intelixencia dos máis cativos, que nunca se

debe perder. O tictac dun reloxo que se esquece das présas pecha a introdución para dar paso á cancion "O reloxo de Alberte", boa para un despertar enérxico en primeira persoa do plural. As pezas divídense en cancións sobre elementos da realidade cotiá: "O libro", "A choiva", "No mar", "Imos contar un conto", "A cunca", con paralelismos moi rítmicos e sinxelos...; cancións con protagonista animal: "O crocodilo", "O reiseñor", "Rock do porco celta", "O moucho chosco", con refráns que se encadean co fin de cada estrofa; cancións cunha historia por baixo: "O traxe de metal", "Un vello", "Son un trasno"...; e unha serie de cancións populares reformadas para o entendemento e boca dos rapaces ou con estratexias nitidamente reiterativas ou acumulativas: "Un, dous, tres", "O Jai jai" e "Arrolo". Ao rematar as cancións, moi unidas ás de transmisión oral, aparece un "Epílogo" de Xurxo Souto, un recordatorio dos prodixios das crianzas, como o é non quedar nunca afónicas ou coñecer as técnicas vocais máis requintadas sen que ninguén llelas aprenda. Así, realízase un chamamento aos adultos para que sintan con Pablo, e descubran "este canto dos contos" sen pretender entender. Porque as agullas do reloxo, cando os máis cativos cantan ao "cotián", transmiten o seu ritmo ao Universo. Acompáñase das ilustracións figurativas de Marc Taeger. Na cuberta aparecen as siluetas dunhas figuras. As imaxes son de estilo primitivo: animais, vexetais e motivos decorativos. A técnica que usa é o gravado que proporciona unhas formas simples e toscas realizadas en tintas planas de cores primarias. Nunha páxina aparece o poema encabezado por un título destacado con letras debuxadas e na outra páxina as imaxes son composicións de páxina enteira relacionadas coa poesía.

Recensións:

- Romina Bal, "Tic-Tac, Tic-Tac empeza a contar os días e as noites", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 793, "Cativadas", 27 decembro 2009, p. 5.

Comenta que este libro-disco é unha das novidades de Kalandraka para o Nadal. Indica que nel se fai un percorrido por distintos ritmos mediante dezaséis cantigas e que presenta ilustracións feitas coa técnica do linogravado. Tamén se refire a outras tres obras da editorial como *Oda a unha estrela*, *Libro das M'Alicias* e mais *Onde viven os monstros* (2000).

Referencias varias:

- Ana López, "Crear para historias infantiles es muy gustoso", *Diario de Pontevedra*, "En 3 minutos", 29 decembro 2009, p. 21.

Conversa na que Marc Taeger, deseñador e autor das ilustracións deste libro, comenta a súa relación con Kalandraka e con referencia a este libro-disco detalla que o ilustrou contando coa música de Pablo Díaz

- maré, "Kalandraca presenta hoxe en Vigo 'Tic-Tac", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 decembro 2009, p. 29.

Dáse conta da presentación deste libro-disco na Porta do Sol de Vigo nun acto organizado polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo e apúntanse as características deste libro como que conta con dezaséis cancións que abordan temas próximos aos máis novos como a natureza, o mar, os animais ou o fogar.

- Ana Mauleón, “Tic-Tac, música para oír y mirar”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 decembro 2009, p. 40.

Anúnciase o concerto no que se interpretou parte das cantigas de *Tic-Tac* ás cinco da tarde na Porta do Sol de Vigo e detállase que este libro-disco ademais de entreter na casa serve como útil instrumento para as clases de Educación Musical.

Díaz Balado, Alicia, *Inés de Castro. De cinza e cereixas*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, [lectorado mozo], xullo 2009, 125 pp. (ISBN: 978-84-92792-02-3).

Neste relato fantástico-realista con base histórica, de Alicia Díaz Balado trátase o tema do amor. Despois dunha dedicatoria dirixida a seus pais, Tino e Alicia, cóntase, a través dun narrador omnisciente e da protagonista Inés de Castro, a historia desta última co infante Pedro. Comeza cando Ines vai confesar e lle describe ao cura a historia de Constanza que casa con Pedro e que ela, prima de Constanza, vai ir con eles como axudanta. Logo incídese en que Inés está namorada de Pedro, nas relacións que manteñen e os encontros en segredo. Inés conta as súas vivencias con Pedro, pasando polos fillos que tiveron até chegar á súa morte. As ilustracións do interior son debuxos a carbonciño de Claudina Cerviño. As imaxes ocupan unha páxina enteira. O estilo empregado é moi expresivo aproveitando a posibilidade desta técnica de mesturar trazos intensos de carbón e manchas difuminadas. As ilustracións representan escenas importantes achegando unhas imaxes sensíbeis que reflicten as emocións nos rostros. Non hai referencias espaciais pois as escenas están centradas nas figuras.

Docampo, Xabier P., *A noite das filantes*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2009, 26 pp. (ISBN:978-84-9865-203-1).

Neste álbum de Xabier P. Docampo (Rábade, Lugo, 1946) e Xosé Cobas (Logrosa-Negreira-A Coruña, 1953) un narrador omnisciente relata como nunha clara noite de agosto unha filante cae do ceo ante os ollos asombrados duns nenos, que deciden buscala, polo que van ao mar, ao campo, á cidade, á vía do tren e, por último ao río. En todos estes lugares ven diferentes tipos de estrelas pero ningunha delas é a que eles viron caer. Finalmente atopan un neno que ten luz dentro, polo que pensan que a filante cando caeu metéuselle dentro. As ilustracións son imprescindíbeis para entender a narración que necesita delas para contar esta historia de gran sensibilidade. Son figurativas, concibidas con libertade, favorecendo unhas composicións moi persoais nas que as figuras teñen tanta importancia coma os fondos. As composicións son unha tradución visual dos textos cunhas imaxes suxestivas. En canto a técnica, emprega trazos difuminados de pintura con xogos cromáticos para os fondos e trazos máis concretos para as figuras.

Eiras, Iolanda, *Baldras, o xigante*, ilust. Fran Bueno, Vigo: Edición Xerais de Galicia, col. Merliño, [lectorado autónomo], 1ª ed. marzo 2009, [32] pp. Inclúe CD. (ISBN: 978-84-9782-977-9).

Primeiro álbum ilustrado no que colaboran Iolanda Eiras (Pontevedra, Lestrove, 1975) e o ilustrador Fran Bueno (nome artístico de Francisco Bueno Capeáns, Santiago, 1967). O libro inclúe un cedé no que a autora narra o conto sobre un fondo musical composto tamén por ela. O conto ten como protagonista a Xulián, un neno que escoita dicir aos seus amigos na praza de Vilapedra, que un xigante está a achegarse á vila. Xulián, que de maior quere ser investigador, pensa que os xigantes non existen e para demostrárllelo vai na súa procura. Porén, cando o tivo diante quedou abraiado ao ver un ser tan grande e feroz. As ilustracións e a tipografía das letras van axudando a ver a evolución da historia que dá lugar a unha gran amizade a pesar das diferenzas entre os protagonistas. As cores predominantes son frías e están dispostas en tintas planas aplicadas co ordenador, xógase con figuras realistas que aparecen en composicións variadas e que refiren o que ocorre completando os textos e mesmo ofrecendo unha lectura visual independente.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Apariencia enganosa", *A Nosa Terra*, n.º 1.360, "*Bule Bule*", 21-27 maio 2009, p. 30.

Fálase do primeiro álbum ilustrado da mestra de primaria Iolanda Eiras, *Baldras, O Xigante.* Di que o protagonista é Xulian, un neno ao que lle gusta investigar e descubrir as cousas por el mesmo. Coméntase que o outro protagonista, O Xigante Baldras, faralle ver que moitas veces as aparencias enganan e a importancia da amizade como "elemento integrador" da diferenza. Con respecto á linguaxe, Alba Piñeiro considera que é "sinxela, expresiva" e "humorística" con xogos tipográficos. Por último, comenta que o libro vai acompañado dun Cd no que se narra o conto cun fondo musical.

Referencias varias:

- L.G., "A Literatura Infantil, unha boa profesora", *Diario de Arousa*, 22 abril 2009, contracuberta.

Fálase da publicación do libro *Baldras, o xigante*, de Iolanda Eiras do que di que é unha historia que lle pretende "achegar a música aos nenos". Coméntase que o libro forma parte da colección "Merliño" e que inclúe un CD co conto lido e musicado pola banda artística de Merza xunto co seu alumnado de Santiago. Conclúese que é unha obra para todos os públicos.

- Lidia M. Gallas Otero, "Quero que os nenos coñezan outros estilos de música, non só o da televisión", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 26 abril 2009, p. 42.

Co gallo da publicación de *Baldras, o xigante,* Lidia M. Gallas Otero entrevista á súa autora Iolanda Eira. A escritora comenta que se inspirou no seu tío-avó para o personaxe de Baldras, e que co libro pretende achegar a música das bandas e os seus estilos aos nenos, para o que se inclúe un disco de música. Ademais, a escritora explica que un propósito do conto é mostrar que "as diferenzas non sexan barreiras nin límites para relacionarnos cos demais".

- C. P. “A música é vital, por iso o meu conto, ademais de ilustrado, vai cun cedé”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pié de calle”, 6 maio 2009, p. L.16.

Iolanda Eira, autora de *Baldras, o xigante* comenta na entrevista que a imaxinación “dispárase” traballando cos nenos, que o conto vai acompañado dun CD onde ela é a narradora, que a música a interpreta a banda de Merza e os que cantan son o seu alumnado do Pío XII. Tamén di que lle gusta escribir historias infantís e que as ilustracións son de Fran Bueno.

Fariña, Anxo, *Os Megatoxos e os templarios da luz*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Os Megatoxos, n.º 3, [lectorado mozo], 2009, 168 pp. (ISBN: 978-84-8341-408-8).

Nesta novela de pandas, dividida en dezaoito capítulos, de Anxo Fariña Temprano (Vigo, 1977) de modo fantástico un narrador omnisciente por medio de diálogos entre os personaxes cóntanse as aventuras dun grupo de rapaces que van de excursión coa clase aos Pirineos, as aventuras proveñen dos poderes que lle proporciona o toxo, así Ruxe convértese en lobo ou en peixe, Lúa é experta en conxuros,… Estes cambios lévannos até a época da Revolución Industrial e concretamente a París onde, entre outras cousas, teñen que loitar contra unha “besta mecánica” para salvar á humanidade e así poder emprender de novo o seu viaxe de volta a casa. Esta narración complétase coas ilustracións do propio autor que axudan á comprensión total da novela. Na cuberta atópase a primeira destas ilustracións, todas elas realistas e acordes coa historia que se está a contar en cada momento, empregando diferentes cores (sobre todo tons marróns e verdes) para darlle máis expresividade e vida ás imaxes. Por último a letra empregada é clara utilizándose un tamaño máis grande e en negriña para os títulos de cada capítulo e a cursiva para a dedicatoria que se atopa ao comezo da obra así como algúns termos en francés presentes na novela como “mon amour” ou “Fléches du crépuscule”. Son figurativas, imaxes moi coidadas que achegan detalles sobre aspectos importantes da narración coma a descripción visual dos protagonistas e os enxeños metálicos. As composicións preséntanse en páxinas enteiras salpicadas ao longo do libro e achegan información que completa os textos aínda que non son imprescindíbeis.

Recensións:

- Alba Piñeiro, “Aventura na cidade da luz”, *A Nosa Terra*, n.º 1.384, “*Bule Bule*”, 3-9 decembro 2009, p. 26.

Comentario centrado no relato *Os megatoxos e os templarios da luz*, de Anxo Fariña, que sitúa dentro da serie da saga xuvenil “Os Megatoxos”, na que cada entrega presenta unha nova aventura duns rapaces e rapazas con poderes sobrenaturais. Sinala que nesta ocasión a aventura transcorre en París e que acción avanza grazas aos diálogos, o que lle imprime á narración un ritmo rápido que se combina co suspense.

- Paula Fernández, “Ao coidado da Terra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 314, “Libros”, 24 decembro 2009, p. VII.

Sitúase esta nova entrega da saga protagonizada polos Megatoxos, *Os megatoxos e os templarios da luz*, de Anxo Fariña, nas mesmas coordenadas que as anteriores: a combinación do real co marabilloso e a presenza de certo contido moral, neste caso referido ao coidado da Terra. Resúmese brevemente o argumento da historia e saliéntase aspectos como a narración en terceira persoa, os diálogos que achegan verosimilitude, o desenvolvemento lineal da trama, as aventuras que se desenvolven a un ritmo frenético e a inserción de tópicos da adolescencia. Entre os aspectos máis frouxos alúdese ao contido ecolóxico de carácter didáctico, por se presentar "dunha maneira demasiado directa, moi moralizante e nada suxestiva, que rompe o ton máis desenfadado do resto da narración".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 306, "Infantil/Xuvenil", 29 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que describe brevemente dúas obras de literatura infantil e xuvenil: *Os Megatoxos e os templarios da luz*, de Anxo Fariña Temprano; e *Amancio Amigo e o demo da botella* (2008), de Xosé Miranda.

- V. Oliveira, "Heroes de feitura propia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Aventuras", 22 decembro 2009, p. 29.

Apunta o éxito obtido coa saga da literatura xuvenil galega titulada Os Megatoxos, cun total de 20.000 exemplares vendidos dos volumes *Os Megatoxos e o aprendiz de druída* (2007) e *Os Megatoxos e a espada esmeralda* (2008), aos que se vén sumar a terceira entrega, *Os Megatoxos e os templarios da luz*. Sinálase tamén que tras ambientar os dous títulos anteriores na época castrexa e no Medievo, respectivamente, esta nova aventura sitúase no París da revolución industrial, ao tempo que rescata os Templarios da Luz, que xa apareceran na segunda entrega. Recóllense algunhas manifestacións do autor, indicando o seu gusto pola historia e a súa mestura coa aventura e o misterio, o gran número de seguidores da serie en internet e o seu desexo de que os rapaces galegos conten con series na súa lingua.

Fernández, Antonio, *Martiño e o LOBO de Pena Trevinca (un conto na lobo natura)*, ilust. de Eduardo Martín, A Veiga: Concello de A Veiga, 24 pp. (DL: OU 198-2007). ◆

Antonio Fernández publica este conto coas ilustracións de Eduardo Martín. Nel cóntase a través do texto e das ilustracións a historia de Martiño, un neno de doce anos que vive en Vilanova e que vai ir con seu pai por primeira vez a cazar. Xa no monte, o pai mándalle quedar coa súa cadela Lula nun agocho. Cando está alí á espera aparece unha corza, que asustada foxe e detrás dela vai a cadela Lula. Martiño decide ir na procura de Lula e cando se dá conta pérdese no monte e comeza a nevar. Cansado e con medo escoita ouvear aos lobos. Mentres, os animais do monte deciden se axudar ou non o neno. O lobo decide ir falar con el e propoñerlle un trato: se Martiño demostra ter un bo corazón e promete axudar aos animais de Pena Trevinca, el ensinaralle o camiño de volta á aldea. Martiño nun primeiro momento colle medo, pero ao final confía nos animais e coa axuda lo lobo regresa a súa aldea.

Fernández Paz, Agustín, *Lúa do Senegal*, ilust. Marina Seoane, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 38, a partir de 10 anos, maio 2009, 197 pp. (ISBN: 978-84-9782-556-6).

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) aborda neste relato a inmigración dende a perspectiva do desarraigamento e a intensa tristura que a rodean, cun marcado acento na dimensión persoal, emotiva e íntima, mais tamén integrando o optimismo, o respecto e o valor da convivencia de linguas e culturas diversas. Khoedi, unha nena senegalesa de once anos, trasládase a Vigo con súa nai e súa irmá pequena para se reunir con seu pai. Na nova cidade atopa na Lúa a súa confidente, o elemento común entre o mundo que coñece e o estraño que a rodea agora, dúas realidades tan distintas que a fan sentirse cos pés no aire, coma se non pertencese a ningún lugar. A ela dirixe as súas reflexións ao longo dos tres meses que decorren entre o 18 de xuño e o 15 de setembro. A través das súas palabras dá conta do seu desacougo inicial perante á nova realidade e aos novos costumes, da súa vida na vila natal, Zinguichor, e do seu principal medo: o comezo do curso escolar e as dificultades que intúe. A voz dun narrador externo toma a remuda nos capítulos 4, 8 e 12 para ofrecer unha ollada externa e completar as lagoas, mais sen esquecer a perspectiva central da nena. Ademais, insírense na narración outros relatos máis breves tomados ou emparentados coa tradición popular africana que amosan a principal afección e habilidade de Khoedi, a de gran contadora de historias, tanto das herdadas da voz e a memoria da avoa Feriane coma das que ela mesma constrúe mesturando retallos das que coñece, facendo que semellen novas. A nivel paratextual preceden ao texto senllas citas de Rosalía de Castro e Léopold S. Senghor, escritores fundacionais das dúas culturas representadas, a galega e a senegalesa, e mais un mapa do Senegal que ofrece a localización dos espazos citados no relato. Nas páxinas finais inclúese un breve "Vocabulario de wolof", a lingua máis falada do Senegal, entre as vinte que existen no país, o apartado de "Agradecementos" e a sección habitual nesta colección "Escribiron e debuxaron..." na que os dous creadores achegan as súas claves persoais sobre esta obra. As ilustracións figurativas son obra de Marina Seoane (Madrid, 1957). O estilo coidado das formas describe con minuciosidade as características da etnia da protagonista, das súas vestimentas e dos peinados, achegando moita información visual sobre ela. As ilustracións son variadas: hainas de páxina enteira, de dobre páxina e tamén pequenos debuxos ao comenzo dos capítulos. As cores empregadas na pintura son cálidas.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "O país que importa", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 17.

Despois de lembrar que a temática do multiculturalismo ten estado presente en diferentes entregas de creadores galegos de literatura infantil e xuvenil, como Agustín Fernández Paz, do que recomenda a lectura d'*O centro do labirinto* (1997), e céntrase na última entrega do autor, *Lúa do Senegal*. Lembra a trama argumental e salienta que o aspecto máis logrado é a capacidade do autor por meterse na pel da protagonista, afondar nos seus medos, nas súas inquedanzas e nas súas descubertas. Salienta o gran traballo de documentación e a oportunidade que ofrece a obra de achegarse á cultura senegalesa pola riqueza de materiais tratados con coidado e respecto. En canto ao estilo

cualificao de sinxelo, froito dun gran traballo compositivo, e no que aparecen abondosas referencias a autores clásicos, a defensa da diversidade lingüística e a importancia da memoria histórica. Cualifica a obra como didáctica, xa que ensina respecto á diversidade, elementos doutra cultura e sensibilidade, á vez que explícita a crueldade de mirar aos "outros".

- Mª Jesús Fernández, "*Lúa do Senegal*. Agustín Fernández Paz", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 228, "Libros/Novedades. Más de 14 años", xullo/agosto 2009, p. 57.

Comeza celebrando que esta obra se dirixa a unha franxa etaria que considera está a suscitar menos interese editorial. A seguir salienta o interese de Agustín Fernández Paz por achegarse a temas sensíbeis e de actualidade, como é o da inmigración que trata nesta obra. Logo describe a historia que se conta a partir de dúas voces, a do narrador externo e a da propia protagonista que se dirixe á lúa, que a une co seu país de orixe, a quen lle conta a súa vida e reflexións. Salienta os contos da avoa da protagonista que ela mesma intercalan na obra xunto aos que ela crea para a súa irmá. Finaliza con referencias ás ilustracións "unas bellas imágenes que son un excelente contrapunto de la historia".

- Ramón Nicolás, "Do Simbad ao Senegal", *La Voz de Galicia*, *"Culturas"*, nº 324, "Letras en Galego", 1 agosto 2009, p. 10.

Cualifica *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro, e *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz, como dúas propostas de calidade e resolución satisfactoria tanto para os seus lectores en primeira instancia, a partir dos dez anos, como para os adultos. No que atinxe a *Lúa do Senegal*, destaca que boa parte do engado do libro reside en Khoedi, a nena senegalesa de dez anos que deixa a Casamance para se instalar en Vigo, na súa capacidade para contar historias e na expresión dos seus sentimentos e arelas. Conclúe que se expresa con acerto o sentimento de desarraigo ante unha nova vida e valora a documentación que subxace na historia, así como o esforzo compositivo de poder metafórico da historia, na que advirte "a mestría dun gran narrador".

- Paula Fernández, "Texto apaixonante", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Infantil/Xuvenil", 17 setembro 2009, p. VII.

Comeza destacando que unha das mellores maneiras de celebrar o aniversario do suplemento *Faro da Cultura* é contar cun libro de Fernández Paz, tanto pola relevancia do seu traballo como pola calidade do mesmo, que lle valeu a concesión en 2008 do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil por *O único que queda é o amor*. Con respecto a *Lúa do Senegal*, Paula Fernández comenta a alternancia no texto da primeira e a terceira persoa para dar conta do proceso de adaptación de Khoedi a unha nova realidade vital na que só atopa a lúa como elemento común co seu lugar de procedencia. Cualifica a lúa de leitmotiv da historia, xa que o seu carácter de confidente de medos e inquedanzas dota a novela de emotividade, emoción e sentimento. Valora a inserción de historias na diéxese principal e o traballo de documentación realizado polo autor e cualifica a obra como "apaixonante" e útil para tratar algúns temas transversais nas aulas.

- Alba Piñeiro, "A contadora de historias", *A Nosa Terra*, n.º 1.375, "*Bule Bule*", 1-7 outubro 2009, p. 26.

Sinala que *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz reflicte o drama da emigración a través de dúas voces narrativas que debullan a historia dunha familia. Detense no deseño de Khoedi, a nena de dez anos que evoca dende a distancia a súa vida no Senegal, salientando que herdou de súa avoa o "agarimo polas palabras narradas".

Referencias varias:

- B. R. Sotelino, "Nin de lonxe se me pasou pola cabeza ser un autor tan vendido", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 maio 2009, p. 59.

Entrevista a Agustín Fernández Paz, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008 pola obra *O que queda é o amor* na que se lle pregunta sobre a súa nova obra, *Lúa de Senegal,* ilustrada por Marina Seoane. O autor di que é unha novela xuvenil sobre a emigración que narra en primeira persoa o que lle pasa a unha rapaza de 12 anos que ven do Senegal para Vigo.Comenta que a novela mostra todo o proceso de adaptación por ter que cambiar en todo, e reflicte a idea da nena de que o único que non cambia é a lúa. Tamén fala da recepción da súa obra noutros ámbitos lingüísticos, da investigación que levou a cabo para documentarse sobre a emigración senegalesa e do protagonismo feminino na narrativa xuvenil. Por último, comenta a satisfacción polo Premio Nacional de Literatura, o fenómeno Stieg Larsson e dos prexuízos que hai coa literatura infantil e xuvenil.

- Mar Mato, "Faríanme falta varias vidas para relatar as historias que quero", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 xuño 2009, p. 43/*La Opinión*, 20 xuño 2009, contracuberta.

Co gallo da publicación da súa última novela, Agustín Fernández Paz fala da súa obra *Lúa do Senegal* e di que lle apetecía tratar o tema da inmigración contándoo en forma de historia. Con respecto ao título do libro, explica que a lúa é o "leitmotif que marca o paso do tempo" para a protagonista, unha nena senegalesa que chega a Vigo e atopa que a lúa é o único que non cambia con respecto ao seu país. Con respecto á escritura, explica que o que busca é "que o lector se meta nela con sinxeleza". Comenta tamén o seu método de traballo que consiste en que elixe un día para comezar as súas obras e elabora varios borradores.

- Martin Pawley, "Un home de ben", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 28, "En portada", "Perfil", 20 xuño 2009, p. 5.

Faise un perfil do escritor Agustín Fernández Paz empezando pola súa primeira obra e rematando con *Lúa de Senegal*, a última publicada. Martin Pawley sinala que este libro amosa "bondade e amor" por Khoedi, nena que ven de África para Vigo, unha cidade onde todo é diferente do que ela coñece. Considera que Fernández Paz amosa amor polos personaxes, polas palabras e polos lectores e conclúe que o escritor é "un home de ben, unha condición necesaria para facer arte con maiúsculas".

- Iolanda Castaño, "Van e volven", *Galicia Hoxe*, "A contra", "Días (des)contados", 28 xuño 2009, contracuberta.

Dá conta das actividades que se realizan dende o día 20 ao 25 incluído. No que respecta á literatura, dise que o día 20 farase unha homenaxe a Agustín Fernández Paz e que haberá un xantar no parador no que se agasallará co libro *Lúa do Senegal*. Tamén se apunta que o día 24 na igrexa de San Domingos en Tui Marga do Val e Eva Veiga conmemoran o nacemento dos Xogos Florais de Galicia no ano 1891.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Libros", 9 xullo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle, entre outros, un descritor de curta extensión de *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz.

- Manuel Vidal Villaverde, "Na procura doutros camiños", *Atlántico Diario,* "*La Revista*", n.º 466, "Musas", 19 xullo 2009, p. 40.

Conversa con Agustín Fernandez Paz na que presenta as novidades que aparecen en *Lúa de Senegal*. O autor explica que esta obra ten dous temas centrais: a inmigración dende o punto de vista dun neno senegalés, e a cidade de Vigo. Recolle que non se ve coa "capacidade necesaria" para escribir poesía. Considera que as fontes da literatura son inesgotábeis, sobre todo, os temas da Segunda Guerra Mundial e a Guerra Civil, tema que xa tratou nas novelas *Noite de voraces sombras* e *Corredores de sombras*. e ao que non exclúe volver porque se están a coñecer novos feitos que estiveron agochados. Remata apuntando que non desbota escribrir un libro de viaxes no futuro e que ten prevista una posíbel recompilación dos seus ensaios para o ano 2010.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 299, "Infantil/Xuvenil", 10 setembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, entre elas *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz.

Fernández Paz, Agustín, *Valados*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, [dende o lectorado autónomo á mocidade], outubro 2009, 61 pp. (ISBN: 978-84-9914-049-0).
Neste relato de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) cóntase como Helena e Xoel, dous amigos inseparábeis, decátanse de que na súa harmoniosa vila comezan a suceder unha serie de feitos estraños: a xente perde a alegría e aparecen uns valados separando en dúas partes a vila. Este cambio afecta aos amigos que quedan cada un nunha das partes separadas polo valado. Estes amigos non aceptan a situación e procuran o xeito de seguir comunicándose: saltando o valado, facendo cometas, etc., a pesares dos impedimentos que lles puñan constantemente os gardas conseguiron que os conveciños reaccionasen. As ilustracións de Xan López Domínguez correspóndese coas escenas máis salientábeis da narración. As cores escuras empregadas conectan co asunto sombrío do libro. As figuras dos policías están sobredimensionadas e semellan unha presenza sinistra nas páxinas nas que aparecen. As formas están construídas cunha liña de tinta negra de trazo sensíbel.

Referencias varias:

- A. Losada, “Agustín Fernández Paz sae na busca da raíz de todos os muros”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 16 decembro 2009, p. 38.

Informa do acto de presentación en Vigo do relato *Valados*, de Agustín Fernández Paz, e recolle algunas declaracións do autor referidas ao seu novo libro. Nelas destaca que tratou de reflectir a moda de erguer valados tan habitual no mundo nos últimos anos, sempre coa intención de manter as desigualdades e mais os privilexios, unha idea complexa que supuxo un laborioso traballo. Indica tamén que o texto contou con doce ou trece reescrituras dende o verán de 2007 e que recorreu a un lugar imaxinario para ambientar a historia, malia ter presentes algúns muros reais como o de Gaza, o de Melilla, o do Sáhara ou os das novas e modernas urbanizacións.

- Mar Mato, “Agora hai máis muros ca nunca, uns 8.000 quilómetros no mundo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 decembro 2009, p. 42/*La Opinión*, “Cultura”, 18 decembro 2009, p. 53.

Con motivo da presentación de *Valados* na Casa do Libro en Vigo e tras comentar que Agustín Fernández Paz pretende con este título achegar a realidade de dous amigos, realízaselle unha entrevista. O autor fala da idea que inspirou este libro, das súas diferentes redaccións, do obxectivo de concienciar sobre a separación dos pobos ou do proceso de documentación.

Fernández Paz, Agustín, *A dama da Luz*, ilust. Jorge Magutis, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], setembro 2009, 36 pp. (ISBN: 978-84-9914-024-7).

Neste conto fantástico-realista de Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947), móstrase como o avó de Marta se lembra, nun día de primavera, dunha vella historia que acontecera cando el aínda era un neno e que decide contarlla a súa neta sabendo que seu pai lle pedira que non o fixese. Ao longo dos cinco capítulos que forma o libro, nárrase unha historia chea de fantasía, na que hai dende lugares imaxinarios como a illa de San Brandán até seres mitolóxicos como os unicornios ou o mesmo Demo Maior. Cóntase que A dama da Luz, personaxe que encarna a primavera, é secuestrada polo que o avó de Marta deu en chamar o Home das Sombras, que non era máis que un home enormemente rico que aburrido de que non houbese xa nada no mundo que lle quedase por cazar decidiu comezar a cazar e coleccionar seres extraordinarios entre eles a dama da Luz. Dise que coa dama encerrada nunha gaiola o frío apoderouse da cidade e non desapareceu até o momento no que a levan á illa de San Brandán para encontrarse co inverno e deste xeito poder brillar. O conto remata con Marta ollando para unha flor solitaria que nace entre dous coches por unha fenda do chan. As ilustracións de Jorge Magutis están tinguidas dunha atmosfera nostálxica acentuada por unha gama cálida coma as dos daguerrotipos. A cor das páxinas, a maquetación cun recadro e o número do capítulo nunha cartela segue un estilo antigo. Esta apariencia visual vén determinada polo relato ambientado na cidade de Vigo de principios do século XX. Son moi realistas, describen con minuciosidade fotográfica os detalles urbanos e con gran precisión as figuras fantásticas. Tamén costumistas, aínda que a medida en que avanza o relato, tórnanse máis fantasiosas. As composicións de páxina enteira están enmarcadas nun recadro, agás dúas composicións centrais que ocupan dobres páxinas completas. As imaxes seguen fielmente os textos completándoos con datos que enriquecen a lectura.

Chama a atención unha pequena ilustración dun paxariño ao final de cada un dos capítulos co que o autor consegue un paralelismo entre imaxe e contido narrativo da obra.

Recensións:

- Isabel Soto, "Pintar indeterminado", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 17.

Comenta que n'*A dama da luz*, Agustín Fernández Paz puxo o seu talento ao servizo dunha idea argumental de Jorge Magutis, responsábel das ilustracións. Detalla as constantes da produción do vilalbés presentes neste relato, no que a intriga se percibe dende as primeiras páxinas. Achega o seu argumento e manifesta que a historia se asenta na estratexia narrativa do relato enmarcado, que conecta dous niveis narrativos: o relato primeiro, enunciado por un narrador externo e situado nun tempo presente, co relato secundario e cerna da historia, acontecido no pasado e que reproduce o testemuño do avó na súa propia voz. Tamén alude ao traballo ilustrativo que se ofrece neste "conto ilustrado", que define como conto clásico, tanto polo seu contido coma polo seu formato cadrado de gran tamaño e coidada edición.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 304, "Infantil/Xuvenil", 15 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comenta a modo de recomendación *A dama da Luz*, de Agustín Fernández Paz.

- Agustín Fernández Paz, "A dama da luz", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 200, "E tamén... lecturas xogos arte música cine gastronomía", 7 novembro 2009, p. 4.

Tras un breve resume do argumento da obra e unhas notas biográficas sobre o autor, reprodúcese un fragmento d'*A dama da Luz*, de Agustín Fernández Paz.

- Lupe Gómez, "Aurora boreal", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 786, "Un raio de sol", 8 novembro 2009, p. 5.

Nun amplo artigo no que a autora dedica a súa atención, entre outros temas, a Xohana Torres, de quen destaca a homenaxe que se lle dedicou no Consello da Cultura Galega e a quen cualifica de "aurora boreal que aparece, e nunca desaparece, na literatura galega", aparece tamén a súa opinión sobre *A dama da luz*, de Agustín Fernández Paz. Salienta que no libro as ilustracións visten o texto con moita elegancia e que nel se combina a temática amorosa co medo, a intriga, a emoción e a tenrura. Comenta que "sempre hai unha sinceridade asombrosa nas historias de Fernández Paz. Son auroras boreais que suceden de forma serena, pacífica, sen accidentes. É un escritor que contaxia honestidade".

- Agustín Fernández Paz, "A dama da luz", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 204, "E tamén... lecturas xogos arte música cine gastronomía", 5 decembro 2009, p. 4.

Reprodúcese neste suplemento un fragmento d'*A dama da Luz*, de Agustín Fernández Paz.

Fernández Serrano, Jacobe, *Mil cousas poden pasar*. *Libro I*, Premio Merlín de Literatura Infantil 2009, ilust. o autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 200, serie verde, de 9 anos en diante, outubro 2009, 216 pp. (ISBN: 978-84-9914-048-3).

É esta obra un conxunto de relatos de aventuras imaxinativos, absurdos, surrealistas, insólitos de Jacobe Fernández Serrano (Vigo, 1971). Trátase como se di ao final da obra dunha primeira parte dado que se anuncia a continuación. Cóntase unha serie de situacións e historias que se producen no mundo fóra do mar, concretamente na vila de Nil, e no mundo de dentro do mar que xa se presentan nuns mapas antes de iniciar os diferentes relatos intitulados "Lina e Pouco", "A viaxe de ida" e "A morte, o mar, a praia" nos que ademais de iniciarse historias vanse completando outras aínda que queden sen acabar. Todos arrincan co agasallo que Neda e Mercurín, os fillos do rei do mar, lle fan polo seu aniversario a seu pai e que produce un revulsivo no mar e fóra del provocando as historias protagonizadas por personaxes diversos e divertidos e un tratamento humorístico de temas como o amor, a ambición, a responsabilidade, a amizade, a convivencia, a solidariedade, a guerra, etc. As ilustracións son obra do propio autor do texto. Presenta na cuberta aos protagonistas do relato enmarcados en cadros. No interior reflicten a parte máis imaxinativa da narración con imaxes fantásticas e mesmo surrealistas que sitúan ao lectorado no mundo mariño; e, na parte real, cunhas imaxes que revelan o mundo cotián dos protagonistas caracterizándoos e situándoos na súa contorna. Ao pertenecer o texto e mais as ilustracións ao mesmo autor a interacción de ambas está moi conseguida, xa que ilustra aquelas escenas que complementan mellor os textos.

Recensións:

- María Navarro, "Dando que pensar", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. VII.

Considérase que esta novela de aventuras foi unha xusta merecedora do Premio Merlín porque amosa as dotes literarias de Jacobo Fernández Serrano. A seguir, descríbense os escenarios nos que transcorre o argumento e os seus protagonistas, localizados uns no fondo do mar, caso da familia do rei Pindo IV o Tratable, e outros en terra, caso dos habitantes da vila de Nil. Do mesmo xeito, exponse a serie de acontecementos que se desencadea a partir dun feito: a visita dos fillos do rei Pindo a Nil en busca dun agasallo para seu pai. A pesar da densidade argumental e do surrealismo da trama, opínase que a historia posúe coherencia interna. Con respecto ao papel das imaxes, outórgaselles primacía respecto aos contidos, entre os que se salienta a desmitificación de realidades aceptadas como verdades universais.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Mitoloxía mariña", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 482, "Musas", 22 novembro 2009, p. 48.

Conversa con Jacobo Fernández Sérrano, quen refire que quere achegar a obra ao lectorado e "contarlles moitas máis cousas", ademais de aprender. Indica que como refire na historia de Lina e Pouco haberá unha continuación, e que non distingue entre o lectorado infantil e o xuvenil porque lle interesan "todos os lectores". Recoñece que cre na poesía pero que por agora non a practica, mais si a banda deseñada. Remata confiando na opinión do lectorado sobre a súa obra e non indica se está ou non satisfeito dela.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 313, "Infantil/Revistas", 17 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras como *Mil cousas poden pasar*, de Jacobo Fernández Serrano, entre outras.

- Ana Baena, "Luz sobre el ungüentario", *Atlántico Diario*, "Vigo", "Vigo en 24 horas", 11 decembro 2009, p. 10.

Entre distintos acontecementos da vida social viguesa saliéntase a presentación en Librouro de *Mil cousas poden pasar. Libro I*, a novela de Jacobo Fernández Serrano que resultou gañadora do Premio Merlín.

- A. Losada, "Oxalá o meu universo dera tantos dividendos como o da Marvel", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 15 decembro 2009, p. 35.

Conversa co ilustrador, pintor e escritor Jacobo Fernández Serrano motivada pola obtención do Premio Merlín coa obra *Mil cousas poden pasar*, escrita e ilustrada por el. Afirma que utilizou anotacións para organizar os numerosos personaxes e ideas que aparecen na súa novela, tomando como punto de partida unha historia que se lle ocorreu hai quince anos. Explica que nesa historia inicial xa aparecían Lina e Pouco, unha parella que se vía separada á forza, e unha tuba como obxecto de desexo e motivo de conflito. Comenta que o feito de que dea tanta importancia aos personaxes secundarios débese a súa visión ampla e complexa do universo creativo, no que algún destes personaxes e os relatos nos que se insiren actúan como ponte entre as historias que conta, sexan libros ou cómics.

García, Xosé Lois, *A idade do orballo*, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Punto de encontro, [lectorado mozo], 2009, 61 pp. (ISBN: 978-84-403-1121-4).

Libro de contos de Xosé Lois García (Lugo, 1945) que leva por título o nome dun dos doce contos que o compoñen. Todos eles narran historias diferentes gardando unha relación espacial que os sitúa na aldea portuguesa de Vila Mea. Non podemos destacar un só tema principal pero si podemos dicir que todos os contos xiran ao redor do home e da terra. O autor fixo unha creativa mestura de realidade e ficción, narrada en terceira persoa, que empregou para facer un pequeno achegamento aos conflitos que ten o ser humano, a sucesos históricos vividos no país veciño que dalgún xeito nos recordan a

outros vividos por nós mesmos. Sempre botando man do mito e a ficción xa que moito do aquí contado non tería unha explicación razoábel. Os feitos fantásticos, as meigas, os anacarontes, os cabalos con ás, as voces sen corpo… son ingredientes fundamentais nos contos que nos levan a un mundo pouco real, porén sen nos decatar o autor consegue achegarnos a problemas e historias moi actuais. Cada un dos doce contos ten un importante transfondo que con agudeza e picardía o autor consegue lograr. Así, por exemplo, en "Os milagres de Malhoa" gózase dunha crítica á sociedade que se manexa facilmente e que envexa ter moito poder, fartura e recoñecemento. Todo contado a través dun experto cociñeiro de tripas que guisaba para os máis entendidos e non por dominar as artes culinarias senón polas artes da maxia. Cada un dos contos aparece acompañado dun debuxo, que chegan da man de Manolo Uhía Lima (Portonovo, Pontevedra, 1944), no que sempre predominan as cores cálidas e apagadas sendo de todas a máis empregada a gama dos amarelos. Aínda que varíen un pouco segundo a sensación que o autor queira conseguir no lector, o tipo de pinturas son sinxelas, precisas e esquemáticas e as ilustracións figurativas mesturan a realidade co fantástico, correspóndendose co tema central de cada relato, destacando un obxecto ou uns personaxes significativos para complementar o texto e creando una atmosfera amábel.

Gómez Cuerpo, Amparo, *Kali*, ilust. da autora, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Contacontos, n.º 40, máis de 8 anos, 2009, 63 pp. (ISBN: 978-84-7680-642-5).

Conto de intriga, bilingüe castelán-galego de María Amparo Gómez Cuerpo (Pontevedra, 1955-2009), no que un narrador en terceira persoa omnisciente sitúa o lectorado no século XV, máis ou menos, nun país moi afastado. A acción comeza cando os xitanos eran nómadas e un deles, Bero, atopa a un monxe moribundo que lle dá un libro que contén os segredos dos costumes da súa estirpe xitana, pero como ninguén sabe ler, estas transmítense oralmente de pais a fillos e o libro gárdase durante varios séculos. Cando os xitanos comezan a dedicarse á compravenda de chatarra, aséntanse e os máis pequenos comezan a ir á escola. Kali é unha nena moi espelida que lle pide a seu avó que lle deixe o libro da familia para poder lelo. Nel cóntase que un naga, un ser metade peixe e metade humano, lle deu un plano dun tesouro ao xitano Sosoi pero coa condición de que o empregase para facer o ben. Coa axuda do seu avó que lle traduce a nota que lle deu o naga a Sosoi e da súa profesora de Historia que lle axuda a interpretar o plano do tesouro. Emprende xunto a eles e aos seus amigos paios Sara e Sebastián unha aventura a unha illa e alí atopan o tesouro que Kali se encarga de que se utilice para axudar á súa familia e á súa xente a saír da pobreza. Na lapela do libro aparece unha "Reseña pedagóxica" na que se explica que este libro ten como obxectivo facer ver aos nenos que todos somos iguais nun mundo racista que rexeita a diferenza, a cal non ten porque ser negativa, ao contrario, todos os seres humanos poden achegar algo; e como exemplo pon o caló, a lingua dos xitanos, da que o castelán herdou moitas palabras. As ilustración figurativas son da mesma autora dos textos. As cores son saturadas e crean contrastes fortes entre elas. As composicións de dobre páxina achegan información visual sobre a contorna, as vestimentas e as personas de etnia xitana. Os números das páxinas teñen una pequeña ilustración cun elefante.

Referencias varias:

- Romina Bal, “Alá no alto xa se ve a estrela que os guía”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 791, “Cativadas”, 13 decembro 2009, p. 5.

Recoméndanse tres volumes de Literatura Infantil publicados pola Editorial Ir Indo. Coméntase que *Perico o cangrexo* (2008), de Amparo Gómez Cuerpo, trata duns nenos cuxa tía lles conta a historia de Perico, un cangrexo que pon a súa vida en perigo, e a doutros animaliños do mar, debido á manía dos rapaces de “pescar” nas poceiras da praia sen atender ás consecuencias que trae isto. Crese que este conto de cincuenta e catro páxinas, e con grandes ilustracións en cores vivas, conseguirá que os rapaces se decaten da necesidade de protexer a natureza e os seres vivos e que conta cun vocabulario adaptado para que os nenos de oito anos en diante adquiran palabras novas. Coméntase que o segundo volume titulado *Kali* é da mesma autora e tamén está destinado a nenos de oito anos en diante e que nel se mesturan mito e realidade con algunhas doses de misterio e intriga. Sinálase que, a través da vida dos antepasados de Kali, se mostran os costumes do pobo xitano e a importancia de protexer as súas tradicións para que pasen de pais a fillos, aínda que as novas xeracións se adapten aos novos tempos. Pénsase que grazas a esta historia os nenos rexeitarán calquera tipo de discriminación porque todas as culturas poden convivir respectándose e sen imposicións. Cóntase que ao final, debido ao empeño de Kali e dos seus amigos paios Sara e Sebastián, conséguese salvar a súa familia e a súa xente. Infórmase de que este libro aparece en formato bilingüe e que contén sesenta e tres páxinas e varias ilustracións. O último libro proposto é *Historia das Historias da Escola* (2008), de Xosé Antonio Ventoso Mariño, no que, a través de trinta historias ilustradas en cento cincuenta e oito páxinas, un mestre e o seu alumno comparten protagonismo cun mariñeiro que lle ensina ao seu neto os segredos do mar Atlántico.

Gonda, Araceli, *Flis-fli-ris-flás*, ilust. Xosé Tomás, Vigo. Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-9865-246-8).

Neste conto fastástico-realista de Araceli Gonda nárrase a través dun narrador omnisciente como Martiño ten medo a durmir coa luz apagada, por mor dos monstros, pero cando seu pai lle le contos queda durmido e comeza a soñar. Nesta ocasión sumérxese no mar e atopa a una estreliña chorando que lle pide axuda para rescatar a un polbo do Señor da Escuridade. Ao neno gustaríalle axudar ao polbo raptado, pero non se atreve porque ten medo da escuridade, polo que deixa soa á estrela de mar. Mentres nada polo océano pensa no sufrimento do animal secuestrado e decide ir axudalo. Martiño fai aparecer no soño un libro para consultar as palabras máxicas que precisa. Estas palabras son as que dan título ao conto. Cando escolle as que máis lle conveñen marcha cara ao abismo. Unha vez alí, e coa axuda das palabras máxicas, libera ao polbo e até ao Señor da Escuridade. Os seus amigos, como agradecemento, ensínanlle os lugares máis fermosos do océano. De súpeto Antón escoita un ruído moi forte que resulta ser o espertador. O neno levántase para ir á escola pero sabe que de noite , nos seus soños, volverá vivir aventuras no océano. As ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) sumerxen nos sonos do neno que presenta cunha estética figurativa, cunhas formas corporais redondeadas, dinámico e imaxinativo. As imaxes están tratadas con ordenador. Destacan a recreación de formas volumétricas e as contornas silueteadas en negro. Os diferentes escenarios onde aparece o personaxe principal sumerxen nunha viaxe imaxinativa polo ceo e os fondos mariños.

González Novoa, Ana Belén, *De maior quero ser...*, ilust. Michel Casado, Vigo: Nova Galicia Edicións, [lectorado autónomo], 2009, [28] pp. (ISBN: 978-84-92590-47-6).

Neste álbum infantil de Ana Belén González Novoa, de modo realista un narrador omnisciente introduce ao persoaxe principal, Miguel, para que sexa este posteriormente o que nos narre en primeira persoa as súas cavilacións sobre qué quere ser de maior. Despois de darlle voltas durante uns intres á súa idea inicial de querer ser como seu pai e nas conseguintes desventaxas desta decisión (erguerse cedo, ter que cargar coa compra…) conclúe os seus pensamentos coa decisión de que el de grande quere ser… pequeno! O relato sérvese da linguaxe coloquial durante as cavilacións de Miguel para resultar máis ameno, así como do emprego do humor. Este álbum conta con **i**lustracións figurativas de Michel Casado (Vigo, 1979). Os debuxos teñen unhas cores alegres. As formas están rodeadas dunha grosa liña negra. As imaxes completan a narración con información sobre as contornas cotiás dos protagonistas.

Gracián, Ánxela, *Pinga de choiva*, ilust. Daniel Díaz, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [lectorado autónomo], marzo 2009, [29] pp. (ISBN: 978-84-9782-976-2).

Conto escrito por Ánxela Gracián (Castroverde, 1968) que recorre a elementos da natureza para desenvolver unha historia de amor e sedución entre dous personaxes diferentes. Tras a descrición dun dos personaxes principais, empréganse estratexias como a reiteración e o avance de acción introducindo leves modificacións, os recursos do conto contado e mais os xogos de palabras ou os nomes das partes do corpo. Ao dragón Arco da Vella encántanlle as pingas de choiva polo seu sabor azucrado. Unha tarde do mes de abril, Pinga Roseira saíu da casa, foi de compras, ao salón de peiteado e a tomar un xeado coas amigas. Pinga Repinga fálalle do dragón Arco da Vella, que cando as atravesa coa súa lanza de diamante consegue que as pingas brillen en mil cores. Cando Pinga Roseira volveu á casa, Arco da Vella intenta bebela e non o consegue. Despois de varios intentos e de disfrazarse de mar, de río, de lago e de fonte, decide petar na súa porta cun disfrace de choiva e baixo o seu paraugas de corazóns. Foi así como logrou conquistala. Cando o conto parece chegar ao seu remate, retómase para relatar o que aconteceu cando Pinga Roseira lle deu un bico a Arco da Vella: daquela todo o seu calor entrou nel até que se converteu nunha pinga de orballo. Nas ilustracións figurativas de Daniel Díaz abondan as curvas e as cores escuras para identificar as formas das pingas de auga e as cores propias dos días de choiva ao mesmo tempo que as pinturas reflicten dun xeito imaxinativo as fantasías que se relatan nos textos.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "A sombra das palabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 22 novembro 2009, p. 30.

Tras ofrecer uns datos biográficos de Ánxela Gracián, inclúese unha entrevista coa escritora, nacida en Castroverde, lugar que define como a súa patria literaria e do vilar do cal, composto por sete casas, tomou o seu apelido. Gracián lembra as súas vivencias na aldea e a figura dos seus avós como transmisores da palabra oral, ao tempo que sinala que estudou Filoloxía porque sempre lle gustou ler. A respecto das súas obras,

sinala que na súa primeira novela para rapaces, *Eu fun peliqueiro de Laza*, a avoa é un referente importante para o protagonista, que ten necesidade de vivir nun mundo afastado da présa, nun contexto máis próximo aos ciclos da natureza. De *Pinga de choiva* salienta que o conto inclúe dous personaxes opostos, o arco da vella, o verdadeiro protagonista, e a pinga de choiva, e que ten un dobre final que pretende criticar o comportamento dos adultos ante o amor. A propósito de *Camiño solitario*, indica que se trata dunha homenaxe aos camiños do bosque e ao paso das estacións, e que nel está presente a morte, igual que en *Nun lugar chamado labirinto*. Apunta tamén o que significa o seu labor como tradutora, un traballo polo que sente fascinación e que leva aparellada moita creatividade.

Hermida Gulías, Carme, *Ramón Piñeiro*. *O tesouro de Armeá*, ilust. López&López, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, [lectorado autónomo], 2009, 24 pp. (ISBN: 978-84-7824-571-0). ■

Ver apartado IV.2 Día das Letras galegas.

Janeiro, Manuel, *A abella abesullona*, ilust. Marta Álvarez, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 169, serie laranxa, a partir dos 8 anos, novembro 2009, 51 pp. (ISBN: 978-84-9865-243-7).

Neste conto fantástico de iniciación de Manuel Janeiro (Madrid, 1951) nárrase, en tres breves capítulos, como aquel verán estaba a pasar algo extraordinario na colmea: parecía inverno, a penas había flores e as celas dos panais estaban practicamente baleiras e isto ocorría ao final de xullo. A supervivencia da colmea pende, polo tanto, dun fío. Para salvar esta situación a raíña ordénalle á abella abesullona que saia na procura dun lugar onde haxa flores e que non volva até atopalo. A abella abesullona emprende a busca e non sabendo por onde comezar ocórreselle preguntar a outros animais se saben onde atopar a materia prima para a elaboración do mel. Fai amizades, valora os problemas dos outros, comparte disgustos similares aos dela, consegue facerse independente. De aí que cando atopa un lugar para salvar a colmea grazas a algún informante, ten dúbidas de dálo a coñecer á raiña ou quedar cunha amiga especial que fixo. Vence a dúbida, vai á colmea e informa de forma xeral onde se atopa o lugar pero marcha. Reúnese coa amiga e séntese feliz. Só a cuberta é a toda cor. As ilustracións de Marta Álvarez (Vilagarcía, 1976) presentan o mundo das abellas de xeito figurativo con debuxos de liña negra e manchas salferidas ou sopradas para dar algo de profundidade as composicións. As imaxes ocupan una páxina enteira e tamén hai pequenos debuxos salferidos polo texto a tinta negra con distintos matices de amarelos.

Jaureguizar, Santiago, *O contador de estrelas*, Santiago de Compostela: Alfaguara-Obradoiro, serie vermella, [lectorado mozo], setembro 2009, 170 pp. (ISBN: 978-84-8224-950-6).

Novela de tendencia realista de Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965), que trata dun proceso de maduración dende a inocencia á realidade. Acolle unha dedicatoria a Carme, unha cativa e un epígrafe dun breve fragmento dunha canción de Nena Daconte. O narrador presenta a vida de Antía, unha nena ten que pasar o verán nunha base de

servizos antilume onde traballa súa nai que era a emisorista da base, e tiña que traballar arreo non só porque era un traballo que lle gustaba senón porque quería facelo todo ben. Mentres tanto, a nena coñeceu e fíxose amiga dun rapaz, Enver, que formaba parte do equipo aéreo de extinción. Ao rapaz encantáballe a astronomía, e inculcoulle ese afán a Antía. A nena namorouse do rapaz, e cóntase como eran as súas noites mirando as estrelas reflectindo o amor que pola astronomía lle transmitiu o rapaz e que ela uniu ais seus sentimentos e as aventuras que pasaron xuntos, até que o rapaz tivo que marchar. Para Antía, ese verán que pensaba que ía ser horríbel, recordaráoo como un dos mellores da súa vida. Só ten ilustrada a cuberta cunha fotografía de Uqui Permui. A imaxe elixida é moi significativa xa que amosa un ceo escuro preto de estrelas.

Recensións:

- Xosé Carlos Caneiro, "Ominoso artefacto literario", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 335, "Letras en galego", 17 outubro 2009, p. 10.

Comeza indicando que tivo que dedicarse á lectura "angustiosa, atosigada e molesta" d'*O contador de estrelas* e interrógase sobre como o sistema educativo galego lle manda ler ao alumnado libros "carentes de calquera tipo de valor literario". A seguir, refire as características que fan a esta novela "banal" e "artisticamente minúscula": linguaxe de "nula pericia autoral", coloquialismos "de solemne ordinariez", falta de "dominio metafórico", carencia da "máis mínima orixinalidade", nunha "noveliña inverosímil, irreflexiva, simple e ruda". No á parte "Carente de imaxinación" resume o argumento amosando a falta de imaxinación "acorde cos éxitos literarios actuais" e pregúntase como "unha editorial de prestixio" edita "un texto fútil, insubstancial e indelicado", xa que refire que leva anos "anunciando que é no noso sistema educativo onde se inicia a aniquilación da literatura". Conclúe apuntando que a súa crítica deste "artefacto literario ominoso" estivo tildada de "benevolencia", senón tería sido "máis severo".

- María Navarro, "Mundo de sentimentos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 308, "Libros", 12 novembro 2009, p. 7.

Comeza recollendo algúns títulos entre os máis de vinte que leva publicados Jaureguizar e indicando que en todos eles ocupan un "papel preponderante as relacións humanas". Sintetiza o argumento da novela e destaca que existen varios aspectos que captan a atención do lectorado: a relación nai-filla, a atracción polo novidoso e a preocupación polo medio natural. Refire que pola contra existen varios "feitos que desbaratan a a historia": o engano empregado para captar a alguén e facerlle mal, a manipulación de adultos, comportamentos "cáseque imposibles" dos rapaces ou o rancor usado como "arma político-social". Remata apuntando que lle falta un chisco de coherencia.

Lamela, Susana, *Soños de andel*, ilust. María Lires, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Ala Delta, n.º 17, serie vermella, a partir dos 5 anos, 2009, 54 pp. (ISBN: 978-84-92404-56-8).

Conto infantil de Susana Lamela Pérez (Ponteareas, 1975) no que un narrador omnisciente sitúa o lectorado nunha biblioteca de Lemoito durante un tempo indeterminado. O libro conta a historia de Ani, un libro que é moi gordo polo que ninguén o quere levar para a casa e está moi acomplexado porque é o único da biblioteca que non ten data de saída nin de chegada no seu papel. Ten trescentas vinte e cinco follas polo que decide facer dieta e exercicio para perder follas, pero non o consegue. Está moi triste porque os nenos sempre levan os outros libros fracos e a el non o leva ninguén até que un día chega unha nena que se interesa por Ani, pero como pesaba moito deixouno na biblioteca para volver outro día con súa nai e levalo. As ilustracións figurativas de María Lires (A Coruña, 1973) están realizadas cunha técnica mixta que lle axuda a combinar a realidade coa fantasía. Na cuberta aparece un personaxe que vai de paseo en vespa sobre o fondo que é un mapa. Xa no interior, e con axuda dos textos descóbrese que o personaxe é un libro. Mestura fondos de papeis escritos con letras e con personaxes variados, debuxos con texturas dixitais. Utiliza cores alegres para as figuras que, as veces son reais coma a bibliotecaria, e outras fantásticas coma os libros animados con formas de piratas ou vaqueiros. As composicións teñen variados planos: obxectos en detalle, persoas en primeiros planos; algunhas son de dobre páxina, outras de páxina enteira e tamén pequenos debuxos salferidos entre o texto.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Invitación a ler. *Soños de andel*", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Bule Bule", 24-30 decembro 2009, p. 30.

Coméntase que *Soños de andel* é o primeiro libro da mestra e escritora Susana Lamela no que se fai unha homenaxe aos libros, non só como medios de coñecemento, senón tamén como compañeiros nas historias que se poden vivir a través da súa lectura. Opínase que esta historia é tenra e que fai partícipes ao lectorado do que lle pasa ao protagonista, o libro Ani, que ninguén o leva prestado por mor do seu excesivo tamaño. Dise que tanto o libro protagonista coma o lugar onde habita teñen trazos humanos, sobre todo sentimentos, polo que lles facilita a comprensión aos cativos. Para rematar, dise que o libro está ilustrado por María Lires con debuxos moi coloristas dos personaxes.

Laredo, Carlos, *Valdelobos*, fotogr. da cuberta Juan R. Fabeiro, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Catavento, n.º 28, [lectorado mozo], 2009, 164 pp. (ISBN: 978-84-92404-64-3).

Novela realista e de aventuras de Carlos Laredo (Mera-Oleiros, 1939). O narrador, Álex, é o protagonista desta novela artellada en dez capítulos. Trátase dun rapaz de Santiago que despois de escoitar a noticia no telexornal do ataque duns lobos preto de onde fora médico seu pai fai anos, pídelle ir pasar uns días cun antigo amigo a Valdelobos. Durante a súa estancia na aldea comprobará as diferencias coa vida na cidade e coñecerá o comportamento dos habitantes do rural. Cos seus novos amigos tentarán atopar os lobos correndo diversas aventuras. Coñecerá numerosos animais e plantas típicos dos montes galegos e varias lendas da comarca. Só está ilustrada a cuberta cunha fotografía de Juan R. Fabeiro. É unha imaxe dun contraluz da Costa da

Morte cun muíño aerodinámico no primeiro plano. A paisaxe da fotografía é a da zona onde transcorre o relato.

Ledo, Margarita, *O serrote do Gil*, ilust. David Pintor, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2009, [26] pp. (IBN: 978-84-9865-200-0).

Primeiro libro infantil da xornalista e escritora Margarita Ledo Andión (Castro de Rei, Lugo, 1951) Neste álbum a historia está contada por un narrador omnisciente. Comeza cunha conversa entre un veciño e o Gil, que leva o seu serrote ás costas. Este último, que é o personaxe principal, comeza a andar e chega até unha fraga que até ese intre descoñecía. O Gil ponse a cavilar nas súas cousas e decide levar un toro de madeira para arranxar o escano do veciño. Comeza a serrar unha árbore co seu serrote e esta, coas cóxegas, ri ás gargalladas. É entón cando aparecen os paxaros galego e portugués Gutín e Gotán, pitorrei e máis picapau, que lle axudan a serrar a árbore. Logo, os paxaros carpinteiros acompáñano no seu camiño de volta e axúdano a arranxar o escano. O conto remata con estes tres simpáticos personaxes dando tres reviravoltas coma os monicreques. O álbum acompáñase das ilustracións de ilustracións figurativas de David Pintor (A Coruña, 1975). Algunhas escenas apoian o texto redundando visualmente o que se di nel. As composicións achegan dinamismo xa que son moi cambiantes. As imaxes están centradas no protagonista e na paisaxe do bosque onde ocorre o relato e as cores son de gama cálida. Estas ilustracións complementan en certos aspectos o texto pero sobre todo ofrecen unha lectura visual con matices ben diferentes.

Recensións:

- María do Cebreiro Rábade Villar, "Unha bandeira baixo o río", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proTagonista", verán 2009, p. 14.

Defínese a obra creativa de Margarita Ledo Andión a través de binomios antitéticos, especialmente entre a contundencia e a sensibilidade. Repasa moitos dos seus títulos, dende *Mamá-Fe* (1983) até o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, titulado *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega* (2009), no que considera que cobra corpo a unicidade do seu pensamento e a tensión entre o sentimento de pertenza a un legado e a necesidade de sermos inflexíbeis no cuestionamento desta herdanza. Céntrase a seguir n'*O serrote do Gil*, do que comeza salientando a complexidade, fundamentalmente pola mestura de linguas e a vizosidade da súa linguaxe.

Referencias varias:

- Ana Salgado, "Deixei de escribir por sentirme fóra da literatura que se facía", *Tempos Novos*, *"Protexta"*, n.º 11, "proTagonista", verán 2009, pp. 12-15.

Longa conversa con Margarita Ledo na que comeza lembrando algunhas das súas publicacións, como as incluídas en volumes colectivos, como "O sapoconcho e o pasemisí", incluído en *Linguas mortas* (1989), para despois centrarse en explicar como xurdiu a súa última obra, *O serrote do Gil*, na que explica que xoga cun personaxe duplo e co amplo mundo de posibilidades do imaxinario infantil. Considera que a

sorprendeu a ilustración porque debuxa a un protagonista máis medrado có do texto, o que provoca que texto e imaxe funcionen como dous relatos en paralelo, o cal lle parece interesante. Considera que nesta obra non se contradín valores ecoloxistas, senón que se reflicte a convivencia das persoas coa natureza que as rodea; valora a forza da linguaxe empregada e lembra que xa no texto de *Linguas mortas* levou a cabo a experimentación con textos diversos, unha proposta fóra do canon da época, que non tivo boa acollida do público, aínda que si por parte da crítica especializada. Reflexiona tamén sobre a relación de afecto e respecto que estabelece cos materiais que manexa nas súas creacións e as súas lecturas de descuberta da literatura galega, en especial do nova narrativa. Fala tamén de Ramón Otero Pedrayo, do que destaca a súa visión da realidade e das mulleres, un observador que non se atreveu a dar o paso de entrar no mundo; admite a influencia de Xosé Luís Méndez Ferrín, en especial pola concepción da vinganza, unha temática na que tamén están presentes as obras de Cortázar e Borges. Considera que os finais das obras é unha das cuestións que caracterizan a súa escrita, así como as abondosas digresións. Sobre a literatura galega admite que lle gusta a literatura europea feita polos creadores galegos, sen prexuízos, por iso prefería a situación que se vivía nos anos oitenta, "nunha especie de literatura de prestado na que sempre tiñamos que facer outras cousas". Sobre a produción galega actual admite que ten os seus autores favoritos e que nela pode atopar case todo o que quere ler, admite o gran salto que se experimentou, especialmente en sectores como a literatura infantil e xuvenil, asentada como industria cultural. Entre as súas lecturas de referencia cita a Marguerite Yourcenar, Marguerite Duras ou Uxío Novoneyra. Repasa brevemente a súa traxectoria creativa, na que explica a causa dos lapsos sen crear, sumida en cuestións de xestión, o que a apartou da actualidade do sistema literario. Do contexto actual cualifica a xeración que está no poder como a máis ignorante, porque son vítimas da desmemoria, o mesmo que o capitalismo, que cualifica como servil, situándose no pensamento marxista e crítico.

López, Carlos, *A peripecia de Roi*, VII Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil da Deputación de Coruña, ilust. David Pintor, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Ala Delta, n.º 22, serie azul, a partir de 8 anos, 2009, 102 pp. (ISBN: 978-84-92404-57-5).

Este relato de fantasía e humor de Carlos López (Boimorto, A Coruña, 1967) é quen de introducir aos máis cativos nun mundo no que todo parece ser posíbel. A partir dunha dedicatoria a Roi, a historia, dividida en dezanove capítulos, comeza un sábado pola mañá na casa do protagonista, un neno de seis anos que agarda con impaciencia a que súa nai o leve á feira. A nai mércalle oito globos de helio que o arrastran polo aire até chegar ao espazo, onde lle acontecen infinidade de cousas que rematarán levándoo de novo xunto á súa nai. A linguaxe empregada é nidia e sinxela, coa presenza dalgúns vocábulos máis complexos de función didáctica para os nenos e as nenas. A través dun narrador en terceira persoa, a historia vaise tecendo ao redor dunha liña temática centrada na imaxinación e na fantasía, con certas claves de humor. As ilustracións corren a cargo de David Pintor (A Coruña, 1975). Só a cuberta ten cor e ofrece unha imaxe que non ten relación co título do libro, mais está relacionada coa narración que se vai desenvolver no interior. Trátase duns animais que asoman entre as nubes. O estilo das imaxes é moi simple, están realizadas a plumiña e para comprendelas é preciso o apoio do texto. As sinxelas composicións son planos xerais que amosan o protagonista

no seu periplo a través do ceo. As escenas apoian ao texto redundando visualmente no que se di nel.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Come e medra, apaña as estrelas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 785, "Cativadas", 1 novembro 2009, p. 7.

Presenta as propostas de Edicións Tambre para os máis novos. Sobre *A peripecia de Roi* refire que se trata "dunha historia máxica" e achega parte do argumento. Remata animando a empregar "un anaquiño" do tempo diario para ler porque é "unha oportunidade única para deixar voar a imaxinación".

López-Barxas, Paco, *A avoa do nobelo branco*, ilust. Kristina Sabaite, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de cor, n.º 19, a partir de 6 anos, xuño 2009, [32] pp. (ISBN:978-84-92630-29-5).

Álbum infantil realista de Paco López-Barxas (nome literario de Francisco López Rodríguez, Ponte Barxas, Ourense, 1952) que trata da relación que ten unha neta coa súa avoa. A narradora protagonista comenta cómo a súa avoa lle contaba historias da súa infancia; como a maneira de descubrir de onde veñen as gaivotas e os berberechos se parecen tanto a elas. Un día, ao chegar da escola, atopouse coa cadeira da súa avoa baleira e decatouse de que morrera. As ilustracións figurativas deste álbum son de Kristina Sabaite (Lihutania, 1979). Na cuberta aparece a protagonista e na portada, un nobelo. Están centradas na avoa e na neta e describen coas imaxes os contos que lle narra con contidos mariñeiros. Os personaxes aparecen nun primeiro plano, con faccións desproporcionadas e redondeadas, ocupando o maior protagonismo dentro de cada unha das ilustracións. Nalgunhas ocasións emprega fotografías que insire como elementos decorativos da escenografía. As ilustracións caracterízanse pola utilización de diferentes trazos que van amosando gran diversidade de texturas (moitas das tramas empregadas están deseñadas por ordenador). As cores son suaves e enchen as formas sen intención volumétrica. En todas as ocasións texto e imaxe compleméntanse e mesmo ofrecen lecturas propias.

López-Barxas, Paco, *Tom e Mix, os cabalos de Clara*, ilust. Xaime Asensi, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, [lectorado autónomo], 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-7824-572-7).

Este conto de Francisco López-Barxas (nome literario de Francisco López Rodríguez, Ponte Barxas, Ourense, 1952), de tendencia fantástica, trata os temas da amizade e da liberdade. Conta cunha dedicatoria: "Para Dubra, que cabalga cos ollos pola vida e para Mercedes e Perozo que a ven cabalgar". Un narrador en terceira persoa relata a historia de Tom e Mix, que son os cabalos de madeira que ten na súa habitación Clara, unha nena moi amante destes animais. Unha noite Tom e Mix deciden ler un libro, entre os de Clara, para coñecer os cabalos mais afamados da historia. Cítanse moitos e o por que se fixeron famosos como, por exemplo, Rocinante, o cabalo de Don Quixote, ou o cabalo de Troia. Cando acaban de ler deciden que non queren ser famosos e escapan ao

monte para vivir cos cabalos salvaxes e ser libres, feito que conseguen e mesmo Clara chega a velos xogando no mar. As ilustracións de Xaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1957) están centradas nos cabalos; xa na cuberta aparece a cabeza dun deles. As imaxes van dando información sobre o cabalo e o xinete contextualizando as diferentes épocas, mesturando cabalos reis cos pertenecentes á mitoloxía ou as lendas. As ilustración complementan aos textos é son imprescindíbeis para seguir o relato.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Soletreando as primeiras letras amodiño", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 786, "Cativadas", 8 novembro 2009, p. 7.

Páxina dedicada ás novidades da editorial Sotelo Blanco, nomeadamente as editadas nunha colección que presenta un formato de letra axeitado para os primeiros lectores que vai acompañado de ilustracións. Infórmase tamén de que a editorial participa no programa Bocaberta de Política Lingüística organizando actividades no marco da campaña "Tardes de lecer", que pretende promocionar a lingua galega e na que Sotelo Blanco participa co conto *Tom e Mix, os cabalos de Clara*, de Paco López-Barxas, entre outros.

- R. Loureiro, "Un libro para ler cos nenos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, 5 decembro 2009, p. 10.

Recomenda unha lectura compartida cos nenos do conto *Tom e Mix, os cabalos de Clara*, escrito por Paco López-Barxas e ilustrado por Xaime Asensi. Sinala que por el pasan diferentes cabalos: Pegaso, o cabalo de Troia, as monturas de Alexandre Magno e Calígula, Babieca do Cid, o cabalo do Gernika de Picasso e Rocinante.

- La Voz, "Área central recibe hoy a Papá Noel y continúa con la campaña 'Tardes de lecer'", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 18 decembro 2009, p. 9.

Fai referencia ao programa de dinamización lingüística "Tardes de lecer", a partir do volume *Tom e Mix, os cabalos de Clara*. Sinala asemade a visita de Papá Noel e a celebración do sorteo de cestas de Nadal.

López Rodríguez, Xavier, *Lixo*, ilust. Antón Taboada, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 192, serie laranxa, maio 2009, de 11 anos en diante, 82 pp. (ISBN: 978-84-9914-006-3).

Esta novela de Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) está estruturada en "Primeira Parte" e "Segunda Parte", separadas por dous pequenos capítulos nos que o narrador en primeira persoa é o pai da protagonista. O primeiro deles títúlase "Intermedio" e nel, mediante un monólogo interior, agradécelle á súa cadela a fidelidade. No segundo capítulo intermedio titulado "Extraviada" pídelle a alguén que lle deixe colocar un carteliño no que di que perdeu a súa cadela e dá unha recompensa para quen a atope. A "Primeira Parte" comeza case ao final da historia cando ela descobre que na nave onde deixou o seu amigo hai un gran incendio no que el morreu queimado e sente non terlle confesado que realmente era unha muller e que o

desexaba. A partir de aí, un narrador omnisciente conta a historia dela, da que non se sabe o nome, que un día marchou da casa porque tivo unha pelexa co seu pai, demasiado autoritario para ela. Despois estivo un tempo preto da súa casa para ver súa nai, pero cando comezou a traballar recollendo froita chamou á casa pero súa nai xa non estaba porque abandonara a seu pai. Comezaron a vir estranxeiros, que son man de obra máis barata, e deixaron de levala para traballar polo que se viu na rúa e, despois de que a violaran, rapou o pelo, agachou o peito e decidiu converterse nel para que ninguén volvera abusar dela. Durante unha tempada unha señora leváballe comida pero despois deixou de resgardarse preto da súa casa e sentíase moi soa até que atopou un vagabundo chorando sentado en fronte dun colexio. Ese home tan grande separárase e a muller deixárao na rúa e nese colexio estudaba o seu fillo pero non quería que o vise nesa situación e decidiu falar co neno e dicirlle que seu pai traballaba lonxe pero que cando puidese había facerlle unha visita porque o botaba moito de menos. A partir dese momento, aquel homón converteuse no seu inseparábel compañeiro porque facían un gran equipo, el axudáballe a meterse nos contedores do lixo para buscar comida e roupa e durmían abrazados para escorrentar o frío. Despois foi á súa propia casa, fíxose pasar por vendedor e preguntou pola señora da casa, o pai pechoulle a porta no nariz. A noite na que o seu amigo morreu, el púxose enfermo e ela foi buscarlle unhas aspirinas para baixarlle a febre, polo camiño pareceulle atopar un bacoriño no lixo pero era o cadáver dun bebé, achegóuselle unha cadela, era Salta, a cadela que tivera na súa mocidade. A partir de aí foi a súa gran compañeira e amiga e xunto a ela foi ver o fillo do seu amigo morto. Esta novela conta cos debuxos de Antón Taboada Vázquez (Santiago, 1976). A ilustración da cuberta é moi explicita xa que amosa ao rapaz protagonista rodeado de bolsas de lixo. No interior as imaxes correspóndense con momentos puntuais do relato. Son debuxos iluminados á acuarela con tonalidades predominantemente suaves. O estilo é figurativo e moi naturalista, con información detallada das personas que aparecen nas imaxes.

Recensións:

- María Navarro, "Coa empatía. Unha realidade próxima", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 311, "Libros", 3 decembro 2009, p. VII.

Coméntase que *Lixo*, de Xavier López Rodríguez, ademais dun gran manexo da lingua, consegue contar o xusto, insinuando e ocultando detalles incómodos co obxectivo de denunciar a realidade ante a que moitas veces permanecemos alleos. Así, sinálase que a morte do seu compañeiro fai que a protagonista lembre partes significativas da súa vida e estea tan agradecida por esa amizade desinteresada, pero que tamén sinta repugnacia polo seu comportamento. Infórmase de que nunha primeira parte coñecemos como vivía co seu amigo e o pasado que lembra e na segunda tenta saír adiante soa até que aparece a súa cadeliña da mocidade que tamén lle fai lembrar o pasado. Entre elas dise que hai unhas páxinas tituladas Intermedio e Extraviada que unen o pasado co momento actual.

Referencias breves:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Libros", 25 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se describen brevemente unha selección de novidades literarias, caso de *Lixo*, de Xavier López Rodríguez.

- Margarito Flowers, "Lixo', cuando la basura es básica para subsistir", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 22 outubro 2009, contracuberta.

Fala do último libro do xornalista Xavier López Rodríguez, *Lixo*, do que ofrece algún dato biográfico, como que é licenciado en Bioloxía e que traballa como crítico de arte no "Grupo Correo Gallego". Sobre o argumento conta que narra a historia dunha rapaza que é botada da casa e ten que subsistir na rúa, procurando comida e abrigo no lixo. Asemade, refírese ás ilustracións de Antón Taboada Vázquez, pintor de formación autodidáctica.

- Margarito Flowers, "Buenas lecturas para estrenar las navidades", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 9 decembro 2009, contracuberta.

Propóñense lecturas para o Nadal da man de Xavier López Rodríguez e ilustradas por Antón Taboada Vázquez. Entre outras, *Lixo* (2009) no que se contan as andanzas dunha rapaza á que o seu pai bota da casa e ten que vivir na rúa e entre o lixo.

López Rodríguez, Xavier, *Cacaborro*, ilust. Antón Taboada, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Punto de encontro, [lectorado mozo], 2009, 163 pp. (ISBN: 978-84-403-1120-7).

Narración de Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) con corrente e tendencia histórica-realista na que se trata o tema da amizade. É unha narración na que se trata o tema da amizade. Cóntase en terceira persoa uns acontecementos que lle suceden a Álvaro, o neno protagonista, que vive nunha pequena aldea chamada San Clemente e un día vai visitar, coma todas as noites, a un amigo seu, un vello da aldea ao que ninguén quere e que todos temen. Álvaro é o único amigo que ten este vello, co único que fala, xa que o resto dos veciños cren que el é o responsábel de todo o malo que acontece na aldea e incluso din que ten un pauto co demo para non morrer nunca. Os veciños puxéronlle o alcume de Cacaborro comparándoo así cos cogomelos podres. Ao chegar á casa do Cacaborro, Álvaro descobre que está morto, entón recorda a promesa que lle fixera cando aínda estaba vivo. Prometéralle que sería el mesmo o que o enterraría para que ningún dos veciños o descubrise morto xa que pola pouca estima que lle tiñan, non o deixarían descansar en paz. A novela narra o que fixo Álvaro dende que atopou o cadáver do seu amigo até que, dous días despois cumpre a súa promesa de enterralo. A narración divídese en dúas partes ou veladas que se distribúen en Tarde e Noite. Durante eses dous días, a parte das cousas que vai facendo Álvaro tamén se narran algúns recordos. Así lémbranse outras mortes que el viviu, coma a do seu amigo Xurxo que o marcou especialmente xa que el era un rapaz da súa idade e Álvaro viu como o mataban; a do seu avó; recorda a vida dunha vella da aldea que chamaban a Cegada ou como o Cacaborro lle ensinara a facer cestos. As ilustracións figurativas de Antón Taboada (Santiago, 1976) apoian o texto con información sobre costumes, personaxes, vestimentas e imaxes importantes para seguir a narración. Son imaxes realistas e expresivas que non dulcifican nada a realidade.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, "Buenas lecturas para estrenar las navidades", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 9 decembro 2009, contracuberta.

Propóñense lecturas para o Nadal da man de Xavier López Rodríguez e ilustradas por Antón Taboada Vázquez. Entre outras, aconséllase *Cacaborro*, onde se narran as aventuras e desventuras de Álvaro, o único amigo dun home misterioso ao que o vecindario culpa de todas as desgrazas que sofren.

López Román, Víctor Manuel, *O Trotaaugas viaxa cara ás gándaras de Budiño*, ilust. Elisardo Barcala, Porriño: Concello de Porriño, 2009, 29 pp. (DL: VG 432-2009). ◆

Conto de Víctor Manuel López Barcala sobre un sapoconcho que vive nunha lagoa feliz até que a súa tranquila existencia se ve ameazada pola chegada dos seres humanos para acabar coa lagoa. Entón inicia unha viaxe polo río cara a unha lagoa que outro sapoconcho lle di que existe. Na viaxe coñece moitos animais singulares e estes relátanlle os seus variados modos de vida: a cobra sapeira, que imita ás víboras para se defender; o merlo rieiro, un ave que pode se mergullar para buscar insectos; o peixe espiñento que fai niños baixo ás augas; o picapeixe; o furapresas, cunha grande trompa para cazar animaliños; e a anguía, que pode saír da auga. Todos estes animais danlle esperanzas de encontrar esa lagoa, chamada As Gándaras de Budiño. Ese lugar máxico e único ofrece por fin un fogar para o sapoconcho. Acaba cun alegato en defensa dos espazos naturais. Engade tres textos finais, un apéndice cos debuxos e nomes dos animais das gándaras, outro sobre a descrición do sapoconcho e o último sobre As Gándaras de Budiño cunha foto do espazo natural. As ilustracións figurativas de Elisardo Barcala ocupan unha páxina enteira e amosan en todas as composicións a tartaruga protagonista. Os animais que van aparecendo presentan un aspecto amábel e cercano. Neste caso as ilustracións serven de apoio visual aos textos para axudar a coñecer a fauna das gándaras. A técnica elixida é a acuarela. Nos tons, luminosos e contrastados, predominan os verdes. A colocación dos textos é sempre na páxina da esquerda en tinta branca sobre un fondo verde.

Lóriga Álvarez, Guadalupe, *Kofu e Pipu* (ISBN: 978-84-92590-43-8)/*Kofu e o tempo libre* (ISBN: 978-84-92590-45-2), ilust. Michel Casado, Vigo: Nova Galicia Edicións, [lectorado autónomo], 2009, [28] pp.

Serie de álbums-contos, de tendencia realista, escritos por Guadalupe Lóriga Álvarez e ilustrados por Michel Casado (Vigo, 1979). Neles os valores que se queren salientar son a amizade e o respecto polos animais. En *Kofu e Pipu*, a narradora, unha das personaxes, cóntalle a seu fillo a historia de Kofu e Pipu, historia na que despois de presentar aos personaxes, a Lusiño, ao seu can Pipu e a seu amigo Kofu, cóntase os xogos que comparten estes tres personaxes até que un día Luisiño marcha de viaxe con seus pais e posto que non poden levar a Pipu ten que deixalo só. Kofu atópao ao descubrir que Luisiño e os seus pais marcharan queda con el co permiso da sua nai até que volve Luisiño e ao ver que Pipu o seguía querendo, a pesar de que o abandonara, comprende a frase "o can é o mellor amigo do home". A cuberta e a contracuberta forman co libro aberto unha mesma imaxe que representa a Kofu e Pipu na rúa na parte

da cuberta e a Luisiño marchando en coche na contracuberta. Polas imaxes figurativas sábese en primeiro lugar que Pipu é un can e o aspecto que ten, que os nenos viven nunha pequena vila, que o lugar ao que marcha Luisiño é Australia, etc. Todas as imaxes son realistas excepto unha, na que Kofu e Pipu buscan a Luisiño pola vila adiante. Os debuxos teñen unhas cores alegres. As formas están rodeadas dunha grosa liña negra. As imaxes completan a narración con información sobre as contornas cotiás dos protagonistas. Tamén axudan a distinguir os aspectos raciais de cada neno. Ao final do libro hai unha serie de actividades propostas polos autores coa finalidade de fomentar o agarimo e o respecto cara aos animais.

Loureiro, Ramón, *Príncipes de Bretaña, Estrelas de Compostela*, ilust. Gonzalo Pernas, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, [lectorado mozo], 2009, [40] pp. (ISBN: 978-84-936607-8-9).

Conto de Ramón Loureiro (Sillobre, Fene, 1965) no que un narrador omnisciente conta a historia dos príncipes de Bretaña que, nun tempo moi afastado, dúas ou tres veces ao ano, andaban polos Camiños da Terra para atopar a Deus, San Pedro e a Virxe, cunhas casas fabricadas con seda de paraugas ás costas. Percorrían lugares significativos no Camiño de Santiago: O Cebreiro, onde o Pan Consagrado se fixo Carne de Cristo, Santo André de Teixido, a Capela do Naseiro, a Fonte do San Ramón de Sillobre, Ferrol, Mondoñedo, Samos, a Igrexa de Vilar de Donas, etc. Un ano santo de hai moitos séculos acordaron ir gañar o Xubileo e a peregrinación estivo chea de milagres: un cego recuperou a vista, vían nacer ríos inesperados do medio das rochas e ouro nas mans dos mendigos. Pero o maior milagre ocorreu cando chegaron á Catedral xa que todas as imaxes do Pórtico da Gloria miraron para eles, o Apóstolo Santiago estendeu os brazos para darlles a benvida e dous leóns deitáronse diante deles. Entón a catedral encheuse de flores de cores, unha por cada alma dos peregrinos que xa morreron, e un cabalo branco cruzou a Praza do Obradoiro cabalgando. As páxinas preséntanse totalmente ilustradas por Gonzalo Pernas Frías con imaxes de cores vivas e debuxos sinxelos, aínda que moi expresivos, transmitindo, cunha certa compoñente didáctica, unha historia compostelá rodeada de maxia e cargada de valores relixiosos. Trátase de ilustracións figurativas mais as escenas dos milagres están resoltas con composicións de inspiración fantástica moi colorista. Hai referencias visuais a varios monumentos do Camiño (o Pórtico da Gloria, a Catedral e o Botafumeiro, entre outros) e incluso se aprecian uns peregrinos que percorren o Camiño.

Recensións:

- Laura Caaveiro, "Do fulgor e das flores", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 317, 13 xuño 2009, p. 11.

Dise que trata da costume que tiñan os príncipes bretóns de peregrinar a Compostela e que achega aos lectores máis novos as lendas da peregrinación a Compostela. Coméntase que o conto vai narrando as distintas peripecias que lles van sucedendo, así como "prodixios" tales coma sentir o son de campás que non existen e que as ilustracións están en consonancia co universo fantástico. Tamén se comenta que amosa o imaxinario persoal do autor como Ferrol ou Mondoñedo e que se trata de literatura para nenos, pero tamén para "lectores de máis idade" alicerzada de "escrita poética".

Marcos, Xesús Manuel, *O brindo de ouro*. *II*. *A Táboa da Hospitalidade*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 125, [mocidade], outubro 2009, 412 pp. (ISBN: 978-84-9914-064-3).

É esta a segunda entrega da serie *O Brindo de Ouro*, iniciada con *A chamada do Brindo*, de Xesús Manuel Marcos (Seoane do Caurel, Lugo, 1967). Nesta novela relátanse as aventuras que xorden arredor do pobo arxina de Pico de Brío. O pobo está protexido por Selmo, Gardián do Brindo de ouro, fillo de Tilego e neto da Xida Locea. Un día chega Toimil e cóntalle a Selmo que seu pai estaba vivo, que o fóra rescatar unha vez que Martul, o que matara o pai de Ildara, raíña dos alobris, lle confesara onde estaba a cambio da súa liberdade, traizoando así á súa prometida. As Xidas dos pobos arxinas estaban presas pola Bruxa dos Broncedos, agás a Xida Valiña de Osa, até que un día chegaron ao pobo contando que escaparan pero que a Xida Locea non conseguira resistir a grande tormenta que as alcanzou. Pero a realidade non era esa, xa que a Bruxa deixounas ceibas porque fixeron un trato, o que estaba reflectido na Táboa da Hospitalidade, que lle entregou Locea, quen escapara do resto das Xidas, a Losío, un comerciante de sal, e contoulle toda a traizón antes de morrer nos seus brazos. Agora quen estaba ao cargo do Brindo era Tilego, mentres Selmo, Tilmo e Valiña de Osa, acompañados polos mellores guerreiros de cada pobo arxina, emprenderon unha viaxe na que lles aconteceu unha serie de feitos, e Losío lles revelou a traizón das Xidas, mentres estas dispoñían do pobo, que descoñecían o que estaba acontecendo, á súa maneira. Ao remate da historia, conseguiron raptar ás Xidas e desenmascaralas ante os arxinas e todo volveu á normalidade, aínda que a historia ten un final aberto. Só ten ilustración a cuberta cunha imaxe de Juan Carlos Abraldes que presenta a unha muller vella que está nun bosque entre brétemas, entre as mans ten unha táboa escrita. É unha ilustración misteriosa que avanza unha novela de lendas e secretos arcanos.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Literatura e paixón literaria", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 472, "Musas", 30 agosto 2009, p. 46.

Breve entrevista ao escritor Xesús Manuel Marcos na que, tras unha breve cuestión de carácter biografico do autor, o periodista dedica o resto das preguntas a que o autor conte o camiño que leva percorrido coma escritor, a súa situación actual e na parte final pregunta polos plans de futuro do escritor.

- Manuel Vidal Villaverde, "O tempo na sala de espera", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 483, "Musas", 29 novembro 2009, p. 30.

Con motivo da publicación da segunda entrega da serie *O Brindo de ouro*, titulada *A táboa da hospitalidade*, de Xesús Manuel Marcos, o autor sinala nesta entrevista que naceu en Seoane do Courel, onde escoitou moitas das historias que agora escribe. Salienta que adoita decantarse pola mitoloxía, aínda que noutras novelas aborda a memoria máis próxima, e que xa está a preparar a terceira entrega da triloxía, coa que pechará o círculo das aventuras dos arxinas das Terras Outas.

- L. A. R., “Cientos de personas llenaron Froxán con motivo de la Pisa da Castaña”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 7 decembro 2009, p. 7.

Ademais das informacións referidas á celebración da festa da Pisa da Castaña na aldea courelá de Froxán, indícase que se presentou a segunda entrega de *O Brindo de ouro*, do escritor courelés Xesús Manuel Marcos, na que “recoge historias de O Apalpador, un personaje que las leyendas cuentan que habitaba en las devesas de O Courel y que en Navidad bajaba a las aldeas para palpar las barrigas de los niños, comprobar que estaban bien alimentados y recompensarlos con un puñado de castañas”.

Martínez, Sonia, *Bruno e O Manto de Estrelas*, ilust. Yolanda Falagán, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, Moira e a Ciencia, n.º 19, a partir de 8 anos, xuño 2009, 62 pp. (ISBN: 978-84-92630-20-2).

Sonia Martínez (Valladolid) neste álbum infantil, por medio dun narrador omnisciente e diálogos illados conta de xeito realista a historia de Bruno, un neno moi soñador. Comeza a historia o día do aniversario de Bruno, que é agasallado polo seu amigo Dimitri cun libro chamado “O Manto de Estrelas”. Durante a festa, todos os nenos invitados póñense a xogar a encontrar pantasmas no soto da casa. A avoa de Bruno dorme na casa e o neno tense que trasladar a esa estancia para durmir. Aínda que é moi valente, éntralle un arrepío terríbel ante a idea de atoparse con todas as pantasmas que estivera buscando xunto cos seus amigos pola tarde. É entón cando o neno decide comezar a ler o libro que lle regalara seu amigo para evadirse do medo que ten. Esta lectura comeza a apaixoalo tanto que o neno non para de investigar sobre o mundo das estrelas e a configuración do sistema solar. Cando medra, Bruno convértese en astronauta. Nunha das súas viaxes ao espazo, atópase co seu amigo Dimitri, que se fora vivir tempo atrás ao seu país de orixe. Remata cun epígrafe “Moira e a Ciencia. Actividades”. A ilustradora Yolanda Falagán aposta por unha ilustración figurativa moi próxima ao imaxinario infantil regalando ao lectorado unhas ilustracións que falan dos afectos e os seus desexos e que teñen unha boa integración co texto, complementan a narración, e nalgúns momentos do conto destacan sobre o texto, ofrecendo unha lectura visual individualizada. A técnica elixida pola ilustradora é a acuarela unida co rotulador para perfilar e sombrear. Hai que destacar as composicións sinxelas a base de planos cortos e t amén o interese da artista por representar expresións e estados de ánimo nos personaxes .

Mayoral, Marina, *Quen matou a Inmaculada de Silva?*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 117, [mocidade], febreiro 2009, 183 pp. (ISBN: 978-84-9782-566-5).

Novela que combina as estratexias de recreación de sucesos ocorridos durante a Guerra Civil descubertos por adolescentes, coas propias das novelas iniciáticas e as de misterio e resolución dun crime. Marina Mayoral (Mondoñedo, 1942) recorre á ambientación no espazo imaxinario e simbólico habitual nas súas obras, Brétema, e á intratextualidade coa súa propia obra. Neste caso, o epílogo de *Quen matou a Inmaculada de Silva?* apela o lector para remitilo ao texto *La única libertad* (1982, 2002), no que se dá a coñecer outra etapa vital da protagonista e aparece parte do universo familiar recreado. A narradora protagonista, a adolescente Etelvina de Silva, orfa de nacemento e educada en

Madrid dende moi nova polo seu tío Alberte, descobre o amor e a súa vocación literaria durante o tempo que pasa na casa familiar de Brétema. A partir das anotacións recollidas no seu diario e das conversas gravadas con diferentes informantes, emprende unha investigación co fin de atopar unha resposta ás estrañas circunstancias que arrodearon a morte da súa parente Inmaculada a carón do fuxido Antón do Cañote, coa intención de romper o silencio familiar sobre o acontecido. Coa axuda da súa curmá Catara e de Juancho, un compañeiro do instituto que desexa ser artista e do que se namora, Etel vese obrigada a casar diferentes versións sobre a personalidade de Inmaculada, relatos que se superpoñen e complementan. Malia todo, ao final Etel non logra reconstruír a verdade do acontecido, o cal se plasma nun final aberto que invita ao lector a escoller o desenlace en función das súas conclusións: amor ou vinganza? A obra preséntase dividida nun prólogo explicativo, situado en Nova York no outono de 1974, quince capítulos titulados que corresponden ao verán e ao curso escolar dese mesmo ano e mais un epílogo datado no verán de 2008 que vai acompañado dunha árbore xenealóxica da liñaxe dos Silva. A cuberta presenta uha fotografía de Andrés Amorós (Madrid, 1969), imaxe moi explícita, na que se ve unha figura feminina empuñando unha pistola, e nos ofrece información acerca da temática da novela redundando na que xa achega o título.

Recensións:

- Pilar Ponte, "O mundo dos bos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 284, "Infantil/Xuvenil", 26 marzo 2009, p. IV.

Dise que nesta novela hai intertextualidade coa propia obra de Marina Mayoral. Dáse conta do seu argumento no que a protagonista, xunto coa súa curmá e un compañeiro de instituto, do que namora, buscan a verdade sobre a historia dunha antepasada morta en estrañas circunstancias. Saliéntase que sexa un "texto de mulleres idealizadas", centrado nos conflitos amorosos e nas relacións familiares pero baseado nunha concepción tradicional do feminino", mentres que os personaxes masculinos presentan menos fondura psicolóxica. Coméntase a cuberta do volume que presenta unha fotografía de Andrés Amorós.

- Montse Pena Presas, "O xeito Mayoral", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 19, "Libros", 18 abril 2009, p. 5.

Coméntase o argumento desta novela no que Etel é unha adolescente que trata de pescudar o que aconteceu a noite que morreron a súa tía Inmaculada e Antón Cañote, un fuxido guerrilleiro antifranquista, e a ambientación espazo-temporal. Tamén comenta que o perfil dos personaxes femininos, "autónomos e emancipados", non son críbeis para os anos corenta en que se desenvolve a trama narrativa e que o final aberto deixa "espazo a interrogantes para outra volta a Brétema".

- María Jesús Fernández, "*Quen matou a Inmaculada de Silva?* Marina Mayoral", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 232,"Libros/Novedades", decembro 2009, p. 55.

Despois de describir a historia que se conta nesta novela xuvenil, situada nas postrimerías do franquismo e en recordo dos maquis, e de salientar que é unha obra

dunha recoñecida escritora, dáse conta das referencias ás distintas voces protagonistas: contemporáneas á investigación que se leva a acabo na obra, conversas con personaxes que recordan acontecementos doutros tempos e todo o que achegan. O épilogo considérase "en cierto modo" coma un puzzle recompilatorio da Historia ao tempo que deixa aberto o relato para futuras achegas.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Mayoral trata a morte dun maquis e unha burguesa na súa nova novela", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 febreiro 2009, p. 71.

Coméntase que a novela *Quen matou a Inmaculada Silva?*, escrita por Marina Mayoral, trata da investigación da morte dun maquis e unha rapaza burguesa na posguerra española, trama que xa apuntaba na novela *La única libertad*. Di Mayoral que volve escribir "novelas longas" para poder desenvolver todos os aspectos e "dar matices aos personaxes". Ademais, sinala que está "estrañada pola ignorancia dos mozos" con respecto a asuntos como a posguerra.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 305, "Infantil/Xuvenil", 30 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salientan da produción literaria galega máis recente *Quen matou a Inmaculada de Silva?*, de Marina Mayoral, entre outras.

- Fran Pérez Lorenzo, "Catedrática en independencia", *El Correo Gallego*, "Cultura", 24 novembro 2009, p. 59.

Nota que insire algunhas declaracións de Marina Mayoral a propósito do seu labor como escritora, un labor do que sinala que está caracterizado por non se pregar ás imposicións do mercado, senón marcado por un ritmo propio e por un desexo de independencia. Alúdese tamén ao seu labor como ensinante dende 1978 na Universidade Complutense de Madrid e á súa recente praza de Catedrática de Lingua e Literatura Española. Indícase que a súa última novela até o de agora, *Quen matou a Inmaculada de Silva?* publicouse en galego e castelán, lingua á que ela mesma se traduce, pois afirma non se recoñecer cando outra persona a traduce.

Medrano, Carlos L., *Esfinxe. Relatos de pensamento creativo*, ilust. Elena Menjón Román, Santa Comba-A Coruña: tresCtres Editores, col. Polipatín / Xuvenil, [lectorado mozo], 2009, 109 pp. (ISBN: 978-84-92727-00-1).

Tras unha dedicatoria familiar "Aos meus pais, Carmen e Carlos" e partindo dunha cita de Charles Chaplin (Londres, 1889-Corsier-sur-Vevey, 1977), "O noso cerebro é o mellor xoguete que nunca se creou. Nel están todos os segredos, incluso o da felicidade", Carlos L. Medrano Martínez presenta neste volume unha morea de xogos de lóxica baixo a denominación de enigmas para un lectorado mozo. Están presentados como breves microrrelatos nos que se mestura a recreación de personaxes mitolóxicos, lendarios e da realidade cotiá e nos que se insiren elementos a ter en conta para resolver a pregunta enigmática coa que se pecha cada un dos relatos. Dividido en cinco seccións, segundo o grao de dificultade á hora de resolver o enigma proposto, o volume ábrese

cunha introdución dirixida ao lectorado agardado na que explica o que era a Esfinxe e os enigmas que propuña aos aventureiros que a ela se achegaban. Chama tamén a atención sobre a capacidade da atención, da lóxica, da intuición e da imaxinación como instrumentos de axuda para a resolución dos enigmas. Na primeira sección, "Enigmas fáciles", aparecen once enigmas sobre física, maxia, matemáticas e economía, seguidos na segunda sección, "Enigmas medios", por outros once enigmas dunha maior dificultade sobre os mesmos temas. A terceira sección, "Enigmas difíciles", ao igual que a cuarta, "Enigmas moi difíciles", inclúen once enigmas cada unha nos que a complexidade vai aumentando. Na derradeira sección, "Enigmas diabólicos", de tan só seis enigmas, a dificultade é extrema. Nun apartado final ofrécense as solucións a todos os enigmas, mais que precisan a axuda imprescindíbel dun espello á hora da súa lectura. O volume péchase cunha listaxe doutros libros publicados pola mesma editorial. Na cuberta ten unha imaxe dunha esfinge debuxada. No interior cada capítulo ten unha ilustración de páxina enteira cunha imaxe que alude literalmente a algún dos elementos do enigma que trata. A técnica que utiliza é a acuarela e está empregada cun cromatismo moi contido. Está ilustrado por Elena Meijón Román.

Recensións:

- Carlos Ocampo, "Un libro para ler pouco", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 25 xullo 2009, p.10.

Manifféstanse dúbidas á hora de clasificar esta obra de Carlos L. Medrano, pois se considera a medio camiño entre o ensaio e o relato, ao mesmo tempo que se atopa incluído nunha colección dirixida a un lectorado infanto-xuvenil. Finalmente afírmase que *Esfinxe. Relatos de pensamento creativo* constitúe unha colección de enigmas, motivo que xustifica a súa aproximación ao ensaio. Coméntase que conta con cincuenta problemas lóxicos de dificultade crecente para estimular a mente do lectorado.

- María Navarro, "Aprender a aprender", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Libros", 5 novembro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", 14 novembro 2009, p. 7.

Comeza apuntando que a editorial Tresctres se dedica maioritariamnete a publicar libros de divulgación referidos a diversos ámbitos entre eles a literatura. Indica que o autor, Carlos L. Medrano, é coñecido por outros títulos "de carácter lúdico-educativo" e que con *Esfinxe* reinventa o relato tradicional para conseguir que o lectorado empregue facultades como a lóxica, intuición e imaxinación para resolver enigmas. Presenta as claves do volume pensadas para que o lectorado se sirva da súa intelixencia para descubrir os enigmas desenvolvidos nos cincuenta relatos organizados en cinco apartados segundo o grao de dificultade. Destaca que as alusións á historia, a elementos da realidade e a lugares afastados, ademais das referencias de espazo e tempo, contribúen a concibir a descrición como real e a amosar "o carácter didáctico-pedagóxico" do volume. Remata considerando que cando se fala á nenez dende a intelixencia e a madureza esta consegue "aprender a aprender" e ademais créanse ferramentas para motivar que esta pense.

- Salvador Naya Fernández, "De enigmas e xogos", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 106-107.

Presenta *Esfinxe. Relatos de pensamento creativo*, no que Carlos Medrano ofrece "unha serie de enigmas cun estilo moi persoal, facendo que resulte entretida a súa lectura e que cada un destes problemas represente un reto para o lector". A seguir, explica a estrutura do volume, que recolle os enigmas por orde de complicación en cinco partes e remata cun último capítulo de solucións moi orixinal. Refire os enigmas seleccionados e fala de grandes científicos que estudaron enigmas e xogos, alén de sinalar que están ante o libro axeitado todos aqueles que gusten de revolver enigmas.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, "Paseo por el amor y la muerte", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 1 xuño 2009, contracuberta.

Valora *A frauta i o garamelo*, de Avilés de Taramancos, reeditado polo concello de Noia con ilustracións de Baldo Ramos, e califícao como unha "xoia". Finalmente céntrase en *Esfinxe. Relatos de pensamento creativo*, de Carlos L. Medrano, do que di que pretende fomentar a lóxica e que recorda *O mundo de Sofia*, de Jostein Gaarder.

- Marisa Vidal Collazo, "Esfinxe. Relatos de pensamento creativo. Carlos F. Medrano", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 165, "Libros chegados", novembro-decembro 2009, p. 105.

Recoméndase o libro de Medrano para o lectorado infantil e xuvenil por conter xogos, considerados divertidos, co obxectivo de axilizar a mente.

Mondelo, José, *O informe do empregado Mendes*, ilust. Fernando Llorente, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 17, [a partir de 10 anos], xuño 2009, 71 pp. (ISBN: 978-84-92630-18-9).

Conxunto de contos de José Mondelo (Peites, Lugo) de tendencia fantástica, que se divide en sete capítulos que teñen en común un narrador omnisciente. En "Historia da bruxa e do mozo soñador", un mozo coñece a unha bruxa e namórase dela. A bruxa sente o mesmo pero, por medo ao que pense a xente, someteo a unhas probas. A última destas levou o mozo á morte e a bruxa envelleceu soa. En "Conto de abril", un moucho cóntalle a un viaxeiro a historia dos Guillermes, unha familia de ras que celebran a chegada de abril con concursos. En "As fadas no faiado", nun faiado viven unha vella e a súa neta Anuxa. Unha noite a fada Stqbs levou a nena a un bosque onde un reiseñor lle contou unha lenda. Logo un camaleón e unha muller mostráronlle a pirámide máxica que representaba as catro estacións. Anuxa quería vivir alí coa súa avoa, pero a fada só podía cumprir os soños dos nenos... A noite seguinte visitouna a Morte, quen a levou xunto coa súa avoa a un mundo no que non pasarían fame nin frío. En "Unha historia do Bana Nnagú", Bana Nnagú dirixíase ao cume da montaña cando atopou co moucho Mou, quen llo advertiu de que se subía ao cume non podería ver o val pola néboa. Pensando que é un inútil érguese, esvara e cae nunha poza. Entón dálle un ataque de risa que alegrou a todo o val. Finalmente todos recoñecen que Bana non é tan inútil. En

“Houbo unha vez un anxo malo”, o gran señor Eochán domeou o caos e formou un país de cor con miles de criaturas. Tamén creou os anxos para que o acompañasen. Un destes anxos era malo e enfrontouse a Eochán. Unha vez vencido foi condenado a sufrir sen perdón. Agora Eochán sente medo dos anxos. En “Outra historia do Bana Nnagú”, Sausina, a filla do rei, era fermosa pero moi orgullosa. Namín era o seu pretendente máis humilde e o Bana Nnagú quixo axudalo. Xunto co moucho Mou buscaron a fada Fanina quen lle deu unha luva coa que podía conceder dous favores. “O informe do empregado Mendes”: Mendes ten que elaborar un informe sobre as actividades da empresa e quédalle pouco tempo, pero está canso e decide durmir. Esperta e só lle restan cinco minutos. Ao abrir o informe as letras desaparecen. Tremendo entrégallo ao director. Este felicítao. Cando o vai ler sucede o mesmo e as follas quedan en branco. Ao darllo ao seu superior decidido a culpar ao empregado, este felicítao polo traballo. Pero ao deitarse para lelo repítese o acontecido. Logo o informe pasou ao director xeral, quen tampouco apreciou as follas sen letras, e finalmente acabou nas mans dun arquiveiro. Este home, cando quixo ler o documento, viu esvarar as letras. Porén, gardou o informe coma se nada e non llo contou a ninguén. Estas historias apóianse nunha linguaxe sinxela e na presenza de diálogos e conta coas ilustracións de Fernando Llorente. A da cuberta correspóndese coa ilustración do último relato, que é o que dá nome ao libro, e que, dun xeito explícito, amosa ao empregado nun escritorio cheo de papeis. No interior as poucas ilustracións están en branco e negro e correspóndense cunha escena importante do relato. Son imaxes figurativas que mesturan a realidade coa ficción.

Mugardos, Xavier e Brais **Fernándes Alvares**, *A historia do gran de millo*, ilust. Rooster, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, [lectorado autónomo], 2009, 28 pp. (ISBN: 978-84-7824-577-2).

Álbum infantil de tendencia fantástica de Xavier Mugardos e Brais Fernándes Alvares no que se compaxinan o relato dunha historia para nenos coas ilustracións de Rooster no que un narrador omnisciente narra a historia dun gran de millo, que planea con moita ilusión o seu futuro e utilidade como gran. Este pequeno gran espera con ansias converterse nunca gran planta de millo e así xerminar grande e forte, mais este prognóstico non se cumpre. Desilusionado escoita que a súa dona vai facer empanadas para o día seguinte e novas ilusións agroman no gran de millo que agora desexa converterse nunha boa fariña para as famosas empanadas da súa dona, pero unha vez máis estas ilusións trúncanse de novo e comeza a crer que será a comida das galiñas. Cando xa cre que o seu destino é fatal o gran de millo acaba na horta dun vasoirazo da súa dona e así o pobre remata nunca poza de lama a intemperie queixándose do seu triste destino. Un día chega un xílgaro e co seu pico agarra as ramas nas que estaba agochado o gran de millo que de súpeto voa polos aires e pasa a formar parte do niño do xílgaro, nel contempla a beleza do milagre da vida. Cando cae do neno, o gran séntese feliz porque as súas ilusións foron á vez formas de vida distintas e séntese compracido de tantas experiencias vividas inda que foron só ilusións. O gran que cada vez está máis enterrado comeza a xerminar e del resulta saír un marabilloso rosal silvestre, xa que, como sempre vivira entre grans de millo, creu que era igual aos seus semellantes. A historia remata cunha moralexa “Tendes que saber ben quen sondes para non sufrir como gran o que podedes gozar como flor”. Brais Fernándes Alvares mestura neste álbum imaxes naturalistas das contornas e dos animais aos que se refiren os textos con imaxes fantásticas dun gran de millo que se ri, se enfouza e se senta destacándose do

resto dos grans de millo do saco. Gamas cálidas e formas delimitadas por liñas de contorno de diferentes grosores e distintas cores configuran as imaxes deste libro que necesita dos textos para poder seguir a narración.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Soletreando as primeiras letras amodiño", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 786, "Cativadas", 8 novembro 2009, p. 7.

Páxina dedicada ás novidades da editorial Sotelo Blanco, nomeadamente as editadas nunha colección que presenta un formato de letra axeitado para os primeiros lectores que vai acompañado de ilustracións. Cítase *A historia do gran de millo*, de Xavier Mugardos e Brais Fernández Alvares con ilustracións de Rooster. Saliéntase que se trata dunha fermosa historia de gran beleza que achega valores e engaiola polas súas cores vivas. Infórmase tamén de que a editorial participa no programa Bocaberta de Política Lingüística organizando actividades no marco da campaña "Tardes de lecer", que pretende promocionar a lingua galega e na que Sotelo Blanco participa con diferentes contos.

Neira Cruz, Xosé A., *A avoa Encarna fai niño*, ilust. Noemí López, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Rañaceos, a partir de 6 anos, 2009, [46] pp. (ISBN: 978-84-403-1106-1).

Relato de Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) no que se trata o tema da morte dunha maneira metafórica. Comeza cunha dedicatoria "Á memoria da avoa Encarna, a quen aprendín a querer a través da miña amiga Noemí" e dun brevísimo epílogo que vén dicir que querer a alguén é non esquecer que hai un paxaro no mundo que sempre levará o seu nome. O relato presenta a vida da avoa Encarna, unha vida coma a dun paxaro, empregando gran cantidade de metáforas e comparacións. O narrador relaciona cada intervalo da vida de Encarna coa súa correspondente e metafórica transformación en paxaros diferentes. A medida que pasan os anos relaciónase a Encarna con distintos paxaros, até a súa morte. Así, sendo unha nena dise dela que brincaba coma un pimpín; ao medrar algo coméntase que semellaba unha fermosa andoriña, nome que utilizaba o pai para chamala, orgulloso coma un pombo (tamén compara ao pai cun paxaro); co paso dos anos converteuse nuha rula e namorouse dun rapaz para toda a vida; sendo xa adulta formou un niño cheo de paxaros e pasado o tempo decatouse de que xa era avoa. Ao ser maior enfermou e metérona no hospital, do que escapou dicindo adeus e converténdose en merla. A ilustradora deste álbum de tapas duras, con papel de calidade e con gardas ilustradas con paxaros é Noemí López (lugo, 1974). As figuras dos protagonistas son desproporcionadas xa que esaxeran as formas e xogan coas curvas. As ilustracións figurativas teñen un toque fantástico que mestura a realidade con situacións imaxinadas. As composicións de dobre páxina son variadas e seguen aos textos completándoos. As cores predominantes son cálidas, con abundantes verdes, ocres, amarelas e vermellas.

Referencias varias:

- Romina Bal, “Decembro chega, pon cara de bo, bota un ollo e prepara a lista”, *Galicia Hoxe*,“*Lecer*”, n.º 789, “Cativadas”, 29 novembro 2009, p. 10.

Con motivo da proximidade do Nadal, ofrécese un percorrido polas novidades editadas por Everest Galicia. Así salienta entre outras obras *A avoa Encarna fai niño*, de Xosé A. Neira Cruz e Noemí López, un libro cualificado como “orixinal e sorprendente”, por abordar o tema da morte a partir do que lle acontece á avoa Encarna.

Neira Cruz, Xosé A., *Un bico de amor e vida*, ilust. Enjamio, Vigo: Galaxia/Consorcio de Santiago, “Árbore/Galaxia. Musicontos”, [lectorado autónomo], febreiro 2009, [42] pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-9865-142-3). ■

Volume froito da colaboración entre Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) e Maximino Zumalave, responsábeis da selección dos fragmentos musicais que acompañan o texto, inspirado no conto *A sereíña*, de Hans Christian Andersen (Odense, 1805-Copenhague, 1875), do cal se toman elementos argumentais que se trasladan a outro contexto temporal e espacial que remite ao desastre sufrido nas costas galegas pola marea negra, tal e como demostra a dedicatoria. Cóntase como nun mar negro e ferido de morte, unha serea é recollida por un mariñeiro que a leva á súa casa para curala. Ao intentaren falar, decátanse de que as súas linguas son distintas e só conseguen comunicarse coas olladas, nas que se percibe a súa vinculación co mar, aínda que un sexa un ser de terra e o outro de mar. Nace así unha historia de amor que dura até que o mar chama pola serea, unha chamada que ela non pode evitar malia intentar transformar a súa cola de peixe en pés humanos. Os dous amantes non logran separarse e ambos mergúllanse nas augas que, por unha vez, foron indulxentes co amor e aceptaron a ambos. O CD que acompaña o volume contén a gravación da peza “Mares Nocturnos”, de Manuel Balboa (1957-2004), interpretada pola Real Philarmonía de Galicia, e mais o texto na voz da actriz de dobraxe María Inés Cuadrado. Luis Castro Enjamio (A Habana, Cuba, 1962) elabora unhas ilustracións figurativas características onde os seus personaxes destacan pola forma e a mirada que proxectan os ollos. Nesta ocasión fai uso da tecnoloxía informática para a realización das imaxes que acompañan ao texto. O deseño das imaxes ten unha grande simplicidade. O protagonismo do mar está resolto polo case exclusivo emprego de cores frias: azuis, verdes e violetas. As figuras están deseñadas con formas simples pero suficientemente identificativas e teñen uns ollos grandes e redondos que lle achegan expresividade tanto ás personas coma aos animais. As composicións están cheas de grafismos de cores para dar movemento aos fondos das imaxes. Con elas séguese a historia que vai relatando o texto e o apoia centrándose nas figuras dos protagonistas e no medio onde se moven. A información sobre a contorna é sinxela pero suficiente para distinguir as paisaxes de mar das de terra.

Referencias varias:

- C. P., “A editorial Galaxia e o Consorcio lanzan a colección de libros e cedés Musicontos”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 16 setembro 2009, p. L9.

Nota que dá conta da presentación na Biblioteca da Fundación Caixa Galicia en Santiago de Compostela da colección “Musicontos” que editan a Editorial Galaxia e o

Consorcio de Santiago na que se dan a man literatura e música a través da recreación de contos populares. Cítanse os tres primeiros títulos que conforman a colección, todos eles de Xosé A. Neira Cruz: *O prodixio dos zapatos de cristal* (2008), actualización d'*A Cincenta*, de Perrault; *O debut de Martino Porconi* (2008), reescrita do conto *Os tres porquiños*; e *Un bico de amor e vida*, que recrea *A sereíña*. Sinálase tamén que cada un dos volumes vai acompañado dun cedé no que un narrador conta a historia cun fondo musical interpretado pola Real Filharmonía de Galicia baixo a dirección de Maximino Zumalave. Finalmente, cítanse os ilustradores encargados da parte plástica do proxecto: Rodrigo Chao, Federico Fernández e Enjamio, respectivamente. Conclúe a nota anunciando a inauguración na Biblioteca da Fundación Caixa Galicia dunha exposición cos orixinais que Rodrigo Chao realizou para *O prodixio dos zapatos de cristal* e mais cunha mostra bibliográfica de todas as obras para a infancia e a mocidade do escritor Neira Cruz.

Neira Cruz, Xosé A., *Violeta non é Violeta*, ilust. Judit Morales, Madrid: McMillan Iberia, col. Librosauro, a partir de 8 anos, 2009, 113 pp. (ISBN: 978-84-7942-462-6).

Narración encadrábel no realismo cotián na que Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) tira partido da polisemia do nome da protagonista, Violeta, e aborda o conflito e as dúbidas que ocasiona a chegada dun medio irmán, ademais de presentala integrada con naturalidade nun contexto familiar de pais separados con vidas independentes que se harmonizan ao redor da nena. Unha voz en terceira persoa é a encargada de focalizar o relato dende a perspectiva da nena, alternando as descricións coas referencias ao seu mundo interior e cos diálogos. Violeta ten sete anos e axiña descobre que na barriga de súa nai hai un irmán ao que cómpre buscarlle un nome antes de que naza. A noticia fai xurdir unha chea de preguntas sobre que é un irmán e as posíbeis mudanzas que se producirán coa súa chegada que Violeta dirixe aos seus pais, aos compañeiros da escola e mesmo á súa confidente fantástica, a diminuta bruxiña Mo, que sempre a axuda a superar os seus medos. Unha conversa sincera coa nai disipa finalmente todas as dúbidas e Violeta terá un papel activo na escolla do nome do seu novo irmán. A integración da perspectiva humorística na interpretación dos feitos, a reiteración e as apelacións ao lector son algúns dos trazos estilísticos desta historia. As ilustracións de Judit Morales (Barcelona, 1975) presentan na cuberta á nena protagonista que vai a estar presente en todas as ilustracións deste libro. O estilo figurativo desta ilustradora describe con detalle as expresións dos rostros, as vestimentas dos personaxes e as características dos cuartos onde transcorre a acción. Nelas mésturase a realidade co mundo interior e máxico da nena que fala cunha pequena bruxa. As cores da pintura son alegres e contrastadas e as composicións son variadas, ás veces de páxina enteira e outras deixan espazos irregulares onde se adapta o texto.

Recensións:

- María Navarro, "Relación modélica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 292, "Infantil/Xuvenil", 28 maio 2009, p. VII.

Explícase que o libro de Xosé A. Neira Cruz, *Violeta non é Violeta* trata das inquedanzas de Violeta, unha nena de sete anos, ante a chegada dun irmán. Dise que a

preocupación inicial de Violeta volta en confianza grazas a unha conversa coa súa nai. Coméntase que o libro explora as relacións paterno-filiais e di que demostra que a literatura "pode chegar a cumprir unha interesante función social".

- María Jesús Fernández, "*Violeta non é Violeta*. Xosé A. Neira Cruz", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 232,"Libros/Novedades", decembro 2009, p. 52.

Recorda que o autor volve a se interesar polo tema familiar, neste caso nos conflictos dunha nena que vai ter un irmán. Considera o maior "encanto" do libro a "facolización", a linguaxe próxima á nenez, a sinxeleza, o humor, a tenrura e o respecto. Salienta que o modelo de familia que mostra é diferente ao tradicional, unha familia da actualidade que fai reflexionar á nena sobre a paternidade e afectos e todo o que conleva a chegada do novo irmán. Un relato ben amparado polas ilustracións moi coloristas que, como se di, axudan a crear o mundo familiar de Violeta.

Neira Cruz, Xosé A., *Jan estivo alí*, ilust. David Soler, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Arte, n.º 1, [lectorado autónomo], decembro 2009, [44] pp. (ISBN: 978-84-9865-). ■

Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) parte do famoso cadro "O matrimonio Arnolfini", de Van Eyck (1390-1441) para crear unha historia na que logra recrear e dar explicación a varios detalles do cadro, repleto de simbolismos. Jan acompaña ao seu pai ao palacio dos Arnolfini para que este lles faga un retrato. Mentres observa cada pincelada que seu pai fai sobre o lenzo, plasmando os máis insignificantes detalles da estancia, protesta porque el, estando tamén na habitación, non aparece no cadro, pero seu pai corríxeo, xa que no espello do cadro aparece reflectido xunto co seu pai e seu tío, deixando constancia de que eles tamén estiveron alí. A historia está acompañada polas ilustracións de David Soler. A temática do libro xira ao redor da obra de Jan Van Eyck, "O matrimonio Arnolfini". A cuberta presenta unha ilustración centrada no espello do fondo da pintura que para verse completa hai que despregar o libro. As gardas están ilustradas coas zapatillas da muller, a dianteira, e coas do home, a traseira. As ilustracións son xogos e recreacións, baseadas na obra orixinal do pintor flamenco, que seguen un texto que fabula coas posíbeis situacións xeradas nesa casa durante o momento no que se pintou o cadro. A técnica empregada imita a da pintura orixinal, moi detallista, con moita información visual e con cores saturadas e contrastadas. Ao remate da obra hai unha recompilación de obras de Van Eyck que acompañan a unha pequena biografía que contextualiza a época na que viviu o pintor.

Oli, *Leocadio, o león*, ilust. Teresa Novoa, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 195, serie azul, de 7 anos en diante, maio 2009, [63] pp. (ISBN: 978-84-9914-009-4).

Neste relato de tendencia realista, Oli (alcume literario de Xosé Manuel González Barreiro, Cangas do Morrazo, 1961), por medio dun narrador omnisciente e os diálogos entre os personaxes, conta as aventuras e desventuras dun león que non é capaz de facerlle mal a ninguén. Mentres as súas irmáns pelexaban el non sentía esa necesidade polo tanto non ataca ás cebras nin a outros animais. Un día os seus pais decidiron

abandonalo nunhas montañas e despois de pasar por certas aventuras viaxa a América cunha parella e instálase no seu enorme rancho, no que encontrará, xunto cos novos donos a súa verdadeira vocación de actor. Este relato, que trata temas como a supervivencia e a guerra, compleméntase coas ilustracións figurativas e bastante coloristas e que se expanden polas páxinas de Teresa Novoa. Nelas o león protagonista amosa actitudes de tipo antropomórfico: camiña sobre as patas traseiras, bebe nunha copa e observa a lúa dende a ventá. As imaxes son planas e están rodeadas dunha liña negra. Todas as páxinas están ilustradas e recrean a narración en imaxes, dun xeito paralelo de forma que se pode seguir o relato polas imaxes e completalo polos textos.

Recensións:

- Paula Fernández, "Lectura deliciosa. Contra o establecido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 303, "Libros", 8 outubro 2009, p.VII.

Ofrécese un breve resumo de *Leocadio, o león*, unha obra narrativa de Xosé Manuel González, quen se dedica por enteiro á lectura infantil. Sobre o argumento destácase a loita contra todo o estabelecido que emprende Leocadio, un personaxe que defende o dereito a ser diferente. Considérase esta historia especialmente tenra, grazas aos sentimentos expostos a través dunha prosa áxil, ao mesmo tempo que resulta educativa polos seus valores.

Referencias varias:

- Celia Martínez, "Moncho Borrajo presentará su última obra en la Feira do Libro de Cangas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 56, 18 xullo 2009, p. 5.

Explica as actividades desenvolvidas na X Feira do Libro de Cangas para o público adulto e para o infantil. Entre as actividades dirixidas aos máis novos destaca que por mor da grande acollida que tiveron en anteriores edicións se decidiu incrementalas nesta coa maxia e contacontos, a presenza do escritor Xabier P. Docampo e o ilustrador Xosé Cobas, que firmarán exemplares d'*O libro das viaxes imaxinarias*, e de Oli quen firmará exemplares de *Leocadio, o león*, e con talleres infantís e as representacións das compañías De Caduquen e Falcatrúa.

Pérez Otero, Amalia, *O libro da illa de Cortegada*, ilust. Michel Casado, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos das illas, [lectorado autónomo], 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-8341-410-1).

Neste álbum ilustrado de aventuras, de carácter popular, de Amalia Pérez Otero (Vigo, 1974), cóntase como Alberte e as súas amigas Lita e Lelia (a nena de cabelo roxo), acompañados do can Roquiño van á Illa de Cortegada co pai da Alberte un día que saíu a mariscar na súa gamela. Para que os rapaces se entreteñan mentres el pescaba propúxolles que apuntasen todos os animais e prantas que vexan pola illa e outras cousas curiosas. Acompáñaos o can Roquiño. O grupo comeza o paseo pola illa que está vixiada polo trasno Illote, quen os conduce até o tesouro da Cortegada, enterrado por corsarios ingleses; de contado, os rapaces van avisar ao pai de Alberte, mentres o trasno

os vixía e afirma que o tesouro nunca sairá da illa. Cóntanse as aventuras polas que pasan, os medos, por exemplo, de Lelia, a súa perda no bosque, os enganos aos que os somete o trasno, a súa relación co sapiño e outros animais, as descubertas mesmo de residuos de casas antigas, e mesmo cómo se converten en piratas e descobren o Tesouro de Cortegada. As ilustracións, realizadas por Michel Casado (Vigo, 1978), estabelecen un diálogo complementario entre a lectura textual e a lectura visual, transmiten unha conxunción harmónica entre texto e imaxe, fornecendo o significado total do producto.

Referencias varias:

- M. B., "O medio natural da caricatura é a prensa escrita", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", 5-11 marzo, 2009, p. 26.

Coméntase que o Centro Social Caixanova acolle un proxecto expositivo do ilustrador e debuxante Michel Casado onde expón as súas últimas caricaturas. Por outra banda, Casado comenta na entrevista a publicación de *Contos das Illas,* un libro ilustrado por el e dirixido aos cativos coa intención de descubrirlles os "valores da natureza" que está editado por A Nosa Terra.

- Mercedes Angueira, "O libro de Cortegada' descobre aos ollos dos nenos os segredos e tesouros da illa", *Diario de Arousa*, "*Arousa un mar de cultura*", 15 novembro 2009, p. 27.

Salienta que a través desta obra a nenez de Vilagarcía pode achegarse á illa de Cortegada e gozar dos tesouros da illa (fauna, vexetación, praias, monumentos e outras construcións). Indica que se valora o patrimonio natural e cultural de Cortegada para fomentar "o respecto polo medio natural" nos máis novos. Precisa o argumento e adianta o seguinte álbum da colección, *Contos das Illas*, onde se coñecerá se os protagonistas conseguen levar ao continente o tesouro desa illa. Refire que en breve se publicarán *O libro da illa de San Simón* e *O libro da illa de Sálvora* e recolle que a autora apunta que todos os títulos teñen a ollada posta nas rías, por ser lugar de acontecementos históricos, conter valores medioambientais e culturais que considera preciso darlles a coñecer aos máis novos. Tamén indica que as historias sempre parten dun grupo de nenos que visitan as illas, por razóns diversas e que neses percorridos descobren "unha maxia especial que envolve ás illas". Refire a traxectoria da profesora e escritora Amalia Pérez Otero, destacando que comeza a súa produción para os máis novos en 2007 coa serie protagonizada por Yared e a importancia que ela lle confire a *Sueños de algodón* xa que está ilustrado pola súa filla Alba. Remata apuntando que visita bibliotecas públicas de toda Galicia para impartir obradoiros de animación á lectura e contacontos dirixidos a pais e á nenez.

Pérez Otero, Amalia, *O libro da illa de Tambo*, ilust. Michel Casado, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos das illas, [lectorado autónomo], 2009, [30] pp. (ISBN: 97-84-8341-317-3).

Narración fantástica e misteriosa de Amalia Pérez Otero (Vigo, 1974) realizada co obxectivo de fomentar o descubrimento e a valoración da illa de Tambo. Cóntase cómo Illote, o trasno desta illa, decide enmeigar a tres rapaces que viven na Ría de

Pontevedra. Jairo, Roi e Sira, que ven a illa dende as fiestras dos seus colexios, teletranspórtanse a Tambo mentres estaban a debuxala. Descubrirán o bosque, o faro, as ruínas dun mosteiro, un polvorín... en definitiva: animarán, sen sabelo, o día do trasno. Ficarán ao final coa lembranza das súas aventuras e a fantasía nos seus debuxos como única proba. Compleméntase ilustracións figurativas de Michel Casado Freire (Vigo, 1978). Os debuxos teñen unhas cores alegres nas roupas dos nenos en contraste coas cores máis matizadas da contorna natural. As formas están rodeadas dunha grosa liña negra. As imaxes axudan a seguir a narración con información sobre a paisaxe da illa.

Referencias varias:

- M. B., "O medio natural da caricatura é a prensa escrita", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", 5-11 marzo, 2009, p. 26.

Coméntase que o Centro Social Caixanova acolle un proxecto expositivo do ilustrador e debuxante Michel Casado onde expón as súas últimas caricaturas. Por outra banda, Casado comenta na entrevista a publicación de *Contos das Illas,* un libro ilustrado por el e dirixido aos cativos coa intención de descubrirlles os "valores da natureza" que está editado por A Nosa Terra.

Pérez Otero, Amalia, *Yared e a escola* (ISBN: 978-84-92590-37-7)/*Yared visita ao dentista* (ISBN: 978-84-92590-39-1)/*Yared e os sinais de tráfic*o (ISBN: 978-84-92590-41-4), ilust. Pablo Álvarez Otero, Vigo: Nova Galicia Edicións, [lectorado autónomo], 2009, [28]/[28]/[28] pp.

Serie literaria de Amalia Pérez Otero (Vigo, 1974) composta por tres entregas protagonizadas por Yared. En *Yared e a escola* nárrase un día da vida de Yared dende que se ergue até as actividades do colexio. El e seus irmáns lávanse, almorzan, vístense e recollen as súas mochilas para marchar. Este día agardáballes unha gran sorpresa no colexio xa que ían ir de visita ao barrio para estudar as tendas e os oficios. Despois de recorrer todo o barrio e repasar os oficios que había chegan á clase e a mestra decide pregúntalles a profesión de seus pais.Yared, despois de pensar e de escoitar algunhas respostas raras di que súa nai é astronauta, debido aos despistes que ela tivo de mañá e aos comentarios dos seus irmáns. En *Yared visita ao dentista* cóntase como Yared non lava os dentes a pesar de que súa nai llo recorda todos os días e como consecuencia aparécelle unha caries, ten que ir ao dentista e salvar os seus medos. Faino imaxinando que estaba nunha nave espacial. Grazas a esta visita Yared, coma os seus irmáns, lava os dentes todos os días. E en *Yared e os sinais de tráfic*o contáse a viaxe de Yared con seus pais e irmáns á casa dos avós, as explicacións que seu irmán Quique lle dá sobre os sinais de tráfico, o encontro cun policía que dirixe a circulación, cuestións moi do gusto do neno que mesmo quere se policia de maior, e a súa perda xusto ao chegar á casa dos avós por se despistar. Cando a policia está a punto de levalo ao seu destino aparece a familia e Yared queda privado de poder subir naquel coche con luces e sirenas. As ilustracións de Pablo Álvarez Rosendo seguen ao texto completándoo con detalles dos interiores onde ocorre a acción. As ilustracións xunto co nome do protagonista son o único indicio de que a orixe do neno é diferente da dos seus pais e irmáns: Yared é un neno negro adoptado. As figuras están rodeadas dunha liña fina e as cores, de tintas planas, son moi vivas e alegres. As gardas de *Yared e a escola*, *Yared visita ao dentista*

e *Yared e os sinais de tráfic*o teñen pequeñas imaxes de Yared con motivos relacionados co tema que se trata.

Pinto&Chinto, *Os oficios de Chuquelo*, ilust. dos autores, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2009, [37] pp. (ISBN: 978-84-9865-237-6).

Neste relato fantástico, de Pinto&Chinto (nomes literarios do dúo de humoristas gráficos David Pintor (A Coruña, 1975) e Carlos López (Boimorto, 1967), cóntase a historia de Chuquelo e os seus oficios. Chuquelo era un can, que como tal era un auténtico desastre, por este motivo as persoas deixabano só. Entón era cando Chuquelo se puña triste, e cando isto acontecía o can desenterraba todos os ósos que gardaba e comíaos para combater a tristura. Na casa mandábano ir buscar o xornal ou ir polas zapatillas, pero como algo sempre saía mal rifábanlle e púñase moi triste. Un día púxose a pensar: todos os cans teñen un oficio. Por este motivo Chuquelo decidiu buscar un. Quería ser útil. Primeiramente, estivo cunha avoa que vivía soa, foi can policía, probou como can pastor pero as ovellas non lle facían caso, foi can de carreiras pero do gordo que estaba quedaba sempre o último, probou a traballar no circo, probou como can de caza pero avisaba as perdices para que fuxiran, foi can gardián; pero en todos os traballos fracasaba por distintas razóns e sempre o despedían, era por iso que se puña triste e cando isto sucedía Chuquelo desenterraba todos os seus ósos e comíaos para combater a tristura. Nunha destas ocasións, desenterrando un óso, apareceu por alí un prestixioso paleontólogo que traballaba nun xacemento na procura de dinosaurios. Debido á gran pericia do can desenterrando os ósos decatouse que sería un gran axudante. Foi así como Chuquelo se converteu nun can paleontólogo durante anos até chegar á xubilación. Ese día o grupo para o que traballaba regaloulle un gran óso de prata, enterrouno e de vez en cando desenterrábao e ollando aquel óso recordaba os bos tempos. As ilustracións dos propios contadores complementan o texto, facendo comprender mellor a historia. Son unhas ilustracións moi coloridas e representativas, nas que Chuquelo é o gran protagonista. Na cuberta aparece un can simpático que saúda. A relación entre os textos e as imaxes é bastante literal. As gardas son diferentes entre si e teñen un primeirísimo plano do protagonista. O estilo das imaxes é figurativo aínda que simplifica as formas do can. As composicións son de páxina enteira, están centradas nas accións do protagonista e presentan variados puntos de vista que engaden dinamismo visual ás imaxes. As cores son alegres, saturadas e están aplicadas dun xeito plano sobre as formas debuxadas cunha liña sensíbel e fina.

Pita, Charo, *O arco da vella*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [lectorado autónomo], marzo 2009, [29] pp. (ISBN: 978-84-9782-978-6).

Charo Pita (1966) sérvese deste álbum para reflectir o poder dos sentimentos e dos vencellos existentes entre as persoas. Destacan as figuras protagonistas da vella Maruxa e do seu amor, quen, ao despedirse dela, agasállaa cun fermoso anel. Dita separación provoca na muller un fondo sufrimento, levada polas lembranzas do amado e a dor que lle causa a triste perda do prezado regalo. Sublíñase como ese anel e a súa procura van modelando unha trama semellante á tradicional historia lendaria do arco da vella. As ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) achegan moita información visual que completa a que proporcionan os textos. Trátase dunhas ilustracións que fan un uso reiterado da iluminación e as sombras, cunhas cores pouco saturadas. A figura da

protagonista está presente en todas as composicións, algunhas son de estilo realista e outras son de corte fantástico. As formas predominantes son curvas e aínda que figurativas teñen un certo grao de estilización.

Pita, Charo, *Velliñas*, ilust. Fátima Afonso, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, maio 2009, [46] pp. (ISBN: 978-84-9871-150-9).

Charo Pita (1966) representa neste álbum ilustrado para os máis pequenos a forza da amizade. Relata a intensidade deste sentimento entre dúas mulleres anciás que levan toda a vida xuntas, insistindo sobre como a amizade consolidada lles permite superar calquera obstáculo, mesmo os máis inesperados. Con esta peza tenta amosar como a lealdade e a constancia, axudadas polo poder da amizade, poden servir de escudo diante das circunstancias adversas da vida. As protagonistas, Antea e Filipa partillan todo na súa vida cotiá e, cando un día Antea planta unha faba coa que dera por casualidade, accede a un mundo marabilloso que medra máis alá das nubes. Ao querer facer partícipe do mesmo a Filipa, esta sofre un accidente que a esnaquiza en mil anacos. Antea non dubida en reconstruíla con grande esforzo, pero con éxito. O final, sorprendente, amosa unha Antea literalmente florecente e con folgos renovados. Fátima Alonso presenta na cuberta as dúas protagonistas acompañadas de dous gatos que van a seguir aparecendo en todas as composicións do interior. O estilo empregado achega unhas figuras con aspecto amábel nun ambiente cálido. A técnica que usa é a pintura. As composicións son moi variadas, unhas veces son panorámicas, outras, imaxes máis próximas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Renacer da vellez", *A Nosa Terra*, nº 1. 372, "*Bule Bule*", 10-16 setembro 2009, p. [26].

Coméntase o argumento e temática deste álbum ilustrado por Fátima Afonso, que xira a carón da amizade inquebrantábel entre dúas anciás. Mestúrase, segundo se apunta, unha linguaxe expresiva, con trazos típicos da fantasía máxica dos contos tradicionais, con notas de humor. Indícase que a historia complétase cunhas imaxes narrativas centradas nas protagonistas.

Referencias varias:

- Charo Pita, "Velliñas", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 207, "E tamén... lecturas xogos arte música cine gastronomía", 26 decembro 2009, p. 4.

Tras un breve resume do argumento da obra, reprodúcese un fragmento de *Velliñas*, indicando a autora e a ilustradora.

Piñeiro, Vicente, *A morte dun editor. Derradeiros días de Ánxel Casal*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, 2009, 97 pp. (ISBN: 978-84-7824-574-1).

Novela de Vicente Piñeiro que tras unha dedicatoria a María Luísa, a muller do escritor, dous poemas de Francisco Castro e Luís Pimentel respectivamente, e unha nota do autor sobre o significado político e histórico da novela, conta con dous niveis narrativos sobre os anceios de ser escritora dunha rapaza estudante de Historia en Compostela e sobre o alzamento nacional nesta cidade que acaba co asasinato de Ánxel Casal. Presenta tres partes, organizadas ciclicamente, sendo a primeira e a última o antes e o despois de Lola. Lola é unha rapaza que está no seu último ano de carreira e busca argumentos para escribir una novela histórica. Coñece a Tito, un compañeiro de aulas no que non tiña reparado, na cafetería Derby de Santiago. Comezan unha relación sentimental e Tito alenta á rapaza a escribir porque cre na capacidade artística da moza. Na segunda parte inclúese en capítulos a novela curta de Lola, que abrangue dende o 18 de xullo até o 19 de agosto, día da morte de Casal. Relata o día do alzamento nacional con Ánxel Casal no Concello, o pazo de Raxoi, cando arenga os mineiros para ir á Coruña a organizarse. O alcalde de Compostela non quere fuxir, a pesar das recomendacións dos oficiais. Intercálanse noticias da radio Pirenaica que contextualizan a situación. Mais acaba por pensar en ir á procura da súa muller e escapar a Arzúa. Dende esta vila van a Santiso, onde teñen casa, agochados nun carro de palla. Fálase dun dos fascistas máis sanguinarios e de como foi á procura do alcalde, cando estaba a dar clase no campo ao neno dos veciños. Levárono ao cárcere de Santiago. Alí atópase con Camilo Díaz Baliño. Ambos os dous quedan moi decepcionados polos tránsfugas pasados á Falanxe. Primeiro pasean a Baliño, despois a Casal e Areosa, un republicano. A terceira parte céntrase en Lola que remata a novela e parte cara á casa dos pais en Lugo, despedíndose do seu amor. Meses despois el volveu coa noticia de que lle ían publicar a novela e que ía asinar un contrato para facer un guión sobre a guerra civil. A cuberta segue o deseño desta colección cunha ilustración de Alejandro Maceda que amosa un garda civil a contraluz co fusil botando fume e unha persona fuxindo ao fondo que sitúa a historia na época da guerra civil, de xeito que a ilustración, relacionada co título, anticipa a contextualización dos acontecementos. O feito de elixir a cor vermella como predominante tamén incide no suceso tráxico do que trata o libro.

Recensións:

- Ánxela Gracián, "Novela enfiada na memoria dos últimos días do editor de Nós", *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 78, tomo II, ano XX, "Publicacións", abril-maio-xuño 2009, pp. 147-149.

Comeza salientando que esta novela se sitúa na liña de testemuñar, cohesionar as lembranzas e contar como foi a guerra civil. Salienta que estas obras dirixidas aos mozos son moi necesarias nas aulas para fuxir do discurso hexemónico, centralista e manipulado. Explica que a obra se constrúe dende a autoconsciencia ou metaficción, no que a literatura estabelece un diálogo consigo mesma, que neste caso se plasma a través das dificultades que narra Lola, a protagonista, antes de dar paso á novela propiamente dita. Explica que o autor fala, a través da protagonista, dos enigmas do proceso creativo e das desviacións que impón a narrativa. Situada en Santiago de Compostela destaca que reflexiona con espírito crítico sobre o ambiente universitario galego, no que a protagonista, influenciada por profesores e compañeiros, se vai posicionando fronte á sociedade na que vive, cun final aberto no que se remarca a ansiedade da protagonista por ser escritora.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Piñeiro narra aos rapaces os últimos días de Anxel Casal ata que foi asesinado", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 19 xuño 2009, p. 72.

Fálase da presentación da obra *A morte dun editor. Derradeiros días de Anxel Casal,* de Vicente Piñeiro, que está protagonizada por Lola e Tito, dous universitarios que queren investigar o que pasou con Ánxel Casal, editor e Alcalde de Santiago, despois de ir a Madrid para negociar o plebiscito do estatuto de Galicia e ter que escapar a Cacheiras, onde ocorreu, segundo o escritor, a "detención e o paseo que acabou coa súa vida".

- La Voz, "Teo incrementa los actos culturales de homenaje al galleguista Ánxel Casal", *La Voz de Galicia*, "Área Metropolitana", 11 agosto 2009, p. L 8.

Dáse conta do programa dos actos da homenaxe anual que a Fundación Castelao rende a Ánxel Casal, aos que se suma neste ano o Concello de Teo. Explica que se abrirá coa presentación do volume de Vicente Piñeiro na Mediateca de Cacheiras. Indica que nesa presentación do día 18 intervirán o autor e Ánxela Gracián representando á editorial.

- A. T, "A pluma de Piñeiro revive hoxe a tráxica fin de Anxel Casal en Teo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Homenaxe", 18 agosto 2009, p. 28.

Dáse conta do programa de actos en lembranza da figura de Ánxel Casal, promovidos pola Fundación Castelao e a Asociación A Oliveira, en colaboración co Concello de Teo. Entre eles, salienta a presentación do volume de Vicente Piñeiro do que precisa que nel non só se lembra á persoa senón as circunstancias que rodearon a morte deste político republicano e editor, a mans das tropas franquistas no ano 1936.

- C. D. P., "Educación recoñece que estuda segregar por lingua", *Xornal de Galicia*, "Galicia", 19 agosto 2009, p. 9.

Entre outros aspectos, recóllense as opinións de distintos políticos sobre a escolla da galiña azul como logo da nova rede de escoals infantís galegas e no á parte "Ánxel Casal", dáse conta da homenaxe no concello de Teo ao editor e galeguista Ánxel Casal e da presentación o día anterior da novela *A morte dun editor*.

Prado Riveiro, Ana e Suso **Cubeiro**, *Un xoguete para Rosalinda*, ilust. Suso Cubeiro, León: Editorial Evergráficas, 2009, [40] pp. (DL: LE-1796-2009). ■

Tras uns agradecementos a Xan López Domínguez e Paloma Aquela, neste conto a modo dos contos marabillosos de transmisión oral, de Ana Prado e Suso Cubeiro (nome literario de Jesús Blanco Cubeiro, A Coruña, 1954) , o narrador, unha aguia real, presenta a historia da princesa Rosalinda que xogaba no seu reino co seu dragón, o seu gato e a súa boneca de trapo até que o día antes do seu sexto cumpreanos chegou a súa madriña para cumprirlle un desexo. Pola noite a princesa estivo pensando no que podía pedir e aparecéuselle un trasno que lle recomendou unha máquina de facer xoguetes. Á mañá Rosalinda tiña o seu desexo cumprido e xunto coa súa amiga Rosenda leron as instrucións da máquina que lles fixo moitos xoguetes, até que non tiñan sitio para xogar. Entón foron visitar o sabio Romualdo quen lles dixo que fixeran cousas útiles cos

xoguetes, de modo que as nenas buscaron funcionalidade a todos os xoguetes. As ilustracións son de estilo realista con gran coidado na súa execución. Mestura elementos reais con personaxes fantásticos coma o dragón e a fada madriña que concede o desexo. As ilustracións están feitas con apoio de medios dixitais. A tonalidade cálida do papel da base e as cores elixidas para as figuras fan unhas composicións agradábeis e próximas. Na cuberta aparecen os nenos protagonistas coa máquina de facer xoguetes ao redor da que xira a narración. Ao longo das páxinas hai un xogo visual con animais como unha xoaniña, un caracol, un gato e unha bolboreta, alleos á narración pois están escondidos e hai que buscalos.

Referencias varias:

- Marino Pérez, "Papá, este año no quiero nada para Reyes", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 4 decembro 2009, p. 14.

Anunciase a presentación deste conto, editado pola Oficina Municipal de Información ao Consumidor, co que se pretende animar os nenos no consumo responsábel e moderado. Dise tamén que foi escrito e ilustrado por Suso Cubeiro e Ana Prado.

Pupi, *Esta é a miña familia*, ilust. Manel Cráneo, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Ler é vivir, a partir de 3 anos, serie azul, 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-403-1105-4).

Álbum infantil de Pupi (nome literario de María Cristina González Pereira) no que de modo realista o narrador, a través das voces dos protagonistas, presenta os diferentes tipos de familias que teñen os alumnos dun colexio de Galicia: familia nuclear típica, familia marroquí, a familia lesbiana... A pesar destas aparentes diferencias entre as familias todas teñen o mesmo cometido: dar amor, protexer e facer medrar. Este conto didáctico trata, en definitiva, sobre a integración dos diferentes modelos familiares e, sobre todo, é un libro aberto para que os máis novos aprendan a construír un mundo mellor e sen diferencias sociais. O álbum comeza con dúas dedicatorias, unha de Pupi para súa nai e un amigo e a outra de Manel Cráneo (A Coruña, 1973) para a súa familia, destacando os dous o agradecemento polo apoio e cariño recibido. Ao mesmo tempo, cabería destacar a achega, ao final do libro, dun conxunto de definicións de palabras chave para traballar cos rapaces, destacando a importancia que se lle atribúe a este libro como material didáctico para transmitir valores de igualdade, integración e respecto ante as diferenzas. Conta coas ilustracións figurativas de Manel Cráneo. A cuberta é moi significativa da temática integradora do conto. No interior as imaxes axudan a describir dun xeito visual as diferenzas que existen entre as distintas familias que se presentan con trazos diferenciados, distinta cor da pel e vestimentas características. As formas son planas, recortadas sobre fondos uniformes e sen intención volumétrica. As cores son variadas e pouco saturadas.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Decembro chega, pon cara de bo, bota un ollo e prepara a lista", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 789, "Cativadas", 29 novembro 2009, p. 10.

Con motivo da proximidade do Nadal, ofrécese un percorrido polas novidades editadas por Everest Galicia. Así salienta entre outras obras, *Esta é a miña familia*, de Pupi e Manel Cráneo, para lectores de tres anos en diante, que aborda a tolerancia, a diversidade e o amor baixo o marco de familias de diversos costumes e crenzas.

Queipo, Xavier, *A illa dos cangrexos violinistas*, ilust. Jesús Cisneros, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, setembro 2009, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-165-3).

Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) neste álbum infantil de carácter fantástico e a través dun narrador omnisciente e dos diversos diálogos que acontecen entre os personaxes, conta a historia da pequena Moi, unha nena moi desperta que vivía nunha illa perdida do Caribe. Xogaba sempre soa, porque na aldea non había máis nenos, e un día descubriu un burato e indagou nel cun pao. Estes buratos aumentaban co paso dos días. Unha noite de tormenta un lóstrego asustouna e viu moverse algo estraño. Preguntoulle a seu pai sobre o que se movía alí, ao que el respondeu que se trataba de cangrexos violinistas e contoulle algúns datos sobre eles. Ao día seguinte cando estaba a recoller as flores que serven de alimento aos cangrexos, a súa nai interrumpiuna e cando volveu, as flores xa non estaban xunto aos buratos onde as deixara, pero dos animais non había nin pegada. A súa curiosidade ía en aumento e foi onda o seu avó en busca de máis información. Ela non se rendía e seguiu deixándolles comida até que, un día, por fin os viu e inmediatamente volveu o avó a contarlle as novas. Mais un día mentres os espreitaba desapareceron, e nese intre, Moi foi mordida por unha cobra e perdeu o sentido. Rapidamente os cangrexos puxéronse en marcha e foron xunto a nai de Moi en busca de axuda e ela avisou ao avó e a outros dous vellos que prepararon unha menciña para curala. Dende aquel día os cangrexos foron tratados por todos como amigos. Neste libro as ilustracións de Jesús Cisneros (Zaragoza, 1969) son de gran beleza a pesar da simplicidade con que están feitas. As imaxes teñen moita importancia xa que achegan visualmente a un país tropical, a unhas praias con palmeiras, a unhas embarcacións e unhas couzas de palla primitivas, e a uns personaxes de pel escura con roupas e abalorios propios de nativos caribeños. O papel empregado para facer as ilustracións é de cor ocre e textura de estraza aínda que ten un acabado satinado; as formas están feitas con pintura de cores limitadas, en cada composición só branco, negro e outra cor que pode ser azul, un vermella ou marrón. A pintura está aplicada con trazos a pincel, manchas salpicadas, ou estampacións con obxectos de formas variadas nun rexistro moi variado que lle achega ás composicións unha grande expresividade.

Recensións:

- Xabier P. DoCampo, “Escenario natural”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 12, “proPostas”, outono 2009, p. 16.

Comenta *A illa dos cangrexos violinistas*, de Xavier Queipo, que está escrito na clave das lendas tradicionais de mundos aparentemente afastados do noso. Achega a súa historia protagoniza por Moi cunha vida que se haberá de integrar dun xeito harmónico no escenario natural, unha “Harmonía que, nesta bonita historia, se debuxa na solidariedade e no amor que a Natureza nos devolve cando vivimos amosándolle o noso amor e respecto”. A seguir, comenta o traballo ilustrativo de Jesús Cisneros e sinala que

hai un elemento compositivo na páxina do álbum que non todos os ilustradores saben administrar debidamente, é dicir, "esa reserva para a posición do texto entendido como mancha que completa a páxina e que, tantas veces, compromete o equilibrio compositivo".

- Alba Piñeiro, "Aprendizaxe lírica", *A Nosa Terra*, n.º 1.388, "*Bule Bule*", 31 decembro-14 xaneiro 2009, p. 26.

Considera que *A illa dos cangrexos violinistas*, froito do traballo conxunto entre Xavier Queipo e Jesús Cisneros, é un fermoso álbum que conxuga o xogo de luces e sombras e as formas esvaecidas cun texto evocador. Indica que a acción ten lugar nunha illa ficticia do Caribe, na que todos os seus habitantes respectan as leis naturais de convivencia co medio, e nela, a protagonista, Moi, logrará o seu obxectivo de se achegar aos misteriosos cangrexos violinistas.

Referencias varias:

- C. P., "Un álbum ofrece dúas visións distintas dunha obra polo mesmo prezo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 29 decembro 2009, p. L12.

Con motivo da presentación d'*A illa dos cangrexos violinistas*, o segundo libro infantil de Xavier Queipo, na libraría Couceiro de Santiago, o autor sinala que a historia ten que ver cunha anécdota que viviu en Xamaica, cando espertou rodeado de cangrexos. Ademais, indica que nun álbum existe a posibilidade de gozar de dúas artes, o texto e a imaxe, e de ter dúas visións distintas da mesma obra.

Reimóndez, María, *O monstro das palabras*, ilust. Iván Sende, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 199, serie laranxa, de 11 anos en diante, outubro 2009, 120 pp. (ISBN: 978-84-9914-051-3).

María Reimóndez (Lugo, 1975) inicia o seu relato cunha dedicatoria a todas as persoas que mantiveron vivo o galego para logo dar paso ás diferentes narradoras que, en trece capítulos titulados, relatan, con moito diálogo, a chegada do monstro que destrúe as linguas e non recoñece ao xénero feminino. Todo se relata a partir de que un día as protagonistas, Alba e Lela, chegan tarde ao colexio e se atopan con que os seus compañeiros e compañeiras non falan, só din algunhas palabras e están coma lelos. A mestra tamén chega tarde e atópase coa mesma situación. Cando as tres conseguen falar a mestra explícales que se debe á chegada do monstro que ela xa coñece porque non é unha persoa normal. Senón unha "lexicografía" que ten centos de anos e que xa viviu situacións semellantes e vaillas contando para que as rapazas se unan para resolver a situación, coa axuda doutras "lexicografías" que viven na Cova da Moura, verdaderamente Cova da palabra, e coa axuda da avoa de Lela que fora lexicografía, que coñecera a Rosalía de Castro e o que supuxo que escribise en galego conseguiu salvar, por un tempo, a lingua do monstro e que se comprometeu na súa defensa. Conta coas ilustracións figurativas de Iván Sende (Vedra, A Coruña, 1977) onde as imaxes das personas ganan moita forza expresiva polo tamaño dos ollos. As composicións son variadas, de páxina enteira e só teñen persoas, agás ao final da narración que tamén aparecen verbas debuxadas. As cores son suaves, variadas e pouco contrastadas nas

figuras das nenas protagonistas. As ilustracións salpicadas ao longo da narración só se entenden coa lectura do libro.

Regueiro, Conchi, *A herdanza do Marqués*, ilust. Noemí López Vázquez, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 20, a partir de 12 anos, xuño 2009, 294 pp. (ISBN: 978-84-92630-21-9).

Novela que mestura realidade e crenzas da tradición oral e que comeza coa dedicatoria familiar "Para toda a familia que me precedeu. Esa Regueiro e eses Digón que loitaron e traballaron no seu tempo para construír un bo presente e un mellor futuro dos seus e, por extensión, do mundo. A mellor herdanza que calquera pode ter." Preséntase estruturada en dúas partes subdivididas en capítulos sen títulos, quince na primeira parte e nove na segunda. Existen dúas voces narrativas: Xandra e Zoila que protagonizan de xeito alternativo os capítulos, aínda que a verdadeira protagonista é Xandra, quen aparece reproducida na cuberta e sobre a que xira a historia anunciada no título. Ademais existen outrsos personaxes secundarios como os amigos de Zoila da cidade aos que se coñece polos emails dela e a súa familia que representan unha grande axuda para desenvolver a historia e solucionar problemas que lle xorden a Xandra, e tamén a familia Negro de Xandra sobre todo o seu irmán maior e outros personaxes que inflúen no segredo que se agocha tras o título da novela. As dúas amigas, Xandra e Zoila, contan os sucesos dende as súas propias experiencias. A historia xira ao redor da familia Negro, representada maioritariamente polo protagonismo de Xandra e o segredo que envolve á familia e ao Marqués de Vilacardoso, segredo que condiciona a relación dos habitantes do pobo e os rumores que circulan sobre todos os integrantes da familia e os seus antepasados. Xandra preséntase como unha persoa moi introvertida ao inicio, mais a raíz de coñecer a Zoila, ambas as dúas terán unha estreita relación de amizade e resolverán xuntas os problemas da familia dos Negro. Nesta novela mestúranse elementos fantásticos, como o tema dos homes-lobo e elementos realistas como os temas que tratan da amizade, o amor, e as distintas relacións de desconfianza ou afectivas e de axuda entre os personaxes protagonistas e os familiares. Esta novela ten a ilustración da cuberta a cor e as do interior en branco e negro. O estilo das imaxes é característico de Noemí López (Xixón, 1974), co dinamismo que achega o emprego de liñas curvas. As figuras teñen unha grande expresividade nos rostros que amosan furia, rabia, susto, concentración. As escenas ilustradas son de momentos importantes no texto.

Recensións:

- X. M. Eyré, "Lobishomes ou epilépticos", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "Cultura", 19-25 novembro 2009, p. 28.

Comeza indicando que distintas series televisivas amosan que "os vampiros están de moda" e explica que a presenza desas criaturas quizais se debe a tentar estudar a esencia verdadeira da natureza humana ou como fonte das dúbidas sobre esa mesma natureza. Comenta que pola contra os lobishomes non acostuman a ser materia literaria, de aí que sexa "posíbel coadxuvante na recepción da novela" de Conchi Regueiro. Explica que a decisión de publicarse nunha colección xuvenil é debida "á idade dos personaxes centrais". Lamenta algunhas colocacións incorrectas dos pronomes átonos e o emprego

de “sinonimias nada afortunadas”. Resume amplamente o argumento e indica que a historia é narrada dende as perspectivas de Xandra e Zoila máis critica que os “emilios” de Zoila que se reproducen nos longos circunloquios polos que a estratexia narrativa non resulta áxil. Ademais o emprego deses “emilios” non tenden pontes entre entre os mundos rural e urbano, pese á intención do discurso da autora. Indica que esta novela permite reflexionar sobre temas actuais como a integración ou convivencia entre culturas ou entre xeracións distintas, e a consideración dos lobishomes como epilépticos. Apunta que para conectar a novela co lectorado adolescente Conchi Regueiro tenta amosar un discurso “aventuresco” e presenta lugares comúns como a narración do primeiro bico, da pubertude, entre outros.

Ripalda, Xosé Luís, *Viaxe aos Ancares*, ilust. do autor, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, n.º 41, serie infantil, máis de 12 anos, 2009, 99 pp. (ISBN: 978-84-7680-652-4).

Tras unha dedicatoria, Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro, Lugo, 1940) ofrece un “Limiar” no que fai unha curta presentación sobre a viaxe aos Ancares e mostra o traxecto nun mapa. A seguir arrinca a novela realista narrada en terceira persoa con grande abundancia de diálogo.Está divida en cinco capítulos chamados “circuítos” xa que cada un deles mostra un camiño a seguir (Vigo-Redondela-Pontevedra, Caldas de Reis-Ulloa-Lugo, Ancares, Pedrafita-Lemos-Ribeiras de Sil, Ourense-Ribadavia-Vigo). A historia que se conta está protagonizada por uns rapaces e rapazas que van de excursión co seu Mestre aos Ancares. Este alumnado vivirá unha serie de acontecementos relacionados coa natureza, a flora e a fauna, os feitos e monumentos históricos, as lendas pertencentes a cada lugar que van visitando. Este grupo que está moi vinculado ao rural e a natureza, amosa unha profunda inquedanza e interese por adquirir novos coñecementos sobre cada lugar que visitan, de aí que os vecinos cos que conviviron quedasen moi contentos do seu comportamento. Remata a excursión despedíndose con moita tristeza. Brais, un dos nenos da clase anotou no seu diario de viaxe todas as aventura e ramata dicindo que agora comezo o marabilloso libro “ O bosque animado”. As poucas ilustracións que acompañan o texto están feitas polo propio autor. Ten no interior debuxos a plumilla de estilo meramente descriptivo para apoiar ao texto cando fala da flora e da fauna propias dos lugares polos que pasa.

Rivas, Manuel, *O sombreiro Chichiriteiro*, ilust. Patricia Castelao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, [lectorado autónomo], febreiro 2009, [58] pp. (ISBN: 978-84-9782-962-5).

Manuel Rivas (A Coruña, 1957) é o autor desta historia dun sombreiro voador chamado Chichiriteiro que ilustra Patricia Castelao (Santiago de Compostela, 1974). Como o seu mellor amigo aparece un neno moi valente chamado Simón, que o acompaña nunha viaxe de descubrimento da natureza que emprenden xuntos en compañía de distintos animais e mesmo das palabras que circulan polo río. Grazas á súa amizade, o pequeno descobre o segredo do sombreiro, un obxecto marabilloso que é quen de adquirir as habelencias dos seus portadores, como é o caso dun trompetista, o seu propietario até que o roubaron, e de transmitilas a outros, caso do propio Simón que se afecciona á música polo seu compañeiro de aventuras. Trátase dun conto de tipo marabilloso narrado en terceira persoa cunha linguaxe na que están presentes as onomatopeas e os

recursos expresivos de personificación co obxecto de transmitir mundos máxicos. As ilustracións de Patricia Castelao son de estilo figurativo e moi coidadas. A gama cálida tingue as ilustracións con cores moi mesturadas e desvaídas, case neutras. As imaxes céntranse nos personaxes con primeiros planos. Cada unha das composicións ilustra unha escena importante do texto e emprega variados modos compositivos como picados ou planos de detalle que lle achegan ás imaxes unha apariencia moi dinámica. A técnica elixida para xerar as ilustracións é a dixital.

Recensións:

- Montse Pena, "Quen hai no sombreiro", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 8.

Despois de aludir ás primeiras achegas de Manuel Rivas á literatura para os máis novos, *Todo ben* (1985), que por decisión editorial foi publicada non moi acertadamente en "Xabarín", e *Bala perdida* (1996), considera que *O sombreiro Chichiriteiro* é a súa proposta textual máis conseguida para ese público. Describe o seu argumento e sinala que o relato contén algunhas das pegadas máis características da "escrita Rivas", especialmente, a idea de que os obxectos gardan a esencia de quen os tivo, converténdose en obxectos-símbolos capaces de trocar a realidade, neste caso, un sombreiro. Tamén comenta que a narración se enche coa prosa espida e condensada do autor e coa súa capacidade habitual para emanar outra outra visión da realidade. Por último, refírese á proposta ilustrativa de Patricia Castelao, que lembra os filmes de animación e poñen todo o ímpeto na perspectiva.

- Lorena Domínguez Mayo, "Un neno subido ao mapa do tempo", *Xornal de Galicia,* "*Nós*", n.º 19, "Libros", 18 abril 2009, p. 5.

Saliéntase que é unha obra na que "a maxia desborda nada máis abrilo" e dos debuxos dise que son "pequenas marabillas" que axudan aos nenos a comprender a historia, que é "difícil de seguir", dun sombreiro máxico que ensina a un neno a voar, a tocar instrumentos e a xogar cos paxaros. Conclúese que o libro esperta "admiración pola natureza e a solidaridade".

- Mercedes Espiño Amil, "O sombreiro Chichiriteiro", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 44, "Recensións", xuño 2009, p. 180.

Logo de loar as ilustracións que Patricia Castelao elaborou para o primeiro libro infantil de Manuel Rivas, *O sombreiro Chichiriteiro*, fai un detallado resumo do argumento da obra, que trata das reacción do neno Simón ante a aparición do "maleducado" Chancho Colorao, posuidor do máxico "sombreiro Chichiriteiro", que axuda a Simón a aprender a cantar. Con respecto ao estilo, explica que a historia, "chea de metáforas", pode resultar de "difícil lectura para os pequenos".

- Paula Fernández, "Fantasía e imaxinación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Infantil/Xuvenil", 18 xuño 2009, p. VII.

Explícase que esta obra ten "dous niveis de lectura moi diferenciados": no primeiro está o argumento, no que Simón atopa o sombreiro Chichiriteiro, que o ensina a voar e tocar

instrumentos; no segundo, amósase o cambio en Simón, que gaña autoestima, e tamén se aprecia unha "defensa da lingua". Finalízase loando as ilustracións de Patricia Castelao que contan cun estilo "moi característico e próximo á animación cinematográfica".

- Mª Jesús Fernández, "*O sombreiro Chichiriteiro*. Manuel Rivas", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 228, "Libros/Novedades. De 0 a 5 años", xullo/agosto 2009, p. 50.

Despois de comentar que é esta a primeira vez que Manuel Rivas se achega ao lectorado máis novo, di que o autor optou por un relato áxil no que a fantasía se mestura coa vida cotiá e que se dilúen as fronteiras entre o máxico e o real. Conta a historia e logo salienta que anque a presenza de obxectos máxicos é un dos elementos clásicos dos contos marabillosos, este conto de Rivas entronca máis coa tradición galega, di que concretamente co universo creativo de Álvaro Cunqueiro. Remata cunhas notas brevísimas sobre a ilustración que considera "deliciosas y tiernas".

Referencias varias:

- Lucía M. Quiroga, "Rivas estréase na literatura infantil", *El País*, "Galicia", 3 abril 2009, p. 8.

Fálase d'*O sombreiro Chichiriteiro*, a primeira obra de Manuel Rivas para "pequenos lectores", ilustrada por Patricia Castelao. Dise que se trata dunha historia de amizade entre un neno, Simón, e o seu compañeiro de aventuras, o sombreiro Chichiriteiro, que canta como os paxaros. Tamén comenta a publicación do poemario *A desaparición da nev*e e as traducións ao inglés e italiano de dúas obras de Manuel Rivas.

- Isabel Bugallal, "Los editores de cuentos tratan de encasillar al ilustrador", *La Opinión*, "A Coruña", 8 abril 2009, contracuberta.

Entrevístase á ilustradora, Patricia Castelao, que comeza destacando os seus últimos traballos, entre os que salienta o primeiro conto de Manuel Rivas, *O sombreiro chichiriteiro*. Fala do traballo de ilustrar textos e do xeito de interpretar un libro ilustrado, e con respecto ás súas preferencias laborais, destaca que se atopa máis "cómoda" traballando en contos para nenos entre 8 e 14 anos e que utiliza ferramentas informáticas ademais de lápis, óleo e pasteis para facer os debuxos. Comenta tamén que está pensando en crear os seus propios contos, que non é "fácil" vivir da ilustración e que hai que exportar bos traballos de ilustración.

- Lupe Gómez. "Oda ao papel", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 756, "Nas nubes", 12 abril 2009, p. 6.

Tras reivindicar o pracer da lectura e a importancia da educación literaria dos nenos, coméntanse os libros *O sombreiro Chichiriteiro*, de Manuel Rivas, do que se di que é "unha viaxe sinxela e galáctica" polos bosques da música e *Azul e rosa* (2008) e *Carlota e o Príncipe azul* (2008), de Ana Pillado que son "instruccións para aprender a xogar de forma orixinal". Conclúe dicindo que os libros "fan que a vida sexa feliz".

- Concha Pino, “Imágenes para recordar”, *La Voz de Galicia,* “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 5 maio 2009, p. L12.

Fai referencia á Feira do Libro na que Manuel Rivas firmou exemplares do seu poemario *A desaparición da neve*, que publicou en galego, castelán, catalán e euskera; así como do libro infantil *O sombreiro chichiriteiro* e doutros volumes publicados con anterioridade.

- Luis P. Ferreiro, “O mal tempo encheu de público o inicio da Feira do Libro da Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 agosto 2009, p. 30.

Nova que recolle as actividades realizadas na sesión inaugural da Feira do Libro da Coruña, na que se destaca o pregón lido por Miguel Anxo Fernán-Vello, unha loanza aos libros que non deixou de lado a preocupación polo futuro da lingua galega e a presentación do libro *Todos os animais ao caixón* (2008), de Susa Herrera, coa actuación do grupo Mamá Cabra, a firma de exemplares d’*O sombreiro chichiriteiro*, de Manuel Rivas. Dedícanse breves notas aos que serán tamén protagonistas desta edición da feira: Carlos G. Reigosa, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Alcalá, Espido Freire e Luis Rei.

- M. G. M., “Rivas sinala que ‘poñer ao galego nunha ruleta rusa é denunciable”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 12 agosto 2009, p. 15.

Refire que Manuel Rivas participou na Feira do Libro da Coruña, firmando exemplares d’*O sombreiro chichiriteiro* e indica que moitos nenos lle pedían o garabato a partir do cal creou o personaxe de Simón e o seu sombreiro, ademais de recoller as opinións do escritor sobre o galego motivadas pola súa entrada na RAG.

Riveiro, Breogán, *Olga e o dinosaurio*, ilust. Andrés Meixide, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 168, serie azul, a partir de 10 anos, decembro 2009, 92 pp. (ISBN: 978-84-9865-245-1).

Narración humorística de Breogán Riveiro (Montevideo, 1967) na que unha voz omnisciente conta o que aconteceu cando un dinosauro pequeno apareceu de súpeto no cuarto de Olga, unha nena que espertou soa na súa casa porque súa nai estaba no traballo. O dinosauro perdeuse no seu camiño a unha festa familiar e debe atopar a porta correcta para regresar ao seu universo. Olga, ao primeiro, fica sen palabras, pois non dá creto ao que ve, mais axiña supera o medo inicial e comparte co visitante conversa, almorzo e busca da porta correcta, o cal dá lugar a divertidos diálogos e a unha curiosa aventura. A relación con Compostela e coa Catedral aparece no desenlace. O dinosauro descobre, mirando unha reportaxe na televisión e tras as explicacións de Olga, que a porta pola que debe atravesar está no Pórtico da Gloria. Unha vez alí, os croques á estatua do Mestre Mateo provocan un intenso tremor que non é percibido por ningún dos turistas que ateigan a praza. Na ilustración da cuberta Andrés Meixide (Vigo, 1970) aparecen os protagonistas, a nena e o dinosaurio voando nun sofá, o que sitúa o lectorado diante dunha historia fantástica. As imaxes céntranse na participación dos protagonistas en escenas importantes do relato e cara ao final da historia aparecen imaxes realistas de Compostela.

Rozados Fernández, Mª Victoria e José Manuel **Lema Gómez** (coords.), *Amigos para Sempre*. *Contos sobre os nosos incondicionais compañeiros*, I Certame de relatos curtos, limiar da coordinadora, Santiago de Compostela: Edicións Sálvora, 2009, 209 pp. (DL: C 997-2009). ■

Despois dun limiar da coordinadora e mais as dedicatorias e agradecementos, recóllense tres citacións das diferentes obras de Paul Auster, Romain Roland e Celso Emilio Ferreiro que amosan a sensibilidade cara aos animais que o certame literario "Amigos para sempre" quería expresar. O libro, froito deste certame recolle unha mestura de contos galardoados e mais outros relatos que foron incluídos polo seu valor literario. En total vinte relatos compoñen o libro, abranguendo diversos estilos, mais unha temática común, a dos animais que nos acompañan e o dan todo sen pedir nada en troco. Así podemos atopar historias como a do burro Paquiño, a tartaruga Esmeralda, a gatiña Mimosa ou os cans Darko e Xan Perico da Portela. Moitos con base real, os textos amosan a crueldade de xente sen sentimentos que abandona o animal á súa sorte até que son rescatados por uns novos coidadores que lles darán o cariño anteriormente negado. Os textos acompáñanse con fotos de animais, algúns deles protagonistas das historias e outros pertencentes a unha casa de acollida e que agardan unha segunda oportunidade.

- Enrique Esperón Pereira, "Amigos para sempre. Paquiño", pp. 20-27.

Un neno nárranos a historia de como el e mais seu avó atoparon un burro abandonado, bautizado como Paquiño, e as peripecias para levalo até o refuxio de animais do seu avó, en Tarragona.

- Victoria Carlota Luaces Rozados, "Esmeralda", pp. 28-35.

Descríbese o día a día de Esmeralda, unha tartaruga que recibe todo tipo de coidados e atencións por parte da súa dona.

- Mª. Andrea Tomé Yáñez, "Historia dunha amizade", pp. 36-43.

Nárrase a profunda amizade do señor Muíño e Porthos, un can agasallado polos seus netos ao pouco de morrer a súa muller.

- Claudia Pico Martínez, "Lúa e máis eu", pp. 44-52.

A protagonista narra como coñeceu a cadela Lúa durante as vacacións na aldea, así como o duro retorno á cidade sen ela.

- Carlota Freiría Cordero, "Café", pp. 54-65.

Nárrase como a vida de Alexandra, unha nena cun corazón transplantado, muda grazas á chegada de Café, un can abandonado.

- Teresa López Gutiérrez, "Unha gatiña doce", pp. 66-73.

A protagonista conta a historia de como atoparon a gata Mimosiña, e tenta rachar cos tópicos sobre estes animais.

- Lucas Jacobo Luaces Rozados, “O amigo Xan”, pp. 74-79.

Nárrase as fazañas de Xan, un can moi especial do equipo de rescate de Pena Trevinca, cando estes marchaban camiño da Suíza.

- Javier Viéitez Meijueiro, “Teñen sentimentos”, pp. 80-89.

Cóntase a historia de Thor, un can que tras ser agasallado en Nadal é abandonado por unha familia sen escrúpulos. A sorte aparece cando é rescatado por dúas mozas e é adoptado por unha boa familia.

- María Elena López González, “Bolboreta branca”, pp. 90-97.

A protagonista retrata o achado e desaparición, dende a beira do monte Oribio, dunha fermosa burriña que, xunto co can Sil era un dos mellores amigos de catro patas que tivera.

- Andrea Pérez Álvarez, “O meu can Darko”, pp. 98-111.

Cóntase a chegada do can Darko a unha familia, dende as trasnadas iniciais do mesmo até converterse nun membro máis da familia.

- Brais Casas Fernández, “Memorias dunha gata chamada Nana”, pp.112-121.

A gatiña Nana conta, cerca da súa fin, a historia da súa vida, dende o seu nacemento e o paso por varios fogares até atopar a felicidade na casa de Brais, Xiana e seus avós.

- Sara San Luís Rodríguez, “Un novo amigo”, pp.122-137.

Leticia, unha nena con cancro, narra o acontecido ao seu novo can por medio das follas do diario do antigo dono que as enroscou no colar antes que fose abandonado.

- Paulo Flores Méndez, “Xan Perico da Portela”, pp.138-153.

Dáse conta das memorias do can Xan Perico da Portela. Abandonado novo nun vertedoiro, Xan narra como sobreviviu polas rúas da Portela, até que Marcos, un mozo da zona o rescatou das torturas dos veciños e o coidou até o final.

-Lara Salgado Santos, “Sempre estarei aí”, pp.154-163.

Cóntase como nun acto de amor incondicional, Brais decide ir en busca do seu can desaparecido, en medio dunha forte nevarada. Finalmente o propio can devolverallo salvando a vida ao rapaz.

- Mario Seoane Moreira, “A iguana de Fígaro”, pp. 164-175.

Nárrase a máxica historia na que Fígaro, despois de abandonar a súa iguana, é vítima das maldicións dunhas meigas que rescataran ao animal no monte.

- Leticia Vázquez Bengoechea, “Cambio de vida de Roco”, pp.176-185.

Cóntase a experiencia do can Roco, abandonado nunha fraga polos seus donos, até que é rescatado por unha protectora e é adoptado por un matrimonio.

- Ariana Fiunte Mira, “A compra de Rufo”, pp.186-191.

Despois de atopar un can malferido, un grupo de rapaces decide investigar a procedencia do mesmo, que resultou ser vendido ilegalmente. Os autores de tal feito serán descubertos e detidos pola policía.

- Alba Carrín Méndez, “Xuntos de novo”, pp.192-197.

Baseado en feitos reais, cóntase a historia de Tin, un can que sempre estivo a carón da súa dona, Asunción, e que incluso cando esta morreu permaneceu xunto a tumba dela.

- Sara Cela Alfonso, “Non me fagas dano”, pp. 198-203.

Un can descríbenos como é a súa vida cos seus donos, os amigos que fai, as cousas que descobre, mais tamén os golpes e malleiras que recebe sen compaixón.

- Andrea Rosales Guimeráns, “Querer os animais”, pp. 204-209.

Cóntase o labor de varios nenos tentando salvar uns loros que están a ser explotados nun circo. Finalmente obterán a súa recompensa. Este volume colectivo ten, tanto na cuberta como no interior, fotografías dos cans que protagonizan as historias.

RuAn, *O dragón comemedo*, ilust. o autor, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de cor, n.º 21, a partir de 3 anos, xuño 2009, [26] pp. (ISBN:978-84-92630-31-8).

Álbum infantil, ilustrado, fantástico-realista, escrito por RuAn. A obra desenvólvese a través dun narrador omnisciente (que pregunta, ás veces, ao lector infantil). Trata dun neno chamado Bernal que, aínda que agora é un neno moi maior, cando era pequeno tiña moitos medos. Como era moi medorento, non tiña amigos até que un bo día pola tarde viu, na rúa, a cola dun dragón. Bernal botou a correr e canto máis medo tiña, máis medraba o dragón. Chegou á súa casa e alí o dragón asomou a cola pola cheminea, nela levaba un monicreque que coas paifocadas que facía, fixeron rir a Bernal. Canto máis ría, máis pequeno se facía o dragón. Bernal xa non tiña medo, até xogaron xuntos ao fútbol, pero o problema apareceu cando chegaron os seus pais. Estes comezaron a berrar e o dragón empezou a crecer. Entón Bernal chamou a todos os nenos e nenas e contoulles a historia do dragón. Explicáronlles aos seus pais que era un dragón bo, un dragón comemedo e este foise facendo outra vez pequeno. Dende entón, o dragón vive no barrio e Bernal ten moitos amigos e xa non ten medo. As ilustracións son do mesmo autor dos textos. Nestas imaxes mestúranse figuras reais en contornas cotiás coa figura fantástica do dragón protagonista. As figuras son de aspecto amábel. As cores son variadas aínda que pouco luminosas. As composicións teñen sempre o mesmo punto de vista frontal.

Sende, Lua e Alexandre **Miguens**, *O conto do Apalpador*, ilust. Leandro Lamas, A Coruña: Edições da Galiza/A Fenda Editorial, col. Contos para miúdos, [lectorado autónomo], 2009, 28 pp. (ISBN: 978-84-936218-6-5).

Álbum con texto de Lua Sende Lourido e Alexandre Miguens Monhiz e ilustrado por Leandro Lamas Ermida (Ferrol). Ábrese cun "Preâmbulo" no que se achega á figura do apalpador, coñecido tradicionalmente nas diversas comarcas do Leste de Galicia como un "gigante carvoeiro" que aparece no Nadal para agasallar a nenos e nenas con castañas, logo de lles tocar a barriga e comprobar que comeron moito ao longo do ano. Ademais, indícase que está vinculada ao "pedido de bens à Mae Natureza". Agrádecese especialmente a publicación, no Portal Galego da Lingua, dun artigo de José André Lôpez Gonçâlez, así como a outras asociacións que contribuíron á promoción e difusión deste personaxe. Así, preséntase á "pequena Inês" que, xunto co seu cadelo Rulo, pasea polo bosque buscando algo para comer ou para lle sacar proveito, pois está a piques de chegar o Nadal e "há pouca cousa na casa para comer". Porén, eles descoñecen que son observados polas "trasnas e os trasnos do bosque", que lles fan "crer o que nom é", e que ademais teñen a encomenda de lle contar ao Apalpador se eles (e o resto de nenos e nenas) se portan ben ou non ao longo de todo o ano. A partir de aquí, contáse a historia do carvoeiro e a maneira na que vive nas montañas de Galicia, como prepara a recollida de castañas e como baixa ás vilas e ás aldeas o día 24 de decembro, axudado polos demiños. Así, á mañá seguinte, Inês é sorprendida cun saco grandísimo de castañas e o resto de agasallos para a familia. Destaca a presenza de tres cantigas populares dedicadas "ainda hoje" á figura do Apalpador (que volven novamente a se reproducir na contracuberta). O texto, escrito nunha norma non estándar (reintegracionista) da lingua galega, combina dous tamaños de letra, e acompáñase dunha serie de ilustracións dunha soa páxina, a toda cor e de cáracter figurativo, centradas fundamentalmente na imaxe do apalpador, quen ademais de levar a saca, ofrece un aspecto descoidado (roupa con remendos, de poboada barba, pucha e pipa). A cuberta e a contracuberta forman unha única ilustración. Este álbum conta coas ilustracións figurativas de Leandro Lamas das escenas máis significativas do conto con imaxes sinxelas que mesturan a realidade da rapaza protagonista cos personaxes míticos do apalpador e os trasnos. As cores son moi alegres e vivas e a técnica empregada é a acuarela.

Sáez Cazallas, Cristina, *A casa máis animada do mundo*, ilust. Almudena Aparicio, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2009, 157 pp. (ISBN: 978-84-92630-33-2).

Conxunto de narracións de tendencia fantástico-realista de Cristina Sáez Cazallas (A Coruña). Este volume está estruturado en catro partes, a planta baixa, o primeiro andar, o segundo andar e o terceiro andar. Cada unha destas partes conten breves relatos curtos que non posúen continuidade entre eles mesmos. Ao longo deste volume narrativo os relatos aumentan en canto ao seu tamaño, pero non chegan a pasar das tres ou catro páxinas. Relatan anécdotas ou contos, referidos ao día e a noite, ao Entroido, diversos animais... todo baixo o letreiro que se atopa na porta da entrada: A casa máis animada do mundo. As ilustracións elaboradas por Almudena Aparicio, edulcoradas, coloristas e infantiles, posúen unha estética moi comercial. Acompañan o texto ao longo de toda a obra.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Cando o outono chega cargado de maxia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 783, "Cativadas", 18 outubro 2009, p. 10.

Refire que Baía Edicións presenta para o outono unha relación de obras para a nenez entre catro e doce anos: entre outras, *A casa máis animada do mundo*, da que indica o autor e ilustrador e destaca que se trata dunha colección de relatos curtos "próximos ao xeito de contar da tradición oral" desenvolvendo historias cheas de fantasía que transcorren na planta baixa e nos tres andares nos que se divide a casa. Remata apuntando o lirismo dos relatos "Terra nai" e "Orellas molladas", para o lectorado maior de 7 anos.

- Lupe Gómez, "As veas da 'felicidade", *Galicia Hoxe*, 29 outubro 2009, p. 37.

Ampla conversa con Cristina Sáez Cazallas da que destaca que a escritora salienta en maiúsculas o amor, entre outros valores. Pregúntalle polos seus xogos de infancia e comenta que naquel momento aínda non se interesaba por escribrir mais si por ler as historias protagonizadas por "los cinco", a serie de Enid Blyton. Recoñece que ao ser mestra de profesión ten un maior interese en escribir para os máis novos e destaca que lle gusta a súa forma de ser, a súa entrega total ás cousas que realizan, a súa autenticidade, etc. Considera que é poeta nun sentido amplo do termo porque "a poesía é a única creación literaria que vai máis alá da dimensión utilitaria da palabra" e porque a través dela xoga coas palabras e toca "recunchos da alma onde descansan os sentimentos". Salienta a sensibilidade, lealdade e cariño que os animais teñen coa xente que os queren. En relación ao conto "Comeza o espectáculo" reflicte, con imaxinación e sobre todo ollando o mundo, como os máis novos, que nese mundo imaxinario se os adultos se comportasen como a nenez "non habería hipocrisía, rancor, envexa, vinganza, dobres sentidos...". Precisa que a protagonista dese conto é unha bágoa xurdida dun sorriso limpo para que a nenez entenda que chorar só é un xeito de expresar un sentimento e que "chorar de risa é ser feliz". Sobre o conto "A terra nai" amosa que a terra "é libre, poderosa, sabia". Remata reivindicando a necesidade de xogar a calquera idade porque ela consegue así recuperar "ese recuncho onde descansan a ilusión, o entusiasmo, a paixón... que todos temos" e porque "xogar é reinstalar nos corazóns todo aquilo que nos facía tan felices cando eramos nenos".

Solar, María, *O fillo do Pintamonas*, ilust. Teresa Novo, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Ala Delta, n.º 23, serie azul, a partir dos 8 anos, 2009, 123 pp. (ISBN: 978-84- 92404-62-9).

Nesta novela fantástica de María Solar (Santiago de Compostela, 1970), dividida en sete capítulos, trátanse temas como o amor, amizade, familia, fantasía e o traballo. O narrador omnisciente en terceira persoa conta a historia dun Nubelo de La, fillo dunha Nubela de La e unha Nube dos Soños; precisamente, por ser Nube dos soños, o seu pai foi desterrado do mundo dos nubelos. Nubelo é o mozo de Nubebela, e os demáis nubelos agás os Grislás (os nubelos máis vellos, coñecedores de toda a historia dos nubelos) búrlanse de Nubelo de La por ser fillo da Nube dos Soños, o Pintamonas. Un día aparece na súa rexión un papaventos cunha cola longuísima, e, ao enganchárselle e rompérselle decide coa axuda de Nubelo facerse outra coa corda de tender dos Nubelos.

Tras desenmascarar ao ladrón, os nubelos dispóñense á castigar ao papaventos pero este decide fugarse con Nubelo de La en busca do seu pai. Tras falar cos vellos Grislás para saber onde está a terra das nubes dos soños, os dous amigos saen a ver se hai sorte. Da primeira volta fan novos amigos, os Güips, unhas extrañas criaturas que viven nas árbores froiteiras. Despois topan cunha nube dos tronos, que, por un malentendido torna a cor de Nubelo en negra e teñen que regresar á súa terra para atopar a solución. Na segunda viaxe Nubebela únese á busca do pai de Nubelo e, tras pasar calamidades e vivir moitas aventuras atopan a entrada ao mundo das nubes dos soños. Conseguen entrar e entón, calquera cousa que desexan materialízase alí. Quedan neste mundo todos agás Nubebela que non quere deixar a súa nai atrás e decátase de que cada vez que Nubelo pense que ela está alí poderán estar xuntos, así que sen mágoa, decide voltar ao país dos Nubelos. Conta coas ilustracións figurativas de Teresa Novo (Madrid 1955). Dende a na cuberta a cor xa se mostra que se trata dun conto moi imaxinativo coas nubes como protagonistas. Ao longo do libro vense unhas ilustracións, en branco e negro, de páxina enteira que reflicten escenas principais do conto. A técnica mestura manchas de pintura con imaxes recortadas.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Come e medra, apaña as estrelas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 785, "Cativadas", 1 novembro 2009, p. 7.

Presenta as propostas de Edicións Tambre para os máis novos. Sobre *O fillo do Pintamonas* apunta que se trata dunha "noveliña fantástica" e de aventuras estruturada ao xeito do "conto tradicional" e resume brevemente o argumento. Observa que se insiren "asuntos relacionados coa ciencia", ao tratarse dunha autora licenciada en Xornalismo e Bioloxía. E remata apuntando que a propia autora anima a empregar a imaxinación "como fundamento para explorar o mundo e como vehículo para os afectos".

- C. P., "Este conto de aventuras leva implícita a transmisión de valores", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 15 decembro 2009, p. L16.

Reprodúcese unha breve conversa con María Solar, con motivo de estar a promocionar o conto *O fillo do Pintamonas*. Nela sinala que escolleu escribir para nenos porque é a literatura que máis funciona e a que ten máis futuro. Define a súa obra como un relato de aventuras e fantasía que pretende transmitir valores e que ten diferentes niveis de lectura.

- V. Oliveira, "O país de Nubelos e Grislás", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 decembro 2009, p. 38.

Con motivo da presentación en Santiago do conto *O fillo do Pintamonas*, de María Solar, a autora e presentadora da TVG sinala que traballou moito esta historia e que nela pretendeu reivindicar valores sen ser moralista, como o respecto á diferenza ou o valor da tradición oral. Conclúe reivindicando unha literatura infantil divertida, trepidante e accesíbel.

- Xurxo Fernández, “María Solar”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 21 decembro 2009, contracuberta.

Entre outras reflexións ao redor do conto e do seu destinatario universal, refírese á publicación d’*O fillo do Pintamonas*, da xornalista e presentadora da TVG, María Solar. Apunta que se trata dun fermoso texto, con diversos graos de lectura e augúralle un brillante futuro.

Tobaruela, Pere, *Viaxes dun can de palleiro*, fotografía da cuberta Ana Boullón, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Xuvenil, n.º 56, dos 12 anos en diante, 2009, 119 pp. (ISBN: 978-84-7824-573-4).

Narración de Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) que se incia cunha dedicatoria (“O can, a oda, o doado anaco”) e se divide en tres partes: “A viaxe de Telémaco”, “As aventuras de Ulises” e “O regreso do Xobre”, cada unha delas composta por unha serie de capítulos e péchase cun glosario de persoas e personaxes. Recolle a popular historia da Odisea contada dende o punto de vista dun can de palleiro, compañeiro de Ulises en todas as súas andanzas. Relátanse as aventuras do heroe e o regreso deste á súa aldea natal, o Xobre. Cóntanse todos os impedimentos que por mor da acción dos deuses non lle permitían volver o seu fogar. Ten só ilustración na cuberta cunha fotografía de Ana Boullón. A imaxe dunha rocha na praia está impresa sobre unha textura que parece lenzo.

Tobaruela, Pere e Ana **Boullón**, *A cruz dos farrapos* (ISBN: 978-84-7824-589-5)/ *Peregrino na sombra* (ISBN: 978-84-7824-590-1), ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Consorcio de Santiago, col. Branco de cores, n.º 8, [lectorado autónomo], 2009, 27 pp. ■

Nova entrega dunha serie literaria protagonizada por Branco de cores nunha colección que naceu coa intención de fomentar o coñecemento da historia da cidade de Santiago de Compostela. Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) e Ana Isabel Boullón Agrelo (A Pobra do Caramiñal, 1962) comezan a historia en xaneiro de 2010, tras a volta das vacacións do Nadal dos rapaces ao colexio. Branco de Cores é convidado pola profesora Belén a que acuda ao colexio das Orfas a lle explicar ao seu alumnado a historia do Ano Santo, xa que estes deben facer un traballo. Cóntalles dende cando se celebra e cada cantos anos, ademais de en qué consiste gañar o Xubileo. Ao día seguinte, Branco de Cores acompaña o alumnado a visitar a praza da Quintana, entrar pola Porta Santa, coñecer a historia do Botafumeiro, baixar á cripta do Apóstolo e abandonar a catedral pola porta de Praterías, antes de regresar ao colexio. Pola tarde, Branco de Cores coincide cos alumnos Xela e Lois na praza da Quintana mentres eles están a debuxar a fachada da catedral. Nese momento, aparécelles a figura de Don Gaiferos quen lles conta que el fora duque de Aquitania, que peregrinara a Compostela e que, grazas ao milagre do Apóstolo, conseguiu chegar á cidade. A historia conclúe ao día seguinte co recitado de Lois dos derradeiros versos do *Romance de don Gaiferos*, tras expór o seu traballo na aula. As ilustracións de Andrés Meixide (Vigo, 1970) amosan unha gran variedade cromática, con cores cálidas e vivas. Dende a cuberta xa se presentan os personaxes do relato, que teñen faccións redondeadas e volumétricas, en contraste cos fondos planos e esquemáticos. O ilustrador emprega en todas as imaxes dous planos.

Nun primeiro plano sempre aparecen os personaxes ou obxectos sobre os que recae a acción, con cores máis saturadas e trazos negros, para focalizar a atención do espectador. Nun segundo plano, con tintas máis difuminadas, suaves e con trazos de cores neutras coma o gris aparecen os diferentes espazos onde transcorre a historia, deste xeito pódense recoñecer lugares emblemáticos de Santiago de Compostela.

Varela Ferreiro, Alberto, *Dona Landra no Río Revolto*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [lectorado autónomo], marzo 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-9782-979-3).

Neste conto de Alberto Varela Ferreiro (Carballo, 1963) relátanse as distintas peripecias dun grupo de animais que conviven na fervenza dun río afectado pola contaminación e cómo son axudados por dona Landra para se liberar de tanto lixo. Estes animais que habitan arredor dun río atópanse con diferentes vertidos e cun monstro saltón de cor verde. A garza, salmón, londra, donicela, lamprea e o parruliño foxen del en canto o atopan. A libeliña vendo o que pasa decide ir na procura de axuda atopándose con dona Landra, quen conduce ao monstruo cara a zona limpa do río e alí descóbrese que esa mancha verde en realidade era a amiga rá sucia por culpa da contaminación do río. As ilustracións do propio autor teñen un protagonismo especial. Na cuberta aparece a protagonista, a landra, enriba dunha libeliña e un montón de lixo. As ilustracións, do mesmo autor dos textos, son figurativas e moi detalladas. A representación dos animais é moi real e a única licencia á fantasía é a figura da landra que ten ollos, boca e extremidades. A gama cromática é fría, con predominio de azuis e verdes. As imaxes apoian os textos con representacións veraces dos diferentes animais que participan no conto.

Recensións:

- Paula Fernández, "Con dona Landra", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Infantil/Xuvenil", 9 xullo 2009, p. VII7*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 243, "Letras galegas", 18 xullo 2009, p. 7.

Comeza indicando que Alberto Varela retorna á temática ambiental de títulos anteriores, á mesma colección e á protagonista de *Lume. Dona Landra contra a Lapa*. Refire a temática tratada nos anteriores títulos e precisa que este novo título presenta a un río contaminado que serve de fogar á señora Garza, ao salmón, á troita, á lamprea, á donicela, ao parrulo e á libeliña. Apunta que o emprego dunha estrutura paralelística incide na "gravidade da situación" e saliéntase o carácter simbólico dos personaxes animais "que pensan e falan como humanos" e o colorismo das ilustracións. Conclúese que o libro é un "instrumento interesante" para traballar a sensibilización ambiental dun xeito lúdico e atractivo.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 310, "Libros", 26 novembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión desta obra de Alberto Varela Ferreiro, *Dona Landra no Río Revolto*, xunto aos doutras obras de recente publicación.

Varela Ferreiro, Alberto, *Misterio na selva de Ngorongón*, ilust. do autor, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-9865-201-7).

Conto infantil de Alberto Varela (Carballo, 1963) no que un narrador omnisciente conta como o bruxo Ngorongón ía buscar prantas medicinais á selva, e sempre poñía a máscara de asustar porque levaba medo. Un día que non viu a ningún animal na selva sorprendeuse moito e puxo a máscara das dúbidas. O bruxo comezou a buscar e atopou a todos os animais abraiados ollando para unha televisión, todos deixaran de facer o que estaban facendo (os monos laranxa xogaban, os elefantes bañábanse no río, etc) por ir mirar aquel aparello. Entón Ngorongón creu que se trataba de maxia mala e tirouno ao río, onde o crocodilo o tragou. Deseguido os animais esqueceron aquilo e volveron gozar da vida na selva e o bruxo puxo a máscara da ledicia. Esta narración apóiase nas ilustracións do mesmo autor dos textos. Trátase de imaxes figurativas realistas que amosan os animais da selva na súa contorna. As ilustracións completan os textos con imaxes que contextualizan a narración. Composicións a dobre páxina deixando un espazo en branco para a disposición dos textos. Predomina a cor verde das árbores da selva con cores saturados que xeran alto contraste coas tonalidades dos animais. A técnica empregada é a pintura.

Vázquez Pita, Enrique, *Sansón Troleyro*. *Estudante de pan e sardiña*, montaxe fotográfica cuberta Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 121, [mocidade], xuño 2009, 299 pp. (ISBN 978-84-9914-011-7).

Novela histórica de Enrique Vázquez Pita (A Coruña, 1970) narrada en terceira persoa e protagonizada por Sansón Troleyro Soliño, fidalgo do condado de Gondomar alcumado "estudante de pan e sardiña" pola súa falta de recursos económicos. A historia das súas andainas está estruturada en tres partes: a primeira céntrase na chegada e primeiras vivencias como estudante de Medicina na Universidade compostelá, a segunda nas experiencias durante as prácticas no Hospital Real nunha época golpeada pola peste e a terceira na descuberta da súa outra identidade. Na trama da primeira parte, con oito capítulos, participan personaxes secundarios a través dos que se describe o contexto social na cidade de Santiago de Compostela do século XVII, dominado pola Igrexa católica e polo seu brazo executor da Santa Inquisición ou Santo Oficio. Frei Xudas Castiñeiras, monxe dominico, examina a Sansón en calidade de aspirante a universitario e axiña desconfía del por mor dunha antepasada misteriosa que identifica como María Soliño, pero se abstén de actuar na súa contra pola protección manifesta do bispado de Tui e dos condes de Gondomar sobre o rapaz. O fillo dos condes, don Baltasar, é un nobre practicante do *carpe diem* e mullereiro para quen traballa como paxe. Por outra banda, amosa o conflito vivido no mundo da medicina entre conservadores, aínda influídos por supersticións infundadas e dominados polo inmobilismo na defensa dos principios de Galeno, e progresistas, partidarios de teorías baseadas na experimentación empírica, caso das achegadas por Harvey ou Servet sobre a circulación do sangue. Xa nos catro capítulos seguintes da segunda parte, afóndase no misterioso pasado de

Sansón en relación coa súa bisavoa, María Soliño, que perturba os seus soños. Da mesma maneira, obsérvase unha maior implicación pola súa parte en favor da introdución da medicina moderna, unha postura que lle procurará numerosos inimigos entre galenistas convencidos como o catedrático Arellano. Por último, dáse conta nos tres capítulos da terceira parte do período de prácticas na Real Audiencia durante os seguintes dous anos, salferidos con novas confrontacións cos seus colegas de profesión máis conservadores. A seguir, parte a Salamanca e na súa Universidade obtén a licenciatura para despois tomar rumbo cara a Cádiz e alí traballar como asistente do doutor Ruíz, dono dun revolucionario aparello, o microscopio, que acabará nas súas mans. Finalmente, o antigo "estudante de pan e sardiña" convértese nun adiñeirado cabaleiro grazas aos negocios do seu señor Baltasar cos holandeses nas Américas. Ademais da montaxe fotográfica da cuberta, aparecen varios paratextos previos ao primeiro capítulo: un plano da Compostela de 1670 e varios gravados da cidade realizados por Pier M. Baldi en 1669, así como outros dous das cidades de Sevilla e Cádiz realizados polo mesmo artista en 1669 e 1665 respectivamente xunto a dous debuxos da catedral de Santiago, da autoría de Simón Rodríguez e Vega y Verdugo. Todas estas imaxes serven tamén como elementos anticipadores dos escenarios nos que se desenvolverá a acción.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Infantil/Xuvenil", 18 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salientan da produción literaria galega máis recente obras como *Sansón Troleyro*, de Enrique Vázquez Pita.

- Luis P. Ferreiro, "Vázquez Pita presenta en Vigo ao seu detective do século XVII", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xullo 2009, p. 39.

Comenta que na Feira do Libro de Vigo Enrique Vázquez Pita presentou a súa segunda novela, *Sansón Troleyro,* xunto a Manuel Bragado. Explica que se trata dunha novela xuvenil que describe o paso á idade adulta e que o seu protagonista, un estudante de mediciña do ano 1672, usa a súa intelixencia para vencer e resolver misterios. Indica que xa ten preparada a segunda parte das aventuras do estudante, na que tamén hai "temas internacionais".

- Ramón Nicolás, "Xuvenil, histórica e atractiva", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 330, "Letras en galego", 12 setembro 2009, p. 7.

Valórase o hábil manexo das técnicas narrativas e o dominio lingüístico de Enrique Vázquez Pita nesta novela finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil no 2006, *Sansón Troleyro*. Tamén se considera loábel que, tomando como punto de partida o contexto da Galicia do século XVII, saiba integrar unha gran cantidade de información histórica nun argumento áxil e variado. Conclúese que retrata a Compostela desa época con grande atractivo e verosimilitude segundo o modelo picaresco con bastante fidelidade.

Vila Sexto, Carlos, *As sete mortes*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], marzo 2009, 292 pp. (ISBN: 978-84-9865-164-5).

Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977) constrúe unha novela na que mestura o xénero policíaco, co esoterismo e a historia de Galicia, xa que a figura de Breogán e a súa lenda teñen un papel importante no relato. Dende distintos puntos de vista, un narrador en terceira persoa relata as aventuras dos personaxes. Por unha banda, Laura é unha policía que intentará resolver unha serie de estraños casos, como as mortes en estrañas circunstancias de Miguel Márquez e do vello Mateo, aínda así non lle resultará fácil pola complicación do caso e pola oposición dos seus compañeiros. Doutra banda, Xacobe, un inmortal ao que Mateo busca antes de morrer, vese envolto sen querelo nesta sucesión de crimes sen explicación. Como protagonista da trama un pergamiño que Mateo lle entrega antes da súa morte. Xacobe porase en contacto con Natalia, ingresada nun psiquiátrico por problemas familiares e especialista en historia. Tras fugarse do centro, os dous emprenderán unha viaxe por distintos lugares de Galicia para poder atopar unha solución ao enigma do pergamiño e as enigmáticas mortes que se producirán. Á parte de ser perseguidos pola policía, unha misteriosa sombra que emerxe dos espellos non descansará até dar con eles e rematar coa súa vida. A cuberta, deseñada por Fausto Isorna (Catoira, 1961), ten unha imaxe dunha cabeza sen pel sobre un fondo verde que xunto co título sinala que se trata dunha narración de crime e misterio.

Recensións:

- A. Abelenda, "As sete mortes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 318, 20 xuño 2009, p. 11.

Fálase do libro de Carlos Vila Sexto *As sete mortes*, que combina lendas, aventuras e "un chisco" de humor. Con respecto ao seu argumento, explícase que é "trepidante e esotérico" e "tira" do lectorado até o final. Saliéntase tamén a naturalidade dos diálogos e a claridade da escrita.

- CLIJ, "*As sete mortes*. Carlos Vila Sexto", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 229, "Libros/Novidades", setembro 2009, p. 72.

Recordan primeiramente que o autor é fiel ao estilo que iniciou aos seus 14 anos cando se inaugurou como escritor e foi galardoado cun premio. Dise que regresa á creación literaria con esta novela xuvenil na que conxuga elementos como o suspense, o terror, o esoterismo e o misterio. A seguir describen a historia que se conta e que transcorre en Ourense, Lugo, o Caurel, Fisterra, o Monte Santa Tegra para rematar na Torre de Hércules na busca da propia identidade dende a lenda céltica á realidade. Din que se trata dun "largo relato que mantiene la atención de los lectores mediante una trama muy ágil y bien construída" que combina ben elementos realistas e esotéricos.

Volta, Pedro, *O pazo máxico. A túa primeira Escola de Maxia*, ilust. Carlos Silvar, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], xullo 2009, 91 pp. (ISBN: 978-84-92630-32-5).

Álbum infantil de tendencia fantástica de Pedro Volta no que se trata o tema da maxia, cómo poder chegar a ser un gran mago. Ao longo do libro os nenos sumerxiranse nunha fantástica aventura na que se ven acompañados polo ilusionista Pedro Volta e un raposo. Toda a aventura xorde nun pazo máxico oculto nun bosque secreto. Acóllense trucos moi sinxelos de maxia que se explican por medio de textos e de debuxos. Artéllase en quince capítulos, chamados "guía de maxias". En cada un deles vanse descubrindo novas cousas e novos trucos para poder chegar a ser un mago de verdade. O libro é unha mestura de sinxeleza e de complexidade na que se atrae ao neno para metelo nun mundo totalmente fantástico e facelo que pareza real. A cuberta presenta unha misteriosa pechadura que deixa entrever o que hai ao outro lado da porta. As imaxes de Carlos Silvar son de tipo explicativo e serven para axudar a comprender os trucos de maxia que presenta. As ilustracións están rodeadas dun marco que semella o borde das fotografías antiguas. As cores son cálidas e o papel é de cor ocre.

Referencias varias:

- Belén López, "Manual básico de magia para posibles Harry Potter", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 29 xullo 2009, p. 62.

Recolle as opinións de Pedro Volta sobre o seu libro referindo que tentou ofrecer á nenez un libro "mágico e inspirador". Explica como foi a experiencia de escribir unha historia de aventuras con claves e trucos para aprender maxia, ademais de presentar ás catro figuras maís importantes na historia da maxia. Remata apuntando que Pedro Volta ten escrito un novo conto pendente de ser publicado.

- Rubén Bruña, "En la variedad está el gusto", *La Opinión*, "A Coruña", 6 agosto 2009, p. 12.

Indica que para presentar *O pazo máxico* o ilusionista Pedro Volta se serviu dun dos seus números de ilusionismo. A seguir refire outras actividades que nas casetas da Feira do libro tamén firmaron exemplares dos seus libros os artistas Moncho Borrajo e Bieito Romero. E remata dando conta doutras actividades culturais que amenizaron as festas de María Pita.

- Clara Bernal, "Un mago colgado como Houdini", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que calor*", "Reportaje", 6 agosto 2009, p. [1].

Comenta que onte, no Obelisco da cidade de A Coruña, presentouse un espectáculo de maxia, onde Pedro Volta emulou ao gran Harry Houdini ao colgarse cabeza abaixo e cunha camisa de forza dende unha grúa de trinta metros. Precisa que a maxia pode chegar até onde un queira xa que a imaxinación é infinita e que lle gustou escribir *O pazo máxico*, do cal se indica que se presentou na Feria del Libro. Remata recollendo que para Volta a única diferenza entre Houdini e Harry Potter radica en que un mago auténtico converte en realidade a fantasía.

- Romina Bal, "Cando o outono chega cargado de maxia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 783, "Cativadas", 18 outubro 2009, p. 10.

Refire que Baía Edicións presenta para o outono unha relación de obras para a nenez entre catro e doce anos: entre outras, *O pazo máxico do mago*, da que destaca que a nenez descubrirá a maxia e poderá "viaxar a un mundo de soños e fantasías onde todo é posible". Indica que a través do narrador-guía se coñecerán segredos e mestres da maxia e se viaxará ao galego Pazo dos Segredos. Remata apuntando que os debuxos facilitan a comprensión dos trucos de maxia.

- Mar Barros, "¿Queres ser aprendiz de mago?", *A Nosa Terra*, n.º 1.379, "*Bule Bule*", 29 outubro-4 novembro 2009, p. 24.

Dáse a coñecer *O pazo máxico. A túa primeira escola de maxia*, do mago galego Pedro Volta. Comeza referindo nomes de grandes magos universais, antes de se centrar na obra e na figura do autor, de quen indica as orixes e referentes, ademais de presentar a obra como "un pequeno manual de trucos e espectáculos para facer na casa" e apuntar que as ilustracións de Carlos Silvar facilitan a comprensión do texto. Precisa que o libro se comezara a escribir hai dous anos e que ao comprobar que os materiais sobre maxia para a nenez era escaso e de pouca calidade tentou imiar "o 'aspecto misterioso' dos antigos tratados de maxia" sen renunciar a crear un libro de aventuras. Nun á parte acóllese o truco "A Chave Invisíbel".

VV. AA., *Premio Relatos Curtos "Xaquina Trillo" (2009)*, Santiago de Compostela: Fundación Amigos de Galicia, 2009, 89 pp. (DL: C-3277-2009). ◆

Recompilación dos galardoados neste certame escolar que se abre cun prólogo no que se dá conta dos nomes dos gañadores e dos títulos das súas composicións literarias, así como das valoracións dos membros do xurado que xustifican a selección.

- Javier Rivas Rodríguez, "Os catro papiros", Primeiro Premio, categoría A, pp. 9-53.

Relato de carácter histórico inspirado na vida da Roma Imperial con vinte cinco breves capítulos, un anexo, mapas, vocabulario e ilustracións do propio autor.

- Iria Esperón Abril, "Diario de Cristina", Segundo Premio, categoría A, pp. 55-62.

Texto sobre as vivencias cotiás e sentimentos íntimos dunha rapaza a modo de diario.

- Alumnas de 3.º de ESO do IES da Estrada, "Teño medo", Primeiro Premio, categoría B, pp. 63-71.

O xurado salientou deste relato no prólogo a súa axeitada estrutura e a pegada da profesora á hora de realizar este texto sobre os temores dos adolescentes.

- Fátima Coto Domínguez e Gloria López Lorenzo, "Un corte profundo", Segundo Premio, categoría B, pp. 73-78.

Relato organizado por datas dende o 3 até o 22 de agosto de 2008 que recolle os sentimentos producidos tras un accidente de tráfico.

- Laura Castro Lorenzo, “Bagullas de Mel”, Terceiro Premio, categoría B, pp. 79-89.

Unha experiencia traumática provocada polos malos tratos é o tema central deste texto de intriga.

Xoán G., *O Apalpador*, A Coruña: Editorial Biblos Clube de Lectores, 2009, [24] pp. (ISBN:978-84-937323-5-6).

Neste conto de tendencia fantástica Xoán González Otero narra como o Apalpador, un vello xigante que vive nas devesas do Courel e que na noite de Nadal baixa para repartir agasallos, achégase á casa de Antón e Antía, aloumíñalles a barriga e déixalles unha presa de castañas ademais de agasallos escondidos por toda a casa para que os nenos os encontren ao día seguinte. Conta cunha dedicatoria e ademais ao final do libro fai unha explicación de cinco termos que leva posto e usa o Apalpador. As ilustracións figurativas do mesmo autor que amosan unha figura simpática que vai revelando a que se dedica seguindo o que se di no texto. A técnica empregada é a acuarela, con planos transparentes en cores alegres e contrastados. As imaxes a dobre páxina presentan interese compositivo xa que xogan con planos delimitados por liñas curvas ou oblicuas que achegan dinamismo ás ilustracións. Presentan variedade de cores e aparecen ocupando todas as páxinas e acompañando ao texto, visualizando algunhas escenas do relato e chegando incluso a prescindir de texto nalgunhas páxinas.

Recensións:

- R. Candal, “Xa chega o Apalpador!!!!!”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 792, “Nadal Galego”, 20 decembro 2009, pp. 10-11.

Detalla a historia do Apalpador e destaca que este Nadal o Concello de Santiago de Compostela programou numerosas actividades coa súa figura. Indica que saíron do prelo dous contos sobre o Apalpador, *O Apalpador* e *Antón e o Apalpador*, ademais dun espectáculo de monicreques *A historia do Apalpador*. Finalmente realiza unha entrevista a Leandro Lamas, o primeiro debuxante do Apalpador, quen sinala que realizou este traballo a pedimento da Gentalha do Pichel e describe a súa faceta como debuxante.

Referencias varias:

- Francisco Albo, “Volve o Apalpador para agasallar aos nenos na noite do vindeiro día 24”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 decembro 2009, p. 58.

Anuncia a presentación do conto infantil *O Apalpador*, de Xoán González Otero, editado por Biblos, na Festa da Pisa da Castaña do Courel que se celebra na localidade de Froxán. Salienta que a interpretación que fai o autor deste personaxe do folclore do Courel, difire da primeira representación gráfica do personaxe, obra de Leandro Lamas e publicada nun folleto editado pola asociación compostelá A Gentalha do Pichel. Así, nas ilustracións de Xoán González desaparecen as roupas remendadas e a imaxe de esmoleiro e o Apalpador presenta unha vestimenta pouco definida. Recóllense tamén declaracións do autor nas que destaca que se trata dun personaxe desprazado da tradición do Nadal por outras figuras máis coñecidas e que pretendeu recuperar e

divulgar o personaxe a partir das investigacións realizadas polo investigador José André López.

- LR, "La Biblioteca de O Barco divulga la figura del 'Apalpador' entre los niños", *La Región*, "Valdeorras", 28 decembro 2009, p. 13.

Anuncia o calendario de actividades organizado pola Biblioteca Municipal Florencio Delgado Gurriarán do Barco de Valdeorras e polo Campamento de Nadal da mesma localidade, dirixido aos máis cativos, co obxectivo da divulgación da figura do "Apalpador". Destaca a sesión de contacontos, os obradoiros de debuxo e cantigas e a presentación do volume *O Apalpador*, de Xoán González.

VII.1.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Fernández Paz, Agustín, *Aire negro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 42, [mocidade], febreiro 2009, 203 pp. (ISBN: 978-84-9782-961-8).

Décimo terceira edición completamente revisada por Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) e actualizada á normativa do galego do ano 2003. Esta novela de misterio xa fora descrita no *Informe 2000*, apartado VI. A literatura infantil e xuvenil galega. A edición de 2009 conta cunha cuberta que é unha fotomontaxe de Antonio Seijas cunha imaxe borrosa dunha muller de costas camiñando entre árbores escuros e baixo un ceo de treboada; este ceo ten sobreimpresionadas ringleiras de verbas manuscritas e tachadas. A ilustración, inquietante, avanza unha novela con misterios e segredos que xiran ao redor dunha muller.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Infantil/Xuvenil", 19 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta a reedición de *Aire negro*, de Agustín Fernández Paz, entre outras obras da produción literaria galega más recente.

Graña, Bernardino, *Rata linda de Compostela*, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 57, serie azul, de 7 anos en diante, maio 2009, [56] pp. (ISBN: 978-84-9782-956-4).

Adaptación dun conto clásico coma conto rimado realizada por Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) que vira a luz en 1994 e que foi reeditado en 2009 modificando a ilustración da cuberta, para concederlle un maior protagonismo á Ratiña e ao euro que atopa, fronte á imaxe da Ratiña observándose presumida ante un espello subida a unha cadeira, da súa primeira edición. O texto adáptase á normativa vixente no galego dende o ano 2003 e suprímese o apartado "Cando o autor fala de si", no que se achegaban datos biográficos e se explicaba que este conto é unha recreación dunha historia clásica na transmisión oral, que el escoitara na voz da súa avoa e madriña e que decidira contalo "en galego e á nosa maneira, achegado a Compostela e con certas variantes...". A ratiña protagonista vive nun pazo cun pozo no lugar do Monte do Gozo, lugar simbólico do Camiño de Santiago, onde é veciña do Rato que marchara ao estranxeiro. Un día a protagonista atopa na rúa un peso (un euro, na versión de 2009) que perdera Don Gato e decide mercar un lazo para poñerse máis fermosa. A partir de entón son diferentes os pretendentes que lle propoñen matrimonio, dende o can, pasando polo burro e o grilo, até o gato, co que acepta casar. Porén, unha noite o gato quere rabuñala para que lle devolva a moeda, feito do que se defende convidándoo a que a busque no pozo, onde o empurra e do que non volve saír. Cando chega de volta o Rato, que estaba no estranxeiro, pídelle que case con el e xuntos diríxense á Catedral de Santiago de Compostela, a xeito de peregrinación. As ilustracións figurativas de Manuel Uhía (Vigo, 1944) para este relato están feitas con acuarelas. A técnica empregada transmite unha sensación de frescura e inmediatez. As escenas que se recrean coas

ilustracións forman parte importante do relato xa que achegan información visual sobre Compostela. As imaxes teñen un alto grao de imaginación ao presentar aos protagonistas animais con actitudes antropomórficas e destacando a coquetería da Ratiña e os espellos nos que esta se observa a cotío. As cores grises e ocres lembran as rúas da cidade.

Moreno, María Victoria, *Mar adiante*, ilust. Manolo Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 193, serie verde, de 9 anos en diante, maio 2009, 83 pp. (ISBN: 978-84-9914-007-0).

Nova edición con adaptación lingüística á normativa galega actual deste relato de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara-Cáceres, 1941-Pontevedra, 2005) publicado por primeira vez en 1973 en Ediciós do Castro baixo o título *Mar adiante (historias de nenos pra nenos)* con ilustración da cuberta de Carmen Arias e interiores da propia autora e presentación de Xesús Alonso Montero. No ano 1986 saíu unha segunda edición que conta con cambios peritextuais na ilustración da cuberta, na eliminación do subtítulo e na adición do nome da colección e do poema-dedicatoria ao lectorado e á súa filla Mª Begoña. Nesta ocasión as ilustracións en tinta negra son de Araceli Liste (Pontevedra, 1961), que amosan diferentes escenas do narrado ou motivos mariños. Unha mestra-narradora, que oscila entre protagonista e testemuña, conta como pasou uns días dando clase nun barco chamado Arroás, fabricado polo vello mariñeiro Miguel de Portosouril coa intención de que os nenos aprendesen e coñecesen o mar, cunha concepción renovadora que critica os métodos represivos da escola tradicional e propón unha aprendizaxe empírica en contacto coa natureza. Miguel procura unha tripulación formada por un capitán, Xosé Luís, tres mariñeiros (Suso, o poeta; Xaime, o debuxante e Tino, o amigo das estrelas); unha cociñeira (Lola), sete nenas e catro nenos de Portosouril. A expedición prolóngase dende o comezo de curso ao Nadal, cando morre Lola. Durante a convivencia baseada na amizade, a solidariedade e a aprendizaxe en contacto coa natureza, os protagonistas contan historias independentes con algunha ensinanza, referidas á casa do señor Xosé de Outeiro, quen non axuda aos mariñeiros de Portosouril e os deixa morrer nun naufraxio; á traballadora Mariquiña que atopou co lobo e se fixo a súa amiga; á dos paxaros que se viron obrigados a fuxir da Carballeira do Suso por culpa dos homes ou á historia dun vagalume namorada dun luceiro, coas que se insiren diferentes valores como a solidariedade, o respecto aos animais e á natureza, a conciencia ecolóxica, a vida harmónica, o amor, etc. No traballo artístico, conta coas ilustracións figurativas de Manuel Uhía (Vigo, 1944). Son debuxos de formas sinxelas que ocupan toda a páxina ou páxina dobre. As tonalidades son suaves e luminosas, predominando a cor azul do mar e do ceo. O pastel é o material empregado e achégalle unha atmosfera envolvente ás escenas Nas composicións destaca o emprego da liña curva que fai as imaxes máis dinámicas. As ilustracións achegan ao lector detalles sobre os protagonistas e o escenarios que incrementan a información do texto.

Recensións:

- Antonio García Teijeiro, "Dous libros fascinantes", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "*Bule Bule*", 23-29 xullo 2009, p. 30.

Lembra dous títulos, un deles *Mar adiante*, de Mª Victoria Moreno ao que cualifica como "primeira novela en galego" e "referencia esencial da LIX galega" que en clave de realidade e fantasía fala do cotiá cos trazos de humor, tenrura e liberdade. Di que o argumento acontece nun barco que fai de escola cheo de "personaxes entrañables" e que inclúe contos e poemas nunha escrita lírica. O segundo dos títulos que salienta é *Makinaria*, de Carlos Negro, do que indica que se trata dunha "poesía inquietante", directa e espida que supón a "fusión da inconsciencia e descontrol" e que lle espertou certos instintos.

- Alba Piñeiro, "O Arroás, unha escola diferente", *A Nosa Terra*, n.º 1.371, "*Bule Bule*", 3-9 setembro 2009, p. 26.

Anuncia a reedición da man da editorial Xerais do primeiro relato en galego de María Victoria Moreno, *Mar adiante*, que cualifica como unha das obras fundacionais da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Repara na dedicatoria do libro, a todos os nenos e en especial á súa filla Mª Begoña, inclúe algúns apuntamentos argumentais e destaca que a viaxe no barco O Arroás supón unha aprendizaxe vital para os nenos que realizan nel a travesía, pois aprenden, entre outras cousas, a importancia da solidariedade e o enganoso dos prexuízos.

- Paula Fernández, "Obra imprescindible", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 299, "Infantil/Xuvenil", 19 setembro 2009, p. VII.

Tras comentar que esta obra supuxo en 1973 un gran avance na historia da literatura infantil e xuvenil en lingua galega, salienta a súa recuperación por Edicións Xerais de Galicia, con ilustracións de Manuel Uhía. Dá conta do seu argumento que "xoga coa verosimilitude" grazas á voz narradora en primeira persoa. Salienta o seu didactismo, agochado nas diferentes historias relatadas que inciden en valores como a xenerosidade, a amizade ou a confianza. Tamén destaca a "escrita directa" da autora que se complementa co estilo "plástico eficaz e económico" do ilustrador. Por último cualificaa como "obra imprescindible no corpus literario".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 307, "Libros", 5 novembro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 258, "Letras galegas", 14 novembro 2009, p. 7.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, caso da reedición de *Mar adiante*, de María Victoria Moreno, entre outras.

Rivadulla Corcón, X. H., *O sorriso de Claudia*, Premio Frei Martín Sarmiento 2009, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2009, 27 pp. (ISBN: 987-84-7824-519-2).

Reedición, con motivo da concesión do premio citado, noutra colección deste relato fantástico realista de Xosé Henrique Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) que xa fora descrito no *Informe de Literatura 2007*. Na cuberta aparece unha imaxe da protagonista

nunha paisaxe que se completa coa contracuberta ao abrir o libro. As gardas son moi marcadas coas cores do arco da vella e a protagonista acompañada de sorrisos. As ilustracións do interior son do mesmo estilo figurativo e colorista. As composicións que acompañan os textos son escenas significativas do que vai ocorrendo na narración. Nelas mestúrase o mundo real con personaxes de fantasía coma a raíña, a fada ou as lapas do lume.

VII.1.3. ADAPTACIÓNS

Carballo Soliño, Xesús (adapt.), *Os sete cabuxos*, ilust. Federico Fernández, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Audiocontos, [lectorado autónomo], 2009, [36] pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-9865-226-0).

Nova adaptación do conto de transmisión oral *Os sete cabuxos*, realizada por Xesús Carballo Soliño (A Estrada) a partir da dos irmáns Grimm. Nel nárrase a historia dos sete cabuxos que ao quedaren sós na casa son acosados polo lobo para que lle abran a porta e poder comelos. Despois dun par de intentos infrutuosos, o lobo consegue entrar e darse un gran festín con todos eles, agás co máis pequeno, que conseguira agocharse debaixo da cama da nai. Ao volver esta á casa, o cativo cóntalle o acontecido e deciden darlle un escarmento ao lobo que o atopan durmindo na beira do río. Anestésiano para sacarlle os cabuxos e no seu sitio métenlle croios. O lobo co peso das pedras no seu bandullo estivo a piques de afogar ao ir a beber ao río. As ilustracións de Federico Fernández (Vigo, 1972) representan aos personaxes do conto, empregando unha ampla gama de grises combinadas con cores frías para representar os espazos por onde discorre a historia e en varias ocasións as ilustracións adiántanse ao que se está a contar no texto.

Carballo Soliño, Xesús (adapt.), *Os catro amigos*, ilust. Kristina Sabaite, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Audiocontos, [lectorado autónomo], 2009, [36] pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-9865-225-3).

Conto dos Irmáns Grimm adaptado ao galego por Xesús Carballo Soliño (A Estrada). Por medio dun narrador en terceira persoa e a través dos diálogos entre os personaxes narráse a historia de catro animais vellos, un burro, un gato, un galo e un can, que marchan da casa dos seus amos para vivir da música, dado que se senten pouco atendidos. Despois dalgunha aventura descobren unha casa na que están uns ladróns comendo, logran espantalos, a pesar da súa vellez, aínda que serán sorprendidos de novo por algún deles pero tamén conseguen espantalo e así quedan felices nesa casa. Ao final do conto obsérvase, debido a presentar dúas versión dunha frase popular, que o narrador é un pai que lle conta a historia á súa filla. A ilustradora Kristina Sabaite (Lihutania, 1979) fai un tipo de ilustracións moi suxestivas que se achegan á estética naif. A ilustración da cuberta xa avanza o xogo visual que se vai encontrar dentro do libro. Este xogo visual caracterízase por imaxes que van mudando de fondo e de tamaño, personaxes que van aparecendo pouco a pouco ao lector até xuntarse os "catro amigos". A técnica utilizada é mixta, introduce anacos de imaxes fotográficas recortadas para representar diferentes tipos de texturas e superfícies. Os fondos e personaxes están recreados cunha pincelada áxil e marcada. As ilustracións fan un bo seguimento do contido narrativo e complementan e recrean novos escenarios imaxinativos. O libro inclúe un CD no que se narra o conto e se cantan dúas pequenas cancións.

Carreiro, Abraham, *O cazador de Cambodia*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Contos que len outros nenos do mundo, [lectorado autónomo], 2009, 29 pp. (ISBN: 978-84-8341-307-4).

Adaptación realizada por Abraham Carreiro (Vigo, 1981) dun conto popular da Cambodia protagonizado por un cervo, unha garceta chinesa e unha tartaruga. A trama que se desenvolve neste álbum lévanos a un bosque de Cambodia onde tranquilamente pasean os protagonistas, até que o cervo cae infelizmente nunha trampa do cazador. Ante a inminente chegada do mesmo, a garceta entreteno conseguindo así que o cervo escape, mais sendo a tartaruga apresada nesta fuxida. A garceta e o cervo traman entón un plan para liberala, feito que conseguen aproveitando un descanso do cazador. Así, o cazador volve finalmente de baleiro á vila sendo a burla da mesma. Os animais e paisaxes están debuxados en técnica de acuarela e con formas redondeadas e ollos grandes, o que lle confire un caracter amábel. Pola súa banda o cazador presenta un corpo grande e unhas pernas pequeniñas o que xunto á face agresiva imprímelle o aspecto de personaxe malo pero torpe. As ilustracións do propio autor serven para transmitir mediante imaxes as diferentes paisaxes e a fauna propia dese país. O protagonista presenta as características propias da raza asiática (os ollos oblícuos e a pel de cor amarela), e, a través das imaxes, vemos as roupas e os elementos identificativos doutra civilización. As cores verdes que predominan achegan a vexetación espesa da selva cambodiana. As ilustracións achegan unha información visual que non existe no texto, e que permite facer unha lectura máis rica deste libro.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "A forza da amizade", *A Nosa Terra*, n.º 1.365, "*Bule Bule*", 25 xuño-1 xullo 2009, p. 30.

Dise que *O cazador de cambodia,* de Abrahan Carreiro forma parte dunha colección de contos populares de diferentes partes do mundo e que se trata dun álbum ilustrado no que "o mundo animal mestúrase co humano creando unha especie de fábula" con "ilustracións coloristas e expresivas". Coméntase que unha garceta chinesa, un cervo e una tartaruga son os personaxes principais e o argumento do conto.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Infantil/Xuvenil", 19 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega más recente *O cazador de Cambodia*, de Abraham Carreiro, entre outras obras.

Carreiro, Abraham, *Latcho Drom. Conto popular xitano*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Contos que len outros nenos do mundo, [lectorado autónomo], 2009, 29 pp. (ISBN: 978-84-8341-407-1).

Conto narrativo do debuxante e escritor Abraham Carreiro (Vigo, 1981), no que o título Latcho Drom significa Boa Viaxe en lingua xitana, orixe da que pertence a familia protagonista do libro. Neste conto nárrase a historia dunha familia que, ao despertar unha mañá, non teñen otra opción máis que fuxir, xa que as súas casas están rodeadas de árabes e mongoles dispostos a arrebatarlles todas as súas pertenzas. Relátase como a

familia afronta esta situación a medida que van viaxando ao longo dos diversos continentes. Dándolle un toque humorístico, coa conclusión final de por qué hoxe en día hai tantos xitanos ao redor do mundo. Abraham relata este conto popular xitano mesturando o contexto cos debuxos. Está ilustrado polo mesmo autor dos textos. A cuberta e a contracuberta son imaxes independentes unha doutra. Na cuberta xa avanza que o conto ten como protagonistas a uns xitanos nómadas que aparecen co seu carromato. As imaxes van describindo o que os textos narran, cun estilo figurativo que amosa características da etnia xitana, das súas roupas e dos seus costumes. As cores son pouco saturadas. As imaxes ocupan dobre páxina e deixan espazos baleiros para colocar os textos.

Gracián, Ánxela (adapt.), *Branca de Neve e os sete ananos*, ilust. Ánxeles Ferrer, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Audiocontos, [lectorado autónomo], 2009, [36] pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-9865-224-6).

Nova adaptación dun dos contos dos Irmáns Grimm, realizada por Ánxela Gracián (Castroverde-Lugo, 1968) no que un narrador (a nai) conta de novo esta historia a un neno ou nena, con quen dialoga sobre cousas como a ocupación paterna. O que se narra é o que lle ocorreu a Branca da Neve que ten que fuxir despois de que a súa madrasta a intentase matar. Refúxiase na casa de sete ananos que a coidan e a protexen até que outra vez a madrasta descobre que segue viva e intenta envelenala. Cando todos pensan que está morta, un príncipe bica a Branca da Neve e esta esperta. Este libro está ilustrado por Ánxeles Ferrer (Valdeorras, 1957) cun tipo de imaxes que acompañan ao texto. As composicións son de páxina enteira e, ás veces exténdense até a páxina do lado deixando sitio para os textos. A técnica é a pintura e está empregada nun estilo esquemático e sinxelo de cores alegres. Ten as gardas decoradas co mesmo debuxo da contracuberta. A imaxe da cuberta xa relaciona o libro co contido do libro. O conto vai acompañado do CD no que se narra o conto e se inclúen dúas cancións.

López, Cruz (adapt.), *Os tres porquiños*, ilust. Fino Lorenzo, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], outubro 2009, 31 pp. (ISBN: 978-84-8289-202-3).

Este álbum que reproduce a estructura do clásico conto de transmisión oral, está adaptado ao galego por Cruz López a partir da versión de Joseph Jacobs. Nela un narrador omnisciente e os protagonistas contan a historia de tres irmáns porquiños que vivían no bosque tranquilamente até que un día apareceu por alí un lobo que os quería comer. Para evitar que isto ocorrera, cada un construíu unha casiña na que poder gardarse. O pequeno fíxoa de palla, o mediano de madeira e o maior de pedra. A única casa que resistiu o ataque do lobo foi a do irmán maior. Nela agocháronse os tres porquiños para protexerse. O lobo, no seu último intento de comelos, levou un escarmento, porque ao baixar pola cheminea da casa de pedra, caeu enriba dunha pota que estaba ao lume con auga fervendo e escaldou o cu. Finalmente, os tres irmáns conseguiron librarse do lobo e puideron volver vivir tranquilos no bosque e o lobo decidiu escapar e non volver a se meter cos porquiños. As ilustracións deste álbum de tapas duras corren a cargo de Fino Lorenzo (Baiona, 1962). Nas gardas percébese un bosque misterioso que contextualiza a narración. As imaxes acompañan os textos mais non achegan máis información. Textos e ilustracións conviven case en igualdade,

adaptándose un a outro. A tipografía en negriña permite distinguir as intervencións dos animais protagonistas cando berran. As composicións empregan dobres páxinas e as letras dispóñense nos espazos baleiros de formas. A técnica elixida é o collage con papeis variados e as ceras para completar as figuras. O estilo é esquemático, con formas planas e cortantes, non é realista mais a superposición das figuras xera perspectivas e crea espazos que exemplifican as diferentes situacións.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Un conto e un soño: a maxia de deitarte cedo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 787, "Cativadas", 15 novembro 2009, p. 7.

Comeza sinalando que no 2009, a editorial galega Cumio se propuxo levar a cabo unha nova iniciativa para incentivar a lectura nocturna entre os máis pequenos por medio da recuperación de contos tradicionais, que se transmitiron xeración tras xeración, aos que dotan dun ton vangardista. Refire que, sen esquecer o pasado, a nenez pode atopar historias como *Os tres porquiños*, conto do que salienta a "xenialidade" de adaptación por parte de Cruz Lorenzo e as ilustracións de Fino Lorenzo nunha historia de trinta e tres páxinas na que os tres porquiños viven tranquilos no bosque cunha guitarra e cunha frauta, até que os atopa o lobo lambón.

- Cruz López, "Os tres porquiños", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Relato infantil", 26 decembro 2009, pp. 4-5.

Reprodúcese neste suplemento a cuberta e un fragmento d'*Os tres porquiños*, conto de Joseph Jacobs adaptado por Cruz López e ilustrado por Fino Lorenzo.

López, Cruz (adapt.), *A ratiña fachendosa*, ilust. Fino Lorenzo, Vilaboa: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], outubro 2009, 31 pp. (ISBN: 978-84-8289-093-7).

Trátase dun conto infantil, con tendencia fantástica, no que os animais aparecen personificados (pensan, falan, relaciónanse de igual xeito que as persoas, etc.). Os temas tratados son, por unha banda, o diñeiro e a súa importancia, pois a ratiña ponse moi contenta ao atopar a moeda de ouro. E por outra banda, a coquetería da ratiña, ao querer comprarse o lazo máis bonito do mercado. Tamén aparece o tema do amor, pois diversos pretendentes se presentan na casa da ratiña, tomando relevancia o feito de que no amor non importan cousas coma a raza. A vaidade da ratiña ao fixarse soamente na aparencia do gato e non preguntar máis alá. E, por último, o engano e a traizón, pois o gato engaiólaa namorándoa para tentar comela unha vez casados. O texto é unha adaptación de Cruz López do conto infantil orixinal de Charles Perrault (1628-1703). A historia está contada por un narrador omnisciente e ao longo do relato aparecen algúns diálogos entre os personaxes. O conto trata dunha ratiña moi presumida que tras atopar unha moeda de ouro na súa casa compra un lazo tan fermoso que namora a todos os animais do lugar. A ratiña, de todos os pretendentes que se presentan na súa casa, só se deixa engaiolar por un gato moi conquistador e casa con el sen coñecer nada máis del, descubrindo así que se trataba dunha trampa do gato para tentar comela. Estas ilustracións de Fino Lorenzo (Baiona, 1962) seguen fielmente o texto clásico da ratiña fachendosa e a súa novidade está na liberdade no tratamento das imaxes. Aínda que as

representacións dos animais son moi esquemáticas recoñécense ben os distintos pretendentes da ratiña e as súas emocións. A técnica empregada dispón formas recortadas en papeis, ás veces pintados, que destacan sobre un fondo liso dunha cor beige neutra. Tamén utiliza fotografías e trazos de carbón para completar as formas.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Un conto e un soño: a maxia de deitarte cedo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 787, "Cativadas", 15 novembro 2009, p. 7.

Comeza sinalando que no 2009, a editorial galega Cumio se propuxo levar a cabo unha nova iniciativa para incentivar a lectura nocturna entre os máis pequenos por medio da recuperación de contos tradicionais, que se transmitiron xeración tras xeración, aos que dotan dun ton vangardista. Comenta que *A ratiña fachendosa* é un conto de ambición que remata desafortunadamente, no que Cruz López segue o vocabulario "sinxelo e de fácil representación teatral" d'*Os tres porquiños*, e que as ilustracións de Fino Lorenzo propician á educación dos fillos no ámbito do fogar.

- Cruz López, "A ratiña fachendosa", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Relato infantil", 5 decembro 2009, pp. 4-5.

Reprodúcese neste suplemento a cuberta e un fragmento d'*A ratiña fachendosa*, conto dos irmáns Andersen adaptado por Cruz López e ilustrado por Fino Lorenzo.

Patacrúa, *A pota que trota*, ilust. Kristina Andres, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, febreiro 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-96788-95-4).

Álbum infantil de Patacrúa, seudónimo de Marisa Núñez (Sarria, 1971) a partir dun conto tradicional danés. Posúe tendencias de realismo máxico, cuxos temas principais son a pobreza, a avaricia, a humildade e a fe, presentados en función de dous grupos de personaxes como son os labregos, quen representan as virtudes e o rei, con características negativas, maldade, avaricia, etc. Toda a acción cóntase mediante un narrador omnisciente que relata a historia duns campesiños moi pobres que vivían sometidos baixo o mandato dun rei moi cruel e deciden vender a súa única vaca co obxecto de sobrevivir mais, ao chegar o momento, deciden cambiala por unha pota máxica. O poder desa pota era chimpar até calquera lugar para conseguir comida e, deste xeito, os campesiños van conseguindo diferentes cousas (pan, queixo, as riquezas do rei...) até que o rei se dá conta de que a pota escapou cos seus tesouros e a emprega como retrete quedando atascado nela, e a pota vaise trotando co malvado rei e libera os campesiños do seu sufrimento. Este álbum conta coas ilustracións figurativas de Kristina Andrés (Greifswald, Alemaña, 1971). As composicións que están no exterior teñen unha liña de horizonte alto cunhas paisaxes amplas onde ocorren escenas que mesturan a realidade coa ficción. A técnica é o debuxo de tinta con texturas para semellar volume e pinceladas de pintura para achegar a cor. Presenta tonalidades suaves con predominio da amarela clara dos fondos que teñen ampla superficie para dispor os textos. A tipografía ten variacións de tamaño para enfatizar as conversas entre os personaxes.

Senín, Xavier (adapt.), *O galo Quirico*, ilust. Noemí López, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia Audiocontos, [lectorado autónomo], 2009, [36] pp. Contén CD. (ISBN: 978-84-9865-223-9).

Nesta nova adaptación dun dos contos recompilados polos irmáns Grimm, realizada por Xavier Senín, nárrase en terceira persoa, aínda que tamén existen diálogos dos personaxes, a aventura dun vermiño verde que é papado polo galo Quirico de camiño á voda do tío Perico. A historia comeza cando o galo Quirico vai de voda e se atopa cun verme que lle pide que o leve con el, pero o galo a cambio pápao e mancha o bico de lama. O galo Quirico comeza a pedir axuda para ir amañado á voda. Primeiro solicítalla á herba mais esta, antes de axudalo, pregúntalle polo vermiño e o galo resposta cunha mentira, que é descuberta polo mesmo verme dende o bandullo do galo. A seguir, de forma repetitiva, vai solicitando axuda a varios personaxes e como non consegue o seu fin, pola mesma razón que esgrimiu a herba, cheo de rancor comeza a pedir axuda para vingarse dos que non o axudaron a ir ben vestido á voda. Tampouco o consegue. Decide ir á voda e alí unha cociñeira ao velo tan fermoso colleuno para guisar. E así foi como o verme saíu do seu bandullo e contou esta historia. Esta narración compleméntase coas ilustracións figurativas de Noemí López. Trátase de imaxes coloridas, alegres, de cores saturados e contrastadas. Os personaxes están feitos de forma figurativa-expresionista recorrendo á técnica do acrílico para destacar as cores e a expresións das figuras e dos fondos. Os personaxes están contornados con negro, feitos con pincelada ampla e degradada. As ilustracións teñen moito protagonismo sobre o texto. Isto é produto das imaxes a páxina enteira, os primeiros planos e o gran reforzamento cromático.

VII.1.4. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Albo, Pablo, *O último canto*, ilust. Miguel Ángel Díez, trad. do castelán Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, febreiro 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-072-4).

Conto de Pablo Albo (Alacante, 1971) sobre a historia de Filiberto e Sacramento, que viven nunha aldea pequena onde hai un vello campanario sen campá, pero este feito non importa xa que teñen un curral onde habita o único galo cantor do mundo, encargado de espertar a todos os veciños cos seus cantos. E así sucedeu durante moitos anos, pero o galo fíxose vello e morre. Isto trouxo consigo que toda a aldea tivese un gran problema: quen ía espertalos agora? Para solucionalo probaron cun concurso de espertadores, pero nin á formiga nin ao grilo se lles oía o suficiente; si á vaca cos seus muxidos pero a estreiteza da torre fíxolle desistir da tarefa. Don Bieito, un dos veciños, tamén probou fortuna, pero desafinaba; unha chea de reloxos-espertador tolearon ao pobo soando á vez. Así que probaron coa vella campá, pero como era domingo, tiñan que esperar ao día seguinte. Con todo, antes de que soase a campá, escoitouse de novo o marabilloso canto dun galo: era o fillo do primeiro galo cantor do mundo que herdara esa virtude do seu pai. As ilustracións de Miguel Anxo Díez (Alacante) achegan ao lectorado o mundo do surrealismo e onírico. O protagonista é un galo cantor con corpo de animal, cara humana e nariz de pico. A técnica gráfica que emprega é o lapis sobre papel. As formas son moi definidas, volumétricas e detalladas; e as cores, claras, retocadas e delicadas.

Albo, Pablo, *A sopa queima*, ilust. André Letria, trad. do castelán Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O, de 3 a 7 anos, xullo 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-9871-161-5).

Pablo Albo (Alacante, 1971), neste conto infantil con claro propósito leccionador para os rapaces, fala das poucas ganas que ten a nena protagonista, María, de comer a sopa que lle prepara súa nai. A súa escusa era que estaba quente, e mentres a nai lle dicía que lle debía soprar moito e ela o intentaba sen ningún éxito, á nena aparecíanselle diversos animais que lle axudaban na tarefa de enfriar a sopa. Por alí pasan un rinoceronte, un morcego e unha formiga, e é esta a que, grazas ao esforzo de reunir as súas compañeiras, consegue enfriar a sopa. Cando a nai volve preguntar, a nena xa rematara co seu prato. O referente visual do libro ilustrado por André Letria iníciase na cuberta cunha imaxe moi expresiva dunha nena gritando coa boca aberta e a lingua fora diante dun prato de sopa. A expresividade tamén se refire ao título do libro, unhas letras alongadas que parecen saír do prato de sopa. Ao abrir o libro, na garda da capa, atópase o interior dunha casa. A imaxe fai mirar a modo de espías dende o marco da porta da cociña a unha muller de costas que está botando a sopa nun prato. As seguintes imaxes sitúan a atención na protagonista e a súa interacción co prato. As imaxes combinan diferentes tipos de encadres e de expresións destes dous elementos narrativos. As imaxes son figurativas feitas cunha pincelada espesa e cun alto grao de contraste cromático. As composicións poderíanse definir como sintéticas e cunha estética rozando o conceptual. O ilustrador remata o relato visual cunha lección pedagóxica para os lectores: representa unha receita de sopa de verduras.

Recensións:

- L. Pousa, "Para estimular a imaxinación dos cativos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 324, "Letras en galego", 1 agosto 2009, p. 10.

Comeza recollendo as propias palabras do autor nas que se define como "contista e domador de palabras" e refire a importancia da editorial Oqo na literatura infantil e o seu labor de recuperación de clásicos como *Tres porquiños* e *Riciños de ouro*. Apunta que esta obra se publica en castelán e en galego e salienta as ilustracións realizadas en acrílicos sobre papel. Comenta o argumento e reproduce a sentencia da nai "Pois sopra, filla, sopra" e as consecuencias que se derivan do soprido da filla. Remata opinando que se trata dun libro "perfecto para estimular a imaxinación dos pequerrechos".

Aliaga, Roberto, *Croco* (*Croco*, 2009), ilust. Manako Chiba, trad. Laura Rubio, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, xaneiro 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-070-0).

Croco é un novo crocodilo que ten fame, moita fame, pero a súa nai non pode atendelo porque espera un fillo e ten que estar pendente do novo ovo. Ante a desesperación de Croco incítao a que sexa el mesmo o que se busque a merenda. O novo crocodilo sae do río: primeiro morde unha cebra que lle ofrece herba, logo un elefante que lle fala do rica que está a cortiza de árbore, despois un mono que lle ofrece cocos. Todos os animais ao seren atacados por Croco invítano a comer, pero a Croco nada lle gusta porque todo lle sabe raro. Así que volve ao río e cóntallo á súa nai e ela ensínalle que eles o que comen é peixe e que, se espera un pouco, o seu irmán está a piques de nacer e entón poderá finalmente merendar. Pouco despois os tres gozan xuntos da comida. Neste conto de Roberto Aliaga (Argamasilla de Alba, Cidade Real, 1976) rexístrase diferente tipografía na narración, xa que cando o discurso é directo a letra aparece resaltada en negriña. Ademais mantén unha certa rima na historia e repite algunhas frases a modo de refrán, conseguindo unha estrutura rítmica apropiada para axudar memorización. Complétase coas ilustracións de estética figurativa de formas sinxelas e coidadosas de Manako Chiba. A imaxe da cuberta continúa na contracuberta, ao igual que a imaxe das gardas. O protagonista do conto preséntase na cuberta como un pequeno crocodrilo chamado "Croco". Croco vén representado como un personaxe entrañábel e doce que conseguirá conquistar os lectores coa súa forma de ser. Esta dozura e inocencia serán recreadas caracterizando os persoaxes con vestimentas e expresións humanas. As ilustracións son moi dinámicas e chamativas polos diferentes encadres, o movemento das figuras e o predominio nalgúns casos da imaxe. A nivel técnico as ilustracións están feitas a base de pinceladas densas de pintura acrílica. Os fondos son monocromos de cores claros e delicados que confiren maior protagonismo aos personaxes.

Recensións:

- Paula Fernández, "Tenrura e inocencia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Infantil/Xuvenil", 7 maio 2009, p. VII.

Faise un comentario deste conto de Roberto Aliaga e ofrécese o seu argumento, dicindo que fala dun pequeno crocodilo para quen o nacemento dun irmán, "lonxe de facer

agromar ciumes, o leva a madurar". Con respecto á súa estrutura, coméntase que é un conto de estrutura tripartita e estilo "sinxelo" e "tradicional", con animais que falan. Saliéntanse as ilustracións de Minaco Chiba que tamén afondan na "idea de tenrura e da inocencia" con simpáticas escenas.

- CLIJ, "*Cocodrilo*. Roberto Aliaga", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, nº, 227, "Libros/Novidades", xuño 2009, p. 66.

Despois de describir o contido da obra e recordar que conta con tradución ao galego, destaca que a mensaxe do conto incide en que ter un irmán non é un problema senón alguén con quen compartir a vida. Cualifica o conto de relato simpático para ser lido en voz alta, cheo de diálogo e con ritmo e musicalidade. Salienta as ilustracións que define como tenras e expresivas e que provocan a complicidade e a simpatía do lector por medio da xestualización, a cor e a tipografía.

Referencias varias:

- P. N., "Viaxes e crocodilos para nenos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 303, "Letras en galego", 28 febreiro 2009, p. 11.

Aínda que sobre todo dá conta do álbum ilustrado de Anna Castagnoli, *A grande viaxe*, editado por OQO Editora en 2009 e ilustrado por Gabriel Pacheco, destaca as ilustracións e narracións dos volumes publicados por esta editora, entre eles as de *Croco*, da autoría de Roberto Aliaga e ilustrado por Minako Chiba. De ambos os dous menciona o feito de estaren dirixidos a cativos de entre tres e sete anos e describe sucintamente as súas temáticas.

Aliaga, Roberto, *Paco Trolas*, trad. Antón Fortes, ilust. Simona Mulazzani, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, [lectorado autónomo], marzo 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-144-8).

Neste álbum ilustrado de Roberto Aliaga (Argamasilla de Alba, Cidade Real, 1976) Paco Trolas é un pequeno rato que, no canto de ir á escola, como lle insta a súa avoa, vai pasear polo campo onde se atopa cunha ovella, unha galiña e un gorrión. Estes repréndeno amigabelmente por non ir á escola e a escusa que se busca Paco é que vira un lobo, un raposo e un gato, polo que todos saen espantados pola presenza destes animais. Mais a realidade é que só están na súa imaxinación e nin sequera o gato o vai cazar porque se esvaece do seu maxín. Este álbum conta coas ilustracións de Simona Mulazzani (Milán). Na cuberta aparece o rato protagonista, as gardas teñen margaridas e as composicións interiores, a dobre páxina, deixan espazos amplos para situar os textos. As imaxes amosan unha campiña chea de flores e árbores pola que corre o rato, que está deseñado con formas sinxelas que transmiten sensacións dinámicas que encaixan co percorrido que fai escapando da escola. Todas as imaxes son a cor agás os animais inventados polo rato que só están trazados.

Recensións:

- Montse Pena Presas, “Partir da tradición”, *Xornal de Galicia*, “*Nós*”, n.º 25, “Libros”, “Ler con nenas”, 30 maio 2009, p. 7.

Coméntase este conto que parte do conto clásico *Pedro e o lobo*. Dise que o protagonista é un rato “lacazán” chamado Paco que se dedica a arrepiar aos demais animais ameazándoos que os vai papar. Saliéntase que Aliaga emprega recursos como a concisión, a repetición e o refrán e que crea unha “tensión narrativa” durante todo o conto. Por último, destaca as “fermosas” ilustracións de Simona Mulazanni con diferentes niveis de profundidade, o uso de técnicas dispares e o emprego de color xunto co branco e negro.

- María Navarro, “Divertida recepción”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 295, “Libros”, 25 xuño 2009, p. VII.

Coméntase que Paco o protagonista, válese da avoa, a galiña, o gorrión, o lobo, o raposo ou o gato para arrastrar os lectores a vivir intensamente experiencias positivas e negativas. Dise que nas ilustracións da italiana Simona Mulazanni se combina o colaxe con outras técnicas para captar a “esencia temática da historia” e que a “coidada linguaxe” asegura unha lectura “divertida e interesante”.

- CLIJ, “*Simón Mentiras*. Roberto Aliaga”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 228, “Libros. De 0 a 5 años”, xullo/agosto 2009, p. 48.

Despois de recordar que corremos moitos riscos cando nos achegamos ao terreo das mentiras e da imaxinación, conta a historia deste conto que din transita pola fina liña que separa o real do imaxinario, sobre todo, no mundo dos nenos. Indeterminación que considera é resaltada sobre todo nas ilustracións que ofrecen tratamentos distintos segundo se achegan aos animais “reais” ou aos “inventados”, que se serven do *collages e* da inserción da narración nelas mesmas con xogos tipográficos diferentes. Salientan o emprego de repeticións, acumulacións e as rimas.

Referencias varias:

- L. P., “Tradición posta ao día”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 309, 18 abril 2009, p. 11.

Coméntase que a editorial OQO fai recuperación de contos tradicionais e que vén de publicar ademais de *Mosquito*, escrito por Magarita del Mazo e ilustrado por Roger Olmos, do que dá conta do seu argumento, *Paco Trolas* para idades de 3 a 7 anos.

Appanah, Natacha, *O derradeiro irmán*, trad. Emma Lázare Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 119, [mocidade], febreiro 2009, 187 pp. (ISBN: 978-84-9782-879-6).

Baixo a aparencia dun relato sobre a infancia do protagonista Raj, Natacha Appanah (Mahérbourg, Illa Mauricio, África, 1973) fala neste libro dun capítulo da historia mundial moi pouco coñecido: o papel desenvolvido por Illa Mauricio na Segunda Guerra Mundial, onde moitos xudeus foron deportados e internados na prisión de Bean-Bassin durante catro anos, até agosto de 1945. Raj é un neno indio pobre e desgrazado

que perdeu os seus dous irmáns e que vive nunha casa na que, ademais da necesidade e a tristeza da morte, reina a violencia que sobre el e a súa nai exerce o seu pai, circunstancias ás que só pode sobreporse, sen volverse tolo, grazas ao alicerce de forza, bondade, constancia, renuncia e agarimo que o sustenta: a súa nai. O lectorado coñece a Raj nos últimos momentos da súa vida cando, maior e enfermo, recorda a súa infancia e a súa mocidade. E así descobre a un neno de nove anos traumatizado pola perda dos seus irmáns que, xunto aos seus pais, abandona Mapou, onde o seu pai traballaba nunha plantación de cana de azucre, e chega a Bean-Bassin, onde o seu pai logo atopa traballo como gardián na prisión local e onde coñece a David, un neno xudeu de pelo louro, enfermo de malaria e no que atopa un compañeiro co que compartir a súa tristeza e a alegría de sentirse acompañado de novo polos seus irmáns. Despois dun ciclón, David consegue escapar da prisión e, tras ser descuberto na casa de Raj, ambos foxen pola selva con intención de volver a Mapou. Para David esta fuxida termina coa súa morte, Raj sobrevive milagrosamente. Só moitos anos despois Raj descobre a verdade que escondía a prisión e pode comprender o sufrimento vivido por David. E só agora, ancián e enfermo, logra reunir o valor para visitalo na súa tumba e devolverlle a súa cadea coa estrela de David, despedirse del e empezar a recordalo en voz alta, contándolle a historia ao seu fillo para que el a recorde. A cuberta presenta unha fotomontaxe de Antonio Seijas que sobrepón unha ave vermella a unha paisaxe selvática. A iluminación sae do paxaro levando todas as miradas cara a el. A relación da imaxe co título non é clara, porén a temática da novela, que transcorre nunha illa do Índico, ten máis relación coa imaxe, avanzando algún dato do interior do libro.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, "Das entrañas da Historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 286, "Libros",16 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 230, "Letras galegas", 25 abril 2009, p. 6.

Tras uns apuntamentos biobibliográficos sobre a autora, Natacha Appanah, dáse conta do argumento desta novela, na que o protagonista e narrador en primeira persoa, Raj, nos relata a súa infancia e a historia dunha amizade que o marcará para sempre cunha "linguaxe tenra, directa, sinxela e poética". Conclúese que o libro conta "os dramas, as feridas, as cicatrices dos pobres da Terra".

- X. M. Eyré, "O verdadeiro valor dos símbolos", *A Nosa Terra*, n.º 1.368, "Cultura", "Narrativa", 16-22 xullo 2009, p. 32.

Comeza sinalando que a novela de Natacha Appanah, chega ao galego precedida dunha "estimábel consideración en Francia", onde mereceu o premio FNAC 2007, o *L'express* 2008 e o Cultura e Bibliotecas para Todos. Salienta que toda a novela "está dominada polo fracaso vital" de Raj, quen narra a súa vida dende a perspectiva da vellez. Apunta que os interrogantes que formula a novela se resolven a través dos símbolos e signos que obsesionan o narrador, entre os que destaca, por exemplo, a nai, o periquito vermello, o río, a selva e Eretz. Precisa que a presenza deses símbolos serve para implicar o lectorado para que reflexione libremente "sobre o valor da vida, sobre o azar e o infortunio, sobre o valor da amizade e da irmandade, sobre a historia". Refire que o fondo contido humano da historia non sería tal sen "a sobredimensión que o uso dos símbolos lle confiren", xa que perdería "ficar instalada na memoria". Indica que está

escrita de xeito sinxelo xa que "só procura a efectividade comunicativa", de aí que presente unha biografía rechea da "dolor polas perdas sufridas". Remata destacando a importancia de que a editorial Xerais opte por publicada nunha colección para o lectorado mozo, considerándoa así unha lectura "para toda a familia".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 285, "Infantil/Xuvenil", 2 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega más recente *O derradeiro irmán*, de Natacha Appanah, entre outras obras.

Arnal Gil, Txabi, *Furacán* (*Huracán*, 2007), ilust. Neus Bruguera, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], 2009, 38 pp. (ISBN: 978-84-8464-636-5).

Txabi Arnal (Ermua, Biscaia, 1967) presenta este relato partindo da idea do "efecto bolboreta" provinte dun proverbio chinés. Comeza coas dedicatorias familiares dos autores, o escritor á nai e a ilustradora, ao pai. Fronte ao furacán que atemoriza a todo un pobo, unha fráxil bolboreta é capaz de devolverlle co seu bater de ás as cores que roubara o vento, devolvendo a alegría onde só había tristura. Arnal Gil achega a historia dunha procura para resolver un misterio onde a combinación de oracións subordinadas e frases curtas dota de intensidade ao relato, ao que tamén contribúe o esquema narrativo, de estrutura acumulativa e repetitiva. O texto, de final aberto, descritivo e cheo de figuras literarias, mostra unha mensaxe que alude á sinxeleza e á forza que ten até o ser máis delicado para lograr cambios en beneficio dun colectivo. Este álbum está ilustrado por Neus Bruguera (Barcelona, 1971) cunhas imaxes que teñen un gran protagonismo. O emprego das cores, ou mellor dito, a ausencia delas vén determinado polo relato, de tal xeito que as imaxes da primeira parte do libro están feitas con lapis de cores azuis e vermellos; as seguintes, só con lápis de grafito, con distintas gamas de grises; e cara ao final do libro volve aparecer a cor cunha explosión cromática de verdes, vermellos, azuis e naranxas. O estilo das ilustracións é figurativo pero con formas moi esquemáticas, ás veces recordan perfís de aire picassiano. Nas composicións de dobre páxina destacan as formas en espiral que describen diferentes momentos do furacán.

Arnal, Txabi, *O corazón do xastre*, ilust. Cecilia Varela, trad. Laura Rubio, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, de 8 a 12 anos, novembro 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-9871-212-4).

Álbum de Txabi Arnal (Ermua, Biscaia, 1967) no que se conta a historia dun vello xastre que, logo de levar unha vida regalada vivindo nun palacio e traballando para o rei, se atopa baleiro e decide abandonalo para percorrer o mundo. Con todo non podía nin de lonxe imaxinar que ese mundo estivese tan cheo de conflitos, tales como o fame, as guerras, os desastres naturais e demais miserias que poden rodear e rodean o ser humano. El é só un xastre, posuidor tan só de carretes de fío, agullas e unhas tesoiras tan vellas como el. Como o único que sabe facer é zurcir e remendar decide pórse á tarefa: percorre diferentes terras e paisaxes intentando co seu instrumental acabar cos

problemas e conséguео. Alí por onde pasa vai deixando amigos e, cada vez que se vai dun lugar, até a punta dun fío e vaino soltando a medida que se afasta para ter unha referencia por se decide regresar, de tal xeito que todos os lugares que visita van quedar conectados a través do fío. As ilustracións de Cecilia Varela (Bos Aires, 1973) están realizadas con pintura á acuarela e lapis. As composicións amosan uns debuxos sensíbeis que van describindo a viaxe do protagonista, os lugares por onde pasa e as persoas que atopa. As ilustracións tamén buscan detalles simpáticos no interior das ventás ou nos andeis dos cuartos. Tamen hai un xogo visual entre as imaxes das gardas. Predomina un cromatismo de gamas suaves en cores pouco saturadas.

Referencias varias:

- Txabi Arnal, "O corazón do xastre", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 205, "E tamén... lecturas xogos arte música cine gastronomía", 12 decembro 2009, p. 4.

Tras reproducir un fragmento deste álbum, escrito por Txabi Arnal e ilustrado por Cecilia Varela, ofrécese un breve resumo do argumento da obra.

- Txabi Arnal, "O corazón do xastre", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Relato infantil", 19 decembro 2009, pp. 4-5.

Reprodúcese neste suplemento a cuberta e un fragmento d'*O corazón do xastre*, escritao por Txabi Arnal e ilustrado por Cecilia Varela.

Augarde, Steve, *Leonardo da Vinci* (Kingfisher, 2009), ilust. Leo Brown, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2009, 63 pp. (ISBN: 978-84-92630-16-5).

Steve Augarde (Birmingham, Inglaterra, 1950) leva o lectorado ao mundo de Leonardo da Vinci (Vinci-Florencia, 1452-Amboise-Francia, 1519) da man dun imaxinario aprendiz de tan só dez anos, Paolo, que describe e opina sobre cómo foi a vida e a contorna deste pintor e inventor italiano que realizaba constantes tarefas para cumprir cos numerosos encargos, e achega ademais anécdotas ocorridas no taller que enriquecen a historia. Mesturando ficción e realidade, a obra de Augarde presenta unha estrutura tripartita. A primeira parte titulada "O diario de Paulo" relata en primeira persoa as tarefas do día a día no obradoiro de Leonardo dende o punto de vista do mozo e os estraños acontecementos que suceden e que teñen como protagonista outro aprendiz, un misterioso personaxe que semella esconder algo. A segunda parte, "Que sucedeu despois?", cambia a voz narrativa á terceira persoa e conta os sucesos que tiveron lugar despois de 1498, data onde remataban os sucesos do diario. A última peza da historia "Leonardo e o seu tempo" é un capítulo de referencias e datos que ofrece información adicional sobre a vida e labor pictórico de Leonardo e os personaxes, poder, ideas e invencións do Renacemento europeo. Péchase o volume cun glosario e un índice de termos. Complétase coas ilustracións de Leo Brown. Na cuberta aparece unha imaxe característica de Leonardo da Vinci e nas gardas hai bocetos dos seus inventos. As ilustracións do interior de Leo Brown recrean os episodios máis salientábeis da vida do artista con información sobre os lugares, os costumes e os edificios do Renacemento. Tamén hai fotografías de cadros deste pintor. A cor cálida das follas do libro recorda os pergamiños e as letras empregadas para os títulos achegan un aspecto de obra antiga.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Cando o outono chega cargado de maxia", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 783, "Cativadas", 18 outubro 2009, p. 10.

Refire que Baía Edicións presenta para o outono unha relación de obras para a nenez entre catro e doce anos: entre outras, *Leonardo da Vinci*, da que destaca que se trata dun libro "aparentemente serio" no que a través do diario do aprendiz de Da Vinci se pode coñecer o Renacemento italiano. Indica que engade información complemetaria sobre a biobliografía de Da Vinci e sobre o Renacemento europeo para aprender potenciando "a curiosidade e o enxeño".

Baquedano, Lucía, *O reloxo que non sabía dicir cucú* (*El reloj que no decía cucú*, 2009), ilust. Miguel Calatayud, A Coruña: Baía Edicións, col. Mar de Letras, n.º 7, [lectorado autónomo], maio 2009, [62] pp. (ISBN: 978-84-92630-15-8).

Conto infantil de Lucía Baquedano (Pamplona, 1938) dedicado á súa neta María, no que un narrador omnisciente, de modo divertido, relata a historia dun príncipe que non sabía rir até que escoita o son dun reloxo de cuco defectuoso. Este ruído fai que o neno se ría a gargalladas e a risa do rapaz, que cambie para sempre a vida en Castelburgo, o seu reino. Os debuxos de Miguel Calatayud (Aspe, Alicante, 1942) para este libro beben das fontes do cubismo. Os protagonistas son recoñecíbeis aínda que as súas faccións son esquemáticas e, a pesar da súa simplicidade, reflicten diferentes emocións. Conséguense composicións con imaxes de superficies superpostas e planos angulares con diferentes puntos de vista na mesma construción: os obxectos están superpostos e as cores dispóñense en moitas facetas, recordando o estilo de Braque e de Picasso na fase do cubismo analítico. O cromatismo é moi limitado con poucas cores (azuis, grises e ocres) pero con moitos matices e as imaxes acompañan aos textos e complétanos.

Baum, L. Frank, *O baúl dos ladróns* (*The box of Robbers* en *American Fairy Tales*, 1901), ilust. Iván Prieto, trad. Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, abril 2009, [48] pp. (ISBN: 978-84-9871-080-9).

O narrador en terceira persoa, ás veces cun ton irónico e humorístico, comeza este álbum ilustrado de Frank L. Baum (Nova Iorque, 1856-California, 1919) contando como todos os membros da familia tiveron que saír deixando a Marta soa esa tarde. A nena decide xogar coa casa das bonecas que ten no faiado e alí encontra un baúl que pertencía ao tío Walter, un grande aventureiro. O tío enviara o baúl antes de que ela nacera. Debido á súa curiosidade decide abrilo, feito que finalmente logra. De súpeto saen tres homes da caixa e falan coa nena: son bandidos italianos que rouban cousas da casa, cousas que finalmente Marta ten que devolver cando consegue cerrar o baúl. A conclusión final leva os nenos a reflexionar e aparece na última páxina: "O mellor é non meter o nariz onde non nos chaman". O estilo directo do relato aparece en negriña e a ensinanza en cursiva. As imaxes figurativas mesturan pintura e colaxe. As formas están recortadas, con predominio de liñas curvas, e dispostas sobre fondos lisos e sen profundidade. As cores máis abundantes son cálidas, son distintas armonías de

vermellos, ocres, terrase verdes secos. As figuras dos protagonistas son o eixo principal dunhas composicións que axudan a comprender os textos e que están realizadas por Iván Prieto (O Barco de Valdeorras, Ourense, 1978).

Bruno, Pep, *A casa da miña avoa*, ilust. Matteo Gubellini, trad. do castelán Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, outubro 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-9871-210-0).

Un neno é o narrador deste conto infantil que mantén atento o pequeno lector até o final, inspirándolle un perceptíbel temor, similar ao que sente o mesmo protagonista cando se dirixe á casa da súa avoa, en busca da rica torta que esta esquecera na casa. Ao rapaz non lle gustaba a idea de ter que atravesar o bosque só, nun aceno de Pep Bruno (Barcelona, 1971) á famosa historia de Carapuchiña Vermella que Charles Perrault recolle da tradición oral. Rapidamente chega á casa, onde ten que escapar de certas presenzas (o gardián, un esqueleto, o gato da avoa) que se lle aparecen e chaman por el, austándoo moito, creando un ambiente sinistro. Todos o sinalan, aínda que soamente para darlle os parabéns polo seu aniversario. A torta, que non topara, tíñaa o gardián da casa, quen lla entrega inmediatamente ao neno, que volve á casa para compartir a deliciosa torta coa súa avoa. O conto remata cunha pequena chamada ao lector, ao que o neno convida a comer un anaco do doce, se este se atreve, por suposto. O ilustrador Matteo Gubellini recréase nunha estética onírica e misteriosa para relatar visualmente esta historia, sobre todo, a partir de personaxes fantasmagóricos e ambientes sintéticos de cores frías e agrisadas.

Carballeira, Paula e Pablo **Albo**, *Los colores del miedo. As cores do medo*, ilust. da cuberta Miguel Ángel Díez, trad. ao galego Paula Carballeira, Cabanillas del Campo-Guadalajara: Editorial Palabras del Candil, col. Escrito en el Aire, n.º 9, marzo 2009, 92 pp. (ISBN: 978-84-936710-5-1).

Esta edición bilingüe presenta trece contos curtos de Paula Carballeira (Maniños, Ferrol 1972) e Pablo Albo (Alacante, 1971) ordenados de maneira alterna. Os impares son de Carballeira e os pares de Albo. Foron escritos inicialmente en castelán e a escritora galega traduciunos. Un pequeno prólogo redactado por ela explica o significado do título e como se repartiron a escritura dos relatos, un por cada mes, agás xullo, mes en que Paula escribiu dous. Os de Carballeira son: "A soidade de Carrapuchiña", que recrea o conto clásico en primeira persoa e os perigos da nena; "Desaparecer", onde se relata unha especie de lenda urbana de Santiago de Compostela sobre un túnel onde se volatilizan os homes, e non as mulleres; o poema de verso libre "O home sen pálpebras e a muller sen dentes", paradigma dos seres rexeitados pola sociedade; "O vento", que é outro poema sobre o medo; o relato "Apocalipse" sobre a súa visión da fin do mundo; "Sospeita", que trata sobre os malos tratos; e "Porvir", un conto sobre a noite de defuntos, cuxos protagonistas son os corvos da morte. Os de Pablo Albo consisten en: "Pedriñas", que é bastante críptico, sobre dous rapaces que tiran pedras a unha casa abandonada; "Seguiu camiñando", que narra unha historia da guerra, dun home fusilado que se converte nunha pantasma; "A dama branca", unha versión moderna da muller que espera eternamente a volta dun home que nunca chega; "A mesa", sobre o tema arrepiante da muller que se esperta, morta ou non, no seu enterro por causa dunha tromba de auga; "Rosa pastel", onde tamén se xoga co medo ao referir a historia dunha

nena obsesionada cunha boneca e a preocupación de seu irmán que, entre o desexo e o terror, destroza a boneca e entérraa para curar a súa irmá, pero esta encóntraa e perde o sentido; e "A mata de espiños", o cal relata a dureza e a crueldade dos humanos cun animal chegado de lonxe e como este se vinga orixinando unha mata con espiños que os rodea e envolve até deixar a aldea isolada e baleira. A cuberta ten unha ilustración de Miguel Ángel Díez na que a temática do libro está presente visualmente na figura misteriosa que resulta de poñerlle ollos á sombra da protagonista. A imaxe conecta co título e avanza que os contidos terán cariz misterioso e medorento.

Carranza, Maite, *O deserto de xeo* (*El desierto de hielo*, 2006), trad. Pilar Saborido Otero, A Coruña: Edebé-Rodeira, [lectorado mozo], febreiro 2009, 410 pp. (ISBN: 978-84-8349-219-2).

Maite Carranza (Barcelona, 1958) publica o segundo volume da triloxía d'*A guerra das bruxas*. A novela comeza coa profecía de Om, chave para comprender os feitos que se narran a continuación. O narrador omnisciente relata en terceira persoa a historia de Selena e a súa filla Anaíd dende o día do quince aniversario desta última. A nena acaba de saber que é unha bruxa Omar e por ende é a elixida pola profecía para terminar coa guerra contra as bruxas Odish. A acción comeza nos Pirineos dende onde ao día seguinte deben partir e facer o camiño de Om, o camiño dos mortos, para rematar cos malos augurios e coa malvada deusa Baalat. Durante a viaxe Selena relata a historia da súa xuventude e a lenda negra formada ao redor dela, de xeito que a súa filla entenda as súas orixes e que non pode deixar de ser unha bruxa. Cando era unha rapaza Selena era rebelde e non quería ser unha bruxa. Vivía en Barcelona estudando xornalismo até que no Antroido namora perdidamente de Gunnar e invoca, sen querelo, a deusa Baalat provocando dende xeito mortes e moitos problemas. Escapa a Islandia con Gunnar despois de ser acusada de matar a súa compañeira de piso Meritxell, antiga moza de Gunnar. Selena queda preñada e pasará por moitas dificultades loitando sempre por defender a súa filla das bruxas, dos conxuros e do mal. Pouco e pouco irá coñecendo o terríbel misterio que rodea a orixe da nena, o seu futuro, e incluso o misterioso secreto de Gunnar. Na narración a historia presente de Selena e Anaíd mestúrase coa historia pasada de Selena e Gunnar, de xeito que o lectorado e a nena van coñecendo a historia dun xeito paralelo. Ofrece a cuberta deseñada por César Farrés e Marc Sala unha fotografía dunha paixase do ártico cunha zorra tirada por cans en primeiro plano. A relación entre a imaxe e o título é obvia.

Carranza, Maite, *A maldición de Odi* (*La maldición de Odi*, 2007), trad. Pilar Saborido Otero, A Coruña: Edebé-Rodeira, [mocidade], 2009, 528 pp.(ISBN: 978-84-8349-253-6).

Esta novela de xénero fantástico é a última entrega da triloxía d'*A guerra das bruxas*, de Maite Carranza (Barcelona, 1958). Nela un narrador omnisciente desenvolve a historia de dous clans de bruxas enfrontados, as Omar e as Odish, ambientada na actualidade, xa que hai referencias a internet, e-mails e teléfonos móbiles. No medio está a protagonista, Anaíd, que é a "elixida" da que falan as profecías, que pertence a ambas estirpes, pois é de nai Omar e de pai Odish. A novela divídese en tres partes: os sentimentos, os erros e a guerra, que constan de trinta capítulos cada unha e comezan cunha profecía que sempre se cumpre e que adianta ao lectorado parte dos sucesos.

Despois de incorrer en varios erros e de dubidar por que bando decantarse, Anaíd atópase en posesión do cetro de poder e ante a vicisitude de acabar coa súa avoa Odish, Cristine, e aceptar o cumprimento da maldición de Odi, segundo a cal ela tamén morrería. Non obstante, Anaíd quere a súa avoa e vese incapaz de matala, aínda que esta xa dispuxera o final das bruxas Odish, que deixan de ser inmortais e acceden ao mundo dos mortos, polo que a Guerra das Bruxas remata sen ter lugar ningún enfrontamento. É unha novela na que interveñen numerosos personaxes e os acontecementos se precipitan inesperadamente, manténdose sempre unha certa tensión.

Castagnoli, Anna, *A grande viaxe*, ilust. Gabriel Pacheco, trad. do italiano Antón Fortes Torres, Pontevedra: OQO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, xaneiro 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-066-3).

Neste álbum de Anna Castagnoli (Versailles, 1971) o protagonista, un rapaz sen nome, en primeira persoa, fantasea na noite coa posibilidade de construír un barco prodixioso, que poida nadar sobre as augas, voar polo ceo, circular sobre a terra e baixo a auga, como un submarino. A nave especial levarao primeiro polas nubes e despois polo mar, visitando as aves, os golfiños e os pingüíns. Despois, na selva, subirá aos animais feroces para atravesar protexido os países en guerra. Conservará as provisións e organizará todo ben para a viaxe longa que chegará até o outro extremo do mundo. Despois, voltará á súa casa, como un home famoso. Non obstante, as fantasías non chegan a materializarse porque nunca é a verdadeira noite especial para a fazaña e queda todo no maxín do rapaz. Un relato de soños e fantasías infantís sen límite, que se deixan no límite da noite. Presenta imaxes surrealistas de Gabriel Pacheco (México D. F.), nas que as tonalidades que predominan son variacións de marróns de tal xeito que a sensación que perdura é case monocromática, agás nas gardas, que son dunha cor amarela intensa e nas que se xoga coa idea da viaxe no simbolismo do colgadoiro que queda baleiro. As imaxes son figurativas mais dun cariz surrealista moi particular, mesturando cousas reais con escenas soñadas nunhas composicións misteriosas que necesitan dos textos para ser comprendidas.

Recensións:

- Oblit Baseiria, "*El gran viaje*. Anna Castagnoli", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 228, "Libros/Novedades. De 6 a 8 años", marzo 2009, p. 66.

Comenta que o tema central é o soño dunha viaxe que todos desexamos realizar e a importancia que ten tanto a preparación coma a viaxe en si. Salienta as ilustracións que conseguen dotar os textos dunha atmosfera irreal e máxica.

- Montse Pena Presas, "Historia da (re)creación dun barco", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 17, "Arte", "Ler con nenas", 4 abril 2009, p. 5.

Comenta o seu argumento, que trata dun neno que quere construír un barco para voar xunto cos paxaros, para atravesar cidades en guerra ou para roubar lambetadas e repartilas con outros nenos. Di que a historia combina a "inxenuidade da nenez", cunha "simboloxía potente", dirixida a un lectorado formado e que procura un dobre receptor.

Salienta as "poderosas imaxes" de Gabriel Pacheco con diferentes texturas para potenciar o ambiente onírico do relato e que coidan os detalles.

- María Navarro, "Relato dun soño", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Infantil/Xuvenil", 16 maio 2009, p. VII.

Faise un comentario do libro *A grande viaxe* de Anna Castagnoli ilustrado por Gabriel Pacheco. Coméntase o argumento do relato no que o protagonista quere construír un barco moi especial, que poida voar, circular sobre a terra, navegar baixo a auga e traspasar altas montañas. Para iso deberá agardar a que na súa casa todos durman e logo atopar todas as pezas necesarias. Dise que o libro permite a posibilidade de "imaxinar artiluxios novos e recrear mundos fantásticos" e que "subxacen valores" como a solidaridade e o respecto.

Referencias varias:

- P. N., "Viaxes e crocodilos para nenos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 303, "Letras en galego", 28 febreiro 2009, p. 11.

Dá conta deste álbum de Anna Castagnoli, *A grande viaxe*, e destaca as ilustracións e narracións dos volumes publicados por OQO Editora, tanto as deste álbum coma as de *Croco*, da autoría de Roberto Aliaga e ilustrado por Minako Chiba. De ambos os dous menciona o feito de estaren dirixidos a cativos de entre tres e sete anos e describe sucintamente as súas temáticas.

Cela, Jaume, *Á oitava ou nada* (*A la vuitena te'n sortiràs*), ilust. Miguel Ordóñez, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Alta Delta, n.º 18, serie vermella, a partir dos 5 anos, 39 pp. (ISBN: 978-84- 92404-61-2).

Conto inzado de humor de Jaume Cela (Barcelona, 1949), que ten como protagonista un neno que se empeña en ser tendeiro e sofre toda serie de reveses no intento. Cando Xanzolas crece, os seus pais e outros familiares vanlle deixando cartos para que emprenda diferentes negocios que fracasan, porque son "loucuras" como montar unha tenda de matamoscas no país das vacas marelas, "poñer unha tenda de pinturas no país das bolboretas" ou "unha tenda de candeas no país dos lucecús", etc., até que monta unha tenda de zapatos e pode devolver os préstamos e se fai rico. Ábrese o volume cunha dedicatoria do autor ao seu futuro neto e a Joana e Víctor para que lean un conto antes de durmir. Está escrito cunha prosa que se caracteriza pola súa sonoridade, lograda a partir de onomatopeas e oracións exclamativas. A historia de Xanzolas é un exemplo do esforzo e do afán de superación persoal, que remata cunha fórmula típica dos contos de tradición oral: "E colorín colorete, ...:". As ilustracións figurativas son de Miguel Ordóñez e presentan un protagonista simpático. As formas son sinxelas, sen pretensións volumétricas e recortadas sobre o fondo branco do papel. O estilo é moi simple, con formas recortadas e planos que se superpoñen nunhas composicións que se cinguen ao esencial, sen detalles accesorios, mais vistas dende un enfoque infantil. As imaxes ocupan unha ou dúas páxinas e desenvolven algunha idea do texto, complementándoo.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Come e medra, apaña as estrelas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 785, "Cativadas", 1 novembro 2009, p. 7.

Presenta as propostas de Edicións Tambre para os máis novos. En relación con *Á oitava ou nada*, indica que se trata da primeira ocasión na que propón unha obra para o lectorado maior de 5 anos. Apunta que se trata "du relato inzado de humor" e precisa que o argumento serve para que os máis pequenos aprendan o "valor do esforzo" e a importancia da superación persoal.

Cervera, Jordi, *Morte desde seis vinte e cinco* (*La mort a sis vint-i-cinc*, 2009), Premio Edebé de Literatura Xuvenil 2009, trad. Isabel Soto e Xavier Senín, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, n.º 6, [lectorado mozo], marzo 2009, 276 pp. (ISBN: 978-84-8349-252-9).

O asaninato da muller e do fillo da estrela do DKV Joventut, Ray Barbosa, ten intranquila a toda Badalona. Sábese que un grupo de *skins* entrou na casa deste para roubar algunhas das súas pertenzas, pero a policía pensa que un crime así, tan profesional, non o puido levar a cabo un grupo semellante. Jordi Cervera (Reus, Tarragona, 1959) alterna unha terceira persoa omnisciente cunha primeira persoa que aparece en menos ocasións, un diario no que o protagonista descobre ao lectorado as súas orixes, que lle levaron a converterse nun matón a soldo, un home vingativo que non é capaz de esquecer a traizón que Barbosa levara a cabo na súa mocidade, cando o vende para que non se converta en xefe da banda rueira á que pertencían, os Black Spiders. Finalmente, por un erro mínimo da execución do seu plan, cando xa todo rematara, os Mossos arréstano grazas á axuda de Carla, a filla do axente Joan Pons, a punto de entrar a formar parte do corpo autonómico de policía. Richard Parker fora descuberto, aínda que Ray Barbosa nunca volvería ser a mesma persoa. Unha historia trepidante que, dende o comezo e durante corenta e un capítulos, introduce o lectorado nun mundo no que a vinganza de Parker deixa entrever toda a crueldade que pode chegar a acumularse na alma das persoas. A imaxe da cuberta é unha fotografía de Getty Images dun xogador de baloncesto a punto de lanzar unha bola, o que xunto co título sitúa o lectorado ante unha novela relacionada co mundo do baloncesto.

Recensións:

- CLIJ, "*La mont a sis vint-i-cinc*. Jordi Cervera", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 226, "Libros/Novedades. De 10 1 12 años", maio 2009, p. 69.

Faise primeiro un descritor da historia que se conta nesta novela negra de investigación por un asasinato, que foi Premio Edebé, polo que se traduciu ao galego. Dise que a trama é complexa e que o ritmo trepitante "en una novela negra con auténtico 'sabor catalán', muy bien ambientada y documentada". Esclarécese para o lectorado alleo ao baloncesto que o enigmático "sis vint-i-cinc/seis venticinco" do título se refire a unha das liñas sinalizadoras da cancha que marca o límite da liña de triplas.

Cutbill, Andy, *A vaca que puxo un ovo (The Cow That Laid An Egg*, HarperCollins Publishers Ltd., 2007), ilust. Russell Ayto, trad. e correción Laura Sáez e Mónica Pazos, Pontevedra: Patasdepeixe editora, [lectorado autónomo], 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-936842-3-5).

Tra as dedicatorias persoais "Para a marabillosa Katinka e para Georgie e Albie, tamén, por aguantarme" do autor A.C. e "Para Archie Harold. Con cariño, pra Harold e Jeannie", arrinca este álbum ilustrado de Andy Cutbill no que se narra que a vaca Marjorie andaba triste porque non se sentía coma as demais, xa que cada unha posuía unha habelencia especial que as facía diferentes. As súas compañeiras as pitas cacarexaban sen parar mentres tramaban un plan para aumentar a felicidade de Marjorie. Pola noite, ás agachadas, as avezadas pitas poñen un ovo baixo o corpo de Marjorie. Cando volve o día, todas as vacas quedan apampadas co estraño acontecemento, tal e como lle ocorre ao granxeiro, que non dá creto do que ocorre. A muller deste mesmo chama á prensa para que cubran aquel suceso extraordinario, que sorprende a todo aquel que o coñece. Pouco a pouco Marjorie íase sentindo máis especial e as pitas amosaban a súa alegría, todo o contrario que as demais vacas, que cheas de envexa comezan a maquinar sobre o engano das pitas. Deciden esperar a que escache o ovo, para mirar se sae un pitiño ou unha vaquiña e a súa sorpresa é que se atopan cun "envurullo de plumas pequeno e marrón", semellante a un pito, que o primeiro son que emite é un muxido, co que deixa aparvadas ás demais vacas, que esperaban outra cousa. Ao final Marjorie ponlle Daisy á súa filla. Este álbum ilustrado, narrado en terceira persoa, achega unha historia simpática e chea de prexuízos, pactos e envexas entre animais, onde finalmente reina a alegría. As imaxes de Russell Ayto compleméntanse co texto. Na cuberta aparece unha vaca con aspecto amuado ollando un ovo que está acuñado e deixa ver o deseño do interior en branco e negro. As gardas son manchas grandes da pel dunha vaca holandesa; antes da portada aparecen dúas páxinas cunhas galiñas; e, na portada, séguese co xogo que relaciona a vaca cos ovos e as galiñas. Todo isto estabelece unha liña temática que axuda o lectorado, son acenos ao conto que se vai iniciar. A técnica empregada é o debuxo, cun uso puntual da fotomontaxe para crear texturas, e amaños dixitais. Todo iso para xerar unhas imaxes de estilo figurativo esquemático con formas esaxeradas e angulosas que funcionan moi ben visualmente. No tocante á composición, é doado percibir unha especie de indefinición con fondos reducidos aos mínimos detalles e poboados de numerosas figuriñas en variadas composicións: planos medios, picados, viñetas, etc. As cores vivas preséntanse en alto grao de saturación, alternándose cálidas con frías, e creando unhas imaxes moi alegres e luminosas. Non existe unha colocación específica para os textos que varían de posición e tipografía, adoptando ás veces unhas formas grosas e contundentes.

Darién, Juan, *A guerra dos Números*, ilust. Juan Darién, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], xuño 2009, [42] pp. (ISBN: 978-84-9871-154-7).

Álbum infantil de Juan Darién (A Habana, Cuba, 1980) merecente do Premio de ilustración 2008, CJ 1st Picture Book Awards e de carácter didáctico, dirixido para nenos e nenas de primeiro ciclo de primaria. Nel un narrador omnisciente familiariza a nenez co proceso matemático da resta, a través da simboloxía e da metáfora, nun ambiente bélico, que resalta temas coma a envexa, escravitude, liberdade, paz, resolución de conflitos e respecto aos demais e ás súas diferenzas. A narración apóiase

nunha linguaxe moi sinxela (destaca en maiúsculas as palabras da linguaxe matemática) e fundamentalmente nas ilustracións do mesmo autor do texto. O estilo das imaxes é surrealista facendo que os números adopten actitudes das personas. A técnica empregada mestura varios materiais: debuxo dixital, texturas e fotografías. As composicións ocupan as dúas páxinas e os textos vanse dispoñer nos diferentes espazos que quedan con planos lisos de cor. Hai un predominio de cores cálidas que achegan dinamismo e enerxía as imaxes. A tipografía varía en función do que se di marcando en maiúsculas as verbas dos números.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "A suma da diferenza", *A Nosa Terra*, n.º 1.367, "*Bule Bule*", 9-15 xullo 2009, p. 30.

Fálase deste álbum do cubano residente en España, Juan Darién, que se acaba de editar en galego e que obtivo o Premio de Ilustración no certame internacional CJ First Picture Book Awards. Coméntase que se trata dun "alegato antibelicista guiado a través do mundo simbólico dos números". Saliéntase a dobre lectura grafico-visual e a súa utilidade para introducir os nenos nos conceptos da suma e resta e transmitirlles os alicerces da futura sociedade baseada na convivencia e a integración da pluralidade.

- María Navarro, "Enxeñoso recurso. Lección de riqueza", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 260, "Letras galegas", 28 novembro 2009, p. 7.

Descríbese este libro escrito e ilustrado por Juan Darién como un exemplo de práctica positiva, orientado ao público infantil, no que se penetra por primeira vez non só no universo dos números, senón tamén no mundo dos valores universais, tales como a paz ou a liberdade. Explícase que a historia trata do número un, o cal, baixo as presións do rei Menos, desencadea unha guerra para anular ao resto dos números. Pero os ceros rebélanse e, así, xurdirá un número máis alto: o dez. Considérase que o autor consegue por medio dunha linguaxe sinxela e duns debuxos primarios nun ambiente bélico a aprendizaxe dos números por parte do lectorado, a demostración de que as guerras carecen de sentido e que aquilo que é diferente non resta senón que sempre suma.

Fernández Flórez, Wenceslao, *O bosque animado* (*El bosque animado*), trad. Xela Arias, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 7, [mocidade], agosto 2009, 297 pp. (ISBN: 978-84-9914-021-6).

Segunda edición da novela de Wenceslao Fernández Flórez (A Coruña, 1885-Madrid, 1964), publicada orixinariamente en Zaragoza en 1943 e que fora traducida ao galego no ano 1987 por Xela Arias, contando cunha introdución e notas de Valentín Arias e ilustracións de Maife Quesada e publicada na desaparecida colección "Xabarín" co número 24. Na tradución do ano 1987 Valentín Arias estruturaba a "Introducción" (pp. 7-17) nunha reivindicación inicial sobre a necesidade de contar cunha edición en galego desta novela, xa que "o argumento de non traducir do castelán ó galego porque os galegos sabemos castelán carece de consistencia". Ademais achega datos biográficos de Wenceslao Fernández Flórez (A Coruña, 1885-Madrid, 1964) que estrutura nos epígrafes "Fernández Flórez", "Un coruñés-madrileño" e "Andaina conservadora" e

pecha a introdución explicando o seu "Labor literario" e dando unhas pinceladas sobre "O bosque animado". Nesta reedición de 2009 na nova colección "Xabaril" e mudando o número mantense a tradutora, suprímense a introdución e notas, ademais das ilustracións que se limitan á da cuberta realizada por Javi Montes e realízase á adaptación á normativa do galego. O autor coruñés achega o lectorado á Galicia rural a través desta novela na que narra a historia dos habitantes da fraga de Cecebre e dos aparecidos ou pantasmas que pasean por ela. O trazado de costumes aparece embelecido polos elementos fantásticos e amenizado cun humor ás veces satírico. Dividida en dezaseis capítulos denominados "estancias" e cun narrador omnisciente en terceira persoa, as ricas descricións cheas de tropos e os intensos momentos narrativos enriquecen a historia. A novela reflicte o mundo rural galego e a súa ambigüidade, ofrecendo ademais unha profunda reflexión sobre a conservación dos valores da vida natural e concedendo un destacado lugar á sensibilidade ecoloxista por medio dun lirismo fantástico. A ilustración da cuberta de Javi Montes é unha imaxe dun bosque sombrío que amosa no interior unhas luces que semellan bailar na escuridade.

García Castellano, Ana, *A figueira de Pelostortos*, ilust. Mikel Mardones, trad. Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, outubro 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-208-7).

Adaptación do conto tradicional infantil que elabora Ana García Castellanos (Madrid), no que o narrador omnisciente relata de maneira diacrónica e nun espazo natural a historia de Pelostortos, un home un tanto deforme, que prohibe aos nenos comer figos da súa figuera, "a máis bonita, robusta e cos mellores figos de toda a aldea". A pesar de que a vixía en todo momento para que estes non consigan o seu propósito, os tres amigos non deixan de intentalo. Tras esquivar os varios obstáculos que lles pon o protagonista, logran o que se propuxeron: disfrazados de pantasmas, asustan a Pelostortos e collen todos os froitos que queren. A imaxe que compón a cuberta e a contracuberta resume o tema que se desenvolve no conto: vese o protagonista Pelostrortos vixiando a súa figueira e os mozos que tratan de coller os figos. As imaxes das gardas conteñen o desenlace da trama. As ilustracións deste álbum, de Mikel Mardones, están realizadas con óleo nun estilo realista que achega moitos detalles das contornas naturais e das figuras dos protagonistas. As expresións dos personaxes son moi expresivas e as composicións, que alternan planos variados, achegan dinamismo ás imaxes.

Referencias varias:

- Ana García Castellano, "A figueira de Pelostortos", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Relato infantil", 21 novembro 2009, pp. 4-5.

Insírese neste suplemento a cuberta e un fragmento d'*A figueira de Pelostortos*, escrito por Ana García Castellano e ilustrado por Mikel Mardones.

Garcia Llorca, Antoni, *A besta moura* (*La mala bèstia*, La Galera, 2003), trad. Helena González Fernández, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [mocidade], 2009, 118 pp. (ISBN: 978-84-9865-178-2). ■

Antoni García Llorca (Barcelona, 1971) intérnase na figura mítica do lobishome nun relato dirixido principalmente ao público xuvenil. A acción ten lugar no inverno nas pequenas aldeas das montañas dos Pirineos na zoa limítrofe con Francia. Nárrase en primeira persoa como o protagonista, Baltasar Momarata, chega a esta zona nun intento de agocharse na casa do seu tío Caín en Vuitcases, tras ser chamado a filas para loitar contra o exército de Marrocos a finais de 1918. Alí o seu tío dedícase, xunto con moitos habitantes da aldea, ao contrabando na raia, actividade na que o protagonista tamén terminará participando. A vida cotiá da aldea está chea de referencias ao medo pola presenza da besta moura, unha especie de home lobo que matara a varios veciños arrincándolles os pulmóns e o corazón, e tamén o pé e a man esquerdas. Xa que as mortes se incrementan, os veciños organizan unha batida para cazalo e finalmente lógrano como se conta no sorprendente final da novela, no que incluso Baltasar descobre a verdadeira identidade do seu pai. A pesar da crueldade á que pode chegar o ser humano, o ben vence o mal e todos os feitos execrábeis son castigados. O rexistro da novela presenta moitos matices coloquiais, principalmente nos diálogos entre os personaxes. Aínda que mantén a intriga até o desenlace, a narración describe dun xeito moi específico a paisaxe, os personaxes e incluso os sentimentos do protagonista e a complexa relación que mantén co seu tío. A cuberta, deseñada por Fausto Isorna, ten unha imaxe parcial dun cráneo de animal que presenta no primeiro plano a dentadura. Os dentes dan sensación de fereza e a tonalidade, con predominio de vermellos, tamén achegan agresividade á imaxe.

Gené Camps, Marta, *Sopa de cola de lagarta* (*Sopa de cua de sargantana*, 2009), Premio Edebé de Literatura Infantil, ilust. Maria Espluga, trad. Heitor Mera Herbello, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, n. º 3, serie verde, a partir de 10 anos, marzo 2009, 126 pp. (ISBN: 978-84-8349-251-2).

Na estación estival, nunha illa que non aparece nos mapas, sitúase esta historia de Marta Gené Camps (Barcelona, 1981) que ten como protagonista a Candela, a filla do fareiro, posuidora dun don que intriga a toda a vila. Ela é capaz de visionar o que ocorrerá nun futuro, capacidade que non é do agrado dos seus veciños. O único xeito de controlar o seu poder é tomando sopa de cola de lagarta, que lle recomenda a menciñeira da vila e súa nai lle obriga a tomar. Cando o verán termina e Candela non pode nin sequera facer que Valentín, o seu mellor amigo, confíe nela, o alcalde do pobo decide recluíla nunha cabana feita no bosque, pensando que así as súas predicións non se cumprirían. Pero non foi certo e a vila rematou ardendo, tal e como a nena dixera. Este final tráxico compénsase co final feliz de Candela, á que Valentín vai buscar ao bosque nun acto de aprecio e, quizais, de amor, para escapar xuntos da illa. Dende a barca, que tempo atrás lles servira de cabana, lánzanse ao mar, no cal comproban como toda a illa estaba ardendo, tal e como Candela predixera. Ao abrir o libro atópanse oito ilustracións situadas en momentos claves da narración que rompen co ritmo da lectura ofrecendo ao lectorado a posibilidade de imaxinar e redefinir a historia. Na cuberta da obra preséntanse os seus personaxes baixo unhas formas figurativas e feitas en acuarela iluminada con augadas de cores esvaecidas e cunha técnica moi simplificada de formas e cores. As ilustracións do interior do libro son feitas con lapis de grafito a base de liña e trama.

Recensións:

- CLIJ, "*Sopa de cua de sargantaras*. Marta Gené Campos", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 226, "Libros/Novedades. De 10 1 12 años", maio 2009, p. 66.

Despois de se referir a que esta obra é a primeira da autora, describen a historia que se conta nesta novela que mereceu o galardón do Premio Edebé 2008, categoría infantil, que a levou a ser traducida a todas as linguas do Estado Español. Cualifican a obra de áxil, moi cinematográfica e un logrado "*crescendo* en la angustia de Candela que ve como su infancia feliz se va al traste por culpa de esasa 'frases' que salen de su boca sin que ella sea consciente de ello". Salientan que hai personaxes que precisarían unha maior "explicación" e cítanse. Finalizan recordando que ao final da obra se promete continuación.

Gibbons, Alan, *Charles Darwin* (*Kingfisher*, Division Macmillan Publishers Limited, 2008), ilust. Leo Brown, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado mozo], xullo 2008, 63 pp. (ISBN: 978-84-96893-77-1).

Nesta narración de Alan Gibbons, James Kincaid, con tan só dez anos, é un asistente do naturalista Charles Darwin no Beagle. Este neno escribe o seu diario nun caderno que lle regala Charles Darwin. A vida dun grumete metido a explorador nunca é aburrida, cousa que aprenderá James ao axudar a Darwin a recoller mostras polo continente Sudamericano. Entre perigosos mares, terremotos devastadores e volcáns en erupción, o Beagle seguirá navegando, percorrendo baías, calas e illas... O diario de James relata a apaixoante viaxe que derivou nunha das obra científicas máis innovadoras da Historia. Nel, un mozo penétrase nos pensamentos e ideas dun dos maiores científicos do mundo, ademais de relatar emocionantes aventuras de ultramar. Un capítulo ilustrado de referencias e datos ofrece información adicional sobre os descubrimentos e teorías de Darwin, e sobre o mundo científico do século XIX. Por exemplo, cando atopa un polbo, móstralle como brilla na escuridade. Conta as súas diferentes etapas de exploración en Baía, Rio de Xaneiro, Bos Aires, Terra de Fogo, Chile, as illas Galápagos, Tahití. Termina o seu relato dicindo que pasaron catro anos e que seguirá navegando mentres que Darwin, de vinte e seis, seguirá estudando a natureza. A continuación o libro presenta baixo o título "¿que sucedeu despois?" a biografía de Darwin e ilústrase con fotografías e debuxos. O Beagle ten tamén o seu espazo e as súas ilustracións. Nas páxinas seguintes aparece a ruta da viaxe de Darwin cun mapa ilustrativo e os acontecementos chave da viaxe presentados cronoloxicamente de forma esquemática, seguido dun pequeno ensaio sobre a vida no mar: que labores se desenvolvían, o tempo libre, os castigos, a hora de durmir, a saúde ou a comida a bordo. Engádese tamén un resumo das mostras de Darwin: os métodos de recolección, envío das mostras… Ademais, para completar os coñecementos da época por parte do lectorado, introdúcese un apartado dos científicos do século XIX, coas súas fotos respectivas. Para rematar engádense imaxes e debuxos de animais ou restos de animais extinguidos. Termínase o libro cun glosario dos termos específicos utilizados e unha páxina final de agradecementos ás institucións que permitiron a reprodución e utilización de imaxes e todo tipo de material nunha ilustración que imita un pergamiño gastado. Na cuberta aparece un cuño circular cunha caixina das que se empregan para recoller especímenes que contén unha mariposa, o cal vai contextualizando a característica de Darwin como

naturalista. As ilustracións do interior de Leo Brown recrean os episodios máis salientábeis da viaxe do Beagle con información sobre os lugares, os costumes e os animais das terras que atopaban no seu periplo. Tamén hai fotografías de colegas de Darwin e de fósiles que recolleu na súa viaxe e mapas co percorrido do barco. A cor cálida das follas do libro lembra os pergaminos e as letras empregadas para os títulos achegan un aspecto de obra manuscrita.

Gil, Carmen, *A princesa que bocexaba a todas horas (La princesa que bostezaba a todas horas)*, ilust. Elena Odriozola, trad. Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O, idade [lectorado autónomo], novembro 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-96573-02-4).

Reedición dun conto que xa fora descrito no *Informe de Literatura 2005*, apartado VII.1.3. Traducións ou versións. Reproduce exactamente igual a edición de 2005 e só engade na cuberta que en 2006 foi merecente do Segundo Premio Ás Mellores Ilustracións na categoría de Libro Infantil e Xuvenil, premio que outorga o Ministerio de Cultura. As ilustracións de Elena Odriozola son de estilo figurativo e cuns matices moi delicados de acuarela. As composicións deixan parte do plano baleiro para colocar o texto. Predominan as formas redondeadas no deseño das persoas concibidas sen intencións volumétricas. As gamas cromáticas coas que xoga transmiten unha sensación suave e tranquila. Reprodúcese un decorativismo moi coidado que enriquece os planos enchéndoo con pequenas flores.

Giono, Jean, *O home que prantaba árbores* (*L'homme qui plantait des arbres*, Gallimard, 1963), ilust. Jacobo Fernández, trad. Ánxela Gracián, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, [lectorado autónomo], febreiro 2009, 42 pp. (ISBN: 978-84-9865-155-3).

Relato fantástico realista de Jean Giono (Manosque, Francia, 1895-1970) ambientado na Provenza a comezos do século XX, que salienta os valores da esperanza, a xenerosidade, a perseveranza e o respecto á natureza. Nárrase en primeira persoa as lembranzas dun home que, de mozo, fixera unha viaxe pola Provenza. Nunha rexión desolada, coñeceu a Eleazar Bouffier, un home solitario que, decidido a transformar aquela terra murcha nun bosque, prantaba árbores. Fascinado polo altruísta e tenaz labor que estaba a realizar Eleazar, o protagonista segue a visitalo regularmente para así tamén poder apreciar a evolución do seu traballo. A ilustración da cuberta reproduce a acción dun home botando unha semente a terra. As ilustracións de Jacobo Fernández (Vigo, 1971) teñen un carácter figurativo e simbólico, o personaxe aparece representado como unha persoa que vive en soidade. As imaxes en moitos casos ocupan toda a páxina e están feitas en acuarela con tons craros, recreándose no monocromo. Son composicións minimalistas que somerxen no sosego e na paz narrada na historia do personaxe.

Gómez Cerdá, Alfredo, *Maripepa e o club dos Tarambainas* (*Mari Pepa y el club de los Pirados*, 2009), ilust. Miguel Navia, trad. Ánxela Gracián, Madrid: Editorial MacMillan. Infantil e Xuvenil en galego, col. Librosauro, + 10 anos, 2009, 141 pp. (ISBN: 978-84-7942-431-2).

Tras a dedicatoria persoal "Para Marcos, que un día tamén se fará preguntas difíciles de responder" arrinca esta novela de misterio de Alfredo Gómez Cerdá (Madrid, 1951) que ten coma protagonista a Maripepa, unha nena de dez anos de orixe chinés adoptada por pais españois que loita por atopar a súa identidade ao verse diferente dos demais. Nesa procura coñece a Juanan, de orixe etíope e tamén adoptado co que comparte as súas inquedanzas. Xuntos, acaban formando parte dunha perigosa aventura ao tratar de axudar a Víctor, un neno orfo perseguido polo malvado Dani Ogro, presentador sen escrúpulos obsesionado cos índices de audiencia e coas historias truculentas. Está dividida en trece capítulos e presenta un narrador en terceira persoa. Gómez Cerdá fai nesta novela unha reflexión sobre temas tan actuais coma a adopción, as dúbidas que xorden na procura da identidade ou a crítica de certos programas de televisión considerados como "telelixo". Conta coas ilustracións de Miguel Navia (Madrid, 1980). A cuberta presenta unha imaxe fantástica cos protagonistas ameazados por unha figura inquietante. No interior as ilustracións de páxina enteira son en branco e negro, de estilo realista e achegan moita información visual dos lugares onde ocorre a narración. Para facer as imaxes emprega aguadas. O estilo dos protagonistas lembra o da banda deseñada.

Recensións:

- Paula Fernández, "De aventuras", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Libros", 25 xuño 2009, p. VII.

Coméntase a tradución de Ánxela Gracián desta novela para preadolescentes de Alfredo Gómez Cerdá. Dise que Maripepa é unha rapaza chinesa adoptada por unha parella española e que é unha nena feliz, mais preocupada pola súa orixe. Coñece a Juanan, un neno etíope tamén adoptado, e xuntos comparten as súas inquedanzas. Saliéntase que hai capítulos "duros" e outros divertidos, pero todos "solidarios e comprometidos".

Grejniec, Michael, *A que sabe a lúa?* (*Wie schmeckt der mond?*, 1993), ilust. do autor, trad. Carmen Barreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, [prelectorado e lectorado autónomo], marzo 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-625-9).

Reedición deste conto de Michael Grejniec publicado no ano 1999 na mesma editora e que está descrito no *Informe de Literatura* correspondente a ese ano. Trátase dunha edición especial con motivo do décimo aniversario. Só achega pequenas revisións lingüísticas e un póster de medición de 60 a 150 cm coa ilustración que une os protagonistas da historia. As ilustracións deste álbum están feitas polo autor do texto. A textura do papel que está traballado con acuarela ten moita forza visual e impregna toda a pintura. As cores empregadas son cálidas: marróns, ocres, amarelas, laranxas e negras. O estilo empregado para o deseño dos animais é figurativo, aparecendo formas simples que describen os animais, grazas ao apoio da cor e dos elementos máis característicos de cada un. A narrativa visual desenvólvese coa aparición sucesiva de cada animal (nun debuxo pequeno), que se vai sumando na composición principal aos outros animais na procura da lúa e van formando entre todos unha torre que crece a medida que avanza o relato. Non hai máis elementos no debuxo que os propios animais, o cumio da montaña e a lúa.

Recensións:

- María Jesús Fernández, "*¿A qué sabe la luna?* Michael Grejniec", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 227,"Libros. Los imperdibles", xuño 2009, p. 65.

Despois de recordar que a Editorial Kalandraka publicou este álbum en castelán, catalán, éuscaro e galego para celebrar o décimo aniversario da primeira edición, comenta que é un album "excepcional, con unas características que lo hacen especialmente adecuado y atractivo para los pequeños lectores". Fai un resumo do argumento, no que destaca que a narración progresa "conjugando con maestría texto e imágenes", e que emprega técnicas como a reiteración e acumulación. Remata destacando a sinxeleza e expresividade das ilustracións que apoian o desenvolvemento da historia tanto pola cor coma pola súa situación.

- Paula Fernández, "Acadar soños", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 301, "Libros", 24 setembro 2009, p. VII.

Coméntase o argumento deste conto de Michael Grejniec que emprega unha estrutura repetitiva e acumulativa e que fomenta os valores de cooperación e xenerosidade. Ademais saliéntase o humor que vén presentado por un peixiño que pode acariñar a lúa na auga do mar. Fálase do tipo do lectorado ao que vai dirixido este conto "pre-lectores e primeiros lectores". Tamén se destaca a linguaxe "sinxela e próxima", a "axeitada" escolla dos temas e o labor "doce e harmonioso" do ilustrador que completa este "fermoso volume". Por último, dise que a súa publicación celebra o décimo aniversario da primeira edición.

Jeffers, Oliver, *O incrible neno devorador de libros (Incredible book eating boy*, 2006), ilust. do autor, trad. do inglés Laura Sáez, Pontevedra: Patasdepeixe editora, [lectorado autónomo], 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-9368-42-0-4).

Neste álbum, Enrique é un neno ao que lle gustan moito os libros, gústanlle tanto que un día probou a comer un e xa non puido parar. Comer os libros facía que o seu cerebro se enchese de coñecementos e así podía ser o neno máis listo do mundo. Iso estaba moi ben pero chegou un momento que ao ateigarse de libros comezou a ser un problema: as ideas mesturábanselle na cabeza e cando lle facían unha pregunta non sabía que responder. Nunha ocasión colleu un libro e, no canto de comelo, comezou a lelo e deuse conta de que lle gustaba, gustáballe moito, ao mesmo tempo que os coñecementos volvían ordenados á súa cabeza. Estaba claro, non tiña que comelos, só gozar do pracer da lectura. Oliver Jeffers (Port Hedland, Australia, 1977) é ademais do autor o ilustrador deste conto que incentiva a lectura. O deseño da cuberta está inspirado nos carteis que anunciaban en feiras ou circos as actuacións estelares. Neste caso, o título forma parte importante da ilustración, xa que ocupa toda a páxina, salvo un pequeno debuxo dun neno comendo libros na parte inferior. A contracuberta presenta unha característica peculiar, unha esquina inferior está acuñada en forma de dentada. As gardas son lisas de cor laranxa intensa. Antes da portada hai unha imaxe que representa unha páxina arrincada dun libro cunha ilustración dun libro mordido e palabras manuscritas. A portada ten todas as letras dos créditos e dos títulos debuxadas, e a cabeza do protagonista comendo uns libros. O protagonista está deseñado con simplicidade

destacando a cabeza que presenta unhas faccións amábeis e simpáticas. Todas as ilustracións deste álbum xogan con imaxes do neno que come libros pintadas con trazos soltos en páxinas arrincadas de libros ou de cadernos, en cubertas de libros antigos ou en follas de diarios. As composicións son moi variadas e manteñen o interese cada vez que se pasa a páxina, predominando as cores cálidas. As letras dos textos son manuscritas ou coa tipografía das vellas máquinas de escribir.

Recensións:

- Xavier P. Docampo, "Libros con retranca", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 16.

Comeza dándose a benvida a unha nova editora, Patasdepeixe, responsábel da publicación d'*O incrible devorador de libros*, do ilustrador irlandés Oliver Jeffers. Explica que só existe unha edición anterior en lingua castelá, publicada pola editora mexicana Fondo de Cultura Económica. Da obra sinala que en cada páxina aparecen referentes das artes gráficas e que nela se relata a historia dun neno devorador de libros, unha temática que pode parecer pouco innovadora, por converterse case nun "sermón laico" co que se mostra escéptico. Non obstante, sinala que neste caso a temática non son tanto os libros senón cómo ler, enfocado dende unha perspectiva chea de humor e chiscadelas intelixentes. Ve neste álbum un lugar de encontro do lector máis novo co adulto e tamén co autor, a través dunha obra na que conviven os textos narrativos cos informativos e unha rica e variada ilustración que favorece a lectura visual dos cativos. Considera un acerto a adaptación tipográfica de Óscar Villán porque ve neses elementos metatextuais unha parte moi importante dos compoñentes visuais e narrativos "que lle confiren ao álbum unha abundancia de planos lectores, de elementos de literacidade, que fan del unha obra moi merecente de grande atención".

Referencias varias:

- Víctor Paz Morandeira. "Só traballamos cando nos peta", *Xornal de Galicia,* "Cultura", "Entrevista", 27 abril 2009, p. 143.

Entrevístase a Laura Sáez, quen di que foi o achádego do libro de Peter Jeffers, *O increíble neno devorador de libros*, o que fixo que finalmente se decidisen a sacar adiante a editorial Patasdepeixe. Sáez comenta que todos os membros da cooperativa son tradutores ou ilustradores con outros empregos, polo que a editorial é un "hobby" para eles e que, a pesar de que lles ocasiona un déficit económico, xa pensaron outros proxectos coma a edición de libros de Benoît Jacques, que segue a súa liña de defender as pequenas librerías.

- Natalia Álvarez, "Queremos publicar libros que nos gusten, cando as circunstancias nolo permitan", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Entrevista", 4 xuño 2009, p. V.

Entrevístase á directora da editorial Patasdepeixe, Laura Sáez, a cal di que elixiron *O increibre neno devorador de libros*, de Oliver Jeffers, como primeira obra porque lle foi "doado" e porque o libro estaba sendo un "boom" en todas as linguas polo que o "galego non podía quedar" sen ter a tradución do libro. Comenta ademais que as

subvencións ao libro, "tal e como están deseñadas, non axudan moito ao mundo editorial", aínda que recoñece que ten que habelas e que ela non ten "moita idea" sobre o tema.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 294, "Libros", 11 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle catro descritores de curta extensión entre os que se atopa o d'*O incrible neno devorador de libros*, de Oliver Jeffers.

Jeffers, Oliver, *Perdido? (Lost and Found*, HarperCollins Publishers Ltd., 2005), ilust. do autor, trad. e correción Laura Sáez, Mónica Pazos e Saleta Fernández, Pontevedra: Patasdepeixe editora, [lectorado autónomo], 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-936842-1-1).

Álbum de Oliver Jeffers (Port Hedland, Australia, 1977) sobre unha historia de amizade, conxugando nunha mesma páxina amplas ilustracións e pequenos fragmentos de texto. Valéndose dunha estrutura lineal e dun narrador omnisciente, o relato ábrese coa imaxe dun pingüín que chama á porta dun rapaz porque se atopa perdido. Cando o pequeno ve o ave, non sabe qué facer: o pingüín segue alá onde vai e por máis axuda que pide, non consegue solventar o problema. Por este motivo, o neno debe buscar pola súa conta unha posíbel solución: tras consultar nalgúns libros, descobre que os pingüíns proceden do Polo Sur. Non dubida, entón, de que o seu compañeiro debe ir cara ao seu lugar de orixe. Tras conseguir un pequeno bote, emprenden a súa viaxe. Unha vez alí, o pequeno continúa vendo o pingüín triste e dáse conta de que non pode deixalo só porque o que realmente desexa o animal é a compaña dun amigo. Deste xeito, consideran que a mellor opción é volver xuntos á casa para gozar da súa amizade. Este álbum avanza xa na cuberta cales son os protagonistas e a súa situación, sós nun mar amplo, azul e, previsibelmente frío. O seu aspecto é agradábel, simpático, cunhas faccións reducidas ao mínimo. No interior, antes da portada, aparece unha pequena ilustración: unha maleta soa, perdida? A cuberta volve amosar os protagonistas sós, moi pequeniños ao fondo da imaxe. O texto vai acompañando as ilustracións e mesmo hai páxinas sen texto. Son imaxes sinxelas que presentan unha liña fina de contorna e un recheo de acuarela. As cores son alegres e saturadas con predominio da azul da auga, do ceo e do xeo. A tipografía é sempre a mesma, resulta moi clara e contrasta sobre os fondos claros das ilustracións. Nas composicións xógase moito con grandes panorámicas que remarcan o perdidos que están os protagonistas no medio do mar.

Klein, Sérgio, *Poderosa 2*. *Diario dunha rapaza que tiña o mundo na man* (*Poderosa 2*: *Diário de uma Garota que Tinha o Mundo na Mão*,), trad. Mercedes Pacheco Vázquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 124, [mocidade], outubro 2009, 185 pp. (ISBN: 978-84-9914-050-6).

Segunda entrega desta serie inaugurada en lingua galega en 2008 do brasileiro Sérgio Klein (Sete Lagoas, 1963-Belo Horizonte, 2010), na que se continúan recreando as peripecias da adolescente Joana Dalva, que amosa unha clara vontade de mudar as cousas e conseguir aquilo que máis desexa a través do poder transformador da palabra. Nesta entrega ten unha especial importancia a reflexión sobre a morte e a súa relación coas persoas maiores, unha problemática que se escenifica a través da vida que leva un

grupo de anciáns nunha residencia da terceira idade, onde son sometidos a malos tratos e extorsionados pola directora. Con numerosas referencias a elementos xa explicados na entrega anterior, Joana Dalva segue a ser o fío condutor dunha trama na que se recrea a súa vida diaria e que agora dá cabida, a modo de *flash-back*, á historia de amor entre os seus avós, na que se constata a importancia do azar e daqueles feitos que inflúen, sen poder evitalo, na nosa vida, como as cartas de amor que recibe a avoa pensando que son do seu futuro marido, cando en realidade son dun amigo deste. A intriga aumenta a medida que vai descubrindo a situación na residencia na que está a súa avoa, como son desprezados os anciáns e sometidos a un férreo control, mentres os seus bens e as doazóns que chegan para eles son empregadas como material para a venda e o enriquecemento da directora, que acabará sendo detida xunto cos seus cómplices. Joana Dalva tamén reflexiona sobre a súa necesidade compulsiva de escribir, a súa relación cos compañeiros de clase, aos que considera seres moi infantís, como a súa amiga Leninha e o poder da palabra de mudar o mundo, ademais seguir desvelando a tensión entre os seus pais. Só ten ilustrada a cuberta cunha montaxe fotográfica de Antonio Seijas na que nun primeiro plano aparece unha man tatuada que sostén un ramo de rosas vermellas en forte contraste sobre un ceo misterioso tinguido de verdes. Ao fondo destacan as cruces dunhas tumbas no horizonte. Esta atmosfera inquedante da cuberta avanza unha novela de misterio.

Lendas de Leonardo da Vinci, ilust. Rossana Casano, trad. María Lado, Vilaboa: Edicións do Cumio, outubro 2009, 32 pp. (ISBN: 978-84-8289-266-5).

"O pavo", "A raposa e a pega", "As grúas", "O cirrio", "A leoa", "A ibis", "O osiño e as abellas", "O león e o año", "O verme de seda", "O león", "A ledicia e a tristura" e "O elefante" son as trece fábulas que traduce María Lado (Cee, A Coruña, 1979). Todas elas seguen o patrón típico do xénero mesturando o narrador omnisciente cos diálogos en primeira persoa. Preséntanse primeiro dúas ou máis figuras animais nunha situación de conflito; despois, a actuación da situación dada; e para rematar, a avaliación do comportamento elixido. Tres partes do proceso que conducen cara a un fin pragmático: o éxito ou o fracaso derivado da devandita elección. De tal xeito, o escrito vai condenando ou eloxiando certas condutas; por exemplo, a vaidade, a confianza, a astucia, a lealdade, a sabedoría, a paciencia ou a valentía. Complétase coas ilustracións figurativas de Rossana Casano (Sicilia, Italia, 1968) que acompañan cada lenda cunha imaxe dun animal. O estilo empregado é realista achegando unha información veraz das características de cada animal. A técnica utilizada é a acuarela e está aplicada en pinceladas transparentes que van deseñando as formas. O papel sobre o que está os textos e os debuxos está traballado con manchas mofentas para dar a impresión de antigo. As cores predominantes son cálidas.

Recensións:
- Paula Fernández, "Animais humanizados. Con sabor a fábula", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Libros", 10 decembro 2009, p. VII.

Incide na proposta de Cumio que pretende dar a coñecer unha parte dos escritos do renacentista Leonardo da Vinci con esta publicación. Comenta que se trata dun volume de trece historias didácticas e fabulísticas nas que a tradución de María Lado e "a calidez e o figurativismo" das ilustracións de Rossana Casano son decisivas. Opina, á

súa vez, que a pesar de que son relatos diferentes, comparten algunhas características e destaca dúas por riba de todas: os animais humanizados e o propósito moralizador. A isto, súmalle o ton poético da obra, logrado polo traballo da tradutora, e o interese que incita a lectura nos pais e educadores, xa que a nenez pode achegarse a figuras históricas e a outros modos de facer literatura. Para rematar, asegura que todo o libro se ambienta nun marco plástico, dulcificado e tenro, propiciado este último por ver como os animais pensan e falan.

Referencias varias:
- Romina Bal, "Un conto e un soño: a maxia de deitarte cedo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 787, "Cativadas", 15 novembro 2009, p. 7.

Comeza sinalando que no 2009, a editorial galega Cumio se propuxo levar a cabo unha nova iniciativa para incentivar a lectura nocturna entre os máis pequenos por medio da recuperación de contos tradicionais, que se transmitiron xeración tras xeración, aos que dotan dun ton vangardista. Asemade, presenta *As lendas de Leonardo da Vinci* como unha selección de lendas pertencentes a unha parte dos escritos do polifacético renacentista. Desta obra resalta o labor da poeta María Lado e as ilustracións persoais de Rossana Casano; ademais, asegura que son trece historias "ideais" para cando aos máis pequenos lle ronda o "Pedro Chosco" ou os pais están demasiados cansos. Remata precisando que toda esta tarefa é moi recente e interesa non só polo módico prezo de cada exemplar, senón tamén pola calidade da edición.

Lertxundi, Anjel, *Bícame mon amour* (*Musubero, mon amour*, 2000), ilust. Gochi, trad. Carmen Torres París, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 163, serie verde, [a partir dos 12 anos], xullo 2009, 122 pp. (ISBN: 978-84-9865-197-3). ■

Novela de Anjel Lertxundi (Guipúscoa, 1948), que se estrutura a partir de fotografías que, á súa vez, están relacionadas cunha fotografía principal. Ao final aparecen breves historias sobre outras fotografías. Conta a historia dunha nena chamada Maxe, á cal lle agasallan unha cámara de fotos polo seu aniversario, da que non se separa e retrata todo o que ve. A rapaza relata a historia sobre a foto de cando foran a Bordeos (Francia) a xogar ao balonmán. Nesa foto vese a todas as xogadoras do equipo e ao fondo vese a profe Maripi (que é a profe encargada de ir co equipo a Francia) cun home toda agarradiña. Maxe sabía que o marido da profe Maripi estaba navegando, pero non sabía donde estaba. Todo esto sabíao porque a filla da profe, Loraine, era a súa amiga. Cando Maxe descubriu á profe toda agarradiña con aquel home, non facía máis que pensar na pobre de Loraine e no pai desta, xa que pensaba que esta lle estaba sendo infiel ao seu marido. Mais o día do partido, Loraine estaba toda angustiada e Maxe pensaba que descubrira a suposta infidelidade da súa nai, pero non era así. En realidade o que lle pasaba a Loraine era que lle viñera a menstruación por primeira vez. Ese mesmo día o seu equipo perdera a final do partido coas italianas e Maxe descubriu por fin que ese home que era tan cariñoso coa profe era o seu marido que estaba de marea por Francia e lles fora dar unha visita a súa muller e a súa filla. Ao final do libro tamén se comentan outras fotos que fixera Maxe, sobre anécdotas que lle pasaran na viaxe e da súa vida cotidiá, as cales foron tituladas: "Arre, burro", "O capitán Erten", "Confabularse", "Viúva do vivo", "Por un prato de lentellas", "¡Come o que che dan!", "Chama o carteiro", "O pardal gordecho e despreocupado", "Fantasía de catro patacóns", "¡As miñas bragas!". A ilustración coloreada mediante tratamento informático tanto da

cuberta coma as interiores, realizadas por Gochi, caracterízanse principalmente pola desproporción dos personaxes, sobre todo, nas expresividade dos mesmos. Son ilustracións realizadas con trazos simples que van delimitando as formas, para acompañar o texto ao longo das accións narrativas.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 310, "Libros", 26 novembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión desta obra de Anjel Lertxundi, xunto aos doutras obras de recente publicación.

Lionni, Leo, *Quen é?* (*Who*, 1983) (ISBN: 978-84-8464-717-1)/ *Que é?* (*What*, 1983) (ISBN: 978-84-8464-716-4)/ *Cando?* (*When*, 1983) (ISBN: 978-84-8464-719-5)/ *Onde?* (*Where*, 1983) (ISBN: 978-84-8464-718-8), ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Frederick, [prelectorado], xuño 2009, [10] pp.

Estes pequenos álbums están deseñados por Leo Lionni (Ámsterdam, 1910-Toscana, Italia, 1999). Non hai textos e a súa lectura realízase exclusivamente a través das imaxes. En *Onde?* os dous ratos aparecen en cada páxina situados en distintos lugares: subidos a unha árbore, escondidos entre as herbas ou asomando dende dentro dunha caixa; a súa actitude permite falar sobre aspectos relacionados cos adverbios de lugar: encima, dentro, arriba, detrás, etc. En *Que é?* os dous ratos aparecen en cada páxina acompañados de distintos obxectos: correndo cara ao queixo, enredados nos cables do teléfono ou mirando a través dos cristais dunhas lentes; a súa actitude permite falar dos distintos obxectos. En *Cando?* os ratos aparecen en distintos momentos nos que ocorren diversas cousas, observan caer a neve, recollen flores, miran o ceo, etc. E, por último, en *Quen é?*, os ratos están acompañados de diferentes animais como unha galiña, unha tartaruga ou un coello. As ilustracións son a dobre páxina e están realizadas coa técnica da colaxe, empregándose papeis de distintas cores e de texturas moi diversas. A simplicidade da forma dos ratos protagonistas non lle resta eficacia representativa, pois achega información sobre as accións que realizan. A mesma simplicidade aplícase aos obxectos e á contorna que os acompaña.

Recensións:

- Romina Bal, "Debullando letras cos primeiros pasos", *Galicia Hoxe*", "*Lecer*", n.º 782, "Cativadas", Volta ao cole", 11 outubro 2009, p. VII.

Comeza reflexionando sobre as dúbidas das nais e pais á hora de escoller libros para os primeiros lectores e refire que a solución preséntana Kalandraka editora en forma de contos, sendo os libros de Leo Lionni, *Cando?*, *Onde?*, *Que é?* e *Quen é?*, unha colección "chea de maxia", e ademais de reparar n'*O porquiño*, de Arnold Lobel. Apunta que este autor é un avó modelo que na súa viaxe cos seus netos tivo a idea de entretelos "cun conto elaborado con anacos de papel". Explica que desta xénese xurdiron *Pequeno azul* e *Pequeno amarelo* aos que seguiron máis de corenta títulos

entre os que destaca *Frederick*, *Nadarín* e *A casa máis grande do mundo*. Lembra que o autor estaba a exercer naquel momento de economista e que grazas a estas obras foi recoñecido como escultor, deseñador, pintor e ilustrador coa Medalla de Artes Gráficas en 1984 e a sona internacional dos seus cadros. Apunta que os catro títulos teñen o propósito de "adestrar o ollo, a mente e ilos preparando e afacendo á lectura" e que non posúen texto, así como as súas ilustracións "moi visuais" son sinxelas e "facilmente recoñecibles" conseguindo que a nenez potencie a imaxinación, adquira vocabulario e recoñeza obxectos, cores, formas e situacións.

Lobel, Arnold, *O porquiño* (*Small Pig,* HarperCollins 1969), ilust. do autor, trad. Xosé M. González Barreiro, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, [lectorado autónomo], setembro 2009, 67 pp. (ISBN: 978-84-8464-703-4). ■

Conto de Arnold Lobel (Os Ánxeles, 1933-Nova Iorque, 1987) no que se narra a historia dun porquiño que foxe da casa ao perder o seu lameiro preferido, polo que se lanza á procura de novos lugares sucios nos que rebuldar. Así pasa por vertedoiros, pantanos e chega á cidade onde queda atrapado no cemento fresco. Finalmente, atópano os seus donos e regresa contento á casa, onde para a súa sorpresa a choiva creara unha nova lameira na que rebuldar. É unha obra de fantasía con elementos de humor e tristeza debido ás situacións que lle ocorren ao protagonista. Intenta inculcar pensamentos como o coidado do medio ou a dualidade pobo/cidade. Na cuberta aparece o porquiño protagonista nun recadro decorado. As imaxes son de estilo figurativo e están feitas cunha liña expresiva a pluma que achega aos personaxes dinamismo. A cor está aplicada sobre algunhas formas e está limitada a tres tintas, verde, azul e ocre. As composicións están centradas en describir as aventuras do porquiño protagonista.

Recensións:

- Romina Bal, "Debullando letras cos primeiros pasos", *Galicia Hoxe*", "*Lecer*", n.º 782, "Cativadas", Volta ao cole", 11 outubro 2009, p. VII.

Comeza reflexionando sobre as dúbidas das nais e pais á hora de escoller libros para os primeiros lectores e refire que a solución preséntana Kalandraka editora en forma de contos, cos de Leo Lionni, *Cando?*, *Onde?*, *Que é?* e *Quen é?* ademais de reparar n'*O porquiño*, de Arnold Lobel, un conto clásico contemporáneo recuperado por esta editora. Explica que conta a historia dun cocho que vivía nun cortello e lle gustaba comer, durmir, estarricarse na lama… até que un día unha limpeza do cortello desencadeará o comezo da narrativa. Refire que se trata dunha obra marcada polo humor e que amosa as diferenzas entre o mundo rural e o urbano. Apunta outras propostas do mesmo autor: *Contos de ratiños e Sopa de rato*. Para o lectorado mozo, destaca *29 historias disparatadas*, relato inspirado no efecto bolboreta, dende uhna simple brisa fina até un furacán co fin de desentrañar un misterio oculto para todos. Remata indicando que esta editora participa nestes días na Feira do Libro Líber e na Feira do Libro de Frankfurt.

London, Jack, *A praga escarlata* (*The scarlet plague*, 1912), ilust. Gordon Grant, trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Ciencia Ficción, n.º 2, [lectorado mozo], 125 pp. (ISBN: 978-84-937142-2-2). ■

Novela curta estruturada en sete capítulos de temática postapocalíptica no campo da ciencia-ficción escrita por Jack London (San Francisco, Estados Unidos, 1876-1916). A acción sitúase nun futuro non moi afastado onde a humanidade se ve arrasada por mor dunha praga mortal, a Praga Escarlata. O protagonista do relato, o profesor James Howard Smith, único vivo dos superviventes da praga, conta aos seus netos como foi a caída da civilización e como se volveu a un estado de natureza onde os superviventes se agruparon en tribos, vivindo do campo e da gandería e alleos a todos os avances tecnolóxicos. A falta de curiosidade científica das novas xeracións fará que a civilización desapareza. As ilustracións de Gordon Grant (San Francisco, 1875-1962) son as mesmas que aparecen na edición do orixinal en inglés de 1915. A cuberta amosa una imaxe misteriosa dunha cidade. No interior os debuxos a tinta van acompañados dunha frase significativa escollida entre os textos que serve de base para ilustrar esa situación. Son imaxes expresivas, con trazos soltos que completan a información sobre os personaxes principais da novela.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Soñar co desastre", *A Nosa Terra*, n.º 1.374, "Cultura", 24-30 setembro 2009, pp. 28-30.

Infórmase sobre unha novidade editorial de Urco que mostra outro Jack London diferente do da novela de aventuras. Trátase d'*A praga escarlata*, unha novela denominada "de catástrofe", con visos de ciencia ficción. Refírese o argumento da obra: un profesor de universidade, James Howard Smith, cóntalles aos seus netos como foi a praga biolóxica da que el foi un dos poucos supervivientes. Como positivo, resáltanse as ideas do libro e a visión de futuro, moi acertada, composta dunha sociedade superpoboada, evolucionada en relación ás comunicacións, o pánico ás pandemias, etcétera. Mais non se acompaña, dise, da calidade literaria esperada. Por tanto, como negativo, saliéntase a falta de profundidade nos planos da obra, nos personaxes e nos temas.

Maar, Paul, *O tesouro agochado* (*Der verborgene Schatz*, 2005), ilust. Isabel Pin, trad. Laura Almazán, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado autónomo], febreiro 2009, 53 pp. (ISBN: 978-84-8464-702-7).

Relato de viaxe e de procura de Paul Maar (Schweinfurt, Alemaña, 1937) no que o protagonista non só emprende unha viaxe física e real, senón que tamén fai un percorrido polo seu interior para alcanzar a madurez persoal. Muhar, alcumado o pequeno porque non era tan rico como Muhar o grande, era un comerciante que vivía nunha cidade de Oriente chamada Memoluk, xunto a Fátima, unha moza de dezaoito anos, discreta e nobre que lle axudaba como dependenta na tenda e que fora adoptada polos pais de Muhar, mortos facía catro anos, cando ela tiña doce. Muhar estaba namorado de Yasmina, unha moza frívola, materialista e clasista que prefería as riquezas de Muhar o grande. Pero un día Muhar soñou cun tesouro que se atopaba

escondido en Elsada, cidade do norte e afastada a Memoluk e decidiu viaxar até alí pensando que, se volvía rico, Yasmina namoraríase del. Así foi como o mozo empezou unha perigosa viaxe que lle reportou, logo de sufrir múltiples e variadas peripecias, non só o volver á súa cidade como un home rico, senón o darse conta de que o verdadeiro amor tíñao na súa propia casa. O autor pretende animar o lectorado a que busque os sentimentos auténticos fronte ás posesións materiais, a través da superación persoal e na loita por facer realidade os soños. Chama atención a delicadeza e a sinxeleza coas que están producidas as imaxes de Isabel Pin (Versalles, Francia, 1975). As ilustracións teñen un valor estético e narrativo moi salientábel de tal maneira que cada unha das imaxes semellan unha obra de arte. Destaca a estética simbólica das escenas, o uso das augadas e a utilización de cores suaves e matizadas.

Recensións:

- Paula Fernández, "Relato clásico", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Infantil /Xuvenil", 4 xuño 2009, p. VII.

Coméntase a tradución de Laura Almazán desta obra de Paul Maar editada por Kalandraka. Dise que se trata dunha fábula con características dos libros de viaxes, na que o protagonista é Muhar o Pequeno, un comerciante que vive namorado de Yasmina, rapaza materialista que rexeita a petición de matrimonio de Muhar por ser pobre. Muhar terá un soño sobre un tesouro e poñerase a buscalo. Dise que é un relato de tipo "clásico" cunha "sentencia moralizante", ben contado e ben estruturado cunha "clara intención de facer literatura".

Martín, Andreu e Jaume **Ribera**, *Flanagan. Flash-Back* (*Flanagan Flash-Back*, 2009), trad. Isabel Soto, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 118, [mocidade], febreiro 2009, 232 pp. (ISBN: 978-84-9782-567-2).

Esta novela de aventuras policíaca presenta unha nova aventura do detective Flanagan, dentro da serie creada por Andreu Martín (Barcelona, 1949) e Jaume Ribera (Sabadell, 1953). Articulada en trece capítulos, trata sobre un novo caso que debe resolver Flanagan en Barcelona, en datas próximas ao seu dezaoito aniversario. No caso está envolvida unha antiga moza do instituto, o seu primeiro amor, Clara Longo, que aparece na escena porque foi vista polo seu amigo Charche na comisaría. Flanagan meteraao pai de Clara no cárcere e este morrera dentro da prisión nunha liorta. Como se sente culpábel, tenta axudala, mais tamén comeza a lembrar os antigos sentimentos por Clara. A moza de Flanagan, unha rapaza rica do barrio de Pedralbes, Nines, sente ciúmes e quere culpar a Clara do que lle acusa a Policía. Dende a morte do pai, Clara vive cos seus tíos desalmados e ruíns, fundindo xoias roubadas, cos que discute de cotío, pero o caso complícase cando a tía de Clara, Margot, aparece asasinada. Clara rexeita a axuda de Flanagan e da súa amiga Loles e quere resolver o asunto soa, porque non cre na xustiza e quere vivir á marxe da sociedade. Flanagan fai as súas pesquisas, sen moita axuda por parte de Clara e Charche, porque lle estaban preparando unha festa sorpresa para o seu aniversario, e consegue saber que un home con lentes de sol que visitaba a casa dos tíos dende hai catro anos é o xuíz Fauvé, suposto amante de Margot, primeiro sospeitoso do crime para Flanagan. Non obstante, cara ao remate da novela, descobre que o xuíz violaba e humillaba a Clara co consentimento dos tíos para recibir favores e

diñeiro do xuíz e que a rapaza matara a tía nunha discusión. A proba do delito, un xersei manchado de sangue, foi escondido por Nines, que ao decatarse da situación axuda a Clara, da que desconfiara. Así, o xuíz foi xulgado e condenado por un homicidio que non cometeu, pero pagando outro crime que si perpetrara. A novela acaba cun epílogo que relata a festa sorpresa, o amor de Nines e Flanagan e o final feliz dunha historia paralela sobre a relación da profesora de primaria, Xema Obiols, e o seu mozo Blas. Só está ilustrada a cuberta cunha montaxe fotográfica que acena cara unha novela de aventuras e acción.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Infantil/Xuvenil", 19 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta esta novela de Andreu Martín, entre outras obras de publicación recente.

Martínez, Rocío, *Gato Guille e os monstros* (*Gato Guille y los monstruos*, 2000), trad. Xoán Couto, ilust. da autora, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Dememora, [lectorado autónomo], 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-8464-555-9).

Reedición do álbum publicado no ano 2000 na mesma editora, colección e co mesmo tradutor e que xa foi descrita no *Informe de Literatura 2000*, apartado VI. A literatura infantil e xuvenil galega. As ilustracións son obra da mesma autora do texto, Rocío Martínez (Madrid, 1966). Na cuberta aparece o protagonista con cara de susto o cal conecta a imaxe co título. As gardas teñen unha pequena decoración de xoguetes facendo unha ringleira na parte baixa e a portada presenta o protagonista xogando. As ilustracións de estilo figurativo amosan uns animais en actitudes antropomórficas, vivindo nuha casa de características humanas. As composicións, a dobre páxina, xogan cos planos de tipo xeral e picados que describen os cuartos fixándose nos obxectos cotiáns que hai enriba das mesas. As imaxes, que predominan sobre o texto, describen a narración centrándose no gatiño, pero é preciso seguir o texto para comprender ben a historia. O emprego da tipografía é importante neste álbum xa que hai distinto tamaño das letras para os diálogos da nai co gato. Por outra parte, as onomatopeias empregadas para os ruídos están dispostas dun xeito disperso pola páxina e cunha forza visual e narrativa importante.

Martins, Isabel, *P de papá* (*P comme Papa*, Éditions Sabareane, 2007), ilust. Bernardo Carvalho, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Dememora, [lectorado autónomo], 2009, [28] pp. (ISBN: 978-84-8464-690-7).

Isabel Martins e Bernardo Carvalho (Lisboa, 1975) articulan perfectamente o texto e a imaxe neste álbum. Coa figura dun pai capaz de transformarse en tractor, espertador e doutor, entre outras propostas, achégase unha relación paterno-filial baseada na complicidade, que invita a estreitar os lazos a través do xogo de afectos entre a nenez e os adultos. Este álbum, que tamén está traducida ao castelán e portugués, mereceu mencións especiais no Premio nacional de Ilustración 2006 (Portugal) e no premio

Libros mellor deseñados en todo o mundo (Alemaña). As ilustracións figurativas de Bernardo Carvalho amosan unha gran complicidade entre as palabras e as imaxes. A cuberta ten os textos do título e os autores manuscritos e a figura do pai dándolle un bico ao neno. As gardas teñen moitas figuriñas do pai en distintas actitudes. Os textos do interior tamén son manuscritos e redúcense a dúas palabras por páxina. Dunha páxina para outra pódense ver os protagonistas, un pai e un fillo, representados de formas diversas: de corpo enteiro, só as cabezas, imaxes cortadas, etc. As ilustracións son de páxina enteira, cada unha con tres cores en tintas planas que se van cambiando en cada páxina elixindo sempre cores que contrasten entre si. A integración dos textos e das imaxes forma parte do interese do álbum. As figuras están deseñadas con gran simplicidade, pero resultan moi expresivas e elocuentes, representando as situacións que van debullando as sinxelas verbas do texto.

Mazo, Margarita del, *A máscara do león*, ilust. Paloma Valdivia, trad. do castelán Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O, de 3 a 7 anos, xullo 2009, [42] pp. (ISBN: 978-84-9871-159-2).

Na sabana ten lugar unha crise importante entre león pai e león fillo. O leonciño estaba empezando a medrar e o sorriso permanente da súa face non desaparecía por moito que o seu pai o desexase. El sempre lle rifaba porque dicía que para ser o rei da sabana tiña que dar medo, non provocar simpatía, pero a pesar das continuas reprimendas, leonciño non podía pórse serio nin ruxir como un león de verdade. Como se recolle no texto de Margarita del Mazo (Puebla-México), o pai, moi enfadado, decide poñerlle unha terrorífica máscara para que dunha vez por todas, o fillo se converta no temido e respectado rei da sabana. Coa máscara posta, ninguén se achega a el, nin sequera a súa amiga a cebra, coa que compartía momentos inolvidábeis. Esa vida non era a que lle gustaba e finalmente rexeita as opinións de seu pai e fíase só do que lle di o seu corazón, atopando así a felicidade, como explica o narrador na súa última intervención: "a risa ten maxia: rompe máscaras e tamén se contaxia". Complétase o texto coas ilustracións de Paloma Valdivia. Na cuberta aparece a imaxe dun león que se amplía coa contracuberta ao abrir o libro. As gardas e a portada teñen imaxes dos animais protagonistas. A narración necesita dos textos e das ilustracións para entendela. As imaxes están realizadas con tres cores: vermellos, amarelos e azuis. O estilo esquemático empregado mantén as características máis significativas dos animais da selva, e as composicións variadas fan as imaxes dinámicas e atractivas. O resultado é un álbum suxestivo con pinturas expresivas e simpáticas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, " Ser un mesmo", *A Nosa Terra*, n.º 1.377, "*Bule Bule*", 15-21 de outubro 2009, p. 26.

Comeza indicando que como as editoriais cumpren un gran labor na promoción e divulgación de libros cara a un amplo número de lectores, "non nos estraña" que a Editora OQO se estea convertendo nun referente por achegar aos máis novos álbums de calidade tanto no formato coma no contido. Repara n'*A máscara do león*, que amosa a inseguridade que provoca a transmisión dos clichés convencionais que transmiten os adultos, até crear a infelicidade dos máis novos por renunciar a "ser un mesmo". Indica

que a súa autora, Margarita del Mazo, inverte os trazos que caracterizan ao león e que, empregando un ton humorístico, fai unha reivindicación de cómo chegar a ser felices sen necesidade de esconder os nosos sentimentos tras máscaras que cambian a nosa forma de ser.

Mazo, Margarita del, *Mosquito*, trad. do castelán Antón Fortes, ilust. Roger Olmos, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, marzo 2009, [29] pp. (ISBN: 978-84-9871-078-6).

Primeiro álbum de Margarita del Mazo (Puebla, México) baseado nun conto tradicional chinés e con ilustracións de Roger Olmos (Barcelona, 1975). A autora presenta a historia dun mosquito de enormes mandíbulas de ferro que trata de adiviñar cal é a carne máis saborosa para salvar a vida dun vello que vai ser devorado por unha serpe. Combinando humor e suspense, del Mazo ofrece unha divertida versión do porqué as serpes comen ratos, as andoriñas aniñan preto das xentes e os mosquitos zumban. O texto nos momentos de maior tensión dramática presenta diferentes tipografías. As ilustracións pictóricas de Roger Olmos, coa expresividade tan característica dos personaxes que elabora, ofrece diversidade de puntos de vista ao espectador. En moitos casos son ilustracións que impactan no lectorado visualmente, como por exemplo a chantada do mosquito, polo ángulo e explicidade da imaxe. Texto e imaxe compleméntanse ao longo de toda a obra.

Recensións:

- María Navarro, "Unha ollada divertida", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Infantil/Xuvenil", 2 xuño 2009, p. VII.

Coméntase a tradución de Antón Fortes ao galego deste álbum de Margarita del Mazo. Dise que é unha obra para primeiros lectores onde os personaxes son case todos animais agás un personaxe humano, un ancián, que no seu baño diario é sorprendido por unha serpe e entón pide axuda a un mosquito. Opínase que é unha historia divertida con carácter etiolóxico que "funde as súas raíces nun conto tradicional chinés".

Referencias varias:

- L. P., "Tradición posta ao día", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, 18 abril 2009, p. 11.

Coméntase que a editorial OQO fai recuperación de contos tradicionais e que vén de publicar este conto adaptado por Magarita del Mazo e ilustrado por Roger Olmos. Dise que trata dun vello que vai ser devorado por unha serpe pero fai un trato cun mosquito para que o libere e, se o consegue, o mosquito recibirá unha dentadura de ferro para defenderse dos seus inimigos. Sinálase que OQO tamén publicou *Paco Trolas* para idades de 3 a 7 anos.

Melville, Herman, *Bartleby, o escribente* (*Bartleby the Scrivener: A Story of Wall Street*, 1856), trad. ao galego Eva Díaz Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaril, n.º 6, [mocidade], agosto 2009, 82 pp. (ISBN: 978-84-9914-020-9).

Novela de Herman Melville (Nova Iorque, 1819-1891) na que se narra a relación dun avogado de Wall Street cos seus traballadores Turkey, Nippers, Ginger Nuts e Bartbely. Este é un ser peculiar que é contratado de último na oficina e é o personaxe principal da novela. Bartleby é un home pouco sociábel, tranquilo e traballador que da noite á mañá deixa de facerlle caso ao seu xefe, desconcertándoo. Ao longo da narración, o avogado intentará coñecer as razóns do comportamento deste home que non quere facer nada e que está provocando conflitos cos outros traballadores. Nesta novela está moi presente a descrición tanto dos personaxes como dos lugares nos se atopan. Só ten ilustración na cuberta cunha imaxe de Javi Montes (1975). Sobre un plano branco aparece un home de costas fronte a un escritorio que está cara a unha ventá; as vistas da ventá son a unha parede de ladrillos vermellos. O xogo co título é moi evidente, xa que describe coa imaxe o lugar de traballo dun escribente. O feito de estar de costas relaciónase co illamento que vai producíndose nas relacións do empregado.

Recensións:

- Ramón F. Mariño, "Ninguén o prefire", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 8.

Debulla con detalle o argumento desta tradución da novela de Herman Melville, *Bartleby o escribente*, na que nos mergulla nas correntes máis frías de Wall Street, en concreto, no mundo dos avogados. Considera que *Bartleby*... é unha historia sobre a actitude humana fronte ás normas e convencións sociais. Tamén estima que a súa inclusión nunha colección xuvenil pode ser unha boa maneira de que a xente nova vexa como se comporta o capitalismo que nos domina e que, como Bartleby dixo non á súa maneira, busquemos cada un a nosa maneira.

Minhós Martins, Isabel, *Os mil brancos dos esquimós*, ilust. Madalena Matoso, trad. do portugués Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, novembro 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-216-2). ■

Isabel Minhós Martins (Lisboa, 1972) no texto e Madalena Matoso (Lisboa, 1974) nas ilustracións crean, co apoio da Direcção do Livro e das Bibliotecas de Portugal, un libro no que se relata a vida esquimal a través dos ollos dun neno. O pequeno esquimal explica, en primeira persoa e con oracións moi curtas, como é a súa contorna e a importancia que ten para el a cor branca, pois, con inocencia infantil, o neno non ve as cousas doutra cor que non sexa esa: o xeo, a neve, a auga, os osos, as nubes, os icebergs, as folerpas… Co ánimo de romper as distancias físicas e culturais que separan ao lectorado da contorna representada, nárrase dun xeito visual e escrito os seus costumes e a súa maneira de sobrevivir a unha invernía permanentemente aliados, en lugar de confrontados, aos elementos. Así, permítese acceder ao interior dun iglú, a construción típica deste pobo, deslizarse pola neve e, en definitiva, convivir con eles a través destas páxinas. Na cuberta aparece o protagonista do relato xogando co seu can nunha contorna ártica. As letras do título están traballadas con papeis e os nomes das

autoras están situados sobre o iglú formando todo parte do deseño da cuberta. As gardas mostran unha panorámica da aldea esquimó e a portada presenta o protagonista sobre unha gran superficie branca. O estilo figurativo empregado por Madalena Matoso vén determinado pola técnica elixida para facer as formas. A pesar das limitacións que pode supor traballar as composicións con papeis recortados, as imaxes achegan bastante información sobre as características raciais, as roupas, os utensilios, os animais, as contornas e as vivendas dos esquimós. A figura principal é simpática e as cores alegres das roupas contrastan en todas as páxinas cos fondos dispostos en diferentes matices de brancos. As composicións son variadas e tanto centran a imaxe na cara do neno coma amosan unha inmensa chaira xeada. Os textos teñen gran protagonismo visual, xa que cambian a súa disposición en cada páxina, superpoñéndose enriba de anacos de papel cortado, seguindo diferentes direccións, desprazados cara ao borde da folla, cambiando o tamaño, sempre integrados na imaxe como parte da composición.

Montaneri, Eva, *Cantas pingas na cidade!*, ilust. da autora, trad. do italiano Antón Fortes, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, maio 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-152-3).

Eva Montanari (Rimini, Italia, 1977) é a autora e ilustradora deste álbum fantástico ambientado no medio urbano que describe momentos puntuais duns singulares personaxes. Tras unha dedicatoria: "O meu agradecemento especial para Massimo Ferri e Chico de Luigi. Sen vós, os personaxes non estarían aquí a nos mostrar un corto tramo das súas vidas. Grazas tamén da súa parte! E. M.", nárrase en terceira persoa e cunha linguaxe poética a historia dunhas curiosas pingas de auga que deciden explorar a cidade. Cada unha das pingas cae nun lugar onde os diferentes habitantes da cidade están a realizar distintas accións. As imaxinativas ilustracións que acompañan o texto contribúen a resaltar a singularidade dos personaxes. Trátase de composicións nas que se combinan pequenas esculturas con debuxos realizados sobre papeis de diferentes texturas. Outro trazo característico é a verticalidade deste volume, onde as ilustracións son a dobre páxina. Así mesmo, varía a tipografía, o tamaño e a localización do texto, o que confire dinamismo ao libro. Este álbum de gran formato ten unha apertura pouco convencional que desprega as páxinas de arriba a abaixo deixando un rectángulo que permite unhas composicións alongadas e verticais. Está ilustrado pola mesma autora cunha técnica mixta que emprega fotografías, debuxos, recortes de papeis e pinturas. As gardas teñen recortes de papeis en forma de nubes grises que presaxian chuvia. As imaxes constan de composicións verticais nas que os personaxes son fotografías de figuras estilizadas, construídas tridimensionalmente, que están modeladas con pasta e engadidos de arame, papeis e fibras. Os fondos das composicións son simples, con algún debuxo ou algún plano pintado ou de papel. As formas seguen o relato describindo con imaxes o que vai acontecendo. A gama de cores empregada pode cualificarse de acromática.

Obiols, Miquel, *O libro das M'Alicias* (*Llibre de les m'alície*s, 1990), ilust. Miguel Calatayud, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, Col. MareMar, [lectorado autónomo], novembro 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-694-5).

Álbum de Miquel Obiols (Roda de Ter, Barcelona, 1945), mostra de vangarda creativa, no que o autor leva a cabo unha revisión d'*Alicia no País das Marabillas*, de Lewis

Carrol, a través dunha enxeñosa e divertida reinvención do personaxe de Alicia, aínda que moito máis desobediente, rebelde e insolente que esta, á que sitúa sumida nun mundo surrealista e extravagante. Consta de doce historias curtas e aloucadas, plenas de humor, sensacións oníricas e fantásticas e cunha estrutura narrativa pouco convencional, nas que a protagonista, cansada de estar no computador, sen ter nada que facer, decide saír e, a partir dese momento, verase envolvida nunha serie de situacións, cada unha delas máis estraña cá anterior, para que, ao final, o lector se atope cun final aberto a tantas posibilidades como ilustracións contén o libro. A ilustración da cuberta presenta á protagonista xogando coa lúa e as estrelas nunha composición que adiantas as imaxes que o lectorado atopa no interior. As ilustracións de Miguel Calatayud (Aspe, Alacante, 1942) seguen a uns textos nada convencionais cunhas composicións de gran riqueza visual que permiten completar a narración cunhas imaxes de gran exuberancia. A profusión de detalles que se poden contemplar van máis alá do relato, creando un mundo imaxinario de corte surrealista, no que se mestura o real co imaxinado. As composiciones son dinámicas, moi estruturadas e con puntos de vista moi diferentes. A fragmentación dos planos, a disposición das figuras e o emprego de gamas de cor teñen semellanzas co cubismo. As ilustracións son de dobre páxina, deixando unha banda ancha de cor para dispoñer os textos.

Recensións:

- Romina Bal, "Tic-Tac, Tic-Tac empeza a contar os días e as noites", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 793, "Cativadas", 27 decembro 2009, p. 5.

Comenta que este álbum é unha boa mostra de vangarda creativa a partir da reescritura d'*Alicia no País das Marabillas*, de Lewis Carroll. Salienta das doce historias que compoñen a obra o seu humor e fantasía, propios dun mundo surrealista e nada convencional. Tamén se refire a outras novidades de Kalandraka para o Nadal como *Oda a unha estrela*, e mais a reedición de *Onde viven os monstros* (2000).

Ofogo, Boniface, *O león Kandinga* (*El león Kandinga*, Kalandraka Editora, 2006), ilust. Elisa Arguilé, trad. Silvia Pérez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], marzo 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-8464-711-9).

Boniface Ofogo (Omassa, Camerún, 1966) recolle neste álbum, a través dun narrador omnisciente, este conto tradicional da tribo africana dos Bantú que inclúe unha importante aprendizaxe sobre a avaricia e o egoísmo. A historia sitúase na sabana africana e ten por protagonista a Kandinga, un poderoso e avellentado león que, debido á súa maldade, quedara só. Un día, unha lebre axuda o león a cazar animais a cambio da promesa de compartir a carne. Non obstante, Kandinga incumpre o prometido e a lebre marcha enfadada. Pouco despois, a lebre atopa unha colmea chea de mel e decide avisar a serpe velenosa Nandú, á que lle encanta o mel. Mentres a serpe come o mel, a lebre vai avisar o león, que se anoxa moito porque todo o bo da selva lle pertence. Cando chega, Kandinga introduce a pouta no mel e Nandú mórdelle. Vítima do letal veleno, o león cae no chan mentres a lebre aproveita para reprocharlle os seus incumprimentos. O primeiro que chama a atención das ilustracións de Elisa Arguilé (Zaragoza, 1972) son as cores vermellas e contrastadas que aparecen ao longo de todo o relato. Na cuberta presenta o León Kandinga, o protagonista do conto, cunha estética expresionista con

evidentes influencias da arte africana. No interior do libro dáse unha presenza relevante das imaxes e o texto aparece mesturado e inmerso nas imaxes. As ilustracións están feitas a base de rotuladores e lapis de cores e invitan a continuar coa creación da obra.

Recensións:

- Paula Fernández, "Xeira Bantú", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 302, "Libros", 1 outubro 2009, p. VIII.

Refire o argumento deste álbum que se trata dunha fábula da que destaca o seu contido didáctico, amosando valores que o lectorado advirte a través da actitude dos personaxes animais, entendendo os riscos que se poden correr se se é avarento e non se comparte cos que non teñen. Tamén destaca as ilustracións de Elisa Arguilé que converten a obra nunha conxunción perfecta e que permite unha achega a unha cultura descoñecida.

Ormazabal, Joxan, *Soños de circo* (*Zirkua amets*, 2008), II Premio Etxepare de Álbum Ilustrado en éuscaro 2008, ilust. Iraia Okina, trad. Silvia Pérez, Pontevedra: Factoría K de Libros, [lectorado autónomo], febreiro 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-96957-56-5-2).

Escrito por Joxan Ormazabal (Tolosa, 1948) e con ilustracións de Iraia Okina (Durango, 1980), este relato onírico de estrutura circular combina a temática circense coas historias de viaxes. *Soños de circo* é a historia dunha dobre viaxe: de ida, a un mundo onde o imposíbel pode facerse realidade e outra de volta ao mundo presente, que ofrece ao lectorado a oportunidade de soñar espertos. As súas protagonistas, unha nena e a súa avoa, emprenden unha viaxe que transporta ao lectorado ao mundo máxico do circo a través dun soño dentro doutro soño, onde se mesturan seres de carne e óso con pallasos ou elefantes feitos de nubes, abordando os medos da nenez. Este álbum mereceu a II Bolsa Etxepare 2008 de álbum infantil ilustrado en éuscaro. A ilustración da cuberta mostra a estética coidada e delicada que utiliza a ilustrador Iraia Okina. No interior do libro perfílase unha tipoloxía figurativa de carácter narrativo-simbólico. As imaxes recordan a estética oriental, cun concepto de beleza espiritual. Con respecto a técnica, destaca a habelencia e a delicadeza con que está tratada a colaxe. O discurso formal caracterízase pola boa harmonía entre fondo e figura e a do texto coa imaxe, e as cores empregadas transmiten calidez e delicadeza.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "O soño dentro do soño", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 18, "Libros", "Ler con nenas", 10 abril 2009, p. 5.

Saliéntase que para a realización desta obra Joxan Ormazabal contou en 2008 coa II Bolsa de Álbum Ilustrado, outorgada por diferentes entidades navarras para fomentar a creación neste formato en éuscaro. Tras comentar o seu argumento, faise fincapé no carácter onírico de textos e ilustracións, un recurso que se emprega para crear unha historia dentro doutra. Sobre as ilustracións de Iraia Okina explícase que os espazos en branco serven para fomentar a participación do lectorado completándoas libremente.

- Alba Piñeiro, "Unha ilusionante viaxe", *A Nosa Terra*, n.º 1361, "*Bule Bule*", 22 maio-3 xuño 2009, p. 30.

Coméntase a versión galega de *Soños de circo*, de Joxan Ormazabal, o conto gañador do Segundo Premio Etxepare de Álbum Ilustrado en éuscaro 2008. Dise que trata dunha viaxe que fai unha avoa coa súa neta cara ao mundo fantástico do circo. Coméntase o emprego dunha linguaxe "sinxela e expresiva", así coma unhas "delicadas" ilustracións de escenas minimalistas e cores de tons suaves.

- María Navarro, "Función social", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 294, "Libros", 11 xuño 2009, p. VII.

Dise que Silvia Pérez traduce o orixinal *Zirkua Amets*, de Joxan Ormazabal, ao galego co título *Soños de circo*. Coméntase que a trama é a viaxe que farán en tren unha avoa coa súa neta para ver o espectáculo do circo mundial. Dise que o libro é unha "homenaxe" aos avós e a todos aqueles que viven os soños con intensidade.

Pavón, Mar, *Picurruchos*, ilust. João Vaz de Carvalho, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, setembro 2009, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-163-9). ■

Álbum ilustrado de Mar Pavón (Manresa, 1968) de tendencia fantástica no que se narra que Dona Pimpona vai ás dunas e fala coa area, vai ao mar e fala coa auga, e vai ás nubes e fala con elas. Trata a amizade e a importancia de axudar os demais. Tamén fala indirectamente da importancia de manter un orde coa comida, das prohibicións absurdas que non se sustentan nunha base fiábel, dos desvelos dunha nai, e tamén do pouco que lle gustan habitualamente as cenorias á nenez. Está narrado en terceira persoa aínda que tamén hai abundantes diálogos, entre dona Pimpona e as Dunas, Dona Pimpona e o mar, Dona Pimpona e as nubes e Dona Pimpona e Dona Tola. O narrador cumpre un papel fundamental xa que propón unha solución ao problema do álbum e pecha a obra. Mamá Pimpona anda a buscar alimento para os seus Pimponciños por todas as partes, e vai ás dunas, ás nubes, ao mar…pero alí só atopa cousas incomestíbeis (tesouros de piratas, castelos de ilusións, rastros de sereas) e picurruchos, unha especie de vermes luminosos de aspecto moi simpático. Mamá Pimpona ten unha razón persoal para non querer darlles picurruchos ás súas crías, unha ferida da infancia mal curada. Cansa e desolada volta á casa e atópaos durmindo placidamente. Dona Tola, a veciña, deulles de comer. Dona Pimpona xunto con Dona Tola toma unha sopa de fagarullas pero logo se transtornará ao saber que Dona Tola lle deu ás súas crías picurruchos. Unha vez que Dona Pimpona regresa a casa e se dispón a durmir a sesta cos seus Pimponciños, Dona Tola dispónse a facer a lista da compra, pan, ovos, e picurruchos, pois remataraos picurruchos na sopa… A tipografía xoga un papel fundamental no relato por remarcar momentos narrativos que sustentan a obra. Este álbum ilustrado por João Vaz de Carbalho (Fundão, 1958) presenta tapas duras e gardas ilustradas. Na cuberta aparece a protagonista (unha galiña) rodeada duns bichiños que, intuímos, son os picurruchos. As ilustracións teñen certo aire surrealista cos bichiños espallados por todas as páxinas do libro. No diseño das figuras destaca a importancia dos ollos saltóns, que no caso dos picurruchos se acentúan máis. As cores empregadas están bastante matizadas e non hai contrastes cromáticos marcados, ademais de xógarse con gamas cálidas aínda que hai algunhas páxinas en azuis para representar a auga. A estilización dos animais é

característica deste artista cuns ollos prominentes e unhas extremidades alongadas. Son formas amábeis e redondeadas. As composicións a dobre páxina son variadas e describen as diferentes contornas exteriores ou interiores onde se desenvolven as esceas.

Poe, Edgar Allan, *Os crimes da rúa Morgue*, ilust. Fino Lorenzo, trad. Susana Rodríguez Barcia, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, col. Biblioteca Edgar A. Poe, n.º 1, [lectorado mozo], xaneiro 2009, 94 pp. (ISBN: 978-84-8289-296-2).

Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore 1849), considerado o mestre do relato curto, un xenio nos contos de ficción científica e de terror e innovador coa creación dos relatos detectivescos, deleita o lectorado con varios títulos acollidos na colección "Biblioteca Edgar Allan Poe", iniciativa de Edicións do Cumio dedicada á súa figura. O primeiro deles, *Os crimes da Rúa Morgue*, trata dunha historia onde a intriga e o suspense están presentes en todo momento a través dunha narración en primeira persoa. Iníciase a narración mediante consideracións explicativas sobre o poder analítico, feito que serve de introdución á historia, centrada na resolución dun misterioso crime sucedido nunha rúa de París que Monsieur Dupin, amigo do narrador, consegue descifrar grazas á súa capacidade analítica e de observación. Paso a paso e moi detalladamente insírese ao lector na dedución do crime exposta, e transpórtase nunha viaxe polas rúas de París na cal se van descubrindo, paulatinamente explicadas, as diferentes pistas que levan a Monsieur Dupin á resolución do suceso, unha viaxe que deixa ao lector expectante e desexoso de acadar unha resposta. Esta sensación conséguea Poe coa súa magnífica técnica narrativa, segundo a cal achega só os datos espazo-temporais precisos, omitindo os necesarios para que a narración resulte o máis realista posíbel. A cuberta presenta unha imaxe dun gravado en negro sobre unha tinta plana de cor verde intenso que deixa lugar para o título e os autores e un marco de cor laranxa facendo un forte contraste cromático. No interior as ilustracións figurativas de Fino Lorenzo (Baiona, 1962) son gravados ao linóleo de tinta negra sobre branco. As formas son enérxicas coa dureza dos bordes cortantes do trazo das gubias. As imaxes están vinculadas a escenas trascendentes na narración e, a pesar da súa sinxeleza, describen con crueza os crimes centrais da novela.

Recensións:

- Xosé Feixó, "Biblioteca Poe", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 282, "Libros", 12 marzo 2009, p. IV.

Sinálase primeiramente que Edicións do Cumio crea a "Biblioteca Edgar Allan Poe" e relanza deste xeito os relatos deste autor que xa anteriormente foran editados en galego por Edicións Xerais de Galicia. Dise que a normativización lingüística corre a cargo de Susana Rodríguez Barcia e as ilustracións son de Fino Lorenzo. Tamén se comenta que outro dos valores da colección é salientar que en EEUU tamén naceron bos escritores que xa pertencen á literatura universal e de seguido danse algúns datos biográficos do autor en cuestión. Despois céntrase no primeiro número da colección, *Os crimes da rúa Morgue*, que se constitúe como o primeiro relato de detectives da historia da literatura e do que logo se achega o argumento. Destácase que o espazo do conto é moi delimitado e que a brutalidade cega se opón ao raciocinio que finalmente triunfará.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Unha nova xeración de lectores descubre a Poe no seu bicentenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xaneiro 2009, p. 48.

Fálase so bicentenario do nacemento do escritor Edgar Allan Poe, motivo polo cal Edicións do Cumio anunciou una colección dedicada ao autor que conta con varias obras traducidas ao galego por Susana Rodríguez Barcia, entre as que se atopa *Os crimes da rúa Morgue*. Asemade, lémbrase que estas non son as únicas achegas para o público galego do autor, pois tamén se conta con *O corvo* (2007), *Hop-Frog* (2008) e *O escaravello de ouro* (2007).

- maré, "Bébedo, violento e xenial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xaneiro 2009, p. 35.

Comenta que Edicións do Cumio acaba de dar á luz a súa colección "Biblioteca Edgar A. Poe" e informa que proximamente aparecerán varios títulos do autor traducidos ao galego por Susana Rodríguez Barcia e con ilustracións de Fino Lorenzo. Indica que o primeiro volume é *Os crimes da rúa Morgue* e que a este lle seguirán *O escaravello de ouro*, *Un descenso ao Maelström*, *A máscara da morte vermella*, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*, *O manuscrito achado nunha botella* e *Sombra*. A continuación, describe a biografía do escritor e salienta a fama que acadaron as súas obras.

- C. Sigüenza, "Poe mete miedo 200 años después", *El Progreso*, "Vivir", "Maestros de la literatura", 21 xaneiro 2009, p. 66.

Fálase do bicentenario do nacemento do escritor Edgar Allan Poe, motivo polo cal se están a a celebrar unha serie de actos e a publicar reedicións das súas obras, así como alguna biografía. Saliéntase a tradución ao galego dalgunhas das obras deste escritor por Susana Rodríguez Barcia, así como o labor de ilustración realizado por Fino Lorenzo. Sinálase que estas traducións poden atoparse na colección "Biblioteca Edgar A. Poe" de Edicións do Cumio.

Poe, Edgar Allan, *O escaravello de ouro*, ilust. Fino Lorenzo, trad. Susana Rodríguez Barcia, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, col. Biblioteca Edgar A. Poe, n.º 2, [lectorado mozo], xaneiro 2009, 89 pp. (ISBN: 978-84-8289-298-6).

Segundo título da colección dedicada a Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849) consistente nun relato de aventuras e misterio, un tipo de narrativa moi traballada polo autor norteamericano. Este relato, publicado en 1985 por Edicións Xerais de Galicia como parte da colección "Xabarín", e reeditado no ano 2007 pola mesma editorial e colección (co nome renovado de "Xabaril") amosando pequenos cambios na ilustración, preséntase agora como título independente cando previamente engrosaba unha obra composta por sete relatos. En similitude ao primeiro título da presente colección, este outro tamén centra a historia en sucesos ocorridos a dous homes adultos que traban unha amizade, o narrador, de quen se achegan escasos datos, e o Señor William Legrand, estraña e un tanto desequilibrada personalidade afincada nunha pequena illa estadounidense. Os sucesos ocorridos tratan da aparición dun misterioso escaravello dourado que provoca a obsesión e estraño comportamento do señor

Legrand, posto que o levan a relacionar o becho cun tesouro agochado. A narración insire o lectorado nas peripecias levadas a cabo durante a procura do tesouro, finalmente achado, e tras o cal se proporcionan as intelixentes deducións que levan o colega do narrador a dar con el, trabadas a raíz dun misterioso manuscrito cunha mensaxe oculta perfectamente descifrada, motivo por excelencia das historias de aventuras que xiran en torno á piratería, como é esta, onde tamén se cumpre coa situación espacial, unha pequena illa con tenebrosos bosques e acantilados. Mediante a análise e a capacidade dedutiva e descritiva dos personaxes creados por Poe, este recoñecido autor consegue crear unha atmosfera de misterio que envolve o lectorado e o transporta por mundos exóticos nun *continuum* de aventuras e situacións do máis intrigante, acompañado todo por ilustracións en branco e negro. A cuberta presenta unha imaxe dun gravado en negro sobre unha tinta plana de cor azul intensa que deixa lugar para o título e os autores e un marco de cor magenta facendo un forte contraste cromático. No interior as ilustracións figurativas son gravados ao linóleo de tinta negra sobre branco de Fino Lorenzo (Baiona, 1962), que ocupan unha páxina enteira. As formas son enérxicas coa dureza dos bordes cortantes do trazo das gubias. As imaxes están vinculadas a escenas trascendentes na narración.

Referencias varias:

- Lara Rozados, "Un autor fantástico", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "Cultura", 15-21 xaneiro 2009, p. 38 .

Fai referencia ás diferentes traducións que se fixeron dalgunhas obras de Edgar Allan Poe. A primeira que nomea é *As aventuras de Arthur Gordon Pym* publicada por Edicións Xerais de Galicia en 1997 na súa colección "Xabarín" e, dez anos despois, a publicación d'*O escaravello de ouro e outros contos*, as dúas traducidas por Alberto Avendaño. A seguir, comenta que a editorial Urco tamén publicou a tradución d'*O corvo*, realizada por Tomas González Alhola e, por último, afirma que o proxecto máis ambicioso é o de Edicións Cumio pois creou unha colección co nome do autor e editará catro títulos traducidos por Susana Rodríguez Barcia: *Os crimes da rúa Morgue*, *O escaravello de ouro*, *Un descenso ao Maelström* e o cuarto volume é un conxunto dos relatos *A máscara da morte vermella*, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*, *O manuscrito achado nunha botella* e *Sombra*.

- Xesús Fraga, "Unha nova xeración de lectores descubre a Poe no seu bicentenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xaneiro 2009, p. 48.

Fálase so bicentenario do nacemento do escritor Edgar Allan Poe, motivo polo cal Edicións do Cumio anunciou una colección dedicada ao autor que conta con varias obras traducidas ao galego por Susana Rodríguez Barcia, entre as que se atopa *O escaravello de ouro*. Ao mesmo tempo, saliéntanse outras obras de Poe traducidas con anterioridade ao galego.

- maré, "Bébedo, violento e xenial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xaneiro 2009, p. 35.

Comenta que Edicións do Cumio acaba de dar á luz a súa colección "Biblioteca Edgar A. Poe" e informa que proximamente aparecerán varios títulos do autor traducidos ao galego por Susana Rodríguez Barcia e con ilustracións de Fino Lorenzo. Indica que o

primeiro volume é *Os crimes da rúa Morgue* e que a este lle seguirán *O escaravello de ouro*, *Un descenso ao Maelström*, *A máscara da morte vermella*, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*, *O manuscrito achado nunha botella* e *Sombra*. A continuación, relata a biografía do escritor e salienta a fama que acadaron as súas obras.

- C. Sigüenza, "Poe mete miedo 200 años después", *El Progreso*, "Vivir", "Maestros de la literatura", 21 xaneiro 2009, p. 66.

Fálase do bicentenario do nacemento do escritor Edgar Allan Poe, motivo polo cal se están a a celebrar unha serie de actos e a publicar reedicións das súas obras, así como alguna biografía. Saliéntase a tradución ao galego dalgunhas das obras deste escritor por Susana Rodríguez Barcia, así como o labor de ilustración realizado por Fino Lorenzo. Sinálase que estas traducións poden atoparse na colección "Biblioteca Edgar A. Poe" de Edicións do Cumio.

- Xosé Feixó, "Tensión e Misterio", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 238, "Libros", 19 marzo 2009, p. IV.

Comenta que o escritor Edgar Allan Poe aínda continúa vixente douscentos anos despois da súa morte e indica que a "Biblioteca Edgar Allan Poe" de Edicións do Cumio recolle as súas obras. Nesta ocasión, analiza o segundo volume que é *O escaravello de ouro*. Refire que o conto se publicou por primeira vez en 1843 nun xornal no que Poe gañara un concurso de contos. A seguir, salienta a intriga e a tensión da obra e dá conta do seu argumento.

Poe, Edgar Allan, *Un descenso ao Maelström/Sombra*, ilust. Fino Lorenzo, trad. María Lado e Susana Rodríguez Barcia, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, col. Biblioteca Edgar A. Poe, n.º 3, [lectorado mozo], setembro 2009, 62 pp. (ISBN: 978-84-8289-315-0).

Volume da colección dedicada a Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849) que acolle dous contos titulados "Un descenso ao Maelström" e "Sombra". No primeiro relátase a experiencia vivida por un mariñeiro durante un furacán no mar de Vurrgh, preto da costa de Noruega. Este home, acompañado por un narrador testemuña, achégase aos cantís de Helseggen e lembra a súa experiencia marítima no bravo mar do norte. Conta como durante unha das súas saídas ao mar, na compaña de seu irmán maior, son sorprendidos por unha forte tormenta, que os arrastra até unha zona coñecida como o remuíño de Maelström ou tamén chamado polos noruegueses Moskoe-ström, un lugar no que as correntes son tan feroces que forman unha especie de funil que engole todo o que se achega até el. Durante esa tormenta, o barco no que navegan é arrastrado até ese remuíño e queda atrapado nas súas correntes. O terror e pánico que padecen os tripulantes é narrado con todo luxo de detalle por este sobrevivente, que logrou saír del atándose a un barril baleiro, co que chega á costa. Non obstante, ademais de perder o seu propio irmán, o narrador explica que esta experiencia o deixou marcado fisicamente e psicoloxicamente, pois o seu cabelo negro quedou tinguido de branco e a expresión do seu rostro mudou para sempre, até o punto de que os mariñeiros que o rescatan, amigos e veciños, non chegan a recoñecelo nin cren a versión dos feitos que lles conta. Por este motivo, relata a súa experiencia ao narrador-testemuña, coa esperanza de que el lle conceda máis crédito que os seus compañeiros pescadores. En "Sombra", o grego Oínos

relata como viviu as consecuencias terríbeis das conxuncións celestes de Xúpiter co anel vermello de Saturno. Situado temporalmente no ano 794 na cidade Ptolemáis, na illa grega de Quíos, Oínos narra o que ocorre unha noite na que se reúne un grupo de sete persoas para celebrar unha festa na honra do deus Dioniso. Entre os asistentes está o mozo Zoilo, amortallado, que é cadáver a causa da peste. A inquietude e medo que crea a presenza do morto vese aumentada no intre no que dun tapiz da sala descende unha sombra, que se coloca na porta da instancia. Interrogada pola súa identidade, os asistentes descobren horrorizados que esa sombra é a voz dunha multitude de seres, entre os que recoñecen os seus propios amigos. As ilustracións son obra de Fino Lorenzo (Baiona, 1962). A cuberta presenta unha imaxe abstracta dun gravado en negro sobre unha tinta plana de cor azul intensa que deixa lugar para o título e os autores e un marco de cor vermello facendo un forte contraste cromático. No interior as ilustracións figurativas son gravados ao linóleo de tinta negra sobre branco, que ocupan unha páxina enteira. As formas son enérxicas coa dureza dos bordes cortantes do trazo das gubias. As imaxes están vinculadas a escenas trascendentes para cada relato.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Unha nova xeración de lectores descubre a Poe no seu bicentenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xaneiro 2009, p. 48.

Ademais de citar as obras publicada en galego até o momento de Edgar Allan Poe, anúncianse aquelas que Edicións do Cumio achega por mor do bicentenario do nacemento do escritor. Entre as novelas traducidas ao galego por Susana Rodríguez Barcia, refírese a *Un descenso ao Maelström*.

- Lara Rozados, "Un autor fantástico", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "Cultura", 15-21 xaneiro 2009, p. 38 .

Fai referencia ás diferentes traducións que se fixeron dalgunhas obras de Edgar Allan Poe. A primeira que nomea é *As aventuras de Arthur Gordon Pym* publicada por Edicións Xerais de Galicia en 1997 na súa colección "Xabarín" e, dez anos despois, a publicación d'*O escaravello de ouro e outros contos*, as dúas traducidas por Alberto Avendaño. A seguir, comenta que a editorial Urco tamén publicou a tradución d'*O corvo*, realizada por Tomas González Alhola e, por último, afirma que o proxecto máis ambicioso é o de Edicións Cumio pois creou unha colección co nome do autor e editará catro títulos traducidos por Susana Rodríguez Barcia: *Os crimes da rúa Morgue*, *O escaravello de ouro*, *Un descenso ao Maelström* e o cuarto volume é un conxunto dos relatos *A máscara da morte vermella*, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*, *O manuscrito achado nunha botella* e *Sombra*.

- maré, "Bébedo, violento e xenial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xaneiro 2009, p. 35.

Comenta que Edicións do Cumio acaba de dar á luz a súa colección "Biblioteca Edgar A. Poe" e informa que proximamente aparecerán varios títulos do autor traducidos ao galego por Susana Rodríguez Barcia e con ilustracións de Fino Lorenzo. Indica que o primeiro volume é *Os crimes da rúa Morgue* e que a este lle seguirán *O escaravello de ouro*, *Un descenso ao Maelström*, *A máscara da morte vermella*, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*, *O manuscrito achado nunha botella* e *Sombra*. A

continuación, describe a biografía do escritor e salienta a fama que acadaron as súas obras.

- C. Sigüenza, "Poe mete miedo 200 años después", *El Progreso*, "Vivir", "Maestros de la literatura", 21 xaneiro 2009, p. 66.

Fálase do bicentenario do nacemento do escritor Edgar Allan Poe, motivo polo cal se están a a celebrar unha serie de actos e a publicar reedicións das súas obras, así como alguna biografía. Saliéntase a tradución ao galego dalgunhas das obras deste escritor por Susana Rodríguez Barcia, así como o labor de ilustración realizado por Fino Lorenzo. Sinálase que estas traducións poden atoparse na colección "Biblioteca Edgar A. Poe" de Edicións do Cumio.

Poe, Edgar Allan, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*/*A máscara da morte vermella*/*O manuscrito achado nunha botella*, ilust. Fino Lorenzo, trad. Susana Rodríguez Barcia, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, col. Biblioteca Edgar A. Poe, n.º 4, [lectorado mozo], setembro 2009, 77 pp. (ISBN: 978-84-8289-299-3).

Reúnense nesta nova entrega da colección "Edgar Allan Poe" tres relatos do autor americano, dous dos cales xa foron publicados en 1985 no volume *O Escarabello de ouro e outros contos*, publicado por Edicións Xerais de Galicia, con tradución de Alberto Avendaño, que naquel momento incluíu, entre outros, "A máscara da morte vermella" e "Manuscrito atopado nunha botella". Nesta nova entrega a estes contos de Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849) engádese a tradución de "A verdade sobre o caso do señor Valdemar", co que se abre a colectánea. Nel un narrador en primeira persoa relata as consecuencias dunha sesión de mesmerismo cun coñecido seu, o señor Valdemar, un experimento no que se estuda o magnetismo animal e cuxas técnicas perseguen fins terapéuticos, neste caso concreto o aprazamento ou retardo da morte do paciente. Con todo luxo de detalles o narrador describe o proceso de hipnotismo e a evolución do señor Valdemar, que se mantén durante sete meses nese estado, malia que os médicos que o atendían aseguraban que morrería nunhas horas. Cansos de que nada mude, deciden poñer fin ao experimento e a consecuencia é que o corpo do señor Valdemar sae do transo hipnótico e se converte instantaneamente en masa putrefacta. En "A máscara da morte vermella" nárrase como durante unha época de peste que asola todo un país, o príncipe que o goberna, Próspero, vive alleo á desgraza do seu pobo, pechándose nunha fortaleza aparentemente inexpugnábel. As extravagancias sucédense nese universo alleo á morte, no que o príncipe Próspero parece mesmo tolear, pero ao que os seus cortesáns non se atreven a contradicir, malia os agoiros e ameazas que se presenten no ambiente. Todo remata o día que Próspero decide celebrar unha festa de disfraces, na que irrompe a propia Morte Vermella, provocando o exterminio de todos os presentes. Por último, en "Manuscrito atopado nunha botella", un narrador en primeira persoa evoca as súas vivencias durante unha travesía nun navío que viaxa de Xava ás illas de Sonda, durante a que padecen un furacán, no que os únicos sobreviventes son el e outro mariñeiro. O barco no que viaxan pérdese nun mar tenebroso que parece anunciar o seu fin, pero durante a terríbel tempestade atópanse con outro estraño navío, que semella doutro tempo, no que logra entrar sen explicarse cómo. A súa presenza parece pasar desapercibida para a tripulación, como se pertencesen a tempos diferentes, polo que decide escribir as súas impresións e vivencias até o momento da desaparición. Unha nota final do autor explica

que este relato se enmarca na concepción de que o océano se precipita por catro bocas no golfo polar, ao Norte, onde é absorbido polas entrañas da terra. As ilustracións son obra de Fino Lorenzo (Baiona, 1962). A cuberta presenta unha imaxe dun gravado en negro sobre unha tinta plana de cor violeta intensa que deixa lugar para o título e os autores e un marco de cor turquesa facendo un forte contraste cromático. No interior as ilustracións figurativas son gravados ao linóleo de tinta negra sobre branco de Fino Lorenzo, que ocupan unha páxina enteira. As formas son enérxicas coa dureza dos bordes cortantes do trazo das gubias. As imaxes están vinculadas a escenas trascendentes para cada relato.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, "Unha nova xeración de lectores descubre a Poe no seu bicentenario", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 xaneiro 2009, p. 48.

Tras se referir ás obras publicada en galego até o momento de Edgar Allan Poe, anúncianse aquelas que Edicións do Cumio achega por mor do bicentenario do nacemento do escritor, caso deste volume no que se recollen os relatos *A máscara da morte vermella*, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*, *O manuscrito achado nunha botella* e *Sombra*.

- Lara Rozados, "Un autor fantástico", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "Cultura", 15-21 xaneiro 2009, p. 38 .

Fai referencia ás diferentes traducións que se fixeron dalgunhas obras de Edgar Allan Poe. A primeira que nomea é *As aventuras de Arthur Gordon Pym* publicada por Edicións Xerais de Galicia en 1997 na súa colección "Xabarín" e, dez anos despois, a publicación d'*O escaravello de ouro e outros contos*, as dúas traducidas por Alberto Avendaño. A seguir, comenta que a editorial Urco tamén publicou a tradución d'*O corvo*, realizada por Tomas González Alhola e, por último, afirma que o proxecto máis ambicioso é o de Edicións Cumio pois creou unha colección co nome do autor e editará catro títulos traducidos por Susana Rodríguez Barcia: *Os crimes da rúa Morgue*, *O escaravello de ouro*, *Un descenso ao Maelström* e o cuarto volume é un conxunto dos relatos *A máscara da morte vermella*, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*, *O manuscrito achado nunha botella* e *Sombra*.

- maré, "Bébedo, violento e xenial", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xaneiro 2009, p. 35.

Comenta que Edicións do Cumio acaba de dar á luz a súa colección "Biblioteca Edgar A. Poe" e informa que proximamente aparecerán varios títulos do autor traducidos ao galego por Susana Rodríguez Barcia e con ilustracións de Fino Lorenzo. Indica que o primeiro volume é *Os crimes da rúa Morgue* e que a este lle seguirán *O escaravello de ouro*, *Un descenso ao Maelström*, *A máscara da morte vermella*, *A verdade sobre o caso do señor Valdemar*, *O manuscrito achado nunha botella* e *Sombra*. A continuación, describe a biografía do escritor e salienta a fama que acadaron as súas obras.

- C. Sigüenza, "Poe mete miedo 200 años después", *El Progreso*, "Vivir", "Maestros de la literatura", 21 xaneiro 2009, p. 66.

Fálase do bicentenario do nacemento do escritor Edgar Allan Poe, motivo polo cal se están a a celebrar unha serie de actos e a publicar reedicións das súas obras, así como alguna biografía. Saliéntase a tradución ao galego dalgunhas das obras deste escritor por Susana Rodríguez Barcia, así como o labor de ilustración realizado por Fino Lorenzo. Sinálase que estas traducións poden atoparse na colección "Biblioteca Edgar A. Poe" de Edicións do Cumio.

Pulman, Philip, *O anteollo de ámbar* (*The Amber Spyglass*, 2000), trad. Fernando Moreiras, Pontevedra: Faktoría K de Libros, [mocidade], outubro 2009, 427 pp. (ISBN: 978-84-96957-71-8). ■

O escritor inglés Philip Pullman (Norwich, 1946) coroa a triloxía "A materia escura" con esta novela estruturada en trinta e oito capítulos que sucede ás dúas entregas anteriores: *A Aurora boreal* (2007) e *O coitelo sutil* (2008). A través dun narrador omnisciente en terceira persoa relátase unha historia ambientada nun mundo xenuinamente fantástico habitado por bruxas, anxos, daimones, galivésporos, harpías, seres das sombras e libélulas que actúan como cabalos de guerra, etcétera. Nesta terceira e última novela da triloxía os protagonistas, Lyra e Will, deben estar máis unidos ca nunca para poder levar a cabo unha complicada pero decisiva tarefa: entregarlle o "coitelo" a Lord Asriel, o tío de Lyra, un destacado aristócrata e investigador, inmerso nese momento nunha dura guerra contra a Autoridade. Para iso, contan coa axuda de varios amigos e, o máis importante, cos seus instrumentos máxicos: o "coitelo" e o "aletiómetro", que lles permitirá acceder a mundos paralelos, como, por exemplo: o "mundo dos mortos". En todos estes lugares os sentimentos persoais mestúraranse co deber e coa coinciencia. No deseño da cuberta aparece unha imaxe creada por Marc Taeger cun gravado antiguo de arquitecturas.

Quarello, Serenella, *Pulga&Xigante*, ilust. Mauricio A.C: Quarello, trad. do castelán Laura Rubio, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, abril 2009, [40] pp. (ISBN: 978-84-9871-147-9).

Álbum que relata a aventura dunha pequena pulga que decide cambiar de vida, deixar de vivir como un parasito e facer unha viaxe. Esta aventura lévaa por uns supostos itinerarios moi atractivos e cheos de perigos tales como o deserto, un bosque, un volcán, as chairas, e mesmo a lúa para acabar na selva. Na realidade, a súa exploración foi polos pés, as pernas, o traseiro, as costas, o grande nariz, as orellas e a cabeza dun Xigante, para acabar no seu can. Serenella Quarello (Asti, Italia, 1970) co seu irmán na ilustración, Maurizio (Torino, Italia, 1974), escribe a súa primeira obra para a infancia, fornecendo unha mesma situación a partir de dúas perspectivas. No título hai un xogo coa tipografía que varía de tamaño e forma en función dos protagonistas que aparecen na cuberta. Nas gardas de diante a pulga protagonista aparece saltando e na traseira un can, que vai ser o destino final da pulga. É significativo neste álbum o emprego da tipografía polo tamaño, pola forma e pola disposición visual que vai adoptando. Hai un cambio na lectura no momento en que aparece o xigante porque o libro hai que xiralo e lelo de arriba a abaixo para que nas composicións verticais colla o tamaño moito máis grande doutro protagonista. As ilustracións son figurativas e as cores son cálidas e moi matizadas, predominando ocres, marróns, laranxas, grises e vermellas.

Recensións:

- María Navarro, "Cara con cara", *Faro de* Vigo, "*Faro da Cultura*", n.º 303, "Libros", 8 outubro 2009, p. VII.

Comenta a percepción que lle ofrece este álbum de Serenella Quarello, en conxunción cunha proposta plástica a cargo de Maurizio A.C.Quarello. Indica que cansada de facer todos os días o mesmo, Pulga decide coñecer mundo e que na súa viaxe cruzará desertos, bosques, montañas, chairas inmensas, etc., fuxirá de perigos terríbeis e vivirá aventuras emocionantes. Apunta que Pulga fai uso da imaxinación e a fantasía para recrear un mundo de aventuras coas que divertirse e fuxir do aburrimento. Precisa que se trata da primeira incursión na literatura infantil de Serenella Quarello e matiza que xunto ao seu irmán presenta unha viaxe contada dende dous puntos de vista completamente distintos. Desta maneira, e grazas ao afastamento, o uso de planos pouco habituais ou o cambio de enfoque nas imaxes, descúbrese que as cousas non son sempre o que parecen. Precisa que Maurizio A. C. Quarello ofrece unha nova demostración do seu dominio da técnica cinematográfica, da que tanto bebe, para contar en imaxes unha historia con encadramentos e primeiros planos moi espectaculares co obxectivo de incitar o lectorado.

Quesada, Herikberto M., *O Home do Traxe Branco. O accidente*, ilust. do autor, trad. María Dolores Torres París e Carmen Torres París, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], outubro 2009, 187 pp. (ISBN: 978-84-9914-057-5).

Primeira entrega en lingua galega dunha serie escrita e ilustrada por Herikberto M. Quesada (Ourense, 1958), na que se desenvolven as aventuras dun grupo de adolescentes durante unhas vacacións de verán, nas que asisten atónitos a unha invasión de alieníxenas fuxidos dunha nave espacial accidentada. Ao longo de catorce capítulos numerados, un narrador en primeira persoa, Erik, máis coñecido como Bug, despois de presentarse, relata a modo de diario as aventuras vividas no caloroso verán de 1970 na vila mariñeira da Guarda, a onde se trasladara coa familia dende Madrid para pasar as vacacións. Dende a idade adulta, o narrador evoca as vivencias daquel verán, no que contaba con trece anos, nas que compartiu aventuras e riscos co seu grupo de amigos, Cheché, o seu irmán Xavier e Lucy Lagartixas. Todo comeza despois dun grande incendio forestal e o achado de varios animais mortos no monte, feitos que crean confusión e inquedanza entre a veciñanza, mentres que nos rapaces dispara a imaxinación e especulación sobre o causante de tales mortes, polo que deciden investigar nos arredores quén puido empregar tanta violencia. A ansiedade por atopar respostas leva a Bug e Cheché a fuxir unha madrugada á praia, onde asisten atónitos á chegada dunha estraña nave, da que xorden unhas criaturas humanoides, como tritóns con aspecto humano, entre os que mesmo se produce un parto. Tamén observan como entre estes seres aparece un home vestido cun traxe branco, que lles parece ser o xefe de todos eles. A partir dese momento o afán destes adolescentes, en colaboración con outros amigos, é cazar e observar a estes seres alieníxenas, que malia o seu aspecto, teñen semellanzas con animais terrestres e aos que Bug retrata nun álbum, no que con todo tipo de detalles debuxa a cada un destes seres. A caza dalgúns destes seres ponos en contacto co home do traxe branco, quen lles dará moitas das respostas que o grupo de

adolescentes anda a buscar. Este contacto fará que entre todos xurda unha estreita colaboración, na que recuperar a todos estes seres e devolvelos ao seu lugar de orixe, unha nave espacial que os trasladaba a un distante planeta cando tivo un accidente. A novela conta con numerosas láminas, nas que con grande imaxinación e todo tipo de detalles se presentan os alieníxenas cos que se atopan os protagonistas, representando as máis variadas formas anatómicas. A modo de tratado de zooloxía, as imaxes complementan o texto, permitindo recrear as imaxes suxeridas polo narrado nas fieis e ricas recreacións. Contén "Caderno de campo" e "Agradecementos". As ilustracións do propio autor están na liña dos volumes de ciencias naturais do século XIX. Son debuxos moi precisos que achegan moita información sobre as diferentes especies de animais, reais e inventados, das que fala no libro. A descrición visual das diferentes especies que aparecen no relato axudan a seguir o mesmo, ao tempo que o estilo científico empregado nas imaxes lle achega credibilidade ás especies de ficción. A técnica empregada é variada, hai debuxos moi detallados a lapis, a tinta e a sanguina e acuarelas con tintas sutís a cor.

Recensións:

- Enrique Clemente, "Entre Fellini e 'Men in black", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 342, "Arte", 5 decembro 2009, pp. 8-9.

Coméntase que esta obra, a primeira dunha serie de catro novelas de ciencia ficción apta para todos os públicos que lle custaron ao autor vinte anos de traballo, se desenvolve na Guarda e que vai acompañada de máis de seiscentos debuxos de seres doutros planetas. Debúllase o seu argumento e dise que esta novela é froito da dobre influencia que o escritor experimentou durante a súa infancia: por unha banda, o seu permanente contacto coa natureza e os diferentes animais que poboaban os bosques galegos que percorría en bicicleta; e por outra banda, a obsesiva afección que o seu pai tiña polos fenómenos paranormais e o mundo dos ovnis. Interprétase que todo iso lle levou a formular a súa teoría dos deseños coincidentes, baseada na posíbel evolución noutros planetas do cosmos que podería dar como resultado a aparición de seres vivos, mesmo similares ao home, que materializou nun voluminoso ensaio aínda sen publicar que plasma nesta novela, onde se sinala que a fantasía e a realidade aparecen mesturadas. Segundo palabras do propio novelista, mestura Fellini e o *Men in black*, de Will Smith, onde se protexen valores como a defensa do distinto, a amizade, a natureza, pero, sobre todo, critícase o sistema tradicional de ensino que perdeu o interese de pór os nenos en contacto co medio ambiente. Conclúese apuntando que se trata ante todo dunha divertida novela, cargada de ironía e chea de profundas mensaxes, que o autor espera sexa levada ao cine e traducida ao inglés.

- Xosé Carlos Caneiro, "De marabillas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 344, "Letras en galego", "Club dandi", 19 decembro 2009, p. 15.

Tras comentar *Sete palabras*, de Suso de Toro, detense no volume *O home do traxe branco*, de H. M. Quesada, obra da que salienta a súa imaxinación , feito que considera determinante á hora de incluíla dentro do xénero fantástico "extraterrestre". Ao mesmo tempo, destaca os seus valores educativos.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Libros", 10 decembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se recomendan obras como esta novela de Herikberto M. Quesada, *O home do traxe blanco*, entre outras.

Roca, Caterina, *Mía e as bolboretas* (*Mia i les papallones*, 2009), ilust. da autora, trad. Isabel Soto, La Garriga-Barcelona: Edicións do Carballo da Casa da Rocha, col. Barba branca, n.º 1, serie verde, para explicar a partir de 1 ano, para ler a partir dos 4 anos, marzo 2009, 23 pp. (ISBN: 978-84-936689-2-1).

Álbum ilustrado de Caterina Roca que presenta unha tipografía dobre, en maiúsculas e en minúsculas. A través dun narrador en terceira persoa relátase como Mía vive nunha aldea rodeada do campo e de animais. Un día de primavera, os seus pais preparan unha viaxe en carro á lonxana cidade para vender as verduras no mercado. Descríbense as sensacións da nena ao descubrir paisaxes que nunca antes vira e a súa impresión da cidade. O balbordo do mercado sorprende gratamente a nena mais acaba esgotándoa e queda durmida. Soña cunha vella que lle dá un lapis máxico de cores que brillan co sol. Con el a nena debuxa bolboretas que cobran vida e voan cunha airexa suave polas rúas, enchendo de cores a cidade. Remata coa ollada sorprendida da xente da cidade ante as bolboretas creadas co lapis que, grazas á nena, se volvera "máxico". O relato achega o lectorado á súa capacidade soñadora e aos aspectos positivos da vida. A autora das ilustracións é a autora dos textos. A cuberta amosa una figura feminina nunha actitude de ensoñación con bolboretas arredor. As imaxes do interior seguen con fidelidade os textos. A técnica que emprega é a acuarela conseguindo manchas suaves de cores cálidas.

Recensións:

- CLIJ, "*Mia i les papoullas*. Caterina Roca", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 228, "Libros. De 0 a 5 años", xullo/agosto 2009, p. 49.

Primeiramente refírese a que a editora responsábel vai crecenco pouco e pouco e valórase a "osadía" do seu álbum, Josep Francesc Delgado, que nesta vez mesmo se atreveu cun álbum en varias linguas que inaugura a "ambiciosa" colección "Barba Blanca". A seguir, descríbese a historia e coméntase que o conto se presenta en letra de apu e tamén manuscrita e que se apoia nunhas ilustracións descritivas, de trazo moi pitórico. Por último, cualifícase o conto de moi adecuado para lerllelo os nenos antes de ir durmir.

Roca, Maria Carme, *¡Que animalada!* (*Quina bestiesa!*), ilust. Xan López Domínguez, trad. Carmen Torres París e Mª Dolores Torres París, Vigo: Edelvives-Tambre, col. Ala Delta, n.º 25, serie verde, a partir dos 10 anos, 2009, 78 pp. (ISBN: 978-84-92404-58-2).

Conto fantástico de Maria Carme Roca (Barcelona, 1955) que ten como protagonistas a animais que contan sete historias, dende o seu punto de vista, sobre a convivencia de animais con humanos. Os relatos dos animais ambiéntanse en épocas e países diferentes e salientan a importancia do respecto aos animais, a amizade e a xenerosidade. Mediante un narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes, os animais aproveitan as súas reunións nocturnas nunha granxa de Devon, Inglaterra, para relatar contos nos que os humanos acostuman ser os antagonistas. As ilustracións de Xan López Domínguez (Lugo, 1957), caracterizadas por formas redondeadas e centradas nos personaxes, sen pretensión volumétrica, son en branco e negro, aínda que recorre ao diferente grosor do trazo para realizar diferentes tramas e texturas. Trátase de ilustracións que acompañan e enriquecen o texto.

Rosa, Sonia, *O meniño Nito. Entón, os homes choran ou non?* (*O menino Nito. Entao, homem chora ou nao?*, Palas Editora, Brasil, 2006), ilust. Macus Romero, Santiago de Compostela: Baía Edicións, col. Contos da igualdade, n.º 4, [lectorado autónomo], marzo 2009, 31 pp. Inclúe DVD. (ISBN: 978-84-92630-03-5). ■

Álbum ilustrado de Sonia Rosa (Río de Xaneiro, Brasil) no que o seu protagonista, Nito, chora e chora dende que era bebé e por calquera cousa. O seu pai farto de tal situación dille que non debe facelo porque é un home e "Os homes non choran!". A partir dese momento, cada vez que a Nito lle entran ganas de chorar, come as bágoas co que empeza a inchar e a inchar. A resposta ao seu problema chega da man do Doutor Aymoré: a solución está en que Nito "deschore" todo o chorado. E así sucede. O seu pai recapacita e dille a Nito que todas as persoas de calquera sexo e idade deben chorar, porque sempre é bo facelo se hai unha razón para iso. Remata cun abrazo entre pai e fillo e coa reflexión de que Nito vai crecendo "sendo un meniño moito, moito, moito máis feliz!". A autora expón unha situación máis na que se deben romper os roles esteriotipados asignados á nenez en función do seu sexo, os cales condicionan a súa capacidade para imaxinar un mundo de igualdade entre homes e mulleres. O álbum compleméntase cunha serie de preguntas dirixidas ao lectorado referidas ao conto e ao tema proposto. As ilustracións figurativas son de Macus Romero (Madrid). A cuberta está relacionada co título e presenta unha imaxe simpática dun rapaz chorando nun mar de lágrimas cun paxaro que se cobre cun paraugas. As imaxes son infantís, están centradas nas figuras, acentúan o tamaño das cabezas para facelas máis próximas e a penas hai detalles ambientais agás vestimentas dos personaxes que contextualizan a acción en tempos pasados. As composicións son de dobre páxina e os textos adáptanse aos espazos baleiros de imaxe. Hai gran variadade nas composicións coma por exemplo o primeiro plano da boca chorona do neno. Emprega cores escuras nas que predominan as gamas frías. As ilustracións completan os textos con descricións visuais dos problemas que xera no neno a necesidade de non chorar.

Rosati, Ivo, *O home de auga* (*L'uomo d'acqua e la sua fontana*, ZOOlibri, 2008), trad. Sandra Hombreiro, ilust. Gabriel Pacheco, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], abril 2009, [28] pp. (ISBN: 978-84-8464-714-0).

Álbum ilustrado de Ivo Rosati (Reggio Emilia, Italia, 1971) que comeza coa dedicatoria familiar "Para Ilaria, polos seus ollos e por ser aínda unha neniña". Mediante un narrador omnisciente, neste conto fantástico relátase a historia dun home de auga que

xorde cando alguén deixou a billa aberta. Este home é confundido cunha poza e mesmo cunha miraxe, mais non pasa desapercibido. Algunhas persoas teñen medo del porque o molla todo, mais outras agradécenlle a axuda que lles presta cando rega flores, limpa vidros e dá de beber á xente con sede. Co tempo, vanlle collendo apego ao comprender que o home de auga non é perigoso. Non obstante, un día de forte tormenta as gotas comezan a chamar por el, que bota a correr até chegar a unha fonte seca e salta nela para converterse na súa auga. Con este conto saliéntase a importancia do respecto polo diferente. A tipografía varía para salientar feitos importantes desenvolvidos na narración. A narración compleméntase coas ilustracións imaxinativas de Gabriel Pacheco (Cidade de México, 1973). Trátase dunha edición de tapas duras na que xa na cuberta aparece o protagonista nunha imaxe que continúa pola parte de atrás. A gama cromática é fría e fai referencia ás características do personaxe, de igual maneira que o fan os peixiños vermellos e o barco de papel. As gardas fan un xogo, xa que a ilustración de diante se completa na de detrás, e, en relación coas cores, invértense as da cuberta trocando o vermello polo azul. A portada tamén fai refereencia á temática do conto. A relación entre o texto e as imaxes é estreita, xa que as ilustracións apoian visualmente o narrado. As composicións son de dobre páxina, en tonalidades neutras, con predomino de ocres para a contorna o que fai destacar a presenza do protagonista azul e de pequenas notas vermellas. Nalgunha páxina hai xogos visuais da disposición da tipografía, semellando o vento que leva as palabras.

Recensións:

- María Navarro, "Marabillosa fantasía", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 298, "Libros", 9 xuño 2009, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", "Letras galegas", 18 xullo 2009, p. 7.

Indica que neste álbum a xénese do protagonista se debe ao descoido dalguén álbum, por deixar a billa aberta provocou o nacemento dun home de auga. Refire que "a convivencia e mais a diferenza son dous dos eixos temáticos que artellan a historia" e que o protagonista se preocupa por "crear unha atmosfera de bondade", onde todos poidan participar sen exclusión. Remata destacando que o ilustrador "percibe a historia como un discorrer de esceas únicas e irrepetibles como é a propia vida" e onde "practicamente todo ten cabida", a través de "tons suaves e metáforas visuais".

Sellier, Marie, *O nacemento do dragón* (*La naissançe du dragon*, 2006), ilust. Catherine Louis, trad. Fernando Moreiras, historia, caligrafía e selos Wang Fei, Pontevedra: Factoría K de Libros, [lectorado autónomo], xaneiro 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-96957-53-4).

Álbum ilustrado que acolle unha lenda chinesa bilingüe (galego-mandarín), froito da colaboración entre Marie Sellier, autora do texto, e Wang Fei, artífice dos selos, caligrafía e historia. Neste álbum resáltanse os valores da paz e da convivencia. Nárrase, en terceira persoa, a lenda sobre o nacemento do dragón. Antano, na China, as tribos vivían baixo a protección de espíritos benévolos, que estaban representados por distintos animais. Non obstante, as tribos tamén guerreaban en nome destes espíritos. Os nenos, fartos de tanta guerra, decidiron crear un animal que protexese a todas as tribos. Para iso, tomaron partes de cada un dos animais que protexían as distintas tribos e así

naceu o dragón. Os pais, abraiados pola beleza do dragón, estiveron por primeira vez todos de acordo e decidiron acabar coas guerras entre eles. O álbum inclúe un despregábel que explica e invita a practicar a caligrafía chinesa. Este álbum presenta un formato especialmente alongado que determina a disposición das composicións de Catherine Louis (La Neuveville, Suíza, 1963). A técnica empregada é a estampación con pranchas de linóleo en tinta negra con fondos de cores moi saturadas e as formas das figuras teñen un estilo oriental. Nas composicións xogan un papel importante as grafías e os símbolos chineses. O libro vai acompañado dun prego de papel con indicacións para escribir algunhas palabras en chinés.

Serrano, Rosa, *Ensalada de bruxas* (*Amanida de bruixes*), ilust. Andrea López, trad. Silvia Gaspar, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 160, serie azul, a partir dos 10 anos, 2009, 102 pp. (ISBN: 978-84-9865-177-5). ■

Rosa Serrano (nome literario de Rosa Serrano Llàcer, Paiporta, Valencia, 1945) presenta dúas reunións de bruxas. A primeira ten lugar nunha clásica noite de bruxas no val de Batzan, un lugar escondido dun bosque e o segundo encontro prodúcese moitos anos despois en Benidorm. As bruxas modernizáronse, viaxan nun autobús último modelo e alóxanse nun macrohotel cos medios tecnolóxicos máis punteiros. As bruxas do libro son divertidas e simpáticas, intentan asustar pero son inofensivas. Lucebruxa, Verruguilda, Honoriscausa, Erroldina son bruxas tradicionais, ás que non lles gustan as innovacións tecnolóxicas; mentres que Rapiderta adora a velocidade e compra unha escoba motorizada.Transcorren moitos anos e as cousas cambian. Nesta segunda parte do relato as bruxas viaxan a Benidorm. Preséntanse e enumeran as súas ocupacións actuais a través da proxección dun Power point. Das antigas bruxas non se sabe nada e as novas, Velodrina, Verrugugú, Silvia Castelo ou Meteorito e Nubita de Prata e Cristiandorina adoran a velocidade, a beleza, son expertas en paisaxismo, técnicas atmosféricas ou deseñadoras. O mundo modernizouse e as bruxas boas organizan este congreso en Benidorm á altura das circunstancias. Para acabar a reunión proxéctase a película de Josefa Siiiiilberg, *Lola a heroína dunha ikastola*. A bruxa Lola, famosa pola súa perversidad cara aos nenos, acaba en mans dun grupo de alumnos dunha ikastola. Rosa Serrano fai unha descrición pormenorizada das secuencias da película con indicación dos diferentes planos. Nela cóntase como é liberada Lola grazas aos corvos que se achegan en bandadas esperando a ocasión para atacar e o contentas que quedan as bruxas boas ao saber que termina ben esta páxina da súa historia. Este relato, ilustrado por Andrea López, conta cunha imaxe co cores na cuberta que se completa coa da contracuberta, presentándonos as bruxas protagonistas do relato. No interior as ilustracións son en gamas grises e cor granate e o estilo empregado é figurativo, aínda que presenta certa estilización e as caras das bruxas están tapadas polo sombreiro. As imaxes do interior salpican de vez en cando os textos con algunha figura que serve para explicar mellor aspectos do relato.

Recensións:

- María Navarro, "Anaco agradable", *Faro de Vigo*, "Faro da Cultura", n.º 302, "Libros", 1 outubro 2009, p. VII.

Aproxímase ao libro de Rosa Serrano, *Ensalada de bruxas*, do que se destaca positivamente a mestura de realidade e fantasía do argumento, cualificándoo como "un

singular modo de entender a vida". Explica que nel predomina a innovación, as aventuras, o enxeño, a procedencia das bruxas de diferentes partes do planeta e a colorida descrición do espazo, no que se desenvolve a historia. Así mesmo, destaca a mestura de elementos tirados das novas tecnoloxías nun ambiente "tradicional,... bruxeril", que fai que pasado, presente e futuro "teñan cabida xuntos". Sinala que o modo de enfoque da cámara invita a ter un punto de vista da realidade máis aberto e diferente, ademais de apuntar que nesta obra se suman todo un conxunto de atractivos, que incitan o lectorado a pasar un bo anaco.

Sierra i Fabra, Jordi, *Kafka e a boneca viaxeira* (*Kafka y la muñeca viajera*, 2006), Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2007, ilust. Minia Regos, trad. Carmen Torres París,Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 165, serie verde, a partir dos 12 anos, 2009, 157 pp. (ISBN: 978-84-9865-205-5). ■

Jordi Sierra i Fabra (Barcelona, 1947) mereceu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2007 con esta novela publicada coa subvención da Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas del Ministerio de Cultura. Para escribila inspirouse nun episodio real da vida do escritor existencialista, Franz Kafka, un ano antes da súa morte, acaecida no ano 1924. A historia conta como este autor checo, aínda que escritor en lingua alemá, enfermo e sumido na súa propia angustia existencial, atopa un día no parque berlinés de Steglitz unha nena, de nome Elsi, chorando desconsoladamente. Ao preguntarlle que lle pasa, esta cóntalle que perdeu á súa boneca Brígida. Para acougala, o escritor invéntase unha historia: non hai motivo polo que preocuparse, porque a boneca non se perdeu, senón que, simplemente, se foi de viaxe e que a través del, que é "o carteiro de bonecas", poderán estar permanentemente en contacto. E así durante tres semanas, Kafka lánzase polas noites con paixón a escribir unha carta para a nena de parte da súa boneca. Cada día vai ao parque para atoparse con Elsi e entregarlle unha carta de Brígida dende os lugares máis diversos do planeta, onde a boneca lle conta á nena todas as cousas que lle van sucedendo. Aos poucos o escritor gáñase a confianza da pequena e estabelécese unha estreita e entrañábel relación de complicidade entre ambos. A novela, sinxela, pero cargada de lirismo, mostra a necesidade que teñen os nenos de crer nun mundo no que aínda non existe para eles a desconfianza. Na cuberta, a ilustradora Minia Regos dispón debuxos de cartas arredor do protagonista para subliñar un aspecto moi significativo do relato. No interior hai imaxes salferindo as páxinas de debuxos que acompañan os textos.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Intercambio de ilusións", *A Nosa Terra*, n.º 1.386, "*Bule Bule*", 17-23 decembro 2009, p. [26].

Relátase como nesta novela de Jordi Sierra i Fabra se mostra a historia real que lle sucedeu ao escritor checo Franz Kafka cando, paseando por un parque, atopou unha nena chorando desconsolada porque perdera a súa boneca. Explícase que Kafka se fixo pasar por un carteiro de bonecas, escribíndolle á nena unha serie de cartas supostamente enviadas pola boneca durante tres semanas e así, o que empezou sendo unha mentira piadosa, converteuse nun reto cheo de ilusión para o propio escritor. Faise mención ás

ilustracións de Minia Rego que plasma cos seus debuxos a tenrura que envolve todo o texto.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 305, "Infantil/Xuvenil", 30 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega máis recente *Kafka e a boneca viaxeira*, de Jordi Sierra i Fabra, entre outras.

Slegers, Liesbet, *A durmir (Slapen, 2008)*, ISBN: 978-84-92404-52-0/*A xantar (Eten*, 2008), ISBN: 978-84-92404-53-7/*Vístome* (*Kleren,* 2008), ISBN: 978-84-92404-54-4/*O meu aniversario (Jarig, 2008)*, ISBN: 978-84-92404-55-1, ilust. da autora, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edelvives-Tambre, col. XURXO, n.^{os} 1/2/3/4, [prelectorado], 2009, [14] pp.

Colección formada por catro álbums nos que Liesbet Slegers (Bélxica, 1975) presenta as aventuras de Xurxo co obxectivo de familiarizar o lectorado cos nomes dos obxectos que o rodean e cos momentos importantes da súa vida diaria como a hora do xantar, a de durmir ou a de vestirse. Estas rutinas non só se poden seguir polo texto, senón tamén a través das ilustracións que, ocupando case toda a páxina, acompañan o breve relato. No primeiro volume desta colección, *A durmir*, Xurxo está aprendendo a rutina para ir á cama. O segundo título da colección, *A xantar*, presenta os obxectos necesarios para a hora do xantar. *Vístome*, é o terceiro volume desta colección e pretende familiarizar o lectorado, tanto coas distintas prendas que compoñen o seu vestiario habitual coma cos procedementos para levar a cabo a tarefa de vestirse de maneira autónoma. O último libro da colección titulado *O meu aniversario* mostra un momento importante da vida dos nenos: a súa festa de aniversario. O texto relaciona os distintos elementos propios das festas infantís (globos, bandeiriñas, agasallos, a torta…) coas súas correspondentes ilustracións. Estes libros preséntanse nunha edición de follas de cartón con ilustracións en todas as páxinas. Seguen sempre o mesmo esquema: na páxina da esquerda presenta un obxecto centrado sobre fondo branco e os textos, e na da dereita o protagonista co obxecto nunha ilustración de páxina enteira. As ilustracións de tipo figurativo, pero cun estilo infantil nas formas dos personaxes, presentan cores, moi saturadas. As formas están delimitadas por unha liña grosa de pintura negra e recheas de forma imprecisa con pintura espesa de cores.

Slegers, Liesbet, *Iago* (*Karel*, 2009), ilust. da autora, trad. Ignacio Chao, Vigo: Edelvives-Tambre, [lectorado autónomo], [44] pp. (ISBN: 978-84-92404-60-5).

Álbum infantil de Liesbet Slegers (Bélxica, 1975) que narra os primeiros anos dun neno chamado Iago. O narrador é o propio Iago, que conta a súa historia dende que estaba no ventre da súa nai até que un día vai durmir despois de ler un conto. O argumento do álbum básease nos momentos máis importantes da súa vida realizando diferentes accións como tomar o biberón, andar a gatiñas, xogar cos cubos, camiñar só e experimentando novas situacións como ir á escola ou ao hospital. O álbum ten tapas duras e papel satinado dun gramaxe alto. As gardas son de cores saturadas e teñen unha

pequena ilustración onde se amosa a Iago. O estilo é figurativo e as ilustracións teñen máis peso que o texto que, neste conto, serve de reforzo ás imaxes (é posíbel facer unha lectura exclusivamente visual). Emprega cores saturadas que ofrecen alto contraste cromático nas pinturas. A maioría das composicións son de páxina enteira e totalmente centradas no personaxe principal, pero tamén hai composicións con pequenos debuxos dispostos de forma secuencial. Na portada vemos unha fotografía da autora acompañada dun debuxo do protagonista.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Come e medra, apaña as estrelas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 785, "Cativadas", 1 novembro 2009, p. 7.

Presenta as propostas de Edicións Tambre para os máis novos. Comeza apuntando que con motivo do dez aniversario da colección protagonizada polo cativo *Iago* se publicou un álbum especial, no que se repasa a evolución deste personaxe. Refire que se trata dunha colección na que destacan as ilustracións que cualifica de "sinxelas e cheas de colorido". Apunta que neste volume se recuperaron fragmentos doutros números da colección e que esta serve para fomentar a lectura no prelectorado. Remata animando a empregar "un anaquiño" do tempo diario para ler porque é "unha oportunidade única para deixar voar a imaxinación".

Steffensmeier, Alexander, *Linda á espreita* (*Lieselotte lauert*, Patmos Verlag GmbH&Co. KG Sauerländer Verlag, 2006), ilust. do autor, trad. Mónica Góñez Silva, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2009, [26] pp. (ISBN: 978-84-9914-063-6).

Álbum do autor e ilustrador Alexander Steffnsmeier (Alemaña, 1977) que comeza coa dedicatoria: "A meus pais, por unha infancia relaxada e cerca das vacas". Nel relátase que a vaca Linda está impaciente cada mañá porque o que realmente lle gusta é asustar o carteiro para "escorrentalo da granxa", o que provoca que moitos paquetes se rompan, que a granxeira se enfade con Linda e que o carteiro teña pesadelos. Un día o carteiro decide levar un paquete á vaca pero acontece o de sempre, o paquete rómpese xa que Linda descoñece que o paquete é para ela e porque o carteiro non llo di até que foxe correndo perseguido pola vaca e rompendo a bicicleta do carteiro. O final da historia recorda o principio xa que a vaca Linda está impaciente mirando cara ao exterior da granxa á espera do carteiro, mais agora, ante a falta de bicicleta, a vaca sérvelle de axuda ao carteiro á hora de repartir as cartas. Na cuberta deste álbum aparece a protagonista á beira dun camiño e as gardas están salferidas de bocetos das figuras da historia. A técnica empregada é a acuarela e as imaxes son realistas e achegan moita información visual sobre a contorna dunha granxa. As cores son saturadas, moi contrastadas e xeran un ambiente alegre e agradábel. As composicións son de dobre páxina, cos textos inseridos nelas, adaptándose á forma dos espazos baleiros de imaxes e tendo algunhas composicións forma de viñetas. As imaxes predominan sobre os álbum, mais necesitan deles para poder seguir a narración.

Stilton, Geronimo, *O meu nome é Stilton, Geronimo Stilton* (*Il mio nome è Stilton, Geronimo Stilton*, 2000) (ISBN: 978-84-08-08799-1)/*Na procura da maravilla perdida*

(*Tutta colpa di un caffè con panna*, 2000) (ISBN: 978-84-08-08800-4)/*O misterioso manuscrito de Nostrarratus* (*Il misterioso manoscritto di Nostratopus*, 2000) (ISBN: 978-84-08-08801-1)/*Benvidos ao castelo da Rocha Rañicas* (*Benvenuti a Rocca Taccagna*, 2000) (ISBN: 978-84-08-08802-8), ilust. Larry Keys, trad. Isabel Soto, Barcelona: Editorial Planeta, Destino Infantil&Juvenil, n.os 1/2/3/4, [lectorado autónomo], setembro 2009, 110/116/115/116 pp.

Serie que recolle as aventuras narradas por Geronimo Stilton, un rato que traballa como director do xornal *O Eco do Roedor*, o máis importante do país de Raticia, na compaña da súa irmá Tea, o seu curmán Trampán e o seu sobriño Benxamín. No primeiro título, *O meu nome é Stilton, Geronimo Stilton*, Geronimo decide buscar unha axudante que o libere da súa enorme carga de traballo e por non se concentrar no que está facendo e non poñer atención ás advertencias da súa secretaria Ratonila, acaba contratando a Pinky Pick, unha espelida rapaza de catorce anos. A chegada de Pinky á redacción pon patas arriba a vida de Geronimo que, arrastrado polo ímpeto da rapaza, mesmo acaba pasando a Noitevella no Polo Norte. *Na procura da marabilla perdida*, Stilton namórase dunha enigmática ratiña, Provoleta, e para demostrarlle que é un tipo interesante, déixase enredar por Tea, Trampán e Benxamín nunha viaxe á Illa Bolboreta para descubrir o Val dos Queixos e a Oitava Marabilla. N'*O misterioso manuscrito de Nostrarratus*, Pinky e mais seu tío Rateiro Van Ratten arrastran a Stilton á Feira do Libro de Ratoforte. Unha vez alí ofrécenlle a edición dun misterioso manuscrito que contén as profecías do ilustrísimo roedor Nostrarratus nas que se revela a data exacta da fin do mundo. En *Benvidos ao castelo da Rocha Rañicas*, Stilton, Tea, Benxamín e Trampán acoden á voda do seu parente Bertón con Cloaquiña Mofeta-Fedorenta, invitados por seu tío Esmilordo. No castelo da Rocha Rañicas descobren as múltiples estratexias de aforro de Esmilordo. Os textos, nos que se utilizan distintas tipografías para reforzar algunhas palabras e expresións, van acompañados de ilustracións de Larry Keys. As ilustracións nestes libros teñen grande importancia, xa que non só os debuxos son necesarios para seguir as narracións senón tamén teñen importancia visual os xogos coa tipografía e coas imaxes transparentes sobre os textos. O estilo é figurativo e amósanse uns ratos con aspecto simpático en actitudes antropomórficas. As imaxes están salferidas entre os textos, ás veces grandes, de páxina enteira, e outras son debuxos pequenos que obrigan aos textos a adaptarse a elas. A tipografía presenta múltiples variacións, con palabras de cores, con palabras de maior tamaño, con liñas que se inclinan ou se ondulan, con moitos símbolos, etc. facendo unhas páxinas atractivas visualmente. A técnica empregada é a acuarela e as cores son saturadas, alegres e contrastadas.

Ugalde, Felipe, *Un gran soño* (*Un gran sueño*, 2009), II Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, ilust. do autor, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], outubro 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-8464-655-6). ■

Álbum ilustrado de temática fantástica de Felipe Ugalde (Cidade de México,1962) que conta en terceira persoa a historia dun crocodilo que dende que era pequecho tiña o gran soño de ser alguén importante na vida, de medrar e non pasar inadvertido e que tras moito esforzo o conseguiu. A metáfora desta historia é que se se loita polos soños, a pesar de que no camiño se atopen dificultades, ao final conséguense. Neste álbum ilustrado de Felipe Ugalde o texto é moi reducido, ás veces só hai unha palabra, e a

narración recae nas imaxes. As ilustracións son sinxelas, están centradas na figura do crocodilo protagonista e as cousas que lle ocorren e transmiten unha imaxe amábel e simpática do animal. Os fondos son moi simples con grandes espazos onde colocar as enormes letras das palabras. A historia non se entendería sen as ilustracións. As cores das pinturas son fundamentalmente azuis, verdes e amarelas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Atinxir a fama", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "*Bule Bule*", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 26.

Refírese ao álbum de Felipe Ugalde, destacando que mereceu o Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados que convocan Kalandraka e o Concello de Santiago. Comenta que texto e imaxe se complementan neste relato simbólico ao redor do desexo de alcanzar a fama, ser importante no mundo e deixar unha pegada persoal. Apunta que a trama conta cun desenvolvemento lineal, cun crocodilo como protagonista, e que o autor utiliza unha grande expresividade na linguaxe verbal e na plástica.

Referencias varias:

- Felipe Ugalde, "Un gran soño", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Relato infantil", 7 novembro 2009, p. 4.

Reprodúcese un fragmento d'*Un gran soño*, álbum escrito e ilustrado por Felipe Ugalde.

Urcaray, Alberto, *Boca de arame* (*Boca de alambre*), adapt. ao galego Irene Penas Murias, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Ler e Vivir, serie verde, a partir de 8 anos, 2009, [60] pp. (ISBN: 978-84-403-1111-5).

Conto infantil de Alberto Leonardo Urcaray (Arxentina) no que de modo realista Alicia, a nena protagonista, relata en primeira persoa por medio dun diario o seu terríbel complexo. Todo comeza cando os tíos de Alicia lle regalan o diario no que relata as súas vivencias durante case vinte días. Grazas a estes escritos, descóbrese que Alicia sofre bulras e mofas por parte de dous dos seus compañeiros até o punto de que todo o colexio a coñece co nome de "Boca de arame", pois emprega ortodoncia para colocar os dentes. Súa nai decátase do problema que está a sufrir Alicia e acode a falar coa mestra, quen reparte a cada alumno unha carta cos problemas que teñen algúns nenos. Ao día seguinte, aparecen tanto David como Xabier con arames nos dentes e coa cabeza rapada, respectivamente. Durante toda a historia Alicia recibe o apoio de Inés e Manuel, os verdadeiros compañeiros e amigos que ten. As ilustracións son do mesmo autor dos textos e dende a cuberta xa suxire que a historia trata dun neno con aparato nos dentes. No interior as ilustracións a dobre páxina acompañan a historia con imaxes realistas, cun deseño infantil das figuras e das descricións dos espazos, empregando a técnica de lapis de cores.

Valdivia, Paloma, *Os de arriba e os de abaixo* (*Los de arriba y los de abajo*, 2009), ilust. da autora, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], maio 2009, [35] pp. (ISBN: 978-84-8464-691-4).

Ábrese e péchase o volume co paratexto do "Mapa de Os de arriba e os de abaixo", seguido dunha dedicatoria: "Á miña tía Margarita que vivía abaixo; agora estará cosendo enriba. A Michael Nyman (este conto ten a súa banda sonora)". A escritora e deseñadora Paloma Valdivia (Chile, 1978) trata nesta obra a relación entre os habitantes de dous mundos paralelos que transcorren arriba e abaixo. Deste xeito o lectorado pode ler o libro do dereito e do revés ou incluso mesturando ambas posibilidades. Preséntase polo tanto a igualdade entre os homes, a diversidade cultural, as diferenzas entre continentes, etc. A ilustración da cuberta amosa uha liña que separa os de arriba dos de abaixo cun xogo que consiste en invertir os protagonistas, segundo sexan de arriba ou de abaixo. As ilustracións interiores repiten a liña horizontal, que parte a composición pola metade distribuíndo as figuras a un lado e a outro. É posíbel a lectura só polas imaxes que xogan co concepto das antípodas e os seus habitantes, cun estilo de formas moi simples, estilizadas e que se amoldan e retorcen para adaptarse ás composicións. As figuras teñen un aspecto simpático e alegre e as cores limítanse ao vermello, verde e ocre, ademais de apareceren o branco e negro.

Ventura, Antonio, *Un conto de cegoñas*, ilust. Leticia Ruifernández, trad. Francisco Castro, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], maio 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-9865-181-2).

Antonio Ventura (Madrid, 1954) recrea a historia de dúas cegoñas pequenas que coñecen unha das verdades máis secretas que se lles din aos nenos: a procedencia real dos bebés. As dúas cegoñas fillas vense vencidas pola intriga que lles provoca as palabras de súa nai, que lles anuncia que pola noite, reunida toda a familia, dirá algo importante. Esta noticia, que non adiviñan, consiste en explicar a verdadeira procedencia dos bebés, algo que non lles sorprende e arrinca un sorriso. As ilustracións de Leticia Ruifernández (Madrid, 1976) son indispensábeis para a narración. A técnica da acuarela, aplicada cuns trazos soltos e expresivos, que configuran unhas formas abertas, e os tons azuis e ocres dominan a imaxe e dótana de lirismo. Na cuberta aparecen dúas cegoñas e un niño. Nas gardas aparece unha imaxe da Torre Eiffel, facendo un xogo visual coa convención de que os nenos veñen de París. Este álbum de gran formato ten unha apertura pouco convencional pois, tanto a imaxe con composicións alongadas e verticais coma o texto, teñen orientación vertical e non horizontal.

Recensións:

- Ramón Nicolás, "Contos para primeiros lectores", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 322, 18 xullo 2009, p. 14.

Analiza dous volumes para ser lidos durante o verán, que comparten o feito de seren álbums ilustrados e utilizaren como motivos alegóricos elementos tirados da natureza. Trátase d'*A araña e mais eu* e *Un conto de cegoñas*. En relación ao segundo, salienta o labor do autor e da ilustradora, ademais de cualificar de "afortunada" a tradución de

Francisco Castro. Repara no gran formato e no "fantástico cromatismo e viveza" das ilustracións, e no "fondo lirismo expresivo" do texto. Destaca os temas que aborda e o "pouso irónico" que cualifica de "un chisco subversivo, se se quer irreverente" que o dota de "atractivo".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 308, "Libros", 12 novembro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de obras literarias, caso d'*Un conto de cegoñas*, de Antonio Ventura, entre outras.

Voltz, Christian, *Onde está?* (*Il est où?*, 2007), ilust. do autor, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], xaneiro 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-8464-689-1).

Este volume do escritor e ilustrador Christian Voltz (Estrasburgo, Francia, 1967) comeza coa dedicatoria "Para o señor Anatole, que me pregunta duascentas veces ao día: "Onde está...?", pregunta que se repite constantemente ao longo do relato, estabelecendo a través dela un xogo circular de adiviñas co lectorado. Presenta pouco texto e de gran brevidade, cun predominio total das ilustracións. O xogo de adiviñas consiste en mostrar uns elementos soltos (pedra, pelos, arames, remaches, anaco de ferro...). Estes, ao longo do texto, para responder á pregunta Onde está?, van cambiando de situación e formando unha figura humana até o momento en que se consegue ver o obxecto que se buscaba, un botón. O volume remata coa mesma imaxe do comezo na que se vían todos os elementos xuntos, ocultando o obxecto polo que se interroga repetitivamente onde se atopa. As ilustracións do propio escritor son fotografías deses elementos coas que se xoga a adiviñar. Na cuberta destaca o título en branco sobre o vermello do fondo, un pequeno personaxe feito cun botón branco e unha pedra. A interrogante queda aberta polo título e mais polas imaxes. As gardas teñen a textura do papel de empapelar pintado de cor amarela que vai ser o fondo de todas as páxinas do libro. As composicións son a dobre páxina e seguen unha pauta sempre igual: sobre un fondo uniforme distínguese unha liña recta que separa o plano vertical do horizontal e sobre este escenario vanse fotografar uns obxectos cuxa composición é a que xerará a narración. Eses obxectos xa citados vanse converter nun boneco que é o que está buscando o pequeno personaxe da cuberta, quen fai a pregunta ao redor da cal xira o conto. As imaxes son simples pero moi efectivas e poderosas visualmente xa que van dirixindo a narración cíclica. As cores son cálidas e as formas amábeis, xa que os dous personaxes teñen un aspecto simpático.

Recensións:

- Paula Fernández, "Reciclaxe e reutilización", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Infantil/Xuvenil", 30 abril 2009, p. VII.

Faise un comentario do libro *Onde está?*, de Christian Voltz. Dise que se trata dun libro lúdico dirixido aos primeiros lectores, que emprega a estrutura repetitiva e que o

personaxe principal xorde “da conxunción de diferentes materiais que se reciclan”, pois unha pedra, uns botón, uns anacos de madeira e uns arames serven para crear un boneco. Faise ver o compromiso do autor coa natureza e a súa conservación.

Vries, Anke de, *Grisela* (*Grijsje*, 2001), ilust. Willemien Min, trad. Arianne Faber e Pilar Martínez, Pontevedra: Faktoría K de Libros, [lectorado autónomo], xuño 2009, [26] pp. (ISBN: 978-84-96957-68-8).

A escritora Anke de Vries (Inglaterra, 1936) publica este álbum narrado en terceira persoa e moi álbum, no que pretende que o lectorado descubra a importancia de ser un mesmo. A rata Grisela está triste e decide mudar a súa cor para mellorar o seu estado de ánimo pero non o consegue. Píntase dunha cor diferente cada vez e fala cun animal desa cor que se ri dela até que finalmente fala cunha rata semellante a ela e poden xogar felices. Este álbum está ilustrado por Willemien Min (Holanda, 1956) en formato de tapas álbum, que conta cunha ilustración na cuberta que anticipa o tema do relato, coa figura da ratiña protagonista cun bote de pintura e coloreada de diversas cores. As ilustracións a dobre páxina, ligadas ao texto de xeito que facilitan a súa lectura, céntranse na ratiña protagonista cunhas imaxes coloristas que destacan sobre o fondo branco das páxinas e empregan unha técnica mixta de pintura, recortes de papel e trazos de lapis. O estilo figurativo utilizado presenta unha simplicidade de formas que, non obstante, non lles resta expresividade aos protagonistas.

Vukotic, Milan, *O príncipe das sombras* (*Der Schattenprinz*, K. Thienemann Verlag, 1999), ilust. Pablo Otero, trad. Cristina Ferradás, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Seteleguas, [lectorado autónomo], marzo 2009, 125 pp. (ISBN: 978-84-8464-713-3).

Milan Vukotic (Belgrado, 1946) escribe unha novela curta dividida en trinta e nove capítulos, dos que o primeiro, “Un día antes”, e o último, “Un día despois”, son respectivamente a apertura e peche da narración para indicar a súa cronoloxía. A historia baséase nunha lenda que o avó do escritor lle contou cando era pequeno, como relata a modo de prólogo o escritor. Trata dun neno que aínda non cumpriu os dez anos e conta, en primeira persoa, como dous días antes do seu aniversario vai ir á ópera cos seus pais. Entra no teatro ás agachadas e descobre un pequeno neno, todo cuberto de roupa, que se presenta como o príncipe das sombras, que lle conta a historia de Iola, unha princesa atrapada nun cadro por culpa do monstro Trescabezas que conquistara a cidade a causa das disputas internas dos habitantes da súa vila, a Cidade Feliz, polos nove obxectos máxicos que un visitante anónimo, ao que chamaban o Gran Mestre, levara. O Trescabezas, segundo unha voz anunciara, só sería derrotado por un rapaz humano que non cumprira os dez anos. O protagonista consegue superar unha serie de probas complexas, pasando moitas aventuras e peripecias, rescatar os nove obxectos, resolver unha adiviña e liberar a Iola. Cando volve ao seu mundo entérase de que a ópera que se ía estrear se titula *O Príncipe das Sombras*. A novela está ilustrada por Pablo Otero (Ourense, 1970) cun estilo surrealista. No interior hai unha pequena imaxe ao rematar os capítulos e de cando en vez unha imaxe grande, de páxina enteira, que ilustra algunha escena importante da narración. A técnica empregada varía: predomina a pintura pero tamén hai composicións con papeis recortados ou fotografías de cartóns pintados. As cores son contrastadas e sobre todo vense vermellas, azuis e verdes. A relación entre as imaxes e os textos é de tipo conceptual.

Recensións:

- Marta Otero, "Fantasía sobre talento", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 311, 9 maio 2009, p. 13.

Coméntase esta novela do serbio Milan Vukotic, ilustrada polo galego Pablo Otero. Dise que o libro trata dunha misteriosa criatura que vive moi preto das casas deshabitadas, e que é neste mundo de sombras onde os nenos "deixan voar" a súa imaxinación.

VII.1.5. ANTOLOXÍAS

VV. AA., *Chronicles of the End of the Earth. Galician Writers of Children's and Young Adults's Narrative Literature*, ilust. Xan López Domínguez, trad. Paula Iglesias Corrales, limiares Manuel Filgueiras, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte/GÁLIX, 2009, 93 pp. (DL: VG 339-2009). ■

Edición en inglés dunha antoloxía composta por fragmentos de narracións de dez recoñecidos escritores galegos como son Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), An Alfaya (Vigo, 1964), Fina Casalderrey (Xeve, 1951), Antón Cortizas (Ferrol, 1954), Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), Paco Martín (Lugo, 1940), Xosé A. Neira Cruz (Compostela, 1968), Xabier P. Do Campo (Rábade, 1946), Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) e Marcos S. Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968). O volume presenta a mesma estrutura en cada capítulo, que se inicia coa biobibliografía do autor seguida do fragmento dunha das súas obras. A escolma vén precedida de dous limiares, "Tales of a Country" e "Chronicles of the End of the Earth", asinados por Manuel Filgueiras, presidente de Galix, que fan fincapé no desexo de espallar a nivel internacional a literatura galega como unha literatura plural e sen fronteiras a cabalo entre a fantasía e o realismo. Os fragmentos escollidos proceden das seguintes obras: *A cabeza de Medusa* (2008), de Marilar Aleixandre (pp. 12-17); "O marmelo" (inédito), de An Alfaya (pp.18-25); *O misterio dos fillos de Lúa* (2002), de Fina Casalderrey (pp. 26-34); *O merlo de ferro* (1995), de Antón Cortizas (pp. 36-43); *Lúa de Senegal*, de Agustín Fernández Paz (pp. 44-50); *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín (pp. 52-58); *Un bico de amor e vida* (2009), de Xosé A. Neira Cruz (pp. 60-68); *O libro das viaxes imaxinarias* (2008), de Xabier P. Do Campo (pp. 70-76); *Chinto e Tom* (2003), de Gloria Sánchez (pp. 78-85); e *Rinocerontes e quimeras* (2006), de Marcos S. Calveiro (pp. 86-93).

VII.2. POESÍA

VII.2.1. POETAS GALEGOS

Babarro, Xoán, *Do A ao Z con... Pondal*. *Clásicos en voces contemporáneas*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, a partir de 10 anos, 2009, [62] pp. (ISBN: 978-84-403-1113-9).

Poemario composto por vinte e tres poemas de Eduardo Pondal (Ponteceso, A Coruña, 1835-A Coruña, 1917), reescritos por Xoán Babarro (Calvelo de Maceda-Ourense, 1947) cun peculiar estilo poético no que crea este "abecedario pondaliano". O título do poemario acena a que as letras iniciais dos títulos dos poemas seleccionados conforman o abecedario galego. O libro comeza con dúas dedicatorias, unha do autor do libro e outra do ilustrador, e un poema introdutorio de Gonzalo López Abente para rematar cun glosario das "voces de Pondal", onde se explican brevemente os poemas reescritos. Todos os poemas xiran ao redor de Galicia. As terras de Bergantiños, Soneira, Xallas e Fisterra sérvenlle á voz poética de marco xeográfico para falar de temas épicos, nos que lembra a guerreiros e heroes e recrea o pobo celta como símbolo dos galegos actuais. A estética destes poemas seméllase á da composición "Os pinos" (himno galego), en especial a dos poemas titulados "Bergantiños", "Celtas", "Gundar" e, sobre todo, "Queixumes" (este é propiamente unha reelaboración que fai Xoán Babarro do poema "Os pinos"). Estes textos complétanse coas ilustracións figurativas de Suso Cubeiro (A Coruña, 1954). A técnica empregada é a acuarela e as formas son expresivas con manchas soltas que xeran imaxes sutís, poéticas e evocadoras. As tonalidades transparentes das pinceladas augadas son frías e cálidas en función das necesidades do poema.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Decembro chega, pon cara de bo, bota un ollo e prepara a lista", *Galicia Hoxe*, "Lecer", n.º 789, "Cativadas", 29 novembro 2009, p. 10.

Con motivo da proximidade do Nadal, ofrécese un percorrido polas novidades editadas por Everest Galicia. No epígrafe dedicado a rapaces de dez anos en diante, cítase, dentro da colección "Clásicos e voces contemporáneas": *Do A ao Z con... Rosalía*, de Ana María Fernández e Javi Montes e *Do A ao Z con... Pondal*, de Xoán Babarro e Suso Cubeiro.

Baz, Carmen, *Érguete!*, ilust. Marta Rivera Ferner, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Ler e Vivir, serie vermella, a partir de 6 anos, 2009, [50] pp. (ISBN: 978-84-403-1114-6).

Poemario de Carmen Baz no que se conta como se debe comportar un neno calquera en todas as actividades que realiza durante o día e nas relacións coas persoas da súa contorna, de xeito que ofrece unha serie de normas de respecto e pautas de comportamento para facer a vida máis agradábel e divertida. Nel trátanse dun xeito breve, sinxelo e con toques de humor, os valores que deben de ter os nenos e de como

estes os deben aplicar no medio social e/ou cultural. Está composto por trinta e cinco estrofas de catro versos (que teñen unha rima asonante nos tres últimos versos quedando libre o primeiro). Neles emprégase unha linguaxe sinxela que se complementa e amplía coas ilustracións de Marta Rivera Ferner (Santa Rosa, Arxentina), que emprega cores frías ou cálidas, segundo o momento do día no que estea acontecendo o fragmento da historia versificada. Estas ilustracións feitas sobre unha mestura de fotomontaxe e debuxo axudan a imaxinar outros ambientes próximos ao mundo real.

Castaño, Yolanda, *Cando eu saiba ler*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [prelectorado e lectorado autónomo], 2009, [24] pp. (ISBN: 978-84-9865-171-3).

Segunda incursión na literatura infantil de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977), na que se intenta familiarizar o lectorado coas letras e amosar a relación entre a lectura e a escrita a través dunha estrutura reiterativa e circular de espírito lúdico. Está formada por vinte e sete composicións moi sinxelas en letra cursiva baseadas na musicalidade, o ritmo e a rima moi marcados. Tras composicións introdutorias nas que se propón a descuberta da lectura e da escrita, a voz poética chama por elementos da natureza que conteñen o *a*, o *e*, o *i*, o *o* e o *u* para dar lugar a novas palabras que conforman textos sempre sorprendentes. As ilustracións introducen o lectorado en diferentes contornas, cuns personaxes figurativos co estilo personal de Xosé Tomás (A Coruña, 1971): formas corporais redondeadas e dinámicas, imaxes tratadas con ordenador e formas volumétricas cunha liña negra que as rodea. Os diferentes escenarios recrean as imaxes poéticas nun percorrido visual polas ilusións da nenez.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Aprender a ler", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "*Bule Bule*", 30 abril-6 maio 2009, p. 30.

Sinálase que a Editorial Galaxia sacou á luz unha nova entrega da colección "Tartaruga", nesta ocasión trátase do "fermoso" poemario *Cando eu saiba ler*, de Yolanda Castaño. Precísase que a obra está destinada aos máis cativos, para que estes aprendan a modo de xogo as cinco vogais a través de diferentes elementos da natureza. Saliéntase o emprego da estrutura breve e a sonoridade nas composicións e as "vivas e tenras" ilustracións de Xosé Tomás que conforman unha "lectura plástica paralela".

- Pilar Fernández, "Poemas estimulantes", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 291, "Libros Infantil/Xuvenil", 16 maio 2009, p. VII.

Indícase que Yolanda Castaño acaba de publicar un novo poemario para nenos, *Cando eu saiba ler,* que conta con ilustracións de Xosé Tomás. Coméntase que ao longo das vintesete composicións mantén a musicalidade e o ritmo que xa presentara en *Punver*, pero que se afasta do contido que, neste caso, se centra nas vogais e na sinxela asimilación das mesmas a partir de palabras xa coñecidas polos cativos, motivando aos lectores a unir letras e recoñecer palabras e incluso a compoñer poemas. Por último, saliéntanse as ilustracións con liñas redondeadas e a vivacidade plástica.

Referencias varias:

- Yolanda Castaño, "Días (des)debuxados", *Galicia Hoxe*, "A contra", 3 maio 2009, p. contracuberta.

Anuncia que vai presentar o seu novo libro, *Cando eu saiba ler*, no FNAC o sábado 25 de maio. Sinala que o ilustrador do libro, Xosé Tomás, tamén vai estar presente no "lanzamento do poemario infantil", así como se fai eco dunha actividade de animación á lectura que van levar a cabo.

- S. J., "Castro afirma que os personaxes das novelas xuvenís son irreais", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 20 maio 2009, p. 70.

Coméntase que co gallo da Feria do Libro de Lugo tivo lugar unha conversa entre Francisco Castro e Manuel Darriba sobre os tabús na literatura e tamén sobre a obra *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro. Finalmente, coméntase a presentación do libro dirixido a prelectores, *Cando eu sabía ler*, de Yolanda Castaño, articulado a partir de poesías que traballan as vogais e a musicalidade das palabras.

- Amaia Mauleón, "Yolanda Castaño y Xosé Tomás le piden la 'i' al grillo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 23 maio 2009, p. 49.

Indícase que co gallo da presentación do seu novo libro, *Cando eu saiba ler*, Yolanda Castaño e o ilustrador Xosé Tomás se deron cita na Casa do Libro de Vigo para achegar este poemario aos máis cativos. Precísase que neste traballo conxunto a autora lerá os poemas destinados a que os rapaces aprendan as vogais e que Xosé Tomás lles dára "vida" por medio dos seus debuxos, co que se pretende ademais que os cativos vexan o proceso de creación das ilustracións.

- Margarito Flowers, "Una feria literaria con abundancia de vips", *El Correo Gallego*, "Gente a la última", 2 setembro 2009, contracuberta.

Dá conta dos asistentes á feira do libro de Monforte celebrada na última fin de semana de agosto: a poetisa Yolanda Castaño para promocionar a súa última obra infantil, *Cando eu saiba ler*, quen estivo acompañada polo ilustrador do poemario Xosé Tomás. Indica que o pregón correu a cargo de Xosé Neira Vilas e destaca outros escritores que tamén promocionaron as súas obras.

Castaño, Yolanda, *Punver de volta*, ilust. Eduardo Hermida, Vigo. Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2009, [36] pp. (ISBN: 978-84-9865-247-5).

Historia rimada de Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) sobre Punver, o xa coñecido protagonista da especie dos "punki-vermiños", que se caracteriza por un terríbel despiste e que presenta unha dedicatoria a Berio, Mati, Yago e Adriana para que non esquezan a súa lingua. Como resultado, trabuca a roupa para se vestir, bota sal aos pasteis ou recibe lebre por gato, traendo das compras tres croios pesados. Todo isto acompañado sempre do retrouso "vas esquecer a cabeza!" dos seus coñecidos. En verso de nove sílabas e rima asonante compóñense as aventuras, esquecementos, soños ou respostas de Punver cun sorriso perpetuo, até chegar con el á perrucaría. Alí, a onde se achegara para recortar as puntas da súa longa crista, constátase o que todos viñan

anunciando coa sorpresa do barbeiro: con tanto querer recordar e tanto ir ás presás, Punver esquecera a cabeza. O texto de Yolanda Castaño e as imaxes de Eduardo Hermida intégranse nas páxinas desta historia, recreándose o xogo combinatorio de letras, cores e formas. As imaxes caracterízanse por unha posta en escena contemporánea e innovadora de carácter minimalista, combinan unha estética figurativa con xeometrías e fondos abstractos de cores planas e brillantes, estando feitas cunha técnica mixta, mediante a mestura, a fotomontaxe, os retoques a ordenador e a técnica acrílica.

Castro, Juan (coord.), *Cun lirio branco no peito*. *XXXVI Premios Literarios* "*Minerva*" *2008*, limiar de Agustín Fernández Paz, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos, 2009, [108] pp. (DL: C 123-2009). ◆

Acóllense neste volume os poemarios e relatos gañadores dos XXXVI Premios Literarios "Minerva" 2008, precedidos por un limiar de Agustín Fernández Paz, quen tamén actuou como vogal do xurado na modalidade de narración. Este comenta que despois dunha traxectoria de vinte e cinco anos de escritor deuse conta de seis certezas. Cre que a primeira é que as persoas necesitamos historias e que estas formaron unha parte moi importante na súa nenez. Sinala que a segunda é que lle gusta escribir pero o que máis lle gusta é ler o que escriben outras persoas e que *A illa misteriosa*, de XulioVerne, foi a novela con que seu pai, nos anos cincuenta, lle contaxiou o seu entusiasmo polas historias gardadas nos libros, xa que pensa que neles están todos os sentimentos e experiencias das persoas. Di que a terceira certeza é que un escribe para crear un mundo autónomo, orixinal e irrepetíbel e a lectura permite tamén entrar nese mundo. Comenta que a cuarta certeza é que o proceso creativo ten unha dimensión universal polo que escribe dende o centro do mundo e desexa que os seus libros se expandan en círculos concéntricos: primeiro busca os lectores do seu país e logo os da periferia mundial e que o que máis lle doe son os atrancos para chegar á xente nova de Galicia e cre que só se pode ser universal dende as propias raíces. Opina que a quinta certeza é que escribe cos fíos da infancia e da vida, reflectidas nos personaxes e no mundo do libro e o que escribe é unha extensión del mesmo, das súas ideas, experiencias, sentimentos e obsesións. A última certeza que el percibe é que os libros teñen a capacidade de cambiarnos a vida e o mundo porque para cambiar a sociedade fai falta xente creativa. A continuación aparecen as seguintes composicións poéticas:

- Diana Iglesias Mato, "Cun lirio branco no peito", Primeiro Premio de Poesía, pp. 21-27.

Poemario composto por tres composicións numeradas con romanos nas que destaca a tristura e melancolía. A primeira composición trata sobre o paso do tempo, sobre a nostalxia dun tempo anterior. A segunda trata un tema tan actual como a anorexia dende o punto de vista do amante da persoa enferma. A última composición é unha elexía onde se lamenta a perda dun ser querido.

- Rosa C. Piñeiro Fariña, "A vida polo lonxe", Segundo Premio de Poesía, pp. 29-35.

Poemario que contén tres composicións tituladas. A primeira, "Vida de invernadoiro", ten múltiples metáforas da natureza e fala dun amor imposíbel. A segunda, "A vida que quixeron", conta que queren que ela sexa alguén na vida, como a que ela mesma

asasinou. O último poema, "Verbas en vida", relata a vida dunha muller dende que nace até que morre.

- Celia Parra Díaz, "Metamorfose rítmica", Terceiro Premio de Poesía, pp. 37-45.

Poemario que consta de tres poemas numerados con romanos e cheos de onomatopeas. O primeiro poema compara a música co mar e a poesía, ten unha disposición gráfica moi vangardista e a primeira letra de cada verso, e ás veces a última, forman unha palabra ao longo da estrofa. O segundo poema é moi sonoro, ten moito ritmo e é moi colorista. No terceiro xógase coa música, polo que se escoita un son grave, o latir do corazón, e outro agudo, o son do sangue, pero sobre todo o que se escoita é o silencio.

- Pablo Lourido Fernández, "Solis Dies", 1º Áccesit de Poesía, pp. 47-54.

Neste poemario aparecen tres poemas titulados. No primeiro, "08: 57 – Luzada", hai unha descrición de imaxes que se van sucedendo como fotografías. No segundo, "18: 36 – Solpor", o eu poético describe ao ti cuxo corpo estragou o paso do tempo, pero a pesar de estar case morrendo quere que bailen xuntos un tango en París. O terceiro, "23: 59 – Noite Pecha", está dividido en tres partes que comezan e rematan cun verbo.

- Jaime Pereira Maroto, "Soños do silencio", 2º Áccesit de Poesía, pp. 55-61.

Consta de tres composicións sen título. A primeira céntrase nunha natureza seca, sen vida e na que parece que o tempo se parou. A segunda está dividida en dúas partes numeradas con romanos: ao principio aparece unha natureza falta das súas características das que foxen e despois esas persoas que fuxiron van para a vía láctea que lles dá refuxio. No terceiro poema a noite agarda o ti poético na outra banda do río.

- Mónica Prieto Giráldez, "Triloxía sen título", 3º Áccesit de Poesía, pp. 63-69.

Presenta tres poemas numerados. Nos dous primeiros o primeiro verso está escrito en inglés e o eu poético lembra un amor do pasado. O terceiro fala do final do eu poético.

Recensións:

- Román Raña, "Vizosa colleita", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 293, "Libros", 4 xuño 2009, p. VI.

Fai referencia ao volume que recolle os Premios Literarios Minerva de 2008, certame convocado polo colexio Peleteiro de Santiago, onde os escritores son moi novos e achegan os seus primeiros escritos. Indica que o título da obra é *Cun lirio branco no peito*, con prólogo de Agustín Fernández Paz e publicada por Galaxia. A continuación, cita os nomes dos autores líricos (Diana Iglesias Mato, Rosa C. Piñeiro Fariña, Celia Parra Díaz, Pablo Lourido Fernández, Jaime Pereira Maroto e Mónica Prieto Giráldez) e comenta o seu estilo literario.

Cortizas, Antón, *Contín Contón*, ilust. Leandro Lamas, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, [prelectorado e lectorado autónomo], decembro 2009, [22] pp.(ISBN: 978-84-92644-14-8).

Conto rimado de Antón Cortizas (Ferrol, 1954) que transcorre por medio dunha adiviñanza. O protagonista vai preguntándolles a outros animais (lobo, corvo e sapo) que atopaba pola fraga se sabían quen era, pero ningún lle quería dicir nada porque senón xa terminaba o conto. Finalmente, unha nena que estaba nunha xanela da escola gritou: " Oh, mirade, un esquío, é un esquío!". Foi entón cando o protagonista soubo quen era e termina o conto.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Este Nadal o aloumiño será tan grande coma un sopro de xigante", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 792, "Cativadas", 20 decembro 2009, p. 5.

Informa da produción de Literatura Infantil e Xuvenil de Edicións Embora, a partir de seis das súas publicacións, entre as que salienta: *Contín contón*, de Antón Cortizas Amado, que acaba de saír do prelo. Dise que é unha "divertida historia dun animaliño que come landras" e recoméndase como agasallo de Nadal.

Fernández, Ana María, *Do A ao Z con...Rosalía*. *Clásicos en voces contemporáneas*, ilust. Javi Montes, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, a partir de 10 anos, 2009, [58] pp. (ISBN: 978-84-403-1112-2).

Poemario infantil de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) que presenta dúas dedicatorias no seu inicio, unha da autora a Esther Lodeiro, e outra do ilustrador a Erundina, Marisa e Silvia; así como un pequeno poema de Manuel Curros Enríquez. Aborda temas relacionados coa Galicia de Rosalía como son a contorna, a liberdade e a paz, entre outros. A autora ofrece un poema por cada letra do abecedario que tratan algún feito ou aspecto salientábel da vida de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), co que intenta dar a coñecer e achegar ao lectorado a vida e o mundo poético da autora do Sar. Nos poemas emprega as maiúsculas para presentar a palabra que lle dá título a cada un. Conta con ilustracións de Javi Montes (A Coruña, 1975) e a imaxe da cuberta suxire sentimentos poéticos coa disposición dun libro enriba de follas secas e cunha rosa. As cores son cálidas e non moi contrastadas como ocultas pola brétema. As imaxes fan referencia a lugares presentes nas poesías, polo que regatos, vales, outeiros ou follas acompañan visualmente as composicións.

Referencias varias:

- Romina Bal, "Decembro chega, pon cara de bo, bota un ollo e prepara a lista", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 789, "Cativadas", 29 novembro 2009, p. 10.

Con motivo da proximidade do Nadal, ofrécese un percorrido polas novidades editadas por Everest Galicia. No epígrafe dedicado a rapaces de dez anos en diante, cítase, dentro da colección "Clásicos e voces contemporáneas": *Do A ao Z con... Rosalía*, de Ana

María Fernández e Javi Montes e *Do A ao Z con... Pondal*, de Xoán Babarro e Suso Cubeiro.

Ferrer, Ánxeles, *Dunha vez era... unha montaña*, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Ler e Vivir, a partir de 6 anos, 2009, [48] pp. (ISBN: 978-84-403-1109-2).

Escrito por Ánxeles Rodríguez Ferrer (Valdeorras-Ourense, 1957), este relato fantástico en verso trata temas como o amor, a natureza ou o respeto. Comeza cunha dedicatoria ao avó da escritora e remata cun epílogo, no que refire brevemente a súa vida e explica por que escribiu este conto. O argumento xira ao redor dunha montaña chamada Llum, que vive moi feliz próxima dunha cidade e rodeada de nenos, até que un día empezan a escavar nela e a bater as súas árbores na procura dun tesouro. Vai minguando e nela non quedará nada máis que unha pequena flor. Llum soña con volver ser unha montaña, mentres noutro lado do mundo unha rapaza ve feliz como crece unha pequena montaña preto do seu pobo. Pasa un tempo e chega xunto a Llum o Mago Camiñante que colle a flor e a leva onde vivía a rapaza, plantárona na montaña e chamaron a choiva e o sol para que a axudase a medrar. O Mago Camiñante despediuse e a rapaza prometeulle a Llum que o seu pobo non lle faría ningún dano. Llum creceu feliz e contenta mentres observaba as estrelas e todo o que pasaba ao seu redor. As imaxes amosan a degradación da montaña cun código de cor, xa que as cores alegres e saturadas do comenzo vanse facendo máis grises, frías e menos intensas. Son ilustracións figurativas a base de acuarelas que completan visualmente os textos.

Fontes, Carlos, *Poemas con piruleta*, ilust. Leandro Lamas, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2009, [24] pp. (ISBN: 978-84-9865-170-6).

Poemario de Carlos Fortes (Vilaboa, 1968) que se compón de dez poemas: "O solfexo", "Pinto o mundo de cores", "A estación do tren", "As árbores alimentan", "Letras máxicas", "Astronauta semanal", "Descendencia", "Doce meses para gozar", "Galicia xoga" e "Mar amigo". Estes poemas caracterízanse pola sinxeleza e musicalidade dos seus versos, nos que predomina o paralelismo. Emprégase, agás no poema "Descendencia", o presente de indicativo, que conta ou ben cun suxeito en primeira persoa, que amosa os seus sentimentos, ou cunha terceira persoa, á que se recorre para a descrición de determinados lugares e sensacións. Conta coas ilustracións de Leandro Lamas (Ferrol). As gardas están decoradas con piruletas vermellas e o resto son pinturas de cores contrastadas sobre unha superficie que ten a textura moi marcada. As ilustracións están baseadas no poema e a tipografía xoga coas cores, os tamaños e a disposición das palabras, en función da sensación que se desexa transmitir.

Fraga Cameán, Beatriz, *Marcelo o morcego*, ilust. Alfonso da Silva, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2009, [24] pp. (ISBN: 978-84-9865-172-0).

Conto rimado de Beatriz Fraga Cameán (Carballo, 1967) que se abre con dúas dedicatorias persoais. Cóntase a historia de Marcelo, un morcego, que ao non lle gustar os insectos, decidiu comer grelos. Así, mudou de cor e converteu a súa aparencia en verde "pistache". A familia prohibiulle saír de día, pero el non fixo caso, de maneira

que mercou unhas gafas para que non lle molestase o sol. Conseguiu arrendar un lugar para sachar os grelos que despois ía vender á feira, e co tempo, puido comprar a terra para traballala e dedicarse á exportación. Unha vez que obtivo fama, distinguírono co "Grelo de Ouro". Nas ilustracións de Afonso da Silva, Marcelo o morcego asoma a cabeza na cuberta. Ao abrir o conto atópase unha imaxe que segue por ambas gardas. O morcego aparece en todas as ilustracións do conto, agás na última, seguindo o fio conductor da historia e deixando aberta a posibilidade de que desaparecera. As ilustracións teñen gran protagonismo e as estratexias visuais utilizadas parten da creación de grandes imaxes a ordenador e do contraste de cores.

García López, Xoán A., *Faragulliña*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2009, 36 pp. (DL: C-1811-2009) ■

Tras unha nota institucional na que se explica que o libro foi publicado dentro do Plan de dinamización do produto turístico Ferrol-Ortegal e unha pequena semblanza biobliográfica do autor, arrinca este conto rimado de Xoán A. García López (Barallobre, Fene, 1942) cun "Saúdo" no que o autor se presenta a si mesmo e a súa obra, destacando a importancia do pan na vida do ser humano e anima a consumilo. Tras unha dedicatoria familiar aos seus netos e a "tódolos nenos e nenas do Mundo", presenta unha síntese na que salienta que se trata dun "conto infantil escrito en texto versificado" e que ten como fío condutor "a familia, a amizade e o amor", ademais dun eloxio ao pan e os seus derivados. Este conto rimado comeza cunha presentación da protagonista, Faragulliña, e a reprodución dun poema de Fernando Esquío e cunha "Localización" da historia na que loa a Neda, coñecida dende o Medievo como "Terra de Fornelos" e na que conta que o rei Felipe Dous mandou construír nela os Fornos de Provisión para a tropa da Mariña. Estrutúrase en sete capítulo numerados en romanos e titulados. No primeiro deles, "Noite de lúa chea", sitúase a acción cando un mozo tenta namorar unha panadeira mentres esta traballa cantándolle versos e describe os ingredientes da masa da bola de pan. En "Boliña de Ovos e Molete de Pan", cóntanse a viaxes deses dous protagonistas por varios lugares da bisbarra, recóllense outros alimentos que se fan en Galicia a partir de fariña e versos que se dedican os personaxes. En "Unha viaxe ao estranxeiro", cóntase que en Francia trabaron amizade con Baguette e reproduce as conversas que manteñen con ela por Internet. En "De romaría", lémbrase de San Andrés de Teixido e recóllense os cantos dun grupo de romeiros de Ferrol. En "Amigos para sempre", explícase a amizade xurdida entre Boliña de Ovos, Molete de Pan e Faragulliña e explícase que esta última viaxe no peteiro dunha pomba. En "Casoiro", nárrase a relación de parella estabelecida entre Boliña de Ovos e Molete de Pan. E en "Amigos, saúde, pan" transmítese un conto que lle contaron ao autor, quen anima a comer pan e manda bicos para os personaxes e para todos. O volume péchase cos "Agradecementos" ao alumnado e profesorado da Escola de Artes As Palmeiras de Neda pola súa participación nas ilustracións e acolle a relación de participantes. As ilustracións deste libro foron feitas polos nenos da Escola de Arte As Palmeiras de Neda. Son de estilo infantil e figurativo. Presentan uns personaxes simpáticos nas distintas situacións que describen os poemas. Agás a cuberta as ilustracións son en branco e negro.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Faragulliño”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, 3 setembro 2009, p. 21.

Anuncia que o autor de Barallobre, Xoán García, se dedica a diversas actividades culturais que abranguen a Literatura infantil e xuvenil, da que deu títulos como *Faragulliña*. Destaca o argumento e precisa que se trata dunha historia referida a Neda, na que aparecen elementos tirados do oficio de panadeiros e nos que se presenta a esa localidade con trazos poéticos. Salienta que presenta ilustracións realizadas por cativos e que estes son os primeiros destinatarios. Remata recomendando a súa lectura polo miúdo.

- R. Loureiro, “Cando saben a pan as letras”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 330, “Letras en galego”, 12 setembro 2009, p. 7.

Comeza apuntando datos dos editores e indica os nomes dos nenos que ilustraron o conto rimado. Salienta a traxectoria de Xoán García reparando nos poemarios *Ao pé do río Belelle* (1996), *Maríaneda* (1998), *Beiramar* (1999), *Buxaina de sentimentos* (2000), *Abonda coas palabras* (2003) ou *Ronsel de lúa espida* (2005), e no libro de narrativa *Ameixa Fina e Patexo* (2000). Sinala que no novo libro escrito en “texto versificado” fai unha homenaxe tanto ao pan de Neda coma a todo aquilo que Neda é. Refire que o libro comeza cun epígrafe de Fernando Esquío e que nel se narra a orixe do pan nedense remontándose aos tempos de Felipe II.

García Teijeiro, Antonio, *As palabras están a mirarse arredor da mesa*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Editorial Everest Galicia, col. Punto de encontro, [lectorado mozo], 2009, [96] pp. (ISBN: 978-84-403-1108-5).

Poemario que Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) publica nunha colección dirixida a lectores e lectoras adolescentes. Tras a dedicatoria, a cita introdutoria explica a orixe do título, tomado dun poema da nicaraguana Gioconda Belli. A seguir inclúense corenta e tres poemas divididos en catro apartados numerados nos que se abordan temas como o paso do tempo, o traballo silencioso que acompaña a vida, a beleza e, sobre todo, definicións sobre o que significa a poesía, a creación e ser poeta. Salientan tamén as composicións que abordan o amor a través de interpelacións ao ser amado que irrompe na vida do poeta e converte as respectivas individualidades nun nós cargado de tenrura, complicidade e diversas dores provocadas polo medo a querer, ao desexo de inventar e á perda. Como adoita ser habitual na produción do autor, inclúense citas tomadas de poetas de diversas tradicións e culturas, cos que se dialoga dende o punto de vista temático e estilístico nunha constante recreación das súas palabras. Neste volume, García Teijeiro retoma versos de Jaime Gil de Biedma, Pedro Salinas, Carlos Edmundo de Ory, Leonard Cohen, Luz Pozo Garza, Amalia Bautista, Ramón Cabanillas e Antonio Machado. A cuberta suxire sentimentos de tipo poético, contrastado a mancha vermella cos trazos difuminados de azuis. As ilustracións deste poemario son de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953) e conseguen unha grande empatía co asunto do poema. O seu estilo é limpo, claro e romántico cun certo punto surrealista e as súas cores sutís empuxan á emoción e ao recordo, predominando o gris e as gamas frías de baixo contraste, agás cando o poema trata do amor, pois aparecen trazos vermellos apaixonados. A técnica empregada parte do debuxo con pasteis e carbón.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Horizontes de tenrura", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 547, "Libros", 23 agosto 2009, p. 21.

Comeza aludindo aos poemarios publicados por Antonio García Teijeiro nos últimos meses: a reedición de *Aloumiños* e *Coplas* na renovada colección "Tartaruga" da Editorial Galaxia; *Bolboretas de papel*, para público de oito anos en diante en Tambre; *Estelas de versos*, poemario en castelán coescrito con Rafael Cruz Contarini que mereceu o Premio Luna de Aire; e *El río va recitando*, na cubana Editorial Gente Nueva. A seguir, céntrase n'*As palabras están a mirarse arredor da mesa*, do que salienta ademais das ilustracións de Xosé Cobas, a reiteración das liñas creativas de García Teijeiro: o fluír do tempo, a loita pola vida, o amor e a reflexión sobre o proceso de creación. Destaca que nos versos que conforman este poemario abundan as declaracións de amor, a complicidade co ser amado nun camiñar conxunto, así como a atención prestada á figura do poeta e á palabra, "razón de ser e espazo no que abeirarse ante as inclemencias da dura vida". Conclúe sinalando que talvez algúns treitos adoezan abondo coa presenza de puntuais excesos románticos –princesas, pétalos de rosa, camelias, marfís e fadas–, mais outros versos poderosos compensan tal eiva.

Graña, Bernardino, *No castelo de Marbel*, ilust. Anxo Fariña, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos do Bernardino, 2009, [28] pp. (ISBN: 978-84-8341-381-4).

Relato rimado de Bernardino Graña Villar (Cangas de Morrazo, 1932), inspirado nun conto popular, no que unha voz omnisciente conta a historia de once rapazas que vivían no castelo de Marbel que case non lían, non sabían falar ben nin comer, agás Uxía, que lle gustaba ler e comer ben. Un día entrou un raro tangaraño no lugar, que as facía fracas e as convertía en feas. Pouco e pouco foi afectando a case todas e cada vez foron quedando menos rapazas no castelo, unhas polo mal que entrara no castelo e outras porque marcharan a vivir a outro lugar. Á única que non lle afectou foi a Uxía, xa que lía e comía ben, polo que quedou no castelo de Marbel. As ilustracións figurativas de Anxo Fariña (Vigo, 1977) aparecen en composicións de dobre páxina que presentan unhas imaxes fantásticas que serven de apoio aos textos. As cores empregadas son variadas pero sen grandes contrastes entre elas. A liña serve para destacar as formas do fondo cun estilo realista que describe unhas figuras delicadas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Un estraño tangaraño", *A Nosa Terra*, n.º 1.374, "*Bule Bule*", 24-30 setembro 2009, p. 26.

Comeza lembrando que recentemente Bernardiño Graña foi nomeado membro numerario da Real Academia Galega, para recoñecer así o seu labor en prol da literatura. Indica que esta obra inicia unha serie de catro libros infantís publicados baixo o sobrenome de *Contos do Bernardino*. Explícase o argumento e refire que cun ton humorístico se lle presenta aos máis cativos a importancia da lectura como o principal alimento para o crecemento interior. Remata precisando que as ilustracións de Anxo

Fariña presentan "figuras de trazos orientais" sobre fondos que destacan por posuír unha cor determinada polo ton que expresa.

Referencias varias:

- Clara Sánchez, "Bernardino Graña reivindica 'a vida natural e sinxela", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Cultura", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 39.

Anuncia a publicación en Edicións A Nosa Terra de dous novos libros de Bernardino Graña, a obra teatral *Con Franco nun armario* e o relato *No castelo de Marbel*, que inaugura a colección "Contos do Bernardino", ambos ilustrados por Anxo Fariña. De *No castelo de Marbel* indica que se trata dunha viaxe fantástica que reivindica a vida sinxela e sá, así como que está inspirado nun conto popular.

Graña, Bernardino, *Un porco con chapeu*, ilust. Anxo Fariña, Vigo: Edicións A Nosa Terra, [lectorado autónomo], 2009, [28] pp. (ISBN:978-84-8341-418-7).

Conto rimado de tendencia fantástica de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1932) no que con hexasílabos de gran ritmicidade se constrúe a historia de Manola, a nena de cara redonda que, baixo o sol do verán, cos farrapos atopados nunha artesa, cose un estraño chapeu. No entanto, ante o espello da auga rexeitará a súa propia e colorida prenda, por taparlle a cara. Coa mesma forza da anáfora empregada, o gato, a raposa e o carneiro non aceptarán tapar os adornos das súas cabezas. Mais o porco, único animal ao que Manola non adula, tómao de boa gana, para ir papar landras sen queimar a pel. Por máis que Manola berre facéndolle ver a "arte" do chapeu, el sairá correndo. Ofrece, polo tanto, este conto un reforzo exemplificador e de gran mestría sobre a inadecuación de certos obxectos ás persoas e a valoración do que cada quen posúe. O conto complétase coas ilustracións figurativas de Anxo Fariña (Vigo, 1977). A cuberta ten unha imaxe que para vela completa hai que continuar pola contracuberta. Trátase de debuxos xerados con axuda do ordenador que mesturan a realidade coa fantasía. As cores son saturadas, de gran contraste e planas, non hai búsqueda de volume. As ilustracións acompañan aos textos desenvolvéndolos.

Recensións:

- María Navarro, "Entusiasmo contaxioso", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 312, "Libros", 10 decembro 2009, p. VII.

Dá a benvida a un novo título dentro da produción de Bernardino Graña, *Un porco con chapeu*, editado por A Nosa Terra e ilustrado por Anxo Fariña cunha proposta na que se destaca o colorido. Ofrece unhas pinceladas argumentais e salienta que se trata dunha historia escrita con versos sinxelos, centrada en elementos cotiáns e aparentemente inservíbeis, na que se emprega o mundo animal. Valora especialmente a presenza "dunha certa alegría" e dun ton optimista, que conducen a valorar a verdadeira felicidade, a que reside no día a día, nunha historia que, ao seu ver, gañará coa inocencia dos cativos.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 309, "Libros", 19 novembro 2009, p. VII/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 260, "Letras galegas", 28 novembro 2009, p. 7.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, caso d'*Un porco con chapeu*, entre outras.

Lires, María, *Bechos pequerrechos*, ilust. a autora, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, [lectorado autónomo], 2009, [32] pp. (ISBN: 978-84-9865-199-7).

Álbum de María Lires (A Coruña, 1973) que contén unha dedicatoria ao seu pai, trece poemas sobre cada un dos bechos e un poema onde todos reclaman coidado para non ser pisados. Trata de doce pequenos animais dos que se versifica algún aspecto de cada un ou algunha situación da súa vida, atribuíndoselles características humanas, pois teñen nome, poden falar, preocúpanse pola súa imaxe e fan cousas propias de persoas. Hai variacións no estilo de letra para salientar en negriña o nome do animal de cada poema e tamén se emprega a cursiva no derradeiro poema do libro que aparece na contracuberta e recolle un chamamento final dos bechos. Na contracuberta reprodúcese un pequeno poema que reflicte a modo de resumo o contido do libro. As ilustracións plasman o asunto poetizado e a técnica que nelas se emprega é a fotografía de diferentes elementos: figuras tridimensionías dos bechos, papeis variados, pedras e fondos xerados por ordenador. As cores empregadas son cálidas e contrastadas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Comitiva zoolóxica", *A Nosa Terra*, n.º 1.379, "*Bule Bule*", 29 outubro -4 novembro 2009, p. 26.

Comeza indicando que o libro conta co traballo de María Lires como escritora e ilustradora e que amosa un tono poético en ambas dimensións. Explica o argumento articulado na presentación de varios personaxes que se acompañan de poemas que traen á memoria as cantigas orais dos xogos infantís. Refire que se trata dun libro axeitado para ser lido en voz alta, xa que conta cun "léxico expresivo, sonoro", con abundantes xogos de palabras enxeñosos e cheos de humor e de fórmulas propias da tradición oral. Remata destacando a humanización e tenrura dos personaxes.

Lozano Carpente, Eva, *O peto da risa*, ilust. María Noel Toledo, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [lectorado autónomo], 2009, [24] pp. (ISBN: 978-84-9865-149-2).

Conto en verso de Eva Lozano Carpente (Vigo, 1973), no que a partir do "peto da risa", a voz narradora se dirixe ao lectorado porque "agora mesmo teño os teus olliños/mirando estas letras que saben soñar" para indicarlles que os seus sorrisos tamén están nese peto, ademais doutros elementos como a brisa da praia, un barco ou un paxaro xunto con "todas as cousas" que a fan sorrir. Así, cóntase como coa axuda das letras, que "dan nome a todo o que é", un pode escribir os nomes de todo o que vai

compartir para chegar a "escribir, e ler e saber". Deste xeito, non só haberá un peto da risa, senón moitos petos diferentes (das cores, dos nomes...). Remátase o conto dando ideas para novos deseños (petos de meigas, de amor, de apertas...), no que cada neno debe pensar no que precisa para facer feliz o seu peto, mentres que a voz narradora confesa: "ben o sabes, téñote a ti/porque os teus olliños fanme moi feliz". As ferramentas para fomentar a imaxinación, a creatividade e a fantasía a través da escritura e a lectura dos máis pequenos compleméntanse coas ilustracións de María Noel Toledo (Artigas, Uruguai, 1961). A cuberta e contracuberta están representadas por unha mesma imaxe do protagonista e os personaxes secundarios. O personaxe preséntase cun gran sorriso e un destacado peto con cara e boca sorrinte. As ilustracións están realizadas con plastilina con grandes contrastes de cores e os fondos nalgúns casos son fotomontaxe de anacos de fotografías. As composicións ocupan as páxinas enteiras e recollen escenas en primeiro plano onde o personaxe principal aparece constantemente inmerso en diversas accións comunicativas. As estratexias visuais das ilustracións tratan de transmitir a alegría e a felicidade dos personaxes.

Recensións:

- María Navarro, "Tenro e amable", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Infantil/Xuvenil", 30 abril 2009, p. VII.

Apunta que Galaxia presenta na súa colección "Tartaruga" este conto que está destinado aos primeiros lectores. Comenta o seu argumento e di que invita o lector a implicarse no texto, ademais de que anima aos nenos a que abran os seus petos "e os enchan no só de nomes, senón tamén de apertas e agarimos". Salienta o uso da plastilina nas ilustracións e o optimismo e ritmo que transmite o texto.

- Alba Piñeiro, "A maxia das letras", *A Nosa Terra*, n.º 1.373, "*Bule Bule*", 17-23 novembro 2009, p. 26.

Refire que este álbum achega unha historia ao redor das letras e o seu poder máxico, dirixido a aqueles que "saben ler e queren aprender". Considera que a voz narradora se dirixe explicitamente ao público infantil e que esta amosa unha serie de petos máxicos nos que están as pezas que forman "o universo físico, sensorial e onírico do ser humano". Opina que estes petos que "devecen por ser abertos" resultan verosímiles dentro da percepción humanizada que ten a nenez. Para rematar, comenta o emprego das ilustracións en plastilina, de María Noel Toledo.

Referencias varias:

- R. T., "O Peto da Risa, protagonista do Día Das Letras en Ponteareas", *Atlántico Diario*, "Condado", "Area metropolitana", 17 maio 2009, p. 12.

Dáse conta da presentación do libro *O Peto da risa* e indícase que o protagonista é un "cativo entrañable" que se dedica a buscar petos divertidos como o das cores, ou o dos nomes para facer xogos coa imaxinación.

Neira, Xoán, *No cubil da Lúa*, ilust. Juan Darién, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de cor, n.º 20, a partir de 7 anos, xuño 2009, [28] pp. (ISBN: 978-84-92630-30-1).

Neste poemario Xoán Neira (Meilán, Lugo, 1953), coa axuda de Juan Darién (A Habana, 1980), en dúas páxinas debuxadas ofrecen a visión poética, a partir de composicións e estrofas variadas, de catorce animais (o grilo, a toupa, a serpe, a lebre, a tartaruga, a donicela, o esquío, o ourizo, a lontra, o xabarín, o oso, o lobo, o raposo e o cervo). Ofrecen breves biografía poéticas e artísticas que salientan trazos característicos reais ou transmitidos polo imaxinario social dos animais elixidos. Este álbum ilustrado presenta tapas duras e papel de boa gramaxe. A composición da cuberta e da contracuberta forman una soa imaxe e as ilustracións son figurativas e de estilo libre, a dobre cara. A técnica é mixta con rotuladores e tintas sobre cores planas e a elaboración das imaxes é a base de primeiros planos. Cada páxina correspóndese cun poema relativo a un animal e a imaxe refórzao visualmente con formas de estilo realista.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Fauna poética", *A Nosa Terra*, "*Bule Bule*", n.º 1.376, 8-14 outubro 2009, p. 26.

Comenta que a poesía é un dos xéneros literarios que máis lles gusta aos nenos, quizais pola súa orixe oral, e é importante que ese gusto non o esquezan na etapa escolar. Por iso, fai referencia ao poemario ilustrado de Xoán Neira, *No cubil da lúa*, que consta de catorce poemas con estruturas e rimas variadas, nos que se amosa a vida de distintos animais baixo a mirada da lúa. Por último, salienta que as ilustracións do libro son de Juan Darién.

Referencias varias:

- R. Silva e O. Ucha, "Grandes versos e lectores cativos", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Novos hábitos", 14 setembro 2009, p. 60.

Coméntase o pouco interese que polo xénero poético teñen os máis pequenos, xa que habitualmente len narrativa, e indica as temáticas que a poesía infantil acostuma a tratar. A este respecto, inclúe opinións do escritor Xoán Neira, da especialista Paz Castro e da ilustradora de contos, Belén Padrón. No á parte, titulado "Un mundo de títulos e de editoriais", faise mención a algúns poemarios infantís e indícase a banda etaria á que se dirixen. Destácase a Xoán Neira, autor de *No cubil da lúa*, publicado por Baía Edicións e de *Xiz de cor* (2004) e *Farrapos de nube* (2007).

- Xosé Lois García, "No cubil da lúa", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 22 decembro 2009, p. 4.

Refírese á publicación do libro *No cubil da lúa*, de Xoán Neira, que sitúa dentro do pulo que está a alcanzar a literatura infantil en lingua galega, especialmente valorábel, ao seu ver, dada a "fase de desprotección" pola que está a pasar o idioma. Salienta que Xoán Neira ofrece neste poemario un diálogo con catorce especies da fauna, protagonistas de cadanseu poema. Fala tamén das ilustracións do cubano Juan Darién, destacado membro da Unión Nacional de Escritores e Artistas de Cuba.

Negro, Carlos, *Makinaria*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, deseño da cuberta e interiores Miguel A. Vigo, col. Fóra de Xogo, n.º 120, [mocidade], xuño 2009, 77 pp. (ISBN: 978-84-9782-553-5).

Poemario de Carlos Negro (Lalín, 1970) que pretende achegarse aos códigos referenciais (linguaxe, sentimentos e comportamentos) dos mozos do século XXI e desmitificar a suposta dificultade da poesía para os máis novos. Estrutúrase en seis apartados que acollen un total de vinte e dúas composicións con títulos referidos ao universo musical dos estilos *mákina* e *hip hop*, representado a través de contidos que remiten á música a todo volume, ao ritmo marcado e persistente, ás letras de cancións, susceptíbeis de seren declamadas ou berradas, aos coches maqueados e á velocidade. A música conta cunha gran presenza neste universo referencial, xa dende a cita inicial, tomada do álbum *Born to run*, de Bruce Springsteen, referente expresivo dos códigos da rebeldía da mocidade doutrora e que gardan algunha similitude cos que aquí se manexan: a música, o coche, a estrada ou as relacións amorosas como camiños de liberación. Composicións como "Roedores do caucho", "Need for speed", "Sound Play Sessión" ou "Radical fire", preséntanos os protagonistas, mozotes "flipados de euforia e decibelios", "malotes de discoteca", montados en "carros maqueados", cun "toque bakala na fala" e tatuaxes a eito que se soñan "duros e invencibles", que amosan a súa devoción pola velocidade e o ruído e expresan a súa furia xuvenil, a súa concepción da vida como un xogo na *play*, as súas experiencias sexuais e amorosas e angustias como o medo ao futuro ou o enfrontamento xeracional cos "vellos". Porén, o poema "061" ofrece o punto de vista dos pais que perden os fillos nas mortes das eternas fins de semana e reciben as novas no medio da noite, mentres que "Game over" remite ao remate do xogo da vida e trasládanos á morte e mesmo ao alén. No aspecto métrico os poemas substitúen as formas canónicas por series de versos nas que prima o ritmo sobre a rima e a medida, unha anarquía tamén visíbel na disposición gráfica. O volume péchase cun Glosario que recolle unha escolma de expresións do universo *makinaria*, que o autor agradece expresamente ao seu alumnado de Dodro, e mais cun "Epílogo" asinado por Rosa Aneiros, quen destaca que esta poesía se caracteriza por ser antirretórica, xa que "fuxiu do Parnaso". Só ten ilustración na cuberta. A montaxe fotográfica de Antonio Seijas (Ferrol, 1976) amosa unha silueta dun home sobre un fondo de cores; o simbolismo está presente coa imaxe do corazón feito de engranaxes e roscas de cor vermella.

Recensións:

- Montse Pena Presas, "Poesía para a mocidade: virazón do aire", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 29, "Ler con nenas", 27 xuño 2009, contracuberta.

Comenta que popularmente se cre que non existe a poesía xuvenil porque a mocidade non a le, pero confesa que atopar poemarios dirixidos á xente nova, como *Makinaria* (2009), de Carlos Negro ou *Poetízate* (2006), de Fran Alonso, desmonta eses tópicos xa que cre que hai mozos e mozas que acoden á poesía para adultos. Sinala que *Makinaria*, baixo a aparencia de culto á velocidade e ao *tunning*, así como ao sexo, as drogas e o *rock and roll*, pódese situar dentro da nova poesía cívica porque fala das consecuencias da velocidade e os excesos. Tamén fai fincapé en que a conexión co lectorado xuvenil

se consegue a través dunha linguaxe coloquial adolescente e con referencias á música, ao cine e aos videoxogos.

- Vicente Araguas, "Mecánica popular", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 540, "Miudiño", 5 xullo 2009, p. 20.

Precísase que o poemario de Carlos Negro, *Makinaria*, está destinado á "rapazada" e por iso o autor adoptou termos empregados polos seus alumnos do instituto no que está a traballar. Indícase que pretende que os rapaces comprendan a poesía que se lles oferta no poemario, ao mesmo tempo que fai denuncia.

- X. M. Eyré, "Máquina e fin de semana", *A Nosa Terra*, n.º 1.367, "Cultura", 9-15 xullo 2009, p. 32.

Sinálase que a colección literaria para mozos e mozas "Fóra de xogo", de Edicións Xerais de Galicia, ten un novo exemplar no seu haber, o poemario de Carlos Negro, *Makinaria.* Indícase que o poemario recolle unha historia que ben se podería expor en prosa ou incluso nunha versión musical, seguindo o estilo "hip-hopeiro" que pretende crear adicción ao xénero poético. Precísase que a obra recolle ao final un glosario sobre termos relacionados co mundo do motor, que se empregan na obra.

- Antonio García Teijeiro, "Dous libros fascinantes", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "*Bule Bule*", 23-29 xullo 2009, p. 30.

Lembra dous títulos, un deles *Mar adiante*, de Mª Victoria Moreno do que fala das súas cualidades literarias e do segundo título, *Makinaria*, de Carlos Negro, indica que se trata dunha "poesía inquietante", directa e espida que supón a "fusión da inconsciencia e descontrol" e que lle espertou certos instintos.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "Nas entrañas da linguaxe", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 460, "Musas", 7 xuño 2009, p. 46.

Reflíctense as verbas de Carlos Negro, que lembra as súas primeiras incursións literarias, fala da importancia da poesía e, ao referirse ao seu poemario *Makinaria*, defíneo como un libro de poesía enfocado a un público xuvenil, que responde tanto na intención coma nas razóns rítmicas e estruturais ao poemario. Precisa que considera moi acertado o epílogo realizado por Rosa Aneiros e, finalmente, opina sobre o momento actual da literatura galega.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Infantil/Xuvenil", 18 xuño 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento, na que se salientan da produción literaria galega máis recente obras como *Makinaria*, de Carlos Negro.

- Lupe Gómez, "Ladroas de libros", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 779, "Un raio de sol", 20 setembro 2009, p. 6.

Co estilo literario que caracteriza as súas colaboracións, Lupe Gómez insire neste texto unha breve referencia ao poemario de Carlos Negro, *Makinaria*, que define como un xeito de converter "a violencia sentimental en beleza absoluta", valorando positivamente que a palabra poética se vexa contaminada pola inconsciencia xuvenil. Nas liñas finais alude tamén ao volume *Once máis 15*, sinalando que se trata dun traballo no que músicos galegos interpretan textos de poetas galegos.

Núñez, Toño, *Mago Goma,* ilust. Adrià Fruitós, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], outubro 2009, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-640-2).

Conto rimado de Toño Núñez (Navia de Suarna, Lugo, 1959) no que se presenta ao Mago Goma con estrofas de catro versos octosílabos e rima asonante, nas que se di que ten nariz de cenoria, pipa de papel, ollo de piollo e viaxa enriba dun caranguexo. Trátase dun mago moi especial que parece tolo e que só quere facer felices a nenez a través da ilusión, do humor e da maxia até que un día compra un galo que desencadeará unha sucesión de accións: o galo pon un ovo que come enteiro pensando que é unha ameixa, polo que se pon enfermo de morte, pero como é un mago moi especial fai maxia para recuperarse. Toño Núñez presenta esta narración rimada cun palíndromo que dá título ao poemario e emprega unha linguaxe sinxela, xogos de palabras, pareados e rimas co humor e a fantasía da maxia. As ilustracións de Adriá Fruitós (Barcelona, 1984) interpretan con imaxes a historia versificada. Emprega unha técnica mixta con formas recortadas, estampacións e papeis pegados. Nas cores destaca o contraste de complementarios entre vermellos e verdes. Na cuberta a presenza dunha variña máxica, xunto co título, avanzan a temática da obra.

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Núñez amosa un artista peculiar en 'Mago Goma", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 21 novembro 2009, p. 71.

Dá conta da presentación do último libro de Toño Núñez, *O Mago Goma*, na Biblioteca Municipal de Lugo. Comenta o escritor que se trata dun conto rimado que está cheo de xogos de palabras, pareados e rimas. Indica que a obra foi publicada por Kalandraka, que xa a traduciu ao castelán e ao portugués, e presenta ilustracións de Adrià Fruitós.

Villar, Rafa, *Acuarelas*, ilust. Kristina Sabaite, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n. º 158, serie laranxa, a partir dos 8 anos, marzo 2009, 65 pp. (ISBN: 978-84-9865-159-1).

Primeira incursión no eido da literatura infantil de Rafa Villar (Cee, 1968) que comeza cunha dedicatoria aos nenos Claudia e Marcos, por seren "cómplices, involuntarios pero imprescindibles, deste feixe de poemas". É un conxunto de trinta e unha composicións poéticas que se abre coa benvida "ao rutilante circo das marabillas". O mundo da natureza, asociada sobre todo co mar e cos animais, represéntase fundamentalmente para amosar as cousas positivas que rodean o ser humano, así como para expresar aquilo que aínda é descoñecido ("á boca da bocanoite/dan en debuxarse sombras..."). Son poemas que conteñen nos seus versos referencias explícitas a algunhas obras doutros

escritores galegos como *Os soños na gaiola: versos pra nenos* (1968), de Manuel María ou "O lobo que oulea", de Ánxel Fole, entre outros. Algúns modelos textuais recorren ás fórmulas populares como en "polo si ou polo non" e "Sinbad e o tren de plástico". Outras composicións estabelecen vínculos cos contos clásicos ("brancaneves polgariño / a bela dormente, sinbad o mariño/...") e nalgunha delas hai mención indirecta a certos problemas sociais e medioambientais que permiten a identificación ou a solidariedade co/as desfavorecido/as (tsunami, guerra...). Do mesmo xeito, alúdese á vida na cidade fronte ao mundo rural, co que tamén se pretende dar valor ás cousas doutro tempo ("houbo un camiño ao lavadoiro/ e máis cousas que contan na casa/..."). En liñas xerais, existe unha mestura da rima asonante e consoante, o uso dunha linguaxe sinxela e uns modelos estilísticos propios da poesía infantil. Nun á parte final, inclúese unha bio-bibliografía do autor. As ilustracións son obra de Kristina Sabaite. A da cuberta é a única que presenta cor, sobre un fondo de pinceladas amarelas destaca un neno cunha caixa de cores e un pincel. No interior, acompañando a cada poema, hai unha ilustración con imaxes relacionadas con el. As composicións son variadas, de páxina enteira, estendéndose polas dúas páxinas, debuxos pequenos entre os textos, etc. As formas son de tintas planas en cores negra e amarela.

Recensións:

- Luís Cochón, "Eo non son 'yo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 125-126.

Realiza unha serie de consideracións sobre *Acuarelas*, de Rafa Villar, quen "coñece e ama a delicadeza, a suavidade das acuarelas", polo que lle deu ese título á presente obra. Así mesmo, considera que o poeta da Costa da Morte fixo un poemario para el mesmo, pois fala do neno que acaso foi ou quixo ser ou que ten aínda dentro del coas mesmas fixacións e reflexos que se trazan nestes versos, aos que a cor se lles foi esvaecendo pero nos que o trazo quedou indemne. Tamén apunta que con esta obra quere educar os seus fillos e os fillos doutros cunhas poucas leccións patrióticas e precisas, tiradas da vida mesma. Apunta o nome de escritores dos que se fai eco en *Acuarelas*, así como afirma que a tríade Simbad "é peza de categoría fóra do común que serve de colofón moi ben atraído, aínda que parece proceder doutra deitaxe ou rolada, distinta desta que nos ocupou".

- Paula Fernández, "Acertadas referencias", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", "Libros", 19 novembro 2009, p. VII / *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 260, "Letras galegas", 28 novembro 2009, p. 7.

Comenta que o paso da literatura de adultos á infantil "nunca é doado", e máis no caso da poesía, que esixe que os autores "se liberen dalgúns preconceptos adquiridos" tras un tempo de recoñecemento no mundo dos adultos. Inclúe a Rafa Villar no grupo de autores que se achegan ao público máis cativo, "tan esixente como agradecido". Comenta que *Acuarelas* é a súa primeira incursión no mundo infantil e sinala que son pezas compostas por pequenas estrofas que alternan os dous tipos de rima e recrean motivos familiares e cotiáns. Apunta que é unha "obra completa pola súa corrección poética" e que conxuga a fantasía e o medo coas "pantasmas do pensamento". Salienta tamén a metaliteratura e outras referencias culturais, ademais das ilustracións de Kristina Sabaite.

Referencias varias:

- R. Silva e O. Ucha, "Grandes versos e lectores cativos", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Novos hábitos", 14 setembro 2009, p. 60.

Coméntase o pouco interese que polo xénero poético teñen os máis pequenos, xa que habitualmente len narrativa, e indica as temáticas que a poesía infantil acostuma tratar. A este respecto, inclúe opinións do escritor Xoán Neira, da especialista Paz Castro e da ilustradora de contos, Belén Padrón. Nun á parte titulado "Poegramas", sinálanse algunhas das coleccións de poesía infantil para prelectores: "Do berce á lúa", da editorial Kalandraka, que comprende títulos como *Miau, Lúa* (2005), de Antonio Rubio e *Cocodrilo* (2005), de Óscar Villán; e a colección "Trece Lúas", da editorial Faktoría K, que integra títulos como *Rosalía de Castro, escolma poética* (2008), ilustrado por Belén Padrón ou *Celso Emilio Ferreiro, escolma poética* (2008), ilustrado por Baldo Ramos. Noutro á parte, titulado "Un mundo de títulos e de editoriais", faise mención a algúns poemarios infantís e indícase a banda etaria á que se dirixen. Trátase da editorial OQO, con *O que ben che quer* (2008), de Xosé María Álvarez Blázquez e *Acuarelas*, de Rafa Villar, da editorial Galaxia con *E haberá un tirón de orellas?* (1997), de María Victoria Moreno e *Petando nas portas de Dylan* (2007), de Antonio García Teijeiro; e de Baía Edicións, que publicou *No cubil da lúa*, de Xoán Neira, autor que tamén ten publicado *Xiz de cor* (2004) e *Farrapos de nube* (2007).

VV. AA., *XII Certame Francisco Añón de poesía*. *Outes 2008*, limiar de Baldo Ramos, epílogo de Antón Riveiro Coello, Outes: Concello de Outes, 17 maio 2009, 128 pp. (DL: C-1406-2009). ■

Esta recompilación ábrese cun limiar de Baldo Ramos intitulado "Os ollos que nos miran dende o fondo das palabras", no que se fai un percorrido polo papel que a poesía ten na vida dunha persoa dende que se é cativo, poñendo como exemplo os premiados, até que se chega á idade adulta. Faise unha descrición na que se mestura a primeira persoa do autor coa terceira da parte narrativa, propiamente dita. A continuación, atópanse as bases e actas do xurado. Despois acóllense os seguintes galardoados:

- Carlos Martínez Lago, "A primavera chega a Tremuzo", 1.º Premio, categoría A, pp. 21-23.

Poesía descritiva en terceira persoa, centrada na paisaxe que se ve no monte Tremuzo ao chegar a primavera. Emprega a comparación e a enumeración.

- Nerea Dosil Romero, "A primavera", accésit, categoría A, pp. 27-29.

Poema con versos irregulares e rima consonante e asonante, segundo o caso, no que se realiza unha descrición cargada de adxectivos sobre a repercusión que ten a chegada da primavera.

- Elena Blanco Cereijo, "Xa é primavera", accésit, categoría A, pp. 31-33.

Poesía de gran plasticidade que describe como se comportan os elementos da natureza coa chegada da primavera. Emprega versos irregulares e rima consonante.

- Sarai Fernández Miranda, "O día e a noite", accésit, categoría A, pp. 35-37.

Versos cun ritmo moi marcado e cunha estrutura paralelística que dotan de musicalidade á poesía. Nela descríbese en primeira persoa o contraste entre as cousas que se ven polo día e as que se ven pola noite.

- Lorena Barrera López, "Conto da nosa lingua", 1.º Premio, categoría B, pp. 41-44.

Poema no que se mestura a terceira persoa da descrición do autor coas verbas que intercambian unha neta e a súa avoa, mentres falan sobre o prestixio que tivo o galego nun tempo pasado e os grandes poetas que o empregaban, aos que comparan coas estrelas do ceo que se albiscan pola fiestra.

- Rosa Veiga Otero, "Nenas de vestidos brancos", accésit, categoría B, pp. 47-51.

O poema está dividido en tres parágrafos. No primeiro o eu lírico diríxese directamente a esas nenas de vestidos brancos para que suban con el ao reino do ceos. No segundo céntrase na descrición do lugar que visitan e, por último, no terceiro parágrafo diríxese a "Rosiña leda", á que lle di que voe, mentres describe como se lle move o pelo, o vestido e como o sol lle dá na cara.

- Jesús Álvarez Puentes, "Supermercado no mar", accésit, categoría B, pp. 53-55.

Realízase nesta composición unha comparación cos mercados tradicionais, só que nesta ocasión os comerciantes e vendedores son os peixes e habitantes do mar, que normalmente son as pezas que se están a vender.

- Lara Porto Mato, "Fume de laranxa", 1.º Premio, categoría C, pp. 59-69.

Poesía na que se emprega o plural maiestático para incluír o lectorado nas reflexións que se están a facer. Remárcanse determinadas sentencias con letras maiúsculas, negriñas ou sangrados da liña correspondente. Mantense un diálogo co que acelar o ritmo. Atópase un parágrafo onomatopeico na páxina 66 e na páxina 68 recóllense os significados dalgunhas verbas, como se dun dicionario se tratase.

- Sara Molinos Lago, "Un tren de poesías", accésit, categoría C, pp. 71-81.

O tren, que é a metáfora da composición, consta de seis vagóns. En cada un deles abórdase un tema. "Vagón I. Sentimentos. A vida", "Vagón II. A Natureza", "Vagón III. Galicia", "Vagón IV. Soños", "Vagón V. A Música: 'O saxofón' e 'A música alegra o corazón'" e "Vagón VI. Paisaxes e pensamentos: 'As nubes". A composición está constituída por verbos rimados nos que un eu lírico en primeira persoa amosa os seus sentimentos e mesturados coa descrición da súa contorna en terceira persoa.

- Pablo Bouza Suárez, "O home que falaba coas baleas", 1.º Premio, categoría E, pp. 87-101.

Comeza a composición con fragmentos de diversos autores, tales como para dar paso a doce poemas escritos na súa maioría en primeira persoa e nos que o eu lírico nos amosa diferentes facetas e sentimentos propios. Os poemas son os seguintes: “Maternidade”, “Atopei en ti”, “Casa Dorna”, “Ao chegarmos ao final”, “Dos mares da memoria”, “Procura”, “En ti o desexo”, “Vulnerabilidade”, “Ser”, “O home que falaba coas baleas”, “Arfar” e “Son auga”.

- Alba Cid Fernández, “Nas trabes da eclipse”, accésit, categoría E, pp. 103-120.

Comeza cuns versos de Cristina Peri Rossi e ao longo da composición intercálanse fragmentos de Antoine de Saint-Exupéry. Emprégase a narrativa poética. O eu lírico diríxese a un ti, converténdose ambos en ocasións nun nosoutros, e faille reproches e preguntas retóricas ás que se contesta avanzando deste xeito no poema. Xógase coas distintas extensión das liñas e co tamaño das letras para destacar determinados aspectos.

Remátase cun epílogo de Antón Riveiro Coello intitulado “A vida nun verso”, no que eloxia o labor dos poetas que cos seus versos logran transmitir cousas incríbeis e o talento natural que un ten que posuír para realizar estas composicións. Tamén conta como adoita mercar poemas a un poeta ambulante cada Nadal que se atopa en Madrid.

VII.2.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Avilés de Taramancos, Antón, *A frauta i-o garamelo*, coord. Xavier Castro Rodríguez, ilust. Baldo Ramos, Noia: Concello de Noia, 2009, 45 pp. (ISBN-13: 978-84-87879-03-6), (ISBN-10: 84-87879-03-6). ◆

Reedición comentada da obra publicada no ano 2000 na que se recolle o poemario de mocidade escrito por Avilés de Taramancos durante a década dos anos cincuenta e publicada por primeira vez en 1959. Durante moito tempo foi un libro descoñecido do que se fixeron moi poucos exemplares no seu momento, destinados fundamentalmente ao seu círculo de amizades. Contén once breves composicións numeradas con romanos agás as dúas últimas que presentan título ("Cántico ao albre" e "Carta a un corvo chamado Alberte") e son de maior extensión. O eixo temático é a natureza que ben coñece o autor tendo un especial protagonismo as aves, de modo que dos once textos que compoñen a obra, dez teñen como protagonista un paxaro (xirín, merlo, rula, pomba, xílgaro, paspallás, ouriolo, reiseñor, pardillo e corvo) e o outro está protagonizado por unha árbore que parece unha identificación poética co propio autor. Os trazos máis característicos do poemario en canto ao estilo son a musicalidade, a linguaxe sinxela e chea de léxico rural e a intensidade lírica. Respecto da edición anterior, aprécianse algúns cambios a nivel paratextual como ocorre xa no propio deseño da capa que na edición do 2000 reproduce a capa orixinal con debuxo en cor e na presente edición o deseño, ao igual que os debuxos interiores son da autoría de Baldo Ramos, con cores máis vistosas e trazos máis grosos. Outros dos cambios máis significativos é a desaparición do extenso estudo introdutorio de Dolores Arxóns Álvarez e Xavier Castro Rodríguez que aparecía na edición do 2000 que neste caso dá lugar a un prólogo do propio Castro Rodríguez, de carácter máis breve e centrado sobre todo na xestación do poemario e na relación do autor, Avilés de Taramancos, co ambiente literario e cultural da época. Engádese, tras este prólogo, unha cronoloxía que abrangue dende 1935, data de nacemento do autor, até o ano 2009 no que se publica un conto inédito seu. Por último, faise referencia no fin da obra a que a presente edición é unha conmemoración do seu cincuentenario. As ilustracións de Baldo Ramos (Celanova-Ourense, 1971) son formas abstractas, onde os trazos evocan os sentimentos e as sensacións que os poemas provocan no lector. A técnica de pintura empregada permite ver as brochadas e as pinceladas expresivas que configuran unhas imaxes que beben na súa inspiración da obra de Joan Miró. As cores son saturadas e contrastan coas liñas negras que forman as imaxes.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "50 anos de 'A frauta i-o garamelo' de Antón Avilés", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 17 xaneiro 2009, p. 2.

Primeiramente lémbrase que a aldea de Taramancos é da que toma o nome o poeta Antón Avilés de Taramancos e que para el a paixón pola terra e o idioma estivo sempre moi presente. Tamén se lembra que o seu primeiro libro saíu ao prelo cando el era aínda moi novo, unha separata dentro dunha revista coruñesa e que levaba o título d'*As moradías do vento* no ano 1955. Deseguido céntrase na segunda das obras que publica

co título *A frauta i-o garamelo* destacando o éxito que tivo entre a crítica da época avalado pola ilustración da cuberta de Xosé Lois e os debuxos interiores de Alexandre González Pascual ("Lixandre"). Por último dise que é un libro pequeno no que hai un canto á liberdade construído a partir da esencia da terra.

- M. S., "Medio século duns poemas nacidos da alma da terra", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 764, "O axexo dos libros", 7 xuño 2009, p. 9.

Fala da reedición d'*A frauta i-o garamelo*, obra de Antón Avilés de Taramancos composta por once poemas, nos que o escritor noiés dá forma aos "rechouchíos, cantos e sinfonías dos paxaros" que continúan vivindo na súa memoria de neno. Comenta que a primeira publicación deste poemario da mocidade chegou ao público a finais da década dos cincuenta con cuberta de Xosé Lois e debuxos interiores de Alexandre González Pascual, "Lixandre". Medio século despois, a reedición vén da man do profesor Xavier Castro Rodríguez, autor do prólogo, quedando a creación das ilustracións para Baldo Ramos, tamén poeta. Indica que, dos once poemas, dez teñen como protagonista un paxaro e unha árbore. É por isto que Castro Rodríguez decide facer unha comparación desta obra con *Arte de pájaros* (1966), de Pablo Neruda asegurando que o poeta galego "sente que a súa voz é parte da voz da terra". Conclúe que se trata dunha voz metamorfoseada na figura dos paxaros que representan a "identidade da patria do poeta".

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, "Paseo por el amor y la muerte", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 1 xuño 2009, contracuberta.

Valora *A frauta i o garamelo*, de Avilés de Taramancos, reeditado polo concello de Noia con ilustracións de Baldo Ramos, e cualifícao como unha "xoia". Finalmente céntrase en *Esfinxe. Relatos de pensamento creativo*, de Carlos L. Medrano.

- Salvador García-Bolaño "De A frauta i-o garamelo", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Epígrafe", 5 xullo 2009, p. 3.

Empeza dicindo que a vila de Noia rememora a Antón Avilés de Taramancos centrándose no cincuentenario da publicación d'*A Frauta i-o garamelo*, da que explica que se publicou na colección "Libros de Frouma", de Follas Novas, ao coidado de María Teresa Monteagudo Cabaleiro e na que colaborou a viúva do autor, os seus fillos e Antonio García Vieites, amigo de mocidade. Despois comenta a edición do profesor Xavier Castro que conta cun estudo introdutorio sobre a tensión creadora entre a escrita e a plástica e con "notábeis" ilustracións do pintor Baldo Ramos e informa do acto de presentación no que se fixo unha semblanza do poeta e do libro.

VII.2.3. TRADUCIÓNS

Neruda, Pablo, *Oda a unha estrela* (*Oda a una estrella*, Libros del Zorro Rojo, 1957), ilust. Elena Odriozola, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], outubro 2009, [24] pp. (ISBN: 978-84- 8464-639-6). ■

Álbum no que se acolle un poema de Pablo Neruda (nome literario de Neftalí Ricardo Reyes Basoalto**,** Parral, 1904- Santiago de Chile, 1973) escrito en estrofas moi curtas, que oscilan dos tres a sete versos, e con rima libre. Unha voz en primera persona transmite a aventura dun home que se apodera dunha estrela cunha linguaxe metafórica. Unha vez que a alcanza, dende un rañaceos, decide levala ao seu fogar. Todos admiran o lampexo da súa luz, pero en realidade el non está gozando da compañía da estrela porque, debido a esa luz tan forte que desprende, non é capaz de atender as súas obrigas. Por todos estes motivos, ao final non ten outra opción que desfacerse dela e, moi triste, bótaa ao río Verde. O deseño das figuras está feito con simplicidade nas formas pois as ilustracións de Elena Odriozola (San Sebastián, 1967) son tranquilas, sen estridencias con liñas rectas e cores moi matizadas: grises, ocres, verdes e azuis. A complementariedade entre os textos e as imaxes é necesaria para seguir a historia.

Recensións:

- Romina Bal, "Tic-Tac, Tic-Tac empeza a contar os días e as noites", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 793, "Cativadas", 27 decembro 2009, p. 5.

Comenta que *Oda a unha estrela* é unha das novidades de Kalandraka para o Nadal. Considera que o poema de Pablo Neruda gaña esplendor e potencia a súa sensibilidade coas ilustracións de Elena Odriozola. Tamén se refire a outras obras da editorial como *Tic-Tac*, *O Libro das M'Alicias* e mais *Onde viven os monstros* (2000).

VII.2.4. ANTOLOXÍAS

Rei, Luís (ed. literaria), *Ramón Cabanillas. Escolma poética*, ilust. Anxo Pastor, Pontevedra: Factoría K de Libros/Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, col. Trece lúas, [lectorado mozo], decembro 2009, [50] pp. (ISBN de Faktoría K de Libros: 978-84-8464-706-5//ISBN da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales: 978-8492827-09-1). ■

Luís Rei (A Coruña, 1958) recolle nesta escolma trece composicións de Ramón Cabanillas (Fefiñáns-Cambados, 1876-1959) presentes en catro das súas obras: *No desterro* (1913), *Vento mareiro* (1915), *Da terra asoballada* (1917) e *A rosa de cen follas* (1927). Nos diferentes poemas aparecen temas como o amor, a tristeza, a morte, a traxectoria da vida, a amizade, a defensa de Galicia, a natureza e a paisaxe galega. A antoloxía complétase cunha breve biografía de Ramón Cabanillas e do ilustrador Anxo Pastor, unha dedicatoria deste e unhas verbas para os lectores. As ilustracións de Anxo Pastor (Vilardonas-Ribas de Sil-Lugo, 1959) desenvolven con gran liberdade aspectos ou ideas relacionadas cos poemas do libro. A técnica da pintura permite que as pinceladas expresivas configuren unhas imaxes que recordan a obra de Miquel Barceló. As pinturas á acuarela sobre papel crean manchas soltas con chorros, grafismos e trazos moi libres que conteñen algunhas referencias figurativas (homes, casas, árbores ou escaleiras). As texturas húmidas e as cores pouco saturadas serven para crear unhas imaxes poéticas mediante solucións visuais inesperadas.

VII.3. TEATRO

VII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

García, Xosé Lois, *A feira do cinco*, ilust. cuberta Manuel Fragoso, A Estrada: Edicións Fervenza¸ col. A Pinguela. Teatro Escolar. Para ler e representar, n.º 64, [lectorado mozo], 2009, 16 pp. (ISBN: 978-84-96368-96-5). ■

Peza dramática escrita por Xosé Lois García (Lugo, 1946) e dirixida por Xosé Luna Sanmartín, estruturada nun só acto dividido en catro escenas. A primeira comeza nunha lonxa onde tres peixeiras ofrecen o peixe a diferentes prezos, buscando a atención dos labregos cara aos seus postos. De súpeto, aparece un afiador ofrecendo as súas habilidades e as tres peixeiras van na súa procura até que oíron ao pregoeiro da vila. Este estaba a anunciar as decisións que tomara o alcalde. Unha das peixeiras preguntoulle se para elas non había encomenda, foi entón cando este lles di que se estaba estudando o traslado das peixeiras para o fondo da Alameda. Finalmente, as peixeiras puxéronse todas furiosas até o punto de que querían meter no cárcere ao alcalde. A segunda transcorre na feira do cinco. Os seus compoñentes, os diferentes vendedores, ofrecen os seus produtos. O vendedor de veleno consegue captar a atención de todos os que se atopan ao seu arredor co seu veleno O Rápido. É entón cando un rapaz se presenta no posto do vendedor roubándolle un saquiño de veleno, pero é apresado e lévano ante o vendedor. Este dáse conta de que é pobre e dille que leve o veleno. De súpeto, o cego comeza a tocar o violín e a cantar unha copla para os feirantes. Tres destes séntense ofendidos pola copla do cego e tomaron a decisión de expulsalo até que non compoña unha copla onde restitúa o creto do queixo de Monterroso, o pan de Cea e o veleno O Rápido. Na terceira D. Ricardo, o crego, vai á feira para comprar unha galiña. A vendedora pídelle oito pesetas, pero el dille que aquela galiña que ela lle ofrece viu pouco millo. Entón esta séntese magoada, xa que di que todos lle din o mesmo. Foi entón cando o crego a ameaza con traerlle os beneméritos para que se encarguen das súas falcatruadas. De súpeto, apareceu a policía, Tomé e Torres, que afirmaban que había un ladrón. Trataron de deixalo en evidencia diante de todas as persoas que alí se atopaban, pero non o conseguiron, xa que estes defendérono en todo momento. Finalmente, deixárono marchar. E, na cuarta, os dous gardas civís pídenlles o permiso a varios vendedores da feira, entre eles, ao vendedor do veleno, que decide darlles un saquiño de veleno O Rápido e á muller das serpes, que tamén tiña todo en regra. De súpeto, aparece o crego e pídelles aos dous gardas civís que lle dean un par de labazadas aos dous vendedores anteriores, pero estes néganse porque teñen bo apadriñamento. Entón, chega o pregoeiro anunciando que o señor alcalde ordena que as paradas das peixeiras continúen no espazo acostumado. Finalmente, todos gritan que viva don Alvarito. Só conta con ilustración na cuberta cuns debuxos en branco e negro de Manuel Fragoso, de estilo sinxelo e recortados sobre o fondo.

García, Xosé Lois, *O reloxo de Merexildo*, ilust. cuberta Manuel Fragoso, A Estrada: Edicións Fervenza¸ col. A Pinguela. Teatro Escolar. Para ler e representar, n.º 65, [lectorado mozo], 2009, 15 pp. (ISBN: 978-84-96368-97-2). ■

Peza teatral escrita por Xosé Lois García (Lugo 1946) de tendencia fantástico-realista, onde se describen dúas escenas protagonizadas por Merexilda e o Xecas, unha parella de amantes. O escenario é unha cociña labrega moi pobre e alí é onde estes dous personaxes discuten acaloradamente. Na primeira escena, tras a acalorada discusión, o Xecas (que se encontra bébedo) colle o seu coitelo dos porcos e a escuras dá varias coiteladas, Merexilda berra finxindo que lle deu a ela e fica enmudecida. Nesta escena aparecen outros personaxes secundarios como son Severino, Neira, Cándida e a Maragata que estaban a xogar á brisca fronte da casa e acoden ao escoitar os berros. Tamén hai un rapaz de dez anos espreitando dende o corredor. Na segunda escena desaparece Merexilda e aparece a súa pantasma, que hipnotiza a Neira e lle pide que describa o que ve no teito da cociña. Neira ve un porco de douscentos cincuenta quilos no que se cre que está o reloxo do Merexildo (defunto esposo da Merexilda), polo que decide matalo para recuperar o reloxo que trouxera de Cuba. No momento da matanza, a cabeza do porco convértese na cara do Xecas e cando abre o estómago do porco o reloxo non aparece. Merexildo arráncalle os ollos e tíraos forte contra o chan e rebentan, logo aparece un lobicán que os come. Mentres o Neira describía o que estaba vendo no teito, a pantasma apaga a candea e todos fican a escuras demandando luz mentres de novo aparece Merexilda á luz dun candil con gargalladas. Todos fican incrédulos, Merexilda explícalles que todo era debido ás súas artes que aprendera na Habana vella, onde Xangó lle deu forma animista para poder transformarse no que queira. Todo isto foi feito para que Xecas deixe de inxuriala por durmir con quen lle peta e para que Neira deixe de ser incrédulo cos misterios que ignora, tanto da vida coma da morte. Esta obra só ten ilustrada a cuberta cun debuxo abstracto de Manuel Fragoso.

González Costa, Teresa, *O misterio do chapeu do mago (segunda entrega do ciclo maxestuoso)*, ilust. cuberta da autora, A Estrada: Edicións Fervenza¸ col. A Pinguela. Teatro Escolar. Para ler e representar, n.º 66, [lectorado mozo], 2009, 27 pp. (ISBN: 978-84-96368-98-9). ■

Peza dramática escolar de Teresa González Costa (O Grove, 1975) que se anuncia como a segunda entrega do Ciclo Maxestoso. Interveñen unicamente seis personaxes: Lola, o Detective, o Mago, o Pintor, a Domadora de Pulgas e a Raíña. Lola rexenta unha casa de hóspedes de verán. Entre lectura e lectura, convive co mago Federico Astro Logo, que vén alugar un cuarto, co pintor Mariano que se dedica a pintar os pés dos turistas no peirao, coa domadora de pulgas Mariona e coa Raíña, que lles ten alerxia aos magos e non para de esbirrar, aínda que lembra con agrado a Eloxio Merecido, o seu prometido e mago de trucos diminutos do seu castelo. O sorprendente é que Federico Astro Logo preparara un antídoto para a alerxia da Raíña, mais gardárao no sombreiro que lle desapareceu na praia. Para concluír, grazas aos dotes detectivescos da caseira, descóbrese que Federico Astro Logo era Eloxio Merecido, o namorado da Raíña. Recoñécense e a Raíña toma o antídoto. Remata a obra coa saída de todos eles cara ao festival no que actuarán tanto o Mago como Mariona. Os diálogos, non exentos de xogos de palabras ou dificultades de intercomprensión, poden achegar por veces esta obra aos mecanismos do teatro do absurdo, alén de tirarlles constantemente sorrisos aos espectadores. Só ten ilustración na cuberta cun debuxo da autora do texto de estilo infantil.

González Costa, Teresa, *Pingueiras e tarteiras*, III Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2008, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 12, [lectorado autónomo], xuño 2009, 75 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9914-003-2/ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4816-1). ■

Peza teatral de Teresa González Costa (O Grove, 1975) na que se presenta a aventura que os integrantes do Circo do Paraugas viven na sala do Castelo Grisallo presidida pola propia Raíña. Ao longo da peza de acto único van aparecendo distintos personaxes: o director-capitán do circo, Chapeu Torto; a funambulista do Circo do Paraugas, Culleriña; o mimo, Pelo Teso; e o pallaso, Zapatóns. Todo eles, perdidos, chegan diante da Raíña Otilia e deciden pedirlle un traballo. A peza complétase coas ilustracións figurativas de Rodrigo Chao. A cuberta ofrece unha imaxe que continúa na contracuberta e está máis relacionada coa temática do libro que co título. É unha ilustración de cores cálidas, pouco saturadas, con brillos luminosos e con fondos escuros, manténdose estas características cromáticas no interior. As imaxes describen os personaxes desta obra de teatro seguindo a descripción do texto en canto a actitudes, vestimentas e lugar no que se atopan. En todas elas hai unhas pingueiras que caen sobre os protagonistas.

Recensións:

- MF Vieites, "O tango imposible do peixe de pedra. Semiótica da dominación doméstica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 303, 8 outubro 2009, p. VIII.

Centra a atención na obra teatral *Sempre quixen bailar un tango* coa que Teresa González Costa gañou o Premio Álvaro Cunqueiro para textos dramáticos en 2008. Indica que neste mesmo ano, González Costa foi galardonada co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil polo seu libro teatral *Pingueiras e tarteiras*. Tamén se fala da súa primeira publicación, *Alén das brumas* (2007).

Referencias varias:

- T. M., "La 'Festa das letras e do libro' acoge la presentación de cuatro obras literarias", *Diario de Arousa*, "O Grove", "Celebración", 7 xuño 2009, p. 19.

Anúnciase a celebración da Festa das letras e do libro do Grove na que se presentaron catro obras literarias. Coméntase que tiveron lugar tamén outras actividades como a lectura de fragmentos de textos por parte do alumnado do IES As Bizocas, a inauguración da exposición "Libros coma mazáns" ou a homenaxe a Teresa González, gañadora dos premios Álvaro Cunqueiro e Manuel María, que presentou *Tarteiras e pingueiras*.

- Manuel Vidal Villaverde, "O teatro como necesidade da esencia", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 468, "Musas", 2 agosto 2009, p. 44.

Entrevista coa autora de *Pingueiras e tarteiras*, peza teatral da que a propia Teresa González Costa di que é un "libro precioso, unha edición de luxo". Así, destaca o traballo feito por Rodrigo Chao, ilustrador do volume. Fai referencia tamén a outra obra

súa *Sempre quixen bailar un tango*, da que asegura estar tamén "moi contenta". Por último, González Costa comenta que o teatro é un xénero co que se atopou despois dunha busca na que se conxugaron vivencias, inquedanzas e necesidades de eficacia, entre outras cousas. Ademais, apunta que a poesía non debe ser considerada un xénero a parte pois, dende o seu punto de vista, todo xénero literario ten unha dose máis ou menos elevada dela.

Graña, Bernardino, *Con Franco nun armario*, ilust. Anxo Fariña, limiar de Héitor Mera Herbello, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Mitos e lendas, [lectorado mozo], 2009, 64 pp. (ISBN: 978-84-8341-325-8).

Sátira humorística de Bernardino Graña (Cangas de Morrazo, 1932) sobre a sociedade da época, na que a xente se deixaba engaiolar polos chamados "ricos poderosos", como afirma Héitor Mera Herbello no limiar intitulado "Verbas sobre un teimudo". A peza teatral desenvólvese a finais de 1975, pouco despois da morte de Franco. Unha familia, composta por unha vella que ten dous fillos, un deficiente e outro policía, e un fillastro con muller e filla, está á espera do camión da mudanza para cambiar da casa vella na que vive a un piso situado nunha zona máis moderna. O fillastro e a muller, causantes da mudanza, non queren levar consigo o irmán deficiente, polo que fan todo o posíbel por asustalo e que el mesmo decida marchar para a aldea. Durante este proceso, a vella morre mentres tenta defendelo. O fillastro, a muller e mais a filla destes, para non ter que retrasar a mudanza, acordan metela dentro dun armario para que a leven os da mudanza ao piso novo e finxir que morreu neste. Esta peza conta coas ilustracións de Anxo Fariña (Vigo, 1977). Na cuberta aparece un armario moi sinxelo que deixa entrever o contido da obra. No interior hai imaxes moi sinxelas de obxectos ou personaxes da trama que serven para acompañar o texto, pero non dan claves especiais sobre o escenario ou as vestimentas dos personaxes. Son debuxos tratados por ordenador, nos que o aspecto simbólico é importante como por exemplo chaves ou ferraduras. As cores son escuras e contrastadas.

Referencias varias:

- Clara Sánchez, "Bernardino Graña reivindica 'a vida natural e sinxela", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Cultura", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 39.

Anuncia a publicación en Edicións A Nosa Terra de dous novos libros de Bernardino Graña, a obra teatral *Con Franco nun armario* e o relato *No castelo de Marbel*, que inaugura a colección "Contos do Bernardino", ambos ilustrados por Anxo Fariña. Con respecto a *Con Franco nun armario*, cun prólogo de Heitor Mera, destaca que se trata dunha peza ambientada en novembro de 1975, poucos días despois da morte de Franco, que se desenvolve en dous lances nunha vella casa do arrabalde dunha vila sen nome, onde os seus habitantes agardan o traslado a unha zona máis urbanizada da cidade. Apunta que o ton humorístico e satírico consegue que a obra sexa un manifesto a prol da liberdade, da tranquilidade e contra unha sociedade inhumana. De *No castelo de Marbel* indica que se trata dunha viaxe fantástica que reivindica a vida sinxela, inspirado nun conto popular.

Kühn-Bode, Heidi, *Falou un queixo*, ilust. da autora, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore, n.º 157, a partir dos 8 anos, marzo 2009, 126 pp. (ISBN: 978-84-9865-158-4).

Colección de doce pezas teatrais breves de Heidi Kühn-Bode (Eching, Bavaria, Alemaña, 1945), cada unha delas tituladas, nas que os diálogos son breves e nas que introduce moitas veces onomatopeas, que fan que o verso sexa sonoro pero non por iso baleiro de contido. Case todas as historias están introducidas por unha presentadora e nelas prodúcese unha conversa entre dous elementos, sexan persoas, animais ou obxectos; polo que todos eles actúan como humanos. Así, falan un queixo ou un cabalo cunha moza; unha mosca que intenta comer marmelada; unha ra que quere ser amiga dun cuco; unha pataca que lle conta a unha rapaza que a cenoria vive máis contenta na autoestrada que na leira; un verme que se queixa de que baixo terra non hai guerras; unha corva que admira unha poeta brasileira; a cabuxa e a bruxa, que se preparan para ir elegantes a unha voda; a sardiña Minchiña senta con Tareixa a santiña na praia a conversar; o neno que lle di á súa irmá lúa que quere montar a cabalo e pasea logo nun cabalo de madeira; o diálogo de Sinda Herminda con Crocolindo Rindorindo, Fernando Cantando e Melendo Tremendo; e Fresquiño, o Libro Riquiño, que reivindica ante a Queixeira os dereitos dos nenos. Este libro, tanto no interior coma na cuberta, ten unhas fotografías de paisaxes, de xente cabalgando e de obxectos que se refiren a distintos momentos da obra de teatro que recolle. Son unhas imaxes da propia autora amábeis e de cores cálidas, que concordan en harmonía coa temática da obra, pero que non están pensadas para achegar información sobre os posíbeis escenarios.

Recensións:

- Camilo Franco, "Teatro para cativos con gañas de coñecer", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 339, "Letras en galego", 14 novembro 2009, p. 11.

Coméntase que o teatro é un xénero con moitas lagoas no seu formato libro e que, cando se trata de teatro infantil, estas aínda son máis grandes. Destácase que Heidi Kühn-Bode contrarresta esas carencias coa publicación de dous volumes destinados a diferentes idades. Cóntase que *Falou un queixo* é unha festa de xogos nos que diferentes personaxes (nenos, animais, a Terra, alimentos, etc.) conversan con diálogos rimados case como facendo cancións, xogando coa rítmica das frases e facendo comedia con todo o que acontece.

Kühn-Bode, Heidi, *Tres mulleres do seu tempo*, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 16, a partir de 10 anos, abril 2009, 166 pp. (ISBN: 978-84-92630-14-1).

Volume de Heidi Kühn-Bode (Eching, Bavaria, Alemaña, 1945) dedicado ao lectorado novo (a partir de 10 anos) e integrado por tres breves pezas teatrais: I. "Brigantia, a pintora de san Roque" (pp. 9-55), II. "Xoana de Vega, mestra de raíñas e princesiñas" (pp. 57-118) e III. "Da rapaciña María Casares e de cómo xoga" (pp. 119-166). Nelas a autora, da que se ofrece unha breve bibliografía na apertura do libro, "mestura con naturalidade o real e o fantástico", tal e como se indica na contraportada da obra. Así, cada unha das pezas vai precedida dunha pequena biografía sobre a personaxe principal así como dunha fotografía en branco e negro. A autoría destas e a colorida imaxe de portada corresponden á propia Heidi Kühn-Bode. Cómpre engadir que cada peza se

divide nun máximo de oito escenas tituladas, como é o caso da primeira; e un mínimo de seis, como acontece coa última. Para a presentación dos personaxes, dedícase unha páxina antes da primeira escena onde se expoñen os nomes propios e breves indicacións Só está ilustrada a cuberta cunha pintura na que se recolle unha imaxe moi expresiva con pinceladas grosas, que presenta unha cara de muller no medio de formas curvas de estilo surrealista. As cores empregadas son saturadas e de alto contraste.

Recensións:

- Camilo Franco, "Teatro para cativos con gañas de coñecer", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 339, "Letras en galego", 14 novembro 2009, p. 11.

Tras sinalarse as carencias do xénero teatral, valórase que Heidi Kühn-Bode publique dous volumes destinados a diferentes idades. Indícase que o libro *Tres mulleres do seu tempo* ten o obxectivo de mostrarlles aos rapaces tres casos de mulleres que tiveron un protagonismo singular no seu tempo: Brigantia, que viviu no século XVIII e pintou na Catedral de Colonia; Xoana de Vega, instrutora da raíña Isabel II; e a actriz María Casares. Opínase que a autora combina neste volume a realidade e a ficción para que os rapaces comproben como cambian aos tempos e como cada unha das heroínas leva aparellados os sinais dunha época. Tamén se fai referencia ao volume *Falou un queixo*, outra obra teatral dirixida ao público infantil escrita pola mesma Kühn-Bode.

Neira Cruz, Xosé A., *O punto da escarola*. *Titiriópera en tres actos composta polo Mestre Choipín para ser representada no Salón do Trono do Real Formigueiro da Horta*, VI Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques 2008 na modalidade infantil, ilust. Marcos Calo Bermúdez, A Coruña: Baía Edicións/AGADIC, col. Barriga Verde, n.º 6, [lectorado autónomo], febreiro 2009, 51 pp. Inclúe DVD. (ISBN Baía Edicións: 978-84-92630-01-1) (ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4743-0). ■

Peza teatral en clave de humor de Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968). Iníciase o volume cun prólogo no que se recorre ao recurso do manuscrito atopado para explicar a procedencia desta "titiriópera", ideada polo Mestre Choupín e achada no medio dunha revista de calceta polo musicólogo Davi Zinho Cempés. A seguir inclúense cinco extractos das opinións que a crítica especializada ofreceu da obra e mais os *dramatis personae*, onde se detallan os nomes e principais atributos dos once protagonistas que interveñen na peza, todos eles animais, con trazos irónicos e achegados á caricatura. Na obra, que se desenvolve nun claro da horta, cóntase, en tres actos, como o comediante Mestre Choupín anda desesperado porque non consegue poñerlle o punto e final á súa última obra para a raíña e a estrea será en poucas horas. Cando se lamenta diante do seu axudante, o chinche Birim Bao, porque non atopa unha prima donna, aparece Madama Manteiga Fly, unha abella vella, mexeriqueira e fatua, que perdeu a súa sona hai tempo, e tras ela o vaidoso grilo tenor Pandolfo Malatesta, quen tamén se ofrece a colaborar na peza. Pouco despois, aparecen tres formigas, Fina, Lina e Mina, cargando cunha inmensa escarola, que axiña se senten fascinadas pola poderosa voz de Pandolfo. Mestre Choupín descobre o talento das formigas e por fin consegue rematar a peza, ao tempo que Birim Bao cae rendido aos pés de Miss Teriosa, a barbantesa. A impaciente Raíña das Formigas disponse a asistir á representación, pero

antes Mestre Choupín explícalle con ironía que as óperas son como a vida: coa súa vaidade, a de Madama Manteiga Fly e Pandolfo Malatesta; co amor, o que senten Birim Bao e Miss Teriosa; e coa ilusión, os celos e a envexa, que non son quen de controlar as tres formigas. Cando todo está listo para comezar o espectáculo, aparece o picapau Trom Peta Pouco e devora a raíña. O punto final da peza pono a xoaniña que aparece no medio da escarola cantando unha canción que defende a existencia da tenrura e da liberdade. Neira Cruz integra na obra un conxunto de coñecidas pezas musicais operísticas que os personaxes interpretan coas letras cambiadas, o cal reforza, xunto coa trama e os nomes e comportamentos dos personaxes, o humorismo e a parodia do texto. Marcos Calo Bermúdez (A Coruña, 1974) ilustra este texto para teatro cunhas imaxes onde aparecen os insectos protagonistas representados cos diferentes elementos e características que os diferencian uns doutros con uso de cores saturadas e moi alegres. Para deseñar os personaxes guíase das indicacións que o autor do texto achega nas primeiras páxinas.

Recensións:

- Inma López Silva, "Opereta de animais", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 13.

Comenta que tras a publicación d'*O punto da escarola*, premio da sexta edición do Barriga Verde, estase a comprobar que Xosé Antón Neira Cruz se move cunha envexábel destreza no xénero dramático. Sinala que a obra arremeda a estrutura dos musicais clásicos para achegarlles aos lectores-espectadores máis cativos unha ópera particular: a que desenvolven os bechos dunha horta. Refírese ao seu argumento e explica que Neira Cruz constrúe un texto baseado na estrutura tradicional do relato infantil, á que achega unha linguaxe áxil e fresca, cargada de chiscadelas de ollo á actualidade e, sobre todo, con múltiples referencias á ópera. Afirma que esta obra podería ter unha fermosa posta en escena, ademais de referirse ás vistosas e expresivas ilustracións de Marcos Calo, que poderían contribuír a un deseño de escenografía. Explica cales son as razóns polas que este é un libro "fermoso" dende múltiples puntos de vista (estético, cualitativo e nos contidos), ademais de aludir á inconveniencia dunha clasificación que, case por definición, arreda os adultos de obras fantásticas coas que pasar un bo tempo e coas que ter a oportunidade de volver á visión do mundo da infancia.

- Montse Pena Presas, "Males de teatro", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 27, "Ler con nenas", 13 xuño 2009, contracuberta.

Refírese á dificultade de difusión que teñen as pezas teatrais e aplaude iniciativas para promover o teatro como os premios convocados por AGADIC. Precísase que por iso cómpre salientar a obra de Xosé Antonio Neira Cruz, *O punto da escarola*, que acadou o Premio Barriga Verde no 2009. Sinálase que a obra está destinada particularmente ao público infantil e en xeral o todos os lectores, que desprende humor absurdo xa dende os seus paratextos e que emprega o recurso do manuscrito atopado. Tamén se incitan para que potencien a literatura dramática as institucións e os axentes críticos. Por último, preséntase o argumento da obra, que define como "titiriópera", e os personaxes, ademais saliéntanse a sátira aos sentimentos humáns, a idoneidade do texto para a representación, o xogo idiomático e a importancia da música.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Neira Cruz, en Barriga Verde", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 6 outubro 2009, p. L16.

Entre outras informacións, recóllese a nova da presentación da obra *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz, gañadora do Premio Barriga Verde de Textos para Monicreques 2008. Indica que o acto tivo lugar na galería Sargadelos, apadriñado por Jorge Rey, presidente da Asociación Cultural Barriga Verde e responsábel do Festival Galicreques.

Pereiro, Chus, *Restaurante Farruco*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, Teatro, n.º 191, serie verde, maio 2009, de 9 anos en diante, 61 pp. (ISBN: 978-84-9914-005-6).

Curta peza teatral cómica de Chus Pereiro (Marín, Pontevedra, 1957), dun só acto. Nel deselvólvese o transcorrer dunha xornada no Restaurante Farruco a través de quince personaxes que se presentan ao principio da obra e que van intervindo nela mediante diálogos rimados, introducidos por un apuntador. O camareiro Farruco e a cociñeira Siñá Manuela, xunto co seu axudante son os encargados de atender os seus comensais, o Rei e unha parella, os cales, ao final da obra, rematan índose do restaurante sen comer nada pero pagando igual polo servizo recibido, polo que os encargados quedan moi contentos e satisfeitos co seu día de traballo. A acción comeza cando entra unha parella a comer que non ten moitos cartos polo que só pide un caramuxo e logo entra o Rei que acaba por marchar, con fame, porque todo o que pide acaba por ser incomestíbel: pide galiña e non a pode comer porque sae correndo; logo churrasco de tenreira e tráenlle a vaca viva; a continuación os chocos están crus e co chourizo teñen que pelexar na cociña. A peza remata coa reflexión do camareiro Farruco, que di que no restaurante os clientes "non ficaron fartos mais fixeron cartos". Existe un continuo emprego dos pareados nos diálogos, cargados de humor. As ilustracións de Xan López Domínguez (Lugo, 1957), de páxina completa, recollen os distintos personaxes da obra, que aparecen caraterizados como se quere que vaian vestidos os actores e actrices.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Estrambótico xantar", *A Nosa Terra*, n.º 1.366, "*Bule Bul*e", 2-8 xullo 2009, p. 30.

Precísase que acaba de saír á luz a obra de Chus Pereiro, *Restaurante Farruco*, a cargo de Edicións Xerais de Galicia e, concretamente, na súa colección "Merlín". Sinálase que as ilustracións son de Xan López Domínguez, candidato ao Premio Hans Christian Andersen do 2010. Indícase que a obra transcorre nun só acto, no que se leva á escena o xantar dunha parella e o Rei, que serán atendidos polo camareiro Farruco, a cociñeira Siñá Manuela e o seu axudante de cociña, que darán lugar a unha serie de peripecias que os comensais non esquecerán. Saliéntase o humor como fío condutor e a linguaxe expresiva que xoga coa rima e o ritmo para captar a atención do público infantil.

- María Jesús Fernández, "*Restaurante Farruco*. Chus Pereiro", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 229, "Libros/Novedades", setembro 2009, p. 69.

Fala da estrutura desta peza teatral, en verso e cunha gran dose de humor. Recíbea con entusiasmo pois, como di, ante as poucas publicacións deste xénero é bo recibir algunha e mais se se trata dunha "gozada por su originalidad, frescura y espontaneidad" cun toque surrealista que reforza o carácter divertido da obra. Describe a historia que se pon en escena salientando os diálogos divertidos e a actuación dos personaxes, o ritmo que recorda os "gags" do cinema cómico e que é tamén unha obra para a lectura. Remata ofrecendo datos biográficos da autora e das ilustracións realizadas por Xan López Domínguez.

- Paula Fernández, "Encantador desafío", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Libros", 5 novembro 2009, p.VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 258, "Letras galegas", 14 novembro 2009, p. 7.

Considérase que Chus Pereiro, mestra e escritora, amosa, como xa fixera con *Mamasiña que medo* (2002), os seus dotes para o teatro infantil nesta breve peza teatral. Refírese a *Restaurante Farruco* como unha obra dramática disparatada que desenvolve unha única acción nun único espazo e nun único día. Asemade, saliéntase a agudeza e ironía dos seus diálogos rimados.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "A paixón didáctica pola literatura", *Atlántico Diario*, *La Revista*, "Musas", n.º 459, 31 maio 2009, p. 58.

Despois de afirmar que Chus Pereiro é unha escritora "excelente", Manuel Vidal Villaverde entrevístaa co gallo da publicación de *Restaurante Farruco*, o seu segundo libro de literatura infantil e xuvenil. Chus Pereiro destaca que as súas obras son pezas teatrais para que representen nenos, pero que os adultos as "gozan coa mesma intensidade". Con respecto a *Restaurante Farruco*, explica que ten lugar nun restaurante onde os alimentos están vivos e non queren ir ao prato.

Salgueiro, Roberto, *Valentino Rufini e Âkil Pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can). Obra de relixión, sexo e violencia para ver en familia*, ilust. Javi Montes, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 18, a partir de 10 anos, xuño 2009, 61 pp. (ISBN: 978-84-92630-19-6).

Peza teatral de Roberto Salgueiro (Caracas, 1966) en ton de comedia farsesca que conta cun prólogo e once escenas. Trata das peripecias de dous viaxeiros, Valentino e Âkil, e da súa amizade ambientadas no século XVIII nos arredores de Venecia. Recréanse as historias dos dous personaxes que son moi parecidos, aínda que contrapostos, pois un é un amo abandonado polo seu criado e o outro é un criado abandonado pola súa ama. O primeiro en aparecer é Valentino, quen conta a súa historia e di que quere regresar a Milán para ver se alí publican os seus poemas, porque de momento en ningún sitio llos publicaron, mais ten que esperar por unha carruaxe e vaise para unha casa en ruínas que encontra polo camiño. O mesmo ocorre con Âkil. Atópanse nunha casa abandonada, sen cartos e coa pretensión de viaxar a Milán, viaxe no que xorde a amizade no medio

dunha serie de situacións graciosas e elementos anacrónicos. A súa idea é traballar xuntos Âkil como poeta e Valentino como ilustrador dos seus poemas. As ilustracións en branco e negro son de Javi Montes (A Coruña, 1975). Na cuberta, a única que ten cor, aparecen unha máscaras de teatro que nos mergullan nunha obra dramática. No interior aparecen os dous personaxes da obra en distintas situacións, con información ao redor do vestiario e os enseres que os acompañan nas escenas. Son ilustracións figurativas que describen detalles que poden facilitar a posta en escena.

VII.3.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Alfaya, An, *O maquinista Antón*, ilust. Santy Gutiérrez, Primeiro Premio da Mostra de Teatro Infantil "Xeración Nós" 1991, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín-Teatro, n.º 197, serie verde, de 9 anos en diante, outubro 2009, 74 pp. (ISBN: 978-84-9914-052-0).

Segunda edición da peza editada en 1993 pola editorial Bruño, na colección Altamar, n.º 11. Nela indícase na portada que merecera o Primeiro Premio da Mostra de Teatro Infantil "Xeración Nós" 1991. Esa edición orixinal arrinca cunha ficha bibliográfica da autora e reproduce unha dedicatoria en verso "para ti..." e no verso desa páxina aparece a dedicatoria "A Tania e Mando con infinito amor". A peza orixinal estrutúrase nun comentario da autora que precede ao *dramatis personae* e ao acto único. A reedición de 2009 muda de editorial e de ilustrador (Manuel Uhía na edición orixinal maioritariamente en branco e negro con detalles a cor fronte ás ilsutracións coloristas da edición de 2009, realizadas por Santy Gutiérrez), cambia a dedicatoria, actualiza o texto dramático á normativa vixente no galego dende 2003 e insire cambios nas didascalias que se converten agora en texto teatral. Esta peza de acto único de An Alfaya (nome literario de Ánxeles Alfaya Bernárdez, Vigo, 1964), de carácter fantástico-realista, achega, a través dos diálogos dos personaxes e das diversas acoutacións, unha historia que acontece nunha estación de tren, onde o maquinista Antón está agochado negándose a conducir unha máquina máis. O xefe da estación anda a correr e a berrar por Antón cando comezan a apareceren os primeiros viaxeiros, unha vella coa súa neta Pilarín e de seguido o home dos globos. É nese momento cando se oe a voz de Antón xogando ás agachadas. A vella enfádase e o home dos globos cre que mentres non apareza o maquinista o mellor será cantar. Aparece outro viaxeiro, o pescador de soños. Este cando se entera da situación cre que o mellor será pescar soños, e así o fai cos seus futuros compañeiros de viaxe. Chegan dous viaxeiros máis, un mozo e unha moza que non falan ben o galego e séguenlle o xogo ao pescador de soños. A vella desaparece e, ao volver, confesa que está a xogar ás agachadas con Antón, xa que é a única maneira de marchar. Preséntase outra viaxeira, a adiviña, tirando dun crocodilo de mentira, e comezan a discutir entre eles. Nisto aparece a vella arrastrando a Antón por unha orella. Unha vez que o solta por petición da súa neta, este pídelles perdón, pero segue negándose a conducir a máquina do tren. De súpeto, escóitase por megafonía que o atraso do tren é debido a un atranco da vía formándose un balbordo xeral. Entón Antón xunto coa portaequipaxes deciden que o mellor será xogar para facer máis amábel a espera, agóchanse tras cadansúa caixa e comezan a xogar ás adiviñas, unindose pouco a pouco os demais alí presentes. Máis tarde escóitase, novamente por megafonía, a chegada do tren, por fin hai maquinista e tren! É agora cando Antón comeza a contarlles a súa historia, os seus desexos dende neno de ser maquinista. Xusto hoxe facía 25 anos que o seu soño se cumprira, e non quería conducir porque cría que o seu soño merecía un descanso. A historia emociónaos e os viaxeiros decidiron non saír sen Antón. Foi entón cando este, emocionado tamén, decide subir á máquina e levar eses peculiares viaxeiros aos seus destinos. Conta esta peza coas ilustracións de Santy Guitiérrez (Vigo, 1971). Na cuberta aparece o protagonista que dá nome á obra cunha locomotora ao fondo e cun pano de fondo recollido na parte de arriba, avanzando que se trata dunha obra de teatro. Nas páxinas interiores hai ilustracións que van presentando os personaxes que actúan na obra axudando a caracterizalos, aínda que sen descrición dos

escenarios posíbeis. As imaxes son de estilo figurativo, pero están estilizadas cunhas actitudes simpáticas que achegan os protagonistas.

Referencias varias:

- An Alfaya, "O maquinista Antón", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Relato infantil", 12 decembro 2009, pp. 4-5.

Insírese neste suplemento a cuberta e un fragmento da peza teatral *O maquinista Antón* (1993), escrita por An Alfaya e ilustrada por Santy Gutiérrez.

- Antonio García Teijeiro, "Teatro", *A Nosa Terra*, n.º 1.388, "*Bule Bule*", 31 decembro 2009-14 xaneiro 2010, p. 26.

Resume os valores formativos e lúdicos que posúe o teatro para os nenos e nenas e sinala que é unha mágoa que non se lea abondo na escola. Indica que neste curso prescribirá aos seus alumnos a lectura desta peza dramática de An Alfaya, pois quedou cativado cos seus personaxes e o ambiente festivo e poético que creou a autora. Salienta que este texto mereceu o Premio Xeración Nós no ano 1991.

Casares, Carlos, *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, I Premio do I Concurso infantil de teatro d'O Facho 1973, ilust. Luís Seoane, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 159, a partir dos 8 anos, 2009, 77 pp. (ISBN: 978-84-9865-160-7).

Sexta reedición da peza dramática de Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941-Vigo, 2002), que fora merecente do I Premio do I Concurso infantil de teatro d'O Facho no ano 1973, data na que foi publicada orixinariamente. Esta nova reedición reproduce o texto da cuarta edición de maio de 1993, editada na mesma colección Árbore da editorial Galaxia. Varía a imaxe da cuberta, o tamaño da encadernación, a gramaxe da cuberta e do papel, ademais do cambio de colección, número e ISBN. Todas as reedicións eliminan a dedicatoria familiar da primeira edición "Pra as miñas sobriñas/Karina e Malin, en Suecia./E Yhadira e Ruth, aquí", e tamén a especificación de que as ilustracións "corresponden aos bocetos de figuríns e decorado xeneral realizados por Luis Seoane" situada antes da nota editorial da anteportada. Esta sexta edición mantén a nota do verso da anteportada, agás a derradeira frase. E engade, tras o texto teatral, unha fotografía en branco e negro de Casares ocupando toda a páxina e unha semblanza biobibliográfica. Esta peza teatral xa foi descrita no *Informe de Literatura 2004*, no apartado VII.5.1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos. A peza enriquécese cos bocetos e figuríns feitos en acuarela, que orientan a posta en escena, do debuxante, grabador e pintor Luis Seoane López (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979), quen representa o espazo e todos os personaxes caracterizados coas súas vestimentas e aspectos físicos máis salientábeis, agás a galiña Petra, que aparece na escena do proscenio na que se representan a horta, a fachada da casa, o pozo, as laranxas na árbore e un ovo de gran tamaño ao pé da galiña. As imaxes están debuxadas con tinta negra e as cores están feitas con pinceladas de acuarelas. A sinxeleza do estilo empregado non resta expresividade ás figuras. Fronte a outras reedicións, as ilustracións

desta reedición de 2009 dótanse de maior viveza e a imaxe do proscenio e da cuberta da primeira edición ocupa ambas as capas.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "Na horta dos toromelos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Teatro", 30 abril 2009, p. VIII.

Precísase que se acaba de reeditar a obra de Carlos Casares, *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, da que se di que "constitúe unha pequena obra mestra no eido da literatura dramática". Sinálase que nesta peza protagonizada por Elías e o Veciño da escopeta a lóxica é, en principio, predominante; aínda que ao longo da obra esta se vai difuminando para realizar unha "ruptura das regras habituais para nomear e interpretar a realidade" co uso da ironía. Menciónanse as ilustracións de Luís Seoane, que acompañan o relato e saliéntanse as cores que lle dan unha dimensión irreal ao conxunto.

Colectivo Garola, *A escada*, VII Concurso de Teatro Infantil Galego "Xeración Nós" 1996, Ferrol: Edicións Embora, col. A Biblioteca Ambulante da Garola. Colección de Teatro Infantil e Xuvenil Galego, [lectorado mozo], xaneiro 2009, 62 pp. (ISBN: 978-84-92644-00-1). ◆

Reedición da obra creada polos membros do Colectivo Garola M. García-Cernuda, F. Guillén e C. Labraña que xa fora publicada no ano 1996 tras ser merecentes esta peza de Carlos Labraña, María Jesús Guillén e Miguel García Cernuda do VII Concurso de Teatro Infantil Galego "Xeración Nós", que celebraban os concellos de Ares, Fene, Mugardos, Narón e Neda, os cales publicaban conxuntamente como Asociación Intermunicipal Mostra de Teatro "Xeración Nós". A nova edición, subvencionada pola Xunta de Galicia, substitúe a tipografía en negriña por cursiva e muda a editorial, o tamaño da edición e o deseño da cuberta. Mentres na edición de 1996 Armando Lago presentaba a imaxe dun león que ía voando enganchado nunha escada ante a ollada dunhas siluetas humanas situadas na parte inferior, na reedición a imaxe só representa a escada con chanzos tortos e a cores, que se asenta nunha cadeira de cor vermella. A peza arrinca co *dramatis personae* divido en "personaxes" e "personaxes do circo", e estrutúrase nun limiar e un acto único. O limiar sitúa o lectorado na sala dun teatro, lugar onde se atopan algúns dos personaxes da obra, o Vello, Quique, Loli, Felipe e Emilio. Estes catro últimos, que nun principio semellan formar parte do público, aceptan a invitación do Vello para convertérense nos actores principais da peza teatral. Unha peza teatral que carece de decorado contando tan só cun elemento: a escada que lle da nome á obra e que serve de ponte entre o patio de butacas e o escenario. Para que a historia comece, os rapaces deberán sacar un título dunha bolsa e "pola maxia do teatro" no escenario aparecerá o decorado relacionado coa aventura que teñen que vivir. Se conseguen solucionar a situación que se lles presenta, conseguirán un premio. No acto único os protagonistas atópanse nun descampado no que un circo ten instalado o seu campamento. Nel irán aparecendo os personaxes do circo: Don Pío, o director; Madam Serena, a muller barbuda; Zapatón, o pallaso; Volantina, a funambulista; Plis-Plas, o home bala; Sr. Gómez, o contorsionista; Leoncio, o domador; e Timoteo, o malo da historia. Será este último o que conforme a peza clave da situación que teñen que resolver: trátase dun excompoñente do circo que, debido a que non aceptou a relación

sentimental entre Volantina e Plis-Plas, pretende "sementar a discordia" entre o resto dos integrantes do grupo utilizando a arte do transformismo. Un obxectivo que estaba a piques de conseguir até que chegaron os rapaces. Porén, e malia que Loli e os seus compañeiros conseguiron axudar os personaxes do circo a volver á normalidade, non conseguiron alcanzar o premio que o Vello lles ofrecera. E todo por culpa de Timoteo que, rabioso, ameazou os rapaces con non deixar baixar do escenario a Quique se non lle daban o obsequio. Un agasallo que só existía no mundo real e que se evaporou cando pasou ao mundo imaxinario. Ao final da historia, o Vello fai un chamamento á amizade poñéndoa por riba dos regalos materiais. Só ten ilustración a cuberta e presenta un debuxo dunha escaleira que sobe nunha diagonal ascendente dende a esquina inferior esquerda á superior dereita. A imaxe transmite dinamismo e inestabilidade, xa que a escaleira de cores está en equilibrio sobre unha cadeira.

Moure, Teresa, *Unha primavera para Aldara*, Premio Rafael Dieste 2007, Premio María Casares ao mellor texto orixinal 2009, Premio AELG 2009 a texto teatral, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 122, serie teatro, [mocidade], agosto 2009, 240 pp. (ISBN: 978-84-9914-027-8).

Reedición da peza de Teresa Moure (Monforte de Lemos, Lugo 1966) publicada para o público adulto no ano 2008 e que fora descrita no *Informe de Literatura 2008*, apartado III. Teatro. Engade un limiar intitulado "Unhas palabras da autora" e conta na cuberta cunha fotografía de Tino Viz dunha representación desta obra de teatro. Na imaxe aparecen algúns dos principais protagonistas con roupas de estilo sobrio que achegan ao lectorado a época na que está circunscrita a obra e a clase social das persoas.

Recensións:

- Roi Vidal Ponte, "Unha primavera máis", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 12, "proPostas", outono 2009, p. 10.

Centra a súa atención no primeiro texto teatral de Teresa Moure, co que conseguiu o Premio María Casares 2009, o Premio Rafael Dieste 2007 e o Premio AEL 2009. Considera que, se cadra con excesiva narratividade e amosando certas lagoas no eido da creación dramática, o texto presenta unha trama argumental que pode sorprender pola contemporaneidade coa que son tratados o conflito e os personaxes. Apunta que é posíbel que, ao igual que o punto de vista feminista e a fácil resolución do conflito, a chiscadela á intertextualidade e á liberación de escolla sexual poida parecer inverosímil, mais hai que ter en conta que tanto os personaxes coma a acción mesma están ao servizo da forte carga ideolóxica do texto. Anota que se algo hai que destacar e agradecer a esta *Primavera* é o esforzo da autora por empregar unha lingua rica e culta que dese impresión de antigüidade sen perder lixeireza.

Referencias varias:

- Ramón Blanco, "O teatro é o xénero da intervención social", *ABC*, "*Artes & Letras*", n.º 9, "Teatro", setembro 2009, p. 8.

Con motivo da reedición por Edicións Xerais de Galicia d'*Unha primavera para Aldara*, co que Teresa Moure alcanzou o Premio María Casares ao mellor texto orixinal, o Premio da AELG e o Premio Rafael Dieste 2007, a autora sinala nesta entrevista que pretendeu poñer en escena un convento feminino na Galicia irmandiña, coa intención de tratar os conflitos propios dun universo pechado e feminino que xorden coa chegada dun irmandiño pedindo asilo. Cualifica o teatro como o xénero de intervención social pola súa capacidade de chegar ao público e salienta que empregou unha lingua arcaizante acaída a un drama universal. Apunta que o texto é moi fiel á historia e recolle personaxes reais como o de Elvira Rodríguez, unha muller ourensá que en 1467 denunciou o seu home por malos tratos. Conta tamén que a obra foi concibida orixinalmente como guión cinematográfico nun proxecto que non chegou a callar, e para levala a escena viuse obrigada a sintetizar o texto en colaboración con Xulio Lago.

VII.3.3. POSTAS EN ESCENA

VII.3.3.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

Bande, XIVº Encontros de Teatro Escolar e Amateur de

Encontros organizados polo Concello de Bande, o IES Aquis Querquernis e o CEIP Xaquín Lourenzo, no que colaboran os centros de ensino da localidade. Nel participan estudantes de educación primaria e educación secundaria obrigatoria dos centros de Lobios, Celanova, Os Blancos, Ourense, Baños de Molgas, Barbadás, a Coruña e Lugo. Na edición de 2009, que tivo lugar do dezaoito até o vinte e dous de maio, reprensentáronse dezasete obras teatrais.

Referencias varias:

- F. L., "Bande representa la pasión por el teatro", *La Región*, "Ourense", 19 maio 2009, p. 10.

Faise mención da inauguración dos "XIVº Encontros de Teatro Escolar e Amateur" que tivo lugar no CEIP Xaquín Lourenzo de Bande. Precísase que estes encontros forman parte do programa elaborado co gallo do Día das Letras Galegas, e que neles se representarán dezasete obras.

CaixaEscena

Programa teatral organizado por La Caixa no que se realizan as adaptacións de diversos textos clásicos, tales como: *Antígona*, de Sófocles; *La comedia de la Olla*, de Plauto; *Romeo y Julieta* e *Sueño de una noche de verano*, de William Shakespeare; *Ubú Rei*, de A. Jarry; *Las visiones de la muerte*, de Calderón de la Barca; *Se o vello Sinbán volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro e *El Quijote*, de Cervantes, entre outras.

Referencias varias:

- Belén López, "La Caixa invita a hacer teatro a cinco institutos de la provincia de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", "Vivir aquí", 2 xuño 2009, p. 78.

Sinala que o programa teatral educativo que está a levar a cabo La Caixa dende 2006 co nome "CaixaEscena" conta este ano cunha gran participación de rapaces de distintos centros pontevedreses. Precísase que nesta ocasión se van representar as adaptacións dos seguintes textos clásicos: *Antígona*, de Sófocles; *La comedia de la Olla*, de Plauto; *Romeo y Julieta* e *Sueño de una noche de verano*, de William Shakespeare; *Ubú Rei*, de A. Jarry; *Las visiones de la muerte*, de Calderón de la Barca; *Se o vello Sinbán volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro e *El Quijote*, de Cervantes, entre outras.

Calvo Sotelo, XIIº Festival de Teatro Escolar e Afeccionado

Festival de teatro escolar e afeccionado patrocinado pola Deputación da Coruña e organizado polo grupo Candelexas do colexio Calvo Sotelo que se realiza nas instalacións deste centro da cidade herculina. As compañías presentes participan ademais nun concurso onde se galardoa a mellor actuación, vestiario e escenografía. A edición de 2009 tivo lugar dende o mes de abril até o trece de xuño e nela participaron o Cadro Artístico do Colexio Calvo Sotelo; ES3HA2 Melandrainas; o alumnado do Colexio Sagrada Familia; o alumnado do Colexio María Barbeito; a Asociación Teatral Paso de Valverde, con *Adeus, Kantor*; o Colexio Rías Altas, con *Cabaret Machine*; Liceo de Noia, con *As árbores morren de pé*; o alumnado da escola de teatro Casahamlet, con *O misterio das ganas de durmir*; o alumnado do Colexio Salesiano, con *A mazá*; O Trasno Novo Teatro, con *Conversas na cuneta* e Teatro do Andamio, con *Demasiado para nada*.

Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Ciclo de teatro realizado en Cambados dende xaneiro até marzo. Na edición de 2009 lévanse a cabo as representacións d´*O rei dos mares*, por The Pinga Teatro; *Un agasallo para Xaquín*, por Os Monicreques de Kukas; *Menos lobos*, por Talía Teatro; *Os soños na gaiola*, por Trinke Trinke; e *O principiño*, por Iliria Teatro.

Referencias varias:

- J. P., "Cultura apuesta por obras divertidas y de calidad para el ciclo de teatro infantil", *Diario de Arousa*, "Cambados local", "Rede Galega de Teatros", 17 xaneiro 2009, p. 13.

Faise mención do ciclo de teatro infantil que se vai levar a cabo en Cambados dende xaneiro até marzo. Precísase que entre os espectáculos se conta coa obra de The Pinga Teatro, *O rei dos mares*, ademais da participación d´Os Monicreques de Kukas, con *Un agasallo para Xaquín*; Talía Teatro, con *Menos lobos* e Trinke Trinke, con *Os soños da gaiola*. Finalmente dise que Iliria Teatro será a encargada de representar *O principiño.*

Cambados, Iª Mostra da Escola Municipal de Teatro de

Mostra de teatro escolar realizada no Auditorio Municipal A Xuventude de Cambados. Os participantes son os alumnos da escola municipal de teatro, que representaron a obra *Inda que o vento deixase de asubiar*.

Referencias varias:

- P. J., "Candido Pazó y Pepo Suevos convertirán a la Xouba y a Cabanillas en referentes del Entroido", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", "Carnaval 09", 14

febreiro 2009, p. 16.

Tras dar conta das novidades presentes no carnaval cambadés de 2009, que destaca pola achega humorística de Pepo Suevos e Cándido Pazó actuando como "xouba" e "cura", respectivamente, anúncianse as diversas actividades presentes no carnaval, entre as que se salientan: un circo de carnaval levado a cabo polo alumnado da Escola Municipal de Teatro, a actuación do Mago Teto, a actuación do grupo musical Desakordes, o Enterro da Sardiña ou, finalmente, a I Mostra da Escola Municipal de Teatro, onde dita Escola porá en escena a obra *Inda que o vento deixase de asubiar*.

Carballiño, Iº Festival de Títeres do

Festival de títeres promovido pola Concellaría de Cultura que ten lugar na Praza Maior do Carballiño. Esta primeira edición celebrouse dende o dezasete até o vinte e un de agosto, e nela participaron cinco compañías profesionais galegas: Títeres Falcatrúa, con *O espírito do bosque*; Títeres Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*; Títeres Ni Fu Ni Fa Animacións, con *C@nto*; Títeres Cascanueces, con *O ferreiro e o diaño* e Danthea Teatro, con *Carapuchiña vermella ou o cono do lobo*.

Referencias varias:

- X. A. R., "O primeiro 'Festival de Títeres' reunirá en Carballiño a cinco compañías teatrais", *La Región*, "Verano", "De ocio", 13 agosto 2009, p. 19.

Dise que a Praza Maior do Carballiño acolle a primeira edición do Festival de Títeres, promovido pola Concellaría de Cultura e no que participarán cinco compañías profesionais galegas. Logo indícanse cales son as obras que participan no festival.

- L. R., "Primer Festival de Títeres en Carballiño", *La Región*, "Verano", "Agenda", 17 agosto 2009, p. 18.

Entre as diferentes suxestións de festas e actividades lúdicas que se ofrecen na axenda do xornal, faise referencia ao inicio do Primeiro Festival de Títeres no Carballiño, que se inaugura cunha obra de Títeres Falcatrúa.

- X. A. R., "Monicreques para todos no Carballiño", *La Región*, "Verano", "De espectáculo", 17 agosto 2009, p. 10.

Dise que a Praza Maior do Carballiño acolle a primeira edición do Festival de Títeres, promovido pola Concellaría de Cultura e no que participarán cinco compañías profesionais galegas. Logo indícanse cales son as obras que participan no festival.

- X. A., "Titiriteros", *La Región*, "Verano", 18 agosto 2009, p.10.

Tras dar conta de que a compañía Títeres Falcatrúa foi a encargada de abrir a primeira edición do Festival de Títeres do Carballiño na Praza Maior da vila. Recóllense as palabras dos actores sobre o traballo que implica a montaxe do espectáculo, as infraestruturas necesarias e o propio traballo actoral.

- C. Paradela, “Marionetas por el medio ambiente”, *La Voz de Galicia*, “Cartelera y críticas”, 20 agosto 2009, p. 55.

Sinálase que comeza o Festival de Títeres do Carballiño, indicando asemade as datas de celebración e a súa apertura a cargo de Títeres Falcatrúa. Logo explícase o argumento desta obra e finalmente dise que se notan os anos de experiencia e o cariño e coidado que os actores poñen nos monicreques.

Cine Teatro Areouta, Iª Mostra de Teatro Escolar do CEIP Areouta

Mostra de teatro escolar realizada no CEIP Areouta de Fisterra con motivo de ampliar a perspectiva educativa do Centro. Ademais de representacións teatrais levadas a cabo durante un mes dende o cinco de xuño, data de apertura da mostra, conta coa inclusión dun Ciclo de Cine Infantil. Unha das postas en escena realizadas foi *Os tres porquiños e algún outro*, por Ttiritempo Teatro.

Referencias varias:

- M. R. J., “El colegio de Sardiñeiro abre hoy las puertas de su ‘Cine Teatro Areouta”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 5 xuño 2009, p. 34.

Sinálase que vai ter lugar a apertura do Cine Teatro Areouta no CEIP Areouta. Tamén se fai mención de que nesta Iª Mostra Teatral Escolar vai participar a compañía Titiritempo coa súa obra *Os tres porquiños e algún outro*.

Cuntis, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Certame de teatro afeccionado organizado pola Asociación Cultural e Xuvenil Escola Artística de Cuntis. Esta primeira edición desenvolveuse durante o mes de maio no Centro Sociocultural Patelas e nela participaron a Aula de Teatro Coto Manguelo de Orazo; Nós e Vós Teatro, con *Un nicho amueblado*; Vintureira de Campo Lameiro, con *Conto de Nadal*; Andaravía Teatro, con *Anacos de nós*; o Taller de Teatro de Bertamiráns, con *Praza ocupada*; Tarabelo Teatro, con *Pic-nic*; a Escola Artística de Cuntis, con *Farsa paulatina* e *Romeo e Xulieta* e o Grupo da Escola de Teatro da Estrada, con *Criaturas*.

Referencias varias:

- Chus Gómez, “El mejor teatro en Cuntis, el de Vedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 27 maio 2009, p. 6.

Precísase que se celebrou recentemente o Iº Certame de Teatro Afeccionado de Cuntis, organizado pola Asociación Cultural e Xuvenil Escola Artística de Cuntis, e que debido ao seu éxito é previsíbel que teña unha segunda edición. Sinálase que o gañador do mesmo foi a compañía Andaravía Teatro, de Vedra, coa obra *Anacos de nós*; que en

segunda posición quedou o Grupo da Escola de Teatro da Estrada, coa peza de Sergi Belbel *Criaturas*; e que o terceiro posto foi para a obra *Un nicho amueblado*, de Jesús Campos García, e representada por Nós eVós Teatro, de San Vicente do Grove; dise asemade que ao resto de participantes se lles entregou un diploma pola súa participación.

Descubrir o Teatro, XXª Mostra de Teatro escolar

Presentado por Carlos González Garcés, contou coa participación de preto de cincocentos alumnos de Educación Infantil, Primaria e ESO da cidade da Coruña. Os centros participantes na edición de 2009 foron: Salvador de Madariaga, Curros Enríquez, Rosalía de Castro e grupo Picariños do CEIP María Pita, coa obra *O Xigante dos Gandulfo*.

Referencias varias:

- D. R., "Cerca de 500 alumnos actuarán en la Mostra de Teatro Escolar", *El Ideal Gallego*, "A Coruña. Ciudad", "Educación", 17 abril 2009, p. 08.

Sinálase que se está a celebrar a XXª Mostra de Teatro Escolar, na que participan rapaces procedentes de moi diversos centros, tales como o grupo Picariños do CEIP María Pita, coa obra *O Xigante dos Gandulfo*; o Centro Salvador de Madariaga; Curros Enríquez ou o Rosalía de Castro. Precísase que estes espectáculos se representan en diversos centros, o que promove a interacción entre os nenos.

Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, que é o encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. No ano 2009 participou Spasmo Teatro; Galitoon, con *Babiliglub*; Elefante Elegante, con *Tristán, cara de can*; Os Monicreques de Kukas, con *Sen título 4x8x6 (técnica mixta sobre o escenario)* e a compañía asturiana Kamante.

Referencias varias:

- Belén López, "Obras para nenos dun ano, por vez primeira, en Domingos do Principal", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 8 xaneiro 2009, p. 68.

Indícase que no programa do ano 2009 do ciclo de teatro familiar Domingos do Principal hai unha novidade: representacións para nenos dun ano, como é o caso da peza *Babiliglub*, da compañía galega Galitoon. Sinálase que o resto do programa tamén está centrado nos cativos, como por exemplo por medio da obra *Tristán cara de can*, da compañía galega Elefante Elegante, ou *Que viene el lobo*, da compañía asturiana que

gañou os premios FETEN 2007, Kamante. Precísase asemade que se van levar a escena espectáculos de hip hop, bonecos, etc.

- Ana López, "Los domingos son para los niños", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Gente a diario", 12 xaneiro 2009, p. 70.

Refírese ao comezo da décima edición dos Domingos do Principal, que nesta ocasión ten unha novidade: os espectáculos están destinados a tódalas idades, incluídos os rapaces dun ano. Sinálase que esa finalidade se pode apreciar na obra que vai representar o grupo de teatro galego Galitoon, *Babiliglub*. Ademais sinala que o comezo da edición tivo lugar no Teatro Mutis coa obra *Cuento de Brujas*.

- Belén López, "Ninguén é moi pequeno para o teatro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 16 xaneiro 2009, p. 68.

Precísase que a obra máis innovadora do ciclo de teatro "Domingos do Principal", que se celebra en Pontevedra, corre a cargo de Galitoon. Sinálase que a novidosa peza, *Babiliglub*, está destinada a rapaces de incluso un ano de idade. Recóllense asemade as verbas de Andrea Bayer, directora e autora da obra, que sinala que máis que unha compañía son unha produtora, dedicada a crear e levar a escena obras dirixidas principalmente aos máis pequenos.

- Cuca M. Gómez, "Loquísimos por el teatro", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "de café con Cuca", 26 xaneiro 2009, p. 70.

Precísase, entre outros, que no Teatro Principal de Pontevedra tivo lugar o comezo da programación dos "Domingos do Principal", que correu a cargo da compañía Elefante Elegante coa obra *Tristán cara de can*, peza destinada aos máis cativos.

- Belén López, "¿Quién teme al lobo feroz en Pontevedra?", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 15 marzo 2009, p. 62.

Indícase que a obra de Luísa Aguilar gañadora dos premios FETEN 2007, *Que viene el lobo*, será a que dea inicio ao ciclo "Domingos do Principal", anunciando que será levada a escena pola compañía asturiana Kamante.

En Clave de Teatro, IIIº Ciclo

Ciclo de teatro organizado pola Asociación Cultural Teatro do mar, de Portonovo, coa finalidade de recoller os traballos realizados por alumnos do concello. Celebrado no edificio de Usos Múltiples, tivo lugar os domingos sete, catorce e vinte e un do mes de xuño, e contou coa participación do Grupo de Teatro Infantil de Portonovo, con *A Marquesiña encantada*; o Grupo Os Pequechos, con *O galo engancha* e o Grupo de Maiores de Portonovo, con *Un mal día*.

Escena en Familia

Ciclo de teatro protagonizado por teatro de títeres e de actor que se celebra na sala

compostelá Arteria Noroeste, organizado pola Sgae galega. Na edición de 2009, celebrada durante os domingos dos meses de setembro e outubro, contou coa compañía foránea Teatro Arbolé, dende Zaragoza; e as galegas Danthea Teatro, con *As aventuras do Polichinela e a galiña negra* e *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*; Cachirulo, con *As aventuras de Pinoccio*, *Un bo rato con algúns ratos* e *A guerra das Galicsias*; Talía Teatro, con *Valentino Rufino e akil Pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)*; Factoría Teatro, con *Señor Mundo, dígame*; A Xanela de Maxín, con *Chincha rabincha*; Caramuxo, *Zapatos*; Galitoon, con *Babiliglub*; Casahamlet, con *Ratiña linda*; Teatro Escena, con *Barriga Verde e o Demo Negro* e Encena Producións Artísticas, con *Aladín perdido na Galiza*.

Referencias varias:

- Manuel A. Beceiro, "Arteria Noroeste abre temporada con el ciclo "Escena en familia", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", 3 setembro 2009, p. L9.

Dise que o espazo Arteria Noroeste da Fundación SGAE (Sociedade Xeral de Autores) abre a nova tempada co ciclo "Escena en familia", dedicado ás propostas destinadas ao público infantil e familiar. Coméntase que comeza coa compañía compostelá Cachirulo, a seguir do cal se informa doutras compañías que forman parte do ciclo.

- A. I., "Acercamiento del público infantil a las artes escénicas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 4 setembro 2009, p. 24.

Indícase que a sala ARTeria Noroeste de Santiago comeza o seu novo curso cunha selección de espectáculos para gozar en familia. Dise que o principal obxectivo dos promotores é impulsar e consolidar a relación entre o público máis novo e as artes escénicas. O ciclo *Escena en familia*, segundo se di, prolóngase ao longo do mes de setembro, e infórmase de que entre o tres e o cinco de outubro hai unha proposta escénica para nenos a partir de catro anos.

Fablas de Ruada, IIº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro presentado polo concelleiro de Cultura de Vilanova de Arousa, José Juan Durán, que recolle a obra do autor galego Valle-Inclán articulada en torno a tres temáticas: a obra poética, o teatro e unha serie de "performances dialogados". As representacións correron a cargo do alumnado da Escola de Teatro Valle-Innova, da Fundación Valle-Inclán, e tiveron lugar ao aire libre do dezasete de xullo até o vinte e nove de agosto.

Referencias varias:

- S. Piñeiro, "Vilanova saca á rúa a riqueza e versatilidade da obra de Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", 28 xuño 2009, p. 33.

Refírese á celebración da segunda edición de "Fablas de Ruada", na que alumnado da

Escola de Teatro Valle Inclán levarán a escena obras deste autor. Sinálase que esta edición conta con dúas novidades, a presenza da poesía con "Valle por el anverso" e "Valle por el reverso", e unha "performance monologada" na que se tenta dar a coñecer ao público os aspectos máis descoñecidos da vida de Valle Inclán.

Festiclown, Xº Festival Internacional de Clown de Galicia

Festival internacional de clown realizado en Vigo, logo de desenvolverse as primeiras edicións en Pontevedra e Santiago. Conta con diversas seccións: a Sección Oficial, destinada a compañías femininas; Festiclown & Amigos, onde actúan compañías que formaron parte do festival dende os seus inicios; Formaclown, un taller de formación en clown impartido por profesionais; Maraclown, espazo para aquelas compañías que levan a cabo os seus espectáculos na rúa; Mostra Internacional, onde teñen cabida compañías de ámbito estatal e europeo; Certame Intergaláctico, onde cinco compañías presentan os seus espectáculos para seren valorados polo público; Clown Off, que acolle novos proxectos aínda en proceso; Clown Session, zona de improvisación aberta para todos aqueles que desexen participar; e Isto non é Walt Disney, sección dedicada exclusivamente aos máis pequenos. A edición de 2009 tivo lugar entre o vinte e sete de xullo e o dous de agosto, e o programa, que inclúe máis de cento cincuenta actuacións no campo da maxia, o humor e o clown, acolleu a Mundo Mandarina en colaboración con Xiana; La Bandita Alegre; Circ Bover; Jango Edwards e Leo Bassi.

Referencias varias:

- A. B., "Risas y humor en las calles viguesas con el Festiclown", *Atlántico Diario*, "Vigo en festas", 14 xullo 2009, p. 7.

Anúnciase o comezo do Festiclown en Vigo, que nesta ocasión conta cunha sección formativa, "Formaclown", cun apartado social ao poñer en marcha unha recolleita de diñeiro para realizar un Festival de Pallasos en Palestina, cun Certame Intergaláctico de Exterior ou cun Maraclown.

- María Abelleira., "Vigo 'ábrese á cultura", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que calor*", 14 xullo 2009, p. 1.

Sinálase que dentro da programación estival do ciclo Vigo Aberto 2009 haberá actos culturais de todo tipo, como concertos de música de diversos estilos e actos nas rúas como o Festiclown que encherá Vigo de pallasos. Dise que dentro deste festival tamén haberá un acto para recadar fondos solidarios a favor de Palestina.

- Ildara Enríquez, "Os pallasos de maior sona internacional cítanse en Vigo", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 25 xullo 2009, p. 46.

Infórmase do programa que desenvolve o Festiclown en Vigo na súa décima edición arredor de diversos proxectos como o Maraclown, as Clownvocatorias ou o Formaclown. Dise que conta con varias figuras de sona internacional e que, ademais de moitos outros eventos, este ano hai unha gala dedicada á realidade de Palestina, así como unha homenaxe ao pallaso Jango Edwards.

- maré, “Dez anos non son nada”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 25 xullo 2009, p. 29.

Coméntase o éxito do Festiclown ao longo das dez edicións coas que xa conta e destácase a súa importancia a nivel de toda Europa como un referente para o teatro e o clown de rúa. Dise que o prato forte vén da man da Mostra Internacional, dentro da cal destaca especialmente a Sección Oficial, formada por compañías e artistas femininas, e outras seccións como o Maraclown ou Isto non é Walt Diney, dedicada especialmente ao público infantil. Por último, dise que un dos sinais de identidade do festival é a súa vea solidaria, que este ano está representada por unha gala benéfica para recadar fondos a favor da realización dun festival de pallasos para os seus nenos en Palestina.

- María Abelleira., “Leo Bassi e Claudia Contin serán as estrelas do Festiclown en Vigo”, *Xornal de Galicia*, “*Xe! Que calor*”, 25 xullo 2009, p. 33.

Preséntase a décima edición do Festiclown en Vigo, no que se di que participan profesionais coñecidos internacionalmente no mundo da maxia, do humor e do clown. Tamén se di que hai ciclos formativos dentro do festival e que inclúe unha gala benéfica co fin de recadar fondos para facer un festival de clown en Palestina.

- Lorena J. Barral, “Festiclown, el humor más serio toma Vigo”, *Xornal de Galicia*, “*Xe! Que calor*”, 28 xullo 2009, p. 17.

Coméntase que comeza en Vigo a décima edición do Festiclown (Festival Internacional de Clown de Galicia), dando conta asemade das datas de celebración. Dise que o gran homenaxeado este ano é o americano Jango Edwards e que xunto a el haberá outros nomes de fama internacional, como Leo Bassi, que levarán os seus espectáculos ás rúas e prazas da cidade.

- Tania Alonso, “El Festiclown congrega en las calles de Vigo a los mejores artistas del humor”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 xullo 2009, p. 37.

Coméntase a presenza nas rúas de Vigo dos artistas que participan no Festiclown 2009 e a súa improvisada presentación cantando e actuando no medio de obras e tráfico. Dise que se trata dun dos festivais de teatro que máis público congrega e que este ano é unha edición especialmente dedicada a Palestina, lugar ao que o seu director, Iván Prado, pretende levar un festival con pallasos e, para iso, recadar fondos nesta ocasión. Sinálanse varias das rúas e prazas onde se levará a cabo e tamén algúns nomes de artistas internacionais que participan no festival.

- Ildara Enríquez, “Las actuaciones “de gorra” convierten a Vigo en la capital del teatro callejero”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 31 xullo 2009, p. 42.

Céntrase na actuación de grupos de pallasos que actúan na Praza do Mercado do Calvario en Vigo co gallo da programación do Festiclown, que enche as rúas e prazas de Vigo de figuras diversas dentro do mundo do clown. Coméntase especialmente a actuación do dúo formado por David e Santi, de Vigo, que se presentan por primeira vez ao festival.

- María Abelleira, “La izquierda debe volver a arriesgarse”, *Xornal de Galicia*, “*Xe!*

Que calor", "Entrevista impertinente", 2 agosto 2009, p. 24.

Entrevista a Leo Bassi co gallo da presentación en Vigo dun dos seus espectáculos, que se enmarca dentro do ciclo "Festiclown". Fálase sobre o seu labor como pallaso profesional, a mocidade de hoxe en día ou as súas críticas á sociedade actual.

Teatro con G, Ciclo

Ciclo de teatro promovido pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra coa colaboración do Concello de Ferrol e a través do departamento de Educación. Este ciclo foi creado coa finalidade de promover a normalización da Lingua galega mediante iniciativas atractivas para o alumnado. Na edición de 2009, con comezo o oito de maio, contouse coa participación do grupo do IES Fernando Esquío de Neda, que levou a escena *A consulta do doutor*; o grupo do IES Barallobre, con *Suspéndese a sesión*; o grupo do IES Saturnino Montojo, con *Os facedores de bonecas* e o grupo do CPI Atios, con *A man da filla*.

Galicreques, XIVº Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora substituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de "Galicreques" adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. A edición de 2009 tivo lugar do dous até o once de outubro, e contou con mesas redondas, obradoiros, exposicións, pasarrúas e representacións teatrais, nas cales participaron compañías de Portugal, Arxentina, Cuba, Bélxica, Ecuador ou Chile, así como de diferentes partes de España. Inclúense ademais no festival espectáculos "de gorra", consistentes na recuperación da tradición do titiriteiro itinerante. Entre as compañías galegas contouse con Páprika Teatro; Títeres Cascanueces; Títeres Alakrán; Títeres Cachirulo, con *Típico Tópico*; S. A. Marionetas, con *Theatrum Puparum-Ines de Castro*; Teatro Escena, con *Cucho, Coco e o dilema do seis* e *Barriga Verde e o Demo Negro* e o CDG en coprodución co Retrete de Dorian Gray, con *Rúa Aire*. Entre as foráneas participaron El Espejo Negro, dende Andalucía; Hilando Títeres, dende Madrid; La Golondrina, Los Bufones, Títeres del Bienteveo e La Hormiga de Rosario, dende Arxentina; La Rana Sabia e Tilintintero, dende Ecuador; Marionetas, Actores e Objetos, dende Portugal; Panta Rhei, dende Euskadi; Plansjet, dende Bélxica; Teatro Arbolé, dende Aragón e Vagabundo Títeres, dende Chile.

Referencias varias:

- Toni Rumbau, "XIV Festival Internacional de Títeres. Bonitas impresións do festival galicreques", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 61, "Festivais", "Galicreques 2009", inverno 2009, pp. 105-110.

Fala da súa visita ao Festival de Monicreques Galicreques para participar nunha mesa redonda. Repasa todas as obras e valóraas positivamente. A primeira é a levada a cabo pola compañía El Espejo Negro, da que se di que foi ben recibida polo público. A segunda, por La Hormiga de Rosario, dende Arxentina, defínese pola linguaxe visual. De *Típico Tópico*, de Cachirulo, salienta o tratamento que fai sobre o turismo en España baseado no folclore andaluz. Comenta sobre *Rúa Aire*, de El Retrete de Dorian Gray, que se trata dun espectáculo de papiroflexia que o deixou marabillado. A continuación pasa a comentar a mesa redonda na que se falou sobre Titerenet. Di que esta páxina web efectúa labores de conexión e que cada evento teatral se garante así a localización inmediata por calquera persoa ou institución do mundo. Finalmente traza os retos de Titerenet, que pasan por aumentar o número de asociados, dar calidade aos contidos e responder ás necesidades dos asociados que, pola súa banda, deben ter páxinas web e proxectarse cara ás redes sociais.

- M. B., "La programación cultural cede el protagonismo al Festival Galicreques", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 2 outubro 2009, p. L9.

Coméntase que comeza na cidade compostelá a decimocuarta edición do Festival Internacional de Títeres Galicreques, que conta coa participación de vinte e dúas compañías, a maioría iberoamericanas, entre as que hai tres galegas. Dise que as representacións terán lugar no Teatro Principal e en Arteria Noroeste aínda que tamén se achegarán a outras prazas da cidade. Tamén se di que se inclúen diversos obradoiros relacionados coa construción e manexo dos monicreques.

- Víctor Castro, "Lorenzo Macías presenta hoy su obra en "Xerión", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 2 outubro 2009, p. 20.

Anúnciase o comezo do Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas, Galicreques-2009, no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Llorens de Sada. Dise que se abre cunha obra de teatro dunha compañía de Arxentina e a continuación outra de Ecuador.

- Camilo Franco, "Que din os monicreques?", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí na fin de semana", 8 outubro 2009, p. L9.

Faise referencia ao Festival Galicreques 2009 e anímase a acudir ao espectáculo de monicreques mesmo sendo adulto para fuxir dos problemas sociais.

- Víctor Castro, "La Guardia civil de Sada festeja mañana El Pilar", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 11 outubro 2009, p. 20.

Indícase que remata o Festival Internacional de Títeres Consorcio As Mariñas, Galicreques-2009, celebrado no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Lloréns de Sada. Dise que o peche correu a cargo dunha compañía de Bélxica que fixo unha representación con monicreques de fío.

- Mario López, "Galicreques, cita de outono compostelán", *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, n.º 150, "Todo é peixe", "Crónica", novembro 2009, pp. 10-11.

Fala da nova edición de Galicreques e da súa finalidade de mostrar o traballo dos países iberoamericanos, e dos que algunhas compañías xa levan anos en Galicia. Menciónanse algúns dos grupos foráneos participantes, como os ecuatorianos La Rana Sabia e os belgas Plansjet. Reivindícase o encontro co público na rúa, aínda que tamén se defende a presenza noutros ámbitos. Finalmente dise que a outra cara do festival a constitúen os obradoiros especializados, así como os premios outorgados.

Liceo Casino, IIIº Festival de Títeres

Festival de títeres organizado polo Liceo Casino en Vilagarcía de Arousa. A edición de 2009 dedicouse á Arxentina e participaron as compañías Caramuxo S. C., con *Historia dunha semente* e *Zapatos*; Katarsis Educación Teatro, con *Pa cama*; Babaluba Teatro, con *Maruxía*; Ulularia Teatro; Tanxarina Teatro, con *Titiricircus*; Títeres Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí* e Danthea Teatro, con *As aventuras de Polichinela e a galiña negra*.

Referencias varias:

- D. P., "O Festival de Títeres do Liceo comeza hoxe coa ambición de agradar a pais e nenos dende un ano", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía Local", "Cultura", 29 maio 2009, p. 13.

Indícase que se está a levar a cabo en Vilagarcía a terceira edición do Festival de Títeres, que comezará coa obra *Historia dunha semente*. Sinálase que esta edición está centrada de xeito especial nos nenos de un a cinco anos.

- L. G., "Montaxes con bonecos para todos os públicos", *Diario de Arousa*, 30 maio 2009, contracuberta.

Precísase que está a ter lugar o IIIº Festival Internacional de Títeres en Vilargarcía, dedicado nesta ocasión á Arxentina. Indícase que as representacións están destinadas a rapaces, mesmo aos cativos dun ano. Finalmente sinálase que as pezas a representar son *Historia dunha semente*, da compañía Caramuxo Teatro, *Pa cama*, de Katarsis Educación Teatro, *Maruxía*, de Babaluba Teatro, *El burrito a la escuela*, de Ulularia Teatro, *Titiricircus*, de Tanxarina, e para pechar o programa Caramuxo Teatro de novo, con *Zapatos*, peza dedicada aos bebés; *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, de Títeres Cachirulo e *As aventuras de Polichinella e a galiña negra*, de Danthea Teatro.

- D. P., "El Festival de Títeres del Liceo divierte a niños y mayores a pie de calle", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía de Arousa", "Cultura", 31 maio 2009, p. 08.

Sinálase que se está a celebrar o Festival de Títeres de Vilagarcía, organizado polo Liceo-Casino en colaboración co Concello. A continuación indícanse as compañías que van participar.

- Lidia M. Gallas Otero, "Os máis cativos da casa convírtense nos protagonistas do Festival de Títeres", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Espectáculo", 31 maio 2009, p. 29.

Refírese ao novo propósito que caracteriza ao Festival de Titeres de Vilagarcía, pois nesta ocasión o que se pretende é chegar a todos os públicos, incluídos os máis cativos. Sinálase asemade que se dedica o Festival á Arxentina e indícanse as obra que se van representar

Irmáns Villar, Ciclo de Teatro do Colexio

Ciclo teatral organizado pola Oficina de información municipal do Concello de Ourense destinada ao alumnado das etapas de infantil e primaria dos colexios da cidade. Este ciclo creouse co obxectivo de amosar a influencia da publicidade nos hábitos de consumo. Na edición de 2009 tivo lugar a representación d'*O gran mandante*, por parte do grupo Trécola Teatro.

Lugo, Xª Xornadas de Artes Escénicas

Xornadas organizadas polo Concello de Lugo en colaboración co Colexio Fingoi e Palimoco Teatro, co obxectivo de reunir espectáculos de diversas artes escénicas, tales como o teatro, a danza, a música ou o cine. Esta primeira edición celebrouse no Centro Social Fingoi dende o catorce de maio até o doce de xuño, recollendo un total de até vinte e sete actuacións a cargo de vinte e seis grupos de Galicia representantes de centros educativos de infantil, primaria e bacharelato.

María José Jove, Vº Festival de Títeres

Festival organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2009, celebrada do vinte e seis até o trinta de decembro, participaron os grupos de teatro Tanxarina Títeres, con *Titiricircus* e *Os Narigudos*; Danthea Teatro, con *As aventuras de Polichinela e a galiña negra*; Títeres Trompicallo, con *Violeta coletas contra as salchichas Gulp!*; ademais das foráneas Kamante Teatro, La Gaviota e Elfo Teatro.

Referencias varias:

- Rubén Bruña, "Intérpretes con alma de madera", *La Opinión*, "A Coruña", 5 decembro 2009, p. 12.

Preséntase o Festival de Títeres María José Jove, celebrado durante cinco días na Fundación e no Fórum Metropolitano con dez espectáculos. Dise que arranca con Danthea Teatro, que pon en escena *As aventuras de Polichinela e a galiña negra*, e que segue coa asturiana Kamante Teatro, Títeres Trompicallo, con *Violeta Coletas contra as*

salchichas Gulp!, Títeres Tanxarina, con *Os Narigudos*, para rematar con La Gaviota e Elfo Teatro.

- Olalla Sánchez, "Galicia se llena de magia, talleres y mucha fiesta. El teatro infantil y los títeres se suben al escenario", *La Voz de Galicia*, "D Guía", "Fugas", 24 decembro 2009, pp. 2-3.

Infórmase de diversas mostras e festivais de teatro, entre eles o Festival de títeres María José Jove, destacando a Danthea, Trompicallo e Tanxarina, e a Mostra de Teatro de Nadal de Santiago, con números de Caramuxo e Trompicallo.

- Seve Nieves, "Vuelve el Festival de Títeres", *La Región*, "*Nadal en Galicia*", "Navidad en A Coruña", 27 decembro 2009, p. 6.

Infórmase das actividades de Nadal na Coruña, como o Festival de Títeres de María José Jove, un clásico na cidade. Menciónanse algunhas das obras representadas, como *Violeta coletas contra as salchichas Gulp!*, por Títeres Trompicallo, e *Os Narigudos* e *Titiricircus*, por Títeres Tanxarina, ademais de facer alusión á participación das foráneas Títeres La Gaviota, Elfo Teatro e Kamante Teatro.

Miño, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado do

Mostra de teatro afeccionado organizada polas direccións xerais de Creación e Difusión Cultural e de Xuventude e Solidariedade, a Asociación Cultural Feixó-Araúxo e Espazo Xuvenil Galiza-Portugal. Celébrase na Guarda e Goián e ten como obxectivo a difusión de grupos teatrais galegos e portugueses, para o que se concede o premio especial do público. Na edición de 2009, que se celebrou os días vinte e catro, vinte e cinco e vinte e seis de abril, seleccionáronse seis obras de teatro para ser representadas, levadas a escena pola Asociación Cultural Unhas do Diabo, a Asociación Cultural Recreativa de Arcocelo, a Asociación Teatral Paso de Valverde, a Asociación Juvenil de Deao, Lohengrín Teatro, O Trasno Novo Teatro, con *Conversas na cuneta mentras a vida pasa alá fóra* e o IES Manuel García Barros, con *Dormes?*.

Monforte, XVIIIº Certame Centros de Ensino de

Certame de teatro organizado polo departamento de Cultura do Concello de Monforte. A edición de 2009 contou coas representacións *Unha historia de teatro*, polo alumnado do colexio Novo; *Era unha vez a revolución*, polo instituto Pinguela; *Os antollos de Margarida*, polo colexio da Gándara; *A farsa do rei Bululú*, polo colexio Ferroviario; *El rey de casi todo*, polo colexio Infanta Elena e *Aventuras e desventuras dun fidalgo da Mancha*, pola asociación de apoio aos minusválidos intelectuais Prodema.

Referencias varias:

- L. A. R., "El certamen teatral escolar arranca el día 5 de mayo con el colegio Novo", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 30 abril 2009, p. 20.

Precísase que vai ter lugar a décimo oitava edición do Certame de Teatro para Centros de Ensino, organizado polo departamento de Cultura do Concello de Monforte. A continuación sinálanse as representacións que van ter lugar.

MOTECES, VIIIª Mostra de Teatro Escolar para Centros de Ensino Secundario de Ourense

Mostra de teatro escolar organizada pola Concellaría de Educación coa finalidade de que se leve a cabo o intercambio de experiencias teatrais entre os distintos colexios da cidade para fomentar o gusto polas artes escénicas entre os máis novos. Celebrada dende o catro até o dezanove de maio, participaron nesta oitava edición o grupo foráneo Ría del Carmen, dende Cantabria, e o grupo escolar Amarelo, Mala Sorte, con *Laudamuco, señor de ningures*.

MOTESMO, XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Conta co patrocinio da Deputación de Pontevedra, dos Concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato desta comarca e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. A edición de 2009 celebrada no IES María Soliño, transcorreu durante unha semana no mes de abril, dando comezo o vinte e catro e con remate o día trinta. Nela participou o alumando da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo; o Obradoiro María Soliño, do IES María Soliño de Cangas, coa obra *A deshora*; Teatro da Réplika, do IES Rodeira de Cangas, con *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*; o Grupo de Teatro Faise Escuro, do IES Rodeira de Cangas, con *Ghilipollas, somos ou estamos ghilipollas*; o Grupo de Teatro IES As Barxas, de Moaña, con *Os noivos da Torre Eiffel*; o Grupo de Teatro Colexio E. Pondal, de Cangas, con *As vodas de Fígaro*; o Grupo de Teatro Filigrana, do IES A Paralaia de Moaña, con *A avoa Sol e as trece rosas* e Comediantes Anónimos, con *A illa amarela*.

Referencias varias:

- Teresa Cuíñas, "Cantera cómica en O Morrazo", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 5 maio 2009, p. 6.

Faise mención da XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario que se está a levar a cabo no auditorio do IES María Soliño de Cangas, e que posteriormente o fará no Auditorio Municipal deste mesmo concello. Sinálase que nesta Mostra participa o alumnado doutros centros, como os do CEIP Eduardo Pondal; de Cangas, os cales levaron a cabo a representación d´*As vodas de Fígaro*, e os gañadores, procedentes do IES Johan Carballeira de Bueu.

MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil

Organizada polo Concello, o Teatro Principal e a Universidade de Ourense, esta mostra naceu no ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal, o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. Na edición de 2009 participaron as compañías Da Te Danza; Le Lutin Théâtre Dímagest; Le Rous; Onírica Mecánica; Dvá; Artestudio Teatro; Os Perqtores de Seixalbo; Palimoco Teatro, con *Construccións Clementina, dígame?*; a Aula Universitaria Geppeto, con *Os nenos do túnel*; Trompicallo, con *Nadarín*; Os Monicreques de Kukas, con *Contos do vento acatarrado* e Entremáns, con *Concerto desconcerto*.

Referencias varias:

- S. E., "Una veintena de espectáculos da vida a la sexta edición de la Mostra de Teatro Infantil", *La Región*, "Ourense", 16 decembro 2009, p. 13.

Anúncianse os seis días nos que terá lugar a MOTI, celebrada no Teatro Principal, no Auditorio e no Campus, e que conta coa participación de compañías galegas, nacionais e internacionais, como a francesa Le Lutin Theâtre d'images. Dise que o aforo será reducido para que o público poida ter maior visibilidade e gozar o teatro. Coméntase que o desfile inaugural na rúa, da man de Trécola Teatro, se titula *Corre, corre que chega a Moti*. Finalmente dáse conta de que haberá teatro de autor, de obxecto, para bebés, danza, musicais e títeres.

- Cristina Rodríguez, "Propuestas para todas las edades", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2009, p. 4.

Entre outras actividades celebradas durante o Nadal, preséntase a MOTI, cuxo desfile inaugural correrá a cargo de Trécola Teatro e Os Perqtores de Seixalbo. Menciónanse asemade algunhas das representacións que terán lugar, como *Construccións Clementina, dígame?*, por Palimoco Teatro, e *Os nenos do túnel*, pola Aula Universitaria Geppeto, ademais doutras levadas a cabo por compañías de fóra de Galicia, como Le Rous, Le Lutin Theâtre D'images e Onírica Mecánica.

- S. E., "Corre, corre que chega a Moti", *La Región*, 26 decembro 2009, p. 8.

Cóntanse os detalles do pasarrúas que deu estrea á MOTI en Ourense, con música en directo e unha decena de actores de Trécola Teatro, ademais do espectáculo de trasnos cos Perqtores de Seixalbo. Coméntase que non só na rúa, senón en tres puntos da cidade, o Teatro Principal, o Auditorio e o Campus, se representarán obras como *Contos do vento acatarrado*, polos Monicreques de Kukas, ademais da participación de Onírica Mecánica e Dvá.

- S. E., "El mundo de las marionetas, la música y los muñecos atrae a los primeros espectadores", *La Región*, "Ourense", 27 decembro 2009, p. 8.

Infórmase da primeira xornada da MOTI, achegando críticas moi positivas e o argumento dalgunha obra. Da obra representada polos Monicreques de Kukas dise que

foi vistosa e imaxinativa. Tamén se ofrece a axenda do día, na que se inclúen musicais e danza por Artestudio Teatro, unha representación de Palimoco teatro e outra de Da te danza.

- S. E., "Danza teatral para el público más pequeño", *La Región*, "Ourense", 28 decembro 2009, p. 8.

Reivindícanse diversos formatos teatrais na MOTI, como a danza contemporánea cun espectáculo por Da Te Danza, para público entre dous e cinco anos ou o concerto de Artestudio Teatro. Cualifica a obra *Construccións Clementina, dígame?*, por Palimoco Teatro como un dos mellores espectáculos infantís actuais. Ofrece tamén a axenda do día. Finalmente indícase que a MOTI pretende ser un encontro interxeracional, non só para o público infantil.

- Imanol Hernández, "Despedida con sabor francés", *La Región*, "Ourense", 31 decembro 2009, p. 14.

Ofrécese o balance final da Mostra de Teatro Infantil (MOTI) que, tras dezaoito espectáculos, se di que cumpriu coas expectativas do noventa por cento do aforo, con máis de dous mil trescentos espectadores. Coméntase que a clausura correu a cargo de Le Lutin Théâtre Dímagest, ademais de ofrecerse *Nadarín*, de Trompicallo, e *Concerto desconcerto*, de Entremáns. Finalmente dise que o director, Fernando Dacosta, representante tamén de Sarabela Teatro, salientou a consolidación da Mostra en seis anos, a fidelidade do público e a diversidade de obras.

Nadal, Mostra de Teatro Infantil de

Mostra de teatro infantil organizada polo Centro Dramático Galego que se celebra no Salón Teatro de Santiago de Compostela. A edición de 2009 tivo lugar do vinte e seis até o trinta de decembro e incluíu cinco espectáculos de teatro de actor, danza e monicreques. Entre as compañías participantes levaron a cabo as súas representacións as foráneas Ángels Margarit/Cía Mudances, Teatro de Montemuro e A Priori Producciones. Como grupos galegos contou con Trompicallo Teatro, con *Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!*; Títeres Cachirulo, con *O conto de Nadal* e Caramuxo Teatro, con *Os Bolechas*.

Referencias varias:

- M. Beceiro, "Ilusión infantil en el escenario", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", 9 decembro 2009, p. 8.

Infórmase da Mostra de Teatro Infantil de Nadal, organizada polo Centro Dramático Galego, primeira do seu tipo celebrada no Salón Teatro de Santiago. Dise que abre a programación Trompicallo Teatro, con *Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!*; continúa Caramuxo Teatro, con *Os Bolechas*, e segue a danza de Ángels Margarit/Cía Mudances. Pola súa parte, dise que as compañías foráneas veñen representadas por Teatro de Montemuro, dende Portugal, e A Priori Producciones.

- Alexandra Moledo, "Magos, títeres y cuentacuentos divertirán a los niños en estas fiestas", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 20 decembro 2009, p. L8.

Infórmase que dentro da programación para o Nadal, o Concello de Santiago organizou a Mostra de Teatro Infantil de Nadal, que incluíu cinco funcións. Entre elas menciónanse as galegas *Os Bolechas*, de Caramuxo Teatro, e *Violeta coletas contra as salchichas Gulp*, de Trompicallo Teatro. Dise que ademais participaron as compañías foráneas A Priori e a compañía Mão Grande.

- Olalla Sánchez, "Galicia se llena de magia, talleres y mucha fiesta. El teatro infantil y los títeres se suben al escenario", *La Voz de Galicia*, "D Guía", "Fugas", 24 decembro 2009, pp. 2-3.

Infórmase de diversas mostras e festivais de teatro, entre eles o Festival de títeres María José Jove, destacando a Danthea, Trompicallo e Tanxarina, e a Mostra de Teatro de Nadal de Santiago, con números de Caramuxo e Trompicallo.

- maré, "Os protagonistas, os nenos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 26 decembro 2009, p. 28.

Anúnciase a apertura da Mostra de Teatro Infantil de Nadal con *Violeta coletas contra as Salchichas Gulp!*, de Trompicallo, alén doutras compañías para os seguintes días, como Caramuxo, Ángels Margarit/Cía Mudances, Teatro de Montemuro e A Priori Producciones. Infórmase de que a maior parte das obras teñen indicación por idades. Finalmente saliéntanse a produción de Títeres Cachirulo, cunha adaptación d'*O conto de Nadal* de Dickens.

Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil "Xeración Nós", que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse ao Concello de Narón o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), substituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), e da Deputación da Coruña. A edición de 2009 contou coa participación do grupo Ghazafellos, que representou a obra *Contos mariñeiro* e dos Monicreques de Kukas, con *Un agasallo para Xaquín*.

Ningún nen@ sin cultura, Ciclo

Ciclo escolar organizado en colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais para o alumnado do Colexio Público Integrado da localidade de San Sadurniño. Entre as representacións presentes contouse con *Sombreiros sen chapeu*, de Tanxarina Títeres ou *Valentino Rufino e Akil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)* e *Bicos con lingua*, de Talía Teatro.

Pontevedra, XIVº Festival de Teatro Infantil e Xuvenil

Festival de Teatro que nesta décimo cuarta edición tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra. Contou coa participación do alumnado da Xunqueira, Sagrado Corazón e Doroteas, entre outros.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "La Casa de Galicia estrena director", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con Cuca", 26 maio 2009, p. 86.

Indícase que se está a celebrar o XIVº Festival de Teatro Infantil e Xuvenil, no que rapaces de diversos centros, como os da Xunqueira, Doroteas e Sagrado Corazón, entre outros, desenvolven a súa capacidade expresiva coa axuda do grupo Expresión, o cal se sinala que forma parte da "Sociedad Cultural Os Carballiños", dirixido e coordinado por Manuel Solla.

Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, Xº Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de "La Caixa", ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e mostrar as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2009, celebrada dende o dezaoito até o vinte e catro de maio, contou coa participación de vinte e catro compañías procedentes de países como Benin, Brasil, Arxentina, Francia, Alemaña, Eslovenia, Bélxia, Italia ou distintas partes de España, que representaron un total de cincuenta e cinco pezas teatrais. Entre as foráneas contouse con La gotera de lazotea; Luna e Gnac-M. Cremaschi, compañía italiana; Papelito, agrupación esloveno-italiana; La Chana Teatro, grupo castelán-leonés ou Compagnie Petis Miracles. Ademais das compañías galegas Os Titiriteiros de Binéfar e Tanxarina Títeres, con *Sombreiros sen chapeu*.

Referencias varias:

- Manuel Xestoso, "O teatro pendente dun fío", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "Cultura", 14-20 maio 2009, p. 26.

Sinálase que se está a celebrar a décima edición do Festival Internacional de Títeres de Redondela, que ten como finalidade que o público sexa consciente do gran potencial dos monicreques, que non é un campo destinado só aos cativos. Precísase que esta edición dará cabida ao teatro de títeres no máis amplo senso do termo, pois nesta ocasión poranse en escena todas as innovacións resultado das investigacións e traballo das compañías que participan no Festival.

- Olalla Sánchez, "Redondela mueve los hilos", *La Voz de Galicia*, "Fugas", "D Niños", 22 maio 2009, p. 8.

Refírese ao Festival de Títeres Memorial Juanjo Amoedo, que ten lugar en Redondela e no que se dan cita vinte e catro compañías procedentes de diversos países, que levarán a escena un total de cincuenta e cinco actuacións. Sinálase que esta é a súa décima edición e que ten como finalidade acadar unha asistencia de trinta mil persoas.

- T. Cuíñas, "Pendentes dun fío", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 22 maio 2009, p. 10.

Precísase que compañías especializadas no teatro con monicreques chegadas de distintas partes do mundo se deron cita na décima edición do Festival de Títeres de Redondela. Sinálase que nesta ocasión o que se pretende é dar a coñecer o mundo dos títeres a todos os públicos, así como as novidades que teñen lugar no mesmo. Índícase que as actuacións terán lugar no Auditorio Multiusos da vila e na rúa.

- Fernando Franco, "Porriño de cinéfilos, Redondela de titiriteiros", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 366, "La última", 24 maio 2009, contracuberta.

Refírese ao festival de cine que se está a celebrar en Porriño, "O día Cans de Porriño", e ao Festival de Títeres que se está a levar a cabo en Redondela. No tocante ao Festival de Títeres, sinálase que se trata da décima edición, organizada pola Asociación Xente Titiriteira. Precísase que neste festival, o Memorial Juanjo Amoedo, se dan cita titiriteiros de tódalas partes do mundo para dar a coñecer os diversos modos e escenarios para levar a escena os títeres.

- Iván Leis, "Muñecos vivos de ilusión", *Faro de Vigo*, "Redondela", "Área Metropolitana", 24 maio 2009, p. 18.

Faise mención da celebración en Redondela da décima edición do Festival de Títeres, no que se pretende mover e conmover a grandes e pequenos, amosándolles as diferentes formas de levar a escena os títeres. Precísase que se achegaron até a vila titiriteiros procedentes de diversas partes do mundo, tales como o "circo africano" da compañía Dittout. Finalmente indícase que para levar a cabo as representacións empréganse diferentes escenarios, xa sexan salóns creados para tal finalidade ou as rúas e prazas da vila.

- Mar Mato, "Los títeres bajan el telón en Redondela", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 25 maio 2009, p. 17.

Sinálase que acaba de rematar a décima edición do Festival de Títeres de Redondela. Indícase que neste festival se deron cita titiriteiros procedentes de todas as partes do mundo e levando a escena diversas modalidades de representación con títeres. Finalmente dáse conta de que se contou con obras como *La mata de albahaca*, da compañía La gotera de lazotea e *As pulgas*, de Compagnie Petis Miracles, entre outras.

- M. Roade, "Gastronomía, cine y títeres en Redondela", *Atlántico Diario*, "Redondela", "Oferta cultural y festiva", 29 abril 2009, p. 45.

Faise mención das diferentes actividades que se van levar a cabo na vila de Redondela, como é o festival de curtametraxes "Redondela en curto", a Festa do Choco e a décima edición do Festival de Títeres, organizado polo Concello da vila e a Asociación "Xente Titiriteira". Precísase que co festival de títeres se pretende involucrar á maior parte das institucións e á xente de todas as idades.

Riveira, XIIª Mostra de Teatro Infantil de

Mostra de teatro organizada pola Concellaría de Cultura, en colaboración coa Asociación Cultural Alfaia, que está inscrita no programa Maio Cultura 2009. Nela participan alumnos e ANPAs de diversos colexios de Galicia, ademais do Grupo Municipal Infantil de Teatro de Riveria. Na edición de 2009, celebrada dende o vinte e cinco até o trinta de maio, tiveron lugar até once representacións nas que se contou con alumnos da ANPA do CEIP de Palmeira; do Grupo Municipal Infantil de Teatro; do colexio A Milagrosa de Oleiros; do colexio Bayón, con *Titiritesa*; do colexio Alfaia; do colexio Galaxia, con *O xardín da avoa Margarida* e *Cal desas é unha princesa?*; do CEIP de Aguiño, con *A Bela Durminte* e do CEIP O Grupo, con *O circo barato*.

Referencias varias:

- L. G., "As futuras estrelas da escena pisaron Riveira", *Diario de Arousa*, 31 maio 2009, contracuberta.

Precísase que se está a celebrar a décimo segunda edición da Mostra de Teatro Infantil en Riveira, tras o cal se dá conta das representacións que se levaron a cabo.

Sauces, XVº Festival de Teatro de Los

Festival de teatro organizado polo colexio Los Sauces, con centros en varias cidades galegas, destinado á participación dos grupos de teatro de cada un dos centros con este nome. Celebrado no Teatro Principal de Pontevedra, a edición de 2009 celebrouse os días once e doce de maio.

Tarabelo, Vº Certame de Teatro

Certame de teatro organizado polo grupo teatral Tarabelo con representacións no auditorio do Pazo Emilia Pardo Bazán. Na edición de 2009 contou coas representacións *69*, por Arela das Artes, e *Imasxinarium*, por Teatro Expresión.

Referencias varias:

- M. S., "Buen teatro y mucho humor para el último semestre del año en Sanxenxo", *Diario de Pontevedra*, "Sanxenxo. O Salnés", 11 setembro 2009, p. 19.

Anúnciase o Vº Certame de Teatro O Tarabelo, con funcións das compañías Arela das

Artes, con *69* e Expresións Produccióǹs, con *Imasxinarium*. Dise que outros actores como Xosé Lueiro ou Carlos Blanco, desta vez con Abada Teatro, completan o programa do Certame.

Titerentroido

Edición específica do festival de títeres Titirideza de Lalín que se celebra durante a época dos carnavais.

Referencias varias:

- M. G. V., "Entre títeres e máscaras de entroido", *Faro de Vigo*, "XVI Feira do cocido de Lalín", 14 febreiro 2009, p. 6.

Comenta que este ano participarán Arxentina, Madrid e Galicia no Titerentroido 2009 de Lalín e, en representación de Galicia, actuará a nova compañía de Iñaki Vilariño, Fantoches Baj, que levará a escena *Rei Rei*.

Títeregrove, IIº Festival de Títeres

Festival organizado pola Concellaría de Cultura a raíz dun convenio entre o Concello do Grove e o Festival Internacional de Títeres de Redondela. Celebrado no Concello do Grove con emprazamento no IES As Bizocas de San Vicente, esta segunda edición, tivo lugar os días vinte e dous e vinte e tres de maio, e nela participaron as compañías teatrais Papelito, agrupación esloveno-italiana; Libélula Teatro e Los Titiriteros de Binéfar, dende Huesca.

Titirideza

Festival de títeres celebrado no auditorio Municipal da capital do Deza, Lalín, que conta ademais cunha edición específica celebrada durante o Entroido, o Titerentroido. Na edición de 2009, celebrada dende o vinte e oito até o trinta de agosto, participaron até cinco compañías galegas, entre elas Babaluva, con *Lume*; Títeres Cachirulo, con *Típico Tópico*; Trécola, con *Historias de títeres*; A Xanela do Maxín, con *A caixa de Nuk* e Os Quinquilláns, con *No fondo do mar*.

Titirimaxia

Ciclo patrocinado pola Consellería de Cultura da Xunta que acolle en diferentes concellos espectáculos de títeres e maxia. Celebrouse ao longo dos meses de abril, maio e xuño, e nel participaron vinte magos e vinte e unha compañías de títeres, entre os que se contou con A xanela do maxín, con *Chincha Rabincha*; Monicreques de Kukas, con *Contos do vento acatarrado*; Tres Globos, con *O sapo encantado*; Títeres Seisdedos, con *O galo Quirico e os seus amigos*; Títeres Cachirulo, con *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*; Tanxarina Títeres, con *Os Narigudos* e Viravolta Títeres, con *Barrigaverde*.

Referencias varias:

- U. L., "La plaza de Macías acoge una nueva actuación de títeres", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 10 xuño 2009, p. L11.

Precísase que no programa de "Titirimaxia", que se está a levar a cabo en Padrón, se conta coas seguintes representacións: *Chincha Rabincha*, por A xanela do maxín; *Contos do vento acatarrado*, por Monicreques de Kukas e *Barrigaverde* por Viravolta títeres.

Todo Público, Ciclo

Ciclo de teatro organizado polo colectivo Todo Público no que se representan unha serie de obras durante unha semana coa finalidade de achegar as artes escénicas aos máis pequenos. A edición de 2009 deu comezo o día dezasete de outubro e na súa programación tiveron cabida a compañía italiana La Baracca; Galitoon, con *Babiliglub* e Sarabela Teatro, con *Cósima*.

Referencias varias:

- M. G. M., "O ciclo 'Todo público' traballará emocións para marzo en oito propostas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 16 outubro 2009, p. 16.

Dise que comeza unha nova edición do ciclo "Todo público", que ten como obxectivo formar aos máis novos no teatro e que conta con oito espectáculos até marzo. Sinálase que as compañías elixidas veñen de percorrer todo o mundo e que entre elas hai dúas representantes galegas, Galitoon e Sarabela Teatro.

Venres Familiares, Ciclo

Ciclo organizado na localidade de San Sadurniño en colaboración coa Axencia Galega das Industrias Culturais. Con emprazamento no Teatro Lope, a edición de 2009, inaugurada o vinte de marzo, contou coas actuacións de Sarabela Teatro, con *Cristovo e o libro das marabillas*; Caramuxo Teatro, con *Zapatos*; Ghazafellos, con *A orixe dos Ghazafellos* e Teatro do Andamio, con *O monstruo do castelo*.

Verán dos Monicreques

Programa realizado en Bueu no que participou Danthea Teatro, con *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*.

Referencias varias:

- Eva Menduiña, “Bueu vuelve a divertirse con el ‘Verán dos Monicreques”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, ”Moaña”, 7 xullo 2009, p. 18.

Indícase que no programa do “Verán dos Monicreques”, que ten lugar en Bueu, está incluída a representación de *Carapuchiña vermella e o lobo*, por parte do grupo Danthea Teatro.

Viana, Vª Mostra de Teatro Escolar de

Mostra de teatro levada a cabo na Casa da Cultura de Viana do Bolo coa finalidade de fomentar a lectura e dar a coñecer o teatro entre os escolares. Participan máis de seiscentos alumnos levando a cabo diversas representacións, complementadas con actividades e talleres.

Referencias varias:

- L. R., “El Gobierno ayuda a financiar la ‘Muestra de Teatro’ de Viana”, *La Región*, “Valdeorras”, 7 abril 2009, p. 18.

Refírese á axuda que acaba de recibir a Asociación de pais e nais do Instituto Carlos Casares de Viana para a celebración da “V Mostra de Teatro do IES Carlos Casares”, coa que se pretende achegar o teatro aos rapaces procedentes de centros de Galicia e de Castela e León.

- L. R., “Una ‘Mostra de Teatro’ en Viana fomenta el hábito de la lectura”, *La Región*, “Valdeorras”, 16 xuño 2009, p. 15.

Refírese á celebración da quinta edición da Mostra de Teatro Escolar na Casa da Cultura de Viana, na que participan os colexios da zona e que ten como finalidade achegar aos nenos a este tipo de lectura e representación, o teatro.

Vilalba, Mostra de Teatro Infantil da Escola de Teatro de

Mostra de teatro infantil que a Escola de teatro de Vilalba promove co fin de achegar ao público unha clase en aberto. Esta mostra consiste na representación de dúas obras teatrais por parte da Escola, ambas contos dos irmáns Grimm: *De paxes e princesas* e *Seis ábrense paso polo mundo*.

Voces á Orella

Programa da editorial Xerais de Galicia que se inclúe dentro das iniciativas desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro da campaña de animación “Bocaberta”, destinada a fomentar o uso da lingua galega entre os máis novos. Este programa comprende tres representacións teatrais, entre as que se conta coa posta en escena das obras *Ratiña Linda*, por Casahamlet, e *Os soños na gaiola*, por Trinke Trinke.

VII.3.3.2. ESTREAS

VII.3.3.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Producións **Acontrabutaca**: *A horta animada*, dirección Luerio e Nuria Sanz.

Referencias varias:

- C. G., "Entradas para el estreno del musical *A horta animada*", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 4 decembro 2009, p. 35.

Anúnciase a estrea do musical infantil *A horta animada*, da compañía estradense A Contrabutaca, baseada no texto teatral de Xosé Antonio Neira Cruz *O punto da escarola*, gañador do premio Barriga Verde. Dise asemade que os actores son Beatriz Porrúa, Christian Escuredo, Xan Casas, Victoria Pérez e Fran Ameixeiras.

Teatro do **Andamio** (1): *Babaluva*, texto José Prieto e Larraitz Urruzola; dirección Tatán.

Teatro do **Andamio** (2): *Demasiado para nada*

Ver Calvo Sotelo, XIIº Festival de Teatro Escolar

Teatro do **Andamio** (3): *Pacama*

Teatro do **Andamio** (4): *Pingueiras e tarteiras*, texto Teresa González Costa, dirección Álvaro Guevara.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Marta García Márquez, "Teatro do Andamio rompe a rutina no Fórum coa obra 'Pingueiras e tarteiras", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 24 setembro 2009, p. 15.

Sinálase que nunha das salas Los Rosales, na cidade da Coruña, se representa a obra *Pingueiras e tarteiras*, que vai dirixida a un público infantil. O seu director comenta o éxito entre o público ao que se destina e a importancia de enganchar tamén aos pais coa obra para que sigan levando os fillos ao teatro.

- Rubén Bruña, "Factoría de niños diferentes", *La Opinión*, "A Coruña", 24 setembro 2009, p. 12.

Comenta que a compañía coruñesa Teatro do Andamio vai representar no Fórum Metropolitano o espectáculo *Pingueiras e Tarteiras*, destinado principalmente a un público infantil. En palabras do director da compañía, Guevara, comenta que este é un bo momento para o teatro galego, xa que non cre que estea moi afectado pola crise. Ademais destaca a cantidade de público infantil que acode ás representacións da compañía. Por último, informa dos horarios e días das representacións.

- M. C. S., "La compañía Los Modernos estrena la obra 'Fo' en el festival teatral carballés", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da Morte", 23 outubro 2009, p. 22.

Ademais de informar dalgunhas das representacións levadas a cabo no Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT), dáse conta da representación de *Pingueiras e tarteiras*, por Teatro do Andamio, en Cee.

Artestudio: *A volta ao mundo nunha hora*, texto Ramiro Neira e David Seisdedos.

Referencias varias:

- M. C., "Teatro para toda a familia", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2009, p. 6.

Dáse conta da programación do Teatro Principal en Ourense. Dise que participa Artestudio, con *A volta ao mundo nunha hora*, ademais de La Tirita Teatro, El retrete de Dorian Gray e Entremáns.

Babaluva Teatro (1): *Lume*, Texto Alberto Varela Ferreiro, dirección Mariza Basso.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Titirideza

Babaluva Teatro (2): *Marusía*

Ver Liceo Casino, IIIº Festival de Títeres

Babel de Sons: *A vida de Rosa día tras día*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Os **Barballocas**: *Os Barballocas van de camiño*

Berrobambán: *Bicharada*, texto Cris F., dirección Evaristo Calvo.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Os medos que non marchan", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí na fin se semana", "Teatro", 12 marzo 2009, p. L9.

Sinálase que a compañía Berrobambán acaba de presentar no Teatro Principal unha nova obra, *Bicharada*, coa que pretende romper cos temores típicos dos nenos, que se manteñen incluso cando son grandes. Precísase que neste caso se trata a temática dos bichos dun xeito cómico.

- V. Oliveira, "Teatro de Bicharada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escena", 14 marzo 2009, p. 35.

Indícase que vai ter lugar a estrea da obra *Bicharada*, da compañía Berrobambán, no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Sinálase que nesta peza se pretende abordar o medo aos bichos dun xeito cómico. Precísase que os protagonistas serán unha formiga, unha araña e un escaravello, que estarán representados por Manolo Panforreteiro, Chiqui Pereira e Paula Carballeira, aderezado todo pola *voz en off* de Patricia Lorenzo, que será a encargada de contar a historia.

- Cristina Rodríguez, "Teatro y música, protagonistas en Lugo", *La Región*, "Nadal en Galicia", "Navidad en Lugo", 27 novembro 2009, p. 10.

Dá conta das propostas musicais e representacións teatrais que organiza o Concello de Lugo durante o Nadal. Entre outras actividades destacan a posta en escena de *Bicharada*, o vinte e nove de decembro, e o espectáculo *Construccións Clementina, dígame?*, o día trinta.

- Camilo Franco, "Os animais somos nós", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", 18 decembro 2009, p. 67.

Crítica á obra teatral infantil *Bicharada*, de Berrobambán, que trata sobre a cooperación entre animais, compartindo intereses. Dise que a historia é cómica e xoga coa humanización dos animais. Presenta a función didáctica do teatro infantil sobre as vantaxes de ser diferente, dando como resultado, segundo se afirma, unha comedia amábel e de humor sinxelo para os cativos.

- Cristina Rodríguez, "Teatro y música, protagonistas en Lugo", *La Región*, "Nadal en Galicia", "Navidad en Lugo", 27 decembro 2009, p. 10.

Alén de concertos de corais, cantareiras e feiras de artesanía, o Concello de Lugo propón a actuación de Berrobambán, con *Bicharada*, no Auditorio o día vinte e nove de decembro.

Títeres **Cachirulo** (1): *Un bo rato con algúns ratos*

Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo** (2): *O conto de Nadal*

Ver Nadal, Mostra de Teatro Infantil de

Títeres **Cachirulo** (3): *A guerra das Galicsias*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo** (4): *O libro da selva*

Caramuxo Teatro (1): *Os Bolechas*

Ver Nadal, Mostra de Teatro Infantil de

Referencias varias:

- A. Rodil, "Los monfortinos podrán disfrutar de nueve obras de teatro este otoño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 23 setembro 2009, p. 20.

Comenta que o Concello de Monforte ten preparadas nove representacións teatrais para un público infantil e adulto. Dentro da programación infantil menciónase a represetación da obra *Os Bolechas*, por Caramuxo Teatro.

- M. B., "*Os Bolechas* arrasan como monicreques", *A Nosa Terra*, n.º 1.376, "Cultura", 8-14 outubro 2009, p. 22.

Infórmase de que se estrea no Auditorio Municipal de Ames a primeira adaptación teatral con monicreques que se fai da familia Bolechas. Lévao a cabo, segundo se indica, a compañía Caramuxo Teatro e descríbese o argumento da obra para, deseguido, indicar que todos os bonecos foron elaborados polo actor e manipulador arxentino Marcelo e que a música correu a cargo da Xove Orquestra Sinfónica de Galicia. Por último destácase o grande éxito de público e danse os nomes dos lugares nos que a compañía representará a obra.

- O. M., "Os Bolechas compiten con Disney", *Atlántico Diario*, "Navidad en comarcas", 19 decembro 2009, p. 34.

Céntrase na aposta que o Concello de Redondela fai de cara ao público infantil, que pasa por dúas películas de Disney e pola representación d'*Os Bolechas*, creados por Juan Rodríguez e Pepe Carreiro. Anúnciase para o mércores trinta, da man de Caramuxo Teatro.

Caramuxo Teatro (2): *Zapatos*, texto Juan Rodríguez Santiago, dirección Montse Piñón e Pepablo Patinho.

Ver Escena en Familia
Ver Liceo Casino, IIIº Festival de Títeres
Ver Venres Familiares, Ciclo

Referencias varias:

- M. J. Rico, "O truco para traballar con bebés é adaptarte ó mundo que eles coñecen", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Cultura. Gente. Servicios", "Escena", 12 febreiro 2009, p. 12.

Sinálase que se vai levar a cabo no auditorio Alovi das Pontes a segunda representación para bebés por parte do grupo Caramuxo. Precísase que a elección do tema veu motivada pola cercanía que ten este material aos cativos, pois o que se trata e de que comprendan a obra e comecen a collerlle gusto ao teatro.

- Xosé Neira Vilas, "Teatro para bebés", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 21 xuño 2009, p. 2.

Faise mención da obra *Zapatos*, que representou o grupo coruñés Caramuxo para os rapaces de un a catro anos na gardería municipal "A casa dos títeres", en Cabana de Bergantiños. Precísase que a representación correu a cargo de Laura Sarasola e Xosé Rodríguez. Finalmente indícase que nesta obra se mestura a poética coa sinxeleza.

Casahamlet: *Ratiña linda*, texto Manuel Lourenzo, dirección Santiago Fernández

Ver Escena en Familia
Ver Voces á Orella

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Ratiña linda", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 9 abril 2009, p. L5.

Sinálase que vai ter lugar na sala Arteria Noroeste (SGAE) a representación *Ratiña linda*, por Casahamlet, peza na que se representa a historia da ratiña presumida tomando como base a letra de Bernardino Graña e versionada por Manolo Lourenzo.

- Concha Pino, "Rock e punk en O Castiñeiriño", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 11 xuño 2009, p. L12.

Indícase que se representou ante os escolares do colexio público de Pedrouzos, no Concello de Brión, a obra *Ratiña linda*, da que é autor Manuel Lourenzo e que está inspirada nun conto de Bernardino Graña. Precísase que a peza foi representada pola compañía Casahamlet, dirixida por Santiago Fernández e interpretada por Chus Álvarez

e Antonio López Rico.

Títeres **Cascanueces** (1): *Un conto de sempre*

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Los niños al 'cole' y los mayores al zoo", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", 26 setembro 2009, p. 86.

Entre outras cousas, indícase que os nenos de Pontevedra puideron asistir á Biblioteca Pública para ver a representación da obra *Un conto de sempre*, da compañía Cascanueces. Dise cal é o argumento da mesma e aclárase que a actividade forma parte da iniciativa cultural "Letras vivas" que promove a Consellería de Cultura e Turismo.

Títeres **Cascanueces** (2): *O ferreiro e o diaño*

Ver Carballiño, Iº Festival de Títeres do

Teatro **D2** (1): *Cos pés na terra (e só cos pés)*, texto Manu Lago, Fran Riveiro e Begoña Cuquejo; dirección Manu Lago.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Duendesicos: *Monicreques em-Praza2*

Encena Produción: *Un día de forminga*, texto e dirección Eisenhower Moreno.

Teatro **Escena** (1): *Barriga Verde e o Demo Negro*, texto Alfredo Conde.

Ver Escena en Familia
Ver Galicreques, XIVº Festival Internacional de Títeres

Referencias varias:

- Camilo Franco, "A Internacional", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí na fin de semana", "Títeres", 14 maio 2009, p. L9.

Precísase que se levou a cabo a estrea da peza *Barriga verde e o demo negro* na Arteria Noroeste do SGAE. Sinálase que na representación se mesturan os títeres coa obra escrita por Alfredo Conde, e que con ela se pretende que os cativos se acheguen á aprendizaxe mesturada con aventura que lles contan os monicreques.

Teatro **Escena** (2): *Cucho, Coco e o dilema do seis*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Galicreques, XIVº Festival Internacional de Títeres

Factoría Teatro: *Señor Mundo, dígame*, texto Paula Carballeira, dirección Alfredo Rodríguez.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Escena en Familia

Títeres **Falcatrúa**: *Linocho e a lúa*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Fantoches Baj: *Rei, Rei*, texto Karel Kapeck, dirección Iñaki Vilariño.

Ver Titerentroido

Referencias varias:

- M. G. V., "Entre títeres e máscaras de entroido", *Faro de Vigo*, "XVI Feira do cocido de Lalín", 14 febreiro 2009, p. 6.

Comenta que este ano participarán Arxentina, Madrid e Galicia no Titerentroido 2009 de Lalín e, en representación de Galicia, actuará a nova compañía de Iñaki Vilariño, Fantoches Baj, que levará a escena esta obra teatral.

Fas-que-fas: *Un olliño, dous olliños, tres olliños*

Galitoon: *Rosalía, a pulga que escribía*, texto Andrea Bayer, dirección Santiago Alonso, Andrea Bayer e Luis Miguel Rodríguez.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- maré, "Galitoon estrea hoxe 'Rosalía, a pulga que escribía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O escaparate galego", 21 outubro 2009, p. 35.

Sinálase que se estrea no teatro da Arteria Noroeste a peza de monicreques *Rosalía, a*

pulga que escribía dentro da Feira Galega das Artes Escénicas. Coméntase o argumento e tamén se nomean outras obras e compañías que actúan igualmente dentro deste evento.

- Rubén Bruña, "Galitoon, una factoría de sueños", *La Opinión*, "A Coruña", 2 decembro 2009, p. 12.

Faise balance da obra *Babiliglub*, de Galitoon, cuxa estrea foi no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Galicia en xaneiro de 2008, e anúncianse seis funcións para máis de mil escolares no Fórum Metropolitano da Coruña. Dise que pasarán tamén pola Estrada, Santiago, Oleiros, Besain, Ermua e Torre Pacheco. Saliéntase que a compañía é especialista en creación e animación de personaxes, *poppets*, e menciónase unha nova obra, *Rosalía, a pulga que escribía*, xa estreada na Feira Galega das Artes Escénicas.

Ghazafellos (1): *Contos mariñeiros*, texto e dirección Pepablo Patinho.

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Referencias varias:

- M. J. R., "Ghazafelhos estrea 'Contos mariñeiros' no auditorio", *Diario de Ferrol*, "Teatro infantil", "Narón", 15 abril 2009, p. 13.

Indícase que o grupo Ghazafellos vai levar a cabo en Narón, e posteriormente en Cedeira, a súa segunda representación, *Contos mariñeiros*, na que participan Pepablo Patinho, Montse Piñón e Jorge Casas. Precísase que nesta obra dirixida especialmente aos nenos se fala da morte, "nunha historia sensible, pero tratada con moito humor".

Ghazafellos (2): *A orixe dos Ghazafellos*, texto Montse Piñón e Pepablo Patinho, dirección Pepablo Patinho.

Ver Venres Familiares, Ciclo

Referencias varias:

- M. R., "El 'Cine Alovi' acoge el domingo una actuación teatral dirigida al público infantil", *El Progreso*, "A Chaira", 12 xaneiro 2009, p. 11.

Precísase que se vai levar a cabo no auditorio "Cine Alovi" das Pontes a representación da peza *A orixe dos Ghazafellos*. Indícase que a porá en escena o grupo Ghazafellos, e que está dirixida aos nenos.

Teatro Infantil **Glendy**: *O pallaso máxico*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Katarsis Educación Teatro: *Pa cama*, texto Kevin Stewart e Carolina Ramos, dirección Kevin Stewart e Omar Álvarez.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Liceo Casino, IIIº Festival de Títeres

Referencias varias:

- Xoán Carlos Riobó, "FETEN 2009. O paradoxo: unha feira para nenos e nenas que cumpre a maioría de idade", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Festivais", Verán 2009, p. 83-90.

Fálase amplamente sobre a Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas que se celebra en Xixón en marzo de 2009. Tras falar sobre a súa creación e contidos, saliéntase dentro da súa programación a positiva consideración que mereceron as compañías galegas Galitoon, coa obra *Babiliglub*, e Katarsis, Educación e Teatro, con *Pa cama*.

Krekes Ensemble: *O Poliño Feo*

A **Loca Motora**: *O tenderete da cachifallada*

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Valle-Inclán será a figura deste mes no Museo de Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 marzo 2009, p. 56.

Indícase que no Museo Provincial de Lugo se van levar a cabo dúas novas actividades: O Museo Invítate e A Peza Agachada, e que na primeira delas se inclúen as representacións de *Chímpete, chámpete*, da man de Spaghetti Títeres e *O tenderete da cachifallada* de Loca-Motora.

- S. C., "Literatura en la Alameda", *El Correo Gallego*, "Santiago", 3 maio 2009, p. 26.

Sinálase que como parte da programación da Feira do Libro de Santiago se vai representar a obra *O tenderete da cachifallada*, da man do grupo teatral A loca locomotora.

- M. Manteiga, "Llega a su fin la I Feria do Libro de Xallas con éxito de visitas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 xuño 2009, p. 37.

Precísase que a obra *O tenderete da cachifallada* será representada por A loca locomotora, formando parte do programa que pecha a primeira Feira do Libro de Santa Comba.

- Víctor Cacho, "La Feira do Libro de Santa Comba cierra hoy el capítulo de su brillante primera edición", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 28 xuño 2009, p. L 14.

Entre as actividades desenvoltas na Feira, e en relación coa Literatura galega, dá conta dun monólogo que interpretará Cándido Pazó e da representación para a nenez da obra *O galo Quirico* por parte da compañía Seisdedos. Remata indicando que na xornada de peche da Feira Fran Riveiro impartirá un taller de ilustración aos máis novos e a compañía A loca motora representará *O tenderete da cachifallada*.

Mago Teto: *A maxia da Santa Compaña*

Referencias varias:

- L. R., "Mago Teto' presenta su nuevo espectáculo teatral", *La Región*, "Ciudad", 6 marzo 2009, p. 14.

Sinálase que se vai representar no Auditorio de Ourense unha nova peza da compañía Mago Teto, *A maxia da Santa Compaña*. Precísase que nesta obra se mestura o ilusionismo, o teatro, a música e a danza, coa finalidade de entreter o público e espertar neles un respecto polos espectáculos de maxia que se están a celebrar até a actualidade en Galicia.

Mala Pécora: *A parábola da rá*, texto e dirección José Luis Prieto.

Migallas Teatro: *Á procura do tesouro*

Monicreques de Kukas: *O castelo de Rocha Vella*, texto Luciano García Alén, dirección Marcelino de Santiago.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Títeres **Ni Fu Ni Fa Animacións** (1): *C@nto*, texto Ildefonso García de Longoria Ramos, dirección Mónica Alonso.

Ver Carballiño, Iº Festival de Títeres do

Títeres **Ni Fu Ni Fa Animacións** (2): *Reciclarte*, texto Ildefonso García de Longoria Ramos, dirección Mónica Alonso González.

Títeres **Ni Fu Ni Fa Animacións** (3): *Universo lácteo*, texto e dirección Mónica Alonso.

Olga e **Pilar**: *Teatro de sombras con Xulián*

Palimoco Teatro: *Construccións Clementina, dígame?*, texto e dirección Paloma Lugilde.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil

Referencias varias:

- Cristina Rodríguez, "Teatro y música, protagonistas en Lugo", *La Región*, "Nadal en Galicia", "Navidad en Lugo", 27 novembro 2009, p. 10.

Dá conta das propostas musicais e representacións teatrais que organiza o Concello de Lugo durante o Nadal. Entre outras actividades destacan a posta en escena de *Bicharada*, o vinte e nove de decembro, e o espectáculo *Construccións Clementina, dígame?*, o día trinta.

- F. D., "Cine e teatro para os máis cativos", *La Región*, "*Nadal. Comarca de Valdeorras 2009*", "Navidad en O Barco", 20 decembro 2009, p. 2.

Infórmase da posta en escena de obras de teatro infantil durante o Nadal, entre as que se menciona *Cósima*, de Sarabela Teatro, *Construccións Clementina, dígame?*, de Palimoco Teatro e *Rúa Aire* do Retrete de Dorian Gray. Dáse conta ademais doutras actividades como cine infantil e a montaxe dun parque infantil de xogos.

Páprika Teatro (1): *A caixa pechada*, dirección Pablo Nojes.

Páprika Teatro (2): *A ratiña e o caracol*

Asociación Teatral **Paso de Valverde**: *Adeus, Kantor*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Calvo Sotelo, XIIº Festival de Teatro Escolar

Títeres **Pepeluna**: *Circo Rocambola*

The **Pinga** Teatro: *Casting Tour*

Pista Catro Productora de Soños: *Trasno*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Os **Quinquilláns**: *No fondo do mar*

Ver Titirideza

S. A. Marionetas: *Theatrum Puparum-Ines de Castro*

Ver Galicreques, XIVº Festival Internacional de Títeres

Títeres **Seisdedos**: *O galo Quirico e os seus amigos*

Ver Titirimaxia

Referencias varias:

- Víctor Cacho, "La Feira do Libro de Santa Comba cierra hoy el capítulo de su brillante primera edición", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 28 xuño 2009, p. L 14.

Entre as actividades desenvoltas na Feira, e en relación coa Literatura galega, dá conta dun monólogo que interpretará Cándido Pazó e da representación para a nenez da obra *O galo Quirico* por parte da compañía Seisdedos. Remata indicando que na xornada de peche da Feira Fran Riveiro impartirá un taller de ilustración aos máis novos e a compañía A loca motora representará *O tenderete da cachifallada*.

Os **Sete Magníficos + 1**: *Peter Punk*, dirección Isaac Rodríguez Miranda.

Referencias varias:

- G. F., "La Diputación organiza actividades culturales en 65 municipios lucenses", *El Progreso*, "Comarcas", 3 xullo 2009, p. 10.

Precísase que como parte da programación de "Cultura Aberta nos concellos", promovida pola Área de Cultura da Deputación de Lugo, se atopa a peza teatral *Peter Punk*, na que tomando como referente ao sempre novo habitante de Nunca Xamais, se elabora un "esperpéntico 'show' con 'clowns' e malabaristas".

Sherezade: *Mil e un contos*

Spaghetti Títeres (1): *Chímpete, chámpete*

Referencias varias:

- Jaureguizar, "Valle-Inclán será a figura deste mes no Museo de Lugo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 5 marzo 2009, p. 56.

Indícase que no Museo Provincial de Lugo se van a levar a cabo dúas novas actividades: "O Museo Invítate" e "A Peza Agachada", e que na primeira delas se inclúen as representacións de *Chímpete, chámpete*, da man de Spaghetti Títeres e *O tenderete da cahifallada* de Loca-Motora.

- Chechu López, "El teatro y la música serán las principales actividades del 'Mes das Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "O Barbanza", "Comarca", "A Pobra", 30 abril 2009, p. 30.

Coméntase que no programa levado a cabo na Pobra co gallo das Letras Galegas a compañía Matapiollos vai representar a peza *Contaxia*, e que Títeres Spaguetti porá en escena *Cinco historias para unha man* e *Chímpete, Chámpete*.

Spaguetti Títeres (2): *Cinco contos para unha man*, Texto Gabriel Castilla, dirección Arturo Pérez.

Referencias varias:

- Chechu López, "El teatro y la música serán las principales actividades del 'Mes das Letras Galegas", *Diario de Arousa*, "O Barbanza. Comarca", "A Pobra", 30 abril 2009, p. 30.

Coméntase que no programa levado a cabo na Pobra co gallo das Letras Galegas a compañía Matapiollos vai representar a peza *Contaxia*, e que Títeres Spaguetti porá en escena *Cinco historias para unha man* e *Chímpete, chámpete*.

Symbiosis Producciónss (1): *Maxia ó cadrado*

Symbiosis Producións (2): *Symbiosis*

Tanxarina Títeres: *O rodaballo*, dirección Evaristo Calvo.

Referencias varias:

- A. D. B., "Levo anos participando en proxectos coa música como protagonista", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 9 xullo 2009, p. L12.

Pequena entrevista ao actor galego Evaristo Calvo na que se fai referencia a que durante o verán ten o proxecto de dirixir a última obra de Tanxarina, *O rodaballo*, unha

adaptación teatral do *Peixe máxico ruso*.

Tarabuleque Teatro: *Misión imposible*, texto Helena Ferro, dirección tarabuleque Teatro.

Trinke Trinke: *Unha de ratos na biblioteca*

Referencias varias:

- M. Angueira, "Contos para festexar os 25 anos da biblioteca", *Diario de Arousa*, 4 abril 2009, contracuberta.

Precísase que, como parte do programa de actividades que se van levar a cabo por mor do vinte e cinco aniversario da Biblioteca Municipal de Pontecesures, se inclúe a representación de *Unha de ratos na biblioteca*, obra que será levada a escena pola compañía Trinke Trinke.

Títeres **Trompicallo** (1): *Jiñol*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Títeres **Trompicallo** (2): *Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp*, texto Luis González e Marian González, dirección Marian González

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver María José Jove, Vº Festival de Títeres
Ver Nadal, Mostra de Teatro Infantil de

Referencias varias:

- A. Rodil, "Los monfortinos podrán disfrutar de nueve obras de teatro este otoño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 23 setembro 2009, p. 20.

Comenta que o Concello de Monforte ten preparadas nove representacións teatrais para un público infantil e adulto. Dentro da programación infantil menciónase a representación da obra *Violeta Coletas contra as salchichas gulp*, por Títeres Trompicallo.

Viravolta Títeres: *Barrigaverde*

Ver Titirimaxia

Virginia Imaz: *Encantadas*

VII.3.3.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Achádego Teatro: *Pinto pinto gorgorito*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Alumnos do CEIP **Aguiño**: *A Bela Durminte*

Ver Riveira, XIIª Mostra de Teatro Infantil de

Amarelo, Mala Sorte: *Laudamuco, señor de ningures*

Ver Ourense, VIIIª Mostra de Teatro Escolar para Centros de Ensino Secundario

Teatro **Arte Livre**: *Aladín perdido na Galiza*, texto e dirección bRoberto Cordovani.

Grupo do CPI **Atios**: *A man da filla*

Ver Teatro con G, Ciclo

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (1): *Melodías en acción*, dirección Pablo Sánchez.

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (2): *As tres mosqueteiras na procura de Dartañán*

Grupo de Teatro do CPI Don **Aurelio de Cuntis**: *Os vellos non deben namorarse*, texto Castelao.

Grupo do IES **Barallobre**: *Suspéndese a sesión*, texto Fernando Lalana.

Ver Teatro con G, Ciclo

Grupo de Teatro IES As **Barxas**, de Moaña: *Os noivos da Torre Eiffel*, dirección Vanesa Sotelo.

Ver MOTESMO, XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo De Teatro do CEIP de **Bayón**: *Titiritesa*

Ver Riveira, XIIª Mostra de Teatro Infantil de

Taller de Teatro de **Bertamiráns**: *Praza ocupada*

Ver Cuntis, IºCertame de Teatro Afeccionado

Grupo do **Burgo** de Culleredo: *A rá Luci e o grillo Guillerme*

Referencias varias:

- J. C., "El grupo teatral de mayores inicia su gira por los centros educativos del municipio", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Culleredo", 30 maio 2009, p. 18.

Precísase que dous grupos teatrais de maiores de Culleredo van levar a cabo sendas representacións para os máis cativos da zona. Trátase do grupo do Burgo, coa peza *A rá Luci e o grillo Guillerme*, e do grupo de Orro coa posta en escena d´*A escola de Tócame Roque.*

Alumnos da Escola Laica de **Cabanas**: *Tía Cortés*

Cambados, Escola Municipal de Teatro: *Inda que o vento deixase de asubiar*

Ver Cambados, Iª Mostra da Escola Municipal de Teatro de

Caracol Teatro: *A bruxa do oeste*

Referencias varias:

- José Pereira, "Cinco mil nenos coñecen á 'Bruxa do Oeste", *Diario de Arousa*, "Cambados Local", 21 abril 2009, p. 14.

Precísase que o Teatro Caracol estreou a obra *Bruxa do Oeste*. Sinálase que esta obra se levou a escena no salón de actos do instituto Francisco Asorey de Cambados ante os nenos do colexio de Vilariño e os maiores do Centro de Día de Sanxenxo, quedando todos encantados coa representación.

Alumnado da Escola de Teatro **Casahamlet**: *O misterio das ganas de durmir*

Ver Calvo Sotelo, XIIº Festival de Teatro Escolar

Comediantes Anónimos: *A illa amarela*

Ver MOTESMO, XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo do Colexio **Condesa de Fenosa** de O Barco: *O testamento do tío Nacho*

Escola Artística de **Cuntis** (1): *Co voso conto*

Escola Artística de **Cuntis** (2): *Farsa paulatina*

Ver Cuntis, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Escola Artística de **Cuntis** (3): *Romeo e Xulieta*

Ver Cuntis, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Dinamo Teatro: *Os contos de Catoxo*

Disonada: *Xan Carallás (zarzuela galega)*

Referencias varias:

- Iván Leis, "El musical de Xan Carallás", *Faro de Vigo*, "Redondela", "Área metropolitana", 26 xuño 2009, p. 13.

Precísase que se vai levar a escena a obra *Xan Carallás (zarzuela galega)*, a mans do grupo xuvenil de teatro Disonada. Indícase que o protagonista, Xan Carallás, foi, segundo a lenda popular, o que fundou a vila de Redondela. Finalmente sinálase que esta zarzuela é a segunda parte dunha triloxía de Cameselle Ben sobre lendas de Redondela, logo de representar a da Coca.

Teatro Colexio **E. Pondal**, de Cangas: *As vodas de Fígaro*, adaptación e dirección Guiomar López.

Ver MOTESMO, XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Estrela Cadente Teatre: *Os contos máxicos da avoa*, dirección Teresa Ventejo e Vanessa González.

Faise Escuro, do IES Rodeira de Cangas: *Ghilipollas, somos ou estamos ghilipollas*

Ver MOTESMO, XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo do IES **Fernando Esquío de Neda**: *A consulta do doutor*, texto Fina Casalderrey, dirección Carmela Loureiro.

Ver Teatro con G, Ciclo

Alumnos do colexio **Ferroviario**: *A farsa do rei Bululú*

Ver Monforte, XVIIIº Certame Centros de Ensino de

Filigrana, do IES A Paralaia de Moaña: *A avoa Sol e as trece rosas*

Ver MOTESMO, XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Alumnos do colexio **Galaxia** (1): *O xardín da avoa Margarida*

Ver Riveira, XIIª Mostra de Teatro Infantil de

Alumnos do colexio **Galaxia** (2): *Cal desas é unha princesa?*

Ver Riveira, XIIª Mostra de Teatro Infantil de

Alumnos do colexio A **Gándara**: *Os antollos de Margarida*

Ver Monforte, XVIIIº Certame Centros de Ensino de

Grupo do IES **García Barros**: *Dormes?*, texto e dirección Miguel Ángel Carbajal.

Ver Miño, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado do

Referencias varias:

- C. G., "Yllana y Matarile teatro actuarán en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 22 xaneiro 2009, p. 39.

Comenta que o teatro volve ser o protagonista da programación cultural da Estrada e informa sobre as compañías que van participar, entre elas participará o alumnado do García Barros coa obra *Dormes*.

- Mónica González, "Teatro de premio en A Estrada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Cultura", 15 abril 2009, p. 32.

Sinálase que a obra *Dormes?*, levada a escena polo alumnado do IES García Barros e creada por Miguel Carbajal, foi premiada na Mostra de Teatro do Minho. Precísase que esta representación non só foi galardoada nesta ocasión, pois recibirá o premio especial do público en Goián, A Garda, na semana seguinte. Precísase asemade que a obra tamén se representou no teatro Principal da Estrada.

- M. González, "Dormes?' gana el gran premio de la Mostra de Teatro do Miño", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 28 abril 2009, p. 34.

Infórmase da concesión do premio especial do público dentro da IIIª Mostra de Teatro do Miño á obra *Dormes?*, dirixida polo profesor Miguel Carbajal e protagonizada polo alumnado do Instituto de Ensino Secundario Manuel García Barros. Coméntase asemade que foi seleccionada para o certame nacional de teatro mozo Buero Vallejo. Finalmente dise que esta é unha obra de argumento complexo, na que se reflexiona sobre a existencia, implicando ao espectador e que conta cunha coidada posta en escena.

Geppetto, Aula Universitaria de Ourense: *Os nenos do túnel*

Ver MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil

Alumnos do CEIP O **Grupo**: *O circo barato*

Ver Riveira, XIIª Mostra de Teatro Infantil de

Iliria Teatro: *O principiño*, dirección Moisés Morales.

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Liceo de Noia: *As árbores morren de pé*, texto Alejandro Casona, dirección Ramón Carredano Cobas.

Ver Calvo Sotelo, XIIº Festival de Teatro Escolar

Referencias varias:

- Cándido M. Prego Rojo, "Axenda", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 33, abril 2009, pp. 2-8.

Salienta, dentro do programa das festas de Nadal, a posta en escena d'*As árbores morren de pé*, adaptación de *Los árboles mueren de pie*, de Alejandro Casona, levada a cabo polo grupo Teatro Liceo o 20 de decembro.

- M. Gil, “La cultura, en especial el teatro, es la pariente pobre de la política”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 12 xullo 2009, p. 37.

Entrevista ao director do grupo de teatro do Liceo de Noia, Ramón Carredano Cobas, quen acaba de recibir o premio do XIIº Certame de Teatro 2009 Candilejas Don Bosco da Coruña. Carredano explica a súa experiencia co grupo teatral e indica que o grupo quedou no cuarto posto coa obra *As árbores morren de pé*, de Alejandro Casona. Fala sobre as horas de ensaio, os actores e as axudas económicas que reciben.

Alumnos do CEIP **Manuel Vidal Portela**: *O engaiolador*, texto Ramón Piñeiro.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, “De excursión al Novo Museo”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “De café con Cuca”, 10 xuño 2009, p. 78.

Entre varias noticias relacionadas coa cultura e a cidade de Pontevedra, recóllese a actuación teatral que o alumnado do CEIP Manuel Vidal Portela realizou no Centro de Día da Cruz Vermella. Sinálase que a representación estaba baseada na obra *O engaiolador*, de Ramón Piñeiro.

Grupo do Colexio **María Inmaculada** de Verín: *O testamento do tío Nacho*

Referencias varias:

- L. R., “Una obra de teatro pone fin al curso en María Inmaculada”, *La Región*, “Monterrei”, 25 xuño 2009, p. 14.

Refírese á representación da obra *O testamento do tío Nacho*, que realizou o alumnado de sexto do colexio María Inmaculada de Verín. Indícase que o espectáculo estaba incluído no programa da Festa Solidaria que se está a celebrar no centro co gallo do final de curso.

Matapiollos: *Contaxia*

Referencias varias:

- Chechu López, “El teatro y la música serán las principales actividades del ‘Mes das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza. Comarca”, “A Pobra”, 30 abril 2009, p. 30.

Coméntase que no programa levado a cabo na Pobra co gallo das Letras Galegas a compañía Matapiollos vai representar a peza *Contaxia*, e que Títeres Spaguetti porá en escena *Cinco historias para unha man* e *Chimpete, Chámpete*.

Alumnos do Colexio **Novo**: *Unha historia de teatro*

Ver Monforte, XVIIIº Certame Centros de Ensino de

Obradoiro María Soliño, do IES María Soliño de Cangas: *A deshora*, texto Pedro Pablo Riobó.

Ver MOTESMO, XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo de **Orro** de Culleredo: *A escola de Tócame Roque*

Referencias varias:

- J. C., "El grupo teatral de mayores inicia su gira por los centros educativos del municipio", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Culleredo", 30 maio 2009, p. 18.

Precísase que dous grupos teatrais de maiores de Culleredo van levar a cabo senllas representacións para os máis cativos da zona. Trátase do grupo do Burgo, coa peza *A ra Luci e o grillo Guillerme*, e do grupo de Orro coa posta en escena d´*A escola de Tócame Roque.*

Grupo Os **Pequechos**: *O galo engancha*

Ver En Clave de Teatro, IIIº Ciclo

Grupo **Picariños** do CEIP María Pita: *O Xigante dos Gandulfo*

Ver Descubrir o Teatro, XXª Mostra de Teatro escolar

Alumnos do colexio **Pinguela**: *Era unha vez a revolución*

Ver Monforte, XVIIIº Certame Centros de Ensino de

Escola Municipal de Teatro de As **Pontes**: *O pequeno soldado*

Escola Municipal de Teatro de **Porriño** (1): *A intrusa*, texto Maurice Maeterlinck.

Escola Municipal de Teatro de **Porriño** (2): *Tambores da noite*, texto Bertold Bretch.

Grupo de Maiores de **Portonovo**: *Un mal día*, texto Hugo Daniel Marcos.

Ver En Clave de Teatro, IIIº Ciclo

Grupo de Teatro Infantil de **Portonovo**: *A Marquesiña encantada*, texto Euloxio Ruibal.

Ver En Clave de Teatro, IIIº Ciclo

Asociación **Prodema**: *Aventuras e desventuras dun fidalgo da Mancha*

Ver Monforte, XVIIIº Certame Centros de Ensino de

Teatro da **Réplika**, do IES Rodeira de Cangas: *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, texto Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire, dirección Xoán C. Riobó.

Ver MOTESMO, XIIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Colexio **Rías Altas**: *Cabaret Machine*

Ver Calvo Sotelo, XIIº Festival de Teatro Escolar

Grupo de Teatro Xuvenil de **Riveira** (1): *Como na casa*

Grupo de Teatro Xuvenil de **Riveira** (2): *Volverasme a ver*

Referencias varias:

- U. L., "Rois comienza el sábado 31 la oferta teatral del último trimestre del año", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 22 outubro 2009, p. L12.

Anúnciase o programa de teatro que terá lugar en Rois. Dise que conta, entre outras, coa posta en escena de *Volverasme a ver*, do grupo de teatro xuvenil de Ribeira, baixo a dirección de Segundo Durán, ou con *Menos Lobos*, da compañía Talía Teatro, dirixida por Artur Trillo Sendón.

Asociación **Rosalía de Vilaboa**: *O muíño de Maruxa*

Alumnado do Colexio **Salesiano**: *A mazá*

Ver Calvo Sotelo, XIIº Festival de Teatro Escolar

Grupo do IES **Saturnino de Montojon**: *Os facedores de bonecas*

Ver Teatro con G, Ciclo

Grupo de Infantil **Serxio Mascareñas**: *A historia de Babymiau*

Grupo de Primaria **Serxio Mascareñas**: *Mario Galaxy*, texto e dirección Alfonso Carlos Lois.

Grupo Infantil da Escola de Teatro Municipal de **Soutomaior**: *A boa pipa*

Grupo Xuvenil da Escola de Teatro Municipal de **Soutomaior**: *Os contadores de historias*

Tarabelo: *A que cheiran os contos?*

Referencias varias:

- Coco Vecino, "Los festejos por el Día das Letras Galegas comienzan hoy con teatro", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 10 maio 2009, p. 15.

Dáse conta das actividades que o concello de Marín ten preparadas para conmemorar o Día das Letras Galegas. Precísase que se compoñen da representación da obra *A que cheiran os contos?*, e mais dunha conferencia de Carlos Callón sobre a Lingua galega e o compromiso da sociedade e, por último, a entrega dos premios do Certame de Poesía do Concello. Tamén haberá un autobús para os que queiran acudir a Santiago á manifestación pola lingua.

Grupo do CEIP de **Touro** (1): *Fábulas*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Grupo do CEIP de **Touro** (2): *Flocos de millo*

Referencias varias:

- G. F., "El aula de teatro del CPI Touro llenó la casa de la cultura de Palas con 'Quechus", *El Progreso*, "A Ulloa", 21 maio 2009, p. 14.

Faise mención do éxito acadado pola aula de teatro do CPI de Touro na posta en escena de *Quechus*, realizada no salón de actos da casa da cultura de Palas de Rei. Indícase tamén que esta aula representou na casa da cultura de Muros a obra *Flocos de millo*.

Grupo do CEIP de **Touro** (2): *Quechus*

Referencias varias:

- G. F., "El aula de teatro del CPI Touro llenó la casa de la cultura de Palas con 'Quechus", *El Progreso*, "A Ulloa", 21 maio 2009, p. 14.

Faise mención do éxito acadado pola aula de teatro do CPI de Touro na posta en escena de *Quechus*, realizada no salón de actos da casa da cultura de Palas de Rei. Indícase tamén que esta aula representou na casa da cultura de Muros a obra *Flocos de millo*.

Trécola Teatro (1): *O gran mandante*

Ver Irmáns Villar, Ciclo de Teatro do Colexio

Trécola Teatro (2): *Historias de títeres*

Ver Titirideza

Tusilata Teatro: *Contos da Vía Láctea*

Referencias varias:

- G. E., "La biblioteca tudense abre con teatro su programación del 'Mes dos Libros", *Faro de Vigo*, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", "Tui. O Rosal. A Guardia. Tomiño. Salceda de Caselas", 2 abril 2009, p. 15.

Indícase que no programa do "Mes dos Libros" que se vai celebrar en Tui, concretamente na súa Biblioteca Municipal, se inclúe a representación da obra *Contos da Vía Láctea*, por parte de Tusilata Teatro, e o espectáculo infantil *O libro dos libros*, a cargo de Ulalume Teatro.

Ulalume Teatro: *O libro dos libros*

Referencias varias:

- G. E., "La biblioteca tudense abre con teatro su programación del 'Mes dos Libros",

Faro de Vigo, "Baixo Miño", "Área Metropolitana", "Tui. O Rosal. A Guardia. Tomiño. Salceda de Caselas", 2 abril 2009, p. 15.

Indícase que no programa do "Mes dos Libros" que se vai celebrar en Tui, concretamente na súa Biblioteca Municipal, se inclúe a representación da obra *Contos da Vía Láctea*, por parte de Tusilata Teatro, e o espectáculo infantil *O libro dos libros*, a cargo de Ulalume Teatro.

Compañía de Monicreques da **Universidade de Santiago de Compostela-Lugo**: *A culpa foi de Mozart*, texto de Marcelino Santiago(Kukas).

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Mar M. Louzao, "Todo é puro teatro", *El Progreso*, "Lugo", "Campus", 14 abril 2009, p. 6.

Faise mención do último ensaio da Compañía de Marionetas do campus de Lugo, que vai representar a obra *A culpa foi de Mozart* no Auditorio Gustavo Freire. Precísase que nesta posta en escena participarán Emma Novo e outras dúas rapazas que participaron no curso impartido por Marcelino de Santiago, "Kukas". Sinálase asemade que as marionetas foron feitas polas propias protagonistas a partires de materiales de desfeita, e que tamén elas poñen as voces ás personaxes, pero con pregravación, pois non é doado manexar as marionetas e falar áo mesmo tempo.

Grupo de Teatro Infantil de **Vilagarcía**: *Brancaneves*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Escola Municipal de Teatro de **Vilalba** (1): *De paxes e princesas*

Ver Vilalba, Mostra de Teatro Infantil da Escola de Teatro de

Escola Municipal de Teatro de **Vilalba** (2): *Seis ábrense paso polo mundo*

Ver Vilalba, Mostra de Teatro Infantil da Escola de Teatro de

Vintureira de Campo Lameira: *Conto de Nadal*

Ver Cuntis, Iº Certame de Teatro Afeccionado

A **Xanela** do Maxín: *A caixa de Nuk*

Ver Titirideza

Grupo **Xermade**: *Pampón tiña razón!*, texto Asociación Cultural A Garola.

Referencias varias:

- Cristina Pérez, "Los niños de Xermade conocen los secretos del teatro en un taller", *El Progreso*, "A Chaira", 3 xaneiro 2009, p. 16.

Precísase que once rapaces de Xermade van representar a obra *Pampón tiña razón!*, escrita pola asociación cultural Garola. Sinálase que a representación forma parte dun taller de lecturas dramatizadas que están a realizar os cativos.

VII.3.3.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINÚAN EN CARTEL

VII.3.3.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Producción**s Acontrabutaca**: *Robin Hood*, texto Wonderland Group, dirección Xosé Lueiro.

Referencias varias:

- B. Y., "El Auditorio Municipal abrirá con 'Robin Hood' la nueva temporada musical", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Ribadumia", 9 setembro 2009, p. 15.

Coméntase que o musical *Robin Hood* inaugura a nova tempada de actuacións no Auditorio Municipal Santa Baia de Ribadumia. Logo faise unha sinopse da obra.

Teatro do **Andamio**: *O monstro do castelo*, texto e dirección Álvaro Guevara.

Ver Venres Familiares, Ciclo

Referencias varias:

- M. C. S., "El Concello de Cee premia los mejores relatos de teatro", *La Opinión*, "carballo/costa da morte", 13 maio 2009, p. 20.

Dentro do programa de actividades organizadas con motivo do Día das Letras Galegas, informa que o Concello de Cee ten previsto a representación da obra *O monstro do castelo*, a cargo de Teatro do Andamio.

Artello Teatro Alla Scala 1:5 (1): *Polgariño*, texto Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, dirección Manuel Pombal.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Beatriz Campos e Xoán C. Riobó, "Encontro Teatralia 2009", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Festivais", Verán 2009, p. 55-62.

Coméntase que na XIIIª edición de Teatralia, Festival de las Artes Escénicas para Niños y Jóvenes, organizado pola comunidade de Madrid, se celebra o Encontro Teatralia, do cal se achega información da edición de 2009. Dentro da súa programación fálase da compañía galega participante Artello Teatro alla Scala 1:5 coa proposta, neste caso en

castelán, da adaptación do conto clásico dos irmáns Grimm, *Polgariño*.

Artello-Teatro Alla Scala 1:5 (2): *Unha de amor*, texto Manuel Pombal, Rosa Hurtado e Santiago Montenegro; dirección Manuel Pombal

Berrobambán Teatro: *Boas noites*, texto Paula Carballeira, dirección Paula Carballeira e Jorge Padín.

Títeres **Cachirulo** (1): *As aventuras de Pinoccio*¸ texto Carlo Collodi.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo** (2): *Canción de Nadal*, texto Charles Dickens.

Títeres **Cachirulo** (3): *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, texto e dirección Jorge Rey.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Carballiño, Iº Festival de Títeres do
Ver Liceo Casino, IIIº Festival de Títeres
Ver Titirimaxia

Títeres **Cachirulo** (4): *Típico Tópico*, dirección Jorge Rey e Carmen Domech.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Galicreques, XIVº Festival Internacional de Títeres
Ver Titirideza

Referencias varias:

- E. P., "Títeres Cachirulo presenta no teatro Árbole 'Típico tópico", *El Correo Gallego*, "Cultura", 1 febreiro 2009, p. 67.

Faise mención da posta en escena en Zaragoza da obra da compañía Títeres Cachirulo, *Típico tópico*. Sinálase que a representación está incluída na programación do teatro Árbole. Precísase asemade que con esta obra se pretende que os nenos maiores de seis anos entren en contacto cos monicreques dun xeito cómico, nesta ocasión mediante a presentación dun "tablao" flamenco no que se atopan uns turistas xaponeses.

Teatro **Cachuzo**: *Game over*, texto Carlos Losada.

Referencias varias:

- Rubén Ruibal, "Teatro, o agasallo co que sorprenderán a case todos.Recomendacións para todos os públicos", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 4, "Teatro", 3 xaneiro 2009, pp. 12-13.

Tras lamentar a escasa presenza de títulos de literatura dramática nas librerías galegas, faise un percorrido polas obras teatrais publicadas ao longo do 2008, comezando polas dirixidas ao lectorado infanto-xuvenil. Así, entre outros títulos literarios, salienta *Game over*, de Carlos Losada, gañador do Premio Manuel María 2007, e levada á escena por Teatro Cachuzo.

Caramuxo Teatro (1): *Glub, glub*, texto e dirección Juan Rodríguez.

Caramuxo Teatro (2): *Historia dunha semente*, texto e dirección Juan Rodríguez.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Liceo Casino, IIIº Festival de Títeres

Caramuxo Teatro (3): *Lazarillo*, dirección Juan Rodríguez.

CasaHamlet: *Remoldiño vai á feira*

Centro Dramático Galego/O **Retrete de Dorian Gray**: *Rúa Aire*, coprodución, texto O retrete de Dorian Gray, dirección Jordi Farrés.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Galicreques, XIVº Festival Internacional de Títeres

Referencias varias:

- M. B., "Monicreques con globos e maxia especial na 'Rúa Aire", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 2 maio 2009, p. 6.

Comenta que a compañía O Retrete de Dorian Gray foi creada por Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno e dá conta dos espectáculos xa presentados. A seguir, informa que están a representar na Sala Nasa a proposta escénica *Rúa Aire*, que forma parte do plan de coprodución do CDG. Explica que esta é a segunda creación da compañía coa técnica de manipulación dentro do teatro de obxectos, e neste caso, utilizan monicreques feitos con globos.

- B. R. Sotelino, "A industria cultural cítase en Vigo para afrontar o futuro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 decembro 2009, p. 50.

Acóllese a noticia da celebración do encontro "Creativa. Foro da Industria Cultural

Galicia-Norte de Portugal", que terá lugar en Vigo. Ademais de recoller as declaracións sobre o evento do conselleiro de Cultura, Roberto Varela Fariña, infórmase dalgúns dos espectáculos presentes, entre eles representacións teatrais, unha delas a cargo da compañía O retrete de Dorian Gray.

- Camilo Franco, "As cousas son como se manipulan", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 16 decembro 2009, p. 59.

Fala da obra *Rúa Aire*, da compañía O retrete de Dorian Gray e dirixida por Jordi Farrés. Considera que é unha obra sobre "a manipulación de cousas sen importancia" e que unha das súas vantaxes é que permite especular "coa historia, co personaxe". Ademais de apuntar que é unha obra de "maneiras amables", afirma que non contén tanta "inocencia". Finalmente opina que a montaxe completa unha "manipulación airosa e divertida", ademais de "sinxela e sen recarga".

- F. D., "Cine e teatro para os máis cativos", *La Región*, "*Nadal. Comarca de Valdeorras 2009*", "Navidad en O Barco", 20 decembro 2009, p. 2.

Infórmase da posta en escena de obras de teatro infantil durante o Nadal, entre as que se menciona *Cósima*, de Sarabela Teatro, *Construccións Clementina, dígame?*, de Palimoco Teatro e *Rúa Aire* do Retrete de Dorian Gray. Dáse conta ademais doutras actividades como cine infantil e a montaxe dun parque infantil de xogos.

- M. C., "Teatro para toda a familia", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2009, p. 6.

Dáse conta da programación do Teatro Principal en Ourense. Dise que participa El retrete de Dorian Gray, con *Rúa Aire*, ademais dos Monicreques de Kukas, Artestudio, La Tirita Teatro e Entremáns.

Danthea Teatro (1): *As aventuras do Polichinela e a galiña negra*, dirección Carlos Clemente.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Escena en Familia
Ver Liceo Casino, IIIº Festival de Títeres
Ver María José Jove, Vº Festival de Títeres

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Polichinela e a galiña negra", *La Voz de Galicia*, "Vai por aí na fin de semana", "Títeres", 19 febreiro 2009, p. L9.

Indícase que na obra *Polichinela e a galiña negra* se aborda o tema da sorte ou a falta da mesma. Sinálase que a peza se está a representar na Arteria Noroeste do SGAE.

- Eva Menduíña, "O Verán dos Monicreques anima a los más pequeños", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo.Bueu", 21 xullo 2009, p. 17.

Dise que todos os martes o grupo teatral Danthea actúa para os nenos na Praza do concello de Bueu e que comeza coa obra *A galiña negra*. Indícase tamén que o evento está organizado pola Concellaría de Cultura.

Danthea Teatro (2): *Carapuchiña vermella ou o conto do lobo*, dirección Pepe Cáccamo.

Ver Carballiño, Iº Festival de Títeres do
Ver Escena en Familia
Ver Verán dos Monicreques

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Todos fomos románticos", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 10 setembro 2009, p. L9.

Faise referencia á adaptación do conto tradicional de *Carapuchiña vermella* que ten lugar na sala ARteria Noroeste de Santiago de Compostela e reflexiónase sobre a perspectiva nos contos tradicionais.

Encena Producións Artísticas: *Aladín Perdido na Galiza*,

Ver Escena en Familia

Títeres **Falcatrúa**: *O espírito do bosque*, texto e direccón, Esteban Losada.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Carballiño, Iº Festival de Títeres do

Referencias varias:

- Celia Martínez, "Moncho Borrajo presentará su última obra en la Feira do Libro de Cangas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 56, 18 xullo 2009, p. 5.

Entre outras actividades desenvolvidas para adultos e para o público infantil e xuvenil na X Feira do Libro de Cangas dáse conta da representación desta peza de monicreques o venres 24 de xullo.

- Ana de Larriva, "Los niños pueden con la lluvia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 28 decembro 2009, p. 20.

Infórmase de diversas actividades con destinatario infantil que terán lugar en Vigo; entre elas salienta o espectáculo de títeres da compañía Falcatrúa, a comedia *O espírito do bosque*, que se realizará na praza do Rei.

Galitoon: *Babiliglub*, texto e dirección Andrea Bayer.

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra
Ver Escena en Familia
Ver Todo Público, Ciclo

Referencias varias:

- Belén López, "Teatro en catro palabras: Miau! Non! Glub! Si!", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 19 xaneiro 2009, p. 60.

Sinálase que tivo lugar a representación de *Babiliglub*, peza teatral destinada aos máis cativos que foi estreada no IXº Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, e que se contará coa súa presenza na "Feria del Libro. Cuba 2009". Precísase que esta obra non só tivo éxito como parte da programación "Domingos do Principal", senón que xa o tivera na Feira Galega das Artes Escénicas, así como tamén se espera que o acade na edición de 2009 da "Feira Europea de Teatro para Niños y Niñas" (FETEN).

- Xoán Carlos Riobó, "FETEN 2009. O paradoxo: unha feira para nenos e nenas que cumpre a maioría de idade", *RGT. Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Festivais", Verán 2009, p. 83-90.

Fálase amplamente sobre a Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas que se celebra en Xixón en marzo de 2009. Tras referirse á súa creación e contidos, saliéntase dentro da súa programación a positiva consideración que mereceron as compañías galegas Galitoon, coa obra *Babiliglub*, e Katarsis, Educación e Teatro, con *Pa cama*.

- A. Rodil, "Los monfortinos podrán disfrutar de nueve obras de teatro este otoño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 23 setembro 2009, p. 20.

Comenta que o Concello de Monforte ten preparadas nove representacións teatrais para un público infantil e adulto. Dentro da programación infantil menciónase a representación da obra *Babiliglub*, por Galitoon.

- Víctor Castro, "Galitoon presenta hoy en Sada la obra "Babiliglub", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 9 outubro 2009, p. 20.

Infórmase de que se estrea a obra *Babiliglub* que a compañía de teatro Galitoon pon en escena no Auditorio da Casa de Cultura "Pintor Francisco Llorens" de Sada. Tamén se fala do seu argumento e recoméndase como unha boa obra para o público infantil.

- Rubén Bruña, "Galitoon, una factoría de sueños", *La Opinión*, "A Coruña", 2 decembro 2009, p. 12.

Faise balance da obra *Babiliglub*, de Galitoon, cuxa estrea foi no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Galicia en xaneiro de 2008, e anúncianse seis funcións para máis de mil escolares no Fórum Metropolitano da Coruña. Dise que pasarán tamén pola Estrada,

Santiago, Oleiros, Besain, Ermua e Torre Pacheco. Saliéntase que a compañía é especialista en creación e animación de personaxes, *poppets*, e menciónase unha nova obra, *Rosalía, a pulga que escribía*, xa estreada na Feira Galega das Artes Escénicas.

La **Imagina Machina:** *Robinson e Crusoe*

Referencias varias:

- E. P., "Continúa la gira gallega de 'Robinson y Crusoe", *El Correo Gallego*, "Cultura", 9 febreiro 2009, p. 60.

Faise mención das diferentes postas en escena do espectáculo *Robinson y Crusoe*, por La Imagina Machina, na súa xira por Galicia. Indícase que actuarán no Teatro Jofre de Ferrol, no Palacio de Congresos de Santiago, no Centro Social Caixanova de Pontevedra, no auditorio municipal de Vilagarcía e no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.

A **Loca Motora**: *Carlota e Marieta dan a volta ao planeta*

Mariclown: *A vida de Rosa... día a día*.

Referencias varias:

- M. D., "Atrapadas nos roles sociais de xénero", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 maio 2009, p. 38.

Refire que no Teatro Principal de Santiago a compañía Mariclown vai representar o espectáculo *A vida de Rosa… día tras día*. Explica que a obra trata a historia de dúas Rosas que representan calquera muller atrapada nos roles de xénero e que se estrutura en tres partes: "A boa amante", "A cociña" e "Corporación dermopatética". Tamén indica que a obra gañou o premio do certame Mundoclown 2003 e comenta que o espectáculo ten un pouco de cabaré, improvisación en directo, temas musicais, etc. Salienta que nesta obra se trata o tema da violencia de xénero non de forma negativa e loa o labor das actrices, Sabela Amado e Teresa Rañal, quen escribiron o texto xunto a Lino Braxe e Marta Villar.

Migallas Teatro (1): *Un avó especial*, texto María Campos e Carlos Yus, dirección María Campos.

Referencias varias:

- Teresa Miñán, "Un avó especial' acercará el problema del Alzheimer a los vilagarcianos el 15 de marzo", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía. Local", "Obra de teatro",

27 febreiro 2009, p. 11.

Sinálase que o grupo teatral Migallas vai levar a cabo a representación *Un avó especial* no Auditorio de Vilagarcía de Arousa. Precísase que con esta obra o que se pretende é abordar dende unha perspectiva distinta á habitual o problema do Alzheimer, ademais de perseguir que os pequenos da casa melloren as relacións cos seus maiores.

- G. L., "Afasal trae a Vilagarcía dous actores 'especiais", *Diario de Arousa*, 14 marzo 2009, contracuberta.

Refírese á representación que o grupo pontevedrés Migallas vai levar a escena no Auditorio de Vilagarcía de Arousa, a obra *Un avó especial*. Precísase que a representación correrá a cargo dos actores María Campos e Carlos Yus, e que con ela se pretende achegar o problema do Alzheimer a todos os asistentes ao auditorio.

- M. T., "El Auditorio presenta mañana la obra 'Un avó especial' que aborda el Alzheimer", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía", "Local", "Cultura", 14 marzo 2009, p. 04.

Indícase que a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer (Afasal) organizou a representación teatral *Un avó especial* no Auditorio de Vilagarcía de Arousa, que será levada a escena polo grupo de teatro Migallas. Precísase que con esta representación o que se pretende é que o público de todas as idades sexa consciente da problemática do Alzheimer.

- Lidia M. Gallas Otero, "O colectivo Afasal atopa no teatro unha maneira lúdica de concienciar sobre o Alzheimer", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Representación", 15 marzo 2009, p. 25.

Precísase que se vai representar no Auditorio de Vilagarcía de Arousa a obra dirixida por María Campos e Carlos Yus, integrantes do grupo teatral Migallas, que xunto con AFAPO, levan a escena o obra *Un avó especial*. Sinálase que con ela o que se pretende é achegar o problema do Alzheimer a nenos e maiores.

Migallas Teatro (2): *¡Canta connosco!*, guión e dirección de María Campos e Carlos Yus.

Referencias varias:

- Ana López, "Cuando los libros vienen con sorpresa", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 23 abril 2009, p. 66.

Faise mención da representación que vai levar a cabo a compañía pontevedresa Migallas Teatro no Centro Cultural de Monte Porreiro, *¡Canta connosco!*. Precísase que o espectáculo forma parte da programación "Abril dos libros 2009", organizado polo Concello de Pontevedra.

- A. C. M., "O grupo Migallas achegará o teatro ós nenos de Poio con motivo das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 14 maio 2009, p. 12.

Indícase que co gallo das Letras Galegas o alumnado dos centros de Poio acudirán ver a representación de *¡Canta connosco!*, que será levada a escena pola compañía Migallas.

Migallas Teatro (3): *Cantacontos*, texto María Campos e Carlos Yus, dirección María Campos.

Referencias varias:

- Noé Dopazo, "Espectáculo de teatro en la biblioteca Vidal Pazos", *Diario de Pontevedra*, "Marín. O Morrazo", 7 agosto 2009, p. 14.

Dise que a compañía teatral Migallas Teatro realiza unha actuación na biblioteca municipal Vidal Pazos de Marín, dentro dun programa de fomento da lectura promovido pola Concellaría de Cultura e Xuventude. Dáse o título da obra, *Contacontos*, e dise que está estruturada en varios contos tradicionais acompañados de música e que están relacionados cos nenos.

Migallas Teatro (4): *O libro máxico*

Monicreques de Kukas (1): *Un agasallo para Xaquín*, texto Marcelino de Santiago (Kukas), dirección Isabel Rey Pousada.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de
Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Referencias varias:

- M. Dopico, "Moito que celebrar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 febreiro 2009, p. 38.

Refire que a compañía Monicreques de Kukas está a celebrar os seus trinta anos de existencia e indica que teñen en cartel catro espectáculos: *7 contos capitais (Historias para pícaros adultos)*, *Un agasallo para Xaquín*, *Sen Título 4x8x6* e *Contos do vento acatarrado*. A seguir, informa que van presentar na Coruña, Santiago e Ourense *7 contos capitais* e continúa narrando a historia da compañía. Tamén achega as opinións de Isabel Rey, unha das creadoras do grupo.

- B. M., "Os Monicreques de Kukas piden un espazo para o seu patrimonio de 30 anos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 marzo 2009, p. 54.

Faise mención das representacións que vai levar a cabo a compañía Monicreques de Kukas no Teatro Principal de Santiago co gallo do seu trixésimo aniversario. Sinálase que as obras a representar serán *Un agasallo para Xaquín*, destinada aos máis cativos, e *7 contos capitais*, para os adultos. Precísase tamén que a ilusión da compañía é que se

cree un lugar onde poder gardar e manter todo o patrimonio realizado até o momento.

- Camilo Franco, "Monicreques", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí na fin de semana", 5 marzo 2009, p. L10.

Sinálase que a compañía Os Monicreques de Kukas está a representar dúas obras co gallo do seu trixésimo aniversario: *Un agasallo para Xaquín*, dirixida aos rapaces e aos que teñen ganas de selo, e *Os sete pecados capitais*, dirixida aos que se "autoinculpan" de adultos.

- Óscar Iglesias, "Treinta años de Kukas", *El País*, "Galicia", 14 marzo 2009, p. 8.

Achega os comentarios de Marcelino de Santiago e Isabel Rey, dous dos creadores da compañía Monicreques de Kukas, que lembran a historia do grupo dende os seus inicios até a actualidade, cando se cumpren trinta anos do seu nacemento. Comentan a primeira actuación que realizaron na Feira do Queixo en Arzúa e tamén indican que foron a primeira compañía de teatro de títeres contemporáneo de Galicia. Fai referencia aos cambios que viviron no mundo das marionetas e informa das catro obras que teñen en cartel, entre elas *Un agasallo para Xaquín*. Por último, comenta que lle solicitaron ao Concello de Santiago a creación dunha Casa dos Monicreques na que gardar a historia das marionetas en Galicia.

- Víctor Castro, "Éxito de las gimnastas de la sadense Zeltia García", *El Ideal Gallego*, "Atalaya mariñana", 23 maio 2009, p. 18.

Informa que a actuación prevista na Casa da Cultura de Sada por Lambríaca Teatro foi aprazada. Tamén indica que as actividades se reanudarán coa obra de teatro infantil *Un agasallo para Xaquín*.

- Víctor Castro, "Hoy, teatro infantil en la Casa de la Cultura de Sada", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 29 maio 2009, p. 22.

Faise mención da peza que se vai representar na Casa da Cultura de Sada, *Un agasallo para Xaquín*, da man da compañía Monicreques de Kukas. Coméntase asemade que se pretende abordar o tema do consumismo plasmado nun neno caprichoso e larpeirán.

Monicreques de Kukas (2): *Contos do vento acatarrado*, dirección Marcelino Santiago.

Ver MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil
Ver Titirimaxia

Referencias varias:

- M. Dopico, "Moito que celebrar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 febreiro 2009, p. 38.

Refire que a compañía Monicreques de Kukas está a celebrar os seus trinta anos de existencia e indica que teñen en cartel catro espectáculos: *7 contos capitais (Historias para pícaros adultos)*, *Un agasallo para Xaquín*, *Sen Título 4x8x6* e *Contos do vento*

acatarrado. A seguir, informa que van presentar na Coruña, Santiago e Ourense *7 contos capitais* e continúa narrando a historia da compañía. Tamén achega as opinións de Isabel Rey, unha das creadoras do grupo.

- Óscar Iglesias, "Treinta años de Kukas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 marzo 2009, p. 8.

Achega os comentarios de Marcelino de Santiago e Isabel Rey, dous dos creadores da compañía Monicreques de Kukas, que lembran a historia do grupo dende os seus inicios até a actualidade, cando cumpren trinta anos do seu nacemento. Comentan a primeira actuación que realizaron na Feira do Queixo en Arzúa e tamén indican que foron a primeira compañía de teatro de títeres contemporáneo de Galicia. Fai referencia aos cambios que viviron no mundo das marionetas e informa das catro obras que teñen en cartel, entre elas *Contos do vento acatarrado*. Por último, comenta que lle solicitaron ao Concello de Santiago a creación dunha Casa dos Monicreques na que gardar a historia das marionetas en Galicia.

- M. C., "Teatro para toda a familia", *La Región*, "Navidad en Ourense", 24 decembro 2009, p. 6.

Dáse conta da programación do Teatro Principal en Ourense. Dise que participan Os Monicreques de Kukas, con *Contos do vento acatarrado*, ademais de Artestudio, La Tirita Teatro, El retrete de Dorian Gray e Entremáns.

Monicreques de **Kukas** (3)*: Sen título 4x8x6* (*técnica mixta sobre o escenario*), texto Marcelino de Santiago (Kukas), dirección Isabel Rey e Kukas.

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Referencias varias:

- M. Dopico, "Moito que celebrar", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 24 febreiro 2009, p. 38.

Refire que a compañía Monicreques de Kukas está a celebrar os seus trinta anos de existencia e indica que teñen en cartel catro espectáculos: *7 contos capitais (Historias para pícaros adultos)*, *Un agasallo para Xaquín*, *Sen Título 4x8x6* e *Contos do vento acatarrado*. A seguir, informa que van presentar na Coruña, Santiago e Ourense *7 contos capitais* e continúa narrando a historia da compañía. Tamén achega as opinións de Isabel Rey, unha das creadoras do grupo.

- Óscar Iglesias, "Treinta años de Kukas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 14 marzo 2009, p. 8.

Achega os comentarios de Marcelino de Santiago e Isabel Rey, dous dos creadores da compañía Monicreques de Kukas, que lembran a historia do grupo dende os seus inicios até a actualidade, cando cumpren trinta anos do seu nacemento. Comentan a primeira actuación que realizaron na Feira do Queixo en Arzúa e tamén indican que foron a primeira compañía de teatro de títeres contemporáneo de Galicia. Fai referencia aos

cambios que viviron no mundo das marionetas e informa das catro obras que teñen en cartel, entre elas *Sen Título 4x8x6*. Por último, comenta que lle solicitaron ao Concello de Santiago a creación dunha Casa dos Monicreques na que gardar a historia das marionetas en Galicia.

- Leticia Cambeiro, "Tres décadas de 'monicreques", *El Progreso*, 17 marzo 2009, contracuberta.

Precísase que a compañía Os monicreques de Kukas está a celebrar o seu trixésimo aniversario. Indícase que para festexalo a compañía está a levar a cabo unha xira na que representa, no caso da cidade de Pontevedra, a obra *Sen título 4x6x8 (técnica mixta sobre escenario)*.

- E. P., "Las marionetas de 'los kukas' celebran sus 30 años en acción", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 marzo 2009, p. 60.

Comenta que a compañía Os Monicreques de Kukas vai celebrar os seu trixésimo aniversario cun espectáculo producido por Marcelino de Santiago e Isabel Rey, *Sin título 4x8x6*, que representarán no Teatro Principal de Pontevedra para todos os públicos.

- Paula Barros, "Monicreques de Kukas enseña el arte de crear", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 23 marzo 2009, p. 62.

Precísase que a compañía Monicreques de Kukas levou a escena a obra *Sen título 4x6x8 (técnica mixta sobre o escenario)* dentro do programa dos "Domingos no Principal". Sinálase que a obra está dirixida a nenos maiores de sete anos, aos que se lles quere amosar o "momento máxico" no que o artista ten unha idea e comeza a crear.

Palimoco Teatro: *O rato de biblioteca*

Referencias varias:

- Paula Otero, "O teatro é unha boa ferramenta didáctica", *El Progreso*, "Lugo", 4 xaneiro 2009, p. 10.

Entrevista a Alberte Viveiro, actor principal da obra *O rato de biblioteca*. Explica que esta representación naceu dun proxecto da compañía Palimoco Teatro chamado Mil pasos e que consiste en mostrar a historia de Lugo a través de representacións teatrais. Comenta que esta peza é a primeira do proxecto que se centra nas orixes da cidade e que está destinada a todos os públicos. Por último, afirma que o teatro é unha boa ferramenta para ensinar historia xa que a achega dunha forma divertida e directa.

- Laura Torres, "Colorín, colorado...", *El Progreso*, "Verano", 6 agosto 2009, p. 37.

Coméntase a finalización da actividade "Mércores miúdos", celebrada nos xardíns da Deputación de Lugo, coa presentación da obra *O rato de biblioteca*. Dise que é o primeiro ano que se organiza esta actividade e que tivo moito éxito.

The **Pinga** Teatro (1): *O rei dos mares*, texto Miquel Condal e Suso Pando, dirección Miquel Condal.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Referencias varias:

- Javier Casal, "Cultura e Deporte y el Concello acercan el mundo del teatro al rural", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", "Cangas", 17 xaneiro 2009, p. 4.

Sinálase que terán comezo as actividades culturais das parroquias de Beluso e Cela coa representación da obra *O rei dos mares*, por parte da compañía The Pinga Teatro. Precísase que a representación vai ter lugar no Centro Social do Mar e que vai estar destinada, sobre todo, aos cativos, pero tamén aos adultos.

- Lidia M. Gallas Otero, "O rei dos mares' surca a Ría de Arousa para engaiolar aos nenos de Boiro", *Diario de Arousa*, "Arousa, un mar de cultura", "Teatro", 8 febreiro 2009, p. 31.

Faise mención da inauguración do programa cultural da Casa da Cultura "Ramón Martínez López" de Boiro, no que participa a compañía The Pinga Teatro coa súa obra *O rei dos mares*. Precísase que na obra se mesturan as aventuras vividas por Quintiño co seu avó no barco "o rei dos mares", e as que lle conta o avó ao neto ao chegar a noite.

The **Pinga** Teatro (2): *Unha rosa no xardín*, texto e dirección Miguel Condal.

Pista Catro Productora de Soños (1): *Kamikaze*, texto Pista Catro e Hernán Gené; dirección Hernán Gené.

Referencias varias:

- Rubén Bruña, "Las acrobacias teatrales de Pistacatro llegan el domingo al Rosalía de Castro", *La Opinión*, "A Coruña", 30 xaneiro 2009, p. 12.

Informa que a compañía Pista Catro vai representar no teatro Rosalía de Castro da Coruña este espectáculo de circo e teatro. Salienta que a compañía foi fundada por sete artistas e está composta por actores procedentes de diversas partes do mundo. Explica que *Kamikaze* é un espectáculo cómico dirixido a todos os públicos e resume o seu argumento. A seguir, indica que a obra está dirixida por Hernán Gené e cita outra das producións destacadas da compañía.

Pista Catro Produtora de Soños (2): *Ringorrango*, dirección Marcos Orsi e Rolando San Martín.

Referencias varias:

- Lidia M. Gallas Otero, "Un novo concepto da interpretación achégase a Boiro para arrincar mil e un sorrisos", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Teatro", 29 marzo 2009, p. 31.

Comenta que a compañía galega Pista Catro representará en Boiro, na Casa da Cultura Ramón López, a obra *Ringorrango*. Explica que a obra é unha mestura de circo, humor e música na que actúan Aitor Garuz, Pablo Reboleiro e Xabier Mera. Os personaxes mostran a posibilidade de facer realidade soños imposíbeis e salienta a importancia dos instrumentos e a presenza do deporte. A continuación, comenta que esta é unha compañía nova que colabora co Centro Dramático Galego.

Os **Quinquilláns** (1): *O Mago de Oz*, texto L. Frank Baum, adaptación Lucho Penabade, dirección Kevin John Stewart e Carolina Ramos.

Referencias varias:

- Belén López, "Os Quinquilláns viaxan cos nenos ata a terra de Oz", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 30 marzo 2009, p. 62.

Precísase que a compañía Os Quinquilláns representou no Teatro Principal de Pontevedra unha adaptación do clásico *O mago de Oz*. Indícase que a representación serviu de peche á programación de teatro familiar do Teatro Principal.

Os **Quinquilláns** (2): *Moby Dici*

Referencias varias:

- M. T., "Deporte, música y teatro para despedir la Ascensión", *La Voz de Galicia*, "*Santiago*", 25 maio 2009, p. 11.

Indícase que como peche do programa das festas da Ascención en Santiago de Compostela, os máis cativos en especial, pero tamén os adultos, puideron gozar da representación da obra *Moby Dick*, da man da compañía Os Quinquilláns.

Sarabela Teatro (1): *Cósima*, texto Cris Baldwin, dirección Ánxeles Cuña.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Todo Público, Ciclo

Referencias varias:

- A. Rodil, "Los monfortinos podrán disfrutar de nueve obras de teatro este otoño", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", 23 setembro 2009, p. 20.

Comenta que o Concello de Monforte ten preparadas nove representacións teatrais para un público infantil e adulto. Dentro da programación infantil menciónase a representación da obra *Cósima*, por Sarabela Teatro.

- F. D., "Cine e teatro para os máis cativos", *La Región*, "*Nadal. Comarca de Valdeorras 2009*", "Navidad en O Barco", 20 decembro 2009, p. 2.

Infórmase da posta en escena de obras de teatro infantil durante o Nadal, entre as que se menciona *Cósima*, de Sarabela Teatro, *Construccións Clementina, dígame?*, de Palimoco Teatro e *Rúa Aire* do Retrete de Dorian Gray. Dáse conta ademais doutras actividades como cine infantil e a montaxe dun parque infantil de xogos.

Sarabela Teatro (2): *Cristovo e o libro das marabillas*, dirección Fina Calleja.

Ver Venres Familiares, Ciclo

Sapristi: *Vaia Tormenta!*, texto William Shakespeare, dirección José Campanari e Nuria Sanz.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "O naufraxio or iso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 xullo 2009, p. 30.

Conversa coa actriz Nuria Sanz, na que recorda os xogos de nenez, explica como xurdiu a idea de formar a compañía teatral Sapristi e comenta a acollida que ten nos nenos o tipo de teatro que fan. Explica que nas súas montaxes, son elementos imprescindíbeis a música e a danza, que supoñen o cincuenta por cento do espectáculo. Tamén explica en que consiste o espectáculo que están a preparar, *Vaia Tormenta!*, inspirado n'*A Tempestade*, de Willian Shakespeare, e adianta as claves do seu próximo proxecto.

- Camilo Franco, "Desmontando a Shakespeare", *La Voz de Galicia*, "Cartelera y críticas", "Teatro", 4 novembro 2009, p. 51.

Dá conta da representación de *Vaia tormenta!*, da compañía Sapristi, adaptación dunha obra shakesperiana. Salienta o humor empregado, alicerzado en xogos de palabras e asociacións de ideas, así como a idade da audiencia á que vai dirixida xunto a outros aspectos como a montaxe. Finalmente dise que a dirección da obra está en mans de Nuria Sanz e José Campanari.

- M. D., "Sapristi leva 'Vaia tormenta!' ao Torrente Ballester de Ferrol", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Teatro", 5 novembro 2009, p. 34.

Informa sobre a posta en escena no Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol da obra *Vaia tormenta!* da compañía Sapristi, baseada nun dos personaxes d'*A tempestade*, de William Shakespeare. Subliña o labor de Nuria Sanz e José Campanari como directores, ademais da idade do público receptor –de nove anos en diante– ou a montaxe dinámica e musicalizada. Menciona asemade a Nacho Sanz na dirección musical.

Os sete magníficos + 1: *O gordo e o calvo van ao médico*

Referencias varias:

- Águeda Piñeiro, "Soutomaior acompañará la Cabalgata con teatro", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra/Comarca", 4 xaneiro 2009, p. 10.

Comenta que dentro da programación cultural proposta pola Concellaría de Cultura de Soutomaior se vai representar este espectáculo no Multiusos a véspera de Reis.

Talía Teatro (1): *Menos lobos*, texto e dirección Artur Trillo.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Menos lobos', teatro infantil para esta tarde en Sada", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 24 abril 2009, p. 20.

Sinálase que a compañía Talía Teatro vai levar a escena en Sada a peza infantil *Menos Lobos*. Precísase que nela participarán Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste, dirixidos por Artur Trillo Senón.

- U. L., "Rois comienza el sábado 31 la oferta teatral del último trimestre del año", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 22 outubro 2009, p. L12.

Anúnciase o programa de teatro que terá lugar en Rois. Dise que conta, entre outras, coa posta en escena de *Volverasme a ver*, do grupo de teatro xuvenil de Ribeira, baixo a dirección de Segundo Durán, ou con *Menos Lobos*, da compañía Talía Teatro, dirixida por Artur Trillo Sendón.

Talía Teatro (2): *Quero ser grande*, texto e dirección Artur Trillo.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Referencias varias:

- Inma López Silva, "Os adolescentes coma público", *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, n.º 143, "Crítica", "Teatro", abril 2009, p. 79.

Comenta López Silva que asistiu á representación de *Quero ser grande* pola curiosidade de coñecer o teatro Santart e polo espectáculo catalogado como "teatro para adolescentes". Critica da obra o feito de que non posúa un fío argumental que una os seis sketches que a compoñen xa que presenta unha estrutura moi aberta. Cita os contidos dos sketches e comenta que con eles o director, Artur Trillo, sabe conectar co público. Analiza tamén o papel das actrices, das que destaca que mostran certa tendencia á "estridencia". Por último, comenta que o teatro Santart pode dar pé a realizar diversos espectáculos e a difundir o teatro, aínda que a súa capacidade é algo reducida.

Talía Teatro (3): *Valentino Rufino e âkil pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)*, texto e dirección Roberto Salgueiro.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Escena en Familia
Ver Ningún nen@ sin cultura, Ciclo

Referencias varias:

- Inma López Silva, "Commedia para nenos", *Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate*, n.º 140, "Teatro", xaneiro 2009, p. 87.

Sinálase que coa chegada do Nadal son moi numerosas as obras levadas a escena; e infórmase de que entre elas se inclúe a representación da obra *Valentino Rufino e âkil pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)*, pola compañía Talía Teatro. Precísase que a obra vai estar representada por Diego Rey e Dani Trillo, baixo a dirección de Roberto Salgueiro, quen tamén é o autor da peza e o encargado da escenografía, do vestiario e da iluminación.

Tanxarina Títeres (1): *Os Narigudos*, texto Terry Jones, dirección Cándido Pazó.

Ver María José Jove, Vº Festival de Títeres
Ver Titirimaxia

Tanxarina Títeres (2): *Sombreiros sen chapeu,* texto Tanxarina, dirección Eduardo R. Cunha "Tatán" e Miguel Borines.

Ver Ningún nen@ sin cultura, Ciclo
Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, Xº Festival Internacional de Títeres de

Tanxarina Teatro (3): *Titiricircus*, texto e dirección Tanxarina.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Liceo Casino, IIIº Festival de Títeres
Ver María José Jove, Vº Festival de Títeres

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Titiricircus", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Vai por aí na fin de semana", "Títeres", 26 febreiro 2009, p. L9.

Faise mención da intencionalidade da obra de monicreques *Titiricircus*, de Tanxarina, na que se amosa o mundo do circo dende fóra, coma se se observarse a maxia do mundo circense dende un plano lonxano e deste xeito máis atractivo para o espectador. Precísase que a obra se está a representar na Arteria Noroeste do SGAE.

- M. V., "El espectáculo de los títeres", *La Región*, "Festas do Cristo (O Barco)", 11 setembro 2009, p. 7.

Indícase que a compañía Tanxarina está presente nas Festas do Cristo do Barco co espectáculo *Titiricircus*, dirixido a toda a familia e que se representa no Malecón. Coméntase o contido da obra e logo faise unha pequena referencia aos comezos do grupo e ao desenvolvemento do seu traballo.

Teloncillo Kaspar: *Marco Polo*

Referencias varias:

- L R, "El Auditorio municipal de Ourense acoge la obra para escolares de 'Marco Polo", *La Región*, "Ourense", 22 abril 2009, p. 11.

Precísase que a compañía Teloncillo vai representar no Auditorio municipal de Ourense a peza teatral *Marco Polo* e que vai asistir o alumnado de trinta e tres centros escolares do Concello de Ourense. Sinálase asemade a temática da obra, que conta a historia dun rapaz que cando ten quince anos é invitado polo seu pai e o seu tío a abandonar Venecia e vivir unha aventura, que durará vinte e cinco anos.

Titiritempo Teatro: *Os tres porquiños e algún outro*, texto Mario Tomás.

Ver Cine Teatro Areouta, Iª Mostra de Teatro Escolar do CEIP Areouta

Referencias varias:

- G. C. P., "A Fonsagrada festexa o Día das Letras con teatro contacontos e un obradoiro", *El Progreso*, "A Montaña", 28 abril 2009, p. 17.

Refírese ao programa cultural que se vai levar a cabo no Concello da Fonsagrada co gallo do Día das Letras Galegas, dedicado nesta ocasión a Ramón Piñeiro. Sinálase que forma parte desta programación a obra *Os tres porquiños e algún outro*, que será levada a escena pola compañía Titiritempo.

Tres Globos (1): *Pedro e o Lobo, singular versión*, texto e dirección Xan Pérez.

Tres Globos (2): *O sapo encantado*

Ver Titirimaxia

Trinke Trinke: *Os soños na gaiola*, texto e dirección David Pernas.

Ver Voces á Orella

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Trinke Trinke ofrece 'Los sueños en la jaula", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 20 febreiro 2009, p. 22.

Sinálase que se vai representar no Auditorio da Casa da Cultura Pintor Francisco Llorens a obra teatral infantil *Os soños na gaiola*, de David Pernas, e que será levada a escena pola Compañía Trinke Trinke. Precísase que nesta obra se mestura a vida do campo coa da cidade, e que se une o pasado e o presente nas conversas que manteñen un avó e a súa neta.

Títeres **Trompicallo** (1): *Bolboreta*, texto Marián González e Luís González, dirección Santiago Montenegro.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Cambre celebrará el 'Nadal' con varias actividades", *El Ideal Gallego*, "Área Metropolitana", "Atalaya Mariñana", 20 decembro 2009, p. 22.

Anúnciase o espectáculo de títeres *Bolboreta*, a cargo de Trompicallo, que terá lugar no Centro socio-cultural do Graxal.

Títeres **Trompicallo** (2): *Nadarín*, texto Cristina Ferreirós, dirección Plamen Dipchikov.

Ver MOTI, Vª Mostra de Teatro Infantil

VII.3.3.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Achádego Teatro: *O libro de ler e desler*, dirección Tareixa Campo.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Andaravía Teatro: *Anacos de nós*, dirección Xan Curiel.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Cuntis, IºCertame de Teatro Afeccionado

Grupo **Aneis**, Escola Municipal de Teatro Xinzo de Limia: *Os vellos non deben de namorarse*

Carfax Teatro: *Lilí Cuartel*, texto e dirección Manuel Lourenzo.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Carpe Diem: *A lenda do pirata*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Compañía do **Elefante Elegante**: *Tristán, cara de Can*, texto François Kah, Gonçalo Guerreiro, Helene Gilbert e María Torres; dirección Gonzalo Guerreiro.

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Referencias varias:

- X. A. R., "El programa teatral de Carballiño dispone de un presupuesto de 20.000 euros", *La Región*, "Carballiño", 22 xaneiro 2009, p. 18.

Fai referencia á programación teatral do primeiro semestre do ano en Carballiño e destaca a participación da compañía Elefante Elegante, que vai representar no Auditorio Municipal a obra *Tristán cara de can*.

- Camilo Franco, "Tristán, cara de can", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Vai por aí na fin de semana", "Teatro", 29 xaneiro 2009, p. L6.

Precísase que se vai representar na Sala Santart a obra de teatro para cativos *Tristán,*

cara de can.

- M. C., "Música, teatro y cultos religiosos", *La Región*, "Fiestas de Santa Rita, en O Barco", 21 maio 2009, p. 2.

Sinálase que o grupo de teatro Elefante elegante vai representar como parte do programa das Festas de Santa Rita do Barco de Valdeorras a obra *Tristán, cara de can*, "especialmente recomendable para o púlico infantil".

Compañía da Escola Municipal da **Estrada**: *Criaturas*

Ver Cuntis, IºCertame de Teatro Afeccionado

Falcatrueiros: *Clown escola.*

Referencias varias:

- Laura Torres, "Rábade se pone la nariz roja", *El Progreso*, "Verano", "Lo tuyo es puro teatro", 14 agosto 2009, p. 40.

Coméntase que nas festas de Rábade a agrupación cultural "Falcatrueiros" leva ás rúas a obra de Teatro *Clown Escola*, que está chea de cores, sorrisos e pallasos, destinada tanto ao público infantil como ao adulto.

Geppetto, Aula Universitaria de Ourense: *Rescuita e o reino dos sentimidos*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*

Tarabelo (2): *Pic-nic*, texto Fernando Arrabal

Ver Cuntis, IºCertame de Teatro Afeccionado

O **Trasno Novo Teatro**: *Conversas na cuneta mentres a vida pasa alá fóra*

Ver apartado III.3.1 deste *Informe*
Ver Calvo Sotelo, XIIº Festival de Teatro Escolar
Ver Miño, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado do

A **Xanela** do Maxín: *Chincha Rabincha*, texto Celia Figueiras, dirección Luis Vallecillo.

Ver Escena en Familia
Ver Titirimaxia

VII.4. CÓMIC

VII.4.1. GALEGOS

Bueno, Fran, *O máxico arrecendo e outras historias. 1987-1994*, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, col. Biblioteca de clásicos da historieta galega, n.º 3, abril 2009, 78 pp. (ISBN: 978-84-936632-4-7).

Recompílanse neste volume varias obras do debuxante Fran Bueno Capeáns (Santiago de Compostela, 1967). Ademais da reedición d'*O máxico arrecendo* (1992), ambientado na Idade Media, realízase unha escolma dos primeiros traballos do autor, nos que se percibe a diversidade do seu estilo, así como a súa evolución. Inclúense: "Piratas", primeiro premio do Concurso Nacional de Cómics de Xetafe (1988); "Guillermo y Maximino", primeiro premio da revista *Totem* (1989); "María", primeiro premio do Concurso Nacional de Cómics de Xetafe (1991); "Os meus queridos superheroes", publicado no *Frente Comixario*, n.º 3 (1991); "El gnomito diferente", publicado no fanzine *Paté de marrano*, n.º 1 (1993); dous traballos sen título tamén dados a coñecer neste mesmo fanzine en 1993-1994; e os inéditos "Romeo" (1994) e "Ramón e Rosario", primeiro premio no X Concurso Galego de Cómics Xuventude (1994). Estes traballos van precedidos de dous textos de presentación: "1986", de Ángel Manuel Benavente, quen lembra a súa amizade con Fran Bueno nos tempos nos que compartiron aulas na Facultade de Belas Artes e como foron xurdindo as súas primeiras creacións; e "Aprendiz de mago", de Fausto Isorna, quen salienta a afección de Fran Bueno dende a infancia, apoiada sobre todo polo seu pai, Agustín Bueno, un dos participantes na posta en marcha da revista *Vagalume*, logo convertida nunha dedicación profesional. Fran Bueno xoga con libertade no deseño das viñetas sen seguir un esquema clásico. Os personaxes reflicten nas expresións dos rostros os sentimentos que van xurdindo. Os debuxos están moi coidados e achegan moita información dos lugares nos que se atopan os protagonistas (contornas naturais, urbanas, interiores e exteriores), ademais de contextualizaren as narracións en diferentes épocas. O texto facilita o seguimento das historias, pero visualmente pódense entender, contando unha delas só con narración visual, sen texto.

Carreiro, Pepe, *A boneca faladora*, ilust. do autor, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Os Bolechas en banda deseñada, n.º 8, [lectorado autónomo], 2009, 21 pp. (ISBN: 978-84-8341-440-8).

Nesta colección preséntanse historias infantís de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) protagonizadas polos irmáns Bolechas, uns personaxes xa moi coñecidos polas series literarias e didácticas, agora en banda deseñada. Nesta nova entrega, todo comeza cun neno chamado Carlos que se atopa na bañeira do baño lendo unha noticia no xornal na que se fala do cambio climático. Foi entón cando se deu conta de que Tatá, súa irmá pequena, deixara a billa sen pechar. Deseguido, búscaa debaixo da auga e non se dá conta de que mollou o xornal. Agora súa nai, que o reclamaba, non o pode ler. A única solución que Carlos lle atopou á súa nai era a radio, pero Braulio estragouna. Este cambiara as pezas para o seu coche teledirixido e era aquí onde se escoitaba agora a radio. Entón Braulio deuse conta de que se cambiaba as pezas escoitaríao noutro

obxecto, así que decidiu poñerlle as pezas da radio á boneca, a cal se converteu na boneca faladora. As imaxes vanse sucedendo en viñetas sempre do mesmo tamaño: catro por páxina. Os personaxes están debuxados cunhas formas redondeadas e con cores fortes sen pretensión volumétrica.

Carreiro, Pepe, *Loli fai tatuaxes* (ISBN: 978-84-8341-326-5)/*O Robertiño* (ISBN: 978-84-8341-387-6)/*Galletas e madalenas* (ISBN: 978-84-8341-388-3), ilust. do autor, Vigo: A Nosa Terra. Promocións Culturais Galegas, col. Os Bolechas en banda deseñada, n.^{os} 5/6/7 [lectorado autónomo], 2009, 21 pp.

Novas entregas da colección Os Bolechas en banda deseñada protagonizados polos irmáns Bolechas. En *Loli fai tatuaxes*, cóntase como Loli monta un posto na praia para facer tatuaxes, fáillelas a Carlos, Braulio, Chispa, até que cansa e decide montar outro "negocio", un parque de atracións, o castelo encantado. N'*O Robertiño*, Loli cóntalle a Susi que lle gusta o Robertiño e que este a chamou para que lle deixara copiar os deberes, ao que ela se negou; entón Susi di que tamén lle gusta o rapaz e que llos deixara copiar ela, daquela Loli enfádase porque di que a Susi sempre lle gusta o mesmo que a ela. Ao final Robertiño declárase a Loli. E na entrega *Galletas e Magdalenas*, Sonia, Loli, Pili e Braulio van ao supermercado mercar galletas e Carlos, que queda a durmir no sofá encárgalle tamén madalenas, pero o can, Chispa, colle as galletas e esmágaas no sofá, os rapaces deciden bañar ao can porque ía manchando todo coas patas, pero Chispa agóchase no armario até que lle din que teñen madalenas e acaba por saír. As ilustracións do autor están realizadas con deseño de cómic. As imaxes vanse sucedendo en viñetas sempre do mesmo tamaño: catro por páxina. Os personaxes están debuxados cunhas formas redondeadas co uso de cores fortes sen pretensión volumétrica.

Casas Gil, Mariano, *Mensaxes*, IV Premio de Banda Deseñada Castelao 2008, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, maio 2009, [lectorado mozo], 60 pp. (ISBN: 978-84-936632-6-1) ■

Tras dunha páxina de presentación na que Mariano Casas (Madrid, 1971) explica que as mensaxes que envían os personaxes deste libro van destinadas ao futuro, "ao infinito, a ningures", comeza esta historia que se ambienta nun contexto apocalíptico no que o mundo semella destruído polo lume, o vento, a desorde e, por fin, o baleiro. Neste marco nárranse as últimas horas de vida dunha parella que se refuxia do caos na nave dunha imprenta. Alí, o home, Anxo, debuxa sen cesar co obxectivo de que se algún día as súas creacións son atopadas, poida entenderse o que aconteceu, convencido de que a única arte testemuña do futuro será o cómic; mentres, a súa compañeira, María, non quere resignarse ao seu destino e morrer. A seguir ambos descobren que a tinta da impresora está a acabarse, o cal provoca a extinción progresiva das cores e, de feito, as últimas páxinas debúxanas co seu propio sangue. Obra de experimentación visual e narrativa, na que salientan aspectos como a ausencia de figuras humanas nas páxinas iniciais, nas que só se presentan viñetas de cores fortes e obxectos contorneados con grosas liñas negras e, nas páxinas finais, consonte aos intereses da narración, a progresiva limitación das cores até recorrer unicamente ao vermello que representa o sangue.

Recensións:

- María Lado, "Notas sobre o desastre", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 8.

De *Mensaxes*, de Mariano Casas, sinálase que recibiu o premio Castelao de Banda Deseñada e que representa a cuarta entrega de banda deseñada deste autor multidisciplinar. Saliéntase que é unha obra experimental, tanto dende o punto de vista visual, coma narrativo, na que se busca a reflexión sobre a linguaxe da banda deseñada e o seu lugar dentro das manifestacións artísticas. Ofrécense algúns trazos argumentais e do estilo saliéntanse a sinxeleza, o trazo contundente, as cores planas e básicas, que evolucionan a medida que avanza a historia até o negro do dramatismo final. Critícase a falta de coidado na lingua, aínda que destaca o interese por difundir a obra tanto en lingua galega coma en castelá. Remátase sinalando que na obra hai múltiples mensaxes a través do xogo de linguaxes e a vocación de permanencia do debuxado.

Fraga, Rai (guión e textos), *Este século rima en galego*, debuxos Victor M. Guerra e Juan D. Guevara, A Coruña: Asociación Cultural Alexandre Bóveda, 18 pp. (DL: C 3408-2009). ◆

Cómic que naceu dentro das accións realizadas pola Asociación Cultural Alexandre Bóveda en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, xunto cun obradoiro de rap, para a promoción da lingua galega. O argumento, escrito por Rai Fraga, recolle os prexuízos arredor da utilización do galego para a música que lles gusta a Heitor e Raúl, que, finalmente e grazas á axuda da súa mestra, descobren que tamén se pode facer rap en galego. O formato destas ilustracións segue a banda deseñada, aínda que non hai viñetas. O deseño de Victor M. Guerra e Juan D. Guevara ocupan a páxina enteira e os personaxes sitúanse sobre fondos fotografados. Os textos dos diálogos ocupan os globos e o do narrador unhas cartelas en negro coas letras en branco na parte superior da páxina. Son ilustracións en branco e negro que recollen escenarios recoñecíbeis da cidade da Coruña.

González Vázquez, Xosé Lois, *Veña Carrabouxo*, prólogo de Xosé Lois Rúa, deseño da cuberta Brais González Baltar, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2009, 430 pp. (ISBN: 978-84-92554-06-5). ◆

O volume comeza cun prólogo institucional e un prólogo intitulado "Bocadillos dialécticos" de Xosé Lois Rúa, no que alcuma o debuxante como "o manipulador", á parte do alcume xa recoñecido de "O Carrabouxo", porque o considera "un manipulador da linguaxe". Explica que este é un dos recursos empregados para conseguir o humor nas súas viñetas e para definir o personaxe "O Carrabouxo", pois Lois González emprega unha linguaxe dialéctica "chea de paradoxos, de contradicións, de sentenzas", na que contrapón conceptos e consegue crear sentidos novos, ao trastocar "o primitivo significado" lingüístico e fonético, o que provoca a "hilaridade" e o "humorismo gráfico" de Xosé Lois. Acolle unha selección de 425 viñetas do Carrabouxo publicadas en *La Región* entre 2001-2007. Estruturada por anos, nas viñetas de Xosé Lois González Vázquez (Ourense, 1949) cóntanse os acontecementos máis salientábeis que afectaron o

mundo e, principalmente, a Galicia dende unha perspectiva cómica representada no personaxe principal: o Carrabouxo. A través deste personaxe humorístico e empregando unha linguaxe caracterizada pola manipulación, o autor trata temas diversos que van dende as vacas tolas do 2001, pasando pola catástrofe do Prestige, o avance das novas tecnoloxías, o atentado terrorista do 11-M, o tsunami que asolagou o sudeste asiático, a prohibición do tabaco en lugares públicos, os incendios masivos que queimaron os montes galegos no 2006… até chegar á proliferación de campañas contra o noso idioma, o galego, no ano 2007. Nesta recompilación de Xosé Lois as viñetas están feitas a tinta negra con estilo caricaturesco.

Recensións:

- Xosé Lois Rúa, "Os bocadillos dialécticos de Xosé Lois González", *Auria*, n.º 149, "Homenajes", setembro 2009, pp. 42-44.

Anúnciase a saída do prelo deste conxunto de traballos de Xosé Lois González, publicados no xornal *La Región* dende o ano 2001 ao 2007, nos que se salienta a súa retranca e os recursos humorísticos no tratamento do acontecer social. Coméntase que o autor é un "manipulador da linguaxe" ao ter as súas viñetas máis forza no campo lingúístico ca no visual e ao empregar os paradoxos, contradicións e sentenzas nas dobres lecturas. Tamén se apunta que as chiscadelas visuais dos globos realízanse a través da letra grosa.

- P. M. T., "Humor gráfico", *ABC*, "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 11, "Libros", novembro 2009, p. 6.

Alude á antiga tradición humorística galega, que se remonta ás cantigas de escarnio e que ten presenza nas creacións de Ramón Mª del Valle Inclán, Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco e, dentro do humor gráfico, en Maside, Seoane, Castelao, Quesada, Siro, Xaquín Marín, Forges ou Xosé Lois González "O Carrabouxo". Con respecto a este último dá conta da publicación do volume *Veña Carrabouxo*, editado pola Deputación de Ourense, no que se reúne unha selección de 425 viñetas que resumen o traballo de Xosé Lois González, un labor marcado pola retranca galega a través dun mozo ourensán, "O Carrabouxo", "espigado figurín de curiosa indumentaria: boina, gafas de sol y perpetuo pitillo en boca". Destaca a súa análise da realidade galega, os seus enxeñosos xogos de palabras, o emprego dun galego popular e os recursos expresivos do trazo limpo e simple do debuxo, en definitiva, un resumo dos temas máis salientábeis acontecidos entre os anos 2001 e 2007.

Referencias varias:

- S. E., "Un libro recoge 425 viñetas de 'O Carrabouxo' publicadas entre 2001 y 2007 en La Región", *La Región*, "Ciudad", 17 setembro 2009, p. 13.

Nota que anuncia a publicación do volume *Veña Carrabouxo*, editado pola Deputación de Ourense. Indícase que nel se recolle unha selección de 425 viñetas que viron a luz en *La Región*, entre 2001 e 2007. Destácase tamén a sona deste personaxe e do seu creador, Xosé Lois González, entre o público ourensán, así como as súas reflexións,

achegadas sempre á actualidade cotiá. Neste sentido, o volume inclúe viñetas que se refiren ás vacas tolas, aos ataques das Torres Xemelgas, ao Prestige, aos incendios en Galicia ou a lei do tabaco.

- M. B., "O Carrabouxo, cronista das puntas da actualidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Cultura", 22-28 outubro 2009, p. 32.

Refírese á publicación do volume titulado *Veña Carrabouxo*, editado pola Deputación de Ourense, que recolle unha escolma de 425 viñetas que viron a luz en *La Región* e no *Atlántico Diario*, entre 2001 e 2007. Alúdese á estética deste popular personaxe, debuxado cun corpo estilizado, unha pucha calada e unha cabicha na boca, que reflexionou ao longo destes anos, coa súa particular visión humorística e retranqueira "galegocéntrica", sobre todo tipo de temas de actualidade. Saliéntase así mesmo que o autor, Xosé Lois González, un enxeñeiro de telecomunicacións que xa de neno se converteu nun amante do debuxo, amosa influencias de Castelao e Forges, e que deu a coñecer o Carrabouxo en publicacións como *A Nosa Terra* e *La Región.* Apúntase que o éxito popular do personaxe é tal que mesmo conta cunha estatua no parque de San Lázaro de Ourense.

- Dolores Vilavedra, "Entrando na era dixital", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 novembro 2009, p. 10.

Entre as novidades literarias, previas á campaña de Nadal, destaca que *Veña Carrabouxo* sexa un dos libros máis vendidos da tempada como un dato alentador, pois indica que as obras literarias en galego poden rachar de cando en vez as fronteiras do seu público habitual.

Guitián, Alberto, *Fito&Pita*, ilust. do autor, Cangas: Retranca Editora, col. Retranqueira, n.º 2, xuño 2009, 64 pp. (ISBN: 978-84-613-1990-9). ■

Cómic de Alberto Quitián (Lugo, 1974), publicado coa axuda da subvención do Concello de Cangas, no que se presentan as aventuras de Adolfo Torrado Duancos (Fito) e Ramiro Pita Vilariño (Pita), dous xubilados que viven na especial aldea de Matanzos. Segundo as súas biografías, son dous exconvictos, delincuentes e drogaditos. Cada historia ocupa unha páxina do libro, onde se narran as historias destes dous insólitos pensionistas e os seus veciños de Matanzos: as mulleres de ambos, o cura exorcista, o enterrador ou o cacique, que practica a pedofilia coas súas vacas. Na contracapa invítase a coñecer "a idílica parroquia de Matanzos, da man de Fito e Pita, posibelmente os dous xubilados máis macarras deste lado do telón de grelos". Visualmente ten unha estética de caricatura e o seu humor vulgar, satírico e crítico.

Isorna, Fausto (guión e debuxos), *Enigma soterrado. Novas aventuras de Simón Martel*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, col. Nova 33, n.º 34, 2009, 48 pp. (ISBN: 978-84-96982-39-0). ◆

Nova entrega da serie creada por Fausto Isorna (Catoira, 1961) que supón a continuación das aventuras detectivescas da moza protagonista, Simón Martel, que xa aparecera n'*A irmandade dos lectores tristes* (1994), *Flores desde Hiroshima* (1995),

No nome da amada morta (1996), *A maldición dos Velasco* (1999) e *Están vivas!* (2006). Nesta ocasión, Simón Martel vese envolta, co seu amigo o escultor Lombardini, nunha investigación ao redor das estrañas desaparicións que acontecen nas escavacións de Vilar dos Gatos. Previamente, Simón e Lombardini acoden a visitar o multimillonario Ánxel Linux, que resulta ser un neno e que non dubida en drogalos e subilos a unha nave para os trasladar a Vilar de Gatos. Pola súa parte, o detective Sam Espada chega tamén á vila coa encarga de investigar o caso e é secuestrado por unha banda de estraños espíritos. Simón e os seus acompañantes introdúcense nunha cova subterránea ateigada de caveiras e teñen que fuxir apresuradamente cando a enchente da marea inunda a gruta. Baixo as augas perden o coñecemento e aparecen uns seres arrepiantes idénticos a eles para suplantalos. Todo semella ser un soño, pois Simón e Lombardini espertan na casa dun mariñeiro que os salvou de afogar, mais descobren asustados que Linux non está. Remata así a aventura e anúnciase que o enigma se resolverá nunha vindeira entrega. O volume recorre a personaxes que xa apareceran noutros álbums e a referencias que aseguran a cohesión da serie. No que atinxe aos escenarios, ademais de retratar espazos ben coñecidos de Compostela, coa novidade da aparición dos edificios da Cidade da Cultura, ocupados pola Fundación Linux, esta aventura transcorre na vila de Catoira, transformada na narración textual e visual en Vilar de Gatos. As viñetas seguen un esquema clásico. As figuras están debuxadas a liña coa cor aplicada en tintas planas seguindo un estilo figurativo.

Referencias varias:

- Diego E. Barros, "Volve Fausto con novas aventuras de Simón Martel", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 784, "De banda deseñada", 25 outubro 2009, p. 9.

Dá conta da próxima presentación do álbum *Enigma soterrado*, de Fausto, na Biblioteca da Fundación Caixa Galicia. Destaca que se trata dunha nova entrega da serie protagonizada pola moza detective Simón Martel e mais polos seus compañeiros Sam Espada e Lombardini, nesta ocasión para descubrir o misterio que arrodea a Vilar de Gatos. Informa tamén na inauguración na Biblioteca dunha mostra de orixinais dos dous últimos álbums da serie.

- C. P., "Moitos dos personaxes desta serie forman parte do meu universo persoal", *La Voz de Galicia*, "La Voz de Santiago", "A pie de calle", 27 outubro 2009, p. L16.

Breve entrevista a Fausto Isorna con motivo da publicación do álbum *Enigma soterrado*. O debuxante apunta que a serie "As aventuras de Simón Martel" naceu hai máis de dez anos, grazas a unha iniciativa da Fundación Caixa Galicia, e que ao longo do tempo transcorrido sufriu cambios cando el asumiu en solitario a tarefa de realizalo. Coma tal, cita entre esas mudanzas o seu gusto polo despropósito, a ciencia ficción e o humor e tamén o seu desexo de incluír personaxes que apareceron no universo que creou para a revista *Golfiño*.

Luxán Vázquez, Idoia de (guión e ilust.), *Coñecía Darwin a serpe das 7 cabezas?*, A Coruña: Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal, 2009, [32] pp. (DL: C 3718-2009). ◆

Tras un prólogo e unha dedicatoria familiar e outras persoais, arrinca este cómic de Idoia de Luxán Vázquez (Ourense, 1984). Comeza cunha conferencia sobre a importancia das mutacións nas especies mariñas e como inflúen no proceso evolutivo á que asiste a protagonista, Mariña Souto González, unha doutoranda da Universidade de Vigo, que está a realizar a súa tese e outros investigadores, un deles da Universidade do Minho. A historia dese cómic componse de escenas soltas nas que se dá conta da vida diaria de Mariña: as súas investigacións no laboratorio para elaborar a súa tese; a procura de información na biblioteca da Universidade da Coruña tras unha viaxe en tren e na da Universidade de Santiago de Compostela; os ratos de ocio nos que conversa coa súa amiga Antía e lle conta como coñeceu ao seu mozo André, e nos que asiste a concertos; as titorías co director da súa tese e o ofrecemento deste para que realice un artigo sobre "a influencia das teorías darwinianas en Galicia" e a descuberta da lenda da serpe das sete cabezas mentres procura información para elaborar o artigo. Esa lenda aparece recollida nun exemplar facsimilar d'*As historias do proletariado galego* e nel indícase que esa serpe habitaba na comarca ourensá do Xurés e que os cristiáns a rexeitaban porque a asociaban ao demo. Mariña envíalle o artigo con esa información ao seu mozo e ambos se trasladan a esa localidade, na que conversan sobre a lenada cos veciños. Unha das veciñas de Lobios déixalles levar para investigar unha serpe que herdou do seu avó. Compárana con outra especie actual, de características semellantes, unha "vipera seoaneis", e tras aplicarlle distintos reactivos e analizar o ADN e secuencialo con electroforese, Mariña elabora o artigo científico contando a historia da serpe das sete cabezas e as súas investigacións. O cómic vai pechándose coa imaxe de Mariña mentres escribe o artigo e recollendo un extracto do mesmo no que comeza preguntándose se existe esta serpe e explicando que se tra dun ser mitolóxico existente "en culturas moi dispares do mundo enteiro", e despois remata co seu titor da tese lendo ese artigo no que a súa alumna conclúe que as lendas son "ideas etéreas ou especulacións sen máis" e que esa lenda se basea nunha mutación eventual sen máis interese científico, aínda que chegou a conformar con ela un mito lendario e reivindica a necesidade de "investigar exhaustivamente" para non cometer erros como os que se sucederon ao longo dos séculos ao aventurarse a "afirmar ou defender teorías" sen unha demostración científica da "veracidade das mesmas". Como se observa ao longo do argumento exposto neste cómic realista son constantes os saltos e as elipses temporais, xa que se amosan só momentos concretos da vida da protagonista. Idoia de Luxán Vázquez fai as ilustracións deste cómic de estilo realista. As viñetas están ben definidas aínda que o recadro non está enmarcado cunha liña negra. As cores empregadas son alegres e contrastadas. A técnica utilizada para facer as imaxes é a acuarela.

Referencias varias:

- C. P., "Un cómic é unha boa forma de divulgar a ciencia entre xente nova", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 17 novembro 2009, p. L16.

Con motivo da presentación na Facultade de Bioloxía de Santiago do cómic divulgativo *Coñecía Darwin a serpe das 7 cabezas?*, escrito e debuxado pola ourensá Idoia de Luxán e editado pola Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (FCEER), o coordinador do proxecto, Fran García Quiroga, explica que o baixo interese da poboación pola ciencia pon de manifesto a necesidade deste tipo de publicacións. Apunta que a mocidade é o público potencial desta historieta, que afonda no papel da muller como científica e nas teses defendidas por Darwin, e que a tiraxe do

cómic alcanzará os 3.000 exemplares, ademais de poder descargarse na web www.fceer.org.

- Marcos Otero, "Darwin y la serpiente de siete cabezas", *La Opinión*, "A Coruña", 21 novembro 2009, p. 8.

Infórmase da edición, por parte da Fundación Centro de Estudos Euro Rexionais Galicia-Norte de Portugal (CEER), do cómic *Coñecía Darwin a serpe das 7 cabezas?*, realizado por Idoia de Luxán Vázquez. Sinálase que a obra pretende difundir as teorías de Darwin entre o estudantado universitario da Coruña, Santiago, Vigo, Oporto, Minho e Alto Douro, ámbitos de actuación da CEER; impulsar as carreiras científicas e outorgar visibilidade á muller investigadora. Ademais, destácase que a personaxe principal é Mariña, unha investigadora nova que anda na procura de materiais para a súa tese de doutoramento e que bate cun sorprendente achado, e que o cómic está tamén dispoñíbel en formato electrónico na páxina www.fceer.org.

- S. U., "A serpe de sete cabezas une as universidades do Noroeste", *Galicia Hoxe*, "*Universidade*", n.º 33, "Banda deseñada", 24 novembro 2009, p. 13.

Nota que enmarca a publicación da banda deseñada de divulgación científica *Coñecía Darwin a serpe das 7 cabezas?*, de Idoia de Luxán Vázquez, dentro da actividade da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais Galicia-Norte de Portugal (FCEER), na que participan as universidades de Santiago, A Coruña, Trás-os-Montes e Alto Douro, Minho, Porto e mais a Xunta de Galicia, e no seu proxecto de conmemorar o ano Darwin. Infórmase de que a obra foi presentada dentro da Semana Galega da Ciencia na Facultade de Bioloxía de Compostela e contou cunha segunda presentación na Facultade de Ciencias da Universidade de Vigo en Ourense, e cunha terceira no reitorado da Coruña. Conclúese aludindo brevemente ao argumento do cómic, no que unha moza realiza unha investigación sobre unha serpe de sete cabezas, o cal a leva a estudar as teorías de Darwin e o seu impacto na sociedade actual.

Martínez Bascoy, Marcial, *Purgatorio nº 1. Abrindo as portas do inferno*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. BD, 2009, 24 pp. (ISBN: 978-84-937142-0-8).

Marcial Martínez Bascoy (Negreira) iniciou con este título unha serie de banda deseñada que combina o terror cos códigos das producións de serie negra. Nesta primeira entrega preséntase o protagonista, Ferdinand Bulloa, un mozo atormentado polos demos que o perseguen dende a infancia. Canso de vivir agochado por mor destas criaturas horríbeis, que el e mais a moza que o acompaña, Belle, poden ver baixo a aparencia de persoas de carne e óso, decide saír a combatelas. Tras asasinar unha stripper, á que el ve coma un horríbel ser demoníaco, un detective que o coñece dende que era pequeno porque matou os seus pais aos nove anos e posteriormente pasou un tempo nun psiquiátrico, decide ir na súa procura, mais todo acaba cun disparo de Ferdinand e a incógnita de quen é o morto. As viñetas do mesmo autor da banda deseñada seguen unha disposición de estilo clásico. Os debuxos son de factura expresionista con trazos enérxicos de tinta negra. A iluminación tamén é contrastada predominando os negros e os brancos. O emprego da cor vermella é significativo dentro da narración.

Martínez Bascoy, Marcial, *Purgatorio n.º 2. Recordos traumáticos*, Santiago de Compostela: Urco Editora, [mocidade], 2009, 24 pp. (ISBN: 978-84-937142-4-6).

Segunda entrega da serie creada por Marcial Martínez Bascoy (Negreira) na que continúa a historia do primeiro número. Nela coñécense máis datos sobre os personaxes. O inspector Richard Speck recupérase dunha ferida de bala, despois de se enfrontar a un sospeitoso armado, e Ferdinand e Belle procuran un novo lugar onde agocharse. Acaban por se instalar nun hotel abandonado e axiña Ferdinand comeza a lembrar escenas da súa infancia, acosado por demos e traizoado polo amigo de seus pais, o inspector Speck. As viñetas do mesmo autor da banda deseñada seguen unha disposición de estilo clásico. Os debuxos son de factura expresionista con trazos enérxicos de tinta negra. A iluminación tamén é contrastada predominando os negros e os brancos. O emprego da cor vermella é significativo dentro da narración.

MOXOM, *O lobo da xente*, ilust. do autor, Vigo/Ourense: A.C.X.BD Banda/Fundación Vicente Risco, col. Vicente Risco, 2009, 37 pp. (ISBN: 978-84-613-0719-7). ◆

MOXOM, nome literario de Xosé Manuel Rodríguez Moxón (Nogueira-Montederramo-Ourense, 1965) presenta unha adaptación libre con formato de banda deseñada do relato de Vicente Risco que lle dá título ao álbum. A historia comeza con Vicente Risco intentando captar a atención dos nenos para contarlles un conto galego. Cando o consegue, relátalles o que lle aconteceu a Ánxel preto de Trives cando unha noite un lobo enorme entrou na súa casa e descubriu abraiado como diante do lume se converteu nunha fermosa rapaza que choraba con amargura. Daquela, Ánxel botoulle a pelica ao lume e así conseguiu desfacer o meigallo e, tempo despois, casar coa muller. Este relato ten uns personaxes traballados de forma figurativa cun estilo expresivo conseguido polo emprego de manchas de témpera. Emprega viñetas de formato e tamaños moi variados que van dende páxinas completas a viñetas pequenas. Utiliza tanto globos como cartelas para dispoñer os textos. A cuberta parece máis dun álbum ilustrado que dun cómic, xa que contén unha única figura dun lobo, cunhas formas suxeridas grazas á disposición de pinceladas escuras.

Ramos, Carlos Rafael e Jaime **Eizaguirre**, *A noite e as sombras*, en Xavier **Paz**, Benito **Losada**, Xosé Lois **Vázquez** (coords.), *O universo de Eduardo Blanco Amor 50 anos despois d'A Esmorga. EBA 5.0*, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, 2009, [108] pp. (ISBN: 978-84-937421). ■

Cos textos de Carlos Rafael Ramos (Ourense, 1961) e os debuxos de Jaime Eizaguirre Santillán (A Coruña, 1980), preséntase no volume *EBA 5.0* (pp. 61-90), financiado pola Concellería de Cultura de Ourense e dedicado integramente á figura de Eduardo Blanco Amor con motivo de se cumprir cincuenta anos da publicación d'*A esmorga*, unha versión en vinte e cinco páxinas da novela do ourensán. A acción comeza en Auria o 3 de decembro de 1979, coa declaración de Cibrán sobre o que aconteceu a noite na que saíu de troula cos seus amigos Brais e Vito. O seu percorrido comeza na casa de prostitución da Loló e continúa en escenarios como a casa dos parentes do Garduño, á

que case lle prenden lume, a casa do Traba, a taberna do Roxo e Portocarreiro. A viñeta final presenta o Cibrán colgado dunha trabe na súa cela.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Desenvolven en Ourense un xogo de rol baseado en 'A Esmorga", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 setembro 2009, p. 48.

Ademais de explicar amplamente en que consiste o xogo creado a partir d'*A esmorga*, de Blanco Amor, anuncia a publicación por parte de Difusora dun conxunto de materiais composto por un disco, un libro que contén unha relectura en banda deseñada da novela e mais o xogo. Indica que as actividades forman parte da celebración do aniversario da publicación da obra do ourensán.

- Javier Romero, "Editada en Ourense la versión en cómic de 'A esmorga', la obra de Blanco Amor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 outubro 2009, p. 52.

Achéganse algúns datos sobre a edición en banda deseñada d'*A esmorga*, realizada polo guionista Carlos Rafael Ramos e o ilustrador de Pontevedra Jaime Izaguirre. Saliéntase que o álbum contará con vinte e cinco páxinas e detállase o proceso que seguiu o debuxante: bosquexos a lapis, entintado e coloreado a través do ordenador. Dáse conta tamén da preparación dunha mostra titulada "Eduardo Blanco Amor fotógrafo", actividade que se inscribe na celebración do cincuenta aniversario da publicación da novela e no trinta aniversario da morte do escritor.

- maré, "Reiventar Auria", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 novembro 2009, p. 36.

Nota que dá conta do proxecto emprendido pola editorial Difusora de Letras, Artes e Ideas, consistente en desenvolver un programa de actividades para celebrar o cincuenta aniversario da publicación d'*A esmorga*, de Blanco Amor, encamiñadas a revisar e actualizar a obra dende as novas linguaxes artísticas e dende a ollada dos novos creadores. Menciónanse a liberación de exemplares da novela en espazos públicos de Ourense e a edición d'*A esmorga* vista dende a banda deseñada, o xogo de rol, o ensaio, a música, os monicreques ou o deseño gráfico. Con respecto á banda deseñada, saliéntase que o guión corresponde a Carlos Rafael Ramos e as ilustracións son de Jaime Izaguirre, e que nela se realiza unha relectura dos tipos sociais e dos espazos da novela. Detállanse tamén outras moitas actividades, entre elas, o percorrido histórico da Auria retratada por Blanco Amor, na que indagan Alex Mene e Xosé M. Buxán Bran; a edición dos avatares da edición da obra completa de Ramón Cabanillas que Blanco Amor entregou á imprenta en Bos Aires, por parte de Luís Rei; o Festival Eduardo Blanco Amor 5.0, un espectáculo músico-literario, a partir dunha fabulación de Fernando Dacosta, Josito Porto e Suso Díaz nos papeis de O Castizo, O Milhomes e O Bocas, respectivamente; e as distintas iniciativas levadas a cabo pola compañía Viravolta, que porá en escena *O horroroso crime do sacristán* con monicreques.

- X. C., "Trimestre de Blanco Amor en Ourense", *A Nosa Terra*, n.º 1.381, "Cultura", 12-18 novembro 2009, p. 32.

Informa do ciclo de actividades que terá lugar en Ourense con motivo de se celebrar o cincuenta aniversario da publicación d'*A esmorga*, de Blanco Amor. Entre elas cítanse a reestrea da adaptación teatral da novela por parte de Sarabela Teatro; un obradoiro de cabezudos da compañía Viravolta, inspirados nos personaxes do texto; a liberación de exemplares da novela pola cidade de Ourense; a inauguración dunha mostra de fotografías; e a edición, por parte de Difusora de Letras, Artes e Ideas, dun libro que inclúe un xogo de mesa e unha relectura en banda deseñada da novela, con guión de Carlos Rafael Ramos e ilustracións de Jaime Izaguirre.

Ramos, Carlos Rafael, *Historias de GALIZA*, ilust. Carlos Alfonzo Fernández, Juan Luis Pérez, Jerónimo Piñeiro de Castro, Idoia de Luxán Vázquez, Jaime Eizaguirre Santillán, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas/Xunta de Galicia, Tomo 3, [lectorado mozo], 1ª ed. marzo 2009, 128 pp. (ISBN obra completa: 978-84-936673-3-7; ISBN Tomo III: 978-84-936673-9-9). ■

Adaptación en cómic de episodios da historia de Galicia distribuída en tres tomos, todos eles con textos de Carlos Rafael Ramos (Ourense, 1961). Neste terceiro tomo as cinco historias contan con cadansúas ilustracións asinadas por Carlos Alfonzo Fernández (Ferrol, 1976), Juan Luis Pérez, Jerónimo Piñeiro de Castro (Pontedeume, 1983), Idoia de Luxán Vázquez (Ourense, 1984) e Jaime Eizaguirre Santillán (A Coruña, 1980). A "Historia 1" recrea as loitas contra Almanzor acontecidas en Compostela no ano 997, cando o guerreiro Iusef pretende facerlle entrega dun valioso cofre ao seu señor. Esta historia ofrece cun estilo clásico de viñeta, na que os debuxos realistas presentan información sobre a época e os personaxes a través das roupas e as ferramentas que empregan. A "Historia 2" trasládanos ao ano 1078, en terras do reino de León. O pastor Bernal fai amizade con Elmiro, un dos capitáns que vixían o Castelo de Luna, onde está recluído o rei Don García. As súas ilustracións parten dun deseño de viñetas que presenta algunha rotura do espazo e o estilo figurativo conseguido coa técnica da pintura achega imaxes realistas e volumétricas. O ambiente é escuro e gris e sitúa o lectorado na Idade Media. Na "Historia 3", no ano 1261, María, unha soldadeira que gaña a vida cantando e bailando nas festas dos nobres galegos, é defendida por un cabaleiro do ataque doutro home nobre. O seu deseño clásico das viñetas rómpese pola situación dos globos e as súas imaxes realistas que achegan moita información sobre as contornas da cidade e do castelo no que trascorre a acción. A "Historia 4" transcorre na aldea de Orantes, nos arredores do Cebreiro no ano 1348, cando a ameaza da peste fai que os veciños vivan con medo e prohiban a entrada aos viaxeiros. As súas viñetas son catro cadros sempre do mesmo tamaño nos que se debuxan os personaxes con pasteis de cores, estando as súas imaxes máis centradas nas personas que nas contornas. A "Historia 5" desenvólvese nas guerras irmandiñas, en Cotobade, na primavera de 1469, cando un grupo de comediantes se refuxia nun castelo que cren abandonado. O tomo conclúe cun apartado no que se ofrecen datos históricos dos períodos tratados, unha cronoloxía e mais unha bibliografía específica. As súas figuras presentan unha estilización de corte caricaturesco que lle achegan movilidade e dinamismo ás imaxes e as liñas das figuras están coloreadas con gamas de grises azulados.

Rosales Noves, Xosé M. (coord.), *A viaxe de Ulo*, idea orixinal e guión Severina Reboredo Peña, Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez, María Helena Zapico Barbeito,

ilustracións Xosé Tomás, A Coruña: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Proxectoterra, 2009, 15 pp. (ISBN: 978-84-96712-24-9). ◆

Breve cómic debuxado por Xosé Tomás (Betanzos, 1971), destinado ao lectorado que estuda 3º de Educación Primaria. Nel cóntase como unha cuadrilla de amigos, Queco, A-Lin, Sabela, Rui e Xiana, que pasan as vacacións nunha vila da costa galega, se atopan cun misterioso e máxico personaxe, Ulo, que os convida a facer unha viaxe polo espazo e polo tempo. Así, todos eles viaxan ás súas respectivas localidades de residencia e observan as diferenzas no que atinxe ás construcións entre a aldea, a vila e a cidade, e tamén poden comparar o pasado co presente.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, "Arquitectos de Primaria", *Faro de Vigo,* "Sociedad", p. 41/ *La Opinión,* "A Coruña", 17 abril 2009, contracuberta.

Precísase que o debuxante Xosé Tomás realizou tres libros de cómic destinados aos tres ciclos de Primaria para que se acheguen aos espazos do seu redor con agrado e sabedoría. Sinálase que este traballo está vinculado ao Proxecto Terra, que leva a cabo o Colexio de Arquitectos de Galicia coa intención de introducir aos máis pequenos na súa contorna. Indícase que o protagonista dos cómics se chama U-lo e que, entre outras, as súas aventuras veñen debuxadas e narradas n'*Un mundo de sensacións*, para os rapaces de primeiro ciclo, *Viaxe cara ao fin do mundo*, para os de segundo ciclo e *A viaxe de Ulo*, para os nenos de doce anos.

Rosales Noves, Xosé M. (coord.), *Camiño á fin do mundo*, idea orixinal e guión María Dolores Candedo Gunturiz, Xoán Xosé Lorenzo Lourido, Rosa María Vicente Álvarez, ilustracións Xosé Tomás, A Coruña: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Proxectoterra, 2009, 15 pp. (ISBN: 978-84-96712-23-2). ◆

Breve cómic debuxado por Xosé Tomás (Betanzos, 1971), destinado ao lectorado que estuda 2º de Educación Primaria. Nel cóntase como cinco rapaces e rapazas, Brais, Antía, Naím, Amalia e Uxía, chegan a Compostela tras facer o Camiño de Santiago e deciden continuar a viaxe até Fisterra. Ao longo do seu percorrido por lugares como Negreira, Olveiroa, Cee e Corcubión reparan nas paisaxes que descobren e nas diferentes construcións que poboan o territorio.

Rosales Noves, Xosé M. (coord.), *Un mundo de sensacións*, idea orixinal e guión María Montserrat Castro Rodríguez, Patricia Galán Gómez, Xesús Rodríguez Rodríguez, ilustracións Xosé Tomás, A Coruña: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Proxectoterra, 2009, 15 pp. (ISBN: 978-84-96712-22-5). ◆

Breve cómic debuxado por Xosé Tomás (Betanzos, 1971), destinado ao lectorado que estuda 1º de Educación Primaria. Con moi pouco texto e predominio da linguaxe visual, un rapaz e mais un lapis reparan nas principais diferenzas entre a aldea e a cidade, no que atinxe ás formas de vida, costumes e deseño das casas.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Arquitectos de Primaria”, *Faro de Vigo,* “Sociedad”, p. 41/ *La Opinión*, “A Coruña”, 17 abril 2009, contracuberta.

Precísase que o debuxante Xosé Tomás realizou tres libros de cómic destinados aos tres ciclos de Primaria para que se acheguen aos espazos do seu redor con agrado e sabedoría. Sinálase que este traballo está vinculado ao Proxecto Terra, que leva a cabo o Colexio de Arquitectos de Galicia coa intención de introducir aos máis pequenos na súa contorna. Indícase que o protagonista dos cómics se chama U-lo e que, entre outras, as súas aventuras veñen debuxadas e narradas n’*Un mundo de sensacións*, para os rapaces de primeiro ciclo, *Viaxe cara ao fin do mundo*, para os de segundo ciclo e *A viaxe de Ulo*, para os nenos de doce anos.

VII.4.2. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Fiami.ch, *As vidas de Galileo*. *Viaxe pola historia da Astronomía* (*Les vies de Galilée*/*The Livers of Galileo*, 2008), versión galega Salva Bará, Santiago de Compostela: Universidade Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2009, 39 pp. (ISBN: 978-84987-123-4). ◆

Cómic da autoría do suízo Fiami.ch sobre unha viaxe pola historia da astronomía a través dun audaz retrato do astrónomo Galileo, realizado ao longo de seis épocas importantes da historia mundial nas que, convertido en protagonista, mostra os diferentes e mais importantes descubrimentos que cambiaron o mundo. Así en Babilonia, no ano 568 a.C., atópase coa escritura realizada en táboas de arxila húmida por medio de pequenas canas ou a aparición dos primeiros cálculos matemáticos ou as técnicas de adiviñación do futuro escamando vísceras de animais ou a interpretación do ceo e, con ela, o movemento dos planetas ou a predicción das eclipses. No ano 197 a. C. en Alexandría presenta a Eratostene, quen afirma que a terra era redonda e realiza unha primeira medición da mesma, e a Biblioteca de Alexandría, onde se recollen libros de todo o mundo. Na India no ano 499 d.C. Ariabhata explica que a terra vira sobre si mesma ou en Venecia a principios do século XVII, o propio Galileo crea o primeiro telescopio que lle permite afirmar que a terra non permanece inmóbil, senón que vira ao redor do sol. Así mesmo, en Greenwich, a mediados do século XVII, Galileo coñece a Newton e a Halley e con eles a teoría da gravitación universal. E, finalmente, no ano 2009 mostra como se amplían todos eses coñecementos, desenvolvidos ao longo da historia, e recoñécese a Galileo como un dos pais da ciencia moderna. Os debuxos, sinxelos e cheos de cor, adáptanse perfectamente ao mencionado formato. A información recolleita aparece non só nos globos dos diferentes personaxes, senón tamén nas pequenas explicacións colocadas na parte inferior de cada unha das páxinas. Trátase, en definitiva, dunha pequena aproximación ao complexo mundo da astronomía dunha forma clara, sinxela e divertida para a nenez. Esta banda deseñada conta cuns debuxos a tinta con liñas expresivas que achegan dinamismo ás viñetas e aos personaxes. As cores están aplicadas con pinceladas soltas de acuarela con predominio de cores frías. O estilo é caricaturesco e presenta uns protagonistas divertidos que fan máis próxima a historia que se narra.

Referencias varias:

- I. C., "Un enlace con la web de la universidad hará posible la compra online", *El Correo Gallego*, "Galicia", 3 agosto 2009, p. 19.

Nota de prensa que recolle as palabras de José Ramón Gómez, técnico en publicacións da Universidade de Santiago, que anuncia o propósito da institución de vender os libros que edita na súa páxina web. Cítase en particular o primeiro cómic que edita a Universidade, *As vidas de Galileo*, unha creación de Fiami.ch que propón unha viaxe polo mundo da Astronomía para conmemorar o ano internacional desta ciencia.

Filippi, D-P e Etienne **J.**, *Gárgolas*. *Tomo 1*: *O Viaxeiro* (*Gargouilles Tome 1*: *Le voyageur*, 2002), trad. María Otero Porta, Perillo-Oleiros (A Coruña): Cerditos de Guinea Cómics, [lectorado autónomo], 48 pp. (ISBN: 978-84-935904-3-7).

Cómic do autor francés D-P Filippi, no que se narran as fantásticas aventuras que vai vivir un neno de doce anos, tras a novidade que lle supón o ter que mudarse de casa xunto aos seus pais. A historia está protagonizada por Gregor, un neno que ten que mudarse a unha casa, casa que acaban de herdar os seus pais, que se atopa situada fronte a unha igrexa decorada con innumerábeis gárgolas. Gregor é un neno normal, quizá algo máis rosmón e solitario que outros nenos, pero, como todos, coa cabeza chea de soños e disposto a vivir mil e unha aventuras. Con todo, o que non pode nin de lonxe imaxinar é que eses soños se van facer realidade e que, ao atoparse por casualidade un medallón nunha das súas correrías pola igrexa, vai sufrir unha viaxe no tempo que o transportará ao século XVII, onde será capaz de falar con fluidez o grego e vivir unha serie de fantásticas e marabillosas aventuras no medio de incontábeis seres máxicos, monstros de pedra e tesouros e moito menos que todas esas peripecias teñen como fin salvar un mundo totalmente descoñecido polos humanos. O traballo de banda deseñada é de Jung Etienne. O deseño das viñetas é clásico e as formas están traballadas con deseño de ordenador. O emprego das cores serve para cambiar os escenarios: a noite con cores escuras, cores cálidas para as escenas de familia ou cores frías para as escenas coas gárgolas. Os personaxes reflicten nas expresións dos rostros os sentimentos que van xurdindo e as imaxes achegan moita información dos lugares nos que se atopan os protagonistas (contornas naturais, urbanas, interiores e exteriores) que tamén contribúen a enmarcar as diferentes épocas nas que transcorre a historia.

Frissen, Jerry&**Bill**, *Os cinco loitadores, tomo 1. A cidade dos repudiados* (*Luchadores Five tome 1: La cité des hommes brisés*, Humanoids Inc. Los Angeles, 2008), trad. María Otero Porta, Perillo-Oleiros: Cerditos de Guinea Cómics, [lectorado autónomo], 2009, [64] pp. (ISBN: 978-84-935904-2-0).

Cómic de aventuras protagonizado por unha serie de personaxes das máis diversas clases: unha banda de lobishomes, un pobo indíxena, o supervilán Elvis, unha parella de astronautas, o trío dos incríbeis, un mandatario francés, un vello indixente, un triste dinosauro e, os máis importantes, os xusticeiros, coñecidos como os cinco loitadores: Rede Demon, Dr. Pantera, King Karateka, Diaño Tolo e O Gladiador. Este amplo abano enriquécese con diálogos expresivos e dinámicos, nos que adquire importancia o rexistro lingüístico coloquial e a inclusión de fragmentos noutras linguas como a inglesa ou a francesa. Con todos estes elementos, Jerry Frissen (Bruxelas, Bélxica, 1964), no texto, e Bill nas ilustracións, presentan un cómic de acción, en canto que permiten ao lectorado entrar no grupo de xusticeiros enmascarados que velan pola seguridade da cidade. Este é o primeiro episodio dunha serie que continuará coas peripecias destes loitadores en próximas entregas, como así o anuncia o final. Para pechar esta primeira publicación, os autores incorporan un apartado con algunhas anotacións e bosquexos no que informan aos lectores sobre a elaboración da súa obra. As viñetas de Bill para esta banda deseñada son de estilo clásico. As cores son contrastadas e cambian en función do guión, escuras para a noite ou vermellas para o interior da cova. Os debuxos achegan moita información sobre os ambientes e os protagonistas do cómic.

Goscinny, Renné e Albert **Uderzo**, *O aniversario de Astérix & Obélix. O libro de ouro*, debuxos Albert Uderzo, trad. Valentín Arias, Isabel Soto e Xavier Senín, Madrid: Editorial Bruño, 2009, 55 pp. (ISBN: 978-84-216-8397-2).

Volume editado para conmemorar o cincuenta aniversario da aparición de Astérix e Obélix, personaxes creados en 1959 por Renné Goscinny (París, 1926-1977) e Albert Uderzo (Fismes, 1927) para a revista *Pilote*. O álbum ábrese cunha carta asinada polo propio Astérix na que lembra as súas orixes e a morte dun dos seus pais, Goscinny. A seguir inclúese un texto de Anne Goscinny no que se recoñece irmá destes personaxes e saúda a aparición do volume, indicando que a pesar do abatemento pola morte do seu pai, a historia debe continuar. A historia comeza presentando os personaxes habituais que poboan a irredutíbel aldea gala, que resiste decote e sempre ao invasor romano, coma se pasasen cincuenta anos. Todos eles están vellos e acabados, Astérix vive retirado cos seus netos e Obélix perdeu a alegría e a gana de vivir. Axiña aparece Uderzo na historia para aclararlles que por divertirse imaxinou o seu aspecto cincuenta anos despois da súa aparición. Despois de sufrir o enfado de Obélix, todo volve ser como sempre. Na aldea, Abraracúrcix recibe os convidados ao aniversario sorpresa de Astérix e Obélix e algúns dos presentes mostran os seus agasallos. Así, a señora Idadepédrix prepara un desfile de modelos para Obélix e viste a Astérix coma o marsupilami creado por André Franquin; Filatélix entrégalle a Obélix unha carta da súa amada Falbalá e o galo acode a Panorámix para que lle aprenda a ler; Numerobis e os piratas cos que sempre se cruzan nas súas aventuras envíanlles as súas tarxetas de parabéns; Idadepédrix lembra cando eran mozos e o moito que cambiaron; o comerciante Espigademillo regálalles unha guía de viaxes; Asegurancetúrix organiza un espectáculo musical; as mulleres da aldea intentan buscar unha solución á teimosa soltería dos heroes; Anguloagudus deseña un parque de atraccións na súa honra; o druída Setantésix crea unha nova poción; Sarabernardus escribe uns espectáculos teatrais na honra de Astérix e Obélix; e Prólix cóntalles que se lles dedicará un museo con cadros que recrearán todas as súas fazañas. Tamén César, por consello de Cleopatra, se verá obrigado a ofrecerlles un agasallo, aínda que intenta botar man das súas estratexias habituais para acabar cos galos. Finalmente, con todos os invitados reunidos na praza da aldea, celébrase a gran festa de aniversario.

Recensións:

- Xoán Bautista Mariño Abuín, "50 anos de Astérix e o ceo non lle cae na cabeza", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Cultura", "Tribuna", 5-11 novembro 2009, p. 22.

Saúdase a aparición en galego do volume *O aniversario de Astérix e Obélix. O libro de ouro*, co que se celebra o cincuenta aniversario da primeira aparición dos personaxes na revista *Pilote*. Indica que a tradución ao galego se viu favorecida polas continuas demandas dos seus seguidores á editorial Salvat-Bruño, como as do IES de Brión, as adhesións engadidas e o apoio da Mesa pola Normalización Lingüística, que reclamaban que a serie volvese "falar no galego que lle aprendera Eduardo Blanco Amor, alá polo 1978, grazas á mediación de Fernando Arenas, un libreiro coruñés que adquiriu en Frankfurt os dereitos". Apúntanse tamén datos sobre os seus creadores, o escritor René Goscinny (1926-1977) e o debuxante Uderzo (1927), e sobre o seu éxito en todo o mundo grazas ao humor, á retranca, á anacronía ou ás referencias culturais, cinéfilas e literarias. Repárase tamén na elección dos nomes dos personaxes, coma tal, *Bonnemine*, "boa pinta"; *Abraracourcix*, "de brazo recortado", *Assurancetourix*, "seguro a todo risco"; ou *Idéfix*, "idea fixa"; na atención posta nos diálogos e na atemporalidade e universalidade dos distintos episodios. Conclúese aludindo á presenza

de Astérix e Obélix nun libro de texto de lingua galega do Colectivo Seitura, en camisetas ou mesmo nun método de aprendizaxe do francés, e ofrécese un breve percorrido pola historia da banda deseñada galega, dende a obra de Castelao até o brillante momento actual, coa aparición de editoriais e novos artistas, revistas e iniciativas que viron recoñecido o seu labor coa presenza no Salón do Cómic de Barcelona e no de Angoulême, co slogan "Galicia 2009, tempo de BD".

- Sergio Benítez, "¡Por Tutatis!, ¡Feliz 50º cumpleaños!", *El Progreso*, "*D_mrxa*", "Cómic", 6 novembro 2009, p. 7.

Opina que dende a morte de René Goscinny en 1977, a serie das aventuras de Astérix e Obélix non volveu captar a esencia do humor coa que naceu e que Uderzo en solitario non consegue estar á altura. Menciona neste sentido o "olvidable" *El cielo se nos cae encima de la cabeza* e mais *O libro de ouro*, que, malia ás expectativas creadas, se trata dunha "historia de confección casual en que lo único que sigue valiendo la pena es la gran labor que el dibujante realiza en cada página, constatando a gritos que, si quiere continuar con el personaje, necesita tanto un guionista como Obélix comer jabalíes".

Referencias varias:

- Inma Martínez, "Dibujos que son pieza de museo", *El Progreso*, "Vivir", 28 outubro 2009, p. 63.

Infórmase da celebración en Francia do cincuenta aniversario de Astérix e Obélix coa inauguración dunha mostra no museo de Cluny de París, integrada por unha colección de láminas orixinais de Uderzo e textos mecanografados por Goscinny, fotografías que dan conta da amizade entre os dous creadores e mais o primeiro número da revista *Pilote*, do 29 de outubro de 1959, na que Astérix e Obélix se deron a coñecer. Cítanse tamén outras actividades previstas: ademais da edición d'*O libro de* ouro, a edición de selos conmemorativos, o concerto "Le Tour de Gaule musical d'Astérix", de Frédéric Chalin, ou unha celebración ao aire libre ideada polo escenógrafo Yvan Hinnemann.

- Mónica Faro, "¡Por Tutatis, los romanos siguen locos!", *El Progreso*, "Vivir", 28 outubro 2009, p. 62/*Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Clásicos del cómic", 2 novembro, p. 60.

Dáse conta da aparición dun novo álbum protagonizado por Astérix e Obélix, *O libro de ouro*, co que o debuxante Albert Uderzo quere celebrar o cincuenta aniversario da primeira aparición destes heroes. Detállase como arrinca o álbum, que tamén contén viñetas inéditas e homenaxes varias, e destácase que aparece simultaneamente en quince países e en máis de cen linguas. Ademais, recóllense as declaracións de Albert Vila, quen sinala que o libro non decepciona porque mantén o humor dos seus primeiros tempos, e as de Xavier Senín, tradutor ao castelán e ao galego, quen apunta a confidencialidade coa que se desenvolveu o traballo.

- Miguel Ferrary, "50 años resistiendo a los romanos", *La Opinión*, "*El Domingo*", n.º 458, 8 novembro 2009, pp. 4-5.

Considera que a serie de aventuras de Astérix e Obélix se converteu nunha das máis exitosas da historia do cómic ao longo dos seus cincuenta anos de existencia dende a

súa creación en 1959 polos franceses Uderzo e Goscinny. Apunta que chegou a España en 1961 e que o aniversario se celebrou coa edición do volume *O aniversario de Astérix e Obélix. O libro de ouro*, onde non se inclúe unha historia nova senón que se recolle unha serie de homenaxes. Na súa opinión, o segredo do éxito está no humor, no deseño dos personaxes, na variedade temática dos 34 volumes editados e tamén na ampla difusión da colección, editada en todas as linguas, mesmo o esperanto, e dialectos locais. Conclúe o artigo cunha selección gráfica dos principais personaxes, unha pequena descrición de cada un e unha cronoloxía dos volumes publicados dende 1961 até 2009.

Goscinny, René, *Como caeu Obélix na marmita do druída cando era cativo* (*Comment Obélix est tombé dans la marmite du druide quand il était petit*, 2009), ilust. Albert Uderzo, trad. Isabel Soto e Xavier Senín, Santiago de Compostela: Editorial Bruño, 2009, [30] pp. (ISBN: 978-84-216-8331-6).

O volume ábrese cunha breve presentación de Albert Uderzo (Fismes, Francia, 1927) na que explica que o texto que segue naceu para dar resposta a unha pregunta que lles facían seguido aos creadores da serie. Con tal motivo, Goscinny (París, 1926-1977) escribiuno en 1965 e anos despois recuperárona en forma de álbum. Rómpense pois as convencións habituais do formato da serie protagonizada polos famosos galos que resisten agora o invasor, para presentar páxinas de texto e páxinas ilustradas cunha breve lenda. Astérix conta en primeira persoa un episodio pertencente á infancia do seu mellor amigo, Obélix, un rillote gordiño, larpeiro, simpático e moi sensíbel a quen non lle gustaba pelexar. Por mor da súa actitude, Obélix convertíase sempre en vítima das mofas dos outros nenos e Astérix víase obrigado a saír na súa defensa. Mais, un día, canso de recibir malleiras, Obélix decidiu probar a poción máxica na cabana do druída, e caeu na marmita. A partir de entón ninguén máis ousou burlarse de Obélix, como é ben sabido, que adquiriu unha extraordinaria forza.

Recensións:

- Rubén Santamarta, "Astérix prepara su 50º aniversario con la edición de historias inéditas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 agosto 2009, p. 29.

Informa da edición en galego por parte de Salvat do volume titulado *Como caeu Obélix na marmita do druída cando era pequeno*, orixinariamente publicada nos anos oitenta. Relaciona a aparición deste cómic nada convencional, pois non ten viñetas, coa preparación do cincuenta aniversario de Astérix e Obélix, para o cal se ten previsto editar un álbum que será o quinto realizado por Uderzo en solitario tras a morte de Goscinny. Repásanse as orixes da serie, que naceu en 1959 na revista *Pilote*, e que axiña se converteu nun éxito de vendas que alcanzaron os 325 millóns de exemplares en todo o mundo.

Kodaka, Kazuma, *Bícame, profe 3*, trad. María do Carme Pampín Otero, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado mozo], marzo 2009, 191 pp. (ISBN: 978-84-8289-297-9).

Este cómic da debuxante nipoa Kazuma Kodaka (Kobe, Xapón, 1969), o terceiro da serie *Bicame Profe*, comprende os volumes do dez ao doce, ademais de dous capítulos extra. A historia baséase nos problemas dos escolares dun instituto xaponés e vai dirixida a un público adolescente. Nesta ocasión os alumnos do instituto Jyogaoka, acompañados de varios profesores, desprázanse a Noruega ao quedar campións nun torneo de ping-pong. Este será o momento elixido por Masami-san para decidirse e confesarlle ao seu pai que mantén unha relación con Toru-kun, o que traerá consigo toda unha serie de situacións entre os mozos, o pai de Masami-san e o resto dos compañeiros que haberá que solucionar. *Bícame profe* é un cómic de pequeno formato e de estética manga, no que a debuxante practica o denominado "shonen-ai", termo xaponés que se emprega para referirse a esas historias que tratan as relacións sexuais entre homes, pero que xeralmente son feitas por mulleres e destinadas fundamentalmente a un público feminino. Trátase dunha variedade do "yaoi", un tipo de cómic onde as relacións sexuais chegan a ser máis explícitas. Neste caso predomina o humor e a tenrura en historias de amor impulsivas e apaixonadas propias da adolescencia. Hai que indicar que o manga está editado no sentido da lectura oriental e que, polo tanto, hai que empezar a lelo de detrás cara a adiante e en canto á orde da lectura, así mesmo, de dereita a esquerda, tanto nas viñetas como nos correspondentes globos. Este cómic de Kodaka segue as pautas do manga xaponés. Comeza na contracuberta e vaise lendo de atrás para adiante. Está realizado en branco e negro e o estilo segue con fidelidade o do manga. O deseño das viñetas presenta bastante libertade, aínda que a maioría son tradicionais, nalgunhas páxinas rómpese a estrutura con imaxes fóra das viñetas ou con viñetas de formas moi diversas.

Kodaka, Kazuma, *Bícame, profe 4*, trad. María do Carme Pampín Otero, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado mozo], setembro 2009, [189] pp. (ISBN: 978-84-8289-323-5).

Cómic da debuxante nipoa Kazuma Kodaka (Kobe, Xapón, 1969), o cuarto da serie *Bicame Profe*, que comprende os volumes do trece ao dezaseis, ademais dun extra. Despois de que Masami-san se atrevese a confesarlle o seu pai que mantiña unha relación co seu compañeiro Toru-kun, este vai ir aceptándoa aos poucos, aínda que os mozos terán que liquidar toda unha serie de problemas que lles irán xurdindo, debido ao complicado da situación. Nesta entrega repítense as características formais desta serie: pequeno formato, estética manga e sentido e orde da lectura orientais. Tamén se atopa de novo o humor e a tenrura propias destas historias sentimentais entre adolescentes. Este cómic de Kodaka segue as pautas do manga xaponés. Comeza na contracuberta e vaise lendo de atrás para adiante. Está realizado en branco e negro e o estilo segue con fidelidade o do manga. O deseño das viñetas presenta bastante libertade, aínda que a maioría son tradicionais, nalgunhas páxinas rómpese a estrutura con imaxes fóra das viñetas ou con viñetas de formas moi diversas.

Nelson, Michael Alan (guión), *Hexed. A marca de Lucifer*, debuxos Emma Ríos, versión galega Fausto Isorna, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado mozo], agosto 2009, [106] pp. (ISBN: 978-84-936632-9-2).

Este cómic, que parte dunha serie publicada primeiramente na revista *Galimatías* de *El Correo Gallego*, agocha unha aventura repleta de acción, maxia, mística, e, se cabe, até

un tanto humorística. O guión de Michael Alan Nelson e as ilustracións de Emma Ríos (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1976) dan vida a Lucifer, unha moza sobre a que recae unha maldición. As súas habilidades na arte delituosa fan dela unha ladroa moi cobizada. Nese momento traballa como asistente para unha galería de arte, dirixida por Val, pero un antigo socio, Dietrich, contactará con ela para resolver asuntos pendentes. Deste xeito, en primeira persoa as dúas amigas viven no pleno centro urbano unha trama chea de imprevistos e obstáculos, aínda que con final esperanzador. Esta banda deseñada conta cos debuxos de Emma Ríos, nos que está presente a temática do inferno a través do predominio das cores vermellas. As figuras realistas reflicten emocións moi acusadas nas escenas dramáticas. O deseño das viñetas varía en función do guión facendo unhas composicións moi dinámicas.

Recensións:

- Claudia Neira, "Guía para iniciarse na maxia que se agocha nos obxectos cotiáns", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 31, 26 setembro 2009, p. 13.

Compara *Hexed*, o debut da galega Emma Ríos no mercado estadounidense, coa cabeceira *Hellblazer*, que acolleu o mago John Constantine, pois ambos viven nun mundo contemporáneo no que está presente a maxia nos obxectos comúns, con loitas e mortes, ademais de introducir personaxes atormentados polo seu pasado e de empregar a narración dos seus pensamentos en primeira persona e desenvolver a acción a través do debuxo. Resúmense as principais características da protagonista da serie, Luci Jennifer Inacio das Neves, alias Lucifer, humana pero arrogante e violenta cos seus inimigos, e atribúese parte do mérito da transmisión das súas emocións ao debuxo de Emma Ríos, que recorre aos primeiros planos e demostra unha gran capacidade no tratamento das escenas de acción. Salienta tamén a personaxe de Hetaira, un ser sobrenatural de grande importancia na vida de Lucifer, que Ríos dota dunha aparencia terrorífica e sedutora. Conclúe sinalando o acerto de El Patito Editorial ao editar este cómic nunha dobre tiraxe en galego e castelán, malia o prezo que, na súa opinión, ben merecería unha cuberta en cartoné.

- Pachu M. Torres, "Hexed: la oscura marca de Lucifer", *ABC*, "*Artes&Letras*", n.º 10, "Cómic", outubro 2009, pp. 14-15.

Alude á sorprendente evolución de Emma Ríos dende as primeiras historias publicadas en fanzines, a súa autoedición no colectivo Polaqia d'*A prueba de balas*, as historietas da revista *Dos veces breve* ou na antoloxía *Los Reyes Elfos*, até os seus traballos máis recentes: o *Amadís de Gaula*, o seu traballo para Marvel co personaxe do Doutor Estraño en *Strange* e a súa incorporación ao equipo creativo de *Hexed* en 2008. Salienta a capacidade narrativa da debuxante, así como o seu acerto na representación de xestos e sentimentos, debedora da tradición manga. Con respecto á edición refírese ao seu elevado prezo e á súa atraente portada en tons vermellos e apunta os trazos fantásticos da serie e a súa acción frenética, nun guión no que "todo suena a visto y leído", pero que gaña co traballo de Emma Ríos, grazas á mestura que realiza a debuxante entre os recursos estruturais do cómic europeo e o encadre e mais o ritmo do manga.

Referencias varias:

- A. Losada, "Pregúntanme a quen lle vendín a miña alma", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 30 xaneiro 2009, p. 49.

Entrevista á debuxante de cómics Emma Ríos, que forma parte do colectivo de autores galegos Polaqia e á que a editorial estadounidense Boom! Studios contratou para debuxar unha miniserie de catro números, *Hexed*, con guión de Michael Alan Nelson, ademais de estar preparando unha adaptación ao cómic do *Amadís de Gaula* para SM. Comenta que *Hexed* é a historia dunha ladroa con poderes sobrenaturais e que había plans para que se publicase en España. Sinala que recibiu moitas críticas positivas e que foi unha sorpresa recibir o premio Expocómic á autora revelación do ano 2008 xa que só colaborara no especial de *Los Reyes Elfos*, de Víctor Santos, e no *Barsowia*, o fanzine de Polaqia. Afirma que ten varias ofertas en EUA e que quere aprender para despois debuxar unha novela gráfica de duascentas páxinas. Conta que estivo en Xapón coa bolsa de formación Lingua Cómica, onde fixo un tebeo coa malaia Hwei-Li que quedou exposto no Museo do Manga de Kioto. Para rematar asegura que cada vez hai máis mulleres na industria do cómic.

- Mar Mato, "El trazo latino de una Lucifer de terror", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 6 febreiro 2009, p. 42.

Coméntase que tres ilustradores galegos entraron no mercado americano do cómic: Javi Montes, que fixo varias historias de Hulk para Marvel; Xurxo Penalta, que sacou unha pequena historia nun cómic colectivo; e Emma Ríos, que se converteu na primeira galega que publica unha miniserie completa en Estado Unidos titulada *Hexed*. Precísase que esta miniserie de catro números, de vinte e dúas páxinas cada un, conta a historia de Lucifer, unha moza ladroa que vive as súas aventuras cheas de forza e ritmo entre vísceras e bechos. Afírmase que o primeiro volume se colgou gratuitamente en MySpace para promocionarse. Ríos confesa que deixou o seu traballo de arquitecta para facer esta miniserie e que aspira a facer os seus propios guións, que xa comezan a aparecer na revista galega *Barsowia* e que está a preparar unha novela gráfica de trinta páxinas sobre o Amadís de Gaula.

- Diego E. Barros, "Emma Ríos presenta traballos inéditos en España", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 773, "De banda deseñada", 9 agosto 2009, p. 7.

Con motivo da presentación no salón Viñetas dende o Atlántico de *Hexed. A marca de Lucifer*, con guión de Michael Alan Nelson e debuxos da vilagarciá Emma Ríos, ofrécese unha nota que recolle datos biográficos da creadora. Entre eles, saliéntase que compaxina a súa profesión de arquitecta coa banda deseñada e que comezou o seu labor no colectivo Polaqia antes de debutar da man da Marvel e de Boom Studios no mercado estadounidense. Indícase tamén que a serie *Hexed* comezou a publicarse na revista *Galimatías*, que edita quincenalmente *El Correo Gallego* e que aparece agora en volume completo.

Trondheim, Lewis e Sergio **García** (textos), *Como facer un cómic* (*Bande dessinée apprendre et comprendre*, Guy Delcourt Productions, 2006), ilust. Sergio García, trad. David Gippini Fournier,Vigo: Faktoría K de Libros, [lectorado mozo], agosto 2009, 36 pp. (ISBN: 978-84-96957-58-9).

Lewis Trondheim (Fontainebleau, Francia 1964) e Sergio García (Granada, 1967) crean un cómic no que explican como facer unha obra desta natureza. Válense, por tanto, do xénero para falar do xénero. Dous amigos entablan unha conversa, longa e distendida, onde subliñan a importancia que teñen neste tipo de textos características como a imaxinación, a orixinalidade ou a variedade, xa que interesa que o lectorado se enganche dende o principio á historia. As ilustracións de Sergio García presentan un deseño de viñetas clásico e uns personaxes estilizados e caricaturizados. Non hai búsqueda de volume e as cores están aplicadas de xeito plano.

Recensións:

- Diego E. Barros, "Textos para os que non saben nada de cómics", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 774, "De banda deseñada", 16 agosto 2009, p. 8.

Con motivo da visita do teórico do cómic Scott McCloud ao Salón Viñetas dende o Atlántico, onde se presentou tamén *Como facer un cómic*, de Lewis Trondheim e Sergio García, o recensionista cita algúns títulos de carácter didáctico que permiten achegarse ao xénero: *Entender el cómic. El arte invisible*, de Scott McCloud, que dá conta do desenvolvemento da banda deseñada e da súa linguaxe; *La revolución de los cómics* e *Hacer cómics*, do mesmo autor, aproximación teórica e guía práctica para facer historietas; *El cómic hispánico*, de Ana Merino; ou *El lenguaje de los cómics*, de Roman Gubern. No que atinxe a *Como facer un cómic*, Diego E. Barros sinala a intención divulgativa do volume, que recolle conceptos básicos e percorre as diferentes tendencias existentes no cómic estadounidense, xaponés e franco-belga.

VII.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

VII.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

AGPI, *Galicia 2009, Tempo de BD/La Galice 2009, Le Temps de la BD / Galicia 2009, Tiempo de Cómic*, ilust. da capa Miguelanxo Prado, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral Promoción e Difusión da Cultura, 2009, 25 pp. (D.L.: C 2939-2009). ◆

Folleto promocional con textos en galego, francés e castelán que acompañou a mostra "10 anos de banda deseñada galega". Na introdución repásanse os fitos máis destacados dos últimos dez anos do cómic en Galicia, que se cualifican como os de maior impulso e desenvolvemento de toda a súa historia e de eclosión do talento dentro e fóra das nosas fronteiras. Menciónanse iniciativas como a posta en marcha do festival Viñetas dende o Atlántico dende 1998, que se sumou a iniciativas anteriores como as Xornadas de Ourense ou o Salón de Cangas e diversas convocatorias de concursos e premios; a existencia do espazo BD do portal culturagalega.org; a fundación da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración; o afianzamento dos colectivos Polaqia e BD Banda en 2001; o nacemento de El Patito Editorial en 2008; a tradución de manga por parte de Edicións Do Cumio; o nacemento da revista *Retranca*; o éxito da segunda etapa da revista *Golfiño* dende 2002; as colaboracións de autores galegos en medios como *Míster K* ou *El Jueves*; a repercusión internacional de autores como Miguelanxo Prado, Das Pastoras, Tirso Cons, Fran Bueno, Javi Montes, David Rubín, Emma Ríos ou Alex Cal; e a presenza da banda deseñada galega no Salón do Cómic de Barcelona, no festival de Angoulême. Baixo o epígrafe "Manuel básico de banda deseñada galega", recóllense datos sobre as editoriais que acollen o cómic nos seus catálogos –Factoría K, Lea/Embora, El Patito Editorial, Retranca Editoria, Toxosoutos, Edicións Xerais de Galicia, Edicións Do Cumio, Urco Editora, BD Banda, Cerditos de Guinea Cómics, Fuck Cómics, Mariano Casas e Polaqia–, publicacións periódicas, álbums e series en galego, castelán, inglés, francés e italiano, festivais e ligazóns na rede.

Barrena García, Pablo (coord.), *Libros 2007-2008 escogidos de literatura infantil (3-15 años). Red de selección de libros infantiles y juveniles*, Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2009, 111 pp. (ISBN: 978-84-89384-76-7). ◆

Cuarta entrega da Red de Selección de Libros Infantiles y Juveniles na que se acolle un repertorio de obras de calidade, segundo esta Rede, dirixidas ao lectorado de 3 a 15 anos e editadas nas diferentes linguas do Estado español entre setembro de 2007 e agosto de 2008. Ábrese cunha "Presentación" na que se dá conta das novidades do período, o mantemento da produción editorial cara ao crecemento do sector, salientando "la edición de textos para la primera infancia, recuperaciones y adaptaciones de literatura clásica y fantasía". Explícanse os criterios de selección e recórdase cando se constituiu a rede. Entre as obras galegas dirixidas ao lectorado de 3 a 5 anos atópanse dúas obras escritas en castelán tamén dispoñíbeis en galego: *Oh!* (2007), de Ian Falconer; e *Non é unha caixa* (2008), de Antoinette Portis. En canto aos libros en galego escollidos para o lectorado de 6 a 7 anos, están *A casa redonda* (2008), de Paula Carballeira; *Ollobrusco*

(2008), de Darabuc; *O abrigo misterioso* (2008), de Jeanette Jenning; *Voces na Lagoa do Espantallo* (2007), de Xan López Domínguez; *Negros e brancos* (2008), de David McKee; e *A caricia da bolboreta* (2008), de Christian Voltz. No caso do lectorado de 8 a 9 anos recoméndanse *Piratas, bruxas e outros amigos* (2007), de Daniel Ameixeiro; *O pequeno señor Paul* (2008), de Martin Baltscheit; *Imaxina animais* (2008), de Xosé Ballesteros; *Marta ten a solución* (2007), de Ana María Fernández; *Minimaladas* (2007), de Carlos López; e *PalAbrAs brAncAs* (2008), de Elvira Riveiro Tobío. Para o lectorado de 10 a 11 anos hai obras como *O que ben che quer* (2008), de Xosé María Álvarez Blázquez; *O carteiro de Bagdad* (2007), de Marcos S. Calveiro; *A incribel historia da nenapaxaro e o galopín* (2008), de Anna Castagnoli; e *Contos de Reis e de Nadal* (2007), de Miguel Vázquez Freire. Na selección de libros dirixidos ao lectorado entre 12 e 13 anos figuran *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008), de Paco Martín, e para o lectorado de 14 a 15 anos *Illa soidade* (2008), de An Alfaya; *A revolución dos globos* (2008), de Alfonso Álvarez Cáccamo; *Suso Espada. Istanbul e o cabaliño de ouro* (2008), de Francisco X. Fernández Naval; *O único que queda é o amor* (2007), de Agustín Fernández Paz; e *A casa dos Lucarios* (2007), de Teresa Moure Pereiro. Péchase o volume cos índices de autores e de títulos.

Corral Díaz, Esther, Lydia **Fontoira Suris**, e Eduardo **Moscoso Mato** (eds.), *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, limiar de Lydia Fontoira, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Homenaxes, 2009, 659 pp. (ISBN: 978-84-9887-118-0). ◆

Volume colectivo promovido polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela que homenaxea ao profesor Xosé Luís Couceiro Pérez (Feás, 1962). O libro comeza cun limiar asinado por Lydia Fontoira no que se repasa a vida e o traballo de investigación literaria do homenaxeado. A continuación, aparece unha bibliografía do profesor Couceiro, onde recolle os seus libros, artigos, relatorios e recensións críticas. Despois do limiar e a bibliografía aparecen os artigos divididos en dous bloques: literatura e lingua. A autora e o artigo relacionado coa literatura infantil son os seguintes:

- Blanca Ana Roig, "Educación literaria e historias literarias", pp. 333-342.

Partindo dos conceptos de educación literaria e historia literaria, a autora deste artigo reflexiona sobre cómo se ensinou a ler no Estado Español e sobre o protagonismo que tiveron as historias literarias, antoloxías, seleccións e outros materiais canonizadores.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Maestros con mucho recorrido", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 3 marzo 2009, p. L16.

Breve crónica na que referencia a homenaxe que tivo lugar o 2 de marzo de 2009 na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela ao profesor Xosé Luís Couceiro e onde se presentou este volume, no que colaboraron medio centenar de amigos e discípulos.

- M. J. Cebro, “Couceiro, a largueza”, *Galicia Hoxe*, “Vivir>Aulas”, 3 marzo 2009, p. 18.

Detalla que a Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela homenaxeou onte a bonhomía e maxisterio do profesor Xosé Luís Couceiro, cualificado como “historia viva da nosa facultade”. Das palabras deste emotivo acto de recoñecemento destácanse algunhas anécdotas de Couceiro, como o seu característico casco de moto ou do seu interese polo detalle preciso e mais polo matiz. Con respecto a este volume indícase que é a demostración da amizade e mais que se nutre de cincuenta artigos asinados por compañeiros e discípulos do homenaxeado.

- Anxo Tarrío Varela, “Déficit do galego”, *Galicia Hoxe*, “A contra”, “De letras e de signos”, 4 marzo 2009, contracuberta.

Comenta que se lle realizou unha homenaxe a Xosé Luís Couceiro Pérez e indica que no acto, ademais de lembrar anécdotas do escritor, presentaron un libro-homenaxe, *A mi dizen quantos amigos ey*. Así mesmo, achega lembranzas do seu paso pola Universidade de Santiago.

García Negro, María Pilar e Diego **Pardo Amado** (eds.), *Actas do Congreso* “*Manuel María*: *literatura e nación*” (*A Coruña, 3-5 de novembro de 2005*), A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións/Asociación Socio-Pedagóxica Galega, col. Cursos_congresos_simposios, n.º 107, 2009, 374 pp. (ISBN: 978-84-9749-359-8).
◆

Volume colectivo que recolle os traballos expostos no Congreso “Manuel María: literatura e nación”, celebrado na Coruña en novembro de 2005, no que se analiza a súa produción literaria, especialmente a poética, aínda que tamén hai ponencias que versan sobre a súa narrativa, teatro e o seu labor coma xornalista, contextualizando así a súa figura no tempo histórico no que se enmarca e achegando algúns trazos biográficos e da súa personalidade a través dalgúns dos traballos. A obra complétase cun apartado no que se acollen poemas do autor correspondentes a un recital celebrado no seo do congreso, e un poema que Luz Pozo Garza lle dedica ao poeta chairego. Na nota inicial dos editores, explícase que o volume resposta a un “acto de memoria e xustiza a quen significou tanto para Galicia”. Todos os traballos pódense consultar no apartado V.1 deste *Informe*, agás o seguinte que está relacionado coa literatura infanto-xuvenil:

- Celia María Armas García, “A poesía infantil de Manuel María: tradición e innovación”, pp. 279- 286.

Analízanse dous poemarios que Manuel María escribiu pensado no lectorado infantil. O primeiro deles, intitulado *Os soños na gaiola* (1968), dedícase aos pequenos labregos e é un retrato amábel da vida aldeá que se subdivide en seis bloques: “Galicia”, “O mundo”, “As cousas”, “Homes, nenos e nenas”, “Animais” e “Paxaros”. Destácase o gran domino da métrica, xa que son versos que na súa maioría alternan octosílabos e hexasílabos con versos tetrasílabos de rima consoante. Armas García advirte do corte animista e panteísta que en moitas ocasións recorda a Luís Amado Carballo, subliñándose tamén o orixinal tratamento dos símbolos típicos e tópicos do campo galego. O segundo dos poemarios, *As rúas do vento ceibe* (19799, está, pola contra,

dedicado aos nenos das vilas, aos que se expoñen as bondades da vida no campo en contraposición a deshumanización da vida urbana. Neste caso subdivídese en catro bloques: "A patria", "A cidade", "A natureza e as cousas" e "Os heroes" e introdúcense novidades no tocante á rima, como son os poemas nos que riman todos os seus versos en consoante e outros nos que a rima é bastante irregular. Posto que no momento de produción desta obra xa está superada a represión franquista, agora a mensaxe didáctica é máis directa que no poemario anterior, procúrase fomentar na nenez o amor pola patria, invitándoa a acción para conseguir unha patria ceibe e popular, despois de amosarlles precedentes admirábeis.

Referencias varias:

- maré, "García Negro indaga na visión da nación de Manuel María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 novembro 2009, p. 34.

Infórmase da presentación da obra *Manuel María: literatura e nación* de Pilar García Negro, indicándose os participantes no acto.

- M. Dopico, "Pioneiro e construtor", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 novembro 2009, p. 34.

Faise unha descrición xeral do volume que recolle as *Actas do Congreso Manuel María: literatura e nación* e destácanse algunhas das achegas dos participantes no congreso.

García Teijeiro, Antonio, *A poesía necesaria. Lectura e creación poética dentro da aula*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca de Intervención Social/Didáctica, n.º 2, 2009, 123 pp. (ISBN: 978-84-9865-212-3).

Manual de divulgación teórico-prática de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), froito de máis de vinte anos de labor docente e creación poética e cuxo título está tirado duns versos de Gabriel Celaya. Neste manual reprodúcense dous debuxos que lle dedicaron Rafael Alberti e Luis Eduardo Aute ao poeta vigués e un amplo número de epígrafes tomados de escritores e poetas que influíron no seu labor lírico, ademais dunha dedicatoria persoal a amigos e familiares. Estrutúrase nun capítulo inicial "A xeito de introdución" e dúas partes diferenciadas, ás que seguen unhas "Chiscadelas poéticas" e a "Bibliografía utilizada". Na introdución García Teijeiro acolle distintas definicións da poesía, entre elas a súa, "a poesía é a alma das palabras" (p. 11), e outras contidas na música de Aute, ademais de reflexións sobre o feito poético e a inclusión na aula da lírica de escritores como T. S. Eliot, Jorge Luis Borges, Joan Margarit, Octavio Paz e Gabriel Janer Manila. O limiar compleméntase achegando obras en prosa poética como son *Frederick*, de Leo Lionni; *Bolboretas*, de Xabier P. Docampo; *Honorato, o rato namorado*, do propio García Teijeiro e o minirrelato "O mendigo poeta", de Víctor González. A primeira parte deste manual está composta por oito capítulos nos que reflexiona sobre a importancia da poesía na vida do ser humano. No primeiro deles, "Poesía, para que?", recolle entre as posíbeis respostas "a forma estética dos alumnos", "o desenvolvemento da sensibilidade e a capacidade de seguir medrando" (p. 18). No segundo, explica que este manual naceu da necesidade de axudar os mediadores para desenvolver a poesía na aula, xa que por descoñecemento ou prexuízos non se atreven,

aínda que o alumnado goza da poesía. Seguindo a Luis García Montero (1999) destaca o nacemento da poesía na ollada do mundo, na lectura de poemas e na escritura de poesía propia, seguida da posterior corrección. No capítulo, "Un poema que cambiou a miña vida", conta a xénese do seu primeiro poema un día de clase, mentres o alumnado facía debuxos a partir dun poema de Manuel María. En "O mediador, unha figura imprescindible", destaca a relevancia deste axente da comunicación literaria a quen dirixe este manual, tal como afirma en "Non concibo un proxecto elaborado a prol da lectura sen un mediador" (p. 27) e, en sintonía con Pedro C. Cerrillo (2007), salienta a importancia da *competencia literaria* que debe posuír o mediador e tamén a da súa capacidade para *contaxiar* a necesidade de introducir a poesía na aula, a partir da súa dimensión de lector habitual que selecciona poemas que seduzan o seu alumnado e que lles renoven soños "para derrubar muros" (p. 28) e lles contaxien a "emoción poética" (p. 30). No cuarto capítulo repara na necesidade da poesía na realidade cotiá diaria e tamén en crear esa necesidade, se non existe, tal como afirmaba Gabriel Bou (2003). No seguinte capítulo, "A lectura de poemas", recolle o momento previo, o momento da lectura e o posterior expostos por Víctor Moreno (2008) e a reflexión de Gabriel Bou sobre a actualización que se produce con cada nova lectura que se realiza. E tamén propón estratexias lectoras para a aula como poden ser a lectura do mestre en voz alta, comezar a aula lendo poemas, desenvolver xogos orais líricos, gozar dos poemas musicalizados e a lectura en silencio, e finaliza o capítulo achegando aspectos que deben considerarse ao ler en voz alta. No capítulo "Como podemos planificar a entrada da poesía nas aulas?" afirma que a resposta debe ser que o docente lla *contaxie* ao alumnado, que se cre un ambiente propicio na aula, que integre a poesía no Plan Lector do Centro, que a lectura sexa un paso previo á escrita e que a poesía ocupe un espazo definido dentro da aula. Como posíbeis "pasos para introducir a poesía nas aulas" propón en primeiro lugar ambientar a aula e a seguir servirse da transmisión oral, presentar poemarios escritos para os máis novos, xogar con contos rimados, cancións ou poemas musicados, achegar ao alumnado os autores clásicos galegos, coñecer o romance, traballar con poemas sen rima, escoitar a voz dos poetas e, dun xeito especial, intercambiar creacións poéticas do alumnado entre distintos centros educativos. A segunda parte componse de cinco capítulos. Comeza cunha definición da poesía de Paco Ibáñez e cunha cita de Gianni Rodari. Nela ofrece estratexias para traballar coa poesía na aula, que García Teijeiro exemplifica coa propia praxe poética desenvolvida co seu alumnado. En "A creación poética nas aulas" salienta a necesidade de que exista conciencia da importancia da poesía na aula e na vida. Esta premisa aparece ilustrada coas opinións de escritores como Berenice Cullinam, Julio Ramón Ribeyro (2007), Enrique Vila-Matas (2008) e Orhan Pamuk sobre o feito da escrita. En "O medo ao papel en branco", propón como solución o termo "detonante poético" de Bernardo Carpente, reivindica o mestrado do pedagogo Gianni Rodari e reproduce creacións do seu alumnado de 6º de primaria, reservando para peche do capítulo unhas reflexións de Blanca-Ana Roig sobre as raiceiras da lírica na transmisión oral e a súa clasificación da poesía en catro correntes formais (xogo, música, conto e maxia). No seguinte capítulo, o poeta vigués propón realizar a festa da palabra e o xogo de crear a partir de poemas rimados e estrofas que xorden dunha palabra, dos recursos estilísticos da transmisión oral ou de estruturas poéticas como o limerick, a serie ou os monosílabos. Así mesmo invita a crear poemas que acollan unha soa vogal ou que se elaboren co banco de palabras e a elaborar pictogramas, acrósticos, caligramas e poesías visuais. No capítulo doce presenta a nenez como unha etapa con gran presenza da poesía e fomenta que se invite o alumnado a expresar a súa sensibilidade en versos libres. E no capítulo trece acolle o termo "filtrar", entendido por García Teijeiro en referencia á necesidade de que

a poesía conviva co alumnado na súa contorna para que este poda absorbela. Para conseguir esa convivencia opta por dotar de contido poético as palabras, responder e preguntar liricamente, escribir haikus e poemas sen rima ou de prosa poética, descubrir a poesía presente na música, elaborar actividades sobre un texto do gusto do mediador, mesturar poesía e música e aproveitar os testemuños poéticos do alumnado. Esta manual péchase cunhas "Chiscadelas poéticas", recursos variados que van dirixidos ao mediador para o seu acceso á poesía e para facela entrar na aula, e para a creación dunha biblioteca lírica na aula. O volume complétase coa "Bibliografía utilizada".

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Poesía nas aulas", *A Nosa Terra*, n.º 1.385, "Cultura", "Ensaio", 11-16 decembro 2009, p. 24.

Comeza apuntando que "este práctico e didáctico libro" vai dirixido "a todos os posibles mediadores" coa intención do autor, Antonio García Teijeiro, de que coñezan e amen a poesía. Indica que a "faceta lúdica da aprendizaxe" está presente na "estrutura formal" e na "distribución temática". Precisa que este volume conforma un "manual que atrapa" polos detalles líricos e plásticos como é o caso da imaxe dun bico de Luis Eduardo Aute que aparece en todos os capítulos. Refire que a presenza dos sentimentos é constante neste libro, dende a reprodución dun debuxo inicial que lle dedica Rafael Alberti. Explica que a monografía se divide en dúas partes, oito capítulos nos que se reivindica a importancia de achegar a poesía á infancia e cinco capítulos que recollen exemplos prácticos desenvolvidos polo poeta García Teijeiro seguindo as ensinanzas do pedagogo Gianni Rodari e catro propostas da investigadora Blanca-Ana Roig en relación coa poesía. Apunta que esta parte práctica se inicia empregando formas da lírica popular para dar paso despois a outras estrofas máis elaboradas coa intención de mostrar que a poesía se filtra, non se ensina. Este artigo péchase comentando qe o volume remata cunha achega do autor ao mediador a través da recollida de "chiscadelas poéticas".

Referencias varias:

- Rodri García, "É mentira que aos nenos non lles gusta a poesía", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 327, "O escritor do mes", 22 agosto 2009, p. 16.

Entrevista ao poeta Antonio García Teijeiro, introducida por unhas liñas nas que se repasan as súas obras máis salientábeis, na que o autor fala dos talleres de poesía que imparte e explica que n'*A poesía necesaria* reflexiona sobre a importancia da poesía e propón o seu método para introducir a poesía nas aulas. Doutra banda, García Teijeiro opina sobre a musicalidade dos seus poemas e sobre o labor de Paco Ibáñez, que tornou en cancións algúns deles. Tamén comenta a súa relación con Rafael Alberti e declara que influíu na súa poesía xunto con Federico García Lorca, Luís Amado Carballo, Luís Pimentel e Celso Emilio Ferreiro.

- Clara Sánchez, "Á escola cáenlle demasiadas responsabilidades e non queda tempo para a creatividade", *A Nosa Terra*, n.º 1.375, "Cultura", 1-7 outubro 2009, p. 22.

Conversa co poeta Antonio García Teijeiro sobre o volume *A poesía necesaria* co que pretende "contaxiar a poesía" por medio de "reflexións e experiencias". Indica que a

utilidade da poesía, á marxe do "pracer estético e do goce interno", é axudar a "coñecernos un pouco mellor a nós e aos demais", xa que a través da literatura se poden "vivir determinados sentimentos que non viviriamos doutro modo" e descubrir "sentimentos agochados". Refire que os máis cativos son os que mellor responden á poesía e recoñece que a nenez actúa "por imitación", de aí a necesidade da presenza dos libros no seu día a día e de "incidir na lectura como pracer". Recoñece que "na escola falta creatividade" e que nos plans de estudos o espazo "para que a poesía, a arte e a música" teñan presenza é limitado. Aposta pola "humanización da escola" xa que esta non pode "deixar de ser o que sempre foi, un centro de saber e de preparación cara á vida". Precisa que os adultos "carecen de formación poética" e que por iso "os docentes teñen medo a levar á aula aquilo que non entenden ou non dominan". Remata apuntando que por iso el escribe "para os máis cativos" para que as novas xeracións sexan educadas de xeito distinto á súa e para que entendan que "a poesía fai feliz a un mesmo".

- Ágatha de Santos, "En un momento de falta de referentes, la palabra poética es aún más necesaria", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 22 outubro 2009, p. 45.

Entrevista con Antonio García Teijeiro na presentación do volume na Casa do Libro en Vigo. Reivindica a necesidade da poesía na actualidade ante a "falta de referentes tanto culturales como humanos" xa que transmite a "sensación de compartir, de emocionar". Apunta que "la literatura sí hace revivir la vida de las personas y hace que seamos más creativos a la hora de enfocar las cosas". Aposta porque a nenez conviva coa poesía "desde edades muy tempranas" e polo emprego da poesía de transmisión oral, léndolle en voz alta. Comenta que escribiu este volume por encargo e que se trata dunha necesidade "porque no hay material de este tipo". Remata a entrevista indicando que vai dirixido "a profesores, bibliotecarios, padres..." e explicando que na primeira parte reflexiona sobre a necesidade da poesía mentres na segunda é unha introdución á poesía e na terceira parte achega actitudes dirixidas aos mediadores. Conclúe afirmando que este volume anima a introducir a poesía na vida cotiá mais que é preciso previamente que o adulto se convenza de que "la poesía es capaz de emocionar".

- Lupe Gómez, "Ser persoas 'inquedas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 novembro 2009, p. 35.

Conversa con Antonio García Teijeiro sobre a monografía *A poesía necesaria* na que lle pregunta polo título, pola formación da sensibilidade e integridade a través da lectura e creación lírica na aula, o gusto da nenez pola poesía, a definición da poesía, a figura do mediador, a poeticidade dalgunhas palabras, o significado das "chiscadelas poéticas" e o propósito do volume. Antonio García Teijeiro explica que a poesía lle serviu para ver o mundo doutro xeito e comprender "sentimentos, emocións, afectos que non tiña moi claros". Indica que a literatura "serve para compartir e para reflexionar" e que a través da palabra atopan "posibilidades diferentes de expresións e achéganse a unha emotividade que favorece os seus comportamentos". Refire o escritor que a nenez goza da poesía cando a sente "dun xeito natural" e aposta por meter a lírica nas aulas "de todos as formas posibles". Comenta que a poesía é para el "a alma das palabras" e destaca a necesidade da figura dun mediador formado, inquedo, auténtico e honesto. Comenta que a poesía radica en "conseguir comunicar emocións por medio da palabra ben empregada" e que as "chiscadelas poéticas" son "actitudes que favorecen a incursión da poesía nas nosas vidas dunha maneira suave e discreta". Remata

precisando que o propósito deste volume é "contaxiar ilusión, abrir canles", facer sentir o que se fai e "descubrir espazos propios e alleos onde sentirnos persoas honestas".

Méndez Lois, María José (coord.), *Mulleres e educación en Galicia*, Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia)/Museo Pedagóxico Galego, col. Escenarios educativos, n.º 2, 2009, 357 pp. (ISBN: 978-84-453-4809-3). ◆

Monografía que se abre cunha "Introdución", na que se explica que este volume, coordinado por Mª José Méndez Lois, é o resultado dun proxecto de investigación centrado en visualizar as distintas achegas á educación que fixeron as mulleres, ao longo do tempo, en Galicia. Tamén se indica que outra das súas pretensións é resaltar non só a participación das mulleres como ensinantes nos diversos contextos, senón tamén facer fincapé en todas aquelas mulleres que pensaron na importancia de acometer a creación de centros de ensino, doar os seus bens para tales empresas ou contribuír á formación permanente dos profesionais do ensino. A continuación, faise un percorrido cronolóxico polos diferentes avatares polos que pasou a formación das mestras en España, con atención especial cara ao caso galego, até acadar a súa formación un claro rol profesional e a integración no sistema universitario de pleno dereito. Por outra parte, alúdese ás fontes empregadas e especifícanse os criterios para incluír na nómina definitiva as mulleres. No seguinte apartado, "Mulleres na Educación Galega (A-Z)", seguindo a orde alfabética, dáselles cabida, de forma xeral, ás mulleres que fixeron algunha achega relevante á educación galega e que naceron antes de 1938. Dependendo do caso, ofrécense datos sobre a súa biografía, formación, actividade docente, responsabilidade directiva, actividade política e cultural, publicacións realizadas, participación en eventos varios, logros conseguidos, etc. Entre elas, atópanse mulleres que forman parte do sistema literario galego, como é o caso de Xela Arias, Edelmira Cacheda, Antía Cal, Úrsula Heinze, María Mariño, María Victoria Moreno, Luz Pozo, María Xosé Queizán, as irmás Pura e Dora Vázquez ou Helena Villar. Pecha o volume un conxunto de apartados que completa e facilita a consulta do contido incluído nesta monografía: "Bibliografía consultada", "Webs consultadas", "Fontes", "Informantes institucionais", "Informantes particulares", "Glosario de siglas e abreviaturas", "Índice Onomástico", "Índice Toponímico" e "A liña do tempo: douscentos anos de formación do maxisterio feminino en España (1770-1970)".

Referencias varias:

- I. Casal, "El Mupega recupera la memoria de 550 maestras desde el s. XVIII", *El Correo Gallego*, "Galicia", 29 xullo 2009, p. 15.

A partir dos contidos incluídos en *Mulleres na educación en Galicia*, sinala que "Rezar y coser" era o obxectivo do primeiro proxecto de instrución pública co que se comezou a andadura profesional das mestras en España ao redor de 1770. Así mesmo, apunta que até 1814 a lectura e a escritura non entraron no seu currículo, aínda que manifesta que sempre houbo mestras que achegaron moito máis. Alude á institución encargada da edición deste volume e cita as persoas que nel colaboraron, ademais de referirse a algunha das cincocentas cincuenta e tres mulleres que inclúe. Por outra parte, a súa coordinadora, María José Méndez Lois, explica nunha entrevista cales foron as historias

que máis lle chamaron a atención e fala das diferenzas na educación das nenas dende o século XVIII, así como se fai eco do "silenciadas" que seguen estando as mestras na actualidade e da súa pegada nas xeracións do futuro.

- Joel Gómez, "As mulleres son máis do 80% de profesionais no ensino básico", *La Voz de Galicia*, "Santiago", "Al día", 29 xullo 2009, p. L2.

Anuncia a presentación do volume *Mulleres na educación en Galicia* no Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), resultado de dous anos de traballo dun grupo de investigación coordinado por María José Méndez Lois, no que recolleu documentación de cincocentas cincuenta e tres mulleres ensinantes. Á parte, inclúe unha entrevista coa coordinadora, na que expón os criterios utilizados para escoller as mulleres ensinantes e indica que a referencia máis antiga corresponde a unha muller do século XVIII. Fala do proceso das mulleres na súa incorporación ao ensino e explica como foi desenvolvendo a súa profesión, ademais de aludir á súa menor presenza nos estudos máis tecnolóxicos. Apunta como é a profesora de hoxe e que esta investigación non terá continuidade para rematar referíndose ao Mupega.

Noia Campos, Camiño, Olivia **Rodríguez** e Dolores **Vilavedra** (ed.), *Actas Simposio Carlos Casares*, A Coruña: Fundación Carlos Casares, 2009, 259 pp. (ISBN: 978-84-613-3642-9). ◆

Volume colectivo que acolle a maior parte das comunicacións presentadas no Seminario Internacional Carlos Casares e celebrado en Ourense en decembro de 2007. Este monográfico comeza coa "Presentación" (pp. 9-10) das editoras na que explican que este Simposio foi promovido pola Fundación Carlos Casares tras verse cumplidos cinco anos do seu pasamento co obxectivo desta Fundación e do Comité Organizador de "pular o estudo das diversas facetas da obra casariana, do seu labor intelectual e da súa actividade na esfera pública galega ao longo de varias décadas", tentando así que se profundara nas facetas citadas e que se suscitase o debate das cuestións "que máis o precisasen". Explican que o programa tentou dar conta da "polifacecia casariana" e que o protaginismo recaeu na súa produción narrativa, que foi obxecto dunha mesa redonda e centrou varias comunicacións. Aluden brevemente ao contido das comunicaciósn presentadas no Simposio e salientan que, á marxe da actividade académica, Mabel Rivera escenificou unha escolla de fragmentos narrativos tirados da novela *O sol do verán* e foron presentados no Liceo varios tomos da selección xornalística *Á marxe*. Precisan que algunhas das achegas deste Simposio viran a luz no *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2007* e que neste monográfico se acollen "todos os textos que finalmente puidemos arrecadar". A presentación péchase cunhas palabras de agradecemento ás institucións que constribuíron ao desenvolvemento do Simposio, dun xeito especial a Universidade de Vigo, e ao Liceo de Ourense e a Marcos Valcárcel, quen pechou o Simposio cun "saudoso roteiro literario". Este monográfico comprende o seguinte traballo relacionado coa literatura infantil:

- Montse Penas Presas, "Carlos Casares, tradutor diverso e editor entregado de literatura infantil e xuvenil", pp. 199-211.

Inicia o estudo recordando que a crítica salientou o "carácter inaugural" da produción literaria infantil e xuvenil de Casares e a seguir destaca o seu labor de tradutor, antes de

centrarse na análise das obras, traducións e versións que realizou para os máis novos. Afirma que dende 1986 é cando Casares leva a cabo "a súa meirande angueira e a súa máis importante contribución" a esta literatura, dende a súa faceta de director xeral da editorial Galaxia consolidando as coleccións xa existentes e renovándoas cun novo equipo de escritores no caso da colección ¨Árbore", coa creación da colección "Costa Oeste", a súa preocupación porque se podan ler en galego autores clásicos e a promoción de autores galegos. Remata afirmando que "o catálogo tecido por Casares amosa a súa concepción universalista e heteroxénea da cultura, a súa crenza nun canon universal no que hai un espazo para o propio e a súa habilidade para ir máis alá do horizonte albiscado" e achegando a bibliografía citada.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Marta **Neira Rodríguez** (coords.), *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, ilust. Carmen Franco Vázquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 427 pp. (ISBN: 978-84-9914-026-1). ■

Monográfico resultante do labor que vén desenvolvendo a Rede Temática "As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico" (LIXMI) dende 2004 para promover e dar a coñecer o estudo das diferentes literaturas infantís e xuvenís integradas no marco ibérico. O presente volume, baixo a coordinación de Blanca-Ana Roig Rechou, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez, céntrase no estudo do desenvolvemento da poesía infantil e xuvenil nos últimos anos e ofrece aos mediadores (docentes, animadores á lectura, investigadores) unha actualización do estado da cuestión nas diferentes literaturas ibéricas e un estudo de textos seleccionados. Tras a introdución do equipo redactor, na que se adiantan os contidos do volume, aparecen os doce capítulos nos que se divide a obra:

- Pedro C. Cerrillo Torremocha, "Sobre poesia infantil y juvenil", pp. 13-31.

Define a poesía como expresión da beleza, como lírica. Defende que non existe só a poesía infantil, senón que aquela non escrita para eles, pero con capacidade para emocionalos, tamén se inclúe. Trata algunhas xeralidades sobre a poesía e os seus compoñentes, tales como o ritmo, a rima e o esquema métrico. Incide ademais no marcado carácter oral da lírica. Respecto da poesía e a escola defende que nesta pode chegar a amarse aqueloutra.

- Jesús Díaz Armas, "La poesía en el siglo XXI en el ámbito castellano", pp. 35-53.

Afirma que a poesía en castelán dobrou a súa produción, coa reedición de poesía tradicional, que convive coa lírica moderna. Esta reprodúcese en coleccións con libros de nova creación, ademais de edicións escolares. Nelas, a ilustración pasa a ocupar un posto interesante. Outro punto que salientar son os premios, máis vivos nos últimos tempos, xunto coas antoloxías de autores canónicos (Antonio Machado, Rafael Alberti, Juan Ramón), outros máis insólitos (Pablo Neruda, José Hierro ou Ángel González) e de lírica tradicional, así como adaptacións de clásicos. Dentro da poesía de creación destaca a proliferación de obras, a reedición de poemarios descatalogados e o novidoso da poesía xuvenil. Remata coa análise das tendencias na poesía infantil: poesía tradicional, poesía moderna intimista de uso escolar e poesía experimental, verso

branco, rima esdrúxula, rima en exo, versos populares; motivos temáticos sobre a natureza, problemas sociais, amor e humor.

- Caterina Valriu, "La poesia infantil en el segle XXI (2000-2008) en llengua catalana", pp. 57-74.

Fálase, como no caso castelán, de ritmo ascedente na produción, con maior cualidade literaria, máis experimentalismo e relevancia da ilustración. Comeza por unha ollada á historia literia infantil en Cataluña. Salienta tres autores no século XXI: Miquel Desclot, Joana Rapall e Lola Casas, e catro editoras: l'Abadia de Montserrat, La Galera, Bromera e Tàndem. As novidades residen na diferenciación entre as idades do lectorado: até os sete e desta idade aos once. Para anos superiores a orientación diríxese á escola. Respecto da temática, salienta a natureza, as estacións, temas cotiáns, sociais, metaliterarios, e temas abstractos como a solidaridade, a amizade, os sentimentos, etcétera. Dentro dos recursos, destacan a rima interna, a reiteración, a enumeración, a personificación, a metáfora e os xogos lingüísticos experimentais. Trátase, en definitiva, dunha boa combinación entre tradición e modernidade.

- Blanca-Ana Roig Rechou, Marta Neira Rodríguez e Eulalia Agrelo Costas, "A poesía infantil no século XXI en Galicia", pp. 77- 108.

O artigo está fragmentado en dúas partes. A primeira ofrece os datos cuantitativos sobre a poesía infantil galega, rexistrando un crecemento ascendente da produción, xa que nos nove anos de século XXI levan cincuenta máis que en toda a vida literaria, moitos deles da literatura institucionalizada. Divide logo en catro correntes a poesía infantil do século XXI, resaltando os autores consagrados e as novas voces:"poesía é xogo", "poesía é música" e "poesía é conto", que supoñen o contacto inicial da nenez coa poesía lírica, de transmisión oral. As dúas primeiras son arrolos e cantigas de berce, relacionadas coa forma lúdica da linguaxe (Xoán Babarro, Antón Cortizas e Gloria Sánchez), a terceira atende aos relatos, lendas e fábulas orais (Babarro, Cortizas, Antonio García Teijeiro, Gloria Sánchez e institucionalizados como Pepe Cáccamo, Yolanda Castaño ou Miro Villar). "Poesía é maxia" acolle aquelas composicións de autor que camiñan entre o popular e o experimental, con xogos interxenéricos e temática sobre a paz, a liberdade, o amor, a ecoloxía, etc. (Babarro, Ana María Fernández, Cortizas, García Teijeiro, Helena Villar Janeiro, entre outros). Tamén salientan as antoloxías, xa non só de lírica institucionalizada, senón con autores especificamente de LIX como Cáccamo, Marisa Núñez e Fran Alonso; e as traducións do alemán, catalán, francés, etcétera. Como conclusión, salientan a complexidade dos poemarios, as reescrituras de calidade, a promoción literaria actual, a través de premios e volumes colectivos, así como a reedición de autores nos inicios da LIX galega e os autores clásicos contemporáneos.

- José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, "Tendências da nova poesia portuguesa para a infancia (2000-2008)", pp. 111-137.

Comeza facendo un panorama histórico da literatura portuguesa institucionalizada, con aqueles autores que escribiron para a infancia e os clásicos contemporáneos que publicaran antes de 1974, como Mário Castrim, Matilde Rosa Araújo (temas sobre a natureza, a familia, os animais), António Manuel Couto Viana (xogo poético) para pasar aos de xeracións posteriores. Aquí sobresaen Luísa Ducla Soares, António Torrado, Manuel António Pina, Alice Vieira, Álvaro Magalhães e José Jorge Letria, Amadeu

Baptista, João Pedro Mésseder, António Mota e Nuno Higino, entre outros, dende a década dos setenta á actualidade. Trátase de moitos autores que teñen en común a importancia lúdica da palabra, o xogo e expresividade verbal, variando a temática dende a natureza e o universo animal até o *nonsense* e as cuestións sociais. Aínda hai un espazo para catro antoloxías no século XXI. Conclúen recollendo todos os datos do estudo.

- Manu López Gaseni-Xabier Etxaniz Erle, "A poesía infantil vasca no século XXI", pp. 141-172.

Artigo en vasco e galego no que se considera que a poesía infantil é un xénero minoritario que xorde no século XX e despega nos anos noventa. O máis influínte poeta considérase Juan Kruz Igerabide, con tres libros de poesía que achegan os haikus e outras versificacións, cuxos temas son a morte ou o sufrimento. Outros destacados son Joxantonio Ormazabal, que utiliza formas populares e da tradición clásica; Antton Kazabon, que fai uso da poesía didáctica e a xuvenil; Karlos Linazasoro, influído por Igerabide cos haikus; Jabi Santa Cruz, sobre todo autor de poesía xuvenil. Outros autores nomeados son Pello Añorga, Jon Suárez, Xabier Olaso, Ana Urkiza e Rubén Ruiz. Por último, hai que mencionar dúas antoloxías dos autores mencionados, alén doutros que escriben por encarga.

- Veljka Ruzicka Kenfek, "Poesía infantil alemá contemporánea", pp. 175-194.

Iníciase cun breve percorrido histórico na lírica infantil, difrenciando a popular da de autor coñecido. Dende o século XVIII até o século XX, momento en que a poesía se ve condicionada polas diferentes orientacións políticas, que só permiten a publicación de obras afíns. Dende mediados do século XX tivo máis éxito a poesía humanista, libre de conceptos políticos. De autores desta época pódense salientar James Krüs e Josef Guggenmos, pero ao que se lle dedica un espazo maior é Hans Manz, de quen se propón a tradución de Die Welt der WOrter, baseado nos xogos de palabras, polo que son un verdadeiro reto para o tradutor pola brevidade, expresividade, dobre sentido e ambigüidade.

- Vera Teixeira de Aguiar- Joao Luís Ceccantini, "Poesía brasileira para crianças: uma ciranda sem fim", pp. 195-217.

A finalidade do artigo consiste en ofrecer unha panorámica histórica da poesía infantil en Brasil. A primeira obra foi publicada en 1882, *Flores do campo*, de José Fialho Dutra. Destacan outros autores dende principios de século como Olavo Bilac, Henriqueta Lisboa, Cecília Meireles, Mário Quintana ou Vinicios de Moraes. Todos eles xogan coa linguaxe, rompendo o propósito pedagóxico e vendo a poesía como xogo. Os poetas da última xeración continúan o labor dos antecesores, como Ricardo Azevedo, Sérgio Capparelli e Roseana Murray, mais os escritores últimos, deixando atrás o utilitarismo, preocúpanse polo formal e a sintonía co universo do lector. Lalau, Fabrício Corsaletti ou Ricardo Silvestrin están entre estes.

- Celia Vázquez García, "Introdución á poesía infantil inglesa do século XXI", pp. 219-257.

Como nos artigos anteriores, óptase por fornecer a historia da poesía infantil anterior ao século XXI que, como nas outras, se nutre de autores de adultos que fan incursións na literatura infantil. Este é o caso de Browning, Coleridge, Wordsworth ou Tennyson no século XVIII. No XIX destacan os románticos, os victorianos ou o poema de Kipling, *If*, declarado poema favorito da nación en 1995. Pola súa parte, no XX resaltan Eleanor Farjeon, Walter De la Mare e James Reeves, ademais dos dous autores máis populares da segunda metade do século: Charles Causley e Ted Hughes. Non se esquece dos americanos que escribiron para nenos, parándose en Robert Frost e Emily Dickinson. No tocante ao século XXI, constitúe o núcleo fundamental a "poesía de barrio suburbano", nun contexto máis alternativo e paródico das convencións sociais. A pesar da crítica, os nenos escóllena, e presenta un incremento das ventas. A linguaxe é vulgar e repetitiva, cómica e dotada de xogos de palabras. Autores que forman parte deste tipo son Michael Rosen, Allan Ahlberg e Jackie Kay.

- María Jesús Agra Pardiñas, Carmen Franco Vázquez e José María Mesías Lema, "La ilustración en la poesía infantil gallega del siglo XXI", pp. 259-270.

Analízanse as obras poéticas e a súa relación coa ilustración. Os formatos son cinco: ilustracións de páxina completa, ilustracións salpicadas, álbums ilustrados, ilustracións de xogos visuais poéticos e imaxes visuais que comprometen o texto. En xeral, os ilustradores procuran sempre relacionar a temática coa imaxe. Citan algúns ilustradores importantes do período como Xosé Cobas, Lázaro Enríquez, Pablo Otero, Luis Castro Enjamio, Miguel Ordóñez, Xosé Vizoso e outros. As autoras inclúen unha reflexión final con varios obradoiros para estimular a imaxinación creadora dos rapaces, orientados á abstracción poética e á poesía visual.

Os dous seguintes capítulos últimos teñen utilidade pedagóxica, xa que o primeiro é unha selección de setenta e catro obras de Literatura infantil e xuvenil poéticas no século XXI, mentres que o segundo consiste en doce comentarios críticos, os seguintes:

- Pedro C. Cerrillo, "Poemas escritos a dos manos: *Estelas de versos* de Rafael Cruz-Contarini y Antonio García Teijeiro", pp. 283- 288.

Estelas de versos (2008) gañou o Premio Luna de Aire, escrito por ambos, lanzando uns os versos e continuando o outro. Predomina o sensorial, os versos de arte menor, populares e os temas cotiáns da natureza.

- Caterina Valriu, "La música dels versos: *Més música, mestre!,* de Miquel Desclot", pp. 289-298.

Coméntase o libro de Desclot, que obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil en 2001, onde os instrumentos musicais están personificados e tocan e dialogan entre eles. Está dividido en catro partes (a primeira xa publicada en 1987), con recursos sonoros, onomatopeicos, musicais en definitiva.

- Eulalia Agrelo Costas, 2O círculo da vida: *Amar e outros verbos*, de Ana María Fernández", pp. 299- 311.

Comeza cunha detallada biografía da poeta para continuar coa análise de *Amar e outros verbos* (2002), gañadora do Premio Lazarillo en 2002. Tráase dun poemario de

emocións, sentido, de vinculación do ser humano co seu medio. As formas afástanse das fixas e achéganse á poesía experimental, chea de recursos.

- Eulalia Agrelo Costas, "O son da palabra: *Aire sonoro*, de Antonio García Teijeiro", pp. 313-323.

Ofrece a biografía de Teijeiro e o estudo de *Aire sonoro* (2001), finalista do Premio Nacional de LIJ. A temática engloba algúns dos motivos máis exitosos, a música, acompañados de sinestesias, personificacións e versos irregulares, mesmo monosilábicos.

- Veljka Ruzicka Kenfel, "Traducciones en gallego de *Struwwelpeter* (Heinrich Hoffmann) y *Max und Moritz* (Wilhelm Busch)", pp. 325-337.

Fálase das traducións ao galego en 2001 na editora Linteo. A figura de Struwwelpeter é a dun rapaz rebelde (1845), igual que Max e Moritz (1865). Estes personaxes critican a sociedade da época, dos adultos, que se poñen en evidencia. Analiza as traducións como produto da política lingüística e editorial de Galicia. Chega a conclusión de que a versión galega é máis lograda, e que se aposta por facer máis próxima ao galego.

- Mari Jose Olaziregi, "Un canto a la vida: *Hosto gorri, hosto berde*, de Juan Kruz Igerabide", pp. 339-349.

Valórase a obra do poeta e a súa contribución fundamental á literatura vasca. O poemario en cuestión parte do motivo temático das follas do árbol, cunha intesidade case mística, usando a forma do haiku.

- Alice Áurea Penteado Martha, "Zum-zum-zum da poesia", pp. 351-357.

Preséntase o poemario de Lalau, publicado inicialmente nos anos noventa. Saliéntase o proxecto gráfico, que combina versos e imaxes. Os temas recorren aos pequenos animais.

- José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, "Palavras que nao servem para falar: uma leitura d'*O Limpa-Palavras*, de Álvaro Magalhaes", pp. 359-372.

A obra do poeta continúa na liña das anteriores, traballando coas palabras, coa súa funcionalidade, até o metafórico. Analízase poema a poema e coméntase positivamente o labor da ilustradora, Danuta Wojciechowska.

- Xabier Etxaniz Erle-Manu Lopez Gaseni, "Poemas contra o desvalimento: *Pupuan trapua*, de Xabier Olaso", pp. 383-392.

Despois dunha breve nota sobre as publicacións do poeta, céntrase na obra presente, baseada nas formas tradicionais vascas e a súa presenza na actualidade. Canto ao tema, defende a protección dos nenos, recolle a súa necesidade de ser queridos. Componse de oitenta e catro poemas.

- Jesús Díaz Armas, "Poesía moderna para niños: *Letras para armar poemas. Antología de poesía*, editada por Ana Pelegrín", pp. 393-402.

Recoñécese o valor da antoloxía en si e a capacidade de Ana Pelegrín para seleccionar textos. Neste caso, non só recolle os poetas institucionalizados habituais, senón que inclúe outros de poesía infantil propiamente dicha, para mostrar os novos camiños da poesía infantil actual.

- Caterina Valriu, "La Poesia com a companya: una lectura d'*Escaleta al vent*, de Joana Raspall", pp. 403-410.

Estúdase o poemario, de 2002, pertencente á autora nonaxenaria, sobre as pequenas maravillas da vida, como os animais, as flores ou os sentimentos, con versos tradicionais. Reflecte a sinxeleza e a tenrura.

- José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, "Poemas, planetas e amores-perfeitos: leituras de *Pó de Estrelas*, de Jorge Sousa Braga", pp. 411-421.

Refírese a Braga como un poeta de adultos e da infancia e xuventude, gañador de premios importantes en Portugal. Interésase polos reinos da Natureza, da Astronomía. Salientáse tamén as ilustracións de Cristina Valadas.

Recensións:

- Alba Piñeiro, "Poesía plurilingüe para os máis novos", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Cultura", 22-28 outubro 2009, pp. 30-31.

Refire que o 10 de setembro tivo lugar a presentación do volume plurilingüe *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)* dentro do curso de formación continua "As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora", organizado pola Universidade de Santiago en colaboración con outras institucións. Comenta que o traballo é moi útil para saber achegarlle a poesía aos máis novos xa que expón a materia dun xeito claro e con vigor científico nas diferentes linguas do Marco Ibérico. Refire que a obra comeza cunha introdución seguida do estudo teórico de Pedro César Cerrillo, quen fai un repaso das características do xénero e reivindica a presenza da poesía nas aulas. Despois comenta o contido dos capítulos que mostran as panorámicas do xénero nas diferentes literaturas e, en relación coa literatura galega, salienta as distintas correntes poéticas denominadas por Blanca-Ana Roig Rechou. A seguir, o volume ofrece setenta e catro obras de referencia e, por último, salienta a importancia das ilustracións nos poemarios destinados aos lectores máis novos. Remata o artigo cunha cita de Fran Alonso sobre a importancia da poesía.

Referencias varias:

- María Xesús Nogueira, "O máis triste dos mundos", *Diario de Pontevedra*, "Un falar", p. 27/*El Progreso*, 12 setembro 2009, p. 25.

Realiza unha defensa da lectura de poesía dende as idades máis novas e comenta que esta ocupa un lugar marxinal nas lecturas infantís. En relación a este tema, dá conta da

celebración dun curso de formación continua dedicado ao estudo da poesía infantil e xuvenil e no que se presentou a monografía *A poesía infantil no século XXI*, publicada por Xerais coa colaboración da Fundación Caixa Galicia.

Roig Rechou¸ Blanca-Ana, Marta **Neira Rodríguez**, José António **Gomes**, Ana Margarida **Ramos** e Sara **Reis da Silva** (coords.), *A Memória nos Livros*: *História e histórias*, Porto: Deriva Editores, col. Deriva, n.º 11, outubro 2009, 175 pp. (ISBN: 978-972-9250-63-7). ■

Volume no que se recollen as reflexións que deron lugar a traballos presentados durante os XIV^{os} Encontros luso-galaico-franceses do Livro Infantil e Juvenil, que se celebraron na Biblioteca Almeida Garrett, do Porto, os días 14 e 15 de novembro de 2008. Preséntase un amplo abano de abordaxes metodolóxicas e perspectivas teóricas sobre o tratamento da memoria nas Literaturas infantís e xuvenís portuguesa, galega e francesa, que se enriquece coas reflexións críticas dos propios autores, dos editores e mesmo dos formadores de mediadores, que se centran na divulgación e as prácticas de carácter didáctico. Seguindo o deseño de entregas anteriores, o volume vertébrase arredor de cinco grandes bloques: "Estudos sobre Literatura e Memória", no que se acollen estudos teóricos e panorámicos dos representantes de cada ámbito lingüístico; "A escrita da memória", que reproduce as conversas e reflexións dos escritores participantes no evento An Alfaya, Agustín Fernández Paz e António Torrado; "A Edição", no que se lle cede a palabra a editores de cada un dos ámbitos, que falan dos seus proxectos e a forma de enfocar a memoria nas obras que editan; "Experiências de Promoção da Leitura", no que se describen proxectos levados a cabo en diferentes bibliotecas; e, por último, "Espaços de Formação", no que se recollen aquelas actividades vinculadas coa formación de mediadores, tanto dende o punto de vista práctico (talleres), coma máis teórico, de pautas e reflexións sobre estas prácticas. No que á literatura infantil e xuvenil galega se refire son de interese os seguintes traballos:

- Blanca-Ana Roig Rechou, Eulalia Agrelo Costas, Marta Neira Rodríguez, Isabel Mociño González e Celia Vázquez García, "A memoria histórica a través da Literatura Infantil e Xuvenil en galego", "Estudos sobre Literatura e Memória", pp. 55-72.

Dende a consideración de que a literatura é unha fonte moi importante para lembrar e informar da historia dos pobos, en especial a través da ficcionalización de elementos identitarios, faise unha achega ao tratamento desta temática na Literatura Infantil e Xuvenil galega, a través da selección dalgunhas das obras máis emblemáticas desta produción. Lémbrase que a Literatura Infantil e Xuvenil galega non puido facer memoria histórica até o inicio do século XX, cando iniciou a súa traxectoria con títulos como *Conto de guerra* (1928), de Camilo Díaz Baliño, ou *Agromar. Farsa pra rapaces* (1936), de J. Acuña. A seguir, explícanse algunhas das consecuencias da guerra civil española, que esfarelou os azos que estaba collendo a incipiente produción galega, provocando que a memoria histórica non se tratara na Literatura Infantil e Xuvenil até as dúas últimas décadas do século XX. Sinálase que se toma como base da selección proposta estudos monográficos publicados con anterioridade, como *A memoria da guerra na narrativa infantil e xuvenil* (2004) ou *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008), e céntranse a seguir nalgunhas das obras máis significativas que fan memoria histórica na Literatura Infantil e Xuvenil galega. Deste modo, o percorrido parte de *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, que

salienta por lembrar as represións e censuras, en especial pola imposición lingüística na escola ou o ambiente afogante da aldea, unha defensa da identidade e diferenza da cultura galega que tamén se levou a cabo en títulos como *Todos os fillos de Galaad* (1981), de Manuel Lourenzo; *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares; *Os soños na gaiola* (1968) e *As rúas do vento ceibe* (1979), de Manuel María; *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), de Paco Martín; *Leonardo e os fontaneiros* (1990), de María Victoria Moreno; *A filla das ondas* (2003), de Fina Casalderrey; e *A serea da illa negra* (2003), de Agustín Fernández Paz, entre outras. Despois de explicar pormenorizadamente o tratamento que se deu en cada un destes títulos, pásase a aquelas obras que trataron as consecuencias da guerra civil, como *A teima de Xan* (1991), de Antonio García Teijeiro; *Noite de voraces sombras* (2002) e *Corredores de sombras* (2006), de Agustín Fernández Paz; *A sombra descalza* (2007), de An Alfaya; *Tristes armas* (1994), de Marina Mayoral; e *A lingua das bolboretas* (2005), de Manuel Rivas, entre outras, ademais de deterse tamén en obras escritas noutras linguas que foron traducidas ao galego e algunhas que aínda non se traduciron, pero que tratan tamén as consecuencias deste conflito bélico. Para rematar, conclúese que é importante o papel que a Literatura Infantil e Xuvenil ten desenvolvido na recuperación da memoria histórica ao achegarlle aos máis novos información para evitar o esquecemento e a perda da identidade.

- An Alfaya e Miguel Vázquez Freire, "Os libros / As palabras da memoria", "A escrita da memória", pp. 82-102.

Conversa entre a escritora galega An Alfaya e Miguel Vázquez Freire, na que reflexiona sobre a presenza da guerra civil tanto na súa propia obra coma noutras do sistema literario galego. Comeza por facer referencia ao emprego das sombras na súa narrativa e a simboloxía desta metáfora literaria, que conecta co emprego que fai Agustín Fernández Paz na súa obra *Corredores de sombra*, na que salienta o afán pola recuperación da memoria histórica, aspecto que fai extensíbel a toda a produción do autor vilalvés, destacando a calidade literaria e a importancia da temática, para o que lembra un dos parágrafos que invitan á reflexión do lector sobre as consecuencias deste enfrontamento. Continúa Alfaya referíndose ao tratamento que Fernández Paz ten feito noutros títulos, como "As sombras do faro" ou *Noite de voraces sombras*, estudados amplamente no volume *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008). A seguir, céntrase no escenario da illa de San Simón, na que se sitúa a novela de Fernández Paz e de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro*, da que sinala algúns aspectos temáticos e resalta a idea de que seguen presentes as temáticas da sombra. Tamén se reproduce un poema de Xosé Carlos Caneiro no que se fala da esperanza e a memoria. Sobre a presenza de distintas xeracións de mulleres na súa novela *A sombra descalza*, Alfaya sinala que pretendeu reflectir a situación das mulleres, lastradas polo patriarcado, entre as que unha adolescente sente a necesidade de saber e mudar as cousas, aínda que isto vai provocar dor. Refírese ao papel que desenvolven moitas mulleres en obras que para ela son de referencia, entre as que sinala *Tristes armas*, de Marina Mayoral, preguntándose cómo poden vivir os nenos que foron separados da súa familia e fóra do seu universo emocional. Alude ao que hai dela n'*A sombra descalza* e n'*A muller prohibida*, nas que se identifica fundamentalmente coa ansia de saber dos máis novos, unha forma de reconstruír dende a ignorancia máis absoluta. A seguir, detense nos personaxes da novela, dos que ofrece algúns trazos que poñen de manifesto as súas contradicións, á vez que manifesta a súa esperanza no activismo das xeracións máis novas a prol dun futuro mellor. Detéñense no repaso dalgunhas propostas cinematográficas que teñen como temática a guerra e a actitude da infancia neste

contexto, como é o caso d'*A lingua das bolboretas*, pero tamén dos mestres, da igrexa, etc.

- Isabel Soto e Xavier Senín, "Encontro con Agustín Fernández Paz – A escrita da memoria", "A escrita da memória", pp. 113-121.

Conversa con Agustín Fernández Paz de Isabel Soto e Xavier Senín, na que o autor galego, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008, responde ás cuestións sobre as diferentes perspectivas e connotacións que presenta a memoria nas súas obras (memoria colectiva, memoria do presente, memoria persoal), o seu interese por esta temática, a súa presenza na sociedade actual, etc. Comeza por reflexionar sobre a súa necesidade de tratar as "sombras" e a actitude da mocidade cara á recuperación da memoria histórica, sobre o que aclara que non escribe novelas históricas, senón obras con protagonistas actuais cos que explora as repercusións que a guerra civil segue a ter na actualidade, na que o esquecemento e a desmemoria resultan preocupantes. Considera que a realidade e fractura que supuxo a guerra e posguerra en España só se poderá superar co coñecemento do que ocorreu e non coas interpretacións interesadas que se seguen a dar. Explica que se tardou en abordar esta temática na literatura polo silencio que planaba sobre o feito e que tivo a necesidade de tratar o tema arredor do ano 2000, momento no que se comezou a facer unha relectura apoloxética do franquismo, paralelamente á actividade de asociacións a prol da recuperación da memoria histórica. Sinala que crea personaxes de ficción como forma de devolverlles a dignidade a todos os mortos ignorados, seres anónimos aos que desexa homenaxear como tributo ás súas vidas rotas pola barbarie. Sobre a posibilidade de volver sobre o tema manifesta dúbidas, explica que para a creación dos personaxes se baseou en datos que coñeceu en diferentes lecturas, nalgún personaxe real próximo e senón na súa imaxinación. Admite que José Ángel Valente é o poeta da súa vida e partindo duns versos del nos que fala da falta de respostas para as xeracións da posguerra, di que se sente plenamente identificado, rememorando algunhas descubertas silenciadas sobre o pasado histórico e as raíces de Galicia. Considera imprescindíbel un gran coñecemento sobre o pasado entre as xeracións máis novas, que se pode facer a través da "memoria fermentada" que propicia a literatura por encarnala en personaxes que apelan á nosa emoción. A conversa tamén se dirixe ás preocupacións sociais, como o ecoloxismo ou a situación da lingua galega, latentes noutras obras do autor, como *As flores radioactivas* (1990), *O centro do labirinto* (1997) ou *O Raio Veloz* (2006), nas que sente que están as súas ideas e a súa traxectoria vital. Por último, a memoria persoal e íntima está en obras como *O único que queda é o amor* (2008), da que sinala que é un libro de sentimentos, no que, como ocorre con toda a súa obra, empregou lembranzas persoais, ao igual que as constantes referencias literarias, coas que lle fai unha homenaxe aos libros e películas que foron relevantes ao longo da súa vida. Responde tamén ao significado que para el tivo a concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, que ve como un recoñecemento importante, aínda que valora por enriba de todo o recoñecemento dos lectores.

- Ánxela Gracián, "Guerra civil. LIX e edición", "A edição", pp. 129-137.

Ánxela Gracián, editora de Sotelo Blanco Edicións, céntrase na importancia da figura do editor, como lector especializado e responsábel de suscitar novas ideas, e repasa algúns títulos e autores que ao longo do século XX trataron conflitos bélicos, especialmente a guerra civil, na LIX galega. Estruturada a súa intervención en diferentes

apartados, comeza reclamando a atención sobre o labor do editor no proceso literario e ao que a investigación e crítica literaria non ten prestado atención, malia a súa influencia como lector especializado no proceso creativo dentro do sistema literario. Neste marco, considera que o editor galego ten a súa responsabilidade na presenza da temática da guerra en produtos de Literatura Infantil e Xuvenil, que no caso galego é escasa por non existir coleccións ou series específicas sobre a temática, o cal considera resultado das dimensións reducidas do mercado editorial, aínda que si existen exemplos illados nos últimos anos, aos que considera que os editores facilitaron as canles editoriais necesarias. Lembra un dos primeiros produtos literarios que viu a luz en 1936, *Conto de guerra*, de Camilo Díaz Baliño, editor e creador que foi represaliado na guerra civil, figura sobre a que anuncia que está no prelo unha novela para mozos. Tamén se detén brevemente no contexto que se produciu durante a posguerra e a aparición en 1961 de *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, así como o labor imprescindíbel de Edicións do Castro. Da etapa da transición saliéntanse as novas apostas editoriais e a cobertura de baleiros como o da novela xuvenil, aínda que seguen sen existir propostas editoriais específicas dedicadas á temática da memoria histórica. Repasa algúns dos autores que teñen ofrecido propostas nas que abordan esta temática e algunhas das coleccións e editoriais, como é o caso de "Fóra de xogo", de Edicións Xerais de Galicia, na que se integran as obras de Agustín Fernández Paz e An Alfaya. Alude brevemente a outras propostas traducidas puntuais, como *A historia de Erika*, de Ruth Vander Zee; ou *O neno do pixama a raias*, de John Boyne. Remata reivindicando de novo a atención ao labor do editor.

- Concha Costas, "Espazo lectura: ler, contar, dinamizar", "Experiências de Promoção da Leitura", pp. 145-150.

Concha Costas, presidenta da asociación Espazo Lectura, explica o programa de fomento da lectura que están a levar a cabo na comarca do Val Miñor dende a súa fundación en xaneiro de 2008. Detense en seis das actividades que teñen posto en marcha, como é "Contomar", sesións semanais de contacontos impartidas polos pais e nais ou por compañías profesionais de teatro; "Clubs de lectura", nos que explica os autores e obras que foron obxecto de atención nesta actividade dirixida a pais e nais e nenos de 8 a 11 anos; "Abril, libros mil. Semana do libro", actividade na que se levan a cabo iniciativas para a promoción do libro e a lectura con motivo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil; "Acción lectora: *bookcrossing* no Val Miñor", unha solta de cento vinte libros para achegar o libro ao público con motivo da celebración do Día das Letras Galegas; "Unha noite na biblioteca", que contou con actividades durante o día e parte da noite na biblioteca, lugar na que durmiron os participantes; e "Polo San Martiño, libros ao camiño", actividades de música e teatro celebradas durante o mes de novembro, nas que participaron OQO Editora con *Contos en Cantos* e a compañía teatral Casahamlet con *Remoldiño vai á feira*. Conclúe referíndose ao esforzo da asociación durante o seu tempo de existencia, a importancia da colaboración de particulares e institucións e a aposta pola continuidade das actividades de fomento da lectura para a creación eficaz de hábitos lectores.

- Elena Gómez Gálkina, "Narración e vida na memoria", "Espaços de formação", pp. 159-165.

Esta profesora e investigadora reflexiona sobre a crise ou desequilibrio entre a sociedade e a escola, na que sinala factores como a perda de credibilidade do sistema

educativo, o aumento do fracaso escolar, a perda de prestixio pola tecnificación e hiperespecialización da sociedade, a falta de asunción da diversidade cultural ou a presión dos medios de comunicación, que substitúen a familia como axente socializador, aspectos que acentúan a disonancia cognitiva entre a vida normal e a académica. Considera que o contexto educativo mudou e a influencia das novas tecnoloxías é fundamental, polo que é preciso que os educadores muden a súa metodoloxía, posto que está nun momento de incerteza teórica, derivada dos novos escenarios. Sinala que é preciso unha fundamentación teórica que permita "boas prácticas" educativas, innovacións que contribúan ao avance na solución de problemas e onde a educación sexa entendida como "instrumento ao alcance de todos os seres humanos na súa busca da verdade e coñecemento". É por iso que explica algunhas das prácticas que ten levado a cabo e que considera que están avaladas polo éxito de resultados. Non se detén na descrición desas prácticas, senón nos factores que contribúen ao éxito das mesmas. Explica que a metodoloxía de partida é a baseada nos presupostos teóricos de Maurice Halbwachs, en especial no concepto de "memoria colectiva", que define como un proceso social de reconstrución do pasado vivido e experimentado por un grupo ou sociedade, fronte á historia, que concibe como un conxunto de acontecementos. De tal modo, propón que a educación ten que lograr mediar entre a memoria colectiva e o futuro, mantendo un sistema de comunicación privilexiado que a sociedade artellou para reproducirse. Neste senso valora como fundamental a transmisión de coñecementos sobre a historia colectiva entre os máis novos e como individuos darlles a oportunidade de coñecer e dar a coñecer a súa propia historia. Centrándose no caso concreto da guerra civil, considera importante coñecer os sufrimentos provocados para que os máis novos valoren os factores que condicionaron a vida dos maiores e se mostren vixiantes para que non volvan ocorrer e para que se amplíe o horizonte das identidades, recoñecendo a dignidade do outro.

- Alexia Dotras Bravo e Ana Belén Chimeno del Campo, "Unha lenda medieval a través da imaxe: distorsión histórica na actualidade", "Espaços de formação", pp. 166-172.

Comezan cunha reflexión sobre a evolución do concepto de canon e a súa importancia como factor que incide na formación de lectores competentes, un aspecto que se presenta problemático no caso galego, a causa da diglosia e a vinculación da literatura co ensino. Repasan algúns títulos nos que se lles achega aos lectores máis novos autores clásicos galegos, como Rosalía de Castro ou Castelao. Explican que unha forma de achegar os autores clásicos ao lectorado máis novo foi a través da "edición ilustrada, abreviada, compendiada ou adaptada, escolar ou recreativa, así como as antoloxías", que ao longo do século XX se fixo tamén a través da banda deseñada e o álbum ilustrado. Explicitan algunhas diferenzas entre estas dúas modalidades literarias e céntranse na singularidade que representa a recuperación da figura do Preste Xoán a través da banda deseñada. Despois dun sucinto repaso polas orixes desta figura, difundida a través da *Carta do Preste Xoán*, dirixida aos principais mandatarios europeos no século XII, saliéntase o interese por descubrir o reino lendario no que se sitúa, localizado a partir do século XIV en Etiopía, até a ruptura entre o personaxe mítico e os acontecementos históricos a partir do século XVII. Sinálase que foi en 1966 cando se recuperou o personaxe en banda deseñada e que dende entón até 2007 protagonizou vinte e tres aventuras. Explícanse as características do personaxe e as principais diferenzas co referente, que pasou a se converter en viaxeiro, cabaleiro cruzado, guerreiro, musa ou emisario de Ávalon. Conclúen que nestas adaptacións se

converte ao personaxe en elemento de función distractiva e espectacular, nos que adopta novos referentes culturais ao servicio dos lectores máis novos.

VV. AA, *Cátedra Caixanova de Estudos Feministas*, Ourense: Difusora de letras, artes e ideas, xullo 2009, 158 pp. (ISBN: 978-84-937421-0-2) ■

Volume que recolle un resumo das investigacións realizadas ao abeiro da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas da Universidade de Vigo, Cátedra cuxo obxectivo, tal como se sinala no texto introdutorio, é "fomentar a investigación dende posicións teóricas feministas, a formación en estudos de xénero dende unha perspectiva interdisciplinaria, a incorporación da óptica feminista en todas as áreas de coñecemento e a xeración cunha plataforma de reflexión nos ámbitos académico e cidadán dende perspectivas feministas que apoien o proceso de incorporación das mulleres, en condicións de plena igualdade co resto dos colectivos sociais, nas diversas facetas e actividades da vida económica, social e cultural de Galicia". Está formado por catro apartados "Violencia de xénero no sistema escolar", "Presente e futuro das mulleres na Universidade de Vigo: alumnas e PAS", "Nación e xénero: intervencións feministas nas teorías do nacionalismo no contexto da globalización", "Malestar sociosanitario do coidador/a do maior dependente. Perspectivas de xénero" e "Teorías feministas e literatura infantil e xuvenil". Destes cinco bloques de contido son de interese para a Literatura galega:

- Ana Bringas López, Olga Castro Vázquez, Belén Martín Lucas, María Reimóndez Meilán e Aida Rosende Pérez, "Nación e xénero: intervencións feministas nas teorías do nacionalismo no contexto da globalización", pp. 61-84.

No primeiro deles, dáse conta do traballo realizado por Ana Bringas López, Olga Castro Vázquez, Belén Martín Lucas, María Reimóndez Meilán e Aida Rosende Pérez e destácase a investigación de María Reimóndez de quen se di que en relatorios e artigos reflexionou sobre a diferente recepción da literatura feita polas mulleres, as diferentes expectativas que dentro da literatura galega existen dependendo do xénero e as importantes implicacións destes conceptos para a expresión individual e colectiva de xénero e nación. Tamén se sinala que Reimóndez se centrou no potencial subversivo da Literatura Infantil e Xuvenil

- Celia Vázquez, "Teorías feministas e literatura infantil e xuvenil", pp. 127-158.

Fai un repaso á atención que o feminismo lle prestou á LIX dentro e fóra de España, incluíndo polo tanto a LIX galega.

VV. AA., *Libros infantís e xuvenís de Galicia 2009/Libros infantiles y juveniles de Galicia 2009/Galician Books for Children&Young Adults 2009*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Creación e Difusión Cultural. Consellería de Cultura e Deporte, 2009, 147 pp. (DL: C 863-2009). ◆

Catálogo promocional, trilingüe galego/castelán/inglés, que recolle unha serie de descricións dos libros pertencentes ao eido da literatura infantil e xuvenil publicados no ano 2008. Tras un índice que enumera os contidos do volume, aparece un apuntamento

a xeito de introdución de Ánxela Bugallo Rodríguez, conselleira de Cultura e Deporte, que pon de manifesto a calidade editorial que permite saír ao prelo ás obras literarias destinadas ao lectorado máis cativo. Salienta asemade o amplo corpus literario da LIX que existe na actualidade así como a cita anual en Boloña que dá a coñecer esta literatura a nivel mundial. Menciona, doutra banda, as feiras internacionais nas que a presenza da Consellaría de Cultura e Deporte, a través da LIX, é importante. O catálogo estrutúrase ao redor de tres eixos, intitulándose o primeiro deles "Books / Libros". Este eixo vén dividido segundo as editoriais en rigorosa orde alfabética. Así pois, aparece A Nosa Terra, con dez recensións; Baía Edicións, con dez; Baía Edicións/IGAEM con dúas; Deputación Provincial de Ourense con dúas; Ediciós do Castro, cunha; Edicións do Cumio, cunha; El Patito, con catro; Embora, con catro; Everest Galicia, con dez; Faktoría K de libros, con cinco; Fervenza, cunha; Galaxia, con dez; Ir Indo, cunha; Kalandraka, con catro; Nova Galicia, con cinco; OQO, con seis; Planeta & Oxford, con dúas; Edebé-Rodeira, con dúas; SM Xerme, con tres; Sotelo Blanco, con catro; Tambre, con sete; Toxosoutos, con dúas; tresCtres, cunha; Edicións Xerais de Galicia, con vinte e dúas e Edicións Xerais de Galicia /IGAEM, cunha. A configuración de todas e cada unha destas recensións vén disposta do seguinte xeito: encabeza a páxina a cuberta do libro que se recensiona, no lado superior esquerdo xunto aos seus datos de edición e publicación ao lado dereito. Na parte inferior esquerda aparece un resumo da traxectoria literaria do escritor xunto ás súas datas de nacemento e os seus correos electrónicos. Na parte inferior dereita aparecen os mesmos datos ao respecto do ilustrador. No centro da parte inferior aparece o descritor propiamente dito grafado nas tres linguas anteriormente mencionadas. O segundo eixo do catálogo, "Reading Promotion/Promoción da lectura/Promoción de la lectura", inclúe apuntamentos da Xunta de Galicia, Gálix e a Asociación Galega de Editores. No que se refire ao pertencente á Xunta de Galicia, destaca o período de apoxeo polo que está a atravesar a LIX así como o 32º Congreso Internacional do IBBY que terá lugar en Santiago de Compostela en 2010 e o desexo da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural de fomentar a expansión da LIX. Ao respecto de Gálix (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil), comenta as súas orixes e as actividades que se levan a cabo no seu seo. No que atinxe á Asociación Galega de Editores, salienta a súa creación en 1983 e a cifra da súa produtividade de publicacións de LIX, así como o seu obxectivo de proxectar a nivel internacional este tipo de literatura. Cómpre destacar aquí a falta da tradución ao galego do segundo parágrafo (p. 143). Finalmente, o terceiro eixo do catálogo vén conformado pola listaxe das direccións das diferentes casas editoriais.

VV. AA., *Os ollos do Contomar*, fotografías de Manuel G. Vicente, Vigo: eL editora. Comisión de Publicacións de Espazo Lectura, febreiro 2009, [156] pp. (DL: VG 339-2009).

Trátase dunha obra que recolle unha experiencia de fomento da lectura levada a cabo pola asociación Espazo Lectura de Gondomar mediante a cal pretende transmitir, en forma de crónica de imaxes "o que ocorre os luns á tarde na Biblioteca Municipal de Gondomar nas sesións do 'Contomar", un contacontos que reúne cada semana unha media de corenta e cinco nenos e nenas de tres a nove anos cos seus pais e nais". Ábrese o volume cun apartado denominado "Os ollos de espazo lectura" onde a presidenta da asociación, Concha Costas, explica en que consiste a obra e cal foi e é o desenvolvemento da asociación. Tras dous paratextos institucionais, aparece unha segunda parte intitulada "Noite na biblioteca", que inclúe as fotografías dunha

actividade que Espazo Lectura realizou por primeira vez en Galicia na noite do 21 ao 22 de xuño de 2008, cando vinte e sete nenos e nenas de seis a doce anos quedaron a durmir na Biblioteca Municipal de Gondomar, onde tamén se realizaron diferentes xogos de busca, un recital de poesía e o agasallo dun libro para cada un. Preténdese que os protagonistas fundamentais do libro sexan os nenos e nenas que aparecen nas fotografías, realizadas por Manuel G. Vicente, en diferentes sesións ao longo do ano 2008. Ao carón de cada unha destas intantáneas reprodúcense citas de personalidades vinculadas co mundo da cultura, nas que poñen de manifesto a importancia do libro e a lectura na vida dos seres humanos. Xunto a estas citas, das que se explicita a fonte na parte final do volume, aparecen as de Cándido Pazó (Vigo, 1961), Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951), Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951), Paula Carballeira (Fene, 1972), María Reimóndez (Lugo, 1975), Xavier López Rodríguez, Cristina Novoa e Pilar Sampedro, que segundo indican os membros da asociación organizadora, foron pedidas *ex professo* para este volume.

Referencias varias:

- N. P., "Un fogar para a imaxinación en Donas", *Faro de Vigo*, "Val Miñor", "Baiona", "Gondomar", "Nigrán", "Oia", "Área metropolitana", 17 maio 2009, p. 16.

Dáse noticia da inauguración da Casa da Lectura na antiga escola infantil de Donas, en Gondomar, que acollerá varias actividades lúdicas e contará cunha biblioteca, que arranca con seiscentos volumes e co compromiso de catro editoriais galegas de facerlle chegar as novidades. Coméntase que o acto de inauguración serviu para presentar o libro *Os ollos do Contomar*, con fotografías de Manuel Vicente e textos de diversos autores, no que se fai referencia á actividade Contomar, na que as tardes dos luns os pais interpretan e engaden citas esporádicas aos contos que lles len aos fillos.

- Ramón Nicolás, "Unha iniciativa exemplar para o fomento da lectura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 316, "Letras en galego", 6 xuño 2009, p. 12.

Faise mención da publicación d'*Os ollos do Contomar*, editado pola asociación miñorana Espazo Lectura en colaboración co Concello de Gondomar e mais a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e que contén fotografías de Manuel G. Vicente. Sinálase que con esta obra se pretende dar máis importancia á lectura, dedicar un tempo a esta actividade e que non sexa "o tempo para leer" "sempre tempo roubado". Indícase que se comeza coa actividade "Unha noite na biblioteca", na Biblioteca Municipal de Gondomar.

-Yolanda Castaño, "Un conto asolagado", *Galicia Hoxe*, "A contra", 11 outubro 2009, contracuberta.

Gábase o proxecto do *Contomar*, creado por Espazo Lectura en Gondomar, mediante o cal realizan sesións de contacontos semanais para os máis pequenos de xeito que se fomenta a lectura entre eles. Destácase o seu dinamismo e seriedade.

VII.5.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Andrade Cernadas, José M., *Alfonso II el Casto*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consorcio de Santiago, col. Historias de Santiago, n.º 5, [lectorado mozo], xuño 2009, 102 pp. (ISBN: 978-84-95364-93-7). ■

Na introdución do libro, o autor, José M. Andrade Cernadas, advirte que o texto é un traballo de divulgación e por iso carece de notas. Está dividido en doce apartados aos que seguen unha recapitulación e a bibliografía. Vai acompañado dunhas ilustracións que aparecen salpicadas en case cada un dos apartados nos que está dividida a obra. Trátase dun libro de peto cunha parte introdutoria dunhas cinco ou seis liñas por capítulo que só se diferencian do resto do texto porque aparecen en cor morada, como a cuberta. Comeza con "O mundo de Afonso II" e aquí explícase a situación da Europa occidental nos séculos VIII e IX. Fálase do Imperio bizantino e dos problemas relixiosos entre a Igrexa de Roma e a Igrexa de Constantinopla. Faise referencia a Carlomagno e ás incursións viquingas. O seguinte capítulo intitúlase "A España de Afonso II", onde se narra a presenza musulmá que dominaba catro quintas partes do territorio hispano. A continuación, nárrase o nacemento do reino de Asturias en "Asturias: de reino a reino", no que non se atopa a influencia do reino carolinxio nin a presenza directa do mundo musulmán. "Un personaxe escasamente documentado" é o título seguinte no que se contan os poucos datos que se coñecen deste monarca que parece que pasou parte da súa infancia ao amparo dos monxes de Samos (Lugo) e durante o seu reinado identificouse o sepulcro de Santiago o Maior. Coa explicación da documentación sobre a infancia de Afonso II continua o seguinte capítulo, "Afonso antes de ser rei". En "Os cambios nas sociedades do noroeste entre os séculos VIII e IX" fálase do panorama territorial, social e cultural do reino asturiano da época. Xa no capítulo "Afonso II, rei. A súa primeira etapa (791-842)" o autor aborda plenamente o reinado de Afonso, unha persoa cunha formación pouco habitual nos monarcas da época e moi relixioso. En "Idas e voltas dun reinado" documenta o éxito do monarca fronte aos musulmáns, como construtor de edificios e reconstrutor de cidades, pero tamén cheo de dificultades, xa que foi expulsado do trono de forma ilegal. Non se sabe moito sobre este episodio porque as crónicas posteriores non mencionan estes feitos. A continuación pásase ao capítulo "Unha igrexa propia para o reino. A política eclesiástica de Afonso II", no que se analiza a súa relación e influencia na Igrexa do reino, cunha sede episcopal en Oviedo."O achado dun sepulcro en Compostela" é un dos capítulos esenciais no libro e un dos feitos máis importantes no reinado de Afonso II. Durante trescentos anos o obxecto descuberto púidose contemplar até que Xelmírez decidiu derrubalo para comezar coas obras da catedral románica. Menciónanse todas aquelas investigacións que poden achegar datos sen caer na lenda. Os dous últimos capítulos son moi breves. En "O primeiro peregrino. O primeiro camiño" considérase a Afonso II o primeiro en visitar o sepulcro unha vez coñecida a noticia por Teodomiro. Os datos que se engaden non deixan de ser elucubracións, como di o autor. "A aventura do mouro Mahamud" é o capítulo que refire os últimos vinte anos do reinado de Afonso II que coinciden en tempo con Abderramán II e coa integración de grupos bereberes. Aquí cóntase que o rei ampara ao rebelde Mahamud, aínda que logo este se rebelase contra o monarca. Na brevísima recapitulación advirte que non se falou do seu sucesor no trono e resume que se avanzou territorialmente no seu tempo e por iso, máis adiante, o rei Afonso III transladaría a súa residencia de Oviedo a León. As ilustracións figurativas de

Jaime Asensi son imaxes que recrean escenas medievais en arquitecturas románicas con obxectos e roupas da época. O estilo figurativo ten a tosquedade das estatuas de pedra e as cores son sobrias.

Petitfaux, Dominique, *Hugo Pratt. O desexo de ser inútil. Lembranzas e reflexións. Entrevistas con Dominique Petitfaux* (*Hugo Pratt. Le désir d'être inutile. Souvenirs et réflexions. Entretiens avec Dominique Petitfaux*, París: Éditions Robert Laffont, 1991), fotografías e debuxos Hugo Pratt, trad. Ánxela Gracián, Vigo: Editorial Galaxia, 2009, 245 pp. (ISBN: 978-84-9865-157-7). ■

Esta edición galega en gran formato, inclúe fotografías, ilustracións, debuxos, acuarelas, confidencias e reflexións dun dos grandes creadores da banda deseñada. A partir das catorce entrevistas realizadas polo historiador Dominique Petifaux (Rethel, Ardenas, Francia, 1948) os lectores poden achegarse ao mundo do debuxante Hugo Pratt (Rímini, Italia, 1927), creador do Corto Maltés. O propio Pratt percorre os procesos de creación das case nove mil pranchas de debuxos, dende "As de picas" até os seus álbumes de Corto Maltés, personaxe de culto da banda deseñada do último terzo do século XX. O libro, publicado por primeira vez en Francia en 1991, catro anos antes da morte do artista, é a única obra na que Hugo Pratt conta a súa vida e desvela moitas das claves das que xorde a súa obra. Conta coas fotografías e debuxos Hugo Pratt. Na cuberta aparece unha imaxe en branco e negro de Corto Maltés, o personaxe máis coñecido deste ilustrador, coas letras do título destacando en cores. No interior hai imaxes de todo tipo relacionadas coa vida deste autor: bocetos dos seus cómics, fotografías de xente relacionada con el ou dos lugares que percorreu, imaxes das súas obras, entre outros.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Pratt: o debuxante que deseñou todos os universos", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 28 febreiro 2009, p. 2.

Tras achegarse brevemente á biografía de Hugo Pratt, precísase que a Editorial Galaxia acaba de publicar o libro *Hugo Pratt. O desexo de ser inútil. Lembranzas e reflexións*, elaborado a partir da entrevista entre Hugo Pratt e Dominique Petitfaux. Sinálase que a peza foi traducida por Ánxela Gracián, que conta con numerosas imaxes e fotografías e que é un "ameno percorrido" por unha vida chea de aventuras e experiencias.

- Rubén Santamarta, "El visionario tras el mito", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 304, "Cómic", 7 marzo 2009, p. 11.

Faise mención do ensaio que acaba de publicar a Editorial Galaxia, *Hugo Pratt. O desexo de ser inútil*, de Dominique Petiffaux, que foi traducida ao galego por Ánxela Gracián. Indícase que na peza se fai un percorrido pola vida dun dos grandes do cómic, indagando nela a partir de catorce entrevistas: os anos venecianos, a vinculación ao xudaísmo e ao fascismo, o inicio na literatura de aventuras ou as súas primeiras experiencias sexuais. Bótase de menos debuxos inéditos ou bocetos do final da súa vida.

- Carlos Freire, “Explorador da verdade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 284, “Libros”, 26 marzo 2009, p. V/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 228, “Letras galegas”, 4 abril 2009, p. 7

Sinálase que a obra *Hugo Pratt. O desexo de ser inútil,* de Dominique Peitfaux xa conta cunha tradución ao galego, realizada por Ánxela Gracián e publicada pola Editorial Galaxia. Precísase que nesta obra se conta a “interesante vida” do autor veneciano até a súa morte no ano 1995: a súa vida en Etiopía, o seu regreso a Italia, as súas distintas experiencias.... Dise que a obra se levou a cabo a partir das súas propias verbas, extraídas dunhas entrevistas e que “se le con enorme interese de principio a fin”. Saliéntase que o xénero feminino é unha constante das súas obras e que a segunda parte do volume afonda no mundo interior do creador veneciano, tratando aspectos da súa obra como o esoterismo, a mitoloxía grega, as sagas celtas ou a influencia de autores como Shakespeare, Kipling ou Borges.

- Pachu M. Torres, “Tiempo y memoria”, *ABC*, “*Artes&Letras*”, n.º 9, “Cómic”, setembro 2009, p. 7.

Dálle a benvida ao mercado galego, da tradución a partir dun orixinal francés, ao volume *Desexo de ser inútil. Entrevistas de D. Petitfaux a Hugo Pratt* que edita Galaxia. Valora o esmero posto na edición, que permite gozar de Hugo Pratt como historietista e ilustrador, nesta narración biográfica en imaxes que presenta un grafismo complexo e unha composición arriscada. Apunta que se trata dun libro intimista e sinxelo que conta a vida de Pratt a través de catorce entrevistas con Dominique Petitfaux, que permite percorrer a vida do creador e os seus procesos de creación dende *As de picas* até *O Corto Maltés*.

- Carlos Redondo Sánchez, “O desexo de contar(se)”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, “O espello das letras”, outubro, novembro, decembro 2009, pp. 112-113.

Explica que Hugo Pratt está considerado como un dos principais responsábeis da renovación que a banda deseñada experimentou a partir da década de 1960, así como apunta que, catorce anos despois da súa morte, a súa obra segue vixente. Considera que *O desexo de ser inútil*, ao coidado de Dominique Petitfaux, revisa en sete capítulos, profusamente ilustrados con pranchas e fotografía dos arquivo de Pratt, a traxectoria vital do debuxante. Sinala que Petitfaux dá pé ao relato autobiográfico e cómplice do historietista, marcado pola tendencia propia a sublimar a experiencia vital até tal punto que, para Pratt, *O desexo...* será case como unha máis das obras creativas da súa traxectoria, ao tempo que serve para entender algunhas das etapas fundamentais da evolución da banda deseñada como campo artístico prestixiado. Por outra parte, di que na segunda parte do volume se ofrecen sete achegamentos á obra de Pratt, a través dos cales se indaga sobre os referentes literarios do autor, a heteroxeneidade da súa formación cultural autodidácta e sobre a súa visión da guerra e do universo feminino plasmados nas súas pranchas.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Hugo Pratt conta a súa vida de aventuras polo mundo en ‘O desexo de ser inútil”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 4 marzo 2009, p. 64.

Precísase que a Editorial Galaxia acaba de publicar “unha longa entrevista co debuxante de Corto Maltés”, isto é a traducción da obra de Dominique Peitfaux, *Hugo Pratt. O desexo de ser inútil,* realizada por Ánxela Gracián. Sinálase que na obra se manten unha conversa con Hugo Pratt, que será a que guíe o libro, e que foi extraída dunha serie de entrevistas súas nas que lembra a súa infancia, o seu paso por Etiopía, a vida na Arxentina, a súa volta a Europa. Tamén se tratan os elementos que o influíron: as viaxes, a cultura, o esoterismo, os mitos, o feminino ou os heroes. Faise mención da próxima publicación doutra traducción do autor, *Patio agochado chamado Arcano*, que desnvolve unha aventura de Corto Matés en Siberia.

- Xurxo Fernández, “La noche, el templo y la ‘geishas”, *El Correo Gallego*, “La Rosa de los Vientos”, 9 marzo 2009, contracuberta.

Faise mención á publicación pola Editorial Galaxia da obra de Dominique Petifaux, *O desexo de ser útil. Lembranzas e reflexións*, centrada na vida de Hugo Pratt.

- M. Blanco Rivas, “Andel de novidades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 282, “Infantil/Xuvenil”, 12 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión de *Hugo Pratt*, escrita por Dominique Petitfaux, xunto aos doutras obras alleas á literatura galega.

Sánchez Sánchez, Xosé M., *Santiago, el Hijo del Trueno*, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consorcio de Santiago, col. Historias de Santiago, n.º 6, [lectorado mozo], xuño 2009, 101 pp. (ISBN: 978-84-95364-92-0). ■

Neste libro escrito en castelán Xosé M. Sánchez Sánchez relata a vida a historia de Santiago Apóstolo seguindo en todo momento un enfoque pedagóxico e didáctico, e mesturando realidade o lenda e incluso facendo conxecturas sobre situacións cotiás do apóstolo. A linguaxe é clara e sinxela e con interpolacións ao lectorado buscando en moitos momentos a súa complicidade. Na introdución o autor anticípase o obxectivo da obra e reflíctese as fontes de documentación existentes sobre a vida do apóstolo Santiago. A continuación a obra divídese en dez capítulos intitulados e un primeiro parágrafo marcado en vermello. Nese primeiro parágrafo o autor recolle un comentario anticipando a temática do capítulo en cuestión. A obra recolle tamén dez ilustracións referidas ao relato e feitas por Jaime Asensi, que ocupan completamente a páxina dereita e destacan as súas cores moi estridentes. No primeiro capítulo, “Las arenas del tiempo. Palestina”, descríbese Palestina, o lugar de nacemento do apóstolo Santiago, nese época concreta, polo que inclúe referencias á sociedade, política, e economía. En “Santiago, el hijo del trueno” fálase da orixe do nome do apóstolo. En “Tras las sandalias del pescador”, o narrador conta a xuventude de Santiago e como coñeceu a Xesús e decidiu seguilo. En “‘Id pues’. Santiago en la península ibérica”, coméntase como Santiago, tras a morte de Xesús, viaxa a diversos lugares e entre eles pénsase que chegou a Galicia. A continuación en “Muerte, pero no olvido. Las tradiciones y veneración medievales”, descríbese as lendas e tradicións sobre o paso de Santiago por

Galicia. O capítulo “Teodomiro y las luminarias. El descubrimiento del sepulcro”, recolle o descubrimento do que se pensa é a tumba do apóstolo. En “A hierro, espada y bastón. Santiago en el mundo medieval”, continúase o relato da posíbel presenza de Santiago en Galicia e de como loitou para votar aos musulmáns da Península. En “La noche. Ocultación de los restos en el siglo XVI”, explícase que tiveron que agochar a tumba do apóstolo para evitar os ataques dos piratas no século XVI. O capítulo “El amanecer del presente. Antonio López Ferreiro”, recolle a relevancia da figura de Antonio López Ferreiro, un sacerdote interesando pola arqueoloxía e que descubriu o lugar onde estaban os restos do apóstolo aumentando deste xeito o pulo da peregrinación a Santiago de Compostela. Finalmente, en “Ida y vuelta de un historiador. Conclusión”, incítase ao lectorado a continuar interesándose pola historia e as súas fontes. O final da obra recóllese unha breve cronoloxía dos feitos.

VII.5.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Agrelo Costas, Eulalia, "Rinocerontes e quimeras", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17, "Recensões e notas críticas", abril 2009, pp. 87-88.

Despois de referirse á produción literaria de Marcos S. Calveiro, detalla o argumento da súa novela *Rinocerontes e quimeras* (2007). Explica que nela se desenvolve a "dramática" historia duns extravagantes artistas de circo, a partir dunha pluralidade de voces que alude a tempos e escenarios diferentes. Destaca o emprego dos xogos intertextuais que se estabelecen con feitos históricos ou literarios, aínda que apunta algunha incoherencia nesas alusións, así como se lamenta de non vixiarse con máis rigor o aspecto gramatical. Por último, considera que estamos ante "unha materia de ficción, na que realidade e fantasía se mesturan para darlle corpo a unha boa proposta literaria, da que destilan valores como o respecto pola diferenza".

Agrelo Costas, Eulalia, "Do A ao Z. Galicia", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18, "Recensões e notas críticas", outubro 2009, pp. 78-79.

Centra o seu comentario no primeiro poemario conxunto de Xoán Babarro e Ana María Fernández, *Do A ao Z. Galicia*, co que "lle renden unha calorosa e festiva homenaxe á súa terra cun discurso literario que sintetiza as súas experiencias poéticas individuais". Explica que as súas vinte e sete composicións seguen a orde do alfabeto e brindan a oportunidade de iniciar unha prospección por algunhas das particularidades que lle dan entidade propia a Galicia e de recoñecer a súa representatividade en certos ámbitos, coa axuda do labor ilustrativo de Luisa Vera. Sinala que a voz poética se caracteriza pola "súa actitude de enunciar, explicar e concienciar dende a asunción dunha postura afábel, de convencemento e sumamente lúdica". Por outra parte, alude á recorrencia á poética popular e á experimentación con esquemas menos convencionais, así como apunta algúns dos recursos ensaiados nestes textos. Remata sinalando que se trata "dunha proposta poética alegre, sentida e didáctica cun forte signo ecosistémico".

Agrelo Costas, Eulalia e Marta **Neira Rodríguez**, "Vinte anos da colección 'Merlín", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17, "Referências", abril 2009, pp. 55-57.

Faise un percorrido polos vinte anos da colección "Merlín", que apareceu en outono de 1988 e tomaba o nome do premio homónimo convocado por Edicións Xerais de Galicia. Apúntase que xa leva publicados 184 volumes e detállase a orixe dos seus textos, así como se achega o nome de autores e ilustradores con obra publicada nesta colección. Por outra parte, apúntase que, malia estar entre os seus obxectivos iniciais dar cabida a todos os xéneros e temas, o seu corpus está integrado sobre todo por textos narrativos. Tamén se alude ás súas diferentes series e descríbense os seus elementos paratextuais, que mudaron ao alcanzar o seu número 100. Remátase afirmando que esta colección "soubo adaptarse aos tempos e parece que conseguiu ser a canle 'que faga posible a existencia en Galicia dunha literatura infantil plural, popular, de calidade, en diálogo con outras culturas' e contribuír así á constitución dunha 'literatura normalizada".

Agrelo Costas, Eulalia e Marta **Neira Rodríguez**, "Bolboretas no papel", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18, "Recensões e notas críticas", outubro 2009, pp. 77-78.

Refírense á presentación do poemario *Bolboretas no papel* (2008), de Antonio García Teijeiro, no que inclúe composicións que, formalmente, responden ás correntes que Blanca-Ana Roig estabeleceu en *A poesía infantil e xuvenil en Galicia* (2000): "poesía é xogo", "poesía é música", "poesía é conto" e "poesía é maxia". Alúdese á súa dedicatoria e ao seu poema "Limiar", así como se analizan as catro partes que inclúen un total de trinta poemas, que están ilustrados por Fino Lorenzo. Considérase que nesta obra o escritor vigués "fai gala da poética formal e temática que comezou a deseñar na década dos oitenta e á que lle foi engadindo novos trazos e remarcando outros xa practicados", entre os que se destacan os humorísticos e surrealistas.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Un relato poemático contra o fascismo", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 107-108.

Coméntase o álbum editado por OQO, *Fume* (2008), de Antón Fortes e Joanna Concejo, que, segundo Xosé María Álvarez Cáccamo condensa no seu título a súa poética, que dá paso a un texto "de extraordinaria calidade ética, emocional e literaria, destinado a receptores de todas as idades". Cualifica o resultado como un relato poemático e menciona trazos como o uso do presente, as frases lapidarias, a esencialidade do estilo, a ausencia de adxectivación, a perspectiva dun narrador-protagonista infantil e o predominio da linguaxe denotativa. Con respecto ás ilustracións, salienta que Joanna Concejo traza un texto paralelo e complementario do discurso literario, unha "poética de polisémica apertura connotativa", mesturando a liña figurativa, o código onírico e simbólico de tradición surrealista e un tratamento expresionista, e reiterando motivos como os corpos cortados polo marco da páxina e pequenos obxectos que representan a miseria e o castigo.

Barro, Pablo, "Miguelanxo Prado. A universalidade é unha ambición irrenunciable para un artista e creador/La universalidad es una ambición irrenunciable para un artista y creador", *Galegos*, n.º 6, "Caderno/Cuaderno", II trimestre 2009, pp. 62-69.

Entrevista a Miguelanxo Prado ao redor da súa traxectoria artística e literaria. Tras unha breve noticia biográfica, reproduce a conversa nun formato bilingüe de dúas columnas en galego e castelán. Tratou cuestións como a relación entre o autor e a súa cidade e o mar; os seus inacabados estudos de arquitectura; os seus primeiros contactos coa banda deseñada; a temática baseada nas cores e a súa predilección polos personaxes; a súa iniciación á animación; a chegada da banda deseñada á comunidade galega e a súa situación actual e futura; o seu proxecto de creación dun museo do cómic na Coruña e xa, por último, a vindeira edición de Viñetas dende o Atlántico e futuros proxectos.

Bendoiro Mariño, Pilar, "Teatro infantil. Do texto á representación. Pedro Lucas e Isabel Soto (coords.)", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*, n.º 7 (1), "Reseñas/Reviews", 2009, pp. 117-120.

Descríbese en liñas xerais a publicación colectiva *Teatro infantil. Do texto á representación* (2007), facendo un percorrido polos diferentes traballos que a completan e dando conta do tema central de cada un deles, o feito teatral para infantes e mocidade. Coméntanse primeiramente os textos de exposición teórica, que xiran en relación aos dous niveis do teatro en xeral, e particularmente neste caso do infantil: texto e representación, analizando en cada un deles diferentes aspectos e particularidades deste xénero. A continuación faise unha breve relación das achegas presentes que tratan os distintos panoramas históricos do teatro infantil segundo as diferentes linguas do marco ibérico, salientando a lingua de orixe da escrita de cada un deles dependendo do marco ibérico a tratar, así como tamén a súa temática, a evolución diacrónica do teatro infantil no ámbito ibérico. Finalmente infórmase da selección que se ofrece, de obras de interese para o mediador, salientando a finalidade de dar o xénero a coñecer e resaltar os diferentes aspectos do teatro infantil.

Bendoiro Mariño, Pilar, "Chocolata", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17 (II Série), "Recenções e notas críticas", "Livros para crianças e jovens", "Em galego", abril 2009, pp. 81-82.

Neste comentario sobre *Chocolata* (2006), da escritora e editora de OQO Marisa Núñez (Sarria, Lugo, 1961) con ilustracións de Helga Bansch (Leoben, Austria, 1957), faise un percorrido polos elementos textuais que sitúan a peza como libro de destinatario preferentemente infantil, tales como o argumento, que consiste nunha incursión na cidade da hipopótama protagonista; os personaxes humanizados, posto que todos eles son animais; o tratamento claro do espazo; a linealidade do tempo; a linguaxe sinxela; a figura do narrador en terceira persoa; os temas tratados, como a amizade, ou a presenza de certas intertextualidades, cuxa función se define como unha axuda para formar a consciencia literaria do lectorado. Todos estes comentarios diríxense a salientar o carácter fantástico da narración, a cal, e para rematar, se di estar acertadamente complementada por unhas ilustracións vivas e atractivas de cara á ollada dos máis pequenos.

Bendoiro Mariño, Pilar, "Estudios críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales en España. V. Ruzicka Kenfel, y L. Lorenzo García (eds.). y C. Valero Garcés (coord.)", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18 (II Série), "Recenções e notas críticas", "Estudos e Revistas", outubro 2009, pp. 89-90.

Dáse a benvida á colección "Estudios Críticos de Traducción de Literatura Infantil y Juvenil", da Universidade de Vigo, e coméntase asemade o obxectivo perseguido, a análise crítica e comparativa de traducións ás diferentes linguas oficiais de España de obras dos ámbitos inglés e alemán. Centrándose nas dúas primeiras entregas, dáse conta dos diferentes apartados dos volumes, que seguen unha mesma estrutura: estudos teóricos; exposición do autor e obra; e análise da tradución, esquema repetido en cada unha das diversas linguas. Segue a esta relación estrutural un breve tratamento das obras

analizadas no Tomo I: *Liebe Susi! Lieber Paul!* (1984), de Christine Nöstlinger, e *A Study in Scarlet* (1887), de Sir Arthur Conan Doyle. E, finalmente, achéganse de xeito un pouco máis detallado comentarios en relación ao Tomo II, que analiza as traducións das obras *Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse* (1995), de Gudrun Pausewang, e a serie inglesa *Harry Potter* (1995), de J. K. Rowling, salientando o valor da colección de cara aos mediadores coa finalidade de servir como guía informativa sobre as traducións realizadas en España de obras dos ámbitos tratados.

Buján, Daniel, "Miguelanxo Prado, fermosa e subxugante arte / Miguelanxo Prado, hermoso y subyugante arte", *Galegos*, n.º 6, "Caderno/Cuaderno", II Trimestre, 2009, pp. 70-82.

Artigo ao redor da figura de Miguelanxo Prado en formato bilingüe de dúas columnas en galego e castelán. Comeza debuxando a situación literaria galega con respecto á banda deseñada a partir da década de 1970, da que salienta aspectos como a nova concepción do cómic como arte; a aparición do cómic mural e dos fanzines, como *Vagalume*; a creación do grupo Castro, con Raimundo Patiño e Xaquín Marín, que publican o seu primeiro conto, *A cova das xoias* ou a configuración da revista *Xofre*, con Miguelanxo Prado, Xan López e Fran Jaraba, na que saen publicados os traballos de Prado. Fala a seguir das publicacións do autor, como por exemplo a tira de prensa *Os compañeiros* (*A orde da pedra*), os álbums *Fragmentos de la Enciclopedia Délfica* (1985), *Stratos* (1987), *Manuel Montano: El manantial de la noche* (1988); *Crónicas Incongruentes* (1990), *Páxinas crepusculares* (1993), *Tanxencias* (1995), *Trazo de tiza* (1994), merecente do Premio Alph Art de Angoulême entre outros; a historia d'*A Mansión dos Pampín* (2004) e continúa co seu traballo ilustrativo, coa súa abundante participación en traballos colectivos e a cuestión do cine de animación a partir da década de 1990, con producións como *Os vixilantes do Camiño*; a serie de debuxos animados *Men in Black* e o filme *De profundis* (2006).

Calle, Ángel de la, "Miguelanxo Prado. O corazón dunha estrela/ Miguelanxo Prado. El corazón de una estrella", *Galegos*, n.º 6, "Caderno/Cuaderno", II trimestre 2009, pp. 86-93.

Fai referencia á traxectoria artística de Miguelanxo Prado, con especial fincapé na creación dos seus cómics. Grafado en formato bilingüe galego-castelán, salienta os seus traballos como o filme rupturista *De Profundis* (2007), as series publicadas na revista *1984*, posteriormente *Zona 84*, *Fragmentos de la Enciclopedia Délfica* (2001) e *Stratos* (1999); o conxunto de historias autoconclusivas *Crónicas incongruentes* (1998); *Manuel Montano, el manantial de la noche*, en colaboración con Fernando Luna; *Quotidianías delirantes* (2003); os relatos de amor contemporáneo englobados no título de *Tangencias* (2000); a adaptación de *Pedro y el lobo* (1993); o cómic *Trazo de tiza* (2003); o proxecto colectivo *The Sandman Endless Nights*; *A mansión dos Pampín* (2002) e os seus vindeiros proxectos, *Nordeste* e a adaptación dunha novela de Paco Ignacio Taibo II.

CLIJ, "*La noche de los cambios*. Pep Bruno", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 223, "Libros de 0 a 5 años", febreiro 2009, p. 64.

Descríbese o argumento desta obra traducida ao galego en 2008. Dise que a historia que se conta é unha historia de animais que pola noite se disfrazan e equivocan ao graxeiro. Saliéntase que están "perfectamente confabuladas, palabras e imágenes....para condurcirnos a un final, que no por esperado, resulta divertido". Cualifícase de "ingenioso cuento, narrado con agilidad y expresividad, pero sin ornamento, ideal para su lectura en voz alta" e dise que "se crece con las ilustraciones de la checa Lucie Müllerová" que caracterizan de forma "espléndida" os personaxes e os escenarios. Destácase tamén a opción cromática elixida.

CLIJ, "*Historia de la Resurreción del papagayo*. Eduardo Galeano", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 223, "Libros. de 0 a 5 años", febreiro 2009, p. 64.

Recórdase que esta obra baseada nun lenda mexicana, foi traducida á lingua galega en 2008. Dise que se trata dunha historia etiolóxica sobre o porque da gama cromática do papagaio. Saliéntase que se conta con claridade a partir dun conto encadeado e que as ilustracións responden ás necesidades do conto "con una puesta en escena realizada a través de esculturas esenciales". Finalízase dicindo que "En el conjunto del libro destaca el ritmo que imprimen las dobles páginas…Una pieza redonda, medida en cada detalle, pero sobre todo emocionante".

CLIJ, "Lista de honor de CLIJ 2008. Los 100 mejores libros de año", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 225, "Lista de honor", abril 2009, pp. 7-10.

Ofrecen unha selección, a partir de cincocentos títulos, para os mediadorse (profesores, bibliotecarios, pais, estudiosos e interesados na LIX) que elaboraron os membros da Redacción da Revista en colaboración con Xabier Etxaniz, de Vitoria, Mª Jesús Fernández, da Coruña e Teresa Mañá, de Barcelona. Divídena por idades e entre as diferentes franxas que estabelecen constan os seguintes títulos en galego. Na franxa de 0 a 5 anos, *No es una caja*, de Antoinette Portis; *Titiritesa*, de Xerardo Quintiá; *Tres desexos*, de Eva Mejuto. De 6 a 8 anos: *La historia de la manzana roja*, de Jan Lööf; *A pastelería de dona Remedios*, de Agustín Fernández Paz. Na franxa de 8 a 10 anos: *Contos de Reis e de Nadal*, de Miguel Vázquez Freire; *Instituciones para despertar a una silla dormida*, de Pablo Prestifilippo; *La increible historia de la niñapájaro y el niño terrible*, de Anna Castagnoli. De 10 a 12 anos: *PAlAbrAS brAncAs*, de Elvira Riveiro. De 12 a 14 anos: *Das novas cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín. Máis de 14 anos: *O único que queda é o amor*, De Agustín Fernández Paz; *Huida al sur*, de Juan Madrid; *Suso Espada. Istambul e o cabaliño de ouro*, de Francisco X. Fernández Naval.

CLIJ, "Los Premios de 2008", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 225, "Informe", abril 2009, p. 11-82.

Neste "Informe", despois de facer unha listaxe dos premios e dos galardoados dos diferentes xéneros no ano que se describe, pásase a facer uns breves comentarios sobre o creador galardoado, cítanse os outros galardóns alcanzados noutros premios, unha biobibliografía seleccionada, unha breve entrevista e un descritor da obra galardoada.

Dise que os autores galegos que mereceron algún galardón este ano foron: Agustín Fernández Paz, "Premio Nacional" por *O único que queda é o amor*;: Marilar Aleixandre "Premio Fundación Caixa Galicia" por *A cabeza de Medusa* e Marcos Sánchez Calveiro "Premio Barco de Vapor" por *O canto dos peixes.*

CLIJ, "*La nube de Martín*. Javier Sobrino", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 228, "Libros/Novedades. De 6 a 8 años", xullo/agosto 2009, p. 54.

Parte do dito "está en las nubes" para comentar este álbum publicado en 2008 que mereceu o I Premio Internacional Compostela no que considera se recrea esta imaxe a través dun textos, unhas frase oníricas e unhas ilustracións contundentes e surrealistas. A seguir recorda o argumento e remata dicindo que se trata dun traballo "con el sello inconfundible de Luciani" e que encaixa "como un guante" na colección "Libros para Soñar".

CLIJ, "*¿Y yo que puedo hacer?*. José Campari" *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 229, "Libros/Novidades", setembro 2009, p. 66.

Despois de facer un breve percorrido pola historia que se conta nesta obra, traducida á lingua galega, saliéntase que o narrador arxentino, afincado en Galicia, planea, nesta obra publicada pola Editorial OQO en 2008, a necesidade da solidariedade para que mellore o mundo e faino a nivel poético e emocional pero sen refugar contestar á pregunta que lle dá título ademais de facelo de xeito directo e explicando as respostas co texto e coas ilustracións de Jesús Cisneros que se di vai afianzando o seu estilo "etéreo, delicado e sofisticado".

Cobas Brenlla, Xulio, "Novoneyra. Narrativa dirixida á infancia", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 45, "Recensións", novembro 2009, pp. 133-134.

Trae á memoria tres volumes da autoría de Uxío Novoneyra, pertencentes ao eido da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega: *O cubil do xabarín* (1991); *Gorgorín e Cabezón* (1992) e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998). Destaca dos tres a súa forza narrativa, a riqueza do seu léxico, a calidade poética e o espazo no que se basean e describe a seguir os seus respectivos fíos argumentais, prestando especial atención ás súas literariedades. Conclúe cunha concisa *laudatio* do autor.

Chao, Ignacio, "Xardín do pasatempo: outra infancia de Ramiro Fonte", *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, n.º 16, "In Memoriam", 2009, pp. 359-369.

Comenta que en 2005 propúxolle a Ramiro Fonte facer un libro de poemas para lectores de dez a doce anos para unha colección de Tambre e, aínda que ao principio se negou porque non quería adiar a escritura do último volume de "Vidas de infancia", titulado *As pontes no ceo*, que rematou en 2007, ao final decidiu facelo. Sinala que *Xardín do pasatempo* (2008) é un libro de memorias de infancia, onde a memoria se revela como afirmación de identidade nun presente continuo que serve de comunicación constante

entre un tempo anterior e outro inmediato. Destaca que os tres primeiros poemas do volume son unha declaración de intencións, onde a memoria infantil funciona como espello da nosa identidade. Así, o primeiro poema, titulado "Xardín do pasatempo", serve de limiar de lectura e está composto por tres décimas encadeadas nas que revisa os anos iniciais mediante un paseo real, no que as tebras do pasado se converten en luz do presente, e que nos dá a idea de que a infancia nos acompaña sempre. Considera que é unha das pezas de maior dimensión expresiva de toda a súa obra debido a aparente simplicidade do enunciado, á súa potencia plástica determinada pola numeración de elementos cheos de vida, á axilidade rítmica, etc. Salienta que a segunda composición, titulada "¿Para quen?", é continuación da primeira, polo que segue coa exploración do xardín, e pecha cunha pregunta retórica onde se aprecia por primeira vez o xogo da alternancia dos tempos. Dise que "Así como vén" é o terceiro poema, unha confesión cargada de significado simbólico. Afirma que en *Capitán de Inverno* Ramiro Fonte comezou a explorar a liña da memoria popular eumesa na súa obra lírica reflectindo os ambientes mariñeiros, coma se fose un pintor impresionista, que retoma neste poemario. Polo tanto, as primeiras partes do volume están ateigadas de alusións aos seus anos de cativo, por exemplo, o capítulo "Grea de gatos", dedicado aos gatos da súa rúa; "Dicionario de símbolos" e "Vellas datas do futuro" con referencias explícitas ás súas primeiras experiencias vivenciais; "Meses novos" no que parece revivir persoas do seu pasado; "Catro estacións" onde volve aparecer un xardín híbrido entre un xardín ideal e o real da súa nenez. Asegura que é o seu primeiro e único libro para rapaces pero que segue a estrutura dos anteriores, que integra aspectos da tradición culta e emprega estrofas clásicas (cuartetas, quintillas de octosílabos ou sonetos). Indica que son poemas enumerativos polo que teñen un ritmo activo e un efecto sensorial e que as liñas temáticas teñen que ver coa nosa identidade pero tamén coas doutras tradicións. Finalmente, conta que o poemario foi ilustrado por Jacobo Muñiz, o cal confesou que quixo salientar o carácter enigmático que teñen as lembranzas cos seus debuxos que, a modo de adiviñas visuais, dialogan cos textos de Ramiro; así, representa elementos da paisaxe e elementos aéreos e achega a súa memoria ás páxinas. Destaca que a Ramiro Fonte gustoulle moito o traballo de Muñiz porque cría que reforzaba os seus versos.

Docampo, Xabier P., "R", *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, n.º 3, 2009, p. 60.

No marco dunha selección de personaxes da literatura universal ordenados alfabeticamente, a letra R dedícase a Ramón Lamote, o personaxe creado por Paco Martín, que se define pola súa retranca e a súa atractiva filosofía vital. O breve texto vai acompañado dunha ilustración de Xosé Cobas que recrea o personaxe.

Domínguez Pérez, Mónica, "A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil. Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López (coords.)", *Liquids*. *Revistas d'estudis literaris ibèrics*, n.º 3, 2009, pp. 97-101.

Comenta de forma xeral cada un dos apartados que compoñen o volume, *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008), a partir da "Introdución" e salienta os artigos de Mª José Olaziregi, "La Guerra Civil y sus representaciones"; Nieves Martín Rogero, "Guerra Civil y posguerra en la narrativa escrita en castellano"; Joan Portell, "Històries de la guerra 'incivil'"; Blanca-Ana Roig, "A Guerra Civil na narrativa

infantil e xuvenil galega: unha temática incompleta"; José António Gomes, Ana Margarida Ramos e Sara Reis da Silva, "Narrativa portuguesa e Guerra Civil española"; a tradución de Isabel Soto da reflexión de Xabier Etxaniz e Manu López, "Unha ferida sen cicatrizar. A Guerra Civil na LIX vasca"; Veljka Ruzicka, "Aproximación al estudio de la Guerra Civil española en la literatura infantil y juvenil alemana"; Celia Vázquez, "Aproximación ao estudo da Guerra Civil española na literatura infantil e xuvenil inglesa: eco distante desapaixonado". Alude asemade á bibliografía presente no volume sobre a temática belicista, así como ao apartado dedicado aos comentarios de narracións da mesma temática en diversas linguas. Xa por último recomenda a súa lectura.

Domínguez, Mónica, "As primeiras traducións de literatura infantil e xuvenil ao galego: normas de tradución, difusión e recepción", *Boletín Galego de Literatura*, n.^{os} 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Estudos", 2009, pp. 37-60.

Artigo no que se analizan as traducións ao galego de obras pertencentes á Literatura Infantil e Xuvenil realizadas nos anos 1966 e 1997. Explícase que as devanditas traducións xorden a partir dun acordo de coedición da editorial Galaxia coa empresa catalá La Galera, froito do cal se publican catro obras traducidas do catalán e do castelán, pioneiras polo tanto no sistema literario infantil e xuvenil galego. Mónica Domínguez detense no estudo en aspectos tales como os produtores, as características, as achegas á literatura infantil galega, as normas de tradución, a recepción, etc., poñendo de manifesto como nacemento da literatura infantil galega se atopa estreitamente vinculado aos polisistemas catalán e castelán.

Domínguez Pérez, Mónica, "The Selection of Children's Books Translated from Spanish to Galician, Basque and Catalan (1940-1980)", *IRCL*: *International Research on Children's Literature*, n.º 2, 2009, pp. 243-258.

Neste artigo revísanse as traducións de literatura infantil e xuvenil castelá ao galego, éuscaro e catalán, pero só aquelas nas que a editorial de partida é diferente da editorial de chegada. Logo dunha introdución á teoría dos polisistemas e dunha presentación do momento histórico a estudar, as traducións dunha editorial diferente á do texto de partida son presentadas como aquelas nas que as posibilidades dos editores son maiores, e polo tanto se espera un proceso de selección de textos máis estrito. A continuación todas as traducións mencionadas para o período 1940-1980 son presentadas por colección, para concluír que a posición de poder relativa de cada literatura respecto ás da súa contorna condiciona tanto o número de traducións coma o proceso selectivo das mesmas.

D. V., "Faleceu Anisia Miranda", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O rego da cultura", outubro, novembro, decembro 2009, p. 9.

Dá conta do falecemento de Anisia Miranda, quen compartiu, xunto ao seu home Xosé Neira Vilas, creación literaria e compromiso incondicional coa lingua e o libro galegos, aínda que esta cubana de nacemento alcanzou ademais metas singulares no eido do xornalismo infanto-xuvenil. Alude á posta en marcha da editora e distribuidora Follas Novas (Arxentina) por parte do citado matrimonio, así como á súa participación na

revolución cubana. Apunta que na Habana Anisia traballou con Alejo Carpentier na revista *Pueblo y Cultura* e que chegou a dirixir as revistas infantís *Zunzun* e *Birijita*. Apunta que a vinculación da parella con Galicia levouna a empregar o galego en obras para a infancia, ademais de que, a partir do seu regreso en 1992, se dedicou á biblioteca da Fundación Xosé Neira Vilas e aos premios que convoca de poesía e teatro para nenos.

Espiño Amil, Mercedes, "*Sari, soñador de mares*. Marcos S. Calveiro", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 44, "Recensións", xuño 2009, p. 181.

Informa da novela que Marcos S. Calveiro deu ao prelo en 2006, *Sari, soñador de mares*, na colección Catavento da editorial Tambre, no seo da narrativa xuvenil. Comeza destacando o seu carácter de homenaxe á novela cunqueirana *Sinbad* para despois describir o seu argumento e a figura do seu protagonista. Remata a recensión salientando algúns trazos estilísticos do autor como a súa mestría no emprego do léxico xunto a trazos de contido como o seu coñecemento da cultura árabe. Indica porén un uso reiterado en exceso de metáforas e adxectivos que complican a lectura, pero subliña a natureza poética da novela.

Etxaniz, Xabier, "*Munia ohe azpian lo*. Juan Kruz Igerabide", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 228, "Libros. De 6 a 8 años", marzo 2009, p. 65.

Despois de describir a historia, comenta que a partir dun argumento bastante común, o autor e o ilustrador lograron contar unha sinxela e entrañábel historia a partir de suxestións abertas á interpretación do lectorado. Remata falando da colección que considera presenta obras interesantes pero, sobre todo, aspira a "instruir deleitando", neste caso faino sobre a familia, a colaboración, o amor, elementos que considera poden favorecer as vendas pero non o valor literario.

Fandiño, Xosé Ramón, "Gres, Arxentina e Cuba, periplo vital do escritor e académico Xosé Neira Vilas / Gres, Argentina y Cuba, periplo vital del escritor y académico Xosé Neira Vilas", *Galegos*, n.º 5, "Entrevista", I Trimestre 2009, pp. 6-19.

Entrevista a Xosé Neira Vilas na que se realiza un percorrido pola súa traxectoria biobibliográfica. Tras un parágrafo inicial con datos do seu nacemento e profesión e que destaca a publicación de *Memorias dun neno labrego* en 1961, comenta a súa emigración a Bos Aires e a creación da Fundación Xosé Neira Vilas, dirixida por el e mais a súa muller Anisia. A conversa xira en torno ao *best seller Memorias dun neno labrego*; a súa infancia en Gres; os seus pais; os recordos da guerra civil española e dos tempos da posguerra; o ensino obrigatorio en lingua castelá; a visión pesimista das súas novelas; a emigración ao continente americano, especialmente a Arxentina; o seu volume *Historias de emigrantes* (1968); a fundación das Mocedades Galeguistas en 1953; a celebración en Bos Aires do Primeiro Congreso da Emigración en 1956; a recepción da súa obra poética; o seu matrimonio con Anisia Miranda en 1957; a fundación da editorial e centro cultural Follas Novas; a Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA); a segmentación social en Arxentina; a

súa relación co Che; a creación da sección galega do Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba; os seus volumes *Lar* (1973) e *Nai* (1980); outros volumes seus publicados entre 1980 e 2000; as traducións ao galego de volumes de escritores internacionais e finalmente o seu regreso a Galicia en 1972 e a súa vida en Gres dende 1992.

Fernández, María Jesús, "*Xenaro e o misterio da mochila verde*. Mar Guerra", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 222, "Libros. de 12 a 14 años", xaneiro 2009, p. 58.

Despois de recordar que é esta a primeira novela da autora e de que foi galardoada co Premio Merlín 2008, descríbese a historia que se conta na "novela" e saliéntanse aqueles feitos que se consideran principais e que son presentados polo protagonista quen lle conta a "un interlocutor al que hace objeto de sus confidencias" que a solución do misterio pon de relevo "lo inadecuados que suelen ser los prejuicios sobre las personas y también aporta una posible solución a ciertos comportamientos sociales". Destaca como acertos: a prosa axil e amena, a elección da voz narradora, o protagonismo da familia e colexio, a coidada edición e as notábeis ilustracións, moi próximas á estética do cómic.

Fernández, María Jesús, "*Cardeno animalista*. Antón Fortes", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 222, "Libros. Más de 14 años", xaneiro 2009, p. 59.

Inicia o comentario dando a benvida á aposta de OQO por producir libros galegos de "excelentes artistas" como é este álbum que presenta características similares ao premiado *Gran Libro dos retratos de animais* (2006), de Svjetlan Janacovic. Salienta que tamén neste caso "el ilustrador se propone una reinterpretación de la obra de famosos artistas haciendo a los animales protagonistas". Insiste en que se parte da recreación de trinta famosísimas obras de "autores" dos séculos XIX e XX, realizadas con "maestría", "personal estilo", "una interesantísima manera de aproximar a los lectores, niños y adultos, a la pintura de los últimos tiempos, añadiendo además un toque de parodia y de humor". Tamén considera de interese o labor de Fortes que "parece buscar la mejor adecuación entre texto e imagen y nos ofrece todo un despliegue de textos" de xéneros canónicos, homenaxes a autores clásicos de calquera literatura, pero tamén calquera tipo de escritura.

Fernández, María Jesús, "*A Cabeza de Medusa*. Marilar Aleixandre" *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 223, "Libros. Mas de 14 años", xaneiro 2009, p. 60.

Comeza salientando a contorna coñecida e cotiá que lle serve á autora como marco para desenvolver a historia na que se presenta un tema actual e controvertido: "la valoración social de la sexualidad femenina en nuestra cultura occidental". A seguir describe a historia na que destaca tópicos que forman parte da sociedade en relación coa temática, a figura de Medusa e dise que o fai con eficacia e delicadeza. Remata recordando que esta obra foi Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2008 e que se trata "de un mosaico de la realidad actual donde unos y otros se van posicionando respecto del tema".

Fernández, María Jesús, "*Circo Rigatoni*. Pinto & Chinto", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 223, "Libros. De 8 a 10 años", febreiro 2009, p. 67.

Inicia o comentario cunha referencia aos autores que proveñen do humor gráfico para logo falar do libro que considera "una galería de extraordinarios personajes" que di se presentan na obra en grandes semblanzas e na que se narra as anécdotas que lles ocorren no circo, marco onde se desenvolve a historia. Salienta a imaxinación, o humor, o surrealismo, o realismo máxico e a poesía "elementos que, tratados con un lenguaje ágil y preciso, componen unos retratos divertidos y geniales". Finaliza falando das ilustracións, das que salienta o estar realizadas con cores brillantes, liñas ben definidas e fondo branco e o ter gran expresividade. Considera esta obra publicada en 2008 "de una rica tradición literaria, que en Galicia tiene su máximo exponente en Alvaro Cunqueiro, como personajes de una galería de seres extraordinarios".

Fernández, María Jesús, "*La muñeca y la castañera*. Roberto Aliaga", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 226, "Libros/ Novedades. Más de 14 años", maio 2009, p. 64.

Dise deste conto de Nadal, publicado en lingua galega en 2008, que retoma personaxes e situacións moi clásicas. Descríbe eses personaxes e as súas vidas. Céntrase no feito de que o ancián atopa unha fermosísima moneca de porcelana cun gran valor material, moi por riba das súas posibilidades, pero regálalla á súa neta substituíndolla por outra á que a nena lle tiña moito agarimo. É esta a base do conflicto que se resolve recuperando a moneca vella. Remátase dicindo que se trata dunha obra "con un contenido moral que supone una reflexión sobre el auténtico valor que las cosas tienen o que nosotros podemos darles" e referíndose ás ilustracións que acompañan todas as páxinas e colaboran a crear un ambiente intemporal.

Fernández, María Jesús, "*En el laberinto del viento*. Marina Colassati", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 226, "Libros/Novedades. De 12 a 14 años", maio 2009, p. 68.

Nesta obra que se traduciu ao castelán e galego no ano 2008, dise que se recolleron dúas coleccións de "bellos" contos: "Unha idea completamente azul" e "Doce Reis e a moza no laberinto do vento" que foran publicados en brasileiro en 1978 e que mereceron importantes premios. A seguir danse datos biográficos da escritora que "escribe para los niños historias que leemos con placer los adultos" e que renova o xénero dos contos de fadas, os seus personaxes, os seus espazos e os seus temas. Salienta a melancolía que late nas historias, a morte, o amor. Finaliza cualificándoas de "deliciosas lecturas" que demostran a vixencia do xénero para expresar sentimentos e conflictos actuais.

Fernández, Mª Jesús, "*O canto dos peixes*. Marcos Calveiro", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 228, "Libros/Novedades. Más de 14 años", xullo/agosto 2009, p. 60.

Despois de recordar a historia que se conta salientando os tipos de marxinalidades que se reprentan por medio dos protagonistas, comenta que esta obra publicada en 2008 que foi galardoada co Premio Barco de Vapor, "vuelve a permitirnos disfrutar del hermoso lenguaje que este autor emplea en sus creaciones literarias".

Fernández, María Jesús, "Galicia: fortaleza y vitalidad/Galicia: fortaleza e vitalidade", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 230,"Panorama", outubro 2009, pp. 45-53/54-60.

Inicia a panorámica facendo referencia á concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil a Agustín Fernández Paz, a quen considera un dos pais da LIX e un dos escritores máis queridos e recoñecidos tanto en Galicia coma no resto de España. A seguir divide a panorámica nos seguintes apartados: "Jóvenes lectores" no que aprecia unha gran variedade de propostas, dende libros considerados excepcionais como *O libro das viaxes imaxinarias*, de X. P. Docampo a outros de distintas correntes, todos descritos neste *Informe de Literatura 2009* e moitos recensionados nesta revista, como son o caso das novelas: *Quen matou a Inmaculada Silva*, de Marina Mayoral; *Xograres dun tempo novo*, de Pepe Carballude; *Sansón Troleyro*, de Enrique Vázquez Pita; *Améndoas e flores silvestres*, de David D. Vázquez Álvarez; *A Cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre; *A fada das lapas,* de Manuel Janeiro; *O canto dos peixes*, de Marcos Calveiro; *As sete mortes*, de Carlos Vila Sexto; *Habitación 2002*, de Concha Blanco; *A herdanza do Marqués*, de Conchi Regueiro; *O caderno vermello*, de Daniel Ameijeiras; *Lixo*, de Xavier López Rodríguez; dos conxuntos de relatos *Faiscas*, de María Canosa e *Historias que contan as paredes*, de Ana María Fernández e do álbum *Caderno de animalista*, de Antón Fortes. Na poesía salienta: *As palabras está a mirarse arredor da mesa*, de Antonio García Teijeiro; *Makinaria*, de Carlos Negro e na literatura dramática *O segredo do faiado*, de Fusa Guillén. En canto á obra traducida salienta: *No labirinto do vento*, de Marina Colasanti; *O clan da loba*, de Maite Carranza; *Flanagan Flash-back*, de Andreu Martín e Jaume Ribera e *O derradeiro irmán*, de Nathacha Appanah. No apartado "Para lectores de 12 años" entre as propostas galegas salienta: *Lúa do Senegal*, de Agustín Fernández Paz; *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro; *Xenaro e o misterio da mochila verde*, de Mar Guerra; *O día despois do día*, de Manuel Lorenzo González; *A lenda do rei Lobo*, de Xavier Estévez; *Fume*, de Antón Fortes; *O Demo da Botella*, de Xosé Miranda e o poemario *Xardín do pasatempo*, de Ramiro Fonte. No apartado "Lectores autónomos de 10 a 7 años" destaca e comenta brevemente, coma nos casos citados, a nova edición de *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares; *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz; *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo; *Restaurante Farruco*, de Chus Pereiro, *Valentino Rufini e Âkil Pillabán, de viaxe a Milán*, de Roberto Salgueiro; *Falou un queixo* e *Tres mulleres do seu tempo*, de Heidi Kün-Bode, en relación ao xénero dramático. En canto á poesía, salienta *Bolboretas no papel*, de Antonio García Teijeiro; *Do A ao Z Galicia*, de Ana María Fernández e Xoan Babarro; *Cantos da rula*, de Concha Blanco e *Acuarelas*, de Miro Villar; no xénero narrativo: *Novas minimaladas* e *Circo Rigatoni*, de Pinto&Chinto; *Violeta non é Violeta*, de X. A. Neira Cruz; *O informe do empregado Mendes*, de José Mondelo; *A casa máis animada do mundo*, de Cristina Sáez Cazallas; *Andanzas de Xan Farrapeiro*, de Ramón Caride; *O misterio da Casa do Pombal*, de Fina Casalderrey; *O meniño Nito. Entón, os homes choran ou non?*, de Sonia Rosa e Macus Romero; *Nera, a ferreira*, de Imelda Santamaría e Andrés Meixide; *A profesora*

Ripaldi, de María Alcañiz Lorenzo; a reedidicón de *Mar adiante*, de María Victoria Moreno. En canto ás traducións: *O príncipe das sombras*, de Milan Vukotic. No apartado "Álbumes para prelectores y primeros lectores", os máis abundantes, destaca por editoras os debidos a Galaxia: *O Entroido*, *Os Maios*, *O san Xoán*, *O Magosto*, o *Samaín* e *O Nadal*, de Jacobo Fernández; *Papá é meu!*, de Fina Casalderrey e Irene Fra; *Cando eu saiba ler*, de Yolanda Castaño e Xosé Tomás; *Poemas con piruleta*, de Carlos Fontes e Leandro Lamas; *O peto da risa*, de Eva Lozano Carpente e María Noel Toledo; *Marcelo o morcego*, de Beatriz Fraga Cameán e Alfonso da Silva; *A noite dos filantes*, de X.P. Docampo e Xosé Cobas; *Un bico de amor e vida*, de Xosé A. Neira Cruz e o álbum traducido *Un conto de cigoñas*, de Antonio Ventura. En Edicións Xerais de Galicia salienta: *O sombreiro chichiriteiro*, de Manuel Rivas; *Upa!*, de Agustín Fernández Paz; *Dona Landra no Río Revolto*, de Alberto Varela Ferreiro; *Baldras, o xigante*, de Iolanda Eiras; *Pinga de choiva*, de Ánxela Gracián e *O arco da vella*, de Charo Pita. A editorial Everest-Galicia sacou do prelo: *Os manteis roubados*, de Marta Rivera Ferner; *Medusiña e familia*, de Manuel Uhía; *O dragón comemedo*, de RuAn; *A avoa do nobelo branco*, de Paco López e Kristina Sabaite e *No cubil da Lúa*, de Xoán Neira. Pola súa parte a editorial Kalandraka achegou os seguintes álbums: *A araña e mais eu*, de Fran Alonso; *Onde está?*, de Christian Voltz; *Os de arriba e os de abaixo*, de Paloma Valdivia; *O león Kandinga*, de Boniface Ofogo; *O home de auga*, de Ivo Rosati, *P de papá*, de Isabel Martins e Bernardo Carvalho; mentras que Faktoría K sacou do prelo *Grisela*, de Anke de Vries y Willemien Min; *O nacemento do dragón*, de Wang Fei, Marie Sellier e Catherine Louis e *Soños de circo*, de Joxan Ormazabal e Iraia Okina. Por último OQO Editora editou: *Velliñas*, de Charo Pita e Fátima Alonso; *A pota que trota*, de Patacrúa; *O baúl dos ladróns*, de L. Frank Baum; *Pulga&Xigante*, de Serena Quarello; *A grande viaxe*, de Anna Castagnoli; *O último canto*, de Pablo Albo; *Mosquito*, de Margarita del Mazo; *A guerra dos números*, de Juan Darién e *Cantas pingas na cidade!*, de Eva Montanari. No apartado "Libros de conocimientos" salienta *O Pazo Máxico. A túa primeira escola de maxia*, de Pedro Volta; *Charles Darwin*, de Alan Gibbons e *Cómo facer un cómic*, de Lewis Trondheim e Sergio García. Remata a panorámica dicindo que "un año más da señales de fortaleza y vitalidad y que es reflejo de un sector en constante crecimiento y diversificación".

Fernández, María Jesús, "*Fume*. Antón Fortes", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 232,"Libros/Novedades", decembro 2009, p. 53.

Iníciase dando a benvida á nova colección Qontextos da Editorial OQO na que se aposta por abordar a marxinalidade e miseria dos desfavorecidos para dar a coñecer outras realidades. Iníciase esta colección con *Fume* (2008), obra na que Antón Fortes se fixa nos campos de exterminio do réxime nazi. Despois de describir o relato, feito con breves frases e narrado por un neno que chega a un deses campos e sofre todo o que conleva, saliéntase a inocencia do narrador, a súa incapacidade e o dramatismo que comportan subraido todo polas ilustracións ben realistas ben onírico-metafóricas.

Fernández, María Jesús, "*O xardín do pasatempo*. Ramiro Fonte", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 227,"Libros/Novedades", xuño 2009, p. 70.

Despois de se referir a que se trata dun poemario póstumo, publicado en 2008, dun poeta e narrador moi recoñecido na Literatura galega dos anos oitenta, único libro do

autor para a nenez dende a evocación da propia infancia "que parece haberse perdido en el jardín al que alude el título", fala da estrutura do poemario, da súa temática, dos recursos poéticos empregados e de que usa moito as formas breves. Salienta o ritmo e a musicalidade conseguidos por medio da rima e dos versos curtos e que os temas máis tratados son o amor ás palabras, a paisaxe, o cinema e o gato.

Fernández, María Jesús, "*A fada das lapas*. Manuel Janeiro", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 227,"Libros/Novedades", xuño 2009, p. 72.

Despois de comentar que nesta obra, publicada en 2008, o autor se fixa nos "clásicos cuentos maravillosos" para falar de amores tráxicos entre un mozo mortal, herdeiro dun ferreiro e unha fada xurdida do corazón das lapas, describe o argumento e finalmente salienta que o relato "tradicional" se actualiza engadindo variantes como ocorre ao final do libro no que a confrontación dos dous mundos desemboca en traxedia para demostrar a condición efémera das paixóns e a inexistencia dun lugar común onde facelas realidade, pero sobre todo a linguaxe que cualifica de fermosa e poética, as descricións e o xeito de analizar os sentimentos.

Fernández, María Jesús, "*Historias que contan as paredes*. Ana María Fernández" *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 227,"Libros/Novedades", xuño 2009, p. 72.

Comeza o comentarios salientando o estilo poético, a brevidade e variedade dos textos que conforman este volume de 2008 que considera de difícil clasificación: minirrelatos, descricións de lugares e momentos determinados, recordos, monólogos en primeira persoa, xa realistas xa fantásticos cun ton máis alá da "percepción ordinaria". A seguir comenta que o "auténtico nexo del libro está en el estilo que unifica la variedad de fórmulas, la prosa poética empleada" e nos recursos da linguaxe. Finaliza cunha referencias ás imaxes "sensoriales" que considera "dotan a los textos de sensualidade y tono intimista" para cualificar a obra de "notable conjunto de textos" complementado coas ilustracións.

Fernández Vázquez, Mar, "Tarrío Varela, A. (coord.) y B. Álvarez Cáccamo (ilust.) (2008). *Xosé María Álvarez Blázquez. Día das Letras Galegas 2008*", *AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 7(2), "Reseñas/Reviews", 2009, pp. 187-192.

No volume colectivo que realizou en 2008 o Departamento de Filoloxía Galega da USC, baixo a coordinación de Anxo Tarrío Varela, descrito no apartado V. 4. deste *Informe*, Mar Fernández Vázquez salienta que é esta unha das poucas monografías que acolle traballos sobre a produción de LIX de Álvarez Blázquez, por iso se reproduce neste apartado o traballo de Blanca Roig Rechou, "Xosé María Álvarez Blázquez nos inicios da literatura infantil e xuvenil galega" (pp. 107-123), no que ademais de salientar a escasa atención que a crítica lle presta á poesía infantil do homenaxeado, preséntase a Álvarez Blázquez como un intelectual que contribuíu a levar a cabo unha "estrategia de planificación cultural" da literatura infantil e xuvenil galega. Apúntase que se fai un detallado percorrido por esa lírica e que analiza con miudeza *Roseira do teu mencer*

(1949-1950) e *O que ben che quer* (2008). Fernández Vázquez comenta que Roig fai un detallado estudo das reedicións de 1992, 2007 e 2008 de *Roseira do teu mencer*, dende a análise crítica dos paratextos e dos recursos temáticos e estilísticos até situar os poemas a partir da clasificación que ofrece: "poesía é xogo", "poesía é maxia", "poesía é música" e "poesía é conto", correntes das que Roig explica as súas características e reproduce exemplos. Tamén salienta o comentario sobre o significado do cambio de ilustracións nas reedicións de *Roseira do teu mencer*. Conclúe coa referencia a que Álvarez Blázquez debeu pensar como primeiro receptor dos seus poemas nos mediadores antes que no lectorado máis novo.

Fernández Vázquez, Mar, "*Ola, estúpido monstro peludo!* Fina Casalderrey", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17 (II série), "Recensões e notas críticas", abril 2009, pp. 82-83.

Comeza indicando que o ano 2007 é un exemplo do "fructífero labor creativo" de Fina Casalderrey, xa que ademais de publicar a novela que recensiona, *Ola, estúpido monstro peludo!*, tamén viron a luz seis obras máis. Reivindica que Casalderrey consegue unha vez máis achegarse ao lectorado máis novo xa que o presenta como "narrador protagonista das súas vivencias e inquietudes". Explica que a novela ten como *leit motiv* a indixestión de Muriel debida a comer moitas lambetadas para celebrar o seu undécimo aniversario. Indica que a partir desa anécdota se crea un mundo fantástico poboado por "seres abominábeis" e onde o protagonista conta coa axuda dalgúns animais e cousas que actúan como personaxes secundarios. Precisa que a novelista reflicte ao lectorado infantil "como seres inocentes" que non comprenden a segunda intención que pode agochar a linguaxe, escondida tras o emprego de polisemias, metáforas e símbolos por parte dos adultos. Apunta o xogo intertextual que estabelece Casalderrey entre a realidade e a historia ficticia que inventa Muriel por medio da esaxeración de elementos da realidade. Explica como o neno protagonista vai evolucionando dende o comezo da novela en que é un feto, até chegar a ser un bebé. Proporciona datos doutras obras nas que a autora cede a voz aos máis novos e os temas que trata nelas. Da conta dos paralelismos e simbolismos presentes no capítulo final. Repara no labor ilustrativo de Irene Fra e destaca un dos debuxos. Remata salientando os elementos que chamaron a súa atención e recomenda a súa lectura xa que contén imaxinación, ironía, un xogo lingüístico para tratar a violencia de xénero e recolle algunhas grallas que observou na novela que recensiona.

Fernández Vázquez, Mar, "*O nariz de Fiz*. Miro Villar", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18 (II série), "Recensões e notas críticas", outubro 2009, pp. 83-84.

Apunta que a historia d'*O nariz de Fiz*, de Miro Villar arrinca dun xeito semellante ás historias bíblicas e ás fórmulas da tradición oral e que acolle a cita "Moralité" tirada de *Riquet à la houppe*, de Charles Perrault. Destaca brevemente a traxectoria profesional do autor e os feitos e galardóns máis salientábeis. Repara nos catro versos con rima ABBA que encabezan cada capítulo da novela, antes de resumir o argumento e explicar a habelencia que posúe Fiz e como lle serve para salvar ao seu pai e aos seus amigos polo que recibe un recoñecemento dos demais, incluídos a mestra e os seus inimigos. Inventa unha frase feita para destacar o "prodixio olfacto" que caracteriza aos

protagonista. Precisa o xogo intertextual como o recurso creativo da novela xa que amosa a miudeza do personaxe protagonista, de quen apunta o seu parecido co personaxe Rompetechos, creado polos humorista gráfico Ibáñez. Refire que o tempo da historia abrangue dende os "tempos arcaicos e moi trasnoitados" propios dos contos tradicionais até chegar ao tempo actual no que inventa que a compañía de monicreques Talía Teatro representa *La cabeza del dragón*, de Ramón María del Valle-Inclán. Afirma que é acertada a escolla dun fragmento desa farsa xa que contén "elementos de contos de fadas pero sen fadas", é unha escena chea de acción e porque recomenda a lectura da obra, ademais de precisar en que volume foi incluído anos despois. Complementa a recensión reparando no labor ilustrativo de Lola Lorente, da que achega datos do seu labor profesional. Salienta a representación da figura de Fiz sobre o seu nariz que aparece na parte inferior dereita de cada páxina da novela e estabelece o parecido existente entre esa figura de Fiz e O Principiño. Remata reparando nos elementos anacrónicos que emprega Miro Villar para criticar a sociedade e a educación de tempo atrás, e indicando que a través das exclamacións e opinións vertidas para desculpar a Fiz subxace o aprecio pola tradición oral galega, a personalidade da xente e a reivindicación do rural.

Ferreira Boo, Mª del Carmen, "*A Guerra Civil Española na narrativa infantil e xuvenil*. Blanca-Ana Roig Rechou, Pedro Lucas Domínguez e Isabel Soto López", *Boletín Galego de Literatura*, n.^{os} 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Libros", 2009, pp. 397-408.

Primeiramente enmárcase este monográfico na Rede temática "Las literaturas infantiles y juveniles del marco ibérico" (LIJMI), dirixido aos mediadores e investigadores, presentando aproximacións teóricas, críticas e prácticas. A seguir coméntase a súa estrutura en dez capítulos que acollen un traballo introdutorio, sete estudos panorámicos teóricos dos diferentes ámbitos lingüísticos peninsulares (na literatura galega, castelán, catalá, vasca, portuguesa) e dúas achegas da literatura alemá e inglesa; unha selección bibliográfica de obras da LIX e un capítulo, subdividido en dezasete comentarios de obras. Saliéntase o plurilingüismo no volume. Despois analízanse os diferentes estudos que se achegan á temática da guerra civil dende diferentes perspectivas, así no estudo introdutorio coméntanse as principais achegas bibliográficas dende a crítica literaria e a historiografía das literaturas ibéricas porén no tocante á LIX, saliéntase a escasa produción crítica. No estudo do ámbito castelán, faise un percorrido historico-crítico pola LIX castelá e as diferentes obras que tratan da guerra civil española, diferenciando unha corrente que busca a recuperación da memoria histórica e unha novela histórica que segue a corrente do realismo. No ámbito catalán, arguméntase a ausencia desta temática até finais do século, saliéntase a pegada da guerra no álbum ilustrado e analízanse tres obras narrativas. No tocante á LIX galega, dise que Blanca-Ana Roig Rechou no seu estudo presenta o contexto no que se xeran as obras desta temática e realiza unha clasificación, en catro grupos, ademais de achegarse aos elementos paratextuais destas obras. Do estudo do ámbito portugués coméntase a posibilidade de usar por parte do mediador aquelas obras para adultos que tratan esta temática. Repárase na escaseza do tratamento da temática no ámbito vasco. Percórrense as obras de autores exiliados e perseguidos polos nacional socialistas en Alemaña e faise unha achega á LIX inglesa. Despois descríbense os dezaseis comentarios de obras, que acollen a bio-bibliografía do autor e os trazos máis salientábeis da obra analizada (tempo, narrador, espazo, personaxes e elementos paratextuais), salientando os comentarios do conto *A*

lingua das bolboretas, de Manuel Rivas e *Vento ferido*, de Carlos Casares, por tratarse dende a perspectiva tradutolóxica. Apúntanse uns trazos xerais, como son a "tardanza na escrita", o uso do narrador adolescente fronte ao narrador adulto, a calidade literaria e a innovación temática da maioría dos textos narrativos. Conclúese que se trata dunha "obra de consulta imprescindíbel e fundamental para os mediadores", ademais de incidir na educación en valores na procura da recuperación da memoria histórica.

Ferreira Boo, Mª del Carmen, "*Sopa de marsopa*. Isabel Freire", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17 (II série), "Recensões e notas críticas", abril 2009, pp. 86-87.

Tras achegarse á obra infantil e xuvenil de Isabel Freire Bazarra, coméntase o argumento e a estrutura en oito capítulos da novela policiaca, *Sopa de marsopa* (2008), que presenta as dúas primeiras aventuras de Bilbo Bons en compaña do comisario xefe de policía, Roncudo Lor: a desaparición repentina de Anciñas, a marsopa do zoo da cidade, e o descubrimento duns pasadizos subterráneos polos que o profesor Gnga busca os camiños soterrados das forzas ocultas do planeta para poder controlar o mundo. Saliéntase a "bonita e sincera lealdade e amizade entre os dous personaxes", a alternancia de voces narrativas "para crear distanciamento e sensación de obxectividade e verosimilitude" e a mestura dos planos do mundo real coa fantasía. Analízanse os tres eixes clave da novela: os personaxes, diferenciando entre bos e malos, a trama con certa dose de intriga e a importancia dos animais, a marsopa e o can Puskas, na historia. Por último, destácase "a animación plástica baseada no trazo despuntado, na cor e no detalle da representación de escenas" das ilustracións figurativas de Jon Puga.

Ferreira Boo, Mª del Carmen, "*Circo Rigatoni.* Pinto&Chinto", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18 (II série), "Recensões e notas críticas", outubro 2009, pp. 76-77.

Apúntanse os galardóns conseguidos por Pinto&Chinto e a súa obra literaria. A seguir coméntase a estrutura de *Circo Rigatoni* (2008) que conta cun "Limiar" de presentación, as crónicas vitais con matices surrealistas dos artistas circenses e un "Epílogo" no que se conta a desaparición do circo. Tamén se comenta a disposición tipográfica do relato, o surrealismo que emana, a técnica narrativa e o emprego de recursos pensados para o público infantil como o paralelismo ou as enumeracións aumentativas. Saliéntanse as ilustracións figurativas dos autores nas que "priman as cores cálidas e os trazos sinxelos". Finalmente conclúese que é un relato "entretido con doses de humor" escrito cunha linguaxe verbal sinxela e recomendase a súa lectura para todo tipo de lectorado.

Ferreira Boo, Mª del Carmen, "Pelegrín, A., M. V. Sotomayor y A. Urdiales (eds.). *Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39*", *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 7 (2), "Reseñas/Reviews", 2009, pp. 173-177.

Saliéntase a necesidade deste volume colectivo que achega e visibiliza o labor literario dos escritores e ilustradores de literatura infantil e xuvenil durante o exilio exterior pero tamén interior, referido a aqueles que quedaron en España e tiveron que se autocensurar

debido ás imposicións ditatoriais. Coméntase que o monográfico consta de dúas partes, unha composta de estudos teóricos que son panorámicas xerais e outra de estudos máis específicos, que xustifican a importancia destes creadores silenciados para a historia da LIX. Dáse conta do contido dos estudos máis interesantes, destacando os de Ana Pelegrín, que sintetiza a produción española entre 1920 e 1936; Mª Victoria Sotomayor que trata a situación do teatro como xénero literario e espectáculo, dende a preguerra até a posguerra, Alberto Urdiales, sobre o labor de ilustración; e Blanca-Ana Roig, que analiza a importancia de Xosé Neira Vilas e a súa obra *Memorias dun neno labrego* na configuración do sistema literario infantil e xuvenil galego. Por último, apúntase o "elaborado e rico catálogo bibliográfico" que presenta o volume e a importancia de dar a coñecer un material "olvidado o silenciado", ademais de abrir novas vías de investigación.

Hermida, Germán, "A BD galega, a tres velocidades", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPulsión", verán 2009, p. 28.

Resumo da presenza de Galicia no Saló del Còmic de Barcelona como comunidade convidada, na que critica a escasa presenza de autores galegos no Saló. Destaca tres feitos que considera que reflicten a situación da banda deseñada galega: en primeiro lugar a numerosa presenza de creadores no salón malia a ausencia de axudas públicas e a incerteza que domina o sector; en segundo lugar, a falta dun tecido empresarial que apoie aos creadores, polo que o futuro do sector só pode vir da man de editoras profesionais, entre as que cita a El Patito Editorial, BD Banda, Cerditos de Guinea e Polaqia; e en terceiro lugar, considera que o ritmo máis lento é o que mostran as institucións, especialmente dende o cambio de goberno, que provocou demoras nas medidas de axuda ao sector. Conclúe que a banda deseñada ten unha presenza cada vez maior nos medios de comunicación, que se está a producir unha normalización no sector a nivel estatal, na que Galicia está plenamente involucrada, polo que considera que é necesario aproveitar as dinámicas e alcanzar unha maior integración desta modalidade literaria no tecido cultural.

Lado, María, "Entre serpes e homes", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 9.

Comenta que sobre un magnífico guión de Felipe Hernández Cuevas, o debuxante Bartolomé Seguí compón n'*As serpes Cegas* (2008), un álbum de intriga política ambientado a medio camiño entre a Nova York dos anos 30 e a Barcelona dos primeiros anos da guerra civil española. Explica que, pese a aparecer no Nadal, volve ser actualidade ao anotar dúas candidaturas no Saló do Còmic de Barcelona de 2009: á mellor obra e ao mellor guión. Achega o seu argumento e sinala que estamos ante unha trama que ao pouco se vai tornando nunha reflexión sobre a febleza dos ideiais, a corrupción das ideoloxías e a derrota moral. Así mesmo, apunta que estamos ante un rico guión que permite elaborar múltiples lecturas e que, pola súa profundidade, non nos deixará indiferentes e destaca o seu desenlace inesperado. Por outra parte, refírese ao labor ilustrativo e á súa edición feita con mimo e coidado.

León Viloria, Esther de, "*A pastelería de Dona Remedios*. Agustín Fernández Paz", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17 (II Série), "Recenções e notas críticas", abril 2009, pp. 80-81.

Opínase sobre *A pastelería de Dona Remedios* (2008), de Agustín Fernández Paz, que se trata dun relato tremendamente tenro e divertido pola naturalidade con que narra as continuas trasnadas de Luís, o sobriño da reposteira. Ao mesmo tempo, sublíñase o ritmo marcado pola sucesión de catastróficas desdichas acontecidas no escenario da historia. Remátase loando a comicidade e viveza das ilustracións de Mabel Piérola e o talento literario do autor, a quen se recoñece unha incuestionábel capacidade para achegarse con mestría ao lectorado.

León Viloria, Esther de, "*Xenaro e a mochila verde*. Mar Guerra", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18 (II Série), "Recenções e notas críticas", outubro 2009, pp. 82-83.

Preséntase a primeira novela da xornalista Mar Guerra, *Xenaro e a mochila verde* (2008), describindo en primeiro lugar os escenarios nos que transcorren as aventuras de Xenaro Conese Maiúsculo Coidado Conel (*Xe*), protagonista e narrador en primeira persoa da actividade do colexio Universal. A seguir, afóndase nos personaxes secundarios e nas características que amosan a fin de analizar os valores que se transmiten ao lectorado, que se corresponde neste caso coa pre-adoslescencia. Saliéntanse neste senso a representación da figura feminina, afastada dos tópicos, e a integración fronte á discriminación por motivos económicos, raciais e de calquera outro tipo. Por último, dáse importancia ao fomento á lectura que se leva a cabo a través do exemplo do protagonista, un apaixonado dos libros, así como das numerosas citas de diversas obras mestras da literatura xuvenil de aventuras caso d'*A illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson; *Ivanhoe*, de Walter Scott; e *Miguel Strogoff*, *o correo do tsar*, de Julio Verne.

Lis, Xaime, "Viñetas dende o Atlántico 2009. A forza creativa da novena arte", *Tempos Novos*, n.º 148, "Entre culturas", setembro 2009, pp. 66-71.

Dáse noticia da celebración da XII edición do festival de banda deseñada "Viñetas dende o Atlántico" na Coruña, do once (aínda que estaba previsto que comezase o día dez) até o dezaseis de agosto. Coméntanse as melloras que houbo con respecto a edicións anteriores, como por exemplo, o feito de que se puxese un arco para anunciar a entrada, ademais de que se recuperou a caseta de información e a carpa onde se desenvolveron as actividades. Dise que Daniel Acuña deseñou o cartaz para esta edición. Sinálase que acudiron o italiano Vittorio Giardino e o francés André Juillard con cadansúa mostra: o primeiro levou unha exposición con mestura de ilustracións con motivos mariñeiros e do seu personaxe Max Fidman e presentou *No pasarán*, onde o axente secreto Fridman se sitúa na guerra civil española; o segundo expuxo orixinais das súas obras, bosquexos e referencias fotográficas. Tamén se fai referencia á exposición dedicada á inglesa Posy Simmonds, a cal actualiza a novela decimonónica *Far from the Madding Crowd*, de Thomas Hardy, para facer unha crítica das relacións na sociedade británica contemporánea cun ritmo que non decae grazas aos longos textos acompañados con debuxos, o que ela chama unha "novela ilustrada". Destácase a

asistencia de Álex Cal e Emma Ríos, que traballan actualmente no mercado americano, o primeiro traballa para Marvel e Boom! Studios e a segunda publicou *Hexed* e *Runaway* para Marvel, coa que tamén prepara unha miniserie de catro números do Doutor Estraño, ademais de pertencer ao colectivo Polaqia. Sinálase que tamén pasou por alí a obra do estadounidense Scott McCloud, un teórico da banda deseñada e as novas tecnoloxías; e outros convidados como o catalán Pasqual Ferry, que acudiu cunha mostra da súa extensa carreira; Enrique Vegas, que parodia películas e cómics a través dos seus personaxes; José Fonollosa, que publicou *Los viajes de Darwin*, no que conta a aventura de Darwin no "Beagle"; e Paco Roca, coa súa obra *Arrugas*, Premio Nacional do Cómic 2009. Opina que a gran sorpresa do Salón foi a exposición de guionistas americanos, unha achega a través de máis de cento vinte orixinais á evolución da figura do guionista, do creador e da industria editorial americana no cómic; e de como as tiras diarias de prensa pasaron aos cómics; todo acompañado do traballo gráfico de autores como Jack Kirby, Neal Adams ou John Byrne. Saliéntase a novidade de incluír por vez primeira a Fundación Luís Seoane dentro do circuíto de exposicións con dúas mostras tituladas "Hipnotopía, retrospectiva de Max, ilustrador mallorquino Premio Nacional de Cómic" e "O debuxo animado americano. Unha arte do século XX", esta última dotada de material orixinal de autores do cinema de animación do pasado século como Walt Disney, Hannah Barbera ou Matt Groening, entre outros. Dise que na Rúa da banda deseñada, aínda que houbo algún problema, as vendas foron boas e presentáronse novidades como o número catorce da revista *Barsowia*, a edición en galego de *Gárgolas*, *Os cinco loitadores* e *Hexed*. Para rematar, cóntase que os seus directores, Miguelanxo Prado e Carlos Portela, organizaron as exposicións e a presenza de autores, porén, na parte comercial houbo falla de atención por parte dos organizadores.

Mociño González, Isabel, "*O ceo dos afogados*. Francisco Castro", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 18 (II série), "Recensões e notas críticas", outubro 2009, pp. 84-85.

Comentario da novela de marcado carácter ecoloxista *O ceo dos afogados* (2007), de Francisco Castro, finalista do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. Destácase o carácter crítico da obra cos ataques indiscriminados á natureza, a importancia do retrato da sociedade actual e como mudaron os modos de afrontar estes problemas. Percórrense aqueles elementos conformadores dunha atmosfera afogante, en especial os sinais de malos presaxios, para pasar logo á actitude dos personaxes e á súa principal característica: o seren diferentes, como o protagonista, Jonathan, un adolescente que padece un estraño síndrome, que o mantén illado das persoas, pero que o aproxima aos animais. A seguir, detense na estrutura da obra e saliéntase a converxencia temática do xeral cara ao particular, ao pasar dun amplo mosaico de lugares e feitos ocorridos por todo o mundo, a aqueles centrados en Galicia, onde se resolve, en parte, a trama. Por último, considérase que esta novela de suspense e tensión convida á reflexión crítica sobre aspectos tan actuais como o maltrato aos animais, a impunidade coa que actúan as grandes multinacionais contaminantes ou a prevalencia dos intereses económicos sobre os colectivos. Do mesmo modo, tamén se salienta o contraste entre a crueza e plasticidade dalgunhas escenas e a sensibilidade coa que se abordan os sentimentos dos personaxes. Remátase recomendando a súa lectura e o poder de suxestión de cara ao lectorado potencial.

Mociño González, Isabel, "Roig Rechou, B.A. (2008). *La literatura infantil y juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor / A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil / Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. Consellería de Cultura e Deporte. Xunta de Galicia", *AILIJ. Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 7 (2), 2009, Vigo, Asociación de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), pp. 177-179.

Comézase explicando que este estudo foi publicado con motivo da celebración do Día da Biblioteca, que ten lugar cada 24 de outubro, e que nesta edición a Literatura Infantil e Xuvenil anfitriona foi a galega. Explícase que é unha edición bilingüe, castelán/galego, na que a estudiosa Blanca-Ana Roig Rechou presenta as principais tendencias formais e temáticas desta literatura durante os primeiros seis anos do século XXI. Saliéntase o carácter instrumental da obra, o enfoque selectivo e o estudo non só das principais tendencias e correntes, senón tamén dalgúns dos autores "clásicos contemporáneos" da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Sinálase que o volume conta cunha introdución, na que se xustifica o marco temporal e os trazos identitarios que marcaron o número de creadores estudados, ademais da importancia de conxugar conceptos como canon, clásico e innovación, no marco das teorías sistémicas, ampliándose a atención a elementos como o contexto, peritextos, recursos literarios e a recepción. A seguir, explica que a análise se inicia pola produción, marcando as principais correntes temáticas e formais en cada un dos xéneros canónicos, ademais da tradución e o cómic, na que se observa unha clara liña de continuidade, deténdose tamén na evolución da mediación e difusión, na que se destacan aspectos como o aumento de premios, da calidade das obras, da formación dos mediadores e da crítica e recepción desta produción. A seguir, estuda con máis detemento a obra daqueles autores considerados máis representativos, como Paco Martín, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro e Manuel Lourenzo. Remata destacando a importancia deste traballo como instrumento ou guía na mediación, polas súas achegas á elaboración dun canon e ao fomento do coñecemento entre as literaturas ibéricas, ao ofrecer elementos de análise de carácter comparativo, sumándose aos cada vez máis amplos traballos sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega.

Muñoz Carrobles, Diego, "López, C. e Pintor, D. (2007): *Minimaladas*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 234-235.

Trae á memoria o álbum ilustrado de Pinto & Chinto, *Minimaladas* (2007), merecente do Premio Merlín de Literatura Infantil en 2007. Tras un breve apuntamento sobre os galardóns recibidos polos seus autores, describe o contido do álbum, prestando atención á súa temática, os animais con comportamento humano. Tamén comenta a presenza do humor "fino e intelixente que non procura rirse de ninguén nin dos defectos dos outros", provocado ás veces pola ruptura dos esquemas normais asociados cos animais e do didactismo unido co ecoloxismo no seu argumento. Por último salienta os diferentes graos de lectura para od distintos receptores.

Neira Rodríguez, Marta, "Blanca Ana Roig Rechou. *La literatura infantil y juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A literatura infantil e xuvenil*

galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor", *Boletín Galego de Literatura*, n.^{os} 39-40 (1º e 2º semestre 2008), "Libros", 2009, pp. 389-397.

Sinálase que o volume *La literatura infantil y juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*, de Blanca-Ana Roig Rechou, editouse grazas á iniciativa da Asociación Española de Amigos del Libro para celebrar o Día da Biblioteca (24 de outubro). Apúntase que a autora analiza o período comprendido entre os anos 2001 e 2006 na LIX galega e, máis polo miúdo, seis voces literarias que considera "clásicos contemporáneos", que aparecen a carón doutros doce novos autores nacidos a partir da década dos setenta e que publicaron o seu primeiro título no século XXI. Percórrense os diferentes apartados nos que se estrutura o traballo coa finalidade de dar conta dos seus contidos e conclúese que se trata dunha fonte fundamental de consulta para os mediadores e os investigadores da LIX galega.

Pereira Rodríguez, Ana, "Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García (eds.), C. Valero Garcés (coord.), *Estudios críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales de España*. Tomo II. 346 pp. Oviedo: Septem. ISBN: 978-84-96491-70-0", AILIJ, n.º 7 (1), "Reseñas/Reviews", 2009, pp. 121-122.

Coméntase os aspectos nos que se centra o Tomo II do monográfico tratado: as traducións ás catro linguas oficiais de España de dúas obras pertencentes ao ámbito alemán e inglés, *Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse* e varios libros pertencentes á serie *Harry Potter*, respectivamente. Dáse conta asemade dos seus diversos apartados e remárcase a multidisciplinariedade dos traballos recollidos e os flexíbeis patróns segundo os que se delimitan. Déixase ademais constancia do obxectivo da obra: obter conclusións sobre o xeito de traducir literatura infantil e xuvenil (LIX) en todos os seus aspectos teóricos e procesuais, segundo o cal se fundamenta a achega dunha serie de estudos comparativos en tradución entre as linguas tratadas.

Piñeiro Domínguez, María Jesús, "Paz Souto, Fuco (2008): *Cachiños do meu cerne*", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Recensións", vol. 12, 2009, pp. 242-243.

Analiza a compilación de relatos de Fuco Paz, Souto, *Cachiños do meu cerne*, editada por Toxosoutos en 2008. Comeza cunha revisión da súa estrutura para despois comentar o conxunto de personaxes que representan e a liña temática que une os diferentes relatos. Salienta asemade o valor documental e histórico do volume, ateigado de descricións de espazos urbanos e rurais, así como o seu valor lingüístico e as ilustracións de Kalo Varea. A seguir, dedica unhas palabras á contribución do autor no eido da literatura xuvenil galega e, finalmente, recomenda a súa lectura.

Prado, Miguelanxo, "Os escenarios da vida nas miñas Bandas Deseñadas", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 44, "O Tema/Xente, espazos e lugares", xuño 2009, pp. 86-88.

Comenta a súa vida dedicada á ilustración de Bandas Deseñadas a partir da súa estadía na Escola de Arquitectura, onde atendeu as clases do profesor X.A. Franco Taboada. Fala a seguir das súas publicacións, entre as que destaca as de *Fragmentos da Enciclopedia Délfica* (1984), unha historia futurista ao igual que *Stratos* (1990) e *Crónicas Incongruentes* (2003), baseada no espazo urbano contemporáneo. Sinala asemade *O Manancial da Noite* (1989), realizado conxuntamente co escritor Fernando Luna, un cómic máis en contacto coa realidade cotiá; *Quotidianía Delirante* (1996), por último, consistía nunha deformación absurda da realidade. Finalmente salienta dous apartados en que divide a súa traxectoria como ilustrador: ilustracións alicerzadas nos "territorios fantásticos", que describe como espazos pertencentes ao eido da imaxinación e as alicerzadas en espazos reais, representacións dos seus "territorios propios", "coñecidos" ou mesmo "virtuais".

Puñal, B., "O libro arredor de si", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proCura", primavera 2009, pp. 30-31.

Apunta que os tempos de crise chaman á austeridade e introspección e que a creación se retarda, ao mesmo tempo que prolifera o ensaio. A seguir, faise eco e comenta algunhas das novidades, entre as que están, dentro da literatura infantil e xuvenil, títulos como *Contos azuis*, *Valentino Rufini e Âkil Pillabán, de viaxe a Milán (e van sen un can)*, *No cubil da lúa*, *Os de arriba e os de abaixo*, *O libro das m-alicias* (reedición), *Lúa do Senegal* e *Mar adiante* (reedición); mentres que no xénero teatral salienta as obras de Bernardino Graña (*Con Franco nun armario*), de Teresa González (*Sempre quixen bailar un tango* e *Pingueiras e tarteiras*) e a tradución de Roberto Pascual dunha obra de Carmen Abizanda, *Na outra beira*. Así mesmo, en banda deseñada, alude a *Humor gráfico galego*, que peneira nos traballos dos nosos viñetistas dende 1975 até 2005. En recadro á parte, refire outras cuestións relacionadas coa literatura infantil, premios, escritores, blogs, etc.

Roig Rechou, Blanca-Ana, "La aportación decisiva de Carlos Casares a la LIJ", *AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 7(2), "Artículos", 2009, pp.117-140.

Como se refire no resumo e nas palabras chave en castelán e inglés que encabezan este traballo, nel ofrécese un percorrido pola obra infantil e xuvenil de Carlos Casares Mouriño, un escritor do que se precisa no resumo que "se ha convertido en un clásico del Polisistema literario gallego por su actividad socio-político-cultural". Tamén se indica que se realiza unha análise das obras e que algunhas delas abriron novas tendencias e correntes para a Literatura infantil e xuvenil galega. Remata o resumo precisando que na análise se destacan os trazos identitarios e se estabelecen comparacións con clásicos da Literatura Universal como Lewis Carroll. No primeiro apartado do traballo indícase que, cando Casares deu a lume a súa primeira obra, a literatura infantil e xuvenil galega estaba configurándose da man das actividades desenvolvidas por editoriais e sobre todo por asociacións culturais e que a lingua galega aínda non se estudaba no sistema educativo. Explícase que *A galiña azul* (1968) foi galardoada co primeiro premio do I Concurso Nacional de contos "O Facho", as características da colección na que viu a luz, a intertextualidade con Lewis Carroll, o resumo do argumento e a estrutura por medio do narrador-espectador, por

desenvolverse no mesmo espazo, na mesma comunidade social e pola presenza dalgúns personaxes en varias historias. Tamén se indica a temática dos contos, se analizan os principais personaxes, se destaca a semiótica das cores empregadas e se salienta a súa recepción crítica. Comclúe o apartado recollendo as razóns de que *A galiña azul* dese comezo á "modernización de la LIJ gallega". No seguinte apartado analízase a peza dramática *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973) coa que mereceu de novo Casares outro galardón convocado pola Asociación Cultural "O Facho". Coméntase que con esta peza inaugurou na LIX galega "el teatro fantástico y humorístico", apoiándose no disparate e no absurdo, coma xa fixera n'*A galiña azul*. Explícanse os paratextos, refírese a historia presentada e a presenza do mito da cornucopia e da fórmula "Ábrete, sésamo" d'*As mil e unha noites*. Destácanse varios "centros de atención" para crear "curiosidad y expectación en el público infantil" e apúntanse os valores que transmite a peza. Recóllense as representacións que se realizaron desta peza e saliéntanse o número de reimpresións da mesma e a positiva recepción crítica da que foi obxecto. Conclúese a análise desta peza destacando a localización no medio real, a presenza da hipérbole e a esaxeración, o emprego da semiótica da cor "como elemento identitario", a presenza na realidade do "inverosímil" e o emprego do *nonsense* e a existencia do "agresor contra los elementos de la naturaleza". No seguinte apartado analízase *O can Rin e o lobo Crispín* (1983) atendendo a que inaugurou a colección "A chalupa", recollendo o argumento, destacando a semellanza dos personaxes cos de Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro e a importancia da "conjunción de descripción, diálogo e ilustración", o posicionamento apoiando os débiles e as referencias a Ourense, non só á comarca da Limia, localización das anteriores obras analizadas. No apartado "Unha serie literaria", analiza os cinco títulos protagonizados por Toribio que Casares escribiu entre 1991 e 1994. Descríbese o contido das historias e destácase lingüisticamente a "composición de neologismos" e a mestura de palabras, a defensa da lingua galega e a modernidade da temática. Apúntanse os valores que transmiten estas narracións urbanas e destácase a semiótica da cor. No seguinte apartado analízase *Lolo anda en bicicleta* (1996), destacando a colección na que se insire, recollendo o argumento, salientando os valores que transmite e a importancia dos "contadores de historias" adaptando contos. A seguir comenta que tamén publicou ese mesmo ano *A vida de Ánxel Fole*, coa que inaugura unha colección que enche un baleiro existente na LIX galega, o da biografía narrativa-histórica. Explícase a estrutura e conclúese apuntando que responde a un xeito de amosar a identidade. No seguinte apartado analízanse dúas "obras ambivalentes", *Un polbo xigante* (2000) e *O galo de Antioquía* (2003). Da primeira delas recóllese o argumento e saliéntanse os elementos que a define, o humor, a ironía e a desmitificación. D'*Un polbo xigante* indícanse as edicións coas que conta, descríbese o argumento e saliéntanse as intertextualidades con Ovidio, Frank Kafka, entre outros, e repárase no prólogo das última reedición, no que un fillo de Casares refire que as características que definen as súas obras eran características da súa propia personalidade. No seguinte apartado enuméranse as obras que traduciu Casares, labor que comezou con *O principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry. No último apartado resúmense as achegas de Carlos Casares á literatura infantil e xuvenil galega e acóllese a conclusión do artigo. Afírmase que Casares participou na posta en funcionamento dun "programa estratégico de planificación cultural para Galicia", seguindo así o maxisterio de Ramón Piñeiro e o grupo formado ao redor da Editorial Galaxia. Afírmase así mesmo que incorporou elementos simbólicos e materiais identitarios e que ademais realizou "una actividad publicista, educativa y política" que o converteu nun autor "clásico" que influíu e inflúe en autores posteriores e que conseguiu que a súa obra forme parte do canon "potencial"

e "selectivo" do polisistema literario galego. Conclúese o artigo salientando que Casares tivo "una aportación decisiva para la configuración y consolidación del sistema literario infantil y juvenil gallego" e apostando pola necesidade de visibilizar esta produción, como se fai coa LIX galega no proxecto *Informes de Literatura*.

Sampedro Martínez, Pilar, "*Os cinco narradores de Bagdad*. Fabien Velhmann", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 43, "Recensións", abril 2009, pp. 189-190.

Dá conta da publicación do cómic *Os cinco narradores de Bagdad*, de Fabien Vehlmann e Frantz Duchazeau na editorial Faktoría K de Libros en 2008. Despois de describir en detalle o seu argumento, salienta o punto de vista profético adoptado polo narrador xunto ao carácter de reflexión sobre os contos e os seus narradores que encerra o cómic.

Sampedro Martínez, Pilar, "*O carteiro de Bagdad*. Marcos S. Calveiro", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 43, "Recensións", abril 2009, p. 188.

Trata a historia d'*O carteiro de Bagdad*, da autoría de Marcos S. Calveiro, publicada na colección Ala Delta da Editorial Tambre Edelvives en 2007 e merecente do premio Ala Delta de Literatura Infantil 2007. Tras comentar brevemente o seu fío argumental, destaca o comezo de cada capítulo coa frase "Nada muda en Bagdad", cuxo obxectivo radica no fomento da tolerancia e a paz entre os seres humanos. Salienta asemade as ilustracións de gran calidade entre o realismo e o simbolismo que acompañan ao texto, de Miguel Ángel Díez.

Sampedro Martínez, Pilar, "*Xenaro e o misterio da mochila verde*. Mar Guerra", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 44, "Recensións", xuño 2009, p. 182.

Dá conta do relato infantil *Xenaro e o misterio da mochila verde*, da autoría de Mar Guerra, publicado por Edicións Xerais de Galicia en 2008 e merecente do Premio Merlín 2008. Tras un parágrafo introdutorio sobre os premios máis recentes da editorial Xerais, resume o argumento do relato e destaca o seu carácter de "*thriller* psicolóxico".

Sampedro Martínez, Pilar, "*A cabeza de Medusa*. Marilar Aleixandre", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 44, "Recensións", xuño 2009, p. 183.

Dá conta da última novela de Marilar Aleixandre, *A cabeza da Medusa*, publicada en 2008 por Edicións Xerais de Galicia, merecente do Premio Fundación Caixa Galicia 2008 e incluída na Lista dos White Raven 2009. Tras realizar unha sucinta análise do seu fío argumental, destaca a cuestión da discriminación feminina presente na novela, a partir do mito da Medusa na mitoloxía clásica. Outros aspectos que salienta son a disparidade entre o erotismo e a pornografía, o trato vexatorio sufrido pola muller en

tanto en canto obxecto sexual, a terríbel situación persoal que sofren as mulleres vítimas de violación ou mesmo o rol da xustiza perante esta situación. Conclúe a recensión mencionando o gran labor da montaxe fotográfica da cuberta, realizada por Victoria Diehl.

Sampedro Martínez, Pilar, "*Xardín do pasatempo*. Ramiro Fonte", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 44, "Recensións", xuño 2009, p. 184.

Comenta o primeiro poemario de Ramiro Fonte, *Xardín do pasatempo*, publicado na colección Ala Delta de Tambre Edicións en 2008. Dirixida a un lectorado infantil, salienta os seus aspectos intertextuais así como algúns versos dos seus poemas "Paraíso de inverno" e "Decembro". Destaca asemade o ton lúdico ao longo do poemario, mesturado cun sentimento nostálxico que exemplifica citando algunhas estrofas. Menciona, doutra banda, os poemas "Vellas datas do futuro"e "Tece a tea do destino" co gallo de sinalar o emprego dun narrador en primeira persoa. Finalmente subliña o magnífico labor do ilustrador, Jacobo Muñiz, aplicando a técnica da colaxe en branco e negro.

Sampedro Martínez, Pilar, "*Circo Rigatoni*. Pinto&Chinto", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 44, "Recensións", xuño 2009, p. 185.

Informa da nova obra de Pinto&Chinto, *Circo Rigatoni*, publicado na colección Punto de Encontro da editorial Everest Galicia en 2008, cuxas ilustracións foron elixidas como representación española na Bienal de Ilustración de Bratislava (Eslovaquia). Despois dunha breve descrición do seu fío argumental salienta o seu limiar, intitulado "Pasen e lean!" ao xeito circense. Recomenda por último a súa lectura en base a unha estrutura imaxinativa notábel. Acompaña á recensión unha fotografía da cuberta do volume.

Sampedro Martínez, Pilar, "O cabalo de vidro' de Antón Avilés de Taramancos.", *Alameda. Revista da Sociedade do Liceo de Noia*, n.º 34, xullo 2009, pp. 74-76.

Sinala que *O cabalo de vidro* (2008), de Antón Avilés de Taramancos, foi escrita na década dos cincuenta e permaneceu inédita até a actualidade, que lle foi entregada á profesora Aurora Marco para a súa publicación. Opina que é un conto marabilloso que segue outras iniciativas como as *Fábulas* (1897), de Amador Montenegro Saavedra, o primeiro libro dirixido á rapazada; *O rei avarento*, de Vicente Risco; *Os nenos* ou *Agromar. Farsa para rapaces*, de Filgueira Valverde; *Conto de guerra*, de Camilo Díaz Baliño; *Teatro dos nenos*, de Álvaro de las Casas ou *Margarida, a do sorriso da aurora*, de Evaristo Correa, o primeiro conto de fadas en galego. Pensa que todas estas obras significan o rexurdir do idioma literario para os máis pequenos nos anos anteriores á guerra, despois hai que esperar até os anos cincuenta en que aparece o primeiro libro de poesía infantil alén mar e os sesenta en que editoriais coma Galaxia volven pensar nos rapaces. Cre que *O cabalo de vidro* fala da sensibilidade do autor de cara a dotar a literatura galega do que non tiña; polo que, malia haber unha gran presenza do propio, tamén hai elementos que se poderían repetir en calquera lugar.

Salienta que é un conto no que a maxia fai das súas, cheo de humor e reminiscencias, polo que pasan trasgos e nobreza e que contén cancións de namorados e coplas. Finalmente, comenta o que faría el con esta obra que chega tan tarde no tempo e, polo tanto, resulta un pouco estraña para os rapaces de hoxe: leríalles a obra e fixaríase nas reaccións dos rapaces, preguntaríalles polas sensacións que lles produce e poñeríaos a crear outras historias que poidan facer con seus avós. Di que tamén os poñería a xogar cos nomes de lugares que coñecen e propoñeríalles que creasen outros lugares e personaxes, que tomasen de referencia outros do conto, como o cabalo de vidro que fala, e que colocasen no escenario todo o que quixesen para facer voar a súa imaxinación.

Sampedro Martínez, Pilar, "Novoneyra, para ler dos cinco aos cen anos", *Alameda. Revista da Sociedade Liceo de Noia*, n.º 35, novembro 2009, pp. 56-57.

Trae á memoria algunhas das historias escritas por Uxío Novoneyra, como *O cubil do xabarín* (1991); *Gorgorín e Cabezón* (1992); *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*(1998). De cada un deles describe o seu argumento e menciona asemade os seus ilustradores, Quintana Martelo; Quintana Martelo e Vázquez e Manuel Uhía, respectivamente. Comenta así mesmo os trazos que caracterizan os estilos das ilustracións e remata cunha nota de agradecemento á Real Academia Galega pola recuperación destas historias no ano 2010.

Soto, Isabel, "Sen complexos", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 8.

Sinala que *Garavanciño* (2008) é un conto popular que se encadra dentro do grupo temático dedicado a personaxes de pequeno tamaño que deben demostrar a súa valía e astucia para acadar un lugar no mundo, aínda que conta cunhas características de seu que o diferencian de *Polgariño*. Comenta que esta versión de Olalla González recolle a cerna da anécdota nun texto conciso e rotundo que prescinde de detalles accesorios. Revisa o argumento desta proposta textual relatada por un narrador omnisciente que se ve reforzado polos parlamentos dos protagonistas, ademais de referirse ás ilustracións de Marc Taeger, que se se suceden en orde e completan as unidades narrativas.

Soto, Isabel, "*PalAbrAs brAncAs*. Elvira Riveiro Tobío", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, n.º 17 (II série), "Recensões e notas críticas", abril 2009, pp. 84-85.

Saúda a aparición dunha nova voz poética dentro da literatura infantil e xuvenil galega, a de Elvira Rivero Tobío co poemario *PalAbrAs brAncAs*. Ofrece algúns datos biobibliográficos, tales como a súa procedencia do medio rural, a vivencia da diglosia e a descuberta da paixón pola poesía no contexto escolar, os seus estudos de Filoloxía Galega, as estadías como bolseira en Lisboa e Coímbra, a súa participación en distintas publicacións periódicas, os primeiros galardóns acadados e, finalmente, a edición dos seus poemarios en 2005 -*Andar ao leu* e *Arxilosa*- e mais a súa actividade na internet. A seguir, destaca que *PAlAbrAs brAncAs* foi finalista do Premio Merlín 2007 e constitúe unha novidosa proposta ao estaren os vinte e sete poemas dos que consta construídos

unicamente con palabras que levan a vogal *A*. Encadra o volume no eido da poesía experimental, aspecto que reforza a presenza nas citas introdutorias do catalán Joan Brossa e de Gonzalo Navaza, e pon de relevo a interacción con códigos diversos, a colaxe verbal, a utilización das posibilidades expresivas da maquetación, os xogos coa rima, a dispersión dos significados e as conexións metafóricas. Apunta tamén o carácter humorístico dalgúns poemas e a utilización de recursos como a enumeración, os acrósticos ou a *definitio*. Conclúe comentando que as ilustracións do volume, obra de Fino Lorenzo, recorren aos trazos de lapis de cores aos que se lles suman elementos como recortes de fotografías e anacos de papel de periódico para convertelas en sinxelas colaxes, moi expresivas e imaxinativas.

Soto, Isabel, "*O libro das viaxes imaxinarias*. Xavier P. Docampo", *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*, nº 18 (II série), "Recensões e notas críticas", outubro 2009, pp. 85-86.

Preséntase *O libro das viaxes imaxinarias*, froito da colaboración entre o escritor Xavier P. Docampo e o ilustrador Xosé Cobas, como un libro singular, tanto dende o punto de vista da edición, que o converte nun libro obxecto, coma do no contido. Incídese na presenza do tema da viaxe na dedicatoria, na cita inicial do francés Jules Renard e na nota da edición, que ademais revela o artificio literario que terma da historia: a transcrición de dous cadernos de viaxe, sen datos concretos de autoría, data ou localización xeográfica dos lugares visitados, conforme foron atopados. A recensionista refírese tamén ao percorrido que realiza o lector, canda o anónimo Viaxeiro, por trinta lugares imaxinarios ateigados de marabillas poeticamente descritas, detalles arquitectónicos ou paisaxísticos e retratos de xentes diversas, cos seus costumes, tristuras, miserias, preocupacións e alegrías, así como ao reforzamento que se consegue coa inclusión de poemas, cancións, debuxos, receitas, apócemas curativas, aforismos, reflexións íntimas, refráns, listaxes, contos ou semblanzas. Apunta tamén a declarada homenaxe dos creadores a Italo Calvino e á súa obra *As cidades invisibles*, co que estabelecen un xogo intertextual e, con respecto ás ilustracións, sinala que Cobas utiliza fondos en tonalidades próximas aos ocres e combina seres e obxectos que semellan bosquexos e interrogan dende as sombras con imaxes hiperrealistas.

Squilloni, Arianna, "*Garbancito*. Olalla González (adapt.)", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 224, "Libros. De 0 a 5 años", marzo 2009, p. 64.

Recorda primeiro que Garbancito é un conto tradicional que non precisa presentación e expón as razóns. Logo comenta que as palabras da adaptadora de *Garavanciño* (2008) son "precisas, hasta escuetas, y al mismo tiempo aciden con sabiduría a la rima creando el estribillo perfecto". A seguir fala do tipo de letra que prima a claridade da lectura e remata falando das ilustraciñóns que invitan "al goce y la alegría", das gardas e das cualidades de Garbancito como fonte de anécdotas, unha ferramenta de creación literaria e até de catarse para "convertir en historias llas desventuras que pueden pasarle a cualquier "enano".

Varela Tembra, Juan José, "Blanca-Ana Roig Rechou, *La Literatura Infantil y Juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor*. Madrid: Dinocolor. 200 pp. D.L: M-45287-2008 ", *AILIJ*, n.º 7 (1), "Reseñas/Reviews", 2009, pp. 122-124.

Comeza destacando que *La literatura infantil y juvenil gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor* apareceu publicada conxuntamente en galego e castelán e que ofrece un panorama da LIX do século XXI até o ano 2006. A seguir, dá conta do contido deste volume no que se analizan "los diversos mediadores entre el libro gallego y los lectores" (docencia, editoriais, premios, investigación, etc.) e a obra de seis autores considerados "clásicos contemporáneos por la calidad de su obra literaria y su influencia en otros creadores". Explícanse as razóns que levaron á investigadora Blanca Roig á realización deste libro e cualifícase de "análisis detallado", "obra entusiasta" e mesmo de "trabajo que aporta una visión muy completa, amena y novedosa" da LIX galega para a súa investigación e para o estudo dos xéneros que a compoñen.

Vázquez Freire, Miguel, "Una mirada sobre lo oscuro o el misterio de la literatura infantil y juvenil. Entre Hoffman y Andersen", *Bloc. Revista Internacional de Arte y Literatura Infantil*, n.º 4, 2009, pp. 22-30.

Análise dos clásicos de misterio e terror da literatura infantil e xuvenil na que se sinala a Heinrich Hoffman como o precursor do fantástico moderno e a Edgar Allan Poe e Howard Phillips Lovecraft como mestres indiscutíbeis. Saliéntase que nas obras destes dous escritores estadounidenses a realidade combate contra as sombras do irracional e case sempre fracasa. Nomeadamente, en Poe aparecen os dous camiños polos que discorre a fantasía moderna: o misterio irracional –relatos nos que o enigma se resolve mediante a dedución ou a explicación compatíbel coas leis cientificamente aceptadas– e o terror irracional –relatos nos que o enigma é irresolúbel dende a racionalidade. O autor conclúe este breve achegamento mencionando, ademais dalgunhas obras de Joan Manuel Gisbert e as narracións protagonizadas polo detective Flanagan, de Andreu Martín e Jaume Ribera, a novela *Aire negro*, de Agustín Fernández Paz, na que percibe paralelismos coa obra de Lovecraft e tamén coa de Henry James.

Vázquez Freire, Miguel, "Hoffmann e Busch", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 43, "Recensións", "Clásicos da literatura infantil en lingua galega", abril 2009, pp. 186-187.

Comenta o eido do chamado álbum ilustrado infantil a partir do poemario *Der Struwwelpeter*, da autoría de Heinrich Hoffmann, editado en Alemaña en 1845 e dirixido a un lectorado infantil. Conforme sinala Vázquez Freire, a súa creación xurdiu a partir dos *Bilderbogen* ou pregos de papel ilustrados en cores brillantes, con equivalentes españois nas *aleluyas* ou *aucas*. Destaca así mesmo a tradución ao galego deste volume como *Pedro Guedellas*, a partir da iniciativa da editora ourensá Linteo, que xa traducira unha obra de Wilhelm Busch, *Max e Moritz. Historia de dous pillos en sete trasnadas*, de 1865. Trata a seguir o éxito destes dous álbums grazas ás súas ilustracións e aos seus textos versificados, que rompían coa tradición dos contos exemplarizantes. Analiza asemade as figuras dos protagonistas destes volumes e comenta os debates xurdidos ao seu carón sobre a funcionalidade do castigo en tanto en canto á educación dos cativos. Conclúe coa recomendación da lectura destes álbums por

parte do lectorado agardado. Inclúe por último unha breve listaxe de referencias, as cubertas dos volumes anteditos e unha nota a rodapé na que advirte sobre o erro de atribución do conto "O Rei Cascanoces" a Heinrich Hoffmann.

Vázquez Freire, Miguel, "Agustín Fernández Paz. Un escritor, un mestre", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 43, "Entrevista", abril 2009, pp. 130-137.

Entrevista ao escritor de literatura infantil e xuvenil en lingua galega Agustín Fernández Paz co motivo do Premio Nacional de Literatura do que foi merecente pola súa obra *O único que queda é o amor*, editada por Edicións Xerais de Galicia en 2007. Os temas tratados xiraron ao redor dos seus inicios como escritor; o autor italiano Gianni Rodari e a cuestión do ludismo na LIX; a análise dalgunhas das súas obras como *As flores radiactivas* (1990), de temática fantástica; *Cartas de inverno* (1995) e *Aire negro* (2000), coas que rende homenaxe ás figuras de Edgar Allan Poe e Howard Phillips Lovecraft; a súa triloxía da memoria, composta por *Noite de voraces sombras* (2002), *Tres pasos polo misterio* (2004) e *Corredores de sombras* (2006); *O centro do labirinto* (1997); a docencia e o seu amor pola literatura; a referencialidade con respecto ao cine e á banda deseñada; o eido da educación e os diferentes modelos de escola; a súa cualificación de "escritor ideolóxico"; a reivindicación feminista presente ao longo da súa traxectoria literaria; os microrrelatos e a poesía. Pecha a entrevista a cuestión da dignificación da literatura infantil que o escritor e fundador de Nova Escola Galega leva a cabo dende hai xa bastante tempo. Acompañan á entrevista tres fotografías relativas ao aspecto laboral do escritor e unha listaxe coa bibliografía recomendada do autor.

Vázquez Freire, Miguel, "O outro Hoffmann ou o sinistro na infancia", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 44, "Recensións", "Clásicos da literatura infantil en lingua galega", xuño 2009, pp. 178-179.

Céntrase na figura do escritor de literatura fantástica, Heinrich Hoffmann. Tras un conciso apuntamento dos datos biobibliográficos do autor, describe con máis detalle o seu relato "O Crebanoces e o Rei dos ratos" (2000), publicado por Edicións Xerais de Galicia en galego a partir da tradución de Xabier Rodríguez Baixeras e Carmen Torres París. Sinala asemade os outros tres contos que compoñen o volume, "O neno descoñecido", "O mestre Martín o toneleiro" e "O home da area". Salienta o feito da inclusión no relato mesmo da cuestión do seu carácter de "conto infantil", que exemplifica cunhas liñas do texto. A seguir comenta o terceiro dos contos antes mencionados, "O home da area" en relación á psicanálise de Freud, para despois volver sobre o argumento do primeiro relato d'O crebanoces e o Rei" dos ratos e a cuestión dos medos infantís reflectidos na literatura dirixida aos cativos. Remata a recensión coa mención dalgunhas óperas inspiradas neste relato como as de Tchaikovski ou Offenbach. Acompañan á recensión dúas cubertas da ópera *Os contos de Hoffmann*, de Offenbach.

Vázquez Freire, Miguel, "Edgar Allan Poe: o Lado escuro da Razón", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 45, "Recensións", "Clásicos da literatura infantil en lingua galega", novembro 2009, pp. 130-132.

Dá conta dalgunha das publicacións de Edgar Allan Poe traducidas ao galego e relativas ao eido da literatura infantil e xuvenil, co gallo do bicentenario do seu nacemento. Tras apuntar as dúas modalidades literarias creadas por Poe, o relato de misterio e terror e o relato policial, alude á súa vocación literaria e ao seu éxito como escritor. Salienta, así pois, os contos de *The Raven* (*O corvo*); *The Fall of the House of Usher* (*A caída da casa Usher*) (1960); *Os crimes da rúa Morgue* (2009) e *O trasno da perversidade*, incluído na selección de *Contos* (1996), publicada por TrisTram. Conclúe cunha listaxe das historias do autor traducidas ao galego, xunto ás referencias empregadas, na que inclúe os últimos títulos publicado *Os crimes da rúa Morgue* (2009), *O escaravello de ouro* (2009) e *A verdade sobre o caso Valdemar* (2009).

VII.5.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Araguas, Vicente, "Non máis queda o amor", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 514, "Libros", 4 xaneiro 2009, p. 14.

Coméntase a obra de Agustín Fernández Paz *O único que queda é o amor* (2007), gañadora do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008, que se presenta como unha obra para todas as idades malia o título do premio. Dise que é un libro de relatos unidos polo tema central do amor e que está cheo de referencias literarias que demostran as lecturas do autor "sen pretender facer metaliteratura" e que teñen un "pouso lírico" nos que se atopan realidades difuminadas. Tamén se indica o lirismo da súa linguaxe e a mestura de elementos reais cos que non o son. Recoméndase a lectura do libro aos amantes da narración breve.

Araguas, Vicente, "Cousas dos cegos", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 521, "Libros", 22 febreiro 2009, p. 20.

Dá conta da comedia tráxica *Raposiño e o cego* (2008), editado por Limaia Producciónss e da autoría de Manuel Mandianes, a partir do personaxe do cego literario, presente dunha forma ou outra na literatura universal. Tras unha breve descrición do fío argumental, analiza a súa temática baseada na cuestión do arraigamento dunha persoa á súa terra natal coa emigración como transfondo. Menciona tamén o gran labor ilustrativo de Aurora López.

Calveiro, Marcos S.,"Nova York e Barcelona en 1939", *A Nosa Terra*, n.º 1354, "Cultura", "Crítica", "BandaDeseñada", 9-15 abril 2009, p. 30.

Informa da publicación d'*As serpes cegas* (2008), o novo cómic de Felipe Hernández Cava e Bartolomé Seguí editado por BD Banda. A partir das orixes de Hernández Cava como guionista, menciona a súa candidatura aos premios do 27º Salón do Cómic de Barcelona, nas categorías de mellor obra e mellor guión. Salienta doutra banda a temática belicista que conforma o álbum xunto á súa estruturación en sete capítulos e os seus contidos. Comenta asemade o labor do ilustrador Bartolomé Seguí, que equipara á estética de *Trazo de Xiz* (1990), de Miguelanxo Prado. Finalmente cita o blog do autor xunto ao seu máis recente proxecto en colaboración con Hernández Cava, *Niebla sin nombre*. Acompañan á recensión unha plana e dous cadros do álbum ilustrado.

Castro Rodríguez, Xavier, "Un conto inédito de Avilés de Taramancos", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Couso e arca", 24 xaneiro 2009, p. 2.

Coméntase ao comezo que no ano 2002 a Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas de 2003 a Antón Avilés de Taramancos, un dos representantes da xeración de poetas da segunda metade do século XX. Saliéntase a importancia que ten o feito de achar material inédito dun autor ou autora para completar mellor o seu corpus literario tal e como ocorreu neste caso cando a profesora Aurora Marco preparaba o

material sobre Taramancos para presentar no ano 2003. Dise que ela atopou na casa dunha amiga de Avilés de Taramancos o conto *O cabalo de vidro* escrito nos anos cincuenta e que segue as pautas do conto tradicional pero situado no espazo galego e con personaxes e elementos do imaxinario colectivo de Galicia. Aclárase que agora é publicado pola Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Noia e ilustracións do noiés Xosé Luís Veiras Manteiga e que no seu momento formou parte dun proxecto dirixido aos máis novos que tentou retomar o autor nos anos noventa xunto con Xosé Agrelo e Aurora Marco.

Castro Rodríguez, Xavier, "Baleirar o corazón no caderno da memoria", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 20 xuño 2009, p. 2.

Coméntase que *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, é desas novelas que os lectores identifican como a gran novela dun determinado escritor, aínda que non sexa a máis ambiciosa da súa traxectoria, e das que teñen un inicio singular que a xente memoriza. Opínase que Neira Vilas foi capaz de compoñer unha historia, hoxe xa clásica, escrita dende o coñecemento da realidade e da terra pero tamén dende a experiencia interior. Afírmase que o idioma é a clave fundamental desta narración na que se reproduce unha realidade agora descoñecida pero imaxinábel. Saliéntase que se cumpren corenta anos da edición galega, publicada en Ediciós do Castro, que contiña un prólogo de Xesús Alonso Montero e ilustracións de Isaac Díaz Pardo. Sinálase que a novela reflicte o mundo de Balbino, o que sofre unha especie de ósmose coa terra, ateigado de dor, desexos, novas experiencias e paixóns (a escola, a terra, a lingua, a partida cara a América de seu irmán, as festas, a morte, o lume de San Xoán, etc.) que somos capaces de asumir como propias. Finalmente lémbrase un elemento paratextual: a dedicatoria "A tódolos nenos que falan galego".

Castro Soliño, Dorinda, "Pracer da lectura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 278, "Libros", 12 febreiro 2009, p. IV.

Faise unha descrición da obra de Manuel Janeiro, *A fada das lapas* (Editorial Galaxia, 2008), da que se di que é unha obra exquisita e que non se cingue a unha cronoloxía. Sublíñase o feito de que é unha obra que serve para adultos e para nenos na que se mesturan o pasado e presente e o mundo real e fantástico sen unha fronteira definida entre un e outro. Tamén se indica que o autor é un referente do deseño gráfico na cultura galega e a continuación descríbese o argumento da obra no cal o lectorado se atopa cunha desgarradora historia de amor entre un humano e unha fada demostrando a imposibilidade do amor. Sinálase que as fontes da obra son diversas, dende as vellas historias de tradición oral até as vellas historias da mitoloxía clásica, dando lugar á aventura de Gabriel, fillo do ferreiro, que perde o seu nome e o seu pasado ao namorar dunha fada coa que ten un fillo que posuirá a condición de humano e de sobrenatural. Dise que a historia se converte así nunha metáfora sobre a dor pola perda dos fillos e os esforzos sobrenaturais que se realizan para a súa recuperación. Logo explícase que a prosa é poética cun vocabulario no que se mestura a influencia da literatura culta e a popular para, por último, indicar que outro dos atractivos do libro son as ilustracións de grande expresividade e forza dramática da pintora Zita Delaco.

Dacosta, Marta, "Sobre *A cabeza de Medusa* de Marilar Aleixandre", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "Cultura", 5-11 febreiro 2009, p. 26.

Faise unha gabanza da obra de Marilar Aleixandre *A cabeza da Medusa* (2008) partindo do feito de encher, segundo di Marta Dacosta, un oco que faltaba na literatura galega ao "embarcarse en tratar o tema da violación física da muller" visto, segundo se di, como "un tema tabú". Dise que malia o tema principal ser a agresión sexual que sofren dúas adolescentes se trata de pór de relevo a agresión social que logo deben aturar ao ser xulgadas as vítimas na sociedade actual. Destácase o logro de que o libro se publique como destinado ao público xuvenil e que é unha obra necesaria "porque a literatura pode aspirar a ser evasiva" sen fuxir da realidade social na que se insire. Faise de seguido unha crítica á sociedade que segue a ser violenta coa muller e indícase que a obra se nutre dun diálogo coa tradición e co mito de Medusa para tratar o tema da incomprensión. Por último fálase minimamente dos personaxes principais e dise que é o lectorado o que ten que ler a obra e logo posicionarse ante os feitos descritos.

Feixó, Xosé, "Urraca Regina", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 307, "Libros", 7 maio 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 233, "Letras galegas", 16 maio 2009, p. 6.

Coméntanse os números 2 e 3 da colección "Historias de Santiago", publicados por Nigratea en 2008, ambos da autoría de Estro Montaña e ilustrados por Jaime Asensi. Forman parte, segundo se di, da Biblioteca Infantil e Juvenil do Consorcio de Santiago, cuxa colección trata de aproximar o lectorado a personaxes senlleiros da historia de Santiago e Galicia. Critica a súa redacción en lingua castelá e non galega, á vez que destaca favorabelmente a cronoloxía dos feitos históricos narrados no seu seo, entre eles o estudo sobre o arcebispo de Compostela, Diego Xelmírez, no primeiro volume, así como a derradeira visión de Dona Urraca no segundo, da que cita unha parte. Tamén se salienta o estudo sobre o arcebispo que aparece no primeiro número, a recomendación da súa lectura por parte dos mozos e mozas para un primeiro achegamento a estas figuras senlleiras e certos erros atopados na Internet referidos á autoría.

Fernández, Paula, "Sinxeleza expositiva", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 214, "Lecturas", 3 xaneiro 2009, p. 10.

Presenta o conto *Navega, caracol!* (2008), de Armando Quintero, editado por OQO Editora na colección "Caracois" e dirixido aos máis cativos. Menciona primeiramente o resto dos títulos que compoñen esta colección, *Caracol e caracola*; *Caracol e formiga*; *Caracol e vermiño* e *Que susto!*. Tras un breve descritor argumental destaca a simplicidade do texto, composto por un conxunto de cinco relatos baseados na temática do cotiá nas vidas do lectorado agardado e nos que o aspecto figurativo das ilustracións de André Letria xoga un rol importante. Cita, doutra banda, *Un lugar no bosque* (2003), do mesmo autor, co que subliña a súa experiencia á hora de escribir para os máis pequenos.

Fernández, Paula, "Alegato directo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 273, "Infantil/Xuvenil", 8 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 216, "Lecturas", 17 xaneiro 2009, p. 11.

Informa da saída do prelo d'*Eu tamén son fonte* (2008), o novo poemario de Teresa Moure publicado por Galaxia e ilustrado por Leandro Lamas. Como característica principal sinala o seu carácter de alegación a favor do aleitamento materno, ao redor de cuestións como o feminismo e a ecoloxía, tratadas con absoluta naturalidade. Xa no plano formal salienta aspectos como a musicalidade dos versos ou a beleza das imaxes creadas polo ilustrador, Leandro Lamas. Menciona así mesmo o apoio da Federación Galega de Asociacións de Apoio á Lactación Materna en Galicia que recibiu o poemario.

Fernández, Paula, "Infancia bucólica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 275, "Infantil/Xuvenil", 22 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 218, "Letras galegas", 31 xaneiro 2009, p. 11.

Dá conta do novo poemario de Ramiro Fonte, *O xardín do pasatempo*, publicado por Edicións Tambre en 2008. Sinala a nenez campestre e costumista na vila natal do autor como a liña temática seguida polo poemario xunto a unha mestura entre o real e o fantástico que presentan as sete seccións en que se artella. Doutra banda destaca a súa estruturación métrica e a gran variedade de recursos estilísticos antes de concluír afirmando a mestría do autor no eido lírico, sobre todo á hora de inculcar valores no seu lectorado.

Fernández, Paula, "Conto e Cómic", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 277, "Infantil/Xuvenil", 5 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 220, "Letras galegas", 14 febreiro 2009, p. 11.

Analiza o conto da autoría de Tere Puig, *Quen son eu*, publicado por Edicións do Cumio en 2008 e traducido ao galego por María Lado. Comenta que o obxectivo deste conto é o de resolver as dúbidas que o seu protagonista, un rapaz chamado Lucas, ten ao respecto da súa identidade como persoa. Salienta a perspectiva do hinduísmo empregada, entre outras, para dar resposta ás súas preguntas, así como a sinxeleza e a expresividade das ilustracións a cargo de Isao.

Fernández, Paula, "Música e Imaxe", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 219, "Letras galegas", 7 febreiro 2009, p. 11.

Presenta o novo volume de Almudena Janeiro, *Contos en cantos*, publicado por OQO Editora en 2008. Tras situar a orixe dos textos que o compoñen nas trece historias anteriormente publicadas pola mesma editora, sinala a súa transformación en poesía ao carón de diversas melodías e ilustracións, contidas tamén no DVD con karaoke que acompaña ao volume. Subliña a reiteración de certas secuencias narrativas acompañadas á súa vez por retrousos; unha doada identificación de cada unha das seccións que conforman o volume e o feito de poder ler, cantar ou ben escoitar cada unha das historias nel inseridas. Destaca finalmente o obxectivo da autora de agrandar a educación musical do lectorado agardado.

Fernández, Paula, "Pato e Coello", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 278, "Infantil/Xuvenil", 12 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 222, "Letras galegas", 21 febreiro 2009, p. 11.

Informa da obtención do I Premio Internacional Compostela polo álbum ilustrado *Cerca*, da autoría de Natalia Colombo, editado por Kalandraka en 2008. Dise que, está traducido ao galego por Manuela Rodríguez, o álbum se centra na incomunicación e no individualismo a partir das figuras de dous animais, un pato e un coello. Tras describir brevemente o seu argumento, sinala a simplicidade da narración xunto a unha temática profunda, non exenta, por outra banda, de crítica social que incluso o lectorado ao que vai dirixido o álbum é capaz de comprender.

Fernández, Paula, "Fantástico agasallo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 282, "Infantil/Xuvenil", 12 marzo 2009, p. VII.

Dá conta d'*O libro das viaxes imaxinarias*, da autoría de Xabier P. Docampo, publicado por Edicións Xerais de Galicia en 2008 e ilustrado por Xosé Cobas. Tras mencionar o seu recoñecemento como mellor libro ilustrado do ano 2008, comenta o fío argumental salientando os aspectos lingüísticos e espaciais. Conclúe sinalando o magnífico labor ilustrativo que en certa forma homenaxea a Munch.

Fernández, Paula, "Carga poética", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Infantil/Xuvenil", 19 marzo 2009, p. VII.

Trata o conto d'*O rei e a coroa Setepedras*, de Enríque Pérez Díaz, traducido ao galego por Ánxela Gracián, publicado pola Editorial MacMillan en 2008 e ilustrado por Claudia Ranucci. Comenta que o conto aborda as cuestións da soidade e da felicidade a través dunha linguaxe certamente bucólica e ateigada de xogos de palabras. Informa do argumento de xeito breve e sinala a carga poética e didáctica subxacentes no texto e mesturadas con trazos simbólicos.

Fernández, Paula, "Descubrirmos a lenda", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 284, "Infantil/Xuvenil", 26 marzo 2009, p. VII.

Introduce a nova obra de teatro de Carlos Labraña, *Lendas da noite de San Xoán*, publicada por Edicións Everest Galicia en 2008 e ilustrada por David Pintor. Tras mencionar o lectorado ao que esta obra vai dirixida, describe brevemente o argumento salientando aspectos como o didactismo ou o intento de recuperación de tradicións antigas na cultura galega como o Samaín.

Fernández, Paula, "Alegato da amizade", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 285, "Infantil/Xuvenil", 2 abril 2009, p. VII.

Comenta a publicación d' *A serea do mundo*, de Encarna Otero, a cargo da editorial Galaxia en 2008 e ilustrado por Elisa Gallego Picard. Tras describir o seu fío argumental, salienta a figura do narrador, de tipo omnisciente, xunto a unha temática

estruturada dende un punto de vista metafórico e alicerzada na cuestión da verdadeira amizade e no apoio e a defensa da natureza. Sinala, doutra banda, a ambigüidade presente no final do álbum como un chamamento á reflexión por parte do lectorado e o ton poético e de compromiso da historia que refire.

Fernández, Paula, "En xeito popular", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 286, "Infantil/Xuvenil", 16 abril 2009, p. VII.

Dá conta da saída do prelo de *Historia da resurrección do papagaio*, un conto de Eduardo Galeano editado por Kalandraka en 2008 e ilustrado por Antonio Santos. Tras unha concisa descrición do argumento, destaca a relación existente entre a figura do narrador e a literatura popular así como o contraste entre o tradicionalismo da súa expresión narrativa fronte á modernidade estética das ilustracións.

Fernández, Paula, "Atmosfera fantástica", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 287, "Infantil/Xuvenil", 23 abril 2009, p. VII.

Informa da novela *Habitación 202*, de Concha Blanco, publicada por Edicións Everest Galicia en 2008 e merecente do Premio Novela por Entregas 2007 do xornal *La Voz de Galicia*. Comeza por salientar aspectos recorrentes nas novelas de terror como as aparicións ou as premonicións para, a seguir describir o argumento. Destaca, doutra banda, os espazos visuais, a sinxeleza do texto e o dinamismo dos capítulos que a compoñen. Conclúe mencionando unha novela de Agustín Fernández Paz, *Cartas de inverno* (1995), como o referente ineludíbel no eido da novela de suspense en Galicia.

Franco, Camilo, "Proposta para este milenio", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 295, "Letras en galego", "O mellor do 2008", 3 xaneiro 2009, p. 10.

Preséntase a obra de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas *O libro das viaxes imaxinarias* (2008) como unha viaxe que remata no propio lector a través de cidades imaxinadas coa exactitude dos retratos. Son viaxes, segundo se di, que propoñen o "xogo da multiplicidade contra a indolencia social" e o adormecemento do lector. Saliéntase que se busca a súa complicidade e se colocan ben visíbeis as cousas que deben estar e que a ironía forma parte deste xogo.

Gallego, Mario e Conchi **Mumary**, "Perico xa é quén!", *Diario de Pontevedra*, "*Revista!*", n.º 451, "Anaquel dos libros", 8 febreiro 2009, p. 6.

Presenta o novo conto de Amparo Gómez Cuerpo, *Perico o cangrexo*, editado por Ir Indo en 2008. Tras un brevísimo apuntamento biográfico, sinala a liña temática seguida nesta historia, a interiorización de valores na sociedade actual e a aprendizaxe crítica persoal. Destaca a relación existente entre os textos e as imaxes contidos no conto e a axuda que isto supón ao lectorado agardado á hora de comprendela. A seguir, describe o fío argumental e indica os seus xermolos, en parte biográficos, á vez que destaca o didactismo e a linguaxe ateigada de xogos de palabras xunto ao brillante colorido das

imaxes que ela mesma creou presentes no conto. Xa por último subliña o carácter tanto individual como colectivo da súa lectura.

García Teixeiro, Antonio, "Literatura e guerra civil", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "*Bule Bule*", 15-21 xaneiro 2009, p. 27.

Presenta o volume coordinado por Blanca-Ana Roig, Pedro Lucas e Isabel Soto, *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil*, publicado por Edicións Xerais de Galicia en 2008. A partir dunha reflexión crítica sobre a guerra civil española e a memoria histórica, introduce este volume afirmando a relación da súa liña temática coa razón de ser da literatura e salientando a escolma de obras literarias que inclúe, ao redor dese conflito bélico.

García Teixeiro, Antonio, "A partir dun poemario", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "*Bule Bule*", 15-21 xaneiro 2009, p. 27.

Comeza sinalando que dende hai anos tenta convencer da importancia da literatura e recoñece o labor do mediador á hora de que "a rapazada" lea e escriba. Apunta a satisfacción que tivo a finais do curso pasado cando o alumnado de 6º de primaria do C.E.P. "Carlos Casares" de Alxén lle enviou traballos feitos a partir do seu poemario *Petando nas portas de Dylan* (2007) que previamente a mestra empregara na aula e dos cales reproduce fragmentos. Remata indicando que con este exercicio, o alumnado descubriu unha nova canle, antes descoñecida, para expresar os seus sentimentos e que dende agora vivirán de cara á poesía.

M. S., "Unha nova aventura do afouto capitán Araña", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 793, "Ó axexo dos libros", 27 decembro 2009, p. 6.

Dá conta da novela de piratas de Rafael Lema *Crónicas corsarias*, publicada na colección Catavento da Editorial Tambre en 2008. Reproduce primeiramente un extracto da biografía do autor publicada noutro dos seus volumes, *Capitán Araña* (2007), para continuar cunha breve análise da súa recente novela, centrada no tipo de narración, a novela de piratas; o espazo, as Indias; e o personaxe principal, Roi Martíns. Tras citar algunhas liñas do comezo da historia alude á figura do Capitán Araña e ao rol que desenvolve nesta novela. Conclúe cunha recomendación da súa lectura.

Navarro, María, "Exercicio de imaxinación", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 214, "Lecturas", 3 xaneiro 2009, p. 10.

Informa da saída ao prelo do conto *O pequeno señor Paul*, de Martin Baltscheit, editado por Edicións Xerais de Galicia en 2008. Tras comentar sucintamente o fío argumental céntrase na estrutura, dividida en dúas partes, compostas á súa vez por sete relatos de carácter breve, ao redor da vida do protagonista. Destaca a cuestión da crítica de comportamentos considerados exemplares xunto á simplicidade das ilustracións realizadas por Ulf K.

Navarro, María, "Ollada delicada", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 273, "Infantil/Xuvenil", 8 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 216, "Lecturas", 17 xaneiro 2009, p. 11.

Dá conta da nova publicación de Fuco Paz Souto, *Cachiños do meu cerne*, editado por Toxosoutos en 2008. Comenta de forma concisa o argumento, centrado nas vivencias infantís do protagonista, e destaca a linguaxe nidia, sinxela e realista empregada nos relatos, a lembranza como unión do presente e do pasado, a delicadeza no tratamento dos personaxes e a intensidade dos sentimentos que destila a narración.

Navarro, María, "Para todas as idades", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 215, "Infantil/Xuvenil", 10 xaneiro 2009, p. 11.

Informa do relato de Joel Franz Rosell, *Don Agapito o apesarado*, editado por Kalandraka en 2008. Tras introducir o seu contido argumental, menciona as súas orixes nun feito real, a soidade experimentada polas persoas maiores tras a xubilación. Salienta, doutra banda, o absurdo como transfondo no que decorre a historia xunto á crítica á sociedade que marxina a estas persoas na súa senectude. Valora finalmente o labor ilustrativo de Federico Fernández que achega ao texto "unha suxestiva forma de entender o mundo coa deformación necesaria para causar extrañeza".

Navarro, María, "Condición humana", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 274, "Infantil/Xuvenil", 15 xaneiro 2009, p. VII.

Comenta o novo volume de Francisco Fernández Naval, inspirado na novela detectivesca, pero con sinais de identidade propios, *Suso Espada. Istanbul e o cabaliño de ouro*, editado por Everest Galicia en 2008. Comeza sinalando a primeira entrega desta serie, *O misterio do Grial* (2002), tamén dirixida a un lectorado mozo, para despois facer unha breve referencia ao seu argumento. Salienta a meticulosidade nas descricións espaciais e temporais, unha tensión narrativa que por veces carece da suficiente intensidade e a potenciación da cultura popular galega.

Navarro, María, "Fantasía extrema", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 275, "Infantil/Xuvenil", 22 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 218, "Letras galegas", 31 xaneiro 2009, p. 11.

Presenta o novo volume de Xosé Miranda, *O demo da botella*, editado por Edicións Xerais de Galicia en 2008. Tras un breve apuntamento da traxectoria literaria do autor, comenta en detalle o fío argumental do volume sinalando a continuidade co volume anterior, *O meigo de Salamanca* (2006), publicado na mesma colección "Amancio Amigo". Conclúe subliñando o acertado manexo da linguaxe empregada por Miranda, a versatilidade dos personaxes e a fantasía extrema.

Navarro, María, "Can para Amelia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 277, "Infantil/Xuvenil", 5 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 220, "Letras galegas", 14 febreiro 2009, p. 11.

Dá conta da historia *Amelia quere un can*, da autoría de Tim Bowley, editada por Kalandraka en 2008 e dirixida aos primeiros lectores. Tras sinalar brevemente o argumento e os trazos xerais da traxectoria literaria do autor, salienta conceptos como a responsabilidade ou a convivencia inseridos na liña temática do conto e o uso de recursos propios da literatura oral como as estruturas acumulativas e as repeticións. Sinala finalmente o labor ilustrativo de André Neves, do que destaca o colorido e a técnica mixta.

Navarro, María, "Sono e soño", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 219, "Letras galegas", 7 febreiro 2009, p. 11.

Comenta *Soñei que era unha árbore*, de Tere Puig, conto publicado por Edicións do Cumio en 2008. Despois de sinalar a reflexión que os lectores máis pequenos poden extraer da súa temática ao redor dos acontecementos de evolución persoal que vive o protagonista, salienta a carga emocional implícita no texto así como a sinxeleza das ilustracións.

Navarro, María, "Tempo con Tempo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 278, "Infantil/Xuvenil", 12 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 222, "Letras galegas", 21 febreiro 2009, p. 11.

Dá conta da tradución ao galego de *Pingoriña e o tempo*, da autoría de Roberto Aliaga e ilustracións de Mónica Gutiérrez Serna, editado por MacMillan en 2008. Conforme sinala María Navarro, esta tradución foi levada a cabo por Ánxela Gracián como parte do proxecto do grupo editor. Subliña a explicación que do concepto do tempo o autor intenta ofrecer ao lectorado máis novo, á vez que o equipara cun dos lenzos de Salvador Dalí, *La persistencia de la memoria* (1931), na que se pon de manifesto o concepto do reloxo. Salienta o ton desenfadado do texto e as ilustracións.

Navarro, María, "Andoriña Carteira", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Infantil/Xuvenil", 19 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 223, "Libros", 28 febreiro 2009, p. 11.

Informa do relato da autoría de MAU (Enrique Mauricio Iglesias), *Mariquiña, a carteira andoriña*, editado por Edicións Xerais de Galicia en 2008. Tras comentar sucintamente o argumento salienta a combinación de ilustracións, a cargo de Carlos Álvarez Taboada (Tau), e fotografías xunto á perspectiva pedagóxica da que parte o autor. Doutra banda destaca tamén a linguaxe poética empregada, con abundancia de rimas simples e unha linguaxe doada de entender polo lectorado agardado. Menciona asemade o apartado intitulado "Que aprendiches?", que inclúe unha comprensión do texto nun formato de preguntas breves. Finalmente cita a composición poética de Manuel María, con música de Suso Vaamonde e unha actividade plástica a realizar polos lectores, que pecha o volume.

Navarro, María, "Un libro 'redondo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 280, "Infantil/Xuvenil", 26 febreiro 2009, p. VII.

Céntrase no volume de Mar Guerra *Xenaro e o misterio da mochila verde*, publicado por Edicións Xerais de Galicia en 2008 e merecente do premio Merlín do mesmo ano. Dise que a acción se sitúa no microcosmos escolar e saliéntase o tratamento dos sentimentos dos personaxes, moi próximos aos que poden experimentar os lectores, e un excelente manexo da lingua, sobre todo no rexistro coloquial.

Navarro, María, "Valores e Contravalores", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 281, "Infantil/Xuvenil", 5 marzo 2009, p. VII.

Dá conta da historia de *Querido Tolo*, de Juan Kruz Igerabide, editado por MacMillan en 2008. Despois de tratar brevemente o argumento, menciona a colección na que se atopa inserida esta historia, "Librosauro", e destaca os diversos tipos de caligrafía empregados para os diferentes personaxes co obxectivo de amosar o aspecto efémero dos sentimentos e das relacións entre os seres humanos. Salienta unha certa mestura entre ficción e realidade que favorece a reflexión entre os lectores sobre a cuestión das actuacións persoais. Menciona finalmente o labor ilustrativo de Tesa González, en canto ao seu colorido e trazos.

Navarro, María, "Vontade optimista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 282, "Infantil/Xuvenil", 12 marzo 2009, p. VII.

Informa da saída ao prelo d'*Ernesto bo día*, de José Campanari, en OQO Editora no ano 2008. Comeza cunha descrición do fío argumental na que se subliñan os trazos expresivos e sinxelos das ilustracións a cargo de João Vaz de Carvalho. Doutra banda salienta o carácter pedagóxico do conto así como o sentimento positivo e de ledicia que desprende a súa lectura.

Navarro, María, "En alianza", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Infantil/Xuvenil", 19 marzo 2009, p. VII.

Comenta o novo conto de Xosé A. Neira Cruz, *O debut de Martino Porconi*, publicado en 2008 pola editorial Galaxia na colección "Árbore Musicontos". Tras destacar a inclusión dun CD con música de Dimitri Shostakóvich interpretada pola Real Filharmónica de Galicia, salienta as ilustracións a cargo de Federico Fernández en canto aos seus trazos de estabilidade e delicadeza que axudan á recreación do conto clásico. A seguir describe o argumento e eloxia a reconstrución do conto tradicional dende unha perspectiva do deleite e da ledicia a través da relación entre o texto e a música clásica.

Navarro, María, "Tenra historia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 284, "Infantil/Xuvenil", 26 marzo 2009, p. VII.

Presenta o novo conto de Encarna Otero, *O branco país sen neve*, publicado pola editorial Galaxia en 2008. A partir dunha concisa descrición do fío argumental e temático, salienta a dimensión utópica e simbolista da historia narrada. Tamén destaca asemade os valores que presenta, tales como o traballo duro e a esperanza. Por último comenta o "trazo fino e as cores tenues" do labor ilustrativo de Elisa Gallego Picard.

Navarro, María, "Exercicio de imaxinación", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 285, "Infantil/Xuvenil", 2 abril 2009, p. VII.

Coméntase o libro de Harkaitz Cano *O mar na cociña* (2008). Dise que o protagonista é Xurxo, un neno de "imaxinación desbordante" que converte a cociña da súa casa no propio mar e que os pais perciben a imaxinación de Xurxo coma unha patoloxía. Explícase que o libro é todo un "exercicio de imaxinación" no que o lectorado se atopará "moi a gusto".

Navarro, María, "Ver bolboretas", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 286, "Infantil/Xuvenil", 16 abril 2009, p. VII.

Dá conta da historia *Aliñas de cristal*, da autoría de Marta Rivera Ferner, editada por Everest Galicia en 2008 na colección "Ler é vivir". O primeiro que comenta é a adaptación ao galego levada a cabo por Irene Pena Murias xunto á idade do lectorado agardado, cinco anos. A seguir, destaca as ilustracións coloristas e describe o argumento. Remata sinalando a axuda que o conto presta ao respecto da imaxinación do lectorado máis novo así como a harmonía e o respecto mostrados cara ao medio ambiente.

Navarro, María, "Utensilios amigos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 287, "Infantil/Xuvenil", 23 abril 2009, p. VII.

Trata o conto de Mónica Gozalvo Felip, *Historia dun compás*, traducido ao galego por María Lado e publicado por Edicións do Cumio en 2008. Unha vez descrito o argumento, sinala o carácter poético do texto, con xogos de palabras e inclusións de situacións cómicas e disparatadas que propician a lectura e a aprendizaxe por parte dos máis novos.

Navarro, María, "Canto á lactancia", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 295, "Infantil/Xuvenil", 18 xuño 2009, p. 7.

Fálase do libro de Teresa Moure *Mamá, ti si que me entendes* (2008) e coméntase que é "un canto a lactancia materna" e a todas as mulleres que a practican. Dise que a narradora pon na boca do recén nacido as impresións que lle producen as cousas que vai vendo do exterior e que a súa nai é quen mellor o entende.

Navarro, María, "Novela do mar. A autoridade da vida", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 300, "Infantil/Xuvenil", 17 setembro 2009, p. VII.

Coméntase que Marcos Calveiro, na súa novela *O canto dos peixes* (2008), gañadora do Premio Barco de Vapor, domina o vocabulario e crese que, cunha expresión sinxela, educa ao lectorado mozo para que amplíe a súa cultura. Dise que na obra o mar, e todo o que o rodea, é un ente sedutor contra o que non se pode loitar, ao igual que as sereas que atraían os navegantes d'*A Odisea* de Homero. Saliéntase que no texto se alían experiencia e inxenuidade, así o vello Ismael e o mozo Xacobe, tras un encontro no que cada un marca terreo, estabelecen unha relación na que o primeiro atopa frescura no comportamento espontáneo do rapaz e o segundo recompila as reflexións do ancián. Dise que o dito é aproveitado polo autor para introducir o lectorado en dous mundos diferentes: o progreso, cos seus pros e contras, e as dificultades dos que só se conforman con vivir. Para rematar, indícase que é un libro de lectura difícil, xa que o lectorado ten que interpretar as palabras, ler entre liñas e adoptar unha actitude crítica.

Navarro, María, "Didactismo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 313, "Infantil/Revistas", 17 decembro 2009, p. VII.

Considera *Carrapeto* (2009), de Ánxela Gracián como un exemplo de didactismo tanto na vertente explícita, na proposta directa dos personaxes ao lector, coma na implícita, que leva á reflexión. Resume o argumento da historia e, malia sinalar que se trata dun texto escrito dende a sensibilidade e cunha fantasía ben artellada, aponlle certas eivas dende o punto de vista pedagóxico e algún que elemento que edulcora a historia.

Nicolás, Ramón, "O lendario e o mitolóxico", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 296, "Lecturas para sempre", 10 xaneiro 2009, p. 6.

Comenta a novela breve de Manuel Janeiro, *A fada das lapas*, publicada pola editorial Galaxia en 2008. Despois de mencionar a súa anterior novela, *Pucho, o habitador dos tellados* (2006), describe o fío argumental poñendo de manifesto a reflexión que contén e mesmo provoca en torno á delicada liña que separa a vida da morte. Salienta a estilización, o sincretismo e o esmero do texto xunto á inserción do lector como parte activa na lectura. Menciona finalmente o labor ilustrativo de Zita Delaco e a súa simbiose co texto.

Nicolás, Ramón, "Reivindicación da dignidade", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º XXX, 28 marzo 2009, p.11.

Primeiramente dinse cales son os galardóns que avalan a nova obra de Marilar Aleixandre, *A cabeza de Medusa* (2008): o Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, finalista dos premios anuais da Asociación de Escritores en Lingua Galega e obra elixida para formar parte da listaxe dos White Ravens da Biblioteca Xuvenil Internacional de Múnic. Destácase como un dos elementos que a fan atractiva a súa transparencia narrativa ao introducir os lectores nun conflito xerado por unha agresión sexual adolescente e que se amplifica no seo das aulas dun centro de ensino secundario. Coméntase que a violación sufrida polas dúas rapazas protagonistas leva a interrogantes sobre as reaccións ao feito e os prexuízos implícitos que, segundo se di, están formulados sen tremendismo, cunha dose equilibrada de narración, descrición e

diálogo. Saliéntase a reivindicación e a denuncia social que se suxire estabelecendo paralelismos con mitos clásicos como o de Medusa das *Metamorfoses*, de Ovidio. Dise que se conxugan a intensa expresividade e emoción dos personaxes coas atmosferas nidias apoiadas en fontes documentais e informativas como retallos de xornais, fragmentos de textos da rede, exames e relatorios. Por último, dise que se converte nunha obra de referencia ao suxerir unha fonda reflexión sobre a xustiza e as súas reviravoltas e ao tempo sobre a dignidade do ser humano.

Piñeiro, Alba, "O voo dos versos", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "*Bule Bule*", 9-14 xaneiro 2009, p. 30.

Dá conta do poemario *Bolboretas no papel*, de Antonio García Teixeiro, editado por Tambre en 2008. Tras mencionar a clase de lectorado á que vai dirixido comenta a súa estruturación en catro apartados cuxos poemas abranguen diversas fórmulas rítmicas non exentas de musicalidade. Cita asemade a inclusión dun poema de Xesús R. Jares e a homenaxe a certos poetas que pecha o volume. Por último menciona que este poemario contén as catro vertentes poéticas denominadas por Blanca-Ana Roig (poesía é xogo, é música, é conto e maxia) e que se adoba coas ilustracións de Fino Lorenzo.

Piñeiro, Alba, "O porco tenor", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "*Bule Bule*", 15-21 xaneiro 2009, p. 30.

Informa da publicación do álbum ilustrado *O debut de Martino Porconi*, de Xosé Antonio Neira Cruz, a cargo da editorial Galaxia en 2008. Comeza por mencionar a colección na que se publica, "Árbore Musicontos", un proxecto dirixido aos máis cativos que combina o texto do conto coa música interpretada pola Real Filarmonía de Galicia. Destaca, a seguir, a recreación deste álbum a partir do conto clásico de Charles Perrault *Os tres porquiños* para continuar describindo o seu argumento. Conclúe citando as sinfonías compostas por Benjamin Britten e Dimitri Shostakovich que forman parte activa deste álbum.

Piñeiro, Alba, "A maxia da amizade", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "*Bule Bule*", 22-28 xaneiro 2009, p. 30.

Comenta a novela de Pilar Lozano Carbayo, *¡Non é tan doado ser neno!*, editada por Edebé-Rodeira na colección "Tucán Verde" en 2008 e merecente do Premio Edebé de Literatura Infantil 2008. Salienta a súa estruturación ao redor de vinte e tres capítulos non demasiado extensos antes de pasar a desenvolver o argumento. Remata mencionando o labor ilustrativo de Montse Tobella, que axuda a fixar no lectorado a idea implícita ao logo da historia: a tolerancia.

Piñeiro, Alba, "Misterio, fantasía e maxia", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "*Bule Bule*", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, p. 30.

Presenta a novela de maxia *Amancio Amigo e o demo da botella*, de Xosé Miranda, editada por Edicións Xerais de Galicia en 2008. Salienta aspectos como a estruturación

en doce capítulos breves e unha linguaxe ateigada de humor xunto ao espazo do Courel (Galicia) en que se desenvolve a acción. Conclúe referindo sucintamente o fío argumental.

Piñeiro, Alba, "Ao mal tempo boa cara", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "*Bule Bule*", 5-11 febreiro 2009, p. 30.

Dá conta do álbum ilustrado de José Campanari recentemente saído ao prelo, *Ernesto bo día*, editado por OQO Editora en 2008 e ilustrado por João Vaz de Carvalho. Describe o contido e subliña aspectos como o emprego dunha linguaxe humorística xunto a unhas ilustracións ateigadas de cores que conseguen imprentar un ton de dozura no lectorado.

Piñeiro, Alba, "Invitación á lectura", *A Nosa Terra*, n.º 1.346, "*Bule Bule*", 12-18 febreiro 2009, p. 30.

Informa do conto de David Pintor (Pinto) e Carlos López (Chinto), *Circo Rigatoni*, editado por Everest Galicia na colección "Punto de encontro" en 2008. Tras mencionar o Premio Merlín de Literatura Infantil 2007 do que foron merecentes por *Minimaladas* (2007), sinala a temática así como o número de relatos que o compoñen, de *Circo Rigatoni*. A seguir, destaca as primeiras palabras do limiar e o rol do narrador en terceira persoa xunto a unha linguaxe expresiva e humorística, ilustracións ateigadas de vida e algúns dos seus personaxes.

Piñeiro, Alba, "Beleza onírica", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "*Bule Bule*", 19-25 febreiro 2009, p. 30.

Dá conta d'*A nube de Martín*, álbum ilustrado da autoría de Javier Sobrino, editado por Kalandraka en 2008 e finalista do I Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados 2008. Salienta a figura do narrador en primeira persoa así como as ilustracións de Rebeca Luciani, que facilitan unha dobre lectura ao servizo do mediador. Comenta tamén o fío argumental.

Piñeiro, Alba, "Tenra inxenuidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "*Bule Bule*", 26 febreiro-4 marzo 2009, p. 30.

Comenta o relato de Ramón Blanco Calvo, *Pegasiño*, editado por SM-Xerme en 2008. Describe o seu argumento e subliña aspectos como a estrutura do volume en seis breves capítulos, a linguaxe sinxela e ateigada de viveza e as ilustracións a toda cor de Xan López Domínguez.

Piñeiro, Alba, "Tesouro atlántico", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "*Bule Bule*", 5-11 marzo 2009, p. 30.

Refírese ao álbum ilustrado de Amalia Pérez Otero *O libro da illa de Ons*, editado por A Nosa Terra en 2008. Destaca a súa linguaxe natural e expresiva e as ilustracións ateigadas de viveza de Michel Casado. Describe, xa por último, o seu fío argumental.

Piñeiro, Alba, "Aventura no ciberespazo", *A Nosa Terra*, n.º 1.350, "*Bule Bule*", 12-18 marzo 2009, p. 30.

Presenta o conto de Luz Méndez e Pere Tobaruela *Vouvos papar*, editado por Edicións Xerais de Galicia na colección "Merlín" en 2008. Salienta o feito da súa dobre autoría galega e catalá, unha temática claramente adaptada ao mundo de hoxe en día, especialmente no que a internet se refire. Comenta o argumento e alude finalmente ás ilustracións de Daniel Xove que supoñen o seu primeiro traballo profesional.

Piñeiro, Alba, "Sons tradicionais", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "*Bule Bule*", 18-25 marzo 2009, p. 30.

Dá conta da recompilación de textos populares *Arrolos e rodas*, levada a cabo por Begoña Varela Vázquez e editada por Everest Galicia na colección "Ler é vivir" en 2008. Salienta que a colección consta de catro volumes e que nela se insire este álbum. Trátase dun proxecto de recuperación da literatura popular oral galega dirixida aos máis pequenos. Destaca a importancia de xuntar trobalinguas, mentiras, xogos cantados nas pandas e cancións de berce que compoñen volumes coma estes. Remata facendo alusión ás ilustracións de Noemí López.

Piñeiro, Alba, "Roles preestablecios", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "*Bule Bule*", 26 marzo-1 abril 2009, p. 30.

Despois de comentar que a editorial A Nosa Terra sacou unha nova colección chamada "Lila Liliana", Alba Piñeiro pasa a comentar os tres primeiros títulos que a compoñen: *Carlota e o Príncipe azul, Roi quere ser mamá e Azul e rosa* (2008), álbums ilustrados que narran historias que "rachan cos estereotipos sexistas", referidos ás cores, aos xoguetes e mesmo aos "roles que os adultos, ás veces, preestabelcemos por condicionamentos sociais e educacionais". En relación coas ilustracións saliéntase o colorismo e o emprego da técnica do colaxe.

Piñeiro, Alba, "Realidade onírica", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "*Bule Bule*", 2-8 abril 2009, p. 30.

Informa da novela de aventuras de Manuel Lourenzo *O día despois do día*, editada por SM Xerme en 2008. Sinala a estrutura da novela ao redor de dez capítulos e describe o argumento para despois mencionar o emprego dunha linguaxe expresiva e as ilustracións en branco e negro a cargo de Enrique Flores.

Piñeiro, Alba, "A metamorfose das cores", *A Nosa Terra*, n.º 1.358, "*Bule Bule*", 7-13 maio 2009, p. 30.

Presenta o conto de Marta Rivera Ferner *Aliñas de cristal*, editado por Everest Galicia na colección "Ler é vivir" en 2008. Describe o argumento facendo fincapé no rol da súa protagonista, unha rapaza chamada Erea con devoción pola pintura.

Piñeiro, Alba, "Amor polas árbores", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "*Bule Bule*", 14-20 maio 2009, p. 30.

Co gallo da presentación da nova editora 2 Teixos dentro do terceiro Foro de Educadoras Ambientais de Galiza, Anxo Moure presenta a súa obra *O carballo con botas* (2009), un álbum ilustrado con diferentes historias vencelladas ao medio natural da Bisbarra de Chantada. Comenta que o labor do ilustrador Tino Varela consegue completar o relato "ecoloxista e antibelicista".

S. J., "Non é primavera en Vigo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Libros", 26 setembro 2009, p. 68.

Sinálase que Agustín Fernández Paz define *A dama da luz*, o seu novo libro publicado en Edicións Xerais de Galicia fóra de colección, como unha declaración de amor cara a Vigo por parte del e de Jorge Magutis, un madrileño que vivía nas Canarias e que hai uns anos se trasladou á cidade olívica e que imaxinou un álbum no que contar unha historia, desenvolvida no vello Vigo mariñeiro dos anos vinte, sobre o que acontecería se a primavera non chegase porque fora secuestrada. Dise que, baseándose nisto e en dúas ilustracións de Magutis, Fernández Paz imaxinou unha historia protagonizada por unha rapaza e o seu avó, o cal garda un enigmático segredo que ten que ver con lugares misteriosos e seres estraños que habitaron na cidade, como a Dama da Luz ou o Home das Sombras, que finalmente a neta descobre. Indícase que o proceso de elaboración foi lento porque Jorge Magutis deseñou o libro e tardaba meses en realizar cada debuxo, que tiña que ver co texto aínda que hai capítulos sen ilustración.

Xestoso, Manuel, "Un espírito iconoclasta", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "Cultura", "Crítica", 19-25 febreiro 2009, pp. 32-33.

Dá conta da historia d'*A pantasma de Canterville*, da autoría de Óscar Wilde, traducida ao galego por Adela Pita e editada por Embora en 2008. Tras describir o argumento analiza máis en detalle a ironía do autor presente na historia xunto aos trazos que comparte coa novela gótica propiamente dita. Comenta como Wilde critica o consumismo da súa época así como o final da historia que chega a conmover o lectorado.

X. P. D., "Mera transcrición", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 11, "proPostas", verán 2009, p. 11.

Comeza cun repaso á orixe da fábula que dá lugar a esta adaptación d'*Os sete cabritos* (2008), dende Fedro até os irmáns Grimm, agora nunha edición ilustrada por Tareixa Lima, chea de orixinalidade dende as propias gardas do volume. Explícanse algúns

elementos da trama e destácase o acerto da ilustradora portuguesa nas opcións elixidas, como na idea de representar os cabritiños mortos no estómago do lobo nunha especie de cadaleitos ou no momento no que a cabra toma vinganza. Considera que é unha obra plena de narratividade plástica e literaria, na que o texto é unha simple redundancia empobrecedora, pois non hai achega persoal da adaptadora, como ocorreu cos múltiples autores que o fixeron ao longo da historia, e que converteron estas adaptacións en obras mestras da literatura universal.

VII.5.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Alfaya, An, "Amor", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "*Bule Bule*", 5-11 febreiro 2009, p. 30.

Comenta que os adultos son quen de instruír á rapazada na aprendizaxe de coñecementos pero non na transmisión de sentimentos como o amor. Sinala que a poesía, así como a música e o teatro, segundo Antonio García Teijeiro, é un bo vehículo para espirse ante os demais polo que convida a todo o mundo a que vaia a Pontevedra, ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil, ao que está convidada a escritora Fina Casalderrey, do 1 de febreiro ao 15 de marzo.

Alfaya, An, "Bolboretas de papel", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "*Bule Bule*", 2-8 abril 2009, p. 30.

Recomenda o libro de poemas *Bolboretas de papel* (2008), de Antonio García Teijeiro, que está ilustrado por Fino Lorenzo e fala da súa presentación na libraría Librouro de Vigo, onde uns rapaces leron algúns dos poemas.

Alfaya, An, "Xardín do pasatempo", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "*Bule Bule*", 22-28 outubro 2009, p. 26.

Recomenda a lectura do libro de poemas para nenos *Xardín do pasatempo* (2008), escrito por Ramiro Fonte, ilustrado por Jacobo Muñiz e editado por Nacho Chao.

Araguas, Vicente, "Isolino", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 6 febreiro 2009, p. 25.

Fala de Isolino, o protagonista do caderno de chistes *O lecer de Isolino* (2008) de Xaquín Marín. Lembra as súas vivencias co debuxante, do que di que os seus trazos son hiperbólicos e expresionistas, que chegou a debuxar en *La Codorniz* de Madrid e que agora fai bandas deseñadas, viñetas para xornais, carteis e dirixe o Museo do Humor de Fene. Comenta que Isolino é un señor maior retranqueiro e que fisicamente lembra a Gonzalo Torrente Ballester.

Araguas, Vicente, "Altitude", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 3 agosto 2009, p. 12.

Comenta que asistiu en Lisboa á reprodución da película *De Profundis*, do debuxante de cómics Miguelanxo Prado, e que quedou asombrado da súa popularidade no país veciño, así como en Francia. Opina que esta película é un estoupido estético, unha pintura expresionista, que se mergulla nun mar no que unha muller, chea de lembranzas, toca o chelo nunha casa modernista.

Bragado, Manuel, "A galiña azul e outros contos", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Campo de Granada", 23 agosto 2009, p. 30.

Critica a manobra política da Xunta de Galicia de apropiarse simbolicamente do título da obra infantil *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares, para renomear ás Galescolas creadas pola Xunta de Galicia bipartita. Tamén fala dos cinco contos d'*A galiña azul* (1968) e destaca que no mesmo ano que se publicou esta obra viron a luz en Galicia *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas; *Os soños na gaiola*. *Versos pra nenos*, de Manuel María; e mais *Contos pra nenos*, de Laureano Prieto. Conclúe que se trata dun ano decisivo para o agromar da Literatura Infantil e Xuvenil.

Calveiro, Marcos S., "Por que menten os pais?", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 8, "Literatura infantil e xuvenil", 31 xaneiro 2009, contracuberta.

Sinala que nunha ocasión un neno lle preguntou por que os pais do protagonista do seu libro lle mentían e que lle contestou que todos os pais lle menten aos fillos para protexelos. Comenta que cavilou niso e que pensa que o neno quedou estrañado porque nos libros que lera até ese momento a realidade estaba edulcorada. Opina que os escritores de literatura infantil e xuvenil deberían, ante todo, facer literatura e escribir sen censuras para provocar que a nenez dubide e non mentirlle porque non son pedagogos, son escritores.

Campo, Marica, "Anisia Miranda", *El Progreso*, "Opinión", "A tecelá en outono", p. 29/*Diario de Pontevedra*, "Opinión", "A tecelá en outono", p. 33, 30 outubro 2009.

Lembra a Anisia Miranda, a muller de Xosé Neira Vilas, con motivo da súa repentina morte. Comenta que naceu en Cuba e cando se trasladou a Bos Aires era mestra e autora de contos para nenos, de feito o primeiro publicouno cando tiña doce anos. Conta que coñeceu o seu marido cando estudaban xuntos xornalismo; que casaron en 1957, ano no que fundaron Follas Novas, unha editorial e distribuidora do libro galego en América; e que traduciu poemas de José Martí, Rubén Darío, Amado Nervo e Walt Whitman. Sinala que en 1961 regresou a Cuba e traballou con Alejo Carpentier na redacción da revista *Pueblo y Cultura*; foi coordinadora nacional de libros para nenos e adolescentes; levou a administración da editorial; foi xefa de redacción do semanario infantil *Pionero*; cofundadora e xefa de redacción das revistas para nenos *Zunzún* e *Bijirita*; colaboradora doutras revistas e directora dun programa radiofónico. Destaca que fixo poesía, teatro, narrativa, biografía e libros de viaxes. Salienta que, cando en 1992 fixou a súa residencia definitivamente co seu home en Galicia, o seu traballo na Fundación Xosé Neira Vilas de Gres tiña como único obxectivo a dignificación da lingua e da cultura galegas.

Casal, Javi, "Viñetas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 57, "Dicho lo cual...", 25 xullo 2009, contracuberta.

Dá noticia de que o Salón do Cómic de Cangas, que contou cunha gran de afluencia de xente, vai rematar. Comenta que o foi ver e que non entende porque o cómic está mal

visto e cre que é necesario que este tipo de iniciativas fosen habituais a nivel comarcal e provincial para que a xente coñecese o que se está facendo neste ámbito actualmente.

Castro Rodríguez, Xavier, "Libro de Manuel Murguía para a instrución escolar", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 14 febreiro 2009, p. 2.

Faise unha lembranza de Manuel Murguía e a importancia da súa obra dentro do Rexurdimento galego, para logo centrarse nunha das obras "máis curiosas" que el escribiu, *La primera luz* (1868). Aclárase que é un libro escolar que foi aprobado como texto para as escolas galegas e que contaba co preceptivo permiso eclesiástico e puido ver dúas edicións nun período temporal moi breve (Vigo, 1859 e Lugo, 1868). Dánse os nomes dos dous editores da obra, Juan Compañel e Manuel Soto Freire, e explícase a súa estrutura composta por trinta leccións baseadas no sistema de pregunta e resposta. Sinálase que Murguía fai no libro un percorrido exhaustivo pola xeografía, historia e relixión e que salienta varias biografías e repárase en que está escrito en castelán como era norma naquela época para o ámbito escolar.

Díaz Pardo, Cristina, "O amor é cousa de nenos", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 8, "Literatura infantil e xuvenil", 31 xaneiro 2009, p. 4.

Dá noticia de que a décima edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra está dedicado ao tema do amor e que a escritora homenaxeada é Fina Casalderrey; tamén adianta algunhas das actividades que se desenvolverán no mesmo como obradoiros plásticos e literarios, contacontos, espectáculos musicais, animación á lectura, clases de banda deseñada, etc.

Fernández Fernández, Ruth, "Lectura para todos", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Noticias cotiás", 21 abril 2009, p. 5.

Comenta que en Pontevedra acaba de se celebrar o X Salón do Libro Infantil e Xuvenil, dedicado ao tema do Amor e con Portugal como país convidado. Destaca que se achega o 23 de abril, Día Internacional do Libro, no que haberá descontos para que os lectores merquen algún libro pero tamén lembra que nas bibliotecas sempre se pode conseguir algún libro bo. Di que, sexa como sexa, o importante é que os máis novos se adentren no mundo da lectura.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Fundación Xosé Neira Vilas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Caderno aberto", 25 xuño 2009, p. 3.

Realiza unha descrición do "Centro Cultural de Gres" que conforma a Fundación Xosé Neira Vilas e que consta dun Museo Etnográfico, unha Biblioteca Pública, un Arquivo e mais dunha Sala de Concertos e Exposicións. Subliña o seu dinamismo e recalca que convoca anualmente dous prestixiosos premios de Poesía e de Teatro Infantil.

Fernán Vello, Miguel Anxo, "Desideolixación", Xornal de Galicia, "Ollar o mundo", 24 agosto 2009, contracuberta.

Comenta que o novo logotipo das Escolas Infantís está tirado dunha obra de Carlos Casares mais que ben podería ser unha galiña azul estremeña ou andaluza porque se trata dun símbolo cun fin supostamente desideoloxizado para formar cidadáns librepensadores de menos de tres anos.

García Teixeiro, Antonio, "Demandan poesía", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "*Bule Bule*", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, p. 30.

Transmite unha gran ledicia polo feito de que a poesía sexa cada vez máis demandada: no eido social, como sinala Emilio Lledó; no cultural, caso da recreación de Milladoiro dos poemas de Manuel María no disco *Unha estrela por guía*; ou no escolar, xa que considera que o alumnado le con entusiasmo *Cidades* (1997) e *Poetízate* (2006), de Fran Alonso, e *Amar e outros verbos* (2002), de Ana María Fernández.

García Teixeiro, Antonio, "Animación á lectura", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "*Bule Bule*", 26 febreiro-4 marzo 2009, p. 30.

Sinala que o concepto de "animación á lectura" aparece na segunda metade do século XX. Opina que na animación o libro ten que ser o centro da actividade e que, ademais, precisa de obxectivos, proxectos e estruturas estábeis para conseguir que o lector afirme o seu desexo de ler, non só de entreterse. Ante isto, recomenda o libro *10 ideas claves. Animación a la lectura* (2009), de Juan Mata.

García Teixeiro, Antonio, "Mediadores", *A Nosa Terra*, n.º 1.350, "*Bule Bule*", 12-18 marzo 2009, p. 30.

Comenta que é raro que a nenez se achegue á lectura porque si, polo que é imprescindíbel a figura dun mediador ou mediadora. Cre que ese labor debe realizarse na casa, na escola ou na biblioteca pero que o poden facer persoas de moi variados oficios que amen a lectura e que crean que teñen que transmitir ese amor.

García Teixeiro, Antonio, "Paixón pola lectura", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "*Bule Bule*", 26 marzo-1 abril 2009, p. 30.

Fala dun amigo seu que é licenciado en Filoloxía Galega e Maxisterio e que exerce de mestre. Comenta que este se esforza para que o seu alumnado lea e critica os docentes que din preocuparse polo hábito lector da rapazada pero que eles non o practican. Para rematar sinala que descubriu o libro de Blanca-Ana Roig publicado en 2008 *A LIX galega no século XXI. Seis claves para entendela mellor*.

García Teixeiro, Antonio, "Dylan nas aulas", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "*Bule Bule*", 14-20 maio 2009, p. 30.

Sinala que intenta encher de poesía as aulas do seu alumnado da ESO, así recita poemas, escríbeos no encerado, facilítalles copias e lévalles mostras de poetas moi diferentes como Ángel González, Ana Romaní, Eva Veiga ou Antía Otero. Conta que uns días antes levoulles o "Blowin' in the wind", de Bob Dylan, co cal os alumnos escoitaron e cantaron en inglés, leron en castelán e escribiron en galego unha terceira estrofa.

García Teixeiro, Antonio, "Relatos", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "*Bule Bule*", 11-17 xuño 2009, p. 30.

Afirma que lle gustan os contos de Carlos Casares, Ánxel Fole, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas e as *Semblanzas* de Álvaro Cunqueiro e que lles le aos rapaces, aos que lles entusiasma os contos de Xabier P. Docampo, Paco Martín ou Agustín Fernández Paz. Comenta que os anima a que escriban relatos curtos porque aprenden a ser precisos, xa que sempre tenden ao exceso. Para rematar recomenda o libro que Ana Fernández publicou en 2008, *Historias que contan as paredes*.

García Teixeiro, Antonio, "Literatura na radio", *A Nosa Terra*, nº 1.365, "*Bule Bule*", 25 xuño-1 xullo 2009, p. 30.

Asegura que lle gustan os programas literarios na radio como, por exemplo, "Diario cultural", dirixido por Ana Romaní, ou o que fixo el mesmo con Xosé M. Freire "Os sons do silencio". Pero entre todos eles destaca o programa da Radio Galega "A Casa do vagabundo" que fai X. H. Rivadulla Corcón, o cal escribiu *Os piratas da illa Esperanza* (2008), no que participou e no que falaron de poesía, leu poemas do seu *As palabras están a mirarse arredor da mesa* e cambiaron impresións sobre o futuro do galego. Remata preguntándose se un programa así durará moito nos tempos que corren.

García Teixeiro, Antonio, "Tamén escriben para nenos", *A Nosa Terra*, n.º 1.367, "*Bule Bule*", 9-15 xullo 2009, p. 30.

Comenta que antes só era poeta o que escribía algún poemario para adultos, xa que a poesía infantil estaba subestimada. Conta que a el animouno a escribir poemas para nenos o poemario infantil *Os soños na gaiola* (1968), de Manuel María, e que sempre lle gustaron outros poemarios coma *Polo correo do vento* (1994), de Aquilino Iglesia Alvariño, e *Roseira do teu mencer* (1950), de Xosé María Álvarez Blázquez. Sinala que se alegra de que algúns poetas tamén escriban para nenos e destaca *Xardín do pasatempo* (2008), de Ramiro Fonte, *Lúa de Pan* (2002), de Pepe Cáccamo, *Carlota (contos rimados)* (2002), de Miro Villar, *Cando eu saiba ler* (2009), de Yolanda Castaño, ou *Acuarelas* (2009), de Rafa Villar.

García Teixeiro, Antonio, "Soidade", *A Nosa Terra*, n.º 1.375, "*Bule Bule*", 1-7 outubro 2009, p. 26.

Recoméndalle un libro a un amigo seu, un docente que está desgustado e cansado polos cambios que está sufrindo a sociedade; trátase de *Abracadabras* (2006), de Marica Campo, que considera un poemario para nenos tenro, intelixente e pracenteiro.

García Teixeiro, Antonio, "Armas", *A Nosa Terra*, n.º 1.377, "*Bule Bule*", 15-21 outubro 2009, p. 26.

Sinala que nun marcapáxinas leu unhas palabras de Nelson Mandela que dicían que a educación é a arma máis poderosa que se pode utilizar para cambiar o mundo. Comenta que reflexionou sobre iso e chegou á conclusión de que, aínda que non lle gusta a palabra arma, cre necesario empuñar certas armas como os libros de Educación para a Paz de Jesús Jare, a música dos Beatles ou Beethoven ou os versos dalgúns poetas.

García Teixeiro, Antonio, "Poesía infantil", *A Nosa Terra*, n.º 1.379, "*Bule Bule*", 29 outubro-4 novembro 2009, p. 26.

Salienta que cando se fala de poesía infantil debemos ter en conta que non é unha poesía feita con diminutivos, nin cunha linguaxe superficial e fácil. Opina que a poesía infantil é unha poesía escrita para que gocen uns lectores en proceso de desenvolvemento intelectual, simplemente, polo que debe amosar os mundos subxectivos de cada un, cos seus propios ritmos, coa utilización de recursos estilísticos ricos e variados, ademais de ter unha compoñente lúdica, musical, humorística e surrealista.

García Teixeiro, Antonio, "Palabras", *A Nosa Terra*, n.º 1.381, "*Bule Bule*", 12-18 novembro 2009, p. 26.

Asegura que lle encanta a palabra "palabra" e que os versos de Bernardino Graña, Alberti e Luis Mateo Díez o levan a animar os docentes a que salven as palabras e que traballen para que os rapaces as usen e abandonen a pobreza lingüística que os caracteriza.

García Teixeiro, Antonio, "Lecturas", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "*Bule Bule*", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 26.

Despois de recomendar a lectura de varios títulos, destaca a presenza de todo tipo de volumes de Literatura Infantil e Xuvenil editados de xeito exquisito. Reproduce o comentario da profesora Mª Jesús Fernández sobre o labor que se está levando a cabo no eido da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega.

Gómez, Lupe, "O marelo tarabelo", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 793, "Pinceladas", 27 decembro 2009, contracuberta.

Faise eco da nova edición de Xosé Neira Vilas, d'*A Marela Tarabela* na colección "Árbore" da editorial Galaxia. Tras comparar á protagonista da historia coa figura mesma do autor, refire o seu argumento e menciona a súa novela *Memorias dun neno*

labrego (1961). Nun epígrafe intitulado "Soñar, enredar", recomenda o disco *Terra de Soños* do grupo Fuxan os Ventos que inclúe un DVD do concerto celebrado no Auditorio de Galicia. Sinala as colaboracións de diversos artistas que cantan a Manuel María e vincula o disco ao devandito conto de Neira Vilas.

González Pérez, Clodio, "Adiviñas e cabalos bravos", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "O rodicio do tempo", 14 novembro 2009, p. 4.

Dá conta de dúas exposicións escolares galardoadas pola Fundación Antón Fraguas, as cales se están a desenvolver no Museo do Pobo Galego. Explica que a primeira exposición foi realizada polo alumnado do Colexio de Educación Infantil e Primaria A Cristina de Carballo e que serve para descubrir a través de debuxos e xogos a importancia das adiviñas. Ademais reproduce dúas adiviñas que versan sobre a matanza do porco e o turrón. Indica que a segunda exposición, realizada polo alumnado do Instituto de Gondomar, trata sobre como se desenvolve a cría dos cabalos bravos ou explotados en réxime de liberdade. Remata agradecendo o labor do alumnado e do profesorado que os incentaba a realizar esas iniciativas.

Gutiérrez, Eduardo, "Novidades pitagóricas", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 23/*El Progreso*, "Opinión", "Da capo", 26 agosto 2009, p. 19.

Considera que o novo goberno da Xunta de Galicia está a maquillar as Galescolas co logotipo da galiña azul, sobre o que explica que está tirado do conto infantil homónimo escrito por Carlos Casares.

Iglesias, Bieito, "A mancha negra", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Pan e coitelo", 19 novembro 2009, p. 67.

Comenta que a literatura infantil e xuvenil actual tende a evitarlles o mal aos rapaces, o que fai que tamén os prive da aventura, da ambigüidade moral e das emocións. Considera que está mal visto que os avós lles conten aos netos historias de lobos e aparecidos, que coñezan a miseria e a dor que no mundo real aparece ao lado da aventura e a bondade e recomenda que lean *A illa do tesouro* porque, aínda que confundan a realidade coa ficción, cre que son riscos da liberdade.

Jack, Ana T., "Se Carapuchiña fose un neno", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 911, "Orientación educativa", 4 febreiro 2009, p. 2.

Sinala que os contos tradicionais desempeñan un papel moi importante no alumnado de Educación Infantil xa que os transportan a mundos imaxinarios. Por outro lado critica que neles os estereotipos sexistas están presentes xa que as figuras femininas adoitan ser belas, sensíbeis e incapaces mentres que as masculinas son valentes, independentes, creativas e seguras de si mesmas. Con todo, cre que isto pode utilizarse para potenciar a actitude crítica da nenez facéndolles algunhas preguntas como "que pasaría se Carapuchiña fose Carapuchiño?".

Lezcano, Arturo, "A galiña máis galiña de todas as galiñas", *La Opinión*, "Opinión", "Soliloquios", 26 agosto 2009, p. 24.

Considera, apoiándose en textos d'*A galiña azul* (1968), de Carlos Casares, que a nova denominación das Galescolas non sobresae por ser unha galiña azul senón por ser a "galiña máis galiña de todas as galiñas". Comenta que Carlos Casares lle dedicou este conto a Ana Lasquetty González Pardo co fin de que na súa nova morada en Santander non se esquecese da lingua galega.

López Silva, Inma, "A galiña azul", *La Voz de Galicia*, "Opinión", "Caleidoscopio", 22 agosto 2009, p. 13.

Preocúpalle o snobismo da Xunta de Galicia ao lle transmitir á nenez galega, mediante a nova denominación das Galescolas, a idea de que a escola "ten que ser de marca". Recórdalle aos dirixentes de Educación que no conto *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares, hai un personaxe malísimo, o cacique Manolito Listón, e que mesmo na súa narración ten cabida unha revolución.

Martín, Paco, "A galiña e mais o ovo", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 15/*El Progreso* "Opinión", "Auga lizgaira", 24 agosto 2009, p. 15.

Dubida se quen tivo a idea de denominar "A galiña azul" ás "Galescolas" leu realmente o conto homónimo de Carlos Casares, xa que cómpre lembrar que aínda que todas as galiñas acabasen tinguidas de azul, soamente unha era de pór ovos de cores.

Martín, Paco, "Para Xan Balboa", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 15/*El Progreso*, "Opinión", "Auga Lizgaira", p. 19, 30 novembro 2009.

Recordo ao malogrado artista Xan Balboa, ilustrador de *Das cousas de Ramón Lamote* (1985) e *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008), pola vida outorgada aos personaxes representados.

Méndez Ferrín, X. L., "De acordo con Beramendi", *Faro de Vigo*, p. 24/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 9 xaneiro 2009, p. 27.

Manifesta a súa satisfacción polo feito de que no ano 2008 foron galardoados dous escritores galegos co Nacional de literatura: Agustín Fernández Paz, na modalidade de Literatura Infantil e Xuvenil, e Justo G. Beramendi, en Ensaio.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, "Balbinos e Balbinos", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 254, "No fondo dos espellos", 17 outubro 2009, contracuberta.

Apunta que está lendo a obra *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino* (2008) e dá conta dos autores que colaboran neste libro. Deles informa que confesan estar, aínda que con

diferenzas, “completamente identificados con Balbino”, o personaxe-narrador de *Memorias dun neno labrego*. A continuación, afirma que na aldea, onde vive Balbino, hai clases e que non se trata dun espazo homoxéneo socialmente. Considera que Neira Vilas amosa “coma ninguén” a realidade da Galicia rural do século XX e que “son moitos os que se sinten raptados e se identifican sen remedio co protagonista”. Conclúe que este libro é tamén universal posto que os conflitos presentes son “de natureza tal que traspasan as fronteiras e as culturas”.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Anisia Miranda”, *Faro de Vigo/La Opinión*, “Opinión”, “Os camiños da vida”, 30 outubro 2009, p. 28.
Alude á morte de Anisia Miranda e recupera algunhas das súas pasaxes biográficas vividas na emigración, primeiro na Habana e despois en Bos Aires. Destaca a creación da empresa “Follas Novas” en Bos Aires xunto seu home Xosé Neira Vilas, e o seu labor constante como “editora, ensaísta, autora de libros infantís e xuvenís” na Habana. Considera que Miranda nunca foi só “unha acompañante” de Neira Vilas, xa que soubo manter “a propia identidade literaria e a forma dunha personalidade inconfundíbel”.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Nenos educados por Bartolozzi”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, p. 11/*La Opinión*, “Opinión”, “Segunda feira”, p. 12, 28 decembro 2009.

Trae á memoria a figura de Salvador Bartolozzi (1882-1950). Indica os feitos máis relevantes da súa biografía como por exemplo o seu interese na disciplina pedagóxica da Institución Libre de Enseñanza, na ilustración e deseño de volumes de literatura infantil; a publicación da súa colección de contos de Pinocho; o seu exilio en México; o seu compromiso polo teatro dos monicreques como espectáculo didáctico para os máis cativos, coa colaboración de Rafael Alberti, Federico García Lorca, Manuel Lugrís e Maruja Mallo. Destaca por último como este teatro influíu na creación do teatro de monicreques Barriga Verde, coa lingua galega como único modo de expresión, nas décadas de 1940 e 1950.

Neira Vilas, Xosé, “Renace o espantallo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Lóstregos”, 5 abril 2009, p. 2.

Lembra os espantallos da súa infancia, figura que está desaparecendo nas terras galegas e que o levou a escribir en 1971 a noveliña *Espantallo amigo*. Sinala que é unha figura que vai renacer grazas ao colectivo cultural A Cañada da Arte, de Covelo, xa que puxo en marcha “Artespantallo” e que en varias parroquias do Camiño de Santiago se colocaron máis de cen espantallos.

Nogueira, María Xesús, “A lectura infinda”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/*El Progreso*, “Opinión”, “Un falar”, p. 31, 28 marzo 2009.

Trata do Día Mundial da Poesía que cadra coa entrada da primavera. Considera que actualmente este xénero está a ser cultivado intensamente por autores como Luz Pozo,

Xohana Torres, Alberto Caerio ou Fran Alonso coa súa antoloxía para o público adolescente *Poetízate* (2006).

Nogueira, María Xesús, "A galiña azul", *El Progreso*, "Opinión", "Un falar", p. 25/*Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", "Un falar", p. 27, 5 setembro 2009.

Sinala que de todas as historias do libro *A galiña azul*, de Carlos Casares, a que máis lle chamou a atención sempre foi a que lle dá o título, cuxa protagonista é unha galiña, símbolo da defensa da liberdade e a diversidade, que por ser azul é perseguida polas autoridades porque consideraban que non é como debe ser. Salienta que sempre a impresionou a solidariedade dos veciños que tinguiron as demais galiñas de azul para evitar que a levasen. Por todo isto, afirma que lamenta ver na actualidade esa galiña azul convertida en icona dunha suposta defensa da liberdade, da despolitización e da desideoloxización da nova política lingüística e educativa.

Nogueira, María Xesús, "O escolante, a escola e outras historias", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", "Un falar", 19 setembro 2009, p. 25.

Salienta que a figura do mestre autoritario e despótico, que por exemplo aparece nun dos debuxos de Castelao que forman o álbum *Nós*, desapareceu do imaxinario infantil e só queda na memoria da xente maior. Sinala que a cultura galega representou un ensino humillante e desgaleguizador; así, nun relato de Manuel Rivas titulado "A lingua das bolboretas", o pai de Pardal relatáballe que o mestre abrigábaos a falar sen gheada con métodos violentos, pero este mestre autoritario e antigalego ten o seu contrapunto en don Gregorio, o mestre republicano de Pardal. Comenta que, na actualidade, a raíz da agresión sufrida por un director a mans do pai dun alumno en Vallecas, se abriu un debate xa que as agresións e extorsións feitas polo alumnado fan tremer os piares dun sistema que cría ter erradicado hai moito tempo a violencia nas aulas.

Otero, Álvaro, "Las bolboretas de Antonio", *Faro de Vigo*, "Opinión", 29 marzo 2009, p. 28.

Comenta que foi á presentación do poemario *Bolboretas no papel* (2008), de Antonio García Teijeiro, na que un grupo de nenos leron os seus versos.

P. A., "Rememorando a infancia", *ABC*, "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 12, decembro 2009, p. 7.

Tras divagar sobre o libro favorito na nenez, sinala a combinación de texto e debuxo nos contos da literatura infantil contemporánea e reivindica a figura dos escritores e ilustradores deste eido. Apunta os volumes de Julio Cortázar, *Discurso do oso* (2008); José Saramago, *La flor más grande del mundo* (2007) e a serie de volumes *Harry Potter* (2001-2008), de J.K. Rowling.

Palmeiro, Xosé María, "Unha galiña azul", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Status

quo", 21 agosto 2009, p. 3.

Comenta que a nova imaxe das galescolas con "A galiña azul" procede dun conto homónimo de Carlos Casares. A seguir, apunta algúns datos deste libro como que recolle os contos que un neno lle envía á súa amiga Ana cando esta vai vivir a Santander deixando atrás a Galicia.

Pan Vázquez, Estefanía, "De medo", *La Voz de Galicia*, "*A Voz do IES Maruxa Mallo*", "Sociedade e Cultura", "Opinión", 17 xuño 2009, p. 10.

Sinala que leu *Cielo abajo* (2005), de Fernando Marías, e *Cando petan na porta pola noite* (1994), de Xabier P. Docampo. Di que os dous recibiron o Premio Nacional de Literatura Xuvenil e que, aínda que parecen moi diferentes xa que o primeiro trata feitos históricos e o segundo historias de medo inventadas, teñen algo en común: nos dous manéxase moi ben a tensión.

Pantaleoni, Ana, "Érase outra vez...", *El País*, "Vida&Artes", 3 abril 2009, pp. 34-35.

Bota man da opinión dalgúns expertos na materia para comentar que España é un dos países que máis literatura infantil edita e que os contos clásicos se venden máis ca os novos, pero pregúntase se será unha elección dos nenos ou dos pais. Sinala que os nenos sempre queren escoitar o mesmo conto porque lles dá seguridade e saben que acaba ben, polo que se alguén llelo modifica adoitan protestar. Remata dicindo que aínda que houbo contacontos sempre, agora estase profesionalizando esta figura.

Parga, Jesús, "A galiña azul", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "De norte a sur", 27 agosto 2009, p. 3.

Sostén que *A galiña azul*, de Carlos Casares, nada ten que ver coa nova denominación das galescolas dado que o texto de Casares é "unha auténtica obra de arte" mentres que "A Galiña Azul" da nova Xunta de Galicia é "una ridiculez y un despilfarro".

Paz Rodríguez, José, "Tempo da infância para os livros", *La Región*, "Opinión", 2 abril 2009, p. 22.

Con motivo do día internacional do libro infantil, celebrado o día 2 de abril, sinala que é importante fomentar a lectura na infancia xa que vai repercutir nos nenos e nenas: van ter mellores resultados académicos, van ter curiosidade polas cousas e van desenvolver a súa capacidade de imaxinación e creatividade. Tamén fai fincapé na importancia de que os mestres e pais os motiven a ler e non lles impoñan a lectura e no importante que é que haxa un contacontos nas bibliotecas.

Rodríguez Almodóvar, Antonio, "La verdad del cuento", *El País*, "Análisis", 3 abril 2009, p. 35.

Comenta que algúns dos contos populares, transmitidos oralmente, teñen unha enorme extensión xeográfica, pero opina que é unha pena que se impuxesen os modelos francés, alemán e nórdico xa que aquí tiñamos os mesmos contos adaptados á nosa cultura. Remata sinalando a importancia de que non morran os poucos contos tradicionais autóctonos que nos quedan.

Ruíz Guirado, José, "Fina Casalderrey", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", 14 febreiro 2009, p. 28.

Fala de Fina Casalderrey, que o día anterior foi homenaxeada no Salón de Literatura Infantil e Xuvenil na súa terra natal, Pontevedra. Dela di que é unha persoa cariñosa e agradecida que nos seus contos sempre fala da xente e animais cos que convive e que a pesar de ter gañado moitos premios segue sendo a mesma.

Suárez Abel, Miguel, "Libros de amor", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", p. 28/*El Progreso*, "Opinión", pp. 26-27, 6 febreiro 2009.

Co gallo da celebración do X Salón do Libro Infantil e Xuvenil, dedicado ao tema do Amor e no que se homenaxea a Fina Casalderrey, comenta que está lendo o libro de Geneviève Patte *Déjenlos leer. Los niños y las bibliotecas* (2009), onde se comenta que a lectura na infancia debe servir para alimentar a curiosidade dos nenos. Cre que habería que seleccionar os libros que se lles ofrece e critica a falta dun persoal coñecedor dos libros nas bibliotecas para seleccionalos dependendo da temática e das inquietudes da rapazada.

Vázquez, Natasha, "Una heroína de los niños cubanos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Opinión", 23 outubro 2009, p. 50.

Fala do pasamento da escritora Anisia Miranda e destaca a tenrura inherente á súa narrativa, como a da revista *Zunzún*, a d'*Os contos de Compay Grilo* (1989), *Mitos e lendas da antigua Grecia* (1983) ou *Cuando el Che era Ernestito*. Apunta unha breve noticia biográfica da que salienta a súa creación xunto ao seu home, Xosé Neira Vilas, na editorial Follas Novas.

Vázquez-Monxardín, Afonso, "As galiñescolas", *La Región*, "Opinión", 8 setembro 2009, p. 21.

Opina que a referencia literaria de Carlos Casares, a galiña azul, non lle acae mal ás escolas infantís, así como a súa dependencia da Consellería de Educación. Tamén cre que foi un erro de enfoque o nome de Galescolas, que el propuxera un nome como o de escolas infantís por sentido común e analoxía con outras de todo o mundo. Ao seu parecer, tamén foi un erro o símbolo das vellas galescolas, unha casiña cunha bandeira galega, porque daba pé a entendelo como un símbolo "politizado" nun país como España no que non é tan común a presenza da bandeira como en Estados Unidos, Francia ou Inglaterra. De feito, está convencido de que se houbese unha rede de escolas infantís, chamadas Españescuelas, que tivesen como símbolo unha casiña branca e

amarela coroada por unha bandeira española, sería acusada de "facha". Isto non quere dicir, segundo sinala, que estas escolas non fosen monolingües en galego, xa que o castelán o aprenden na casa e coa televisión. Finalmente, comenta que os pais deberían estar encantados con que os seus fillos aprendesen de partida dúas linguas.

Villar Janeiro, Helena, "Anaina para Anisia", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 30 outubro 2009, p. 3.

Lembra a Anisia Miranda debido ao seu recente falecemento. Recorda o día que se coñeceron e do que Anisia sempre lle falaba cada vez que se vían, na Galería Sargadelos de Santiago, xa que asistiron a unha exposición sobre literatura infantil. Comenta que lle sorprenderon as revistas *Zunzún* e *Bijirita*, que Miranda promocionara en Cuba, pois ademais de creadora era promotora da literatura infantil. Sinala que dende a Fundación Neira Vilas creou o premio Arume de poesía e o premio Estornela de teatro con Xosé Neira Vilas. Para rematar, reproduce unha nota dedicada á escritora cubana que a revista dixital *Zunzún* colgou na rede.

Yáñez, María, "A poesía do ukelele", *Xornal de Galicia*, "Comunicación", "Vacas eléctricas", 14 marzo 2009, p. 52.

Sinala que os mestres obrigan os rapaces a escribir contos e poesías, o cal failles ter a idea errada de que calquera pode escribir. Así, anima os mestres que potencien outras actividades artísticas na nenez.

VII.5.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Abelleira, María, "A Iglesia, os meus grandes lectores", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 26 xullo 2009, p. 47.

Entrevista ao argentino Horacio Altuna, un dos grandes do cómic erótico que participou na organización do Salón do Comic de Cangas. Á entrevistadora resúltalle curioso que este autor, considerado un dos grandes, esté inmerso neste acto, pero o arxentino di que se sente moi a gusto coa xente. De seguido falan da primeira obra do autor, *Ficcionario,* que recolle o tema do Gran Irmán. Pregúntalle se é seguidor da obra de George Orwell. O autor nin sequera lera a obra cando comezou coa súa, pero el cre que é imposíbel que non haxa parecidos con outras obras en calquera nova. Logo céntranse en *El último recreo* que é unha análise das repercusións dun sistema anarquista. O autor considera que non é ese o tema senón, considera esta simplificación unha esaxeración xa que o fin é dar pé á reflexión de que o comportamento e vida dos nenos é un reflexo da dos adultos; *Chances* na que a entrevistadora ve a inspiración en *Un mundo feliz*, de Aldous Huxley, el cre que non pois nunca lle interesou a ciencia ficción, sempre se centrou en temas relacionados co mundo real, aínda que engadira a caricatura. Outra pregunta realizada ao autor foi qué lle pareceu o cambio dos medios de comunicación de masas dende o ano 1975. Para Horacio Altuna supuxo un cambio para peor, para el os medios son cada vez máis desinformativos. Abelleira comenta que este autor de cómics publicou varias sagas eróticas en *Play Boy*, sen omitir a crítica social nas historias de sexo, sendo para o autor unha repoboación ao machismo. Referíndose ao xénero erótico agora como punto de interese sobre o que o autor traballa; para el o sexo é unha forma de relación profunda, espiritual. Este xénero deulle traballo, á parte da oportunidade de chegar a introducir o humor nel. Coa Igrexa nunca tivo probelmas, o propio autor engade que son os seus grandes lectores.

Abet, Patricia e Pachu M. Torres, "Casos como el de Miguel Anxo Prado son excepcionales", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", n.º 7, xullo 2009, pp. 2-3.

Entrevista a Carlos Portela quen fala da 12ª edición do Salón del Comic da Coruña "Viñetas do Atlántico". Comenta que conta con autores como Scott McCloud, Emma Ríos, Paco Roca, que houbo cambios introducidos coas críticas respecto ás instalacións empregadas no Salón anterior e que o Salón está orientado a todo tipo de públicos: nenos, iniciados ou amantes do cómic europeo... Describe a dificultade dos autores nacionales para publicar en España e indica que casos como o de Miguelanxo Prado son excepcionais.

Álvarez, Natalia, "En 'Compañeiros' hai moi pouco texto e moitos momentos de pararse, de sentir", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 219, "Cómic", 7 febreiro 2009, p. 5.

Conversa con Xosé Tomás co gallo da presentación dun cómic sobre a historia das vítimas da represión franquista que leva por título *Compañeiros* (2008). Nela o profesor e ilustrador subliña o proceso delicado e duro mediante o cal se foi documentando para

a elaboración do cómic, destacando tamén a dificultade deste procedemento ao tratárense de personaxes reais e non de ficción.

Á. V., "Non existe unha escola galega de cómic e non debe existir", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Encontros culturais", 27 setembro 2009, p. 53.

Entrevistas aos escritores de cómic Miguelanxo Prado e David Rubín, os cales coinciden en que non debe existir unha escola galega de cómic, xa que o mundo do cómic que se formou en escolas estivo unido a modas que son perecedeiras e os cómics hai que lelos por autores, non por procedencia. Prado e Rubín falan do cómic e do cine como curmáns, relación que pode chegar a ser perigosa, pero que é necesaria.

Baena, Ana, "O segredo para chegar á poesía é facer seu o poema", *Atlántico Diario*, "Vigo", 9 abril 2009, p. 14.

Entrevista a Antonio García Teijeiro para falar do seu poemario *Bolboretas no papel* (2008), do que di que é novidoso porque nel mestura humor e surrealismo para que os rapaces gocen e xoguen cos versos e porque lle dá importancia á musicalidade e ao ritmo. Sinala que un bo lector de poesía ten que fixarse na sonoridade, polo que recomenda ler os poemas en voz alta. Comenta que para captar lectores hailles que ensinar a que fagan seu o poema e opina que se está empezando a dar importancia á poesía no sistema educativo. Para finalizar confesa que o seu próximo proxecto *As palabras están a mirarse arredor da mesa* vai estar dirixido a todo o mundo.

Barros, Paula, "Traducir no es sólo sustituir una palabra por otra", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "En 3 minutos", 2 xullo 2009, p. 31.

A tradutora Natalia Coello Fraga na entrevista comenta que traducir non é substituír unha palabra por outra senón transmitir ideas completas, culturas. Sinala que se fan moitas traducións ao español e que a xente cada vez está máis interesada nas traducións en galego. Conta que o seu primeiro encargo foi a tradución do español/galego ao inglés dalgúns capítulos de libros de Fina Casalderrey.

Bugallal, Isabel, "Perdimos una ocasión magnífica de tener un museo del cómic", *La Opinión*, "A Coruña", 31 marzo 2009, contracuberta.

Entrevista ao autor de cómics, ilustrador e director de "Viñetas desde o Atlántico", Miguelanxo Prado, debido a que se converteu no primeiro ilustrador que forma parte da Academia de Belas Artes. Comenta que aínda non preparou o seu discurso de entrada pero non quere que só sexa unha intervención lida senón que tamén teña unha parte audiovisual. Sinala que aparcou a idea de ter un museo do cómic na Coruña xa que non espertou moito interese, que parecía un capricho seu e que semella que Barcelona vai ter o primeiro museo do cómic de España. Fala de que o seu novo libro vai moi lento porque é unha novela gráfica dunhas cento setenta páxinas e que conta con rematalo nun ano, xa que o seu anterior libro *Trazo de tiza* tiña sesenta e catro páxinas e levoulle tres anos rematalo, e que espera que saia en galego na primeira edición. Comenta que xa

editou en galego o libro *De profundis* (2008), unha recompilación do seu primeiro traballo profesional e prepara unha edición dun dos seus primeiros libros, *Stratos*, porque ten intención de publicar toda a súa obra en galego. Di que a súa próxima película vai saír en catro anos e que será de animación estándar, posto que é impensábel outra como *De profundis*.

Carrera, Rosé, "Na literatura infantil e xuvenil non hai temas tabú", *Atlántico Diario*, *La Revista*, n.º 463, "Personajes", 28 xuño 2009, p. 64.

Entrevista a Agustín Fernández Paz debido a que lle concederon ao seu libro de contos *O único que queda é o amor* (2007) o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008. Conta que este libro contén dez relatos ilustrados por Pablo Auladell e artellados sobre o tema do desamor, os libros e a literatura. Sinala que deu moitos anos clase na ESO e Bacharelato, polo que leu moita literatura xuvenil e que iso o orientou á hora de escribir. Comenta que el escribe sobre a realidade e cre que se infravalora o público xuvenil, aínda que cada vez menos, e opina que aínda non hai unha tradición de literatura xuvenil consolidada. Pensa que isto é un erro porque na literatura xuvenil e infantil non hai ningún tema tabú pero que os recursos formais e os enfoques son diferentes dos da literatura para adultos. Cre que hai literaturas nacionais en canto a linguas pero que os escritores son universais xa que se dirixen ao mundo enteiro. Fala da vitalidade da literatura infantil e xuvenil, especialmente da galega que ten unha calidade superior á media. Afirma que algúns dos seus libros poderían estar nunha colección de adultos porque, de feito, *O único que queda é o amor* editouse en colección de adulto en catalán e portugués. Comenta que acaba de sacar á luz *Lúa do Senegal* (2009), novela que fala da emigración e do desarraigamento da xente obrigada a emigrar, polo que narra os primeiros meses da estancia dunha familia senegalesa en Vigo por boca dunha nena de once anos.

Conde, María, "Este salón está para seducir aos máis novos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 7 febreiro 2009, p. 51.

Faise unha entrevista á escritora Fina Casalderrey, que será homenaxeada no Salón do Libro Infantil e Xuvenil, na que comenta que este salón ten como particularidade que é unha referencia xa que veñen xornalistas, escritores, ilustradores e editores de toda España e que, cada ano, os sorprenden con algo. Comenta que o tema deste ano, o Amor, o engloba todo xa que sempre está presente nas grandes novelas. Opina que a literatura infantil galega está pasando por un bo momento xa que a Agustín Fernández Paz lle foi concedido o Premio Nacional e que é a cuarta vez que se lle dá a un galego. Tamén sinala o feito de que as editoriais de fóra queiran traducir. Conta que está dándolle voltas a un proxecto e que rematou unha historia para o Concello de Pontevedra que ten como fondo a educación vial.

C. P., "O importante é que a literatura, calquera libro, faise cos fíos da vida", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 28 maio 2009, p. L16.

Entrevista ao escritor Agustín Fernández Paz que participou no club de lectura "Tendendo Redes" para falar da súa novela de intriga psicolóxica *Aire Negro* (2000), da

que se acaba de publicar unha edición revisada e ampliada. Comenta que os clubs de lectura son a mellor maneira de promocionar un libro e que a el lle gusta falar do que escribe; así, faloulles de como naceu a novela e como se documentou.

C. P., "Na historia houbo máis mulleres disfrazadas de homes das que parece", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 5 xuño 2009, p. L16.

Recolle unha entrevista á escritora Marilar Aleixandre, quen comenta que nos libros de aventuras que lía cando era pequena non había mulleres, e menos en barcos. Di que por iso creou a Emilia, protagonista d'*A expedición do Pacífico* (2000). Sinala que ao longo da historia houbo máis mulleres das que parece, pero disfrazadas.

C. P., "Hoxe a informática permite facer todo tipo de ilustracións infantís", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 20 xuño 2009, p. L16.

Realízase unha entrevista ao escritor e ilustrador Jacobo Fernández con motivo dun obradoiro de iniciación á ilustración infantil para sentar as bases e solucionar dúbidas sobre o traballo da ilustración profesional e tamén facer un repaso de todos os seus ámbitos de traballo: contos, cómics e debuxos animados. Sinala que no cómic emprega a liña negra mentres que no debuxo infantil se empregan as cores. Comenta que actualmente hai moitas temáticas empregadas: dende o lapis, a goma, as ceras de cores, as acuarelas e os óleos até as técnicas informáticas.

C. P., "Trato que os nenos vexan que as historias se poden contar de moitas maneiras", *La Voz de Galicia*, "A pie de calle", 17 septiembre 2009, p. L 16.

Nesta entrevista con Ana Carreira destácase en primeiro lugar a súa vagaxe profesional coma contadora de contos e opinións e, a seguir, os espectáculos nos que está a colaborar coa Fundación Caixa Galicia, espectáculos centrados nos musicontos dos contos tradicionais d'*A Cincenta*, *Os tres porquiños* e *A Sereíña*. Salienta que xa se levou a cabo o primeiro, que o segundo se presentará o día 23 e o terceiro será o 30. Para Ana Carreira, segundo di, contar contos, que tamén narra nun cd, non é arriscado xa que ela sempre os usou como material de apoio, ademais interésalle que os nenos entendan que os contos se poden contar de moitas maneiras. A entrevistada conta que nestes espectáculos, á parte dos tres contos xa citados, introduce pola súa conta outros títulos como *O ganso de ouro* e *A bela e a besta*, aínda que non teñen nada que ver. Por último, di que non hai grandes diferenzas entre o público infantil de agora e o de antes, agás que agora hai moito máis hábito de lectura e explica que bota moito de menos a sorpresa e que as diferenzas son circunstanciais, por exemplo, o lugar onde se contan os contos.

C. P., "'Os ilustradores temos un abano moi amplo de soportes para a nosa obra'", *La Voz de Galicia*, *La Voz de Santiago*, "A pie de calle", 18 decembro 2009, p. L16.

Entrevista a David Pintor, ilustrador do volume *Cidades de papel*, editado por El Patito Editorial e merecente do Gran Prix Michelin da Bienal de Cadernos de Viaxe de

Clermont Ferrand do mesmo ano, con motivo da súa inclusión no calendario 2010 da Fundación Torrente Ballester. A conversa xira ao redor das imaxes a inserir no almanaque, os diferentes rexistros ilustrativos e a cuestión da ilustración infantil.

Espinoso, S., "A literatura é a miña afición, non pretendo vivir dela", *La Región*, "Ourense", 15 abril 2009, p. 8.

Entrevista a Rafael Laso con motivo da presentación da súa novela *A vida que non é* (2008) da que di que ten moitos personaxes con algo en común: unha casa e a procura da sorte e a morte. Comenta que o premio Pura e Dora Vázquez que recibiu en 2005 pola obra *¿Por que Baldomero Quintiáns?* (2006) lle permitiu publicar a súa primeira novela e ser coñecido. Sinala que a súa segunda novela foi *Memoria contra o alzheimer* (2008), que escribiu a narrativa curta *Un soño de mil dólares* (2007) e que pretende sacar outra polo Día das Letras Galegas. Afirma que non pensou no salto á poesía xa que se expresa mellor na narrativa e pensa que en Galicia é case imposíbel vivir da literatura pero el tampouco o pretende porque para el é unha afección.

García, Rodri, "Para que o cómic sexa máis visibel como arte hai que pagar unha peaxe", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 30 novembro 2009, p. 31.

Co gallo do seu nomeamento como académico de Belas Artes, entrevístase a Miguelanxo Prado Plana, autor de *Trazo de tiza* (2007), álbum ilustrado galardoado con varios premios. A conversa xira ao redor de cuestións como a admisión por parte da Real Academia de Belas Artes do cómic como arte e a opinión de Molina Foix ao respecto; a aceptación do ilustrador a ingresar na Academia; a súa páxina en liña; o seu vindeiro álbum de banda deseñada *Ardelán* e a presenza do mar nas súas ilustracións.

Giraldez, J. Miguel, "El Patito' cumple un año de viñetas", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Entrevista", 18 xaneiro 2009, pp. 6-7.

Conversa con Fausto Isorna e Gemma Sesar que, para celebrar o primeiro aniversario da súa editorial El Patito, publicaron un DVD no que Miguelanxo Prado e Xaquín Marín resumen os trinta e cinco anos de historia do cómic galego. Os primeiros afirman que fan libros que lles gustan e comentan como xurdiu a idea de facer este documental didáctico. Sinálase que este DVD comeza nos anos setenta con Raimundo Patiño e nel dise que nos oitenta os temas dominantes eran o sexo, as drogas e o rock and roll; que os noventa foi unha época escura e no dous mil destácase a revista semanal *Golfiño* que contribuíu á profesionalización do cómic.

Gómez, José, "Estamos no único país do mundo que lexisla contra a súa propia lingua", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 539, "Entrevista", 28 xuño 2009, pp. 18-19.

Entrevista ao escritor Xabier P. Docampo que fala da súa relación coa comarca de Ferrol. Sinala que comezou a publicar para o público xuvenil pola necesidade de crear materiais para traballar na aula a partir de 1983, ano no que se promulga a Lei de Normalización Lingüística. Comenta que eran anos nos que practicamente se partía de

cero, aínda que xa había cousas publicadas como *O león e o paxaro rebelde* (1968), de Bernardino Graña e *A galiña azul* (1972), de Carlos Casares. Opina que a obra sempre é do escritor pero o éxito é algo alleo a el, por iso en 1995 colleuno de sorpresa que o seu libro de contos *Cando petan na porta pola noite* (1994) gañase o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Afirma que lle interesa o lectorado infantil e xuvenil porque está contribuíndo á súa formación e, a pesar de que escriba para adultos, sempre estará marcado como autor desta literatura; aínda así, non se pon limitacións e cre que ten moita responsabilidade pero que aínda teñen máis os mediadores. Pensa que o público mozo nunca tanto leu, a pesar de que cre que se deben ler máis libros que contribúan á súa formación. Cre que a escola non debería preparar os individuos para que funcionen na sociedade senón que debería pensar en cada individuo para que sexa capaz de cambiar a sociedade actual. Finalmente adianta que se está a preparar unha película baseada na súa novela *A casa da luz* (2002).

Jaureguizar, "Os editores en Suíza non queren esceas nas que se vexa viño nin tampouco sangue", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 16 abril 2009, p. 64.

O ilustrador de álbums infantís Maurizio Quarello nesta entrevista di que traballa coa editorial OQO de Pontevedra, pero tamén con editores checos, suízos e franceses. Comenta que en España traballa con liberdade total pero en Suíza, por exemplo, non queren escenas nas que se vexa nin viño nin sangue. Sinala que no álbum *Caderno de animalista* (2008) se fixo unha escolma de pinturas para que el fixese versións con animais e con textos de Antón Fortes; pero di que o habitual é que o editor teña xa o texto e busque o ilustrador que mellor se adapte a el. Afirma que cando lle chega un texto fai unha lectura rápida para saber se lle gusta, imaxina os personaxes e os ambientes e fai uns bosquexos, despois volve lelo varias veces, fala co editor e fai as ilustracións. Opina que ten que haber equilibrio entre debuxo e texto polo que hai que seguir a historia sen aburrir a nenez, así, esaxera os seus personaxes.

Jaureguizar, "O dito de que o mellor libro é o que tes aínda por escribir creo que é certo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 xuño 2009, p. 72.

Entrevista na que Agustín Fernández Paz di que espera que o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil que recibiu o día anterior axude a que as novelas dirixidas á xuventude sexan recoñecidas na súa calidade pola sociedade literaria, aínda que afirma ser consciente de que é un proceso lento porque hai moitos prexuízos difíciles de modificar e pon o exemplo doutros países nos que se produciron estes cambios: Alemaña, Inglaterra ou Estados Unidos. Comenta que vai comezar unha nova novela, da que nos desvela que vai ser un thriller infantil-xuvenil que trata sobre o amor e cuxa trama comeza cun home que volve a unha vila para solucionar un probelma. Sinala que espera que non lle afecto o feito de que *O único que queda é o amor* (2007) sexa un dos libros máis vendidos en galego porque cre que "o mellor libro é o que tes aínda por escribir".

Lecer, "De novo tiña problemas para definir a miña identidade", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 745, "Entrevista", 25 xaneiro 2009, p. 12.

Recolle unha entrevista a Bali Rai, o primeiro escritor hindú en ser traducido á lingua galega co seu texto *Un casorio ben mal amañado* (2008), adaptado por Ramón Porto. Apúntanse datos sobre a identidade do escritor, quen traballa movéndose entre a India e Inglaterra, fusionando ambas as dúas culturas. Fálase tamén do probelma da emigración e da complexidade da inserción no sistema cultural e lingüístico británico.

Losada, A., "O ritmo do teatro de Manuel María é perfecto para a música", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 4 setembro 2009, p. 43.

Dá noticia da homenaxe que se lle dará ao poeta Manuel María o 8 de setembro, que comezará cun percorrido pola súa biografía, continuará cun recitado dos seus poemas, e rematará coa estrea dunha versión da obra *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1981) acompañada por unha partitura do coruñés Nani García. Na entrevista falan sobre como lle resultou "domar" con música os textos do poeta, sobre como escolleu esta peza en concreto do autor que é coñecido ante todo como poeta e fai fincapé en que non lle pesou a etiqueta de obra infantil, xa que moitos dos traballos que mesturan música e texto están pensados para os nenos. Explica que optou polos clarinetes como único instrumento porque contaba co cuarteto Xerión e porque se combinaban moi ben coa voz. Para rematar informa que está previsto editala obra en forma de libro e CD, xa que é unha obra que se pode escoitar perfectamente cos ollos pechados.

Malvido, Gemma, "Viñetas non medrará para potenciar a parte comercial antes que a cultural", *La Opinión,* "A Coruña", 18 agosto 2009, p. 12.

Coméntase a entrevista a Miguelanxo Prado, director do salón do cómic "Viñetas desde o Atlántico", en relación co éxito que se obtivo este ano neste Festival do cómic. Explícase que levan cinco anos obtendo bos resultados e cre que se debe á calidade e á relación persoal cos autores das exposicións. Indícase que non queren abranguer demasiado porque teñen medo que ocorra coma noutros festivais nos que ao final eran máis importantes os motivos económicos que os propiamente culturais. Precisa que para a próxima edición ten pensado ideas tales como facer unha clase maxistral, que gusta moito o público, traer grandes nomes como Enki Bilal..., entre otras propostas. Apúntase que a presenza de Mignola xa fai anos que se lle torce no último momento e este ano foi debida a que tiña que buscar as localizacións de *Hellboy*. Refire que a crise económica pareceu non repercutir neste Festival. Por último alude ao público infantil que intentarán que estea máis presente nestes Festivais aínda que é difícil debido á escasa produción infantil que existe.

Martínez, Cecilia, "Las editoriales no arriesgan en ilustración infantil", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", "En 3 minutos", 23 xaneiro 2009, p. 27.

Realízase unha entrevista á ilustradora e diseñadora gráfica Ana Villegas que confesa que o que máis lle gusta debuxar son as ilustracións infantís. Comenta que é complicado atopar traballo nese ámbito porque hai moita xente que se dedica a iso e porque as editoriais en España non se arriscan, polo que para atopar traballo hai que ir ás feiras, como a de Boloña ou París, e ir ás editoriais con proxectos xa listos para publicar. Cre

que en Galicia hai bos ilustradores e que ten máis valor transmitir algo que facer un debuxo perfecto.

Martínez, Iago, "Aspiro a chegar a todos os lectores, pero estou marcado", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 28, "En portada", 20 xuño 2009, pp. 2-4.

Con motivo da homenaxe dos escritores a Agustín Fernández Paz na súa terra natal, Vilalba, na entrevistas este fala da situación actual da lingua galega e cre que a xente de Galicia Bilingüe se opón á normalización social do galego. Conta que o galego nos últimos anos fora gañando ámbitos de uso e prestixio pero que ese traballo se diluíu nos últimos meses e pensa que hai que reivindicar que a lingua é de todos, polo que hai que asociala a factores novos como modernidade, internet, etc. Comenta que escribe polo seu amor á lectura, que xa llo contaxiou seu pai de neno e que comezou a escribir por casualidade cando se introduciu o galego no ensino, xa que Edicións Xerais de Galicia encargou ao grupo Avantar (ao que pertencía) os manuais de lingua e el foi o encargado de facer as lecturas. Sinala que despois publicou en Edición Xerais de Galicia, cando abriu unha colección de libros para o público infantil, e gañou os premios Merlín e Lazarillo. Di que aspira a chegar a todos os públicos pero que está marcado e que o único que define a literatura xuvenil son as cuestións formais. Opina que as súas novelas *Aire negro* (2006), *Tres pasos polo misterio* (2004) ou *O centro do labirinto* (1997) poderían ser publicadas para adultos, pero como están en coleccións xuvenís non chegan ao público adulto. Admite que os libros dos que máis orgulloso se sinte dende o punto de vista técnico son *Aire negro*, *Corredores de sombra* (2006) e *O único que queda é o amor* (2007). Sinala que foi moi afortunado en gañar moitos premios pero cre que o fundamental é que os seus libros se vexan. Finalmente afirma que a súa obra foi ben recibida por outras literaturas, por exemplo, a catalá, e que os seus libros son moi lidos en Galicia, incluso por castelán falantes.

Martínez, Iago, "A min encontraranme onde se pelexe pola lingua e pola palabra, estea alí quen estea", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 9 agosto 2009, p. 48.

Conversa co escritor galego Xabier P. Docampo na Feira do Libro da Coruña, á que asistía para asinar exemplares d'*O libro das viaxes imaxinarias* (2008). Explica que Xabier P. Docampo é Premio Nacional por *Cando petan na porta pola noite* (1994), editor, actor, director de teatro, escritor e mestre, entre outras moitas cousas, e comenta a relación existente entre a docencia e a literatura infantil e xuvenil galega por mor da necesidade de textos na nosa lingua. Recolle que se considera un defensor da lingua galega alí onde sexa necesario sen importarlle con quen. Afirma que por primeira vez hai xente que se manifesta en contra do galego porque se quere "uniformismo universal no universo" e "español no estado español". Precisa que son os neofalantes os que falan da imposición que se está a facer co galego, pero foi de sempre o español o imposto aos falantes galegos como relata Xabier P. Docampo que lle ocorría na súa infancia.

M. B., "O boom' da banda deseñada galega estirouse máis da conta", *A Nosa Terra*, "Cultura", 8-14 outubro 2009, p. 22.

Conversa con David Rubín con motivo de que nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense expón os orixinais de *Caderno de Tormentas*. Explícase que xa viu a luz a súa adaptación d'*O monte das ánimas*, de Bécquer, e que está de xira por Italia presentando a tradución d'*A teteira do oso malaio*. Explica que se criou como autor nas Xornadas de Ourense, de aí que lle faga ilusión contar cunha exposición individual nelas, ademais de consideralo un lugar onde se acolle a autores "máis arriscados" que nas Viñetas do Atlántico. Recoñece que a figura do antiheroe é unha constante da súa obra. Considera que a tradución constitúe a única forma para poder vivir da banda deseñada. Indica que a explosión da banda deseñada en Galicia rematou hai tempo porque nos últimos anos abonda a cantidade fronte á calidade. Refire a necesidade de que autores de cómic galegos dean o paso a facer historias longas e de que as editoriais apostan por publicar cómics. Remata precisando que no século XXI "calquera persoa que se considere culta non pode deixar de lado a bd" pero que é difícil conseguir lectorado en Galicia.

Otero Ricart, J.A., "La huella del darwinismo", *Faro de Vigo*, "*Estela*", n.º 352, "Reportaje", 15 febreiro 2009, pp. 2-4.

Dáse conta dunha entrevista á escritora e doutora en Bioloxía Marilar Aleixandre co gallo da celebración do bicentenario do nacemento de Charles Darwin. Faise eco da súa novela *A expedición do Pacífico* (1994), Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil 1994. Afírmase que a obra está inspirada nunha expedición real, que tivo lugar a finais do século XIX e que, malia basearse en personaxes reais, conta con novas figuras creadas pola autora como é o caso dunha rapaza disfrazada de mozo dentro dun mundo exclusivamente masculino. Apúntase o tema da evolución como motivo recorrente de boa parte das discusións que puideron xurdir nesa expedición.

Paz Morandeira, Víctor, "A identidade constrúese", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 13 xaneiro 2009, p. 53.

Entrevista ao escritor británico, fillo de inmigrantes indios, Bali Rai con motivo da súa visita a Galicia para presentar a súa novela *Un casoiro ben mal amañado* (2008), publicada en Sotelo Blanco e que trata o rexeitamento dun rapaz ao seu matrimonio concertado. Comenta que nesta obra o personaxe do tío Jag está inspirado nun curmán seu pero tamén di que é un "el" maduro que aconsella ao rapaz conflitivo que foi de adolescente e que se reflicte no protagonista, Manny. Sinala que el escribe dende o que coñece e admite que o seu obxectivo é contar historias coas que se sintan identificados os rapaces. Para rematar adianta que está a traballar na novela *White Dolphin* que tamén fala dun matrimonio amañado, pero dende a perspectiva dunha rapaza branca que ten que casar cun rapaz asiático.

Pazos, Raquel, "Os nenos entenden moi ben a poesía e incluso lles gusta máis ca novela", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 26 marzo 2009, p. L16.

Antonio García Teijeiro, con motivo da presentación do seu poemario *Bolboretas no papel* (2008), comenta na entrevista que neste poemario se atopan xogos de palabras, homenaxes a autores literarios, etc. para que a nenez se inicie na poesía. Sinala que a

rapazada, se ten bos mediadores, entende a poesía moi ben e até lle gusta máis que a narrativa. Di que nos poemas infantís non se pode rebaixar a calidade porque o público infantil entende moi ben o que se lle conta. Para rematar, afirma que o título se debe a que as palabras son as protagonistas e as bolboretas son fermosas.

Pereiro, Xose Manuel, " El hombre que dibuja sus mundos", *El País*, "*Galicia*", "Lunes al sol", 10 agosto 2009, p. 5.

Entrevístase o debuxante Miguelanxo Prado antes da inauguración da XII edición de Viñetas do Atlántico, o salón do cómic que el fundou e que dirixe dende hai anos. Explica que *De Profundis*, o seu último traballo, foi un proxecto que o tivo absorbido durante cinco anos e que está a crear unha novela gráfica titulada *Ardalén* que conforma o proxecto máis ambicioso dos que leva realizado e que pensa rematala no ano 2011 e que tratará sobre a memoria persoal de cada un. Afirma que o mercado galego ten moitos autores e de boa calidade, mais que non dá para mantelos a todos.

Pérez, Marino, "Me gusta pintar 'tíos machacas', pero me ponen a hacer chicas monas", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 26 outubro 2009, p. 09.

Conversa coa actual debuxante de Marvel, Emma Ríos, facendo referencia principalmente á charla que dará en Expocoruña achegando unha pequena restrospectiva da súa obra. Tamén fala do seu futuro como debuxante de cómics e do complexo mundo dos tebeos, que segundo a entrevistada, posúen idioma propio. Recoñece que todos os novos debuxantes galegos coñecidos agora comezaron gañando os certamens de Viñetas do Atlántico e do salón de cómic de Ourense. Nun á parte indícase que no ciclo Mulleres Arte+Parte Emma Ríos impartirá un taller de cómic e que se desenvolverán outras actividades protagonizadas polo sexo feminino.

Rozados, Lara, "A literatura infantil galega naceu en Cuba", *A Nosa Terra*, n.º 1344, "Cultura", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, p. 31.

Entrevista a Xosé Neira Vilas, ao que a Agrupaçom Cultural O Facho lle concedeu o Facho de Ouro. Comenta que en 1957 fundou, xunto con Anisia Miranda, a editorial Follas Novas en Bos Aires, que montaron tres exposicións do libro galego contemporáneo, unha exposición permanente e unha homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no 1959. Opina que a difusión da literatura galega en Cuba aumentou coa creación da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística, a cal contén o fondo sobre emigración máis importante de América. Sinala que no ano 2008, na Feria do Libro da Habana, se venderon sete mil libros en galego en dous días, a cubanos non a galegos, e que el presentou o libro *Presencia diversa de los gallegos en Cuba*. Di que a editorial José Martí publica obras traducidas do galego. Sinala que *Memorias dun neno labrego* (1961) saíu en inglés, checo, búlgaro e mesmo braille; que hai traballos sobre el, un documental e vai saír un filme; que leva vinte e nove edicións en galego e que se segue lendo; que un editor alemán lle dixo que o éxito se debía a que era unha probelmática contada de forma realista porque a sociedade de hoxe non ten que ver coa daquel tempo. Pensa que a literatura infantil en galego naceu en Cuba e comenta que Galaxia comezou publicando dous libros do catalán no ano 1965, ademais do de Xosé Filgueira Valverde

e o de Xohana Torres máis tarde. Finalmente confesa que escribe moita poesía pero que publica pouco e que o último que publicou foi *Dende Gres* (2004), que representa a volta á súa comarca.

Rozados, Lara, "Profesionalizarse na BD é imposíbel", *A Nosa Terra*, n.º 1.367, "Cultura", 9-15 xullo 2009, p. 26.

Entrevista a Martín Romero que gañou a bolsa Alhóndiga-Bilbao, na que desenvolverá durante un ano un proxecto de banda deseñada en Angoulême. Conta que vai desenvolver unha historia lineal dun rapaz, estruturada en contos, e na que ten un papel importante a imaxinación. Comenta que a profesionalización na banda deseñada é case imposíbel e que hai poucas revistas nas que as entregas dean para vivir. Sinala que tamén lle concederon a bolsa Fundación Arte y Derecho que lle vai permitir desenvolver outra parte do proxecto, o cal vai constar de catrocentas páxinas.

Saá, A., "Os nenos non poden cumprir anos de costa á poesía", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 27 marzo 2009, p. 48.

Faise unha entrevista a Antonio García Teijeiro con motivo da presentación en Vigo do poemario *Bolboretas no papel* (2008). Di que para el non é doado facer de mediador pero cre que, para que os nenos se interesen pola poesía, é necesario ler poemas en voz alta para que collan a musicalidade e o ritmo das palabras. Considera que é fundamental contaxiarlles a ilusión pola poesía e cre que o que lles gusta é a sonoridade, a musicalidade e o seu carácter lúdico. Opina que a mellor idade para enganchalos á poesía é entre os sete e oito anos porque comezan a ser autónomos para decidir o que lles gusta. Sinala que non é fácil escribir poesía para nenos, que as claves da súa poesía son o ritmo e a musicalidade a través do xogo de palabras, que lle gusta homenaxear a autores como Rosalía de Castro e Federico García Lorca e que neste poemario emprega toques de humor e surrealismo.

Santos, Ágatha de, "El cuento es un momento de encuentro con la imaginación del que aprendes", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 1 abril 2009, p. 39.

Recóllese unha pequena entrevista á escritora Amalia Pérez Otero debido á publicación do seu libro *Soños de algodón* (2008), que ten como obxectivo advertir aos máis pequenos que hai que ter soños e alcanzalos pero que non hai que obsesionarse porque conseguir grandes metas non dá sempre a felicidade. Di que tamén lles quere transmitir que, a pesar de vivir nunha sociedade competitiva, para ser felices teñen que aprender a valorarse a si mesmos. Opina que cos libros se aprende moito polo que hai que dedicarlles o mesmo tempo que a outras actividades lúdicas e que as ilustracións deste libro son feitas pola súa filla Alba cando tiña cinco anos.

Santos, Ágatha de, "Los premios serían algo anecdótico sin el respaldo de los lectores", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 2 abril 2009, p. 41/"Los premios serían anecdóticos sin el respaldo de los lectores", *La Opinión*, "Cultura", 3 abril 2009, p. 53.

Entrevista ao escritor Agustín Fernández Paz na que comenta que Galiza ten unha edición de literatura xuvenil moi estimábel xa que cada ano saen cinco ou seis títulos que se converten en clásicos, por exemplo, en 2008 *O libros das viaxes imaxinarias*, de Xavier Puente Docampo, e asegura que o feito de que el mesmo sexa Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008 sería algo anecdótico sen o apoio da crítica e o lector. Sinala que cando se escribe faise o mellor que se pode e non se pensa que será un clásico ou non, aínda que cre que a súa impresión conecta coa do público; por exemplo, era consciente de que *O único que queda é o amor* (2007) saíra ben. Comenta que non hai receitas para que unha historia conecte co público, só hai que escribir historias universais situadas no tempo en que se escriben e no dos futuros lectores. Considera que o lector xuvenil é esixente porque non se sinte obrigado a ler e que se unha historia funciona é porque captou a súa atención dende a primeira páxina. Afirma que xa rematou *Lúa do Senegal*, novela que trata sobre o difícil que se lle fai vivir en Vigo a unha rapaza senegalesa, que sairá proximamente.

Sariego, Víctor, "A onde vou, Pontevedra vén comigo", *Xornal de Galicia*, *"Xé! Que calor!*", "Entrevista Impertinente", 8 agosto 2009, p. 25.

Entrevístase á escritora pontevedresa Fina Casalderrey (premio Nacional de Literatura Infantil) por mor de ser elixida pregoeira da semana grande das festas de Pontevedra e destácase a súa faceta de investigación gastronómica e "empanadóloga", lembrando a súa obra *O Libro da Empanada*, escrita con Mariano García. Respecto á literatura, pregúntanlle sobre se considera que "literatura, boa cociña e bo comer" van unidos ao que Casalderrey responde lembrando que a literatura e a gastronomía xurdiron xa unidas na Grecia clásica, aínda que despois foron consideradas un tempo "labor de faragáns" até o prestixio da cociña na actualidade. Reivindica que vaian da man xa que "A literatura é unha pizca de sal que lle vai ben a todo". Nun á parte destacáse que mereceu o Premio Nacional de Literatura por *O misterio dos fillos da lúa* en 1995.

Sotelino, B.R, " Me gusta el término: Meixide, autor de cómic natural ", *La Voz de Galicia*,"*Cultura*", "Entrevista", 30 outubro 2009, p. 58.

Conversa con Andrés Meixide, creador do cómic do granxeiro Thom e o porco Cholo que aparece publicado neste xornal, con motivo da publicación da "historieta número mil". Pregúntaselle sobre o nacemento do seu personaxe, que se dá a coñecer na revista *Golfiño* no ano 1999 nunha páxina a cor e dirixida a un público infantil, e sobre se considera este xénero coma "cómic rural", termo que se parece axeitado xa que se dá na contorna dunha granxa. Explica que o personaxe de Thom se caracteriza por presentar trazos autobiográficos e pola típica retranca galega. Apunta que como entrega as tiras de sete en sete selecciona temas da actualidade a partir do que denomina "una amplia actualidad, incluyendo noticias anecdóticas" e reflexiona sobre a posibilidade futura de que sexa unha serie de debuxos animados ou unha peza teatral. Recomenda a lectura dos cómics "clásicos" Mafalda, Garfield e Calvin&Hobbes e de *Dilbert*. Remata valorando a creación do cómic en Estados Unidos e a industria que existe detrás das

tiras fronte a Galicia e a existencia dun público "reticente" e referindo que tamén deseña libros, catálogo e a imaxes gráficas de varias empresas, entre outros labores.

Torres, Pachu M., "'Las mujeres compran más cómic'", *ABC*, "*Artes y Letras. Galicia*", n.º 11, "Cómic", novembro 2009, p. 14.

Recolle as verbas de Xosé Barreiro "Pío", dono de *Kómic*, unha libraría especializada en cómics en Galicia dende 1967. Tras un breve apuntamento sobre o seu estabelecemento, a conversa vai enfocando diferentes cuestións como os diversos tipos de clientela; os personaxes de cómic máis demandados polos lectores e as súas preferencias con respecto ao guión fronte á ilustración; o incremento do público lector; os ilustradores preferidos por Barreiro e as súas recomendacións de lectura, das que salienta autores galegos como Miguelanxo Prado, David Rubín, Kiko da Silva e Manel Cráneo.

T. V./M. J. G. B., "Se decidides vivir en galego, haberá galego para sempre", *La Voz de Galicia*, "*A voz do IES Maruxa Mallo*", "Sociedade e Cultura", 17 xuño 2009, p. 10.

Entrevístase a Xabier P. Docampo que di que haberá galego sempre que se fale e se escriba, aínda que o idioma se perderá se "non se lle fala aos fillos" en galego. Ademáis, o escritor fala do concepto de literatura, da estrutura literaria dos contos da tradición oral que empregou na súa obra *Cando petan na porta pola noite* (1995) e di que sente un "afecto especial" pola súa obra *O libro das viaxes imaxinarias* (2008). Por último recoméndalle aos mozos que lean moito, especialmente a Álvaro Cunqueiro.

Varela, Ángel, "En Galicia deberían estar publicando moitos máis autores de cómic", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 setembro 2009, p. 52.

Entrevista aos ilustradores Miguelanxo Prado e David Rubín na que estes opinan que vivir hoxe en día do cómic é una tarefa imposíbel e que por iso é necesario ter outro traballo. Recoñecen que o éxito é efímero e que atopan máis cantidade que calidade de cómics, destacando ambos os dous a importancia do éxito da obra *Arrugas* que contribuíu a conseguir máis lectorado de cómic. Miguelanxo explica que dende fai dez anos se vive unha "Edad do Ouro" do cómic e que este se atopa moi diversificado, aínda que existen "movementos de compensación" entre a perda de revistas e o aumento de libros e cómics. Refire ademais que o proceso de inclusión do cómic é lento pero que engancha os novos lectores. David Rubín expón as dificultades que atopa hoxe en día para poder seguir coa súa obra, dende os casos de "autores de moda" até o esforzo e "forza de vontade" que se precisa para crear as ilustracións.

Vidal Villaverde, Manuel, "Eu estou pola defensa da responsabilidade política ao pé de rúa", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 5 xaneiro 2009, pp. 30-31.

Recolle as verbas da escritora galega Yolanda Castaño nunha entrevista sobre a actualidade do galego e a necesidade de facer que os máis novos amen e valoren a

lingua. Alúdese a situacións de diglosia, á política actual, revisando tamén a produción poética da artista e a súa última creación *Punver* (2006), un libro en verso dedicado aos máis pequenos.

Vidal Villaverde, Manuel, "Os viaxes polo imaxinario da vida", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 439, "Musas", 11 xaneiro 2009, p. 42.

Entrevista ao escritor Xabier P. Docampo que publicou en 2008 *O libro da viaxes imaxinarias* e que está a preparar dúas novelas máis. Di que se considera narrador polo que non ten pensado escribir ningún poemario e que, aínda que ten cousas que nun futuro se poden converter nun ensaio, de momento vai seguir publicando narrativa.

Vidal Villaverde, Manuel, "De Reis e Nadal", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 440, "Musas", 18 xaneiro 2009, p. 46.

Recolle as verbas do escritor Manuel Vázquez Freire a propósito da creación dunha obra que recolle contos de Reis e de Nadal. Refírese tamén ao xénero da literatura infantil e xuvenil no que se encadra dita obra. Apúntase aos contos para nenos como unha aposta de goce e divertimento para os máis cativos e sinala a posíbel publicación de ensaios sobre literatura infantil e xuvenil, arredor dos que actualmente está a traballar ao cento por cento dentro do grupo Enxergo-Nexos de didáctica da Filosofía.

Vidal Villaverde, Manuel, "A revolución que tivo éxito no cambio de século foi o feminismo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 16 febreiro 2009, pp. 30-31.

Despois de facer unha relación das obras publicadas por Marilar Aleixandre, catedrática de Didáctica das Ciencias na Universidade de Santiago, entre as que se atopa *A cabeza de Medusa*, sobre o tema da violación e que conseguiu o premio da Fundación Caixa Galicia no ano 2008, Manuel Vidal Villaverde pasa a facerlle unha entrevista á escritora. Algunhas das cuestións abordadas son o idioma utilizado nas súas clases (o galego), a consideración sobre o bilingüismo, monolingüismo e plurilingüismo como "unha opción persoal", o estado federal como "a opción adecuada", a autodeterminación, a toponimia ou se está en perigo o español en Galicia. Tamén fala da relación coa poesía en galego como lectora e escritora, da súa novela *Teoría do Caos* que considera a "máis ambiciosa", das preferencias nos xéneros e dos libros que anda a escribir.

Vidal Villaverde, Manuel, "Non somos unha nación de ovellas submisas e abaixadas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 6 xullo 2009, pp. 28-29.

Conversa con Elvira Riveiro Tobío, introducida por unha autobiografía da poeta, na que destapa as súas inquedanzas e ideoloxía. Principalmente as preguntas céntranse en coñecer a visión da escritora sobre a situación actual do galego e sobre cuestións políticas. Doutra banda, Riveiro Tobío propón que a literatura para nenos procure a mesma excelencia literaria que a destinada aos adultos, confesa que non ten tempo nin

autodisciplina para dedicarse á novela ou ao ensaio e que para ela é fundamental a poesía pola resistencia que usa como canle. Asemade, opina que temos, na actualidade, unha literatura de calidade que é preciso dar a coñecer dentro e fóra de Galicia e tamén revela cales son os seus libros de cabeceira.

Vidal Villaverde, Manuel, "O mito de que Galicia é unha cultura subvencionada está aínda aí, coma o dinosauro de Monterroso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Conversas contemporáneas", 14 decembro 2009, pp. 30-31.

Entrevista a Marcos S. Calveiro, merecente do Premio da Crítica Española en galego pola súa novela histórica *Festina lente* (2008). Tras comentar a súa traxectoria biobibliográfica, a conversa céntrase no seu compromiso coa lingua e cultura galegas e a súa probábel recuperación nas clases medias altas; o bilingüismo; a colonización da sociedade segundo a lingua empregada e a auto-xenreira; as mensaxes de denuncia na súa obra e a súa relación co ensaio.

VII.5.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Abelenda, Ana, "Coñece e celebra as túas letras", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 922, "Cultura", 6 maio 2009, p. 8.

Recolle a iniciativa da Fundación Caixa Galicia de ofrecer aos cativos un percorrido pola biblioteca de dita entidade, na que se recolle unha mostra bibliográfica de Ramón Piñeiro, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tamén recolle brevemente a historia deste sinalado día e as características da Biblioteca Fundación Caixa Galicia.

Abelleira, María, "Cangas debuxa a súa cita trece coa banda deseñada", *Xornal de Galicia*, "*Xé! Que calor!!*", "A pé de rúa", "Reportaje", 22 xullo 2009, p. 19.

Dá noticia da décimo terceira edición do Salón do Cómic en Cangas que contará con recoñecidos debuxantes, tales como o lugués Alberto Guitián. Indícase que o festival inclúe o certame para novas promesas, que serviu de impulso a novos talentos agora recoñecidos fóra. Remata apuntando que, por outra banda, tamén ofrece talleres de caricaturas, proxeccións audiovisuais de animación, charlas e exposicións sobre os debuxantes convidados ao Salón en todas as edicións.

Abet, Patricia, "La literatura ahora es cosa de niños", *ABC*, "*Artes & Letras. Galicia*", n.º 12, decembro 2009, p. 6.

Dá conta do incremento da produción de Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) segundo o *Anuario sobre el libro infantil y juvenil* editado por SM. Nun primeiro epígrafe intitulado "¿Quién dijo crisis?", coméntase ese aumento no panorama literario galego ao respecto dos comentarios do coordinador da Federación de Libreiros de Galicia, Antonio Fernández e da autora de LIX María Soler. Nun segundo epígrafe, "De ogros y realidad", alúdese á lectura por parte do lectorado infantil e xuvenil como un modo máis de diversión a carón do cinema e os videoxogos e tamén ao acrecentamento da violencia na temática da LIX. Nun derradeiro apartado, "A gusto de todos", apúntanse os factores básicos a ter en conta á hora de escoller un texto de lectura infantil, como o guión, as ilustracións e o formato. Menciónanse asemade as editoriais El Patito Editorial e Kalandraka no ámbito infantil; Galaxia e Edicións Xerais de Galicia no xuvenil e Edelvives-Tambre, con narrativas que promoven a literatura galega.

Abulín, Lorena, "Lectura para o verán", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", 8 agosto 2009, pp.1-2.

Dezasete escritores galegos comentan unha ou dúas obras literarias elixidas para ler no verán durante as vacacións. As obras en galego recomendadas por Domingo Villar son *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai; Xosé Carlos Caneiro decántase pola tradución ao galego d'*O caderno dourado*, de Doris Lessing; Fina Casalderrey elixe *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier Docampo; Xosé Monteagudo, *Siete casas en Francia*, de

Bernardo Atxaga; Manuel Lourenzo escolle a Álvaro Cunqueiro ou a Xosé Luís Méndez Ferrín; Luís González Tosar elixe *A vida do outro*, de Carlos Reigosa; Rosa Aneiros escolle *Lúa de Senegal*, de Agustín Fernández Paz; e para rematar, Iolanda Castaño pon fin á listaxe con *O pouso do fume*, de Dolores Tembrás.

A. C, "Las mujeres gallegas, 'contra vento e marea", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 2 setembro 2009, p. 14.

Fálase da presentación das xornadas "Contra vento e marea. Verbas e pegadas dos feminismos" que se levaron a cabo na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán os xoves e venres do mes de setembro de 2009. Dise que foron presentadas pola concelleira de Igualdade e Participación Cidadán e que nelas participaron a diputada de Igualdade e as especialistas Aurora Marco, Beatriz Preciado e Ánxela Caramés. Indícase que o lema destas xornadas "Contra vento e marea" foi elixido a partir de Emilia Pardo Bazán para revindicar o seu compromiso co traballo intelectual. Segundo afirmou Margarida Vázquez, unha das participantes no evento, "é o eslogan dunha situación actual, aínda que nada igual ao que viviu a escritora. Moitas mulleres anónimas sacaron este mundo cara a diante". Sinálase que con estas xornadas se fixo un percorrido polas loitas do feminismo e se participou de forma activa en debates. Apúntase tamén que o primeiro xoves se desenvolveu a presentación do libro *O club da calceta*, de María Reimóndez, e unha sesión de monólogos do grupo de Teatro do Morcego e que o seguinte día tivo lugar unha cita por Experimenta Danza-Teatro no Paraninfo da Universidade. Destácase que as xornadas foron gratuitas e de acceso libre e que se tramitou un crédito académico de libre configuración coas universidades galegas.

A. C. V., "Sarria acoge hoy dos nuevos talleres infantiles de lectura", *El Progreso*, "Sarria", 22 xullo 2009, p. 13.

Dá noticia de que na Biblioteca Municipal de Sarria, dentro das actividades organizadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e OQO Editoral con motivo da campaña de animación á lectura en galego, se realizarán tres talleres; os dous primeiros para traballar a ampliación de vocabulario a partir do conto *O soño de Xelá* (nenos de 9 a 12 anos) e para favorecer a relación interxeracional entre pais e nenos (de 4 a 7 anos); o último para que, a partir do conto *Mariluz avestruz*, se faga unha curtametraxe que se poderá ver na rede. Dise ademais que a editora repartirá libros entre os participantes.

A. D., "El cómic americano protagoniza la nueva edición de 'Viñetas desde o Atlántico", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 30 xullo 2009, p. 14.

Comenta que esta edición de "Viñetas desde o Atlántico" quixo homenaxear o comic americano. Indica que contou coa presenza de André Juillard e Scout McCloud, entre outros. Explica que, engadindo novos espazos e recuperando algún xa clásico, esta edición expándese pola cidade. Precisa que está orientado para todos os públicos e que se lle dá importancia á muller e á nenez grazas a Posy Simmonds, Enma Ríos e Enrique Vegas que colaboraron nestes apartados.

A. D., "La Feria del Libro reunirá a un centenar de libreros y autores en Méndez Núñez", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 31 xullo 2009, p. 15.

Anúnciase que a Feira do Libro terá lugar na Coruña do 1 ao 10 de agosto. Dise que esta feira está considerada como a cuarta cita literaria máis importante de España. Sinálase que reunirá a sesenta e un escritores, entre eles Xosé Neira Vilas, Manuel Rivas, Lola Baccaría, o filólogo Xesús Alonso Montero e que terán lugar coloquios, contacontos e música, sempre ao redor da literatura, así como un 10% de descontos na compra de libros. Tamén se di que contará coa participación do mago Pedro Volta. Para os máis cativos anúnciase a celebración "A feira dos nenos" con actuacións diarias de teatro, contacontos e musicais, con autoras como Yolanda Castaño ou Heidi Kühn Bode, e a moza ferrolá de 14 anos, Irene Castelos. Dise que o sector libreiro está contento, xa que no contexto de crise no que se vive, as vendas de libros só baixaron un 15%. Destácase que na cita se esperan máis de 100.000 visitantes.

A. D., "Os actores galegos pásanse ao monólogo de humor sobre os escenarios do Fórum", *El Ideal Gallego,* "A Coruña", 1 agosto 2009, p. 14.

Dáse a nova de que O Forum Metropolitano ofreceu un programa musical, interpretación e creación plástica no mes de agosto e coméntanse as actividades. Saliéntanse as representacións de monólogos de importantes actores galegos como Carlos Blanco que formou parte do elenco da serie "Mareas Vivas", da película "O lapis do carpinteiro" e do "Alquimista impaciente". Tamén se dá conta dos traballos que realizaron Avelino Gónzalez, Cándido Pazó, autor teatral de títulos como "O Merlo Branco"ou "Bicos con lingua", da participación musical de dúas mulleres, estrelas dentro do ciclo "Forumrap", como é o caso de Aid, viguesa de 19 anos que ten o disco "Jugando" no mercado e da viguesa Wöyza vinculada a varios proxectos en Portugal. Finalmente dise que tamén participaron as bandas Erros, Codia e Sahara e que subiron ao escenario algúns ilustradores da cidade, como o debuxante Manuel Cráneo que forma parte de Erros, e Álvaro López e Luis Sendrón que tocan a batería e o baixo en Codia.

A.D., "El kioko Alfonso es otra vez la 'casa' del tebeo", *El Ideal Gallego,* "A Coruña", "Viñetas desde o Atlántico'. Inauguración", 11 agosto 2009, p. 12.

Fálase que o salón do cómic da Coruña, que comezou sendo un pequeño soño de achegar o mundo dos personaxes fantásticos e das historias narradas a través de viñetas, conseguiu ser un evento más na axenda das festas da cidade herculina. Indícase que se expuxo por primeira vez no Kiosko Alfonso, sendo un proxecto experimental, pero que nesta doceava edición abriu as súas portas a teóricos e coleccionistas de maneira oficial. Recóllense as opinións de Miguel Anxo Prado, organizador do salón e explícanse as actividades preparadas para esta edición do certame "Viñetas desde o Atlántico" e o contido da mostra e das novidades que se poden observar e adquirir.

A. D., "Dos caminos en torno al cómic que parten de Galicia y terminan en Marvel", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 12 agosto 2009, p. 13.

Fala de que a situación da vida do cómic galego vive un momento de grande esplendor. Precisa que dous galegos, Álex Cal e Enma Ríos, traballan na actualidade para a editorial americana Marvel. Comenta que estes dous autores presentaron onte o seu proxecto en "Viñetas desde o Atlántico" para manter un encontro co público, "acercar a súa forma de traballar e presentalos seus proxectos máis actuais". Á parte destes encontros, indícase que se realizaron dúas exposicións relacionadas co mundo do cómic.

A. D., "La Torre de Hércules, como si fuera la protagonista de un cómic", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Viñetas desde o Atlántico", 14 agosto 2009, p. 15.

Explica que a arquitectura coruñesa se integrará nas "Viñetas do Atlántico" e sobre todo que a Torre de Hércules se converte en todas as edicións nun elemento constante nos carteis servindo de elo entre a cidade e o cómic, como xa ocorrera da man de Miguelanxo Prado, entre outros creadores. Apunta que os carteis de Viñetas levan representando dende o ano 1998 a Torre de Hércules mesturada con personaxes como os superheroes Batman ou Spiderman ou con personaxes como Snoopy. Remata engadindo que A Coruña aparece neses carteis como sinónimo de océano, do Atlántico e coa presenza dos seus monumentos e do seu clima, xa dende o primeiro cartel, realizado por Miguelanxo Prado en 1998, até o do ano 2009, de Daniel Acuña.

A. F., "O Rosal se apunta a los libros", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", 27 agosto 2009, p. 20.

Describe as actividades organizadas polo Servizo de Información Xuvenil e Animación Sociocultural do concello do Rosal para nenos de Educación Infantil e Primaria en colaboración coa Concellería de Cultura. Recolle que Charo Tabales Perozo, a concelleira di que un dos obxectivos do seu departamento "es el fomento y animación a la lectura y además que ésta se realice en la propia Biblioteca". Según Silvia Baquero Pereira, a responsábel desta iniciativa, este ano son setenta e oito nenos e nenas os que participan durante os meses de xullo e agosto e indica que deles se encargarán dúas monitoras oficiais e catro en prácticas. Apúntase que este Proxecto se enmarca dentro do Programa Integral de Animación Sociocultural deste Concello no que tamén se desenvolven outras actividades anuais para nenos e adultos como bailes de salón, pintura, etc. Por último, descríbense dúas citas na Plaza do Calvario o sábado e o domingo as 21:00h., do XX Festival de Músicos Xoves do Rosal, onde participarán agrupacións musicais como a Banda Infantil da Agrupación Musical do Rosal e a formación de maiores da Agrupación Musical do Rosal, entre outras.

A. G. G., "Marcos da Portela: canteira de escritores", *Diario de Pontevedra*, "*Mini Diario*", n.º 171, 18 abril 2009, pp. 2-3.

Coméntase que no colexio Marcos da Portela se celebrou o Día Internacional do Libro Infantil, cuxo principal obxectivo era mostrar a importancia de saber ler na sociedade actual. Sinálase que se escolleu o 2 de abril porque ese día se cumpren cento trinta e catro anos do nacemento do escritor dinamarqués Hans Christian Andersen, autor de famosos contos coma "O patiño feo", "A sereíña" ou "O soldadiño de chumbo". Dise que se prepararon varias actividades como, por exemplo, a colocación dun expositor

con algúns libros de Andersen e lecturas dos seus contos, un cartel anunciador que realizou un ilustrador exipcio e a elaboración do libro *Entre lusco e fusco*, que contén os traballos realizados pola comunidade escolar para a ilustradora Noemí López. Tamén se recollen dúas pequenas notas bio-biográficas sobre Noemí López e Andersen.

Agra, Santiago, "Abrazo literario a Santiago", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que calor!*", 27 agosto 2009.

Dá a nova da participación de tres escritores de diferentes espazos nos que se desenvolven as actividades do compostelán Festival dos Abrazos e que se organizará en tres grupos: *Campo aberto* (incluíndo os principais parques da cidade), *Estacións de paso* (prazas e rúas) e *Espazos íntimos* (acolledores recantos do casco vello). Sinálase que sobre os parques da cidade fala María Carballeira, escritora, actriz e filóloga, sendo os escollidos San Domingos de Bonaval e Vista Alegre. Indícase que Marcos Calveiro, autor de *Festina lente* se ocupará dos lugares de tránsito habituais dos compostelán, rúas e prazas que acolleron gran parte das actividades do festival, como a Quintana, San Martiño Pinario ou San Paio de Antealtares e tamén a praza de Abastos. Por último, explícase que como encargada de describir os "Espazos Íntimos" da zona vella compostelá, Rosa Aneiros se centrará en igrexas de Santiago como a de San Domingos e a das Ánimas. Engádese por último que este paseo literario pola cidade rematará coa edición dun "catálogo de espazos singulares" que estará a disposición do público.

Agulla, A., "Excepcional acogida al libro de canciones, juegos y dichos populares", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo. Marín", 3 abril 2009, p. 16.

Sinálase que se presentou o libro *Marín. A nosa memoria* (2009), editado por Alcaldía coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta. Precísase que no libro se recollen as cancións, xogos, ditos e trabalinguas populares recollidos do pobo e nos que incluso hai alusións a Marín.

Agulla, A., "Visita de Neira Vilas y Anisia Miranda al San Narciso", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 19 xuño 2009, p. 17.

Dáse noticia da visita dos escritores Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda ao colexio San Narciso. Coméntase que os nenos do primeiro ciclo asistiron ao coloquio vestidos de espantallos, en referencia á obra *O espantallo amigo* (1971); e os maiores conversaron con eles sobre as obras *Memorias dun neno labrego* (1961), *Cartas a Lelo* (1971) e a obra conxunta *Cantarolas* (1975).

Agulla, A. "Educación inicia un ciclo de cuentacuentos para escolares", *Diario de Pontevedra*, "Marín", "O Morrazo", 13 novembro 2009, p. 14.

Conta que a Concellería de Educación de Marín iniciou a nova campaña de apertura dos centros educativos fóra do horario escolar cun ciclo de "contacontos ilustrados" dirixida aos alumnos de educación infantil. Explica que Olalla González e Marc Taeger, entre outros, escenificaron *Aquiles o Puntiño*, no que o protagonista é a imaxe da campaña no

municipio. Remata apuntando que en adiante haberá novas sesións para o alumnado de tres a cinco anos.

A. I., "Musicontos' para fomentar el amor por la lectura y la música clásica entre los niños", *El Correo Gallego*, "Santiago", 16 setembro 2009, p. 25.

Dá noticia de que a colección "Musicontos" sairá á rúa da man da Editorial Galaxia con textos de Xosé Antonio Neira Cruz e música da Real Filarmonía de Galicia para deleitar os máis pequenos e fomentar entre eles o amor pola lectura e a música clásica. Indica que *O prodixio dos zapatos de cristal* (2008) recrea o conto tradicional de Charles Perrault. Explica que literatura e música se darán a man nestes musicontos, que son, en definitiva, "un conxunto onde todo se une para engrandecer a literatura e o gusto por contar".

Albarenga, Cecilia, "Os 'libros' saen de paseo no Porriño, para deixarse 'ler", *Faro de Vigo*, "Especial", "Baixo Miño/Louriña", 25 abril 2009, p. 2.

Sinálanse as actividades que terán lugar na programación cultural do mes de maio no Porriño. Coméntase que se celebrará a Semana Internacional de Títeres durante os días 22, 25, 26 e 27 de maio. Tamén se di que a Biblioteca Municipal organiza a proxección de varias curtametraxes todos os xoves do mes e que todos os xoves e venres de maio e xuño instala unha Bibliopraza na Praza do Concello composta por obras de narrativa, poesía, teatro, ensaio, obras infantís e cómics. Finalmente, cóntase que hai unha exposición fotográfica sobre viaxes no Centro Cultural Municipal, así como unha degustación gastronómica o día 3.

Albarenga, Cecilia, "Para contar historias hai que crear primeiro un ambiente de encontro", *Faro de Vigo*, "Especial", "Baixo Miño/Louriña", 28 novembro 2009, p. 4.

Informa do obradoiro de contacontos "Contamos todos", levado a cabo pola escritora Amalia Pérez Otero, como parte do programa de actividades de animación á lectura organizado pola Biblioteca Municipal de Tui. Menciona tamén o programa "Letras Vivas" de promoción da lectura da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura da Consellería de Cultura e Turismo no que se enmarca o programa antedito.

Aleixandre, Marilar, "Compostela é como unha cidade encantada, porque se creou de nada", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", 7 novembro 2009.

Coméntase que Marilar é unha madrileña, bióloga e escritora de poesía que decidiu ser galega nun momento dado. Dise que esta decisión xurdiu despois de vivir en Santiago vinte anos, da que di que é unha cidade encantada e con maxia, só lle encontra o defecto da ausencia de mar. Precísase que as primeiras cousas que escribiu en galego foron de ciencias e foron estes os primeiros materiais de ciencias ambientais en galego para os libros de texto. Apúntase que máis tarde comezou a escribir literatura, pero relatos curtos, pois hai que ter en conta que nos setenta publicar non era moi doado, e menos en

galego. Finalmente explícase que o que máis lle gusta é ver como os personaxes das súas historias se meten no seu papel até pensar que son de verdade.

Aleixandre, Marilar, "Xoana de Arco remite formulario de apostasía", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "Inéditos con firma", 20 novembro 2009, p. 12.

Tras inserirse o texto narrativo "Xoana de Arco remite formulario de apostasía", de Marilar Aleixandre, cítase a súa novela *A cabeza de Medusa* (2008).

Alonso, Carmen, "Lecturas de vacaciones, miles de coruñeses disfrutan del sol y la playa con un libro en las manos", *El Ideal Gallego*, "*La Galería*", 5 xullo 2009, pp. 2-3.

Reflexiona sobre a situación económica actual provocada pola crise e sobre os seus efectos na venda de libros en Galicia que no verán considera que se incrementarán grazas, en gran medida, á celebración de ferias do libro. Destaca a Festa do Libro celebrada en abril na Coruña, que foi todo un éxito, o que apunta a que a maioría dos coruñeses van gozar dun bo libro ou de varios durante as vacacións de verán. Tamén se fai eco de que a maioría dos libros elixidos como lectura para os tempos de lecer están influenciados pola publicidade, pois préstase moita atención ao que se ve na televisión e tamén ás referencias positivas que nos refiren. Aínda así, os informes e estatísticas mostran que os galegos teñen moito que mellorar para alcanzar uns bos índices de lectura.

Álvarez, E., "La mejor campaña para los concellos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 16 decembro 2009, p. L4.

Anúncianse os galardoados no concurso de redacción e debuxo organizado por *La Voz de Galicia*. Dise que o primeiro premio de redacción recaeu en Irene Figueira, do CPI de Dodro, e que levaron accésits María Victoria Otero, do CEIP das Fontiñas, e Alejandro Mejuto Penas, do colexio San Francisco Javier de Santiago. Reprodúcense tamén os tres traballos premiados.

Álvarez, Natalia, "Viñetas' viguesas en la Biblioteca", *Faro de Vigo*, "*Vigo 4 costados*", 26 maio 2009, p. 5.

Dáse noticia de que até finais dese mes había unha selección das obras dos debuxantes de cómic Fran Jaraba, Jacobo Fernández, María Vilar e Norberto Fernández, exposta na Biblioteca Central de Vigo. A continuación faise unha breve referencia ao currículo de cada un dos participantes. Coméntase que o día 13 de maio tamén se celebrou unha charla dos catro autores, na que se falou da situación actual do cómic en Galicia e se destacou a presenza de autores galegos nos mercados internacionais e o feito de que Galicia sexa a convidada do ano 2009 no Saló del Còmic de Barcelona. Finalmente afírmase que vivir das viñetas segue a ser algo moi complicado.

A. M./M. F., "Un ano dourado para a banda deseñada", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 28 decembro 2009, p. 34.

Coméntase o recente éxito no eido da Banda Deseñada en Galicia a partir do Premio Nacional de Cómic do que foi merecente o álbum bilingüe *As serpes cegas* (2008), de Bartolomé Seguí e Felipe Hernández-Cava. Fálase da traxectoria anual deste sector e menciónase a saída ao prelo da primeira parte da novela gráfica *A conta atrás*, de Carlos Portela e Sergi Sanjulián; *Persépolis 2.0*, inspirado na historia de Marjane Satrapi, *Persépolis* e publicado en liña; o cómic autobiográfico de Parsua Bashi, *Nylon Road*; *Catálogo de novedades Acme*, de Chirs Ware; *Génesis*, de Robert Crumb ou *Macanudo*, de Ricardo Liniers. Destaca así mesmo a presenza galega no Saló del Cómic en Barcelona.

Amosa Serto, María, "Pensar que ti estás tamén nesta noite...", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "*Bule Bule*", "O recuncho dos lectores", 11-17 xuño 2009, p. 28.

Ademais de describir nunhas liñas a antoloxía *Poétizate* (2006), de Fran Alonso, acóllense nesta sección unha serie de composicións poéticas do alumnado do segundo curso da ESO do Colexio Possumus de Vigo. É o caso de "Pensar que ti estás tamén nesta noite...", de María Amosa Serto.

Angueira, M., "La imaginación al poder en la biblioteca", *Diario de Arousa*, 7 marzo 2009, contracuberta.

Infórmase sobre a realización, na biblioteca de Caldas, dun taller de animación titulado "Adiviñas visuais", baseado na publicación de *Oh!* (2007), de Josse Goffin, editada por Kalandraka. Cóntase que trinta e dous nenos e nenas de idades comprendidas entre os catro e os nove anos gozaron dunha primeira sesión chea de adiviñas no que as imaxes nunca eran o que parecía; nunha segunda sesión intentaron crear as súas propias adiviñas cuns patróns nos que buscaban un significado oculto que, ao final, mostraron aos compañeiros. Para rematar, adiántase o próximo taller que organiza a biblioteca e que está dirixida a nenos de cero a tres anos e que consistirá na estimulación mediante música e formas.

Á. P., " 'Verbas para namorar' anima ós estudantes a escribir cartas de amor en galego", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", "Soutomaior", 21 marzo 2009, p. 14.

Dáse noticia do concurso "Verbas para namorar" que a Consellería de Xuventude de Soutomaior convoca, con motivo do Día das Letras Galegas, co obxectivo de animar á rapazada a que escriba cartas de amor en galego, en verso ou prosa, sen faltas de ortografía. Coméntase que hai dúas categorías: unha para rapaces de doce a catorce anos e outra para rapaces entre quince e dezaoito anos; tamén que haberá premios para os catro mellores de cada categoría.

Á. P., "Soutomaior convoca o II certame Verbas para namorar", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 12 abril 2009, p. 9.

Enuméranse os premios que poden levar os rapaces e rapazas dos colexios de Soutomaior que participen no certame "Verbas para namorar". Tamén se dá algunha pauta aos participantes: o destinatario da carta tanto pode ser unha persoa sen identificar, como un animal, como a natureza, etc., e que pode estar escrita en verso ou en prosa.

Á. P., "O CEP Riomaior inicia un proxecto sobre o patrimonio inmaterial", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 3 xuño 2009, p. 14.

Coméntase que o alumnado do Colexio de Educación Primaria de Riomaior deron o seu primeiro paso nun estudo no que durante cinco anos recollerán testemuños e catalogarán material cos costumes e tradicións da oralidade. Sinálase que traballaron sobre a Illa de San Simón, tendo como referencia un poema de Mendiño; sobre celebracións coma o Entroido de Cobres, o Samaín ou os Maios; sobre a literatura oral popular e os topónimos. Cóntase que tamén fixeron actividades como teatro, charlas, unha visita á Illa de San Simón e a asistencia a unha romaría.

A. R, "A rosa dos ventos para 3.000 versións en galego", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 1 outubro 2009, p. 45.

Coméntase que un grupo de investigadores do departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo puxo en marcha a Biblioteca de Tradución Galega, un catálogo que recolle máis de 3.000 obras literarias traducidas ao galego. O proxecto foi presentado o Día Internacional da Tradución por distintas investigadoras, entre elas Ana Luna, quen explica que se pretende dar información a todo tipo de usuarios, e que non só poderán atopar a obra traducida, senón tamén a orixinal. Ademais, sinala que non se realizou unha dixitalización, xa que as obras contan con dereitos de autor, pero non descartan que nun futuro se poida levar a cabo.

Araújo, E., "Los Reyes Magos regalarán 'Os Bolechas' de Teo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Área metropolitana", "Crónica", 4 decembro 2009, p. 10.

Alude á entrega de exemplares gratuítos do conto infantil "Os Bolechas", de Pepe Carreiro, durante a cabalgata dos Reis Magos no concello de Teo e á firma e caricaturización de pósteres que incluían viñetas por parte do autor.

Arias, C., "Varios niños participan en la biblioteca de Xermade en un taller de iniciación al cómic", *El Progreso*, "A Chaira", 24 decembro 2009, p. 19.

Menciona a participación dun grupo de nenos e nenas nun obradoiro de BD celebrado na biblioteca municipal de Xermade como parte do programa Letras Vivas e destaca a presenza do debuxante Gochi no acto.

Arribas, Alicia G., "Los niños de Timor Oriental tendrán su primer libro de texto, 'La lengua de las mariposas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 novembro 2009, p. 43.

Infórmase de que o conto "La lengua de las mariposas" servirá para que a mocidade de Timor Oriental "emprendan un proyecto educativo" e que teñan o seu primeiro libro de texto. Explícase que o proxecto se denomina Bolboreta e que a primeira edición será de 10.000 libros bilingües portugués-tetun que contan ademais cunha guía didáctica para escolares realizada por profesores de Timor. Remátase indicando que na presentación do proxecto o seu director, Luis Gárate, destacou que se trata dunha "iniciativa pionera en la cooperación mundial", que comezaron as universidades da Coruña e Timor e que se realizou grazas á Asociación Luso-Galega de Antropoloxía Aplicada (Alga) e que Manuel Rivas fixo unha doazón desinteresada.

Baena, Ana, "Federico Fernández irá a Bratislava con la renovación de los 'Tres Cerditos", *Atlántico Diario*, "Vigo", 27 maio 2009, p. 15.

Coméntase que o ilustrador vigués Federico Fernández é un dos seis galegos seleccionados pola Organización Española para el Libro Infantil (OEPLI) para participar na Bienal de Bratislava. Sinálase que a súa obra *O debut de Martino Porconi* (2008) é a adaptación do conto clásico dos tres porquiños, para o que utilizou acuarelas, acrílicos e lapis grosos. Dise que dos quince representantes españois, seis son galegos: Federico Fernández, Rodrigo Chao, Pinto&Chinto, Leandro Lamas e Enjamio; cousa que se debe, segundo o primeiro, a que en Galicia existe un alto nivel porque as editoriais publican moito.

Bal, Romina, "Suca os mares, xoga… Tes todo 'O mundo en galego", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 768, "Cativadas", "Dentro do programa Bocaberta", 5 xullo 2009, p. 7.

Dá noticia de que a editorial OQO desenvolve a iniciativa *O mundo en galego*, dentro da campaña Bocaberta que a Secretaría Xeral de Política Lingüística patrocina co obxectivo de que rapaces e adultos coñezan a cultura, a historia e os costumes doutros lugares do planeta a través dos libros e do idioma galego, empregando a imaxinación, interactuando e socializando mediante cinco obradoiros que intengran diversas actividades e que se realizarán nas bibliotecas de quince concellos galegos. Indica que a colección se compón de doce títulos cos que serán agasallados os concellos e as bibliotecas que participen nesta edición. Recóllense os doce títulos que compoñen a colección: *Caracois*, *Contos en cantos* (2008), *Mariluz avestruz* (2007), *O soño de Xela* (2008), *A grande viaxe*, *Os tres porquiños*, *Croco*, *O astrólogo e a feiticeira* (2006), *As tres irmás ladroas*, *Rato solteiro* (2006), *Mariliz que soña o que soña...* Apúntase que na web www.omundoengalego.eu se pode ver unha mostra da iniciativa. Finalmente ofrécese a listaxe dos concellos que participan nesta iniciativa e as datas nas que se desenvolverá. Tamén sinala que desta iniciativa froman parte cinco obradoiros: "Animar a ler dende a infancia", "Conta comigo", "Tremelicantemente, tremelicante", "A grande viaxe" e "Sucando os mares, achegando historias Eu tamén animo!".

Bal, Romina, "Sol, verán, mar e area: a imaxinación viaxa canda ti", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", 19 xullo 2009, p. 2.

Dáse conta das propostas de libros infantís e xuvenís das editoriais Kalandraka, Cumio, Edicións Xerais de Galicia, Edictorial Galaxia, OQO e Edebé-Rodeira para o período vacacional de verán. Segundo Romina Bal, ademais de entreter dende os tres até aos dez anos, son libros moi económicos. De Kalandraka propón para as idades de 3-5 anos *A araña e máis eu*; *Os de arriba e os de abaixo*; *O león Kandinga*; *O home de auga* e *A que sube á lúa*. De OQO propón unha colección para os nenos de entre 3 e 7 anos, "O", de recentes novidades e os libros *A guerra dos números*; *Cantas pingas na cidade!* e *Velliñas.* De Edicións Xerais de Galicia propón, para os nenos maiores de 7 anos *O sombreiro chichiriteiro*; *Dona landra e o río revolto*; *Baldras, o xigante*; *Pinga de choiva*; *Leocadio, o león*; *Mar adiante*; *Arroás*; *Restaurante Farruco* e *A profesora Ripaldi.* De Galaxia propón lecturas xuvenís: *Chamádeme Simbad* e *Un conto de cegoñas*, e para os rapaces de 6 anos propón *A noite dos filantes*; *Bechos pequerrechos*; *O misterio da selva de Ngorongón* e *O serrote do Gil.* De Edicións do Cumio unha serie de textos orientados a un público xuvenil: *Un descenso ao Maelstorm*; *A verdade sobre o caso Valdemar*; *A máscara da morte vermella*; *O manuscrito achado nunha botella* e *Bícame profe*.

Bal, Romina, "Chocolate, galletas e limóns para os máis lambóns", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 788, "Cativadas", 22 novembro 2009, p. 7.

Comenta o labor da editorial ourensá Linteo a partir dalgunhas das súas publicacións no eido da Literatura Infantil e Xuvenil como *Gústame o chocolate* (2005) e *A colección de galletas* (2006), de Davide Calì e Evelyn Daviddi; *Max e Moritz. Historia de dous pillos e sete trasnadas* (2001), de Wilheln Busch, obra satírica "chea de crítica social e humor"; *Pedro Guedellas (Der Struwwelpeter)* (2001), de Heinrich Hoffmann; *O pequeno Borges imaxina o Quixote* (2005), de Carlos Cañeque, e *Que tal, vexetal?Alimentos con sentimentos* (2005), de Saxton Freyman e Joost Elffers. De cada unha delas describe o seu argumento e liña temática e indica o seu custo.

Bal, Romina, "Este Nadal o aloumiño será tan grande coma un sopro de xigante", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 792, "Cativadas", 20 decembro 2009, p. 5.

Informa da produción de Literatura Infantil e Xuvenil de Edicións Embora da que salienta *Vestida co arco da vella* (2008) e *Sopra neste furadiño* (2008), de Antón Cortizas Amado; *De que cor es ti?* (2007), de Spela Trobec; *As pitas baixo a choiva* (2008), de Ricardo Carvalho Calero e *O traxe novo do emperador* (2007), de Hans Christian Andersen. De todas elas ofrece unha descrición do argumento. Tamén presenta datos biog´raficos do autor.

Barros, Diego E., "Cando o pasado non se pode deixar atrás", *Galicia Hoxe,* "*Lecer*", n.º 750, "De banda deseñada", 1 marzo 2009, p. 9.

Menciónase a publicación d'*As serpes cegas* (2008), publicada por BD Banda en colaboración coa editorial francesa Dargaud. Indícase que a obra de Felipe Hernández Cava e Bartolomé Seguí constitúe unha obra de vinganzas nas que o pasado se mestura co presente por medios de flashbacks e nas que as rúas de Nova York o fan coas da

España da Guerra Civil. Precísase que a peza realizada a cor está dispoñíbel en galego, castelán e francés e que ten 72 páxinas.

Barros, Diego E., "Grandes autores, feble maquinaria", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 762, "De banda deseñada", 24 maio 2009, pp. 6-7.

Opínase que é a época dourada da banda deseñada, aínda que non se poden botar foguetes porque non se sabe se vai durar ou se vai ser flor dun só día. Sinálase que hai máis de trinta anos da obra xerminal *O home que falaba vegliota* e que Galicia é o país convidado na XXVII edición do Saló del Còmic de Barcelona, debido á calidade dos creadores galegos. De todos xeitos, dise que este bo momento da banda deseñada ten unha eiva: a falta dunha industria consolidada, o que provoca que os autores teñan que publicar fóra de Galicia. Jacobo Fernández, candidato ao premio autor revelación con *Os amigos de Archimboldo Roque* (2008) e *Aventuras de Cacauequi* (2008), di que é positivo que se fale ano tras ano do boom da banda deseñada galega, aínda que cre que se vende pouco cómic en galego, que a administración se debería ocupar máis da promoción que da subvención na edición e que o futuro está nas traducións. Con todo, crese que a banda deseñada galega ten unha baza: os autores pertencen a diferentes xeracións e cada un ten a súa propia liña de traballo. Sinálase que a representación galega no Saló de Barcelona vai estar representada por catro postos avalados pola Xunta de Galicia e outro a cargo da editorial El Patito, nos que se sitúan dúas exposicións, unha que acolle unha recompilación de autores que gañaron o premio Castelao e o certame Gz-Crea e outra na que oito autores dan o seu punto de vista sobre Galicia en cinco páxinas.

Barros, Diego E., "De mentira e medias verdades", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 766, "De banda deseñada", 21 xuño 2009, p. 9.

Coméntase que unha das novidades do Saló de Barcelona foi o primeiro volume da triloxía "Ken Games", de José M. Robledo e Marcial Toledano. Sinálase que este cómic conta as vidas paralelas de tres personaxes: Pierre, un matemático boxeador; TJ, un banqueiro que xoga ao póker, e Anne, unha mestra de nenos que en realidade é unha asasina profesional. Opínase que é unha obra simple e detallista á vez que destaca pola súa beleza plástica e na que o xogo de miradas é fundamental, así como o xogo de cores, luces e sombras no que "todo é media verdade ou mentira e media". Tamén se adianta a futura publicación d'*A Biblia*, de Robert Crumb, o cal acode aos textos orixinais e non ás versións contemporáneas. Finalmente destaca a publicación de *Emocional World Tour*, unha especie de caderno de viaxe no que se recollen as charlas e conferencias de Paco Roca e Miguel Gallardo; *Marcopola*, de Jacobo Fernández, unha obra infantil na que unha illa soña con percorrer o mundo e *Sky Masters*, o segundo volume recompilatorio da triloxía de ciencia ficción na prensa de EUA.

Barros, Diego E., "Enésimo ensaio sobre os heroes e as tumbas", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 781, "De banda deseñada", 4 outubro 2009, p. 7.

Nun á parte da noticia referida á publicación do cómic *Black Summmer*, de Warren Ellis, titulado "Miguel brieva, Juanjo Sáez e David Rubín, pratos fortes das XXI

Xornadas de BD de Ourense" dáse conta da nova edición deste "decano dos eventos de BD en Galicia", destacando a participación do galego David Rubín, xunto a outras figuras do cómic feito en castelán. Indícase que Rubín achegará orixinais da súa última obra, *Cuaderno de tormentas*. Apúntase que estas xornadas se complementan con talleres, charlas e proxeccións ademais doutras mostras recompilatorias do Certame de Cómic e Ilustración Injuve 2008 e GZ crea Banda Deseñada 2009. Destaca tamén a exposición que acolle a sala Alterarte do Campus universitario na que se exponen traballos que autores do panorama nacional realizaron para o *Fanzine Enfermo*, e as mostras Certames galegos 2000-2008 e Miña Terra Galega que acolle o Auditorio, das que existe información na web www. casaxou.com/bd/.

Barros, Diego E., "A nova web de Miguelanxo Prado, para perderse", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 785, "De banda deseñada", 1 novembro 2009, p. 8.

Explícase que "o universo de Miguel Anxo Prado" abrangue moito máis que as súas obras. Anúnciase que xa está dispoñíbel a súa páxina web (www.miguelanxoprado.com). Infórmase de que nela se poden ver dende os seus primeiros bosquexos até as súas obras, das cales comenta datos do seu proceso creativo. Tamén conta nun á parte as últimas noticias relacionadas cos seus títulos, precisando que hai un proxecto de levar ao cinema *Trazo de Tiza* ou onde achega algún apuntamento sobre a súa nova creación *Ardalén*, na que estará traballando durante todo o ano 2010 e da que inclúe un bosquexo referido á memoria.

Barros, Mar, "Para ler tirados na alfombra", *A Nosa Terra*, "*Bule Bule*", n.º 1.387, 24-30 decembro 2009, p. 28.

Dá conta dunha serie de textos de Literatura Infantil e Xuvenil co obxectivo de animar a rapazada á lectura no período vacacional. Os textos pertencen a editoriais como OQO Editora con *Os mil brancos dos esquimós*, *O corazón do xastre* e *A princesa que bocexaba a todas horas*; Galaxia, coa súa colección "Audiocontos" con *Os sete cabuxos*, *Branca de neve e os sete ananos*, *O Galo Quirico* e *Os catro amigos* e ademais *Pesadelo no tren chocolate*; Ir Indo co título *Viaxe aos Ancares*; Kalandraka con *Onde viven os monstros*, *Libro das M'Alicias* e *Oda a unha estrela*, Edicións Xerais de Galicia co Premio Merlín, *Mil cousas poden pasar*; Faktoría K con *Un becho estraño*, *O coitelo sutil* e a escolma poética de Ramón Cabanillas; Baía Edicións cunha serie de títulos educativos e A Nosa Terra coa serie dos Bolechas.

Barros, Paula, "O amor envolve Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 2 febreiro 2009, p. 51.

Dáse noticia do acto de inauguración do X Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, centrado na temática do amor e no que actuou o grupo Pavís Pavós. Coméntase que se abriu o Pazo da Cultura para que o público vise varias exposicións: unha de libros con forma de corazón e outra dedicada a Fina Casalderrey. Adiántase que na primeira sesión Agustín Fernández Paz e o blogueiro Martin Pawley van participar nunha conferencia e despois haberá contacontos.

Beares, Octavio, "Los cómics como espejo de la realidad", *Faro de Vigo*, "*Visado*", n.º 373, "Cómics", 3 xullo 2009, p. 5.

Faise unha especie de listaxe de autores que recorren ao cómic para reflectir a realidade que están a vivir. Coméntase que Marjane Satrapi escribiu a novela gráfica *Persépolis*, tomo que recompila catro libros, onde relata as súas vivencias en Irán nos anos setenta: a guerra contra Irak, o seu propio exilio e o seu regreso. Afírmase que o canadense Guy Delise viviu en Corea do Norte e que plasmou o seu día a día en *Pyongyang* (2005). Tamén se fala do xornalista Joe Sacco que asistiu a conflitos como a guerra iugoslava ou palestina, así nace *Gorazde, zona protegida* (2001), onde documenta a súa estanza na Iugoslavia con mapas, planos, etc. Póñense outros exemplos como os de Étienne Davodeau, que en *La mala gente* (2006) ilustra o nacemento dos sindicatos en Francia grazas ás entrevistas feitas aos seus pais; e os dos ilustradores Pepe Gálvez e Antonio Giral e os ilustradores Joan Mundet e Francis González que diseñaron *11-M, la novela gráfica*, na que se recolle o atentado de Atocha. Sinálase que *O fotógrafo* (2005) trata as experiencias do fotógrafo Didier Lefévre durante a guerra afgano-rusa dos anos oitenta. Finalmente destácase o traballo de Spiegelman *Maus*, historia que gañou o Pulitzer en 1992, que foi traducido ao galego, e que trata da vida de seu pai: un xudeu superviviente de Auschwitz.

Becerra, Marta, "Una capital con historias que contar", *El Progreso*, "El despertador", 3 xullo 2009, p. 9.

Coméntase que as visitas teatralizadas volven ter lugar en Lugo para achegar os encantos, as virtudes e o coñecemento dos lugares máis importantes desta cidade tanto aos turistas coma ás personas propias do lugar. Tamén se fala de que estas visitas dunha hora contan cun amplo percorrido pola cidade no que desenvolven o seu espectáculo mesturando a literatura, a poesía e datos que ilustran sobre o pasado desta cidade. Por último saliéntase que o prezo das entradas para os adultos é de catro euros, para os nenos de dous euros, e que poden adquirise a partir dese mesmo día no Centro de Interpretación da Muralla e nos diferentes hoteis de Lugo.

Becerra, Marta, "El arte goza de buena salud", *El Progreso*, "El despertador", 5 xullo 2009, p. 6.

A xornalista toca neste artigo tres temas diferentes dos cales, en relación coa literatura galega, fala dun concurso de pintura e narración infantil que foi convocado polo Servizo de Pediatría do hospital Xeral de Lugo. Del comenta que tan só por participar, foilles entregado aos preto de cincuenta participantes un libro e aos gañadores unha cámara de fotos. A seguir fai unha breve clasificación dos gañadores deste concurso segundo as categorías e premios obtidos.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 274, "Infantil/Xuvenil", 15 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 217, "Letras galegas", 24 xaneiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento na que se describen nunhas poucas liñas obras coma *O globo de Shakespeare* (2008), de Jaureguizar.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 273, "Infantil/Xuvenil", 8 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 216, "Lecturas", 17 xaneiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento na que se achegan uns breves comentarios sobre varias obras literarias entre as que se atopa *O branco país sen neve* (2008), de Encarna Otero, con ilustracións de Elisa Gallego.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 276, "Infantil/Xuvenil", 29 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 219, "Letras galegas", 7 febreiro 2009, p. 11.

Sección do suplemento que acolle descritores de curta extensión de varias obras literarias do ano 2008, caso de *Vouvos papar!*, de Luz Méndez e Pere Tobaruela, entre outras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 277, "Infantil/Xuvenil", 5 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 220, "Letras galegas", 14 febreiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento na que se comentan a modo de recomendación unha serie de obras literarias saídas do prelo en 2008, caso d'*Un casoiro mal amañado*, de Bali Rai, entre outras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Infantil/Xuvenil", 19 febreiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 223, "Libros", 28 febreiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento que acolle uns descritores de curta extensión de varias obras narrativas publicadas no ano 2008, caso d'*A calor dun niño*, de Guillerme Coen, entre outras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Infantil/Xuvenil", 19 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salientan da produción literaria galega máis recente *O libro da illa de Ons* (2008), de Amalia Pérez Otero, entre outras obras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Infantil/Xuvenil", 30 abril 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega máis recente *O libro das illas Cíes* (2008), de Amalia Pérez Otero, entre outras obras.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 306, "Infantil/Xuvenil", 29 outubro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que describe brevemente dúas obras de literatura infantil e xuvenil: *Amancio Amigo e o demo da botella* (2008), de Xosé Miranda, e *Os Megatoxos e os templarios da luz*, de Anxo Fariña Temprano.

Beceiro, M., "O gran documental sobre Neira Vilas verá a luz cedo", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", "Al día", 19 febreiro 2009, p. L2.

Dáse noticia de que Neira Vilas vai facer a última gravación de son para o documental sobre a súa vida, un texto que escribiu sobre Gres, a aldea onde naceu. Dise que o documental que se titulará "XNV. Memorias dun emigrante" está dividido en cinco partes que se corresponden coas cinco etapas que marcan as cinco obras que Neira considerou as máis representativas da súa traxectoria: *Memorias dun neno labrego* (1961), *Historia de emigrantes* (1968), *Querido Tomás* (1980), *Remuíño de sombras* (1973) e *Dende lonxe* (1960). Finalmente afírmase que a película afonda na súa etapa na Arxentina, onde fundou xunto coa súa muller a editorial Follas Novas, e en Cuba, onde se involucrou coa cultura cubana sen renunciar á galega.

Beceiro, Manuel, "Xosé Neira Vilas repasa o seu exilio nun documental", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 marzo 2009, p. 50.

Dáse noticia da presentación do documental de Pablo Iglesias sobre Xosé Neira Vilas titulado "XNV. Memorias dun emigrante", do que o propio director di que pretende ser un testemuño da memoria histórica da cultura galega. Coméntase que o escritor conta no documental a súa volta a Galicia despois da súa emigración a Arxentina e a Cuba e relata a súa traxectoria como escritor e divulgador da cultura galega. Tamén se sinala que en Cuba conseguiu que nun organismo oficial se estudase a literatura e a cultura galegas e que se convertese no "centro bibliográfico galego máis importante de América Latina".

Boullosa, María, "Fina Casalderrey ya prepara el pregón para las Festas da Peregrina", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 4 agosto 2009, p. 2.

Informa de que o pregón das festas da Peregrina será da man da escritora Fina Casalderrey Fraga, en recoñecemento á súa importante traxectoria profesional, con máis dunha trintena de obras de Literatura Infantil e Xuvenil, ademais doutras publicacións. Refire que foi recoñecida cos premios Merlín (1991), Barco de Vapor (1994), Premio Nacional e Premio Cidade de Pontevedra (1996) e que en 2009 conseguiu o premio Frei Martín Sarmiento e tivo unha homenaxe posterior que lle organizou o Salón do Libro de Pontevedra.

Bóveda, Adrián D., "Cuentacuentos solidario en Belvís", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 23 agosto 2009, contracuberta.

Entre outras actividades, destácanse os obradoiros e contacontos desenvolvidos no parque de Belvís. Indícase que Anxo Moure actúa como "Atrapacontos" para facer que a nenez coñeza mellor o medio no que viven para que deste xeito poidan respectalo. Moure interpreta os contos *O carballo con botas*, *Os animais da foresta* e *A bruxa regañadentes* (2005) e a súa actividade recada fondos para a campaña de solidariedade Bicis pola paz.

Bragado, Manuel, "Xerais cumpre 30 anos en pé", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 5, "Xerais", 10 xaneiro 2009, p. 2.

Fálase do plan editorial de Edicións Xerais de Galicia para o ano 2009, marcado polo trixésimo aniversario da súa creación e por acadar os tres mil títulos publicados. Expóñense algunhas das novidades de literatura infantil e xuvenil que se poderán atopar no seu catálogo como son *O sombreiro chichiriteiro*, de Manuel Rivas e *Lúa de Senegal*, de Agustín Fernández Paz.

Bruña, Rubén, "Viñetas desde o Atlántico ficha a los autores del cómic de héroes americano", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 30 xullo 2009, p. 39.

Explica que na Coruña dende o 10 ao 16 de agosto se desenvolverá o Salón Internacional do Cómic "Viñetas desde o Atlántico" e apunta que na súa duodécima edición se agarda que asistan máis de 70.000 visitantes. Informa de que esta edición contará con autores de cómic internacionais de recoñecido prestixio e que tamén firmarán exemplares debuxantes galegos que están alcanzando recoñecemento internacional, como son Emma Ríos e Álex Cal.

Bruña, Rubén, "La consolidación como reto", *La Opinión*, "Ciudad y cultura", 30 xullo 2009, p. 14.

Dáse noticia de que a cidade da Coruña acollerá no verán a duodécima edición de "Viñetas desde o Atlántico", evento no que se espera un gran número de visitantes. Indica que se contará coa presenza de varios autores representativos da banda deseñada, entre eles os galegos Emma Ríos e Álex Cal, e que haberá postos onde se poderán adquirir exemplares deste xénero, e ademais, os visitantes poderán asistir aos encontros e exposicións que os autores realizarán. Precisa que as exposicións permanecerán varios días en diferentes edificios culturais da cidade coruñesa.

Braña, Rubén, "La familia numerosa del cómic", *Faro de Vigo*, contracuberta/*La Opinión*, "A Coruña", pp. 12-13, 11 agosto 2009.

Dá noticia de que onte comezou na Coruña a duodécima edición do festival "Viñetas desde o Atlántico" que finaliza o 16 de agosto e que conta coas grandes editoriais Alita

Cómics, Metrópolis Cómics e Panini Cómics. Destaca como novidades a presenza dunha mostra con carteis de todas as edicións anteriores do festival e o regreso deste Salón ao Kiosko Alfonso, onde se expoñerá a historia do cómic book americano, amosando as catro décadas de gloria, dende os anos 50 até principios dos 90. Salienta que se realizarán charlas entre os autores e o público no Kiosko Afonso, por exemplo, cos autores galegos Emma Ríos e Álex Cal que explicarán a súa experiencia na editorial Marvel.

C. A., "El programa 'As Pontes Aprende' editará un libro y un calendario", *El Progreso*, "A Chaira", "As Pontes", 27 setembro 2009, p. 17.

Dá conta de que na segunda edición do programa educativo "As Pontes Aprende" do concello das Pontes, o alumnado dos distintos centros educativos realizará un libro de contos, un calendario, postais de nadal, participará nun concurso de fotografía e, ao final do curso, realizará unha excursión ao parque acuático de Cerceda.

Cambeiro, Leticia, "Tres décadas de monicreques", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 17 marzo 2009, p. 78.

Coméntase que hai trinta anos un actor de teatro e unha estudante de Matemáticas fundaron a compañía de marionetas "Os monicreques de Kukas" co obxectivo de facer teatro didáctico en galego para os máis pequenos, aínda que agora admiten que o seu público é máis amplo.

Cambeiro, X. M., "Levo a Santiago por aí e ás veces síntome máis picheleiro que galego", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 4 xullo 2009, p. L8.

Coméntase que a compañía de Marcelino de Santiago Viqueira, "Kukas", que foi pioneira das marionetas modernas, cumpriu trinta anos e recibiu unha homenaxe en Cuenca. Kukas conta que xa no colexio da Inmaculada facía montaxes de teatro e cine até que o descubriron e o expulsaron; que fixo a súa primeira exposición pictórica en Mestría aos catorce anos; que tamén fixo fotografía e música; que o ingresaron no manicomio durante o servizo militar e que saíu adiante cos seus monicreques que falaban galego, o cal lle causou algún problema. Sinala que agora ten un proxecto que lle ocupa moito tempo: a creación da Casa dos Monicreques, á que lle cedería toda a súa obra para que fixesen exposicións permanentes e puntuais, películas, cursos e recadasen documentación.

Campo, Marica, "De 'Abracadabras", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 xuño 2009, p. 32.

Sección fixa que acolle o poema "O bambán, a randea...", do poemario *Abracadabras* (2006), de Marica Campo.

Carballeira, Paula, "De 'Contatrás", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 14 febreiro 2009, p. 38.

Sección fixa que insire o poema intitulado "A FOLLA MÁIS ALTA...", pertencente ao poemario *Contatrás* (2006), de Paula Carballeira.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "*Bule Bule*", 9-14 xaneiro 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.342, "*Bule Bule*", 15-21 xaneiro 2009, p. 30.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.343, "*Bule Bule*", 22-28 xaneiro 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "*Bule Bule*", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "*Bule Bule*", 5-11 febreiro 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.346, "*Bule Bule*", 12-18 febreiro 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "*Bule Bule*", 19-25 febreiro 2009, p. 30.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.348, "*Bule Bule*", 26 febreiro-4 marzo 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "*Bule Bule*", 5-11 marzo 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.350, "*Bule Bule*", 12-18 marzo 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "*Bule Bule*", 18-25 marzo 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "*Bule Bule*", 26 marzo-1 abril 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.353, "*Bule Bule*", 2-8 abril 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.355, "*Bule Bule*", 16-22 abril 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.356, "*Bule Bule*", 23-29 abril 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "*Bule Bule*", 30 abril-6 maio 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.358, "*Bule Bule*", 7-13 maio 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.359, "*Bule Bule*", 14-20 maio 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.360, "*Bule Bule*", 21-27 maio 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.361, "*Bule Bule*", 28 maio-3 xuño 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.362, "*Bule Bule*", 4-10 xuño 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "*Bule Bule*", 11-17 xuño 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.364, "*Bule Bule*", 18-24 xuño 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.365, "*Bule Bule*", 25 xuño-1 xullo 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.366, "*Bule Bule*", 2-8 xullo 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.367, "*Bule Bule*", 9-15 xullo 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.368, "*Bule Bule*", 16-22 xullo 2009, p. 29.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "*Bule Bule*", 23-29 xullo 2009, p. 29.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.371, "*Bule Bule*", 3-9 setembro 2009, p. 25.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.372, "*Bule Bule*", 10-16 setembro 2009, p. 25.

Acóllese en “Bule Bule”, cualificada como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os Bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.373, “*Bule Bule*”, 17-23 setembro 2009, p. 25.

Reprodúcese nesta sección d’*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os Bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.374, “*Bule Bule*”, 24-30 setembro 2009, p. 25.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d’*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, “Os Bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.375, “*Bule Bule*”, 1-7 outubro 2009, p. 25.

Acóllese en “Bule Bule”, cualificada como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os Bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.376, “*Bule Bule*”, 8-14 outubro 2009, p. 25.

Reprodúcese nesta sección d’*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os Bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.377, “*Bule Bule*”, 15-21 outubro 2009, p. 25.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d’*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, “Os Bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.378, “*Bule Bule*”, 22-28 outubro 2009, p. 25.

Acóllese en “Bule Bule”, cualificada como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, “Os Bolechas”, *A Nosa Terra*, n.º 1.379, “*Bule Bule*”, 29 outubro-4 novembro 2009, p. 25.

Reprodúcese nesta sección d’*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "*Bule Bule*", 5-11 novembro 2009, p. 25.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.381, "*Bule Bule*", 12-18 novembro 2009, p. 24.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "*Bule Bule*", 19-25 novembro 2009, p. 24.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "*Bule Bule*", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 25.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.384, "*Bule Bule*", 3-9 decembro 2009, p. 24.

Acóllese en "Bule Bule", cualificada como "a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*", unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.386, "*Bule Bule*", 17-23 decembro 2009, p. 25.

Reprodúcese nesta sección d'*A Nosa Terra* unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "*Bule Bule*", 24-30 decembro 2009, p. 29.

Insírese unha breve historia dos irmáns Bolechas nesta sección d'*A Nosa Terra*.

Carreiro, Pepe, "Os Bolechas", *A Nosa Terra*, n.º 1.388, "*Bule Bule*", 31 decembro-14 xaneiro 2009, p. 23.

Acóllese en “Bule Bule”, cualificada como “a única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado *A Nosa Terra*”, unha breve historia dos irmáns Bolechas.

Casalderrey, Fina, “Un libro, para despregar as alas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 2 abril 2009, p. 68.

Reprodúcese un texto narrativo de Fina Casalderrey, intitulado “Un libro, para despregar as alas”, que se acompaña dunha ilustración de Denís Galocha.

Castro, Víctor, “Sada celebra el día del libro y cuento infantil”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 2 abril 2009, p. 20.

Dáse noticia da celebración do día do libro e o conto infantil na Biblioteca Municipal de Sada, mediante a culminación da actividade que levan realizando dende hai un mes con nenos de cinco anos. Sinálase que a actividade consistía en que o luns o persoal da Biblioteca lle levaba un libro aos nenos para que o lesen e o xoves tiñan que devolvelo e contarlle o conto á semente que plantaron o primeiro día, a cal florecerá e dará lugar a un libro. Tamén se comenta que na décima edición da Mostra de Teatro Afeccionado de Arteixo a compañía de teatro Pasapadentro protagonizará a obra “Ardente Eliana e Bernardo desacougado”, escrita por Roberto Salgueiro, e que será a terceira das representacións despois das obras das compañías A Retranca e Metátase Teatro. Finalmente dise que tamén terá lugar unha charla de Chelo Pampillón e Manolo Dasilva sobre a Federación Galega de Teatro Afeccionado, dentro da serie “Encontros con...”.

Castro, Víctor, “Quinientos cómics para la biblioteca de Melide”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 17 novembro 2009, p. 20.

Coméntase que a Biblioteca Municipal “José Vázquez Pintor” de Melide acaba de recibir unha colección de cincocentos cómics, adquiridos polo concello, co obxectivo de crear unha sección dedicada a este xénero que cada vez conta con máis lectores de todas as idades. Indícase que a concelleira de cultura destaca que desta maneira “la colección diversifica la oferta cultural de la ‘Biblioteca’, y abre nuevas posibilidades para los amantes de la literatura”.

Castro, Víctor, “A terra galega e as súas xentes’, en ‘Pazo de Rilo”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 19 novembro 2009, p. 20.

O escritor da noticia Víctor Castro informa no á parte intitulado “Maratón de cuentacuentos en la Biblioteca Municipal” que este maratón dura 3 horas, que está dirixido a nenos de entre 4 e 9 anos de idade e que hai 25 prazas. Indica a data, hora e lugar do acontecemento e informa de que o acto se divide en 3 talleres sucesivos titulados “Un día con Leonardo”, “Un día con Velázquez” e “Un día con Van Gogh”.

Castro, Víctor, "Festival de danza de las alumnas de la sociedad", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 25 novembro 2009, p. 20.

Cóntase que a aula de audiovisuais do IES de Melide se converteu nun taller de cine no que o alumnado aprendeu as claves para transformar un relato literario nunha cinta audiovisual. Precísase que a iniciativa se titula "Da literatura ao cine: do conto á película pasando polo guión". Remátase indicando que se empregou como base a obra "O pai de Migueliño", de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Castro, Víctor, "La biblioteca de Sigüeiro, premio 'María Moliner", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 29 novembro 2009, p. 22.

Menciona a distinción outorgada á Biblioteca Municipal de Sigüeiro do Concello de Oroso, o premio da campaña de animación á lectura "María Moliner", organizado polo Ministerio de Cultura, a Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) e a Fundación Coca Cola.

C. G., "Una muestra de banda diseñada en la biblioteca", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 abril 2009, p. 38.

Dáse noticia da mostra III Premio de Banda Deseñada Castelao na Biblioteca Municipal de Arzúa, a cal recolle os traballos presentados a este concurso, incluído o gañador titulado *Aventuras de Cacauequi* (2008). Tamén se informa dun concerto de cantautores ao día seguinte.

C. G., "Unha obra sobre o amor, o desamor, as súas pegadas..., pero non é cursi", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 165, "Vivir en Caldas", 3 xuño 2009, p. 6.

Sinálase que o Club de Lectura da Biblioteca de Caldas fixo unha reunión co Club do IES Aquis Celenis para analizar o libro de relatos *O único que queda é o amor* (2007), de Agustín Fernández Paz, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008. Dise que alí comentaron que é unha lectura áxil e que todos os relatos teñen en común o tema do amor, pero que non é un libro cursi, que algún relato é clásico, outro innovador e que hai moitas referencias literarias, xa que é unha obra de amor aos libros e recomendan a súa lectura. Indícase que tamén falaron dos seus gustos literarios e que as responsábeis da biblioteca chegaron á conclusión de que os mozos si que len e teñen moi claros os seus gustos literarios.

C. G., "Os libros son os mellores amigos dos cativos de Caldas e Portas", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 166, "Vivir en Caldas", 10 xuño 2009, p. 6.

Fálase da visita dos nenos de Preescolar na Casa de Caldas á Biblioteca Municipal desa mesma localidade. Tamén se comenta que o anterior luns o Carballo con Botas foi á Azucreira de Portas para contar contos aos máis pequenos.

C. G., " 'Un río de palabras' animará ós caldenses a gozar da lectura", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 169, "Vivir en Caldas", 1 xullo 2009, p. 3.

Coméntase que "Un río de palabras" é o título da campaña de animación á lectura da Biblioteca Municipal de Caldas. Sinálase que é o mesmo título que o dun relato do libro *O único que queda é o amor* (2007), de Agustín Fernández Paz, no que un home plasmou nun folio as palabras que quería compartir a modo de anuncio, porque a idea do Club de Lectura tamén é a de pegar as palabras en carteis. Finalmente, anúnciase un concurso de Micro Relatos.

C. G., "Rapaces e adultos viaxan a través dos libros nos obradoiros de Cuntis", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 18 novembro 2009, p. 4.

Informa da campaña de promoción da lectura "O mundo en galego", levada a cabo pola Biblioteca Municipal de Cuntis en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e OQO Editora. Nun epígrafe intitulado "Crear contos" comenta os obradoiros "Animar a ler desde a casa", "Conta comigo", "A gran viaxe" e "Eu tamén animo" nos que participou a rapazada xunto ás súas familias.

C. H., "Mandianes, finalista de un premio en Italia con una obra en gallego", *El País*, "*Galicia*", 24 decembro 2009, p. 6.

Sinala a posición de finalista alcanzada por Manuel Mandianes co seu texto *Raposiño e o cego* (2008), no Premio Internacional Constantino Nigra en Italia. Menciona o labor ilustrativo de Aurora López e indica moi brevemente a liña temática do volume.

C. L., "El Concello promueve el uso del gallego entre los más pequeños con un espectáculo", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "A illa", 15 marzo 2009, p. 20.

Anúnciase que o Concello da Illa promoverá o uso do galego entre os máis pequenos co espectáculo "Encontro dos Axóuxeres", no que interveñen actores e cómicos e no que se farán xogos e representacións teatrais.

C. L., "Corón celebra el día mundial del Teatro con unas clases de mimo", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Vilanova", 26 marzo 2009, p. 15.

Dáse noticia de que en Corón, en Vilanova, se vai celebrar o día mundial do teatro con varias actividades destinadas aos nenos: clases de mimo, leccións sobre interpretación e expresión corporal, talleres de confección de títeres e creación de historias para representar en teatro de monicreques.

C. M., "Una veintena de niños participa en los talleres del Salón do Cómic", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Cangas", 22 xullo 2009, p. 19.

Faise saber do comezo da decimoterceira edición do Salón do Cómic de Cangas, realizado no Auditorio Municipal. Dise que, nas actividades dirixidas por Jvlius e outros ilustradores, participaron unha vintena de nenos. Recóllese a impresión dun deses rapaces, afeccionado ao debuxo, o cal, afirma: "gústame o Salón do Cómic de Cangas porque en cada edición hai actividades distintas […], e os autores dan unhas explicacións moi boas". Por último, este neno, indica que noutros salóns, como o de Barcelona, interésanse máis por cousas como o manga, pero alí non viu talleres como o de Cangas.

Conde, María, "Pontevedra vive su idilio con el libro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 febreiro 2009, p. 31.

Fálase da apertura do X Salón do Libro Infantil e Xuvenil, dedicado ao tema do amor na literatura e no que se homenaxea á escritora Fina Casalderrey pola súa traxectoria. Sinálase que dende o día anterior están expostos os traballos do alumnado na mostra "Amor polas aulas" e que o país convidado é Portugal, polo que participarán no Salón o autor João Pedro Messeder e os ilustradores de Planeta Tangerina. Anúnciase a charla sobre blogs de Agustín Fernández Paz, na que tamén participarán Anxos Sumai, Gustavo Martín Garzo ou Teresa Moure. Finalmente sinálase que se darán clases de banda deseñada e que haberá teatro, contacontos e música.

Cortez, Francisco, "Debuxando dende 'Galicia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Cómic", 22 agosto 2009, p. 29.

Fai unha pequena introdución á historia do cómic en Galicia, mostrando a importancia que alcanzou na actualidade. Explica que a banda deseñada sufriu tamén as consecuencias da marxinación da lingua galega tendo que engadirlle o pouco prestixio deste xénero dentro da nosa cultura. Precisa que a pesar de todo isto,dise que agora existe un momento de auxe do cómic, pero aínda queda moito que facer para a profesionalización do cómic en galego en Galicia.

Cruz Argibay, Mari, "Un emotivo pregón de Fina Casalderrey da paso a la Semana Grande de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", 9 agosto 2009, p. 21.

Coméntase o pregón que Fina Casalderrey deu na Praza de Mugartegui para dar comezo ás festas da Peregrina en Pontevedra. Explícase que a escritora conseguiu converter todo o sentimento de humildade e defensa da lingua e o pobo en fermosas palabras. Dise que fixo referencia a temas como a alegría da infancia, a liberdade e a igualdade entre homes e mulleres, conseguindo emocionar a moitos dos asistentes. Refire que un dos momentos máis sentimentais foi cando Fina Casalderrey mencionou a Miguel de Unamuno referíndose á lingua galega, "o sangue do meu espírito e a miña lingua, e a miña patria é alí onde resoa", demandando con isto máis comprensión e xustiza. Indícase que fixo tamén un pequeno recordo a grandes literatos como Ramón María del Valle-Inclán ou Álvaro Cunqueiro.

Cuíña, S., "Calamaro 'versus' Willy Fog", *El Correo Gallego*, "Santiago", "En la agenda", 9 outubro 2009, p. 26.

Preséntase un pequeno calendario de eventos culturais das dúas primeiras semanas de outubro e destácase que se realizará para os máis pequenos unha cita da campaña "Tardes de lecer" na que se celebrará unha sesión de contacontos centrada n'*A grande ameaza* (2008), de Xurxo Sánchez Gómez.

Cuíñas, Teresa, "A nova vida dos contos para todos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 6 marzo 2009, p. 8.

Sinálase que a narrativa ilustrada nace no século XIX en publicacións para adultos pero que o libro infantil ilustrado medrou até ser unha industria, pero aínda hoxe non se identifica álbum ilustrado con público infantil porque os nenos acceden a eles a través dos adultos. Opínase que no álbum ilustrado texto e debuxo manteñen a súa independencia; así, o ilustrador Fino Lorenzo cualifica de "discurso paralelo" as súas imaxes nas publicacións *Palabras brancas* (2008), de Elvira Riveiro, ou *Bolboretas no papel* (2008), de Antonio García Teijeiro, e di que os bos álbums ilustrados gustan tanto aos nenos coma aos adultos e que estes supoñen a entrada dos nenos á literatura. Cóntase que Galaxia ten unha liña de álbums ilustrados para lectores de calquera idade que conta con títulos coma *A serea do mundo* e *O branco país sen neve* (ambos de 2008), escritos por Encarna Otero e ilustrados por Elisa Gallego; *A fada das lapas* (2008), de Manuel Janeiro con ilustracións de Zita Delaco, e *Mamá, ti si que me entendes* e *Eu tamén son fonte* (2008), de Teresa Moure e con ilustracións de Leandro Lama.

Cuíñas, Teresa, "Los superhéroes se apoderan del Salón del Cómic de Cangas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 xullo 2009, p. 5.

Dá noticia do arrinque do 13º Salón do Cómic de Cangas e informa que, nas charlas do sábado e do domingo cos debuxantes, se contará co lucense Alberto Guitián, do que se salienta que é licenciado en Belas Artes e que se fraguó "en fanzines y proyectos emergentes". Tamén se indica que haberá exposición dos orixinais de diversos autores que xa participaran neste encontro, de autores novos e dos gañadores do concurso de banda deseñada promovido polo concello. Para completar a programación, precisa que haberá outras actividades: un taller matinal, de martes a xoves, de cómic e caricaturas, impartido polo ilustrador Jvlivs e proxeccións cinematográficas.

C. V, "Gallina nueva, mandilones viejos", *Faro de Vigo*, "Galicia", 19 agosto 2009, p. 18.

Coméntase que o novo logotipo das escolas infantís galegas será a "A galiña azul", inspirado no "famoso" conto de Carlos Casares. Engádese que o primeiro paso para este cambio serán os carteis que identifican estes centros, xa que como asegura a titular de Benestar, Beatriz Mato, non se vai gastar un euro máis do necesario, polo que o resto do material terá que agardar ou será aproveitado, e salienta que este conto responde a valores como a solidaridade. Por último destácase a opinión da viúva do escritor,

Kristina Berg, quen recorda que o conto foi escrito durante a dictadura respondendo á preocupación do seu home pola democracia.

Deaño, C., "La historia de Santiago, más cerca", *El Correo Gallego*, "Santiago", 8 febreiro 2009, p. 28.

Coméntase que o Consorcio de Santiago e a editorial Nigratea lanzan a colección "Historias de Santiago", que xa conta con catro libros que recollen cadansúa biografía dos personaxes máis famosos da tradición compostelá. Infórmase de que todos eles son libros breves, que están ilustrados por Jaime Asensi e que neles se combina o rigor histórico coa amenidade para achegalos aos lectores novos. Sinálase que cada libro ten unha bibliografía onde se poden atopar máis datos sobre os protagonistas. Afírmase que os libros son: *El maestro Mateo* (2007), de Francisco López Iglesias; *Diego Gelmírez* (2007) e *Doña Urraca* (2008), de Estro Montaña, e *La emperatriz Berenguela* (2008), de Marta González.

Diario de Ferrol, "Primera Mostra de Teatro Infantil Galego", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Hace 25 años 1984", 4 novembro 2009, p. 12.

Sección dedicada ás efemérides que recorda no ano 1984 a celebración da "I Mostra de Teatro Infantil Galego-Xeneración Nós", que organizaron conxuntamente os concellos integrados na Mancomunidad de Municipios de la Ría. A seguir, cítanse as compañías e as obras participantes: Antroido con *Romance dos figo ouro*, Trécola con *A guerra das galaxias* e Tankarina con *Migallas e cirigaitas*.

Díaz, Héctor, "Os contos do Camiño' acercarán las rutas xacobeas a máis de 25.000 nenos", *Atlántico Diario*, "Sociedade", p. 53/*La Región*, "Sociedad", p. 68, 28 outubro 2009.

Explica que o director xerente do Plan Xacobeo, Ignacio Santos, participou na presentación en Madrid dunha iniciativa chamada "Os contos do Camiño" para dar a coñecer o patrimonio artístico e cultural das rutas xacobeas por medio de contos da tradición oral e de obras dos países que participen. Precisa que a orixe do proxecto é a terceira campaña que a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo realiza conxuntamente coa editorial OQO. Explica que está dirixida ao alumnado de infantil e de primaria para "despertar e alimentar a curiosidade por viaxar e coñecer persoas de outras culturas". Remata indicando que a cada centro ou colectivo que participe se lle entregará "A maleta do camiñante", unha arca de madeira que contén unha selección de álbums ilustrados polas editorias que participan na iniciativa.

Dopico, M., "A arte de facer reais as ideas", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 13 marzo 2009, p. 37.

Dáse noticia de que o deseñador Fausto Isorna, co gallo da celebración dos seus vinte e dous anos na profesión, presentou a súa web. Dise que fixo ilustración, identidade corporativa, cartelería, historieta, maquetación e cubertas de libros e discos, montaxe e

coordinación de exposicións, etc. Coméntase que nos anos oitenta foi o impulsor de *Valiumdiez*, un fanzine referente no mundo da historieta galega e que traballou facendo cómics na serie de Simón Martel da revista *Golfiño*. Sinálase que o seu traballo tamén está vencellado ao teatro e á música; así, é autor dalgúns carteis de Chévere, de Teatro de Aquí e do que anunciaba "Noite de Reis" (obra do Centro Dramático Galego), así como da cuberta dalgúns discos. Finalmente tamén se conta que traballou na edición dalgúns libros en Sotelo Blanco, Positivas, Edicións Xerais de Galicia ou Editorial Galaxia e foi o responsábel de exposicións como "Historieta galega 1973-2008" ou "50 anos con *Merlín e Familia*".

Dopico, M., "A liberdade truncada", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 3 abril 2009, p. 32.

Dáse noticia da presentación da obra ensaística *A fuxida do Portiño. Historia, memoria e vítimas*, escrita polos historiadores Eliseo Fernández, Emilio Grandío, Dionísio Pereira e Carlos Velasco e editada por A Nosa Terra. Coméntase que o ensaio fala do intento de fuxida por mar dende O Portiño en xaneiro de 1937, frustrada xa que detiveron a vinte e sete persoas e, agás uns poucos, o resto morreron afogados no mar ou fusilados. Cóntase que para lembrar esta fuxida tamén se estaban a preparar varias iniciativas como a edición do xornal *A Gaceta do Portiño*, un cómic do ilustrador Xosé Tomás, e a inauguración dun monumento.

Dopazo, Noé, "Actividades y espectáculos para niños", *Diario de Pontevedra*, "*Diario do Morrazo*", n.º 57, "O Morrazo", "Vivir aquí", 25 xullo 2009, p. 13.

Dá noticia de que a décima edición de "Bueumostra" ten actividades para os máis novos e tamén para os adultos. Explica que a edición anterior contou cunha grande asitencia de público e dá conta das actividades teatrais organizadas: o espectáculo cómico-familiar do Rey Midas, que contou coa presenza de animais, e a representación "Unha de piratas", onde se mesturan os malabares e a comedia, entre outras actividades de xogos.

D. P., "Debe conxugarse con feitos reais y datos concretos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Y además", 17 decembro 2009, p. 28.

Reprodúcese unha noticia do ano 1999 que tivo como protagonista a Fina Casalderrey con motivo da presentación no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra da súa obra *A filla das ondas* (1999), ilustrada por Xosé Chavete. Explícase que se trata dunha historia que pretende trasladar ao lectorado á vida mariñeira e máis tradicional da localidade, pero sobre todo á riqueza cultural que se desprende dela.

D. S., "Una exposición mostrará el cómic gallego en Angulema", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 27 xaneiro 2009, p. 5.

Dáse noticia de que Galicia mostrará na localidade francesa de Angulema a exposición "Dez anos de BD galega" e que asistirá ao Saló del Còmic de Barcelona como convidada de honra. Sinálase que a Biblioteca Ánxel Casal ensinará o seu proxecto Bdteca con exposicións, club de lectura, presentación de novidades e encontros con

profesionais. Finalmente, infórmase de que hai tres bolsas de creación e setecentos noventa e tres mil euros para que as bibliotecas municipais amplíen os seus fondos de cómic.

Durán Rodríguez, Aroa, "Que terrible resulta mercar a feli-...", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "*Bule Bule*", "O recuncho dos lectores", 11-17 xuño 2009, p. 29.

Ademais de describir nunhas liñas a antoloxía *Poétizate* (2006), de Fran Alonso, acóllense nesta sección unha serie de composicións poéticas do alumnado do segundo curso da ESO do Colexio Possumus de Vigo. É o caso de "Que terrible resulta mercar a feli-...", de Aroa Durán Rodríguez.

E. F., "O instituto Terra do Xallas acolle un ciclo de charlas con grandes escritores en lingua galega", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 6 marzo 2009, p. L14.

Dáse noticia de que o Instituto Terra do Xallas acolle unha charla do escritor Miguel Vázquez Freire, autor de obras infantís e xuvenís como *Proxecto Pomba dourada* (1987) ou *Anxos en tempos de chuvia* (1997). Tamén se comenta que proximamente tamén acudirán Agustín Fernández Paz e Antón Cortizas para dar as súas charlas.

E. P., "Cultura confirma que Galicia acudirá á Feira de Boloña", *Galicia Hoxe,* "Literatura ", 11 xullo 2009, p. 31.

Dise que a Consellería de Cultura impulsará a elaboración dun catálogo anual de libros infantís e xuvenís galegos na Festa Infantil de Boloña en Italia no ano 2010. Indícase que o director xeral do departamento se comprometeu a colaborar coa elaboración do catálogo e a promover a difusión da literatura infantil e xuvenil galega no exterior. Explícase que a Xunta de Galicia estudará a posibilidade de organizar unha semana do libro infantil e xuvenil no exterior. Apúntase que esta actividade se enmarcará na programación da Consellería en 2010, que será declarado Ano da Lectura. Saliéntase a importancia do día 2 de Abril, Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, para promocionar as obras galegas entre os máis novos.

E. P., "Cita en Viñetas desde o Atlántico co cómic-book", *El Correo Gallego*, "Cultura", "A Coruña", 10 agosto 2009, p. 52.

O xornalista comenta que dende o 10 de agosto até o día 16 desenvolveuse a XII edición do Salón Internacional do Cómic da Coruña Viñetas dende o Atlántico. Indica que se fará unha viaxe pola historia do cómic-book americano, "coa presenza de singulares autores como a inglesa Posy Simmonds, o francés André Juillard ou o italiano Vittorio Giardino". Apunta que tamén estarán presentes os españois Pasqual Ferry, José Fornollosa e Enrique Veigas e os galegos Enma Ríos e Álex Cal.

E. P., "Galicia, Francia e Portugal' lerán 'Os contos do Camiño", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Rutas", 28 outubro 2009, p. 35.

Explica a presentación do proxecto "Os Contos do Camiño" codirixido pola editorial Oqo no que participan o Museo Thyssen de Madrid e as editoriais Bichinho de Conto (Portugal) e a Compagnie Creative (Francia) que se dirixirá ao profesorado e alumnado de Educación Infantil e Primaria deses tres países. Aclárase que se trata dunha iniciativa que se celebrará entre xaneiro e xuño de 2010 dentro do Programa Cultura 2007-2013 da Unión Europea. Infórmase dos participantes na rolda de prensa e acóllense as palabras dun representante do Museo Thyssen nas que destaca que a programación contará con talleres de contacontos e de ilustración. Apúntase que o proxecto se difundirá entre 25.00 alumnos que gozan do patrimonio das Rutas Xacobeas. Remata informando de que o proxecto educativo se desenvolverá en Évora, Obidos, Bourdeaux, Madrid e Santiago de Compostela, a través de dúas actividades: "A arte no camiño" e "Un camiño de contos".

E. R., "La Xunta cambia la imagen a las galescolas para 'despolitizalas", *Diario de Pontevedra*, p. 24/ *El Progreso*, "Galicia", p. 13, 19 agosto 2009.

Dá nova de que os conselleiros de Educación e de Traballo e Benestar, Xesús Vázquez e Beatriz Mato, cambiarán a imaxe das galescolas, creadas polo ex vicepresidente Anxo Quintana, pasando a chamalas "A galiña azul". Explica que o nome destas novas escolas se corresponde cun título e personaxe dunha obra escrita por Carlos Casares, autor ourensán falecido no ano 2002 e considerado como un gran transmisor de valores. Indica que este cambio suporá un gasto de 22.000 euros para a substitución dos rótulos antigos polos dunha "novidosa" galiña azul. Apunta que no que se refire ao material se irá renovando pouco a pouco xa que se pretende aproveitar o que xa se ten e que, grazas a esta reforma, o número de prazas para nenos entre 0 e 3 anos subirá a seiscentas máis que o curso anterior e, ademais, se aplicará un novo currículo infantil aprobado en xuño.

Farias, Juan, "Galego. Á beira do mar", *El Progreso*, "*Pícaros*", "Relato infantil", 28 novembro 2009, pp. 4-5.

Reprodúcese neste suplemento a cuberta e un fragmento de *Galego. Á beira do mar* (2008), escrito por Juan Farias e ilustrado por Xosé Cobas.

Fariña, Rafa, "Mario Tomás trae contos orientais a Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 24 decembro 2009, p. 68.

Menciona o espectáculo infantil "Contos chegados doutro lugar", organizado por Mario Tomás na Biblioteca Pública Antonio Odriozola de Pontevedra, como parte do calendario de actividades do Nadal.

Fernández, Laura, "Estudiantes gallegos descubren Celanova a través de las palabras de poetas locales", *La Región*, "Celanova", 20 maio 2009, p. 20.

Coméntase que a Fundación Curros Enríquez deseñou unha ruta poético musical que vai da casa de Curros até a tumba de Celso Emilio Ferreiro e que o día anterior a inauguraron un grupo de estudantes de Santiago de Compostela. Sinálase que a actividade consiste na lectura de poemas dos diferentes autores en lugares significativos da súa vida e obra.

Fernández, R., "Pactar co demo", *ABC*, "*Artes&Letras. Galicia*", n.º 2, "Galicia", "Cómic", febreiro 2009, pp. 14-15.

Coméntase que David Rubín publicará a súa novela gráfica *Cuadernos de Tormentas* (2008) en Francia e Italia, onde xa publicou *El Circo del Desaliento* (2005) e onde tamén publicará, ademais de na República Checa, *La Tetería del Oso Malayo* (2006). Sinálase que tamén está producindo unha longametraxe, que no ano 2007 obtivo o Premio Saló de Barcelona e que preside o colectivo Polaqia. Afírmase que no mercado americano colaborou en dúas ocasións con Paul Pope nunha cuberta para DC, que fixo unha historieta de doce páxinas e un guión dun escritor e editor estadounidense. Cóntase que nese momento ten os debuxos de *Cuaderno de Tormentas* expostos na galería Pardo Bazán da Coruña. Tamén se di que é a segunda vez que Emma Ríos, premio Expocómic á autora revelación do ano 2008, traballa no sector norteamericano do cómic cunha historia complementaria na serie "Runaways" e que xa leva dúas entregas (das catro en total) de "Hexed", a serie que publica Boom! Studios. Tamén se dá noticia de que forma parte do colectivo Polaqia, co que colabora no fanzine *Barsowia*, que estivo en Xapón cunha bolsa para profundar no cómic asiático e que tamén traballa nunha adaptación do *Amadís de Gaula* para SM.

Fernández, Victoria, "Los premios de 2009", *El País*, "*Babelia*", n.º 943, "Libros", "Especial Infantil y Juvenil", 19 decembro 2009, p. 10.

Comenta o balance de premios outorgados a publicacións de Literatura Infantil e Xuvenil ao longo de 2009, dos que salienta o do Ministerio de Cultura a Alfredo Gómez Cerdá por *Barro de Medellín* e a Miquel Obiols por *Libro de las M'Alicias*; o Premio Anaya de Literatura Juvenil a Eliacer Cansino por *Una habitación en Babel*; o Premio Fundación Caixa Galicia a Marilar Aleixandre por *A cabeza de Medusa* (2008); o Premio SGAE/Anaya de Teatro Infantil y Juvenil a Luis García Matilla por *El último curso*; o premio Edebé Juvenil a Jordi Cervera pola obra traducida ao galego por *Morte desde seis vinte e cinco*; o premio Jóvenes Lectores de La Galera a César Fernández García por *La última bruja de Trasmoz*; o premio Ciudad de Orihuela a Pedro Mañas por *Ciudad laberinto*; o premio Luna de Aire a Enrique Cordero por *Lo que Noé no se llevó*; o premio Internacional de Ilustración da Fundación SM a David Peña por *Ñam!*; o premio Internacional Compostela a Felipe Ugalde por *Un gran sueño* e o premio Hospital Sant Joan de Déu a Ruth Vilar e Arnal Ballester por *Don Queharé*. Inclúe finalmente unha listaxe cos títulos dos volumes galardoados, as súas correspondentes casas editoriais e cadanseus prezos.

Fernández, Xurxo, "Un gánster en tiempos de Napoleón", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 26 xaneiro 2009, contracuberta.

Faise un repaso dalgunhas novidades editoriais recentes consideradas recomendábeis, caso do libro *A fada das lapas* (2008), de Manuel Janeiro e con ilustracións de Zita Delaco. Saliéntase o seu achegamento ao mundo de autores como Washington Irving ou Hoffmann.

Fernández de Arrellano, Lucía, "El Bosque Animado' cobra vida sesenta anos despois", *Xornal de Galicia, "Xe! Que calor*", "A Pé de rúa", 17 agosto 2009, p.18.

Recolle as diferentes actividades realizadas pola fundación Villa Floretina, dedicada ao recordo e homenaxe do escritor galego Wenceslao Fernández Flórez, e sinala as súas funcións como casa museo ao tempo que contén a axitada vida dun centro cultural. Así, comenta cada unha das diferentes actividades culturais entre as que destacan un programa de actividades inscritas no contexto do autor (talleres de teatro, aula de natureza, coloquios literarios...) e as excursións literarias coma un dos atractivos do centro, que recorren as paisaxes descritas en *El Bosque Animado*. Indica que as rutas literarias ofertadas son: A Ruta dos Muíños e a Ruta das Fragas.

Ferreiro, Luis P., "O mal tempo encheu de público o inicio de Feira do Libro da Coruña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 agosto 2009, p. 30.

Refírese o comezo da Feira do Libro da Coruña, facendo unha detallada descrición dos acontecementos que tiveron lugar ao longo do día inaugural da feira e dando conta do numeroso público que asistiu. Remata detallando o resto do programa de todos os días que abrangue a feira. Á parte reprodúcese o cartel da feira e indícanse os horarios das casetas participantes, infórmase do número delas e tamén dos descontos e premios que terán lugar. Así mesmo, nun á parte, achéganse datos sobre escritores que pasarán pola feira a presentar e asinar as súas últimas obras.

F. M., "Viñetas desde o Atlántico abre hoy las puertas de sus 14 exposiciones" *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 agosto 2009, p. 46.

Fala da inauguración da duodécima edición do salón coruñés do cómic "Viñetas desde o Atlántico", no Kiosco Alfonso, con presenza do alcalde e dos directores Miguelanxo Prado e Carlos Portela. Destaca que contará coa presenza de dez figuras internacionais, nacionais e cos galegos Emma Ríos e Álex Cal. Explica que haberá tamén casetas de libreiros e editores nos xardíns de Méndez Núñez, ademais de encontros cos autores referidos.

Franco, Camilo, "Angulema será a primeira das citas dun ano dedicado ás viñetas galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 xaneiro 2009, p. 56.

Dáse noticia de que Galicia vai participar por segundo ano consecutivo no festival máis importante de banda deseñada en Europa: o festival de Angulema. Fálase das dúas actividades principais no festival francés: unha exposición que selecciona o traballo de corenta autores galegos e recapitula unha década de banda deseñada en Galicia e unha

recepción aos invitados do festival para dar a coñecer o sector galego. Coméntase que Galicia ten outra cita importante xa que é o país convidado no Saló del Còmic de Barcelona, no que ofrecerá tres exposicións. Tamén se sinala que a Consellería de Cultura convocará tres bolsas de creación de banda deseñada e que dotará ás bibliotecas de fondos de banda deseñada galega. Finalmente recóllense dúas entrevistas: unha a Miguelanxo Prado e outra a Víctor Rivas, os cales participarán no festival francés, nas que din que esta cita é importante porque permite darse a coñecer e poder ver como funciona o mercado.

Franco, Camilo, "A bienal de Bratislava escolle obras de seis debuxantes galegos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 marzo 2009, p. 48.

Coméntase que á Bienal da Ilustración de Bratislava, unha das máis importantes de Europa, España vai enviar quince ilustradores, dos cales seis son galegos. Sinálase que os galegos que compiten por dez premios xerais e un gran premio son: Federico Fernández, polo libro *O debut de Martiño Porconi* (2008); Leandro Lamas, por *Eu tamén son fonte* (2008); Enjamio, por *Un bico de amor e vida* (2009); Rodrigo Chao, por *O prodixio dos zapatiños de cristal* (2008), todos eles editados por Galaxia, e Pinto & Chinto, por *Circo Rigatoni* (2008), editado por Everest Galicia. Afírmase que na edición de 2007 xa participaron tres artistas galegos: Kiko da Silva, por *Moncho e a mancha* (Kalandraka, 2010); Xosé Cobas, por *Nube de neve* (Everest, 2000) e Óscar Villán, por *A auga está enferma* (Kalandraka, 2002).

Franco, Camilo, "A novela despraza a literatura infantil das listas de ventas galegas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "O libro galego", 5 xullo 2009, p. 60.

Recóllese a opinión de libreiros de distintas localidades e con diferente porcentaxe de venda en galego e chégase á conclusión de que a situación do libro galego mellorou. Asegúrase que a novela para adultos é o xénero máis lido e que desprazou á literatura infantil, que depende das prescricións dos centros educativos. Sinálase que, aínda que o lector de galego adoita estar comprometido coa lectura neste idioma, cada vez hai máis lectores en castelán que se interesan pola produción en galego e máis lectores ocasionais interesados por determinados títulos e autores, polo que medra o número de clientes que tanto adquiren libros en galego como en castelán.

Franco, Camilo, "Quotidianía delirante', de Miguelanxo Prado, chega ao iPhone", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 novembro 2009, p. 52.

Coméntase que Miguel Anxo Prado acaba de estrear a súa páxina web na que anuncia os seus próximos proxectos: a elaboración do seu novo álbum, *Ardalén*, que verá a luz en 2010 e a noticia de que a produtora Continental vai editar a súa obra *Quotidianía delirante* para iPhod Touch e iPhone. Indícase que ao debuxante lle gustaría que o seu traballo neste soporte servise para captar novo lectorado e que nun primeiro momento pensara en editar *Trazo de tiza para os aparellos* pero que *Quotidianía delirante* se prestaba mellor posibilidade de lectura. Nun á parte, infórmase da súa nova historia, *Ardalén*, que comezou a xestar antes de *De profundis* e que trata sobre o transfondo da memoria na "xente normal". Remata apuntando que cando lle propuxeran o proxecto

hai seis anos o mundo editorial era “escéptico” cos formatos grandes e que a novela gráfica non estaba ben aceptada, de aí que por iso tivo que dividir a historia para "achegala máis ao formato álbum".

Franco, Camilo, “Guadalajara segue contando con ter a Galicia como invitada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 decembro 2009, p. 51.

Alude á posíbel presenza galega na Feira do libro de México en 2010. A través da referencia á reunión entre Alfonso Sanmartín, presidente dos editores galegos, e Nubia Macías, directora da Feira, comenta a presenza de Castela e León na antedita Feira xunto á intención dos editores galegos de alcanzar unha maior atención por parte do empresariado mexicano. Refire asemade a mesa redonda celebrada entre editores galegos (Sanmartín ou Víctor Freixanes entre outros) e mexicanos, na que se expuxeron diversas anécdotas editoriais e o interese suscitado por Galicia na Feira.

Franco, Camilo, “Continental publica o primeiro cómic adaptado ao formato iPhone”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2009, p. 48.

Informa da saída ao prelo do programa pioneiro “Imotion Comic” en formato móbil en Galicia cun dos episodios de *Quotidiania delirante*, de Miguelanxo Prado. Sinala como o feito de este cómic estar dispoñíbel en iPhone e iPod Touch a través de Apple supón unha novidade a nivel internacional. Explica o funcionamento deste novo formato a partir dos técnicos da empresa compostelá Paralaxe e comenta a presentación do episodio antedito. Destaca a posibilidade do programa de ser lido en catro linguas diferentes: galego, castelán, inglés e francés. Nun epígrafe á parte intitulado “A produtora fusionarase con outras compañías de desenvolvemento”, menciona a chegada de *Meigas*, a primeira historia do devandito cómic, ao mercado de Appstore.

Fuente, Inmaculada de la, “¡Qué alegría, qué tristeza”, *El País*, “*Babelia*”, n.º 915, “Especial. Infantil y juvenil”, 6 xuño 2009, pp. 16-17.

Coméntase que xa é unha tendencia que os nenos conten con relatos nos que se filtra algunha mensaxe. Sinálase que cada día hai máis editoriais que introducen de maneira transversal temas como a emoción e a autoestima, entre elas as galegas Kalandraka e Faktoría K. Dise que exemplo disto son: *Orejas de mariposa* (Kalandraka, 2009), de Luisa Aguilar, na que unha nena sofre a burla dos seus compañeiros debido ao tamaño das súas orellas pero sae airosa grazas á súa autoestima e imaxinación; *Cerca* (Kalandraka, 2009), de Natalia Colombo, que é unha reflexión poética sobre a incomunicación e as emocións; e *El nacimiento del dragón* (Faktoría K, 2009), de Wang Fei e traducida por Pedro A. Almeida. Tamén se fala doutras editoriais españolas e dos libros de Daniela Kulot onde, mediante fábulas nas que os animais se personifican, se reflicten situacións cotiás, como por exemplo *Leopoldo y Casilda*, que trata sobre familias monoparentais.

Gallas Otero, Lidia M., "A imaxinación e a literatura, xuntas nunha mostra de libros fantásticos en Cambados", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Exposición", 12 abril 2009, p. 29.

Dáse noticia de que a Biblioteca Municipal de Cambados acolle a exposición titulada "Biblioteca de Libros Fantásticos", a cal consta de máis de cincuenta libros tratados plasticamente, para evocar a historia de cada un deles, e acompañados dun texto que conta o que lle aconteceu. A súa impulsora, a contacontos Carmen Domech, di que o obxectivo desta mostra é animar a nenez á lectura sen medo.

García, R., "Miguelanxo Prado ingresou con imaxes en Belas Artes", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 novembro 2009, p. 55.

Dá conta do ingreso de Miguelanxo Prado Plana na Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, na sección de Arte e Imaxe. Destaca o seu discurso de ingreso, "Imaxes encadeadas", e a presenza de Mercedes Goicoa Fernández como presidenta do evento. Menciona algúns traballos do ilustrador como *Trazo de tiza* (2003) ou *De profundis* (2006).

García López, Xoán A., "Pérez Parallé (en lembranza)", *Diario de Ferrol*, "Ferrol CGS", "Gente", 16 xuño 2009, p. 15.

Precísase que se editou o sexto caderno d'*As voces na Casa* como parte da homenaxe ao centenario do nacemento do segrel Xosé María Pérez Parallé que está a desenvolver no Concello de Fene, dende a súa área de cultura, a Sociedade Liga de Amigos de Barallobre e o C.M.I. Unidade de Fene. Sinálase que neste caderno se recollen os poemas elaborados polo alumnado a partires de textos do propio Pérez Parallé.

García Márquez, Marta, "Deixando aos silenzos que falen", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", 22 xaneiro 2009, p. 14.

Refírese á presentación da obra de banda deseñada *Compañeiros*. *Homenaxe ás vítimas do Portiño* (2008), de Xosé Tomás e na que participaron o propio autor, Manuel Monge, Fernando Souto, María Xosé Bravo e Manuel Rivas. Coméntase que a obra se encadra dentro dunha unidade didáctica dirixida aos centros educativos que nace dunha iniciativa da Comisión pola Recuperación Histórica da Coruña. Asemade, coméntase que a casa museo Casares Quiroga exporá os orixinais do autor que tamén participará no Salón do Cómic de Barcelona.

García Márquez, Marta, "A 'Berenguela' de Manuel María será voz e clarinete no teatro Rosalía", *El Ideal Gallego,* "A Coruña", 4 setembro 2009, p. 15.

Dá noticia da homenaxe a Manuel María que se celebrará, no quinto aniversario da súa morte no teatro Rosalía da Coruña e que constará da posta en escea da obra do autor *Aventuras de desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, en conxunto coa banda sonora composta por Nani García, que achega unha música ecléctica que mesmo

pode atraer á xuventude, e que marabillou á viúva de Manuel María. A autora cita tamén á actriz principal, María Inés Cuadrado, quen nos destaca a pureza na delineación dos personaxes e o bo uso do idioma, opinión que comparte a concelleira de cultura, María Xosé Bravo, lembrando o labor do poeta no eido da defensa do galego.

Gil, M. "El Concello presentó un cuento inédito de Avilés", *El Correo Gallego,* "Área de Compostela", 15 xaneiro 2009, p. 33.

Dáse noticia da presentación do conto inédito de Antón Avilés *O cabalo de vidro* (2008), escrito na década dos 50 na súa etapa na Coruña. Apúntase que a publicación, que inclúe o manuscrito do poeta de Taramancos, as ilustracións de J. L. Veiras e o estudo de Aurora Marco, foi editada pola concellaría de Educación noiesa, coa colaboración das consellerías de Educación e Presidencia. Precísase que a secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, agradeceu á familia "que o legado do poeta sexa un ben de todos" e ao concello de Noia, representado no acto na voz do alcalde Rafael García Guerrero, a súa "inquedanza literaria".

Gómez, Cuca M., "Disfruta la fruta...con Migallas", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con Cuca", 27 novembro 2009, p. 86.

Dá conta dalgunhas das actividades educativas dirixidas aos nenos de Pontevedra. Dise que a primeira delas consiste nun obradoiro de expresión dramática, "Á procura do tesouro", organizado por María Campos e baseado nas pinturas de Giuseppe Arcimboldo, co obxectivo de ensinar unha correcta alimentación aos máis cativos.

Gómez, Chus, "Corresponsabilidade contra os malos tratos", *Diario de Pontevedra*, "*Diario de Caldas*", n.º 190, "Vivir en Caldas", 25 novembro 2009, p. 4.

Informa sobre a presentación dun cómic sobre a violencia de xénero elaborado por parte dun grupo de nenos de Cuntis de entre catro e once anos. Sinala a presenza da alcaldesa en funcións, Belén Pazos, e menciona o obradoiro sobre a prevención de malos tratos dirixido aos cativos. O escrito acompáñase dunha serie de viñetas de cómic, realizadas por algúns dos rapaces e rapazas.

Gómez, J., "Docentes de la USC resaltan la filosofía de la generación Nós y la oferta didáctica de los museos", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Santiago", 27 maio 2009, p. L 6.

Comenta que algúns docentes da Universidade de Santiago de Compostela presentaron os seus traballos de investigación. Nun á parte intitulado "Identidad y ciudadanía, y la presencia literaria de la guerra", saliéntase o volume coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008), do que se precisa que é obra da rede de literatura infantil e xuvenil creada no ano 2004 e se indica que acolle traballos nas linguas do marco ibérico e dos galegos An Alfaya, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro e Carlos Casares, entre outros.

Gómez, Joel, "A novela máis traducida de Eça de Queirós chega ao ensino galego", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 febreiro 2009, p. 54.

Coméntase que a edición de X. Manuel Sarille e Patricia A. Chachero da novela *O mandarim* (2008), a máis traducida de Eça de Queirós, é unha das lecturas do alumnado galego de secundaria. Sinálase que conta a historia dunha persoa que se apropia da fortuna dun mandarín chinés tras a súa morte, pero cuxa conciencia fai que viaxe a China para coñecer as orixes de dita riqueza. Afírmase que a edición galega conta cun apéndice lexical e varios exercicios para esclarecer as diferenzas entre o portugués e o galego actual. Os editores opinan que é unha obra ben acollida polos alumnos xa que ten elementos universais, así pode ser lida por persoas de diversas culturas, e tamén polo seu estilo, lingua, humorismo e ironía. Sinálase que nos primeiros programas de Literatura Galega tiña presenza a Literatura Portuguesa que despois desapareceu, pero crese que se os alumnos son capaces de ler as cantigas da Idade Media tamén son capaces de ler en portugués.

Gómez Fernández, Sheila, "Ousou pisar...", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "*Bule Bule*", "O recuncho dos lectores", 11-17 xuño 2009, p. 29.

Ademais de describir nunhas liñas a antoloxía *Poetízate* (2006), de Fran Alonso, acóllense nesta sección unha serie de composicións poéticas do alumnado do segundo curso da ESO do Colexio Possumus de Vigo. É o caso de "Ousou pisar...", de Sheila Gómez Fernández.

Härtling, Peter, "Co vento de cara", *Diario de Pontevedra*, "*miniDiario*", n.º 202, "E tamén... lecturas xogos arte música cine gastronomía", 21 novembro 2009, p. 4.

Tras un breve resume do argumento da obra e unhas notas biográficas sobre o autor, reprodúcese un fragmento de *Co vento de cara* (2003), de Peter Härtling.

Hernández, Imanol, "Megaxove' celebra dos lustros de diversión", *La Región*, "Ourense", 5 decembro 2009, p. 9.

Indica a celebración da décima edición do Salón da Xuventude "Megaxove" no recinto feiral Expourense da cidade auriense. Sinala a presenza do Concelleiro de Educación, Jesús Vázquez, na súa inauguración, así como a do presidente do Comité Executivo de Expourense, Ovidio Fernández Ojea, e a do presidente do Comité Asesor e xefe do Servizo de Deportes en Ourense, José Mario Guede.

Hernández Cava, Felipe, "Repóker de futuro", *El Mundo*, "*El Cultural*", "Cómic", "Letras", 29 maio 2009, pp. 32-33.

Dá conta da inauguración do XXVII Salón del Cómic de Barcelona e os candidatos ao premio Josep Totain ao autor español revelación, entre os que subliña a súa propia figura. A partir dunha referencia ao xuvenil como nova tendencia no mundo das bandas

deseñadas, céntrase nos aspirantes ao galardón, creado por vez primeira en 1988: Jacobo Fernández Serrano, Alfonso Zapico, Pere Mejan, Javier Peinado e Max Vento. Prosegue cunha concisa descrición das obras de cada un deles en diferentes epígrafes. Así, de Jacobo Fernández Serrano destaca o seu labor como ilustrador na publicación *Golfiño* ou na recompilación *Los amigos de Archimboldo Roque* (2008) e *Aventuras de Cacauequi* (2008), merecente do premio Castelao de Cómic 2007. Con respecto a Alfonso Zapico salienta o seu labor gráfico en *La guerra del profesor Bertenev* (2006) e *Café Budapest* (2008). De Pere Mejan sinala *La revolución de los pinceles* (2008), levada a cabo en colaboración con Josep Busquet, mentres que de Javier Peinado comenta a versión que realizou de *La Tempestad*, de William Shakespeare, en 2008 conxuntamente con Santiago García. Xa por último, destaca de Max Vento as súas obras *Aspirante a actor* (2008) e *Noche de citas* (2008). Acompañan este escrito algunhas reproducións dos cómics dos autores mencionados.

Iglesias, Ana, "El cine en clave documental", *El Correo Gallego*, "Santiago", 18 marzo 2009, p. 24.

Dáse noticia da estrea do documental de Pablo Iglesias "XNV. Memorias dun emigrante", no que o escritor Xosé Neira Vilas repasa a súa traxectoria literaria e persoal en compañía da súa dona Anisia Miranda. Dise que o público coñecerá as súas viaxes e o seu labor en América Latina, onde o matrimonio fundou a primeira editorial do libro galego.

Iglesias, Ana, "El mundo de la política y la cultura homenajea al escritor Neira Vilas", *El Correo Gallego*, "Santiago", 19 marzo 2009, p. 25.

Dáse noticia da estrea da curtametraxe "XNV. Memorias dun emigrante", de Pablo Iglesias, acto que se converteu nunha homenaxe a Neira Vilas co gallo do seu oitenta aniversario, ao que tamén asistiu Isaac Díaz Pardo, que falou da súa amizade co escritor, do que afirma que sempre estivo comprometido coas causas xustas. Coméntase que o acto rematou coa actuación do grupo A Quenlla, que interpretou varios poemas de Neira Vilas e de Anisia Miranda.

Iglesias, Ana, "La Feira do Libro vuelve a la Alameda con Teresa Moure como pregonera", *El Correo Gallego*, "Santiago", 30 abril 2009, p. 26.

Dá conta da inauguración da XXVIII edición da Feira do Libro de Santiago de Compostela e na que participou a escritora Teresa Moure. Indica que no día inaugural haberá unha sesión de contacontos a cargo de Marisa Irimia. A seguir, comenta outras actividades como a presentación de novidades editoriais que contarán coa firma de autores como Mar Guerra e Daniel Ameixeiro, entre outros.

Iglesias, Ana, "Un mundo mejor gracias a los libros", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Cumbre literaria", 10 setembro 2009, p 25.

Anúnciase que Santiago de Compostela vai ser a sede do 32 Congreso Internacional do IBBY (International Board on Books for Young People), acto integrado dentro dos actos oficiais do Xacobeo 2010 e que vai contar con máis de mil congresistas de oitenta e dúas nacionalidades. Coméntase que o evento contribuirá a potenciar a imaxe de Galicia e servirá para potenciar a capacidade, calidade e proxección de cara ao exterior da literatura xuvenil e infantil galega. Á parte fálase da entrega das Medallas Andersen e a celebración de mesas redondas, encontros profesionais, talleres, concertos.. e detállase a orixe do IBBY. Noutro á parte titulado "Formas de entender la cultura" reprodúcense as palabras do Concelleiro de Cultura salientando que en 2010 concorren o Ano Xacobeo e o Ano da Lectura e que ambos os acontecementos han reflectirse en Galicia e no apoio ás linguas minoritarias.

Iglesias, Ó., "Galaxia editará en castelán en México e Kalandraka entra en Brasil", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 decembro 2009, p. 10.

Dá conta da Feira Internacional do Libro de Guadalajara (FIL) celebrada na cidade homónima de América do Sur. Destaca o *stand* compartido polo Ministerio de Cultura e a Asociación Galega de Editores (AGE), así como a presenza de Kiko da Silva e Carlos Poncela ao fronte dun obradoiro de cómic; a organización dos encontros de Fina Casalderrey, Alfredo Conde e Manuel Rivas con estudantes e lectores mexicanos e unha mesa redonda sobre a edición independente con representantes das editoriais galegas Kalandraka, Do Cumio e Galaxia e das mexicanas Almadía, Nuestra Ediciones e Sexto Piso. Destaca, doutra banda, a colección "Libros para soñar" das editoriais Kalandraka, Faktoría K, Callis e Obra Negra. Fala, por último, do "proxecto Pescanova", unha editorial mixta formada a partir de Galaxia e Losa Libros e menciona que Galicia non estará presente na FIL de 2010 como "cultura convidada".

Jaureguizar, "Miguelanxo Prado traballará durante dous anos unha obra de 170 páxinas", *El Progreso*, "Cultura", 2 setembro 2009, p. 56.

Dá conta de que na primavera do ano 2011 Miguelanxo Prado publicará *Ardalén*, a súa novela máis longa de cento setenta páxinas. O xornalista conta a temática da obra a través dunha entrevista indirecta do propio autor na que Miguelanxo Prado resume a súa nova novela como un xogo dramático onde se ve como a memoria condiciona o xeito de obrar na vida.

Jaureguizar, "Noemi Mazoy estrea un musical navideño baseado en Andersen na Coruña", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", 29 decembro 2009, p. 57.

Informa da posta en escena no Teatro Rosalía de Castro da Coruña dun "concerto-conto" creado por Noemi Mazoy, inspirado na historia da pequena cerilleira de Andersen. Salienta a mensaxe implícita da peza e menciona os actores e actrices principais.

J. M. F., "Escolares de EE.UU lerán un texto da galega Pura Vázquez", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 8 setembro 2009, p. 64.

Comenta o interese que teñen a maior editorial do mundo (Pearson) e a española El Aleph Editores nos poemas da ourensá Pura Vázquez. Indícase que mentres que a primeira desexa incluír no programa de lectura para cuarto grao das escolas americanas o poema "Caracol" (publicado en *Poesía española para niños*), a segunda quere introducir os poemas "Deja que duerma", "En tus ojos", "Noche" e "A dormir" no volume *El libro de las nanas*.

J. M. R., "Magia, teatro y concursos en el Mes das Letras de Zas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 30 abril 2009, p. 34.

Sinálase que co gallo do Mes das Letras, o Concello de Zas vai organizar varias actividades para promocionar a lingua galega: unha exposición, o primeiro Concurso de Marcapáxinas, contacontos e funcións teatrais a cargo das compañías Galitoon e Talía Teatro, entre outras.

J. P., "Candea achegou a vida e obra de Ramón Cabanillas a máis de 2000 alumnos do Salnés", *Diario de Arousa*, "Cambados local", "Actividades na escola", 4 novembro 2009, p. 13.

Trata sobre a valoración positiva que a asociación Candea fai das actividades que desenvolveu no último ano e medio con motivo da celebración do ano Cabanillas 2009. Explícase que contou cunha participación masiva por parte dos centros escolares e nos que se implicaron máis de dous mil alumnos. Recóllese que a asociación escolleu o colexio Magariños como un exemplo á hora de elaborar traballos de investigación e de lectura e coñecemento da obra de Cabanillas. Saliéntanse, entre as actividades que se desenvolveron, as I e II Xornadas "Cabanillas e a escola", nas que cento cincuenta mestres participaron realizando conferencias, exposicións, etc. Ademais, destácanse os grupos de traballo formados en vinte e dous centros escolares da comarca do Salnés e dáse conta das tres exposicións desenvolvidas e das dez publicacións realizadas.

Lagares, Vanessa, "Sale a la luz un libro inédito de Avilés de Taramancos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 15 xaneiro 2009, p. 49.

Apunta que viron a luz uns manuscritos inéditos do escritor noiés Antón Avilés de Taramancos, publicados polo Concello de Noia en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Indica que se trata da obra *O cabalo de vidro* (2008), que está escrita en galego e dirixida ao público infantil, e que foi publicada grazas á insistencia de Aurora Marco que realizaba unha biografía do escritor. Comenta que foi en 2004 cando, ao baleirar a casa de Vida Ribeiro, se atoparon varios textos escritos polo autor durante a súa mocidade. Precisa que esta edición inclúe a reprodución dos textos tal e como os deixou escritos o poeta de Taramancos, aínda que con ilustracións do pintor Luís Veiras Manteiga. Recolle que Marco aclara que tanto a obra coma o estudo que a acompaña viron a luz grazas á súa insistencia durante catro anos, onde tivo por resposta o silencio. Dise que foi o concelleiro de Educación, Lino García, quen buscou a financiación sen dubidar. Refire que n'*O cabalo de vidro*, o escritor bota man dun mundo máxico e de feitizos, pero

tamén fai referencia a algunhas pasaxes da historia de Galicia, como é a división dos sete reinos. Remata indicando que os fillos de Avilés de Taramancos descoñecían a existencia dos manuscritos, por iso animan á xente a que lles faga chegar máis textos para así ampliar a colección, xa que na parte superior das follas aparecía unha inscrición que poñía "biblioteca dos meniños", o que fai supoñer que o autor tiña a intención de continuar esa colección.

L. B. T. e **B. S. R.**, "O cómic galego nunca estivo nun mellor momento", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 776, "Reportaxe", 30 agosto 2009, p. 7.

Destacan a idade de ouro que está a vivir actualmente o cómic galego grazas ao incremento das editoriais e revistas, da mellor difusión. Salientan as traxectorias de Álex Cal, Emma Ríos e Miguelanxo Prado e recollen as opinións de Carlos Portela (subdirector do salón Viñetas do Atlántico) quen destaca a gran calidade artística e as melloras editoriais (o nacemento de El Patito Editorial), xunto coa importancia dos encontros, xornadas e festivais relacionados co cómic autóctono (Viñetas do Atlántico e as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense), das revistas (*Barsowia*, *BD Banda* e *Retranca*) e das relacións exteriores. Ademais dise que abre a porta ao emprego da internet e fálase das limitacións e dificultades existentes, como a actual crise que retrasou a saída do segundo volume d'*A conta atrás*, con debuxos de Sergi San Julián e texto do propio Carlos Portela e no que se relata a catástrofe do *Prestige*.

Lecer, "Pepe Carreiro, o educador", *Galicia Hoxe*, *Lecer*, n.º 742, "O personaxe", 4 xaneiro 2009, contracuberta.

Sinálase que o ilustrador Pepe Carreiro, que fixo a serie "Os Bolechas", publicou unha colección de libros para bebés, con vistosos debuxos e pouca letra, na que lles explica como son algúns animais autóctonos en perigo de extinción. Coméntase que o obxectivo desta colección é que os nenos aprecien estes animais e nun futuro eviten a súa desaparición. A continuación faise un breve repaso da súa traxectoria profesional e dos premios que recibiu pola mesma.

L. F., "Unos 200 trabajos optan al certamen escolar "San Rosendo e o seu tempo", *La Región*, "Celanova", 17 febreiro 2009, p. 18.

Infórmase de que este ano se presentaron douscentos traballos ao concurso para escolares San Rosendo e o seu tempo, galardóns que se entregan coincidindo cos actos de honor ao santo o primeiro día de maio, pero que este ano por mor das eleccións autonómicas, se trasladaran ao día oito.

L. F., "Celanova se prepara para recibir a los escolares", *La Región*, "Celanova", 5 abril 2009, p. 15.

Dáse noticia de que a Fundación Manuel Curros Enríquez inaugurou unha nova ruta literaria na que os escolares farán un percorrido pola vila de San Rosendo e na que lerán poemas de Celso Emilio Ferreiro, Manuel Curros Enríquez e Castor Elices, entre outros.

L. F., "Talleres de lectura y teatro conforman la oferta cultural para el mes de junio en Bande", *La Región*, "Baixa Limia", 11 xuño 2009, p. 17.

Coméntanse as actividades que se realizarán no mes de xuño no Concello de Bande. Destácase como actividade principal o teatro, xa que se acollerá a actuación de "Caixa Desastre" e os pais de alumnos do Colexio Santo Anxo de Ourense representarán "Tictanic 365". Sinálase que Marisa Irima fomentará a lectura entre o público infantil con "O xogo do misterio das cinco portas" e Chus Ferrín levará a cabo o "Obradoiro de ilustración", un taller onde os nenos construirán un conto utilizando imaxes.

L. G., "Un libro cos rapaces como protagonistas", *Diario de Arousa*, 16 marzo 2009, contracuberta.

Dáse noticia de que o Centro Comarcal do Salnés acolle a mostra "Arte de libro, 10 anos de Kiko Silva", na que tamén hai maquetas tridimensionais, para celebrar que este ilustrador xa leva unha década debuxando contos para nenos.

L. L. P., "Contacontos musicais que convidan á lectura", *Diario de Ferrol*, "Cultura/Gente/Servicios", "Ferrol", 25 xaneiro 2009, p. 12.

Coméntase que vinte e catro nenos participaron o día anterior, na galería Sargadelos de Ferrol, nunha campaña de animación á lectura titulada "Educar para ler", promovida pola editorial Kalandraka. Sinálase que unha contacontos ía narrando a historia do conto *Chibos chibóns* e mentres un músico ía tocando calquera instrumento que servise para entender mellor os textos, e que os nenos tamén participaron dando palmas e cantando. Finalmente dise que o obxectivo destas campañas é achegar os nenos á lectura, á arte e á tradición oral e musical galega.

Lobato, Xurxo e Omayra **Lista**, "Heidi vive en Galicia", *El País*, "*Galicia*", "Encantados de conocernos", 13 setembro 2009, p. 8.

Dous xornalistas analizan a traxectoria literaria e persoal da escritora bávara Heidi Kühn-Bode casada cun galego e que reside maioritariamente en Galicia. Explican que se trata dunha escritora plurilingüe que inicialmente exerceu de tradutora. Destacan coma os seus traballos máis salientábeis *Pomerania, meu amor* (2005), a novela inspirada no calvario que pasou a súa familia durante a II Guerra Mundial, e *Os mundiños* (2003), obra de teatro infantil gañadora do premio Estornela. Indican que se define como unha persoa de gran tolerancia, defensora das causas sociais (recuperación da memoria histórica de España) e promulgadora da creatividade nas aulas.

Lombao, David, "A República redime a España con escolas", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 39, "En foco", 6 setembro de 2009, pp. 4-5.

Dá noticia das renovacións do sistema educativo durante o goberno da II

República no ano 1931. Indica que nese modelo educativo se suprimiu a relixión obrigatoria nas aulas, se pretendía que as nenas puidesen ir á escola, aumentou o número de mestres e os seus soldos, autorizouse o bilingüismo en Cataluña, Galicia e Euskadi, renováronse os métodos de ensino, aumentou o número de escolas, introducíronse excursións, coñecementos musicais e Colonias Escolares, así como aulas unitarias de "coeducación" para nenos e nenas. Comenta que en Galicia se introduciron as primeiras gramáticas en galego e a obtención do título de mestre de figuras galeguistas como Avelino Pousa Antelo. Explica que a "República dos Profesores" nun primeiro momento situaba como prioritario mellorar as condicións materiais das escolas e renovar os métodos de ensino, de aí que o alumnado galego da "escola do ferrado", o *Catón* e o *Silabario*, chegara a percibir os efectos das Misións Pedagóxicas. Refire que o rector da Universidade compostelá, Alejandro Rodríguez Cadarso, foi quen puxo a andar as Misións Pedagóxicas e recolle que Rafael Dieste apuntou que "foron recibidas fraternalmente polas vilas nas que tiveron lugar". Precisa que o profesorado contou con "medios materiais e orientacións didácticas" ademais da realización de actividades inexistentes até aquel momento referidas ás ciencias sociais, musicais e naturais (que se poden observar na actualidade no Museo Pedagóxico de Galicia). Remata indicando que dende 1933 se produciu un cambio de goberno, a chegada da CEDA (Confederación Española de Derechas) que deu lugar a innovacións como volver a relixión obrigatoria e segregación por sexos nas aulas, que se desenvolverían a partir de 1936.

Lombao, David, "Formación del espíritu nacional", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 39, "A fondo", 6 setembro 2009, pp. 6-7.

Comeza apuntando que a ditadura franquista decidiu "purgar" o sistema escolar que puxera en marcha a II República para o que pechou corenta e un centros de toda España e os converteu en centros privados dependentes da Igrexa, ademais de levar a cabo medidas de represión contra os ensinantes e a expulsión dun 30% do profesorado primario. Apunta que se introduciron novas materias no currículo escolar impregnadas da ideoloxía franquista, como a relixión e a Formación del Espíritu Nacional que se converteron en materias obrigatorias e fala da importancia concedida á educación física e á formación en traballos manuais. Remata precisando que da man do ministro Villar Palasi se estabelece o sistema educativo da Ensinanza Xeral Básica que se implantou en España até os anos 90 do século XX.

López, Ana, "El Salón do Libro reconoce la labor de Fina Casalderrey", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 23 xaneiro 2009, p. 67.

Sinálase que se presentou o programa do X Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que estará enmarcado na temática do amor, no que se lle renderá homenaxe á escritora Fina Casalderrey e cuxo país convidado é Portugal. Afírmase que é un programa variado no que haberá charlas, espectáculos teatrais, contacontos, música, exposicións, obradoiros e excursións.

López, A. R. e M. **Dopico** (coords.), "Marcos S. Calveiro", *Galicia Hoxe*, "*Revista das Letras*", n.º 782, 6 agosto 2009, pp. 1-8.

Octavo monográfico da serie de verán que o suplemento "*Revista das Letras*" dedica ao panorama creativo de Galicia. Para este número Marcos S. Calveiro escribe un relato intitulado "O home diminuto" e inspirado en Hitler. Lémbranse da produción literaria de Calveiro tres novelas dirixidas aos máis novos: *Sari*, *soñador de mares* (2006), *Rinocerontes e quimeras* (2007) e *O carteiro de Bagdad* (2007).

López, Belén, "Pero quérennos comer? Non, non, só nos queren ver", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 10 febreiro 2009, p. 76.

Dáse noticia da presentación do relato *Perico o cangrexo* (2008), pertencente á serie "Contos da tía Rosario", escrito pola profesora Amparo Gómez. Coméntase que nel a tía Rosario conta a historia de Perico, un cangrexo ao que os outros animais tranquilizan para que non lles teña medo aos nenos pero acaba no caldeiro xunto con outros animais que morren, aínda que el volve para a súa poza. A autora asegura que o relato ten dous obxectivos claros: animar á nenez a achegarse ás persoas maiores para que lles conten contos e inculcarlles un respecto pola natureza e os animais.

López, Belén, "A clausura do Salón do Libro Infantil e Xuvenil trasládase ao 18 de marzo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 15 marzo 2009, p. 62.

Dáse noticia de que o X Salón do Libro Infantil e Xuvenil se clausurará tres días despois do previsto. Sinálase que estivo centrado no tema do amor, que o país convidado foi Portugal e a escritora homenaxeada Fina Casalderrey. Finalmente faise un repaso das actividades que tiveron lugar nesta edición do Salón: conferencias, concertos, espectáculos teatrais e obradoiros.

López, Belén, "Que significan dez anos de amor", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 19 marzo 2009, p. 69.

Sinálase que o acto de clausura do X Salón do Libro Infantil e Xuvenil se converteu nunha homenaxe a Luís Bará, pola súa colaboración neste proxecto; pero tamén se comenta que xurdiron dúbidas sobre se ao ano seguinte se poderá contar co apoio institucional, aínda que se opina que é unha actividade que debe seguir e que, despois de dez anos, non se poden dar pasos atrás.

López, Belén, "Kalandraka recolle en Italia o premio Delle Palme por 'Cerca", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 21 marzo 2009, p. 69.

Coméntase que a editora pontevedresa Kalandraka vai recoller en Italia o premio Delle Palme de literatura infantil que recibiu o álbum *Cerca*, de Natalia Colombo, e que na Feira do libro de Boloña vai presentar *Vicini*, a versión italiana de *Cerca*.

López, Belén, "As apócemas máxicas de Paula Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 29 marzo 2009, p. 70.

Dáse noticia de que a actriz e contacontos Paula Carballeira participou no Pazo de Cultura de Pontevedra nunha sesión do obradoiro "A hora do conto" e que contou unha chea de historias de aventuras no taller titulado "Apócemas máxicas".

López, Belén, "Fallece la profesora y escritora pontevedresa Amparo Gómez Cuerpo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 15 xuño 2009, p. 46.

Dáse noticia da morte da escritora e profesora Amparo Gómez Cuerpo, autora do libro infantil *Pepa* (2006) e da serie "Contos da tía Rosario", da que só publicou *Titi, caca* (2007) e *Perico o cangrexo* (2008) e na que estaba a traballar nunha nova historia.

López, Belén, "Axóuxeres para os nenos de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 20 setembro 2009, p. 66.

Dá conta de que a Festa dos Axóuxeres creada fai tres anos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística co obxectivo de promover a lingua galega se celebrou por primeira vez en Pontevedra a cargo da compañía Galitoon. Indica que o espectáculo estaba programado para nenos de até 6 anos e que se completou o aforo. Precisa que os personaxes do espectáculo son Eli e Totó, que irán en busca do seu amigo Pope. Remata apuntando que a obra está aderezada con música en directo.

López, Belén, "Na hora dos contos e dos tesouros", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 2 outubro 2009, p. 69.

Recolle que a concelleira de Cultura de Pontevedra Lola Dopico anuncia que serán ofertadas 300 prazas para 2 obradoiros infantís para cativos entre 4 e 12 anos que se celebrarán de outubro a maio. Indícase que o obradoiro "A procura do tesouro", coordinado polo grupo teatral Migallas se estruturá en catro grupos segundo as idades dos participantes e que se trata dun obradoiro de expresión dramática onde se realizarán dende traballos clásicos en barro e papel até técnicas novidosas de modelado de chocolate ou o emprego do sal. Explícase que o outro obradoiro, "A hora do conto", está coordinado polo grupo de contacontos Pavís Pavós que usará como fío conductor as cores no seu traballo cos dous grupos, tanto no formado por nenos de entre 4 e 6 anos como no composto por rapaces entre 7 e 11 anos.

López, Belén, "Falece a escritora Anisia Miranda, muller de Xosé Neira Vilas", *El Progreso*, "Esquelas", 23 outubro 2009, p. 67.

Anúnciase o falecemento da muller de Xosé Neira Vilas: Anisia Miranda. Recóllense as palabras do editor Manuel Bragado lamentando esta morte, ao tempo que lembra o seu "labor extraordinario no eido da literatura infantil", así como tamén o seu "compromiso coa cultura galega" a través da creación de Follas Novas, primeiro como distribuidora do libro galego en América e máis tarde como a editora onde Neira Vilas deu a lume *Memorias dun neno labrego*. Remátase apuntando datos biográficos de Anisia Miranda.

López, Chechu, "José Ignacio Silva gana el certamen de novela corta Cidade Centenaria", *Diario de Arousa*, "O Barbanza comarca", "Riveira", 24 abril 2009, p. 31.

Coméntase que o carballés José Ignacio Silva Regueira (que xa en 2006 gañara o certame Galiza Crea con *Alén dos sentidos* e en 2008 o concurso Valle-Inclán con *Cela aberta*) gañou con *Vertixes* (2009) o segundo Certame de Novela Curta Cidade Centenaria de Riveira. Dise que o xurado considerou que esta noveliña merece o premio porque é próxima ao lector contemporáneo debido ás referencias musicais, literarias e espaciais e á presenza da metaliteratura nas mensaxes de móbil. Sinálase que *Vertixes* é unha novela psicolóxica cunha historia pechada e estruturada dende diferentes puntos de vista e que conta unha historia de amor xuvenil chea de suspense até o final. Tamén se dá noticia de que na escola infantil municipal de Ribeira as educadoras lles contaron aos nenos o conto de Carapuchiña Vermella e o lobo feroz, apoiadas en bonecos de trapo.

López, Ruth, "Unha chiva algo tola", *El Progreso*, "*Verano*", "En directo", 23 xullo 2009, p. 38.

Explica que o grupo de música infantil Mamá Cabra foi o protagonista do programa "Mércores miúdos" que organiza a Área de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra. Precisa que este grupo se compón de sete músicos movidos por un obxectivo pedagóxico de ensinar a través da música. Indícase que se lles inculca aos participantes o respecto polo medio ambiente e o fomento da lectura e que o repertorio deste grupo abrangue poemas de Gloria Sánchez, Ana María Fernández, Concha Blanco e Antonio García Teijeiro, entre outros, ademais de cancións propias ou temas que adpatan do folclore galego.

Lorenzo, I., "Ludoverán ensina arte, culturas do mundo, teatro e tradicións ós nenos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra ciudad", 2 xullo 2009, p. 9.

Sinálase que o programa Ludoverán comezou en varios colexios nos que se instalaron ludotecas urbanas para que os nenos combinen o xogo con obradoiros creativos. Coméntase que os obradoiros se dividirán en bloques temáticos co obxectivo de fomentar a convivencia e a socialización entre os pequenos. Afírmase que nunha primeira quenda os rapaces desenvolverán actividades relacionadas coa arte (por exemplo, obradoiros de barro ou visitas a exposicións) e na segunda quenda farán actividades relacionadas coas culturas do mundo, como confección de disfraces e xogos relacionados cos países do mundo. Dise que o teatro é outro dos bloques temáticos polo que asistirán ás representacións de monicreques que haxa na rúa, observarán como viven as abellas e visitarán un muíño.

Lorenzo, I. , "Once carrozas participan en la Batalla de Flores acompañadas de animación", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 13 agosto 2009, p. 5.

Indica que once carrozas han participar na "Batalla das Flores" que percorrerá as rúas da cidade pontevedresa. Afirma que a principal novidade deste ano é a participación dos Bolechas, protagonistas dos contos infantís máis lidos polos nenos galegos. Remta

apuntando o percorrido da comitiva pola cidade e o itinerario alternativo para evitar un colapso no tráfico.

Losada, A., "Miguelanxo, o pioneiro. É o primeiro debuxante na Academia de Belas Artes", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 marzo 2009, p. 40.

Dáse noticia de que Miguelanxo Prado é o primeiro historietista que se converte en académico numerario da sección de Artes da Imaxe, da Real Academia Galega de Belas Artes Nuestra Señora del Rosario. Faise un percorrido pola súa traxectoria profesional, da que se destacan tres obras: *Trazo de Tiza*, que gañou en 1994 o premio Alpha Art á mellor obra no Salón do Cómic de Angoulême, no que un viaxeiro chega a unha illa na que só atopa unha muller que non quere falar con el; a longametraxe *De profundis*, primeira longametraxe con imaxes ao óleo na que se conta a historia con música non con palabras, e *Quotidianía delirante*, unha recompilación de historias curtas humorísticas sobre o xénero humano publicadas na revista *El jueves*.

Losada, A., "Entre viñetas e letras, moito que andar", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 18, "En portada", 10 abril 2009, pp. 2-3.

Coméntase que aínda que a literatura e o cómic teñen moitas semellanzas (son formas de arte moi antigas, válense da linguaxe escrita, tiveron unha orixe con intencións narrativas e despois podían ter unha gran capacidade para o lirismo), os seus campos de actividade atópanse nun illamento que se produce por descoñecemento mutuo dos que se dedican a calquera das dúas artes e por falta de industrias culturais que o potencien. Sinálase que, aínda así, se deron casos de colaboracións entre viñetas e letras como a poeta María Lado que traballou en varias ocasións co debuxante ourensán David Rubín, por exemplo no poemario *Nove*; o debuxante Fran Bueno colaborou con Marilar Aleixandre no conto "O monstro da chuvia", en varios traballos institucionais e na serie "Os escachapedras", publicada na revista *Golfiño*; e a debuxante Emma Ríos que está a colaborar co escritor segoviano Ricardo Gómez nunha adaptación ao cómic do *Amadis de Gaula*. Destácase a novela curta *Pan e coitelo* (2008), de Bieito Iglesias Araúxo, na que o tebeo que está a ler o protagonista se inserta realmente nas páxinas do relato. Cóntase que María Lado e Marilar Aleixandre participaron en 2007 nun proxecto da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, no que tiñan que crear unha historia a partir dun debuxo.

Losada, A., "O Saló, a cita que esperta á industria", *Xornal de Galicia*, "*Exit*", n.º 25, 29 maio 2009, pp. 6-7.

Coméntase que o Saló del Còmic de Barcelona ten a capacidade de espertar ás industrias culturais da historieta porque se pechan moitos negocios entre editores e autores, se instalan moitas librerías e casetas de venda, se gañan o camiño para publicar futuros traballos e sérvelles aos afeccionados para atopar novas ofertas, edicións xa descatalogadas e asistir a conferencias e actividades. Sinálase que, nesta edición XXVII, Galicia é a comunidade convidada, o cartel do evento está debuxado polo ourensán David Rubín e os autores e publicacións galegas acumulan sete candidaturas aos premios: Rubín, Jacobo Fernández, a revista *BD Banda*, os fanzines *Condorito Muerto* e

Carne Líquida e o álbum *As serpes cegas*, editado por BD Banda. Destácase a presenza de dúas exposicións: "Miña terra galega", na que sete autores galegos crean unha historieta sobre algún tópico do país, e "Viñetas descubertas. Certames Galegos 2000-2008", unha escolma dos traballos gañadores nos premios Castelao e GzCrea. Para rematar recóllese o nome dalgúns asistentes, dalgunha exposición e Claudia Neira fai un resumo dos fanzines que veñen no número trece de *Barsowia*.

Losada, A., "Viñetas mira cara o outro lado do Atlántico", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 30 xullo 2009, p. 41.

Descríbese a exposición "Viñetas desde o Atlántico" e indícase que a Concelleira de Cultura da Coruña (María Xosé Bravo) e o director doa exposición (Carlos Portela) presentaron a XII do Salón Internacional do Cómic da cidade, que se ha celebrar entre o 10 e o 16 de agosto. Explica que estarán presentes invitados como Vittorio Giardino, xunto con dous debuxantes galegos de gran éxito nos EUA: Emma Ríos e Álex Cal, dos cales se achega unha pequena descrición e unha imaxe nun á parte. Tamén se precisa que estarán invitados Paco Roca e José Follonosa, entre outros. Destácase que o Quiosco Alfonso volve a ser o centro desta exposición, que o ano pasado foi no terceiro piso da Fundación Caixa Galicia, lugar onde este ano se situarán Giardino, Cal e Ríos, mentres o resto das mostras estarán espalladas por distintos enclaves do centro da cidade como é o caso de Follonosa no Aquarium Finisterrae. Por último, describe a exposición da historia do cómic book americano, dirixida por Jaime Vaquer, situada no Paseo de Coches dos Xardíns de Méndez Núñez, a través de catro décadas (dende os 50 até comezos dos 90) e na que se poden ver traballos das editoriais EC e Marvel, entre outras.

Losada, Óscar, "Os irmáns Pastor levan ao cine 'Trazos de xiz', cómic de Miguelanxo Prado", *La Opinión*, "Cultura", 10 setembro 2009, p. 55.

Dáse conta de que os directores David e Álex Pastor acaban de filmar a súa primeira longametraxe, *Infectados*. Explícase que tiveron que rodar o filme en Estados Unidos porque en España non llo financiaron e que agora que España está disposta a axudarlles económicamente levarán ao cine a adaptación do cómic *Trazo de xiz*, de Miguelanxo Prado. Fálase deste cómic e destácase como idea secundaria que os realizadores David e Álex Pastor falaron co autor coruñés Miguelanxo Prado para conversar sobre o guión.

Losada, A., "As serpes cegas' confirma o seu ano triunfal co Nacional de Cómic", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 6 novembro 2009, p. 34.

Comenta a consecución do Premio Nacional de Cómic por parte de Felipe Hernández Cava e Bartolomé Seguí polo seu álbum ilustrado *As serpes cegas* (2008), editado por BD Banda. Indica asemade outros premios recibidos por este mesmo cómic. Apunta a seguir algúns trazos da trama e, nun á parte intitulado "Talento sen apoio", fai referencia á situación do álbum ilustrado en Galicia e mais en España. Finalmente, nun epígrafe titulado "Apoio á industria galega", sinala a preparación do vindeiro número da revista *BD Banda* e de varios álbums ao redor da figura de Vicente Risco.

Losada, A., "Miguelanxo Prado, dispoñible para os 50 millóns de usuarios do iPhone", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 30 decembro 2009, p. 37.

Dá conta da presentación do iMotion Comic, creado pola empresa galega Continental Games, a partir da adaptación de *Quotidianía delirante*, de Miguelanxo Prado. Nun epígrafe titulado "Galego, castelán, inglés e francés", indica precisamente as opcións de diferentes linguas permitidas no iPhone para gozar desas viñetas. Explica o funcionamento do iMotion Comic e informa do vindeiro lanzamento de *Meigas*, a primeira historia do álbum antedito. Nun á parte intitulado "De Galicia á Wii", menciona algúns trazos da compañía Continental Games.

Loureiro, Ramón, "A literatura galega prepara un outono de libros cheo de novidades", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 21 agosto 2009, p. 29.

Dáse conta dunha panorámica sobre obras para lectores de todas as idades. Entrevístase a Rosa Aneiros pola próxima publicación das obras coas que gañou, respectivamente, os premios Xerais e Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil: *Sol de Inverno* e *Ás de bolboreta.* No sistema literario infantil e xuvenil, recala en novidades como son as publicacións d'*A araña e mais eu*, de Fran Alonso; *O león kandinga*, de Boniface Ofogo; *Quen é?*, de Leo Lionni; *Onde andas, Karl?*, de Rubén Ruibal; *Mercurio*, de Emilio Alonso, *O recendo das mimosas*, de Agustín Agra e *Lóstregos*, de Xosé Neira Vilas.

L. P., "Un cuentacuentos actúa hoy en los colegios de Samos y Triacastela", *El Progreso*, "Sarria", 20 outubro 2009, p. 21.

Dá conta de chegada da campaña ContoQontigo da Deputación Provincial ás escolas de Samos e Triacastela, onde os nenos e nenas poderán achegarse a outras culturas mediante contos como *Chocolata* (2006), da autora sarriana Marisa Núñez. Indícase que se emprega o conto como forma de achegamento á interculturalidade e á creación artística para fomentar o espírito crítico na nenez.

L. R., "La Bibliopiscina de Verín nace en tres idiomas", *La Región,* "Verano", 28 xullo 2009, p. 17.

Dáse conta da creación por parte da Biblioteca e do Concello de Verín dunha Bibliopiscina. Dise que os usuarios poderán dispór de libros mentres gozan da piscina, co cal pretenden fomentar a lectura e que haberá posibilidade de ler en tres idiomas, galego, portugués e español. Indícase que ademais esta iniciativa contará con voluntarios de entre 12 e 18 anos que se encargarán de atender o servizo.

L. R., "Un poema de Pura Vázquez será estudiado en Norteamérica", *La Región*, "Ourense", 8 setembro 2009, p.10.

Infórmase do interese que suscita a poesía da falecida ourensá Pura Vázquez na maior editorial do mundo, Pearson, a cal, a través do seu departamento educativo Pearson Education Inc., pediu á Deputación ourensá, depositaria dos seus dereitos, a cesión de "Caracol", un dos seus poemas, para incluílo no programa de lectura de cuarto curso, polo que así estará distribuído polas escolas estadounidenses. Apúntase así mesmo que outros catro poemas desta autora poderán ser incluídos en *El libro de las nanas*, volume coordinado por Carme Riera e que verá a luz da man da española editorial "El Aleph Editores".

L. R., "Las 'Xornadas de Manganime' citan a Ourense con el manga y la cultura japonesa", *La Región*, "Ciudad", 17 setembro 2009, p. 13.

Apúntase a realización das "II Xornadas de Manganime y cultura japonesa" que se vai realizar na Casa da Xuventude de Ourense. Indícase que se realizarán diferentes talleres, proxeccións e concursos. Tamén se destaca a realización dun cursiño de xaponés básico e que ademais se levarán a cabo, como novidade, unha serie de charlas, entre outras actividades cinematográficas e musicais.

L R, "Una comida popular y un recital poético en Flores despidieron las fiestas patronales", *La Región*, "Carballiño", 21 setembro 2009, p.10.

Dáse conta da ampliación das festas do San Cibrao, no Carballiño, ao engadir un día para festexar a Feira de Pepa Loba, recuperada tras oito anos de paralización. Indícase que na devandita festa, ambientada con música tradicional e na que se realizou un recital poético, participaron arredor de cento trinta persoas. Refírese que o concelleiro de Turismo Manuel Dacal eloxiou o esforzo realizado pola Asociación Pepa a Loba e no referente á programación festiva destacou as actividades infantís e o día dedicado ao patrón engadindo a posibilidade de realizar un único concerto que atraia máis público para os vindeiros anos.

L. R, "Alumnos del Sagrado Corazón inician el concurso de postales sobre Celso Emilio", *La Región,* "Celanova", 4 outubro 2009, p. 17.

Coméntase que a Fundación Manuel Curros Enríquez de Celanova lle fixo unha homenaxe a Celso Emilio Ferreiro con motivo do trinta aniversario da súa morte. Indícase que os primeiros en participar nesta iniciativa foron os alumnos e alumnas do Sagrado Corazón de Celanova. Explícase que durante as próximas semanas, persoal da Casa dos Poetas desprazarase até os distintos centros participantes para realizar unha presentación sobre o autor de *Onde o mundo se chama Celanova*, así como varios xogos educativos. Indícase que posteriormente, os alumnos dos colexios participantes realizarán unhas postais inspiradas nunha poesía do autor homenaxeado, de entre as cales se elixirán as que servirán de imaxe para as felicitacións de Nadal do Concello de Celanova e da Fundación Curros Enríquez.

L. R., "A sala da biblioteca infantil inaugúrase coas ilustracións de Kiko da Silva", *La Región*, "O Ribeiro", 9 outubro 2009, p. 19.

Informa de que o 9 de outubro se inaugurou a sala infantil da biblioteca pública de Ribadavia. Indica que o acto contou coa presenza das autoridades locais e de Kiko da Silva e que, ao igual que nos días do libro, da biblioteca e do medio ambiente, asistiron numerosos nenos e nenas que contaron coa súa propia inauguración cunha sesión de contacontos. Tamén apunta que se presentarán os novos usos da que foi a antiga sala infantil da biblioteca.

L R, "El Sagrado Corazón recibe al escritor Anxo Fariña en la jornada de animación a la lectura", *La Región*, "Celanova", 10 outubro 2009, p. 16.

Dá conta da visita do escritor Anxo Fariña ao colexio Sagrado Corazón de Celanova para participar nun debate con alumnos de ESO no que o autor e ilustrador compartiu as súas experiencias sobre a creación na colección "Os Megatoxos".

L R, "Tres editoriais galegas promoven o idioma entre os escolares coa lectura e o teatro", *La Región*, "Carballiño", 1 decembro 2009, p. 16.

Comenta o labor de promoción da lingua galega das editoriais A Nosa Terra, Edicións Xerais de Galicia e Rodeira no concello de Carballiño. Destaca, así pois, a campaña "Bocaberta", dirixida a nenos de Primaria e presentada por Asunción Rivero, concelleira de Cultura. Sinala o reparto de exemplares gratuítos dos volumes *A Odisea* e *A fantástica viaxe de Patri* e tamén a participación dos cativos nunha posta en escena.

L R, "Ocio y cultura para Navidad", *La Región*, "Ourense", 15 decembro 2009, p. 10.

Informa do programa de actividades do período de Nadal en Ourense a partir da inauguración do Belén de Baltar na praza de San Cosme. Destaca os concertos da Banda Municipal de Música e o concerto de Nadal da Coral De Ruada; o Certame de vilancicos e panxoliñas; a Mostra de Teatro Infantil de Ourense (MOTI); o mercado de Nadal artesán; actos de homenaxe a Eduardo Blanco Amor ao redor da súa novela *A Esmorga*. Nun á parte intitulado "Tratamos de potenciar a participación familiar", menciona a presentación do antedito programa a cargo do edil de Cultura e unha exposición sobre *O principiño*.

M. A. C., "La Biblioteca Municipal acogerá el día 2 una sesión de cuentos", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 27 marzo 2009, p. 12.

Dáse noticia de que a Biblioteca Municipal de Poio acollerá unha sesión de contos infantís o 2 de abril, co gallo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

M. A. C., "A Biblioteca de Poio goza da 'Lingua Máxica", *Diario de Pontevedra*, "Poio", "Comarca", 9 outubro 2009, p. 12.

Dá noticia de que Biblioteca Municipal de Poio acolleu onte unha nova actividade do programa de animación á lectura "Lingua Máxica" para nenos de 9 a 12 anos totalmente gratuita. Indícase que estivo subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración coa Editorial Everest, dentro da campaña "Enganchados á lingua", e organizada pola Concellería de Cultura. Indica que consistiu nunha actuación do mago Chrystian Magic baseada no libro *O sorriso de Rosalía*, da autora Cristina Sáez Cazallas e ilustrado por Noemí López, e que cada asistente recibiu como agasallo un exemplar do libro no que se basea a animación e un marcapáxinas. Precisa que o obxectivo era achegar a infancia e a mocidade aos contos e á lectura en galego fóra do ámbito escolar. Remata anunciando que a seguinte actividade será unha sesión de contacontos musicados, titulada "Micifú e os seus amigos", para a nenez de entre 3 a 8 anos.

M. A. C., "A Biblioteca Municipal celebra mañá unha sesión de contos musicados", *Diario de Pontevedra*, "Poio", 28 outubro 2009, p. 13.

Anuncia unha nova actividade dentro da "programación de animación á lectura" chamada "Contos Musicados" que consiste na actuación de Servando Barreiro baseada no libro *Micifú e os seu amigos* (2001), con textos de Ramón Caride e ilustracións de Fernando Suárez. Indica que esta actividade vai dirixida a nenos de 3 a 8 anos e que está subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a editorial Everest, dentro da campaña "Enganchados á lingua". Precisa que o obxectivo principal desta campaña é "achegar á infancia e á mocidade aos contos e á lectura en galego". Nun á parte dá conta da celebración do Samaín na Biblioteca Municipal onde se presentará un stand de libros de literatura fantástica e de terror e información e a proxeción dun vídeo sobre o Samaín.

Maira, Ángeles F., "Escolares de Seoane visitaron a casa do poeta do Courel", *El Progreso*, "*Picaros*", 14 novembro 2009, pp. 2-3.

Indícase que con motivo do décimo aniversario de pasamento de Uxío Novoneyra alumnos de educación infantil e primaria da escola de Seoane do Courel realizaron diversas actividades. Explícase que en primeiro lugar se achegaron á figura do poeta a través da proxección dun vídeo e despois coa lectura d'*Os Eidos* (1955) e o conto *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998). Destácase a homenaxe que lle rendeu o alumnado ao seu veciño, depositando unha flor diante do monolito dedicado a Novoneyra. Apúntase que puideron conversar cun matrimonio que coñecera ao poeta e que grazas á súa viúva puideron visitar a súa casa e saber datos biográficos do poeta.

Malvido, Gemma, "Jugar a ser actor y volver a Peter Pan", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad", "Cultura", 21 xuño 2009, p. 6.

Precísase que se fixo entrega no colexio Calvo Sotelo dos premios do certame de teatro escolar e afeccionado resultado dun "circuito de obras de teatro" no que participaron nenos e non tan nenos chegados de diversas partes da xeografía galega, tales como Zas, Vigo e Ferrol.

Malvido, G./ R. **Bruña**, "La peripecia se convierte en trazo", *La Opinión*, "A Coruña", 12 agosto 2009, p.12.

Indica as distintas exposicións que se dan na cidade da Coruña con motivo da celebración do Salón Internacional do Cómic nesa cidade. Precisa que alí se dá o epicentro da creación de tebeos en cinco sedes distintas como son o Palacio municipal, o Aquarium Finisterrae, o Kiosko A. Salvador de Madariaga e Palexco, onde se expoñen as obras de autores como os galegos Álex Cal e Emma Ríos, dos que repara nalgúns dos seus traballos.

Manteiga, M., "Fiesta de Rosalía accidentada", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 27 febreiro 2009, p. 37.

Fálase dos actos conmemorativos polo cento setenta e dous anos do nacemento de Rosalía de Castro. Sinálase que por este motivo se tiña previsto realizarse no Teatro Principal de Santiago un espectáculo multiartístico, *Rosalía 21*, que tivo que se suspender por motivos técnicos. Tamén se refire a celebración que tivo lugar na casa museo de Rosalía en Padrón, á cal asistiu alumnado dos colexios de Dodro, Brión e Padrón que foron agasallados cunha tarta e cun libro de contos, *Quen casa ten de seu. Cinco contos na casa de Rosalía*. Coméntase que o volume inclúe relatos de Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Xosé A. Neira Cruz, Helena Villar, Miro Villar, David Pintor, Ramón Marcos, Miguelanxo Prado, Iván Suárez e Fausto.

maré, "Gálix presenta mañá un club de lectura para nenos e mozos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escritores", 25 febreiro 2009, p. 34.

Anúnciase que a Asociación Galega do Libro Ingantil e Xuvenil (Gálix) puxo en marcha o club de lectura "Gálix. Tendendo redes" dedicado á literatura infantil galega e no que participarán os escritores Xosé A. Neira Cruz, Fran Alonso, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Miguel Vázquez Freire, An Alfaya, Marcos Calveiro e Fina Casalderrey. Tamén se dá noticia de que abriu unha páxina web onde se pode seguir a dinámica do club e onde se pode afondar na obra destes autores.

maré, "Unha feira para Agustín", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 28 febreiro 2009, p. 33.

Coméntase que o stand galego da Feira de Boloña promociona, por primeira vez, a figura dun autor do país: Agustín Fernández Paz, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2008; ademais de promocionar as últimas publicacións das principais editoriais do país que tamén estarán presentes. Sinálase que os editores galegos teñen previsto participar en sete das principais Feiras do Libro de Europa e Latinoamérica: as da Habana, Bos Aires, Río, Barcelona, Frankfurt e Guadalaxara.

maré, "De Galicia para o 'mundo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Hoxe", 12 agosto 2009, p. 27.

Dá noticia da décimo segunda edición do Salón do Cómic da Coruña, que contará coa presenza de dous debuxantes galegos, Emma Ríos e Álex Cal, que traballan para grandes editoriais de cómic norteamericanas. Explica que Cal é un exemplo de como accder a un mercaddo "difícil" dende a preparación no salón de cómic coruñés e no ourensán, ademais de formarse en concursos. Por outra banda, indica que Ríos se deu a coñecer a través da Internet. Apunta que se poden visitar os traballos de ambos os dous en dúas salas da cidade coruñesa, neste salón que conta con outras actividades de autores "nacionais e estranxeiros".

maré, "Versos escritos aos 'nenos", *Galicia Hoxe*, "Literatura", 14 agosto 2009, p. 28.

Comézase apuntando que a nenez non acostuma a ler poesía e reprodúcense as opinións de distintos escritores que insisten na necesidade de achegar a poesía aos máis novos e desbotar así a crenza da complexidade que ten a poesía fronte á narrativa. As opinións verquidas por Xoán Neira, Paz Castro e Belén Padrón indican que a nenez chega a engarcharse á poesía, que esta é fundamental na súa formación lectora, que se pode traballar a partir do folclore e da tradición oral e cos xogos lingüísticos, ademais de precisar as diferenzas entre a poesía dirixida á nenez e a de adultos. Infórmase que a editorial Kalandraka ten a colección "Do berce á lúa" para achegarlle a poesía ao prelectorado a través do ritmo, da rima e de elementos visuais comno os poegramas. Nun á parte intitulado "Coleccións dedicadas ao público infantil e xuvenil" saliéntanse os títulos publicados en 2008 pola editorial Kalandraka na colección "Trece lúas": *Rosalía de Castro, escolma poética* e *Celso Emilio Ferreiro, escolma poética*; a recompilación *O que ben che quer*, de Xosé María Álvarez Blázquez, publicada por OQO editora; os títulos *E haberá tirón de orellas*? (1997), de María Victoria Moreno; *Acuarelas*, de Rafa Villar, e *Petando nas portas de Dylan* (2007), de Antonio García Teijeiro, publicados pola editorial Galaxia, e *No cubil da lúa*, de Xoán Neira López, publicado por Baía Edicións.

maré, "Vagabundo 'artístico", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 novembro 2009, p. 29.

En relación co VI Encontro Galego de Ilustración dá conta da presenza do debuxante catalán de cómic Max, quen di que os seus traballos son unha imitación de moitos outros debuxantes e as súas obras. Afirma así mesmo que é necesario copiar doutros, mais sen chegar ao plaxio. Nun á parte recóllese que o organizador do encontro, Manel Cráneo, comenta a calidade dos participantes e a calidade dos artistas galegos.

Martínez, Alberto, "Viñetas desde o Atlántico repasa el cómic americano del siglo XX", *El Correo Gallego*, "Cultura", 30 xullo 2009, p. 60.

Dá noticia de que na XII edición do Salón Internacional do Cómic da Coruña, "Viñetas desde o Atlántico" se repasará a historia do cómic-book americano e tamén haberá espazo para os debuxantes galegos. Recolle que os principais autores alí presentes serán Posy Simmonds, André Juillard e Vittorio Giardino. Destaca os comentarios de Carlos Portela, subdirector d6 salón, quen afirma que haberá actividades para todos os públicos e mostra a súa satisfacción de mellorar ano a ano este salón.

Martínez, Cecilia, "El Salón do cómic reúne a dibujantes españoles en coloquios y talleres ", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Cangas", 17 xullo 2009, p. 21.

Informa de que do 20 ao 26 de xullo se celebrará o décimo terceiro Salón do cómic de Cangas e que entre outros creadores tamén asistirá o lucense Alberto Guitián. Explica que ao acto de presentación da programación desta edición foi convidada Susana Brollón, unha debuxante canguesa que gañou o Certame de Cómic deste ano e edicións de anos anteriores. Apunta que á parte do salón se levarán a cabo talleres diarios de cómic e caricaturas impartidos por Julius e polo artista de Bueu Luis Davila, e que o Auditorio acollerá unha exposición de debuxos orixinais cedidos ao Concello por debuxantes que participaron en edicións anteriores deste salón e mesmo traballos premiados noutras edicións. Nun á parte recolle as opinións de Susana Brollón salientando o trato máis próximo que se estabelece no Salón do cómic de Cangas fronte ao de Barcelona ou os de Francia. E remata cun apunte sobre os traballos realizados polos participantes desta edición.

Martínez, Cecilia, "Caneiro: A Academia pagou a súa débeda con Bernardino", *Diario de Pontevedra*, "Cangas", "O Morrazo", 23 xullo 2009, p. 17.

Dá noticia de que en Cangas se inagurou a décima Feira do Libro na Alameda Vella, sendo o pregoeiro o escritor Xosé Carlos Caneiro. Explica que no discurso inaugural, Caneiro reinvindicou o papel dos libreiros fronte aos grandes almacéns, co motivo de aprender a valorar a literatura galega, ademais de homenaxear ao escritor cangués Bernardino Graña, manifestando que por fin a Real Academia Galega o incluíra entre os seus ilustres poetas. Refire ademais que, respecto á feira, había venda de novidades e clásicos literarios e de literatura infantil. Tamén salienta que os nenos gozaron onte con actividades de contacontos e maxia, ademais da firma de exemplares d'*O libro das viaxes imaxinarias* (2008), levada a cabo polo escritor Xavier Docampo e o ilustrador Xosé Covas.

Mato, Mar, "Miguelanxo Prado fai historia", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 4 abril 2009, p. 44.

Fálase da traxectoria profesional de Miguelanxo Prado. Coméntase que en 1992 sacou a historia de banda deseñada *Trazo de tiza*, narración sobre unha historia de desamor nunha illa solitaria, e que nese momento está a traballar nunha novela gráfica dunhas cento setenta páxinas que trata dos recordos que definen a vida de cada un, dende unha visión máxica da realidade. Sinálase que os seus libros están traducidos a catorce linguas pero moi poucos se publicaron en galego, a pesar de que están escritos nesta lingua orixinalmente. Coméntase que é o impulsor do festival de banda deseñada "Viñetas do Atlántico", que fixo unha longametraxe e prepara outra e que é o primeiro debuxante de banda deseñada que entrou na Real Academia de Belas Artes de Galicia.

Mato, Mar, "Barcelona abre el Salón del Cómic para mostrar un ciento de trabajos gallegos", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 29 maio 2009, p. 75.

Sinálase que Galicia acode por primeira vez como convidada ao Saló del Còmic de Barcelona para mostrar un cento de obras de autores galegos, entre as que se atopan as dos nominados Jacobo Fernández Serrano e David Rubín. Explícase que se elexiu a Galicia porque está atravesando por un gran movemento creativo con distintas xeracións de autores. Coméntase que se conta con que uns vinte e cinco autores galegos se despracen até alí para promocionar as súas obras e que se presentarán novidades como o número 13 de *Barsowia* ou a novela *El corazón de los árboles*, de Miguel B. Núñez. Afírmase que José Tomás levará as súas obras *Tolos* e *Compañeiros* (2008), o cal cre que alí poderá contactar con outros autores. Dáse unha listaxe dos autores internacionais máis destacados que acudirán á cita. Recóllese que o director do Saló opina que o obxectivo principal do evento este ano é a promoción do cómic para que forme parte das lecturas e aumente a súa presenza en librarías e bibliotecas. Finalmente, sinálase que Galicia renderá unha homenaxe a Xaquín Marín e mostrará dúas exposicións.

Mato, Mar, "No sé si fue muy bueno llegar tan pronto a Marvel y Spiderman", *Faro de Vigo*, "Sociedad", "Faro verano", 12 agosto 2009, p. 39.

Comenta que o Salón Internacional do Cómic na cidade da Coruña acolleu ao vigués Álex Cal, que falou ao público da súa experiencia na gran compañía Marvel e da súa longa andaina no mundo do cómic a pesar da súa idade (vinte e catro anos). Indica que comezou coa serie *North Wind*, na que non pasou unha das súas mellores etapas, e pouco tempo despois chamárono para traballar en Marvel debuxando para *Spiderman* que "era lo que quería hacer desde la infancia". Refire que na actualidade traballa nunha serie de G.I.Joe e que lle sorprendeu gratamente ser convidado a "Viñetas do Atlántico".

Mauleón, Amaia, "Las falsas vacaciones del escritor", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 14 agosto 2009, pp. 34-35/*La Opinión*, "Cultura", 16 agosto 2009, pp. 52-53.

Recolle as opinións de diferentes escritores sobre o que fan durante o verán: Agustín Fernández Paz afirma que está a preparar o material para unha nova novela; Fran Alonso apunta que necesita saír de Galicia para descansar; e Rosa Aneiros afirma que considera o verán como un bo momento para desconectar da escritura.

Mauleón, Amaia, "El libro gallego abre página en China", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 setembro 2009, p. 42/*La Opinión*, "Cultura", 20 setembro 2009, p.70.

Fala da "Feria del libro de Pekín" e dá noticia das boas perspectivas para a compravenda das editoriais de España, o país invitado, e da participación de catro editoriais galegas: Kalandraka, Factoría K, Nova Galicia Edicións e OQO Editora. Precisa que a pontevedresa Kalandraka, especializada en literatura infantil, ten publicado en chinés *Avós*, de Chema Heras e Rosa Osuna, e *Renato*, de Manuel Hidalgo. Explica que OQO Editora mantivo contacto directo co lectorado a través de talleres promovidos polo Instituto Cervante*s* de Pekín e recolle unhas palabras de Eva Mejuto nas que afirma: "Los niños son niños en todas las partes del mundo y los temas de nuestros cuentos les atraen igual que a los gallegos", ao tempo que indica que a

diferenza dos álbums é de tipo estético xa que son máis lineais e convencionais que os galegos da súa editorial.

Mauleón, Amaia, "El arte del 'arrorró", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 8 novembro 2009, p. 47.

Fala das nanas e da súa evolución até converterse nun xénero propio traballado por grandes autores da literatura universal. Así, fai referencia a *El gran libro de las nanas españolas* (2009), de Carme Riera. Explica que se trata da primeira obra que reúne todas as nanas españolas, dende as tradicionais de autores anónimos que chegaron até os nosos días grazas á transmisión oral, até as de autores cultos como Miguel Unamuno, Juan Ramón Jiménez, Federico García Lorca e Miguel Hernández. Nel teñen cabida autores como Pura Vázquez, Luis Iglesias de Souza, Matilde Llòria e Antonio García Teijeiro, entre outros. Deste último recolle a súa preocupación polo declive que hoxe vive a oralidade. Ademais, destaca a "Nana de la adúltera", de José Agustín Goytisolo, que tamén aparece na antoloxía.

M. B., "O rural con humor", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Magazine", "Humor gráfico", 9-14 xaneiro 2009, pp. 42-43.

Dáse noticia da publicación de *Sorrisos e boas colleitas* (2008), un volume coordinado por Xaquín Marín no que máis de corenta debuxantes lle renden homenaxe á xente do campo e no que se reivindica a importancia da terra tanto para a economía como para a historia do país. Sinálase que cando a xente marchou para as cidades espallároнse novos xeitos de vivir e un humor distinto, polo que a retranca galega estaba en perigo e entón dise que nos oitenta se levaron a cabo iniciativas como o Museo do Humor de Fene para protexer ese humor. Crese que na actualidade o humorismo goza de boa saúde.

M. B., "Angoulême, primeiro paso dun ano prometedor para a bd galega", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "Magazine", 5-11 febreiro 2009, pp. 40-41.

Coméntase que na XXXVII Feira de Angoulême se inaugurou a mostra "Dez anos de BD Galega" na que se fai un percorrido polos últimos dez anos da historia do cómic galego. Sinálase que tamén se presentou o Manual de Banda Deseñada Galega cunha relación de autores, editoriais e festivais e cunha pequena historia do cómic galego. Afírmase que, unha vez clausurada, a mostra percorrerá varios países do vello continente, que se pecharon varios acordos comerciais, que Galicia volverá a estar presente no festival francés en 2010 cunha nova mostra e que se vai crear unha nova bolsa de residencia dirixida a debuxantes galegos. Destácase que Galicia será a convidada de honra no Saló del Còmic de Barcelona, onde se presentará a exposición "Miña terra galega", obradoiros e actividades nas bibliotecas. Finalmente, dise que os debuxantes denuncian a falta de apoio por parte do investimento privado.

M. B., "O medio natural da caricatura é a prensa escrita", *A Nosa Terra*, n.º 1.349, "Cultura", 5-11 marzo 2009, p. 26.

Coméntase que o Centro Social Caixanova acolle un proxecto expositivo do ilustrador e debuxante Michel Casado onde expón as súas últimas caricaturas. Por outra banda, Casado recóllese na entrevista a publicación de *Contos das Illas,* un libro ilustrado por el mesmo e dirixido aos cativos coa intención de descubrirlles os "valores da natureza" que está editado por A Nosa Terra.

M. B., "Os cativos poñen os Bolechas á moda", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "Magazine", "Letras e xogos infantís", 19-25 marzo 2009, pp. 42-43.

Coméntase que Pepe Carreiro, o pai dos Bolechas, sacou unha nova colección na que os nenos son os autores das aventuras dos seus personaxes preferidos. Dise que o primeiro título desta serie foi *O entroido*, para o que se fixeron varios talleres nos que os rapaces elaboraron disfraces tradicionais e actuais. Afírmase que o segundo título é *A moda*, un volume de autoadhesivos con todos os deseños confeccionados polos participantes en tres obradoiros en Pontevedra, polo que no libro aparece o autoadhesivo acompañado do modelo orixinal elaborado por cada cativo. Cóntase que o libro tamén fai un percorrido pola historia da roupa e da evolución que sufriron as prendas dende a prehistoria até a actualidade e que ilustra o que hai detrás dunha colección de moda: bosquexo do vestido, patronaxe, confección da prenda e exhibición na pasarela. Finalmente, adiántase que na primavera está previsto o lanzamento, nesta mesma colección, d'*Os oficios*, con debuxos realizados por rapaces da zona de Santiago.

M. B., "Galiza país convidado no *Saló del Còmic* de Barcelona", *A Nosa Terra*, n.º 1.361, "Cultura", 28 maio-3 xuño 2009, p. 26.

Considérase que o feito de que Galicia sexa o país convidado ao XXVII Saló del Còmic de Barcelona significa unha oportunidade para dar a coñecer o traballo dos creadores galegos. Así, afírmase que se presentarán novidades como o número trece de *Barsowia*; *O corazón das árbores*, de Miguel Núñez; o volume *Fito&Pita*; *Papeis dispersos*, de Miguelanxo Prado; *Mensaxes*, de Mariano Casas; *Trafalgar*, novela gráfica na que colaborou Javi Montes; e *D-Man*, no que traballou Xurxo Penalta. Sinálase que se farán varias actividades: dúas exposicións e a mesa redonda "Galiza, comunidade convidada". Para rematar, faise unha relación dos debuxantes, fanzines e editoras galegas nominados aos premios desta edición do Saló.

M. B., "A banda deseñada é unha arte sacrificada que require tempo", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "Cultura", 22-23 xullo 2009, p. 26.

Dá noticia da gañadora, Susana Broullón, do XI Certame de Cómic de Cangas, organizado pola Concellería de Xuventude e Voluntariado, con motivo do XIII Salón do Cómic. Apunta que Susana Broullón xa gañou outros certames desa categoría. Conversa coa gañadora quen indica que a súa obra é contada a través dos encadramentos, que as súas influencias derivan do manga e que para ela a banda deseñada é unha afección e que non pensa dedicarse profesionalmente a isto.

M. B., "Viñetas desde o Atlántico ábrese ao cómic americano", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Cultura", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 26

Presenta a duodécima edición do Salón coruñés destacando como novidade a presenza da historia do cómic norteamericano durante a segunda metade do século XX. Explica que unha das máis importantes coleccións privadas permitirá facer unha exposición na que estarán representados os autores internacionais máis destacados (como exemplo a debuxante Posy Simmons), además de contar coa participación do teórico Scott McCloud. As editoras e colectivos do país aproveitan a ocasión para presentar os últimos traballos dos seus autores máis relevantes (como Emma Ríos), tratando con humor temas de actualidade. Remata salientando a presenza de dous autores galegos, Emma Ríos, creadora d'*A proba de balas*, e Álex Cal.

M. B., "Dous anos de humor", *A Nosa Terra*, n.º 1.379, "Cultura.", 29 outubro-4 novembro 2009, p. 22.

Informa sobre o segundo aniversario da revista *Retranca*, publicación satírica dirixida por Kiko da Silva. Explica que esta revista aposta polo humor feito en Galicia para facer un crítica da realidade actual. Indica que o venres 30, na sede da Fundación Caixa Galicia en Pontevedra, se celebrará a festa aniversario. O director da revista fai unha valoración moi optimista tras os dous anos de traballo abríndose camiño. Tamén quere destacar a tradución ao galego das diferentes colaboracións de autores de distintos estilos e procedencias.

M. B., "Viaxe pola Historia da man de Pepe Carreiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", 24-30 decembro 2009, p. 24.

Alude á exposición baseada no volume *Historia de Galicia* (2000), de Pepe Carreiro, no Museo Verbum Casa das Palabras de Vigo. Achega os comentarios do director do Museo, Rosendo Covelo, sobre o didactismo da exposición e fai referencia á súa inclusión no programa de actividades en conmemoración do sétimo aniversario do Museo, xunto a diversas mostras dedicadas a Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro e Brais Pinto, obradoiros de lectura, concertos e videocreacións, tamén parte do programa. Nun epígrafe intitulado "Debuxos sinxelos e rigor histórico" salienta o aspecto humorístico da exposición, o labor da montaxe e a temática centrada na historia do pobo galego.

M.C., "Xuventude abre el plazo para participar en el XI Certame de Cartas de Amor", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo. Cangas", 14 xaneiro 2009, p. 18.

Faise referencia ao concurso literario "XI Certame de Cartas de Amor", organizado polo concello de Cangas por medio da Concellería de Xuventude e no que se contemplan dúas categorías dependendo da idade. Explícase que unha é para menores de 16 anos e outra para maiores de 17. Indícase que a extensión máxima será de dous folios e os textos teñen que estar escritos en galego así como que as solicitudes deberán presentarse na Oficina de Información Xuvenil. Apúntase que os premios variarán segundo a

categoría e se entregarán tanto en metálico como en libros, sendo o máximo de 210 euros.

M. C. S., "Mil alumnos de Carballo celebran la Semana del Libro", *La Opinión*, "Carballo", "Costa da morte", 21 maio 2009, p. 22.

Coméntase que uns mil alumnos participarán na IV Semana do Libro e da Lectura, organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ASPG), o concello de Carballo e Caixanova. Sinálase que o programa de actividades se centrará no tema do amor e estará dividido en catro grupos: talleres infantís sobre danza, ilustracións ou oralidade; actividades dirixidas ao profesorado como talleres para coñecer as claves sobre a dinamización da lectura; sesións de contacontos e exposicións permanentes. Afírmase que na xornada inaugural o mago Martín Camiña ofrecerá o espectáculo "¿Qué hay más mágico que el amor?", no que colaboran alumnos cunha regueifa e unha peza musical.

Méndez, Roberto G., "Somos lo que recordamos, y lo que los demás recuerdan de nosotros", *El Correo Gallego*, "Esta boca es mía", 16 agosto 2009, contracuberta.

A partir dunha frase de Miguelanxo Prado publicada en *El País*, "Somos lo que recordamos, y lo que los demás recuerdan de nosotros", sinala Roberto G. Méndez que o debuxante coruñés falaba da súa nova creación, a futura novela gráfica *Ardalén*, na que pretende introducir a súa memoria persoal.

Menduíña, Eva, "Los malabares y la magia llegan a las calles del municipio morracense", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 4 agosto 2009, p. 19.

Indica que en Bueu celebraranse o día 4 de agosto unhas actividades enmarcadas dentro da Semana Cultural do Trasno que organiza a Asociación de Mozos e Mozas de Beluso. Refire que se poderá gozar de malabares na Praza do Concello e que a compañía Migallas será a encargada de levar os seus oíntes a mundos fantásticos grazas aos contacontos que estarán no Centro Social do Mar. Apunta que María dos Contos e "el Señor Dorremí" divertirán coa narración oral de historias coñecidas por todos e tamén algúns contos novos creados por Migallas Teatro.

M. G., "A Estrada fomenta la lectura con varias casetas de ventas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 2 abril 2009, p. 39.

Sinálase que o Concello da Estrada instala varios "stands" con descontos en libros infantís e xuvenís para fomentar a lectura e tamén adianta a actuación da Escola Municipal de Teatro e outras actividades.

M. G. M., "Un Angoulême con arume a pino", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Cómic", 6 febreiro 2009, p. 14.

Refírese a presenza do cómic galego no festival de banda deseñada da localidade francesa de Angoulême, que contou coa presenza de Miguelanxo Prado, Fran Jaraba, José Domingo e Kiko da Silva, entre outros.

M. G. M., "Los originales del bloc de Rubín", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Exposición", 18 febreiro 2009, p. 14.

Dáse noticia de que David Rubín expuxo sesenta láminas orixinais de gran tamaño na súa última e máis difícil novela gráfica, *Caderno de Tormentas* (2008), na galería Pardo Bazán, onde o protagonista se converte en narrador do acontecido e propón unha viaxe polo proceso creativo nun escenario inhóspito de personaxes peculiares. Sinálase que estas láminas se sitúan entre un conto ilustrado e unha páxina de tebeo, que non seguen unha orde narrativa pero serven para coñecer os trucos do debuxante. Adiántanse os proxectos de David Rubín: unha adaptación ao cómic da lenda de Gustavo Adolfo Bécquer "El monte de la ánimas" e unha longametraxe que será proxectada en 3D.

M. G. M., "O Concello reparte libros en Méndez Núñez nun mes de lectura activa", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Divulgación", 3 abril 2009, p. 16.

Coméntase que no mes de abril se repartirán libros nos xardíns de Méndez Núñez, os cales, unha vez lidos, volverán á súa orixe para converter a actividade nunha cadea. Sinálanse outras actividades, caso dunha escolma de publicacións relacionadas coa cidade e outra sobre a importancia de ler para repartir o día do libro. Tamén se indica que haberá postas en escena, contacontos, maxia e un especialista na Feira do Libro para que aconselle aos que o precisen e para que recolla recomendacións ou enmende ausencias.

M. P./X. R. B., "A 'galiña azul' substituíu as galescolas para 'desideoloxizar as aulas", *Xornal de Galicia*, "En clave", 26 decembro 2009, p. 3.

Alude á substitución dos símbolos das galescolas polos debuxos da Galiña Azul, deseñados por Carlos Casares. Sinala os comentarios de Jesús Vázquez e Beatriz Mato, Concelleiros de Educación e Traballo, respectivamente, sobre ese cambio de imaxe.

Molanes, Noelia, "La clausura de la Semana do Cómic muestra los claroscuros del futuro del sector", *Faro de Vigo*, "Redondela-O Morrazo", 26 xullo 2009, p. 16

Infórmase da clausura da décimo terceira edición do Salón do Cómic que tivo lugar no Auditorio Municipal de Cangas. Indícase que nela participaron distintos artistas que falaron sobre a evolución do cómic, as variedades e sa nacionalidades dos creadores. Reprodúcense as opinións dalgúns participantes que remarcan que aínda que o noventa e dous por cento do publicado non é nacional o importante é a calidade non o lugar de procedencia, e destacaron o valor multidisciplinar do cómic e as súas propiedades divulgativas. Tamén salientaron que no coloquio participaron persoas de todas as idades que ían en familia, dende nenos até anciáns.

Molezún, Fernando, "Dos exposiciones acercarán lo mejor del cómic gallego al Salón de Barcelona", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 maio 2009, p. 49.

Fálase das dúas exposicións galegas que se mostrarán no Saló del Còmic de Barcelona. Sinálase que unha se titula "Viñetas descubertas. Certames galegos 2000-2008", na que se seleccionan as obras dos autores que gañaron o GzCrea e o Premio Castelao de Banda Deseñada neses anos. Coméntase que a outra exposición se titula "Miña terra galega" e nela sete autores galegos realizan unha historia sobre algún tópico sobre Galicia como a emigración, a choiva, o marisco ou a vida máis alá da morte. Recóllense os títulos das novidades que se van presentar no evento: o número trece da revista *Barsowia*; *El corazón de los árboles*, de Miguel Núñez; *Mensajes*, de Mariano Casas; *D-Man*, de Xurxo García Penalta; e *Papeles dispersos*, de Miguelanxo Prado. Finalmente, anúnciase unha mesa redonda sobre o sector en Galicia, na que participarán autores, editores e libreiros galegos e na que Xaquín Marín será o autor convidado.

Molezún, Fernando, "Miguelanxo Prado lleva al Ficomic las tiras que publicó en La Voz", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 maio 2009, p. 49.

Coméntase que Miguelanxo Prado presentará no Saló del Còmic de Barcelona *Los Compañeros*. *La Orden de la Piedra* e *Papeles dispersos*. Sinálase que a primeira é unha colección de tiras cómicas, publicadas entre 1980 e 1981 en *La Voz*, que narran as aventuras dun grupo de personaxes do neolítico galego. Infórmase de que as recupera El Patito Editorial en galego pero que el presentará no evento a tradución castelá que conta con setenta tiras, cinco delas inéditas até o momento. Afírmase que *Papeles dispersos* é unha colección de debuxos soltos e bosquexos que non son feitos para ser reproducidos, polo que están feitos na parte de atrás dun recibo ou nun sobre. Dise que no Saló tamén se presentarán *Ciudades de Papel*, de David Pintor, no que se recollen paisaxes de distintas cidades europeas e galegas; *Mensaxes*, de Mariano Casas, unha historia apocalíptica dos últimos momentos dunha parella, e *Marcopola*, *la isla remera*, de Jacobo Fernández, dirixida ao público infantil. Por último, adiántase a presenza do teórico da narración gráfica Scott McCloud na feira "Viñetas desde o Atlántico".

Molezún, Fernando, "El Salón del Cómic de A Coruña repasa la evolución de la historieta americana", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 xullo 2009, p. 47.

Explica que entre o 10 e o 16 de agosto A Coruña acollerá a duodécima edición do Salón Internacional do Cómic, "Viñetas desde o Atlántico". Precisa que nela haberá unha exposición de 120 exemplares orixinais procedentes dunha colección privada que percorrerá a evolución do cómic. Dá conta de que entre as figuras invitadas están os galegos Alex Cal e Emma Ríos, entre outros creadores de fama internacional. Apunta que este Salón se dirixe a todos os públicos e que a oferta da exposición se completa coa presenza de decenas de editoriais, tendas especializadas e unha carpa de encontro entre editores, autores e afeccionados.

Molezún, Fernando, "Estamos estudando facer unha versión do Viñetas para o inverno, na que participen os institutos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 agosto 2009, p. 46.

Preséntase brevemente a Miguelanxo Prado destacando que leva doce anos á fronte do Salón "Viñetas do Atlántico" e indicando que o seu currículo o sitúa entre as figuras destcábeis do cómic a nivel galego e castelán, antes de pasar a entrevsiatalo, con motivo da celebración, outro ano máis, do salón coruñés, onde se reúnen os autores e as súas obras. Prado fala do acertado cartel que atende aos autores á marxe da promoción das súas obras e dos cambios que cómpre realizar para evolucionar e corrixir antigas grallas mantendo o que aínda funciona. Indica que este salón do cómic incorporou este ano á Fundación Luís Seoane no circuíto de exposicións e que o proxecto para levar a cabo no futuro un museo do cómic na Coruña está aparcado porque non conta cunha resposta das institucións. Apunta que existe a proposta de programar unha versión do Salón do cómic durante o inverno para que participe o público escolar.

Nieves, Seve, "Talleres y magia en los centros sociales", *La Región*, "*Nadal en Galicia*", "Navidad en Santiago", 27 decembro 2009, p. 8.

Comenta o programa de Nadal da capital compostelá e destaca a actividade "Apalpando as ilusións", que inclúe diversos obradoiros como "Desmontando a Carrapuchiña"; "A árbore dos desexos" e "Agasallos co Apalpador" e postas en escena como "A ratiña feroz".

Obelleiro, Paola, "El Salón del Cómic de A Coruña se rinde a los héroes americanos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 agosto 2009, p. 6.

Indícase que de novo, dende o ano 1997, serán os célebres superheroes americanos dos cómics os que inunden a cidade da Coruña para o "Salón Internacional do Cómic Viñetas do Atlántico". Explícase que esta exposición en Palexco, "repasa el cómic de Estados Unidos desde la época dorada de los 50 hasta los 90". Precisa que a exposición se complementa con conferencias e obras de debuxantes nóveis galegos e europeos, entre outras propostas. Recóllese que o ilustrador galego e director do salón, Miguelanxo Prado, diferencia o cómic americano, no que o superheroe sobrevive ao seguinte guionista aínda que sexa na imaxe, do cómic europeo, no que o superheroe "desaparece co seu creador". Precísase que novos creadores galegos, o vigués Alex Cal e a vilagarciá Emma Ríos, están dando o salto ao mercado americano a través de encargos e traballos para a editorial Marvel, feito que destaca Prado xa que seguen vivindo en Galicia e traballan para fóra. Remátase dando conta da participación neste Salón do Cómic de "maestros europeos del cómic mundial", segundo Prado.

Ocampo, Carlos, "Lecturas juveniles para el verano", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de la Escuela*", n.º 926, "Lengua y Literatura", 3 xuño 2009, p. 2.

Fanse recomendacións de libros en castelán e en galego para poder ler no verán. Para o público xuvenil destácanse obras como a antoloxía de poemas amorosos de autoras galegas *Amor en feminino* (2006), de Maximino Cacheiro Varela; a novela misteriosa *As sete mortes* (2009), de Carlos Vila Sexto; o libro de relatos *O único que queda é o amor* (2007), de Agustín Fernández Paz; e a novela *Chamádeme Simbad* (2009), de Francisco Castro e con ilustracións de Manuel Cráneo. Para o público infantil

recoméndanse libros como a colección de poemas *Bolboretas no papel* (2008), de Antonio García Teijeiro e ilustrado por Fino Lorenzo; a novela que reivindica a importancia do mar *O canto dos peixes* (2008), de Marcos Calveiro, e un conxunto de historias protagonizadas por animais titulado *Minimaladas* (2007), escrito por Carlos López e ilustrado por David Pintor.

Olarte, Miguel, "Ana y el País de Nunca Jamás", *El Progreso*, "Domingo", "Barra libre", 25 novembro 2009, contracuberta.

Dáse noticia da vida profesional de Ana Carreiras, e dos motivos que a impulsaron a converterse en contacontos. Faise unha pequena biografía que abrangue dende os seus inicios, até o seu labor profesional actual, destacando que foi "una niña que convirtió su incontinencia verbal en la mejor profesión del mundo: cuentacuentos". Salienta que lle encanta traballar cos nenos porque son "uns seren tan estupendos e divertidos que non menten, que te absorben e te agotan pero que che fan ver as cousas dunha maneira totalmente diferente".

Oliva, José, "Batman sobrevuela Barcelona", *El Progreso*, "Vivir", "Salón del Cómic de Barcelona", 30 maio 2009, pp. 62-63.

Dáse noticia da presentación do álbum *El caballero del dragón* (2009), en castelán e en catalán, no que Batman se despraza a Barcelona para capturar o seu inimigo Killer Croc. Coméntase que o guión é do norteamericano Mark Waid pero que o apartado gráfico corre a cargo de Diego Olmos e Marta Martínez. Sinálase, tamén, que a Xunta concederá cinco bolsas dirixidas a creadores de cómic de Galicia, cuxo obxectivo será a elaboración de historietas extensas con historias orixinais e inéditas en galego. Opínase que con estas bolsas os beneficiarios poderán publicar os seus proxectos que, polo seu elevado custe de edición, teñen unha difícil saída ao mercado.

Oliveira, V., "Un galeguista independente", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 15 maio 2009, p. 38.

Dáse noticia de que o escritor e xornalista Paco López-Barxas foi nomeado Director Xeral de Promoción e Difusión da Cultura. Este comenta que entre as súas prioridades están as de contactar cos axentes culturais do sector do libro e que quere promocionar os escritores, ilustradores e autores da banda deseñada galegos. Opina que a cultura de Galicia ten que ser localmente universal e deber ter un interese internacional. Sinálase que o seu último volume, titulado *Sar, Sarela e os monstros de Compostela* (2008) e ilustrado por Kiko da Silva, dá a coñecer detalles sobre a capital galega aos primeiros lectores. Finalmente, recóllese unha pequena biografía deste escritor.

Oliveira, V., "A Polo Mercado Asiático", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 setembro 2009, p. 30.

Fala sobre o interese das editoriais e escritores galegos na introdución das súas obras no mercado asiático, feito que se ve favorecido pola súa participación na feira do libro de

Beijing. Así mesmo comenta como a editorial Kalandraka conseguiu vender os dereitos de diversas obras e publicar así mesmo libros coma *Avós* (2002), de Rosa Heras e Chema Osuna, e *Renato* (2004), de Manuel Hidalgo.

Oliveira, V., "Queremos ver cos oídos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 setembro 2009, p. 29.

Infórmase de que Nani García lle porá música á obra dramática de Manuel María *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* (1981) interpretada por Inés Cuadrado e mais polo cuarteto Xerión. Indícase que se estrou o 8 de setembro no Teatro Rosalía da Coruña e anúnciase que esta peza contará cun libro-disco en galego e español que se editará en decembro.

Oliver, Juan, "Bélgica celebra su Año del Cómic con una exposición en Bruselas dedicada a la ilustración gallega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 2 outubro 2009, p. 49.

Coméntase que dende o día 1 até o 9 de outubro no centro cultural Los Peregrinos en Saint Gilles, Bélxica, se celebra unha mostra sobre o cómic galego. Indica que na exposición "Galicia 2009, tempo de banda deseñada" se poden apreciar as obras dos ilustradores Miguel Anxo Prado, Pinto&Chinto, Xaquín Marín, Pepe Carreiro, Das Pastoras, Fausto Isorna, Vanessa Durán, Leandro e Kiko da Silva, entre outros. Explícase que esta exposición é un complemento aos actos da oitava edición do Cómic belga, que este ano cadra co vinte aniversario do Museo do Cómic en Bruxelas. Remata apuntando que "o obxectivo desta iniciativa é facer promoción entre o público e os editores belgas da obras dos ilustradores galegos".

Otero, Mónica, "Ocio y diversión para los más pequeños", *Diario de Pontevedra*, "Cultura", 4 de agosto de 2009, p. 61.

Informa dunha nova edición do "Animatrón", un programa estival de lecer gratuito dirixido aos nenos de entre dous e catorce anos, celebrado no parque de "Las Palmeras" de Pontevedra entre o 6 e o 9 de agosto, que ofrece diversión e entremento dun xeito educativo ao longo das súas catro xornadas: a primeira inspirada no circo, a segunda na maxia, a terceira dedicada á lectura e a última aos xogos tradicionais. Explica que a nenez gozará de obradoiros, actuacións, contacontos, libros en varios idiomas, xogos, teatro, entre outras moitas actividades educativas.

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tiempos", *La Región*, "Sociedad", 13 agosto 2009, p. 61.

Sección fixa dedicada á lembranza de feitos pasados na que se acolle un artigo de Maribel Outeriño intitulado "Ferrín retorna a Vilanova" e publicado o 13 agosto de 1984. Nel refírese que o conto infantil "Arnoi, Arnoi" foi escrito por Xosé Méndez Ferrín nese verán que pasou en Vilanova dos Infantes. Tamén comenta que eran frecuentes os encontros entre Ferrín e o poeta Paulino Vázquez, gañador do premio Celso Emilio.

Pardo, M., "La gallega Emma Ríos expondrá en solitario en 'Viñetas desde o Atlántico", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 31 maio 2009, p. 15.

Coméntase que a debuxante galega Emma Ríos exporá en solitario en "Viñetas desde o Atlántico", onde ofrecerá unha recompilación da súa obra dende os seus comezos até a actualidade. Sinálase que, a pesar de estar traballando para o mercado francés e estadounidense, segue colaborando en *Barsowia* e *Carne Líquida*. Afírmase que tamén está confirmada a presenza do autor estadounidense Scott McCloud en dito evento.

Pampín, M., "La Guerra Civil se entiende en tetun", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 4 novembro 2009, p. 8.

A xornalista informa sobre a tradución ao tetun (lingua propia e cooficial co portugués en Timor Oriental) do relato "A lingua das bolboretas", de Manuel Rivas, para ser lido nos colexios deste país asiático. Explica que a iniciativa está promovida pola "Asociación Luso-Gallega de Antropología Aplicada (AL-GA)" e que se basea en que "niños y maestros encuentran similitudes entre su historia y la gallega", algo que permite identificar o relato de Rivas co seu propio pasado. Indica que nas primeiras páxinas do libro terá protagonismo o "presidente de la República de Timor y premio Nobel de la Paz, José Ramos Horta, que prologa el texto".

Pampín, María, "Cómic interactivo al teléfono", *El País*, "*Galicia*", 30 decembro 2009, p. 8.

Fai referencia á presentación do novo formato do cómic *Quotidianía delirante*, de Miguelanxo Prado, dispoñíbel en iPhone e Ipod Touch, grazas á produtora galega Continental Games. Destaca o dinamismo das viñetas nos novos dispositivos, o seu formato interactivo, que permite elixir entre catro linguas (inglés, francés, galego e castelán) e o feito de que os personaxes teñan voz. Salienta o carácter pioneiro desta iniciativa, a dobraxe realizada por expertos de Miami (E.U.A.) e a súa distribución en liña.

Paz Morandeira, Víctor, "A memoria (re)debuxada. O cómic 'Compañeiros' lembra os mortos do Portiño", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 22 xaneiro 2009, p. 50.

Dáse noticia da presentación do cómic *Compañeiros*. *Homenaxe ás vítimas do Portiño* (2008), do profesor e ilustrador Xosé Tomás, que conta en dezaseis páxinas a historia de máis de cen persoas opostas ao réxime de Franco que foron capturadas e asasinadas en 1937 cando fuxían da Coruña, ocupada polas tropas do ditador. Coméntase que o título fai referencia a un contrasinal que usaban os republicanos para se identificar entre eles.

Paz Morandeira, Víctor, "A BD galega ten exposición no festival de novela gráfica máis importante de Europa", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 27 xaneiro 2009, p. 52.

Coméntase que a cita máis esperada do ano por parte da industria da banda deseñada galega é o festival de Angôuleme, no que se expoñerá a mostra "Dez anos de BD galega", na cal participan Javier Montes e David Prieto. Para rematar, fálase da programación do festival e dos debuxantes que acudirán á cita.

Paz Morandeira, Víctor, "Tecer redes literarias. Gálix presenta un club de lectura xuvenil", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 27 febreiro 2009, p. 50.

Dáse noticia de que Gálix organiza o club de lectura xuvenil "Tecendo redes", co obxectivo de dar a coñecer as "obras senlleiras" da literatura xuvenil galega dos últimos vinte e cinco anos, e no que participan os autores das mesmas. Así, Xosé Neira Cruz falará d'*O armiño dorme* (2003), Marilar Aleixandre d'*A expedición do Pacífico* (1994), Fran Alonso de *Cartas de amor* (2006) e Agustín Fernández Paz de *Aire Negro* (2000). Finalmente, anúncianse dúas mesas redondas: unha sobre "Novelar a Historia", na que participará Dolores Vilavedra, e outra centrada en "Narrar a adolescencia".

Paz Morandeira, Víctor, "BD Banda consolídase con dous galardóns no Ficomic", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 31 maio 2009, p. 42.

Sinálase que Jacobo Fernández e David Rubín non obtiveron ningún premio no Saló de Barcelona, pero que o premio ao mellor álbum de 2008 foi para unha obra galega: *As serpes cegas* (2008), de Felipe Hernández Cava (premio ao mellor guión) e Bartolomé Seguí. Estes autores comentan que este álbum é unha historia de perdedores ambientada no Nova York de finais dos anos trinta, e que xa asinaron un novo proxecto ambientado en Londres e Baleares nos anos da Guerra Fría.

Pazos, Raquel, "Vicky González reina en lo alto", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 15 abril 2009, p. L 16.

Dáse noticia da participación de nenos de 10 a 11 anos na campaña de animación á lectura "Lendo máis cerca", que propón o humor como camiño para achegar a nenez os libros, e na que Carlos López, integrante do dúo Pinto&Chinto, impartiu un taller de escritura creativa. Finalmente, anúncianse outras cinco sesións de escritura creativa.

Pazos, Raquel, "Os Nobel da literatura infantil, en Compostela", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 10 setembro 2009, p. 43.

Comeza indicando que a trixésima segunda edición do Congreso do IBBY terá lugar en Compostela e informa das actividades que se desenvolverán. Ademais apunta que se entregarán os Premios Hans Christian Andersen, considerados "como o equivalente aos Nobel da literatura infantil". Explica que dito encontro estará dedicado á forza das minorías e que comezará o 8 de setembro do 2010. Refire que a organización a realizará o escritor Xosé A. Neira Cruz e que se levará a cabo no Pazo de Congresos.

Pawley, Martin, "Libros que nos fan mellores (e II)", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 15, "Libros", 21 marzo 2009, p. 9.

Fálase d'*A clase* (2008), de François Bégaudeau, traducida ao galego por Isabel Soto e Xavier Senín, na que se formulan vinte e dúas preguntas que expresan dúbidas sobre o funcionamento cotián das institucións educativas, nadas da súa experiencia como docente nun instituto multiétnico de París. Sinálase que no libro se presentan escenas da vida diaria dun instituto cun estilo áxil e dinámico. Coméntase que o escritor se retrata como un profesor que trata os seus alumnos de igual a igual. Afírmase que é unha novela dialogada situada nun espazo real. Para rematar, preséntanse as novidades da semana; o thriller *Aire Negro* (2009), de Agustín Fernández Paz; a narración fantasiosa *Cremalleiras* (2009), de Alejandro Tovar; o libro de relatos *Cachiños do meu cerne* (2008), de Fuco Paz Souto; *Niklas Luhmann* (2008), de Manuel Torres Cubeiro; e *O elixir do amor* (2008), de Gaetano Donizetti.

Penelas, Sandra, "El Holocausto, en formato cómic", *Faro de Vigo*, 5 xuño 2009, contracuberta.

Coméntase que o profesor Martín Urdiales estudou o significado dos recursos gráficos do cómic dos anos oitenta *Maus*, de Art Spiegelman, nas traducións galega (2008) e española (2001) e que as conclusións as expuxo no II Coloquio Internacional sobre Paratradución. Sinálase que Spielgelman relata en *Maus* a historia do seu pai, Vladek, un supervivente de Auchswitz, na que transforma os xudeus en ratos e os nazis en gatos e na que alterna viñetas que relatan o pasado con outras nas que o pai rememora aqueles anos. Infórmase que, tanto na versión castelá como na galega, se respectan os formatos e a paxinación, aínda que na galega se cambia a cuberta dun dos capítulos.

Peña, Abel, "Un mago moi pendente do seu libro", *El Ideal Gallego*, "Cultura", 6 agosto 2009, p. 14.

A noticia trata sobre o ilusionista Pedro Volta quen realizou na Coruña un truco de escapismo, colgouse polos pés a trinta metros de altura e conseguiu quitarse unha camisa de forza, para a presentación do seu libro *O Pazo Máxico*, libro de maxia metade conto metade manual para os nenos.

Pereira, Damián, "O 'Lectoriño 2009' terá un maior número de actividades e un cartel máis ameno", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Xuventude", 25 abril 2009, p. 09.

Dáse noticia da duodécima edición do "Lectoriño" en Vilagarcía, un evento dedicado a introducir a nenez no mundo da lectura, para o que se poñen libros clásicos e modernos a disposición de pais e nenos. Infórmase de que nel se destaca o "Libri Terrae", unha especie de contacontos acompañados de debuxos de Gonzalo Alonso. Coméntase que na xornada de despedida do evento actuarán os monicreques "Barballocas", unha mestura de teatro de bonecos en galego, música tradicional e danza galega. Sinálase que os "Barballocas" son catro personaxes que representan os diferentes pobos que habitaron Galicia e que viaxan no tempo para enfrontarse a "Maldito", o cal quere destruír todas as linguas do mundo.

Pérez, Cristina, "Super López y el manga gallego", *La Opinión*, "A Coruña", 1 de agosto 2009, p. 12.

Fálase de dúas exposicións relacionadas co arte ilustrado que terán lugar no Fórum Metropolitano de A Coruña do 3 ao 23 de agosto, dentro do evento "A Coruña/Banda Deseñada (AC/BD)". Explícase que o primeiro deles chámase "Viñetas on the road", e segundo a concelleira de cultura, María Xosé Bravo, pretende homenaxear a obra dos ilustradores. Indícase que as actividades previstas dentro desta mostra repartiranse en 3 bloques, e comprenden dende monologuistas até músicos. Apúntase que esta iniciativa será levada a cabo por todas as bibliotecas municipais, sendo unha exposición dirixida tanto a seguidores da ilustración, como a aquelas persoas que inician a mostrar curiosidade por este arte. Coméntase que o segundo evento chamado "Viñetas desde o Atlántico" poderase visitar dende o día 10 de agosto e nel encontraremos a obra de autores internacionais como Posy Simmonds, André Juillard e Vitorio Giardino, e tamén de autores galegos, como Emma Ríos e Álex Cal, entre outros. Precísase que cabe destacar que unha das novidades desta mostra será a inclusión do héroe ibérico Super López dentro dos personaxes que toman as rúas da cidade durante o Salón Internacional co Cómic de A Coruña.

Piñeiro, Águeda, "La Biblioteca Luís Seoane aborda un trimestre lleno de actividades", *Diario de Pontevedra*, "Comarcas", 1 outubro de 2009, p. 13.

Dá noticia das actividades que acollerá a Biblioteca Luís Seoane de Arcade no último trimestre do ano. Indica que unha das actividades consiste nun taller de creatividade trilingüe para familiarizarse co galego, castelán e inglés dirixida para nenos (entre 4 e 9 anos) e que conta con corenta prazas. Explica que outra das actividades será a representación teatral do grupo Migallas. Apunta que para os maiores se ofrece unha actividade para analizar *Tres hombres en una barca*, de J. Jerome, no clube de lectura, que conta coa presenza da coordinadora Marián Muíños.

Piñeiro, Águeda, "Caldelas programa unha sesión de animación á lectura", *Diario de Pontevedra*, "Comarcas", 28 outubro 2009, p. 13.

Informa sobre unha actividade dirixida a alumnos do CEIP de A Reigosa e do CEIP Manuel Cordo Boullosa. Explica que tivo lugar o 28 de outubro no centro do programa Bocaberta de dinamización lingüística. Comenta que a actividade consistiu nunha sesión de contacontos musicados baseados no libro *Micifú e os seus amigos*. Precisa que o animador elixido para o acontecemento foi Servando Barreiro.

Pino, Concha, "Un documental percorre os 35 anos de traxectoria da historieta galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 6 xaneiro 2009, p. 46.

Dáse noticia da posta á venda do documental *35 anos de historieta galega*, que analiza a evolución da historieta galega dende as pioneiras creacións de Reimundo Patiño até a actualidade. Sinálase que o documental, de cincuenta e cinco minutos, arranca cos

inicios nos anos setenta nos que, ademais de Reimundo Patiño, destacou a creación do Grupo Do Castro en 1972 e a fundación da revista *Xofre* en 1979. Coméntase que da época *underground* dos oitenta destacan as revistas *Coordenadas*, *Valiundiez*, *Can sen dono* e o grupo "Frente Comixario", que foi ponte cara os noventa, nos que destaca o salón "Viñetas desde o Atlántico". Infórmase de que o repaso á evolución do cómic remata coa análise do *boom*, que segundo moitos está experimentando a banda deseñada en galego, e que o futuro está nas revistas *BD Banda* e *Golfiño* e a consolidación de propostas editoriais como as de El Patito Editorial e Faktoria K.

Pino, Concha, "Pecados de Compostela... dulces", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 13 xaneiro 2009, p. L16.

Dáse noticia do lanzamento dos dous primeiros contos da colección "Musicontos", escritos por Xosé A. Neira Cruz: *O prodixio dos zapatos de cristal* (2008), recreación do relato *A cinsenta*, ilustrada por Rodrigo Chao na que unha rapaza de hoxe traballa na tenda "Zapatiños de Cristal"; e *O debut de Martino Porconi* (2008), ilustrado por Federico Fernández, no que un tenor revelación lembra o episodio vivido no conto *Os tres porquiños*. Sinálase que cada un contén un CD con música da Real Filharmónica de Galicia.

Pino, Concha, "Colectivos con un tema común", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 3 febreiro 2009, p. L16.

Dise que a editorial Kalandraka montou unha exposición coas ilustracións orixinais da obra *Garavanciño* (2008) e que este conto en español é *Garbancito*, pero en portugués o conto chámase *Grao de millo* e en catalán *Patufet*. Saliéntase que as ilustracións as fixo o suízo afincado en Galicia Marc Taeger.

Pino, Concha, "Cambio de paso y de arrastre", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 8 marzo 2009, p. L16.

Dáse noticia da celebración, na área infantil da Biblioteca Pública Ánxel Casal, da actividade "Hixinio e Cristina contan outro", na que a parella de animadores contan unha historia introducida por música para que ler sexa sinónimo de diversión.

Pino, Concha, "Villán ilustra de sueños una pared", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 19 maio 2009, p. L16.

Dáse noticia de que o ilustrador Óscar Villán, dentro do programa de Bibliotecas Ilustradas, fixo un mural na parede da sala de lectura dos máis pequenos da Biblioteca de Santa Comba. Sinálase que a imaxe é a dun xigante que quedou durmido nun bosque lendo un libro. Coméntase que, dentro da mesma iniciativa, Kiko da Silva ilustrou as bibliotecas de Pontevedra e Ribadavia, José Tomás a de Betanzos e Miguelanxo Prado a de Oleiros.

Pino, Concha, "Entre Neira Cruz y Carbajales", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 2 setembro 2009, p. L16.

Dá conta da apertura dunha exposición bibliográfica da obra do escritor e profesor compostelán da Facultade de Ciencias da Comunicación Xosé Antonio Neira Cruz para mediados do mes. Precisa que se trata dunha ocasión de ver reunidas obras como *Ó outro lado do sumidoiro*, obra gañadora do Premio Merlín no ano 1988, galardón que volveu recibir no ano 2000 pola novela *As cousas claras*, ou tamén que se pode ver *Valdemuller*, obra merecente do premio O Barco de Vapor do ano 1997, premio que recibiu novamente en 1999 por *Os ollos do Tangaleirón*. Tamén se apunta que Neira Cruz foi distinguido co premio Raíña Lupa por *O armiño dorme* e que no ano 2004 conseguiu o premio Lazarillo pola obra *A noite da raíña Berenguela*. Finalmente destaca que estes libros, xunto a outros materiais literarios, van formar parte da mostra que prepara a biblioteca pública Carbajales en colaboración coa editorial Galaxia, exposición que se presenta baixo o título "Un amigo entre amigos".

Pino, Concha, "Rudy Lamas y su buena estrella", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 3 setembro 2009, p. L16.

A cronista recoñece o seu erro e rectifícao dicindo que a exposición bibliográfica de Xosé Antonio Neira Cruz farase na biblioteca de Caixa Galicia no centro sociocultural do Ensanche, a partir de mediados de mes.

Pino, Concha, "Viajeros por mundos de ficción", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patios de vecinos", 15 setembro 2009, contracuberta.

Dá conta de que "Unha noite na biblioteca" foi a actividade coa que o Concello de Rois pechou o seu programa cultural de verán. Indica que o obxectivo deste programa era abordar de maneira lúdica diferentes aspectos relacionados coa literatura e a lingua galega. Explica que a nenez gozou dun taller de escritura promovido pola editorial Kalandraka e que ademais os participantes viviron os mundos de fantasía nos libros.

Pino, Concha, "La creatividad también se hace", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 11 outubro 2009, p. L16.

Entre outras actividades salienta as sesións de animación á lectura para cativos chamadas "Tardes de lecer", desenvolvidas no centro comercial Área Central. Indica que se trata dunha iniciativa que levan a cabo este centro comercial e a editorial Sotelo Blanco dende hai dous anos, co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Refire que estas sesións, que se celebran os venres e sábados, se encadran dentro do proxecto de dinamización da lingua galega Bocaberta e que estarán centrados en libros infantís da colección "Bolboreta", da editorial organizadora, a partir dos cales se farán obradoiros e xogos guiados por especialistas. Remata apuntando que este proxecto arrinca co conto *A grande ameaza*.

Pino, Concha, "Alén, Kukas y Santos, todo un trío", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de Vecinos", "Crónica", 22 outubro 2009, p. L16.

A cronista anuncia a representación no Auditorio de Galicia dun espectáculo de carácter didáctico para nenos sobre a historia de Compostela. Indica que a función ofrece a narración do conto *O castelo da Rocha Vella* (2003), do doutor Luciano García Alén, da man de Raquel Queizás con música adaptada para o texto de Amador Santos Bartolomé, e interpretada pola Real Filarmonía de Galicia que dirixe Maximino Zumalave. Refire que a escenografía corre a cargo de Marcelino de Santiago e a dirección e representación a cargo de Os Monicreques de Kukas, ademais de dar conta dos actores que participan.

P. O., "Darwin en viñetas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 agosto 2009, p. 6.

Dá noticia de que o debuxante valenciano José Fonollosa segue a liña de historias con tintes históricos desenvolvidas por André Juillard, un dos protagonistas do Salón desta edición. Apunta que Fonollosa fará unha homenaxe a través das súas viñetas a Darwin, no bicentenario do seu nacemento e que se poderá ver no Acuario da Coruña, dentro do Salón del Cómic da Coruña. Informa que xunto co citado Fonollosa tamén se poderán ver por diversas salas da cidade obras de Álex Cal, Vittorio Giardino, Juillard, Posy Simonds e Scott McCloud. Explica que os galegos Emma Ríos e Mariano Casas completan o cartel de autores que exporán as súas obras.

Pons, Álvaro, "A imparábel forza do cómic galego", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 maio 2009, p. 7.

Opínase que nunca se deu unha concentración tan importante de autores de cómic como en Galicia na primeira década do século XXI e que este éxito se debe a un labor de implicación na defensa da historieta galega. Coméntase que nos anos oitenta xa comezaban a destacar autores como Miguelanxo Prado, Suso Peña, Xaquín Marín ou Da Pastora e colectivos como Frente Comixario e, dende 1994, eventos como as Xornadas de Ourense. Sinálase que nos noventa a revista *Golfiño* e o festival "Viñetas desde o Atlántico" darán lugar á aparición dos colectivos BD Banda e Polaqia e que, a partir de aí, se optou pola formación dos novos sen renunciar á colaboración dos predecesores, o que permitiu a convivencia de varias xeracións que teñen un compromiso coa lingua. Infórmase do apoio da administración para iniciativas interesantes como o portal culturagalega.org, a participación en feiras europeas de banda deseñada e a aparición de editoriais galegas dedicadas a isto.

Posilio, Alejandro, "Cuatro editoriales representan a Galicia en la Feria del Libro de Madrid", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 3 xuño 2009, p. 55.

Coméntase que só catro editoriais representan a Galicia na Feira do Libro de Madrid: as pontevedresas Edicións do Cumio, Ellago Ediciones e Kalandraka e a coruñesa Ediciones del Viento, as cales teñen diferentes puntos de vista xa que, mentres que as dúas primeiras opinan que están notando moito a crise, as outras afirman ter máis venda que o ano anterior. Sinálase que un dos máis seguidos foi o galego Xosé Ballesteros co

seu conto adaptado *El pequeño conejo blanco* (2006) e o conto *A qué sabe la luna* (2006), de Michael Greniec. Como anécdota cóntase que unha persoa mercou o libro *El nombre de una estrella*, de Ouka Leele, porque nunha das fotos que contiña saía seu pai.

Pousa, Luís, "La literatura infantil sortea la crisis y eleva su facturación a 330 millones", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 27 marzo 2009, p. 50.

Dáse noticia, segundo o *Anuario del libro infantil y juvenil 2009*, de que as vendas de títulos dirixidas a nenos e mozos medrou dende o 2008, o cal se atribúe ao "fenómeno *best-seller*". Sinálase que, polo que respecta a Galicia, hai que resaltar a súa presenza en certames internacionais no ano 2008, a apertura prevista para 2009 do IBBY en Santiago, o esforzo de editoriais como Kalandraka e Oqo para competir no mercado internacional e o feito de que o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil de 2008 foi para o galego Agustín Fernández Paz. Finalmente, asegúrase que aos nenos lles gusta máis a ciencia ficción e ás nenas as novelas románticas.

Prieto, Susana, "Verín inicia el Festival de la Palabra", *La Región*, "Verano", "De fiesta", 5 agosto 2009, p. 14.

Informa de que mañá comeza en Verín a cuarta edición do Festival Internacional de la Palabra coa perfomance "Palabra en movemento" composta por poesía, danza, música e creacións audivisuais e baseada no poemario *Vestíbulo da devastación* (2007), de Rosa Enríquez, baixo a produción de Marcos Sueiro. Indícase que o festival contará con actividades para todas as idades como teatro-circo, concertos, teatro infantil e as actuacións das narradoras Margarita Justo y Olalla Blanco para os nenos de 6 a 8 anos. Nun á parte detállanse as distintas actividades da fin de semana.

Prol Taboada, Iria, "O sol traspasa o cristal...", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "*Bule Bule*", "O recuncho dos lectores", 11-17 xuño 2009, p. 28.

Ademais de describir nunhas liñas a antoloxía *Poétizate* (2006), de Fran Alonso, acóllense nesta sección unha serie de composicións poéticas do alumnado do segundo curso da ESO do Colexio Possumus de Vigo. É o caso de "O sol traspasa o cristal...", de Iria Prol Taboada.

Quinteiro, Marta, "Fomentar a lectura e a lingua", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Ciudad", "Cómics solidarios", 1 marzo 2009, p. 05.

Dáse noticia de que o colexio Isaac Peral pon en marcha o proxecto "A mochila viaxeira" para reforzar o hábito lector de toda a familia. Coméntase que a actividade consiste en que cada neno leve durante unha semana unha mochila con películas, música, libros e cómics escritos en galego, estes últimos doados por Metropoliscomics. Sinálase que esta librería doou dezasete exemplares de catro títulos: *Renato*, para nenos de tres a cinco anos; *Fiz nos biosbardos* (2005), dirixida aos de seis a oito anos; *Astro valiente explorador* (2005), para os de oito a dez anos e, finalmente, *Os amigos de Archimboldo Roque* (2009), para os de dez a doce. Finalmente, anúnciase que se farán

doazóns a outras institucións coma a biblioteca e a universidade da Coruña e o andar infantil do Hospital Arquitecto Marcide.

R. A., "El Salón del Cómic de Cangas concluye y se consolida como cita imprescindible", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Morrazo", 28 xullo 2009, p. 16.

Dá noticia de que Óscar Graña, concelleiro de xuventude de Cangas, se sinte satisfeito coa 13ª edición do Salón do Cómic celebrado na vila xa que é unha cita consolidada a nivel nacional tendo en conta a importancia e calidade dos autores que se achegaron ao evento. Coméntase que destacou a participación activa nas actividades e sobre todo no taller do cómic dirixido aos máis pequenos. Dise que explicou que a intención dende a concellería era dar a coñecer a banda deseñada e que o cómic se considere unha arte. Graña tamén agradeceu a colaboración dos catro autores participantes e os artistas que acudiron ao evento fóra do cartel.

Ramos, Alberto, "A luz dun faro nas augas do 'cómic book", *Xornal de Galicia*, "*Xe! Que calor!*", "De viñetas", "Crónica", 12 agosto 2009, pp.18-19.

Explica a visita guiada que realiza o comisario Jaume Vaquer (principal coleccionista de cómics en España) á exposición "Guionistas Americanos", da que é responsábel, a cal se pode ver no Palexco coruñes dentro do programa do Salón do Cómic. Indica que o percorrido se divide en once pasos, once viñetas onde se ilustra a evolución da banda deseñada norteamericana. Fala de cada apartado, describindo brevemente o que se trata en cada un dos chanzos históricos. Apunta que na mostra se queren resaltar os escritores da banda deseñada que nunca foron recoñecidos e a importancia do cómic.

Ramos Gutiérrez, Carla, "Amor, palabra infinita,...", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "*Bule Bule*", "O recuncho dos lectores", 11-17 xuño 2009, p. 29.

Ademais de describir nunhas liñas a antoloxía *Poétizate* (2006), de Fran Alonso, acóllense nesta sección unha serie de composicións poéticas do alumnado do segundo curso da ESO do Colexio Possumus de Vigo. É o caso de "Amor, palabra infinita,...", de Carla Ramos Gutiérrez.

Reboiro, X. A., "A biblioteca municipal recibiu 5.000 novos libros dende 2004", *La Región*, "O Ribeiro", "Ribadavia", 10 outubro 2009, p. 17.

Informa sobre a inauguración da nova sala infantil da Biblioteca Pública de Ribadavia. Dise que se contou coa presenza de Kiko da Silva, ilustrador do mural que decora a sala, e do concelleiro Anxo Collarte, quen destaca o traballo que está a realizar o persoal da biblioteca para que todo sexa posíbel. Coméntase que o acto foi seguido dunha sesión de contacontos titulada "A bruxiña sen vasoira", e que tamén se presentou unha nova sala dedicada a información xeral, material audiovisual, banda deseñada de cómics, así como dúas cabinas para ordenadores, todo está adaptado aos usuarios. Sinala que a biblioteca recibiu cinco mil novos libros dende o ano 2004.

Requeixo, Armando, "Nadal de palabras", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 565, "Libros"/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 601, "Páxina literaria", 27 decembro 2009, p. 5.

Dá conta do auxe das publicacións pertencentes ao eido da Literatura Infantil e Xuvenil. Destaca especialmente *A historia do gran de millo*, de Xavier Mugardos e Brais Fernandes Álvares, pola súa trama naturalista e incardinada na paisaxe; a noveliña curta *Andanzas de Xan Farrapeiro*, de Ramón Caride Ogando, que recrea unha "aventura de superación e aprendizaxe persoal"; a peza de teatro *O maquinista Antón*, de An Alfaya, que escenifica a mestura do fantástico e o real; *Do A ao Z con... Rosalía*, de Ana María Fernández; e *Do A ao Z con... Pondal*, de Xoán Babarro, que achegan os clásicos aos rapaces; *Valados*, de Agustín Fernández Paz, unha "historia chea de matices solidarios e reivindicativos"; e *Chamádeme Simbad*, de Francisco Castro, todas elas saídas ao prelo en 2009.

Rey, J., "Queda desierto el concurso para escolares 'Que é para ti o Valedor?", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", p. 29/*El Progreso*, "Galicia", p. 27, 12 xuño 2009.

Infórmase de que queda deserto, ao non presentarse ningún traballo, o concurso de cómics para escolares ¿Qué é para ti o Valedor do Pobo?, convocado co motivo do cumprimento do vinte e cinco aniversario desta institución.

Rey Souto, Verónica, "Eu vin como marchaba...", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "*Bule Bule*", "O recuncho dos lectores", 11-17 xuño 2009, p. 29.

Ademais de describir nunhas liñas a antoloxía *Poétizate* (2006), de Fran Alonso, acóllense nesta sección unha serie de composicións poéticas do alumnado do segundo curso da ESO do Colexio Possumus de Vigo. É o caso de "Eu vin como marchaba...", de Verónica Rey Souto.

Rial, S. G., "La galiña azul se come la galescola", *La Voz de Galicia*, "Galicia", "Galicia Hoy", "Crónica", 28 agosto 2009, p.12.

Coméntanse as modificacións que as escolas infantís galegas están a experimentar actualmente: antes, "Galescolas" e agora, "A Galiña Azul", froito dos cambios políticos que están a acontecer en Galicia. Explícase que cos exemplos das escolas de Laracha e Zas-Soneira amósanse esas modificacións: carteis, simboloxías….que agora mudaron a favor da "Galiña Azul", inspirada no conto homónimo de Carlos Casares. Achégase ademais a imaxe dos novos carteis e placas e reprodúcense as palabras dos alcaldes de ambos os municipios sobre esta noticia.

Rivas Fariñas, Manuel, "Santiago será no 2010 capital da literatura infantil e xuvenil", *La Voz de Galicia*, "*A Voz do IES Maruxa Mallo*", "Sociedade e Cultura", 17 xuño 2009, p. 10.

Anúnciase a celebración, que se producirá en setembro de 2010, do trixésimo segundo congreso do IBBY (International Board on Books for Young People), que se centrará nas literaturas de linguas e culturas minoritarias como a galega feitas para a xente nova. Coméntase que o IBBY leva anos preocupándose por facilitarlles a lectura a nenos con discapacidade polo que se creará o Centro IBBY das Literaturas Infantís e Xuvenís da Diversidade Cultural en Santiago. Sinálanse algunhas actividades programadas para o congreso, así como algúns dos seus participantes e organizadores.

Roca, María , "Docampo recibe o recoñecemento de "un dos pais" da literatura xuvenil", *El Progreso*, "A Chaira", 25 outubro 2009, p. 15.

Fálase dun cuarto Hectómetro Literario co que conta O Paseo dos Soños de Vigo que foi dedicado ao escritor chairego Xabier P. Docampo, recoñecido como un dos pais da literatura xuvenil moderna. Explícase que en dito Hectómetro hai unha escultura de ferro na que se reflicte "A árbore dos contos e dos soños", obra de Valdi, na que se citan obras de Docampo e na que se poden plasmar os contos e os soños de cada un. Apúntase que varios escritores e amigos como Fina Casalderrey, Xosé Cobas, Mercedes Queixas, Agustín Fernández Paz (protagonista do terceiro Hectómetro Literario) e Antía Otero, participaron nunha táboa redonda na que se destacaron aspectos da obra de Docampo. Recóllese que se trataron aspectos coma o paso dos contos tradicionais a outros relatos fóra de doutrinas moralistas que fixo o escritor, a linguaxe que emprega nos seus libros e a forza expresiva que transmite.

Rodil, A., "El ilustrador Daniel Xove imparte un taller de pintura esta tarde en Escairón", *El Progreso*, "Ribeira Sacra", "O Saviñao", 3 agosto 2009, p. 10.

Comenta a celebración dun taller de pintura a cargo do ilustrador de *Vouvos Papar*, Daniel Xove, en Escairón. Precisa que na iniciativa poderá participar a nenez entre oito e doce anos. Dise que a iniciativa se desenvolve no marco das festas patronais e dentro da campaña xa iniciada o ano anterior pola Consellería de Cultura e Deporte para crear unha rede de bibliotecas ilustradas. Remata indicando que tras o taller se inaugurarán varias obras de Daniel Xove realizadas para o centro do Saviñao.

Rodríguez, Ana, "Viñetas desde o Atlántico abrirá de nuevo sus puertas del 10 al 16 de agosto", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y Cultura", 18 maio 2009, p. 8.

Dáse noticia da data en que se celebrará o encontro de banda deseñada "Viñetas desde o Atlántico", comandado por Miguelanxo Prado e Carlos Portela e coméntanse as exposicións e actividades que se fixeron na edición de 2008.

Rodríguez, Susana, "Best sellers lucenses", *El Progreso*, "*Revista*", "Lucenses", "Escritores", 26 decembro 2009, pp. 2-3.

Comenta o panorama literario dos escritores lucenses considerados *best sellers* e confróntao ao éxito do novo formato de lectura en *ebook* ou libro electrónico. Sinala as

opinións de dous escritores merecentes do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, Agustín Fernández Paz e Xabier Puente Docampo, sobre este novo soporte de lectura. Nun epígrafe intitulado "Crisis" desenvolve os comentarios ao respecto de Santiago Jaureguizar, Marta Rivera de la Cruz, Marisa Núñez, autora de *A cebra Camila* (2000), e Luisa Castro. Acompaña ao escrito unha listaxe de lecturas recomendadas, galegas, nacionais e internacionais, dos escritores anteditos, así Agustín Fernández Paz recomenda *Sol de inverno*, de Rosa Aneiros e *Monbars o exterminador*, de Hixinio Puentes; Xabier P. Docampo, *Lúa de Senegal*, de Agustín Fernández Paz e *Sol de inverno*, de Rosa Aneiros; Luisa Castro, *Estúrdiga materia*, de Luis González Tosar e a obra poética de Luz Pozo; Santiago Jaureguizar, *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz, *Unha historia que non vou contar*, de Xosé Cid Cabido e Marisa Núñez, *Caderno de animalista*, de Antón Fortes e *Made in Galiza*, de Sechu Sende.

Romero, Javier, "Un poema de la gallega Pura Vázquez será lectura escolar en EEUU", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 8 setembro 2009, p. 42.

Dáse conta que un poema da escritora e mestra ourensá Pura Vázquez, que leva por título "Caracol" será incluído nos libros de texto de cuarto grao das escolas de EUA Dise que a editorial Pearson, a maior do mundo, a través do seu departamento educativo, se puxo en contacto coa Deputación de Ourense, herdeira da biblioteca e obra persoal da autora, para solicitar a cesión dos dereitos sobre o poema. Indícase que se fai unha primeira edición de cincuenta mil exemplares e que tamén aparecerá noutros soportes de formato dixital. Trátase así, segundo a propia Deputación di, dunha boa maneira de difusión do nome e obra da autora. Coméntase tamén que a editorial española El Aleph Editores quere incluír catro poemas da autora, "Deja que duerma", "En tus ojos" e "Noche" publicados en *Columpio de luna y sol* (1951) e "A dormir" (*Rondas de norte a sur*, 1968), nun volume coordinado por Carme Riera.

Romero, Santiago, "En la meca del cómic", *La Opinión*, 5 xullo 2009, contracuberta.

Coméntase que Xurxo Penalta debuxou superheroes dende a infancia pero nunca pensou en dedicarse ao cómic até que o seu máster en Estudos Visuais en Minneapolis lle descubriu que era unha grande industria. Sinálase que, despois de facer algunha cousa para o mercado americano e de presentar un traballo no Saló do Còmic, deu o gran salto e Marvel pediulle tres páxinas de proba sobre Veneno, o malo de Spiderman. Afírmase que superou a proba e Marvel lle encargou unha historia de nove páxinas na que interpreta a D-Man, un antigo superheroe dos anos oitenta. Infórmase de que esa primeira proba para Marvel entusiasmou ao guionista Zeb Well co que ten varios proxectos entre mans, entre o que destaca o personaxe dos noventa Sleepwalker. Finalmente, opínase que Penalta é un expoñente dunha xeración de debuxantes galegos que están a ter un grande éxito no mercado internacional do cómic.

Rozados, Lara, "Dúas semanas de amor e libros", *A Nosa Terra*, n.º 1.345, "Cultura", 5-11 febreiro 2009, p. 38.

Fálase da décima edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, no que o tema central é o amor e o país convidado Portugal. Faise un repaso das actividades xa celebradas e das que acontecerán nos seguintes días: conferencias, exposicións, actuacións musicais, contacontos, obradoiros, visitas guiadas, etc. Finalmente, dise que a escritora homenaxeada é Fina Casalderrey e que haberá unha mostra que repase a súa traxectoria literaria, na que destacan libros coma: *Dúas bágoas por máquina* (1991) e *O misterio dos fillos de Lúa* (1996).

Rozados, Lara, "Kukas, trinta anos de marionetas", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "Magazine", 26 marzo-1 abril 2009, pp. 44-45.

Faise un percorrido pola historia da compañía de monicreques Kukas. Os seus fundadores lembran que as súas primeiras funcións nos anos oitenta celebrábanse na rúa e en festas e romarías, que nos noventa comezaron a traballar máis en teatros e salas e con outro público e con novas técnicas. Recolle que opinan que é un arte que abrangue todo: artes plásticas, escénicas, música, literatura, etc. e que permite un distanciamento que dá marxe a facer cousas máis doadamente, como a crítica social. Tamén cren que as condicións cambiaron moito xa que agora hai máis apoio institucional para as infraestruturas e que hai festivais e un panorama bastante estábel. Afirma que Kukas tamén é artesán de marionetas e que están a preparar unha obra sobre temas sociais, centrada na Idade Media e outra sobre o consumismo. Finalmente, comenta que a grande ilusión da compañía sería contar cun centro de documentación e investigación da marioneta en Santiago e unha editorial para publicar os textos teatrais, pero tamén ensaios e estudos sobre o tema.

Salgado, Daniel, "A historieta galega á intemperie", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 8 maio 2009, pp. 6-7.

Coméntase que a banda deseñada galega acode como convidada ao Saló del Còmic de Barcelona entre as gabanzas á súa potencialidade creativa e as eivas debidas á ausencia dunha industria editorial asentada. Recóllense as diferentes opinións de autores de cómic galegos e de fóra, como o responsábel do Saló, sobre o que supón este Saló para a banda deseñada galega. Tamén tratan outros temas como se hai unha xeración de debuxantes en Galicia cun estilo semellante ou, se pola contra, conta con debuxantes con estilos moi diferentes e que as cifras de socios da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, comparadas con outras comunidades, dan conta desa vizosidade.

Sánchez, Olalla, "El Festiclown hará sonreír a Vigo", *La Voz de Galicia*, "*Fugas*", "D niños", "Para asistir en familia", 24 xullo 2009, p. 7.

Anuncia o comezo en Vigo dunha nova edición do Festiclown que se asentará na cidade olívica dende os días 27 de xullo até o 1 de agosto, e ofrecerá espectáculos para os maiores en horario nocturno e un dedicado especialmente aos máis cativos, *Isto non é Walt Disney*, durante a xornada do sábado día 1, con funcións como *Mágia, que casualidad* e *El Gran Show de la Bandita Alegre*. Indica que as rúas da cidade tamén acollerán dous espectáculos máis: Maraclown, con máis de cen números por distintos

puntos do casco urbano, e o Certame Intergaláctico de Exterior, funcións na rúa que son valoradas polo público.

Santamarta, Rubén, "Ahora disfruto más con las historias largas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 297, "Cómic", 17 xaneiro 2009, p. 14.

Coméntase que o debuxante David Rubín en 2005 publicou o seu primeiro tebeo titulado *El circo del desaliento* e que, a partir dese momento, traballou moito e agora é Premio do Saló de Barcelona e presidente de Polaqia. Sinálase que o primeiro premio nacional do tebeo, Max, prologoulle *Caderno de Tormentas* (2008), a súa primeira novela gráfica longa, moi colorista, que consta de vinte relatos en sesenta páxinas. Afírmase que está a preparar a súa segunda película en 3D e que está triunfando en Estados Unidos porque coloreou unha cuberta para a editorial DC, vai editar a súa primeira historia e ten un guión para debuxar destinado aos lectores americanos.

Santamarta, Rubén, "El relevo, por si hace falta, está preparado", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "Cómic", 18 abril 2009, pp. 8-9.

Opínase que ao principio só facían cómics Miguelanxo Prado, Julio Das Pastoras e Fran Jaraba, aos que só seguiron uns poucos ao principio, pero dende hai uns dez anos arredor dun centenar de debuxantes, entre os vinte e os trinta e cinco anos, que tomaron o relevo xeracional. Coméntase que esta nova xeración se buscou a vida pero tivo varias cousas a favor: un certo camiño xa andado polos seus precursores, o escaparate dos encontros internacionais, as novas tecnoloxías e, sobre todo, plataformas para publicar como os colectivos BD Banda e Polaqia. Sinálase que algúns deles están triunfando no mercado estadounidense grazas ao seu tesón e talento e, finalmente, recóllese un resumo da traxectoria de oito dos novos valores do tebeo en Galicia: Martín Romero, David Amoedo, Jacobo Fernández, Emma Ríos, Antonio Seijas, Álex Cal, José Domingo e Xurxo Penalta.

Santamarta, Rubén, "Viñetas desde la heterodoxia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 325, "Cómic", 8 agosto 2009, p. 8.

Infórmase da chegada de Viñetas, o salón do cómic, que terá lugar na cidade da Coruña dende os días 10 ao 16 de agosto cunha asistencia dunhas setenta mil persoas e con doce exposicións programadas e corenta e seis firmas para a feira. Indícase que, como novidade, Carlos Portela fala da falta dunha corrente clara, dun fío condutor que axude a mergullarse nesta duodécima edición. Precísase que haberá "mercado en tódolos xéneros" con "autores clásicos e renovadores" e que a presenza de autores galegos será notábel xa que asistirán como convidados Enma Ríos, Álex Cal e Mariano Casas (Premio Castelao 2009), ademais doutros creadores non galegos e autores clásicos. En varios á parte recóllense entrevistas a Enma Ríos, Álex Cal e Mariano Casas.

Santamarta, Rubén, "Historia del tebeo europeo en seis manos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 3.327, "Cómic", 22 agosto 2009, pp. 8-9.

Infórmase do encontro de tres grandes do cómic: o italiano Giardino, o francés Juillard e o galego Miguelanxo Prado no décimo segundo festival do cómic "Viñetas dende o Atlántico" que dirixe o propio Miguelanxo Prado. Lémbrase que estes tres mestres forman parte de xeracións distintas pero que teñen en común a sinxeleza nas viñetas e o temperamento das historias. Recóllense opinións dos tres debuxantes, nas que comentan o difícil mundo do cómic na actualidade debido á gran produción, falan tamén dos seus proxectos e da admiración que se teñen os tres entre sí; tamén se informa dunha proposta que os tres aceptan que é a de retratarse uns aos outros. No á parte "El magisterio del lápiz frente a la precisión del ordenador" Prado cualifica de "magnífica" a edición de 2009 de "Viñetas" grazas á variedade de propostas que se levaron a cabo: cómic americano, tebeo europeo e algúns novos creadores. Indícase que nas "Viñetas" tamén se citaron creadores que comezaran a súa obra en internet, como ocorre co vigués Álex Cal. Ademais acóllense á partes sobre André Juillard, Miguelanxo Prado e Vittorio Giardino que se acompañan do retrato que se fixeron entre sí. No á parte dedicado o Prado e titulado "Del 'fanzine' al cine, de Galicia a EE.UU., en veinte años de excelencia", destácase que Prado se iniciou nas revistas semiprofesionais dos anos 80 (*Cimoc* e *El Jueves*, entre outras) e que se achegou ao cine con *De profundis*, experiencia audiovisual que comezara no Xabarín da TVG e que desenvolvera en *Men in Black*, en EUA Explícase que o seu debuxo se caracteriza por ter "un aire difuminado" e que perfeccionou a *retranca* no texto e nos personaxes. Remata indicando que os seus últimos traballos son *La mansión de los Pampín* e *Papeles dispersos*.

Santorun, Marcela, "Tempo de BD", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 304, "Banda deseñada", 15 outubro 2009, p. II/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 254, "Cómic galego", 17 outubro 2009, p. 7.

Infórmase da chegada a Bruxelas, cidade do cómic, da mostra "Galicia 2009, Tempo de Banda deseñada" que recolle os últimos dez anos de actividades da BD galega, e indícase que coincide co ano do cómic da cidade e co festival de BD de Bruxelas. Lémbrase que a mostra reúne corenta e tres ilustradores galegos contemporáneos. Remárcanse os diferentes matices que alí se mostran así como a historia dos autores, que van dende novas promesas a artistas de longa traxectoria: así, destácanse entre os novos a Diego Blanco, Brais Rodríguez e Alberto Vázquez; como recoñecidos a Miguelanxo Prado, Julio Martínez e Pepe Carreiro; e ao inaugurador do xénero da banda deseñada en Galicia, Xaquín Marín. Lémbrase que o proxecto está documentado cun catálogo editado pola Asociación Galega de Profesións da ilustración e publicado pola Xunta de Galicia. Infórmase de editoriais e revistas como Frente Comixario e *Golfiño*, *Xofre* e sinálase no que se centra cada unha destas publicacións. Dáse conta de figuras femininas que destacan na BD galega: Emma Ríos e Vannesa Durán, entre outras indicacións sobre as traxectorias que desenvolven todos os artistas de banda deseñada galegos que refire.

Silva, R. e O. **Ucha**, "Os poucos títulos de cómic en galego non consolidan o sector", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Análise", 16 novembro 2009, p. 52.

Comeza apuntando que a banda deseñada en Galicia leva escalando posicións dende hai anos para alcanzar recoñecemento e que se ben é certo que autores como Miguelanxo

Prado e Kiko Dasilva son recoñecidos internacionalmente no cómic galego aínda non. Recóllense opinións de diversos editores en relación co cómic galego. Así, Gemma Sesar, directora de El Patito (primeira editorial galega especializada no cómic) opina que se consume pouco cómic en galego porque se ten a oportunidade de elixir se prefire o castelán. Pola súa parte, Santiago Navia, dono da tenda A Gata Tola, cre que o problema se debe a que a canle é pequena e en consecuencia se editan poucos títulos ao ano. Carlos Portela, subdirector da feira "Viñetas do Atlántico", nega estas afirmacións e di que o xénero en galego non se comercializa peor mais que é menor o espazo para esta linguaxe se editan menos títulos que en castelán, aínda que revistas como *Retranca* e *Barsowia* contribúen a asentar o mercado do cómic en galego. Como solución, Sesar achega a idea de recuperar persoal galego que está empregado noutros países, e Portela propón mellorar o sistema de préstamos nas bibliotecas e as axudas ás editoriais para que estas creen lectores e coleccións de autores galegos.

Santos, Ágatha de, "El libro infantil gallego, un valor en alza", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 2 abril 2009, p. 41.

Afírmase que a literatura infantil e xuvenil en Galicia é un valor en alza porque, segundo a Asociación Galega de Editores, cada vez se publican máis obras, de maior calidade e máis diversas. Pero tamén se cre que hai outros motivos como unha canteira de creadores con recoñecemento, a presenza das editoriais galegas nas feiras internacionais, a calidade do produto (polo que tres obras galegas foron incluídas na listaxe Liber 2008) e proxectos como a edición en diferentes linguas.

Santos, Ágatha de, "Un autor gallego, en la élite cultural", *Faro de Vigo*, 24 xuño 2009, contracuberta.

Faise referencia aos galardoados cos Premios Nacionais de Cultura 2008, entre os cales se destaca ao escritor vilalbés Agustín Fernández Paz, que foi premiado na categoría de Literatura Infantil e Xuvenil polo libro *O único que queda é o amor* (2007). Este declarou que os premios dan visibilidade aos libros pero que o maior premio para el e o máis gratificante é o lectorado.

Sariego, Víctor, "O amor, eixo do Salón do Libro Infantil", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 23 xaneiro 2009, p. 36.

Infórmase de que o X Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra ten como tema principal o amor, polo que inspirará mostras e exposicións, e que xira arredor das novas tecnoloxías da información e a literatura portuguesa. Adiántanse algunhas actividades como obradoiros, exposicións, conferencias, teatro, contacontos, concertos, etc.

Sariego, Víctor, "Princesas en Pontevedra. O amor, tema do Salón do Libro Infantil e Xuvenil", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 2 febreiro 2009, p. 59.

Dáse noticia de que o día anterior se abriu o X Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, no que o amor é o tema principal polo que todas as exposicións e mostras

xiran en torno a el. Coméntase que nesta edición hai varias novidades como exposicións e obradoiros de artistas portugueses, monográficos de banda deseñada e unha semana máis de duración de exposicións e actividades. Adiántanse as actividades programadas para ese mesmo día e, finalmente, recóllense unha pequena biografía e as palabras da escritora homenaxeada Fina Casalderrey sobre o evento.

S. E., "Las letras a pie de calle", *La Región*, "Ciudad", 1 xuño 2009, p. 10.

Dá conta da inauguración da vinte e cinco edición da Feira do Libro de Ourense. Comenta que este ano hai moitas novidades editoriais, principalmente na literatura infantil, e destaca que o pregón correu a cargo do escritor Ramón Caride Ogando quen comentou que Ourense era unha "terra de moitos libros e escritores" e lembrou a Marcos Valcárcel.

Sinllán, Marta de, "El lápiz que ve la vida pasar", *El Progreso*, "*Revista*", "Arte", 4 xullo 2009, p. 20.

Coméntase que o debuxante Primitivo Marcos xa lía tebeos e debuxaba na súa infancia. Sinálase que sempre utilizou unha técnica clásica nas que emprega tinta chinesa, acuarela, *gouache* e, ultimamente, a informática, e que só recorre á cor circunstancialmente, xa que opina que o branco e negro son suficientes para captar a esencia da historia. Dáse conta de que ilustra tanto poesía romántica como libros de antropoloxía, contos contemporáneos como cómics históricos; iso si, admite a súa predilección por trazar costumes, ritos e lendas de antano cun acabado "artesanal".

Souto, Suso, "En la Semana das Letras habrá té, country y recital multilingüe", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 abril 2009, p. 33.

Reprodúcese unha pequena entrevista na que a directora do Instituto de Educación Secundaria Número 1 de Ribeira fala das actividades que hai programadas para a Semana das Letras e na que, ademais do alumnado do centro, participan os alumnos do bacharelato de adultos, os da Escola Oficial de Idiomas e os profesores e pais do alumnado que o desexen. Destácanse actividades como conferencias, actuacións musicais, obradoiros, recitais multilingües, xogos, etc.

Sueiro, Marcos, "Un conto con música que tamén é para os maiores", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 21 setembro 2009, p. 52.

Anúnciase a publicación do novo proxecto do cantautor Magín Blanco titulado *A nena e o grilo*, que contou co apoio de diferentes colaboradores tales como Uxía Senlles, Uxía Pedreira e Gaudí Galego, ademais do escultor e ilustrador Iván Prieto. Explica que con este proxecto preténdese achegar a maxia dos contos e a música ás diferentes localidades de Galicia partindo de Santiago e destinándose a todo tipo de público.

Taboada, Esther, "La editorial gallega BD Banda gana dos premios en el Salón de Barcelona", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 maio 2009, p. 56.

Coméntase que a editorial galega BD Banda gañou dous premios no Salón Internacional del Cómic de Barcelona xa que o premio á mellor obra de 2008 foi para o álbum *As serpes cegas*, de Felipe Hernández Cava, gañador do premio ao mellor guión de 2008, e Bartolomé Seguí. Sinálase que Galicia é a comunidade convidada polo que presentou máis de cen obras e expuxo dúas mostras e que na inauguración do expositor galego anunciouse un programa de cinco bolsas dirixidas aos creadores galegos. Finalmente, faise mención ao novo fanzine titulado *El catalizador* que reúne traballos de estudantes de instituto que están cursando a materia de galego en Cataluña e de estudantes galegos de catalán.

Taboada, Marisa, "Os contos do Camiño e os escolares", *El Correo Gallego*, "Año Santo 2010", 29 marzo 2009, p. 9.

Faise referencia á serie de animación audiovisual "Os Contos do camiño", que pretende que os máis pequenos identifiquen as rutas xacobeas como camiños de interculturalidade. Coméntase que a serie chega ás vinte e seis gravacións e inclúe sesións de contacontos, nos que se relatan contos de diferentes países, de plástica e audiovisuais; e que tamén se realiza en Portugal e Francia. Infórmase de que como remate da actividade os cativos farán oito cadernos, un por ruta, nos que deixarán a súa pegada.

Táboas, Jacobo, "El fomento de la lectura como referente", *Diario de Pontevedra*, "*Extraparroquias*", n.º 27. 517, "Especial Salcedo", 27 marzo 2009, p. 7.

Dáse noticia de que o Colexio de Educación Infantil e Primaria San Martiño de Salcedo foi galardoado en 2008 co Premio Nacional de Bibliotecas Escolares. Dise que o fomento da lectura é un dos aspectos máis coidados pola comunidade educativa; e, así, a biblioteca conta con seis mil volumes e unha zona multimedia con seis ordenadores. Coméntase que o centro tamén recibiu o Premio de Innovación Educativa, debido á súa programación anual de fomento de lectura, que consiste na visita de varios autores ao colexio, e o premio Abril, mes dos libros. Para rematar, sinálase que en abril o centro acolle a "Semana da lectura", cuxo tema principal é a pintura e na que os alumnos realizarán lecturas públicas de libros.

Tébar, Roma, "O son dos Axóuxeres chegou a Ponteareas", *Atlántico Diario*, "Área metropolitana", "Condado Lourina", 19 abril 2009, p. 18.

Coméntase que o día anterior se celebrou en Ponteareas un encontro de Axóuxeres para que vinte e cinco nenas e nenos de cero a cinco anos, acompañados de seus pais, gozasen dun espectáculo interactivo no que, durante unha hora, se xogou coa música, coas palabras e cos cinco sentidos dos nenos.

Toro, Suso de, "Baila, bailarín, baila...", *A Nosa Terra*, n.º 1.384, "*Bule Bule*", "Xogos populares", 3-9 decembro 2009, p. 23.

Reprodúcese neste suplemento o "Texto do manifesto do Día do Peón", escrito e lido polo escritor Suso de Toro.

Ucha, Olaia, "Galicia celebra hoxe o Día do Libro Infantil e Xuvenil", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 2 abril 2009, p. 69.

Dáse noticia de que ese mesmo día se celebrou o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Coméntase que en 2008 aumentaron as ventas de literatura infantil e xuvenil case o dobre que o total do sector do libro. Sinálase que Galicia, en 2008, converteuse na quinta comunidade autónoma que máis produción editorial ten.

Ucha, Olaia, "Compostela será capital da literatura infantil en 2010", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 10 setembro 2009, p. 78.

Comenta a elección de Santiago de Compostela como sede do XXXII congreso de International Board on Books for Young People (IBBY) para o ano 2010 que se ha celebrar entre o 8 e o 12 de setembro. Explica que baixo o lema "A forza das minorías" organizaranse un gran número de actividades como mesas redondas, encontros profesionais, obradoiros, recitais poéticos, contacontos e exposicións e que se entregarán as Medallas Hans Christian Andersen por primeira vez en Galicia. Así mesmo amosa as reaccións da presidenta da Organización Española para el Libro Infantil (OEPLI) e do comisario do congreso, Mª Jesús Gil e Xosé A. Neira Cruz, respectivamente, que destacan as posibilidades de promoción que se presentan para a nosa literatura infantil e para a mesma capital galega, dada a internacionalidade do evento.

Varela, Lara, "O Salón do Libro Infantil de Pontevedra evocará o amor", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 23 xaneiro 2009, p. 7.

Dáse noticia da presentación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, que nesta décima edición está centrado no tema do amor e no que a homenaxeada é a escritora Fina Casalderrey. Sinálase que Portugal é o país convidado polo que haberá unha mostra de ilustradores portugueses, como por exemplo, Bernardo Carvalho. Coméntase que o monográfico está centrado na banda deseñada e no que participan Max ou Pasqual Ferry. Finalmente afírmase que haberá música, obradoiros de banda deseñada, teatro, charlas, mesas redondas e exposicións.

Varela, Lara, "Marín atrapa el hilo de la memoria", *El País*, "*Galicia*", 3 abril 2009, p. 16.

Faise mención da presentación en Marín do libro *A nosa memoria* (2009), editado por Kalandraka e Factoría K, no que se recolle o folclore infantil dos anos corenta. Sinálase

o libro contén fotografías antigas e un CD de melodías, coordinadas por Pablo Díaz. Coméntase que contan con material gardado para facer un segundo volume para adultos

Vázquez, Sara, "El cómic gallego promete en Barcelona", *La Opinión*, "Cultura", 28 maio 2009, p. 53.

Infórmase de que Galicia opta a sete candidaturas no vixésimo sétimo Saló del Còmic de Barcelona (Ficomic), ademais de ser a comunidade convidada. Sinálase que Alberto Vázquez e Brais Rodríguez optan co único número que existe de *Condorito muerto* (o cal surxiu dunha viaxe a Bolivia e do que probabelmente non haxa máis números) ao premio ao mellor fanzine, candidatura que comparte con *Carne líquida*, que naceu en 2002 e na que tamén traballa Rodríguez xunto a Roque Romero. Coméntase que David Rubín, ademais de deseñar o cartel nesta edición do Ficomic, está nominado ao galardón ao mellor debuxo de autor español por *Caderno de Tormentas* (2008). Dise que o colectivo BD Banda acapara tres candidaturas e fálase das exposicións que haberá.

V. B., "El camino hacia la lectura de los más pequeños", *La Opinión*, "Eume", 24 outubro 2009, p. 23.

Indícase que o CEIP Couceiro Freijomil celebrou a apertura da súa nova biblioteca, chamada Xardín do Pasatempo. Explícase que dita inauguración coindiciu coa clausura dunhas xornadas dedicadas a conmemorar o primeiro aniversario da morte do poeta, narrador e ensaísta Ramiro Fonte. Precísase que a inauguración da biblioteca estivo guiada por Güino (a mascota amarela do colexio) e por Alexandre Caínzos, bibliotecario municipal e amigo íntimo do finado, quen lle recordou á rapazada que o nome da sala fai honra ao falecido escritor eumés Ramiro Fonte e animou a que se achegasen ao seu legado. Apúntase que Caínzos tamén quixo recordar aos presentes a necesidade de ampliar a biblioteca municipal, que podería levar o nome de Ramiro.

Vecino, Coco, "Regalos y más regalos", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Gente a diario", "Xente do Morrazo", 17 xaneiro 2009, p. 10.

Coméntase que a escritora Olalla González contou á nenez de Marín a historia de *Garavanciño* (2008), que lle narraba súa avoa e que retocou e recolleu nun libro ilustrado por Marc Taeger e que regalou a cada neno que participou no acto.

Vecino, Coco, "El Concello regala libros en gallego para reforzar el uso de la lengua", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 27 febreiro 2009, p. 15.

Destácase que o Concello de Marín pon en marcha unha iniciativa para incitar os nenos e nenas á lectura en galego na que todos os nacidos en 2005 que estean empadroados en Marín recibirán un exemplar do libro *Garavanciño* (2008), escrito por Olalla González e ilustrado por Marc Taeger. Tamén se fai referencia a outras iniciativas como a Feira Multicultural, na que se repartiu material variado en torno ás letras galegas, a publicación do libro *A nosa memoria* e cursos de galego a funcionarios e comerciantes.

Vecino, Coco, "Pequeños escritores locales en la Feira", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo, "Historias da contra", 2 maio 2009, contracuberta.

Coméntase que na Feira do Libro se repartiron lotes de libros, aos quince rapaces de Marín que gañaron a XIV edición do concurso literario "Canteira de valores". Sinálase que dos premiados, só dous relatos foron os elexidos para ser lidos polas súas autoras ante o público asistente.

Vecino, Coco, "El artista Marc Taeger dirige hoy un taller de ilustraciones para niños", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 21 novembro 2009, p. 3.

Informa que a vila de Marín conta cunha libraría-xoguetería onde o ilustrador Marc Taeger ofrecerá un taller dirixido á nenez onde realizará creacións a partir de historias como *A verdadeira historia de Carapuchiña*, *Aquiles o puntiño* e *Garavanciño*. Explica que ademais se ofrecerán sesións de contacontos, álbums ilustrados, entre outras actividades pensadas para os máis novos. Remata achegando unhas pinceladas do labor de Marc Taeger.

Vilas, Gonzalo, "Tempo de peóns, buxainas, trompos...", *A Nosa Terra*, n.º 1.384, "*Bule Bule*", "Xogos populares", 3-9 decembro 2009, p. 23.

Reprodúcense nesta sección varios refráns relacionados con xogos tradicionais e apropiados para o mes de novembro, así como unha poesía de Antón Cortizas intitulada "Pións e buxainas,...".

Vilasoa, P., "Lugares máis reais que a ficción", *Xornal de Galicia*, "*Exit*", n.º 18, "Portada", "A viaxe ficticia", 10 abril 2009, pp. 2-3.

Insírese neste suplemento unha reportaxe en cómic sobre os lugares de ficción máis coñecidos, caso de Springfield, o escenario da serie televisiva "Os Simpson", entre outros.

Villar, C., "Neira Vilas: 'Eu non miro o calendario; eu conto os anos segundo me sinto", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 marzo 2009, p. 35.

Dáse conta da homenaxe que se lle fixo ao escritor Xosé Neira Vilas con motivo do seu octoxésimo aniversario, destacando a autoría de *Memorias dun neno labrego* (1961) na súa traxectoria literaria. Infórmase de que o homenaxeado destacou no seu discurso o seu vínculo coa lingua polo que di que durante corenta e tres anos non escribiu ningún libro que non fose en galego, xa que no exilio o galego era "coma unha bandeira de loita, coma unha identidade necesaria nun mundo moi cosmopolita". Sinálase que na homenaxe estreouse o documental de Pablo Iglesias sobre o escritor, titulado "X. N. V. Memorias dun emigrante".

Villarino, Elena, "Fina Casalderrey recibe a loubanza de nenos, maestros e centos de lectores", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 8 febreiro 2009, p. 69.

Fálase da homenaxe que recibiu a escritora Fina Casalderrey no X Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Coméntase que os nenos foron os protagonistas nesta homenaxe, xa que lle recitaron algúns poemas; ao igual que o escritor Antonio García Teijeiro que rimou con destreza o abecedario para dedicar cada unha das letras a un adxectivo atribuído á autora.

X. M. C., "Un poema de Pura Vázquez fue seleccionado para las escuelas de Estados Unidos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 8 setembro 2009, p. 36.

Sinálase que o poema "Caracol" de Pura Vázquez vai ser incluído pola editorial Pearson no seu programa de lectura para o cuarto grao das escolas de EUA, tras velo no libro *Poesía española para niños*, da editorial Alfaguara. Tamén se indica que outra editorial española, El Aleph Editores, inclúe catro poemas da autora ourensá nun libro coordinado por Carmen Riera que leva por título *El libro de las nanas*.

Yáñez, Beni, "O debuxante David Buceta impartirá un taller de cómic na capital arousá", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "Obradoiro", 30 agosto 2009, p. 29.

Faise eco do comezo o 1 de setembro dun obradoiro de cómic en Vilagarcía de Arousa impartido polo debuxante vilagarcián David Buceta, que expón, como motivación para o seu traballo, a súa propia experiencia insatisfactoria como alumno deste tipo de cursos. Na primeira parte do artigo indícase o carácter iniciático do obradoiro, aberto a todas as idades, para seguir na segunda columna coa explicación dos contidos e a estruturación do ensino. O texto remata referíndose á produción máis actual do debuxante centrada na publicación do fanzine "Sinónimos de Lucro", do que se indica que acaba de presentarse e que é un traballo do colectivo homónimo formado por autores mozos da banda deseñada.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Fidalgo Santamariña, X. Antón, Xosé Manuel **Cid Fernández**, Mariló e Xulio **Fernández Senra** (coords.), *Patrimonio Etnográfico Galego II. Segundo Congreso de Patrimonio 'O patrimonio no século XXI', no centenario de Xaquín Lorenzo (Actas do Congreso)*, Ourense: Universidade de Vigo/Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo/Deputación Provincial de Ourense/Nova Escola Galega, 2009, 202 pp. (ISBN: 978-84-691-8835-4). ◆

Despois de se publicar en 2004 as actas do I.º Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego publícase neste volume as actas do II.º Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego, que tivo lugar en Ourense entre os días 23 e 28 de abril de 2008 no centenario de Xaquín Lourenzo "Xocas". O presente volume ábrese cunha Presentación, asinada polos coordinadores da obra, na que falan do traballo levado a cabo en Galicia por diversas asociacións na conservación do patrimonio etnográfico. A seguir están os relatorios de todos os participantes neste congreso que aparecen xebrados en catro apartados: "Fundamentación teórica", "Análise de manifestacións concretas do Patrimonio Galego", "Depositarios da memoria viva" e mais "Proxectos de estado e dinamización socioeducativa do patrimonio". Dáse conta dos seis artigos vencellados coa literatura galega que aparecen dentro deste volume e que están os catro primeiros dentro do apartado "Depositarios da memoria viva", e os dous últimos en "Proxectos de estado e dinamización socioeducativa do patrimonio":

- Luís Martínez-Risco Daviña, "As Casas Museo: importancia das fundacións de autor", pp. 97-98.

Reflexiona sobre a importancia da necesidade dunhas Fundacións de Autor alleas de concepcións mercantilistas. Despois describe o que se está a facer na Fundación Vicente Risco, destacando a escaseza de recursos e o non apoio das entidades bancarias e que resaltando que convocan dous premios: o "Vicente Risco de Ciencias Sociais" e mais o "Risco de Creación Literaria". Finalmente indica que en <www.fundacionvicenterisco.com> se pode atopar abondosa información sobre a Fundación Vicente Risco e material sobre Vicente e Antón Risco.

- Helena Villar Janeiro, "As Casas Museo: Rosalía, Murguía e a casa da Matanza", pp. 99-101.

Comenta a historia da fundación do Padroado Rosalía de Castro que rematou coa creación da Fundación Rosalía de Castro e coa Casa-Museo de Rosalía de Castro, que é cualificado como un espazo simbólico de Galicia. Indícase que entre os servizos desta fundación están o de conservar a memoria de Rosalía de Castro, albergar o "Centro de

Estudos Rosalianos", promover os estudos sobre Rosalía e recibir ao alumnado para as visitas a este museo.

- Susana Reboreda Morillo, "A Fundación Otero Pedrayo", pp. 103-107.

Descríbese a contorna física na que está a Fundación Otero Pedrayo, na Casa Grande de Otero Pedrayo en Trasalba, no concello ourensán de Amoeiro, así como a casa en si co apoio dun abondoso apoio de fotográfico. Descríbense as actividades que se realizan neste museo, que recibe sobre unhas 4.500 persoas por ano, e entre elas sobresaen os actos institucionais, as publicacións e mais o Premio Trasalba. Finalmente indícanse os principais datos de interese deste museo: enderezo, accesos, páxina web ou réxime e horarios de visita.

- Antonio Piñeiro, "As Casas Museo: proposta para o centenario dun poeta Curros Enríquez 1908-2008", pp. 109-118.

Fala da relación entre o concello de Celanova, a Fundación Curros Enríquez e mais do Consello da Cultura Galega na celebración do centenario de Curros e a seguir faise unha relación cronolóxica do programa de actos que terán lugar en 2008 co gallo deste centenario e que comezaron en 2007 coa publicación, por parte da Fundación Curros Enríquez, dunha *Guía literaria de Celanova*.

- Iván Area Carracedo e Pablo Carpintero, "O Proxecto RONSEL: unha iniciativa para o coñecemento e posta en valor do patrimonio inmaterial", pp. 125-128.

Faise unha aproximación ao Proxecto RONSEL que naceu en maio de 2007 co fin de realizar un inventario do patrimonio cultural inmaterial galego, salvagardalo e poñelo en valor. Sublíñase que este proxecto xorde grazas á colaboración das tres universidades de Galicia xunto coas consellarías de Cultura e Deporte, Innovación e Industria e mais do Medio Rural. Realízanse unhas breves reflexións sobre o concepto de patrimonio inmaterial para posteriormente describir algunhas das súas actividades como a creación dun portal web cunha biblioteca virtual e con documentación gráfica e sonora.

- Xosé Fernández Fernández, "O patrimonio educativo na obra de Xaquín Lorenzo Fernández", pp. 179-192.

Comeza realizando un repaso á vida de Xaquín Lorenzo Xocas onde se destaca que foi un home formado no ideal galeguista e mais que viviu a etapa máis escura do franquismo. A seguir detense na faceta máis didáctica de Xocas, xa que vía no patrimonio da cultura popular de Galicia a fonte de saber e un excelente instrumento didáctico, e mais no seu labor de recolleita dos xogos populares das crianzas así como de recolledor de palabras, preocupado pola normativización do idioma galego.

Recensións:

- Paco Veiga García, "Patrimonio etnográfico galego II", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 43, "Recensións", abril 2009, p. 190.

Fálase da publicación do libro que recolle as actas do Congreso de Patrimonio que celebrou o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo en colaboración coa Universidade de Vigo e a Nova Escola Galega. Dise que a edición está moi coidada e dividida en dous bloques: o primeiro inclúe unha temática variada que ten como fío condutor a cultura popular; o segundo bloque recolle as quince intervencións que varios "especialistas nos máis variados campos da cultura popular" realizaron no Congreso. Conclúese que a obra provoca "sentimentos contraditorios" no lector porque por unha banda é unha "enciclopedia do saber tradicional" e, por outra, presenta interrogantes sobre o sentido destes saberes.

Foxo, Xosé Lois, *Músicas do Caurel*, *Cantares da Serra (vol. III)*, Lugo: Gráficas Lar, 2009, 404 pp. Contén 4 CD's e 1 DVD. (D.L.: LU-176-2009). ◆

Terceiro volume da serie "Músicas do Caurel", iniciada en 1998. Esta recompilación de Xosé Lois Foxo (Romeor, Folgoso do Courel, 1950) ábrese cunha "Presentación", na que destaca a figura de Elvira Touzón Quiroga, grazas a quen se recolleron cento trinta e seis cantares que se presentan no volume, e outros informadores que fixeron posíbel esta recompilación de músicas das Serras do Courel. Céntrase tamén en resaltar a outros colectivos artísticos do lugar, así como a escritores relevantes que dedicaron versos ás devanditas terras, como Uxío Novoneyra, María Mariño, Ánxel Fole, Xesús Galán ou Xesús Manuel Marcos, entre outros. Comenta ademais como se estruturou a recollida do material ("a transcripción", "estilo e funcionalidá", ...), ao tempo que contextualiza as formas de vida nas que naceron e viviron estes cantares populares. A seguir, atópase un texto asinado por Ricardo Loray Aira, no que se louvan o Courel e o traballo de Foxo Rivas, artífice do volume. O criterio clasificatorio das cantigas é de carácter temático e compónse dos seguintes apartados: "Coplas de Cego" (a través dunhas páxinas facsímilares), "Cantares Varios", "Cantares de Amor", "Cantares Antroponímicos", "Cantares de Animales", "Cantares Toponímicos", "Cantares de Oficios", "Cantares de Bouza, Rondas e Parrafeos", "Romances, Historias, Crimes e Casos", "Cantares da Milicia", "Brindos e Loias", "Cantares de Reis e Nadal", "Cantares de Seitura", "Cantares Relixiosos", "Poemas, Contos, Pullas e Oraciois" e "Instrumentales". En cada división temática, recóllense as partituras da música, xunto coa letra (agás na maioría dos cantares do apartado último), e infórmase da persoa que recolleu a cantiga. Entre as páxinas, aparecen tamén imaxes dos arredores do lugar e as súas xentes, fotografías antigas ou actuais, así como de momentos de celebración das xornadas do "Filandón de Músicas do Caurel". Engádese unha "Conclusión", que remata cunha historia que lle escoitou a "Ofelia Ferreiro da Ferreiría de Savane" e que se reproduce co título de "Conto da pastora Sabeliña". Logo duns "Agradecementos", dáse unha "Relación de Melodías" e outra de "Informantes", para posteriormente achegar alfabeticamente un "Índice audiovisual", no que se fornecen os títulos das melodías e os seus correspondentes informantes, ademais de indicar o CD no que se incluén as cantigas e a duración do tempo de cada unha delas. Nos 4 CD's inclúense un total de trescentos corenta e tres audios e acompáñanse dun DVD, no que se poden ver e escoitar algúns dos informantes dos diversos lugares da Serra (Vilela, Carballal e Ferreirós, entre outros) que colaboraron no devandito proxecto. O volume presenta no remate os logos de tres institucións: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura/Escola de Gaitas do Courel/Escola Provincial de Gaitas. Deputación de Ourense

Recensións:

- Xesús Mato, "Xosé Lois Foxo Rivas. *Músicas do Caurel, Cantares da Serra (vol. III)*", *Lvcensia. Miscelánea de cultura e investigación*, n.º 39, Vol. XIX, "Libros", 2009, pp. 399-400.

Cualifica a obra de Xosé Lois Foxo Rivas de "rico volume III" e realiza unha breve descrición dos engadidos, a respecto dos anteriores volumes. Sinala que "mantén e mellora" a clasificación das cancións e apunta ademais que é de "fermosa e coidada impresión", froito dun "labor longo, díficil e meticuloso".

Gude Méndez, Xosé Mª, *Mitos e lendas de Tomiño*, Tomiño: Concello de Tomiño. Concellaría de Cultura, Educación e Participación Veciñal, 2009, 102 pp. (DL: Vg-587-2009) ◆

Xosé Gude Méndez (Serois, Ourense, 1951), tras inserir unha serie de dedicatorias, achega na introdución unhas breves nocións sobre a literatura de transmisión oral que deixou pegada nas lendas e contos, concretamente na zona de Tomiño. A recompilación divídese en cinco apartados acompañados pola inicial miniada da palabra: "O Imaxinario", "A mina de ouro e a mina de Alcatrán", "O Tardo", "A Santa Compaña", "Contos populares" e, por último, "Premiados no I Certame de Contos e Lendas Ramón Piñeiro do Concello de Tomiño". "O Imaxinario" alberga lendas sobre castigos, coma a "Virxe de Grixó" ou "O cruceiro", milagres coma "A fonte do cruceiro de Grixó, "O castelo de Outeiro"; feitos extraordinarios, "A rapaza do castelo de Outeiro", "A gota", "O castelo de Tebra", "O cervo neto do rei", "O ouro da garita", "O castelo de Goián"; sobre meigallos ou mouros, "A casa dos mouros", "Os mouros", "A pedra longa", "O castelo subterráneo de San Salvador" ou "A lenda da fontiña nova". No seguinte apartado, "A mina de ouro e a mina de Alcatrán", recóllense aquelas lendas nas que a dicotomía entre o ben e o mal domina a historia. Se a elección é correcta, todo sairá ben, senón será unha desgraza. De tal xeito, abunda o achado correcto dos tesouros ("A pedra moura" ou "O penedo do Pazo"), ou a elección entre dúas portas, por exemplo, "O castelo de Amorín". "O Tardo", nome que provén da saída de certos seres, adopta aquí diversas variantes, así como remedios que se deben realizar para que fuxan. As formas poden ser un cabalo, un neno, un home de branco, un cepo, un carneiro, un burro... A continuación, tras ofrecer unhas breves nocións, caracteres e remedios sobre a Santa Compaña, reproduce dezaoito casos da mesma e tres sobre aparecidos. En canto aos "Contos populares", alberga diversos exemplos revestidos de humor, repeticións, superación de probas, números máxicos, conversión en animais quen protagonizan algúns deles. Finalmente, contén os relatos premiados no I Certame de Contos e Lendas Ramón Piñeiro do Concello de Tomiño: "Os tomiñeses quedan sen primavera", de Antía Encisa González (8 anos); "Os elementos e a viaxe a Tomiño de Sara", de Alexia Castiñeira Ruza (8 anos); "Problema no pobo dos avós", de Lorena Álvarez Rodríguez (8 anos); "A cova da ninfa", de Sara López Álvarez (8 anos); "O bosque da mala sorte", de Víctor Rodríguez Lomba (8 anos); e "Unha lenda diabólica", de Tamara Alonso Pereira (17 anos).

Neira Pereira, Henrique, *Santiago de Gres e arredores*. *Historia e cultura dunha parroquia entre o Ulla e o Deza*, Sada: Fundación Xosé Neira Vilas, 2009, 155 pp. (DL: C-924-2009). ◆

Ver apartado V.1. Monografías deste *Informe*.

Novo, Isidro e Antonio **Reigosa** (coords.), *Actas das II Xornadas de literatura oral. O mito que fascina: do lobo ao lobishome*, Vigo: Asociación de Escritores de Lingua Galega, "Escrita contemporánea, M", 2009, 162 pp. Contén DVD. (DL: VG- 1293-2005). ◆

Volume M da revista *Escrita Contemporánea* que recolle as intervencións das II^{as} xornadas de literatura de tradición oral, organizadas pola AELG e apoiadas pola Área de Cultura da Deputación de Lugo, celebradas en Lugo en outono de 2009 sobre a figura do lobo, así como textos desta temática recompilados da tradición oral e os relatorios e mesas redondas, co que se pretende, en liña coa UNESCO, salvagardar o patrimonio cultural inmaterial. Despois da introdución do Vicepresidente da Deputación de Lugo, da "Presentación" do Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e do "Limiar" dos coordinadores destas xornadas, recóllense os seguintes traballos de interese para a literatura galega:

- Xavier P. Docampo, "Que vén o lobo!", pp. 13-24.

Tras unha cita da Égloga VIII, de Virxilio, Docampo fala sobre a literatura como fixación dos mitos e trata este concepto como forma de cohesión do grupo social. A seguir, reflexiona sobre a figura do lobo literario como metáfora do ser humano, presente dende Plauto, Thomas Hobbes e Hermann Hesse. Despois céntrase no lobo como personaxe literario, principalmente na figura arquetípica do lobishome ou licántropo, dando exemplos dende a literatura grecolatina, con Licaión nas *Metamorfosis*, de Ovidio; Íspese no *Satiricón*, de Petronio, até o conto de "A morte de Arturo", de Thomas Mallory e a historia de Rutilio e a loba inserida en *Persiles*, de Cervantes. Continúa referindo que a partir de finais do século XVI, entre 1520 e 1630, houbo unha abundancia de literatura ensaística e médica sobre a licantropía, nomeando obras nas que se explica cientificamente este fenómeno. Sinala que no século XIX a obra que inicia o xénero foi *Hughes the Wer-Wolf: A Kentish Legend of the Middle Ages* (1838), de Sutherland Menzies, e que a obra fundacional da moderna literature licantrópica foi *Home lobo en París* (1933), de Guy Endore, na que aparece a loita do individuo por controlar os seus instintos animais e a visión da dualidade. Tamén nomea outros autores que trataron esta temática como foron Rudyard Kipling, Stephen King ou Angela Carter. Achégase ao seu tratamento na literatura xuvenil, dende a literatura inglesa con *Prince Caspian* (1951), de C. S. Lewis; pasando por *Harry Potter e o prisioneiro de Azkaban* (1999), de J. K. Rowling até *New Moon* (2006), *Eclipse* (2007) e *Amencer* (2008), de Stephanie Meyer. Na literatura galega nomea, pola súa calidade literaria, *Pel de lobo* (2002), de Xosé Miranda; *O Laboratorio do doutor Nogueira* (1998), o conto "Noites de lúa chea" de *Contos por palabras* (1991) e *Un caso de licantropía*, de Agustín Fernández Paz; e a reescritura do caso de *Romasanta. Memorias incertas do home lobo* (2004), de Alfredo Conde. Con respecto a Ánxel Fole considera que a presenza do lobo na súa obra é un elemento da natureza que se comporta de acordo cos seus instintos naturais, como acontece no conto "¡Lobos te coman!" incluído

en *Historias que ninguén cre* (1981). En relación coa literatura de tradición oral, comenta que a figura do lobo compite co raposo, refuxiándose na literatura culta ou escrita, nomeando dende o caso das versións de Perrault de 1967 e dos irmáns Grimm de 1812 de "Carapuchiña vermella" e salientando ademais deste "Os sete cabritiños" e "Os tres porquiños" dos que comenta as diferenzas entre as distintas versións. Do primeiro destaca a súa universalidade e a forma canónica n'*Os contos de Mamá Oca* (1697), de Charles Perrault, comentando as diferenzas entre as versións de Perrault e os Grima, sobre todo o final coa aparición do cazador e o cambio de parábola sexual a historia familiar e edificante. Do segundo comenta que se remonta ás fábulas de Fedro e que a versión de 1812 dos Grimm é a que trata dun lobo burlado na súa astucia por varias veces. Do terceiro salienta a importancia do tema da fame e a competición de habelencia e astucia, ademais de ser un manual de ética da construción. Por último divide a produción literaria entre os que tratan o lobo negativamente e os do "lobito bueno".

- Antonio Reigosa, Xavier P. Docampo e Antxon Gomez Lorente, "O lobo, o mito que fascina", pp. 51-59.

Mesa redonda na que se diferencia o lobo como personaxe literario e como mito da tradición, producíndose unha retroalimentación que fai do mito a fonte da literatura. Tamén se comenta a visión positiva do lobo como tótem que daba forza e sabedoría noutras culturas, como os indios de Canadá, a diferenza da visión negativa estendida dende o Neolítico co proceso de domesticación dos animais; a competición en astucia entre o lobo e o raposo na contística tradicional; a cristianización do mito nun conto recollido en Abadín no ano 1992; e a demonización do lobo na relixión xudeo-cristiá. Tamén se salienta a importancia das figuras das lobismulleres na contística galega, convertidas debido á súa transgresión das normas paternas; as crenzas sobre os costumes alimenticios do lobo; a aparición das lendas urbanas sobre este animal; o seu carácter dual e arquetípico presente en diferentes mitoloxías e a dubidosa influencia da lúa sobre o lobo na tradición oral.

- Alberte Reboreda, "Espazos lupinos de Galicia: os foxos do lobo", pp. 61-112.

Ofrécese unha dimensión culturas do lobo na cultura popular galega dende a Idade Media até a actualidade, estudando as súas características anatómicas, alimenticias, reprodutivas, a súa simboloxía, a toponimia e antroponimias, as crenzas, as batidas e as distintas tipoloxías dos foxos que se conservan. Tamén se analiza este animal como símbolo do caos, da ausencia de civilización, presente no relato mítico da creación de Roma, no relato do lobo Fenris dos países nórdicos ou en boa parte de narracións populares moralizantes que se popularizaron dende a Idade Media como Carapuchiña vermella, onde o lobo é sinónimo de ameaza. Coméntase que a condición lupina da muller indica unha masculinización do seu comportamento, caso da bandoleira Pepa a loba e a Raíña Lupa, ademais de ameaza para o varón en canto que devora homes. No caso da presenza do lobo no sistema narrativo galego, noméase as obras *O lobo da xente*, de Vicente Risco, na que se reinterpretaron as lendas e tradicións populares, integrando no corpus literario culto a lenda do lobo e o licántropo; *Lobos, lobas e lobishomes* (1995), de X. Ramón Mariño Ferro, un libro-compendio que trata sobre contos de lobos na literatura popular galega; a novela *Pepa A Loba* (2006), de Carlos G. Reigosa, sobre a historia desta bandoleira; e *Contos de lobos* (1985) e *Á lus do candil* (1953), de Ánxel Fole, nos que se evidencia a relación do lobo cos labregos. Tamén se

recollen os heterónimos, locucións, cantigas, adiviñas, refráns e as crenzas sobre o lobo na cultura tradicional.

- José Luis Garrosa Gude, "Unha inquietante presenza: lobos e lobishomes no imaxinario galego e universal", pp. 113-143.

Saliéntase a importante carga mítica e as implicacións culturais do lobo que o converten en protagonista de múltiples contos e lendas e cun papel relevante no imaxinario colectivo, ao simbolizar as forzas do mal e do salvaxe. Analízase a dualidade presente entre o lobo e o can e a presenza do lobo na cultura tradicional galega, que permite afirmar a universalidade dos tópicos e dos motivos da literatura de transmisión oral. Así en primeiro lugar, estúdase as súas orixes míticas como un ser maligno na mitoloxía vasca, xermánica, galega e portuguesa, ofrecendo como exemplificación fragmentos de relatos orais. Despois indícanse o tabú de non nomear ao lobo polo medo que inspiraba, apuntando os distintos heterónimos deste animal; as súas capacidades sobrenaturais demoníacas, recollidas no *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), e os seus paralelismos noutras culturas. A continuación estúdase a figura do licántropo na mitoloxía clásica (Heródoto, Plinio O Vello, Petronio), na mitoloxía escandinava (Saga dos Volsungos) e na galega, ofrecendo as coincidencias e diferencias e fragmentos narrativos exemplificadores. No caso da mitoloxía galega, ofrécense as características do lobishome ou lobo da xente, transformado predominantemente debido ás maldicións paternas, recollendo diferentes lendas. Conclúese que a figura do home lobo é unha figura mítica atractiva e fascinante que se exportou ás Américas. Tamén se comenta a figura dos pastores, capitáns de lobos e santos lobeiros, entendidos como seres humanos animalizados e denominados peeiro dos lobos, ofrecendo datos deles recollidos en lendas tradicionais. No caso dos santos, saliéntase en Galicia a historia de San Froilán, o caso de San Francisco de Asís. A seguir analízanse os elementos simbólicos do lobo recollidos na simboloxía nazi. Por último, coméntanse as lendas urbanas ou contemporáneas sobre este animal, relacionadas con supostas actuacións de grupos ecoloxistas para a conservación e repoboación de especies perigosas.

Péchase o volume con tres anexos: no primeiro, "Historias do lobo" (pp. 153-156), recompílanse algunhas lendas e contos recollidos polo alumnado para a exposición "O lobo, unha carreira por sobrevivir", mentres que no segundo, "Biografías relatores" (pp. 157-160), e no terceiro "Biografías dos coordinadores/moderadores" (pp. 161-162) expóñense breves nocións da vida e obra de José Luis Garrosa Gude, Antxon Gómez Lorente, Xabier P. Docampo, Alberte Reboreda, Isidro Novo e Antonio Reigosa. Débese salientar que todos os traballos se ilustran con debuxos no encabezado que acompañan o contido, así como notas ao pé aclaratorias.

Quintáns Suárez, Manuel, *Cancioneiro de Celanova e outros cancioneiros*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2009, 318 pp. (ISBN: 978-84-92792-26-9).

Recompilación de Manuel Quintáns Suárez (Santa Comba, 1931) na que se reúnen e clasifican as cantigas e coplas populares da comarca de Celanova, grazas ao labor de colleita durante moitos anos do profesor Manolo Castro Mera, xunto aos seus alumnos de varios institutos. Trátase dun total de dúas mil setenta cantareas, clasificadas segundo a súa temática, como por exemplo: "da muller", "do home", "do amor", "dos parentes", "dos desafíos", "dos lugares", "das profesións", "da relixión", "da política", etc.

Inclúese o lugar de recolleita, o concello, a parroquia e o lugar. Tamén fai algunha anotación a pé de páxina sobre vocabulario. A introdución explica as circunstancias da investigación, as eivas deducidas do tipo de recolleita e a razón da clasificación. Inclúe un índice final das publicacións da editorial.

Quintáns Suárez, Manuel, *O noso refraneiro (I) Estudo e clasificación temática* (ISBN: 978-84-7824-581-9)/*O noso refraneiro* (II) *do Fisterra galego e de Celanova*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Estudos e Investigacións, 2009, 211/223 pp. (ISBN vol. 1: 978-84-7824-581-9//ISBN vol. 2: 978-84-7824-582-6 (v.2)// ISBN da obra completa: 978-84-7824-580-2). ■

Edición de dous volumes a cargo de Manuel Quintáns Suárez (Santa Comba, 1931) que recibiu axuda da Consellería de Cultura e Deporte. Ábrese o primeiro cun "Preámbulo", no que ademais de presentar, en liñas xerais, a súa metodoloxía de estudo da cultura popular galega, sinala que esta edición é "dalgún xeito" a terceira aparición da obra *Refraneiro do Fisterra Galego*, publicado entre 1994 e 1995 nas páxinas de *El Correo Gallego,* así como do *Refraneiro Galego*, que viu a luz en 1992 na colección da Biblioteca 114 de *El Correo Gallego*, ademais do *Refraneiro de Celanova*, realizado por Manolo Castro Mera. Este volume está composto de dúas partes. A primeira, baixo o título "O refrán na cultura popular de tradición oral", achégase teoricamente ao concepto de "cultura popular" co fin de "delimitar a verdadeira identidade deste xénero literario no seu propio contexto e situación". Da mesma maneira, hai unha reflexión sobre a "literatura de autor" fronte á "literatura popular", o significado do refrán e o seu cáracter "aparentemente contraditorio" e sobre os refraneiros particulares ou locais, en repertorios concretos dunha comunidade humana. A segunda parte realiza unha "hipótese de clasificación e ordenación temática" do refraneiro galego, na perspectiva de Valerii Mokienko, investigador e autor de *Fraseoloxía Eslava*. Así pois, achégase ao concepto de refrán ou termos afíns ("dito", "proverbio", "frase proverbial",...) e, considerando en todo momento o traballo antedito, centra a atención na contradicción "estabilidade/inestabilidade", na antinomía "implicidade/explicidade" e no fenómeno de "implicidade/explicidade" das unidades fraseolóxicas, para precisar as fontes coas que obter unha interpretación "máis satisfactoria, completa e rigorosa" do refrán galego. Na maioría dos casos, as reflexións van acompañadas de exemplos e textos representativos do ámbito popular. Para rematar, inclúe unha proposta de clasificación temática a partir dun número determinado de exemplos en dous apéndices distintos do traballo visto no *Refraneiro do Fisterra Galego.* Xustifica a renuncia a admitir "todos os xéneros", ao considerar que o conto, a adiviña ou a cantarea poden figurar como "conxuntos de identidade propia". Achega finalmente unha serie de conclusións, nas que se sinala que puxo máis atención ao "significado da clasificación temática que ao rigor da forma do refrán" e que se preferiu ter "só en conta a pertenza do fraseoloxismo en discusión á comunidade xeográfica e cultural" de cada refraneiro. Baixo estas premisas, ábrese o segundo volume, dividido en dúas partes. A primeira, recolle o refraneiro do Fisterra galego e a segunda, de Celanova. En total, son máis de catro mil refráns e o seu criterio temático de clasificación é: "O outro mundo" (Deus, os santos, as crenzas,...), "O tempo", "Familia/Parentes", "Os veciños"/ "Os alleos", "Labores", "A alimentación", "A saúde", "A convivencia", "Valores", "Virtudes", Vicios", "Os lugares". Ao final do refraneiro do fisterra galego hai dous apéndices: un para "Remedios: Esconxuros" e outro baixo o título "Cancioneiro de Lugares" (selección feita a partir do *Cancioneiro do Fisterra Galego*, publicado polo autor en 2000). A segunda parte é o refraneiro de

Celanova, que contén o mesmo criterio clasificatorio que a primeira e engade outro máis, o de "Oficios/profesións". Cada un dos ditos populares contén ademais información sobre a súa orixe xeográfica.

Recensións:

- Armando Requeixo, "Oratura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 314, "Libros", 24 decembro 2009, p. VI.

Aplaude a edición deste libro do que se subliña que con el se cobre un espazo moi importante da oratoria galega. Indica que nos dous volumes deste ensaio se realiza un suxestivo estudo e clasificación temática do refraneiro galego e con respecto ao seu autor salienta o seu traballo como compilador e analista da literatura galega de tradición oral.

Referencias varias:

- V. Oliveira, "A retranca do espontáneo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 novembro 2009, p. 36.

Afirma que neste libro Manuel Quintáns indaga no significado de catro mil refráns galegos recollidos na provincia da Coruña e na de Ourense, concretamente nas Terras de Celanova, A Limia, Allariz, Castro Caldelas e mais Viana do Bolo. Tamén se indica que estes refráns representan un universo cultural que está en perigo de desaparición e que un refrán en si non significa nada, ou significa moito, fóra da correspondente situación de fala.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura* ", n.º 309, "Libros", 19 novembro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 260, "Letras galegas", 28 novembro 2009, p. 7.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir varias obras do sistema literario galego, caso d'*O noso refraneiro (I)* e *(II)*, de Manuel Quintáns Suárez, entre outras.

- Manuel Vidal Villaverde, "Paremioloxía e adversidade", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Tempo lizgairo", 29 novembro 2009, p. 5.

Reflexiona sobre diferentes refrán e ditos co gallo da lectura deste volume e detalla que os refráns son unha fórmula aceda e defensiva do pobo contra a opresión.

Ripalda, Xosé Lois, *O país dos mil ríos. Cultura fluvial en Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Guías Galaxia, xaneiro 2010, 144 pp. (ISBN: 978-84-7154-256-4).

Volume ilustrado con fotografías, debuxos e mapas, formado por catro apartados. No primeiro deles realízase unha descrición xeográfica das principais cuncas fluviais galegas, no segundo faise unha descrición da paisaxe e fauna que habita os ríos galegos,

do patrimonio arquitectónico que podemos atopar ao seu carón, destácanse algunhas rutas de sendeirismo e relátanse algunhas lendas relacionadas coas pontes dalgúns ríos. O terceiro apartado, intitulado "As palabras dos ríos", está vinculado coa literatura oral, e nel recóllense lendas, cantigas e contos que xiran ao redor dos ríos. Tamén se reproducen extractos de poemas de autores galegos como Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez, Manuel María e Nicomedes Pastor Díaz, dunha cantiga que Xohan Zorro dedica aos ríos galegos e menciónanse e coméntanse poemas que autores como César Antonio Molina, Francisco X. Naval e Manuel María lles teñen dedicados tamén a algún río. Asemade, reprodúcese o "Himno ao río Lérez", de Luís de la Riega, e recóllense refráns, ditos, adiviñas e crenzas relacionadas cos ríos. Remátase o volume cun último apartado co que se pretende concienciar sobre a necesidade da preservación da riqueza dos ríos galegos, achegándose algunhas das claves para alcanzar este obxectivo.

Ros, Rosa María (ed.), *Contos de estrelas*, prólogo da autora, Vigo: Universidade de Vigo/CSIC, novembro 2009, 39 pp. (ISBN: 978-84-606-4979-3).◆

Conxunto de catorce contos co que se conmemora o Ano Internacional da Astronomía 2009 e co que se procura que os nenos, de entre catro e dez anos, teñan un primeiro contacto co Universo e gocen da astronomía. Estes contos foron recollidos e reelaborados por varios autores a partir de lendas e historias sobre o Universo de diferentes países e culturas do mundo, tal e como explica a editora, Rosa María Ros, no prólogo. Engade que con este libro se pretende que os nenos galegos se acheguen a historias doutras culturas autóctonas que constitúen os valores de toda a humanidade "rica e diversa". Ao carón de cada conto, atópase unha breve e sinxela explicación sobre diferentes temas relacionados coa astronomía, explicacións que se deben tamén a Rosa María Ros. Asemade, os contos veñen acompañados das ilustracións de María Vidal . O libro tamén ven acompañado por un CD intitulado "Coplas das estrelas", xunto cun libriño coas letras, que alberga dez temas, na súa maioría de música tradicional galega, aínda que tamén se inclúe a cantiga de Santa María número cen de Alfonso X OSabio, con arranxos musicais de Quico Comesaña e outras dúas composicións orixinais. Os temas musicais interprétanos diferentes artistas solistas e grupos como Adonaire e Berrogüetto. Destaca tamén que esta publicación conta co financiamento da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o CSIC (Consejo Superior de Investigaciones Científicas), a Universidade de Vigo e UNAWE. Os contos recollidos son os seguintes:

- Ana Ulla Miguel, "Recompensas e castigos divinos", pp. 12-13.

Pártese dun conto tradicional galego para a elaboración desta breve historia protagonizada por San Pedro e Deus, na que se explica o porqué do aspecto marxado da Lúa.

- Germán Puerta Restrepo, "O soño dos deuses", pp. 14-15.

Conto breve, baseado nun relato do altiplano andino, que trata sobre a creación da vida e do Universo.

- Antonio Claret dos Santos, "A lenda de Yacana", pp. 16- 17.

Breve conto, baseado en historias incas, sobre o seu animal sagrado a llama, que eles chaman Yacama e que está representado polas manchas negras do ceo.

- Llorenç Puig Mayolas, "O xigante Orión", pp. 18-19.

Conto breve, baseado na historia mitolóxica grega de Orión, no que se narra como este e mais as Pléiades conseguiron que Zeus os convertera en constelación e estrelas respectivamente.

- Abdelkader Oueslati- Naoufel Ben Maaouia, pp. 20-21.

Breve conto, baseado nun mito árabe do século X, sobre a historia de tres estrelas irmáns: Gomeisa, Sirius e Canopus.

- Antonio Claret dos Santos, "O conto das sete estrelas", pp. 22-23.

Conto breve, baseado nunha lenda Kaxinawá do Braisil, que trata sobre sete irmáns que se converten en estrelas.

- Paola Capponi, "Hércules, o neno más forte e valete", pp. 24-25.

Breve narración inspirada na mitoloxía grega e romana na que se resume a historia de Hércules.

- Jorge Arturo Colorado, "Os ollos de santa Lucía", pp. 26-27.

Cóntase a historia de Santa Lucía na tradición cristiá de Centroamérica e explícase que segundo esta tradición dúas estrelas da constelación de Tauro coñécense como os ollos de Santa Lucía.

- Max Finger Bou- Sergio López Borgoñoz, "Algol, o diaño do ceo", pp. 28-29.

Conto breve, baseado nunha lenda árabe, que trata sobre un neno, Mohamed, que gusta de contemplar as estrelas, sobre todo a súa favorita, Algol, porque é cambiante.

- Germán Puerta Restrepo, "Historias de estrelas errantes", pp. 30-31.

Conto breve, baseado na mitoloxía inca, no que se definen as cinco estrelas errantes chamadas Pichcaconqui: Chaca, Pirua, Catuilla, Haucha e Aucayoc.

- Marcos Carías- María Cristina Pineda de Carías, " O Sol e a Lúa", pp. 32-33.

Breve conto inspirado nas historias do Quiché no que se narra como dous irmáns Hunahpú e Ixbalanqué, tras pasar moitas probas, conseguiron vencer aos Señores de Xibalbá e converterse no Sol e na Lúa.

- Julieta Fierro Gossman, "Un coello dentro dunha vasilla", pp. 34-35.

Transmítese a importancia que para os mexicanos ten a Lúa e cómo estes interpretaban as variacións deste astro.

- Antonio Bernal González, "A vergoña da Lúa", pp. 36-37.

Conto breve, baseado na leda dos cubeos do Amazonas, que trata do romance entre a Terra e a Lúa.

-Marcos Carías, "O nacemento de Venus", pp. 38-39.

Pártese dun conto da tradición azteca para a elaboración desta breve historia na que se narra como un dos fillos do Bo Deus Creador Quetzalcoalt, Ce Acatl Topiltzin, se converteu no astro que agora se chama Venus.

Referencias varias:

- R. Suárez, "El CSIC presenta en Vigo un espectáculo de cuentos y copla 'de estrellas", *Atlántico Diario*, "Vigo", 21 novembro 2009, p. 7.

Anuncia a presentación da tradución ao galego de *Contos de estrelas* coordinado polo Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e formado por contos incas, da mitoloxía grega e lendas árabes, entre outros. Salienta que os catorce relatos van acompañados de breves explicacións astronómicas, xa que se trata dunha mestura de literatura e ciencia e que incorporou un conto galego recollido pola astrónoma viguesa Ana Ulla. Ademais, dá conta da presentación do disco "Coplas de estrelas" formado por dez temas, sete dos cales son coplas tradicionais galegas.

- S. Penelas, "Universidad y CSIC editan un libro y un disco de cuentos y coplas sobre estrellas", *Faro de Vigo*, "Vigo", 21 novembro 2009, p. 8.

Fala da presentación do libro *Contos de estrelas* e dun disco que recolle algunhas coplas populares. Engade que se trata dunha tradución ao galego do libro editado pola vicepresidenta da Unión Astronómica Internacional, Rosa María Ros, e que inclúe a peza "Recompensas e castigos divinos" recollida pola astrónoma Ana Ulla. Remata sinalando que a idea da obra, editada pola Universidade de Vigo e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), é mesturar a cultura científica e a humanística até o final.

Sainero, Ramón, *San Andrés de Teixido e as illas do Máis Alá*, trad. Amelia Piñeiro Santorun, Noia: Editorial Toxosoutos, Serie Keltia, n.º 43, 2009, 85 pp. (ISBN: 978-84-96673-85-4).

Ramón Sainero trae á memoria as orixes históricas e culturais de San Andrés de Teixido, en Cedeira, A Coruña. Estruturado ao redor de oito capítulos, presta atención aos aspectos etnográficos e lendarios do mosteiro de San Andrés de Teixido. O primeiro capítulo, "San Andrés de Teixido e o primitivo camiño solar", divídese en dúas seccións; a primeira actúa a xeito de introdución e sitúa o santuario no cabo Ortegal, en Cariño (A Coruña), ao tempo que sinala a existencia dun camiño que conducía as almas

dos defuntos ao Máis Alá da mitoloxía celta, mentres que a segunda se centra nas supostas illas do Máis Alá que cita a literatura clásica, como por exemplo Aristóteles, Plutarco, Plinio, Ptolomeo ou Homero, entre outros. O segundo capítulo, "A busca das illas do Máis Alá do occidente atlántico" refire, en dúas seccións, a cuestión da migración a tales illas, especialmente ás de Tánatos e Hibernia, comparando a primeira con Irlanda. No terceiro capítulo, "A ruta marítima das tumbas máxicas desde Escitia até Galicia e Irlanda: a porta do Máis Alá", desenvolve a cuestión da ruta homónima do seu título ao redor de cinco seccións. A primeira delas céntrase na ruta das tumbas megalíticas mediterráneas, construídas polos iberos. A segunda repara nas construcións megalíticas circulares ou "tholois" e a ruta solar mentres que na terceira se comentan os barcos do Máis Alá de Carnac, Francia, outra zona considerada como unha porta ao Máis Alá. Nas dúas últimas seccións descríbese a cuestión dos megálitos en San Andrés de Teixido e nas illas do norte de Irlanda como portas conducentes ao Máis Alá, xunto á das almas dos antigos poboadores das illas Aran, os Fir Bolg e os Tuatha de Danann. O cuarto capítulo, "O camiño solar nos relatos celtas: os Immrama", desenvolve a través de catro seccións o tema dos *Immrama* ou viaxes sobrenaturais polo mar en dirección ao Máis Alá levados a cabo por monxes irlandeses e galegos. Na primeira sección, distribuída á súa vez en dous apartados, describe as orixes dos *Immrama* nas tradicións clásica e irlandesa, prestando especial atención á primeira desas viaxes, realizada por Cessair -a neta de Noé- e máis o seu clan. Na segunda sección, dividida en seis apartados, refire os *Immrama* dos heroes celtas Mael Dúin, Uí Chorra, Osian, Bran, Ith, Etain e Cuchulainn ás illas do Máis Alá, como Avalon, Ierne e Tir na n'Óg e reproduce un fragmento da viaxe de Bran, traducido ao galego. A terceira sección, dividida en dous apartados, conta a viaxe do monxe irlandés San Brandán á illa de Brasil ou Hy-Brazil, mentres que na cuarta, dividida tamén en dous apartados, se trata a viaxe do monxe español San Amaro e o milagre acontecido ao tamén español abade Ero, con relación ao paraíso. O capítulo quinto, "Os seres do mundo invisíbel da illa de Tir Na Nog (Terra da Mocidade) e os Tuatha de Danann", dividido en tres seccións, fala dos chamados Fir Bolg, seres invisíbeis, xunto aos Tuatha de Danann ou seres de Dana, deusa da maxia, estabelecendo unha comparación cos teutóns e os *danaua* e prestando especial atención ao rito máxico de resurrección dos primeiros. No capítulo sexto, "Brigantia e o camiño solar do occidente atlántico", distribuído en tres seccións, trátase a chegada dos milesios españois ás costas irlandesas así como a descrición da illa efectuada por San Isidoro. No sétimo capítulo, "San Andrés de Teixido, Irlanda e as illas do Máis Alá", dividido en tres seccións, fálase da localización de Hibernia e Brigantia e do herdo galego neses pobos. O derradeiro capítulo, "O paraíso celta de Tir Na Nog cristianizado nas illas de Avalón, a illa dos santos de San Brandán e San Andrés de Teixido", describe, en tres seccións, o santuario de San Andrés, a zona de Glastonbury e a suposta existencia dunha illa da eterna xuventude. Pecha o volume unha selección bibliográfica.

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Santo Andrés de Teixido: entre a lenda e a fe", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 29 agosto 2009, p. 2.

Reflexiona sobre as crenzas cristiás e pagáns dos galegos para presentar a obra *San Andrés de Teixido e as illas do Máis Alá*, un ensaio elaborado por Ramón Sainero,

profesor de literatura celta e irlandesa e investigador que pescudou moito na orixe e evolución da lingua e literatura galega.

- Maruxa Gestoso Álvarez, "Cara ao Tir na Nog", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 299, "Libros", 10 setembro 2009, p. VI/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 250, 19 setembro 2009, p. 7.

Fai referencia ás crenzas e refráns sobre San Andrés de Teixido para falar da obra do filólogo e especialista en literatura celta e irlandesa Ramón Sainero que se titula *San Andrés de Teixido e as Illas do Máis Alá*. Comenta que no libro Sainero transporta o lector dende o santuario galego á illa de Irlanda, pasando pola Bretaña francesa e por distintos puntos do Atlántico para alcanzar a "Illa da felicidade onde descansan os mortos". Salienta que a obra articula distintas tradicións mitolóxicas (clásicas, celtas e cristiáns) co fin de debuxar unha liña entre elas e as "evidencias históricas das tumbas e monumentos funerarios megalíticos".

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 292, "Infantil/Xuvenil", 28 maio 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento na que se salienta da produción literaria galega máis recente *San Andrés de Teixido e as illas do Máis Alá*, de Ramón Sainero, entre outras obras.

- Ramón Loureiro, "San Andrés de Teixido, frente a las puertas del trasmundo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 xuño 2009, p. 59.

A raíz da publicación da monografía *San Andrés de Teixido e as Illas do Máis Alá* escrita por Ramón Sainero, Ramón Loureiro aproveita para falar da tradición que rodea o santuario, que, segundo Sainero, debía ser xa lugar de cultos relacionados coa marcha do sol miles de anos antes da chegada do cristianismo, posto que hai unha gran cantidade de túmulos megalíticos na zona. Tamén comenta que a mitoloxía celta segue presente no santuario.

Vizcaya, Rosa Benigna e Francisco A. **Vidal**, *Dos fastos ós festexos. Dos antigos mitos á relixiosidade galega*, Noia: Toxosoutos, col. Keltia, 2009, 237 pp. (ISBN: 978-84-92792-16-0).

Tras dunha presentación do arqueólogo e museólogo Felipe-Senén López Gómez, na que pon de relevo a importancia do "cantar e contar" na cultura popular galega, Rosa Benigna Vizcaya (Ribeira) e Francisco A. Vidal (Palmeira, Ribeira, 1957) ofrecen neste volume un percorrido polas festas que se celebran en Galicia. No capítulo titulado "¿En que cremos?", os autores realizan un amplo percorrido histórico polo significado das festas e celebracións, definitorias do carácter e dos costumes dos pobos. A seguir preséntanse capítulos denominados cos nomes dos meses, de "Decembro" a "Novembro", nun calendario que recoñecen inzado de fastos da Antigüidade (celebracións que proceden de antigos mitos, lendas e crenzas precristiás) e de festexos asociados ao cristianismo, aínda que moitos deles con fortes contidos pagáns, cuxa

conexión poñen de relevo. A estrutura de cada un dos capítulos é similar e os autores explican as distintas celebracións que teñen lugar en cadanseu mes. Así, refírense a festas como as de Todos os Santos, Fieis Defuntos, ao redor da esperanza da resurrección das almas e analizan a súa conexión co Samaín céltico, que celebraba a ruptura de fronteiras entre o Alén e o presente no comezo do inverno. Analizan tamén a vinculación existente entre as festividades cristiás e as celebracións doutros contextos culturais; como o Nadal, herdeiro das Saturnais romanas e do mitraísmo; ou a festividade da Virxe no mes de agosto, que relacionan coa deusa romana Ceres, protectora da agricultura. Inclúense en todos os casos cantigas, refráns, fórmulas, oracións, recitados e esconxuros relacionados coa sabedoría popular. O volume conclúe cun "Índice onomástico" que facilita a consulta e mais cunha "Bibliografía".

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Festexos, crenzas e lendas no universo das culturas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 31 outubro 2009, p. 2.

Reflexiona sobre o feito de que "todos os pobos e culturas tiveron e teñen os mitos como alicerces do seu pensamento e da experiencia relixiosa" co fin de presentar *Dos fastos ós festexos*, de Rosa Vizcaya Betanzos e Francisco A. Vidal. Considera que se trata dunha obra que achega ao lector a "vizosa experiencia da crenza e do pensamento a través do decurso mensual".

- Alfredo Iglesias Diéguez, "Mitos e relixión", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 260, "Letras Galegas", 28 novembro 2009, p. 6.

Afirma que o calendario da cristiandade está inzado de celebracións herdeiras dos mitos, lendas e crenzas precristiáns e destaca os vínculos entre as festividades cristiás coas festas célticas e recalca que todo isto se pode ver con claridade coa lectura deste volume editado por Toxosoutos.

VV. AA., *13 lúas*, Pontevedra/Santiago de Compostela: Asociación de Gaiteiros Galegos/Dirección Xeral de Creación de Difusión Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 2009, 62 pp. Contén CD e DVD. (ISBN: 978-84-612-9738-2). ◆

Libro acompañado dun CD e dun DVD que se abre cunha presentación, a modo de limiar, na que se define este proxecto como "traballo audiovisual" e "proposta de lecer" que, achegando material didáctico, dá a coñecer a tradición de medir o ciclo do ano baixo as trece lúas (cos correspondentes doce meses) "aplicando as novas tecnoloxías". Séguelle o apartado "Músicos '13 lúas", no que aparecen os músicos que colaboraron neste material audiovisual: Xosé Lois Romero Cajigal, Francisco Estévez "Chuco", Roi Alexandre Adrio, Xosé Manuel López "Josele", Brandán Lourenzo, Bruno Villamor, Oli Xiráldez e Luis Enrique Correa "Caruncho". O ciclo das lúas ábrese en marzo e péchase en febreiro segundo os antigos romanos. As letras das cancións, que informan ademais das diversas voces de nenos e nenas que colaboraron no proxecto, teñen en todos os casos os arranxos e a adaptación a cargo de Bernardo Martínez e recollen en verso as características que definen a cada mes do ano, que se acompañan de pequenos debuxos en branco e negro identificabéis para cada mes: un ovo de pascua para o mes

de marzo, unha palmeira para o mes de xullo, castañas para o mes de outubro, etc. Son as que seguen:

- Comba Campoy, "Pascua", "O cuco", "Tempo da vendima", "O Loureiro" e "Reis", pp. 8-9, 10-11, 24-25 e 26-27.

Correspóndense, respectivamente, co mes de marzo, abril, setembro, decembro e xaneiro.

- Eva Veiga, "Magosto" e "San Andrés", pp. 20-21 e 22-23.

Correspóndense, respectivamente, co mes de outubro e novembro.

- Clodio González Pérez, "Música para trece lúas ou doce meses", pp. 33-50.

Conta a orixe na cultura antiga da forma de medir o tempo baixo o calendario lunar, condicionando así a forma de ver o mundo e entender os cambios no tempo. Xa que logo, baixo diferentes subtítulos ("En marzo florecen todos os campos", "Abril, augas mil, senón ao comezo, ao medio ou ao fin", "Ben veñas maio, o mellor mes de todo o ano",...) cóntanse mes a mes as festividades e tradicións que acontecían neses días do ano.

O resto das letras son tradicionais: "Maíño" para o mes de maio, "Flor da Iauga" para o mes de xuño, "A palmeira" para o mes de xullo e "Danza de Betanzos" para o mes de agosto. O mes de febreiro represéntase por un debuxo intitulado "Cabalgata de Entroido".

O libro audiovisual complétase nun apartado intitulado "Música para as 13 lúas ou 12 meses" no que Clodio González Pérez salienta a importancia da lúa e explica a xénese do calendario lunar, ademais dunha breve descrición de cada mes do ano na que se acolle un refrán e algunhas cantigas tradicionais referidas a cada un dos meses. A seguir recóllense no apartado "Imaxes 13 lúas", unha serie de fotografías dos participantes neste traballo, e o volume péchase cos "Créditos técnicos" e "Agradecementos" finais. Súmaselle ao proxecto, un CD musical coas cancións cuxas letras se conteñen no libro, ademais dun DVD no que interveñen os músicos e os nenos e as nenas que participaron na gravación do disco e que contén o documental intitulado "De hoxe nun ano", sobre este ciclo anual na tradición galega, un videoclip sobre o tema do Entroido, dous karaokes cos temas do mes de "Marzo" e "Novembro", a peza de monicreques *Cando chove e raia o sol...* da compañía Viravolta e un apartado coas letras e a música de cada unha das pistas que completan o CD.

Referencias varias:

- Lara Rozados "Un calendario de cantigas", *A Nosa Terra*, n.º 1.360, "*Bule Bule*", "13 Lúas", 21-27 maio 2009, pp. [28-29].

Logo de comentar que agora "xa non rexemos o tempo como antes", en función dos labores do campo e os ciclos da natureza, e que asociadas a eses acontecementos e costumes ían unha serie de cantigas, Lara Rozados pasa a falar da edición dun recurso

didáctico distribuído por Lonxa Cultural en colaboración coa Universidade de Vigo e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural que recolle melodías tradicionais con letras adaptadas. Dise que a música correu a cargo da Asociación de Gaiteiros Galegos e as voces son de nenos de varias asociacións de Galicia. Saliéntase que o obxectivo é que non se perdan as cantigas tradicionais.

VIII.2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Pardo Bazán, Emilia e Luis **Montoto**, *Folk-lore Gallego. Costumbres populares andaluzas*, Sevilla: Extramuros Edición, col. Folklore. Biblioteca de las tradiciones populares españolas, tomo IV, ed. facsímil, 2009, 320 pp. (ISBN da obra completa: 978-84-9862-410-6//ISBN: 978-84-9862-409-0).

Edición facsímile da primeira edición, realizada en 1884, deste libro imprimido pola Editorial Guichot, Alejandro y Cía, a cargo de Ricardo Fé. Trátase dunha obra incluída na colección dirixida por Antonio Machado y Álvarez que contén dous ensaios: "Folklore gallego", de Emilia Pardo Bazán, e "Costumbres populares andaluzas", de Luis Montoto. Iníciase co discurso inaugural da Sociedade de Folk-Lore galega de Emilia Pardo Bazán. A recompilación que atinxe aos costumes populares galegos, así como composicións, contos e poemas, da mesma índole que versan sobre o que a continuación se expón, agrupando os seus recolectores por temáticas. Fermín Casares encárgase do "Calendario popular galego", no que se ofrecen diversos refráns de cada mes do ano; e de "Copras. Coruña y sus cercanías", que alberga corenta e oito breves poemas populares cuxo contido é irónico, referido ao casamento ou aos namorados. Marcial Valladares ocúpase dos "Cantares populares. Santiago.Vilancosta", setenta e tres poemas de catro versos cuxa temática oscila entre o amor desafortunado, o traballo labrego e as tradicionais polémicas sobre o casamento. Valladares tamén recolle as seguintes composicións: "Contos de rapaces. Santiago. Vilancosta", conto popular sobre dous irmáns, un moia varo que non escarmenta a pesar dos enganos que o seu irmá pobre lle fai; "Testamento d´o gato", poema de Santiago Vilancosta sobre un gato, con afán de ser humanizado; "Despropósitos", poema que fala dun home labrego que no seu desconcerto perde a ubicación; "Modismos populares. Santiago", unha mostra en orde alfabética de frases feitas coa súa explicación; en "A galiña e outros animais. Santiago", danse unha serie de equívocos entre unha galiña, un galo, un can, un zorro e un lobo; "Romance popular gallego. Santiago", composición que se desenvolve no día de San Xoán, cuxa protagonista esperta dun bonito soño; "O férvellas. Santiago", composición que reflicte a historia desta figura popular, estabelecendo un diálogo cunha muller campesiña; "Contra o raposo", breve composición de ton burlesco, onde a muller sae mal parada; "Meiguecías ó supersticiones" contén unha serie de recomendacións para non ter mala sorte; "Juegos infantiles", directrices para certos xogos infantís; "Jogos de prendas", cantiga de aire popular cuxa técnica repetitiva permite a fácil memorización; "Medicina popular", remedios contra certas enfermidades; "Algunas frases gallegas", frases feitas de carácter modal e irónico; "Martín Conde o la semana del leñador", describe o que fai Martín Conde os días da semana; "Meiguesías d´algunhas chamadas sabias ou entendidas", oracións para a cura de certas enfermidades; "Trabalenguas", difíciles combinacións fónicas de carácter popular; e, finalmente, "Contos de rapaces", é un relato con elementos propios do conto popular que narra a historia de tres irmáns pobres e as falcatruadas que fan para gañar a vida. Pola súa banda, José Pérez Ballesteros recompila as seguintes composicións: o conto popular da Coruña "A semana da muller Larchana", no que se inserta un relato sobre unha muller moi folgazana que recibe castigo do seu home incluíndo ditos sobre a semana de diversos lugares; "Adiviñas. La Coruña", conxunto de adiviñas relacionadas con elementos cotiáns do mundo labrego e ofrece así mesmo variantes das mesmas; ritos funerais en "Recuerdos a los muertos", que abrangue tanto "prácticas externas e internas" propias dos funerais e recomenda bibliografía sobre o tema; "Supersticiones. La Coruña" refírese a diversos

ámbitos: curandeiros, fenómenos naturais, feitos, incluíndo certos remedios que soen ser a recitación de fórmulas; "Coplas de cuna. La Coruña", doces versos para durmir os cativos; "Pregones. La Coruña", xeitos de anunciar algún produto en romarías ou feiras; "Modos de pedir limosna. La Coruña", maneiras diferentes de pedir axuda, encomendándose normalmente a Deus; "Expresiones vulgares. La Coruña", ditos comúns e explicacións de "Me c...nas tripas de Remigio", maltratador da súa muller; "Canciones de niños", catro composicións de carácter relixioso; en "Oración contra la temspestad" invócase a Santa Bárbara como protectora; "Costumbres locales", unha serie de costumes ao pé da igrexa na Coruña; "Los números", cantigas para aprender os números; "Piropos", doces versos para as mozas; "Romance. La Coruña", entre un home francés e a filla dunha muller que pertence á corte do rei; "Romance. Tratos Matrimoniales", requirimentos dunha dama ao futuro esposo; e, por último, "Juegos de niños", un conxunto de vinte e seis cantigas populares para xogar coa corda ou a modo de rifa. Benito Fernández Alonso ocúpase de recompilar as "Cantigas do pobo. Entrimo (Ourense)", sesenta e seis composicións populares que versan sobre o casamento, o baile ou o traballo, entre outros temas de erótico-festivos; e "Antiguos acuerdos", a exposición dunha serie de medidas tomadas polo Concello de Ourense, cuxo interese radica na linguaxe empregada. Ramón Somoza Piñeiro incorpora ao volume "La raposa de Morrazo. Creencia supersticiosa", un conto a modo de lenda, pero cunha aseveración inicial, que comeza na lareira dunha casa. A. Machado y Álvarez engade "Romance. Lugo", composición cantada da guerra civil, na que uns foráneos pídenlle contas ao alcalde Castelar. Para rematar esta miscelánea Emila Pardo Bazán achega "La gallega", onde describe á muller galega, unida sempre á súa paisaxe. A continuación, comeza a velada oitava "De los maleficios y los demonios" até a décimo-terceira. O volume péchase coas "Costumbres populares andaluzas".

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Extramuros edita en facscímil libros históricos de Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 5 maio 2009, p. 49.

Co gallo da Feira do Libro de Santiago, fálase dunha nova colección de facsímiles da editorial Extramuros, que recollen títulos da literatura galega e que están editados para que conserven a apariencia que terían as súas primeiras edicións. Infórmase que, entre os libros cos que conta a colección, se destaca o *Cancionero Popular Gallego*, que recolle manifestacións da literatura popular recompiladas por Antonio Machado Álvarez. Tamén se comenta que, a parte dos títulos galegos, inclúe outros "difíciles de atopar", como a primeira edición española de *El origen de las especies*, de Charles Darwin, ou *Iconografía de Don Quijote*, que leva sen publicarse dende 1879. Finalmente, saliéntase que o propósito da serie é, segundo o seu responsábel Carlos Carrillo, difundir obras non reeditadas e recuperar "libros bonitos".

VIII.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Atenea, "Pasiños nun caixón", *Atenea*, n.º 34, "Artigo", abril, maio, xuño 2009, pp. 28-29.

Co gallo do coloquio que se celebrou no Ateneo Ferrolán sobre mitos e lendas de Galicia, no que interviñeron Ana I. Carracedo, André Pena, Carlos Solla e Esperanza Piñeiro, publícase un conto do escritor Francisco Narla, "Pasiños nun caixón", que trata dun suposto encontro entre el e Nuadu, un pequeno trasno que o visita para pedirlle que escriba sobre as criaturas mitolóxicas para que ninguén se esqueza delas.

Barreiros, Pilar, Juan **Taboada** e Henrique **Neira**, "Meteoroloxía e clima nas coplas e refráns da Ulla", *A Estrada. Miscelánea Histórica e Cultural*, vol. 12, 2009, pp. 265-293.

Trátase dunha recompilación de cantigas, refráns e ditos populares que se conservan na memoria das xentes do Val do Ulla, nas cales se atopan referencias a fenómenos meteorolóxicos máis ou menos frecuentes ou ao comportamento do clima. Coméntase que xa se recollen algunhas destas referencias en autores do século XIX como Marcial Valladares que completou en 1867 e 1879 senllas coleccións recollidas na terra da Ulla. Dise que nelas hai referencias específicas a lugares do Val do Ulla pero tamén hai contidos semellantes aos que se transmiten oralmente noutras zonas de Galicia ou do resto da Península Ibérica. Tamén se recollen ditos e refráns doutros autores, como Henrique Neira, que foi anotando nas últimas dúas décadas e escoitounas maioritariamente de persoas naturais do concello de Vedra. Dise que se completa o estudo cunha comparación dos refráns cos datos da estación meteorolóxica situada na parroquia de San Breixo de Sergude, no Concello de Boqueixón. Divídense estes ditos en tres grupos: "indicadores de cambio de tempo", "predicións" e por último "meteoroloxía e as producións do agro e do mar". Dáse conta, logo, por orde alfabética das diferentes coplas e refráns de cada un dos apartados segundo os elementos principais en que se basea o contido. Sirva de exemplo que no primeiro grupo eses elementos son "a touca", "a brétema", "as nubes", "os tronos" e "o vento". Por último, aparece un breve apartado onde se dá conta das diferentes datas do santoral e o calendario que se mencionan.

Castro Vicente, Cástor, "Hermelinda do Muíño. A cantora dos romances da Limia", *Auria*, n.º 141, "Costumbres", xaneiro 2009, pp. 30-33.

Co gallo da entrega do quinto premio do Día do Orgullo Gaiteiro que concede a Asociación Ourensá de Folclore Tradicional Gomez Mouro a Hermelinda Segundo Matías, faise un repaso pola traxectoria da cantora, da que se destaca o gran número de cancións e romances tradicionais que lembra. Saliéntase tamén que era neta de Ángel López Villar, un violinista cego que percorreu diversas vilas de Galicia e do resto de España xunto coa súa muller cantando sobre todo coplas de cego.

Cid Babarro, Anibal, "A oliveira e os muíños de aceite", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n.º 31, VIII Romaría etnográfica Raigame, Primeiro Premio de Investigación Etnográfica, novembro 2009, pp. 7- 67.

O artigo divídese en vinte apartados, o primeiro intitúlase "Un pouco de historia" e o segundo "O aceite na relixión". No terceiro apartado, intitulado "A oliveira en Galicia", dise que non é fácil precisar cando comezou a fabricación do aceite en Galicia, suponse que na época da romanización, pero non hai testemuños escritos até que Afonso X, o Sabio, fala de vender aceite nunha das súas cantigas de escarnio e maldicir. O punto catro, "A tala das oliveiras galegas", trata sobre os motivos polos que desapareceron as oliveiras e, segundo unha cantiga da Costa da Morte, un deles foi porque, como a súa leña ten un gran poder calorífico, foron aproveitadas e usáronse como combustíbel para quentarse. O apartado cinco intitúlase "Características da árbore" e no seis, "Esixencias agrónomas da oliveira", recóllese unha cantiga castelá na que se di que nas plantacións o chan ten que estar en boas condicións, así árase superficialmente para que filtre mellor a auga e penetre o abono; por outra banda, tamén se recollen as palabras de Atenea, que gañou a disputa da soberanía da cidade xa que, segundo os deuses, realizou a mellor obra: fixo saír do chan unha oliveira cuberta de froitos, segundo as cales afirma que o que se lle quite á madeira, con discreción, na poda, dáselle ao froito. O punto sete recolle o "Ciclo anual dos traballos da oliveira", o oito "As olivas de caste 'galega", o nove "Os muíños, tipos e funcionamento" e o dez explica como se leva a cabo a "Elaboración do aceite". O punto once, "Tipos de aceite virxe", abre cunha cita do dramaturgo Lope de Vega na que afirma que o aceite ten a propiedade de reconciliarse coas calidades das cousas, así coas frías é frío, coas cálidas é cálido, etc. No apartado doce fálase dos "Remedios tradicionais con aceite", no catorce da "Situación na actualidade" e nel recóllese unha estrofa da obra *La vida de Sta. Oria*, do poeta medieval Gonzalo de Berceo, na que se di que naquela época podíase vivir da produción de olivas. No punto quince, intitulado "O folclore: cantigas, ditos e refráns", faise unha recompilación de catro estrofas de cantigas, algúns ditos, refráns e adiviñas, así como dous poemas: "La aceituna", de Lope de Vega, e "Aceituneros", de Miguel Hernández; todos eles referidos á oliva, á oliveira e ao aceite. No punto dezaseis recóllese un "Glosario" que fai referencia á oliveira, á colleita, á "almazara", ao muíño, á prensa, ao aceite. O punto dezasete recolle dous debuxos de dúas "almazaras", con cadanseu esquema explicativo. O punto dezaoito consta dun esquema explicativo do proceso de obtención do aceite. Para rematar o punto dezanove recompila unha serie de fotos nunha reportaxe fotográfica e o apartado vinte recolle a bibliografía espallada en libros, artigos de prensa e páxinas web sobre o tema.

Dans, Manuel B., "O que foi da Santa Compaña?", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "O noso patrimonio", primavera 2009, pp. 12-13.

Comenta a progresiva desaparición da Santa Compaña, figura sobrenatural do folklore galego, explicada polo traslado da xente das aldeas, grandes "depositarias da tradición autóctona", cara ás cidades. Presenta unha serie de casos relacionados coas pantasmas e a Compaña acontecidos no rural para, finalmente, falar doutras versións desta figura "que non é Santa, senón pagá" en zonas como Asturias, norte de Portugal, Bretaña e Escocia, entre outras.

Eiroa Pose, Ángel, "Cabana de Bergantiños: un lustro de actividades culturais arredor do seu patrimonio (2003-2008)", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, n.º 4, 2009, pp. 111-129.

Faise un repaso da historia, a paisaxe e a etnografía do municipio de Cabana de Bergantiños, salientando especialmente o castro A Cidá de Borneiro e o dolmen de Dombate. Con respecto á cultura, destaca os actos que, no ano 2004, conmemoraron a estancia de Xaquín Lorenzo na comarca durante as escavacións que se levaron a cabo no castro nos anos 30, a partir das cales Lorenzo redactou un caderno de notas que o Concello se encargou de publicar na conmemoración. Tamén se menciona o paso de Frei Martín Sarmiento pola comarca e a figura da poeta María Baña, así como o interese do Departamento de Cultura do Concello por deixar constancia documental das cantigas e regueifas típicas da zona e das profesións tradicionais, que se materializou no 2006 coa elaboración dun rexistro.

Hernández, Imanol, "La Batalla de Flores. Entre el pasado medieval y el desfile estival", *Auria*, n.º 146, "Costumbres", xuño 2009, pp. 22-25.

Faise un repaso da Festa das Flores de Ourense, na que un desfile de carrozas engalanadas percorren as rúas da cidade para conmemorar a festividade de Corpus e na que actúan grupos de teatro e animación. Coméntase que a súa celebración se remonta ao século XV, cando eran os gremios os que compoñían a comitiva ou ben danzando ou ben portando as ferramentas dos seus oficios e cirios; xa no século XVII, compañías de actores teatrais ambulantes uníronse á celebración.

Hernández Figueiredo, José Ramón, "San Rosendo e Caaveiro, entre o mito e a realidade", *Cátedra*. *Revista eumesa de estudios*, n.º 16, 2009, pp. 37-57.

Pretende facer unha aproximación á época medieval de Galicia que "chegou a conformar o ser da cultura galega até os nosos días". Para isto, recorre a figuras como San Rosendo do que conta parte da súa vida. Fala del como o posíbel fundador do mosteiro de Caaveiro, onde viviu antes de ser elixido bispo da sede compostelá. Considera este feito só "posíbel" porque "non dispoñemos de soporte documental que probe que San Rosendo fundou Caaveiro, ou que neste mosteiro foi prior ou abade" para engadir que "no estado actual dos nosos coñecementos non podemos desestimar totalmente que existise algún tipo de relación" entre Caaveiro e o santo fundador. Presenta tamén unha reflexión sobre as orixes do mosteiro e a súa etimoloxía. Finalmente, fala da tradición popular que uniu o mosteiro co Santo. De feito, os habitantes viron en San Rosendo ao fundador e "así o expresan sempre que poden". Conclúe que a relación entre ambos transmitiuse oralmente, até o punto de que chegou a alimentar lendas sobre San Rosendo.

Lizarriturri Rosende, Antonio F., "Antropoloxía de 113 adaxios galegos", *Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, n.º 4, 2009, pp. 81-96.

Reprodúcese un artigo escrito, segundo un comentario do articulista, no ano 2002, no que se comentan e explican cento trece adaxios galegos recompilados polo autor ao

longo do tempo. Segundo Lizarriturri, a través dos adaxios apréciase que na cultura galega hai moitas referencias ao matriarcado, aos animais personificados e tamén ao sincretismo entre o pagán e o cristián.

Rivero Pérez, Manuel, "O abandono dos vellos na memoria oral na Baixa Limia. Entre o mito e a realidade", *Auria*, n.º 150, "Tradiciones", outubro 2009, pp. 38-41.

Refírese ao tema da morte inducida ou eutanasia pasiva das persoas anciás nos diferentes xéneros literarios da tradición oral galaico-portuguesa, como contos, lendas, coplas e ditos populares, recollidos en diferentes puntos xeográficos por Vicente Risco, Fermín Bouza Brey, Fidalgo Santamariña e Leite de Vasconcelos. Reprodúcense textos exemplificadores recollidos por Martins Sarmento, José Augusto Vieira e Emilia Álvarez de Bouza Brey. Tamén recolle refraneiro popular sobre esta temática. A seguir, descríbense os fitos do proceso da eutanasia: perda do espazo significativo do ancián dentro do fogar, na aldea e o abandono definitivo, que se exemplifican cos diferentes relatos e contos da tradición oral. Por último, afírmase que todos os relatos recollidos no territorio galaico-portugués teñen a mesma estrutura aínda que hai singularidades na división por xénero, na relación paterno-filial, na total ausencia da muller, na personalización do medio de transporte, na presenza dun lugar elevado para consumar o rito, na motivación do rito, na ausencia de violencia e na relación causa-efecto.

Veiga Ferreira, Xosé María e Juan **Sobrino Ceballos**, "San Xurxo de Queixeiro", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 27, "O noso patrimonio", primavera 2009, pp. 9-11.

Fala da parroquia de San Xurxo de Queixeiro e dos elementos patrimoniais que a conforman. Comeza falando dos grupos de monumentos megalíticos, dos castros de Prada e o Coto do Castro ou das penas cargadas de simboloxía, como é o Marco da Cartelida. Tamén comenta a suposta relación de San Rosendo co Mosteiro de Caaveiro, "a quen pertenceu a parroquia de Queixeiro" para engadir as estrofas que a cultura popular lle dedicou no seu cancioneiro. Finalmente, refírese ás construcións relixiosas que existen na parroquia, isto é, a igrexa parroquial e a capela de San Bartolomé. Ademais de ir describindo e comentando cada un destes elementos, o texto vese enriquecido por comentarios populares da xente da zona sobre o seu patrimonio.

Veiga Ferreira, Xosé María e Juan **Sobrino Ceballos**, "Santa María de Sarandóns", *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 28, "O noso patrimonio", outono 2009, pp. 11-12.

Descríbese fisicamente a parroquia de Santa María de Sarandós no concello de Abegondo e reprodúcese unha lenda, publicada na revista *Esculca*, n.º 5, situada en Covas de Mouros no Monte Lourido no lugar de Aquelabanda. Tamén apúntase a lenda do "Tributo das Cen Doncelas" ou "Peito bordel", relacionada coa torre de Peito Bordel, lugar onde se recluían as mozas cristiás destinadas aos haréns dos musulmáns, e coa orixe dalgunhas familias galegas como as casas de Armuño, Luaces, Somozas e Figueiras. Por último, refírese á romaría dos Remedios na igrexa de Sarandós, onde hai unha fonte da que se di que ten poderes curativos para as verrugas.

VIII.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Méndez Ferrín, X. L., "Chove, chove na casa do probe", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 629, 17 outubro 2009, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 255, "No fondo dos espellos", 24 outubro 2009, contracuberta.

Reflexiona sobre a literatura popular galega e, máis concretamente, sobre a figura dos pobres de aldea, aqueles que "non foron cantados por Cabanillas porque non chegaron a estar afiliados ás sociedades agrarias". A seguir, centra a atención no conto titulado "Xan Guindán", que tamén acolle Ana Acuña no seu estudo titulado "Relacións entre a literatura popular e a fraseoloxía. Novas achegas", recollidos nos *Cadernos de fraseoloxía galega*, n.º 8 (2006), publicados polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Requeixo, Armando, "Ler en agra aberta", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 518, 1 febreiro 2009, p. 21.

Co gallo das actividades feitas polo Instituto de Estudos Miñoranos para homenaxear a figura do escritor Victoriano Taibo, fálase da primeira reedición do seu libro *Da agra aberta* (2008) que se fai dende que se publicou en 1956. Coméntase que Anxo Mouriño, director da sección de Lingua e Literatura do IEM, realizou unha "excelente labor de fixación textual" e Antón Mascato "unha estimable edición técnica" na publicación do libro. Ademais, salienta que no libro reflexa a "enxebreza do idioma" co que Taibo o escribiu e tamén o seu "intelixente diálogo coa literatura de tradición oral".

Requeixo, Armando, "Escrita contemporánea", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 551, 20 setembro 2009, p. 15.

Sinala a publicación de *Entre dous séculos. III Encontro de novos escritores/as* (2008), na colección "Escrita contemporánea", e a das *Actas da 1ª Xornada de Literatura Oral. A figura do demo na literatura de tradición oral* (2008). Explica que o primeiro volume fai referencia ás actas das xornadas celebradas no Pazo de Mariñán en 2008 sobre escritores e escritoras noveis da literatura galega de transmisión oral. Menciona primeiramente o excelente labor de promoción da literatura galega da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), para despois continuar coa descrición do contido destas actas, das que recomenda a lectura, especialmente a das achegas de Carlos Negro, Rubén Ruibal e Xurxo Sierra Veloso. No que respecta ao segundo volume, comenta que recolle as actas das xornadas celebradas en Lugo en 2008 baixo a coordinación de Isidro Novo e Antonio Reigosa, das que destaca as achegas de Xosé Miranda, J. M. Pedrosa, Félix Castro Vicente e de Peter Missler.

VIII.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Agís Villaverde, Marcelino, "Patrimonio etnográfico de Galicia", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Pensadores de hoxe", 3 setembro 2009, p. 4.

Sinala as liñas de investigación do antropólogo Xosé Antón Fidalgo Santamariña, estudioso da literatura popular de transmisión oral. Así, cita traballos como *Contos populares de tradición oral recollidos en Galicia*: *estructura e sentido* (1994), onde se laia da falta dunha rama da Antropoloxía que estude preferentemente a literatura de transmisión oral tanto contada como recitada; ou *Vellos oficios e profesións esquecidas* e *O afiador*, froitos da súa liña de estudo que denomina como a "pluriactividade campesiña". Coméntase, tamén, o seu interese polo patrimonio ou patrimonios da cultura galega. Por último cítase o seu libro *Vilanova dos Infantes*: *patrimonio etnográfico dunha parroquia ourensán* (2002).

Dourado Deira, Manuel, "Arrabean pola peneira…", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 15 agosto 2009, p. 5.

Co gallo da chegada de Mariano Rajoy a Galicia nunha época na que o PP acusaba ao Goberno de "espionaxe", recupera o anaco dunha conversa que mantivera cun militante do PSOE. Nela, o socialista aseguraba que aos do PP lles ocorría como "a aquela mociña que non debía ter moitos pretendentes e que temía ter que quedar para vestir santos" pero dándolle estoutro xiro: "arrabean pola peneira/, arrabean por peneirar/; arrabean por ter poderes/, arrabean por nos mandar".

García Teixeiro, Antonio, "Adiviñas", *A Nosa Terra*, n.º 1.346, "*Bule Bule*", 12-18 febreiro 2009, p. [30] .

A publicación do libro de adiviñas *Adiviñanceiro popular galego* (2007), de José L. Gárfer e Concha Fernández, que contén tanto adiviñas coma un estudo sobre elas, dá pé a que Antonio García Teixeiro reflexione sobre este tipo de composicións, das que di que son "un xogo máis tamén unha poesía" e que "posúen un carácter simbólico que obriga a espremer o cerebro para crealas ou para dar cos significados". Tamén salienta aos autores que crean libros de adiviñas como *303 adiviñas* (1994), de Gloria Sánchez, e *¿Que cousa e cousa?* (1985), de Paco Martín, quen falaba da "poetización do adoitado e dunha misión de tipo social superior" desta forma popular.

González Pérez, Clodio, "A historia ourensá a través dos Maios", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do tempo", 7 febreiro 2009, p. 4.

Fálase da publicación do libro *Ourense e a súa sociedade: un século de historia interpretada dende as coplas dos Maios*, no que o seu autor, José Antonio Tarrío, recolleu e clasificou pola súa temática as coplas que se cantan nos maios e que recollen fitos históricos como a proclamación da II República, a guerra civil ou o nacemento da

democracia. Coméntase que o traballo de recompilación foi "exhaustivo" e que "é raro que non haxa crítica de carácter social, referida en particular a Ourense", "crítica política", "crítica de xénero" e "comentarios rexoubeiros" nas coplas.

González Pérez, Clodio, "Engaiolados polos maios", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O rodicio do Tempo", 16 maio 2009, p. 4.

Faise unha reflexión sobre a celebración dos maios, ao considerar o articulista que "é agora cando ten máis sentido e importancia por se tratar dun canto á Natureza" nunha época na que a sociedade é sobre todo urbana. Ademais, resalta a figura de Amando Iglesias Moure, nacido en Peroxe, que leva máis de setenta anos participando nos maios de Ourense coas súas coplas, que doou á Biblioteca de Ourense onde ficarán recollidas xunto ás de Xosé Ramón e Fernández Oxea (Ben-Cho-Sei).

Martín, Alejandro, "O Apalpador y otros más", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 decembro 2009, p. 13.

Artigo escrito en español e totalmente ofensivo e despectivo referido á tradición galega do Apalpador do que se indica que é a máscara de proa dunha "bobería" que copiou o BNG do Olantzero de Euskadi. Asemade tamén se mofa do "Demo Asubiador" de Pontevedra e pregúntase con sorna qué inventarán en Vigo e responde que poden pór a figura do Merdeiro para volver a inventar a realidade.

Méndez Fonte, Rosa, "Unha meiga chamada Santa Comba?", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 548, "Patrimonio e sociedade", 30 agosto 2009, p. 7.

En primeiro lugar, relata a lenda de Santa Comba para, posteriormente, facer referencia á igrexa de Santa Comba de Bande e á tradicional romaría que se celebra o día da santa.

Miragaia Doldán, Miguel, "O Apalpador avanza", *Diario de Arousa*, "Opinión", "Vento fresco", 26 decembro 2009, p. 25/ *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Vento fresco", 26 decembro 2009, p. 16/*Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Vento fresco", 26 decembro 2009, p. 21/*Galicia Hoxe*, "Opinión", "Vento fresco", 24 decembro 2009, p. 5/*El Ideal Gallego*, "Opinión", "Vento fresco", 26 decembro 2009, p. 23/*El Progreso*, "Opinión", "Vento fresco", 26 decembro 2009, p. 21.

Comenta que a tradición galega do Apalpador ten unha orixe precristiá e que estaría relacionada coa chegada do solsticio de inverno. Afirma que nas Terras de Trives é denominado como Pandegueiro e mais que este Nadal nos concellos de Santiago de Compostela e mais da Coruña se están a realizar actividades co fin de recuperar esta tradición galega.

Miranda, Xosé, "O meigallo", *A Nosa Terra*, n.º 1.352, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 26 marzo-1 abril 2009, p. 38.

Despois de definir o que é un meigallo como "un bruxedo ou feitizo que se apón ás meigas" e que causa que todo lle vaia mal ao enfeitizado, Xosé Miranda explica que hai varias formas de contraelo, xa sexa inxerindo substancias enmeigadas ou ben estando en contacto con elas. Finaliza explicando que se pode enmeigar a un namorado para que non se vaia, e conta o caso dunha bruxa que enmeigou ao home que a quixo axudar a transportar unha cesta de peixe.

Miranda, Xosé, "Os remedios contra o demo", *A Nosa Terra*, n.º 1.354, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 9-15 abril 2009, p. 32.

Fala dos "curas aolladores", que son descritos por Xosé Miranda como sacerdotes "con gran poder contra meigas e demos", pero que tamén poden "facer mal cos seus ollos" e, conscientes diso, cóbrenos con lentes e evitan mirar directamente as persoas. Inclúe supostas declaracións de mulleres asustadas dos curas aolladores, aos que non se atreven a mirar á cara e conclúe con que ditos cregos usan un "libro máxico" que lles permite facer conxuros, o *Ciprianillo* ou *Libro de San Cipriano.*

Miranda, Xosé, "Un 'conto' chinés de pantasmas", *A Nosa Terra*, n.º 1.368, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 16-22 xullo 2009, p. 38.

Tras reproducir un conto de orixe chinesa que relata como un mozo engana a unha pantasma facéndose pasar por pantasma, afírmase que garda estrañas similitudes coas lendas galegas de trasnos e diaños burleiros.

Miranda, Xosé, "Trasnos e pantasmas", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 38.

Compara a lenda chinesa "Sung Ting-po captura unha pantasma" ("Shung Ting-po Cho Kuel") cunha lenda galega que ten como protagonista ao trasno. Conclúe que, malia o afastamento temporal e espacial, son moi elevadas as similitudes porque "os mitos e lendas galegas son fósiles dunha mitoloxía primitiva, conservados a pesar de ter perdida a súa función orixinaria".

Miranda, Xosé, "O ovo e a galiña", *A Nosa Terra*, n.º 1.374, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 24-30 setembro 2009, p. 32.

Resúmense dous textos da tradición oral cun galo como protagonista. Comenta que un deles foi publicado nos anos sesenta do século pasado por Álvaro Cunqueiro no xornal *Faro de Vigo* baixo o título "Tabla de diablos" e coméntase que é un texto da tradición oral escocesa, mentres o outro publicouse en 1993 no volume *Lembranzas de vellos* e que despois tamén apareceu en *Dicionarios dos seres míticos galegos* (1999) co título "O neno galo".

Miranda, Xosé, "El diente largo", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 22-28 outubro 2009, p. 32.

Compara un mito recollido en Chantada con outro de Cuba: o mito do "dente largo". Explica que o primeiro se atopa recollido na obra *Arrepíos e outros medos* (2004), do propio Miranda e de Antonio Reigosa, mentres que o segundo forma parte de *Mitología Cubana* (Editorial Letras Cubanas), de Samuel Feijóo.

Miranda, Xosé, "Outra lenda da Charca do Alligal", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 1 novembro 2009, p. 79.

Cóntase unha versión das sete recollidas sobre unha fonte da Charca do Alligal polo equipo Chaira para despois dar como referencias bibliográficas o traballo de Fernando Dióxenes e J. Luis García Mato, "Contos e lendas da Terra Chá", que recolle J. Luís Novo Cazón en *Cuaderno de Estudos Chairegos*, n.º 4 (2008).

Miranda, Xosé, "El patas", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 5-10 novembro 2009, p. 32.

Presenta un conto propio de Antioquía (Colombia) sobre "el patas", isto é, o demo dos "conventos, dos seminarios, das beaterías e dos claustros" que tamén pode frecuentar os arrieiros "os que axuda a conseguir favores sexuais nas pousadas dos camiños". Sinala que o relato foi contado en 1989 por Javier Tafur no Tercer Encuentro Regional de Contadores de Historias y Leyendas Buga-Colombia, e que se recolle na obra *Memorias de tres encuentros*. Posteriormente, asegura que a historia é comparábel co conto do "diente largo" cubano e co diaño burleiro galego. Para demostrar esta última comparación, reproduce un conto tomado do libro de Mini e Mero, *Somos lenda Viva* (1996).

Miranda, Xosé, "O primeiro lobishome", *A Nosa Terra*, n.º 1.384, "Cultura", "Enxeños e criaturas", 3 -11 decembro 2009, p. 22.

Compara o mito grego de Xúpiter e Zeus das *Metamorfoses* cun galego recollido polo Equipo Chaira en Abadín en 1992. Sinala que en ambos os mitos Deus se disfraza de vagabundo e unha persoa nada caritativa reta a Deus e pretende enganalo facendo que rompa un tabú e ao final converte a esta persoa nun lobo.

Novo, Isidro, "De lendas suevas", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 15 xullo 2009, p. 4.

Comenta o exceso de festas e mercados da Baixa Idade Media, época na que tivo lugar a revolución irmandiña, fronte á impopularidade da época clásica e da Alta Idade Media, na que Galicia sufriu invasións como a dos suevos. Sinala as lendas creadas polo poeta Manuel Lois Vázquez relacionadas con esta última etapa e que publicou en *O Galiciano pontevedrés*, en *A Monteira de Lugo* e en *O Tío Marcos da Portela ourensán*. Entre elas destaca "Alira de Elfe', unha especie de traxedia de corte romántico escrita no 1890".

Novo, Isidro, "O lobo, protagonista este ano", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 21 outubro 2009, p. 4.

Fala das II Xornadas de Literatura Oral que, baixo o título "O mito que fascina: do lobo ao lobishome", organizou en Lugo a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Ao mesmo tempo, dá conta da participación de Xabier P. Docampo, Antxon Gómez Lorente, Alberte Reboreda Carreira e José Luis Garrosa Gude.

Novo, Isidro, "Algunhas lendas actuais", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 28 outubro 2009, p. 4.

Comenta o papel que desempeña a figura do lobo en lendas antigas como a de San Froilán, e en lendas máis actuais como a que asegura que este animal é o responsábel das desfeitas que sofre o gando. Tamén fai referencia a aquela que di que os ecoloxistas son os que soltan exemplares polos montes para protexer a especie, malia que outra versión asegura que a solta a fan os forestais, segundo comentou Antxon Gómez Lorente.

Novo, Isidro, "O asombroso éxito das polafías", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 9 decembro 2009, p. 4.

Explica que a palabra "polafía" é un neoloxismo que se refire ás reunións que se realizan hoxe en día de carácter festivo e nas que aflora a literatura oral. Destaca que Antonio Reigosa contou con el como recitador da poesía popular e expresa a súa sorpresa polo seu éxito.

Novo, Isidro, "Festas con sabor a nós", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Rúa pendurada", 30 decembro 2009, p. 4.

Fala do arraigo que existe en Galicia dos Reis de Oriente e de que tamén copiamos festas da contorna como Hallowen mais que se aleda da recuperación do Samaín e do Apalpador. Tamén detalla algunhas características deste último como que é un xigante carboeiro que vive no Courel ou que lle apalpa a barriga dos máis cativos para ver se a tiñan chea e deixarlles unha presa de castañas.

Pérez Rei, Mariña, "Tarde piache!", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Arrabaldeira", 30 decembro 2009, p. 6.

Comenta que nalgunhas obras clásicas ten cabida a fraseoloxía en lingua galega como no capítulo LII de *El Quijote*, cando Sancho afirma "tarde piaches". Asemade indica que dentro da literatura galega podemos ver excelentes exemplos de fraseoloxía en "A Virxe do Cristal", de Manuel Curros, en Rosalía de Castro ou en Álvaro Cunqueiro.

Reigosa, Antonio, "As tres señoritas do Pozo do Ollo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 19 xullo 2009, p. 78.

Conta a lenda do Pozo do Ollo (Concello de Begonte), un relato moi común que se repite en Galicia arredor das fontes, pozos e lagoas. Indica que o Equipo Chaira chegou a recoller oito versións distintas desta lenda todas no concello no que se sitúa o pozo. Ademais, recolle un dos versos escritos por Manuel María sobre o Pozo do Ollo.

Reigosa, Antonio, "A herba da marabilla do Castelo do Picato", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 26 xullo 2009, p. 78.

Recolle a lenda do Castelo do Picato, situado na parroquia de San Lourenzo de Aguiar (Outeiro de Rei), na que se di que debaixo do edificio se atopa un pazo habitado por mouras e mouros. Conta tamén que nos arredores dos penedos medra unha herba que dá tres espigas: centeo, millo e trigo. Por último, cita a Jesús Rodríguez López quen, en *Gallegadas con alegrías de la tierra en verso y en prosa* (Madrid, 1908) recrea a lenda e "amosa un aquel de desprezo pola inxenuidade da xente que acredita nestas historias".

Reigosa, Antonio, "As andanzas de San Nicolao de Torre", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 2 agosto 2009, p. 70.

Conta a lenda de San Nicolao sucedida no monte da Ermida en Penahedrade (Vilalba) e protagonizada polo capitán de navío Diego de Pazos. Asemade, fai referencia a un artigo de José Vidal publicado en *El Progreso* que dá conta da lenda. Posteriormente indica que "o resto foi tirado da tradición oral". Ao final asegura que "Papá Nöel e Santa Claus son o mesmo personaxe mítico ca San Nicolao".

Reigosa, Antonio, "As Penas da Salsa, lugar de medos e encantos", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 6 setembro 2009, p. 76.

Recolle a figura da lavandeira, o ruín e a moura a través de tres lendas sucedidas en As Penas da Salsa (Foz) e que foron recollidas nun libro titulado *Foz*. *Historias contos e lendas* (Deputación de Lugo, 2004).

Reigosa, Antonio, "A carreira de tres fontes para chegar ao mar", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 20 setembro 2009, p. 76.

Conta a lenda sucedida na Serra do Xistral onde naceron xuntas tres fontes irmáns e o mar lle prometera conceder un desexo á primeira que chegase a onda el. Un relato que, segundo a tradición popular, explica a razón pola que nas augas do río Eume se afoga unha persoa cada ano. Fai referencia a Xosé Miranda, quen se referiu no artigo "Un conto ruso na Galiza" á semellanza do relato cun conto recompilado por Alexander Afanásiev, folclorista ruso. Ademais, sinala que figuras como Donapetry, Fermín Bouza Brey, Vicente Risco, Enrique Rivera Rouco, Vítor Vaqueiro e outros investigadores galegos achegaron versións sobre o tema.

Reigosa, Antonio, "As pedras do Pedregal de Irimia", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 27 setembro 2009, p. 76.

Recolle dúas lendas relacionadas co pedregal de Irimia no cabo de Meira onde nacen as augas do Miño. A primeira conta que a existencia desas pedras foi causada por un maleficio que una vella lle botou ao seu marido, a segunda di que o causante foi pola envexa que o demo lle tiña a uns frades cistercienses asentados no lugar. Por último, fai referencia á revista *Miuzallas* onde se fala da bruxa, e a *Un fenómeno geológico y una tradición* onde se pode ler a versión do demo. Tamén cita *Guía da Galiza máxica* (1998), de Vítor Vaqueiro, para finalizar coa referencia a *A flor da auga. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas* (2006), escrito por Xosé Miranda e Antonio Reigosa.

Reigosa, Antonio, "O lobishome de Vilarello de Donís", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 11 outubro 2009, p. 79.

Fala dunha lenda sucedida en Vilarello de Donís (concello de Cervantes) sobre un lobishome. Tamén anuncia as II Xornadas de Literatura de Tradición Oral celebradas en Lugo co tema "O mito que fascina. Do lobo ao lobishome". Comenta que nelas participan Xabier P. Docampo, J. Luis Garrosa, Antxon Gómez e Alberte Reboreda. Ademais cita a exposición "O lobo, unha carreira pola supervivencia", organizada por Adega, Erva e AAAGP.

Reigosa, Antonio, "As tres bestas da Charca do Alligal", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 25 outubro 2009, p. 78.

Conta a lenda da Charca do Alligal en Vilalba, en cuxo fondo "gurgullan varios ollos de augas medicinais, boas para case todas as doenzas". Nela dise que nos seus arredores foron encantadas tres doncelas que, máis tarde, conseguiron romper o feitizo coa axuda dunha maga.

Reigosa, Antonio, "Ángel Rivas Veiga, patrimonio vivo", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 8 novembro 2009, p. 74.

Recoñece o valor de Ángel Rivas Veiga, o único narrador oral galego escollido para o proxecto "La memoria de los cuentos" patrocinado pola Sociedade STATAL de Conmemoraciones Culturales no que participan oito narradores orais de todo o Estado. Explica que o proxecto consta dun documental conducido por Antonio Rodríguez Almodóvar e mais dunha publicación cos contos e datos biográficos dos narradores. Cita a obra *Polavila na Pontenova*. *Lendas, contos e romances* (1998), recompilación de Antonio Reigosa, Xoán Ramiro Cuba e Mª de las Mercedes Salvador.

Reigosa, Antonio, "A fonte que cura a cegueira", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 22 novembro 2009, p. 76.

Conta a historia da coñecida Fonte do Bispo situada na parroquia de Arroxo e que é famosa por devolverlle a vista a un bispo cego. Engade casos doutros bispos que, nesa mesma situación, tamén conseguiran recuperar a visión temporalmente, caso de Santo Omer ou San Gonzalo. Finalmente, sinala a obra de teatro titulada *El obispo ciego* do escritor ribadense Daniel Cortezón.

Reigosa, Antonio, "O corpo santo de Santa Cruz de Viana", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 6 decembro 2009, p. 76.

Fala da historia de Miguel González, frade do século XII, e das tradicións do "Pao do romeiro", a Fonte do Santo e mais da maldición relacionada coa morte deste dominico que nacera en Betanzos.

Reigosa, Antonio, "A noite do apalpadoiro", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 20 decembro 2009, p. 83.

Céntrase na descrición do Apalpador e destaca que o investigador J. André Lôpez comezou a recuperación desta tradición ao publicar en 2007 un artigo sobre este personaxe mítico do Nadal Galego. Asemade recalca que o Apalpador se lle denomina Pandigueiro na Terra de Trives.

Reigosa, Antonio, "A solta do Rei Charlo en Lourenzá", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", "Lugo encantado", 27 decembro 2009, p. 61.

Asegura que o costume de Lourenzá de cazar un paxaro chamado Rei Charlo o día primeiro de cada ano puido chegar cos monxes bretóns no século VI ou cos beneditinos no século X. Fala doutras características deste costume, do carrizo e mais que en Villarino tras la Sierra, en Zamora, conservan unha farsa que se asemella ao costume de Lourenzá.

Seijas, Otilia, "El Apalpador", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "El último eslabón", 29 decembro 2009, p. 4.

Critica que o Apalpador se presente como unha icona nacional e fronte a isto propón que a faceta do Apalpador sexa a de "apalpar el cráneo de sus valedores y comprobar si, como parece, suena a hueco bajo su cabellera".

Valcárcel, Manuel, "Contos", *La Región*, "Sociedad", "Pan por pan", 5 febreiro 2009, p. 65.

Fálase da participación de Bieito Iglesias nos Encontros Literarios do Liceo, nos que falou do conto popular e do conto literario e relatou un dos seus contos "preferidos", "A señorita Cora", de Julio Cortázar, no que un rapaz imaxina que apuñala á enfermeira Cora que o atende no hospital.

Yáñez, María, “Aquilo de contar historias”, *Xornal de Galicia*, “Comunicación”, “Vacas eléctricas”, 2 maio 2009, p. 51.

Reflexiónase sobre a importancia das novas tecnoloxías para manter a tradición de contar historias. Dise que, aínda que non “haxa moito novo que contar”, o que cambia é a maneira de contalo, grazas ás novas tecnoloxías coas que conviven “a maioría dos galegos e galegas menores de 20 anos”. Explícase que a tradición de “storytellers” corre perigo de esvaerse como non abramos a nosa mente aos novos mecanismos narrativos.

VIII.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

C. P., "A regueifa é unha improvisación oral en verso e retranqueira", *La Voz de Galicia,* "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 9 maio 2009, p. L16.

Co gallo da sesión de regueifas que se celebrou na Biblioteca Pública de Santiago de Compostela, realízase unha entrevista a Bieito Lobariñas, un dos participantes, que ademais forma parte da Asociación Oral de Galicia. Lobariñas define unha regueifa como "unha improvisación oral en versos octosílabos, estrofas de catro versos nos que os pares riman e os impares son libres" e explica que un regueifeiro ten que ter habilidade e rapidez para facer rimas con retranca.

Franco, Camilo, "A maioría dos galegos non son conscientes da fantasía popular", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 330, "O escritor do mes", 12 setembro 2009, p. 11.

Conversa con Antonio Reigosa sobre a literatura popular e fantástica galega. Comenta como sobreviven os mitos e as lendas rurais na sociedade actual, así como o feito de que na literatura contemporánea hai moita máis literatura popular e contos populares do que realmente se pensa. Cita o caso de Harry Potter e Disney, e a autores como William Shakespeare, Miguel de Cervantes, Lope de Vega e Álvaro Cunqueiro, entre outros. Tamén fala do funcionamento do proxecto "Galicia Encantada".

M. B., "Os novos movementos non inventan nada, só reciclan o que hai", A *Nosa Terra*, n.º 1.347, "Cultura", 19 -25 febreiro 2009, p. 26.

Entrevístase a Aída Alonso, coñecida como Aid, co gallo da presentación do seu disco *Jugando.* Explica que o seu disco "combina ritmos da música negra cun rap actual" e que as súas letras contan as súas vivencias e tamén falan da cidade de Vigo. Finalmente comenta a súa participación no Certame de Regueifas de Valadares, na modalidade de hip hop, e sinala que os dous estilos teñen moita relación porque "os novos movementos non inventan nada, só reclaman o que xa hai".

Montero, Tamara, "O noso Apalpador é anterior ao Olentzero", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Al día", "Entrevista", 19 novembro 2009, p. 2.

Destaca as principais reflexións que José A. Lôpez realiza sobre a figura do Apalpador que el axudou a rescatar. Comenta que é anterior ao Olentzero ou que descubriu a súa existencia por azar no Courel grazas a Amadora Cancelo Fernández.

Rivero, Alberte, "Amando I. Moure, autor dun maio tradicional: 'Agora aos nenos non lle interesa esta festa porque xa teñen de todo", *A Nosa Terra*, n.º 1.358, 7-13 maio 2009, contracuberta.

Ao longo da entrevista, Amado I. Moure, un veciño da Peroxa que, con 87 anos, segue participando na festa dos maios de Ourense, comenta como variou a celebración ao longo do tempo, dende a forma dos maios, que agora son "artísticos" e teñen formas "que pouco ou nada teñen que ver coa tradición" até as letras das coplas, nas que hai "máis liberdade". Critica tamén a falta de participación dos nenos, os colexios e as asociacións nos concursos e comenta que "debemos botar unha man entre todos para non deixar morrer" a tradición dos maios.

VIII.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. C. V., "Samos acogerá hoy un encuentro de brindeiros", *El Progreso*, "Sarria", 11 xullo 2009, p. 16.

Infórmase da comida que organizaron a Asociación Oral de Galicia e a Central Folque para reunir aos "mellores improvisadores" de brindos ou loias, un xénero tradicional da montaña lucense que supón un desafío musical ligado á celebración das vodas.

Á. P., "Comezan en Cotobade as actividades de 'Lémbroche", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Comarca", 9 outubro 2009, p. 13.

Conta a proposta de animación sociocultural "Lémbroche", coa que se pretende recuperar os usos e costumes do contorno de Cotobade, e comenta que no 2008 se recompilaron datos sobre os muíños e o seu funcionamento, o oficio das lavandeiras, a infancia, a ensinanza e a escola, os amores e os casamentos e as festas. Anuncia que para o 2009 os participantes deberían achegar refráns e cantigas, así como rememorar os seráns e os entretementos que existían tempo atrás.

Bande, Enrique, "Os maios na cidade de Ourense", *La Región*, "Festa dos Maios 2009", 29 abril 2009, p. 20.

A celebración da festa dos maios en Ourense dá pé a Enrique Bande para falar das orixes desta tradición "secular" que, segundo el, "enlaza cos cultos agrarios de fecundidade". Con respecto ás coplas que se cantan nos maios, salienta a importancia que tivo un concurso impulsado pola publicación *O Tío Marcos da Portela* para que "chegasen ata os nosos días" e tamén destaca que agora as coplas son feitas por poetas ou afeccionados, polo que "se perde a súa frescura primixenia".

Barros, Paula, "El III Certamen escolar de Regueifas fomenta el patrimonio oral gallego", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Sociedad", 18 abril 2009, p. 68.

Dáse conta da celebración do III Certame Escolar de Regueifas, que reuniu a 175 alumnos de 2º e 3º da ESO da provincia de Pontevedra. Coméntase que as regueifas son "desafíos en verso" onde dúas ou máis persoas discuten con humor e enxeño e explícase que algunhas das probas consistiron en cantigas de presentación, unha proba final de improvisación e xogos de palabras.

Barros, Paula, "Toponimia, cancionero y refranero del Gafos en una misma obra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir Aquí", "Sociedad", 23 maio 2009, p. 68.

Refírese á presentación na sede da Fundación Caixa Galicia do libro *Andar primeiro de río. Inmateriais do río dos Gafos*, no que Carlos Solla achega unha mostra de cantigas, adiviñas e refráns sobre o río dos Gafos.

B. B., "Así soa o cancioneiro galego de Nadal", *Diario de Pontevedra*, "*Navidad 2009*", n.º 27788, 24 decembro 2009, pp. 4-5.

Afirma que dende 1920 o grupo musical pontevedrés Os Chichos está a recuperar os cantares dos Rei de Nadal e asemade asegura que deste xeito tamén se recupera o verdadeiro senso do Nadal. Sinálanse algunhas das características así como as diferenzas entre os aninovos, vilancicos, panxoliñas e xaneiras e recálcase que un dos integrantes deste grupo, Óscar Ibánez, considere que a capacidade memorísticas dos maiores é meirande ca os rapaces de hoxe en día.

Becerra, Marta, "Un boca oreja en las aulas", *El Progreso*, "Lugo", "El despertador", 31 marzo 2009, p. 6.

Fálase da IV Semana da Oralidade, organizada polo concello de Lugo, que arrancou cunha actividade de contacontos a cargo de Marisa Irimia, Soledad Felloza e Sherezade Bajardi, que reuniron a varios alumnos de Primaria e Secundaria da cidade de Lugo.

Blanco Rivas, M., "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 274, "Infantil/Xuvenil", 15 xaneiro 2009, p. VII/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 217, "Letras galegas", 24 xaneiro 2009, p. 11.

Sección fixa do suplemento na que se describe nunhas poucas liñas a obra *Cantares de Manuela de Barros*, de Carlos Solla, ademais doutras obras publicadas no ano 2008.

Brenlla González, Alberte, "A Nosa Señora da Pastoriza", *Galicia Hoxe*,"Opinión", "Laparada de papel", 4 decembro 2009, p. 4.

Relata a historia do Santuario da Pastoriza, no concello de Arteixo, así como as lendas que o rodean e indica as características da súa igrexa actual do século XVII. Tamén expón que a Virxe da Pastoriza ten a devoción das mulleres en estado e que as súas festas son moi sonadas.

Candal, R., "Xa chega o Apalpador!!!!!", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 792, "Nadal Galego", 20 decembro 2009, pp. 10-11.

Detalla a historia do Apalpador e destaca que este Nadal o Concello de Santiago de Compostela programou numerosas actividades coa súa figura. Indica que saíron do prelo dous contos sobre o Apalpador —*Antón e o Apalpador* e *Apalpador*— e un espectáculo de monicreques *A historia do Apalpador*. Finalmente realiza unha entrevista a Leandro Lamas, o primeiro debuxante do Apalpador, quen sinala que realizou este traballo a pedimento da Gentalha do Pichel e describe a súa faceta como

debuxante.

Casanova, A., "Os últimos cantores da montaña", *El Progreso*, "Sarria", 12 xullo 2009, p. 13.

Alúdese ao encontro de brindeiros, organizado pola Asociación Oral de Galicia e a Central Foque, no que se aproveitou colaborar nun proxecto de investigación e recollida do patrimonio musical galego. Dise que no encontro se gravarán as actuacións de varios brindos dialogados, que son, segundo se explica, un xénero musical típico da montaña luguesa e outros municipios próximos a León, herdeiro das cantigas de escarnio e maldicir. Coméntase ademais que ao contrario do que ocorre noutras zonas, en Lugo non teñen carácter "ofensivo".

Cela, Dolores, "O Apalpador recorre Lugo en burro y reparte castañas", *La Voz de Galicia*, "El reverso del día", 26 decembro 2009, contracuberta.

Informa de que as rúas da cidade de Lugo, grazas á Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, terán este Nadal a presenza do Apalpador. Comenta a historia do Apalpador e indica que agasallará con castañas e contos ás crianzas e adultos que se atope polas rúas lucenses.

Cuíñas, Teresa, "A voz das mil coplas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 3 xullo 2009, p. 10.

Co gallo da publicación da antoloxía de cantares populares *Cantares de Manuela de Barro*, compilada por Carlos Solla coa axuda da poeta e cantareira Manuela Cortizo Medal, fálase do legado de cancións populares da comarca de Terra de Montes, onde se sitúa Barro, localidade de orixe de Solla. Teresa Cuíñas faise eco das palabras do autor cara Manuela Cortizo, da que di que é "tremendamente xenerosa" por recompilar o cantigueiro e proporcionar todo tipo de informacións sobre as cantigas e romances populares.

Cuíñas, Teresa, "A palabra está de volta", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 novembro 2009, p. 11.

Fala dos encontros sobre a literatura oral organizados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega ao coidado de Antonio Reigosa. Salienta que nestes actos o protagonismo recae en romanceadores, cantantes, músicos, narradores e recitadores da contorna.

Dacosta, Marta, "Morte", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Cultura", 5-11 novembro 2009, p. 27.

En relación coa morte, tema principal do Día de Defuntos, comenta que o medo á morte envolve a vida da xente creando unha linguaxe propia, facendo nacer símbolos e tópicos

que medran na literatura de todas as épocas, como en Jorge Manrique e Rosalía de Castro, entre outros. Engade que as cantigas populares ofrecen outra maneira de "esconxurar o medo, como vontade de non nos deixar vencer".

E. R., "María Castaña' pasea por Lugo la tradición oral de la celebración de 'Os Maios", *El Progreso*, "Lugo", 25 maio 2009, p. 7.

Faise eco da celebración dos maios en Lugo, organizada pola asociación María Castaña, e resáltase que é a "primera vez que no contó con el apoyo económico del Concello". Saliéntase que, entre as actividades realizadas, tiveron lugar un obradoiro sobre a confección de traxes con materiais vexetais e un percorrido pola cidade, no que os membros da asociación cantaron cantigas dos maios.

Estévez, Eva, "Unha regueifa de Ponteareas, premio europeo", *A Nosa Terra*, n.º 1.347, "Cultura", 19-25 febreiro 2009, p. 26.

Apúntase que o instituto Pedras da Auga de Ponteareas gañou dous premios europeos nun proxecto que consistía na realización dunha páxina web onde colgaron un poema de elaboración propia que foi unha regueifa, outro propio da rexión, outro do país e outro estranxeiro para "demostrar que poemas de distintos países serven para reflectir os valores e a identidade común europea". Dise que os poemas ían acompañados dunha explicación en Yogote, unha linguaxe internacional de xestos.

Gago, Xosé, "Pedras no Camiño", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 779, "De Lorean de Bois", 20 setembro 2009, p. 10.

Fai unha ruta por Muxía e polas súas proximidades. Fala, pois, da arquitectura de Torres do Allo, situada no Concello de Zas e na parroquia de Baio, e do seu uso actual como centro de interpretación etnográfico da sociedade. Destaca o templo de San Martiño de Ozón e o Santuario da Virxe da Barca, ao mesmo tempo que chama a atención sobre a existencia dunha serie de rochas "de formas caprichosas": a Pedra d'Abalar, a Pedra dos Cadrís e a Pedra do Temón. Por último, refírese ao mosteiro de San Xiao de Moraime.

Galicia Hoxe, "Nobres homes que abriron o Camiño", *Galicia Hoxe*, "*25 xullo 2009*. *Galicia Hoxe*", 25 xullo 2009, p. 15.

Fala dos persoeiros que abriron ou fixeron o Camiño de Santiago. Así, recolle a historia dende o emperador Carlomagno até o duque de Aquitania, quen chegara a Santiago a mediados do século XII baixo o nome de Gaiferos de Mormaltán. Explica que a súa morte foi a orixe do romance que se recolle no artigo.

García, Rubén, "Cuentacuentos. El arte de seducir con la palabra", *Diario de Ferrol,* "*Nordesía*", n.º 541, "Reportaje", 12 xullo 2009, p. 2.

Despois de explicar que se contan contos polo desexo do ser humano de "transmitir sus inquietudes, costumbres y sueños", pasa a facerse eco das palabras dos "narradores orais" Paula Carballeira e Pepo Suevos. A primeira clasifica aos contacontos en tres categorías: os "puramente formais" que se recrean nas palabras, os que prefiren centrarse na mensaxe e os que basean as súas historias na actualidade. O segundo, pola súa banda, explica que recentemente hai unha tendencia aos monólogos humorísticos.

Guarc, Agustina, "¡Meigas fóra en Sarria!", *El Progreso*, "*Verano*", "Citas con encanto", 24 xullo 2009, p. 39.

Conta as orixes de "Treba Seurra", festa celta de Sarria. Ademais, relata os acontecementos que se desenvolverán ao longo da celebración como é o caso da procesión polo río Sarria nunha barca moi pequena que utiliza unha vara para moverse.

Iglesias, A., "Luces de inverno", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 2 decembro 2009, p. 36.

Destaca que a figura do Apalpador volverá este ano a Santiago de Compostela dentro do programa das festas natalicias deste ano que contarán tamén coa presenza do Cirque Ici ou da Festa das Ilusións. Este texto está acompañado dun debuxo do Apalpador.

J. C., "Ochenta años les unen", *La Región*, "Valdeorras", 30 xaneiro 2009, p. 21.

Infórmase do taller de lectura que Cruz Roja Valdeorras e a biblioteca Florencio Delgado Gurriarán puxeron en marcha dentro do programa "Os avós e as avoas tamén contan", no que varias avoas da comarca contaron contos aos nenos. Explícase que durante o programa pasaron pola biblioteca "medio millar" de nenos e que as narradoras "se niegan a dejar perder" a tradición de contar contos.

Larriva, A. A. de, "La Cofradía de Bouzas exige a la Xunta participar en la decisión del trazado del Camino por la Costa", *Faro de Vigo*, "Vigo", 21 agosto 2009, p. 9.

Recolle a esixencia que a Confraría de Bouzas fai á Xunta para participar nas decisións do trazado da Ruta Xacobea pola costa co argumento de que a vila é "por tradición, a pedra angular do camiño e a orixe do culto xacobeo". A isto engaden a lenda do Cabaleiro das Cunchas que explica como o Apóstolo Santiago fixo o seu primeiro milagre en Bouzas e onde naceu o costume de peregrinar a Compostela cunha vieira.

L. G., "Unha fiestra aberta aos recordos dos maiores", *Diario de Arousa*, 10 febreiro 2009, contracuberta.

Dáse conta do proxecto "Lembranzas", promovido polo concello de Valga, que busca "recuperar e revitalizar" o patrimonio cultural inmaterial das cinco parroquias que compoñen o municipio. Infórmase que, para levalo a cabo, se vai entrevistar aos habitantes de máis idade de Valga para que relaten as súas lembranzas sobre cantigas, xogos, contos, etnobotánica ou alcumes e nomes de lugares. Dise tamén que as

entrevistas serven para conseguir que os maiores "se sintan útiles", segundo explican Ramón Angueira e Begoña Piñeiro, os coordinadores da actividade.

López, Ana, "Maio chega con festa e bo tempo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 2 maio 2009, p. 59.

Refírese á Festa dos Maios de Pontevedra indicando os gañadores dos premios do concurso, entre os que se atopan a Asociación Cultural Deportiva de Campañó e o colexio Marcos da Portela. Sinálase que foi a escritora Astrid Filgueira Álvarez a encargada de ler o pregón e que a celebración estivo amenizada pola música das Pandereteiras de Soutomaior.

López, Belén, "Adolescentes regueifeiros (segunda parte)", *Diario de Pontevedra,* "Vivir Aquí", "Cultura", 18 febreiro 2009, p. 78.

Coméntase o comezo da segunda fase do Certame de Regueifas promovido pola Consellería de Cultura para os alumnos de secundaria de Pontevedra, que contarán co asesoramento de Luís Caruncho, gaiteiro e zanfonista, e Pinto d`Herbón, "punta de lanza do hip hop agrario galego". Dise que os intérpretes percorrerán vinte institutos co seu obradoiro ensinando aos rapaces cómo facer regueifas para que poidan participar no certame.

L. R., "El escritor y académico José María Merino abrirá los encuentros literarios del Liceo", *La Región,* "Ourense", 31 xaneiro 2009, p. 10.

Despois de informar do comezo dos Encontros Literarios de Ourense, que na súa décimo novena edición se dedicarán ao conto, un xénero literario "no muy frecuentado por el gran público". Faise eco das palabras dos organizadores do evento, Manuel Valcárcel e José Luis Baltar, que comentan que contan cun programa "ambicioso". Enuméranse os poñentes que participarán: José María Merino, escritor e académico, que falará da evolución dende o conto popular ao conto literario; Bieito Iglesias, autor ourensán, Manuel Vicent e Ángel Sánchez.

L. R., "Francisco Narla: 'Siempre hay una lección moral detrás de cada una de las leyendas", *La Región*, "Ourense", "Foro", 24 abril 2009, pp. 14-15.

Fálase da conferencia do escritor Francisco Narla sobre as lendas de Galicia, enmarcada no foro organizado por *La Región*. Dise que na súa intervención, Narla destacou que cada lenda leva "unha lección moral" e que "buscan ensinar" leccións aos oíntes, poñendo como exemplos a lenda da muller lobo d'Os Blancos, que alerta sobre a beleza dalgunhas mulleres, e a Santa Compaña, que ten como "posible significado" o de castigar a alguén por mal comportamento. Comentou ademais que a cultura celta está moi presente en Galicia, pero que os restos castrexos se conservan mellor en Irlanda, a pesar de que só hai "catro castros".

L. R., "Allariz estrena las celebraciones de la Festa dos Maios, que el domingo llega a la ciudad", *La Región*, "Ourense", 29 abril 2009, p. 8.

Tras destacar que os maios son "algo más que un simple concurso o un alarde de imaginación", son "una muestra de tradición", pásase a comentar a maneira en que algúns concellos da provincia de Ourense os celebran. Deste xeito, explícase que en Allariz, Verín, O Barco e Leiro se fan adornos florais e coplas, igual que en Ourense, onde se detalla máis o programa das celebracións, que inclúe concursos.

maré, "O conto do lobo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 18 outubro 2009, p. 28.

Coméntase que con motivo da celebración en Lugo das II Xornadas de Literatura Oral, falouse novamente de mitos recollidos na literatura oral galega que teñen como personaxe principal a figura do lobo. Cita a exposición "O lobo, unha carreira pola supervivencia," organizada por ADEGA, ERVA e AAAGP

Martínez, Cecilia, "Silbidos al oído del más tonto", *Diario de Pontevedra*, 30 decembro 2009, contracuberta.

Mostra que a Asociación Valpolorío recupera da memoria popular galega a figura do Demo Asubiador do que se indica que cada Noitevella escolle ao menos listo de cada aldea para lle asubiar durante un ano. Explica que mora na zona alta do río dos Gafos e mais que esta asociación pretende dar a coñecer parte da infinidade de lendas e contos mitolóxicos de Galicia.

M. S., "Os seres máis máxicos", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 54, "*En foco*", 20 decembro 2009, p. 3.

Salienta que nos últimos anos se están a recuperar vellas tradicións do Nadal de Galicia como é a do Apalpador ou tamén denominado Pandigueiro e realiza unha demorada descrición desta figura tradicional do Nadal galego.

Mulet Rodríguez, José Luis, "Recuerdos y añoranzas de O Carril. El entorno familiar", *Diario de Arousa*, "*Arousa un mar de cultura*", "Colaboración", 20 decembro 2009, p. 26.

Refírese á familariedade que existía dentro das aldeas de Galicia e alude a que cando era noite toda a xente se reunía ao pé da lareira para contar os contos do saca-untos, chucha-sangue ou da Santa Compaña

Nieves, Seve, "El 'Apalpador' visita los barrios", *La Región*, "*Nadal en Galicia*", "Navidad en A Coruña", 27 decembro 2009, p. 5.

Informa de que dentro do programa de Nadal da cidade da Coruña terá cabida a figura do Apalpador quen percorrerá os barrios de Monte Alto, Bens, Palavea, Labañou, Feáns e mais Elviña.

Oliva, M. , "Sesenta personas representarán la cantata Xan Carallás", *Atlántico Diario,* "Redondela", "Área Metropolitana", 26 xuño 2009, p. 24.

Fálase da representación da obra de Suso Cameselle *Xan Carallás*, que se estreou no multiusos da Xunqueira e na que actuaron sesenta persoas, con actores de entre 11 e 16 anos. Segundo o autor, a base da obra está na tradición oral, na historia do mariñeiro Xan Carallás, que conta con varias versións, o que supuxo un gran labor de investigación pola súa parte. Finalmente, explícase que o autor prepara unha obra centrada no astrólogo Marcolfo, un mago que viviu en Redondela na Idade Media e que as súas andanzas foron recollidas nas cantigas dun xograr.

Pérez, C., "Mini y Mero repasaron piezas de música gallega en el curso 'Cultura e Paisaxe' de Guitiriz", *El Progreso*, "A Chaira", 11 xullo 2009, p. 17.

Fálase da intervención de Mini e Mero na clausura do curso da Universidade de Santiago "Cultura e Paisaxe", na que falaron dos distintos tipos de música tradicional que hai en Galicia, como os alalás, as muiñeiras ou os cantares de cego.

Pérez, Marino, "La 'canción protesta' de Elviña pide a Barja un compromiso 'firme cos veciños", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 19 maio 2009, p. 11.

Comenta a presentación do libro *O val de Elviña*, de Ana Filgueiras, e di sobre ela que se trata dunha obra sobre a idiosincrasia, as tradicións, mitos e lendas desta zona. Indica que o acto da presentación, ao que acudiu Manuel Rivas, se converteu nunha reivindicación por parte dos veciños da área onde se sitúa a Universidade debido a que a expansión desta suporía o derribo das súas vivendas.

P. M., "Políticos y crisis inspiran la métrica", *La Región*, "Ciudad", "Festa dos Maios", 4 maio 2009, p. 10.

Coméntase a celebración dos maios na cidade de Ourense, centrándose no concurso de coplas. Explícase que o das coplas é "un ritual siempre irreverente y divertido" e saliéntase que as letras máis abundantes trataban sobre temas políticos e tamén a actitude do público, "agradecido y atento".

Pontevedra, Silvia R., "Los cuentos del otro Rivas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 2 decembro 2009, p. 8.

Alude a que Ángel Rivas Veiga, de oitenta e cinco anos e natural da Pontenova, está a participar nun proxecto do Estado español no que se recolle a tradición oral mediante a

entrevista a só oito narradores de todo o Estado. Indica que este proxecto se denomina "La memoria de los cuentos", que está patrocinado pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales e que entre os seus integrantes está Antonio Reigosa.

R. T., "Los maios abarrotaron la zona peatonal de Porriño", *Atlántico Diario*, "Condado Louriña", "Área Metropolitana", 2 maio 2009, p. 18.

Infórmase da celebración dos maios no Porriño que contou con moita participación, "desbordando incluso las previsiones del Concello", xa que acudiu xente de municipios veciños. Con respecto ás coplas, indícase que son un "elemento imprescindible" na festa polo seu "carácter satírico".

Saá, Ana, "El arte de improvisar", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 11 outubro 2009, p. 38.

Presenta o XII Certame Internacional de Regueifas celebrado en Vigo. Para isto, explica que a tradición popular galega ten nos seus haberes as cantigas populares coñecidas como as "regueifas", definidas como "enfrontamentos en clave de humor nos que o ritmo e a rima xogan un papel importante". Afirma que o certame reuniu aos representantes máis destacados de Galicia cos da "payada" arxentina ou a décima "espinela" cubana.

Saá, Ana, "Caixanova dedica un curso al Camino de Santiago y sus aspectos históricos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 17 novembro 2009, p. 44.

Presenta o curso impartido por Javier Ocaña no Centro Cultural Caixanova de Vigo sobre o Camiño de Santiago. Anúnciase que nel o profesor explicará qué é o Camiño, cales son os seus peregrinos e cales son as lendas máis coñecidas relacionadas coa ruta.

Sánchez, Clara, "O que máis me atrae é a literatura de tradición oral", *A Nosa Terra*, n.º 1.369, "Cultura", 23-29 xullo 2009, p. 31.

Coincidindo co seu nomeamento como membro numerario da Real Academia Galega, entrevístase a Bernardino Graña, quen comenta que lle gustaría centrar o seu labor nesta institución na literatura de transmisión oral. O poeta confesa que aínda lle queda moito por escribir, di sentirse identificado coas etiquetas que se lle asignan, xa sexa como poeta do mar ou do amar.

Toural Quiroga, Manoel, "O Urco, unha boa peza mitolóxica", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "Magazine", "O territorio das lendas", 30 de xullo-2 setembro 2009, pp. 40-41.

En primeiro lugar, reflexiona sobre a palabra *mythos*, dende a súa orixe até os seus usos actuais, e cita ao filólogo alemán Wilhelm Nestle que na súa obra *Vom Mythos zum Logos* (1940) sinalaba que "mito e razón son dous polos da espiritualidade humana, pois cambos cadran en explicar unha causalidade". En segundo lugar, fala da mitoloxía galega e dunha das súas figuras: o Urco. Del trata un traballo publicado en 1887 na

revista *Galicia* do meteorólogo Octavio Lois, quen o considera unha imaxe festiva do entroido pontevedrés. Cítase tamén a obra *Do Urco ao esperpento* (1977), de Xosé Filgueira Valverde.

Uz, Carmen, "Toca a barriguiña e canta comigo", *Diario de Pontevedra*, contracuberta/ "Al Apalpador le gustan las barrigas sanas", *El Progreso*, "Lugo", 26 decembro 2009, p. 7.

Explica que o Apalpador, acompañado dun burro fariñeiro e de gaiteiros, percorreu as rúas da cidade de Lugo. Indica que a recreación deste personaxe correu a cargo do contacontos chantandino Anxo Moure, que cada ano está a ter máis auxe e que o seu primeiro debuxante foi Leandro Lamas.

Vecino, Coco, "La 'Xuntanza cos Maiores' reúne en Marín a gente de todas las edades", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 15 xullo 2009, p. 18.

Presenta as actividades que se levan a cabo na vila de Marín con motivo dos festexos en honor á Virxe do Carme. Entre elas destaca a "Xuntanza cos Maiores", organizado co obxectivo de fomentar os lazos de unión entre pequenos e maiores e fortalecer o traspaso da cultura popular entre uns e outros.

Vecino, Coco, "Eduardo Castro presenta su libro sobre leyendas de Marín", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Marín", 7 outubro 2009, p. 14.

Dáse conta da presentación do libro *E para lendas Marín*, da autoría de Eduardo Castro López, profesor do Instituto Illa de Tambo de Marín. Sobre o volume coméntase que se acolle dúas lendas, independentes entre si mais integradas na memoria colectiva da vila. Saliéntase do acto a presenza da escritora Fina Casalderrey

Veiga, Marta, "O blues dos últimos da serra do Courel", *El Progreso*, "Cultura", "A múxica do paraíso", 25 abril 2009, pp. 60-61.

Aprovéitase unha viaxe polas montañas de Lugo para falar con varios músicos tradicionais galegos e lembrar que a histórica banda da comarca do Courel lle puxo música á "Pastora do Courel", de Uxío Novoneyra, peza recollida no CD *Cantares populares*. Coméntase que Juan Sánchez, coñecido como Xan de Vilar, é tocador de corno para espantar os lobos e na súa casa xestiona un pequeno museo etnográfico. De Elvira Touzón, de 99 anos, dise que "conserva un repertorio musical de horas". Hilda Álvarez, de Ferreirós, canta cantigas e coplas e considera que "os poboadores da serra deixaron de cantar cando a radiofonía se popularizou", lembra cando os cegos cantaban polas aldeas do Courel. Angelita Aira, de Campelo, tamén é cantante, e xunto con Álvarez, explica que os romances contan "amores imposibles e desgraciados como o caso de "Fernandito", variante do tradicional castelán "Romance del conde Olinos" que sobrevive dende a Idade Media, e que as cantigas relatan "acontecementos cotiás e próximos" e "non estaban exentas de humor e retranca". Finalmente, Domingo Balboa, gaiteiro de Riocereixa, dedícase a facer gaitas e foles artesanais.

Vilas, Gonzalo, "Refraneiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "*Bule Bule*", "Qué pasa este mes?", "Agosto", 30 xullo-2 setembro 2009, p. [28].

Acóllense nesta sección once refráns relacionados co mes de agosto.

Vilas, Gonzalo, "Refraneiro", *A Nosa Terra*, n.º 1.378, "*Bule Bule*", "Qué pasa este mes?", "Outubro", 22-28 outubro 2009, p. [25].

Reprodúcense nesta sección oito refráns relacionados co mes de outubro.

IX. REVISTAS

Neste apartado acollemos as revistas con ISSN e as edicións facsimilares, das demais só se describen os traballos relacionados coa literatura galega no apartado "Publicacións en revistas" deste *Informe*.

***ADRA**. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*
(ISSN: 1886-2292) (DL: C-2367-2005).

Revista editada polo Museo do Pobo Galego que naceu co obxectivo de ser un vieiro de comunicación entre as persoas asociadas, unha canle de expresión na consolidación do Museo do Pobo Galego, ademais de fomentar o intercambio con outros organismos e institucións museísticas dentro e fóra da xeografía galega. Saíu do prelo no mes de novembro do 2005 co número 0. Dende o inicio o consello de edición estivo formado por Fátima Braña Rey, Rosa Mª Méndez García, Xaquín Penas Patiño e Manuel Vilar Álvarez que no ano 2008 pasou a estar composto por Fátima Braña Rey, Rosa Mª Méndez García, José Mª Laredo Codornié, Nolo Suárez e Manuel Vilar Álvarez. Estrutúrase nas seguintes seccións: "Limiar" e "Artigos" dedicados a diferentes temas. No ano 2009 publicouse o número 4. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

***AGÁLIA**. Revista de ciências sociais e humanidades*
(ISSN: 1130-3557) (DL: C-250-1985).

Revista de estudos socio-culturais que foi fundada no ano 1985 e está vencellada á Associaçom Galega da Língua (AGAL). Nos seus primeiros dez anos, *Agália* estivo dirixida pola presidencia de AGAL, con Joám J. Costa Casas como coordinador. O consello de redacción estaba integrado por oito persoas, equipo que foi medrando até chegar aos trece compoñentes cos que conta na actualidade. Nunha segunda etapa, que comprendeu dende o número 41 (primavera de 1995) até o número 61 (primavera de 2000), tivo a Mª do Carmo Henríquez Salido como directora. Dende o número 62 (verán de 2000) até o número 91-92 o seu director foi Carlos Quiroga. Nesta etapa, a partir do número dobre 63-64 (correspondente ao segundo semestre do ano 2000) *Agália* presentou un novo deseño na capa, optou pola periodicidade semestral e engadiu o subtítulo: "Revista de ciências sociais e humanidades". No enderezo electrónico pódense localizar os índices dos diferentes números desta revista dende o número 56 (inverno de 1998) até a actualidade. É posíbel, asemade, consultar en liña algúns destes traballos. Esta revista contén as seguintes seccións: "Estudos", "Relato/Poesia", "Entrevista", "Notas", "Recensons" e "Percurso". No ano 2009 non saíu do prelo ningún número.

***AILIJ** (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)*
(ISSN: 1578-6072) (D.L:VG-978-2001).

Anuario editado pola Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), cuxa sede se atopa na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, publicado por dita universidade e dirixido por Celia Vázquez

García. Asemade conta coa axuda da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación científica, dirixida a un público nacional e internacional especializado, que acepta colaboracións de investigadores procedentes de calquera institución ou país, sempre que se trate de traballos de investigación orixinais (non publicados con anterioridade) e que o contido do artigo ou da recensión estea relacionado coa investigación que se vén realizando no campo da literatura para a nenez e a mocidade tanto de carácter nacional coma internacional. O seu primeiro número, o número 0, saíu a lume no ano 2001 e dende o ano 2003, no que se publicou o número 1, ten periodicidade anual. As editoras son Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García. O comité de redacción intégrano Margarita Carretero (Universidade de Granada), Pedro Cerrillo (Universidade de Castilla-La Mancha), Teresa Colomer (Universidade Autónoma de Barcelona), Marisa Fernández López (Universidade de León), Cristina García de Toro (Universidade de Castellón), Esther Laso y León (Universidade de Alcalá de Henares), Manuel López Gaseni (Universidade do País Vasco), Lourdes Lorenzo García (Universidade de Vigo), Antonio Moreno Verdulla (Universidade de Cádiz), Mª José Olaziregi (Universidade do País Vasco), Isabel Pascua (Universidade das Palmas de Gran Canaria), Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo), Victoria Sotomayor (Universidade Autónoma de Madrid), Mª del Carmen Valero Garcés (Universidade de Alcalá de Henares), Celia Vázquez García (Universidade de Vigo) e Manuel Vieites (Universidade de Vigo). Este anuario, que se estrutura en "Artículos" e "Reseñas/Reviews", publicou no ano 2009 os números 7 (1) e 7 (2). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

AMASTRA-N-GALLAR
(ISSN: 1696-0718) (DL: C-134-2002).

Revista de poesía e pensamento poético vinculada á editorial Amastra-n-gallar, que dá tamén ao prelo unha serie de cadernos poéticos de autores galegos e estranxeiros non venais. A súa periodicidade é variábel. Foi fundada no ano 2001 co obxectivo de difundir a creación, o ensaio e a tradución de poesía. Da dimensión filosófica da revista deu testemuño xa o seu primeiro número, onde diferentes autores fixeron as súas achegas ao redor do concepto de "acto poético". O director da publicación é Emilio Araúxo. Na revista é habitual que os textos dos colaboradores estranxeiros se traduzan ao galego na primeira parte de cada volume, para ser reproducidos despois na súa lingua orixinal.

ANIMA+L. *Revista cultural para todas as especies*
(ISSN: 1137-599X) (DL: C-541-96).

Publicación creada en febreiro de 1991, editada por Edicións Positivas, presentándose cunha periodicidade variábel. Comezou a súa andaina tendo a Xelís de Toro como director e coordinador, até que no ano 2007, Francisco Macías asumiu a súa dirección. No ano 2009 non se publicou ningún número.

Referencias varias:

- Lucía Seoane, "Mais animal", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Libros", 30 abril 2009, p. 4/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 236, "Letras galegas", 9 maio 2009, p. 6.

Dáse conta da recente presentación do número dezanove da revista *Animal* e faise un comentario dos distintos traballos que contén esa edición realizados por Xía Arias, Pere Tobaruela e Pilar Buela, aos que se suman a tradución ao galego do "Discurso contra a servidume voluntaria", de Étienne de la Boétie, por parte de Onofre Sabaté, quen tamén asina unha achega creativa, do mesmo xeito que Paula Carballeira.

ANUARIO GRIAL DE ESTUDOS LITERARIOS GALEGOS
(ISBN: 84-8288-598-7) (ISSN: 1133-4533) (DL: VG-173-2003//VG-1263-2006).

Publicación literaria de periodicidade anual que deu á luz a Editorial Galaxia no ano 2003 co patrocinio da Fundación Caixa Galicia. Xurdiu da fusión do *Anuario de Estudos Literarios Galegos* e a revista *Grial*. O *Anuario de Estudos Literarios Galegos* fora fundado a iniciativa de Xoán González-Millán, que exerceu como director até o seu pasamento no ano 2003. O consello de redacción estivo integrado por Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camiño Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. A revista tiña, asemade, un consello asesor composto por Xesús Alonso Montero, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Claude H. Poullain, John Rutherford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. Na súa nova etapa, que veu acompañada dun cambio de nome e de deseño, a directora é Dolores Vilavedra. A partir do *Anuario 2005* apreciouse un cambio no D.L. e a asignación do ISSN, que se consignan na entrada. O consello de redacción está formado por Xosé M. Dobarro, Manuel Forcadela, Helena González, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Camiño Noia. Compoñen o consello asesor Xesús Alonso Montero, Arturo Casas Vales, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Derek W. Flitter, Javier Gómez-Montero, Kathleen March, Stephen Parkinson, John Rutherford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. O deseño corre a cargo de Fausto C. Isorna. Fusionáronse as antigas seccións "Estudios" e "Comunicacións", conservándose "Panorámicas" e "Libros" e desapareceu "Compendio bibliográfico". A partir do *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos 2007* (2008), deixouse de publicar.

ARRAIANOS
(ISSN: 1698-9953) (DL: OU-2/05 // C 4290-2007).

Revista de ámbito limiá, de periodicidade anual, vinculada á Asociación Arraianos, fundada no ano 2004 por Aser Álvarez, que exerceu de coordinador. Tomando como inspiración a obra homónima de Xosé Luís Méndez Ferrín, a publicación pretende dar a coñecer os fenómenos culturais da Baixa Limia. Pódense consultar en formato PDF os seis números anteriores (http://www.arraianos.com). Co número VII, correspondente ao mes de xaneiro de 2008, iniciouse unha nova etapa con máis colorido, baixo a dirección de Aser Álvarez e a coordinación de Lois Codias, cun consello de redacción composto por Alberto Augusto Miranda, Américo Rodrigues, Armando Requeixo, Baldo Ramos, Felipe Castro, José Domíngues, Henrique Alvarellos, Ramón Nicolás, Xoán Carlos

Domínguez, Xosé Paulino Estévez e Xulio Medela. A revista consta das seguintes seccións: “Limiar”, “Entrevista”, “Entre arraianos”, “Arredor da lareira”, “Pensamento”, “Creación” e “Andel de libros”. A partir do número VII houbo un cambio de depósito legal que se consigna na entrada, debido a que pasou a ser editada por Alvarellos Editora. No ano 2009 non saíu do prelo ningún número.

ATENEA
(ISSN: 1575-9679) (DL: C-1937/99).

Revista trimestral, fundada no ano 1999 e publicada polo Ateneo Ferrolán, que dende o número 30 (xaneiro-febreiro-marzo 2008) conta co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. A revista non ten unha estrutura estábel pero entre as súas seccións saliéntanse pola súa frecuente aparición: “Editorial”, “Servizos”, “Falamos de..”, “Programación”, “Artigos”, “Breves”, “Muller” e “O Parnaso”, sección que acolle creacións poéticas. No ano 2009 publicáronse os números 33, 34 e 35. No número 33 na sección “Artigo” acolleu unha pequena biobibliografía de Sechu Sende, acompañada dos poemas “Em defensa própria” e “Peixes”; na sección “O Parnaso” acolléronse os poemas “Se os deuses permitisen...”, de *Adeus norte* e “Praza do mundo”, da antoloxía *Ámbito dos pasos*, da autoría de Ramiro Fonte. O número 34 reproduciu na sección “O Parnaso” os poemas “Eiquí Será”, de Celso Emilio Ferreiro; e “Poemas en Loita-I” e “Poemas en Loita-XII”, de Miguel Ángel Alonso Diz. No número 35 acolleu, na sección “O Parnaso”, o poema intitulado “A pesca (Pastoral)”, de Eduardo Blanco Amor. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

AURIA. *Revista mensual de Caixanova*
(ISSN: 1138-0837) (DL: OU-46-97).

Publicación mensual, distribuída gratuitamente co xornal *La Región* o derradeiro domingo de cada mes, que naceu en marzo de 1997 ao saír do prelo o seu número 0 co título de *Auria (Revista mensual de Caixa Ourense)*. Este nome trocou en agosto de 1999 -número 28-, ao comezar o proceso de fusión das Caixas do Sur de Galicia, quedando como *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense)*; en xullo de 2000 -número 39- pasou a titularse *Auria (Revista mensual de Caixanova)* pero dende setembro de 2008 -número 137- presenta o seu actual título *Auria*. Estivo sempre editada por *La Región* en colaboración con Caixanova e mais coa Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia até febreiro de 2008 -número 130-, dende marzo de 2008 -número 131- até agosto de 2008 -número 136- seguiu só coa colaboración de Caixanova mais dende setembro de 2008 -número 137- só participa na súa edición *La Región*. A colaboración institucional retomouse en febreiro de 2009 -n.º 142- coa Deputación de Ourense, acrecentada en maio de 2009 -n.º 145- co Concello de Ourense e mais en agosto de 2009 -n.º 148- con Caixanova. Tivo a Alfonso Sánchez Izquierdo como director dende a súa fundación até agosto de 2008 -número 136- cando pasou a ser Xosé Pastoriza Martínez, a José Luis Outeiriño Rodríguez como editor dende a súa fundación, a Antonio Piñeiro Feijoo como director de cada edición dende agosto de 2000 e conta ademais cun amplo abano de colaboradores dos máis diversos campos. Dende maio de 2007 -número 121-contou cunha renovada maquetación e deseño, se ben cómpre subliñar que a presenza de textos en lingua galega é cada vez menor ou case

nula. Dende setembro de 2004 -número 89- cada número comeza cun texto titulado "Firma invitada". Despois disto aparecen artigos, con abondoso apoio fotográfico, que tocaban variados temas de lecer, especialmente referidos ao turismo, natureza, música, tradicións, cine, fotografía, cultura, arte, costumes, etc. Até setembro de 2008 -número 137- pechábase cun apartado que falaba especificamente das noticias económicas e institucionais de Caixanova. Ao longo de 2009 publicáronse 12 números, concretamente dende o número 141 ao 152 e cómpre destacar que o número 144, correspondente ao mes de abril, conta na súa portada coa reprodución das placas do roteiro d'*A esmorga* por Ourense. Cada número contén unha "Agenda" que dá conta dos principais fitos e actividades culturais (teatro, conferencias, exposicións, música, etc.) que tiveron lugar durante o mes seguinte en toda a provincia de Ourense e Vigo. O número 146 na sección "Poemas de Auria" acolle un poema de Manuel Guede Oliva dedicado a Marcos Valcárcel, titulado "Eramos case tristes, case imberbes...". Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BARBANTIA. *Anuario de Estudos do Barbanza*
(ISSN: 1889-0946) (DL: C-2792-05).

Publicación anual inaugurada no ano 2005, editada pola Asociación Cultural Barbantia e coordinada por Antón Riveiro Coello en compaña, sucesivamente, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Lola Arxóns e Manuel Cartea, até que no número 4 do ano 2008 pasou a estar coordinada en solitario por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Conta cun consello directivo. Consta dun "Limiar" de X. Ricardo Losada; varios artigos referidos á comarca do Barbanza que abranguen os eidos da arte, xeografía, patrimonio, etnografía ou literatura entre outros; da sección "Aires de fóra", dedicada a acoller textos traducidos de autores estranxeiros; "Cuarto acto" que, dividido en escenas, informa das actividades realizadas pola asociación e que no número 5 se denominou "O alustro dun lustro"; e "Publicacións no Barbanza", que no número 3 (ano 2007) cambiou a "Revista de libros" e que no n.º 5 volveu nomearse "Publicacións no Barbanza". No ano 2009 publicouse o número 5 no que figuran na coordinación Manuel Cartea, Mª Xesús Armada, Antón Riveiro Coello e Alberto Piñeiro. Neste número realizado en homenaxe a Anxo A. Rei Ballesteros, reúnense na sección "Ser, arte e palabras" os seus textos "Mar orxiástico", "Dieste", "Alfonso Sucasas", "Homero poeta maudit", "Torrente Ballester: el cuerpo y la palabra", "A imaxe e a traza", "Teatro de Mari Gaila e a súa 'Noite das Tríbades", "Ación é un neo que xoga", "O Deus que fere desde lonxe", "Eramos novos", "O lector secuestrado", "Eis o Antroido", "O Camiño Francés: carta a Marcel Leroy" e "Q dificultade de falar", publicados en xornais, revistas ou monografías; ademais dunha "Bibliografía de Anxo R. Rei Ballesteros" (pp. 153-161), realizada por Román Arén e Pastor Rodríguez, subdividida en "Bibliografía activa" e "Bibliografía pasiva". A sección "Publicacións no Barbanza" (pp. 227-236), a cargo de Román Arén e X. Santamaría, acolle un repertorio bibliográfico sobre libros, folletos, separatas, revistas, artigos e reedicións de autores do Barbanza dende outubro de 2008 até outubro de 2009, subdividido en xéneros (poesía, narrativa, teatro, ensaio, artigos, recensións e notas, historia, xeografía, medio ambiente, biografía, bibliografía, etnografía e antropoloxía, ensaio relixioso, ensino, arte e música, revistas e xornais, tradución, entrevistas, lingua, viaxes e varia). Na sección "Aires de fóra" reprodúcese a tradución da peza teatral *A voz humana*, de Jean Cocteau, realizada por Anxo A. Rei Ballesteros (pp. 139-149).

Referencias varias:

- Chechu López, "El escritor Anxo Rei Ballesteros recibirá un homenaje en el aniversario de su muerte", *Diario de Arousa*, "O Barbanza Comarca", "A Pobra", 30 xuño 2009, p. 25.

Recolle os actos que con motivo do homenaxe ao escritor Anxo Rei Ballesteros, organizará a Asociación Barbantia, entre os que salienta a presentación dun monográfico do *Anuario de Estudos do Barbanza 2009*, dedicado ao escritor.

BARSOWIA
(ISSN 1887-6226)

Fanzine editado polo colectivo de autores galegos de banda deseñada Polaqia, fundado en 2001 e integrado por David Rubín, Kike Benlloch, Sergio e Hugo Covelo, Emma Ríos, Álvaro López, Luís Sendón, Jose Domingo, Bernal, Brais Rodríguez, Roque Romero e Diego Blanco. En 2008 Jose Domingo substituíu na presidencia do colectivo a Hugo Covelo. A publicación ten no seu haber o Premio do Público ao Mellor Fanzine de España en 2005, o Premio do Salón Internacional do Cómic de Barcelona como Mellor Fanzine de España en 2006, o Premio do Salón de Barcelona 2007 e o Premio Ourense 2007. Ao longo de 2009 o colectivo editou dous números: o 13 (maio 2009) e o 14 (agosto 2009). No número 13, a portada leva a sinatura de Álvaro López e no seu interior atópanse as colaboracións de: Brais Rodríguez e Ana Santiso, David Rubín e José Domingo, Michael Bonfiglio e Manel Cráneo, Jorge Taboada, Frank Arbelo, Dustin Harbin, Fidel Martínez, Kike Benlloch e Hugo Covelo, Kosta, Miquel Rof, Miguel Valverde e Richard Câmara, Roque Romero, Sergio Covelo, Diego Blanco, Alexis Ziritt, Luis Sendón e Iván Serrano, Duarte e Xurxo Penalta, e Bernal. No número 14, subtitulado "Explorando novos mundos", tras da portada de Sergio Covelo, aparecen as colaboracións de: Miguel B. Núñez, Dylan Horrocks, Fermín Solís e José Luis Forte, Jesse Jacobs, Martín López, Connor Willumsen, Juan Muñoz e Javi Rey, Frank Arbelo, Manel Cráneo, Álvaro López e Roberto Díez, Ken Niimura, Alexis Ziritt, Emma Ríos, Hugo Covelo, David Rubín e Kike Benlloch e Santy Gutiérrez.

Referencias varias:

- M.S., "Editoriais e revistas", *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 254, "Cómic galego", 17 outubro 2009, p. 7.

Coméntase as limitacións as que se enfrontan os artistas de Banda Deseñada (BD) á hora de dar a coñecer o seu traballo, citándose as editoriais máis importantes neste eido e algunhas iniciativas de autoedicións dos artistas. Ao mesmo tempo destácase o traballo da asociación Polaqia, que aposta pola revista *Barsowia*, varias veces galardoada en mercados esixentes como o de Barcelona.

BD BANDA ■
Vg- 325/07

Revista de cómic que naceu en 2001 por iniciativa do debuxante Kiko da Silva e de Cano, responsábel da libraría Paz de Pontevedra, coa intención de crear un medio de expresión para que os creadores e creadoras galegos de cómic puidesen publicar os seus traballos. Tivo dúas épocas. A primeira abrangueu do 2001 ao 2006 e seis números: nº 1 (maio 2001), nº 2 (decembro 2001), nº 3 (maio 2002), nº 4 (abril 2003), nº 5 (maio 2004) e nº 6 (maio 2005). A segunda época, coa intención de transformar o fanzine nunha publicación profesional, comezou no ano 2007 coa edición do número 1 (abril, 2007) e 2 (novembro 2007). O cambio fundamental consistiu na existencia de equipos creativos fixos que fan series continuadas e na edición en castelán e galego. Entre os autores de fóra de Galicia cóntanse Albert Monteys, Javier Olivares, Raúl Ariño, Mel, Bartolomé Seguí, Felipe Hernández Cava, Anna Raven e Jorge García. A publicación complétase con entrevistas (asinadas por Germám Ermida) e textos teóricos de Álvaro Pons. En 2009 non se publicou ningún número.

BOLETÍN DA REAL ACADEMIA
(ISBN: 84-87987-21-4) (ISSN: 1576-8767) (DL: C-743-2000).

Vinte anos despois de que se publicara o número 360 do *Boletín da Real Academia Gallega*, órgano oficial e científico desta Institución dende o 20 de setembro de 1906 a decembro de 1980, no ano 2000 renovouse a súa publicación co título *Boletín da Real Academia Galega*, e seguiu a numeración iniciada no ano 1906. Estivo coordinado por Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Salvador García-Bodaño Zunzunegui e coeditado pola Real Academia Galega, a Fundación Rodríguez Iglesias e Hércules de Ediciones. No número 367, do ano 2006, apareceron como coordinadores Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos Agrelo e Xosé R. Barreiro Fernández e apreciouse a desaparición do ISBN e a modificación do ISSN, feitos que se consignan na entrada. No ano 2009 saíu do prelo o número 368, do ano 2007, coordinado por Xosé Luís Axeitos Agrelo e Xosé R. Barreiro Fernández, que conta con catro seccións: "Estudos e investigacións sobre María Mariño", "Alocucións académicas sobre María Mariño no Día das Letras Galegas", "Centenario da Real Academia Galega" e "Vida oficial da RAG". Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

BOLETÍN GALEGO DE LITERATURA
(ISSN: 0214-9117) (DL: C-641-1989).

Revista de periodicidade semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela dende a súa aparición en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela subvencionada pola Xunta de Galicia e na que colaboraron diversas institucións até que a partir do ano 1998 colaboran Ámbito Cultural/El Corte Inglés, que a subvenciona. Acolle artigos de crítica e historiografía sobre calquera literatura do mundo e tamén traballos de investigación en Teoría da Literatura, Crítica Literaria, Poética, Retórica, Hermenéutica, Semiótica, etc., é dicir, todo un amplo campo de coñecemento de tan longa tradición como o desenvolvido ao redor do feito literario nun senso amplo. Consta dun consello científico no que figuran catedráticos de universidades de todo o mundo; dunha secretaría da que formaron parte sucesivamente Xosé Luís Sánchez Ferraces, Miguel-Anxo Seixas Seoane, Blanca-Ana Roig Rechou, Armando Requeixo, Xabier Campos Villar, Isabel Soto López, Eulalia Agrelo Costas,

Isabel Mociño González e, na actualidade, Isabel Soto López e Marta Neira Rodríguez; dun consello de redacción, que estivo constituído sucesivamente por Carmen Blanco García, Antón Capelán Rei, Modesto Hermida García, Xesús Rábade Paredes, María do Carme Ríos Panisse, Blanca-Ana Roig Rechou, Mercedes Brea López, Manuel Henrique Vázquez Buxán, Antón Capelán, Xosé Luís Sánchez Ferraces, María Fe González Fernández, María Xosé López Pérez, Monserrat López Fariña, Miguel Louzao Otero, Xabier Campos Villar. Na actualidade, está composto por Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, María Xesús Nogueira, Ana Margarida Ramos, Sara Reis da Silva, Xosé Manuel Salgado Rodríguez e Ernesto González Seoane. Conta cun deseño inicial de Pedro de Llano, actualizado por Alejandro Vidal. Consta das seguintes seccións: "Estudos", "Notas", "Documentos", "Encontros", "Libros" e "Creación", que nalgúns números, sobre todo nos monográficos, poden reducirse. No ano 2009 publicáronse os números dobres 39-40 (1º e 2º semestre 2008) e 41-42 (2009). O número 39-40 conta co especial "Oitenta anos d'*O porco de pé*" no que, segundo se explica nunha nota da dirección, se recollen catro dos cinco relatorios presentados nunhas xornadas literarias celebradas na Fundación Vicente Risco en decembro de 2008, con motivo de se cumprir oitenta anos da publicación d'*O porco de pé* e que tiveron como centro de atención a novela do escritor ourensán, e na sección de "Creación", presentaba once textos poéticos de Antonio García Teijeiro intitulados "A sombra do amor na voz do poeta" precedidos por unha semblanza biobibliográfica do autor e dunhas reflexións sobre o feito de ler e escribir poesía, intituladas "Ler/escribir: camiños para coñecerse. Autopoética". O número especial 41-42 intitulado "2000-2009: 10 anos de estudo e creación" abriuse cunha "Nota da dirección" na que Anxo Tarrío Varela daba conta das especiais características deste número especial, ademais de lamentar a desaparición de persoas vinculadas ao *Boletín Galego de Literatura*, como Claude Henri Poullain, profesor da Universidade de Nice; as poetas Xela Arias e Luísa Villalta; e a profesora Cristina Blanco Outón. Expresa tamén o seu agradecemento a David Mackenzie, aos membros do Consello Científico, aos colaboradores e creadores gráficos, así como a Antonio Azaustre Galiana, Director Académico do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC; a Elías Torres Feijó, ex-Vicerreitor de Cultura; a Marisa Melón, Directora do citado Servizo da USC; a Juan Luís Blanco-Valdés e a toda a Imprenta Universitaria da USC. A seguir presenta a cuberta e os sumarios e reproduce integramente a sección de "Creación" de todos os números publicados no decenio 2000-2009, dende o número 23 até o 39-40, nos que se acollen textos narrativos asinados por Xavier Carro, Víctor Fernández Freixanes, Xosé Antonio Perozo, Suso de Toro, Xavier Queipo, Ramón Caride, Agustín Fernández Paz, Xavier P. Docampo; textos poéticos de Miguel-Anxo Fernán-Vello, Román Raña Lama, Ánxeles Penas, Yolanda Castaño, Luísa Villalta, María do Cebreiro, Luís G. Tosar, Juan L. Blanco Valdés, Ricardo Martínez Conde, Daniel Salgado e Antonio García Teijeiro; e creacións de banda deseñada de Xaime Asensi, Manel Cráneo, José Carlos Fernandes, Kiko da Silva. Ademais reproduce as dezasete cubertas das entregas correspondentes, deseñadas por outros tantos artistas plásticos: Alex Mene, Miguelanxo Prado, Antón Pulido, Víctor Casas, Amabel Míguez de la Sierra, Mercedes Díaz Villarías, Vive Tolli, Baldo Ramos, José Manuel Bouzas, Jaime Asensi, Roser Capdevila, Ana Díaz, Ramón Díaz, Alberto Vázquez Rico, Gémeo Luís, Vicente Blanco Mosquera e Salvador Cidrás. Por último, contén os correspondentes índices de "Colaboradores", "Creación. Literatura e música" e "Creación. Ilustración". Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Anxo Tarrío Varela, "Vinte anos do Boletín Galega de Literatura", *Galicia Hoxe*, "A Contra", "De letras e de signos", 3 xuño 2009, contracuberta

Artigo escrito co gallo do vinte aniversario do *Boletín Galego de Literatura*, que se comezou a publicar en maio de 1989 cun primeiro número dedicado a Celso Emilio Ferreiro. Especifícase que, en principio, non estaba previsto que saíra con periodicidade fixa, pero despois fíxose semestral, característica conservada na actualidade.

CASAHAMLET. *Revista de teatro*
(ISSN: 1888-2056) (DL: C-1152-1999).

Revista anual de teatro, dirixida por Francisco Pillado Mayor. Botou a andar en 1999 co apoio da Deputación Provincial da Coruña. No seu consello de redacción figuran Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón e, como novo membro dende o ano 2003, Isaac Ferreira, que pasou a ser director no número 10. Até o número 9 estruturábase en catro seccións: "Editorial", "Colaboracións", "Creación" e "Documentación" e o resto eran variábeis, artellándose monograficamente ao redor dunha sección de teoría, seguida da presentación de textos dramáticos. No ano 2007, na súa estruturación cambiouse o apartado "Colaboracións" por "Teoría". No ano 2009 publicouse o número11 (maio) que na sección "Creación" acolle tres pezas dramáticas de Xesús Pisón: *A Vía Láctea*, *Os ollos* e *Animal/Vacío* e na sección "Documentación" unha cronoloxía da obra de Xesús Pisón representada, publicada e premiada xunto a unha relación das estreas e dunha bibliografía pasiva do autor. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Rubén Ruibal, "Teatro, o agasallo co que sorprenderán a case todos.Recomendacións para todos os públicos", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 4, "Teatro", 3 xaneiro 2009, pp. 12-13.

Entre outras cuestións referidas aos textos teatrais publicados en galego ao longo do ano 2008, valórase o traballo editorial e docente da escola teatral coruñesa "Casahamlet", que publicou *Claro mencer do tempo* (2008), de Xosé María Álvarez Blázquez. Tamén se sinala que se publicou o número dez da súa revista, dedicada esta vez ao teatro fantástico, e na que se recollen obras breves de autores do máis variado e rico do panorama teatral.

CÉLTIGA. BOS AIRES (1924-1932). *Revista Gallega de Arte, Crítica, Literatura y Actualidades*. Ed. facsimilar
(ISBN: 978-84-453-4722-5).

Edición facsimilar da revista *Céltiga*, unha das de máis interese das revistas galegas da época publicadas polo exilio e a emigración galega, realizada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades baixo a coordinación e edición de Luís

Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. No limiar aclárase que o proxecto editorial e de recompilación xorde arredor do ano 1994, tras unha suxestión feita por Francisco Fernández del Riego ao Centro Ramón Piñeiro. Neste volume recóllense os sete números que integran a totalidade dos que apareceron en 1924 e sinálase que o "proxecto Céltiga" terá unha periodicidade anual (un volume por ano) para enmarcarse na liña de atención á prensa galega (cultural, informativa, política, societaria) dos emigrados e exiliados na Arxentina. É unha revista ilustrada, xa que nela se observa a colaboración estética en materia de ilustración dos mellores artistas galegos da época como Carlos Maside, Daniel Rodríguez Castelao, Álvaro Cebreiro, Ramón Peña ou Fernando Álvarez de Sotomayor e, ao tempo, unha obra na que coinciden todos os intelectuais galegos de entón. A súa orientación, tal e como se aclara no limiar, é a vocación de ponte galega-hispano-americana, o galeguismo de pensamento e sentimento, o espallamento de novas ideas e problemas modernos, a exaltación patriótica de Galicia, o mutuo coñecemento de Galicia e Arxentina e a permanente vontade de exaltación da terra e a súa saudosa lembranza. Os diferentes eixes temáticos que compoñen estas páxinas son moi variados: información sobre as sociedades galegas de emigrados; artigos de asunto cultural, como a festividade do doce de outubro na colectividade galega ou as relacións entre Galicia e o exilio; a creación literaria coa inclusión, por exemplo, de poemas de Manuel Curros Enríquez e Álvarez de Sotomayor; reportaxes fotográficas de cidades e paisaxes galegas como Vilagarcía de Arousa, nas que se representa a sociedade da época; gravados de autores como Castelao ou Luís Ksado; páxinas con semblanzas biográficas como a de Manuel Lustres Rivas; relatos literarios como "O Rifante", de Castelao; atención ás funcións teatrais da época; seccións de humor e outras sobre o mundo da infancia e a muller. Tamén se indica que unha dimensión fundamental desta revista foi a liña de pensamento ideolóxico que mantivo ao longo de toda a súa xeira, centrada no galeguismo e nacionalismo moderado impulsado por Eduardo Blanco-Amor, que exerce o seu maxisterio ideolóxico dende a súa emigración a Bos Aires en 1919. Foi unha revista ben acollida pola prensa arxentina, segundo se di no remate do limiar, cualificándoa tamén como unha plataforma aberta ao galeguismo, atenta ao mundo societario galego no país arxentino, moderna profesionalmente e independente de intereses de partido, popular e apreciada pola súa calidade estética e pola altura intelectual dos seus colaboradores. Tras o limiar aparece unha parte chamada "Palabras para Céltiga" na que se recollen fragmentos de gabanzas para a revista dende outras cabeceiras da época, como *A Nosa Terra*, ou expresadas por persoas de relevancia no mundo cultural, como Avelino Díaz, Xaime Illa Couto ou o propio Blanco Amor. Deseguido ofrécese un novo apartado titulado "Céltiga, Revista Gallega de Arte, Crítica, Literatura y Actualidades", no cal se describe a ficha técnica da revista, achegando datos como a data de comezo (30 setembro 1924), a data de remate (25 xullo 1932), os directores e fundadores (Ramón Peña Gil e Domingo Rial Seijo), o director literario (Adolfo Vázquez Gómez e posteriormente Eduardo Blanco Amor, Ramón Suárez Picallo e Eliseo Pulpeiro) ou a sociedade editora (empresa Céltiga. Sociedad Anónima Cooperativa). Segue despois un novo apartado no que se detallan os colaboradores literarios que participan nela, como Wenceslao Fernández Flórez, Manuel Leiras Pulpeiro e Victoriano Taibo, e outro no que se detallan os colaboradores artísticos como Luís Ksado, Castelao ou Víctor Morey para dar, finalmente, paso á reprodución facsimilar da revista.

CLAVE ORIÓN
(ISSN: 1135-741 X) (ISBN: 978-84-453-4778-2).

Revista literaria que comezou a súa andaina no seo da revista *Nordés* (números 19-20, outubro 1993) onde viu a luz o número Alfa. A súa traxectoria independente deu comezo no 1995 co número I e baixo a dirección de Luz Pozo Garza, que se mantivo ao fronte da publicación até a actualidade. Dende aquela foron cinco os números que viron a luz en catro entregas. No ano 2001 publicáronse de forma conxunta os números VII e VIII, correspondentes aos anos 2000 e 2001. No ano 2005 a revista deu ao prelo os números IX, X e XI. O presente volume, publicado coa axuda económica da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, contén os números XII-XIII-XIV-XV dos anos 2005 ao 2009. Luz Pozo Garza, editora da revista xunto a Natalia Regueiro, tamén achega algunhas ilustracións. Entre os autores das imaxes que acompañan os textos atópanse Laxeiro, Lugrís e José Valentín, entre outros artistas nacionais e internacionais. No que é de interese para a literatura galega, cómpre comezar pola sección "O faro extraviado" (pp. 13-48) na que Luz Pozo no artigo "Os Aldán foron a América', novela de Pura Vázquez" (pp. 17-19), publicado con anterioridade no xornal *El Correo Gallego* do 19 de abril de 1997, ofrece unhas breves anotacións sobre dita novela. Nun segundo bloque, "As vodas palatinas (*selección*)" (pp. 21-48), aparece unha serie de poemas escollidos por Luz Pozo Garza que vén precedida por un limiar de Miguel-Anxo Fernán Vello. "Donas da palabra" (pp. 49-110), contén unha selección de poemas de Enma Luaces (*Lobas libres*); Úrsula Heinze de Lorenzo (cuxa tradución do alemán ao galego vén da man de Ramón Lorenzo); Olga Patiño (Teresa Seara introduce *Atmosferas* e Noemí Aedo traduce ao francés "Escritos de Olga Patiño en galego e francés"); Pura Tejelo; María Novo (*Aquí*, *no microcosmos*); Heidi Kühn-Bode (*Pomerania meu amor*, poema ofrecido en catro linguas: alemán, inglés, castelán e galego); e Natalia Regueiro ("Goodbye, América'. Welcome Al Levis and the life. Entrevista a Sergio Oksman"), que reproduce as palabras do director e guionista Sergio Oksman, así como algúns datos sobre o seu labor. Todas estas escritoras recóllense nun sumario ao peche desta sección. A seguir, aparece a "Homenaxe a Alexandra Koss" (pp. 111-128), que contén unha selección de poemas de Álvaro Cunqueiro e Xosé Luís Méndez Ferrín, traducidos do galego ao ruso pola homenaxeada e por autores varios. A sección "Mensura" (pp. 129-203) divídese en dúas partes: ensaio e creación, marcadas nun sumario previo. Na parte de ensaio, dedicada a Eduardo Moreiras, atópase "O parnaso galego de Eduardo Moreiras", de Andrés Pociña, no que explica o labor do escritor como poeta, crítico e animador de novas correntes da poesía galega, ao mesmo tempo que reivindica a súa figura e estabelece unha relación con certos escritores galegos como foron Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Xosé María Castroviejo, Celso Emilio Ferreiro, Miguel González Garcés, Aquilino Iglesia Alvariño, María Mariño, Rosalía de Castro, Xohana Torres, Pura Vázquez e Luz Pozo Garza. En segundo lugar aparece o traballo "Eduardo Moreiras: poética entre dous mundos", de Manuel Fernández Rodríguez. Trátase dunha "aproximación á modernidade literaria de Moreiras a través desta temática da estranxeiría", acompañada de fragmentos dos seus poemas. A continuación, "Pescadores de cerco", de Ramón Reimunde, comeza cun borrador dun artigo en homenaxe a Luz Pozo Garza e inclúe unha breve descrición de Eduardo Moreiras ("A ría de Vigo"). A parte de creación alberga composicións de Xosé María Álvarez Cáccamo, Maximino Cacheiro Varela, Cesáreo Sánchez- Iglesias, Manuel Álvarez Torneiro, César Antonio Molina, Moncho Regueira, Xoán Neira López, Celso Castro,

Suso Pensado, William Cliff, Luz Pozo Garza e Xoán Abeleira. No bloque "Homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez" (pp. 205-214), escritor elixido no Día das Letras Galegas 2008, recóllense unha serie de poemas na súa memoria compostos por Luz Pozo Garza. No caso da "Homenaxe á Torre Breoghan ou Torre de Hércules. Poemas de novo Leabhar Ghabhala" (pp. 215-240) pártese dun limiar de Olivia Rodríguez González para despois acoller unha selección de poemas de Pozo Garza. "Ir a Irlanda" (pp. 253-270), de Claudio Rodríguez Fer, fala das impresións do autor sobre Irlanda e a influencia que esta cidade tivo na súa carreira literaria. "Sherpa, a cadela irlandesa" (pp. 271-274), de Luz Pozo Garza, é o título dun pequeno relato infantil xa publicado na revista *Eco*. No bloque "Paradiso. Autógrafos de Eduardo Moreiras" (pp. 275-286), recóllense facsímiles de poemas manuscritos do autor, dedicados na súa totalidade "A Luz". En "A pluma na man" (pp. 287-294) reprodúcense as cartas a Eduardo Moreiras de Ramón Otero Pedrayo e Miguel González Garcés. Na sección "Partitura" (pp. 295-306) aparece o texto "Outra canción con letra de María do Carme Kruckenberg", de Aurora López, quen presenta a partitura cuxa letra é de María do Carme Kruckenberg ("Cando marche") e os arranxos de Teresa Luján. Por último, "Homenaxe a Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer" pecha o volume cunha fotografía de ambos os autores en Brú na Bóinne.

DORNA. *Expresión Poética Galega*
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Publicación que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís González Tosar "Che", Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, Mª Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñían o comité de redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupaba o posto de director. Dende o número 31, o comité de redacción está constituído por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado, actuando como secretario Miro Villar. Tamén se incorporou un comité asesor constituído polo reitor da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega, o director do Departamento de Filoloxía Galega e o escritor Luís González Tosar. Asemade, a revista pasou a ser coeditada pola Universidade de Santiago de Compostela e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Nos últimos anos ten unha periodicidade anual, facendo coincidir a saída do seu número coa celebración do Día das Letras Galegas. Estrutura os seus contidos en tres grandes apartados: "Creación", "Voces de fóra" e "Caderno da Crítica". No ano 2009 saíu do prelo o número 33 que acolle na sección de "Creación" os textos poéticos "A rosa dos ventos...", de Alba Méndez; "Non navegantes", de Arsenio Iglesias; "Contrafeito", de Arturo Casas; "Amígdala", de Chus Pato; "Abrín o xornal e lin o seu nome no relax..." e "A súa alteza merca relixiosamente...", de David Pobra; "Dentro", "Zulo" e "Arca", de Emma Pedreira; "Sobes e baixas...", "Mortemar" e "Marchei!", de Gustavo Harvey; "7", "Dicía Baudelaire", "Matar o tempo, roer as uñas..." e "Silver Birch", de Iria Sobrino; "Fuga", de Lara Dopazo Ruibal; "hai unha imaxe que tenta apartar da súa cabeza...", "porque despois de traballar na fábrica..." e "O peor non foi deixalo fermentar, o peor foi o cheiro...", de Lidia Teixeiro; "Baixo a cadencia o estralo...",

"Alén do gas a grande velocidade dos obxectos Herbig-Haro..." e "Recoñecinte porque traías o pelo atado e claro...", de Manuel L. Rodrigues; "O meu indicativo no carné de cópula da ninfa" e "R. M. A.", de Marcos Calveiro, "Raíces, Setembro", de Raida Rodríguez; "Contra a saudade", de Xavier Xil Xardón; "Retrato de Maya co mar de Maya ó fondo", de Xaquín Silva; e "Vieiros", de Xoán Carlos Domínguez Alberte. Tamén se acollen os textos narrativos "A Dragoneira", de Alfredo Ferreiro; "Oito minutos (e medio)", de Antón Dobao; "Acróbata", "Último reparto" e "Calma", de Daniel Landesa; "Feliz" e "Ceo e inferno na terra", de Suso Lista; "Estrume", "Noruega (I)" e "Noruega (II)", de Uxío Broullón; e "Liña de subscrición dixital asimétrica", de Carlos Losada. Na sección "Voces de fóra", recollíase unha escolma bilingüe catalán-galego de dezaseis poemas do poeta catalán Enric Casasses, traducidos por Samuel Solleiro, titulados "1. A cadela", "8. A gata", "13. Caléndula", "17. Pó", "43. Unha pantasma é percorrida polo mundo", "7. Aceiro", "8. Rouquén", "10", "23. A cova na montaña", "45", "52. Anxo caído", "59", "xvii", "xxxiii", "xlviii" e "Songs for petra". Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

ENCRUCILLADA. *Revista galega de pensamento cristián*
(ISSN: 1131-6519) (DL: C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Actúan como vicepresidente Pedro Fernández Castelao, como secretaria Engracia Vidal Estévez e como tesoureiro Xosé Manuel Pensado. Consta das seguintes seccións fixas: "Guieiro", "Estudos", "Achegas", "Crónicas", "Recensións", "Libros chegados á redacción" e "Ilustracións", porén, outras, como "Rostros", "In memoriam", "Experiencias", "Documentos" ou "Editorial" (que desapareceu a partir do número 132, pero reapareceu no 156), son de aparición ocasional, sendo substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. No ano 2009 apareceron os números 161 (xaneiro-febreiro), o 162 (marzo-abril), o 163 (maio-xuño), o 164 (setembro-outubro) e o 165 (novembro-decembro). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Marcelino Agís Villaverde, "A Torres Queiruga: teólogo galego", *Galicia Hoxe.* "Opinión", "Pensadores de Hoxe", 9 abril 2009, p. 4.

Faise un repaso pola biografía de Andrés Torres Queiruga, cualificado por Ramón Piñeiro coma "o primeiro teólogo galego". Faise un recorrido pola súa vida dende a súa estadía na Universidade Pontificia de Comillas e pola súa tese doutoral, que realizou na Universidade Gregoriana de Roma, até o seu paso polas aulas do Instituto Teolóxico Compostelán. Saliéntase entre as súas realizacións a creación da revista *Encrucillada* e lémbrase que esta publicación apareceu en febreiro de 1977 editada pola SEPT (Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos) de Vigo, aínda que agora se edita con autonomía.

FERROLANÁLISIS. *Revista de pensamiento y cultura*
(ISSN: 1576-4540) (DL: C-1106-1990// C-1873-03).

Revista que botou a andar en setembro de 1990 editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Navantia, Unión Fenosa, Xunta de Galicia, Cámara de Ferrol, Puertos de Ferrol y San Cibrao, Asociación Clúster del Naval Gallego e Deputación Provincial da Coruña. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había de ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5 de 1993, apareceron as primeiras referencias á literatura galega e a revista pasou a ser de periodicidade anual. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasou a ocupar a Presidencia de Honra, deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción estivo composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfiz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2006 quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín e o consello de redacción pasou a estar composto por Fernando Bores Gamundi, Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luís Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. No ano 2009 María Ares Sanmartín volveu ao Consello de Redacción e Xosé Antonio Ponte Far converteuse no seu director. A revista conta coas seguintes seccións: "Ferrolterra", "Separata Especial", "Galicia", "Internacional", "Creación" e "Portafolio" que no ano 2007 aumentaron con "Cartulario" e "Documentación", ao tempo que "Separata especial" pasou a denominarse "Estudio Monográfico". No ano 2009 publicouse o número 24. Os artigos referidos á literatura e cultura galegas aparecen nas seccións correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Fernando Álvarez, "Bohemia y carteles", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 257, "Crónicas de la Diáspora", 5 abril 2009, p. 5.

Fálase do artigo de Luís Alonso Girgado, titulado "O novo pazo social do centro galego da Habana e a revista *Bohemia*", publicado no número vinte e tres da revista *FerrolAnálisis* e centrado nesta revista e no seu fundador, Miguel Ángel Quevedo. Dise que o primeiro número apareceu o 10 de maio de 1908, polo que nestes momentos debe ser "a edición máis antiga do mundo". Afírmase que foi pasando por varias etapas segundo os acontecementos políticos de Cuba.

- Ramón Nicolás, "Dúas revistas imprescindibles", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 309, "Letras en galego", 18 abril 2009, p. 11.

Refírese á presentación do número vinte e tres da revista *Ferrol Análisis*, subtitulada como "Revista de Pensamento cultural", dirixida na actualidade por José A. Ponte Far. Saliéntanse as "expresivas ilustracións" de Tino Poza que acompañan á revista. Ademais, fálase da *Revista de Estudos Rosalianos*, que vai pola terceira entrega e que trata de diversos aspectos da figura e a obra de Rosalía de Castro.

- Xesús Alonso Montero, "Revista Ferrolá de Pensamento e Cultura", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 319, "Letras en galego", 27 xuño 2009, p. 14.

Dá conta da revista *Ferrol Análisis* con motivo da publicación do seu número vinte e un, con artigos de diferentes autores. Resalta que non é "unha revista localista". Tamén di que a edita o Club de Prensa de Ferrol, coa axuda de varias institucións, entre elas a Deputación da Coruña.

- Xoán Rubia, "Ferrol análisis", *Diario de Ferrol*, "Opinión", 20 decembro 2009, p. 20.

Artigo de opinión no que se comenta o afianzamento da revista anual *Ferrol Análisis* e dáse conta do acto de presentación así como dos participantes na presentación do seu número vinte e catro, número no que Xosé Ponte Far se estrea como director. Afirmase que non é unha revista dedicada ao "grande público", destacándose os contidos poliédricos e o caderno que a acompaña no que se expón unha escolma dos traballos de Siro e de Xaquín Marín, considerados dous referentes do debuxo na prensa.

FESTA DA PALABRA SILENCIADA. *Publicación Galega Feminista* (ISSN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista feminista de pensamento e creación editada por FIGA (Feministas Independentes Galegas) e subvencionada pola Concellería da Muller do Concello de Vigo que empezou a súa andaina en 1983. Dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, o consello de redacción está integrado por Mónica Bar Cendón e Marga R. Marcuño, ademais da directora. A revista ten unha nómina de colaboradores habituais entre os que se contan María Xesús Nogueira, Camiño Noia, Teresa Seara, Miro Villar, Euloxio R. Ruibal ou María do Carme Kruckenberg. A historia da publicación coñeceu tres etapas. Dende 1983 até 1995 a súa periodicidade foi variábel. De 1995 a 1999 tirou un volume anual até chegar ao número 15. No ano 2000 non se publicou ningún exemplar. No ano 2001 (número 16) a revista reapareceu e seguiuse editando anualmente até a actualidade. Nesta terceira etapa, os apartados habituais "Monográfico", "Temas Varios", "Crítica" e "Creación" foron substituídos por dúas únicas seccións, "Monográfico" e "Actualidade". Dende o número 23 do ano 2007 non existe o consello de redacción. No ano 2009 publicouse o n.º 25 dedicado aos "25 anos de cultura feminista". Nel apareceron artigos varios sobre esta temática e algúns sobre literatura que se describen no apartado correspondente deste *Informe.*

Referencias varias:

- Xabier Cordal, "A visibilización da muller", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 abril 2009, p. 29.

Faise unha análise do emprego do xénero na linguaxe a través do tempo e fálase do número vinte e catro da revista *Festa da palabra*, onde se analiza e se recoñece a "visualización da muller na linguaxe". Coméntase que este aspecto, tal e como se recoñece en varios traballos recollidos nesta publicación, como os de María Xosé Queizán, Teresa Moure e Olga Castro, supón un compromiso individual e social non exento de conflito.

- Marga Romero, “25 N^{os} DA FESTA DA PALABRA”, *A Nosa Terra*, n.º 1.299, “Cultura”, 17-23 decembro 2009, p. 33.

Realízase un breve percorrido pola historia desta revista, dirixida por Mª X. Queizán, que xurdiu no 1983 para reivindicar a escrita e o pensamento feminista e que serviu tamén para conectar Galicia co mundo. Por outro lado, alúdese ás publicacións, premios alcanzados e acontecementos protagonizados por escritoras galegas durante o ano 2009.

GALICIEN MAGAZIN
(ISSN: 1433-2647).

Revista editada pola Sociedade Galego-Alemá (SGA) e o Galicien-Zentrum da Universidade de Tréveris, dirixida polo profesor Dieter Kremer, que publicou o seu primeiro número en abril do ano 1996. Distribúese gratuitamente entre todos os membros da SGA. En Galicia atópase á venda nas librarías Cartabón e A Caixa de Pandora de Vigo, Couceiro de Santiago, Torga de Ourense e Michelena de Pontevedra. O seu contido divídese nas seguintes seccións principais: “Editorial”, “Beiträge”, “Übersetzung”, “Aus den Lektoraten” e “Varia”, nas que se inclúen informacións relacionadas sobre todo coa literatura e lingua galegas e coas actividades do Galicien-Zentrum de Trier. No ano 2009 non saíu do prelo ningún número.

***GALIMATÍAS**. Revista xuvenil de historieta. Extra Ano Cero*
(ISBN 978-84-937256-2-4) (DL: C 925-2009).■

Volume recompilatorio da primeira época da revista xuvenil de historieta *Galimatías*, nacida en abril de 2009, e que se distribúe quincenalmente e de forma gratuíta en Galicia cos xornais *El Correo Gallego* e *El Mundo*. A edición, realizada por El Patito Editorial, contén os vinte números publicados no seu primeiro ano de vida, que recollen as series: “Amor inmortal”, con debuxos de Fran Bueno e guión de Jay Faerber; “Terragótica”, debuxada por Macaco e guionizada por Fausto; “Silvana. A filla do explorador”, de Ramón Marcos; “Hexed. A marca de Lucifer”, con debuxos de Emma Ríos e guión de Michael A. Nelson; “Vento do norte”, debuxada por Alex Cal e guionizada por David DiGilio; “Os Fernández no corazón da noite”, de Primitivo Marcos; e “Novas historias extraordinarias” de Alfonso Figueras. Ao ser unha recompilación de vinte números, nas ilustracións hai moitos estilos de cómics: clásicos, realistas, fantásticos, etc. Tamén é moi variado o deseño das viñetas e o emprego de recursos propios da banda deseñada.

***GRIAL.** Revista Galega de Cultura*
(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951 pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura.* A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*.

Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a súa terceira etapa, recuperando o subtítulo *Revista Galega de Cultura*, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa provocou un cambio que afectou ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos que se repartiron en seccións como "Carta do editor", "O rego da cultura", "Entrevista" ou "Conversa con", "Documentos", "Creación", "Crónica", "O espello das letras", "Cine, teatro e artes escénicas", "Ciencia e tecnoloxía" ou "Comunicación e novas tecnoloxías", "Arquitectura e artes plásticas". Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista deu cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2009 publicáronse os seguintes números: 181 (xaneiro, febreiro, marzo), 182 (abril, maio, xuño), 183 (xullo, agosto, setembro) e 184 (outubro, novembro, decembro). No número 181, intitulado "Olladas sobre Ramón Piñeiro", dedicado a este intelectual por ser o homenaxeado do Día das Letras Galegas 2009, recóllense artigos que analizan as súas variadas facetas: a política, a filosófica, a editora e a de animador cultura. Acolle no apartado "Documentos" os dous primeiros artigos de Ramón Piñeiro na revista *Yunque*, asinados co pseudónimo de Luís de Veiga, datados en 1931 e 1932, titulados "Política de contido" e "Racionalización da política"; e na sección "Creación" unha escolma de oito poemas de Xavier Seoane, baixo o epígrafe "O clamor da pouta", acompañada dunha biobibliografía, e un relato de Xerardo Agrafoxo titulado "A nai do violinista de Malá Strana". No número 182, intitulado "Nós e a cidade" reprodúcese, na sección "Creación", unha escolma cunha biobibliografía de Luz Pozo Garza de sete poemas, intitulada "Pazo de Tor", e o relato "25 segundos", de Xosé M. Pacho Blanco. O número 183 intitulado "Entre os anxos e os mortos. Lembrando a Rei Ballesteros" recolle na sección monográfica "Entre os anxos e os mortos" dúas cartas, "Carta a Xosé María Álvarez Blázquez" e "Carta inacabada a Xoán González-Millán. A propósito dunha recensión de *Loaira*"; o texto "Exaltación da peste", publicado orixinariamente en *Galicia-80* 1 en febreiro de 1980; na sección "Documentos" aparece o texto crítico "Un tal Valmont" e, na sección de "Creación", o ensaio "O Revólver: a Re-volta do Outro (Por unha escritura soberana)", todos eles da autoría de Ánxel A. Rey Ballesteros. O número 184 acolle na sección "Documentos" tres cartas de Ramón Piñeiro a Xavier Alcalá, datadas en 1971; e en "Creación", unha escolma poética cunha biobibliografía de Lucía Novas, intitulada "White Rabbits", e o texto narrativo intitulado "Blog Consecutio temporum", de Laura Caveiro. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe.*

Referencias varias:

- Jorge Lamas, "*Grial* é a revista hispana que máis medrou nas universidades norteamericanas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 10 xaneiro 2009, p. 42.

Dise que a revista *Grial*, editada por Galaxia, está entre as dez cabeceiras máis solicitadas nos dous últimos anos. Comenta tamén que está presente en corenta e dúas bibliotecas americanas, trinta e sete delas en EE.UU.

- Xavier Castro Rodríguez, "Unión Radio Galicia: pioneira das emisións radiofónicas", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 7 marzo 2009, p. 2.

Tras falar sobre a importancia que na actualidade ten internet como medio de comunicación permanente e rápido, lémbrase que esta mesma misión era cumprida hai anos pola radio e a televisión, despois do importante labor desempeñado pola prensa escrita. Dise que sobre o setenta e cinco aniversario da radio xira unha boa parte dunha recente entrega da revista galega de cultura *Grial*, na que colaboran Víctor Freixanes, Mónica Rebolo, Xosé Soengas e Arturo Maneiro. Coméntase que estes colaboradores da revista falan sobre a "Unión Radio Galicia. A emisora do Estatuto" que tivo gran relevancia na Galicia exterior, en concreto Arxentina e Uruguai aínda que con certas restricións nalgún deses lugares.

- maré, "O labrego ilustrado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Día das Letras", 27 abril 2009, p. 2.

Comézase dicindo que na Fundación Torrente Ballester tivo lugar a presentación do número cento oitenta e un da revista *Grial*, dedicado a Ramón Piñeiro, o homenaxeado no Día das Letras Galegas. Destácase que varios escritores e estudiosos, como Justo Beramendi e Andrés Torres Queiruga, entre outros, participan con artigos neste número.

- C. F., "A revista *Grial* analiza no seu novo número a influencia de Ramón Piñeiro na cultura galega", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 abril 2009, p. 50.

Coméntase que os primeiros artigos escritos por Ramón Piñeiro son parte do "Dossier" que o último número da revista *Grial* ofrece sobre a figura de Piñeiro no Día das Letras Galegas dedicado a el.

- Salvador García Bodaño, "Olladas ao Grial", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 3 maio 2009, p. 3.

Dise que, co gallo do Día das Letras Galegas, a Editorial Galaxia presentou en Santiago o último número da revista *Grial*, o número cento oitenta e un, e que se dedica este ano a Ramón Piñeiro. Saliéntase deste número o texto "Sentir Galicia", da autoría de Víctor F. Freixanes.

- Ana Baena Vigo, "Ramón Piñeiro volta á Revista Grial, agora como personaxe homenaxeado", *Atlántico Diario*, "Vigo", 26 maio 2009, p. 15.

Co gallo da presentación na Fundación Carlos Casares dun novo número da revista *Grial*, baixo o título "Olladas sobre Ramón Piñeiro", coméntase que se une así á homenaxe a Ramón Piñeiro facendo "unha versión plural" do personaxe.

- Xavier Castro Rodríguez, "Reencontro de 'Grial' con Ramón Piñeiro", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e Arca", 6 xuño 2009, p. 2.

Lémbrase a fundación da Editorial Galaxia e o papel de Ramón Piñeiro neste acontecemento. Tamén se fala do rexurdimento dos *Cadernos Grial* despois de anos de censura.

- A. Losada, "Non era tan 'outsider", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 26 novembro 2009, p. 37.

Recóllense algunhas das afirmacións que a filóloga Dolores Vilavedra, coordinadora xunto con Carlos Fernández do número que a revista *Grial* lle dedica a Anxo Rei Ballesteros, verte sobre o escritor. Asemade, coméntase que neste número cento oitenta e tres de *Grial* tamén se achegan textos inéditos ou pouco coñecidos de Rei Ballesteros.

- Xavier Castro Rodríguez, "Rei Ballesteros: a vertixe dialéctica", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 12 decembro 2009, p. 2.

Recórdase a figura do escritor Anxo Rei Ballesteros e a súa significación no panorama literario galego e coméntase o número extraordinario que a revista *Grial* lle dedica, número coordinado por Dolores Vilavedra e Carlos Fernández, especialmente centrado nos eidos da produción e o universo persoal do escritor. Apúntase que nesta homenaxe a Rei Ballesteros, tamén participan, entre outros, Basilio Lourenzo, Xosé María Álvarez Cáccamo e César Antonio Molina.

LVCENSIA. *Miscelánea de cultura e investigación*
(ISSN: 01130-6831) (DL: LU 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Forman o consello de redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Ángel Lorenzo Sánchez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas como secretario. A partir do número 33 deixou de formar parte do Consello de redacción Ángel Lorenzo Sánchez e incorporouse Daniel García García. No número 36 incorporouse Mario Vázquez Carballo a dito Consello. A revista consta de catro seccións intituladas "Estudios", "Comentarios", "Texto" e "Libros", onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En "Libros" ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 2009 editáronse os números 38 e 39. O número 38, na sección "Libros", acolle un poema intitulado "Retrato", de Antonio Machado con tradución de Arcadio López-Casanova e Albino Núñez Domínguez, tomado da reedición de *Antonio Machado na nosa voz* (1966), de Xesús Alonso Montero; o poema "Otero Pedrayo, home", de Xosé María Álvarez Blázquez, recollido do caderno número 8 de *Cadernos de Literatura Galega na Escola*, publicado polo Concello de Lugo; e o poema intitulado "Biquiños polo Nadal", de Eva López Suárez, premiado na categoría B no Certame de Poesía Infantil de Nadal convocado pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo. O número 39 recolle na sección "Texto" o texto poético intitulado "Os vellos pergamiños", de Antonio García Conde. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

MADRYGAL. *Revista de Estudios Gallegos*
(ISSN:1138-9664) (DL: M 15892-1987).

Publicación da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. Actualmente o seu equipo directivo está formado por Alonso Zamora Vicente como director honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como directora, e Asunción Canal Covelo como secretaria, ademais dun amplo consello de redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo, Alejandro Alonso, Diana Bianchi, Denis Canellas de Castro Duarte, Xavier Frías Conde, Miguel Louzao, Mª Victoria Navas Sánchez-Élez, Mª Carmen Parafita, Olivia Rodríguez, Claudio Rodríguez Fer e Rosario Suárez Albán. Contén as seccións "Artigos", "Varia", "Crónica", "Creación", "Tradución", "Entrevista" e "Recensións". No ano 2009 saíu do prelo o número 12 que na sección de "Creación" acolle textos poéticos de Xosé Luís Méndez Ferrín ("Rubimos aos esgrevios cumes do rudo inverno..."); Lucía Aldao ("Aquí me tes..."); Francesc Coimbra ("A Faísca"); Montserrat Doucet ("O mar so soño", "Ti" e "Acertando nas cereixas"); Xurxo F. Martins ("Masan*, meu amor mariñeiro") e Begoña Regueiro ("Vas enchendo de buracos negros...", "Deserto" e "Marzo"); textos narrativos de Aurora García Rivas ("Eu vin a Santa Compaña"), Raquel Rivas Rodríguez ("O que dura unha casete na miña habitación"; Anxos Sumai ("Suízos e xaponeses"); Juan Felipe Villar Dégano ("Míster Fox" e "O noso falcón"); o texto dramático de Manuel Lourenzo, titulado *Rodaxe*; e a tradución do italiano ao galego realizada por Moisés Barcia dun fragmento do tratado *Lo scalco prattico* (1627), de Vittorio Lancellotti, titulado "Ottobre banchetto fatto a Fiorenza/Banquete celebrado en Florencia". Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

MALASARTES. *Cadernos de Literatura para a infância e a juventude*
(ISSN: 0874-7296) (DL: 144641/99).

Revista de investigación en literatura infantil e xuvenil galega e portuguesa que substitúe á anterior *Malasartes*, de divulgación, que só atendía ao ámbito lingüístico portugués, coa que se pretende, segundo o seu "Editorial", "levar aos mediadores da leitura (educadores, professores e pais, bibliotecários e investigadores, entre outros) estudos críticos abalizados sobre literatura para a infância e juventude". Dende o número 15 (II serie. Decembro 2007) a revista, de periodicidade semestral, foi publicada por Porto Editora, baixo a dirección de José António Gómes, a subdirección de Blanca-Ana Roig Rechou, a dirección artística de António Modesto e a coordinación xeral de María Elisa Sousa. Amparada por un comité científico formado por investigadores de Galicia e Portugal, conta cunha Comisión de redacción/colaboración permanente composta por Ana Vasconcelos, Ana Isabel Pinto, Ana Luísa Ferreri, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, Leonor Riscado, Maria do Sameiro Pedro, Marta Neira Rodríguez, Miguel Ramalhete Gomes e Sara Reis da Silva. Conta coa subvención de Caixanova. Consta das seguintes seccións fixas: "Actual", "Estudos", "Referências", "Perfil", "Práticas", "Reler", "Recensões e notas críticas", "Estudos e revistas-recensões e notas críticas" e "Normas editoriais". Na nova etapa, as seccións "Actual" e "Referências" desapareceron. No ano 2009 publicáronse os números 17 (abril 2009) e 18 (outubro 2009), este último número na sección "Perfil [criação]" acolle o poema inédito "A Gata", de Fina Casalderrey, acompañado dunha pequena bio-bibliografía. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste Informe.

O OLLO PÚBLICO. *Revista das artes*
(ISSN: 1887-7028) (DL: VG-1036-2001).

Revista nacida a finais do ano 2000 da man de ADESGA (Asociación de Deseñadores Galegos), publicada por Edicións o Ollo Público, que, como se sinala no seu editorial inaugural, leva o título dunha película de cine negro que trataba sobre o xornalismo. Encárganse da redacción e da maquetación Leticia Iglesias Pérez e Fernando Vilaboa Martínez, coa colaboración nos dous primeiros números de Elena Mariño. No primeiro número, publicado en outubro de 2000, indicábase no editorial que esta é unha revista de cultura na que se quere atender a todas aquelas persoas que non teñen outras vías de difusión e que están a traballar en cousas interesantes en todos os campos da cultura. Adiantaban que ademais de facerse eco destas iniciativas tamén querían ser un órgano de denuncia porque entendían que as cousas podían ser doutro xeito. Conta coas seccións fixas: "Editorial", "Literatura", "Cine", "Pintura", "Fotografía", "Música", "Cousas da vida" e "Fagamos unha escapada", incrementadas a partir do segundo número coas de "Teatro", "Cómic", "Pensamento", "Axenda", "Crítica" e "Vieiros vellos e novos". No 2006, dirixía e coordinaba Fernando Vilaboa Martínez, contando coa revisión de textos a cargo de Moncho Seixo. Dende o número 22 renovouse a revista con Paz Orois Fernández como redactora que, xunto a Moncho Seixo, alternáronse na revisión de textos. No ano 2009 publicáronse os números 26 (marzo-xuño), 27 (xuño-setembro) e 28 (setembro-decembro). O número 26 contén na sección "Literatura" os poemas "To..." e "A...", de Edgar Allan Poe, traducidos por Paz Orois Fernández; e a versión bilingüe alemá-galego realizada por Almudena Otero Villena dun poema titulado "Aconteceume como a un cativo...", de Heinrich von Morungen. No número 27 achégase o poema "Enfance", de Jean Nicolas Arthur Rimbaud, traducido como "Infancia" por Iria Sobrino Freire. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- D. Salgado, "A revista de cultura *O ollo público* chega ao número 26", *El País,* "*Galicia*", "Luces", 1 maio 2009, p. 8.

Dise que a revista cultural *O ollo público* saca o número vinte e seis, despois de nove anos de percorrido, tendo como director a Fernando Vilaboa, quen afirma que a publicación quere "fuxir da cultura como algo elitista, pero sen baixar o nivel".

- Mar Mato, "Crítica Cultural", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 292, "Libros", 28 maio 2009, p. VI.

Coméntase que a revista *Ollo Público* publica o número vinte e seis coa cuberta a cargo do pintor luso Alfredo Luz. Faise un comentario dos distintos traballos que hai nas súas páxinas. Respecto ás achegas literarias, salienta a presenza da tradución de "To...", obra de Edgar Allan Poe, por Paz Orois Fernández. Asemade, coméntase que aparece recollida unha composición do poeta medieval alemán Heinrich Von Morungen, tanto en versión orixinal coma en galego, traducida por Almudena Otero Villena.

- Fernando Franjo, "Vilaboa: 'Queremos inspirar o amor á lectura en lingua galega", *El Correo Gallego*, "Comunicación", 2 novembro 2009, p. 61.

Conversa con Fernando Martínez Vilavoa, editor d'*O Ollo público*, que explica que o fin de esta publicación é dar a coñecer iniciativas artísticas interesantes de fóra e dentro de Galicia. Comenta tamén que publican poemas doutras linguas traducidos ao galego, entre outros traduciron a Bertolt Brecht, Edgar Allan Poe ou Rainer Maria von Rilke. Doutra banda, Vilavoa valora positivamente o anuncio por parte da Administración de axudas para a prensa galega, sempre que se valore obxectivamente a calidade e rigor dos proxectos.

RAIGAME. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*
(ISSN: 1136-3207) (DL: OU-75/95).

Revista cultural fundada en decembro de 1995 e editada pola Deputación de Ourense con periodicidade semestral. Até o número 18 (novembro de 2003) coeditábana a Escola Provincial de Danzas e o Colectivo Castro Floxo, a partir do número 19 (maio de 2004), entrou tamén na coordinación o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas". Os directores son Mariló e Xulio Fernández Senra e o secretario Francisco Javier Álvarez Campos. A revista contén seccións de literatura, arquitectura popular, heráldica e tecnoloxía tradicional, entre outras. No ano 2009 publicáronse os números 30 (maio 2009) e 31 (novembro 2009). O número 30 conta cunha sección especial titulada "Letras galegas 2009. Ramón Piñeiro" e acolle o texto "A morte do meu amigo que non quixo emigrar", de Luís Soto Fernández, que formou parte da crónica "Antre pau e pau: fame, medo, diáspora e trauma" publicada no derradeiro número da revista *Vieiros* e Antonio Piñeiro reproduce, de xeito facsimilar, as súas tres colaboracións na revista *Vieiros*. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

RETRANCA
(ISSN: 1888-1971) (DL: Vg 1017-2007).

Revista que edita Retranca Editorial dende novembro de 2007 e acolle historietas curtas e humorísticas relacionadas coa actualidade galega. O seu director é Kiko da Silva e conta cunha ampla nómina de colaboradores: Guitián, Mel, Leandro, Pinto&Chinto, Xaquín Marín, Luís Davila, Fernando Iglesias (Kohell), Colectivo Pestinho + 1, J.L. Rubiño, Andrés Meixide, Malagón, Rei Zentolo, Juan Silva, Branda, Miguelanxo Prado, Xosé Lois, Alberto Montt, Bernal, Óscar Villán, Jerónimo Piñeiro, Miguel Fernández, Manuel Lourenzo González, Xosé Manuel Fernández, Carlos López, An, Manuel Jabois e o propio Kiko da Silva. A publicación recibiu o premio do público á mellor revista de 2007 no Salón Internacional do Cómic de Barcelona (2008). Ao longo de 2009 publicáronse os números 14 (xaneiro), 15 (febreiro), 16 (marzo), 17 (abril), 18 (maio), 19 (xuño), 20 (xullo), 21 (agosto-setembro), 22 (outubro-novembro) e 23 (decembro-xaneiro). A partir do número 22 a revista anunciou o cambio da súa periodicidade, xa que pasou a ser bimestral.

Referencias varias:

- Xoán Bernárdez Vilar, "Os manuscritos de Iria Flavia", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 165, "Rolda da Cultura", novembro-decembro 2009, pp. 78-86.

Tras se referir a outros asuntos, coméntanse unha serie de novas relacionadas con diversos aspectos culturais galegos como o audiovisual, a banda deseñada, o cine e o teatro. Fálase da presentación da nova revista xuvenil *Galimatías*, da editorial El Patito, en banda deseñada e que se distribúe quincenalmente co xornal *El Correo Gallego*. Tamén se comenta a conmemoración do segundo aniversario da revista *Retranca*, dirixida por Kiko Dasilva, na sé pontevedresa da Fundación Caixa Galicia.

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS
(ISSN: 1576-6128) (DL: C-1412-2000).

Revista de periodicidade irregular, dirixida por Xesús Alonso Montero e realizada polo Centro de Estudios Rosalianos, pertencente á Fundación Rosalía de Castro, que naceu no ano 2000. Conta coa subvención da Xunta de Galicia. No seu primeiro número, que saíu do prelo o 15 de xullo de 2000, no CXV cabodano da morte da poetisa do Sar, no editorial explicábase o obxectivo da publicación de sacar un número cada dous anos con todas as investigación e estudos sobre os máis diversos aspectos da vida e da obra literaria de Rosalía de Castro. No ano 2009 non saíu do prelo ningún número.

Referencias varias:

- Begoña Regueiro, "A Fundación Rosalía de Castro. Presentación do número 3 da 'Revista de Estudos Rosalianos", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, "Crónica", vol. 12, 2009, pp. 173-175.

Fai referencia á Fundación Rosalía de Castro co gallo da saída ao prelo do terceiro número da *Revista de Estudos Rosalianos* (2008). Tras indicar a data, o lugar e os obxectivos da creación da Fundación, menciona o labor de Xosé Mosqueira Pérez e José Villar Granjel, xunto á creación do Centro de Estudos (CER) no seo da Fundación en 1999 e a saída ao prelo do *Anuario de Estudos Rosalianos*, seguida pola *Revista de Estudos Rosalianos*. Comenta desta revista a falta de apoio económico para a súa publicación e sinala a súa coordinación a cargo de Helena Villar Janeiro e Fernando Pazos García, para despois pasar a describir a súa estrutura, ao redor de cinco apartados.

REVISTA DE NEDA. *Anuario Cultural do Concello de Neda*
(ISSN: 1139-1154) (DL: C-837/98).

Revista de periodicidade anual, editada polo Concello de Neda e dirixida por Manuel Pérez Grueiro, que pretende dar a coñecer a historia, a etnografía e a cultura deste concello. Conta cun grupo numeroso e heteroxéneo de colaboradores, denominado Colectivo Libunca, ademais doutras firmas individuais entre as que salientan Manuel Pérez Grueiro, Xosé Neira Vilas, Vicente Araguas e Fernando Dopico Blanco, entre outros. Consta das seguintes seccións: "Homenaxes e lembranzas", "Ciencia e técnica"

e “Humanidades”. No ano 2009 publicouse o número 11. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Xoán García López, “De Neda”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, “Gente”, “La ventana”, 30 marzo 2009, p. 13.

Coméntase a presentación do número once do anuario *De Neda*. Apunta que Xoán García López destaca que ten afán de “suscitar o debate” dende o primeiro número e que todos os veciños de Neda deben “sentirse orgullosos” dela. Tras repasar a historia desta publicación, creada en 1998, loa o labor de Manuel Pérez Grueiro como responsábel da revista.

- Vicente Araguas, “De Neda”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Miudiño”, 10 xuño 2009, p. 11.

Fálase do anuario *Revista de Neda*, no seu número once, que coordina Manolo Pérez Grueiro. Coméntase que “vén cargadiño de cousas boas” e salienta artigos de diversos autores, como o realizado por Fernando Cendán Pazos sobre o teatro no concello de Neda. Resalta que o número foi presentado por Fernando Bores.

REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN
(ISSN: 1132-8932) (DL: C-22/1986).

Revista de periodicidade irregular que mantén un carácter educativo e interdisciplinar, que comezou a súa andaina no ano 1986 e que interrompeu a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no 2006, está dirixida por Suso Rodríguez e conta cun consello de redacción composto por Antón Costa Rico, Carmen Díaz Simón, Manuel González Seoane, Xulio Pérez Pérez, Ana Mª Pose Blanco, Xosé Ramos Rodríguez, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga García e Mª Helena Zapico Barbeito. Cunha periodicidade de tres números anuais publícase coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promover a actividade docente. Nela participan profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. A revista conta con numerosas seccións, entre as que se salientan: “O tema”, parte monográfica que trata unha temática diferente en cada número, “Entrevista”, “Novas tecnoloxías”, “A escola rural”, “Experiencias”, “Recursos do contorno”, “Pais e nais”, “Xoguetainas e brinquetainas”, “Estudos e informes”, “Panoraula” e “Recensións” ou “Reseñas”. No ano 2009 publicáronse o número 43 (abril), o 44 (xuño) e o 45 (novembro) que na sección monográfica tratan respectivamente “Diversidade e inclusión”, a “Xente, espazos e lugares” e “A inspección educativa”. Os artigos que fan referencia á literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

REVISTA GALEGA DE FILOLOXÍA
(ISSN: 1576-2661) (DL: C-584-2000).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Xosé Ramón Freixeiro Mato, o subdirector Manuel Ferreiro e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O consello de redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Xoán Carlos Lagares, María Aldina Marques, Elisardo López Varela, Xoán López Viñas, Anxo M. Lorenzo Suárez, Goretti Sanmartín Rei, Xavier Varela Barreiro e Roger Wright. Como formantes do comité científico aparecen Evanildo Bechara, Ataliba T. de Castilho, José Luiz Fiorin, Rafael Lluis Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastià Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. No ano 2008 Elisardo López Varela xa non figuraba no consello de redacción ao igual que Roger Wright, que pasou a formar parte do comité científico. A revista divídese nos apartados "Artigos" e "Recensións". No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que se consagra "á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas". No ano 2008 publicouse o número 9 que contiña unha nova sección intitulada "Notas". No ano 2009 non se publicou ningún número.

REVISTA GALEGA DE TEATRO
(ISSN: 113-956 X//1888-2412) (DL: Vg-21-1994).

Revista de información teatral fundada en 1985 e editada pola Asociación Cultural "Entre Bambalinas", que recibiu a Medalla A.D.E. no ano 2006. É membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo, e recibe o apoio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). A súa periodicidade, inicialmente semestral, na actualidade é trimestral. No número 22 iniciou unha segunda época, dirixida por Antón Lamapereira, cun consello de redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega. Actuaron como secretarios Che Mariño, dende o número 28 Mª José Vilas Rodas que foi relevada por Vanesa M. Sotelo a partir do número 55. Dende o número 54 apreciouse un cambio de ISSN que se consigna na entrada e constan como membros do consello de redacción Afonso Becerra de Becerreá, Casilda García, Antón Lamapereira, Inma López Silva, María Lourdes Vega Alonso, Manuel F. Vieites, Pedro P. Riobó, Ricardo Solveira, Vanesa Sotelo, Xosé M. Pazos, Roberto Pascual, Gonzalo Rodríguez, e a partir do número 57 tamén Che Mariño. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais, presentaba as seguintes seccións: "Editorial", "Opinións desde a butaca", "IGAEM", "Libros", "Revistas", "Axenda", "En cartel" e "Ficheiro". No número 54 apreciouse un cambio nas seccións, que pasaron a ser: "Cómic", "Editorial", "Espazos", "Festivais", "Entrevistas", "Críticas", "Libros", "Revistas", "Ficheiro", "Axenda", "Temas", "En danza", "Documentos" e "Espectáculos" sen unha estrutura estábel e variando a súa aparición. Todos os números inclúen un caderno numerado, co título de "Textos teatrais", no que a revista dá a coñecer distintas pezas teatrais, con frecuencia traducións ao galego. No ano 2009 apareceron os números 58 (primavera), 59 (verán), 60 (outono)

e 61 (inverno). O número 58 na sección "Textos teatrais" acolle a obra *Ida e volta (Taxi)*, de Xosé Manuel Pazos, introducida por Manuel F. Vieites, na que salienta o uso de personaxes galegos e o tema da emigración; e o texto "Memoria", de Sonia Torre Delgado, introducido por Xosé Manuel Pazos. Estes textos xunto a *Deus está de vacacións*, de Anxos Sumai, e *Dúas mamás*, de Cándido Pazó, foron escritos para o espectáculo *Emigrados*, de Teatro de Ningures, que obtivo o Premio Max 2008 ao mellor texto teatral en lingua galega. O número 59 presenta nesa mesma sección a obra *Esquecer Barcelona*, de Carles Batlle, que foi Premio Born 2008, traducida do catalán ao galego por Afonso Becerra de Becerreá, acompañada dunha pequena biografía do autor. No número 60 reprodúcese o texto teatral *Hámster*, de Santiago Cortegoso, seleccionado nos III^{os} Encontros en MAGALIA, que conta cunha introdución do director da súa posta en escena, Fernando Soto, na que salienta a súa sinxeleza, a consideración do ser humano como animal engaiolado e o seu humor. O número 61 acolle o texto *O Agrocho*, escrito por Suzanne Lebeau, traducido do francés ao galego por Henrique Harguindey Banet e presentado por Xoán C. Riobó. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- X. A Reboiro, "Ionescu "visita" Ribadavia", *La Región*, "Verano", "De teatro", 25 xullo 2009, p. 18.

Dáse conta da presentación do número cincuenta e nove da *Revista Galega de Teatro*, na que o seu director Antón Lamapereira comenta os contidos máis destacados deste número, centrado na figura do dramaturgo francés Michel Ionescu.

RONSEL. *Revista de arte*. Ed. facsimilar
(ISBN: 978-84-936826-4-4) (DL: C 2048-2009)

Edición facsimilar da revista luguesa *Ronsel* que consta de nove partes. En primeiro lugar preséntase unha "Nota de edición" na que se di que esta é a cuarta vez que sae á luz esta revista, xa que a versión orixinal publicouse en 1924 e posteriormente apareceu un único número conmemorativo do cincuentenario da revista (1924-1974) en 1975 e a edición facsimilar do orixinal en Sotelo Blanco en 1982. Na segunda parte, titulada "Ronsel. Características externas" hai unha ficha técnica na que se describen datos relativos ao título; subtítulo; lugar; ano de comezo e de remate; total de números; periodicidade; cronoloxía dos números; directores; xerente; secretario de redacción; administrador; enderezo da redacción e administración; número de páxinas; formato; quen imprime; prezo; publicidade; seccións; lingua; traducións; contidos; ilustracións; grupos, xeracións e "peñas"; colaboradores literarios e artísticos; colaboradoras; nomes literarios e iniciais; colaboradores non presentes; editorial Ronsel; prensa galega e portuguesa contemporánea de *Ronsel*; precedentes desta edición; e localización da revista. A terceira parte, titulada "Palabras para *Ronsel*: textos de recepción e crítica" recompila algúns artigos publicados en prensa que falan da revista e da acollida que tivo, algúns son anónimos e outros están asinados por escritores do talle de Ánxel Fole, Celestino Fernández de la Vega, Xesús Alonso Montero, Xosé Gayoso Veiga, Yolanda Novo, Xosé Luís Méndez Ferrín, César Antonio Molina, Elena López Gil, Xosé Ramón Pena, Xulio Pardo de Neyra, Nuria López Presedo, Mª Victoria Carballo-Calero Ramos,

Araceli Herrero Figueroa ou Otello Tavoni. O punto IV recolle unha ampla "Bibliografía" sobre a revista distribuída en monografías; xornais, revistas, boletíns; dicionarios, enciclopedias e recompilacións de prensa; referencias en estudos e monografías; e números extraordinarios e conmemorativos. O punto V recolle o "Índice de colaboradores", tanto literarios coma artísticos, e a referencia á súa correspondente colaboración, adxuntando os datos do título da colaboración, o número no que aparece, a data e o número de páxina. O punto VI, titulado "*Ronsel*: novas perspectivas críticas", está formado por doce artigos sobre a revista e o seu contexto: "*Ronsel*", de Juan J. Moralejo Álvarez; "La música en *Ronsel*", de Silvia Alonso; "Algo sobre Xohán Viqueira", de Darío Xohán Cabana; "Norah Borges, la musa del ultraísmo en *Ronsel*", de Ana E. Goy Diz; "Luís Pimentel e *Ronsel*", de Araceli Herrero Figueroa; "Multilingüismo e multiculturalidade en *Ronsel*", de Manuel Celso Matalobos; "Diálogos culturais e literarios entre A Galiza e Portugal através da revista *Ronsel*", de Maria Isabel Morán Cabanas; "Manuel Antonio e a Vangarda. Notas sobre o poema "Excelsior" de Manuel Antonio", de Mª Xesús Nogueira Pereira; "*Ronsel* ou o epicentro das vangardas galegas na terceira década do século XX", de Xulio Pardo de Neyra; "Presenza da poesía galega en *Ronsel*", de Armando Requeixo; "Ensayo hispánico y mirada poética. Traducción y creación de imágenes visuales: Benjamín Jarnés, Ramón Gómez de la Serna y Antonio Robles en *Ronsel*", de Mª Ángeles Rodríguez Fontela e "Publicaciones periódicas en el Lugo de 1924", de Juan Soto Guitiérrez. O punto VII recompila os currículos dos colaboradores desta edición de 2009. O punto VIII, "*Ronsel*: Galicia-Lugo, 1924" recolle en facsímile os seis números da revista orixinal de 1924. Finalmente, o punto IX, "Adendas", reproduce os facsímiles do Número do Cincuentenario da revista (1975) e do estudo do profesor Otello Tavoni *Ambiente culturale ed esiti letterari della rivista gagliega Ronsel (1924)*, sen traducir e suprímese o apartado de ilustracións que o profesor italiano tomara da propia revista *Ronsel*.

***SERENDIPIA*. V.O.** Comunicación&cultura
(ISSN: 1887-3138) (DL: C 3262-2006).

Revista bilingüe (galego-castelán) de periodicidade bimestral editada por Dardo ds dende o ano 2006, empresa editorial dedicada tamén ao deseño gráfico e á creación de páxinas web. O seu nome obedece a un neoloxismo que sinala unha alianza coa sorte e certo senso de sorpresa que "intenta reflectirse na orixinalidade dos artigos propostos e nunha imaxe coidada". Pretende ser un instrumento independente dos poderes político e económico e plural, ao servizo dos intelectuais. Os artigos están escritos en galego ou castelán indistintamente e abranguen temas de arquitectura, arte contemporáneo, tendencias, literatura, cine, música, artes escénicas e outras manifestacións como a economía e a política. O primeiro número tiña como director a Xoán Barro e de subdirectores a Pablo G. Quintas e Luis Vázquez-Pena e un Consello asesor, formado por David Barro, Patricia Dopico, Conchi Mayo, Basilio Pampín e Carlos Teijo e Daniel Salgado. No número 2 e 3 a dirección correu a cargo de Pablo G. Quintas e Luis Vázquez-Pena e a revista contou cun Consello asesor, formado por David Barro, Xoán Barro, Patricia Dopico, Conchi Mayo, Basilio Pampín e Carlos Teijo. A partir do número 5 apareceu como redactor xefe Rubén Blanco Hervés e non hai consello asesor. Non está estruturada en seccións fixas, senón que se suceden os artigos, entrevistas e reportaxes sobre arte, literatura, cine e música. No número 6 (12 de 2007 a 02 de 2008) comezou unha nova etapa, cambiando a súa periodicidade, "cun novo formato, con máis do dobre de páxinas e cun verdadeiro sentido temático que fará que cada número teña

un coordinador editorial dependendo do tema a tratar". Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

TABOADA, A. *Revista das asociacións culturais de A Cabana e O Meigallo*
(ISSN: 1577-9483) (DL: PO-109/00).

Revista cultural vinculada ás asociacións A Cabana de Moraña e O Meigallo de Cuntis. A súa periodicidade comezou sendo semestral e actualmente é anual. Foi fundada en decembro de 1999. Integran o consello de redacción Xosé Casal Porto, Alfredo García Giménez, Avelino Garrido Monteagudo e Marcos Suárez Redondo. No ano 2009 publicouse o número 14 (xullo 2009), que contou cun texto narrativo titulado "A terra do Baño", de Xosé Vázquez Pintor. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

TEMPOS NOVOS. *Revista mensual de información para o debate*
(ISSN: 1137-6945) (DL: C-588/97).

Revista editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. de periodicidade mensual. Foi fundada en abril de 1997. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e á defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa; Ana Belén Puñal Rama exerce como coordinadora. En cada entrega hai colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Xosé Bocixa (Música) e Inma López Silva (Teatro) e unha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista constaba das seccións estábeis "Opinión", "Cataventos", "A Contratempo", "Horizontes" e "Voces e culturas". En cada número de decembro, faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato e ampliou as seccións: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editoriais", "En Foco", "Carta de axuste", "Entrevista", "As claves", "Tres en raia", "¡Guau Guau!", "Debate", "Entreculturas", "Crítica", "Redes cívicas", "Espiral innovadora" e "Sen corsé". Engade ademais a sección "Dossier TN". No ano 2008 consérvanse as seccións fixas: "Obertura", "Días Soltos", "Todo é peixe", "Editoriais", "En Foco", "Carta de axuste", "As claves", "Tres en raia", "¡Guau Guau!", "Entreculturas", "Crítica", "Redes cívicas"e "Aquén"; alternándose entre sí "Entrevista", "Debate" e "Conversa" e "Dossier" con "Espiral". *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento "*Protexta*", de periodicidade cuadrimestral, que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiño*. O seu director é Luís Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: "proVisión" (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), "proTagonista" (entrevistas), "proPostas" (recomendación de obras), "proLogo" (centrada nun autor), "proNtuario" (os libros dos lectores), "proNome" (entrevistas), "proPulsión" (produción literaria dun país), "proXectil" (achegas literarias de internet) e "proCura" (novidades editorias). No ano 2009 a revista sacou do prelo doce números, do 140 ao 151. A sección "Extramuros" do número 140 acolle un texto narrativo de *Cienie*, de Boleslaw Prus, pseudónimo de Alexander Glowacki, traducido ao galego por

Ana Somoza e Marta Stebnicka, cunha ilustración de Suso Sanmartín; no número 141 acolle o texto narrativo "O supermercado", de Javier Campos, con ilustración de María Fernández, traducido ao galego por X. M. Rivas; no número 142 insire o texto narrativo "Empédocles. Deus suposto", de *Vies imaginaires*, de Marcel Schowob, traducido ao galego por Perfecto Andrade, cunha ilustración de Neves Seara. No ano 2009 o suplemento "*Protexta*" publicou tres números: o 10 (primavera 09), 11 (verán 09) e 12 (outono 09). Na sección "proPostas" do número 11 atópase un texto creativo de Manuel Darriba, "Escoitando oulear lobos" (p. 27), dirixido a Federico Nietzsche. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Rosa Rodríguez, "Somos belixerantes no s tema da lingua porque temos que autodefendernos", *Galicia Hoxe*, "Comunicación Hoxe", 30 novembro 2009, p. 38.

Conversa co director da revista *Tempos Novos*, Luis Álvarez Pousa, que explica que esta publicación xurde hai trinta anos como espazo de converxencia de todas as voces críticas de Galicia e que buscou sempre a independencia de todos os medios de poder, sendo unha publicación rebelde e subversiva, porén sufriron a censura franquista. Asemade, Álvarez Pousa, opina sobre a defensa da lingua por parte da *Tempos Novos* e sobre a problemática actual de Galicia

- M. B. "Dous aniversarios para a prensa en galego", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "Galiza", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 10.

Recóllense as opinións do director da revista quincenal *Peneira*, Guillermo Rodríguez Fernández, quen, tras facer un breve percorrido polos seus vinte e cinco anos de historia, explica que son un periódico nacionalista de esquerdas e comenta o difícil momento polo que atravesa a prensa escrita. Asemade, tamén se recollen as opinións do director da revista *Tempos Novos*, Luís Álvarez Pousa, quen sinala que nun contexto no que os medios de comunicación só buscan a rendibilidade económica, as claves da supervivencia desta publicación mensual son a orientación cara a un xornalismo de investigación e de opinión.

TRABE DE OURO, A. *Publicación Galega de Pensamento Crítico*
(ISSN: 1130-2674) (DL: C-351-1994).

Revista de pensamento crítico, fundada en 1990 e editada por Sotelo Blanco Edicións, de periodicidade trimestral. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. A partir do número 62 xa non figuraron no consello Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica". En 2009 viron a luz os seguintes números trimestrais: o 77 (xaneiro-febreiro-

marzo), o 78 (abril-maio-xuño), o 79 (xullo-agosto-setembro) e o 80 (outubro-novembro-decembro). Na sección "Textos", no número 77 acóllense once poemas inéditos da autoría de Belén Rico, intitulados "Nada m'enxuga", "A mía voz", "As palabras que debo", "As tres", "A noite", "Penas", "El cuco", "A fala escuita", "Herencias", "Carta a Generosa" e "El alfonil"; no número 78 unha escolma de poesía bengalí con tradución de Manuel Outeiriño que recollía poemas de Lalon Fakir, Jibanananda Das, Joy Goswani, Shakti Chatophadhyay e Alokeranjan Dagupta; no número 79 reprodúcense seis poemas baixo o título "No curro de asfalto e formigón ou a profecía do escornaboi", de Isaac Xubín; e no número 80 o texto inédito "Sobre o galeguismo", de Florentino L. Cuevillas. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Xavier Castro Rodríguez, "O libro dos amigos filósofos desaparecidos", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 18 abril 2009, p. 2.

Salienta en relación co *Pequeno panteón portátil*, de Alain Badiou, a relación que o filósofo francés ten con Galicia, pois publicou varios artigos n'*A Trabe de Ouro*.

- Daniel Salgado, "A conexión galega da insurxencia", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 24 abril 2009, p. 10.

Comenta que o filósofo Alain Badiou colaborou na revista *A Trabe de Ouro* e reproduce palabras do tradutor ao galego do seu libro *Pequeno panteón portátil*, Francisco Sampedro, nas que asegura que Badiou recuperou a filosofía forte.

- X. L. Méndez Ferrín, "Orgullo galego", *Faro de Vigo*, "Opinión", "Os camiños da vida", 16 outubro 2009, p. 30.

Artigo de opinión no que se comenta o contido dun texto político inédito de L. A. Cuevillas, descuberto por Manuel Outeiriño e que verá a luz na revista *A trabe de Ouro,* no que o pensador galego decorre sobre o sentimento de inferioridade que prendeu nas masas de galegos. Afírmase que este sentimento se orixina a partir do reinado de Isabel a Católica e non será até os séculos XIX e XX cando o galego se recoñeza como idioma e non un dialecto e se estenda o orgullo de ser galego, aínda que se considera que o goberno autonómico actual promove proxectos tendentes a abolir a lexislación protectora do galego.

- Paula Fernández, "O rigor d´*A trabe*", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 313, "Infantil/ Revistas", "Pensamento Crítico", 17 decembro 2009, p. VII.

Coméntanse os contidos do número setenta e nove da revista *A trabe de Ouro.* No tocante á literatura, neste número inclúese o relato de Ramón Otero Pedrayo incluído en *Contos do camiño e a rúa*, no que teoriza sobre a realidade e a historia dun mundo en crise, un achegamento ao poeta Juan Gelman, a presenza literaria dos viños galegos, a poesía de Isaac Xubín, diferentes xeitos de aproximarnos a Ramón Cabanillas, Álvaro Cunqueiro e Luís Lamela García. Cóntase que remata o número coa "Laudatio na homenaxe a Abelino Abuín Tembra", de Anxo Angueira, e "Un bosque de

compromiso", de Elvira Riveiro.

UNIÓN LIBRE
(ISSN: 1137-1250) (DL: C-1668-1996).

Revista cultural publicada por Ediciós do Castro, de periodicidade anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva "radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria". O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No ano 2009 saíu do prelo o número 14 titulado "Lugares" que en "Poemas da lixeireza ás tríades" (pp. 31-48) reproduce unha escolma de poemas en gaélico de Meg Bateman, presentados segundo a súa temática, con versión galega de Santiago Lopo, intitulados "Lixeireza", "Un cento de ventás brillaban", "Oh! Home fermoso, home feiticeiro", "Ealaghol: dúas visións", "Tròndairnis", "Afastamento", "Ledicia", "Vello mariñeiro", "Santo", "Papaíño", "Retrato da miña nai", "Acubillado no peito", "Enterro", "Lugares de paso", "Linguaxe" e "Tríades". En "Vilarmao. Palabras para que sucumba o poder ao peso da levidade" (pp. 87-108) preséntanse textos narrativos e poéticos de Olga Novo.

Referencias varias:

- Sabela Corbelle, "É esaxerada a preocupación dun polo outro", *El Progreso*, 16 setembro, contracuberta.

Coméntase o inicio da relación entre Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, que comparten afeccións, amor, unha filla e traballo. Saliéntase que ambos os dous son profesores do Campus de Lugo e compartiron a edición de libros, el cos seus poemas e ela con seus debuxos. Tamén os une unha empresa cultural, a revista *Unión libre. Cadernos de vida e culturas* e a pertenza a Asociación para a Dignificación das Vítimas do Fascismo.

- Claudio Rodríguez Fer, "Hispanistas en Lugo", *Trasluz. Lukus*, n.º 4, "Lucus Universalis", outono 2009, pp. 106-110.

Fálase sobre a presenza no campus lugués de varios e varias hispanistas con motivo de diferentes actos e congresos e que dan mostra, segundo se di, do contacto continuo co exterior. Comézase lembrando que houbo visitantes partícipes da irmandade lingüística luso-galaica, como o teórico da literatura portugués, Vítor Manuel Aguiar e Silva. Logo fálase sobre os hispanistas rusos e dise que foron os que máis se interesaron pola cidade, en concreto pola muralla, para, deseguido salientar a presenza dos norteamericanos e norteamericanas, en concreto algunha profesora cun profundo coñecemento da lingua e literatura galega. Tamén se salienta a importancia que tivo o encontro internacional "Mulleres escritoras" de 1994 como convocatoria de hispanistas americanas. Acaba o artigo co caso dos e das hispanistas franceses e francesas. Saliéntase tamén a publicación da revista *Unión Libre*.

VAMOS. Órgano del Colegio Minerva. Santiago (1948-1958). Escolma dos números da primeira década da revista
(DL: C 1238-2009).

Revista editada por Luís Alonso Girgado que naceu no seo do Colexio Peleteiro en Santiago de Compostela. Estruturado ao redor de seis apartados, alicérzase nos seus xermolos no devandito colexio e na súa evolución co paso do tempo. Tras un índice xeral que presenta os seus contidos, aparece o primeiro dos apartados, unha presentación que salienta as primeiras aparicións da revista, dirixida daquela por D. Manuel Peleteiro Yago e agradece o labor editorial de Luís Alonso Girgado e dos colaboradores na edición, Rafael Álvarez R. e Élida Abal Santorum. Menciona asemade a combinación da escolma de números da revista en papel e en formato CD. O segundo apartado, intitulado "*Vamos*, na memoria dos seus colaboradores", divídese á súa vez en seis epígrafes, sendo o primeiro deles, "Mis años escolares", da autoría de Fernando Baltar Tojo e grafado en lingua castelá, no que leva a cabo un percorrido pola súa traxectoria educativa dende o Colexio das Huérfanas até o Bacharelato. O segundo epígrafe, "Xosé Manuel Beiras", consiste nunha entrevista ao persoeiro homónimo por parte de Alberto Cortegoso. Despois de comentar os seus datos biográficos, a conversa xira ao redor dos inicios da publicación da revista; da súa periodicidade; da presenza da lingua galega e da súa colaboración na revista. O seguinte epígrafe, intitulado "Entre as páxinas de *Vamos*", vén asinado por Baldomero Cores Trasmonte e comenta a súa chegada á revista en calidade de colaborador externo e como coñeceu ao resto dos colaboradores. Menciona asemade dúas publicacións da revista, "Causas motivas de la emigración" e "Juventud, divino tesoro". O cuarto epígrafe, "Pequeños comienzos, sólidos fundamentos, en la década de 1950", aparece grafado en lingua castelá polo seu autor, Antonio Eiras Roel, un profesor xa xubilado do colexio antedito. Nel recolle os xermolos do Colexio Minerva da capital compostelá. No seguinte epígrafe, "*Vamos* volve a min", de Juan J. Moralejo Álvarez, comenta as súas experiencias persoais na súa estadía no colexio Minerva dende 1951 até 1958. O derradeiro epígrafe deste apartado, "Los orígenes del colegio M. Peleteiro en el recuerdo", de Gonzalo Rodríguez Mourullo aparece grafado en lingua castelá e comenta precisamente os xermolos do antedito colexio a partir da figura de D. Jesús Pereira, o "Preceptor" daquela época. O terceiro apartado corresponde á ficha técnica da revista, mentres que o cuarto reproduce o índice de sumarios da mesma dende o seu primeiro número no Nadal de 1948 até o número corenta en maio de 1958. O seguinte apartado reproduce o índice dos colaboradores en rigorosa orde alfabética. O derradeiro apartado da revista presenta unha escolma das páxinas da revista do período correspondente a 1948 e até 1958. Esta escolma, que pecha o volume, reproduce así pois diversas páxinas da revista dende o seu primeiro número até o número corenta de 1958, nas que se observan variados ensaios moi breves, poesías e mesmo anuncios. A revista inclúe un CD que recolle eses mesmos números tal e como aparecen na revista en formato papel. O contido do CD divídese en dous apartados, "Números" e "Índices". O primeiro recolle os corenta exemplares publicados e un prólogo no que aparece a presente edición da revista, todos eles en formato PDF. O segundo apartado presenta, tamén en formato PDF, cada número da revista así como a presente edición da mesma.

Referencias varias:

- Tamara Montero, “El colegio Peleteiro saca a la calle una edición especial de los cuarenta primeros números de *Vamos*”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 3 xuño 2009, p. L8.

Coméntase que o colexio Peleteiro fixo unha edición especial dos corenta primeiros números da súa revista escolar *Vamos* “na que no seu día colaboraron grandes homes da cultura” como Ramón Otero Pedrayo ou Ramón Piñeiro. Engádese que esta edición en papel vai acompañada dun CD.

- Armando Requeixo, “Escola Literaria”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 295, “Libros”, 18 xuño 2009, p. VI/*La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 240, “Letras galegas”, 27 xuño 2009, p. 6.

Coméntase que houbo cabeceiras escolares históricas, como *Vamos* (1948), que teñen unha gran calidade. Sinálase que dita publicación foi feita polo colexio Peleteiro e dise que agora fixeron unha recompilación facsimilar con CD incluído.

***VICEVERSA*.** Revista Galega de Tradución
(ISSN: 1135-8920) (DL: VG 371-1995).

Publicación anual promovida pola Asociación de Tradutores Galegos (ATG), o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia, aínda que nos dous primeiros números tamén consta na produción Edicións Xerais de Galicia. A revista creouse en 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da ATG, de profesores e estudantes universitarios de lingua e literatura galegas, os cales desexaban potenciar as traducións á lingua galega das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais da publicación están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión aos traballos que xurdisen do alumnado da titulación de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñecer os estudos que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual da tradución en Galicia. Nos tres primeiros números a dirección correu a cargo de Mª Camiño Noia e dende o número 3 até o 6 actuou como secretario Xosé M.ª González Clemente. Dende o número 7-8 o secretario é Alberto Álvarez Lugrís e o consello de redacción está formado por Valentín Arias López, Teresa Caneda Cabrera, Leandro García Bugarín, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Xosé Mª Gómez Clemente, Ana Luna Alonso, Camino Noia Campos e Antón Palacios Sánchez. Conta coas sección: “Teoría e historia da tradución”, “Instrumenta”, “Traducións xustificadas”, “Críticas e recensións” e “Informacións”. No ano 2009 non saíu do prelo ningún número.

XISTRAL. Revista Lucense de Creación Poética
(ISSN: 1576-9488) (DL: LU-344-00//LU 145-2008).

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo, con periodicidade anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. Dende o ano 2003 (número 6) Concepción Burgo López figura no lugar de Ignacio

Rodríguez. No ano 2008 publicouse o número 11 (primavera 2008) no que se apreciou un cambio no DL que se consigna na entrada. No ano 2009 editouse o número 12 (primavera 2009) que en "Creación" conta coas seguintes achegas poéticas: "Mañá, outro lugar" e "Toma de poder", de Carlos Arias; "Vida por vivir", de Ana Arias Saavedra; "Do Encanto e da Pena", de Xosé Miguel Barrera Vázquez; "Lugo azul", de Carmen Blanco; "O tempo" e "Desespera", de José Blázquez; "Heráclito" e "O himno de Akhenatón", de Miguel Bugallo; "Fuxindo", de María Cillero; "Trofeos" e "A viaxe", de Cristina Corral Soilán; "Per-dido" e "Nalgures", de Soraya Cortiñas Ansoar; dous poemas sen título de Xosé María Costa; "Rexurdimento", de Alicia Chao Penela; o texto poético "Como...", de José estévez López; "Verbas no vento", de Mª Sara Fernández; "A don Ramón María del Valle-Inclán" e "Busca", de Xoán Xosé Fernández Abella; "Polbiño", de Susana Ferreiro Mediante; "O exército da ribeira" e "Aquele beijinho", de Adela Figueroa; "rematou a música sincrética agora que será da pedra?", de Xosé Lois García; "Fuxiron as pombas...", de Teresa Gómez Senra; "Aos das pateiras e callucos" e "Soerguer", de Baldomero Iglesias (Mero); "Palestina", de Emilio Xosé Ínsua; "Novoneyra", de Manuel C. Matalobos; "Reiseñor que cantas..." e "No abismo da miña ialma...", de Sara Méndez Palmeiro; "Follas" e "Sen límites", de Enrique Mora Morandeira; "Setembro", "A tarde, en luz, do verao pousaba nos teus ombros..." e "A chuvia de Dánae-Diana", de Manuel Xosé Neira; "Vento mariñao", de Xoán Neira; "?" e "Fraxilidade", de Isidro Novo; "A Tuffatora", de Olga Novo; "Noite", de Toño Núñez; "Corre, río, corre" e "O muíño derrubado...", de Xosé Otero Canto; "Ai Caurel", de Jesús Alfonso Parada Jato; "A ponte romana", de Pepa; "Aire deshabitado" e "Libre", de Melania Pérez Cruz; "Poema de memoria histórica", de Vicente Piñeiro; "I" e "II", de Andrés Pociña; "Cantiga" e "Praia das catedrais", de Luz Pozo Garza; "Poética", de Xerardo Quintiá; "Emoción do río", de Francisco Javier Reija Melchor"; "O mergullador", de Claudio Rodríguez Fer; "Encontro" e "Máxico Camiño de Santiago", de Margarita Rodríguez Otero; "Nocturno" e "Maleta de madeira", de Ramón Rodríguez Porto; "Os teus ollos" e "Melancolía", de Yago Rodríguez Yáñez; "Réquiem", de Milo Valdonedos; "A túa aldea" e "Latexando inocencia", de Diana Varela Puñal; "Dor, ensoño e arela de poeta", de Lois Vázquez Fernández; "Confidencia imposíbel dun neno de sete anos (elexía 0)", de Antonio Vázquez Tierra; "Amencer", de Elvira Veloso e "Coma naquel poema de Luz Pozo", de Rafa Yáñez. Os artigos referidos á literatura galega atópanse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

X. PREMIOS

X.1. NARRATIVA

Premio de Narración Curta **Álvaro Paradela**

Convocado pola Sociedade Artística Ferrolana coa finalidade de render homenaxe ao escritor, columnista e poeta Álvaro Paradela. A primeira edición do premio celebrouse no ano 1993 e dende aquela, participantes de Galicia e do estranxeiro presentaron os seus traballos a concurso, aínda que os premios foron sempre simbólicos, posto que non existe dotación económica ningunha, tan só se fai entrega dunha placa conmemorativa e se fala do gañador na revista *Poesía Galicia*. No ano 2009, o xurado da XIIIª edición de 2008, composto por don Ricardo Diaz-Casteleiro Romero, en calidade de presidente; don Carlos Barcón Collazo, crítico de arte e académico; don Xosé Ramón Vázquez Martínez, catedrático de Literatura; dona Rosa Martínez Dios, profesora de inglés e poeta; dona Aurora Varela, licenciada en Filoloxía Galega e poeta, don Juan Jose Rodríguez de los Rios, escritor e musicologo; dona Africa Otero Beltrán, vogal de promoción da SAF, e actuando de secretaria dona Manuela Castro Cebreiro, profesora e pintora, reunido no Parador de Turismo de Ferrol, o día 14 de abril de 2009, acordou galardoar a Darío Barro, de Ferrol polo seu relato "La balada de Jack Thornton".

Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

Convocado polo Concello de Noia e organizado pola revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar coa colaboración da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Poden concorrer a este certame todas as persoas de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 euros; a partir da segunda edición o galardón pasou a ser de 3.000 euros e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa; ademais da publicación da obra gañadora pola editorial Toxosoutos. Os orixinais, que se enviaron ao Concello de Noia, tiñan que ter unha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, presentándose por cuadriplicado en exemplares separados, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados sen firma cun lema baixo plica no Concello de Noia (Rosalía de Castro, 2, 15200 Noia). O xurado da oitava edición, correspondente ao ano 2009, constituído por Rafael García Guerrero, alcalde do Concello de Noia, Francisco Pillado Mayor, Xosé Manuel García Trigo, Miguel Seoane e Xavier Castro Rodríguez, que actuou de secretario con voz e sen voto, deu a coñecer o seu ditame o 22 de maio e resultou galardoada a obra *O Hotel*, de Valentín Alvite Gándara, de entre os once traballos presentados.

Referencias varias:

- M. Gil/S.F., "Valentín Alvite gana el certamen de relatos Avilés de Taramancos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Noia", 23 maio 2009, p. 34.

Refire que a VIII edición deste premio recaeu no escritor Valentín Alvite do Milladoiro (Ames) pola novela *O hotel*. Indica que este premio está dotado de 3.000 euros e que se fallou o 22 de maio tras a reunión do xurado composto polo alcalde de Noia que actuou como presidente de honra, o escritor e dramaturgo Francisco Pillado Mayor, o profesor e escritor Xosé Manuel García Trigo e o xornalista Miguel Seoane, ademais do profesor Xavier Castro Rodríguez, quen actuou como secretario con voz e sen voto. Apunta o argumento da novela premiada e precisa que foi elixida por unanimidade entre os once traballos presentados. Engade que ademais da contía económica se outorga unha escultura do artista Antón Costa e se publica a obra gañadora.

- M. G., "Alvite recibe el premio Avilés de Taramancos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Noia", 17 xullo 2009, p. 36.

Coméntase que o alcalde de Noia entregou o premio de relato de aventuras Avilés de Taramancos na súa oitava edición ao gañador do concurso, Valentín Alvite Gándara, que o obtivo pola súa obra *Hotel*. Sinálase que o acto comezou cunha representación teatral a cargo de Serafín Fernández Villanueva; a continuación dixeron unha palabras o coordinador de *Galicia Hoxe*, en representación do xurado, e o ilustrador do libro premiado, Xulio Gayoso. Dise que despois o secretario do xurado leu a acta do certame, o autor leu algunhas pasaxes da súa obra e, por último, o alcalde destacou a traxectoria de Avilés de Taramancos, a quen está dedicado este premio literario, e o esforzo económico que supón este para o Concello.

- M. G., "Valentín Alvite recolle o Premio Avilés de Taramancos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "De letras", 17 xullo 2009, p. 28.

Dáse noticia da entrega do premio ao gañador do concurso e infórmase de que o galardón consiste en tres mil euros en metálico, unha figura deseñada por Alfonso Costa e a publicación do traballo.

Premio Literario **Arcebispo Juan de San Clemente**

Dende o ano 1995, baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro convoca este premio literario, cunha dotación de 3.000 euros para cada unha das modalidades coas que conta (lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán); ademais dunha estatuilla conmemorativa e un diploma. Pretende colaborar a fomentar a lectura entre os alumnos. O xurado está formado por alumnos de bacharelato do instituto Rosalía de Castro de Santiago e de catro institutos máis de Galicia, elexidos ao chou. O día de entrega do premio os alumnos comparten mesa e mantel co escritor premiado no marco dunha festa. Na XVª edición de 2009, os institutos escollidos para o xurado foron: o IES n.º 1 de Ribeira, o IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz, o IES María Soliño de Cangas, o IES Xesús Ferro Couselo de Ourense. Nesta edición os finalistas en galego foron: *Memorias de cidades sen luz*, de Inma López Silva; *Conexión Tubinga*, de Alberto Canal e *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo González. No ámbito internacional: *Chesil Beach*, de Ian McEwan; *El chino*, de Henning Mankel e *Tren nocturno a Lisboa*, de Pascal Mercier e en castelán: *Dientes de leche*, de Ignacio M. Pisón; *La casa de Dostoievski*, de Jorge Edwars e *El día de Hoy*, de Alejandro Gándara. O fallo do xurado tivo lugar o 22 de

xuño e os galardoados foron *Memorias de cidades sen luz*, de Inma López Silva, na modalidade de lingua galega; *El chino*, de Henning Mankel, na modalidade de lingua estranxeira e *Dientes de leche*, de Ignacio M. Pisón, na modalidade de lingua castelán.

Referencias varias:

- E. P., "Entrega dos premios Juan de San Clemente", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 11 marzo 2009, p. 35.

Refírese á entrega de premios Juan de San Clemente que tivo lugar no colexio Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Recóllese que os gañadores da XIII edición foron *O Club da Calceta*, de María Reimóndez na categoría de lingua galega; *El abrecartas*, de Vicente Molina Foix na categoría de lingua castelá; e *Kafka na beira*, do xaponés Haruki Murakami na categoría de lingua estranxeira. Explícase que o premio foi fallado por alumnos de ESO e Bacharelato de Galicia.

- Xabier C. Sanmartín, "Murakami, o discutir de libros por SMS", *El Correo Gallego*, "Radio-Televisión", "Telediaria", 11 marzo 2009, p. 62.

Anúnciase a visita a Santiago do escritor xaponés Haruki Murakami con motivo da entrega do galardón do Premio Arcebispo Xelmírez que outorgan estudantes de secundaria de Galicia.

- Ana Iglesias, "La gran fiesta de las letras", *El Correo Gallego*, "Santiago", 13 marzo 2009, p. 27.

Fálase da entrega do premio Juan de San Clemente no colexio Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e no que resultaron premiadas as novelas *O Club da Calceta*, de María Reimóndez; *El abrecartas*, de Vicente Molina Foix; e *Kafka en las orillas*, de Haruki Murakami na XIII edición, e *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai; *Hoy Júpiter*, de Luis Landero; e *Artur & George*, de Julian Barnes, na XIV edición. Os autores Anxos Sumai e Luis Landero salientaron a importancia deste premio para eles por ser concedido por adolescentes, neste caso alumnos de Secundaria e Bacharelato de distintas vilas galegas: Cacheiras, Pontevedra, Foz, Pobra de Trives, Padrón, Silleda, Lugo, O Barco e Santiago.

- C. P., "La posible traducción a otros idiomas de la obra ganadora en gallego, novedad en la entrega de los San Clemente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 13 marzo 2009, p. 48.

Comenta a ceremonia de entrega dos galardóns das 13ª e 14ª edición deste premio, destacando que se tratou da primeira ocasión na que o protagonismo recaeu, non nas autoridades, senón no alumnado do compostelán IES Rosalía de Castro, que conforman os tres xurados. Refire que cada un deles se integra por dez membros e indica que o galardón consiste nunha estatuilla conmemorativa, un diploma e un cheque de 3.000 euros. Acolle a relación de gañadores: María Reimóndez, Vicente Molina Foix e Haruki Murakami, na edición de 2007, e Anxos Sumai e Luis Landero, na de 2008. Explica que só faltou á cerimonia o premiado no apartado de novela estranxeira, o británico Julian Barnes, por *Artur&George*. Apunta que María Reimóndez aproveitou a ocasión para reivindicar a lingua galega e o feminismo, e que Anxos Sumai lamentou que mentres ela

pode ler a obra doutros autores, "eles non poder acceder" á escrita en galego, de xeito que isto semella que esta lingua está "á marxe, cando non é así". Remata coas palabras do director do instituto promotor do galardón apuntando que están a valorar estender a composición do xurado a un institutos de secundaria doutra comunidade e dun país da UE, e traducir a obra gañadora ao castelán e a outra lingua europea.

- Óscar Iglesias, "O premio dos lectores ideais", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 13 marzo 2009, p. 7.

Comeza recollendo as palabras do director do IES promotor do premio, lamentando que critiquen que semella unha idea prestrada e non se pense que un premio que recoñece a un autor en lingua galega, castelá e estranxeira, pode ser unha idea xurdida en Galicia. Destaca que a particularidade deste premio reside en que o xurado está composto por dez alumnos de 2º de Bacharelato de cinco institutos galegos que escollen tres novelas, entre as seleccionadas previamente polo profesorado. Salienta ademais que autores tan pouco accesíbeis como os premiados Antonio Tabucchi, Jeffrey Eugenides, José Saramago, Paul Auster ou Amélie Nothomb acudan a Compostela e vaian cear coa mocidade. Explica a orixinalidade da xénese da iniciativa e achega que a tipoloxía do xurado moveu a editoriais como Anagrama a acudir a Compostela. Apunta que "a xuventude dos alumnos garante unha visión intuitiva da historicidade literaria" e compara e valora as eleccións do xurado, Javier Marías fronte a García Márquez en 1996, e os gustos do alumnado. Remata indicando que este premio dea o salto a integrar institutos españois e europeos, conseguindo así que "as traducións serían de ida e volta". No á parte "Galegos ou non, o mesmo prato" repara en con que autores e obras estranxeiras coincidiron os galegos e acolle opinións dos premiados Suso de Toro por *Tic-Tac*, en 1995, e Anxos Sumai por *Así nacen as baleas*, na 14ª edición.

- Xabier Sanmartín, "Premios Arcebispo San Clemente e tele", *Galicia Hoxe*, "Comunicación", "Homo Zapping", 13 marzo 2009, p. 47.

Fálase da pouca cobertura televisa coa que contan os premios Arcebispo San Clemente que son outorgados por alumnos de secundaria de distintos institutos galegos. Saliéntase a capacidade destes premios de traer a Compostela figuras literarias de gran peso internacional como o escritor xaponés Haruki Murakami, un dos galardoados da pasada edición e que nunca estivera en España.

- Jesús Ruiz Mantilla, "Una cena gallega con Murakami", *El País*, "Cultura", 14 marzo 2009, p. 42.

Fálase da concesión dos premios San Clemente outorgados polos alumnos do Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Infórmase que os galardoados foron Luis Landero por *Yo, Júpiter*; Vicente Molina Foix por *El abrecartas*; María Reimóndez por *El club de la calceta*; Anxos Sumai por *Así nacen as baleas*; e Haruki Murakami por *Kafka en la orilla*. Saliéntase a visita do escritor xaponés a Galicia por ser a súa primeira visita a España.

- B. Álvarez, "Torres y Olalla, padres en el Apóstol", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Local", "Patio de Vecinos", 15 marzo 2009, p. 9.

Escolma de noticias na que se refire a visita do escritor xaponés Haruki Murakami ao IES Rosalía de Castro de Santiago con motivo do fallo do premio Juan de San Clemente.

- Xurxo Fernández, "Jurado implacable y menor de edad", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "El premio de los jóvenes lectores", 15 marzo 2009, pp. 1-3.

Comeza indicando que este premio foi chamando a atención dende o comezo e pouco a pouco se foi convertendo "en uno de los más respetados y, quizás, más deseados", pola relación de nomes mundialmente recoñecidos que o obtiveron e que acudiron a Compostela sorprendidos e accesíbeis á mocidade. Destaca as figuras de José Saramago "que causó una oleada de admiración", de Jostein Gadamer "por saber explicar de forma amena [...] la historia del universo" e de Paul Auster "que acabó por ser la piedra angular a la que todos ponemos como ejemplo de perfecto de ídolo". A terceira páxina da noticia céntrase nas edicións de 2008 e 2009. Así, repara na obra *El loro de Flaubert* (1984), de Julian Barnes, autor que foi seleccionado en tres ocasións para o *Booker Prize* e que a última delas foi por *Arthur&George*, a obra premiada no Arcebispo Juan de San Clemente. Salienta a traxectoria de Luis Landero, Anxos Sumai, Murakami, Molina Foix e María Reimóndez.

- Rosa Aneiros, "Antoloxía do cotián", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "A rebusca", 16 marzo 2009, p. 4.

Comeza destacando obxectos dos que falaron ao recoller os galardóns os premiados nas XIII e XIV edicións do San Clemente. Nomea a relación de galardoados e reivindica non esquecer que "a verdadeira maxia dos libros está non só en quen os escribe senón en quen os le". Refire que este premio é "un motivo de esperanza" pola "vixencia da literatura e do futuro da mocidade". E remata reproducindo un fragmento tirado de *Así nacen as baleas*, da premiada Anxos Sumai: "Se non hai lectores, os libros tamén podrecen".

- A. I., "La XV edición del premio literario San Clemente ya tiene a sus nueve finalistas", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Letras", 19 marzo 2009, p. 25.

Indica que tres membros do comité seleccionador do premio, Ubaldo Rueda, Margarita Prado e Carme Ríos Panisse, deron a coñecer os autores seleccionados para esta edidón. Precisa que na categoría de lingua galega os finalistas foron *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva; *Conexión tubinga*, de Alberto Canal e *O xardín das pedras flotantes*, de Manuel Lourenzo. Apunta que na categoría de lingua castelá foron finalistas *Dientes de leche*, de Ignacio M. Pisón; *La casa de Dostoievsky*, de Jorge Edwards e *El día de hoy*, de Alejandro Gándara. Recolle tamén que na categoría de lingua estranxeira foron finalistas *Chesil Beach*, de Ian McEwam; *El chino*, de Henning Mankel e *Tren nocturno a Lisboa*, de Pascal Mercier.

- maré, "Nova fornada para os premios' San Clemente", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 20 marzo 2009, p. 29.

Dise que uns días antes de entregar os galardóns, xa se deron a coñecer os finalistas da XV edición. Apunta que en lingua galega compiten *Conexión tubinga*, de Alberto Canal; *Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva e *O xardín das pedras*

flotantes, de Manuel Lourenzo. Comenta que para o galardón en lingua castelá están como finalistas *El día de hoy*, de Alejandro Gándara; *La casa de Dostoievsky*, de Jorge Edwards e *Dientes de leche*, de Ignacio M. Pisón. Finalmente dá conta de que as obras finalistas en lingua estranxeira son *Tren nocturno a Lisboa*, de Pascal Mercier; *Chesil Beach*, de Ian McEwam e *El chino*, de Henning Mankel. Remata apuntando que os finalistas foron seleccionados por un comité de profesores e que, para decidir os gañadores, forman parte do xurado catro centros de ensino.

- Ana Iglesias, "Premios San Clemente para Inma López Silva, Martínz Pisón y Henning Mankell", *El Correo Gallego*, "Santiago", "Literatura", 23 xuño 2009, p. 28.

Dise que os alumnos de segundo de Bacharelato dos institutos Poeta Díaz Castro de Guitiriz (Lugo), María Soliña de Cangas (Pontevedra), n.º 1 de Ribeira (A Coruña) e Xesús Ferro Couselo de Ourense, xunto ao Rosalía de Castro de Santiago, foron o xurado do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente deste ano e deron o fallo no que resultaron premiados Inma López Silva por *Memoria de cidades sen luz*, na categoría de lingua galega; Ignacio Martínez Pisón con *Dientes de leche*, en lingua castelán e Henning Mankell con *El Chino*, en lingua estranxeira. Dáse conta dos finalistas en cada categoría e faise unha breve achega á compostelá Inma López Silva na que se recolle os diferentes galardóns obtidos pola escritora.

- C. P., "López Silva, Martínez Pisón e Mankell gañan os San Clemente", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 xuño 2009, p. 48.

Dáse conta dos premios San Clemente, cuxo xurado estivo composto por alumnos de institutos de Guitiriz, Cangas, Ourense e Santiago. Coméntase que o premio á mellor novela galega foi para *Memoria das cidades sen luz* (2008), da compostelá Inma López Silva; á castelá para *Dientes de leche*, do zaragozano Ignacio Martínez Pisón, e á estranxeira para o sueco Hennig Mankell con *El chino*. Despois faise unha breve achega ao argumento das tres novelas gañadoras. De *Memoria de cidades sen luz* dise que tamén gañou o Premio Blanco Amor 2007 e que fai un percorrido vital pola historia das cidades da Coruña, Barcelona, París, Nova York e Compostela, xunguindo memoria con ficción.

- Ó. I., "Henning Mankell, López Silva y De Pisón, premios San Clemente", *El País*, "*Galicia*", 23 xuño 2009, p. 6.

Anúncianse as tres obras gañadoras das modalidades de lingua estranxeira, castelán e galega do XV Premio Arcebispo Juan de San Clemente, organizado polo instituto Rosalía de Castro de Santiago. Mencionánse os finalistas e dise que a contía do galardón ascende a 3.000 euros para cada escritor. Por último, enumérase algúns dos premiados en edicións anteriores.

Premio **Biblos-Pazos de Galicia**

Creado pola editora Biblos no ano 2004, aberto á participación de menores de 25 anos que presentaron unha memoria das súas respectivas novelas até o 16 de marzo, cunha extensión de entre 30 e 40 folios á editora Biblos (Quintá, 8-Mandaio. 15391 Cesuras-A Coruña) (www.biblosclube.com), na que se incluía unha exposición das características

da súa futura novela así como un capítulo ou fragmento para valorar o seu estilo. Os finalistas debían presentar antes do 13 de xuño as súas novelas cunha extensión de 150 folios. Esta editora designa todos os anos un titor para completar e perfilar a obra xunto co gañador durante unha estadía no mes de outubro na Casa Grande do Bachao. Cada un dos finalistas ten dereito a unha fin de semana para dúas persoas nalgún dos estabelecementos da rede de Pazos de Galicia. O/a gañador/a, ademais da estadía na Casa Grande do Bachao xunto co seu titor durante un mes, recibiu un ordenador portátil, a escultura creada para o premio, deseñada polo artista lugués Luís Loureira, a publicación da súa obra na colección "Mandaio" e a tradución ao castelán. No ano 2009 (5ª edición) o prazo de admisión rematou o 16 de marzo, o titor foi Manuel Rivas e o gañador Pablo García Martínez (Arzúa, 1985) coa novela titulada *Relato dun estalido xordo* e quedou como finalista Zeltia Regueiro Fuente. O galardón resolveuse no transcurso dunha cea literaria que se desenvolveu na Casa Grande do Bachao, preto de Santiago, o 10 de xullo.

Referencias varias:

- R. Loureiro, "Los cuatro ganadores del premio Biblos, en Barcelona", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 abril 2009, p. 60.

Refire que o Centro Galego de Barcelona acolleu a presentación en Cataluña dos catro gañadores deste premio narrativo. Indica as características do premio e reproduce o título das obras premiadas en anteriores edicións: *Meniña de cristal*, de Iria López Teijeiro; *Dor pantasma*, de Alberto Ramos; *Teselas de cidade*, de Patricia Casas; e *Bailarei sobre a túa tumba*, de Berta Dávila. Remata reproducindo as opinións de Tucho Calvo e Carmela González Boo, directores do clube de lectura que organiza o premio, xunto coa editorial Biblos.

- maré, "O arzuán Pablo García faise co Premio Biblos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 12 xullo 2009, p. 30.

Saliéntase que o xornalista arzuán Pablo García Martínez resultou gañador do Premio Biblos-Pazos de Galicia cunha obra que ten o título provisional de *Relato dun estalido xordo* e que se publicaría a finais de 2009, en galego e castelán. Coméntase que o xurado considerou que é un proxecto moi interesante porque reflicte o mundo dos adolescentes nunha pequena vila do interior de Galicia. Sinálase que os protagonistas son adolescentes e que a trama principal ten como fío condutor unha noite de troula, empregada para describir unha idade chea de inseguridades.

- V. Oliveira, "Escrita de proveito", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Distinción", 14 xullo 2009, p. 29.

Recóllense as palabras do gañador do premio Biblos-Pazos de Galicia que comenta que vai redactar a súa novela baixo a tutela de Manuel Rivas, cuxo labor consiste, na súa opinión, en ensinarlle a elaborar ideas comprensíbeis e conseguir facerlle ver o que ten que pulir e que se poña do lado dos lectores. Cre que este premio ten moita importancia para o galego porque pon as ferramentas e os mecanismos necesarios para a recuperación do idioma. Salienta que até agora só escribira relatos curtos e que a temática non ten que ver co que tiña pensado nun primeiro momento, pero que escolleu

a idade adolescente porque é determinante e supón un salto cheo de responsabilidades, inseguridades e traumas. Asegura que na súa decisión de escribir non inflúe a situación editorial galega porque cre que hai que escribir cousas que sexan de proveito e que a súa única restrición foi a falta de incentivos ou a desconfianza das súas propias calidades para rematar a novela. Para rematar, dise que en anos anteriores o premio recaeu en catro autores debutantes e as obras gañadoras foron: *Meniña de Crital*, de Iria López Teijeiro, que fala da viaxe iniciática de Xiana á terra dos seus devanceiros, Santo Andrés de Teixido; *Dor pantasma*, de Alberto Ramos, que narra a desaparición dunha rapaza en Cangas; *Teselas de cidade*, de Patricia Casas, un mosaico urbano polas rúas da Coruña e *Bailarei sobre a túa tumba*, de Berta Dávila, que trata sobre a Xeración Xabarín.

- Alfredo Conde, "Entusiasmo pola literatura", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Os outros días", 23 xullo 2009, p. 4.

Coméntase que a asociación Pazos de Galicia e Biblos, da que están ao fronte Carmela e Tucho Calvo, convocaron o premio Biblos-Pazos de Galicia, reservado a escritores menores de vinte e cinco anos, que celebrou a súa quinta edición na Casa Grande do Bachao, en Santiago de Compostela. Sinálase que un rapaz de vinte e tres anos, chamado Pablo García, foi o gañador do premio que consiste nun mes de aloxamento no Bachao para darlle a redacción final á súa novela coa axuda do asesoramento do seu titor, Manolo Rivas, ademais dunha peza escultórica de Lois Lavandeira e un ordenador portátil.

Premio **Blanco-Amor de Novela Longa**

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 300 euros cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso até chegar á actual contía de 12.020 euros. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco-Amor. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo (tamaño de fonte 12). Poden participar nel todos os autores, de calquera nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao concello encargado da edición. Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicarase o nome e enderezo do autor ou autora, e de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O prazo de admisión dos orixinais remata o 30 de decembro. O xurado do premio está composto por cinco membros que deben ser escritores ou críticos literarios da literatura galega. De cada obra presentaranse cinco copias asinadas cun lema, en paquete sen remite dirixido ao Excmo. Concello organizador, facendo constar no exterior "Para o Premio Blanco-Amor". Na edición de 2009 a organización correu a cargo do Concello de Poio e o premiado darase a coñecer no mes de marzo de 2010. A principios de abril de 2009 deuse a coñecer o galardoado da 27 ª edición, organizada polo Concello de Burela, correspondente ao ano 2008, á que se presentaron vinte e cinco obras. O xurado estivo composto por Emilio Insúa, Olaia Cociña, Santiago Jaureguizar, Armando Requeixo, Inma López Silva (gañadora da edición anterior) e Neves Cando, concelleira de Cultura de Burela, que actuou como

secretaria. Premiaron a Luis Rei Núñez pola novela *Monte Louro*, presentada baixo o lema "arcadia bis", elixida por unanimidade. Quedaron finalistas as novelas presentadas baixo os lemas "O pasado aínda está por vivir" e "Un último destino". O galardón entregouse no mes de xuño.

Referencias varias:

- L. F. B., "El jurado del 'Blanco Amor' de novela decidirá este año entre 25 títulos", *El Progreso*, "A Mariña", 21 xaneiro 2009, p. 20.

Indica que se presentaron ao premio vinte e cinco obras e que a organización do ano 2009 correu a cargo do concello de Burela. Recolle a relación do xurado destacando algunha actividade profesional de cada un dos membros e remata salientando a traxectoria de Inma López Silva, gañadora deste premio na edición anterior.

- Ana López, "Luis Rei: 'Isto non é coma unha carreira de atletismo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 6 abril 2009, p. 61.

Comeza indicando que o galardón de 12.000 euros recaeu por unanimidade en Luis Rei pola novela *Monte Louro*, publicada baixo o lema "Arcadia bis". Recóllense as palabars do gañador nas que refire que tardou seis anos en escribila, xa que ao mesmo tempo tamén escribía outra novela, *O señor Lugrís e a negra sombra* (2007). Tamén recoñece como "un exercicio de humildade" presentarse a concursos ao expoñerse á opinión do xurado. Indica a temática da novela e as localizacións espaciais da mesma. No á aparte "Psicoloxía" acóllese que o xurado valorou fundamentalmente "a profundidade psicolóxica dos personaxes", ademais da plasticidade e do realismo das descricións xeográficas. Remata coas verbas do escritor, salientando a relevancia de Monte Louro na xente da ría de Muros. Noutro á parte precísase brevemente a historia do Premio Blanco Amor, os concellos que concorren a convocalo, o xurado desta edición e o número de traballos presentados.

- maré, "De Muros a Barcelona e 'Arxentina", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premio", 6 abril 2009, p. 29.

Comeza indicando o argumento da novela merecente deste galardón, do que se precisa que o fallo se decidiu nesta edición en Burela, se achega a relación do xurado e o número de obras presentadas. Refire que se fixo unha selección de nove obras das que saíu a novela escrita baixo o lema "Arcadia bis". Entre outros aspectos, apunta que o xurado tamén valorou "o coidado estilo e riqueza lingüística, o verismo dos diálogos, a estrutura e progresión narrativa e a fondura e delicadeza" con que se tratan cuestións referidas ao ser humano. Acóllense datos da bibliografía de Luis Rei e dos galardóns conseguidos por algunhas das súas obras. Recóllense verbas tiradas do blog dun membro do xurado, Santiago Jaureguizar, nas que precisou que nesta edición será a editorial Xerais a que publique a obra gañadora, e nas que así mesmo matiza que nas obras presentadas se observa que a temática deixou de ser a guerra civil para pasar a interesarse por "relacións persoais desenvolvidas na actualidade". No á parte "Dúas novelas ficaron finalistas" coméntase que as dúas obras finalistas foron escritas, respectivamente, baixo os lemas "O pasado aínda está por vir" e "Un último destino" e que aínda non se decidiu que concello organiza o premio na próxima edición nin a data

de presentación da obra gañadora.

- D. S., "Luis Rei Núñez se hace con el premio Blanco Amor de novela", *El País*, "*Galicia*", 7 abril 2009, p. 5.

Comeza precisando o gañador do premio Blanco Amor fallado o sábado anterior en Burela. Indícase o argumento da novela *Monte Louro*, do coruñés Luis Rei Núñez, a relación do xurado e o lema das dúas obras que quedaron como finalistas. Remata apuntando que este escritor xa fora merecente noutras ocasións de premios literarios como o Xerais pola novela *Expediente Artieda* e o da Crítica Galega 2007 por *O señor Lugrís e a negra sombra*, e que tamén é autor de poemarios como *A ronda invisible* (1988) e *Alma mareira* (2003).

- M. A. C., "Poio organizará este año el Premio Blanco Amor de Narrativa, uno de los más prestigiosos de Galicia", *Diario de Pontevedra*, "Poio. Comarca", 19 setembro 2009, p. 12.

Coméntase que o Concello de Poio é o encargado de organizar o Premio Literario Blanco Amor este ano, dotado con doce mil euros e a publicación da obra gañadora. Sinálase que o galardón está patrocinado por setenta e cinco concellos galegos, que aportan anualmente trescentos sesenta euros para financiar os seus custes. Infórmase de que as bases do concurso serán publicadas no Diario Oficial de Galicia e na prensa nacional a finais de outubro e que, posteriormente, se darán a coñecer os nomes das persoas que formarán o xurado e que emitirán o seu veredicto en marzo. Destácase que entre os gañadores de edicións anteriores atópanse Luís Núñez Rey, Sechu Sende, Suso de Toro e Úrsula Heinze, entre outros.

- M. A. C., "Poio aproba as bases do Premio Literario Blanco Amor de Narrativa", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra / Poio", 16 outubro 2009, p. 13.

Dáse noticia de que a Xunta de Goberno local aprobou as bases que rexerán este ano o Premio Blanco Amor, organizado polo Concello de Poio. Cóntase que o premio naceu hai máis dun cuarto de século e que cumpre un importante papel dentro do sistema literario galego porque contribúe a impulsar e consolidar o xénero da novela longa, no que foi mestre Eduardo Blanco Amor. Finalmente advírtese que o prazo de admisión de orixinais rematará a finais de ano.

- J. Casal, "Abierto el plazo para participar en el premio de novela Blanco Amor", *Diario de Pontevedra*, "Poio. Comarca", 20 novembro 2009, p. 11.

Infórmase da convocatoria, bases e contía da vixésimo oitava edición deste premio. Dise que o Concello organizador desta edición é Poio, que o prazo de presentación das obras será até o 30 de decembro e que o nome do gañador coñecerase no mes de marzo de 2010.

- M. A. C., "Cultura inicia el reparto de las bases del Premio Blanco Amor", *Diario de Pontevedra*, "Poio. Comarca", 26 novembro 2009, p. 13.

Infórmase do inicio do reparto das bases que rexen a vixésimo oitava edición deste premio, así como da dotación de 12.020 euros.

Concurso de Narración Curta **Boca de la ría**

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF), premiou á mellor narración curta, escrita en galego ou castelán, relacionada co mar. As persoas que desexasen participar neste certame debían presentar traballos cun máximo de tres folios ao apartado de correos 339 de Ferrol. Os orixinais debían ser mecanografados, acompañados dunha fotocopia do DNI do autor ou autora. No ano 2009, o tema obrigado foi "Relatos de la mar". O xurado composto por don Ricardo Diaz-Casteleiro Romero, en calidade de presidente; don Carlos Barcón Collazo, crítico de arte e académico; don Xosé Ramón Vázquez Martínez, catedrático de Literatura; dona Rosa Martínez Dios, profesora de inglés e poeta; dona Aurora Varela, licenciada en Filoloxía Galega e poeta, don Juan Jose Rodríguez de los Rios, escritor e musicologo; dona Africa Otero Beltrán, vogal de promoción da SAF , e actuando de secretaria dona Manuela Castro Cebreiro, profesora e pintora, reunido no Parador de Turismo de Ferrol, o día 14 de abril de 2009, acordou declarar deserto este galardón.

Premio Literario **Camilo José Cela de Narrativa**

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como homenaxe perpetua á "figura humana e literaria do egrexio escritor". Os relatos, de tema libre, escritos en castelán ou galego, teñen que ser inéditos e orixinais e ter unha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo. Deben enviarse, por quintuplicado, con lema e plica, ao Rexistro do Concello de Padrón (Rúa Longa, 27, 15900, Padrón). O premio está dotado con 1.500 euros, diploma acreditativo e a publicación do traballo nun libro conmemorativo. Nesta XXª edición de 2009, a data límite de entrega foi o 15 de xullo e a resolución deuse a coñecer antes do 31 de decembro. O xurado decidiu outorgar o premio de entre as cento setenta e seis obras presentadas a Félix Juan Jerónimo Beltre da República Dominicana polo seu relato titulado "Variaciones del frío", presentado baixo o lema Salomé.

Referencias varias:

- U. L., "Un total de 176 trabajos de varios países concurren al Premio de Narrativa Camilo José Cela", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 1 setembro 2009, p. L9.

Coméntase que cento sesenta e cinco autores presentaron cento setenta e seis traballos a este premio, convocado polo Concello de Padrón, e que xa foron abertos pola mesa do certame. Destácase que houbo un incremento de trinta e sete relatos con respecto ao ano anterior, consecuencia de, segundo cren, darlle publicidade ao certame a través de Internet, o que provocou que se recibisen traballos de Arxentina, México, Porto Rico, Estados Unidos ou Xerusalén. Sinálase que o premio ten unha dotación económica de mil cincocentos euros, ademais da entrega dunha estatuíña en bronce que reproduce o busto de Camilo José Cela. Anúnciase que o Concello de Padrón remitirá en setembro os traballos presentados a cada un dos membros do xurado e que, unha vez que lidos, se reunirán para deliberar e facer público o nome do gañador do certame.

Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Premio convocado polo Liceo de Ourense que leva o nome dun dos seus socios máis ilustres, Carlos Casares, e que se centra na modalidade de microrrelato. O premio estabeleceu dúas categorías, unha para maiores e outra para menores de 25 anos, cunha dotación económica de 600 euros para cada unha delas, que na convocatoria do ano 2007 aumentou a 1.500 euros para o primeiro premio. Pode concorrer calquera persoa con tres traballos inéditos da súa autoría como máximo, redactados en galego ou castelán. Os orixinais non poden superar unha extensión máxima de 1.500 caracteres, debendo ser presentados por quintuplicado, antes do 22 de maio, na Secretaría do Liceo de Ourense (Rúa Valentín Lamas Carbajal, 5, 32005, Ourense). Cada orixinal ten que ir baixo lema e nun sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono do autor, e o título definitivo da obra. Na convocatoria do ano 2009, 8ª edición, o xurado estivo integrado polo Presidente do Liceo de Ourense, os membros da Sección de Literatura, don Marcos Valcárcel López, dona Teresa Devesa Graña, dona Loly Conde Fernández, don Delfín Caseiro Nogueiras e don Segismundo Bobillo Morgade, actuando como Secretario o Xerente do Liceo. Nesta edición presentáronse máis de cincocentos traballos, entre os que resultou gañador o relato intitulado "Semana", de Mercedes Martínez Modroño e concedeuse un accésit á segoviana sol García de Herreros polo seu relato "La prórroga" . A entrega dos premios tivo lugar nun Acto Literario enmarcado nas festas do Liceo, que se celebrou o 29 de maio.

Premio de Novela Europea **Casino de Santiago**

Creado no ano 2003, este premio é convocado polo Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés, e está dotado con 3.000 euros. Unha comisión seleccionadora elixe un grupo de novelas que xa foron publicadas recentemente nalgún país da Unión Europea. Con este galardón preténdese fomentar a lectura entre os composteláns, por iso un trinta por cento da resolución do xurado será o resultado da votación de residentes ou persoas que realizan a súa ocupación laboral na cidade de Santiago, que tamén levarán un premio. A tal efecto abriuse un prazo de votación até o 5 de xullo, para que o lectorado emitise o seu voto ben no Casino de Santiago, onde tamén se lles ofrecía as novelas finalistas en préstamo, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. A porcentaxe restante cubriuse cos socios do Casino (que contaron un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (cun peso do cincuenta por cento). O xurado, integrado por estudantes, persoal do concello, socios do Casino e outros sectores da sociedade compostelá entregou o primeiro premio da sétima edición a Sarah Waters por *A rolda nocturna*.

Concurso Internacional de Novela Curta **Cidade Centenaria de Ribeira**

Organizado pola área de Cultura do Concello de Ribeira cos obxectivos de potenciar, apoiar e difundir a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión de título de cidade. É un certame literario en lingua galega de ámbito internacional e de carácter bienal, no que pode participar calquera persoa, sen límite de idade ou nacionalidade, sempre que presente un traballo escrito en galego, orixinal e inédito, de temática libre

cunha extensión mínima de 80.000 e máxima de 120.000 caracteres. O premio conta cunha contía de 3.000 euros, diploma e a publicación da obra. O traballo entrégase por quintuplicado e mecanografado na Área de Cultura do Concello de Riveira e o prazo rematou o 28 de febreiro de 2009. Na primeira edición foi gañadora a novela *As mellores intencións*, da coruñesa Begoña Paz. Na segunda edición, a resolución do xurado tivo lugar o 23 de marzo, o acto de entrega en maio e a publicación e presentación da obra terá lugar en maio de 2010. Na edición de 2009 presentáronse nove traballos e o xurado integrado por Uxía Casal Silva, Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, José Antonio Otero Sobrido, Alicia Padín Otero e Unai González, que actuou de secretario con voz pero sen voto, decidiu galardoar a obra *Vertixes*, do carballés José Ignacio Silva Regueira baixo o lema "Os vaivéns do destino".

Premio de Narración Curta do Concello de Curtis **CURTIS TREME**

Certame convocado polo Concello de Curtis no que os textos presentados debían estar escritos en lingua galega, ser inéditos e non premiados en ningún outro certame, e ter unha extensión comprendida entre os 3.000 e 5.000 caracteres (espazos incluídos). Debían presentar catro copias de cada traballo, baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre pechado cos datos do autor/a (nome completo, fotocopia do D.N.I, enderezo e teléfono de contacto). Debían entregarse antes do 20 de outubro de 2009 no Concello de Curtis (Praza de España, 1, CP 15310 Teixeiro, Curtis). Estabelecéronse catro categorías: A (dos 12 ós 18 anos); B (dos 19 anos en diante); C (persoas que teñan entre 12 e 18 anos empadroadas no Concello de Curtis) e D (persoas de 19 anos en diante empadroadas no Concello de Curtis) cunha dotación económica de 150 euros, para a categoría A e C e 250 euros, para a B e D. Na edición de 2009, os relatos tiñan que ser sobre temática de terror. Os galardóns da VIª edición foron para Paulo Flores Méndez, Ana García Juanatey, Alberto Vigo Sánchez e Lara Mantiñán Búa. Concorreron cincuenta e catro traballos e o xurado estivo composto polo lingüista Manuel Rico Verea, a escritora Emma Couceiro e o guionista Daniel Domínguez. A entrega de premios foi presidida por Javier Cainzos, alcalde de Curtis.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Sexto premio de narración corta 'Curtis Treme-2209", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya Mariñana", 21 xuño 2009, p. 20.

Infórmase que nesta edición a temática trata o terror e dáse conta das bases do VI Premio de narración corta do Concello de Curtis.

- Víctor Castro, "El 'Curtis Treme' logró un éxito en su IV edición", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya Mariñana", 4 decembro 2009, p. 20.

Noméanse os gañadores, a composición do xurado da cuarta edición destes premios e saliéntase o éxito de participación, con cincuenta e catro traballos presentados.

Certame de Contos **Cultura Quente** do Concello de Caldas de Reis

Convocado pola Biblioteca Municipal Padre Martínez Ferro, de Caldas. A convocatoria,

aberta a todas as persoas, estabeleceu tres categorías: A, para nenos de 10 a 13 anos; B, para nenos entre 14 e 17 anos, e C para maiores de idade. Os contos tiñan que estar escritos en lingua galega, orixinais e inéditos, e cunha extensión entre cinco e quince folios. As obras presentáronse directamente ou ben enviáronse por correo certificado á Biblioteca Pública P. Manuel Martínez Ferro (Paseo Román López, 9, 36650 Caldas de Reis-Pontevedra) até o 10 de xuño en sobre pechado por triplicado, co título da obra e lema do autor, acompañado doutro pequeno sobre, tamén pechado, no que constaba o auténtico nome e apelidos do autor, así como o teléfono, enderezo, a fotocopia do DNI e a indicación da modalidade na que participaba. O Concello poderá publicar os relatos gañadores. A contía dos premios foi a seguinte: na categoría A, 150 euros en libros e material escolar; na categoría B, 150 euros en libros e material escolar e na categoría C un premio de 1.000 euros e un accésit de 500 euros. A entrega do galardón tivo lugar en xullo durante o Festival Cultura Quente. Na undécima edición correspondente ao ano 2009 resultaron premiadas María del Mar Noguera Couceiro da Coruña na categoría C con "Orfandade", e un accésit para Clara Isabel Rodríguez de Vigo co conto "Bandexa de entrada"; e Tania Vázquez de Chantada na categoría B con "Nandulfe". O acto de entrega tivo lugar o 11 de xullo na biblioteca de Caldas.

Referencias varias:

- Chus Gómez, "Caldas ya respira aires de Cultura Quente", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra, "Caldas", 2 xullo 2009, p. 27.

Informa sobre a proximidade do festival, que se está a notar debido ás intervencións artísticas de Kaldarte, que xa se deixan ver pola vila e que mañán conformarán o percorrido inaugural. Recolle que a rúa Real acolle tamén unha exposición de microrrelatos organizada pola Coordinadora Terras do Umia así coma o "río de palabras" que enche toda a vila en pro de fomentar a lectura.

- Marina Rodríguez, "Resolución y premios del 'XI Certame de contos Cultura Quente", *Diario de Pontevedra*, "Caldas.Deza.Tabeirós", 4 xullo 2009, p. 17.

Infórmase da resolución do xurado nas diferesntes categorías así como dos accésits, ademais indícase que a entrega dos galardóns terá lugar o 11 de xullo.

- M. Angueira, "Los ganadores del certamen de cuentos recibieron sus premios en la biblioteca", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", "Caldas", 14 xullo 2009, p. 23.

Ademais de recoller o programa de actividades, noméanse as autoras premiadas e as contías dos galardóns do certame de Cultura Quente. Dise que María del Mar Noguera Couceiro da Coruña venceu na categoría de maiores de 18 anos co conto "Orfandade"; que Clara Isabel Rodríguez de Vigo recibiu un accésit polo seu conto "Bandexa de entrada"; que na categoría de 14 a 17 anos venceu Tania Vázquez de Chantada con "Nandulfe" e que a modalidade infantil quedou deserta.

Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizado polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da

Consellería de Educación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Moaña. Os microrrelatos teñen que estar escritos en galego normativo, cunha extensión máxima de quince liñas a dobre espazo. En cada convocatoria os relatos terán que introducir unha palabra obrigada. Remitiranse tres copias á Lonxa Literaria (Centro Cultural Daniel Castelao, Quintela s/n, 36950, Moaña, Pontevedra) até o 30 de outubro. Convocouse unha única categoría á que se dotou cun premio de 300 euros e dous accésits sen dotación económica. Na séptima edición a palabra obrigatoria foi "escumallo". O fallo fíxose público o 21 de novembro e o xurado, formado por Verónica Martínez, Mario Regueira e Alba Méndez, decidiu galardoar, de entre os sesenta participantes, a María Inés Liste polo seu relato "O coitelo do Matachín" e concedeu dous accésits a Emma Pedreira por "Crise" e Eva Moreira por "O abrazo".

Premio de Novela Longa **Manuel García Barros (Ken Keirades)**

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En 2007, na XIX edición, tamén colaborou a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia. A contía económica foi de 9.015 euros e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola Editorial Galaxia. Os orixinais en galego normativo teñen que ser enviados por sextuplicado, antes do 13 de abril, á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do estado. O xurado está composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e contou con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da editorial Galaxia. Na XXI edición de 2009, o premio estivo convocado polo Concello da Estrada, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e Editorial Galaxia. O xurado formado por Inmaculada Otero Varela, Luís Alonso Girgado, Armando Requeixo Cuba, Xosé Carlos Agostiño, Carlos Lema e, como secretario, Valentín García Gómez decidiu galardoar a novela *Un tipo listo*, de Xosé Monteagudo Folgar, presentada baixo o lema "Betty Blue". A entrega do galardón tivo lugar o 11 de decembro na Estrada

Referencias varias:

- M. González, "Monteagudo gaña o García Barros de novela coa historia dun desfalco", *El Correo Gallego*, "Cultura", "A Estrada", 16 xullo 2009, p. 60.

Anúnciase que Xosé Monteagudo Folgar gañou o premio de novela Manuel García Barros, convocado dende hai vinte e un anos polo Concello da Estrada. Coméntase que a obra gañadora, titulada *Un tipo listo*, destacou pola orixinalidade do tema e a súa capacidade para enganchar o lector; así como, pola prosa fluída e de calidade estética, polos personaxes ben trazados, pola dimensión de crónica social e pola reflexión ética desta historia dun director de banco que a principios dos oitenta comete un desfalco en Vigo. Saliéntase que o galardón está dotado con nove mil euros e a publicación da obra gañadora en Galaxia. Finalmente, sinálase que Monteagudo xa resultou gañador en 2002 do premio Blanco Amor coa súa primeira novela, *As voces da noticia*, que falaba dun crime na contorna rural visto dende os ollos dun xornalista.

- Lecer, “Monteagudo, un tipo listo con premio”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 770, “O personaxe”, 19 xullo 2009, contracuberta.

Dáse noticia de que o premio de novela Manuel García Barros recaeu sobre Xosé Monteagudo Folgar, un licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e que traballa como técnico de Facenda en Pontevedra. Coméntase que o seu primeiro conto, titulado “O engado do triángulo”, foi distinguido cun accésit no premio Modesto R. Figueiredo en 2001. Sinálase que a obra gañadora fai referencia á Estrada xa que incorpora personaxes reais do lugar como o mestre de Sabucedo, Francisco Regueira, ou as raíces familiares en Forcarei do protagonista.

- V. Oliveira, “Editar non garante nada”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Libro”, 21 xullo 2009, p. 28.

Recóllense as palabras de Xosé Monteagudo, gañador do Manuel García Barros, do que di que é un premio ao que lle ten moito cariño. Sinala que a obra é unha novela de intriga que engancha ao lector e que lle interesa o punto de vista do narrador que dá unha visión persoal sobre os feitos. Salienta que a primeira noticia que o inspirou para esta novela foi o desfalco de Pepe o do Popular en Santiago pero que tamén lle interesaron outros máis recentes; así, o desfalco é o argumento a través do que se desenvolven as implicacións éticas dos personaxes e a súa relación coa realidade. Asegura que é moi meticuloso e que o resultado desta novela é a metade do que escribiu. Comenta que Galaxia xa lle publicou dúas novelas: *As voces da noticia*, gañadora en 2002 do Blanco Amor, e *Esta historia* (2006). Opina que os premios son importantes para facer visíbel unha obra pero o que funcionan son as recomendacións dos lectores, así o éxito non define a calidade senón a aceptación dos lectores. Polo tanto, segundo o seu criterio, editar non garante nada.

- Raquel Torres, “Monteagudo gana el García Barros con una novela sobre una estafa bancaria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 16 xullo 2009, p. 68.

Dáse noticia de que Xosé Monteagudo gañou o XXI premio de novela Manuel García Barros coa obra presentada baixo o lema “Betty Blue” e titulada *Un tipo listo*. Coméntase que a novela, ambientada a principios dos oitenta en Vigo, combina a intriga coa psicoloxía social cun ritmo narrativo que non deixa perder a atención, a pesar da súa complexidade estrutural, e cuxo tema é unha novidade na narrativa galega. Sinálase que o xurado elixiu por unanimidade esta novela entre case trinta orixinais presentados ao premio. Para rematar, afírmase que a súa paixón pola literatura venlle da adolescencia, aínda que a oportunidade de cultivala chegoulle a unha idade tardía.

- Raquel Torres, “A actualidade da obra é pura coincidencia. Foi a realidade a que me copiou a novela”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 16 xullo 2009, p. 68.

Entrevista a Xosé Monteagudo, gañador do XXI premio de novela García Barros, na que di que xa lle gustaba escribir na adolescencia pero que non puido facelo dun xeito disciplinado até que se fixo funcionario. Comenta que non sabe se a súa novela é innovadora pero que é certo que o mundo das finanzas non se trata moito na literatura. Sinala que comezou a escribila hai tres anos e que non está inspirada na realidade. Salienta que está estruturada como unha novela de intriga e suspense combinado coa

reflexión, o que provoca que detrás haxa un punto de vista diferente sobre a realidade. Opina que non vai vivir da literatura porque, se ten que estar pendente de publicar para poder vivir, vai perder a paixón.

- Camilo Franco, "O poder do diñeiro pode distorsionar moito", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 decembro 2009, p. 60.

Conversa con Xosé Monteagudo, na que resposta cuestións sobre o argumento e temática da súa novela *Un tipo listo*, premiada co García Barros. O autor explica que non é unha novela de xénero senón de personaxes, a pesar de que trata sobre a investigación que fai un fillo sobre o desfalco que leva a cabo o seu pai na sucursal bancaria na que traballaba. Monteagudo afirma que non é unha novela policial nin detectivesca, porque os personaxes importan máis que a investigación. Asemade, explica que a historia se desenvolve en espazos claramente identificabeis de Vigo.

- Nuria Martínez, "Un morañés recibe el XXI Premio Manuel García Barros de literatura", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 12 decembro 2009, p. 77.

Dáse conta do acto de entrega deste premio, que alcanza a súa vixésimo primeira edición, da que resultou vencedor Xosé Monteagudo Folgar, coa súa novela *Un tipo listo*, obra entretida que xira ao redor dunha estafa bancaria. Dise que foi seleccionada polo xurado pola súa innovación temática e calidade escénica. Asemade, infórmase das autoridades que participaron no acto.

Certame Literario **Manuel Lueiro Rey de Novela Curta**

Convocado polo Concello do Grove, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promocionar a literatura galega e os seus autores. Os traballos debían presentarse no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n. 36980) por quintuplicado e precedidos polo título e un lema. Asemade, había que entregalos nun sobre pechado no que figurara por fóra o título e lema e dentro os datos do autor. Debían ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de sesenta folios e máxima de cento vinte, que non superasen os mil oitocentos caracteres cada un deles aproximadamente. O prazo de presentación remata o 15 de agosto de cada ano e o premio entrégase nun acto no mes de decembro, consistindo en 3.000 euros e a publicación por parte de Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado, que se deu a coñecer antes da concesión do premio, estivo formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura. Un deles é o gañador da edición anterior do premio, dous son nomeados polo comité organizador e outros dous son representantes de Sotelo Blanco. Na edición de 2008 houbo un cambio de datas para que coincidira a publicación da obra premiada co Día das Letras Galegas, así a resolución deuse a coñecer no mes de febreiro de 2009. O xurado, formado polos profesores e críticos literarios Manuel Quintáns como presidente, Armando Requeixo e Francisco Martínez Bouzas e os escritores Ánxela Gracián e Ramón Caride, gañador da pasada edición, ademais do concelleiro de Cultura do Grove, Antón Mascato, actuando como secretario sen voto, decidiu outorgar este galardón á novela curta *Areaquente*, de An Alfaya, presentada baixo a plica "Pescudando soidades".

Referencias varias:

- Manuel Méndez., "A viguesa An Alfaya gaña o Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta", *Faro de Vigo*, "Vigo", 7 abril 2009, p. 7.

Indica que a XVI edición deste premio, valorado en tres mil euros, recaeu en *Area quente*, de An Alfaya. Recolle as palabras de ledicia da gañadora, de quen se destacan os premios de literatura infantil e xuvenil que leva recibidos como o Lazarillo, por *A sombra descalza* ou o Fundación Caixa Galicia, por *Illa soidade*. Apunta o argumento da novela curta gañadora e achega a relación do xurado desta edición.

- X. V., "An Alfaya gana el Manuel Lueiro Rei de narrativa corta con 'Area Quente", *Diario de Arousa*, "O Grove", "Certamen", 7 abril 2009, p. 18.

Comeza indicando que o xurado abriu o día anterior a plica para coñecer o gañador deste premio, que se falla habitualmente en febreiro. Refire o xurado, o cal valorou a "recreación de un espacio mítico" e a fondura e extrema lucidez coas que caracteriza os personaxes dese mundo, onde o silencio e a sombra serven de camiño para atopar a propia identidade, e onde se dá conta de "vicisitudes" amorosas. Destaca a traxectoria da autora viguesa reparando nos galardóns alcanzados por algunhas das súas obras. Precisa que nesta edición as deliberacións finais abrangueron a tres textos distintos, fronte á edición anterior, cando o texto de Ramón Caride despuntara entre o resto, polo que o xurado recomenda a publicación das obras finalistas. Nun á parte coméntase que a plica de An Alfaya foi "Pescundando soidades" e recóllense as verbas da autora loando a traxectoria do premio e a ledicia por saber que este galardón lle permitirá darse a coñecer entre o público adulto.

- V. Oliveira, "Fondura e extrema 'lucidez", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 8 abril 2009, p. 28.

Comeza recollendo a valoración do xurado respecto á novela premiada na última edición do Lueiro Rei. A seguir dá conta de que An Alfaya agradece o galardón e refire o argumento da súa novela. Tamén se afirma que o protagonista responde ao modelo propio doutras obras da autora: "seres perdidos en fallas anímicas e existenciais", "o prototipo do perdedor dun perdedor nese intre da súa vida". Apunta que esta autora ten como "referentes literarios" a autores hispanoamericanos inseridos na tendencia do realismo máxico como Gabriel García Márquez, Ernesto Sábato, Jorge Luis Borges, Julio Cortázar ou Juan Rulfo. Indica a autora que os galardóns permiten visibilizar a obra dun autor e servirlle de "trampolín", xa que na actualidade hai dúas opcións: presentar as obras aos premios ou envialas ás editoriais. Tamén refire Alfaya que estas últimas é preciso que teñan un papel persoal comercial para vender as obras e que así os escritores non traballen precariamente. O artigo péchase coa relación do xurado e coa recomendación deste de que se editen as dúas obras finalistas.

- Antonio García Teijeiro, "Opinións (II)", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "*Bulebule*", 30 abril-6 maio 2009, p. 30.

Refírese a An Alfaya, a quen considera unha das mellores autoras da Literatura Infanto Xuvenil galega por obras *A sombra descalza* (2006), para felicitala pola obtención do

premio Lueiro Rey. A seguir reflexiona sobre o acto lector, e recomenda a obra de Xosé Manuel Trigo, *Viaxes do corazón, diario ínfimo* (2008).

- T. M., "Antón Mascato garantiza la continuidad del Premio Lueiro Rey y defiende su gestión", *Diario de Arousa*, "O Grove", "Respuesta", 4 novembro 2009, p. 18.

Coméntase que o concelleiro de Cultura do Grove, Antón Mascato, se defendeu das acusacións vertidas polo líder do Partido Popular de desatender o Premio Lueiro Rey debido a intereses comerciais. Mascato asegurou que levan dous anos publicando as bases, reunindo o xurado, fallando o premio, entregando a obra á editorial e presentándoa. Anunciou que a obra gañadora da edición pasada, que se fallou en abril, *Area quente*, de An Alfaya, presentarase en novembro e que xa está dispoñíbel nalgúns colexios do municipio e na biblioteca. Lembrou que o anterior gañador foi Ramón Caride con *Frío azul* e garantiu a continuidade do certame, do que se convocará unha nova edición. Declarou, por outra parte, que Sotelo Blanco foi a encargada da edición das obras dende a segunda convocatoria do premio e que estarán presentes na presentación da última obra gañadora. Tamén asegurou que nunca foi membro do xurado, só secretario con voz pero sen voto porque sempre houbo outra persoa representando o Concello. Finalmente, manifestou que en 2010 o Concello organizará actividades para potenciar a figura de Lueiro Rey, e que, se non o fixeron ese ano, foi por non competir co Concello do lado que dedicou o ano a Ramón Cabanillas.

- T. M., "El Concello convoca el Premio Manuel Lueiro Rey para 2010", *Diario de Arousa*, "O Grove", "Cultura", 18 decembro 2009, p. 17.

Dáse conta da convocatoria para o ano 2010, das bases e da contía deste premio, que alcanza a súa decimosétima edición.

Certame de Narracións Breves **Manuel Murguía**

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Puideron concorrer todas as persoas que o desexaran cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios mecanografados a duplo espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, debían entregarse antes do 1 de marzo, por cuadriplicado, ao Concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, 1, 15142 Arteixo), nun sobre onde figurase só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debía achegarse o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo de quen se presentaba. O premio consistiu na publicación da obra premiada, así como 3.665 euros. Na edición de 2009 (XVIIIª edición) o prazo de admisión rematou o 28 de febreiro e o fallo deuse a coñecer o 16 de maio nunha gala celebrada no Centro Cívico Cultural de Arteixo. O xurado composto por Jesús Pensado, Xosé M. Martínez e Alba Martínez proclamou finalistas a Ana María Galego e Eva Moreda, mentres que Samuel Solleiro recibiu o galardón polo relato "Caída de Abraham Rosenblath".

Certame de Relatos de Muller **Matilde Bares**

Organizado a través do CIM pola Concellaría da Muller de Bueu en homenaxe a esta

profesora buenense que realizou un destacado labor profesional e persoal no municipio. Dotado cun único premio de 600 euros, que ascende actualmente aos 1.500 euros, a organización estabeleceu dúas modalidades lingüísticas, galego e castelán. Os traballos presentados só podían estar nunha das dúas linguas, debendo ser orixinais e inéditos e non premiados con anterioridade noutro concurso ou certame. Podían presentarse concursantes, maiores de idade e residentes en Galicia e debían axustarse á temática da muller, valorándose o tratamento da igualdade de oportunidades entre os dous sexos, a corresponsabilidade nas obrigas familiares e a violencia de xénero. Os criterios de selección foron a orixinalidade no tratamento do tema, a expresión e a utilización dunha linguaxe non sexista. As obras debían entregarse ou enviarse por correo por cuatriplicado antes do 30 de abril no Rexistro Xeral do Concello de Bueu (Eduardo Vincenti, 8, 36930 Bueu-Pontevedra), facendo constar no sobre "V Certame de Relatos de Muller Matilde Bares", ademais de nome e apelidos, enderezo, teléfono e fotocopia do DNI do autor e o título da obra no exterior. Presentáronse en soporte papel e informático cunha extensión non inferior a vinte folios nin superior a corenta. Nesta 5ª edición de 2009, presentáronse dezaoito relatos. O xurado composto por Rosa María Martínez Dios, Carlos Freire Cordero e Natalia Álvarez Conde deu a coñecer o 20 de xuño o título do relato galardoado. A gañadora foi María del Carmen Caramés co seu relato "Días para namorar".

Referencias varias:

- Coco Vecino, "La fuerza de una mujer, Matilde Bares, impulsa la lucha por el respeto", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "O Morrazo", 20 xuño 2009, p. 9.

Dáse conta da reunión do xurado, coordinado pola directora do CIM, para decidir o texto gañador do certame que debe contar cunhas cualidades temáticas e literarias determinadas, como son a cohesión argumental e carecer de ningún tinte machista. A seguir, faise unha historia deste certame, que vai pola quinta edición, analizando a súa evolución positiva no número de participantes e a contía dos premios e achegando os gañadores daa edicións anteriores. Coméntase o seu obxectivo de incentivar o pensamento positivo cara ás mulleres. Ofrécese unha pequena biografía da personalidade de Matilde Bares, a quen vai dedicado o galardón. Por último achéganse as bases do certame.

- Coco Vecino, "La compostelana María Caramés triunfa en el 'Matilde Bares' con su relato", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu/Moaña", 21 xuño 2009, p. 22.

Coméntase que o xurado da quinta edición deste certame seleccionou como gañador o relato "Días de namorar", de María Caramés. Dáse conta dos nomes do xurado e de que escolleron por unanimidade o relato gañador, entre os dezaoito presentados, do que salientan a "verosimilitude, emotividade e expresividade", ademais de recoller de forma sinxela os valores de respeto da muller na contorna social. Por último faise un histórico do galardón e dise que se repartirán exemplares do texto gañador da edición pasada.

- Coco Vecino, "Libros basados en la igualdad para todos", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "La agenda", 27 xuño 2009, p. 10.

Dise que se reúne o xurado do certame literario Matilde Bares para premiar ao mellor

relato sobre mulleres que reflicta a realidade deste colectivo. Coméntase que a gañadora foi a compostelá María Caramés. Dise que o certame busca comprometerse coas desigualdades entre sexos e eliminar as conductas machistas e discriminatorias.

Certame de **Micronovela do Concello de Soutomaior**

Iniciouse no ano 2007 da man do Concello de Soutomaior e Edicións Xerais de Galicia. Nel podían participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras orixinais, inéditas, escritas en lingua galega e non presentadas a ningún outro certame a celebrar entre a convocatoria e a resolución. Os traballos debían ter unha extensión mínima de trinta e cinco folios e máxima de sesenta, escritos a dobre espazo. Tiñan que enviarse por cuadriplicado, con pseudónimo e baixo plica na que constasen os datos de quen escribiu a micronovela, á Casa do Concello de Soutomaior (Rúa Alexandre Bóveda n.º 8, 36691 Soutomaior) até o día 17de maio. Se o xurado o estimase oportuno podería outorgar un accésit, sen dotación económica, e en caso de declarar deserto o premio, por mala calidade das obras, o Concello dará unha mención de honra, cun premio simbólico. Podíase obter información na páxina web de Edicións Xerais de Galicia. Até o ano 2009 a dotación era de 2.000 euros para o primeiro premio e de 1.000 euros para o segundo e a publicación das obras por Edicións Xerais de Galicia, pero este ano outorgouse un único premio de 3.000 euros. Nesta edición do ano 2009, José Ignacio Silva Regueira resultou gañador pola obra *Escintileos*, presentada baixo o lema "Trifón 1". O acto de entrega tivo lugar o 19 de decembro no concello de Soutomaior e a obra publicarase na colección Xerais Narrativa no ano 2010.

Referencias varias:

- Á. P., "Soutomaior convoca o II Certame de Micronovela", *Diario de Pontevedra*, "Viviraquí", "Cultura", 19 marzo 2009, p. 69.

Indica que se presentou a segunda edición deste certame comezado en 2007 e que se convoca de xeito bianual. Apunta que a esta edición concorreron corenta traballos "de gran calidade" e que a Edicións Xerais publica a obra gañadora. Refire que o gañador recibe 3.000 euros e que se prolongou o prazo de recepción dos traballos até o día 17 de maio. Recolle datos das bases e comenta que se presentaron as obras gañadoras na edición de 2007, *O proxecto bolboreta*, de Andrea Maceiras e a finalista *Virxinia*, de Pilar Ortega Pereiro, ademais de *Pasaxes*, de Santiago Lopo, micronovela non premiada pero que tamén decidiu publicar Edicións Xerais pola súa calidade.

- Iván Leis, "O Concello de Soutomaior convoca o seu certamen pioneiro de 'micronovela", *Faro de Vigo*, "Redondela", "Área metropolitana", 19 marzo 2009, p. 13.

Comeza indicando que o Concello de Soutomaior aposta "polos novos escritores en lingua galega" convocando o seu certame de micronovela, cuxo prazo que se mantén aberto até o 17 de maio e no que o galardón consiste nun "premio de 3.000 euros e a publicación do libro". Recolle as bases da convocatoria e refire que o presentaron o alcalde e o editor de Xerais de Galicia, quen lembrou a primeira edición no ano 2007 á que concorreran máis de corenta escritores e apunta as obras gañadoras, *Proxecto*

Bolboreta, de Andrea Maceiras e *Virxinia*, de Pilar Ortega, e destacou que nesta edición se concede un único premio de 3.000 euros. Precisa, así mesmo, Manuel Bragado que na edición anterior, a editorial Xerais publicou, ademais das obras premiadas, *Peaxes*, de Santiago Lopo. E remata apuntando que o formato de "micronovela" resulta "atractivo" ao lector e que *Proxecto Bolboreta* constitúe un exemplo de "diálogo do noso tempo". Pecha a nova apuntando qeu o xurado contará con dous meses para deliberar.

- Águeda Piñeiro, "Os Escintileos de Ignacio Silva logran o premio de micronovela de Soutomaior", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Sociedad", 20 decembro 2009, p. 68.

Infórmase da entrega deste premio, que alcanza a súa segunda edición, a José Ignacio Silva Regueira, pola súa obra *Escintileos*, da que o xurado, presidido por Manuel Bragado, destacou o seu final sorprendente e o emprego das dislocacións temporais, que achegan moito dinamismo a historia. Asemade, dise que o alcalde garantiu unha nova edición deste certame, nun concello que se destaca pola súa aposta pola cultura.

Certame de **Microrrelatos de A Guarda**

Convocado pola Biblioteca Municipal da Guarda e a Rede de Dinamización do concello co fin de promover as Novas Tecnoloxías aplicadas á lectura. Podían participar persoas maiores de 16 anos en diante cun relato escrito en galego, inédito e non presentado noutros certames, de tema libre, cunha extensión máxima de oito liñas. Os traballos debían enviarse ao enderezo electrónico microrelatosaguarda@gmail.com, xunto cos datos persoais do autor/a .O prazo de presentación rematou o 27 de maio de 2009. Estabelecéronse dous galardóns, un outorgado polos internautas; outro outorgado por un xurado formado por persoas relacionadas coas letras, quen poderá conceder un accésit, que consistiron nun lote de libros e diploma. O fallo do xurado deuse a coñecer a partir do 2 de xuño. Na II edición do ano 2009, presentáronse quince traballos e o acto de entrega tivo lugar o día 25 de xuño. O xurado, composto por Antonio Lomba Baz, como presidente, e os vogais Marta Dacosta Alonso, Antón Ferreira Lorenzo e Ramón Quiroga Barro concedeu os galardóns a "Zoe", de Alejandro Martínez Vicente, de Baiona e outorgou un accésit a "Largo Soño", de Anselmo Martínez Pena, da Guarda. O relato gañador do premio outorgado polos internautas cun total de vinte e seis votos foi "Largo soño", de Anselmo Martínez Pena, da Guarda.

Referencias varias:

- E. G., "A Guarda promueve el II Certame de micro-relatos", Faro de Vigo, "Baixo Miño, "Área Metropolitana", 12 maio 2009, p. 16.

Infórmase da convocatoria da II edición co fin de promover as novas tecnoloxías aplicadas á lectura. Dise que se dirixe a persoas maiores de dezaseis anos que deben escribir un máximo de oito liñas en galego.

Certame Nacional Galego de Narracións Breves **Modesto R. Figueiredo do Pedrón de**

Ouro

Convocado pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, coa colaboración da Concellaría de Cultura e a Biblioteca Pública do Concello de Arzúa, dende o ano 1974, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e render homenaxe a Xaquín Lorenzo "Xocas". Podían participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentaran a ningún certame literario. Os orixinais debían presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e debían contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos debían enviarse antes do 15 de novembro sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780 Santiago de Compostela) ou á Concellaría de Cultura do Concello de Arzúa (Centro Sociocultural María Mariño, Rúa Padre Pardo, 15810, Arzúa). O tema foi libre, pero tívose en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria O primeiro premio e os accésits son publicados por Edicións do Castro. A dotación económica para o primeiro premio foi de1.000 euros para o primeiro premio e 400 euros para cada accésit. O xurado estivo formado por catro especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e colaboración da Asociación de Escritores e o Concello de Ourense, reservando a Fundación os postos de presidente, secretario e moderador (estes dous últimos con voz pero sen voto). Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano, correspondéndolle nesta edición ao Concello de Arzúa. Neste XXXVª convocatoria do ano 2009, os traballos recolléronse até o 15 de novembro e o galardón entregouse o 26 de decembro. Nesta convocatoria resultou galardoado o xornalista ourensán Juan Tallón co seu relato "Era el" e concedéronse dous accésits para "A movida", do santiagués Manuel Quintáns López e "Gaspar, Gaspar", do boirense Fernando Lavandeira. O xurado estivo presidido por Xosé Ramón Fandiño e integrado por Avelino Pousa Antelo, David Otero, como secretario, Xosé Vázquez, Anxo Angueira e Ramón Torreiro.

Referencias varias:

- S. F., "O Certame Modesto R. Figueirido de narración breve recala en Arzúa", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 outubro 2009, p. 39.

Dáse noticia de que a XXXV edición do Certame nacional galego de Narracións breves Premio Modesto R. Figueiredo da Fundación do Padroado Pedrón de Ouro recala en Arzúa en 2009. Lémbrase que os escritos deberán mandarse, ben á Fundación ou ben á concellaría de Cultura de Arzúa, antes do quince de novembro; que o fallo do xurado será o dezanove de decembro, que a entrega de premios terá lugar o vinte e seis na capela da Madalena e que o primeiro premio sería de catrocentos euros.

- Víctor Castro, "La escuela, a recuperar los juegos tradicionales", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 10 outubro 2009, p. 20.

Coméntase que no Colexio de Educación Infantil e Primaria Profesor "Pastor Barral" de Melide se celebrou o "I Curso de Formación sobre el Patrimonio lúdico: O Xogo tradicional, perspectiva educativa", en cuxa clausura se dixo que os xogos populares

galegos teñen valor como manifestación cultural pero tamén como ferramenta educativa. Tamén se informa de que a Fundación Pedrón de Ouro, en colaboración co Concello de Arzúa e a Biblioteca Pública Municipal Rosalía de Castro, convocou o Certame nacional galego de narracións breves, baixo o nome de Premios "Modesto Rodríguez Figueiredo", para promover o cultivo da narrativa curta en galego. Sinálase que se deron a coñecer as bases do certame na presentación, aínda que se poden consultar na Biblioteca Pública, e que o prazo rematará o quince de novembro.

- S.E., "O relato 'Era el' lévase o Modesto R. Figueiredeo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 20 decembro 2009, p. 36.

Infórmase do ditame do xurado da trixésimo quinta edición deste certame, que elixiu como gañador o relato "Era el", de Juan Tallón, pola súa fluidez narrativa e o estilo limpo e libre, un relato "metaliterario" no que se cuestiona a autoría do escritor e que se move entre Sudamérica e Galicia. Asemade, coméntase que o xurado, do que se dan os nomes, concedeu dous accésits para "A movida", de Manuel Quintáns López, e a Fernando Lavandeira pola súa obra "Gaspar Gaspar".

- S. Formoso, " Verbas galegas contra a escuridade", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", p. 33/"Contra os novos séculos escuros", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premios", p. 29, 27 decembro 2009.

Dáse conta do acontecido no acto de entrega destes premios, que pretenden ser un trampolín para os escritores que empregan o galego e loitar contra "estes novos séculos escuros". Segundo se nos conta, tamén se fixo alusión neste acto aos grandes da literatura galega. Por outro lado, danse os nomes dos tres galardoados e infórmase da contía dos mesmos; o primeiro premio recaeu na obra "Era el" de Juan Tallón, e os dous segundos premios en Manuel Quintáns López e Fernando Lavandeira Suárez coas seus relatos "A movida" e "Gaspar Gaspar", respectivamente. Do discurso do gañador, Juan Tallón, dise que foi un canto ao fracaso, no que exhortou aos presentes a que "escriban sempre para ese silencioso, implacable ao que non é posible enganar".

- M. B., "Mercado non é sinónimo de literatura", *A Nosa Terra*, nº 1.388, "Cultura", 31 decembro 2009- 14 xaneiro 2010, p. 22.

Conversa breve co escritor e xornalista Xoán Tallón, que acaba de ser gañador da trixésimo quinta edición do certame de narración breve Modesto Figueiredo, na que explica o argumento da obra galardoada "Era el", que trata sobre a obsesión do protagonista por escribir unha novela e logo deriva cara a busca da identidade, cando este advirte ao rematar de escribir a obra que a novela acaba de entrar nas librerías escrita por outra persoa. Tallón tamén afirma que o feito de que unha obra sexa galardoada non implica que sexa mellor que as outras que se presentaron e opina que aínda que a produción narrativa breve actual mantén unha calidade aceptábel, o mercado non sempre responde a criterios de calidade.

Premio de Relatos **Mulleres Progresistas**.

Convocado pola Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo. Podían participar mulleres de calquera nacionalidade ou cultura, cun máximo de dous relatos orixinais e

inéditos, de tema libre en galego normativo, cunha extensión mínima de quince páxinas e máxima de trinta. Cada relato presentouse cun pseudónimo e baixo plica na que figurasen os datos da concursante (nome, apelidos, domicilio e teléfono). Debían presentarse cinco copias impresas en papel e unha copia en soporte informático (diskette ou CD), preferiblemente en formato Word na sede da Asociación Mulleres Progresistas (r/ Policarpo Sanz, 12-14, 2º VIGO 36202). O xurado determinara cinco finalistas, entre as que se elixirán os tres galardóns do certame, dotados con 500 Euros, figura e diploma; 250 Euros e diploma e150 Euros e diploma, respectivamente. Se o nivel dos relatos presentados é adecuado, designaranse diferentes mencións especiais que, xunto cos finalistas e os premios serían publicados nun volume. O prazo de admisión pechouse o 31 de decembro do 2008. O fallo do xurado publicouse o día 8 de Marzo do 2009, Día Internacional das Mulleres. Na terceira edición resultou galardoado "Terapia Mnémica", de Cristina Pavón.

Referencias varias:

- A.B., "Mi relato es aufición y suma las experiencias de las mujeres de mi familia", *Atlántico Diario*, "Vigo", 21 abril 2009, p. 17.

Conversa coa gañadora deste III premio co relato "Terapia Mnémica", unha coruñesa profesora de informática no IES de Teis. Indica que a súa relación coa literatura é só "por el gusto de leer y escribir". Recoñece que o relato premiado é autoficción, baseado nas experiencias vitais das tres xeracións de mulleres da súa familia, e que ao mellor o continúa despois do verán. Apunta que se sorprendeu pola noticia e sobre todo lle interesa que sexa publicado. Comenta que comezou a escribir sen unha motivación clara e que ten xa varios relatos e unha novela. Remata indicando que grazas aos ánimos dunha alumna comezou hai dous anos a presentarse a concursos.

Premio **Nacional de Narrativa**

Ver apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Literatura Erótica **Narrativas Quentes**

Convocado por Edicións Positivas dende 2002 é de carácter bienal. Podía concorrer calquera obra narrativa inédita, sexa novela ou relatos, escrita en galego cunha extensión mínima de sesenta folios e máxima de douscentos cincuenta mecanografados a dobre espazo. Os traballos presentáronse por triplicado con pseudónimo ou lema e cun sobre cos datos persoais en Edicións Positivas (Xeneral Pardiñas, 15-17, local 10, 15701 Santiago de Compostela). O premio consistiu na publicación da obra en Edicións Positivas. No ano 2009 convocouse a Vª edición cuxo prazo de admisión rematou o 31 de decembro e o fallo farase público o 1 de marzo de 2010.

Concurso para Autores **Novela por entregas**

La Voz de Galicia e Canal Voz convocan este premio dende 2001, que conta coa

colaboración co Ámbito Cultural de El Corte Inglés. Nel podían participar todas as persoas que presentasen unha novela inédita e que non optasen a outros concursos, escrita en galego e dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos). As obras enviáronse até o 8 de xuño de 2009, á sede do xornal no polígono industrial de Sabón (Arteixo) ben polo correo ordinario ben polo correo electrónico redac@lavoz.es. As obras presentáronse en catro copias, impresas a dobre espazo por unha soa cara, e polo sistema de plica pechada. Estabeleceuse un único premio dotado con 6.000 euros e a publicación da novela na sección "Páxinas Literarias" de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina de *La Voz de Galicia*. Ademais, levarase a cabo unha edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta "Relatos de verán", que este ano cumpriu a súa novena edición e que comezou no ano 2000. Na primeira edición deste premio, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco*, de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras a publicar por entregas sométense a este concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, Miguel Suárez Abel, Xosé Antonio Perozo, Ángel de la Cruz e Concha Blanco, Emilio Alonso. Na novena edición, correspondente ao ano 2009, a obra gañadora foi *Con acuse de recibo*, de Alberto Ramos.

Referencias varias:

- Ana Garnelo, "Tres finalistas optan ao Premio de Novela por Entregas de La Voz, que se fallará o 20 de xullo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xullo 2009, p. 39.

Coméntase o título das tres obras finalistas que optan ao premio de Novela por Entregas, organizado por La Voz de Galicia e Canal Voz en colaboración con Ámbito Cultural de El Corte Inglés. Dise que o fallo do gañador darase o 20 de xullo, no transcurso da cea literaria no Museo de La Voz de Galicia, e que a obra publicarase en trinta e un capítulos ao longo do mes de agosto. Por outra banda, infórmase do prazo de presentación, das bases de participación e dos galardóns dos Relatos de Verán.

- Camilo Franco, "O xornalismo e a literatura xogan coas mesmas cousas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 xullo 2009, p. 47.

Entrevista feita a Alberto Ramos co gallo de que a súa novela *Con acuse de recibo* gañou o Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia, e que será publicada polo xornal todos os días do mes de agosto. Ramos comenta que o xénero da novela por entregas ten dificultades porque hai que cinguirse a unha extensión determinada e hai que manter a atención do lector dun día para outro. Sinala que a súa experiencia no xornalismo axudoulle porque tanto este como a literatura son espellos que deforman a realidade e non se pode contar todo nun espazo limitado. Asegura que non contaba con gañar este premio, que despois de gañar o Biblos decidiu seguir escribindo e utilizar esta historia para optar ao premio. Afirma que na novela quería apartarse dos tópicos do xénero policial para non repetir e que a historia quedase críbel. Finalmente confesa que non sabe se vai seguir escribindo. Para rematar, destácase que o xurado da novena edición do Premio de Novela por Entregas recomendou a publicación do texto *O fráxil rastro do asasino*, de Isidro Novo. Coméntase que o xurado considerou que a novela, ademais da intriga propia do xénero detectivesco, conta cunha gran cantidade de humor

e ironía, que se podía entender como unha parodia do xénero, tan estendido na literatura e con tantos protagonistas prototípicos.

Premio **Pastor Díaz de Novela**

Convocado polo Concello de Viveiro, ten carácter bienal e está destinado a homenaxear a figura de Nicomedes Pastor Díaz. Nel podían participar autores e autoras de calquera nacionalidade que presentasen obras escritas en lingua galega. Os traballos debían ser inéditos e contar cunha extensión mínima de cen folios escritos a dobre espazo, debidamente grampados, cosidos ou encadernados. A contía do premio é de 3.000 euros, que se outorga a unha única obra e pode quedar deserto cando a calidade dos traballos presentados sexa insuficiente. O xurado resérvase o dereito de publicación da obra. As obras enviáronse, sen remite e baixo un lema, ao Concello de Viveiro, Departamento de Cultura, 27850 Viveiro (Lugo), coa indicación no sobre de "VII Premio Pastor Díaz de Novela". Acompañáronse dun sobre pechado e baixo o mesmo lema, indicándose o nome, enderezo, currículo e teléfono do autor. De cada obra remitíronse cinco copias. O xurado do premio está composto por membros escollidos entre figuras do mundo da cultura, e dase a coñecer ao mesmo tempo que a resolución do premio. Na convocatoria de 2008 o prazo de admisión rematou o 30 de decembro e a resolución e entrega do galardón terán lugar no ano 2009. O xurado da VII^{a} edición, composto por Aurora Palmeiro Castro, Xoán Neira López e Ramón Pernas López decidiu, por unanimidade, declarar deserto o galardón ao considerar que ningunha das quince obras presentadas era merecedora do galardón.

Concurso de relatos eróticos **Punto e seguido**

Organizado polo Centro de Información á Muller do Concello de Soutomaior co obxectivo de dar a coñecer o Punto de Información e coa idea de que a literatura é unha poderosa ferramenta para comunicar ideas. Puideron participar maiores de idade galegos ou residentes en Galicia cun máximo de dúas obras por participante. As obras debían ser orixinais, inéditas e escritas en galego cunha extensión máxima de seiscentas palabras. O tema debía ser erótico e valorouse as historias que promoveron valores de igualdade. O galardón consistiu nun fin de semana gratis no castelo de Soutomaior. O prazo de presentación da 1^{a} edición rematou a finais de outubro e o fallo deuse a coñecer o 10 de decembro. O xurado composto por Cristina González Piedras, como presidenta, Cristina García Núñez, como secretaria con voz pero sen voto e os vogáis Paula Fernández Dopazo , traballadora social do CIM de Soutomaior e o escritor José Luis Lareo Núñez decidiron outorgar o galardón ao relato "Erótica Anécdota Cotiá", de Angélica Muiños Muiños.

Referencias varias:

- Águeda Piñeiro, "El CIM Soutomaior promueve un certamen de cuentos eróticos", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra ", " Poio/Comarca", 9 outubro 2009, p. 12.

Infórmase de que o Centro de Información á Muller (CIM) de Soutomaior convocou un certame de literatura erótico no que poden participar todos os veciños e cuxo premio

consiste nunha fin de semana cos gastos pagos no castelo de Soutomaior. Coméntase que as condicións para os participantes son que sexan maiores de dezaoito anos e que naceran, residan ou traballen en Galicia. Sinálase que as obras deben ser orixinais, inéditas, estar escritas en galego e ter unha extensión máxima de seiscentas palabras; que quedarán eliminadas as que excedan este volume e que se admite un máximo de dous contos por autor. Anúnciase que a temática é libre, aínda que o contido dos relatos debe ser erótico, e que o CIM valorará os relatos nos que se promovan valores como a igualdade e que rompan cos estereotipos sexistas relacionados coa sexualidade e o erotismo. Para rematar, advírtese que o prazo de presentación dos contos durará ata finais de mes, que na segunda quincena de novembro se coñecerá o gañador e que o resto dos relatos quedarán no fondo documental do CIM.

Certame Literario **Ramón del Valle-Inclán**

Convocado pola Asociación de Amigos do Museo que A Pobra dedica ao escritor arousán. Este galardón estivo dotado con 1.000 euros para o primeiro premio e 500 para o segundo mais diploma. Puideron participar todos os autores a partir dos dezaseis anos que presentasen traballos en galego de temática libre e con extensión máxima de vinte folios. Os relatos enviáronse por quintuplicado nun sobre pechado co nome do certame e pseudónimo á Asociación (Apartado de Correos, 15940) ou ao Concello da Pobra (Rúa Gasset, n.º 28). No interior do sobre, nun folio, especificáronse os datos persoais do participante. O prazo de entrega finalizou o 20 de xullo, a resolución do xurado deuse a coñecer o de setembro e o acto de entrega tivo lugar o 26 de setembro. No ano 2009, oitava edición, o xurado composto por Encarna Pego, Dominga Abuín, Manuel Dourado, Luis Teira e Xosé Manuel Triñanaes entregou o primeiro premio o ribeirense Manuel Antonio Piñeiro polo relato "A carreta" e o segundo a ceense Rocío Leira Castro con "A murcha Madame Bovary".

Referencias varias:

- Chechu López, "Piñeiro plantea realizar una edición de lujo de los premios Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "O Barbanza comarca", "A Pobra", 29 setembro 2009, p. 26.

Dáse noticia de que o auditorio do Museo Valle-Inclán da Pobra acolleu o acto de entrega dos premios da oitava edición do certame Valle-Inclán, que foi concedido a Manuel Antonio Piñeiro por "A Carreta". Coméntase que o premio está dotado con mil euros e un diploma e que o xurado integrado por Encarna Pego, Dominga Abuín, Manuel Dourado, Luis Teira e Xosé Manuel Triñanes destacou o léxico "rico, engaiolante e ameno" e que rescata palabras doutros tempos e do oficio do mar, cunha linguaxe sinxela pero chea de simbolismos. Sinálase que a obra finalista, dotada con cincocentos euros e un diploma, foi para "A murcha Madame Bovary", de Rocío Leira Castro, da que dixeron que era un poema en verso libre con metáforas atrevidas e abundantes momentos de erotismo e ansiedade, e que tiña un vocabulario culto e rico. Finalmente, faise referencia aos asistentes e ao feito de que o gañador lle propuxo ao alcalde facer unha edición de luxo con todos os relatos premiados.

Concurso **Relatos de Verán de La Voz de Galicia**

No ano 2000, por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou aos escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección "Páxinas literarias". Estas páxinas incluíron fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resultara gañadora do premio "Novela por entregas". Dende ese ano, La Voz de Galicia e Canal Voz convocaron este concurso dirixido a persoas de todas as idades con textos inéditos, de tema libre, escritos en galego ou castelán. Os interesados debían enviar no prazo de entrega o seu relato, xunto a unha pequena ficha con fotografía tamaño carné e os datos persoais, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, 84-85, Polígono de Sabón, 15142 Arteixo-A Coruña) ou ao correo electrónico redac@lavoz.com. Os orixinais, non podían exceder as vintecinco liñas mecanografadas de corpo once (uns 2.100 caracteres). Un xurado encargouse de seleccionar os relatos para ser publicados ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina web. A seguir, o lectorado de *La Voz* elexiu cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publicaron durante ese período facendo o seu voto por medio duns cupóns diarios que apareceron no xornal. Polo feito de participar na votación, entraron nun sorteo semanal dun lote de libros de Edicións Xerais de Galicia. Estabelecéronse dúas modalidades: menores de 15 anos e maiores de 15 anos. Os premios na convocatoria de 2009, décima edición, consistiron nunha videoconsola para a modalidade de menores de 15 anos e unha viaxe a Roma para a outra modalidade. Na categoría de maiores de 15 anos resultou galardoado Juan Carlos Landeira Brage polo relato "Unha historia da ría" e, na categoría infantil, Elisa García Charro, por "El libro más leído".

Referencias varias:

- Ana Garnelo, "Tres finalistas optan ao Premio de Novela por Entregas de La Voz, que se fallará o 20 de xullo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 12 xullo 2009, p. 39.

Ademais de achegar o título das tres obras finalistas do premio de Novela por Entregas, infórmase do prazo de presentación, das bases de participación e dos galardóns dos Relatos de Verán.

- Ana Gamelo, "Un cuento fantástico y otro de suspense ganan los Relatos de Verán", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 setembro 2009, p. 50.

Coméntase que os lectores de *La Voz de Galicia* elixiron "El libro más leído", de Elisa García Charro, e "Unha historia da ría", de Juan Carlos Landeira Brage, como os textos gañadores, na categoría de menores de quince anos e maiores desa idade respectivamente, entre os publicados ao longo do mes de agosto, do concurso Relatos de Verán. Sinálase que Elisa García relata como un libro máxico, que contén as respostas que todo estudante querería ter, cambiou a súa vida e como se converteu na gañadora dunha videoconsola Wii de Nintendo e o xogo Mario Party. Saliéntase que Juan Carlos Landeira narra unha historia chea de realismo e suspense ambientada nas Rías Baixas que describe un misterioso encontro entre transportistas de mercadorías ilegais e que gañou unha viaxe a Roma para dúas persoas. Cóntase que ambos declararon que o feito de ver os seus relatos publicados na hemeroteca da páxina web de *La Voz* foi moi gratificante. Ao final, recóllese unha pequena entrevista con cada un dos gañadores. Elisa García comenta que unha amiga lle insistiu para que lese un libro e de aí saíu a

idea da historia, que nunca pensou en gañar e que este feito vaille servir como motivación para seguir escribindo. Juan Carlos Lavandeira di que lle gusta escribir, que ambientou a historia nas Rías Baixas porque lle gusta a zona e que a trama se lle ocorreu despois de ler *La reina del Sur*, de Arturo Pérez-Reverte.

Premio Narrativa Breve **Repsol YPF**

Premio convocado polo complexo Repsol-YPF en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta. Até o momento estivo dotado cun premio de 6.000 euros, aínda que nesta terceira edición a contía aumentou até os 9.000 euros e dunha tirada de 3.000 exemplares do libro pola editorial Galaxia para o gañador/a. Puideron concorrer todos os autores e autoras que o desexaran, agás o gañador/a da edición anterior. Os traballos tiñan que ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente, cunha extensión entre os cincuenta e os cento vinte folios e presentáronse encadernados en oito copias, mecanografados a dobre espazo nas que figuraba o título da obra e o lema. Ademais, xunto coas copias, debía achegarse un sobre pechado no que se incluían os datos persoais do autor ou autora ao Complexo Industrial Repsol YPF, apartado 700, 15080 A Coruña. No ano 2009 non se convocou.

Premio **Rosalía de Castro do Pen Clube**

Convocado por primeira vez en 1996 polo Pen Clube galego, nacido en 1988, a iniciativa de Carlos Casares. De edición bienal, patrocinado pola Consellería de Cultura e coa colaboración da Universidade de Santiago, entrégase a un escritor representante das outras catro linguas das literaturas peninsulares, para "desde Galicia estabelecer lazos coas nosas literaturas veciñas". O galardón consistiu nunha placa de esmalte cun texto da autora galega. En anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, Juan Mari Lekuona, Miquel de Palol, António Lobo Antunes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, Ernesto Sábato, Nélida Piñón, Ricard Salvat, Felipe Juaristi, Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carmen Riera, Ramón Saizarbitoria, Isabel Allende, Agustina Bessa Luis, Josep Palu i Fabre, Arantxa Urretabizkaia, Álvaro Mutis, Joan Margarit, Mía Couto e Jon Kortazar. No ano 2009 o xurado outorgou por unanimidade o premio en lingua castelá a Antonio Gamoneda, en portugués a Ledo Ivo, en catalán a Francesc e en éuscaro a Itxaro Borda.

Premio **Rubia Barcia de Novela-Cidade de Ferrol**

Premio bienal que convoca o Liceo homónimo de Ferrol coa finalidade de perpetuar a memoria do autor que lle dá nome. A temática é libre e a súa extensión non debe superar os 200 folios, mecanografados a dobre espazo. Podénse presentar traballos en lingua galega e castelá, e estabelecéronse dous premios de 2.000 euros para cada modalidade lingüística. Os orixinais teñen que ser entregados por triplicado na sede social do Liceo Rubia Barcia-Centro Cívico de Caranza ou remitidos ao Departamento de Cultura do Concello de Ferrol antes do 31 de xullo e os gañadores coñecense no mes de decembro. Neste ano 2009 non houbo convocatoria.

Premio **Táboa Redonda**

Premio convocado por iniciativa de *El Progreso* e *Diario de Pontevedra* para premiar o "Mellor Libro Galego do Ano". Foron os propios lectores de ambos xornais os que elixiron o gañador. A votación fíxose a través de Internet, nas páxinas das edicións dixitais, nas que aparecía unha listaxe de quince obras publicados no ano, escritas en galego e por un autor vivo. Existía tamén a posibilidade de participar por medio de suxestións, que se chegaban a cinco votos podían engadir novas obras á listaxe.

Certame de Creación Literaria **Terra de Melide**

Convocado dende o ano 1999 polo Concello de Melide, a través da súa Sección Estudos e Publicacións. Ten por obxecto honrar a memoria daquelas persoas que traballaron polo desenvolvemento cultural de Melide, os do Grupo Nós e os seus colaboradores melidenses, e, ao mesmo tempo, incentivar a creación literaria en galego. Podían concorrer todos os autores cunha única obra narrativa, novela ou relato curto cunha extensión mínima de sesenta páxinas. As obras tiñan que ser inéditas e escritas en galego, aínda que se respectaba a liberdade normativa, presentándose por quintuplicado, mecanografadas a duplo espazo, grampadas ou encadernadas, baixo plica e debían enviarse antes do 15 de marzo á Secretaría Xeral do Concello de Melide (Praza do Convento, nº 5, Melide, A Coruña). O premio está dotado con 6.000 euros e mais a publicación da obra en Edicións Xerais de Galicia. No ano 2009 non se convocou.

Certame de narrativa Gonzalo **Torrente Ballester**

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír a reforzar a calidade creativa dos escritores, dotado dende a décimo cuarta convocatoria con 25.000 euros e a publicación da obra. Os orixinais podían estar escritos en galego ou en castelán e debían presentarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos por unha cara a dobre espazo e acompañados de plica, na que se facía constar o nome, apelidos e nacionalidade do autor, tanto novela, como relatos ou conxunto de relatos. Os traballos, de tema e extensión libres, enviáronse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, 2, 15006 A Coruña) antes do 1 de xullo. Na XXI ª edición do ano 2009 presentáronse cincocentos tres exemplares, corenta e sete en galego. O xurado formado por Salvador Fernández Moreda, como presidente, Rogelio López Cardalda, como secretario, e Caridad González Cerviño, Mercedes Monmany, Rosario Canal Otero, Ángel Basanta, Amalia Iglesias, José Manuel Pacho Blanco, José Antonio Ponte Far e José María Pozuelo Yvancos dotou co galardón a Milagros Frías pola novela *Luces que ciegan la noche* e resultou finalista Lola López Mondéjar, coa novela *La extranjera*. O acto de entrega tivo lugar o 11 de decembro nunha gala celebrada no Pazo de Mariñán.

Referencias varias:

- Rodri García, “El premio Torrente supera al Planeta en novelas presentadas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 novembro 2009, p. 50.

Dáse noticia de que se presentaron máis orixinais ao premio de novela Torrente Ballester que ao Planeta; así, na súa vixésimo primeira edición presentáronse cincocentos tres exemplares, dos que só corenta e sete están escritos en galego (o que supón un incremento con respecto ao ano pasado que se presentaron catrocentos catro, dos que só vinte e oito estaban en galego). Coméntase que corenta e seis orixinais que optan ao Torrente proceden de vinte e un países estranxeiros como Arxentina, Estados Unidos, Chile, Costa Rica, Xapón, México, Cuba, Colombia, Venezuela, Israel, Suecia, Ecuador, Alemaña ou Francia, e o resto de diferentes puntos de España. Sinálase que o seu xurado estará formado por Mercedes Monmany, Rosario Canal Otero, Ángel Basanta, Amalia Iglesias, José Manuel Pacho Blanco, José Antonio Ponte Far e José María Pozuelo Yvancos. Saliéntase que o premio consta dunha dotación económica de vinte e cinco mil euros e a publicación da novela gañadora. Afírmase que entre os seus gañadores figuran autores coma Xosé Carlos Caneiro, Alfredo Bryce Echenique ou Carlos González Reigosa, gañador do ano anterior coa novela *A vida do outro*.

- Rodri García, “Milagros Frías gana el Torrente con una novela ‘de un mundo oscuro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 novembro 2009, p. 47.

Infórmase de que no premio Torrente Ballester, convocado pola Deputación da Coruña, houbo unha novidade: nos seus vinte e dous anos de historia, é a primeira vez que as dúas mellores novelas son presentadas por dúas mulleres. Dáse noticia de que a novela gañadora *Luces que ciegan la noche*, de Milagros Frías Albalá, está protagonizada por unha muller de trinta anos que fai unha viaxe por Asia, a cal remata sendo unha viaxe interior que a converte nunha muller diferente. Afírmase que a outra finalista foi Lola López Mondéjar, coa novela *La extranjera*, que recrea un moderno mito de Medea escrito a dúas voces. Destácase que o próximo ano se celebra o centenario do nacemento de Torrente, polo que será unha edición especial que terá lugar en Ferrol e na que haberá varias exposicións sobre o autor. A continuación recóllese unha entrevista coa gañadora na que se confesa moi próxima literariamente ao universo melancólico dos escritores galegos, no que a natureza aparece en estado puro cunha paisaxe que inspira e favorece á creación. Admite que é lectora de escritores galegos como Wenceslao Fernández Flórez, Madariaga, Cunqueiro, Blanco Amor, Elena Quiroga e Cela. Asegura que está escribindo unha novela dirixida a adolescentes que trata dunhas desaparicións cando o planeta corre perigo, polo que se busca un planeta alternativo dominado polos que queren monopolizar a saída para facerse co poder mundial. Para rematar, sinala que a primeira parte do seu libro *Ars Amandi* (2000) está ambientada en Viveiro.

- M. G. M., “Milagros Frías gana el Torrente Ballester con la novela ‘Luces que ciegan la noche”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 14 novembro 2009, p. 12.

Coméntase que a novela *Luces que ciegan la noche*, de Milagros Frías, resultou gañadora do premio Torrente Ballester. Dise que é unha novela de aventuras, intriga e desasosego da protagonista, á que un imprevisto a leva a unha illa deserta, e tamén á soidade e á reflexión; así, a natureza é un incentivo que lle axuda a atoparse e a decidir o que quere facer. Tamén se conta que de fondo está a violencia da sociedade actual que ela sofre en silencio. Destácase que na novela a sutileza de matices con que se conta a

historia é capaz de recrear con sensibilidade un mundo absurdo e truculento. Asegura que este premio consolida a súa traxectoria.

- P. Obelleiro, "Una novela de aventuras de Milagros Frías gana el Torrente", *El País*, "*Galicia*", 14 novembro 2009, p. 5.

Saliéntase que Mercedes Frías é a segunda muller, despois de Luísa Castro, en levar o premio Torrente, instaurado hai vinte e un anos. Frías sinala que cada vez hai máis escritoras con libros de calidade e que, aínda que o seu texto non ten connotacións negativas, relata a historia accidentada e violenta dunha tradutora que viaxa a Asia. Tamén fai fincapé no carácter case épico da súa novela, que tratou de configurar o estilo de Stevenson ou Daniel Dafoe, xa que é unha viaxe que remata en epopea, cun secuestro, pero que relata como o espírito de loita da protagonista remata por impoñerse ás adversidades que sofre.

- Francisco Rivera Cela, "Congratulations", *El Progreso*, "Gente de aquí", "El blog de Paco Rivera", 22 novembro 2009, p. 12.

Felicítase a Milagros Frías, e tamén ao seu consorte, Ramón Pernas, gañadora do Torrente Ballester coa súa novela *Luces que ciegan la noche*.

Premio Relato Curto da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da **Universidade de Santiago**

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato debía ter un máximo de sete folios, que se presentaba por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con tipo 12 de Times New Roman. Os traballos enviaronse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa de la Concha, rúa de la Conga, 1, 15704 Santiago de Compostela. Os relatos presentaronse necesariamente con pseudónimo, acompañando a tal fin un sobre pechado, en cuxo exterior figuraba o pseudónimo e no interior daquel unha folla co nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións como estime oportuno, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica algunha. O xurado estivo composto por persoas entendidas na materia e podía declarar deserto o premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O galardón foi unha figura da colección Alba da Groria de Castelao, realizada por Sargadelos, e un premio en metálico de 300 euros. No ano 2009 o prazo de admisión dos traballos estivo aberto até o 30 de outubro e o relato galardoado foi "Dos mujeres", de Manuela Antelo.

Referencias varias:

- La Voz, "El aprendizaje cooperativo se lleva el Premio de la USC a la calidad docente", La Voz de Galicia, "Santiago", 22 decembro 2009, p. L7.

Dáse conta da obras e dos nomes dos tres galardoados do premio á Innovación Educativa e Mellora da Calidade Docente na Universidade de Santiago. Por outro lado, tamén se informa que Manuela Antelo resultou gañadora do certame de relato corto, que convoca anualmente a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago, polo seu texto "Dos mujeres", no que narra a historia dunha muller e a súa filla que se ven na obriga de abandonar o seu pobo por mor das faladurias dos seus veciños.

Certame Literario de Relatos Curtos Os **Viadutos**

Organizado pola Concellaría de Xuventuve do Concello de Redondela, o certame estaba dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos. As obras debían ser orixinais, inéditas e escritas en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de dez folios e máxima de quince. Os orixinais debían presentarse antes do 24 de abril no rexistro de entrada do Concello ou por correo certificado á Concellería de Xuventude (rúa Reveriano Soutullo, 1, 36800 Redondela). No interior debían incluírse catro copias sen asinar e encabezadas polo título do relato e pseudónimo e nun sobre pechado, os datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabeleceuse un primeiro premio de 1.202 euros e un segundo de 601 e o ditame do xurado fíxose público entre o 15 e o 23 de maio. Os relatos premiados serán publicados por Edicións Xerais de Galicia. Na edición de 2009 resultou galardoado o relato "A Partida", de Saúl Rivas González, o segundo premio foi para Andrea Maceiras Lafuente por "Cando foi a última vez que sentiu fame de verdade?" e concedeuse un accésit a "Adagio, mais non molto", de María Xosé Castelo Lestón.

Premio **Vicente Risco de Creación Literaria**

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. En anteriores edicións, o premio denominábase Premio Risco de Literatura Fantástica. A súa dotación foi de 6.000 euros e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, podía variar entre os 150 folios e os 300. Os orixinais presentáronse por sextuplicado, en soporte de papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo, e baixo lema. Debían adxuntar en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorría ao premio, así como o título definitivo da súa obra e enviarse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense antes do 30 de abril de cada ano. O xurado estivo composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo Concello para actuar como presidente. No ano 2009, décima edición, o xurado composto por Camiño Noia, Arturo Lezcano, Afonso Vázquez e Ánxela Gracián galardoou a novela *A do vinteún*, de Hixinio Puentes Novo.

Referencias varias:

- L R, "Román Raña gana el certamen de poesía de Ourense e Hixinio Puentes el

Vicente Risco", *La Región*, "Ourense", 21 xuño 2009, p. 9.

Dáse conta do nome dos gañadores da XXV edición do premio de poesía Cidade de Ourense e do Vicente Risco de Creación Literaria. Dise que foron eles Román Raña Lema e Hixinio Puentes respectivamente. Tamén se recolle a valoración dos xurados que salientaron o dominio rítmico e a calidade expresiva do primeiro e a contribución ao xénero da novela histórica e o traballo de documentación do segundo. Tamén se reproducen as impresións dos dous galardoados.

- Víctor Paz Morandeira, "Hixinio Puentes gaña o premio Risco de Novela", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 21 xuño 2009, p. 43.

Infórmase que Hixinio Puentes recibiu o galardón do X Premio Risco de Creación Literaria coa súa novela *A do vinteún*. Dise que o xurado salientou a súa documentación "que contribúe á verosimilitude narrativa". Tamén se reproducen as impresións do autor que fala do proceso da súa escrita, da similitude con outras novelas como *Cabo Trafalgar*, de Arturo Pérez Reverte, da escolla do título, baseado na data da batalla de Trafalgar (21 de outubro de 1805) e do mar como a súa "carta de identidade" literaria.

- Javier Romero, "Para ser universais temos que escribir do que ocorre na nosa aldea", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 23 xuño 2009, p. 52.

Conversa co gañador da décima edición do certame Risco na que Hixinio Puentes fala de cando iniciou a escrita da novela ao redor de 1993, da súa trama que acontece entre 1800 e 1810, da obtención do galardón, do proceso de adaptación da novela ás bases do premio, polo que tivo que acortala en cen páxinas, da polémica sobre o galego e do parón nos sectores escénico e audiovisual.

Premio **Xerais de Novela**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais, por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo, tiñan que se presentar nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Dr. Marañón, 12, 36211 Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema "A forza dos lectores", fíxose unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa a Editorial compoñen o xurado. Puideron concorrer persoas de calquera nacionalidade que presentasen os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia reservouse os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que estivo dotado con 25.000 euros, comprometeuse a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibindo cincuenta exemplares da obra publicada. O ano 2009 foi a XXVIª edición e o prazo de presentación rematou o 13 de abril. O fallo tivo lugar o 6 de xuño na illa de san Simón e os finalistas de entre as corenta e cinco obras presentadas coñecéronse o 29 de maio: "a soidade dos leóns", "Dinara", "limiar da conciencia" e "O retorno das aves". O xurado composto por Ana Bande, César Lorenzo, Paz Raña, Sonia Díaz, Bieito Legaspi e Fran

Alonso, secretario con voz pero sen voto, decidiu premiar por unanimidade a Rosa Aneiros pola súa novela *Sol de inverno*, presentada baixo o lema "O retorno das aves" e co pseudónimo "Píllara".

Referencias varias:

- C. F., "Non traballei en paralelo coas dúas novelas", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xuño 2009, p. 60.

Entrevista a Rosa Aneiros da que se infire que foi a gañadora do premio Xerais na modalidade narrativa de adultos con *Sol de inverno* e na literatura infantil con *Ás de bolboreta*, dando breves nocións sobre cada unha. Afírmase que non teñen características comúns, xa que non foron escritas á par.

- Cuca M. Gómez, "Voces celestiales en Campañó", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De festival", 7 xuño 2009, p. 70.

Entre outras actividades das que se informa, no apartado "premios" dá conta da celabración da Gala na que se entregaron os premios Xerais. Indica que a coordinadora dos galardóns arrincou a gala recitando versos de Celso Emilio Ferreiro. A seguir recolle que mentres Agustín Fernández Paz leu o poema "Oito doas para San Simón", Luis Correa (O Caruncho) e Carlos do Viso interpretaron alalás e foliadas. Precisa que ao final do acto houbo alusións ao escritor Álvaro Cunqueiro e felicitacións para os premiados, Rosa Aneiros e Jacobo Fernández.

- D. S., "Jacobo Fernández se lleva el Merlín", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 7 xuño 2009, p. 6.

Tras un breve comentario de *Mil cousas poden pasar. Libro I*, de Jacobo Fernández, saliéntase que foi galardoado co premio Merlín de Literatura Infantil na súa XXIV edición. Explícase que lle foi entregado a este escritor e ilustrador na illa de San Simón, nun acto presidido polo gañador do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, Agustín Fernández Paz, quen pronunciou o discurso "Oito doas para San Simón".

- Camilo Franco, "Rosa Aneiros gaña ao tempo o Xerais e o Fundación Caixa Galicia", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 7 xuño 2009, p. 60.

Resúmese a entrega dos Premios Xerais de Novela e Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil, que recaeron en Rosa Aneiros por *Sol de inverno* e *Ás de bolboreta*, respectivamente, mentres que o premio Merlín foi concedido a Jacobo Fernández por *Mil cousas poden pasar. Libro I*. Destácase tamén o discurso de Agustín Fernández Paz e a problemática da condición do idioma galego que sinalou o director da editorial, Manuel Bragado.

- Ana López, "Rosa Aneiros e Jacobo Fernández triunfan nos Premios Xerais 2009 ", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 7 xuño 2009, p. 62.

Fala da cerimonia dos premios Xerais, así coma dos seu galardoados, a colaboradora do *Diario de Pontevedra*, Rosa Aneiros, e o ilustrador vigués Jacobo Fernández.

- Mar Mato, “Rosa Aneiros e Jacobo Fernández fanse cos Premios Xerais 2009”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xuño 2009, p. 45.

Saliéntase a importancia no eido literario do acontecemento que sucedeu “por primeira vez na historia” con motivo da concesión á mesma autora (Rosa Aneiros) de dous premios (Xerais de Narrativa Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil).

- R. G., “Rosa Aneiros e Jacobo Fernández Serrano, premios Xerais 2009”, *ABC*, “Galicia”, 7 xuño 2009, p. 62.

Dáse conta do acto de celebración dos premios Xerais, co acompañamento musical das zanfonas “sobre rodas” e presentado por Celia Torres. Fala tamén das dotacións económicas dos mesmos.

- Daniel Salgado, “Rosa Aneiros gana el Xerais con una obra sobre los exilios”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 7 xuño 2009, p. 6.

Fala dos galardóns concedidos a Rosa Aneiros (Xerais de Narrativa Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil), así como do proceso de creación da autora, quen manexou gran cantidade de documentos.

- T. N. S, “Despois deste subidón non aspiro a moito máis. Isto é unha homenaxe aos lectores”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 7 xuño 2009, p. 67.

Entrevista a Rosa Aneiros na que a escritora dedica os premios recibidos aos lectores e declara sentirse moi satisfeita.

- A. Losada, “Non creo que as críticas sexan quen de empañar as felicitacións”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 9 xuño 2009, p. 45.

Declaracións de Rosa Aneiros nas que se refire ás obras premiadas co premio de Novela Xerais, *Sol de inverno*, e co Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil, *Ás de bolboreta*, un éxito polo que cre que se alegraron moitos escritores.

- L. L. P., “Non é un exilio político, senon que ela se sinte exiliada do seu paraiso”, *Diario de Ferrol*, “CGS”, 9 xuño 2009, p. 12.

Entrevista a Rosa Aneiros na que se destaca a temática das obras galardoadas: *Sol de inverno* e *Ás de bolboreta*. Explica que tras realizar a primeira, coa que tivo que realizar un importante traballo de documentación, escribiu a outra movida pola necesidade de centrarse nun libro completamente diferente.

- Rosa Aneiros, “Grazas”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 10 xuño 2009, p. 4.

Reprodúcese o discurso de Agustín Fernández Paz, “ Oito doas para San Simón”, pronunciado na gala dos premios de Xerais. Das súas palabras destácanse as mencións ao labor de escritores coma Rosalía de Castro, Celso Emilio Ferreiro e Álvaro Cunqueiro, para quen os libros foron unha maleta máxica.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Agustín Fernández Paz”, *Galicia Hoxe*, “Galicia”, “Caderno aberto”, 11 xuño 2009, p. 3.

Palabras eloxiosas para Agustín Fernández Paz polo seu discurso “Oito doas para San Simón” na entrega dos Premios Xerais , que considera “un dos grandes textos literarios de hoxe” pola profundidade e acerto das súas reflexións sobre a lingua e literaturas galegas.

- María Obelleiro, “Rosa Aneiros protagoniza uns premios Xerais marcados pola lingua”, *A Nosa Terra*, n.º 1.363, “Cultura”, 11-17 xuño 2009, p. 31.

Dáse conta da concesión do Premio Xerais, dotado con vinte cinco mil euros, a Rosa Aneiros por *Sol de inverno*, así como da entrega do IV da Fundación Caixa Galicia, de dez mil euros, por *Ás de bolboreta*. Coméntase que o xurado tivo que elixir entre corenta e cinco e dezanove obras, respectivamente. Refírese tamén a Jacobo Fernández por *Mil cousas poden pasar. Libro I*, gañador do Premio Merlín, onde “o surrealismo é o normal”.

- Óscar Iglesias, “Parece que só traballas cando estás nos medios”, *El País*, “*Galicia*”, “Luces”, 12 xuño 2009, p. 10.

Conversa con Rosa Aneiros, quen dez anos despois do seu debut literario con *Eu de maior quero ser...* (1999), gaña os Premios Xerais de Novela e Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil. Destácase a temática do exilio en *Sol de inverno*, así coma *Resistencia* (2007), novela ambientada en Portugal, certas inspiracións da autora e outras problemáticas de carácter idiomático.

- Jaureguízar, “A oitava “Resistencia” de Rosa Aneiros”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Ollomol”, 13 xuño 2009, p. 56.

Compara os dous premios concedidos a Xosé Carlos Caneiro (Eixo Atlántico e Blanco Amor) pola novela *Ébora* (2000), cos galardóns concedidos a Rosa Aneiros por *Sol de inverno* e *Ás de bolboreta*, e conclúe que estes últimos son máis meritorios por lograrse con dúas obras distintas presentadas ante dous xurados diferentes.

- Lecer, “Rosa Aneiros, a palabra”, *Galicia Hoxe*, “*Lecer*”, n.º 765, “O personaxe”, 14 xuño 2009, contracuberta.

Destácase o labor literario de Rosa Aneiros, facendo un percorrido pola súa creación artística, así como polos premios recibidos con motivo dos recentemente acaecidos: Xerais de Novela e Fundación Caixa Galicia de Literatura Infantil.

- Manuel Vidal Villaverde, “No alicerce da literatura”, *Atlántico Diario*, *La Revista*, n.º 461, “Musas”, 14 xuño 2009, p. 37.

Entrevista a Jacobo Fernández na que, tras achegar unha serie de datos persoais, se percorre a súa traxectoria profesional como ilustrador na revista *Golfiño* e narrador, destacando obras como *As aventuras de Cacauequi* (2008), así como os premios acadados, caso do Merlín por *Mil cousas poden pasar. Libro I*. Recoñece tamén a calidade da literatura infantil e xuvenil e destaca proxectos na poesía, ensaio e teatro.

- Margarito Flowers, “Rosa Aneiros, un año cargado de premios”, *El Correo Gallego*, “Gente a la última”, 7 outubro 2009, contracuberta.

Dáse noticia de que a xornalista e escritora Rosa Aneiros gañou o premio Xerais de Novela coa súa obra *Sol de inverno* e o premio de Literatura Xuvenil da Fundación Caixa Galicia con *Ás de bolboreta*. Sinálase que *Sol de inverno* non é unha novela histórica, senón a historia de Inverno que procura recuperar o paraíso perdido da súa infancia no territorio de Antes. Coméntase que *Ás de bolboreta* narra as historias cruzadas que suceden cada mañá na cafetería Luzada, lugar de encontro de personaxes de diversas razas, crenzas, idade e extracto social e que, segundo a autora, poden servir para que os rapaces reflexionen nas aulas sobre moitos temas de actualidade.

- José Gómez, “Cos anos aprendes a ser máis humilde, a que a literatura, no es ti soa”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 556/*El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 592, “Entrevista”, 25 outubro 2009, p. 9.

Recóllense as impresións da escritora Rosa Aneiros, despois de recibir recentemente o Premio Xerais de Novela e o da Fundación Caixa Galicia de Novela Xuvenil, quen confesa sentir vertixe por este éxito e declara que o verdadeiramente emocionante é saber que hai lectores agardando as súas próximas publicacións. Doutra banda, tamén fala da súa faceta como xornalista e da presenza da cultura galega nas súas obras.

X.2. POESÍA

Premio de Poesía **Avelina Valladares**

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, perseverar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poeta estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, foron presentados baixo lema por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de cento cincuenta versos e un máximo de catrocentos. Debían remitirse ao Concello da Estrada (Praza da Constitución s/n, 36680) antes do 3 de abril. Con cada orixinal entregouse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio que, até o momento era de 1.500 euros e que se podía declarar deserto, aumentou en 2008 a 2.000 euros. Nesta edición de 2009, o xurado composto polos escritores Xosé Luna, Francisco Pillado e Héitor Picallo e Noni Araújo, como secretaría, decidiu galardoar a ourensá Celia Parra, entre os trinta poemarios presentados ao concurso, polo seu traballo *No berce das mareas*, presentada baixo o lema "Praia". A entrega do galardón tivo lugar o sábado 16 de maio.

Referencias varias:

- M. González, " A ourensá Celia Parra gaña o certame poético Avelina Valladares", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 8 maio 2009, p. 35.

Infórmase do poemario premiado, *No berce das mareas*, da estudante de dezanove anos Celia Parra Díaz, obra que a propia autora describe como unha historia de amor con tres partes diferenciadas. Comenta que na primeira fala de sombras, na segunda de desengano, traizón e dor e na derradeira de esquecemento e alivio. Destácase, que pese a súa xuventude, xa é posuidora dun Ánxel Casal e quedou en terceiro lugar en dúas ocasións nos premios Minerva.

- Raquel Torres, " La joven Celia Parra gana el Avelina Valladares", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 8 maio 2009, p. 68.

Alúdese á concesión deste premio á estudante de dezanove anos Celia Parra Díaz, pola súa obra *No berce das mareas*. Destácase, que pese a súa xuventude, xa é posuidora doutros galardóns como o Ánxel Casal. Asemade achéganse os comentarios do portavoz do xurado Francisco Pillado, do que tamén forma parte Xosé Luna, Héitor Picallo e Noni Araújo, quen incide na alta calidade das obras presentadas.

- maré, "Celia Parra gaña dous premios literarios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Talento", 10 maio 2009, p. 35.

Dáse noticia de que Celia Parra, de dezanove anos, resultou gañadora do premio Avelina Valladares na súa XIII edición co poemario *No berce das mareas*, e do primeiro premio do II certame de poesía María Mariño (organizado pola asociación

Mixta Teenses e a Concellería de Igualdade de Teo) con *De novo a náusea*, poemario escollido pola súa claridade, brevidade e calidade. Coméntase que xa conseguira o terceiro premio Minerva de poesía en dúas ocasións e o Ánxel Casal. Indícase que o xurado do Avelina Valladares estivo composto polos escritores Francisco Pillado e Héitor Picallo, Xosé Luna e Noni Araújo, como secretaria, que destacaron o dominio do verso neste poemario ateigado de sensacións e musicalidade. Sinálase que o acto de entrega será o día dezaseis de maio.

Premio de Poesía **Caixanova**

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria Caixanova e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. Puideron concorrer todos os poetas que o desexasen presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor a seiscentos versos. O premio foi indivisíbel e estaba dotado con 12.000 euros e a publicación da obra gañadora na colección "Arte de Trobar", coeditada por Caixanova e o PEN Clube de Galicia. Os traballos presentados tiñan que ser inéditos, cunha extensión mínima de seiscentos versos e enviáronse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema e plica ao Departamento de Obras Sociais de Caixanova (Centro Social Caixanova, Avda. Policarpo Sanz, 24-26, 36201 Vigo). O prazo de admisión dos orixinais rematou o 31 de outubro e a resolución deuse a coñecer no mes de decembro. En anteriores edicións resultaron galardoados: Xavier Seoane, María do Cebreiro, Román Raña, Arcadio López-Casanova, Marilar Aleixandre, Carlos Penela e Luís Valle. Na VIIIª edición, o xurado composto por Guillermo Brea, director da Obra Social Caixanova, Luís González Tosar, presidente de Pen Clube de Galicia, Anxo Tarrío, Luisa Castro, Ana Acuña e Carlos L. Bernárdez escolleu como gañador, de entre os cincuenta e cinco poemarios presentados, *Deserto diamantino*, de Xavier Rodríguez Baixeras, presentado baixo o lema "Areoura".

Referencias varias:

- Daniel Salgado, "Baixeras gaña o Caixanova de poesía con un libro clasicista", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 18 decembro 2009, p. 8.
Achéganse algunhas afirmacións de Xavier Rodríguez Baixeras acerca do seu poemario *Deserto diamantino*, co que vén de recibir o premio de Poesía Caixanova. O autor explica que co título se refire á xeografía do Brasil, o deserto de Sertão, mentres que o diamantino remite á Chapada Diamantina. Salienta o rigor formalista do poemario, comenta que son poemas pulidos, con moitas facetas igual que un diamante e especifica os eixos do volume: a posesión duna nova terra (Brasil), a precisión ou non da lingua poética, o amor, a vellez e a morte. Asemade, infórmase da chegada ás librarías doutra obra de Baixeras, o ensaio *Bos tempos para a lírica. A xeración dos 80*, unha homenaxe á xeración do autor.

- L. Sandoval, "Escribín un libro da miña idade", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poesía", 18 decembro 2009, p. 35.

Recóllense algunhas declaracións do escritor Xavier Rodríguez Baixeras, tras ser galardoado, polo seu poemario *Deserto diamantino*, co Premio de Poesía Caixanova. O

autor afirma que está dividida en cinco partes, a terra nova brasileira, a lingua, o amor, a vellez e a morte, escrita cun formalismo extremo, buscando un ton reflexivo e un forma clásica moi simétrica e explica que nel influíu moito Brasil, país no que o escritor pasa boa parte do ano, non dende o punto de vista semántico senón vitalista. Asemade Baixeras confesa que quixo escribir un libro da súa idade. Por outro lado, infórmase da composición do xurado e indícase que o que valoraron da obra foi a revitalización da poesía estrófica e rimada ao servizo dunha visión actual do mundo, así como a súa fonda reflexión dende a experiencia da madurez vital e literaria.

- Luisa Castro, "Fillos de dous", *Diario de Pontevedra* "Opinión & Análisis", "Falar de máis", p. 29 / *El Progreso*, "Opinión", " Falar de máis", p. 39, 20 decembro 2009.

Artigo de opinión no que a escritora Luisa Castro celebra a concesión do premio de poesía Caixanova a Xabier Rodríguez Baixeras, pola súa obra *Deserto Diamantino*, que recomenda ler. Aplaude o compromiso da entidade financeira coa poesía e a defensa que fai Luís González Tosar da poesía, de quen parte a idea destes premios.

- Jaureguizar, "O poeta ribadense Xavier Rodríguez Baixeras gaña o premio Caixanova", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 18 decembro 2009, p. 80.

Recóllense algunhas das declaracións que o escritor Xavier Rodríguez Baixeras fai dende o Brasil, logo de ser distinguido co premio de Poesía Caixanova, pola súa obra *Deserto Diamantino*. O autor explica o significado do título, comenta a estrutura do poemario, dividido en cinco poemas que tratan asuntos como: a conquista dunha terra nova, que podería ser Brasil; a preocupación por saber se a linguaxe poética ten a palabra precisa ou non e reflexións sobre a vellez, a morte e o amor. Baixeiras afirma que formalmente esta obra é moi clásica, con versos repartidos en estrofas simétricas. En comparación co seu anterior poemario, *O pan da tarde*, o autor considera que este é máis retórico e ten unha actitude menos espontánea, máis reflexiva. Finalmente, dáse conta da composición do xurado do premio.

- Ana Saá, "Todo lo que puedo escribir en prosa se lo debo a la traducción", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 18 decembro 2009, p. 46.

Conversa co escritor Xabier Rodríguez Baixeras, distinguido co VIII Premio de poesía Caixanova por *Deserto diamantino*, na que comenta os eixos temáticos deste poemario e que este premio supón o recoñecemento dunha obra madura na que se sente recoñecido e moi próximo á súa terra. Por outro lado, Baixeras tamén fala do seu traballo como tradutor, labor que lle serviu moito á hora de escribir prosa e informa sobre os seus próximos proxectos; entre eles, a próxima publicación dun libro de prosa, *Brasil no centro*, que define como unha especie de diario e un ensaio, *Bos tempos para a lírica*, unha análise da poesía galega dos anos oitenta.

- B. R. Sotelino, "Xavier Baixeras faise co oitavo Premio de Poesía Caixanova, dotado con 12.000 euros", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 decembro 2009, p. 57.

Infórmase da concesión do premio de Poesía Caixanova ao escritor Xavier Rodríguez Baixeras, polo poemario *Deserto Diamantino*. Destácanse tamén, algunhas afirmacións de Luís González Tosar, presidente do Pen Clube de Galicia, quen salientou da obra galardoada a volta a aspectos do mundo poético clásico, "maxistralmente engarzados

coa herdanza da linguaxe patrimonial", a fonda reflexión dende a madurez vital e literaria, a aposta pola poesía estrófica e rimada ao servizo dunha visión cosmopolita do mundo. Asemade, inclúese un breve repaso pola biografía e currículo do premiado.

Premio de Poesía **Cidade de Ourense**

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que podían participar persoas de calquera nacionalidade sempre que os traballos se presentasen en galego ou portugués, foran orixinais e inéditos e contiveran un mínimo de seiscentos versos. Debían presentarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados. Ademais, debíase incluír un sobre pechado, lacrado no que figurasen o nome, apelidos, número de DNI e enderezo do autor. Todo isto tiña que ser entregado no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre que se trataba dunha obra dirixida ao certame. Os concursantes de orixe portuguesa podían entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos que indicaba a convocatoria. O concurso estaba dotado cun único galardón de 6.000 euros, unha placa de prata e a publicación da obra. No ano 2009, na XXV edición, o prazo de admisión rematou o 30 de abril, presentáronse corenta e seis traballos e o gañador foi Román Raña co poemario *O incendio das palabras*.

Referencias varias:

- L R, "Román Raña gana el certamen de poesía de Ourense e Hixinio Puentes el Vicente Risco", *La Región*, "Ourense", 21 xuño 2009, p. 9.

Dáse conta do nome dos gañadores da XXV edición do premio de poesía Cidade de Ourense e do Vicente Risco de Creación Literaria. Dise que foron eles Román Raña Lema e Hixinio Puentes respectivamente. Tamén se recolle a valoración dos xurados que salientaron o dominio rítmico e a calidade expresiva do primeiro e a contribución ao xénero da novela histórica e o traballo de documentación do segundo. Tamén se reproducen as impresións dos dous galardoados.

- César Lorenzo Gil, "Se quixese diñeiro escribiría en prosa", *A Nosa Terra*, n.º 1.382, "Cultura", 19-25 novembro 2009, p. 27.

Conversa con Román Braña, gañador do premio de poesía Cidade de Ourense, na que fala sobre o poemario gañador *O incendio das palabras*. Diserta sobre o seu proceso creativo, sobre a necesidade de buscar o ton axeitado dos poemas, da técnica empregada do surrealismo, da temática deste poemario que pescuda o sentimento de felicidade e entusiasmo da súa infancia ademais de tratar o amor e da militancia política, dos problemas para publicar poesía, da necesidade da poesía na sociedade e da diferenza de escribir en prosa ou en verso.

Concurso de Poesía **Concello de Carral**

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden

concorrer autores e autoras maiores de idade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de catrocentos versos, escritos en galego e baixo un lema, dotado cun único galardón de 1.200 euros, que na edición do ano 2008 ascendeu a 2.000 euros, e a publicación da obra gañadora pola editorial Espiral Maior, na súa colección de poesía. O prazo de admisión rematou o 25 de marzo e os traballos entregáronse por triplicado na Biblioteca Pública Municipal de Carral. Na XIIª edición de 2009 o xurado, presidido por Mª José García Fariña, Concelleira de Cultura de Carral , e formado por Luís González Tosar, Lucía Novás e Paulino Peña Álvarez, e co técnico municipal de Cultura e coordinador do premio, Carlos Lorenzo Pérez, como secretario, acordou elixir como gañador o poemario titulado *Nós escoitando o badalo de Marienplatz*, de Elisabet Ríos Liste, de entre os corenta e dous traballos presentados. O acto de entrega do premio tivo lugar o 29 de maio na Biblioteca de Carral.

Referencias varias:

- Víctor Castro, "Elisabet ganó, en Carral, el XII 'Certame de Poesía", *El Ideal Gallego*, "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 19 maio 2009, p. 22.

Infórmase que o certame de poesía do concello de Carral recaeu, este ano, na obra titulada *Nos escoitando o badalado de Marienplatz*, de Elisabet Ríos, poemario que a propia autora define como unha homenaxe á iconografía pop e á literatura dos anos oitenta, no que tamén son visibeis as pegadas surrealistas do profesor C. Quiroga.

Certame premio de poesía **Concello de Marín**

Dirixido a todos os poetas de ámbito nacional para traballos orixinais e inéditos, en lingua galega cunha extensión mínima de cen versos, dotado cun único galardón de 1.000 euros. O prazo de presentación rematou o 24 de abril, o fallo do xurado foi o 8 de maio e a entrega do galardón o 17 de maio. Os orixinais tiñan que presentarse por cuadriplicado no Rexistro Xeral do Concello, xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Na edición de 2009 recibiu o galardón Pablo Bouza Suárez pola súa obra *A pel da pedra*.

Premio de Poesía **Espiral Maior**

Premio convocado dende 1992 pola editorial Espiral Maior e o club poético do mesmo nome coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de trinta e cinco anos) que non tivesen ningún libro editado. Dende 2008 está convocado pola editorial Espiral Maior, o club poético do mesmo nome e Ámbito Cultural El Corte Inglés. Dende a novena edición, o premio abriuse tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. A partir de 2006, este premio dotouse con 12.000 euros, que ascendeu na edición de 2008 aos 15.000 euros, e a publicación da obra gañadora na colección "Espiral Maior Poesía" cunha tiraxe de 2.000 exemplares. Os traballos presentados (por cuadriplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo plica e lema) tiñan que ter un mínimo de seiscentos versos, escritos en galego ou portugués, e ser remitidos a Espiral Maior (Rúa da Democracia, 10-Urbanización Mansosol, 15174-Rutis, Culleredo, A Coruña). Na XVIIª edición de 2009, o prazo de admisión rematou o

20 de xuño e o fallo do xurado deuse a coñecer o 25 de xullo. Presentáronse cento noventa e oito obras de Galicia, Portugal, Angola e Brasil e resultou gañadora a obra *O gado do Senhor*, de Rosa Alice Branco (Aveiro, 1950), presentada baixo o lema "Margarida Jorge". O xurado estivo composto por Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Xavier Rodríguez Baixeras, Miguel Anxo Fernán-Vello e Amparo Manteiga Vázquez, como secretaria con voz pero sen voto.

Referencias varias:

- M. Dopico, "O sagrado e o profano no cotián", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 31 xullo 2009, p. 30.

Sinálase que o Premio Espiral Maior de Poesía recaeu no libro *O gado de Senhor*, da portuguesa Rosa Alice Branco. A autora comenta que o seu poemario é unha crítica contra a idea de que o sufrimento é redentor; así, cre que, aínda que sexamos gando do Señor, non temos que aceptar que a nosa vida estea chea de dor para alcanzar a vida eterna. Salienta que no libro hai moito da Biblia, á que, segundo o seu criterio, hai que darlle valores máis éticos e responsábeis, polo que sabe que o seu é un libro polémico. Dise que con quince mil euros é o premio mellor dotado da península Ibérica na poesía, que vai dirixido a obras en galego e portugués e que na edición pasada gañouno o portugués Amadeu Baptista e na anterior a galega Yolanda Castaño. Cóntase que o xurado (formado polos poetas Xosé María Álvarez Cáccamo, Xavier Rodríguez Baixeras e Miguel Anxo Fernán-Vello) escolleu esta obra entre as cento noventa e oito presentadas e procedentes de Galicia, Portugal, Angola e Brasil. A autora opina que o xurado escolleu o seu libro polo seu ritmo, a súa linguaxe, a ironía e o humor.

Premio **Esquío de Poesía**

Dende 1980 este premio foi convocado pola Fundación Caixa Galicia e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol. A partir de 2008 a Fundación Caixa Galicia retirou o seu patrocinio, polo que a convocatoria corre a cargo da Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol. Neste certame estabelecéronse dous premios indivisíbeis de 9.000 euros con cadanseu accésit de 1.500 euros para traballos presentados en lingua galega e castelá, respectivamente. No 2008 as contías aumentaron a 10.000 euros e 2.500 euros, no caso dos accésits. Podían concorrer poetas nacionais e estranxeiros, sempre e cando os orixinais estivesen escritos en calquera dos idiomas citados. Cada premio ou accésit adxudicouse a un libro de poemas con tema libre e extensión mínima de cincocentos versos. Os orixinais tiñan que ser inéditos e non premiados noutro certame. Até o ano 2007 os traballos, que tiñan que presentarse por cuadriplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, había que envialos á Fundación Caixa Galicia (Unidade Departamental de Bolsas e Premios, R/ Montero Ríos, 7, 15706 Santiago de Compostela) ou entregarse en man en calquera oficina da Caixa Galicia, mais a partir de 2007 o envío fíxose á sede da entidade organizadora, Sociedad Artística Ferrolana, apartado de correos 339, 15490, Concello de Ferrol. Ademais, a partir do ano 2007 os textos galardoados foron propiedade dos respectivos autores. O xurado estará composto por persoas de recoñecida solvencia nos eidos da crítica literaria ou da creación poética**.** No ano 2009 non se convocou.

Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

Convocado anualmente polo Concello de Dodro dende 1988 para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. Podían concorrer todas as persoas que o desexasen, sempre que as obras coas que participasen estivesen escritas en lingua galega, foran orixinais e de temática libre e tivesen un mínimo de catrocentos versos. Así mesmo, as obras debían ir cun lema, que figurase no exterior da plica, onde se incluían tamén os datos persoais do autor. Os catro exemplares debían remitirse ao Concello de Dodro. Estabeleceuse un único e indivisíbel premio de 2.300 euros e a publicación da obra pola editorial Sotelo Blanco, sendo publicada anteriormente na colección de poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Ediciós do Castro. O Concello de Dodro reservarase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasará a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, deberá facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado foi designado, polo Concello de Dodro, entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria. Nesta XXII edición do ano 2009 presentáronse catorce obras, o prazo de admisión rematou o 21 de novembro e o xurado, formado pola poeta e profesora Lucía Novás, a poeta Elvira Riveiro, o crítico literario Yago Rodríguez, e Xabier Xil Xardón, gañador da edición pasada, ademais do concelleiro de Cultura de Dodro, Anxo Franco, fallou o premio o 12 de decembro. Premiouse *Conservas do autor*, de Xosé Daniel Costas Currás nun acto que tivo lugar o 20 de decembro.

Referencias varias:

- U. L., "Dodro entrega o Premio de Poesía Lorenzo Baleirón", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Comarcas", 16 decembro 2009, p. L12.

Infórmase do fallo do xurado da vixésimo segunda edición deste premio, que este ano recaeu na obra *Conversas do autor*, de Xosé Daniel Costas Currás, que o xurado valorou polo seu transfondo lírico e o tratamento coidado da linguaxe e da estética. Asemade dáse conta da contía do premio e adiántase o que vai acontecer no acto de entrega do premio.

Premio de Poesía **Feliciano Rolán**

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa ao que podían presentarse poetas de calquera nacionalidade, con escritos en galego e castelán, orixinais e inéditos con poemas non premiados noutros concursos. O tema e forma foron libres. Cada concursante enviou un máximo de dous poemas ao Apartado de Correos 69, 36780, A Guarda. Na XXIIIª edición de 2009 o xurado premiou a Xermán Torres, de Vilagarcía de Arousa, polo poema presentado baixo o lema "De Profundis", Cruz Martínez Vilas, de Vigo, por "Se cadra son pequena de máis"; e Rosa Martínez Vilas, de Vigo, por "A vacaloura dos meus soños" e outorgou un accésit a Isaura Lago Álvarez, de Redondela, por "Sueños". A entrega dos premios tivo lugar o 5 de agosto no Centro Cultural da Guarda.

Premio de Poesía **Fermín Bouza Brey**

Certame de carácter bienal convocado polo Concello de Vilagarcía de Arousa dende o ano 2001 como homenaxe á figura de Fermín Bouza Brey. Os traballos poéticos, inéditos e en lingua galega, terían que ter unha extensión mínima de catrocentos versos e ser enviados mecanografados por quintuplicado e sen remite ao Concello de Vilagarcía de Arousa, levando un lema no exterior do sobre, dentro do que se incluirían os datos persoais, o enderezo e o teléfono de contacto. O premio de carácter indivisíbel consistiría en 3.000 euros e a publicación da obra. O xurado comporíase por persoeiros destacados dentro do campo da poesía e da cultura galegas, designado polo Concello e reservaríase o dereito da obra premiada. A convocatoria da edición do ano 2009 sufriu un retraso que provocou que non fóra convocada.

Premio de Poesía **Fiz Vergara Vilariño**

Iniciativa da Agrupación Cultural Ergueitos, co patrocinio do Concello de Sarria, que naceu no ano 2000 para homenaxear o poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Conta tamén co apoio da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Os traballos tiñan que ser orixinais, inéditos, escribirse en galego, cunha extensión mínima de catrocentos versos e presentarse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado e baixo pseudónimo. Ademais debían enviarse ao Concello de Sarria (Rúa Maior, 14, 27600 Sarria). Até 2007, este premio estaba dotado con 3.000 euros, que se aumentou na edición 2008 até 6.000 euros, a publicación da obra en Espiral Maior e unha obra plástica inédita de Eduardo Valiña, composta por unha fotografía dixital. Na IXª edición o prazo de admisión rematou o 31 de xaneiro e o acto de entrega tivo lugar o 25 de abril de 2009. O xurado composto por X. A. Neira Cruz, Lucía Aldao, Pilar Pallarés, Xermán Arias, como presidente, e María Casar, como secretaria, resolveu conceder o galardón, de entre os oitenta traballos presentados, ao poemario *Palabras para un baleiro,* do celanovés Baldo Ramos. Na Xª edición, o prazo de presentación rematará o 31 de xaneiro de 2010 e a decisión do xurado darase a coñecer no primeiro trimestre de 2010.

Referencias varias:

- L. P., "El premio 'Fiz Vergara' cierra el día 31 el plazo de entrega de obras", *El Progreso*, "Sarria", 23 xaneiro 2009, p. 16.

Nota a través da cal se informa da data de peche da convocatoria, as bases e a dotación económica da novena edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño.

- A. C. V., "Más de 80 poemarios optan a alzase con el noveno premio 'Fiz Vergara Vilariñ'", *El Progreso*, "Sarria", 13 febreiro 2009, p. 17.

Infórmase da acollida do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, con máis de ochenta poemarios presentados, da composición do xurado e que, aparte da dotación económica, o gañador verá publicada a súa obra pola editora Espiral Maior.

- A. Casanova, “El premio ‘Fiz Vergara’ recae en Baldo Ramos por una obra ‘existencialista”, *El Progreso*, “Sarria”, 15 marzo 2009, p. 17.

Infórmase da concesión, na súa novena edición, do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño a Baldo Ramos, polo seu poemario *Palabras para un baleiro*. Sinálase a dificultade do fallo dado a numerosa participación, máis de oitenta participantes, e ao bo nivel das obras. Recóllense as palabras de Xosé Antón Neira Cruz, un dos membros do xurado, que destaca do poemario gañador a súa visión existencialista e a procura dunha expresión alén da propia poesía. Doutra banda, tamén se recollen as impresións de Pilar Pallarés, tamén membro do xurado, quen subliña o sentido do ritmo do autor e a influencia da faceta de artista plástica de Ramos, xa que ofrece unha poesía moi visual. En columna á parte, faise unha pequena achega á figura do galardoado.

- maré, “Achega existencialista”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Certame”, 15 marzo 2009, p.33.

Dáse conta da concesión do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, na súa novena edición, a Baldo Ramos, polo seu poemario *Palabras para un baleiro.* Destácase do escritor a súa dobre vertente de artista plástico e escritor, con obra en galego e en castelán. Da obra gañadora do certame, defínese como un achegamento existencialista, case filosófico na procura dunha expresión alén da propia poesía, marcada pola súa pericia formal e clasicismo. Apórtanse, tamén, as impresións do xurado quen valora o sentido do ritmo da súa poesía. Por último, recórdanse outros galardóns dos que é posuidor este Baldo Ramos,

- Lucía Porto, “Empecei a escribir inspirado pola experiencia de perde cousas”, *El Progreso*, “Sarria”, 20 marzo 2009, p. 12.

Conversa co escritor Baldo Ramos, que vén de recoller o premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, co que foi distinguido o seu poemario *Palabras para un baleiro*. Comenta que esta obra nace dun acontecemento persoal, o nacemento da súa filla, e da impresión de que a súa escrita tiña chegado aos límites da súa expresividade. Considera que este libro pecha un camiño da experimentación, andado durante vinte anos. Explica que se trata dun libro árido e duro no que a miúdo bate coas lindes da linguaxe. Doutra banda, o autor comenta como comezou a escribir, explica que como pintor traballa en obras nas que mestura a escrita e a plástica e confesa decantarse polas últimas obras de Fiz Vergara Vilariño, concretamente por *Nos eidos da lembranza.*

- A. C. V., “El artista plástico Iván Prieto creará la obra para el noveno ganador del ‘Fiz Vergara”, *El Progreso*, “Comarcas”, 11 abril 2009, p. 11.

Coméntase que o artista plástico Iván Prieto será o encargado de crear a obra que recollerá o galardoado na novena edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, Baldo Ramos. Asemade, indícanse detalles sobre a data e desenvolvemento da gala de entrega deste premio.

- L. P., “El artista Iván Prieto presentó la obra plástica del ‘Fiz Vergara’”, *El Progreso*, “Sarria”, 19 abril 2009, p. 21.

Infórmase da presentación da presentación no Concello de Sarria da obra plástica ca que se obsequiara ao gañador da novena edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, Baldo Ramos. Tamén se achegan datos sobre a contía do galardón, que ascende a 6.000 euros, e da celebración do acto poético-musical de entrega do premio, que terá lugar no hotel Alfonso IX, conducido por Olalla Cociña.

- A. C. V., "Una actuación de danza completa el programa de la gala de entrega del 'Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 24 abril 2009, p. 19.

Infórmase das actuacións e intervencións programadas para a gala de entrega do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, organizada pola agrupación cultural Ergueitos e o concello de Sarria.

- A. Casanova, "Sarria celebra la fiesta de la poesía con la entrega del 'Fiz Vergara' a Baldo Ramos", *El Progreso*, "Sarria", 26 abril 2009, p. 19.

Crónica do acontecido na gala de entrega do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, dando conta dos participantes e actuacións desenvolvidas e destacándose algunhas das verbas pronunciadas polo galardoado, Baldo Ramos, quen manifestou que o seu poemario *Palabras para un baleiro*, nace dunha dobre experiencia: o nacemento da súa filla e a impresión de pechar un ciclo literario. Doutra banda, sinálase que tamén houbo un apartado para o recordo da figura de Fiz Vergara e anúnciase a creación dunha roteiro literario polos lugares nos que ambientou a súa obra.

- Lucía Porto, "A Lóuzara do Fiz é o motor que nos dá sosego", *El Progreso*, 28 outubro 2009, contracuberta.

Fálase da historia da parella formada pola presidenta e o vogal da agrupación cultural Ergueitos de Sarria, que convoca anualmente o premio Fiz Vergara Vilariño, en homenaxe a este poeta.

- L. P., "El premio de poesía Fiz Vergara Vilariño llega a su décima edición", *El Progreso*, "Sarria", 17 novembro 2009, p. 17.

Infórmase da próxima presentación do certame por parte da presidenta da agrupación cultural Ergueitos, María Casar e do concelleiro de Cultura, Xermán Arias.

- A. C. V., "Los organizadores planean un gran evento de las artes para el décimo Fiz Vergara", *El Progreso*, "Sarria", 18 novembro 2009, p. 23.

Dáse conta da presentación por parte de María Casar, presidenta de Ergueitos e o concelleiro de Cultura, Xermán Arias, da convocatoria da décima edición deste premio. Infórmase das bases e da dotación do mesmo, que conta cun premio único de 6.000 euros e a publicación na editorial Espiral Maior

Premio de Poesía **O Grelo**, anteriormente Suso Vaamonde

Coa finalidade de fomentar o uso do galego entre as novas xeracións e axudar a potenciar os poetas novos, a Fundación O Grelo Amigos de Galicia convocou este

certame. Podían concorrer poetas ou escritores de calquera nacionalidade a condición de que non tivesen publicado ningún libro de poesía e presentasen os seus traballos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de catrocentos versos. Os orixinais presentáronse por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e enviáronse, baixo plica, á sede compostelá da Fundación convocante (Rúa de Betanzos, 18, 1º D, Santiago de Compostela) antes do 4 de abril. Estabeleceuse un único premio de 1.000 euros mais a publicación da obra gañadora. Na XVª edición de 2009 resultou gañadora a estradense Andrea Porto Mato coa obra *ECO in aeternam*, de entre os dezaseis traballos presentados. Este ano o premio foi convocado coa colaboración do Concello de Vilagarcía de Arousa e o patrocinio da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Entregouse o 17 de maio en Vilagarcía xunto co "Xaquina Trillo", coñecido anteriormente como "Daniel Hortas".

Referencias varias:

- Damián Pereira, " Manuel Lopes, gañador do premio Suso Vaamonde , presentou o seu libro", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía Local", "Cultura", 17 febreiro 2009, p. 8.

Coméntase o cambio de nome do premio de poesía Suso Vaamonde que retomará a súa anterior denominación, premio de poesía O Grelo, e a creación dun novo premio co que se patrocine a edición do seu primeiro disco a artistas e grupos musicais noveis, que se dará en chamar Premio Suso Vaamonde. Doutra banda, infórmase que a obra *Antítese Nativa*, de Manuel Lopes Rodríguez é a ultima vencedora do premio Suso Vaamonde de poesía. Destácase que Lopes Rodrigues amosa un estilo moderno, nú da beleza da poesía doutros tempos e próxima a artistas como Manuel Antonio e recóllense algunhas das verbas do galardoado, quen confesa a súa pretensión de mistificar o pasado da nación galega e afirma que o galego está nun dos peores momentos da súa historia.

- Damián Pereira, " A estradense Andrea Porto gaña O Grelo de poesía coa obra "ECO in aeternam", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía Local", "Cultura", 14 maio 2009, p. 9.

Infórmase da concesión do premio de poesía O Grelo a Andrea Porto Mato, co poemario titulado *ECO in aeternam*, que será a primeira obra que se publicará desta moza. Cóntase que a obra galardoada trata "de amores do pasado e lembranzas en imaxes a base de sons". Doutra banda, dáse conta do fallo dos premios de relato curto Xaquina Trillo e achégase información sobre o acto de entrega destes galardóns.

- Damián Pereira, " Amigos de Galicia entregó el premio de poesía 'O Grelo' a la joven Andrea Porto", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía Local", "Cultura", 14 xuño 2009, p. 9.

Dáse conta do acto de entrega do premio de poesía o Grelo a Andrea Porto, polo seu poemario *ECO in aeternam*. Sinálase que no acto de entrega a galardoada recitou un dos seus poemas e destácanse as verbas pronunciadas polo presidente da Asociación de Amigos de Galicia, promotora do premio, Jesús Busto, quen criticou a situación actual da lingua galega e salientou a importancia de apoiar os autores mozos que apostan polo galego como lingua de creación literaria.

Premio de Poesía Erótica **Illas Sisargas**

Convocado pola Asociación Caldeirón e o Concello de Malpica. Ademais da dotación económica de 500 euros, o premio inclúe a edición da obra gañadora na colección Caldeirón e a entrega de 30 exemplares ao gañador. Podían optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade, excepto os que xa foran premiados en anteriores edicións, que presentasen obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en galego. Actualmente a contía ascende a 1.500 euros. As obras terán unha extensión inferior a seiscentos versos e han de presentarse por triplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A4, por unha soa cara e grampados, baixo título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor. O prazo de admisión de orixinais pechouse o 15 de outubro. Os participantes debían enviar os seus traballos ao Concello de Malpica (Avenida Emilio González López, 15113). En edicións anteriores obtiveron o galardón: o poemario *Arredor do teu corpo*, do vigués Antonio García Teixeiro; Alberte Momán con *Baile Átha Cliath*; e Emma Pedreira con *Xoguetes póstumos*. Na IVª edición de 2009, o xurado formado por Emma Pedreira, Paco Souto e Antón Noceda, técnico de Cultura do Concello de Malpica, outorgou o galardón a Eduardo Estévez e Eli Ríos polo poemario *Rúa da cancela*, e tamén se concedeu unha mención especial a Eva Méndez por *A muller dormida*.

Referencias varias:

- M. Dopico, "Un xogo de sedución en prosa e en verso", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Poesía", 25 novembro 2009, p. 35.

Recóllense algunhas afirmacións dos autores de *Rúa da cancela*, Eduardo Estévez e Eli Ríos, obra coa que veñen de gañar o certame de Poesía Erótica Illas Isargas. Os autores explican que na obra, na que se relata a historia de dos homosexuais que transcorre nunha contorna urbana, en pubs, na praia, na rúa, no apartamento, na que se vai intercalando o verso e a prosa, cun erotismo moi directo, "case pornográfico". Asemade, dáse conta da composición do xurado deste premio e saliéntanse outros títulos de ambos premiados.

Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira. Dende inicios de 2000 simultanease este premio co homónimo de xornalismo. Podían concorrer a este certame todos os autores que presentasen textos inéditos, escritos en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio tiña unha dotación única de 1.500 euros e a publicación da obra. Debían remitirse tres copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, ao Concello de Bueu (Rúa eduardo Vicenti, 8, 36930 Bueu-Pontevedra) coa indicación "Premio de Poesía Johán Carballeira". O xurado estivo composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e mais un secretario, con voz e sen voto, en representación da Corporación. O Concello de Bueu resérvarase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. Na edición XIIIª edición de 2009 o prazo de admisión rematou o 16 de novembro e o fallo daráse a mediados do mes de xaneiro de 2010.

Referencias varias:

- J. Casal, "Abierto el plazo para optar al premio Johan Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "O Morrazo", "Bueu", 2 setembro 2009, p. 16.

Dáse conta da presentación das bases dos concursos de poesía e xornalismo Johan Carballeira, na súa duodécima e sétima edición respectivamente. Sinálase que no certame de poesía o prazo de presentación está aberto até o dezaseis de novembro; que o nome do gañador se dará a coñecer a finais de decembro e que o premio consta de mil cincocentos euros e a publicación da obra por parte do Concello.

Premio de Poesía **María Mariño**

Organizado pola Asociación Teenses pola Igualdade de Teo e patrocinado pola Librería Abraxas dende o ano 2008 está dirixido a todas as persoas maiores de idade que participarán cun só poema. Os poemas que se presenten teñen que ser orixinais, inéditos, sendo libres o tema e maila forma, e escritos en lingua galega cun máximo de cen versos. O galardón contou con dous premios de 500 € e 300 €. Os poemas debíanse presentar baixo lema por quintuplicado, cun sobre cos datos persoais do autor, á Asociación Teenses Pola Igualdade (Escola de Vilanova, 1º andar, Recesende, 15895, Teo). A entrega dos gaalardóns tivo lugar nun acto poético na Semana das Letras Galegas 2009. na IIª edición de 2009 o prazo de presentación dos traballos rematou o 16 de abril. Os premiados desta edición foron Celia Parra Díaz con *De novo a náusea* e María Xosé Canitrot Trillo con *Comendo mazás no medio do deserto*, de entre os corenta e oito poemas presentados. O acto de entrega tivo lugar o día 22 de maio no restaurante Os Robles.

Referencias varias:

- C. Botrán, "Celia Parra gana el Premio María Mariño de Teo", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 10 maio 2009, p. 35.

Dáse conta do fallo do xurado do IIº certame de poesía María Mariño, que recaeu no poemario titulado *De novo a náusea*, de Celia Parra Díaz. Asemade, coméntase que a obra premiada versa sobre o tema da violencia de xénero e cítanse todos os galardóns cos que foi distinguida durante a súa carreira esta nova escritora. Doutra banda, apúntase que o segundo premio recaeu no poemario de Mª Xosé Canitrot Trillo, titulado *Comendo mazás no medio do deserto.*

- maré, "Celia Parra gaña dous premios literarios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Talento", 10 maio 2009, p. 35.

Dáse noticia de que Celia Parra, de dezanove anos, resultou gañadora do premio Avelina Valladares na súa XIII edición co poemario *No berce das mareas*, e do primeiro premio do II certame de poesía María Mariño (organizado pola asociación Mixta Teenses e a Concellería de Igualdade de Teo) con *De novo a náusea*, poemario

escollido pola súa claridade, brevidade e calidade. Coméntase que xa conseguira o terceiro premio Minerva de poesía en dúas ocasións e o Ánxel Casal.

Premio de Poesía **Miguel González Garcés**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, dende o ano 2000 a súa convocatoria é bienal. As súas bases recollían que os traballos, orixinais e inéditos, debían estar escritos en galego e a súa extensión non sería inferior aos trescentos versos. Presentáronse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e acompañados dun sobre pechado no que constaba, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviáronse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n) antes do 15 de abril. O premio estivo dotado de 6.050 euros e a publicación da obra por parte da Deputación, quen podía sacar a primeira edición sen dereitos para o autor, a quen se lle entregarían trinta exemplares. Neste ano non lle correspondeu convocatoria.

Certame de Poesía **Mulleres do noso tempo**

A Delegación de Benestar e Igualdade, en colaboración co Centro de Información á Muller do Concello de Cee, convoca este certame co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, a orixinalidade e a transversalidade na transmisión de valores de convivencia. Podían participar todas as persoas, maiores de idade, cun tema que reflicta a situación actual das mulleres e cun máximo de tres poemas. Os poemas inéditos debían estar escritos en galego, cun mínimo de vinte versos e un máximo de cen e remitirse nun sobre á Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270, Cee. Estabelecéronse tres premios de 295 €, 200€ e100 €. Na edición de 2009 resultaron galardoadas a ceense Rocío Leira Castro co poema "O alborexar dun sono", Víctor Hugo Conde López e Mar Castro Bujeiro.

Premio **Nacional de Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía **O poeta azul. Xosé María Pérez Parallé**

Convocado pola Sociedade Artística Ferrolana e patrocinado polo Real Coro Toxos e Froles, o premio consistiu nunha placa e unha figura dun gaiteiro e a publicación do poema gañador na revista *Poesía Galicia* da SAF. Podíase enviar un poema por autor, orixinal ou inédito, escrito en galego e con tema libre. O poema escrito a máquina remitíuse ao apartado de Correos 339, 15480 (Ferrol) cos datos do autor antes do 31 de outubro. No ano 2009, o xurado da XVII^{a} edición de 2008, composto por don Ricardo Diaz-Casteleiro Romero, en calidade de presidente; don Carlos Barcón Collazo, crítico de arte e académico; don Xosé Ramón Vázquez Martínez, catedrático de Literatura; dona Rosa Martínez Dios, profesora de inglés e poeta; dona Aurora Varela, licenciada en Filoloxía Galega e poeta, don Juan Jose Rodríguez de los Rios, escritor e musicologo; dona Africa Otero Beltrán, vogal de promoción da SAF , e actuando de

secretaria dona Manuela Castro Cebreiro, profesora e pintora, reunido no Parador de Turismo de Ferrol, o día 14 de abril de 2009, acordou galardoar a Marcelino Sisto Deibe, de Ferrol, polo seu poema titulado "O xogo dos deuses", e dous accésits a Carlos García Gómez, de Ferrol polo poema "Noite de San Xoán" e a María Xesús Concejo Hernández, da Coruña por "Sin título".

Certame Literario **San Ramón**

Co fin de estimular e potenciar a creación poética galega, o Concello de Vilalba convocou este certame no que se concederon dous premios dotados con 3.000 euros e 1.000 euros xunto cunha flor natural e un diploma. Podían concorrer todos os autores de calquera nacionalidade e condición que presentasen orixinais e inéditos, de extensión e tema libre, escritos en galego. Os orixinais presentáronse por quintuplicado mecanografados a dobre espazo e enviáronse, xunto cun sobre cos datos persoais do autor, ao Concello de Vilalba (Praza da Constitución n.º 1, 27800 Vilalba). O prazo de inscrición rematou o 18 de xullo, a resolución deuse a coñecer o 22 de agosto e a entrega de premios realizouse o 30 de agosto durante as festas patronais da vila. Na XXXVª edición de 2009 recibiu o premio Pablo Bouza Suárez, natural da parroquia de Fene (A Coruña), co poemario *Poética da memoria*, presentado baixo o lema "Ex corde". O segundo premio foi para o lucense Xosé Otero Canto, polo poemario *Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas*, presentado co lema "No eido do silendio murmurado". Nesta edición o xurado estivo composto por José Mª García-Leira Boado, concelleiro de Cultura, o membro da Real Academia Española Darío Villanueva Prieto, José Carlos Rodríguez Andina, Xefe territorial de Cultura e Turismo da Xunta, Fidel Fernán Vello, director do grupo Radio Principal e o xornalista Xulio Xiz Ramil.

Referencias varias:

- M. R, "El Concello de Vilalba convoca un certamen de creación poética", *El Progreso*, "A Chaira", "Vilalba", 12 xuño 2009, p. 17.

Infórmase da convocatoria, dotación e as bases do XXXV Certame Literario de Poesía, que promove o Concello de Vilalba.

- C. P. R., "El Concello de Vilalba dota el XXXV Certame Literario con 4.000 euros", *El Progreso*, "A Chaira", 2 xullo 2009, p. 18.

Faise eco que o Concello de Vilalba convocou o XXXV Certame Literario de creación poética que outorgará a cantidade de catro mil euros repartidos en primeiro e segundo premio, ademais dunha flor natural e un diploma. Explícanse as bases do concurso e coméntase que o fallo do xurado será o 25 de agosto.

- García Fraga, "El Certame Literario premia al coruñés Pablo Bouza Suárez", *El Ideal Gallego*, "*Especial*", "Fiestas de Vilalba", 29 agosto 2009, p. 39.

Coméntase a composición do xurado da XXXV edición do Certame Literario, convocado polo Concello de Vilalba. Saliéntase que o primeiro premio está dotado con tres mil euros, unha flor natural e un diploma e que este ano recaeu no poemario *Poética*

da memoria, presentado co lema "Ex Corde", de Pablo Bouza Suárez, residente en Culleredo. Indícase que o segundo premio, dotado con mil euros, unha flor natural e un diploma, foi para *Outono mancebo céfiro de ás ergueitas*, presentado co lema "No eido do silencio murmurado", de Xosé Otero Canto, de Lugo. Para rematar, sinálase que o mantedor deste ano foi o xornalista e escritor vilalbés Antonio D. Olano e fálase da súa traxectoria vital e profesional, así como das súas preferencias.

Premio de Poesía **Victoriano Taibo**

Convocado por primeira vez no ano 2008 pola Entidade Local de Morgadáns de Gondomar e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM). Podía concorrer calquera persoa cun poemario inédito, escrito en galego e cunha extensión mínima de trescentos versos. Os traballos debían enviarse á Aula de cultura Ponte das Rosas (Avenida da Feira, n.º 10, baixo, apartado de correos 30, 36380, Gondomar). O premio consistiu nunha dotación de 3.000 euros, unha escultura conmemorativa, realizada polo artista miñorán Fino Lorenzo e a edición da obra nunha colección de poesía do IEM, chamada "Colección Victoriano Taibo". O prazo de admisión da IIª edición, correspondente ao ano 2009, rematou o 25 de xullo e o acto de entrega tivo lugar nas Escolas de Guillufe (Morgadáns) na segunda semana de novembro. O xurado composto por Araceli Gonda, Marta Dacosta, Gonzalo Navaza, Miguel Anxo Mouriño como secretario, con voz pero sen voto, e baixo a presidencia (sen voto) de Urbano Esmerode, presidente da Entidade Local de Morgadáns (Gondomar) acordou, por unanimidade, conceder o galardón ex aequo aos poemarios *Cuarto minguante*, de Mª do Carme Caramés Corgal e *Biografía da multitude*, de Elvira Riveiro Tobío e Silvia Penas.

Referencias varias:

- maré, "O Premio Victoriano Taibo recae 'ex aequo' en dous poemarios", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 setembro 2009, p. 29.

Dáse noticia de que o Premio de Poesía Victoriano Taibo, convocado pola Entidade Local Menor de Morgadáns e o Instituto de Estudos Miñoranos, recaeu en *Cuarto Minguante*, de Mª Carmen Caramés, e en *Biografía da multitude*, de Elvira Riveiro e Silvia Penas. Indícase que o xurado estaba composto pola xornalista Araceli Gonda, a profesora e poeta Marta Dacosta, o escritor Gonzalo Navaza e, con voz pero sen voto, Urbano Esmerode, presidente da Entidade Local de Morgadáns, e Miguel Anxo Mouriño, por delegación do presidente do Instituto de Estudos Miñoranos, que actuaba como secretario. Destácase que o premio se entregará a mediados de novembro en Morgadáns; e que está dotado con tres mil euros, unha escultura realizada por Fino Lorenzo e a edición da obra na colección de poesía "Victoriano Taibo" do Instituto de Estudos Miñoranos. Coméntase que o xurado valorou en *Cuarto Minguante* que reflicte a dor dunha nai que invoca e lembra ao seu fillo morto prematuramente, cunha poesía introspectiva que utiliza imaxes connotativas para facer ao lector partícipe dos seus sentimento. Ao mesmo tempo, salientou que *Biografía da multitude*, mediante poemas e textos en prosa poética, dános unha visión do presente, polo que considera que é unha biografía para nós que formamos parte desa multitude, e cuxa voz poética se declara mutilada.

Certame Nacional de Poesía **Xosé María Pérez Parallé**

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial Unidad de Fene, o Concello de Fene e a Editorial Espiral Maior, coa colaboración da deputación da Coruña, dende o ano 1987 para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé. Neste certame galardóanse poemas (catro como máximo) inéditos escritos en galegocunha extensión mínima de trescentos versos. Os orixinais tiñan que enviarse por triplicado e cun pseudónimo ou lema á sede do Círculo (Rúa Porto do Río, 21, San Paio-Fene, A Coruña) e debían entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consistiu na publicación da obra pola editorial Espiral Maior cunha tirase de oitocentos exemplares e unha peza de cerámica diseñada por Francisco Pérez Porto. Na XXIIª edición de 2009 presentáronse vinte e oito orixinais, o prazo de admisión rematou o 30 de setembro e o xurado, formado polo poeta e artista plástico Baldo Ramos, pola ex-directora da biblioteca de Narón Carmen Bar e a gañadora da edición anterior Susana Sánchez Aríns, elixiu como gañador ao arousán Ramón Nieto Otero co poemario *A estación única dunha illa*, presentado baixo o seudónimo Glas-Ao. O premio entregouse o día 21 de novembro na sede do Círculo Mercantil y Industrial Unidad, de Fene. O xurado tamén destacou a calidade dos poemarios *O xardín de inverno e outras augas* e *Noites na casa do pai*.

Referencias varias:

- L. L. R., "O libro é case un pensamento, como unha gota de auga que cae nun océano en calma", *Diario de Ferrol*, "Cultura/Gente/Servicios", "Ferrol", 10 novembro 2009, p. 8.

Coméntase que o poemario *A estación única dunha illa*, do arousán Ramón Nieto Otero, foi a obra gañadora da XXII edición do Premio de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, que outorga anualmente o Círculo Mercantil e Industrial Unidade de Fene, para honrar o escritor ferrolán. Afirma que o libro naceu como un intento de resolver o conflito entre o mundo da creatividade e todo o que xira ao redor dela, que é a súa fonte pero que, ao mesmo tempo, tamén se afasta dela; cre que esa estación única é a busca do interior dun mesmo e os ciclos da vida que xiran ao redor. Sinálase que o premio consiste na publicación do poemario na colección de poesía Espiral Maior e unha peza de cerámica deseñada por Francisco Pérez Porto, fillo de Pérez Parallé. Saliéntase que o ano anterior o galardón recaeu noutra arousá, Susana Sánchez Aríns, e que o xurado, integrado por Baldo Ramos, Carmen Bar e a propia Susana Sánchez Aríns, tamén destacou a calidade dos libros *O xardín de inverno e outra augas* e *Noites na cas do pai*. Finalmente dáse noticia de que a cerimonia de entrega se celebrará o 21 de novembro; porén, o día vinte presentaranse os poemarios de Xosemaría Pérez Parallé *Mariñans* e *Cantigas da Lembranza*.

X.3. TEATRO

Premio **Abrente para Textos Teatrais**

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito teatral e en lembranza dos "Concursos de textos teatrais" da Asociación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia a través da Mostra Internacional de Teatro convocou este premio no ano 2006 por primeira vez. Puideron optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade que presentaron obras inéditas e non premiadas escritas en lingua galega normativa. Estabeleceuse un premio único e indivisíbel, dotado con 3.000 euros e a entrega de vinte e cinco exemplares, reservando o Concello, durante un prazo de doce meses, os dereitos de editala e de representala. As obras foron de tema e extensión libres e presentáronse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, numerados, grampados ou encadernados baixo un título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, e enviáronse ao Concello de Ribadavia (Praza Maior s/n, 32400 Ribadavia-Ourense). O prazo de admisión de orixinais rematou o día 30 de xuño. Na cuarta edición do ano 2009 a decisión do xurado fíxose pública o 26 de xullo, coincidindo coa clausura da Mostra e decidiu por unanimidade deixar deserto o galardón. Presentáronse catorce obras. O premio de Honra foi para o Centro Dramático Galego e o premio do público para a obra *Ariadna*, da compañía sevillana Atalaya Teatro**.**

Referencias varias:

- LR, "A Mostra de Teatro concede o seu premio de honra ó Centro Dramático Galego", *La Región*, "O Ribeiro", 18 xuño 2009, p. 14.

Comenta que a organización da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia concedeulle o Premio de Honra Abrente 2009 ao Centro Dramático Galego polo seu papel na configuración do teatro galego contemporáneo, pola defensa e creación de obras en lingua galega, pola loita na normalización da lingua e pola súa dedicación como institución pública.

Premio **Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais**

Premio instituído anteriormente polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e actualmente por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellería de Cultura, para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia, e convocado xunto co Premio Manuel María para Textos Teatrais (ver o apartado X. 7 deste *Informe*) e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. Os interesados debían remitir ou entregar nas oficinas do IGAEM os seus textos inéditos, escritos en galego normativo, non representados nin premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, a excepción das pezas de teatro breve. Os textos debían ser presentados por sextuplicado en DIN A-4, mecanografados a dobre espazo co título e lema do premio na portada. O premio estivo dotado de 6.000 euros e a obra premiada será publicada dentro das coleccións dramáticas que se manteñan abertas no IGAEM en colaboración con

distintas editoriais galegas. Nesta XVIIIª edición de 2009 o período de admisión rematou o 2 de xuño e a obra gañadora, de entre as vinte presentadas, foi *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo, presentado baixo o lema "Rabo de culler". O xurado estivo integrado por Blanca-Ana Roig Rechou, actuando como presidenta, Xosé Ramón Fandiño Veiga, Eduardo Vicente Alonso Rodríguez, Gustavo Pernas Cora, Teresa González Costa e Jorge Manuel Rey Rivas, como vogais e Marcelina Calvo Domínguez, como secretaria.

Referencias varias:

- Xoán Bernárdez Vilar, "Os manuscritos de Iria Flavia", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 165, "Rolda da Cultura", novembro-decembro 2009, pp. 78-86.

Tras se referir a outros asuntos, coméntanse unha serie de novas relacionadas con diversos aspectos culturais galegos como o audiovisual, a banda deseñada, o cine e o teatro. Respecto ao teatro, indícanse cales foron os gañadores do XVIII Premio Álvaro Cunqueiro, convocado pola Axencia Galegadas Industrias Culturais para textos teatrais.

- M. Dopico, "Síntome reanimado", *Galicia Hoxe*, "MARÉ, "O escaparate galego", "Galardóns", 20 outubro 2009, p. 35.

Infórmase de que o dramaturgo Manuel Lourenzo recibiu o premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, pola obra *Flores de Dunsinane*, no acto de apertura da Feira Galega das Artes Escénicas. Comenta que no tema de Macbeth traballou dende o ano oitenta, que daquela se titulaba *Os Macbeth*, que o presentou a un premio e que o xurado considerou que aquela proposta xa a fixera Cunqueiro, polo que deixou o texto así, pero en 2008 revisouno, enviouno ao premio e resultou gañador. Salienta que o tema que quería traballar era a conciencia, "limpar a cabeza de pantasmas", xa que Fleance, que chega a rei de Escocia, recibe de vello a visita dos seus antecesores, os Macbeth, que conseguiron o poder cometendo un crime. Coméntase que o xurado subliñou que esta obra destacou polo ritmo e polo emprego dunha linguaxe rica, poética e expresiva, cun ton desiderativo que xa aparecía en Cunqueiro ou Ramón Otero Pedrayo. Lourenzo afirma que traballa noutros proxectos teatrais como *Nocturno Poe*, adaptación de Xesús Pisón de relatos de Edgar Allan Poe; *A ratiña linda*; *As formigas*; *Fidalgos*, con textos de Otero Pedrayo e *As Troianas* de Eurípides. Finalmente dá a súa opinión sobre a situación da política lingüística galega e fálase da súa traxectoria como dramaturgo.

- Camilo Franco, "Manuel Lourenzo gaña o Álvaro Cunqueiro recreando a 'Macbeth", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 outubro 2009, p. 48.

Dáse noticia de que na primeira xornada da Feira Galega das Artes Escénicas e Musicais se deron a coñecer os premiados de varios certames de teatro. Así, o premio Álvaro Cunqueiro de producións teatrais foi para *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo, quen opina que esta é unha obra difícil, pouco dada á risa e que quere reencontrar unha nova lectura de *Macbeth*. Sinala que a historia está protagonizada por Banquo, xa vello, que recibe a visita dos Macbeth para revivir un pasado tormentoso. Coméntase que o premio Manuel María de literatura dramática infantil foi para *Sopa de*

xarope de amora, de Xosé A. Neira Cruz, o Barriga Verde de textos de monicreques para adultos foi para o texto de Ignacio Vilariño *Auga que non vas beber...*, e o Barriga Verde na modalidade infantil foi concedido a *Bon Appétit*, de Begoña García.

- Mar Mato, "A actualización de Macbeth de Manuel Lourenzo faise co Álvaro Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "TV / Espectáculos", 20 outubro 2009, p. 67.

Dáse noticia de que Manuel Lourenzo gañou o XVIII premio de teatro Álvaro Cunqueiro coa obra *Flores de Dunsinane*, que prosegue a ficción dos reis de Escocia tras o final do *Macbeth* de Shakespeare, xa que os espíritos de Macbeth e Lady Macbeth retornan á vida para autoexculparse. Tamén se informa de que o premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil recaeu en *Sopa de xarope de amora*, de Xosé Antonio Neira Cruz, e o Barriga Verde de Teatro de Monicreques foi para *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño, na categoría de adultos, e para *Bon Appétit*, de Begoña García, na categoría infantil. Coméntase que cada un destes catro autores recibirá seis mil euros por cadanseu premio e finalmente recóllese unha pequena entrevista con tres dos gañadores. Manuel Lourenzo comenta que na súa obra cando o rei de Escocia, Fleance, está moribundo aparecen os espíritos de personaxes anteriores porque ten a teoría de que non chega unha vida para exculparnos das cousas que fixemos mal e confesa que facer teatro é difícil pero cre que é mellor que estea en crise porque iso significa que ten algo diferente que dicir.

- Olaia Ucha, "Manuel Lourenzo faise co Álvaro Cunqueiro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 20 outubro 2009, p. 77.

Dáse conta dos nomes dos gañadores dos tres galardón literarios que convoca anualmente a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic). Así, *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo, fíxose co premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais; *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz, gañou o premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil; *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño, obtivo o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na súa versión para adultos e *Bon Appétit*, de Begoña García, tamén foi galardoada co premio anterior pero na súa modalidade infantil. Indícase que, con anterioridade, Manuel Lourenzo gañou varios premios: o Rafael Dieste (1996 e 1999), o Nacional de Literatura Dramática (1997) e o Premio Nacional de Artes Escénicas (2008).

- Olaia Ucha, "Lourenzo gaña o Cunqueiro cunha versión de 'Macbeth", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 20 outubro 2009, p. 72.

Dáse noticia da concesión do premio Álvaro Cunqueiro a Manuel Lourenzo por *Flores de Dunsinane*. Dise que a presidenta do xurado, Blanca Ana Roig, destacou o emprego na obra premiada dunha linguaxe rica, poética e expresiva dramaticamente. Tamén comentou que reinterpreta un clásico da importancia de Macbeth, polo que crea expectativas no espectador ao ofrecer unha nova luz en relación aos personaxes. Sinálase que Xosé A. Neira Cruz resultou vencedor do premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil con *Sopa de xarope de amora*. Saliéntase que o premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na súa versión para adultos, recaeu en Ignacio Vilariño por *Auga que non vas beber...*, e na súa modalidade infantil, foi para Begoña García, por *Bon Appétit*, un canto á gastronomía.

- Isabel Bugallal, "O poder só acepta o teatro mentres sexa un adorno", *La Opinión*, 21 outubro 2009, contracuberta.

Entrevista a Manuel Lourenzo, que gañou o premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais da Xunta con *Flores de Dunsinane*, na que di que o teatro é un diálogo social entre os personaxes que representan as actitudes e comportamentos da xente e o público que asiste á representación. Salienta que nesta obra quixo facer unha interpretación da vida e a morte dos tiranos; así, nela, Macbeth e Lady Macbeth mataron para reinar e para manterse no poder e despois de mortos os seus espíritos non descansan e aparecen para rematar a súa propia historia. Admite que coñece ben a traxedia grega e William Shakespeare e que acode aos clásicos algunhas veces pero que a maioría das súas obras non teñen que ver con eles. Conta que hai uns anos a obra gañadora foi rexeitada no certame porque un membro do xurado consideraba que o propio Cunqueiro xa reinterpretara a Shakespeare, pero el opina que non é así xa que Cunqueiro tratou a figura de Hamlet e el as pantasmas dos Macbeth. Considera que a situación do teatro galego non é boa porque non hai unha programación continua que lle permita a unha obra estar o suficiente tempo en escena para que o público a poida ver, porque depende do diñeiro público e aos poderes públicos non lles interesa o teatro porque é crítico e resulta molesto. Confesa ser partidario de que se represente a calquera autor na súa lingua orixinal e non lle pareceu ben que o Centro Dramático Galego intentase facer Valle-Inclán en galego porque o seu cometido é promocionar o teatro escrito orixinalmente en galego. Finalmente dá a súa opinión sobre a situación lingüística actual do galego.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), actualmente por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura, coa colaboración do festival Galicreques, este certame presentouse como o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Posúe un carácter internacional, podendo participar autores de calquera nacionalidade sempre e cando presenten o traballo traducido ao galego. Dividiuse en dous apartados, dotados con 3.000 euros cada un: textos dirixidos ao público infantil, e textos escritos para o público adulto. Na VIIª convocatoria, correspondente ao ano 2009, a contía ascendeu a 6.000 euros en cada modalidade. Nesta edición resultou galardoado, de entre os catro textos presentados, na modalidade de teatro para adultos, *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño e na modalidade infantil, de entre os seis textos, *Bon appétit*, de Begoña García. O xurado estivo integrado por Blanca-Ana Roig Rechou, actuando como presidenta, Xosé Ramón Fandiño Veiga, Eduardo Vicente Alonso Rodríguez, Gustavo Pernas Cora, Teresa González Costa e Jorge Manuel Rey Rivas, como vogais e Marcelina Calvo Domínguez, como secretaria.

Referencias varias:

- Camilo Franco, "Manuel Lourenzo gaña o Álvaro Cunqueiro recreando a 'Macbeth", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 outubro 2009, p. 48.

Dáse noticia de que na primeira xornada da Feira Galega das Artes Escénicas e Musicais se deron a coñecer os premiados de varios certames de teatro. Así, o premio Álvaro Cunqueiro de producións teatrais foi para *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo. Coméntase que o premio Manuel María de literatura dramática infantil foi para *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz. Dise que o Barriga Verde de textos de monicreques para adultos foi para o texto de Ignacio Vilariño *Auga que non vas beber...*, obra que debe moito á literatura popular. O autor asegura que a maior parte das historias da peza proceden de cousas variadas que lle foi contando a xente e resalta que este premio é importante para a recuperación das marionetas que andaban polas feiras e festas galegas recollendo historias populares. Finalmente, afírmase que o Barriga Verde na modalidade infantil foi concedido a *Bon Appétit*, de Begoña García, a cal comenta que é unha peza na que se mesturan fantasía e realidade, moi sinxela, cuns personaxes estereotipados e cuxo protagonista é un cociñeiro italiano que vive en Galicia e que lle bota moita imaxinación aos seus menús.

- M. B., "Xosé A. Neira Cruz leva o Manuel María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O escaparate galego", "Infantil", 20 outubro 2009, p. 35.

Informa da entrega do IVº Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil a Xosé A. Neira Cruz por segundo ano consecutivo, que gañou esta vez pola súa peza *Sopa de xarope de amora*. Apúntase tamén que o VIIº Premio Barriga Verde de Textos para Monicreques foi para *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Sanmartín, un "musical satírico para marionetas", inspirado na tradición oral anticlerical ibérica, e que a modalidade infantil foi para *Bon appétit*, de Begoña García, "unha peza de estrutura clásica que ofrece un canto á gastronomía".

- Mar Mato, "A actualización de Macbeth de Manuel Lourenzo faise co Álvaro Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "TV / Espectáculos", 20 outubro 2009, p. 67.

Dáse noticia de que Manuel Lourenzo gañou o XVIII premio de teatro Álvaro Cunqueiro coa obra *Flores de Dunsinane*. Tamén se informa de que o premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil recaeu en *Sopa de xarope de amora*, de Xosé Antonio Neira Cruz, e o Barriga Verde de Teatro de Monicreques foi para *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño, na categoría de adultos, e para *Bon Appétit*, de Begoña García, na categoría infantil. Coméntase que cada un destes catro autores recibirá seis mil euros por cadanseu premio e finalmente recóllese unha pequena entrevista con tres dos gañadores. Ignacio Vilariño afirma que *Auga que non vas beber...* está composta de cancións, contos, sermóns anticlericais, etc. que foi recompilando para darlles unidade nunha posta en escena clásica, con mestura de linguaxes e lugares, así, pasouse da rúa aos pubs, teatros e bibliotecas.

- Olaia Ucha, "Manuel Lourenzo faise co Álvaro Cunqueiro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 20 outubro 2009, p. 77.

Dáse conta dos nomes dos gañadores dos tres galardón literarios que convoca anualmente a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic). Así, *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo, fíxose co premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais; *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz, gañou o premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil; *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño, obtivo o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na súa versión para

adultos e *Bon Appétit*, de Begoña García, tamén foi galardoada co premio anterior pero na súa modalidade infantil.

- Olaia Ucha, "Lourenzo gaña o Cunqueiro cunha versión de 'Macbeth", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 20 outubro 2009, p. 72.

Dáse noticia da concesión do premio Álvaro Cunqueiro a Manuel Lourenzo por *Flores de Dunsinane*. Sinálase que Xosé A. Neira Cruz resultou vencedor do premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil con *Sopa de xarope de amora*. Saliéntase que o premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na súa versión para adultos, recaeu en Ignacio Vilariño por *Auga que non vas beber...*, un musical inspirado na tradición oral anticlerical ibérica e que conta os amoríos do Padre Damián. Finalmente, este mesmo premio, na súa modalidade infantil, foi para Begoña García, por *Bon Appétit*, un canto á gastronomía.

- Xoán Bernárdez Vilar, "Os manuscritos de Iria Flavia", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 165, "Rolda da Cultura", novembro-decembro 2009, pp. 78-86.

Tras se referir a outros asuntos, coméntanse unha serie de novas relacionadas con diversos aspectos culturais galegos como o audiovisual, a banda deseñada, o cine e o teatro. Respecto ao teatro, indícanse cales foron os gañadores dos Premios Barriga Verde.

Premio **Diario Cultural de Teatro Radiofónico**

Convocado pola Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Contou con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 euros, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. As obras seleccionadas polo xurado emitíronse na Radio Galega e editouse un libro-CD cos textos finalistas. Puideron participar todos os escritores e escritoras que o desexaran sempre e cando non mantiveran unha relación laboral coa CRTVG e calquera das Sociedades que comprende (TVG e RG). Os traballos presentados debían ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non podían ser adaptacións. Debían estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radios, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos adoptaron o formato de guión radiofónico dramático e a súa duración en antena non podía ser inferior a quince minutos nin excedera os vinte minutos. As obras tiñan un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores podían utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos considerasen necesarios para que o texto fóra realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos, etcétera. O director das dramatizacións radiofónicas podía facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Non se admitiron máis de dous guións por autor e de cada obra presentáronse orixinal e catro copias. Os autores concursaron polo sistema de plica. Os traballos fixéronse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural "II Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico", San Marcos, 15820 Santiago de Compostela. Conserváronse durante un mes a partir da data na que se fixo pública a

resolución do xurado e logo destruíronse os que non foran solicitados polos seus autores. Os argumentos das obras foron de temática libre. O xurado estivo integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega. O xurado valorou especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprometéronse a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD. A tal fin os autores premiados e finalistas entenderon cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexasen puideron enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte de CD. As gravacións non foron tidas en conta na valoración dos textos teatrais polo xurado pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia, en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo CDG. O xurado escolleu entre as obras presentadas un premio único dotado con 3.000 euros e catro finalistas como máximo. Na terceira edición do ano 2009, o xurado reunido o 24 de marzo e composto por Cristina Domínguez, Cándido Pazó, Camilo Franco, Flor Maceiras e Ana Romaní decidiu por maioría conceder o galardón á obra *Peter Buckley*, do pontés César Candelas e Rubén Ruibal e quedaron como finalistas *Servizo de información*, de Paula Carballeira e *O xou mas gou on*, de Eva Freixeira. O premio da Audiencia foi tamén para *Peter Buckley*, de César Candelas e Rubén Ruibal que obtivo oitenta e sete votos. A entrega de premios tivo lugar o 15 de abril no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.

Referencias varias:

- S. J., "Ruibal gaña o 'Diario Cultural' cunha obra sobre un boxeador que perdía sempre", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 25 marzo 2009, p. 72.

Dáse conta da concesión do Premio de Teatro Radiofónico Diario Cultural a Rubén Ruibal e César Candelas, pola súa obra conxunta *Peter Buckley*, baseada na biografía deste boxeador británico. Asemade, recórdanse as dúas obras finalistas e a data e lugar de entrega do galardón.

- V. Oliveira, " O último asalto de Buckley", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 26 marzo 2009, p. 34.
Infórmase da concesión do Premio de Teatro Radiofónico Diario Cultural á obra conxunta de Rubén Ruibal e César Candelas, titulada *Furacán, o púxil coleccionista de derrotas*, baseada na figura do boxeador Peter Buckley. Recórdase a composición do xurado que fallou o galardón e as dúas obras finalistas. Asemade, recóllense as opinións dos premiados ao redor do teatro radiofónico, quenes reclaman unha maior presenza do teatro na radio. Candelas opina que esta forma de teatro proporciona moita liberdade para buscar recursos e Ruibal, pola súa parte, considera que é unha oportunidade para que os autores se dean a coñecer á xente.

- Natalia Álvarez, " Teño moi claro que sigo sendo un afeccionado", *Faro de Vigo*, "*Faro de Cultura*", n.º 285, "Entrevista", 2 abril 2009, p. III.

Entrevista con Rubén Ruibal, quen vén de gañar o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico xunto con César Candelas, pola obra *Peter Buckley*. Explica como comezou a súa amizade con Candelas e a experiencia desta colaboración. Tamén comenta a posibilidade de que a súa obra *Limpeza de sangue*, galardoada co Premio Nacional de Literatura Dramática, sexa levada a escena. Asemade, opina sobre a situación actual do teatro, coida que a política do cultural do goberno anterior foi a mellor que tivemos e aspira a que o novo goberno non retroceda no apoio ao teatro.

Premio de teatro **A Guerra da Independencia en Valga**

Convocado polo Concello de Valga para obras inéditas en galego. O autor/a deberá ter en conta que se trata dunha representación popular na que participarán actores e actrices afeccionados, en gran número; e que a presentación será ao aire libre. O tema deberá gardar relación coa Guerra da Independencia e centrarase no episodio da revolta popular dos veciños de Casal do Eirigo contra as tropas francesas e terá como escenario de representación o recinto da Capela da Saúde. Presentaranse os orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e pseudónimo do/a autor/a, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo e nun sobre os datos persoais do autor/ e enviaranse ao Concello de Valga (Avda. Coruña, 14, 36645 Valga-Pontevedra). Estabelécese un único premio de 2.500 euros que implica a obriga de colaborar coa dirección da obra para a súa posta en escena. Ademais da calidade das obras, valorase a viabilidade da súa posta en escena. No ano 2009 presentáronse seis obras, o xurado formado pola actriz Anabel Gago, os directores de teatro Xosé Lueiro e Manuel Solla Barragán, a conselleira de Cultura Mari Carmen Castiñeiras, Jorge Fresco e José Ramón Rial, como secretario, galardoaron a obra *¡Caracooo!*, de Antonio Pena Abal.

Referencias varias:

- C. G., "Seis obras competirán por recrear a batalla contra os franceses en Valga", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 14 xaneiro 2009, p. 4.

Infórmase da composición do xurado, da dotación económica e dos pseudónimos dos seis aspirantes ao premio de teatro A Guerra da Independencia en Valga, inserido dentro dos actos que o Concello de Valga promove co gallo da conmemoración do bicentenario da Batalla de Casal do Eirigo. Sinálase tamén, que todas as obras presentadas son inéditas e en galego, como se estabelece nas bases do certame.

- M. Angueira, "Casal do Eirigo gritará "¡Caracooo!", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 23 xaneiro 2009, p. 20.

Faise eco da concesión do Premio de Teatro A Guerra da Independencia en Valga a obra *¡Caracooo!* de Antonio Pena Abal, da que o autor destaca o seu transfondo histórico e o seu carácter didáctico. Destácase do galardoado, o seu paso pola compañía Os Pirinautas e o seu labor como director teatral en varias agrupacións teatrais. Asemade, recórdase a composición do xurado que fallou este premio.

- Lidia M. Gallas Otero, " O teatro é un dos feitos máis máxicos que poidan existir", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...", 1 febreiro 2009, p. 32.

Conversa con Antonio Pena Abal, quen ven de recibir o Premio de Teatro A Guerra da Independencia en Valga. Explica que o título, *¡Caracoool!*, responde ao berro dos galegos para alertar da presenza dos franceses e confesa que tivo que documentarse sobre a Batalla de Casal do Eirigo, xa que descoñecía totalmente o feito histórico. Remata a conversa comentando os seus próximos proxectos teatrais.

- M. Angueira, "El Concello convoca la segunda edición del premio de teatro 'A Guerra da Independencia", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", "Valga", 11 setembro 2009, p. 23.

Dáse noticia de que o Concello de Valga convocou unha nova edición do premio de teatro "A Guerra da Independencia", que se organizou por primeira vez con motivo do bicentenario da Batalla de Casal do Eirigo. Coméntase que os textos dramáticos poden presentarse até o doce de decembro no rexistro do Concello en dous sobres pechados. Sinálase que un deberá conter os orixinais mecanografados, por quintuplicado, sen asinar, co título da obra e o pseudónimo do autor, ademais dun precaderno de dirección que describa a posta en escena do espectáculo teatral. Infórmase de que no segundo sobre debe incluírse o nome, teléfono, enderezo e unha fotocopia do DNI do autor; e por fóra ten que constar o título da obra e o pseudónimo. Saliéntase que as obras teñen que ser inéditas, estar escritas en galego e o tema ten que gardar relación coa Guerra da Independencia e centrarse na revolta popular dos veciños de Casal do Eirigo fronte ás tropas francesas. Dise que o premio terá unha dotación de dous mil cincocentos euros e que se valorará a calidade das obras pero tamén a viabilidade da posta en escena, feita por actores afeccionados e ao aire libre, e o autor cederá os dereitos de reprodución da obra.

Premios **María Casares**

Son anuais e foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización destes premios correu a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colaborou o Excmo. Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optaron a estes premios todas as producións galegas feitas en lingua galega, estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participaron nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concedéronse nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música orixinal, Adaptación /Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto, á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. Os premios non tiveron dotación económica, consistiron nun busto de cerámica da actriz María Casares e decidíronse nun proceso que cubriu o primeiro trimestre do ano. Nesta edición de 2009 a resolución dos premios coñeceuse o día 25 de marzo, nunha gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro

da Coruña, coincidindo co Día Mundial do Teatro. Os gañadores foron: *Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico, dirixida por Xulio Lago que obtivo os galardóns de Mellor espectáculo, Mellor dirección, Mellor actriz protagonista (para María Bouzas), Mellor escenografía (Carlos Alonso), Mellor vestiario (Carlos Alonso) e Mellor Iluminación; *No comment*, de PT Excéntricas, obtivo o premio a Actor Protagonista para Víctor Mosquera, ademais de Música orixinal (Suso Alonso), e Cristina Couto levou Mellor maquillaxe polo seu traballo en *Dáme veleno, eu tamén soñar*, de Sarabela Teatro. O premio de honra Marisa Soto, foi para a escritora e xornalista Ana Romaní polo seu labor a prol do teatro, o audiovisual e da cultura galega en xeral á fronte do Diario Cultural da Radio Galega.

Referencias varias:

- maré, " As colleitas dun ano de traballo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Escenarios", 13 xaneiro 2009, p. 34.

Infórmase da apertura do proceso de votación dos Premios de Teatro María Casares e apúntase que nesta edición son vinte e oito os espectáculos candidatos e douscentos oitenta e un os profesionais, de diferentes categorías, que optan a estes galardóns. Coméntase que o censo está formado polos trescentos asociados da AAAG(Asociación de Actores e Actrices de Galicia), todos os finalistas e gañadores das anteriores edicións, os programadores de toda Galicia e críticos e estudiosos teatrais.

- S. G. I, "Optarán a los María Casares 28 espectáculos", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Premios", 13 xaneiro 2009, p. 52.

Coméntase que o proceso de votación dos Premios de Teatro María Casares será até o 25 de marzo, día da gala de entrega. Apúntase que nesta edición son vinte e oito os espectáculos candidatos. Dise que estes premios se crearon para servir de recoñecemento e estímulo á profesión teatral galega.

- M. Manteiga, "Pico se lleva el Premio Maruxa Villanueva de teatro en Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 febreiro 2009, p.33.

Faise eco da concesión do VIIIº Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva ao actor Xosé Manuel Olveira, coñecido como Pico. Lémbrase que o actor foi distinguido tamén con tres María Casares e que este ano volve a estar nomeado a estes premios.

- Ramón Loureiro, "Unha primavera para Aldara', gran favorita para os María Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 marzo 2009, p. 49.

Noméanse as obras e profesionais candidatos aos Premios María Casares, nas súas diferentes categorías, salientando como favorita, con nove nomeamentos, a montaxe do Teatro do Atlántico, *Unha Primavera para Aldara*, obra escrita por Teresa Moure. Apúntase os nomeados como mellor protagonista feminina, María Bouza, Elina Luaces e Luisa Merelas, e masculino, Ernesto Chao, Víctor Mosquera e Xosé Manuel Olveira, Pico.

- LR.,"Sarabela Teatro', nominada en cuatro categorías para los Premios María Casares", *La Región*, "Ourense", 11 marzo 2009, p. 8.

Infórmase de que a montaxe da compañía Sarabela Teatro, *Dame veleno, eu tamén soñar* foi nominada ás categorías de Mellor maquillaxe, Mellor vestiario, Mellor escenografía e Mellor Actor secundario.

- maré, " Os finalistas aos premios da escena", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Obras", 11 marzo 2009, p. 37.

Dáse conta da celebración da festa de nomeados aos Premios de Teatro María Casares. Repásanse os finalistas de todas as categorías, salientando a revelación como favorita do espectáculo *Unha Primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico, con nove nomeamentos e a peza *Obra (No Coment)*, da compañía Producións Teatrais Excéntricas, dirixida por Quico Cadaval, con sete candidaturas. Por outra banda, lémbranse as diferentes categorías existentes e a composición do censo de electores.

-Matilde, "Escaparate", *Atlántico Diario*,"Opinión", 13 marzo 2009, p. 5.

Apuntamento co que se felicita ao director teatral Xulio Lago polo seu nomeamento, nas categorías de mellor iluminación e director, aos premios María Casares co espectáculo *Unha Primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico.

- Camilo Franco, " O teatro galego medrou en case 30.000 espectadores no 2008", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 23 marzo 2009, p. 30.

Achéganse datos estatísticos, elaborados pola Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), sobre o número de espectadores do teatro galego. Tamén se subliña que a obra con máis espectadores por función foi *Humor NegrhoK,* de Carlos Blanco, con Maneca Costas e a compañía que máis funcións levou a cabo foi Talía Teatro. Doutra banda, recórdase a próxima celebración da gala dos premios María Casares e dáse conta do número de nomeamentos aos que optan os diferentes espectáculos, así coma da concesión do premio de honra Marisa Soto a Ana Romaní.

- Rubén Bruña, "Los premios María Casares de teatro reivindican el papel femenino en el arte", *La Opinión*, "A Coruña", 24 marzo 2009, p.15.

Descríbese a gala dos premios María Casares, na que participou a concelleira de Cultura da Coruña, María Xosé Bravo, quen subliñou o aumento do número de espectadores teatrais e que a cidade herculina foi a que máis representacións en galego ofertou. Vicente Montoto, director da Asociación de Actores y Actrices de Galicia destacou a boa situación que atravesa o teatro galego, a creación dun convenio colectivo para os actores galegos e afirmou que o catálogo de actores e actrices de Galicia xa se pode atopar en Brasil. Con respecto a gala dos María Casares, a directora, Mariana Carballar comenta que será un espectáculo humilde, divertido e con moito ritmo. Asemade, recórdanse os títulos dos espectáculos que alcanzaron máis nomeamentos.

- P. Obelleiro, "El teatro destaca un aumento 'espectacular' de público", *El País*, "*Galicia*", 24 marzo 2009, p. 6.

Anúnciase a celebración da decimo terceira gala dos premios María Casares. Saliéntase o aumento do número de espectadores para o teatro galego, recóllense as palabras do presidente da Asociación de Actores y Actrices de Galicia, Vicente Montoto, quen salienta o grande logro que supón o convenio colectivo para o sector e lembra que a asociación que dirixe traballa pola dignificación e normalización da profesión.

- R. R., "El teatro gallego celebra su acogida", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Ciudad", "Gala", 24 marzo 2009, p. 17.

Infórmase da presentación oficial da gala dos premios de teatro María Casares, na que participou o presidente da Asociación de Actores y Actrices de Galicia, quen destacou o bo momento do teatro e a importancia da consecución dun convenio colectivo para os actores e actrices. María Xosé Bravo, concelleira de Cultura, pola súa parte, subliñou o aumento do público de teatro e a actriz Mariana Carballal, avanzou que a gala será divertida e con ritmo.

- Rodri García, "Unha primavera para Aldara' arrasa nos premios María Casares", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 marzo 2009, p. 47.

Faise unha crónica do acontecido na gala de entrega dos premios María Casares, subliñándose o éxito do espectáculo *Unha primavera para Aldara*, que alcanzou sete galardóns, entre eles o de mellor texto orixinal para Teresa Moure, mellor director para Xulio Lago e mellor actriz protagonista para María Bouza. Destácanse tamén outros premiados e recórdase que o premio de Honra recaeu este ano en Ana Romaní. Tamén se recollen as declaracións de Vicente Montoto, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, quen salientou a importancia da consecución dun convenio colectivo para os actores e actrices galegos e que o catálogo de actores e actrices tivera chegado a Brasil, e de Xulio Lago quen expresa os seu temores con respecto ao apoio do teatro por parte do goberno entrante.

- Marta García Márquez, "A obra 'Unha primavera para Aldara' ergue sete María Casares no Rosalía", *Diario de Ferrol*, "Provincia", "A Coruña", p. 21/ *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Cultura", "Teatro", p. 14, 26 marzo 2009.

Crónica da gala de entrega dos premios María Casares de teatro, da que se salienta o liderado feminino nas candidaturas, o transfondo reivindicativo nas dedicatorias dos premiados e as referencias á crise. Noméanse os nove galardóns d'*Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico, e recóllense as afirmacións do seu director Xulio Lago, quen espuxo a súa preocupación polo futuro do teatro co novo goberno. Doutra banda, apúntase que a sorpresa da noite foi a concesión do galardón como mellor actriz secundaria a Rebeca Montero por *A boa persoa de Sezuán*, do Centro Dramático Galego, e que neste ano o premio de honra recaeu en Ana Romaní.

- Gemma Malvido, "Unha primavera para Aldara' arrasa nos María Casares con sete galardóns", *La Opinión*, "A Coruña", 26 marzo 2009, p.14.

Dáse conta do acontecido na gala dos premios de teatro María Casares. Subliñase que este ano foron as compañías independentes as que alcanzaron máis galardóns, destacándose a montaxe *Unha primavera para Aldara*, de Teatro do Atlántico con sete e os dous de Producións Teatrais Excéntricas con *Obra (No comment*). Doutra banda,

recóllense as reivindicacións dalgúns dos premiados como Suso Alonso quen reclamou música en directo nos espectáculos; Xulio Lago, quen esixiu aos responsabeis de cultura do novo goberno que continuaran os proxectos comezados; ou Olga F. Nogueira quen reivindicou a lingua galega. Saliéntase que a gala xirou ao redor da dignificación do actor, da conciliación por parte da muller da vida laboral coa familiar e a apelación a imaxinación como modo de solucionar os problemas.

- Gemma Malvido, " Alfombra lila e silencio", *La Opinión*, "A Coruña", 26 marzo 2009, p.15.

Recóllense anécdotas da gala dos premios María Casares, destacando as omisións que Vicente Montoto, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, fixo no seu discurso, referidas a "facer novas amizades", dado o cambio de goberno na Xunta.

- Xosé Manuel Pereiro, "Unha primavera para Aldara', de Teresa Moure, triunfadora en los María Casares", *El País*, "*Galicia*", 26 marzo 2009, p. 5.

Cítase os galardoados na gala dos premios de teatro María Casares e destácase a intervención de Vicente Montoto, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, que aproveitou para reivindicar que non se paralizaran os avances alcanzados para o teatro co novo goberno e de Gustavo Pernas, quen leu o manifesto do teatro galego con motivo do Día Internacional del Teatro. Saliéntase, tamén, o liderado feminino da gala e as alusións á crise.

- Víctor Paz Morandeira, "Pleno menos un 'Unha primavera…' triunfa nos María Casares", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Teatro", 26 marzo 2009, p. 42.

Infórmase da gala de entrega dos premios María Casares, na que se salienta o triunfo con sete galardóns da montaxe *Unha Primavera para Aldara* e se recollen as declaracións do seu director Xulio Lago, quen expresou a súa preocupación polo futuro do teatro. Tamén se reproducen as palabras do presentador do acto, Josiño Porto, quen aludiu á crise permanente do teatro e Vicente Montoto, quen animou á difusión do catálogo de profesionais, destacou a importancia da materialización do convenio de teatro e o espectacular incremento dos espectadores. Asemade, destácase a concesión do galardón de Honra Marisa Soto a Ana Romaní e lémbranse outros premios e recoñecementos alcanzados pola xornalista.

- Ágatha de Santos, "El teatro no puede depender de los políticos", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 27 marzo 2009, p. 45.

Conversa con Xulio Lago, director de Teatro do Atlántico, compañía que vén de recoller sete premios de teatro María Casares. Opina que é máis importante o respaldo do público que recibir premios, explica que o éxito d'*Unha primavera para Aldara* é a riqueza do texto e das personaxes xunto co destacado elenco actoral. Asemade, comenta a denuncia que fixo na gala de entrega dos premios, inducindo aos políticos para que os proxectos teatrais non quedaran paralizados, durante o cambio de goberno.

- Lecer, "Teresa Moure, a vencedora", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 754, "O personaxe", 29 marzo 2009, contracuberta.

Saliéntase a concesión do premio María Casares, ao mellor texto orixinal, a Teresa Moure coa obra *Unha primavera para Aldara*. Cítanse os outros seis galardóns que recibiu esta montaxe, dáse conta doutros premios alcanzados por Moure e recórdanse os seus títulos máis destacabeis.

- Lara Rozados, "Sete primaveras para Aldara", *A Nosa Terra*, n.º 1.353 , "Cultura", 2-8 abril 2009, p. 39.

Repásanse os nomes dos galardoados nos María Casares nas súas diferentes categorías, destacando os nove galardóns alcanzados pola montaxe *Unha primavera para Aldara*, da compañía Teatro do Atlántico, entre eles o de mellor texto dramático a Teresa Moure. Saliéntase que os fíos argumentais da gala foron a situación económica e a reivindicación dunha normalización profesional das artes escénicas. Recóllense algunhas das verbas pronunciadas na gala por Vicente Montoto, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, quen pediu que o novo goberno non retrocedera no tocante as políticas teatrais e audiovisuais, destacou a consecución dun convenio para os actores e actrices, o aumento do numero de espectadores e o feito de que o catálogo de actores e actrices de Galicia fora presentado xa en Madrid e Brasil. Tamén se salienta a intervención de Gustavo Pernas, que foi encargado de ler o manifesto galego do Día Mundial do Teatro, no que se afirma que o teatro, a pesares de depender do mercado, non pode ser unha mercadoría e as palabras de Xulio Lago, director do espectáculo triunfador, quen mostra a súa preocupación pola falta de interese no teatro por parte do novo goberno. Doutra banda, infórmase que o premio de honra Marisa Soto recaeu este ano na escritora e xornalista Ana Romaní.

- maré, "Presión até o último minuto", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 abril 2009, p. 30.

Coméntase a reunión da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, na que o colectivo reclamou ao goberno saínte o cumprimento dos compromisos adquiridos no plan de apoio e fomento da produción cinematográfica dos anos 2008-2009 e que o novo goberno continúe esta senda, xa que a asociación entende que estas axudas non poden estar vinculadas aos cambios de goberno, pois isto paraliza numerosos proxectos. Dise que estas reivindicacións xa foron transmitidas por Xulio Lago, no momento de recoller o galardón como mellor director na última edición dos premios María Casares.

- Lara Rozados, "A Xunta cede ás primeiras presións do mundo teatral", *A Nosa Terra*, n.º 1.365, "Cultura", 25 xuño-1 xullo 2009, pp. 24-25.

Comeza destacando que un dos temas máis recorrentes da XIII gala de entrega dos premios María Casares foi a crise económica e a parálise que se produciu tras o cambio de goberno. Indica que un dos gañadores, Xulio Lago, salientou que un dos maiores medos é que todas as axudas ao teatro se paralicen ou que cheguen a desaparecer. Tamén fai referencia á falta de director para AGADIC e dá conta do manifesto lido por Ernesto Chao en nome de Escena Galega. No seguinte apartado fai referencia ás débedas e aos trámites de pagamento que aínda están pendentes e achega as solucións propostas pola Consellería de Cultura. En columna á parte, presenta a dúbida de se o sector recibirá as axudas para os espectáculos e festivais do segundo semestre do ano e cita algúns dos eventos que están no aire. Finalmente, tamén salienta a problemática nacida ao redor da falta de director para AGADIC.

- Roberto Pascual, "XIII Gala dos Premios María Casares: O triunfo d'Unha primavera para Aldara", *Revista Galega de Teatro*, n.º 59, "Espazos", verán 2009, pp. 36-38.

Coméntase que na edición de 2009 dos premios de teatro María Casares, que entrega a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), o seu presidente destacou no seu discurso os puntos positivos que no último ano se deron no sector profesional do teatro: un convenio que pretende dignificar e estabilizar o sector pero que corre o risco de quedar nun compendio de boas intencións, ao igual que o Plan Galego das Artes Escénicas (2008-2011), e o ascenso do número de espectadores e órganos de seguimento, avaliación e participación para o sector audiovisual. Tamén se trataron algúns problemas que ten o sector como o feito de que moitos empresarios sexan tamén actores por mor da necesidade. Dise que, por outra banda, Gustavo Pernas leu un manifesto galego polo día mundial do teatro, que é unha construción de compromisos sen partidismos, a súa contradición e a súa condición rebelde e reivindicou a eminencia da arte fronte ao mercadeo e o trámite funcionarial. Coméntase que os traballos coreográficos do alumnado da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia foron aplaudidos. Sinálase que o momento máis emocionante foi cando se lembrou aos compañeiros do teatro que xa non poden compartir a profesión, en especial a Elena Atienza e Rubén García. Saliéntase que o premio da Honra Marisa Soto foi para Ana Romaní polo seu traballo de difusión a través do programa da Radio Galega Diario Cultural. Finalmente, recóllese unha listaxe dos premiados co María Casares 2009.

Premio de Interpretación Teatral **Maruxa Villanueva**

O Concello de Padrón convocou este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. Podían concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Contou cunha contía de 1.200 euros, diploma acreditativo e estatuíña de bronce que representaba o busto de Maruxa Villanueva. Na edición de 2009 o xurado estivo composto por Inma López Silva, Carlos C. Biscaínho, Afonso Becerra e Roberto Pascual e os representantes dos grupos políticos do pleno de Padrón. O xurado decidiu premiar a Xosé Manuel Olveira, Pico, polo seu traballo en *Aeroplanos* e *Noite de Reis* e pola súa traxectoria autodidacta en defensa da formación e da profesión teatral galega.

Referencias varias:

- M. Manteiga, "Pico se lleva el Premio Maruxa Villanueva de teatro en Padrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 24 febreiro 2009, p.33.

Infórmase da concesión do VIIIº Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva ao actor Xosé Manuel Olveira, coñecido como Pico. Recórdase que o actor foi distinguido tamén con tres María Casares e que este ano volve a estar nomeado a estes premios. Doutra banda, coméntase que o actor continua coa representación de *Aeroplanos* e salienta entre os seus próximos proxectos a reposición de *Noite de Reis* e a volta d'*A Piragua,* ademais doutros traballos para cine e televisión.

Premios **MAX de las Artes Escénicas**

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas co propósito de estimular e premiar o talento dos artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorreron todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concedéronse en distintos apartados como autores, tradutores, adaptadores, compositores, escenografía, iluminación, etc., que foron elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escritura en castelán, pero máis tarde tivéronse tamén en conta as outras linguas do estado. Nesta edición de 2009 a obra *Aeroplanos*, da compañía Lagarta lagarta quedou finalista no Mellor Espectáculo Revelación e o vigués Eduardo Alonso recibiu o galardón ao Mellor autor teatral en galego pola obra *Extrarradios (comedia das mulleres desamparadas)* nunha gala celebrada no Teatro Cuyás das Palmas de Gran Canaria. Os outros nominados ao Mellor autor teatral foron Candido Pazó por *E ti, quen vés sendo?* e José Luís Prieto por *O ridículo desamor dun home máis ou menos normal*. O acto de entrega foi o 30 de marzo no Teatro Cuyás de Las Palmas de Gran Canaria.

Referencias varias:

- Darío Prieto, "El 'Tirant lo Blanc'de Bieito lidera la carrera por los Max", *El Mundo*, "Cultura", 24 xaneiro 2009, p.38.

Dáse conta dos espectáculos e profesionais aspirantes aos premios Max de teatro, salientando os oito nomeamentos da recreación escénica de *Tirant lo Blanc*, de Joanot Martorell, por parte de Calixto Bieito.

- maré, "Pazó, Alonso e José Luís Prieto disputan o Premio 'Max", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Teatro", 24 xaneiro 2009, p. 29.

Faise eco dos aspirantes aos premios Max como mellor autor teatral en galego, ao que aspiran Cándido Pazó, Eduardo Alonso e José Luís Prieto, en catalán e vasco. Asemade, destácanse os oito nomeamentos da obra *Tirant lo Blanc,* dirixida por Calixto Bieito.

- M. J. R., "Prieto: "Manejo el humor porque supongo que es mi forma de ver la vida"", *Diario de Ferrol*, "CGS", "Ferrol", "Teatro", 1 febreiro 2009, p. 10.

Infórmase do nomeamento de José Luís Prieto aos premios Max na categoría de mellor autor teatral en galego, co seu espectáculo *O ridículo do desamor dun home máis ou menos normal*, estreado en Narón en 2008. Coméntase que xa alcanzara este premio nos anos 2003 e 2005 e o que foi finalista en 2007. Asemade, coméntanse os proxectos levados a cabo neste ano e os que está a desenvolver.

- A. L., "Voando a polo Max. 'Aeroplanos' nominada a obra revelación", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Teatro", 7 febreiro 2009, p. 50.

Coméntase a escolla de *Aeroplanos*, da compañía Lagarta lagarta, como representante galega á categoría de Mellor Espectáculo Revelación dos Premios Max, obra orixinal de

Carlos Gorostiza, traducida por Avelino González e dirixida por Rosa Álvarez. Asemade, achéganse os títulos dos dezasete espectáculos seleccionados como representantes das demais comunidades autónomas.

- Damián Pereira, "Vilagarcía recibe este sábado a unha das candidatas aos premios Max: 'Extrarradios", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía Local", "Cultura", 12 febreiro 2009, p. 12.

Alúdese á inminente representación en Vilagarcía da obra *Extrarradios, Comedia das mulleres desamparadas,* por parte da Compañía do Noroeste, espectáculo candidato aos premios Max. Coméntase o argumento da obra, que trata da vida dunha prostituta e unha mendiga que se enfrontan á sociedade. Infórmase do prezo das entradas e recóllense as palabras do seu creador e director Eduardo Alonso, quen defende o valor que ten a comedia para promover a reflexión do espectador.

- E. P., "Premio de Honor de los Max a Miguel Narros", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 marzo 2009, p. 60.

Infórmase da concesión do Premio de Honra, por parte do comité organizador dos Premios Max, ao director Miguel Narros. Asemade, lémbranse os galardoados dos últimos anos nesta categoría.

- R. S. C., "Aeroplanos' optará a ser a revelación galega nos Max", *ABC*, "Galicia", 29 marzo 2009, p. 51.

Coméntase a selección de *Aeroplanos*, obra orixinal de Carlos Gorostiza, traducida por Avelino González e dirixida por Rosa Álvarez, para representar a Galicia na categoría de Espectáculo Revelación na duodécima gala dos Premios Max. Sinálase que esta categoría persegue reivindicar montaxes modestas que non soen transcender do seu ámbito autonómico. Tamén se destacan as candidaturas de Candido Pazó, Eduardo Alonso e José Luis Prieto na categoría de Mellor Autor Teatral en Galego.

- E. P., "La producción gallega 'Aeroplanos' opta al Max de las Artes Escénicas", *El Correo Gallego*, "Cultura", 30 marzo 2009, p. 60.

Dáse conta da selección de *Aeroplanos*, da compañía Lagarta lagarta como representante galega na categoría de Espectáculo Revelación na gala dos Premios Max, categoría que persegue promover e reivindicar as montaxes alternativas de alcance autonómico. Obra que se define polo equipo de realización como unha comedia de intriga ao redor das relacións humanas. Tamén se salientan as candidaturas de Candido Pazó, Eduardo Alonso, José Luis Prieto na categoría de Mellor Autor Teatral en Galego e danse algúns datos sobre o desenvolvemento da cerimonia.

- Concha Barrigós, "Eduardo Alonso gana el Max al Mejor Autor Teatral en Gallego", *La Región*, "Sociedad", p. 59/ *Atlántico Diario*, "Sociedad", p. 66, 31 marzo 2009.

Noméanse algúns dos premiados na duodécima gala dos Premios Max. Dise que, no eido galego, Eduardo Alonso foi premiado como mellor autor teatral por *Extrarradios (Comedia Das Mulleres Desamparadas)*, e que a triunfadora da noite foi a montaxe *Argelino, servidor de dos amos*, de Animalario, con catro galardóns.

Premio **Nacional de Teatro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Teatro **Rafael Dieste**

Este premio iniciado no ano 1988, creouse coa intención de incentivar a creatividade no ámbito do teatro, por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome. A partir da edición de 1999, a súa convocatoria é bienal. A Deputación Provincial da Coruña, entidade convocante, estabeleceu, dende o ano 2001 que ao Premio de Teatro Rafael Dieste podían optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presentasen obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega, concedendo un premio único e indivisíbel dotado con 6.500 euros. A Deputación publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezaoito meses os dereitos de editala e de representala, e entregará ao gañador trinta exemplares, do mesmo xeito que poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e representación da obra premiada, sen que isto supoña unha compensación complementaria para o autor. As obras foron de tema e extensión libres, e presentáronse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentáronse baixo un título e un lema, constando na plica o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes tiñan a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obtivera a obra presentada, no momento en que esta situación se producise, o que daría lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actuou en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións foron secretas e delas redactouse a acta correspondente. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estimáronse positivamente os factores que inciden na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas, etcétera. O xurado non poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que será o órgano competente para resolver o premio. Os textos tiñan que enviarse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006 A Coruña, indicando no sobre "Premio de Teatro Rafael Dieste". Na XIVª edición correspondente ao ano 2009, o prazo de admisión rematou o 15 de abril, o fallo fíxose público o 17 de xuño e gañou, de entre os trinta e seis orixinais presentados, Santiago Cortegoso Calvar coa obra *0,7% Molotov*. O xurado estivo composto por Manuel Areoso, Elina Luaces, Alejandro Piñeiro, José Enrique Rivadulla e Teresa Moure. O acto de entrega tivo lugar o 11 de decembro nunha gala celebrada no Pazo de Mariñán.

Referencias varias:

- Raquel Iglesias, "Santiago Cortegoso gana el premio de teatro Rafael Dieste con la obra '0,7% Molotov", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 18 xuño 2009, p. 48.

Comenta que o actor Santiago Cortegoso Calvar foi o gañador da décimo cuarta edición do premio de teatro Rafael Dieste coa obra *0'7% Molotov*. Indica que o galardón está dotado de seis mil cincocentos euros xunto coa edición e posta en escena da obra teatral. A seguir, o portavoz do xurado, Manuel Areoso, cualifica ao autor e máis a peza destacando a temática da solidariedade e a linguaxe sucinta pero de gran nivel poético e dramático.

- M. G. M., "Santiago Cortegoso gaña o Rafael Dieste coa peza '0,7% Molotov", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 18 xuño 2009, p. 15.

Refire que a Deputación da Coruña acaba de resolver o premio Rafael Dieste de teatro e informa que o gañador foi Santiago Cortegoso coa obra *0'7% Molotov*. A seguir, Manuel Areoso, representante do xurado, comenta que a obra se basea na idea da solidariedade e tamén salienta que encaixa nesta época de crise; outro aspecto destacado por Areoso é a simboloxía do título. Por último, achega os comentarios do presidente da Deputación en relación á importancia do premio.

- M. D., "Tranquilizar conciencias para seguir consumindo coma sempre", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 19 xuño 2009, p. 34.

Reflexa a satisfacción de Santiago Cortegoso tras a consecución do premio Rafael Dieste pola obra teatral *0'7% Molotov*. Indica que este premio foi convocado pola Deputación da Coruña e está dotado de seis mil cincocentos euros máis a posta en escena da obra. Comenta o autor o argumento da peza e salienta a temática de compromiso social, tamén indica que a obra está protagonizada só por dous personaxes. Por último, repasa a traxectoria laboral de Cortegoso.

- Vanesa Sotelo, "Gústame que os actores teñan que lidar a fondo cos personaxes", *Revista Galega de Teatro*, n.º 60, "Entrevistas", outono 2009, pp. 69-72.

Conversa co actor e dramaturgo Santiago Cortegoso, na que comenta a súa obra *0,7% Molotov*, coa que alcanzou o XIV Premio Rafael Diste de Textos Teatrais. Explica que esta obra xira ao redor da idea da hipocrisía da solidariedade, como modo de aplacar as conciencias acomodadas e trátanse temas duros como as desigualdades mundiais, a fame, a morte, aínda que dándolles a volta para seren tratados con humor. Comenta que os dous personaxes da historia son loitadores, procuran a súa identidade e a súa felicidade pero tamén son moi complexos, contraditorios, con posturas radicais e que combina diálogos moi acedos e cotiáns con partes máis rapsódicas e poéticas. Doutra banda, Cortegoso coida que como autor teatral ten conseguido un estilo propio, afirma que comeza a recoñecerse no que escribe e comenta que aínda que conseguiu separar as súa dúas facetas, de actor e autor, ambas están interrelacionadas.

Premio de Teatro **Romaría Vikinga**

Organizado polo Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela dende o seu programa de sensibilización das culturas vikinga e galega e ao mesmo tempo co desexo de contribuír á creación teatral. As obras para presentar debían ser inéditas, escritas en galego e nas que o tema gardase relación con calquera dos aspectos das incursións vikingas e defensa das mesmas, lendas, costumes, personaxes e símbolos,

valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debía ter en conta que se trataba dunha representación popular na que participarán actores e actrices afeccionados en gran número, nacidos ou residentes en Catoira. A dirección da obra correrá a cargo do autor. A presentación ao concurso esixiu a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que contiñan: o sobre A orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o pseudónimo da persoa que presentou o texto e que permitía a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describira a posta en escena do espectáculo. O sobre B debía incluír o nome, teléfono e enderezo, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fora o título da obra e o pseudónimo. Os residentes do concello debían escribir "Catoira" no exterior do mesmo. Os dous sobres debían ir pechados para enviar ao enderezo Concello de Catoira (Rúa do Concello, 6, 36612, Catoira, Pontevedra) até o 15 de novembro. Estabeleceuse un único premio de 4.808 euros, que nesta convocatoria ascendeu a 5.000 euros, que conleva a obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezzo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor/a propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valorouse a visibilidade da súa posta en escena así como a innovación no libreto e que os autores non representaran as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado correspondeu á USC e ao Concello de Catoira e formaron parte del a Concellería de Cultura do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro e un representante da USC. O xurado podía declarar deserto o premio se non reunía as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bienal, unha das obras será elixida para representación do ano seguinte ao da convocatoria tendo en conta que o/a autor/a non representara en anos anteriores. Neste caso terán preferencia os residentes en Catoira para darlle así oportunidade ás persoas de Catoira. Na convocatoria do ano 2009 a contía do galardón ascendeu a 5.000 euros e na organización tamén participou a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. A resolución do xurado farase pública no mes de xaneiro de 2010.

Referencias varias:

- M. Angueira, " "O anel de Balder", del madrileño Manuel Velasco, será la obra de teatro de la Vikinga", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", "Catoira", 28 abril 2009, p.24.

Infórmase da selección dunha obra do madrileño Manuel Velasco, titulada *O anel de Balder*, para ser representada co gallo da Romaría Vikinga, logo de quedar deserto o concurso bienal convocado polo goberno local e a Universidade de Santiago. Asemade, invítase a todos os veciños, que así o desexen, a inscribirse para participar na representación.

- M. Angueira, "Finaliza este fin de semana el plazo para presentar obras al Premio de Teatro Vikingo", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", "Catoira", 12 novembro 2009, p. 22.

Advírtese que o prazo de presentación de traballos para o Premio de Teatro Romaría Vikinga, que convoca o Concello de Catoira en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, remata o quince de novembro.

Coméntase que o certame ten carácter bianual e que serve para elixir as obras que se representarán na Semana Vikinga de 2010, a do cincuenta aniversario da Romaría, e de 2011. Sinálase que os textos teñen que ser inéditos, estar escritos en galego e hai que ter en conta que a representación se fará ao aire libre e con actores afeccionados. Saliéntase que o tema ten que ter relación coas incursións vikingas, a defensa das Torres do Oeste, lendas, costumes, personaxes ou símbolos da tradición vikinga en Galicia. Infórmase de que as obras, por sextuplicado e sen asinar, hai que presentalas no Concello de Catoira, acompañadas dun precaderno de dirección. Dise que o premio é único e está dotado de cinco mil euros cada ano. Indícase que o xurado terá en conta cuestións como a creatividade e orixinalidade do texto e viabilidade da súa posta en escena. Finalmente infórmase de que o nome dos gañadores se coñecería en xaneiro.

X.4. INVESTIGACIÓN

Premio Literario **Ánxel Fole**

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia e o xornal *El Progreso* dende 1986 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega. Puideron optar a el todas as persoas, con traballos en galego ou en castelán, inéditos, cunha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos, mecanografados a dobre espazo, referidos a calquera aspecto da vida ou da obra de Maruja Mallo, nome artísitico de Ana María Gómez González. Os orixinais tiñan que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, á sede da Fundación Caixa Galicia en Lugo (Praza maior, 16, 27001, Lugo) ou ao xornal *El Progreso* (Rúa Ribadeo, 5, 27002, Lugo). O premio estaba dotado cun único premio indivisíbel de 9.000 euros, amais da publicación da obra, e o ditame do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realizouse na primeira quincena de maio coincidindo co cabodano do falecemento de Ánxel Fole. Na XXIIIª edición de 2009, o prazo de admisión rematou o 25 de abril e resultou gañador o ensaio literario *Maruja Mallo: de prometedora pionera a artista universal (Materiais para unha biografía exacta e completa da pintora viveiresa entre 190-1936)*, de Carlos Nuevo Cal e Emilio Insua, autores tamén de Viveiro que xa recibiran este galardón cunha investigación de Antón Villar Ponte. Entregouse o 27 de novembro de 2009. O xurado estivo composto por José de Cora, Director Xeral de *El Progreso*, o pintor José Vázquez Cereijo e Rosario Sarmiento, subdirectora da Fundación Caixa Galicia.

Referencias varias:

-Jaureguizar, "El 'Ánxel Fole' premia a Carlos Nuevo e Xosé Ínsua por mostrar la primera Maruja Mallo", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", p. 66/ *El Progreso*, "Vivir" "Cultura", 9 maio 2009, p. 72.

Infórmase do fallo do xurado do XXIII Premio Ánxel Fole, en prol da obra dos investigadores Carlos Nuevo Cal y Emilio Insua, *Maruja Mallo: de prometedora pionera a artista universal Materiais para unha biografía exacta e comporte da pintora viguesa entre 1902-1936)*. Dise que o xurado valorou a súa achega a aspectos descoñecidos de Mallo, indagando nos anos galegos, sen facer unha valoración da artista. Doutra banda, tamén se da conta da proposta do xurado de dedicar a vindeira edición deste premio ao periodista, poeta e escritor Xosé Díaz Jácome, do que se fai unha pequena achega biográfica.

- A. Losada, "Maruja Mallo, máis facetas das que deberían caber nunha soa vida", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 34, "En portada", 17 outubro 2009, pp. 3-4.

Céntrase na figura de Maruja Mallo ilustrada con algunhas declaracións de Carlos Nuevo Cal e Emilio Ínsua, coautores da biografía, *Maruja Mallo. De prometedora figura a artista universal*, Premio Ánxel Fole. Refírense a algúns mitos e tópicos sobre a artista, así como algunhas anécdotas que a retratan. Tamén se relacionan algúns datos biográficos cos profesionais.

- M. J. Rico, “Purificación de Cora albiscou que o seu xornal si podía ter futuro”, *Diario de Ferrol,* 21 outubro 2009, p. 11.

Dánse algúns apuntamentos biográficos sobre Purificación de Cora y Más-Villafuerte, figura coa que Nicolás Vidal gañou o Premio Literario Ánxel Fole en 2008. Cóntase tamén como o interese do autor por esta figura levouno a escribir *Purificación de Cora y Más Villafuerte, da prensa de partido ao xornalismo como empresa. Historia e periodismo en Lugo en 1908 a 1940,* presentado como libro na Fundación Caixa Galicia de Lugo.

Premio **Dámaso Alonso de Investigación Filolóxica**

A Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz, editor do xornal *La Voz de Galicia*, co gallo do centenario do nacemento de Dámaso Alonso Fernández de las Redondas, que estivo afectiva e intelectualmente moi vinculado a Galicia, acordaron o 10 de xullo de 1998 convocar anualmente, baixo o nome de tan egrexio poeta, profesor e académico, un premio para dar a coñecer a mellor das obras de filoloxía realizadas por investigadores novos sobre os eidos que cultivou Dámaso Alonso. O premio, dotado coa suma de 6.000 euros, foi entregado polo Concello de Ribadeo á conta dos dereitos de edición da obra por parte do Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Podían concorrer orixinais inéditos de extensión comprendida entre cento cincuenta e douscentos cincuenta follas tamaño DIN-A4, escritas mecanicamente a dobre espazo e por unha soa cara, en letra de paso non compensado, que debían ser enviados por sextuplicado ao Rexistro Xeral da USC (Rectorado-Colexio San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15705 Santiago). Os exemplares tiñan que ir acompañados de todos os datos persoais do autor, que non debía ter aínda os trinta anos de idade. A lingua das obras de investigación filolóxica podía ser o galego ou o castelán e o tema debía tratarse dos eidos cultivados por Dámaso Alonso: estudos lingüísticos peninsulares, estudos e ensaios historico-críticos sobre as literaturas románicas peninsulares de todas as épocas, edicións e comentarios de textos literarios hispánicos, estilística e teoría da literatura ou historia da crítica literaria. Non houbo convocatoria no ano 2009.

Premio **Manuel Murguía de Ensaio**

Dotado cun premio de 6.500 euros e a publicación da obra gañadora, convocouno a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra “dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador”. Podían concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia. A extensión dos textos foi libre e enviáronse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara, en tamaño DIN-A4, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais presentáronse baixo un título e un lema no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Debían enviarse á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n, 15006 A Coruña) e o prazo de admisión de orixinais finalizou o día 30 de setembro. Neste ano 2009 non se convocou.

Premio **Nacional de Ensaio**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Ensaio **Ramón Piñeiro**

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e co décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración da empresa eléctrica Unión Fenosa. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Nel podía participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma que versasen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios foi libre e os traballos debían evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os traballos debían estar asinados cun lema ou pseudónimo, e a extensión dos traballos abrangueu entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos. Debían ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara. Os orixinais enviáronse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Avenida de Madrid, 44, 36204, Vigo). Estabeleceuse un único premio, consistente en 6.000 euros que foi outorgado ao ensaio que posuía maior fondura e orixinalidade e reunía suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón é único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, podía recomendar a publicación de traballos de interese que presentaron pero que non recibiron o premio e así mesmo podía declaralo deserto. A contía do premio incluíu os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección "Ensaio". O prazo de recepción de orixinais rematou o 30 de outubro e a resolución deuse a coñecer no mes de decembro. No ano 2009 o xurado, integrado por Luís Alonso Girgado, Henrique Monteagudo, Bieito Silva e Carlos Lema decidiu galardoar o ensaio *Retrato da Xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia Contemporánea*, do sociólogo Manuel Pérez Rúa.

Referencias varias:

- Alberto Ramos, "Pérez Rúa galla o Ramón Piñeiro cun ensaio sobre a xeración dos 50", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 11 decembro 2009, p. 37.

Coméntase que no ensaio *Retrato da xeración de 1950*, co que Manuel Pérez Rúa alcanzou o IX Premio de Ensaio Ramón Piñeiro, se aborda a transformación social que viviu Galicia na segunda metade do século XX, materializada en cambios na educación, o éxodo do campo a cidade, a inmigración ou a transición democrática. Tamén se destaca que o estudo se divide en tres estamentos: o primeiro protagonizado por un grupo de amigos do Morrazo procedentes da clases humildes; o segundo que xira en torno a persoas que puideron recibir unha maior formación e o derradeiro dedicado a

persoeiros da sociedade galega, que tiveron a oportunidade de ir á Universidade, como o historiador Ramón Villares e o arquitecto e ex alcalde de Santiago, Xerardo Estévez, entre outros. Asemade, sinálase tamén que o xurado valorou a orixinalidade do enfoque da obra e recórdanse os nomes dos títulos galardoados nas anteriores edicións deste premio.

- Camilo Franco, "O retrato da xeración de galegos nacidos en 1950 gaña o Ramón Piñeiro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 11 decembro 2009, p. 50.

Recóllense as afirmacións de Manuel Pérez Rúa, autor do ensaio *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, co que resultou gañador da novena edición do "Premio de Ensaio Ramón Piñeiro". O autor explica que este ensaio non ten vocación academicista, senón que toma a un grupo de homes nados en 1950, que foran pandilla dende rapaces, que comparan a vida que tiñan os seus avós, os seus pais e a que teñen os seus fillos coa deles mesmos; procurando repasar dende as vivencias persoais a historia do século XX en Galicia. Tamén se achegan os testemuños de Xavier Estévez e de Ramón Villares, para abordar visións concretas coma o urbanismo ou a cultura.

- O. I., "Un ensaio sobre a xeración do cambio social gaña o Piñeiro", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 decembro 2009, p. 11.

Dáse conta dos temas tratados no ensaio de Manuel Pérez Rúa, *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, que ven de ser recoñecido co "Premio de Ensaio Ramón Piñeiro". Dise que, a través das conversas cun grupo de nove amigos de Moaña, que viviron o franquismo, pretende establecer unha comparación coa xeración dos seus avós e dos seus pais. O autor sinala, que se tivese que facer un balance dos indicadores xenéricos, destacaría que son a xeración que máis perde o idioma e que presentan unha gran desafección pola práctica relixiosa.

- V. Oliveira, "A 'pandilla' da catequese", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Historia", 11 decembro 2009, p. 34.

Explícase que o ensaio de Manuel Pérez Rúa, *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, merecedor do "VIII Premio Ramón Piñeiro", se vertebra a partires de testemuños reais dun grupo de amigos pertencentes á xeración de posguerra, que comparan os cambios sociais con respecto á xeración dos seus pais e dos seus avós. Coméntase que neste volume se conta coas visións de persoeiros coñecidos como Xosé Luís Barreiro, Xerardo Estevez, Ramón Villares, Uxío Labarta e Antón Seoane. Doutra banda, aproveitase para recordar os títulos premiados nas anteriores edicións deste galardón.

Premio de Investigación **Xesús Ferro Couselo**

Organizado polo Concello de Valga, trátase dun premio de investigación de ámbito galego dentro das especialidades de etnografía, paleografía, numismática, arqueoloxía e historia da arte dirixido a autores, de calquera nacionalidade, cunha ou máis obras, escritas en lingua galega, inéditas e cunha extensión mínima de cincuenta folios e máxima de 300 que se entregarán no Rexistro do Concello. O premio contou con dúas

modalidades: unha para estudios de etnografía, paleografía, arqueoloxía e historia da arte e outra para proxectos de estudos históricos, etnográficos ou sobre personalidades de Valga , cunha contía de 4.000 e 3.000 euros respectivamente. No ano 2009, presentáronse nove traballos á primeira modalidade de e tres á segunda e o prazo de admisión rematou o 15 de xuño. O xurado composto por Santiago Fernando Acuña Castroviejo, Oegerto Saavedra, Marcial Gondar Portasany, Xulio Rodríguez e Pablo Ferro deu a coñecer o seu ditame no mes de xullo. O galardón na primeira modalidade foi para Daniel Seijas Llerena, pola súa obra *O secreto dos bandeirantes*, e na segunda para José Manuel Costa García, por *Exército e territorio no noroeste peninsular durante o periodo imperial romano*.

Premio **Xohana Torres de Ensaio**

A Concellaría da Muller do Concello de Santiago de Compostela convocou dende 1993 este premio dirixido a galardoar o labor inédito da investigación referido a calquera aspecto da muller dentro da nosa comunidade: sociolóxico, humano, histórico, etcétera. A partir do ano 2001 a contía do premio pasou das 1.800 euros iniciais a 3.000 euros para o único traballo premiado. Neste ano 2009, a convocatoria abriuse ao ensaio tanto literario como científico para abarcar disciplinas como a filosofía, a historia, a antropoloxía, a literatura, etc, pasando a denominarse Premio Xohana Torres de Ensaio. Nas bases recollíase que o traballo inédito debía consistir na defensa dun punto de vista persoal e subxectivo sobre un tema humanístico, científico, filosófico, político, social, etc, referido á muller galega, o seu mundo e vivencias, presentado de xeito individual ou colectivo. As obras debían ter unha estrutura fixa (introdución, desenvolvemento, conclusións e bibliografía), estar escritas en lingua galega e mecanografadas a dobre espazo. Tiñan que presentarse por duplicado no Rexistro Xeral do Concello baixo pseudónimo e acompañadas cun sobre pechado co mesmo lema no que se incluían os datos dos participantes. O prazo de admisión de traballos abrangueu dende o 8 de marzo até o 31 de decembro e a decisión do xurado darase a coñecer o 8 de marzo de cada ano nun acto público celebrado na Casa do Concello. A concesión do premio implica a cesión en exclusiva ao Concello dos dereitos de propiedade intelectual e de explotación do traballo premiado por parte da gañadora nos termos da lexislación vixente (RDL 1/1996, do 12 de abril), e a publicación do traballo correu a cargo do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago. No ano 2009 resultou merecente deste galardón Serrana Mercedes Rial García polo seu traballo *Desde o campo e o mar ata o tear e o fogar a invisibilidade rómpese en mil anacos. As mulleres do campo na Galicia da Época Moderna*. A esta edición do certame presentáronse tres investigacións.

Premio **Valle-Inclán**

Organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa e cunha dotación de 24.000 euros. Foi constituído no ano 2004 co obxectivo de difundir e promover a obra do creador do "esperpento" e para profundar, a través de estudos rigorosos e de prestixio académico, en distintos traballos da súa biografía e do seu traballo literario. Puideron concorrer traballos orixinais e inéditos, escritos en calquera das linguas oficiais de Galicia, dos que se debían presentar cinco exemplares mecanografados a dobre espazo, que se presentaron baixo lema ou pseudónimo, caso no que se achegou a correspondente identificación do autor nun sobre á parte. A

presentación das solicitudes por parte dos candidatos fíxose no rexistro xeral desta Deputación a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Nas edicións anteriores recaeu en Xaquín Núñez Sabarís, por *Valle-Inclán en el fin de siglo. Estudio crítico de* "*Femeninas*"; Euloxio Ruibal, polo estudo *Valle-Inclán e o teatro galego*; ex aequo por Anxo Abuín González, por *La palabra en los ojos o el alfabeto en movimiento: una aproximación a la dramaturgia de Valle-Inclán desde la estética del silencio*, e Elianne Lavaud-Fage, por *Valle-Inclán ¿un sistema literario?*; *Todo Valle-Inclán en Roma*, do Grupo de Investigación Cátedra Valle-Inclán da USC. Na VIª edición de 2009, o prazo de admisión rematou o 20 de agosto e o xurado estivo composto por José Juan Durán Hermida, como presidente, e Víctor Fernández Freixanes, José Antonio Ponte Far, Alfonso Zulueta De Haz, Francisco López Rodríguez, Xosé Carlos Valle Pérez, Benito Leiro Conde, Mercedes Costas Fernández, como vogais, e Antonio Santos Guerra, como secretario. As obras gañadoras *ex aequo* foron: *Ramón del Valle-Inclán:* Luces de bohemia*, una revolución dramática con una carta autógrafa inédita de C. Rivas Cherif*, de Jean Marie Lavaud; *Josefina Blanco y Ramón del Valle-Inclán: pedestal de los sueños*, de Antonio Deaño Gamallo e Jesús Rubio Jiménez, que recibiron 10.000 euros cada unha; e deuse un accésit de 4.000 euros ao traballo *Valle-Inclán, Catedrático de Estética (1916-1919)*, de Jesús María Monge López. Nesta edición presentáronse un total de cinco traballos.

Referencias varias:

- Beni Yáñez, "Durán clausura la XIV Semana da Cultura con la ofrenda floral y el fallo del Premio Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Vilanova", 29 outubro 2009, p. 14.

Refírese á conmemoración do 143 aniversario do nacemento de Valle Inclán. Ademais de comentar as actividades celebradas durante a ceremonia, infórmase que o director xeral de Difusión da Cultura leu un texto poético de elaboración propia no que se expoñía a admiración polo autor homenaxeado. Cómentase tamén que os actos se pecharon coa representación da adaptación do monólogo "Cuento de Abril", que leu a directora da Escuela Teatro. Infórmase tamén a maneira na que se deu a coñecer o fallo do xurado así como os textos gañadores: *Ramón del Valle-Inclán:* Luces de bohemia*, una revolución dramática con una carta autógrafa inédita de C. Rivas Cherif*, de Jean Marie Lavaud; *Josefina Blanco y Ramón del Valle-Inclán: pedestal de los sueños*, de Antonio Deaño Gamallo e Jesús Rubio Jiménez, que se repartirán 20.000 euros e a concesión dun accésit a *Valle-Inclán, Catedrático de Estética (1916-1919)*, de Jesús María Monge López.

- Beni Yáñez, "Diputación y Concello entregarán hoy los 20.000 euros del Premio Valle-Inclán", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Vilanova", 15 decembro 2009, p. 14.

Dáse conta do fallo do xurado deste premio, co que se destacou a obra de Jean Marie Lavaud, *Ramón del Valle-Inclán: Luces de Bohemia, una revolución dramática con carta autógrafa inédita de C. Rivas Cherif*, e o volume conxunto de Antonio Gamallo e Jesús Rubio Jiménez, titulado *Josefina Blanco y Ramón del Valle-Inclán: Pedestal de los Sueños*. Apúntase tamén que se concedeu un accésit a obra *Valle- Inclán, Catedrático de Estética (1916-1919)*, presentada por María Monge López.

- B. Y., “Louzán entrega los 20.000 euros del Premio Valle-Inclán en su edición ‘de más calidade”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, “Vilanova”, 16 decembro 2009, p. 14.

Infórmase do acto de entrega do premio, que quedara deserto na edición pasada, e que neste ano distinguiu tres traballos de investigación ao redor da figura de Valle-Inclán, dos que se achegan os títulos e nome dos autores.

- Benigno Yáñez Pérez, “Biografamos a relación entre Valle e a súa dona con cartas inéditas”, *Diario de Arousa*, “*Arousa, un mar de culturas*”, 20 decembro 2009, p. [32].

Conversa con Antonio Gamallo, autor xunto con Jesús Rubio Jiménez dunha das obras gañadoras na última edición do Premio de Investigación Valle-Inclán, *Josefina Blanco y Ramón del Valle-Inclán: Pedestal de los Sueños*. Gamaño comenta que esta obra, na que se profundiza sobre a relación do escritor coa súa dona, se apoia nunha veintena de carta inéditas que o matrimonio intercambiou, a partir das que trazan un relato biográfico.

Premio **Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais**

Convocado dende 1994 polos Concellos de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas Fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco. Estivo dotado con 6.000 euros e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Podían concorrer os que presentasen obras orixinais e inéditas, escritas en galego normativo, sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura, etc). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta ou máxima de trescentos folios a dobre espazo, tiñan que ser presentados, por quintuplicado, antes do 31 de decembro, na Fundación Sotelo Blanco (San Marcos, 77, 15820 Santiago de Compostela) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que constasen os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está composto por cinco membros, relacionados co mundo da cultura, actuando un deles de secretario e publicará o fallo na segunda quincena de xaneiro 2009 (edición XIV). Nesta decimocuarta edición de 2009 o galardón foi declarado deserto.

X.5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

Premio **Antón Losada Diéguez**

Organizado polos Concellos do Carballiño e Boborás, coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense, ten como obxectivo premiar as dúas mellores obras publicadas en galego, nos campos da investigación e da creación literaria. Tivo unha dotación económica de 6.000 euros para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. As obras debían estar escritas en galego e publicadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. Nesta edición de 2009 a organización do certame correspondeulle ao Concello de Carballiño. Na modalidade de creación literaria o galardón foi para a ourensá Chus Pato por *Hordas de escritura*, de entre as trinta e catro obras presentadas, e na modalidade de investigación levou o galardón Camilo Nogueira, polo traballo *Europa, o continente pensado*, de entre as vinte e tres presentadas. As obras finalistas foron: na modalidade de creación literaria, *Costa Norte/ZFK*, de Xurxo Borrazás, e *Música de cinza*, de Manuel Forcadela; e na modalidade de ensaio, *A represión lingüística en Galiza no século XX*, de María Pilar Freitas Juvino. O xurado, presidido por Manuel Dacal, concelleiro de Turismo de Carballiño, contou con representantes de institucións culturais como a RAG, a Deputación de Ourense, as Universidades de Santiago, Vigo e A Coruña e o Museo do Pobo Galego.

Referencias varias:

- X. A. R, "As editoriais remitiron un total de 57 obras para o premio literario "Losada Diéguez", *La Región*, "Carballiño", 27 febreiro 2009, p.13.

Dáse conta dos nomes dalgúns dos cincuenta e sete aspirantes á vixésimo cuarta edición do Premio Antón Losada Diéguez, que conta cunha dotación de 12.000 euros.

- R. V., "Chus Pato e Camilo Nogueira, premios Antón Losada Diéguez", *El Correo Gallego*, "Cultura", 26 abril 2009, p.67.

Infórmase do fallo do xurado do Premio Antón Losada Diéguez en prol do poemario de Chus Pato, *Hordas de escritura*, que se destaca pola súa orixinalidade e por ser unha aposta sólida e ben traballada con mestura de xéneros e temas presentes en obras anteriores da autora. Tamén se salienta a obra de Camilo Nogueira titulada *Europa, o continente pensado*, premiada no apartado de ensaio e investigación, polo seu rigor documental e profundidade de análise.

- X. A. Reboiro, "Camilo Nogueira e Chus Pato gañan o premio 'Losada Diéguez' pola súa calidade literaria", *La Región*, "Carballiño", 26 abril 2009, p. 16.

Dáse conta da falla de unanimidade do xurado do Premio Antón Losada Diéguez e as sucesivas seleccións nas que se decidiu galardoar o poemario de Chus Pato, *Hordas de escritura*, que destaca pola súa orixinalidade e por ser unha aposta sólida e ben traballada, e a Camilo Nogueira con *Europa, o continente pensado*, premiada no apartado de ensaio e investigación, polo seu rigor documental e profundidade de análise.

Asemade, dáse conta da dotación do premio e da data de celebración da cerimonia de entrega dos galardóns.

- X. L. Méndez Ferrín, "No pazo de Moldes", *Faro de Vigo*, "Opinión", p. 30/*La Opinión*, "Opinión", "Os camiños da vida", 8 maio 2009, p. 27.

Critica o pouco apoio por parte do goberno autonómico á cultura galega, afirmando que a maior parte das subvencións van a parar ás manifestacións en castelán. Doutra banda, tamén se expón que a meirande parte dos premios concedidos a escritores ou artistas galegos son meramente honoríficos, segundo Méndez Ferrín o único que comporta una dotación económica, aínda que pequena comparada co outros premios de España, e o Losada Diéguez, que segundo se sinala este ano recaeu na obra de Chus Pato, *Hordas de escritura*.

- L. R., "La Fundación Antón Losada Diéguez proyecta reformar el pazo de Moldes para su visita", *La Región*, "Carballiño", 11 xuño 2009, p. 18.

Destaca a vixésimo cuarta edición dos premios da Fundación Antón Losada Diéguez, dotados de seis mil euros, que se outorgaron a Chus Pato por *Hordas da escritura* e a Camilo Nogueira por *Europa*, *o continente pensado* nas categorías de creación literaria (entre trinta e catro) e investigación (entre vinte tres), respectivamente. Coméntase que foron entregados pola actriz Fina Calleja para despois se referir aos propósitos da Fundación, como abrir o pazo de Moldes ao público, preservar a biblioteca e crear unha ruta turística.

- L. R., "Os premiados no "Antón Losada" aproveitan o acto para reivindicar a defensa do galego", *La Región*, "Carballiño", 11 xuño 2009, p. 19.

Dá conta do acto de celebración da vixésimo cuarta edición dos Premios da Fundación Antón Losada Diéguez concedidos a Chus Pato por *Hordas da escritura* e a Camilo Nogueira con *Europa, o continente pensado*. Coméntase que o acontecemento tivo lugar no pazo de Moldes con certo carácter galeguista.

Premio da **Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)**

Está organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, recoñecéronse con este premio os mellores libros do ano anterior. Non tivo dotación económica e entregouse un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios foron os que debían elixir a mellor obra literaria do ano anterior. No ano 2006 creouse o I Premio Internacional AELG, baixo o lema "Escritor Galego Universal". Na edición de 2007 aumentaron as categorías, premiando obras de literatura infantil e xuvenil, teatro, narrativa, poesía, tradución e ensaio, co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. O ano 2009 contou coas novidades do galardón da categoría de "Blog literario" e "Escritor galego universal". Nesta edición mereceron os galardóns, na categoría de literatura infantil e xuvenil, Xavier P. Docampo con *O libro das viaxes imaxinarias*; Inma López Silva, en narrativa, por *Memorias de cidades sen luz*; Xulio L. Válcarcel, en poesía, por *A melancolía dos corpos*; Ana Romaní pola súa traxectoria xornalística; Teresa Moure, en teatro, con *Unha primavera para Aldara*; Miguel Anxo Murado, en ensaio, por *Fin de século en Palestina*; en

tradución Gonzalo Navaza por *As flores do mal*, de Charles Baudelaire e en blog literario, Marcos Valcárcel autor de "As uvas na solaina". Finalmente, o premio da categoría Institucións recaeu na Sección de Literatura do Liceo de Ourense e a Escritora Galega Universal a Elena Poniatowska e o Escritor Galego Universal ao angolano Jose Luandino Vieira, que se entregou o 6 de maio no Colexio de Fonseca. O acto de entrega tivo lugar durante a Cea das Letras no Hotel Porta do Camiño de Santiago, o día 9 de maio.

Referencias varias:

- Belén López, "Manuel Lourenzo e Elvira Riveiro, nominados pola AELG", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 20 marzo 2009, p.70.

Dáse conta de todos os aspirantes pontevedreses aos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), destacando a obra de Manuel Lourenzo, *O xardín das pedras flotantes*, finalista no premio de narrativa, que xa alcanzou o Premio Xerais 2008, e *PAlAbrAs brAncAs*, de Elvira Riveiro. Doutra banda, infórmase que entre os finalistas atópase, outra obra xa premiada: *Shakespeare destilado*, de Xesús Constela, galardoada co Premio García Barros do 2008. Asemade, destácase que dous libros, correspondentes á literatura infantil e xuvenil, incluídos na lista The White Ravens: *Fume*, de Antón Fortes e *A cabeza da medusa*, de Marilar Alexandre, tamén se atopan entre os aspirantes.

- maré, "Escritores elixen escritores", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 marzo 2009, p. 29. Infórmase dos aspirantes aos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega(AELG) de todas as categorías: poesía, narrativa, literatura infantil e xuvenil, ensaio, tradución, teatro e blog literario, categoría que se incorpora este ano.

- Concha Pino, "Cita de turismo activo en Botica", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 21 marzo 2009, p. 12.

Achéganse os nomes dos composteláns aspirantes aos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG): Marilar Aleixandre, Olalla Cociña, María do Cebreiro, Chus Pato, Teresa Moure e Imma López Silva e Roberto Salgueiro.

- maré, "Poniatowska recollerá un premio en Santiago", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 abril 2009, p. 36.

Infórmase da concesión do galardón Escritora Galega Universal, da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Elena Poniatowska e dáse conta dos actos culturais aos que acudirá a escritora durante a súa estadía en Galicia, entre os que se salienta a presentación na Feira do libro de Santiago da tradución da serie de relatos *A filla do filósofo*.

- maré, "Unha semana para Elena", *Galicia Hoxe*, "MARÉ Hoxe", 4 maio 2009, p. 27.

Anúncianse os actos aos que acudirá Elena Poniatowska durante a súa estadía en Galicia, quen virá a recoller o galardón Escritora Galega Universal, concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega(AELG).

- F. P. L, " Un pobo que aprende a protestar ten todo gañado', di Poniatowska", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Recoñecemento", 6 maio 2009, p. 60.

Faise eco da concesión do galardón Escritora Galega Universal a Elena Poniatowska, escritora comprometida cos desposuídos. Entre as súas obras destácanse: *La noche Tlaatelolco*, *La piel del cielo* ou *El tren pasa primero.*

- Camilo Franco, "En México la realidad te agarra por la garganta y aprieta", *La Voz de Galicia*, "Cultura", "Entrevista", 6 maio 2009, p. 50.

Conversa con Elena Poniatowska, que vén introducida por unha liñas nas que se repasa a súa biografía, durante a súa estadía en Galicia para recoller o título de Escritora Galega Universal, que lle entregará a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Compara as súas dúas facetas de escritora e xornalista, e opina da dura realidade de México, da que non pode abstraerse, segundo ela, ningún escritor mexicano. Coméntase tamén que se presentará na feira do libro de Santiago o seu primeiro libro traducido ao galego, *A filla do filósofo*.

- V. Oliveira, "Os mexicanos fan milagres", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 6 maio 2009, p. 33.

Alúdese á concesión do galardón Escritora Galega Universal á escritora e xornalista Elena Poniatowska. Destácase a denuncia, que a escritora fai, do sufrimento dos máis pobres en obras como *El tren pasa primero* ou *Todo empezó en domingo* e sinálase que o seu traballo máis recoñecido é *La noche de Tlatelolco*. Recóllense algunhas declaracións de Poniatowska, quen opina que en América Latina é difícil facer literatura intimista porque a realidade é o que se impón, e afirma que coñece poucos autores galegos, entre eles, Rosalía de Castro e Césareo Sánchez.

- Víctor Paz Morandeira, "El caldo gallego revive a los muertos", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 6 maio 2009, p. 42.

Recóllense algunhas afirmacións da escritora e xornalista Elena Poniatowska, quen se atopa en Santiago para recibir o título de Escritora Galega Universal, concedido pola AELG. Poniatowska considera que ser poetisa é condenarse ao esquecemento e explica que lle costa escribir obras máis intimistas, posto que ela escribe sobre o que ve, porque non pode obviar a pobreza de México. Asemade, compara a súa faceta de escritora e de xornalista, destacando as presas obrigadas da prensa.

- Daniel Salgado, "Poniatowska: 'Un pueblo debe aprender a protestar", *El País*, "*Galicia*", 6 maio 2009, p. 6.

Reprodúcense algunhas das impresións da escritora e xornalista Elena Poniatowska, quen se atopa en Santiago para recibir o título de Escritora Galega Universal,concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Poniatowska opina sobre o seu labor de xornalista e como escritora, explica que non pode abstraerse dunha realidade que entra pola xanela e che devora. Defensora dos movementos indíxenas, opina que un pobo que non sabe protestar non se respecta a si mesmo. Entre as súas

obras saliéntase *La noche de Tlalelolco*, *El tren pasa primero* e *A filla do filósofo*, obra traducida ao galego que acaba de editarse.

- Carmen Villar, "Antes que a Rosalía, conocí el caldo gallego", *Faro de Vigo*, contracuberta/"Todo es más difícil en América Latina", *La Opinión*, "Cultura", p. 54, 6 maio 2009.

Conversa coa escritora e xornalista Elena Poniatowska, quen se atopa en Galicia para recoller o título de Escritora Galega Universal, concedido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega(AELG). Poniatowska define a literatura como "unha especie de psicanálise", explica que ela escrebe sobre o que lle sucede e aínda que coida que a literatura non pode cambiar o mundo, pode ensinarnos cousas que descoñecíamos del, como así o fixeron Víctor Hugo, Unamuno, Shakespeare ou Balzac.

- maré, "A voz dos desposuídos", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 7 maio 2009, p. 32.

Dáse conta do acto de entrega do galardón, Escritora Galega Universal, á escritora e xornalista Elena Poniatowska. Destácase como escritora comprometida politicamente e coméntase que na conferencia que ofreceu en agradecemento deste recoñecemento, non se esqueceu de nomear os desposuídos que inspiraron a maioría dos seus libros. Entre as súas obras saliéntanse *Todo empezó en domingo* e a tradución colectiva ao galego dunha escolma dos seus relatos titulada *A filla do filósofo*, editada por Galaxia.

- maré, "A noite máis importante", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 9 maio 2009, p. 33.

Informa do acto da Cea das Letras da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Ademais de sinalar como se elixen os gañadores, coméntase como novidade, a partir deste ano, o premio ao mellor blog. Dise que "amosa a vontade da asociación para non deixar fóra ningún soporte nin ningunha expresión". A seguir, dise que blogs son os finalistas neste apartado e no de "traxectorias periodísticas". Á parte, informan dos finalistas nos apartados literarios.

- Vanesa Oliveira, "Poniatowska, unha Galega Universal", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 760, "O personaxe", 10 maio 2009, contracuberta.

Coméntase que a AELG decidiu recoñecer como "Escritora Galega Universal" a Elena Poniatowska polo seu "compromiso ético coa realidade e a súa condición de referente para as novas xeracións de narradores". Ademais de dar datos biográficos sobre a homenaxeada, alúdese o seu labor tanto xornalístico como literario. Entre as súas obras saliéntanse: *Todo empezó en domingo*, *Hasta no verte Jesús mío*, *Tinísima*, *La piel del cielo*. Para rematar, dise que recoñeceu, durante a súa visita en Santiago de Compostela, non saber "apenas nada de Galicia".

- maré, "As mellores obras de 2008", *Galicia Hoxe*, "MARÉ Hoxe", 11 maio 2009, p. 29.

Menciónanse os nomes dos galardoados cos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega(AELG), cos que se recoñecen as mellores obras publicadas no 2008 nas modalidades de ensaio, literatura xuvenil e infantil, poesía, narrativa, tradución, teatro, traxectoria xornalística, blog literario, institucións e Escritora galega universal.

- M. Mato, “Xulio Valcárcel, Xavier Do Campo e Inma López Silva, premiados dos escritores”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 maio 2009, p.22.

Dáse conta dos nomes dos galardoados cos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), nas súas diferentes categorías. En narrativa o obra gañadora foi *Memorias de cidades sen luz*, de Inma López Silva; o premio de literatura infantil e xuvenil recaeu na obra *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier P. Docampo; Xulio L. Valcárcel recolleu o premio de poesía pola súa obra *A melancolía dos corpos* e Teresa Moure tamén foi premiada pola súa obra teatral, *Unha primavera para Aldara*. Dise que o galardón ao mellor blog literario recaeu en Marcos Valcárcel e tamén foron premiados Ana Romaní pola súa traxectoria xornalista, Gonzalo Navaza pola súa tradución da obra de Charles Baudelaire, *As flores do mal*, e a Sección de Literatura do Liceo de Ourense, como mellor institución.

- María L. Viñas, “Escritores lucenses acadan catro dos oito galardóns que concede a AELG”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 11 maio 2009, p. 65.

Noméanse os galardoados cos premios que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Destácase que catro dos oito galardóns recaeron en autores lucenses: o rabadense Xavier P. Docampo, o lucense Xulio L. Válcarcel, a monfortina Teresa Moure e Miguel Anxo Murado, nas categorías de libro infantil e xuvenil, poesía, teatro e ensaio, respectivamente. Tamén se salienta a concesión da distinción de Escritora Galega Universal a Elena Poniatowska, da que se subliñan algúns dos seus títulos máis salientables e se achegan uns apuntamentos biográficos.

- M. J. Rico, “Os escritores elixen o último poemario de Xulio L. Valcárcel como mellor do 2008”, *Diario de Ferrol*, “Literatura”, 12 maio 2009, p. 11.

Infórmase da concesión do premio como mellor libro poético de 2008, que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), ao volume de Xulio L. Valcárcel, titulado *A melancolía dos corpos,* poemario no que reflexiona sobre a dor e a decadencia físicas e a merma de facultades inexorábel a todo ser humán. Tamén se recollen os nomes dos galardoados nas restantes categorías destes premios.

- Lara Rozados, “Escribo sobre persoas que non saben ler”, *A Nosa Terra*, n.º 1.359, “Cultura”, 14-20 maio 2009, p.24.

Conversa coa escritora e xornalista Elena Poniatowska, durante a súa estadía en Galicia, na que recolleu a distinción de Escritora Galega Universal. Comenta estar moi agradecida pola tradución ao galego dunha escolma dos seus contos, baixo o título d´*A filla do filósofo*. Doutra banda, a escritora afirma que o traballo como xornalista serviulle para aprender moito do seu país e opina sobre as problemáticas e conflitos da realidade mexicana, da que a escritora non pode abstraerse, cedendo o liderado das súas obras as voces silenciadas das mulleres, dos indíxenas e das clases populares.

- Helena Villar Janeiro, “Elena Poniatowska”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 15 maio 2009, p. 3.

Comenta o contido da conferencia ofrecida pola escritora Elena Poniatowska en agradecemento da distinción como Escritora Universal Galega, quen afirma que a fonte de inspiración dalgúns dos seus traballos son os sufridores; traballos que Helena Villar Janeiro define como literatura testemuñal, destacándose nese eido títulos como: *Hasta no verte Jesús mío*, *La Noche de Tlatelolco* e *Nadie, Nadie*. Por último, sinala que, ao igual que o fixera Rosalía de Castro, Poniatowska dá voz a un pobo case iletrado.

- Francisco X. Fernádez Naval, "Con Elena Poniatowska en Fisterra", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 24, "Viaxe", 23 maio 2009, contracuberta.

Dá conta das anécdotas da visita que compartiu por Fisterra coa escritora Elena Poniatowska, quen nesta estadía en Galicia recibiu o título de Escritora Galega Universal por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Comenta que a literatura de Poniatowska supón o compromiso cos desfavorecidos, narrando as súas traxedias, denunciando o abandono, combatendo a corrupción e achegando os feitos dende olladas múltiples. Entre as súas obras salienta: *La noche de Tlatelolco*, *Nada, Nada* e *Las Voces del temblor*. Por último, recolle as verbas coas que Poniatowska agasallou aos escritores que traduciron ao galego os seus relatos recollidos no libro *A filla do filósofo*, publicado pola editorial Galaxia.

- Camilo Franco, "O mellor dun texto narrativo é o que teña de poético", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 314, "O escritor do mes", 23 maio 2009, p.15.

Conversa co escritor Xulio L. Valcárcel, na que resposta cuestións sobre o seu último libro *A melancolía dos corpos*, recoñecido como mellor poemario do 2008 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). O autor explica que neste poemario reflexiona sobre a decadencia, centrada e referenciada no corpo; nel opta pola palabra espida, cos artificios indispensabeis para o funcionamento do poema. Entre a obra poética de Valcárcel, destácanse outros títulos como: *Solaina de ausencia*, *O sol entre os dedos* ou *Memoria do agosto*, xunto coas súas achegas á narrativa con *Anel de mel* e *Campo de Marte*. Doutra banda, o escritor afirma que a poesía está á marxe de todo mercado e non é obxecto de consumo, amósase en desacordo coa clasificación dos autores por xeracións, tendo en conta unicamente un criterio cronolóxico, e confesa que a narrativa é unha materia pendente para el.

- Francisco X. Fernádez Naval, "Elena Poniatowska amor e as cabritas mexicanas", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 536, "Enfiando", 7 xuño 2009, p. 23.

Faise unha valoración xeral da obra da escritora mexicana Elena Poniatowska, que vén de recibir a distinción Escritora Galega Universal. Destácase o compromiso da escritora cos desfavorecidos, narrando a súa traxedia, denunciando o abandono e polo seu combate contra a corrupción; así como o seu estilo persoal no que as historias son contadas dende múltiples perspectivas. Entre as súas obras destácase a selección de relatos traducidos ao galego, baixo o título *A filla do filósofo* e o volume *Las siete cabritas*, no que recrea a vida de sete mulleres fundamentais na vida social e cultural mexicana, como son: Frida Kahlo, Nahui Olin, Pita Amor, Rosario Castellanos, María Izquierdo, Elena Garro e Nellie Campobello.

- Belén López, "Os escritores galegos recoñecen cun premio ao Salón do Libro de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 4 decembro 2009, p. 75.

Dáse conta dos diferentes galardóns que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) concederá o vindeiro ano. Dise que o premio ás Institucións recaerá no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e o premio denominado Os bos e xenerosos recoñecerá o labor desenvolvido polos vinte e sete concellos que organizaron o Premio Blanco Amor de Narrativ". Asemade, infórmase que a homenaxe O escritor na súa terra, fomentada tamén pola AELG, honrará á escritora Marilar Aleixandre e dáse conta dos actos no que se materializará dita homenaxe.

Certame **Carvalho Calero**

Premio organizado polo Concello de Ferrol e a Asociación Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Contou coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Cada un dos premiados recibiu 3.606 euros e verá a súa obra publicada na editorial Laiovento. No ano 2009 non houbo convocatoria.

Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

O Concello de Ames convocou este certame literario de narrativa e poesía para textos inéditos escritos en galego, con tres categorías en cada modalidade: primeira categoría para nenos e nenas até 13 anos, segunda categoría dirixida a rapaces de 14 a 18 anos e a terceira para persoas de máis de 18 anos. Houbo tres premios en metálico por cada unha destas franxas de idade en ambas as modalidades, que foron de 120 euros, 90 euros e 60 euros na primeira categoría; 150 euros, 120 euros e 90 euros na segunda; e 210 euros, 150 euros e 120 euros na terceira. Todas as persoas que desexasen participar no certame debían enviar antes do 20 de abril de 2009 catro exemplares do seu texto, en folios mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo ao Concello de Ames. Servizo de Normalización Lingüística (Avda de Azcárraga n.º 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña) acompañados dun sobre cos datos persoais. A extensión mínima foi de dúas páxinas en narrativa e de vinte versos en poesía, mentres que a máxima foi de seis páxinas en narrativa e de cincuenta versos en poesía. O tema foi libre e só se puido presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades. O acto de entrega tivo lugar nun acto celebrado o Día das Letras Galegas. No ano 2009 presentáronse cento trinta e oito traballos nas dúas modalidades e o xurado estivo composto por Antía Otero Rodríguez, Armando Requeixo Cuba, Inma López Silva e Rosa Moreiras en representación do Concello. Na modalidade de narrativa, os traballos premiados na categoría de até 14 anos foron "Non sei cando nos veremos", de Anxo Gende Seoane; "Aventuras de verduras", de Minia Monteagudo Vilavedra e "Xogo de espías", de Pedro Cortegoso Doval ; na categoría de 14 a 18 anos, "Histeria", de Pablo García Valledor; "Pesetas", de Anxo Franco Couceiro e "People", de Lara Porto Mato; e na categoría de adultos "Pasaron trinta anos", de Juan Ramón Tallón Delgado; "Os ollos da avéspora", de Heriberto Xosé Villar Patiño e "O círculo de pedra", de Saúl González Rivas. Na modalidade de poesía os premiados nas diferentes categorías foron: até 14 anos, **"**Roque, o pirata", de Anxo Gende Seoane; "Rosas", de Miriam Fungueiriño Couso e "Inxustiza", de Iris Gestoso Servide; na categoría de 14 a 18 anos, "Entre ecos", de Noelia Martínez Rey; "Temperanilly", de Lara Porto Mato e "Ollos azuis", de Alba Sánchez Ares; na categoría de adultos, **"**Ho (poeta agraria das mulleres do Oriente

doutro século)", de Brais González Perez; "Sinerxias dunha mira telescópica", de Lois Blanco Araujo e "Nus", de Andrea Porto Mato.

Referencias varias:

- A. T., "Ames invoca a las musas", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 marzo 2009, p. 36.

Infórmase das bases do IV Certame Literario de poesía e narrativa convocado polo concello de Ames, que contempla tres categorías por idades. Dise que o prazo de admisión remata o 20 de abril.

Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

Co obxectivo de estimular a creación literaria e formentar a súa difución entre a mocidade, os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos dous institutos, as Asociacións de Nais e Pais así como a Concellería de Cultura de Cambre convocaron este certame. Conta con tres categorías: de 12 a 14 anos, de 15 a 18 anos e de 19 a 26 anos; e dúas modalidades: poesía e narración breve dotados con galardóns que oscilan entre os 170 e os 400 euros. Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais e inéditosDiríxese a calquera persoa que entregue orixinais escritos en galego antes do 26 de abril.

Premios da **Crítica de Galicia**

Estes premios foron creados polo Círculo Ourensá-Vigués no ano 1978 e continuados polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Instituíronse co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos que cristalicen en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios que se utilizaron (como calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade foron da competencia exclusiva de cada xurado. Ben entendido que, en calquera caso, o interese concreto que para a cultura galega ofrecían as achegas que se consideraron había de ser a guía fundamental do proceso de avaliación. A periodicidade dos premios é anual. As decisións, que se deron a coñecer no decurso dun acto público que se celebrou o sábado anterior ao Día das Letras Galegas, atinxiron á produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade o premio foi un e indivisíbel e podía quedar deserto. Todas as producións que se consideraron merecedoras de premio tiñan que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia, antes do 1 de marzo. O xurado, aténdose así mesmo aos períodos fixados, podía incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades. O xurado de cada modalidade compúxose de sete membros, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designou un presidente entre eles que tivo a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxiliou ao presidente e demais membros do xurado, redactou e leu a acta no acto de entrega dos premios. Os membros

de cada xurado foron persoas de recoñecida competencia, polo menos nun sector da modalidade do premio, e non debían ter relacións de autoría ou dirección dos traballos concorrentes e ademais deberían aceptar estas bases. Todos os xurados quedaron nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros tiñan que ter coñecemento ao seu tempo de todas e cada unha das achegas que se ían cualificar e correspondeulles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se fose producindo. As decisións finais inapelábeis tomáronse nunha sesión de traballo que se celebrou o mesmo día da entrega do premio e permaneceron secretas mentres os secretarios non deron lectura pública ás correspondentes actas. Os Premios da "Crítica Galicia" abranguen as seguintes modalidades: I) Creación literaria. Considéranse premiábeis nesta modalidade todas aquelas obras de poesía ou narrativa, incluído o teatro, editadas no prazo sinalado de cada convocatoria; II) Ensaio e pensamento. Atinxe esta modalidade todos os traballos breves, didácticos e interpretativos nos que o autor aborde dende un punto de vista persoal e subxectivo, con flexibilidade de métodos e clara vontade de estilo, temas -preferente, pero non exclusivamente- da realidade de Galicia; III) Investigación. Considéranse premiábeis nesta modalidade todos aqueles traballos que, desenvolvidos tanto no eido da humanística coma no da investigación positiva e empírica, fagan uso do método científico; IV) Música; V) Ciencias e artes da representación. Téntase nesta modalidade dar acollida ás manifestacións encadrábeis no amplo abano da cultura audiovisual. Abrangue, polo tanto, todas aquelas producións de transmisión, comunicación ou expresión que se articulan a partir de códigos verbo-icónicos (pintura, fotografía, deseño, cine, cómic e outros análogos) verbo-corporais (danza, mimo, teatro e similares) ou calquera outros que conforman o ámbito xenérico da representación. O xurado terá que poñer especial tino en evitar calquera tipo de competencia entre as distintas formas converxentes na modalidade, premiando en cada edición o feito de maior transcendencia na cultura audiovisual galega; VI) Iniciativas culturais. Nesta modalidade enxergaranse todos aqueles feitos ou labores que, levados a cabo por persoas ou institucións, destaquen na orixinalidade e eficacia en defensa, pulo ou espallamento da cultura galega e que, podendo ser consecuencia dunha traxectoria principiada fóra do período definido nesta convocatoria, permanezan vixentes no devandito período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia poderá nomear, dende 1993, "Galego Egrexio" a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente dela. O galardón consistiu nunha estatuíña, deseñada por Isaac Díaz Pardo, que representaba a Martín Códax. Neste ano 2009 os galardóns nas diferentes modalidades foron para Luís González Tosar por *Estúrdiga materia*, na modalidade de "Creación literaria"; para Henrique Monteagudo en "Investigación" con *Letras primeiras. O foral de Caldelas. A emerxencia da escrita en galego e os primordios da lírica trobadoresca*; para Camilo Nogueira en "Ensaio" con *Europa, o continente pensado*; en "Música" para o compositor Juan Durán; en "Iniciativas Culturais" para o Festival Audiovisual de Cans; en "Ciencias e arte da representación" para a compañía Nova Galega de Danza, cunha mención do traballo dos coreógrafos Javier P. Díaz e Vicente Colomer. O premio "Galego Egrexio" decidiuse outorgar ao académico da RAG e catedrático de Filoloxía galega da USC, Ramón Lorenzo Vázquez, nunha reunión celebrada o 28 de abril na que participaron: Xosé González Martínez, Benito Montero Prego, Carlos Varela, Luís García Mañá, Carlos Núñez Pombo, Xesús Ferro Ruibal e Manuel González González. O acto de entrega tivo lugar o 30 de maio no balneario de Mondariz na Cea das Letras.

Referencias varias:

- Xosé González Martínez, "Enrique Peinador na lembranza", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", "Tribuna aberta", 27 maio 2009, p. 28/ "Enrique Peinador 'Galego exegrio", *La Región*, "Opinión", 28 maio 2009, p. 26/ "Os premios da Crítica e Peinador", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Tribuna libre", 29 maio 2009, p. 60/ "Os premios da Crítica Galicia e Enrique Peinador", *El Progreso*, "Opinión", 29 maio 2009, p. 32/ "Enrique Peinador na lembranza", *Faro de Vigo*, "Opinión", 30 maio 2009, p. 31.

Recórdase a figura do galeguista Enrique Peinador e a súa relación cos Premios da Crítica Galicia 2009, que teñen lugar no seu balneario de Mondariz, no que tamén tiveron lugar outras importantes iniciativas do galeguismo cultural e político, como a sesión de ingreso da Real Academia de Antonio Rey Soto e Ramón Cabanillas. Doutra banda, infórmase que este ano o premio Galego Egrexio recaeu no catedrático Ramón Lourenzo Vázquez.

- Rosa Tebar, "Ramón Lorenzo, Tosar y el Festival de Cans gana los Premios da Crítica", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Condado Louriña", 28 maio 2009, p. 20.

Dáse conta da listaxe dos galardoados dos diferentes apartados dos premios da Crítica de Galicia 2009, destacándose a concesión da distinción como Galego Egrexio a Ramón Lourenzo polo "inquebrantable compromiso con la lengua y la cultura gallegas" e o seu traballo no ámbito da filoloxía medieval.

- maré, "Os premios da Crítica galega, hoxe en Mondariz", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 30 maio 2009, p. 35.

Infórmase da celebración do acto de entrega dos premios da Crítica Galicia e recóllese a listaxe dos galardoados nos apartados de creación literaria, ensaio, investigación, música e artes e ciencias e iniciativa cultural. Saaliéntase a concesión da distinción como Galego Egrexio a Ramón Lourenzo .

- A. S., "A Fundación Premios da Crítica Galicia aboga por avanzar na galeguización", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 31 maio 2009, p. 48.

Resúmese o discurso pronunciado por Xosé González, presidente da Fundación Premios da Crítica Galicia, durante o acto de entrega da 32ª edición. González que se amosou optimista co futuro da cultura galega, declarou que é necesario potenciar o uso do galego en todos os ámbitos. Tamén se nomean os galardoados nas diferentes modalidades.

- Rosa Tebar, "Los Premios da Crítica ponen el mejor colofón al Mes das Letras Galegas", *Atlántico Diario*, "Área Metropolitana", "Condado Louriña", 31 maio 2009, p. 19.

Faise eco do acontecido na cena de entrega dos Premios da Crítica-Galicia, e da listaxe de galardoados das diferentes categorías. Dise que en creación literaria foi recoñecido Luís González Tosar, Henrique Monteagudo en Investigación, Camilo Nogueira en Ensaio, Juan Durán en Música e Nova Galega de Danza en Ciencias e Artes da

representación. Destácase tamén, a concesión da distinción Galego Egrexio ao filólogo e académico Ramón Lourenzo e o recoñecemento como mellor iniciativa cultural ao Festival de Cans.

Premios da **Crítica Española**

Creado no ano 1956 e dende 1978 concedéronse aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. No ano 2009 o Premio Nacional de Crítica 2008 na modalidade de literatura galega recaeu en *Festina Lente*, de Marcos Calveiro, na categoría de narrativa, e en *Hordas de escritura*, de Chus Pato, en poesía. Os premios falláronse o 18 de abril en Santander no Pazo da Madalena e os integrantes do xurado foron, entre outros, Miguel García-Posada, como presidente,Carlos Galán, Santos Alonso, Ángel Basanta, Juan C. Peinado, José E. Martínez, Julia Uceda, Juana Vázquez, Balbina Prior, Javier Goñi, Jon Kortazar, Olivia Rodríguez, Alex Broch e Martín Nogales

Referencias varias:

- Ó. Iglesias , "Chus Pato y Calveiro, propuestos para el Premio de la Crítica", *El País*, "*Galicia*", 15 abril 2009, p. 6.

Infórmase que o poemario de Chus Pato, *Hordas de escritura*, e a novela de Marcos Calveiro, *Festine lente*, foron os galardoados da literatura galega nos Premios da Crítica Española. Destácase a solidez da traxectoria, marcada pola fenda estética, de Chus Pato; mentres que da obra de Calveiro, valorouse a perspectiva orixinal que da ao xénero histórico, resultando unha novela fresca, cun importante traballo lingüístico e que mantén a intriga até o final.

- A. de Santos, "El novelista Marcos Sánchez Calveiro y la poetisa Chus Pato, Premios de la Crítica en lengua gallega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 19 abril 2009, p. 44.

Coméntase que Marcos S. Calveiro, coa obra *Festina lente*, e Chus Pato por *Hordas de escritura*, foron distinguidos co Premio da Crítica en lingua galega nas modalidades de narrativa e poesía, respectivamente. Dise que a obra de Calveiro se define como un intrigante viaxe polo mundo do coñecemento nun tempo de intolerancia; pola súa parte, saliéntase a ruptura cos xéneros, dende o punto de vista estético, da obra de Chus Pato, así como o seu compromiso co nacionalismo e a conciencia de xénero especialmente. Asemade, recórdanse outros galardóns cos que foron recoñecidos ambos escritores.

- S. E., "Chus Pato obtiene el Premio Nacional de la Crítica", *La Región*, "Ourense", 19 abril 2009, p. 5.

Recóllense algunhas manifestacións de Chus Pato, quen acaba de recibir o Premio Nacional de la Critica 2008 en literatura galega na modalidade de poesía con *Hordas de escritura*. A autora dí que nesta obra se procura "levar a poesía á fronteira con outros

xéneros como a narrativa, o teatro ou a reflexión filosófica". Tamén se informa que, na modalidade de narrativa galega, o galardoado foi Marcos Calveiro por *Festina lente.*

- Xosé Luís Méndez Ferrín, "Xornalismo insidioso", *Faro de Vigo* , "Opinión", "Segunda feira", p. 14/*La Opinión*, "Opinión", "Segunda feira", p. 12, 27 abril 2009.

Comenta as páxinas de cultura dun xornal, nas cales, entre outros temas se informa, aínda que de forma pouco destacada, dos premiados pola crítica en lingua galega, Marcos Calveiro e Chus Pato.

- Marica Campo, "Envexa", *A Nosa Terra*, n.º 1.357, "Cultura", 30 abril-6 maio 2009, p. 32.

Felicítase a Chus Pato e a Marcos Calveiro por seren os gañadores dos Premios da Crítica de poesía e narrativa, respectivamente, en lingua galega; reivindicando a honradez do xurado que fallou estes premios, a sección de crítica da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

- Jaureguizar, "Apuñalar por diante ou polas costas?", *El Progreso*, "Cultura", "Vivir", "Ollo mol", 9 maio 2008, p. 71.

Faise eco da polémica acerca da concesión a Chus Pato do Premio da Crítica Española, no apartado de poesía galega. Afirma que hai quen ve detrás desta escolla intencións políticas e opina que é inevitábel que os xurados que valoran obras, coñecendo os nomes dos seus autores, se deixen levar por cuestións de proximidade literaria, biográfica ou sentimental con eses escritores.

Premios da **Edición**

Convocados pola Asociación Galega de Editores (AGE) e patrocinados polo Centro Español de Dereitos Reprográficos (Cedro). Os galardóns tiveron seis categorías: Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor ou Autora do Ano; Premio Ánxel Casal ao Libro de 2009; Premio Lois Tobío ao Libro Traducido, Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado; Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil e o Premio Francisco Fernández del Riego á Cooperación no Labor Editorial. No ano 2009 os premiados foron: Rosa Aneiros co Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Mellor Autor do ano; Alberto Lema, o Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción con *Sidecar*; Xesús Alonso Montero, o Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción con *Cartas de republicanos galegos* e Millán Picouto, o Premio Ánxel Casal ao Libro de teatro ou poesía por *Ciclo de Xúpiter*; Fran Alonso con *A araña e máis eu*, o Premio Xosé Neira Vilas ao Libro Infantil e Xuvenil; Eva Almazán, o Premio Lois Tobío ao Libro Traducido, por *Contos completos de Edgar Allan Poe*; Gabriel Pacheco, o Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro Ilustrado, por *A grande viaxe*; o proxecto Fotobiografías sonoras de Ouvirmos, premio Rosalía de Castro á mellor iniciativa editorial; e empresa R recibiu o Fernández del Riego pola promoción do libro editado en galego. A entrega do premio tivo lugar o 19 de decembro no Liceo de Ourense.

Referencias varias:

- Belén López, "Luis Rei e Asun Estévez optan aos Premios da AEG", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 19 decembro 2009, p. 78.

Dáse conta dos nomes dos autores e os títulos aspirantes ás diferentes categorías dos premios que entrega a Asociación Galega de Editores.

- E. P., "Editoriales gallegas entregan hoy en Ourense los Premios da Edición", *El Correo Gallego*, "Cultura", 19 decembro 2009, p. 62.

Refírese á inminente celebración da V Noite da Edición de Galicia, acto no que se darán a coñecer os gañadores dos Premios da Edición. Tamén se alude os persoeiros participantes neste acto.

- L R, "Las editoriales gallegas entregan en el Liceo los Premios de la Edición de este año", *La Región*, "Ciudad", 19 decembro 2009, p.13.

Faise eco da inminente celebración da gala V Noite da Edición de Galicia, na que ademais de darse a coñecer os ganadores dos Premios da Edición 2009, nas diferentes categorías, se homenaxeará no apartado Edición Histórica á editorial Nova Galicia e se entregará o Premio Francisco Fernández del Riego á empresa R.

- Imanol Hernández, "Marcos Valcárcel recibe un premio especial en la gala de las editoriales en lengua gallega", *La Región*, "Ourense", 20 decembro 2009, p. 7.

Infórmase do acontecido durante a entrega dos premios que organiza a Asociación Galega de Editores, acto presidido polo máximo responsábel da asociación, Alfonso García Sanmartín, quen afirmou que a industria editorial galega mostra unha boa saúde, aínda que os efectos da crise non lle son alleos. Asemade, achéganse os nomes dos galardoados nas dez categorías.

- Javier Fraiz, "La producción de literatura gallega se reduce un 18% de enero a septiembre", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 decembro 2009, p. 39.

Ademais de achegar datos estatísticos sobre o descenso da edición en Galicia, dáse conta dos galardoados pola Asociación Galega de Editores. Rosa Aneiros foi recoñecida co premio Xosé María Álvarez Blázquez ao escritor do ano, o premio ao mellor libro de ficción do ano recaeu en *Sidecar*, de Alberto Lema e recoñeceuse a obra *Cartas de republicanos gallegos*, de Xesús Alonso Montero como mellor obra de non ficción. Apúntase que na categoría de poesía o premiado foi Millán Picouto co seu poemario *Ciclo de Xúpiter*; o mellor libro de literatura infantil e xuvenil foi considerado *A araña e máis eu*, de Fran Alonso; o galardón ao libro traducido foi para *Contos completos de Allan Poe*, de Eva Almazán, mentres que Gabriel Pacheco recolleu o premio ao libro ilustrado do ano por *A grande viaxe.* Tamén se destacou a traxectoria do historiador Marcos Varcárcel e a labor editorial de Nova Galicia Edicións.

- Javier Romero, "Los editores gallegos celebraron su fiesta anual y la entrega de premios", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 decembro 2009, p. 54.

Dáse conta do fallo dos premios que organiza a Asociación Galega de Edición e recóllense algunhas declaracións dos participantes na quinta Noite da Edición en

Galicia, como a do responsábel de Galaxia, Víctor Freixames, quen se pregunta onde foron a parar as subvencións anunciadas pola Consellería de Cultura. Asemade, recóllense algunhas afirmacións de Alberto Lema, quen recoñece que para el foi unha sorpresa que a súa obra *Sidecar* alcanzara a distinción de mellor libro de ficción e aproveita para declarar que o recorte das subvencións dirixidas ás traducións é prexudicial para o sistema editorial galego.

- maré, "Os nomes do 2009, *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "AGE", 20 decembro 2009, p. 33.

Noméanse os galardoados nas diferentes categorías destes premios, sinalándose o paradoxo de que Rosa Anerios foi distinguida como mellor escritora do ano, a pesar de que ningunha das súas novelas finalistas alcanzaron o recoñecemento do xurado. Dise que *Sidecar*, de Alberto Lema, a que se lle outorgou o premio ao libro de ficción do ano, "amosa un estilo causal e próximo ás pulsións sexuais de dous amigos nunha Compostela de traballos lixo, mulleres con carácter e estudantes acirrados". Coméntase que o mellor libro de non ficción, *Cartas de republicanos galegos*, de Xesús Alonso Montero, é un volume formado por vinte cartas que diferentes republicanos galegos condenados a morte escribiron antes de falecer, entre o 1936 e o 1948. Da obra de Fran Alonso, *A araña e máis eu*, distinguida co premio ao libro infantil e xuvenil, destácase a súa beleza plástica e o seu achegamento visual e poético ao corpo humano. Infórmase tamén que a gala, que este ano tivo lugar no Liceo de Ourense, foi conducida polo escritor e xornalista Camilo Franco.

- C. L., "Relatos centenarios pero frescos", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", 24-30 decembro 2009, p. 23.

Informa de que, con motivo do segundo centenario do nacemento de Poe, Eva Almazán realizou a tradución de *Contos completos (I e II)*, para a editorial Galaxia. Dise tamén que o Premio Lois Tobío da Asociación Galega de Editores no 2009 recaeu nesta obra que salienta pola súa "frescura, imaxinación e modernidade".

Premios **Gzcrea**

Certame galego de creadores novos, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos, convocados pola Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude e de Solidaridade da Xunta de Galicia, que incluíu as especialidades de teatro, artes plásticas, composición para banda de música, moda, música, relato, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, carteis, videoclips e deseño de xoias. Nas modalidades de Relato, Poesía e Banda deseñada, os textos debían ser orixinais, inéditos e en galego, tendo temática libre, e debían ser presentados en formato papel e en CD. Para cada modalidade estabelecéronse tres premios: 3.000 euros para o primeiro, 1.500 para o segundo e 1.000 para o terceiro, podendo outorgarse mencións de honra sen dotación económica. Para calquera información adicional, podíanse consultar as páxinas webs de Gzcrea ou da Consellería de Xuventude. Nesta edición 2009, o prazo de presentación dos traballos rematou o 5 de xuño. Na categoría de Banda deseñada os galardóns foron para: Brais Rodríguez Verde (1º premio), pola obra *Os Mortos*; Diego Campos Omil (2º premio), pola obra *Tempada de cogumelos* e Laura Velasco Vázquez (3º premio), pola obra *O derradeiro baile*. O xurado de banda deseñada estivo composto por: Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Promoción

de Actividades, como presidenta; e Jaime Asensi Cabirta, Manuel Pena Villar (Manel Cráneo), Francisco Javier da Silva Irago (Kiko da Silva) e Henrique Torreiro Sebastián, como vogais e como secretario, Benito López Losada, director da Casa da Xuventude de Ourense. En Relato, o xurado composto por Yolanda Otero Balsa (Presidenta), Antón Riveiro Coello, Mª Ángeles García Sumay e José Miguel Alonso Giradles, como vogais, e Mª Consuelo Méndez Mouzo, como secretaria, galardoou os seguintes relatos: "Caderno de somoza", de Andrés Carrasco Solla; " Novela de xadrez", de Eva Moreda Rodríguez e "Boca de pedra que lambes o mar", de Ilda Luaces Torre. En Poesía, o xurado composto por Yolanda Otero Balsa (Presidenta), Luis González Tosar e Argimiro Bautista Villar González como vogais, e Mª Jesús López Cernadas, como secretaria, galardoou a David Pérez González polo poemario *Poesía segunda de amor, desamor e sinusite*; Eva Moreda Rodríguez por *Inglesa, inglesa* e Jacobo Llamas Martínez por *Contrarretrousos*. En Teatro, o xurado composto por Yolanda Otero Balsa (Presidenta), María Mera Constenla, Cecilia Doporto Regueira, Manuel Guede Oliva e Camilo Franco Iglesias, como vogais, e Ángela Fernández Rey, como secretaria, acordou conceder os galardóns a Tangatutanga Teatro pola obra *Aberto por folga. Cabaré laboral*; ao Grupo de teatro IES Vilar Ponte pola obra *Commedia. Un xoguete para Goldoni* e ao Grupo Upiaska de Fingoi pola obra *Antígona vive*; quedando como finalistas Mequetrefes coa obra *Só vostede e máis eu*; o Grupo de teatro NNC coa obra *Fin de partida*; e Teatro da Falúa coa obra *Zorro*.

Referencias varias:

- Cándida Andaluz, "Las Xornadas de Banda Deseñada reflexionan sobre los tópicos", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 29 setembro 2009, p. 42.

Refírese á celebración das Xornadas de Banda Deseñada en Ourense dende o 1 ao 14 de outubro. Ademais de dar conta do presuposto, coméntase algunhas de exposicións individuais como a de Miguel Brieva e David Rubín. Alúdese a exposicións colectivas "de marcado matiz gallego" como "Viñetas descubertas" e "Miña Terra Galega", entre outras. Infórmase tamén que se poderán ver as obras gañadoras da edición deste ano dos premios GZCrea 2009.

- LR, "Nove exposicións co mellor do cómic nacional compoñen as Xornadas de Banda Deseñada", *La Región*, "Ourense", 29 setembro 2009, p. 10.

Noméanse algúns dos artistas que estarán presentes nas Xornadas de Banda Deseñada, que se celebran en Ourense. Comenta que haberá varias mostras, entre as que destaca "Fanzine Enfermo" e "All-Girlz". Por outro lado, infórmase que terá lugar no mesmo acto a entrega do Premio Ourense de Banda Deseñada a "El Patito Editorial" e tamén os Premios GZCrea.

- S. E., "Cultura compromete su respaldo al 'Outono Fotográfico' a partir de la próxima edición", *La Región*, "Ourense", 2 outubro 2009, p. 11.

Apláudese o apoio económico ofrecido pola Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura para apoiar o festival "Outono Fotográfico". Con este dato, ratíficase tamén o apoio da Consellería de Cultura ao Ourense Film Festival. Este respaldo económico anunciouse durante a inauguración da 21ª Edición de Xornadas da Banda Deseñada de

Ourense, no que ademais se informa que tivo lugar a entrega dos premios do Certame GZCrea e o Premio Ourense de Banda Deseñada. A continuación, noméanse aos galardoados nos dous certames.

- Natalia Álvarez, "Nunca me decantei por un rexistro único no debuxo", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 304, "Entrevista", 15 outubro 2009, p. IV.

Entrevista a Brais Rodríguez, que vén de gañar o GZCrea na modalidade de banda deseñada con *Os mortos*, quen relata porque escribiu a obra en primeira persoa e sinala cales son os seus principais referentes no mundo do cómic. Por outro lado, afirma que a súa formación en Belas Artes inflúe no labor como debuxante de BD e tamén ao revés. Comenta que, entre a pintura e o cómic, se queda co cómic porque "é máis económico" e "resulta moi sinxelo publicalo". Conta ademais como evolucionou a súa obra dende hai máis dunha década e como é o seu método de traballo. Ademais informa de que fixo unha adaptación da obra *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño, que foi premiada no I Certame Galego de Cómic sobre Teatro do ano 2009 que será publicada na *Revista Galega de Teatro*. Por outra banda, fala das vantaxes de gañar premios e, para rematar, opina sobre o *boom* da Banda Deseñada Galega.

- M. B., "Hai puntos comúns entre os textos teatrais e o cómic", *A Nosa Terra,* n.º 1.378, "Cultura", 22-28 outubro 2009, p. 22.

Conversa con Brais Rodríguez, gañador do GZ Crea de Banda Deseñada pola obra *Os mortos* e do Certame Galego de Cómic cunha adaptación da obra *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño. Sobre última obra, sinala que descubriu "unha inmensa galería de personaxes caricaturizábeis e moita diversidade de situacións" e fálase do proceso de plasmación do texto teatral ao cómic.

Certame literario **Francisco Lorenzo Mariño**

Convocado pola Asociación Cultural e Recreativa do mesmo nome para conmemorar os 50 anos de Parroquia de Aguiño. Tivo carácter internacional e estabelecéronse dúas modalidades: Poesía e Relato Curto en lingua galega con dúas categorías de idade, menores de 16 anos e de 16 en diante. Os premios na primeira categoría consistiron en lotes de libros e material didáctico, así como diplomas e publicación das obras gañadoras; en canto á segunda categoría estabeleceuse un premio por modalidade consistente en 180,00 €, diploma e publicación da obra gañadora. Convocouse en abril, coincidindo co mes das letras, e o prazo rematou o 16 de outubro. As obras debían ser orixinais e inéditas e debían enviarse por triplicado, cun máximo de tres obras por autor, á ACRV Francisco Lorenzo Mariño (rúa mestre Xosé Sans, 21, 15965, Aguiño, Riveira) Foron en total dezaseis conxuntos de poemas e dezanove relatos curtos na categoría adulta, e doce poemas e quince contos na categoría infantil e xuvenil. O xurado estivo composto por Unai González Suárez, Presidente da asociación; Alicia Padín Otero; María Xosé Blanco Giraldez, e Josefa Suárez Sampedro, secretaria do xurado. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar no Conservatorio de Música de Aguiño o sábado 28 de novembro de 2009 no que se presentou a publicación que recollía os traballos gañadores. Na categoría infantil/xuvenil presentáronse doce poemas e quince relatos e resultaron galardoados na modalidade de poesía: "Eu quero navegar", de Adrián Suárez González (CEIP Aguiño); "Ausencias", de Carla Caamaño Conde (IES Agra de Raices

de Sardiñeira-Fisterra) e cun accésit “Felicidades Aguiño”, de José Antonio Torres Adano (CEIP Aguiño). Na modalidade de Relato (Conto): “Pedro o que fai a gata”, de Salomé Fernández González (CEIP Aguiño) e dous accésits para “Aguiño, un cambio radical”, de María Roo Sampedro (CEIP Aguiño) e “Aguiño”, de Daniel Pego Santamaría (CEIP Aguiño). Na categoría adulta presentáronse dezaseis conxuntos de poemas e dezanove relatos curtos. Foron premiados na modalidade de poesía: “Como escribir, miña xoia”, de Luz Airado Bello (Vilalba, Lugo) e cun accésit “Diante do mar salvaxe”, de Pedro Rielo Lamela (Pontevedra). Na modalidade de Relato: “Alén do mar”, de Alexandre Cortés Ayaso (Carreira-Ribeira) e cun accésit “Certas noites teño un soño”, de Tito Pérez Pérez (A Coruña).

Referencias varias:

- L. Romero, “Publican el nombre de los ganadores del certamen literario Lorenzo Mariño”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza Comarca”, “Riveira”, 14 novembro 2009, p. 27.

Faise eco dos premiados do certame de relato curto e poesía Francisco Lorenzo Mariño. Dánse os nomes dos gañadores nas dúas categorías, infantil e adulta, e recórdase que a entrega de galardóns terá lugar no conservatorio de Aguiño o día 28, tras o acto de clausura da Mostra de Teatro.

Premios **Irmandade do Libro**

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. Na edición do ano 2007 engadiuse un premio para o mellor libro en galego. As propostas de participación podían ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (R/ República del Salvador, 28 entrechán B. 15701 Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das sete modalidades, consistiu nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e a categoría de Centros de Ensino e Fomento da Lectura, única con dotación económica, contou con 1.500 euros e dous accésit de 300 euros para a adquisición de libros en calquera das librarías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertencía a localidade do colexio gañador. Na XVIIIª edición do ano 2009 creouse unha nova modalidade, Fomento da Lectura. O xurado estivo formado por Xurxo patiño Pérez, Benxamín Riobó Fernández, Xaime Carlos Corral Prieto, Alfonso Vázquez-Monxardín; Xosé Carlos Caneiro Pérez, Belén Solleiro Díaz e Gregorio Ferreiro Fente. Os galardóns recaeron no IES Blanco Amor na categoría de Centros de Ensino; en *Festina lente*, de Marcos S. Calveiro, como Libro do ano 2008; en Xabier P. Docampo, como Mellor Autor; na Asociación Cultural do IES Rosalía de Castro de Santiago, na categoría de Institucións; na colección Rescate de Alvarellos editora, como Obra Editorial; e , finalmente na librería viguesa Andel do libro galego e portugués, por Mellor Libraría e nas bibliotecas públicas de Oleiros na nova modalidade de Fomento da Lectura. A gala de entrega de premios tivo lugar o 28 de marzo en Carballiño.

Referencias varias:

- Concha Pino, “Cita de turismo activo en Botica”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 21 marzo 2009, p. 12.

Achéganse os finalistas santiagueses deste premio, organizado pola Federación de Libreiros de Galicia: o Casino de Santiago e a Asociación cultural IES Rosalía de Castro, na categoría de institucións culturais e a colección Rescate de Alvarellos Editora, na categoría de mellor obra editorial.

- maré, “A palabra e a voz”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 21 marzo 2009, p. 27.

Dáse conta da listaxe de finalistas, nas diferentes categorías, da XVIIIª edición dos Premios Irmandade do Libro. Doutra banda, destácase a concesión do premio na categoría de Autor a Xabier P. Docampo, que destaca por explorar nun campo pouco cribado en Galicia: o da oralidade; para quen a oralidade está na raíz da literatura. Entre os títulos de literatura infantil do autor, destácanse *A casa da luz* e *Un conto de tres noites*.

- LR, “Doscientas personas participarán en la entrega de los Premios Irmandade do Libro”, *La Región*, “Carballiño”, 25 marzo de 2009, p. 18.

Infórmase do programa do acto de entrega dos Premios Irmandade do Libro, que cumpren a súa décimo oitava edición, celebrado en Carballiño. Coméntase que hai tres finalistas en cada unha das seis modalidades, ás que se suma o premio da modalidade de Autor que recibirá Xabier P. Docampo.

- M. D., “Os méritos recoñecidos”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 26 marzo 2009, p. 36.

Destácanse os méritos de Xabier P. Docampo que o fan digno gañador do galardón de autor da XVIIIª edición dos Premios Irmandade do Libro. Docampo opina que na concesión deste galardón tivo algo que ver a súa última publicación, *O libro das viaxes imaxinarias* (2008). Do currículo de Docampo tamén se destaca o Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil 2005, por *Cando petan na porta pola noite*, a inclusión na Honour List IBBY 2006 e The White Ravens 1995 e 1997, e o seu traballo no campo da pedagoxía.

- X. A. Reboiro, “A Irmandade do Libro premia a labor do IES Blanco Amor na categoría de centros de ensino”, *La Región*, “Carballino”, 29 marzo de 2009, p. 18.

Crónica do acontecido no acto de entrega dos Premios da Irmandade do Libro. Destácanse entre os galardoados aos escritores Xabier Puente Docampo, gañador en obra literaria e Marcos Calveiro quen, coa súa novela *Festina lente*, foi merecedor do premio Libro do ano 2008. Na categoría de Fomento da lectura, saliéntase o premio concedido ao Instituto de Ensino Secundario Blanco Amor de Ourense.

- Belén López, “Os libreiros elixen ‘Festina lente’ de Marcos S. Calveiro, libro do ano”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 30 marzo 2009, p.62.

Dáse conta da listaxe de galardoados, nas diferentes modalidades, na XVIII edición dos Premios da Irmandade do Libro, destacándose a distinción de libro do ano 2008, que

recaeu desta volta na obra do arousán Marcos S. Calveiro, *Festina lente*. Coméntase que estes premios non teñen dotación económica, agás a modalidade de centros de ensino, e que a gala é itinerante.

- maré, "Desde o fomento da lectura", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Recoñecemento", 30 marzo 2009, p. 28.

Noméanse os galardoados, nas diferentes modalidades, na XVIIIª edición dos Premios da Irmandade do Libro, destacando a distinción de libro do ano 2008, que recaeu na obra de Marcos S. Calveiro, *Festina lente*, na que se recrea a censura exercida pola igrexa Católica cos libros. Por último, infórmase da composición do xurado.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Convocado polo Ministerio de Cultura dende o ano 2005. Neste premio elixíronse os libros mellor editados ao longo do ano anterior. Estes galardóns non tiveron dotación económica, as obras gañadoras serán expostas nas principais feiras internacionais do libro. Clasifícanse en cinco grupos temáticos: arte, libros de bibliofilia, facsímiles, infantís e xuvenís e obras xerais e de divulgación. Na edición de 2009 recibiu o segundo premio na modalidade de "Libro infantil e xuvenil", *Caderno de animalista*, de Antón Fortes, ilustrado por Maurizio A. C. Quarello, editado por OQO Editora na súa colección OQart.

Certame Literario **Manuel Oreste Rodríguez López**

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López. Podían presentarse ao certame obras, orixinais, inéditas e non premiadas, en galego ou en castelán. Constou de dúas modalidades unha de narrativa e outra de poesía, cunha extensión máxima de vinte folios na modalidade de narrativa, e de cen versos en poesía. As obras debían enviarse mecanografadas (o a ordenador) a dobre espazo, por sextuplicado, sen firma e con lema, ao Concello de Paradela (Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15, 27611). Estivo dotado con 600 euros para cada unha das modalidades. Na 14ª edición do ano 2009, presentáronse cento seis obras á categoría de poesía e oitenta e catro á de narrativa; delas trinta e seis en galego. O xurado formado por José Manuel Mato, como presidente, Santiago Rodríguez, Xesús Mato, Xulio Xiz, Xavier Rodríguez Barrio acordou galardoar a Alba Cid Fernández, na modalidade de poesía, con *Nosoutras*, presentado baixo o lema Dedaleira, e a Alberto Rodríguez en narrativa con *Marcha triunfal*; e concederon sendos accésits a sevillana Sara Castelar e a coruñesa María Isabel Gómez Arto, en poesía, e o murciano Juan José Ruíz e a madrileña Isabel Julián, en narrativa. Tamén se convocou a 15ª edición na que o prazo de admisión rematou o 30 de novembro e o fallo do xurado terá lugar no mes de marzo de 2010.

Referencias varias:

- A.Casanova, "Dos ourensanos gana el certamen literario 'Manuel Oreste' de Paradela", *El Progreso*, "Sarria", 24 abril 2009, p. 19.

Infórmase da composición e do fallo do xurado do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López, promovido polo Concello de Paradela e que cumpre a súa décimo cuarta edición. Recóllese que o primeiro premio de poesía recaeu na obra *Nosoutras*, de Alba Cid Fernández, obra que, segundo o xurado, "constitúe unha elexía á muller rural galega" . Dise que o premio da modalidade de narrativa foi parar a mans de Alberto Rodríguez Díaz por unha obra, titulada *Marcha triunfal*, na que se retrata a sociedade ourensá no inicio da guerra civil.

- L. P., "El Concello de Paradela convoca el 15º certamen literario 'Manuel Oreste", *El Progreso*, "Sarria", 29 setembro 2009, p. 18.

Dá conta da convocatoria, da contía e das bases da decimoquinta edición do certame literario "Manuel Oreste Rodríguez López". Dise tamén que o acto de entrega terá lugar no centro social do mesmo nome.

- L. P., "Más de 200 obras concurren al certamen literario Manuel Oreste Rodríguez", *El Progreso*, "Sarria", 11 decembro 2009, p. 17.

Indícase que se presentaron unha totalidade de duascentas doce obra á décimo quinta edición destes premios. Tamén se da conta da programación do acto de entrega dos galardóns da súa décimo cuarta edición.

Certame **Literario Mariano**

A Asociación Cultural 'Santuario Virxe da Armada', dentro do seu obxectivo de traballar pola promoción, cuidado e desenvolvemento do Santuario da parroquia de San Salvador de Rabal (Concello de Celanova), convocou este certame. Puideron presentarse traballos en prosa, cunha extensión mínima de cinco folios, ou en verso, cunha extensión mínima de 40 versos, en castelán ou galego, sobre un tema mariano en xeral ou sobre a virxe. Contou con tres galardóns de 600, 300 e 150 euros e o plazo para a presentación dos trabajos, que deberán enviarse ao rector do Santuario da Armada de Rabal dentro dun sobre baixo lema e pseudónimo finalizou o 31 de maio.O fallo do xurado deuse a coñecer o 15 de agosto e a entrega na semana do novenario (antes do 9 de setembro). O xurado, composto por Manuel Seguín, Serafín Marqués, deán da Catedral de Ourense, e os profesores Enrique Bande, Víctor Campo e María Teresa Devesa galardoaron ás "Cantigas medievais de loor a Santa María" da ourensá María Ángeles Rubianes Pérez co primeiro premio, á "Virxe da Armada" de María de la Luz Martínez da Manchica e "Madrigales devotos a la Virgen de la Armada" de Manuel Terrín de Albacete, co segundo e terceiro premio clasificados.

Referencias varias:

- L. F. "La Asociación cultural de la Virxe da Armada convoca el certamen literario mariano", *La Región*, "Celanova", 23 marzo 2009, p. 10.

Infórmase da convocatoria, bases e dotación do certame literario mariano, convocado pola Asociación cultural Virxe da Armada.

- LR, “La Asociación cultural de la Virxe da Armada entrega los premios del certamen literario”, *La Región*, “Celanova”, 3 setembro 2009, p. 20.

Noméanse os gañadores do certame literario na honra desta virxe. Dánse a coñecer ademais os membros do xurado e infórmase que o acto de entrega terá lugar co “día grande” no santuario.

Premios **Nacionais da Cultura Galega**

Convocados por primeira vez en 2008 pola Consellería de Cultura e Deporte. A dotación dos galardóns foi de 15.000 euros en cada categoría, de carácter indivisíbel. O prazo de admisión de candidaturas foi dun mes a partir do día 25 de marzo de 2008. O xurado, único para todas as categorías, contou con representantes de todos os sectores da cultura galega e estivo composto de quince membros, variando a súa composición en cada edición. O premio constaba de dez categorías: Literatura, Arquitectura e espazos públicos, Artes visuais, Artes escénicas, Música, Cine e audiovisual, Pensamento e cultura científica, Iniciativas culturais, Cultura tradicional e de base e Patrimonio Cultural. No ano 2009 non se convocaron.

Referencias varias:

- X. R. Blanco/I. Martínez, “Varela suprimirá os Premios Nacionais da Cultura, que custan ‘unha fortuna”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 4 xullo 2009, p. 40.

Indícase que o conselleiro de Cultura decidiu eliminar estes premios debido ao contexto de “inflación” e o seu impacto nos orzamentos da Xunta de Galicia. Coméntase que pretende deseñar alogo “máis novidoso” que faga fincapé máis no traballo realizado que nas persoas. Por último dise que só se convocou a primeira edición no ano 2008 e faise unha relación dos premiados en cada categoría, entre os que se atopaba Xosé Luís Méndez Ferrín, en Literatura.

Premios **Nacionais de Literatura**

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa, Poesía, Ensaio, Literatura Dramática e Literatura Infantil e Xuvenil, en calquera das linguas do Estado. Están dotados con 20.000 euros. Na edición de 2009 recibiu o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, Alfredo Gómez Cerdá pola súa obra *Barro de Medellín* e o Premio Nacional de Ilustración Miguel Calatayud por *O libro das M'Alicias*.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Convocado pola Asociación Xuvenil Cultural A Pipa de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o

Concello de Becerreá. Contou coas modalidades de poesía, relato, narración e conto, cun máximo de cincuenta versos na primeira e cinco folios na segunda, conforme estabelecen as bases. Cada participante puido presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que debían ser enviados antes do 22 de decembro á sede da entidade organizadora, na Rúa Ancares, número 57, 27640 Becerreá-Lugo. O certame estabeleuce tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaoito; e de adultos, a partir dos dezaoito anos. Para cada categoría estabelecéronse dous premios e os accésits que o xurado considerou oportunos. O premio consistiu nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado estivo composto pola xunta directiva da entidade convocante. Nesta XVIII[a] edición de 2009 na modalidade de relato infantil os galardoados foron: Ana Digón Castro, de Cervantes, polo relato 'Filomena, Filomena', mentres que o segundo foi para Adrián Rodríguez Pardo, tamén de Cervantes, por 'Un home moi especial' e concedéronse accésits a Miguel Ángel Alba Rodríguez (Cervantes), Tania López Rodríguez (Cervantes), Ana María Aira Seijo (Pedrafita), Sandra López López (Baralla) e Carlota Yepes Pereira (Becerreá). Na modalidade de poesía, os galardóns foron para Jesús Rodríguez Cedrón, de Cervantes, pola obra 'Como atopar a moza correspondente' e o segundo, para Carmen Fontal Maciñeiras, de Baralla, por 'Frutyys' e concedéronse accésits a David Rubianes Núñez (Baralla), Sandra Fernández García (Baralla) e Beatriz Rosón López (Cervantes); no apartado xuvenil. Na categoría de maiores de dezaoito anos, na modalidade de relato quedou deserto o primeiro premio e o segundo foi para 'O ballón de San Xoán', de Xosé Luis Vázquez Somoza, de Guntín; na modalidade de poesía o primeiro premio foi para 'Axóuxeres de salitre', de Rocío Leira Castro, de Cee (A Coruña) e o segundo, para 'Ecoando buguinas en apertas apreixadas', de Xosé Otero Canto, de Lugo**.** Os premios entregáronse nunha gala celebrada o 27 de decembro.

Referencias varias:

- Francisco García, "A Pipa concedió quince galardones en su certamen literario", *El Progreso*, "Comarcas", 28 decembro 2009, p. 14.

Dáse conta do acto de entrega dos premios deste certame literario, que este ano contou coa presenza da escritora Yolanda Castaño, que participou no coloquio e ofreceu un recital de poesía. Dise que na categoría de relatos para maiores de dezaoito anos o primeiro premio quedou deserto e o segundo recaeu en Xosé Luis Vázquez Somoza, co seu texto "O ballón de San Xoán"; o primeiro premio de poesía levouno "Axóuxeres de salitre", de Rocío Leira Castro e o segundo "Ecoando gubuinas en apertas apreixadas" de Xosé Otero Canto. No tocante a categoría infantil, coméntase que na sección de relato o primeiro premio foi concedido ao texto de Ana Digón Castro, "Filomena Filomena", mentres que o segundo foi parar a Adrián Rodríguez Pardo, por "Un home moi especial"; tamén se concederon accésits a Miguel Ángel Alba Rodríguez, Tania López Rodríguez, Ana María Aira Seijo, Sandra López López e Carlota Yepes Pereira; na sección de poesía, o primeiro premio concedéuselle a Jesús Rodríguez Cedrón, polo poemario "Como atopar a moza correspondente" e o segundo foi para Carmen Fontal Maciñeiras, por "Frutyys", outorgáronselle accésits a: David Rubianes Núñez, Sandra Fernández García e Beatriz Rosón López.

Premio de Tradución **Plácido Castro**

Convocado pola Fundación Plácido Castro para reivindicar a figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967), especialmente no campo da tradución, do pensamento e xornalismo. Estivo destinado a promover entre todos os tradutores de Galicia versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal e dirixiuse a todas as persoas que tiñan publicado na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego da literatura universal. Estivo dotado con 3.000 euros. O xurado do premio estivo composto por cinco membros pertencentes ou designados por cada unha das seguintes institucións: Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Fundación Plácido Castro, Real Academia Galega, Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e Administración Autonómica. Actuou como secretario do premio con voz e sen voto o secretario da ATG. Nesta VIIIª edición de 2009, o xurado reunido en Vilagarcía e composto por Xosé Luís Axeitos, Ana Luna, Alberto Lugrís, Carlos Arias, Xosé Castro Ratón e Xosé María Gómez Clamente decidiu outorgar o galardón a María Reimóndez pola tradución ao galego *Mary Prince*, *unha escrava das indias occidentais*, e conceder un accésit a Rafael Salgueiro pola tradución dende o inglés d'*O libro da selva*, de Rudyard Kipling. O acto de entrega do galardón tivo lugar o 17 de outubro.

Referencias varias:

- M. F. F., "El concello le dedicará una calle al intelectual galleguista Plácido Castro", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Carril", 2 outubro 2009, p. 12.

Informa da aprobación pola Xunta de Goberno do Concello de Vilagarcía de recoñecer a figura de Plácido Castro rebautizando unha rúa co seu nome. Sinala tamén a celebración da oitava edición do Premio de Tradución Plácido Castro. Dáse conta da contía do premio e menciónase os membros que forman o xurado.

- Olalla B. B., "A tradutora lucense María Reimóndez gaña o certamen 'Plácido Castro 2008", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía local", "Cultura", 4 outubro 2009, p. 4.

Dáse conta do fallo do premio Plácido Castro 2008, que foi para María Raimóndez pola tradución da obra *A historia de Mary Prince, unha escrava das Illas occidentais,* e que o accésit foi para Rafael Salgueiro por *O libro da selva.* Noméanse ademais os membros do xurado, quen decidiron "por unanimidade" a obra gañadora, e que salientan a calidade da tradución e que fora "un texto fundamental na loita pola abolición da escravitude". Do accésit valorouse a súa calidade lingüística. Para rematar, fálase da figura de Plácido Castro.

- V. Oliveira, "Retrato de Mary Prince", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Letras", 6 outubro 2009, p. 37.

Recolle as declaracións de María Reimóndez, que vén de gañar o VIII Premio Plácido Castro de Tradución en Lingua Galega pola obra inglesa, *Mary Prince unha escrava das indias occidentais.* A autora defende a escolla "moi consciente" desta obra por dúas razóns: na Biblioteca Virtual Galega "non existen case traducións de autoras" e ademais se trata dun texto "dunha muller negra da época da escravitude", o que di que racha co

estereotipo de que “as mulleres comezamos a escribir hai pouco”. Por outro lado, ademais de incluír datos sobre esta obra, Reimóndez opina sobre a decisión da Xunta de non convocar as axudas á tradución en galego este ano. Nun á parte, infórmase de que vén ademais de publicar a novela *Pirata,* que tamén conta a historia dunha muller que viviu a escravitude.

- M. F. F., “La entrega del premio de traducción Plácido Castro se aplaza hasta el día 31”, *Diario de Arousa,* “Vilagarcía local”, “Cultura”, 16 outubro 2009, p. 12.

Dise que a entrega do Premio Plácido Castro se adia dúas semanas por compromisos persoais que ten a gañadora, María Reimóndez. Este aprazamento tamén supón retrasar a inauguración da rúa que leva o nome de Plácido Castro. A continuación, apúntanse os motivos da decisión do xurado de premiar a tradución da obra gañadora, a contía do premio e os membros do xurado desta edición.

Premios de **Relato, Poesía e Tradución da Universidade de Vigo**

Convocado pola Universidade de Vigo a través da Área de Normalización Lingüística e co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Foron tres as modalidades que se estabeleceron: poesía, relato curto e tradución literaria. Podían participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás, a modalidade de tradución literaria e tradución científico-técnica, convocado para o profesorado que imparte docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais debían estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabeleceuse un premio de 700 euros e dous accésits de 250 euros para cada unha das modalidades. Todos eles podían ser declarados desertos a xuízo do xurado. Os orixinais debían ser inéditos e non premiados noutro certame. Na modalidade de poesía o tema foi libre, cun mínimo de cen versos e máximo de cento cincuenta. Na modalidade de relato curto o mínimo foi de oito folios e o máximo de doce folios. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debía ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de oito páxinas e un máximo de vinte, e foi necesaria a entrega dunha copia do texto fonte, indicando claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos debían presentarse por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, presentando tamén o lema elixido polo autor e os seus datos persoais. A entrega dos traballos debía facerse na Área de Normalización Lingüística en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo Reitor ou persoa en quen delegue, estivo integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. No ano 2009, XIIª edición, os xurados das diversas modalidades premiaron os seguintes traballos: na modalidade de Relato curto, “A sorte está de cara”, de Raquel Fernández González e dous accésits para “Quérote”, de Alberto Comesaña Campos e “A burra de ouro”, de Juan Antonio Martín Pernas; na modalidade de poesía en: *Talvez o infortunio*, de Anxo Manuel Rodríguez Ratel e dous accésits para *Le petit canteiro* e *Versos aliñados á esquerda con espazos e silencios*, ambos poemarios de Xosé Daniel Costas Currás; na modalidade de Tradución, Isaac Fernández Fernández por *Despois*, tradución de *Gero*, de Pedro de Axular e concedeuse un accésit a María Mediero Mayán por *As voces de dentro*, tradución de *Le voci di dentro*, de Eduardo De Filipo.

Certame literario **Rosa de Cen Follas** do Colexio Oficial de Psicoloxía

Concurso literario en lingua galega, en homenaxe a Rosalía de Castro. Contou con dúas modalidades en prosa e verso, cun galardón de 250 euros para o mellor traballo de cada xénero, de temática libre, con dúas páxinas como extensión máxima. Había que enviar catro exemplares á sede da institución (rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago). Na convocatoria do ano 2009 resultou galardoado Enrique Galindo.

Certame Literario **Terras de Chamoso**

Premio convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, co que se pretendeu premiar todos os autores que expresasen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua do país co obxectivo de incentivar a imaxinación e a creación de textos en galego nos concellos que formaban o antigo "comitatus Flammusus", é dicir O Corgo, Castroverde, parte de Láncara e Baralla e un anaco de Becerreá e Lugo. A única norma foi que a obra se redactase en lingua galega con dúas modalidades, poesía e narrativa, e tres categorías: categoría infantil (dos 10 aos 14 anos), categoría xuvenil (dos 14 aos 18 anos) e categoría adultos (maiores de 18 anos). Na modalidade de poesía a extensión foi de 30 a 60 versos mentres que en relato curto foi de 3 a 6 folios escritos a dobre espazo, excepto a categoría infantil que non tiña límite de espazo. Cada participante podía presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, e entregábanse mecanografados, achegando nun sobre pechado a información persoal. Os traballos remitíronse á Asociación Cultural Arumes (Guimarás, 12, 27163 O Corgo-Lugo). O prazo de entrega rematou o día 20 de novembro de 2009. Estabelecéronse dous premios en cada modalidade que consistiron nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. O xurado estivo composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras. O fallo dos premios tivo lugar o 17 de decembro no Corgo e o xurado estivo composto por Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, Xosé manuel Castro Castedo, Xabier Cordal Fustes, Lois Diéguez Vázquez e Marisa Núñez, exercendo de secretario, sen voto, Mario Outeiro Iglesias e de asesores do xurado, Consuelo Vázquez, Josefa González e Roberto Rodríguez. No terceiro certame presentáronse setenta obras (trinta e nove en relato curto e trinta e unha en poesía) e os premiados nas diferentes modalidades e categorías foron: en poesía, na categoría de adultos, Xosé Daniel Costas, de Moaña, con *O delicado cheiro de Aumaxab Marma*, o segundo, para Montserrat Doucet, de Aranjuez, e dous accésit para Orlando Viveiro Veiga, de Outeiro de Rei, e Luz Airado Belló, de Vilalba; na categoría infantil, Lucía Méndez Gómez, de Sarria, por "O inverno", e Rocío González Pin, de Castroverde; na categoría xuvenil, quedaron desertos. En relato, na categoría infantil, Cristina Pernas Pereiro, do Corgo, por "Pac, Pastri e Xeri en: A todo cocho lle chega o seu San Martiño", Abril Lamela Gómez, de Pedrafita, e un accésit para Noelia Gude López, do Corgo; na categoría xuvenil, quedou deserto o primeiro e o segundo foi para Marina Pérez Toro, de Castroverde; en relatos de adultos, Lois Pérez Díaz, de Lugo, co relato "A miña verdade", e Tito Pérez Pérez, da Coruña. O acto de entrega tivo lugar o 26 de decembro no centro sociocultural do Corgo.

Referencias varias:

- F. G., “Premiados doce autores en el certamen Terras de Chamoso”, El Progreso, “Comarcas”, 27 decembro 2009, p. 19.

Dáse conta dos nomes dos doce premiados, das tres categoría existentes: infantil, xuvenil e adultos. Dise que o primeiro premio de poesía infantil outorgóuselle a Lucía Méndez Gómez e o segundo a Rocío González Pin; en prosa infantil os gañadores foron Cristina Perna Pereiro, Abril Lamela Gómez e levou accesit Noelia Gude López. Indícase que na categoría xuvenil só se concedeu o segundo premio de prosa a Marina Pérez Toro, xa que o primeiro premio de prosa e os de poesía quedaron desertos. Entre os adultos, apúntase que foi distinguido co primeiro premio de poesía Monserrat Doucet e recolleron accésits Orlando Viveiro Veiga e Luz Airado Belló, mentres que en relato os premiado foron Lois Pérez Díaz e Tito Pérez Pérez.

X.6. PREMIOS A UNHA VIDA

Premios **Barbantia da Cultura**

Os Premios Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos coma da comarca da Barbanza. Os galardóns dividíronse en tres grupos, un premio Barbantia da Cultura, outro á traxectoria cultural no Barbanza e un último á iniciativa cultural. Mentres que os dous primeiros estaban destinados a particulares, o terceiro diríxiuse a institucións. O galardón consistiu nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia, Manuel Teira, que reproducía un sireno, símbolo do colectivo cultural, e inspirado no gravado do artista Fran Blanco Alcaide. Nesta terceira edición, recaeron no músico e compositor Xosé Ramón España Lorenzo, Premio Barbantia á Traxectoria Cultural no Barbanza; no Grupo de Teatro Airiños de Asados (Rianxo), Premio Barbantia á Iniciativa Cultural no Barbanza e en Xosé Luís Axeitos, Premio Barbantia da Cultura Galega 2009. A entrega dos premios tivo lugar o 26 de novembro no Museo Valle-Inclán da Pobra de Caramiñal.

Referencias varias:

- Chechu López, "El escritor Anxo Rei Ballesteros recibirá un homenaje en el aniversario de su muerte", *Diario de Arousa*, "O Barbanza Comarca", "A Pobra", 30 xuño 2009, p. 25.

Recolle os actos que con motivo do homenaxe ao escritor Anxo Rei Ballesteros, organizará a Asociación Barbantia, entre os que salienta a presentación do libro artesán *Tres contos de Anxo Rei*, un proxecto de Barbantia e a Colección Bourel dirixida por Antonio Piñeiro; a conferencia de Dolores Vilavedra que analizará a creación novelística do homenaxeado; a presentación dunha novela inédita; a presentación dun monográfico do *Anuario de Estudos do Barbanza 2009* sobre Anxo Rei e a entrega dos Premios Barbantia da Cultura 2009.

Premio **Bos e Xenerosos**

Creado en 2004 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. Na edición de 2009, homenaxeouse a Mariví Villaverde nun acto celebrado o 28 de marzo no Museo do Pobo Galego de Santiago no que se lle entregou unha placa conmemorativa.

Referencias varias:

- Belén López, "Os escritores galegos réndenlle homenaxe a Mariví Villaverde", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 26 marzo 2009, p. 69.

Infórmase de que a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) concedeu o Premio Bos e Xenerosos, na súa sexta edición, a Mariví Villaverde, filla de Elpidio Villaverde, alcalde republicano de Vilagarcía exiliado por mor do golpe de estado, e viúva de Ramón Valenzuela. Dise que se exiliou a Bos Aires coa súa familia e en 1962 escribiu un libro sobre a súa historia persoal, *Tres tiempos y la esperanza*, editado por Alborada, reeditado en 1987 por Edicións do Castro e de novo, en versión galega, por A Nosa Terra en 2002. Indícase que a homenaxeada forma parte na actualidade do Consello pola Memoria e descríbese finalmente o programa do acto no que a 'laudatio' correu a cargo de Marga do Val.

- M Dopico, "A voz do exilio galego", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 27 marzo 2009, p. 35.

Dáse conta da entrega do sexto Premio Bos e Xenerosos, por parte da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega), a Mariví Villaverde nun acto que se desenvolveu no Museo do Pobo Galego e no que interveñeron o presidente da asociación, Cesáreo Sánchez, a secretaria xeral Mercedes Queixas e Marga do Val, así como a propia homenaxeada. Recóllense as palabras de Mariví Villaverde, filla do alcalde republicano de Vilagarcía, Elpidio Villaverde, coas que lembrou o seu percorrido vital no exilio tras o levantamento militar de 1936 e a represión sufrida polo seu pai e as súas tías. Tamén se lembra como no exilio coñeceu o seu home, o escritor Ramón Valenzuela e xuntos traballaron e colaboraron con outros galeguistas como Eduardo Blanco Amor, as poucas facilidades que tiveron á volta do exilio e como recolleu as súas memorias no libro *Tres tiempos y la esperanza* (1987), que conta con versión galega n'A Nosa Terra en 2002.

- F. P. L., "Restituíndo os nomes da historia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ Hoxe", 29 marzo 2009, p. [28].

Comeza coas palabras de agradecemento da escritora, tradutora e actriz Mariví Villaverde, ao recoller o Premio Bos e Xenerosos da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega). Di que é unha histórica integrante do Partido Comunista que escribiu a súa historia persoal no libro *Tres tiempos y la esperanza*, que na versión galega contou cun prólogo de Anxos Sumai, que restitúe os nomes reais dos protagonistas, ocultos daquela pola cautela á que obrigaba a represión franquista. Tamén indica que o presidente da AELG quixo facer extensivo o recoñecemento da mesma á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, "pola súa defensa e recuperación da Memoria Histórica", así como polo labor desenvolvido dende a Illa de San Simón. Por último comenta que na 'laudatio' feita por Marga do Val retratou a Mariví como a filla do alcalde republicano de Vilagarcía, Elpidio Villaverde, e o importante labor desenvolvido por ela ao carón do seu home Ramón Valenzuela.

- Fran P. Lorenzo, "A voz conmovedora do exilio", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 marzo 2009, p. 67.

Coméntase que Mariví Villaverde, escritora, tradutora, actriz e galeguista, agradeceu cun emocionado discurso o VI Premio Bos e Xenerosos que lle concedeu a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) e que a súa historia persoal a recolle nun libro. Dise que quixo compartir o premio con todos os homes e mulleres do exilio e que entre os asistentes ao acto estaban Avelino Pousa Antelo, Isaac Díaz Pardo, Encarna Otero, Marica Campo e Gustavo Pernas. Tamén se indica que o presidente da AELG

quixo facer extensivo o recoñecemento da mesma á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. Por último tamén se di que a secretaria da asociación, Mercedes Queixas, gaba a súa figura como un referente dinamizador da cultura galega no exilio arxentino e que na 'laudatio' feita por Marga do Val se retrata a Mariví como a filla do alcalde republicano de Vilagarcía e o importante labor desenvolvido por ela ao carón do seu home Ramón Valenzuela.

- Albino Mallo, "Boa e xenerosa", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 marzo 2009, p. 41.

Anúnciase a concesión do Premio Bos e Xenerosos na súa sexta edición, nunha homenaxe que lle fai a AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) á defensora das letras galegas dende o exilio e colaboradora do Xornal de Galicia, Mariví Villaverde. Lémbrase como a súa familia foi represaliada durante o franquismo e houbo de exiliarse, como coñeceu a Ramón Valenzuela, seu marido, e como xunto a Eduardo Blanco Amor e Roberto Villanueva traduciron, adaptaron e representaron obras teatrais dende ese exilio. Tamén se lembra a figura de seu pai, Elpidio Villaverde, alcalde republicano, e de súas tías rapadas pola súa actitude contraria ao réxime. Por último, fálase do libro no que ela recolleu a súa historia persoal, titulado *Tres tiempos y la esperanza*, reeditado en 1987 por Edicións do Castro e de novo, en versión galega, por A Nosa Terra en 2002.

- Xosé Neira Vilas, "Festiletras", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Cancela aberta", 14 xuño 2009, p. 2.

Dáse conta das actividades realizadas na semana cultural Festiletras, celebrada en Ponteceso. Saliéntase, entre outros eventos, a entrega do Premio Bos e Xenerosos a Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda e Isaac Díaz Pardo. Comenta tamén a lectura de poemas, un roteiro pondaliano, exposicións e obradoiros.

Premio **Celanova. Casa dos Poetas**

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non tivo ningunha dotación económica e consistiu nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproducía por unha face a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco "C" concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio "Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso". Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibiu tamén unha placa de prata na que se recollía un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e firmou no libro de honra do premio. O xurado, presidido polo alcalde de Celanova, Antón Mouriño, estivo composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde, en calidade de presidente de feito do Padroado e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Todos os galardoados co premio convértense en Patróns de Honra, con dereito a asistir

ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto. Nesta edición de 2009 a Fundación Curros Enríquez decidiu conceder o 25º galardón á Real Academia Galega**.** O galardón entregóuse o seis de setembro na Casa de Curros Enríquez, en Celanova.

Referencias varias:

- L.R., "Celanova premia á Academia Galega pola defensa da lingua", *La Región*, "Provincia", 8 xullo 2009, p. 20.

Comeza dando a coñecer o premiado da viséximo quinta edición do Premio "Celanova, Casa dos Poetas" e que este ano o Padroado da Fundación Curros lle otorgou á Real Academia Galega, "pola súa contribución á preservación da lingua ao longo dun século". Por outra banda, indícasen os temas tratados na reunión do Padroado aproveitando a presenza dos conselleiros de Cultura, Roberto Varela, e o de Educación, Jesús Vázquez, entre os que se discutiu, por un lado, a posibilidade de crear a distinción de Vilas literarias para aquelas localidades galegas vinculadas á presenza de escritores (coma é o caso de Celanova, Padrón, Rianxo ou Mondoñedo); por outro, impulsar a promoción turística e educativa do Itinerario do Rexurdimento ao redor das figuras de Manuel Curros Enríquez, Rosalía de Castro e Eduardo Pondal; e, por último, a recuperación do cartafol de poesía innovado por José Velo e Celso Emilio Ferreiro.

- L R, "Celanova entregará el primer domingo de septiembre el premio 'Casa dos poetas", *La Región*, "Celanova", 25 agosto 2009, p. 10.

Anúnciase que o primeiro domingo de setembro se celebra o acto de entrega do premio Celanova, Casa dos Poetas á Real Academia Galega. A continuación, faise un repaso das actividades programadas no transcurso da xornada.

- L R, "Núñez Feijóo presidirá la entrega del premio 'Casa dos Poetas' a la Real Academia Galega", *La Región*, "Ourense", 4 setembro 2009, p. 4.

Confírmase a asistencia, por primeira vez en vinte e cinco anos, do presidente da Xunta de Galicia ao acto de entrega do premio Celanova, Casa dos Poetas. Coméntase que a novidade deste ano é que se fará un recoñecemento público ao historiador e escritor ourensán Marcos Valcárcel, que recibirá un diploma manuscrito. Faise un repaso das actividades programadas para o evento e dise que nel tamén intervirán Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, Xosé Luis Axeitos, académico e arquiveiro da RAG, José Luis Baltar e Antonio Mouriño.

- Salvador García Bodaño, "Novo galardón á RAG", *El Correo Gallego*, "Opinión", "No pasar dos días", 6 setembro 2009, p. 3.

Dise que o XXV Premio Celanova, Casa dos Poetas, promovido pola Fundación Curros Enríquez e o Concello de Celanova, será entregado á centenaria Real Academia Galega, polo traballo dos académicos, conscientes da necesidade da preservación da lingua, e tamén pola relación de Manuel Curros Enríquez con esta institución, pois foi o presidente da Asociación Iniciadora e Protectora e, posteriormente, Presidente de honra

da Real Academia Galega. Faise un repaso dos eventos programados para o día do acto de entrega do premio, o cal constará dunha medalla e unha placa, ambas de prata.

- X. M. del Caño, "El presidente de la Real Academia Galega reprende a Feijóo por sembrar la 'crispación' lingüística", *Faro de Vigo*, "Galicia", 7 setembro 2009, p. 8.

Destácase que o presidente da Real Academia Galega aproveitou a presenza do presidente da Xunta no acto de entrega do Premio Celanova Casa dos Poetas, concedido a esta entidade, para advertirlle que a institución que preside non pode mirar cara a outro lado mentres se toman decisións que afectan á lingua sen buscar o consenso. Tamén coméntase que todos temos a obriga de transmitirlles a nosa cultura, e polo tanto a nosa lingua, íntegra ás novas xeracións.

- X. M. del Caño, "La Academia reprende a Feijóo por sembrar la crispación con el idioma", *La Opinión*, "Cultura", 7 setembro 2009, p. 34.

Sinálase que a Real Academia Galega (RAG) recibiu o Premio Celanova Casa dos Poetas, que organiza a Fundación Manuel Curros Enríquez, e que o seu presidente, Xosé Ramón Barreiro, reprendeu ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, por sementar a crispación social en materia lingüística, xa que, segundo o seu criterio, a obrigación dos poderes públicos é fomentar a paz e a tranquilidade social.

- David Lombao, "Reprimenda da RAG a Feijóo por sementar a 'crispación' lingüística", *Xornal de Galicia*, "En clave", 7 setembro 2009, pp. 6-7.

Faise eco de que o presidente da Real Academia Galega aproveitou o acto de entrega do galardón Celanova, Casa dos Poetas, concedido a dita institución, para expresar que a RAG non pode gardar silencio cando dende a Xunta se toman decisións e se fan decretos que afectan ao futuro do galego de costas á propia RAG, responsábel do coidado da lingua galega. Para rematar, Xosé Ramón Barreiro instou ao auditorio a seguir sendo rebelde para loitar pola liberdade e pola cultura galega, que sen a lingua parece desmembrada.

- Manuel Vidal Villaverde, "Celanova ten un vento…' (I)", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Fai fume", 9 setembro 2009, p. 4.

Realiza unha "historia íntima" do acto ao que asistiu en Celanova e no que se entregou o premio Casa dos Poetas. Indica que realizaron unha ofrenda diante do busto de Celso Emilio Ferreiro e que a seguir falou Ramón Nicolás sobre Celso Emilio Ferreiro.

- Manuel Rivas, "A inequívoca boca da liberdade galega", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 11 setembro 2009, p. 12.

Dáse conta que Xosé Ramón Barreiro, na entrega do premio Celanova, Casa dos Poetas, falou como presidente da Real Academia Galega, xa que a primeira misión desta é promover, defender e protexer a lingua galega. Coméntase que esta institución soportou con paciencia a deslealdade do Goberno galego, que aproveitou a autonomía para minguar o espazo dos dereitos lingüísticos.

- Luís González Tosar, “Epítome de cortesía en Celanova”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Ao raiar o sol”, p. 2/ *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “Ao raiar o sol”, p. 25/ *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “Ao raiar o sol”, p. 25/*Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Ao raiar o sol”, p. 23, 13 setembro 2009.

O escritor comenta que estivo presente no acto de entrega do premio Celanova, Casa dos Poetas, e que as palabras do presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, foron corteses, aínda que moitos opinen o contrario.

- Manuel Vidal Villaverde, “Celanova ten un vento...’ (e II)”, *Galicia Hoxe*, “Opinión Hoxe”, “Fai fume”, 16 setembro 2009, p. 4.

Salienta que Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, “leulle a cartilla a Alberto Núñez Feijóo e a súa política lingüística, galegófoba, cínica e lingüicida”. Sinala que Feijóo foi incapaz de responder en directo e só dixo “pero sempre podemos camiñar xuntos”. Opina que, con estas palabras, Núñez Feijóo está dando a entender que ignora que a discriminación positiva a favor do galego, mentres non haxa paridade, non é inxusta senón necesaria. Destaca que é estraño que non se pronunciase sobre o tema Anxo Lorenzo, quen segundo a opinión do xornalista, está a contribuír á destrución e desaparición do galego fronte á invasión do español.

Chairego de Honra

Galardón concedido pola Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz, que supón o recoñecemento da traxectoria cultural e social de persoas relacionadas coa comarca da Terra Cha sen nacer nela. En anos anteriores premiouse a Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Marica Campo, Avelino Pousa Antelo, Bernardino Graña, Paco Martín e Fiz Vergara Vilariño. Na edición de 2009 obtivo esta distinción o creador Isaac Díaz Pardo nun acto celebrado o 7 de novembro na capela de San Alberte.

Referencias varias:

- C. P. R., “Díaz Pardo será nombrado Chairego de Honra el día 7”, *El Progreso*, “A Chaira”, “Guitiriz”, 5 novembro 2009, p. 19.

Dáse noticia dos actos previstos na entrega do galardón Chairego de Honra a Isaac Díaz Pardo.

- Cristina Arias, “Díaz Pardo critica o estado de abandono da Terra Chá”, *El Progreso*, “A Chaira”, 8 novembro 2009, p. 18.

Sinálase que a asociación Xermolos, de Guitiriz, e a Fundación Manuel María entregaron o sétimo galardón Chairego de Honra ao intelectual e artista galeguista Isaac Díaz Pardo, que consistiu nunha placa e un agasallo por parte da alcaldesa de Guitiriz. Coméntase que os anteriores galardoados foron Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Marica Campo, Avelino Pousa Antelo, Bernardino Graña, Paco Martín e Fiz Vergara Vilariño. Finalmente, saliéntase que houbo unha mesa redonda na que participaron Xosé

Ramón Fandiño, que repasou a vida de Díaz Pardo e subliñou o seu papel na cultura e arte galegas; o arqueólogo Felipe Senén, que esixiu a vixencia da obra de Díaz Pardo; Andrés Varela; a escritora Carmen Blanco; o nacionalista Martiño Noriega e Ramón Villares, encargado de pechar o acto.

Premio **O Facho de Ouro**

Convocado pola Asociación Cultural O Facho para galardoar a traxectoria vital de persoeiros galegos comprometidos coa lingua e cultura galegas. No ano 2009 concedeuse a Xosé Neira Vilas pola súa longa traxectoria na defensa e dignidade do país. A entrega do galardón tivo lugar o 31 de xaneiro no transcurso dunha homenaxe que se celebrou na Coruña.

Referencias varias:

- A. Losada, "Un ilustre neno labrego", *Xornal de Galicia*, "Cultura", "Letras", 20 xaneiro 2009, p. 53.

Dáse nova do premio O Facho de Ouro, outorgado pola Agrupación Cultural O Facho, que se concede a aqueles persoeiros dedicados á defensa da cultura galega. Explícase que nesta cuarta edición o premio foille entregado a Xosé Neiras Vilas, autor de *Memorias dun neno labrego* (1961).

Homenaxe **Letra E. Escritor na súa terra**

Creado en 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, pretendeu recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organizouse baixo o lema "O escritor na súa terra". Non tivo dotación económica e consistiu na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a entidade convocante fixéronse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entregóuselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra "E", de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Na edición de 2009 concedéuselle o galardón a Agustín Fernández Paz nun acto de homenaxe celebrado en Vilalba o 20 de xuño no que se prantou unha bidueira e se celebrou un xantar-xuntanza.

Referencias varias:

- E. P., "A AELG rende tributo a Agustín Fernández Paz na súa localidade natal", *EL Correo Gallego*, "Cultura", 13 xuño 2009, p. 60

Recóllese a elección de Agustín Fernández Paz, pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, dentro da homenaxe O escritor na súa terra. Indícase que "é un pedagogo, sociolingüista e especialista en animación á lectura e literatura infantil e xuvenil", autor dun centenar de obras de narrativa e que recibiu o Premio Nacional de

Literatura Infantil no ano 2007 polos relatos reunidos no libro *O único que queda é o amor*. Dise que o acto consistiu na celebración dunha serie de actos nos que se entregou a letra E de escritor, plántouse unha árbore e colócouse un monolito no seu tributo.

- M. R, "Agustín Fernández Paz tendrá un parque con su nombre en Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 13 xuño 2009, p. 16

Infórmase das actividades levadas a cabo durante a celebración, na que o escritor homenaxeado, Agustín Fernández Paz, elixiu plantar un abedul no barrio de Fontiñas, posteriormente deu a coñecer un monolito construído para dita homenaxe, e por último, recibiu o galardón da "Letra E". Finalmente, comunícase que o parque do barrio onde tiveron lugar as actividades, levará o nome do escritor.

- Cristina Pérez, "Un penedo, unha árbore, un lugar", *El Correo Gallego*, "Cultura", 21 xuño 2009, p. 67.

Con motivo da décimo quinta edición da homenaxe O escritor na súa terra, faise un percorrido pola vida e a labor a prol do galego, do galardoado Agustín Fernández Paz. Recóllense os tres agasallos recibidos polo mesmo durante a celebración: a plantación dunha árbore, o descubrimento dun monolito e o bautizo do parque de Fontiñas co seu nome. Dise que recibiu tamén o premio da "Letra E" e que o autor recoñeceu levar consigo o mellor agasallo, a lingua. Coméntase que Manuel Bragado, destacou "o seu labor a prol da galeguización da escola e na renovación metodolóxica no ensino da lingua". Por último realízase un breve percorrido pola obra mais recoñecidas do autor: , *As flores radioactivas* (1990), *Cartas de inverno* (1995), *e O centro do laberinto* (1997), *Contos de palabras* (1991), *Cos pés no aire* (1999), *Aire negro* (2000), *Noite de voraces sombras* (2002), ou *Corredores de sombra* (2006).

- Cristina Pérez, "Fernández Paz ten 'un penedo, unha árbore e un espazo público' en Vilalba", *El Progreso*, "A Chaira", 21 xuño 2009, p.23

Faise eco dos actos da celebración de O escritor na súa terra, impulsado por la Asociación de Escritores en Lingua Galega. Descríbese ditas actividades destacando a plantación dun bidueiro, o descubrimento dun monolito e o bautizo dun parque en As Fontiñas, co nome do homenaxeado, Agustín Fernández Paz. Finalmente, indícase que recolleu o premio da Letra E fronte a máis de 150 persoas. Transcríbese ademais as palabras do autor tras recoller o seu agasallo afirmando "ter recibido o agasallo maior, o galego". Tamén se reproducen as verbas dos seus amigos, lembrando o seu labor reivindicador da lingua galega. Finalmente, cóntase que a súa candidatura foi a única presentada e apoiada unanimemente por todos os membros da AELG.

- Lecer, "Fernández Paz, o home da bidueira", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 766, "O personaxe", 21 xuño 2009, contracuberta.

Dáse conta da homenaxe da "Letra E" da Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Agustín Fernández Paz. Co motivo de dita celebración, recóllense as diferentes actividades conmemorativas celebradas, entre as que tivo lugar a plantación dunha bidueira no barrio de Fontiñas. Descríbese o autor coma "un dos mellores narradores galegos de todos os tempos, ademais de ensaísta, pedagogo, sociolingüista, ou especialista en animación á lectura e literatura infantil e xuvenil". Faise, ademais, un

percorrido polas súas publicacións, entre as que destaca: novelas como *As flores radioactivas* (1990), *Cartas de inverno* (1995), e *O centro do laberinto* (1997); libros de relatos como *Contos de palabras* (1991) ou *Cos pés no aire* (1999) e as recentes *Aire negro* (2000), *Noite de voraces sombras* (2002), ou *Corredores de sombra* (2006). Finalmente, faise constatar, a obra galardoada co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, *O único que queda é o amor* (2008).

- Isidro Novo, "A de Novoneyra fora póstuma", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Rúa Pendurada", 24 xuño 2009, p. 4.

Recóllense as lembranzas do articulista quen, aproveitando a celebración da décimo quinta edición do homenaxe O escritor na súa terra, conmemora a perda de Uxío Novoneyra, autor o que tamén se lle dedicou dita homenaxe un ano despois do seu falecemento, único escritor homenaxeado trala súa morte, xa que a celebración ten como obxecto agasallar aos autores en vida. Fai así un percorrido polos seus recordos no día de dita celebración.

Premio **Letras de Bretaña e Medalla do Reino de Merlín**

O premio Letras de Bretaña foi creado no ano 2005 para homenaxear as persoas preocupadas por destacar a importancia da Galicia do Norte e o seu espírito cunqueirán. Concedeuno o Real Coro Toxos e Froles e contou cos patróns dos Concellos de Ferrol e Mondoñedo (localidades onde se entrega o galardón) e o Bispado desta diocese. Ten carácter honorífico e careceu de dotación económica. Unha placa de prata como símbolo da rexión representa a distinción. Cada ano galardoa o traballo dun escritor ou escritora da Galicia do Norte. Ademais tamén se concedeu a Medalla do Reino de Merlín cuxo acto de entrega se realizou na sede do Real Coro de Toxos e Froles, en Ferrol. O 23 de decembro de 2008 , decidiuse conceder os galardóns da edición do ano 2009. Mereceu o premio Letras de Bretaña o poeta Ramón Pernas e as Medallas do Reino de Merlín o membro numerario da RAE e catedrático da USC, Darío Villanueva, a escritora e crítica literaria Mercedes Monmany, o profesor Basilio Losada e o poeta Miguel García-Posada mentres que as mencións de honra do Real Coro Toxos e Froles foron para a historiadora Esperanza Piñeiro de San Miguel, a Asociación Amigos da cidade de Mondoñedo, o medievalista Enrique Cal Pardo, o músico e poeta Eugenio García Amor, e o deán da catedral de Santiago, experto no Pórtico da Gloria, José María Díaz. A entrega dos galardóns tivo lugar o 29 de maio.

Referencias varias:

- Patricia Hermida, "Ramón Pernas: a maxia da Mariña en amizade coa morte", *El Correo Gallego*, "Cultura", 30 maio 2009, p. 75.

Coméntase que Ramón Pernas recibiu o Premio Letras de Bretaña, concedido polo Real Coro Toxos e Flores, e indícase que o autor de Viveiro lembrou os seus antecesores no premio: dende Darío Xohán Cabana até César Antonio Molina. Dise que o autor recoñece que o premio representa a súa unión sentimental coa Mariña luguesa e especialmente con Mondoñedo, berce de Álvaro Cunqueiro, principal inspiración do premiado xornalista. Deseguido o propio homenaxeado fala sobre a presenza do

elemento máxico nas súas obras e a visión da morte que este ten como algo natural. Despois indícase brevemente o argumento da próxima obra que o autor vai publicar, e, nun apartado diferente, coméntase que tamén resultaron agasallados con mención de honra do Reino de Merlín a profesora Esperanza Piñeiro e a asociación Amigos da Cidade de Mondoñedo.

- Ramón Loureiro, "Ramón Pernas recibe el Premio Letras de Bretaña", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 30 maio 2009, p. 56.

Infórmase de que o escritor e articulista Ramón Pernas, membro numerario da Real Academia de San Rosendo, recibiu en Ferrol o Premio Letras de Bretaña ao conxunto da súa obra. Noméanse os seus predecesores no cargo e dise que o premiado reivindicou no seu discurso a máxica capacidade da literatura para crear, fronte á dureza dos días, mundos novos. Tamén se indica que a cerimonia se celebrou no Salón dos Espellos do Palacio Municipal de Ferrol e que o profesor Darío Villanueva recibiu a Medalla do Reino de Merlín, así como que se concederon sendas insignias de honra á historiadora Esperanza Piñeiro e á Asociación de Amigos de Mondoñedo. Por último, coméntase quen son os representantes do mundo cultural galego que se atopaban presentes no acto.

- Ramón Loureiro, "Mercedes Montany recibe la Medalla do Reino de Merlín", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 4 xullo 2009, p. 58.

Recolle a entrega da Medalla do Reino de Merlín a Mercedes Montany, "una de las grandes voces de la crítica literaria", en la sede ferrolana de Toxos e Frores coa que se recoñece su "contribución al mundo de las letras".

- Vicente Araguas, "Mercedes & César", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Miudiño", 6 xullo 2009, p. 11.

Breve percorrido pola traxectoria de César Antonio Molina e Mercedes Montany até acabar no momento actual no que esta foi galardoada co Premio do Reino de Merlín na sede de Toxos en Ferrol.

Medallas de Ouro de Galicia e **Medallas Castelao**

Para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron polo seu mérito ao servizo da comunidade en calquera aspecto social, cultural e económico, a Xunta de Galicia concedeu as Medallas de Galicia, que consistiron nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único protagonista. Así mesmo, concedeu as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta de actividade humana. Na edición de 2009 concedéronse as Medallas de Ouro de Galicia aos catro expresidentes da Xunta de Galicia (Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne e Emilio Pérez Touriño) e as Medallas Castelao ao investigador e escritor ourensán Marcos Valcárcel López, á investigadora Tarsy Carballas Fernández, ao médico internista Fernando Diz-Lois Martínes, ao médico e etnólogo, Luciano García Alén, patrono fundador do Museo do pobo Galego e

ao tradutor Fernando Pérez-Barreiro Noia. O acto de entrega tivo lugar o 28 de xuño na igrexa de San Domingos de Bonaval, no Museo do Pobo Galego.

Referencias varias:

- M.C., "Cotizan al alza las Castelao", *El Correo Gallego*, "Galicia", 12 marzo 2009, p. 9.

Danse a coñecer os galardoados coas Medallas Castelao 2009, que neste caso son cinco e non tres como nas anteriores edicións. Dise que se trata dun médico internista, unha investigadora, un etnógrafo, un tradutor e un catedrático de Lingua e Literatura Galega. Lémbrase que a creación das Medallas Castelao se remonta a 1984, para conmemorar a volta a Galicia dos restos mortais de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

- Arturo Lezcano, "O ilustrado derradeiro", *La Opinión*, "Opinión", "Soliloquios", 24 xuño 2009, p. 28.

Sinálase a concesión da Medalla Castelao a Fernando Pérez Barreiro. Dáse conta dalgúns aspectos biográficos do homenaxeado e sinálanse os méritos aos que debe o galardón, tales como traducir obras do inglés ao chinés ou o seu labor como crítico de arte e literatura.

- Irene Bascoy, "Feijoo advierte de que galleguista no es un carné que 'algunos reparten con avaricia", *Faro de Vigo*, "Galicia", 29 Xuño 2009, p. 11.

Menciónase, primeiramente, o chamamento a favor do galeguismo feita polo presidente da Xunta de Galicia durante a entrega das Medallas Castelao, premios outorgados á investigadora Tarsy Carballas, ao doctor e internista Fernando Diz-Lois Martínez, ao médico e etnógrafo Luciano García Alén, ao tradutor Fernando Pérez- Barreiro Nolla e ao investigador Marcos Valcárcel. Reprodúcense as palabras do presidente autonómico durante o seu discurso no que mantivo que a necesidade dun "galleguismo armónico, capaz de convertirse en patrimonio de todos".

- Juan Capeáns, "Feijoo invita a hacer del galleguismo un 'punto de encontro' plural", *La Voz de Galicia*, "Galicia", 29 xuño 2009, p. 9.

Comeza destacando o discurso galeguista do presidente da Xunta de Galicia e, a continuación, recolle a entrega dos premios os cinco galegos galardoados, valorando a súa traxectoria no ámbito cultural galego.

- Laura Grandal, "Núñez Feijoo apela a un 'galleguismo cordial' en la entrega de las Medallas Castelao", *Diario de Pontevedra*, "Galicia", 29 xuño 2009, p. 14.

Apunta o nome dos cinco galardoados coas Medallas Castelao: Tarsy Carballas, Fernando Pérez-Barreiro, Marcos Valcárcel, Fernando Diz-Lois Martínez e Luciano García Alén. Salienta as palabras do presidente da Xunta en favor dun galeguismo cordial. Alude ao agradecemento dos galardoados, expresado por boca de Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Tamén comenta a historia destas Medallas creadas en 1984 para

conmemorar o retorno a Galicia dos restos mortais de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. En columna á parte, indica a trayectoria profesional dos galardoados.

- Laura Grandal, "Núñez Feijoo apela a un 'galeguismo cordial' en la entrega de las Medallas Castelao", *El Progreso*, "Galicia", 29 xuño 2009, p. 13.

Nomea os cinco galardoados coas Medallas Castelao: Tarsy Carballas, Fernando Pérez-Barreiro, Marcos Valcárcel, Fernando Diz-Lois Martínez e Luciano García Alén. Continúa destacando as palabras do presidente da Xunta, aludindo a históricos como Ramón Piñeiro ou Ramón Otero Pedrayo. Finalmente, refírese ao remate do discurso de Núñez Feijoo no que apelou a un galeguismo "aberto á pluralidade social e ser maioritario".

- R. Lizcano, "Núñez Feijoo llama a un galleguismo integrador, sin 'reductos selectivos", *El Correo Gallego*, "Galicia", 29 xuño 2009, p. 10.

Despois de reproducir as palabras do presidente autonómico na entrega das Medallas Castelao nas que destaca o ton galeguista do discurso, recóllese as palabras de Fernando Pérez-Barreiro, encargado entre os galardoados de agradecer o premio animando os presentes a renovar "a obriga de esforzarnos por ese labor de orixinalidade". En columna á parte, acóllese unha pequena achega o labor profesional dos galardoados.

- Víctor Paz Morandeira, "Feijoo ve nas Medallas Castelao un exemplo de 'galeguismo conciliador", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 xuño 2009, p. 34.

Dáse conta da entrega das Medallas Castelao os cinco galardoados galegos deste ano polo seu labor e "unha vida dedicada á cultura". Despois preséntase unha pequena reseña que recolle o labor e traxectoria de cada un dos galardoados, así de Marcos Valcárcel salienta o seu blog As uvas na solaina. Finalmente, remátase aludindo ao discurso do presidente da Xunta, destacando a súa defensa dun galeguismo cordial.

- José Luis Trotiña Mota, "A Marcos Valcárcel", *La Región*, "Opinión", 30 xuño 2009, p. 22.

Refírese o labor e traxectoria de Marcos Valcárcel, destacando a súa actividade docente así coma a súa loita a prol da cultura galega. Destácase ademais a súa especial devoción por autores como Ramón Otero Pedrayo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao ou Carlos Casares. Por último, felicita ao galardoado e lémbrao como profesor.

- Manuel Vidal Villaverde, "Medallas Castelao e o galego", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Fai fume", 1 xullo 2009, p. 4.

Aproveitando a entrega das Medallas Castelao, alude o discurso do Presidente da Xunta e critica as actividades e actitudes do goberno nas súas políticas lingüísticas.

- Marina Sánchez Soto, "Valcárcel: Medalla Castelao", *La Región*, "Opinión", 4 xullo 2009, p. 27.

Menciona o outorgamento da Medalla Castelao a Marcos Valcárcel, destacando a súa traxectoria e labor pola cultura galega, a través de palabras de afecto e estima polo galardoado, agradecendo e ensalzando os seus labores.

- Gerardo Fernández Albor, “Galleguismo cordial”, *El Correo Gallego*,”Opinión”, “Comentarios y Recuerdos”, 5 xullo 2009, p. 3.

Faise eco da entrega das Medalla Castelao aos galardonados María Tarsy Carballas, Fernando Diz-Lois Martínez, Fernando Pérez-Barreiro, Marcos Valcárcel e Luciano García Alén. Destácase ademais, o discurso do presidente da Xunta e o alaba ao coincidir coas súas palabras que falan de “ese galeguismo cordial que siempre sintieron y practicaron tanto los hombres de la Generación Nós, como los de Galaxia, con Risco y Otero Pedrayo a la cabeza”.

- D. D., “Premian con las medallas de oro a los cuatro ex presidentes de la Xunta”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 18 xullo 2009, p. 11.

Dáse noticia da concesión das Medallas de Ouro de Galicia aos catro presidentes da Xunta de Galicia que precederon a Alberto Núñez Feijóo: Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne e Emilio Pérez Touriño. Para rematar, trátase a traxectoria política de cada un deles.

- S. Lorenzo, “La Xunta concede la Medalla de Galicia a los ex presidentes Albor, Laxe, Fraga y Touriño”, *La Voz de Galicia*, “A fondo”, “Consello de la Xunta”, 18 xullo 2009, p. 3.

Anúnciase que o día 25 de xullo os catro presidentes que precederon a Núñez Feijóo á fronte do Goberno autónomo serán galardoados coa entrega da Medalla de Ouro de Galicia porque consolidaron a autonomía política e as liberdades en Galicia. Finalmente, faise unha breve referencia ás súas traxectorias políticas.

- Alfredo Conde, “Paisajes de música y silencios (III)”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 11 agosto 2009, p. 4.

Comenta que no Día de Galicia rendéuselle homenaxe aos ex presidentes do goberno galego, que foron condecorados coa Medalla de Ouro de Galicia, porque cre que é hora de que teñan a consideración, institucional e pública, que se merecen.

Premio **Otero Pedrayo**

Convócano cada ano, dende o 1976, as Deputacións provinciais para “perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constitúa unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións”. Podían optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a Consellería correspondente, e polo propio xurado. A presentación do candidato tivo que enviarse ao presidente da Deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e debían achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspiraba ao premio e documentos e antecedentes, que se considerasen de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propuña.

Entregáronse cinco exemplares, mecanografados a dobre espazo, do traballo co que se optase ao premio, no caso de que a proposta estivese baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexiron e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Estivo dotado con 30.000 euros e contou cun xurado constituído polos presidentes da Xunta de Galicia e das catro Deputacións Provinciais e polos representantes da Universidade de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela, xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Galegos. Esta edición de 2009 foi organizada pola Deputación de Ourense e resultou galardoado Marcos Valcárcel quen recolleu o premio o 20 de xuño no Teatro Principal de Ourense.

Referencias varias:

- L.R., "O escritor e historiador Marcos Valcárcel, galardoado co 'Premio Otero Pedrayo 2009", *La Región*, "Ciudad", 21 maio 2009, p. 13.

Sinálase que o xurado do Premio Ramón Otero Pedrayo 2009 outorga este galardón ao escritor e historiador ourensán Marcos Valcárcel de xeito unánime. Dise que se valora a longa traxectoria de Valcárcel como investigador, erudito e divulgador, ás que se unen as súas cualidades como dinamizador cultural, xornalista de opinión, ensinante e conferenciante.

- E. P. "O Otero Pedrayo galardoará hoxe a traxectoria de Marcos Valcárcel", *El Correo Gallego*, "Cultura", "Premio", 20 xuño 2009, p. 67.

Anúnciase a entrega do Premio Otero Pedrayo a Marcos Valcárcel no Teatro Principal de Ourense. Posteriormente, reprodúcese as palabras dos membros do xurado que explican a súa decisión de outorgarlle o galardón ao historiador por "unha vida dedicada á cultura e ao coñecemento", "un talante aberto, dialogante, galeguista en definitiva, universal".

- E. P., "Valcárcel recibe hoxe o Premio Otero Pedrayo", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 20 xuño 2009, p. 29.

Coméntase que se lle concedeu o premio Otero Pedrayo, instituído pola Xunta e as catro deputacións provinciais, ao escritor, historiador e xornalista Marcos Valcárcel pola súa longa traxectoria como investigador, erudito, divulgador, dinamizador cultural, xornalista de opinión, docente e conferenciante. Sinálase que Valcárcel é doutor en Xeografía e Historia e catedrático de Lingua e Literatura Galegas e que nos seus traballos de investigación dedicou maior atención á historia cultural e literaria. Saliéntase que o acto de entrega do premio, que contará coa presenza de representantes das diferentes institucións, abrirase cunha intervención musical e un recital poético.

- Imanol Hernández, "Marcos Valcárcel recoge un nuevo premio e insta 'á dereita' a aprender de Otero Pedrayo", *La Región*, "Ourense", 21 xuño 2009, p. 14.

Recóllese a entrega do Premio Otero Pedrayo ao historiador, escritor e xornalista Marcos Valcárcel, reproducindo os motivos da súa elección por parte do xurado que

afirmou que foi elixido por "su generosidad, lucidez, recuperación y puesta al día del legado intelectual gallego ", así como por " traballar en favor do legado único de Ramón Otero Pedrayo, que non é privativo de ningunha ideoloxía". Finalmente, comentando as palabras do galardoado nas que insta os partidos políticos a participar do sentir de Otero Pedrayo así como da necesaria recuperación da obra do mesmo.

- Enrique Alvarellos, "Lecturas e recantos", *Galicia-Hoxe*, "A Contra", "Crónica da semana invisible", 23 xuño 2009, contracuberta.

No apartado titulado "Lecturas para volver", recóllese a entrega do Premio Otero Pedrayo a Marcos Valcárcel no Teatro Principal de Ourense. Alude ademais ao discurso do historiador cando afirma "A nosa fala é unha abstracción única (...) A fala é a que nos debuxa unha forma de ser, unha forma de sentir e de expresar o mundo". Destácase o seu achegamento e vinculación a Otero Pedrayo, instando aos políticos a "volver a el, a amar ese panteísmo oteriano que era o amor a Galicia toda, paisaxe e vidas".

- Antonio Piñeiro, "Don Ramón' e a Dereita", *La Región*, "Opinión", 24 xuño 2009, p. 25.

Incide sobre o discurso do galardoado co Premio Otero Pedrayo, Marcos Valcárcel, destacando que no seu emotivo pediulle aos representantes da dereita galega que volveran sobre Otero Pedrayo, "que o leran e comprobaran ata qué punto había na súa obra e na de outros moitos membros da xeración Nós, un facho permanentemente aceso que lles axudaría a ver mellor o camiño da xestión futura desta terra". Finaliza constatando o oportuno destas palabras, que en ningún momento foron tomadas coma impertinentes.

- Manuel Herminio Iglesias, "Marcos, Militante Nacionalista", *La Región*, "Opinión", 24 xuño 2009, p. 25.

Aproveitando o outorgamento de Premio Otero Pedrayo a Marcos Valcárcel, recórdase esa parte de nacionalista militante do premiado, destacando trazos da súa personalidade ao afirmar que se atopou "cunha persoa dialogante que sempre escoitaba as opinións dos demais, que sempre actuaba democráticamente e que nunca se cabreaba diante as carencias e problemas que había que solventar" e lóase o historiador como defensor da cultura e lingua galegas.

Pedrón de Ouro e **Pedrón de Honra**

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebrou o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concedéronse dous premios: o "Pedrón de Ouro", que tratou de destacar aquela personalidade ou entidade viva residente en Galicia que sobresaíu na defensa da cultura nacional, e o "Pedrón de Honra", que distinguiu a aquelas persoas vivas ou entidades, galegas ou non galegas, que engrandecen a nación e cultura galegas. O premio consistiu nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal, Xohana Torres, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas, Xosé Manuel Beiras, Francisco Xavier Río Barja e Xusto G. Beramendi. No

ano 2009 o "Pedrón de Ouro" recaeu en Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias (Mini e Mero) pola súa labor de recuperación do patrimonio oral de Galicia e o "Pedrón de Honra" na filóloga rumana Mariana Ploae-Hanganu pola súa difusión da lingua e literatura galegas en Romanía. A entrega dos galardóns tivo lugar o 18 de maio na Casa-Museo de Rosalía en Padrón.

Referencias varias:

- M. Dopico, "A música que fai país", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Premio", 18 abril 2009, p. 33.

Dáse noticia de que Mini e Mero, cofundadores de Fuxan os Ventos e na actualidade membros da Quenlla, recibiron o vinte catro de maio o premio Pedrón de Ouro 2009, en recoñecemento da súa traxectoria como músicos, pedagogos e investigadores do patrimonio oral do país. Coméntase que na actualidade traballan nun proxecto do Museo do Pobo Galego, no que se meterán nunha base de datos as recollas de materiais da tradición oral galega que foron realizando dende os anos setenta. Sinálase que moita xente despreza o rural porque non o coñece, e iso é negativo porque se desaparece o rural tamén desaparece a nosa personalidade e a nosa peculiar maneira de estar no mundo. Afirmase que a partir dos anos setenta houbo pouca transmisión oral, polo que decidiron comezar a recoller, xa que non vían preocupación pola nosa cultura por parte da xente nova, tan só a percibiron por parte das asociacións culturais. Finalmente, infórmase que se lle outorgou o Pedrón de Honra 2009 á filóloga romanesa Mariana Ploae-Hanganu, polo seu labor de difusión da lingua e literatura galegas no seu país.

- Xosé Lois García, "Mini e Mero, padroeiros de ouro", *Galicia Hoxe*, "Opinión Hoxe", "Ecos da berenguela", 21 abril 2009, p. 4.

Gábase a Mini e Mero e congratúlase poque recibiran o Pedrón de Ouro o 24 de maio. Coméntase que "fundaron a conciencia de Galiza" con espírito filántropo e xenerosidade. Lémbrase a homenaxe que recibiron o ano pasado pola Asociación Cultural Xohan de Requeixo de Chantada, na que se publicou o libro *O Traque da Quenlla.* Saliéntase o seu labor de búsqueda de cancioneiro en Galicia e dos acentos musicais propios destes mecenas que son considerados como referencia da canción protesta
- Xaime Bello Costa, "Mini e Mero", *Diario de Ferrol*, "Opinión", "Cabo Prior", 22 abril 2009, p. 30.

Exprésase a ledicia pola concesión do Premio Pedrón de Ouro a Mini e Mero e lémbrase o seu labor ao longo de toda a vida pescudando no acervo musical e oral galego, recompilando e arquivando material por toda Galicia, fundando o grupo Fuxan os Ventos e a súa integración actual no grupo A Quenlla. Dise que achegaron as raíces da cultura galega ao pobo e especialmente a poesía de Manuel María.

- Helena Villar Janeiro, "Mero e Mini", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Notas de actualidade", 24 abril 2009, p. 3.

Dise que se entrega na Casa de Rosalía o Premio Pedrón de Ouro 2009 a Mini e Mero polo seu traballo a prol da cultura popular, como eles veñen facendo dende os anos

setenta formando parte de varios grupos ou a dúo. Destácase a súa colaboración en actos solidarios e o valor do arquivo musical e sonoro que eles gardan e que agora queren poñer a disposición de todo o mundo a través dun proxecto en colaboración co Museo do Pobo Galego.

- Sara González Iglesias, "Aquí hai un xenocidio cultural", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 24 abril 2009, p. 72.

Sinálase que os fundadores de Fuxan os Ventos, Mini e Mero, resultaron premiados co Pedrón de Ouro 2009 polo seu labor de recuperación do patrimonio oral de Galicia. Logo lémbranse os seus inicios no mundo da canción e algunhas anécdotas que lles ocorreron ao longo das últimas décadas mentres facían as súas recolleitas orais. Por último, os dous músicos falan sobre a cuestión da lingua galega e os ataques que recibe na actualidade.

- Vicente Araguas, "Crédito do heroe", *El Correo Gallego*, "*El Correo 2*", "Agora xa foi", 26 abril 2009, p. 8.

Entre outras cousas, sinálase que o Premio Pedrón de Honra e o Pedrón de Ouro do 2009, recaeron na profesora romanesa Marina Ploae-Hanganu, polo seu estudo e atención á literatura e á lingua galega, e en Mini e Mero, polo seu labor dentro da música folk e polas súas recolleitas da tradición oral galega. Lémbrase logo a importancia destes últimos dentro da canción de denuncia en Galicia.

- Xosé Manuel González, "Mini e Mero", *El Progreso*, "Lugo", "Mira Lugo", 30 abril 2009, p. 11.

Tras lembrar como era a infancia dos rapaces nacidos nos anos cincuenta e a súa adolescencia no mundo rural na década dos setenta, sinálase que se lle concede o Pedrón de Ouro a Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrio, coñecidos como Mini e Mero e lémbrase a importancia que os dous teñen en Galicia, para a conservación e recompilación da tradición oral galega.

- C.B.,"Sempre á luz de Rosalía", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Homenaxe", 23 maio 2009, p. 36.

Coméntase a entrega do Premio Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía de Castro, en Padrón, a Mini e Mero. Destácase que esta edición rende tamén homenaxe a Avelino Abuín de Tembra, quen até o seu falecemento dirixiu a Fundación Pedrón de Ouro. Fálase sobre o desenvolvemento do acto co cal se pretende, segundo se di, "recoñecer a traxectoria destes profesores, investigadores e pedagogos da tradición oral galega". Coméntase que se realizou unha ofrenda floral en recoñecemento de Rosalía de Castro, a "cantora del Sar". Tamén se lembra a traxectoria profesional dos dous premiados e, por último, engádese que o Pedrón de Honra recaeu sobre a filóloga romanesa Mariana Ploae-Hanganu, polo seu labor de difusión da lingua e literatura galega no seu país de orixe.

- C. Botrán, "La casa de A Matanza vuelve a acoger la entrega del Pedrón", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 23 maio 2009, p. 34.

Coméntase a entrega do Premio Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía de Castro, en Padrón, a Mini e Mero, fundadores de Fuxan os Ventos e actualmente membros d'A Quenlla. Fálase sobre o desenvolvemento do acto co cal se pretende, segundo se di, "recoñecer a traxectoria destes profesores, investigadores e pedagogos da tradición oral galega". Tamén se lembra como se desenvolveu a traxectoria profesional dos dous premiados e, por último, engádese que o Pedrón de Honra recaeu sobre a filóloga romanesa Mariana Ploae-Hanganu, polo seu labor de difusión da lingua e literatura galega no seu país de orixe.

- U. L.,"A Casa Museo de Rosalía acolle mañá o acto de entrega do Premio Pedrón de Ouro a Mini e Mero", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 23 maio 2009, p. L13.

Sinálase que se fai entrega do Premio Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía de Castro, en Padrón, aos fundadores de Fuxan os Ventos, Mini e Mero. Dise que se pretende salientar o labor de investigación e transmisión do patrimonio oral de Galicia que os dous desenvolveron dende a década dos anos setenta e que todo ese material recollido ocupa miles de cintas magnetofónicas que cederon ao Museo do Pobo Galego para a súa dixitalización e para pasar logo a formar parte do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade. Engádese que o Pedrón de Honra recaeu sobre a filóloga romanesa Mariana Ploae-Hanganu, polo seu labor de difusión da lingua e literatura galega no seu país.

- C. Botrán, "Chamada á resistencia", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Idioma", 25 maio 2009, p. 29.

Infórmase de que os galardoados co Pedrón de Ouro que se entrega na Casa Museo de Rosalía, en Padrón, foron Mini e Mero, fundadores de A Quenlla e que o Pedrón de Honra foi para a filóloga romanesa Mariana Ploae-Hanganu polo seu labor de defensa e divulgación da lingua e literatura galegas no caso da segunda e polo labor de recompilación e transmisión do patrimonio tradicional oral de Galicia, no caso dos primeiros. Céntrase o artigo no carácter reivindicativo do acto de entrega ao incluír nos discursos de premiados e asistentes a defensa férrea da lingua e da identidade galegas fronte aos ataques que sofre na actualidade. Por último, dise que tamén houbo unha lembranza especial a Avelino Abuín de Tembra, que fora director da Fundación Pedrón de Ouro.

- Cuca M. Gómez, "Entregados los 'Pedrón de Ouro", *Diario de Pontevedra*, "Gente a Diario", 25 maio 2009, p. 70.

Dise que na Casa Museo de Rosalía se fixo entrega do Pedrón de Ouro a Mini e Mero e do Pedrón de Honra a Mariana Ploae-Hanganu. Saliéntase que tanto no discurso de agradecemento de Mini e Mero como no dos demais houbo unha defensa da lingua galega como sinal de identidade. Descríbese tamén o desenvolvemento do acto e lémbrase a traxectoria profesional de Mini e Mero. Por último noméanse algúns dos intelectuais que estiveron presentes no acto, como foi o caso de Xosé Neira Vilas e Xesús Alonso Montero.

- T. Montero, "O Pedrón de Ouro convértese nun acto de reafirmación da galeguidade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 25 maio 2009, p. 31.

Sinálase que se entrega o Premio Pedrón de Ouro a Mini e Mero na Casa da Matanza de Rosalía e sublíñase o carácter reivindicativo do acto, xa que ambos falaron sobre a cuestión da lingua e a identidade galegas, facendo unha crítica dos actuais ataques que dende o goberno actual se están a levar a cabo. Logo descríbese o desenvolvemento do acto e quen foron algúns dos seus asistentes. Por último dise que o Pedrón de Honra, que recoñece o labor dos que espallan a cultura galega polo resto do mundo, foi para a profesora romanesa Mariana Ploae-Hanganu que durante a década dos noventa traduciu a Castelao, Xosé Luís Méndez Ferrín, Álvaro Cunqueiro e a poesía de Celso Emilio Ferreiro ao romanés.

- Manuel Dourado Deira, "Pedróns de Ouro e de Honra", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ardentía", 30 maio 2009, p. 5.

Indícase que o Pedrón de Ouro se entrega a Mini e Mero e o Pedrón de Honra á profesora romanesa Mariana Ploae/Hanganu. Faise unha pequena achega á traxectoria profesional dos primeiros e logo céntrase no seu labor como docentes e investigadores en lingua galega e a importancia do seu traballo como transmisores da cultura popular na lingua propia. Despois lémbrase a traxectoria profesional da profesora romanesa.

Premio **Pen Clube Voz de Liberdade**

Concedido polo Pen Clube e destinado a unha personalidade da literatura galega que teña destacado na defensa dos dereitos de expresión e opinión recollidos na Carta Fundacional do International P. E: N. O galardón sen dotación económica consiste nunha peza artística única e irrepetíbel dun artista galego.O xurado no ano 2009, integrado por Luís González Tosar, Gonzalo Navaz Blanco, María do Camiño Noia Campos, Marilar Aleixandre, Bieito Iglesias, Xesús Fraga e Xabier Castro Rodríguez, reuniuse o 13 de xaneiro e decidiu outorgar o galardón ao escritor e historiador Marcos Valcárcel, pola defensa da liberdade de expresión e opinión no seu blog As uvas na solaina, ademais do seu traballo a prol dunha maior promoción e difusión da literatura galega. O acto de entrega tivo lugar o 22 de maio no Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela.

Referencias varias:

- Imanol Hernández, "El PEN club de Galicia distingue a Marcos Valcárcel por su labor 'por la libertad de expresión", *La Región*, "Ourense", 14 xaneiro 2009, p. 8.

Infórmase de que o xurado do premio "PEN 2009" outorga o seu galardón ao historiador e escritor ourensán Marcos Valcárcel polo seu labor a favor da liberdade de expresión a través do seu blogue "As uvas na solaina". Danse os nomes dos integrantes do xurado e fálase sobre as visitas que recibe o blogue dende a súa creación en 2006, que, segundo Valcárcel, "é un foro cultural onde os seus lectores debaten nun gran clima de cortesía".

- A. Losada, "A vida cultural galega venceu as dificultades", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 15 xaneiro 2009, p. 50.

Entrevista a Marcos Valcárcel tras recibir o Premio PEN 2009 polo seu labor a prol da liberdade de expresión e difusión cultural, a través do seu blogue "As uvas na solaina", un dos blogues galegos máis visitados. Expresa o seu agradecemento polo premio, fala sobre o funcionamento do seu blogue, sobre as últimas obras que publica e sobre as dificultades que tivo a cultura galega para facerse visíbel durante moitas décadas.

- Marina Sánchez Soto, "Marcos Valcárcel", *La Región*, "Opinión", 21 xaneiro 2009, p. 21.

Gábase a figura de Marcos Valcárcel e o seu labor a prol da dinamización da cultura galega e en concreto da cidade de Ourense, tras recibir o Premio PEN 2009. Lémbrase un acto da AELG na que a autora do artigo coñeceu o escritor e por último destácase a calidade da súa obra *Historia de Ourense* (2008).

- Natalia Álvarez, "Nunca faltaron figuras que seguiran traballando polo historia cultural de Galicia", *Faro de Vigo*, "*Faro da cultura*", n.º 277, "Entrevista", 5 febreiro 2009, p. III.

Faise unha longa entrevista a Marcos Valcárcel tras recibir o Premio PEN de Galicia 2009 na que o escritor e xornalista expresa o orgullo que sente por este feito e fala tamén sobre a importancia de Ourense para a cultura galega, por ser berce de grandes xeracións como o Grupo Nós ou do primeiro xornal en galego. Logo fálase sobre a súa obra *Historia de Ourense* e sobre a súa intención de recompilar os seus artigos do xornal Galicia Hoxe co título "Cen anos de historia cultural".

- L.R., "El Pen Club premia a Marcos Valcárcel por su defensa de la libertad de expresión", *La Región*, "Ourense", 16 maio 2009, p. 13.

Dise que o Pen Club Internacional outorga o seu premio "Pen-Voz da Liberdade" ao escritor e historiador ourensán Marcos Valcárcel polo seu labor en defensa da liberdade de expresión. Destácase o seu labor profesional e dise que á homenaxe están convidados todos os escritores galegos e o público en xeral, nun acto que se celebra no Hostal dos Reis Católicos en Compostela.

- Xurxo Fernández, "A la sombra huidiza del Día Piñeiro", *El Correo Gallego*, "La Rosa de los Vientos", 18 maio 2009, contracuberta.

Entre outras actividades literarias e culturais, salientase que o 22 de maio outorgouse o IV Premio Pen/Voz de Liberdade a Marcos Valcárcel, a quen se felicita.

- maré, "A voz de Marcos Valcárcel", *Galicia Hoxe*, "MARÉ Hoxe", 22 maio 2009, p. 26.

Coméntase que Marcos Valcárcel recibiu en Compostela o Premio PEN "Voz de liberdade" tras recibir uns días antes o Premio Otero Pedrayo por ser "un referente cultural presente e futuro da cultura galega" e polo seu labor de difusión e investigación cultural. Dise que o acto de entrega se realizou no Hostal dos Reis Católicos e que, tras un laudatorio de Bieito Iglesias, se lle entregou tamén un cadro doado polo pintor Antón Lamazares. Tamén se indica quen son os novos membros do club aos que se lles dá a benvida durante o acto.

- Fran P. Lorenzo, "A cultura galega únese arredor da figura senlleira de Marcos Valcárcel", *El Correo Gallego*, "Cultura", 23 maio 2009, p. 60.

Faise eco da entrega do premio Pen Club Voz da Liberdade a Marcos Valcárcel pola súa defensa da "liberdade de pensamento" e do seu nomeamento como membro de honra do PEN Internacional. Gábanse as súas calidades como historiador e escritor e a súa entrega á lingua e literatura galegas. Descríbese o desenvolvemento do acto e noméanse os asistentes ao mesmo.

- Luís González Tosar, "A plantar Salgueiros a outra parte!", *El Correo Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 24 maio 2009, p. 60/*El Progreso*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 25 maio 2009, p.18/*El Ideal Gallego*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 24 maio 2009, p. 26/*Diario de Ferrol*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 24 maio 2009, p. 24/*Diario de Arousa*, "Opinión", "Ao raiar o sol", 24 maio 2009, p. 52.

Exprésase a satisfacción polo resultado do acto literario no que se lle entregou a Marcos Valcárcel o Premio PEN-Voz da Liberdade 2009 e deseguido fálase sobre a actual cuestión idiomática en Galicia e a convivencia das dúas linguas oficiais. Sinálase que o autor homenaxeado representa a continuidade do mellor galeguismo progresista e a desexo dun futuro máis esperanzador.

- Miguel Anxo Fernán-Vello, "Marcos Valcárcel: Voz de Liberdade", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "Caderno aberto", 25 maio 2009, p. 3.

Trátase dunha gabanza a Marcos Valcárcel tras recibir o Premio PEN-Voz da Liberdade polo seu labor e compromiso a prol da cultura galega. Destácase a súa personalidade aberta, a súa xenerosidade e o seu galeguismo comprometido e cívico. Por último afírmase que o Pen Clube de Galicia se prestixia a si mesma ao facer entrega deste galardón a un home coma el.

- Antonio Piñeiro, "A vixencia dun manifesto", *La Región*, "Opinión", "Ourensalia", 26 maio 2009, p.25.

Tras expresar a satisfacción por ter asistido ao acto de homenaxe que o Pen Club lle rendeu a Marcos Valcárcel faise unha reflexión sobre a cuestión da lingua en Galicia e o delicado momento que atravesa, a raíz da lectura dun manifesto que foi escrito polo homenaxeado e lido por Anxo Lorenzo (Secretario Xeral de Política Lingüística) en dito acto.

Premio **Ramón Cabanillas** da Asociación de Libreiros de Pontevedra

Convocado pola Asociación de Libreiros de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Unha Grande Chea e o Concello de Cambados. En edicións anteriores recibiron os galardóns os escritores Mª Victoria Moreno, Adela Leiro, Ramón Caride, Xosé Vázquez Pintor e Fina Casalderrey. Na sexta edición do ano 2009, o escritor e académico cambadés Francisco Fernández Rei recibiu o galardón nun acto celebrado o 16 de maio na Casa da Xuventude.

Premio **Ramón Piñeiro. Facer País**

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoas e institucións que no día a día loitaron por facer país. Non posúe dotación económica. O primeiro persoeiro que recibiu este premio foi o empresario e artista Isaac Díaz Pardo e nas seguintes edicións recaeu no actor Luís Tosar, no grupo de música folk Milladoiro, no político Xosé Manuel Beiras, no escritor Xosé Neira Vilas, no semanario *A Nosa Terra* e en Avelino Pousa Antelo. No ano 2009, 8ª edición, a data límite para a entrega das propostas foi o 15 de xullo e a concesión do galardón fíxose pública o 27 de agosto, aniversario do pasamento de Ramón Piñeiro. De entre as trinta e cinco candidaturas presentadas, o galardón foi para a escritora Luz Pozo Garza polo conxunto da súa obra literaria e entregóuselle o 17 de outubro .

Referencias varias:

- D.C: "O premio 'Facer País' cobra forza no ano adicado a Ramón Piñeiro", *El Progreso*, "Sarria", 4 xullo 2009, p. 17.

Con motivo da recente convocatoria do Premio "Ramón Piñeiro. Facer País", fai un percorrido pola historia do premio e as bases que o configuran e describe o acto no que se presenta a oitava edición. Apunta tamén que o cartaz deste ano foi deseñado por Isaac Díaz Pardo e que conta co patrocinio e colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación Provincial de Lugo, Caixa Rural Galega e a Escola de Artes Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo.

- ABC, "Luz Pozo sucede a Pousa Antelo como oitavo premio Ramón Piñeiro", *ABC*, "Galicia", 6 setembro 2009, p. 49.

Coméntase que a escritora Luz Pozo Garza foi nomeada gañadora da oitava edición do premio Ramón Piñeiro, Facer País, co que a Asociación Val de Láncara recoñece o labor desenvolvido por unha persoa ou entidade galega a favor do país, no ano en que se lle dedica o Día das Letras ao escritor lancarao. Sinálase que os gañadores das edicións anteriores foron: o empresario e intelectual Isaac Díaz Pardo, o actor Luís Tosar, o grupo musical Milladoiro, o político Xosé Manuel Beiras, o escritor Neira Vilas, o semanario *A Nosa Terra* e o intelectual Avelino Pousa Antelo. Afírmase que o xurado estivo constituído por representantes de distintas asociacións culturais da comarca de Sarria e Val de Neira, o Concello de Láncara, o club Unesco-Sarria e o colexio Ramón Piñeiro, que escolleron a Pozo Garza de entre trinta e cinco posíbeis candidaturas.

- María Xesús Nogueira, "Espazos de Luz", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & Análisis", "Un falar"/*El Progreso*, "Opinión", "Un falar", 26 setembro 2009, p. 25.

Destácase como dato importante que sexa a primeira vez que se lle concede o premio Ramón Piñeiro, Facer País, a unha muller, á poeta Luz Pozo Garza, porque considera que a nosa literatura, a pesar de ter como figura fundacional unha muller, non incorporou de maneira xeneralizada escritoras ao seu catálogo até a década dos noventa. Saliéntase que o traballo de Pozo Garza abrangueu campos tan diversos como a poesía,

o ensaio, centrado no estudo dalgunhas figuras da lírica galega, o teatro ou a dirección das revistas *Nordés* ou *Clave Orión*. Sinálase que a escritora, malia iniciar a súa traxectoria poética nos anos corenta en lingua castelá, instalouse definitivamente no galego a partir da publicación en 1952 do poemario *O paxaro na boca*. Finalmente, opina que Luz Pozo conseguiu o que só os grandes escritores conseguen: converter algunhas xeografías en espazos poéticos.

- J. García Bernardo, "Censura en Láncara", *El Progreso*, "Sarria", "Punto de vista", 11 outubro 2009, p. 21.

Coméntase que o concello de Láncara acapara notoriedade xa que 2009 é o ano dun dos seus fillos máis destacados, Ramón Piñeiro, ao que se lle dedica o Día das Letras Galegas, ademais de ter lugar o acto de entrega do premio Ramón Piñeiro, Facer País.

- A. Casanova, "Láncara se viste de cultura el sábado para entregar el Facer País a Luz Pozo", *El Progreso*, "Sarria", 14 outubro 2009, p. 13.

Dáse noticia de que o premio Ramón Piñeiro, Facer País, foi outorgado á poeta Luz Pozo Garza, a primeira muller que recibe esta distinción. Dise que o conxunto da súa obra literaria está centrada no compromiso estético e, a nivel temático, en sentimentos universais como o amor, a morte e o paso do tempo. A continuación, faise unha listaxe dos actos previstos para o evento e salientase que Luz Pozo recibirá o premio de mans do último galardoado, Avelino Pousa Antelo.

- M. Dopico, "En nome das mulleres", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 17 outubro 2009, p. 35.

Entrevista á poeta mariñá Luz Pozo, gañadora do premio Ramón Piñeiro, Facer País, na que afirma que as súas influencias van dende Rosalía, até os mitos gregos e celtas, as cantigas medievais, a literatura universal contemporánea, a filosofía, a música ou a pintura. Comenta que imaxes como a flor, a luz, os paxaros ou a choiva teñen un dobre significado, o real e o simbólico, e dan unidade á súa obra e que trata o tema do amor dende distintas perspectivas. Confesa que o primordial na súa obra é o coñecemento cristián de Deus e a divindade, pero que esta conciencia cristiá vaina alternando con outras conciencias como o budismo ou o hinduísmo. Finalmente, recóllese unha pequena biografía na que principalmente se fala da súa traxectoria profesional.

- L. P., "Láncara reunirá hoy a unas 300 personas en la entrega del Facer País a Luz Pozo", *El Progreso*, "Sarria", 17 outubro 2009, p. 15.

Dáse noticia da entrega do galardón Ramón Piñeiro, Facer País, á poeta lucense Luz Pozo Garza e anúncianse algunhas das actividades previstas en dito acto.

- A. Casanova / Vázquez Rivas, "Pozo Garza recibe o Facer País nun acto poético e de defensa da lingua", *El Progreso*, "Sarria", 18 outubro 2009, p. 20.

Sinálase que a poeta Luz Pozo Garza no acto de entrega do galardón Ramón Piñeiro, Facer País, que consistía nunha obra da Escola de Arte Superior e Deseño Ramón Falcón de Lugo, reivindicou a lingua galega como "idioma da vida, da poesía e da nosa identidade" e afirmou que ela hoxe non podería escribir noutro idioma que non fose o galego, para logo pasar a ler un dos seus poemas. Dise que despois tomou a palabra o

catedrático de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Barcelona, Basilio Losada, para gabar a autora, de quen destacou o amor latente na súa obra, e opinar que a mellor poesía que se fai na actualidade en Galicia é de mulleres. Coméntase que entre os asistentes se atopaban Darío Xohán Cabana; Aníbal Piñeiro, irmán de Ramón Piñeiro; o vicepresidente da Deputación Antón Bao; o ex conselleiro nacionalista Fernando Blanco; o ex subdelegado do Goberno Jesús Otero e o representante do PP, José Luis Iravedra.

- Ana Abelenda, "Un bo libro é un encontro coa alma", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 336, "O libro da súa vida", 23 outubro 2009, p. 5.

Entrevista á poeta Luz Pozo Garza, que vén de recibir o Premio Ramón Piñeiro Facer País, e afirma que calquera momento e lugar se presta a lectura. Tamén revela as súas preferencias literarias. A poeta considera que a poesía "é escoitar a alma" e afirma que o libro da súa vida e *Recuerdos*, *sueños*, *pensamientos*, de Jung.

- Luz Pozo Garza, "Facer País", *El Progreso*, "Opinión", 28 outubro 2009, p. 28.

Admite que se sente moi emocionada por recibir en Láncara o galardón Ramón Piñeiro, Facer País, e agradece as palabras pronunciadas no acto de entrega de Basilio Losada e de Manuel González González, secretario da Real Academia Galega e Coordinador Científico do Centro Ramón Piñeiro, que vén auspiciando dende 1995 a publicación da revista *Clave Orión*.

Premio **Roberto Vidal Bolaño das Redes Escarlatas**

Creado polo colectivo Redes Escarlata en 2004, este premio está destinado ao recoñecemento público daquelas persoas ou entidades comprometidas coa lingua e cultura galega e coa emancipación de Galicia. O premio, que non tivo dotación económica, consistiu nun cadro do artista ourensán Xosé Luís de Dios. No 2009 o xurado acordou, o día 20 de xuño, entregar o galardón ao Instituto de Estudos Miñoranos.

Referencias varias:

- maré, "Cultura desde a 'base", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 xuño 2009, p. 32.

Comenta que a asociación Redes Escarlata lle vai facer entrega ao Instituto de Estudos Miñoranos do Premio Roberto Vidal Bolaño como recoñecemento ao seu traballo a favor da "emancipación de Galicia e das súas clases populares". Salienta o labor do Instituto desde a súa creación e das actividades levadas a cabo como os premios que outorgan. Por último, achega os nomes dos compoñentes do xurado.

- Lara Rozados, "Premio Vidal Bolaño para a defensa da cultura no Val Miñor", *A Nosa Terra*, n.º 1.365, "Cultura", 25 xuño-1 xullo 2009, p. 26.

Recolle a entrega do Premio Vidal Bolaño ao Instituto Miñoranos outorgado polas Redes Escarlata que recoñece publicamente 'persoas e institucións na loita pola

emancipación de Galiza e das súas clases populares. Apunta os obxectivos de dita institución e as súas actividades levadas a cabo dende 1999, entre as que destaca a recuperación da memoria histórica, a musealización de xacementos onde se atopan conxuntos de petróglifos, a convocatoria do Premio de Xornalismo Nano Cambeiro e o de Poesía Victoriano Taibo, a edición da revista anual *Revista de Estudos Miñoranos*, e finalmente, o programa de actividades didácticas para "manter a nosa cultura, o noso patrimonio material e inmaterial, a promoción e o estudo do Val Miñor".

-Elvira Riveiro, "Un bosque de compromiso", *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, n.º 79, tomo III, ano XX, "Crónica", xullo-agosto-setembro 2009, pp. 151-153.

Texto de Elvira Riveiro lido o 20 de xuño de 2009 no Auditorio Lois Tobío, de Gondomar, no acto de entrega do VI Premio Vidal Bolaño que as Redes Escarlata lle concederon ao Instituto de Estudos Miñoranos. Valórase o traballo desta institución tanto na recuperación da memoria histórica coma do patrimonio material e inmaterial da cultura galega, evocando numerosos topónimos e autores galegos do século XX, como Xosé María Álvarez Blázquez, Francisco Fernández del Riego e Lois Tobío, entre outros, para rematar lembrando que o obxectivo deste premio é o recoñecemento público do compromiso con Galicia e a súa liberdade.

Premio **Trasalba**

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. É un galardón anual de carácter honorífico, que recompensa o labor cultural e galeguista de distintos persoeiros vivos e que se entrega na casa-museo do escritor en Trasalba (Amoeiro-Ourense). O galardón consistiu nun debuxo enmarcado de Isaac Díaz Pardo, unha placa e un libro doa amigos conmemorativo do acto. Na edición de 2009, o galardón foi entregado o 28 de xuño na casa grande de Cimadevila, en Trasalba, no concello de Amoeiro, ao catedrático, político e intelectual Xosé Manuel Beiras Torrado e o encargado de realizar a laudatio foi o presidente da RAG, Xosé Ramón Barreiro Fernández.

Referencias varias:

- L.R., "La Fundación Otero Pedrayo distingue a Xosé Manuel Beiras con el Premio Trasalba ", *La Región*, "Ourense", 27 maio 2009, p. 9.

Infórmase brevemente que a Fundación Otero Pedrayo outorga o seu Premio Trasalba 2009 ao político e catedrático Xosé Manuel Beiras, do cal destaca que ten toda unha vida dedicada ao galeguismo e tamén a súa dimensión intelectual, cívica e de pensamento. Indícase que o premio se entrega na "Festa literaria" que se celebra na Casa Grande de Cimadevila, en Trasalba (Amoedo). Por último sinálase que o galardón consiste nun debuxo enmarcado de Isaac Díaz Pardo, unha placa e un "Libro dos Amigos" conmemorativo.

- E. P., "Beiras recibirá hoxe o Premio Trasalba", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Homenaxe", 28 xuño 2009, p. 28.

Recolle a entrega do Premio Trasalba a Xosé Manuel Beiras "pola súa vida entregada xenerosamente a Galicia". Comenta que a *laudatio* correrá a cargo de Xosé Ramón Barreiro, presidente da R. A. G. Para rematar, anuncia a entrega do libro homenaxe que a Fundación editou titulado *Xosé Manuel Beiras. Compromiso coa Terra.*

- Cristina Huete, "Beiras reivindica lealtad y unidad al nacionalismo", *El País*, "*Galicia*", 29 xuño 2009, p. 6.

Salienta aquelas partes do discurso de Xosé Manuel Beiras, Premio Trasalba, destacando o seu agradecemento, o sentir galeguista e o compromiso político coa súa terra.

- E. P., "Beiras fala ao recibir o Trasalba da súa relación con Otero Pedrayo", *El Correo Gallego*, "Cultura", 29 xuño 2009, p. 52.

Fálase de que Xosé Manuel Beiras lle dedicou o seu discurso de recepción do Premio Trasalba a Otero Pedrayo e mais que nese mesmo acto se presentaron dúas publicacións da Fundación Otero Pedrayo: *Catálogo de publicacións seriadas da biblioteca da Fundación Otero Pedrayo* (2008) e mais *Paisaxe e cultura*.

- Juan Tallón, "Beiras e a 'heroica teimosía' de Pedraio", *Atlántico Diario*, "Galicia", 29 xuño 2009, p. 18.

Alude ao discurso de Manuel Beiras ao recibir o Premio Trasalba, lembrando o seu primeiro encontro infantil coas figuras de Risco, Castelao e Otero Pedrayo nas fotografías do escritorio do seu pai. Ao facer un itinerario biográfico pola traxectoria do premiado, salienta as súas inquedanzas políticas do mesmo polo devir da terra galega.

- J. Tallón, "Beiras confesa que a súa xeración é deudora da 'heroica teimosía' de homes coma Pedraio", *La Región*, "Ourense", 29 xuño 2009, p. 6.

Reproduce parte do discurso de Manuel Beiras ao recibir o Premio Trasalba, lembrando o seu primeiro encontro infantil coas figuras de Risco, Castelao e Otero Pedrayo recollidas nas fotografías do escritorio do seu pai. Despois realiza un itinerario biográfico pola traxectoria do premiado, rematando no seu labor político e as inquedanzas polo porvir da terra galega. Engade as verbas de agradecemento de Xosé Ramón Barreiro na súa *laudatio*.

- Rosa Veiga, "Beiras: 'Os ananos no poder queren o exterminio idiomático", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 29 xuño 2009, p. 35.

Alude á traxectoria coma "político, ensaísta e catedrático de Economía" de Xosé Manuel Beiras, Premio Trasalba 2009. Continua destacando as verbas que Xosé Ramón Barreiro, presidente da Real Academia Galega, dedicou o premiado salientando o seu compromiso con Galicia.

- Víctor Rodríguez, “Beiras alerta contra quienes ‘exterminan’ el idioma para luego ‘destruir el país’, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 29 xuño 2009, p. 13.

Menciona a entrega do Premio Trasalba 2009 a Xosé Manuel Beiras destacando aquelas partes do seu discurso no que fai chegar os asistentes o seu primeiro encontro “virtual” con Vicente Risco, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Ramón Otero Pedrayo, así como tamén enfatiza aquelas verbas dirixidas a ensalzar a traxectoria e o legado de Otero Pedrayo.

- Xosé Manuel Beiras, “Gabanza e oración profana a Ramón de Trasalba”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, “O rego da cultura”, xullo, agosto, setembro 2009, pp. 12-17.

Reproduce a súa intervención na festa literaria do Premio Trasalba 2009, que lle concedeu a Fundación Otero Pedrayo. Escarva nos seus recordos infantís e apunta que a estampa do rostro de Ramón Otero Pedrayo se integrou dende o comezo na súa inconografía máis familiar por un retrato que presidía o escritorio do seu pai e no que a efixie de don Ramón ocupaba o centro, flanqueándoa Castelao pola esquerda e Risco pola dereita. Considera que a constante presenza do rostro dos dous primeiros foi a “búxola” que orientou o xermolar na súa consciencia da nosa identidade colectiva. Así mesmo, lembra a asistencia de Pedrayo á “Misa de Rosalía” no Día da Patria e considera que, pese a definirse como “unha pantasma do século dezanove”, posuía unha portentosa vitalidade intelectual e anímica, e unha incríbel capacidade de comunicación e empatía cos valores e o mundo dos máis novos. Fai unha serie de consideracións sobre a Xeración Nós, que caracteriza como “un heroico proceso de auto-desalienación e auto-descolonización individual e colectiva en tres dimensións primordiais, idiomática, cultural e ideolóxica, que finalmente se proxectou nun circio compromiso ético e político co seu pobo”. Profunda no compromiso identitario profesado pola Xeración Nós e Otero, a quen lle cadrou sobre todo restaurar a trabe mestra da nosa existencia na Historia como “comunidade de cultura”. Alude ás consecuencias da guerra civil sobre os galeguistas e á publicación do *Libro dos amigos*, no que Pedrayo realiza un “exercizo de libérrima coraxe e solidaria dignidade no ostracismo”. Por último, reclama unha nova rebelión emancipadora que lle devolva ao pobo galego a súa dignidade.

- Eduardo Gutiérrez, “Beiras”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, “Da capo”, p. 31/*El Progreso*, “Opinión”, “Da capo”, p. 27, 1 xullo 2009.

Tras referirse á entrega do Premio Trasalba a Xosé Manuel, fai un breve percorrido pola traxectoria do premiado, dende as súas aptitudes mais salientabeis coma catedrático, pensador e ensaísta, até a súa vertente política coma membro, primeiramente do PSG e, posteriormente, do Bloque Nacionalista, coma político defensor do galeguismo.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Beiras en Trasalba”, *Galicia Hoxe*, “Hoxe Galicia”, “Caderno aberto”, 3 xullo 2009, p. 3.

Comenta primeiramente a entrega do Premio Trasalba a Xosé Manuel Beiras, concedido pola Fundación Otero Pedrayo. Fai un breve percorrido polas achegas do homenaxeado á cultura galega, para rematar describindo o acto celebrado co motivo da entrega do premio, resaltando o clima de afectividade que impregnou a celebración.

- Xosé Manuel Beiras, "Gabanza e oración profana a don Ramón de Trasalba (I)", *Galicia Hoxe*, "Hoxe Galicia", "De catro a catro", 5 xullo 2009, p. 3.

Recóllese a primeira parte do discurso que pronunciou o político, ensaísta e catedrático de Economía Xosé Manuel Beiras ao recoller o Premio Trasalba. Sinala que xa na súa infancia tiña presente a figura de Ramón Otero Pedrayo porque no despacho de seu pai había un tríptico de retratos fotográficos onde aparecían Otero no centro, Castelao á esquerda e Risco á dereita. Comenta que xa de rapaz o coñeceu en persoa xa que coincidiu con el nos encontros galeguistas aos que asistía con seus pais e, malia ser o patriarca, exercía como irmán xa que era modesto e solidario. Salienta que máis tarde don Ramón ocupou a cátedra de Xeografía na Universidade, xusto cando el comezou a súa carreira de Dereito, e que nas súas conversas cos mozos afirmaba ser "unha pantasma do século dezanove" malia que Beiras crea todo o contrario: pensa que era humilde, que tiña unha gran vitalidade intelectual e anímica, unha insaciábel curiosidade e unha gran capacidade de comunicación. Afirma que a Xeración Nós tivo un importante compromiso ético e político co seu pobo, sobre todo, coas clases populares ás que eles non pertencían; de feito, crían que a súa procura do lonxano debíase ao seu autoodio.

Premio **Xarmenta**

Convocado pola Asociación Berciana de Lingua Xarmenta, dirixido a institucións e personalidades que máis se implican na promoción da lingua galega no Bierzo. O galardón consistiu nunha figura de Sargadelos. No ano 2008 recibiron os galardóns Susana Seivane e, de xeito conxunto, a Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo e a Aira da Pedra. A entrega tivo lugar o 15 de xaneiro de 2009 no Teatro Bergidum de Ponferrada.

Referencias varias:

- D L, "Todos los premiados de Xarmenta confirman su asistencia al acto", *Diario de León*, "El Bierzo", 13 xaneiro 2009, p. 12.

Afirma que o vindeiro 15 de xaneiro de 2009 asistirán os tres premiados na IV edición dos premios Xarmenta: Susana Seivane, Aira da Pedra e mais a Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo. Tamén se indica que ao acto asistirán Luís Bará ou Marisol López e este artigo está acompañado coa reprodución da portada do terceiro número da revista *Xarmenta (Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta)*.

- D L, "Entrega de los premios Antonio Fernández Morales", *Diario de León*, "El Bierzo", 15 xaneiro 2009, p. 11.

Infórmase de que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta e o Concello de Cacabelos farán entrega dos premios aos galardoados na segunda edición do Certame Literario "Fernández Morales" nun acto que terá lugar no Teatro Bergidum de Ponferrada durante a gala dos IV Premios Xarmenta. Tamén se recolle o nome dos galardoados en lingua galega así como os centros escolares aos que pertencen e que

resultaron ser Nacho Mañá do CEIP Valentín García Yebra de Ponferrada e mais Inés Rubio do CEIP Virgen de la V Angustia de Cacabelos.

- Manuel Félix, "Xarmenta premia la fidelidad gallega", *Diario de León*, "El Bierzo", 16 xaneiro 2009, p. 17.

Dá conta do acontecido no Teatro Bergidum de Ponferrada co gallo da entrega dos cuartos premios Xarmenta. Indica que os premiados foron galardoados pola súa achega á promoción da lingua galega do Bierzo e asemade indica que nesta mesma gala o alcalde de Cacabelos entregou os premios aos galardoados no II Certame Literario "Fernández Morales". Finalmente aparece o nome dos premiados neste certame literario.

- Fermín López Costero, "Gallego en El Bierzo", *Diario de León*, "El Bierzo", "El resplandor", 18 xaneiro 2009, p. 11.

Destaca o labor feito nos últimos anos pola Asociación Berciana da Lingua Xarmenta a prol da lingua galega no Bierzo. Fala do éxito continuado das catro edicións dos premios Xarmenta e recalca a importancia do Certame Literario Fernández Morales na promoción do galego no Bierzo entre os escolares. Tamén se refire a que recentemente se vén de entregar os galardóns correspondentes ao II Premio Literario Fernández Morales nun acto no que o teatro Bergidum de Ponferrada "se quedó pequeño".

- Mar Iglesias, "Xarmenta pasa a entregar sus premios cada dos años", *Bierzo 7*, n.º 1.265, "La cultura", 22 xaneiro 2009, p. 21.

Coméntase a gala de entrega dos cuartos premios Xarmenta que tiveron lugar o no Teatro Bergidum de Ponferrada e que recaeron en Susana Seivane, a Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo e mais no grupo Aira da Pedra. Recóllense as declaración dos galardoados e tamén se informa de que dentro desta gala, e por segundo ano consecutivo, se entregaron os Premios Literarios "Poeta Antonio Fernández Morales" nos que se premia o labor dos novos escritores en lingua galega e finalmente faise unha relación de todos os premiados nesta edición.

X.7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Premio **Ala Delta**

A Editorial Luís Vives (Edelvives) convocou o Premio Ala Delta de literatura infantil coa finalidade de promover a creación literaria para nenos. Estabeleceuse un premio único, dotado con 12.100 euros e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Ala Delta". A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, foi dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais debían ser inéditos e estar escritos en castelán ou en calquera lingua do estado. O tema dos orixinais foi libre, igual que o xénero literario, e enviáronse baixo plica cos datos do autor, á Editorial Luís Vives "Para o premio Ala Delta" (Xauradó, 25, 28034 Madrid) antes do 18 de febreiro. O xurado foi nomeado por Edelvives e estivo formado por especialistas en literatura e educación, sendo un deles membro da Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil. No ano 2008 o gañador do XX Premio Ala Delta foi Patxi Zubizarreta coa súa obra *Xía Tenzinen bidaia miresgarria* (*El maravilloso viaje de Xía Tenzin*).

Premio **Arume de Poesía para Nenos**

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para nenos e con el téntase fomentar a lectura deste xénero entre os máis pequenos. Compleméntase co Premio Estornela de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume poden concorrer persoas de calquera nacionalidade con textos escritos en galego que deben enviar, xunto con tres copias, á Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 36587 Pontevedra). As obras debían levar un título que tamén debía constar nun sobre pechado e separado onde figuraban os datos do autor. O prazo de admisión de orixinais rematou o 31 de outubro e tivo unha dotación de 1.000 euros que foron outorgados a un poemario inédito cun mínimo de trescentos cincuenta versos, ademais da publicación da obra en Ediciós do Castro. En anteriores edicións, resultaron gañadores Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Helena Villar Janeiro, Marica Campo e Concha Blanco. Na Vª edición do ano 2009, o escritor ourensán Xoán Babarro recibiu por unanimidade o galardón pola súa obra *A princesa de Taramundi* nun acto celebrado o 13 de decembro na sede da Fundación Xosé Neira Vilas en Vila de Cruces. O xurado composto por Xosé Neira Vilas, Valentín García Gómez, Xoán Andrés Fernández Castro e Luís Reimóndez decidiu outorgar dúas mencións de honra a Rosalía Morlán Viéitez por *A coitada lúa* e a María Canosa Blanco por *A Porta dos Soños*.

Referencias varias:

- E. P., " Xoán Babarro recolle o premio Arume en Vila de Cruces", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 14 decembro 2009, p. 32.

Infórmase da concesión deste premio a Xoán Babarro, pola súa obra *A princesa de Taramundi*, que o xurado destacou como "poesía fresca e orixinal", "moi relacionada

coa natureza e co medio xeográfico". Asemade, destácase o emprego de dialectalismos propios do bloque oriental, unha métrica moi variada e a inclusión de recursos gráficos co fin de achegar a obra aos nenos.

- L R, "El orurensano Xoán Babarro recibió en Vila de Cruces el 'Premio Arume'de poesía", *La Región*, "Ourense", 14 decembro 2009, p. 8.

Dáse conta da composición do xurado, formado por Xosé Luis Neira Vilas, Valentín García Gómez, Xoán Andrés Fernández Castro e Luís Reimondez, que decidiu outorgar o premio ao poemario de Xoán Babarro, *A princesa de Taramundi*, que o xurado destacou como "poesía fresca e orixinal" e o emprego de dialectalismos propios do bloque oriental. Dise que Anxo Lorenzo, o secretario xeral de política lingüística salientou o labor da fundación e lembrou a figura de Anisia Miranda.

Concurso do Libro Infantil O **Barco de Vapor**

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao Premio Gran Angular, a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para "promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". As obras que se presentaron debían ter unha extensión mínima de cincuenta folios, mecanografados a dobre espazo, e enviáronse tres exemplares xunto cunha versión en soporte informático (disquette ou CD), a Ediciones SM (Impresores, 2, Urbanización Prado del Espino, 28660 Boadilla del Monte, Madrid), acompañadas dun sobre pechado no que constaba por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor, antes do 15 de xaneiroB. Podían presentarse todas as obras que se axustasen ao concepto de novela e debían estar escritas en galego, ser orixinais, inéditas e non estar premiadas noutro concurso, nin corresponder a autores falecidos con anterioridade á convocatoria. O xurado foi nomeado pola Fundación Santa María e estivo constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 euros e a publicación da obra, pero a partir de 2007 a contía do galardón aumentou a 10.000 euros para potenciar a creación de literatura infantil e xuvenil en galego. Na XXVª edición do ano 2009 o galardón quedou deserto.

Referencias varias:

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde**

Ver apartado X.3. deste *Informe*.

Premio de Banda Deseñada **Castelao**

Certame convocado pola Deputación da Coruña, dende o ano 2005, co obxectivo de incentivar a lingua galega e que vén a completar a serie de premios tanto literarios coma artísticos, convocados pola citada entidade. O premio está vinculado ao certame do

cómic que se celebra todos os veráns, no que se dá a coñecer o ditame do xurado. Poden participar persoas, maiores de idade, con narracións en banda deseñada inéditas e escritas en galego, cun máximo de dous autores por obra. A dotación foi de 6.500 euros ademais da publicación do libro con textos en galego. As bases do concurso podían consultarse no Boletín Oficial da Provincia. A temática das obras foi libre cunha extensión entre corenta e oito e sesenta e catro páxinas e o prazo de presentación rematou o 30 de maio. Debía presentarse por duplicado en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados á Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional, 2, 15006, A Coruña). Algúns dos gañadores de anteriores edicións foron David Rubín, Antonio Seijas ou Mariano Casas Gil. Nesta quinta edición de 2009 presentáronse oito obras e resultou galardoado o debuxante pontevedrés Daniel Montero Coira (Catoira, 1977) polo cómic *Ser ollar atrás*. O xurado, formado por Salvador Fernández Moreda, Miguelanxo Prado, Ángel de la Calle e Carlos Portela, seleccionou como finalista a José e Ramón Trigo Alonso pola obra *Kartoffel*. O acto de entrega tivo lugar o 11 de decembro nunha gala celebrada no Pazo de Mariñán.

Referencias varias:

- Rubén Bruña, "El pontevedrés Daniel Montero, ganador del premio de cómic Castelao", *La Opinión*, "A Coruña", "Ciudad y cultura", 22 setembro 2009, p. 12.

Recolle a concesión do Vº premio de cómic Castelao que este ano foi para Daniel Montero Coira pola obra *Sen mirar atrás.* Nomea os membros do xurado e recolle as declaracións de Miguelanxo Prado durante a lectura do fallo. Indícase ademais que José Trigo Alonso e Ramón Trigo Alonso foron ambos os finalistas pola obra *Kartoffel.* Sobre Montero Coira sinálase que se move en catro ámbitos creativos (cómic, ilustración, caricatura e animación) e coméntase algunhas actividades curriculares.

- M. G. M., "Daniel Montero consegue o premio Castelao pola obra 'Sen mirar atrás", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", 22 setembro 2009, p. 17.

Sinálase que "cunha narración ben construída e un personaxe secundario que vai medrando ao mesmo tempo que medra a historia" obtivo Daniel Montero Coira o Vº premio Castelao de Banda Deseñada. Recóllense tamén as declaracións de Miguelanxo Prado sobre a obra gañadora. Noméanse ademais á parella de finalistas e reflexiónase sobre o "escaso" nivel de participación.

- F. Molezún, "El dibujante Daniel Montero gana el premio Castelao de cómic con 'Sen mirar atrás", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 22 setembro 2009, p. 49.

Breve noticia que informa do Premio Castelao de Banda Deseñada, que foi para Daniel Montero pola súa obra *Sen mirar atrás.* Dáse conta da composición dos membros do xurado e da contía económica do premio que conta con 6.500 euros. Para rematar, coméntase que Montero traballou ao servizo da produtora Dygra e colaborou en revistas como *Golfiño.*

- V. Oliveira, "Unha road movie de iniciación", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Cómic", 23 setembro 2009, p. 30.

Recóllense as impresións de Daniel Montero, que vén de gañar o Vº Premio Castelao de Banda Deseñada pola obra *Sen mirar atrás*. O homenaxeado opina que a crise económica e as regras do mercado global condicionan o descenso da edición do cómic en Galicia e manifesta o que cómpre facer para que haxa máis produción. Para rematar, infórmase que Daniel Montero colga traballos no blog que leva o seu nome (danimontero.blogspot.com). Á parte, recóllense as apreciónsque o xurado fixo sobre a obra gañadora.

- Beni Yáñez, "Facer este traballo foi unha especie de exorcismo persoal, levábao tempo tempo", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...", 27 setembro 2009, contracuberta.

Entrevista a Daniel Montero, que vén de gañar "por unanimidade" o Vº Premio de Banda Deseñada Castelao pola obra *Sen mirar atrás.* Comenta porque ve a obra como unha "road movie ou un thriller con toques de humor negro". Ademais, apunta como naceu este proxecto e como fixo a presentación dos proxectos para o premio. Fala tamén de como entrou no mundo da banda deseñada e opina sobre a situación do cómic en Galicia. Di que para publicar "hai que moverse".

Premio Internacional **Compostela para Álbumes Ilustrados**

O concello de Compostela convocou no ano 2007 por primeira vez este premio no marco da súa VIII Campaña de Animación á Lectura e do X aniversario da Editorial Kalandraka co obxectivo de estimular os creadores plásticos do país. Nas bases do premio definiuse o álbum ilustrado como un "libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen". O premio estivo dotado de 12.000 euros. Podían presentarse orixinais inéditos, con lema ou pseudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non podía superar as corenta páxinas interiores e debían presentarse cinco copias do texto, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en color de cada unha das ilustracións así como unha maqueta co deseño. Enviáronse en sobre pechado ao Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, 4, 15705, Santiago de Compostela). O xurado estivo formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada editarase en todas as linguas oficiais pola Editorial Kalandraka. O prazo de entrega rematou o 28 de febreiro de 2009 e a decisión do xurado deuse a coñecer o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, 2 de abril. O autor comprométese a entregar a obra rematada antes do 1 de setembro do 2009. O xurado da IIª edición, composto por Xosé Cobas, Gímeo Luís, Guadalupe Rodríguez, Manuela Rodríguez, Xosé M. Rodríguez-Abella, Esther Tusquets e Beatriz Varela, decidiu galardoar ao mexicano Felipe Ugalde pola súa obra *Un gran soño*, presentada baixo o lema "Sueños de grandeza", e quedou como finalista o ilustrador italiano Tommaso Nava co seu proxecto presentado co lema "Dialogando con un papel en blanco". A esta edición presentáronse douscentos oitenta proxectos procedentes de vinte e dous países.

Referencias varias:

- A. I., “Reunión del jurado de los Álbumes Ilustrados”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 abril 2009, p.27.

Infórmase da reunión do xurado do II Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, convocado polo Concello e Santiago e a Editorial Kalandraka, que se enmarca dentro da IX Campaña de Animación á Lectura que cada ano organiza a concellería de Educación e que está dirixido a autores e ilustradores do ámbito internacional. Dise cal é a súa dotación económica, quen son os membros do xurado e que a obra gañadora será publicada en todas as linguas peninsulares por Kalandraka.

- J. Matamoros, “Copazos con la Quinta Estación”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 1 abril 2009, p.L16.

Anúnciase que falta un día para coñecerse o fallo do xurado do Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado ao que se presentan douscentos sesenta e nove aspirantes de vinte e dous países. Dise quen forma parte do xurado e cales son os países participantes.

- Belén López, “O mexicano Felipe Ugalde gaña o II Premio Compostela de ilustración”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 3 abril 2009, p. 70.

Comeza co título gañador do II Premio Compostela de Álbum Ilustrado, *Sonos de grandeza*, do mexicano Felipe Ugalde e logo indica a contía do premio e cales son os países que participaron no certame. Tamén comenta quen é o xurado da obra e que escolleron a obra gañadora por ser a máis “completa e equilibrada”. Por último tamén dá conta de que o finalista foi Tommaso Nava e a arxentina Cecilia Afonso recibiu unha mención especial, e comenta o argumento da obra gañadora.

- C. S./A. L./V. S.,“Día das letras mozas”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 3 abril 2009, p. 42.

Tras informar extensamente de que a produción literaria para mozos e mozas en galego gaña terreo no mundo editorial, aproximadamente un terzo do total que se publica en Galicia, co apoio do mundo escolar, e que foi sobre todo unha xeración de profesores que amaban a literatura a que fixo despegar este tipo de produción, sinálase que o gañador do II Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados, convocado polo Concello de Santiago e a editorial Kalandraka, é o mexicano Felipe Ugalde.

- maré, “Sobre as técnicas poéticas”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Álbum”, 3 abril 2009, p. 34.

Indícase que a obra gañadora do II Premio Compostela de Álbum Ilustrado é *Sueños de grandeza*, do mexicano Felipe Ugalde. Dise que foi considerada a máis completa e equilibrada e que, segundo o xurado, sobresae das outras polo valor metafórico das imaxes. Tamén se comenta quen forma o xurado, cal é o argumento da obra e cal é a obra finalista, do italiano Tommaso Nava, e o da obra que recibe unha mención honorífica, da arxentina Cecilia Afonso.

- Mar Mato, "El cocodrilo que soñó ser una estrella", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 24 outubro 2009, p. 48.

Coméntase que o mexicano Felipe Ugalde foi premiado polo conto *Un gran soño*, co IIº Premio Internacional Compostela para Álbum Ilustrado, da Editorial Kalandraka. Ademais de describirse algúns aspectos do relato, sinálase que nel están presentes os debuxos do propio Ugalde protagonizados por un crocodilo. Dise ademais que a obra pode ser un "alegato en favor del ecologismo" ou "un bello grito contra la codicia".

- La Voz, "Concello y Kalandraka convocan el tercer Premio Compostela para el mejor álbum ilustrado", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 novembro 2009, p. L8.

Infórmase da convocatoria da terceira edición do Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, dotado con 12.000€, e organizado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka. Recóllense as palabras de Xosé Ballesteros, director da devandita editorial e coméntanse as bases do concurso.

-Alba Piñeiro, "Atinxir a fama", *A Nosa Terra*, n.º 1.383, "*Bulebule*", 26 novembro-2 decembro 2009, p. 26.

Refírese ao álbum de Felipe Ugalde, *Un gran soño*, destacando que mereceu o Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados que convocan Kalandraka e o Concello de Santiago. Comenta que texto e imaxe se complementan neste relato simbólico ao redor do desexo de alcanzar a fama, ser importante no mundo e deixar unha pegada persoal. Apunta que a trama conta cun desenvolvemento lineal, cun crocodilo como protagonista, e que o autor utiliza unha grande expresividade na linguaxe verbal e na plástica.

Premio **Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil**

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado. Foron dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 euros; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada con 30.000 euros. Os orixinais tiñan que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a duascentas para a xuvenil. Presentáronse mecanografados a dobre espazo e enviáronse por triplicado, baixo plica, antes do 15 de setembro á Editorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estivo formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición deuse a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. O xurado na categoría infantil estivo composto por Teresa Colomer, Pep Durán, Esperanza Nova, Roberto Santiago e Vicenç Villatoro, mentres que na xuvenil estivo integrado por Xavier Brines, Victoria Fernández, Anna Gasol, Rosa Navarro e Robert Saladrigas. A obra premiada publicouse primeiro na lingua orixinal e despois traduciuse ás outras linguas do estado. Nesta XVIIª edición non foi premiada ningunha obra galega e mereceron o galardón *Sopa de cola de lagartija*, de Marta Gené, e *La muerte a seis veinticinco*, de Jordi Cervera en literatura infantil e xuvenil, respectivamente.

Premio de Teatro para Nenos **Estornela**

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio que alterna anualmente co Premio Arume de Poesía para Nenos. Puideron concorrer todas as persoas que o desexasen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal podía conter unha ou varias pezas teatrais. Os traballos enviáronse, un orixinal e dúas copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, 36587 Vila de Cruces, Pontevedra). A Fundación escolleu un xurado de recoñecido prestixio e o galardón consistiu nunha dotación económica de 1.500 euros e a publicación do traballo premiado en Ediciós do Castro. O incremento de traballos presentado é maior en cada edición. No ano 2009 non lle correspondeu convocatoria.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Convocado dende o ano 2005 pola Federación Española de Relixiosos de Ensinanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) recoñece, a partir do lectorado de primaria e ESO, as mellores obras da literatura infantil e xuvenil. Estabeleceu catro categorías: 1º e 2º de Educación Primaria; 3º, 4º e 5º de Primaria; 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO; e 3º e 4º de ESO e 1º de Bacharelato. A dinámica de selección das obras que entraron a concurso tivo tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesores e alumnos que determinou os tres finalistas; e, por último, a votación do alumnado nunha escala de cero a dez. Na quinta edición correspondente ao ano 2009, os nomes dos gañadores fixéronse públicos o 30 de abril na Festa da Lingua celebrada en Vilagarcía de Arousa. Os galardoados nas diferentes categorías foron: na primeira categoría (1º e 2º de primaria) *O sorriso de Claudia*, de X.H. Rivadulla Corcón; na segunda categoría (3º a 5º de primaria) Fina Casalderrey con *A lagoa das nenas mudas*; na terceira categoría (6º a 2º de ESO) Francisco Castro con *O ceo dos afogados*; na cuarta categoría (3º de ESO a Bacharelato) Agustín Fernández Paz con *O único que queda é o amor*.

Referencias varias:

María Reimóndez, "A festa da lingua", *Xornal de Galicia*, "Opinión", 6 maio 2009, p. 4.

Saliéntase a importancia que tivo a entrega do premio Frei Martín Sarmiento ao tratarse dun xurado formado por milleiros de alumnos e alumnas galegos que escolleron a obra gañadora tras seren eles os lectores e lectoras. Tamén se destaca o traballo do profesorado que recomenda as obras e implica ao alumnado na súa lectura, de xeito que se tenta fomentar o emprego da lingua galega nuns momentos nos que a perda de falantes novos é evidente.

Premio **Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia e a Fundación Caixa Galicia dende o ano 2006, está dotado con 10.000 euros coa finalidade de promover a produción literaria en lingua galega. Podían presentarse, baixo lema, orixinais escritos en lingua galega por sextuplicado, conforme á normativa vixente. Os orixinais enviáronse até primeiros de abril aos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A. (Doutor Marañón, 12, 36211 Vigo). O xurado, que se deu a coñecer no mes de maio, compúxose de lectores mozos e de recoñecidos profesionais da cultura. Edicións Xerais resérvase os dereitos de edición da obra gañadora. O premio resolveuse no transcurso da Cea Xerais o 7 de xuño, xunto cos premios Merlín e Xerais de Novela (vid. apartado X.1. deste *Informe*). No ano 2009, o xurado da cuarta edición formado por Amanda Bouzada Novoa, Alba González Méndez, Mónica Góñez Silva, Pilar Ponte Patiño e Verónica Rego López, actuando como secretario con voz se sen voto, Xosé Manuel Moo Pedrosa, acordou o 6 de xuño na Illa de Arousa conceder o galardón a Rosa Aneiros pola súa obra *Ás de bolboreta*, presentada co lema "Dragal". Os finalistas coñecéronse o 29 de maio: "As de bolboreta", "Dragal" e "Quiromántico".

Referencias varias:

Ver apartado X.1. deste *Informe*.

Premio de Literatura Infantil da **Fundación Espace Enfants** (FEE), de Suíza

Premio que convoca cada dous anos, dende hai dúas décadas, en Saint Pierre des Clages, Vila Suíza do Libro, a Fundación Espace Enfants que se dedica á investigación no ámbito da psicoloxía infantil. Con este premio inténtase dar a coñecer a todo o mundo obras de literatura de calidade que mellor conectan coa psicoloxía dos nenos. Na edición do ano 2007 recibiu o premio a escritora galega Marisa Núñez por *Chocolata* (2006).

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Lazarillo**

Este galardón, o máis antigo na literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e xuventude a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Dende o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación Literaria, Ilustración e Labor Editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contempláronse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Na actualidade, a dotación ascende a 8.000 euros para a obra gañadora e 2.000 para aquela merecedora dun accésit. Os textos que optaron ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) tiñan un mínimo de oitenta páxinas(dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un mínimo de douscentos cincuenta versos para obras de poesía. Unha mesma obra podía optar ao Premio

Lazarillo de creación Literaria e ao de ilustración. O xurado estará presidido por quen ocupe a Presidencia da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vogais un representante de cada unha das seccións da OEPLI e un representante do Ministerio de Cultura; e actuará como secretaria, con voz e sen voto, a secretaria da OEPLI. As personas que concursaron remitiron á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, 8, 28040 Madrid) catro exemplares de cada unha das obras coas que desexaban concorrer. Os orixinais debían presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título antes do 30 de maio. Nesta edición de 2009, convocouse a modalidade xuvenil, e resultou galardoado Marcos S. Calveiro coa obra titulada *O pintos do sombreiro de malvas*. A entrega do premio tivo lugar no mes de decembro.

Referencias varias:

- A. Losada, "Marcos Calveiro gaña o premio Lazarillo cunha novela en galego", *Xornal de Galicia*, "Cultura", 5 decembro 2009, p. 36.

Coméntase o argumento da novela *O pintor do sombreiro de malvas* coa que o autor, Marcos Calveiro, vén de gañar o Premio Lazarillo, obra que se publicará tamén en éuscaro e posiblemente en catalán, segundo se conta. Dise que a novela está protagonizada por un rapaz que pasa a súa aprendizaxe vital a carón do pintor Van Gogh e que os sucesos transcorren na cidade francesa de Auvers, na que o xenio dos Países Baixo residiu na última etapa da súa vida. Saliéntase que a historia se vertebra a partir das cartas que o pintor lle mandaba ao seu irmán Theo e sobre datos documentados da biografía do pintor. Calveiro di sentirse moi orgulloso por gañar un premio en Madrid cunha novela en galego. Asemade recórdanse outros títulos e premios conseguidos polo autor.

- maré, "Momento Calveiro", *Galicia Hoxe*, "MARÉ Hoxe", 5 decembro 2009, p. [27].

Dáse conta da concesión do Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil á obra de Marcos Calveiro, *O pintor do sombreiro de malvas*. Segundo o que o propio autor conta no seu blog, a historia acontece durante o verán de 1890 na vila francesa de Auvers e está protagonizada polo rapaz que acompaña ao pintor do sombreiro de malvas. Tamén se informa que esta novela se publicará na primavera do 2010 en galego e en éuscaro.

- V. Oliveira, "As emocións capitás", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "Galardón", 9 decembro 2009, p. 31.

Achégase o argumento d'*O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos S. Calveiro, que conseguiu o Premio Lazarillo, e coa que pretende, segundo o autor comenta, dar resposta a porqué se suicidou o pintor Van Gogh. Tamén se achega unha breve biografía e valoración sobre a figura do pintor holandés, por parte da experta en arte Ann Dumas. Asemade, Calveiro comenta que está a dar os últimos retoques á súa próxima novela, *Settecento*, obra inspirada nos últimos anos de decadencia da cidade de Venecia e en Vivaldi.

- An Anfaya, "O pintor do sobreiro de malvas", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "*Bule Bule*", 24-30 decembro 2009, p. [30].

Felicita a Marcos S. Calveiro, quen vén de recibir o Premio Lazarillo de literatura xuvenil pola súa novela *O pintor do sombreiro de malvas*. Destaca da literatura de Calveiro a coidada selección da linguaxe, as temáticas anovadoras que non acatan as directrices da demanda do mercado e a dificultade para encadrar as súas obras na denominación de literatura adulta ou xuvenil.

Premio **María José Jove de Teatro Infantil**

Premio bienal convocado pola Fundación María José Jove co fin de promover a creación dunha literatura infantil a través de textos dramáticos pensados para a súa posta en escena. Estabelece un único premio, indivisíbel, de 30.000 euros e, ademais, a obra premiada representarase, sempre que sexa posíbel, no Encontro de Cine e Teatro Infantil María José Jove. Poderán optar ao premio todos os escritores que o desexen, sempre que as obras que presenten se axusten ao concepto comunmente aceptado de obra teatral, tanto para actores coma para monicreques, escritas en galego ou castelán, sexan orixinais, inéditas e non premiadas anteriormente. A duración das obras na súa posta en escena non poderá exceder dunha hora e o número de personaxes non será maior de dez. Os textos remitiranse por triplicado e baixo pseudónimo en folios DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e encadernados ou cosidos e en disquete á Fundación María José Jove.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Meiga Moira**

Convocado por Baía Edicións cada dous anos, está dotado cun único premio de 2.500 euros e a publicación da obra na colección "Meiga Moira" de Baía Edicións. A temática e o xénero de creación foi libre e estivo destinada a nenas e nenos de 8 a 16 anos. A lingua do texto foi o galego conforme a normativa vixente, sen límite de páxinas. Da obra inédita e non premiada, enviáronse cinco copias baixo lema nun sobre pechado cos datos persoais do autor antes do17 de maio. O xurado estivo composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da editorial, que actuou como secretaria. No ano 2009 non houbo convocatoria.

Premio **Nacional de Cómic**

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España dentro dos Premios Nacionais, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Dotado cunha contía de 20.000 euros, no ano 2009 o premio para a mellor obra foi para o álbum *As serpes cegas*, editado polo colectivo galego BD Banda con guión do madrileño Felipe Hernández Cava e con debuxos do mallorquín Bartolomé Segui. O premio entregouse o 12 de setembro en Avilés. Nesta edición Miguelanxo Prado aspiraba ao premio a toda unha carreira e José Domingo optaba ao mellor debuxante por *Cuimnhe*.

Referencias varias:

- Mar Mato, “El cómic gallego se hace con cinco candidaturas en los Premios de la Crítica”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 agosto 2009, p. 35.

Dise que as viñetas galegas levan cinco candidaturas nos Premios da Crítica 2009. Recolle as impresións do finalista Miguel Anxo Prado e comenta a opinión que os críticos teñen doutros dos finalistas, José Domingo, director da revista de cómic *Barsowia*, e ilustrador da obra *Cuimhne.* Sinálanse tamén as declaración de Kiko da Silva, director da editorial galega BD Banda, que publicou *As serpes cegas,* outra das finalistas.

- Mónica Faro, “Un cómic editado por BD Banda, Premio Nacional 09”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 6 novembro 2009, p. 76.

Informa de que Felipe Hernández Cava e Bartolomé Seguí son os gañadores do Premio Nacional de Cómic pola obra *Las serpientes ciegas.* Comenta que se trata dunha obra editada polo colectivo BD Banda, en galego e castelán no ano 2008. Incorpóranse declaracións dos dous gañadores sobre o mundo do cómic e sobre a obra gañadora.

- Rubén Santamarta, “El talento y la constancia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 novembro 2009, p. 49.

Louvando a distinción de Bartolomé Seguí e Felipe Hernández Cava para o Premio Nacional de Cómic, coa obra *Las serpientes ciegas* dise que iso é, indirectamente, distinguir á editorial galega BD Banda. Premiándoa, recompénsase a constancia, o risco de dar oportunidades a un tebeo de firma española publicado só en Francia e axúdase a continuidade dese espírito.

- Tomás García Yebra, “Las serpientes ciegas’ obtiene el Premio Nacional del Cómic”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 novembro 2009, p. 49.

Informa da entrega do Premio Nacional del Cómic a Felipe Hernández Cava e Bartolomé Seguí polo seu álbum ilustrado *Las serpientes ciegas*, editado por BD Banda en 2009. Tras apuntar o seu fío argumental, comenta, nun epígrafe intitulado “Un aficionado”, a traxectoria artística dos dous actores e menciona os membros do xurado.

- A. Losada, “‘As serpes cegas’ confirma o seu ano triunfal co Nacional de Cómic”, *Xornal de Galicia*, “Cultura”, 6 novembro 2009, p. 34.

Comenta a consecución do Premio Nacional de Cómic por parte de Felipe Hernández Cava e Bartolomé Seguí polo seu álbum ilustrado *As serpes cegas* (2008), editado por BD Banda. Indica asemade outros premios recibidos por este mesmo cómic, como o da Crítica, o Diario de Avisos ao mellor guión e os do Saló del Còmic de Barcelona á Mellor Obra e ao Mellor Guión. Apunta a seguir algúns trazos da trama.

- Amaia Mauleón, “Las serpientes ciegas’, editada por BD Banda, Premio Nacional de Cómic”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 47/*La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 6 novembro 2009.

Coméntase que o cómic *Las serpientes ciegas*, editado en galego e castelán en 2008, recibiu o IIIº Premio Nacional de Cómic. A este respecto, recóllense as declaracións de

Kiko Dasilva, presidente da asociación galega BD Banda. Salienta a súa edición bilingüe en galego e castelán e a vindeira saída ao prelo da cuarta e derradeira entrega deste álbum. No epígrafe titulado "Guerra civil y Nueva York" desenvolve o fío argumental do cómic e apunta algúns datos da traxectoria artística dos dous autores. Finalmente, nun á parte que leva por título "Kiko Dasilva: 'Con pocos medios estamos a la altura de los más grandes'", sinala os comentarios deste director de BD Banda ao respecto da estrutura, do grafismo e do guión do álbum.

- Álvaro Pons, "Viñetas amargas, ideales perdidos", *El País*, "vida & artes", "Cultura", 6 novembro 2009, p. 44.

Salienta a figura de Hernández Cava dentro da historieta española, xunto coa de Bartolomé Seguí, ambos gañadores do Premio Nacional de Cómic. As súas traxectorias considera que converxen como "punto de inflexión" en *Las serpientes ciegas.* Ademais de salientar algúns aspectos tanto do guión como dos debuxos da obra, sinala que este premio representa un "indudable empuje" para a editorial galega BDBanda.

- Rubén Santamarta, "Por unas esquinas exquisitas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 339, "Cómic", 14 novembro 2009, p. 12.

Comeza aludindo ao proceso de elaboración do álbum *Las serpientes ciegas*, primeiramente presentada como "serie", aínda que segundo afirma Kiko da Silva, responsábel de BDBanda, a historia enganchou dende a primeira viñeta. Logo dise que a editorial Dargaud xa se interesou pola obra e que en 2008 saíu ao mercado en francés, español e galego. Infórmase que antes de gañar o Premio Nacional de Cómic, esta obra xa levara outros galardóns. Tamén se comenta algúns motivos polos que este libro funcionou entre o público especializado, con pouca promoción e "con una pequeña firma detrás". Para rematar, infórmase que BDBanda completará a serie na súa revista de decembro co extra de varios bocetos, portadas inéditas e a conversa cos seus autores.

Premio **Nacional de Literatura Infantil**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Manuel María de Literatura Dramática Infantil**

Convocado polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC da Consellería de Cultura, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais (ver o apartado X.3 do *Informe*) e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. Dende hai seis anos organízase en colaboración coa Asociación Cultural Barriga Verde. Podían optar textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente ao público infantil. Estabelecéronse dúas modalidades, unha para rapaces e outra para adultos, dotadas ambas as dúas con 4.000 euros. As obras foron de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. Quedaron excluídos os textos para monicreques e as pezas de teatro breves. A dotación económica foi de 4.000 euros e a obra premiada será publicada nas coleccióǹs do IGAEM, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente ás calidades

literarias e aos contidos dramáticos das obras, o xurado valorou positivamente aqueles factores que incidiron na súa viabilidade escénica: número de personaxes, espazo escénico, condicións técnicas, etc. A súa decisión fíxose pública dentro dos tres meses seguintes ao remate do prazo de admisión de textos. Nesta IV edición de 2009, o período de admisión rematou o 2 de xuño e a contía ascendeu a 6.000 euros. Decidiuse premiar, de entre as dez presentadas, a obra *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz, presentada baixo o lema "Doutor Amorodo" . O xurado estivo integrado por Blanca-Ana Roig Rechou, actuando como presidenta, Xosé Ramón Fandiño Veiga, Eduardo Vicente Alonso Rodríguez, Gustavo Pernas Cora, Teresa González Costa e Jorge Manuel Rey Rivas, como vogais e Marcelina Calvo Domínguez, como secretaria.

Referencias varias:

- M. B., "Xosé A. Neira Cruz leva o Manuel María", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", "O escaparate galego", "Infantil", 20 outubro 2009, p. 35.

Informa da entrega do IVº Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil a Xosé A. Neira Cruz por segundo ano consecutivo, que gañou esta vez pola súa peza *Sopa de xarope de amora*. Recóllense as impresións do galardoado nas que salienta a "crítica social" que ten a obra. Apúntase tamén que o VIIº Premio Barriga Verde de Textos para Monicreques foi para *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Sanmartín.

- Camilo Franco, "Manuel Lourenzo gaña o Álvaro Cunqueiro recreando a 'Macbeth", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 20 outubro 2009, p. 48.

Dáse noticia de que na primeira xornada da Feira Galega das Artes Escénicas e Musicais se deron a coñecer os premiados de varios certames de teatro. Así, o premio Álvaro Cunqueiro de producións teatrais foi para *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo. Coméntase que o premio Manuel María de literatura dramática infantil foi para *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz, pola boa resolución dramática dos personaxes e escenarios. Infórmase de que este escritor xa foi premiado o ano anterior co Barriga Verde e considera que os premios son importantes porque permiten que as obras se representen e cheguen aos cativos. Tamén se nomean as obras gañadoras do Barriga Verde de textos de monicreques para adultos que foi para o texto de Ignacio Vilariño *Auga que non vas beber...*, e o Barriga Verde na modalidade infantil, concedido a *Bon Appétit*, de Begoña García.

- Mar Mato, "A actualización de Macbeth de Manuel Lourenzo faise co Álvaro Cunqueiro", *Faro de Vigo*, "TV / Espectáculos", 20 outubro 2009, p. 67.

Dáse noticia de que Manuel Lourenzo gañou o XVIII premio de teatro Álvaro Cunqueiro coa obra *Flores de Dunsinane*. Tamén se informa que o premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil recaeu en *Sopa de xarope de amora*, de Xosé Antonio Neira Cruz, e o Barriga Verde de Teatro de Monicreques foi para *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño, na categoría de adultos, e para *Bon Appétit*, de Begoña García, na categoría infantil. Coméntase que cada un destes catro autores recibirá seis mil euros por cadanseu premio e finalmente recóllese unha pequena entrevista con tres dos gañadores. Xosé Antonio Neira Cruz indica que os contos tradicionais infantís

sempre tiveron a función de transmitir advertencias e coñecementos sobre a vida aos máis novos, que seguen a ser os máis demandados polos nenos e que a literatura infantil é a máis esixente e aberta.

- Olaia Ucha, "Manuel Lourenzo faise co Álvaro Cunqueiro", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 20 outubro 2009, p. 77.

Dáse conta dos nomes dos gañadores dos tres galardón literarios que convoca anualmente a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic). Así, *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo, fíxose co premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais; *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz, gañou o premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil; *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño, obtivo o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na súa versión para adultos e *Bon Appétit*, de Begoña García, tamén foi galardoada co premio anterior pero na súa modalidade infantil.

- Olaia Ucha, "Lourenzo gaña o Cunqueiro cunha versión de 'Macbeth", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 20 outubro 2009, p. 72.

Dáse noticia da concesión do premio Álvaro Cunqueiro a Manuel Lourenzo por *Flores de Dunsinane*. Sinálase que Xosé A. Neira Cruz resultou vencedor do premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil con *Sopa de xarope de amora*, que presenta as peripecias do Doutor Amorodo, científico ao servizo das casas reais namorado de Chismunda. Saliéntase que o premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na súa versión para adultos, recaeu en Ignacio Vilariño por *Auga que non vas beber...*, e na súa modalidade infantil, foi para Begoña García, por *Bon Appétit*.

Premio **Merlín de Literatura Infantil**

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Dotado con 10.000 euros, podían participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presentasen os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentáronse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espazo, nos locais da editora (Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que debía ser presentado baixo lema, acompañouse, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o Premio Merlín de Literatura Infantil. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, estivo constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, poderá publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos estarán libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibirá gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. Así mesmo, Edicións Xerais de Galicia resérvase durante o prazo de seis meses, a contar dende o día do outorgamento do premio, a opción de publicar calquera das obras presentadas ao mesmo, subscribindo a

tal efecto, cos autores, os correspondentes contratos de edición. No ano 2009 os finalistas coñecéronse o 29 de maio e foron "Papude", "Secundario" e "Septempunctata". O xurado da XIVª edición do premio formado por Rosana Estévez Pereira, Santiago Gutiérrez Gómez, Mercedes Pacheco Vázquez, Mª Xesús Pereiro Santos, Xan Guillén Vázquez e Helena Pérez Fernández, secretaria con voz e sen voto, resolveu, o día 6 de xuño de 2009 na illa de San Simón, outorgar o galardón á obra intitulada *Mil cousas poden pasar*. *Libro I*, de Jacobo Fernández Serrano, presentada co lema "Papude"**.**

Referencias varias:

Ver apartado X.1. deste *Informe.*

Premio **Ourense de Banda Deseñada**

Convocado pola Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, presentou dous apartados distintos, un dedicado ás Mellores Iniciativas na Banda Deseñada Galega, que podía recaer tanto en persoeiros coma en institucións, e outro dedicado ao Mellor Autor Novel. O certame tivo lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución. O galardón foi unha estatuíña deseñada e realizada expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras. O premio do primeiro dos apartados decidíuse segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia podían enviar á Casa da Xuventude (Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense). Nesta edición 2009 o premio á Mellor iniciativa foi para El Patito Editorial polo seu labor na publicación de cómic e dar cabida a autores galegos e á edición en lingua galega. O galardón entregouse na inauguración das Xornadas de Banda Deseñada o 1 de outubro.

Referencias varias:

- LR, "El Patito Editorial', 'Premio Ourense' de Banda Deseñada a la mejor iniciativa", *La Región*, "Ourense", 16 setembro 2009, p. 7.

Indícase que "El Patito Editorial" foi distinguido co Premio Ourense de Banda Deseñada polo seu labor na publicación do cómic e dar cabida aos autores galegos e á edición en lingua galega. Sinala que o galardón se entregará nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, o 1 de outubro. Dáse conta da creación desta editorial en 2007, dirixida por Gemma Sesar e Fausto Isorna, que ten entre os seus obxectivos traducir toda a obra de Miguelanxo Prado.

- Concha Pino, "Premio para Fausto y Gemma", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 16 setembro 2009, p. L16.

Informa que El Patito Editorial acaba de ser distinguida co Premio Ourense de BD á Mellor Iniciativa. Os premiados son Faustino Isorna e Gemma Sesar, directores, promotores e empresarios desta editorial. Coméntase algúns dos traballos realizados nestes dous anos de vida como é a compilación da obra dispersa de autores galegos

como Fran Bueno, Emma Ríos ou Primitivo Marcos. Fálase ademais dos proxectos que teñen en marcha.

- M. B., "A festa galega do cómic premia a El Patito Editorial", *A Nosa Terra*, n.º 1.374, "Cultura", 24-30 setembro 2009, p. 32.

Informa que o xurado do Premio Ourense de Banda Deseñada vén de recoñecer a iniciativa empresarial de Gemma Sesar e Fausto Isorna, "El Patito Editorial". Dise que o galardón será entregado no transcurso da inauguración das XXI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Para continuar, sinálanse algúns dos traballos desta editorial nestes dous anos de andaina. Apúntase tamén que esta editora inclúe a autores "recoñecidos internacionalmente" que dificilmente poden publicar aquí as súas obras e que ademais vén de mercar en Estados Unidos traballos dos debuxantes galegos Emma Ríos e Fran Bueno.

- LR, "Nove exposicións co mellor do cómic nacional compoñen as Xornadas de Banda Deseñada", *La Región*, "Ourense", 29 setembro 2009, p. 10.

Noméanse algúns dos artistas que estarán presentes nas Xornadas de Banda Deseñada, que se celebran en Ourense. Comenta que haberá varias mostras, entre as que destaca "Fanzine Enfermo" e "All-Girlz". Por outro lado, infórmase que terá lugar no mesmo acto a entrega do Premio Ourense de Banda Deseñada a "El Patito Editorial" e tamén os Premios GZCrea.

- S. E., "Cultura compromete su respaldo al 'Outono Fotográfico' a partir de la próxima edición", *La Región*, "Ourense", 2 outubro 2009, p. 11.

Apláudese o apoio económico ofrecido pola Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura para apoiar o festival "Outono Fotográfico". Con este dato, ratifícase tamén o apoio da Consellería de Cultura ao Ourense Film Festival. Este respaldo económico anunciouse durante a inauguración da 21ª Edición de Xornadas da Banda Deseñada de Ourense, no que ademais se informa que tivo lugar a entrega dos premios do Certame GZCrea e o Premio Ourense de Banda Deseñada. A continuación, noméanse aos galardoados nos dous certames.

Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil **Pura e Dora Vázquez**

Convocado pola Deputación de Ourense dende o ano 2003 e dotado con 3.000 euros para cada modalidade, ilustración e narración. Os orixinais de narrativa presentáronse antes do día 12 de setembro, mentres que para a modalidade de ilustración o prazo rematou o 20 de decembro. No ano 2009 deuse a coñecer o gañador da VI edición do premio, correspondente ao ano 2008, na modalidade de ilustración que foi David Pintor Noguerol, que contou como xurado con Eva Torres Rodríguez, Omar Pérez Sonzini, María Puertas Feijóo-Montenegro e Concha Blanco Blanco. Neste ano tivo lugar a entrega dos galardóns da edición de 2008 nun acto celebrado o 8 de xuño. O xurado da sétima edición de 2009, composto por Concha Blanco, António Piñeiro, José Manuel Fernández e José Paz Rodríguez, tendo como presidente a José Luis Valladares e como secretario Francisco González outorgou por unanimidade o galardón á obra *Palabra era un universo paralelo*, presentada baixo o pseudónimo Ouriolo Neneiro, da autoría de

Xoán Babarro González. Como finalista quedou Andrés Pombo Graña polo seu traballo "O son do tempo".

Referencias varias:

- José Paz Rodríguez, "Concha Blanco, escritora de Lires", *La Región*, "Opinión", 8 xuño 2009, p. 15.

Faise un breve repaso pola traxectoria vital e mais profesional da escritora galega Concha Blanco, galardoada co premio do Certame de Narración Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez. Recóllese as súas contribucións á animación á lectura e as súas aptitudes coma mestra nos diferentes colexios onde impartiu docencia ao longo da súa profesión. Destácase a súa traxectoria coma escritora de literatura infantil e xuvenil, recollendo títulos coma: *Contos para a escola* (1981), *Cousiñas para a escola* (1984), *Chuchamel* (1988), e *O noso Pepe* (1988).

- L R, "El premio 'Pura e Dora' cierra su sexta edición", *La Región*, "Ciudad", 9 xuño 2009, p. 12.

Recolle a entrega do Premio do Certame de Narración Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez á escritora Concha Blanco. Tras comentar a ausencia das escritoras que dan nome ao premio, describe as bases do mesmo así coma os argumentos do xurado que destacou "entre outros aspectos, su lenguaje coloquial y agradable y la defensa que hace de sentimientos positivos". Finalmente, dedica dous pequenos fragmentos á premiada, así coma ao gañador da modalidade de ilustración, David Pintor, e recolle as palabras da autora ao recibir o premio, afirmando que desexa que "o libro axude a crear lectores" e a que "o galego, en que está escrito, sexa respetado".

- Javier Romero, "Xoán Babarro gana el premio narrativo Pura e Dora Vázquez", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 17 outubro 2009, p. 57.

Dá conta da identidade do premiado no certame narrativo Pura e Dora Vázquez e que nesta edición foi outorgado a Xoán Babarro polo seu traballo *Palabra era un universo paralelo*. Sinálase que o xurado valorou desta obra a calidade léxica do texto e a relación coas novas tecnoloxías. A seguir, realízase un breve percorrido pola súa biobibliografía.

- José Paz Rodríguez, "Leituras para nenos e jovens", *La Región*, "Opinión", 13 novembro 2009, p. 22.

Artigo de opinión no que un dos compoñentes do xurado do certame Pura e DoraVázquez destaca o importante cometido do certame, co que se procura fomentar o amor pola lectura das novas xeracións, e amosa a súa alegría ao descubrir que o autor da obra gañadora, *Palavra era um universo paralelo*, era o consagrado escritor Joam Babarro González. Comenta asemade, que o xurado se decantou por esta obra, pola súa calidade literaria e lingüística, pola súa axilidade narrativa, pola súa relación coas novas tecnoloxías e por fomentar o amor por outros idiomas do mundo.

Premio **Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña cunha dotación de 6.500 euros, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Dende o ano 2000, a súa convocatoria pasou a ser bienal. Segundo as bases, ao premio podían presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil ou xuvenil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión foi libre e podíanse incluír ilustracións que fixeran alusión ao argumento. Os orixinais debían presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A-4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados até o 16 de agosto. Presentáronse baixo título e un lema, provistos de plica en que se fixo constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debía facerse na Deputación Provincial da Coruña (Avenida Alférez Provisional, 2, 15006 A Coruña), indicando no sobre "Premio de Literatura infantil Raíña Lupa". No ano 2009 non lle correspondeu convocatoria.

Premio **Salón Internacional de Cómic de Barcelona**

Otórganse ás obras máis destacadas, nas diferentes categorías, coa condición de que foran editadas en España no ano anteriro á realización do Salón. A excepción é o Gran Premio del Saló, concedido a un autor destacado no mundo do cómic, polo conxunto da súa obra, escollido directamente polo Comité Executivo de FICOMIC. As diferentes categorías estabelecidas son: Mellor obra extranxeira publicada en España; Premio Josep Toutain ao autor revelación; Mellor obra; Mellor guión; Mellor debuxo; Mellor revista; Mellor fanzine; Premio á divulgación da historieta; Premio á librería especializada. As votaciones teñen dúas fases: na primeira, os profesionais da historieta de España elixen mediante votación os nominados de cada categoría, podendo votar tres candidatos por categoría e nominando os cinco máis votados en cada categoría; nunha segunda volta, os profesionais votarán un candidato dos cinco nominados en cada categoría. Poden incluirse as reedicións de obras orixinalmente publicadas fai máis de 15 anos non premiadas anteriormente El Gran Premio del Saló es el único en el que no hay nominaciones y lo elige directamente el Comité Ejecutivo de FICOMIC. Os premiados no ano 2009 foron: Ana Miralles co Gran Premio do Salón**;** Felipe Hernández Cava ao Mellor guión pola súa obra Las *serpientes ciegas*, tamén galardoada con el premio á Mellor obra del 2008; Jaime Hernandez por La *educación de Hopey Glass* co Mellor obra extranxeira publicada en España Pere Mejan por *La revolución de los pinceles* co Mellor debuxo e Josep Toutain ao autor revelación; Alvaro Pons responsábel da web La cárcel de papel, recibiu o premio á divulgación da historieta; Mellor fanzine para *Rantifuso* e Mellor revista para *Amaníaco*, respectivamente; e a librería barcelonesa Continuará levou o premio á Mellor librería especializada.

Referencias varias:

- Rubén Santamarta, "El cómic gallego acapara cinco candidaturas a los prestigiosos premios del Salón de Barcelona ", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 26 marzo 2009, p.49.

Fálase sobre a presenza galega no salón do Cómic de Barcelona como comunidade invitada con cinco nominacións e o David Rubín como deseñador do cartel. Indícase

que outros galegos presentes son o colectivo BD Banda asentado en Pontevedra, Felipe Hernández, David Rubín e Jacobo Fernández. Tamén se indica que Galicia, como comunidade invitada terá exposicións monográficas, un posto específico nas instalacións e unha delegación encargada de promocionar a banda deseñada feita en Galicia.

- Diego E. Barros, "O mellor que ns deixa Barcelona", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", nº 764, "De banda deseñada", 7 xuño 2009, p.8.

Infórmase do remate do Salón do Cómic de Barcelona e de que deixa nos andeis máis de trescentos novos títulos. Faise un percorrido por algunhas das obras presentadas e coméntanse as mesmas e tamén se indican cales foron os premios outorgados. Indícase que para Galicia vén o premio para a obra As serpes editada por BD-banda.

The **White Ravens Galegos**

A Biblioteca Internacional da Mocidade, con sede en Munich, publica anualmente unha selección das mellores obras de literatura infantil e xuvenil. Na edición deste ano 2009, tres obras galegas conseguiron entrar nesta lista internacional, composta por 250 títulos publicados en todo o mundo durante o 2008. Foron *O prodixio dos zapatos de cristal*, de Xosé Antonio Neira Cruz; *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre, e *Fume*, de Antón Fortes.Tamén figura nas listas deste ano o ilustrador Xan López Domínguez, autor dos debuxos do libro *Barro de Medellín*, de Alfredo Gómez Cerdá.

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, "Tres obras gallegas, en la lista de libros infantiles más prestigiosa de Europa ", *Faro de Vigo*, "Sociedad", p. 36/*La Opinión*, "Cultura", p. 55, 19 marzo 2009.

Infórmase de que tres libros galegos veñen de ser seleccionados "pola súa especial calidade" pola Biblioteca Xuvenil de Múnic, para The White Raven List 2009, un catálogo que se presentará na Feira o Libro Infantil de Boloña: *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre; *O prodixio dos zapatos de cristal*, de Xosé Antón Neira Cruz e *Fume*, de Antón Fortes. Dise que a literatura galega volve ser unha das mellor representadas con máis libros seleccionados que moitos estados de linguas normalizadas. Logo coméntase o argumento de cada unha das tres obras e recóllense as palabras dos seus autores sobre as mesmas.

- Camilo Franco, "Tres libros galegos, seleccionados para os premios White Raven", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 19 marzo 2009, p. 54.

Dise que tres libros galegos veñen de ser recoñecidos internacionalmente no certame White Raven, unha das convocatorias máis importantes no mundo para a literatura infantil e xuvenil, e que os libros seleccionados serán presentados na Feira do Libro Infantil de Boloña. Os libros seleccionados son, segundo se indica, *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre, editado por Xerais na colección Fóra de Xogo, que foi premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil no 2008; *O prodixio dos zapatos*

de cristal, de Xosé Antón Neira Cruz, editado por Galaxia e que forma parte da súa colección de Musicontos, unha colección distinguida tamén en Bratislava neste ano, e por último *Fume*, de Antón Fortes e con ilustracións de Joanna Concejo, editado por OQO dentro da súa colección Qontextos. Tamén se indica que outro galego que figura nas listas deste ano é o ilustrador Xan López Domínguez, autor dos debuxos do libro *Barro de Medellín*, de Alfredo Gómez Cerdá, publicado por Edelvives.

X.8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

Acóllense neste apartado todos aqueles certames, premios escolares de creación literaria que tiveron recepción na prensa diaria ou nas revistas e que se dirixen a escolares de distintos niveis de ensino, aínda que tamén se abran a outros participantes. Tamén aqueles que nos foron achegados polas entidades convocantes enviando as súas bases. En xeral, aínda que pode haber algunha excepción, debido á traxectoria do premio, alfabetízanse polo nome do concurso e indícase a entidade convocante.

Concurso Literario **Achegamento ao Libro**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal Don Francisco Mayán e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixanova, convocaron este concurso. Nel puideron participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, que foron en galego, debían ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema estivo relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entregáronse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Estabelecéronse cinco premios de diferente contía para os distintos ciclos de primaria e secundaria. Tales cantidades non foron entregadas en metálico, senón que o seu valor foi dado en vales para material didáctico e libros, unha parte dos cales foron doados pola entidade Caixanova. O xurado tivo facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Na edición de 2009 os gañadores nas distintas categorías foron: no 1º ciclo de primaria "A caixa máxica", de Francisco Rey Fernández ; "O Libro estraño", de Erica Rodríguez Martínez , e "Por pouco pecha a biblioteca" , de Paula Trinidad Leo, "O neno e o seu libro", de Nicole Vilela Soneira e "A albóndiga xigante", de Xulián Dios Cores. En segundo ciclo, os galardóns foron para os traballos "Problema no mundo dos contos", de Paula Casais Beiro (O Pindo), "O tesouro dos libros de ouro", de Lucía Paz Chao, e "O libro máxico" de Carmen Ramón Fernández e "Os animais e os libros", de Iván Fernández Belmonte. En terceiro ciclo, foron premiados "O rato bibliotecario", de Diana Rodríguez Lado; "Ségueme", de Isabel Sixto Lago; "O remedio do Tío Marcelino", de Ainhoa Conde Castro; "As letras", de Mónica Paz Insua , e "Un soño de conto", de María Trillo Caamaño. En primeiro ciclo de ESO gañaron "Un libro cara outro mundo", de Soraya Sendón Lago , seguida de "Contos da casa", de Elena López Díaz , e "Os libros conto-reflexión", de Noemí Riveiro Manteiga. No segundo ciclo de ESO: "A avoa", de Ainara Louzán Canosa; "O meu oasis", de Andrea Trinidad Leo; "Arredor da lectura", de Alejandro Costa Mouzo e "O neno lector", de Javier Corbelle López.

Certame de relatos curtos **Amigos para sempre**

Convocado en 2009 por primeira vez e organizado polo Consello da Xuventude de Galicia (CXG) coa colaboración da librería Abraxas e Coca-Cola co obxectivo de fomentar actitudes de protección e respecto cara aos animais. Nesta edición presentáronse 101 obras e foron admitidas 55. Estabelecéronse dúas categorías: A (12 a

14 anos) e B (15 a 17 anos). O acto de entrega dos galardóns desta primeira edición tivo lugar o 22 de abril na Fundación Araguaney. O xurado composto por Ramón Caride, María Sande, Concepción Pardo, M.ª Dolores Rodríguez, María Torres, Nancy Domínguez e Jesús Manuel Lema, en calidade de secretario, acordou conceder os seguintes galardóns: na categoría A a María Elena López González, co conto "Bolboreta branca" (1º premio); e os segundos a Victoria C. Luaces con "Esmeralda"; María Andrea Tomé Yáñez con "Historia dunha amizade"; Sara Cela Alfonso con "Non me fagas dano"; e Claudia Pico Martínez con "Lúa e mais eu". Na categoría B entregouse un só galardón ao relato "Sempre estarei aí", de Lara Salgado Santos.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Gallego con acento de Varsovia", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 10 febreiro 2009, p. 16.

Dáse conta da composición do xurado e dos galardoados na primeira edición do certame de relatos cortos Amigos para siempre, que organiza o Consello de Xuventude, destinado a promover o amor polos animales a través da literatura. Infórmase que na categoría de doce a catorce anos, os gañadores foron María Elena López González, co conto "Bolboreta branca" que se alzou co primerio premio, mentres que os segundos recaeron en Victoria C. Luaces, polo relato "Esmeralda" e Andrea Tomé Yáñez, por "Historia dunha amizade". Dise que na categoría de entre quince a dezasete anos a galardoada foi Lara Salgado Santos, polo relato "Sempre estarei aí" e que tamén foron premiados Sara Cela Alfonso e Claudia Pico Martínez, cos seus relatos "Non me fagas daño" e "Lúa e máis eu", respectivamente.

- Concha Pino, "Contadores de historias y sueños", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 23 abril 2009, p. 16.

Faise eco dos galardoados e a composición do xurado do certame literario Amigos para sempre.

Premio Literario Poeta **Antonio Fernández Morales**

Organizado conxuntamente polo Concello de Cacabelos e a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta para homenaxear a figura de Fernández Morales. Podían participar todas as persoas que presentasen relatos ou poesías orixinais e inéditos en lingua galega ou castelá. Estabelecéronse tres categorías: A para nenos de 6 a 9 anos, B para nenos entre 10 e 13 anos e C para os maiores de 14 anos. Os orixinais presentáronse por quintuplicado sen asinar mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, e entregáronse no Concello de Cacabelos (Praza maior, 1, 24540 Cacabelos), na Biblioteca Pública (Ángel Basante, 15) ou ben por correo electrónico ao enderezo participacion@cacabelos.org. Cada autor podía presentar unha peza poética ou relato cuxa extensión non fora superior a douscentos versos ou tres folios no caso dos relatos. Houbo un premio para poesía e relato por modalidade lingüística e categoría que consistiu nunha colección de libros máis diploma acreditativo. En xaneiro de 2009 deuse a coñecer a resolución da segunda edición correspondente ao ano 2008. Os premiados en lingua galega das diferentes

categorías foron: na categoría B, na modalidade de relato Nacho Mañá Mesas e en poesía Inés Rubio Fuentes e na categoría C Kelly María Herrera Vertel en relato. A entrega dos premios tivo lugar na Gala dos IV premios Xarmenta á promoción do galego o 15 de xaneiro de 2009 no Teatro Bergidum de Ponferrada. O xurado estivo composto por Anxo Angueira, Fermín López Costero, Mª José Montero, Francisco Macías e Mª Jesús Polo Pigueiras.

Referencias varias:

- D L, "Entrega de los premios Antonio Fernández Morales", *Diario de León*, "El Bierzo", 15 xaneiro 2009, p. 11.

Infórmase de que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta e o Concello de Cacabelos farán entrega dos premios aos galardoados na segunda edición do Certame Literario "Fernández Morales" nun acto que terá lugar no Teatro Bergidum de Ponferrada durante a gala dos IV Premios Xarmenta. Tamén se recolle o nome dos galardoados en lingua galega así como os centros escolares aos que pertencen e que resultaron ser Nacho Mañá do CEIP Valentín García Yebra de Ponferrada e mais Inés Rubio do CEIP Virgen de la V Angustia de Cacabelos.

- Fermín López Costero, "Gallego en El Bierzo", *Diario de León*, "El Bierzo", "El resplandor", 18 xaneiro 2009, p. 11.

Destaca o labor feito nos últimos anos pola Asociación Berciana da Lingua Xarmenta a prol da lingua galega no Bierzo. Fala do éxito continuado das catro edicións dos premios Xarmenta e recalca a importancia do Certame Literario Fernández Morales na promoción do galego no Bierzo entre os escolares. Tamén se refire a que recentemente se vén de entregar os galardóns correspondentes ao II Premio Literario Fernández Morales nun acto no que o teatro Bergidum de Ponferrada "se quedó pequeño".

- Mar Iglesias, "Xarmenta pasa a entregar sus premios cada dos años", *Bierzo 7*, n.º 1.265, "La cultura", 22 xaneiro 2009, p. 21.

Coméntase a gala de entrega dos cuartos premios Xarmenta que tiveron lugar o no Teatro Bergidum de Ponferrada e que recaeron en Susana Seivane, a Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo e mais no grupo Aira da Pedra. Recóllense as declaración dos galardoados e tamén se informa de que dentro desta gala, e por segundo ano consecutivo, se entregaron os Premios Literarios "Poeta Antonio Fernández Morales" nos que se premia o labor dos novos escritores en lingua galega e finalmente faise unha relación de todos os premiados nesta edición.

Certame relato curto **Antonio Fernández Pérez**

Convocado polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos formativos dos centros de ensino desa comarca. O relato ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere dous folios e asinado cun lema. O prazo de

admisión abrangueu até o 7 de maio. Os traballos preseleccionados recibirán como premio un lote de libros e estabelécense tres premios de 90 euros, 60 euros (2º premio) e 30 euros por cada un dos catro niveis nos que se pode concursar . O fallo dos galardóns dos dous certames tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. Setenta e seis estudantes dos centros CEIP O Castiñeiro de Laza, CEIP de Oímbra, CEIP Amaro Refojo, Colexio María Inmaculada, Colexio Apostólico Mercedario, IES Castro de Baronceli, IES Xesús Taboada Chivite e IES García Barbón de Verín se presentaron a este concurso. No ciclo de primaria resultaron galardoados os relatos: "A lenda de Muculcán", de Manuel Sánchez González; "Perico 'O Fantástico", de Ana María Añel Prieto e "Xuntos para sempre", de Josúe García Sotelo. En 1º Ciclo ESO: "Recordos do avó", de Tania Torres Plaza; "O conto do silencio", de Alfonso Rúa Martínez e "Amor no internado", de Antonia Portagero Dacosta. En 2º Ciclo ESO: "Denial", de Noelia Veiga Fernández; "A pregunta", de Iria Francisco García e "A horta dos Barazais", de Iria Claro Souto. En Bacharelato os galardóns foron para "Memorias dende o leito", de Beatriz Justo Rodríguez; "Trinta e dous meses e medio", de Marta Vaamonde Franco e "Soños rotos", de Lara Salgado Santos.

Concurso Literario **Ánxel Casal**, Concello de Santiago

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato Arcebispo Xelmírez I para conmemorar o cento cincuenta aniversario do nacemento de Ánxel Casal e promover o coñecemento deste galeguista entre a mocidade. O Concello comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade, pois está dirixido ao alumnado de ensino non universitario a partir dos 14 anos. As obras en galego debían ser inéditas e de tema libre, cunha extensión mínima de cen versos para a modalidade de poesía e de dez páxinas a dobre espazo nas modalidades de conto e teatro. Os orixinais debían remitirse ao Concello de Santiago (Departamento de Educación, Praza do Obradoiro, 1, 15705) antes do 23 de abril. O certame estivo dotado dun primeiro premio de 900 euros e dun segundo de 600 para cada unha das modalidades, poesía, conto e teatro, engadíndose esta última modalidade nas bases da sexta edición para estimular a creación de textos teatrais. A presidencia do xurado correspóndelle ao alcalde de Santiago e está composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. No XIV ª edición do ano 2009, a organización correspondeulle ao Instituto Pontepedriña; o fallo e a entrega tivo lugar o 17 de maio e a dotación estabeleceuse en 1.000 euros para o primeiro premio e 700 euros para o segundo, nas tres modalidades. O xurado composto por Mercedes Rosón Ferreiro, concelleira de Educación; o escritor Xosé Ballesteros Rey; o director de teatro Roberto Salgueiro González; o historiador Miguel Anxo Seixas Seoane; a profesora de Lingua e Literatura Galega, Pilar Lorenzo Vázquez; e o secretario do xurado Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez decidiu galardoar: na modalidade de poesía, Daniel Martínez Mariño (colexio Junior's de Santiago) co poema "Alzhmr" e Marcos Rodríguez Regueira (IES Terra de Soneira de Vimianzo) con "Quizáis só sexa unha fantasía" que tamén conseguiu o primeiro premio de teatro coa obra *Xénese*, seguido por Lara Porto Mato (Colexio Manuel Peleteiro de Santiago) con *Ópera Flamenca* e na modalidade de conto Daniel Martínez Mariño co relato "Fadas e cabaliños do demo" e Andrés Ocampo Rodríguez (IES Eduardo Blanco Amor de Ourense) con "Belén".

Referencias varias:

- A.I., “Abierto el plazo para el Premio Ánxel Casal, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 febreiro 2009, p. 29.

Dáse conta da presentación, por parte da concelleira de Educación, Lupe Rodríguez, da XIV edición do Premio Literario Ánxel Casal, creado para promover a creación literaria entre os máis novos e como ferramenta para fomentar o emprego do galego. Explícase tamén que o premio está dotado con 1.000 euros para o gañador e 700 para o segundo, en cada unha das tres categorías nas que se estrutura, conto, poesía e teatro. Coméntase asemade, que como vén sendo habitual o xurado estará formado por representantes dos institutos da cidade, por creadores de poesía, contos e teatro e por unha representación do Concello.

Certame de Narración Curta **Ánxel Fole**

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole, consta de dous primeiros premios de 900 euros e dous segundos de 450 euros que a partir da convocatoria de 2008 ascenderon a 1.000 euros e 500 euros en cada premio e modalidade e a el puideron concorrer cantos autores o desexaran, cun máximo de dúas obras orixinais e inéditas e escritas en lingua galega ou castelán, de tema libre. A extensión non podía superar os vinte folios mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara. Os traballos debían presentarse por triplicado no Departamento de Cultura do Concello (Concello de Lugo, Praza Maior, 1) en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior. Na edición de 2009 presentáronse trinta e un traballos á modalidade en lingua galega e cincuenta e tres á castelán. O xurado da modalidade de galego composto por Xavier Rodríguez Barrio, Iago Rodríguez Yáñez e Carlos Vázquez premiou o relato “O valedor”, de Xoán Xosé Piñeiro, quedando finalista “A endeble esencia”, do vilalbés Martiño Maseda. Na modalidade castelán premiouse o relato “Mujeres para entretener a un preso”, do lucense Saturnino Valladares e quedou finalista “El animal”, do madrileño José Manuel Moreno. A decisión do xurado fixose pública o 17 de marzo.

Referencias varias:

- S. J., “Valladares gaña o ‘Ánxel Fole’ de relato”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 18 marzo 2009, p. 64.

Indica que concorreron ao premio trinta e unha obras na categoría en galego e que recaeu en Xoán Xosé Piñeiro, escrito baixo o retrouso “o valedor”. Recolle que o autor precisa que un dos personaxes está tirado dun familiar que a pesar dos “seus noventa e pico anos, era aínda coñecido polas súas teimas eróticas”. Comenta que tras asistir ao cabodano deste familiar escolleu o retrouso e decidiu dedicarlle o relato. Refire que o argumento o sitúa nun xeriátrico e explica o seu namoramento por unha prostituta. Remata apuntando que o xurado en galego estivo composto por Xavier Rodríguez Barrio, Iago Rodríguez Yáñez e Carlos Vázquez.

- maré, “Xoán Piñeiro’ faise co Ánxel Fole de narrativa en galego”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, “Galardón”, 20 marzo 2009, p. 27.

Indica que xa se coñecen os premiados no Ánxel Fole de narrativa e recolle que en galego recaeron en Xoán Xosé Piñeiro, por "O valedor", quen recibirá 1.000 euros e en Martiño Maseda, por "A endeble esencia", quen recibirá 500 euros.

- S. J., "O certame de narrativa Ánxel Fole premiará contos en galego e en castelán", *El Progreso*, "Vivir", "Cultura", 6 novembro 2009, p. 70.

Anúnciase que o certame de narración curta Ánxel Fole, na súa duodécima edición, premiará catro contos, dous en galego e dous en castelán. Advírtese que os relatos deberán presentarse antes do trinta de decembro e que deberán ter unha extensión inferior aos trinta e seis mil caracteres ou vinte folios mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Sinálase que o certame está dotado, en cada modalidade, con dous premios de mil euros e outros dous de cincocentos, para o primeiro e segundo clasificado en cada categoría. A concelleira de Cultura asegurou que cada ano hai máis participantes e que o ano anterior presentáronse ao concurso trinta e unha obras en galego e cincuenta e tres en castelán e anunciou que este ano serán publicados os oitos relatos que resultaron premiados nas dúas edicións anteriores nun volume de cento corenta e catro páxinas.

Certame de Teatro Infantil e Xuvenil **Atenea**, do Ateneo Ferrolán

Convocado polo Ateneo Ferrolán e Caixanova e dirixido a Centros de Ensino, Entidades ou Sociedades Culturais que teñan sección infantil ou xuvenil de actividades, coa finalidade de promover entre eses primeiros segmentos da nosa cidadanía o interese, afección e amor ás letras e á representación escénica. Puideron participar e optar aos premios que se estabeleceron todos os grupos teatrais, non profesionais, vinculados a colexios públicos e privados, a sociedades culturais ou veciñais, que se correspondan coas categorías que se estabeleceron nas bases. Son catro as categorías nas que se puido participar: Grupos de Teatro Infantil, Grupos de Teatro Primaria, Grupos de Teatro Xuvenil e Educación Especial. A idade límite para participar como actor ou actriz foi de vinte anos, salvo nos casos excepcionais que foron valorados polo xurado. Cada grupo participante só puido presentar ao certame unha obra. A duración da representación de cada obra estabeleceuse entre vinte e setenta e cinco minutos. Haberá unha distinción especial para aqueles grupos que presenten unha obra inédita en galego. Todos os grupos que quixeron participar debían enviar as súas solicitudes ao Ateneo Ferrolán (Rúa da Magdalena, 202-204, 1º, apartado 303, 15402 Ferrol) ou ao e-mail: a_ferrol@teleline.es. Nas solicitudes fíxose constar o nome do colexio ou entidade e persoa responsábel cos datos correspondentes ao grupo presentado (nome do grupo, nome da obra, número de actores e idades, duración da obra e espazo necesario). O prazo de presentación para a participación no Certame rematou o 20 de marzo. Co gallo de facilitar a asistencia e traballo do xurado, xunto coa solicitude debía achegarse unha copia do texto da obra. Os grupos, optativamente, podían presentar unha gravación da obra en formato DVD. A representación das obras, na súa primeira fase, tivo lugar nos meses de marzo, abril e maio dese ano, dentro dun programa que estivo en función do número de participantes. O xurado fixo unha selección de dous grupos nas categorías A, B e C, así como na categoría D houbo un só grupo seleccionado. O xurado valorou en cada representación a "Mellor posta en escena" e a "Mellor representación". O xurado foi nomeado, de mutuo acordo, entre o Ateneo Ferrolán e Caixa Nova. Os grupos

finalistas, como parte do premio, podían ser seleccionados para unha representación o día da entrega de premios nun lugar a determinar pola organización. Tamén recibiron unha cantidade en metálico, igual para todos con importe de douscentos cincuenta euros que debían ser destinados á adquisición de materiais para a formación e promoción das artes escénicas. Na VIIª edición de 2009 concedéronse os galardóns ao Grupo Melandrainas de Arteixo, ao Grupo CEIP Cruceiro de Canido de Ferrol, ao Grupo CEIP Atios de Valdoviño, ao Grupo CEIP Xesús Maestro de Ferrol, ao Grupo da Asociación os Amigos "Arco Iris" de Valdoviño, ao Grupo IES de Teis de Vigo e ao Grupo Carmen Polo de Ferrol nun acto celebrado o 30 de outubro no Ateneo ferrolán.

Certame de Poesía **Aurelio Aguirre**

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela e polo Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo para celebrar, xunto co Certame Literario José Saramago de Relato Curto, o cento corenta e nove aniversario do Banquete de Conxo. Ambos os premios contaron cunha contía de 300 euros e 500 euros respectivamente, que a partir da convocatoria do ano 2008 ascenderon a 1.000 euros. Podían participar todas as persoas maiores de catorce anos e residentes en Galicia. O tema dos orixinais foi libre e podía presentarse indistintamente en lingua galega ou castelá. Só se puido entregar un poema por autor cunha extensión de entre cincuenta e cen versos. O enderezo ao que había que enviar os traballos era o Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Presidente Salvador Allende, 4, baixo) até o 31 de decembro. Nesta convocatoria tamén se incluíu a obligatoriedade de presentar o traballo de forma escrita e en formato dixital. Na edición de 2009, a resolución do xurado darase a coñecer a finais de marzo de 2010. Na VII edición o premio recaeu en Alberte Momán. Entregouse o Día do Libro, nun acto conxunto no que tamén se deu entrega ao IX premio de relato curto José Saramago, celebrado na biblioteca do local As Fontiñas de Santiago de Compostela.

Premio de Ensaio **Bento Spinoza** do IES Rosalía de Castro de Santiago

Convocado por primeira vez no ano 2008, en homenaxe a Stephen Hawking e á súa filla Lucy, para fomentar a reflexión e o espírito crítico entre as xeracións máis novas e reivindicar un personaxe inxustamente olvidado na nosa cultura. O presidente do Comité Organizador é o investigador da Universidad de Santiago de Compostela (USC), Carlos Pajares. A finais de cada ano, o comité selecciona un máximo de cinco ensaios publicados nese periodo temporal e os alumnos de catro institutos gallegos e do Rosalía de Castro fallan en maio-xuño o galardón. Na primeira edición do ano 2009, os finalistas presentaron en marzo e foron: *El retorno de la economía de la depresión y la crisis actual*, de Paul Krugman; *Mal de escola*, de Daniel Pennac; *El gozo intelectual*, de Jorge Wagensberg; *La pasión del poder*, de José Antonio Marina; *Yo soy un extraño bucle,* de Douglas R. Hofstadter e *El miedo a los bárbaros*, de Tzvetan Todorov. O fallo deuse a coñecer en setembro e a obra galardoada foi *Mal de escola*, de Daniel Pennac.

Referencias varias:

- A. Iglesias, "Daniel Pennac gaña o Premio 'Spinoza", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 decembro 2009, p. 38.

Infórmase de que o xurado, formado por estudantes de cinco institutos de Secundaria de Galicia, fallou a favor da obra de Daniel Pennac, titulada *Mal de escola* (2008), na que o autor reflexiona acerca de pedagoxía e das disfuncións da institución escolar. Dise que o autor, a través de pequenos capítulos a modo de relatos, achégase o tema a través da perspectiva dun mal alumno que chega a ser profesor.

- J. G., "El alumnado de ESO da el premio Spinoza a un ensayo sobre el triunfo de un mal estudiante", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 1 decembro 2009, p. L6.

Sinálase que o xurado do premio Bento Spinoza de Ensaio, formado por estudantes de cinco institutos de Secundaria de Galicia, fallou a favor da obra de Daniel Pennac, titulada *Chargrin d'Ecole*, traducida ao galego como *Mal de escola* (2008), na que se reflexiona acerca de pedagoxía e das disfuncións da institución escolar. Coméntase que o xurado valorou a identificación coa visión do estudante que presenta e a división da obra en pequenos capítulos a modo de relatos, co que se consegue achegar o xénero do ensaio á xuventude.

Premios **Buero de Teatro Joven**

Premio denominado até 2007 Premio Candilejas, que organizaban o Ministerio de Cultura, Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística dos mozos. Naceron en honor do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX. Contan con dúas categorías, a fase autonómica e a fase nacional. Na fase autónomica estabelecéronse as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. Os premios consistiron para o grupo teatral gañador da categoría de Centro Escolar e o grupo teatral pertencente a Centros Culturais, nun lote de material para a actividade teatral, unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o Finalista Autonómico, nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións Especiais, nun diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, estabelecéronse premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e Gañador na categoría de Centros Culturais. O galardón consistiu nunha invitación pola organización, con todos os gastos pagos, para representar as súas obras no Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñeceron os gañadores e se entregaron os galardóns. Ademais, foron invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais recibiron un galardón acreditativo. No ano 2009, sexta edición, o prazo de preinscrición rematou o 7 de febreiro. Na fase autonómica resultou vencedor na categoría de Centros Escolares o IES Manuel García Barros da Estrada coa obra *Dormes?*, e no apartado de Centros Culturais, a compañía de teatro e danza El Ruiseñor de Culleredo e Tania García, do instituto coruñés de Elviña recibiu mención especial do xurado como Mellor Actriz pola súa interpretación na obra *Las Troyanas***.**

Referencias varias:

- C. G, " Dormes?' recibe en Santiago el premio Buero en el pase de la gran final", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 3 xuño 2009, p. 32.

Infórmase da representación da peza teatral *Dormes*?, escrita e dirixida polo profesor Miguel Carbajal, no Teatro Principal de Santiago, que durante este acto recibirá o premio autonómico, xunto coa compañía el Ruiseñor de Culleredo, gañadora na categoría de centros culturais.

- José Gómez, "Xosé Arca fue elegido mejor director gallego de teatro joven", *La Voz de Galicia*, "Santiago", 5 xuño 2009, p. L9.

Coméntase que o IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela recibe dous premios Buero de Teatro Joven, un ao mellor director para o profesor Xosé Arca e outro polo vestiario da obra que el mesmo dirixe, *Todo por un reino.* Sinálase que a obra está representada por alumnos e alumnas do centro e que o teatro é unha actividade moi beneficiosa para eles.

Premio Literario Escolar **Caixanova**

Premio convocado por primeira vez no ano 2008. Podían presentarse alumnos dos niveis de ESO e Bacharelato, dos centros de Galicia. Tras unha primeira selección no centro, podían enviarse un máximo de nove traballos en total, tres por cada nivel: 1º ciclo de ESO, 2º ciclo de ESO e Bacharelato. Os traballos foron orixinais e inéditos, escritos en lingua galega ou castelá, de xénero poético ou narrativo. En poesía presentáronse tres poemas de tema e forma libres, no caso de narración o texto tivo unha extensión máxima de cinco folios mecanografados a dobre espazo e de tema libre. Os exemplares presentáronse por cuadriplicado con título e o pseudónimo ou lema; e nun sobre pechado os datos persoais do autor, así como o nome do profesor que avalaba a presentación do orixinal. Os exemplares enviáronse ao Centro Social Caixanova (Policarpo Sanz, 24-26, 36202 Vigo). Entregouse un premio por cada nivel que consistiu nun equipo informático completo (ordenador portátil e impresora). Nesta segunda edición, a convocatoria estendeuse o terceiro ciclo de Primaria, podían presentarse un máximo de doce traballos por centro. Presentáronse douscentos corenta e sete traballos e o prazo de admisión rematou o 20 de abril. O xurado estivo presidido polo escritor Francisco Castro, e Guillermo Brea e integrado polo crítico literario Ramón Nicolás, o escritor Agustín Fernández Paz, o periodista Álvaro Otero e a escritora Beatriz Fraga Cameán.. Os galardóns, nos diferentes niveis educativos, déronse a coñecer o 11 de maio e foron para Blanca Trigo Cabaleiro, del C.E.P. Santa Tegra de Vigo, no terceiro ciclo de Primaria, por "Sara y Saray", avalado pola profesora Beatriz Coira Ríos; María Elena López González, do C.P.R. Nosa Señora da Asunción de Sarria (Lugo), no primeiro ciclo de ESO, por " A Cuarta ola?", avalado pola profesora María Aurea Páramo Vázquez; Uxía Barrientos Reboiras, do I.E.S. Agra do Orzán da Coruña por "A avoa", no segundo ciclo de ESO, avalada pola profesora Emilia Irimia Fernández; e Federico Pedreira Nores, do IES Sofía Casanova de Ferrol, por "Dicaiópolis: Descripcións automáticas", avalado pola profesora Melba Couto, na categoría de Bacharelato. Entregáronse dúas mencións honoríficas no segundo ciclo da ESO a Aida Espada Fernández, do Colexio Andersen de Valadares (Vigo), por "La vida secreta de un esqueleto de plástico", avalado polo profesor Francisco Veira Pérez e

Marina Rodríguez-Candela Mateos, do I.E.S. Agra do Orzán da Coruña, por "Luz do interior", avalado pola profesora Emilia Irimia Fernández . O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 10 de xuño.

Referencias varias:

- A. C. V., "Una sarriana gana un premio literario escolar de ámbito autonómico", *El Progreso*, "Sarria", 20 maio 2009, p. 25.

Dáse conta dos galardoados na segunda edición destes premios, destacándose á sarriana María Elena López González, vencedorada na categoría de primeiro ciclo da ESO, pola suá obra *A cuarta ola?*. Tamén se informa da composición do xurado e coméntase que os premiados serán obsequiados cun equipo informático completo e os seus profesores cun ordenador portátil.

Certame de **Cómic de Cangas**

A Concellería de Xuventude de Cangas organizou este certame de cómic que transcorreu paralelamente ao Salón de Cómic de Cangas, onde permaneceron expostos os traballos gañadores entre o 20 e o 26 de xullo. Asemade, as obras premiadas publicáronse no sexto número da revista *O tebeo*, editada polo Concello de Cangas. As obras podían ser individuais ou colectivas e tiñan que ser orixinais e inéditas, con temática e técnica libre e cunha extensión de catro páxinas para as categorías A e B e de dúas a catro na Viñeta Xove. Distinguíronse tres categorías: a categoría A, destinada a maiores de dezaoito até os trinta e cinco anos, cun premio de 400 euros para o primeiro, de 300 para o segundo e de 180 para o terceiro; a categoría B, destinada a mozos con idades comprendidas entre os catorce e os dezasete anos, premiada con 120 para o primeiro, 100 para o segundo e 70 para o terceiro; e a modalidade de Viñeta Xove, na que competiron nenos de menos de catorce anos por un galardón único de 100 euros. Os traballos podían presentarse, de xeito individual ou conxunto entre guionista e debuxante, na Casa da Xuventude de Cangas (Rúa Real, 29, 36940) antes do 19 de xuño. Nesta décima primeira edición de 2009, os orixinais debían estar escritos en galego e resultaron galardoados Susana Broullón por *Rec* co primeiro premio; Xavier Benítez co segundo e a viguesa Laura Comesaña co terceiro por *A Compaña* e concedéronse dous accésits ao vigués Pablo Álvarez e a luguesa Sandra López.

Certame de Teatro Xuvenil Xóvenes Promesas. Premios **Carballo, Folla de Ouro**, da Asociación C. D. de Interese Social Eira Vella de Pontevedra

Organizado pola Asociación C. D. de Interese Social Eira Vella de Pontevedra e coa colaboración do Concello de Ribadumia e da Deputación de Pontevedra. Podían concursar todas as asociacións e grupos teatrais da Provincia de Pontevedra, con idades dos actores comprendidas entre os 12 e os 30 anos. Dividiuse nas categorías Folla de Ouro para a mellor posta en escena, Folla de Ouro para o mellor actor/actriz principal, Folla de Ouro para o mellor actor/actriz secundario/a e Folla de Ouro para o mellor decorado. Cada asociación ou grupo teatral podía participar cunha única obra. A obra non debía ter unha duración superior aos setenta minutos e sería representada en idioma

galego. Os grupos teatrais ou asociacións debían enviar nun DVD unha representación ou ensaio da obra que presentaban a concurso e no mesmo sobre debían remitir os seguintes datos: o nome do grupo teatral, relación de actores propostos para cada categoría, fotocopia do DNI dos actores, o enderezo social, e-mail e número de teléfono de contacto, que serían enviados ao seguinte enderezo (Asociación de Interese Social Eira Vella de Pontevedra, Escusa Capital, 3, 36636 Ribadumia, Pontevedra). Os premios para as seis agrupacións teatrais ou asociacións finalistas foron: 300 euros pola representación, diploma e trofeo conmemorativo do IV aniversario. Nos envíos por correo ou transporte, considerouse a data de recepción. A organización non asumiu ningunha responsabilidade polos danos ou desperfectos que os DVD´s presentados puideron sufrir en tales envíos, cuxos gastos corrían a cargo dos concursantes. A decisión do xurado foi inapelábel. Non se mantivo correspondencia cos actores ou agrupacións (agás cos finalistas á hora de comunicarlles a súa designación así como o día e hora de actuación), nin se devolveron os DVD. A todos os grupos enviouselles un correo electrónico comunicándolles o resultado da selección. Os finalistas tiveron a obriga de representar as obras no día e hora que acordou a organización. O prazo de admisión dos traballos estivo aberto dende a publicación desta convocatoria até o. Na edición de 2009 o xurado formado por membros da Asociación Eira Vella de Rubadumia, da Deputación de Pontevedra e do Concello de Ribadumia. Na edición de 2009 Laura Rodríguez foi distinguida co galardón á xove promesa e recibiu mención especial Antón Charlín Vidal; o galardón ao mellor decorado e á mellor obra foi para Teatro do Mar de Sanxenxo, Abel Augusto Abilleira levou premio ao mellor actor secundario e o galardón á mellor actriz principal foi para Rebeca Piñerio Sabarís.

Referencias varias:

- J. P., “Durán y Salomé Peña presiden la entrega de premios a las jóvenes promesas del teatro”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 11 maio 2009, p. 9.

Crónica do acontecido na gala de entrega dos premios, na que houbo diferentes actuacións musicais, teatrais e humorísticas. Asemade, dáse conta dos nomes dos premiados nas diferentes modalidades; así, Laura Rodríguez foi distinguida co galardón a xove promesa e recibiu mención especial Antón Charlín Vidal. Por outro lado, dise que os premios ao mellor decorado e á mellor obra recaeron noTeatro do Mar de Sanxenxo, levou premio ao mellor actor secundario Abel Augusto Abilleira e o galardón á mellor actriz principal foi para Rebeca Piñerio Sabarís.

Concurso relato curto **Conto-Caldelas**

A Asociación Cultural-Xuvenil O Irrio, coa colaboración da Editorial Sotelo Blanco, organizou o concurso “Conto-Caldelas” por primeira vez no ano 2009, dirixido a rapaces entre seis e dezasete anos. Podían presentarse relatos en galego ambientados na Terra de Caldelas cun mínimo de dous e máximo de dez folios mecanografados a dobre espazo e acompañados dun sobre cos datos persoais do autor ou autora. Estabelecéronse dúas categorías: A (de seis a doce anos) e B (de 13 a 17 anos) e tres premios en cada categoría que consistiron en libros de LIX galega e xogos. A data límite de entrega foi o 15 de marzo, a decisión do xurado deuse a coñecer antes do 8 de abril e a entrega de premios tivo lugar en Semana Santa. Nesta primeira edición os galardóns foron, na

categoría A, o primeiro premio para Lorena Álvarez Osorio por "A máquina do tempo" e os outros dous galardóns debido a un empate técnico foron repartidos entre Laura Prieto Álvarez por "Pablo e o irrio", Víctor Fernández por "O dragón do burgo" e Raisa Fernández Martín por "A flor da noite". Na categoría B o primeiro premio foi para Andrea Balbona Pérez por "A modiño"; o segundo para Laura Movilla González por "Inverno" e o terceiro para Natalia Carballo Rodríguez por "Aventuras en Castro Caldelas".

Concurso de **Contos do Concello de Vedra**

Organizado polo Concello de Vedra para contos orixinais e inéditos, redactados en lingua galega. Estabelecéronse oito categorías por franxa de idade, dende os tres aos dezaoito anos, con contías de 40 euros (para as categorías de 3, 4-5 e 6-7 anos) e de 50 euros (8-9, 10-11, 12-13, 14-15, 16-18 anos) como galardóns. Nas categorías de 12 a 18 anos os traballos debían ter unha extensión mínima dun folio de estar mecanografado, ou de dous se estaba escrito a man. Cada orixinal debí entregarse cun sobre pechado cos datos do autor/a. Na XIII edición de 2009, foron galardoados nas diferentes categorías: Ana Clemente, Ángel Mouro Rey, David García Barro, Antonio Nogueiras Brea, Andrea Rouco Fernández, Elia Rodríguez Figueiras, Tomás Rodríguez e Raquel Giadanes. Tamén concedéronse accésits a Lúa Parra, Darío Balado, Juan Sanjurjo e Ana Fernández.

Referencias varias:

- M. Gil/ S.F., "Valentín Alvite gana el certamen de relatos Avilés de Taramancos", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", "Noia", 23 maio 2009, p. 34.

Dáse conta do VIII Certame Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos. No á parte "Pequeños literatos en Vedra", noméanse os galardoados no XIII concurso de Contos do Concello de Vedra e os accésits.

Certame **Un conto de medo con Edgar Allan Poe**

Organizado polas bibliotecas municipais de Redondela en colaboración cos centros escolares con motivo do bicentenario do nacemento deste escritor. Estaba dirixido a nenos de 6º de primaria dos centros educativos do concello de Redondela. O xurado estivo formado por compoñentes do blog Historias para non durmir. Nesta primeira edición de 2009 os gañadores foron: Carla Míguez Piñeiro, do CEIP Outeiro das Penas de Censantes, co relato "Inexplicable" e Anxo Álvarez Braños, do CEIP Laredo de Chapela co relato "Noite sanguenta". O acto de entrega tivo lugar o 11 de novembro no Multiusos de Chapela.

Certame **Contos infantís** do Concello de Negreira

O Concello de Negreira, coa colaboración da Fundación Feiraco, organizou o concurso "Cóntame un conto", por primeira vez no ano 2007, dirixido a mozos e mozas galegos

ou residentes de idades comprendidas entre os 7 e 15 anos, cun máximo dunha obra por autor. Os contos debía ser orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos e escritos en lingua galega cunha extensión maxima de oito folios que se enviaron por quintuplicado á Delegación de Cultura e Deportes do Concello de Negreira baixo pseudónimo cun sobre cos datos persoais do autor. O prazo de presentación abrangueu dende o día 13 de marzo até o 6 de maio. Estabelecéronse tres premios de 150 €, 100 € e 50 € xunto un lote de material escolar para cada un. A decisión do xurado fíxose pública o 13 de maio e a entrega dos galardóns tivo lugar o 16 de maio na Casa da Cultura. No terceiro certame de contos infantís, correspondente ao ano 2009, a gañadora foi "A verdadeira historia das nosas vidas", de Carla Rodríguez Fernández; o segundo posto recaeu en Noelia Ares Blanco por "Os animais do monte de Negreira", e o terceiro premio para Sheila García Baliña por "A esperanza da morte".

Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Concurso organizado pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña que pretende premiar a tradición oral dos contos. Estabelecéronse dúas categorías: A, até dezaseis anos, e B, para maiores desta idade. A temática foi libre e o texto integramente en galego. En canto á extensión pediuse un mínimo dun folio, que se presentou baixo pseudónimo no Concello de Moraña ou na Casa da Cultura ADR Castelao (Rúa, 3, 36660 Moraña). Os datos persoais foron nun sobre pechado. O prazo de presentación dos orixinais rematou o 30 de abril de 2009. Houbo tres primeiros premios en cada categoría, consistentes en lotes literarios e diploma honorífico acreditativo. O xurado valorou o contido literario pero tamén a presentación e inclusión de ilustracións e a resolución deuse a coñecer nun acto o Día das Letras galegas. Nesta sexta edición de 2009, a decisión do xurado emitiuse nun acto o 17 de maio co gallo das Letras Galegas na Casa da Cultura de Moraña. Na edición de 2009, o xurado composto por Rocío Caeiro Porto, Ana Iglesias e Pura Gago Sueiro galardoaron na categoría de menores de dezaseis anos a Fátima Barros Monteagudo co relato "O Sacauntos" e a José Manuel Bouza na categoría de maiores de dezaseis anos co texto "Corazón Senlleiro".

Referencias varias:

- M. Angueira, "Os mellores contos para escoitar a carón da lareira", *Diario de Arousa*, "Ulla-Umia", 20 maio 2009, p. 24.

Infórmase do acontecido no acto de entrega dos premios, dáse conta da composición do xurado e do nome dos gañadores. Dise que a galardoada na categoría de menores de dezaseis anos foi Fátima Barros Monteagudo co relato "O Sacauntos" e José Manuel Bouza foi o gañador da categoría de maiores co texto "Corazón Senlleiro". Coméntase tamén, que os traballos dos gañadores xa están dispoñibeis na páxina web da asociación

- C. G., "Fátima Barros e José Manuel Bouzas gañan o certame Contos na Lareira", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 27 maio 2009, p. 6.

Dáse conta do acontecido no acto de entrega dos galardóns e do nome dos premiados. Tamén se informa de que os traballos están dispoñibeis na páxina web da asociación.

Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**. Concello de Mondoñedo

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Fundación Caixa Galicia, co afán de estimular a creación poética entre os mozos. Puideron optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presentasen poemas orixinais e inéditos, escritos en galego de tema e metro libre, non premiados e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais debían enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde constase o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos debía facerse no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, 1, 27740 Mondoñedo). Houbo un primeiro premio de 1.500 euros, placa e diploma, un segundo de 600 euros, placa e diploma e un terceiro de 300 euros, placa e diploma. Na edición de 2009 o prazo de admisión rematou o 2 de xuño e outorgóuselle o primeiro premio da Xª edición a Rocío Leira Castro (Cee, A Coruña), con "O blus dos funanbulistas", o segundo premio a María Luz Airado(Vilalba, Lugo) con "Noite profunda de outono" e o terceiro a Noelia Martínez (Lugo) por "Entre ecos". A gala de entrega tivo lugar o 19 de decembro de 2009 no salón de actos do Concello de Mondoñedo.

Referencias varias:

- M. Barral, "Son moi crítica co meu traballo e aínda busco o poema perfecto", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 565/*El Ideal Gallego*, "*La Galería*", n.º 601, "Entrevista", 27 decembro 2009, p. 9.

Conversa coa escritora Rocío Leira, que ven de recibir dous premios, o Premio de Poesía Díaz Jácome por *O blues dos funambulistas* e o Premio de novela Curta do Concello de Negreira con *Nocturno*, cos que suma vinte galardóns neste ano. A autora explica que para ela a escritura é unha afección, aínda que di ser moi esixente co que escribe, comenta que se inspira nas cousas que a rodean e que os seu temas constantes son o amor e o desamor, así como a muller e a emigración e afirma que aínda non escribiu o poema perfecto. Tamén fala dos seus gustos literarios e opina que vivimos un bo momento da literatura galega.

Concurso **Emilia Estévez Villaverde**

Organizado polo patronato do Museo de Pontevedra por espertar o interese polo cultivo da escritura nos escolares. Está dirixido aos estudantes dos centros escolares de Ensino Primario de Galicia e das escolas da emigración. Os alumnos poderán concorrer cun conto ou cunha composición poética, de tema libre preferentemente en idioma galego, non podendo exceder de seis folios os contos e dous folios as composicións poéticas. Os traballos enviaranse á Secretaría do Museo de Pontevedra (Apartado 104, 36080 Pontevedra) ou entregaranse persoalmente na Rúa Pasantería. O galardón consistiu nun diploma acreditativo e 90 euros. A entrega de premios tivo lugar no Museo de Pontevedra durante a "Semana das Letras Galegas". No ano 2009 os galardóns foron para Carlota Novoa Mazuela, do CEIP Álvarez Limeses; Marta Castillo Chan, do CEIP Manuel Vidal Portela; e Marta Armesto Luaces, do CEIP Rosalía de Castro de Bóveda

(Lugo), na modalidade de narrativa; e para Borja Fernádez, do CEP Santa María de Cobres de Vilaboa; Laura Varela Grana, do colexio Carballal-Viñas Brancas de Marín; e Andrea González González, do CEIP Marcos da Portela, en poesía.

Referencias varias:

- Cuca M. Gómez, "Desde la escena hasta Mondariz", *Diario de Pontevedra*, "Gente a diario", "De café con Cuca", 14 maio 2009, p. 78.

Achéganse os nomes dos galardoados, na modalidade de narrativa saíron premiados: Carlota Novoa Mazuela, Marta Castillo Chan e Marta Armesto Luaces; en poesía Borja Fernádez, Laura Varela Grana e Andrea González González, foron os gañadores. Dise que outros premiados foron os alumnos do CEIP Ponte Sampaio: Jesús Álvarez Puentes, Sergio Carrera Rodiño, Óscar Díaz Suomela, Andrea García Barreiro, Nerea Gómez Iglesias, Jessyca Ocampo Rodríguez, Sara Puertas Torres, Enrique Rey Seoane e Alejandro Seoane Vidal e mais os alumnos de cuarto de Primaria do CEIP Manuel Vidal Portela polo seu traballo "As nosas árbores e o noso patio".

Concurso Literario da Asociación **Os Fanagueiros de Eirexalba. Incio**

Convocado pola Asociación Veciñal e Cultural Os Fanagueiros de Eirexalba, no Incio, para animar os escolares á creación literaria. Constou de categorías diferenciadas para o alumnado de primeiro, segundo e terceiro ciclo de educación primaria e habilitouse unha cuarta categoría para as persoas que quixeran concorrer e non estivesen englobadas en ningunha das tres anteriores. Cada modalidade contou con tres premios, sendo o primeiro de 40 euros, o segundo de 30 euros e o terceiro de 20 euros que se destinaron a libros e material escolar; os premiados recibiron un diploma. A extensión dos traballos foi como máximo de seis folios, escritos en galego normativo. A entrega de premios tivo lugar o día 31 de outubro no marco dunha comida de confraternidade e un magosto, organizados pola asociación convocante. Presentáronse setenta e traballos. Resultaron galardoados vinte e un traballos de nenos dos colexios do Incio: Paula Armesto, Odei Duarte, Silvia Mourelo, Alba Díaz, José Ramón Mendoza e Iván Balboa; de Oural: Sabela González, Paula González, Sergio López, Alejandra Díaz, Javier López, Laura Fernández e Teresa López; e de Triacastela: Laura López, Pablo López, Iris Pérez, Raúl López, Tamara Corral, Olalla Rodríguez, Uxía Rodríguez e Ainhora Río.

Referencias varias:

- L .P., "La asociación Os Fanagueiros de O Incio premia los trabajos literarios de 21 niños", *El Progreso*, "Sarria", 27 outubro 2009, p. 17.

Informa do acto no que se entregarán os galardóns do vixésimo terceiro certame literario da Asociación Os Fanagueiros. Noménase os vinte e un premiados, nenos e nenas dos centros educativos de Oural, O Incio e Triacastela. Coméntanse ademais outras actividades que terán lugar xunto coa entrega dos premios.

Certame literario **Ferrol Vello**

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre os mozos e mozas, o Departamento de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Inglés e Francés do IES Ferrol Vello, convocan este certame. Pode participar calquera alumno/a do centro e os alumnos de 3º ciclo de Primaria dos centros adscritos CEIP Cruceiro de Canido e San Rosendo. Estabelecéronse tres categorías: A (5º e 6º de Primaria); B (1º e 2º de ESO) e C (3º e 4º de ESO) con dúas modalidades: Poesía e Narración breve en lingua castelá, lingua galega, inglés ou francés. Na modalidade de poesía podían presentarse dous poemas como mínimo, de tema e forma libres e en narrativa breve a extensión máxima será de 3 folios impresos ou 5 manuscritos. Entregáronse dous premios por categoría: 1º premio dun cheque regalo por valor de 60 euros e 2º premio dun cheque regalo por valor de 30 euros. No ano 2009 entregáronse os galardóns do segundo certame o 30 de xaneiro. En lingua galega os traballos premiados foron: "As flores do campo", de Marcos Fernández Randulfe, na modalidade de poesía; e "Pensamentos de principiante", de Sofía Lorenzo, en narrativa breve.

Referencias varias:

- M.O., "El IES Ferrol Vello entregó los premios de su segundo certamen literario", *Diario de Ferrol*, "Ferrol ciudad", "Concurso", 31 xaneiro 2009, p. 10.

Dáse conta dos nomes dos galardoados nas diferentes categorías da segunda edición destes premios, na que como novidades deste ano contaron coa participación dos alumnos de quinto e sexto de Primaria das escolas San Rosendo e Cruceiro de Canido e con traballos en lingua castelá, galega, inglesa e francesa. Coméntase que en lingua galega o gañador do premio de poesía foi Manuel Fernádez Randulfe polas súa rimas "Galicia", "Castañas" e "As flores do campo", mentres que o premio de narrativa en galego recaeu en Sofía Lorenzo polo seu traballo "Pensamentos de principiante".

Certame **Francisco Añón de Poesía**. Concello de Outes

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste Concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. No ano 2008 estabelecéronse cinco categorías: A) para nenos de seis a oito anos cun premio dun vale de 90,15 euros en libros e publicación da obra, B) para os de nove a once anos cun premio dun vale de 120 euros en libros e publicación do poema, e para os nenos de 10 a 11 anos cun premio dun vale de 150 € en libros e publicación do poema C) para os mozos de doce a catorce anos cun premio dun vale de 180 euros en libros e publicación do poemario, D) para mozos de quince a dezasete anos cun vale de 230 euros e publicación da obra e E) para os maiores de dezaoito anos cun cheque por valor de 1.000 euros e publicación da obra. En todas as categorías contemplouse a posibilidade de conceder un accésit. Nas modalidades C, D e E estabelecéuse unha extensión mínima de cento cincuenta versos. Os orixinais debían presentarse en sobre pechado no que constase o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que tivera os datos persoais e fotocopia do DNI ou CIF. Os

traballos entregáronse na Casa da Cultura (Avda. de San Campio, s/n, 15230 Outes). Na décimo terceira edición de 2009, o prazo de admisión rematou o 13 de abril, dándose a coñecer a decisión do xurado o 17 de maio. Os gañadores foron: na categoría A, Nerea Dosil Romero, de 8 anos, pola composición "Vento en Albeida" , logrando os accésits Carlos Martínez e Amara Portabales; na categoría B, Daniel González Marcos, co texto "As cores da paz", sendo finalistas Nacho Mañá, Rodrigo Montoto, Paula López e Paloma Díaz; na categoría C, Rosa Veiga Otero, que presentou o poema "Sala de costura", recibindo un accésit Ángel Real Ruiz; na categoría D, Lara Porto Mato, que concursaba co poemario "Ela" e na categoría E recaeu na compostelá Natalia Vázquez García polo seu poemario titulado "Carne salgada" e conseguiu un accésit o poema "Vintetrés cincuenta e nove", de Pablo Lourido Fernández. Os galardóns entregáronse nunha gala celebrada na casa da cultura de Outes.

Referencias varias:

- J. Manuel Sande, " A compostelá Natalia Vázquez levouse o premio do concurso literario Francisco Añón", *La Voz de Galicia*, "Comarcas", 19 maio 2009, p. L14.

Recóllese a listaxe de galardoados e finalistas na décimo terceira edición do premio de poesía Francisco Añón, destacando a gañadora na categoría de máis de dezaoito anos, Natalia Vázquez, co poemario titulado *Carne salgada*. Asemade, tamén se recollen algunhas das verbas pronunciadas por Carlos López Crespo, alcalde de Outes, quen destacou que os obxectivos deste certame son perpetuar a personalidade e obra do poeta Francisco Añón, promover novos valores á poesía e fomentar o gusto pola literatura entre a veciñanza. Doutra banda, López Crespo manifestou o seu compromiso coa cultura e lingua autóctonas.

Premio de Narrativa do IES **Gregorio Fernández de Sarria**

Certame que convocou o IES Gregorio Fernández de Sarria, coa colaboración dos Concellos da comarca (Sarria, O Páramo, Paradela, Láncara, Samos e Triacastela), e que estivo dirixido a todos os seus centros educativos de primaria, ESO, BAC e ciclos formativos para fomentar a afección á escritura e á lectura entre os escolares. A temática debía centrarse nos valores culturais da comarca e os traballos tíñanse que enviar ao IES Gregorio Fernández, da rúa Castelao de Sarria. Estabelecéronse diversas categorías, segundos os cursos que estudasen os participantes, e varios premios en cada unha delas; ademais, os relatos gañadores foron publicados nun volume conxunto. A contía do premio foi de 2.500 euros e os traballos gañadores foron publicados en formato libro, nunha edición na que colaborou a Obra Social de Caixa Galicia. Na edición de 2009 o acto de entrega tivo lugar no mes de xuño e os galardóns foron para Nicolás López López, Alba Vázquez González, María Elena López González, Antía Fernández García, Rubén Armada López, Samuel tallón López, Giovanna Rodríguez Barreal, Esther Armesto Gómez, Míriam López Ferreiro, Tania Fernández Amado, Sara Cela Alfonso, Nerea Arias Pérez e Louise Le Lostec, premio especial do colexio Paul Eluard da Bretaña.

Referencias varias:

- A. C. V., "Samos acoge hoy el acto de entrega de los premios 'IES Gregorio Fernández", *El Progreso*, "Sarria", 4 xuño 2009, p. 18.

Infórmase do acto de entrega dos premios, que estará conducido polo escritor Paco Martín, no que se repartirá un total de dous mil seiscentos euros entre os doce premiados.

- Lucía Porto, "Sarria, cuna de literatos", *El Progreso*, "Sarria", 5 xuño 2009, p. 17.

Dáse conta do acto de entrega dos galardóns da sexta edición do Certame de narración IES Gregorio Fernández, no que participaron o alcalde de Samos, Julio Gallego; o inspector xefe da Consellería de Educación de Lugo, Federico Pérez e mais o escritor Paco Martín, quen animou aos premiados, dos que tamén se dan os nomes, a continuar escribindo.

- A. C .V., "Convocada la séptima edición del premio literario Gregorio Fernández", *El Progreso*, "Sarria", 20 novembro 2009, p. 17.

Infórmase da convocatoria, bases e contía da sétima edición deste premio.

Certame literario **José Saramago de Relato Curto**

Organizado polo Concello de Santiago de Compostela e o Centro Sociocultural José Saramago de Vite para celebrar, xunto co certame de poesía Aurelio Aguirre, o cento corenta e nove aniversario do Banquete de Conxo. Ambos os premios contaron cunha contía de 300 euros e 500 euros, respectivamente, que a partir da convocatoria do ano 2008 ascenderon a 1.000 euros. Podían participar todas as persoas maiores de catorce anos e residentes en Galicia. O tema dos orixinais versou sobre ficción científica e tiñan que presentarse en lingua galega. Só podía entregarse un traballo por autor cunha extensión de entre cinco e vinte e cinco páxinas, do que se presentou unha copia mecanografada a dous espazos e unha copia en formato dixitalizado no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Presidente Salvador Allende, 4, baixo). Na IXª edición de 2009, o prazo de presentación rematou o 31 de decembro e a resolución darase a coñecer antes de finais de marzo de 2010. Na edición de 2009 o premio recaeu en Diego Giráldez e entregouse o Día do Libro, nun acto conxunto no que tamén se deu entrega ao VII premio de poesía Aurelio Aguirre, celebrado na biblioteca do local As Fontiñas de Santiago de Compostela.

Premios **Letras Galegas** e **Nadal**

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais, etc., que, por medio das súas bibliotecas, Concellarías de Cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocaron premios para animar a xente nova a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, microrrelatos, redaccións, cómic, poesías ou debuxos como é o caso dos Concellos de

Begonte, Fene, Monforte, Ordes, Oza dos Ríos, Piñor, Portomarín, Quiroga, Sober, Vedra, Vilalba, Pontes, Marín, a Biblioteca Provincial de Lugo, asociacións como a de Falcatrueiros, Asociación de Veciños A Unión, Asociación de Pais de Alumnos do Colexio Manuel Peleterio de Santiago, a ANPA do colexio Xesús Ferro Couselo de Cordeiro (Valga) e colexios como o CPI do Feal (Narón), o CEP Ventín, o instituto Coroso.

Referencias varias:

- M. R., "La Biblioteca de Vilalba premia a 11 niños en el certamen de poesía de Navidad", *El Progreso*, "A Chaira", 12 xaneiro 2009, p. 11.

Dáse conta do nome dos galardoados e dos títulos dos once traballos premiados, así como da composición do xurado do certame de poesía infantil Nadal 2008, organizado pola Biblioteca Municipal de Vilalba e que conta co patrocinio da Consellería de Cultura. Asemade infórmase de que os premiados participaran na fase provincial deste concurso, organizado pola Biblioteca Pública Provincial.

- C. P. R., "Xosé Otero Canto gana el certamen de poesía del belén de Begonte", *El Progreso*, "A Chaira", 23 xaneiro 2009, p. 19.

Infórmase do fallo do certame de poesía sobre o Nadal de Begonte, concedido ao profesor Xosé Otero Castro, polo seu poema "Chegou a luz da xeometría tenra da noite", quen recibirá 600 euros e unha figura de Sargadelos. Tamén se nomea o segundo premio, dotado con 300 euros, concedido a Lázaro Domínguez Gallego a "Con los ojos en el niño de Belén".

- F.G, " Falcatrueiros', celebrará sus 25 años ‹‹ por todo lo alto›› durante el 2010", *El Progreso*, "A Ulloa", 10 marzo 2009, p. 11.

Dáse conta da celebración do vinte e cinco aniversario da asociación cultural Falcatrueiros, do presuposto e das actividades previstas pola asociación para este ano. Dise que, entre outros eventos, se celebrará o XIIIº Concurso de Contos e Poesía Lorenzo Varela con motivo do Día das Letras Galegas.

- Víctor Castro, "Concurso de narración en Oza de los Ríos", *El Ideal Gallego*, "A Coruña", "Área metropolitana", "Atalaya mariñana", 5 abril 2009, p. 20.

Anúnciase a convocatoria e as bases do concurso de narración en galego, organizado pola Biblioteca Municipal de Oza dos Ríos e o OMIX, en colaboración co Departamento de Cultura, concurso que se fallará o Día das Letras Galegas.

- Raquel Pazos, "El ocio de Ordes habla de agricultura verde y nuevas tecnologías", *La Voz de Galicia*, "*Expo Ordes*", 25 abril 2009, p. 8.

Coméntanse as diferentes actividades programadas polo Concello de Ordes para o mes de maio, entre elas, a convocatoria dun concurso de poesía para nenos, que tamén contará cunha categoría para maiores de dezasete anos, con motivo do Día das Letras Galegas e un concurso de contos para nenos, co gallo do Día da Discapacidade.

- C. A., “El concurso de la Letras reparte 780 euros en premios en Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 1 maio 2009, p. 12.

Infórmase das categorías establecidas e da data de admisión dos traballos aspirantes ao concurso literario das Letras Galegas que promociona o Concello de Vilalba, no que poderán participar nenos e mozos residentes en Vilalba e tamén na comarca da Terra Chá.

- C. G., “É a hora dos aprendices de escritores”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 6 maio 2009, p. 6.

Dáse conta da convocatoria e das bases da duodécima edición do concurso literario que organiza a ANPA do colexio Xesús Ferro Couselo de Cordeiro e do cuarto Certame Literario- Artístico Xosé Lois Miguéns, galardóns que se entregarán o Día das Letras Galegas na Casa de Cultura de Valga.

- LR, “Los premios literarios del Piñor se entregarán el próximo domingo Día das Letras Galegas”, *La Región*, “Ourense”, 12 maio 2009, p. 9.

Dáse conta dos nomes e dos títulos dos traballos galardoados na décimo octava edición do Certame Literario de Piñor, no Concello de Barbadás, premios que se entregarán durante os actos de celebración do Día das Letras Galegas.

- Ana Iglesias, “Fiesta literaria con premios a los mejores relatos y poemas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Letras”, 15 maio 2009, p. 26.

Dáse conta dos nomes dos gañadores, nas diferentes categorías, da trixésima edición do Certame Literario convocado pola Asociación de Pais de Alumnos do Colexio Manuel Peleterio de Santiago, certame que se desenvolveu no marco da celebración do Día das Letras Galegas.

- F. G., “Falcatrueiros’ organiza dos concursos por el Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 15 maio 2009, p. 22.

Apúntase a convocatoria por parte de Falcatrueiros, con gallo do Día das Letras Galegas, da décimo terceira edición do Concurso de Contos e Poesía Lorenzo Varela, dirixido a rapaces de entre seis e dezaoito anos e da vixésimo segunda edición do Concurso de Pintura no Asfalto.

- I. R. D., “La entrega de premios del Certamen Literario das Letras Galegas será el 17”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 maio 2009, p. 20.

Indícanse os títulos dos traballos e os nomes dos galardoados, así como a contía dos galardóns das diferentes categorías do Certame Literario das Letras Galegas convocado polo Concello de Vilalba.

- Lorena Romero, “Uns 400 estudantes participaron onte na clausura do certame Intercentros”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol comarca”, “Narón”, 16 maio 2009, p. 17.

Crónica do acontecido durante o acto de entrega da vixésima edición destes premios. Tamén se da conta do nome dos autores e o título de todos os traballos premiados, así como dos encargados de entregar os galardóns.

- L. G., "Premio para as novas promesas da literatura", *Diario de Arousa*, 17 maio 2009, contracuberta.

Dáse conta do nome dos premiados e do acontecido durante o acto de entrega do XII Premio Literario Intraescolar, organizado conxuntamente polas ANPAs dos colexios de Valga, Xesús Ferro Couselo e Baño, do colexio Infesta de Pontecesures e do colexio Progreso de Catoira.

- C. A., "La biblioteca de Vilalba convoca un certamen de poesía infantil", *El Progreso*, "A Chaira", 21 novembro 2009, p. 21.

Refírese á convocatoria do "Certame de Poesía Infantil de Nadal", convocado pola biblioteca municipal de Vilalba, dirixido a nenos de até dezaseis anos.

- P. R., "Portomarín convoca varios concursos para celebrar las fiestas navideñas", *El Progreso*, "Comarca de Lugo", 15 decembro 2009, p. 13.

Indícase que o Concello de Portomarín, con motivo da chegada do Nadal, convoca varios concursos: un de fotografía, un de postais e outro de poesía para nenos de entre oito e dezaseis anos.

Premios **Literarios**

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais, etc., que, por medio das súas bibliotecas, Concellarías de Cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocan premios para animar a xente nova a participar na creación literaria, ben con relatos, microrrelatos, ou poesías como é o caso da Asociación Aspamite de Teo, a coordinadora do Equipo de Normalización Lingüística Terras do Umia, o CEIP "Ínsua Bermúdez" de Vilalba, os concellos de Fene, Marín, Mondariz e Ordes.

Referencias varias:

- C. B. "Música y teatro en la entregade los premios literarios de Aspamite", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 15 xuño 2009, p. 24.

Dáse conta do acto de entrega e do nome dos galardoados nas diferentes categorías do certame literario da Asociación Aspamite de Teo: en infantil, Álvaro Varela, Andrea Vázquez e Javier Sánchez; en primaria Rodrigo Vázquez, Carmen Feijóo e Laura López e accésit para Jacobo Rivas, José Manuel Fernádez e Willian Cabaleiro; e en secundaria Eva Tato, Laura Gondor e Ana Vilanova.

- M. R., "El CEIP 'Insua Bermúdez' convoca el 13º certamen intantil 'Benjamín Paz", *El Progreso*, "A Chaira", 28 febreiro 2009, p. 12.

Infórmase das bases e do inicio do prazo de admisión das obras de debuxo, poesía e narrativa infantil aspirantes á décimo terceira edición dos premios Benjamín Paz.,

Concurso literario **Luis Antonio Alonso**

Convocado polo instituto Ramón Cabanillas co obxectivo de manter a memoria deste profesor e fomentar a creatividade literaria, tanto en galego como en castelán. Este certame está dirixido ao alumnado de ESO e Bacharelato. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 23 de xuño. Os galardóns, na modalidade de galego, no ano 2009 foron para Marta Lucio Barral, de 4º ESO, con "O señor Pepe", na categoría de ESO; e Mariña Fernández Escariz, de 2º de Bacharelato por "Castelos de auga". Concedéronse dous segundos galardóns a "Querida avoa", de Antía Vázquez Señoráns e "Un esforzo recompensado", de Andrea Paz Mouriño.

Premio de poesía infantil e xuvenil **Manuel Masdías**

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado por TVFerrolCanal31. No ano 2009, o xurado da XIIIª edición de 2008, composto por don Ricardo Diaz-Casteleiro Romero, en calidade de presidente; don Carlos Barcón Collazo, crítico de arte e académico; don Xosé Ramón Vázquez Martínez, catedrático de Literatura; dona Rosa Martínez Dios, profesora de inglés e poeta; dona Aurora Varela, licenciada en Filoloxía Galega e poeta, don Juan Jose Rodríguez de los Rios, escritor e musicologo; dona Africa Otero Beltrán, vogal de promoción da SAF, e actuando de secretaria dona Manuela Castro Cebreiro, profesora e pintora, reunido no Parador de Turismo de Ferrol, o día 14 de abril de 2009, acordou galardoar a Noa Castro Lema, do colexio Ludy, por "Xemelga" e concedeu un accésit a Lara Castro Lema, do colexio Ludy, por "Mar e vento".

Certame Literario **Minerva**. Colexio Peleteiro de Santiago

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel podía participar o alumnado de segundo ciclo de educación secundaria e bacharelato, que cursaran os seus estudos en centros de Galicia e non tiveran cumpridos os vinte anos o 31 de decembro do ano en curso. Os traballos debían ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e podían concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Enviáronse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuraban os datos do autor, que debían vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre figuraban o pseudónimo ou lema e o título da obra e debían remitirse ao Certame Literario Minerva (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, 27, 15701 Santiago de Compostela). Concedéronse tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750, 450 e 300 euros, respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras

galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado, que estivo constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia, deu a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación e a entrega de premios celebrouse no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados debían ler a súa obra total ou parcialmente. Nesta XXXVIIª edición do ano 2009 presentáronse setenta e oito traballos na modalidade narrativa e corenta e catro de poesía. O xurado, na modalidade de narrativa, estivo presidido por Manuel Quintáns Suárez, acompañado dos vogais Armando Requeixo Cuba, Luís Rei Núñez, Iolanda Zúñiga e Milagros Celeiro Arias e como secretaria Teresa González da Silva. A modalidade de poesía, estivo presidida por Luís Alonso Girgado, acompañado dos vogais Francisco Xosé Fernández Naval, Elvira Riveiro Tobío, Mariña Pérez Rei e Francisco Mateo Álvarez. Nesa modalidade poética, o gañador foi Federico Pedreira Nores (IES Sofía Casanova de Ferrol), coa súa triloxía *Pausas*; o segundo premio foi para Lara Porto Mato (colexio Manuel Peleteiro de Santiago) con *Xoves*; e o terceiro para Daniel Martínez Mariño (colexio Junior's de Santiago) por *Aladaíña do verdugo*. Así mesmo concedéronse tres accésits para Sabela Rodríguez Lorenzo (IES Monelos de A Coruña) con *Unha mirada hostil*, Alejandro Coucheiro Limeres (colexio Apóstol Santiago de Vigo) con *Desenrolo inútil* e Juan José Esturao Pena (colexio Peleteiro de Santiago) con *Miradas cúpricas en ceos de chumbo*. Na modalidade de narración, o gañador foi Daniel Martínez Mariño (colexio Junior's de Santiago) co relato "Camiño do leste"; o segundo premio foi para Lorena Riveiro Rodríguez (IES Praia de Barraña de Boiro) por "Como unha boneca rusa" e o terceiro para Aldo Dagraza Valverde (IES do Castro de Vigo) con "O francés" e concedéronse dous accésits a Itziar Domínguez Uriarte (colexio Apóstol Santiago de Vigo) por "A promesa" e a Brais Lamela Gómez (IES Santiago Basanta Silva de Vilalba) con "A baioneta". O acto de entrega tivo lugar o 19 de maio no Colexio Peleteiro.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, "La gran fiesta de las letras", *El Correo Gallego*, "Santiago", "37 edición", 20 maio 2009, p. 25.

Crónica do acontecido durante o acto de entrega dos Premios Literarios Minerva, organizados polo colexio Manuel Peleteiro de Santiago. Asemade de recordar brevemente a historia destes premios que naceron en 1963 e que tras unha etapa de extinción, se volveron retomar en 1984. Dáse conta do nome dos gañadores e dos títulos dos traballos premiados.

- Concha Pino, "Últimos Minerva del viejo Peleteiro", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", "Crónica", 20 maio 2009, p. 16.

Dáse conta dos nomes dos gañadores e dos títulos dos traballos premiados na trixésimo sétima edición dos premios literarios Minerva, que se entregaron nun acto que tivo lugar no Colexio Manuel Peleterio.

Certame de Relato Curto do Concello de **Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca a Concellería de Cultura do Concello de Mugardos que conta coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade. Os traballos debían ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima de dez folios, podendo presentarse até un máximo de tres traballos por participante que debían enviarse á Concellaría de Política Lingüística do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, 45, 15620, Mugardos). O galardón consistiu nun cheque por valor de 300 euros para os menores de idade e 400 euros para os maiores de idade. Nesta VIIª edición de 2009 o prazo de entrega comezou o 15 de setembro e rematou o 15 de outubro. Os galardóns recaeron, na modalidade de menores de idade, no relato "O meu poncho vermello", de Helga Peña Díaz, presentado baixo o pseudónimo Emo Woman, e na modalidade de maiores de 18 anos, en "A evacuación do caudillo", de Xulio Romero Suárez, asinado co pseudónimo Canduas.

Concurso de relato curto **Novos Talentos** de Coca-Cola

Organizado pola Fundación Coca-Cola para fomentar a escritura creativa entre os escolares de 2º ESO co apoio institucional da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Contou con dúas modalidades: relato curto e vídeo-relato. Constou dunha convocatoria a nivel estatal en castelán e diferentes edicións do concurso a nivel autonómico, apostando polas distintas linguas oficiais (galego, eúscaro e catalán). A edición en galego contou con varias fases: unha fase escolar, na que o docente selecciona os alumnos que representarán ao centro escolar na fase provincial; na fase provincial que se celebra no mes de abril nas principais cidades galegas escóllense seis participantes, que reciben un obsequio e un lote de artigos marca Coca-Cola; na fase autonómica participan o relato gañador de cada sector provincial que recibirán unha viaxe de carácter cultural e de ocio; na fase nacional dos dezasete finalistas un xurado estatal seleccionará os seis mellores relatos, dos que sae o relato gañador. Os participantes tiñan que escribir un relato curto en menos de dúas horas a partir de seis palabras (restaurante, gabardina, máquina, alegría, gato e segredo) a incluír no traballo dunha extensión máxima de dúas follas. Na edición de 2009, as finalistas provinciais da fase autonómica foron: Alicia Vilas Lagoa, do colexio Manuela Rial Mouzo de Cee; Julia Prieto Rubio, do Jesús Maestro de Ferrol; Antía Iglesias Beiroa de La Salle de Santiago; Laura González Cabanelas, de Compañía de María de Cangas; Valeria Iglesias Lama, do Santo Ángel-Calasancias de Ourense e Eva Iglesias Gómez, de Montesol de Vigo; e a gañadora autonómica foi María Elena López González, do colexio lucense da Asunción. O 8 de setembro un Xurado Estatal escolleu ao gañador absoluto da 49ª edición. O galardón foi para a sarriá María Elena López González co relato "Concierto para nadie".

Referencias varias:

- Cristina López Rodríguez, "O concurso anual de relatos curtos de Coca-cola, por primeira vez en galego", *Galicia Hoxe*, "Vivir", "Aulas", 23 xaneiro 2009, p. 11.

Infórmase da dinámica do concurso, anímase á participación e explícase que os aspirantes contan cun foro no que poden intercambiar opinións que lles axuden a prepararse para o concurso. Saliéntase que, como novidade, este ano se poderán presentar contos en galego para un concurso autonómico en paralelo, que terá premios

semellantes á convocatoria nacional. Asemade, acóllese un breve fragmento do relato co que Alba Cambeiro quedou finalista estatal por Galicia na convocatoria do ano pasado.

- M. O., "Más de 30 escolares en el concurso de relatos cortos en gallego Coca-Cola", *Diario de Ferrol*, "Ferrol", "Ciudad", 25 abril 2009, p. 6.

Faise eco da celebración da versión galega deste concurso, proba á que se presentaron trinta e seis alumnos de alumnos de segundo da ESO de diferentes institutos da cidade de Ferrol. Tamén se informa que simultaneamente outros alumnos, até un total de trescentos, desenvolveron esta proba en diferentes cidades galegas, destacando a celebrada en Santiago, que foi inaugurada pola escritora Fina Casalderrey, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil pola súa novela *El misterio de los hijos de la luna.*

- A.C.V., "La sarriana María Elena López gana el premio de relato 'Jóvenes Talentos", *El Progreso*, "Sarria", 24 maio 2009, p. 19.

Infórmase que a sarriana María Elena López González, que vén de recibir o Premio Literario Escolar Caixanova, será a encargada de representar a Galicia na final estatal do concurso, no que participaran un total de dezasete mozos, co que se pretende reforzar a vocación dos xóvenes autores.

- Ana Casanova, "A moza galega que mellor escribe", *El Progreso*, 29 maio 2009, contracuberta.

Recóllense algunas afirmacións de María Elena López González, quen ademais de ser a gañadora por Galicia do concurso de xóvenes talentos que organiza a marca Coca-Cola é unha das seis mellores a nivel estatal. Dáse conta tamén doutros galardóns, que neste curso, recibiu esta sarriana de catorce anos, como foron o premio de Poesía de Nadal da biblioteca de Sarria, o premio da biblioteca pública de Lugo, o certame de contos e relatos curtos Trapero Pardo, o concurso Amigos para Sempre do Consello da Xuventude Galega, o Premio de Vitucultura na Ribeira Sacra da Feira de Amandi e o primerio premio dos certames autonómicos de Caixanova.

- Lucía Porto, "María Elena López gana el certamen 'Jóvenes Talentos", *El Progreso,* "Sarria", 10 setembro 2009, p. 22.

Coméntase que a sarriá María Elena López foi a gañadora do certame "Jóvenes Talentos" e que o seu relato foi seleccionado entre os máis de 10.000 traballos presentados por alumnos/as de segundo da ESO de toda España. Ademais de recoller as declaracións do pai da nena, sinálase, entre outras cousas, como se desenvolveron as probas do concurso até quedar seleccionados os tres mellores.

- L. P., "Sarria reconoce la trayectoria literaria de María Elena López", *El Progreso*, "Sarria", 31 outubro 2009, p. 20.

Apúntase que o concello de Sarria recoñece a traxectoria literaria de María Elena López González, de catorce anos de idade, que se fixo este ano con premios en dez concusos de redacción, entre os que se encontran os de ámbito estatal: o certame nacional de

Jóvenes Talentos da Fundación Coca-Cola, do que foi seleccionada gañadora absoluta e Háblame de tu abuelo.

Premio **Ourense de contos para a mocidade**. Agrupación de Libreiros e Casa da Xuventude

Convocado dende os seus inicios pola Agrupación de Libreiros e pola Casa da Xuventude de Ourense, conta co patrocinio da Concellaría de Cultura e a Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar, como contribución á festa do Día das Letras Galegas. Ten o obxectivo declarado de promover a creación literaria en galego entre a mocidade, para iso, este premio dirixiuse á mocidade de entre catorce e trinta anos de idade que elaborase, nun mínimo de seis e máximo de vinte cinco folios a duplo espazo, un relato inédito e orixinal de tema libre. Os premios consistiron nun primeiro de 800 euros e en catro accésits de 250 euros cada un, ademais da publicación da obra. O xurado sempre estivo constituído por persoas pertencentes ou directamente nomeadas polas entidades convocantes. No ano 2009 (XXVIª edición) engadiuse o galardón de homenaxe a Eduardo Blanco Amor, dotado con 500 euros para o mellor conto escrito por un alumno matriculado nun centro de ensino de Ourense. Nesta edición o prazo de admisión rematou o 26 de abril, presentáronse vinte e cinco relatos e o xurado, composto por Serafín Alonso, Natividade Borrajo, Raquel Feijoo, Marco Valerio Lama, Soedade do Muiño e Benito Losada, como secretario sen voto, decidiu premiar o relato "Sombras para despois de Walpurgis", do ourensán Alberto Rodríguez Díaz. Os catro accésits recaeron en Noelia García Gómez, da Peroxa, por "As Elas" ; Miguel Ángel Rodríguez Fervenza, de Moaña, por "A brigada necrolóxica"; Miguel Segador López, de Ourense, por "O secretario" e Aldara Nóvoa Justo, de Ourense, por "Memoria dunha servilleta, 2". O premio Blanco Amor foi para Andrés Ocampo Lourido, por "Belén". A entrega dos premios tivo lugar no mes de xuño durante a Feira do Libro de Ourense.

Certame Literario de la Asociación de Pais do Colexio **Peleteiro de Santiago**

Certame convocado pola Asociación e Pais de Alumnos do Colexio M. Peleteiro para o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de ESO nas modalidades de poesía e narración. Na edición de 2009 resultaron gañadores, en terceiro de educación primaria, na modalidade de narrativa, Beatriz Amoza Dávila, seguida por María Tomé Castro e Paloma Argüello Domínguez, mentres que o accésit foi para Alba Bermúdez Barreiro. En poesía os premiados foron Silvia Pichel Vázquez, seguida por Eva Diez Sanchidrian e Juan Blanco Silva, además de Helena Carballal Zamudio, que obtivo o accésit **.** En cuarto de Primaria, os gañadores en Narración foron Francisco Garrido Enjamio, seguido por Fernando Mostaza Malvar, Cristina Capeáns García e Teresa Fandiño Docanto, sendo os premiados en Poesía José Manuel Rosales Varela, seguido por Alberto Álvarez López, Leo Cebreiro e Patricia Pena-Manso Corral, que obtivo un accésit. En quinto de Primaria obtiveron galardóns en Narración Paula Otero Riveira, seguida de Germán Sastre Furones, Antía Suárez Sanmartín e Miguel Rodríguez Otero, mentres que en Poesía, Ana Liñares Lourido, Luis Fernández Martínez, Manuel Tojo Figueira e Fernando Quinteiro Corde.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. do *Informe*.

Ponte nas ondas!

Organizado pola Asociación Cultural e Pedagóxica "Ponte... nas ondas!" e patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte e a Delegacão Regional de Cultura do Norte de Portugal (DRCN) e a Direccão Regional de Educacão do Norte (DERN), que promoveu este premio dentro do programa da Semana de Literatura de Tradición Oral co obxectivo de que os centros escolares continúen co labor de conservación do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, contribuíndo á promoción e transmisión das expresións desta tradición. Estabelecéronse catro categorías de premios: ensino primario, secundaria, bacharelato e ciclos formativos. Cada un deles recibiu un primeiro premio de 1.000 euros e un segundo de 500, ademais dunha escultura de Antón Román creada para a ocasión. Os traballos podían ser de calquera das expresións da tradición oral, tanto en prosa coma en verso. Nesta terceira edición de 2009 o tema foi "Os tesouros humanos vivos" e o prazo de entrega rematou o 4 de xuño. A esta edición presentáronse trinta e sete traballos, procedentes de vinte e dous centros de ensino de Galicia e Portugal e engadiuse a categoría de ensino universitario. Os galardóns foron para: o Jardín de Infancia de Brândara co "O tesouro do penedo da moura", coordinado por Jorge Manuel da Fonseca Barbosa e o proxecto "Calendario refraneiro" do CRA Amencer de Ribadavia, na categoría de ensino primarioEn Ensino Secundario foron para o proxecto "Abre-te sineta" da Escola Secundária c/3º Ciclo de Castro Verde, coordinado por Joaquim Rosa e Paulo Gaspar, e un segundo premio ex aequo para os proxectos da Escola E,B 2,3/S de Baião "Recolha de Talhas e Curas", elaborado por Sónia Santos e Sofia Santos e coordinado por Branca Santos, e para "A Chula de Baião" de Daniel Osvaldo da Fonseca Figueiredo coordinado por Branca Santos, e unha mención especial aos centros Escola Básica Integrada de Apúlia e á Escola Básica 2,3/S de Baião. En Ensino Profesional para: o proxecto Rancho Regional de Fafel-La-mego do Centro de Formação Profissional da industria da Construção Civil e Obras Públicas do Norte, coordinado por Angela María Ferreira Morais; os traballos "As vozes que guardam a lenda", "Á descoberta das Banjas en Santa Iria", "Bordar a ouro e prata no concelho de Gondomar" e "Nossa Señora do Rosario", da Escola Profissional de Gondomar, coordinados por Joana Leite. En Bacharelato/Ensino Complementar para: os traballos do IES de Becerreá de Lugo, coordinados por Julio González Teixeiro e Alberto Valverde Otero, salientadno os traballos relacionados coa transcrición e identificación de contos da transmisión oral; o proxecto "Lengalenga da raposa e do gato", da Escola Secundária de Aroua, coordinado por Marcia Cristina Ferreira. Na categoría Universidade/Ensino Universitario para: o proxecto "O Patrimonio Cultural Inmaterial da Baixa Limia. Concellos de Lobios e Entrimo", de Carolina Borges Veloso, coordinado por Manuel Cid Fernández, no que se identificou, entre outros, as fábulas e contos de animais; "Enterro do João" e "Sexta-Feira 13", de Diana Filipa da Cunha, do Instituto Superior de Egenheria do Porto e coordinados por Delminda Lopes. Concedeuse unha mención especial á proposta "Tapiçaria tradicional" do Centro Cerciespinho, de Aveiro, coordinada por Fátima Milheiro.

Certame literario **Ramón Martínez López**

O Concello de Boiro e a Biblioteca Pública Municipal co obxecto de fomentar a creación literaria entre o alumnado do Concello convocan este certame nas modalidades de conto, relato e poesía para salientar a figura deste fillo predilecto boirense. Diríxese o alumnado dos centros de ensino primario e secundario do Concello de Boiro e os nacidos ou residentes en Boiro. As obras debían ser inéditas, escritas en lingua galega, e de tema libre. Cada participante podía presentar un único traballo. Estabelecéronse seis categorías na modalidade de narrativa: A (3º e 4º de primaria) cunha extensión máxima de 2 folios, B (5º e 6º de primaria) cun máximo de 4 folios; C (1º e 2º de ESO), cun máximo de 8 folios; D (3º e 4º de ESO), cun máximo de 12 folios; E (bacharelato e formación profesional) cun máximo de 20 folios e F (poboación en xeral), cun máximo de 20 folios; e unha categoría única (calquera persoa maior de 13 anos) na modalidade de Poesía cunha extensión máxima de 70 versos. Os primeiros clasificados das categorías A, B e C de Narrativa recibiron un vale de 100 € , os segundos clasificados, un vale de 60 € , e os terceiros clasificados un vale de 40 €, para mercar en calquera comercio de Boiro, na Categoría D e E a contía ascendeu a 150 €, 100 € e 60 €, e na Categoría F houbo un 1º premio de 150 €. Na modalidade de poesía o galardón foi de 150 €. O xurado podía declarar deserto algún premio ou concedelos "ex aequo". Os traballos debían presentarse antes do 4 de abril de 2009 na Biblioteca Pública Municipal de Boiro (1ª planta da Casa da Cultura "Ramón Martínez López") que se ampliou até 0 17 de abril.

Certame de Contos e Lendas **Ramón Piñeiro**

A Concellería de Cultura, Educación e Participación Veciñal do Concello de Tomiño, convocou este premio, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, por primeira vez en 2009. A súa finalidade é dar a coñecer a figura do escritor Ramón Piñeiro; recoller os contos e lendas tradicionais dos distintos lugares e parroquias, creando o primeiro Banco Documental do Concello, e fomentar a afección da narrativa entre os nenos e nenas. Estabelécense dúas categorías: Infantil 1(8 -9 anos); Infantil 2 (10-11 anos); Xuvenil 1 (12-13-14 anos) e Xuvenil 2 (15-16-17 anos). Podían presentarse traballos, orixinais e inéditos, con temática libre, en formato de conto ou lenda cunha extensión máxima de cinco folios, que se entregaron no Servizo de Cultura do Concello de Tomiño até ó 23 de marzo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor/a. Concedéronse tres galardóns por categoría, compostos por unha bicicleta, un diploma e a publicación do traballo, para o primeiro, e un lote de libros, diploma e publicación das obras, para o segundo e o terceiro. Os traballos seleccionados formaron parte dunha publicación que foi entregada aos participantes e aos galardoados nun acto público o 17 de maio. Os galardoados nas diferentes categorías foron: Antía Encisa González por "Os tomiñeses quedan sen primavera"; Alexia Castiñeira Ruzo con "Os elementos e a viaxe a Tomiño de Sara"; Lorena Álvarez Rodríguez por "Problema no pobo dos avós"; Sara López Álvarez, por "A cova da ninfa" e Víctor Rodríguez Lomba, por "O bosque da mala sorte", na categoría Infantil; e Tamara Alonso Pereira, con "Unha lenda diabólica", na categoría xuvenil (15-16-17 anos).

Referencias varias:

- E.G., “Tomiño crea un Banco de Contos e Lendas con motivo del Día das Letras”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 7 marzo 2009, p. 19.

Comenta que xurdirá o primeiro Banco de Datos e Lendas por iniciativa do concello de Tomiño, tras a celebración do certame narrativo convocado dende a Concellería de Cultura. Indícase que este certame tenta dar a coñecer a figura do autor de Láncara por ser a figura a quen se dedica en 2009 o Día das Letras Galegas. Refire ademais que esta iniciativa tamén pretende recoller contos e lendas tradicionais das distintas localidades de Tomiño e fomentar a narrativa.

Certame de literatura xuvenil **Suárez Ferrín** do Concello de Culleredo.

Organizado pola área de Cultura do Concello de Culleredo e o Instituto de Estudios Políticos e Sociais, está dirixido a mozos de menos de trinta anos que presenten un relato para salientar os valores cívicos e morais da sociedade en galego ou castelán. Debían presentarse cinco copias baixo lema cunha extensión entre oito e quince folios, mecanografados a dobre espazo. O galardón consistiu nun premio de 1.000 euros. No ano 2009 convocouse a décimo edición co tema “A poutada da fame: unha realidade”, o prazo de admisión rematou o 14 de marzo e o acto de entrega tivo lugar o día 17 de abril.

Certame de Contos e Relatos Curtos **Trapero Pardo**. Concello de Lugo

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaoito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaoito anos. Na edición de 2009, na categoría de 12 a 14 anos o xurado outorgou o primeiro premio ao relato “Cadaleito de materia escura”, de Iris González Rivas, do IES Santiago Basanta Silva, de Vilalba; o segundo premio recaeu en “Posn Minae”, de María Elena López González, do colexio Nosa Señora da Asunción, de Sarria; mentres o terceiro galardón recaeu en “A chusca dos meus ollos”, de Aitor Arello, do IES Perdouro, de Burela. Na segunda categoría, de 15 a 18 anos, o primeiro premio foi para Brais Lamela Gómez do IES Basanta Silva, de Vilalba polo relato “O pozo prohibido”; Lucía Barrera López, do IES Perdouro de Burela, obtivo o segundo posto con “Naquela noite de San Xoán” e o terceiro premio mereceuno Noelia Martínez Rey, estudante da facultade de ciencias, por “Un verso do poema”. Entre os premiados da primeira categoría repartíronse galardóns valorados en 360 euros, ademais de libros, diplomas e medallas, mentres que a contía da segunda categoría alcanzou os 500 euros.

Premio de relato curto **Varela Buxán**

Convocado polo Concello de Lalín e aberto á participación de todos os mozos nados ou residentes en Galicia. Estabelecéronse dúas categorías: de 12 a 14 anos e de 15 a 18 anos, dotadas cun primeiro premio de 100 euros e dous segundos de 50 euros. Ademais, o xurado pode conceder até un máximo de seis mencións cunha aportación económica de 30 euros a aqueles traballos que considere oportuno. Os orixinais debían estar

escritos en galego, cun mínimo de tres follas e un máximo de dez, mecanografadas a dobre espazo por unha soa cara, de tema libre. Debían presentarse catro copias con seudónimo na Biblioteca Municipal Varela Jácome ou no Museo Municipal Ramón María Aller até o 24 de abril. Os galardóns entregáronse o 17 de maio. Todos os textos premiados serán editados polo Seminario de Estudios de Deza. Na convocatoria de 2009, resultaron galardoadas Marcela Porto e Lara Porto.

Referencias varias:

- C. G., "Convocado el Varela Buxán de relato corto para jóvenes", *El Correo Gallego*, "Área de Compostela", 13 marzo 2009, p. 36.

Dáse conta da convocatoria e as bases da décimo cuarta edición do Premio de Relato Curto Varela Buxán, organizado polo Concello de Lalín, que se entregarán o Día das Letras Galegas.

- maré, "Convocan os galardóns de Relato Curto 'Varela Buxán", *Galicia Hoxe*, MARÉ, 13 marzo 2009, p. 54.

Infórmase da convocatoria e as bases do premios, organizado polo Concello de Lalín.

Concurso de Contos **Vila de Pontedeume**

Convocado polo Concello de Pontedeume e dirixido a alumnos de segundo ciclo de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos de grado medio e superior que non superen os vinte anos, que presentasen un relato en galego cunha extensión entre seis e dez folios mecanografados a dobre espazo que se debía entregar no rexistro do concello (Rúa Real, n.º 13) para potenciar o uso do galego e o interese pola literatura. O galardón consistiu nun premio de 732 euros e a posibilidade de outorgar un accésit. Cada cinco anos edítase un libro cos textos premiados e os finalistas. No ano 2009 convocouse a décimo novena edición, o prazo de admisión rematou o 30 de marzo e a decisión do xurado e o acto de entrega tivo lugar o día 17 de maio no salón de plenos do Concello de Pontedeume. O xurado composto polo escritor Agustín Fernández Paz, que actuou de presidente, Medos Romero, Sandra García Fraga e Viviana Rodil Rodil, concederon o galardón a Uxía Larrosa Villanueva, do IES Alfonso X O Sabio de A Barcala (Cambre) polo seu cono "Sangue" e unha mención especial a José Ismael Ramos Castelo, do IES Virxe do Mar de Noia, por "Unha serie de desatinados infortunios", de entre os trinta traballos presentados.

Premios Relatos Curtos **Xaquina Trillo**

Certame coñecido anteriormente como Premio de Relatos Curtos e Contos Daniel Hortas que na súa décima edición de 2009 pasou a denominarse Xaquina Trillo na honra da escritora vilagarciá nada en 1916 e falecida en 2004. Convocado, xunto co Premio de Poesía O Grelo, pola Fundación Amigos de Galicia, coa colaboración do Concello de Vilagarcía de Arousa, e o patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pertencente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia,

para fomentar a escritura e lectura en galego entre estudiantes de ata dezaoito anos dos Institutos de Ensinanza Secundaria e os Centros de Ensinanza Infantil e Primaria.. Estabelecéronse dúas categorías con tres premios en cada categoría: categoría A para rapaces até 12 anos e categoría B para rapaces até 18 anos. A contía dos tres premios foi de 150 euros, 100 euros e 70 euros na categoría A e de 200, 125 e 75 euros na categoría B. Ademais os contos e relatos foron de temática libre e a extensión mínima de cinco folios na categoría A e de dez na modalidade B, presentándose dúas copias**.** Na categoría A o primeiro premio correspondeu a Javier Rivas Rodríguez, do colexio Valle-Inclán de Ferrol, por "Os catro papiros" e o segundo a Iria Esperón Abril, do CEIP de Baño (Xanza de Valga, Pontevedra), por "Diario de Cristina". Na categoría B resultaron gañadoras do primeiro premio as alumnas de 3.º de ESO do IES da Estrada por "Teño medo", do segundo premio Fátima Coto Domínguez e Gloria López Lorenzo por "Un corte profundo", do IES da Estrada; e do terceiro Laura Castro Lorenzo por "Bagullas de Mel", do CPI Alcalde Xosé Pichel de Coristanco. O premio entregouse o 17 de maio en Vilagarcía xunto o Premio de Poesía O Grelo, anteriormente nomeado Suso Vaamonde.

Referencias varias:

- Damián Pereira, "A estradense Andrea Porto gaña O Grelo de poesía coa obra "ECO in aeternam", *Diario de Arousa*, "Vilagarcía Local", "Cultura", 14 maio 2009, p. 9.

Infórmase da concesión do premio de poesía O Grelo a Andrea Porto Mato, co poemario titulado *ECO in aeternam*. Doutra banda, dáse conta do fallo dos premios de relato curto Xaquina Trillo e achégase información sobre o acto de entrega destes galardóns.

Certame de poesía **Xela Arias**

Organizado polo instituto da Sangriña da Guarda en homenaxe á escritora Xela Arias, dirixido ao alumnado de Ensino Secundario, Bacharelato e Ciclos formativos con dúas modalidades: A (de 12 a 15 anos) e B (de 16 a 20 anos). Podía presentarse catro poemas inéditos, de tema e forma libres e escritos en galego baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor no IES A Sangriña (Avda. de Portugal, 21, 36780 A Guarda). Concedéronse dous premios en cada modalidade de 150 e 100 euros (modalidade A) e 200 e 150 euros (modalidade B). Na III edición do ano 2009, o prazo de admisión dos traballos finalizou o 22 de maio e o fallo do xurado deuse a coñecer o día 29 de maio. O acto de entrega tivo lugar o 4 de xuño. Os galardóns na modalidade A foron para Rosabel Rodríguez Ku, alumna de 3º de ESO do IES A Sangriña; e na B para Pablo Lomba Riego (1º premio), alumno de 1º de bacharelato do IES A Sangriña; Lucía Barrera López (2º premio), alumna de 1º de bacharelato do IES Perdouro de Burela; Moisés Martínez González (3º premio), alumno de 2º de bacharelato do IES Pedra da Auga de Ponteareas. Concedeuse unha mención especial a María Lueiro García, alumna de 1º de bacharelato do colexio Maristas-Cristo Rei da Coruña.

Referencias varias:

- María Xesús Nogueira, "Xela Arias e a cultura cotiá", *Diario de Pontevedra*, "Opinión & análisis", p. 29/*El Progreso*, "Opinión", p.27, 6 xuño 2009.

Subliña a importancia de pequenas iniciativas culturais, a raíz da súa participación no III Certame de Poesía Xela Arias, modesto certame fomentado polo instituto de ensino secundario A Sangriña da Guarda, que ten como obxectivo manter viva a obra desta escritora, que se define como unha das poetas máis "singulares e innovadoras" da literatura actual e da que se destaca o compromiso co seu tempo.

Certame de poesía **Xosé A. Barral**

Organizado pola Biblioteca e o departamento de música do IES As Bizocas do Grove, coa colaboración da concellería de Cultura do Grove, a compañía de RTVG e o IES Monte da Vila. Está dirixido ao alumnado de ESO e Bacharelato, estabelecéndose dúas categorías: ESO e Bacharelato, cunha dotación de 125 euros e diploma. Os textos tiñan que ser orixinais, inéditos, escritos en galego cunha . extensión mínima de vinte versos e máxima de vinte e cinco. Tiñan que enviarse seis copias de cada poema baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor ao código postal 36988 de San Vicente, O Grove. Os poemas gañadores foron musicados e estreados no Festival Música nas túas palabras, que tivo lugar no mes de xuño, acto no que se entregaron os premios. Nesta terceira edición de 2009, o certame ampliouse a alumnado de ESO e bacharelato de toda a comunidade autónoma, a data límite de recepción de orixinais foi o 16 de marzo e os galardóns foron para Irene González co poema "Sinto" e Rubén Luengo por "Quen lle roubou a Rosalía?".

Referencias varias:

- Diana López, "O amor ten que estar presente, de forma case inevitabel, no rexistro de calquera poeta", *Diario de Arousa*, "*Arousa, un mar de cultura*", "E fumos ficando sós, o mar, o barco e máis nós...", 21 xuño 2009, contracuberta.

Entrevista a Rubén Luengo, gañador do terceiro certame de Poesía Xosé Antonio Barral co poema "Quen lle roubou a Rosalía?", na que comenta que está sorprendido pero á vez orgulloso polo premio recibido, do motivo do título *Cien de ellas* no que recolle o poema premiado e mais outros textos escrito nos anos 2007 e 2008 até chegar ás cen composicións de temática variada (natureza, política, saudade e, sobre todo, amor) dedicadas ás súas amigas, as cales lle recomendaron presentarse ao certame. Admite que o que o motivou a escribir poesía foi unha experiencia amorosa e que entre os poetas que o inspiran están Ángel González, Pablo Neruda e, sobre todo, Joaquín Sabina. Para rematar sinala que, aínda que non descarta seguir coa lírica, neses momentos estaba máis centrado nos seus exames de selectividade.

Certame de Poesía **Xosé Carlos Caneiro Pérez**

Convocado polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria, ESO, Bacharelato e Ciclos formativos dos centros de ensino desa comarca. O poema ten que ser orixinal, inédito, con temática e o

estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere os vinte catro versos e asinado cun lema. O prazo de admisión abrangueu até o 7 de maio. Os traballos preseleccionados recibiron como premio un lote de libros e estabelecéronse tres premios de 90 euros, 60 euros (2º premio) e 30 euros por cada un dos catro niveis nos que se pode concursar. O fallo dos galardóns dos dous certames tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. Setenta e seis estudantes dos centros CEIP O Castiñeiro de Laza, CEIP de Oímbra, CEIP Amaro Refojo, Colexio María Inmaculada, Colexio Apostólico Mercedario, IES Castro de Baronceli, IES Xesús Taboada Chivite e IES García Barbón de Verín presentáronse a este concurso. En Primaria o primeiro premio foi para "Sentimentos dun libro", de Esther Estévez Casado, o segundo para "Non quero medrar", de Alejandra Franco Álvarez e o terceiro para "A lúa", de Jennifer Valencia Gonçalves. En 1º Ciclo de ESO: Iván Hervella Tuñas polo seu poema "Camiño", o segundo para Pablo Rodríguez González por "Dúbidas" e o terceiro para "Xuntos", de Yasmín González Freitas. En 2º Ciclo de ESO: o primeiro premio foi para "Pesadelos de moribundo", de José Bahamonde Araujo, o 2º premio para "Un reloxo de cristal", de Ángel Payo Simón e o 3º para "Agora que?", de Marcos Álvarez Martínez. En Bacaharelato recibiron galardóns: "Renunciar a ti", de Ana González Hervella e "A primavera", de Alvaro Rúa Manso.

Certame literario **Xosé Lois Miguéns** da Asociación Cultural "Os Penoucos".

Convocado pola asociación cultural "Os Penoucos" de Valga, este certame divídese en dúas categorías na modalidade literaria: menores de doce anos e maiores de idade. O xénero, o tema e a extensión dos traballos é libre, mais deben estar escritos en galego e cada participante pode presentar os textos que desexe.Os traballos debían presentarse até o 14 de maio nas secretarías dos institutos e colexios do Concello. A entrega dos galardóns da cuarta edición do ano 2009 tivo lugar o 17 de maio na Casa da Cultura de Valga. A gañadora foi Rocío Leira Castro de Cee co traballo "Aturuxos da Nostalxia", presentado baixo o lema de "Arume".

Referencias varias:

- C. G., "É a hora dos aprendices de escritores", *Diario de Pontevedra*, "Vivir en Caldas", 6 maio 2009, p. 6.

Dáse conta da convocatoria e das bases da duodécima edición do concurso literario que organiza a ANPA do colexio Xesús Ferro Couselo de Cordeiro e do cuarto Certame Literario- Artístico Xosé Lois Miguéns, galardóns que se entregarán o Día das Letras Galegas na Casa de Cultura de Valga.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Alvar, Carlos e Jenaro **Talens** (eds.), *Locus Amoenus. Antología de la lírica medieval de la Península Ibérica (latín, árabe, hebreo, mozárabe, provenzal, galaico-portugués, castellano y catalán)*, selección, prólogo, notas e tradución dos poemas en latín, mozárabe, provenzal, galaico-portugúes e catalán de Carlos Alvar e Jenaro Talens, Barcelona: Círculo de Lectores/Galaxia Gutenberg, 2009, 1250 pp. (ISBN Círculo de Lectores: 978-84-8109-636-1//ISBN Galaxia Gutenberg: 978-84-672-2011-1). ■

Edición bilingüe a partir dos textos orixinais en latín, árabe, hebreo, mozárabe, provenzal, galego-portugués, castelán e catalán, linguas que conviviron ao longo de case setecentos anos na Hispania medieval. Carlos Alvar (Granada, 1951) e Jenaro Talens (Tarifa, Cádiz, 1946) achegan, ademais da selección e a tradución ao castelán actual de máis de catrocentas composicións, unha introdución e un útil apéndice de referencias biográficas e cronolóxicas. A poesía en latín, coa que se inicia a antoloxía, está representada por quince textos do *Cancioneiro de Ripoll*; a lírica árabe, por dez poetas e vinte composicións; a poesía en hebreo recolle nove autores e trinta e un poemas; a poesía mozárabe reúne oito autores de nome coñecido, con doce pezas, ademais de dous textos anónimos; entre os trobadores cataláns que escribiron en provenzal escóllense cinco, que acumulan un total de vinte composicións; en galego-portugués son corenta e catro poetas e cento sete poemas; os textos casteláns presentan fragmentos de obras non exclusivamente líricas, como disputas, poemas haxiográficos, Berceo, *Libro de Alexandre*, *Historia Troyana*, *Libro de buen amor*; *Catón glosado*, *Sem Tob* ou *Rimado de Palacio*; tras o mester de clerecía, veñen os grandes poetas do século XV e a poesía de cancioneiro: cincuenta e cinco autores e cento trinta e oito obras, incluíndo as anónimas. A poesía en catalán conta con dezaseis poetas e trinta e dous textos. O libro péchase coa recensión biográfica e cronolóxica dos autores incluídos na escolma.

Recensións:

- Clara Janés, "Locus amoenus. Antología de la lírica medieval de la península ibérica", *El Mundo*, "*El Cultural*", 19-25 xuño 2009, p. 18.

Destácase da antoloxía da lírica peninsular medieval, *Locus amoenus*, editada por Carlos Alvar e Jenaro Talens, o carácter multilingüe dos textos antologados, presentados na súa lingua orixinal e nunha tradución ao castelán, e abórdanse algunhas das temáticas presentes. Explícase que os textos en latín proceden na súa maioría do *Cancioneiro de Ripoll*; as composicións en árabe abordan temáticas moi diversas, da morte ao pracer da bebida; a poesía hebrea ten un ton de crítica social ou filosófica; nas jarchas en mozárabe fálase da paisaxe e do amor; na lírica provenzal detéctase maior influencia de Francia e do seu sistema cultural e social; na lírica galego-portuguesa esa influencia está peneirada por un substrato tradicional e conta con exemplos excelsos coma o de Afonso X; a poesía castelá de cancioneiro do século XIV e XV marca a aparición dos grandes autores medievais, do mesmo xeito que a lírica en catalán supón a aparición dos autores fundadores da literatura nesa lingua.

- Lidia Fontoira Suris, "O pracer da lectura", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 126-127.

Centra a súa antención en *Locus amoenus*, na que Carlos Alvar e Jenaro Talens ofrecen o mosaico completo da poesía hispánica medieval nunha edición bilingüe que presenta os poemas seleccionados na súa lingua orixinal e na tradución ao castelán. Destaca o feito de que trata dunha obra de grande alento pois antoloxiza a produción lírica de case sete séculos, escrita en oito linguas. Non obstante, bota en falta a presenza clarificadora de notas a pé de páxina para resolver dúbidas ou explicar termos. Desmiúza os diferentes bloques que integran esta antoloxía, polo que alude aos seus autores e á temática e forma dos poemas, entre outras cuestións. Polo que se refire ao apartado dedicado á poesía galego-portuguesa, apunta que se inclúen cento sete cantigas de corenta e catro trobadores e que a versión castelá dos textos é obra dos antólogos e do profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago Gutiérrez García. De igual modo, fala das referencias bibliográficas, índices e introdución desta obra "vivamente" recomendada, na que se reflexiona sobre o multiculturalismo da Hispania medieval, intentando desbotar falsos tópicos de harmoniosa convivencia de culturas, e na que se ofrecen explicacións histórico-literarias sobre as diferentes creacións líricas.

Referencias varias:

- María Pérez, "La España medieval según su poesía", *El Mundo*, "Cultura", 14 febreiro 2009, p. 41.

Advírtese da publicación dunha antoloxía que reúne baixo o título *Locus amoenus* unha representación da poesía de todas as culturas da Península entre os séculos VIII e XV: poemas goliárdicos en latín, poesía trobadoresca provenzal, cantigas de amor, amigo e escarnio galego-portuguesas, así como poemas mozárabes, cataláns e casteláns.

- Francisco R. Pastoriza, "Un viaje al Medievo. Varias publicaciones recientes traen a la actualidad la lírica y la épica de la Edad Media", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 600, 28 febreiro 2009, p. 1.

Ofrécese unha panorámica sobre a situación lingüística na Península Ibérica na Idade Media co gallo da publicación de varias obras que antologan ou comentan esa lírica. Destácase a fecundidade do caso galego-portugués, tanto en autores coma en textos, e noméanse as distintas escolas poéticas que tiveron lugar na Península. Tamén se salienta a convivencia pacífica entre as tres culturas relixiosas. Entre as obras publicadas, destácase polo seu particular interese, a antoloxía *Locus Amoenus*, onde se recollen dende a lírica tradicional en lingua vernácula, até a lírica cortés en vulgar, pasando polas líricas cultas latina, árabe e xudía.

Barros, Carlos, *Torres, varas e demos: os Irmandiños da Ría de Muros-Noia*, Noia: Editorial Toxosoutos, 2009, 196 pp. (ISBN: 978-84-92792-13-9).

Obra de Carlos Barros (Vigo, 1946) na que se investiga a gran revolta irmandiña na ría de Muros e Noia, con especial atención ao desaparecido castelo de Outes, obxecto das iras xusticeiras e demoledoras dos campesiños e cidadáns dos seus arredores. Amósase

que, malia a crenza xeral, naquel entón de que a Santa Irmandade caera do ceo para combater aos cabaleiros do demo, a rebelión social de 1467 ten tamén os seus antecedentes e consecuentes nas vilas e parroquias dos actuais concellos de Muros, Outes, Noia e Lousame. Revísase e actualízase, xa que logo, a historia da Baixa Idade Media nos portos occidentais de Compostela, e nos seus alfoces, dende un enfoque historiográfico, social, político e imaxinario, que procura devolver a xente común ao centro da vida histórica.

Brea, Mercedes (coord.), *Pola melhor dona de quantas fez nostro Señor. Homenaxe á Profesora Giulia Lanciani*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2009, 431 pp. (ISBN: 978-84-453-4784-3). ◆

Volume colectivo en homenaxe á profesora Giulia Lanciani, importante estudiosa da poesía dos trobadores galego-portugueses, o teatro portugués do século XVI e a literatura de viaxes, ao que contribuíron diversos investigadores da Universidade de Santiago de Compostela con traballos en galego, castelán e italiano. Relacionados co estudo da literatura galego-portuguesa medieval encontramos os seguintes artigos:

- Mariña Arbor Aldea, "Escribir nas marxes, completar o texto: as notas ós versos do Cancioneiro da Ajuda", pp. 49-72.

Destácase que as cantigas de amor copiadas no *Cancioneiro da Ajuda* revelan versos caracterizados pola súa insuficiencia dende o punto de vista textual. Afírmase que a complexidade textual require unha análise detida dos poemas, da gran mancha de tinta negra que constitúen as dúas columnas de escritura nas que se distribúen as cantigas e das notas que se localizan nas marxes desas columnas, así como do aparato de glosas que acompaña as pezas poéticas.

- Mercedes Brea, "Vós que soedes en corte morar, un caso singular", pp. 97-113.

Sobre a reprodución da cantiga "Vós que soedes en corte morar" en dous lugares diferentes do *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*, opina que podería considerarse un caso máis de dobre atribución se non fose por un elemento adicional, que non se atopa noutros casos mencionados por Giulia Lanciani no seu traballo "Repetita iuvant?": a modalidade discursiva utilizada é o diálogo propio dunha tensó, na que un trobador se dirixe a outro. Trátase da única tensó de tema político-social na que intervén Lourenço, proposta a este por Martin Moxa, sexa na corte portuguesa de Afonso III ou na castelá de Afonso X.

- Esther Corral Díaz, "En galardom de quanto vos servi. Estudo do galardón en Don Denis", pp. 115-129.

Achega á lírica medieval galego-portuguesa mediante a análise do motivo do *galardón* na cantiga de amor e, máis concretamente, na obra de Don Denis. O estudo céntrase na obra deste trobador porque o rei portugués é, dende moitos puntos de vista, unha especie de compendio de toda a lírica galego-portuguesa. Salienta que o *galardón*, termo antigo na tradición literaria e estendido por toda a lírica trobadoresca románica, pertencente ao vocabulario xurídico feudal, trasládase ao amor cortés. Apunta que Don Denís é o poeta

que máis o emprega no seu corpus e quen lle dá un maior relevo no seu discurso poético. Nisto influíu posibelmente a predilección polo léxico da *fin'amors* que se cultivaba máis alá dos Pirineos. Emprázase na contextualización da coita amorosa, se ben é significativo que nalgunha das pezas de Don Denis se recrea o ambiente de *prazer* con que se revestía o *galardon* na lírica occitana, francesa e italiana.

- Xosé Luís Couceiro, "Algunhas notas bibliográficas para estudantes", pp. 131-138.

Partindo da bibliografía do *Nuovo Repertorio Bibliografico della prima lirica galego-portoghese (1814-1977)*, de S. Pellegrini e G. Marroni, ofrécese un comentario dos repertorios e obras de consulta elementais para todo aquel estudante que se inicia nos contidos de literatura medieval galega, esencialmente da produción trobadoresca.

- Antonio Augusto Domínguez Carregal, "O uso de afan na lírica galego-portuguesa", pp. 153-168.

Explícase que no amplo campo sémico da coita amorosa galego-portuguesa se empregan unha serie de termos para describir a dor e a pena que aflixen o trobador. Saliéntase que o substantivo *afan* é un exemplo de lexema pertencente a esa familia. A súa orixe, os usos e a tipoloxía da cantiga na que aparece constitúe o corpo deste artigo que conclúe cun anexo no que se indica a relación de textos do corpus profano nos que aparece o vocábulo, xunto co xénero, época e trobador ao que pertence.

- Francisco J. Fernández Campo, "A tornada galega do *descort* plurilingüe de Raimbaut de Vaqueiras", pp. 183-188.

Trátase dunha proposta crítica de dez versos galegos escritos fóra de Galicia nun momento en que apenas comezara a tradición lírica na Península Ibérica. Dá conta de que o texto do *Descort* presenta diversos problemas ecdóticos que emanan da súa complexidade plurilingüe, ademais dos estritamente codicolóxicos. Amósase (e ofrécese unha lectura crítica que o demostra) como o coñecemento do galego que tiña Rimbaut era mellor do que manifestan os textos transmitidos polos provenzais, cataláns e italianos.

- Antonio Fernández Guiadanes-G. Pérez Barcala, "Notas sobre o texto e a copia dalgunhas cantigas galego-portuguesas: una errata divisione dei versi", pp. 189-223.

Considérase que o estudo dos aspectos ecdóticos que teñen lugar no proceso de traslado dun texto contribúe a coñecer mellor a fenomenoloxía da copia dos textos nos cancioneiros galego-portugueses do século XVI, a imaxinar como podería ser o antecedente a partir do que aqueles copiaron e as fontes nas que confluíron. Saliéntase que, xunto coa métrica, resulta unha ferramenta de utilidade para o estabelecemento textual dalgunhas cantigas para as que se ofrecen diversas posibilidades de disposición, facendose necesaria a revisión dalgúns esquemas métricos dos textos galego-portugueses e dos tipos de correspondencias paralelísticas.

- Elvira Fidalgo, "A dona loada que a torto foy malhada: ¿un caso de violencia de xénero", pp. 225-238.

Explícase que dos doce textos que se conservan do cancioneiro de Fernan Velho, case todos eles de amor, só dúas cantigas se apartan do rexistro: unha de amigo e outra de escarnio. Dise que unha lectura detida permite ver como Fernan Velho transita pola *topica* para sacar á luz unha aresta nova. Coméntase que aínda que ningunha destas cantigas supón unha crónica de feitos reais, o maltrato físico dentro do matrimonio existía xa na Idade Media, tal como poñen en evidencia documentos xurídicos que explora a autora deste traballo e outros xéneros literarios como as *Cantigas de Santa María*, que axudan a entender a vida cotiá da xente corrente e das clases altas.

- Mª José Folgar, "De las cantigas de escarnio a Pedro Madruga: el 'modelo' del caballero medieval", pp. 239-252.

Tomando como punto de partida as cantigas de escarnio e a figura de Pedro Madruga, a autora estabelece as características do ideal cabaleiresco: valentía, lealdade, liñaxe, xenerosidade, sutileza e sabedoría.

- Déborah González Martínez, "As rimas do corpus poético de Fernan Fernandez Cogominho", pp. 263- 275.

Céntrase no emprego da rima realizado polo trobador Fernan Fernandez Cogominho para amosar, exemplificando coa súa obra, certas tendencias convencionais e algúns casos innovadores, produto da orixinalidade do autor: as fórmulas rimáticas *aabbb* e *abB* como únicos casos do corpus lírico profano testemuñados en B364 e B703/V304 respectivamente; e o predominio das rimas agudas sobre as graves con rimantes correspondentes na súa maioría a formas verbais ou nominais, caracterizadas por presentar unha terminación facilmente relacionábel.

- Santiago Gutiérrez, "Las cantigas de santuario y la peregrinación de Sancho IV a Santiago", pp. 277-290.

Estuda o período de eclosión da cantiga de amigo durante a segunda metade do século XIII, coincidindo coa renovación estética que conduciu á valorización de elementos popularizantes no seo da produción poética trobadoresca doutros ámbitos da Romania. Comenta que neste contexto xorde o cultivo da cantiga de amigo con elementos naturalísticos, impropios do discurso amoroso cortés peninsular, polo que hai que entender o eido popular como substrato precortés que asume o xénero de amigo. Apunta que un conxunto de textos, caracterizados pola presenza dun haxiotopónimo que cumpre a función de ambientación xeográfica, denomínanse cantigas de santuario e amosan unha serie de motivos peculiares, como o encontro dos amantes fronte a un templo localizado en Galicia ou no norte de Portugal e nun ámbito rural e a autoría de xograres galegos.

- Pilar Lorenzo-S. Marcenaro, "Aequivocatio in rimis: le cantigas de escarnio e maldizer galego-portoghesi", pp. 327-348.

O *mot equivoc* nas cantigas de escarnio e maldizer galego-portuguesas asóciase a unha estrutura métrico-estrófica singular e relaciónase con outros elementos de natureza métrica como o dobre, o mozdobre ou a palabra-rima, evidenciando determinadas orientacións estéticas dos trobadores que o utilizan nas súas composicións. Este traballo amosa como todo vocabulario que aparece en posición de rima reforza tematicamente o

texto e se integra nunha estratexia formal e argumentativa que xa dera froitos excelentes na lírica occitana e que a galego-portuguesa importa dela, sendo adaptada ao seu sistema literario.

- Miguel Ángel Pousada, "A cantiga de escarnho e maldizer de Nuno Fernandez Torneol. Unha proposta de edición", pp. 371-388.

Preséntase unha proposta de edición da única cantiga de escarnio atribuída, na tradición manuscrita galego-portuguesa, ao trobador Nuno Fernández Torneol, activo probabelmente na corte de Afonso X, no terceiro cuarto do século XIII. Trátase dunha edición crítica de tipo reconstrutivo por considerar o autor que este método crítico e este tipo de edición son os máis axeitados, dende o punto de vista filolóxico, para aqueles textos que foron transmitidos a través de varios testemuños.

Corral Díaz, Esther, Lydia **Fontoira Suris** e Eduardo **Moscoso Mato** (eds.), *A mi dizen quantos amigos ey*. *Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, limiar de Lydia Fontoira, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, col. Homenaxes, 2009, 659 pp. (ISBN: 978-84-9887-118-0). ◆

Volume colectivo no que se recollen varios traballos de investigación filolóxica en homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro. Son de especial interese para o estudo da literatura medieval os seguintes artigos:

- Mariña Arbor Aldea, "Notas para a historia do *Cancioneiro da Ajuda*. II. O ms. HC 380-776 (Hispanic Society of America, New York)", pp. 45-56.

Estuda o contido do ms. HC 380-776, propiedade de T. Norton e conservado na Hispanic Society of America de New York. Trátase dunha copia do *Cancioneiro da Ajuda* (*A*) realizada en Porto entre 1843 e 1845, a cal constitúe unha transcrición fiel da edición realizada polo británico Lord Ch. Stuart de Rothesay, suplementada coa reprodución dos textos contidos nos once folios do cancioneiro localizados en Évora. Salienta que a importancia deste manuscrito non só radica no feito de servir de axuda para a reconstrución da disposición que os folios procedentes do Alentejo tiñan antes de incorporarse á estrutura de *A*, senón que tamén achega datos novos sobre o interese que o vello cancioneiro e os fragmentos evorenses espertaron entre os eruditos da época, ampliando a xeografía deste interese ao norte de Portugal.

- Esther Corral Díaz, "O modelo actancial do *mandadeiro* na lírica galego-portuguesa", pp. 111-119.

Céntrase na figura do *mandadeiro*, un personaxe auxiliar que, agochado na máscara do anonimato, traslada "mandados" entre os protagonistas masculino e feminino. A súa función na poética textual perfílase, por tanto, como un *adjuvant* aliado dos amantes que trata de favorecer as súas relacións. Analízanse as tres composicións nas que aparece nomeado, todas elas de amigo, e observa como dúas delas teñen bastantes puntos en común, xa que forman parte da modalidade de romaría e están compostas por poetas galegos de condición xograresca.

- Júlio Diéguez Conzález, "*Roy Queymado* num documento notarial do século XIII", pp. 121-126.

A aparición do nome de Roy Queymado nun documento notarial do século XIII, leva a reflexionar sobre as dificultades que se presentan á hora de identificar un trobador da lírica galego-portuguesa a través de fontes historiográficas. Aínda que o documento ao que fai referencia o título deste traballo certifica a existencia dun suxeito denominado "Roy Queimado" que reúne todas as condicións para poder serlle atribuída a identidade do trobador, insiste en que respecto á investigación histórica sobre os trobadores galego-portugueses os datos da onomástica persoal deben ser tomados con cautela, xa que en moitas ocasións a identificación se fai "por defecto" ao non haber constancia de que existiran na mesma época outros coa mesma nomenclatura. Apunta, así mesmo, que en vista de que unha importante parte da documentación medieval segue sen ser estudada en profundidade, é posíbel que a identidade atribuída até o presente a algún dos trobadores se poña en dúbida ao xurdiren novos candidatos cos mesmos nomes nas fontes historiográficas. O artigo vai acompañado dun apéndice no que se reproduce a transcrición do citado documento.

- Elvira Fidalgo e Xavier Varela, "Achegas para a edición crítica da *cantiga de Valcavado*", pp. 145-154.

Proposta de edición crítica da comunmente coñecida como *cantiga de Valcavado* ou *cantiga do rei Fernando III*. Tomando como punto de partida as edicións existentes sobre o texto, os estudiosos Elvira Fidalgo e Xavier Varela ofrecen a súa particular proposta de lectura, así como un estudo sobre o seu contido, facendo especial fincapé na figura da Virxe, a gran protagonista da composición.

- Déborah González Martínez, "Fernan Fernandez Cogominho e a *sobrinha* que lle *tolheu* o *sén* (B366^{BIS})", pp. 195-204.

Partindo da súa propia proposta de lectura, analiza a cantiga *B*366 do trobador de orixe portuguesa Fernan Fernandez Cogominho, e ocúpase da *sobrinha* que aparece incluída no primeiro verso do refrán, a cal resulta interesante sobre todo dende o punto de vista léxico, posto que se trata da única ocorrencia do vocábulo en todo o corpus lírico profano. Centra o seu interese en dúas interesantes cuestións derivadas da inclusión deste termo na composición: a posíbel identificación desta muller mediante a súa localización na árbore xenealóxica dos Cogominho e a modalidade xenérica da cantiga.

- Pilar Lorenzo Gradín, "Hiato e sinalefa na lírica profana galego-portuguesa", pp. 265-272.

Tomando como punto de partida o ámbito da poesía galego-portuguesa de temática profana, aborda a problemática dos encontros vocálicos. Para acoutar aínda máis o seu campo de estudo, fixa a súa atención nas formas *que, ca* e *se*. A revisión remata cun apartado das conclusións máis salientábeis que se poden inferir dos resultados da investigación.

- María Isabel Morán Cabanas, "A lírica medieval galego-portuguesa revisitada por José Régio: textos, paratextos e intertextos", pp. 293-301.

Leva a cabo un achegamento á obra do artista portugués José Régio, centrando o seu interese naquelas que posúen aspectos que concirnen á lírica galego-portuguesa. Destácase que a afinidade que este autor amosou polos cancioneiros medievais queda particularmente atestado no espazo que lles dedicou nas súas antoloxías, algunhas delas acompañadas de ilustracións.

Referencias varias:

- Concha Pino, "Maestros con mucho recorrido", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "Patio de vecinos", 3 marzo 2009, p. L16.

Breve crónica na que referencia a homenaxe que tivo lugar o 2 de marzo de 2009 na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela ao profesor Xosé Luís Couceiro e onde se presentou este volume, no que colaboraron medio centenar de amigos e discípulos.

- M. J. Cebro, "Couceiro, a largueza", *Galicia Hoxe*, "Vivir>Aulas", 3 marzo 2009, p. 18.

Detalla que a Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela homenaxeou onte a bonhomía e maxisterio do profesor Xosé Luís Couceiro, cualificado como "historia viva da nosa facultade". Das palabras deste emotivo acto de recoñecemento destaca algunhas anécdotas de Couceiro, como o seu característico casco de moto ou o seu interese polo detalle preciso e mais polo matiz. Con respecto a este volume indica que é a demostración da amizade e mais que se nutre de cincuenta artigos, asinados por compañeiros e discípulos do homenaxeado.

- Anxo Tarrío Varela, "Déficit do galego", *Galicia Hoxe*, "A contra", "De letras e de signos", 4 marzo 2009, contracuberta.

Comenta que se lle realizou unha homenaxe a Xosé Luís Couceiro Pérez e indica que no acto, ademais de lembrar anécdotas do escritor, presentaron un libro-homenaxe, *A mi dizen quantos amigos ey*. Así mesmo, achega lembranzas do seu paso pola Universidade de Santiago.

Correa Arias, José Francisco, *A casa dos Andrade, 1160-1540. Nobreza, mentalidade e ideoloxía na Galiza baixo medieval*, Noia: Editorial Toxosoutos, 2009, 768 pp. (ISBN: 978-84-96673-87-8).

Traballo de José Francisco Correa Arias no que se desenvolve o tema da nobreza galega de finais da Idade Media a través da Casa de Andrade, dende as orixes desta liñaxe de milites/cabaleiros, até o señorío do conde de Vilalba (1490-1540). Préstase especial atención ao século XIV, por mor da crise e da guerra civil entre Pedro I de Castela e o Príncipe Bastardo, Henrique de Trastámara, cando os Andrade e outros cabaleiros galegos se aliñan co pretendente don Henrique, alcanzando co seu éxito os escanos da nobreza territorial. A partir destes supostos, analízase a evolución posterior desta liñaxe e da nobreza nova galega, así coma o papel que xoga no proceso de perda de peso de Galicia no conxunto da Coroa. As actividades destes señores do século XV

preséntanse á luz dos cambios sociopolíticos que se impoñeron coa dinastía dos Trastámara, pero tamén dos cambios ideolóxicos que converteron a mentalidade cabaleiresca nun compoñente marxinal da ideoloxía nobiliaria. Por outra parte, estúdase a evolución da Casa de Andrade no proceso da consolidación desta liñaxe, dende o pasamento de Fernán O Boo, até a constitución do morgado e a consecución do título de conde, feitos que converten a esta casa, arquetipo da nobreza nova, na máis poderosa de Galicia, en contraste coa señorialización deste Reino, inmerso nun proceso inverso ao dos señores de Andrade, tanto nos aspectos socioeconómicos coma políticos.

Recensións:

- Vicente Araguas, "A casa de Andrade, 1160-1540. Nobreza, mentalidade e ideoloxía na Galicia baixomedieval", *Diario de Ferrol*, "*Nordesía*", n.º 528, "Libros", 12 abril 2009, p. 20.

Dáse conta da publicación de José Francisco Correas Arias, *A casa de Andrade, 1160-1540. Nobreza, mentalidade e ideoloxía na Galicia baixomedieval*, gañador do VIII Premio de historia medieval convocado polas fundacións comarcais de Muros e Noia e a Editorial Toxosoutos.

Domínguez Touriño, Guillermina e Felicia **Estévez Salazar**, *Tres mulleres galegas de armas tomar. María Balteira, María Castaña, María Soliña*, A Coruña, Baía Edicións, 2009, 79 pp. (ISBN 978-84-92630-13-4).

Obra de Guillermina Domínguez Touriño e Felicia Estévez Salazar sobre tres mulleres galegas: María Balteira, María Castaña e María Soliña. Estruturada en tres partes, comeza cada unha delas cunha reflexión sobre a vida das mulleres no tempo que a cada unha das protagonistas lles tocou vivir: o século XIII para María Balteira, o XIV para María Castaña e o paso do XVI ao XVII para María Soliña. As autoras contrastan a interpretación que as fontes ofrecen sobre estas tres mulleres coa súa propia, tendente a desbotar os mitos que a ideoloxía patriarcal puido crear sobre as tres protagonistas. É de especial interese para o estudo da literatura galega medieval o seguinte capítulo:

- "As mulleres no século XIII: María Balteira", pp. 9-34.

Ábrese este capítulo cun pequeno achegamento á vida da muller durante a Idade Media, facendo especial fincapé no século XIII, época na que viviu María Balteira. A continuación analízase o papel xogado pola figura feminina nos tres xéneros que conforman a lírica profana galego-portuguesa medieval e as distintas características que lle son atribuídas segundo se estea ante un xénero ou outro. Finalmente, as dúas estudiosas céntranse na verdadeira protagonista deste capítulo: María Balteira. Non só se tenta reconstruír o que sería o seu vivir cotián, a través dos datos obtidos dos dezaseis cantares nos que está presente, senón que tamén se deixa constancia daquelas obras contemporáneas nas que aparece tratada.

Fidalgo Francisco, Elvira, *De amor y de burlas. Antología de la poesía medieval gallego-portuguesa*, Vigo: Edicións NigraTrea, 2009, 258 pp. (ISBN: 978-84-95364-85-2).

Nesta antoloxía Elvira Fidalgo leva a cabo un percorrido polas composicións senlleiras da lírica galego-portuguesa, ofrecendo un comentario e unha tradución ao castelán das mesmas. A finalidade da obra é permitir o acceso á lírica producida nas cortes de Castela e Portugal con anterioridade ao século XV a alumnos e profesores de centros de ensinanza españois e a universidades nacionais e estranxeiras. Enténdese a obra como un necesario labor de alta divulgación que sirva de punto de partida para que o curioso lector se mergulle na literatura medieval galego-portuguesa. A obra articúlase sobre os xéneros tradicionais. Deste xeito, recóllense vinte e cinco cantigas de amigo, vinte e cinco cantigas de amor e vinte e cinco cantigas de escarnio. Nun apéndice, ideado como complemento á visión xenérica clásica, recóllense tamén dúas pastorelas, dúas tensós, un dos *lais* anónimos e sete das *Cantigas de Santa María*. A finalidade deste apéndice é ofrecer unha visión panorámica do feito cultural galego-portugués, incluíndo tamén a lírica relixiosa. A antoloxía péchase cunha bibliografía específica, ferramenta de traballo que recolle todas aquelas obras clásicas sobre a temática en cuestión.

Graña, Bernardino e Alexandre **Ripoll**, *Vinte cantigas de escarnio e maldicir*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, n.º 4, 2009, 86 pp. (ISBN: 978-84-936460-6-6).

Escolma de Bernardino Graña (Cangas, 1932) na que se recollen vinte cantigas de *escarnio e maldicir* da lírica galego-portuguesa. A edición destas composicións vai acompañada dunha versión ao galego actual e dunha serie de notas e comentarios de Alexandre Ripoll (A Coruña, 1954) coas que os seus autores pretenden achegar ao público o coñecemento e comprensión destes cancioneiros. Complétase a edición e a versión ao galego moderno cunha serie de comentarios cos que se trata de aclarar o sentido e intencións dos poemas e a súa relación co conxunto do corpus satírico.

López Díaz, Xosé (trad.), *Códice calixtino. O códex calixtinus en galego*, Vigo: Edicións A Nosa Terra/Xunta de Galicia, 2009, 579 pp. (ISBN: 978-84-8341-443-9). ■

Primeira edición completa en galego do *Códice Calixtino*, manuscrito do século XII que exalta o universo xacobeo e enxalza o Apóstolo Santiago ao longo dos seus cinco libros e diversos apéndices. Este manuscrito, traducido do latín *Codex Calixtinus*, e cuxa versión orixinal se conserva na Catedral de Santiago, é unha obra histórica e de referencia para entender o desenvolvemento e orixe da cultura xacobea que nesta edición se acompañada das ilustracións de Francisco Leiro. Componse de cinco libros de temática aparentemente moi distinta pero cun obxectivo común: a exaltación do universo xacobeo. Así, o "Libro I", o máis extenso, é unha antoloxía de textos litúrxicos para as celebracións de Santiago, como homilías tomadas dos Pais da Igrexa e aplicadas ao Apóstolo, himnos e misas. O "Libro II", pola súa banda, conta en vinte dous capítulos outros tantos milagres, conseguidos en diversos lugares pola intercesión do Apóstolo Santiago, chamado por iso "Liber de Miraculis". O principal tema do "Libro III" é a translación do corpo do Apóstolo a Galicia, contada en cada un dos primeiros capítulos de maneira distinta. Neste libro, o máis curto dos cinco que compoñen o Códice, tamén se intentan xustificar as celebracións de festas de Santiago. O "Libro

IV", coñecido como "Pseudo-Turpín" ou "Historia de Turpín", relata como Santiago apareceu ante Carlomagno amosándolle o camiño das estrelas que debía seguir. O último capítulo é unha carta atribuída ao Papa Calixto confirmando a autoridade do libro. Por último, no "Libro V", considerado como "unha guía do peregrino" polo Camiño Francés a Compostela, nárranse como son as xornadas do Camiño, as poboacións por onde pasa e os santuarios que deben visitarse. Os tres últimos capítulos están centrados en describir Santiago, as igrexas e como deben ser recibidos os peregrinos.

Sánchez Miret, Fernando (ed.), *Romanística sin complejos. Homenaje a Carmen Pensado*, Bern: Peter Lang, 2009, 555 pp. (ISBN: 978-3-03911-648-5).

Volume en homenaxe á profesora Carmen Pensado, ao que contribuíron numerosos investigadores repartidos por Europa e América que lle ofrecen o testemuño da súa amizade e admiración, con ocasión da súa xubilación. Nos artigos trátanse problemas que ilustran a amplitude temática da Romanística e que coinciden en boa medida cos puntos centrais da investigación levada a cabo por Carmen Pensado acerca dos motivos e o funcionamento do cambio fonético e os procesos de gramaticalización. Relacionado co estudo da literatura galego-portuguesa medieval, encóntrase o seguinte artigo:

- Mercedes Brea, "De tal razon me vos venho salvar. Acepciones medievales de salvar (se) en la lírica gallego-portuguesa", pp. 289-308.

Afírmase que na Idade Media, aínda que a primeira acepción de "salvar", procedente do latín *salvare* e creado a partir do adxectivo *salvus*, "enteiro, intacto", continúa sendo esta primixenia, rexístranse máis matices significativos pertencentes ao ámbito xurídico. Neste traballo préstase atención ás acepcións documentadas na lírica galego-portuguesa, nas que se converte nun dos termos fundamentais para identificar unha modalidade xenérica específica que se desenvolve probabelmente a imitación doutra occitana.

Tato Fontaiña, Laura e María do Amparo **Tavares Maleval** (organizadoras), *Estudos galego-brasileiros 3*. *Língua*, *literatura*, *identidade*, Rio de Janeiro: De Letras/edUERJ, 2009, 322 pp. (ISBN: 978-85-60559-08-4). ■

Terceiro volume da serie *Estudos Galego-Brasileiros* iniciada en 2003 polo grupo de profesores/as da UDC, coordinado por Francisco Salinas Portugal, e da UERJ, coordinado por Mª do Amparo Tavares Maleval. Foi realizado co apoio da CAPES, entidade do Governo Brasileiro, e ao abeiro do Convenio de Cooperación Internacional Hispano-Brasileiro. Este volume camiña cara aos estudos culturais e a metodoloxía comparativista como fórmulas integradoras de dous sistemas literarios afastados polo mar e unidos pola lingua. No libro aparecen traballos sobre o proceso de creación do himno galego, a manuscrita caligráfica de Novoneyra, o concepto de literaturas emerxentes, narrativa e construción de identidade, Rosalía de Castro e, por último, as orixes galegas da lingua do Brasil. É de especial interese para o estudo da literatura medieval o seguinte artigo:

- Teresa López, "Identidade nacional e tradición medieval arredor do/s neotrobadorismo/s. Primeiras lecturas dos cancioneiros: a perspectiva nacional", pp.

153-171.

Deféndese que a difusión dos cancioneiros medievais coincide co momento inicial de afirmación da existencia da nación, da cultura e da cultura galega, o que explica a relevancia da tradición trobadoresca como demostración e lexitimación da reivindicación e da afirmación nacional. Considérase que a poesía dos trobadores representa as orixes da lingua e neste achegamento dende unha nova perspectiva nacional, a brasileira, está presente a idea de retorno, de reciprocidade.

XI.2. ACTAS

Brugnolo, Furio e Francesca **Gambino** (eds.), *La lirica romanza del Medioevo. Storia, tradizioni, interpretazioni. Atto del VI convegno triennale della Socieà Italiana di Filologia Romanza*, Padova: Unipress, 2 vol., 2009, 953 pp. (ISBN: 978-88-8098-255-5).

Volume que recolle os traballos presentados no VI Convegno Trienale della Società Italiana di Filologia Romanza, que tivo lugar no 2006. Trátase dun instrumento indispensábel para coñecer e profundar na tradición literaria que vai dende os trobadores occitanos aos galego-portugueses, e dende os trobadores franceses á Escola Siciliana dos Stilnovistas. Son de especial interese para o estudo da literatura galega medieval os que a seguir se analizan:

- Mariña Arbor Aldea, "Voz e voces na lírica profana galego-portuguesa: de Airas Moniz a don Afonso Sanchez", pp. 531-558.

Coméntase que Don Afonso Sanchez persegue unha poesía de excelencia onde se combinan distintas vetas temáticas na que o equívoco, a ambigüidade e a ironía xogan un papel de primeira orde, evitando concesións ao tratamento tradicional do tópico poético. Os vellos motivos da tradición lírica galego-portuguesa son sometidos a xuízo, de igual xeito que o propio amor cortés, tal como fora definido e regrado pola común práctica trobadoresca.

- Vicenç Beltrán, "Tipología y génesis de los cancioneros: del *Liederblatt* al cancionero", pp. 445-472.

Descríbense as orixes das compilacións dos cancioneiros das líricas trobadorescas, postulando como antecedentes necesarios para a creación efectiva dos mesmos a existencia de testemuños textuais anteriores que, ou ben recollerían a produción dun autor, ben o intercambio poético entre dous autores (*tenso*, *joc partí*…), ben constituirían un texto utilitario para a posta en escena por parte dos xograres, ou ben serían pequenos cancioneiros ofrecidos como agasallo. En calquera caso, afírmase que estes materiais serían aproveitados polos compiladores posteriores para construír os grandes cancioneiros a partir de mediados do século XIII. Entre a tipoloxía ofrecida por Beltrán, distínguense dous tipos de soportes que determinan dous tipos de testemuños: os rolos (caracterizados pola súa maior antigüidade e por presentar unha disposición textual horizontal, seguindo a apertura do rolo, e en columna única) e os pregos ou fascículos (que recollerían o texto en columnas e suporía unha copia do sistema de confección dos cancioneiros). Para o caso galego-portugués, postúlase que o *Pergamiño Vindel* sería un "liederblatt" en prego, pensado como agasallo a un protector ou mecenas (pola súa riqueza da copia e o coidado da mesma) e que é posíbel reconstruír un "liederblatt" perdido que conservaba unha *tenso* entre Afonso Sanchez e Vasco Martinz de Resende, recuperábel a partir de dúas copias do século XVII, unha das cales contén música. Para os demais casos exemplifícanse as distintas tipoloxías con exemplos de testemuñas catalás, castelás, francesas e occitanas.

- Mercedes Brea, "Angelo Colocci e la lirica romanza medievale", pp. 615-626.

Achega ao traballo realizado por Angelo Colocci no tocante á lírica románica medieval na que se destaca fundamentalmente que o estudioso italiano centrou o seu traballo na obra de Petrarca e na compilación da lírica italiana, mais tamén se ocupou das composicións dos trobadores galego-portugueses, xogando un papel fundamental na súa transmisión.

- Esther Corral Díaz, "Vocabulario trobadoresco: el motivo del *mandado* en la lírica gallego-portuguesa", pp. 583-600.

Trátase o motivo do *mandado* nas cantigas galego-portuguesas, o cal vén sendo un dos menos estudados pola crítica especializada. Posto que dos setenta e tres textos líricos profanos nos que se documenta este termo, case o setenta e cinco por cento do corpus pertence á cantiga de amigo, pártese da configuración que o motivo presenta neste xénero. Despois dun breve estudo sobre a orixe e o valor deste termo, o motivo do *mandado* é estudado dende diversos puntos de vista: segundo a súa situación contextual, segundo os actantes que interveñen nel, segundo o seu contido e o espazo, e atendendo á *dispositio* formal. Finalmente, ofrécese o repertorio de trobadores que utilizan o citado motivo para as súas composicións.

- Antonio Augusto Domínguez Carregal, Marta López Macías, Isabel Vega Vázquez, "BiRMED: Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa", pp. 601-614.

Aparece recollido o manual de usuario da base de datos BiRMED, incluída no subproxecto Lírica profana galego-portuguesa, que forma parte do macroproxecto Arquivo Galicia Medieval desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). Ademais de sinalar os obxectivos do proxecto e as fontes básicas de datos, descríbese detalladamente a organización interna da base e achégase unha listaxe cos termos empregados para as buscas.

- Déborah González Martínez, "Unha aproximación ao estudo do paralelismo e o refrán na lírica galego-portuguesa", pp. 509-530.

Afírmase que a nota *tornel* non se restrinxiu unicamente a cantigas hoxe consideradas de refrán con ou sen variación. Deste xeito, textos acompañados de tal apostila no manuscrito poden ser incluídos na mestría. Indícase que a melodía pode tal vez revelar ou prestar axuda na resolución de que fragmentos textuais son, en realidade, refráns con variación e cales son mostra dun artificioso paralelismo.

- Pilar Lorenzo Gradín, "Sobre el cómputo métrico en la lírica gallego-portuguesa", 493-508.

Analiza a resolución crítica que toman diferentes estudosos con respecto á problemática para estabelecer o cómputo silábico na lírica galego-portuguesa. Indica que a problemática se atopa ao analizar os encontros vocálicos, cuxa división métrica non está estabelecida. Resalta o peso da métrica mediolatina e o da música para tentar resolver estes problemas. Así, analiza varios tipos de encontros vocálicos que manifestan a insuficiencia da aplicación dos varios sistemas teóricos de edición para resolver as incongruencias que presentan os códices. Conclúe que a linguaxe trobadoresca galego-portuguesa non é unitaria no que respecta aos encontros vocálicos, subordinándose á

isometría versal e á norma gramatical. Polo tanto, afirma que todo caso que se aparte do sistema debe ser resolto atendendo a estas dúas cuestións.

- Simone Marcenaro, "Nuove proposte interpretative per Pero da Ponte", pp. 571-582.

Despois dun pequeno achegamento á figura e obra do trobador de orixe galega Pero da Ponte, ofrece a súa particular proposta interpretativa dunha serie de cantigas de escarnio e maldicir deste trobador. Afirma que se trata dun dos primeiros en presentar unha pluralidade de temas nas súas cantigas de escarnio e maldicir, centrándose sobre todo no sector da polémica social.

- Juan Paredes, "Texto y contratexto en la lírica galaico-portuguesa. En torno a la cantiga *B 460* de Alfonso X", pp. 559-570.

Defende que a lírica galego-portuguesa ten que ser considerada como un ente vivo en constante evolución e transformación, de acordo coa xenialidade e a liberdade dos autores. Tamén considera que debe subliñarse a individualidade poética, capaz de sobrevoar a fixación estabelecida dun código canónico. Salienta que a innovación de poetas como Afonso X tiña que conducir necesariamente á ruptura dos modelos estabelecidos, como proba da xenialidade creadora.

- Carlo Pulsoni, "Di un´antica lirica pre-trobadorica in lingua lusitana. Letteratura, falsi e politica nel Portogallo del´600", pp. 627-674.

Analízanse neste traballo algúns textos líricos portugueses de Gonçalo Hermiguez, Egas Moniz Coelho, e o poema épico *A perda de Espanha*, dende unha evocación ao traballo de Aurelio Roncagliam, "Di una tradizione lirica pretovadoresca in lingua volgare". Apunta que a cronoloxía destes textos se remonta ao século XII, precedendo o extenso período da lírica provenzal.

- María Ana Ramos, "La genesi di un canzoniere: copisti e dinamica testuale", pp. 473-492.

Estuda a importancia da figura do copista á hora de fixar textualmente os textos da lírica galego-portuguesa, especialmente para o caso particular do *Cancioneiro de Ajuda* e a súa dinámica textual. Conclúe que todo cancioneiro medieval está caracterizado por un corpus dinámico e deformábel, que está en constante cambio e que a actuación do copista sobre o texto contribúe a estancar ese corpus, a fixalo. No caso de *Ajuda*, considera que manifesta ás claras a intervención dos copistas nos textos que, logo de compilados, lle mandan copiar. As dúas mans que se aprecian na copia de *Ajuda*, propoñen distintas solucións para a transcrición do texto e a solución de cada un dos copistas é diferente. A intervención no texto destas dúas mans é clara en varios lugares críticos do *Cancioneiro* e polo tanto, na fixación textual do corpus da lírica galego-portuguesa.

XI.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Bertolucci Pizzorusso, V., "L'arte e l'artista nel canzoniere mariano alfonsino", *Alcanate: Revista de Estudios Alfonsíes*, vol. VI, 2008-2009, pp. 197-206.

Analiza os principios retóricos que rexen a escritura do cancioneiro mariano alfonsí. Na súa opinión, a obra adscríbese á tradición retórica do *stilus humulis*, tomando como referentes elocutivos os principios indicados na obras ciceronianas. Así xustifica que as narracións miraculísticas alfonsinas seguen un camiño estrutural sinxelo, adoitado ao *ordo naturalis*, con abundantes recursos explicativos e apositivos, para que o público entenda o que se narra.

Cómez Ramos, Rafael, "La arquitectura en las miniaturas de la corte de Alfonso X el Sabio", *Alcanate: Revista de Estudios Alfonsíes*, vol. VI, 2008-2009, pp. 207-225.

Estuda os espazos construtivos representados nas miniaturas dos códices das *Cantigas de Santa María*, comentando e actualizando a ampla bibliografía sobre o tema. Conclúe que a representación da arquitectura nestes libros historiados mostra ás claras a vinculación dos talleres alfonsíes de iluminación cun ámbito eminentemente hispánico, lonxe do arte francés, que, non obstante, os miniaturistas coñecen e plasman no seu traballo. Respecto aos códices iluminados das cantigas, afirma que hai arquitecturas do mundo occidental (románico, gótico) que se mesturan con formas mudéxares e elementos propios da arquitectura e da decoración oriental e árabe.

Congil, Luis, "Ourense, ciudad del vino", *Auria*, n.º 146, "Historia", xuño 2009, pp. 38-41.

Detállase a importancia do viño na cidade de Ourense e as referencias literarias como a mención que Afonso X O Sabio realiza nas *Cantigas de Santa María* ao viño de Ourense.

Corral Díaz, Esther, "O galardon como recompensa do servizo amoroso na cantiga de amor", *Verba*. *Anuario Galego de Filoloxía*, vol. 36, 2009, pp. 89-108.

Estudo do termo "galardon" como exemplo do léxico feudal adoptado pola *fin'amors* na cantiga de amor galego-portuguesa e máis concretamente pola temática da coita de amor. Para isto, parte da súa historia literaria e ocorrencia noutras líricas romances e da súa etimoloxía, e estabelece as súas relacións de sinonimia con outros como "ben" e "mercee", concluíndo que é un termo pouco produtivo (apenas quince aparicións), pero de suma importancia para entender a tipoloxía da cantiga de amor.

Corti, F., "Lectura retórica visual de la cantiga 4", *Alcanate: Revista de Estudios Alfonsíes*, vol. VI, 2008-2009, pp. 227-238.

Céntrase en demostrar que os elementos pictóricos que ilustran as *Cantigas de Santa María* teñen autonomía con respecto aos elementos textuais. Négase así o antigo principio crítico, segundo o cal a arte visual europea da Idade Media limítase a representar iconograficamente temas tomados dos textos escritos. Para dar respaldo á esta tese, exemplifícanse os termos da mesma na Cantiga 4 do repertorio marial alfonsí.

Eirín García, L., "Las materias narrativas fondo paradigmático en los cancioneros de Alfonso X y Don Denís", *Alcanate*. *Revista de Estudios Alfonsíes*, vol. VI, 2008-2009, pp. 253-264.

Análise do contido temático das cantigas profanas galego-portuguesas dos reis Afonso X e Don Dinís, e do trobador Joan Garcia de Gilhade, que teñen como orixe as materias narrativas procedentes do *roman*. Analízanse as influencias e presenza da materia artúrica, da materia tristaniana (figuras de Tristán e Iseo), da materia troiana (figuras de Helena e Paris) e da materia francesa de tema carolinxio (figuras de Flores e Blancaflor) na lírica profana galego-portuguesa.

Eirín García, Leticia, "Omẽs do bon Burgo...", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, "O espello das letras", outubro, novembro, decembro 2009, pp. 118-119.

Dáse conta da publicación da obra *Letras Primeiras. O Foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito* (2008), do profesor Henrique Monteagudo. Trátase dun volume organizado ao redor de catro grandes apartados, seguidos dos apéndices e bibliografía finais, no que se trata a aparición do romance na prosa instrumental, analízase polo miúdo e dende diferentes puntos de vista o foral de Caldelas, investíganse as orixes do trobadorismo en Galicia e inclúese unha edición paleográfica e outra interpretativa do texto do foral, acompañadas dos correspondentes comentarios gramaticais, glosario ou índice de topónimos e antropónimos, entre outras cuestións. Destácase sobre todo o importante labor de investigación levado a cabo nesta obra, non só no referinte aos resultados ou ás conclusións alcanzadas polo seu autor, senón tamén polo feito de poñer en antecedentes ao público interesado sobre os aspectos tratados. Finalmente, faise referencia á magnífica reconstitución dos inicios do noso trobadorismo a partir da identificación dos confirmantes do diploma foral.

Fernández, Laura, "Cantigas de Santa María: fortuna de los manuscritos", *Alcanate: Revista de Estudios Alfonsíes*, Volume: VI, 2008-2009, pp. 323-348.

Resume a transmisión textual da gran colección de milagres marianos composta por orde de Afonso X o Sabio. Describe os datos sobre a xénese dos manuscritos e a actual localización dos códices que transmiten as *Cantigas de Santa María*: códice toledano ou *To* (BNM, Ms. 100069), códice Princeps ou códice dos músicos ou *E* (RBME, Ms. b-I-2, códice Rico ou T (RBME, Ms. T-I-1) e códice Florentino ou *F* (BNCF, Ms. B.R. 20) así como as posíbeis confluencias entre eles. Pecha o artigo cunha reflexión sobre a transmisión do corpus mariano alfonsí en relación a outras obras saídas do *scriptorium* real e explícase a razón do carácter inacabado dos testemuños.

Montoya Martínez, Jesús "De Santa María del Puerto a El Gran Puerto de Santa María", *Alcanate: Revista de Estudios Alfonsíes*, Volume: VI, 2008-2009, pp. 349-367.

Recolle o pregón pronunciado polo medievalista Jesús Montoya Martínez con ocasión da festividade da Virxe dos Milagres, patroa da cidade de El Puerto de Santa María. Fai un repaso dos compendios de milagres medievais que recollen os milagres efectuados pola Virxe María. Destaca entre eles os que se recollen no cancioneiro marial alfonsí e, dun xeito especial, as series de cantigas que se relacionan coa Igrexa de Santa María de El Puerto, ordenada construír polo propio Afonso X coma homenaxe á Virxe e en agradecemento polos milagres e bondades que ela levou a cabo para protexer o rei ou a propia cidade de El Puerto. Tamén se leva a cabo un percorrido histórico pola vida da cidade, dende as súas orixes como campamento militar do exército que loitaba contra os sarracenos en tempos de Afonso X. Entre os milagres relacionados coa cidade de El Puerto de Santa María, cítanse as seguintes cantigas 328, 356, 367, 372, 393, 385, 376, 385, 357, 328, 379, 392 e 399. Considera que estas cantigas revelan a importancia que o Rei Sabio lle quixo dar ao culto a Santa María nesta cidade.

Rubio Flores, Antonio R., "La ironía y la burla en la miniatura de códices medievales", *Alcanate: Revista de Estudios Alfonsíes*, vol. IV, 2008-2009, pp. 281-295.

Neste estudo leva a cabo unha análise da figura retórica da ironía e do xogo retórico da burla en varias obras medievais. Tomando como referencia a retórica clásica, analiza como o xogo de palabras con intención lúdica atravesa a literatura medieval. No que respecta á obra de Afonso X, a ironía está presente tanto na obra lexislativa (para definir as marxes do xogo, *Partidas* II, tít. IX, lei 30; tít. IV, lei 16), na obra lírica profana (18,46; 18,22; 18,7) coma na lírica relixiosa (CSM 214).

Scarborough, Connie L., "La voz personal de Alfonso X en una Cantiga murciana", *Alcanate: Revista de Estudios Alfonsíes*, vol. VI, 2008-2009, pp. 297-308.

Fai unha revisión das teorías que veñen considerando a Afonso X como redactor xeral das *Cantigas de Santa María* e ademais, como autor orixinal dalgunhas das composicións. Opina que a intervención de Afonso X foi máis directa naquelas composicións que transmitían unha mensaxe que naquelas nas que se contan sucesos relacionados coa propia vida do rei ou con outros membros da súa propia familia. Neste contexto o uso da primeira persoa, explicaríase como un medio de manipular un suceso relixioso en beneficio propio. A autoridade dese "eu imperial" implicaría a existencia de mensaxes políticas ou morais de calado nesas composicións onde se usa. Para explicar esa conclusión analiza a Cantiga 169, onde o eu narrador se presenta como testemuña ocular dun dos milagres murcianos. Afirma que a cantiga ten unha utilidade política clara, posto que glosa as accións militares do rei contra a sublevación dos mudéxares. Engade que a Virxe intercedería nestas accións de guerra para axudar os cristiáns a expulsar os musulmáns da península. Segundo a teoría proposta, as *Cantigas de Santa María* poderíanse considerar un texto de exaltación política do monarca.

Snow, Joseph T. “El yo anónimo y las Cantigas de Santa Maria de Alfonso X”, *Alcanate: Revista de Estudios Alfonsíes*, vol. VI, 2008-2009, pp. 309-322.

Analiza a presenza nas *Cantigas de Santa María* da primeira persoa testemuñal (eu) e o seu significado autorial dentro da compilación de milagres marianos de Afonso X o Sabio. Ten en conta que a autoría da compilación mariana pivota entre unha autoría anónima e colectiva e a posibilidade de adxudicar algunhas das composicións á man do propio rei Sabio. Para levar a cabo a súa análise clasifica as cantigas segundo usen ou non a primeira persoa do singular no seu texto e, de usala, en cantas delas ese uso está relacionado con verbos de lingua (*contar, falar, mostrar…*), entendemento, valor testemuñal e con referencias directas ao público ouvinte das narracións. Pon en relación ese uso do “eu testemuñal” coa intencionalidade da obra: a unidade das voces narrativas dos milagres da Virxe viría a explicarse pola necesidade de que o elemento central da colección fora a gabanza á Virxe e a difusión dos milagres que Ela fixera para interceder polos pecadores.

XI.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

M. S., "As caras e as voces dos sacrificados galegos", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 752, "Ó axexo dos libros", 15 marzo 2009, p. 7.

Analízase o libro publicado pola editorial Toxosoutos e editado por Clodio González Pérez, *Bruxos e astrólogos da Inquisición de Galicia e o famosos Libro de San Cibrán* (2008), de Bernardo Barreiro de W. (W = Vázquez Varela), arquiveiro da Deputación da Coruña, especialista en temas xudaicos no norte da Península. Saliéntase que no libro se analiza a documentación conservada sobre xuízos, penas e reos do Santo Oficio en Galicia até 1820. Destácase unha profusa análise dos casos de María Soliña e d'*O Ciprianillo*. Especifícase que esta última análise se realiza a través do *Libro de San Cibrán*, considerado pola Inquisición auténtico manual de bruxería e que centra a parte final do volume de Barreiro. Asemade, refírese a outros moitos personaxes anónimos que sufriron as acusacións de bruxería, xudaísmo ou herexía.

Pena, Xosé Ramón, "Estudo de xénero. Canción de muller, canción de madre", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Libros", 30 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 232, "Letras galegas", 2 maio 2009, p. IV.

Faise referencia á publicación da obra *Cantigas de madre galego-portuguesas* (2008), do profesor Paulo Roberto Sodré, publicada polo Centro Ramón Piñeiro. Coméntase que se trata dun conxunto de vinte e sete cantigas de amigo nas que o profesor Sodré leva adiante unha análise na que procura as marcas que diferenciarían o que el vén denominar como cantiga de madre desoutras propiamente de amigo.

Pena, Xosé Ramón, "Õmes do bon Burgo. Da emerxencia do galego escrito", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 294, "Libros", 11 xuño 2009, p. IV.

Faise referencia á obra do profesor Henrique Monteagudo, *Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca*, publicado no 2008 pola Fundación Barrié de la Maza dentro da colección "Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da Lingua Galega". Coméntase que a obra se inicia cunha análise da lingua da prosa na zona centro-oeste da Península Ibérica, atendendo ás últimas pescudas e descubertas. Préstase espacial atención á documentación galego-portuguesa do período 1212-1216 até 1254. Analizados os materiais, o profesor Monteagudo sinala 1255 como o fito que marca a emerxencia do romance galego en prosa, pois nese ano documéntanse máis dunha ducia de documentos. En capítulos posteriores, o estudioso destaca o avance do romance galego na documentación foral producida baixo o reinado de Afonso IX, centrándose especialmente no texto d'*O foral do Burgo de Caldelas*, do que fai edición paleográfica, crítica e interpretativa dos textos latino e galego. Partindo da corte de Afonso IX, o autor compila datos novos e antigos sobre os trobadores vinculados á corte de Afonso IX.

XI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Callón, Carlos, "Sátiras homófobas medievais", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 20 xullo 2009, p. 6.

Refírese á sátira como xénero literario que implica xerarquía nas posicións presentando como obxecto unha alteridade coa cal non sería posíbel a identificación. Coméntase que nas cantigas medievais galego-portuguesas, as prácticas e os desexos intermasculinos non son o centro da sátira, senón un instrumento para conseguila, aínda que con outros fins.

Callón, Carlos, "Damas, concubinas e mecenas. As nosas antepasadas e a literatura medieval", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Por navegar ao desvío", 7 setembro 2009, p. 6.

Tomando como referencia o libro *Damas, santas y pecadoras. Hijas medievales de Eva*, do profesor Rafael Mérida, analízase o papel da muller na creación da lírica galego-portuguesa medieval dende tres perspectivas diferentes: como escritora, como participante dos xogos trobadorescos a través da danza, dalgún instrumento musical ou do canto e como mecenas.

Gómez, Pedro, "La anunciación (Literatura y Arte)", *La Región*, "Opinión", 23 marzo 2009, p.14.

Fixa a súa atención nas pinturas, poetas e poesías que tratan sobre a Anunciación da Virxe María e, entre elas, alude *As Cantigas* (1221), de Afonso X o Sabio.

González Pérez, Clodio, "A romaxe do Faro e Xoán de Requeixo", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "O Rodicio do Tempo", 11 novembro 2009.

Dáse conta de dous documentos procedentes do mosteiro cisterciense de Oseira e á súa posíbel vinculación co xograr Xoán de Requeixo.

Méndez Ferrín, X. L., "Tristán e Iseu en Galicia", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 600, "No fondo dos espellos", 28 febreiro 2009, p. 4.

Fai un breve achegamento á lenda de orixe celta de Tristán e Iseo e ás obras medievais que conteñen esta tráxica historia de amor, facendo especial fincapé naquelas da literatura galega. Sinala así mesmo o descubrimento por parte do celtista bretón Herve Bihan de até cinco mencións de Tristán no *Liber Sancti Jacobi* nas que ninguén reparara e que virían a constituír as primeiras referencias que se coñecen en Europa deste lendario cabaleiro.

Méndez Ferrín, X. L., "As orixes fabulosas da literatura portuguesa", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 633, "No fondo dos espellos", 14 novembro 2009, p. 4.

Refírese á falsa autoría galega de catro obras portuguesas dos séculos XVI-XVII: *A perda de Espanha*, a canción *Oureana*, as *Cartas de Amor a Violante* e a *Canção do Figueiral*. Aproveita para destacar que aínda existe unha certa ignorancia respecto ás *Cantigas de Santa María*, de Afonso X o Sabio por parte tanto dos filólogos coma dos historiadores medievalistas.

Neira, Manuel X., "O caso é escribir", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Luz de jazz", 7 maio 2009, p. 4.

Pon en relación a fecundidade cultural galega co celtismo e coa literatura galega medieval. Noméase ao profesor Tavani como defensor da teoría do celtismo no *Cancioneiro Medieval* galego.

Toro, Suso de, "Somos vellos, somos novos", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 18 setembro 2009, p. 9.

Salienta a importancia da tradición literaria medieval e dos Séculos Escuros de Galicia en relación coa lingua e a literatura galegas.

Toro, Suso de, "O roubo das 'Cantigas", *El País*, "*Galicia*", "Luces", "A ver", 30 outubro 2009, p. 12.

Refírese a unha recensión das *Cantigas de Santa María* na revista de libros do *Times*, na que se atribuía o feito de estar escritas en galego-portugués a que o rei Afonso X pasaba o verán en Galicia. Relaciónase isto coa negación de Galicia, da súa historia e da súa cultura e literatura.

Varcárcel, Marcos, "A riqueza erótica da lingua", *A Nosa Terra*, n.º 1.341, "Cultura", 9-14 xaneiro 2009, p. 37.

Comenta que a expresión obscena "carallo" data de trobadores medievais en cancións satíricas coma as de Fernando Esquío e lembra que X. Bieito Arias Freixedo recolle esta faceta da linguaxe na *Antoloxía da poesía obscena dos trobadores* (1993).

XI.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A Nosa Terra, "Cantigas", *A Nosa Terra*, n.º 1.370, "*Bule Bule*", "Qué pasa este mes?", "Agosto", 30 xullo-2 setembro 2009, p. 28.

Acóllense neste suplemento tres cantigas relacionadas co mes de agosto.

A. S., "Ponte nas Ondas! reivindica los 'tesoros vivos' del patrimonio inmaterial gallego-portugués", *Faro de Vigo*, "Tv/Espectáculos", 20 maio 2009, p. 63.

Dá conta dunha das actividades da asociación cultural e pedagóxica "Ponte nas Ondas 1", que consiste en editar un libro-CD intitulado "Cores do Atlántico" no que se recolle o patrimonio oral das cantigas de amigo con exemplos musicais de Galicia, Portugal, Cabo Verde e Brasil.

Agra, Santiago, "Os recordos de toda a humanidade", *Xornal de Galicia*, "*Contexto*", n.º 36, "Memoria do mundo", 16 agosto 2009, pp. 6-7.

Infórmase de que as cantigas medievais galego-portuguesas será unha das propostas de España para formar parte dun proxecto das Nacións Unidas.

Baena, Ana, "Revolución da filoloxía galega", *Atlántico Diario*, "Vigo", 29 abril 2009, p. 14.

Dáse conta da presentación de catro libros da colección "Biblioteca de Filoloxía" editados polo Instituto Galego da Lingua e a Fundación Barrié de la Maza: *O galego fundamental. Dicionario de frecuencias*, de Mª Xesús Bugarín; *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*, de José Moralejo; *Letras primeiras. O foral de Burgo de Caldelas, os primordios* (sic) *da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito* (2008), de Xosé Henrique Monteagudo; e *Poesía completa de Antolín Santos Mediante* (2008), de Xoán Babarro.

Carballa, Xan, "Murcia expón as *Cantigas de Santa María* que Pérez Varela desbotou no Xacobeo 2004", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Cultura", 5-11 novembro 2009, pp. 20-21.

Denúnciase que o proxecto de amosar os orixinais da lírica relixiosa medieval galega non interesou á Consellería de Cultura, exposición que se levará a cabo na Sala San Esteban de Murcia entre o 27 de outubro e o 31 de xaneiro de 2010. Coméntase que as duascentas cincuenta pezas coas que contou a exposición, comisionada por Isidro G. Bango Toviso, non fan referencia en ningún momento ao feito de que as *Cantigas de Santa María* están escritas en galego. Por último, lémbrase que o proxecto orixinal estaba destinado aos actos do Xacobeo e que se ía realizar no Pazo de Xelmírez.

Cuíñas, Teresa, "Pescudas no albor da lingua", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 19 xuño 2009, p. 8.

Reproduce os puntos máis importantes da investigación que levou ao profesor Henrique Monteagudo a publicar o libro *Letras primeiras. O foral de Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito* (2008). Amén da identificación dos primeiros trobadores en lingua galego-portuguesa, saliéntase a importancia do documento que transmite o foral do Burgo de Caldelas para demostrar a presenza do galego escrito cara a 1250, traducindo un texto latino ao redor de 1228. Recolle que o documento, achado no arquivo da Casa de Alba, demostra que o galego se usaba en época contemporánea á escritura da lírica galego-portuguesa para a prosa documental para-chanceleiresca e que o seu uso estivo impulsado, entón, pola persoa do rei. Outro fito na investigación, ademais da datación do documento, foi descubrir que entre os cabaleiros, burgueses, clérigos e nobres que aparecen como testemuñas e asinantes, se poden identificar a varios dos trobadores máis antigos, moitos deles procedentes da zona de influencia do Mosteiro de Oseira, reafirmando así que a entrada da lírica trobadoresca en Galicia tivo que ver coa expansión do Císter. Cita entre os nomes dos trobadores, Fernán Páez de Tallamancos, Pero Páez Bazaco, Fernán Eanes, etc. Conclúe que a reconstrución dos núcleos familiares destes trobadores permite datar a aparición efectiva da lírica en galego-portugués até unha momento trinta anos anterior ao oficialmente admitido: 1170-1185.

García, Ernesto, "Una muestra glosa la figura del rey Alfonso X el Sabio", *El Correo Gallego*, "Cultura", 28 outubro 2009, p. 60.

Anúnciase a exposición que se celebrará en Murcia en xaneiro de 2010 e que acollerá até douscentos cincuenta elementos relacionados coa produción do *scriptorium* alfonsí.

Iglesias, Jesús, "La lírica medieval se convertirá en la temática central de la X edición de la feira Franca", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 4 abril 2009, p. 7.

Infórmase sobre a decisión adoptada polo Consello Aberto de que as temáticas centrais da X edición da Feira Franca sexan a lírica e a literatura medievais e de que o seu título sexa o de "Amor, escarnio e maldecir".

Intxausti, Aurora, "Viaje a la lírica medieval de Alfonso X el sabio", *El País*, "Cultura", "Vida&Artes", 28 outubro 2009, p. 39.

Faise referencia á exposición que se celebrará en Murcia en xaneiro do 2010 na que se glosa a figura e a obra de Afonso X el Sabio, resaltando o feito único de que os catro códices que transmiten as *Cantigas de Santa María* (os dous depositados na Biblioteca de El Escorial, o gardado na Biblioteca Nacional de Madrid e o custodiado no Biblioteca de Florencia) foron expostos á vez. Reivindícase o monumento musical, iconográfico e devocional que constitúe o corpus mariano afonsí.

Jabois, Manuel, "Cuatro reproducciones del Códice Rico cuelgan de los balcones del Museo", *Diario de Pontevedra*, "Pontevedra", "Ciudad", 4 setembro 2009, p. 3.

Coméntase o acto que foi levado a cabo polo Museo de Pontevedra para homenaxear a un dos seus directores: Xosé Filgueira Valverde, durante os actos de celebración do décimo aniversario da Feira Franca. Lémbrase que o estudioso publicou en 1979 unha edición facsimilar do *Códice Rico*. Sobre o acto saliéntase que consistiu en pendurar dos balcóns dos edificios do museo varias reproducións das miniaturas que contén ese códice. Especifícase que os cadros das miniaturas elixidos foron os correspondentes ao Prólogo A e as Cantigas 193, 19, 103.

K. M., "Mendaur apuesta por lectores que tengan inquietudes humanísticas", *El Correo Gallego*, "Cultura", 22 novembro 2009, p. 68.

Dáse conta da fundación en Galicia da editorial Mendaur, a cal nace para cubrir o oco existente no ámbito da formación da persoa nos seus valores humanísticos e coa que os seus creadores se propoñen achegar os clásicos galegos ao resto de España a través de textos bilingües. Faise referencia así mesmo aos tres primeiros títulos publicados por esta editorial: *Memorias da morte*, onde se editan uns manuscritos galegos e casteláns dos séculos XIV-XVI; "El Lavatorio", relato curto bilingüe castelán e galego que ambienta un dos manuscritos de *Memorias da morte*, do ano 1401; e o *Apocalipsis*, ilustrado con imaxes e texto orixinal, pero actualizados, do *Beato de Liébana*.

López, Ana, "Cuenta atrás para la X Feira Franca", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", 1 xullo 2009, p. 67.

Faise referencia á presentación por parte da concelleira de Dinamización Sociocultural, Anxos Riveiro, dos detalles da X Feira Franca de Pontevedra "Amor, escarnio e maldicir", como o cartel da festa, os prazos de solicitude para as distintas actividades, comidas, postos no mercado e estabelecementos hostaleiros. Coméntase tamén o uso do galego na época medieval que se recrea nesta celebración.

Outeiriño, Maribel, "Historia en 4 tempos", *La Región*, "Sociedad", 10 abril 2009, p. 59.

Acóllese nesta sección fixa dedicada ás efemérides unha cantiga de Afonso X el Sabio en relación coa lembranza do vixésimo quinto aniversario da exposición "Alfonso X e Ourense".

Pérez, María, "El mundo de Alfonso X cobra vida en Murcia", *El Mundo*, "Cultura", 28 outubro 2009, p. 41.

Refírese á inauguración da exposición sobre Afonso X que reuniu os catro códices conservados que transmiten as *Cantigas de Santa María* e moitos outros relacionados coa política cultural que emanou do *scriptorium* afonsí, exemplificados con obras coma as *Siete Partidas* ou as *Tablas Alfonsíes*. Ademais, destácase que na exposición

móstranse moitos elementos medievais de uso cotiá que ofrecen unha visión total da vida na época de Afonso X.

Porto, Lucía, "Cantigas de amor para Láncara", *El Progreso*, 23 xaneiro 2009, contracuberta.

Semblanza do trobador Pero D'Armea, natural da parroquia de San Pedro de Armea, a propósito da homenaxe que o municipio de Láncara pretende acometer mediante a creación dun museo. Comenta que o trobador era un home adiantado ao seu tempo, que coidaba a súa imaxe externa e que por iso foi obxecto de numerosas burlas entre os seus compañeiros.

Rodríguez Marcos, Javier, "Apartheid en el paraíso. Una antología de la poesía medieval recuerda una diversidad lingüística que coexistía con la segregación racial", *El País*, "Cultura", "Vida & Artes", 11 febreiro 2009, p. 40.

Coméntase a antoloxía publicada polo Círculo de Lectores e Galaxia Gutenberg da man de Carlos Alvar afondando na idea de que o nacemento da convivencia entre as diversas culturas da España medieval nace co monarca Afonso X destacando a capacidade dos poetas para chegar a escribir en cinco linguas distintas.

Saá, Ana, "A Barrié e o Instituto da Lingua aumentan a colección da Biblioteca Filolóxica Galega", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 20 abril 2009, p. 46.

Relátase a presentación dos catro novos números da colección "Biblioteca de Filoloxía", coordinada por Antón Santamarina e editada polo Instituto Galego da Lingua e a Fundación Barrié de la Maza: *O galego fundamental. Dicionario de frecuencias*, de Mª Xesús Bugarín; *Callaica Nomina. Estudios de onomástica gallega*, de José Moralejo; *Letras primeiras. O foral de Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito* (2008), de Xosé Henrique Monteagudo; e *Poesía completa de Antolín Santos Mediante* (2008), de Xoán Babarro. Coméntase que a inclusión destas obras na colección ten como obxectivo trasladar á sociedade obras relevantes da investigación filolóxica de ámbito académico e científico.

S. E., "Un catálogo del Arquivo Histórico recoge y revisa documentos medievales de Ourense", *La Región*, "Ourense 24 horas", 4 abril 2009, p. 10.

Faise referencia á presentación do *Catálogo de documentos medievais do Concello de Ourense*, que se estrutura dunha maneira sinxela en dúas partes: o catálogo propiamente dito (describe documentos, datas e soporte) e uns índices que permiten ao investigador coñecer a potencialidade deste documento mediante unha referencia alfabética tanto de persoas como de lugares.

Vázquez, María, "O galego foi un referente europeo no século XII", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 27 agosto 2009, p. 62.

Infórmase sobre a intervención da profesora Mercedes Brea, na cal se abordou a figura dos trobadores medievais, na segunda charla das Xornadas de Historia de Pontevedra que abren as portas á Feira Franca.

Vázquez, María, "Unha exitosa acollida das Xornadas de Historia dá paso á Feira Franca", *Diario de Pontevedra*, "Vivir aquí", "Cultura", 30 agosto 2009, p. 61.

Dáse conta das conferencias do profesor Henrique Monteagudo e do director de Resonet, Fernando Reyes, que pecharon a celebración das Xornadas de Historia da Feira Franca de Pontevedra que este ano abordaron a temática "Galicia medieval: reino e lingua".

Xestoso, Manuel, "A Idade de Ouro da lírica medieval do galego medieval e do galego como lingua de prestixio", *A Nosa Terra*, n.º 1.380, "Cultura", 5-11 novembro 2009, pp. 20-21.

Revindica a importancia do galego como lingua de cultura na época medieval, especialmente na vertente lírica, adaptando os principios da escola trobadoresca occitana clásica. Destácase a figura de Afonso X como cultivador da lingua galega dentro da escola galego-portuguesa, tanto na tradición profana como na relixiosa.

XII. APÉNDICE.

Entradas non recollidas en informes anteriores.

XII.1. NARRATIVA.

XII.1.1. NARRADORES GALEGOS

Díaz Fernández, Xerardo, *Contos (facsímil)*, limiar de Manuel Suárez Suárez, Porto do Son: Concello de Porto do Son, col. Castro de Baroña, n.º 3, 110 pp. (DL: C 1080-2008). ◆

Edición facsimilar que recolle unha recompilación de contos de Xerardo Díaz Fernández (Porto do Son, 1907-Montevideo, 1992) datados arredor de 1985. Tras o limiar atópase o grupo de nove contos, dos cales os que fan o número sete, "Teima", e o número oito, "O home lobo", levan datación ao final: "Montevideo, maio 1985". Presentan unha extensión variábel, dende seis a catorce páxinas. Son contos que seguen o modelo do conto tradicional, con personaxes e temas populares que se centran sobre todo na emigración galega a Uruguai, como homenaxe á terra que acolleu o autor cando marchou de Galicia por motivos políticos e á terra natal que nunca esquecería. Aclárase esa motivación de escribir estes contos no limiar de Manuel Suárez Suárez que aparece tras unha dedicatoria inicial do autor, con data de 1985, a D. Xesús Canabal Fuentes pola súa continua defensa da lingua e da cultura galega en xeral. O tipo de narrador tamén é diferente segundo o conto de que se trate, alternando o narrador protagonista en primeira persoa e o narrador omnisciente en terceira persoa. Non presenta un estándar de lingua segundo a normativa actual polo que, tal e como sucedía na época da súa redacción, atópanse arcaísmos ("vagada"), castelanismos ("iba") e dialectalismos ("abreu"). Seguen a estrutura dos relatos tradicionais e, en xeral, obsérvase un predominio da narración e descrición sobre o diálogo. Por último cabe subliñar o colofón que aparece ao final do libro no cal se di que libro rematou de imprimirse nos talleres gráficos de Industria Gráfica Papelera (INGRAPA) o día 5 de maio de 1986.

Miguéns García, Xoán Luís, *Historias do Carril-Cornes*, prólogo de Carlos Abellán Ruiz, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Consorcio de Santiago, Biblioteca de Divulgación Xacobea do Consorcio de Santiago, col. Realidade, 2008, 412 pp. (ISBN: 978-84-7824-570-3). ■

Recompilación de relatos que supostamente aconteceron no percorrido da liña ferroviaria Carril-Cornes a comezos do século XX. Levada a cabo por Xoán Luís Miguéns García (Vilagarcía de Arousa, 1948), esta serie de historias aparece narrada dende unha perspectiva omnisciente, con abundantes descricións temporais e espaciais. Nun prólogo intitulado "As historias contadas do primeiro ferrocarril galego", a cargo de Carlos Abellán Ruiz, informa da posta en funcionamento desta liña ferroviaria entre Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa e agradece ao Consorcio de Santiago a súa contribución na edición deste volume. A seguir aparece unha "Cronoloxía do tramo do ferrocarril Santiago de Compostela-Vilagarcía de Arousa", dende 1855 até 2007. Tras un limiar do autor no que comenta a posta en marcha deste "camiño de ferro" e no

que tamén agradece o labor do departamento de publicacións do Consorcio de Santiago e de Sotelo Blanco Edicións, comeza o primeiro dos relatos, "Os primeiros trens especiais". O volume contén un total de vinte e catro historias, todas elas acaecidas, hipoteticamente, aos pasaxeiros e pasaxeiras desa liña ferroviaria. A maioría son historias de amor e desamor, ateigadas de sentimentos que expresan o xeito de ser e de pensar dos galegos daquela época, suxeitos a unha moral férrea e a uns costumes baseados na disciplina e no respecto. Aparecen asemade sucesos que describen as políticas contra o "estraperlo" ou que dan conta da situación socio-económica daquel período. O derradeiro relato, "Memoria viva", constitúe unha conversa entre o autor e un dos seus informantes, coa que se pon fin a esta selección. Pecha o volume un índice cos títulos dos relatos.

Pepín Fernández, Matilde, *Contos da miña aldea*, Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE), col. Escritores populares, vol. XI, marzo 2008, 87 pp. (ISBN: 978-84-87904-61-5). ◆

Matilde Pepín Fernández (O Ribeiro) recolle catorce contos numerados con números romanos e intitulados que transcorren na comarca do Ribeiro, durante a infancia da autora nos anos de posguerra. Ábrese cunha dedicatoria a uns amigos e xa no primeiro conto fala das súas vivencias de infancia e advirte que estes contos son verdade, falan de cousas que viviu e xentes que coñeceu e que a estes dedica estas lembranzas. A maioría dos contos están escritos en prosa, agás o segundo, o quinto e o último, que están en verso. Neles aparecen veciños seus da aldea que ela lembra con cariño, por exemplo Socorriño, unha nena que lle pide á súa nai morta que a leve con ela porque está farta de pasar frío e fame; don Ovidio, o médico da aldea que non curaba a ninguén pero facía un magnífico papel de psicólogo; Filiberto, un mendigo que só pedía para o día e agradecíao cantando algúns rezos; a súa avoa Matilde, que era oblata de San Bieito e poñía a correa cando tiña algún problema; o Xoubas, un home que non traballaba, comía do que lle daba a xente e rifaba cos nenos que facían ruído ao sorber o caldo; as Malfeitas, dúas irmás xemelgas, coxas, tortas e tolleitas que crían que todos lles tiñan envexa polo que cada vez que mercaban un porco facían o mesmo ritual: metíano de cu no cortello e despois facíanlle tres cruces con allo para que medrase ben; Magito, un indiano que estivera de mozo en Cuba e pasaba o día na taberna bebendo e falando dos seus antigos amoríos con mulatas; dona Lucía, a estanqueira beata que criticaba a todo o mundo e denunciou a Bolicas por blasfemo xa que estaba xurando e maldicindo os seus bois; don Tato, o secretario municipal de Cenlle ao que había que ir visitar á taberna para inscribir os nenos que nacían, apuntábaos nun papel e despois perdíao e Manoliño, un neno orfo que unha noiteboa recibiu a visita de seu pai emigrado. Tamén se reflicte no libro algún acontecemento como o enterro da súa avoa Concepción, á que consideraba unha santa pois cría con cinco anos que cando morrese ía saírlle unha pomba pola boca. Finalmente, tamén hai referencias aos lugares nos que pasou a súa infancia; así, fai unha oda de inspiración rosaliana ao caserón onde naceu e, no último capítulo, unha exaltación en verso da comarca do Ribeiro. Péchase cunha nota bio-bibliográfica da autora. Nesta obra cada un dos contos vai acompañado dunha ou varias ilustración: as acuarelas (a da portada e a intitulada "Vello curruncho da aldea") son de José Estellés, os gravados da autora e os debuxos de José C. Madrid Pepín.

Toro, Xelís de, *Riofero*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 268, decembro 2008, 247 pp. (ISBN: 978-84-9782-947-2).

Novela de aventuras de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) que se abre cunha cita de *The uses of literacy* (1957), de Richard Hoggart. Cunha estrutura lineal, a obra está dividida en dúas partes: a parte primeira, intitulada "Riofero: amantes e fuxidos", á súa vez consta de dezaseis capítulos sen título. Nela un narrador en terceira persoa conta a historia de Marqués, un xornalista que chega a un lugar indeterminado en procura de traballo. Ofrécenlle pescudar que aconteceu co barqueiro, Cargo, quen apareceu, ardendo na bocarribeira, crucificado e morto. Acepta o traballo e sube río arriba, na compaña do neno Cordel (o guía do barco), o xigante Rufus e a pianista Ela. Nese ambiente misterioso e exótico terán lugar episodios de distinta natureza (augas revoltas, encontro con cazadores de cabezas, etc.). Así, a viaxe enténdese como unha aventura cara ao descoñecido, na que os protagonistas, a par doutros personaxes como o frade misioneiro ou os indios aventurei, terán que desafiar ao seu propio destino. A segunda parte correspóndese co "Epílogo", composto por catro capítulos, que escribe Ela en primeira persoa, recollendo o legado de Marqués para dar fin á historia. Os espazos sen concretar e a atemporalidade da obra combínanse cun ritmo narrativo lento, no que predomina máis a descrición que a acción. Destacan especialmente as "fotografías" tomadas coa cámara de Marqués, presentes no texto con letra cursiva, e que teñen como finalidade dar conta dese mundo que está a medio camiño entre o real e o imaxinario.

Recensións:

- Leonardo F. Campos, "O corazón das letras", *Tempos Novos*, "*Protexta*", n.º 10, "proPostas", primavera 2009, p. 6.

Logo de aludir ás orixes de *Riofero*, apunta que nesta novela a dialéctica non resolta ao longo da traxectoria de Xelís de Toro, entre éxito comercial e vontade experimental, traza dúas liñas argumentais, a literaria e a metaliteraria, que corren parellas río arriba e lle tende ao lector unha emboscada. Achega o seu argumento e comenta que a entidade máis simbólica ca psicolóxica dos personaxes e o tratamento do espazo selvático fan que se desactive a maquinaria da aventura desta súa última entrega, na que volven reaparecer os grandes temas da súa literatura dende *Terminal*.

- Francisco Martínez Bouzas, "O espírito do río", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 284, "Libros", 26 marzo 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 228, "Letras galegas", 4 abril 2009, p. 7.

Despois de destacar a traxectoria narrativa de Xelís de Toro, fala da súa última novela *Riofero*, clasificada como novela de aventuras. Conta o argumento da obra e afirma que ten moitos trazos semellantes coa novela de Conrad, *Corazón da escuridade* (1997). A seguir, analiza a figura do protagonista a través do cal se mostra unha visión determinada do mundo e indica que a presenza do río ten un valor metafórico. Por outra banda, salienta que a novela ten outra connotación destacábel que é a concepción que o autor ten sobre a literatura.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 279, "Infantil/Xuvenil", 19 febreiro 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que acolle un descritor de curta extensión desta obra, *Riofero*, de Xelís de Toro, e doutras novelas publicadas no ano 2008.

- César Lorenzo Gil, "Fixen unha viaxe ao centro da literatura", *A Nosa Terra*, n.º 1.351, "Cultura", 19-25 marzo 2009, p. 31.

Realízase unha entrevista a Xelís de Toro quen fala sobre a súa novela, *Riofero*. Comenta que é unha novela de aventuras con personaxes atormentados, escrita de xeito tradicional. Afirma que se trata dun ensaio literario sobre a literatura feita para entreter. A seguir, fala sobre o espazo da novela e as influencias doutras obras e autores literarios. Por último, comenta a relación coa literatura e fai referencia á súa condición de emigrante na Gran Bretaña.

- Daniel Salgado, "Un escritor na fronteira", *El País*, "*Galicia*", "Luces", 20 marzo 2009, p. 8.

Fai referencia á última obra de Xelís de Toro, *Riofero*, editada por Xerais. Explica que se trata dun relato de aventuras coa metáfora do río como "discorrer da vida", xa que el non quería crear algo novidoso e por iso a narración recolle códigos e repertorios do relato clásico. A continuación, narra a traxectoria literaria do escritor e explica o porqué da súa emigración a Inglaterra.

- Marga Tojo, "Se o PP pensa que esta é a Galiza de antes, trabúcase", *Galicia Hoxe*, "*Lecer*", n.º 758, "In extremis", 26 abril 2009, pp. 14-15.

Comenta que despois de dez anos Xelís de Toro volveu a escrita narrativa con *Riofero*. Fala tamén sobre o seu taller virtual e comenta a situación política actual de Galicia. A continuación, achégase unha entrevista ao escritor na que fala, entre outras cousas, sobre esta última obra e comenta que a novela ten moito de guión cinematográfico e ademais conta coa súa propia banda sonora. Así mesmo, considera que a literatura está "enchoupada de auga de río" e comenta que a novela contén moitas pistas sobre a vida na figura do protagonista. A seguir, explica por qué escolleu o río como elemento comunicador e compara a súa obra con outras importantes que tamén teñen como protagonista a un río.

XII.1.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Balzac, Honoré de, *A curmá Bette* (*La Cuisine Bette*, 1846), trad. de Ana Galego Gen, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Trasmontes, n.º 12, 2008, 482 pp. (ISBN: 978-84-96673-90-8).

Esta novela de folletín de Honoré de Balzac (Tours, 1799-París, 1850) consiste nunha complexa trama de infidelidades entre varios personaxes da mesma familia ou relacionados entre si por casamento, onde a cuestión económica tamén inflúe nas súas escollas sentimentais. Introdúcese coa dedicatoria da novela a don Michele Angelo Caetani, Príncipe de Teano e consta de cento trinta e dous capítulos cos seus títulos. A curmá Bette é unha parente pobre, por parte da baronesa de Hulot, familia composta polo matrimonio e dous fillos. Bette non posúe a beleza da súa curmá, Adeline, e rexeitou o casamento con algúns homes, polo que continúa solteira. Quere vingarse de Adelaine e utiliza a debilidade do barón coas mulleres novas, coas que está a gastar a súa fortuna. Alíase con Madame Marneffe para que esta seduza o barón, quen se encapricha pola amante e paga todos os seus gastos. Pero os celos de Bette aumentan cando a filla da baronesa casa co veciño con quen tiña estabelecida unha relación de amizade que perde. Válerie Marneffe seduce pouco a pouco a case todos os personaxes masculinos da novela coa axuda de Bette, até quedar embarazada. Convénceos a todos que son o pai, mais a traxedia xa é inexorábel porque os amantes coñecen a situación sen aceptala. Ten un fillo morto, o seu marido morre ao pouco tempo e acaba decidindo casar co que ten máis diñeiro, polo que un dos amantes, un nobre brasileiro, envelénaos. Pola súa parte, Bette coñece o irmán do barón e comezan unha relación. Este quere casar con ela para saber máis da desgraciada vida do seu irmán, pero a realidade móstrase como difícil de asumir e perde a saúde e morre, non sen antes arranxar os problemas económicos do barón e atopar un traballo para Adeline. A rabia que sente Bette é tan intensa que acaba por morrer, ante a felicidade, aparente, da familia Hulot.Non obstante, en realidade, o barón, que estivera desaparecido e volvera por pedido da muller, non consegue reprimir os seus desexos sexuais e acaba por casar coa criada, despois da morte da muller.

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Un retrato implacábel da sociedade", *A Nosa Terra*, n.º 1.363, "Cultura", 11-17 xuño 2009, p. 33.

Analiza esta obra de Hónore de Balzac, na que o escritor mostra un retrato da sociedade francesa dos anos 1838 até 1846. Comenta que nesta obra pódense observar os cambios sociais que se produciron naquela época pola reorganización dos estamentos, e salienta que Balzac describe ese momento cunha mirada crítica e dura. A seguir, narra o argumento da novela, fala sobre os personaxes cuxo único obxectivo é alcanzar fortuna e comenta que un dos temas centrais da obra é o diñeiro. Tamén salienta os recursos expresivos e a permanencia da intriga até o final, así como o estilo "conciso e áxil". Finalmente, fai referencia á tradución ao galego realizada por Ana Galego Gen, da que indica que é unha tradución correcta pero moi próxima ao francés e con moitos castelanismos.

- Lucía Seoane, “Daguerrotipo burgués. Retallos da Comedia Humana”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 299, “Libros”, 10 setembro 2009, p. V.

Recóllese a noticia dunha nova tradución dunha obra de Honoré de Balzac ao galego, *A curmá Bette*. Recoñécese o gran labor de Ana María Galego Gen, que xa traducira a Flaubert en *Bouvard e Pécuchet* (2005). Ponse en contraposición os dous grandes novelistas franceses e faise un breve resumo do argumento da historia, as relacións entre a curmá Bette e o matrimonio Hunot, a súa vinganza levada a cabo con Valérie Marneffe e a morte final de ambas. Refírese tamén ao seu estilo explicativo. Por último, anótase a versión fílmica do ano 1996.

- Xosé Monteagudo, “A forza da trama”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 184, Tomo XLVIII, “O espello das letras”, outubro, novembro, decembro 2009, pp. 105-106.

Sinala que atribuírlle á narrativa escrita antes do século XX o papel un tanto marxinal do precursor, provoca que *A curmá de Bette*, traducida en 2009 ao galego por Ana Galego Gen para a editorial Toxosoutos, pase relativamente desapercibida. Explica que foi publicada en forma de folletín entre outubro e decembro de 1946 no xornal *Le Constitutionnel* e que se sitúa na parte final da carreira de Honoré de Balzac. Refire o seu argumento e apunta que nesta novela, a través do retrato dos diferentes personaxes, o escritor francés explicita algúns dos temas máis característicos da *Comedia humana*. Expón que a súa lectura haina que facer coa necesaria perspectiva histórica que pase por alto algunhas das observacións espalladas ao longo do texto, o que nos permitirá gozar da precisa radiografía dunha sociedade na que o xogo do poder se manifresta en cada acto cotián. Por último, considera que se trata dun compedio dos grandes temas balzaquianos postos ao servizo dunha historia que avanza sen freo, con ritmo sostido dende o principio ao final.

Bello, Xuan, *Historia universal de Paniceiros* (*Historia universal de Paniceiros*, 2002), trad. de Esperanza Mariño Dávila, limiar de Francisco Fernández Rei, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, novembro 2008, 233 pp. (ISBN: 978-84-87783-97-5). ■

O poeta, novelista, ensaísta e xornalista Xuan Bello (Paniceiros, Tineo, 1965), gañou sona en 2002 coa publicación desta novela, que se refire á súa aldea natal e foi escrita orixinalmente en asturiano. A tradución ao galego, da man de Esperanza Mariño Davila, conserva algún parlamento (poemas tradicionais, cancións) no idioma en que foi escrito. Presenta un limiar de Francisco Fernández Rei que sitúa o autor e a súa obra dentro do contexto da cultura asturiana e da galega, alén das linguas minorizadas do resto da península. Abre a obra con dúas citas, unha do poeta Rudyard Kipling e outra de Eugeni D’ors. Trátase dunha novela case autobiográfica con matices de ensaio, xa que cita autores e obras dos máis diversos eidos do saber, procedentes de variados lugares: historia asturiana, chinesa, literatura americana, cultura española, etc. Lembra a súa infancia e madurez pasada con algúns dos personaxes sobranceiros de Paniceiros e doutras comarcas, mesmo algún membro destacado da cultura como Eugénio de Andrade. Todo iso cun ton poético de nostalxia, ademais de referentes literarios: Goethe, Madame Bovary, Paul Éluard, don Quixote, Álvaro Cunqueiro, Jorge Luis Borges e os portugueses Camilo Castelo Branco e Miguel Torga, que poñen de

manifesto a súa bagaxe literaria. Intercala catro poemas entre os trinta e nove capítulos, intitulado significativamente o primeiro "Paniceiros".

Kosztolányi, Dezsó, *O tradutor cleptómano*, trad. do húngaro Jairo Dorado Cadilla, col. Clásica, n.º 4, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, 2008, 100 pp. (ISBN: 978-84-936413-6-8). ■

Dezsó Kosztolányi (1885-1936) escribe esta colección de oito contos cun personaxe condutor que é Kornél Esti pero que ben poden funcionar independentemente. No primeiro conto titulado "Gallus, o tradutor", escrito en primeira persoa de plural, un grupo de tertulianos mencionan o nome de Gallus e Kórnel Esti recorda telo visto hai sete ou oito anos atrás en malas condicóns polo que tentou axudalo póndoo en contacto cun editor, pero descobre que o tradutor era un cleptómano tradutolóxico, pois non traducira as xoias da protagonista, cambiando as pedras ou metais preciosos por materiais, sen valor e até cambiaba as cantidades numéricas; de xeito que arruinaba a todos os personaxes. O segundo conto titulado "O revisor búlgaro" resulta unha chiscadela ao valor da linguaxe xestual, posto que o protagonista, Kórnel Esti, relata en primeira persoa a conversa que puido manter cun revisor búlgaro sen saber case nada de búlgaro, salvo unha frase relacionada co saber fumar, asentindo ou negando coa cabeza e utilizando outros elementos da linguaxe xestual. O terceiro, "A prodixiosa visita de Krisztina Hrussz", narrado en terceira persoa, conta a historia dun estudante namorado dunha cantante de cabaré, á que acababan de enterrar. Tras o enterro o mozo non deixa de pensar nela e actúa coma se ela estivese aínda viva. Durante anos pide que regrese, feito que acaba por ocorrer. Ela pídelle que non pregunte nada e dícelle que só podía estar con el trinta minutos. Perden o tempo en preguntas triviais tras abrazarse e bicarse. Cando chegaron aos nove minutos ambos estaban aburridos, tanto que ela decide marchar e el sente alivio ao quedar só a pesar de que podería gozar de vinte minutos máis. O cuarto conto, "A chave", contado en terceira persoa e intercalado con diálogos, fai referencia a un neno que vai buscar a chave da despensa ao traballo do seu pai e unha vez alí fala co xefe do pai que lle fará varias preguntas. Este comenta logo co seu empregado que ten un fillo intelixente e simpático ao que o pai responde que si, que é traballador e aplicado a pesar de que un intre antes falara mal del cun compañeiro. O conto, termina co neno sorprendido polo trato do seu pai que o fai chorar de alegría. En canto ao quinto conto "O bote de motor" trata dun mozo cuxa única obsesión ou desexo é comprar un bote a pesar de que vive con estreiteza. Toda a súa familia critícalle a súa idea e danlle motivos suficientes para que se esqueza desa ilusión pero ao final, a base de esforzo e obstinación, conségueo e a partir de aquí considérase o home máis feliz sobre a terra. No conto intitulado "O meu tio Géza" nárrase a historia do tío de Kórnel que era inventor e cada vez que se reunía coa familia contáballes cal era o seu último invento. Neste caso preséntalles un aparello para cortar o pan que máis ben case o desfacía ao caer as coitelas sobre a bola. Cando estaba un pouco bébedo dicíalle ao seu sobriño que cando deixase de velo podía ter medo, pero non antes e ao final do conto, o protagonista e narrador en primeira persoa do conto, acórdase daquela frase que lle dicía o seu tío, que en certo xeito tiña razón. No penúltimo relato "Omelette á Woburn", Kórnel Esti regresa de París á súa casa logo dun ano lectivo en tren, no vagón húngaro. Decide facer a viaxe en dúas etapas e apéase en Zúric onde só atopa para comer un mesón con xardín, moi elegante. É de 1739 e ten un blasón na porta, o que supón que lle vai a custar bastante calquera menú da carta. Catro camareiros aténdeno á vez e decide tomar un entrante como único prato tortilla. Á hora de pagar entrega un billete de 10

francos e devólvenlle seis que reparte de propina entre os catro camareiros e dous para o *maître*. Logo xa non ten onde ir e debe durmir nun banco do parque, onde termina chorando pensando no orgullo estúpido que lle fixo regalar o seu diñeiro. O último conto finaliza coa historia de Bandi Cseregdí que chega a París en 1910 porque aproba o exame de entrada á facultade de dereito. O seu tío deulle sete centas coroas que deberá administrar mentres aprende francés e un manual de francés. Escribe entón a Kornel Esti para que o reciba en París. Fai unha parada en Munich e chega ao día seguinte. No tren ten un pequeno incidente por non entender francés, xa que fuma nun departamento para non fumadores e cren que é austríaco ao que el responde indignado que é húngaro. En París empeza a gastar e decide invitar o seu amigo a un mesón húngaro de París e a moitos máis personaxes a champaña até que, sen darse conta, gasta todo o diñeiro e chora pola súa ineptitude. Decide marchar pero antes unha moza lévalle o almorzo e termina dicíndolle algo do que aprendeu nese libro tan pasado de moda: "très bien princesse".

Recensións:

- Manuel Xestoso, "Prisioneiros da mediocridade", *A Nosa Terra*, n.º 1.344, "Cultura", 29 xaneiro-4 febreiro 2009, pp. 33-34.

Salienta que o escritor húngaro Dezso Kosztolányi pouco a pouco empeza a ser recoñecido como unha das figuras imprescindíbeis da literatura europea do século XX. Dá conta dalgunhas das súas obras e describe o seu contexto social. A seguir, indica que a editorial Rinoceronte, para difundir a obra deste escritor, sacou do prelo unha escolma de relatos. Comenta que son oito contos nos que o autor satiriza comportamentos humanos, cheos de pesimismo e desesperanza. A continuación, destaca o humor sutil e mais a prosa concisa e sen ornamentos e tamén fala dos personaxes cheos de egoísmo, mediocridade e falta de escrúpulos. Por último, fai referencia á tradución feita por Rinoceronte, xa que considera que a escolma é moi breve, aínda que é unha boa introdución para coñecer a prosa de Kosztolányi.

Referencias varias:

- María Xesús Nogueira, "Pisaremos as rúas novamente", *Diario de Pontevedra*, "Opinión&Análisis", "Un falar", 16 maio 2009, p. 27.

Fala sobre o conto do escritor húngaro Dezsó Kosztolányi, "O revisor búlgaro", traducido ao galego e publicado por Rinoceronte Editora dentro deste volume. Comenta que o relato conta a historia dun home que consegue manter unha conversa en búlgaro, descoñecendo esa lingua, e continúa a falar sobre o concepto do bilingüismo.

Yoshimito, Banana, *Kitchen* (*Kitchin*, 1988), trad. do xaponés de Mona Imai, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 17, agosto 2008, 110 pp. (ISBN: 978-84-936413-2-0). ■

Novela curta de Banana Yoshimoto, nome literario de Mahoko Yoshimoto (Toquio, 1964), sobre a historia dunha moza solitaria, cuxa vida muda radicalmente tras a morte

da súa avoa coa que vivía. Mikage Sakurai relata en primeira persoa os seus sentimentos perante á morte da súa avoa e como lle gusta refuxiarse na cociña. Un rapaz, chamado Yuichi, días despois, preséntase na súa casa e ofrécelle vivir con el e a súa nai, que é realmente o seu pai biolóxico, transexual dende a morte da súa muller, nai do rapaz. Este coñecía a avoa de Mikage porque compraba flores na florería onde traballa e faláballe moito da neta. Mikage acepta pero séntese moi estrañada pola situación, sobre todo cando sabe a verdade sobre a nai de Yuichi. Vai pasando o tempo e Mikage acostúmase á vivir con eles, aínda que acaba mudándose e facendo o que máis lle gusta: aprender cociña e traballar como cociñeira. A súa vida cambia de novo radicalmente co asasinato da nai de Yuichi, que a aproxima outra vez ao rapaz, a pesar dos celos da namorada del. Non obstante, Mikage séntese confusa respecto dos seus sentimentos e cavila profundamente sobre a súa vida, o seu pasado e o porvir. Acaba decidindo por apostar pola súa relación con Yuichi, só que deixa o final aberto sobre se será só de amizade platónica o amorosa.

XII.2. POESÍA

XII.2.1. POETAS GALEGOS

Álvarez Cáccamo, Xosé María, Alfonso, Celso e Berta, *Poemas ao pai*, ilust. Berta Álvarez Cáccamo, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, n.º 16, decembro 2008, 55 pp. (ISBN: 978-84-92646-03-6).

Poemario dos fillos poetas de Xosé María Álvarez Blázquez para homenaxealo tras o seu falecemento. Comeza o libro cun limiar asinado por Marga do Val, no cal presenta o poemario destacando que se trata dunha escolma familiar, un tributo dos fillos ao seu pai. Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) é o primeiro dos fillos que aparece na escolma. Nove son os poemas que presenta e que teñen como eixo temático central o recordo do seu pai. Algúns poemas remiten á nenez do escritor e outros á morte do pai, como é o caso dos textos, "Voltei a entrar na casa" ou "Na alta noite ferida". Oito son os poemas que aparecen na escolma firmados por Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952). De novo a temática persoal relacionada co seu pai fai acto de presenza. O primeiro poema, "Unha mañá de inverno" é unha elexía pola morte de Xosé María Álvarez; neste texto, o poeta lembra a mañá de inverno cando morreu seu pai e a natureza o anunciou. Os outros textos tamén continúan homenaxeando ao pai, destacando os seus actos ao longo da vida e resaltando as súas virtudes. Celso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1958), o terceiro dos fillos, conta con nove textos. Nestes poemas, o autor fala do pai como o guía que o axudou ao longo da vida para atopar o camiño correcto. É o caso dos poemas, "Andamos extraviados" ou "Que procurei en verdade". A escolma péchase cun poema de Berta Álvarez Cáccamo (Vigo, 1954), "Xa non sei onde buscar", que é un pranto dorido e sentido pola morte do seu proxenitor.

Braxe, Lino, *Diálogo dos mortos e a noite ou O segredo enamorado***.** *Homenaxe a Manuel Balboa*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 84, 2008, 50 pp. (ISBN: 978-84-964-75717).

Poemario de Lino Braxe (Mugardos,1962) sobre o amor, o desamor, a dor e os anhelos. Un mar de emocións descritas o longo de vintedous poemas que constitúen, finalmente, un poemario cun marcado ton nostálxico e melancólico. Preséntase como unha homenaxe o músico Manuel Balboa, polo que os títulos dos poemas se corresponden cos das súas obras musicais escollidas para a realización dos textos escritos no poemario. De igual xeito, o título do libro correspóndese co de dúas obras do compositor coruñés, de aí títulos como os seguintes: "Nocturno nº 1, según Van Gogh", "Obertura para unha presenza", "Oculta Mágoa", "Unha valse calavérica", "Sombra interrumpida", "Sabatiana", "Entreacto e danza satánica", "In memoriam, Álvaro Cunqueiro", "Orzan", "Hercúles en Brigantia", " Nieva en Tartaria", "Rapto da indiferenza", "Romeo ou a memoria do vento", "A invención do día", "Martes de carnaval", "O baile das ánimas", "Canción de Berce", "Saturnal", "Os camiños do firmamento", "Quasi notturno" e "Mares nocturnos".

Delgado, Susy, *Xestado na palabra (Edición bilingüe guaraní-galego)* (*Ayvu Membyre*, 1999), trad. e prólogo Fátima Rodríguez, A Coruña: Espiral Maior, col. Alba Longa, n.º

15, novembro 2008, 78 pp. (ISBN: 978-84-95625-95-3).

Ao abeiro do sesenta aniversario da Bibliothèque Hispanique da Universidade de Toulouse le Mirail, un grupo de cinco investigadores do IRIEC (Institut de Recherche Intersite Études Culturelles), traballaron na tradución do poemario da escritora paraguaia Susy Delgado (San Lorenzo, Paraguai, 1949) que arrinca cunha dedicatoria persoal. No prólogo "*Ayvu Membyre*. O silencio medular da palabra", Fátima Rodríguez destaca que a poeta guaraní parte dos Ayvu Rapyta que constitúen a memoria dos mbya para render tributo a un ente que é "un principio de emanación do existente". Explica ademais que a universidade Toulouse le Mirail é unha das "escasas universidades europeas en acoller as linguas amerindias". Os idiomas aos que foron vertidos os trinta e catro poemas son o catalán, o portugués, o castelán, o francés e o galego. Apunta que o cantar novo, *purahéi pyahu*, de Susy Delgado ecoa enxendrado no cantar vello, *Purahéi tuja*, declinando así Susy Delgado o seu universo poético "no que o silencio vén sendo a ánima da voz, da palabra-nai". A edición bilingüe presente, guaraní-galego, reproduce un tema constante entre os poemas: a importancia da fala como parte da identidade da poeta, unha fala que cualifica de antiga, de miúda, mesmo de fea, pero cuxo amor non diminúe por iso. Os versos son curtos e os poemas, pequenos, rondan os dez versos de media, situándose entre os cinco e os vinte, máis ou menos. Están numerados todos con números romanos e sen título.

Fernández Rodríguez, Leoncio, *As ondas do vento*, Ourense: Editorial A pena d'auga, 2008, 101 pp. (ISBN: 978-84-935109-2-3).

Obra poética de Leoncio Fernández Rodríguez (O Seixo, Viana do Bolo, 1930) que consta de setenta composicións de carácter biográfico e que se abre cun "Prólogo", no que el mesmo apunta que escribiu o libro "pensando na dor da miña infancia". Por outro lado, critica a música moderna de hoxe en día e pide aos galegos que non "esquezan nunca a música dos nosos compositores pasados". Ao primeiro, o eu lírico sinala que "as ondas do vento" son as doenzas "dos homes que matan á nai natureza". Deste xeito, entrelázanse composicións de diversa temática, como as lembranzas tristes da infancia ("Meu irmán de trece anos", "Despois da guerra",...), a morriña que provoca o recordo, o maltrato á natureza e o abandono da aldea ("Soiños", "O lar perdido", "No meu lugar"). Evócanse algúns dos lugares que lles son familiares ao poeta: o río Xares, a presa de Prada, o balneario de Mondón ou A Poboa de Trives. Á vida cotiá no ámbito rural refírese tamén en composicións como "Un conto de vellos", "Unha avoa" ou "Nai solteira". Están ademais moi presentes os versos de denuncia dos vicios da sociedade e da política actual ("Contra HB", "Os Santos do Inferno", "A puntapés"). Obsérvase a influencia de poetas clásicos da literatura galega, fundamentalmente, Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez, a quen lle fai unha dedicatoria. A eles vai dirixida a composición "Os fillos da patria galega". Trátase, polo xeral, dun poemario de rima non determinada, no que predominan as estrofas de catro versos. Péchase o volume cun texto de María Asunción Arias Arias, no que comenta brevemente a poética do autor.

Heinze de Lorenzo, Úrsula, *Skyline*, ed. bilingüe alemán-galego, A Coruña: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 199, 2009, 112 pp. (ISBN: 978-84-96475-89-2).

Edición bilingüé alemán-galego deste poemario de Úrsula Heinze de Lorenzo (Colonia, Alemaña, 1941), quen elabora nesta escolma unha selección de ideas e pensamentos en dúas linguas. O estilo gráfico da peza, en minúsculas e sen puntuar, vai da man da propia temática da peza. O texto representa unha achega directa a esa liña do horizonte que se traduce como "skyline". A poeta fala de sentimentos persoais e do mundo en xeral, sinalando a importancia da presenza das amizades, os familiares e todos aqueles conselleiros que arredor de nós sempre contribúen a darnos acougo. Nunha sucesión de versos aparentemente inconexos, a poeta fai un retrato do amor, a natureza, as relacións humanas e a complexidade do noso mundo.

Parada, Xesús Alfonso, *A cor das uces*, introd. Xesús Manuel Valcárcel, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, col. Poesía, abril 2008, 81 pp. (ISBN: 978-84-934933-6-3).

Neste novo volume Xesús Alfonso Parada (Meiraos) prosegue, dende unha perspectiva poética, coa temática xa presente noutra obra súa anterior, *Usos, costumes e cousas do Courel* (2007), ao redor da natureza típica na Serra do Courel. Estruturado en torno a tres eixes, a introdución, a cargo de Xesús Manuel Valcárcel, salienta o seu carácter antolóxico ademais da contraposición entre o mundo excesivamente racional e o microcosmos ecolóxico. Inclúe ao autor no *rebelde stil nuovo* e no senti_MENTAL_ismo e destaca o seu compromiso coa natureza e coa dignidade da poesía. O primeiro dos eixes leva por título "Anacos do Caurel" e abrangue dez seccións formadas por corenta pequenas composicións sobre o inverno e o outono coa natureza e clima propios dese período. Menciona neles lugares como a Ponte de Moín de Bao, as montañas e a Serra do Courel, a aldea de Piñeira e Meiraos, entre outros. Un deses poemas, "En silencio", está dedicado á figura de seu pai. O segundo eixe, "Arume", consta de catro seccións, con sete poemiñas baseados nalgúns elementos da natureza como o vento, a choiva e as árbores. O derradeiro eixe, "A cor das uces", de título homónimo ao do presente volume, contén dez seccións que inclúen un total de vinte e dúas composicións poéticas que continúan a mesma liña temática dos anteriores eixes. Predominan aquí a flora e a fauna galegas, como os toxos, a hedra, as uces e o gando en xeral. Emprega unha linguaxe ateigada de emotividade.

Portela, Elías, *Imaxes na pel*, prólogo do autor, Cangas do Morrazo: Morgante Edicións, 2008, 105 pp. (ISBN: 978-84-936460-3-5).

Poemario de Elías Portela (Cangas de Morrazo, 1981) estruturado en catro partes: "Verso de setembro(varia)", "Imaxes", "Prosas e traducións" e "Erros de marzo(varia)", que sempre se inician cunha cita de Sapho e que conteñen diferente número de poemas de extensión tamén moi dispar. Conta no prólogo como foi o proceso de creación do poemario, explica que un dramático accidente acontecido durante a xestación deste volume, lévalle a ter que reelaboralo, recorrendo para elo á memoria para rematar este traballo que tiña trazado. Comenta que entón se decata de que o autor orixinal da obra morrera e que el se converteu nun mero copista de si mesmo, pois agora xa non escribe como escribía cando comezara este poemario. Os poemas abordan a temática do amor, que ás veces é amor pasional, descricións de lugares ou elementos naturais, que ofrecen reflexións existenciais ou mesmo denuncian a pobreza e as diferenzas sociais, aínda que destaca cómo se conta, a estética poética, máis que o que se conta. O autor emprega o verso libre e repite certas imaxes e metáforas, sen renunciar á ironía, e en ocasións

amosa os sentimentos de xeito directo. Destaca tamén o emprego nalgúns poemas da primeira persoa, que en ocasións é feminina.

Recensións:

- Héitor Mera, "Fondo e contido", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 288, "Libros", 30 abril 2009, p. IV/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 232, "Letras galegas", 9 maio 2009, p. 6.

Comeza facéndose eco das palabras de Elías Portela, autor de *Imaxes na pel*, que, no prólogo da súa obra, explica que a intención coa que a escribiu foi "crear coa visión do estudioso e o crítico". Afirma que a obra se caracteriza por un sistema metafórico e imaxinístico con "gran coherencia expositiva" e "plasticidade" e é, en definitiva, un poemario "conciso e claro".

Seoane, Xavier, *Do ventre da cóbrega*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 206, 2008, 132 pp. (ISBN: 978-84-96475-95-3).

Xavier Seoane (A Coruña, 1954) ofrece un poemario estruturado en tres libros: "Profecías", "Alba da Noite" e "Fillos da Néboa". Son poemas nos que o autor verte reflexións sobre o mundo e o ser humano, sobre o paso do tempo e a morte e o esvaecemento dos sonos, sendo común en todos unha visión pesimista do futuro, en especial no derradeiro libro, e a premonición dun tempo de decadencia. Tamén se atopa espallado algún poema de temática amorosa e de denuncia política. Asemade, son frecuentes as referencias mitolóxicas e a elementos naturais e animais. No tocante a aspectos formais, nos que Seoane pon especial coidado, destacan as orixinais metáforas, que trasportan a un mundo onírico ou surrealista, pola asociación de elementos discordantes, e as abundantes personificacións.

Recensións:

- Antón Patiño, "Xustiza poética", *Tempos Novos*, n.º 140, "Crítica", "Libros", xaneiro 2009, pp. 84-85.

Comenta e analiza este poemario de Xavier Seoane, publicado por Espiral Maior. Considera que a obra presenta un "arrecendo mítico" dos libros de *Seraogna*, de Alfonso Pexegueiro e *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín mais afirma que o contexto social é distinto. Define a obra como unha radiografía da conciencia daquela época e destaca as imaxes herméticas que contén. Tamén comenta o simbolismo do idioma, así como a súa interpretación sobre a temática dos poemas.

- Alfredo Ferreiro, "Presaxio en tres tempos", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 183, Tomo XLVII, "O espello das letras", xullo, agosto, setembro 2009, pp. 123-124.

Comenta que a citación de Beckett con que Xabier Seoane comeza este poemario dirixe a percepción do lectorado ao centro da ideoloxía textual: "o propósito de mostrar poeticamente unha valorización da etapa histórico-social que nos toca vivir e que o

poeta, sensíbel ao novo imaxinario cultural que nos cega (…), detecta e canta con amargura desde o desexo de xustiza e harmonía". Explica que isto o expresa mediante a vinculación de símbolos telúricos e espirituais tradicionais, lembrando a aura protectora do inmutábel sacroprofano, nun ton bárdico ou druídico que serve para mostrar a nación deitada na decadencia. Apunta que a primeira profanación se mostra nunha cultura galega irremediabelmente danada e que a serpe representa o inimigo ancestral, ademais de facer unha serie de consideracións sobre a cultura e outras cuestións presentes neste poemario.

- Miguel Sande, "Poesía para a praia", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Letras en galego", 25 xullo 2009, p. 11.

Recoméndase a última obra de Xavier Seoane, sinalando que se trata dun poemario que fai percorrer todas as posíbeis emocións que ofrecen as experiencia da vida "dun estremo ao outro". Incídese ademais na importancia de ler obras da calidade e profundidade coma a de Seoane, nun mundo no que, a pesares de caracterizarse por uns excelentes medios de comunicacións, impera máis que nunca a soidade e a falta de comunicación entre os cidadáns.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, "O asubío da cóbrega", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 1 xullo 2009, p. 35.

Recóllense as impresións do poeta Xabier Seoane, quen recorda a súa nenez coma unha etapa chea de ledicia e de xogos. Comenta que comezou a escribir poesía na adolescencia no contexto do franquismo, en castelán, xa que o galego estaba totalmente reprimido neste tempo. Pensa que non hai que facer unha defensa da poesía, porque suporía afondar na súa "natureza inefable". Doutra banda, considera que aínda que a linguaxe verbal ten límites, estes poden ser transgredidos, pois para Seoane a arte é precisamente explicar o indicíbel. Acerca do seu poemario *Do ventre da cóbrega* explica que vén dado pola súa convición de que estamos nunha etapa de sombras, onde se están a destruír as ilusións e esperanzas da sociedade e que nos rodea unha cobiza económica sen límites.

VV. AA., *Na frente unha estrela*, *no bico un cantar*, prólogo de Helena Villar Janeiro, Padrón: Fundación Rosalía de Castro, col. Poetas con Rosalía, n.º 3, xullo 2008, 48 pp. (ISBN: 978-84-87668-28-3). ◆

Trátase dun poemario de doce poemas en galego, catalán e castelán, cuxo motivo unificador é Rosalía de Castro. De feito, o primeiro está escrito en catalán e pertence ao poeta e novelista Salvador Espriu, mentres que o último é da autoría de Ángel García López, en castelán. No prólogo, Helena Villar Janeiro explica a estrutura e finalidade da publicación. O poemario pretende render homenaxe a Manuel Curros Enríquez no centenario do seu pasamento, seguindo o esquema xa coñecido de abrir cun clásico e pechar cun poeta actual de fóra das letras galegas. Esta vez o asunto xira en torno a Rosalía de Castro.

- Salvador Espriu, "Cançó tòpica de les dones gallegues a Rosalia", pp. 11-13.

Dedícaa ás mulleres soas que se reflicten no espírito da poetisa.

- Marilar Aleixandre, “arrenego das pombas”, pp. 17-18.

Segue esa particular homenaxe, arrenegando dos elementos simbólicos característicos da poesía rosaliana.

- Vicente Araguas, “Laradas”, pp. 21-22.

Recrea algúns dos versos dela.

- Francisco X. Fernández Naval, “As arboredas últimas”, pp. 23-24.

Crea o seu poema a partir de dous versos de Rosalía.

- Antonio García Teijeiro, “Coma ti, Rosalía”, pp. 25-26.

Móstrase directamente en comuñón con Rosalía polos sentimentos de anguria e soidade personificados na “sombra”.

- Margarita Ledo Andión, “Areia”, pp.27-28.

Recorda o desastre do Prestige.

- Margarita Ledo Andión, “Empatía”, p. 29.

Reproduce a vinculación espiritual con Rosalía cunha breve prosa poética.

- María do Cebreiro “Do íntimo”, p. 33.

Utiliza unha das seccións de *Follas Novas*, “Do íntimo”, para falar coa necesaria distancia do interior.

- Carlos Negro “Lista de cousas que os humanos atoparán nas beiras do Sar”, pp. 34-37.

Mestura a visión lírica coa actualidade galega, cunha perspectiva irónica.

- Manuel Outeiriño, “A Rosalía”, p. 39.

Súmase ao homenaxe á poetisa cun poema máis melancólico.

- Baldo Ramos, “Desoída luz”, pp. 40-43.

Máis combativo, critica aos que rexeitaron a Rosalía e agora convócana.

- Ángel García López, “Nunca humanos ollos viron/o que veu entonces ela”, pp. 47-48.

Fai da poetisa a súa interlocutora, a quen loa.

XII.2.2 ANTOLOXÍAS

Rabuñal, Henrique (ed.), *Poemas coruñeses: antoloxía de textos poéticos dos séculos XIX e XX sobre A Coruña*, A Coruña: Espiral Maior, 2008, 95 pp. (ISBN: 978-84-96475-85-4). ■

Colectánea poética centrada na cidade da Coruña e subvencionada polo seu concello que conta cunha ilustración na cuberta a cargo de Urbano Lugrís. Comeza cun prólogo institucional e continúa cunha presentación a cargo de Henrique Rabuñal (Pastoriza, Arteixo, 1962), na que comenta os criterios de edición, detalla as axudas que tivo e afirma que neste libro se poderá coñecer a estreita relación dalgúns escritores contemporáneos en lingua galega coa cidade da Coruña. A seguir, aparecen en orde cronolóxica todos os autores e autoras participantes, así como o título do seu poema: Vicente de Turnes con "Á inauguración do Liceo Artístico e Literario da Cruña"; Francisco Añón con "Ante a Torre d'Hércules"; Antonio de la Iglesia con "A Reina na Atocha"; Francisco María de la Iglesia con "A strela cruñesa"; Eduardo Pondal con "Falade galego"; Rosalía de Castro con "Na tomba do xeneral inglés Sir John Moore morto na batalla de Elviña (A Coruña) o 16 de xaneiro de 1809" e mais "¡Pra Habana!"; Manuel Curros Enríquez con "Saúdo" e mais "Ao pobo cruñés"; Euxenio Carré Aldao con "As mulleres cruñesas"; Florencio Vaamonde Lores con "X-XII"; Lorenzo Varela con "María Pita"; Miguel González Garcés con "Poema ó meu amor"; Luz Pozo Garza con "Torre de Breoghan"; Uxío Novoneyra con "Lenda de Ith"; Manuel Álvarez Torneiro con "Vello azul de cidade" e mais "A cidade perdida"; Antón Avilés de Taramancos con "Alfonso Abelenda pilotando o grande navío da cidade nas noites da nosa mocedade"; José Devesa con "Tal umha ilha ventureira e nua"; Ánxeles Penas con "A Miguel Gonzales Garcés" e mais "A Picasso"; Darío Xohán Cabana con "Nocturno" e mais "Tenzón de Breogán"; César Antonio Molina con "A Coruña" e mais "Torre de Hércules"; Xulio L. Valcárcel con "Cutty Sark. Veleiros na baía da Coruña"; Xavier Seoane con "Galería", "Temporal na baía" e mais "A patria"; Manuel Rivas con "Oda á Coruña" e mais "Bohemia coruñesa"; Luísa Villalta con "A cidade antiga" e mais "Poema da cidade alta" e temos finalmente Miguel Anxo Fernán Vello con "A Coruña" e mais "Noites coruñesas". Péchase o volume cunha pequena achega biográfica aos vinte e catro poetas que integran este volume e mais co "Índice".

Recensións:

- Rodri García, "Versos para a cidade da milla cultural", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 310, "Letras en galego", 25 abril 2009, p. 11.

Fálase sobre *Poemas coruñeses* (2008), obra editada por Henrique Rabuñal, que nunca foi presentada oficialmente, de poemas sobre a cidade da Coruña escritos por distintos autores e autoras ao longo dos séculos XIX e XX nos que se canta aos seus símbolos, ás súas rúas e aos seus heroes e heroínas. Dise que é unha homenaxe a unha cidade que recolle múltiples feitos culturais relevantes para a cultura e literatura galegas como a Real Academia Galega ou a Cova Céltica, así como a coroación poética de Manuel Curros Enríquez. Entre os autores recompilados dise que hai poemas de Manuel Rivas, Rosalía de Castro, Xavier Seoane, Luísa Villalta ou Eduardo Pondal.

Romero, Marga, e Dieter **Kremer** (compiladores), *20 Gedichte aus galicien*, ed. bilingüe galego-alemán, A Coruña: Espiral Maior, setembro 2007, 91 pp. (ISBN: 978-84-96475-49-6).

Selección poética bilingüe en galego e alemán a cargo de Marga Romero e Dieter Kremer. Os compiladores explican no prólogo, intitulado "Vinte poemas para recitar", que a creación do libro estivo motivada por un recital dos poemas orixinais en galego, que se acompañou dunha versión na lingua alemá do público ao que ían destinados. Asemade comentan que estes poemas, nas dúas versións, constituíron na súa maioría o material empregado polo grupo poético "No embigo do mundo", que xurdiu como produto do labor conxunto do Galicien Zentrum da Universidade de Trier e a lectora de portugués daquela época e poeta Paula de Lemos. No caso das versións alemás destácase o traballo feito neste centro, na mencionada universidade polo grupo de lectoras de galego e por Dieter Kremer, responsábel da revisión final dos textos. Na lingua xermana publicáronse as composicións escollidas en diferentes números da revista *Galicien Magazin*, da Asociación Galego-Alemá. Co propósito de homenaxear aos seus autores, seleccionaron os seguintes poemas: "Cando penso que te fuches...", procedente de *Follas Novas* (da edición de Galaxia de 1993), de Rosalía de Castro (pp. 18-19); "Sós", procedente de *De catro a catro* (1928), de Manuel Antonio (pp. 20-23); "Linme hoxe toda por dentro...", procedente de *Verba que comeza* (da edición de Edicións Xerais de Galicia de 2006), de María Mariño (pp. 24-27); "Con auga de sede vella...", procedente de *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933), de Álvaro Cunqueiro (pp. 28-29); "Panida", procedente de *Canle segredo* (1976), de Xosé María Álvarez Blázquez (pp. 30-33); "A pureza da boca", procedente d'*As arpas de Iwerddon* (2005), de Luz Pozo Garza (pp. 34-35); "Carta", procedente de *Morrendo a cada intre* (1952), de Manuel María (pp. 36-37); "A Letanía de Galicia", procedente de *Do Courel a Compostela* (1988), de Uxío Novoneyra (pp. 38-41); "En Compostela pode un home...", procedente de *Con pólvora e magnolias* (2001), de Xosé Luís Méndez Ferrín (pp. 42-45); "Bueno barato", procedente de *Fóra de min* (1992), de María Xosé Queizán (pp. 46-49); "Río", procedente de *Vocabulario das orixes* (2000), de Xosé María Álvarez Cáccamo (pp. 50-53); "No resplandor das horas...", procedente de *Livro das devoracións* (1996), de Pilar Pallarés (pp. 54-57); "Arzúa: Nevada do 87", procedente d'*O pobo da noite* (1997), de Manuel Rivas (pp. 58-59); "Nenez", procedente de *Glosarios* (2004), de Xavier Queipo (pp. 60-63); "As mulleres pasean ao corazón da tarde...", procedente de *Memorial de brancura* (1992), de Miguel Anxo Fernán Vello (pp. 64-65); "Camiñan descalzas polas rochas...", procedente de *Das últimas marcas* (1994), de Ana Romaní (pp. 66-67); "Amarte nomeando as túas partes...", inédito de Marga do Val (pp. 68-71); "Artellando os sons...", inédito de María Reimóndez (pp. 72-73); "Canta ledicia abranguimos entón...", procedente d'*Elevar as pálpebras* (1995), de Yolanda Castaño (pp. 74-77); e, finalmente, "Cando regresei...", inédito de Mónica Góñez (pp. 78-79). Péchase o volume cunha breve relación das obras en lingua galega de maior importancia dos autores e autoras seleccionados, así como as datas de nacemento e, no seu caso, de morte. Contouse cunha ilustración de Xulio García Rivas para a cuberta do libro.

XII.3. TEATRO

XII.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Gómez, Lupe, *Diario dun bar*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Cadernos Teatro, n.º 12, 2008,75 pp. (ISBN: 978-84-8487-150-7).

Peza dramática de Lupe Gómez (Curtis, 1972) na que se reflexiona ao redor dunha sociedade na que impera o estres e a falta de tempo para vivir. Un lugar escuro e con presas que esconde no seu interior, un pequeno recuncho de paz e tranquilidade, o bar, un pintoresco bar con alma infantil que recolle a presenza dun grupo de amigos que día tras día visitan dito espazo, con fin de poder abstraerse dunha realidade triste e gozar de pequenos momentos de alivio e xúbilo. Cada un dos personaxes exemplifica as diferentes problemáticas e doenzas que acompañan a moitos cidadáns na actualidade. Así, temos a Xoel (trinta e cinco anos), un melancólico soñador que trata de encontrar o seu lugar neste mundo; Belinda (trinta e oito anos), claro reflexo dunha muller deste tempo que anda de aquí para acá, sen tempo para ficar tranquila; Touro sentado (cincuenta anos), vendedor de cupóns debido a súa minusvalía, que se caracteriza por ser un home duro e enfadado cun mundo inxusto; o Camareiro (trinta anos), que goza das extravagancias deste pequeno grupo de amigos; e, por suposto, Loaira (trinta e cinco anos). Esta personaxe é a constante en cada un dos diálogos que se desenvolven na obra. Preséntase como contrapunto ao resto dos protagonistas, iluminando o lugar coas súas preguntas curiosas, coa súa exaltación do amor e a felicidade, coa súa dozura e ledicia constantes. A obra divídese en dezanove escenas, dedicada cada unha delas a un diálogo reflexivo entre Loaira e un dos personaxes citados. Cada escena comeza cunha breve descrición do personaxe presente. A continuación entran en xogo dúas personaxes chamadas a bailarina terríbel e a bailarina suave. Cada unha delas representan a escuridade e a angustia, e a ilusión e a felicidade, respectivamente. A partir de aquí, comeza un novo día no bar tendo coma protagonistas a dous dos personaxes principais. Tan só, na última escena, apareceran todos os protagonistas xuntos celebrando o aniversario de Loaira, para rematar a obra, cun pequeno monólogo da mesma reflexionando sobre a vida.

Referencias varias:

- Arturo Losada, "Non inventei nada, pero apliquei un realismo surrealista", *Xornal de Galicia*, "*Nós*", n.º 14, "Libros", 14 marzo 2009, p. 8.

Coméntase o libro *Diario dun bar*, a primeira obra teatral de Lupe Gómez, publicada por Laiovento. Con respecto ao argumento do libro, saliéntase que se constrúe nun escenario baseado nun bar no que se atopan os personaxes. Segundo se explica, as situacións que se presentaron foron recollidas pola autora ou por outras persoas en bares reais, pero tamén xurdiron a raíz do seu traballo como reporteira para a contracuberta de *Galicia Hoxe*, aínda que se modificaron no libro. Finalmente, anúnciase que xa ten case rematada a súa segunda obra teatral.

- V. Oliveira, "Bailando no aire", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 10 marzo 2009, p. 35.

Coméntase o debut en teatro de Lupe Gómez coa obra *Diario dun bar*, publicada por Laiovento. Tras achegarse á súa produción literaria, explícase a elaboración desta obra teatral na que, segundo a autora, as personaxes do libro se basean na realidade, en clientes dos estabelecementos hostaleiros de Santiago de Compostela que foi coñecendo ou ben directamente ou ben a través de entrevistas con camareiros. Tamén comenta o uso de diálogos disparatados cos que se achegou ao esperpento surrealista e á linguaxe infantil e o "xogo de espellos" que empregou para que a realidade adquirise novas interpretacións. Por último, acóllense as palabras de agradecemento da autora ao seu padriño teatral, o editor Francisco Pillado.

Picouto, Millán, *Ciclo de Xúpiter*, Ourense: Edicións Linteo, col. Aberta, n.º 5, 2008, 576 pp. (ISBN: 978-84-96067-40-0).

Conxunto de cinco pezas dramáticas de Millán Picouto (Ourense, 1949) escritas en verso e estruturadas en cinco actos. Trátase da quinta entrega da obra dramática do autor completando a saga dos títulos de *Ciclo de Venus* (2001), *Ciclo de Mercurio* (2002), *Ciclo da Terra* (2006) e *Ciclo de Marte* (2007). O presente volume está integrado por un conxunto de traxedias e comedias, agrupados, tal e como aparece nos peritextos situados nas lapelas do volume, en ciclos planetarios. Así, tras un limiar no que se describe a estrutura da obra e as pezas que a compoñen, dan comezo as pezas teatrais que comparten a estrutura seguinte: unha primeira páxina na que se encontra o título e unha pequena imaxe ilustrativa da peza que sigue a continuación; posteriormente, preséntase unha listaxe cos personaxes que aparecen na obra; e, de seguido, antes de comezar a peza teatral propiamente dita, un pequeno prólogo. En primeiro lugar, "Péricles e Aspasia" (pp. 17-121) trata os debates do senado de Esparta e a vida na cidade de Atenas, tendo como fontes a Plutarco e a Tucídides. En segundo lugar, "Vercinxetórix, príncipe de Galia" (pp. 124-252) é unha traxedia sobre unha insurrección nacional de proporcións épicas. En terceiro lugar, "Xulio César" (pp. 253-399) revisa a traxectoria deste personaxe nas súas diferentes interpretacións literarias. En cuarto lugar, "Zenobia, raíña de Palmira" (pp. 400-469) conta cómo esta muller quixo converter a cidade de Palmira en paraíso, sendo considerada a anfitriona dos filósofos, poetas e artistas. Por último, "Lánser e Ingrid" (pp. 481-472) aborda a historia dun rei que quería crear unha Noruega onde reinase a paz por medio da unión matrimonial de dous namorados.

Referencias varias:

- X. C. "A cima dun poeta", *A Nosa Terra*, n.º 1.387, "Cultura", 24-30 decembro 2009, p. 23.

Anúnciase o remate da pentaloxía de obras de teatro en verso do poeta Millán Picouto, co libro *Ciclo de Xúpiter*. Sobre o autor coméntase que realizou este ciclo afastado dos círculos literarios.

XII.4. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

XII.4.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Babarro, Xoán (ed.), *Poesía completa. Antolín Santos Mediante Ferraría*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, col. Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da Lingua Galega, 2008, 638 pp. (ISBN: 978-84-95892-74-4). ◆

Recompilación dos poemas de Antolín Santos Mediante Ferraría (Asturias, 1880-1944), realizada por Xoán Babarro, que abre cos agradecementos á familia do escritor e ás persoas que axudaron o editor con suxestións, material ou información. O libro divídese en tres grandes bloques: "Introdución", "Poesía completa" e "Apéndices". A introdución, á súa vez, divídese en sete partes tituladas respectivamente "Antolín S. Mediante", "A época", "O arquivo do autor", "Lingua e estilo", "Clasificación dos textos", "Criterios de edición" e "Referencias bibliográficas". O primeiro apartado trata os aspectos biográficos do poeta e no segundo faise unha contextualización socio-histórica deste personaxe. Na terceira parte o editor, mediante códigos, intenta agrupar o material que ten do escritor e cualificar os escritos que compoñen cada grupo. Na cuarta parte trátanse os aspectos máis destacábeis da escrita do poeta a todos os niveis: ortográfico, fonético-fonolóxico, morfolóxico e sintáctico, léxico e semántico e, finalmente, estilístico. No punto cinco fálase de cada un dos cinco grupos de textos, os cales se fixeron tomando como referencia os subxéneros literarios, a temática e as diferentes versións dunha mesma composición, así como o idioma. O punto seis trata os criterios de edición que se seguiron á hora de elaborar o volume e o sete recolle unha listaxe de referencias bibliográficas empregadas na elaboración do mesmo. O segundo bloque consta de cinco partes e recolle unha selección de poemas feita polo propio autor, de aí que teña o nome de "Poesía completa", a pesar de deixar algún texto fóra. A primeira parte titúlase "Do meu vello cancioneiro", título tomado dunha anotación manuscrita do autor, e contén as composicións máis estreitamente relacionadas co cancioneiro tradicional; a maioría adoptan a estrutura da copla e os temas máis recorrentes son as inxustizas, as diferenzas sociais, o vivir, os poetas, etc., pero sobre todo a muller, o amor, o matrimonio e os poemas antifeministas. Baixo o epígrafe de "Sentencias, cóxegas, puntadas..." aparecen na segunda parte pequenas pezas de carácter filosófico-moral, irónico, satírico, etc., que conxugan o estilo do refraneiro oral con elementos da literatura escrita, así, unhas composicións son feitas con metros populares como os pareados e outras con estrofas cultas como os tercetos, a quintilla ou a seguidilla composta. A terceira parte recolle composicións longas, de temática diversa e ofrece, moitas veces, dúas versións de épocas diferentes; o título "A vida no eido" está tirado dun poema e encadra varios ciclos: un primeiro constituído por poesías tipo crónica con descricións de festas e celebracións ou referidas á propia vida do autor, e un segundo ciclo que contén contos en verso e composicións dedicadas a diferentes oficios, onde prima o elemento festivo, composicións irónicas dedicadas á muller e catro prosas galegas (dous contos de temática tradicional e dous comentarios sobre comportamentos en tempos da guerra civil e da posguerra, en canto a prácticas relixiosas e o estraperlo). A cuarta parte "Variedades" está formada pola poesía en castelán, agás os "cantares" recollidos no primeiro grupo, que reservou para a crónica xornalista; aquí tamén encontramos o elemento festivo, a ironía e o ataque persoal. A

quinta e última parte "Con amor de padre" é un poema de carácter íntimo no que utiliza o verso libre para expresar a emotividade familiar e relixiosa con elementos patrióticos do nacional-catolicismo. Ao final hai uns "Apéndices" nos que se inclúen poemas de Antolín que non aparecían na "Poesía completa" e doutros poetas como Federico Magadán Vidal, Álvaro Aenlle Rodríguez e Manuel María García Castro dedicadas a el. O volume péchase cunhas ilustracións que teñen que ver coa vida persoal e profesional de Mediante, así, temos portadas dos seus libros e páxinas manuscritas, fotos coa familia e documentos que o acreditan como mestre.

Braxe, Lino, Pablo **González Mariñas** e Alexandrina **Fernández Otero** (ed., prólogo e notas), *Jenaro Marinhas del Valle. Amarga memoria*, A Coruña: Espiral Maior, novembro 2008, 57 pp. (ISBN: 978-84-96475-95-3).

Escolma que nace co desexo, coincidindo co centenario do nacemento do escritor Jenaro Marinhas del Valle (A Coruña, 1908-1999), de recuperar, por unha banda, a un autor que os editores consideran que aínda é en certo modo descoñecido na súa dimensión humana, literaria e até filosófica; e por outra banda, está concibida coma unha homenaxe a unha xeración que loitou con dignidade pola causa do galeguismo e a defensa dos valores democráticos. Recóllense once poemas, até agora inéditos, de Jenaro Marinhas del Valle, que presentan unha unidade temática posto que están dedicados a familiares, o seu pai e a súa nai, e persoeiros, galeguistas e defensores da república, mortos ou asasinados durante o réxime franquista. Cada poema vén introducido por unhas liñas que explican a relación do poeta coruñés con cada un dos protagonistas e achegan algúns datos biográficos. Asemade, presentan en común un carácter panexírico e un sentimento de abatemento polas perdas, respectando na súa maioría a estrutura clásica do soneto. Nesta escolma, tamén se incorporan outros textos de Marinhas, escritos na década dos corenta, que os editores inclúen por considerar que supoñen unha lección ética ante as barbaries cometidas despois da guerra civil española. Son tres textos, un relato curto que leva por título "A Promesa", pertencente ao volume *A Vida Oscura*, que trata sobre a amargura dun pai incapaz de vingar a morte do seu fillo, asasinado polos falanxistas; un entreacto, titulado o "Redentor", que o autor non concibe para representar, que reflicte a conversa dun fillo e a súa nai, nunha noite de vixilia que termina co apresamento do fillo polas forzas do réxime franquista e unha páxina do "Caderno de Notas", que recolle a charla de despedida de dous amigos, a pesar de defender posturas contrarias perante a situación política do momento. Tanto na prosa coma no verso destaca por un estilo rico, cunha linguaxe coidada, abundante en adxectivación e metáforas e un léxico lusista.

Castro López, Manuel, *Almanaque Gallego*, estudo introdutorio de X.R. Barreiro Fernández, elaboración da ficha descritiva e índices Emilia García López, ed. facsímile do vol. I. 1898-1902, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008, 659 pp. (ISBN da Obra completa: 978-84-96530-88-1//ISBN do volume I: 978-84-96530-89-8). ◆

Facsímile en formato libro do *Almanaque Gallego,* de Manuel Castro López, que vira a luz entre 1898 e 1927. Neste primeiro volume reprodúcense os números 1898, 1899, 1900, 1901 e 1902 . Comeza con dous prólogos institucionais, a cargo de Ramón Villares, Presidente do Consello da Cultura Galega, e Manuel Luís Rodríguez González,

Secretario Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, respectivamente. A continuación, Xosé Ramón Barreiro Fernández presenta un estudo introdutorio baixo o título "Manuel Castro López, un intelectual e un emigrante da utopía". Nel, ademais de contextualizar a Galicia da época, realiza un esbozo biográfico sobre o autor, na que, entre outras cousas, alúdese a súa entrega ao xornalismo republicano ou reflexiónase sobre os motivos que o levaron a emigrar a Bos Aires en 1892. Chegado a América, coméntase como pasou de colaborador a director de *El Eco de Galicia* e como foi o proceso de saída do *Almanaque Gallego* dende 1898 até 1927. Entre tanto, lóase o seu labor de dignificación de Galicia dende América. Para rematar, sinálanse algunhas das circunstancias que fixeron que esta publicación fora un éxito, entre as que se menciona a acollida nas súas páxinas "das plumas máis valoradas de Galicia". Logo da "Ficha descritiva", na que se inclúen entre outros datos, o título, lugar, ano de comezo, ano de remate, director, fundador, periodicidade, total de números, formato, número de páxinas, prezo, imprenta, publicidade, idioma, contidos e localización, aparece a edición facsímile. Nestes primeiros cinco números do *Almanaque Gallego* atópanse colaboracións de destacados escritores e artistas como o propio Manuel Castro López, Leopoldo Basa, José María Cao, Julio Dávila, Adolfo Rey, Leandro de Saralegui y Medina, Francisco Tettamancy, Avelina Valladares e Marcial Valladares, entre outros. Escrito predominantemente en castelán, acolleu traballos sobre Galicia e tamén textos literarios (narrativa e poesía), en galego, de autores como Uxío Carré Aldao, Ricardo Conde Salgado, Fortunato Cruces, Alfredo Fernández e José Salgado Rodríguez. Todos os números inclúen, como é obvio, o calendario do ano seguinte. A ficha descritiva e os índices foron realizados por Emilia García López.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, e Xosé Manuel **Cid Fernández** (eds.), *Actas do III Congreso Manuel Luís Acuña*, Santiago de Compostela: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, 2008, 352 pp. (ISBN: 978-84-453-4603-7). ◆

Ábrese este volume cun prólogo institucional que é seguido do índice, os criterios de edición e a reprodución da inauguración oficial do III Congreso Manuel Luís Acuña, que se celebrou na Pobra de Trives no ano 2006 baixo o epígrafe "Ano da memoria histórica" e no que se profunda na figura deste mestre, así como no sistema educativo antes e despois da guerra civil. A continuación, os contidos estrutúranse nos apartados "Conferencias", "Relatorios", "Mesas redondas", "Faladoiros" e "Apéndices". Neste último inclúense unha carta de Afonso Paz Gallego a Ramón Otero Pedrayo; fotografías e outro material sobre Acuña e o seu tempo; e o programa e reportaxe fotográfica do congreso. A seguir, recóllense as distintas intervencións e material que lle deron corpo ao citado evento e que trataron ou se abeiraron á literatura galega:

- Xosé Manuel Salgado Rodríguez, "1916-1936. Unha ollada dende 2006 á Época Nós", "Conferencias", pp. 19-24.

Fai un convite para investigar que foi daquel rapaz de Trives, Alonso Salgado, que, ao compás da súa guitarra, Manuel Curros Enríquez lle deu corpo á súa "Cántiga", sendo mozos estudantes en Madrid. A seguir, alude á Galicia dos anos finais da primeira década do século XX e aos primeiros da seguinte, polo que se refire á loita anticaciquil protagonizada por "Acción Gallega", con Basilio Álvarez á súa fronte, e na que tamén participou Ramón Cabanillas. Así mesmo, recorda como, a partir do chamamento realizado por Antón Villar Ponte, nacen as Irmandades da Fala e se recupera *A Nosa*

Terra. Refírese á celebración da 1ª Asemblea das Irmandades da Fala e á aparición de volumes como *A Teoría do nacionalismo galego* (1920), de Vicente Risco, así como á constitución do Partido Galeguista. Por outra parte, faise eco do labor realizado dende a revista *Nós* e o Seminario de Estudos galegos para rematar anunciando a chegada da guerra civil e a escrita d´*O libro dos amigos* no que Ramón Otero Pedrayo recolle a traxedia de moitos dos personaxes aludidos ao longo do presente artigo.

- Sabela Rivas Barrós, "Unha experiencia pedagóxica galeguista no ámbito da educación formal: a Escola de Insiño Galego da Coruña", "Conferencias", pp. 25-37.

Sinala que, dende mediados do século XIX até finais da II República, foron moitas as voces das filas galeguistas que criticaron a situación na que se atopaba o sistema educativo en Galicia. Resume as reivindicacións galeguistas en materia educativa e fai unha aproximación histórica ao galego nas escolas, dende 1900 a 1936, atendendo á evolución lexislativa. A seguir, trata a política educativa da II República e o proxecto pedagóxico do galeguismo entre os anos 1931-1936, ademais de referirse á práctica lingüística nas escolas. Por outra parte, alude ás realizacións educativas do galeguismo que alcanzaron a súa maior manifestación nas Escolas do Insiño Galego, que se crearon na Coruña en 1923. Explica o funcionamento destas Escolas e sinala que nelas se estudaba literatura e se cantaban cancións populares e o himno galego, así como era visitada por recoñecidos galeguistas e participaban nas homenaxes a Manuel Curros Enríquez ou nunha visita a Ponteceso, berce de Eduardo Pondal. Tamén destaca o labor de Ánxel Casal, un mestre querido polo alumnado e apreciado polos seus amigos, como o demostra a dedicatoria que lle fai Camilo Díaz Baliño cando escribe o seu *Conto de Guerra* dedicado ás Escolas da Irmandade da Fala.

- Antón Costa Rico, "As escolas: a luz da República derramada", "Conferencias", pp. 71-90.

Comeza aludindo ao destacado labor desenvolvido no campo educativo antes do estalido da guerra civil, no que xa se manifestaban acenos con respecto á lingua e literatura galega. Así, apunta que había mestres que ensinaban galego, mostraban os debuxos de Daniel Rodríguez Castelao ou falaban de poetas galegos, caso de Rosalía de Castro. Remata coa inclusión de fragmentos dun caderno dun alumno que reflicte a formación militarista da escola franquista.

- Marcos Valcárcel López, "Galicia 1906-1936: como se constrúe unha nación", "Conferencias", pp. 117-135.

Transcrición do esquema textual dos paneis que foron a base da intervención de Marcos Valcárcel, que falou sobre a construción cultural e política da nación galega no período que vai de 1906 a 1936. Despois de expor os fíos condutores da súa intervención, expón cales son as estratexias da construción da nación, onde lle asigna un espazo á literatura. Deste modo, nomea obras de poesía, narrativa, teatro e ensaio do período citado, ademais de referirse ao nacemento da Real Academia Galega.

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Acuña na radio. Poetas de Galicia", "Conferencias", pp. 137-139.

Alude ao programa radiofónico "Poetas de Galicia", composto por cincuenta e tres gravacións conservadas nos arquivos de Radio Nacional de España na Coruña. Sinala que a serie se emitiu entre o mes de febreiro de 1968 e de xaneiro de 1969 e que constaba dunha introdución, á que se engadía unha coidada biografía do poeta, para logo proceder á lectura de poemas do autor tratado. Comenta que a seguir se lle facía unha entrevista ao autor, que remataba coa lectura dun poema seu, e achega a nómina dos participantes, que está encabezada por Sebastián Martínez-Risco. Por outra parte, indica que o repaso biográfico que se ofrece de Luís Acuña é o máis completo que existía naquela altura e que a escolla dos seus poemas que ilustran o programa foi magnífica. Remata cunha consideración sobre a entrevista feita a Acuña na que, moi modestamente, se define como "afeccionado" e "diletante" da poesía.

- Santiago Veloso Troncoso, "Ponte... nas ondas! e a dinamización do patrimonio cultural", "Conferencias", pp. 141-157.

Explica que Ponte... nas ondas! é unha experiencia pedagóxica que dende a súa orixe en 1995 fomenta a radio interescolar como medio de comunicación entre centros educativos galegos e portugueses, co obxectivo de buscar elementos culturais transfronteirizos e procurar "pontes" que eliminen as barreiras de comunicación. Comenta como foi evolucionando esta experiencia, as súas diferentes edicións e os contidos que nelas se foron traballando, entre os que destacan, aqueles referidos á literatura popular (romances, regueifas, refráns ou contos).

- Xesús Alonso Montero, "Da escola republicana á escola dos primeiros tempos do franquismo", "Conferencias", pp. 159-176.

Rememora os seus anos escolares nos primeiros momentos da guerra civil e analiza os textos e lecturas escolares desa época, así como se refire aos fondos bibliográficos das Misións Pedagóxicas que cumpría erradicar segundo indicacións do réxime ditatorial, entre os que se encontraba *Aires da Miña Terra*, de Manuel Curros Enríquez.

- Xosé Manuel Cid Fernández, "Herrero, Acuña, Couceiro: por unha república de lectores", "Relatorios", pp. 197-207.

Achégase ás figuras de Ignacio Herrero, Manuel Luís Acuña e Antonio Couceiro Freijomil, tres educadores que foron moi precoces nas súas afeccións literarias e no labor educativo que procuraron a mellora permanente, dende as súas convicccións pedagóxicas, tanto en aspectos didácticos coma nunha maior adecuación da escola á realidade galega. En relación coa literatura galega, sinálase que Couceiro Freijomil, pese a non ter a liberdade necesaria, nas súas investigacións deixa claro o interese que lles concede á lingua e literatura galega na historia e na pedagoxía, mentres que de Acuña saliéntase que é o reflexo da Xeración do 27 na poesía galega.

- VV. AA., "16-11-2006", "Mesas redondas", pp. 231-235.

Reprodúcese a mesa redonda na que participaron Xoán Carlos Domínguez Alberte, que actuou como moderador, e os relatores Sabela Rivas Barrós, Francisco García Sánchez, Xosé Manuel Salgado Rodríguez e Isaac Alonso Estravís, así como varios asistentes ao congreso. Entre as cuestións tratadas, destacan as explicacións que fai Sabela Álvarez

en relación ás Escolas do Insiño, nas que tamén impartira clase Ramón Otero Pedrayo e outras persoas que lles falaban aos nenos de xeografía ou literatura.

- VV. AA., "18-11-2006", "Mesas redondas", pp. 237-244.

Recóllese a mesa redonda na que participaron Xoán Carlos Domínguez Alberte como moderador e os ponentes Xesús Alonso Montero, Santiago Veloso e Ramón Nicolás, así como parte das persoas asistentes ao congreso. Destácase a presentación dun inesperado manuscrito autógrafo que é o orixinal de *Fírgoas* (1933), de Manuel Luís Acuña, e que ten unha dedicatoria dirixida a Alonso Montero.

- Ramón Luís Acuña, "Silencio amargo, 'spleen' estoico", "Faladoiros", p. 247.

Logo de referirse aos mestres represaliados, fala do seu pai, Manuel Luís Acuña, que foi destituído unha vez que os nacionais entraron en Madrid por "formar parte das esquerdas, amar e cultivar a lingua galega –na que se revelou como un sensíbel poeta-, e ser mestre". Manifesta sentirse moi compenetrado co recordo de seu pai e di que non perdoa nin esquece, aínda que o talante de Manuel Luís Acuña era superior, mantendo durante a primeira parte da Ditadura un silencio acerbo, aínda que sosegado, para logo prevalecer no seu comportamento un certo "spleen", un sentimento de melancolía estoica.

- Xosé Manuel Cid Fernández, "Educación, República e represión: 75 aniversario da utopía republicana", "Faladoiros", "Proxectos educativos na Segunda República", pp. 257-276.

Detense na análise do labor dos mestres da República e cita os principais avances educativos desa etapa, explicando que Manuel Luís Acuña colaborou en diversos medios de comunicación, con contribucións aparentemente neutrais, como son os poemas, mais con capacidade de mobilización dos cidadáns na dirección de reivindicar un maior clima de liberdade, de aposta pola cultura, de non ser indiferentes. A seguir, refírese á represión vivida polos mestres, entre os que están Luís Soto que, xunto con Acuña, convocaron dende a ATEO un concurso de "cuentos proletarios para los escolares" en 1934.

- Sabela Rivas Barrós, "A política educativa na Segunda República e o proxecto educativo do galeguismo. Puntos de encontro e desencontro", "Faladoiros", "Proxectos educativos na Segunda República", pp. 277-278.

Logo de referir como o Goberno republicano tentaba dar resposta ás reivindicacións dos nacionalistas en materia educativa, recolle os artigos que trataban o ensino da lingua galega no Estatuto galego, entre o que destaca o que se refire á creación das disciplinas de lingua, literatura, xeografía e historia de Galicia.

- Marcos Valcárcel López, "A represión dos mestres republicanos, a represión sobre os mellores", "Faladoiros", "A represión dos mestres", pp. 299-304.

Alude ao proceso de depuración ao que se viron sometidos moitos mestres a causa da guerra civil española, entre os que se encontraba Ramón Otero Pedrayo, que se negou a

firmar un documento no que se arrepentía do seu pasado. Tamén sinala que a persoa encargada de substituílo foi D. Xoaquín Lorenzo, discípulo e íntimo amigo seu.

- Xoán Carlos Domínguez Alberte e Raúl Soutelo Vázquez, "Presentación d´*O Ano da memoria na escola*", pp. 305-308.

Na presentación d´*O Ano da memoria na escola*, coméntase que, entre os seus contidos, inclúense entrevistas con creadores da literatura galega, caso de Víctor Omgbá, Fran Alonso e Antón Ribeiro Coello.

- VV.AA., "Recitado de poesía galega", pp. 309-317.

Faise eco do recital poético ofrecido polos alumnos do IES da Pobra de Trives e mais de Ciencias da Educación do campus de Ourense ante o busto de Manuel Luís Acuña, así como o texto que os introducía e no que se explica que os textos seleccionados parten de *Fírgoas* e que outros están relacionados coa conmemoración do "ano da memoria".

- Manuel Luís Acuña, "Entrevista en Radio Nacional de España a Manuel Luis Acuña dentro do programa Poetas de Galicia (1969)", pp. 311-317.

Reprodúcese a entrevista realizada a Manuel Luís Acuña dentro do programa "Poetas de Galicia" no ano 1969. Nela Acuña fai unha serie de comentarios sobre a súa biografía poética da que di que "es muy limitada y nada interesante", así como apunta certa adoración máis ou menos encuberta por algúns dos seus predecesores e contemporáneos. Por outra parte, comenta sentirse bastante afastado da poesía galega actual, opina sobre a poesía social e fala dos autores clave do Rexurdimento, ademais de citar aqueles autores que poden estar a altura dos precursores, caso de Luís Amado Carballo, Manuel Antonio, Antonio Tovar Bobillo e Celso Emilio Ferrreiro. Tamén se inclúen os poemas de Acuña lidos ao longo da entrevista.

Iglesias Baldonedo, Maribel, *Ramón Cabanillas Enríquez. Biografía en imaxes*, Pontevedra: Candea/I.E.S. Francisco Asorey de Cambados, 2008, 156 pp. (ISBN: 84-933855-2-2). ◆

Biografía sobre Ramón Cabanillas Enríquez (Cambados, 1876-1959), de Maribel Igrexas Baldonedo (Caracas, Venezuela, 1964), na que se mostra, fundamentalmente a través de fotografías e imaxes, o mundo deste escritor que escribe para reflectir os problemas dos galegos e galegas, as historias e lendas de Galicia, os personaxes da época e, en xeral, a natureza e o carácter das xentes. Esta obra xorde grazas ao apoio da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia e da Asociación de Ensinantes do Salnés "Candea" que, seguindo na súa liña de difundir materiais que poidan servir para o ensino, aproveita a ocasión e edita esta obra para contribuír á celebración do Ano Cabanillas polos cincuenta anos da súa morte e difundir, sobre todo entre a xente máis nova, a figura deste poeta galego e universal. Da man de Maribel Igrexas Baldomero, profesora da materia optativa de Xeografía e Historia de Galicia no Instituto de Educación Secundaria Francisco Asorey de Cambados, un grupo de oito alumnas de segundo de Bacharelato iniciaron no curso 2006-2007 un traballo coa idea de localizar e recompilar fotografías e bibliografía sobre Cabanillas, pero o curso rematou e as estudantes deixaron o instituto, así que o estudo foi terminado pola profesora. Este libro

é, como o seu propio título suxire, unha viaxe pola vida e a obra do poeta utilizando as imaxes como vehículo de transmisión, as cales susténtanse á súa vez nuns textos breves, pero suficientemente claros e explicativos. A viaxe transcorre polos diferentes escenarios de Cambados onde viviu Cabanillas, a casa dá rúa Hospital onde morreu, a casa da súa muller Eudosia, a escola do Convento e outros lugares e situacións na súa vida como Cuba, o desterro, a época da República, a guerra civil e a posguerra, a aprobación do estatuto de autonomía de Galicia e a creación da editorial Galaxia. Así mesmo faise unha radiografía de todas as persoas e personaxes que pasaron pola súa vida: a súa familia, a súa muller, Basilio Álvarez, os irmáns Sánchez-Pena, os membros do Partido Galeguista e Daniel Rodríguez Castelao. O libro é unha homenaxe a un personaxe histórico, con gran protagonismo na historia galega da primeira metade do século XX, e un gran poeta, ademais de prosista e xornalista, consideración que animou á autora a escribir este libro. Péchase o volume cunha bibliografía e unha listaxe de CD-Roms e páxinas webs, seguida dun apéndice con "Breves reseñas biográficas dos autores citados".

Referencias varias:

- R. V. B., "Candea da hoy a conocer la biografía de Ramón Cabanillas en imágenes", *Diario de Arousa*, "O Salnés", "Cambados", 16 xaneiro 2009, p. 16.

Coméntase a presentación dunha nova obra sobre o poeta Ramón Cabanillas no IES Francisco Asorey de Cambados por parte da Asociación de Ensinantes do Salnés. Dise que a autora é Maribel Iglesias Baldonedo e que se trata dun libro sobre a vida do autor, pero feito a partir das imaxes que deste se conservan. Engádese que tamén tivo lugar a representación dunha pequena obra de teatro escrita por Ramón Cabanillas, *A Ofrenda das Fadas*.

Eyré, Xosé Manuel, *Nin che conto. Para coñecer e gozar da micronarrativa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 215 pp. (ISBN: 978-84-9782-946-5).

Xosé Manuel Eyré (Laxe, Chantada, 1960) entra nesta monografía na polémica da brevidade en literatura e intenta demostrar que os moldes breves ocupan un lugar importante da práctica literaria, especialmente no eido narrativo. Despois de falar do éxito destes pequenos textos e do encanto que desprenden, escollendo exemplos cos que ilustrar ao lector, o autor comenta as infinitas etiquetas que se empregan para referirnos a estes textos e da problemática de consideralos literatura ou non, ademais da discusión sobre a mesma definición de micronarrativa e sobre as características que debe cumprir, que son moitas e moi variadas. Afirma que se debe acudir ao sistema literario hispanoamericano para atopar excelentes mostras deste tipo de literatura e a un bo grupo de críticos que se dedican a estudar e valorar estas manifestacións escritas, para algúns "marxinalidades excéntricas" e para outros "xenialidades". Sexa o que sexa, o que está claro é que a microficción é a escrita deste milenio, portadora de vangarda e modernidade. Esta parte teórica da obra compleméntaa unha ampla escolma de textos breves de autores tan diferentes como Frank Kafka, Jorge Luis Borges, Oscar Wilde, Mario Benedetti, Julio Cortázar, Max Aub, Vicente Huidobro ou Ana María Shua, unha mostra na que sobresae o compoñente hispanoamericano. Na última parte da obra, o autor diríxese directamente ao lector nunha aproximación á micronarrativa galega no

século XX e principios do XXI, na que integra a Rafael Dieste, Daniel Rodríguez Castelao, Álvaro Cunqueiro, Santiago Jaureguizar, Xurxo Borrazás, Gonzalo Navaza, Lino Braxe e Séchu Sende, entre outros. Despois de cada exemplo, o autor incita ao lector a participar nunha serie de xogos interactivos nos que a provocación á escrita son o obxectivo final. Neste novo século agarda un desenvolvemento moi intenso da microficción, paixón e obxecto de estudio deste autor, que tenta animar á lectura e á práctica literaria.

Recensións:

- Laura Caaveiro, "Ferrol adiante. Acuarelas e microtextos", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 283, "Libros", 19 marzo 2009, p. V/*La Opinión*, "*Saberes*", n.º 227, "Letras galegas", p. 7.

Coméntase o libro *Ferrol* (2008) que contén as pinturas de Miguel Ángel Fernández y Fernández sobre a cidade homónima con textos de Ramón Loureiro. Dise que o fío condutor é a propia cidade de Ferrol a través das acuarelas do autor, quen conta na introdución cales son os motivos que o levaron a construír a obra e dividila en catro apartados: "O mar", "A Ilustración", "A arquitectura" e "A xente". Indícase que a autora do artigo simultánea a lectura desta obra con outra que vén de publicarse e que relaciona entre si, *Nin che conto*, de Xosé Manuel Eyré, subtitulada *Para coñecer e gozar a micronarrativa* (2008), cualificando os dous de libros como moi persoais e artísticos. Dise que no segundo libro atopa definicións acaídas para os textos breves do primeiro e que xunto coas imaxes deixan unha fonda pegada na mente dos lectores.

Referencias varias:

- Manuel Vidal Villaverde, "O tempo como un reloxo roto", *Atlántico Diario*, "*La Revista*", n.º 443, "Musas", 8 febreiro 2009, p. 50.

Reproduce as reflexións de Xosé Manuel Eyré sobre a micronarrativa co gallo de ter publicado este libro en 2008. Subliña que este ensaio serve para coñecer e gozar a micronarrativa e mais que representa a primeira antoloxía da microliteratura galega.

- M. Dopico, "O relato posmoderno", *Galicia Hoxe*, "MARÉ", 4 marzo 2009, p. 37.

Con motivo da aparición deste libro Xosé Manuel Eyré comenta que a micronarrativa presenta vantaxes que a sitúan nunha boa posición fronte á novela á que podería relevar como xénero do século. Asemade destaca outras característica da micronarrativa como a súa brevidade, a súa natureza híbrida e mais que non se suxeita ás regras da lóxica nin ao canon literario da modernidade.

- M. Blanco Rivas, "Andel de novidades", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 284, "Infantil/Xuvenil", 26 marzo 2009, p. VII.

Sección fixa do suplemento que dedica unhas liñas a describir *Nin che conto. Para coñecer e gozar da micronarrativa*, de Xosé Manuel Eyré, e outras obras.

Fernández, Carlos e Anxo A. **Rei Ballesteros**, *Urda e mundo*. *Un ensaio sobre Rof Carballo*, Premio de Ensaio Ánxel Fole 2007, A Coruña: Fundación Caixa Galicia, col. Xornadas, conferencias, premios, 2008, 125 pp. (ISBN: 978-84-96982-24-6). ◆

Carlos Fernández e Anxo Rei Ballesteros recollen parte da traxectoria literaria de Rof Carballo (Lugo, 1905-Madrid, 1994). A obra está dividida en distintos capítulos que tratan, cun pouso de análise psicolóxica, a produción das súas creacións. O volume comeza cunha introdución que serve de aproximación ao estilo de Carballo, explicando brevemente o pensamento do autor, responsábel desa peculiar antropoloxía médica que defende a condición de enfermo do individuo. Na natureza deste habería que distinguir, por unha banda, o que lle corresponde á adquisición cultural e, pola outra, o que vén da natureza. Tras o limiar, a obra afonda no tratamento desta particular metafísica, inaugurando a análise o capítulo chamado "Home, suxeito, natureza e comunidade: breve historia dun problema". O segundo capítulo segue a mesturar o antropolóxico e o filosófico, ilustrando esta conxunción con estractos do propio Rof Carballo, Heidegger, Kant e exemplos tirados da novísima medicina psicosomática, diversos supostos ontolóxicos da metapsicoloxía freudiana e o estudo científico do interior e o exterior do suxeito. Os seguintes capítulos céntranse exclusivamente na produción de Rof Carballo e as correntes psicolóxicas que o influenciaron: Descartes, a psicanálise, a desmitificación da razón, a ciencia e a temporalidade. O derradeiro capítulo incorpora unha reflexión arredor da personalidade de Rof Carballo e as súas derivas galeguistas, da relación existente entre o escritor e a terra nai e a saudade galega como fonte de inspiración e acougo.

Ferreiro, Manuel (ed.), *O Himno galego*. *Documentos históricos*: *1890-1907*, A Coruña: Universidade da Coruña/Universidade de Vigo/ Universidade de Santiago, 2007 (ISBN 978-84-9749-271-3).◆

Publicación realizada por Manuel Ferreiro formada por catro facsímiles independentes, unha folla explicativa e unha guía documental. O primeiro dos cadernos reproduce as epístolas que entre marzo e abril do 1980 se remitiron Pascual Veiga, director do Orfeón Coruñés n.º 4, e o escritor Eduardo Pondal. Pascual Veiga diríxese a Pondal coa petición dunha poesía que conformara a letra para un himno cuxa música el se encargaría de compoñer, co fin de ser presentada nun concurso convocado para escoller un himno que representase a Galicia. Despois dunhas correccións suxeridas por Pascual Veiga, Pondal envíalle as estrofas definitivas. O segundo documento é o manuscrito do Himno de Pondal, cunhas correccións e dúas novas estrofas, que constitúe o texto que se publicará no folleto que publicita o certame musical. Co terceiro caderno achégase a convocatoria e as bases do certame xunto coa corrección autógrafa de Pondal do seu texto, no que cambia o título de "Breogán" por "Os pinos". No derradeiro volume inclúese a epístola que Xosé Fontenla Leal remite a Pascual Veiga na que se ofrece, dado que é gravador litógrafo, para editar a partitura do seu Himno conxunto con Pondal e a resposta conforme de Pascual Veiga. Neste cuarto caderno tamén se reproducen os orixinais da partitura de Pascual Veiga, tal e como ían ser impresos. Na folla explicativa achégase unha aproximación á historia do Himno, dende a primeira vez que se representa, o transcurso até a súa oficialización, as etapas de silencio durante as ditaduras de Primo de Rivera e Francisco Franco, até a definitiva institucionalización polo Parlamento de Galicia no ano 1984. Por último, a guía documental dá conta das referencias dos documentos reproducidos, todos eles pertencentes á Real Academia

Galega.

García Cortés, Carlos, *María Francisca de Isla y Losada (1734-1808). Una conexión literaria en la Compostela de la Ilustración*, Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, col. Cuadernos de estudios Gallegos, anexo XXXVIII, decembro 2007, 356 pp. (ISBN: 978-84-00-08608-4). ◆

Carlos García Cortés céntrase na figura de María Francisca de Isla y Losada, dentro da colección dedicada a estudar algúns dos ilustrados galegos máis importantes. A autora, irmá do xesuíta Padre Isla, foi unha das mulleres que ocuparon a elite literaria do século XVIII en Galicia. O estudo divídese en dúas partes fundamentais, que abranguen o aspecto histórico biográfico e o de crítica literaria. Na primeira parte, fálase da familia da autora, así como dos seus descendentes e a súa relación con Compostela. Este repaso ocupa a totalidade da súa vida, dende o seu nacemento até a súa morte, sen esquecer o seu legado póstumo. Na segunda parte, o tema central é a súa obra literaria. Fálanse das súas influencias e das súas facetas como escritora de poemas e epístolas. Asemade do seu labor como editora da obra do Padre Isla. Esta segunda parte acompañase de textos orixinais de María Francisca de Isla.

Recensións:

- Antonio Presedo Garazo, "Un personaxe fundamental da Galicia da Ilustración", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 181, Tomo XLVII, "O espello das letras", xaneiro, febreiro, marzo 2009, pp. 119-120.

Valórase deste volume de Carlos García Cortés, o feito de se centrar nunha figura feminina que desenvolveu unha intensa actividade literaria en Compostela no século XVIII, malia existiren só algúns indicios dela. Salienta que o presente ensaio estrutúrase en dúas partes que atenden, respectivamente, á reconstrución da biografía de María Francisca de Isla y Losada e ás relacións que mantivo co seu medio irmán, o xesuíta José Francisco de Isla, co cura de Fruíme e co arcebispo Francisco Alejandro Bocanegra. Apunta tamén que Carlos García Cortés achega unha análise da obra literaria *Musa compostelana* e destaca as tres facetas da autora: como creadora lírica, como escritora de epístolas e como editora póstuma da obra de José Francisco de Isla.

González Fernández¸ Anxo, *O espírito e a lama das formas*. *A filosofía de Nós*. *Risco*, *Castelao*, *Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela: Baía Edicións/Universidade de Compostela, col. Cadernos de Pensamento, n.º 9, 2008, 118 pp. (ISBN: 978-84-96893-86-3). ■

Monografía de Anxo González (Lugo, 1955) na que se fai un breve repaso pola traxectoria dos autores da Xeración Nós, achegándose á filosofía sobre a que se sustentaban os elementos conceptuais deste grupo de autores. No prólogo dise que serán basicamente as teorías ideal-románticas, moduladas de diferentes xeitos segundo o autor do que se estea a falar, as que inspirarían os seus escritos. Neste senso, González Fernández trata de resumir nas páxinas da súa obra o xeito no que as mencionadas teorías se encontran plasmadas nos escritos de Vicente Risco, Daniel Rodríguez

Castelao e Ramón Otero Pedraio. Estrutúrase o libro en catro capítulos, seguidos dunha bibliografía. O primeiro dos capítulos serve coma introdución os presupostos teóricos da teoría de Schelling, para pasar de seguido a explorar ditos presupostos nas obras dos tres autores da Xeración Nós.

Blas Lourés, Xesús, *Blas Lourés*. *Unha vida en chamas*, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 2008, 174 pp. (ISBN: 978-84-8192-390-2). ◆

Volume centrado na biografía e obra do pintor Xesús Blas Lourés (Lugo, 1926) e encabezado por unha fotografía en branco e negro do artista na súa madurez. Ao pé da mesma aparece o índice, que contén as diferentes seccións do libro; a continuación, atópanse as seccións destinadas ás colaboracións; despois os agradecementos; e, finalmente, unha serie de prólogos institucionais que explican a creación da obra. Xa en páxinas en cor verde (pp. 16-37), aparece unha primeira sección, intitulada "Blas Loures: Unha vida en chamas", como o título da obra en xeral, na que o xornalista Miguel Olarte realiza un breve percorrido pola biografía do pintor. Nun primeiro texto introdutorio destácase a entrega e o sacrificio do pintor pola súa paixón, a pintura, e o papel que a muller terá na súa obra. De seguido, sucédense unha serie de apartados que recollen a vida do pintor incorporando testemuños en primeira persoa do propio autor: "Os primeiros pasos", "Fame de pintar: Aprende a comer"; "Regreso ao interior: Salvado polo ensino"; "Reforzo por etapas"; "Todas as mulleres. A miña muller"; "O Noso. 'Los Urugallos" e "A Cousa foi ben". A continuación, o libro conta cunha serie de textos en galego e en castelán de diferentes autores dedicados a Blas Lourés cos que tratan de homenaxear o artista. Os textos son os seguintes: "Blas Lourés" (p. 38), de Uxío Novoneyra (Santos, 1974), no que destaca a loita da xente como unha das temáticas principais e máis características da obra do pintor; "Liñas e Ritmos" (p. 39), de Xulio Valcárcel (2007), que destaca o perfil e as aptitudes do artista facendo un percorrido polas etapas vitais do autor; "A Dona do abanico" (pp. 40-41), de Manuel María (novembro 1982, *A Nosa Terra*, n.º 207-208), no que alega a súa debilidade pola obra do artista destacando, principalmente, a súa pintura intitulada "A Dona do abanico"; "La firme y cálida pintura de Blas Lourés" (pp. 42-43), de Ánxel Fole (20-3-1977, *El Progreso*), que resalta Lugo como tradición pictórica, así como a súa fascinación por unha arte moderna, alegre, con graza e maxia cromática, como a que se pode encontrar na obra de Blas Lourés; "O pintor Blas Lourés" (p. 44), de Darío Xohán Cabana (2007), no que alude á exposición no círculo de Belas Artes da obra do pintor; e "Soneto" (p. 45), tamén de Darío Xohán Cabana dedicado á obra e á persoa de Blas Lourés. Tras os textos, aparece o conxunto de obras pictóricas do autor, presentadas primeiramente cun pequeno texto no que se indica o título da obra, a súa tipoloxía, o tamaño e a data para atopar na páxina contigua a reprodución de dita obra. Para rematar o volume aparece o currículum do pintor, seguida da tradución dos textos de Miguel Olarte ao castelán.

Otero, David, *Alexandre Bóveda*. *Na demanda da restauración*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 239, 2008, 235 pp. (ISBN: 978-84-8487-148-7).

Biografía do destacado galeguista Alexandre Bóveda (1903-1936), que comeza cun poema que o autor David Otero lle dedica ao pontevedrés. A obra estrutúrase en doce

capítulos, nos que se percorre a traxectoria vital do galeguista dende a súa nenez até o seu tráxico desenlace, a súa condena a morte e a despedida dos seus seres queridos. Nesta obra relaciónanse os feitos máis destacados da vida de Bóveda cos sucesos máis relevantes do convulso contexto histórico-político galego e español do momento. Retrátase a Bóveda como un home intelixente, que fala varios idiomas, de familia humilde pero que recibiu unha boa educación grazas a teima de seus pais, no cal se esperta dende moi novo o amor por Galicia, afeccionado á música e ao fútbol e de convicións católicas. Un home con capacidade de traballo, xa que combina o seu labor como funcionario de Facenda co seu traballo en prol de Galicia. Neste último aspecto é nun dos que Otero fai máis fincapé, denotando o papel activo que Bóveda na política do momento, como Secretario de Organización do Partido Galeguista, como un dos promotores das Mocidades Galeguistas e como impulsor do Estatuto de Galicia. Tamén ocupa unha parte importante desta obra o desenlace da vida de Bóveda, reprodúcense extractos da "Causa Sumarísima" e do Consello de Guerra ao que foi sometido, achegando as declaración e alegacións do acusado. Otero pecha este percorrido pola vida de Alexandre Bóveda coas cartas de despedida que este dirixe ás persoas máis achegadas e cun poema de Xesús Lorenzo Varela, que leva por título "Cantiga nova que chama Martírio". A presente obra confórmase con continuas referencias ás palabras do propio Bóveda, da súa dona Amalia, do seu fillo Xosé Luis e das verbas de destacados persoeiros da época, na súa maioría recollidos d'*A Nosa Terra*, como son: Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Valentín Paz Andrade, Antón Losada Diéguez, Antón Fraguas, Víctor Casas, etc. Para a elaboración desta obra Otero recorre á bibliografía anterior, especialmente apóiase na obra de X. Mª Álvarez Blázquez, titulada *Alexandro Bóveda* (1982), e a de Xerardo Álvarez Gallego, que leva por título *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1972).

Recensións:

- Xavier Castro Rodríguez, "Recuperar a paixón e o compromiso de Alexandre Bóveda", *Galicia Hoxe*, "Galicia", "Couso e arca", 21 febreiro 2009, p. 2.

Primeiramente lémbrase o asasinato de Alexandre Bóveda en agosto de 1936 en Poio para presentar e analizar o novo estudo que sobre este autor publicou Edicións Laiovento, na serie "Ensaio", co título *Alexandre Bóveda. Na demanda da restauración*, de David Otero. Dise que é unha obra sobranceira que afonda no labor incansábel de Bóveda dentro do galeguismo e, finalmente, coméntase que ao seu carón houbo outros nomes significativos da tradición galeguista, Ramón Otero Pedrayo ou Arturo Noguerol, entre outros, e que Bóveda alternou os seus estudos con numerosas actividades a prol do compromiso con Galicia.

Referencias varias:

- Xosé Lois García, "Alexandre Bóveda, restaurador da Nación", *Galicia Hoxe*, "Opinión", "Ecos da Berenguela", 18 agosto 2009, p. 4.

Comeza recordando os asasinatos de figuras senlleiras e persoas descoñecidas durante o réxime franquista. A seguir, opina que agora comeza a restaurarse a memoria e a dignidade destes represaliados. Comenta que David Otero con este volume procura ofrecer unha biografía lonxe do anecdótico e centrada na investigación puntual sobre a

personalidade do galeguista. Considera que o autor procura dar unha nova visión do político e que o título confirma a Alexandre Bóveda como restaurador da identidade nacional galega, afirmando que a súa traxectoria pode servir de exemplo para calquera xeración.

Pardo de Neyra, Xulio, *Gustavo Freire na Galiza da Época Nós. Literatura e nación na articulación da música galega contemporánea*, Baiona: Dos Acordes, 2008, 150 pp. (ISBN: 978-84-936618-0-9).

Logo da dedicatoria persoal e dúas citas, ábrese o volume de Xulio Pardo de Neyra (Lugo, 1968) cunha "Introdución", na que reflexiona sobre este novo achegamento á figura do músico Gustavo Freire Penelas (1885-1948). Estruturado en diferentes apartados, comeza coa análise das orixes familiares do compositor (chairegos e de caste fidalga), á que lle segue un percorrido bio-bibliográfico. Infórmase tamén dos seus primeiros éxitos académicos, así como da estadía no Madrid de preguerra. Dáse noticia das rapsodias *Festa n'a Tolda* e *Airiños*, *aires*, nas que se homenaxeaba "o Lugo dos espazos populares" e a "Galiza rosaliana", respectivamente. Detense ademais no contexto no que ha nacer unha das pezas máis salientábeis de Gustavo Freire, o "Himno á Galicia republicana". Así, Pardo de Neyra inserta ao músico na chamada "xeración da República" (1917 e 1943-44), a partir dun deseño propio das agrupacións xeracionais. Por outro lado, e alén de dar conta doutras pezas "menores", realízase un achegamento filolóxico á primeira obra galega da literatura de posguerra, *¡Non chores, Sabeliña!* (1943) na que Freire compuxo a música e José Trapero Pardo a letra. Un dos últimos apartados, "O derradeiro alalá de Freire. A despedida e o regreso á fraga sagrada de Lugo" apunta as últimas actividades profesionais de Freire antes de falecer, ao tempo que se dá noticia dos actos de homenaxe dos que foi obxecto, practicamente até a actualidade. Indícanse, por outra banda, as composicións do lucense, por orde alfabética, e péchase o volume coa reflexión final na "Coda". Ademais, inclúense as extensas notas a rodapé, que conforman as últimas trinta páxinas do volume. Para rematar, aparecen as fontes documentais e as referencias bibliográficas.

Vieites, Manuel F. (coord.), *Literatura dramática. Unha aproximación histórica*, Vigo: Editorial Galaxia/IGAEM, col. Biblioteca de Teatro. Grandes Manuais, n.º 2, 2007, 707 pp. (ISBN da Xunta de Galicia: 978-84-453-4613-6//ISBN da Editorial Galaxia: 978-84-9865-048-8). ■

Manuel F. Vieites (Oleiros, 1956) coordina esta obra enciclopedística arredor da escrita dramática occidental dende as súas orixes remotas nos imperios romano e grego até as tendencias máis actuais na arte da representación. Esta aproximación histórica contén vinte e un apartados realizados por persoas procedentes das tres universidades galegas, estudiosos e investigadores non vinculados a centros educativos, por profesorado da ESAD de Galicia e por outros colaboradores doutras universidades do Estado, caso de Norma Rodríguez González, Dolores Vilavedra, Inmaculada López Silva e Xosé Antonio López Silva, entre outros. Sinálase que é o propio coordinador quen se encarga do limiar que, a xeito de introdución sitúa e contextualiza a obra, definindo a metodoloxía elixida. Indícase que os distintos capítulos presentan unha mesma morfoloxía, conxugando longos apartados explicativos con imaxes de representacións levadas a cabo polo IGAEM ou de cadros e pinturas relevantes, todo iso acompañado

por numerosas notas á marxe que desenvolven conceptos clave e afondan na esencia da explicación dada. Tamén se inclúen extractos de obras de teatro máis ou menos canónicas, como *Rosalía* (1985), de Ramón Otero Pedrayo. O teatro grego, romano, francés e inglés preceden a unha serie de capítulos exclusivamente centrados na actualidade e na historia da dramaturxia galega. Finalmente, un índice inicial e unha abondosa listaxe bibliográfica vense complementados por un índice onomástico que pecha o volume. As achegas deste volume con referencias á literatura dramática galega son as seguintes:

- Manuel F. Vieites, "Na procura do drama axeito de textos, autores e contextos", pp. 9-24.

Dá conta da problemática arredor da literatura dramática e a súa periodización, achegando diversas posturas criticas e unha escolma de textos dramáticos de Ramón Otero Pedrayo, *Rosalía* (1985).

- Norma Rodríguez González, "Os xéneros dramáticos", pp. 25-52.

Fai unha clasificación moi detallada dos diversos xéneros dramáticos acompañado dun esquema. Por outra banda, introduce textos traducidos ao galego da *Poética*, de Aristóteles, por Fernando González Muñoz; *Un chapeau de palla italiana*, de Eugene Labiche, por Ana Luna; *Ricardo III*, de William Shakespeare, por Xohan Ledo; así como imaxes de representacións teatrais polo Centro Dramático Galego: *Un soño de verán* (1992), baixo a dirección de Eduardo Alonso; *Yerma* (1990), por X. M. Blanco Gil; e *Si o vello Simbad volvese as illas* (1999), por Fabio Mangolini.

- Xosé Antonio López Silva, "A literatura dramática en Grecia", pp. 53-79.

Dá conta da orixe, representación, autores e estrutura da traxedia e comedia grega con traducións galegas dos textos de Sófocles, por José Francisco Calaza Fernández, e de Aristófanes, por María Teresa Armado Rodríguez.

- Xosé Antonio López Silva, "A literatura dramática de expresión latina", pp. 81-108.

Percorrido pola dramaturxia latina e en lingua latina dende a orixe até a época medieval. Adxunta fragmentos traducidos ao galego d'*Aulularia* (2001), de Plauto, por Mercedes Voado Vázquez e María Xesús Frei Collazo; d'*Os irmáns* (1995), de Terencio, por Francisco José Ledo Lemos: e d'*O martirio das santas virxes Ágape, Quionia e Irene* (2000), de Rosvita de Gandersheim, por Xosé Carlos Santos Paz.

- Dolores Vilavedra, "O Renacemento: o inicio das traducións vernáculas", pp. 109-132.

Visión da literatura dramática desta época, reservando un breve apartado para o caso do galego no "Renacemento vernáculo". Ofrece imaxes de representacións polo CDG como *Nau de amores* (1995), baixo a dirección de Cándido Pazo.

- Antonio Ballesteros González, "A creación dramática isabelina", pp. 163-188.

Achega traducida por Dolores Torres París na que se trata a orixe, os autores e as relacións do teatro coa época histórica isabelina. Insírense fragmentos de *Hamlet* (1993) e *Rei Lear* (2003), de William Shakespeare, traducidos por Miguel Pérez Romero; d'*A tráxica historia do doutor Fausto*, de Christopher Marlowe, por Laura Sáez;

- Inmaculada López Silva, "O clasismo francés", pp. 189-209.

Analiza os autores e os gustos da época, así como as diferentes teorías vixentes. Inclúense fragmentos d'*O burgués fidalgo* (2007), traducidos por Henrique Harguindey, e unha fotografía da representación d'*O enfermo imaxinario* (1986), do CDG dirixido por Eduardo Alonso.

- Damián Villalaín, "A ascensión da burguesía. O neoclasicismo", pp. 211-247.

Céntrase na produción teatral durante o século XVIII en Francia, Inglaterra, Alemaña, Italia e España. As achegas dramáticas traducidas ao galego veñen da man de Eduardo Alonso e Cándido Pazó, que traducen *As vodas de Fígaro* (1995), de Pierre-Agustin Caron de Beaumarchais. Pazó tamén é o responsábel da tradución d'*A Pousadeira* (1987), de Carlo Godoni.

- Inmaculada López Silva, "O Romanticismo", pp. 249-281.

Trátase dunha achega que se inicia cun percorrido histórico para centrarse despois no teatro alemán. Ofrécese un fragmento de *Fausto* (1997), de Goethe, traducido por Lois Tobío Fernández. No apartado "O romanticismo teatral na Península Ibérica" dedica unhas liñas á produción galega, da que destaca *Proezas de Galicia* (1810), de Xosé Fernández de Neira, e *A casamenteira* (1849), de Antonio Benito Fandiño, así como unha foto da representación de *Rosalía* (2001), do CDG, baixo a dirección de Roberto Vidal Bolaño.

- Dolores Vilavedra, "A literaturas nacionais en Europa e en América", pp. 283-300.

Faise unha aproximación ao panorama teatral da segunda metade do século XX en Cataluña, País Vasco e Galicia. No contexto galego destácanse *Unha noite na casa do Tío Farruco do Penedo* (1885), de Laureano Guitián Rubinos; *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño* e de novo *A casamenteira* (1849), de Antonio Benito Fandiño; así como *A fonte do xuramento* (1882), de Francisco Mª de la Iglesia. Outros ámbitos mencionados son Irlanda, EUA, Portugal e Latinoamérica. As achegas traducidas veñen da man de Manuel F. Vietes, *O gato e a lúa* (1996), de William B. Yeats; Xepe Casanova, *Xinetes para o mar* (1996), de John M. Singe; e Ramón Rocamonde, *O xigante Mapoulas* (1995), de Juan Bautista Alberdi. Do mesmo xeito, insírense os fotogramas das representacións polo CDG, d'*O mozo que chegou de lonxe* (1988), a partir de Sygne, dirixido por Mario Gas; *Xinetes cara o mar* (1996), a partir de Sygne, por Quico Cadaval; e *A cacatúa verda* (2001), de A. Schnitzler, por Eduardo Alonso.

- Roberto Pascual Rodríguez, "Do realismo ao absurdo", pp. 305-330.

Tras uns breves apuntamentos sobre ambos movementos, céntrase no traballo de Henrik Ibsen, August Strindberg e Anton Chékhov, así como no expresionismo alemán. Seguidamente, expón a liña naturalista en Reino Unido, Irlanda, España e Italia para

rematar cun breve repaso ao absurdo. As achegas textuais son as traducións realizadas por Marta Dählgren e Liliana Valado, de *Casa de bonecas* (2007), de Henrik Ibsen; por Francisco Pillado Maior, de *Sobre os males que provoca o tabaco* (1991), de Anton Chékhov; por Antonio Colmenero Cal, de *Henrique IV* (1996), de Luigi Pirandello ; e por María Xosé Noia Asende, de *Morte dun viaxante* (2002), de Arthur Miller. Os fotogramas pertencen á representación d'*Espectros* (2002), de Ibsen, por parte do CDG baixo a dirección de Rui Madeira; e *Así é, se vos parece*, por Maximino Keyzán.

- Inmaculada López Silva, "O simbolismo", pp. 331-350.

Tras unha aproximación contextual, céntrase nas técnicas do teatro simbolista para continuar con referencias críticas que inclúen as de Vilariño e Buín, na tradución galega d'*Espectros*. Dedica un apartado especial para Francia e Alemaña. A tradución do fragmento d'*Ernest. Comedia frívola para xente seria* (1999), Oscar Wilde, corresponde a Miguel Pérez Romero. Por outra banda, insírese un fragmento en galego d'*Alén* (1921), de Xaime Quintanilla. Os fotogramas que se inclúen pertencen a *Salomé* (1989), de Oscar Wilde, dirixida por Roberto Vidal Bolaño e John Eastman; e d'O*Bufón d´El Rei* (1928), de Vicente Risco, por Manuel Guede Oliva.

- Alfonso Becerra de Becerreá, "As primeiras vangardas artísticas e a súa expresión dramática", pp. 351-380.

Panorama das vangardas no que se inclúe o expresionismo, unha ampla visión sobre o surrealismo e dadaísmo francés e unha breve achega ás vangardas catalá e galega. Nesta última inclúese a produción de Álvaro Cunqueiro, ofrecendo resumes das obras *Rúa 26, Diálogo Limiar* (2007) e de *Xan, o bo conspirador*, así como un fragmento da primeira. A tradución d'*As mameiras de Tiresias* (2006), de Guillaume Apollinaire, é de Xesús González Gómez.

- M. F. Vieites, "Dramas de contestación", pp. 381-420.

Dá conta da produción teatral de axitación político-social, destacando *Mitin* (1936), de Álvaro de las Casas. Así mesmo, fai un repaso polo teatros populares e de propaganda, o teatro épico, Bertold Brecht e o teatro documento. A tradución contida é de Sonsoles Cerviño López, d'*O parable ascenso de Arturo UI* (1998), de Bertol Brecht.

- M. F. Vieites, "Dramas de desolación e paradoxo", pp. 421-501.

Trátase dunha extensa exposición sobre o teatro da crueldade e paradoxo ofrecendo tanto os seus caracteres coma un apartado especial dedicado aos máximos representantes. As achegas textuais veñen traducidas por Manuel Guede Oliva, de *Calígula* (2000), de Albert Camus; Francisco Pillado Maior, d'*A lección* (2002), de Eugène Ionesco, e d'*Á espera de Godot* (2003); M. F Vieites, d'*A festa de aniversario* (1999), de Harold Pinter; e Henrique Harguindey, d'*Os construtores de imperios ou o schmürz* (2000), de Boris Vian. As fotos pertencen á representación *Woyzeck* (1984), do CDG coa dirección de Xulio Lago; e *O colaborador* (2002), do CDG tamén, baixo a dirección de Manuel Guede Oliva.

- Nerea Valenzuela e Norma Rodríguez, "A literatura dramática española no século XX", pp. 503-560.

Presta atención ao teatro burgués, teatro cómico, teatro en verso, renovación e vangarda, do exilio, teatro político e social e teatro na transición, cun apartado dedicado á literatura feminina e breves referencias a cada autor representativo. A tradución de *Memoria*, escrita por Yolanda Pallín, é de Xosé Manuel Pazos.

- Laura Tato Fontaíña, "A literatura dramática galega. Primeira xeira, diáspora e exilio" pp. 561-586.

Comeza cun repaso sobre as tres fases do galeguismo para ofrecer as características da literatura dramática galega. Afirma que ten unha orixe popular como arte funcional-social até o século XIX e que a súa periodización dista da historia literaria. Distingue un período precursor (1808-1881), con *A casamenteira* (1849), de Benito Fandiño; e o intersecular até 1919 con *A fonte do xuramento. Drama de costumes gallegas en dous autos en verso* (1882), de Francisco Mª de la Iglesia. Nesta segunda etapa destaca un teatro costumista e popular limitándose as súas producións a concursos literarios. Tamén salienta o gran éxito dos autores afincados en América, caso de *Non máis emigración! Apropósito lírico-dramático* (1885), de Ramón Armada Teixeiro. Finalmente, refírese ao "segundo renacemento das letras galegas", cuxos grupos literarios renovaron a dramática galega. Explica que a Irmandade da Fala da Coruña inicia este cambio con *A man da Santiña* (1921), de Ramón Cabanillas, na que os personaxes de clase media tamén empregaban o galego. Comenta que baixo a dirección ideolóxica de Antón Villar Ponte o Conservatorio Nacional de Arte Galega, creado pola Irmandade da Fala da Coruña, optou polo Naturalismo para a renovación escénica. Tempo despois, salienta a proposta simbolista de Vicente Risco, autor d'*O bufón d´el rey* (1928), que sería continuada pola corrente histórica inaugurada por Cabanillas e Villar Ponte con *O mariscal* (1926). Daniel Rodríguez Castelao supón a terceira renovación co "Teatro de caretas" seguindo unha liña expresionista. Durante a República tamén houbo propostas de teatro político, o Gran Guiñol ou o folk-drama. Dedica un subapartado ao teatro no exilio, cuxa temática versaba sobre costumes labregas e mariñeiras. Fai unha extensa recompilación de autores e obras cun breve resume de cada unha delas. Cítanse as seguintes: *A fonte do xuramento. Drama de costumes galegas en dous autos en verso* (1882), de Francisco M. De la Iglesia; *A ponte, drama en dous actos en prosa* (1903), de Manuel Lugrís Freire; *O pecado alleo* (1923), de Leandro Carré Alvarellos; *Trebón, farsada dramática en tres autos* ou *Hostia. Pantasía tráxico-histórica nun auto* (1924) e outras obras de Armando Cotarelo Valledor; *O Mariscal, traxedia histórica en verso* (1926), de Antón Vilar Ponte e Ramón Cabanillas; *Donosiña*, de Xaime Quintanilla Martínez; *O bufón d´el rey* (1928), de Vicente Risco; *Matria* (1935), de Álvaro de las Casas; *A fiestra valdeira* (1927), de Rafael Dieste; *Os vellos non deben namorarse* (1941), de Daniel Rodríguez Castelao; e *A soldadeira* (1956), de Luís Seoane, entre outras. Asemade, tamén se ofrecen fragmentos de *Mourenza* (1981), de Armando Cotarelo Valledor; *Nouturnio de medo e morte* (1998), de Antón Villar Ponte; e *Branca* (2003), de Luís Manteiga, así como fotogramas das representacións do CDG de *Follas Novas* (1985), baixo a dirección de Dorotea Bárcena; *A lagarada* (1992), de Pere Planella; *A fiestra valdeira* (1994), de Xulio Lago; e *Os vellos non deben namorarse* (1985), de Eduardo Alonso.

- Laura Tato Fontaíña, "A literatura dramática galega na segunda metade do século XX", pp. 587-619.

Ofrece uns breves datos contextualizadores para centrarse nos "grupos, xeracións e tendencias" da segunda metade do século XX. En primeiro termo salienta o denominado "Grupo de Enlace", que serven de ponte entre os anos 50 e 80. Neste grupo sitúa a Eduardo Blanco Amor, Ánxel Fole, Xosé Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro, Xohana Torres, Bernardino Graña e Xosé Luís Franco Grande, entre outros. No "Grupo Abrente ou de Rivadavia" inclúe a Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño, Xosé Agrelo Ermo, Millán Picouto Iglesias e Francisco Taxes Prego. Destácase deste grupo o neorruralismo e a intertextualidade. Afirma que con posterioridade comezou o cultivo dun teatro lúdico con Cándido Pazó, Suso de Toro ou Manuel Riveiro Loureiro, así como unha liña de teatro histórico a través de Daniel Cortezón ou Manuel María. A continuación cítanse as obras e autores máis destacados: *Farsas para títeres* (1973), de Eduardo Blanco Amor; *O incerto Señor Don Hamlet, Príncipe de Dinamarca* (1958), de Álvaro Cunqueiro; *O bosque* (1979), de Jenaro Marinhas; *A farsa das zocas* (1948), de Ricardo Carvalho Calero; *Fedra* (1982), de Manuel Lourenzo; *Zardigot* (1973), de Euloxio R. Ruibal; *Rastros* (1998), de Roberto Vidal Bolaño; *Venenos* (1994), de Xesús Pisón; *Commedia, un xoguete para Goldoni* (1993), de Cándido Pazó; e *Matalobos* (1993), de Raúl Dans. Reprodúcense fragmentos de Xohana Torres, *A outra banda do Iberr* (1965); Eduardo Alonso, *As damas de Ferrol* (2006); Roberto Vidal Bolaño, *Rastros* (1998); Manuel Lourenzo, *Magnetismo* (1996); Euloxio R. Ruibal, *O cabodano* (2004); Xesús Pisón, *Como Jekyll e Hyde* (2005); e Inma A. Souto, *Era nova e sabía a malvaísc*o (1991). Do mesmo xeito, insírense fotogramas das representacións de *Sexismunda* (2001) por Sarabela Teatro; de *Xelmírez* polo CDG dirixido por Roberto Vidal Bolaño; d'*O ano da cometa*, por Quique Cadaval; e d'*A burla do Galo* (2001), por Vidal Bolaño.

- Afonso Becerra de Becerreá, "As tendencias na dramaturxia da segunda metade do século XX", pp. 621-658.

Repaso pola dramaturxia en Alemaña, Austria, Francia e Inglaterra. As traducións achegadas son de Susana Fernández e Frank Meyer, *O que ocorre despois de que Nora abandonase o seu home ou os piares da sociedade* (2006), de Elfriede Jelinek; Manuel Lourenzo, *Quartett. Techo do Atlántico*, de Heiner Muller; Henrique Harguindey Banet, *A noite xusto antes dos bosques* (1996), de Bernard-Marie Koltès; Iolanda Ogando, Noemí Pazó e Dolores Vilavedra, *Eu estaba na casa agardando a que viñese a chuvia* (1999); e Pedro Marques, *Falta* (2001), de Sarah Kane. Ofrécese un fotograma do Teatro Atlántico representando *Quarett* baixo a dirección de Xulio Lago.

- Inmaculada López Silva, "Outras literaturas", pp. 659-676.

Repaso polo teatro da India, China e Xapón.

Referencias varias:

- M. V. García, "Os universos do drama", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 278, "Teatro", 12 febreiro 2009, p. VIII.

Lémbrase a presentación deste volume colectivo, coordinado por Manuel Vieites, quen repasa a escrita dramática dende Grecia até agora, así como distintas historias europeas. Da obra salienta especialmente as achegas de Laura Tato Fontaíña e de Inmaculada

López Silva.

XII.4.2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

López, Aurora e Andrés **Pociña** (eds.), *Fedras de ayer y de hoy*, Granada: Editorial Universidad de Granada, col. Biblioteca de Humanidades/Estudios Clásicos. Monografías, n.º 25, 2008, 650 pp (ISBN: 978-84-338-4806-2). ◆

Volume colectivo que acolle as ponencias ofrecidas no Simposio Internacional "Fedras de ayer y de hoy. Poesía, teatro y cine ante un mito clásico" celebrado en 2005 na Universidade de Granada, xunto con outros traballos. A monografía, tras unha presentación dos editores, estrutúrase en dúas partes: "Fedras de onte" e "Fedras de hoxe". Péchase o volume cunha extensa bibliografía e un índice de versións do tema das figuras míticas de Fedra e Hipólito. Os traballos que se refiren á literatura galega descríbense a seguir:

- Andrés Pociña e Aurora López, "El tema de Fedra en el teatro gallego de Manuel Lourenzo", pp. 525-544.

Estudo no que se aborda a incidencia da figura mitolóxica de Fedra no teatro galego. Tras sinalar que se ten comprobada a escasa incidencia desta temática na dramaturxia galega, maniféstase que a partir dos anos setenta e da man de Manuel Lourenzo, a quen debemos os tres exemplos de achegamento a este tema. Logo de repasar a actividade teatral deste dramaturgo, explícase que Lourenzo emprega os mitos antigos cunha perspectiva dramática e política anovada, coa finalidade, recollendo palabras de Laura Tato Fontaíña que neste apartado se reproducen, de denunciar situacións históricas, afondar na psicoloxía e comportamentos humanos e alertar a sociedade. Dise que Lourenzo levou a cabo unha versión do *Ipólito* de Eurípides, estreada en 1973 e montada a partir de pasaxes seleccionados da traxedia do dramaturgo clásico e de textos de creación propia, obra que nunca chegou a publicarse. Outro dos exemplos é a farsa *Romería as covas do demo*, estreada en 1969 e editada con moitas erratas e omisións en 1973. Nesta ocasión, segundo as afirmacións que se recollen de Tato Fontaíña, o mito clásico mestúrase con elementos da tradición literaria e popular galega, destacándose a novidade que supón no teatro galego o emprego das técnicas da farsa e o tratamento humorístico do tema clásico (dramático na súa orixe). Tamén se subliña a inclusión de elementos escatolóxicos e irreverentes que son unha das sinais dos novos dramaturgos que se dan a coñecer na Mostra de Ribadavia. O derradeiro exemplo correspóndese cun libreto inconcluso, publicado en 1982, para a ópera titulada *Fedra*. Coméntase que este libreto ofrece os textos básicos sobre os que se debería de montar a ópera e compoñerse a música. Segundo se di, concíbese como unha versión simplificada do drama de Séneca, cos mesmos personaxes a excepción do mensaxeiro, na que se inclúen referencias puntuais ao mundo galego.

Recensións:

- Mª Sara Fernández Fernández, "Aurora López&Andrés Pociña: *Fedras de ayer y de hoy*", *Moenia. Revista lucense de Lingüística&Literatura*, vol. 14 (2008), "Recensións", 2009, pp. 488-493.

Explícase que este volume colectivo de Aurora López e Andrés Ponciña, acolle as ponencias ofrecidas no Simposio Internacional "Fedras de Ayer y de hoy. Poesía, teatro y cine ante un mito clásico", celebrado na Universidade de Granada no 2005, xunto con outros traballos engadidos con posterioridade e sinálase a súa estrutura, dividida en dúas partes "Fedras de ayer" e "Fedras de Hoy", e contido. A continuación, extráense as ideas máis destacábeis de cada un dos estudos que acolle este volume. Coméntase que dentro do primeiro bloque, intitulado "I Fedras de Ayer (del mundo Antiguo al Romanticismo)" incluíronse as seguintes participacións: "La Fedra de Sófocles", de José Vicente Bañuls e Patricia Crespo; "Hipólito de Eurípides: cuestiones de retórica trágica", de Milagros Quijada; "Deuses e Homens no Hipólito de Eurípides", de María do Céu Fialho; "Amor y culpa en Fedra: Eurípides, Séneca, Racine", de Aurora López; "La Fedra de Ovidio", de María Consuelo Álvarez e Rosa María Iglesias; "La Fedra di Seneca tra colpa e innocenza", de Guiseppe Biondi; "La Fedra de Séneca: mito y doctrina", de Jesús Luque Moreno; "Eccessi di Eros e parentela nella Fedra di Seneca", de Giana Petrone; "De la tragedia al cuento: la madrastra enamorada en el Asno de Oro", de Andrés Pociña; "La Fedra di Seneca da Prudenzio a Bocaccio", de Ferruccio Bertini; "Tradiçao clásica no Auto de Camoes El-Rey Seleuco", de María de Fátima Silva; "Nuevo escándalo de Fedra en el París de 1677: El estreno de Phedre et Hippolyte de Jean Racine y de Jacques Pradon", de Aurora López); "La Tradición e innovación en la Phädra de Georg Conrad", de Brigit Linda Emberger; e, por último, "Estudio del poema 'Phaedra' de Swinburne", de Laura Monrós Gaspar. Polo que respecta ao segundo bloque, "Fedras de Hoy (Siglo XX: Teatro, Poesía y Cine)", apunta que se incluiron as seguintes participacións: "Il Bacio della pantera. La Fedra di d´Annuzio", de Francesco de Martino; "Análisis de la obra del premio Nobel de Literatura Eugene O´Neil Desiré Under the elms", de Inmaculada del Árbol Fernández e José L. Vázquez Marruecos; "La obsesión por Fedra de Unamuno (1912), Villalonga (1932), y Espriu (1978)", de Carmen Morenilla; "La Fedra de Marine Cvetaeva", de Margherita Rubito; " De la Tragedia Clásica a la novela moderna: Fedra entre los vascos de César Miró", de Aurora López; "Estudio del paso de Fedra al cine por los directores Manuel Mur Oti (1956) y Jules Dassin (1962)·, de Francisco Salvador Ventura; "El tema de Fedra en el teatro gallego de Manuel Lourenzo", de Andrés Pociña e Aurora López; "La Fedra de Yannis Ritsos", de Mosjos Morfakidis e Andrés Pociña; "La sombra de Fedra en el espejo de Emilia Macaya", de José Vicente Bañuls e Patricia Crespo; "El amor de Fedra en The Love of de Nightingale de Timbelake Wertenbaker", de Laura Monrós Gaspar; "Phaedra´s Love de Sarah kane", de Maurizia Matteuzzi; e, finalmente, "Fedra a lo largo de la literatura italiana", de Mercedes Arriaga Flórez. Remátase indicando que esta obra finaliza cunha extensa bibliografía e cun índice de versións do tema das figuras míticas de Fedra e Hipólito.

López Casanova, Arcadio, *Macrotexto poético y estructuras de sentido*: *análisis de modelos líricos modernos*, Valencia: Editorial Tirant lo Blanch, 2007, 255 pp. (ISBN: 978-84-8456-994-7).

Estudo crítico de Arcadio López Casanova (Lugo, 1942) que, segundo se di no "Preliminar" que abre a obra, tenta ser un novo achegamento aos estudos literarios que profundan no macrotexto poético. Dise tamén que para a proposta crítica se seleccionaron obras da lírica peninsular moderna que se consideran especialmente representativas e que se enmarcan en diferentes etapas da poesía do s. XX, as cales responden a diferentes tendencias poéticas. Preténdese unha análise que se fundamenta

en dous obxectivos básicos: nun primeiro nivel de achegamento estúdanse un elementos ou formantes dispositivos, o deseño, organización e cohesión externa da obra (partes, distribución, extensión); e nun segundo nivel búscase estabelecer as "peculiares estruturas de sentido do macrotexto", isto é, os signos de coherencia interna como a construción dun esquema mítico, dun cancioneiro amoroso ou o tecido de símbolos e figuras. A escolla das obras responde á especial singularidade que presenta cada unha delas. Entre as cinco obras seleccionadas da lírica peninsular, tres delas pertencen á literatura castelá e faise un estudo de dúas obras en lingua galega. A primeira delas que se corresponde co apartado II da obra, son os *Seis poemas galegos* (1935), de Federico García Lorca, a cal se toma como referencia dunha especial etapa creadora do autor, na que se manifesta a súa íntima identificación con Galicia, tras as viaxes, a súa amizade con escritores galegos e o seu coñecemento da lírica galega. Conclúese que o modelo de macrotexto poético que os seis poemas conforman, supón un tecido de emparellamentos rexidos pola temática da morte e da noite e por un imaxinario simbólico cun limitado número de imaxes arquetípicas e símbolos. A seguinte obra galega analizada é *Viaxe ao país dos ananos* (1968), de Celso Emilio Ferreiro, a cal se adscribe, segundo se comenta, a un movemento de literatura comprometida e realista que, no caso desta obra supón a procura de sinais vivificadores na Galicia da diáspora. Analízase a "sátira subxacente a esa viaxe literaria que o autor realiza até as terras da diáspora, onde viven aqueles que, sendo galegos, parecen esquecer as súas raíces". Conclúese tamén que son pertinentes as creacións que se basean en imaxes feitas de ton degradador, mesturadas coa irregularidade e variedade que caracteriza o poemario. Os cinco apartados que conforman o libro, numerados en romano, correspóndense con cada unha das obras estudadas e péchase o mesmo co apartado de bibliografía e dous índices, un de materias e outro de autores.

Pociña, Andrés e Aurora **López**, *Otras Medeas. Nuevas aportaciones al estudio literario de Medea*, Granada: Editorial Universidad de Granada, col. Biblioteca de Humanidades/Estudios Clásicos. Monografías, n.º 23, 2007, 210 pp (ISBN: 978-84-338-3998-5). ◆

Volume composto dunha presentación dos autores, Andrés Pociña e Aurora Marco, nove estudos e un apéndice, que completa e amplía as investigacións sobre as escrituras e reescrituras do mito de Medea publicadas en *Medeas. Versiones de un mito desde Grecia hasta hoy* (2002). Na presentación os autores explican a xénese deste segundo volume dedicado a recoller aqueles estudos que non foran recollidos anteriormente no primeiro e outros novos. O apéndice contén o monólogo dramático *Medea en Camariñas*, de Andrés Pociña, traducido ao castelán e retocado a partir do relato breve en galego "Medea en Camariñas", publicado en *Cinco contos sen amor máis un epílogo* (1997), revisado e modificado para ser presentado ao Premio Modesto R. Figueirido no que recibiu un accésit. Por último o apéndice presenta unha bibliografía e un índice de versións de Medea. Os estudos referidos á literatura galega son:

- Aurora López , "Una Medea en el tercer milenio: *Medea en Corinto* de Luz Pozo Garza", pp. 73-98.

Primeiramente explícase a xénese deste poema lírico creado como colaboración de Luz Pozo Garza para o libro *Medeas. Versiones de un mito desde Grecia hasta hoy* (2002). Despois faise unha pequena achega bio-bibliográfica da autora, salientando a súa

inquietude literaria, a influencia do poeta Luís Pimentel, o coñecemento dos clásicos grecolatinos e a súa inclusión na denominada por Xosé Luís Méndez Ferrín "Promoción de enlace". Finalmente apúntase a estrutura bipartita do poema *Medea en Corinto* e analízase o comportamento e participación do Coro, da Nodriza e de Medea, salientando as innovacións e a intertextualidade presente neste poema sobre todo con Eurípides, Séneca e Rosalía de Castro. Do Coro conclúese que é de mulleres, que non participa no diálogo, que enmarca os razoamentos da heroína e que en ocasións ten un papel informativo. No tocante á Nodriza dise que é o complemento de Medea, que se identifica co papel de *bona mens*, que é sensíbel e que, xunto con Medea, está transterrada. Por último de Medea saliéntase o seu lirismo e forza, os seus sentimentos confrontados de ira, dor e vinganza fronte ao amor e a súa dobre personalidade de muller-maga.

- Aurora López, "Particularidades notables en algunas versiones españolas de Medea (s. XX)", pp. 99-115.

Estúdanse as reescrituras de Medea no século XX en lingua galega e castelán e conclúese que a lenda de Medea é a empregada con máis frecuencia nas literaturas de España no século XX, así na literatura galega hai oito reescrituras (catro teatrais, dúas narrativas e dúas poéticas), e ademais saliéntase a súa orixinalidade. Faise unha relación das obras analizadas, os autores e o ano de publicación. Despois analízanse as particularidades existentes nas Medeas españolas, referentes á expresión literaria ou xénero empregado, maioritariamente o xénero dramático. Coméntase que as dúas versións poéticas están escritas en galego; trátase do poema lírico en forma dialogada *Medea en Corinto* (2002), de Luz Pozo Garza e o romance para nenos e adolescentes *Os feitizos de Medea* (2001), de Xoán Babarro. Tamén coméntanse os modelos máis escollidos para as reescrituras españolas: *Médeia*, de Eurípides e *Medea*, de Séneca, mencionando, por unha banda, aquelas obras que se inspiran nos modelos clásicos e, por outra, aquelas obras cun tratamento orixinal do mito, como é o caso do relato de Manuel Lourenzo, *Residentes privilexiados* (1998) e da obra dramática *Medea dos fuxidos* (1984; inédita), do mesmo autor. Dise que outro trazo significativo son as referencias á guerra e posguerra civil nas Medeas españolas, como sucede en *Medea dos fuxidos*, ambientada na Galicia da posguerra. Por último, outra característica das reescrituras é a reacción do creador e do público cara Medea como figura "simpática", exemplificada no caso galego con *Medea en Corinto*, de Luz Pozo Garza, *Medea dos fuxidos*, de Manuel Lourenzo e *Medea en Camariñas*, de Andrés Pociña.

- Andrés Pociña, "Una mujer extranjera llamada Medea", pp. 133-158.

Pártese da traxedia *Médeia*, de Eurípides para explicar a trascendencia, importancia e vixencia deste tema clásico universal nas sucesivas reelaboracións dramáticas, realizadas ao longo do tempo até o século XX, baseándose en tres aspectos analizados: o manexo das pasións humanas na personalidade da protagonista, o tratamento do status e imaxe da muller e a importancia do tema da estranxería. Despois analízase o último destes aspectos dende as Medeas de Eurípides e Séneca até seis Medeas do século XX, das que interesa para a literatura galega a obra dramática *Últimas faíscas de setembro* (1999), de Manuel Lourenzo. Dise que esta reescritura combina dous planos temporais, o mítico e o actual, para amosar a "permanencia intemporal de las acciones y de las pasiones humanas", ademais de reflectir o carácter estranxeiro da Medea clásica como elemento fundamental, opoñéndose a civilizado.

Recensións:

- Mª Sara Fernández Fernández, "Andrés Pociña&Aurora López: *Otras Medeas. Nuevas aportaciones al estudio literario de Medea*", *Moenia. Revista lucense de Lingüística&Literatura*, vol. 14 (2008), "Recensións", 2009, pp. 485-487.

Penetra nos dez novos estudos dedicados principalmente a reescrituras do mito de Medea en obras do século XX e que foron redactados por Aurora López e Andrés Pociña. De cada un deles realiza unha pequena presentación e análise e destaca que Medea é a personaxe da mitoloxía grega cun meirande número de interpretacións. Desta vez comentan as interpretacións de Hoyos y Vicent, coa súa novela *El seguro contra naufragio*; de León Daudet, con *Médée*; de Corrado Alvaro, con *Lunga notte di Medea*; de David Cureses, con *La frontera* ou de Luz Pozo Graza, con *Medea en Corinto*. Asemade sinálase que este libro se pecha cun apéndice e cunha extensa biografía e índice de versións do tema de Medea.

Rodríguez Lestegás, Francisco (coord.), *Identidad y ciudadanía. Reflexiones sobre la construcción de identidades*, Barcelona: Horsori Editorial/Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, col Cuadernos para el análisis, n.º 24, xuño 2008, 175 pp. (ISBN: 978-84-96108-51-6). ■

Volume colectivo que acolle seis achegas do grupo "Enseñanza de lenguas y culturas y ciencias sociales" (ELINCIS), do Departamento de Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias sociais da Universidade de Santiago de Compostela, nas que se reflexiona sobre a construción da identidade en diferentes dimensións (persoal, social, cultural, relixiosa, de xénero e colectiva), a formación da cidadanía e sobre o papel que desenvolven algunhas disciplinas escolares neste proceso, dende diferentes perspectivas teóricas e epistemolóxicas. Remata o volume cunha bibliografía. Os artigos vinculados coa literatura galega son:

- Aurora Marco López, "La construcción de la identidad femenina a través de la reescritura de los mitos clásicos", pp. 71-92.

Tendo en conta a teoría da recepción e o concepto de xénero, Aurora Marco reflexiona sobre o mito de Penélope na obra poética e narrativa de seis escritoras galegas (Rosalía de Castro, Lourdes Ortiz, Claribel Alegría, Isabel Rodríguez Baquero, Myriam Fraga e Marilar Aleixandre) que deconstrúen a representación simbólica deste mito homérico para darlle novos sentidos e unha nova identidade, presentando unhas penélopes insumisas que subverten a imaxe antropocéntrica dada pola historia.

- Bieito Silva Valdivia, "El papel de la literatura y de su enseñanza en la construcción de identidades nacionales", pp. 117-139.

Partindo da relación histórica entre a literatura e a identidade nacional, Bieito Silva analiza a conformación dos sistemas literarios castelán e galego, buscando os puntos de conexión e as diferenzas; o papel do ensino na expansión da idea de "literatura nacional" e a necesidade de atopar novos paradigmas tanto para a reflexión teórica

sobre as literaturas nacionais coma para a educación literaria. Na conformación da "literatura nacional galega" apunta algúns referentes chaves na elaboración do sistema literario galego como foron os escritores Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal; a importancia das Irmandades da Fala e do Grupo Nós e os ideoloxemas do "celtismo", "atlantismo", "saudade" e "enxebrismo".

VV. AA., *En torno a la literatura gallega*, Santander: Ediciones TGD, 2008, 122 pp. (ISBN: 978-84-691-0364-7). ■

Volume editado polo Centro Galego de Santander e que recolle seis das conferencias impartidas neste centro nos últimos anos. Todas elas están en español e con respecto á literatura en lingua galega cómpre destacar dous traballos que se describen a seguir:

- Celia Ortiz Lombraña, "Comprender a Rosalía de Castro: un análisis de su obra", pp. 51-74.

Faise un percorrido pola historia vital de Rosalía de Castro e asemade detense na análise do complexo de Polícrates, delimitando as súas manifestacións e aplicándoo á Rosalía de Castro. Con respecto á literatura de Rosalía só fala da súa escrita en español e céntrase na descrición dos tópicos do seu perfil triste e dorido, das súas novelas en español e na posíbel influencia rosaliana no "tremendismo" de Camilo José Cela e mais en *El árbol de la ciencia*, de Pío Baroja.

- Raquel Gutiérrez Sebastián, "Tesoros nuevos y viejos: el mundo literario de Álvaro Cunqueiro", pp. 93-111.

Comeza facendo un repaso á vida de Álvaro Cunqueiro centrándose na súa produción poética en galego, na súa escrita en *Faro de Vigo* e mais como gran fabulador e narrador. Despois dunha pequena achega á súa escrita en prosa indica que a súa extraordinaria traxectoria literaria se viu acompañada dunha desigual recepción crítica e mais que non é un xornalista como tal, senón que é un escritor que colabora e chega a dirixir *Faro de Vigo*.

XII.4.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS.

Álvarez Blanco, Rosario, "María Mariño. Noiesa do Courel, dinamiteira da fala", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "II Alocucións académicas sobre María Mariño no Día das Letras Galegas", 2007, pp. 115-118.

Recolle o discurso de Rosario Álvarez Blanco no que analiza o léxico de María Mariño. Afirma que a súa lingua escrita é de base noiesa e que no seu léxico sempre ten presenza o mar e a natureza montañesa. Tamén indica que o seu galego ten fondas raiceiras na lingua popular ou que O Courel ten gran protagonismo no léxico da natureza. Finalmente explica que en María Mariño é habitual a reutilización de voces con ampliación de significados ou con novas categorías.

Álvarez Durán, Luís, "Alvilares, Xosé: *Aínda é de noite*, *Literatura galega do século XIX e Cristianismo*", *Lvcensia*, "Libros", n.º 36, 2008, pp. 398-399.

Di que acaba de publicarse en versión castelá o libro *Aínda é de noite, Literatura galega do século XIX e Cristianismo*, de Xosé Alvilares, na editorial Nova Utopía, con igual título e contido que a versión en galego publicada en 2008. Coméntase que o libro fai un repaso polos escritores e escritos literarios galegos máis destacados sobre o cristianismo no século XIX. Considera a obra como "literaria" e "teolóxica".

Alvilares Moure, Xosé, "Andamos por fe, non por visión", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 158, "Diálogo aberto", maio-xuño 2008, pp. 65-70.

Trátanse dunhas "Notas marxinais ao comentario de Antonio García Santesmases" nesta mesma publicación do libro *Aínda é de noite* (2008), de Xosé Alvilares Moure. O autor manifesta que o tema do libro "é o mesmo cristianismo, a manifestación de Deus no destino de Xesús" e xustifica o símbolo da "noite" na súa obra. Xustifica as razóns polas que analiza o diálogo dos escritores galegos do século XIX, principalmente Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez, co cristianismo, que ademais diferenza en "institucional" e "esencial", ou "entre Igresa e Evanxeo". Por outro lado, considera que Santesmases lle atribúe "posicións que estou moi lonxe de soster" e nega que trate dunha "linguaxe específica capaz de dar conta do misterio do mundo", senón que a linguaxe "esixe a interpretación como lectura" e rexeita "a lectura literal". Malia increparlle outras cuestións, sinala que a lectura de Santesmases é "lúcida e xenerosa".

Bernárdez Vilar, Bernardo, "Os reis do mar", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 157, "Rolda da Cultura", marzo-abril 2008, 100-105.

Entre outras novas, dá conta no apartado "Banda Deseñada" da exposición no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, de "Historieta galega 1973-2008". En "Decesos" informa da morte do poeta Xosé Manuel López Gómez e do medievalista Manuel Cecilio Díaz y Díaz. En "As Letras" recolle os actos relativos ao premio "Os Bos e Xenerosos", da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que lle

concederon á AS-PG. Informa ademais da Cea das Letras Galegas, acto no que se fallarán os premios AELG 2008. En "Novas en Xeral" refírese á Feira do Libro da Habana e en "Premios" sinala que Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego foron distinguidos co galardón "Voces da Liberdade", do P.E.N. Club de Galicia. Para rematar, no apartado "Universidade. Varia" informa do comezo dos actos conmemorativos do ano no que se lle dedica a Xosé María Álvarez Blázquez, o Día das Letras Galegas 2008.

Bernárdez Vilar, Xoán, "O novo Álvarez Blázquez", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 158, "Rolda da Cultura", maio-xuño 2008, pp. 98-103.

Comeza atendendo ao homenaxeado do Día das Letras Galegas 2008, Xosé María Álvarez Blázquez, do que traza un bosquexo biográfico e profesional. Ademais informa, entre outras cousas, da entrega dos premios do público no Salón do Cómic de Barcelona nas categorías de Mellor Revista, Mellor Debuxo do Autor e Mellor Guión; e tamén dos María Casares, de Teatro. Informa doutros premios como os The White Raven, o Manuel Murguía do Concello de Arteixo, o de Poesía Caixanova, o de Trasalba ou o Esquío de Poesía, entre outros.

Blanco, Carmen, "O misterio Mariño. Unha poética de mar de fondo", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "I Estudos e Investigacións sobre María Mariño", 2007, pp. 7-18.

Saliéntase que o existencialismo de María Mariño atopa o seu lugar máis propio de expresión no mar. Partindo do "mar" detalla o misterio do mar de Noia, a súa poética mariña do absoluto, o tema metapoético da palabra e da propia poesía no "mesto misterio abisal" e asemade describe o mar de Noia e o mar da cidade da Coruña, todo isto con abondosa exemplicación con fragmentos poéticos de María Mariño.

Cabana, Darío Xohán, "María Mariño", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "II Alocucións académicas sobre María Mariño no Día das Letras Galegas", 2007, pp. 111-114.

Considera que temos que recear da fonte oral non confirmada por algunha proba ao realizar estudos biográficos sobre calquera persoa. Comenta a grande influencia de Uxío Novoneyra na poesía de María Mariño e destaca que de *Palabra no tempo* (1963) foi un libro rompedor e mais que *Verba que comenza* (1990) afonda aínda máis nesa ruptura radical na poética de María Mariño.

Cerqueira Ogando, Vanessa, "Para unha lectura da outredade en 'As entrañas horas", *Dorna. Expresión poética galega*, n.º 32, "Caderno da crítica", 2008, pp. 123-126.

Analiza a cuestión da alteridade a partir dunha lectura interpretativa do poemario *As entrañas horas* (1998), de Emma Couceiro. Divídeo en tres partes. Na primeira, o suxeito poético se sitúa no *heimlich* do desdobramento do Eu até que descobre os fragmentos que viven no seu interior e "provoca o recoñecemento de si mesma". Da

segunda parte do poemario, da que di que se abre con "Todos os camiños que a iniciada rende", manifesta que é a expresión da outredade (o *unhimlich*, a parte do Ser descoñecida e estraña). Para rematar, comenta a terceira e última parte do poemario, no que o Eu dirixe unha carta á Outredade: "Carta-Epílogo", agradecéndolle como lle mostrou a vida a través da alteridade, do estañamento. Conclúe a lectura manifestando o gran vínculo entre a poesía e a psicanálise, e que este desdobramento do suxeito lírico suxire o "complexo psicóloxico de todo ser humano".

Fernández Rodríguez, Manuel, "A combustión espontánea de María Mariño. Mística e palabra", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "I Estudos e Investigacións sobre María Mariño", 2007, pp. 19-51.

Longo estudo no que se describe e analiza a obra poética de María Mariño e onde se considera que a súa escrita é unha experiencia mística de corte metafísico. Opínase que ideas como as de soidade existencia, da relación íntima coa natureza, do peso da infancia ou do predominio temático do tempo e da morte son obxectos centrais no misticismo de María Mariño. Tamén se centra na definición da mística e compróbase que este misticismo responde a unha experiencia que vai máis alá da simple clasificación literaria. Asemade detense nos trazos máis salientábeis que se poden atribuír a esta experiencia da linguaxe e mais da vida asentada nos volumes *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1990). Todo este estudo está acompañado con numerosas citas e referencias de fragmentos poéticos de María Mariño tirados de *Obra completa* (1994).

Ferreiro Blanco, Vanesa, "Rivas: Paco: *Palavras perdudas*", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 36, vol. XVIII, "Libros", 2008, p. 198.

De *Palavras perdudas* (2007), de Paco Rivas, sinálase que é unha interesante escolla de versos para quen lle guste a poesía "limpa, sen retórica que a complique". Comenta ademais algunhas palabras que o autor asina no "Limiar". Ademais de invitar á lectura deste poemario, merécelle especial atención unha composición que "non é de encarga", dedicada ao afundimento do Prestige, da que incorpora uns versos.

García Cillero, Santiago, "Santiago García Cillero", *Pena do Encanto. Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos*, n.º 4, "Recanto poético", decembro 2007, p. 41.

Reprodúcense dous poemas de Santiago García Cillero: "A estrela que me guía" e "A fonte da Madalena".

García Domínguez, Mª Teresa, "Emigración de mujeres gallegas a Cuba: las Hijas de Galicia", *Estudos migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións,* vol. I, n.º 1, 2008, "Recensións", pp. 307-310.

Coméntase o contido de *Emigración de mujeres gallegas a Cuba: las Hijas de Galicia* (2003)*,* de Julio César González Pagés. Trátase dunha obra xerada a través da

documentación consultada da sociedade Hijas de Galicia, formada en 1918 para dar axuda mutua e benéfica ás mulleres inmigrantes. Coméntase a reflexión histórica e sociolóxica que se fai sobre a devandita fundación, dándolle tamén prioridade á valoración do papel das mulleres dentro da entidade. Ademais, divide a obra en tres partes e resúmese brevemente cada unha delas. Nesta terceira parte, alúdese á prensa da colectividade e ás revistas da fundación como *Fragancias* ou *Cénit.* Considera esta obra unha "moi interesante aproximación" ao estudo do proceso migratorio das mulleres galegas e resalta as numerosas fotografías e os apéndices documentais, entre outras cousas.

García Rodríguez, José Antonio, "Vítima de seu", *Lethes. Cadernos culturais do Limia*, inverno 2007-2008, n.º 9, pp. 172-177.

Acóllese o relato "Vítima de seu", de José Antonio García Rodríguez, con ilustracións de Sula Repani. Tras unha cita de Gabriello Chiabrera, cóntase unha xornada accidentada dun vampiro que rematou cun incisivo crebado por causa dunha cadea dunha muller durante un encontro amoroso. Debido ao incidente, acode a unha clínica dental na que a doutora Minerva tenta arranxar o dente pero bótalle un antiséptico que contén unha substancia que se atopa na planta do allo e o vampiro morre.

García Santesmases, Antonio, "Unha fe desbordante", *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 158, "Diálogo aberto", maio-xuño 2008, pp. 60-64.

Notas sobre o libro de Xosé Alvilares, *Aínda é de noite* (2008). Considérase unha "proclama", un achegamento á relixión dende unha perspectiva "poética, expresiva, imaxinativa", non unha obra de crítica literaria, e indica que toda a formulación se centra en diferenciar entre "o real" e o "o posible" e que aposta por unha "nova creación que remite ao misterio do mundo". Noutra liña, sinala que para entender o autor é preciso partir da relación que estabelece entre "filosofía e poesía". Continúan as apreciacións referíndose ademais ao seu anterior libro, *Memorial de agravios* (1992).

González Pérez, Clodio, "A presenza relixiosa na poesía galega de Xosé María Álvarez Blázquez", *Encrucillada. Revista galega do pensamento cristián*, n.º 157, marzo-abril 2008, pp. 52-72.

Comeza cunha breve achega bibliográfica do escritor e editor tudense antes de centrarse na presenza da relixión na súa produción poética, que estrutura nos epígrafes "As primeiras publicacións", "A guerra civil", "Da posguerra ao pasamento", antes de rematar cunha "Coda". Respecto a "As primeiras publicacións" destaca a súa participación na *Escolma da lírica galega contemporánea* (1936) e a *Resposta ao inquérito*, ademais de salientar algúns poemas publicados na prensa, que aparecen reproducidos. No epígrafe "A Guerra Civil" dá conta dos acontecementos familiares que sufriu Xosé María Álvarez Blázquez durante eses anos, e en "Da posguerra ao pasamento" informa das súas novelas en castelán, dos seus poemarios para adultos e da súa produción lírica na literatura infantil e xuvenil, ademais de reproducir poemas de *Roseira do teu mencer (1949-1950)*, de *Canle segredo* (1951-1953), de *Cancioneiriño da Virxe* (1954), de *Romance do pescador peleriño* (1954), de *Ofrenda lírica á nena*

María Isabel Ramón Algarra no día da súa primeira comunión (1955) e de *Lembranza e loubor da terra* (1976). Remata cunha "Coda" na que recoñece as dificultades de poder consultar todas as publicacións periódicas nas que Álvarez Blázquez publicou durante a súa vida, ademais do descoñecemento e dificultade de acceder á súa obra inédita, e coa "Bibliografía" consultada.

Hermo, Gonzalo, "O 'proxecto' m-Talá. Teoría e praxe dunha nova concepción do arquixénero poético", *Dorna. Expresión poética galega*, n.º 32, "Caderno da crítica", 2008, pp. 115-122.

Sinala a confirmación por parte da escritora Chus Pato da pentaloxía, aínda non completada, que se abriu co poemario vangardista *m-Talá* (2000), ao que lle seguiron *Charenton* (2004) e *Hordas de escritura* (2007). Analiza os motivos que rexeita a autora "desde dentro da propia poesía": a hexemonía da metáfora da que se di que é "unha institución establecida polo poder"; o versilibrismo para dar unha apertura da escrita ao maior número de xéneros posíbeis e a centralidade do *eu*, que pasa pola desdivinización da figura da poeta e que determina "a necesidade dun lector cómplice da escrita".

Limia de Gardón, Xabier, "O ronsel de Faílde en Ourense (un percorrido tralo centenario do seu nacemento)", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradición populares,* n.º 29, novembro 2008, pp. 95-105.

Céntrase na lembranza da figura de Antonio Faílde (Ourense, 1907-1979) por ter sido "fai pouco" o centenario do seu nacemento. Ademais de apuntar algúns datos biográficos, como a aprendizaxe de canteiro, fai un percorrido polas súas principais obras como as dúas estatuas de "tipos galegos" ao pé do monumento a Valentín Lamas Carvajal nos xardíns do Posío (1949); "a Rosiña" para o monumento a Manuel Curros Enríquez; e a estatua do colexio María Auxiliadora, entre outras. Sinálase que dende 1943, Faílde gozou dun status distinto ao de canteiro e marmorista dos seus primeiros anos e apúntase outras actividades nas que interveu como as exposicións nas que alcanzou recoñecemento. Nesta liña, séguense a comentar outras obras desta "nova etapa": o "afiador", o "paragüeiro", a fachada do Instituto dos Irmáns Maristas, o cruceiro ao lado do Museo Arqueóloxico, os túmulos funerarios e obras doutro tipo que "pertencen ó maxín do Faílde que voa máis aló dos encargos da arte pública, de características relixiosas e politicamente correcta co Réxime" da que cómpre destacar a obra do Parque Miño.

Leiva Torreiro, Miguel, "Mera Fernández, Montse: *El periodismo de Álvaro Cunqueiro–"El Envés" como columna original en la prensa española*", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, "Libros", n.º 36 (vol. XVIII), 2008, pp. 191-192.

Breve descrición de *El periodismo de Álvaro Cunqueiro-"El Envés" como columna original en la prensa española* (2007), que se centra na obra xornalística de Álvaro Cunqueiro. Informa que nela se recolle unha escolma das tiras máis significativas que escribiu para "El Envés" de *Faro de Vigo*, presentadas en tres antoloxías e intercaladas

de interpretacións do estilo de Cunqueiro.

López-Casanova, Arcadio, "Un diario da ultimidade (sobre dúas claves de 'Verba que comenza", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "I Estudos e Investigacións sobre María Mariño", 2007, pp. 53-66.

Comeza indicando que *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comenza* (1990) responden á madureza vital de María Mariño pero recalca que esa vivencia se amosa dende perspectivas diferentes en ambos os libros. Opina que mentres no primeiro o protagonismo é un suxeito da desposesión asolagado no desconcerto e no desacougo, no segundo o protagonismo é un suxeito que asume a conciencia de límite e que se "abre tensivamente ós signos da ultimidade". Con respecto a este poemario tamén sostén que sorprende a súa intensidade e orixinalidade e que se conforma a xeito dun diario dramático co protagonismo dun suxeito da ultimidade.

López Vázquez, Mª Montserrat, "Calvo, J. Luis e Rodríguez Yáñez, Yago: *A voz e o silencio. Bibliografía e estudo en torno a Darío Xohán Cabana*", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 36, vol. XVIII, "Libros", 2008, pp. 197-198.

Resume brevemente *A voz e o silencio. Bibliografía estudo en torno a Darío Xohán Cabana* (2007), de José Luís Calvo e Yago Rodríguez Yáñez, da que salienta a súa "valiosísima bibliografía" así como o "importante estudo" que se fai do autor chairego. Apunta algúns datos que aporta o limiar e informa da incorporación dunha cronobiografía. Tamén sinala os apartados nos que se divide a compilación bibliográfica do autor, ademais dos catro apéndices dos que consta a obra.

Lopo, María, "No bosque mariño", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "I Estudos e Investigacións sobre María Mariño", 2007, pp. 67-73.

Apunta que o bosque é o espazo natural e poético da poética de María Mariño. Destaca que a presenza do bosque é constante en toda a súa obra literaria e que María Mariño aprendeu a ler nos bosques antes ca nos libros. Asemade tamén fala do protagonismo arbóreo, quer piñeirais costeiros, quer soutos da montaña, quer plantas arbóreas na súa poética e finalmente céntrase na fonda corrente de solidariedade vital entre María Mariño e as árbores.

Méndez Ferrín, X. L., "Abismo e dianamita", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "II Alocucións académicas sobre María Mariño no Día das Letras Galegas", 2007, pp. 119-122.

Céntrase na descrición dos anos sesenta, concretamente dende 1963 cando María Mariño publica *Palabra no tempo* (1963), con referencias históricas e literarias. Comenta algúns aspectos da poética de María Mariño e explica o motivo polo que Uxío Novoneyra escribiu o poema "Viet Nam Canto", no que incluía o lema "María Mariño, dinamiteira da fala", e asemade afirma que a obra literaria de María Mariño é atemporal

e ahistórica. Finalmente detense nas pinturas que Reimundo Patiño realizou sobre María Mariño e mais nunha posíbel lectura maoísta da poética de María Mariño.

Noche Fraga, Ramón, "Ramón Noche Fraga", *Pena do Encanto. Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos*, n.º 4, "Recanto poético", decembro 2007, p. 45.

Reprodúcense cinco poemas de Ramón Noche Fraga: "I.-Adán.", "II.-Anxo da garda.", "III.-Números pares.", "IV.-Adeus." e "O mar ausente".

Nogueira Pereira, María Xesús, "Darse en verba aberta. A palabra na obra poética de María Mariño", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "I Estudos e Investigacións sobre María Mariño", 2007, pp. 75-83.

Amosa que a palabra poética de María Mariño contén numerosos matices, os cales son analizados neste artigo, e tamén se centra na dimensión metapoética da obra da poetisa así como nos seus intentos de reflexión sobre o acto de creación. Comenta que a meirande parte dos seus poemas non levan título, que a palabra é o eixo central da indagación da súa poética e mais que a palabra poética se identifica, en xeral, coa propia alma da poeta. Finalmente apunta que a ruptura coa norma é unha das principais características de María Mariño que xorde da súa actitude de rebeldía.

Novo, Olga, "Pía o paxaro do da paz. O Courel de María Mariño", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "I Estudos e Investigacións sobre María Mariño", 2007, pp. 85-102.

Despois de se referir a poetas como Armand Robin, Anna Akhmatova, Teresa de Jesús ou Virginia Woolf sinala que María Mariño pasou a meirande parte da súa vida no Courel feito que lle proporcionou a liberdade de vivir. Describe que chegou ao Courel en 1946 e realiza unha detallada análise, con múltiples exemplificacións, dos vínculos entre a súa poesía e as terras do Courel. Asemade subliña que O Courel foi terra da vida e da morte, da unión e a despedida mais sobre todo de destino, fonte e mais testemuño da súa obra poética.

Otero Canto, Xosé, "Xosé Otero Canto", *Pena do Encanto. Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos*, n.º 4, "Recanto poético", decembro 2007, p. 42.

Reprodúcense catro poemas de Xosé Otero Canto: "Campaíñas xordas de Couselo", "Ourelas fumeantes de néboa", "Baixei con présa buscar ó río" e "Todo estaba calado".

Polín, Ricardo, "A Sinde, do meu país, a doce terra!", *Pena do Encanto. Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos*, n.º 4, "Semblanza", decembro 2007, pp. 27-32.

Lembranza póstuma de Emilio Sinde Nieto (Pacios, 1929-Castro de Rei, 2006) e lamento pola súa repentina morte, que lle impediu ver rematado un proxecto literario

baseado nas súas memorias. Percórrense os feitos máis salientábeis do seu percorrido vital e considérase a súa actitude respecto á cultura chairega como a propia dun mecenas. Xúlgase que a cultura foi unha das súas prioridades no seu labor como rexedor municipal e agradécese que, froito da súa desmesurada bibliofilia, se recuperasen obras dos "próceres da literatura que animaron a República e padeceron unha longa posguerra que se cebou na súa escrita". Con respecto ao seu contacto persoal cos persoeiros da cultura aos que trataba, coméntase que frecuentaba os parladoiros de Ánxel Fole, a quen tamén coñecía pola veciñanza entre o irmán do escritor e Sinde.

Riveiro Coello, Antón, "As memorias no río", *Lethes. Cadernos culturais do Limia*, n.º 9, inverno 2007-2008, pp. 8-13.

Acóllese o relato "As memorias no río", de Antón Riveiro Coello, con ilustracións de Vidal Souto. Conta a historia de María, unha nena que cre na lenda do río que rouba as memorias da xente. María decide un día levar o seu avó, que vive sen recordos hai máis dun ano, a cruzar a ponte do río. O avó guíndase ao río e cando aparece de novo ten recuperado a fala e o sentido e non acorda de nada do acontecido durante ese ano.

Romaní, Ana, "Do lugar. Re-creación da mar calma de Noia na voz de María Mariño", *Boletín da Real Academia Galega*. *Memoria do Centenario/María Mariño*, n.º 368, "I Estudos e Investigacións sobre María Mariño", 2007, pp. 103-107.

Detalla as posturas de Xosé Luís Méndez Ferrín e mais de Arcadio López-Casanova sobre a voz poética de María Mariño e despois analiza a importancia do mar como lugar nos poemas da poeta. Tamén se refire ao volume *Más allá del tiempo* e comenta os vínculos entre Antón Avilés de Taramancos e María Mariño.

Suárez Mato, Alberto, "Alberto Suárez Mato", *Pena do Encanto. Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos*, n.º 4, "Recanto poético", decembro 2007, p. 44.

Reprodúcense dous poemas de Alberto Suárez Mato: "A cunchiña" e "Falo do ceo".

Varela Vázquez, David, "Rivas, P.: *Contos de onte para contar mañá*", *Lvcensia. Miscelánea de Cultura e Investigación*, n.º 36, vol. XVIII, "Libros", 2008, pp. 192-193.

Comenta brevemente esta colección de contos de Paco Rivas, *Contos de onte para contar mañá* (2007), que "beben dos temas e tradicións do imaxinario popular galego" e que se sitúan cronoloxicamente na infancia do autor. Sinala que o medo é un tema que destaca en moitos dos relatos, que abundan detalles sobre a vida cotiá das xentes e dos pobos, entendido como a riqueza das "cousas menores".

Vidal Collazo, Mercedes, "Alonso Girgado, Luís, Moreda Leirado, Marisa e Vilariño Suárez, María: *Mundo gallego (Revista de Galicia en América) Bos Aires (1951-1952)*", *Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 157, "Libros chegados á redacción", marzo-abril 2008, p. 118.

Dá conta dos libros chegados á redacción da revista, describindo brevemente a edición facsimilar da revista *Mundo Gallego*, dirixida por Eliseo Alonso e editada en Bos Aires nos anos 1951 e 1952.

Vidal Collazo, Mercedes, "Tato Fontaíña, Laura: *O cancioneiro de Pero Meendiz da Fonseca*", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 157, "Libros chegados á redacción", marzo-abril 2008, pp. 118-119.

Dá conta dos libros chegados á redacción da revista, como a edición crítica da obra do trovador Pero Meendiz, *O cancioneiro de Pero Meendiz da Fonseca* (2007), a cargo de Laura Tato Fontaíña.

Vidal Collazo, Mercedes, "López Vázquez, Ramón: *Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo*", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 157, "Libros chegados á redacción", marzo-abril 2008, pp. 118-119.

Dá conta dos libros chegados á redacción da revista, describindo brevemente o ensaio *Celestino Fernández de la Vega*. *Pensador do novo galeguismo* (2007), de Ramón López Vázquez.

Vidal Collazo, Mercedes, "Cabana, Darío Xohán: *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 157, "Libros chegados á redacción", marzo-abril 2008, p. 120.

Informa dos libros chegados á redacción da revista, describindo brevemente a historia que se conta en *Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*, escrito por Darío Xohán Cabana en 2007.

Vidal Collazo, Mercedes, "Cabana, Darío Xohán: *Poetas en Lugo*", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 157, "Libros chegados á redacción", marzo-abril 2008, p. 120.

Dos libros chegados á redacción da revista, sinala o de *Poetas en Lugo* (2007), de Darío Xohán Cabana, do que se di que se trata dunha compilación de textos en edición bilingüe que recollen poemas de diferentes autores e autoras que cantaron á cidade das murallas.

Vidal Collazo, Marisa, "Acuña Trabazo, Ana: *Letras dous mil...8 Diccionario Xosé María Álvarez Blázquez*", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 158, "Libros chegados á redacción", maio-xuño 2008, p. 114.

Dá conta dos libros chegados á redacción da revista, describindo brevemente a obra de Ana Acuña Trabazo, *Letras dous mil...8 Diccionario Xosé María Álvarez Blázquez* (2008), na que sinala que se fai un percorrido pola biografía, creación e obra do escritor.

Comenta que se achegan interesantes recursos didácticos e unha sinopse da vida vista dende o marco do contexto histórico galego.

Vidal Collazo, Marisa, "Alfonso Parada, Xesús: *A cor das uces*", *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián*, n.º 158, "Libros chegados á redacción", maio-xuño 2008, p. 114-115.

Dá conta dos libros chegados á redacción, describindo brevemente a obra *A cor das uces* (2008), de Xesús Alfonso Parada, da que se di que continúa "a través da inspiración poética" o seu primeiro libro, *Usos, Costumes e Cousas do Courel* (2007). Alúdese á súa poética desproveita "de artificios", como se dun observador da natureza se tratase.

Viveiro Mogo, Prudencio, "Resol de ensueños' para Arturo Cuadrado", *Estudos migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións,* vol. I, n.º 1, 2008, "Recensións", pp. 311-313.

Fálase do libro *Resol de ensueños para Arturo Cuadrado* (2004)*,* ensaio de Antonio Manuel Chaves Cuíñas. Infórmase que o libro está estruturado arredor de pequenos capítulos a través dos que o autor afonda no labor de Cuadrado a prol da cultura galega. Pénsase que o libro está dividido en tres grandes etapas: a que vai até a guerra civil (na que sobresae a publicación dende 1932 de *Resol*), o período da guerra civil (na que se destaca a súa actividade na propaganda cultural do exército republicano) e a estancia no exilio en Bos Aires, na que se alude a varios acontecimentos como a creación de proxectos culturais e a publicación de diversos poemarios. Para Viveiro Mogo, a obra constitúe un acerto o feito de intercalar o que se chaman os "ensueños de Arturo Cuadrado", así como as ilustracións. Manifesta eivas como a ausencia de citas e referencias de moitos documentos que se intercalan no libro e que "deixan ao lector na dúbida sobre a procedencia destes orixinais". Considera un exceso que Chaves Cuíñas asuma o "papel de vingador", cargando contra aqueles que denigraron a Cuadrado.

Yáñez Jato, Rafael, "Xosé Otero Canto", *Pena do Encanto. Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos*, n.º 4, "Recanto poético", decembro 2007, p. 43.

Reprodúcese un poema de Rafael Yáñez Jato: "Sóubente outono derradeiro...".

XII.5. A LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

XII.5.1. NARRATIVA

XII.5.1.1. NARRADORES GALEGOS

Fuentes Alende, Xosé, *Xanciño de Zoxín, o can Canito e o coello Coli*, ilust. José Crespo, Vigo: Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE), col. Escritores Populares, vol. XII, [lectorado mozo], maio 2008, 137 pp. (ISBN: 978-84-87904-62-2). ◆

Tras unha dedicatoria persoal familiar, "ó meu neto Lino para que saiba dos xogos que entretiveron os meus anos de rapaz", Xosé Fuentes Alende trae á memoria neste volume os xogos doutras épocas para ensinarlles aos rapaces e rapazas desta xeración e das seguintes. Narrado en terceira persoa, estrutúrase en torno a vinte e tres pequenos capítulos, o primeiro deles introduce o lectorado no mundo de Zoxín, unha aldea na que os veciños habitan sen maiores problemas e que ten unha capela, unha taberna e incluso electricidade. O segundo capítulo xira ao redor da figura do protagonista, Xanciño, fillo de Xan Pombo e amigo de Brais, Roque e Xocas, outros tres rapaces da súa idade cos que comparte xogos e aventuras. O terceiro capítulo describe o seu can, Canito, mentres que o cuarto describe un coello chamado Coli que Xanciño adopta como novo compañeiro de xogos. Os capítulos que seguen van referindo os diversos xogos que Xanciño inventa, como o das chamancas; a construción dun muíño de auga; a picarroma, a partir de estacas de carballo; o asubiote, feito cunha pequena pola de ameneiro; o dos tiratacos ou tirapedras, feitos con madeira de buxo; o das gaitas, o arcabucio ou traque; o dos niños, un xogo no que tamén participaban as rapazas; a roda; o dos barcos, feitos con xibas; o dos bambáns e as randeeiras; a cometa ou papaventos; o das bólas; o rique-raque, feito con noces; a tinta; a buxaina ou peón; o das caveiras de cabazo e o do canto aos reis, con chapiñas de cervexa e gasosa. O derradeiro capítulo refire o que posteriormente lle acontecería a Xanciño e os seus amigos. Emprégase unha linguaxe nidia e sinxela, con vocábulos máis complexos, ás veces, que aparecen explicados en notas a rodapé ao longo do volume. Pecha o volume un índice cos títulos de cada capítulo.

Riveiro, Breogán, *A historia máis incrible que nunca liches*, IV Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, ilust. Alberto Jesús Vázquez Rico, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, [lectorado mozo], 2007, 90 pp. (ISBN: 978-84-96503-44-1). ◆

Relato de Breogán Riveiro (Montevideo, 1967) no que se conta a través do personaxe principal, un burro, a historia de once vacas e mais un porco. Todos viven na granxa do Tío Norberto. As vacas pacen na herba, dan moito leite e conversan moito unhas coas outras. Unha delas, Romualda, pasea moito e pensa que por iso é a que dá máis leite de todas. Un día chega o Sr.Alcalde falar co Tío Norberto e debido a unha doenza rara hai que sacrificalas a todas, e que as vai volver buscar. Van os homes buscar as vacas e levan escopetas para sacrificalas pero as vacas que xa estaban preparadas para o ataque fanlles fronte e o alcalde e os seus homes fuxen moi enfadados. Entón deciden contratar

un exército para que faga unha muralla e despois as bombardeen. Cando as vacas ven o muro séntense nun cárcere, mais preparan a fuxida, agás o porco que se sente sen forzas para escapar, axudadas por unha toupa que lles ensina a facer un burato. Na fuxida a toupa cansa e abandona ás vacas e ao burro, pero atopan con formigas super traballadoras que están en guerra civil. O burro failles entender que as guerras son de homes e acaban facendo unha festa. Finalmente saen a unha illa onde a herba non é moi boa, pero poden vivir felices, alí encóntranse co tío Norberto que fuxira do cárcere. Conta con ilustracións de Alberto Jesús Vázquez Rico que ocupan a folla completa, colocadas de xeito irregular, con debuxos esquemáticos e estilizados que mostran os protagonistas e escenas do relato cun predominio de cores cálidas en tons verdes.

XII.5.1.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Aràgega, Mercè, *A fada Catarina e o tiranosaurio Rex* (*La fada Caterina i el Tinasosaure rex*, 2007), ilust. da autora, trad. Mª Dolores Torres París, La Garriga: Edicións do Carballo da Casa da Rocha, col. Barba Roxa, n.º 1, para explicar a partir dos 2 anos, para ler a partir dos 5 anos, decembro 2008, 64 pp. (ISBN: 978-84-936599-0-5).

Relato para primeiros lectores, escrito e ilustrado por Mercè Aràgega (Badalona, 1948), centrado na relación de complicidade entre un neno e uns rebuldeiros personaxes de conto. A fada Catarina está aburrida de estar pechada nun conto na biblioteca, esperando a que alguén a saque de alí, porque o que de verdade lle presta é coñecer xente e pasear, mirar a lúa e facer encantamentos coa variña máxica. No seu andel descobre un tiranosauro enorme e moi serio e por mor da súa curiosidade cae do libro e acaba na casa de Paulo, que lle pide permiso a dona Adela, a bibliotecaria, para levar aqueles dous libros que caeron ao chan. Catarina e o tiranosauro Rex fanse amigos e xogan cos seus contos, até que Paulo, asombrado polo movemento dos libros, acaba descubrindo os dous personaxes. Os debuxos deste conto son da mesma autora, teñen un estilo infantil e unhas cores moi alegres. Algunhas ilustracións de páxina enteira están enmarcadas nun recadro facendo as composicións moi dinámicas. As escenas complementan os textos centrándose nos protagonistas e nas súas expresións.

Machado, Ana María, *A marabillosa ponte do meu irmán* (*A maravilhosa ponte do meu irmão*), ilust. Emilio Urberuaga, Vigo: Edicións Tambre, col. Ala Delta, n.º 15, a partir dos 5 anos, 2007, 32 pp. (ISBN: 978-84-96772-55-7).

Relato de Ana María Machado (Río de Janeiro, Brasil, 1941) no que mediante Bruno, un narrador en primeira persoa, e pequenos diálogos que serven para explicar detalles, se conta como un grupo de rapaces, grazas á súa creatividade e imaxinación, conseguen facer dunha simple táboa vermella unha ponte, unha pista de carreiras e todo aquilo que a eles se lles ocorra. Emprégase o presente de indicativo, que achega cercanía temporal á historia que se está a narrar. A narración é moi descritiva e plástica reforzada coas ilustracións e emprégase unha linguaxe sinxela e de construcións coordinadas, sen recorrer en ningún caso a frases longas ou a subordinación. Tipograficamente destaca a palabra RIMÁN, xa dende a primeira frase, pois é o termo que emprega Bruno para chamar a Henrique, que non é "un IRMÁN calquera". As ilustracións figurativas de Emilio Urberuaga son de estilo caricatura. As formas están resoltas cunha liña sensíbel de tinta negra e recheas de cores alegres e saturadas, con predominio de tons cálidos. Hai unha pequena sensación de volume polas sombras e polas descripción de espazos. Os puntos de vista das composicións están centrados nos nenos protagonistas.

Masini, Beatrice e Roberto **Piumini**, *Adiviña quen son* (1998), trad. Carmen Torres París, Vigo: Edelvives/Tambre, col. Catavento, n.º 24, [mocidade], 2008, 92 pp. (ISBN: 978-84-92404-09-4).

Novela coescrita polos italianos Beatrice Masini (Milán, 1962) e Roberto Piumini (Milán, 1947) en forma de falso diario sobre a relación que se estabelece, no período

que vai dun 2 de outubro a un 15 de xaneiro, entre dous compañeiros de clase que se intercambian mensaxes anónimas, utilizando como medio de transmisión tanto o encerado de clase coma a mochila dun deles. Nestas mensaxes os mozos falan de si mesmos, dos seus gustos, preocupacións, do resto dos compañeiros do instituto, das súas familias pero, sobre todo, das súas sensacións máis íntimas. A medida que o intercambio de mensaxes se converte nun acto case diario, vanse tecendo aos poucos, usando como arma a linguaxe, os sentimentos ao redor do amor, peza clave desta singular relación, que lles vai conducir, por unha banda, a chegar a ter un maior coñecemento un do outro e por outro, de cada un deles de si mesmos. A linguaxe empregada neste libro non só carece de formalismos, corpiños e apegos ao dicionario, senón que está expresado tal e como o fai, en realidade, o lectorado agardado desta obra. A fotografía da cuberta é de A.G.E. Dous pares de pes calzados con zapatillas idénticas e o comezo das pernas cubertas con pantalóns vaqueiros son o centro desta imaxe. A impresión que causa, xunto co que desvela o título é que se refire a unha historia de identidades xuvenís.

Pullman, Philip, *O coitelo sutil* (*The Subtel Knife*, 1997), ilust. da cuberta Marc Taeger, trad. Fernando Moreiras, Pontevedra: Faktoría K de Libros, [mocidade], decembro 2008, 271 pp. (ISBN: 978-84-96957-52-7). ■

Esta novela é a segunda entrega da saga metafísica *A Materia escura* que continúa coas aventuras de Lyra da primeira parte, intitulada *A Aurora Boreal* (2007), e traza unha ponte entre a primeira e a terceira parte da obra, *O Anteollo de ámbar*. Nesta ocasión, Philip Pullman (Norwich, Inglaterra, 1946) introduce un novo personaxe principal, Will Parry, que axuda a ampliar a visión que o lectorado ten do mundo en conexión co de Lyra. Will sae á procura do seu pai e ao cruzar un espazo invisíbel, polo que viu desaparecer un gato, é conducido a outro universo onde atopa a Lyra e ambos, a partir dese momento, transitarán por tres universos distintos: o que se descobre n'*A Aurora boreal* que é como o mundo real, pero distinto en moitos aspectos, o que coñecemos e un terceiro completamente distinto. Esta novela presenta unha imaxinativa aventura que transcorre por mundos paralelos, rozando nalgúns momentos a ficción científica nos seus alicerces fundamentais, onde os protagonistas "viaxan" cara adiante e cara atrás entre dous mundos na procura, por unha banda, do pai de Will e, pola outra, para intentar descubrir o porqué da loita do pai de Lyra contra o Magisterium. Todo iso conxugado coa aparición de bruxas, anxos, anxos corruptos, espectros, a materia escura, aliados e inimigos. A aventura de Lyra e Will lévalles a descubrir a existencia dun segredo: un obxecto cun poder extraordinario e devastador, cuxo coñecemento trae consigo o aumento das ameazas para os protagonistas, ao mesmo tempo que os enfronta coa verdade do seu propio destino. Predomina a narración ao diálogo e detrás da aventura de Lyra e Will, se atopa unha profunda reflexión sobre a liberdade, o libre albedrío, o control da vontade e a loita constante do ser humano para preservar a súa liberdade. Só ten deseño a cuberta, na que aparece unha imaxe creada por Marc Taeger cun gravado antiguo de arquitecturas.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, "Materia escura", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 286, "Libros", 16 abril 2009, p. V.

Comenta *O coitelo sutil*, segunda entrega da triloxía *A materia escura*, da autoría de Phillip Pullman, editada por Faktoría K en 2008. Comeza facendo mención do primeiro volume, *A aurora boreal*, e do derradeiro, *O anteollo de ámbar*, de próxima aparición. Despois de sinalar a posibilidade dunha lectura independente de cada volume, indica a versión cinematográfica realizada do primeiro deles baixo o título d'*A brúxula dourada*, da que describe brevemente o seu argumento. A seguir analiza o argumento do segundo volume para enlazalo coas orixes do título da triloxía nun dos libros que conforman o *Paraíso perdido* (1667), de John Milton. Salienta finalmente a diversión xerada pola trama, os personaxes raianos na filosofía e na ambivalencia e unha certa crítica á relixión.

Referencias varias:

- Mar Barros, "Para ler tirados na alfombra", *A Nosa Terra*, "*Bule Bule*", n.º 1.387, 24-30 decembro 2009, p. 28.

Dá conta dunha serie de textos de Literatura Infantil e Xuvenil co obxectivo de animar a rapazada á lectura no período vacacional. Os textos pertencen a editoriais como Faktoría K con obras como *Un becho estraño*.

Zubizarreta, Patxi, *Os tres amigos* (datos), ilust. Elena Odriozola, trad. Carmen Torres París, Vigo: Edelvives/Tambre, col. Ala delta, serie azul, n.º 21, a partir dos 8 anos, 2008, 53 pp. (ISBN: 978-84-92404-14-8).

Conto breve de Patxi Zubizarreta (Guipúzcoa, 1964) que narra a amizade que xorde entre un salmón que salva a vida a un corvo. O narrador destes feitos é o terceiro amigo, o vento, que ás veces se suma ás aventuras dos outros dous personaxes. Xuntos emprenderán unha longa viaxe cara ao mar, facendo fronte a numerosos perigos que terán que sortear axudándose mutuamente. O recurso da personificación permite crear estes interesantes personaxes para dar unha lección de amizade máis alá das condicións que impón a pertenza a un grupo determinado, solidariedade ante a adversidade, espírito aventureiro e valentía. A estrutura da obra en sete capítulos, intitulados "O corvo mariño", "O salmón", "O mar", "A treboada", "Os mariñeiros", "A sorpresa" e "Imos", permite organizar a materia narrativa invitando en cada episodio a unha nova aventura dos tres personaxes. As ilustracións figurativas son de Elena Odriozola (Donostia, 1967). Na cuberta, a única ilustración con cor, presenta os tres amigos: o corvo mariño, o salmón e o vento, nunha imaxe que xoga con distintas tonalidades de azuis. As composicións do interior son de páxina enteira ou dobre páxina e as figuras dos protagonistas están presentadas nun estilo esquemático e sinxelo que mostra as características fundamentais dos animais e das paisaxes. As escenas expoñen imaxes líricas das relacións que os protagonistas teñen entre eles e que se describen nos textos. A técnica empregada mestura acuarelas e lapis; as manchas húmidas da pintura e as pinceladas soltas serven para representar as paisaxes e o lapis dá forma máis precisa ás figuras.

XII.5.2. POESÍA

XII.5.2.1. POETAS GALEGOS

Herrera, Susa e **Mamá Cabra**, *Todos os animais ó caixón*, A Coruña: Primeirapersona, [lectorado autónomo], decembro 2008, [19] pp. Inclúe CD. (ISBN: 978-84-95923-51-3). ■

Partindo da idea de que os animais son os mellores amigos do ser humano, este libro-disco preséntase como un "divertido" volume no que se ofrecen propostas didácticas para o canto e o baile dos máis pequenos. Está formado por oito cancións nas que os lectores se poden atopar cun león, un oso, unha galiña, unha quenlla, un búfalo, unha piraña, unha abella ou un golfiño, entre outros. O aspecto visual está moi coidado xa que cada canción vai complementada da dunha chamativa ilustración a toda páxina. A obra en papel acompáñase dun CD que recolle as pezas musicais. Este libro de edición en tapa flexíbel conta con ilustracións figurativas de páxina enteira. Ten pestanas que se levantan para xogar a ver o que hai debaixo. As composicións presentan a mesma característica cun espazo amplo no que se atopan os diferentes animais (cada un na súa páxina) enfrontados á páxina esquerda na que se coloca o texto. As cores son moi alegres e contrastadas. A técnica empregada é a pintura de acuarela.

Referencias varias:

- C. P., "O éxito didáctico do meu primeiro libro de cancións animoume", *La Voz de Galicia*, "*La Voz de Santiago*", "A pie de calle", 18 abril 2009, p. L16.

Entrevístase brevemente a Susa Herrera, que presentou o seu libro *Todos os animais ao caixón* que vén acompañado dun CD de cancións para contos. Di que lle puxo música e letra ás pezas do disco e sinala que son para idades de 4 a 10 anos e que son melodías que enganchan axiña.

XII.5.2.2. TRADUCIÓNS OU VERSIÓNS

Toulmin, Sarah, *Oracións infantís* (*Baby Prayers*, 2008), ilust. Kristina Stephenson, trad. A. Sánchez, Vigo: Edelvives/Tambre, [lectorado autónomo], 2008, 63 pp. (ISBN: 978-84-92404-19-3).

Sarah Toulmin recompilan oracións infantís neste libro que serve de grande apoio aos pais para inicialos nesta práctica relixiosa. Con textos curtos e moi sinxelos, a autora crea unha interacción entre os titores e os nenos en cada unha das oracións elixidas. A presentación de cada pregaria ofrece sempre unha mesma fórmula: baseándose nas accións que de forma cotiá realiza un neno, tales como o espertar pola mañá, as diferentes ocupacións durante o día, o descubrimento de todas as cousas que o mundo ofrece como o sol, a lúa, as estrelas, os animais, as estacións do ano, o amor ou os xogos, cada oración aparece precedida dunhas palabras pronunciadas por un adulto para, a continuación, e por medio de frases feitas como "Grazas Deus" ou "Querido Deus", fáciles de recordar e utilizadas como pequenas fórmulas sapienciais, recita a oración, finalizada na maioría dos casos por un "amén", o que consegue a pretendida musicalidade deste tipo de textos. As ilustracións de Kristina Stephenson describen con imaxes as distintas escenas que dan pé ás oracións e céntranse na figura da nai e do seu bebé, ocupando toda a páxina e deixando lugar para os textos. O estilo das figuras e amábel, con semblantes serenos e expresións agarimosas e a técnica empregada é a acuarela, aplicada con cores agradábeis, coloristas e luminosas.

XII.5.3. TEATRO

XII.5.3.1. DRAMATURGOS GALEGOS

Labraña Barrero, Carlos, *Os ratos*, ilust. da cuberta Manuel Fragoso, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela, n.º 58, [lectorado autónomo], 2008, 14 pp. (ISBN: 84-96368-65-3).

Adaptación teatral de Carlos Labraña (Cedeira, 1969) da fábula *El flautista de Hamelín* na que se conta a historia dun pobo cunha praga de ratos que se soluciona coa rápida intervención dun frautista que, á hora de cobrar, é estafado polo alcalde e os cidadáns da vila. Como vinganza fará desaparecer os nenos, igual que fixera cos ratos, coa axuda da melodía que sae da súa frauta. O escenario é a praza dunha vila onde os personaxes da peza teatral farán a súa aparición: os ratos, a xente de Hamelín, o alcalde, un, outro, o de máis alá e o frautista. Aparece na cuberta unha ilustración de Manuel Fragoso feita en branco e negro.

XII.5.4. CÓMIC

XII.5.4.1. GALEGOS

Cráneo, Manel, *Os lobos de Moeche*, A Coruña: Demo Editorial, col. Eumedievo, n.º 1, 2008, [lectorado mozo], [38] pp. (ISBN: 978-84-936993-0-7). ■

Manel Cráneo, nome artístico de Manuel Ángel Pena Vilar (A Coruña, 1973), é o responsábel do guión e dos debuxos deste cómic de trasfondo histórico que inclúe tamén algunhas páxinas de texto que apoian a historia. Recupérase unha parte das memorias escritas por Martín de Ferreira en Boloña no ano 1497. Nesta entrega conta un episodio acontecido durante a súa mocidade. Nos tempos do dominio e dos abusos exercidos polo Conde de Lemos e os Andrade, Martín e o seu irmán maior Lopo quedan orfos de pai, tras o que Lopo marcha a Betanzos na busca de fortuna. Martín, só coa nai, non é quen de impedir que o alcaide do castelo de Moeche e os seus vasalos a maten. Desacougado, Martín reúnese co seu irmán e participa canda el nas revoltas irmandiñas que se suceden en Galicia e que acaban con máis de cento corenta fortalezas cruzándose con personaxes históricos como o líder irmandiño Alonso de Lanzós, o Conde de Lemos ou os Señores de Andrade. Nesas revoltas os irmáns conseguen tamén acabar cos asasinos da súa nai. A obra mestura intriga, acción e unha gran carga dramática na liña dos clásicos de aventura de xénero histórico.

Recensións:

- Pilar Fustes, "O cómic da revolta", *ABC*, "*Artes&Letras*. *Galicia*", n.º 4, abril 2009, pp. 14-15.

Sinálase que o debuxante e ilustrador Manel Cráneo levou o cómic as Revoltas irmandiñas na obra *Os lobos de Moeche,* publicada por Demo Editorial en colaboración coa asociación Euroeume. Precísase que esta é a primeira obra en solitario de Manel Cráneo e nela amosa a rebeldía dos campesiños galegos. Faise mención doutras creacións do autor como *Ovo, Costra de Postre, Os rústicos da guadaña, Craneografía* ou *Craneofilia*, así como tamén se menciona a súa participación na revista *Golfiño*.

- Mar Mato, "O cómic rescata o 'Braveheart' galego", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", n.º 607, "Libros", 25 abril 2009, p. 2.

Sinálase que se acaba de publicar unha obra de Manel Cráneo na que se abordan as Revoltas irmandiñas. Indícase que a obra publicada por Demo Editorial é, xunto con obras como *Irmandiños, a revolta*, de Anselmo López Carreira, das poucas que trata o tema da rebeldía dos campesiños galegos. Precísase que neste cómic se conta a historia de Martín e Lopo, dous irmáns que participarán na Gran Guerra Irmandiña. Faise mención do emprego dunha linguaxe semellante á medieval e da sinxeleza dos diálogos, para así poder ser comprendida a obra por lectores de todas as idades.

Referencias varias:

- V. Oliveira, “Unhas revoltas de cómic”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 25 marzo 2009, p. 36.

Precísase que a primeira obra en solitario do debuxante Manuel Cráneo se vai presentar no FNAC da Coruña. Sínalase que esta peza conta a historia dun labrego que loitou nas Revoltas Irmandiñas no século XV, convértendose nun “home de Renacemento. Indícase que a peza será empregada como “obra de referencia” para promocionar o Museo do Castelo de Moeche e que, ademais, conformará o debut de Demo Editorial na súa aposta polo xénero histórico.

- Rodri García, “Manuel Cráneo revive las revueltas irmandiñas en ‘Os lobos de Moeche’, su primer álbum individual”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 abril 2009, p. 50.

Faise mención da publicación do primeiro libro en solitario do debuxante Manuel Cráneo. Sinálase que as historias de Martín Ferreira e Lopo, que son os protagonistas, vanse presentar no FNAC da Coruña, así como tamén serán presentados en Vigo, Santiago, Betanzos e na tenda especializada Alita Cómics, da Coruña.

- Gemma Malvido, “Tiven que facer a historia en dous meses e nunca o pasara tan ben”, *La Opinión*, “A Coruña”, 3 abril 2009, p. 13.

Recóllese a entrevista realizada ao debuxante Manuel Cráneo co gallo da presentación do seu primeiro libro en solitario, *Os lobos de Moeche*. Fálase da necesidade de darlle máis pulo ao tema histórico e da concreta practicidade desta obra, que servirá como obra de referencia para facer a musealización do castelo de Moeche.

- Paloma Ferro, “A historia de Galicia ten un gran potencial literario”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Entrevista”, 1 maio 2009, p. L2.

Aproveitando a presentación do seu primeiro libro en solitario na librería Kómic, faise mención dunha entrevista realizada a Manuel Cráneo sobre esta obra. Precísase tamén o grande potencial que ten a historia de Galicia e as vantaxes de crear máis obras de tema histórico galego.

- Mar Mato, “O último terzo da Idade Media en Galicia daría para centos de películas e filmes”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 232, “A Coruña”, “Banda deseñada”, 9 maio 2009, p. 7.

Precísase que o debuxante e guionista acaba de publicar a súa primeira obra en solitario. Sinálase o interesante que resulta a historia de Galicia para a elaboración de novas creacións. Fálase así mesmo do proxecto de Demo editorial, que consiste na autoedición de cómics, para así os creadores controlar todo o proceso de edición.

- A. Budiño, “Esencia y revueltas autóctonas en formato de tebeo”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, 24 xullo 2009, p. 28.

Con motivo da presentación na Coruña do cómic *Os lobos de Moeche*, de Manel Cráneo, resúmese brevemente o argumento da historia e destácase a traxectoria do autor no mundo da imaxe. Indícase tamén que se trata dunha historia ambientada no século

XV que mestura realidade e ficción e que talvez podería aparecer proximamente unha segunda parte.

- Camilo Franco, "En Galicia hai calidade e cantidade de debuxantes", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", n.º 323, "Cómic", 25 xullo 2009, p. 13.

Entrevístase a Manel Cráneo con motivo da publicación d'*Os lobos de Moeche*, un cómic que define como unha aventura gráfica que desenvolve unha historia de aventuras ambientada nunha época histórica e que utiliza o castelo de Moeche co obxectivo de promocionalo. Alude tamén á mestura de personaxes ficticios, Lopo e Martín de Ferreira, con outros reais, como o líder irmandiño Alonso de Lanzós, e atribúe o éxito entre un amplo grupo de lectores a esta combinación. Cráneo afirma valorar máis a capacidade narrativa que o virtuosismo no debuxo e refírese tamén aos dous blogs que mantén na rede, Cráneo Mortem e Planeta Mincha, e ao gran número de debuxantes galegos que dende hai dez ou quince anos están a desenvolver o seu traballo en Galicia.

Gochi, *O tesouro da Carraxe*, prólogo de Diego de Pinares, Oleiros: Cerditos de Guinea Cómics, col. Trasmallo, n.º 8, 2008, 49 pp.(ISBN 84-9359041-3).

Gochi (A Coruña, 1977) dá lume a esta oitava entrega da colección de aventuras de banda deseñada do mestre pirata Trasmallo. Esta banda deseñada está ambientada en lugares reais, nesta entrega empréganse indicadores de dirección, por medio de ilustracións, cara a por exemplo Boiro ou Rianxo, e saen tamén lugares reais e ao mesmo tempo imaxinarios, como por exemplo a "gruta da praia de Tanxil".

Tomás, Xosé, *Tolos*, ilust. do autor, presentación de Miguelanxo Prado, A Coruña: Universidade da Coruña, [mocidade], agosto 2008, [48] pp. (ISBN: 978-84-9749-307-9). ◆

Xosé Tomás (Betanzos, 1971) reúne neste volume catro historias nas que desenvolve a peripecia de cadanseu personaxe: "Historias do corazón", na que se narra como naceu unha historia de amor entre un científico e unha muller cun marcapasos no transcurso dunha viaxe; "Construíndo soños", sobre as preocupacións dun cooperante dunha ONG nun país distante; "Luz", centrada no reencontro nun hospital dunha parturienta cunha ex-alumna á que coñeceu hai anos, cando a muller estudaba para abandonar o seu agobiante traballo nunha fábrica; e "É de xustiza", onde Bea lle conta ao seu amigo Carlos como se converteu en xuíza para cumprir o seu soño de cambiar a sociedade. Tras delas inclúese un "Epílogo", unha historia curta na que un grupo de amigos asiste a unha representación teatral que os leva a reflexionar, e mais unhas "Notas do autor" nas que se explica que todas as historias reproducen experiencias reais de mulleres e homes reais e que se inclúen algúns bocetos. O volume conta cunha presentación de Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958) na que valora positivamente o traballo de Xosé Tomás e manifesta a súa alegría ao comprobar como o que comezou sendo un proxecto se transformou nun libro grazas ao apoio da Universidade da Coruña.

VV. AA., *Historias de Galiza*, guións de Carlos Rafael Ramos, ilust. Idoia de Luxán Vázquez, Jerónimo Piñeiro de Castro, Juan Luis Pérez, Carlos Alfonso Fernández, Jaime Eizaguirre Santillán, Ourense: Difusora de letras, artes e ideas/Xunta de Galicia, [lectorado mozo], Tomo 1, maio 2008, 127 pp. (ISBN: 978-84-935963-7-8)/ Tomo 2, outubro 2008, 128 pp. (ISBN: 978-84-936673-4-4) (ISBN obra completa: 978-84-936673-3-7). ■

Adaptación en cómic de episodios da historia de Galicia en dous tomos, con textos de Carlos Rafael Ramos (Ourense, 1961). No primeiro tomo inclúense cinco historias sen título. A "Historia 1", ilustrada por Idoia de Luxán Vázquez (Ourense, 1984), sitúanos no ano 4.500 antes da nosa era, no período mesolítico e presenta un rapaz no transo de superar un rito iniciático, a caza dunha besta. Tras conseguilo, o rapaz alcanza un nome e a consideración de adulto na súa tribo. Na "Historia 2", Jerónimo Piñeiro de Castro (Pontedeume, 1983) pon en imaxes unha historia ambientada no ano 3.000 antes da nosa era. Un mozo debe partir á caza dun oso para cumprir a esixencia do pai da muller que escolleu por esposa. A "Historia 3", ilustrada por Juan Luis Pérez (Monforte de Lemos, 1979), localízase no século VI da nosa era, cando chegan ás terras galegas os comerciantes gregos e fenicios e con eles unha espada de ferro con poderes máxicos. Na "Historia 4", é Carlos Alfonzo Fernández (Ferrol, 1976) o encargado dos debuxos. Recrea a chegada da expedición romana do procónsul Décimo Xunio Bruto á Gallaecia no século II antes da nosa era. Dous inimigos, Veroto o galego e Falco o romano, axúdanse para salvar a vida. Conclúe o tomo primeiro a "Historia 5", ilustrada por Jaime Eizaguirre Santillán (A Coruña, 1980), que se localiza no ano 102 despois da nosa era, nunha Galicia xa integrada no imperio romano. Varo, un escravo, foxe dunha explotación mineira dos romanos e terá que facer unha longa viaxe para chegar á súa aldea. O segundo tomo contén outras cinco historias sen título. Na "Historia 1", ilustrada por Jaime Eizaguirre Santillán, un mozo patricio, Aulo Festo Mela, percorre Gallaecia co seu servente fuxindo dun matrimonio amañado en Roma porque desexa ser poeta. A "Historia 2", trasladada a imaxes por Carlos Alfonzo Fernández, situada no contexto das desputas entre os suevos, os romanos e os galaicos, Ataurico debe decidir entre gardar obediencia ao rei Hermerico ou lealdade a seu amigo Maulfe, que perdeu a man esquerda por lle salvar a vida. Na "Historia 3", recreada por Idoia de Luxán Vázquez, na torre de Hércules, Livila defende a luz do faro das tormentas, nuns tempos dominados pola incerteza, en plena desfeita do imperio romano. Jerónimo Piñeiro de Castro ilustra na "Historia 4" o que aconteceu na vila de Quiroga cando o enviado do Papa lle pide a Herminia, unha predicadora da doutrina priscilianista, que renuncie ás súas crenzas. Pecha o tomo a "Historia 5", debuxada por Juan Luis Pérez, que desenvolve as dificultades que atopa o Padre Dulcino na súa parroquia en Bergantiños para combater as crenzas pagás e as supersticións. Os dous tomos conclúen cun apartado no que se ofrecen datos históricos dos períodos tratados, unha cronoloxía e mais unha bibliografía específica.

XII.5.4.2. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS E REEDITADOS

Kodaka, Kazuma, *Bícame, profe*, trad. María do Carmen Pampín Otero, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, col. Manga, n.º 1, [mocidade], maio 2008, [200] pp. (ISBN: 978-84-8289-048-7).

Primeira entrega dunha serie de cómic manga conformada por dez libros da autora de mangas Kazuma Kodaka (Kobe, 1965) que pertencen ao xénero Yaoi (relacións entre rapaces) e mestura celos, enganos, traizóns, encontros sentimentais, humor, tenrura e as decisións típicas da adolescencia. Contén catro volumes titulados "Bícame profe", "Non é para tanto", "Clases de amor" e "Só unha palabra". No primeiro deles vemos como Atsushi-kun está namorado dende a infancia do seu amigo Maachan e desexa matricularse no instituto no que o seu amigo é profesor. Dun xeito paralelo aparece Masayohi, irmán de Maachan, que será a que realmente apareza no instituto. No segundo capítulo, ante a estraña actitude do que cree que é Maachan (en realidade é Masayori), Atsushi-kun parece namorase ou sentir algo por outro rapaz: Arisawa. Os partidos do equipo de baloncesto servirán como fondo de sentimentos e conflictivas relacións entre os diferentes personaxes. Ao remate do primeiro e segundo capítulo recolle un parágrafo en primeira persoa dirixido o lectorado para comentar como xurdiron as personaxes, e a boa acollida dos mangas. Parece que é a propia escritora a responsábel do comentario. No terceiro capítulo, Atsushi-kun e o auténtico Maachan falan e parece que aínda senten algo un polo outro. Outros personaxes, como Inagaki, están namorados de Atsushi-kun. E ao remate do terceiro capítulo é Atsushi o que fala dos debuxos e os personaxes. Finalmente o cuarto capítulo céntrase nos recordos concretos dese primeiro amor entre Atsushi e Maachan e do desexo do primeiro de estar preto del nos vindeiros anos no instituto Jyogaoka. Na tradución mantense o sentido de lectura oriental do orixinal e o mesmo formatoComeza na contracuberta e vaise lendo de atrás para adiante. Está realizado en branco e negro e o deseño das viñetas presenta bastante liberdade, aínda que a maioría son tradicionais, nalgunhas páxinas rómpese a estrutura con imaxes fóra das viñetas ou viñetas de formas moi diversas.

Kodaka, Kazuma*, Bícame, profe*, trad. María do Carmen Pampín Otero, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, col. Manga, n.º 2, [mocidade], outubro 2008, [210] pp. (ISBN: 978-84-8289-255-9).

Kazuma Kodaka (Kobe, 1965) escribe unha serie de manga cuns personaxes gais cun texto no que predomina a acción sinxela, dirixido a un público principalmente masculino de entre catorce e dezaoito anos. Empeza cun índice ao que lle segue os volumes. No volume quinto, "Cando o amor chama á túa porta", o personaxe central é Atsushi Arisawa que empeza a estudar no instituto Jyogaoka para poder estar preto do seu primeiro amor, Maa-chan, que traballa na enfermería do mesmo. Pero o Maa-chan, de nome Masayoshi, con quen se atopa é totalmente diferente da persoa que recorda. No canto de ser alguén doce e amábel é un mozo brusco que non o acepta. Tamén se reencontra con Inagaki, un amigo da infancia a quen hai anos que non ve e que non ten problema en declararlle o seu amor aos catro ventos e en calquera momento ou situación, a pesar de que está saíndo cunha moza que acepta a homosexualidade do seu amigo. A este grupo gai únese Tohru Fujiwara, profesor e amigo de Masayoshi e que

está saíndo con Masami Shibata, irmán do anterior e que resulta ser o verdadeiro Maa-chan. Cando Arisawa o descobre, o enfado inicial cara a Masayoshi por estar xogando con el, convértese en amor incondicional, e decide facer todo o posíbel para que o seu profesor se namore del. A relación entre Masami e Tohru trátase dende un punto de vista máis serio. Ambos demostran que hai algo máis entre os dous. Nos cinco volumes que forman o número dous máis un extra, a postura de Atsushi segue sendo a mesma dende o principio, igual de teimudo no acoso ao seu profesor, quen o ignora todo o tempo; Inagaki intenta atraer a Atsushi porque o quere dende hai tempo; Masami é, dende o principio, moi feminino e Tohru, moi namorado de Masami, pasa moitos apuros para demostrarlle que lle ama. No volume 6, "Vacacións movidiñas" ten lugar unha viaxe de estudos a Hawai, onde a preocupación maior de todos é con quen compartirán habitación e as oportunidades de poder estar con quen lles gusta. Atsushi ten a sorte de compartir con Maa-chan. No sétimo volume, "Unha trampa moi doce" Inagaki pídelle a Arisawa que vaia durmir á súa casa para poder estudar, con outras intencións, pero a irmá, Akiko, separouse e volve a casa cos seus fillos e desbarátalle e descobre os seus plans. Ao final, cáese polas escaleiras por culpa dos sobriños e rompe unha perna mentres que Arisawa se escapa. En "Rumbo a unha misión secreta", o oitavo volume, ten lugar unha persecución en coche porque Inagaki decátase que Arisawa se vai con Toru. No seguinte, "Un Nadal complicado", teñen lugar as vacacións de inverno e os personaxes dedícanse a buscar o agasallo ideal para o seu amado. Engádese un capítulo extra, intitulado "Non te rendas Inagaki-kun!!", no que se organiza un torneo de tenis no que se presentan os xogadores disfrazados. Inagaki gaña o torneo e o premio é unha viaxe a Noruega onde teñen que ir de novo acompañados polo resto dos personaxes por ser menores. Este cómic de Kodaka, realizado en branco e negro, segue as pautas do manga xaponés, comezando na contracuberta e léndose de atrás para adiante. O deseño das viñetas presenta bastante libertade, aínda que a maioría son tradicionais, nalgunhas páxinas rómpese a estrutura con imaxes fóra das viñetas ou viñetas de formas moi diversas.

XII.5.5. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

XII.5.5.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

González Díaz, Ismael (coord. e editor), *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino o neno labrego*, Ourense: Edicións Ismael González P. C., S. L., 30 decembro 2008, 171 pp. (ISBN: 978-84-612-9058-1).

Despois dunha dedicatoria "A Victor, Olga e Miguel. A todos os nenos e nenas do mundo. 2 agosto 2008", ofrécese un índice que acolle os títulos das homenaxes a Balbino, protagonista que se considera xa un referente inesquecíbel da Literatura Infantil e Xuvenil galega; é a obra que o inmortalizou, *Memorias dun neno labrego* publicada en 1961 en Arxentina e que chegou a Galicia en 1968. Unha obra que alcanzou cotas de lectura altísimas e que converten ao seu autor nun clásico da literatura galega e da LIX, como afirman os creadores e estudiosos que realizan esta homenaxe: Isaac Díaz Pardo, "Xosé Neira Vilas e as súas 'Memorias"; Basilio Losada, "Balbino pon escola"; Margarita Ledo Andión, "Para Cuba me voy"; David Otero, "Arquivoledo"; Siro, "Querido Pepe"; Andrés Torres Queiruga, "Balbino somos todos"; Pepe Carballude, "Eu tamén fun Balbino"; Jaureguizar, "Os Balbinos do xardín"; Afonso Eyré, "Cando eu fun Balbino"; Salvador Rodríguez, "Memoria da emigración"; Helena Villar Janeiro, "Cantarola para Xosé Neira Vilas"; Xesús Rábade Paredes, "Parias do mundo"; Baldomero Iglesias, "Balbino ben puidera ser calquera"; Felipe Senén-López, "Memorias dun neno labrego"; Xosé Vázquez, "Epístola a Balbino"; Suso del Toro, "Ese rapaz brillante"; Mini, "Un ninguén"; Albino Mallo, "Cando tiven prematuramente as 'Memorias dun neno labrego"; Francisco Fernández Rei, "Xosé Neira Vilas, un labrego formado na universidade da vida"; Dolores Vilavedra, "Neira Vilas: da estirpe dos bos e xenerosos"; Darío Xohán Cabana, "Unha carta a Neira Vilas"; Andrés Pociña, "Sobre edicións de 'Memorias dun neno labrego"; Xosé Manuel Martínez Oca, "As aventuras dun neno labrego ou memorias de Alberte Quiñoi"; Armando Requeixo, "Os outros Neira Vilas"; Carlos Mella, "O vello Balbino"; Alfonso Becerra de Becerreá, "Memoria, infancia e terra"; Ramón Regueira, "O por que e o que da obra e da práctica de Xosé Neira Vilas"; Blanca-Ana Roig Rechou, "Cara á visibilidade de Balbino e de *Memorias dun neno labrego*"; Valentín Arias, "Por segunda vez"; Francisco Fernández del Riego, "Vivencias dunha infancia no mundo rural"; Lois Diéguez, "Eu son Balbino"; Xosé Mª Lema Suárez, "As escolas de Gres e Bamiro: ¿dúas historias parelelas?"; Ramón Caride Ogando, "A obra literaria de X. Neira Vilas"; Francisco X. Fernández Naval, "Balbino e o meu pai"; Olegario Sotelo Blanco, "Moitos galegos somos tamén Balbino"; Emilio C. García Fernández, "La visualidad de los sentimientos en *Memorias...*"; Xosé Lois García, "*Memorias dun neno labrego* que eu me recoñezo"; Xosé Carlos Caneiro, "Socioloxía do pretérito"; Avelino Muleiro García, "*Memorias dun neno labrego*. Una fenomenoloxía antropolóxica da Galicia rural de mediados do século XX"; Uxía Blanco, "Papá: ¡Hai un neno da aldea dentro do libro!"; Xosé María Dobarro Paz, "As *Memorias* para un neno de cidade"; Marcos Seixo Pastor, "Neira Vilas, unha aldrabada de amor á terra"; Ismael González Díaz, "Balbino quería voar..."; Eva González Esteban, "Onte"; María do Carmo Kruckenberg, "Meu homenaxe"; Xan Fraga Rodríguez, "Neira Vilas en Cuba"; Xosé Neira Vilas, "Memorias por Neira"; Cipriano Luis Jiménez Casas, "Xosé Neira Vilas";

X. L. Méndez Ferrín, “Homenaxe a Neira Vilas”; Avelino Pousa Antelo, “Neira Vilas nas miñas lembranzas”; e Xesús Alonso Montero, “Balbino e o pantrigo”.

Recensións:

- X.L. Méndez Ferrín, “Balbinos e Balbinos”, *Faro de Vigo*, “*El sábado*”, n.º 628, “No fondo dos espellos”, 10 outubro 2009, p. 4.

Comenta que acaba de ler o libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino* e indica que se trata dunha obra colectiva na que varios autores confesan que se senten identificados con Balbino, o narrador de *Memorias dun neno labrego*. A seguir, refire que algúns dos autores realizan matizacións como por exemplo Darío Xohán Cabana ou Pousa Antelo e fala sobre a descrición do mundo rural galego, que tamén se pode coñecer a través doutras obras. Afirma que Neira Vilas mostra a realidade da Galicia rural vista dende as vítimas e asegura que foron moitos os que se identificaron con este personaxe en distintos lugares do mundo.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Galicia vólcase co neno labrego de Neira Vilas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 28 maio 2009, p. 16.

Faise mención da homenaxe que se lle vai realizar a Neira Vilas no museo do Verbum, en Vigo. Precísase que nesta ocasión se vai entregar ao autor un libro coas reflexións sobre Balbino, realizadas por cincuenta e tres personaxes da lingua galega; asímesmo, tamén se proxectará a curtametraxe sobre Neira Vilas, realizada por Ismael González e Xan Leira, e se presentará o libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino, o neno labrego*.

- Jorge Lamas, “Un grupo de escritores organizan unha homenaxe no Verbum, de Vigo, a Xosé Neira Vilas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 maio 2009, p. 58.

Sinálase que se vai celebrar unha homenaxe a Neira Vilas no Verbum de Vigo. Dise que a celebración se centrará na súa obra *Memorias dun neno labrego*. Faise mención ao libro de reflexións sobre Balbino que se elaborou coa colaboración de cincuenta e tres autores galegos.

- Ana Baena, “Eu só escribo do que coñezo ou podería meter a pata”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 maio 2009, p. 10.

Faise eco dunha entrevista ao escritor galego Xosé Neira Vilas co gallo do seu oitenta aniversario e da homenaxe que lle brindou o cineasta Ismael González. Sinálase a satisfacción do académico galego e o recoñecemento que este lle brindou a un dos seus personaxes máis memorábeis, Balbino, o neno labrego.

- V. Oliveira, “A lingua non é ningún atranco”, *Galicia Hoxe*, “MARÉ”, 30 maio 2009, p. 35.

Faise mención da homenaxe que se vai celebrar no Verbum de Vigo, co gallo do oitenta aniversario de Neira Vilas. Sinálase que neste acto se vai presentar a *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino, o neno labrego*, obra realizada grazas as colaboracións de cincuenta e tres autores galegos, que achegan as súas reflexións sobre Balbino. Se recollen, tamén, as verbas de Neira Vilas, que amosa a súa ledicia porque se siga lendo a súa obra, así como aproveita para afirmar que "a lingua non é ningún atranco".

- Ana Baena, "O neno labrego, o personaxe de novela con homenaxe", *Atlántico Diario*, "Vigo", 31 maio 2009, p. 16.

Sinálase que a obra *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas segue a lerse e a conmover na actualidade, algo que se aprecia na homenaxe realizada ao autor e a esta obra no Museo Verbum de Vigo. Sinálase que a escultora catalana Enrika agasallou a Neira Vilas cunha escultura de Balbino.

- Jorge Lamas, "Un grupo de escritores e intelectuais galegos renden homenaxe a Neira Vilas e ao seu personaxe Balbino", *La Voz de Galicia,* "Cultura", 31 maio 2009, p. 62.

Faise mención da homenaxe realizada por un grande número de autores galegos a Xosé Neira Vilas e a súa obra *Memorias dun neno labrego*. Sinálase que o acto tivo lugar no Museo Verbum de Vigo e que se contou tamén co proxección dun curtametraxe sobre o autor e a súa obra, realizada por Xan Leira e Ismael González.

- Ana Saá, "O mundo das letras honra a Balbino, o "neno labrego" de Xosé Neira Vilas", *Faro de Vigo*, "Sociedad", 31 maio 2009, p. 44.

Sinálase que co gallo do oitenta aniversario de Xosé Neira Vilas, celebrouse unha homenaxe ao autor e á súa obra *Memorias dun neno labrego*. Sinálase que neste acto déronse cita moitos rostros do mundo cultural, que participaron na celebración que contou coa música do grupo Quenlla, que puxo música a poemas de Anisia Miranda e Neira Vilas, e co documental *Neira Vilas: Memorias dun neno labrego*, de Ismael González.

- Xesús Alonso Montero, "Homenaxe a Balbino: amor e conciencia de clase", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 317, "Beatus qui legit", 13 xuño 2009, p. 10.

Precísase que o neno Balbino, de *Memorias dun neno labrego,* é obxecto de homenaxes, como a realizada no Museo Verbum de Vigo, no que se presentou o volume *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino, o neno labrego*, editado por Ismael González e no que colaboraron cincuenta e tres escritores máis, achegando as súas reflexións sobre Balbino. Fálase da disertación "Balbino e o pantrigo" que se centrou na conciencia de clase de Balbino

- Xosé Mª Lema Suárez, "Balbino resiste", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 14 xuño 2009, p. 4.

Dá conta da presentación do libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino*, *o neno labrego*, que contou coa presenza do autor, Avelino Pousa Antelo, e recomenda a relectura das *Memorias dun neno labrego* (1961) a todos aqueles que desexen coñecer a escola na década de 1940.

- Xosé Mª. Lema Suárez, "Balbino resiste", *Xornal de Galicia,* "Opinión", "Tribuna", 14 xuño 2009, p. 4.

Sinálase que se presentou o libro *Homenzaxe a Neira Vilas e a Balbino, o neno labrego,* na Casa das Palabras de Vigo co gallo da campaña do ilustre galeguista Avelino Pousa. Precísase que o libro foi publicado por Edicións Ismael González. Indícase que Xosé Mª Lema, autor do artigo, colaborou na homenaxe cun traballo no que se comparan as escolas de Gres e Bamiro.

- Xosé María Lema Suárez, "Balbino: resiste! (e II)", *Xornal de Galicia*, "Opinión", "Tribuna", 18 xuño 2009, p. 3.

Sinálase que logo de case cincuenta anos da creación da obra de Neira Vilas *Memorias dun neno labrego*, esta e o seu autor son homenaxeados no Museo Verbum de Vigo coa presentación do libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino, o neno labrego*, que conta con cincuenta e tres colaboracións de autores galegos.

XII.6. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

XII.6.1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Suárez Aneiros, José Antonio, *A música popular en Cedeira e no seu contorno*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2008, 526 pp. (ISBN: 978-84-9812-077-6). ◆

Compendio de cantigas populares da terra natal do autor: José Antonio Suárez Aneiros (Cedeira, 1945). Comeza con tres breves apuntamentos de Salvador Fernández Moreda no que salienta o labor do autor da salvagarda da historia etnomusical de Cedeira; de Rafael Usero González, no que enxalza a presente edición e de Xosé Manuel Suárez Martínez, no que destaca de novo o labor do autor. Tras unha primeira parte de título homónimo ao do volume na que se desenvolven as cuestións da globalización e da historia musical cedeirense para despois pasar a "Xeneralidades históricas", nunha segunda parte trátanse temas como a antigüidade e o embazamento; instrumentos do Paleolítico; a poboación celta e a súa música, relixión e mitoloxía; a invasión romana; a Idade Media e a renovación dos cantos litúrxicos; a evolución da escrita musical cara á música profana e á danza, coa subseguinte mestura de crenzas; a aparición da polifonía e da lírica cabaleiresca e os diversos tipos de cantigas dende a súa aparición até o Clasicismo, pasando polo Renacemento, os Séculos Escuros e o Barroco. No seguinte apartado, "A igrexa e a música", abránguense temas como os primeiros documentos históricos do pobo galego; as cantigas da Guerra da Independencia e do século XIX, como o "Trágala" de 1823, un himno antiabsolutista, ou o himno carlista; a época de Afonso XII; a parroquia de San Félix de Esteiro; Santo Andrés de Teixido e a súa romaxe até o século XIX; a igrexa de Cedeira e outras da proximidade; o primeiro coro galego e as primeiras formacións musicais en Ortegal e Ferrolterra; a rondalla cedeiresa; os harmonios e as compañías de zarzuela e as Festas de Santa Marta de 1913. No seguinte apartado, "As agrupacións corais do noso contorno", desenvólvese a cuestión da Masa Coral Eixil e diversas agrupacións corais. A seguir, aparece "As bandas de música", que contén datos sobre a fundación da Unión Musical en 1886; a Banda "La Armonía" ou Banda Nova de 1926 e diversas orquestras e mesmo bandas de rock, xunto á Fundación Villabrille para o fomento da cultura. En "O presente das bandas de música na nosa zona", refírese ás bandas de música Vila de Cedeira e a Banda Cultural de Ortigueira xunto a outras bandas e asociacións culturais, para despois pasar a "Coplas", un apartado no que se recolle unha serie de coplas extraídas da revista *Nós* e do Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galicia, divididas en "Cantigas populares de Cedeira" e "Cancións de Berce". En "O Entroido" coméntanse as comparsas e reprodúcense algunhas das cantigas máis populares desa época, para despois analizar "O Nadal e o Vilancico", apartado no que menciona exemplos de vilancicos como "Chitón chitón", para despois continuar con "A Virxe do Mar, Cedeira e a literatura", no que aparecen cantigas relativas á Virxe e a seu pobo. A seguir aparecen un epílogo asinado por Maruxa Oriales e una bibliografía consultada. O resto do volume dedícase á reprodución de partituras infantís con cadansúa transcrición musical. Pecha o volume uns apuntamentos de agradecemento e unha dedicatoria.

XII.6.2. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Castro Vicente, Félix Francisco, "un prego de cordel descoñecido sobre o caso de Manuel Blanco Romasanta: o 'home do unto' e unha escolma bibliográfica sobre o mesmo", *Lethes. Cadernos culturais do Limia*, n.º 9, inverno 2007-2008, pp. 78-95.

Relátase no inicio o proceso de Manuel Blanco Romasanta, o "sacauntos" ou "sacamanteigas", procesado por licantropía porque confesou ter matado na zona montañosa ourensá a trece persoas baixo a apariencia de lobishome a mediados do século XIX. Indícase que foi condenado a morte, pero o Dr. Phillips conseguiu o indulto grazas a que convenceu á raíña Isabel II de que as prácticas hipnóticas resultarían. Apúntase que existen moitas lendas sobre a morte do "sacauntos" no cárcere de Celanova e pásase a valorar a abundante bibliografía literaria sobre Blanco Romasanta. Indícase que este pasou a engrosar as filas dos romances e pregos de cordel, xa habituados á conversión dunha persoa en monstro ou animal. Coméntase que o caso do lobishome aparece nas recollidas deste tipo de literatura, como demostra Francisco Mendoza Díaz-Maroto. Apúntase que o prego ten catro páxinas de cuartilla, está composto en versos octosílabos de rima asonante e segue o esquema da décima: abbaaccddc e que no texto cóntase a súa historia, que o pai lle botara a maldición con trece anos, que se fixo efectiva na serra con outros dous lobishomes; que matou a varias persoas, das que se achega o nome. O informe do avogado que se encargou da maior parte do caso, Manuel Rúa Figueroa, é a outra das obras mencionadas, así como a súa inclusión nos *Discursos forenses* de 1861. Tamén de orixe académica provén o discurso de Vicente Martínez-Risco de ingreso na Real Academia Galega sobre o caso dende unha perspectiva etnográfica e antropolóxica. No campo da ficción, a novela de Carlos Martínez-Barbeito, *El bosque de Ancines*, fai chegar ao grande público a historia, xa que fora finalista do premio Nadal e levada ao cine por Pedro Olea co título de *El Bosque del Lobo*. Dise que lle ofrecera o argumento a Camilo José Cela, pero este rexeitouno. Coméntase que o primeiro estudo moderno foi publicado pola Deputación de Ourense, *Blanco Romasanta. Historia real de una leyenda*, o traballo máis completo do mito, da man de José Domínguez e Lino Blanco, cunha reconstrución fisonómica e todos os datos dos crimes e que se pode consultar en internet. Recóllese que en 2004 o traballo de Alfredo Conde *Romasanta. Memorias Incertas do Home Lobo* defende que era un asasino en serie calculador, responsábel dos seus actos e precísase que tamén ten adaptación cinematográfica, titulada *Romasanta: La Caza de la Bestia*. Infórmase tamén de traballos na psiquiatría que chegan a afirmar que sufrira de hermafroditismo feminino, documentado coa partida de bautismo de Santa Baia de Esgos de Manuela Branco Romasanta. Explícase que os desaxustes podían ser explicación do seu comportamento psicopatolóxico posterior e con isto o autor quere demostrar que aínda hai moito que dicir sobre o "sacauntos" e datos que eran inéditos antes de estes estudios.

Cousillas Rodríguez, Manuel, "Interacción de la literatura popular irlandesa y gallega", *Garoza. Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular (SELICUP)*, n.º 7, "Artículos", septiembre 2007, pp. 37-46.

Analízanse dúas tradicións moi coñecidas no folclore galego e irlandés, a de Amergin e o *Lebhor Gabala Erenn*. Indícase que as relacións entre ambas civilizacións dende o punto de vista literario son moi intensas e consérvanse nos textos. Coméntase que ambos pobos celtas veneraban á natureza, convivían co fantástico e presentaban unha

secular crenza na navegación a afastadas illas e a translación de santos a través dos mares. Indícase que a primeira relación débese a San Brandán, de orixe galaico segundo a tradición, mesturado co heroe irlandés Brán, e que a segunda, a dos santos, como o Apóstolo Santiago ou a vinculación de san Patricio e san Adrián coas serpes, mentres a terceira consiste na presenza de sereas e cidades somerxidas. Recolle que outros elementos singulares que relacionan ambas culturas estriban nos deuses, nos bardos e nos trasnos, sobre todo marinos.

Figueiras, Manolo, "Arredor da lagoa céltica. Vicetto na Limia", *Lethes. Cadernos culturais do Limia*, n.º 9, inverno 2007-2008, pp. 14-25.

Trátase dunha análise histórica e lendaria da novela histórica de Benito Vicetto, *El lago de Limia*. Introdúcese cunha nota biobibliográfica do autor, moi prolífico. Pásase despois a estudar a orientación científica do autor, eminentemente romántica, que o levou a defender un celtismo pouco baseado na realidade, así como o seu galeguismo moderado. Indícase que o traballo sobre a novela propiamente dita ten orientación histórico-novelesca sobre o tema da orixe mítica da lagoa: o asolagamento de Antioquía, a fundación de Amphiloquía (Ourensa) e o paso de Limia por Décimo Xunio Bruto. Coméntase que o argumento da obra xira en torno ás tres fortificacións limiás, Sandiás, Aldapena e Celme e as relacións sentimentais e territoriais entre as súas estirpes, sobre todo os tres irmáns Dorna (Vitila, Senracino y Froila). Indícase que este último, rei de Galicia, deixou o trono a Albay de Celme e Hermerildo foi o terceiro. Coméntase que algunhas características da prosa de Vicetto que se sinalan estriban na recreación do cruel, os esquemas propios do mito, da lenda, e a importancia do rural. Apúntase que no entanto, non obtivo o éxito pensado, a pesar da súa influencia en Antonio San Martín, Wenceslao Fernández-Flórez e Ramón María del Valle-Inclán, e no galeguismo de Antón Losada, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, o que lle valeu o apelativo de "precursor", como sinalara Manuel Murguía.

Jarazo Álvarez, Rubén, "Incidencia de la literatura irlandesa medieval en la periferia española", *Garoza. Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular (SELICUP)*, n.º 7, "Artículos", septiembre 2007, pp. 147-162.

Analízase, dun xeito comparado, dúas comunidades culturais, a galega e a irlandesa, a través da repercusión e recepción do *Lebhor Gabála Erenn* na tradición galeguista subxectiva dende a Xeración Nós, para ampliarse até conceptos máis abranguentes como o "atlantismo" ou "estudos periféricos". Comézase coa contextualización da obra medieval, atopada no *Libro de Leinster* e o *Libro de Fermoy*. Explícase o esquema estrutural da obra, baseado nas chegadas de diferentes tribus ás costas de Irlanda e a importancia da obra, do idioma de *Lebhor*... como expresión e constitución da nación irlandesa. Continúase coa influencia na literatura española, por referencias mitolóxicas, pero tamén pola difusión por parte de James Macpherson do ciclo osiánico, e concretiza na galega. Saliéntase que a Xeración Nós realza o tema celta para a creación da conciencia nacional galega, transcendendo o interese académico ou literario cara ao político. Indícase que xa en épocas máis contemporáneas, a influencia do mundo céltico, atlántico, vese dende Álvaro Cunqueiro até Luz Pozo Garza, para a identificación da identidade galega como pobo.

López Meirama, Uxía e Mª Rosario **Soto Arias**, "De vilas asolagadas", *Garoza. Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular (SELICUP)*, n.º 7, "Artículos", septiembre 2007, pp. 173-191.

Artigo sobre o mito das cidades asolagadas que se divide en tres partes, como afirman as súas propias autoras. A primeira delas tenta poñer en comparación a antigüidade do mito na Bretaña, Galicia e Norte de Italia. Alén da circunscrición xeográfica, pregúntanse pola orixe xermana ou galega e indícase que presentan algún punto en común: o asolagamento como castigo da proba imposta por Deus. Na segunda parte estabelécese unha análise comparativa entre a lenda galega do Carregal ou Reirís e a bretona de Ys, acompañada dun cadro comparativo. Céntranse a continuación nas diferenzas: o pozo e a relación imposíbel entre o home e a muller, cristianizada no caso de Reirís. Fornece máis exemplos de vilas asolagadas por mulleres e as posíbeis explicacións etiolóxicas, relixiosas ou sociolóxicas. As autoras poñen máis o acento na interpretación mítica, no concepto de proba antes que de castigo. Así chegan á terceira parte: a explicación da auga como representación feminina cuns atributos e símbolos específicos, recreada tamén en ocasións como síntese do masculino e o feminino, polo que o asolagamento traería, en consecuencia, cambio, renovación dunha nova cidade.

XII.7. LITERATURA MEDIEVAL

XII.7.1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Beltrán, Vicenç, *Poética, poesía y sociedad en la lírica medieval*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Anejos de Verba, n.º 59, 2007, 247 pp. (ISBN: 978-84-9750-810-0).

Contén tres grupos de traballos de Vicenç Beltrán. No primeiro deles estúdase o ciclo satírico dos autores próximos a Afonso X, relativo á sublevación dos nobres en 1272-1274. O segundo trata os temas trobadorescos do século XIV-XV: *Leonoreta* (que atribúe á corte de Afonso XI), a canción deste rei e a *cantiga de escarnho*, de Pero Vélez de Guevara, conservada no *Cancionero de Baena*. O terceiro grupo ocúpase de cantigas de amigo tradicionais, vinculadas á tradición oral: un traballo estuda a alba de Nuno Fernandez Torneol; outro, un poema de don Denis; un terceiro, o emprego do *refram* intercalado e da forma do *rondeau* francés en galego. O máis interesante deste grupo é a análise de motivos típicos na cantiga de amigo (en especial as garcetas), que supoñen a existencia de fortes indicios de intertextualidade entre os poemas de cada ciclo e suxiren intensos vínculos de contacto no momento da súa creación.

XII.7.2. ACTAS

González Fernández, H. e M. X. **Lama López** (eds.), *Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos de Península*, A Coruña: Edicións do Castro, 2007, 115 pp. (ISBN: 978-84-8485-266-7).

Volume de actas que recolle os estudos presentados no *VI Congreso Internacional de Estudos Galegos*, celebrado na Universidade de Barcelona entre os días 28 e 31 de maio de 2003. A edición consta dun volume en papel no que se publican as conferencias invitadas e un CD no que se inclúen as comunicacións que foron admitidas para a súa lectura. Son de especial interese para o estudo da literatura galega medieval os que a seguir se analizan:

- Mario Barbieri, "Entre a ficção e realidade: a deshonra de Elvira López em duas sátiras de Joan Garcia de Ghuilhade", pp. 45-52.

Traballo centrado na figura da soldadeira Elvira López, protagonista dun ficticio episodio de violación e roubo por un *peón traedor* en dúas cantigas de escarnio de Joan Garcia de Guilhade. Sinala que o tema da violencia contra as mulleres, desenvolvido por poetas galego-portugueses, se inscribe, xeralmente, no ámbito do *vituperium* "carnavalesco" destinado a efectos cómico-burlescos. Destaca así mesmo que no Cancioneiro satírico medieval a serie de figuras femininas protagonizadas polo crime de "deshonra" se insire no medio da promiscuidade sexual das soldadeiras. Ofrece unha lectura das dúas cantigas en cuestión e presta especial atención ao seu vocabulario, verificando que a sátira se constrúe cun léxico cuxas potencialidades metafóricas son familiares na sátira galego-portuguesa.

XII.7.3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Arbor Aldea, Mariña e Carlo **Pulsoni**, "Per la storia del Cancioneiro da Ajuda: 1. Dalla sua compilazione a Ribeiro dos Santos", *La Parola del Testo*, vol. X, n.º 1, 2006, pp. 59-117.

Descrición dos aspectos codicolóxicos que afectaron ás modificacións e intervencións editoriais no *Cancioneiro de Ayuda*. Analízase a historia e transmisión textual do códice e as distintas edicións que fixeron os distintos estudosos que se achegaron a el, resaltando especialmente a descrición que do códice de Ajuda fixo o estudioso portugués Antonio Ribeiro dos Santos nos primeiros anos do século XIX. Esta descrición, publicada nun volume que recolle varios artigos referentes á lírica galego portuguesa do autor portugués, leva por título "Notícia de hum cancioneiro inédito" e é considerada a primeira descrición codicolóxica que se fixo do Cancioneiro. Os autores edítana neste artigo e resaltan a súa importancia como medio único para coñecer o estado do Cancioneiro de Ajuda pouco despois da súa descuberta, cando ninguén fixera aínda ningunha intervención sobre os materiais do códice.

Arbor Aldea, M., "Los círculos eruditos de Lisboa, Évora y Porto en la primera mitad del siglo XIX. Notas sobre la recepción temprana del Cancionero de Ajuda", *Límite*, n.º 2, 2008, pp. 47-78.

Reconstrúense os círculos intelectuais que nas cidades de Lisboa, Évora e Porto promoveron a copia e o estudo do *Cancioneiro da Ajuda* durante a primeira metade do século XIX. Con este obxectivo, analízanse os escritos que durante este período se ocuparon desta colectánea poética (en particular, os escritos firmados por A. Ribeiro dos Santos), estúdanse os datos contidos nas copias que se realizaron sobre o *Cancioneiro* e sobre os folios procedentes de Évora (en concreto, a copia conservada na Biblioteca Jagiellońska de Cracovia, a copia depositada na Biblioteca da Academia das Ciências de Lisboa e as copias feitas sobre os folios evorenses por A. Nunes de Carvalho, J. H. da Cunha Rivara e T. Norton) e revísase a primeira edición do manuscrito publicada por Ch. Stuart en 1823.

Brea, Mercedes, "El diálogo entre los dos géneros amorosos de la lírica gallego-portuguesa", *Estudios Románicos*. *Homenaje al Profesor Joaquín Hernández Serna*, n.º 16-17, 1, 2007-2008, pp. 267-283.

Realízase, sobre todo, un estudo formal de todos os textos dialogados entre namorados, dos que se salienta o carácter híbrido dos mesmos e chama a atención sobre aspectos de contido, que os sitúan máis preto do xénero de amor ou do de amigo.

Calderón, Carlos, "Cambios y persistencias en la mentalidad nobiliaria gallega en el tránsito de la Edad Media a la Moderna según la literatura testamentaria: un estudio comparativo", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo LVI, n.º 120, 2007, pp. 171-188.

Estuda os testamentos de dous nobres galegos, Sancho de Ulloa, conde de Monterrei, e Gómez Pérez das Mariñas. Sobre o primeiro afirma que viviu na segunda metade do século XV e morreu nos primeiros anos do século XVI; mentres que o segundo desenvolveu a súa peripecia vital ao longo desta última centuria, finando en 1593. A comparación de ambos textos, daquela, reflicte a evolución da cultura e das mentalidades no final da Idade Media e os comezos da Idade Moderna. Analiza aspectos tales como as disposicións sobre o destino da alma, as mandas para o descanso eterno, os ritos funerarios e a distribución dos bens.

Cebrián Franco, Juan José, "Los "Relatos de la Traslación del Apóstol Santiago" a Compostela", *Compostellanum. Estudios Jacobeos*, vol. LII, n.º 3-4, 2007, pp. 351-470.

Reconstrúe a formación da lenda xacobea a través dos diversos testemuños existentes da translación do corpo do Apóstolo Santiago a Galicia. Recompila todas as fontes de que dispón, das que ofrece un estudo no que se abordan os diversos aspectos que conforman o relato de translación, unha reprodución do mausoleo apostólico e, nun amplo apéndice documental, os diferentes textos que serven de base ao seu estudo, coa correspondente tradución ao castelán.

D´Ambruoso, Claudia, "Per una edizione della Crónica Troyana promossa da Alfonso XI", *Troianalexandrina. Anuario sobre Literatura Medieval de Materia Clásica*, n.º 7, 2007, pp. 9-143.

Edición crítica de diversas pasaxes da *Crónica Troiana*, que forma parte dunha proposta de edición crítica do conxunto da obra. Por este motivo, o texto vai precedido por un estudo no que se abordan diversos aspectos ecdóticos referidos á devandita crónica, como unha análise codicolóxica e da transmisión textual, no que se teñen en conta os testemuños escritos tanto en castelán como en galego, así como a dilucidación de diversos *loci critici*. Todo isto leva á autora a propoñer un novo *stemma codicum* para a obra que estuda. Así mesmo, ofrécense os criterios editoriais e gráficos seguidos na fixación do texto crítico. Para este labor ecdótico, téñense en conta os diversos testemuños conservados da Versión de Alfonso XI da *Crónica Troyana*, aínda que tamén se mencionan a *Historia troyana polimétrica*, a *Crónica troiana galega*, a *General estoria* ou a *Historia destructionis Trojae*, de Guido delle Colonne, todas elas incluídas nos diferentes manuscritos que así mesmo conteñen a *Versión de Alfonso XI*.

Espí Forcén, C., "El corista de 'Engraterra': ¿San Guillermo de Norwich, San Hugo de Lincoln o Santo Dominguito de Val de Zaragoza?", *Miscelánea medieval murciana*, vol. 32, 2008, pp. 51-64.

Leva a cabo un estudo das fontes da Cantiga 6 das *Cantigas de Santa María*. Incide especialmente nos casos documentados de crimes rituais nos que estiveron implicados os xudeus entre os séculos X e XII. A revisión dos casos permite analizar como o anti-xudaísmo impregnou as lendas locais, asimilando a figura do xudeu a certos crimes nos que estaban implicados nenos cristiáns que eran asasinados por vinganza, ben por defender a virxinidade de Santa María, ben para reproducir a Paixón de Cristo. Usa eses

crimes rituais como explicación para os ataques ás xuderías en distintas cidades europeas.

Fernández Fernández, L., "Imagen e intención. La representación de Santiago Apóstol en los manuscritos de las Cantigas de Santa María", *Anales de Historia del Arte*, vol. 18, 2008, pp. 73-94.

Preséntase unha selección daquelas cantigas que tratan temas relacionados coa figura de Apóstolo Santiago. Analízase o tratamento, sorprendentemente crítico, das accións do Apóstolo no Camiño, chegando incluso a desacreditar o poder do Santo en relación á figura da Virxe. O estudio das cantigas seleccionadas afonda nos diferentes motivos que puideron influír na realización do proxecto mariano, así como a súa vinculación directa co proxecto cultural e político de Afonso X.

Marcenaro, S., "Le rime equivoche nella lirica profana galego-portoghese", *La parola del testo*, Volume: XII/2, 2008, pp. 245-266.

Analiza o fenómeno da rima equívoca nos tres xéneros principais da lírica profana galego-portuguesa (cantigas de amor, amigo e escarnio) e en tres *tenzós* (75,10; 88,14; 125,49) para facer unha tipoloxía deste recurso métrico que entronca coa *aequivocatio* semántica e analizar a súa funcionalidade e distribución no corpus da lírica galego-portuguesa.